

Presentación

Un ano máis, e van xa nove, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao 2003. Esta vez este *Informe* poderase consultar non só no CD-ROM, como en anos anteriores, senón tamén nunha nova versión web que permitirá realizar unha maior cantidade de buscas e consultas. Na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es>) ademais desta nova versión do *Informe de Literatura 2003*, tamén atoparán os informes anteriores.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2003 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, folletos, etc., e por outra en soporte informático, de aí que se citen dende 1998 aquelas páxinas web que tratan esta Literatura.

Ofrecemos un comentario descriptivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2003 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar ao lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *El diario montañés*, *El Mundo* e *El País*, fundamentalmente. Doutra banda, apreciárase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre “Recensións” e “Referencias varias”, por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan tan só, xa sexa algún tipo de información convencional (notas de redacción ou de axencia), xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que fai ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *ADE (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Galicien Magazin*, *Leer*, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, *Malasartes. Cuadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, *Mealibra*. *Revista de Cultura*, *Primer Acto*, *Qué leer día a día*, *Romania, Serta* e *Setepalcos*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar ao lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero

que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Antón Avilés de Taramancos. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2003 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómico" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

En canto ás páxinas web (Apartado XIII) ofrecemos unha listaxe das que continuaron vixentes e das novas achegas, coa finalidade de informar daquelas máis salientábeis no ámbito da Literatura galega e que nos informan dela dende a rede.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ♦), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nesta nova xeira dos “Informes de Literatura” debido á nova aplicación informática para non distanciar a web do CD-ROM, os apartados que están establecidos pero que no ano concreto non mereceron atención nos medios que se acollen aparecerán sen descritores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada e que constan no apartado de créditos, ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no 2003 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou

Axte. de Coordinación: Eulalia Agrelo Costas

Bolseiras do proxecto: Isabel Mociño González

Alicia Munín Munín

Equipo redactor:

Rafael Adán Rodríguez
María Jesús Agra Pardiñas
Eulalia Agrelo Costas
Ana Belén Cao Míguez
Manuel Corbacho Pérez
Paulo Filgueira Fachal
Xosé Francisco Godón Davila
Marta González Louzao
Déborah González Martínez (Literatura medieval)
Rosalía Grandal Montero
Adelina Guisande Couñago
Montserrat López Fariña
Natalia Mirón Domínguez
Isabel Mociño González
Alicia Munín Munín
Marta Neira Rodríguez
Alexandre Gaiferos Parrado Freire (Literatura medieval)
Amparo Raviña Rosende
Blanca-Ana Roig Rechou
Antonio Reyes Sánchez Crespo
Ursicino Seco García
M^a Isabel Soto López
Eva Tizón Zas
Susana M^a Vázquez Recarey
Rafael Xaneiro Caramés

Agradecementos a: Raquel Alonso Parada, Miguel Arce Méndez, Rebeca Barreiro Cotón, Alberto Barreiro Docampo, Raquel Campos Pico, Lorena Domínguez Mallo, Margarita García Candeira, Nazareth García Seijas, Marta González Miranda, Juan José Lago Leis, Olalla Marques Losada, Iria Mayer Mayer, David Muíño Barreiro, Sara Pino Ramos, Isabel Porto Cacheiro, David Rodríguez Lorenzo, M^a Dolores Villanueva Gesteira

Nota do Conselleiro

Como responsábel da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quero expresar a miña satisfacción por poder presentar un ano máis esta nova entrega do proxecto “Informes de Literatura”, que, anualmente e dende hai dez anos, leva a cabo o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Consellería que me honro en dirixir. Este proxecto materialízase anualmente na publicación do *Informe de literatura*, no que se acolle case todo o que se publica de e sobre a Literatura galega no ano anterior ao da publicación. Este ano 2003 a miña satisfacción é maior debido a que por primeira vez o *Informe* se presenta nun novo medio de difusión (versión web) que permite unha maior capacidade de buscas e consultas, e á que se pode acceder a través da web do Centro Ramón Piñeiro (www.cirp.es).

Quero, ademais, expresar a miña congratulación ao ver que os esforzos orzamentarios públicos atoparon neste caso un obxectivo que xustifica abondo os desvelos realizados pola Administración educativa para achegar á sociedade produtos de calidade e utilidade, como se pode ver pola boa recepción que teñen os *Informes* cada ano na comunidade educativa e na sociedade en xeral.

Quero, finalmente, agradecer á directora do proxecto e á axudante de coordinación do mesmo, ao equipo redactor no seu conxunto, bolseiros e bolseiras do Centro Ramón Piñeiro, equipo redactor, o esforzo que implica un traballo das características do *Informe de Literatura 2003*, que hoxe temos nas nosas mans. Para todos os meus parabéns.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Agrafoxo, Xerardo, *O triángulo de Óscar Wilde*, limiar de Antón Riveiro Coello, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 169, 226 pp. (ISBN: 84-8487-025-1).

Conxunto de nove narracións de Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) que están precedidas por un "Limiar" de Antón Riveiro Coello, no que debulla as principais características que vencellan estes relatos e onde subliña a exquisitez desta proposta. Unha das características formais deste volume son as numerosas citas que teñen cabida nas súas páxinas, entre elas a que dá nome ao volume "O triángulo é a figura clave da xeografía sentimental" de Óscar Wilde. En conxunto, estas nove narracións teñen en común un difícil triángulo amoroso-erótico-sensual inzado de paixóns e emocións, variadas ambientacións, referencias a obras literarias, á historia, ao cinema, etc. Así, "Diapositivas de Taormina" ten ambientación siciliana e os personaxes son o xornalista Alexandre, Yasmina e Adriana, mentres que en "A noiva de Van Gogh" vemos cómo Luciana viaxa aos derradeiros escenarios na vida de Van Gogh: Arlés, Auvers-sur-Oise e Tanxer. En "O amigo de Platón" Antonio Velasco explica a dedicatoria dun libro e en "As bicicletas de San Gimignano" temos a tres rapaces - Alexandre, Xabier e Tomás- que viaxan por Europa, nomeadamente pola Toscana O quinto relato presenta dous títulos no libro e non se sabe ben cuál é o definitivo "O fotógrafo holandés" ou "Primavera de Praga". Despois temos "O retrato de Alice Carroll", onde o arquitecto Gabriel Torres, casado con Loida, está relacionado con Alice e con Lorena Paz, e "Un corazón itinerante", no que están presentes demoradas descrições de vilas de México, Dinamarca e Austria con personaxes como o arqueólogo Darío Veiga, Alberte Mariño, Letizia ou Oriana. Os dous relatos que pechan este libro "O faro de St. Ives" -ambientada nunha editorial- e "A librería do semáforo" teñen un marcado ambiente de sedución.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Viaxes pola xeografía sentimental', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320, 'Librería galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. De *O triángulo de Óscar Wilde*, sinala que se trata dun conxunto de relatos caracterizados polo erotismo e a sensualidade que o autor artellou ao redor da frase de Óscar Wilde "O triángulo é a figura clave da xeografía sentimental", nos que predominan personaxes que se moven entre paixóns ocultas, emocións encontradas e relacións inconfesábeis. Tamén apunta a relación que existe entre estes relatos e as vidas de autores como Virginia Woolf, Vicent Van Gogh ou James Joyce, entre outros, e a súa localización en lugares como Sicilia, Marrocos ou a Toscana. Remata salientando que, con esta obra, o autor amosa o seu

amor á literatura a través dunha linguaxe fermosa e coidada.

- Laura Caveiro, 'Figuras xeométricas e obsesións', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'Letras en galego', 20 setembro 2003, p. 7.

Afirmase que Xerardo Agrafoxo parte dunha cita de Óscar Wilde para elaborar un libro cheo de referencias literarias, pictóricas, históricas, musicais, etc. Destaca, de entre todas as narracións, "A noiva de Van Gogh" por que nela se une a emoción e a contención formal.

- Xavier Castro, 'Xerardo Agrafoxo: os espazos da creación a través dos relatos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 setembro 2003, p. 4.

Comeza falando dos traballos históricos de Xerardo Agrafoxo; con relación a *O triángulo de Óscar Wilde*, indica que é o froito de reflexivas composicións onde se ve o gusto do autor polas estéticas de tempos diferentes e polas biografías de personaxes como Van Gogh, Virginia Woolf ou Joyce.

- Pilar Ponte, 'Encontros singulares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. V.

Sínálase que esta é a primeira obra literaria de Xerardo Agrafoxo e repásanse algunhas das características desta obra. Sublíñase que o relato titulado "Un corazón itinerante" podería dar nome á totalidade da obra, que unha das características comúns deste nove relatos é o discurso esteticista creado con "habelenciosa minuciosidade" e mais que os espazos xeográficos e as viaxes -Francia, Italia, Grecia, México, etc.- son uns dos seus elementos comúns.

Alfaya, An, *Des Ventura*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, novembro 2003, col. Narrativas, 146 pp. (ISBN: 84-87783-76-7).

Estruturada en dúas partes con catro capítulos titulados da mesma forma en cada unha delas, esta novela de An Alfaya (Vigo, 1964) preséntanos a vida esperpéntica de Ventura Rocha. A través dunha terceira persoa e dos diálogos dos personaxes sábese que o decorrer vital deste divorciado en paro se reduce á rutina de xogar no bar do Sindo. Así mesmo, sabemos que el se cre un ser anónimo que pasa desapercibido tanto para a súa familia, coma para os seus amigos. Todo cambia o día no que as cousas lle saen mal dende pola mañá e decide inventar unha enfermidade coa que chamar a atención do seu amigo, o taberneiro, e ao mesmo tempo sacarlle algo de cartos. Esta primeira mentira levouno a outras: aos outros amigos díxolles que o botaban do piso e aos fillos díxolles que lle saíra un traballo lonxe; así, inventando situacións a medida para cada un dos seus coñecidos marchou, despois de obter cartos pola compaixón que espertaba, e desta maneira foi como deixou de ser ignorado polo seu entorno, que non volveu saber do seu paradeiro.

Alvite, Valentín, *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, A Coruña: Editorial Seara, maio 2003, 157 pp. (ISBN: 84-607-7567-4).

O prólogo, asinado por Xosé Luís Méndez Ferrín, comeza lembrando que o inventor do humorismo no mundo moderno tiña os apelidos galegos Cervantes Saavedra e que foron os galegos Castelao, Camba e Fernández Flórez os que dignificaron o humor literario en España, así como Celestino Fernández de la Vega, autor do único ensaio sobre o tema en Europa merecente de atención. Do libro de Alvite salienta a limpeza das narracións e o bo emprego que do idioma fai o autor, así como o meditado e funcional do esquema narrativo. Hai dous relatos dos que se fai un comentario máis concreto: "Crónica do conde D. Nuno" e "Compostela". De "Crónica do conde D. Nuno" indícase que nos leva a unha Idade Media na que o lector galego pode ver a súa propia barbarie coeva, destacando a dureza do fondo da historia e as teses que nela latexan. De "Compostela" sinálase que describe a contemporaneidade pequeno-burguesa de novo signo autonómico con precisión naturalista e pinceladas soltas que lembran as técnicas do impresionismo, reparando en que é o mundo "cativo" da cultura oficial e a súa "irremediábel mediocridade" o que se nos amosa intencionadamente e sen crueldade. Finaliza advertindo que neste libro non hai sarcasmo nin golpes baixos, senón verdadeiro humorismo, segundo as regras establecidas por Mark Twain, que se fundamenta na ambigüidade e nunha esperanza final que o xogo dos espellos fai contraditoria. Ao prólogo de Ferrín séguelle un breve prólogo do autor no que este expresa o seu agradecemento a unha serie de persoas que o axudaron no proxecto deste libro. A seguir temos os cinco relatos, de extensión moi desigual, que conforman o volume. En todos eles hai un claro predominio da fragmentación e dos diálogos. O primeiro e máis extenso dos relatos, "Crónica do conde D. Nuno" sitúase na Idade Media. Modalizado mediante un narrador omnisciente heterodiexético, conta a historia dun nobre déspota que cando viaxa ás terras da súa prometida para unha voda por interese, sofre nun alto do camiño o ataque dun fuxitivo que o deixa inconsciente e suplanta a súa identidade. Ao retomar a marcha, a comitiva na que viaxa o impostor é atacada e este morre. A prometida, os sobriños e os servos do conde reaccionan de diverso modo ao enterarse da súa morte. Mentres, D. Nuno é capturado polos soldados que perseguían o servo fuxitivo, pero consegue fuxir uníndose a un grupo de bandoleiros, e fará o posíbel por chegar á súa voda e convencer a todo o mundo de que el é o conde e continúa vivo. No segundo relato, "Compostela", un narrador homodiexético lembra os seus tempos de estudante na Facultade de Filoloxía. Pouco afortunado coas mulleres, consegue facer amizade coa rapaza da que están namorados todos os homes do seu curso. Ambos se ven envoltos na desaparición dun importante escritor que estaba a dar unhas conferencias na cidade e na investigación policial á que esta desaparición dá lugar. Así, o relato mestura o xénero policial cunha serie de reflexións sobre o mundo literario galego. "A consulta" é un brevísimos relato no que un narrador homodiexético protagonista nos conta a súa visita á consulta dun hospital, reflexionando sobre as consecuencias que teñen as listas de espera. En "Na Habana" de novo un narrador omnisciente heterodiexético conta a historia de dous curmáns galegos obrigados a loitar no exército español na guerra de Cuba, e os enfrontamentos que teñen cos seus superiores, indignados pola covardía destes soldados e polo pouco interese que teñen en dar a vida pola patria. Finalmente "Kansas City" ambientase no Oeste americano. Modalízase a través dun narrador omnisciente heterodiexético. O relato divídese en dúas partes. Na primeira Henry Buster, único supervivente dun destacamento do Sétimo de Cabalaría que tiña como misión atrapar a temida banda de Morgan Oliver, chega a Kansas City buscando homes que o axuden a cumprir a súa misión. Malia fuxiren os voluntarios cando chega a hora de enfrontarse coa

banda, Henry consegue atrapar os seus membros el só, e condúceos ata a cidade máis próxima. Alí son condeados, mais o orzamento municipal era tan baixo que tiveran que despedir o verdugo, co que a execución non pode ter lugar. Henry desmoralízase, pero Morgan consólaos ofrecéndolle ser o xefe da banda. A segunda parte comeza no cuartel do Sétimo de Cabalaría "Fort Silver", onde tendo noticia da vergonzosa conduta de Henry Buster, deciden enviar outro destacamento para atrapar a súa banda. Os voluntarios, que buscaban honra e un ascenso, pasan meses dando voltas polo Oeste sen conseguir atrapalos e pasando necesidades. Rematan perdendo os cabalos e mesmo a roupa, polo que chegan á conclusión de que a mellor opción é facérense foraxidos tamén.

Recensións:

- C. V., 'Valentín Alvite. 'O humor non fai superficial a literatura', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 29.

Sínálase que Alvite usa a ironía como recurso literario e opta polo humor porque busca que os lectores gocen co seu libro. Transcríbense, así, unhas declaracións deste autor nas que afirma que o humor non implica superficialidade, defendendo que a transmisión das ideas é máis doada nun libro de lectura agradábel. Indícase, deste xeito, que aínda que a finalidade dos relatos é facer rir, de todos se poden tirar conclusións. Así "Crónica do conde D. Nuno" ridiculiza a nobreza de sangue e a irracionalidade da herdanza biolóxica da posición social. O conto "A consulta" parodia as listas de espera. En "Na Habana" ironiza cos valores militaristas e o patriotismo imperialista, e no caso de "Kansas City" trátase dunha recreación humorística do xénero de vaqueiros. Saliéntase, especialmente, o relato "Compostela", afirmando que Alvite disecciona de forma punzante e satírica o mundo dos ambientes literarios da cultura galega, aparecendo escritores sen biografía, autores con todos os premios que casan con rapazas moito máis novas, ou un prestixioso literato que escribe diariamente nos xornais sen dicir nunca nada. Recóllense, novamente, unhas declaracións do propio Alvite nas que explica que tentou trazar unha sátira deste ambiente porque é un mundo cheo de narcisismo e vaidade, e afirma que, malia saber que moita xente porá nomes propios aos personaxes, o que procurou foi facer unha caricatura das situacións. Finalmente, fálase de que a nosa cultura é rica en humoristas gráficos e, porén, o humor non está moi visitado na literatura, o que atribúe Alvite á "impostura" dos escritores e a unha consideración pexorativa da literatura humorística, argumentando que elaborar un texto cómico require esforzo e concentración, polo que el fuxiu da escatoloxía ou da mueca e apostou por un humor crítico e respectuoso.

- Xosé M. Eyré, 'Relatos irónicos', *A Nosa Terra*, nº 1.101, 'Cultura', 23 outubro 2003, p. 26.

Ábrese a recensión cunha reflexión sobre os beneficios da risa para a saúde, a pesar do cal a sociedade a proscribe e retrae xa desde a antiguidade. Mais Xosé M. Eyré sinala que o riso sobrevive, tamén en libros como este co que se presenta un novo autor e unha nova editorial. Salienta que o volume está prologado por Xosé Luís Méndez Ferrín, que contribúe así á dignificación do humor. Apunta que o libro consta de cinco relatos de variada extensión, ambientados en cinco épocas diferentes: a Idade Media, o oeste, un hospital, a Compostela dos oitenta e Cuba, destacando a variedade do que cualifica como

unha das obras sociais máis baratas que poida haber e que democratiza ao máximo a lectura, ao ser apta para calquera nivel cultural, calquera idade e calquera clase social. Así, comeza facendo un repaso por algunhas das personaxes do primeiro dos relatos, sinalando que todas naceron para entreter e arrincar sorrisos. Do argumento sinala que a partir dun suceso que dá lugar ao conflito, comeza unha "antroidada" desde a inversión de roles nunha carreira que nos fará sorrir cara a un remate cíclico. Destaca que o sorriso non procede do chiste forzado senón do desenvolvemento da farsa situacional. Indica tamén que este é o relato máis longo, dividido en pequenos capítulos, e no que a técnica cinematográfica permite unha notábel simultaneidade nas accións. En canto aos catro contos restantes sinala que "A consulta" é o máis previsíbel e por iso menos brillante, ao ser a sorpresa un dos mecanismos desencadeantes do humor máis importantes. De "Kansas City" apunta que se trata dunha parodia do "western", que segundo Eyré lembra *Por unha presa de machacantes*, onde ao igual que no primeiro conto a inversión de roles serve para pór as cousas no seu lugar. Outro paralelismo co relato de D. Nuno sería o tratamento do bandoleirismo e o feito de que o humor mova á reflexión. A seguir describe "Na Habana" como unha sonora crítica ao ambiente militar, ás levas forzosas e á miseria da vida soldadesca. Finalmente aborda "Compostela", salientando que a través de dous estudantes dos oitenta se pon en solfa o mundo literario, ao apareceren unha serie de personaxes tras os que é doado adiviñar a sombra de escritores como Cela ou Risco. Componse así unha sátira que, segundo Eyré, agocha certas verdades tapadas polos axentes mediáticos para maior gloria duns xenios que tamén tiñan as súas baixeiras.

- Manuel Rosales, 'Expresión humorística', *Faro da Cultura*, nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Manuel Rosales comeza sinalando que o humor non abunda na narrativa das últimas décadas, malia ser unha das expresións máis logradas da sabedoría humana e ser Galicia berce de grandes humoristas. No entanto, indica que Alvite adopta neste libro unha perspectiva humorística para desmitificar, parodiando o mundo da literatura, episodios históricos ou nacionais e xéneros como o "western". Indica así que o humor é o elemento común aos cinco relatos que compoñen a obra, un humor intencionado e trascendente, burlón e crítico coa realidade. Afirmar Manuel Rosales que o verdadeiro humorismo nace da colaboración da sensibilidade e da intelixencia. Así, sinala que Alvite percorre diferentes estadios do humor: o chiste, a burla, o disparate... até chegar ao verdadeiro humor: o crítico. Indica deste xeito que aínda que non sexa todo o humorismo de Alvite puro, non cae na comicidade vulgar. Das personaxes apunta que están caracterizadas con trazos simples e directos, elevándose en ocasións a simples caricaturas. Non hai sátira malévola, senón dimensións paródicas que impiden que as historias caian nunha análise puramente socioloxizante. No tocante ao principio de organización textual, indica que o predominante nestes cinco relatos de desigual extensión é a fragmentación. Neles recóllense diferentes anécdotas nas que prima o diálogo e o desenvolvemento narrativo, a veces, segundo Rosales, con claras resonancias oterianas. Finaliza sostendo que o esquema argumental se basea na intriga que rodea a un acontecemento, e que Alvite usa a ironía e o sarcasmo para subverter as posicións sociais, escarnecer as listas de espera e o falso patriotismo ou parodiar o noso mundo literario, salientando este último como o seu maior logro.

- Tomás Ruibal, 'Cinco relatos cheos de humor', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras',

'Anaquel dos libros', 30 novembro 2003, p. 9.

Indícase que o relato humorístico, en sentido literal, non é un xénero moi común na nosa literatura, e non conta coa importancia histórica nin a consideración dos lectores que recibe na anglosaxona. Por iso apunta Tomás Ruibal que é de agradecer que unha editorial pequena se anime a dar ao prelo este libro composto por cinco relatos que, malia seren moi diferentes no tocante á súa localización espacial e temporal, teñen en común a axilidade da narración, a soltura coa que están construídos os diálogos e un ton paródico que non exclúe a alusión a situacións sociais inxustas. A seguir, alén do argumento, ofrécese un pequeno xuízo crítico de cada un dos relatos. Do primeiro, "Crónica do conde D. Nuno", salienta que detrás da ironía no retrato do mundo dos poderosos hai unha suxerente crítica das estruturas sociais e das mentiras que se agochan tras as palabras destes. De "Compostela" opina que a convincente descrición de ambientes universitarios consegue darlle consistencia ao relato. "A consulta" califícase como un retrato apenas insinuado que non está á altura do resto do libro. "Na Habana" vese como unha crítica do absurdo das estruturas xerárquicas militares e unha reivindicación do dereito á covardía en tempos de guerra. Finalmente, de "Kansas City" sinálase que recorrendo ás películas do oeste Alvite constrúe unha historia áxil e delirante chea de ironía. Remata Tomás Ruibal dando a benvida a este tipo de libros e a iniciativas como as da Editorial Seara, por publicar en galego obras que sen renunciaren á sutileza e á intelixencia convidan á diversión.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión no referido á literatura galega de: *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, de Valentín Alvite; *Tifón*, de Joseph Conrad; e *Intempériome*, de Xela Arias. Da obra de Alvite sinala que estamos ante cinco relatos que buscan provocar o riso e o humor no amplo lectorado ao que vai dirixida, sen caer no escatolóxico pero tampouco nun "humor elitista". Para definir este humor bótase man dunhas palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, autor do prólogo, nas que salienta que o verdadeiro humor é o que ten as súas "regras dende Mark Twain e a súa substancia é a ambigüidade".

Angueira, Anxo, *A morte de A.*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xaneiro 2003, col. Narrativa, nº 187, 99 pp. (ISBN: 84-8302-923-5).

Novela de intriga de Anxo Angueira Viturro (Dodro, 1961) ambientada nos primeiros anos da transición en Galicia tras a morte de Franco. Nela un narrador anónimo *eu protagonista* escribelle unha longa misiva ao director dun xornal na que se autoinculpa da morte dunha moza chamada A., que xace morta ao seu carón nunha habitación dun hotel maltés. Esta carta é reproducida en vinte e nove capítulos entre os que se intercalan dous máis nos que se reproducen outras dúas epístolas, nesta ocasión da autoría de X.L, tío do narrador anónimo, dirixidas ao director do mesmo xornal, nas que este desmente o dito polo seu

sobriño. Grazas ás misivas sábese que o narrador anónimo e o seu tío coñeceron a A. No primeiro cabodano de Moncho Reboiras, durante unha manifestación en Padrón, cando a agocharon nun negocio ilegal e familiar para que non mallara nela a policía. A partir deste momento, infórmase da relación establecida entre A., membro dunha organización política clandestina, e X.L. e entre esta moza e o narrador. Esas relacións mantidas con A., cando o narrador contaba con dezaseis anos, provocarán a fuxida da casa familiar tanto de X.L. coma do seu sobriño, pese a que estes seguiron vieiros distintos e que a súa separación da casa familiar non tivo a mesma duración. Pasados os anos o narrador principal da novela atopárase con A. en Malta, onde el está realizando reportaxes fotográficas e ela de viaxe co seu marido e outra parella. A. pedirálle axuda ao narrador anónimo, que sempre estivera namorado dela, para poder fuxir con el. Despois dunha apaixonada noite almorzan xuntos no hotel, mais A., intranquila, con medo de que chegue ben o seu home, ben o seu amante e despois da reacción do narrador ante unha pregunta súa, sube á habitación rapidamente e antes que el. Cando o narrador chega ao cuarto a A. está morta.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Anxo Angueira: A morte de A', *A Trabe de Ouro*, 'Publicacións', xaneiro 2003, pp. 113-116.

Analízase a obra de Anxo Angueira, partindo dunha breve mención dos seus traballos como xornalista, como estudoso literario coa *Guía de lectura de Con pólvora e magnolias* e moitos máis, e como poeta cos poemarios *Val de Ramirás* (1989), *Libro da vertixe* (1996), *O valo de Manselle* (1996) e *Pensa nao* (1999). A partir de aquí, Ramón Nicolás analiza a obra *A morte de A* indicando o seu importante valor literario tanto na súa dimensión espazo-temporal, como no estudo dos personaxes.

- Xosé M. Eyré, 'Modernizar o folletín', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 32.

Xosé Eyré parafrasea a opinión de Almeida Garret sobre a literatura fácil e pon en relación a novela cun movemento de reacción contras os excesos posmodernistas que descreron dos valores tradicionais sen propoñer outros novos. Considera que a literatura folletinesca debe ser contemplada en relación ao seu equivalente audiovisual, indicando cal é ese equivalente. Dá conta de a quen se rende homenaxe coa novela e da estrutura desta que é relacionada coa xénese da narración. A seguir, ofrece as características de *A morte de A*, comparadas coas da novela folletinesca típica; destaca os eixos sobre os que xira a trama da obra; ofrece unha sinopse do argumento e dá conta dos valores literarios nela presentes. Así mesmo, comenta a lingua empregada e as referencias ao mundo literario e musical. Finalmente, mostra a súa opinión con respecto á superposición da voz autorial sobre a do narrador e fala da creación no ámbito editorial, así como do proceso de reivindicación que se vén dando na crítica nos últimos tempos entre nós e noutros sistemas literarios máis innovadores e vangardistas.

- Ramón Nicolás, 'A morte de A', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Libros', 20 febreiro 2003, p. IV.

Sínálase en qué consiste o engado de *A morte de A.* e alúdese á expectación en torno á nova achega narrativa de Anxo Angueira despois do relato "O cura de Fruíme", incluído na antoloxía *Materia Prima* (2002) e de *Pensa Nao* (1999). Ramón Nicolás indica tamén que *A morte de A.* non vai defraudar as expectativas dos lectores e ofrece algunha das características da obra: aparente sinxeleza argumental, recurso ao xénero epistolar, intención retrospectiva que goberna a novela, fragmentarismo argumental, etc. Finalmente, ofrece o argumento de *A Morte de A.*, sinala a toponimia na que se desenvolve e afirma que "ofrece chiscadelas continuas a autores como Manuel Antonio, Ferrín e outros".

- Manuel Vidal Villaverde, 'A morte de A.', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 23 febreiro 2003, p. 47.

Indícase que o asunto tratado en *A morte de A.* de Anxo Angueira atrapa ao lector e se presenta interesante desde o comezo do libro. Dáse conta dos lugares nos que está ambientada a novela e indícase que a historia está contada en primeira persoa. Para clarificar o dito, intercálanse citas da obra. Finalmente, Manuel Vidal Villaverde detense nas influencias presentes en *A morte de A.* e comenta aspectos da lingua empregada nela.

- Jesús Fraga, 'Cartas do pasado', *La Voz de Galicia*, 'Fugas. D Libros', 1 marzo 2003, p. 10.

En primeiro lugar, coméntase a maneira en que foi concibida a *A morte de A.* de Anxo Angueira e dáse conta da súa estrutura e do seu argumento. A seguir, indícanse os lugares nos que está ambientada (Compostela, Arousa e a Illa de Malta) e faise referencia á mestura de xéneros presentes nela (xénero epistolar e novela de iniciación). Finalmente, insinúase a falta de espazo para o desenvolvemento dalgúns episodios e deixase entrever que o autor agradecería un espazo maior do consignado a este respecto.

- F. Martínez Bouzas, 'Homenaxe ao folletín por entregas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 marzo 2003, p. 3.

Tras unha louvanza á obra de Anxo Angueira e un breve repaso aos seus libros (*O valo de Manselle*, *Bágoas de facer illas*, *Pensa Nao*, *Terra de Iria*, *Viaxe ó país de Rosalía de Castro*) dáse conta da incursión deste autor no xénero folletinesco con *A morte de A.* Ofrécese o argumento desta novela que comparte trazos da literatura folletinesca e da novela negra, e indícase que non só describe a morte dunha moza, senón que "retrata de xeito máis convincente un tempo convulso e a paisaxe dunha Galicia rural, pero emerxente". Dáse conta da estrutura ao xeito folletinesco; sínálase a Eça de Queirós como un dos mestres deste xénero e, finalmente, faise unha crítica ao desenlace da novela na que a xeografía mediterránea na que se desenvolve semella, segundo Martínez Bouzas, "un postizo".

- Lois Sandoval, 'O regreso de Anxo Angueira', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 462, 27 marzo 2003, p. 12.

Dáse conta da aparición de *A morte de A.* de Anxo Angueira tras algúns anos de silencio do autor. Alúdese a cómo foi concibida esta novela, dáse conta da súa estrutura e menciónase a habilidade do escritor nos recursos xa presentes en *Pensa Nao*. Cítanse algúns dos recursos

da novela (principalmente os léxicos) e cualifícase como "unhas das prosas máis ricas do panorama narrativo galego". Finalmente, sinálanse os elementos máis suxerentes da obra e fálase da trama de *A morte de A.* e da perspectiva que presenta.

- Armando Requeixo, 'Amores que matan', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 81.

Comentario da obra *A Morte de A.*, de Anxo Angueira, que Armando Requeixo define como unha "novela folletín", allea, pola contra, a todo costumismo. Refírese logo á estrutura da obra, consistente nun conxunto de trinta e tres cartas que un fotógrafo envía a un xornal para a súa publicación. Nesas cartas asístese á rememoración dun tempo concreto, o da Transición, así como a múltiples referencias á tradición literaria galega (Álvaro Cunqueiro, Daniel R. Castelao, Roberto Vidal Bolaño...). Na súa conclusión, Requeixo recolle como principais acertos da obra o seu "forte lirismo", o "diálogo intertextual" e mais o trasfondo amoroso da trama.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, 'A literatura perde a cualidade cando se convirte en consumo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 22 febreiro 2003, p. 50.

Tras un parágrafo no que se dá conta dalgúns datos biográficos de Anxo Angueira, así como da presentación da súa novela *A morte de A.* na librería Cervantes, entrevístase ao autor natural de Manselle (Dodro). Angueira explica a razón pola que adoptou o xénero do folletín neste libro e comenta o papel segundón deste xénero no século XX, tras o seu auxe no XIX. De igual xeito, explica o que lle supuxo a obtención do Xerais no ano 1999 pola novela *Pensa Nao* e, para rematar, recorda algúns dos acontecementos vividos pola súa xeración na transición á democracia e ponos en relación con *A morte de A.*

- A.N.T, 'Anxo Angueira. 'Recupero a tradición do folletín', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Fin de semana', 27 febreiro 2003, p. 41.

Entrevista a Anxo Angueira, con motivo da publicación en Edicións Xerais da súa novela *A morte de A.*, na que o autor explica as razóns polas que se decanta nesta obra polo xénero epistolar ou cál foi a súa pretensión no momento da escrita da obra. Tamén dá as razóns da ambientación da novela nas terras do Barbanza.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Ofrécese o argumento de *A morte de A.*, de Anxo Angueira, e cualifícase esta obra como novela de formación chea de intriga. Así mesmo, coméntase que con ela se homenaxea o xénero do folletín e dáse conta do tema e lugares nos que se desenvolve a historia.

- AFA, 'Anxo Angueira traza en 'A morte de A.' un retrato da súa xeración', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 15 marzo 2003, p. 76.

Infórmase da publicación en Xerais, e da presentación en diferentes cidades do país, de *A morte de A.* despois de varios anos de ausencia do seu autor, Anxo Angueira. Indícase que o 'selo Angueira' presente en *Pensa Nao*, tamén aparece nesta novela, aínda que esta constitúe un experimento e sinálanse algunhas das características deste selo, como por exemplo, os abondosos recursos léxicos. Reprodúcese unha cita do autor a respecto do valor que lle outorga á lingua e, finalmente, coméntanse aspectos do ámbito xeográfico no que se desenvolve a novela. Como parte tamén do universo Angueira, cítase o modelo inmediato que Angueira seguiu na creación da obra (*O misterio da estrada de Sintra*, escrita entre Eça de Queirós e Ramalho Ortigão) e, finalmente, sinala as características máis destacábeis da novela como é a entrada no xénero folletinesco en tramas nas que habitualmente non aparece.

- AFA, 'O selo e o universo', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 marzo 2003, p. 33.

Dáse conta da aparición de *A morte de A.* e faise mención á diferenza temporal entre esta publicación e a de *Pensa Nao*. Cualifícase a *A morte de A.* como un experimento e sinálase algunhas das características do "selo Angueira", entre as que a lingua ten un peso fundamental.

Arca Caldas, Olimpio, *O tren*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2003, col. Narrativa, nº 4, 63 pp. (ISBN: 84-933317-1-6).

Trátase dun volume no que se inclúen catro relatos independentes pero vencellados entre si por varias características temáticas e formais. Os catro contos que compoñen o libro son retazos da vida en Galicia, motivados por intencións diversas pero ambientados todos eles ben no rural ou ben nalgunha pequena vila. Nestes lugares as accións das súas xentes entrecrúzanse dando como resultado, paralelamente ao argumento en si, unha descrición dos modos de vida. Nalgunha ocasión estas xentes preséntansenos nun ámbito urbano servindo este proceso como caracterizador dos personaxes. O relato dos sucesos destes individuos utilízao Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) para falar de temas como a política, a inmigración, o paso do tempo e das xeracións ou a morte. A narración en terceira persoa omnisciente é o estilo empregado por Arca Caldas nos catro relatos aínda que nalgunha ocasión ceda a voz narrativa a algún dos personaxes para levar o fío da narración ou ben para relatar feitos pasados. A linguaxe foxe dos artificios e xoga coa sinxeleza das propias palabras e coa coloquialidade dos personaxes.

Arias, Carlos, *Libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*, introducción de Carlos Manuel Callón Torres, Noia- A Coruña: Toxosoutos, setembro 2003, col. Nume, 276 pp. (ISBN: 84-95622-60-6).

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Manuel Callón, foi o encargado de prologar este primeiro libro que escribe Carlos Arias (Lugo, 1959). Nestas palabras introdutorias aproveita para subliñar o traballo a prol da lingua galega de Carlos Arias, como xefe de sección de asesoramento lingüístico na Xunta, e para resumir brevemente o contido deste traballo literario. O *Libro das capitulacións de Xulio Corveira*

Andrade, tal e como o seu propio título indica, presenta ao seu protagonista, Xulio Corveira, case ao final da súa vida e a punto de entrar nun asilo, que decide facer unha recapitulación da súa vida co fin de afrontar un balance, para iniciar, logo de se desprender de todo, un novo camiño, que o conduza, por fin, a se atopar consigo mesmo. O protagonista contou cunha vida pouco convencional: dende bastante novo non necesitou traballar e contou cunha solvencia económica destacada que lle permitiu viaxar e facer o que lle apeteceu. O único tanxíbel que procuraba era chegar a escribir unha novela, que nunca viu rematada. Agora, con oitenta e seis anos conta e recrea, a través dun narrador en primeira persoa, as diferentes etapas ou determinados momentos -de xeito especial as relacións sexuais e sentimentais que lle deixaron unha forte pegada-, que lle permitan autodefinir e atopar un lugar no mundo. Xustifica, así mesmo, todo o que fixo ao longo da súa vida, como o fixo e, sobre todo, por que o fixo. A novela conta con dous espazos principais, son dous pobos galegos: Sorei e Adriol onde discorreu a vida do protagonista e aos que acode continuamente para analizar as persoas e demais circunstancias que lle permitan interpretar os seus actos en cada momento.

Referencias varias:

- José Xavier Bom, 'A literatura galega está aínda verde, como o país', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 19 outubro 2003, p. L2.

Despois de presentar a Carlos Arias como novel no eido da narrativa, a pesar de ter gañado xa un premio de relato e outro de poesía, o xornalista faille unha entrevista onde lle pregunta sobre a elección dun octoxenario como protagonista da súa novela, ao que responde que necesitaba unha traxectoria longa de alguén que busca no seu interior para saber quen é. O autor asocia a historia de Xulio Corveira co seu proceso vital, con moitos dos seus problemas e reconece que esta exposición narrativa foi para el unha liberación persoal. Rematan falando sobre o estado da lingua e da literatura galegas, sobre as que Carlos Arias opina que están aínda "moi verdes", porque é moi recente o proceso da normalización oficial da lingua e carécese dunha literatura estábel, obras creadas nun estándar que sexa asumido por todos.

- MARÉ, 'En autopsicoloxía ', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 outubro 2003, p. 52.

Comézase explicando algunhas das vivencias persoais que a Carlos Arias lle levaron a pensar na biografía de Xulio Corveira, como cando o suspenderon do seu emprego e se viu obrigado a vender a casa na que vivía. Neste mesmo senso exponse que *O libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade* é o resultado da liberación do autor feita romance, porque o protagonista tivo moito do que se pode desexar na vida: liberdade, solvencia económica, sexo e a capacidade de desprazarse polo mundo á súa vontade, entre outras; entón aos oitenta e seis anos séntese con forza física pero interiormente está esgotado e por iso decide facer un balance da súa vida e sobre o seu novo camiño. Outros datos que se achegan deste autor lucense son que comezou a escribir esta novela en xuño de 2002 e que Fernando Pessoa, xunto con Erich Fromm son as súas principais referencias.

- Jaureguizar, 'O 'Goncourt', cincuenta euros a escote', *El Progreso*, 'Cultura', 26 outubro 2003, p. 85.

Brevísima referencia ao escritor Carlos Arias e á súa estrea narrativa con *O libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*, na que simplemente se achega unha reflexión do autor sobre o seu libro, na que expresa que tiña unha voz interior que se verbalizaba e que escribiu o aliviou.

- Margarito Flowers, 'El escritor Carlos Arias se mete en la piel de un octogenario sin norte', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 14 novembro 2003, p. 80.

O xornalista comeza o artigo sentenciando que a historia de Xulio Corveira é ficticia, pero que podería ser a de calquera home que, no seu tramo final da vida, inicia un camiño novo co que pretende coñecerse a si mesmo antes de que chegue a súa morte. Engade que o autor indagou sobre a persoanlidade dun octoxenario que o tivo todo na vida e que chegada esta etapa da súa vida decide deixalo todo e reflexionar sobre o que foi a súa existencia co único fin de atopar o seu verdadeiro eu dentro dun mundo desquiciado. Remata referindo que a pesar de ser a primeira obra de Carlos Arias, este xa foi obxecto de dous premios: do "Camilo José Cela" de Narrativa e doutro de poesía que convocou o Concello de Vilalba en 1986.

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, Libro e CD, 148 pp. (ISBN: 84-96202-81-X).

Este libro, co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere manifestar a súa posición contraria á marea negra, ten como Limiar a poesía "Sempre mar", tirada do poemario *Profecía do mar* de Bernardino Graña. A obra acolle un conxunto moi heteroxéneo de textos, tanto en verso como en prosa (poemas, relatos, artigos, manifestos, etc.) de oitenta e catro autores galegos, centrados na denuncia da catástrofe do Prestige. Na folla de garda infórmanos de que os beneficios das vendas desta edición serán destinados á Plataforma Nunca Máis. Os autores que participan no volume con textos de narrativa son Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) con "O ADN da miña xeración"; Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) con "A dignidade dun pobo"; Camilo Franco (Ourense, 1963) con "Longa noite de fuel"; Eva Veiga (Pondeume, 1961) cun texto sen título; Fran Alonso (Vigo, 1963) con "A foto"; Francisco Castro con "O vello Sinbad nunca volveu ás illas"; Heidi Kühn-Bode (Munich, 1945) con "Literatura en tempos de cólera", Henrique Rabunhal (A Pastoriza, 1962) con "Oración polo alemán de Camelle"; Laura Caveiro (Vigo, 1967) con "O profeta Xonás vomitando na praia de Montalvo"; Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) con "O espanto"; Marcos Seixo cun texto sen título; Nacho Taibo con "Pillas"; Roque Cameselle (Vigo, 1981) con "O centolo pensou unha vez"; Vicente Araguas (Xuvia-Narón, 1950) con "Causa lóxica"; Xavier Alcalá (Miguelterra, 1947) con "Fóra de obxectivo"; Xavier Costa Clavell (Chantada, 1923) con "O regreso de Deus"; Xosé Henrique Rivadulla Corcón con "Lola na praia do Coido"; Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) con "Ensaio de morte provisional" e Xosé Vázquez Pintor

(Melide, 1946) con "A miña maleta". Nos apartados correspondentes deste *Informe* damos conta dos textos poéticos e ensaísticos deste libro.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Marea negra na senda do desastre do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Preséntase a nova escolma de poesía xurdida a partir do desastre do *Prestige*, *Alma de beiramar* publicada en A Nosa Terra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no ano 2003, que conforma unha antoloxía de oitenta e catro escritores, poetas e narradores que leva como destino económico a Plataforma Nunca Máis, recollendo poemas desde Bernardino Graña ou Adolfo Caamaño ata Yolanda Castaño. Insístese na variedade da calidade poética.

Referencias varias:

- C.V., 'A literatura contra o piche no mar', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 25.

Faise referencia á escolma poética publicada pola AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e insístese na variedade de autores, tanto polas súas diferentes idades, como pola pertenza a diferentes xeracións que quixeron deixar constancia da oposición social á marea negra provocada polo *Prestige*. A seguir cítanse os seguintes autores: Adolfo Caamaño, Agustín Fernández Paz, Ana Romani, Antón L. Dobao, Camilo Franco, Camilo Gonsar, Cesáreo Sánchez Iglesias, Chus Pato, Dora e Pura Vázquez, Eduardo Estévez, Emilio Insua, Estivaliz Espinosa, Fran Alonso, Francisco Castro, Isidro Novo, Lois Diéguez, Luís Rei Núñez, Luísa Villalta, Manuel A. Torneiro, Forcadela, Vidal Villaverde, Marga do Val, M^a do Carme Kruckenberg, M^a do Cebreiro, Marica Campo, Marilar Aleixandre, Marta Dacosta, Miro e Rafa Villar, Paco Souto, Rosa Aneiros, Teresa Seara, Vicente Araguas, Xavier Cordal, Xavier Seoane, Xela Arias, Xesús Pereiras, X. Fernández Ferreiro, X. Fernández Naval, X.M^a. Álvarez Cáccamo, X.R. Freixeiro Mato, X. Miranda, Xulio Valcárcel e Yolanda Castaño. Incídese, ademais, no conxunto plural e variado de colaboracións literarias, xa que ao lado de poemas existen tamén manifestos con marcado carácter reivindicativo.

- Alfredo Conde, 'Poesía que nos ilumina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 xullo 2003, p. 4.

A partir dunha cita de Max Aub, Alfredo Conde divaga sobre o significado da arte para transmitir ao lector a publicación desta obra de oitenta e catro autores, narradores e poetas que loan ao mar despois dos acontecementos xurdidos o 13 de novembro de 2002 que derivaron no afundimento do *Prestige*.

- R.N., 'Alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto

2003, p. 7.

O autor quiere deixar constancia a través do subtítulo da obra, *A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, das intencións desta iniciativa que nace como resposta á catástrofe do *Prestige*, onde oitenta e catro voces expresadas en forma de relatos, ensaios e composicións poéticas tentan amosar unha plena solidariedade cos acontecementos aos que se fai referencia. Insítese, ademais, na pluralidade existente neste libro, de estilos, idades, temáticas, promocións e opcións estilísticas e formais unidas como mostra de protesta contra a indignidade.

- MARÉ, 'Varios escritores galegos axúntanse para denunciar a crise do 'Prestige', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 setembro 2003, p. 76.

Refírese á publicación que a Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra sacaron á luz, *Alma de beiramar*, como denuncia e compromiso dos autores galegos para deixar memoria do afundimento do *Prestige*, dándolle todo o recadado pola súa venda á Plataforma Nunca Máis. Anúnciase, ademais, a presentación do libro na galería Sargadelos de Compostela o día 24 de setembro de 2003, na que participarán Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño e na que haberá un recital con algúns colaboradores desta obra.

- Amaia Mauleón, 'Alma de Beiramar', el grito de las letras gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 setembro 2003, p. 34.

Alúdese á presentación do libro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar*, en Vigo, o día 23 de setembro de 2003 na Casa del Libro, da man de varios dos seus autores como Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña, Fran Alonso, Marga do Val, Xela Arias, Marta Dacosta, Roque Cameselle, Francisco Castro e Manuel Villaverde.

- Sofía de Benito, 'Con alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 25 setembro 2003, p. L14.

Faise referencia ao acto que tivo lugar no día 24 de setembro en Compostela, no que Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño presentaron *Alma de beiramar*; sinala que no acto participación de varios dos seus colaboradores como Chus Pato, Bieito Iglesias, María do Cebreiro, Rafa Villar, Antón Dobao, Raúl Gómez Pato, Rosa Aneiros, Xoán Xosé Abella e María do Carme Kruckenberg.

- MARÉ, 'Co ánimo de facer ruído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2003, p. 43.

Faise referencia ao Congreso de Cultura Mariñeira e Popular, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega os días 10 e 11 de outubro onde se abordarán temas galegos relacionados co mar e se presentará o libro *Alma de beiramar*.

Buela, Pilar, *Ácaros verdes*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Medusa/narrativa, 146 pp. (ISBN: 84-

7824-437-9).

Buela Piedra (Calo-Teo, 1966) presenta con *Ácaros verdes* (obra que acadou en 2003 o Premio "Manuel Lueiro Rey" de Novela Curta) o ambiente que rodeaba ás familias dos mandatarios máis pretos a Adolf Hitler nos derradeiros días da súa vida. A obra danos a coñecer dúas vidas paralelas de dúas mulleres -Eva Braun e Magda Goebbels- que viven soterradas nun búnker berlinés a finais da Segunda Guerra Mundial e ás que lles une unha condición e un destino común: morrer polos homes aos que aman. No caso da primeira, Eva Braun, trátase dunha prostituta namorada do Führer á que, cando todo está perdido e a entrada dos comunistas rusos na cidade é inminente, o nazi pide casamento. Pola súa parte, Magda é a triste e resignada esposa cunha vida entregada aos fillos de Joseph Goebbels, gobernante moi próximo a Hitler que tamén sofre o irremediábel destino. A acción da obra, liñal en todo momento, vese interrompida en máis dun capítulo polas reflexións que ambas as dúas mulleres fan acerca das súas vidas, unhas vidas cheas de anguria que toman os seus últimos folgos na escuridade do subsolo de 1945. Esta trama argumental transcorre durante un espazo temporal limitado a uns poucos e indefinidos días e un *locus* espacial tamén moi limitado, pero neste caso totalmente definido: un tebroso e nauseabundo búnker nazi no que se produce, incluso, a voda entre o máximo gobernante e a prostituta. Hai que exceptuar tan só unha "saída á luz" efectuada por Eva Braun. Estruturalmente, os vinte e oito capítulos que a dividen alternan o discorrer do argumento principal coas profundas e marcadamente femininas reflexións das dúas protagonistas. Amsa, igualmente, un ritmo narrativo pausado con continuos apuntes do narrador que ralentizan moitos instantes de acción e unha linguaxe chea de expresións e termos propios dun rexistro lonxano do coloquial con continuos cultismos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'As dúas mulleres do nazismo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

Blanco Rivas asegura que a chegada de *Ácaros Verdes* ao panorama narrativo galego supón unha "refoleada de aire fresco" por diversos motivos que atinxen tanto á temática, coma aos personaxes ou ao ambiente. Tras este inicio, pasa a describir sucintamente o contido da novela, inserta nun Berlín nazi, para rematar exaltando a humanidade e o punto de vista feminino dende o que está proposta esta obra.

Referencias varias:

- L. Varela, 'Pilar Buela: 'Gustárame adicarme ás letras de xeito profesional'', *Diario de Arousa*, 'O Grove/Ribadumia', 14 decembro 2003, p. 15.

Logo de comentar as primeiras impresións de Pilar Buela ao gañar o premio "Manuel Lueiro Ray" de Novela Curta coa súa obra *Ácaros Verdes* -facendo fincapé en que se trata da primeira incursión que a autora fai no mundo da literatura-, explica o argumento principal do libro: versa sobre os sentimentos e pensamentos das esposas duns mandatarios nazis metidas nun búnker de guerra. Asemade, a escritora dá a súa opinión sobre o mundo da literatura galega -repleta, tal e como pon de relevo, "de moitos e moi bos escritores"- en

contrapartida coa escaseza de lectores que sofre.

Cabana, Darío Xohán, *Mitos e memorias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2003, col. Narrativa, nº 193, 119 pp. (ISBN: 84-9782-025-8).

Este libro de relatos de Darío Xohán Cabana (Cospeito, 1952) ten un total de nove textos, dos que só cinco son inéditos, "Anos de aprendizaxe", "O rescate" "A prisión" "A ruína" e "Retorno a Saor". É común a todas as narracións un narrador autodiexético que vai contando feitos pasados, se ben nalgunha coma en "O Caldeiro", pode deixar paso a un narrador en terceira persoa. O tempo das hitorias e a súa localización especial vai variando dunhas a outras, desde a idade media ata a actualidade, aínda que hai en case todas un esforzo por darlles un aire mítico e atemporal, difuminando os lugares e o tempo para cubrilos dunha ficcionalidade total. Os núcleos temáticos xa veñen marcados polo título, e case todos os contos teñen un ton mítico ou memorialístico, moitas veces con refachos de simbolismo ou apuntes autobiográficos. Nos dous primeiros relatos do libro, "A illa" e "Cercos de ferro", estamos nun tempo mítico que muda ou desaparece, o primeiro é unha viaxe na busca das orixes, dunha illa dos antergos, aínda sen que o narrador teña consciencia de tal; mentres que no segundo está o declive dunha cultura no que se adiviña a lenda do monte Medulio. No terceiro relato, "Martíño en Lumbredón", hai un pulso na Galicia medieval entre Martíño de Dume e Prisciliano por vencer ou ser vencido. En "Anos de aprendizaxe" o protagonista forxa a súa vida nun espazo que é unha mestura entre a Idade media e as folgas obreiras do século vinte. Nos dous seguintes, "O rescate" e "A prisión", está de trasfondo o activismo político, se ben son moi distintos, o primeiro é a maneira dun relato de aventuras e o segundo xoga cunha angustia onírica, detrás da que está a prisión. En "A ruína" hai unha forte carga simbólica nunha narración case estática que fala do acabar dunha era, da decadencia e da destrución. Por último, remata o libro con "O caldeiro", un conto que ten máis forma de lenda, imitando as súas estruturas ou desmontándoas ironicamente, e, coma en toda lenda, tamén hai unha importante carga simbólica.

Recensións:

- Carlos Freire, 'A tribo dos soños', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', , p. 11.

Anuncia a publicación pola editorial Xerais de *Mitos e memorias* (2003), unha colección de relatos breves de Darío Xohan Cabana. O articulista destaca os relatos "A prisión" e "O caldeiro", que, segundo el, pola súa verosimilitude, representan as pezas máis interesantes do libro.

- Ramón Loureiro, 'Moi grande é o mar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto 2003, p. 7.

Con entusiasmo declarado acolle Ramón Loureiro o novo libro de Darío X. Cabana e, mesmo afirma, que o título, *Mitos e Memorias*, "está chamado a converterse nun texto imprescindible". Dinos que o libro ten cinco relatos inéditos: "Anos de aprendizaxe", "O rescate", "A prisión", "A ruína" e "Retorno a Saor"; os outros xa foran editados. No seu

conxunto estarían presentes todos os grandes temas de Cabana, como a viaxe de iniciación, o escapar da desmemoria, o nacemento das lendas ou o tema artúrico. Sinala que con todos eles constrúe un mundo de seu, algo que, segundo Ramón Loureiro, calquera escritor queredría acadar. Ao final fálanos da curiosidade por saber quen dispuxo a orde dos textos, se o escritor ou o editor, pois os primeiros do libro marcan o que é a fronteira dese mundo que creou Cabana.

- Xosé M. Eyré, 'O retorno de Darío X. Cabana', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 26.

Como "agardada" se cualifica a nova aparición de Darío X. Cabana no panorama literario galego por ser este unha das súas figuras principais. Son dous os novos títulos dos que se nos fala *Vinte cadernos*, coa poesía xa publicada polo autor; e *Mitos e Memorias* que contén nove relatos. O artigo fálanos sobre todo do libro de relatos, que se nos di marcado por un ton memorialístico con algo de mítico, que se emprega para construír discursos formativos que suxestionen ao lector. Na análise dos relatos descobre algúns elementos moi propios de Cabana, como o estilo grave e remansado no que se aproveita a corrente memorialística que hai en relatos como "Cercos de ferro", que fala do monte Medulio, ou o elemento do labirinto en "A prisión". Tamén son propio do autor os temas que xiran ao redor do mundo celta, presentes en "A illa" ou en "O caldeiro".

- Xulio Valcárcel, 'Mitos e memorias', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 28 setembro 2003, p. 4.

Define o libro de Darío X. Cabana coma un todo unitario que se consegue grazas aos puntos coincidentes en todos os relatos, nos que o autor manexa habilmente o tempo e o ritmo narrativos, preocupándose de que todo encaixe e utilizando unha lingua chea de matices e sonoridade. Di que, neste libro, o mito pode ser tanto punto de partida dos relatos, como punto de chegada a partir da memoria, que é outro elemento clave; sinala que esta dobre interpretación do mito fai que se poida pensar, aínda que non se recomende, nunha posíbel interpretación autobiográfica dalgúns relatos, como "Anos de aprendizaxe". Sinala, así mesmo, que en todos os relatos están moi presentes o lirismo, a épica, as aventuras, o misterio, a picaresca, o tema artúrico ou a saudade.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Uns relatos cimentados na mitoloxía e no memorialismo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 3.

Lamenta que a volta de Darío Xohán Cabana á actualidade do libro galego non sexa cunha novela longa, senón cunha pequena colectánea de relatos de pouca extensión, *Mitos e Memorias*. Sinala que neste conxunto de relatos o autor lugués reelabora temas de sempre, como a importancia do pasado para o presente ou os elementos do ciclo artúrico, aos que lles dá unha nova dimensión persoal. Define a lingua empregada no libro como "poderosa e rica" e sinala que esta provén da propia sabiduría lingüística do autor. Dá conta, finalmente, do argumento de cada un dos relatos que integran a obra.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Estirpe e labirinto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. V.

Comeza Francisco Martínez Bouzas facendo unha pequena descrición do que foi o discurso literario de Darío Xohan Cabana nos últimos anos, dirixido á construción dunha cultura nacional diferenciada e propia, e baseándose nunha revisión dialéctica da tradición. Está é liña do seu discurso nos seus últimos libros, presente en *O cervo na torre* e *Morte de rei*. Agora, di Martínez Bouzas, volve co que será considerada unha obra menor dentro do seu corpus, *Mitos e Memorias*, aínda que coas mesmas obsesións: a forza da tradición na construción do presente e a revisión persoal de elementos do ciclo artúrico. Só aparecen algúns elementos novos, como unha mesta atmosfera opresiva e abafante nalgúns contos, pero continúa unindo pasado con presente por medio do simbólico ou onírico e o memorialístico. Coexisten para Martínez Bouzas neste libro relatos de aprendizaxe, de activismo político, oníricos ou reelaboración de lendas celtas, cos relatos máis memorialísticos, que se remontan a un tempo mítico ou á Idade Media.

- Ramón Loureiro, 'Un ano de libros para recordar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 41, 'Ficción en galego', 27 decembro 2003, p. 8.

Ramón Loureiro destaca a boa "colleita" que supuxo o ano 2003 para a narrativa galega, e para demostralo céntrase no comentario de *Mitos e memorias*, de Darío Xohán Cabana, ao que considera un "fíto". Explica que este libro de relatos reflicte o particular mundo ficcional e imaxinario do seu autor e que a Galicia do Norte é a verdadeira protagonista dos mesmos. Informa, tamén, de que a primeira elaboración dalgúns destes contos data dos anos oitenta. Enumera, por outra parte, catro títulos máis que tamén considera excelentes froitos da narrativa publicada en 2003: *Relatos mariñeiros* de Xosé Neira Vilas, *A-Z* de Xesús Fraga, *Por conto alleo* de Camilo Franco e *O trevo da sorte* de Medos Romero. Nesta mesma páxina, en columna á parte, achéganse breves comentarios de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, *Contos da cábila*, de Antonio Pereira, *A esfínxe de Amaranto*, de Antón Riveiro Coello e *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Darío Xohán Cabana prepara un libro de contos con vivencias súas', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 3 marzo 2003, p. 67.

Recolle as palabras de Darío Xohán Cabana, quen explica que está preparando a edición de *Mitos e memorias*. O escritor chairego reconece que hai no libro elementos moi persoais pero distorsionados, ademais de lendas coma a do Medulio, a de Breogán ou a do Santo Grial. Ademais, segue dicindo Cabana, nos contos hai reminiscencias medievais anacrónicas e un relato simbólico, "moi metaforizado", que fala da caída do sistema socialista. Tamén hai, incluso, contos que falan de pesadelos angustiantes que terían o punto de partida nun sonho do propio autor. Sinala que buscou un estilo narrativo que fose distinto para cada historia, tendo presentes a Franz Kafka ou ao simbolista francés Marcel Schwop.

- Ángel V. A., 'La memoria del presidente', *El Progreso*, 'De actualidad', 19 xullo 2003, p. 88.

Artigo no que se tratan varios temas da actualidade, tanto da política coma da música. Do mundo da literatura, ademais de dar dunha breve noticia sobre Isaac Díaz Pardo, fálase da inminente publicación de dous libros: *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, de Ángel de la Vega, e un libro de relatos titulado *Mitos e Memorias*, de Darío Xohán Cabana.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- MARÉ, 'Setembro decaído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 setembro 2003, p. 45.

Faise referencia á escasa oferta cultural deste mes de setembro e lembra algúns dos libros publicados ao longo do verán; entre eles, *Mitos e Memorias*, de Darío Xohán Cabana, do que destaca a súa capacidade para recrear mundos míticos.

- Patrick Saulheimer, 'Darío Xohán Cabana: Mitos e memorias', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Besprechungen', decembro 2003, p. 47.

Elabora unha pequena descrición e resumo dos relatos deste libro para apuntar a Darío Xohán Cabana como parte do grupo de escritores galegos que tentan facer epopeia nacional da lembranza dos mitos, que tamén son parte da historia dos feitos. Cualifícao de construtor do pasado galego, da memoria colectiva mítica-histórica. Na obra estudada, a alma do pobo, a busca da terra visionaria, a viaxe como rito iniciático, os mitos celtas e os elementos da saga artúrica, escriben as lendas que axudan a conseguir a memoria colectiva. Patrick Saulheimer apunta o estilo épico, pero á vez claro, a atmosfera mitolóxica e a omnipresencia da afinidade nacionalista do autor que non obsta para facer sinxela e boa a lectura do libro.

- Jaureguizar, 'Miranda e Cabana pechan etapas publicando catro recompilacións', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 decembro 2003, p. 82.

Dá conta da presentación que Xerais fixo das súas novidades editoriais: *As cidades mergulladas* e *Tarxeta vermella*, ambas as dúas de Xosé Miranda; e *Mitos e memorias*, de Darío X. Cabana. Indica, con respecto a este último, que se trata dunha obra pensada nos anos oitenta e que se alongou no tempo, polo que o autor reescribiu varios dos relatos que a integran.

Cameselle, Roque, *Bieito Dubidoso*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 200, 239 pp. (ISBN: 84-9782-079-7).

Novela de Roque Cameselle (Vigo, 1981) que mestura a ambientación histórica coa fantasía e que está baseada nun guión cinematográfico. Ambientada en Tui, nuns tempos de máxima tensión por mor das disputas entre as cortes e os arcebispados de Compostela e Braga, conta a historia do mago Bieito Dubidoso, que vive entre 1143 e 1225 e quen, ao

longo da súa vida, chega a ser quen de facer desaparecer as persoas e mesmo crear neve con só desexalo. Dubidoso acada tal sona no Reino de Galicia que mesmo El-Rei, don Fernando, acabou por recorrer á súa habelencia e sabedoría. Bieito, que descobre os seus poderes xa de cativo, atopa en Destreza, unha rapaza doutras terras que se instala na súa casa, a súa compañeira ideal de xogos, xunto á que crece e aprende a se desenvolver na vida e coñece o amor. As acusacións de bruxería chegan axiña á vida de Dubidoso e veñen da man do Bispo e señor de Tui que non permite que se poña en dúbida a súa superioridade diante dos seus vasalos. As súas intrigas levan á morte da súa nai e provocan que seu pai caia nunha trampa sexual, mais Bieito atreveuse a desafiar o poder da igrexa e recorre a El-Rei para aclarar os feitos, obtendo o seu favor, mentres o Bispo acaba por se instalar na corte de Braga dende onde preparará a súa vinganza. Dubidoso e Destreza instálanse en Compostela, onde participan da vida da cidade, chea de estranxeiros e comerciantes, onde melloran cada vez máis a súa maxia e afianzan a súa relación con El-Rei. Mais co tempo Dubidoso verase envolto nas negociacións coa corte portuguesa e terá que escapar da traizón botando man de novo da súa astucia. A novela bota man de recursos cinematográficos e do uso do anacronismo, dando paso a intervencións do narrador que a salpican dun ton por veces humorístico.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Ficción, historia e poder imaxinativo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 7.

Considera a inclusión de *Bieito Dubidoso*, de Roque Cameselle, na colección "Narrativa" de Edicións Xerais, como unha aposta consciente da editorial por ofrecer obras máis plurais e diversas, como confirma o feito de incluír tamén en entregas anteriores as obras de Rosa Aneiros ou Inma López Silva. Con respecto á novela de Cameselle, percibe un desexo de narrar con paixón, sentimento e vehemencia, unha vontade sustentada en terreos nada doados como a ambientación histórica tratada con rigor e o universo temático da aventura, a viaxe, a persecución, os prodixios incríbeis, as intrigas pancegas, a traizón ou a superstición. Salienta a capacidade imaxinativa do autor, que recoñece continuador de Cunqueiro, e identifica a Bieito Dubidoso cun novo Merlín "dono de excepcionais e extraordinarios dotes". Finalmente alude á influencia cinematográfica da narración, nos aspectos estruturais e descritivos, "todo suturado nun texto maduro dun autor do que cómpre estar ben atento".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'El Quijote, recheo de feo e palla', *El Progreso*, 'Cultura', 7 decembro 2003, p. 77.

Sinala que comparte algunhas das consideracións expostas polo escritor inglés Martin Amis en *La guerra contra el cliché*, unha escolla de vinte e cinco anos de colaboracións periodísticas sobre literatura, sobre todo as que expresa sobre *El Quijote*. Alude á precocidade deste autor, a mesma que recoñece en Roque Cameselle e na súa primeira novela, *Bieito Dubidoso*, logo de abraiar co seu libro de contos, *O Pausiñas*, e a súa curtametraxe *Soldados sen fortuna*. Comenta que Cameselle enxendrou esta novela como o

relato titulado *A luz freada da tarde*, mudouno en novela e agora traballa nunha serie de debuxos animados para a TVG.

- Salvador Rodríguez, 'Non son un prodixio, senón un precoz do cine e a literatura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Entrevista', 18 decembro 2003, p. III.

Tras resumir a traxectoria de Roque Cameselle como cineasta e escritor, tanto de guións cinematográficos coma de obras literarias, e mencionar o seu primeiro libro de contos, *O Pausiñas*, o autor sinala que a súa dedicación á escrita naceu na adolescencia e desenvolveuse a pesar de ser disléxico. En canto ao cine confesa que xa de neno inventaba historias que proxectaba na súa cabeza e que aos once anos a súa familia lle regalou unha cámara de vídeo. Entende o cine e a literatura coma dúas actividades que posúen regras e técnicas distintas e non se considera un "nenso prodixio" por ter unha dedicación profesional aos vinte e dous anos. Aborda, a seguir, diferentes aspectos relacionados coa escrita dun guión, actividade que entende ingrata, e con respecto a *Bieito Dubidoso* sinala que o protagonista vén de vello na súa imaxinación, primeiro foi unha noveliña, logo un guión e na actualidade está a facer unha serie de animación baseada na novela. Considera equivalente a relación que existe entre unha novela e unha película e un conto e unha curtametraxe e nomea, entre as súas principais influencias literarias, os relatos curtos de Méndez Ferrín, Sabino, Bioy Casares, Carlos Castan e a novela *Fada Pelgrina*, de Penac.

Caneiro, Xosé Carlos, *Ámote*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Literaria, nº 194, 336 pp. (ISBN: 84-8288-361-2).

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) achega unha novela de amor na que toda a ficción xira arredor de Ulises Craso, un xornalista de peche de edición que a través do seu soliloquio nos conta a súa desafortunada vida. É un home hipocondríaco e neurótico, con moitos complexos -tímido, obeso, baixinho- que aos seus sesenta anos roldaba o desequilibrio mental. Láiasse da tristeza, soidade e angustia que o acompañan permanentemente. Sofre continuas depresións que o levan a considerarse un residuo, un perdedor ou un "vocacional da derrota". Alivia a súa dor emborrachándose ou tomando antibióticos destrutivos. Con todo, acha a solución no amor, coida que este é o "único soporte que ten a vida dos solitarios"; por iso se namora de todas as mulleres, aínda que tamén fracasa pois é rexeitado. Isto condúceo a cubrir os seus afectos imaxinando unha muller ideal, de ollos verdes, que o acompaña sempre nos seus delirios e á que constantemente lle está a facer declaracións de amor. Ao final, tras a xubilación, dáse conta de que malgastou a súa vida en ilusións ou desexando a morte; sen embargo é feliz porque está vivo. Todas estas reflexións recólleas nun diario que entrega ao seu compañeiro Lázaro Pin para que o converta nunha novela. Estrutúrase en tres partes, que se refiren aos estados polos que pasa o personaxe, cada unha das cales se divide á súa vez en pequenos episodios con breves títulos introductorios : I, "Inferno", con trinta e tres capítulos; II, "Purgatorio", con vinte e dous 22; e III, "Paraíso", con once. O ritmo narrativo é moi lento debido á linguaxe dos sentimentos empregada. O espazo é practicamente na súa totalidade urbano e o tempo, actual. O autor xoga coa ironía e o humor para criticar o esperpéntico mundo que ás veces nos rodea.

Referencias varias:

- R. García, 'La novela 'Ébora', de Xosé Carlos Caneiro, en las librerías alemanas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 novembro 2003, p. 54.

Despois de facer referencia ás traducións das obras do autor ourensán, dá noticia da inminente saída do prelo da súa nova novela, *Ámote*. Asemade, recolle as primeiras valoracións do escritor sobre esta, da que ofrece un breve resumo argumental. Sinala, ademais, que pon de manifesto o "arriscado" do seu proxecto ao que cualifica como "unha novela de entusiasmos, de amores compartidos".

- C. F., 'Interésanme os conflitos dos personaxes, non a intriga', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 decembro 2003, p. 51.

Achega unha conversa con Xosé Carlos Caneiro que xira, fundamentalmente, arredor do protagonista da súa novela. Admite que a intriga é para el secundaria; o que lle "importa" é o "conflicto dos personaxes", por iso, afirma, coloca a Ulises Craso nun lugar destacado. Defíneo como un "perdedor", "metáfora do home do século XXI". Así mesmo, tamén salienta a carga sentimental de *Ámote*.

- Camilo Franco, 'Caneiro reclama unha literatura dos sentimentos en 'Amote', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 decembro 2003, p. 51.

Anuncia a presentación desta novela e achega unha sucinta análise dela. Principia trazando o perfil do protagonista, ao que ve como un home derrotado pola vida, que procura a única saída nun amor inalcanzábel. Así mesmo, subliña que "unha tristeza sentimental" preside as súas páxinas, xunto co humor e "a ironía melancólica".

- MARÉ, 'Por dentro e por fóra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 decembro 2003, p. 51.

Destaca a renovación da colección Literaria de Galaxia e fai referencia ao acto de presentación dos últimos números cos que inicia esta nova andaina: *A esfínxe de amaranto* de Antón Riveiro Coello, *A noite da aurora* de Camilo Gonsar, *A vida que nos mata* de Xabier López, *Contos da Cábila* de Antonio Pereira, *Un nome de diccionario* de Amélie Nothomb e *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro. Realiza unha breve achega a cada unha. Así, Carlos Lema, coordinador de publicacións de Galaxia, refírese, por exemplo, a *Ámote* como modelo "de novela amorosa contemporánea".

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis

novos "ese espacio fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

- Alberto Quián, 'Os escritores están perdendo a súa identidade', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 22 decembro 2003, p. 60.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro sobre a súa novela. O escritor define ao seu protagonista e xustifica a súa elección. Salienta a súa doenza existencial e a súa recorrencia ao amor, deixando en mans do lector o xuízo sobre a súa existencia real. Así mesmo, reconece que este xornalista, que ousa "satirizar e ironizar a realidade", é el mesmo. Por outro lado, quíxase da situación actual do mundo das letras. Esta noticia aparece reproducida tamén no xornal *La Opinión* do 23 de decembro de 2003.

- Alberto Quián, 'Os escritores están perdendo a súa identidade', *La Opinión*, 'Entrevista', 23 decembro 2003, p. 52.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro sobre a súa novela. O escritor define ao seu protagonista e xustifica a súa elección. Salienta a súa doenza existencial e a súa recorrencia ao amor, deixando en mans do lector o xuízo sobre a súa existencia real. Así mesmo, reconece que este xornalista, que ousa "satirizar e ironizar a realidade", é el mesmo. Por outro lado, quíxase da situación actual do mundo das letras. Esta noticia aparece reproducida tamén no xornal *Faro de Vigo* do 22 de decembro de 2003.

Caride Ogando, Ramón, *O sangue dos camiños*, Premio Risco de Literatura Fantástica 2003, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións □, 2003, col. Medusa/narrativa, 222 pp. (ISBN: 84-7824-429-8).

Novela de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) que pecha a triloxía integrada por *Soños eléctricos* (Premio Blanco-Amor, 1992) e *Sarou* (Premio Café Dublín, 1997) e que foi merecedora do Premio Risco de Literatura Fantástica. Nela combínanse elementos da ficción científica coa literatura de viaxes, co xénero policíaco e co de temática xacobeá, todo isto nunha trama que xoga con tres historias paralelas protagonizadas polo escritor Darío Gancedo, a azafata Xana Reboredo e unha mestra de literatura dun liceo francés con raíces galegas, Natalie. Os espazos nos que se desenvolven son principalmente urbanos, dende a cidade de Nova Iorque ata diferentes cidades situadas no Camiño de Santiago e a propia Compostela. As modalidades narrativas veñen marcadas pola primeira persoa que emprega o escritor Gancedo para relatar a súa historia de amor por Xana, que comeza no momento en que é testemuña do seu secuestro e decide seguir as pistas que o levan a descubrir a súa identidade e mediar na súa liberación; e un narrador omnisciente en terceira persoa que relata cómo Natalie comeza unha viaxe sen retorno polo Camiño de Santiago coa idea de suicidarse, despois da crise que lle provocou un cancro de mama. Do mesmo

xeito, tamén nos traslada a historia de Xana antes do seu secuestro, motivado polo tráfico duns poderosos cristais chamados oders, que son transpositores de personalidade, unha especie de neuronas vivas, froito da enxeñería xenética, cos que os usuarios viven experiencias reais de persoas xa mortas, e que crean unha forte dependencia psicolóxica. As vidas destes personaxes conforman un quebracabezas que só no final se ve completo de xeito sorprendente e que ten lugar en Fisterra.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Os desafíos e os agasallos do destino', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 3.

Comeza sinalando que *O sangue dos camiños* é unha "prolongación e un reencontro" co gran macrotexto da produción de Ramón Caride, na que a continxencia da felicidade e a imposibilidade de pechar no determinismo das leis e teorías o mundo dos seus personaxes son dous aspectos recorrentes. Da trama sinala que é rica e complexa, nunha novela que ten como alicerces historias paralelas que conflúen no final dominadas polo fatalismo e a casualidade na vida dos protagonistas, que teñen conciencia de estaren en mans do azar. Destaca do mesmo xeito os trazos formais novidosos, a verosimilitude, as peregrinacións e fuxidas, o erotismo, o onirismo ou o cosmopolitismo, así como o enraizamento no propio. Do aspecto formal, salienta a arquitectura da obra en consonancia coas técnicas da literatura de vangarda máis actuais, onde dominan a multiplicidade de voces, as dislocacións temporais, a tendencia á fragmentariedade e o experimentalismo. Remata apuntando que estamos ante un dos produtos máis interesantes do sistema literario galego dos últimos anos.

- Camilo Franco, 'O sangue nos camiños', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 13, 'Letras en galego', 14 xuño 2003, p. 7.

Comeza sinalando o gusto de Caride Ogando por presentar historias de paisaxes fantásticas pero con cerne humano, aspecto que se dá de xeito máis maduro en *O sangue dos camiños*. Sinala que esta novela foi a gañadora do Premio "Risco de literatura fantástica" e que nela se dá a mestura de xéneros nunha tendencia cara a falta de homoxeneidade que se dá tamén na sociedade. Destaca o dominio do autor na contención que deixa ao lector a soas cunha historia na que converxen tres camiños.

- Xosé M. Eyré, 'Os outros de Ramón Caride', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 26.

Comeza sinalando que esta novela foi merecedora do Premio "Risco de Literatura Fantástica" 2003, malia ser de difícil clasificación, e destaca a contribución deste galardón á renovación do concepto deste xénero. Apunta que na novela de Caride Ogando só aparecen os "oders" como elementos da ficción científica, uns transpositores de personalidade que provocan dependencia psicolóxica e que son froito da enxeñería xenética que simbolizan o requintamento do consumismo, posto que todo o demais está marcado

pola cotidianeidade. Explica que a novela está conformada por tres historias que se van alternando e interrompendo, nas que se dan ecos da novela negra ou detectivesca. Considera que aspectos como o feito de estaren marcados os destinos dos personaxes polo azar lembran outra novela do autor, *Sarou* (1997), coa que indica algunhas das diferenzas. Conclúe aludindo ao xogo que a obra somete ao lector, sinalando que é unha aposta arriscada de estrutura e ritmo, á vez que salienta a habilidade do autor nas transicións das voces narrativas e na forza que lle imprime ás personaxes secundarias.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Camiños e destinos azarosos', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 395-397.

Reprodúcese a intervención de Martínez Bouzas na presentación do libro de Ramón Caride Ogando, *O sangue nos camiños*, que tivo lugar en Vilagarcía de Arousa o 29 de maio de 2003. Comeza cualificando este libro como a peza narrativa máis cobizosa, madura e ricaz do autor e tamén como a máis moderna, filosófica e complexa, sinalando que confirma a Caride como un escritor de culto e un mestre na diversidade de enfoques e formas de contar, nas técnicas narrativas, nos xogos coa temporalización e espacialización e na combinación de puntos de vista. Identifica tamén no seu macrotexto algunhas das teimas e obsesións máis recorrentes: a continxencia e eventualidade da felicidade e a imposibilidade de encerrar no determinismo de leis e teorías o mundo dos seus heroes e personaxes, porque o azar, que o goberna todo con man mestra, decide sobre a nosa vida. A seguir, refírese ás ideas centrais que serven de alicerce a esta novela de Caride e compara a importancia concedida ao azar, ás casualidades, aos encontros fortuítos e aos fenómenos misteriosos que acaban por ter un gran significado e marcan os destinos de homes e mulleres, coa obra de Paul Auster. *O sangue dos camiños* é, segundo Martínez Bouzas, unha novela chea de trama, de argumento, "novela de estradas, de peregrinaxes, de fuxidas dun mesmo, de identidades cambiantes, tamén de pesadelos, alustres e frialdades", e supón un reto para o lector. En definitiva, conclúe, "un dos produtos máis interesantes do sistema literario galego nos últimos tempos".

- Domingo Tabuyo Romero, 'Un análise da obra do seu, noso, compañeiro Ramón Caride', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 38.

Comeza facendo un repaso ás constantes da obra de Ramón Caride Ogando, das que destaca a loita interior dos personaxes por saíren das "encrucilladas nas que se atopan", o emprego do léxico da Galicia interior, a descrición das paisaxes e "naturezas vivas", a súa capacidade para facer chegar ao lector o sentimento da terra, as cores, o tempo ou as diversas dimensións que adquiren as cidades. De *O sangue dos camiños* explica a situación dos personaxes centrais, caracterizados polas súas traxedias individuais. Sinala que os espazos da acción se sitúan en Nova Iorque, a Bretaña Francesa ou o Camiño de Santiago. Do estilo destaca a concepción da novela a modo de escenas cinematográficas, con ritmo áxil e con tramas paralelas que conflúen nun "puzzle final". Salienta o dominio das temáticas científicas de Caride e o seu gusto pola ficción científica, na que emprega unha linguaxe nova ao "modo do australiano Greg Egan". Considera fundamental a creación dos "oders", un novo tipo de droga que fai confluír as vidas dos protagonistas; o desenvolvemento de dous planos paralelos nos que se leva adiante a trama e nos que, á vez, se poñen de manifesto os problemas e carencias da sociedade actual. Remata sobranceando

aspectos como un certo carácter máxico, as diferentes voces narrativas, os espazos urbanos ou a ciencia como método de explicación e análise de todo.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Destinos azarosos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. V.

Comeza repasando algúns dos títulos do autor nos que se recolle a súa narrativa curta como *A incerteza dos paraísos* (2000), *Negros espellos* ou *Escáner* (2002). A seguir, céntrase en *O sangue dos camiños*, que considera a peza narrativa máis "cobizosa, madura e rica do autor", así como a máis moderna, filosófica e complexa. Destaca o dominio de enfoques, forma de contar, técnicas narrativas, dislocamentos temporais, configuración de espazos e combinación de narradores ou puntos de vista cos que xoga o autor. Sitúa esta novela en relación co macrotexto da obra de Caride, na que sinala como elementos recorrentes a continxencia e a eventualidade da felicidade ou a imposibilidade dos seus personaxes de fuxiren do determinismo do destino, que nesta obra se acentúa na procura do sentido das casualidades que marcan os destinos dos homes e mulleres. Do argumento sinala que presenta tres historias paralelas que acaban confluindo, dos trazos formais novidosos considera que non "engole" a trama da novela, que sempre se mantén a primacía da historia, o interese e a verosimilitude, que levan a reflexionar ao lector sobre o sentido da vida. Tamén alude á presenza de elementos de ficción científica, do erotismo, do onirismo ou dunha nova dimensión que adquire o Camiño de Santiago. Remata destacando a gran novidade formal, a mestura de voces narrativas, os diferentes niveis semánticos ou a tendencia á fragmentariedade.

Referencias varias:

- C. L., 'Ramón Caride gaña o Vicente Risco coa súa novela máis 'traballada'', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 29.

Anuncia que Ramón Caride Ogando resultou gañador do Premio "Vicente Risco de Literatura fantástica" coa novela *O sangue dos camiños*, na que considera que se recollen as principais inxenuidades do autor e se detecta unha forte presenza dos seus traballos anteriores. Recolle as palabras de Caride nas que reconece que con esta obra se pecha a triloxía iniciada con *Os soños eléctricos* e continuada logo con *Sarou*, apuntando algunhas das características comúns como o levar a letra ese no título ou un triángulo de protagonistas. Sinala a liña argumental da novela, destacando que na última páxina muda a percepción do lector con respecto a todo o anterior. Destaca Caride os elementos fantásticos representados polos "biochips" como metáforas da literatura ou da televisión. Da violencia da obra sinala a súa dupla dimensión, relacionada co erotismo e coas experiencias adquiridas polos personaxes a través deses "biochips". Remata anunciando que Caride publicará proximamente *A negrura do mar*, unha nova aventura de Said e Sheila.

- Pedro García Luaces, 'Leer máis os nosos autores', *La Región*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, p. 46.

Breve nota de prensa na que se repasan os actos organizados en diferentes lugares da provincia de Ourense con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Entre eles destácase a presentación no Concello de Ourense de *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando, gañadora do Premio "Risco de Literatura Fantástica", así como da presenza do autor asinando exemplares na Feira do Libro da cidade.

- Manuel Vidal Villaverde, 'O tema sempre impón o xénero', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 18 maio 2003, p. 45.

Entrevista con Ramón Caride Ogando con motivo da publicación da súa novela *O sangue dos camiños*, na que sinala que a imaxe que ten de si mesmo é aquela que extrae das respostas que recibe dos demais, que o seu afán é comunicar cando escribe calquera obra ou que a temática tratada nas súas obras esixe o emprego do xénero literario, polo que cando quere referirse ao caos interno escolle a poesía. Da súa última novela sinala que, nela, transmite a súa visión persoal da cidade de Nova Iorque e anuncia tamén a próxima publicación de *A máscara de cronos*, unha recompilación de poesía escrita entre 1994 e 2002. Remata sinalando que para el a literatura é unha concepción persoal da vida.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Infantil/Xuvenil', 19 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando, obra que completa a triloxía novelística de sombras e de lume e coa que gañou o premio "Risco de Literatura Fantástica 2003". Tamén se achega ao poemario *As torres no ar*, de Antón Avilés de Taramancos.

- Mariña Álvarez, 'Son un escritor clásico, non me vai o estafalarío', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 28 xuño 2003, p. 35.

Despois de sinalar que Ramón Caride é un autor con máis de vinte títulos publicados, que foi galardoado con numerosos premios, e de ofrecer algúns datos biográficos, reproducése unha entrevista con el na que responde a cuestións relacionadas coa súa última novela. Sinala que os títulos dos que está máis satisfeito son os da triloxía integrada por *Soños eléctricos* (1992), *Sarou* (1997) e *O sangue dos camiños*, nas que atopa como conexións entre elas o seren "historias de triángulo" nas que se ofrece unha visión negra e violenta da realidade. Explica que ten un concepto clásico da novela, posto que a concibe como unha unidade, na que debe haber inicio, desenvolvemento e final. Considera que é preciso ler moito para saber escribir, mesmo obras malas coas que se aprende moito. Tamén se refire ao seu labor docente, á súa vida nunha vila pequena como Cambados, aos cambios que experimentou o rural dende que el era neno e móstrase pesimista co futuro cultural de Galicia, aínda que afirma que non decaerá na súa loita por transmitir esperanza. Remata lembrando a dous amigos falecidos, pedíndolle á vida saúde e minimizando o interese de que se estude a súa obra nas escolas por ser contrario a mitificar aos autores.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Cid Cabido, Xosé, *Fálame sempre*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 198, 149 pp. (ISBN: 84-9782-073-8).

Volume de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía-A Limia, 1959) que reúne unha colección de dezaoto relatos nos que domina o narrador protagonista, agás no último, "¡Quen fixo ese disparo!", que é unha pequena peza dramática. Aparecen distintas personaxes: mendigos, como o de "Habitantes do lixo"; labregos, como en "Causa de forza menor"; ou pais de familia que se teñen que arriscar para ir coller o pan, como en "Outra vida cotiá", etc. Hai, asemade, toques de humor mesturados con dramatismo. En xeral, son relatos de pouca extensión, agás os titulados "Qwertyuiop", onde se realiza unha reflexión sobre a literatura e a existencia do ser humano, e "O estraño caso de Cándido Costas Tobío", onde hai un gran contraste de espazos narrativos; con respecto a este último relato, cómpre destacar a inclusión de oito fotografías de Anxos Romeu Barreiro. Algún dos relatos xa foi publicado, como "Confesións dun asasino", que apareceu en *Materia prima. Relatos contemporáneos* (Edicións Xerais de Galicia, 2002, pp. 93-100), editado por Nicolás Ramón e Armando Requeixo; neste, mediante o uso das técnicas vinculadas coa oralidade, un narrador en terceira persoa relátanos cómo aconteceu o primeiro delito de Morbo, personaxe principal.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'O misterio e o absurdo na vida cotiá', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Cultura', 24 decembro 2003, p. 20.

Comentario de *Fálame sempre*, conxunto de relatos breves publicados por Xosé Cid Cabido. Saliéntase, en primeiro lugar, o emprego dunha serie de estratexias que repercuten na sensación de proximidade que o lector ten con respecto ao emisor, tales como o uso da primeira persoa narrativa, a escolla dun rexistro lingüístico coloquial, a existencia de personaxes-tipo identificábeis con calquera de nós, etc. A seguir, ofrécesenos o fío argumental duns cantos relatos, para concluír que en todos eles o autor "nos deixa exemplos do seu mellor oficio narrativo". Finalmente, faise referencia á existencia dalgúns "momentos" menos acertados dentro no libro, apuntando un certo descoido estilístico no mesmo.

Darriba, Manuel, *Accidental*, Vigo: Galaxia □, marzo 2003, col. Illa Nova, 116 pp. (ISBN: 84-8288-592-8).

Manuel Darriba (Sarria, 1973) ofrece unha novela curta de ficción, cunha trama argumental sinxela, na que presenta a un home na procura da súa identidade. Este, tras saír do hospital,

volta á vila onde o crego Sixto o atopara moi mal, delirando e sen saber quen era nin cómo chegara alí. Sixto acólleo no albergue no que vive, dálle un nome e proporcionalle un traballo. Péganse fotos pola vila e faise o posíbel por averiguar quen é, mentres que el se integra entre os veciños traballando como voluntario de protección civil. O protagonista vive angustiado e desorientado entre unha xente coa que comparte situacións absurdas, deixándose levar polo mandato de extraños. Cómpre destacar, asemade, o curioso desenlace da historia argumental. Por outro lado, as coordenadas espazo-temporais non se concretan, só se sabe que esta vila galega está "na fin do mundo" e que o tempo é actual. A obra divídese en vinte e cinco capítulos breves, nos que o diálogo predomina sobre un narrador en primeira persoa protagonista. A historia amósase por veces en forma de secuencias cinematográficas. O autor a través duns personaxes non moi traballados explora as relacións humanas nunha sociedade onde o poder avasalla, cunha certa dose de humor e ironía.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O accidente', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 18, 'Letras en galego', 19 xullo 2003, p. 7.

Achega unha valoración negativa da obra, subliñando primeiramente que non é digna de aparecer na colección "Illa Nova". Apunta que recrea un "Kafka diluido", argumentando esta afirmación cos trazos que caracterizan ao protagonista. Asemade, coida que nestas páxinas se xuntan diversos elementos técnicos que fan da novela un traballo non "satisfactorio".

- Armando Requeixo, 'Darriba e a súa obra totalmente 'accidental'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 setembro 2003, p. 4.

Crítica a contracuberta desta obra, botando abaixo algunha das afirmacións que figuran nela. Así pois, sinala que os personaxes están pouco traballados e non ve clara a influencia de Kafka nin a suposta carga de ironía. Remata cualificándoa de "novela falida".

- Ramón Nicolás, 'Un relato eivado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Libros', 27 novembro 2003, p. IV.

Despois de referirse á andaina literaria e xornalística do lugués, así como á colección na que se encadra a obra, achega unha dura crítica desta. Apunta, primeiro, que o autor non debeu sinalar que a súa novela pasara por un longo proceso de escritura, pois non observa que o froito deste sexa maduro. Así mesmo, subliña que o erro máis grave está na falta de estilo, salientando un nivel de redacción "empobrecedor". Indica que este defecto fai que outros elementos da novela, que poderían ser positivos, non se aprecien.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Manuel Darriba novela a procura da identidade no seu libro 'Accidental'', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 8 xuño 2003, p. 67.

Despois de dar noticia da saída do prelo desta obra, comenta brevemente as claves argumentais e ponas en relación co título. De seguido, alude a algún aspectos técnicos, salientando "o dobre sentido, matizado pola ironía e o sarcasmo". Así mesmo, traça un breve perfil do protagonista. Por último, subliña que o autor admite certa "inspiración" de Kafka, aínda que "pasado polo tamiz da retranscrición".

- Maré, 'A nova Illa Nova', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 53.

Anuncia a presentación da nova etapa da colección "Illa Nova" de Galaxia, subliñando o obxectivo desta. Así mesmo, alude aos dous títulos que a reinauguran, *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Da primeira sinala a "sutil ironía" e da segunda "o novidoso experimento" que a orixinou.

- Maré, 'Os códigos que veñen', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xuño 2003, p. 42.

Recolle o máis relevante da presentación dos dous primeiros libros da colección "Illa Nova" en Santiago, destacando as expectativas dos responsábeis de Galaxia. Achea a caracterización que Carlos Lema fixo de ambas as obras. Así, afirma que de *Accidental* salientou a influencia dos narradores norteamericanos e de *Por conto alleo* "a parodia de xéneros".

- C.B./F.P., 'Galaxia abre con Darriba e Camilo Franco Porta á literatura que vén', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 75.

Fai referencia ao acto de presentación de "Illa Nova", destacando a finalidade desta e recordando algo da súa historia. Ademais, refírese a descrición que Carlos Lema, de Galaxia, realiza dos títulos que a reinauguran. Indica que na obra de Manuel Darriba hai unhas influencias concretas e destaca "o alleamento" e "a irracionalidade" que a definen. Céntrase, logo, no libro de Camilo Franco, subliñando a súa "brevidade, provocación intelectual e desmitificación".

- Concha Pino, 'Galaxia recupera a colección Illa Nova para dar saída a novas linguaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 38.

Salienta o comezo da nova xeira desta colección co obxectivo de acoller "textos que aporten unha mirada diferente e renovada". Recolle, así mesmo, a opinión de Carlos Lema sobre as obras que a abren, apuntando que vencellou *Accidental* coa narrativa americana, concretamente con Richard Ford, e destacou de *Por conto alleo* a variedade de rexistros e a ironía. Remata pondo de relevo o deseño de "Illa Nova".

- Xulio Valcárcel, 'Relanzamento de Illa Nova', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 262, 'Páxina literaria', 15 xuño 2003, p. 4.

Alude brevemente a esta iniciativa de Galaxia, así como ás dúas obras coas que comeza, dando unhas brevísimas pinceladas de cada unha.

- Alfredo Conde, 'Catatas breves e felices', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 xuño

2003, p. 4.

Fai referencia á presentación da colección "Illa Nova" ás primeiras obras publicadas; recorda, así mesmo, cando el mesmo publicaba neste espazo literario hai trinta anos.

- Marta Rodríguez, 'Considérome un traballador da escrita', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 2.

Achega unha entrevista con Manuel Darriba. Nesta, o autor móstrase orgulloso por ser a súa obra unha das que inaugura de novo "Illa Nova". Apunta que *Accidental* xira arredor da "procura da identidade" e destaca o complexo proceso de elaboración. Así mesmo, sinala que lle gusta experimentar e responde a cara ónde camiña a súa escrita. Por outro lado, é consciente da influencia angloxasoa na súa obra.

Díaz, Xoán Ramón, *A xeadada negra*, Lugo: TrisTram, 2003, 227 pp. (ISBN: 84-89377-38-3).

Xoán Ramón Díaz (Lugo, 1948), que asina esta obra como Monó, comeza a novela cunha dedicatoria de agradecemento a Primitivo Iglesias por telo axudado a recuperar a "fê na lingua". A obra, que está ambientada nas cidades de Lugo e Vigo, divídese en tres capítulos nos que predomina o estilo directo, a linguaxe extremadamente culta dalgúns fragmentos e unha voz narrativa en terceira persoa. No primeiro capítulo nárrese dúas viaxes de Meiriño e o seu axudante Gaiarre; a primeira a Becerreá, a onde ían para cobrar unha factura e de onde os votan a tiros; e a segundo a Vigo, para asistir ao ó funeral do pai de Gaiarre e onde se suceden distintas aventuras. O segundo capítulo é o de máis peso na obra, nel un ancián encárgalle a Meiriño que investigue a vida da súa defunta esposa, Ofelia; segundo vai avanzando as pescudas descubren que Ofelia non é a esposa de Meiriño e que, ademais, non está morta; a investigación complícase coa aparición de novas personaxes que achegan luz sobre a extraña historia. No capítulo final, Gaiarre e Meiriño viaxan ata Lugo para cobrar outra factura; nesta ocasión vense inmersos no medio dunha pelexa e, logo de peregrinar polas rúas de Lugo e de que o personaxe principal mantivera unha disputa dialéctica coa persoa que provocou que o expulsaran da universidade, a acción remata nun prostíbulo. Cómpre destacar, finalmente, a minuciosa descrición que o autor fai das rúas e locais de Lugo, polos que transitan os personaxes.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Entre as pedras históricas de Lugo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 'Letras', 10 agosto 2003, p. 20.

Iníciase cualificando a novela como orixinal e, nalgúns ocasións, divertida. Logo dá conta do argumento da historia principal. Afirmar que o máis loabel da obra é o contraste entre os diferentes ambientes e a axilidade dos diálogos, xunto con algunha escena concreta (o encontro co padre Dimas, por exemplo). Crítica o abuso na descrición, minuciosa en ocasións, dalgúns lugares e ambientes de Lugo, que, segundo Tomás Ruibal, fálle pensar ao lector que se atopa máis ben diante dunha guía turística. Di tamén que a novela é amena

e de fácil lectura, que relata en clave humorística unha historia con elementos histórico-policíacos. Termina recomendándoa especialmente para os que lles guste a capital lucense.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, 'A xeadá negra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Letras en Galego', 7 xuño 2003, p. 7.

Fala do argumento da novela, da sinxeleza da linguaxe, da ironía que se emprega e do feito de que a Ramón Díaz lle guste ser unha personaxe dos seus libros.

- A. Castro, 'Nas conversas cómpre mollar un chisco as palabras en viño', *La Opinión*, 'Entrevista', 31 xuño 2003, p. 54.

Entrevista a Xoan Ramón Díaz que comeza cunha breve introdución na que nos informa da súa escasa bibliografía que se contrapón aos abundantes artigos literarios, que normalmente firma con diferentes pseudónimos. O propio autor afirma que o libro está dedicado a Primitivo Iglesias porque grazas a el volveu a escribir en galego. Tamén informa de que emprega pseudónimos para firmar os seus artigos para poder ser máis subxectivo. Di que boa parte da cultura que foi adquirindo provén dos intercambios verbais de ideas. Remata indicándonos que "concibe a creación literaria como un exercicio de liberdade total".

Diéguez, Lois, *A casa de Galiaz*, Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 2, 125 pp. (ISBN: 84-607-7743-X).

Volume que recolle seis narracións de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) elaboradas entre 1995 e 2003. Segundo información que nos achega o autor en "Uns datos necesarios" a xeito de prólogo, el mesmo foi quen fixo esta escolla dende a súa produción editada en libros colectivos e dende outras preparadas para este libro. Por orde de aparición os textos aquí escolmados son: "A pedra de Apolo", que vira a luz dentro do libro *Poemas e contos da Muralla* (2001), onde a muralla de Lugo nos conta diversas historias que ela presenciou ao longo dos séculos, centrándose na lenda dun lobo-boi carnicero nas terras de Lugo que atemorizara á poboación até que o mataron; "As flores de Xulia", que foi escrito para completar este libro e no que vemos como un nicho se enche cada día de ramos anónimos; "Diario de Buxo" (1995, inédita), que é unha homenaxe a un can que acompañou durante catro anos a Lois Diéguez e mais á súa irmá Carme; "As sete chagas", que xa fora publicada no volume *Contos do Camiño* (1996); "A pena do grilo", que está datado en xaneiro de 2003 en Lugo; e "A casa de Galiaz", que dá nome a todo o libro, que xa se publicara en *Novo do trínque* (1997) e que está ambientado na Idade de Ferro, na época de castros, guerreiros e druídas.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'A Normativa da Concordia conténtanos á maioría', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 27 xuño 2003, p. 44.

Conversa con Lois Diéguez na que indica que a diferenza entre os textos que compoñen este libro é onde radica a súa unidade e que considera que estamos perante un libro vitalista que recolle os contrastes que podemos atopar na vida.

- C. V., 'Lois Diéguez. 'O conto é unha historia pecha na que hai que atinar'', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 29.

Indícase que os diferentes contos de *A casa de Galiaz* afondan na reconstrución literaria de tempos históricos e que dan resposta ao que pasa individualmente; con referencia a "As sete chagas" indícase que xa fora publicado pola Deputación de Lugo no volume *Contos do Camiño* (1996), edición na que se "eliminaron o nome do autor e o título do conto".

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores Biblos en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que Biblos fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

- Xiá Arias Rego, 'Lugo é referente nos novos libros de Diéguez e Novo', *El Progreso*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 69.

Infórmase da presentación de dous números da colección Mandaio, de Biblos Clube de Lectores, dentro dos que está este volume. No acto de presentación estivo o autor de *A casa de Galiaz*, quen afirmou que este volume recolle narracións curtas nas que se xoga psicoloxicamente con personaxes de diversas épocas.

Fernández Naval, Francisco X., *Sete noites e un amencer*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 125, 123 pp. (ISBN: 84-607-6827-9).

O libro que inaugura a Colección Mandaio do poeta e narrador ourensán Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) está composto por oito relatos nos que fai un percorrido polas profundidades do ser humano. O primeiro deles titúlase "Amor ás cegas" e nel dous cegos namorados transmiten os seus sentimentos sen necesidade da vista; a protagonista quedou sen visión cando era pequena e non lembra as cores, dinlle que por medio dunha operación pode recuperala, pero ela dubida porque non necesita ese sentido para poder

realizarse no amor. O segundo dos relatos é "A soidade era o frío", nel un policía sinte o frío e a soidade do monte no que está a cumprir unha misión, onde os terroristas aos que persegue lle salvan a vida. O terceiro relato, "Noite de luz en paisaxe de sombras", introdúcenos na catástrofe do Prestige; o protagonista é un rapaz que está en Ximprón, Lira, recollendo chapapote e que sente necesidades fisiolóxicas; ao desaparecer ese tempo acúsano de queimar un camión militar, pero ao non haber probas concluíntes, cambiárono de grupo e alí atopou unha rapaza da que se namorou. O cuarto relato, "O anxo caído", revélanos a historia de Grabiél, un homosexual que paga a rapaces novos para manter relacións sexuais; un día aparece un home que o leva ao río e se ispe, el cre que é un anxo; pero cando acorda alí só había sangue e o home desaparecera. O quinto relato, "Soidade cor de rosa", céntrase na vida dun vello que colecciona suicidios, el nunca tivera grandes amores pero a Guillermina propuxéralle casar; cando esperta do sono síntese só e derrotado. O sexto relato, "Noite de verán", introdúcenos noutros tres relatos relacionados entre si polo misterio que os rodea; no primeiro unha parella morre tras percibir unha estraña sombra, no segundo unha rapaza sinte medo ao sentir unha presenza que a fai perder a consciencia e o último conta a inqueda dunha rapaza por volver a unha terra que non é a súa. O sétimo relato, "Ziralla 25", descobre a historia de Avelino que é secuestrado na estrada; os seus raptos lévano ao monte onde o atan a un piñeiro; alí prodúcese un incendio e, xusto cando o vai alcanzar, alguén o desata. O último relato, "É un amencer", relátanos a historia de Licia, unha muller que comparte unha historia de amor co seu irmán; este ten problemas e ofrécea a uns homes que a maltratan e a violan, ela non sabe a razón.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Memoria dos límites', *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*, 'Libros', 17 abril 2003, p. IV.

Realiza un percorrido polo libro do poeta e narrador ourensán Francisco Fernández Naval, *Sete noites e un amencer*; sinala que contén oito relatos que se somerxen nas profundidades do ser humano. A continuación fai unha pequena reseña de cada unha das historias: "Amor ás cegas" é a renuncia dos namorados á vista por manter o amor visto cos ollos da alma; "A soidade era o frío", onde se perdoa a vida a un inimigo e se ofrece a misericordia do ser humano; "Noite de luz en paisaxe de sombras", onde se vincula a traxedia do Prestige cunha historia de amor; "O anxo caído", onde se destaca o ambiente escuro que se torna en derrota en "Soidade cor de rosa" e inqueda en "Noite de verán". No último parágrafo recóllense as historias de "Ziralla 25" e "É un amencer" que pechan este libro, do que se destaca o poder das súas historias e dos personaxes postos en situacións límites.

- M. Rodríguez, 'Aquel cego que bebeu o amor', *La Voz de Galicia*, *Culturas*, nº 10, 24 maio 2003, p. 7.

Comenta a obra de Francisco Fernández Naval, *Sete noites e un amencer*, e indica que inclúe oito relatos; deles interésase, especialmente, polo primeiro "Amor ás cegas" no que se relata o namoramento de dous cegos, unha historia que se aconsella ler dunha sentada para así decatarnos da fermosura das palabras e do mundo que nos mostra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Un club de lectores ofrecerá 300 libros galegos dende o próximo mes', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 26 febreiro 2003, p. 74.

Anúnciase o nacemento da revista *Biblos* que dirixirá o escritor e xornalista Tucho Calvo e que dará conta de trescentos libros galegos e cen portugueses. A continuación dinnos que co primeiro número se regalará aos primeiros dous mil socios a obra *Sete noites e un amencer* de Francisco Fernández Naval que será editada proximamente.

- J.T., 'Biblos': Un club para los lectores gallegos/Biblos clube de lectores', un nuevo intento para difundir el libro gallego', *La Región/Atlántico Diario*, 'Sociedad', 1 marzo 2003, p. 92/p. 48.

Faise referencia ao nacemento da revista *Biblos*, na que se ofrece información sobre libros galegos dos máis diversos xéneros literarios como a poesía, a novela, o ensaio, pero tamén manuais de cociña, libros de viaxe e de historia, cómics etc. Infórmase que co primeiro exemplar o subscritor recibirá de balde o volume de relatos *Sete noites e un amencer*, do escritor Francisco X. Fernández Naval.

- Marga Mosteiro, 'O Clube de Lectores Biblos promociona a literatura galega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 marzo 2003, p. 46.

Céntrase no Clube de Lectores *Biblos*, que nace para rachar coa marxinación do libro galego. Destácase que co primeiro exemplar regalan o libro de F.X. Fernández Naval *Sete noites e un amencer*, que abre a colección "Mandaio". Tamén se recollen as declaracións do autor sobre temas de actualidade e sobre o libro do que nos di que "é para a vida e para a paz".

- A.N.T., 'Os libros galegos chegan ás casas con Biblos', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 31.

Revélase información sobre a revista *Biblos* que, cunha primeira tirada de douscentos setenta e oito mil exemplares, pretende achegar ao lector galego as novidades literarias na súa lingua e tamén en portugués. Así mesmo, destácase que co primeiro exemplar regalan o libro *Sete noites e un amencer*, de X. F. Fernández.

- A D. Santos , 'Biblos nace coa ilusión de achegar ós lectores a fecunda literatura en galego', *La Voz de Galicia*, 'O ano de Avilés', 3 abril 2003, p. L4.

Informa da presentación do novo Clube de Lectores *Biblos* a cargo de Tucho Calvo, quen explica o contido do proxecto. Contará cunha revista bimensual de trinta e dúas páxinas na que se nos falará de douscentos cincuenta libros en galego e portugués e dos que o afiliado debe mercar, cando menos, un cada dous meses. Na primeira entrega agasallan aos seus socios co libro *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval.

- Abdón Dorca, 'Incluso temos libros para a xente que di que non le', *La Voz de Galicia*, 'O ano de Avilés', 3 abril 2003, p. L4.

Entrevista con Tucho Calvo que, xunto a Carmen García Boo, fundou o Clube de Lectores *Biblos*, unha iniciativa que pretende dar a coñecer os libros galegos. A oferta será bimensual e contará cunha revista que informará aos socios sobre as publicacións que se poden adquirir tanto en galego, como en portugués. O primeiro número está dedicado ao poeta Avilés de Taramancos, homenaxeado co Día das Letras Galegas; o club comeza esta andaina agasallando aos seus socios co libro *Sete noites e un amencer*.

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores *Biblos* en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que *Biblos* fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

Fonte, Ramiro, *Os meus ollos (Vidas de infancia)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 197, 367 pp. (ISBN: 84-9782-074-6).

O narrador desta novela autobiográfica de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) describe, en terceira persoa, a vila da súa infancia, Pontedeume, ao longo dos once capítulos que configuran a obra e describe diferentes vivencias persoais relacionadas con ela. No primeiro capítulo, "Onde anos", fai referencia aos principais lugares da vila nos que transcorreron os seus primeiros anos (a alameda, o Coliseo, Atocha, a vila do Esteiro, etc.) e, ademais, relata diferentes historias persoais da infancia. No segundo capítulo, "Xogos", fai referencia aos xogos da súa infancia como o cravo, as bolas ou o ía e lembra, mediante fotos antigas, outras anécdotas. No terceiro capítulo, "Rúas Reais", describe algúns locais da vila que provocaban unha especial atracción para os nenos, como a casa de María Somorrostro. No cuarto capítulo, "O frío", fala do tempo do Nadal, da colocación do Belén, das cantigas en familia, dos regalos de Reis, etc. No quinto capítulo, "As Armas", lembra as diferentes persoas que andaban armadas pola vila: o Moeche, que ademais era o matador; o coxo Amado, ferido de guerra, etc. No sexto capítulo, "Mascaras", revive o Entroido, as diferentes formas de disfrazarse e as prohibicións que existían por parte do Réxime. No sétimo capítulo, "O paso contado", rememora os actos vinculados á Semana Santa, prestando especial atención ao Paso. No oitavo capítulo, "Males Menores", dá conta do cambio que supoñía, dentro da rutina diaria, cando estaba enfermo, fala dos médicos que había na vila e das súas experiencias cando tivo que poñer correntes na Coruña. No noveno capítulo, "Flores de papel", recorda a festa dos Maíos e as competicións que os diferentes nenos da vila realizaban por ver que grupo de amigos os facía máis grande. No décimo

capítulo, "Verán, verán", lembra as actividades que realizaba na etapa estival e aos distintos personaxes que pasaban pola vila neses meses. Por último, en "Sen festas", lembra aquel mes no que non puido saír da casa por ter principios de tuberculose, durante o cal non puido asistir a ningunha festa nin excursión, pero recibiu múltiples visitas.

Recensións:

- Román Raña, 'Un estilo diáfano', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', 'Libros', 18 decembro 2003, p. V.

Faise eco da aparición de dúas obras autobiográficas *Aire para respirar*, de Antón Baamonde, e *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte. Desta última di que se enfoca o pasado persoal do autor desde unha perspectiva moi diferente a como se fai en *Aire para respirar*. O primeiro que destaca Román Raña de *Os meus ollos* é que amosa sempre unha vontade de organizar as lembranzas dun modo narrativo empregando diferentes técnicas. Logo di que a obra amosa os episodios puerís do protagonista e resucita o pasado cunha gran calidade sen caer en ningún momento no sentimentalismo, nin na inmadurez. A seguir resalta as mellores cualidades da obra, comezando por un dos coprotagonistas, a vila de Pontedeume. Logo destaca a gran capacidade de selección do amplo material narrativo que posúe Ramiro Fonte para realizar os once capítulos nos que se divide a obra (que son os anos que cumpre o protagonista cando abandona a vila), elixindo os máis importantes. Remata loando a gran calidade literaria da obra, que consegue conquistar o interese do lector.

- Xesús López Piñeiro, 'Crónica sentimental de Pontedeume', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 28.

Comeza afirmando que *Os meus ollos* de Ramiro Fonte, xunto coa *Historia de Pontedeume* de Antonio Couceiro Freijomil, son dúas obras imprescindíbeis para calquera eumés. Segundo Xesús López Piñeiro, a obra é a historia cotiá de Pontedeume nos anos sesenta. Destaca a súa orixinalidade tanto na estrutura, como no léxico. Remata falando da presentación do libro na que participaron o director de Xerais, Manuel Bragado, que definiu a obra como un ensaio sobre a infancia retomada; o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, que destacou o léxico e os retratos da obra; e o autor da obra que, antes de que o alcalde da vila clausurase o acto, anunciou unha continuación noutro volume da década dos setenta.

Referencias varias:

- N.V., 'Ramiro Fonte: 'As grandes obras universais son localistas'', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 7 decembro 2003, p. 9.

Iníciase cunhas palabras do propio autor nas que afirma que, se ben, o que menos lle interesaba antes nas biografías era a infancia, agora decatouse de que é unha etapa moi importante. A seguir informase da recente publicación de *Os meus ollos*, biografía dos once anos que viviu en Pontedeume. Ramiro Fonte destaca que as partes máis difíciles da obra foron os ambientes e tratar con personaxes reais e conclúe que "as grandes obras da

literatura universal son moi localistas". Na última parte do artigo recóllense unhas palabras de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, nas que afirma que *Os meus ollos* é un acontecemento editorial de primeira magnitude.

- Vicente Araguas, 'Ramiro', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 21 decembro 2003, p. 64.

Dá conta da aparición de *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte, na que o autor eumés lembra a súa nenez na vila natal. Así mesmo, afirma que a obra ten semellanzas con *Cansinos Assens* de Joyce.

Fraga, Xesús, *A-Z*, Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Alternativas, 179 pp. (ISBN: 84-9782-008-8).

Xesús Fraga (Kensington-Londres, 1971) realiza neste libro de contos unha aproximación á súa cidade natal, Londres, e mais ao mundo da emigración galega partindo da súa propia vida, da realidade londiniense e da ficción. O título *A-Z* está baseado no do rueiro de Londres, que está presente en numerosas narracións; antes dos dez relatos que compoñen este volume aparecen reproducidas dúas páxinas do pasaporte de Xesús Fraga. Neste libro conflúen anécdotas e historias positivas con outras menos favorábeis de emigrantes, como a das limpadoras domésticas, a de Faustino Caínzos ou a de Marcial Dopico, ao ir como xogador de apostas nas carreiras de cabalos no hipódromo Epsom. Tamén hai unha aproximación ao mundo dos graffitis, as respostas de varios emigrantes galegos en Londres sobre preguntas relacionadas coa súa situación e con experiencias londinienses e péchase con "Faragullas de chocolate", que a xeito de epílogo retoma a temática deste volume, así como as vivencias e reflexións do seu autor. Estas dez prosas están imbuídas sempre das lembranzas saudosas de Galicia e contan coa reprodución de palabras e frases en inglés, que están destacadas tipograficamente con letra cursiva.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Narrativa desde o sentimento', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, p. 13.

Aproximación ao novo libro de relatos escrito por Xesús Fraga titulado *A-Z*, que nos leva a un Londres construído dende o foco temático do motivo migratorio, é dicir, da vida e perspectivas dos emigrantes galegos nesa cidade. Trátase, en palabras de Ramón Nicolás, "dunha sorte de axuste de contas co pasado que se solventa con limpeza e axilidade", tamén cun ton natural, pero melancólico e, en ocasións, irónico.

- Ramón Nicolás, 'Londres, infinitos mundos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 20, 'Letras en galego', 2 agosto 2003, p. 7.

O recensionista destaca que *A-Z* é un volume singular xa que afonda con sensibilidade na memoria da emigración galega londiniense e afirma, asemade, que un dos seus focos temáticos sobranceiros é este universo migratorio "que afortunadamente se amosa espido de

doses idealistas".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Das olladas e vivencias dentro do A - Z londinense', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 setembro 2003, p. 3.

Sinala que este libro é unha guía sentimental de Londres que ten como núcleo temático a vida dos emigrantes galegos en Londres. Destaca que reconstrúe o microcosmos complexo e orixinal destes galegos, a xeito de memoria vivificada, botando man de evocacións, vivencias persoais e fantasía; sinala, finalmente, que a escrita se caracteriza pola espontaneidade e naturalidade, primando os diálogos.

- Xulio Valcárcel, 'A-Z de Xesús Fraga', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 12 outubro 2003, p. 4.

Neste comentario salientase o feito de que este volume tente reconstruír a vida dos emigrantes galegos en Londres dos anos setenta, partindo da xeografía sentimental da infancia do seu autor. Subliñase tamén o seu ton autobiográfico e a súa pluralidade focal e remátase cualificándoo como unha equilibrada emoción con gran pericia narrativa.

- Armando Requeixo, 'Rueiros como abismos', *Tempos Novos*, nº 78, 'Libros', novembro 2003, p. 72.

Presenta A-Z de Xesús Fraga, salientando que este segue as constantes literarias do seu anterior traballo *Tute para catro* (2000). Sinala que se trata dunha "guía sentimental" do Londres da emigración galega, pondo en relación as coordenadas espaciais da obra coas da súa propia biografía. Subliña, asemade, a desigualdade dos relatos que compoñen a obra, dos que apunta algún trazo, os máis positivos, pero tamén algún negativo como certos motivos tópicos. En canto ao estilo, apunta a influencia da súa faceta de xornalista na súa escrita, atopando só un defecto, a pésima colocación dos pronomes. Conclúe agardando que o autor mellore as súas "habelencias narrativas", das cales non dubida.

- Laura Caveiro, 'A-Z, de Xesús Fraga', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. V.

Dáse conta da aparición deste libro do que se recalca que nel se pode escoitar a vida cotiá da emigración galega en Londres e, asemade, indícase que o seu autor elaborou nel un xogo de espellos co fin de volver a inventar un tempo da infancia coas xustas doses de melancolía. Esta mesma noticia aparece reproducida baixo o titular de "Contos galegos en Londres" no número trinta e un do suplemento cultural "Saberes" de *La Opinión*, 16 novembro 2003, p. 4.

- Laura Caveiro, 'Contos galegos en Londres', *La Opinión*, 'Saberes', nº 31, 16 novembro 2003, p. 4.

Dáse conta da aparición deste libro do que se recalca que nel se pode escoitar a vida cotiá

da emigración galega en Londres e, asemade, indícase que o seu autor elaborou nel un xogo de espellos co fin de volver inventar un tempo da infancia coas xustas doses de melancolía. Esta mesma noticia aparece reproducida co titular de "A-Z de Xesús Fraga" no número cincuenta e oito do suplemento "*Faro da Cultura*" de *Faro de Vigo*, 6 novembro 2003, p. V.

Referencias varias:

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- Beatriz Abelairas, 'Antologías y abecedarios', *Qué leer día a día*, nº 81, 'Otras letras', outubro 2003, p. 26.

A sección "Otras letras" desta revista, dedicada ás literaturas noutras linguas cooficiais do Estado distintas do español, conta neste número con catro subapartados (catalán, éuscaro, galego e asturiano). No correspondente ás letras galegas, faise referencia a dúas publicacións recentes: *A-Z*, de Xesús Fraga e *Ánxel Fole*, *101 anécdotas*, de Ángel de la Vega. Da primeira indícase que se trata da segunda obra narrativa do autor e que o tema e o espazo comúns a todos os relatos que a conforman son, respectivamente, a emigración e Londres. Canto á segunda, explícase de maneira sucinta que nela se describen máis de cen lances curiosos e humorísticos da vida do escritor lucense. Tamén se fai mención da intencionalidade por parte da Real Academia Galega de confeccionar unha biografía sobre Manuel Murguía.

- Jaureguizar, 'Rodríguez Fer: 'Xesús Fraga afianza co volume de contos 'A-Z' o seu universo literario', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 29 outubro 2003, p. 75.

Fálase da presentación na librería Trama de Lugo deste libro; no acto interviron o seu autor e mais Claudio Rodríguez Fer, quen afirmou que *A-Z* se asenta en "recordos da infancia, apuntes de galego emigrado e coa multiculturalidade de Londres".

- Jaureguizar, 'Os colonizados fan amigos', *El Progreso*, 'Cultura', 30 novembro 2003, p. 83.

Faise unha breve referencia a *A-Z*, indicando que ofrece unha amábel visión de Londres, e destácase a concesión do premio "Rubia Barcia" de narrativa a Xesús Fraga por *Solimán*.

Franco, Camilo, *Por conto alleo*, introdución de Rocío Castro, Vigo: Galaxia, maio 2003, 117 pp. (ISBN: 84-8288-606-1).

Os relatos de Camilo Franco (Ourense, 1963) veñen precedidos dun prólogo asinado por Rocío Castro, "Instrucións para navegar", no que se sinala que *Por conto alleo* é o

resultado dun novidoso experimento, realizado en colaboración con Vieiros, que ten moito que ver con dúas das afeccións favoritas de Camilo Franco: provocar e desmitificar. Así, indica que botando man de dous aliados inusuais, internet e os lectores, este experimento literario consistía en escribir diariamente un conto a partir dun par de palabras propostas polos internautas. Indica que a idea de Camilo Franco era achegar os lectores ao proceso de creación, podendo estes condicionar o relato; e tamén pórse a proba. Quería negar a existencia das musas, relativizar o mito da inspiración, reivindicar o oficio de escritor e mesmo mofarse do papel como soporte sagrado da literatura. Continúa Rocío Castro salientando o papel dos internautas, que se implicaron propondo preto dun milleiro de palabras, criticando os relatos e dando ideas ao autor. Así, tras apuntar algúns exemplos do difícil que llo puxeron os lectores cos pares de palabras propostos, opina que este foi o experimento máis interesante que Vieiros realizou nos seus sete anos de existencia, que deu lugar ao primeiro libro electrónico de creación publicado en Galicia. Considera que nos seus relatos Camilo Franco nos ofrece clases de intensidade narrativa e case ningún final feliz, cualificando o autor de escritor antiheroe e descrido. Finaliza sinalando que a maior satisfacción foi permitirlle aos lectores coñecer un autor "inxustamente maldito que só se pode entender nun país que vive na escuridade". O volume componse de cincuenta e un relatos, aos que sigue un "Índice dos remitentes das palabras" e mais un "Índice das palabras", no cal se sinalan as palabras a partir dos cales foron confeccionados os contos. Os relatos, modalizados fundamentalmente através dun narrador omnisciente heterodiexético, teñen unha extensión breve e bastante regular (arredor de páxina e media). Trátase de relatos intensos, cargados de ironía e humor, nos que o argumento, malia partir dunha situación cotiá, evolúe normalmente cara a un final sorprendente.

Recensións:

- Carlos Freire, 'Dúas palabras túas bastará para crear', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, pp. 9-10.

Comenta a obra de Camilo Franco, *Por conto alleo*, unha colección de textos que se publicou inicialmente na canle de internet *Vieiros*. Explicanos que se trata dun experimento que fai da literatura un xogo implicando aos lectores no proceso de creación; o xogo consiste en escribir en cincuenta noites outros tantos relatos independentes, narrados en terceira persoa, nos que deberán aparecer forzosamente dúas palabras propostas durante o día polos navegantes da rede. De seguido, pasa a indicarnos os diferentes problemas cos que o autor se puido atopar, entre eles, captar a atención do usuario, polo que Camilo Franco empregaría unha prosa "ambigua, misteriosa, estraña xa desde a primeira ollada", xunto cunha ironía moi persoal. Esta obra demostra que "a literatura que se fai hoxe en día xa asimilou tanta a sintaxe como as formas da nova tecnoloxía", en palabras de Freire.

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Faise eco da publicación pola editorial Galaxia, na nova colección Illa Nova, do libro *Por conto alleo*, de Camilo Franco, creado dentro dunha proposta innovadora e cunha clara intención participativa que achega aos lectores todo o proceso de creación: escribir durante cincuenta noites un conto a partir de dúas palabras elixidas entre as propostas dos

internautas durante o día no portal Vieiros; é, pois, todo un xogo metaliterario. Nesta mesma noticia inclúese unha recensión da obra *Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas* (2002) de Luciano de Samosata e tres breves recensións das seguintes obras: *Non hai misericordia*, de Xelís de Toro; *Nin Berlín*, de Xosé M. Gayoso; e *Mago por correspondencia*, de Joles Sennell.

- F. Martínez Bouzas, 'Por conto alleo', a literatura vai da rede á letra impresa', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 2.

Tras explicar o proxecto de Camilo Franco e Vieiros que deu orixe á obra, subliñase que a principal novidade desta non é o soporte empregado, senón a forma orixinal de concibir a creación literaria ao relativizar o mito da inspiración e rachar co concepto tradicional de autor que escribe inspirado polas musas. Así, segundo Martínez Bouzas, grazas ás posibilidades que ofrece internet, Camilo Franco e Vieiros esnaquizaron os mitos inamovíbeis sobre o papel do escritor e do lector, permitindo que este último teña unha participación activa na xestión dos relatos, achegando coa parella de palabras propostas o marco configurador do argumento. Saliéntase que o resultado son verdadeiros relatos cheos de calidade narrativa, subvertidos con grandes doses de ironía, enxeño e humor, e recoñécese o desafío que moitos deles supuxeron para o maxín do autor. Finalmente destácase a habelenciosa condensación dos relatos e o feito de seren capaces de transmitir argumentos críbeis e intelixíbeis tirados do vivir cotiá, sinalando tamén que en letra impresa non perderon nada do seu frescor e atrevido desenfado.

- Héitor Mera, 'Nova literatura para os tempos da internet', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 27.

Comeza afirmando que Camilo Franco destaca na narrativa galega actual pola súa receptividade ás novas tecnoloxías, por todo aquilo que poden engadir aos seus escritos. Apúntase que a obra é froito deste interese, que ten unha dupla funcionalidade cara ao lector: o da interpretación e o da reflexión e teorización literaria, abocando mesmo a aqueles lectores non instruídos na crítica e teoría literaria a pararse a pensar sobre os límites da creación literaria. Así, tras explicar o proxecto conxunto con Vieiros que deu orixe ao libro, reflexiona sobre os preconceitos dos escritores que pensan que o acto creativo só se debe dar en condicións óptimas de tempo e lib, ao facer aparecer os retos destas características a inspiración que quizais doutro modo non aparecería. A seguir indícase que nestes cincuenta mini-relatos o significado comprímese expondo, polo xeral, situacións que se poderían considerar normais e que, polo tanto, poderían facernos crer nun final agardado; no entanto, o final é sempre explosivo e afástase do normalmente axeitado dentro da lóxica do lector, creando unha sensación de estrañamento importante polo abraiante do mesmo. Deste xeito, Heitor Mera afirma que unha das cousas que máis valora do libro é a súa capacidade de enganchar o lector pola súa frescura, a pesar das eivas autoimpostas polo autor para comezar a traballar. Así, finaliza sostendo que este libro terá que ser tido en conta no futuro como experimento literario digno da vangarda máis auténtica e fuxidía da extravagancia fácil.

- Ramón Nicolás, 'Por conto alleo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 20

novembro 2003, p. IV.

Ramón Nicolás sinala que con esta obra, xunto coa de Manuel Darriba, a editorial Galaxia resucita a histórica colección "Illa nova". A seguir explica o orixinal proxecto que deu orixe a este conxunto de relatos, indicando que esta concepción do traballo literario vai alén da relación canónica establecida entre autor e lector, ao se tratar dun traballo creativo nado baixo a perspectiva de cumprir cun compromiso adquirido anteriormente, o que implica a plasmación desmitificadora de novos supostos que poden ser aplicábeis á creación literaria. Afirma que Camilo Franco resolve audazmente o compromiso cumprindo coas expectativas máis esixentes, e sostén que a retroalimentación que se produce enriquece as partes recepcionais e autorais. Por outra banda, Ramón Nicolás salienta a exhibición irónica e enxeñosa como un dos recursos que máis e mellor caracterizan ao autor, indicando que as narracións están construídas con agudeza e enxeño, dotadas dunha sintaxe contida, con trazo breve e rotundo. Así, sinala que estas deixan de lado o secundario e reflicten realidades actuais, por veces esmagantes e sedutoras, resoltas case sempre cun final que busca subverter a lóxica agardada. Finaliza afirmando que a destes minirrelatos é unha distancia na que Camilo Franco sabe moverse con especial habelencia, sabedor de que a tensión narrativa e limitación espacial, unidas neste caso á presión temporal, son elementos que cómpre ter en conta para xogar con eles acadamente.

Referencias varias:

- Maré, 'A nova Illa Nova', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 53.

Anuncia a presentación da nova etapa da colección "Illa Nova" de Galaxia, subliñando o obxectivo desta. Así mesmo, alude aos dous títulos que a reinauguran, *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Da primeira sinala a "sutil ironía" e da segunda "o novidoso experimento" que a orixinou.

- Maré, 'Os códigos que veñen', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xuño 2003, p. 42.

Recolle o máis relevante da presentación dos dous primeiros libros da colección "Illa Nova" en Santiago, destacando as expectativas dos responsábeis de Galaxia. Achea a caracterización que Carlos Lema fixo de amba as obras. Así, afirma que de *Accidental* salientou a influencia dos narradores norteamericanos e de *Por conto alleo* "a parodia de xéneros".

- Concha Pino, 'Galaxia recupera a colección Illa Nova para dar saída a novas linguaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 38.

Salienta o comezo da nova xeira desta colección co obxectivo de acoller "textos que aporten unha mirada diferente e renovada". Recolle, así mesmo, a opinión de Carlos Lema sobre as obras que a abren, apuntando que vencellou *Accidental* coa narrativa americana, concretamente con Richard Ford, e destacou de *Por conto alleo* a variedade de rexistros e a ironía. Remata pondo de relevo o deseño de "Illa Nova".

- C.B./F.P., 'Galaxia abre con Darriba e Camilo Franco a porta á literatura que vén', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 75.

Fai referencia ao acto de presentación de "Illa Nova", destacando a finalidade desta e recordando algo da súa historia. Ademais, refírese a descrición que Carlos Lema, de Galaxia, realiza dos títulos que a reinauguran. Indica que na obra de Manuel Darriba hai unhas influencias concretas e destaca "o alleamento" e "a irracionalidade" que a definen. Céntrase, logo, no libro de Camilo Franco, subliñando a súa "brevidade, provocación intelectual e desmitificación".

- Carme Vidal, 'Camilo Franco. 'A ironía é a máis fecunda das ferramentas do escritor', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 36.

Nesta entrevista Camilo Franco reflexiona criticamente sobre algúns aspectos da literatura galega, como o exceso de poesía estetizante, o medo á discrepancia ou a situación da novela. Considera que, desde o punto de vista creativo, a novela completou un ciclo vencellado á sociedade burguesa, pero que agora estamos nun tempo diferente. Aposta polo relato breve seguindo a teoría de que ao sermos incapaces de percibir todo o que nos pasa tampouco podemos contalo, polo que é máis coherente contar as cousas fragmentariamente. Fala da necesidade de reflexión na novela galega desde o momento actual, considerando que se manteñen discursos do pasado cando a sociedade cambiou, sendo necesaria a entrada de ar fresco. Defende a capacidade da literatura como instrumento de análise, e reivindica a ironía como a máis fecunda das ferramentas do escritor e tamén como maneira de mirar. No tocante a *Por conto alleo* subliña o carácter metafórico e desmitificador do proxecto, demostrando que os escritores poden escribir por encargo, dun día para outro sen que a escrita se resinta. Sinala o seu carácter pioneiro, e reflexiona sobre a tensión de publicar diariamente e a relación entre xornalismo e literatura. Finaliza a entrevista abordando o seu seguinte experimento na rede, *Necesariamente X*, que Camilo Franco define como un experimento filosófico e político co que pretendía analizar a sociedade desde un produto cultural pouco valorado como a pornografía, alén de provocar e desmitificar.

- Xulio Valcárcel, 'Relanzamento de Illa Nova', *El Ideal Gallego*, nº 262, 'Páxina literaria', 15 xuño 2003, p. 4.

Alude brevemente a esta iniciativa de Galaxia, así como ás dúas obras coas que comeza, dando unhas brevísimas pinceladas de cada unha.

- Alfredo Conde, 'Catatas breves e felices', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 xuño 2003, p. 4.

Fai referencia á presentación da colección "Illa Nova" ás primeiras obras publicadas; recorda, así mesmo, cando el mesmo publicaba neste espazo literario hai trinta anos.

- Jaureguizar, 'Humilde', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 22 xuño 2003, p. 6.

Jaureguizar reflexiona sobre os diferentes tipos de autopromoción ao que recorren os autores para melloraren as vendas das súas obras, desde o neoenxesbrismo de Manuel Rivas ao vangardismo de Suso de Toro ou ás camisetas de Yolanda Castaño. A este respecto, comenta como o provocador Camilo Franco, o día despois de que esta última presentase *O libro da egoista* cunha camiseta na que se lía "Humilde", apareceu ante os medios para falar de *Por conto alleo* cunha camiseta na que se lía "Machote". Para o articulista a denuncia sarcástica de Camilo Franco pon en evidencia "as xeiras que teñen ou buscan padecer os escritores que queren sacar a cabeza no magma de esquecidos que atrapa ós artistas que enceitan carreira".

- R. L., 'Por conto alleo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Infórmase de que chegou ás librarías *Por conto alleo* de Camilo Franco da man da resucitada colección Illa Nova. Indícase que se trata de cincuenta relatos nados das suxerencias doutros tantos lectores, cuxa publicación supón un acerto máis da editorial Galaxia. Saliéntase a coidada edición e a fermosa cuberta, cualificando a obra de Camilo Franco como "literatura con maiúsculas", e establecendo un paralelismo entre estes relatos e as fotos de Vari Caramés por seguiren uns e outros dando voltas na cabeza por máis que un peche os ollos.

- Xosé Freire, 'Da experiencia virtual ao libro en papel', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 27.

Fai referencia á resurrección das colección Illa Nova e Dombate, apuntando a súa magnífica fasquía. Define *Por conto alleo* como un achegamento da tensión, da presión de escribir por encargo, cun tempo limitado e condicionado polos internautas. Logo de parafrasear as palabras do prólogo de Rocío Castro explicando a xénese da obra e a intención do autor, cualifica a obra de Camilo Franco como literatura de lectura rápida, que deixa "pouso e resaca", e que foxe da calma, da reflexión prolongada e da corrección. Así, tras sinalar os puntos en común que garda esta experiencia co xornalismo, finaliza indicando que estamos ante un libro de contos curtos, inmediatos e frescos.

- Marcos Valcárcel, 'Por conto alleo', *La Región*, 'Sociedad', 16 xullo 2003, p. 69.

Sínálase que Galaxia recupera a colección Illa Nova, que quere manter o espírito de pulo ás propostas novidosas e rupturistas, e que dita colección se estrea coa novela *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Tras explicar o experimento polo que se xestou o libro, considérase moi suxerente o resultado en formato libro, destacando a variedade de mundos creados e sinalando a presenza en todos eles do xogo metaliterario, frescura imaxinativa, estética fragmentaria e alento renovado. Salienta que malia que os lectores non llo puxeron doado, Camilo Franco non só aceptou o reto senón que soubo manter unha nidia unidade de estilo que amosa o seu amplo oficio literario.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das

Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Fuentes Castro, Xoán, *A torre no deserto*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, maio 2003, col. Nume, 258 pp. (ISBN: 84-95622-89-0).

Esta é unha novela que recrea unha sociedade ficticia na que unhas leis impostas por xerarquías descoñecidas controlan ao individuo por medio dunha opresión silenciosa que limita a súa liberdade e os seus sentimentos. A obra entronca coa temática doutras como *Un mundo feliz* de A. Huxley ou *Fahrenheit 451* de R. Bradbury. Xoán Fuentes Castro (San Vicente do Grove, 1932) recrea unha fantasía terrorífica na que un home autonomeado Brais é castigado e obrigado a viaxar cara a un lugar que parece non existir. Todos os que pasan ao seu redor e cos que xorden afectos e relacións acaban derrumbándose nunha espiral de traxedia e desatino. Fuentes Castro emprega a terceira persoa omnisciente de xeito case total ao longo da obra pero as rupturas temporais con saltos ao pasado e ao futuro e a introdución de pequenos relatos dentro da obra axudan a crear unha miscelánea de cadros que se superpoñen. O propio título da obra procede dun deses relatos que aparecen no medio da historia. O amor, a inocencia da infancia, a pureza dos sentimentos, a violencia física ou calada, a morte e, por suposto, a liberdade do individuo e a súa opresión son algúns dos temas que flotan dentro desta metáfora social. A linguaxe coidada, de grande lirismo (quizais excesivo nalgunha ocasión), caracteriza todo o discurso.

Recensións:

- Ramón Caride, 'Notas para a presentazón de A Torre no Deserto', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 39.

Fai referencia á última novela de Xoán Fuentes Castro; comeza describindo os dous paisaxes nos que se desenvolve a historia e sinala que entre eles se crea unha marabillosa parábola que trata de grandes cuestións sociais e das cousas máis cotiás. Afirmar que esta é unha novela das que xa non abundan e destaca a súa estrutura; eloxia a labor do autor e fai fincapé no contraste existente entre a dureza do relato e a delicadeza dos sentimentos dos personaxes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A quentura dos sentimentos contra a friaxe do sistema', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 28 setembro 2003, p. 3.

Fala da publicación da novela *A torre no deserto* de Xoan Fuentes Castro. Dise dela que entronca coa tradición de "historias-pesadelo" pero que reflicte parte da situación do actual sistema social. Coméntase que o autor debuta na narrativa despois de ter no seu haber varias traducións de autores foráneos. En palabras de Francisco Martínez Bouzas, a obra non describe relacións humanas senón "o monstro totalitario, un antagonista inhumano que se absolutiza". Unha sociedade na que os donos do sistema cubren as necesidades básicas, un mundo libre de contrastes, a ausencia de calquera aventura persoal, o absurdo e un final

pouco convencional son algúns dos aspectos atribuídos neste artigo á obra de Xoan Fuentes Castro.

- Laura Caveiro, 'A torre no deserto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. IV.

Laura Caveiro comeza facendo unha breve sinopse argumental dun dos relatos que se mesturan na trama da novela e que dá nome ao libro: *A torre no deserto*. Fala de que o autor harmoniza os personaxes cos lugares nos que se moven: sombríos, á busca da liberdade en contra dunha sociedade rexida por leis que controlan "dedos ocultos e poderosos". En torno a estas ideas, e presentando brevemente aos personaxes e as súas vidas, xira o presente artigo.

Referencias varias:

- Marta de Sinllán, 'Una galería de personajes inunda las calles santiaguesas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 xullo 2003, p. L6.

Dentro deste artigo sobre actos culturais varios atópase unha pequena columna que se refire á presentación da obra *A torre no deserto*. Coméntase que Xoan Fuentes Castro, tras ser autor de varias traducións, publica a súa primeira obra narrativa. Na presentación definiu o libro como "un canto á resistencia humana" e afirmou terse namorado dos personaxes.

Galego Gen, Ana M^a, *O malfadado ano no que perdín a moza por culpa dun robot, porque as desgracias sempre veñen mal acompañadas*, II Premio de Narrativa "Historias na Universidade", Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2003, col. Historias na Universidade, nº 2, 44 pp. (ISBN: 84-9750-139-X).

Relato presentado en forma de carta no que o protagonista, Toño, -en primeira persoa- lle conta a Ricardo unha historia de amor inserta nun espazo eminentemente universitario (convén recordar que se trata da obra gañadora do II Premio de Narrativa da USC). Logo de facer contínuas referencias a contornos e vivencias dos primeiros momentos na Universidade de Santiago, este estudante de Filoloxía preséntanos aos seus amigos Luís e Xoán, dous estudantes de Físicas e Dereito de gustos francamente contrapostos e cos que lle xunguía a amizade xurdida no seo da Residencia na que vivían (polas referencias espaciais trátase do Colexio Maior San Agustín). Na metade do relato, aparece en escena unha compañeira de clase da que Toño se namora: Clara; tras detallar os acontecementos das primeiras épocas de frustrado namoro e deixar patente a imposibilidade que albisca para acadar unha relación seria con ela, opta por "lanzarse" e prepararlle unha grande sorpresa no día do seu aniversario. Pero o resultado da mesma non é o agardado e todo desemboca nun moi sorprendente final. A trama transcorre en diversos ambientes, aínda que como se deixou entrever nas liñas iniciais, todos teñen en común ser os habitualmente frecuentados por universitarios. Así mesmo, o tempo durante o que se desenvolve a acción non ten uns límites diáfanos, pero si aparecen tres grandes referencias: o inicio do curso, os exames de febreiro e os resultados de xullo, polo que se pode enmarcar, aproximadamente, nun curso académico; ao tratarse dunha carta escrita a unha

terceira persoa na que se conta o que sucedeu durante ese curso, redáctase en pasado, finalizando cunha pequena referencia ao presente. Todo isto, escrito nunca linguaxe directa e coloquial a pesar da presenza de varias formas cultas e tecnicismos referentes ao mundo da literatura.

García Mañá, Luís, *Menino morreu*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, nº 189, 167 pp. (ISBN: 84-8302-944-8).

Menino Morreu é a última entrega da serie de narrativa histórica iniciada por Luís M. García Mañá (Ourense, 1950) con *O lume de Santo Antón* (1997). A trama desta novela de intriga está situada na que foi unha peculiar república independente ata 1864: o Couto Mixto, comunidade formada polas aldeas de Rubiás, Santiago e Meaus e localizada na área limítrofe galego-portuguesa da Raia Seca. A acción desencadéase en agosto de 1858 (e non 1958 como se indica na contracapa), cando aparecen asasinados na Serra da Pena o enxeñeiro de minas Mr. Betton e mais o seu axudante, enviados polo goberno portugués á procura de ouro na zona. Nemesio Castro, un galego emigrado no Brasil que tiña traballado para o goberno civil de Ourense con anterioridade a estes feitos, é chamado de volta ao país para tentar esclarecer o misterio destas mortes. Deste xeito vén axudar, como membro do Servicio Exterior da Súa Maxestade dona Isabel II, ao diplomático español Fidencio Bourman nos traballos encamiñados a pór fin á situación irregular da zona, onde non se pagaban impostos, non se recrutaban homes para as guerras e se agochaban fuxidos da xustiza dos dous países veciños. Para a Comisión de Lindes hispano-lusa creada con tal propósito traballa tamén o embaixador español en Lisboa Nicomedes Pastor Díaz, ao que vemos manter correspondencia co matrimonio amigo formado por Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Tras realizar as súas pesquisas, desprazándose ata as terras de Ourense, Calvos de Randín, Celanova e do Couto Mixto, Castro chega á conclusión, grazas a unha partida de cartas, de que o culpado do asasinato da Serra da Pena é unha escura personaxe alcumada o Brasileiro, home de mil oficios, entre os cales está o de sanador sen escrúpulos, e que maltrata a súa muller, quen acaba por fuxir co cura. Así, a modo de historia paralela, observamos cómo esta figura exerce de curandeiro co "menino" da tía Pementa de Paradela, a feble saúde do cal é confiada ás ladaíñas que o Brasileiro prega a cambio dos poucos cartos da familia do desgrazado rapaz, que acaba por morrer. Finalmente o impostor é detido ao ser acusado por Nemesio Castro de ter acabado coa vida do enxeñeiro da Betton Mineralogy Company de Londres. Con esta obra García Mañá rescata un espazo e un tempo esquecidos da nosa historia.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un retallo na vida do Couto Mixto', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 marzo 2003, p. 3.

Comeza por salientar Martínez Bouzas o feito de que *Menino morreu* é unha nova incursión do autor no xénero detectivesco e na recuperación da memoria histórica, dando así continuación, segundo sinala, ao ciclo que iniciara con *O lume de Santo Antón* (1997). Ocúpase despois de subliñar que, con obras coma estas de García Mañá e algunhas outras

(cita *A quinta do Saler* de Antón Riveiro Coello), demóstrase que o Couto Mixto "está a xurdir de novo con forza" nos campos da narrativa e da historiografía. Finalmente, detense no argumento da novela destacando a "amenidade" con que está relatado e a capacidade do autor para reconstruír a realidade das terras mixtas.

- Ramón Nicolás, 'Ficción no Couto Mixto', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Letras en galego', 5 abril 2003, p. 4.

Tras repasar rapidamente a liña argumental de *Menino morreu*, o autor desta recensión insiste en advertir que a novela de García Mañá é moito máis ca unha mera "trama detectivesca" entretida. Así, céntrase en destacar o que o texto ten de "reconstrucción arqueolóxica" e tamén de "literaturización" do enclave do Couto Mixto.

- Xosé M. Eyré, 'O retorno do detective Nemesio Castro', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 32.

Despois de glosar o contido argumental de *Menino Morreu*, indícase que este libro supón o regreso do detective Nemesio Castro ao Couto Mixto despois de *O lume de Santo Antón* (1997). Explica cales son as peculiaridades desas terras fronteirizas, e a continuación sinala como un acerto de Luís García Mañá a súa "preocupación por non caer no estático cadro de costumes". Comenta que o libro podería ter sido "a grande novela do Couto Mixto" pero que se limita, a propósito, para ser unha novela de intriga onde o fundamental é a acción; criticalle certa obsesión por abreviar e continuar a trama, en detrimento da profundidade do relato; e bota en falta máis "claridade" nos primeiros capítulos. Por último, nun balance final de conxunto, aprecia a novela como unha obra de lectura amena e cunha realidade histórica ben reconstruída, e convida ao autor a "atreverse con metas máis ambiciosas".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Menino morreu', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. V.

Iniciáase este comentario cunha explicación histórica sobre o Couto Mixto, ao que, segundo afirma, homenaxea a novela de Luís García Mañá: *Menino morreu*. Clasifícaa dentro do xénero detectivesco, e repasa para desmostralo todos os elementos que a conforman: o móbil, o protagonista, as mortes, etc. Considera, non embargantes, que o texto supón ademais diso "a recuperación por vía ficcional da memoria histórica" das terras dos Mixtos.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'La 'historia pendiente' de García Mañá', *La Región*, 'Cultura', 15 febreiro 2003, p. 67.

Entrevista con Luís García Mañá, comisario xefe de Ourense e autor de *Menino morreu*, na que se analiza a xénese e características desta novela. Así, o escritor explica que retoma a serie iniciada con *O lume de Santo Antón* (1997) porque non quería deixar morrer o

personaxe de Nemesio Castro. Comenta que as súas novelas son froito da investigación e que nelas aparecen, ao lado de protagonistas ficticios, personaxes históricos e outros inspirados en persoas totalmente reais. Desvincula a súa profesión do xénero negro ao que se ten dedicado como escritor, e indica que para el este último oficio é un puro "hobby". Finalmente, anuncia a posibilidade de tocar na súa próxima publicación o tema do afundimento do petroleiro Prestige, enfocándoo concretamente a través das sociedades de salvamento que interviron na catástrofe.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 3 abril 2003, p. VII.

Achéganos algunhas notas sobre o esquema narrativo da nova novela de Luís García Mañá, *Menino Morreu*, indicándonos que o protagonista é Nemesio Castro, o mesmo de *O lume de Santo Antón*.. Ademais do devandito libro, na mesma columna repásanse moi brevemente os fíos argumentais doutras obras publicadas o pasado 2002, como son a tradución da obra de Herbert George Wells *A máquina do tempo*; o álbum infantil titulado *O lobo*, de Xan Rodiño e María Lires; e mais a tradución ao galego de *O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry.

- Amaia Mauleón, 'Me interesa la trastienda humana del Couto Mixto', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 abril 2003, p. 61.

Nesta conversa co comisario xefe de policía de Ourense e autor de *Menino morreu*, que se viña de presentar no día anterior, o entrevistado comeza por resumir en qué consistía o enclave do Couto Mixto, territorio no que se ambienta a novela. Explica, así mesmo, que o seu interese polo mesmo xurdiu cando era moi novo, dado que a súa nai naceu nunha zona próxima e escoitaba contar historias sobre o Couto. Por último, insiste en que non lle atrae tanto o xénero policial como a antropoloxía cultural e a historia de Galicia, e que en *Menino morreu* "la intriga y las muertes que investiga Nemesio son sólo una excusa para tratar la vida de esas personas que vivían en el Couto Mixto".

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 abril 2003, p. 67.

Refírese Marcos Valcárcel á presentación na cidade das Burgas da terceira novela de Luís García Mañá, *Menino morreu*. Sinala que o verdadeiro protagonista do libro é o Couto Mixto, que malia ter desaparecido xuridicamente se conserva na memoria grazas a incursións literarias coma esta de Mañá, como a de Antón Riveiro Coello en *A Quinta de Saler*, ou como a de Méndez Ferrín no conto "O Exclaustrado de Diabelle".

- Marcos Valcárcel, 'Menino morreu', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 16 abril 2003, p. 61.

Comenta a presentación, no Liceo de Ourense, do libro *Menino morreu*, terceira novela de Luís García Mañá. Loa a capacidade do autor para retratar nela o ambiente do Couto Mixto

durante o século XIX, pero tamén outros espazos como son os de Vigo, Celanova, Ourense, Lisboa ou Brasil. Finalmente, subliña a aparición de personaxes históricos no texto, como Nicomedes Pastor Díaz ou Fidencio Bourman.

- Marcos Valcárcel, 'Catorce de abril, Bagdade, un papel de cidadáns', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 18 abril 2003, p. 2.

Nesta columna o autor toca, entre outros temas diversos, a aparición de *Menino morreu*, de García Mañá. O fragmento que lle dedica ao libro coincide co texto do "Pan por pan" publicado en *La Región* o 11 de abril, onde se refería a el como unha mostra, entre outras coma as de Xosé Luís Méndez Ferrín ou Antón Riveiro Coello, de que o Couto Mixto sobrevive na literatura trala súa "morte" como enclave xuridicamente independente

- A.N.T., 'Luís García Mañá, 'De non tomar medidas o Couto Mixto morrerá', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Fin de semana', 24 xuño 2003, p. 33.

Trátase da reprodución dunha entrevista realizada a Luís García Mañá, autor do libro *Menino morreu*. Nela, o escritor comeza por indicar que esta novela xorde como unha necesidade de pasar á ficción as pesquisas rigorosas que tiña realizado para a publicación do estudo *O Couto Mixto, unha república esquecida* (2000). Deténdose despois nas personaxes, explica que conxuga as históricas coas ficticias e que a que lle dá nome ao libro "simboliza o pasamento da república independente do Couto". Por último, advirte que a realidade actual do Couto Mixto nada ten que ver coa que el mesmo rescata na novela.

Gayoso, Xosé M., *Nin Berlín*, Lugo: Veniaisedicións, 2003, 133 pp. (ISBN: 84-607-7611-5).

Este libro, que carece tanto de índice coma de prólogo, comeza directamente cun pequeno texto enumerado (número 1) no que o escritor expón a súa intención de deixar os seus personaxes coas súas historias totalmente nus ante o lector, como se dunha obra teatral se tratase: "pano arriba e ide saíndo". A continuación sucédense corenta e oito textos que perfectamente se poderían denominar cadros, nos que efectivamente os pesonaxes se van espindo ante o lector a través da exposición dos seus problemas persoais, sociais e mesmo psicolóxicos. Para a súa presentación Gayoso alternou a narración lineal dos acontecementos con conversas inconexas, con monólogos e reflexións internas dos protagonistas. Neles foi expoñendo as desgrazadas vidas de varias persoas pertencentes á mesma aldea (unha aldea inconcreta, que podería ser calquera lugar do mundo), que segundo vai avanzando o libro vanse desvelando as relacións existentes entre eles e o vínculo que os une a todos: unha vida truncada e o desexo incumprido de cambiar. O sexo preséntase na maioría dos casos como única vía de escape e como o único pracer momentáneo desta vida. O texto número cincuenta pecha o libro cunha serie de interrogacións que o autor lle dirixe tanto ao lector coma aos propios protagonistas, a cerca

da súa identidae, dando a entender que unha vez lidas as historias todo se esborralla, nada permanece, nin tan sequera Berlín, que era a cidade que algúns dos protagonistas poñían como solución ás súas vidas truncadas. Remata cun "caía o pano e o sudario sobre todos vós".

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería Galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Recensión sobre a novela *Nin Berlín* de Xosé M. Gayoso, publicada por Edicións Veniaisedicións aparece definida como unha novela "descompuesta en múltiples voces que, obedientes, acoden á convocatoria final dalgún xeito de desesperanza". A noticia inclúe recensións de *Diálogo de deuses. Diálogos de prostitutas* (2002), de Luciano de Samosata, e de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, así como breves recensións ás obras *Non hai misericordia* (2003), de Xelís de Toro, e *Mago por correspondencia* (2003), de Joles Sennell.

- Xosé M. Eyré, 'A emoción do voyeur', *A Nosa Terra*, nº 1.100, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 26.

Comeza valorando a forma que tivo de presentar esta novela Xosé Manuel Gayoso, omitindo o narrador en todo o que se conta ao longo dela. Este só aparece tres veces: no comezo, para advertir ao lector da súa intención de deixar que as personaxes se manifesten por elas mesmas, sen estorbos nin intromisións, a modo de teatro; no derradeiro texto do libro, para establecer algunha conclusión; e no título, que -segundo Eyré- é onde está a verdadeira conclusión, o inicio de todo: un Berlín que necesitan os protagonistas como evasión e que "necesitamos todos nalgún momento das nosas vidas". Engade que esta falta de narrador lle parece unha estratexia narrativa moi deliberada e racional, porque ao deixar que as personaxes sexan as narradoras de si mesmas implica profundamente ao lector ata o punto de transformalo nunha especie de *voyeur* "ao que todo se lle filtra dende as palabras aliñadas en cada páxina". O xornalista segue comentando que "despois de se erguer o pano" sucédense corenta e oito capítulos de dimensións moi variábeis, pero tendendo á máxima brevidade, e nos que se presenta unha historia de mortes, medos, amores, familias enfrontadas, mulleres maltratadas, homes rudos e insensíbeis... que sitúa en Galicia, pero que ben poderían pertencer a calquera outro lugar do mundo.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A editorial Veniaisedicións preséntase con dúas novelas', *El Progreso*, 'Cultura', 8 xullo 2003, p. 61.

O xornalista anuncia a creación dunha nova editorial lucense a cargo de Xosé Manuel Gayoso e Basilio Cobo. Para a presentación de Veniaisedicións, os seus responsábeis optaron pola presentación de dúas novelas: unha delas da propia autoría de Gayoso, *Nin*

Berlín, a que define coma unha historia de fracasos e frustracións dunha serie de personaxes que viven nun ambiente hostil, de mentira e de violencia; do outro libro co que abren a editorial, *A transfusión*, dun autor que asina Básico Rodríguez, di que se trata dunha crónica burlesca e desmitificadora que vai dende o final do franquismo á chegada da democracia ambientada en Santiago. Por último declaran que as pretensións de Veniaisedicións son as de crear un recanto de liberdade, no que se poida publicar en galego, en español e mesmo en portugués e en calquera xénero literario.

- Francisco Albo, 'Non nos interesan os poetas que imiten a Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Lugo', 22 xullo 2003, p. L2.

Conversa con Basilio Cobo Rodríguez, quen xunto con Xosé Manuel Gayoso, vén de crear A Gracia. Veniaisedicións. Comenta que esta editorial se inaugura coas obras: *A transfusión*, da súa autoría e que se situa na época da transición posfranquista; e *Nin Berlín*, de Xosé M. Gayoso, a outra obra coa que presentan esta editorial, descríbea como unha novela na que se aborda o mundo rural dende unha óptica descarnada, moi diferente da que se soe escoller para tratar a ruralidade galega, case sempre dende un punto de vista moi melancólico. Por último, Basilio Cobo fala deste novo proxecto editorial, do que di ter nacido porque aos dous lles gusta moito a literatura, e que teñen pensado editar libros en castelán, en galego e mesmo en portugués; así mesmo, sinala que teñen moi claro a non edición de obras repetitivas que se parezan demasiado a cousas xa expresadas na literatura galega.

Gonsar, Camilo, *A noite da aurora*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Literaria, nº 197, 206 pp. (ISBN: 84-8288-644-4).

Despois de oito anos sen publicar ningún libro, Camilo Gonsar (Sarria, 1931) retoma o xénero narrativo con *A noite da aurora*. Presenta a obra cunha breve nota na que lle explica ao lector que o encontro co que inicia a historia foille suxerido pola súa muller, pero que todo o demais é pura ficción; a continuación insire uns versos de Manuel Antonio do libro *De catro a catro* e un anaco de *Etnografía* de Vicente Risco. A novela está artellada nunha ducia de capítulos nos que o autor desenvolve a historia de tres amigos dunha vila galega que deciden separarse trinta anos e despois volverse xuntar, pase o que pase coas súas vidas nese período intermedio. No primeiro capítulo, tal e como indica o seu título - "O encontro"- nárrese a coincidencia de dous galegos en Reikiavik, que están a trocar cartos nun banco. Este encontro casual emprégao o autor como recurso narrativo para presentar ao narrador, xa que un destes galegos contaralle esta historia dos tres amigos para que a novele. Para a presentación dos tres personaxes e das súas historias Camilo Gonsar elixiu como espazo unha cantina na que estes se daban cita habitualmente. Aí vanse configurando os protagonistas, ben a través dos seus propios feitos e palabras, ben a partir das descrições do narrador, e ese mesmo lugar é o seleccionado para o reencontro final. Ao abeiro das peculiares vidas que os tres mozos levan nunha pequena vila do interior de Galicia na época da posguerra, o autor vai retratando a cotianeidade galega desta época e resaltando as diferentes posturas e actitudes da xente respecto da guerra. Cabe destacar o paso do tempo e o río, dous elementos que serven de fio conector na novela e que están cargados de simboloxía.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Música e sempre palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 14 decembro 2003, p. 51.

Comeza o artigo invitando ao lector a que lea esta nova entrega narrativa de Camilo Gonsar, por se tratar -segundo el- dun dos mestres da narrativa galega contemporánea. Di que a novela consta de duascentas seis páxinas maxistras e desenvolve o argumento, engadindo que se trata dunha reflexión xenial sobre o destino, unha mostra excepcional de sabedoría narrativa, pola que soubo situar cada cousa no seu sitio, dende o encontro co banqueiro ata o desenlace das historias dos tres amigos, pasando pola cantina, o retorno e o tempo. Remata coa mesma liña eloxiadora, destacando da obra unha metodoloxía impecábel que el equipara ao "labor minucioso dunha excavación no fondal que sempre existe na memoria dos seres humanos".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Camilo Gonsar pasea por Reikiavik', *El Progreso*, 'Cultura', 2 novembro 2003, p. 85.

O xornalista comenta que Camilo Gonsar retorna á narrativa galega, tras oito anos de silencio, con *A noite da aurora*, unha obra que empeza co encontro de dous galegos en Reikiavik e na que Lor, un personaxe fluvial, lle conta ao outro o que foi a súa vida nunha vila de Galicia que "nunca recende a salitre". Continúa resumindo o argumento da novela e remata dicindo que a obra está contada co estilo conciso e preciso que caracteriza a Camilo Gonsar.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

- C.F., 'Tentei abordar o cambio da percepción do tempo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2003, p. 39.

Entrevista a Camilo Gonsar con motivo da publicación de *A noite da aurora*. O autor de Sarria sinala que na súa nova obra o tempo adquire un gran protagonismo, debido a que na actualidade os cambios no tempo son dramáticos, provocando que o lugar ao que volve o protagonista sexa totalmente diferente, o que configura a percepción do tempo como unha derrota. Tamén se refire aos personaxes, que cualifica como inadaptados voluntariamente, como xeito de evasión, contraditorios, inmersos nunha realidade moi complexa na que non se poden facer afirmacións categóricas. Remata aludindo á importancia que adquiriu sempre o río nas vilas do interior como lugar de diversións e de afogados, converténdose nun espazo no que están "a un tempo o mítico, o lúdico e tamén o social".

- C. Franco, 'Gonsar retorna á ficción literaria cunha novela de personaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2003, p. 39.

O xornalista, despois de resumir brevemente o contido da nova novela de Camilo Gonsar, encadra ao narrador na xeración etiquetada como Nova Narrativa Galega; aquela que despois dos anos cincuenta lle tentou dar á literatura de Galicia o aire do seu tempo. *A noite da aurora* é para Camilo Franco un percorrido dende a distancia por unha Galicia interior, tanto no sentido xeográfico como no metafórico, porque se repasa un tempo de posguerra arredor duns personaxes singulares, pero dentro da realidade social do momento. No mesmo artigo insírese unha entrevista ao autor desta novela na que fala sobre algúns dos aspectos xa mencionados e engade que o tempo ten un papel fundamental no libro, permitíndolle contraponer a Galicia do inicio da novela coa do final; así mesmo, presenta este factor temporal como unha derrota das personaxes protagonistas. Sobre estes comenta o autor que son uns inadaptados, que levaban unha vida heterodoxa para o pobo no que vivían. Remata explicando a simboloxía que ten o río na novela.

González Martínez, Xosé, Xaquín Monteagudo Romero e Xosé M. Rodríguez-Abella (coord.), *Palabra por palabra. Contos da policía*, prólogo de Avelino L. de Francisco Martínez, introdución de Xosé González Martínez, Vigo: Ir Indo Edicións, 2003, col. Narrativa, nº 44, 322 pp. (ISBN: 84-7680-498-9).

Libro de relatos promovido pola Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e escrito por comisarios, inspectores e axentes de Policía local, autonómica e nacional, no que tamén interveñen un grupo de escritores cunha certa traxectoria nas letras coma Helena Villar, Tucho Calvo ou Neira Vilas, entre outros, e no que todo xira en torno ao mundo policial. Achámonos perante un conxunto de vinte e un relatos de similar extensión cunha liña argumental clásica nos que, na meirande parte das veces, un narrador omnisciente relata os máis diversos sucesos e acontecementos ben inventados, ben baseados na realidade pero con escasas concesións ao fantástico.

- Carlos C. Reigosa, "A estratexia da vítima" pp. 23-37

Un policía recentemente incorporado ao corpo, estando en desacordo co resultado da investigación dun caso xa pechado, inicia accións de pesquisa pola súa conta. É congratulado polos seus superiores despois de descubrir a auténtica versión dos feitos.

- Antonio Riveiro Coello, "Á primeira", pp. 39-52.

Un policía municipal de Xinzo de Limia é escollido para actuar nun capítulo dun coñecido serial no que é protagonista Sancho Gracia, que é filmado nunha praza da vila. O actor novel é capaz de gravar a escena á primeira e obtén un amplo recoñecemento popular.

- Antonio Prado Rodríguez, "A proba", pp. 53-80.

Unha familia, na que a muller desconfía do seu marido, acode á comisaría para comprobar, mediante o detector de mentiras, que os ciumes da esposa son totalmente infundados.

- Antonio Reigosa, "Betume de Xudea", pp. 81-99.

Un policía novato escribelle ao seu comisario, dende unha cela, unha fantástica e estraña historia ambientada na Idade Media da que é protagonista e na que se mesturan pasado e presente. Ao final descúbrese que todo fora un soño.

- Helena Villar Janeiro, "¿Cariocas?", p. 100.

Breve relato no que unha parella de policías entran nun posto da praza de abastos e multan á dona por vender cariocas antirreglamentarias.

- José Simal Gamallo, "Carne de madeiro", pp. 101-119.

Alcumado polos propios compañeiros coma "Ihon Güein", un policía narra a súa vida vencellada ó corpo entre 1992, ano no que tiveran lugar diversos e desgraciados acontecementos e a actualidade.

- Tucho Calvo, "De servicio", pp. 121-125.

Un policía que estaba de servizo, entra nun pub e vese inserto nunha liorta.

- Xosé Neira Vilas, "Dúas historias", pp. 127-132.

Nesta ocasión relátanse dúas breves historias. Na primeira, o dono dun quiosco róuballe a bicicleta a un rapaz, quen acode á comisaría para denunciar o suceso pero non lle fan caso, motivo polo que decide tomar a xustiza pola súa man e sustraerlla ao ladrón de novo. Na segunda, un escritor preséntase na comisaría para expedir un pasaporte; vese sorprendido cando o comisario lle prega que entre no seu despacho, sobre todo cando coñece o motivo: solicítalle que lle asine uns exemplares da súa última obra.

- Manuel Teijeiro Sande, "Fogo abafado en silencio", pp. 133-144.

Un xefe da Unidade Policial contra o Tráfico de Drogas é investigado polos baixos rendementos da mesma e os estendidos rumores populares de conexión coas mafias.

- Xosé Manuel Álvarez Costa, "Mario, un policía local", pp. 145-162.

O narrador deste relato é un compañeiro de quenda de Mario, un policía exemplar de "moi bo corazón" do que conta diversos episodios da súa actividade conxunta, que se interrompe cando ambos os dous se presentan a unhas probas de promoción interna.

- Manuel Mariño Castro, "O delator", pp. 163-173.

Un ex-presidiario vai visitar, de madrugada, ao seu amigo e inspector xefe Roberto Pacios. Ao entrar no despacho atópase con outro home que lle recibe con gran brusquedade, motivo polo que se ve na obriga de denunciar o primeiro que se lle ocorre. Finalmente, coa chegada

de Pacios ao día seguinte resolveuse todo o entorto.

- Roberto Gil Moure, "O estraño caso do oso da Rabadeira (Baseado nun feito real)", pp. 175-188.

Unhas misteriosas pegadas nunha veiga centran a atención dos veciños de Rabadeira; a policía comeza a investigar o suceso e determina que, probabelmente, sexan dun oso. Un sorprendente final bota por terra todas as hipóteses.

- Xosé Rodríguez Gil, "O lobo de Transilvania", pp. 189-209.

O lobo de Transilvania é Dario Ivanov Comanescu, un romanés do que se relata unha moi longa e enleada vida de delitos e cárceres cuxas andainas rematan coa súa detención na comisaría de Santiago de Compostela.

- Emilio Fernández Vázquez, "O Marqués", pp. 211-223.

Un policía relata a súa propia vivencia en Barcelona cun pintoresco delincuente ao que alcuman "O Marqués".

- Elena Maya Gil, "O río dos ladróns", pp. 225-238.

Rosa, dona dun muíño de fariña, é vítima de contínuos roubos nos que todas as noites lle desaparecen importantes cantidades de produto. O policía da súa vila axúdalle a resolver o misterioso entorto.

- Luís Manuel García Mañá, "O se do violoncelo", pp. 239-249.

Breve relato no que Rosendo, inspector da Brigada Móbil en Madrid, colle grande afección á música clásica e, en especial, ao violoncelo, algo que sucede tras relacionarse cunha estudante que comparte a mesma afección.

- Ana María Martínez Pérez, "Orballo", pp. 251-271.

Rosita, dende a ultratumba, fala de diversos episodios da súa vida.

- Antonio García Rivas, "Rumores na fronteira", pp. 273-285.

Dous policías da alfândega situada na parte galega da fronteira con Portugal, salvan unha parella de rapaces que decidiran marchar do país cruzando a nado o río Miño e que estiveran a piques de morrer.

- Enrique Mora Morandeira, "Un cadáver na herba", pp. 287-299.

O cadáver dunha muller aparece na beira dun regato. Ricardo, inspector de policía, e mais un compañeiro da Brigada de Investigación Criminal, son os encargados de resolver este caso no que o culpábel resultou ser un familiar próximo á falecida qe manifestaba "levar ó demo dentro" de si.

- Gonzalo Amoedo López, "Unha historia que ninguén contara", pp. 301-316.

Toda a familia de Don Xaquín Pedreira, mestre rural, sofre un grave deterioro físico ao que os médicos non atopan solución. Logo de pedir axuda a diversos meigos e feiticeiros, foi dar con Mosiú don Albeiros de Acrique, quen, finalmente, resultou ser un depravado que abusaba sexualmente dos fillos do Sr. Pedreira nas consultas. O caso rematou sendo denunciado á Policía.

- Enrique León Caviño, "Fanas os porcos e págnas os bacoriños", pp. 317-322.
Relato curto no que uns policía, na busca de droga, rexistran a casa dun particular.

Recensións:

- S.R., 'Os policía tamén contan', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Literatura/arte', 27 decembro 2003, p. 4.

Neste artigo dáse conta da saída do prelo de *Palabra por palabra*, un libro de relatos escritos por comisarios, inspectores e axentes de Policía local, autonómica e nacional. Subliña a aparición desta obra coma unha iniciativa única e destaca o apoio de autores consagrados que tamén escribiron contos de temática policial e que son incluídos na publicación. A maiores, no artigo expónse a variedade nas características dos diversos relatos e anuncia os múltiples actos que teñen lugar con motivo da súa presentación pública.

Referencias varias:

- Rodri García, 'Membros da policía nacional amosan o seu talento literario nun libro en galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 decembro 2003, p. 38.

Dá a coñecer a presentación dun libro que supón unha auténtica iniciativa pioneira en España para a policía: está escrito por axentes, inspectores e comisarios. Destaca que en *Palabra por palabra. Contos da policía* interveñen un grupo de escritores que xa posúen certa traxectoria no mundo das letras e subliña as palabras do inspector xefe de Vigo, quen alude ao emprego da lingua coma símbolo de cercanía á cidadanía. O artigo complétase cunha información relativa a futuras accións desenvoltas pola Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, promotora do proxecto, e con diversas declaracións dalgúns dos autores.

Iglesias, Xabier, *O soño do falcón*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 1, 288 pp. (ISBN: 84-95622-86-6).

Esta longa novela de Xabier Iglesias narra, como reza o subtítulo, a vida e batallas de Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga, e constitúe o primeiro número da colección "Narrativa histórica" da editorial Toxosoutos. Ambientada (salvo na parte introdutoria) na segunda metade do século XV, e dando entrada a un bo número de personaxes e acontecementos históricos, a narración céntrase no enfrontamento do protagonista tanto coa Igrexa coma cos Reis Católicos, feitos que lle acarretarán a morte en Alba de Tormes, coa axuda da traizón dos seus máis fieles achegados. Mantendo sempre un alento épico propio dun cantar medieval, o narrador deséñanos a un Pedro Álvarez cruel, decidido, temperamental e dominador que encamiñou a súa existencia cara á consecución dun soño finalmente frustrado polas circunstancias: o de ver realizada a unión política con Portugal. Así, comezando polos tempos das loitas irmandiñas, relátasenos cómo en principio o señor da comarca do Baixo Miño se alía co arcebispo compostelán Alonso de Fonseca para

derrocar aos viláns revoltados. Non embargantes, tan pronto como desaparece a ameaza irmandiña, xorden as diferenzas entre o arcebispo e Pedro de Soutomaior, que se erixe como líder dun sector da nobreza enfrontado coa Mitra compostelá. Andando o tempo, e situados xa na época das disputas dinásticas polo trono de Castela, tras a morte de Henrique de Trastámara en 1474, observamos a Madrugá tomando partido por Xoana 'A Beltranexa' e, polo tanto, defendendo os intereses de Portugal, nación que o axudara en empresas pasadas. Comprobamos ao longo da narración, nun esforzo de reconstrución histórica moi rigoroso, sen que deixe de se notar o carácter ficcional do libro, cómo as alianzas entre as elites do poder na altura eran moi variábeis e inestábeis. O volume, organizado en catro grandes "tempos" ou capítulos e un epílogo ("Fin do tempo. Vai o conde dacabalo"), inclúe unha relación final de personaxes históricos, así como das fontes documentais empregadas.

Recensións:

- Alberto Fortes, 'Vida e batallas de Pedro Madrugá', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 12.

Alberto Fortes fala de *O soño do falcón*, biografía de Pedro Madrugá escrita por Xavier Iglesias. A vida deste personaxe histórico do século XV, implicado nas intrigas políticas da época, é relatada, segundo Fortes, como "unha narración equilibrada e de agradable lectura".

- Óscar Losada, 'Os irmandiños fanse personaxes de novela', *La Opinión*, 'Saberes', nº 13, 7 xuño 2003, p. 5.

Reprodúcense fragmentos dunha entrevista con Xabier Iglesias, autor de *O soño do falcón*, unha narración que se centra, segundo se afirma, nunha época en que Galicia "sufriu un gran convulsión social". Iglesias explica que se comezou a interesarse por este personaxe lendo *Un home de Vilameán*, de Xoán Bernárdez Vilar, libro que considera complementario ao seu. Tamén se refire ao seu traballo de pesquisa e documentación, previo á escrita da novela e reflexiona sobre a relación entre literatura e historia. Afirma, por último, que é necesario este tipo de achegas á historia do noso país, porque desta maneira o público en xeral, e o escolar en particular, pode interesarse por ela.

Referencias varias:

- A. M., 'A novela de Pedro de Soutomaior', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 23, 'Letras en galego', 23 agosto 2003, p. 7.

Comenta, en primeiro lugar, que a literatura galega ten na Idade Media unha "boa materia prima" para o xénero da novela histórica. Despois, refírese á aparición de *O soño do falcón*, de Xabier Iglesias, na editorial Toxosoutos. Indica que se trata da vida novelada de Pedro de Soutomaior, e afirma que este é un personaxe "fascinante".

Jaureguizar, Santiago, *Casa Skylab*, Premio Xerais de Novela 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Narrativa, nº 195, 185 pp. (ISBN: 84-9782-045-2).

Logo da consecución do premio "Lueiro Rey" 2001 con *Breve crónica Universal da clase obreira* e tras unha traxectoria iniciada en 1995 con obras coma *Todo a cen* ou *Fridom spik* (reeditada este ano con novos relatos), Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) consegue o Premio "Xerais" 2003 con *Casa Skylab*, unha auténtica "interpretación mordaz e paródica do galeguismo", tal e coma no seu día a definiu o propio xurado. Nun imaxinario concello próximo á Fonsagrada, Negueira de Rodríguez, ten lugar o desenvolvemento de toda a novela, na que Daniel Rodríguez (alias Patapao), cacique da vila, fillo de quen independizara o lugar e propietario de Casa Ataúlfo, se enfronta a unha serie de foráneos que viven nunha comuna, entre eles dous peculiares siameses, Ludovico e Recesvinto, que teñen en propiedade o Pub Sempre en Galiza, un peculiar museo de obxectos pertencentes a figuras do galeguismo; así, nunha vitrina atopamos as gafas de Castelao, un exemplar da *Constitución Nazonal Galega* de Risco, as xiringas para as inxeccións de ouro de Cunqueiro ou o sombreiro de Beiras. Dende o primeiro momento tamén fai acto de presenza na obra o parvo do lugar, Antón Duracell, quen se sentiu profundamente realizado cando José Reboredo, da Casa da Congostra de Vilaxuín, lle propuxo continuar co seu negocio, consistente en vestirse de coello rosa anunciando unha coñecida marca de pilas durante "as vinte e catro horas do día e vinte e catro horas da noite"; está namorado da eternamente inalcanzable Almudena, vese feliz por ter un traballo "coma todo o mundo" e mantén estendidos coloquios cos mortos no cemiterio. O discorrer de esperpénticos personaxes é continuo e tanto podemos toparnos con Mick Joner, o cantante dos Folling Stones, coma co carteiro Pablo Neruda, ou os peculiares Inspector Sanxil e Freddy Unebomber. O título da obra vén dado pola presenza do Planeta Skylab, unha estación espacial que sobrevoa permanentemente a vila e que, tal e como Ventura, o médico, lle asegura a Antón Duracell, algún día aterrará e hano quitar de Negueira para levalo a un lugar onde haberá unha rapaza idéntica a Almudena que se namorará del verdadeiramente. Con esa esperanza de Antón remata a obra. Na novela hai unha grande unidade de espazo (limitado exclusivamente á vila e a algúns puntos coma Casa Ataúlfo ou o Pub Sempre en Galiza), xa que na meirande parte das ocasións non hai referencias espaciais, pois atribúeselle maior protagonismo ao que se di e como se di que aos espazos, ao tempo ou ao fio argumental. Amósase un ritmo narrativo cambiante aínda que rápido na súa meirande parte, presentando gran cantidade de información nun pequeno fragmento, cunha linguaxe chea de frases propias dun rexistro coloquial con continuos vulgarismos. É unha obra, en definitiva, que posúe un elevado ton humorístico na que persiste a acumulación de imaxes mordaces e referencias culturais sobre a Galicia actual.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Un Skylab sen tirón argumental', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 2003, p. 26.

Eyré adéntrase no ton humorístico que caracteriza á obra premiada co "Xerais" 2003 pois, segundo manifesta, é un rasgo distintivo non só con respecto aos máis salientábeis títulos que xurdiron neste ano senón tamén aos que habitualmente reciben condecoracións nos certames narrativos. Asemade, fai un breve análise da literatura de Jaureguizar e adéntrase no libro premiado, do que subliña favorabelmente a pintoresca trama pese a ausencia dun fío narrativo.

- Tomás Ruibal, 'Galería de monstros', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 26 outubro 2003, p. 9.

Descrición da trama argumental da obra gañadora do Premio "Xerais" na edición deste ano, na que se detalla o ir e vir duns personaxes moi particulares nun entorno ficticio, Nogueira de Rodríguez, da provincia de Lugo. Logo dun breve resumo do seu contido, Rubial dá a súa opinión acerca da obra, sublimando a persistente acumulación de imaxes mordaces e referencias culturais sobre a Galicia actual.

- Ramón Nicolás, 'Parodia, ironía e reflexión', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 33, 'Letras en galego', 1 novembro 2003, p. 5.

O recensionista adéntrase nos personaxes que protagonizan a obra ambientada na ficticia vila de Nogueira de Rodríguez; cita, pois, a Antón Duracell, ao subcomisario Alberte Sanxil, ao cacique Daniel Patapao e aos irmáns siameses donos do Pub Sempre en Galiza. Esa incursión na obra vese acompañada por dez preguntas a Santiago Jaureguizar con respostas breves.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Unha radiografía da Galicia profunda en clave paródica', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 novembro 2003, p. 3.

Extensa recensión na que Martínez Bouzas dá conta detallada da idiosincrasia dos protagonistas da obra e adéntrase na principal mensaxe que tenta transmitir a mesma, unha mensaxe cargada de humor e crítica contra o nacionalismo actual e coa que se dá unha visión do mundo tradicional en loita coa modernidade

- Joaquim Ventura, 'Metáfora dun país', *Faro de Vigo*, nº 59, 'Libros', 20 novembro 2003, p. V.

Logo de facer unha pequena referencia aos novos narradores da literatura galega e expoñer o lugar que, na súa opinión lle corresponde a Jaureguizar dentro dela, realiza unha reflexión acerca desa metáfora que en *Casa Skylab* se fai dunha Galicia ancorada nun tempo inmóbil.

Referencias varias:

- Rocío Cortés Galdo, 'Planeta Jaureguizar', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 21 2003, p. 67.

Informa da presentación da obra gañadora do Premio "Xerais" na edición deste ano, na que a xornalista fai fincapé no repleto día de entrevistas e roldas de prensa oficiais que Santiago Jaureguizar tivo que efectuar. Asemade, percorre brevemente os títulos máis coñecidos do autor para centrarse, finalmente, na novela gañadora.

- Maré, 'Jaureguizar gaña o Xerais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2003, p. 66.

Infórmase do outorgamento dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil", que recaeron en Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. Ao longo do artigo, faise unha breve recensión da primeira, poñendo especial interese nas características que dela subliñou o xurado por ser "unha interpretación mordaz e paródica do galeguismo". Complétase cun recadro dedicado ao recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) pola cooperación ao labor editorial.

- Camilo Franco, 'O Xerais premia a Jaureguizar por unha novela negra escrita con humor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2003, p. 40.

Santiago Jaureguizar é o gañador do Xerais na edición deste ano coa obra *Casa Skylab*. Na nova faise unha sucinta recensión da súa trama argumental e incídese na mestura de compoñentes reais e ficticios que se introducen.

- Alberto Quian, 'Santiago Jaureguizar gaña o Premio Xerais de Novela e Manuel Lourenzo, o Merlín', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Dá conta do fallo dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil", outorgados a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. Asemade, cítase o recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) pola Cooperación ó labor editorial e recóllense as palabras que deu o Director de Xerais no acto.

- A.Q., 'A literatura galega ten que ser máis rupturista e experimental', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Breve entrevista ao escritor de *Casa Skylab* que xira, na súa totalidade, en torno á concesión do premio "Xerais", que se deu a coñecer o 14 de xuño.

- Camilo Franco, 'Jaureguizar considera que o importante é 'botar unhas risas'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xuño 2003, p. 55.

Logo de informar da concesión dos premios "Xerais" e "Merlín" na súa última edición, Franco expón as consideracións que o propio Jaureguizar realiza sobre a súa obra, *Casa Skylab*, dándolle alto valor ao ton humorístico que posúe. Asemade, dá conta das características que posúe a literatura de cada un dos dous gañadores.

- Gloria Fernández, 'Ironizo co galeguismo/Jaureguizar pecha con 'Planeta Skylab' a súa triloxía de novela negra', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 16 xuño 2003, p. 50/67.

Faise referencia a *Planeta Skylab*, que é a obra gañadora do "Xerais"; recóllense as opinións do autor sobre a literatura galega e fálase de toda a súa creación literaria.

- X.C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil" a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ambas as dúas. Igualmente faise referencia ao premio á cooperación cultural, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GÁLIX), resumindo as súas máis subliñábeis accións. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

- Manuel Darriba, 'A literatura é espectáculo, coma os circos e os medios de comunicación', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 19 xuño 2003, p. 67.

Entrevista ao autor de *Casa Skylab*, que responde a aspectos que atinxen tanto a características xerais da súa produción, coma á obra galardoada, á desmitificación de iconas galegas que leva a cabo nas súas creacións literarias ou ao particular emprego que fai da lingua.

- Conchi Bilbao, 'Jaureguizar, pola senda da literatura con futuro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 1.

Faise referencia á concesión dos premios "Xerais" e "Merlín", así coma ás diferentes opinións que os galardoados manifestaron tanto sobre este galardón, como sobre cuestións xerais da nosa literatura.

- Jaureguizar, 'A porta da Casa Skylab', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 28.

Fragmento da obra *Casa Skylab* na que dona Presentación Díaz Salgueiro e Antón Duracell falan dun novo bar que abriron na vila dous irmáns siameses, o Sempre en Galicia.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 13 outubro 2003, p. VII.

Nesta ocasión Blanco Rivas achéganos unhas breves notas argumentais sobre dúas obras referidas á literatura galega: *Casa Skylab*, de Jaureguizar, e *Irmán do vento*, de M. Lourenzo González. Da primeira explica que os seus protagonistas son un cacique, uns hippies e un home que se viste de coello para anunciar unha marca de pilas. Destaca desta novela, gañadora do Premio "Xerais" 2003, o humor corrosivo nunha "trama criminal adobiada de morte" e a súa visión irónica e sarcástica da realidade galega.

- C.P., 'Presentadas as novelas gañadoras e finalista dos premios Xerais e Merlín', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 47.

Dáse conta da presentación das dúas obras que gañaron os Premios "Xerais" e "Merlín" (*Casa Skylab* e *Irmán do vento*) e da finalista do primeiro deles, *Destrucción*. O groso da nova limitase a describir o contido de cada unha delas.

- MARÉ, 'Vértices de actualidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 outubro 2003, p. 51.

Faise referencia á presentación das obras que presiden o catálogo de outono da Editorial Xerais: *Casa Skylab* (gañadora do "Xerais"), *Destrucción* (finalista do mesmo premio) e *Irmán do vento* (gañadora do "Merlín"). Sinala que a primeira trata o nacionalismo galego, a segunda os malos tratos e a terceira a invasión de Iraq. Igualmente, cita algunhas das declaracións feitas polos autores en dita presentación.

- Salvador Rodríguez, 'Eu non traballo con personaxes, senón con caricaturas ', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Entrevista', 6 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Santiago Jaureguizar na que o autor lugués fala da súa última novela, coa que gañou o premio "Xerais". O autor sinala que Negueira de Rodríguez, aldea na que sucede a historia, é un trasunto de Negueira de Múñiz e unha metáfora de Galicia; asegura que nesta obra non hai ningunha influencia de *La saga/fuga de J.B.* de Torrente Ballester e fai unha análise de dous dos personaxes da novela, de Antón Durecel e de Daniel Rodríguez. Sinala que con esta obra pretendía chamar a atención sobre o pouco que ten conseguido o nacionalismo galego nos seus noventa anos de existencia e sinala que a presenza da súa propia voz dentro da novela se debe á necesidade de implicarse persoalmente nela; indica, finalmente, que a vinculación entre xornalismo e literatura é moi forte e que a súa experiencia profesional como xornalista foi a base desta novela.

- Isabel Freire, 'Se me río de min, ¿por que non de Castelao?', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 16 novembro 2003, p. 72.

Entrevista ao autor de *Casa Skylab*, na que a xornalista centra o seu interese en cuestións que atinxen tanto á obra, coma á súa vida persoal. Así, fala do nacionalismo, dos autores que ten coma referentes, dos feitos nos que se basea a súa obra ou do costume que o comprometido escritor co movemento *bravú* ten de usar peculiares camisetas.

Laredo, Carlos, *A fuxida da Loba. Mitos e lendas de Galicia*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 2, 146 pp. (ISBN: 84-96259-01-3).

Relato histórico ambientado na Galicia do século XIX no que Carlos Laredo (A Coruña, 1936) conta a historia de Pepa, unha muller alcumada a Loba. A narración iníciase na festividade de san Martiño, cando Pepa fuxe do cárcere do Parrote; este feito dá pé ao aurgadenteiro Bento de Santo Estevo e a outros personaxes que o acompañan a narrar a vida desta muller. Mediante a narración dos homes, que fluctúa entre o pasado e o presente,

descubrimos que a Loba foxe do cárcere para atoparse co Navallas, o seu namorado; ambos agóchanse cas de Senén, o Caguicho, quen tamén está namorado da Loba e que planea un asalto ao pazo de Traba; no final da narración descríbese este asalto, que acontece na noite de san Martiño e no que morre o Navallas, por mor da deslealdade de Senén.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Un retrato acertado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. IV.

Despois dunha pequena aproximación ás obras de Carlos Laredo, faise unha breve descrición desta novela da que se subliña que presenta numerosas descrições de paisaxes e alusións á historia e á cultura; indícase que está ambientada no rural galego e apúntanse certas semellanzas con *Maxina*, de Marcial Valladares, ou a *Nos Picoutos de Antóin*, de Leandro Carré.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, 'Libros contra a violencia', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 17 outubro 2003, p. 3.

Helena Villar reflexiona neste artigo sobre a violencia social e loa ao sector editorial a literatura; detense en varias novidades como *A fuxida da Loba* de Carlos Laredo, da que destaca que o seu enraizamento "na Galicia física e cultural á que pertencemos" ou a edición facsimilar da *Descrición do reino de Galicia. Licenciado Molina, ano 1550*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécese algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo, *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Da novela de Carlos Laredo destácase que recolle algunhas fazañas que se lle atribúen a Pepa a Loba, nunha obra na que se mestura a trama argumental con descrições de paisaxes galegas e referencias a lendas.

Laxe Freire, M.A., *Xogos serodios*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2003, 231 pp. (ISBN: 84-95444-49-6).

O autor Manuel Anxo Laxe Freire (Castro de Rei, Lugo, 1944) achéganos nesta novela as inquietudes dun home de mediana idade, militar na reserva activa e mestre de universidade. Este protagonista, Ramón Eiras Freixeiro, é un home de corenta e seis anos ao que dende sempre lle atraeron as mulleres e soubo gozar delas. Nesta historia cóntase a súa separación temporal da familia, que vive en Madrid, para dar clases nunha facultade da Universidade da Coruña. Nesta temporada aproveitaría para visitar as súas raíces familiares na Terra Chá e para encontrarse con moitos dos amigos da infancia ou adolescencia. Así mesmo cambiou

a súa ocupación de mestre militar pola de profesor de Crítica Literaria. A raíz da preparación dunhas Xornadas Literarias visitou ao seu amigo, o conselleiro de Educación, e sentiuse atraído pola súa secretaria. Esta atracción aumentou mentres ela lle axudaba a preparar os papeis para que lle aprobasen o proxecto. O mestre namorouse perdidamente desta moza, que case podía ser a súa filla, e mantivo con ela unha relación de amizade que para el era insuficiente, polo que nalgunha ocasión non puido reprimir os seus instintos sexuais. A rapaza aproveitouse da debilidade de Ramón para dicirlle que o fillo que esperaba era del. O mestre non lle dixo nada a ninguén e prometeulle á moza que a axudaría. A mellor solución para el era que fosen os dous xuntos a Londres no verán con calquera pretexto, pois el tiña a esperanza de que alí ela se decatase de que o mellor lles era estar xuntos. Mais a moza nunca chegou a optar por esta saída e aceptou que a muller de Ramón quixese que ambos adoptasen o rapaz, cousa que lle sorprendeu ao marido porque non pensaba que a muller fose a tomar tan ben este seu amor obsesivo e tardío.

López López, Xabier, *A estraña estrela. Aventuras, tránsitos e adversidades do singular viaxeiro Emilio Amarante*, Vigo: Galaxia, febreiro 2003, col. Literaria, nº 189, 215 pp. (ISBN: 84-8288-582-0).

A estraña estrela é unha novela de aventuras que o propio autor, Xabier López López (Bergondo, 1974), clasifica no exordio coma unha das "*nouvelles*", subxénero xurdido na Francia do século XVIII, o "Grand Siècle". En medio dunha treboada, a obra dá inicio nunha pousada de Mesón do Vento co encontro entre os ilustres Pai Sarmiento e Pai Feixoo. Mentres ambos os dous conversaban, irrompe nela o protagonista, Emilio Amarante, viaxeiro desnortado que comeza a relatar unha multitude de "aventuras, tránsitos e adversidades" -parafraseando o propio subtítulo do libro- nas que introduce historias e personaxes reais e ficticios. Tras iniciar con eles un diálogo no que xa inserta diversas aventuras e que perdura ata o capítulo V, entre o VI e o XIII desenvólvese un relato das mesmas sen interrupcións. Esta sucesión de acontecementos, nas que o protagonista morre e renace en varias ocasións, transporta a múltiples historias que comparte con diversos personaxes: ora con Zahra, unha das mulleres do corsario turco Pialí Paxá coa que o protagonista ten un flirteo, ora con Pedro Sarmiento de Gamboa, con históricos coma Walter Raleigh e Diego Sarmiento de Acuña aos que o narrador reúne ficticiamente, con Maximiliano de Robespierre ou con peregrinos e asaltadores do camiño de Santiago. Para finalizar a obra, entre os capítulos XIII e XIV cóntase cómo Emilio Amarante se namora por primeira vez e dos traballos que pasa para que o seu amor sexa correspondido, empregando "un filtro de amor" que lle receita un meigo; esta pequena pasaxe culmina novamente de xeito trágico cun final que lle acerca á morte pero da que volverá a renacer. Chegamos ao colofón cun breve capítulo no que rexorden en escena os ilustres frades e, en tres páxinas, Emilio Amarante finaliza o seu relato. O encargado de transmitir estas pasaxes é un narrador omnisciente heterodiexético que move ao protagonista polos máis diversos espazos e tempos entre os que chouta a través dos seus continuos renaceres noutros lugares e épocas e que abranguen dende a revolución francesa ata un barco corsario pasando por un harén árabe. Todo, cunha linguaxe detallista, pousada e refinada.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A estraña estrela', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Libros', 17 abril 2003, p. V.

Logo de facer un breve repaso pola obra do escritor de Bergondo, adéntrase no título do que fai recensión, poñendo a atención tanto na súa pertenza ao subxénero das "nouvelles" francesas dezaoitescas coma nas características de Emilio Amarante -protagonista da obra- ou nos contidos máis transcendentais do libro. Finaliza facendo unha crítica do mesmo por incluír historias "intranscendentes, resesas e trasnoitadas".

- Laura Caveiro, 'Baixo a estrela do singular viaxeiro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 8, 'Letras en galego', 10 maio 2003, p. 12.

Unha introdución na que pon en relación as semellanzas entre a obra de Xavier López e a de Lord Byron (de quen se expón un retrato na portada de *A estraña estrela*) é seguida por un breve comentario acerca das citas que anteceden á acción, así coma pola exposición dalgunha das tramas argumentais que se desenvolven ao longo dela coma a perigosa creación do triángulo formado por Zahra, Amarente e un corsario Turco. Finaliza enxalzando o bo estilo do escritor.

- Xosé M. Eyré, 'Da revolución francesa a un barco corsario, pasando por un harén', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 28.

O autor do artigo inicia poñendo a atención no protagonista da obra, Emilio Amarante, destacando del as súas características de home desnortado e desgobernado. Continúa coa multiplicidade de aventuras que enchen o libro, co humor e crítica á sociedade occidental que reside na novela, cos diferentes personaxes que aparecen nel ou cunha valoración persoal da lectura que ofrece a obra; nas súas palabras, é "desenfadada, amábel e gozosa".

- Armando Requeixo, 'As viaxes e campañas de Emilio Amarante', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 18 maio 2003, p. 4.

Columna de Armando Requeixo na que existen dúas grandes subdivisións. En primeiro lugar, faise un repaso polo mundo literario de Xavier López dando a coñecer as súas peculiaridades para, *a posteriori*, centrarse en *A estraña estrela*, destacando dela a multiplicidade aventureira que amosa e a presenza dos ilustres Feixoo e Sarmiento.

- Xavier Queipo, 'A estraña estrela', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 473, 3 xullo 2003, p. 7.

Antes de dar a coñecer o contido da obra, o recensionista comeza manifestando a súa agradábel sorpresa dende o momento que colleu o libro na man (pola, na súa opinión, acertada portada); tras isto, manifesta tamén un impacto favorábel ao ollar as peculiaridades que posúen os títulos de cada capítulo. Metido xa no groso do artigo, amosa os persoeiros e acontecementos máis subliñados que protagonizan a obra, así coma incide nas

características da linguaxe empregada por Xabier López. Remata recomendando encarecidamente a lectura de *A Estraña Estrela*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Rara estrela', *El Progreso*, 'Gente', 'Gente', 23 marzo 2003, p. 9.

Salienta a novela de Xavier López López *A estraña estrela*, como unha recuperación enxeñosa da narrativa que parte da *nouvelle* francesa do XVIII, á que acudiu seguindo a liña de *Jacques, o fatalista*, de Diderot, e non o sendeiro de Cunqueiro, como desmente o propio López López. Destaca a introdución de personaxes como Feijoo e Sarmiento e sitúa esta relación de ficcións históricas con xogos de humor, ao carón das que consolidaron o mindoniense.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Infantil/Xuvenil', 10 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da novela *A estraña estrela*, de Xabier López López, da que salienta a súa estrutura en caixas chinesas e cun protagonista sometido ás leis sobrenaturais. Ao final do comentario Blanco Rivas apunta outras obras do autor e a súa traxectoria literaria.

- Carme Vidal, 'Xabier López López: 'cando se fala de lector cómplice ás veces deberíase dicir escritor soberbio'', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 30.

Nesta entrevista, Carme Vidal pon a súa atención na sorprendente carreira e boa crítica que caracteriza ao autor, na utilización do xénero novelesco e variedade temática empregada por Xabier López ao longo da súa breve traxectoria, ou nas semellanzas que aparecen nela. Hai un especial apartado final no que se fai fincapé no seu último título, *A estraña estrela*.

López López, Xabier, *A vida que nos mata*, Premio García Barros 2003, Vigo: Galaxia, 12 novembro 2003, col. Literaria, nº 196, 258 pp. (ISBN: 84-8288-639-8).

Novela policíaca de Xabier López López (Bergondo, 1974) ambientada nos tempos da segunda República e dividida en tres capítulos, onde o narrador-protagonista, Sebastián Faraldo, é enviado a cubrir unha voda no balneario de Mondariz entre María Vitoria Flores e Alberte Fraguas, fillos de importantes empresarios. El tómao como unhas vacacións pero todo cambia radicalmente cando os noivos aparecen asasinados e o culpábel, segundo a policía, é o fotógrafo que levaba con el, Paco Andrade. Logo do asasinato e dos interrogatorios policiais volta á súa cidade, Pontevedra, onde a compañeira sentimental de Paco lle pide que lle axude a demostrar a súa inocencia. Ese será o seu obxectivo ao longo de toda a novela. Comezará por interrogar ao doutor Barallobre, que traballa no balneario, que será quen lle axude a descubrir o verdadeiro culpábel que resulta ser Evanxelina, unha muller que, xunto con Paco Andrade, era membro das FAI e que remata suicidándose na súa cela. Evanxelina matou aos noivos por odio porque el, que era fillo do dono da fábrica

onde ela traballaba, a deixara embarazada, fixéralle abortar brutalmente e tentara facer o mesmo coa súa irmá. Na noite do asasinato ela traballaba como camareira no balneario, citou aos dous noivos con enganos e, unha vez xuntos, matounos. Para chegar a esta conclusión Faraldo tivo que viaxar a Mondariz, Vigo, Madrid e Euskadi, realizando as súas pescudas.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Misteriosa morte en Mondariz', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 26.

Comeza indicando que xa nas anteriores obras de Xabier López López *Douctor Deus*, *O mono no espello* e *A estraña estrela* se realiza un estudo sobre o sentido de estar o home na terra empregando un simbolismo que non interrompe en ningún momento a lectura. Clasifica a obra, en xeral, como unha historia de época mesturada cun discurso detectivesco. Cualifica a lectura como amena polo alto grao de empatía, polo discreto pero "constante aire decadente" e pola forma que o autor emprega para transmitirnos as emocións sen supeditalas en ningún intre á acción. Como aspectos negativos resalta a tardanza en situarnos na perspectiva do inagardado e que na parte detectivesca queda algunha incógnita sen aclarar. A seguir fala do argumento e remata afirmando que a "acción está perfectamete ambientada na época porque só pode ser produto dela". Explica logo o significado do título e conclúe comentando que a obra ten algúns erros lingüísticos evitábeis.

Referencias varias:

- R. G., 'O escritor betanceiro Xabier López acada o García Barros de novela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 xuño 2003, p. 39.

Informa da consesión do Premio "García Barros" 2003 á obra *A vida que nos mata*. Afirmar que o xurado valorou moi positivamente o intenso ritmo da historia e a súa capacidade para engaiolar ao lector e a "magnífica recreación dunha época histórica". Anuncia a próxima saída á venda da novela en novembro na editorial Galaxia, logo fala brevísimamente do tema e conclúe dando uns apuntes biobibliográficos do autor.

- Mónica G., 'A vida que nos mata/Xabier López gaña o premio García Barros', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 21 xuño 2003, p. 52/39.

Sinala, en primeiro lugar, que o premio "Manuel García Barros", convocado polo Concello da Estrada, se lle otorgou nesta edición a Xabier López López, que xa posuía os premios "Manuel Loureiro Rey" e "Vicente Risco de literatura fantástica". Logo fala dos trazos da novela que máis eloxiou o xurado, por exemplo a "magnífica recreación" ou "a capacidade de engaiolar ao lector". Comenta tamén o espazo, o tempo e o argumento e conclúe dando unha panorámica bibliográfica do autor e anunciando a próxima publicación da obra pola editorial Galaxia.

- MARÉ, 'Por dentro e por fóra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 decembro 2003, p. 51.

Sinala que Xabier López López foi o gañador do "García Barros" con esta novela de intriga, ambientada no balneario de Mondariz e situada nos tempos da II República. Fai referencia aos eloxios do xurado para esta obra e sinala que para o autor a creación literaria é unha forma de diversión. En texto á parte, indica que recibirá o premio, consistente en 9.000 euros e a publicación da obra, a mediados de novembro.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínx de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

López Rodríguez, Xavier, *Destrución*, Finalista do Premio Xerais de Novela 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Narrativa, nº 196, 135 pp. (ISBN: 84-9782-046-0).

Esta novela, coa que Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende-Zamora, 1956) conseguiu ser finalista do premio "Xerais", está posta en boca da súa protagonista, Felisa, unha muller vella que decidiu matar ao seu home pouco a pouco. Isto reflíctese na estrutura da novela xa que cada capítulo se corresponde con cada un dos seis días, ou parte destes, nos que tivo ao seu home atado e amordazado sen darlle de comer no soto da casa. Á súa vez, estes capítulos subdivídense en dúas partes: unha primeira na que Felisa visita ao marido e lle recrimina directamente todo o sufrimento que ela padeceu pola súa culpa e unha segunda dirixida aos lectores ou a outros personaxes como a súa irmá e a súa nai, xa mortas, e nos que Felisa alude a cuestións da súa infancia ou mesmo aclara contidos do que lle dixo ao seu home. Todos eles son discursos nos que a protagonista deixa sentir a súa necesidade de vinganza por toda unha vida sometida a quen varias veces chama o seu "amo". Pretende, pois, Felisa, coa maneira escollida para matar ao seu home, que el sinta durante uns poucos días o que ela sentiu dende que casara con el. Trátase, polo tanto, dunha novela que, ambientada no tempo de posguerra en distintos lugares das provincias de Ourense e Pontevedra próximos a Portugal, recolle os episodios de malos tratos sufridos por unha muller que nunca se atreveu a denuncialos para protexer os seus fillos e para non andar na boca da xente.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'A xustiza pola man', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 34, 'Letras en galego', 8 novembro 2003, p. 13.

Despois de sinalar que Xabier López xa demostrara os seus dotes de narrador en *Amigo medo*, detense na análise de *Destrución*. Sobre esta última novela destaca as características formais e argumentais. En primeiro lugar sinala que a través do longo monólogo que é a obra, no que se recrea o motivo rosaliano da xustiza pola man, se consegue reconstruír de forma verosímil toda unha vida que se rememora. A continuación destaca algunhas das claves argumentais: a procura da liberdade persoal, a memoria dos costumes, a miseria dos tempos de posguerra... apuntando que todas elas serven para reflexionar sobre a violencia. Ademais apunta que un dos méritos da novela é que o lector nunca chega a sentir compaixón nin solidariedade polo home que está sendo axustizado pola súa propia muller.

- Xosé M. Eyré, 'A Destrución da muller', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 26.

Análise da novela *Destrución* centrada, sobre todo, no seu tema e nos personaxes, aos que caracteriza psicoloxicamente. Sobre a totalidade da obra opina que é unha crónica da destrución dunha personalidade e agradece que o autor non sobrepase esa crónica intentando demostrar unha tese. Salienta tamén que nesta "impactante historia" se aborde un tema de actualidade, o dos malos tratos, que está pouco presente na literatura. Ademais pon de relevo o microcosmos no que se desenvolve a novela e a credibilidade desta historia en todo momento. Así mesmo, fai fincapé en que con esta obra se supera un pouco o androcentrismo da literatura galega.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un monólogo recriminatorio, xusticeiro e liberador', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 novembro 2003, p. 3.

Facendo un repaso continuo polo argumento de *Destrución* pon de manifesto varios acertos dunha obra que narra uns feitos comúns e case consuetudinarios da Galicia máis tradicional. En primeiro lugar salienta que toda a historia se conta a través dun "discurso carraxento" que se intensifica a medida que pasan os seis días que dura a acción. Subliña, tamén, que este monólogo dunha muller, dirixido ao seu home amordazado, reflicte a situación de moitas mulleres galegas que, na súa convivencia familiar, parecen escravas. A pesar do dito, segundo indica, dáse cabida a algúns momentos de felicidade no repaso que fai de toda unha vida. Engade ademais que se trata dunha novela cun ritmo áxil que fai doado o proceso de lectura.

- Xosé Freire, 'Seis días de ira', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 27.

Antes de centrarse no comentario da novela *Destrución* fai un repaso polos distintos

títulos publicados en galego por Xavier López Rodríguez, autor arraiano que escribe nesta lingua por compromiso. Sobre a obra que aquí se analiza indica que é a presentación deste autor no mundo da literatura para adultos. A propósito da súa temática salienta que é unha novela profundamente realista na que o tema central da violencia de xénero resulta novidoso polo seu tratamento. Así mesmo, destaca que se trata dunha obra onde non hai delicadeza nin nada de poético, pero que conta cunha linguaxe que atrae e que fará tomar partido ao lector.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Destrucción', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. V.

Destaca dende o principio que a cerna de *Destrucción*, de Xavier López Rodríguez, é a carraxe que transmite o monólogo recriminatorio da protagonista. Explica que dende o inicio da novela queda claro que un home está atado e que terá que escoitar todo o que a súa muller, que sufriu malos tratos ao longo da súa vida, lle ten que recriminar. Apunta aquí que esta muller é en realidade o reflexo de todas as galegas que, na sociedade tradicional, se vían sometidas á institución da familia. Por todo isto, indica que a protagonista decide tomar a xustiza pola súa man e, a medida que se vai convencendo, vai aumentando o nivel de xenreira que domina en toda a novela. Como contrapunto á carraxe deste discurso vingativo salienta os pequenos monólogos interiores da protagonista, xa que estes logran transmitir a nostalxia dalgúns episodios felices.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 13 novembro 2003, p. VII.

Nesta columna habitual repásanse desta vez catro títulos editoriais, dos que se ofrece un breve resumo argumental. Interesan á literatura galega tres deles: *Durmindo sobre os espellos*, de Jordi Sierra i Fabra; *Destrucción*, de Xabier López; e *O coche de carreiras*, de Helme Heine. Canto a *Destrucción*, Manuel Blanco Rivas indica que se trata dunha novela na que se toca un tema de grande actualidade, o dos malos tratos, e explica que foi finalista do Premio "Xerais de Novela" do presente ano.

Manuel María, *Historias do empardecer*, prólogo do autor, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 176, 76 pp. (ISBN: 84-8487-041-3).

Volume de relatos de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) que comeza cunha "Carta prólogo" do autor dirixida a Francisco Pillado Maior. Nela, Manuel María rógalle ao destinatario da carta que lle bote unha ollada aos escritos que lle envía xunto coa misiva, algúns xa publicados en volumes de escasa circulación e outros nunca editados, para que baralle a posibilidade de publicalos na editorial que dirixe. Así mesmo, maniféstalle a alegría que lle suporía que os seus relatos fosen ilustrados por Ana Pillado Vega e suxírelle que el mesmo llo propoña á ilustradora para que o faga. Finalmente afirma que en caso de que Pillado Maior decida recoller nun libro as *Historias do empardecer* non obterá del unha

negativa, así como tampouco a esixencia e insistencia dunha rápida publicación. A seguir, en dúas grandes partes tituladas "Breve noticia dalgúns que non son ben de seu tamén chamados privadiños ou derramados" e "Pequenas crónicas de figurantes, camiñantes e mareantes" reproducense os relatos que inclúe a obra. A primeira desas partes consta de once relatos e nela nárranse anécdotas dos personaxes que lle dan título a cada relato, por exemplo anécdotas de Manuel da Brocha Grosa, de Muñocito ou de Tumbalobos, entre outros. Na segunda parte inclúense catro historias e nelas está presente o aspecto relixioso e, sobre todo, os miragres feitos por algún santo, destacando os realizados polo Apóstolo Santiago. Os títulos son: "Unha sombra vai polo camiño", "O milagre de Santiago Apóstolo que non figura no Codex Calixtino" "No campo hai unha ermida " e "As persoas e as cousas son 'Asegún': Ensaio histórico". As ilustracións de Ana Pillado Vega son figurativas, feitas a lapis e con presenza de algún sombreado.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *O tempo en ningunha parte*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 28 novembro 2003, col. Espiral Maior Narrativa, nº 33, 261 pp. (ISBN: 84-95625-75-X).

Novela de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) que se divide en seis capítulos acompañados dun epígrafe máis titulado "Remate...?". A través de diferentes voces narrativas cóntase a historia de Tomás Pazos, tamén chamado Sito do Zoqueiro, un galego emigrado a Bos Aires por causa da guerra civil española e retornado á súa terra natal a comezos dos anos cincuenta. Entre todas estas voces destaca, por ser predominante, a dun narrador anónimo, do que ao longo do relato imos coñecendo algún dato biográfico (relación coa súa ex muller Marisa e os seus fillos; profesión á que se dedica; opinión sobre diferentes temas; etc.), que relata a busca que emprendeu para obter información sobre este vello amigo de seu pai, que el coñecera de cativo na Arxentina e do que nunca máis soubera desde o seu regreso a Galicia, así como os conflitos que esta busca lle supuxo. Esta voz conta cómo un día no que traballaba preto de Portelo da Moura, aldea natal de Sito do Zoqueiro, decide preguntar por Tomás Pazos e cómo, nun primeiro momento, ninguén lle dá conta do personaxe buscado; isto resúltalle estraño, pois nos anos previos ao enxalzamento militar o vello amigo fora un importante empresario e político da aldea. Esta estrañeza fai que inicie unha investigación e visite en diferentes ocasións Portelo da Moura, onde establece amigos e se entrevista con diferentes personaxes ata conseguir ver a Sito do Zoqueiro. Á par deste eixo argumental, no relato intercálanse fragmentos da suposta novela que a voz narrativa principal escribe tomando como personaxe a Tomás Pazos.

Miranda, Xosé, *Tarxeta vermella*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2003, col. Narrativa, nº 194, 109 pp. (ISBN: 84-9782-024-X).

Esta nova entrega narrativa de Xosé Miranda (Lugo, 1955) está composta por dezasete relatos: "A porta", "A noite nas fervezas", "Seis dedos", "Un cuarto con dúas camas", "A freira peregrina", "Demolición", "Malco", "Ego sum via", "Tres estampas da vida de san Froilán", "Un ollo de vidro", "Inés Alonso", "Dúas postais de Lugo", "Tarxeta vermella", "Partenoxénese", "Os nenos perdidos", "Atasco" e "Na terra sombría"; de todos eles, un dá

título á obra, quizais por ser neste relato onde se ve máis claramente a atmosfera de angustia que nos pretende infundir a obra. Os ambientes descritos nas narracións fluctúan entre a fantasía e a realidade, predominando os que se desenvolven na cidade de Lugo. En canto ao tempo, tamén hai variación, pois van dende a Idade media, ou a Guerra civil ata a actualidade; faise evidente nalgúns destas reconstrucións históricas a investigación, non só documental, senón tamén nas fontes da literatura oral tradicional que se manifestan asemade no plano formal. Pero á marxe destas influencias, hai que salientar o dominio que o autor ten das técnicas narrativas do conto, pois cada un dos relatos consegue sorprenden ao lector con finais abertos. En canto á temática, que tamén é variada, o autor consegue infundir misterio a relatos nos que se tratan temas banais, como "Un cuarto con dúas camas" para crear o misterio, ou infundir vida e lóxica a outros completamente irrealis, como "Os nenos perdidos" ou "Tarxeta vermella". O narrador destes relatos adoita ser unha primeira ou terceira persoa que, mesmo, poden confluír nun único texto, como é o caso de "Tres estampas da vida de san Froilán". O tratamento dos personaxes é tamén variado; xunto aos relatos nos que os personaxes a penas teñen relevancia, como en "Un cuarto con dúas camas", hai outros nos que aos personaxes se lle concede a misión de transmitirnos a súa propia angustia ou sorpresa, como por exemplo en "Atasco". En xeral, o libro desenvolve de xeito perfecto as claves canónicas do conto.

Recensións:

- Xurxo Martínez, 'Tarxeta vermella', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Achégase ao libro *Tarxeta vermella* de Xosé Miranda publicado pola editorial Xerais. Trátase dunha colección de relatos que presentan unha temática moi variada, que vai desde o costumismo e a tradición ata os medos, mitos e pantasmas do presente.

- Joaquim Ventura, 'Solidez con fendas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 2003, p. V.

Comeza o artigo falándonos dun grupo de escritores da literatura galega que teñen unha considerábel dimensión mediática e unha produción cada vez máis sólida, entre eles inclúese a Xosé Miranda, que publica o conxunto de relatos *Tarxeta vermella*. Segundo Joaquim Ventura o misterio é unha constante na obra do lugués, seguindo así un camiño con moita tradición na literatura galega desde Rafael Dieste. Pero se na obra do de Rianxo había unha localización espacial e temporal moi próxima á realidade rural e mariñeira, nas historias de Miranda aparecen diferentes ambientacións e espazos, desde o medievo ao mundo de hoxe, e desde cidades coñecidas, coma Santiago ou Lugo, ata lugares imaxinarios. Unha das reflexións que para Ventura suxiren estes relatos é a existencia de tradición nos barrios novos das cidades, nos que a inserción da tradición rural xera novas formas de misterio. Os relatos, analizados un por un, considéranse exemplos desa solidez narrativa da que falaba ao principio Joaquim Ventura, pero o conxunto veo carente de algo que lles dea unha dimensión de totalidade; considera que a falta desta dimensión totalitaria é un erro que desconcerta ao lector.

- Xosé M. Eyré, 'A angustia do ser humano no límite', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Cultura', 30

2003, p. 26.

Segundo Xosé Manuel Eyré, no fato de relatos que é *Tarxeta vermella* o autor lugués Xosé Miranda xoga coas diferentes formas de angustia. Como claves para conseguir isto emprega a brevidade e a dinamización desta, acumulando vivencias e sensacións sen descanso. A angustia vai rillando pouco a pouco no protagonista, algo que xa se vira noutros contos publicados de Miranda como "O lambirón" ou "Na terra sombría", que aparece neste volume e que xa gañara o premio "Pedrón de Ouro". A angustia toma, pois, diferentes formas no amplo repertorio do escritor; hai historias que entroncan coa tradición, coa ficción científica, co mundo medieval ou con sucesos inexplicábeis; tamén transmite angustia a presenza de animais que aterecen ou os actos delitivos dalgúns relatos. Sinala que o emprego do sentimento da angustia é un feito universal dentro da literatura, xa empregado por autores como Thomas Bailey. Toda esta amalgama de feitos e situacións angustiantes, algunhas tan sorprendentes coma un partido de fútbol ou a realidade do paraíso dos nenos, están magnificadas pola brevidade intensa do libro e teñen, como elemento de fondo, un simbolismo entre surrealista e existencialista moi propio do autor. Destaca, finalmente, un virtuoso e variado manexo dos narradores e da sensación de despersonalización dos personaxes, que fai que se confunda a loita entre o ben e o mal.

- Ramón Nicolás, 'Penalti e expulsión', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 25, 6 setembro 2003, p. 7.

Considérase esta nova obra coma consolidación do seu o autor despois de libros coma *Mornig Star* ou *Pel de Lobo*. Con esta obra dise que o autor volve ao terreo do relato curto no que xa se introducira con éxito con *A biblioteca da Iguana* e sinala que, coma entón, amosa o seu coñecemento das técnicas deste xénero, manexándose con especial soltura na creación de mundos imaxinarios mesturados coa realidade. Este libro, dise no artigo, non repite os mesmos temas, senón que é unha obra na que se afonda no imaxinario racionalizándoo e no que o desexo de subverter a lóxica das cousas harmoniza coa memoria ou a literatura popular, tendo como fondo de moitos contos a cidade de Lugo. Fálase en definitiva dun libro de "contos para gozar e pensar".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Contos con marcado sabor onírico e memorialístico', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 setembro 2003, p. 3.

Comeza o artigo cun breve repaso á carreira de Xosé Miranda desde que en 1988, cun relato curto, gañara o premio "Modesto Figueiredo". Destácanse títulos coma *Mornig Star*, *A Biblioteca da iguana* ou *Pel de Lobo*. Despois xa se pasa a falar do seu último libro, *Tarxeta vermella*, cualificado coma heteroxéneo, pero no que o autor xoga coa angustia, co sombrío e co inexplicábel, destacando a súa destreza para mesturar o extraordinario e o real. Comparando o libro cos anteriores, coma *O demo á orella*, vese o mesmo ambiente arrepiaante, pero neste a novidade está en mesturar historias do pasado coas do noso mundo. Cos máis variados personaxes: peregrinos, freira, vagabundos, ladróns, anxos, santos, etc. Estes personaxes, segundo o artigo, son heroes de pequenas historias con sabor "onírico e memorialístico" e con influencias da literatura popular. A continuación, coméntanse varios dos relatos e remátase o artigo destacando os finais abertos que invitan á reflexión en todos os relatos.

Referencias varias:

- Marta Rodríguez, 'Apóioime no onírico porque é unha parte máis da nosa vida', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 2003, p. 2.

Entrevista ao escritor lugués Xosé Miranda na cal responde a diversas preguntas sobre o seu libro *Tarxeta Vermella*. O propio autor explica que o libro é unha antoloxía de contos publicados anteriormente por separado; indica que a orde na que os relatos se presentan dentro do volume corresponde coa súa cronoloxía; no que se refire á temática, reconece débedas de Cunqueiro, cun peculiar realismo que deixa ver como a fantasía e parte da realidade, por exemplo, utiliza unha visión onírica do fútbol para describir a condición humana; reconece que non ten predilección pola novela ou o conto á hora de escribir e que a súa escolla depende do momento; e, por último, Xosé Miranda expón a súa opinión sobre o sistema editorial galego e o nivel de lectura na nosa lingua, el é optimista e di que os problemas que existen son xerais, e non só do noso sistema literario.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fíxase na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase da reedición da obra *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor e da colectánea composta por dezasete contos de Xosé Miranda, *Tarxeta vermella*, da que salienta o seu carácter fantástico. Ademais destes libros, Blanco Rivas tamén comenta a novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz.

- Marcos Valcárcel, 'Tarxeta vermella', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 26 setembro 2003, p. 77.

Arrinca o artigo cunha pequena introdución á obra de Xosé Miranda desde que se deu a coñecer con *Historia dun paraugas azul* e fai un repaso polas distintas temáticas e xéneros polos que pasou en libros coma *Mornig Star* ou *A tres bandas*. Despois céntrase en *Tarxeta Vermella*, que é un conxunto de historias oníricas e fantásticas con moita introspección. Fai breves comentarios de algún dos relatos e destaca a súa capacidade para crear un clima obsesivo e inquietante para o lector, con reminiscencias de Cortazar ou Borges.

- Jaureguizar, 'Miranda e Cabana pechan etapas publicando catro recompilacións', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 decembro 2003, p. 82.

Dá conta da presentación que Xerais fixo das súas novidades editoriais: *Mitos e memorias*, de Darío X. Cabana, e *As cidades mergulladas* e *Tarxeta vermella*, ambos os dous de Xosé Miranda. Con respecto a este último, sinala que se trata dun libro de contos no que se recollen relatos que xa foran publicados nos últimos dezaseis anos nos que se mestura o fantástico e o real.

Momán, Alberte, *O lobo da xente*, II Premio de Literatura Erótica, Santiago de

Compostela: Edicións Positivas, 2003, col. Narrativas Quentes, 86 pp. (ISBN: 84-87783-77-5).

Ábrese cun proemio no que Alberte Momán (Ferrol, 1976) salienta a atemporalidade da súa obra e cualifica esta súa creación como un "traballo proletario" posto que, salienta, a "única vía de escape fronte ao mundo que tivo o proletariado foi o sexo". Lamenta, asemade, que vivamos nun mundo reprimido e cheo de prexuízos produto do sistema e da falsa moralidade. O volume contén trece relatos curtos de corte erótico nos que recrea ambientes diversos e nos que deixa ver diferentes relacións que reflicten os medos e tabús que aínda existen con respecto ao mundo do sexo. Aparecen personaxes de todo tipo, tales como un home rico con diñeiro, pero só, que se fai cargo dunha rapaza pobre de nove anos pola atracción física que sente cara a ela; un soldado que abusa na guerra dunha muller que lle disparara previamente; un universitario que no momento menos propicio descobre que a súa parella é un home; un mozo solitario que asexualiza ás rapazas para satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas; etc. Predomina o punto de vista masculino dunha primeira persoa protagonista nun espazo e tempo indeterminados. Nos relatos hai cabida para a violencia, a brutalidade, a decepción, a falta de amor... todo isto froito da incomunicación, a soidade, os medos cara un eido prohibido aparentemente nunha sociedade que, como dicía o autor, impide que nos coñezamos a nós mesmos.

Referencias varias:

- B. L., 'O ferrolán Alberte Momán gaña o certame erótico de Edicións Positivas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 17 setembro 2003, p. 77.

Tras trazar un breve perfil do autor, céntrase no contido da obra, axudado polo criterio persoal deste. Apunta que o título reflicte a existencia "dos propios tabús" que enlazan as distintas historias temáticamente. Subliña que estas recollen diversos dramas interiores, nos que está presente o sexo e nas que late de fondo certo ton irónico e trágico. Ademais, pon de manifesto a teima do escritor polas relacións humanas. Remata destacando que o ferrolán cre que a Galicia de hoxe, na que sitúa a súa escrita, é aínda unha "sociedade reprimida".

Neira Vilas, Xosé, *Relatos mariñeiros*, ilust. Xaquín Marín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. Narrativa, nº 184, 127 pp. (ISBN: 84-8302-933-2).

Conxunto de vinte relatos breves de Xosé Neira Vilas (Gres-Val do Ulla, 1928), onde o nexo de unión é a comunidade de pescadores galegos asentados na Habana nos anos trinta, corenta e cincuenta. As historias tratan temas cotiáns que van dende a típica historia de amor, ata aventuras dos indocumentados, pasando polo recordo de feitos históricos como grandes ciclóns, a folga dos mariñeiros, as epidemias ou anécdotas relacionadas coa Guerra Civil. Cando aparece o narrador faino empregando unha terceira persoa omnisciente, pero a maior parte das veces emprégase o diálogo. Os relatos que forman a obra son: "O gaitero", "Historia de amor", "Matufia", "Festa", "Corentena", "O negro Eliseo", "Cemiterio", "Un saxofón a bordo", "Os puños do mugardés", "O esquírol", "O crime de Lázaro", "Outra vez en Casa Branca", "O Ciclón", "Indocumentado", "Pola Guadalupana",

"Dende Caamouco", "Fuxitivo", "O mariñeiro artista", "Nicasio e o xuíz" e "Sebastián".

Recensións:

- Dolores Vilavedra, 'Fórmulas narrativas moi variadas', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, pp. 108-109.

A profesora Vilavedra comeza esta recensión lembrando que o ingreso de Xosé Neira Vilas na Real Academia Galega o dotaría dun xusto recoñecemento social e institucional que ten ben merecido. Despois de facer un breve repaso polos eixes temáticos e polas características máis salientábeis da súa narrativa, pasa a debullar a nova entrega, *Relatos mariñeiros*, destacando en primeiro lugar o tema escollido, "tan ignorado na nosa literatura", a partir do cal artellou vinte relatos nos que se tratan diferentes aspectos e acontecementos relacionados cos pescadores galegos das mariñas asentados na Habana. No tocante á forma narrativa escollida por Neira Vilas nesta ocasión, Vilavedra destaca a conxugación do subxectivo coa obxectividade. Da lingua salienta a enxebreza e valora a recuperación do léxico mariñeiro, aínda que sen abouzar en ningún momento ao lector.

- Héitor Mera Herbello, 'Fermosos relatos de mariñeiros galegos en Cuba', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 32.

Informa da recente publicación da obra e di que está formada por vinte relatos breves que amosan historias ficticias que poderían ocorrerlles aos exiliados ou emigrados galegos en Cuba. A continuación fai unha descrición temática das historias e indica que a conciencia de grupo, a solidariedade e a supremacía moral dos mariñeiros contra as adversidades dan unidade ao libro e deixan claras as intencións de Neira Vilas de analizar a figura colectiva dos mariñeiros emigrados. Continua afirmando que o sentimento de morriña, a identificación coas penurias e algunha anécdota máis que se narra, fai que a obra sexa especialmente recomendábel para ser lida polos adolescentes co propósito de que coñezan unha realidade que non está tan lonxe. Loa a linguaxe empregada, que demostra o gran dominio que posúe o escritor; a brevidade das historias, que están postas en boca de protagonistas ou testemuñas; e a forma na que estan redactadas, que nos recorda as que pode contar calquera ancián.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Valentes na procura da cherna golfo adiantes', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 3.

Comeza o artigo afirmando que o "cronista por excelencia da nosa emigración", Neira Vilas, dedícalle o libro ao conxunto de mariñeiros galegos que foron para Cuba, como xa fixera en libros anteriores. Nesta ocasión, segundo Francisco Martínez Bouzas, o autor no canto de situar a problemática da emigración nun espazo urbán, como xa fixera noutras ocasións, faino nas correntes do Golfo. O numerisísimo material necesario para confeccionar os distintos relatos conseguíuno nos vinte e catro anos que estivo emigrado, a metade dos cales pasou en Cuba. A continuación encadra a obra dentro do socio-realismo. Logo, dános unha panorámica xeral da obra, das súas características, dentro das cales destaca a linealidade, a gran naturalidade ao narrar os feitos e a gran mestría que amosa o narrador que emprega recursos realistas, ademais dunha lingua "depurada e cristalina". Di

que a estrutura é sinxela e a carga temática leve pero que se asemella ás *Cousas* de Castelao. Remata afirmando que os mariñeiros e emigrados teñen aquí unha merecida homenaxe.

- Camilo Franco, 'Fabulando co mar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 5, 'Letras en galego', 12 abril 2003, p. 10.

Sinala, en primeiro lugar, que *Relatos mariñeiros* é unha obra que describe a vidas dos mariñeiros e que este é un tema recorrente dentro da literatura universal. A seguir fai unha breve descrición da obra e dos personaxes que, aínda que están rodeados de circunstancias adversas, son totalmente cotiáns. Continúa indicando que o escritor emprega os adxectivos xustos, pero non crea metáforas históricas. Fai referencia aos debuxos de Xaquín Marín, que preceden a cada relato. Remata dicindo que a obra axuda a recuperar as vellas fábulas en diversos sentidos e que o propósito de Neira Vilas é dar outra visión da vida á que xa non se está acostumado.

- Dolores Vilavedra, 'Un clásico', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 466, 24 abril 2003, pp. 8-9.

Faise eco da publicación do libro e afirma que Neira Vilas é un dos clásicos da nosa literatura, que posúe unha gran versatilidade e que as súas narracións son inconfundíbeis. A seguir, afirma que a fonte dos seus materiais foron as súas propias vivencias. Logo indica que a propia conciencia do autor de pertencer "á Galicia da diáspora" convérteo nesta obra nun cronista, fíaceta que xa amosara noutras ocasións. Logo de facer referencia á elección do relato breve, fai unha clasificación temática das historias: unhas lembran feitos históricos (folgas, por exemplo), outras anéctodotas que sucederon na Guerra Civil, outras historias de amor e un último grupo fala de historias dos indocumentados. Fala tamén das fórmulas narrativas empregadas, que logo da lectura da obra nos fan crer que estamos diante de anéctotas vitais dun grupo humano.

- Ramón Nicolás, 'Relatos mariñeiros', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. V.

Dá conta da publicación da obra con ilustracións de Xaquín Marín e afirma que cumpre todas as expectativas. Loas a ocasión inmillorábel na que se publicou e afirma que o escritor extraeu o material das súas experiencias vitais cos mariñeiros. Entre outros aspectos, comenta que os vinte relatos que forman parte da obra poderían ser "exercicios narrativos de maior alento". Indica, a seguir, que Neira Vilas aproveita moi ben os puntos de vista narrativos empregando relatos en terceira persoa, que amosan o recurso da reprodución magnetofónica, ou que se adaptan á estrutura epistolar. Destaca, tamén, a mestizaxe e a acollida que as terras cubanas lle deron aos distintos emigrantes. Remata comentando que os relatos transmiten emoción e paixón.

- Xosé M. Eyré, 'Épica mariñeira', *A Nosa Terra*, nº 1.079, 'Cultura', 24 abril 2003, p. 26.

Comeza dicindo que o autor, como xa fixera no seu anterior libro, emprega a fórmula dos relatos curtos ambientándoos, nesta ocasión, na paisaxe humana do mar, do cal ten un

profundo coñecemento; define os textos como relatos-crónica que aparecen nun momento moi delicado para a temática mariñeira. A seguir, realiza unha visión xeral dos relatos, destacando algunhas personaxes e algúns temas; sinala que aparecen experiencias comúns (loitas sindicais, o mundo do contrabando...) e que todas as personaxes teñen como nexo común o estigma da traxedia. Sinala que o conxunto formado polos vinte relatos forma "un friso social traballador e mariñeiro". Cualifica a prosa como "limpa e emotiva" e destaca a súa gran riqueza léxica, sobre todo no referente ao mar. Indica, finalmente, que os verdadeiros protagonistas para Neira Vilas son o lector e os textos.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, 'Neira Vilas: "A obra homenaxe a ós pescadores de Ferrolterra en Cuba', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 26 marzo 2003, p. 17.

Despois de citar algunhas das localidades galegas ás pertencen os protagonistas, indica que os relatos desta obra poderían corresponder á realidade. Cita un comentario do propio escritor no que afirma que a súa fonte de inspiración está na súa obra *Galegos no Golfo de México*. Fai referencia ás persoas ás que Neira Vilas dedicou este libro. Describe brevemente o contido da obra e remata cunha alusión ás ilustracións de Xaquín Marín.

- Salvador Rodríguez, 'Quero recuperar o tempo que tardei en ver o mar', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Entrevista', 24 abril 2003, p. III.

Entrevista a Neira Vilas na que di, entre outras cousas, que para confeccionar os vinte relatos breves desta obra se baseou nas dezasete entrevistas realizadas para a súa obra *Galegos no Golfo de México*, publicada en Cuba. Tamén indica que a meirande parte das personaxes son reais e que todas as historias parten da vivencia que tivo con eles. Explica que escolleu este título porque na literatura americana o relato é un xénero máis próximo á realidade. Dá tamén conta dalgúns datos persoais e remata, logo de comentar que a literatura inspirada no mar en Galicia é escasa, loando aos mariñeiros emigrados.

- Marcos Valcárcel, 'Relatos mariñeiros', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 14 maio 2003, p. 69.

Dá conta da publicación da obra citando tamén outras do escritor. Afirma que o autor posúe un afán memorialista e indica que as historias do libro están baseadas en feitos reais. Loaa "a viveza dos retratos das personaxes" e destaca, como mellores acertos da obra, o afán reivindicativo, a denuncia social e a beleza dalgúns imaxes.

- Salvador Rodríguez, 'O labrego, o mariñeiro e mailo emigrante describen o noso ser', *La Opinión*, 'Saberes', nº 17, 'Entrevista', 5 xullo 2003, p. 5.

Variación da entrevista con Xosé Neira Vilas, autor de *Relatos Mariñeiros*, publicada no *Faro de Vigo* o día 24 de abril e comentada neste mesmo apartado. O escritor indica, entre outros detalles, que os abundantes materiais que empregou para escribir a obra recolleunos elaborando o libro-reportaxe *Galegos no Golfo de México*, di que a maioría dos protagonistas e das historias da obra parten de contextos reais e explica o título; indica que

escolleu a palabra "relatos" porque en América ese xénero é máis directo e achegado á realidade que o conto.

- Luis Soto, 'O meu obxectivo é sempre tentar facer idioma', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 7 agosto 2003, p. 11.

Dá conta da publicación e da presentación da obra na feira do libro da Coruña e recolle algunhas verbas do propio autor. Nas referidas ao libro infórmanos de que retomou un tema que xa abordara en *Galegos no golfo de México* pero nesta ocasión dende a ficción. Continua afirmando que as personaxes son mariñeiros que foron traballar durante o século pasado a aquela zona en busca de futuro.

Nicanor Alonso, Xosé, *Osa Menor*, Vigo: Galaxia, marzo 2003, col. Descuberta, nº 11, 133 pp. (ISBN: 84-8288-585-5).

Primeiro libro de Xosé Nicanor Alonso (Ourense, 1964) no que un narrador eu protagonista relata como unha noite na que se celebran as festas do seu pobo, no canto de marchar para a casa unha vez rematada a orquestra, decide ir despexar o alcol de máis que leva no corpo dando un paseo ata o río. Alí, nunha especie de praia, atopa un homiño moi pequeno que lle di ser o gardián das estrelas e que lle conta a historia gardada en cada unha das estrelas que conforman a Osa Menor. Así, o narrador coñece a historia de Carlos, un pequeno neno alcumado Tarzán; a historia de Kiko, o Ollo Birollo; a de Perfeuto, o ambicioso irmán de Aurelia á que lle reclama metade da herdanza deixada por súa nai; a de Carbuncho; a de dona Adela, a velliña que se achega aos hospitais e ambulatorios para establecer conversas cos enfermos, contando mentiras se fai falta, só por non sentirse soa; ou a historia de Segundo e as súas disputas con Avelino, entre as que media o cura don Benito. Cando o pequeno homiño se dispón a marchar o narrador tenta retelo dicíndolle que lle falta a sétima historia, mais o homiño respóndelle que llas contou todas. A sétima é a súa historia e que aínda está sen rematar.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Literatura fantástica galega', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 8 xuño 2003, pp. 8-9.

Dáse conta do argumento do libro de contos *Osa menor* de Xosé Nicanor Alonso e destácase a hábil utilización por este autor de elementos procedentes da literatura fantástica, da reflexión filosófica e do mundo da imaxinación xuvenil ou infantil. De igual xeito, destácase a interesante capacidade para a fabulación deste profesor de matemáticas da Universidade de Vigo, dáselle a benvida ao mundo literario ao que se achega con este seu primeiro libro e relaciónanse os relatos de *Osa menor* con Jorge Luís Borges, con elementos da tradición oral galega e con Álvaro Cunqueiro.

- Joaquim Ventura, 'Ficcións entrañables', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. IV.

Comeza sinalando como contistas de referencia en Galicia aos autores Rafael Dieste e Manuel Rivas, e en Cataluña a Quim Monzó. A seguir, fala das principais características de *Osa menor*, nas que atopa certas concomitancias con *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste. Algunhas destas características son a presenza de personaxes entrañábeis e moi comúns, a linguaxe natural, a dimensión fantástica e o humor.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre o libro de contos *Osa Menor*, primeira obra literaria de Xosé Nicanor Alonso, da que se salienta as súas fontes tradicionais e a volta aos mometos da infancia. É un percorrido desde a infancia á vellez seguindo o camiño das estrelas que forman a Osa Menor. Tamén se achega ao libro de cartas de Álvaro Cunqueiro *Cartas ao meu amigo*, á obra *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, e ao libro infantil *¡Tódalas cores!*, de Max das que se dá conta no seu lugar correspondente.

Novo, Isidro, *Súa de si*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 3, 234 pp. (ISBN: 84-933327-0-4).

Creador de obras en prosa e verso, coas que obtivo premios dende o ano 1992, Isidro Novo (Lugo, 1951) é o autor de *Súa de si*, unha obra na que as relacións sentimentais e a violencia de xénero son protagonistas. O libro dá inicio coas que, en principio, parecen ser dúas historias absolutamente independentes sen nada en común. Por unha banda, atopámonos cunha avogada de importante sona na vila especialista en casos de malos tratos; pola outra, un matrimonio cunha filla no que o marido agrede continuamente a ambas as dúas cometendo as máis aterradoras vexacións sexuais. Ao mesmo tempo nállanse, paralelamente, en capítulos alternos, diversos episodios de malos tratos; pero sen dúbida a narración que acada maior presenza é a da nena e a da letrada, Comba Salgado. A rapaza maltratada decide marchar do seu fogar sendo unha adolescente e para en Madrid, onde nuns primeiros meses adoita unha vida de absoluta penuria na rúa; certa noite, é atacada por unha banda urbana e recollida por Eloisa, unha muller solteira dona dun bar que a acolle na súa casa. Pasa uns anos de auténtica ledicia con ela ata que Eloisa morre de cancro; este acontecemento sume á moza nunha profunda dor e decide volver cara a súa terra. De xeito paralelo a esta historia, relátase a da avogada Salgado, quen inicia unha relación con Ramón Cortiñas, un xornalista que está con ela por intereses profesionais (para acadar información que precisa para unha reportaxe). Cando ela descobre isto, rompe a relación; pero daquela, Cortiñas xa está verdadeiramente namorado de Comba. A causa da ruptura o xornalista bótase á bebida e sofre un gravísimo accidente de tráfico; a novela finaliza cunha certa melloría do accidentado e con certas posibilidades de retomar a

relación amorosa. Estas dúas historias, inicialmente independentes, son narradas ó longo de corenta e seis capítulos; ambas as dúas vanse aproximando ata que os feitos dunha e outra coinciden nun punto: o regreso de Comba de Madrid á vila. A desgraciada historia da rapaza fora o pasado da letrada Salgado. A grande subdivisión da trama argumental nestas dúas grandes partes e, ao mesmo tempo, a súa subdivisión en case medio centenar de capítulos, presentan unha narración moi fragmentada, complexa e continuamente cambiante, cun ritmo moi variábel, continuos saltos temporais que abranguen anos e espazos pouco definidos polo xeral.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores Biblos en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que Biblos fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

- Xiá Arias Rego, 'Lugo é referente nos novos libros de Diéguez e Novo', *El Progreso*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 69.

Infórmase da presentación de dous números da colección Mandaio, de Biblos Clube de Lectores, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo.

Pazos Gómez, Manuel, *Despois da guerra*, Ordes-A Coruña: Asociación Cultural Obradoiro da História, maio 2003, 100 pp. (ISBN: 84-607-8107-0).

Conxunto de sete relatos de Manuel Pazos Gómez precedidos dun breve proemio asinado por Xosé Neira Vilas onde este presenta a obra como un documento histórico do que foi a Guerra Civil en Galicia. Séguelle, ademais, unha pequena nota do autor onde anuncia a relación da ficción por el escrita e a realidade crúa deses momentos. Os relatos deste libro están, polo tanto, baseados en historias reais acontecidas en terras de Ordes a partir de 1936. Os relatos aparecen titulados como: "Lección 48", "Silvestre", "Don Gustavo", "A Taberna de Estevo", "De Bellvís a Lavacolla", "A filla do Roxo", "Ágredda", e "Muiñeiras e pateados". O conxunto deles introdúcenos en plena Guerra Civil con todo o que iso significa. Os elementos recorrentes que aparecen en todos os relatos son a morte, a represión, as xenreiras, a fame, o desterro, o medo, etc. Os relatos van acompañados de recortes baseados en relatos de prensa; tamén aparecen anacos de testemuñas tiradas

Víctimas de la Guerra Civil de Francisco Moreno Gómez e información facilitada polo Centro de Dinamización Turística de Ágreda. O autor utiliza dentro dos relatos moita descrición acompañada de diálogos onde se nos amosa a fala dunha forma realista, introducindo a pegada da gheada ou introducindo, tamén, numerosas cantigas que se acompañaban coas pandeiretas, etc.

Pereira Domínguez, Benito, *Nasciturus*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, decembro 2003, 214 pp. (ISBN: 84-8190-323-X).

Esta é a primeira novela de Benito Pereira Domínguez, unha novela que afronta o tema da homosexualidade e da súa problemática social. Conta cun total de quince capítulos nos que a acción transcorre linealmente, aínda que se fan continuas regresións nostálxicas ao pasado. No que se refire aos personaxes hai só un que é tratado con profundidade, o protagonista, un médico atormentado pola súa condición sexual e pola atmosfera asfixiante que o rodea. Condicionado en parte por ser fillo dun deputado provincial de dereitas con grande influencia na cidade de Ourense. Os outros personaxes aparecen como axentes que inflúen no protagonista, son máis ben roles sociais, sen ter unha personalidade desenvolvida, os máis importantes son a compañeira sentimental, o amante homosexual e a primeira noiva do protagonista. Aínda que a obra é unha novela de personaxe, de evolución interior, os espazos condicionan fortemente ao protagonista. Por unha parte está Ourense, que é un espazo que lle fai abafar, incómodo e no que non ten liberdade, e polo outro Madrid, que fai de contrapunto como espazo de liberdade e da felicidade dos anos de estudante alí. Así, Moisés, que así se chama o protagonista, vains narrando os seus últimos meses de vida, obrigado a vivir en Ourense e envolto nunha relación de parella por puro convencionalismo social. As distintas relacións afectivas e sexuais que ten, confusas e espontáneas, acaban por descubrirlle o seu verdadeiro amor na súa primeira noiva. E polo tanto, tamén, a súa auténtica condición sexual, oculta, se cadra, detrás de traumas infantís. Pero dúas tráxicas viraxes do destino impídenlle alcanzar a felicidade e, coa morte da súa prometida e do seu futuro fillo, decide poñer fin a todo. Todo isto nárrase cunha lingua pouco coidada e cun tempo narrativo subxectivo, pero aínda así embarullado e pouco traballado.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Nasciturus: la homosexualidad y sus conflictos', *La Región*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 67.

Preséntase aquí a primeira novela de Benito Pereira, que segundo declaracións do propio autor está baseada nas vivencias reais dun coñecido seu. Dí que as ambientou nas cidades de Ourense e Madrid, pola súa proximidade para el e para o seu público. Faise unha pequena sinopse do argumento do libro, que xira en torno as vivencias dun médico homosexual que decide casar para ocultar a súa identidade sexual, a raíz do que ten moitos problemas. Tamén se indica que hoxe se vai a presentar o libro e que a recaudación das vendas do día se destinarán a fins benéficos.

Piñeiro, Xoán, *Lista de espera*, Premio de Creación Literaria "Terra de Melide", Vigo: Francka Editora, 2003, 146 pp. (ISBN: 84-932575-2-4).

Este libro de Xoán Xosé Piñeiro (Carballa, Pontevedra), merecente do Premio de Creación "Terra de Melide", consta de sete narracións omniscientes cun trazo común: a presenza da morte, que mesmo cobra aparencia humana na última delas (a titulada "A partida"). A concepción nihilista e irónica da existencia que da lectura destes contos se desprende, deixa un pouso agridoce no lector: a vida é entendida como un simple compás de espera en que o azar é o único elemento que determina a súa duración e, xa que logo, os nosos destinos; non embargantes, a actitude do autor implícito perante esta evidencia non é agónica, senón que a trata con retranqueira resignación. Os protagonistas (unha xubilada, unha caixeira, unha médica, un estudante, unha cesteira, un funcionario e mais un xornalista) atópanse nestes relatos perante circunstancias inesperadas, elementos desconcertantes ou situacións límite que veñen quebrar o seu mediocre vivir cotián. Son exemplo disto os relatos titulados "Os arrotos", "Tarde de poda", "A camisola" e "A buguina". Pero na obra hai cabida tamén para a crítica social, como se pode constatar en "Militante con fotocopias" ou "O sarabullo", narracións que reflicten, mediante o humor macabro que caracteriza ao conxunto, casos impunes de corrupción política, ineficacia e displicencia administrativa, e escándalos financeiros.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, 'A existencia como unha inacabable lista de espera', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 marzo 2003, p. 3.

Despois de resaltar o labor da editorial Francka Editora, Francisco Martínez Bouzas analiza o último libro de autor novel que a casa vén de editar: trátase de *Lista de espera*, de Xoán X. Piñeiro, gañador do Premio de Creación Literaria "Terra de Melide" na convocatoria de 2002. Nota, en primeiro lugar, que este escritor se acolle ao xénero da "narrativa de formato curto que tantas simpatías esperta entre os creadores do sistema literario galego". A seguir, achéganos o argumento dos sete relatos que integran o volume, que, segundo afirma, exploran "moitas facetas e matices da existencia humana". Remata aludindo á eficacia con que o autor diseña ambientes, atmosferas e perfís psicolóxicos.

- Xosé Freire, 'Morte e humor na obra de Piñeiro Cochón', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 33.

Para comezar, faise un repaso á produción anterior de Xoán Xosé Piñeiro Cochón, lembrando que este autor foi gañador do premio "Modesto R. Figueiredo" en 1990 coa obra *A Liga dos Lambetas*, e que publicara algúns anos despois o libro *Coa Lei nas Costas* e mailo relato "Home de Pao con zocas" (premio "Medio Ambiente"). En canto á *Lista de espera*, galardoado co premio "Terra de Melide", indícase en primeiro lugar que continúa a liña do relato curto xa iniciado polo autor nas devanditas incursións iniciais. Sublíñase a ironía coa que narra e as "abondosas chiscadelas ás súas paixóns e gostos literarios, musicais, cinematográficos...". Así mesmo, faise notar a recorrencia á morte nos sete

relatos do conxunto, e remátase cualificando a de Piñeiro como unha "forma galega de narrar".

- Ramón Nicolás, 'A vida que pasa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Libros', 22 maio 2003, p. IV.

Antes de deterse no libro *Lista de espera*, repásase a experiencia literaria do seu autor, Xoán Xosé Piñeiro, gañador de varios premios, como o "Modesto R. Figueiredo" ou o "Manuel Murguía". De todos os xeitos, *Lista de espera* supón, segundo Ramón Nicolás, "a auténtica estrea como autor dun libro independente". Salienta que se trata dun volume no que o afán realista vai "de mans dadas" co inesperado, e que nel domina a ironía. Non dubida en cualificar a Piñeiro como un "agudo diseccionador da contemporaneidade", para rematar convidando ao escritor a ofrecer novas publicacións aos lectores.

- Armando Requeixo, 'Da vida e da morte', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xuño 2003, p. 70.

Preséntasenos o libro de Xoán X. Piñeiro, *Lista de espera*, gañador do Premio de creación literaria "Terra de Melide". Tras unha noticia breve sobre a traxectoria do escritor pontevedrés, hai unha sucinta descrición temática dos sete relatos que compoñen o libro. Común a todos eles sería, segundo Armando Requeixo, a invitación a cavilar sobre o sentido da existencia, sobre a vida e as relacións, etc., pois os personaxes, dísenos, teñen todos problemas de comunicación e de soidade e a morte marcará a traxedia de todos eles. Así, sinálase cómo moitos dos relatos xiran arredor do encontro coa morte, mentres noutros se convive con ela. Destácase tamén o manexo que demostra o autor da relación entre realismo e carga fantástica e o dominio do clímax do conto, recomendando finalmente o libro pola solvencia narrativa do autor.

Referencias varias:

- B. L., 'Piñeiro ponse en 'Lista de espera'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí/Pontevedra', 27 febreiro 2003, p. 85.

Anúnciase a próxima aparición nas librarías da terceira entrega da editorial Francka Editora: trátase de *Lista de espera*, de Xoán X. Piñeiro, gañadora do Premio de Creación Literaria "Terra de Melide". Achégasenos información arredor do libro e da biografía do seu autor (merecente de premios como o "Modesto R. Figueiredo" ou o "Carballo Calero"), e finalmente reproducése un fragmento do primeiro conto do volume.

- Sofía de Benito, 'Mujeres en tiempos de guerra', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 12 marzo 2003, p. L15.

Entre outros temas, como a participación da actriz Luma Gómez nun debate sobre a muller ou a presentación do último número da revista *Cuadernos de Pedagogía*, faise eco do galardón recibido por Xoán Piñeiro coa súa obra *Lista de espera*. Trátase do IIº Premio de

Creación literaria "Terra de Melide", e segundo se afirma a obra narra "con retranca" historias cotiás non exentas de desastres.

- Camilo Franco, 'O humor é a billa que permite regular o noxo', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 20 marzo 2003, p. L2.

Entrevista con Xoán X. Piñeiro, autor de *Lista de espera*, o libro gañador do premio "Terra de Melide" 2002 que se presentará en Vigo o día 21 de marzo. Nela, o escritor refírese á súa querencia pola ollada humorística, reconece que o de escribir non é o seu oficio (é avogado), e explica que emprega o xénero do relato curto "por falta de tempo".

- Amaia Mauleón, 'Los certámenes han sido como padres para mis obras', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 20 maio 2003, p. 40.

Conversa co autor do libro *Lista de espera*, Xoán X. Piñeiro, na que o gañador do premio "Terra de Melide" 2002 reconece que os diversos galardóns que ten merecido foron imprescindíbeis para ver publicadas as súas obras, dado o estancamento editorial que detecta no noso país. Tamén se refire ao contido do volume que o día no que se publica esta nova será presentado en Vigo, explicando que "todos formamos parte de una gran cola".

Rabuñal Corgo, Henrique (editor), *De soños e memorias*, A Coruña: Edicións Espiral Maior □, maio 2003, col. Espiral Maior Narrativa, nº 32, 183 pp. (ISBN: 84-95625-68-7).

Volume composto por seis relatos precedidos todos eles pola reflexión a modo de introdución que fai o editor desta obra. Cada un destes relatos foi galardoado nas diferentes edicións do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía correspondentes aos anos 2000, 2001 e 2002, que convoca o Concello de Arteixo dende o ano 1991. A seguir describimos o contido de cada un deles:

- X. L. Vázquez Somoza, "A fervenza", pp. 17-46.

Relato de X. L. Vázquez Somoza, que se fixo *ex aequo* co premio Manuel Murguía de Narracións Breves na súa IX edición. Trátase da historia de amor entre Uxía e Antón revisada pola protagonista días despois do trágico final da mesma. Uxía rememora momentos puntuais no recorrer do seu amor, condenado dende o principio ao fracaso por formaren parte os amantes de familias enfrontadas entre sí.

- Xosé Carlos Caneiro, "As flores en Irlanda", pp. 47-64.

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) preséntanos un relato no que se reproducen os pensamentos en primeira persoa dunha profesora universitaria a punto de suicidarse a modo de despedida e, ao mesmo tempo, se coñece o contido dunha carta que enviou ao seu amante en Irlanda.

- Rosa Aneiros, "Mares de xabre", pp. 65-106.

O relato de Rosa Aneiros (Meirás-Valdovino, 1976) estrutúrase seguindo o procedemento do ritual do té para o pobo saharauí, representado na figura dun dos seus membros, o mozo Brahim, a quen coñecemos ao longo de tres etapas da súa vida: a primeira no deserto, escenario sobre o que se move o seu pobo; en Cuba, onde vai estudar; e a terceira, no mesmo deserto da súa orixe.

- X. L. Martínez Pereiro, "Palamedes e a besta labradora", pp. 107-136.

O monxe Valdemar, un copista do mosteiro de Sobrado, propónse recrear as andanzas dun dos cabaleiros da Táboa Redonda, o cabaleiro Palamedes. Este é o argumento deste relato de X. L. Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) no que se inclúen, a modo de xogo metaliterario, fragmentos da obra que o monxe está a escribir.

- Emma Pedreira, "A flor perfecta", pp. 137-158.

Este relato de contido erótico de Emma Pedreira (A Coruña, 1978), premiado na XI edición do premio "Manuel Murguía", presenta unha narración na que se recrea o que foi a vida de Flor Hortensia, a protagonista, xa morta. Flor Hortensia pasou de ser delgada, e case santa, de nena a gañar quilos e a adquirir ampla sabedoría nas artes amatorias que chega a compartir, a modo de mestra, cos rapaces da vila na que vivía coa súa nai.

- Daniel Asorey Vidal, "Soñar pedras con fútbol", pp. 159-184.

Este último relato do volume consta de tres partes das que se serve o seu autor para contar a historia de tres personaxes masculinos: un rapaz sen nome, un rapaz con nome, David, e un rapaz con nome e apelidos, Antonio Fernández de Abade que, sen sabelo, van ver as súas vidas unidas por un acontecemento violento nun escenario marcado por unha guerra que xa duraba demasiado.

Recensións:

- C.F., 'De soños e memorias', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Dá conta da publicación en Espiral Maior do volume colectivo *De soños e memorias*, que recolle as obras galardoadas nas tres últimas edicións do certame de narracións breves "Manuel Murguía", convocado polo concello de Arteixo. Freire destaca os relatos de Rosa Aneiros e X. L. Martínez Pereiro.

- Armando Requeixo, 'Contadores', *Tempos Novos*, nº 76, 'Libros', setembro 2003, p. 76.

Fálase do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía que o concello de Arteixo vén convocando dende hai doce anos. Con relación a isto coméntase a publicación da obra *De soños e memorias*, volume prologado por Henrique Rabuñal no que se recollen as

narracións premiadas nos anos 2000, 2001 e 2002 dentro deste concurso. Preséntase o artigo cunha pequena reseña de cada un dos contos que figuran no volume.

- F.M.B., 'Un regueiro cheo de soños e memorias', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 setembro 2003, p. 3.

Comeza a recensión facendo un percorrido histórico pola traxectoria do Premio de Narracións Breves "Manuel Murguía", certame que cualifica de xa consolidado no sistema literario galego polo seu prestixio no formato de relato curto. Dise que a publicación dos textos galardoados comezou no 1995 estendéndose no tempo ata chegar ao volume *De soños e memorias* que recolle os seis textos gañadores na novena, décima e undécima edición de dito certame. Comeza a descrición do volume cunha valoración xeral do mesmo como de "notable calidade literaria" para pasar logo a unha análise máis pormenorizada de cada un dos seis relatos que o forman. Do relato de X.L. Vázquez Somoza titulado "A ferverza" sinálase que se trata dunha historia de amor entre dous rapaces pertencentes a dúas familias enfrontadas. De "As flores de Irlanda", de X.C. Caneiro dise que trata un encontro/desencontro entre dous profesores de literatura coa morte, no que o autor volve utilizar recursos metaliterarios. Do relato de Rosa Aneiros, o máis longo, mencionase que é a historia dun rapaz saharauí en tres momentos e lugares precisos enmarcados estruturalmente nos tres momentos que conforman o ritual do té do pobo saharauí. Do relato de X. L. Martínez Pereiro destácase o ton humorístico e imaxinativo ao servizo da historia dun monxe que se propón recrear a vida dun cabaleiro mouro. Para rematar, faise parada obrigada nos relatos de Emma Pedreira e Daniel Asorey, gañadores do certame do 2002 coa historia dunha nena santa, a primeira, e a de tres galegos e a súa particular relación co fútbol, no caso do segundo.

- Domingo Tabuyo, 'Unha manchea sólida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Comeza cunha reflexión sobre os libros recompilatorios e a posibilidade que estes ofrecen de mostrar ao lector temas e formas narrativas diferentes. Sinálase tamén que este tipo de práctica pode favorecer a lectura do volume ou mesmo provocar desconcerto no lector. Tras sinalar que os relatos que conforman o volume foron escollidos entre os gañadores do Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" do Concello de Arteixo dos anos 2000, 2001 e 2002, pásase á análise un pouco máis pormenorizada de cada un deles.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Doce ensaios arredor de Virginia Woolf...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 321, 'Librería galega', 19 xullo 2003, p. 2.

Ver Fortes, Belén, *Escrita e mulleres*, no apartado V.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

- R.N., 'De soños e memorias', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19, 'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Primeiro recorda que o Concello de Arteixo leva convocando varios anos o certame de Narracións Breves Manuel Murguía, que cualifica de prestixioso. A seguir describe este volume que acolle as narracións da IX, X e XI convocatoria. Salienta que acollen narracións de autores noveis e de autores e autoras xa coñecidas.

- Manuel Vidal Villaverde, 'De soños e memorias', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 10 agosto 2003, p. 45.

Tras unha descrición do volume e da listaxe de autores que o conforman, sinalase que todos os relatos foron galardoados no IX, X e XI Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" do Concello de Arteixo. A seguir insístease na calidade de cada unha das pezas que compoñen o volume, avalada xa pola propia valía dos seus autores. A referencia remata coa reprodución do inicio do relato de Emma Pedreira.

Rei Núñez, Luís, *O corvo de chapapote*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, marzo 2003, col. Froita do tempo, nº 8, 112 pp. (ISBN: 84-95350-72-6).

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Agrafoxo, Xerardo, *O triángulo de Óscar Wilde*, limiar de Antón Riveiro Coello, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 169, 226 pp. (ISBN: 84-8487-025-1).

Conxunto de nove narracións de Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) que están precedidas por un "Limiar" de Antón Riveiro Coello, no que debulla as principais características que vencellan estes relatos e onde subliña a exquisitez desta proposta. Unha das características formais deste volume son as numerosas citas que teñen cabida nas súas páxinas, entre elas a que dá nome ao volume "O triángulo é a figura clave da xeografía sentimental" de Óscar Wilde. En conxunto, estas nove narracións teñen en común un difícil triángulo amoroso-erótico-sensual inzado de paixóns e emocións, variadas ambientacións, referencias a obras literarias, á historia, ao cinema, etc. Así, "Diapositivas de Taormina" ten ambientación siciliana e os personaxes son o xornalista Alexandre, Yasmina e Adriana, mentres que en "A noiva de Van Gogh" vemos cómo Luciana viaxa aos derradeiros escenarios na vida de Van Gogh: Arlés, Auvers-sur-Oise e Tanxer. En "O amigo de Platón" Antonio Velasco explica a dedicatoria dun libro e en "As bicicletas de San Gimignano" temos a tres rapaces - Alexandre, Xabier e Tomás- que viaxan por Europa, nomeadamente pola Toscana O quinto relato presenta dous títulos no libro e non se sabe ben cal é o definitivo "O fotógrafo holandés" ou "Primavera de Praga". Despois temos "O retrato de Alice Carroll", onde o arquitecto Gabriel Torres, casado con Loida, está relacionado con Alice e con Lorena Paz, e "Un corazón itinerante", no que están presentes demoradas descricións de vilas de México, Dinamarca e Austria con personaxes como o arqueólogo Darío Veiga, Alberte Mariño, Letizia ou Oriana. Os dous relatos que pechan este libro "O faro de St. Ives" -ambientada

nunha editorial- e "A librería do semáforo" teñen un marcado ambiente de sedución.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Viaxes pola xeografía sentimental', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320, 'Librería galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. De *O triángulo de Óscar Wilde*, sinala que se trata dun conxunto de relatos caracterizados polo erotismo e a sensualidade que o autor artellou ao redor da frase de Óscar Wilde "O triángulo é a figura clave da xeografía sentimental", nos que predominan personaxes que se moven entre paixóns ocultas, emocións encontradas e relacións inconfesábeis. Tamén apunta a relación que existe entre estes relatos e as vidas de autores como Virginia Woolf, Vicent Van Gogh ou James Joyce, entre outros, e a súa localización en lugares como Sicilia, Marrocos ou a Toscana. Remata salientando que, con esta obra, o autor amosa o seu amor á literatura a través dunha linguaxe fermosa e coidada.

- Laura Caveiro, 'Figuras xeométricas e obsesións', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'Letras en galego', 20 setembro 2003, p. 7.

Afirmase que Xerardo Agrafoxo parte dunha cita de Óscar Wilde para elaborar un libro cheo de referencias literarias, pictóricas, históricas, musicais, etc. Destaca, de entre todas as narracións, "A noiva de Van Gogh" por que nela se une a emoción e a contención formal.

- Xavier Castro, 'Xerardo Agrafoxo: os espazos da creación a través dos relatos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 setembro 2003, p. 4.

Comeza falando dos traballos históricos de Xerardo Agrafoxo; con relación a *O triángulo de Óscar Wilde*, indica que é o froito de reflexivas composicións onde se ve o gusto do autor polas estéticas de tempos diferentes e polas biografías de personaxes como Van Gogh, Virxinia Woolf ou Joyce.

- Pilar Ponte, 'Encontros singulares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. V.

Sínálase que esta é a primeira obra literaria de Xearado Agrafoxo e repásanse algunhas das características desta obra. Sublíñase que o relato titulado "Un corazón itinerante" podería dar nome á totalidade da obra, que unha das características comúns deste nove relatos é o discurso esteticista creado con "habelenciosa minuciosidade" e mais que os espazos xeográficos e as viaxes -Francia, Italia, Grecia, México, etc.- son uns dos seus elementos comúns.

Alfaya, An, *Des Ventura*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, novembro 2003, col. Narrativas, 146 pp. (ISBN: 84-87783-76-7).

Estruturada en dúas partes con catro capítulos titulados da mesma forma en cada unha delas, esta novela de An Alfaya (Vigo, 1964) preséntanos a vida esperpéntica de Ventura Rocha. A través dunha terceira persoa e dos diálogos dos personaxes sábese que o decorrer vital deste divorciado en paro se reduce á rutina de xogar no bar do Sindo. Así mesmo, sabemos que el se cre un ser anónimo que pasa desapercibido tanto para a súa familia, coma para os seus amigos. Todo cambia o día no que as cousas lle saen mal dende pola mañá e decide inventar unha enfermidade coa que chamar a atención do seu amigo, o taberneiro, e ao mesmo tempo sacarlle algo de cartos. Esta primeira mentira levouno a outras: aos outros amigos díxolles que o botaban do piso e aos fillos díxolles que lle saíra un traballo lonxe; así, inventando situacións a medida para cada un dos seus coñecidos marchou, despois de obter cartos pola compaixón que espertaba, e desta maneira foi como deixou de ser ignorado polo seu entorno, que non volveu saber do seu paradeiro.

Alvite, Valentín, *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, A Coruña: Editorial Seara, maio 2003, 157 pp. (ISBN: 84-607-7567-4).

O prólogo, asinado por Xosé Luís Méndez Ferrín, comeza lembrando que o inventor do humorismo no mundo moderno tiña os apelidos galegos Cervantes Saavedra e que foron os galegos Castelao, Camba e Fernández Flórez os que dignificaron o humor literario en España, así como Celestino Fernández de la Vega, autor do único ensaio sobre o tema en Europa merecente de atención. Do libro de Alvite salienta a limpeza das narracións e o bo emprego que do idioma fai o autor, así como o meditado e funcional do esquema narrativo. Hai dous relatos dos que se fai un comentario máis concreto: "Crónica do conde D. Nuno" e "Compostela". De "Crónica do conde D. Nuno" indicase que nos leva a unha Idade Media na que o lector galego pode ver a súa propia barbarie coeva, destacando a dureza do fondo da historia e as teses que nela latexan. De "Compostela" sinálase que describe a contemporaneidade pequeno-burguesa de novo signo autonómico con precisión naturalista e pinceladas soltas que lembran as técnicas do impresionismo, reparando en que é o mundo "cativo" da cultura oficial e a súa "irremediábel mediocridade" o que se nos amosa intencionadamente e sen crueldade. Finaliza advertindo que neste libro non hai sarcasmo nin golpes baixos, senón verdadeiro humorismo, segundo as regras establecidas por Mark Twain, que se fundamenta na ambigüidade e nunha esperanza final que o xogo dos espellos fai contraditoria. Ao prólogo de Ferrín séguelle un breve prólogo do autor no que este expresa o seu agradecemento a unha serie de persoas que o axudaron no proxecto deste libro. A seguir temos os cinco relatos, de extensión moi desigual, que conforman o volume. En todos eles hai un claro predominio da fragmentación e dos diálogos. O primeiro e máis extenso dos relatos, "Crónica do conde D. Nuno" sitúase na Idade Media. Modalizado mediante un narrador omnisciente heterodiexético, conta a historia dun nobre déspota que cando viaxa ás terras da súa prometida para unha voda por interese, sofre nun alto do camiño o ataque dun fuxitivo que o deixa inconsciente e suplanta a súa identidade. Ao retomar a marcha, a comitiva na que viaxa o impostor é atacada e este morre. A prometida, os sobriños e os servos do conde reaccionan de diverso modo ao enterarse da súa morte. Mentres, D. Nuno é capturado polos soldados que perseguían o servo fuxitivo, pero

consegue fuxir uníndose a un grupo de bandoleiros, e fará o posíbel por chegar á súa voda e convencer a todo o mundo de que el é o conde e continúa vivo. No segundo relato, "Compostela", un narrador homodixético lembra os seus tempos de estudante na Facultade de Filoloxía. Pouco afortunado coas mulleres, consegue facer amizade coa rapaza da que están namorados todos os homes do seu curso. Ambos se ven envoltos na desaparición dun importante escritor que estaba a dar unhas conferencias na cidade e na investigación policial á que esta desaparición dá lugar. Así, o relato mestura o xénero policial cunha serie de reflexións sobre o mundo literario galego. "A consulta" é un brevísimo relato no que un narrador homodixético protagonista nos conta a súa visita á consulta dun hospital, reflexionando sobre as consecuencias que teñen as listas de espera. En "Na Habana" de novo un narrador omnisciente heterodixético conta a historia de dous curmáns galegos obrigados a loitar no exército español na guerra de Cuba, e os enfrontamentos que teñen cos seus superiores, indignados pola covardía destes soldados e polo pouco interese que teñen en dar a vida pola patria. Finalmente "Kansas City" ambiéntase no Oeste americano. Modalízase a través dun narrador omnisciente heterodixético. O relato divídese en dúas partes. Na primeira Henry Buster, único supervivente dun destacamento do Sétimo de Cabalaría que tiña como misión atrapar a temida banda de Morgan Oliver, chega a Kansas City buscando homes que o axuden a cumprir a súa misión. Malia fuxiren os voluntarios cando chega a hora de enfrontarse coa banda, Henry consegue atrapar os seus membros el só, e condúceos ata a cidade máis próxima. Alí son condeados, mais o orzamento municipal era tan baixo que tiveran que despedir o verdugo, co que a execución non pode ter lugar. Henry desmoralízase, pero Morgan consólaos ofrecéndolle ser o xefe da banda. A segunda parte comeza no cuartel do Sétimo de Cabalaría "Fort Silver", onde tendo noticia da vergonzosa conduta de Henry Buster, deciden enviar outro destacamento para atrapar a súa banda. Os voluntarios, que buscaban honra e un ascenso, pasan meses dando voltas polo Oeste sen conseguir atrapalos e pasando necesidades. Rematan perdendo os cabalos e mesmo a roupa, polo que chegan á conclusión de que a mellor opción é facérense foraxidos tamén.

Recensións:

- C. V., 'Valentín Alvite. 'O humor non fai superficial a literatura', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 29.

Sinálase que Alvite usa a ironía como recurso literario e opta polo humor porque busca que os lectores gocen co seu libro. Transcríbense, así, unhas declaracións deste autor nas que afirma que o humor non implica superficialidade, defendendo que a transmisión das ideas é máis doada nun libro de lectura agradábel. Indícase, deste xeito, que aínda que a finalidade dos relatos é facer rir, de todos se poden tirar conclusións. Así "Crónica do conde D. Nuno" ridiculiza a nobreza de sangue e a irracionalidade da herdanza biolóxica da posición social. O conto "A consulta" parodia as listas de espera. En "Na Habana" ironiza cos valores militaristas e o patriotismo imperialista, e no caso de "Kansas City" trátase dunha recreación humorística do xénero de vaqueiros. Saliéntase, especialmente, o relato "Compostela", afirmando que Alvite disecciona de forma punzante e satírica o mundo dos ambientes literarios da cultura galega, aparecendo escritores sen biografía, autores con todos os premios que casan con rapazas moito máis novas, ou un prestixioso literato que escribe diariamente nos xornais sen dicir nunca nada. Recóllense, novamente, unhas

declaracións do propio Alvite nas que explica que tentou trazar unha sátira deste ambiente porque é un mundo cheo de narcisismo e vaidade, e afirma que, malia saber que moita xente porá nomes propios aos personaxes, o que procurou foi facer unha caricatura das situacións. Finalmente, fálase de que a nosa cultura é rica en humoristas gráficos e, porén, o humor non está moi visitado na literatura, o que atribúe Alvite á "impostura" dos escritores e a unha consideración pexorativa da literatura humorística, argumentando que elaborar un texto cómico require esforzo e concentración, polo que el fuxiu da escatoloxía ou da mueca e apostou por un humor crítico e respectuoso.

- Xosé M. Eyré, 'Relatos irónicos', *A Nosa Terra*, nº 1.101, 'Cultura', 23 outubro 2003, p. 26.

Ábrese a recensión cunha reflexión sobre os beneficios da risa para a saúde, a pesar do cal a sociedade a proscribe e retrae xa desde a antiguidade. Mais Xosé M. Eyré sinala que o riso sobrevive, tamén en libros como este co que se presenta un novo autor e unha nova editorial. Salienta que o volume está prologado por Xosé Luís Méndez Ferrín, que contribúe así á dignificación do humor. Apunta que o libro consta de cinco relatos de variada extensión, ambientados en cinco épocas diferentes: a Idade Media, o oeste, un hospital, a Compostela dos oitenta e Cuba, destacando a variedade do que cualifica como unha das obras sociais máis baratas que poida haber e que democratiza ao máximo a lectura, ao ser apta para calquera nivel cultural, calquera idade e calquera clase social. Así, comeza facendo un repaso por algunhas das personaxes do primeiro dos relatos, sinalando que todas naceron para entreter e arrincar sorrisos. Do argumento sinala que a partir dun suceso que dá lugar ao conflito, comeza unha "antroidada" desde a inversión de roles nunha carreira que nos fará sorrir cara a un remate cíclico. Destaca que o sorriso non procede do chiste forzado senón do desenvolvemento da farsa situacional. Indica tamén que este é o relato máis longo, dividido en pequenos capítulos, e no que a técnica cinematográfica permite unha notábel simultaneidade nas accións. En canto aos catro contos restantes sinala que "A consulta" é o máis previsíbel e por iso menos brillante, ao ser a sorpresa un dos mecanismos desencadeantes do humor máis importantes. De "Kansas City" apunta que se trata dunha parodia do "western", que segundo Eyré lembra *Por unha presa de machacantes*, onde ao igual que no primeiro conto a inversión de roles serve para pór as cousas no seu lugar. Outro paralelismo co relato de D. Nuno sería o tratamento do bandoleirismo e o feito de que o humor mova á reflexión. A seguir describe "Na Habana" como unha sonora crítica ao ambiente militar, ás levas forzosas e á miseria da vida soldadesca. Finalmente aborda "Compostela", salientando que a través de dous estudantes dos oitenta se pon en solfa o mundo literario, ao apareceren unha serie de personaxes tras os que é doado adiviñar a sombra de escritores como Cela ou Risco. Componse así unha sátira que, segundo Eyré, agocha certas verdades tapadas polos axentes mediáticos para maior gloria duns xenios que tamén tiñan as súas baixeiras.

- Manuel Rosales, 'Expresión humorística', *Faro da Cultura*, nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Manuel Rosales comeza sinalando que o humor non abunda na narrativa das últimas décadas, malia ser unha das expresións máis logradas da sabedoría humana e ser Galicia berce de grandes humoristas. No entanto, indica que Alvite adopta neste libro unha

perspectiva humorística para desmitificar, parodiando o mundo da literatura, episodios históricos ou nacionais e xéneros como o "western". Indica así que o humor é o elemento común aos cinco relatos que compoñen a obra, un humor intencionado e transcendente, burlón e crítico coa realidade. Afirma Manuel Rosales que o verdadeiro humorismo nace da colaboración da sensibilidade e da intelixencia. Así, sinala que Alvite percorre diferentes estadios do humor: o chiste, a burla, o disparate... até chegar ao verdadeiro humor: o crítico. Indica deste xeito que aínda que non sexa todo o humorismo de Alvite puro, non cae na comicidade vulgar. Das personaxes apunta que están caracterizadas con trazos simples e directos, elevándose en ocasións a simples caricaturas. Non hai sátira malévola, senón dimensións paródicas que impiden que as historias caian nunha análise puramente socioloxizante. No tocante ao principio de organización textual, indica que o predominante nestes cinco relatos de desigual extensión é a fragmentación. Neles recóllense diferentes anécdotas nas que prima o diálogo e o desenvolvemento narrativo, a veces, segundo Rosales, con claras resonancias oterianas. Finaliza sostendo que o esquema argumental se basea na intriga que rodea a un acontecemento, e que Alvite usa a ironía e o sarcasmo para subverter as posicións sociais, escarnecer as listas de espera e o falso patriotismo ou parodiar o noso mundo literario, salientando este último como o seu maior logro.

- Tomás Ruibal, 'Cinco relatos cheos de humor', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 30 novembro 2003, p. 9.

Indícase que o relato humorístico, en sentido literal, non é un xénero moi común na nosa literatura, e non conta coa importancia histórica nin a consideración dos lectores que recibe na anglosaxona. Por iso apunta Tomás Ruibal que é de agradecer que unha editorial pequena se anime a dar ao prelo este libro composto por cinco relatos que, malia seren moi diferentes no tocante á súa localización espacial e temporal, teñen en común a axilidade da narración, a soltura coa que están construídos os diálogos e un ton paródico que non exclúe a alusión a situacións sociais inxustas. A seguir, alén do argumento, ofrécese un pequeno xuízo crítico de cada un dos relatos. Do primeiro, "Crónica do conde D. Nuno", salienta que detrás da ironía no retrato do mundo dos poderosos hai unha suxerente crítica das estruturas sociais e das mentiras que se agochan tras as palabras destes. De "Compostela" opina que a convincente descrición de ambientes universitarios consegue darlle consistencia ao relato. "A consulta" califícase como un retrato apenas insinuado que non está á altura do resto do libro. "Na Habana" vese como unha crítica do absurdo das estruturas xerárquicas militares e unha reivindicación do dereito á covardía en tempos de guerra. Finalmente, de "Kansas City" sinálase que recorrendo ás películas do oeste Alvite constrúe unha historia áxil e delirante chea de ironía. Remata Tomás Ruibal dando a benvida a este tipo de libros e a iniciativas como as da Editorial Seara, por publicar en galego obras que sen renunciaren á sutileza e á intelixencia convidan á diversión.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión no referido á literatura galega de: *Don*

Nuno e outros relatos humorísticos, de Valentín Alvite; *Tifón*, de Joseph Conrad; e *Intempériome*, de Xela Arias. Da obra de Alvite sinala que estamos ante cinco relatos que buscan provocar o riso e o humor no amplo lectorado ao que vai dirixida, sen caer no escatolóxico pero tampouco nun "humor elitista". Para definir este humor bótase man dunhas palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, autor do prólogo, nas que salienta que o verdadeiro humor é o que ten as súas "regras dende Mark Twain e a súa substancia é a ambigüidade".

Angueira, Anxo, *A morte de A.*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xaneiro 2003, col. Narrativa, nº 187, 99 pp. (ISBN: 84-8302-923-5).

Novela de intriga de Anxo Angueira Viturro (Dodro, 1961) ambientada nos primeiros anos da transición en Galicia tras a morte de Franco. Nela un narrador anónimo *eu protagonista* escíbelle unha longa misiva ao director dun xornal na que se autoinculpa da morte dunha moza chamada A., que xace morta ao seu carón nunha habitación dun hotel maltés. Esta carta é reproducida en vinte e nove capítulos entre os que se intercalan dous máis nos que se reproducen outras dúas epístolas, nesta ocasión da autoría de X.L, tío do narrador anónimo, dirixidas ao director do mesmo xornal, nas que este desmente o dito polo seu sobriño. Grazas ás misivas sábese que o narrador anónimo e o seu tío coñeceron a A. No primeiro cabodano de Moncho Reboiras, durante unha manifestación en Padrón, cando a agocharon nun negocio ilegal e familiar para que non mallara nela a policía. A partir deste momento, infórmase da relación establecida entre A., membro dunha organización política clandestina, e X.L e entre esta moza e o narrador. Esas relacións mantidas con A., cando o narrador contaba con dezaseis anos, provocarán a fuxida da casa familiar tanto de X.L coma do seu sobriño, pese a que estes seguiron vieiros distintos e que a súa separación da casa familiar non tivo a mesma duración. Pasados os anos o narrador principal da novela atopárase con A. en Malta, onde el está realizando reportaxes fotográficas e ela de viaxe co seu marido e outra parella. A. pedirálle axuda ao narrador anónimo, que sempre estivera namorado dela, para poder fuxir con el. Despois dunha apaixonada noite almorzan xuntos no hotel, mais A., intranquila, con medo de que chegue ben o seu home, ben o seu amante e despois da reacción do narrador ante unha pregunta súa, sube á habitación rapidamente e antes que el. Cando o narrador chega ao cuarto a A. está morta.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Anxo Angueira: A morte de A', *A Trabe de Ouro*, 'Publicacións', xaneiro 2003, pp. 113-116.

Analízase a obra de Anxo Angueira, partindo dunha breve mención dos seus traballos como xornalista, como estudoso literario coa *Guía de lectura de Con pólvora e magnolias* e moitos máis, e como poeta cos poemarios *Val de Ramirás* (1989), *Libro da vertixe* (1996), *O valo de Manselle* (1996) e *Pensa nao* (1999). A partir de aquí, Ramón Nicolás analiza a obra *A morte de A* indicando o seu importante valor literario tanto na súa dimensión espazo-temporal, como no estudo dos personaxes.

- Xosé M. Eyré, 'Modernizar o folletín', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 febreiro 2003,

p. 32.

Xosé Eyré parafrasea a opinión de Almeida Garret sobre a literatura fácil e pon en relación a novela cun movemento de reacción contras os excesos posmodernistas que descreron dos valores tradicionais sen propoñer outros novos. Considera que a literatura folletinesca debe ser contemplada en relación ao seu equivalente audiovisual, indicando cal é ese equivalente. Dá conta de a quen se rende homenaxe coa novela e da estrutura desta que é relacionada coa xénese da narración. A seguir, ofrece as características de *A morte de A.* comparadas coas da novela folletinesca típica; destaca os eixos sobre os que xira a trama da obra; ofrece unha sinopse do argumento e dá conta dos valores literarios nela presentes. Así mesmo, comenta a lingua empregada e as referencias ao mundo literario e musical. Finalmente, mostra a súa opinión con respecto á superposición da voz autorial sobre a do narrador e fala da creación no ámbito editorial, así como do proceso de reivindicación que se vén dando na crítica nos últimos tempos entre nós e noutros sistemas literarios máis innovadores e vangardistas.

- Ramón Nicolás, 'A morte de A', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Libros', 20 febreiro 2003, p. IV.

Sínálase en qué consiste o engado de *A morte de A.* e alúdese á expectación en torno á nova achega narrativa de Anxo Angueira despois do relato "O cura de Fruíme", incluído na antoloxía *Materia Prima* (2002) e de *Pensa Nao* (1999). Ramón Nicolás indica tamén que *A morte de A.* non vai defraudar as expectativas dos lectores e ofrece algunha das características da obra: aparente sinxeleza argumental, recurso ao xénero epistolar, intención retrospectiva que goberna a novela, fragmentarismo argumental, etc. Finalmente, ofrece o argumento de *A Morte de A.*, sinala a toponimia na que se desenvolve e afirma que "ofrece chiscadelas continuas a autores como Manuel Antonio, Ferrín e outros".

- Manuel Vidal Villaverde, 'A morte de A.', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 23 febreiro 2003, p. 47.

Indícase que o asunto tratado en *A morte de A.* de Anxo Angueira atrapa ao lector e se presenta interesante desde o comezo do libro. Dáse conta dos lugares nos que está ambientada a novela e indícase que a historia está contada en primeira persoa. Para clarificar o dito, intercálanse citas da obra. Finalmente, Manuel Vidal Villaverde detense nas influencias presentes en *A morte de A.* e comenta aspectos da lingua empregada nela.

- Jesús Fraga, 'Cartas do pasado', *La Voz de Galicia*, 'Fugas. D Libros', 1 marzo 2003, p. 10.

En primeiro lugar, coméntase a maneira en que foi concibida a *A morte de A.* de Anxo Angueira e dáse conta da súa estrutura e do seu argumento. A seguir, indícanse os lugares nos que está ambientada (Compostela, Arousa e a Illa de Malta) e faise referencia á mestura de xéneros presentes nela (xénero epistolar e novela de iniciación). Finalmente, insinúase a falta de espazo para o desenvolvemento dalgúns episodios e deixase entrever que o autor agradecería un espazo maior do consignado a este respecto.

- F. Martínez Bouzas, 'Homenaxe ao folletín por entregas', *El Correo Gallego*, 'Correo das

Culturas', 2 marzo 2003, p. 3.

Tras unha louvanza á obra de Anxo Angueira e un breve repaso aos seus libros (*O valo de Manselle*, *Bágoas de facer illas*, *Pensa Nao*, *Terra de Iria*. *Viaxe ó país de Rosalía de Castro*) dáse conta da incursión deste autor no xénero folletinesco con *A morte de A*. Ofrécese o argumento desta novela que comparte trazos da literatura folletinesca e da novela negra, e indícase que non só describe a morte dunha moza, senón que "retrata de xeito máis convincente un tempo convulso e a paisaxe dunha Galicia rural, pero emerxente". Dáse conta da estrutura ao xeito folletinesco; sinálase a Eça de Queirós como un dos mestres deste xénero e, finalmente, faise unha crítica ao desenlace da novela na que a xeografía mediterránea na que se desenvolve semella, segundo Martínez Bouzas, "un postizo".

- Lois Sandoval, 'O regreso de Anxo Angueira', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 462, 27 marzo 2003, p. 12.

Dáse conta da aparición de *A morte de A*. de Anxo Angueira tras algúns anos de silencio do autor. Alúdese a cómo foi concibida esta novela, dáse conta da súa estrutura e menciónase a habilidade do escritor nos recursos xa presentes en *Pensa Nao*. Cítanse algúns dos recursos da novela (principalmente os léxicos) e cualifícase como "unhas das prosas máis ricas do panorama narrativo galego". Finalmente, sinálanse os elementos máis suxerentes da obra e fálase da trama de *A morte de A*. e da perspectiva que presenta.

- Armando Requeixo, 'Amores que matan', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 81.

Comentario da obra *A Morte de A*., de Anxo Angueira, que Armando Requeixo define como unha "novela folletín", allea, pola contra, a todo costumismo. Refírese logo á estrutura da obra, consistente nun conxunto de trinta e tres cartas que un fotógrafo envía a un xornal para a súa publicación. Nesas cartas asístese á rememoración dun tempo concreto, o da Transición, así como a múltiples referencias á tradición literaria galega (Álvaro Cunqueiro, Daniel R. Castelao, Roberto Vidal Bolaño...). Na súa conclusión, Requeixo recolle como principais acertos da obra o seu "forte lirismo", o "diálogo intertextual" e mais o trasfondo amoroso da trama.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, 'A literatura perde a cualidade cando se convirte en consumo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 22 febreiro 2003, p. 50.

Tras un parágrafo no que se dá conta dalgúns datos biográficos de Anxo Angueira, así como da presentación da súa novela *A morte de A*. na librería Cervantes, entrevístase ao autor natural de Manselle (Dodro). Angueira explica a razón pola que adoptou o xénero do folletín neste libro e comenta o papel segundón deste xénero no século XX, tras o seu auxe no XIX. De igual xeito, explica o que lle supuxo a obtención do Xerais no ano 1999 pola novela *Pensa Nao* e, para rematar, recorda algúns dos acontecementos vividos pola súa xeración na transición á democracia e ponos en relación con *A morte de A*.

- A.N.T, 'Anxo Angueira. 'Recupero a tradición do folletín', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Fin de semana', 27 febreiro 2003, p. 41.

Entrevista a Anxo Angueira, con motivo da publicación en Edicións Xerais da súa novela *A morte de A*, na que o autor explica as razóns polas que se decanta nesta obra polo xénero epistolar ou cál foi a súa pretensión no momento da escrita da obra. Tamén dá as razóns da ambientación da novela nas terras do Barbanza.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Ofrécese o argumento de *A morte de A*, de Anxo Angueira, e cualifícase esta obra como novela de formación chea de intriga. Así mesmo, coméntase que con ela se homenaxea o xénero do folletín e dáse conta do tema e lugares nos que se desenvolve a historia.

- AFA, 'Anxo Angueira traza en 'A morte de A.' un retrato da súa xeración', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 15 marzo 2003, p. 76.

Infórmase da publicación en Xerais, e da presentación en diferentes cidades do país, de *A morte de A*. despois de varios anos de ausencia do seu autor, Anxo Angueira. Indícase que o 'selo Angueira' presente en *Pensa Nao*, tamén aparece nesta novela, aínda que esta constitúe un experimento e sinálanse algunhas das características deste selo, como por exemplo, os abondosos recursos léxicos. Reprodúcese unha cita do autor a respecto do valor que lle outorga á lingua e, finalmente, coméntanse aspectos do ámbito xeográfico no que se desenvolve a novela. Como parte tamén do universo Angueira, cítase o modelo inmediato que Angueira seguiu na creación da obra (*O misterio da estrada de Sintra*, escrita entre Eça de Queirós e Ramalho Ortigão) e, finalmente, sinala as características máis destacábeis da novela como é a entrada no xénero folletinesco en tramas nas que habitualmente non aparece.

- AFA, 'O selo e o universo', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 marzo 2003, p. 33.

Dáse conta da aparición de *A morte de A*. e faise mención á diferenza temporal entre esta publicación e a de *Pensa Nao*. Cualifícase a *A morte de A*. como un experimento e sinálase algunhas das características do "selo Angueira", entre as que a lingua ten un peso fundamental.

Arca Caldas, Olimpio, *O tren*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2003, col. Narrativa, nº 4, 63 pp. (ISBN: 84-933317-1-6).

Trátase dun volume no que se inclúen catro relatos independentes pero vencellados entre si por varias características temáticas e formais. Os catro contos que compoñen o libro son retazos da vida en Galicia, motivados por intencións diversas pero ambientados todos eles ben no rural ou ben nalgunha pequena vila. Nestes lugares as accións das súas xentes entrecrúzanse dando como resultado, paralelamente ao argumento en si, unha descrición

dos modos de vida. Nalgunha ocasión estas xentes preséntansenos nun ámbito urbano servindo este proceso como caracterizador dos personaxes. O relato dos sucesos destes individuos utilízao Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) para falar de temas como a política, a inmigración, o paso do tempo e das xeracións ou a morte. A narración en terceira persoa omnisciente é o estilo empregado por Arca Caldas nos catro relatos aínda que nalgunha ocasión ceda a voz narrativa a algún dos personaxes para levar o fio da narración ou ben para relatar feitos pasados. A linguaxe foxe dos artificios e xoga coa sinxeleza das propias palabras e coa coloquialidade dos personaxes.

Arias, Carlos, *Libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*, introducción de Carlos Manuel Callón Torres, Noia- A Coruña: Toxosoutos, setembro 2003, col. Nume, 276 pp. (ISBN: 84-95622-60-6).

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Manuel Callón, foi o encargado de prologar este primeiro libro que escribe Carlos Arias (Lugo, 1959). Nestas palabras introdutorias aproveita para subliñar o traballo a prol da lingua galega de Carlos Arias, como xefe de sección de asesoramento lingüístico na Xunta, e para resumir brevemente o contido deste traballo literario. O *Libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*, tal e como o seu propio título indica, presenta ao seu protagonista, Xulio Corveira, case ao final da súa vida e a punto de entrar nun asilo, que decide facer unha recapitulación da súa vida co fin de afrontar un balance, para iniciar, logo de se desprender de todo, un novo camiño, que o conduza, por fin, a se atopar consigo mesmo. O protagonista contou cunha vida pouco convencional: dende bastante novo non necesitou traballar e contou cunha solvencia económica destacada que lle permitiu viaxar e facer o que lle apeteceu. O único tanxíbel que procuraba era chegar a escribir unha novela, que nunca viu rematada. Agora, con oitenta e seis anos conta e recrea, a través dun narrador en primeira persoa, as diferentes etapas ou determinados momentos -de xeito especial as relacións sexuais e sentimentais que lle deixaron unha forte pegada-, que lle permitan autodefinir e atopar un lugar no mundo. Xustifica, así mesmo, todo o que fixo ao longo da súa vida, como o fixo e, sobre todo, por que o fixo. A novela conta con dous espazos principais, son dous pobos galegos: Sorei e Adriol onde discorreu a vida do protagonista e aos que acode continuamente para analizar as persoas e demais circunstancias que lle permitan interpretar os seus actos en cada momento.

Referencias varias:

- José Xavier Bom, 'A literatura galega está aínda verde, como o país', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 19 outubro 2003, p. L2.

Despois de presentar a Carlos Arias como novel no eido da narrativa, a pesar de ter gañado xa un premio de relato e outro de poesía, o xornalista faille unha entrevista onde lle pregunta sobre a elección dun octoxenario como protagonista da súa novela, ao que responde que necesitaba unha traxectoria longa de alguén que busca no seu interior para

saber quen é. O autor asocia a historia de Xulio Corveira co seu proceso vital, con moitos dos seus problemas e recoñece que esta exposición narrativa foi para el unha liberación persoal. Rematan falando sobre o estado da lingua e da literatura galegas, sobre as que Carlos Arias opina que están aínda "moi verdes", porque é moi recente o proceso da normalización oficial da lingua e carécese dunha literatura estábel, obras creadas nun estándar que sexa asumido por todos.

- MARÉ, 'En autopsicoloxía ', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 outubro 2003, p. 52.

Comézase explicando algunhas das vivencias persoais que a Carlos Arias lle levaron a pensar na biografía de Xulio Corveira, como cando o suspenderon do seu emprego e se viu obrigado a vender a casa na que vivía. Neste mesmo senso expónse que *O libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade* é o resultado da liberación do autor feita romance, porque o protagonista tivo moito do que se pode desexar na vida: liberdade, solvencia económica, sexo e a capacidade de desprazarse polo mundo á súa vontade, entre outras; entón aos oitenta e seis anos séntese con forza física pero interiormente está esgotado e por iso decide facer un balance da súa vida e sobre o seu novo camiño. Outros datos que se achegan deste autor lucense son que comezou a escribir esta novela en xuño de 2002 e que Fernando Pessoa, xunto con Erich Fromm son as súas principais referencias.

- Jaureguizar, 'O 'Goncourt', cincuenta euros a escote', *El Progreso*, 'Cultura', 26 outubro 2003, p. 85.

Brevísima referencia ao escritor Carlos Arias e á súa estrea narrativa con *O libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*, na que simplemente se achega unha reflexión do autor sobre o seu libro, na que expresa que tiña unha voz interior que se verbalizaba e que escribiu o aliviou.

- Margarito Flowers, 'El escritor Carlos Arias se mete en la piel de un octogenario sin norte', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 14 novembro 2003, p. 80.

O xornalista comeza o artigo sentenciando que a historia de Xulio Corveira é ficticia, pero que podería ser a de calquera home que, no seu tramo final da vida, inicia un camiño novo co que pretende coñecerse a si mesmo antes de que chegue a súa morte. Engade que o autor indagou sobre a persoanlidade dun octoxenariano que o tivo todo na vida e que chegada esta etapa da súa vida decide deixalo todo e reflexionar sobre o que foi a súa existencia co único fin de atopar o seu verdadeiro eu dentro dun mundo desquiciado. Remata referindo que a pesar de ser a primeira obra de Carlos Arias, este xa foi obxecto de dous premios: do "Camilo José Cela" de Narrativa e doutro de poesía que convocou o Concello de Vilalba en 1986.

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, Libro e CD, 148 pp. (ISBN: 84-96202-81-X).

Este libro, co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere manifestar a súa

posición contraria á marea negra, ten como limiar a poesía "Sempre mar", tirada do poemario *Profecía do mar* de Bernardino Graña. A obra acolle un conxunto moi heteroxéneo de textos, tanto en verso como en prosa (poemas, relatos, artigos, manifestos, etc.) de oitenta e catro autores galegos, centrados na denuncia da catástrofe do Prestige. Na folla de garda infórmanos de que os beneficios das vendas desta edición serán destinados á Plataforma Nunca Máis. Os autores que participan no volume con textos de narrativa son Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) con "O ADN da miña xeración"; Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) con "A dignidade dun pobo"; Camilo Franco (Ourense, 1963) con "Longa noite de fuel"; Eva Veiga (Pondeume, 1961) cun texto sen título; Fran Alonso (Vigo, 1963) con "A foto"; Francisco Castro con "O vello Sinbad nunca volveu ás illas"; Heidi Kühn-Bode (Munich, 1945) con "Literatura en tempos de cólera", Henrique Rabunhal (A Pastoriza, 1962) con "Oración polo alemán de Camelle"; Laura Caveiro (Vigo, 1967) con "O profeta Xonás vomitando na praia de Montalvo"; Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) con "O espanto"; Marcos Seixo cun texto sen título; Nacho Taibo con "Pillas"; Roque Cameselle (Vigo, 1981) con "O centolo pensou unha vez"; Vicente Araguas (Xuvia-Narón, 1950) con "Causa lóxica"; Xavier Alcalá (Miguelterra, 1947) con "Fóra de obxectivo"; Xavier Costa Clavell (Chantada, 1923) con "O regreso de Deus"; Xosé Henrique Rivadulla Corcón con "Lola na praia do Coido"; Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) con "Ensaio de morte provisional" e Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) con "A miña maleta". Nos apartados correspondentes deste *Informe* damos conta dos textos poéticos e ensaísticos deste libro.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Marea negra na senda do desastre do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Preséntase a nova escolma de poesía xurdida a partir do desastre do *Prestige*, *Alma de beiramar* publicada en A Nosa Terra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no ano 2003, que conforma unha antoloxía de oitenta e catro escritores, poetas e narradores que leva como destino económico a Plataforma Nunca Máis, recollendo poemas desde Bernardino Graña ou Adolfo Caamaño ata Yolanda Castaño. Insístese na variedade da calidade poética.

Referencias varias:

- C.V., 'A literatura contra o piche no mar', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 25.

Faise referencia á escolma poética publicada pola AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e insístese na variedade de autores, tanto polas súas diferentes idades, como pola pertenza a diferentes xeracións que quixeron deixar constancia da oposición social á marea negra provocada polo *Prestige*. A seguir cítanse os seguintes autores: Adolfo Caamaño, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Antón L. Dobao, Camilo Franco, Camilo Gonsar, Cesáreo Sánchez Iglesias, Chus Pato, Dora e Pura Vázquez, Eduardo Estévez,

Emilio Ínsua, Estivaliz Espinosa, Fran Alonso, Francisco Castro, Isidro Novo, Lois Diéguez, Luís Rei Núñez, Luísa Villalta, Manuel A. Torneiro, Forcadela, Vidal Villaverde, Marga do Val, M^a do Carme Kruckenberg, M^a do Cebreiro, Marica Campo, Marilar Aleixandre, Marta Dacosta, Miro e Rafa Villar, Paco Souto, Rosa Aneiros, Teresa Seara, Vicente Araguas, Xavier Cordal, Xavier Seoane, Xela Arias, Xesús Pereiras, X. Fernández Ferreiro, X. Fernández Naval, X.M^a. Álvarez Cáccamo, X.R. Freixeiro Mato, X. Miranda, Xulio Valcárcel e Yolanda Castaño. Incídese, ademais, no conxunto plural e variado de colaboracións literarias, xa que ao lado de poemas existen tamén manifestos con marcado carácter reivindicativo.

- Alfredo Conde, 'Poesía que nos ilumina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 xullo 2003, p. 4.

A partir dunha cita de Max Aub, Alfredo Conde divaga sobre o significado da arte para transmitir ao lector a publicación desta obra de oitenta e catro autores, narradores e poetas que loan ao mar despois dos acontecementos xurdidos o 13 de novembro de 2002 que derivaron no afundimento do *Prestige*.

- R.N., 'Alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto 2003, p. 7.

O autor quere deixar constancia a través do subtítulo da obra, *A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, das intencións desta iniciativa que nace como resposta á catástrofe do *Prestige*, onde oitenta e catro voces expresadas en forma de relatos, ensaios e composicións poéticas tentan amosar unha plena solidariedade cos acontecementos aos que se fai referencia. Insístese, ademais, na pluralidade existente neste libro, de estilos, idades, temáticas, promocións e opcións estilísticas e formais unidas como mostra de protesta contra a indignidade.

- MARÉ, 'Varios escritores galegos axúntanse para denunciar a crise do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 setembro 2003, p. 76.

Refírese á publicación que a Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra sacaron á luz, *Alma de beiramar*, como denuncia e compromiso dos autores galegos para deixar memoria do afundimento do *Prestige*, dándolle todo o recadado pola súa venda á Plataforma Nunca Máis. Anúnciase, ademais, a presentación do libro na galería Sargadelos de Compostela o día 24 de setembro de 2003, na que participarán Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño e na que haberá un recital con algúns colaboradores desta obra.

- Amaia Mauleón, 'Alma de Beiramar', el grito de las letras gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 setembro 2003, p. 34.

Alúdese á presentación do libro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar*, en Vigo, o día 23 de setembro de 2003 na Casa del Libro, da man de varios dos seus autores como Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña, Fran Alonso, Marga do Val, Xela Arias, Marta Dacosta, Roque Cameselle, Francisco Castro e Manuel Villaverde.

- Sofía de Benito, 'Con alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 25 setembro 2003, p. L14.

Faise referencia ao acto que tivo lugar no día 24 de setembro en Compostela, no que Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño presentaron *Alma de beiramar*; sinala que no acto participación de varios dos seus colaboradores como Chus Pato, Bieito Iglesias, María do Cebreiro, Rafa Villar, Antón Dobao, Raúl Gómez Pato, Rosa Aneiros, Xoán Xosé Abella e María do Carme Kruckenberg.

- MARÉ, 'Co ánimo de facer ruído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2003, p. 43.

Faise referencia ao Congreso de Cultura Mariñeira e Popular, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega os días 10 e 11 de outubro onde se abordarán temas galegos relacionados co mar e se presentará o libro *Alma de beiramar*.

Buela, Pilar, *Ácaros verdes*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Medusa/narrativa, 146 pp. (ISBN: 84-7824-437-9).

Buela Piedra (Calo-Teo, 1966) presenta con *Ácaros verdes* (obra que acadou en 2003 o Premio "Manuel Lueiro Rey" de Novela Curta) o ambiente que rodeaba ás familias dos mandatarios máis pretos a Adolf Hitler nos derradeiros días da súa vida. A obra danos a coñecer dúas vidas paralelas de dúas mulleres -Eva Braun e Magda Goebbels- que viven soterradas nun búnker berlinés a finais da Segunda Guerra Mundial e ás que lles une unha condición e un destino común: morrer polos homes aos que aman. No caso da primeira, Eva Braun, trátase dunha prostituta namorada do Führer á que, cando todo está perdido e a entrada dos comunistas rusos na cidade é inminente, o nazi pide casamento. Pola súa parte, Magda é a triste e resignada esposa cunha vida entregada aos fillos de Joseph Goebbels, gobernante moi próximo a Hitler que tamén sofre o irremediábel destino. A acción da obra, liñal en todo momento, vese interrompida en máis dun capítulo polas reflexións que ambas as dúas mulleres fan acerca das súas vidas, unhas vidas cheas de anguria que toman os seus últimos folgos na escuridade do subsolo de 1945. Esta trama argumental transcorre durante un espazo temporal limitado a uns poucos e indefinidos días e un *locus* espacial tamén moi limitado, pero neste caso totalmente definido: un tebroso e nauseabundo búnker nazi no que se produce, incluso, a voda entre o máximo gobernante e a prostituta. Hai que exceptuar tan só unha "saída á luz" efectuada por Eva Braun. Estruturalmente, os vinte e oito capítulos que a dividen alternan o discorrer do argumento principal coas profundas e marcadamente femininas reflexións das dúas protagonistas. Amosa, igualmente, un ritmo narrativo pausado con continuos apuntes do narrador que ralentizan moitos instantes de acción e unha linguaxe chea de expresións e termos propios dun rexistro lonxano do coloquial con continuos cultismos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'As dúas mulleres do nazismo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344,

'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

Blanco Rivas asegura que a chegada de *Ácaros Verdes* ao panorama narrativo galego supón unha "refoleada de aire fresco" por diversos motivos que atinxen tanto á temática, coma aos personaxes ou ao ambiente. Tras este inicio, pasa a describir sucintamente o contido da novela, inserta nun Berlín nazi, para rematar exaltando a humanidade e o punto de vista feminino dende o que está proposta esta obra.

Referencias varias:

- L. Varela, 'Pilar Buela: 'Gustárame adicarme ás letras de xeito profesional'', *Diario de Arousa*, 'O Grove/Ribadumia', 14 decembro 2003, p. 15.

Logo de comentar as primeiras impresións de Pilar Buela ao gañar o premio "Manuel Lueiro Ray" de Novela Curta coa súa obra *Ácaros Verdes* -facendo fincapé en que se trata da primeira incursión que a autora fai no mundo da literatura-, explica o argumento principal do libro: versa sobre os sentimentos e pensamentos das esposas duns mandatarios nazis metidas nun búnker de guerra. Asemade, a escritora dá a súa opinión sobre o mundo da literatura galega -repleta, tal e como pon de relevo, "de moitos e moi bos escritores"- en contrapartida coa escaseza de lectores que sofre.

Cabana, Darío Xohán, *Mitos e memorias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2003, col. Narrativa, nº 193, 119 pp. (ISBN: 84-9782-025-8).

Este libro de relatos de Darío Xohán Cabana (Cospeito, 1952) ten un total de nove textos, dos que só cinco son inéditos, "Anos de aprendizaxe", "O rescate" "A prisión" "A ruína" e "Retorno a Saor". É común a todas as narracións un narrador autodiexético que vai contando feitos pasados, se ben nalgunha coma en "O Caldeiro", pode deixar paso a un narrador en terceira persoa. O tempo das hitorias e a súa localización especial vai variando dunhas a outras, desde a idade media ata a actualidade, aínda que hai en case todas un esforzo por darlles un aire mítico e atemporal, difuminando os lugares e o tempo para cubrilos dunha ficcionalidade total. Os núcleos temáticos xa veñen marcados polo título, e case todos os contos teñen un ton mítico ou memorialístico, moitas veces con refachos de simbolismo ou apuntes autobiográficos. Nos dous primeiros relatos do libro, "A illa" e "Cercos de ferro", estamos nun tempo mítico que muda ou desaparece, o primeiro é unha viaxe na busca das orixes, dunha illa dos antergos, aínda sen que o narrador teña consciencia de tal; mentres que no segundo está o declive dunha cultura no que se adiviña a lenda do monte Medulio. No terceiro relato, "Martíño en Lumbredón", hai un pulso na Galicia medieval entre Martíño de Dume e Prisciliano por vencer ou ser vencido. En "Anos de aprendizaxe" o protagonista forxa a súa vida nun espazo que é unha mestura entre a Idade media e as folgas obreiras do século vinte. Nos dous seguintes, "O rescate" e "A prisión", está de trasfondo o activismo político, se ben son moi distintos, o primeiro é a maneira dun relato de aventuras e o segundo xoga cunha angustia onírica, detrás da que está a prisión. En "A ruína" hai unha forte carga simbólica nunha narración case estática que fala do acabar dunha era, da decadencia e da destrución. Por último, remata o libro con "O caldeiro", un conto que ten máis forma de lenda, imitando as súas estruturas ou

desmontándoas ironicamente, e, coma en toda lenda, tamén hai unha importante carga simbólica.

Recensións:

- Carlos Freire, 'A tribo dos soños', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', , p. 11.

Anuncia a publicación pola editorial Xerais de *Mitos e memorias* (2003), unha colección de relatos breves de Darío Xohan Cabana. O articulista destaca os relatos "A prisión" e "O caldeiro", que, segundo el, pola súa verosimilitude, representan as pezas máis interesantes do libro.

- Ramón Loureiro, 'Moi grande é o mar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto 2003, p. 7.

Con entusiasmo declarado acolle Ramón Loureiro o novo libro de Darío X. Cabana e, mesmo afirma, que o título, *Mitos e Memorias*, "está chamado a converterse nun texto imprescindible". Dinos que o libro ten cinco relatos inéditos: "Anos de aprendizaxe", "O rescate", "A prisión", "A ruína" e "Retorno a Saor"; os outros xa foran editados. No seu conxunto estarían presentes todos os grandes temas de Cabana, como a viaxe de iniciación, o escapar da desmemoria, o nacemento das lendas ou o tema artúrico. Sinala que con todos eles constrúe un mundo de seu, algo que, segundo Ramón Loureiro, calquera escritor queredría acadar. Ao final fálase da curiosidade por saber quen dispuxo a orde dos textos, se o escritor ou o editor, pois os primeiros do libro marcan o que é a fronteira dese mundo que creou Cabana.

- Xosé M. Eyré, 'O retorno de Darío X. Cabana', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 26.

Como "agardada" se cualifica a nova aparición de Darío X. Cabana no panorama literario galego por ser este unha das súas figuras principais. Son dous os novos títulos dos que se nos fala *Vinte cadernos*, coa poesía xa publicada polo autor; e *Mitos e Memorias* que contén nove relatos. O artigo fálanos sobre todo do libro de relatos, que se nos di marcado por un ton memorialístico con algo de mítico, que se emprega para construír discursos formativos que suxestionen ao lector. Na análise dos relatos descobre algúns elementos moi propios de Cabana, como o estilo grave e remansado no que se aproveita a corrente memorialística que hai en relatos como "Cerco de ferro", que fala do monte Medulio, ou o elemento do labirinto en "A prisión". Tamén son propio do autor os temas que xiran ao redor do mundo celta, presentes en "A illa" ou en "O caldeiro".

- Xulio Valcárcel, 'Mitos e memorias', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 28 setembro 2003, p. 4.

Define o libro de Darío X. Cabana coma un todo unitario que se consegue grazas aos puntos coincidentes en todos os relatos, nos que o autor manexa habilmente o tempo e o ritmo narrativos, preocupándose de que todo encaixe e utilizando unha lingua chea de matices e sonoridade. Di que, neste libro, o mito pode ser tanto punto de partida dos relatos,

como punto de chegada a partir da memoria, que é outro elemento clave; sinala que esta dobre interpretación do mito fai que se poida pensar, aínda que non se recomende, nunha posíbel interpretación autobiográfica dalgúns relatos, como "Anos de aprendizaxe". Sinala, así mesmo, que en todos os relatos están moi presentes o lirismo, a épica, as aventuras, o misterio, a picaresca, o tema artúrico ou a saudade.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Uns relatos cimentados na mitoloxía e no memorialismo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 3.

Lamenta que a volta de Darío Xohán Cabana á actualidade do libro galego non sexa cunha novela longa, senón cunha pequena colectánea de relatos de pouca extensión, *Mitos e Memorias*. Sinala que neste conxunto de relatos o autor lugués reelabora temas de sempre, como a importancia do pasado para o presente ou os elementos do ciclo artúrico, aos que lles dá unha nova dimensión persoal. Define a lingua empregada no libro como "poderosa e rica" e sinala que esta provén da propia sabiduría lingüística do autor. Dá conta, finalmente, do argumento de cada un dos relatos que integran a obra.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Estirpe e labirinto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. V.

Comeza Francisco Martínez Bouzas facendo unha pequena descrición do que foi o discurso literario de Darío Xohan Cabana nos últimos anos, dirixido á construción dunha cultura nacional diferenciada e propia, e baseándose nunha revisión dialéctica da tradición. Está é liña do seu discurso nos seus últimos libros, presente en *O cervo na torre* e *Morte de rei*. Agora, di Martínez Bouzas, volve co que será considerada unha obra menor dentro do seu corpus, *Mitos e Memorias*, aínda que coas mesmas obsesións: a forza da tradición na construción do presente e a revisión persoal de elementos do ciclo artúrico. Só aparecen algúns elementos novos, como unha mesta atmosfera opresiva e abafante nalgúns contos, pero continúaase unindo pasado con presente por medio do simbólico ou onírico e o memorialístico. Coexisten para Martínez Bouzas neste libro relatos de aprendizaxe, de activismo político, oníricos ou reelaboración de lendas celtas, cos relatos máis memorialísticos, que se remontan a un tempo mítico ou á Idade Media.

- Ramón Loureiro, 'Un ano de libros para recordar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 41, 'Ficción en galego', 27 decembro 2003, p. 8.

Ramón Loureiro destaca a boa "colleita" que supuxo o ano 2003 para a narrativa galega, e para demostralo céntrase no comentario de *Mitos e memorias*, de Darío Xohán Cabana, ao que considera un "fito". Explica que este libro de relatos reflicte o particular mundo ficcional e imaxinario do seu autor e que a Galicia do Norte é a verdadeira protagonista dos mesmos. Informa, tamén, de que a primeira elaboración dalgúns destes contos data dos anos oitenta. Enumera, por outra parte, catro títulos máis que tamén considera excelentes froitos da narrativa publicada en 2003: *Relatos mariñeiros* de Xosé Neira Vilas, *A-Z* de Xesús Fraga, *Por conto alleo* de Camilo Franco e *O trevo da sorte* de Medos Romero. Nesta mesma páxina, en columna á parte, achéganse breves comentarios de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, *Contos da cábila*, de Antonio Pereira, *A esfínxe de Amaranto*, de Antón Riveiro Coello e *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Darío Xohán Cabana prepara un libro de contos con vivencias súas', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 3 marzo 2003, p. 67.

Recolle as palabras de Darío Xohán Cabana, quen explica que está preparando a edición de *Mitos e memorias*. O escritor chairego reconece que hai no libro elementos moi persoais pero distorsionados, ademais de lendas coma a do Medulio, a de Breogán ou a do Santo Grial. Ademais, segue dicindo Cabana, nos contos hai reminiscencias medievais anacrónicas e un relato simbólico, "moi metaforizado", que fala da caída do sistema socialista. Tamén hai, incluso, contos que falan de pesadelos angustiantes que terían o punto de partida nun soño do propio autor. Sinala que buscou un estilo narrativo que fose distinto para cada historia, tendo presentes a Franz Kafka ou ao simbolista francés Marcel Schwop.

- Ángel V. A., 'La memoria del presidente', *El Progreso*, 'De actualidad', 19 xullo 2003, p. 88.

Artigo no que se tratan varios temas da actualidade, tanto da política coma da música. Do mundo da literatura, ademais de dar dunha breve noticia sobre Isaac Díaz Pardo, fálase da inminente publicación de dous libros: *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, de Ángel de la Vega, e un libro de relatos titulado *Mitos e Memorias*, de Darío Xohán Cabana.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- MARÉ, 'Setembro decaído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 setembro 2003, p. 45.

Faise referencia á escasa oferta cultural deste mes de setembro e lembra algúns dos libros publicados ao longo do verán; entre eles, *Mitos e Memorias*, de Darío Xohán Cabana, do que destaca a súa capacidade para recrear mundos míticos.

- Patrick Saulheimer, 'Darío Xohán Cabana: Mitos e memorias', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Besprechungen', decembro 2003, p. 47.

Elabora unha pequena descrición e resumo dos relatos deste libro para apuntar a Darío Xohán Cabana como parte do grupo de escritores galegos que tentan facer epopeia nacional da lembranza dos mitos, que tamén son parte da historia dos feitos. Cualifícao de construtor do pasado galego, da memoria colectiva mítica-histórica. Na obra estudada, a alma do pobo, a busca da terra visionaria, a viaxe como rito iniciático, os mitos celtas e os elementos da saga artúrica, escriben as lendas que axudan a conseguir a memoria colectiva. Patrick Saulheimer apunta o estilo épico, pero á vez claro, a atmosfera mitolóxica e a omnipresencia da afinidade nacionalista do autor que non obsta para facer sinxela e boa a

lectura do libro.

- Jaureguizar, 'Miranda e Cabana pechan etapas publicando catro recompilacións', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 decembro 2003, p. 82.

Dá conta da presentación que Xerais fixo das súas novidades editoriais: *As cidades mergulladas* e *Tarxeta vermella*, ambas as dúas de Xosé Miranda; e *Mitos e memorias*, de Darío X. Cabana. Indica, con respecto a este último, que se trata dunha obra pensada nos anos oitenta e que se alongou no tempo, polo que o autor reescribiu varios dos relatos que a integran.

Cameselle, Roque, *Bieito Dubidoso*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 200, 239 pp. (ISBN: 84-9782-079-7).

Novela de Roque Cameselle (Vigo, 1981) que mestura a ambientación histórica coa fantasía e que está baseada nun guión cinematográfico. Ambientada en Tui, nuns tempos de máxima tensión por mor das disputas entre as cortes e os arcebispados de Compostela e Braga, conta a historia do mago Bieito Dubidoso, que vive entre 1143 e 1225 e quen, ao longo da súa vida, chega a ser quen de facer desaparecer as persoas e mesmo crear neve con só desexalo. Dubidoso acada tal sona no Reino de Galicia que mesmo El-Rei, don Fernando, acabou por recorrer á súa habelencia e sabedoría. Bieito, que descobre os seus poderes xa de cativo, atopa en Destreza, unha rapaza doutras terras que se instala na súa casa, a súa compañeira ideal de xogos, xunto á que crece e aprende a se desenvolver na vida e coñece o amor. As acusacións de bruxería chegan axiña á vida de Dubidoso e veñen da man do Bispo e señor de Tui que non permite que se poña en dúbida a súa superioridade diante dos seus vasalos. As súas intrigas levan á morte da súa nai e provocan que seu pai caia nunha trampa sexual, mais Bieito atreveuse a desafiar o poder da igrexa e recorre a El-Rei para aclarar os feitos, obtendo o seu favor, mentres o Bispo acaba por se instalar na corte de Braga dende onde preparará a súa vinganza. Dubidoso e Destreza instálanse en Compostela, onde participan da vida da cidade, chea de estranxeiros e comerciantes, onde melloran cada vez máis a súa maxia e afianzan a súa relación con El-Rei. Mais co tempo Dubidoso verase envolto nas negociacións coa corte portuguesa e terá que escapar da traizón botando man de novo da súa astucia. A novela bota man de recursos cinematográficos e do uso do anacronismo, dando paso a intervencións do narrador que a salpican dun ton por veces humorístico.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Ficción, historia e poder imaxinativo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 7.

Considera a inclusión de *Bieito Dubidoso*, de Roque Cameselle, na colección "Narrativa" de Edicións Xerais, como unha aposta consciente da editorial por ofrecer obras máis pluais e diversas, como confirma o feito de incluír tamén en entregas anteriores as obras de Rosa Aneiros ou Inma López Silva. Con respecto á novela de Cameselle, percibe un desexo de narrar con paixón, sentimento e vehemencia, unha vontade sustentada en terreos nada

doados como a ambientación histórica tratada con rigor e o universo temático da aventura, a viaxe, a persecución, os prodixios incríbeis, as intrigas pancegas, a traizón ou a superstición. Salienta a capacidade imaxinativa do autor, que recoñece continuador de Cunqueiro, e identifica a Bieito Dubidoso cun novo Merlín "dono de excepcionais e extraordinarios dotes". Finalmente alude á influencia cinematográfica da narración, nos aspectos estruturais e descritivos, "todo suturado nun texto maduro dun autor do que cómpre estar ben atento".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'El Quijote, recheo de feo e palla', *El Progreso*, 'Cultura', 7 decembro 2003, p. 77.

Sinala que comparte algunhas das consideracións expostas polo escritor inglés Martin Amis en *La guerra contra el cliché*, unha escolla de vinte e cinco anos de colaboracións periodísticas sobre literatura, sobre todo as que expresa sobre *El Quijote*. Alude á precocidade deste autor, a mesma que recoñece en Roque Cameselle e na súa primeira novela, *Bieito Dubidoso*, logo de abraiarse co seu libro de contos, *O Pausiñas*, e a súa curtametraxe *Soldados sen fortuna*. Comenta que Cameselle enxendrou esta novela como o relato titulado *A luz freada da tarde*, mudouno en novela e agora traballa nunha serie de debuxos animados para a TVG.

- Salvador Rodríguez, 'Non son un prodixio, senón un precoz do cine e a literatura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Entrevista', 18 decembro 2003, p. III.

Tras resumir a traxectoria de Roque Cameselle como cineasta e escritor, tanto de guiños cinematográficos coma de obras literarias, e mencionar o seu primeiro libro de contos, *O Pausiñas*, o autor sinala que a súa dedicación á escrita naceu na adolescencia e desenvolveuse a pesar de ser disléxico. En canto ao cine confesa que xa de neno inventaba historias que proxectaba na súa cabeza e que aos once anos a súa familia lle regalou unha cámara de vídeo. Entende o cine e a literatura coma dúas actividades que posúen regras e técnicas distintas e non se considera un "nenos prodixio" por ter unha dedicación profesional aos vinte e dous anos. Aborda, a seguir, diferentes aspectos relacionados coa escrita dun guión, actividade que entende ingrata, e con respecto a *Bieito Dubidoso* sinala que o protagonista vén de vello na súa imaxinación, primeiro foi unha noveliña, logo un guión e na actualidade está a facer unha serie de animación baseada na novela. Considera equivalente a relación que existe entre unha novela e unha película e un conto e unha curtametraxe e nomea, entre as súas principais influencias literarias, os relatos curtos de Méndez Ferrín, Sabino, Bioy Casares, Carlos Castan e a novela *Fada Pelgrina*, de Penac.

Caneiro, Xosé Carlos, *Ámote*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Literaria, nº 194, 336 pp. (ISBN: 84-8288-361-2).

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) achega unha novela de amor na que toda a ficción xira arredor de Ulises Craso, un xornalista de peche de edición que a través do seu soliloquio nos conta a súa desafortunada vida. É un home hipocondríaco e neurótico, con moitos

complexos -tímido, obeso, baixo- que aos seus sesenta anos roldaba o desequilibrio mental. Láíase da tristeza, soidade e angustia que o acompañan permanentemente. Sofre continuas depresións que o levan a considerarse un residuo, un perdedor ou un "vocacional da derrota". Alivia a súa dor emborrachándose ou tomando antibióticos destrutivos. Con todo, acha a solución no amor, coida que este é o "único soporte que ten a vida dos solitarios"; por iso se namora de todas as mulleres, aínda que tamén fracasa pois é rexeitado. Isto condúceo a cubrir os seus afectos imaxinando unha muller ideal, de ollos verdes, que o acompaña sempre nos seus delirios e á que constantemente lle está a facer declaracións de amor. Ao final, tras a xubilación, dáse conta de que malgastou a súa vida en ilusións ou desexando a morte; sen embargo é feliz porque está vivo. Todas estas reflexións recólleas nun diario que entrega ao seu compañeiro Lázaro Pin para que o converta nunha novela. Estrutúrase en tres partes, que se refiren aos estados polos que pasa o personaxe, cada unha das cales se divide á súa vez en pequenos episodios con breves títulos introdutorios : I, "Inferno", con trinta e tres capítulos; II, "Purgatorio", con vinte e dous 22; e III, "Paraíso", con once. O ritmo narrativo é moi lento debido á linguaxe dos sentimentos empregada. O espazo é practicamente na súa totalidade urbano e o tempo, actual. O autor xoga coa ironía e o humor para criticar o esperpéntico mundo que ás veces nos rodea.

Referencias varias:

- R. García, 'La novela 'Ébora', de Xosé Carlos Caneiro, en las librerías alemanas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 novembro 2003, p. 54.

Despois de facer referencia ás traducións das obras do autor ourensán, dá noticia da inminente saída do prelo da súa nova novela, *Ámote*. Asemade, recolle as primeiras valoracións do escritor sobre esta, da que ofrece un breve resumo argumental. Sinala, ademais, que pon de manifesto o "arriscado" do seu proxecto ao que cualifica como "unha novela de entusiasmos, de amores compartidos".

- C. F., 'Interésanme os conflitos dos personaxes, non a intriga', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 decembro 2003, p. 51.

Achega unha conversa con Xosé Carlos Caneiro que xira, fundamentalmente, arredor do protagonista da súa novela. Admite que a intriga é para el secundaria; o que lle "importa" é o "conflicto dos personaxes", por iso, afirma, coloca a Ulises Craso nun lugar destacado. Defíneo como un "perdedor", "metáfora do home do século XXI". Así mesmo, tamén salienta a carga sentimental de *Ámote*.

- Camilo Franco, 'Caneiro reclama unha literatura dos sentimentos en 'Ámote', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 decembro 2003, p. 51.

Anuncia a presentación desta novela e achega unha sucinta análise dela. Principia trazando o perfil do protagonista, ao que ve como un home derrotado pola vida, que procura a única saída nun amor inalcanzábel. Así mesmo, subliña que "unha tristeza sentimental" preside as súas páxinas, xunto co humor e "a ironía melancólica".

- MARÉ, 'Por dentro e por fóra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 decembro 2003, p. 51.

Destaca a renovación da colección Literaria de Galaxia e fai referencia ao acto de presentación dos últimos números cos que inicia esta nova andaina: *A esfinxe de amaranto* de Antón Riveiro Coello, *A noite da aurora* de Camilo Gonsar, *A vida que nos mata* de Xabier López, *Contos da Cábila* de Antonio Pereira, *Un nome de diccionario* de Amélie Nothomb e *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro. Realiza unha breve achega a cada unha. Así, Carlos Lema, coordinador de publicacións de Galaxia, refírese, por exemplo, a *Ámote* como modelo "de novela amorosa contemporánea".

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfinxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

- Alberto Quián, 'Os escritores están perdendo a súa identidade', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 22 decembro 2003, p. 60.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro sobre a súa novela. O escritor define ao seu protagonista e xustifica a súa elección. Salienta a súa doenza existencial e a súa recorrencia ao amor, deixando en mans do lector o xuízo sobre a súa existencia real. Así mesmo, reconece que este xornalista, que ousa "satirizar e ironizar a realidade", é el mesmo. Por outro lado, quéixase da situación actual do mundo das letras. Esta noticia aparece reproducida tamén no xornal *La Opinión* do 23 de decembro de 2003.

- Alberto Quián, 'Os escritores están perdendo a súa identidade', *La Opinión*, 'Entrevista', 23 decembro 2003, p. 52.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro sobre a súa novela. O escritor define ao seu protagonista e xustifica a súa elección. Salienta a súa doenza existencial e a súa recorrencia ao amor, deixando en mans do lector o xuízo sobre a súa existencia real. Así mesmo, reconece que este xornalista, que ousa "satirizar e ironizar a realidade", é el mesmo. Por outro lado, quéixase da situación actual do mundo das letras. Esta noticia aparece reproducida tamén no xornal *Faro de Vigo* do 22 de decembro de 2003.

Caride Ogando, Ramón, *O sangue dos camiños*, Premio Risco de Literatura Fantástica 2003, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións □, 2003, col. Medusa/narrativa, 222 pp. (ISBN: 84-7824-429-8).

Novela de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) que pecha a triloxía integrada por *Soños eléctricos* (Premio Blanco-Amor, 1992) e *Sarou* (Premio Café Dublín, 1997) e que foi merecedora do Premio Risco de Literatura Fantástica. Nela combínanse elementos da ficción científica coa literatura de viaxes, co xénero policíaco e co de temática xacobeá, todo isto nunha trama que xoga con tres historias paralelas protagonizadas polo escritor Darío Gancedo, a azafata Xana Reboredo e unha mestra de literatura dun liceo francés con raíces galegas, Natalie. Os espazos nos que se desenvolven son principalmente urbanos, dende a cidade de Nova Iorque ata diferentes cidades situadas no Camiño de Santiago e a propia Compostela. As modalidades narrativas veñen marcadas pola primeira persoa que emprega o escritor Gancedo para relatar a súa historia de amor por Xana, que comeza no momento en que é testemuña do seu secuestro e decide seguir as pistas que o levan a descubrir a súa identidade e mediar na súa liberación; e un narrador omnisciente en terceira persoa que relata cómo Natalie comeza unha viaxe sen retorno polo Camiño de Santiago coa idea de suicidarse, despois da crise que lle provocou un cancro de mama. Do mesmo xeito, tamén nos traslada a historia de Xana antes do seu secuestro, motivado polo tráfico duns poderosos cristais chamados oders, que son transpositores de personalidade, unha especie de neuronas vivas, froito da enxeñería xenética, cos que os usuarios viven experiencias reais de persoas xa mortas, e que crean unha forte dependencia psicolóxica. As vidas destes personaxes conforman un quebracabezas que só no final se ve completo de xeito sorprendente e que ten lugar en Fisterra.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Os desafíos e os agasallos do destino', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 3.

Comeza sinalando que *O sangue dos camiños* é unha "prolongación e un reencontro" co gran macrotexto da produción de Ramón Caride, na que a continxencia da felicidade e a imposibilidade de pechar no determinismo das leis e teorías o mundo dos seus personaxes son dous aspectos recorrentes. Da trama sinala que é rica e complexa, nunha novela que ten como alicerces historias paralelas que conflúen no final dominadas polo fatalismo e a casualidade na vida dos protagonistas, que teñen conciencia de estaren en mans do azar. Destaca do mesmo xeito os trazos formais novidosos, a verosimilitude, as peregrinacións e fuxidas, o erotismo, o onirismo ou o cosmopolitismo, así como o enraizamento no propio. Do aspecto formal, salienta a arquitectura da obra en consonancia coas técnicas da literatura de vangarda máis actuais, onde dominan a multiplicidade de voces, as dislocacións temporais, a tendencia á fragmentariedade e o experimentalismo. Remata apuntando que estamos ante un dos produtos máis interesantes do sistema literario galego dos últimos anos.

- Camilo Franco, 'O sangue nos camiños', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 13, 'Letras en

galego', 14 xuño 2003, p. 7.

Comeza sinalando o gusto de Caride Ogando por presentar historias de paisaxes fantásticas pero con cerne humano, aspecto que se dá de xeito máis maduro en *O sangue dos camiños*. Sinala que esta novela foi a gañadora do Premio "Risco de literatura fantástica" e que nela se dá a mestura de xéneros nunha tendencia cara a falta de homoxeneidade que se dá tamén na sociedade. Destaca o dominio do autor na contención que deixa ao lector a soas cunha historia na que converxen tres camiños.

- Xosé M. Eyré, 'Os outros de Ramón Caride', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 26.

Comeza sinalando que esta novela foi merecedora do Premio "Risco de Literatura Fantástica" 2003, malia ser de difícil clasificación, e destaca a contribución deste galardón á renovación do concepto deste xénero. Apunta que na novela de Caride Ogando só aparecen os "oders" como elementos da ficción científica, uns transpositores de personalidade que provocan dependencia psicolóxica e que son froito da enxeñería xenética que simbolizan o requintamento do consumismo, posto que todo o demais está marcado pola cotidianeidade. Explica que a novela está conformada por tres historias que se van alternando e interrompendo, nas que se dan ecos da novela negra ou detectivesca. Considera que aspectos como o feito de estaren marcados os destinos dos personaxes polo azar lembran outra novela do autor, *Sarou* (1997), coa que indica algunhas das diferenzas. Conclúe aludindo ao xogo que a obra somete ao lector, sinalando que é unha aposta arriscada de estrutura e ritmo, á vez que salienta a habilidade do autor nas transicións das voces narrativas e na forza que lle imprime ás personaxes secundarias.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Camiños e destinos azarosos', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 395-397.

Reprodúcese a intervención de Martínez Bouzas na presentación do libro de Ramón Caride Ogando, *O sangue nos camiños*, que tivo lugar en Vilagarcía de Arousa o 29 de maio de 2003. Comeza cualificando este libro como a peza narrativa máis cobizosa, madura e ricaz do autor e tamén como a máis moderna, filosófica e complexa, sinalando que confirma a Caride como un escritor de culto e un mestre na diversidade de enfoques e formas de contar, nas técnicas narrativas, nos xogos coa temporalización e espacialización e na combinación de puntos de vista. Identifica tamén no seu macrotexto algunhas das teimas e obsesións máis recorrentes: a continxencia e eventualidade da felicidade e a imposibilidade de encerrar no determinismo de leis e teorías o mundo dos seus heroes e personaxes, porque o azar, que o goberna todo con man mestra, decide sobre a nosa vida. A seguir, refírese ás ideas centrais que serven de alicerce a esta novela de Caride e compara a importancia concedida ao azar, ás casualidades, aos encontros fortuítos e aos fenómenos misteriosos que acaban por ter un gran significado e marcan os destinos de homes e mulleres, coa obra de Paul Auster. *O sangue dos camiños* é, segundo Martínez Bouzas, unha novela chea de trama, de argumento, "novela de estradas, de peregrinaxes, de fuxidas dun mesmo, de identidades cambiantes, tamén de pesadelos, alustres e frialdades", e supón un reto para o lector. En definitiva, conclúe, "un dos produtos máis interesantes do sistema literario

galego nos últimos tempos".

- Domingo Tabuyo Romero, 'Un análise da obra do seu, noso, compañeiro Ramón Caride', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 38.

Comeza facendo un repaso ás constantes da obra de Ramón Caride Ogando, das que destaca a loita interior dos personaxes por saíren das "encrucilladas nas que se atopan", o emprego do léxico da Galicia interior, a descrición das paisaxes e "naturezas vivas", a súa capacidade para facer chegar ao lector o sentimento da terra, as cores, o tempo ou as diversas dimensións que adquiren as cidades. De *O sangue dos camiños* explica a situación dos personaxes centrais, caracterizados polas súas traxedias individuais. Sinala que os espazos da acción se sitúan en Nova Iorque, a Bretaña Francesa ou o Camiño de Santiago. Do estilo destaca a concepción da novela a modo de escenas cinematográficas, con ritmo áxil e con tramas paralelas que conflúen nun "puzzle final". Salienta o dominio das temáticas científicas de Caride e o seu gusto pola ficción científica, na que emprega unha linguaxe nova ao "modo do australiano Greg Egan". Considera fundamental a creación dos "oders", un novo tipo de droga que fai confluír as vidas dos protagonistas; o desenvolvemento de dous planos paralelos nos que se leva adiante a trama e nos que, á vez, se poñen de manifesto os problemas e carencias da sociedade actual. Remata sobranceando aspectos como un certo carácter máxico, as diferentes voces narrativas, os espazos urbanos ou a ciencia como método de explicación e análise de todo.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Destinos azarosos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. V.

Comeza repasando algúns dos títulos do autor nos que se recolle a súa narrativa curta como *A incerteza dos paraísos* (2000), *Negros espellos* ou *Escáner* (2002). A seguir, céntrase en *O sangue dos camiños*, que considera a peza narrativa máis "cobizosa, madura e ricaz do autor", así como a máis moderna, filosófica e complexa. Destaca o dominio de enfoques, forma de contar, técnicas narrativas, dislocamentos temporais, configuración de espacios e combinación de narradores ou puntos de vista cos que xoga o autor. Sitúa esta novela en relación co macrotexto da obra de Caride, na que sinala como elementos recorrentes a continxencia e a eventualidade da felicidade ou a imposibilidade dos seus personaxes de fuxiren do determinismo do destino, que nesta obra se acentúa na procura do sentido das casualidades que marcan os destinos dos homes e mulleres. Do argumento sinala que presenta tres historias paralelas que acaban confluíndo, dos trazos formais novidosos considera que non "engole" a trama da novela, que sempre se mantén a primacía da historia, o interese e a verosimilitude, que levan a reflexionar ao lector sobre o sentido da vida. Tamén alude á presenza de elementos de ficción científica, do erotismo, do onirismo ou dunha nova dimensión que adquire o Camiño de Santiago. Remata destacando a gran novidade formal, a mestura de voces narrativas, os diferentes niveis semánticos ou a tendencia á fragmentariedade.

Referencias varias:

- C. L., 'Ramón Caride gaña o Vicente Risco coa súa novela máis 'traballada'', *A Nosa*

Terra, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 29.

Anuncia que Ramón Caride Ogando resultou gañador do Premio "Vicente Risco de Literatura fantástica" coa novela *O sangue dos camiños*, na que considera que se recollen as principais inquedanzas do autor e se detecta unha forte presenza dos seus traballos anteriores. Recolle as palabras de Caride nas que recoñece que con esta obra se pecha a triloxía iniciada con *Os sonhos eléctricos* e continuada logo con *Sarou*, apuntando algunhas das características comúns como o levar a letra ese no título ou un triángulo de protagonistas. Sinala a liña argumental da novela, destacando que na última páxina muda a percepción do lector con respecto a todo o anterior. Destaca Caride os elementos fantásticos representados polos "biochips" como metáforas da literatura ou da televisión. Da violencia da obra sinala a súa dupla dimensión, relacionada co erotismo e coas experiencias adquiridas polos personaxes a través deses "biochips". Remata anunciando que Caride publicará proximamente *A negrura do mar*, unha nova aventura de Said e Sheila.

- Pedro García Luaces, 'Leer máis os nosos autores', *La Región*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, p. 46.

Breve nota de prensa na que se repasan os actos organizados en diferentes lugares da provincia de Ourense con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Entre eles destácase a presentación no Concello de Ourense de *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando, gañadora do Premio "Risco de Literatura Fantástica", así como da presenza do autor asinando exemplares na Feira do Libro da cidade.

- Manuel Vidal Villaverde, 'O tema sempre impón o xénero', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 18 maio 2003, p. 45.

Entrevista con Ramón Caride Ogando con motivo da publicación da súa novela *O sangue dos camiños*, na que sinala que a imaxe que ten de si mesmo é aquela que extrae das respostas que recibe dos demais, que o seu afán é comunicar cando escribe calquera obra ou que a temática tratada nas súas obras esixe o emprego do xénero literario, polo que cando quere referirse ao caos interno escolle a poesía. Da súa última novela sinala que, nela, transmite a súa visión persoal da cidade de Nova Iorque e anuncia tamén a próxima publicación de *A máscara de cronos*, unha recompilación de poesía escrita entre 1994 e 2002. Remata sinalando que para el a literatura é unha concepción persoal da vida.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Infantil/Xuvenil', 19 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando, obra que completa a triloxía novelística de sombras e de lume e coa que gañou o premio "Risco de Literatura Fantástica 2003". Tamén se achega ao poemario *As torres no ar*, de Antón Avilés de Taramancos.

- Mariña Álvarez, 'Son un escritor clásico, non me vai o estraçalario', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 28 xuño 2003, p. 35.

Despois de sinalar que Ramón Caride é un autor con máis de vinte títulos publicados, que foi galardoado con numerosos premios, e de ofrecer algúns datos biográficos, reproducése unha entrevista con el na que responde a cuestións relacionadas coa súa última novela. Sinala que os títulos dos que está máis satisfeito son os da triloxía integrada por *Soños eléctricos* (1992), *Sarou* (1997) e *O sangue dos camiños*, nas que atopa como conexións entre elas o seren "historias de triángulo" nas que se ofrece unha visión negra e violenta da realidade. Explica que ten un concepto clásico da novela, posto que a concibe como unha unidade, na que debe haber inicio, desenvolvemento e final. Considera que é preciso ler moito para saber escribir, mesmo obras malas coas que se aprende moito. Tamén se refire ao seu labor docente, á súa vida nunha vila pequena como Cambados, aos cambios que experimentou o rural dende que el era neno e móstrase pesimista co futuro cultural de Galicia, aínda que afirma que non decaerá na súa loita por transmitir esperanza. Remata lembrando a dous amigos falecidos, pedíndolle á vida saúde e minimizando o interese de que se estude a súa obra nas escolas por ser contrario a mitificar aos autores.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Cid Cabido, Xosé, *Fálame sempre*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 198, 149 pp. (ISBN: 84-9782-073-8).

Volume de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía-A Limia, 1959) que reúne unha colección de dezaoto relatos nos que domina o narrador protagonista, agás no último, "¡Quen fixo ese disparo!", que é unha pequena peza dramática. Aparecen distintas personaxes: mendigos, como o de "Habitantes do lixo"; labregos, como en "Causa de forza menor"; ou pais de familia que se teñen que arriscar para ir coller o pan, como en "Outra vida cotiá", etc. Hai, asemade, toques de humor mesturados con dramatismo. En xeral, son relatos de pouca extensión, agás os titulados "Qwertyuiop", onde se realiza unha reflexión sobre a literatura e a existencia do ser humano, e "O estraño caso de Cándido Costas Tobío", onde hai un gran contraste de espazos narrativos; con respecto a este último relato, cómpre destacar a inclusión de oito fotografías de Anxos Romeu Barreiro. Algún dos relatos xa foi publicado, como "Confesións dun asasino", que apareceu en *Materia prima. Relatos contemporáneos* (Edicións Xerais de Galicia, 2002, pp. 93-100), editado por Nicolás Ramón e Armando Requeixo; neste, mediante o uso das técnicas vinculadas coa oralidade, un narrador en terceira persoa relátanos cómo aconteceu o primeiro delito de Morbo, personaxe principal.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'O misterio e o absurdo na vida cotiá', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Cultura', 24 decembro 2003, p. 20.

Comentario de *Fálame sempre*, conxunto de relatos breves publicados por Xosé Cid Cabido. Saliéntase, en primeiro lugar, o emprego dunha serie de estratexias que repercuten na sensación de proximidade que o lector ten con respecto ao emisor, tales como o uso da primeira persoa narrativa, a escolla dun rexistro lingüístico coloquial, a existencia de personaxes-tipo identificábeis con calquera de nós, etc. A seguir, ofrécesenos o fío argumental duns cantos relatos, para concluír que en todos eles o autor "nos deixa exemplos do seu mellor oficio narrativo". Finalmente, faise referencia á existencia dalgúns "momentos" menos acertados dentro no libro, apuntando un certo descoido estilístico no mesmo.

Darriba, Manuel, *Accidental*, Vigo: Galaxia □, marzo 2003, col. Illa Nova, 116 pp. (ISBN: 84-8288-592-8).

Manuel Darriba (Sarria, 1973) ofrece unha novela curta de ficción, cunha trama argumental sinxela, na que presenta a un home na procura da súa identidade. Este, tras saír do hospital, volta á vila onde o crego Sixto o atopara moi mal, delirando e sen saber quen era nin cómo chegara alí. Sixto acólleo no albergue no que vive, dálle un nome e proporciónalle un traballo. Péganse fotos pola vila e faise o posíbel por averiguar quen é, mentres que el se integra entre os veciños traballando como voluntario de protección civil. O protagonista vive angustiado e desorientado entre unha xente coa que comparte situacións absurdas, deixándose levar polo mandato de extraños. Cómpre destacar, asemade, o curioso desenlace da historia argumental. Por outro lado, as coordenadas espazo-temporais non se concretan, só se sabe que esta vila galega está "na fin do mundo" e que o tempo é actual. A obra divídese en vinte e cinco capítulos breves, nos que o diálogo predomina sobre un narrador en primeira persoa protagonista. A historia amósase por veces en forma de secuencias cinematográficas. O autor a través duns personaxes non moi traballados explora as relacións humanas nunha sociedade onde o poder avasalla, cunha certa dose de humor e ironía.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O accidente', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 18, 'Letras en galego', 19 xullo 2003, p. 7.

Achega unha valoración negativa da obra, subliñando primeiramente que non é digna de aparecer na colección "Illa Nova". Apunta que recrea un "Kafka diluido", argumentando esta afirmación cos trazos que caracterizan ao protagonista. Asemade, coida que nestas páxinas se xuntan diversos elementos técnicos que fan da novela un traballo non "satisfactorio".

- Armando Requeixo, 'Darriba e a súa obra totalmente 'accidental'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 setembro 2003, p. 4.

Critica a contracuberta desta obra, botando abaixo algunha das afirmacións que figuran nela. Así pois, sinala que os personaxes están pouco traballados e non ve clara a influencia de Kafka nin a suposta carga de ironía. Remata cualificándoa de "novela falida".

- Ramón Nicolás, 'Un relato eivado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Libros', 27 novembro 2003, p. IV.

Despois de referirse á andaina literaria e xornalística do lugués, así como á colección na que se encadra a obra, achega unha dura crítica desta. Apunta, primeiro, que o autor non debeu sinalar que a súa novela pasara por un longo proceso de escritura, pois non observa que o froito deste sexa maduro. Así mesmo, subliña que o erro máis grave está na falta de estilo, salientando un nivel de redacción "empobrecedor". Indica que este defecto fai que outros elementos da novela, que poderían ser positivos, non se aprecien.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Manuel Darriba novela a procura da identidade no seu libro 'Accidental'', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 8 xuño 2003, p. 67.

Despois de dar noticia da saída do prelo desta obra, comenta brevemente as claves argumentais e ponas en relación co título. De seguido, alude a algún aspectos técnicos, salientando "o dobre sentido, matizado pola ironía e o sarcasmo". Así mesmo, traza un breve perfil do protagonista. Por último, subliña que o autor admite certa "inspiración" de Kafka, aínda que "pasado polo tamiz da retransca".

- Maré, 'A nova Illa Nova', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 53.

Anuncia a presentación da nova etapa da colección "Illa Nova" de Galaxia, subliñando o obxectivo desta. Así mesmo, alude aos dous títulos que a reinauguran, *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Da primeira sinala a "sutil ironía" e da segunda "o novidoso experimento" que a orixinou.

- Maré, 'Os códigos que veñen', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xuño 2003, p. 42.

Recolle o máis relevante da presentación dos dous primeiros libros da colección "Illa Nova" en Santiago, destacando as expectativas dos responsábeis de Galaxia. Achega a caracterización que Carlos Lema fixo de amba as obras. Así, afirma que de *Accidental* salientou a influencia dos narradores norteamericanos e de *Por conto alleo* "a parodia de xéneros".

- C.B./F.P., 'Galaxia abre con Darriba e Camilo Franco Porta á literatura que vén', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 75.

Fai referencia ao acto de presentación de "Illa Nova", destacando a finalidade desta e recordando algo da súa historia. Ademais, refírese a descrición que Carlos Lema, de Galaxia, realiza dos títulos que a reinauguran. Indica que na obra de Manuel Darriba hai unhas influencias concretas e destaca "o alleamento" e "a irracionalidade" que a definen.

Céntrase, logo, no libro de Camilo Franco, subliñando a súa "brevidade, provocación intelectual e desmitificación".

- Concha Pino, 'Galaxia recupera a colección Illa Nova para dar saída a novas linguaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 38.

Salienta o comezo da nova xeira desta colección co obxectivo de acoller "textos que aporten unha mirada diferente e renovada". Recolle, así mesmo, a opinión de Carlos Lema sobre as obras que a abren, apuntando que vencellou *Accidental* coa narrativa americana, concretamente con Richard Ford, e destacou de *Por conto alleo* a variedade de rexistros e a ironía. Remata pondo de relevo o deseño de "Illa Nova".

- Xulio Valcárcel, 'Relanzamento de Illa Nova', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 262, 'Páxina literaria', 15 xuño 2003, p. 4.

Alude brevemente a esta iniciativa de Galaxia, así como ás dúas obras coas que comeza, dando unhas brevísimas pinceladas de cada unha.

- Alfredo Conde, 'Catas breves e felices', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 xuño 2003, p. 4.

Fai referencia á presentación da colección "Illa Nova" ás primeiras obras publicadas; recorda, así mesmo, cando el mesmo publicaba neste espazo literario hai trinta anos.

- Marta Rodríguez, 'Considérome un traballador da escrita', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 2.

Achega unha entrevista con Manuel Darriba. Nesta, o autor móstrase orgulloso por ser a súa obra unha das que inaugura de novo "Illa Nova". Apunta que *Accidental* xira arredor da "procura da identidade" e destaca o complexo proceso de elaboración. Así mesmo, sinala que lle gusta experimentar e responde a cara ónde camiña a súa escrita. Por outro lado, é consciente da influencia angloxasoa na súa obra.

Díaz, Xoán Ramón, *A xeadada negra*, Lugo: TrisTram, 2003, 227 pp. (ISBN: 84-89377-38-3).

Xoán Ramón Díaz (Lugo, 1948), que asina esta obra como Monó, comeza a novela cunha dedicatoria de agradecemento a Primitivo Iglesias por telo axudado a recuperar a "fê na lingua". A obra, que está ambientada nas cidades de Lugo e Vigo, divídese en tres capítulos nos que predomina o estilo directo, a linguaxe extremadamente culta dalgúns fragmentos e unha voz narrativa en terceira persoa. No primeiro capítulo nárranse dúas viaxes de Meiriño e o seu axudante Gaiarre; a primeira a Becerreá, a onde ían para cobrar unha factura e de onde os votan a tiros; e a segundo a Vigo, para asistir ao ó funeral do pai de Gaiarre e onde se suceden distintas aventuras. O segundo capítulo é o de máis peso na obra, nel un ancián encárgalle a Meiriño que investigue a vida da súa defunta esposa, Ofelia; segundo vai avanzando as pescudas descubren que Ofelia non é a esposa de Meiriño e que, ademais,

non está morta; a investigación complicase coa aparición de novas personaxes que achegan luz sobre a extraña historia. No capítulo final, Gaiarre e Meiriño viaxan ata Lugo para cobrar outra factura; nesta ocasión vense inmersos no medio dunha pelexa e, logo de peregrinar polas rúas de Lugo e de que o personaxe principal mantivera unha disputa dialéctica coa persoa que provocou que o expulsaran da universidade, a acción remata nun prostíbulo. Cómpre destacar, finalmente, a minuciosa descrición que o autor fai das rúas e locais de Lugo, polos que transitan os personaxes.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Entre as pedras históricas de Lugo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 'Letras', 10 agosto 2003, p. 20.

Iníciase cualificando a novela como orixinal e, nalgúns ocasións, divertida. Logo dá conta do argumento da historia principal. Afirmar que o máis loabel da obra é o contraste entre os diferentes ambientes e a axilidade dos diálogos, xunto con algunha escena concreta (o encontro co padre Dimas, por exemplo). Critica o abuso na descrición, minuciosa en ocasións, dalgúns lugares e ambientes de Lugo, que, segundo Tomás Ruibal, faille pensar ao lector que se atopa máis ben diante dunha guía turística. Di tamén que a novela é amena e de fácil lectura, que relata en clave humorística unha historia con elementos histórico-policíacos. Termina recomendándoa especialmente para os que lles guste a capital lucense.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, 'A xeadá negra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Letras en Galego', 7 xuño 2003, p. 7.

Fala do argumento da novela, da sinxeleza da linguaxe, da ironía que se emprega e do feito de que a Ramón Díaz lle guste ser unha personaxe dos seus libros.

- A. Castro, 'Nas conversas cómpre mollar un chisco as palabras en viño', *La Opinión*, 'Entrevista', 31 xuño 2003, p. 54.

Entrevista a Xoan Ramón Díaz que comeza cunha breve introdución na que nos informa da súa escasa bibliografía que se contrapón aos abundantes artigos literarios, que normalmente firma con diferentes pseudónimos. O propio autor afirma que o libro está dedicado a Primitivo Iglesias porque grazas a el volveu a escribir en galego. Tamén informa de que emprega pseudónimos para firmar os seus artigos para poder ser máis subxectivo. Di que boa parte da cultura que foi adquirindo provén dos intercambios verbais de ideas. Remata indicándonos que "concibe a creación literaria como un exercicio de liberdade total".

Diéguez, Lois, *A casa de Galiaz*, Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 2, 125 pp. (ISBN: 84-607-7743-X).

Volume que recolle seis narracións de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) elaboradas

entre 1995 e 2003. Segundo información que nos achega o autor en "Uns datos necesarios" a xeito de prólogo, el mesmo foi quen fixo esta escolla dende a súa produción editada en libros colectivos e dende outras preparadas para este libro. Por orde de aparición os textos aquí escolmados son: "A pedra de Apolo", que vira a luz dentro do libro *Poemas e contos da Muralla* (2001), onde a muralla de Lugo nos conta diversas historias que ela presenciou ao longo dos séculos, centrándose na lenda dun lobo-boi carniceiro nas terras de Lugo que atemorizara á poboación até que o mataron; "As flores de Xulia", que foi escrito para completar este libro e no que vemos como un nicho se enche cada día de ramos anónimos; "Diario de Buxo" (1995, inédita), que é unha homenaxe a un can que acompañou durante catro anos a Lois Diéguez e mais á súa irmá Carme; "As sete chagas", que xa fora publicada no volume *Contos do Camiño* (1996); "A pena do grilo", que está datado en xaneiro de 2003 en Lugo; e "A casa de Galiaz", que dá nome a todo o libro, que xa se publicara en *Novo do trinque* (1997) e que está ambientado na Idade de Ferro, na época de castros, guerreiros e druídas.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'A Normativa da Concordia conténtanos á maioría', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 27 xuño 2003, p. 44.

Conversa con Lois Diéguez na que indica que a diferenza entre os textos que compoñen este libro é onde radica a súa unidade e que considera que estamos perante un libro vitalista que recolle os contrastes que podemos atopar na vida.

- C. V., 'Lois Diéguez. 'O conto é unha historia pecha na que hai que atinar'', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 29.

Indícase que os diferentes contos de *A casa de Galiaz* afondan na reconstrución literaria de tempos históricos e que dan resposta ao que pasa individualmente; con referencia a "As sete chagas" indícase que xa fora publicado pola Deputación de Lugo no volume *Contos do Camiño* (1996), edición na que se "eliminaron o nome do autor e o título do conto".

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores Biblos en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que Biblos fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

- Xíá Arias Rego, 'Lugo é referente nos novos libros de Diéguez e Novo', *El Progreso*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 69.

Infórmase da presentación de dous números da colección Mandaio, de Biblos Clube de Lectores, dentro dos que está este volume. No acto de presentación estivo o autor de *A casa de Galiaz*, quen afirmou que este volume recolle narracións curtas nas que se xoga psicolóxicamente con personaxes de diversas épocas.

Fernández Naval, Francisco X., *Sete noites e un amencer*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 125, 123 pp. (ISBN: 84-607-6827-9).

O libro que inaugura a Colección Mandaio do poeta e narrador ourensán Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) está composto por oito relatos nos que fai un percorrido polas profundidades do ser humano. O primeiro deles titúlase "Amor ás cegas" e nel dous cegos namorados transmiten os seus sentimentos sen necesidade da vista; a protagonista quedou sen visión cando era pequena e non lembra as cores, dinlle que por medio dunha operación pode recuperala, pero ela dubida porque non necesita ese sentido para poder realizarse no amor. O segundo dos relatos é "A soidade era o frío", nel un policía sente o frío e a soidade do monte no que está a cumprir unha misión, onde os terroristas aos que persegue lle salvan a vida. O terceiro relato, "Noite de luz en paisaxe de sombras", introdúcenos na catástrofe do Prestige; o protagonista é un rapaz que está en Ximprón, Lira, recollendo chapapote e que sente necesidades fisiolóxicas; ao desaparecer ese tempo acúsano de queimar un camión militar, pero ao non haber probas concluíntes, cambiárono de grupo e alí atopou unha rapaza da que se namorou. O cuarto relato, "O anxo caído", revélanos a historia de Grabiél, un homosexual que paga a rapaces novos para manter relacións sexuais; un día aparece un home que o leva ao río e se ispe, el cre que é un anxo; pero cando acorda alí só había sangue e o home desaparecera. O quinto relato, "Soidade cor de rosa", céntrase na vida dun vello que colecciona suicidios, el nunca tivera grandes amores pero a Guillermina propuxéralle casar; cando esperta do sono síntese só e derrotado. O sexto relato, "Noite de verán", introdúcenos noutros tres relatos relacionados entre si polo misterio que os rodea; no primeiro unha parella morre tras percibir unha estraña sombra, no segundo unha rapaza sente medo ao sentir unha presenza que a fai perder a consciencia e o último conta a inqueda dunha rapaza por volver a unha terra que non é a súa. O sétimo relato, "Ziralla 25", descobre a historia de Avelino que é secuestrado na estrada; os seus raptos lévanos ao monte onde o atan a un piñeiro; alí prodúcese un incendio e, xusto cando o vai alcanzar, alguén o desata. O último relato, "É un amencer", relátanos a historia de Licia, unha muller que comparte unha historia de amor co seu irmán; este ten problemas e ofréceas a uns homes que a maltratan e a violan, ela non sabe a razón.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Memoria dos límites', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', 'Libros', 17 abril 2003, p. IV.

Realiza un percorrido polo libro do poeta e narrador ourensán Francisco Fernández Naval,

Sete noites e un amencer; sinala que contén oito relatos que se somerxen nas profundidades do ser humano. A continuación fai unha pequena reseña de cada unha das historias: "Amor ás cegas" é a renuncia dos namorados á vista por manter o amor visto cos ollos da alma; "A soidade era o frío", onde se perdoa a vida a un inimigo e se ofrece a misericordia do ser humano; "Noite de luz en paisaxe de sombras", onde se vincula a traxedia do Prestige cunha historia de amor; "O anxo caído", onde se destaca o ambiente escuro que se torna en derrota en "Soidade cor de rosa" e inqueda en "Noite de verán". No último parágrafo recóllense as historias de "Ziralla 25" e "É un amencer" que pechan este libro, do que se destaca o poder das súas historias e dos personaxes postos en situacións límites.

- M. Rodríguez, 'Aquel cego que bebeu o amor', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 24 maio 2003, p. 7.

Comenta a obra de Francisco Fernández Naval, *Sete noites e un amencer*, e indica que inclúe oito relatos; deles interésase, especialmente, polo primeiro "Amor ás cegas" no que se relata o namoramento de dous cegos, unha historia que se aconsella ler dunha sentada para así decatarnos da fermosura das palabras e do mundo que nos mostra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Un club de lectores ofrecerá 300 libros galegos dende o próximo mes', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 26 febreiro 2003, p. 74.

Anúnciase o nacemento da revista *Biblos* que dirixirá o escritor e xornalista Tucho Calvo e que dará conta de trescentos libros galegos e cen portugueses. A continuación dinnos que co primeiro número se regalará aos primeiros dous mil socios a obra *Sete noites e un amencer* de Francisco Fernández Naval que será editada proximamente.

- J.T., 'Biblos': Un club para los lectores gallegos/Biblos clube de lectores', un nuevo intento para difundir el libro gallego', *La Región/Atlántico Diario*, 'Sociedad', 1 marzo 2003, p. 92/p. 48.

Faise referencia ao nacemento da revista *Biblos*, na que se ofrece información sobre libros galegos dos máis diversos xéneros literarios como a poesía, a novela, o ensaio, pero tamén manuais de cociña, libros de viaxe e de historia, cómics etc. Infórmase que co primeiro exemplar o subscritor recibirá de balde o volume de relatos *Sete noites e un amencer*, do escritor Francisco X. Fernández Naval.

- Marga Mosteiro, 'O Clube de Lectores Biblos promociona a literatura galega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 marzo 2003, p. 46.

Céntrase no Clube de Lectores *Biblos*, que nace para rachar coa marxinação do libro galego. Destácase que co primeiro exemplar regalan o libro de F.X. Fernández Naval *Sete noites e un amencer*, que abre a colección "Mandaio". Tamén se recollen as declaracións do autor sobre temas de actualidade e sobre o libro do que nos di que "é para a vida e para a paz".

- A.N.T., 'Os libros galegos chegan ás casas con Biblos', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 31.

Revélase información sobre a revista *Biblos* que, cunha primeira tirada de douscentos setenta e oito mil exemplares, pretende achegar ao lector galego as novidades literarias na súa lingua e tamén en portugués. Así mesmo, destácase que co primeiro exemplar regalan o libro *Sete noites e un amencer*, de X. F. Fernández.

- A D. Santos, 'Biblos nace coa ilusión de achegar ós lectores a fecunda literatura en galego', *La Voz de Galicia*, 'O ano de Avilés', 3 abril 2003, p. L4.

Informa da presentación do novo Clube de Lectores *Biblos* a cargo de Tucho Calvo, quen explica o contido do proxecto. Contará cunha revista bimensual de trinta e dúas páxinas na que se nos falará de douscentos cincuenta libros en galego e portugués e dos que o afiliado debe mercar, cando menos, un cada dous meses. Na primeira entrega agasallan aos seus socios co libro *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval.

- Abdón Dorca, 'Incluso temos libros para a xente que di que non le', *La Voz de Galicia*, 'O ano de Avilés', 3 abril 2003, p. L4.

Entrevista con Tucho Calvo que, xunto a Carmen García Boo, fundou o Clube de Lectores *Biblos*, unha iniciativa que pretende dar a coñecer os libros galegos. A oferta será bimensual e contará cunha revista que informará aos socios sobre as publicacións que se poden adquirir tanto en galego, como en portugués. O primeiro número está dedicado ao poeta Avilés de Taramancos, homenaxeado co Día das Letras Galegas; o club comeza esta andaina agasallando aos seus socios co libro *Sete noites e un amencer*.

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores *Biblos* en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que *Biblos* fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

Fonte, Ramiro, *Os meus ollos (Vidas de infancia)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 197, 367 pp. (ISBN: 84-9782-074-6).

O narrador desta novela autobiográfica de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) describe, en

terceira persoa, a vila da súa infancia, Pontedeume, ao longo dos once capítulos que configuran a obra e describe diferentes vivencias persoais relacionadas con ela. No primeiro capítulo, "Onde anos", fai referencia aos principais lugares da vila nos que transcorreron os seus primeiros anos (a alameda, o Coliseo, Atocha, a vila do Esteiro, etc.) e, ademais, relata diferentes historias persoais da infancia. No segundo capítulo, "Xogos", fai referencia aos xogos da súa infancia como o cravo, as bolas ou o ía e lembra, mediante fotos antigas, outras anécdotas. No terceiro capítulo, "Rúas Reais", describe algúns locais da vila que provocaban unha especial atracción para os nenos, como a casa de María Somorrostro. No cuarto capítulo, "O frío", fala do tempo do Nadal, da colocación do Belén, das cantigas en familia, dos regalos de Reis, etc. No quinto capítulo, "As Armas", lembra as diferentes persoas que andaban armadas pola vila: o Moeche, que ademais era o matador; o coxo Amado, ferido de guerra, etc. No sexto capítulo, "Mascaras", revive o Entroido, as diferentes formas de disfrazarse e as prohibicións que existían por parte do Réxime. No sétimo capítulo, "O paso contado", rememora os actos vinculados á Semana Santa, prestando especial atención ao Paso. No oitavo capítulo, "Males Menores", dá conta do cambio que supoñía, dentro da rutina diaria, cando estaba enfermo, fala dos médicos que había na vila e das súas experiencias cando tivo que poñer correntes na Coruña. No noveno capítulo, "Flores de papel", recorda a festa dos Maios e as competicións que os diferentes nenos da vila realizaban por ver que grupo de amigos os facía máis grande. No décimo capítulo, "Verán, verán", lembra as actividades que realizaba na etapa estival e aos distintos personaxes que pasaban pola vila neses meses. Por último, en "Sen festas", lembra aquel mes no que non puido saír da casa por ter principios de tuberculose, durante o cal non puido asistir a ningunha festa nin excursión, pero recibiu múltiples visitas.

Recensións:

- Román Raña, 'Un estilo diáfano', *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*, 'Libros', 18 decembro 2003, p. V.

Faise eco da aparición de dúas obras autobiográficas *Aire para respirar*, de Antón Baamonde, e *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte. Desta última di que se enfoca o pasado persoal do autor desde unha perspectiva moi diferente a como se fai en *Aire para respirar*. O primeiro que destaca Román Raña de *Os meus ollos* é que amosa sempre unha vontade de organizar as lembranzas dun modo narrativo empregando diferentes técnicas. Logo di que a obra amosa os episodios puerís do protagonista e resucita o pasado cunha gran calidade sen caer en ningún momento no sentimentalismo, nin na inmadurez. A seguir resalta as mellores cualidades da obra, comezando por un dos coprotagonistas, a vila de Pontedeume. Logo destaca a gran capacidade de selección do amplo material narrativo que posúe Ramiro Fonte para realizar os once capítulos nos que se divide a obra (que son os anos que cumpre o protagonista cando abandona a vila), elixindo os máis importantes. Remata loando a gran calidade literaria da obra, que consegue conquistar o interese do lector.

- Xesús López Piñeiro, 'Crónica sentimental de Pontedeume', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 28.

Comeza afirmando que *Os meus ollos* de Ramiro Fonte, xunto coa *Historia de Pontedeume*

de Antonio Couceiro Freijomil, son dúas obras imprescindíbeis para calquera eumés. Segundo Xesús López Piñeiro, a obra é a historia cotiá de Pontedeume nos anos sesenta. Destaca a súa orixinalidade tanto na estrutura, como no léxico. Remata falando da presentación do libro na que participaron o director de Xerais, Manuel Bragado, que definiu a obra como un ensaio sobre a infancia retomada; o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, que destacou o léxico e os retratos da obra; e o autor da obra que, antes de que o alcalde da vila clausurase o acto, anunciou unha continuación noutro volume da década dos setenta.

Referencias varias:

- N.V., 'Ramiro Fonte: 'As grandes obras universais son localistas', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 7 decembro 2003, p. 9.

Iníciase cunhas palabras do propio autor nas que afirma que, se ben, o que menos lle interesaba antes nas biografías era a infancia, agora decatouse de que é unha etapa moi importante. A seguir informase da recente publicación de *Os meus ollos*, biografía dos once anos que viviu en Pontedeume. Ramiro Fonte destaca que as partes máis difíciles da obra foron os ambientes e tratar con personaxes reais e conclúe que "as grandes obras da literatura universal son moi localistas". Na última parte do artigo recóllense unhas palabras de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, nas que afirma que *Os meus ollos* é un acontecemento editorial de primeira magnitude.

- Vicente Araguas, 'Ramiro', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 21 decembro 2003, p. 64.

Dá conta da aparición de *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte, na que o autor eumés lembra a súa nenez na vila natal. Así mesmo, afirma que a obra ten semellanzas con *Cansinos Assens* de Joyce.

Fraga, Xesús, *A-Z*, Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Alternativas, 179 pp. (ISBN: 84-9782-008-8).

Xesús Fraga (Kensington-Londres, 1971) realiza neste libro de contos unha aproximación á súa cidade natal, Londres, e mais ao mundo da emigración galega partindo da súa propia vida, da realidade londiniense e da ficción. O título *A-Z* está baseado no do rueiro de Londres, que está presente en numerosas narracións; antes dos dez relatos que compoñen este volume aparecen reproducidas dúas páxinas do pasaporte de Xesús Fraga. Neste libro conflúen anécdotas e historias positivas con outras menos favorábeis de emigrantes, como a das limpadoras domésticas, a de Faustino Caínzos ou a de Marcial Dopico, ao ir como xogador de apostas nas carreiras de cabalos no hipódromo Epsom. Tamén hai unha aproximación ao mundo dos graffitis, as respostas de varios emigrantes galegos en Londres sobre preguntas relacionadas coa súa situación e con experiencias londinienses e péchase con "Faragullas de chocolate", que a xeito de epílogo retoma a temática deste volume, así como as vivencias e reflexións do seu autor. Estas dez prosas están imbuídas sempre das lembranzas saudosas de Galicia e contan coa reprodución de palabras e frases en inglés, que están destacadas tipograficamente con letra cursiva.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Narrativa desde o sentimento', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, p. 13.

Aproximación ao novo libro de relatos escrito por Xesús Fraga titulado *A-Z*, que nos leva a un Londres construído dende o foco temático do motivo migratorio, é dicir, da vida e perspectivas dos emigrantes galegos nesa cidade. Trátase, en palabras de Ramón Nicolás, "dunha sorte de axuste de contas co pasado que se solventa con limpeza e axilidade", tamén cun ton natural, pero melancólico e, en ocasións, irónico.

- Ramón Nicolás, 'Londres, infinitos mundos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 20, 'Letras en galego', 2 agosto 2003, p. 7.

O recensionista destaca que *A-Z* é un volume singular xa que afonda con sensibilidade na memoria da emigración galega londiniense e afirma, asemade, que un dos seus focos temáticos sobranceiros é este universo migratorio "que afortunadamente se amosa espido de doses idealistas".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Das olladas e vivencias dentro do A - Z londinense', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 setembro 2003, p. 3.

Sinala que este libro é unha guía sentimental de Londres que ten como núcleo temático a vida dos emigrantes galegos en Londres. Destaca que reconstrúe o microcosmos complexo e orixinal destes galegos, a xeito de memoria vivificada, botando man de evocacións, vivencias persoais e fantasía; sinala, finalmente, que a escrita se caracteriza pola espontaneidade e naturalidade, primando os diálogos.

- Xulio Valcárcel, 'A-Z de Xesús Fraga', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 12 outubro 2003, p. 4.

Neste comentario salientase o feito de que este volume tente reconstruír a vida dos emigrantes galegos en Londres dos anos setenta, partindo da xeografía sentimental da infancia do seu autor. Sublíñase tamén o seu ton autobiográfico e a súa pluralidade focal e remátase cualificándoo como unha equilibrada emoción con gran pericia narrativa.

- Armando Requeixo, 'Rueiros como abismos', *Tempos Novos*, nº 78, 'Libros', novembro 2003, p. 72.

Presenta *A-Z* de Xesús Fraga, salientando que este segue as constantes literarias do seu anterior traballo *Tute para catro* (2000). Sinala que se trata dunha "guía sentimental" do Londres da emigración galega, pondo en relación as coordenadas espaciais da obra coas da súa propia biografía. Subliña, asemade, a desigualdade dos relatos que compoñen a obra,

dos que apunta algún trazo, os máis positivos, pero tamén algún negativo como certos motivos tópicos. En canto ao estilo, apunta a influencia da súa faceta de xornalista na súa escrita, atopando só un defecto, a pésima colocación dos pronomes. Conclúe agardando que o autor mellore as súas "habelencias narrativas", das cales non dubida.

- Laura Caveiro, 'A-Z, de Xesús Fraga', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. V.

Dáse conta da aparición deste libro do que se recalca que nel se pode escoitar a vida cotiá da emigración galega en Londres e, asemade, indícase que o seu autor elaborou nel un xogo de espellos co fin de volver a inventar un tempo da infancia coas xustas doses de melancolía. Esta mesma noticia aparece reproducida baixo o titular de "Contos galegos en Londres" no número trinta e un do suplemento cultural "Saberes" de *La Opinión*, 16 novembro 2003, p. 4.

- Laura Caveiro, 'Contos galegos en Londres', *La Opinión*, 'Saberes', nº 31, 16 novembro 2003, p. 4.

Dáse conta da aparición deste libro do que se recalca que nel se pode escoitar a vida cotiá da emigración galega en Londres e, asemade, indícase que o seu autor elaborou nel un xogo de espellos co fin de volver inventar un tempo da infancia coas xustas doses de melancolía. Esta mesma noticia aparece reproducida co titular de "A-Z de Xesús Fraga" no número cincuenta e oito do suplemento "Faro da Cultura" de *Faro de Vigo*, 6 novembro 2003, p. V.

Referencias varias:

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- Beatriz Abelairas, 'Antologías y abecedarios', *Qué leer día a día*, nº 81, 'Otras letras', outubro 2003, p. 26.

A sección "Otras letras" desta revista, dedicada ás literaturas noutras linguas cooficiais do Estado distintas do español, conta neste número con catro subapartados (catalán, éuscaro, galego e asturiano). No correspondente ás letras galegas, faise referencia a dúas publicacións recentes: *A-Z*, de Jesús Fraga e *Ánxel Fole*, *101 anécdotas*, de Ángel de la Vega. Da primeira indícase que se trata da segunda obra narrativa do autor e que o tema e o espazo comúns a todos os relatos que a conforman son, respectivamente, a emigración e Londres. Canto á segunda, explícase de maneira sucinta que nela se describen máis de cen lances curiosos e humorísticos da vida do escritor lucense. Tamén se fai mención da intencionalidade por parte da Real Academia Galega de confeccionar unha biografía sobre Manuel Murguía.

- Jaureguizar, 'Rodríguez Fer: 'Xesús Fraga afianza co volume de contos 'A-Z' o seu universo literario', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 29 outubro 2003, p. 75.

Fálase da presentación na librería Trama de Lugo deste libro; no acto interviron o seu autor e mais Claudio Rodríguez Fer, quen afirmou que *A-Z* se asenta en "recordos da infancia, apuntes de galego emigrado e coa multiculturalidade de Londres".

- Jaureguizar, 'Os colonizados fan amigos', *El Progreso*, 'Cultura', 30 novembro 2003, p. 83.

Faise unha breve referencia a *A-Z*, indicando que ofrece unha amábel visión de Londres, e destácase a concesión do premio "Rubia Barcia" de narrativa a Xesús Fraga por *Solimán*.

Franco, Camilo, *Por conto alleo*, introdución de Rocío Castro, Vigo: Galaxia, maio 2003, 117 pp. (ISBN: 84-8288-606-1).

Os relatos de Camilo Franco (Ourense, 1963) veñen precedidos dun prólogo asinado por Rocío Castro, "Instrucións para navegar", no que se sinala que *Por conto alleo* é o resultado dun novidoso experimento, realizado en colaboración con Vieiros, que ten moito que ver con dúas das afeccións favoritas de Camilo Franco: provocar e desmitificar. Así, indica que botando man de dous aliados inusuais, internet e os lectores, este experimento literario consistía en escribir diariamente un conto a partir dun par de palabras propostas polos internautas. Indica que a idea de Camilo Franco era achegar os lectores ao proceso de creación, podendo estes condicionar o relato; e tamén pórse a proba. Quería negar a existencia das musas, relativizar o mito da inspiración, reivindicar o oficio de escritor e mesmo mofarse do papel como soporte sagrado da literatura. Continúa Rocío Castro salientando o papel dos internautas, que se implicaron propondo preto dun milleiro de palabras, criticando os relatos e dando ideas ao autor. Así, tras apuntar algúns exemplos do difícil que llo puxeron os lectores cos pares de palabras propostos, opina que este foi o experimento máis interesante que Vieiros realizou nos seus sete anos de existencia, que deu lugar ao primeiro libro electrónico de creación publicado en Galicia. Considera que nos seus relatos Camilo Franco nos ofrece clases de intensidade narrativa e case ningún final feliz, cualificando o autor de escritor antiheroe e descrido. Finaliza sinalando que a maior satisfacción foi permitirlle aos lectores coñecer un autor "inxustamente maldito que só se pode entender nun país que vive na escuridade". O volume componse de cincuenta e un relatos, aos que sigue un "Índice dos remitentes das palabras" e mais un "Índice das palabras", no cal se sinalan as palabras a partir dos cales foron confeccionados os contos. Os relatos, modalizados fundamentalmente através dun narrador omnisciente heterodiexético, teñen unha extensión breve e bastante regular (arredor de páxina e media). Trátase de relatos intensos, cargados de ironía e humor, nos que o argumento, malia partir dunha situación cotiá, evolúe normalmente cara a un final sorprendente.

Recensións:

- Carlos Freire, 'Dúas palabras túas bastará para crear', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, pp. 9-10.

Comenta a obra de Camilo Franco, *Por conto alleo*, unha colección de textos que se publicou inicialmente na canle de internet *Vieiros*. Explicanos que se trata dun experimento que fai da literatura un xogo implicando aos lectores no proceso de creación; o xogo consiste en escribir en cincuenta noites outros tantos relatos independentes, narrados en terceira persoa, nos que deberán aparecer forzosamente dúas palabras propostas durante o día polos navegantes da rede. De seguido, pasa a indicarnos os diferentes problemas cos que o autor se puido atopar, entre eles, captar a atención do usuario, polo que Camilo Franco empregaría unha prosa "ambigua, misteriosa, estraña xa desde a primeira ollada", xunto cunha ironía moi persoal. Esta obra demostra que "a literatura que se fai hoxe en día xa asimilou tanta a sintaxe como as formas da nova tecnoloxía", en palabras de Freire.

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Faise eco da publicación pola editorial Galaxia, na nova colección Illa Nova, do libro *Por conto alleo*, de Camilo Franco, creado dentro dunha proposta innovadora e cunha clara intención participativa que achega aos lectores todo o proceso de creación: escribir durante cincuenta noites un conto a partir de dúas palabras elixidas entre as propostas dos internautas durante o día no portal *Vieiros*; é, pois, todo un xogo metaliterario. Nesta mesma noticia inclúese unha recensión da obra *Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas* (2002) de Luciano de Samosata e tres breves recensións das seguintes obras: *Non hai misericordia*, de Xelís de Toro; *Nin Berlín*, de Xosé M. Gayoso; e *Mago por correspondencia*, de Joles Sennell.

- F. Martínez Bouzas, 'Por conto alleo', a literatura vai da rede á letra impresa', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 2.

Tras explicar o proxecto de Camilo Franco e *Vieiros* que deu orixe á obra, sublíñase que a principal novidade desta non é o soporte empregado, senón a forma orixinal de concibir a creación literaria ao relativizar o mito da inspiración e rachar co concepto tradicional de autor que escribe inspirado polas musas. Así, segundo Martínez Bouzas, grazas ás posibilidades que ofrece internet, Camilo Franco e *Vieiros* esnaquizaron os mitos inamovíbeis sobre o papel do escritor e do lector, permitindo que este último teña unha participación activa na xestión dos relatos, achegando coa parella de palabras propostas o marco configurador do argumento. Saliéntase que o resultado son verdadeiros relatos cheos de calidade narrativa, subvertidos con grandes doses de ironía, enxeño e humor, e recoñécese o desafío que moitos deles supuxeron para o maxín do autor. Finalmente destácase a habelenciosa condensación dos relatos e o feito de seren capaces de transmitir argumentos críbeis e intelixíbeis tirados do vivir cotiá, sinalando tamén que en letra impresa non perderon nada do seu frescor e atrevido desenfado.

- Héitor Mera, 'Nova literatura para os tempos da internet', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 27.

Comeza afirmando que Camilo Franco destaca na narrativa galega actual pola súa

receptividade ás novas tecnoloxías, por todo aquilo que poden engadir aos seus escritos. Apúntase que a obra é froito deste interese, que ten unha dupla funcionalidade cara ao lector: o da interpretación e o da reflexión e teorización literaria, abocando mesmo a aqueles lectores non instruídos na crítica e teoría literaria a pararse a pensar sobre os límites da creación literaria. Así, tras explicar o proxecto conxunto con Vieiros que deu orixe ao libro, reflexiona sobre os preconceitos dos escritores que pensan que o acto creativo só se debe dar en condicións óptimas de tempo e lib, ao facer aparecer os retos destas características a inspiración que quizais doutro modo non aparecería. A seguir indícase que nestes cincuenta mini-relatos o significado comprímese expondo, polo xeral, situacións que se poderían considerar normais e que, polo tanto, poderían facernos crer nun final agardado; no entanto, o final é sempre explosivo e afástase do normalmente axeitado dentro da lóxica do lector, creando unha sensación de estrañamento importante polo abraiante do mesmo. Deste xeito, Heitor Mera afirma que unha das cousas que máis valora do libro é a súa capacidade de enganchar o lector pola súa frescura, a pesar das eivas autoimpostas polo autor para comezar a traballar. Así, finaliza sostendo que este libro terá que ser tido en conta no futuro como experimento literario digno da vangarda máis auténtica e fuxidía da extravagancia fácil.

- Ramón Nicolás, 'Por conto alleo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 20 novembro 2003, p. IV.

Ramón Nicolás sinala que con esta obra, xunto coa de Manuel Darriba, a editorial Galaxia resucita a histórica colección "Illa nova". A seguir explica o orixinal proxecto que deu orixe a este conxunto de relatos, indicando que esta concepción do traballo literario vai alén da relación canónica establecida entre autor e lector, ao se tratar dun traballo creativo nado baixo a perspectiva de cumprir cun compromiso adquirido anteriormente, o que implica a plasmación desmitificadora de novos supostos que poden ser aplicábeis á creación literaria. Afirma que Camilo Franco resolve audazmente o compromiso cumprindo coas expectativas máis esixentes, e sostén que a retroalimentación que se produce enriquece as partes recepcionais e autorais. Por outra banda, Ramón Nicolás salienta a exhibición irónica e enxeñosa como un dos recursos que máis e mellor caracterizan ao autor, indicando que as narracións están construídas con agudeza e enxeño, dotadas dunha sintaxe contida, con trazo breve e rotundo. Así, sinala que estas deixan de lado o secundario e reflicten realidades actuais, por veces esmagantes e sedutoras, resoltas case sempre cun final que busca subverter a lóxica agardada. Finaliza afirmando que a destes minirrelatos é unha distancia na que Camilo Franco sabe moverse con especial habelencia, sabedor de que a tensión narrativa e limitación espacial, unidas neste caso á presión temporal, son elementos que cómpre ter en conta para xogar con eles acadamente.

Referencias varias:

- Maré, 'A nova Illa Nova', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 53.

Anuncia a presentación da nova etapa da colección "Illa Nova" de Galaxia, subliñando o obxectivo desta. Así mesmo, alude aos dous títulos que a reinauguran, *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Da primeira sinala a "sutil ironía" e da segunda "o novidoso experimento" que a orixinou.

- Maré, 'Os códigos que veñen', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xuño 2003, p. 42.

Recolle o máis relevante da presentación dos dous primeiros libros da colección "Illa Nova" en Santiago, destacando as expectativas dos responsábeis de Galaxia. Achega a caracterización que Carlos Lema fixo de amba as obras. Así, afirma que de *Accidental* salientou a influencia dos narradores norteamericanos e de *Por conto alleo* "a parodia de xéneros".

- Concha Pino, 'Galaxia recupera a colección Illa Nova para dar saída a novas linguaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 38.

Salienta o comezo da nova xeira desta colección co obxectivo de acoller "textos que aporten unha mirada diferente e renovada". Recolle, así mesmo, a opinión de Carlos Lema sobre as obras que a abren, apuntando que vencellou *Accidental* coa narrativa americana, concretamente con Richard Ford, e destacou de *Por conto alleo* a variedade de rexistros e a ironía. Remata pondo de relevo o deseño de "Illa Nova".

- C.B./F.P., 'Galaxia abre con Darriba e Camilo Franco a porta á literatura que vén', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 75.

Fai referencia ao acto de presentación de "Illa Nova", destacando a finalidade desta e recordando algo da súa historia. Ademais, refírese a descrición que Carlos Lema, de Galaxia, realiza dos títulos que a reinauguran. Indica que na obra de Manuel Darriba hai unhas influencias concretas e destaca "o alleamento" e "a irracionalidade" que a definen. Céntrase, logo, no libro de Camilo Franco, subliñando a súa "brevidade, provocación intelectual e desmitificación".

- Carme Vidal, 'Camilo Franco. 'A ironía é a máis fecunda das ferramentas do escritor', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 36.

Nesta entrevista Camilo Franco reflexiona criticamente sobre algúns aspectos da literatura galega, como o exceso de poesía estetizante, o medo á discrepancia ou a situación da novela. Considera que, desde o punto de vista creativo, a novela completou un ciclo vencellado á sociedade burguesa, pero que agora estamos nun tempo diferente. Aposta polo relato breve seguindo a teoría de que ao sermos incapaces de percibir todo o que nos pasa tampouco podemos contalo, polo que é máis coherente contar as cousas fragmentariamente. Fala da necesidade de reflexión na novela galega desde o momento actual, considerando que se manteñen discursos do pasado cando a sociedade cambiou, sendo necesaria a entrada de ar fresco. Defende a capacidade da literatura como instrumento de análise, e reivindica a ironía como a máis fecunda das ferramentas do escritor e tamén como maneira de mirar. No tocante a *Por conto alleo* subliña o carácter metafórico e desmitificador do proxecto, demostrando que os escritores poden escribir por encargo, dun día para outro sen que a escrita se resinta. Sinala o seu carácter pioneiro, e reflexiona sobre a tensión de publicar

diariamente e a relación entre xornalismo e literatura. Finaliza a entrevista abordando o seu seguinte experimento na rede, *Necesariamente X*, que Camilo Franco define como un experimento filosófico e político co que pretendía analizar a sociedade desde un produto cultural pouco valorado como a pornografía, alén de provocar e desmitificar.

- Xulio Valcárcel, 'Relanzamento de Illa Nova', *El Ideal Gallego*, nº 262, 'Páxina literaria', 15 xuño 2003, p. 4.

Alude brevemente a esta iniciativa de Galaxia, así como ás dúas obras coas que comeza, dando unhas brevísimas pinceladas de cada unha.

- Alfredo Conde, 'Catatas breves e felices', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 xuño 2003, p. 4.

Fai referencia á presentación da colección "Illa Nova" ás primeiras obras publicadas; recorda, así mesmo, cando el mesmo publicaba neste espazo literario hai trinta anos.

- Jaureguizar, 'Humilde', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 22 xuño 2003, p. 6.

Jaureguizar reflexiona sobre os diferentes tipos de autopromoción ao que recorren os autores para melloraren as vendas das súas obras, desde o neoenxerbrismo de Manuel Rivas ao vangardismo de Suso de Toro ou ás camisetas de Yolanda Castaño. A este respecto, comenta como o provocador Camilo Franco, o día despois de que esta última presentase *O libro da egoísta* cunha camiseta na que se lía "Humilde", apareceu ante os medios para falar de *Por conto alleo* cunha camiseta na que se lía "Machote". Para o articulista a denuncia sarcástica de Camilo Franco pon en evidencia "as xeiras que teñen ou buscan padecer os escritores que queren sacar a cabeza no magma de esquecidos que atrapa ós artistas que enceitan carreira".

- R. L., 'Por conto alleo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Infórmase de que chegou ás librarías *Por conto alleo* de Camilo Franco da man da resucitada colección Illa Nova. Indícase que se trata de cincuenta relatos nados das suxerencias doutros tantos lectores, cuxa publicación supón un acerto máis da editorial Galaxia. Saliéntase a coidada edición e a fermosa cuberta, cualificando a obra de Camilo Franco como "literatura con maiúsculas", e establecendo un paralelismo entre estes relatos e as fotos de Vari Caramés por seguiren uns e outros dando voltas na cabeza por máis que un peche os ollos.

- Xosé Freire, 'Da experiencia virtual ao libro en papel', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 27.

Fai referencia á resurrección das coleccións Illa Nova e Dombate, apuntando a súa magnífica fasquía. Define *Por conto alleo* como un achegamento da tensión, da presión de

escribir por encargo, cun tempo limitado e condicionado polos internautas. Logo de parafrasear as palabras do prólogo de Rocío Castro explicando a xénese da obra e a intención do autor, cualifica a obra de Camilo Franco como literatura de lectura rápida, que deixa "pouso e resaca", e que foxe da calma, da reflexión prolongada e da corrección. Así, tras sinalar os puntos en común que garda esta experiencia co xornalismo, finaliza indicando que estamos ante un libro de contos curtos, inmediatos e frescos.

- Marcos Valcárcel, 'Por conto alleo', *La Región*, 'Sociedad', 16 xullo 2003, p. 69.

Sínálase que Galaxia recupera a colección Illa Nova, que quere manter o espírito de pulo ás propostas novidosas e rupturistas, e que dita colección se estrea coa novela *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco. Tras explicar o experimento polo que se xestou o libro, considérase moi suxerente o resultado en formato libro, destacando a variedade de mundos creados e sinalando a presenza en todos eles do xogo metaliterario, frescura imaxinativa, estética fragmentaria e alento renovado. Salienta que malia que os lectores non llo puxeron doado, Camilo Franco non só aceptou o reto senón que soubo manter unha nidia unidade de estilo que amosa o seu amplo oficio literario.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Fuentes Castro, Xoán, *A torre no deserto*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, maio 2003, col. Nume, 258 pp. (ISBN: 84-95622-89-0).

Esta é unha novela que recrea unha sociedade ficticia na que unhas leis impostas por xerarquías descoñecidas controlan ao individuo por medio dunha opresión silenciosa que limita a súa liberdade e os seus sentimentos. A obra entronca coa temática doutras como *Un mundo feliz* de A. Huxley ou *Fahrenheit 451* de R. Bradbury. Xoán Fuentes Castro (San Vicente do Grove, 1932) recrea unha fantasía terrorífica na que un home automeado Brais é castigado e obrigado a viaxar cara a un lugar que parece non existir. Todos os que pasan ao seu redor e cos que xorden afectos e relacións acaban derrumbándose nunha espiral de traxedia e desatino. Fuentes Castro emprega a terceira persoa omnisciente de xeito case total ao longo da obra pero as rupturas temporais con saltos ao pasado e ao futuro e a introdución de pequenos relatos dentro da obra axudan a crear unha miscelánea de cadros que se superpoñen. O propio título da obra procede dun deses relatos que aparecen no medio da historia. O amor, a inocencia da infancia, a pureza dos sentimentos, a violencia física ou calada, a morte e, por suposto, a liberdade do individuo e a súa opresión son algúns dos temas que flotan dentro desta metáfora social. A linguaxe coidada, de grande lirismo (quizais excesivo nalgunha ocasión), caracteriza todo o discurso.

Recensións:

- Ramón Caride, 'Notas para a presentazón de A Torre no Deserto', *Diario de Arousa*,

'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 39.

Fai referencia á última novela de Xoán Fuentes Castro; comeza describindo os dous paisaxes nos que se desenvolve a historia e sinala que entre eles se crea unha marabillosa parábola que trata de grandes cuestións sociais e das cousas máis cotiás. Afirma que esta é unha novela das que xa non abundan e destaca a súa estrutura; eloxia a labor do autor e fai fincapé no contraste existente entre a dureza do relato e a delicadeza dos sentimentos dos personaxes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A quentura dos sentimentos contra a friaxe do sistema', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 28 setembro 2003, p. 3.

Fala da publicación da novela *A torre no deserto* de Xoan Fuentes Castro. Dise dela que entronca coa tradición de "historias-pesadelo" pero que reflicte parte da situación do actual sistema social. Coméntase que o autor debuta na narrativa despois de ter no seu haber varias traducións de autores foráneos. En palabras de Francisco Martínez Bouzas, a obra non describe relacións humanas senón "o monstro totalitario, un antagonista inhumano que se absolutiza". Unha sociedade na que os donos do sistema cubren as necesidades básicas, un mundo libre de contrastes, a ausencia de calquera aventura persoal, o absurdo e un final pouco convencional son algúns dos aspectos atribuídos neste artigo á obra de Xoan Fuentes Castro.

- Laura Caveiro, 'A torre no deserto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. IV.

Laura Caveiro comeza facendo unha breve sinopse argumental dun dos relatos que se mesturan na trama da novela e que dá nome ao libro: *A torre no deserto*. Fala de que o autor harmoniza os personaxes cos lugares nos que se moven: sombríos, á busca da liberdade en contra dunha sociedade rexida por leis que controlan "dedos ocultos e poderosos". En torno a estas ideas, e presentando brevemente aos personaxes e as súas vidas, xira o presente artigo.

Referencias varias:

- Marta de Sinllán, 'Una galería de personajes inunda las calles santiaguesas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 xullo 2003, p. L6.

Dentro deste artigo sobre actos culturais varios atópase unha pequena columna que se refire á presentación da obra *A torre no deserto*. Coméntase que Xoan Fuentes Castro, tras ser autor de varias traducións, publica a súa primeira obra narrativa. Na presentación definiu o libro como "un canto á resistencia humana" e afirmou terse namorado dos personaxes.

Galego Gen, Ana M^a, *O malfadado ano no que perdín a moza por culpa dun robot, porque as desgracias sempre veñen mal acompañadas*, II Premio de Narrativa "Historias na Universidade", Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2003, col. Historias na Universidade, nº 2, 44 pp. (ISBN: 84-9750-139-X).

Relato presentado en forma de carta no que o protagonista, Toño, -en primeira persoa- lle conta a Ricardo unha historia de amor inserta nun espazo eminentemente universitario (convén recordar que se trata da obra gañadora do II Premio de Narrativa da USC). Logo de facer contínuas referencias a contornos e vivencias dos primeiros momentos na Universidade de Santiago, este estudante de Filoloxía preséntanos aos seus amigos Luís e Xoán, dous estudantes de Físicas e Dereito de gustos francamente contrapostos e cos que lle xunguía a amizade xurdida no seo da Residencia na que vivían (polas referencias espaciais trátase do Colexio Maior San Agustín). Na metade do relato, aparece en escena unha compañeira de clase da que Toño se namora: Clara; tras detallar os acontecementos das primeiras épocas de frustrado namoramento e deixar patente a imposibilidade que albisca para acadar unha relación seria con ela, opta por "lanzarse" e prepararlle unha grande sorpresa no día do seu aniversario. Pero o resultado da mesma non é o agardado e todo desemboca nun moi sorprendente final. A trama transcorre en diversos ambientes, aínda que como se deixou entrever nas liñas iniciais, todos teñen en común ser os habitualmente frecuentados por universitarios. Así mesmo, o tempo durante o que se desenvolve a acción non ten uns límites diáfanos, pero si aparecen tres grandes referencias: o inicio do curso, os exames de febreiro e os resultados de xullo, polo que se pode enmarcar, aproximadamente, nun curso académico; ao tratarse dunha carta escrita a unha terceira persoa na que se conta o que sucedeu durante ese curso, redáctase en pasado, finalizando cunha pequena referencia ao presente. Todo isto, escrito nunca linguaxe directa e coloquial a pesar da presenza de varias formas cultas e tecnicismos referentes ao mundo da literatura.

García Mañá, Luís, *Menino morreu*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, nº 189, 167 pp. (ISBN: 84-8302-944-8).

Menino Morreu é a última entrega da serie de narrativa histórica iniciada por Luís M. García Mañá (Ourense, 1950) con *O lume de Santo Antón* (1997). A trama desta novela de intriga está situada na que foi unha peculiar república independente ata 1864: o Couto Mixto, comunidade formada polas aldeas de Rubiás, Santiago e Meaus e localizada na área limítrofe galego-portuguesa da Raia Seca. A acción desencadéase en agosto de 1858 (e non 1958 como se indica na contracapa), cando aparecen asasinados na Serra da Pena o enxeñeiro de minas Mr. Betton e mais o seu axudante, enviados polo goberno portugués á procura de ouro na zona. Nemesio Castro, un galego emigrado no Brasil que tiña traballado para o goberno civil de Ourense con anterioridade a estes feitos, é chamado de volta ao país para tentar esclarecer o misterio destas mortes. Deste xeito vén axudar, como membro do Servicio Exterior da Súa Maxestade dona Isabel II, ao diplomático español Fidencio Bourman nos traballos encamiñados a pór fin á situación irregular da zona, onde non se pagaban impostos, non se recrutaban homes para as guerras e se agochaban fuxidos da xustiza dos dous países veciños. Para a Comisión de Lindes hispano-lusa creada con tal propósito traballa tamén o embaixador español en Lisboa Nicomedes Pastor Díaz, ao que vemos manter correspondencia co matrimonio amigo formado por Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Tras realizar as súas pesquisas, desprazándose ata as terras de Ourense, Calvos de Randín, Celanova e do Couto Mixto, Castro chega á conclusión, grazas a unha

partida de cartas, de que o culpado do asasinato da Serra da Pena é unha escura personaxe alcumada o Brasileiro, home de mil oficios, entre os cales está o de sanador sen escrúpulos, e que maltrata a súa muller, quen acaba por fuxir co cura. Así, a modo de historia paralela, observamos cómo esta figura exerce de curandeiro co "menino" da tía Pementa de Paradela, a feble saúde do cal é confiada ás ladaíñas que o Brasileiro prega a cambio dos poucos cartos da familia do desgrazado rapaz, que acaba por morrer. Finalmente o impostor é detido ao ser acusado por Nemesio Castro de ter acabado coa vida do enxeñeiro da Betton Mineralogy Company de Londres. Con esta obra García Mañá rescata un espazo e un tempo esquecidos da nosa historia.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un retallo na vida do Couto Mixto', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 marzo 2003, p. 3.

Comeza por salientar Martínez Bouzas o feito de que *Menino morreu* é unha nova incursión do autor no xénero detectivesco e na recuperación da memoria histórica, dando así continuación, segundo sinala, ao ciclo que iniciara con *O lume de Santo Antón* (1997). Ocúpase despois de subliñar que, con obras coma estas de García Mañá e algunhas outras (cita *A quinta do Saler* de Antón Riveiro Coello), demóstrase que o Couto Mixto "está a xurdir de novo con forza" nos campos da narrativa e da historiografía. Finalmente, detense no argumento da novela destacando a "amenidade" con que está relatado e a capacidade do autor para reconstruír a realidade das terras mixtas.

- Ramón Nicolás, 'Ficción no Couto Mixto', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Letras en galego', 5 abril 2003, p. 4.

Tras repasar rapidamente a liña argumental de *Menino morreu*, o autor desta recensión insiste en advertir que a novela de García Mañá é moito máis ca unha mera "trama detectivesca" entretida. Así, céntrase en destacar o que o texto ten de "reconstrucción arqueolóxica" e tamén de "literaturización" do enclave do Couto Mixto.

- Xosé M. Eyré, 'O retorno do detective Nemesio Castro', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 32.

Despois de glosar o contido argumental de *Menino Morreu*, indícase que este libro supón o regreso do detective Nemesio Castro ao Couto Mixto despois de *O lume de Santo Antón* (1997). Explica cales son as peculiaridades desas terras fronteirizas, e a continuación sinala como un acerto de Luís García Mañá a súa "preocupación por non caer no estático cadro de costumes". Comenta que o libro podería ter sido "a grande novela do Couto Mixto" pero que se limita, a propósito, para ser unha novela de intriga onde o fundamental é a acción; críticalle certa obsesión por abreviar e continuar a trama, en detrimento da profundidade do relato; e bota en falta máis "claridade" nos primeiros capítulos. Por último, nun balance final de conxunto, aprecia a novela como unha obra de lectura amena e cunha realidade histórica ben reconstruída, e convida ao autor a "atreverse con metas máis ambiciosas".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Menino morreu', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. V.

Iniciábase este comentario cunha explicación histórica sobre o Couto Mixto, ao que, segundo afirma, homenaxea a novela de Luís García Mañá: *Menino morreu*. Clasifícaa dentro do xénero detectivesco, e repasa para desmostralo todos os elementos que a conforman: o móbil, o protagonista, as mortes, etc. Considera, non embargantes, que o texto supón ademais diso "a recuperación por vía ficcional da memoria histórica" das terras dos Mixtos.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'La 'historia pendiente' de García Mañá', *La Región*, 'Cultura', 15 febreiro 2003, p. 67.

Entrevista con Luís García Mañá, comisario xefe de Ourense e autor de *Menino morreu*, na que se analiza a xénese e características desta novela. Así, o escritor explica que retoma a serie iniciada con *O lume de Santo Antón* (1997) porque non quería deixar morrer o personaxe de Nemesio Castro. Comenta que as súas novelas son froito da investigación e que nelas aparecen, ao lado de protagonistas ficticios, personaxes históricos e outros inspirados en persoas totalmente reais. Desvincula a súa profesión do xénero negro ao que se ten dedicado como escritor, e indica que para el este último oficio é un puro "hobby". Finalmente, anuncia a posibilidade de tocar na súa próxima publicación o tema do afundimento do petroleiro Prestige, enfocándoo concretamente a través das sociedades de salvamento que interviron na catástrofe.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 3 abril 2003, p. VII.

Achéganos algunhas notas sobre o esquema narrativo da nova novela de Luís García Mañá, *Menino Morreu*, indicándonos que o protagonista é Nemesio Castro, o mesmo de *O lume de Santo Antón*.. Ademais do devandito libro, na mesma columna repásanse moi brevemente os fíos argumentais doutras obras publicadas o pasado 2002, como son a tradución da obra de Herbert George Wells *A máquina do tempo*; o álbum infantil titulado *O lobo*, de Xan Rodiño e María Lires; e mais a tradución ao galego de *O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry.

- Amaia Mauleón, 'Me interesa la trastienda humana del Couto Mixto', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 abril 2003, p. 61.

Nesta conversa co comisario xefe de policía de Ourense e autor de *Menino morreu*, que se viña de presentar no día anterior, o entrevistado comeza por resumir en qué consistía o enclave do Couto Mixto, territorio no que se ambienta a novela. Explica, así mesmo, que o seu interese polo mesmo xurdiu cando era moi novo, dado que a súa nai naceu nunha zona proxima e escoitaba contar historias sobre o Couto. Por último, insiste en que non lle atrae

tanto o xénero policial como a antropoloxía cultural e a historia de Galicia, e que en *Menino morreu* "la intriga y las muertes que investiga Nemesio son sólo una excusa para tratar la vida de esas personas que vivían en el Couto Mixto".

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 abril 2003, p. 67.

Refírese Marcos Valcárcel á presentación na cidade das Burgas da terceira novela de Luís García Mañá, *Menino morreu*. Sinala que o verdadeiro protagonista do libro é o Couto Mixto, que malia ter desaparecido xuridicamente se conserva na memoria grazas a incursións literarias coma esta de Mañá, como a de Antón Riveiro Coello en *A Quinta de Saler*, ou como a de Méndez Ferrín no conto "O Exclaustrado de Diabelle".

- Marcos Valcárcel, 'Menino morreu', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 16 abril 2003, p. 61.

Comenta a presentación, no Liceo de Ourense, do libro *Menino morreu*, terceira novela de Luís García Mañá. Loa a capacidade do autor para retratar nela o ambiente do Couto Mixto durante o século XIX, pero tamén outros espazos como son os de Vigo, Celanova, Ourense, Lisboa ou Brasil. Finalmente, subliña a aparición de personaxes históricos no texto, como Nicomedes Pastor Díaz ou Fidencio Bourman.

- Marcos Valcárcel, 'Catorce de abril, Bagdade, un papel de cidadáns', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 18 abril 2003, p. 2.

Nesta columna o autor toca, entre outros temas diversos, a aparición de *Menino morreu*, de García Mañá. O fragmento que lle dedica ao libro coincide co texto do "Pan por pan" publicado en *La Región* o 11 de abril, onde se refería a el como unha mostra, entre outras coma as de Xosé Luís Méndez Ferrín ou Antón Riveiro Coello, de que o Couto Mixto sobrevive na literatura trala súa "morte" como enclave xuridicamente independente

- A.N.T., 'Luís García Mañá, 'De non tomar medidas o Couto Mixto morrerá', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Fin de semana', 24 xuño 2003, p. 33.

Trátase da reprodución dunha entrevista realizada a Luís García Mañá, autor do libro *Menino morreu*. Nela, o escritor comeza por indicar que esta novela xorde como unha necesidade de pasar á ficción as pesquisas rigorosas que tiña realizado para a publicación do estudo *O Couto Mixto, unha república esquecida* (2000). Deténdose despois nas personaxes, explica que conxuga as históricas coas ficticias e que a que lle dá nome ao libro "simboliza o pasamento da república independente do Couto". Por último, advirte que a realidade actual do Couto Mixto nada ten que ver coa que el mesmo rescata na novela.

Gayoso, Xosé M., *Nin Berlín*, Lugo: Veniaisedicións, 2003, 133 pp. (ISBN: 84-607-7611-5).

Este libro, que carece tanto de índice coma de prólogo, comeza directamente cun pequeno texto enumerado (número 1) no que o escritor expón a súa intención de deixar os seus personaxes coas súas historias totalmente nus ante o lector, como se dunha obra teatral se tratase: "pano arriba e ide saíndo". A continuación sucédense corenta e oito textos que perfectamente se poderían denominar cadros, nos que efectivamente os personaxes se van espindo ante o lector a través da exposición dos seus problemas persoais, sociais e mesmo psicolóxicos. Para a súa presentación Gayoso alternou a narración lineal dos acontecementos con conversas inconexas, con monólogos e reflexións internas dos protagonistas. Neles foi expoñendo as desgrazadas vidas de varias persoas pertencentes á mesma aldea (unha aldea inconcreta, que podería ser calquera lugar do mundo), que segundo vai avanzando o libro vanse desvelando as relacións existentes entre eles e o vínculo que os une a todos: unha vida truncada e o desexo incumplido de cambiar. O sexo preséntase na maioría dos casos como única vía de escape e como o único pracer momentáneo desta vida. O texto número cincuenta pecha o libro cunha serie de interrogacións que o autor lle dirixe tanto ao lector coma aos propios protagonistas, a cerca da súa identidade, dando a entender que unha vez lidas as historias todo se esborralla, nada permanece, nin tan sequera Berlín, que era a cidade que algúns dos protagonistas poñían como solución ás súas vidas truncadas. Remata cun "caia o pano e o sudario sobre todos vós".

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería Galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Recensión sobre a novela *Nin Berlín* de Xosé M. Gayoso, publicada por Edicións Veniaisedicións aparece definida como unha novela "descompuesta en múltiples voces que, obedientes, acoden á convocatoria final dalgún xeito de desesperanza". A noticia inclúe recensións de *Diálogo de deuses*, *Diálogos de prostitutas* (2002), de Luciano de Samosata, e de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, así como breves recensións ás obras *Non hai misericordia* (2003), de Xelís de Toro, e *Mago por correspondencia* (2003), de Joles Sennell.

- Xosé M. Eyré, 'A emoción do voyeur', *A Nosa Terra*, nº 1.100, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 26.

Comeza valorando a forma que tivo de presentar esta novela Xosé Manuel Gayoso, omitindo o narrador en todo o que se conta ao longo dela. Este só aparece tres veces: no comezo, para advertir ao lector da súa intención de deixar que as personaxes se manifesten por elas mesmas, sen estorbos nin intromisións, a modo de teatro; no derradeiro texto do libro, para establecer algunha conclusión; e no título, que -segundo Eyré- é onde está a

verdadeira conclusión, o inicio de todo: un Berlín que necesitan os protagonistas como evasión e que "necesitamos todos nalgún momento das nosas vidas". Engade que esta falta de narrador lle parece unha estratexia narrativa moi deliberada e racional, porque ao deixar que as personaxes sexan as narradoras de si mesmas implica profundamente ao lector ata o punto de transformalo nunha especie de *voyeur* "ao que todo se lle filtra dende as palabras aliñadas en cada páxina". O xornalista segue comentando que "despois de se erguer o pano" sucédense corenta e oito capítulos de dimensións moi variábeis, pero tendendo á máxima brevidade, e nos que se presenta unha historia de mortes, medos, amores, familias enfrontadas, mulleres maltratadas, homes rudos e insensíbeis... que sitúa en Galicia, pero que ben poderían pertencer a calquera outro lugar do mundo.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A editorial Veniaisedicións preséntase con dúas novelas', *El Progreso*, 'Cultura', 8 xullo 2003, p. 61.

O xornalista anuncia a creación dunha nova editorial lucense a cargo de Xosé Manuel Gayoso e Basilio Cobo. Para a presentación de Veniaisedicións, os seus responsábeis optaron pola presentación de dúas novelas: unha delas da propia autoría de Gayoso, *Nin Berlín*, a que define coma unha historia de fracasos e frustracións dunha serie de personaxes que viven nun ambiente hostil, de mentira e de violencia; do outro libro co que abren a editorial, *A transfusión*, dun autor que asina Básico Rodríguez, di que se trata dunha crónica burlesca e desmitificadora que vai dende o final do franquismo á chegada da democracia ambientada en Santiago. Por último declaran que as pretensións de Veniaisedicións son as de crear un recanto de liberdade, no que se poida publicar en galego, en español e mesmo en portugués e en calquera xénero literario.

- Francisco Albo, 'Non nos interesan os poetas que imiten a Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Lugo', 22 xullo 2003, p. L2.

Conversa con Basilio Cobo Rodríguez, quen xunto con Xosé Manuel Gayoso, vén de crear A Gracia. Veniaisedicións. Comenta que esta editorial se inaugura coas obras: *A transfusión*, da súa autoría e que se sitúa na época da transición posfranquista; e *Nin Berlín*, de Xosé M. Gayoso, a outra obra coa que presentan esta editorial, descríbea como unha novela na que se aborda o mundo rural dende unha óptica descarnada, moi diferente da que se soe escoller para tratar a ruralidade galega, case sempre dende un punto de vista moi melancólico. Por último, Basilio Cobo fala deste novo proxecto editorial, do que di ter nacido porque aos dous lles gusta moito a literatura, e que teñen pensado editar libros en castelán, en galego e mesmo en portugués; así mesmo, sinala que teñen moi claro a non edición de obras repetitivas que se parezan demasiado a cousas xa expresadas na literatura galega.

Gonsar, Camilo, *A noite da aurora*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Literaria, nº 197, 206 pp. (ISBN: 84-8288-644-4).

Despois de oito anos sen publicar ningún libro, Camilo Gonsar (Sarria, 1931) retoma o

xénero narrativo con *A noite da aurora*. Presenta a obra cunha breve nota na que lle explica ao lector que o encontro co que inicia a historia foille suxerido pola súa muller, pero que todo o demais é pura ficción; a continuación insire uns versos de Manuel Antonio do libro *De catro a catro* e un anaco de *Etnografía* de Vicente Risco. A novela está artellada nunha ducia de capítulos nos que o autor desenvolve a historia de tres amigos dunha vila galega que deciden separarse trinta anos e despois volverse xuntar, pase o que pase coas súas vidas nese período intermedio. No primeiro capítulo, tal e como indica o seu título - "O encontro" - nárrase a coincidencia de dous galegos en Reikiavik, que están a trocar cartos nun banco. Este encontro casual emprégao o autor como recurso narrativo para presentar ao narrador, xa que un destes galegos contaralle esta historia dos tres amigos para que a novele. Para a presentación dos tres personaxes e das súas historias Camilo Gonsar elixiu como espazo unha cantina na que estes se daban cita habitualmente. Aí vanse configurando os protagonistas, ben a través dos seus propios feitos e palabras, ben a partir das descrições do narrador, e ese mesmo lugar é o seleccionado para o reencontro final. Ao abeiro das peculiares vidas que os tres mozos levan nunha pequena vila do interior de Galicia na época da posguerra, o autor vai retratando a cotianeidade galega desta época e resaltando as diferentes posturas e actitudes da xente respecto da guerra. Cabe destacar o paso do tempo e o río, dous elementos que serven de fío conector na novela e que están cargados de simboloxía.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Música e sempre palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 14 decembro 2003, p. 51.

Comeza o artigo invitando ao lector a que lea esta nova entrega narrativa de Camilo Gonsar, por se tratar -segundo el- dun dos mestres da narrativa galega contemporánea. Di que a novela consta de duascenas seis páxinas maxistras e desenvolve o argumento, engadindo que se trata dunha reflexión xenial sobre o destino, unha mostra excepcional de sabedoría narrativa, pola que soubo situar cada cousa no seu sitio, dende o encontro co banqueiro ata o desenlace das historias dos tres amigos, pasando pola cantina, o retorno e o tempo. Remata coa mesma liña eloxiadora, destacando da obra unha metodoloxía impecábel que el equipara ao "labor minucioso dunha excavación no fonal que sempre existe na memoria dos seres humanos".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Camilo Gonsar pasea por Reikiavik', *El Progreso*, 'Cultura', 2 novembro 2003, p. 85.

O xornalista comenta que Camilo Gonsar retorna á narrativa galega, tras oito anos de silencio, con *A noite da aurora*, unha obra que empeza co encontro de dous galegos en Reikiavik e na que Lor, un personaxe fluvial, lle conta ao outro o que foi a súa vida nunha vila de Galicia que "nunca recende a salitre". Continúa resumindo o argumento da novela e remata dicindo que a obra está contada co estilo conciso e preciso que caracteriza a Camilo Gonsar.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

- C.F., 'Tentei abordar o cambio da percepción do tempo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2003, p. 39.

Entrevista a Camilo Gonsar con motivo da publicación de *A noite da aurora*. O autor de Sarria sinala que na súa nova obra o tempo adquire un gran protagonismo, debido a que na actualidade os cambios no tempo son dramáticos, provocando que o lugar ao que volve o protagonista sexa totalmente diferente, o que configura a percepción do tempo como unha derrota. Tamén se refire aos personaxes, que cualifica como inadaptados voluntariamente, como xeito de evasión, contraditorios, inmersos nunha realidade moi complexa na que non se poden facer afirmacións categóricas. Remata aludindo á importancia que adquiriu sempre o río nas vilas do interior como lugar de diversións e de afogados, converténdose nun espazo no que están "a un tempo o mítico, o lúdico e tamén o social".

- C. Franco, 'Gonsar retorna á ficción literaria cunha novela de personaxes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2003, p. 39.

O xornalista, despois de resumir brevemente o contido da nova novela de Camilo Gonsar, encadra ao narrador na xeración etiquetada como Nova Narrativa Galega; aquela que despois dos anos cincuenta lle tentou dar á literatura de Galicia o aire do seu tempo. *A noite da aurora* é para Camilo Franco un percorrido dende a distancia por unha Galicia interior, tanto no sentido xeográfico como no metafórico, porque se repasa un tempo de posguerra arredor duns personaxes singulares, pero dentro da realidade social do momento. No mesmo artigo insírese unha entrevista ao autor desta novela na que fala sobre algúns dos aspectos xa mencionados e engade que o tempo ten un papel fundamental no libro, permitíndolle contraponer a Galicia do inicio da novela coa do final; así mesmo, presenta este factor temporal como unha derrota das personaxes protagonistas. Sobre estes comenta o autor que son uns inadaptados, que levaban unha vida heterodoxa para o pobo no que vivían. Remata explicando a simboloxía que ten o río na novela.

González Martínez, Xosé, Xaquín Monteagudo Romero e Xosé M. Rodríguez-Abella (coord.), *Palabra por palabra. Contos da policía*, prólogo de Avelino L. de Francisco Martínez, introdución de Xosé González Martínez, Vigo: Ir Indo Edicións, 2003, col. Narrativa, nº 44, 322 pp. (ISBN: 84-7680-498-9).

Libro de relatos promovido pola Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e escrito por comisarios, inspectores e axentes de Policía local, autonómica e nacional, no que tamén interveñen un grupo de escritores cunha certa traxectoria nas letras coma Helena Villar, Tucho Calvo ou Neira Vilas, entre outros, e no que todo xira en torno ao mundo policial. Achámonos perante un conxunto de vinte e un relatos de similar extensión cunha liña argumental clásica nos que, na meirande parte das veces, un narrador omnisciente relata os máis diversos sucesos e acontecementos ben inventados, ben baseados na realidade pero con escasas concesións ao fantástico.

- Carlos C. Reigosa, "A estratexia da vítima" pp. 23-37

Un policía recentemente incorporado ao corpo, estando en desacordo co resultado da investigación dun caso xa pechado, inicia accións de pesquisa pola súa conta. É congratulado polos seus superiores despois de descubrir a auténtica versión dos feitos.

- Antonio Riveiro Coello, "Á primeira", pp. 39-52.

Un policía municipal de Xinzo de Limia é escollido para actuar nun capítulo dun coñecido serial no que é protagonista Sancho Gracia, que é filmado nunha praza da vila. O actor novel é capaz de gravar a escena á primeira e obtén un amplo recoñecemento popular.

- Antonio Prado Rodríguez, "A proba", pp. 53-80.

Unha familia, na que a muller desconfía do seu marido, acode á comisaría para comprobar, mediante o detector de mentiras, que os ciúmes da esposa son totalmente infundados.

- Antonio Reigosa, "Betume de Xudea", pp. 81-99.

Un policía novato escríbelle ao seu comisario, dende unha cela, unha fantástica e estraña historia ambientada na Idade Media da que é protagonista e na que se mesturan pasado e presente. Ao final descúbrese que todo fora un soño.

- Helena Villar Janeiro, "¿Cariocas?", p. 100.

Breve relato no que unha parella de policías entran nun posto da praza de abastos e multan á dona por vender cariocas antirreglamentarias.

- José Simal Gamallo, "Carne de madeiro", pp. 101-119.

Alcumado polos propios compañeiros coma "Ihon Güein", un policía narra a súa vida vencellada ó corpo entre 1992, ano no que tiveran lugar diversos e desgraciados acontecementos e a actualidade.

- Tucho Calvo, "De servicio", pp. 121-125.

Un policía que estaba de servizo, entra nun pub e vese inserto nunha liorta.

- Xosé Neira Vilas, "Dúas historias", pp. 127-132.

Nesta ocasión relátanse dúas breves historias. Na primeira, o dono dun quiosco róuballe a

bicicleta a un rapaz, quen acode á comisaría para denunciar o suceso pero non lle fan caso, motivo polo que decide tomar a xustiza pola súa man e sustraerlla ao ladrón de novo. Na segunda, un escritor preséntase na comisaría para expedir un pasaporte; vese sorprendido cando o comisario lle prega que entre no seu despacho, sobre todo cando coñece o motivo: solicítalle que lle asine uns exemplares da súa última obra.

- Manuel Teijeiro Sande, "Fogo abafado en silencio", pp. 133-144.

Un xefe da Unidade Policial contra o Tráfico de Drogas é investigado polos baixos rendementos da mesma e os estendidos rumores populares de conexión coas mafias.

- Xosé Manuel Álvarez Costa, "Mario, un policía local", pp. 145-162.

O narrador deste relato é un compañeiro de quenda de Mario, un policía exemplar de "moi bo corazón" do que conta diversos episodios da súa actividade conxunta, que se interrompe cando ambos os dous se presentan a unhas probas de promoción interna.

- Manuel Mariño Castro, "O delator", pp. 163-173.

Un ex-presidiario vai visitar, de madrugada, ao seu amigo e inspector xefe Roberto Pacios. Ao entrar no despacho atópase con outro home que lle recibe con gran brusquedade, motivo polo que se ve na obriga de denunciar o primeiro que se lle ocorre. Finalmente, coa chegada de Pacios ao día seguinte resolve todo o entorto.

- Roberto Gil Moure, "O estraño caso do oso da Rabadeira (Baseado nun feito real)", pp. 175-188.

Unhas misteriosas pegadas nunha veiga centran a atención dos veciños de Rabadeira; a policía comeza a investigar o suceso e determina que, probabelmente, sexan dun oso. Un sorprendente final bota por terra todas as hipóteses.

- Xosé Rodríguez Gil, "O lobo de Transilvania", pp. 189-209.

O lobo de Transilvania é Dario Ivanov Comanescu, un romanés do que se relata unha moi longa e enleada vida de delitos e cárceres cuxas andainas rematan coa súa detención na comisaría de Santiago de Compostela.

- Emilio Fernández Vázquez, "O Marqués", pp. 211-223.

Un policía relata a súa propia vivencia en Barcelona cun pintoresco delincuente ao que alcuman "O Marqués".

- Elena Maya Gil, "O río dos ladróns", pp. 225-238.

Rosa, dona dun muíño de fariña, é vítima de contínuos roubos nos que todas as noites lle desaparecen importantes cantidades de produto. O policía da súa vila axúdalle a resolver o misterioso entorto.

- Luís Manuel García Mañá, "O se do violoncelo", pp. 239-249.

Breve relato no que Rosendo, inspector da Brigada Móbil en Madrid, colle grande afección á música clásica e, en especial, ao violoncelo, algo que sucede tras relacionarse cunha estudante que comparte a mesma afección.

- Ana María Martínez Pérez, "Orballo", pp. 251-271.

Rosita, dende a ultratumba, fala de diversos episodios da súa vida.

- Antonio García Rivas, "Rumores na fronteira", pp. 273-285.

Dous policíaas da alfândega situada na parte galega da fronteira con Portugal, salvan unha parella de rapaces que decidiran marchar do país cruzando a nado o río Miño e que estiveran a piques de morrer.

- Enrique Mora Morandeira, "Un cadáver na herba", pp. 287-299.

O cadáver dunha muller aparece na beira dun regato. Ricardo, inspector de policía, e mais un compañeiro da Brigada de Investigación Criminal, son os encargados de resolver este caso no que o culpábel resultou ser un familiar próximo á falecida que manifestaba "levar ó demo dentro" de si.

- Gonzalo Amoedo López, "Unha historia que ninguén contara", pp. 301-316.

Toda a familia de Don Xaquín Pedreira, mestre rural, sofre un grave deterioro físico ao que os médicos non atopan solución. Logo de pedir axuda a diversos meigos e feiticeiros, foi dar con Mosiú don Albeiros de Acrique, quen, finalmente, resultou ser un depravado que abusaba sexualmente dos fillos do Sr. Pedreira nas consultas. O caso rematou sendo denunciado á Policía.

- Enrique León Caviño, "Fanas os porcos e págnas os bacoriños", pp. 317-322.

Relato curto no que uns policíaas, na busca de droga, rexistran a casa dun particular.

Recensións:

- S.R., 'Os policíaas tamén contan', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Literatura/arte', 27 decembro 2003, p. 4.

Neste artigo dáse conta da saída do prelo de *Palabra por palabra*, un libro de relatos escritos por comisarios, inspectores e axentes de Policía local, autonómica e nacional. Subliña a aparición desta obra coma unha iniciativa única e destaca o apoio de autores consagrados que tamén escribiron contos de temática policial e que son incluídos na publicación. A maiores, no artigo expónse a variedade nas características dos diversos relatos e anuncia os múltiples actos que teñen lugar con motivo da súa presentación pública.

Referencias varias:

- Rodri García, 'Membros da policía nacional amosan o seu talento literario nun libro en galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 decembro 2003, p. 38.

Dá a coñecer a presentación dun libro que supón unha auténtica iniciativa pioneira en España para a policía: está escrito por axentes, inspectores e comisarios. Destaca que en *Palabra por palabra. Contos da policía* interveñen un grupo de escritores que xa posúen certa traxectoria no mundo das letras e subliña as palabras do inspector xefe de Vigo, quen alude ao emprego da lingua coma símbolo de cercanía á cidadanía. O artigo complétase cunha información relativa a futuras accións desenvoltas pola Asociación de Funcionarios

pola Normalización Lingüística, promotora do proxecto, e con diversas declaracións dalgúns dos autores.

Iglesias, Xabier, *O soño do falcón*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 1, 288 pp. (ISBN: 84-95622-86-6).

Esta longa novela de Xabier Iglesias narra, como reza o subtítulo, a vida e batallas de Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga, e constitúe o primeiro número da colección "Narrativa histórica" da editorial Toxosoutos. Ambientada (salvo na parte introdutoria) na segunda metade do século XV, e dando entrada a un bo número de personaxes e acontecementos históricos, a narración céntrase no enfrontamento do protagonista tanto coa Igrexa coma cos Reis Católicos, feitos que lle acarretarán a morte en Alba de Tormes, coa axuda da traizón dos seus máis fieles achegados. Mantendo sempre un alento épico propio dun cantar medieval, o narrador deséñanos a un Pedro Álvarez cruel, decidido, temperamental e dominador que encamiñou a súa existencia cara á consecución dun soño finalmente frustrado polas circunstancias: o de ver realizada a unión política con Portugal. Así, comezando polos tempos das loitas irmandiñas, relátasenos cómo en principio o señor da comarca do Baixo Miño se alía co arcebispo compostelán Alonso de Fonseca para derrocar aos viláns revoltados. Non embargantes, tan pronto como desaparece a ameaza irmandiña, xorden as diferenzas entre o arcebispo e Pedro de Soutomaior, que se erixe como líder dun sector da nobreza enfrontado coa Mitra compostelá. Andando o tempo, e situados xa na época das disputas dinásticas polo trono de Castela, tras a morte de Henrique de Trastámara en 1474, observamos a Madruga tomando partido por Xoana 'A Beltranexa' e, polo tanto, defendendo os intereses de Portugal, nación que o axudara en empresas pasadas. Comprobamos ao longo da narración, nun esforzo de reconstrución histórica moi rigoroso, sen que deixe de se notar o carácter ficcional do libro, cómo as alianzas entre as elites do poder na altura eran moi variábeis e inestábeis. O volume, organizado en catro grandes "tempos" ou capítulos e un epílogo ("Fin do tempo. Vai o conde dacabalo"), inclúe unha relación final de personaxes históricos, así como das fontes documentais empregadas.

Recensións:

- Alberto Fortes, 'Vida e batallas de Pedro Madruga', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 12.

Alberto Fortes fala de *O soño do falcón*, biografía de Pedro Madruga escrita por Xavier Iglesias. A vida deste personaxe histórico do século XV, implicado nas intrigas políticas da época, é relatada, segundo Fortes, como "unha narración equilibrada e de agradable lectura".

- Óscar Losada, 'Os irmandiños fanse personaxes de novela', *La Opinión*, 'Saberes', nº 13, 7 xuño 2003, p. 5.

Reprodúcense fragmentos dunha entrevista con Xabier Iglesias, autor de *O soño do falcón*,

unha narración que se centra, segundo se afirma, nunha época en que Galicia "sufriu un gran convulsión social". Iglesias explica que se comezou a interesarse por este personaxe lendo *Un home de Vilameán*, de Xoán Bernárdez Vilar, libro que considera complementario ao seu. Tamén se refire ao seu traballo de pesquisa e documentación, previo á escrita da novela e reflexiona sobre a relación entre literatura e historia. Afirmar, por último, que é necesario este tipo de achegas á historia do noso país, porque desta maneira o público en xeral, e o escolar en particular, pode interesarse por ela.

Referencias varias:

- A. M., 'A novela de Pedro de Soutomaior', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 23, 'Letras en galego', 23 agosto 2003, p. 7.

Comenta, en primeiro lugar, que a literatura galega ten na Idade Media unha "boa materia prima" para o xénero da novela histórica. Despois, refírese á aparición de *O soño do falcón*, de Xabier Iglesias, na editorial Toxosoutos. Indica que se trata da vida novelada de Pedro de Soutomaior, e afirma que este é un personaxe "fascinante".

Jaureguizar, Santiago, *Casa Skylab*, Premio Xerais de Novela 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Narrativa, nº 195, 185 pp. (ISBN: 84-9782-045-2).

Logo da consecución do premio "Lueiro Rey" 2001 con *Breve crónica Universal da clase obreira* e tras unha traxectoria iniciada en 1995 con obras coma *Todo a cen* ou *Fridom spik* (reeditada este ano con novos relatos), Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) consegue o Premio "Xerais" 2003 con *Casa Skylab*, unha auténtica "interpretación mordaz e paródica do galeguismo", tal e coma no seu día a definiu o propio xurado. Nun imaxinario concello próximo á Fonsagrada, Negueira de Rodríguez, ten lugar o desenvolvemento de toda a novela, na que Daniel Rodríguez (alias Patapao), cacique da vila, fillo de quen independizara o lugar e propietario de Casa Ataúlfo, se enfronta a unha serie de foráneos que viven nunha comuna, entre eles dous peculiares siameses, Ludovico e Recesvinto, que teñen en propiedade o Pub Sempre en Galiza, un peculiar museo de obxectos pertencentes a figuras do galeguismo; así, nunha vitrina atopamos as gafas de Castelao, un exemplar da *Constitución Nazonal Galega* de Risco, as xiringas para as inxeccións de ouro de Cunqueiro ou o sombreiro de Beiras. Dende o primeiro momento tamén fai acto de presenza na obra o parvo do lugar, Antón Duracell, quen se sentiu profundamente realizado cando José Reboredo, da Casa da Congostra de Vilaxuín, lle propuxo continuar co seu negocio, consistente en vestirse de coello rosa anunciando unha coñecida marca de pilas durante "as vinte e catro horas do día e vinte e catro horas da noite"; está namorado da eternamente inalcanzable Almudena, vese feliz por ter un traballo "coma todo o mundo" e mantén estendidos coloquios cos mortos no cemiterio. O discorrer de esperpénticos

personaxes é continuo e tanto podemos toparnos con Mick Joner, o cantante dos Folling Stones, coma co carteiro Pablo Neruda, ou os peculiares Inspector Sanxil e Freddy Unebomber. O título da obra vén dado pola presenza do Planeta Skylab, unha estación espacial que sobrevoa permanentemente a vila e que, tal e como Ventura, o médico, lle asegura a Antón Duracell, algún día aterrará e hano quitar de Nogueira para levalo a un lugar onde haberá unha rapaza idéntica a Almudena que se namorará del verdadeiramente. Con esa esperanza de Antón remata a obra. Na novela hai unha grande unidade de espazo (limitado exclusivamente á vila e a algúns puntos coma Casa Ataulfo ou o Pub Sempre en Galiza), xa que na meirande parte das ocasións non hai referencias espaciais, pois atribúeselle maior protagonismo ao que se di e como se di que aos espazos, ao tempo ou ao fio argumental. Amósase un ritmo narrativo cambiante aínda que rápido na súa meirande parte, presentando gran cantidade de información nun pequeno fragmento, cunha linguaxe chea de frases propias dun rexistro coloquial con continuos vulgarismos. É unha obra, en definitiva, que posúe un elevado ton humorístico na que persiste a acumulación de imaxes mordaces e referencias culturais sobre a Galicia actual.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Un Skylab sen tirón argumental', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 2003, p. 26.

Eyré adéntrase no ton humorístico que caracteriza á obra premiada co "Xerais" 2003 pois, segundo manifesta, é un rasgo distintivo non só con respecto aos máis salientábeis títulos que xurdiron neste ano senón tamén aos que habitualmente reciben condecoracións nos certames narrativos. Asemade, fai un breve análise da literatura de Jaureguizar e adéntrase no libro premiado, do que subliña favorabelmente a pintoresca trama pese a ausencia dun fio narrativo.

- Tomás Ruibal, 'Galería de monstros', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 26 outubro 2003, p. 9.

Descrición da trama argumental da obra gañadora do Premio "Xerais" na edición deste ano, na que se detalla o ir e vir duns personaxes moi particulares nun entorno ficticio, Nogueira de Rodríguez, da provincia de Lugo. Logo dun breve resumo do seu contido, Ruibal dá a súa opinión acerca da obra, sublimando a persistente acumulación de imaxes mordaces e referencias culturais sobre a Galicia actual.

- Ramón Nicolás, 'Parodia, ironía e reflexión', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 33, 'Letras en galego', 1 novembro 2003, p. 5.

O recensionista adéntrase nos personaxes que protagonizan a obra ambientada na ficticia vila de Nogueira de Rodríguez; cita, pois, a Antón Duracell, ao subcomisario Alberte Sanxil, ao cacique Daniel Patapao e aos irmáns siameses donos do Pub Sempre en Galiza. Esa incursión na obra vese acompañada por dez preguntas a Santiago Jaureguizar con respostas breves.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Unha radiografía da Galicia profunda en clave paródica', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 16 novembro 2003, p. 3.

Extensa recensión na que Martínez Bouzas dá conta detallada da idiosincrasia dos protagonistas da obra e adéntrase na principal mensaxe que tenta transmitir a mesma, unha mensaxe cargada de humor e crítica contra o nacionalismo actual e coa que se dá unha visión do mundo tradicional en loita coa modernidade

- Joaquim Ventura, 'Metáfora dun país', *Faro de Vigo*, nº 59, 'Libros', 20 novembro 2003, p. V.

Logo de facer unha pequena referencia aos novos narradores da literatura galega e expoñer o lugar que, na súa opinión lle corresponde a Jaureguizar dentro dela, realiza unha reflexión acerca desa metáfora que en *Casa Skylab* se fai dunha Galicia ancorada nun tempo inmóbil.

Referencias varias:

- Rocío Cortés Galdo, 'Planeta Jaureguizar', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 21 2003, p. 67.

Informa da presentación da obra gañadora do Premio "Xerais" na edición deste ano, na que a xornalista fai fincapé no repleto día de entrevistas e roldas de prensa oficiais que Santiago Jaureguizar tivo que efectuar. Asemade, percorre brevemente os títulos máis coñecidos do autor para centrarse, finalmente, na novela gañadora.

- Maré, 'Jaureguizar gaña o Xerais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2003, p. 66.

Infórmase do outorgamento dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil", que recaeron en Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. Ao longo do artigo, faise unha breve recensión da primeira, poñendo especial interese nas características que dela subliñou o xurado por ser "unha interpretación mordaz e paródica do galeguismo". Complétase cun recadro dedicado ao recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) pola cooperación ao labor editorial.

- Camilo Franco, 'O Xerais premia a Jaureguizar por unha novela negra escrita con humor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2003, p. 40.

Santiago Jaureguizar é o gañador do Xerais na edición deste ano coa obra *Casa Skylab*. Na nova faise unha sucinta recensión da súa trama argumental e incídese na mestura de compoñentes reais e ficticios que se introducen.

- Alberto Quian, 'Santiago Jaureguizar gaña o Premio Xerais de Novela e Manuel Lourenzo, o Merlín', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Dá conta do fallo dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil", outorgados a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns*

do vento, respectivamente. Asemade, cítase o recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) pola Cooperación ó labor editorial e recóllense as palabras que deu o Director de Xerais no acto.

- A.Q., 'A literatura galega ten que ser máis rupturista e experimental', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Breve entrevista ao escritor de *Casa Skylab* que xira, na súa totalidade, en torno á concesión do premio "Xerais", que se deu a coñecer o 14 de xuño.

- Camilo Franco, 'Jaureguizar considera que o importante é 'botar unhas risas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xuño 2003, p. 55.

Logo de informar da concesión dos premios "Xerais" e "Merlín" na súa última edición, Franco expón as consideracións que o propio Jaureguizar realiza sobre a súa obra, *Casa Skylab*, dándolle alto valor ao ton humorístico que posúe. Asemade, dá conta das características que posúe a literatura de cada un dos dous gañadores.

- Gloria Fernández, 'Ironizo co galeguismo/Jaureguizar pecha con 'Planeta Skylab' a súa triloxía de novela negra', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 16 xuño 2003, p. 50/67.

Faise referencia a *Planeta Skylab*, que é a obra gañadora do "Xerais"; recóllense as opinións do autor sobre a literatura galega e fálase de toda a súa creación literaria.

- X.C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios "Xerais de Novela" e "Merlín de Literatura infantil e xuvenil" a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ambas as dúas. Igualmente faise referencia ao premio á cooperación cultural, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GÁLIX), resumindo as súas máis subliñábeis accións. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

- Manuel Darriba, 'A literatura é espectáculo, coma os circos e os medios de comunicación', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 19 xuño 2003, p. 67.

Entrevista ao autor de *Casa Skylab*, que responde a aspectos que atinxen tanto a características xerais da súa produción, coma á obra galardoada, á desmitificación de iconas galegas que leva a cabo nas súas creacións literarias ou ao particular emprego que fai da lingua.

- Conchi Bilbao, 'Jaureguizar, pola senda da literatura con futuro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 1.

Faise referencia á concesión dos premios "Xerais" e "Merlín", así coma ás diferentes opinións que os galardoados manifestaron tanto sobre este galardón, como sobre cuestións xerais da nosa literatura.

- Jaureguizar, 'A porta da Casa Skylab', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 28.

Fragmento da obra *Casa Skylab* na que dona Presentación Díaz Salgueiro e Antón Duracell falan dun novo bar que abriron na vila dous irmáns siameses, o Sempre en Galicia.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 13 outubro 2003, p. VII.

Nesta ocasión Blanco Rivas achéganos unhas breves notas argumentais sobre dúas obras referidas á literatura galega: *Casa Skylab*, de Jaureguizar, e *Irmán do vento*, de M. Lourenzo González. Da primeira explica que os seus protagonistas son un cacique, uns hippies e un home que se viste de coello para anunciar unha marca de pilas. Destaca desta novela, gañadora do Premio "Xerais" 2003, o humor corrosivo nunha "trama criminal adobiada de morte" e a súa visión irónica e sarcástica da realidade galega.

- C.P., 'Presentadas as novelas gañadoras e finalista dos premios Xerais e Merlín', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 47.

Dáse conta da presentación das dúas obras que gañaron os Premios "Xerais" e "Merlín" (*Casa Skylab* e *Irmán do vento*) e da finalista do primeiro deles, *Destrucción*. O groso da nova límitase a describir o contido de cada unha delas.

- MARÉ, 'Vértices de actualidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 outubro 2003, p. 51.

Faise referencia á presentación das obras que presiden o catálogo de outono da Editorial Xerais: *Casa Skylab* (gañadora do "Xerais"), *Destrucción* (finalista do mesmo premio) e *Irmán do vento* (gañadora do "Merlín"). Sinala que a primeira trata o nacionalismo galego, a segunda os malos tratos e a terceira a invasión de Iraq. Igualmente, cita algunhas das declaracións feitas polos autores en dita presentación.

- Salvador Rodríguez, 'Eu non traballo con personaxes, senón con caricaturas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Entrevista', 6 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Santiago Jaureguizar na que o autor lugués fala da súa última novela, coa que gañou o premio "Xerais". O autor sinala que Negueira de Rodríguez, aldea na que sucede a historia, é un trasunto de Negueira de Múñiz e unha metáfora de Galicia; asegura que nesta obra non hai ningunha influencia de *La saga/fuga de J.B.* de Torrente Ballester e fai unha análise de dous dos personaxes da novela, de Antón Durecel e de Daniel Rodríguez. Sinala que con esta obra pretendía chamar a atención sobre o pouco que ten conseguido o nacionalismo galego nos seus noventa anos de existencia e sinala que a presenza da súa propia voz dentro da novela se debe á necesidade de implicarse persoalmente nela; indica, finalmente, que a vinculación entre xornalismo e literatura é moi forte e que a súa

experiencia profesional como xornalista foi a base desta novela.

- Isabel Freire, 'Se me río de min, ¿por que non de Castelao?', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 16 novembro 2003, p. 72.

Entrevista ao autor de *Casa Skylab*, na que a xornalista centra o seu interese en cuestións que atinxen tanto á obra, coma á súa vida persoal. Así, fala do nacionalismo, dos autores que ten coma referentes, dos feitos nos que se basea a súa obra ou do costume que o comprometido escritor co movemento *bravú* ten de usar peculiares camisetas.

Laredo, Carlos, *A fuxida da Loba. Mitos e lendas de Galicia*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 2, 146 pp. (ISBN: 84-96259-01-3).

Relato histórico ambientado na Galicia do século XIX no que Carlos Laredo (A Coruña, 1936) conta a historia de Pepa, unha muller alcumada a Loba. A narración iníciase na festividade de san Martiño, cando Pepa fuxe do cárcere do Parrote; este feito dá pé ao augardenteiro Bento de Santo Estevo e a outros personaxes que o acompañan a narrar a vida desta muller. Mediante a narración dos homes, que fluctúa entre o pasado e o presente, descubrimos que a Loba foxe do cárcere para atoparse co Navallas, o seu namorado; ambos agóchanse cas de Senén, o Caguicho, quen tamén está namorado da Loba e que planea un asalto ao pazo de Traba; no final da narración descríbese este asalto, que acontece na noite de san Martiño e no que morre o Navallas, por mor da deslealdade de Senén.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Un retrato acertado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. IV.

Despois dunha pequena aproximación ás obras de Carlos Laredo, faise unha breve descrición desta novela da que se subliña que presenta numerosas descricións de paisaxes e alusións á historia e á cultura; indícase que está ambientada no rural galego e apúntanse certas semellanzas con *Maxina*, de Marcial Valladares, ou a *Nos Picoutos de Antóin*, de Leandro Carré.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, 'Libros contra a violencia', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 17 outubro 2003, p. 3.

Helena Villar reflexiona neste artigo sobre a violencia social e loa ao sector editorial a literatura; detense en varias novidades como *A fuxida da Loba* de Carlos Laredo, da que destaca que o seu enraizamento "na Galicia física e cultural á que pertencemos" ou a edición facsimilar da *Descrición do reino de Galicia. Licenciado Molina, ano 1550*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo, *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Da novela de Carlos Laredo destácase que recolle algunhas fazañas que se lle atribúen a Pepa a Loba, nunha obra na que se mestura a trama argumental con descrições de paisaxes galegas e referencias a lendas.

Laxe Freire, M.A., *Xogos serodios*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2003, 231 pp. (ISBN: 84-95444-49-6).

O autor Manuel Anxo Laxe Freire (Castro de Rei, Lugo, 1944) achéganos nesta novela as inquietudes dun home de mediana idade, militar na reserva activa e mestre de universidade. Este protagonista, Ramón Eiras Freixeiro, é un home de corenta e seis anos ao que dende sempre lle atraeron as mulleres e soubo gozar delas. Nesta historia cóntase a súa separación temporal da familia, que vive en Madrid, para dar clases nunha facultade da Universidade da Coruña. Nesta temporada aproveitaría para visitar as súas raíces familiares na Terra Chá e para encontrarse con moitos dos amigos da infancia ou adolescencia. Así mesmo cambiou a súa ocupación de mestre militar pola de profesor de Crítica Literaria. A raíz da preparación dunhas Xornadas Literarias visitou ao seu amigo, o conselleiro de Educación, e sentíuse atraído pola súa secretaria. Esta atracción aumentou mentres ela lle axudaba a preparar os papeis para que lle aprobasen o proxecto. O mestre namorouse perdidamente desta moza, que case podía ser a súa filla, e mantivo con ela unha relación de amizade que para el era insuficiente, polo que nalgunha ocasión non puido reprimir os seus instintos sexuais. A rapaza aproveitouse da debilidade de Ramón para dicirlle que o fillo que esperaba era del. O mestre non lle dixo nada a ninguén e prometeulle á moza que a axudaría. A mellor solución para el era que fosen os dous xuntos a Londres no verán con calquera pretexto, pois el tiña a esperanza de que alí ela se decatase de que o mellor lles era estar xuntos. Mais a moza nunca chegou a optar por esta saída e aceptou que a muller de Ramón quixese que ambos adoptasen o rapaz, cousa que lle sorprendeu ao marido porque non pensaba que a muller fose a tomar tan ben este seu amor obsesivo e tardío.

López López, Xabier, *A estraña estrela. Aventuras, tránsitos e adversidades do singular viaxeiro Emilio Amarante*, Vigo: Galaxia, febreiro 2003, col. Literaria, nº 189, 215 pp. (ISBN: 84-8288-582-0).

A estraña estrela é unha novela de aventuras que o propio autor, Xabier López López (Bergondo, 1974), clasifica no exordio coma unha das "*nouvelles*", subxénero xurdido na Francia do século XVIII, o "Grand Siècle". En medio dunha treboada, a obra dá inicio nunha pousada de Mesón do Vento co encontro entre os ilustres Pai Sarmiento e Pai Feixoo. Mentres ambos os dous conversaban, irrompe nela o protagonista, Emilio Amarante, viaxeiro desnortado que comeza a relatar unha multitude de "aventuras, tránsitos e adversidades" -parafraseando o propio subtítulo do libro- nas que introduce historias e personaxes reais e ficticios. Tras iniciar con eles un diálogo no que xa inserta diversas aventuras e que perdura ata o capítulo V, entre o VI e o XIII desenvólvese un relato das

mesmas sen interrupcións. Esta sucesión de acontecementos, nas que o protagonista morre e renace en varias ocasións, transporta a múltiples historias que comparte con diversos personaxes: ora con Zahra, unha das mulleres do corsario turco Pialí Paxá coa que o protagonista ten un flirteo, ora con Pedro Sarmiento de Gamboa, con históricos coma Walter Raleigh e Diego Sarmiento de Acuña aos que o narrador reúne ficticiamente, con Maximiliano de Robespierre ou con peregrinos e asaltadores do camiño de Santiago. Para finalizar a obra, entre os capítulos XIII e XIV cóntase cómo Emilio Amarante se namora por primeira vez e dos traballos que pasa para que o seu amor sexa correspondido, empregando "un filtro de amor" que lle receita un meigo; esta pequena pasaxe culmina novamente de xeito tráxico cun final que lle acerca á morte pero da que volverá a renacer. Chegamos ao colofón cun breve capítulo no que rexorden en escena os ilustres frades e, en tres páxinas, Emilio Amarante finaliza o seu relato. O encargado de transmitir estas pasaxes é un narrador omnisciente heterodiexético que move ao protagonista polos máis diversos espazos e tempos entre os que chouta a través dos seus continuos renaceres noutros lugares e épocas e que abranguen dende a revolución francesa ata un barco corsario pasando por un harén árabe. Todo, cunha linguaxe detallista, pousada e refinada.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A estraña estrela', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Libros', 17 abril 2003, p. V.

Logo de facer un breve repaso pola obra do escritor de Bergondo, adéntrase no título do que fai recensión, poñendo a atención tanto na súa pertenza ao subxénero das "nouvelles" francesas dezaoitescas coma nas características de Emilio Amarante -protagonista da obra- ou nos contidos máis transcendentais do libro. Finaliza facendo unha crítica do mesmo por incluír historias "intranscendentes, resesas e trasnoitadas".

- Laura Caveiro, 'Baixo a estrela do singular viaxeiro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 8, 'Letras en galego', 10 maio 2003, p. 12.

Unha introdución na que pon en relación as semellanzas entre a obra de Xavier López e a de Lord Byron (de quen se expón un retrato na portada de *A estraña estrela*) é seguida por un breve comentario acerca das citas que anteceden á acción, así coma pola exposición dalgunha das tramas argumentais que se desenvolven ao longo dela coma a perigosa creación do triángulo formado por Zahra, Amarente e un corsario Turco. Finaliza enxalzando o bo estilo do escritor.

- Xosé M. Eyré, 'Da revolución francesa a un barco corsario, pasando por un harén', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 28.

O autor do artigo inicia poñendo a atención no protagonista da obra, Emilio Amarante, destacando del as súas características de home desnortado e desgobernado. Continúa coa multiplicidade de aventuras que enchen o libro, co humor e crítica á sociedade occidental que reside na novela, cos diferentes personaxes que aparecen nel ou cunha valoración

persoal da lectura que ofrece a obra; nas súas palabras, é "desenfadada, amábel e gozosa".

- Armando Requeixo, 'As viaxes e campañas de Emilio Amarante', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 18 maio 2003, p. 4.

Columna de Armando Requeixo na que existen dúas grandes subdivisións. En primeiro lugar, faise un repaso polo mundo literario de Xavier López dando a coñecer as súas peculiaridades para, *a posteriori*, centrarse en *A estraña estrela*, destacando dela a multiplicidade aventureira que amosa e a presenza dos ilustres Feixoo e Sarmiento.

- Xavier Queipo, 'A estraña estrela', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 473, 3 xullo 2003, p. 7.

Antes de dar a coñecer o contido da obra, o recensionista comeza manifestando a súa agradábel sorpresa dende o momento que colleu o libro na man (pola, na súa opinión, acertada portada); tras isto, manifesta tamén un impacto favorábel ao ollar as peculiaridades que posúen os títulos de cada capítulo. Metido xa no groso do artigo, amosa os persoeiros e acontecementos máis subliñados que protagonizan a obra, así coma incide nas características da linguaxe empregada por Xabier López. Remata recomendando encarecidamente a lectura de *A Estraña Estrela*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Rara estrela', *El Progreso*, 'Gente', 'Gente', 23 marzo 2003, p. 9.

Salienta a novela de Xavier López López *A estraña estrela*, como unha recuperación enxeñosa da narrativa que parte da *nouvelle* francesa do XVIII, á que acudiu seguindo a liña de *Jacques, o fatalista*, de Diderot, e non o sendeiro de Cunqueiro, como desmente o propio López López. Destaca a introdución de personaxes como Feijoo e Sarmiento e sitúa esta relación de ficcións históricas con xogos de humor, ao carón das que consolidaron o mindoniense.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Infantil/Xuvenil', 10 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fíxa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da novela *A estraña estrela*, de Xabier López López, da que salienta a súa estrutura en caixas chinesas e cun protagonista sometido ás leis sobrenaturais. Ao final do comentario Blanco Rivas apunta outras obras do autor e a súa traxectoria literaria.

- Carme Vidal, 'Xabier López López: 'cando se fala de lector cómplice ás veces debería dicir escritor soberbio', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 30.

Nesta entrevista, Carme Vidal pon a súa atención na sorprendente carreira e boa crítica que caracteriza ao autor, na utilización do xénero novelesco e variedade temática empregada

por Xavier López ao longo da súa breve traxectoria, ou nas semellanzas que aparecen nela. Hai un especial apartado final no que se fai fincapé no seu último título, *A estraña estrela*.

López López, Xabier, *A vida que nos mata*, Premio García Barros 2003, Vigo: Galaxia, 12 novembro 2003, col. Literaria, nº 196, 258 pp. (ISBN: 84-8288-639-8).

Novela policíaca de Xabier López López (Bergondo, 1974) ambientada nos tempos da segunda República e dividida en tres capítulos, onde o narrador-protagonista, Sebastián Faraldo, é enviado a cubrir unha voda no balneario de Mondariz entre María Vitoria Flores e Alberte Fraguas, fillos de importantes empresarios. El tómao como unhas vacacións pero todo cambia radicalmente cando os noivos aparecen asasinados e o culpábel, segundo a policía, é o fotógrafo que levaba con el, Paco Andrade. Logo do asasinato e dos interrogatorios policiais volta á súa cidade, Pontevedra, onde a compañeira sentimental de Paco lle pide que lle axude a demostrar a súa inocencia. Ese será o seu obxectivo ao longo de toda a novela. Comezará por interrogar ao doutor Barallobre, que traballa no balneario, que será quen lle axude a descubrir o verdadeiro culpábel que resulta ser Evanxelina, unha muller que, xunto con Paco Andrade, era membro das FAI e que remata suicidándose na súa cela. Evanxelina matou aos noivos por odio porque el, que era fillo do dono da fábrica onde ela traballaba, a deixara embarazada, fixéralle abortar brutalmente e tentara facer o mesmo coa súa irmá. Na noite do asasinato ela traballaba como camareira no balneario, citou aos dous noivos con enganos e, unha vez xuntos, matounos. Para chegar a esta conclusión Faraldo tivo que viaxar a Mondariz, Vigo, Madrid e Euskadi, realizando as súas pescudas.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Misteriosa morte en Mondariz', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 26.

Comeza indicando que xa nas anteriores obras de Xabier López López *Doutor Deus*, *O mono no espello* e *A estraña estrela* se realiza un estudo sobre o sentido de estar o home na terra empregando un simbolismo que non interrompe en ningún momento a lectura. Clasifica a obra, en xeral, como unha historia de época mesturada cun discurso detectivesco. Cualifica a lectura como amena polo alto grao de empatía, polo discreto pero "constante aire decadente" e pola forma que o autor emprega para transmitirnos as emocións sen supeditalas en ningún intre á acción. Como aspectos negativos resalta a tardanza en situarnos na perspectiva do inagardado e que na parte detectivesca queda algunha incógnita sen aclarar. A seguir fala do argumento e remata afirmando que a "acción está perfectamete ambientada na época porque só pode ser produto dela". Explica logo o significado do título e conclúe comentando que a obra ten algúns erros lingüísticos evitábeis.

Referencias varias:

- R. G., 'O escritor betanceiro Xabier López acada o García Barros de novela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 xuño 2003, p. 39.

Informa da concesión do Premio "García Barros" 2003 á obra *A vida que nos mata*. Afirma que o xurado valorou moi positivamente o intenso ritmo da historia e a súa capacidade para engaiolar ao lector e a "magnífica recreación dunha época histórica". Anuncia a próxima saída á venda da novela en novembro na editorial Galaxia, logo fala brevísimamente do tema e conclúe dando uns apuntes biobibliográficos do autor.

- Mónica G., 'A vida que nos mata/Xabier López gaña o premio García Barros', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 21 xuño 2003, p. 52/39.

Sinala, en primeiro lugar, que o premio "Manuel García Barros", convocado polo Concello da Estrada, se lle otorgou nesta edición a Xabier López López, que xa posuía os premios "Manuel Loureiro Rey" e "Vicente Risco de literatura fantástica". Logo fala dos trazos da novela que máis eloxiou o xurado, por exemplo a "magnífica recreación" ou "a capacidade de engaiolar ao lector". Comenta tamén o espazo, o tempo e o argumento e conclúe dando unha panorámica bibliográfica do autor e anunciando a próxima publicación da obra pola editorial Galaxia.

- MARÉ, 'Por dentro e por fóra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 decembro 2003, p. 51.

Sinala que Xabier López López foi o gañador do "García Barros" con esta novela de intriga, ambientada no balneario de Mondariz e situada nos tempos da II República. Fai referencia aos eloxios do xurado para esta obra e sinala que para o autor a creación literaria é unha forma de diversión. En texto á parte, indica que recibirá o premio, consistente en 9.000 euros e a publicación da obra, a mediados de novembro.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

López Rodríguez, Xavier, *Destrucción*, Finalista do Premio Xerais de Novela 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Narrativa, nº 196, 135 pp. (ISBN: 84-9782-046-0).

Esta novela, coa que Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende-Zamora, 1956) conseguiu ser finalista do premio "Xerais", está posta en boca da súa protagonista, Felisa, unha muller vella que decidiu matar ao seu home pouco a pouco. Isto reflíctese na estrutura da novela xa que cada capítulo se corresponde con cada un dos seis días, ou parte destes, nos que tivo ao seu home atado e amordazado sen darlle de comer no soto da casa. Á súa vez, estes capítulos subdivídense en dúas partes: unha primeira na que Felisa visita ao marido e lle recrimina directamente todo o sufrimento que ela padeceu pola súa culpa e unha segunda dirixida aos lectores ou a outros personaxes como a súa irmá e a súa nai, xa mortas, e nos que Felisa alude a cuestións da súa infancia ou mesmo aclara contidos do que lle dixo ao seu home. Todos eles son discursos nos que a protagonista deixa sentir a súa necesidade de vinganza por toda unha vida sometida a quen varias veces chama o seu "amo". Pretende, pois, Felisa, coa maneira escollida para matar ao seu home, que el sinta durante uns poucos días o que ela sentiu dende que casara con el. Trátase, polo tanto, dunha novela que, ambientada no tempo de posguerra en distintos lugares das provincias de Ourense e Pontevedra próximos a Portugal, recolle os episodios de malos tratos sufridos por unha muller que nunca se atreveu a denuncialos para protexer os seus fillos e para non andar na boca da xente.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'A xustiza pola man', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 34, 'Letras en galego', 8 novembro 2003, p. 13.

Despois de sinalar que Xabier López xa demostrara os seus dotes de narrador en *Amigo medo*, detense na análise de *Destrución*. Sobre esta última novela destaca as características formais e argumentais. En primeiro lugar sinala que a través do longo monólogo que é a obra, no que se recrea o motivo rosaliano da xustiza pola man, se consegue reconstruír de forma verosímil toda unha vida que se rememora. A continuación destaca algunhas das claves argumentais: a procura da liberdade persoal, a memoria dos costumes, a miseria dos tempos de posguerra... apuntando que todas elas serven para reflexionar sobre a violencia. Ademais apunta que un dos méritos da novela é que o lector nunca chega a sentir compaixón nin solidariedade polo home que está sendo axustizado pola súa propia muller.

- Xosé M. Eyré, 'A Destrución da muller', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 26.

Análise da novela *Destrución* centrada, sobre todo, no seu tema e nos personaxes, aos que caracteriza psicolóxicamente. Sobre a totalidade da obra opina que é unha crónica da destrución dunha personalidade e agradece que o autor non sobrepase esa crónica intentando demostrar unha tese. Salienta tamén que nesta "impactante historia" se aborde un tema de actualidade, o dos malos tratos, que está pouco presente na literatura. Ademais pon de relevo o microcosmos no que se desenvolve a novela e a credibilidade desta historia en todo momento. Así mesmo, fai fincapé en que con esta obra se supera un pouco o androcentrismo da literatura galega.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un monólogo recriminatorio, xusticeiro e liberador', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 30 novembro 2003, p. 3.

Facendo un repaso continuo polo argumento de *Destrución* pon de manifesto varios acertos dunha obra que narra uns feitos comúns e case consuetudinarios da Galicia máis tradicional. En primeiro lugar salienta que toda a historia se conta a través dun "discurso carraxento" que se intensifica a medida que pasan os seis días que dura a acción. Subliña, tamén, que este monólogo dunha muller, dirixido ao seu home amordazado, reflicte a situación de moitas mulleres galegas que, na súa convivencia familiar, parecen escravas. A pesar do dito, segundo indica, dáse cabida a algúns momentos de felicidade no repaso que fai de toda unha vida. Engade ademais que se trata dunha novela cun ritmo áxil que fai doado o proceso de lectura.

- Xosé Freire, 'Seis días de ira', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 27.

Antes de centrarse no comentario da novela *Destrución* fai un repaso polos distintos títulos publicados en galego por Xavier López Rodríguez, autor arraiano que escribe nesta lingua por compromiso. Sobre a obra que aquí se analiza indica que é a presentación deste autor no mundo da literatura para adultos. A propósito da súa temática salienta que é unha novela profundamente realista na que o tema central da violencia de xénero resulta novidoso polo seu tratamento. Así mesmo, destaca que se trata dunha obra onde non hai delicadeza nin nada de poético, pero que conta cunha linguaxe que atrae e que fará tomar partido ao lector.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Destrución', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. V.

Destaca dende o principio que a cerna de *Destrución*, de Xavier López Rodríguez, é a carraxe que transmite o monólogo recriminatorio da protagonista. Explica que dende o inicio da novela queda claro que un home está atado e que terá que escoitar todo o que a súa muller, que sufriu malos tratos ao longo da súa vida, lle ten que recriminar. Apunta aquí que esta muller é en realidade o reflexo de todas as galegas que, na sociedade tradicional, se vían sometidas á institución da familia. Por todo isto, indica que a protagonista decide tomar a xustiza pola súa man e, a medida que se vai convencendo, vai aumentando o nivel de xenreira que domina en toda a novela. Como contrapunto á carraxe deste discurso vingativo salienta os pequenos monólogos interiores da protagonista, xa que estes logran transmitir a nostalxia dalgúns episodios felices.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 13 novembro 2003, p. VII.

Nesta columna habitual repásanse desta vez catro títulos editoriais, dos que se ofrece un breve resumo argumental. Interesan á literatura galega tres deles: *Durmindó sobre os espellos*, de Jordi Sierra i Fabra; *Destrución*, de Xabier López; e *O coche de carreiras*, de Helme Heine. Canto a *Destrución*, Manuel Blanco Rivas indica que se trata dunha novela na que se toca un tema de grande actualidade, o dos malos tratos, e explica que foi finalista do Premio "Xerais de Novela" do presente ano.

Manuel María, *Historias do empardecer*, prólogo do autor, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 176, 76 pp. (ISBN: 84-8487-041-3).

Volume de relatos de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) que comeza cunha "Carta prólogo" do autor dirixida a Francisco Pillado Maior. Nela, Manuel María rógalle ao destinatario da carta que lle bote unha ollada aos escritos que lle envía xunto coa misiva, algúns xa publicados en volumes de escasa circulación e outros nunca editados, para que baralle a posibilidade de publicalos na editorial que dirixe. Así mesmo, maniféstalle a alegría que lle suporía que os seus relatos fosen ilustrados por Ana Pillado Vega e suxírelle que el mesmo llo propoña á ilustradora para que o faga. Finalmente afirma que en caso de que Pillado Maior decida recoller nun libro as *Historias do empardecer* non obterá del unha negativa, así como tampouco a esixencia e insistencia dunha rápida publicación. A seguir, en dúas grandes partes tituladas "Breve noticia dalgúns que non son ben de seu tamén chamados privadiños ou derramados" e "Pequenas crónicas de figurantes, camiñantes e mareantes" reproducense os relatos que inclúe a obra. A primeira desas partes consta de once relatos e nela nárranse anécdotas dos personaxes que lle dan título a cada relato, por exemplo anécdotas de Manuel da Brocha Grosa, de Muñocito ou de Tumbalobos, entre outros. Na segunda parte inclúense catro historias e nelas está presente o aspecto relixioso e, sobre todo, os milagres feitos por algún santo, destacando os realizados polo Apóstolo Santiago. Os títulos son: "Unha sombra vai polo camiño", "O milagre de Santiago Apóstolo que non figura no Codex Calixtino" "No campo hai unha ermida " e "As persoas e as cousas son 'Asegún': Ensaio histórico". As ilustracións de Ana Pillado Vega son figurativas, feitas a lapis e con presenza de algún sombreado.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *O tempo en ningunha parte*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 28 novembro 2003, col. Espiral Maior Narrativa, nº 33, 261 pp. (ISBN: 84-95625-75-X).

Novela de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) que se divide en seis capítulos acompañados dun epígrafe máis titulado "Remate...?". A través de diferentes voces narrativas cóntase a historia de Tomás Pazos, tamén chamado Sito do Zoqueiro, un galego emigrado a Bos Aires por causa da guerra civil española e retornado á súa terra natal a comezos dos anos cincuenta. Entre todas estas voces destaca, por ser predominante, a dun narrador anónimo, do que ao longo do relato imos coñecendo algún dato biográfico (relación coa súa ex muller Marisa e os seus fillos; profesión á que se dedica; opinión sobre diferentes temas; etc.), que relata a busca que emprendeu para obter información sobre este vello amigo de seu pai, que el coñecera de cativo na Arxentina e do que nunca

máis soubera desde o seu regreso a Galicia, así como os conflitos que esta busca lle supuxo. Esta voz conta cómo un día no que traballaba preto de Portelo da Moura, aldea natal de Sito do Zoqueiro, decide preguntar por Tomás Pazos e cómo, nun primeiro momento, ninguén lle dá conta do personaxe buscado; isto resúltalle estraño, pois nos anos previos ao enxalzamento militar o vello amigo fora un importante empresario e político da aldea. Esta estrañeza fai que inicie unha investigación e visite en diferentes ocasións Portelo da Moura, onde establece amigos e se entrevista con diferentes personaxes ata conseguir ver a Sito do Zoqueiro. Á par deste eixo argumental, no relato intercálanse fragmentos da suposta novela que a voz narrativa principal escribe tomando como personaxe a Tomás Pazos.

Miranda, Xosé, *Tarxeta vermella*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2003, col. Narrativa, nº 194, 109 pp. (ISBN: 84-9782-024-X).

Esta nova entrega narrativa de Xosé Miranda (Lugo, 1955) está composta por dezasete relatos: "A porta", "A noite nas fervezas", "Seis dedos", "Un cuarto con dúas camas", "A freira peregrina", "Demolición", "Malco", "Ego sum via", "Tres estampas da vida de san Froilán", "Un ollo de vidro", "Inés Alonso", "Dúas postais de Lugo", "Tarxeta vermella", "Partenoxénese", "Os nenos perdidos", "Atasco" e "Na terra sombría"; de todos eles, un dá título á obra, quizais por ser neste relato onde se ve máis claramente a atmosfera de angustia que nos pretende infundir a obra. Os ambientes descritos nas narracións fluctúan entre a fantasía e a realidade, predominando os que se desenvolven na cidade de Lugo. En canto ao tempo, tamén hai variación, pois van dende a Idade media, ou a Guerra civil ata a actualidade; faise evidente nalgúnhas destas reconstrucións históricas a investigación, non só documental, senón tamén nas fontes da literatura oral tradicional que se manifestan asemade no plano formal. Pero á marxe destas influencias, hai que salientar o dominio que o autor ten das técnicas narrativas do conto, pois cada un dos relatos consegue sorprender ao lector con finais abertos. En canto á temática, que tamén é variada, o autor consegue infundir misterio a relatos nos que se tratan temas banais, como "Un cuarto con dúas camas" para crear o misterio, ou infundir vida e lóxica a outros completamente irrealis, como "Os nenos perdidos" ou "Tarxeta vermella". O narrador destes relatos adoita ser unha primeira ou terceira persoa que, mesmo, poden confluír nun único texto, como é o caso de "Tres estampas da vida de san Froilán". O tratamento dos personaxes é tamén variado; xunto aos relatos nos que os personaxes a penas teñen relevancia, como en "Un cuarto con dúas camas", hai outros nos que aos personaxes se lle concede a misión de transmitirnos a súa propia angustia ou sorpresa, como por exemplo en "Atasco". En xeral, o libro desenvolve de xeito perfecto as claves canónicas do conto.

Recensións:

- Xurxo Martínez, 'Tarxeta vermella', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Achégase ao libro *Tarxeta vermella* de Xosé Miranda publicado pola editorial Xerais. Trátase dunha colección de relatos que presentan unha temática moi variada, que vai desde o costumismo e a tradición ata os medos, mitos e pantasmas do presente.

- Joaquim Ventura, 'Solidez con fendas', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 58, 'Libros', 6 2003, p. V.

Comeza o artigo falándonos dun grupo de escritores da literatura galega que teñen unha considerábel dimensión mediática e unha produción cada vez máis sólida, entre eles inclúese a Xosé Miranda, que publica o conxunto de relatos *Tarxeta vermella*. Segundo Joaquim Ventura o misterio é unha constante na obra do lugués, seguindo así un camiño con moita tradición na literatura galega desde Rafael Dieste. Pero se na obra do de Rianxo había unha localización espacial e temporal moi próxima á realidade rural e mariñeira, nas historias de Miranda aparecen diferentes ambientacións e espazos, desde o medievo ao mundo de hoxe, e desde cidades coñecidas, coma Santiago ou Lugo, ata lugares imaxinarios. Unha das reflexións que para Ventura suxiren estes relatos é a existencia de tradición nos barrios novos das cidades, nos que a inserción da tradición rural xera novas formas de misterio. Os relatos, analizados un por un, considéranse exemplos desa solidez narrativa da que falaba ao principio Joaquim Ventura, pero o conxunto veo carente de algo que lles dea unha dimensión de totalidade; considera que a falta desta dimensión totalitaria é un erro que desconcerta ao lector.

- Xosé M. Eyré, 'A angustia do ser humano no límite', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Cultura', 30 2003, p. 26.

Segundo Xosé Manuel Eyré, no fato de relatos que é *Tarxeta vermella* o autor lugués Xosé Miranda xoga coas diferentes formas de angustia. Como claves para conseguir isto emprega a brevidade e a dinamización desta, acumulando vivencias e sensacións sen descanso. A angustia vai rillando pouco a pouco no protagonista, algo que xa se vira noutros contos publicados de Miranda como "O lambirón" ou "Na terra sombría", que aparece neste volume e que xa gañara o premio "Pedrón de Ouro". A angustia toma, pois, diferentes formas no amplo repertorio do escritor; hai historias que entroncan coa tradición, coa ficción científica, co mundo medieval ou con sucesos inexplicábeis; tamén transmite angustia a presenza de animais que aterecen ou os actos delitivos dalgúns relatos. Sinala que o emprego do sentimento da angustia é un feito universal dentro da literatura, xa empregado por autores como Thomas Bailey. Toda esta amalgama de feitos e situacións angustiantes, algunhas tan sorprendentes coma un partido de fútbol ou a realidade do paraíso dos nenos, están magnificadas pola brevidade intensa do libro e teñen, como elemento de fondo, un simbolismo entre surrealista e existencialista moi propio do autor. Destaca, finalmente, un virtuoso e variado manexo dos narradores e da sensación de despersonalización dos personaxes, que fai que se confunda a loita entre o ben e o mal.

- Ramón Nicolás, 'Penalti e expulsión', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 25, 6 setembro 2003, p. 7.

Considérase esta nova obra coma consolidación do seu o autor despois de libros coma *Mornig Star* ou *Pel de Lobo*. Con esta obra dise que o autor volve ao terreo do relato curto no que xa se introducira con éxito con *A biblioteca da Iguana* e sinala que, coma entón, amosa o seu coñecemento das técnicas deste xénero, manexándose con especial soltura na creación de mundos imaxinarios mesturados coa realidade. Este libro, dise no artigo, non repite os mesmos temas, senón que é unha obra na que se afonda no imaxinario

racionalizándoo e no que o desexo de subverter a lóxica das cousas harmoniza coa memoria ou a literatura popular, tendo como fondo de moitos contos a cidade de Lugo. Fálasenos en definitiva dun libro de "contos para gozar e pensar".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Contos con marcado sabor onírico e memorialístico', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 setembro 2003, p. 3.

Comeza o artigo cun breve repaso á carreira de Xosé Miranda desde que en 1988, cun relato curto, gañara o premio "Modesto Figueiredo". Destácanse títulos coma *Mornig Star*, *A Biblioteca da iguana* ou *Pel de Lobo*. Despois xa se pasa a falar do seu último libro, *Tarxeta vermella*, cualificado coma heteroxéneo, pero no que o autor xoga coa angustia, co sombrío e co inexplicábel, destacando a súa destreza para mesturar o extraordinario e o real. Comparando o libro cos anteriores, coma *O demo á orella*, vese o mesmo ambiente arrepiante, pero neste a novidade está en mesturar historias do pasado coas do noso mundo. Cos máis variados personaxes: peregrinos, freira, vagabundos, ladróns, anxos, santos, etc. Estes personaxes, segundo o artigo, son heroes de pequenas historias con sabor "onírico e memorialístico" e con influencias da literatura popular. A continuación, coméntanse varios dos relatos e remátase o artigo destacando os finais abertos que invitan á reflexión en todos os relatos.

Referencias varias:

- Marta Rodríguez, 'Apóíome no onírico porque é unha parte máis da nosa vida', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 2003, p. 2.

Entrevista ao escritor lugués Xosé Miranda na cal responde a diversas preguntas sobre o seu libro *Tarxeta Vermella*. O propio autor explica que o libro é unha antoloxía de contos publicados anteriormente por separado; indica que a orde na que os relatos se presentan dentro do volume corresponde coa súa cronoloxía; no que se refire á temática, recoñece débedas de Cunqueiro, cun peculiar realismo que deixa ver como a fantasía e parte da realidade, por exemplo, utiliza unha visión onírica do fútbol para describir a condición humana; recoñece que non ten predilección pola novela ou o conto á hora de escribir e que a súa escolla depende do momento; e, por último, Xosé Miranda expón a súa opinión sobre o sistema editorial galego e o nivel de lectura na nosa lingua, el é optimista e di que os problemas que existen son xerais, e non só do noso sistema literario.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase da reedición da obra *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor e da colectánea composta por dezasete contos de Xosé Miranda, *Tarxeta vermella*, da que salienta o seu carácter fantástico. Ademais destes libros, Blanco Rivas tamén comenta a novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz.

- Marcos Valcárcel, 'Tarxeta vermella', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 26 setembro 2003, p. 77.

Arrinca o artigo cunha pequena introdución á obra de Xosé Miranda desde que se deu a coñecer con *Historia dun paraugas azul* e fai un repaso polas distintas temáticas e xéneros polos que pasou en libros coma *Mornig Star* ou *A tres bandas*. Despois céntrase en *Tarxeta Vermella*, que é un conxunto de historias oníricas e fantásticas con moita introspección. Fai breves comentarios de algún dos relatos e destaca a súa capacidade para crear un clima obsesivo e inquietante para o lector, con reminiscencias de Cortazar ou Borges.

- Jaureguizar, 'Miranda e Cabana pechan etapas publicando catro recompilacións', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 decembro 2003, p. 82.

Dá conta da presentación que Xerais fixo das súas novidades editoriais: *Mitos e memorias*, de Darío X. Cabana, e *As cidades mergulladas* e *Tarxeta vermella*, ambos os dous de Xosé Miranda. Con respecto a este último, sinala que se trata dun libro de contos no que se recollen relatos que xa foran publicados nos últimos dezaseis anos nos que se mestura o fantástico e o real.

Momán, Alberte, *O lobo da xente*, II Premio de Literatura Erótica, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2003, col. Narrativas Quentes, 86 pp. (ISBN: ISBN: 84-87783-77-5).

Ábrese cun proemio no que Alberte Momán (Ferrol, 1976) salienta a atemporalidade da súa obra e cualifica esta súa creación como un "traballo proletario" posto que, salienta, a "única vía de escape fronte ao mundo que tivo o proletariado foi o sexo". Lamenta, asemade, que vivamos nun mundo reprimido e cheo de prexuízos produto do sistema e da falsa moralidade. O volume contén trece relatos curtos de corte erótico nos que recrea ambientes diversos e nos que deixa ver diferentes relacións que reflicten os medos e tabús que aínda existen con respecto ao mundo do sexo. Aparecen personaxes de todo tipo, tales como un home rico con diñeiro, pero só, que se fai cargo dunha rapaza pobre de nove anos pola atracción física que sente cara a ela; un soldado que abusa na guerra dunha muller que lle disparara previamente; un universitario que no momento menos propicio descobre que a súa parella é un home; un mozo solitario que asexua ás rapazas para satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas; etc. Predomina o punto de vista masculino dunha primeira persoa protagonista nun espazo e tempo indeterminados. Nos relatos hai cabida para a violencia, a brutalidade, a decepción, a falta de amor... todo isto froito da incomunicación, a soidade, os medos cara un eido prohibido aparentemente nunha sociedade que, como dicía o autor, impide que nos coñezamos a nós mesmos.

Referencias varias:

- B. L., 'O ferrolán Alberte Momán gaña o certame erótico de Edicións Positivas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 17 setembro 2003, p. 77.

Tras trazar un breve perfil do autor, céntrase no contido da obra, axudado polo criterio persoal deste. Apunta que o título reflicte a existencia "dos propios tabús" que enlazan as distintas historias temáticamente. Subliña que estas recollen diversos dramas interiores, nos

que está presente o sexo e nas que latexa de fondo certo ton irónico e trágico. Ademais, pon de manifesto a teima do escritor polas relacións humanas. Remata destacando que o ferrolán cre que a Galicia de hoxe, na que sitúa a súa escrita, é aínda unha "sociedade reprimida".

Neira Vilas, Xosé, *Relatos mariñeiros*, ilust. Xaquín Marín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. Narrativa, nº 184, 127 pp. (ISBN: 84-8302-933-2).

Conxunto de vinte relatos breves de Xosé Neira Vilas (Gres-Val do Ulla, 1928), onde o nexo de unión é a comunidade de pescadores galegos asentados na Habana nos anos trinta, corenta e cincuenta. As historias tratan temas cotiáns que van dende a típica historia de amor, ata aventuras dos indocumentados, pasando polo recordo de feitos históricos como grandes ciclóns, a folga dos mariñeiros, as epidemias ou anécdotas relacionadas coa Guerra Civil. Cando aparece o narrador faino empregando unha terceira persoa omnisciente, pero a meirande parte das veces emprégase o diálogo. Os relatos que forman a obra son: "O gaiteiro", "Historia de amor", "Matufía", "Festa", "Corentena", "O negro Eliseo", "Cemiterio", "Un saxofón a bordo", "Os puños do mugardés", "O esquírol", "O crime de Lázaro", "Outra vez en Casa Branca", "O Ciclón", "Indocumentado", "Pola Guadalupana", "Dende Caamouco", "Fuxitivo", "O mariñeiro artista", "Nicasio e o xuíz" e "Sebastián".

Recensións:

- Dolores Vilavedra, 'Fórmulas narrativas moi variadas', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, pp. 108-109.

A profesora Vilavedra comeza esta recensión lembrando que o ingreso de Xosé Neira Vilas na Real Academia Galega o dotaría dun xusto recoñecemento social e institucional que ten ben merecido. Despois de facer un breve repaso polos eixes temáticos e polas características máis salientábeis da súa narrativa, pasa a debullar a nova entrega, *Relatos mariñeiros*, destacando en primeiro lugar o tema escollido, "tan ignorado na nosa literatura", a partir do cal artellou vinte relatos nos que se tratan diferentes aspectos e acontecementos relacionados cos pescadores galegos das mariñas asentados na Habana. No tocante á forma narrativa escollida por Neira Vilas nesta ocasión, Vilavedra destaca a conxugación do subxectivo coa obxectividade. Da lingua salienta a enxebreza e valora a recuperación do léxico mariñeiro, aínda que sen abouzar en ningún momento ao lector.

- Héitor Mera Herbello, 'Fermosos relatos de mariñeiros galegos en Cuba', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 32.

Informa da recente publicación da obra e di que está formada por vinte relatos breves que amosan historias ficticias que poderían ocorrerlles aos exiliados ou emigrados galegos en Cuba. A continuación fai unha descripción temática das historias e indica que a conciencia de grupo, a solidariedade e a supremacía moral dos mariñeiros contra as adversidades dan unidade ao libro e deixan claras as intencións de Neira Vilas de analizar a figura colectiva dos mariñeiros emigrados. Continua afirmando que o sentimento de morriña, a identificación coas penurias e algunha anécdota máis que se narra, fai que a obra sexa

especialmente recomendábel para ser lida polos adolescentes co propósito de que coñezan unha realidade que non está tan lonxe. Loá a linguaxe empregada, que demostra o gran dominio que posúe o escritor; a brevidade das historias, que están postas en boca de protagonistas ou testemuñas; e a forma na que están redactadas, que nos recorda as que pode contar calquera ancián.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Valentes na procura da cherna golfo adiantes', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 3.

Comeza o artigo afirmando que o "cronista por excelencia da nosa emigración", Neira Vilas, dedícalle o libro ao conxunto de mariñeiros galegos que foron para Cuba, como xa fixera en libros anteriores. Nesta ocasión, segundo Francisco Martínez Bouzas, o autor no canto de situar a problemática da emigración nun espazo urbán, como xa fixera noutras ocasións, fáino nas correntes do Golfo. O numerisísimo material necesario para confeccionar os distintos relatos conseguiu nos vinte e catro anos que estivo emigrado, a metade dos cales pasou en Cuba. A continuación encadra a obra dentro do socio-realismo. Logo, dá-nos unha panorámica xeral da obra, das súas características, dentro das cales destaca a linealidade, a gran naturalidade ao narrar os feitos e a gran mestría que amosa o narrador que emprega recursos realistas, ademais dunha lingua "depurada e cristalina". Di que a estrutura é sinxela e a carga temática leve pero que se asemella ás *Cousas* de Castelao. Remata afirmando que os mariñeiros e emigrados teñen aquí unha merecida homenaxe.

- Camilo Franco, 'Fabulando co mar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 5, 'Letras en galego', 12 abril 2003, p. 10.

Sinala, en primeiro lugar, que *Relatos mariñeiros* é unha obra que describe a vidas dos mariñeiros e que este é un tema recorrente dentro da literatura universal. A seguir fai unha breve descrición da obra e dos personaxes que, aínda que están rodeados de circunstancias adversas, son totalmente cotiáns. Continúa indicando que o escritor emprega os adxectivos xustos, pero non crea metáforas históricas. Fai referencia aos debuxos de Xaquín Marín, que preceden a cada relato. Remata dicindo que a obra axuda a recuperar as vellas fábulas en diversos sentidos e que o propósito de Neira Vilas é dar outra visión da vida á que xa non se está acostumado.

- Dolores Vilavedra, 'Un clásico', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 466, 24 abril 2003, pp. 8-9.

Faise eco da publicación do libro e afirma que Neira Vilas é un dos clásicos da nosa literatura, que posúe unha gran versatilidade e que as súas narracións son inconfundíbeis. A seguir, afirma que a fonte dos seus materiais foron as súas propias vivencias. Logo indica que a propia conciencia do autor de pertencer "á Galicia da diáspora" convérteo nesta obra nun cronista, faceta que xa amosara noutras ocasións. Logo de facer referencia á elección do relato breve, fai unha clasificación temática das historias: unhas lembran feitos históricos (folgas, por exemplo), outras anécdotas que sucederon na Guerra Civil, outras historias de amor e un último grupo fala de historias dos indocumentados. Fala tamén das fórmulas narrativas empregadas, que logo da lectura da obra nos fan crer que estamos

diante de anéctotas vitais dun grupo humano.

- Ramón Nicolás, 'Relatos mariñeiros', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. V.

Dá conta da publicación da obra con ilustracións de Xaquín Marín e afirma que cumpre todas as expectativas. Loá a ocasión inmejorable na que se publicou e afirma que o escritor extraeu o material das súas experiencias vitais cos mariñeiros. Entre outros aspectos, comenta que os vinte relatos que forman parte da obra poderían ser "exercicios narrativos de maior alento". Indica, a seguir, que Neira Vilas aproveita moi ben os puntos de vista narrativos empregando relatos en terceira persoa, que amosan o recurso da reprodución magnetofónica, ou que se adaptan á estrutura epistolar. Destaca, tamén, a mestizaxe e a acollida que as terras cubanas lle deron aos distintos emigrantes. Remata comentando que os relatos transmiten emoción e paixón.

- Xosé M. Eyré, 'Épica mariñeira', *A Nosa Terra*, nº 1.079, 'Cultura', 24 abril 2003, p. 26.

Comeza dicindo que o autor, como xa fixera no seu anterior libro, emprega a fórmula dos relatos curtos ambientándoos, nesta ocasión, na paisaxe humana do mar, do cal ten un profundo coñecemento; define os textos como relatos-crónica que aparecen nun momento moi delicado para a temática mariñeira. A seguir, realiza unha visión xeral dos relatos, destacando algunhas personaxes e algúns temas; sinala que aparecen experiencias comúns (loitas sindicais, o mundo do contrabando...) e que todas as personaxes teñen como nexo común o estigma da traxedia. Sinala que o conxunto formado polos vinte relatos forma "un friso social traballador e mariñeiro". Cualifica a prosa como "limpa e emotiva" e destaca a súa gran riqueza léxica, sobre todo no referente ao mar. Indica, finalmente, que os verdadeiros protagonistas para Neira Vilas son o lector e os textos.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, 'Neira Vilas: "A obra homenaxe a ós pescadores de Ferrolterra en Cuba', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 26 marzo 2003, p. 17.

Despois de citar algunhas das localidades galegas ás pertencen os protagonistas, indica que os relatos desta obra poderían corresponder á realidade. Cita un comentario do propio escritor no que afirma que a súa fonte de inspiración está na súa obra *Galegos no Golfo de México*. Fai referencia ás persoas ás que Neira Vilas dedicou este libro. Describe brevemente o contido da obra e remata cunha alusión ás ilustracións de Xaquín Marín.

- Salvador Rodríguez, 'Quero recuperar o tempo que tardei en ver o mar', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Entrevista', 24 abril 2003, p. III.

Entrevista a Neira Vilas na que di, entre outras cousas, que para confeccionar os vinte relatos breves desta obra se baseou nas dezasete entrevistas realizadas para a súa obra *Galegos no Golfo de México*, publicada en Cuba. Tamén indica que a meirande parte das personaxes son reais e que todas as historias parten da vivencia que tivo con eles. Explica que escolleu este título porque na literatura americana o relato é un xénero máis próximo á

realidade. Dá tamén conta dalgúns datos persoais e remata, logo de comentar que a literatura inspirada no mar en Galicia é escasa, loando aos mariñeiros emigrados.

- Marcos Valcárcel, 'Relatos mariñeiros', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 14 maio 2003, p. 69.

Dá conta da publicación da obra citando tamén outras do escritor. Afirmar que o autor posúe un afán memorialista e indica que as historias do libro están baseadas en feitos reais. Loar "a viveza dos retratos das personaxes" e destacar, como mellores acertos da obra, o afán reivindicativo, a denuncia social e a beleza dalgúns imaxes.

- Salvador Rodríguez, 'O labrego, o mariñeiro e mailo emigrante describen o noso ser', *La Opinión*, 'Saberes', nº 17, 'Entrevista', 5 xullo 2003, p. 5.

Variación da entrevista con Xosé Neira Vilas, autor de *Relatos Mariñeiros*, publicada no *Faro de Vigo* o día 24 de abril e comentada neste mesmo apartado. O escritor indica, entre outros detalles, que os abundantes materiais que empregou para escribir a obra recolleunos elaborando o libro-reportaxe *Galegos no Golfo de México*, di que a maioría dos protagonistas e das historias da obra parten de contextos reais e explica o título; indica que escolleu a palabra "relatos" porque en América ese xénero é máis directo e achegado á realidade que o conto.

- Luis Soto, 'O meu obxectivo é sempre tentar facer idioma', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 7 agosto 2003, p. 11.

Dá conta da publicación e da presentación da obra na feira do libro da Coruña e recolle algunhas verbas do propio autor. Nas referidas ao libro infórmanos de que retomou un tema que xa abordara en *Galegos no golfo de México* pero nesta ocasión dende a ficción. Continua afirmando que as personaxes son mariñeiros que foron traballar durante o século pasado a aquela zona en busca de futuro.

Nicanor Alonso, Xosé, *Osa Menor*, Vigo: Galaxia, marzo 2003, col. Descuberta, nº 11, 133 pp. (ISBN: 84-8288-585-5).

Primeiro libro de Xosé Nicanor Alonso (Ourense, 1964) no que un narrador eu protagonista relata como unha noite na que se celebran as festas do seu pobo, no canto de marchar para a casa unha vez rematada a orquestra, decide ir despexar o alcol de máis que leva no corpo dando un paseo ata o río. Alí, nunha especie de praia, atopa un homiño moi pequeno que lle di ser o gardián das estrelas e que lle conta a historia gardada en cada unha das estrelas que conforman a Osa Menor. Así, o narrador coñece a historia de Carlos, un pequeno neno alcumado Tarzán; a historia de Kiko, o Ollo Birollo; a de Perfeuto, o ambicioso irmán de Aurelia á que lle reclama metade da herdanza deixada por súa nai; a de Carbuncho; a de dona Adela, a velliña que se achega aos hospitais e ambulatorios para establecer conversas cos enfermos, contando mentiras se fai falta, só por non sentirse soa; ou a historia de Segundo e as súas disputas con Avelino, entre as que medía o cura don Benito. Cando o pequeno homiño se dispón a marchar o narrador tenta retelo dicíndolle que lle falta a sétima

historia, mais o homiño respóndelle que llas contou todas. A sétima é a súa historia e que aínda está sen rematar.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Literatura fantástica galega', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 8 xuño 2003, pp. 8-9.

Dáse conta do argumento do libro de contos *Osa menor* de Xosé Nicanor Alonso e destácase a hábil utilización por este autor de elementos procedentes da literatura fantástica, da reflexión filosófica e do mundo da imaxinación xuvenil ou infantil. De igual xeito, destácase a interesante capacidade para a fabulación deste profesor de matemáticas da Universidade de Vigo, dáselle a benvida ao mundo literario ao que se achega con este seu primeiro libro e relaciónanse os relatos de *Osa menor* con Jorge Luís Borges, con elementos da tradición oral galega e con Álvaro Cunqueiro.

- Joaquim Ventura, 'Ficcións entrañables', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. IV.

Comeza sinalando como contistas de referencia en Galicia aos autores Rafael Dieste e Manuel Rivas, e en Cataluña a Quim Monzó. A seguir, fala das principais características de *Osa menor*, nas que atopa certas concomitancias con *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste. Algunhas destas características son a presenza de personaxes entrañábeis e moi comúns, a linguaxe natural, a dimensión fantástica e o humor.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre o libro de contos *Osa Menor*, primeira obra literaria de Xosé Nicanor Alonso, da que se salienta as súas fontes tradicionais e a volta aos mometos da infancia. É un percorrido desde a infancia á vellez seguindo o camiño das estrelas que forman a Osa Menor. Tamén se achega ao libro de cartas de Álvaro Cunqueiro *Cartas ao meu amigo*, á obra *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, e ao libro infantil *¡Tódalas cores!*, de Max das que se dá conta no seu lugar correspondente.

Novo, Isidro, *Súa de si*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 3, 234 pp. (ISBN: 84-933327-0-4).

Creador de obras en prosa e verso, coas que obtivo premios dende o ano 1992, Isidro Novo

(Lugo, 1951) é o autor de *Súa de si*, unha obra na que as relacións sentimentais e a violencia de xénero son protagonistas. O libro dá inicio coas que, en principio, parecen ser dúas historias absolutamente independentes sen nada en común. Por unha banda, atopámonos cunha avogada de importante sona na vila especialista en casos de malos tratos; pola outra, un matrimonio cunha filla no que o marido agrede continuamente a ambas as dúas cometendo as máis aterradoras vexacións sexuais. Ao mesmo tempo nállanse, paralelamente, en capítulos alternos, diversos episodios de malos tratos; pero sen dúbida a narración que acada maior presenza é a da nena e a da letrada, Comba Salgado. A rapaza maltratada decide marchar do seu fogar sendo unha adolescente e para en Madrid, onde nuns primeiros meses adoita unha vida de absoluta penuria na rúa; certa noite, é atacada por unha banda urbana e recollida por Eloisa, unha muller solteira dona dun bar que a acolle na súa casa. Pasa uns anos de auténtica ledicia con ela ata que Eloisa morre de cancro; este acontecemento sume á moza nunha profunda dor e decide volver cara a súa terra. De xeito paralelo a esta historia, relátase a da avogada Salgado, quen inicia unha relación con Ramón Cortiñas, un xornalista que está con ela por intereses profesionais (para acadar información que precisa para unha reportaxe). Cando ela descobre isto, rompe a relación; pero daquela, Cortiñas xa está verdadeiramente namorado de Comba. A causa da ruptura o xornalista bótase á bebida e sofre un gravísimo accidente de tráfico; a novela finaliza cunha certa melloría do accidentado e con certas posibilidades de retomar a relación amorosa. Estas dúas historias, inicialmente independentes, son narradas ó longo de corenta e seis capítulos; ambas as dúas vanse aproximando ata que os feitos dunha e outra coinciden nun punto: o regreso de Comba de Madrid á vila. A desgraciada historia da rapaza fora o pasado da letrada Salgado. A grande subdivisión da trama argumental nestas dúas grandes partes e, ao mesmo tempo, a súa subdivisión en case medio centenar de capítulos, presentan unha narración moi fragmentada, complexa e continuamente cambiante, cun ritmo moi variábel, continuos saltos temporais que abranguen anos e espazos pouco definidos polo xeral.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, 'Unidos polos libros', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Iniciativas culturais', 12 xullo 2003, p. 12.

Comeza salientando que o club de lectores Biblos en tan só catro meses xa superou a cifra dos mil socios. A continuación explica que os seus socios poden mercar libros galegos a través dunha revista de periodicidade bimestral e a través de Internet. Sinala a variedade de volumes postos á venda, entre os que tamén se atopan algúns de editoriais portuguesas e doutras áreas lusófonas. Dá conta ademais doutras características deste club e da súa revista, que no último número incorporou unhas páxinas dedicadas á obra completa de Xosé Luís Méndez Ferrín, iniciativa que ten previsto continuar con outros autores. Ademais disto subliña que Biblos fomenta a lectura a través da colección Mandaio, colección de autor galego na que xa apareceron tres títulos, *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo, cos que se agasalla ao facer un pedido.

- Xiá Arias Rego, 'Lugo é referente nos novos libros de Diéguez e Novo', *El Progreso*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 69.

Infórmase da presentación de dous números da colección Mandaio, de Biblos Clube de Lectores, *A casa de Galiaz*, de Lois Diéguez e *Súa de si*, de Isidro Novo.

Pazos Gómez, Manuel, *Despois da guerra*, Ordes-A Coruña: Asociación Cultural Obradoiro da Historia, maio 2003, 100 pp. (ISBN: 84-607-8107-0).

Conxunto de sete relatos de Manuel Pazos Gómez precedidos dun breve proemio asinado por Xosé Neira Vilas onde este presenta a obra como un documento histórico do que foi a Guerra Civil en Galicia. Séguelle, ademais, unha pequena nota do autor onde anuncia a relación da ficción por el escrita e a realidade crúa deses momentos. Os relatos deste libro están, polo tanto, baseados en historias reais acontecidas en terras de Ordes a partir de 1936. Os relatos aparecen titulados como: "Lección 48", "Silvestre", "Don Gustavo", "A Taberna de Estevo", "De Bellvís a Lavacolla", "A filla do Roxo", "Ágreda", e "Muiñeiras e pateados". O conxunto deles introdúcenos en plena Guerra Civil con todo o que iso significa. Os elementos recorrentes que aparecen en todos os relatos son a morte, a represión, as xenreiras, a fame, o desterro, o medo, etc. Os relatos van acompañados de recortes baseados en relatos de prensa; tamén aparecen anacos de testemuñas tiradas *Víctimas de la Guerra Civil* de Francisco Moreno Gómez e información facilitada polo Centro de Dinamización Turística de Ágreda. O autor utiliza dentro dos relatos moita descrición acompañada de diálogos onde se nos amosa a fala dunha forma realista, introducindo a pegada da gheada ou introducindo, tamén, numerosas cantigas que se acompañaban coas pandeiretas, etc.

Pereira Domínguez, Benito, *Nasciturus*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, decembro 2003, 214 pp. (ISBN: 84-8190-323-X).

Esta é a primeira novela de Benito Pereira Domínguez, unha novela que afronta o tema da homosexualidade e da súa problemática social. Conta cun total de quince capítulos nos que a acción transcorre linealmente, aínda que se fan continuas regresións nostálxicas ao pasado. No que se refire aos personaxes hai só un que é tratado con profundidade, o protagonista, un médico atormentado pola súa condición sexual e pola atmosfera asfixiante que o rodea. Condicionado en parte por ser fillo dun deputado provincial de dereitas con grande influencia na cidade de Ourense. Os outros personaxes aparecen como axentes que inflúen no protagonista, son máis ben roles sociais, sen ter unha personalidade desenvolvida, os máis importantes son a compañeira sentimental, o amante homosexual e a primeira noiva do protagonista. Aínda que a obra é unha novela de personaxe, de evolución interior, os espazos condicionan fortemente ao protagonista. Por unha parte está Ourense, que é un espazo que lle fai abafar, incómodo e no que non ten liberdade, e polo outro Madrid, que fai de contrapunto como espazo de liberdade e da felicidade dos anos de estudante alí. Así, Moisés, que así se chama o protagonista, vainos narrando os seus últimos meses de vida, obrigado a vivir en Ourense e envolto nunha relación de parella por puro convencionalismo social. As distintas relacións afectivas e sexuais que ten, confusas e espontáneas, acaban por descubri-lle o seu verdadeiro amor na súa primeira noiva. E polo tanto, tamén, a súa auténtica condición sexual, oculta, se cadra, detrás de traumas infantís.

Pero dúas trágicas viraxes do destino impídenlle alcanzar a felicidade e, coa morte da súa prometida e do seu futuro fillo, decide poñer fin a todo. Todo isto nárrase cunha lingua pouco coidada e cun tempo narrativo subxectivo, pero aínda así embarullado e pouco traballado.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Nasciturus: la homosexualidad y sus conflictos', *La Región*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 67.

Preséntase aquí a primeira novela de Benito Pereira, que segundo declaracións do propio autor está baseada nas vivencias reais dun coñecido seu. Di que as ambientou nas cidades de Ourense e Madrid, pola súa proximidade para el e para o seu público. Faise unha pequena sinopse do argumento do libro, que xira en torno as vivencias dun médico homosexual que decide casar para ocultar a súa identidade sexual, a raíz do que ten moitos problemas. Tamén se indica que hoxe se vai a presentar o libro e que a recaudación das vendas do día se destinarán a fins benéficos.

Piñeiro, Xoán, *Lista de espera*, Premio de Creación Literaria "Terra de Melide", Vigo: Francka Editora, 2003, 146 pp. (ISBN: 84-932575-2-4).

Este libro de Xoán Xosé Piñeiro (Carballa, Pontevedra), merecente do Premio de Creación "Terra de Melide", consta de sete narracións omniscientes cun trazo común: a presenza da morte, que mesmo cobra aparencia humana na última delas (a titulada "A partida"). A concepción nihilista e irónica da existencia que da lectura destes contos se desprende, deixa un pouso agridoce no lector: a vida é entendida como un simple compás de espera en que o azar é o único elemento que determina a súa duración e, xa que logo, os nosos destinos; non embargantes, a actitude do autor implícito perante esta evidencia non é agónica, senón que a trata con retranqueira resignación. Os protagonistas (unha xubilada, unha caixeira, unha médica, un estudante, unha cesteira, un funcionario e mais un xornalista) atópanse nestes relatos perante circunstancias inesperadas, elementos desconcertantes ou situacións límite que veñen quebrar o seu mediocre vivir cotián. Son exemplo disto os relatos titulados "Os arrotos", "Tarde de poda", "A camisola" e "A buguina". Pero na obra hai cabida tamén para a crítica social, como se pode constatar en "Militante con fotocopias" ou "O sarabullo", narracións que reflicten, mediante o humor macabro que caracteriza ao conxunto, casos impunes de corrupción política, ineficacia e displicencia administrativa, e escándalos financeiros.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, 'A existencia como unha inacabable lista de espera', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 marzo 2003, p. 3.

Despois de resaltar o labor da editorial Francka Editora, Francisco Martínez Bouzas analiza o último libro de autor novel que a casa vén de editar: trátase de *Lista de espera*, de Xoán

X. Piñeiro, gañador do Premio de Creación Literaria "Terra de Melide" na convocatoria de 2002. Nota, en primeiro lugar, que este escritor se acolle ao xénero da "narrativa de formato curto que tantas simpatías esperta entre os creadores do sistema literario galego". A seguir, achéganos o argumento dos sete relatos que integran o volume, que, segundo afirma, exploran "moitas facetas e matices da existencia humana". Remata aludindo á eficacia con que o autor deseña ambientes, atmosferas e perfís psicolóxicos.

- Xosé Freire, 'Morte e humor na obra de Piñeiro Cochón', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 33.

Para comezar, faise un repaso á produción anterior de Xoán Xosé Piñeiro Cochón, lembrando que este autor foi gañador do premio "Modesto R. Figueiredo" en 1990 coa obra *A Liga dos Lambetas*, e que publicara algúns anos despois o libro *Coa Lei nas Costas* e mailo relato "Home de Pao con zocas" (premio "Medio Ambiente"). En canto á *Lista de espera*, galardoado co premio "Terra de Melide", indícase en primeiro lugar que continúa a liña do relato curto xa iniciado polo autor nas devanditas incursións iniciais. Sublíñase a ironía coa que narra e as "abondosas chiscadelas ás súas paixóns e gostos literarios, musicais, cinematográficos...". Así mesmo, faise notar a recorrencia á morte nos sete relatos do conxunto, e remátase cualificando a de Piñeiro como unha "forma galega de narrar".

- Ramón Nicolás, 'A vida que pasa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Libros', 22 maio 2003, p. IV.

Antes de deterse no libro *Lista de espera*, repásase a experiencia literaria do seu autor, Xoán Xosé Piñeiro, gañador de varios premios, como o "Modesto R. Figueiredo" ou o "Manuel Murguía". De todos os xeitos, *Lista de espera* supón, segundo Ramón Nicolás, "a auténtica estrea como autor dun libro independente". Salienta que se trata dun volume no que o afán realista vai "de mans dadas" co inesperado, e que nel domina a ironía. Non dubida en cualificar a Piñeiro como un "agudo diseccionador da contemporaneidade", para rematar convidando ao escritor a ofrecer novas publicacións aos lectores.

- Armando Requeixo, 'Da vida e da morte', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xuño 2003, p. 70.

Preséntasenos o libro de Xoán X. Piñeiro, *Lista de espera*, gañador do Premio de creación literaria "Terra de Melide". Tras unha noticia breve sobre a traxectoria do escritor pontevedrés, hai unha sucinta descrición temática dos sete relatos que compoñen o libro. Común a todos eles sería, segundo Armando Requeixo, a invitación a cavilar sobre o sentido da existencia, sobre a vida e as relacións, etc., pois os personaxes, dísenos, teñen todos problemas de comunicación e de soidade e a morte marcará a traxedia de todos eles. Así, sinálase cómo moitos dos relatos xiran arredor do encontro coa morte, mentres noutros se convive con ela. Destácase tamén o manexo que demostra o autor da relación entre realismo e carga fantástica e o dominio do clímax do conto, recomendando finalmente o libro pola solvencia narrativa do autor.

Referencias varias:

- B. L., 'Piñeiro ponse en 'Lista de espera'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí/Pontevedra', 27 febreiro 2003, p. 85.

Anúnciase a próxima aparición nas librarías da terceira entrega da editorial Francka Editora: trátase de *Lista de espera*, de Xoán X. Piñeiro, gañadora do Premio de Creación Literaria "Terra de Melide". Achégasenos información arredor do libro e da biografía do seu autor (merecente de premios como o "Modesto R. Figueiredo" ou o "Carballo Calero"), e finalmente reproducése un fragmento do primeiro conto do volume.

- Sofía de Benito, 'Mujeres en tiempos de guerra', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 12 marzo 2003, p. L15.

Entre outros temas, como a participación da actriz Luma Gómez nun debate sobre a muller ou a presentación do último número da revista *Cuadernos de Pedagogía*, faise eco do galardón recibido por Xoán Piñeiro coa súa obra *Lista de espera*. Trátase do IIº Premio de Creación literaria "Terra de Melide", e segundo se afirma a obra narra "con retranca" historias cotiás non exentas de desastres.

- Camilo Franco, 'O humor é a billa que permite regular o noxo', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 20 marzo 2003, p. L2.

Entrevista con Xoán X. Piñeiro, autor de *Lista de espera*, o libro gañador do premio "Terra de Melide" 2002 que se presentará en Vigo o día 21 de marzo. Nela, o escritor refírese á súa querencia pola ollada humorística, recoñece que o de escribir non é o seu oficio (é avogado), e explica que emprega o xénero do relato curto "por falta de tempo".

- Amaia Mauleón, 'Los certámenes han sido como padres para mis obras', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 20 maio 2003, p. 40.

Conversa co autor do libro *Lista de espera*, Xoán X. Piñeiro, na que o gañador do premio "Terra de Melide" 2002 recoñece que os diversos galardóns que ten merecido foron imprescindíbeis para ver publicadas as súas obras, dado o estancamento editorial que detecta no noso país. Tamén se refírese ao contido do volume que o día no que se publica esta nova será presentado en Vigo, explicando que "todos formamos parte de una gran cola".

Rabuñal Corgo, Henrique (editor), *De soños e memorias*, A Coruña: Edicións Espiral Maior □, maio 2003, col. Espiral Maior Narrativa, nº 32, 183 pp. (ISBN: 84-95625-68-7).

Volume composto por seis relatos precedidos todos eles pola reflexión a modo de introdución que fai o editor desta obra. Cada un destes relatos foi galardoado nas diferentes

edicións do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía correspondentes aos anos 2000, 2001 e 2002, que convoca o Concello de Arteixo dende o ano 1991. A seguir describimos o contido de cada un deles:

- X. L. Vázquez Somoza, "A fervenza", pp. 17-46.

Relato de X. L. Vázquez Somoza, que se fixo *ex aequo* co premio Manuel Murguía de Narracións Breves na súa IX edición. Trátase da historia de amor entre Uxía e Antón revisada pola protagonista días despois do trágico final da mesma. Uxía rememora momentos puntuais no recorrer do seu amor, condenado dende o principio ao fracaso por formaren parte os amantes de familias enfrontadas entre sí.

- Xosé Carlos Caneiro, "As flores en Irlanda", pp. 47-64.

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) preséntanos un relato no que se reproducen os pensamentos en primeira persoa dunha profesora universitaria a punto de suicidarse a modo de despedida e, ao mesmo tempo, se coñece o contido dunha carta que enviou ao seu amante en Irlanda.

- Rosa Aneiros, "Mares de xabre", pp. 65-106.

O relato de Rosa Aneiros (Meirás-Valdovino, 1976) estrutúrase seguindo o procedemento do ritual do té para o pobo saharauí, representado na figura dun dos seus membros, o mozo Brahim, a quen coñecemos ao longo de tres etapas da súa vida: a primeira no deserto, escenario sobre o que se move o seu pobo; en Cuba, onde vai estudar; e a terceira, no mesmo deserto da súa orixe.

- X. L. Martínez Pereiro, "Palamades e a besta labradora", pp. 107-136.

O monxe Valdemar, un copista do mosteiro de Sobrado, propónse recrear as andanzas dun dos cabaleiros da Táboa Redonda, o cabaleiro Palamedes. Este é o argumento deste relato de X. L. Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) no que se inclúen, a modo de xogo metaliterario, fragmentos da obra que o monxe está a escribir.

- Emma Pedreira, "A flor perfecta", pp. 137-158.

Este relato de contido erótico de Emma Pedreira (A Coruña, 1978), premiado na XI edición do premio "Manuel Murguía", presenta unha narración na que se recrea o que foi a vida de Flor Hortensia, a protagonista, xa morta. Flor Hortensia pasou de ser delgada, e case santa, de nena a gañar quilos e a adquirir ampla sabedoría nas artes amatorias que chega a compartir, a modo de mestra, cos rapaces da vila na que vivía coa súa nai.

- Daniel Asorey Vidal, "Soñar pedras con fútbol", pp. 159-184.

Este último relato do volume consta de tres partes das que se serve o seu autor para contar a historia de tres personaxes masculinos: un rapaz sen nome, un rapaz con nome, David, e un rapaz con nome e apelidos, Antonio Fernández de Abade que, sen sabelo, van ver as súas

vidas unidas por un acontecemento violento nun escenario marcado por unha guerra que xa duraba demasiado.

Recensións:

- C.F., 'De sonhos e memorias', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Dá conta da publicación en Espiral Maior do volume colectivo *De sonhos e memorias*, que recolle as obras galardoadas nas tres últimas edicións do certame de narracións breves "Manuel Murguía", convocado polo concello de Arteixo. Freire destaca os relatos de Rosa Aneiros e X. L. Martínez Pereiro.

- Armando Requeixo, 'Contadores', *Tempos Novos*, nº 76, 'Libros', setembro 2003, p. 76.

Fálase do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía que o concello de Arteixo vén convocando dende hai doce anos. Con relación a isto coméntase a publicación da obra *De sonhos e memorias*, volume prologado por Henrique Rabuñal no que se recollen as narracións premiadas nos anos 2000, 2001 e 2002 dentro deste concurso. Preséntase o artigo cunha pequena reseña de cada un dos contos que figuran no volume.

- F.M.B., 'Un regueiro cheo de sonhos e memorias', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 setembro 2003, p. 3.

Comeza a recensión facendo un percorrido histórico pola traxectoria do Premio de Narracións Breves "Manuel Murguía", certame que cualifica de xa consolidado no sistema literario galego polo seu prestixio no formato de relato curto. Dise que a publicación dos textos galardoados comezou no 1995 estendéndose no tempo ata chegar ao volume *De sonhos e memorias* que recolle os seis textos gañadores na novena, décima e undécima edición de dito certame. Comeza a descrición do volume cunha valoración xeral do mesmo como de "notable calidade literaria" para pasar logo a unha análise máis pormenorizada de cada un dos seis relatos que o forman. Do relato de X.L. Vázquez Somoza titulado "A ferverza" sinálase que se trata dunha historia de amor entre dous rapaces pertencentes a dúas familias enfrontadas. De "As flores de Irlanda", de X.C. Caneiro dise que trata un encontro/desencontro entre dous profesores de literatura coa morte, no que o autor volve utilizar recursos metaliterarios. Do relato de Rosa Aneiros, o máis longo, mencionase que é a historia dun rapaz saharauí en tres momentos e lugares precisos enmarcados estruturalmente nos tres momentos que conforman o ritual do té do pobo saharauí. Do relato de X. L. Martínez Pereiro destácase o ton humorístico e imaxinativo ao servizo da historia dun monxe que se propón recrear a vida dun cabaleiro mouro. Para rematar, faise parada obrigada nos relatos de Emma Pedreira e Daniel Asorey, gañadores do certame do 2002 coa historia dunha nena santa, a primeira, e a de tres galegos e a súa particular relación co fútbol, no caso do segundo.

- Domingo Tabuyo, 'Unha manchea sólida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Comeza cunha reflexión sobre os libros recompilatorios e a posibilidade que estes ofrecen de mostrar ao lector temas e formas narrativas diferentes. Sinálase tamén que este tipo de práctica pode favorecer a lectura do volume ou mesmo provocar desconcerto no lector. Tras sinalar que os relatos que conforman o volume foron escollidos entre os gañadores do Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" do Concello de Arteixo dos anos 2000, 2001 e 2002, pásase á análise un pouco máis pormenorizada de cada un deles.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Doce ensaios arredor de Virginia Woolf...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 321, 'Librería galega', 19 xullo 2003, p. 2.

Ver Fortes, Belén, *Escrita e mulleres*, no apartado V.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

- R.N., 'De soños e memorias', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19, 'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Primeiro recorda que o Concello de Arteixo leva convocando varios anos o certame de Narracións Breves Manuel Murguía, que cualifica de prestixioso. A seguir describe este volume que acolle as narracións da IX, X e XI convocatoria. Salienta que acollen narracións de autores noveis e de autores e autoras xa coñecidas.

- Manuel Vidal Villaverde, 'De soños e memorias', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 10 agosto 2003, p. 45.

Tras unha descrición do volume e da listaxe de autores que o conforman, sinálase que todos os relatos foron galardoados no IX, X e XI Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" do Concello de Arteixo. A seguir insístese na calidade de cada unha das pezas que compoñen o volume, avalada xa pola propia valía dos seus autores. A referencia remata coa reprodución do inicio do relato de Emma Pedreira.

Rei Núñez, Luís, *O corvo de chapapote*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, marzo 2003, col. Froita do tempo, nº 8, 112 pp. (ISBN: 84-95350-72-6).

Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) amosa dende esta novela a importancia que ten e que terá para todos os galegos o desastre do *Prestige* así como a manipulación informativa das consecuencias desta calamidade por parte da TVG. Para isto faise unha descrición cronolóxica dos feitos dende o 13 de novembro, data de afundimento do *Prestige*, até a mensaxe de fin de ano de 2002 do presidente da Xunta, todo isto dende o punto de vista do protagonista deste relato, un xornalista da TVG. Este xornalista recalca a manipulación informativa -a cargo de Rodrigo Caneiro, director de informativos da TVG- da catástrofe e a súa propia suspensión de emprego e soldo. Durante este percorrido saen á luz os principais efectos deste naufraxio vistos por este xornalista: aparicións estelares de políticos negando a evidencia da realidade, a importancia dos voluntarios, as manifestacións contra o

desgoverno, o sumario 960/2002 do *Prestige* no Xulgado de Corcubión ou a morte de Manfred -Man- co seu "corvo de chapapote".

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'O humor e a sutileza como defensa', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 11 maio 2003, p. 51.

Entrevista con Alfonso Álvarez Cáccamo, un escritor que sostén non ir de intelectual e radicar a súa escrita nunha ideoloxía nacionalista que lle resulta irrenunciábel. Recoñécese novelista e tamén poeta, e afirma que sempre denuncia a sociedade a través da súa creación literaria. Por outra banda, inclúese un comentario a *O corvo do chapapote*, de Luís Rei Núñez, un relato de doada lectura editado na colección "Froita do Tempo", de A Nosa Terra.

- Adolfo Caamaño, 'Galiza, ano cero', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 28.

Extensa análise de *O corvo do chapapote*, cualificada como novela histórica, na que se indica que a dinámica da narración se artella ao xeito das crónicas dun reporteiro de guerra. Alúdese a que nesta novela curta aboia un ton elegíaco cun ton épico perfectamente combinados e que ademais outra das súas pezas clave é a denuncia da manipulación informativa. Coméntase tamén que a mellor mirada deste volume poderase facer desde o futuro e sublíñase que a tristura do xornalista protagonista -que se narra a si mesmo en segunda persoa- está presente en tres naufraxios: sentimental, profesional e da propia terra.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Luís Rei Núñez. 'A literatura é a que mellor vai contar a traxedia do Prestige'', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 36.

Nesta conversa con Luís Rei Núñez, centrada nesta novela, o autor coruñés sinala que con este libro quere lembrar como foron os meses posteriores ao afundimento do *Prestige* dende a literatura xa que aquí será onde perdure no tempo. Coida que o mellor xeito de coñecer a historia é a través da literatura e sinala que a morte de Manfred resume o espírito do libro e toma corpo nel.

- Xosé M. Eyré, 'Literatura e imaxes lembran o Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 22.

Faise referencia aos volumes *No país de Nunca Máis* e a *O corvo do chapapote* do que se salienta que é unha novela de urxencia asentada no realismo máis puro da actualidade histórica da traxedia

Rei Núñez, Luís, *A estrela dos polisóns*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 192, 261 pp. (ISBN: 84-9782-039-8).

Esta novela de Luís Rei (A Coruña, 1958) ten como elementos temáticos substanciais o mar, as aventuras vividas no barco *La Negrita* e a amizade. Está protagonizada por un adolescente, Amaro Mengoti, pertencente a unha familia adiñeirada, que foxe da casa por non compartir o mundo que lle tocou vivir, pola falta de afecto de seu pai e por sufrir o seu primeiro desengano amoroso. Na súa fuxida, tras dun naufraxio nunha gamela, vai parar a unha illa presidida por un faro. Alí é recollido por Recaredo Rey, un fareiro afeccionado á astronomía que vive no seu propio mundo, esquecendo o seu pasado. Entre ambos nace unha amizade que os levará a emprender unha fuxida (do pai do rapaz) que remata cando se agochan como polisóns no barco *La Negrita* no porto da Coruña. O mar, as estrelas, sobre todo Liberia, unida ao destino do rapaz grazas á invención de Recaredo, e a vida no buque rodeados de homes de mar, converten a viaxe nunha experiencia fundamental para Amaro quen só regresa ao ser reclamado pola xustiza, por orde de seu pai, que morre unha semana despois arrepentido da súa actitude miserábel ao longo de toda a súa vida. A historia comeza cunha voz narrativa en terceira persoa que axiña se ve complementada pola crónica xornalística de Xosé Loureiro, O'Tabán, que recolle o relato das experiencias e aventuras de Recaredo e Amaro unha vez que os coñece tras o enterro do pai do rapaz. Ademais do destacado protagonismo do mar, a novela desenvólvese fundamentalmente na aldea de Beluso, en Bueu, espazo da infancia de Amaro e nos diferentes enclaves polos que vai pasando o barco nas súas singraduras.

Referencias varias:

- Belén López, 'Luís Rei. 'Os homes de principios están cautivos e desarmados'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 4 decembro 2003, p. 82.

Con motivo da presentación de *A estrela dos polisóns* no Café Moderno de Pontevedra, Luís Rei declara a súa admiración por Paco Martín, convidado no acto, a quen considera dotado dunha especial sensibilidade para os nenos e relacionado en certo modo coa súa novela polo feito de que esta presenta a especial amizade que se establece entre un neno e un adulto. Alude tamén a que se trata da súa segunda novela no mesmo ano, tras *O corvo do chapapote*, aínda que cualifica esta última de texto de urxencia feito por encargo. Respecto da presenza do mar en *A estrela dos polisóns* declárase admirador das historias orais do mar que escoitaba dos mariñeiros de Muros e da Coruña e tamén de seu avó, das películas de piratas e aventuras e de novelas como *A illa do tesouro*, de Stevenson, as de Conrad, Pío Baroja ou Ignacio Aldecoa. Fala tamén da dedicatoria da novela, "Ós homes de principios, cando o seu tempo pasou", que provén da idea de que os homes de principios que quedan están "cautivos e desarmados", e refírese ás primeiras páxinas do libro, coas que intentou chamar a atención do lector e establecer un clima favorábel que o levase a ler o libro. Remata aludindo ao seu gusto por achegarse ao mundo que vai relatar procurando materiais, para despois darlles forma na ficción, igual que un xornalista, e "saír con ben dese reto fantástico que é escribir".

Rivas, Manuel, *Contos de Nadal*, ilustr. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de

Galicia, decembro 2003, 120 pp. (ISBN: 84-9782-083-5).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) achega oito contos de pascua co seu toque persoal, algúns deles xa publicados anteriormente en *La Voz de Galicia*. Trátase de historias cotiás e reais, algunhas estremecedoras, que recollen diferentes dramas persoais, aos que adobia de tenrura e un singular lirismo. Todos teñen un punto de encontro, as datas máis sinaladas do Nadal, mais estas fican nun segundo plano, pois tenta fuxir de toda artificialidade e dos tópicos. Os contos son os seguintes: "O namorado de María", uns modernos Reis Magos son asaltados por uns bandidos da Agrupación Guerrilleira de Galicia; "Okay", aborda o extraño naufraxio dun barco en noiteboa; "Madonna", unha rapaza mostra o seu amor aos seus animais; "O amor das sombras", un vello solitario sae en Noiteboa na procura da súa namorada; "O carteiro de Papá Noel", un narcotraficante fai de Papá Noel nuns grandes almacéns; "O partido de Reis", un neno con Síndrome de Down protagoniza unha heroicidade nun partido de fútbol; "A barra de pan", o único que tiña para comer unha familia numerosa nos tempos da fame é comesto por un dos seus membros; e "A chegada de Ingrid", unha boneca vén da emigración para presenciar unha crise familiar. Ao final recóllese unha breve descrición das traxectorias do autor e do debuxante. Os contos, nos que predomina o humor e un narrador interno en primeira persoa, teñen un fondo de traxedia, aínda que están abertos á esperanza. Por último, son relevantes os debuxos de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1957) que acompañan ao texto.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Unha buguina de esperanza', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

Salienta a perfecta simbiose entre texto e imaxe, así como a "mensaxe de paz e solidariedade" que se procura transmitir. Por outro lado, subliña que con esta obra se renova o conto de nadal con "neóns de emoción contemporánea", pondo de relevo que se trata dunha novidade na nosa lingua. Finalmente, tras enumerar os contos do volume, repasa brevemente as traxectorias de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Manuel Rivas e Miguelanxo Prado colaboran en 'Contos de Nadal'', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 26 novembro 2003, p. 90.

Dá noticia da inminente publicación do volume, sinalando sucintamente a orixe dos contos e a liña temática de cada un deles. Así mesmo, recolle as opinións de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado sobre o seu traballo. Indica que o autor de *O lapis do carpinteiro* se opón á "felicidade artificial" do Nadal e observa que cómpre "devolvelo a esa orixe de espacio dramático". Por outro lado, asegura, entre outras cuestións, que o debuxante afirmou que seguirá "unha liña realista, case costumista".

- Camilo Franco, 'Manuel Rivas e Miguelanxo Prado contan as súas historias de Nadal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 decembro 2003, p. 54.

Informa da inminente publicación da obra e da súa única presentación na Coruña. Subliña, ademais, que se trata doutra maneira de "mirar o Nadal" e alude ao xermolo deste proxecto. Por outro lado, recolle a valoración do ilustrador, quen salienta que o Nadal é só "transfondo" na obra e que se desbotan os tópicos, así como opina dos seus debuxos.

- Camilo Franco, 'La literatura navideña, un estilo entre el desencanto y el recuerdo infantil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 decembro 2003, p. 54.

Fai un sucinto repaso pola historia do conto de nadal, apuntando diversas orientacións. Así mesmo, cita os últimos libros publicados neste subxénero, *Contos de Nadal* de Rivas e *Tres navidades* de Quim Monzó, analizando este último.

- MARÉ, 'Esperanza e emoción en nadal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ HOXE', 13 decembro 2003, p. 49.

Anuncia a próxima saída do prelo desta obra, salientando a importancia dos que a asinan. Ademais, recolle a valoración da editorial que os vai publicar. Así, sinala que destaca a novidade da edición e a carga emotiva dos relatos. Por outro lado, apunta que o volume representa "un canto á esperanza" e insiste na mensaxe última dos contos. Pon punto final cunha moi breve achega ao contido dalgún dos contos.

- Jaureguizar, 'Miguelanxo, nome siamés', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 28 decembro 2003, p. 75.

Céntrase, entre outras cuestións, no destacado labor do ilustrador en diversos campos, salientando entre os seus traballos esta colaboración con Manuel Rivas.

Riveiro Coello, Antón, *A esfínx de amaranto*, Vigo: Galaxia, 26 novembro 2003, col. Literaria, nº 198, 302 pp. (ISBN: 84-8288-645-2).

O primeiro que chama a atención nesta novela é o uso que Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) realiza do tempo do discurso: sucédense capítulos en presente e en pasado, segundo a narradora sexa Verónica ou a súa avoa, Rosa. O primeiro capítulo pode considerarse como un epílogo da obra, xa que a súa comprensión, que o comezo da lectura da obra pode causar problemas, logo desta comprendese absolutamente. A seguir entretécense a historia de Verónica coa da súa avoa Rosa que narra os detallados preparativos da súa última cea antes de suicidarse, na que confesa a toda a familia que fora vítima de violacións repetidas por parte de seu pai, froito das cales naceu a súa filla maior, Violeta. Explica que por isto nunca volveu á súa vila natal nin mantivo máis contacto coa súa familia. A historia de Verónica sitúase logo da morte de Rosa. Tenta recompoñer o crebacabezas familiar, volvendo a vila da que era oriúnda case toda a súa familia materna, xa que ademais a casa que tiñan alí herdouna ela, por ser a que máis sintonizaba coa avoa. Mediante o descubrimento de documentos e as conversacións con algún veciño do lugar que coñeceu a membros da súa familia vai tecendo a súa árbore xenealóxica, descubrindo, entre outros detalles, que o irmán de Rosa, foi o asasino dos pais de Narciso, o seu marido e que a nai de Rosa matou o seu marido ao decatarse das atrocidades que cometera coa súa

filla. Cómpre destacar para finalizar o tratamento que se lle dá a enfermidade de alzheimer, que padece o marido de Rosa. Reflictese a enfermidade en todas as súas fases.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Acción cultural en Boiro: o camiño ben trazado', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 31 outubro 2003, p. 3.

Informa da celebración en Boiro da "I Semana da Cultura Galega Actual" onde, no eido da literatura, intervirán, entre outros, Yolanda Castaño, Rosa Aneiros e Antón Riveiro Coello, do que se anuncia como primicia que Galaxia ten no prelo a súa nova novela, *A esfinxe de amaranto*.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espacio fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfinxe de amaranto* de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Rodal-Fraga, Félix, *A cor do cavalo*, Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero 2002, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 174, 46 pp. (ISBN: 84-8487-039-1).

Con esta novela Félix Rodal-Fraga (Vigo, 1971) resultou gañador do "Premio de narración curta Carvalho Calero", correspondente á convocatoria de 2002. A obra estrutúrase en sete capítulos encabezados por números romanos que alternan con outros seis capítulos designados por letras, que se corresponden con dúas historias en principio independentes. Nos capítulos numerados en romano a acción sitúase na Idade Media. O cabaleiro Nuno Ruis, señor de Lagares, leal conselleiro e amigo do rei, narra en primeira persoa a súa historia: como o seu rei lle encarga levar unha mensaxe ao rei de León, sabendo que este o matará ao recibila. El cumpre a súa misión e consegue fuxir antes de que o executen, mais sabe que non pode voltar á súa terra porque voltar vivo sería interpretado como traizón, polo que foxe e pasa a servir ao rei de Portugal, aínda que finalmente localízano e mátanlo. Os capítulos designados por letras tamén están modalizados a través dun narrador autodiexético. Neste caso a acción transcorre nos nosos días. O protagonista é un escritor

inédito que reflexiona sobre a súa escrita e a súa incursión nos ambientes literarios da man doutro escritor xa consagrado. O problema xorde cando este escritor consagrado lle fai ao protagonista un encargo que lle resulta comprometido. Así, no fondo, ambas historias presentan puntos en común, xa que as dúas se centran na situación na que se atopan os seus protagonistas á hora de seren sinceros cun amigo, co que ao mesmo tempo manteñen unha certa relación xerárquica, e a sinceridade pode custarlles algo máis que a súa amizade.

Recensións:

- Héitor Mera, 'Apuntando maneiras', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Indícase que a obra gañou o XII Premio de Narrativa Breve "Carvalho Calero" e que é a primeira dunha serie de entregas que, baixo a denominación de *avatares*, o autor pensa editar para conformar un conxunto de obras ligadas entre si. Tras resumir a estrutura e argumento das dúas historias que conforman a obra, sostense que estas teñen en común unha desazón existencial presentada desde unha perspectiva mística, explicábel pola condición de "avatar" en que se nos presenta a novela, de xeito que as dúas historias serían unha mesma esencia en diferente estado. Xúlgase que a concepción da obra é interesante, pero demasiado ambiciosa para se desenvolver nunha novela breve, cuxa idiosincrasia esixe un dinamismo carente de requintamentos innecesarios. Aínda así salientase que o estilo da obra "apunta maneiras" para empresas máis axeitadas que non deberían pasar pola narración breve.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Pedinche luz prestada', *Atlántico Diario*, '*La Revista*', 'Musas', 5 outubro 2003, p. 51.

Entrevista con Marica Campo na que Manuel Vidal Villaverde lle pregunta dende cando escribe, cal é o seu xénero preferido, etc. A autora responde que a súa vocación pola escrita lle vén de lonxe, e que escribe narrativa "gozosamente" e poesía "con dor". Tamén se lle dá espazo ao comentario do libro *A cor do cavalo*, texto co que o seu autor, Félix Rodal-Fraga, resultou galardoado co XIIº Premio "Carvalho Calero de Narrativa Curta". Valora moi positivamente as corenta e seis páxinas que constitúen a primeira incursión do autor no mundo literario, pero que segundo Vidal Villaverde non resulta nada "primeirizo".

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo; *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Da novela de Rodal-Fraga recóllense algunhas características do seu protagonista, que considera as palabras como as armas máis poderosas, nunha obra que foi merecedora do Premio Carvalho Calero de Narrativa Breve e coa que o seu autor comeza a publicación dunha serie de obras ligadas entre si chamadas

"avatares".

Rodríguez, Básico, *A transfusión. Impunidade I (Crónica 1974-1980)*, Lugo: Veniaisedicións, 2003, 243 pp. (ISBN: 84-607-7972-6).

Trátase dunha novela que tenta facer un breve percorrido histórico polos anos da transición política na cidade de Compostela tirando polo chan con moitos dos mitos que hoxe existen acerca desa época. Básico Rodríguez xoga cuns personaxes (estudantes en xeral) que viven ou malviven na cidade do apóstol nos anos convulsos da transición política. Estes personaxes serven para falar dos diferentes grupos e asociacións políticas, para facer un percorrido rápido polas rúas, bares e lugares sinalábeis da época así como para amosar un posíbel decorrer diario dunha serie de estudantes na época referida. O aperturismo cultural con viaxes a Londres ou a credibilidade relativa dos movementos políticos sen esquecer os momentos de lecer son algunhas das narracións que conforman este volume. Rodríguez emprega recursos estilísticos como o cambio de voz narrativa, normalmente en primeira persoa, coa visión que ofrecen tres mozos distintos. Tamén realiza unha substitución de palabras por outras de son semellante en diversas ocasións como é o caso do título do libro (transfusión = transición) dándolle así un xiro semántico ás formas. Trátase dunha narración que relata os acontecementos continuamente en pasado e cunha prosa sinxela e fluída, moitas veces enormemente descritiva. É destacabel o uso de referencias ou citas cultas (culturalistas) que se aprecia por exemplo ao comezo de cada capítulo, sempre iniciado por algún texto doutro autor.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Crónica burlesca da Transición', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320, 'Librería galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. Da obra de Básico Rodríguez sinala que é unha novela sobre a transición política feita dende unha posición burlesca e desmitificadora, que nace da mirada de "esquerda apartidista". Alude ás visións que se foron transmitindo e que están como pano de fondo na obra, que é unha reflexión crítica sobre o momento histórico que vai de 1974 a 1980, no que se describe unha ampla galería de personaxes que loitan por un lugar no "taboleiro político" que se comezaba a deseñar.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A editorial Veniaisedicións preséntase con dúas novelas', *El Progreso*, 'Cultura', 8 xullo 2003, p. 61.

O xornalista anuncia a creación dunha nova editorial lucense a cargo de Xosé Manuel Gayoso e Basilio Cobo. Para a presentación de Veniaisedicións, os seus responsábeis optaron pola presentación de dúas novelas: unha delas da propia autoría de Gayoso, *Nin Berlin*, a que define coma unha historia de fracasos e frustracións dunha serie de personaxes que viven nun ambiente hostil, de mentira e de violencia; do outro libro co que abren a editorial, *A transfusión*, dun autor que asina Básico Rodríguez, di que se trata dunha crónica burlesca e desmitificadora que vai dende o final do franquismo á chegada da democracia ambientada en Santiago. Por último declaran que as pretensións de Veniaisedicións son as de crear un recanto de liberdade, no que se poida publicar en galego, en español e mesmo en portugués e en calquera xénero literario.

Romaní, Ana e Paulino Novo (coord.), *Narradio. 56 historias no ar*, prólogo de Luís Pérez, introdución dos coordinadores, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Radio Galega □, 2003, col. Narrativa, 239 pp. (ISBN: 84-8302-945-6).

Este libro é o resultado dun proxecto iniciado xa hai tempo no programa radiofónico 'Diario Cultural'; os coordinadores da obra, Ana Romaní (condutora, así mesmo, do programa) e Paulino Novo, explican na "Introdución" que este libro é unha mostra do compromiso da Radio Galega coa literatura do país e unha reivindicación da literatura oral; explican, asemade, que o libro inclúe cincuenta e seis relatos de outros tantos escritores galegos creados expresamente para ser lidos no programa de Ana Romaní e fan unha lembranza especial para Carlos Casares, que participou neste proxecto e que desapareceu sen velo publicado. O libro leva un Prólogo de Luís Pérez, director da Radio Galega, no que sinala que este proxecto foi iniciado por Arturo Maneiro e impulsado por Alfonso Cabaleiro, ambos os dous directores da Radio Galega; sinala que se trata dunha obra única por ser a primeira en xuntar a tantos creadores e de tanta calidade e dá, finalmente, as grazas ás persoas implicada no proxecto. O libro editase acompañado de catro CD gravados en 2002, no Estudio 5 da Casa da Radio en Santiago de Compostela, e nos que os propios autores narran os seus relatos.

- Xavier Alcalá, "Piñón de Ferrol", p. 13-15.

Relato de Xavier Alcalá (Miguelterra, 1947), no que o protagonista é Ramón Piñón, un home natural de Ferrol e primeiro gardán do bergantín Rosalía; nárrese como este e os seus vinte e seis compañeiros foron abordados polos setenta e oito tripulantes do bergantín corsario Two Friends. No enfrontamento, de nefastas consecuencias para a embarcación galega, Piñón deu mostras de intrepidez e valentía, defendendo o seu barco ata quedar terriblemente mutilado; isto valeulle o recoñecemento de El-Rei, que lle asignou unha pensión vitalicia e mandou facer pública a súa distinguida conduta.

-Marilar Aleixandre, "Fala Carrapuchiña", pp. 17-18.

A voz narrativa deste relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) corresponde a Carrapuchiña, a protagonista do coñecido conto infantil. Conta que a versión que da súa historia se coñece é incerta e revela que entre ela e o lobo existe unha relación amorosa. Explica que o equívoco xurdiu da interpretación que o cazador fixo ao velos xuntos e

confesa que a súa historia de amor continúa aínda hoxe.

- Fran Alonso, "Un amigo", pp. 19-20.

Relato breve de Fran Alonso (Vigo, 1963) no que unha voz en terceira persoa narra a forte discusión que un home con estreñimento mantén co seu socio mentres está no vater, despois da cal desaparece o seu problema intestinal. Ao final do relato descúbrenos que a discusión fora provocada a partir dun pacto entre os dous homes para acadar o resultado obtido.

- Alfonso Álvarez Cáccamo, "Marinella", pp. 21-22.

Relato surrealista de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) no que un fareiro narra en primeira persoa como se namorou subitamente de Marinell, ser con corpo de muller e filla dun home e dunha pardela. Conta que lle confesou á súa amante as súas sospeitas sobre a súa orixe e dá conta da reacción do estreño ser.

- Rosa Aneiros Díaz, "Palabras cegas", pp. 23-27.

Neste relato de Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) un home diríxese a unha muller cega a través do anonimato da radio, para agradecerlle todas as experiencias e sentimentos que lle produciu o seu traballo como guía da muller.

- Anxo Angueira, "Rebelados", pp. 29-31.

Relato de Anxo Angueira (Manselle, Dodro, 1961) no que o autor fai metaliteratura ao empregar unha voz narrativa que detén o relato que está a narrar na radio para dirixirse, a través das ondas, á muller amada; neste contacto, a voz narrativa expón os seus sentimentos e lembra a relación que ambos mantiñan. No relato que o suposto narrador estaba lendo na radio faise unha especie de comparación entre o mundo cotiá e o mundo do mar, a través dun único personaxe: un mariñeiro que volve só a terra, sen pesca e que reflexiona co seu can.

- Vicente Araguas, "Balada para Mónica", pp. 33-35.

O narrador deste relato de Vicente Araguas (Xuvia, Narón, 1950) é un locutor de radio, que conduce un programa nocturno ao que os oíntes chaman para contar as súas historias; nesta noite é el que lle conta aos seus oíntes que perdeu para sempre á muller que amaba, Mónica.

- Xurxo Borrazás, "2045", pp. 37-38.

Relato de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) no que cada liña é un texto independente e agramatical que unicamente mantén relación cos demais polo tema; as liñas, nas que nalgúns casos as primeiras e últimas palabras aparecen incompletas, parecen ter voces narrativas diferentes e fan referencia aos problemas que coa alimentación hai no 2045, data na que sucede o relato.

- Dario Xohán Cabana, "A peregrinaxe de Guido Cavalcanti", pp. 39-41.

O protagonista deste relato de Dario Xohán Cabana (Cospeito, 1952) é o señor Guido Cavalcanti, un home procedente de Florencia que peregrina ata Compostela para coñecer ao demochiño Delmiro; durante as súas conversas Cavalcanti faloulle ao demochiño das novas artes de trovar presentes en Italia e Delmiro, o día antes da despedida, entregoulle un soneto burlesco escrito en galego. O señor Guido Cavalcanti traduciu a dialecto florentino aquel soneto, que era o primeiro escrito en lingua galega, demostrándolle a Dante que non era imposible traducir a poesía.

- Marica Campo, "A razón da tola", pp. 43-45.

Relato de Marica Campo (O Incio, Lugo, 1948) no que se conta a historia da Tola das Feiras, unha muller chamada Andrea á que lle mataron o marido durante a ditadura franquista e que percorre as feiras berrando a súa desgraza.

- Xosé Carlos Caneiro, "Volverá Al Pacino, de noite", pp. 47-48.

Breve relato de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) no que o protagonista é un home que soña noite tras noite con parecerse a Al Pacino e con ter unha relación amorosa cunha muller; cada mañá, o seu soño esváese co ruído da radio acesa e el desexa que chegue novamente a noite para volver a ser Al Pacino.

- Ramón Caride Ogando, "Ollares", pp. 49-51.

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) narra os recordos que un home ten do seu primeiro amor e, sobre todo, da forma con que aquela primeira muller o miraba; conta que só despois de corente anos volveu a sentir aquela mirada, cando o seu ollar se cruzou co dunha enfermeira que o atendía nun hospital.

- Fina Casaderrey, "Un pincel namorado", pp. 53-55.

Relato de Fina Casaderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que a protagonista, Pilar, é unha moza que estudia fóra e que cada fin de semana regresa á casa familiar, onde axuda aos seus pais no bar que rexentan. Ao bar acodía cada sábado un home que a ollaba embebido durante máis de dúas horas; a ela esta situación agradáballe, pero seus pais fixeron por evitar estes encontros. Un día, o home entregoulles un fermoso cadro de Pilar, que agradou aos pais e moito máis á rapaza, que entendía que era froito dun 'pincel namorado'.

- Carlos Casares, "A radio, un soño", pp. 57-59.

Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941-Vigo, 2002) conta que Arcadio López-Casanova foi o fundador, cando menos en soños, da Radio Galega; conta que ambos os dous compartían, durante os seus tempos de estudantes, unha pensión en Compostela e que polas noites dedicaban moito tempo a recitar versos; conta que durante eses recitais, sobre todo cando antes tiveran algunha reunión política, Arcadio interpretaba para Casares o

papel dunha radio, a Radio Galega, na que retransmitía as mensaxes do presidente de Galicia, as sesións do Parlamento Galego ou os partidos de fútbol da selección nacional galega.

- Laura Caveiro, "Os ciclos da natureza", pp. 61-64.

Relato de Laura Caveiro (Vigo, 1967) no que a voz narradora en primeira persoa corresponde a unha muller que viaxe soa nun cruceiro; conta que o tempo atmosférico é desagradábel e que na cuberta só está un home e ela, que está a ler un tratado de ecoloxismo. O home, tras falar polo seu teléfono móbil, tírase ao mar e ela, impasíbel, continúa a súa lectura.

-Alfredo Conde, "A patera", pp. 65-77.

No relato de Alfredo Conde (Allariz, 1945) un home narra en primeira persoa como fai a viaxe en patera que o día 11 de novembro de 2001 (data na que se produciron os atentados ás Torres Xemelgas de Nova Iork) o trae dende Marrocos ata Galicia; dá conta do trato inhumano do patrón, fala das persoas que quedaron en terra despois de pagar a viaxe e da xente que morreu afogada no traxecto ou ao desembarcar. Conta como el amenza ao patrón e consegue que o leve a el e a outro home ata un sitio seguro para desembarcar; revela, finalmente, que el é neto dun home de Camariñas e que agora está nesa vila galega co seu compañeiro de viaxe.

-Lois Diéguez, "Evaristo medricas", pp. 79-80.

Na primeira parte deste relato de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), Evaristo cóntalle ao médico que durante o seu servizo militar el era incapaz de matar e que o sarxento provocaba as burlas dos seus compañeiros, que o insultaba e que o obrigaba a matar pombas para que se afixese. Na segunda parte, o narrador conta que Evaristo sofre un desequilibrio mental; conta que cada día vai darlles de comer ás pombas, que fai instrución polas rúas e que logo se dirixe ao cuartel de San Fernando, onde apunta ao seu ex-sarxento cunha escopeta de pau e simula matalo.

- Francisco X. Fernández Naval, "Logo de ti, o silencio", pp. 81-83.

Neste relato de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) nárrese o soño que asedia a Silverio dende que rompeu a súa relación con Laura; dende ese intre, cada noite soña que está con ela e que, de súpeto, comeza a precipitarse no vacío, tras o que chega o silencio. Preocúpalle ese soño, non é capaz de lembrar como era a súa vida antes de estar con Laura e séntese só.

- Agustín Fernández Paz, "Un río de lembranzas", pp. 85-89.

A protagonista deste relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é María, unha muller que convence ao seu marido para que a leva á aldea na que viviu dende os nove aos quince anos; paseando pola aldea, ante a indiferenza do seu home, sente unha profunda nostalgia daquel tempo e lembra, entre outras cousas, o seu primeiro bico. Tras o percorrido polos

recordos volve ao coche, o seu marido arranca sen preguntarlle nada e ela garda para si os sentimentos e as bágoas.

- Manuel Forcadela, "Crónica da cidade asulagada. Método de suicidio", pp. 91-94.

Relato de Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958) no que o protagonista é un home tremendamente rico e famoso, agobiado polo acoso da xente e pola falta de liberdade que sofre. Como remedio decide contratar a un dobre que o suplantarán e a uns asasinos que o asasinarán, mentres el viaxará a un lugar afastado onde non ser recoñecido.

- Camilo Franco, "Catro ráfagas", pp. 95-96.

Catro pequenos textos de Camilo Franco titulados 'Esquinas para o K.O.', 'Cebola desfeita en bágoas', 'Loureiros da provincia' e 'Amor cego', sobre un combate de boxeo, os problemas dunha muller para chorar nos velorios, o comportamento extravagante de varias persoas e o que unha muller fixo por amor, respectivamente.

-Isabel Freire, "Para Ana T.", pp. 97-102.

A protagonista deste relato de Isabel Freire (A Coruña, 1960) é Ana Turnes, unha muller que traballa nunha oficina e que dende nena pasou desapercibida: as nenas do colexio non a invitaban ás súas festas, ninguén a axudara ao empezar naquel traballo e ninguén a invitara a tomar café cos compañeiros. Unha mañá descubriu enriba da súa mesa un anónimo, no que lle dicían: "Sei o que pretendes. Estoute vixiando. Vaite de aquí" e que ela interpretou como unha declaración amorosa dalgún compañeiro, cando intentaba adiviñar quen podía ser o autor da nota, descubriu que todo fora unha broma que alguén gastara a todas as mulleres da oficina e que todas interpretaran así, agás ela que por unha vez na súa vida se sentira alagada.

- Víctor F. Freixanes, 'Cabeza abaixo', pp. 1032-104.

Víctor F. Freixanes (Pontevedra, 1951) Conta os problemas que había entre dous irmáns que non se entendían e que tiveran, entre outros, problemas coas terras. Ambos estiveron agonizando durante meses, aguantando para ver morto ao outro, pero morreron a un tempo; como o panteón era estreito e as dúas caixas non collían se non era unha riba da outra, cousa que ambos pediran que se evitase, tiveron que ser enterrados de pé, un cabeza arriba e outro cabeza abaixo.

- Salvador García-Bodaño, 'Evocación de Laura', pp. 105-108.

Neste relato de Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935) un home narra, en primeira persoa, como hai anos experimentou un extraño suceso; na alameda á que acodía a pasear, para paliar a soidade que sentía, fixouse nun pequeno loureiro que un día se converteu en muller, ela achegouse a el e díxolle que ía axudalo nos seus problemas; el pechou os ollos e ela desapareceu. A pesar do paso do tempo, el segue lembrando esta historia e a aquela muller á que deu en chamar Dafne ou Laura, sen saber de todo certo se isto ocorreu ou se foi un soño.

-Bieito Iglesias, 'O mundo do motor (ou viceversa)', pp. 109-110.

Os protagonistas deste relato de Bieito Iglesias (Ourense, 1957) son un home, que dende a rúa observa excitado a unha muller que está no seu balcón, e a muller, que é consciente da mirada do home e que, ao tempo que amosa indiferenza, lembra a un antigo mozo seu co que acodía as carreiras de coches.

- Xavier Lama, 'Cambio de domicilio', pp. 111-115.

Relato de misterio que acontece nun pazo ao que se despraza unha familia; o pai, que é narrador en primeira persoa, conta cómo sente a presenza dun estraño ao que mata e como a policía lle confesa que sobre o pazo hai un meigallo relacionado cunhas mortes acontecidas nel. O relato ten un final semellante á película 'Os outros' de Alejandro Amenabar, no que o protagonista descobre que el está morto e que a súa familia non pode velo.

- Xulio López Valcárcel, 'Unha radio para Ricardiño', pp. 117-121.

Neste relato de Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) un narrador omnisciente conta, en primeiro lugar, a conversa que manteñen un avó e o seu neto; o neto quere coñecer o funcionamento da radio e o home explícalle que dentro hai uns homes pequenos que traballan todo o día; o avó promételle que á súa morte el herdará a vella radio. En segundo lugar, coñecemos as reflexións en primeira persoa do neno; nun primeiro momento, desexa que o avó morra pronto para herdar o aparello e descubrir o misterio dos homiños, mais, de seguido, se arrepite ao pensar no que sente polo seu avó.

-Antón Lopo, 'Unha terraza en propiedade', pp. 123-125.

Neste relato de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), unha muller narra en primeira persoa a súa incapacidade para estar quieta mentres cociña; así vai narrando, en directo, como decide regar as plantas da terraza ao tempo que fai unha tortilla de patacas. O relato finaliza cando, despois de pechar a porta da terraza, se percata de que non se pode abrir por fóra e de que a tixola está ao lume; pensa en tirar un ladrillo contra os cristais pero non o fai ao acordarse do moito que ten limpadado neles.

-Paco Martín, 'Estevo da Moá', pp. 127-130.

Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) narra a historia de Estevo da Moá, un famoso curandeiro do sur de Lugo que vivía dos cartos que conseguía sanando aos seus clientes, dos que averiguaba o que precisaba interrogándoos, espiándoos ou sobornando aos familiares. Nunha das súas viaxes á cidade descubriu a radio, que a partir daquel momento empregou como medio de traballo, pegando a orella do cliente á radio e sintonizando a emisora que consideraba máis axeitada. Narra, finalmente que o curandeiro aínda vive e, segundo el mesmo lles contou aos seus compañeiros de partidas, o seu negocio desapareceu cando os transistores chegaron a todas as casas.

-Carlos Mella, 'Os milagres da radio', pp. 131-132.

Breve relato de Carlos Mella (O Foxo, A Estrada, 1930) no que Daniel, ao recibir como agasallo do seu setenta e cinco aniversario un aparello de radio, lembra o que lle aconteceu cando era novo; lembra como pasou de ser ignorado por todos os veciños ata acadar unha fama e recoñecemento en toda a bisbarra tras saír falando pola radio co gobernador, que visitara a aldea cando el era presidente da asociación da escola, a pesar de que ninguén escoitara ben o que Daniel dixerá. Aquela conversa valeulle o recoñecemento de todos, ata o punto de converterse en alcalde, aínda que non mantivera co gobernador máis que un cruce de palabras.

-Xosé Miranda, 'Malco', pp. 133-135.

Xosé Miranda (Lugo, 1955) narra como Malco, tras o implante que Xesús lle fixo da súa orella cortada, pode escoitar absolutamente todo, dende o fluír do seu sangue ata o pensamento de todos, pasando polo movemento das estrelas; grazas a isto, e tras un primeiro momento de desesperación, chegou a descubrir o rostro de Deus.

-Estro Montaña, 'A ovella e o náufrago', pp. 137-140.

Estro Montaña (Betanzos, 1956) é a autor deste relato no que Mario é o único supervivinte dun naufraxio, chegou malferido a unha praia da Costa da Morte onde pediu axuda a un neno que, cunha ovella morta no colo, estaba un camposanto. O neno, chorando, púxolle como condición para axudalo que primeiro enterrasen a ovella; o home, sen entender a teima do neno, aceptou e, despois de que o pai do neno o curase, soubo que súa nai marchara como ama de cría a Bos Aires cando el tiña dous días e que a ovella fora para el como unha nai, dándolle leite cando tiña fame, dándolle abrigo cando tiña frío e laméndoo cando necesitaba cariño.

-Gonzalo Navaza, 'De como meu irmán Lucas non se fixo fotógrafo', pp. 141-146.

Relato de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) no que un home narra cómo, cando era neno, truncou o futuro do seu irmán como fotógrafo. Narra que o padriño de Lucas, seu irmán, lle mandou un equipo fotográfico dende Brasil, co que o rapaz quixo aprender a profesión; desistiu do seu propósito cando o narrador velou todos os seus carretes para non perder a súa alma, xa que, tal e como lle contara un amigo, el cría que ao retratalo ocorría isto.

-Xosé Neira Vilas, 'Non lles digas... ', pp. 147-148.

O protagonista deste relato de Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) é un home que hai anos emigrou a América, diríxese a unha segunda persoa, tamén emigrante, que vai volver á terra; primeiro pídelles que non lle conte á súa familia a desgrazada situación na que vive co fin de que non saiban as penurias polas que pasan os emigrantes para conseguir os cartos que envían á casa; logo, dille que conte, se quere, a verdade que el sempre ocultou nas súas cartas.

-Isidro Novo, 'A rosa da cunca', pp. 149-151.

O narrador deste relato de Isidro Novo (Lugo, 1951) conta como un home interpretou os fondos do viño que quedaron nas cuncas duns amigos, adiviñando o futuro próximo de ambos os dous.

-David Otero, 'O exemplo'. pp. 153-158.

Neste relato de David Otero (Santiago de Compostela, 1946) un mariñeiro cóntalle a un xornalista como sobreviviu vinte e unha horas nun bote salvavidas á deriva, ata que o salvaron cun helicóptero. Na narración do mariñeiro intercálase a redacción que desta fai o xornalista, tamén en primeira persoa.

-Carmen Panero, 'O alegato do último carteiro', pp. 159-162.

Este relato breve é a declaración que un carteiro fai ante un inspector de correos ou ante un xuíz por un expediente no que se lle acusa de gardar na estafeta parte da correspondencia durante dous anos. El explica que seu pai lle ensinou o oficio de carteiro cando era un mozo e que, durante anos, o desenvolveu eficazmente, ata que aumento de poboación na vila e o aumento de correo publicitario lle impediu realizar o reparto correctamente; así deixou de repartir as cartas que a el lle parecían de publicidade ata que, dous anos despois, a estafeta estaba totalmente chea de cartas sen repartir.

-Xosé Ramón Pena, 'Lied ohne worte', pp. 163-170.

A historia narrada neste relato de Xosé Ramón Pena desenvólvese nun cantón suízo, no que un profesor dá clases de lingua galega aos membros do Centro Galego; nas instalacións do mesmo asistimos ás discursións dos emigrantes sobre a conveniencia de ensinalles aos fillos a lingua galega e sobre qué variante dialectal é mellor; as reflexións lingüísticas interrómpense ao soar Los del Río, Ana Kiro e El Fary, que todos consideran 'o noso' e co que se senten identificados.

-Xosé Antonio Perozo, 'A súa voz', pp. 171-173.

Relato de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badaxoz, 1951) no que un home narra a decepción que lle supuxo ver en persoa, sendo xa adulto, á locutora que pola súa voz o tiña namorado cando era neno.

-María Xosé Porteiro, 'A selva do asfalto', pp. 175-179.

Neste relato de María Xosé Porteiro (Madrid, 1952) transcríbese a retrasmisión que, en directo, fan pola radio dous locutores e unha testemuña dun suceso que acontece en Vigo. Os locutores narran que hai un gorila hembra solto pola cidade, que escapara dun circo tras térselle arrebatado a cría para vendela a uns narcotraficantes; explican que o animal vaga pola cidade e dan conta do tremendo despliegue policial que decide matalo para non poñer en perigo a vida de ninguén; de seguido, entra en antena unha testemuña que explica que o animal está ás portas dunha gardería, que a policía fire dun disparo a unha nena que pretendía protexer ao gorila e que o animal ten en brazos á pequena, agarimándoa e contradicindo aos locutores, que falaban dun animal tremendamente feroz e alterado.

-Xabier P. Docampo, 'Os milagres da ciencia', pp. 181-183.

Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946) narra como un carteiro de aldea, cun curioso modo de facer o reparto e cunha grande afección ao viño, se estampou contra un camiión e como foi el o primeiro paciente ao que se lle practicou unha operación de cirurxía plástico-reparadora para a face en Lugo; o resultado foi horríbel, pero a pesar disto e da súa avanzada idade casou cunha moza; do matrimonio naceu unha nena que, polos milagres da ciencia, tiña a mesma cara que o pai tras a operación.

-Xavier Queipo, 'Coincidencias en Rosa', pp. 185-186.

Relato que Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) asina no seguinte lugar e data: Bruxelas, agosto de 1995. A voz narrativa correspóndese a un home que dende a súa fiestra observa a unha muller chamada Rosa; no relato faise referencia a Delacroix, Van Gogh, Raimundo Patiño e Uxío Novoneyra, incluíndo mesmo un fragmento dun prólogo dun dos seus libros.

-María Xosé Queizán, 'O admirador secreto', pp. 187-190.

Relato de María Xosé Queizán (Vigo, 1965) no que unha muller se percata de que é perseguida constantemente por un home apostado e elegante; ela pensa que o home é un admirador secreto ata que un amigo lle di que é un policía da político social e ela comprende que a está a seguir pola súa actividade na loita clandestina daqueles anos sesenta; un día o policía aparece, xunto con outro home, na súa casa para rexistrala. O relato remata sen desvelar cómo remata o rexistro.

-Xesús Rábade Paredes, 'Isaura', pp. 191-193.

Relato de Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1947) no que un home se dirixe a Isaura e lle conta os seus recordos da escola; describe a mesa da profesora, o cristo que presidía a aula e os tres retratos que había, de Francisco Franco, de José Antonio Primo de Rivera e da Virxe. Fai referencia, así mesmo, a algúns dos asasinatos cometidos polos falanxistas na aldea sendo el neno.

-Luís Rei Núñez, 'Tan lonxe', pp. 195-196.

Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) narra como dúas persoas cunha concepción da vida e aspiracións totalmente diferentes se atopan casualmente e como, nese momento, ambos pensan nunha posíbel relación que no momento da narración dura xa trinta e dous anos.

-Antonio Reigosa, 'Autobiografía', pp. 197-200.

Relato de Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958) no que o narrador narra a súa existencia dende que é un espermatozoide ata que nace.

-Antón Riveiro Coello, 'O home que matou a Franco', pp. 201-203.

O narrador deste relato de Antón Riveiro Coello (Xinzo da Limia, 1954) lembra o día no que, cando era neno, chegou un veciño á vila dicindo que matara a Franco; a alegría de todos os veciños se esvaeu cando sacou do seu coche a Franco, o lobo que acababa de matar. Ao día seguinte a radio anunciou que Francisco Franco morrera.

-Gloria Sánchez García, 'O home do impermeable amarelo', pp. 205-207.

Neste relato de Gloria Sánchez García (Vilagarcía de Arousa, 1958) nállase a historia dun home que, vestido cun impermeábel amarelo, subiu a unha árbore; alí viviu nun niño e incuvou unha dúcia de ovos, da que naceron uns nenos pequeniños con ás, que cuidou ata que aprenderon a voar e marcharon.

-Manuel Seixas, 'As flores, ela, o home', pp. 209-211.

Neste relato de Manuel Seixas (Ourense, 1966) unha muller observa ao seu marido que, como todos os días, coida obsesivamente do seu xardín e, ao mesmo tempo, pensa en cómo a súa relación se enfriou co tempo. Cansada da monotónia, colle as maletas e abandona o seu fogar e ao seu marido.

-Xurxo Souto, 'A tropa da tralla', pp. 213-214.

Relato breve de Xurxo Souto (A Coruña, 1966) no que se fai referencia ao misterio que rodea a chuvia e á influencia que esta exerce en nós; inclúe versos de Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra e Manoel Antonio.

-Anxo Tarrío, 'A tecla maldita (Conto sexualmente correcto)', pp. 215-218.

O narrador deste relato de Anxo Tarrío (Santiago de Compostela, 1945) é un home que, en primeira persoa, conta cómo chegou a obsesionarse cunha mensaxe gravada no seu contestador automático. Na gravación, que fixera alguén descoñecido, escoitábase unha respiración que, dende o primeiro momento, fascinou ao protagonista; explica cómo se afixo a escoitala diariamente, cómo aprendeu cada inspiración e expiración e cómo, co paso do tempo, acobou contándolle a aquela respiración todas as súas cousas. Esta situación, que durou un ano e dúas semanas, rematou cando equivocadamente borrou a mensaxe no canto de gardala.

-Susó de Toro, 'Parar o tempo', pp. 219-221.

Neste relato de Susó de Toro (Santiago de Compostela, 1956), no que o protagonista é Ánxel Casal, faise referencia ao traballo de Casal ao fronte da editorial Nós e ao momento no que Daniel R. Castelao lle pregunta se se decide a encabezar a candidatura á alcaldía de Compostela pola Fronte Popular.

-Xesús Manuel Valcárcel, 'Encontro co misterio', pp. 223-226.

Neste relato de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) un home narra en primeira persoa

como paseando pola beira do río descubriu outra realidade e o sentido da súa vida, que se baseaba na súa comunicación coa natureza. Isto levouno a transportar grandes pedras que amontonaba en amilladoiros; con esta conduta provocou o riso dos mozos da vila, mais co paso do tempo eles comezaron a actuar coma el, cunha dedicación e mimetismo totais. El deixounos facer, a pesar de que era consciente de que cada un ten que buscar o seu camiño ou o seu mestre.

-Xosé Vázquez Pintor, 'Nas ondas', pp. 227-228.

Neste relato de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1956) unha voz de muller diríxese ao seu amor, que non está presente para contarlle o que para ela significa escoitalo na radio, pois el é locutor, durante estes dous anos que ela leva de retiro voluntario.

-Luísa Villalta, 'Nada de nada', pp. 229-231.

Luísa Villalta (A Coruña, 1957) narra como un home viviu, dende neno, sen facer nada e coa única afección de pasear e ir á taberna os domingos. Pasou os anos vendo como os seus amigos casaban, tiñan fillos e morrían; cando lle chegou o momento da morte sentiu soidade e pareceulle que morrer fora o único que fixera ao longo da súa vida.

-Helena Villar, 'Todo un profesional', pp. 233-235.

Relato de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) no que a súa protagonista é unha muller que estaba a rehabilitar a súa casa; conta como o primeiro carpinteiro ao que chamou se negou a poñerlle madeira de castaño alegando que escurecía co tempo e que as cores escuras producían depresión. Finalmente ela non seguiu o consello do carpinteiro, está contentísima coa madeira escollida e mantén unha boa amizade co carpinteiro, quen por veces lle axuda como psiquiatra.

Recensións:

- Carmen Villar, 'Literatura que entra polos oídos', *La Opinión*, 'Saberes', nº 15, 14 xuño 2003, p. 4.

Sinala que *Narradio* é a maior antoloxía sonora de narrativa galega e que naceu dunha iniciativa do programa radiofónico Diario Cultural; explica que idea xurdiu dunha conversa entre Ana Romaní, condutora do programa, e Camilo Franco, que botaba en falta un traballo deste tipo. Explica que os cincuenta e seis relatos, incluídos nos catro CDs que acompañan o libro, foron gravados polos seus autores durante tres anos; que van ser emitidos diariamente no programa e que todos eles presentan dúas características comúns: a súa extensión non superior a dous folios e a súa creación expresa para seren emitidos no programa. Indica, ademais, que entre os obxectivos desta iniciativa destacan a intención de realizar un proxecto aberto e de reivindicar a tradición oral. Ana Romaní indica, finalmente, que outra das satisfaccións do seu programa son os monográficos que elaboran, coma o dedicado a Eugenio Granell ou o de Antón Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia aparece no suplemento "El Sábado" de Faro de Vigo, 14 xuño 2003, p. 1.

- Carmen Villar, 'Literatura que entra polos oídos', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 316, 21 xuño 2003, p. 1.

Sinala que *Narradio* é a maior antoloxía sonora de narrativa galega e que naceu dunha iniciativa do programa radiofónico Diario Cultural; explica que idea xurdiu dunha conversa entre Ana Romaní, condutora do programa, e Camilo Franco, que botaba en falta un traballo deste tipo. Explica que os cincuenta e seis relatos, incluídos nos catro CDs que acompañan o libro, foron gravados polos seus autores durante tres anos; que van ser emitidos diariamente no programa e que todos eles presentan dúas características comúns: a súa extensión non superior a dous folios e a súa creación expresa para seren emitidos no programa. Indica, ademais, que entre os obxectivos desta iniciativa destacan a intención de realizar un proxecto aberto e de reivindicar a tradición oral. Ana Romaní indica, finalmente, que outra das satisfaccións do seu programa son os monográficos que elaboran, coma o dedicado a Eugenio Granell ou o de Antón Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia aparece reproducida no suplemento "Saberes" de *La Opinión*, 21 xuño 2003, p. 4.

- Ramón Nicolás, 'Palabras no ar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Logo de sinalar que *Narradio* é a terceira antoloxía narrativa que Edicións Xerais edita en pouco tempo, tras *Longa Lingua* e *Materia prima*; explica que esta obra xurdiu da iniciativa de Ana Romaní e Paulino Novo e que supón a antoloxía máis completa da nosa literatura. Indica que a obra está composta por cincuenta e seis narracións de autores galegos contemporáneos e que, ademais da versión escrita, inclúe catro CDs cos relatos na voz dos seus autores; considera que este volume constata a "diversidade e pluralidade de xeracións, rexistros, estilos e subxéneros da prosa galega contemporánea" e destaca aqueles relatos que recorren á temática radiofónica, os que proveñen de autores pouco dados a este xénero ou os que presentan argumentos diferentes aos que adoitan empregar. Fai fincapé, por último, na vinculación que esta obra establece entre radio e literatura, oralidade e escrita.

- Xosé Freire, 'A radio devólvenos a literatura oral', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Cultura', 24 xullo 2003, p. 27.

Considera que *Narradio* é unha recuperación da tradición oral, tan propia da sociedade galega e que nos últimos tempos se está a perder. Sinala que esta obra é unha mostra da diversidade narrativa actual, pois nela aparecen textos de diferente estrutura e contido (como exemplo disto fai referencia concreta aos textos de Camilo Franco, Alfredo Conde, Carlos Casares e Agustín Fernández Paz) e valora positivamente a posibilidade de escoitar na voz dos autores os cincuenta e seis relatos que integran este libro e que xa foron escoitados no programa Diario Cultural de Ana Romaní, na Radio Galega.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Narradio': Unha antoloxía sonora da prosa galega', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Sinala que *Narradio. 56 historias no ar* é unha antoloxía sonora da nosa narrativa, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo e composta por un volume de duascientas páxinas e catro CDs; explica que a obra inclúe a versión escrita e sonora de cincuenta e seis

narracións de escritores galegos creadas para participar no programa Diario Cultural da Radio Galega, no que eles mesmos lían os seus textos. Afirmo que esta é a antoloxía máis ampla e heteroxénea do noso sistema literario, mais bota en falta autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e X. Fernández Ferreiro, entre outros; sinala, así mesmo, que as narracións destacan pola diversidade e riqueza de artificios empregados e pola ausencia dunha trama argumental definida, sendo na maioría xogos literarios, xoias lingüísticas e exhibicións estilísticas. Apunta, finalmente, a temática dalgúns destes relatos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *Faro de Vigo*, o día 25 de setembro de 2003.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Narradio 56', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. V.

Sinala que *Narradio. 56 historias no ar* é unha antoloxía sonora da nosa narrativa, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo e composta por un volume de dúascentas páxinas e catro CDs; explica que a obra inclúe a versión escrito e sonora de cincuenta e seis narracións de escritores galegos creadas para participar no programa Diario Cultural da Radio Galega, no que eles mesmos lían os seus textos. Afirmo que esta é a antoloxía máis ampla e heteroxénea do noso sistema literario, mais bota en falta autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e X. Fernández Ferreiro, entre outros; sinala, así mesmo, que as narracións destacan pola diversidade e riqueza de artificios empregados e pola ausencia dunha trama argumental definida, sendo na maioría xogos literarios, xoias lingüísticas e exhibicións estilísticas. Apunta, finalmente, a temática dalgúns destes relatos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *El Correo Gallego*, o día 3 de agosto de 2003.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Transcender á infinitude que somos', *Atlántico Diario*, 'Musas', 1 xuño 2003, p. 33.

Entrevista con Chus Pato na que se lle pregunta, como é habitual en Manuel Vidal Villaverde, pola súa concepción da poesía. Para a autora trátase da lingua que tenta expresar aquilo "que non é dicible dentro da orde comunicativa". Por outra banda, coméntase o libro *Narradio. 56 historias no ar*, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Indícase que se trata dunha iniciativa de Ana Romaní, que recolle un feixe de relatos curtos e que leva un CD porque se trata dunha obra "para ler e para escoitar". Remata recomendándoo como lectura de verán.

- Maré, 'Historias no ar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 50.

Sinala que Edicións Xerais e a Radio Galega presentarán o próximo luns *Narradio. 56 historias no ar*; este proxecto, coordinado por Ana Romaní, recolle cincuenta e seis relatos de escritores galegos creados especialmente para o programa radiofónico Diario Cultural. Indica que esta antoloxía é a máis extensa e heteroxénea da nosa literatura e que é unha mostra do compromiso da Radio Galega coa cultura; cita, finalmente, algúns dos creadores galegos que participaron no proxecto.

- Maré, 'As voces das historias', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 50.

Dá conta do acto de presentación de *Narradio*, que tivo lugar no Club Internacional de Prensa e ao que asistiron Ana Romaní, Paulino Novo, o editor Manuel Bragado e o director da Radio Galega, Luís Pérez. Fai referencia ao contido da obra e recolle as declaracións de Ana Romaní, nas que afirma que este "libro radiofónico" é a antoloxía máis extensa da narrativa galega e que naceu do programa Diario Cultural. Explica, asemade, que a brevidade do xénero relato permite que estas gravacións poidan escoitarse en diferentes contextos e, deste xeito, pode ser unha iniciativa que fomente o coñecemento da literatura galega.

- Xurxo Fernández, 'Ritual para el fin de los Tiempos', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 14 xullo 2003, p. 64.

Nesta sección habitual da contraportada do xornal dáse conta dalgunhas novidades culturais e sociais galegas, entre as que se atopan a saída do prelo de *Narradio*. 56 *historias*. Saliéntase que nesta antoloxía, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo, están presentes boa parte dos autores actuais galegos.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Romero, Medos, *O trevo da sorte*, A Coruña: Baía Edicións, decembro 2003, col. Baía narrativa, nº 15, 115 pp. (ISBN: 84-96128-45-8).

Medos Romero (Somedes, As Pontes, 1959) achéganos neste libro vinte e sete relatos breves, que se organizan en dúas partes. Os relatos tratan temas como a morte ("Anxos do ceo" ou "Un reloxo na parede"), os abusos sexuais e a violencia de xénero ("O Zonchiño", "Amadora Seixo", "Aquel maldito ollo", "O trevo da sorte", ...), a prostitución ("Ela, os homes e eu", "Os letreiros", "A quietude toda", ...), o cancro ("A cor visón" ou "O verme"), o alcoholismo ("O anel"), os accidentes de tráfico ("El é o do convetíbel") ou os transtornos alimenticios ("A vertixe"), entre outros. En xeral, as narracións carecen de referencias espacio-temporais concretas; a pesar disto, pode facerse unha distinción entre os relatos da primeira parte, que parecen desenvolverse nun tempo pasado, e os da segunda, que fan referencia a aspectos da actualidade. En canto á voz narrativa cómpre sinalar que, agás cinco relatos, todos os demais están escritos en terceira persoa; a voz narrativa en primeira persoa, que en todos os casos pertence a unha muller, aparece en "Ela, os homes e eu", "O trevo da sorte", "O pacto", "A cor visón", "Por un fío de carrete" e "A quietude toda".

Santoro de Membiela, Jaime, *Positively, un encontro casual*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Illa Nova, nº 4, 134 pp. (ISBN: 84-8288-583-9).

Positively é un conxunto de catro relatos nos que Jaime Santoro de Membiela (Vigo, 1968)

se dedica a xogar coas voces narrativas e ata a increpar ao lector con referencias explícitas. Trátase dun conxunto que forman os relatos "Eles", "Positively, un encontro casual", "A figueira" e "Positivamente, Laura, creo que a volvemos fastidiar", nos que aparecen as traducións ao galego das cancións de Bob Dylan feitas por Laura Martínez Pellicer. Neles o autor xoga tanto cos personaxes coma co lector mediante a ruptura das formas habituais de narración Comeza, por exemplo, o relato "Eles" dende a primeira persoa pero acaban sendo tres primeiras persoas correspondentes a un mesmo personaxe as que contan a historia distinguíndose entre elas polo tipo de letra empregada. Noutro dos contos introdúcese un diálogo de estrutura teatral e o último deles é un diálogo no que un dos interlocutores está omitido e só se poden ler as palabras do outro. Entre relato e relato aparecen as tres voces do inicio xogando entre elas e co propio lector. O ritmo da prosa é fluído e a linguaxe ben asequíbel. Dentro destas estruturas vanse engarzando varios temas, pero de entre os que destaca o do amor asumido dende puntos de vista diversos sempre cunha ironía e un humor propios ben presentes. A división do individuo, a morte, o encontro casual (ás veces con un mesmo) e as relacións humanas van determinando o discorrer da prosa do autor.

Sarille, Xosé Manuel, *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela: Candeia Editora, febreiro 2003, col. Narrativa, 293 pp. (ISBN: 84-96163-00-8).

Nesta primeira incursión no xénero narrativo, Xosé Manuel Sarille (Lugo, 1956) ofrece aos lectores unha novela na que recolle os acontecementos que tiveron lugar na aldea de Montecubeiro, no concello lucense de Castroverde, durante a Guerra Civil española. A historia está narrada en primeira e terceira persoa por un narrador-protagonista que é o pai do propio autor, simulando unha historia que lle conta ao seu fillo e autor deste libro; así o pon de manifesto a derradeira frase da novela: *Todo isto é verdade, Xosé Manuel*. En realidade máis que unha novela semella un documental no que se relatan a desgracias vividas pola familia Sarille e boa parte dos veciños desta. Bonifacio e Carme Sarille, irmáns do narrador, son os personaxes principais. Aquel polo seu exilio forzado a Arxentina e as peripecias á súa volta na aldea de Montecubeiro -que o obrigan a regresar a Bos Aires- e Carme polo seu asasinato, sen máis motivo que o de ser irmá de Bonifacio. Para axudar ao lector no coñecemento das múltiples personaxes que transcorren polo libro o seu autor inseriu ao final deste unha serie de fotografías da maioría dos membros da familia Sarille, dos veciños que dun xeito ou outro protagonizan a historia e dalgúns líderes políticos como Manuel Azaña, Manuel Castro Tellado, Indalecio Prieto, Manuel Portela Valladares ou Pablo Iglesias. Tamén achega unha relación dos libros dos que extraeu datos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Toda a verdade sobre o caso Montecubeiro', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 26.

Eyré comeza cualificando a novela de Sarille, *Polos fillos dos fillos*, de arriscada, porque trata temas que "un grupo socialmente de moita influencia pretende esquecer" e sostén que aínda haberá que escribir máis libros deste tipo para que se faga xustiza cos que defenderon un goberno lexítimo. Describe a súa estrutura e argumento, resaltando que, arredor do tema central -a busca de Bonifacio Sarille por parte de falanxistas e autoridades civís e militares-

se tece unha arañeira de represión sistemática e organizada, que xa se vía vir logo da frustración que a República provocara na dereita. Continúa falando dos acertos desta novela, do proceso de documentación (cartas, novelas, comunicados...) ao que se someteu o autor para describir os personaxes, a historia e os ambientes con total realismo daquel Lugo case carcerario onde convivían represaliados e torturados. Como crítica negativa ao libro, apunta o esforzo que ten que realizar o lector para o total coñecemento dos personaxes, que nunca será tan fondo coma o do narrador; non obstante, di que esta carencia é salvada en boa medida polas fotografías que o autor inseriu no texto, xa que fíxan no plano realista o discurso desta novela-documentario.

Referencias varias:

- Concha Pino, 'A crónica novelada dunha traxedia faille xustiza a un pobo lucense', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 2 abril 2003, p. L9.

A xornalista define o libro que publicou recentemente Manuel Sarille como unha crónica novelada da represión, da morte, e da dor que padeceron moitas familias de Montecubeiro, no concello lucense de Castroverde, despois de que coa Guerra Civil se desencadease a "caza do home polo home". Engade que a historia contada por Sarille está narrada en primeira persoa polo seu pai e que o autor a escribiu porque sentía unha débeda coa memoria colectiva da súa aldea e co seu proxenitor, quen con trece anos foi testemuña da barbarie acontecida en setembro de 1937, sendo encadeado doce días. Por último Concha Pino apunta algúns datos biobibliográficos do autor desta novela, como que é profesor de historia, que presidiu a Mesa pola Normalización Lingüística e que actualmente está ao fronte da Fundación Vía Galego.

- M.C., 'Sarille rememorou nunha novela os fusilamentos de Montecubeiro', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Lugo', 10 abril 2003, p. L13.

Dá conta da presentación do libro de Xosé Manuel Sarille no centro Uxío Novoneyra da capital lucense, acto que contou coa presenza, entre outros, do pai do autor, o propio protagonista da novela. Conta que Manuel Sarille tivo palabras de agradecemento para moitos veciños e amigos de Montecubeiro e lembrou episodios vividos durante e despois da Guerra Civil española. O personaxe principal de *Polos fillos dos fillos* insistiu en que a morte da súa irmá, o exilio obrigado do seu irmán Bonifacio e a tarefa de cavar fosas ou de sufrir con feridas alleas obrigárono a facerse adulto moi cedo.

- Xan Carballa, 'Xosé Manuel Sarille. 'A masacre de Montecubeiro non podía quedar sen contar', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 38.

Preséntase o libro *Polos fillos dos fillos* como unha obra que debuxa a saga familiar do propio autor, marcada en 1936 pola represión política na aldea de Montecubeiro, na que Sarille sitúa a historia de seu pai e do seu padriño fuxido. Xosé Manuel Sarille cóntalle ao xornalista parte do proceso de elaboración da obra: que seu pai estivo recollendo todo tipo de material, dándollo a el despois para que o elaborase e o convertese nunha narración novelada. Engade que todo o que se conta na novela está baseado en datos reais, que só hai unha historia de amor ficticia, pero que non afecta á historia real. O resto da conversa

céntrano na andaina política de Montecubeiro a partir de 1936, destacando que foi un dos lugares nos que a rebeldía estivo patente dende o primeiro día da sublevación. Rematan facendo un repaso polos dirixentes do momento en Castroverde e nos concellos limítrofes (Portela Valladares, Castro Tellado...).

- AFA, 'Polos fillos dos fillos/Sarille acha na memoria de seu pai a materia de 'Polos fillos dos fillos', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 abril 2003, p. 32/p. 76.

Comézase cualificando esta obra como unha crónica novelada, un libro de memoria e "nunca de desquite", que Xosé Manuel Sarille tardou máis de cinco anos en darlle forma, sumando documentos, apuntamentos e testemuños que compoñen a memoria persoal do seu pai, dedicado durante sesenta e cinco anos á reconstrución dos feitos que marcaron para sempre a súa existencia. Continúa facendo un repaso ao proceso de elaboración do libro, ás personaxes que o conforman, ás intencións e conclusións que o propio autor tivo ao confeccionar esta obra. Remata o artigo coas palabras de Sarille insistindo en que con esta obra "pretende a difusión de feitos aínda moi descoñecidos e con frecuencia ocultados para *non remexer*"

- Xurxo Fernández, 'Ferrero y las rosas de sangre', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 28 abril 2003, p. 72.

Breve noticia sobre a recente publicación de *Polos fillos dos fillos* de Sarille, de quen se resalta a mestría na execución da novela. Tamén eloxia que este home que dedicou boa parte da súa vida á xestión cultural e ao columnismo narre "cunha dinámica de superproducción hollywoodiana" todos estes acontecementos da historia da Guerra Civil neste concello lucense de Castroverde.

- N. V., 'A literatura local chama con forza ás portas da Feira do Libro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 16 maio 2003, p. 10.

Infórmase da presentación en Ferrol das novelas *Polos fillos dos fillos* e *Resistencia* (2002), e do volume de relatos titulado *Seis ferroláns*, con motivo da Feira do Libro. Da obra de Xosé Manuel Sarille destaca a mestura de ficción e realidade na exposición das consecuencias que tivo a Guerra Civil española no pobo de Castroverde. Engádese que na presentación desta novela o seu autor estivo acompañado polos xornalistas Perfecto Conde e Henrique Sanfíz e o deseñador Manolo Martínez.

- Carlos Fernández, 'Realidade e ficción', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 'Letras en galego', 24 maio 2003, p. 7.

Comeza comparando *Polos fillos dos fillos* coa obra de Xosé Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*, ás que xulga como boas novelas por saberen conxugar realidade e ficción. Como personaxes reais alude a algúns dos protagonistas, que son os propios familiares do autor e ás brigadas represoras, compostas na súa maioría por militantes falanxistas e gardas civís, mencionando especialmente ao coronel González Vallés. Destaca tamén a "narración brillante e torrencial, cuns personaxes movidos polo medo ou polo odio e a vinganza". Remata sentenciando que se trata dunha novela que case perde o seu nome e se converte

nunha crónica dun tempo dramático para Galicia.

- R.C.G., 'A Feira do Libro anímase co teatro á espera de que falen os escritores', *El Progreso*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 67.

Na celebración da XXI Feira do Libro de Lugo, menciónanse todos os actos que están tendo lugar: teatro, asinamento de libros por parte de varios escritores galegos... e a propósito de tal acontecemento sitúase a obra de Sarille, *Polos fillos dos fillos*, no grupo dos libros máis vendidos, ao lado de *Muller no baño* de Manuel Rivas.

- A. Castro, 'Na transición non houbo lembranza do ocorrido no 36', *La Opinión*, 'Entrevista', 17 xullo 2003, p. 64.

Logo de atribuírlle á obra do expresidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Xosé Manuel Sarille, a misión de remexer na terra galega e facer visíbeis os cadáveres de milleiros de republicanos que foron sementados na península a partir do ano 36, faille unha pequena entrevista na que lle pregunta sobre a súa intención á hora de escribir esta novela e sobre cómo a levou a cabo. O autor de *Polos fillos dos fillos* comenta que o seu propósito foi recuperar a memoria que se foi esvaendo ao longo da ditadura franquista e incluso durante a transición española, porque cre que unha sociedade que ten os seus problemas históricos ocultos precisa ceibalos. Engade que a historia narrada non configura unha novela en sentido estrito, senón que tamén acolle outros xéneros coma o ensaio.

- Xavier Alcalá, 'Polos fillos dos fillos', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 20 xullo 2003, p. 5.

O escritor e xornalista atribúe á novela de Sarille un dos deberes máis duros: "deixar por escrito canto fai preguntarse se o que importa é rescatar da ocultación os criminais e os seus instigadores ou salvar do esquecemento as vítimas, inscritas con falsidade no rexistro das defuncións". Xavier Alcalá destaca da novela o asasinato de Carme Sarille -unha tía do autor- debido a que o seu irmán Bonifacio, fuxido, non se entregaba e con el exemplifica o "matar por matar" que se levou a cabo en toda a Galicia destes anos. Remata loando o labor do autor de *Polos fillos dos fillos*, que con esta "docunovela" -como el lle chama- axuda a que a xustiza triúne e que os feitos queden escritos para que non se esvaian nos tempos.

- Xurxo Fernández, 'El tiempo atrapado en un espejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 15 decembro 2003, p. 72.

Xurxo Fernández repasa sucintamente nesta páxina algunhas das obras publicadas no ano que remata. No que respecta aos libros en galego, dá os títulos das seguintes obras: *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, que lle parece unha "obra clave para entender nuestro pasado"; *Fálame*, de Antón Lopo; o *Libro da egoísta*, de Yolanda Castaño e a obra poética de Helena Villar.

Seijas, Otilia, *Escoitar o silencio*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, agosto 2003, col.

Narrativa, 217 pp. (ISBN: 84-8485-112-5).

Novela de intriga de Otilia Seijas (Lugo, 1936) ambientada no espazo imaxinario de Lucerna que arrinca coa experiencia traumática que vive unha moza bióloga, Mencía del Valle, cando unha noite decide mudar o percorrido habitual cara á casa da súa nai e toma o camiño que atravesa o cemiterio. O encontro co cadaleito de seu pai cáusalle unha conmoción tal que perturba toda a súa vida. Será a súa filla Inés quen asuma o reto de descubrir as intrigas que rodean o pazo da súa avoa, os segredos da vida do seu avó e a vinganza agochada dende hai anos por Indaria, a ama do pazo. Polo relato desfilan ademais outros habitantes de Lucerna, configurando unha crónica social dominada pola hipocrisía, o desexo de manter as aparencias a costa de todo e as murmuracións, salientando sobre todo a vida e as renunciadas das mulleres, ademais de afondar nas relacións que unen ás tres xeracións de mulleres do pazo.

Referencias varias:

- Iglesias Viqueira, 'Gallego y castellano no tienen que andar a la greña', *Faro de Vigo*, 'Tiene la palabra', 23 abril 2003, p. 10.

Entrevista a Otilia Seijas con motivo da publicación de *Escoitar o silencio*, que define como unha novela costumista que contén moito de fantasía e moito de realidade. Sinala que á hora de publicar tivo moita sorte con Isaac Díaz Pardo, "persona respetuosa con todas las ideologías", xa que a súa condición de esposa dun político de dereitas péchalle bastantes portas á hora de presentar un libro. Fala tamén da súa condición de escritora tardía, unha vez abandonada a docencia á que se dedicou vinte e cinco anos, e sinala que escribe en galego e en castelán coa mesma naturalidade. Menciona a Delibes como o seu escritor favorito e anuncia que o seu próximo libro leva por título *Os amigos lonxanos*.

- P. Bergantiños, 'Otilia Seixas. 'Contar a miña vida de casada cun político servíume de terapia', *A Nosa Terra*, nº 1.079, 24 abril 2003, p. 40.

Otilia Seijas sinala nesta entrevista que *Escoitar o silencio* é unha novela de intriga, un xénero polo que sempre sentiu atracción, e que nela conxugou a imaxinación e a realidade. Fala ademais do seu primeiro libro, *Viudas de vivos*, e da polémica que supuxo a súa publicación, xa que nel trataba a realidade das esposas dos políticos, a súa propia situación, "un desafogo" que lle serviu de terapia. Alude á súa dedicación á docencia ata que deixou de sentirse ilusionada e abandonou a súa profesión para se dedicar á literatura pola que sempre sentira unha atracción incribel. Finalmente sinala que colaborando nos xornais cumpre outra das facetas que sempre lle interesou moitísimo: a comunicación e o xornalismo.

- AFA, 'Escoitar o silencio', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 maio 2003, p. 32.

Dá conta do acto de presentación da última novela de Otilia Seijas, *Escoitar o silencio*, no que estivo acompañada do xornalista Lois Celeiro e de Xurxo Fernández, xefe de deseño do Grupo Correo Gallego. Achéganse algunhas notas relativas ao argumento da novela e sinálase que a obra supón o primeira incursión da autora no xénero da intriga. Ademais

recóllense as declaracións de Otilia Seijas sinalando que no título quixo referirse ao hábito dos personaxes de "reflexionar en soidade", algo que considera necesario "para o ben espiritual e a procura da paz interior". Sinálase tamén que Xurxo Fernández emparentou a obra coa tradición do costumismo decimonónico cultivado por escritores como Pardo Bazán ou Emile Zola e que Otilia Seijas elaborou un retrato do seu contorno inmediato que conxuga o realismo e o costumismo cos recursos habituais do relato fantástico. Para rematar menciónanse outros títulos da autora como *Viudas de vivos*, *Buceando en el pasado* e *Egida*.

- A.I.S., 'Otilia Seijas publica un libro reivindicativo', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 maio 2003, p. 39.

Infórmase da presentación da novela *Escoitar o silencio*, de Otilia Seijas nun centro comercial compostelá. Saliéntase que Lois Celeiro cualificou a Seijas como unha escritora de raza e de talante aberto que practica unha literatura "de encanto, sentimento, razón e denuncia". Indícase, así mesmo, que tanto Celeiro coma Xurxo Fernández coincidiron en destacar o contido reivindicativo, humanista e solidario da obra.

- Ángel V. A., 'Un día al año no hace daño', *El Progreso*, 'De actualidad', 16 maio 2003, p. 104.

Ademais de dar conta dalgúns dos actos celebrados con motivo do Día das Letras Galegas, como a lectura de textos en galego no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba ou o ciclo de conferencias na Fundación Cela, alude á presentación de *Escoitar o silencio*, de Otilia Seijas, recollendo as palabras de Lois Celeiro quen asegurou que estamos ante unha escritora "feita e dereita e capaz de garantir unha literatura de encanto".

- Jaureguizar, 'Medo e 'Necro' en las Vegas', *El Progreso*, 'Cultura', 7 setembro 2003, p. 75.

Entre outras anécdotas que teñen como protagonistas a Miguel Anxo Fernán Vello, Fabiola Sotelo e Emma Couceiro, menciona a Otilia Seijas con motivo da presentación en Lugo da súa novela *Escoitar o silencio*.

Suárez Muíños, Chelo, *Flor de xiz*, ilustr. Suso Cubeiro, revisión do texto M^a Xosé García García, A Coruña: Primerapersona, maio 2003, 144 pp. (ISBN: 84-95923-67-X).

Chelo Suárez Muíños presenta nesta primeira incursión dentro da novelística unha historia de mulleres que durante o franquismo só tiñan que aprender a coser, rezar e, posteriormente, casar e ter fillos. Para isto divide a narración en dous "Libros", que contan con dezaseis e quince relatos titulados respectivamente, máis un "Epílogo", no que se presenta a Aldara como contadora da historia. Esta rapaza describe as súas vivencias de xuventude, dentro dunha educación imbuída polo machismo da relixión, así como as experiencias vitais doutras mulleres da súa familia. Vemos cómo Aldara é aguda e debece por aprender, pero cando a penas descubre a lectura ten que dedicarse aos labores da casa. Tamén se nos presentan outras lembranzas da súa existencia, como os recordos da guerra civil, o seu primeiro amor con once anos, a súa primeira menstruación, os seus primeiros

grolos de alcol, a súa paixón polo rock and roll e, finalmente, oa súa voda, que supón o remate da súa xuventude.

Recensións:

- Emma Pedreira, 'A flor tranquila', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 32.

Ábrese coa transcripción do inicio da novela e indica que este é o estreno de Chelo Suárez; sinala que se trata dunha novela de familia que se sitúa a cabalo do rural e o máxico, do urbano e o místico, na que a "voz da última das nenas da familia dá en narrar un eixo máxico que as xungue a todas". Fai referencia á evocación do pasado que fai a narradora e destaca a súa resistencia á desfiguración do papel feminino esmorecido pola historia. Indica, finalmente, que a novela é un bo instrumento para achegarse aos recordos da infancia e que a súa lectura ofrece "unha sensación de ter asistido a unha aula onde o xiz repasou contra a pizarra a inconclusa anatomía do máis íntimo da nosa vida".

Referencias varias:

- I. P., 'La autora que escribe 'haikus' y novelas', *La Opinión*, 'A pie de calle', 21 maio 2003, p. 28.

Fai referencia á traxectoria profesional da autora e sinala que ten publicado poesías, contos infantís, relatos e unha novela: *Flor de xiz*. Sinala que adoita asinar as súas obras de literaruta infantil baixo o pseudónimo de Puliana Marfull e indica que en dúas obras de poesía empregou o "haiku", que é unha forma de expresión xaponesa que en só uns versos concentra a esencia da poesía; indica, asemade, que dous dos temas aos que recorre ultimamente son o erotismo e a guerra de Irak e sinala que nos seus contos cortos adoita ofrecer unha visión feminina do mundo. De seguido, fai unha achega á súa última novela e indica que se trata dunha obra na que reflexiona sobre a vida cotiá nas escolas de nenas e a educación que recibían na época dos cincuenta. Indica que a obra ten partes de autobiografía e toques de realismo máxico mesturados con misterio; finalmente, recolle algunhas declaracións da autora sobre a novela.

Sucasas, José Luís, *Soñaron buratos na terra*, Lalín: Edicións de Autor, 2003, 259 pp. (ISBN: 84-607-9285-4).

Longa novela de José Luís Sucasas que narra a vida das persoas de varias aldeas próximas que sofren estrañas desaparicións. Na primeira parte coñecemos a vida dos implicados nas misteriosas desaparicións, coas que se rompe unha existencia tranquila e apacíbel no rural da década dos cincuenta. Os desaparecidos son Ernesto, un home casado que gañaba a vida como obreiro; Rosario e á súa amiga Sara; todos eles, que desaparecen das súas casas o mesmo día, aparecen nun burato do que non poden saír por moito que o intentan. Viven unha situación desesperante ao verse incapaces de sobrevivir ante o paso inexorábel do tempo; aínda así, hai un momento de desafogo e prodúcese un encontro sexual entre as dúas mozas. Ao final da novela aparece un novo personaxe, frei Lucas, que vén a poñer luz á

historia; este personaxe, que vive nun mosteiro, está traducir un manuscrito que Ernesto atopou no burato e no que se narran as lendas existentes sobre o castelo que pertencían aos Quadrom; as lendas contaban que no castelao había un laberinto que fora construído para poder manter amores secretos cunha rapaza; ao atopar a entrada do labirinto, na que Ernesto, Sara e Rosario caeran, descubriuse a veracidade da lenda.

Sumai, Anxos, *Anxos de garda*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, xuño 2003, col. Central Literaria, 216 pp. (ISBN: 84-96203-33-6).

Nesta obra, que se empezou e se segue a escribir na rede, Anxos Sumai (Catoira, 1962) reflicte a súa necesidade de contar, de falar da vida, coas súas dores e ledicias, de comunicarse, e quere facelo "para deixar constancia de que estou viva e tamén, conféssoo, para fuxir da vertixe da soidade non buscada." Fai uso da palabra, de metáforas, de contos e historias do discorrer da realidade cotiá para presentarnos as complexidades da existencia humana na sociedade actual a través da visión dunha muller galega moderna, sempre cunha evocación literaria ou musical de fondo, como unha presenza física máis, os "links" como ela lles chama, excepto nos momentos difíciles, cando "non hai música". A súa escrita, a xeito de diario contado dendo o 9 de setembro de 2002 ata o 21 de abril 2003, permítelle retratar o seu mundo íntimo como reflexión consciente das súas vivencias e relacións persoais no marco de Santiago de Compostela, ao mesmo tempo que plasma as súas inquedanzas, medos e esperanzas sen virarlle nunca as costas á actualidade máis inmediatea, tratando dente unha perspectiva crítica a piratería discográfica, a censura nos medios de comunicación, a actuación do goberno tanto no desastre do Prestige como na guerra en Iraq, o terrorismo, a violencia de xénero, o racismo ou, xa nun ámbito máis persoal, a eterna pugna entre o rural e o urbano, tradición e modernidade, que ela consegue desdramatizar.

Recensións:

- Javier Solís, 'Anxos das redes', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', 2003, p. 9.

Dá noticia da publicación do libro *Anxos de garda* de Anxos Sumai, que recolle os diarios que a autora escribiu desde setembro de 2002 ata abril de 2003 para o portal web <http://www.culturagalega.org>, onde semana a semana ía colgando -e aínda hoxe segue facéndoo- a súa vida privada transformada en literatura. Trátase dunha obra autobiográfica na que non faltan as meditacións introspectivas, as reflexións sobre os acontecementos sociais, as recomendacións literarias, as referencias musicais e teatrais, entre moitos outros temas. Solís alaba a prosa da obra, á que cualifica de brillante e renovadora. A editorial A Nosa Terra inaugura con *Anxos da garda* a súa colección "Central literaria".

- Xosé M. Eyré, 'Diario dunha muller do século XXI', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 26.

Amplio comentario sobre a obra *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Logo de sinalar que a obra ofrece unha lectura amena, onde os alardes técnicos e os valores literarios se presentan simplemente como instrumentos que conducen á reflexión, destaca a emotividade e

sensibilidade con que esta muller, "conscientemente muller", do século XXI, urbana pero fortemente apegada ao seu lugar de nacemento, se achega tanto ao seu mundo interior de soños e de insomnios como ao seu mundo cotiá, rodeada de artistas, de literatura e de música, para reflexar unha realidade doadamente criticábel.

- Tomás Ruibal, 'Reflexión sobre os medos dunha muller galega', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 19 outubro 2003, p. 9.

Achega ao novo traballo de Anxos Sumai, *Anxos da garda*. Comenza salientando a aposta da editorial A Nosa Terra por obras que intentan apartarse da liña máis habitual na escrita en galego. Segue cunha achega ao traballo desta escritora como pioneira no uso das novas tecnoloxías como Internet. Xa no análise da obra, Tomás Ruibal fálanos dunha obra que parece claramente autobiográfica en donde o máis interesante se atopa na "reflexión sobre os medos, as inquedanzas e os gustos dunha muller que vive plenamente na Galicia moderna." Sen discutir a súa brillantez intelectual, conclúe con algunhas observacións críticas sobre aspectos da obra que repercuten negativamente no lector, creándose un "complexo de inferioridade", así como un distanciamento entre este e o mundo da autora. Trátase dalgunhas reflexións que carecen de interese na actualidade ou a acumulación de citas e alusións musicais e literarias só entendidas por aqueles que comparten os intereses da autora.

- Ramón Nicolás, 'O cuco cantando en abril', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. IV.

Sucinta aproximación ao novo libro de Anxos Sumai, que ademais estrea a colección "Central Literaria" na editorial A Nosa Terra. Sinala que se trata dunha proposta "peculiar" e "interesante" que reforza o auxe da ficción de autoría feminina. Salienta a solvencia coa que a autora entra no xénero do diario persoal para abordar valentemente o seu mundo íntimo de privacidade; mais sempre atenta ao discorrer social e cultural do momento. Finalmente, valora positivamente a obra como "unha crónica persoal exposta con naturalidade" e despide este comentario felicitando á autora.

- Camilo Franco, 'Fragmentos de vida en internet', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'Letras en galego', 22 novembro 2003, p. 7.

Alúdese á obra de Anxos Sumai coma un libro que recolle os diarios que ela mesma escribe na web do Consello da Cultura Galega. Camilo Franco describe *Anxos da garda* como un libro "espontáneo e intenso", salientando a forma valente e natural, sen imposturas, coa que a autora trata un tema tan delicado como o dos sentimentos, no que é difícil saber canto hai de ficción e canto de realidade.

Referencias varias:

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e

escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- M. Angueira, 'Los ángeles sobrevolaron Catoira', *Diario de Arousa*, 13 setembro 2003, p. 72.

Faise eco do acto de presentación do libro de Anxos Sumai, *Anxos da garda*, que inicia a colección "Central Literaria" de A Nosa Terra. A presentación tivo lugar o día de onte no salón de plenos do concello de Catoira. Acompañaron á escritora o actor galego Antonio Durán "Morris", o poeta Arturo L. Regueiro e o director literario da editorial, Enrique Acuña. Ademais de referirse á súa anterior publicación en internet, desta obra destaca o humor, a ironía e a melancolía con que explica non só os seus sentimentos persoais senón tamén a súa particular percepción da actualidade política, social e cultural. Noutra sección fai un pequeno achegamento ao seu labor como documentalista, tradutora e narradora.

- Antonio Durán Morris, 'Xente de verdade, xente a compartir', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 29.

Co gallo da publicación de *Anxos da garda*, Antonio Durán reflexiona sobre a súa relación persoal coa autora do libro, do que afirma que "será o seu diario, pero tamén é a nosa memoria; a nosa vida e o noso diario." Salienta ademais o feito de ser aínda un "proceso de creación vivo" que se segue a escribir con moito éxito na rede.

- Iago Martínez, 'Internet permite un contacto co lector que o papel non dá', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 outubro 2003, p. 15.

Entrevista realizada a Anxos Sumai con motivo da presentación na Casa do Libro da súa obra *Anxos da Gardá*. Coménzase establecendo unha comparación entre o que para esta autora supón escribir na rede e escribir sobre o papel. Segundo ela, a grande diferenza é que internet permite un contacto máis directo e unha resposta máis inmediata co lector. Así mesmo, reflexionase sobre a problemática entre literatura e exhibicionismo, realidade e imaxinación literaria, que pode xurdir coa lectura da súa obra, na que aparecen persoas reais, moitas delas coñecidas polo público. Anxos afirma que de realidade aparecen os sentimentos e as situacións, noutros casos emprega a ficción, crea personaxes.

- Lupe Gómez, 'Achegando os libros ós espazos do teatro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 5.

Dá conta do acto de presentación do libro *Anxos da garda* que tivo lugar o pasado 29 de setembro na Sala Galán en Santiago de Compostela. O acto contou coa presenza de amigos e coñecidos, entre eles o actor Antonio Durán "Morris", que leu algúns fragmentos do libro, o escritor Camilo Franco e Rosa Aneiros, con emocionadas intervencións cheas de sentimento; por parte da editorial, Enrique Acuña, que falou co entusiasmo propio da súa condición de editor. Salienta Lupe Gómez o feito de que o libro fose presentado na Sala Galán como mostra de achegamento da literatura ás salas de teatro. Do mesmo xeito, alude continuamente á calidez e camaradería do acto mesmo.

- Rosa Aneiros, 'O diario do diario. Voando con Anxos da Garda', *A Nosa Terra*, nº 1.0104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 24.

Nun exercicio de creatividade metanarrativa, Rosa Aneiros vai describindo, tamén a modo de diario persoal, o libro de Anxos Sumai. Cada día dunha semana, de venres a xoves, remata cunha sentenza que plasma, de maneira maxistral, cada un dos aspectos máis salientábeis da obra. Baste cun exemplo para comprobalo: "con Anxos da Garda vivimos a crónica apurada dos nosos días." Domingo, Rostros de manifestación.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo, *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos de garda*, de Anxos Sumai, da que se sinala que recolle os artigos que a autora escribiu para a edición de fin de semana do portal "Culturagalega.org", nos que a xeito de diario relata experiencias vividas por ela mesma. Da autora dise que traballa como documentalista, letrista de grupos de rock and roll e guionista de banda deseñada.

Táboas, Teresa e Antón Sobral (coord.), *Contos dende a arquitectura*, limiar de Teresa Táboas Veleiro, Pontevedra: Colexio de Arquitectos de Pontevedra, 2003, 91 pp. (ISBN: 84-7824-427-1).

Volume colectivo composto por un limiar e seis relatos dos autores citados que teñen en común algún aspecto relacionado coa arquitectura. Tal como apunta no limiar Teresa Táboas Veleiro, a presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Pontevedra, a idea de publicar este libro de contos responde "exclusivamente a ese interese de intercambio entre as distintas manifestacións artísticas, buscar neste caso un espacio común onde convivan con enorme variedade e forma, arquitectura e literatura". Todas as narracións van acompañadas de ilustracións de diferentes artistas plásticos; duns e doutros damos conta a continuación:

- Marilar Aleixandre, 'Deseño', pp. 53-62.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) vai demostrando ao longo deste relato o confusa que pode chegar a ser para a mente humana a liña divisoria entre a realidade e as súas propias creacións. É o caso da arquitecta que protagoniza esta narración que acaba de rematar o deseño dunha casa e despois de apagar o ordenador a deseñadora chega a confundir os espazos da súa propia casa cos que acaba de deseñar, chegando incluso a derribar paredes e abrir novas portas, sempre na procura do deseño perfecto. As ilustracións que aparecen no relato son de Sergio Casas.

- Fina Casallerrey, 'Residencial Cero', pp. 15-30.

Neste relato Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1952) mestura o mundo real co do máis alá a través do protagonista; un artista que decide abandonar o ático no que vive na procura dunha casa máis ampla. Acode a Internet e na páxina web www.residencial-cero.es e, a pesar de ser o visitante cincocentos mil trece, consegue unha preciosa casa a un prezo asequíbel. Despois de asinar o contrato con Eva, a enviada pola axencia, instálase no novo domicilio e todos os días recibe a visita desta moza, incluso quedándose polas noites con el. Un amigo revelaralle que "Residencial cero" é por todos coñecido como o antigo cemiterio e Eva resultará ser a morte que anda na súa procura. Está acompañado das ilustracións de Kiko Dasilva (Vigo, 1979).

- Luísa Castro, 'A randea', pp. 41-51.

Neste caso a escritora Luísa Castro (Foz, 1966) escolleu unha casa da aldea para situar as dúas protagonistas deste conto: unha nena e a súa randea. Fai un percorrido polas distintas estancias da casa, tanto as da xente coma as dos animais, a través dos ollos da cativa ata chegar ao faiado que é onde se atopa a randea. Este espazo e o propio enredo cobrarán un sentido totalmente distinto para ela cando se entere de que, na mesma viga na que está colgada a carriola, se aforcou o anterior propietario da casa. As ilustracións son de Din Matamoro.

- Susana Fortes, 'Un blues para Salieri', pp. 81-91.

Neste conto Susana Fortes (Pontevedra, 1959) escolleu o mundo da música para demostrar como o ser humano nun pequeno e inesperado intre pode encontrar o porqué de algo ao que pasou toda a vida dándolle voltas. É o caso do protagonista deste relato, un músico que non entende como un negro que chegou de Nova Orleáns pode asubiar ou cantaruxear grandes temas da música clásica sen distinguir a Mozart de Schubert. Ao fin conclúe que esas notas tamén as podía ter atopado el, porque "o xenio só habita intacto, nesa parte da alma onde a conciencia non pode gastalo". As ilustracións son de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958).

- Miguel Suárez Abel, 'O mar das laranxas', pp. 63-80.

O relato de Miguel Suárez Abel (Arzúa, A Coruña, 1952) é quizais o menos relacionado directamente coa arquitectura, xa que sitúa boa parte da acción na Costa da Morte, no mar de Corme. Alí preséntanos ao narrador-protagonista agardando a volta dunha rapaza coa que pasou a noite anterior. Mediante este narrador omnisciente cóntanos o pasado da moza, un pasado envolto por diferentes e sucesivas traxedias no mar; o mesmo mar que Suárez Abel tamén quere presentar como redentor do futuro desa moza. Acompáñase o relato con ilustracións de Antón Sobral.

- Suso de Toro, 'O paso do vento', pp. 31-39.

Suso de Toro (Santiago, 1956) móstranos como as forzas naturais prevalecen ante a

teimosía do home. É a historia dun debuxante que vén de instalarse na torre dun edificio que acababan de reformar, para facer dela o lugar de traballo. Ante un día de moito vento nota como os veciños se amosan receosos co que lle pode acontecer á torre, e el non tardará en comprobalo cando unha forte ventada tira con ela. Por alí era o paso do vento, e xa a tiña tirada noutras ocasións. Acompáñase o relato coas ilustracións de Pepe Barro.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Arquitectura literaria', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xullo 2003, p. 83.

Fai referencia á obra promovida polo colexio de Arquitectos de Pontevedra, *Contos desde a Arquitectura*. Despois de referirse a outras antoloxías temáticas da nosa literatura, apunta que nesta obra se conseguiu unir "arquitectura e literatura" como se pretendía. Logo, cita os seis contos que a compoñen e achega brevemente algunha das liñas temáticas, destacando que case todos xiran arredor da arquitectura, aínda que, afirma, van dende o "relato angustioso" ata o "fantasmal" ou "o erótico-paixonal". Por outra banda, indica como precedente *Memorias de derribos* de Miguel Anxo Murado. Remata aludindo ao traballo dos ilustradores e á edición.

- Xesús Fraga, 'Construír con palabras', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 22, 'Letras en galego', 16 agosto 2003, p. 7.

O xornalista explica que seis escritores galegos e outros tantos ilustradores dialogan entre si dende as súas propostas, narración e debuxo, no volume colectivo *Contos desde a arquitectura*, que vén de publicar o COAG (Colexio de Arquitectos de Galicia). Comenta que foron Fina Casalderrey, Suso de Toro, Luisa Castro, Marilar Alexandre, Miguel Suárez Abel e Susana Fortes os que escribiron cadanseu conto; todos eles ilustrados con debuxos e fotografías de Kiko da Silva, Pepe Barro, Din Matamoro, Sergio Casas, Antón Sobral e Miguelanxo Prado. Para definir a finalidade deste libro, Xesús Fraga traslada as palabras da presidenta do COAG "un punto de encontro onde os escritores se expresan sen atrancos coa única limitación virtual da arquitectua".

Referencias varias:

- X. F., 'Seis escritores galegos fan dialogar nun libro arquitectura e literatura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 agosto 2003, p. 37.

Preséntase o libro *Contos desde a arquitectura* como o volume composto por seis narracións nas que o arquitectónico vai dende unha presenza fundamental no argumento da historia a un protagonismo máis sutil. Enuméranse os escritores dos contos, os ilustradores e o responsábel da edición. Dise que nalgunhas narracións, un feito arquitectónico como é a construción dun complexo residencial agocha un pasado turbio e perigoso. Engádese que hai outros contos nos que se cita aos grandes mestres da arquitectura moderna.

Vázquez Pintor, Xosé, *Mar de bronce*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Narrativa, nº 191, 189 pp. (ISBN: 84-7507-168-6).

É esta unha novela que fala do mar e da vida da súa xente, na que Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) penetra nun mundo pouco explorado narrativamente, pero moi rico en experiencias. A novela ten trinta e tres pequenos capítulos nos que se confunden os narradores, pero que xiran case sempre ao redor de Anxo Gorospe, o herdeiro dunha conserveira en decadencia. Pero do que se fala ao longo da novela é de toda a xente de Rilo de Mar, un vila mariñeira calquera, e a súa historia, que Galerna, o da fábrica, se propuxo escribir nos últimos momentos na súa vida. As experiencias da mocidade do protagonista ocupan unha primeira parte do libro, e aí aparecen as mulleres como protagonistas, xa sexa nos lances amorosos ou no mundo da fábrica sometidas a Abel, o dono e o pai de Anxo. A medida que avanza a novela as historias da vila e a propia historia familiar vanse apoderando da memoria de Anxo, que decide desenvolver por fin o seu afán literario e contar estes recordos. Sobre a técnica narrativa destaca o enorme caudal de léxico do mar e o dominio da lingua e dos costumes da costa. Os personaxes femininos son os que máis marcan nesta novela, as mulleres son moitas veces modelos de cordura e de aguante, nun ambiente que en momentos se amosa endurecido. Son mulleres coma Carola, a nai de Anxo, que soporta con aparente ignorancia a figura á veces desprezábel pero complexa e chea de contradicións do seu home Abel. Tamén se afonda na soidade da vellez e en cómo se acentúan as ansias vitais coma o amor, polo contemplativo mar que nunca puideran navegar.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O mar da vida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 2003, p. V.

Hai ao principio un breve comentario sobre a aparición de moitos libros relacionados co mar nos últimos tempos. Un deles é a novela de Vázquez Pintor que pasa a comentar coma unha novela que fala da rememoración de Anxo Gorospe, fillo do dono da conserveira de Rilo de Mar, unha vila mariñeira. O xeito de narrar vese marcado por esas rememoracións que se mesturan coa realidade do propio protagonista, construídas con analepses e distintos planos que toman forma ao longo dos trinta e tres capítulos. Así, vaise creando a ficción, sobre todo cara o final, de que a novela que estamos lendo está escrita polo propio Anxo Gorospe, o que propicia a incursión de referencias moi atinadas sobre o que é o escribir unha novela. Aínda se ven máis cousas no libro de Vázquez Pintor, que recorda á anterior, *A memoria do boi*, e non só pola boa prosa e a exhibición lingüística, un conxunto de pequenas historias que só ao final toman sentido unitario. Son historias que falan do papel da muller, do sexo, do poder, do mar e os naufraxios ou o mar como fonte de vida. Confírmase que a novela trae a memoria do mar con sentimento e sabedoría.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A recuperación ficcional da épica do noso mar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 3.

Descríbese a novela como unha posta por escrito que Galerna fai do seu desexo incumprido de ser mariñeiro. Sinálase que este tema foi reclamado pola literatura dende Antón Villar Ponte ata Carlos Casares e que, pola contra, só se tratou na lírica. Vese a novela como un sincretismo da vivencia do mundo galego do mar: do papel da muller tenra e resistente e das outras existencias anónimas. Indica que Vázquez Pintor aproveita a novela do protagonista para desenvolver isto e, por último, destácase a sabia documentación a mestura de técnicas narrativas e a impresionante cantidade de léxico vertido nesta novela.

- Héitor Mera, 'A fala e a vida de Cangas. Vázquez Pintor publica *Mar de bronce*', *A Nosa Terra*, nº 1.091, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 27.

Afóndase na novela de Xosé Vázquez Pintor, autor do que se salienta galardóns como o Premio da Crítica Española ou o Torrente Ballester, conseguidos con títulos coma *A memoria do boi*. Segundo Héctor Mera, esta novela confirma por agora ao escritor nun discurso literario que se move ao redor de historias corais ensarilladas, que o lector ten que conformar coma un todo. Mirando xa máis de preto a novela localiza un protagonista claro, Anxo Gorospe, herdeiro dunha conserveira que rematando a súa vida decide, a xeito de terapia para reconciliarse con si mesmo, escribir unha novela sobre a súa vila, Rilo do Mar, de aí, segundo Mera, o constante xogo entre narrador heterodiexético e homodiexético. Un dos elementos definitorios do mundo do mar na novela dise que é a lingua dialectal (que sería a propia do Morrazo, identificada en formas coma hos ou peis) pero ademais cargada de requintamento. Así pois, coa novela Vázquez Pintor uniríase aos grandes prosistas e poetas que falan do noso mar, algo que se aprecia como afortunado, pois botábase en falta unha novela que tratase ben a vida dos mariñeiros e da xente do mar.

- Ramón Nicolás, 'O mar dá vida, o mar da vida', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19, 'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Sobre esta novela dísenos que nunha primeira lectura podería semellar unha novela clásica de protagonista en exercicio da memoria, pero, sen embargo, xurdirían outras cousas coma a xestación dunha novela na que mestura o pasado do protagonista co seu presente. Sobre as memorias de Anxo Gorospe, continúaase, vai transcendendo o proceso de creación e redacción da novela, e impoñéndose o efecto de que a novela que estamos lendo é a mesma que escribe o protagonista. Destaca, ademais, o tratamento doutros temas por medio de pequenas hitorias á maneira dun quebracabezas, as que, se di, nin Anxo Gorospe nin o lector quixeran dar fin. Aspectos como o tratamento da muller traballadora ou o mar nas súas moitas vertentes (as travesías polos mares do mundo, a caza de baleas, o mar como necesidade para a existencia, etc.). Todo isto, destácase, contado cunha narrativa de poderosa forza.

- Armando Requeixo, 'O mar de Vázquez Pintor', *Tempos Novos*, nº 75, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', agosto 2003, p. 69.

Realiza, logo dunha introdución na que fai mención ao gran número de obras que se publicaron relacionadas co mar nos últimos tempos, unha breve recensión sobre a nova novela de Xosé Vázquez Pintor, *Mar de bronce*. Indica que Anxo Gorospe, o Ghalerna, é o

personaxe principal da obra, que fai un repaso aos acontecementos da súa vida, lembrando melancolicamente dende a súa vellez o seu pasado no que recorda, entre outros detalles, os amores que tivo. Armando Requeixo destaca a lingua empregada, que pretende reflexar a fala viva do pobo, ademais do pouso poético que se deixa sentir ao longo de toda a súa obra.

- Xosé M. Eyré, 'Vidas equivocadas e tensión poética', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 26.

Afóndase na novela de Vázquez Pintor que, segundo se di, está poboada de vellos, coma moitas outras novelas do autor, para encarar a memoria e as lembranzas, o mesmo que na novela que escribe o protagonista, Anxo Gorospe. Cóntasenos como todo comeza cos amores de Gorospe que deixan sitio aos amigos, ou o pai ou á fábrica, con toques humorísticos e enmarañado todo por un falso azar, en digresións feitas para suxestionar ao lector cara unha historia única final. Diante deste fragmentarismo destácanse coma auténtica armazón uns personaxes reais e complexos. As formas de novelar lémbzanlle a Xosé M. Eyré algunha obra de Carlos Caneiro coma *Os séculos de lúa*, pola presenza dun protagonista que está a escribir un libro e pola palabras cargadas de lirismo e intensidade poética. Sinálase, finalmente, que o emprego que Pintor fai da palabra se convirte en reivindicación da poesía, da literatura e da propia lingua por medio da súa sonoridade e do propio comportamento lingüístico dos personaxes.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Fai referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades da editorial Xerais de cara ao Día das Letras Galegas, entre as que hai obras dedicadas a Antón Avilés de Taramancos e outras de creación. Entre estas, na colección "Literaria" cita a novela *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor, da que se fai unha breve descrición.

- Salvador Rodríguez, 'Reivindico a fala mariñeira para a literatura galega', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 46, 'Entrevista', 5 xuño 2003, p. III.

Entrevístase a Xosé Vázquez Pintor co gallo da publicación da súa novela *Mar de bronce*. Na entrevista o autor comenta que a idea de escribir esta obra xurdiu co fin de completar o círculo das súas memorias, comezadas con *Quen faga voar* e *Memoria do boi*, correspondéndose a última novela coa súa relación co vida mariñeira. De todos os xeitos declara que actuou con prudencia e medo como rapaz de interior e, salienta, que o feito de proceder dun lugar do interior de Galicia foi unha motivación. No que se refire á novela, di que é dura pola necesidade de reflectir situacións reais e crúas e que o título está relacionado co mar e co bronce das campás. Por último, con respecto á lingua, di que pretende reflectir a lingua mariñeira que reclama para a nosa literatura.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A procura dos enigmas da palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 15 xuño 2003, p. 53.

Conversa con Antón Lopo en Monforte, na que o escritor define o que para el é a poesía e distínguea do que sería a novela. Continúa a conversa comentando o que fai actualmente e cunha breve mención ao que é o seu último poemario, *Fálame*, que levaría o mesmo sentimento que as súas publicacións anteriores. En columna á parte, coméntase a obra *Mar de bronce*. Empeza cunhas liñas sobre Vázquez Pintor para logo meterse xa máis de cheo na súa última novela cunha pequena sinopse do desencadeante da trama, Anxo Gorospe decide escribir unha novela que recolla a memoria de Rilo do Mar. Considérase un libro ben escrito pero que non ten o sosego necesario para enfiar a historia, pero con todo recoméndaa como novela da memoria. No que respecta á linguaxe empregada dise que, como é habitual no escritor, é moi elaborada. Rematase dicindo que non é do mellor do autor pero que si é entretida.

- Belén López, 'A realidade sempre supera a ficción; o 'Prestige' sería increíble nunha novela', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 xuño 2003.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, gañador no ano 2002 do Premio da Crítica Española, co gallo da publicación da súa novela *Mar de bronce*. Nela o autor manifesta a intención de que esta novela peche un ciclo sobre a memoria que lle debía á tribo galega. A novela aborda o mundo do mar visto polo herdeiro dunha conserveira decadente que lle serve para facer memoria e para denunciar o desleixo que hai con este mundo. Tamén emprega esta novela para denunciar a explotación feminina e sinala que os personaxes cobraron vida propia facéndose máis complexos. Xa noutra parte da entrevista requírese a opinión do escritor sobre a imaxe de Galicia e problemas coma os da lingua.

- Jorge Lamas, 'Vázquez Pintor pecha o seu ciclo da memoria coa novela 'Mar de bronce'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 46.

Preséntasenos a obra de Xosé Vázquez Pintor, *Mar de bronce*, coma unha novela que fala do mar e da decadencia das conserveiras galegas. A obra insírese nunha pentaxoloxía do autor dedicada á memoria. Na análise da trama fálase de Anxo Gorospe coma o protagonista que non puido saír ao mar exterior e que intenta corrixilo coa memoria dos vellos mariñeiros. En voz do escritor salientase o emprego da fala mariñeira e do estándar galego. Á parte fálase do traballo de documentación que tivo que facer o escritor falando con vellos mariñeiros e patróns que o informaron sobre o Gan Sol ou o mar de Cariño.

Vázquez, Benxamín, *Cando soñar é canso*, Vigo: Ir Indo Edicións, maio 2003, col. Ir Indo Narrativa, nº 43, 221 pp. (ISBN: 84-7680-424-5).

Benxamín Vázquez amosa nesta a súa primeira novela unha historia atemporal cunha acción situada en Santiago de Compostela e na Cidade de Alas, noutrora Vetusta. Durante os primeiros capítulos o mundo da arquitectura imbúe toda a escrita e vemos cómo xorden os seus tres protagonistas: o Mestre Mateo, o contador da historia -un oficial de primeira- e o propio narrador-novelistas. Despois dunhas reunións previas para falar da construción do Pórtico Occidental na Catedral do Occidente e de ver os problemas de financiamento desta

obra, que dependen de Juan Pintaulelles, descríbese cómo El-Rei lle outorga ao Mestre Mateo o título de Real Mestre de Obras, pero despois de finalizar esta obra, retíraselle este título e é destituído. Ao longo dos vinte capítulos desta narración aparecen personaxes tan dispares como Claude Lévi-Strauss, Ana Ozores, Virxilio ou o presidente da Xunta, e como remate temos os agradecementos onde podemos ler que "o narrado non é máis ca un soño, acontecido no noso tempo, máis ou menos".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A ensoñación do Pórtico de Occidente', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 outubro 2003, p. 3.

Ponse de manifesto que *Cando soñar é canso* é unha novela froito de trinta anos de matinalións que empezaron a tomar forma escrita a finais de 1994. Considérase que é unha obra allea á modernidade narrativa, onde o anacronismo é a clave narrativa. Tamén se indica que é unha historia atemporal con mestura de tempos e personaxes reais e oníricos.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Desacertos narrativos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Libros', 30 outubro 2003, p. V.

Comenta que este é o debut narrativo de Benxamín Vázquez. Con referencia á obra destaca que non é de doada clasificación e indica que nela podemos ollar un narrador omnisciente que actúa como *alter ego* do Mestre Mateo -personaxe actual- e "que escribe en primeira persoa con óptima pero con pouco acerto".

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, 'Benxamín Vázquez crea soños na súa primeira novela', *La Región*, 'Cultura', 1 xuño 2003, p. 67.

Informa sobre a presentación desta novela no Casino Cultural do Carballiño nun acto ao que asistiron o seu autor, xunto a Bieito Ledo e Miguel Anxo Fernández. Indícase asemade que Benxamín Vázquez definiu a obra como un abano de ideas "con personaxes reais e ficticios nunha mixtura onde se confunde pasado e presente".

- Maré, 'O tempo segundo Benxamín Vázquez', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 53.

Anúnciase que Benxamín Vázquez presentará esta obra na súa cidade de adopción, Santiago de Compostela, na Fundación Caixa Galicia, e indícase que é unha obra "de tese, de ideas cun transfondo ideolóxico".

- E.P., 'As editoriais pasean as súas novidades', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xuño 2003, p. 50.

Dá conta dunha serie de presentacións bibliográficas en Galicia e, entre elas, anuncia que

Cando soñar é canso de Benxamín Vázquez será presentada en Santiago de Compostela.

- Concha Pino, 'Busco sorprenden ó lector e facerlle pensar cando le', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 10 xuño 2003, p. L2.

Co gallo da publicación desta obra o seu autor apunta algunhas das súas claves como que é o resultado da súa vida literaria, que é un xogo co tempo e con diversos personaxes e escritores de diferentes épocas e xéneros e mais que, con *Cando soñar é canso*, "busco sorprenden ó lector e facerlle pensar"

- M. Rodríguez, 'Cando soñar é canso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'Letras en galego', 21 xuño 2003, p. 7.

Conversa na que Benxamín Vázquez destaca que *Cando soñar é canso* é unha historia atemporal que comezou a ser debuxada en 1968 e que ademais se sitúa por riba da historia, aínda que ten claves medievais e historiográficas.

- A.N.T., 'Benxamín Vázquez: 'Un soño comprometido é difícil de manter', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Fin de Semana', 11 setembro 2003, p. 33.

Entrevista ao xornalista galego Benxamín Vázquez, que acaba de publicar *Cando soñar é canso*. Sinala que a idea deste libro xurdiu hai trinta anos, cando el facía prácticas nun xornal; explica que é unha obra tratada con rigor históricos, na que se mesturan cousas reais e de arcano; afirma que hoxendía é difícil manter un soño comprometido e que, o soño, adoita usarse como evasión; fala, finalmente, da situación actual do audiovisual galego e da novela na que está traballando.

Vidal, Francisco Antonio, *A luz da eclipse*, V Premio Literario Pastor Díaz de Novela, Noia- A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 3, 180 pp. (ISBN: 84-96259-02-1).

Baixo este título agóchase unha historia de seres en loita persoal pola ansia do coñecemento, por arelas de visións, por ver e comprender o mundo. Dende unha terceira persoa controladora Francisco Antonio Vidal (Palmeira, 1957) desenvolve, ambientada nos finais do século XV, unha historia na que os homes queren coñecer o que se oculta tras o sol. Entre personaxes históricos e ficticios aparece Don Xoan, O Piloto, que está preocupado por abrir unha nova rota marítima navegando cara occidente e deixándose guiar polas estrelas. Partindo deste punto van xurdindo sucesos variados nos que historia e ficcións se entrelazan de forma coherente. Presuntas herexías, amores e dificultades para a súa existencia, viaxes e, fundamentalmente, o mar van enchendo as páxinas desta obra de xeito livián. Están presentes na obra lugares do mar galego, da Arousa, do Barbanza, con topónimos explícitos que sempre orientan cara unha busca da verosimilitude literaria iniciada xa coa aparición de personaxes históricos. A prosa é fluída e a linguaxe non

dificulta a lectura.

Recensións:

- Domingo Tabuyo, 'Dende o cuarto das estrelas', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 'Libros', 20 novembro 2003, p. 4.

É un comentario da última obra de Francisco Antonio Vidal: *A luz da eclipse*. Primeiramente faise un esbozo do argumento da mesma así como dalgún dos personaxes principais. Afirmase que é unha "novela de mar", do mar de Arousa e das súas paisaxes e coméntase tamén que se trata dunha obra ben construída e que profunda na idea de que a solución aos enigmas está diante dos ollos e só é preciso agardar pola luz necesaria para eliminar "as tebras que ocultan as respostas". Ilústrase coa portada do libro.

Villanueva, Xosé Manuel, *Cuarteto con piano*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Narrativa, nº 190, 581 pp. (ISBN: 84-7507-167-8).

Esta novela de Xosé Manuel Villanueva (Lugo, 1959) está escrita ao redor dunha obra de Brahms, o *Opus 60*, e dunha interpretación desta composición musical. A historia transcorre nos primeiros anos oitenta, concretamente no Nadal de 1981, no que un grupo de músicos novos se reúne para ensaiar a devandita obra para logo interpretala na honra do home dunha mestra común. Pero o ambiente da vila na que ensaian está enrarecido polo conflito mineiro, paralelo pero antagónico ao que por esas datas hai en Polonia, o que desencadea unha serie de acontecementos e de comportamentos dos protagonistas. Paralela a esta acción, aínda que hai nexos de unión entre as dúas, hai outra historia protagonizada, tamén, por catro mozos, que forman un comando terrorista do GRAPO (Grupo Revolucionario Antifascista Primero de Octubre) preparando un atentado. A narración condúcese por medio da omnisciencia selectiva cunha nómina abundante de personaxes, o que permite ao público moitas veces asistir ao choque de personalidades antagónicas. O tempo da narración case se corresponde cun tempo real, non hai elipses temporais, aínda que no tempo da historia só pasan catro días, o que dalgún xeito deixa ver que a novela se centre máis nos personaxes que na acción. As ambicións, a ideoloxía ou a traizón son as emocións máis importantes, que modifican a breve estancia na vila, sobre todo cara ao final coa irrupción da forza, protagonizada sobre todo pola policía, que altera o comportamento dalgúns personaxes.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Máis de doce horas de lectura', *Diario de Pontevedra*, '*Revista! Letras*', 29 xuño 2003, p. 9.

Fala Tomás Ruibal da presentación da novela *Cuarteto con piano*, de Xosé Manuel Villanueva, co gallo da súa presentación na galería Sargadelos de Compostela. Define o libro como unha historia longa pero que engancha ao lector, parafraseando a Manuel Bragado. Logo xustifícase a extensión, coas palabras do autor, como esixencia propia da

novela e do gusto do autor polas estruturas complexas e ricas. Tamén se parafrasea ao escritor para falar da importancia da música no relato. Por último, hai unha descrición da trama da novela e destácase a profundidade en temas como as dificultades de convivencia, o amor ou o terrorismo.

- Ramón Nicolás, 'Densidade e musicalidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. IV.

Nunha pequena introdución á figura literaria de Xosé Manuel Villanueva lémbrese a súa irrupción no panorama literario con *Adeus India, adeus*. Así comeza o artigo no que se comenta a súa última obra, *Cuarteto con piano*. Destácase dela unha presenza moi importante da música como fondo e como centro do discurso dalgúns personaxes e a contemporaneidade da mesma. Logo descríbese a trama. Os méritos que se lle conceden á novela son o longo alento narrativo ou a reconstrución histórica da realidade da época, acompañado todo polo "intelixente e meditado" paralelismo entre os acontecementos e o "Opus 60" de Brahms. Pero en contrapartida atópase que fronte á forte construción dalgúns personaxes, hai certa topicidade noutros, previsibilidade na resolución e digresións irrelevantes. Con todo, a obra vese coma interesante polos seus desafíos temáticos e polo traballo formal.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Faise referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades da editorial Xerais de cara ao Día das Letras Galegas, que inclúen obras dedicadas ao homenaxeado e outras de creación. Entre estas, cítase *Cuarteto con Piano*, de Xosé Manuel Villanueva.

- Maré, 'Con longo alento narrativo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2003, p. 50.

Fálase da novela *Cuarteto con piano*, de Xosé Manuel Villanueva, a raíz da súa presentación en Santiago de Compostela. Parafraseando as palabras do autor fálase da necesidade do formato longo para o que se quería contar. Sinálase que na obra se ve exactamente a forma do *Opus 60* de Brahms en varios elementos da estrutura que respondería tamén, citando de novo ao autor, ás esixencias da historia. Logo faise unha descrición da trama centrada nunha vila galega dos anos oitenta na que uns músicos ensaian a peza, moi preto de onde uns terroristas do GRAPO preparan un atentado. Remátase con palabras de Manuel Bragado destacando tres sentimentos na novela: a forza, a ansia e a saudade que para o autor do artigo se manifestan na amizade, o terrorismo ou a clandestinidade.

- Camilo Franco, 'Interésame o presente como material para a novela', *La Voz de Galicia*, 'O cronómetro', 28 xuño 2003, p. L2.

Entrevista a Xosé Manuel Villanueva na que empeza facendo referencia á presentación da novela *Cuarteto con piano* na Galería Sargadelos de Santiago. A continuación fala do tempo da narración, sobre o que di que é case real aínda que con algunha simultaneidade, e o tempo no que se sitúa, con respecto ao que reivindica a necesidade de tratar temas máis recentes, como neste caso a década dos oitenta. Por último, fala da estrutura do cuarteto musical no relato, da que o autor di que non ten un fin culturalista, senón que está determinada por seren músicos os catro protagonistas e porque lle permite lembrar outras novelas ou facer paralelismos co grupo de catro terroristas.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

VV. AA., *Seis ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, maio 2003, 137 pp. (ISBN: 84-95460-27-0).

Volume que acolle seis relatos que teñen como pano de fondo as terras de Ferrol. Todos comezan cunha breve biobibliografía dos autores participantes e que son os seguintes:

- Xavier Alcalá, "O tafetán", pp.7-23.

Neste relato que Xavier Alcalá (Miguelterra, a Mancha 1947) dedica aos seus compañeiros de mili, nárrese as reflexións, aventuras e desventuras dun mozo que tiveron que ir estudar a Madrid por non ter a especialidade elixida en Santiago de Compostela, recorda a súa infancia. Recorda os tempos do sesenta e oito, as idas e vindas de Madrid a Ferrol, a mili, etc.

-Rosa Aneiros, "Corre, Roque, corre", pp. 25-54

Rosa Aneiros (Taraza, Meirás-Valdoviño, 1976) neste relato que dedica a seu pai e viciños de Meirás, di que nel recolle as lembranzas deses personaxes nun tempo de fame e miseria. Así un narrador omnisciente por medio da descrición e moito diálogo fala dos costumes dunha zona de Ferrolterra e das aventuras e desventuras dunha xuventude que sobre todo xogaba ao fútbol e do que ocorreu un día que Roque se aburriu e foi ao mar e de cómo tiveron que sufrir a represión do franquismo até o ano 1972, represión policial en Ferrol.

-Vicente Araguas, "Semana Santa ferrolana", pp. 55-71

Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950) en , dedicado a Fernando Vivanco, recrea en trinta e un breves capítulos e nunha "Nota bene" e o capítulo XIII. Nárrese cómo se desenvolveu a vida en terras ferrolanas polos anos trinta ao redor da Semana Santa, entre procesións e cafés, e entre convivencias con xentes doutros lugares.

-Henrique Dacosta, "Ouro maldito", pp. 73-108.

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) neste relato dedicado á súa avoa Socorro, "vítima da miseria dos tempos difíles", e a Alexandre e Gala, fai un percorrido biográfico, fala da nacemento do Xacobe e de cómo resultou, da súa nai e do tempo que tivo que sufrir cárcere, en Carranza, por culpa da confianza depositada nun viciño e dos avatares polos que pasou a familia e viciñanza, mesmo chegando á emigración, en tempos difíciles que quere constantemente non esquecer.

-Anxo Franco, "Unha lumieira singular", pp. 109-129.

Anxo Franco (Ferrol, 1958), dedica a Anxo e Martiño este relato que divide en dúas partes "Os preparativos" e a "A liumieria", e no que fala de medos, morte, represalias e agochos tras as fogueiras da noite de San Xoangueira en fogueiras por pobos e aldeas ferrolás.

-Ramón Loureiro, "Chocolate", pp. 131-137.

Ramón Loureiro (Fene 1965) dedica este relato aos seus amigos da tertulia do Cafeto e céntrao na reflexións tidas en canto á reliquia do Santo Neno de Escandoi que anunciaba ou denunciaba as guerras.

Referencias varias:

- N. V., 'A literatura local chama con forza ás portas da Feira do Libro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 16 maio 2003, p. 10.

Infórmase da presentación en Ferrol das novelas *Polos fillos dos fillos* e *Resistencia* (2002), e do volume de relatos titulado *Seis ferroláns*, con motivo da Feira do Libro. Da obra de Xosé Manuel Sarille destaca a mestura de ficción e realidade na exposición das consecuencias que tivo a Guerra Civil española no pobo de Castroverde. Engádese que na presentación desta novela o seu autor estivo acompañado polos xornalistas Perfecto Conde e Henrique Sanfíz e o deseñador Manolo Martínez.

- A.R., 'Narrativa ferrolá', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Crítica', xuño 2003, p. 70.

De pouco frecuente se cualifica o libro *Seis ferroláns*, conxunto de relatos de Xavier Alcalá, Rosa Aneiros, Vicente Araguas, Henrique Dacosta, Anxo Franco e Ramón Loureiro. O feito de seren relatos de seis autores dunha mesma cidade, sobre todo tratándose da ultimamente varada cidade departamental, agrádese coma unha rareza estimábel. As historias, dise, son moi diferentes tanto temática como estilisticamente, tal e como se demostra nun percorrido pormenorizado por cada autor; indica, así mesmo, que a obra acada unidade grazas á presenza de Ferrol no fondo de todo o libro. Felicítase,

finalmente, á editorial Embora por un libro que sería digno mostrario da narrativa ferrolá.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega, como foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os escritores que participan neste volume cun texto narrativo son: Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) con "A day in life"; Alberte Santos con "A marea das vacas"; Antom Ninguem con "Negra Neve"; Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) con "Carta de Nadal"; Anxo Moure con "Historia dun paxaro cormorán (borracho de alcatrán) e salgadiña, a estrela de Fisterra"; Anxos Sumai (Catoria, 1962) con "Vaga que vén do oeste"; Camilo Pardo López con "Bosteiro"; Carlos Santiago con "Metaquímica do fuel-oil"; Clara Martín con "Requiem polo derradeiro Arao"; Estela Suárez Recousó con "Querido Piche"; Fran Alonso (Vigo, 1963) con "O país dos contos"; Francisco Castro (Vigo, 1966) con "Galicia"; Francisco Domínguez con "A maré de morte do Prestige"; Gema Rey con "¿Quen son eu?"; Grupo Etnográfico Mascato con "Chora o mar lágrimas negras"; Henrique Rabuñal (A Pastoriza, 1962) con "O noso planto"; J Ganime-E Neira con "Os araos da revolta"; Kike Benlloch (A Coruña, 1974) con "[Á tia treme-lhe a voz ao outro lado do fio telefónico. 'Muito me doiu ver]"; Luís M. Calvo Salgado con "Seminario e diario"; Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) con "Amputado"; Miguel Rozados Lorenzo con "No noso febreiro do 2003"; Óscar Curros con "Democracia dictada"; Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) con "A negrura do mar"; Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) con "A alentía luxada de chapapote"; Sebastián Martínez con "Había días de sol"; Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) con "Nunca Máis' na man da xente"; e Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) con "Augamares negras".

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste

libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas; entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da Facultade, no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores; indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas duascenas páxinas e dous CD que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro

aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CDs con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, na que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar onte na Sala Nasa de Santiago de Compostela; indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe; considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura; neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra cultura posíbel'', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 25.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Burla Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

VV. AA., *La torre de papel*, Lucindo Xabier Membiela (ed.), A Coruña: Camiño do Faro

S.L., 3 agosto 2003, 331 pp. (ISBN: 84-933357-0-3) (DL: C-1855-2003).

Este volume subtítulo "Relatos bilingües en las lenguas y dialectos hispánicos" recolle, como ben di, un conxunto de contos nas seguintes linguas e dialectos: galego, asturiano, vasco, leonés, galego-berciano, castelán, aragonés, catalán, extremeño, valenciano, murciano, andaluz, sefardí e spanglish. En canto ao relato que representa a lingua galega é "O cantar da ruliña", de Cristina Amenedo, que conta a historia dunha avoa que desempeña o papel de notaria nun ambiente rural mesturado co amor que mostra ao seu neto. Pola súa banda, o conto galego-berciano escollido é o de Aquilino Poncelas Abella titulado "¿Aúla xente?", que narra a historia das vellas xentes do Bierzo que representan o derradeiro sinal de vida da comarca, onde incluso a vexetación derruba as antigas casas matriarcais da aldea.

Referencias varias:

- M.B., 'Una editorial coruñesa reúne catorce cuentos en todos los dialectos hispanos', *La Opinión*, 'Cultura', 2 novembro 2003, p. 66.

Dá conta de que a editorial coruñesa Camiño do faro reuniu nun volume catorce relatos curtos escritos en todas as linguas do ámbito xeográfico hispánico: galego, catalán, leonés, aragonés, asturiano, murciano, valenciano, galego-berciano, andaluz, extremeño, vasco e castelán, ademais de dous relatos escritos en *spanglish* e sefardí. Segundo indica, cada conto vai acompañado dunha tradución ao castelán e de gravados do século XIX. Así mesmo, todo eles teñen en común o feito de se desenvolver no lugar de orixe da fala na que están escritos.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no "Premio de relato, poesía e tradución" convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun Limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta dos textos gañadores correspondentes a este apartado do *Informe*:

- Robert Duif, "Todos estrañan a David" (1º Premio de Relato Curto), pp. 9-25.

Relato que narra a desaparición de David, un mozo galego que reside en Poitiers (Francia) onde vive coa súa moza e traballa como lector para un famoso escritor. O relato divídese en tres partes, nas que en cada unha delas as persoas relacionadas con David (Nathalie, a súa moza; Madame Aigle, a secretaria do famoso escritor; e Harcourt, o famoso escritor) narran en primeira persoa a súa desaparición. O misterio que envolve o sucedido desvanécese no relato de Harcourt, quen explica que el posúe unha estraña cualidade que lle permite

visualizar os asasinatos que famosos criminais relatan nos seus libros autobiográficos; deste xeito descubre, a partir dun relato escrito polo propio David, que o mozo foi o asasino de seu pai e este, ao sentirse descuberto, desaparece.

- Manuel Ángel Álvarez Sánchez, "Tan doado" (1º Accésit de Relato Curto), pp. 27-39.

Reflexións en primeira persoa dun adulto que precisa tomar pímulas para durmir e que describe como é ese momento no que entra nun profundo sopor e se relaxa; sinala que sempre lle veñen á mente os recordos da infancia e dá conta dos seus medos, da súa relación coa familia, cos mestres e cos amigos, das súas expectativas para o futuro, dos seus desexos de ser feliz, etc. Todos os recordos, desexos e expectativas da infancia se contraponen á consciencia de estarse convertendo no que sempre odiou e de volver a sentir os medos de cando era neno; a rutina e a imposibilidade que sente para mudar a súa realidade obríganlo a tomar pímulas para poder durmir e non pensar.

- Jacobo Díaz Rodríguez, "20:33 (Outro máis de trens)" (2º Accésit de Relato Curto), pp. 41-56.

Xan Pena é o protagonista deste relato, un mozo que en primeira persoa narra todo o que se lle pasa pola mente dende que sae da casa para coller o tren que o levará a Vigo ata que chega a esa cidade. Trátase dun texto próximo ao monólogo interior, no que as reflexións do protagonista sobre a rutina, sobre a súa infancia e sobre os demais viaxeiros se mesturan coas referencias a acontecementos históricos ou a películas e, mesmo, con oracións como "Nunca máis" ou "Non á guerra".

- Pablo Otero Tranchero, "Insomne" (1ª mención de publicación de relato curto), pp. 57-69.

O protagonista deste relato é un home que vive coa súa moza e a súa filla, na casa que sempre desexou e ao pé dunha tranquila praza. Unha noite soña que está esperto e que non pode durmir; soña que vive só nunha pequena casa, cunha cama incómoda e nunha rúa ruidosa; soña, tamén, que de repente aparece ao seu lado a súa moza, que segundo el cre morrera nun accidente de tráfico. Cando esperta descobre, pouco a pouco, que todo fora un soño e que cando creu padecer insomnio realmente estaba durmido.

- Daniel González Vázquez, "Os abaladores de Soavela" (2ª mención de publicación de relato curto), pp. 71-82.

O protagonista deste relato é un mozo galego que narra como nos anos noventa coñeceu a un vello que lle contou que o surf era un deporte de orixe galega, antigamente coñecido como "abalar" e que se practicaba de noite; o home contoulle, ademais, como el creou o negocio O'Neill en Australia e explicoulle que o símbolo da marca representa as illas de Ons e Onza co sol poñéndose por detrás.

VV. AA., *Pulmonario de duros latexos*, Premios Literarios "Minerva" 2003, Limiar de Miguel Anxo Fernán-Vello, Santiago de Compostela: Colexio Peleteiro/Revista Vamos ,

2003, 112 pp. (ISBN: 84-607-6534-2).

Volume que recolle os poemas e relatos premiados na XXXª edición dos Premios Literarios "Minerva", correspondentes ao ano 2002. Despois da composición dos xurados das diferentes modalidades, reproducése o discurso lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, mantedor desta edición, no acto de entrega destes premios, que tivo lugar no salón de actos do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. Despois de incluír as composicións poéticas gañadoras desta edición, das que damos conta no apartado correspondente deste *Informe*, reproducense os relatos gañadores no eido da narrativa, no que o primeiro premio o obtivo "Avós", de Bianca Cid Bouzas (Cambre, 1984), un conto no que un narrador en primeira persoa evoca as lembranzas sobre a relación dos seus avós xa anciáns pouco antes de morrer e a súa concepción da vida e da morte. O segundo premio foi para "As once da noite", de Lidia López Teijeiro (Paradela, Lugo, 1986), no que se narra o enfrontamento do reloxeiro chamado o Retorta co deus Cronos, unha loita que leva ao home ata a loucura polo celos que o deus ten do seu labor, e o terceiro para "Morriña", de Fátima Peón Torres (Pontevedra, 1985), un relato no que a narradora evoca a figura do seu mellor amigo da infancia, un rapaz homosexual que sempre foi diferente ao resto e que acaba de morrer nunha manifestación antiglobalización en Barcelona. Os accésits foron para Inma García Fernández (Curtis, A Coruña, 1985) por "¿Canto? - Nadia", no que se narra cómo unha anciá se aferra, nos momentos en que se sente máis feble, á carta de amor que un día lle escribira o que hoxe é o seu marido, e do que segue totalmente namorada; o segundo para Sabela Recalde Penabad (San Miguel-Barreiros, Lugo, 1986) por "Miruca", un relato no que un neno lembra a amizade que o uniu con Miruca, unha nena orfa da aldea á que todos tiñan por tola, e o terceiro para Eva Vila Melero (Ourense, 1984) por "Vida de tres", retrato da vida de tres mulleres, unha nai e as súas dúas fillas, abandonadas polo home que levan unhas vidas superficiais e faltas de comunicación e cariño entre elas ata que, despois de dezaseis anos, el regresa e descubren que é narcotraficante.

Xesteira, José Ángel, *Caldo de mares para homes libres*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2003, col. Alternativas, 244 pp. (ISBN: 84-9782-012-6).

José Ángel Xesteira (Redondela, 1946) é a autor desta novela de piratas na que o protagonista principal, Amado Piñeiro, pasa a súa vida como cociñeiro en embarcacións piratas a principios do século XIX, época na que, tal e como repite o narrador en diversos momentos, a piratería está en absoluto decaemento e na que fan aparición "outros piratas como os *trust*, *companies* ou *societés* (...) que actúan dende mesas de oficinas de Londres, Nova York, Madrid...". A meirande parte da obra xira en torno ás historias que se contan de noite nun barco, o "Santa Lilaina", un barco que persegue un rumbo ao que o lector lle dá sentido pleno dentro da trama argumental cando se chega ao penúltimo capítulo. Salvo algunhas excepcións (coma o caso do capitán Alencastre) ditas historias son contadas por Amado Piñeiro e a través delas dá a coñecer a orixe, transcurso e punto no que se atopa a súa vida. Así pois, como se subliñou liñas arriba, trátase dun cociñeiro galego de barcos piratas que adquire grande importancia dentro da tripulación ata un punto no que chega a mandar máis que o capitán. A historia transcorre atopándose con diversos persoeiros de grande importancia na novela coma o capitán Laffite e avanza ata un punto no que,

conxuntamente con Orlandinho (pirata de orixe brasileira), fan unha cooperativa e mercan unha goleta, a "Iemanxá". A partir de aquí cóntanse unha gran cantidade de pasaxes (cos seus correspondentes lugares, tempos, formas e personaxes), entre as que se atopa a parada en Cuba e o coñecemento de Tomasa Lecumberri, elemento fundamental na trama da novela. Despois de moitos sucesos e tombos polas máis diversas costas americanas, o protagonista decide volver á súa terra natal. Pero a chegada á súa aldea é absolutamente desoladora de xeito que doa a súa herdanza e decide un reencontro co seu único amor vital: Tomasa. Toda esta historia vital é contada por Piñeiro a un pequeno grupo de xente na travesía a Cuba, que é o destino do Santa Lilaina e onde se atopará coa súa querida. A partir dese momento, un narrador omnisciente dános a coñecer o desenlace definitivo nun epílogo. Con todo o descrito, é evidente que nos achamos perante unha obra de trama argumental complexa e continuamente cambiante, cun ritmo narrativo rápido, personaxes que aparecen e desaparecen incesantemente e espazos absolutamente itinerantes pero que teñen un denominador común: pertencer á costa. Divídese en tres grandes partes subdivididas en trinta e tres capítulos ao que se lles suma un epílogo e un glosario.

Recensións:

- Santiago F. Cordeiro, 'Escumadeiras coma sabres', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, p. 11.

Dá conta da aparición do libro de J. A. Xesteria, *Caldo de mares para homes libres*, unha obra a cabalo entre novela e ensaio, onde se relata a vida e mirages de Amador Piñeiro, un cociñeiro feito pirata, que viaxa a Cuba para atoparse coa súa amada Tomasa. Ademais de describir o argumento, salienta que tras a obra se agocha a vella tradición mariñeira da navegación a vela, a noción dun estilo de vida propio maila idea utópica do pirata "outsider" que non se adapta ás normas sociais e soña cun mundo mellor. Segundo Cordeiro, a través desta obra o autor transmite a súa mensaxe: "o home, dentro dos avatares históricos, é capaz de decidir o seu destino, é dicir, a súa felicidade."

- Francisco Martínez Bouzas, 'Andainas de piratas, utopías baixo unha bandeira negra', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 outubro 2003, p. 3.

Sínálase, con respecto á aparición de *Caldo de mares para homes libres*, que se trata dunha publicación peculiar inserta nun panorama "máis ben mediocre". Fálase da piratería e das características que distinguen á obra de Xesteira das demais, dando a coñecer os personaxes da mesma e poñendo especial fincapé no protagonista, Amador Piñeiro, un galego que fai a súa incursión nese mundo tan particular e que exerce tanto de cociñeiro coma de negreiro, pirata, empresario, comercial ou buscador de tesouros. Remátase o artigo expoñendo o punto de vista do autor e subliñando tratamento nobre e humano que se lle dá aos terríbeis piratas nunha obra con "sabor tropical, cosmopolita e libertario".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Caldo de mares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 23 outubro 2003, p. V.

Logo de referirse ao gran "déficit de mar" que hai nas nosas letras, apoiándose nun laio atribuído a Vilar Ponte -quen falaba da ausencia dunha verdadeira épica do mar-, Martínez

Bouzas mergúllase nunha recensión na que non deixa pasar as vivencias entre corsarios e piratas nas que está baseada unha obra ambientada no século XIX, época do decaemento da piratería. Faise o correspondente resumo da trama argumental para, ao final, dar o seu punto de vista subliñando a habilidade narrativa coa que Xesteira converte en nobres e humanos aos terríbeis piratas.

Referencias varias:

- Belén López, 'Os xornalistas deberían ter un código como os piratas', *El Progreso*, 'Gente', 'Entrevista', 19 2003, p. 3.

Entrevístase ao columnista e escritor de Redondela José Ángel Xesteira, tras a inmediata presentación de *Caldo de mares para homes libres*. O escritor fala de múltiples aspectos relacionados tanto coa devandita, como coa súa experiencia persoal e profesional. Así, trata tanto do seu xeito de asinar, como do título da obra, pasando polo xénero no que está escrita, as características da súa trama argumental, o seu traballo como xornalista e escritor ao mesmo tempo ou a actualidade no seu contorno laboral.

- X. L. Méndez Ferrín, 'Nobelo de piratas', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 18 xullo 2003, p. 2.

Méndez Ferrín inicia o seu artigo facendo unha referencia histórica á actividade corsaria en Galicia e en especial aos piratas galegos Bernardo e Benito Soto, así como ás diferentes reseñas literarias galegas ambientadas na piratería, coma é o caso de *Caldo de mares para homes libres*, unha obra na que o protagonista principal é un galego pirata: Amado Piñeiro. O autor cita varios acontecementos históricos nos que se sustenta a obra (plasmados ou omitidos nas páxinas de Xesteira), os personaxes que conviven nela e aos acontecementos que se producen.

- Salvador Rodríguez, 'Os piratas non eran os únicos malvados dos mares', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 321, 'Entrevista', 19 xullo 2003, p. 4.

Entrevista a José Ángel Xesteira na que Rodríguez fai unha introdución percorrendo a traxectoria literaria do escritor e incide sobre aspectos como os cambios existentes en *Caldo de mares para homes libres* con respecto a obras anteriores, o protagonista galego da obra (o cociñeiro Amado Piñeiro), os lendarios piratas, corsarios e bucaneiros, o enclave histórico da novela ou o xénero ao que pertence. Ante isto, Xesteira dá a coñecer, principalmente, a realidade dunha obra que pega continuos chimpos entre a historia e a ficción.

- H. Vixande, 'Xosé Anxo Xesteira. 'Os banqueiros rouban coma os piratas, pero non son románticos'', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 31 xullo 2003, p. 40.

Entrevista absolutamente centrada na última obra de Xesteira, publicada por Xerais, na que responde acerca de aspectos moi cinxidos á temática tratada nela: a piratería. Así, expón as características diferenciais entre os piratas, os corsarios e os bucaneiros, os paralelismos entre a antiga figura de pirata e certas figuras pertencentes á sociedade actual ou a presenza

dun galego, Amado Piñeiro, estruturando o eixo argumental desta creación literaria.

- Belén López, 'J. A. Xesteira. 'Podíamos aprender dos piratas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 setembro 2003, pp. 82-83.

Extensa entrevista de dúas páxinas na que Belén López, co trasfondo da última creación do escritor de Redondela, se introduce en diversos aspectos que atinxen ao seu labor como escritor. Así, responde a cuestións coma o porqué do título *Caldo de mares para homes libres*, as peculiaridades dos piratas que aparecen nesta obra, a influencia das amizades, familia e cine nos seus traballos ou a situación que, segundo el, vive o xornalismo na actualidade.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 2 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *Caldo de mares para homes libres*, de J. A. Xesteira, da que se salienta o seu "intenso alento narrativo", a mestura da aventura, a gastronomía e as peripecias de homes de mar nun tempo pasado, cos que o autor consegue unha obra de "sabor tropical e cosmopolita". Tamén se achega ao poemario *Ras e tritongos*, de Carlos Solla, e á reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, das que se dá conta no apartado correspondente deste *Informe*.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Blanco Amor, Eduardo, *Os biosbardos. Contos prá xente*, Vigo: Galaxia, 21 xullo 2003, col. Literaria, Biblioteca de autor Blanco Amor, nº 1, 125 pp. (ISBN: 84-8288-615-0).

Volume inaugural da "Biblioteca de autor Eduardo Blanco Amor" que, baixo o título *Os biosbardos. Contos prá xente*, recolle unha serie de sete relatos de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897- Vigo, 1979) aparecidos por vez primeira en 1962 e que foron traducidos ao castelán, *Las musarañas*, no ano 1975. Comeza cunha "Xustificación" do propio autor na que sinala os libros que nacen das súas lembranzas de Auria, o período temporal no que se desenvolven as historias que se contan e o carácter autobiográfico que o autor lles imprime. A seguir, reproducense as diferentes narracións que compoñen o volume, cada unha das cales, xira en torno a un personaxe principal, sempre un neno ao que lle acontece algunha aventura. As historias titúlanse: "A arrasadeira", "O noxo", "O encalatro", "Primeira comunión", "Bartomeu i os biosbardos", "O salvamento" e "O estreno".

Recensións:

- Moisés R. Barcia, 'Os biosbardos', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Anuncia que a editorial Galaxia inaugura a "Biblioteca Blanco Amor" coa edición de *Os*

Biosbardos. A edición está moi coidada e destaca a normativización do texto de Blanco Amor.

- Tomás Ruibal, 'Reedicións dun clásico', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 21 setembro 2003, pp. 8-9.

Dáse conta da aparición de *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe* na Biblioteca Blanco Amor da Editorial Galaxia. Así mesmo, Tomás Ruibal aventúrase a sinalar a aparición en breve, tamén nesta colección, de *A esmorga*. De seguido, analízanse os dous primeiros títulos e destácanse algúns dos aspectos nos que radica a modernidade do autor de Auria. Finalmente, fábase desta coidada reedición de Galaxia, que inclúe fotos do propio Blanco Amor, e da irrepetíbel figura como novelista deste auriense.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Nese mosaico de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2003, p. 44.

Tras comentar como se recorda a Eduardo Blanco Amor nos derradeiros anos da súa vida, fábase do proxecto "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia e, máis concretamente, dos dous títulos, *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), cos que se inicia esta colección que tamén incluírá a súa obra en castelán. En recadro á parte, baixo o título "Memoria emigrante", ofrécense algúns datos biográficos do autor nado en Ourense e anúnciase *Chile a la vista* (1951) como a próxima entrega deste proxecto.

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fíxa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da reedición de *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor; obra de oito relatos que son estampas dun tempo pasado, ademais salientase que o fío condutor dos contos sexa o personaxe-narrador. Tamén repara no comentario da obra *Tarxeta vermella*, de Xosé Miranda, e na novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz.

- Vicente Araguas, 'Cativos', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 3 outubro 2003, p. 72.

Coméntase unha afirmación feita por Vicente Araguas nunhas xornadas en Ourense sobre a figura de Eduardo Blanco Amor para destacar a importancia que o articulista lle outorga á obra deste ourensán. De seguido, ofrécese algúns trazos que caracterizaban ao autor de *A Esmorga* e analízase a obra *Os Biosbardos*, que grazas á "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia se pode agora reler.

Blanco Amor, Eduardo, *Xente ao lonxe*, Vigo: Galaxia, xullo 2003, col. Literaria, 326 pp. (ISBN: 84-8288-605-3).

Nova edición da novela de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) publicada por primeira vez en 1972, aínda que coas alteracións impostas pola censura. O texto íntegro publicaríase na segunda edición, de 1976. A presente edición, que non inclúe as ilustracións de Díaz Pardo que contiñan a primeira e segunda, aparece esta vez na colección "Biblioteca Blanco Amor", da que *Xente ao lonxe* constitúe a segunda entrega. A obra está precedida dun "Prólogo útil" no que Blanco Amor expón o seu programa ético e estético, reflexionando e analizando tanto a súa obra como o panorama da narrativa galega coeva. Nel manifesta a súa vontade de expresar unha realidade histórico-social servíndose dunha estrutura narrativa complexa e dunha coidadísima elaboración lingüística. A novela preséntase dividida en catro partes. A primeira parte céntrase nas vivencias infantís de Suso, en alternancia coa exposición de historias da cidade. Na segunda nárrese o conflito familiar que se crea pola confrontación entre o ensino laico ou relixioso, tendo como pano de fondo a loita do pobo contra a Igrexa e o Goberno. A terceira parte céntrase na revolta popular de Ursaria (baseado nos feitos reais de Oseira) e a represión brutal na que deriva e que afecta á familia do narrador. Na cuarta parte asistimos á madurez sexual e social de Suso. O final da novela é aberto e a esperanza reflíctese nunha carta de Evanxelina na que afirma que a pesar das dificultades a loita continúa. *Xente ao lonxe* ten unha estrutura complexa: consta de varios narradores, ficando o discurso narrativo determinado pola pluralidade de puntos de vista. Así, o narrador principal é Suso, o protagonista, que en función do plano diexético a desenvolver cede a súa voz a outros narradores secundarios (como a súa irmá Evanxelina, un narrador-observador indeterminado... así como escenas dialogadas ou a inserción do discurso epistolar). Deste xeito imos coñecendo o seu proceso de iniciación vital, alén do seu ambiente familiar (o dos Aser), e a articulación e desenvolvemento do mundo do proletariado que estaba a xurdir no Ourense (Auria) de comezos do século XX, contextualizado no marco social e histórico do tempo. A obra constitúe así un completo fresco social, cunha complexa rede de personaxes, desde a familia de Suso ata o conxunto da sociedade, centrado no agromar da conciencia sindical e política do proletariado e con atención aos conflitos xerados pola situación socio-económica. Móstranos os diferentes estamentos sociais do Ourense da época: a burguesía, os cargos administrativos, relixiosos, as organizacións políticas do sistema da Restauración, e os seus soportes ideolóxicos. Do outro lado estarían o proletariado, que comeza a dotarse de organización e de medios de expresión (que sofren a represión da burguesía) e os membros marxinais da sociedade, sen medios económicos nin ideoloxía. Deste modo, malia ser Suso o personaxe principal, ten en realidade un protagonismo compartido coa colectividade de Auria, de tal xeito que podemos considerar *Xente ao lonxe* unha novela tanto de aprendizaxe como histórica.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Reedicións dun clásico', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 21 setembro 2003, pp. 8-9.

Dáse conta da aparición de *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe* na Biblioteca Blanco Amor da Editorial Galaxia. Así mesmo, Tomás Ruibal aventúrase a sinalar a aparición en breve, tamén nesta colección, de *A esmorga*. De seguido, analízanse os dous primeiros títulos e destácanse algúns dos aspectos nos que radica a modernidade do autor de Auria. Finalmente, fálase desta coidada reedición de Galaxia, que inclúe fotos do propio Blanco Amor, e da irrepetíbel figura como novelista deste auriense.

Referencias varias:

- Maré, 'Nese mosaico de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2003, p. 44.

Tras comentar como se recorda a Eduardo Blanco Amor nos derradeiros anos da súa vida, fálase do proxecto "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia e, máis concretamente, dos dous títulos, *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), cos que se inicia esta colección que tamén incluírá a súa obra en castelán. En recadro á parte, baixo o título "Memoria emigrante", ofrécense algúns datos biográficos do autor nado en Ourense e anúnciase *Chile a la vista* (1951) como a próxima entrega deste proxecto.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 11 setembro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a obra *Contos de Santos e Nadal*, de Ramón Otero Pedrayo e da reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, da que se salienta que é unha das grandes novelas corais da literatura galega, na que a través dunha gran galería de personaxes o autor recrea os grandes cambios sociais da Galicia de finais do século XIX e salienta que o autor combinou a cento setenta personaxes cunha "concepción cinematográfica" do relato.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 2 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *Caldo de mares para homes libres*, de J. A. Xesteira, do poemario *Ras e tritongos*, de Carlos Solla, e da reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, da que se salienta que é unha das grandes novelas corais da literatura galega, na que a través dunha gran galería de personaxes o autor recrea os grandes cambios sociais da Galicia de finais do século XIX e salienta que foi considera por certo sector da crítica a obra máis ambiciosa do autor ourensán.

Ferreiro, Celso Emilio, *Obra narrativa*, edición de Mónica Góñez Silva, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Clásicos, nº 2, 230 pp. (ISBN: 84-9782-063-0).

Esta obra reúne nun único volume os dous libros de ficción en prosa que publicou Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979), *A fronteira infinda* e mais *A taberna do galo*, nunha edición ao coidado de Mónica Góñez Silva. O libro ábrese cun estudo introdutorio, "Celso Emilio Ferreiro, vida e obra", no que Mónica Góñez logo de abordar a biografía do autor celanovés analiza a súa obra en prosa. Con respecto a *A fronteira infinda* salienta que cando Celso Emilio escribe o libro xa vivira o mundo da emigración, de xeito que malia reutilizar nel certos materiais anteriores como os seus artigos no *Faro de Vigo*, estas circunstancias persoais están moi presentes na obra. Así Góñez vai analizando o tratamento das distintas personaxes. Tamén apunta aqueles contos nos que o autor recicla o material dos artigos da súa sección "La jaula de los pájaros raros" no xornal vigués. Finalmente apunta outras alusións ao mundo galego, que convive nos relatos coa exuberancia do mundo tropical, e sinala como unha constante nestes relatos a crítica contra o sector da comunidade emigrante que sempre atacou, os ricos desleigados e as inxustizas do sistema social, alén de salientar a riqueza da expresividade lingüística e a fina ironía da que bota man Celso Emilio. No tocante a *A taberna do galo*, Mónica Góñez salienta que na obra se inclúen retallos da vida real do autor mesturadas coa arte de contar, polo que esta conforma un documento de grande importancia para coñecer ao escritor. Sinala que as coordenadas espaciais nos sitúan na taberna do Galo, onde se van contando historias relacionadas co *Emiliño* ou cos seus veciños. Góñez vai resaltando algúns dos episodios que deitan luz sobre sucesos biográficos de Celso Emilio, como a narración do episodio persoal que deu pé ao poema "Longa noite de pedra" ou as páxinas dedicadas a Xosé Velo, sen esquecer que xunto ás achegas para unha biografía persoal están os detalles da vila, moi acordes coas conversas da taberna. Resáltanse tamén certos casos de intertextualidade co resto da obra do propio Celso Emilio, e remata salientando a capacidade expresiva que o autor amosa nestas prosas. En relación cos criterios de edición explica que se parte da última edición en vida do autor, quitando o relato "O alcalde" que aparece por vez primeira no terceiro volume das *Obras Completas* publicadas en 1981. Sinala tamén que os textos foron sometidos a unha regularización lingüística, substituíndose as formas castelás ou falsamente galeguizadas polas formas "axeitadas na actualidade". Mantivéronse no entanto trazos dialectais do galego ourensán que caracterizan a lingua do autor, como o paradigma de demostrativos, o pronome *il* e os plurais en *-ós*. *A fronteira infinda* está formado por dez relatos, aos que sigue un "Vocabulario de americanismos". Os relatos están ambientados en América Latina, concretamente en Venezuela, no entanto a presenza de Galicia é constante, unha Galicia ás veces mítica e noutros casos máis concreta. Moitos dos contos están protagonizados por emigrantes galegos que non sempre contan coa simpatía do autor, abordándose neles diversas temáticas, como o motivo do bandido xusto, a denuncia da tortura nas cadeas, o retrato das ditaduras fascistas ou a crítica ao emigrado próspero pero desleigado e sen escrúpulos. Estes relatos estrutúranse desde ángulos e técnicas variadas e complexas, predominando a modalización a través dun narrador omnisciente heterodiexético ou ben a través dun "eu protagonista". *A taberna do galo* ábrese cunha "Advertencia" na que se nos presenta a obra como un fragmento doutra que o autor estaba a preparar, *Memorias de nunca*. A acción sitúase na taberna do Galo, en Celanova, exercendo o taberneiro como narrador, de xeito que Celso Emilio aparece en ocasións como narratario e como interlocutor do narrador. Así, cóntanse historias relacionadas co mozo *Emiliño* e coa realidade da súa vila natal e as súas xentes, funcionando en moitas páxinas como unha autobiografía. Deste xeito somos partícipes das súas lembranzas da infancia, do espertar á

sexualidade, de historias pintorescas dos seus veciños e sucesos graciosos, pero tamén de historias da guerra ou críticas voraces aos seus inimigos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión referidas á literatura galega ofrécense algúns apuntamentos sobre a reedición da *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de couse/Héleris*, de Alexandre Nerium e Carlos Negro; e *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz. Da primeira destácase o carácter fustigante contra a inxustiza que Celso Emilio lle imprimía a todas as súas obras, presente tamén neste volume que acolle as obras *A fronteira infinda* (1972) ou *A taberna do galo* (1978). Sinálase tamén que a responsábel da edición, Mónica Góñez, ofrece un interesante estudo da obra do autor celanovés, símbolo da corrente socialrrealista.

- Domingo Tabuyo, 'Narrativa de C.E. Ferreiro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Libros', 18 decembro 2003, p. IV.

Indícase que a narrativa de Celso Emilio Ferreiro presenta o mesmo abano de recursos estilísticos que a súa poesía, tratando as mesmas materias de anguria, loita, xustiza social, coa mesma intensidade que nos poemas aínda que con maior expresividade e liberdade. Apúntase que a alma crítica e irónica de Celso Emilio é quen de diseccionar a realidade nas múltiples facetas emotivas e de denuncia cunha presenza máis directa e destacada se cabe, e salientase o recurso á ironía, ao humor acedo, á corrosividade, mais tamén a comprensión que amosa cos parias, perdedores e fracasados. Destácase a especial habilidade do autor para retratar tipoloxías singularizadas, figuras que pretenden vivir outras vidas que non son as súas, amosando algúns exemplos destes personaxes. Saliéntase tamén o protagonismo destacado da sexualidade nos relatos, o que se ve tanto nas historias dalgunhas personaxes como nos múltiples alcumes e nomes que fan referencia a este tema. Finalízase indicando que se trata dunha obra viva e activa que reflicte un coñecemento profundo da sociedade e das súas miserias, da emigración, dos enganos e da desesperación.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'A prosa dun defensor das xentes da súa terra, Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 novembro 2003, p. 55.

Dáse conta do estudo realizado por Mónica Góñez sobre a prosa de Celso Emilio Ferreiro que recolle baixo o título de *Celso Emilio Ferreiro. Obra Narrativa*. Volume no que se publican os dous únicos libros de ficción en prosa que publicou o escritor: *A fronteira infinda* e *A taberna do galo*.

- M.B., 'Unha colección recupera a obra de Lueiro Rey e Celso Emilio Ferreiro', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 52.

Dáse conta dalgunhas novidades editoriais. Para comezar, salientase a recuperación, en Xerais, da obra de dous "clásicos" galegos: Celso Emilio Ferreiro e Manuel Lueiro Rey. En canto ao primeiro, refírese á aparición da *Obra narrativa* de Celso Emilio, que inclúe os dous únicos libros de prosa escritos polo autor mais un estudo preliminar a cargo de Mónica Góñez. De Lueiro Rey, indícase, sae *Derradeira escolma ferida*, unha revisión actualizada de dúas obras anteriores de título similar. A seguir, faise mención dunha antoloxía de lírica galego-portuguesa que tira do prelo tamén Xerais e que confeccionou o especialista Xosé Bieito Arias Freixedo. Por último, e centrándose xa noutra casa, a Editorial Galaxia, achégase información o xornalista sobre a novela de Xosé Antonio Neira Cruz *O armiño dorme*, da que se destaca a espacialización italiana e mais o "romeoexulietismo" da historia.

- Marcos Valcárcel, 'Prosas de Celso Emilio', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 18 decembro 2003, p. 93.

Sinala que do mesmo xeito que o papel central da novelística de Blanco Amor ocultou a calidade literaria da súa obra poética, a potencia da obra lírica de Celso Emilio relegou a un segundo plano a súa obra en prosa, polo que remarca a importancia de recuperar tanto a poesía dun como a narrativa do outro para termos unha imaxe acaída de ambos. De aí a oportunidade desta edición da narrativa de Celso Emilio que publica Xerais da man de Mónica Góñez. Indica que as prosas de Celso Emilio se concentran no seu xornalismo publicado no *Faro de Vigo* desde os anos cincuenta e nos libros *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do Galo* (1978). Do primeiro apunta que recolle unha serie de relatos sobre a emigración cunha perspectiva tan crítica como a de *Viaxe ao país dos ananos*. Sinala o acerto de Mónica Góñez ao relacionar estes relatos cos seus artigos na sección "La jaula de los pájaros raros" no xornal *Faro de Vigo*, ao existiren coincidencias evidentes e estaren varios contos inspirados en personaxes reais. Do segundo volume salienta a "simpática taxonomía" do escritor que clasifica "por especies e maneiras os alcumes da vila". Este mesmo artigo foi publicado no xornal *Galicia Hoxe*, do día 26 de decembro de 2003.

- Marcos Valcárcel, 'As prosas do Celso de Celanova', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 decembro 2003, p. 56.

Sinala que do mesmo xeito que o papel central da novelística de Blanco Amor ocultou a calidade literaria da súa obra poética, a potencia da obra lírica de Celso Emilio relegou a un segundo plano a súa obra en prosa, polo que remarca a importancia de recuperar tanto a poesía dun como a narrativa do outro para termos unha imaxe acaída de ambos. De aí a oportunidade desta edición da narrativa de Celso Emilio que publica Xerais da man de Mónica Góñez. Indica que as prosas de Celso Emilio se concentran no seu xornalismo publicado no *Faro de Vigo* desde os anos cincuenta e nos libros *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do Galo* (1978). Do primeiro apunta que recolle unha serie de relatos sobre a emigración cunha perspectiva tan crítica como a de *Viaxe ao país dos ananos*. Sinala o acerto de Mónica Góñez ao relacionar estes relatos cos seus artigos na sección "La jaula de los pájaros raros" no xornal *Faro de Vigo*, ao existiren coincidencias evidentes e estaren varios contos inspirados en personaxes reais. Do segundo volume salienta a "simpática taxonomía" do escritor que clasifica "por especies e maneiras os alcumes da vila". Este

mesmo artigo foi publicado no xornal *La Región*, do día 18 de decembro de 2003.

Jaureguizar, *Fridom spik*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, nº 52, serie Literaria, 88 pp. (ISBN: 84-8302-989-8).

Fridom Spik é un conxunto de "microrrelatos" de Jaureguizar (Bilbao, 1965), publicado por primeira vez en 1995 e pertencente ao xénero bravú, que presenta catro novos relatos nunha versión de peto con trinta e tres pezas. Lonxe de posuír unha única trama argumental, dá a coñecer unha multitude de flashes (cada un con cadansúa trama) que amosan intres da realidade social máis cotiá. Tanto podemos toparnos cun home que pasa o día sentado no sillón co mando a distancia dende que deixou de vivir no rural coma cunha cativa que, por mor da "culturización" televisiva, lle chama "*norit*" aos cordeiros. Son moitos e moi diversos os instantes recollidos neste libro pero, a pesar da variedade, plásmase con grande frecuencia un abismal contraste entre o mundo rural e o urbano. Do mesmo xeito, existe grande variedade nas voces narrativas, atopando tanto narracións en primeira coma en terceira persoa cun narrador que ás veces é o protagonista principal, ás veces secundario, ás veces forma parte da historia que narra e outras é alleo. Incluso nalgunha ocasión atopamos ausencia de narración coa presenza de fragmentos de diálogos. Novamente, atópase unha enorme diversidade no que atinxe aos espazos (tantos cantos relatos hai na obra) e tampouco faltan historias nas que son omitidas as referencias espaciais. A obra amosa un ritmo narrativo moi rápido pretendendo plasmar o instante (convén subliñar a inexistencia gráfica dos puntos e á parte coa pretensión de avivar este ritmo), cunha linguaxe chea de frases feitas propias dun rexistro coloquial e continuos vulgarismos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Ferozmente vivas', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 13, 'Letras en galego', 14 xuño 2003, p. 7.

Ramón Nicolás, logo de plasmar a importancia que tivo a presente obra cando saíu do prelo a mediados dos noventa como grande revulsivo que significou, cita tamén a significación que *Fridom Spik* posúe dentro da obra de Santiago Jaureguizar. Asemade, insértaa dentro da literatura bravú facendo un pequeno percorrido polas características da mesma para finalizar cunha referencia ao continuo contraste existente nun universo social que mantén un difícil equilibrio entre a tecnoloxía de última xeración e os tradicionais costumes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Fridom Spik', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. V.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradicción que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi

publicado nos xornais *El Correo Gallego*, dentro do seu suplemento "Correo das culturas" no día 20 de xullo, e en *La Opinión*, no día 13 de setembro.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Renovando o frescor da literatura bravú', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Narrativa', 20 xullo 2003, p. 2.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradición que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi publicado nos xornais *Faro de Vigo*, o día 26 de xuño, e en *La Opinión*, o día 13 de setembro.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Literatura 'bravú' hoxe', *La Opinión*, 'Saberes', nº 22, 13 setembro 2003, p. 7.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradición que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi publicado nos xornais *El Correo Gallego*, dentro do seu suplemento "Correo das culturas" o día 20 de xullo, e en *Faro de Vigo*, o día 26 de xuño.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Títulos', *El Progreso*, 'Gente', 'O Calcapapeis', 13 xullo 2003, p. 6.

Logo de facer unha breve reflexión sobre o título do seu libro *Fridom Spik* e as críticas que recibiu polo mesmo, o escritor fai un repaso por diversos títulos que posúen certa orixinalidade, citando obras de autores coma Cid Cabido.

Lamas Carvajal, Valentín, *Catecismo do labrego de Valentín Lamas Carvajal con Castela*, limiar de Manuel Espiña Gamallo, A Coruña: Novos Vieiros/Gran Enciclopedia Galega, 2003, col. Documentos, Xerais Peto, 61 pp. (ISBN: 84-932970-3-8).

Reedición de *O Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), na que se fai, tal e como se indica na introdución, unha revisión e actualización da lingua. A obra vai precedida dun limiar de Manuel Espiña Gamallo, coengo da Colexiata da Coruña, no que se achega á figura do autor e a algúns aspectos da súa vida privada, como a fe católica que profesaba ou as distintas publicacións das que foi promotor; explícase, asemade, que a primeira publicación deste se fixo, en dúas entregas, na revista *O tío Marcos da Portela*.

Esta nova reedición inclúe, ademais, ilustracións de Daniel Alfonso R. Castelao que acompañan ao texto. *O catecismo do labrego* é documento de humanidade rural, no que o labrego aparece maltratado pola historia e denuncia os seus problemas como os foros, os trabucos, as quintas e tamén a súa falta de rebeldía; a estrutura da obra é a mesma que a do antigo catecismo, pero neste caso predomina a sátira, a ironía, a antítese, as frases feitas, os refráns ou as locucións; todo isto, cunha lingua popular e viva, que reproduce fielmente a fala dos labregos.

Lesta Meis, Xosé, *Manecho o da rúa*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Froita do tempo, nº 7, 99 pp. (ISBN: 84-96203-46-8).

Este relato obra de Xosé Lesta Meis (Santa María de Oza, 1887-?) ten como protagonista a Manoel, alcumado Manecho o da Rúa, e nel vemos as súas peripecias dende a súa fuxida da aldea e a súa chegada á illa de Cuba até o seu regreso a Galicia sen un can. Durante este periplo a concepción que tiña Manecho da súa aldea evoluciona e vai desde o desprezo cando foxe como polisón a América até a reconciliación na fin dos seus días. Na súa estancia na illa americana Manecho intégrase na sociedade cubana, le moito e traballa pouco, namorase varias veces pero a definitiva é con Elba, neta de españois, á que ten que deixar ante as negativas dos pais da rapaza. Despois deste fracaso decide regresar a Galicia e xa na súa aldea descobre por medio de cartas que Elba o quere, mais xa non é quen de regresar a América e ao saber que Elba morreu despídese do mundo reconciliándose coa aldea da que fuxira. Na narración vemos as dificultades coas que se atoparon moitos dos emigrantes galegos en América, focalizados nestes caso no mal vivir e o moito traballar dos galegos na illa de Cuba e asemade reflíctese na grafía algúns dos trazos fonéticos do español de Cuba: seseo, <s> aspirado en final de sílaba, yeísmo, etc.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *Manecho o da rúa*, de Xosé Lesta Meis; *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada; e *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero. Da obra de Lesta Meis sinala que é un relato sobre a emigración a Cuba a comezos do século XX, no que se atopan notas autobiográficas do autor. Destácase que é a historia da vida dun mozo emigrado que comeza e remata traxicamente na súa aldea natal. Do autor sinálanse algúns datos biográficos como o seu nacemento en Santa María de Orza en 1887, a súa condición de emigrante e o seu achegamento ao nacionalismo galego co grupo Nós. Lémbrese que publicou outras obras como *Estebo* (1927) e *Abellas de ouro* (1930).

Lueiro Rey, Manuel, *O sol na crista do galo*, edición de Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 54, 313 pp. (ISBN: 84-8302-968-5).

Este volume de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes-Pontevedra, 1916-O Grove, 1990) saíu ao prelo por vez primeira, cun "Limiar" de Basilio Losada, en 1982, publicado por Edicións do Castro, casa responsábel tamén da súa reimpresión en 1991. Trátase dun conxunto de trece historias, os protagonistas das cales son personaxes cotiáns, e nas que se emprega unha linguaxe clara e sinxela. Un narrador omnisciente en terceira persoa vai enfiando estes trece relatos, intercalando a maxia coa realidade e perfilando as miserias e traxedias que mergullaron nos anos posteriores da Guerra civil os pobos e aldeas de Galicia. A pesar da traxedia na que se desenvolven todos eles, déixase entrever un lugar para a esperanza. En 2002, o libro foi reeditado na colección "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia* e Edicións Xerais de Galicia. Na citada colección, o texto reproducido partía precisamente da edición fixada por Ramón Nicolás Rodríguez para esta nova impresión feita por Xerais en 2003, que daquela permanecía inédita. A diferenza das anteriores publicacións, nesta ocasión reproducíase, para alén dos doce relatos e o "Limiar" de Losada que integran *O sol na crista do galo*, un apéndice con dous escritos en castelán do autor ("La pena de muerte. Su ineficacia" e "A todos los míos: como presencia") e outro de Ramón Garrido ("Una noche de septiembre"). Cómpre sinalar, non embargantes, que o lugar natural do "Limiar" foi modificado para se colocar tamén nos apéndices do libro. Ademais, incorpórase un "Glosario" e, o que supón o engadido máis significativo, un completo e longo estudo introdutorio a cargo do editor. Nel repásase, en primeiro lugar, a "Traxectoria biográfico-literaria" do escritor pontevedrés, dando conta da etapa de formación, da posguerra e o exilio americano e dos derradeiros anos de volta a Galicia. A continuación, examínase pormenorizadamente "A obra literaria de Lueiro Rey", percorrendo os distintos xéneros que cultivou, tanto en galego como en castelán. Despois, Ramón Nicolás achega unha "Análise literaria" de *O sol na crista do galo*, deténdose no estudo da modalización, a temporalización e a espacialización narrativa, os personaxes, os temas, a recepción da obra, etc. Finalmente, antes de dar paso ao conxunto de relatos que lle dá título ao libro, ofrécense os criterios de edición e unha "Bibliografía selecta" arredor de Manuel Lueiro Rey.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Compromiso ético', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. IV.

Preséntase e analízase o último número da colección "Biblioteca das letras galegas" de Edicións Xerais: *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey, escritor do que se destaca o seu constante compromiso ideolóxico. Comézase por notar que nesta ocasión é o propio director da colección literaria, Ramón Nicolás, o encargado da edición. Afirmase que a exhaustividade coa que se preparou esta edición, cun amplo estudo introdutorio, fai que este libro teña en páxinas "un volume superior ao do propio texto en si". Detense, seguidamente, no comentario deste estudo, para concluír que malia non ser Lueiro Rey un dos "autores maiores na nosa lingua", vale a pena ler esta obra "e todos os aspectos que sobre ela e sobre o seu autor son achegados da man de Ramón Nicolás".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Unha reedición necesaria dunha obra imprescindible', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 4 maio 2003, p. 3.

Comentario á reedición de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Infórmase nos de que este libro fora publicado orixinalmente en 1982, e que supuxera a segunda incursión na narrativa galega do autor. Francisco Martínez Bouzas inicia á súa análise cunha reflexión arredor do bilingüismo de Lueiro Rey. Lembra despois que este mesmo texto xa fora obxecto de reedición había uns meses, na colección "Biblioteca Galega 120". Explica despois cales son as características destes relatos veristas que xiran arredor das consecuencias da Guerra Civil, afirmando que algún acada a "condición de novela breve". Finalmente, conclúe que se trata dunha excelente edición precedida por un completo estudo de Ramón Nicolás.

- Xulio Valcárcel, 'O sol na crista do galo', *El Ideal Gallego*, '*La Galería*', nº 271, 'Páxina literaria', 17 agosto 2003, p. 4.

Achéganos o autor as súas impresións tras a relectura de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey, na última reedición que presentou Edicións Xerais. Debrúzase no contido dos diferentes relatos que integran o conxunto, no que segundo Valcárcel aparece claramente a marca da Guerra Civil que caracteriza a Lueiro e a toda a súa xeración. Explica que o autor comezou a escribir en galego seriadiamente, e finaliza manifestando unhas palabras laudatorias para o estudo de Ramón Nicolás que acompaña a presente edición.

- Xesús Alonso Montero, 'Lueiro, na crista', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 39, 'Beatus qui legit', 13 decembro 2003, p. 7.

Indica que coa reedición desta obra se achega a escritura de Manuel Lueiro Rey a novos lectores; sinala que o estudo preliminar que Ramón Nicolás preparou é, a día de hoxe, a monografía máis completa sobre o narrador, poeta e xornalista. Sinala, de seguido, que á obra de Lueiro debemos engadir *Derradeira escolma ferida*, editado hai un mes por Xerais, onde se recolle un mollo de poemas, en boa parte inéditos, en edición de Ramón Nicolás; fai referencia ao modo no que chegaron a el estes poemas é á escolla do título feita por Ramón Nicolás. Fala, finalmente, dos versos sinxelos do poeta e sinala que está pendente a recuperación da súa produción xornalística.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'O sol na crista do galo', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 4, 'Letras en galego', 5 abril 2003, p. 4.

Faise referencia á aparición en Xerais do "texto fixado e definitivo" de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Céntrase sobre todo no estudo de Ramón Nicolás que precede ao texto, que é froito, segundo se afirma, de moitos anos de preparación e que "aporta unha nova perspectiva sobre a traxectoria vital" do autor. Achega tamén algunha información sobre os traballos precedentes de Ramón Nicolás.

- Xesús Alonso Montero, 'Lueiro Rey', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Beatus qui legit', 5 abril 2003, p. 4.

Xesús Alonso Montero anuncia desde a súa columna habitual do suplemento *Culturas* a presentación nese mesmo día da última reedición de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Dita presentación terá lugar no seu Grove natal e, segundo Alonso Montero, supón un fito "no curriculum literario de Manuel Lueiro" dada a calidade de "auténtica monografía" do estudo preliminar de Ramón Nicolás. Tamén achega as súas lembranzas persoais do autor de *O sol na crista do galo*, a quen prologou o seu primeiro libro en galego *Un tempo de sol a sol* (1971).

Otero Pedrayo, Ramón, *Contos do camiño e da rúa*, Vigo: Galaxia, 27 xuño 2003, col. Literaria, Biblioteca de autor Otero Pedrayo, nº 1, 116 pp. (ISBN: 84-8288-608-8).

Volume de relatos escritos por Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888- Trasalba-Amoeiro-Ourense, 1976) e publicado por vez primeira en 1932 na editorial Nós. Recuperado en 1995 na "Colección literaria" de Galaxia, reeditase nesta ocasión como volume inaugural da "Biblioteca de Autor Otero Pedrayo" baseándose no texto publicado por Xosé Manuel Salgado e Xulio Sousa Fernández no ano 1995. Ilustrado na cuberta por un fragmento de "Xentes que nos ollan" de Isaac Díaz Pardo, está composto por sete contos de temática diversa titulados "A serea", "A criada", "O fidalgo", "O Pecado", "O Pazo das Cinco Chagas", "Medicina legal" e "Dona Xohana e don Guindo". Neles contraponse a vida nas aldeas fronte á vida nas vilas e cidades ou a figura do fidalgo en decadencia fronte ao burgués en alza, reflectindo así, as contradicións dunha sociedade galega en transición entre dous séculos. Algúns destes relatos xa foran incluídos en anteriores recompilacións, por exemplo, en *O fidalgo e outras narracións* (1982) e *O fidalgo e outros relatos* (1994), edición, esta última, de Antón Palacio Sánchez.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Relatos dos nosos clásicos para o remate do verán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 31 agosto 2003, p. 2.

Dáse conta, dentro do proxecto "Bibliotecas específicas de autor" da colección 'Literaria' de Galaxia, da aparición de dúas obras de Blanco Amor e de dous títulos de Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*. Respecto a estes dous últimos títulos indícase a época na que foron publicados e os relatos polos que están compostos. Así mesmo, sinálanse as características destes relatos en relación á restante produción de Otero Pedrayo; parafrásanse as opinións dalgúns estudosos no tocante á importancia da prosa do autor de Trasalba; destácase a súa ampliación temática e a modernización técnica narrativa no relato breve do autor e, finalmente, alúdese á lingua e estilo empregado por Pedrayo nos seus relatos breves.

- Tomás Ruibal, 'A obra de Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 2 novembro 2003, p. 8.

En primeiro lugar infórmase da aparición de *Contos de Santos e Nadal* e *Contos do camiño e da rúa* de Ramón Otero Pedrayo na colección "Bibliotecas de autor" da editorial Galaxia. A seguir, Tomás Ruibal destaca as características principais destes dous libros de relatos e pón en relación a obra de Otero coa de Ramón María del Valle Inclán. Para dar conta das semellanzas entre estes dous escritores Ruibal acode a algún exemplo concreto de Pedrayo.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

Otero Pedrayo, Ramón, *Contos de Santos e Nadal*, Vigo: Galaxia, 27 xuño 2003, col. Literaria, 110 pp. (ISBN: 84-8288-609-6).

Segundo volume da "Biblioteca de Autor Otero Pedrayo" ilustrado na súa cuberta cun fragmento de "O concerto de Zanfona" de Isaac Díaz Pardo. Ábrese cun breve limiar do autor, datado en Santiago de Compostela o 8 de novembro de 1956, no que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888- 1976) comeza aludindo ao remate dos contos de *Entre a vendima e a castañeira* para, a seguir, mencionar o comezo da redacción, "hoxe, no serán emocionado e griseiro de Compostela", dos contos que se recollen neste volume. Segue o autor de Trasalba afirmando que aos vellos lles gustan os contos e dando as razóns polas que, segundo el, se debe esta querencia. Finalmente, neste seu limiar, Otero Pedrayo diríxese ao "vello amigo Pedroso" para, axudado por unha interrogación retórica, reafirmar que "deica os primeiros soles de xaneiro" se poden imaxinar algunhas historias. A continuación, reproducense os nove contos, publicados postumamente, que compoñen este volume. Estes relatos titúlanse: "As sete portas da sociedade"; "O barco"; "O amante da néboa", "O sorrir da serea"; "Camiñaron no abrente"; "O corazón da pedra"; O vello e mais o río"; "A revolta e gran risada" e "A cepa do caíño". Narrados maioritariamente desde unha terceira persoa, a excepción do antepenúltimo e do último conto no que a narración desde a primeira persoa está presente, pese a que logo se lle concede protagonismo a outras voces, presentan temáticas habituais neste autor como a presenza da fidalguía vida a menos en "O amante da néboa" ou "O sorrir da Serea"; historias de mortes estrañas e sospeitosas vinganzas, en "A cepa do caíño" ou mesmo a temática mariñeira, como xa desde o título se nos indica, en "O barco" ou "O Sorrir da Serea".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Relatos dos nosos clásicos para o remate do verán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 31 agosto 2003, p. 2.

Dáse conta, dentro do proxecto "Bibliotecas específicas de autor" da colección 'Literaria' de Galaxia, da aparición de dúas obras de Blanco Amor e de dous títulos de Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*. Respecto a estes dous últimos títulos indícase a época na que foron publicados e os relatos polos que están compostos. Así mesmo, sinálanse as características destes relatos en relación á restante produción de Otero Pedrayo; parafrásanse as opinións dalgúns estudosos no tocante á importancia da prosa do autor de Trasalba; destácase a súa ampliación temática e a modernización técnica narrativa no relato breve do autor e, finalmente, alúdese á lingua e estilo empregado por Pedrayo nos seus relatos breves.

- Tomás Ruibal, 'A obra de Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 2 novembro 2003, p. 8.

En primeiro lugar infórmase da aparición de *Contos de Santos e Nadal* e *Contos do camiño e da rúa* de Ramón Otero Pedrayo na colección "Bibliotecas de autor" da editorial Galaxia. A seguir, Tomás Ruibal destaca as características principais destes dous libros de relatos e pón en relación a obra de Otero coa de Ramón María del Valle Inclán. Para dar conta das semellanzas entre estes dous escritores Ruibal acode a algún exemplo concreto de Pedrayo.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 11 setembro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, e dos contos inéditos de Ramón Otero Pedrayo titulados *Contos de Santos e Nadal*, onde se recollen nove relatos que constitúen unha parte do seu proxecto de crear un ciclo narrativo de relatos dedicados ás distintas estacións do ano.

Pexegueiro, Alfonso, *O deserto de Nabalpam*. -Notas de Cecilia T. S.-, prólogo e epílogo do

autor, A Coruña: Edicións Espiral Maior, novembro 2003, col. Narrativa, nº 34, 73 pp. (ISBN: 3484-95625-81-4).

Baixo o título de *O deserto de Nabalpam*, sae neste ano reeditado na colección "Narrativa" de Espiral Maior o libro orixinalmente publicado baixo o nome de *Relatos pra salferir* (1981), de Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948). Trátase de dezaseis relatos breves (algún deles ocupa só unha liña e media), incluído o denominado "Limiar", acompañados de dúas notas autorais: unha ao comezo, e outra ao final. Na primeira ("O deserto de Nabalpam"), Pexegueiro explica que o presente volume leva o título co que saíu a edición en catalán de *Relatos pra salferir* en 1985 (*El Desert de Nabalpam*), incluíndose a maiores un relato inédito datado en 1980: "A muller do Deserto Branco". Ademais, advirte da unidade do conxunto a través do protagonismo feminino das historias, encarnado no personaxe que aparece no subtítulo: Cecía T. S., quen se erixe en "tecedora de tódalas narracións sendo á vez unha". Na nota epilodal, o autor volve insistir no papel de Cecía como "punto de referencia, de homenaxe, de sentenza ou de adoración", ao tempo que achega algunha das claves hermenéuticas da obra subliñando que "o que neste libro se desenvolve son experimentos de creación reducindo os espacios por inadaptación dos sentidos". En efecto, as narracións caracterízanse por un grande rupturismo formal e de contido. Transgrédense en todo momento as convencións gráficas e morfosintácticas da linguaxe, mestúranse linguas e rexistros, mundo real e imaxinado, déixase a palabra en liberdade e acúdese aos procedementos do surrealismo para construír un mundo onírico, anegado de lirismo, no que se exploran os eternos problemas do ser humano e se xoga "a descubri-lo mundo ou a acabar con el".

Toro, Suso de, *Tic-Tac*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2003, col. Narrativa, nº 188, 315 pp. (ISBN: 84-9782-002-9).

Dez anos despois da que fora a súa primeira publicación, Xerais reedita -na colección "Narrativa"- unha das obras senlleiras de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956): *Tic-Tac*. Este libro, composto por unha multitude de pequenas historias e reflexións agrupadas en cinco grandes "Misterios dorosos", preséntase cunha excelsa variedade no que atinxe aos temas tratados, tempos, espazos e voces narrativas. Así pois, encóntranse un cumio de meditacións que o protagonista fai tanto acerca si mesmo coma acerca da sociedade, abranguendo dende a máxima das introspeccións persoais ata as reflexións de carácter social ou dende aspectos absolutamente banais ata outros de grande calado e, sempre, cunha superlativa variedade de voces narrativas. Poden acharse reflexións ou historias en primeira, segunda e terceira persoa (cun narrador ás veces homodiexético, outras heterodiexético) facendo tamén acto de presenza fragmentos de diálogos sen ningún tipo de fío narrativo. Todo isto, expresado nun rexistro profundamente coloquial cunha continua presenza de vulgarismos. O pasado e o presente son os tempos empregados na obra con maior asiduidade, aínda que nun caso e noutro as historias tan só ocupan temporalmente o instante, a través dun ritmo lingüístico sen ningún tipo de pausa e sen puntos e á parte. Espazos, exceptuando aqueles relatos nos que nos existe unha ubicación concreta, existen tantos coma narracións podemos atopar en toda a obra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Tic-Tac', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 29 xuño 2003, p. 6.

Informa da reedición de *Tic - Tac*, dez anos despois de que súa primeira publicación; fala do carácter precursor que esta obra, xunto con outros títulos coma *Polaroid*, *Ambulancia* ou *Land Rover* tivo tanto en escritores da súa xeración. Cualifica a literatura de *Tic - Tac* coma fragmentaria, obsesiva, introspectiva e anovadora.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 9 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa notas sobre as novidades editoriais galegas que seguen: a reedición da novela *Tic-Tac*, de Suso de Toro; *Descripción do reino de Galicia*, do Licenciado Molina; a fotobiografía de *Alexandre Bóveda*, de Xosé Enrique Acuña; e o número 158 da revista *Grial*. Da nova edición da novela de Suso de Toro sinálase que é a edición definitiva, revisada polo autor dun texto "que se converteu nun clásico contemporáneo da narrativa galega". Ademais de lembrar brevemente o contido da obra, tamén destaca que este volume conta cun epílogo do profesor Antonio Francisco Pedrós-Gascón no que ofrece un estudo da obra de Suso de Toro.

- N.V., 'Suso de Toro: 'O Nacioal foi como un premio colectivo'', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 20 novembro 2003, p. 11.

Fai referencia ás declaracións realizadas por Suso de Toro nunha charla que tivo lugar o 19 de novembro na Galería Sargadelos; nela reflexionouse sobre os vinte anos de traxectoria literaria que leva percorridos tras a concesión do Premio Nacional de Narrativa e a reedición de *Tic Tac*, a súa obra mestra. Nela falou, entre outros moitos aspectos, da evolución do estilo do propio autor -segundo o cal antes "describía a realidade e agora quere transformala"-, da consecución do Premio Nacional, do movemento Nunca Máis, das súas obras máis senlleiras ou da súa última creación: *Morgún*.

- Salvador Rodríguez, 'Quen canonizou a miña obra foi a crítica española, non a galega', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Entrevista', 20 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Suso de Toro na que se fala tanto da actividade literaria coma da político-social que está a levar o escritor compostelán nos últimos tempos. Nela pregúntaselle acerca do Premio Nacional, da importancia que ten dita concesión na súa traxectoria profesional, da implicación social que manifestou co movemento Nunca Máis, da reedición de *Tic-Tac* e da publicación de *Morgún*, o último libro en saír do prelo.

Toro, Xelís de, *Non hai misericordia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, nº 53, serie Literaria, 203 pp. (ISBN: 84-8302-990-1).

Non hai misericordia é unha orixinal novela de Xosé Luís de Toro Santos (Santiago de

Compostela, 1962), publicada por vez primeira en Edicións Positivas no ano 1990, editorial da que o propio autor é codirector, e da que se realizou unha reimpresión en 1992. A obra, que resultara gañadora do I Premio de Narrativa "Cidade de Lugo" 1990, artéllase como un conxunto de relatos breves entrelazados entre si. En efecto, todos eles teñen en común a funcionalidade, o motivo central (a violencia nas súas diferentes facetas, da máis explícita á máis sutil), a espacialización urbana (trátase da cidade de Compostela), e a aparición secundaria de personaxes que foron ou serán protagonistas noutro momento. O eixo estrutural da narración é a celebración dun debate radiofónico sobre o tema da violencia no que interveñen o locutor e director do programa, un teólogo, un asistente social, un sociólogo, un psicólogo e un escritor. Os contos que este crea e que se intercalan na emisión do espazo serven, precisamente, de pretexto para a reflexión e a expresión das diferentes opinións que sobre o asunto posúen os tertulianos e mais algún ouvinte que participa telefonicamente. Estes diálogos mostran parodicamente a vacuidade da verborrea académica dos participantes, da que a penas sae indemne o autor, Ricardo. No final do relato, descubrimos que, coma se dun dos seus personaxes se tratase, o propio escritor é vítima da violencia do director da radio, quen o despide; e tamén que os protagonistas dos contos de Ricardo son personaxes que existen na realidade, e polo tanto que a violencia non é unha mera ficción. Péchase a obra coa reprodución dun encrucillado que unha das protagonistas está a resolver para ver de conciliar o sono, actividade que interrompe xusto cando chega á cinco horizontal porque non encontra a palabra que corresponde: "misericordia". Este libro reedítase agora con capas brandas e pequeno formato na colección "Peto" de Xerais, con mínimos cambios no texto que non afectan no esencial ao contido e disposición formal orixinais. Esas modificacións consisten, fundamentalmente, nalgũa rectificación léxica, na supresión dalgũa que outra frase e tamén nas dedicatorias da obra e na corrección do título dos capítulos dentro índice: mentres que nas primeiras edicións no corpo do texto aparecían as partes que reproducen a emisión radiofónica designadas como "Sintonía", pero no índice líase "Debate"; na presente publicación mantense nos dous lugares a designación de "Sintonía".

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería Galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Breve recensión que valora positivamente *Non hai misericordia*, a segunda novela de Xelís de Toro, editada por Xerais. Comenta a estrutura do libro que xira arredor de diferentes relatos como pretexto para o diálogo entre varios contertulios. Sinala ademais como principal característica a "recreación paródica do xeito de expresarse que ten cada un dos participantes", cualificando a obra de arriscada e orixinal. A noticia inclúe recensións de *Diálogo de deuses. Diálogos de prostitutas* (2002), de Luciano de Samosata, e de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, así como breves recensións ás obras *Nin Berlín* (2003), de Xosé M. Gayoso, e *Mago por correspondencia* (2003), de Joles Sennell.

- Manuel Rosales, 'Sen misericordia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. IV.

Despois de lembrar que *Non hai misericordia*, de Xelís de Toro, fora merecente en 1990 do

Premio Cidade de Lugo, e de informar da súa reedición, Manuel Rosales detense na análise desta novela. Afirmar, en primeiro lugar, que esta "narrativa plural" é sintomática do cambio de actitude experimentada neste xénero coa chegada dos anos noventa. Esa novidade consiste, segundo explica, no recurso a un "discurso híbrido". Achéganos despois ao contido argumental da obra, salientando que o marco narrativo da mesma xira arredor do tema da violencia. Indica que se trata dunha estrutura "orixinal e atrevida", onde cinco relatos serven de pretexto para a emisión dun debate radiofónico. Destaca como punto climático o final da novela, cando se produce un cruzamento entre a realidade da tertulia radiofónica e a ficción dos relatos, e se usan procedementos narrativos complexos como a combinación de planos temporais e o monólogo interior.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Christie, Agatha, Pano. *O derradeiro caso de Poirot (Curtain: Poirot's last case, 1926)*, trad. Montse Gálvez Fernández, Vigo: Galaxia □, outubro 2003, col. Biblioteca Agatha Christie, nº 5, 192 pp. (ISBN: 84-8288-629-0).

A editorial Galaxia, da man de Montse Gálvez, traduce ao galego *Pano. O derradeiro caso de Poirot*, obra na que morre Hércules Poirot, detective de orixe belga que protagonizou unha extensa saga de libros escritos pola que é considerada a "raíña do crime", Agatha Christie. Esta foi escrita en 1926 e publicada moito máis tarde, en 1976, tras o falecemento da escritora. O transcurso da trama ten lugar en Styles, unha vella casa de hóspedes. Moitos anos atrás, Poirot resolvera no mesmo contorno o caso Inglethorp co que iniciara a súa brillante carreira de detective en Inglaterra. Agora, xa nos seus derradeiros días de vida, decrépito, afectado pola artrite e obrigado a permanecer en cadeira de rodas, chama ao seu amigo e colaborador Hastings para pedirlle que se reúna con el e que lle axude a descubrir o autor dun crime que aínda non se cometera pero que, con seguridade, tería lugar. O afamado detective aínda posúe un privilexiado cerebro e, a pesar de que o físico non lle acompaña, é quen dirixe dende o primeiro momento a investigación, encomiando a Hastings as accións de pescuda informativa. O *grosso* do argumento narrativo dá inicio cando descubren que o asasino é unha das persoas que se hospeda na casa; Poirot, sempre manexando datos que nin sequera lle dá a coñecer ao seu colaborador, coñece con gran adianto a realidade do que está a acontecer, mentres que Hastings pasa intres de auténtico desconcerto. Ao longo da obra sucédense diversas mortes, pero as informacións son contradictorias e non é posíbel intuír quen é o asasino. Cando o desenlace de todo o enlelo comeza a esclarecerse, morre, por razóns naturais, o Sr. Poirot, polo que a verdadeira realidade que sempre se escondeu tras todos os sucesos que tiveron lugar na casa, así coma as mortes e coma outros casos anteriores, é contada polo detective nunha carta dirixida a Hastings e lida por este post-mortem. A trama da obra segue unha gran linealidade e os feitos sucédense nun abano temporal indefinido pero con continuas referencias ó pasado ou a instantes do día (a hora do almorzo, a cea...) e, iso si, nun espazo francamente marcado do que non se sae, salvo pequenas excepcións, en ningún momento da acción.

Referencias varias:

- MARÉ , 'Agatha Christie en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ ', 12 novembro 2003, p. 42.

Anúncianse diversas publicacións que a editorial Galaxia inicia no outono de 2003. Así pois, a primeira metade do artigo céntrase na "Biblioteca Sheakespeare" e que inclúe as obras do dramaturgo inglés traducidas ao galego. Por outra banda infórmanos dunha nova entrega na colección "Biblioteca Agatha Christie" da que publica dous emblemáticos títulos: *Dez negriños* e *Pano*. Destaca que nela xa se inclúen obras coma *Asesinato no Orient Express*, *O asesinato de Roger Ackroyd*, *Cianuro escumoso* e *Telón*.

Christie, Agatha, *Dez negriños* (*And there were none*, 1939), trad. Eva M. Almazán García, Vigo: Galaxia □, setembro 2003, col. Biblioteca Agatha Christie, nº 4, 221 pp. (ISBN: 84-8288-586-3).

Historia clásica de suspense e misterio que ten como protagonista a dez personaxes atrapados nunha illa da costa inglesa chea de misterios, invitados ou contratados polo dono da illa, un millonario do que ninguén sabe a identidade. O único que une aos personaxes é a sombra do crime, pois todos son sospeitosos de ter cometido algún crime polo que non pagaron, e a súa pertenza a distintas clases da sociedade inglesa da época. A acción, que acontece a principios do século vinte, transcorre en apenas cinco días e descríbese ao longo de dezaseis capítulos que se completan cun epílogo, no que se fai unha prolepse na que se fala das investigacións do caso e no que aparece unha carta do asasino onde se descubre toda a verdade. Nada máis chegar á illa os personaxes van morrendo un a un e os que van quedando tentan organizarse para defenderse ante a imposibilidade de fuxir; a desconfianza entre eles e a angustia que xera esta situación vai propiciando que eles mesmos se conduzan ao final, no que non quedará ninguén vivo na illa. O misterio non se resolverá as últimas páxinas, cunha complicada manobra narrativa.

Referencias varias:

- MARÉ , 'Agatha Christie en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 42.

Anúncianse diversas publicacións que a editorial Galaxia inicia no outono de 2003. Así pois, a primeira metade do artigo céntrase na "Biblioteca Sheakespeare" e que inclúe as obras do dramaturgo inglés traducidas ao galego. Por outra banda infórmanos dunha nova entrega na colección "Biblioteca Agatha Christie" da que publica dous emblemáticos títulos: *Dez negriños* e *Pano*. Destaca que nela xa se inclúen obras coma *Asesinato no Orient Express*, *O asesinato de Roger Ackroyd*, *Cianuro escumoso* e *Telón*.

Conrad, Joseph, *Tifón* (*Typhoon*, 1999), tradución e notas de Xavier Queipo, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións □, 2003, col. Biblioteca de Traduccións, 112 pp. (ISBN: 84-7824-348-8).

Joseph Conrad, de nome Teodor Józef Konrad Nalecz Korzeniowski (Ucraina, 1857-1924)

describe en *Tifón* a dramática situación dun vapor ao mando do capitán MacWhirr que atravesa un tifón no mar da China e no que viaxa unha carga de *colliers* chineses. O carácter deste home, firme, pouco comunicativo mais eficiente, case un antiheroe, e o seu convencemento de que unha tormenta non ha poñer en perigo o seu poderoso barco, vai enchéndose de dúbidas conforme comprende a dureza da ameaza. Pero decide non cambiar o seu rumbo e atravesar o tifón para non deixar de cumprir o tempo de chegada a porto. Na crónica dos acontecementos, relatada dende o punto de vista dun narrador omnisciente, préstase especial atención a Jukes, o axudante do capitán, encargado de transmitir e executar as ordes ao resto da tripulación, coidar da seguridade dos *coolies* que se refuxian nas adegas do barco e sufrir o cuestionamento do desagradábel segundo de a bordo cunha intención de reflectir a reacción do home ante unha situación límite na que a morte axexa. A novela remata cunha carta na que Jukes relata a terríbel experiencia vivida no barco. A edición péchase cunha biografía de Conrad, mariño e escritor e cun breve achegamento ao contido da novela, publicada por primeira vez como folletín da *Pall Mall's Magazine* entre xaneiro e marzo de 1901.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Joseph Conrad, a paixón pola grande aventura nas letras ', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 2 novembro 2003, p. 3.

Sitúa a Joseph Conrad, xunto a Henry James e George Eliot, no grupo de escritores canónicos da literatura inglesa do século XIX. Recupera algúns episodios da súa biografía como o seu nacemento falando polaco, a súa aprendizaxe do francés e do inglés, lingua que aprende nos barcos e que escribe cunha prosa requintada e refinada, e a súa nacionalidade británica, que adquire en 1886. Identifica o mar como pano de fondo de toda a súa obra e en *Tifón* sinala que o seu propósito é coñecer o home levándoo ao límite das súas paixóns e poñéndoo en situacións límites, unha tempestade neste caso, e que empuxa o lector ao final "con tal de ver como remata todo en estraños mundos de forza e de morte onde deixan de teren vixencia as leis e costumes da civilización". Finalmente cualifica a Conrad de novelista moral e a novela como a apoteose do dramatismo.

- Moisés R. Barcia, 'Typhonn/Tifón', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. V.

Resume o argumento de *Tifón*, de Conrad, alude á semellanza da historia coa recente película *A tormenta perfecta* e achega algúns datos biográficos do escritor ucráino que foi mariño e se nacionalizou británico. Menciona tamén outros dos seus títulos traducidos ao galego, *Corazón da escuridade* (1997) por Manuel Outeiriño e *A liña de sombra* (2000), por Benigno Fernández Salgado e Ana Isabel Iglesias Francos. Con respecto á tradución de *Tifón* realizada por Xavier Queipo, se ben sinala que contén acertos, detense especialmente nos seus erros, que se traducen en "oracións embarulladas nas que afloran moitos erros de traductor inexperto ou desleixado, que se evitarían na súa maioría con só usar con atención dicionarios e outros materiais", achegando exemplos concretos. Conclúe que estas cuestións tradutolóxicas non impiden a comprensión do libro pero limitan o seu gozo estético.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión no referido á literatura galega de: *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, de Valentín Alvite; *Tifón*, de Joseph Conrad; e *Intempériome*, de Xela Arias. Da obra de Conrad sinala que malia que moitos críticos teñen visto esta novela como dramática o autor nunca concordou con iso e consideraba que a ironía facía de moitas das súas pasaxes estimuladoras do riso. Tamén recolle as palabras do tradutor, que indica que a apoteose do dramatismo non se acada ata os capítulos cinco e seis, e lembra que foi publicada en folletín no ano 1901.

- R. García e X. Fraga, 'Unha nova colección permite ler en galego as obras de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 61.

Anúncianse os novos títulos traducidos ao galego por parte de varias editoriais, comezando pola estrea dunha nova colección dedicada aos clásicos universais na Editorial Galaxia que acolle na súa primeira entrega dúas obras de Shakespeare e que pretende traducir obras fundamentais da historia da literatura. Recóllense as palabras do profesor Miguel Pérez Romero, tradutor de Shakespere, que sinala a dificultade de trasladar a este autor ao galego polos seus xogos de palabras e os termos de dobre sentido que emprega. Infórmase tamén dos títulos editados por Sotelo Blanco, *Tifón*, de Joseph Conrad traducido por Xavier Queipo e *O proceso*, de Kafka, traducido por Luís Fernández Rodríguez que manifesta que o estilo deste autor é moi repetitivo e representa unha tentación corrixilo. Finalmente, da editorial Tris Tram, menciónanse a tradución de poemas de Robert Louis Stevenson, Apollinaire e Edward Lear, labor realizado por Pepe Coira en colaboración con Guillermo Martínez nos últimos dous libros.

Correia, Hélia, *Montedemo* (*Montedemo*, 1983), prólogo de Burghard Baltrusch, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Peto, nº 51, As Literatas, 67 pp. (ISBN: 84-8302-988-X).

Traducción de *Montedemo*, terceira novela publicada pola escritora portuguesa Hélia Correia (Lisboa, 1949). O prólogo de Burghard Baltrusch comeza cunha breve reflexión sobre o pouco que se traduce do portugués, así como achega a traxectoria de Hélia Correia. A maior parte deste prólogo está dedicada, non embargantes, a facer unha lectura simbólica do libro, que o propio autor recoñece que non é a única. *Montedemo* é unha narración curta e desenvolvida linealmente aínda que ao final se descubre coma regresiva, concedendo unha visión mítica ao sucedido. O narrador omnisciente adivíñase como feminino e, cun ton tan lírico como narrativo, cóntanos a historia intemporal ocorrida nunha vila imaxinaria do litoral portugués. Os feitos dos que se falan adquiren pola forma de contalos carácter lendario, ao que contribúe en boa medida a tendencia a ser unha obra coral, na que os personaxes se describen máis coma estereotipos ou roles que coma persoas reais. De feito, o propio monte que dá nome á novela, xoga un papel tan importante como a maioría deles e

parece un ente vivo nas descrições. A historia parte do propio monte, veciño da vila, no que se celebra unha festa no mes de febreiro, que, dalgún xeito, libera o lado máis salvaxe dunhas xentes inmersas nunha represiva e abafante moral cristiá. Adiviñase así unha áurea pagá na celebración a partir da que Milena, a protagonista, queda preñada e empeza a ser marxinada pola sociedade, porque representa dalgún xeito unha liberación feminina diante do papel que se lle impón. A chegada da nova criatura cerra dalgunha maneira un ciclo natural, no que a vila se convulsiona e Milena gaña adeptos, pero o feito de que o cativo sexa negro precipita os ánimos da xente. O final da historia non está pechado, a discrepante expúlsase da sociedade, pero os seus defensores, Dulciña e Tenorio ou Irene, a tola, representan dalgún xeito unha semente de esperanza de cambio.

Recensións:

- Joaquim Ventura, 'Montedemo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Libros', 12 xuño 2003, p. IV.

Fálasenos da tradución da obra da portuguesa Hélia Correia, cualificada coma unha das mellores escritoras de despois da Revolución dos Cravos. Logo hai unha contextualización do que é a situación da muller portuguesa que deixa o salazarismo e que reflexa a atmosfera do libro. A historia, dinos, transcorre nunha pequena vila costeira, nun ambiente represivo no que a protagonista queda preñada dun descoñecido de raza negra. A sexualidade reprimida nas mulleres ou o onanismo son dous dos temas que ve Joaquim Ventura neste fio argumental. Pero non cualifica a narración como dun feminismo belixerante, as protagonistas serían mulleres autoreprimidas por valores sociais que sitúan na periferia á nai solteira cun fillo mulato. Esa periferia, impotente contra a represión, tería entón que desaparecer ou integrarse.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O fermento reivindicativo dun mundo feminino e pagán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 29 xuño 2003, p. 3.

Insístese primeiro nunha idea do prólogo deste libro: o descoñecemento da literatura portuguesa provocado en Galicia polas expectativas de que se lese esta literatura na lingua orixinal. Logo faise unha breve descrición da carreira literaria de Hélia Correia coma unha das grandes voces literarias de Portugal que empeza a publicar en 1981. Cunha escrita moi lírica, na que lle gusta romper as fronteiras canónicas e estruturas convencionais ou denunciar formas de vida tradicionais, o caso de *Montedemo*. Descríbese a obra como curta pero con moita carga simbólica, reivindicando un mundo pagán, dionisiaco e feminino que choca coa concepción imperante. A protagonista, indica, converte a súa preñez, que era a encarnación do mal, nunha forma de pensar libre que fai xurdir un conflito. Apóstase por esta lectura aínda que se di que tamén se pode ver coma unha novela sobre a intolerancia cara unha muller que decide liberarse dos costumes patriarcais.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Da Bela Otero a Yourcenar', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Fálase da edición de dúas coleccións de libros centrados en mulleres. Por un lado, a colección "Mulleres" de A Nosa Terra, que recolle as biografías de mulleres como María Casares, Maruxa Mallo ou María Otero. Por outro lado, a colección "Literarias" de Xerais Peto, que publica obras traducidas de mulleres coma Margarite Yourcenar ou Angela Carter. Anúnciase, así mesmo, para o mes seguinte, a publicación nesta última colección de *A pedra angular* de Emilia Pardo Bazan e *Montedemo* de Hélia Correia.

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Faise referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades que a editorial Xerais publicará con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, con obras dedicadas ao homenaxeado e outras de creación. Entre estas últimas, na colección "Literaria" aparecen a novela *Mar de bronce*, de Xosé Vázquez Pintor, da que se fai unha breve descrición, e *Cuarteto con Piano*, de Xosé Manuel Villanueva; na colección "Peto" publícase a tradución da novela curta *Montedemo* de Hélia Correia, que tamén é descrita brevemente.

Díaz Corvelle, Nicomedes Pastor, *De Villahermosa á China. Coloquios da vida íntima*, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, 2003, col. Trasmontes, nº 7, 417 pp. (ISBN: 84-95622-92-0).

Novela tipicamente romántica, con paixóns desesperadas e amores patolóxicos, peregrinacións e relixiosidade. Ábrese cunha advertencia de Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-1863), na cal explica as razóns da tardanza da publicación da súa obra e na que se mostra moi crítico con esta a modo de "captatio benevolentiae". Fora publicada enteira por vez primeira en 1852 en castelán en dous tomos. Divídese en catro libros: "Derradeira noite do mundo", "Valdeflores", "Esperanzas perdidas" e "Votos cumpridos". Péchase cun epílogo. Trátase da historia atormentada de catro personaxes: Xavier e Irene, e Enrique e Sofía. Esta última e Xavier atópanse nun baile de máscaras no palacio de Villahermosa de Madrid. Propicia o encontro o feito de que pronuncien a un tempo a frase que dá título ao primeiro libro. Tiveran unha vida desgracida e buscaban a solución no suicidio. Ela porque lle prometera ao seu pai antes de morrer que casaría co seu curmán Enrique, ao que non quería, e el porque a súa namorada Irene puxera os ollos noutro home ao que mataría nun dolo. Os catro acaban un ano despois en Valdeflores en Viveiro. Irene vivía retirada nun convento e Sofía accede ao lugar nun estado de loucura. Suceden unha serie de peripecias que levan ao casamento de Sofía e Enrique, ao sacerdocio de Xavier, santo misioneiro en Oriente, e ao sacrificio da clausura de Irene. A novela, que está cargada de datos autobiográficos, é contada por un narrador en terceira persoa omnisciente, aínda que en moitas ocasións deixe falar aos protagonistas en extensos diálogos ou longos

monólogos. En canto ao ritmo narrativo, este é lento, pois abundan as descrições de paisaxes, costumes ou da psicoloxía dos personaxes. O autor trata de moralizar e ensinar, xa que nunha encrucillada de paixóns, triunfa a virtude e o sacrificio.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Pastor Díaz recuperado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 16 outubro 2003, p. IV.

Tras aludir ás dúbidas do autor de publicar ou non a novela e a cómo finalmente saíu do prelo, trae un breve perfil profesional do lugués. Subliña, ademais, as "tinguiduras biográficas" e os trazos románticos da obra. Así mesmo, apunta que certas características a vencellan "á novela costumista, á descritiva e á psicolóxica". Finalmente, refírese á liña argumental coa que comeza o libro.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Crear o mar en Compostela', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 17 agosto 2003, p. 45.

Nesta sección, Manuel Vidal Villaverde ofrece comentarios de dúas obras actuais: *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz. Desta última, sinala que fora publicada en 1858 enmarcada no movemento romántico e que agora se traduce por primeira vez ao galego da man de Rosa María Peña Guerrero. Ademais de aludir ao argumento, sinala que xa moitos críticos a cualificaron como "un adianto da novela descritiva". Outras cualidades destacadas son a adecuación dos personaxes e a boa estruturación dos diálogos. Remata recomendando a súa lectura.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da reedición de *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor, de *Tarxeta vermella*, de Xosé Miranda e tamén, da novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz, da que salienta os trazos románticos e á que considera como "un adianto da novela descritiva, costumista e psicolóxica".

Fariña Jamardo, Xosé, *Pepiño*, trad. do autor, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2003, 221 pp. (ISBN: 84-8457-136-X).

Publicase por fin e en galego esta novela traducida polo propio autor que xa saíra no ano 1966 en castelán. Aparece, en primeiro lugar, unha pequena "Introducción" onde o autor explica os problemas da censura que sufriu esta novela gañadora no ano 1958 do premio "Valle-Inclán" de Bos Aires e que agora o autor decide publicar en galego. A seguir, o lector encóntrase cun "Limiar" no que Fariña Jamardo fala da novela, a modo de presentación do protagonista, Pepiño, e dos demais personaxes insistindo na presenza

constante dunha Galicia labrega e máxica. É aquí, cando se dá comezo á novela que formalmente aparece distribuída en vinte e tres capítulos onde se contarán as vivencias dun rapaz labrego, Pepiño, e o seu descubrimento ante a vida, na que atopará o amor, a tristura, etc, mais tamén a morte, xa que en plena mocidade o protagonista caerá nunha doenza que lle levará ao fin da súa vida e que será, ao mesmo tempo, como unha liberación, xa que o protagonista se librará da miseria e pobreza na que se vían sumidos el e a súa familia. E é coa súa morte como rematará o discurso narrativo. Desde o punto de vista estilístico, é notábel a abundancia de diálogos curtos que lle dan celeridade á acción ademais das descrições detalladas do vivir labrego de principios do século XX.

Referencias varias:

- Borobó, 'O presidente dos secretarios', *Galicia Hoxe*, 'O novelo dos anacos', 19 xuño 2003, p. 4.

Faise un pequeno percorrido sobre a vida profesional e literaria de Xosé Fariña Jamardo, onde Borobó destaca a publicación de tres contos deste autor en "La Noche" en 1947 ou 1948 e a súa novela escrita en castelán e traducida agora ao galego, *Pepiño*. Esta é cualificada como unha das obras magnas da galeguidade e ao seu autor, como home dunha gran capacidade de traballo xa que concilia a súa actividade profesional coa enorme vocación literaria.

- R.C., 'Unha análise sobre 'Coa alma espida' e 'Pepiño'', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Lecer', 31 agosto 2003, p. 14.

Cítanse dúas obras de Xosé Fariña Jamardo que aínda que levan escritas desde a década de cincuenta non saíron á luz ata agora. A primeira é *Coa alma espida*, a súa segunda obra poética que recolle textos xestados a principios da segunda metade do século XX e que teñen por tema as preocupacións do ser galego, os traballos dos mariñeiros e gandeiros, e as penurias da muller galega, entre outros. A segunda obra é unha novela escrita no ano 1957 en castelán, *Pepiño*, gañadora do premio "Valle Inclán" no ano 1958, convocado polo Centro Galego de Bos Aires. É agora cando aparece en lingua galega onde na introdución o autor conta os problemas de publicación que sufriu pola censura franquista.

- Sonia Torre, 'Pepiño' se convierte al gallego', *La Región*, 'Cultura', 6 setembro 2003, p. 75.

Faise referencia ao premio que acadou en 1958 a obra en castelán de Xosé Fariña Jamardo, *Pepiño*, polo Centro Gallego de Bos Aires, publicada en 1966 con problemas de censura e que agora aparece publicada pola Deputación de Pontevedra e traducida ao galego. Ademais, cítase o poemario que aínda que escrito fai tempo, o autor decidiu publicar agora, *Coa alma espida*, seguindo as recomendacións que no seu día lle deu Celso Emilio Ferreiro pola calidade que presentaba e que só agora se atreveu a sacar á luz.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Guedellas de seda e liño', *Atlántico Diario*, 'Musas', 14 setembro 2003, p. 51.

Ademais dunha entrevista con María Victoria Moreno, da que damos conta no apartado

correspondente, tamén se inclúe nesta sección fixa de Manuel Vidal Villaverde un comentario crítico desta novela cualificada como "curiosa e conmovedora". Descríbese brevemente o argumento e sinálase que o limiar e a introdución do autor son innecesarios. Explica que esta novela gañara en 1958 o Premio "Valle Inclán 1957", aínda que non fora publicada no seu día polos problemas coa censura do momento.

Joyce, James, *Fragmentos de Ulises*, 1926, estudo introdutorio de Kerry Ann McKevitt, introdución traducida por Carlos Acevedo, trad. Ramón Otero Pedrayo, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Illa Nova, nº 3, 85 pp. (ISBN: 84-8288-646-0).

Tradución daqueles fragmentos que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) fixo do *Ulises* (1922), de James Joyce (Dublín, 1882- Zurich, 1941). Este traballo foi publicado por primeira vez no número trinta e dous da revista "*Nós*" en 1926, baixo o título de "Ulises (Anacos da soadísima novela de James Joyce postos en galego do texto inglés, por Ramón Otero Pedrayo)". Ábrese cun estudo da irlandesa K.A. McKevitt, no que trata de clarexar de qué fontes partiu o ourensán para levar a cabo o seu proxecto. Ademais, salienta o interese das Irmandades da Fala e do Grupo Nós pola literatura do irlandés. O *Ulises* de Joyce conta o que lle ocorre a Leopold Bloom e a Stephen Dedalus un día de xuño de 1904 na cidade de Dublín. Toma como referencia a *Odisea* de Homero, xogando coa linguaxe e dándolle un dobre sentido ao texto. Otero traduciu tan só anacos dos capítulos "Ithaca" e "Cyclops". Do primeiro recolle a conversa do paseo nocturno entre os dous protagonistas sobre política, nacionalismo, lingua, relixión... A seguir céntrase no convite que Bloom lle fai a Stephen na súa casa. Alí seguen as reflexións, algunhas banais, como as virtudes da auga ou a relación da muller e a lúa. Estes fragmentos están estruturados en forma de catecismo de preguntas e respostas. O fragmento de "Cyclops" narra cómo a cidade se prepara para asistir á execución dun reo en clave de parodia.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Galaxia editará os fragmentos do 'Ulises' que traduciuu Otero Pedrayo', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 14 xuño 2003, p. 82.

Informa deste proxecto da editorial viguesa. Apunta que a tradución irá precedida dun traballo dunha profesora irlandesa e que se estuda o incluír tamén un estudio de Vicente Risco sobre a literatura irlandesa. Así mesmo, alude á colección na que se publicará. Por outro lado, recorda quen foi James Joyce, cómo foi financiada a súa obra e cál era a liña argumental desta. Finaliza facendo referencia a outras traducións do *Ulises* e doutras obras do escritor irlandés.

- Camilo Franco, 'Galaxia reedita a traducción do 'Ulises' feita por Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 decembro 2003, p. 49.

Salienta que este traballo fose o primeiro nunha lingua peninsular e xustifica isto na atracción do Grupo Nós polo irlandesismo e o "carácter anovador" de Joyce, centrándose no caso de Risco. Despois, sitúa os fragmentos traducidos polo señor de Trasalba dentro da estrutura do *Ulises* e subliña destes o carácter "non científico desde o punto de vista

lingüístico e mesmo literario". Ademais, sinala a polémica que aborda a prologuista. Remata destacando que a editorial viguesa puxo de manifesto o "carácter emblemático" desta obra.

- José Miguel A. Giráldez, 'Galaxia publica os anacos do 'Ulises' traducidos por Pedrayo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 28 decembro 2003, p. 1.

Alude á paixón da xeración Nós pola obra de Joyce, a pesar dalgunhas críticas, destacando especialmente o interese de Risco. Así mesmo, salienta a prontitude coa que Otero fixo a súa tradución e o que esta significou no panorama peninsular. Por outro lado, refírese á polémica sobre as fontes que tomou o ourensán para levar a cabo o seu proxecto e que recolle a prologuista.

Kafka, Franz, *O proceso*, trad. Luís Fernández Rodríguez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Medusa/narrativa, 269 pp. (ISBN: 84-7824-434-4).

Tradución do ensaio, que se enmarca dentro do realismo metafísico, *Der Prozess*, de Fran Kafka (Praga, 1883-1924) que o seu amigo Max Brod publicou en 1925, tras a súa morte, contradicindo o seu expreso desexo de destruír todo os seus manuscritos. Conta a historia de Joseph K, un modesto empregado de banco que é acusado, sen que se lle impute ningún cargo determinado polo que cre que lle será fácil probar a súa inocencia ata que se ve apresado pola engrenaxe dun proceso, dominado por unha xustiza complicada representada por funcionarios subalternos que o vulgan baseándose en códigos que veñen sendo libros pornográficos. Joseph K asústase pero ese mundo inverosímil e monstruoso acaba atraéndoo e nin el mesmo sabe se é inocente ou culpábel. Quere vivir, pero non ten a enerxía precisa para facer fronte aos verdugos que o asasinan no nome dunha inexistente xustiza. A narración segue unha lóxica totalmente onírica na que todo parece desenfocado e convertido nun enigma.

Recensións:

- Francisco Martínez Bourzas, 'Un testemuño da absoluta deshumanización do mundo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 novembro 2003, p. 3.

Informa da publicación da tradución ao galego de *O Proceso* de Kafka e destaca que debería aumentar o número de traducións das obras clásicas en todos os eidos do coñecementos como pilar fundamental para unha perfecta normalización. A seguir pon en contexto a publicación da obra orixinal (1914), no cumio da "era da burocracia" na que Kafka era inspector dunha entidade de seguros. Continua afirmando que houbo moi poucos escritores que realizaran coma el a representación "da orixinalidade e a elementalidade da concepción e a representación deste mundo e o asombro fronte o que xamais ten existido". Logo comenta o feito de que a obra pode ser comentada como unha experiencia biográfica e social ou coma o froito da lóxica dos sonos. Tamén destaca que, ás veces, se pode ver na obra ao Kafka enxeñoso e achega algúns exemplos. Fala, tamén, do estilo afirmando que é "conciso e exacto", con toques de ironía, e que o eixo condutor é unha "reflexión interminable". Remata dicindo que a novela é "un testemuño desesperado da absoluta

deshumanización do mundo histórico que lle tocou vivir ao autor".

- Moisés R. Barcia, 'Kafka en galego', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Libros', 4 decembro 2003, p. V.

Comeza explicando o argumento da obra e logo afirma, dando exemplos concretos, que goza de perfecta actualidade na sociedade occidental. A continuación afirma que estilisticamente a obra encádrase no "realismo metafísico" pola verosimilitude do narrado, porque a técnica empregada consegue envolver ao lector e porque paralelamente á lectura da obra o lector cuestiónase o seu destino, xunto ca personaxe principal. Afirma que *O proceso* é "coma un pesadelo, de ambiente opresivo e angustioso". Logo fala das traducións da obra e comenta, entre outras características, que o tradutor, Luis Fernández Rodríguez, tentou manter o estilo repetitivo de Kafka e a forma de indicar os diálogos que existe na tradición alemana. Deste xeito conserva o sentido de pesadez tan acorde co tema da obra.

- M. Blanco Rivas, 'Manifesto contra o totalitarismo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

En primeiro lugar comenta o argumento e a seguir aconsella a lectura da obra dende o noso propio punto de vista, deixando de lado as múltiples interpretacións que se realizaron sobre ela. Na segunda parte fala da vida e da obra do escritor alemán.

Referencias varias:

- R. García e X. Fraga, 'Unha nova colección permite ler en galego as obras de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 61.

Anúncianse os novos títulos traducidos ao galego por parte de varias editoriais, comezando pola estrea dunha nova colección dedicada aos clásicos universais na Editorial Galaxia que acolle na súa primeira entrega dúas obras de Shakespeare e que pretende traducir obras fundamentais da historia da literatura. Recóllense as palabras do profesor Miguel Pérez Romero, tradutor de *Shakesperare*, que sinala a dificultade de trasladar a este autor ao galego polos seus xogos de palabras e os termos de dobre sentido que emprega. Infórmase tamén dos títulos editados por Sotelo Blanco, *Tifón*, de Joseph Conrad traducido por Xavier Queipo e *O proceso*, de Kafka, traducido por Luís Fernández Rodríguez que manifesta que o estilo deste autor é moi repetitivo e representa unha tentación corríxilo. Finalmente, da editorial Tris Tram, menciónanse a tradución de poemas de Robert Louis Stevenson, Apollinaire e Edward Lear, labor realizado por Pepe Coira en colaboración con Guillermo Martínez nos últimos dous libros.

Nothomb, Amélie, *Un nome de dicionario (Robert des noms propres, 2002)*, trad. Dolores Vilavedra, Vigo: Galaxia □, outubro 2003, col. Literaria, nº 195, 140 pp. (ISBN: 84-8288-635-5).

Esta obra, publicada no ano 2002 por Editions Albin Michel, de Amélie Nothomb

amósanos a vida dunha moza chamada Plectrude, que nace no cárcere despois de que a súa nai ingresara neste polo asasinato de seu pai. Isto xa será un problema que a condicionará durante toda a súa vida. A única obsesión que terá será a danza e ingresar na Ópera de París aínda que caerá vítima da anorexia crebando os seus anxeios máis fortes. A obra non aparece dividida en capítulos senón que se nos amosa toda como un conxunto. A autora baseouse na cantante francesa Robert para introducírnos na problemática vida desta moza. É importante mencionar a capacidade de síntese da autora que, dunha forma moi orixinal e directa, nos introducirá nesta novela de non máis de cento cincuenta páxinas onde xunto co tema principal, aparecerán outros que sobrecolarán á protagonista e que fiarán unha rede que filtrará de forma permanente no miolo do libro.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un nome de diccionario', a brutal amputación da infancia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Novela', 28 decembro 2003, p. 3.

Fálase da obra da autora francesa Amélie Nothomb, que xa viña de publicar *Higiene de l'asasin*, obra que a rebelou como unha das apostas literarias máis novas da francesa. Insístese na escrita irreverente da autora, da mestura da ironía e do humor, e dun conxunto de olladas incisivas e crueis que nos presentan o amor, o conflito, etc. dunha rapaza vítima da anorexia que só se verá salvada pola aparición do amor.

- Tomás Ruibal, 'Unha historia ben resolta', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 28 decembro 2003, pp. 8-9.

Aparece aquí unha loubanza á aparición desta novela da escritora francesa Amélie Nothomb, gañadora do Gran Premio da Academia Francesa, onde a autora se inspirou no cantante Robert para presentarnos a vida dunha moza que só aspira a ser bailarina pero que, por mor da anorexia, ve truncados os seus anxeios. Insístese na forma moi sincrética e directa da escrita da obra, que vai deixando filtrar outros temas que se superpoñen ao principal.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspectos e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira

di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Oliveira, Rui Miguel, *Voar coma os paxaros, chorar coma as nubes (Un filme portugués)*, V Premio de Narrativa Galaico-Portuguesa Eixo Atlántico-La Voz de Galicia-Público, A Coruña: La Voz de Galicia □, 2003, col. Biblioteca Gallega, 244 pp. (ISBN: 84-9757-112-6).

Tradución ao galego, da que non se especifica o autor, do texto galardoado na quinta edición do Premio "Eixo Atlántico-La Voz de Galicia-Público". Trátase dunha novela na que se deixa ver a historia recente de Portugal, dende o salazarismo ata hoxe, a través das experiencias, lembranzas e reflexións presentes das familias Vasconcellos e Saleiro, e mediante unha orixinal estrutura que fai confluír varias voces narrativas relacionadas con estas familias. Así, e empregando unha técnica próxima da *stream of consciousness*, ofrécese ao lector a oportunidade de coñecer a historia persoal e axitación psicolóxica dos seguintes personaxes: Guilherme de Vasconcellos, fillo dun ministro de Salazar (fuxido e morto no Brasil despois da caída do rexime), que combateu en Angola cando da guerra de independencia obrigado polo pai, para "defender a patria dos comunistas", e que acaba por morrer tras un accidente de tráfico ao que asistimos os lectores; a ex-muller de Guilherme, Patrícia Saleiro, a quen este coñeceu por ser a irmá do seu compañeiro en África, João, quen narra as súas aventuras e desventuras sexuais e amorosas, especialmente a que experimentou cun traballador do seu pai; o propio João, que despois de repasar a súa infancia como fillo dun temido terratenente de Vila Viçosa afín á ditadura, relata o seu suicidio; o fillo de Guilherme e Patrícia, Miguel, ao que escoitamos no primeiro capítulo mentres agoniza nun hospital ata finalmente morrer a causa dos seus problemas coas drogas; o amigo e amante de Miguel, Ricardo; e maila nai de Guilherme, Amélia, que vive a súa decadencia física e psíquica despois de soportar a convivencia cun marido obsesionado pola man dura e dado aos escarceos sexuais coa sirventa. O receptor é obrigado a reconstruír as relacións entre todos estes personaxes no interior dunha polifonía de voces que extenden ecos da súa melodía no conxunto do relato, de maneira que se localizan varios fragmentos que actúan a modo de "refrás" ou *leit-motifs*, entre eles, o que dá título ao libro. Hai nesa enunciación coral, incluso, extractos de definicións do dicionario, dunha guía de viaxes ou do horóscopo dunha revista feminina. Por último, cómpre destacar que o relato se estrutura en dezaioito partes cos títulos nos que se imitan os pasos que se seguen na reprodución dunha cinta de vídeo: dende o *Insert* ao *Eject*, pasando por diversos *Play*, *Rewind* e *Pause*. Deste xeito, o lector vese incitado a interpretar o que le coma se de unha película se tratase.

Pardo Bazán, Emilia, *A pedra angular*, prólogo e trad. de Mónica Bar Cendón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, As Literatas, nº 50, 243 pp. (ISBN: 84-8302-987-1).

Mónica Bar Cendón é a tradutora ao galego desta novela de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851- Madrid, 1921), que foi publicada en 1891 e traducida anteriormente a inglés, alemán e ruso. Mónica Bar é, así mesmo, a autora do Limiar que precede a obra e no se fai unha coidada análise da novela; sinala que esta obra é 'clave para indagar na mentalidade, no modo de vida e nas institucións da España da Restauración' e dá conta do seu argumento, da personalidade e prototipo das personaxes da obra, da postura de Pardo Bazán ante a pena de morte, da presenza das distintas ideoloxías do momento e doutras cuestións precisas para entender a novela en todo o seu contido. Esta obra, que abre o debate sobre a pena capital, transcorre nunha vila de Cantabria, Marineda, a finais do século XIX e o seu fio condutor é o doutor Pelayo Moragos, quen serve de relación entre as dúas historias que fundamentan o argumento da novela: dunha banda, un crime acontecido en Erbeda, aldea próxima a Marineda na que o doutor ten unha casa, e doutra banda, a historia persoal de Juan Rojo, que é o vergudo de Marineda. A partir do asasinato dun carreteiro, polo que condenan á pena capital á súa muller e ao seu suposto amante, ábrese o debate entre os demais personaxes da novela sobre a súa abolición; neste sentido destaca a postura do doutor Moragos, que contrario a esta condena, toma como desafío convencer a Juan Rojo para que abandone a súa profesión. Doutra banda, asistimos ao drama persoal de Juan Rojo, que é abandonado pola súa muller a causa da súa profesión e rexeitado pola sociedade, e o drama do seu fillo, Telmo Rojo, que é apedrado polos rapaces do instituto e tamén rexeitado pola sociedade; a partir deste episodio, o doutor Moragos ponse en contacto con estes dous personaxes e, co propósito de sacalos deste mundo, propónlle a Juan Rojo un trato: el leva para a súa casa a Telmo, co fin de darlle unha educación, a cambio de que o verdugo se negara a executar as mortes dos dous condenados polo asasinato de Erbeda; Juan Rojo acepta, pero ao ver que perde ao seu fillo, suicídase.

Recensións:

- Joaquim Ventura, 'A pedra angular', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. IV.

Afirma, en primeiro lugar, que a tradución ao galego de obras coma esta é necesaria para artellar un sistema lingüístico-literario plenamente autónomo. Sinala, asemade, que a obra é unha chamada de atención contra a pena de morte dende o punto de vista do propio verdugo, que sente como é rexeitado por unha sociedade que reclama este tipo de castigos e que necesita recorrer ao alcohol para soportar ese rexeitamento social; considera, así mesmo, que *A pedra angular* é unha novela que propicia a reflexión do lector sobre este tema.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Da Bela Otero a Yourcenar', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Fala da edición de dúas coleccións de libros centrados en mulleres. Por un lado, a colección "Mulleres" de A Nosa Terra, que recolle as biografías de mulleres como María Casares, Maruxa Mallo ou María Otero. Por outro lado, a colección "Literarias" de Xerais Peto, que publica obras traducidas de mulleres coma Margarite Yourcenar ou Angela Carter.

Anúnciase, así mesmo, para o mes seguinte, a publicación nesta última colección de *A pedra angular* de Emilia Pardo Bazan e *Montedemo* de Hélia Correia.

- R. García, 'Una editorial madrileña recupera los cuentos de Pardo Bazán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 maio 2003, p. 52.

Informa da publicación de seis volumes nos que se recollen gran parte dos contos escritos por Emilia Pardo de Cela. Estas obras, publicadas pola editorial madrileña Bermuciel, agrupan os contos por temas (de policía, sangrentos, de inverno, de verán e outono, da Galicia antiga e de amores) e serán presentados o vindeiro 30 de maio, no edificio da Real Academia Galega. Fai referencia, así mesmo, a publicación de *A pedra angular*, dentro da colección "Peto", por parte de Edicións Xerais; sinala que esta novela de Emilia Pardo Bazán se publicou en 1891, que a autora da tradución ao galego e do prólogo é Mónica Bar Cendón e que na obra se "critica con dureza os mecanismos da xustiza, e do poder en xeral, para castigar os culpables dos malos tratos ás mulleres".

- M. B., 'Una nueva editorial publica en seis libros los cuentos de Pardo Bazán', *La Opinión*, 'Cultura', 25 maio 2003, p. 58.

Sinala que a editorial Bermuciel, de recente creación, nace co obxectivo de dar a recuperar a obra máis descoñecida de Emilia Pardo Bazán; neste sentido, publicou seis volumes nos que reúnen os contos de Pardo Bazán en función da súa temática e pretenden publicar dous máis cos relatos de viaxes da escritora galega. Indica, asemade, que Edición Xerais acaba de publicar *A pedra angular*, unha tradución ao galego da obra de Emilia Pardo Bazán; explica que a acción da novela transcorre nunha aldea próxima a Marineda (reflexo da Coruña na obra da escritora) e que nela ataca a violencia de xénero e critica a actuación da xustiza con respecto aos malos tratos.

- A. M., 'A pedra angular', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'Letras en galego', 31 maio 2003, p. 7.

Dá conta da publicación de *A pedra angular*, unha tradución ao galego da novela de Emilia Pardo Bazán; sinala que a autora coruñesa destacou polo seu labor pioneiro na causa feminista e na denuncia das desigualdades e que, nesta novela, denuncia as decisións inxustas da xustiza e a inexistencia dos malos tratos como delito tipificado. Indica, finalmente, que a tradutora é Mónica Bar Cendón e que a obra inclúe un limiar coas claves da novela.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, na que se critica a forma de impartir xustiza e salientase a problemática da violencia familiar que sofren as mulleres. Tamén se achega ao libro de cartas de Álvaro Cunqueiro *Cartas ao meu amigo*, ao libro de contos *Osa Menor*, de Xosé Nicanor Alonso, e ao libro infantil *¡Tódalas cores!*, de Max das que se dá conta no lugar correspondente deste *Informe*.

Pereira, Antonio, *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo (Cuentos de la Cábila, 2000)*, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, 2003, col. Literaria, nº 193, 136 pp. (ISBN: 84-8288-607-X).

O poeta e narrador en español Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) presenta neste *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo* a tradución ao galego do seu libro *Cuentos de la Cábila* (2000). Os relatos que compoñen este volume están ambientados nun territorio real -O Bierzo-, nomeadamente no barrio vilafranquino da Cábila, -topónimo que se ben non existe oficialmente si existe entre os moradores da vila berciana de Vilafranca do Bierzo-. Este volume está formado por trinta e un relatos curtos, con numeración romana e con título, que xorden da realidade da Cábila vivida por Antonio Pereira. En conxunto estamos perante breves cadros nos que o seu autor, que fala en primeira persoa, reflicte a vida cotiá do barrio da Cábila, os seus veráns en Portugal, as relacións do Bierzo con Galicia, as reflexións sobre a época da Segunda República e do fascismo franquista, etc. O derradeiro relato, "O recoñecemento", amosa o recoñecemento que Vilafranca do Bierzo lle tributou a Antonio Pereira como fillo predilecto. Toda a escrita está imbuída por un ton intimista con acenos de nostalxia das vivencias da infancia e adolescencia de Antonio Pereira de rapaz.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Fabulacións no país de Vilafranca do Bierzo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 decembro 2003, p. 3.

Explica que esta obra é un achegamento ficcional á infancia do autor no contorno do Bierzo onde sobresa a súa vila natal: Vilafranca do Bierzo. Con relación ao seu autor apunta que segue sentíndose poeta e recalca que é un gran "contista aplicado" pouco coñecido en Galicia.

- Tomás Ruibal, 'A mirada do neno que medra', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 14 decembro 2003, pp. 8-9.

Asegura que os diferentes relatos deste volume manteñen unha continuidade argumental, semellante aos capítulos dunha novela, e destaca a forte compoñente autobiográfica. Asemade salienta que Antonio Pereira é un narrador excelente cunha gran "capacidade literaria e fabuladora" e tamén repasa algúns seus premios acadados, como o "Torrente Ballester".

Referencias varias:

- José Miguel A. Giráldez, 'Pereira desembarca en Galicia co fulgor dos seus relatos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 novembro 2003, p. 1.

Conversa con Antonio Pereira na que afirma que este volume é unha gran ocasión de demostrar o seu agarimo por Galicia e que nel tamén se pode ollar un gran pouso da súa

vida e historia persoal. Tamén destaca que o relato "A ilustre casa de Pereira" é unha homenaxe a Eça de Queiroz e que unha das características deste volume é a fabulación.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínx de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Verne, Jules, *Vinte mil leguas baixo dos mares* (*Vingt milles lieues sous les mers*), trad. Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo Porteiro, Vigo: Ir Indo Edicións □, 2003, col. Clásicos, 475 pp. (ISBN: 84-7680-496-2).

Versión galega dunha das obras máis coñecidas de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905), considerado o pai da ficción científica literaria. Nesta obra, estruturada en dúas partes e posta en boca dun dos seus personaxes, resáltase o carácter verídico do que se relata, sobre todo na súa conclusión. Como indica o título, o argumento xira arredor dunha viaxe submarina, situada na segunda metade do século XIX. O narrador é un estudoso francés, o profesor Aronnax, que é enviado como experto a un barco para perseguir unha masa móbil descoñecida que afunde as embarcacións; tras sufrir un accidente marítimo, do que só salvaron o profesor, o seu axudante e un arpoador canadense, descubren que quen os salva é o que moitos crían que era un cetáceo xigantesco e que eles mesmos perseguiran. En realidade tratase dun artiluxio moi sofisticado, dirixido polo capitán Nemo e cunha tripulación que se comunica a través dunha lingua inventada. O profesor Aronnax e os seus compañeiros están retidos nesta máquina case dez meses nos que percorren vinte mil leguas por diferentes mares e lugares, entre eles a baía de Vigo, e nos que pasan por situacións ben distintas. Neste tempo o capitán Nemo cóntalles, pouco a pouco, que odia a humanidade e que por iso vive baixo os mares sen querer mostrar o seu invento, aínda que nunca lles revela a causa dos seus sentimentos. Ante a imposibilidade de que os libere, os tres prisioneiros deciden fuxir; só o consiguen cando o submarino, chamado Nautilus, se dirixe ao remuíño mariño entre as illas Feroe e Loffoden, polo que o profesor deixa a dúbida de se este aparato e o seu capitán serán capaces de superar ese momento nun lugar no ata o momento ningún barco se salvou.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no Premio de relato, poesía e tradución convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun Limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta dos textos gañadores correspondentes a este apartado do *Informe*:

- Iván Sestay Martínez, "Curutos treboentos" (1º Accésit de Tradución), pp. 185-205.

Tradución dos dous primeiros capítulos do orixinal *Wuthering Heights* de Emily Blontë, nos que o Sr. Lockwood narra en primeira persoa o encontro co seu caseiro, o Sr. Heathcliff, que vive nunha morada coñecida como Curutos Treboentos; narra, asemade, a visita que nunha tarde de nevarada fai aos Curutos Treboentos, onde coñece a todos os habitantes desa casa e onde comproba que todos se caracterizan, sobre todo o dono, polo seu carácter reservado, malhumorado e maleducado; o tempo atmosférico impídelle volver ao pazo que lle ten alugado ao Sr. Heathcliff e debe pasar a noite alí.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega, como foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os escritores alleos ao sistema literario galego que participan neste volume cun texto narrativo traducido ao nosa lingua son: Julen Vereas con "Algunha vez a vida sorpréndenos", e Xandru Martino Ruíz con "Arra", en tradución de Xavier Frías-Conde.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores,

ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas; entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da facultade, e no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores; indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas duascenas páxinas e dous CD que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CD con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, no que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe, e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar onte na Sala Nasa de Santiago de Compostela; indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe; considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura; neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra culturaposíbel'', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 37.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Bula Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo,

Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

I.4. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, edición, introdución e notas de Rafael Adán Rodríguez, Eulalia Agrelo Costas, M^a Teresa Araújo García, Alexandra Cabaleiro Carro, Xabier Campos Villar, Isabel Mociño González, M^a Teresa Monteagudo Cabaleiro, Mario Romero Triñanes e M^a Isabel Soto López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, col. Narrativa recuperada, 658 pp. (ISBN: 84-453-3736-X).

Volume compilatorio no que se recollen textos narrativos publicados en xornais e revistas galegas e da emigración ao longo da segunda metade do século XIX e os primeiros anos do XX. Esta edición foi elaborada por Rafael Adán Rodríguez, Eulalia Agrelo Costas, M^a Teresa Araújo García, Alexandra Cabaleiro Carro, Xabier Campos Villar, Isabel Mociño González, M^a Teresa Monteagudo Cabaleiro, Mario Romero Triñanes e M^a Isabel Soto López, todos eles investigadores vinculados nalgún momento ao Centro Ramón Piñeiro. O volume está estruturado en dous grandes bloques. Por un lado, aparecen organizados alfabeticamente aqueles autores identificados e máis ou menos coñecidos desta época, dos que se ofrecen datos biobibliográficos, incidindo naqueles menos tratados ata o de agora polas fontes de referencia, e un comentario dos textos narrativos antologados. Por outro lado, nun segundo bloque aparecen unha serie de sinaturas ou pseudónimos que ata o de agora non foron identificados, dos que se ofrecen os datos que se puideron coñecer así como o comentario dos textos que viron a luz baixo esas sinaturas. Os autores coñecidos antologados son: Xulio Alonso Sánchez (Lugo, 1859-Cangas do Morrazo, 1916), Justo Eliseo Areal Barros (Tui, 1862-Vigo, 1902), José Barral Campos (¿?), Leopoldo Basa Villadefrancos (A Coruña, 1886-San Sebastián, 1947), Luís Bouza Trillo (Vilagarcía de Arousa, 1869-1941), Emilio Canda (San Salvador da Lama (Pontecaldelas),?-?), Manuel Castro López (Lugo, 1860-Bos Aires, 1926), Juan Cuveiro Piñol (A Coruña, 1821-Valladolid, 1906), Alfredo Fernández (Xinzo da Limia, 1869-Madrid, 1927), Benito Fernández Alonso (Santa María a Real de Entrimo, 1848-Ourense, 1922), Juan Fernández Merino ("Fernán Minero"), Remigio Garrido Bouzas (Baños de Molgas, 1830-Escornabois, 1907), Fernando García Acuña (Macuriges-Cuba, 1861-Betanzos, 1895), Laureano Guitián Rubinos (Lugo, 1843-Lalín, 1886), Antonio María de la Iglesia González (Santiago de Compostela, 1822-A Coruña, 1892), Francisco María de la Iglesia González (Santiago de Compostela, 1827-A Coruña, 1897), Máximo Leyes Posse (San Amedio de Sarces, Laxe, 1855-A Estrada, 1899), Baldomero Lois Pérez (Santiago de Compostela, 1877-¿?), José López Otero (¿?), Ildefonso López Saavedra (Lugo, 1868-¿?), Francisco Lourido Sánchez (¿?), Jenaro Mariñas González (Noia, 1868-A Coruña, 1938), Hipólita Moíño de Landrove (Ferrol, ¿?-¿?), Adolfo Mosquera Castro (¿?), Xan Neira Cancela (Santa María a Mayor de Vigo, 1849-Ourense, 1909), Manuel Nóvoa Costoya (Santa María a Real de Sar, 1860-¿?), Manuel Núñez González (Vilardevós, Ourense, 1865-1917), Eduardo Núñez Sarmiento (Angueira, Santa Mariña de Ribasar, A Coruña, 1865-1906), Luís Otero Pimentel (Outeiro de Portodemouros, Vila de Cruces, Pontevedra, 1834-Cádiz, 1920), Xan Manuel Paz (Ourense, 1839-1895), Xan Pla e Zubiri (Juan Pla Zubiri) (Viveiro, 1864-Manresa, 1936), Carlos Pol Caamaño (¿?), Francisco Portela Pérez (Pontevedra, 1864-1948), Rufino Ribera

Losada (¿?), Lisardo Rodríguez Barreiro (San Martiño de Noia, 1862-Vilagarcía de Arousa, 1943), Francisco Romero Blanco (San Pedro de Tállara, Lousame, 1838-Noia, 1918), Galo Salinas Rodríguez (San Nicolao, A Coruña, 1852-1926), Francisco Suárez Salgado (San Xillán de Beba, Mazaricos, 1862-Brión, 1910) e Marcial Valladares Núñez (Estrada, 1821-1903). En canto aos autores descoñecidos ou pseudónimos non identificados atopamos os textos asinados por: A.A., Cecilio Navarro, Domingo Lago, G.Sus, Gelabert, Inocencio Filgueira, J.D.S., L. de G., Manoel da Cabana, Manuel López Prado, Pepe Reimúndez, R.C., S. Cora, Xan de Bentraces, Xan de Codesal, Xan Rodríguez Banante e V.P.

Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) amosa dende esta novela a importancia que ten e que terá para todos os galegos o desastre do *Prestige* así como a manipulación informativa das consecuencias desta calamidade por parte da TVG. Para isto faise unha descrición cronolóxica dos feitos dende o 13 de novembro, data de afundimento do *Prestige*, até a mensaxe de fin de ano de 2002 do presidente da Xunta, todo isto dende o punto de vista do protagonista deste relato, un xornalista da TVG. Este xornalista recalca a manipulación informativa -a cargo de Rodrigo Caneiro, director de informativos da TVG- da catástrofe e a súa propia suspensión de emprego e soldo. Durante este percorrido saen á luz os principais efectos deste naufraxio vistos por este xornalista: aparicións estelares de políticos negando a evidencia da realidade, a importancia dos voluntarios, as manifestacións contra o desgobierno, o sumario 960/2002 do *Prestige* no Xulgado de Corcubión ou a morte de Manfred -Man- co seu "corvo de chapapote".

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'O humor e a sutileza como defensa', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 11 maio 2003, p. 51.

Entrevista con Alfonso Álvarez Cáccamo, un escritor que sostén non ir de intelectual e radicar a súa escrita nunha ideoloxía nacionalista que lle resulta irrenunciábel. Recoñécese novelista e tamén poeta, e afirma que sempre denuncia a sociedade a través da súa creación literaria. Por outra banda, inclúese un comentario a *O corvo do chapapote*, de Luís Rei Núñez, un relato de doada lectura editado na colección "Froita do Tempo", de A Nosa Terra.

- Adolfo Caamaño, 'Galiza, ano cero', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 28.

Extensa análise de *O corvo do chapapote*, cualificada como novela histórica, na que se indica que a dinámica da narración se artella ao xeito das crónicas dun reporteiro de guerra. Alúdese a que nesta novela curta aboia un ton elegíaco cun ton épico perfectamente combinados e que ademais outra das súas pezas clave é a denuncia da manipulación informativa. Coméntase tamén que a mellor mirada deste volume poderase facer desde o futuro e subliñase que a tristura do xornalista protagonista -que se narra a si mesmo en segunda persoa- está presente en tres naufraxios: sentimental, profesional e da propia terra.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Luís Rei Núñez. 'A literatura é a que mellor vai contar a traxedia do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 36.

Nesta conversa con Luís Rei Núñez, centrada nesta novela, o autor coruñés sinala que con este libro quere lembrar como foron os meses posteriores ao afundimento do *Prestige* dende a literatura xa que aquí será onde perdure no tempo. Coida que o mellor xeito de coñecer a historia é a través da literatura e sinala que a morte de Manfred resume o espírito do libro e toma corpo nel.

- Xosé M. Eyré, 'Literatura e imaxes lembran o Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 22.

Faise referencia aos volumes *No país de Nunca Máis* e a *O corvo de chapapote* do que se salienta que é unha novela de urxencia asentada no realismo máis puro da actualidade histórica da traxedia

Rei Núñez, Luís, *A estrela dos polisóns*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Narrativa, nº 192, 261 pp. (ISBN: 84-9782-039-8).

Esta novela de Luís Rei (A Coruña, 1958) ten como elementos temáticos substanciais o mar, as aventuras vividas no barco *La Negrita* e a amizade. Está protagonizada por un adolescente, Amaro Mengoti, pertencente a unha familia adiñeirada, que foxe da casa por non compartir o mundo que lle tocou vivir, pola falta de afecto de seu pai e por sufrir o seu primeiro desengano amoroso. Na súa fuxida, tras dun naufraxio nunha gamela, vai parar a unha illa presidida por un faro. Alí é recollido por Recaredo Rey, un fareiro afeccionado á astronomía que vive no seu propio mundo, esquecendo o seu pasado. Entre ambos nace unha amizade que os levará a emprender unha fuxida (do pai do rapaz) que remata cando se agochan como polisóns no barco *La Negrita* no porto da Coruña. O mar, as estrelas, sobre todo Liberia, unida ao destino do rapaz grazas á invención de Recaredo, e a vida no buque rodeados de homes de mar, convérten a viaxe nunha experiencia fundamental para Amaro quen só regresa ao ser reclamado pola xustiza, por orde de seu pai, que morre unha semana despois arrepentido da súa actitude miserábel ao longo de toda a súa vida. A historia comeza cunha voz narrativa en terceira persoa que axiña se ve complementada pola crónica xornalística de Xosé Loureiro, O'Tabán, que recolle o relato das experiencias e aventuras de Recaredo e Amaro unha vez que os coñece tras o enterro do pai do rapaz. Ademais do destacado protagonismo do mar, a novela desenvólvese fundamentalmente na aldea de Beluso, en Bueu, espazo da infancia de Amaro e nos diferentes enclaves polos que vai pasando o barco nas súas singraduras.

Referencias varias:

- Belén López, 'Luís Rei. 'Os homes de principios están cautivos e desarmados', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 4 decembro 2003, p. 82.

Con motivo da presentación de *A estrela dos polisóns* no Café Moderno de Pontevedra, Luís Rei declara a súa admiración por Paco Martín, convidado no acto, a quen considera dotado dunha especial sensibilidade para os nenos e relacionado en certo modo coa súa novela polo feito de que esta presenta a especial amizade que se establece entre un neno e un adulto. Alude tamén a que se trata da súa segunda novela no mesmo ano, tras *O corvo do chapapote*, aínda que cualifica esta última de texto de urxencia feito por encargo. Respecto da presenza do mar en *A estrela dos polisóns* declárase admirador das historias orais do mar que escoitaba dos mariñeiros de Muros e da Coruña e tamén de seu avó, das películas de piratas e aventuras e de novelas como *A illa do tesouro*, de Stevenson, as de Conrad, Pío Baroja ou Ignacio Aldecoa. Fala tamén da dedicatoria da novela, "Os homes de principios, cando o seu tempo pasou", que provén da idea de que os homes de principios que quedan están "cautivos e desarmados", e refírese ás primeiras páxinas do libro, coas que intentou chamar a atención do lector e establecer un clima favorábel que o levase a ler o libro. Remata aludindo ao seu gusto por achegarse ao mundo que vai relatar procurando materiais, para despois darlles forma na ficción, igual que un xornalista, e "saír con ben dese reto fantástico que é escribir".

Rivas, Manuel, *Contos de Nadal*, ilustr. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 2003, 120 pp. (ISBN: 84-9782-083-5).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) achega oito contos de pascua co seu toque persoal, algúns deles xa publicados anteriormente en *La Voz de Galicia*. Trátase de historias cotiás e reais, algunhas estremecedoras, que recollen diferentes dramas persoais, aos que adobia de tenrura e un singular lirismo. Todos teñen un punto de encontro, as datas máis sinaladas do Nadal, mais estas fican nun segundo plano, pois tenta fuxir de toda artificialidade e dos tópicos. Os contos son os seguintes: "O namorado de María", uns modernos Reis Magos son asaltados por uns bandidos da Agrupación Guerrilleira de Galicia; "Okay", aborda o extraño naufraxio dun barco en noiteboa; "Madonna", unha rapaza mostra o seu amor aos seus animais; "O amor das sombras", un vello solitario sae en Noiteboa na procura da súa namorada; "O carteiro de Papá Noel", un narcotraficante fai de Papá Noel nuns grandes almacéns; "O partido de Reis", un neno con Síndrome de Down protagoniza unha heroicidade nun partido de fútbol; "A barra de pan", o único que tiña para comer unha familia numerosa nos tempos da fame é comesto por un dos seus membros; e "A chegada de Ingrid", unha boneca vén da emigración para presenciar unha crise familiar. Ao final recóllese unha breve descrición das traxectorias do autor e do debuxante. Os contos, nos que predomina o humor e un narrador interno en primeira persoa, teñen un fondo de traxedia, aínda que están abertos á esperanza. Por último, son relevantes os debuxos de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1957) que acompañan ao texto.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Unha buguina de esperanza', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 344, 'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

Salienta a perfecta simbiose entre texto e imaxe, así como a "mensaxe de paz e

solidariedade" que se procura transmitir. Por outro lado, subliña que con esta obra se renova o conto de nadal con "neóns de emoción contemporánea", pondo de relevo que se trata dunha novidade na nosa lingua. Finalmente, tras enumerar os contos do volume, repasa brevemente as traxectorias de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Manuel Rivas e Miguelanxo Prado colaboran en 'Contos de Nadal', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 26 novembro 2003, p. 90.

Dá noticia da inminente publicación do volume, sinalando sucintamente a orixe dos contos e a liña temática de cada un deles. Así mesmo, recolle as opinións de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado sobre o seu traballo. Indica que o autor de *O lapis do carpinteiro* se opón á "felicidade artificial" do Nadal e observa que cómpre "devolverlo a esa orixe de espacio dramático". Por outro lado, asegura, entre outras cuestións, que o debuxante afirmou que seguirá "unha liña realista, case costumista".

- Camilo Franco, 'Manuel Rivas e Miguelanxo Prado contan as súas historias de Nadal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 decembro 2003, p. 54.

Informa da inminente publicación da obra e da súa única presentación na Coruña. Subliña, ademais, que se trata doutra maneira de "mirar o Nadal" e alude ao xermolo deste proxecto. Por outro lado, recolle a valoración do ilustrador, quen salienta que o Nadal é só "transfondo" na obra e que se desbotan os tópicos, así como opina dos seus debuxos.

- Camilo Franco, 'La literatura navideña, un estilo entre el desencanto y el recuerdo infantil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 decembro 2003, p. 54.

Fai un sucinto repaso pola historia do conto de nadal, apuntando diversas orientacións. Así mesmo, cita os últimos libros publicados neste subxénero, *Contos de Nadal* de Rivas e *Tres navidades* de Quim Monzó, analizando este último.

- MARÉ, 'Esperanza e emoción en nadal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ HOXE', 13 decembro 2003, p. 49.

Anuncia a próxima saída do prelo desta obra, salientando a importancia dos que a asinan. Ademais, recolle a valoración da editorial que os vai publicar. Así, sinala que destaca a novidade da edición e a carga emotiva dos relatos. Por outro lado, apunta que o volume representa "un canto á esperanza" e insiste na mensaxe última dos contos. Pon punto final cunha moi breve achega ao contido dalgún dos contos.

- Jaureguizar, 'Miguelanxo, nome siamés', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 28 decembro 2003, p. 75.

Céntrase, entre outras cuestións, no destacado labor do ilustrador en diversos campos, salientando entre os seus traballos esta colaboración con Manuel Rivas.

Riveiro Coello, Antón, *A esfínx de amaranto*, Vigo: Galaxia, 26 novembro 2003, col. Literaria, nº 198, 302 pp. (ISBN: 84-8288-645-2).

O primeiro que chama a atención nesta novela é o uso que Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) realiza do tempo do discurso: sucédense capítulos en presente e en pasado, segundo a narradora sexa Verónica ou a súa avoa, Rosa. O primeiro capítulo pode considerarse como un epílogo da obra, xa que a súa comprensión, que o comezo da lectura da obra pode causar problemas, logo desta comprendese absolutamente. A seguir entretécense a historia de Verónica coa da súa avoa Rosa que narra os detallados preparativos da súa última cea antes de suicidarse, na que confesa a toda a familia que fora vítima de violacións repetidas por parte de seu pai, froito das cales naceu a súa filla maior, Violeta. Explica que por isto nunca volveu á súa vila natal nin mantivo máis contacto coa súa familia. A historia de Verónica sitúase logo da morte de Rosa. Tenta recompoñer o crebacabezas familiar, volvendo a vila da que era oriúnda case toda a súa familia materna, xa que ademais a casa que tiñan alí herdouna ela, por ser a que máis sintonizaba coa avoa. Mediante o descubrimento de documentos e as conversacións con algún veciño do lugar que coñeceu a membros da súa familia vai tecendo a súa árbore xenealóxica, descubriendo, entre outros detalles, que o irmán de Rosa, foi o asasino dos pais de Narciso, o seu marido e que a nai de Rosa matou o seu marido ao decatarse das atrocidades que cometera coa súa filla. Cómpre destacar para finalizar o tratamento que se lle dá a enfermidade de alzheimer, que padece o marido de Rosa. Reflictese a enfermidade en todas as súas fases.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Acción cultural en Boiro: o camiño ben trazado', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 31 outubro 2003, p. 3.

Informa da celebración en Boiro da "I Semana da Cultura Galega Actual" onde, no eido da literatura, intervirán, entre outros, Yolanda Castaño, Rosa Aneiros e Antón Riveiro Coello, do que se anuncia como primicia que Galaxia ten no prelo a súa nova novela, *A esfínx de amaranto*.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínx de amaranto* de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e

que comeza en Macau. En canto á segunda, indica foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Rodal-Fraga, Félix, *A cor do cavalo*, Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero 2002, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Narrativa, nº 174, 46 pp. (ISBN: 84-8487-039-1).

Con esta novela Félix Rodal-Fraga (Vigo, 1971) resultou gañador do "Premio de narración curta Carvalho Calero", correspondente á convocatoria de 2002. A obra estrutúrase en sete capítulos encabezados por números romanos que alternan con outros seis capítulos designados por letras, que se corresponden con dúas historias en principio independentes. Nos capítulos numerados en romano a acción sitúase na Idade Media. O cabaleiro Nuno Ruis, señor de Lagares, leal conselleiro e amigo do rei, narra en primeira persoa a súa historia: como o seu rei lle encarga levar unha mensaxe ao rei de León, sabendo que este o matará ao recibila. El cumpre a súa misión e consegue fuxir antes de que o executen, mais sabe que non pode voltar á súa terra porque voltar vivo sería interpretado como traizón, polo que foxe e pasa a servir ao rei de Portugal, aínda que finalmente localízano e mátno. Os capítulos designados por letras tamén están modalizados a través dun narrador autodiexético. Neste caso a acción transcorre nos nosos días. O protagonista é un escritor inédito que reflexiona sobre a súa escrita e a súa incursión nos ambientes literarios da man doutro escritor xa consagrado. O problema xorde cando este escritor consagrado lle fai ao protagonista un encargo que lle resulta comprometido. Así, no fondo, ambas historias presentan puntos en común, xa que as dúas se centran na situación na que se atopan os seus protagonistas á hora de seren sinceros cun amigo, co que ao mesmo tempo manteñen unha certa relación xerárquica, e a sinceridade pode custarlles algo máis que a súa amizade.

Recensións:

- Héitor Mera, 'Apuntando maneiras ', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. IV.

Indícase que a obra gañou o XII Premio de Narrativa Breve "Carvalho Calero" e que é a primeira dunha serie de entregas que, baixo a denominación de *avatares*, o autor pensa editar para conformar un conxunto de obras ligadas entre si. Tras resumir a estrutura e argumento das dúas historias que conforman a obra, sostense que estas teñen en común unha desazón existencial presentada desde unha perspectiva mística, explicábel pola condición de "avatar" en que se nos presenta a novela, de xeito que as dúas historias serían unha mesma esencia en diferente estado. Xúlgase que a concepción da obra é interesante, pero demasiado ambiciosa para se desenvolver nunha novela breve, cuxa idiosincrasia esixe un dinamismo carente de requintamentos innecesarios. Aínda así salientase que o estilo da obra "apunta maneiras" para empresas máis axeitadas que non deberían pasar pola narración breve.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Pedinche luz prestada', *Atlántico Diario*, '*La Revista*', 'Musas',

5 outubro 2003, p. 51.

Entrevista con Marica Campo na que Manuel Vidal Villaverde lle pregunta dende cando escribe, cal é o seu xénero preferido, etc. A autora responde que a súa vocación pola escrita lle vén de lonxe, e que escribe narrativa "gozosamente" e poesía "con dor". Tamén se lle dá espazo ao comentario do libro *A cor do cavalo*, texto co que o seu autor, Félix Rodal-Fraga, resultou galardoado co XIIº Premio "Carvalho Calero de Narrativa Curta". Valora moi positivamente as corenta e seis páxinas que constitúen a primeira incursión do autor no mundo literario, pero que segundo Vidal Villaverde non resulta nada "primeirizo".

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo; *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Da novela de Rodal-Fraga recóllense algunhas características do seu protagonista, que considera as palabras como as armas máis poderosas, nunha obra que foi merecedora do Premio Carvalho Calero de Narrativa Breve e coa que o seu autor comeza a publicación dunha serie de obras ligadas entre si chamadas "avatares".

Rodríguez, Básico, *A transfusión. Impunidade I (Crónica 1974-1980)*, Lugo: Veniaisedicións, 2003, 243 pp. (ISBN: 84-607-7972-6).

Trátase dunha novela que tenta facer un breve percorrido histórico polos anos da transición política na cidade de Compostela tirando polo chan con moitos dos mitos que hoxe existen acerca desa época. Básico Rodríguez xoga cuns personaxes (estudantes en xeral) que viven ou malviven na cidade do apóstol nos anos convulsos da transición política. Estes personaxes serven para falar dos diferentes grupos e asociacións políticas, para facer un percorrido rápido polas rúas, bares e lugares sinalábeis da época así como para amosar un posíbel decorrer diario dunha serie de estudantes na época referida. O aperturismo cultural con viaxes a Londres ou a credibilidade relativa dos movementos políticos sen esquecer os momentos de lecer son algunhas das narracións que conforman este volume. Rodríguez emprega recursos estilísticos como o cambio de voz narrativa, normalmente en primeira persoa, coa visión que ofrecen tres mozos distintos. Tamén realiza unha substitución de palabras por outras de son semellante en diversas ocasións como é o caso do título do libro (transfusión = transición) dándolle así un xiro semántico ás formas. Trátase dunha narración que relata os acontecementos continuamente en pasado e cunha prosa sinxela e fluída, moitas veces enormemente descritiva. É destacabel o uso de referencias ou citas cultas (culturalistas) que se aprecia por exemplo ao comezo de cada capítulo, sempre iniciado por algún texto doutro autor.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Crónica burlesca da Transición', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320,

'Librería galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. Da obra de Básico Rodríguez sinala que é unha novela sobre a transición política feita dende unha posición burlesca e desmitificadora, que nace da mirada de "esquerda apartidista". Alude ás visións que se foron transmitindo e que están como pano de fondo na obra, que é unha reflexión crítica sobre o momento histórico que vai de 1974 a 1980, no que se describe unha ampla galería de personaxes que loitan por un lugar no "taboleiro político" que se comezaba a deseñar.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A editorial Veniaisedicións preséntase con dúas novelas', *El Progreso*, 'Cultura', 8 xullo 2003, p. 61.

O xornalista anuncia a creación dunha nova editorial lucense a cargo de Xosé Manuel Gayoso e Basilio Cobo. Para a presentación de Veniaisedicións, os seus responsábeis optaron pola presentación de dúas novelas: unha delas da propia autoría de Gayoso, *Nin Berlín*, a que define coma unha historia de fracasos e frustracións dunha serie de personaxes que viven nun ambiente hostil, de mentira e de violencia; do outro libro co que abren a editorial, *A transfusión*, dun autor que asina Básico Rodríguez, di que se trata dunha crónica burlesca e desmitificadora que vai dende o final do franquismo á chegada da democracia ambientada en Santiago. Por último declaran que as pretensións de Veniaisedicións son as de crear un recanto de liberdade, no que se poida publicar en galego, en español e mesmo en portugués e en calquera xénero literario.

Romaní, Ana e Paulino Novo (coord.), *Narradio. 56 historias no ar*, prólogo de Luís Pérez, introdución dos coordinadores, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Radio Galega □, 2003, col. Narrativa, 239 pp. (ISBN: 84-8302-945-6).

Este libro é o resultado dun proxecto iniciado xa hai tempo no programa radiofónico 'Diario Cultural'; os coordinadores da obra, Ana Romaní (condutora, así mesmo, do programa) e Paulino Novo, explican na "Introdución" que este libro é unha mostra do compromiso da Radio Galega coa literatura do país e unha reivindicación da literatura oral; explican, asemade, que o libro inclúe cincuenta e seis relatos de outros tantos escritores galegos creados expresamente para ser lidos no programa de Ana Romaní e fan unha lembranza especial para Carlos Casares, que participou neste proxecto e que desapareceu sen velo publicado. O libro leva un Prólogo de Luís Pérez, director da Radio Galega, no que sinala que este proxecto foi iniciado por Arturo Maneiro e impulsado por Alfonso Cabaleiro, ambos os dous directores da Radio Galega; sinala que se trata dunha obra única por ser a primeira en xuntar a tantos creadores e de tanta calidade e dá, finalmente, as grazas ás

persoas implicada no proxecto. O libro editase acompañado de catro CD gravados en 2002, no Estudio 5 da Casa da Radio en Santiago de Compostela, e nos que os propios autores narran os seus relatos.

- Xavier Alcalá, "Piñón de Ferrol", p. 13-15.

Relato de Xavier Alcalá (Miguelterra, 1947), no que o protagonista é Ramón Piñón, un home natural de Ferrol e primeiro gardán do bergantín Rosalía; nárrese como este e os seus vinte e seis compañeiros foron abordados polos setenta e oito tripulantes do bergantín corsario Two Friends. No enfrontamento, de nefastas consecuencias para a embarcación galega, Piñón deu mostras de intrepidez e valentía, defendendo o seu barco ata quedar terriblemente mutilado; isto valeulle o recoñecemento de El-Rei, que lle asignou unha pensión vitalicia e mandou facer pública a súa distinguida conduta.

-Marilar Aleixandre, "Fala Carrapuchiña", pp. 17-18.

A voz narrativa deste relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) corresponde a Carrapuchiña, a protagonista do coñecido conto infantil. Conta que a versión que da súa historia se coñece é incerta e revela que entre ela e o lobo existe unha relación amorosa. Explica que o equívoco xurdiu da interpretación que o cazador fixo ao velos xuntos e confesa que a súa historia de amor continúa aínda hoxe.

- Fran Alonso, "Un amigo", pp. 19-20.

Relato breve de Fran Alonso (Vigo, 1963) no que unha voz en terceira persoa narra a forte discusión que un home con estreñimento mantén co seu socio mentres está no vater, despois da cal desaparece o seu problema intestinal. Ao final do relato descúbrenos que a discusión fora provocada a partir dun pacto entre os dous homes para acadar o resultado obtido.

- Alfonso Álvarez Cáccamo, "Marinella", pp. 21-22.

Relato surrealista de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) no que un fareiro narra en primeira persoa como se namorou subitamente de Marinell, ser con corpo de muller e filla dun home e dunha pardela. Conta que lle confesou á súa amante as súas sospeitas sobre a súa orixe e dá conta da reacción do estreño ser.

- Rosa Aneiros Díaz, "Palabras cegas", pp. 23-27.

Neste relato de Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) un home diríxese a unha muller cega a través do anonimato da radio, para agradecerlle todas as experiencias e sentimentos que lle produciu o seu traballo como guía da muller.

- Anxo Angueira, "Rebelados", pp. 29-31.

Relato de Anxo Angueira (Manselle, Dodro, 1961) no que o autor fai metaliteratura ao empregar unha voz narrativa que detén o relato que está a narrar na radio para dirixirse, a

través das ondas, á muller amada; neste contacto, a voz narrativa expón os seus sentimentos e lembra a relación que ambos mantiñan. No relato que o suposto narrador estaba lendo na radio faise unha especie de comparación entre o mundo cotiá e o mundo do mar, a través dun único personaxe: un mariñeiro que volve só a terra, sen pesca e que reflexiona co seu can.

- Vicente Araguas, "Balada para Mónica", pp. 33-35.

O narrador deste relato de Vicente Araguas (Xuvia, Narón, 1950) é un locutor de radio, que conduce un programa nocturno ao que os oíntes chaman para contar as súas historias; nesta noite é el que lle conta aos seus oíntes que perdeu para sempre á muller que amaba, Mónica.

- Xurxo Borrazás, "2045", pp. 37-38.

Relato de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) no que cada liña é un texto independente e agramatical que unicamente mantén relación cos demais polo tema; as liñas, nas que nalgúns casos as primeiras e últimas palabras aparecen incompletas, parecen ter voces narrativas diferentes e fan referencia aos problemas que coa alimentación hai no 2045, data na que sucede o relato.

- Dario Xohán Cabana, "A peregrinaxe de Guido Cavalcanti", pp. 39-41.

O protagonista deste relato de Dario Xohán Cabana (Cospeito, 1952) é o señor Guido Cavalcanti, un home procedente de Florencia que peregrina ata Compostela para coñecer ao demochiño Delmiro; durante as súas conversas Cavalcanti faloulle ao demochiño das novas artes de trovar presentes en Italia e Delmiro, o día antes da despedida, entregoulle un soneto burlesco escrito en galego. O señor Guido Cavalcanti traduciu a dialecto florentino aquel soneto, que era o primeiro escrito en lingua galega, demostrándolle a Dante que non era imposible traducir a poesía.

- Marica Campo, "A razón da tola", pp. 43-45.

Relato de Marica Campo (O Incio, Lugo, 1948) no que se conta a historia da Tola das Feiras, unha muller chamada Andrea á que lle mataron o marido durante a ditadura franquista e que percorre as feiras berrando a súa desgraza.

- Xosé Carlos Caneiro, "Volverá Al Pacino, de noite", pp. 47-48.

Breve relato de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) no que o protagonista é un home que soña noite tras noite con parecerse a Al Pacino e con ter unha relación amorosa cunha muller; cada mañá, o seu soño esváese co ruído da radio acesa e el desexa que chegue novamente a noite para volver a ser Al Pacino.

- Ramón Caride Ogando, "Ollares", pp. 49-51.

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) narra os recordos que un home ten do seu

primeiro amor e, sobre todo, da forma con que aquela primeira muller o miraba; conta que só despois de corente anos volveu a sentir aquela mirada, cando o seu ollar se cruzou co dunha enfermeira que o atendía nun hospital.

- Fina Casaderrey, "Un pincel namorado", pp. 53-55.

Relato de Fina Casaderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que a protagonista, Pilar, é unha moza que estudia fóra e que cada fin de semana regresa á casa familiar, onde axuda aos seus pais no bar que rexentan. Ao bar acodía cada sábado un home que a ollaba embebido durante máis de dúas horas; a ela esta situación agradáballe, pero seus pais fixeron por evitar estes encontros. Un día, o home entregoulles un fermoso cadro de Pilar, que agradou aos pais e moito máis á rapaza, que entendía que era froito dun 'pincel namorado'.

- Carlos Casares, "A radio, un soño", pp. 57-59.

Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941-Vigo, 2002) conta que Arcadio López-Casanova foi o fundador, cando menos en soños, da Radio Galega; conta que ambos os dous compartían, durante os seus tempos de estudantes, unha pensión en Compostela e que polas noites dedicaban moito tempo a recitar versos; conta que durante eses recitais, sobre todo cando antes tiveran algunha reunión política, Arcadio interpretaba para Casares o papel dunha radio, a Radio Galega, na que retransmitía as mensaxes do presidente de Galicia, as sesións do Parlamento Galego ou os partidos de fútbol da selección nacional galega.

- Laura Caveiro, "Os ciclos da natureza", pp. 61-64.

Relato de Laura Caveiro (Vigo, 1967) no que a voz narradora en primeira persoa corresponde a unha muller que viaxe soa nun cruceiro; conta que o tempo atmosférico é desagradábel e que na cuberta só está un home e ela, que está a ler un tratado de ecoloxismo. O home, tras falar polo seu teléfono móbil, tírase ao mar e ela, impasíbel, continúa a súa lectura.

-Alfredo Conde, "A patera", pp. 65-77.

No relato de Alfredo Conde (Allariz, 1945) un home narra en primeira persoa como fai a viaxe en patera que o día 11 de novembro de 2001 (data na que se produciron os atentados ás Torres Xemelgas de Nova Iork) o trae dende Marrocos ata Galicia; dá conta do trato inhumano do patrón, fala das persoas que quedaron en terra despois de pagar a viaxe e da xente que morreu afogada no traxecto ou ao desembarcar. Conta como el amenza ao patrón e consegue que o leve a el e a outro home ata un sitio seguro para desembarcar; revela, finalmente, que el é neto dun home de Camariñas e que agora está nesa vila galega co seu compañeiro de viaxe.

-Lois Diéguez, "Evaristo medricas", pp. 79-80.

Na primeira parte deste relato de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), Evaristo cóntalle ao médico que durante o seu servizo militar el era incapaz de matar e que o

sarxento provocaba as burlas dos seus compañeiros, que o insultaba e que o obrigaba a matar pombas para que se afixese. Na segunda parte, o narrador conta que Evaristo sofre un desequilibrio mental; conta que cada día vai darlles de comer ás pombas, que fai instrución polas rúas e que logo se dirixe ao cuartel de San Fernando, onde apunta ao seu ex-sarxento cunha escopeta de pau e simula matalo.

- Francisco X. Fernández Naval, "Logo de ti, o silencio", pp. 81-83.

Neste relato de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) nárrese o soño que asedia a Silverio dende que rompeu a súa relación con Laura; dende ese intre, cada noite soña que está con ela e que, de súpeto, comeza a precipitarse no vacío, tras o que chega o silencio. Preocúpalle ese soño, non é capaz de lembrar como era a súa vida antes de estar con Laura e séntese só.

- Agustín Fernández Paz, "Un río de lembranzas", pp. 85-89.

A protagonista deste relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é María, unha muller que convence ao seu marido para que a leva á aldea na que viviu dende os nove aos quince anos; paseando pola aldea, ante a indiferenza do seu home, sente unha profunda nostalxia daquel tempo e lembra, entre outras cousas, o seu primeiro bico. Tras o percorrido polos recordos volve ao coche, o seu marido arranca sen preguntarlle nada e ela garda para si os sentimentos e as bágoas.

- Manuel Forcadela, "Crónica da cidade asulagada. Método de suicidio", pp. 91-94.

Relato de Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958) no que o protagonista é un home tremendamente rico e famoso, agobiado polo acoso da xente e pola falta de liberdade que sofre. Como remedio decide contratar a un dobre que o suplantaré e a uns asasinados que o asinarán, mentres el viaxará a un lugar afastado onde non ser recoñecido.

- Camilo Franco, "Catro ráfagas", pp. 95-96.

Catro pequenos textos de Camilo Franco titulados 'Esquinas para o K.O.', 'Cebola desfeita en bágoas', 'Loureiros da provincia' e 'Amor cego', sobre un combate de boxeo, os problemas dunha muller para chorar nos velorios, o comportamento extravagante de varias persoas e o que unha muller fixo por amor, respectivamente.

- Isabel Freire, "Para Ana T.", pp. 97-102.

A protagonista deste relato de Isabel Freire (A Coruña, 1960) é Ana Turnes, unha muller que traballa nunha oficina e que dende nena pasou desapercibida: as nenas do colexio non a invitaban ás súas festas, ninguén a axudara ao empezar naquel traballo e ninguén a invitara a tomar café cos compañeiros. Unha mañá descubriu enriba da súa mesa un anónimo, no que lle dicían: "Sei o que pretendes. Estoute vixiando. Vaite de aquí" e que ela interpretou como unha declaración amorosa dalgún compañeiro, cando intentaba adiviñar quen podía ser o autor da nota, descubriu que todo fora unha broma que alguén gastara a todas as mulleres da oficina e que todas interpretaran así, agás ela que por unha vez na súa vida se

sentira alagada.

- Víctor F. Freixanes, 'Cabeza abaixo', pp. 1032-104.

Víctor F. Freixanes (Pontevedra, 1951) Conta os problemas que había entre dous irmáns que non se entendían e que tiveran, entre outros, problemas coas terras. Ambos estiveron agonizando durante meses, aguantando para ver morto ao outro, pero morreron a un tempo; como o panteón era estreito e as dúas caixas non collían se non era unha riba da outra, cousa que ambos pediran que se evitase, tiveron que ser enterrados de pé, un cabeza arriba e outro cabeza abaixo.

- Salvador García-Bodaño, 'Evocación de Laura', pp. 105-108.

Neste relato de Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935) un home narra, en primeira persoa, como hai anos experimentou un extraño suceso; na alameda á que acodía a pasear, para paliar a soidade que sentía, fíxose nun pequeno loureiro que un día se converteu en muller, ela achegouse a el e díxolle que ía axudalo nos seus problemas; el pechou os ollos e ela desapareceu. A pesar do paso do tempo, el segue lembrando esta historia e a aquela muller á que deu en chamar Dafne ou Laura, sen saber de todo certo se isto ocorreu ou se foi un soño.

-Bieito Iglesias, 'O mundo do motor (ou viceversa)', pp. 109-110.

Os protagonistas deste relato de Bieito Iglesias (Ourense, 1957) son un home, que dende a rúa observa excitado a unha muller que está no seu balcón, e a muller, que é consciente da mirada do home e que, ao tempo que amosa indiferenza, lembra a un antigo mozo seu co que acodía as carreiras de coches.

- Xavier Lama, 'Cambio de domicilio', pp. 111-115.

Relato de misterio que acontece nun pazo ao que se despraza unha familia; o pai, que é narrador en primeira persoa, conta cómo sente a presenza dun estraño ao que mata e como a policía lle confesa que sobre o pazo hai un meigallo relacionado cunhas mortes acontecidas nel. O relato ten un final semellante á película 'Os outros' de Alejandro Amenabar, no que o protagonista descobre que el está morto e que a súa familia non pode velo.

- Xulio López Valcárcel, 'Unha radio para Ricardiño', pp. 117-121.

Neste relato de Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) un narrador onisciente conta, en primeiro lugar, a conversa que manteñen un avó e o seu neto; o neto quere coñecer o funcionamento da radio e o home explícalle que dentro hai uns homes pequenos que traballan todo o día; o avó promételle que á súa morte el herdará a vella radio. En segundo lugar, coñecemos as reflexións en primeira persoa do neno; nun primeiro momento, desexa que o avó morra pronto para herdar o aparello e descubrir o misterio dos homiños, mais, de seguido, se arrepiante ao pensar no que sente polo seu avó.

-Antón Lopo, 'Unha terraza en propiedade', pp. 123-125.

Neste relato de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), unha muller narra en primeira persoa a súa incapacidade para estar quieta mentres cociña; así vai narrando, en directo, como decide regar as plantas da terraza ao tempo que fai unha tortilla de patacas. O relato finaliza cando, despois de pechar a porta da terraza, se percata de que non se pode abrir por fóra e de que a tixola está ao lume; pensa en tirar un ladrillo contra os cristais pero non o fai ao acordarse do moito que ten limpadado neles.

-Paco Martín, 'Estevo da Moá', pp. 127-130.

Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) narra a historia de Estevo da Moá, un famoso curandeiro do sur de Lugo que vivía dos cartos que conseguía sanando aos seus clientes, dos que averiguaba o que precisaba interrogándoos, espiándoos ou sobornando aos familiares. Nunha das súas viaxes á cidade descubriu a radio, que a partir daquel momento empregou como medio de traballo, pegando a orella do cliente á radio e sintonizando a emisora que consideraba máis axeitada. Narra, finalmente que o curandeiro aínda vive e, segundo el mesmo lles contou aos seus compañeiros de partidas, o seu negocio desapareceu cando os transistores chegaron a todas as casas.

-Carlos Mella, 'Os milagres da radio', pp. 131-132.

Breve relato de Carlos Mella (O Foxo, A Estrada, 1930) no que Daniel, ao recibir como agasallo do seu setenta e cinco aniversario un aparello de radio, lembra o que lle aconteceu cando era novo; lembra como pasou de ser ignorado por todos os veciños ata acadar unha fama e recoñecemento en toda a bisbarra tras saír falando pola radio co gobernador, que visitara a aldea cando el era presidente da asociación da escola, a pesar de que ninguén escoitara ben o que Daniel dixerá. Aquela conversa valeulle o recoñecemento de todos, ata o punto de converterse en alcalde, aínda que non mantivera co gobernador máis que un cruce de palabras.

-Xosé Miranda, 'Malco', pp. 133-135.

Xosé Miranda (Lugo, 1955) narra como Malco, tras o implante que Xesús lle fixo da súa orella cortada, pode escoitar absolutamente todo, dende o fluír do seu sangue ata o pensamento de todos, pasando polo movemento das estrelas; grazas a isto, e tras un primeiro momento de desesperación, chegou a descubrir o rostro de Deus.

-Estro Montaña, 'A ovella e o náufrago', pp. 137-140.

Estro Montaña (Betanzos, 1956) é a autor deste relato no que Mario é o único supervivinte dun naufraxio, chegou malferido a unha praia da Costa da Morte onde pediu axuda a un neno que, cunha ovella morta no colo, estaba un camposanto. O neno, chorando, púxolle como condición para axudalo que primeiro enterrasen a ovella; o home, sen entender a teima do neno, aceptou e, despois de que o pai do neno o curase, soubo que súa nai marchara como ama de cría a Bos Aires cando el tiña dous días e que a ovella fora para el como unha nai, dándolle leite cando tiña fame, dándolle abrigo cando tiña frío e laméndoo cando necesitaba cariño.

-Gonzalo Navaza, 'De como meu irmán Lucas non se fixo fotógrafo', pp. 141-146.

Relato de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) no que un home narra cómo, cando era neno, truncou o futuro do seu irmán como fotógrafo. Narra que o padriño de Lucas, seu irmán, lle mandou un equipo fotográfico dende Brasil, co que o rapaz quixo aprender a profesión; desistiu do seu propósito cando o narrador velou todos os seus carretes para non perder a súa alma, xa que, tal e como lle contara un amigo, el cría que ao retratalo ocorría isto.

-Xosé Neira Vilas, 'Non lles digas... ', pp. 147-148.

O protagonista deste relato de Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) é un home que hai anos emigrou a América, diríxese a unha segunda persoa, tamén emigrante, que vai volver á terra; primeiro pídlle que non lle conte á súa familia a desgrazada situación na que vive co fin de que non saiban as penurias polas que pasan os emigrantes para conseguir os cartos que envían á casa; logo, dille que conte, se quere, a verdade que el sempre ocultou nas súas cartas.

-Isidro Novo, 'A rosa da cunca', pp. 149-151.

O narrador deste relato de Isidro Novo (Lugo, 1951) conta como un home interpretou os fondos do viño que quedaron nas cuncas duns amigos, adiviñando o futuro próximo de ambos os dous.

-David Otero, 'O exemplo', pp. 153-158.

Neste relato de David Otero (Santiago de Compostela, 1946) un mariñeiro cóntalle a un xornalista como sobreviviu vinte e unha horas nun bote salvavidas á deriva, ata que o salvaron cun helicóptero. Na narración do mariñeiro intercálase a redacción que desta fai o xornalista, tamén en primeira persoa.

-Carmen Panero, 'O alegato do último carteiro', pp. 159-162.

Este relato breve é a declaración que un carteiro fai ante un inspector de correos ou ante un xuíz por un expediente no que se lle acusa de gardar na estafeta parte da correspondencia durante dous anos. El explica que seu pai lle ensinou o oficio de carteiro cando era un mozo e que, durante anos, o desenvolveu eficazmente, ata que aumento de poboación na vila e o aumento de correo publicitario lle impediu realizar o reparto correctamente; así deixou de repartir as cartas que a el lle parecían de publicidade ata que, dous anos despois, a estafeta estaba totalmente chea de cartas sen repartir.

-Xosé Ramón Pena, 'Lied ohne worte', pp. 163-170.

A historia narrada neste relato de Xosé Ramón Pena desenvólvese nun cantón suízo, no que un profesor dá clases de lingua galega aos membros do Centro Galego; nas instalación do mesmo asistimos ás discursión dos emigrantes sobre a conveniencia de ensinalles aos fillos a lingua galega e sobre qué variante dialectal é mellor; as reflexións lingüísticas

interrómpense ao soar Los del Río, Ana Kiro e El Fary, que todos consideran 'o noso' e co que se senten identificados.

-Xosé Antonio Perozo, 'A súa voz', pp. 171-173.

Relato de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badaxoz, 1951) no que un home narra a decepción que lle supuxo ver en persoa, sendo xa adulto, á locutora que pola súa voz o tiña namorado cando era neno.

-María Xosé Porteiro, 'A selva do asfalto', pp. 175-179.

Neste relato de María Xosé Porteiro (Madrid, 1952) transcríbese a retransmisión que, en directo, fan pola radio dous locutores e unha testemuña dun suceso que acontece en Vigo. Os locutores narran que hai un gorila hembra solto pola cidade, que escapara dun circo tras térselle arrebatado a cría para vendela a uns narcotraficantes; explican que o animal vaga pola cidade e dan conta do tremendo despliegue policial que decide matalo para non poñer en perigo a vida de ninguén; de seguido, entra en antena unha testemuña que explica que o animal está ás portas dunha gardería, que a policía fire dun disparo a unha nena que pretendía protexer ao gorila e que o animal ten en brazos á pequena, agarimándoa e contradicindo aos locutores, que falaban dun animal tremendamente feroz e alterado.

-Xabier P. Docampo, 'Os milagres da ciencia', pp. 181-183.

Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946) narra como un carteiro de aldea, cun curioso modo de facer o reparto e cunha grande afección ao viño, se estampou contra un camiión e como foi el o primeiro paciente ao que se lle practicou unha operación de cirurxía plástico-reparadora para a face en Lugo; o resultado foi horríbel, pero a pesar disto e da súa avanzada idade casou cunha moza; do matrimonio naceu unha nena que, polos milagres da ciencia, tiña a mesma cara que o pai tras a operación.

-Xavier Queipo, 'Coincidencias en Rosa', pp. 185-186.

Relato que Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) asina no seguinte lugar e data: Bruxelas, agosto de 1995. A voz narrativa correspóndese a un home que dende a súa fiestra observa a unha muller chamada Rosa; no relato faise referencia a Delacroix, Van Gogh, Raimundo Patiño e Uxío Novoneyra, incluíndo mesmo un fragmento dun prólogo dun dos seus libros.

-María Xosé Queizán, 'O admirador secreto', pp. 187-190.

Relato de María Xosé Queizán (Vigo, 1965) no que unha muller se percata de que é perseguida constantemente por un home apostado e elegante; ela pensa que o home é un admirador secreto ata que un amigo lle di que é un policía da político social e ela comprende que a está a seguir pola súa actividade na loita clandestina daqueles anos sesenta; un día o policía aparece, xunto con outro home, na súa casa para rexistrala. O relato remata sen desvelar cómo remata o rexistro.

-Xesús Rábade Paredes, 'Isaura', pp. 191-193.

Relato de Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1947) no que un home se dirixe a Isaura e lle conta os seus recordos da escola; describe a mesa da profesora, o cristo que presidía a aula e os tres retratos que había, de Francisco Franco, de José Antonio Primo de Rivera e da Virxe. Fai referencia, así mesmo, a algúns dos asasinatos cometidos polos falanxistas na aldea sendo el neno.

-Luís Rei Núñez, 'Tan lonxe', pp. 195-196.

Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) narra como dúas persoas cunha concepción da vida e aspiracións totalmente diferentes se atopan casualmente e como, nese momento, ambos pensan nunha posíbel relación que no momento da narración dura xa trinta e dous anos.

-Antonio Reigosa, 'Autobiografía', pp. 197-200.

Relato de Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958) no que o narrador narra a súa existencia dende que é un espermatozoide ata que nace.

-Antón Riveiro Coello, 'O home que matou a Franco', pp. 201-203.

O narrador deste relato de Antón Riveiro Coello (Xinzo da Limia, 1954) lembra o día no que, cando era neno, chegou un veciño á vila dicindo que matara a Franco; a alegría de todos os veciños se esvaeu cando sacou do seu coche a Franco, o lobo que acababa de matar. Ao día seguinte a radio anunciou que Francisco Franco morrera.

-Gloria Sánchez García, 'O home do impermeable amarelo', pp. 205-207.

Neste relato de Gloria Sánchez García (Vilagarcía de Arousa, 1958) nárrese a historia dun home que, vestido cun impermeábel amarelo, subiu a unha árbore; alí viviu nun niño e incuvou unha dúcia de ovos, da que naceron uns nenos pequeniños con ás, que cuidou ata que aprenderon a voar e marcharon.

-Manuel Seixas, 'As flores, ela, o home', pp. 209-211.

Neste relato de Manuel Seixas (Ourense, 1966) unha muller observa ao seu marido que, como todos os días, coida obsesivamente do seu xardín e, ao mesmo tempo, pensa en cómo a súa relación se enfriou co tempo. Cansada da monotonía, colle as maletas e abandona o seu fogar e ao seu marido.

-Xurxo Souto, 'A tropa da tralla', pp. 213-214.

Relato breve de Xurxo Souto (A Coruña, 1966) no que se fai referencia ao misterio que rodea a chuvia e á influencia que esta exerce en nós; inclúe versos de Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra e Manoel Antonio.

-Anxo Tarrío, 'A tecla maldita (Conto sexualmente correcto)', pp. 215-218.

O narrador deste relato de Anxo Tarrío (Santiago de Compostela, 1945) é un home que, en primeira persoa, conta cómo chegou a obsesionarse cunha mensaxe gravada no seu contestador automático. Na gravación, que fixera alguén descoñecido, escoitábase unha respiración que, dende o primeiro momento, fascinou ao protagonista; explica cómo se afixo a escoitala diariamente, cómo aprendeu cada inspiración e expiración e cómo, co paso do tempo, acabou contándolle a aquela respiración todas as súas cousas. Esta situación, que durou un ano e dúas semanas, rematou cando equivocadamente borrou a mensaxe no canto de gardala.

-Suso de Toro, 'Parar o tempo', pp. 219-221.

Neste relato de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956), no que o protagonista é Ánxel Casal, faise referencia ao traballo de Casal ao fronte da editorial Nós e ao momento no que Daniel R. Castelaio lle pregunta se se decide a encabezar a candidatura á alcaldía de Compostela pola Fronte Popular.

-Xesús Manuel Valcárcel, 'Encontro co misterio', pp. 223-226.

Neste relato de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) un home narra en primeira persoa como paseando pola beira do río descubriu outra realidade e o sentido da súa vida, que se baseaba na súa comunicación coa natureza. Isto levouno a transportar grandes pedras que amontonaba en amilladoiros; con esta conduta provocou o riso dos mozos da vila, mais co paso do tempo eles comezaron a actuar coma el, cunha dedicación e mimetismo totais. El deixounos facer, a pesar de que era consciente de que cada un ten que buscar o seu camiño ou o seu mestre.

-Xosé Vázquez Pintor, 'Nas ondas', pp. 227-228.

Neste relato de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1956) unha voz de muller diríxese ao seu amor, que non está presente para contarlle o que para ela significa escoitalo na radio, pois el é locutor, durante estes dous anos que ela leva de retiro voluntario.

-Luísa Villalta, 'Nada de nada', pp. 229-231.

Luísa Villalta (A Coruña, 1957) narra como un home viviu, dende neno, sen facer nada e coa única afección de pasear e ir á taberna os domingos. Pasou os anos vendo como os seus amigos casaban, tiñan fillos e morrían; cando lle chegou o momento da morte sentiu soidade e pareceulle que morrer fora o único que fixera ao longo da súa vida.

-Helena Villar, 'Todo un profesional', pp. 233-235.

Relato de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) no que a súa protagonista é unha muller que estaba a rehabilitar a súa casa; conta como o primeiro carpinteiro ao que chamou se negou a poñerlle madeira de castaño alegando que escurecía co tempo e que as cores escuras producían depresión. Finalmente ela non seguiu o consello do carpinteiro, está contentísima coa madeira escollida e mantén unha boa amizade co carpinteiro, quen

por veces lle axuda como psiquiatra.

Recensións:

- Carmen Villar, 'Literatura que entra polos oídos', *La Opinión*, 'Saberes', nº 15, 14 xuño 2003, p. 4.

Sinala que *Narradio* é a maior antoloxía sonora de narrativa galega e que naceu dunha iniciativa do programa radiofónico Diario Cultural; explica que idea xurdiu dunha conversa entre Ana Romaní, condutora do programa, e Camilo Franco, que botaba en falta un traballo deste tipo. Explica que os cincuenta e seis relatos, incluídos nos catro CDs que acompañan o libro, foron gravados polos seus autores durante tres anos; que van ser emitidos diariamente no programa e que todos eles presentan dúas características comúns: a súa extensión non superior a dous folios e a súa creación expresa para seren emitidos no programa. Indica, ademais, que entre os obxectivos desta iniciativa destacan a intención de realizar un proxecto aberto e de reivindicar a tradición oral. Ana Romaní indica, finalmente, que outra das satisfaccións do seu programa son os monográficos que elaboran, coma o dedicado a Eugenio Granell ou o de Antón Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia aparece no suplemento "El Sábado" de Faro de Vigo, 14 xuño 2003, p. 1.

- Carmen Villar, 'Literatura que entra polos oídos', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 316, 21 xuño 2003, p. 1.

Sinala que *Narradio* é a maior antoloxía sonora de narrativa galega e que naceu dunha iniciativa do programa radiofónico Diario Cultural; explica que idea xurdiu dunha conversa entre Ana Romaní, condutora do programa, e Camilo Franco, que botaba en falta un traballo deste tipo. Explica que os cincuenta e seis relatos, incluídos nos catro CDs que acompañan o libro, foron gravados polos seus autores durante tres anos; que van ser emitidos diariamente no programa e que todos eles presentan dúas características comúns: a súa extensión non superior a dous folios e a súa creación expresa para seren emitidos no programa. Indica, ademais, que entre os obxectivos desta iniciativa destacan a intención de realizar un proxecto aberto e de reivindicar a tradición oral. Ana Romaní indica, finalmente, que outra das satisfaccións do seu programa son os monográficos que elaboran, coma o dedicado a Eugenio Granell ou o de Antón Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia aparece reproducida no suplemento "Saberes" de *La Opinión*, 21 xuño 2003, p. 4.

- Ramón Nicolás, 'Palabras no ar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Logo de sinalar que *Narradio* é a terceira antoloxía narrativa que Edicións Xerais edita en pouco tempo, tras *Longa Lingua* e *Materia prima*; explica que esta obra xurdiu da iniciativa de Ana Romaní e Paulino Novo e que supón a antoloxía máis completa da nosa literatura. Indica que a obra está composta por cincuenta e seis narracións de autores galegos contemporáneos e que, ademais da versión escrita, inclúe catro CDs cos relatos na voz dos seus autores; considera que este volume constata a "diversidade e pluralidade de xeracións, rexistros, estilos e subxéneros da prosa galega contemporánea" e destaca aqueles relatos que recorren á temática radiofónica, os que proveñen de autores pouco dados a este xénero

ou os que presentan argumentos diferentes aos que adoitan empregar. Fai fincapé, por último, na vinculación que esta obra establece entre radio e literatura, oralidade e escrita.

- Xosé Freire, 'A radio devólvenos a literatura oral', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Cultura', 24 xullo 2003, p. 27.

Considera que *Narradio* é unha recuperación da tradición oral, tan propia da sociedade galega e que nos últimos tempos se está a perder. Sinala que esta obra é unha mostra da diversidade narrativa actual, pois nela aparecen textos de diferente estrutura e contido (como exemplo disto fai referencia concreta aos textos de Camilo Franco, Alfredo Conde, Carlos Casares e Agustín Fernández Paz) e valora positivamente a posibilidade de escoitar na voz dos autores os cincuenta e seis relatos que integran este libro e que xa foron escoitados no programa Diario Cultural de Ana Romaní, na Radio Galega.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Narradio': Unha antoloxía sonora da prosa galega', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Sinala que *Narradio. 56 historias no ar* é unha antoloxía sonora da nosa narrativa, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo e composta por un volume de duascentas páxinas e catro CDs; explica que a obra inclúe a versión escrita e sonora de cincuenta e seis narracións de escritores galegos creadas para participar no programa Diario Cultural da Radio Galega, no que eles mesmos lían os seus textos. Afirma que esta é a antoloxía máis ampla e heteroxénea do noso sistema literario, mais bota en falta autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e X. Fernández Ferreiro, entre outros; sinala, así mesmo, que as narracións destacan pola diversidade e riqueza de artificios empregados e pola ausencia dunha trama argumental definida, sendo na maioría xogos literarios, xoias lingüísticas e exhibicións estilísticas. Apunta, finalmente, a temática dalgúns destes relatos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *Faro de Vigo*, o día 25 de setembro de 2003.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Narradio 56', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. V.

Sinala que *Narradio. 56 historias no ar* é unha antoloxía sonora da nosa narrativa, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo e composta por un volume de duascentas páxinas e catro CDs; explica que a obra inclúe a versión escrito e sonora de cincuenta e seis narracións de escritores galegos creadas para participar no programa Diario Cultural da Radio Galega, no que eles mesmos lían os seus textos. Afirma que esta é a antoloxía máis ampla e heteroxénea do noso sistema literario, mais bota en falta autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e X. Fernández Ferreiro, entre outros; sinala, así mesmo, que as narracións destacan pola diversidade e riqueza de artificios empregados e pola ausencia dunha trama argumental definida, sendo na maioría xogos literarios, xoias lingüísticas e exhibicións estilísticas. Apunta, finalmente, a temática dalgúns destes relatos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *El Correo Gallego*, o día 3 de agosto de 2003.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Transcender á infinitude que somos', *Atlántico Diario*, 'Musas',

1 xuño 2003, p. 33.

Entrevista con Chus Pato na que se lle pregunta, como é habitual en Manuel Vidal Villaverde, pola súa concepción da poesía. Para a autora trátase da lingua que tenta expresar aquilo "que non é dicible dentro da orde comunicativa". Por outra banda, coméntase o libro *Narradio. 56 historias no ar*, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Indícase que se trata dunha iniciativa de Ana Romaní, que recolle un feixe de relatos curtos e que leva un CD porque se trata dunha obra "para ler e para escoitar". Remata recomendándoo como lectura de verán.

- Maré, 'Historias no ar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 50.

Sinala que Edicións Xerais e a Radio Galega presentarán o próximo luns *Narradio. 56 historias no ar*; este proxecto, coordinado por Ana Romaní, recolle cincuenta e seis relatos de escritores galegos creados especialmente para o programa radiofónico Diario Cultural. Indica que esta antoloxía é a máis extensa e heteroxénea da nosa literatura e que é unha mostra do compromiso da Radio Galega coa cultura; cita, finalmente, algúns dos creadores galegos que participaron no proxecto.

- Maré, 'As voces das historias', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 50.

Dá conta do acto de presentación de *Narradio*, que tivo lugar no Club Internacional de Prensa e ao que asistiron Ana Romaní, Paulino Novo, o editor Manuel Bragado e o director da Radio Galega, Luís Pérez. Fai referencia ao contido da obra e recolle as declaracións de Ana Romaní, nas que afirma que este "libro radiofónico" é a antoloxía máis extensa da narrativa galega e que naceu do programa Diario Cultural. Explica, asemade, que a brevidade do xénero relato permite que estas gravacións poidan escoitarse en diferentes contextos e, deste xeito, pode ser unha iniciativa que fomente o coñecemento da literatura galega.

- Xurxo Fernández, 'Ritual para el fin de los Tiempos', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 14 xullo 2003, p. 64.

Nesta sección habitual da contraportada do xornal dáse conta dalgunhas novidades culturais e sociais galegas, entre as que se atopan a saída do prelo de *Narradio. 56 historias*. Saliéntase que nesta antoloxía, coordinada por Ana Romaní e Paulino Novo, están presentes boa parte dos autores actuais galegos.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Romero, Medos, *O trevo da sorte*, A Coruña: Baía Edicións, decembro 2003, col. Baía narrativa, nº 15, 115 pp. (ISBN: 84-96128-45-8).

Medos Romero (Somedes, As Pontes, 1959) achéganos neste libro vinte e sete relatos breves, que se organizan en dúas partes. Os relatos tratan temas como a morte ("Anxos do ceo" ou "Un reloxo na parede"), os abusos sexuais e a violencia de xénero ("O Zonchiño", "Amadora Seixo", "Aquel maldito ollo", "O trevo da sorte", ...), a prostitución ("Ela, os homes e eu", "Os letreiros", "A quietude toda", ...), o cancro ("A cor visón" ou "O verme"), o alcoholismo ("O anel"), os accidentes de tráfico ("El é o do convetíbel") ou os trastornos alimenticios ("A vertixe"), entre outros. En xeral, as narracións carecen de referencias espacio-temporais concretas; a pesar disto, pode facerse unha distinción entre os relatos da primeira parte, que parecen desenvolverse nun tempo pasado, e os da segunda, que fan referencia a aspectos da actualidade. En canto á voz narrativa cómpre sinalar que, agás cinco relatos, todos os demais están escritos en terceira persoa; a voz narrativa en primeira persoa, que en todos os casos pertence a unha muller, aparece en "Ela, os homes e eu", "O trevo da sorte", "O pacto", "A cor visón", "Por un fío de carrete" e "A quietude toda".

Santoro de Membiela, Jaime, *Positively, un encontro casual*, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Illa Nova, nº 4, 134 pp. (ISBN: 84-8288-583-9).

Positively é un conxunto de catro relatos nos que Jaime Santoro de Membiela (Vigo, 1968) se dedica a xogar coas voces narrativas e ata a increpar ao lector con referencias explícitas. Trátase dun conxunto que forman os relatos "Eles", "Positively, un encontro casual", "A figueira" e "Positivamente, Laura, creo que a volvemos fastidiar", nos que aparecen as traducións ao galego das cancións de Bob Dylan feitas por Laura Martínez Pellicer. Neles o autor xoga tanto cos personaxes coma co lector mediante a ruptura das formas habituais de narración Comeza, por exemplo, o relato "Eles" dende a primeira persoa pero acaban sendo tres primeiras persoas correspondentes a un mesmo personaxe as que contan a historia distinguíndose entre elas polo tipo de letra empregada. Noutro dos contos introdúcese un diálogo de estrutura teatral e o último deles é un diálogo no que un dos interlocutores está omitido e só se poden ler as palabras do outro. Entre relato e relato aparecen as tres voces do inicio xogando entre elas e co propio lector. O ritmo da prosa é fluído e a linguaxe ben asequíbel. Dentro destas estruturas vanse engarzando varios temas, pero de entre os que destaca o do amor asumido dende puntos de vista diversos sempre cunha ironía e un humor propios ben presentes. A división do individuo, a morte, o encontro casual (ás veces con un mesmo) e as relacións humanas van determinando o discorrer da prosa do autor.

Sarille, Xosé Manuel, *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela: Candeia Editora, febreiro 2003, col. Narrativa, 293 pp. (ISBN: 84-96163-00-8).

Nesta primeira incursión no xénero narrativo, Xosé Manuel Sarille (Lugo, 1956) ofrece aos lectores unha novela na que recolle os acontecementos que tiveron lugar na aldea de Montecubeiro, no concello lucense de Castroverde, durante a Guerra Civil española. A historia está narrada en primeira e terceira persoa por un narrador-protagonista que é o pai do propio autor, simulando unha historia que lle conta ao seu fillo e autor deste libro; así o pon de manifesto a derradeira frase da novela: *Todo isto é verdade, Xosé Manuel*. En realidade máis que unha novela semella un documental no que se relatan a desgracias

vividas pola familia Sarille e boa parte dos veciños desta. Bonifacio e Carme Sarille, irmáns do narrador, son os personaxes principais. Aquel polo seu exilio forzado a Arxentina e as peripecias á súa volta na aldea de Montecubeiro -que o obrigan a regresar a Bos Aires- e Carme polo seu asasinato, sen máis motivo que o de ser irmá de Bonifacio. Para axudar ao lector no coñecemento das múltiples personaxes que transcorren polo libro o seu autor inseriu ao final deste unha serie de fotografías da maioría dos membros da familia Sarille, dos veciños que dun xeito ou outro protagonizan a historia e dalgúns líderes políticos como Manuel Azaña, Manuel Castro Tellado, Indalecio Prieto, Manuel Portela Valladares ou Pablo Iglesias. Tamén achega unha relación dos libros dos que extraeu datos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Toda a verdade sobre o caso Montecubeiro', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 26.

Eyré comeza cualificando a novela de Sarille, *Polos fillos dos fillos*, de arriscada, porque trata temas que "un grupo socialmente de moita influencia pretende esquecer" e sostén que aínda haberá que escribir máis libros deste tipo para que se faga xustiza cos que defenderon un goberno lexítimo. Describe a súa estrutura e argumento, resaltando que, arredor do tema central -a busca de Bonifacio Sarille por parte de falanxistas e autoridades civís e militares- se tece unha arañeira de represión sistemática e organizada, que xa se vía vir logo da frustración que a República provocara na dereita. Continúa falando dos acertos desta novela, do proceso de documentación (cartas, novelas, comunicados...) ao que se someteu o autor para describir os personaxes, a historia e os ambientes con total realismo daquel Lugo case carcerario onde convivían represaliados e torturados. Como crítica negativa ao libro, apunta o esforzo que ten que realizar o lector para o total coñecemento dos personaxes, que nunca será tan fondo coma o do narrador; non obstante, di que esta carencia é salvada en boa medida polas fotografías que o autor inseriu no texto, xa que fixan no plano realista o discurso desta novela-documentario.

Referencias varias:

- Concha Pino, 'A crónica novelada dunha traxedia faille xustiza a un pobo lucense', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 2 abril 2003, p. L9.

A xornalista define o libro que publicou recentemente Manuel Sarille como unha crónica novelada da represión, da morte, e da dor que padeceron moitas familias de Montecubeiro, no concello lucense de Castroverde, despois de que coa Guerra Civil se desencadease a "caza do home polo home". Engade que a historia contada por Sarille está narrada en primeira persoa polo seu pai e que o autor a escribiu porque sentía unha débeda coa memoria colectiva da súa aldea e co seu proxenitor, quen con trece anos foi testemuña da barbarie acontecida en setembro de 1937, sendo encadeado doce días. Por último Concha Pino apunta algúns datos biobibliográficos do autor desta novela, como que é profesor de historia, que presidiu a Mesa pola Normalización Lingüística e que actualmente está ao fronte da Fundación Vía Galego.

- M.C., 'Sarille rememorou nunha novela os fusilamentos de Montecubeiro', *La Voz de*

Galicia, 'La Voz de Lugo', 10 abril 2003, p. L13.

Dá conta da presentación do libro de Xosé Manuel Sarille no centro Uxío Novoneyra da capital lucense, acto que contou coa presenza, entre outros, do pai do autor, o propio protagonista da novela. Conta que Manuel Sarille tivo palabras de agradecemento para moitos veciños e amigos de Montecubeiro e lembrou episodios vividos durante e despois da Guerra Civil española. O personaxe principal de *Polos fillos dos fillos* insistiu en que a morte da súa irmá, o exilio obrigado do seu irmán Bonifacio e a tarefa de cavar fosas ou de sufrir con feridas alleas obrigárono a facerse adulto moi cedo.

- Xan Carballa, 'Xosé Manuel Sarille. 'A masacre de Montecubeiro non podía quedar sen contar', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 38.

Preséntase o libro *Polos fillos dos fillos* como unha obra que debuxa a saga familiar do propio autor, marcada en 1936 pola represión política na aldea de Montecubeiro, na que Sarille sitúa a historia de seu pai e do seu padriño fuxido. Xosé Manuel Sarille cóntalle ao xornalista parte do proceso de elaboración da obra: que seu pai estivo recollendo todo tipo de material, dándollo a el despois para que o elaborase e o convertese nunha narración novelada. Engade que todo o que se conta na novela está baseado en datos reais, que só hai unha historia de amor ficticia, pero que non afecta á historia real. O resto da conversa céntrano na andaina política de Montecubeiro a partir de 1936, destacando que foi un dos lugares nos que a rebeldía estivo patente dende o primeiro día da sublevación. Rematan facendo un repaso polos dirixentes do momento en Castroverde e nos concellos limítrofes (Portela Valladares, Castro Tellado...).

- AFA, 'Polos fillos dos fillos/Sarille acha na memoria de seu pai a materia de 'Polos fillos dos fillos', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 abril 2003, p. 32/p. 76.

Comézase cualificando esta obra como unha crónica novelada, un libro de memoria e "nunca de desquite", que Xosé Manuel Sarille tardou máis de cinco anos en darlle forma, sumando documentos, apuntamentos e testemuños que compoñen a memoria persoal do seu pai, dedicado durante sesenta e cinco anos á reconstrución dos feitos que marcaron para sempre a súa existencia. Continúa facendo un repaso ao proceso de elaboración do libro, ás personaxes que o conforman, ás intencións e conclusións que o propio autor tivo ao confeccionar esta obra. Remata o artigo coas palabras de Sarille insistindo en que con esta obra "pretende a difusión de feitos aínda moi descoñecidos e con frecuencia ocultados para *non remexer*"

- Xurxo Fernández, 'Ferrero y las rosas de sangre', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 28 abril 2003, p. 72.

Breve noticia sobre a recente publicación de *Polos fillos dos fillos* de Sarille, de quen se resalta a mestría na execución da novela. Tamén eloxia que este home que dedicou boa parte da súa vida á xestión cultural e ao columnismo narre "cunha dinámica de superproducción hollywoodiana" todos estes acontecementos da historia da Guerra Civil neste concello lucense de Castroverde.

- N. V., 'A literatura local chama con forza ás portas da Feira do Libro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 16 maio 2003, p. 10.

Infórmase da presentación en Ferrol das novelas *Polos fillos dos fillos* e *Resistencia* (2002), e do volume de relatos titulado *Seis ferroláns*, con motivo da Feira do Libro. Da obra de Xosé Manuel Sarille destaca a mestura de ficción e realidade na exposición das consecuencias que tivo a Guerra Civil española no pobo de Castroverde. Engádese que na presentación desta novela o seu autor estivo acompañado polos xornalistas Perfecto Conde e Henrique Sanfiz e o deseñador Manolo Martínez.

- Carlos Fernández, 'Realidade e ficción', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 'Letras en galego', 24 maio 2003, p. 7.

Comeza comparando *Polos fillos dos fillos* coa obra de Xosé Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*, ás que xulga como boas novelas por saberen conxugar realidade e ficción. Como personaxes reais alude a algúns dos protagonistas, que son os propios familiares do autor e ás brigadas represoras, compostas na súa maioría por militantes falanxistas e gardas civís, mencionando especialmente ao coronel González Vallés. Destaca tamén a "narración brillante e torrencial, cuns personaxes movidos polo medo ou polo odio e a vinganza". Remata sentenciando que se trata dunha novela que case perde o seu nome e se converte nunha crónica dun tempo dramático para Galicia.

- R.C.G., 'A Feira do Libro animase co teatro á espera de que falen os escritores', *El Progreso*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 67.

Na celebración da XXI Feira do Libro de Lugo, menciónanse todos os actos que están tendo lugar: teatro, asinamento de libros por parte de varios escritores galegos... e a propósito de tal acontecemento sitúase a obra de Sarille, *Polos fillos dos fillos*, no grupo dos libros máis vendidos, ao lado de *Muller no baño* de Manuel Rivas.

- A. Castro, 'Na transición non houbo lembranza do ocorrido no 36', *La Opinión*, 'Entrevista', 17 xullo 2003, p. 64.

Logo de atribuírlle á obra do expresidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Xosé Manuel Sarille, a misión de remexer na terra galega e facer visíbeis os cadáveres de milleiros de republicanos que foron sementados na península a partir do ano 36, faille unha pequena entrevista na que lle pregunta sobre a súa intención á hora de escribir esta novela e sobre cómo a levou a cabo. O autor de *Polos fillos dos fillos* comenta que o seu propósito foi recuperar a memoria que se foi esvaendo ao longo da ditadura franquista e incluso durante a transición española, porque cre que unha sociedade que ten os seus problemas históricos ocultos precisa ceibalos. Engade que a historia narrada non configura unha novela en sentido estrito, senón que tamén acolle outros xéneros coma o ensaio.

- Xavier Alcalá, 'Polos fillos dos fillos', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 20 xullo 2003, p. 5.

O escritor e xornalista atribúe á novela de Sarille un dos deberes máis duros: "deixar por

escrito canto fai preguntarse se o que importa é rescatar da ocultación os criminais e os seus instigadores ou salvar do esquecemento as vítimas, inscritas con falsidade no rexistro das defuncións". Xavier Alcalá destaca da novela o asasinato de Carme Sarille -unha tía do autor- debido a que o seu irmán Bonifacio, fuxido, non se entregaba e con el exemplifica o "matar por matar" que se levou a cabo en toda a Galicia destes anos. Remata loando o labor do autor de *Polos fillos dos fillos*, que con esta "docunovela" -como el lle chama- axuda a que a xustiza triúne e que os feitos queden escritos para que non se esvaian nos tempos.

- Xurxo Fernández, 'El tiempo atrapado en un espejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 15 decembro 2003, p. 72.

Xurxo Fernández repasa sucintamente nesta páxina algunhas das obras publicadas no ano que remata. No que respecta aos libros en galego, dá os títulos das seguintes obras: *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, que lle parece unha "obra clave para entender nuestro pasado"; *Fálame*, de Antón Lopo; o *Libro da egoísta*, de Yolanda Castaño e a obra poética de Helena Villar.

Seijas, Otilia, *Escoitar o silencio*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, agosto 2003, col. Narrativa, 217 pp. (ISBN: 84-8485-112-5).

Novela de intriga de Otilia Seijas (Lugo, 1936) ambientada no espazo imaxinario de Lucerna que arrinca coa experiencia traumática que vive unha moza bióloga, Mencía del Valle, cando unha noite decide mudar o percorrido habitual cara á casa da súa nai e toma o camiño que atravesa o cemiterio. O encontro co cadaleito de seu pai cáusalle unha conmoción tal que perturba toda a súa vida. Será a súa filla Inés quen asuma o reto de descubrir as intrigas que rodean o pazo da súa avoa, os segredos da vida do seu avó e a vinganza agochada dende hai anos por Indaria, a ama do pazo. Polo relato desfilan ademais outros habitantes de Lucerna, configurando unha crónica social dominada pola hipocrisía, o desexo de manter as aparencias a costa de todo e as murmuracións, salientando sobre todo a vida e as renunciadas das mulleres, ademais de afondar nas relacións que unen ás tres xeracións de mulleres do pazo.

Referencias varias:

- Iglesias Viqueira, 'Gallego y castellano no tienen que andar a la greña', *Faro de Vigo*, 'Tiene la palabra', 23 abril 2003, p. 10.

Entrevista a Otilia Seijas con motivo da publicación de *Escoitar o silencio*, que define como unha novela costumista que contén moito de fantasía e moito de realidade. Sinala que á hora de publicar tivo moita sorte con Isaac Díaz Pardo, "persona respetuosa con todas las ideologías", xa que a súa condición de esposa dun político de dereitas péchalle bastantes portas á hora de presentar un libro. Fala tamén da súa condición de escritora tardía, unha vez abandonada a docencia á que se dedicou vinte e cinco anos, e sinala que escribe en galego e en castelán coa mesma naturalidade. Menciona a Delibes como o seu escritor favorito e anuncia que o seu próximo libro leva por título *Os amigos lonxanos*.

- P. Bergantiños, 'Otilia Seixas. 'Contar a miña vida de casada cun político servíume de terapia', *A Nosa Terra*, nº 1.079, 24 abril 2003, p. 40.

Otilia Seijas sinala nesta entrevista que *Escoitar o silencio* é unha novela de intriga, un xénero polo que sempre sentiu atracción, e que nela conxugou a imaxinación e a realidade. Fala ademais do seu primeiro libro, *Viudas de vivos*, e da polémica que supuxo a súa publicación, xa que nel trataba a realidade das esposas dos políticos, a súa propia situación, "un desafogo" que lle serviu de terapia. Alude á súa dedicación á docencia ata que deixou de sentirse ilusionada e abandonou a súa profesión para se dedicar á literatura pola que sempre sentira unha atracción incribel. Finalmente sinala que colaborando nos xornais cumpre outra das facetas que sempre lle interesou moitísimo: a comunicación e o xornalismo.

- AFA, 'Escoitar o silencio', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 maio 2003, p. 32.

Dá conta do acto de presentación da última novela de Otilia Seijas, *Escoitar o silencio*, no que estivo acompañada do xornalista Lois Celeiro e de Xurxo Fernández, xefe de deseño do Grupo Correo Gallego. Achéganse algunhas notas relativas ao argumento da novela e sinálase que a obra supón o primeira incursión da autora no xénero da intriga. Ademais recóllense as declaracións de Otilia Seijas sinalando que no título quixo referirse ao hábito dos personaxes de "reflexionar en soidade", algo que considera necesario "para o ben espiritual e a procura da paz interior". Sinálase tamén que Xurxo Fernández emparentou a obra coa tradición do costumismo decimonónico cultivado por escritores como Pardo Bazán ou Emile Zola e que Otilia Seijas elaborou un retrato do seu contorno inmediato que conxuga o realismo e o costumismo cos recursos habituais do relato fantástico. Para rematar menciónanse outros títulos da autora como *Viudas de vivos*, *Buceando en el pasado* e *Egida*.

- A.I.S., 'Otilia Seijas publica un libro reivindicativo', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 maio 2003, p. 39.

Infórmase da presentación da novela *Escoitar o silencio*, de Otilia Seijas nun centro comercial compostelá. Saliéntase que Lois Celeiro cualificou a Seijas como unha escritora de raza e de talante aberto que practica unha literatura "de encanto, sentimento, razón e denuncia". Indícase, así mesmo, que tanto Celeiro coma Xurxo Fernández coincidiron en destacar o contido reivindicativo, humanista e solidario da obra.

- Ángel V. A., 'Un día al año no hace daño', *El Progreso*, 'De actualidad', 16 maio 2003, p. 104.

Ademais de dar conta dalgúns dos actos celebrados con motivo do Día das Letras Galegas, como a lectura de textos en galego no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba ou o ciclo de conferencias na Fundación Cela, alude á presentación de *Escoitar o silencio*, de Otilia Seijas, recollendo as palabras de Lois Celeiro quen asegurou que estamos ante unha escritora "feita e dereita e capaz de garantir unha literatura de encanto".

- Jaureguizar, 'Medo e 'Necro' en las Vegas', *El Progreso*, 'Cultura', 7 setembro 2003, p. 75.

Entre outras anécdotas que teñen como protagonistas a Miguel Anxo Fernán Vello, Fabiola Sotelo e Emma Couceiro, menciona a Otilia Seijas con motivo da presentación en Lugo da súa novela *Escoitar o silencio*.

Suárez Muíños, Chelo, *Flor de xiz*, ilustr. Suso Cubeiro, revisión do texto M^a Xosé García García, A Coruña: Primerapersona, maio 2003, 144 pp. (ISBN: 84-95923-67-X).

Chelo Suárez Muíños presenta nesta primeira incursión dentro da novelística unha historia de mulleres que durante o franquismo só tiñan que aprender a coser, rezar e, posteriormente, casar e ter fillos. Para isto divide a narración en dous "Libros", que contan con dezaseis e quince relatos titulados respectivamente, máis un "Epílogo", no que se presenta a Aldara como contadora da historia. Esta rapaza describe as súas vivencias de xuventude, dentro dunha educación imbuída polo machismo da relixión, así como as experiencias vitais doutras mulleres da súa familia. Vemos cómo Aldara é aguda e debece por aprender, pero cando a penas descubre a lectura ten que dedicarse aos labores da casa. Tamén se nos presentan outras lembranzas da súa existencia, como os recordos da guerra civil, o seu primeiro amor con once anos, a súa primeira menstruación, os seus primeiros grolos de alcol, a súa paixón polo rock and roll e, finalmente, oa súa voda, que supón o remate da súa xuventude.

Recensións:

- Emma Pedreira, 'A flor tranquila', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 32.

Ábrese coa transcripción do inicio da novela e indica que este é o estreno de Chelo Suárez; sinala que se trata dunha novela de familia que se sitúa a cabalo do rural e o máxico, do urbano e o místico, na que a "voz da última das nenas da familia dá en narrar un eixo máxico que as xungue a todas". Fai referencia á evocación do pasado que fai a narradora e destaca a súa resistencia á desfiguración do papel feminino esmorecido pola historia. Indica, finalmente, que a novela é un bo instrumento para achegarse aos recordos da infancia e que a súa lectura ofrece "unha sensación de ter asistido a unha aula onde o xiz repasou contra a pizarra a inconclusa anatomía do máis íntimo da nosa vida".

Referencias varias:

- I. P., 'La autora que escribe 'haikus' y novelas', *La Opinión*, 'A pie de calle', 21 maio 2003, p. 28.

Fai referencia á traxectoria profesional da autora e sinala que ten publicado poesías, contos infantís, relatos e unha novela: *Flor de xiz*. Sinala que adoita asinar as súas obras de literaruta infantil baixo o seudónimo de Puliana Marfull e indica que en dúas obras de poesía empregou o "haiku", que é unha forma de expresión xaponesa que en só uns versos concentra a esencia da poesía; indica, asemade, que dous dos temas aos que recorre

ultimamente son o erotismo e a guerra de Irak e sinala que nos seus contos cortos adoita ofrecer unha visión feminina do mundo. De seguido, fai unha achega á súa última novela e indica que se trata dunha obra na que reflexiona sobre a vida cotiá nas escolas de nenas e a educación que recibían na época dos cincuenta. Indica que a obra ten partes de autobiografía e toques de realismo máxico mesturados con misterio; finalmente, recolle algunhas declaracións da autora sobre a novela.

Sucasas, José Luís, *Soñaron buratos na terra*, Lalín: Edicións de Autor, 2003, 259 pp. (ISBN: 84-607-9285-4).

Longa novela de José Luís Sucasas que narra a vida das persoas de varias aldeas próximas que sofren estrañas desaparicións. Na primeira parte coñecemos a vida dos implicados nas misteriosas desaparicións, coas que se rompe unha existencia tranquila e apacíbel no rural da década dos cincuenta. Os desaparecidos son Ernesto, un home casado que gañaba a vida como obreiro; Rosario e á súa amiga Sara; todos eles, que desaparecen das súas casas o mesmo día, aparecen nun burato do que non poden saír por moito que o intentan. Viven unha situación desesperante ao verse incapaces de sobrevivir ante o paso inexorábel do tempo; aínda así, hai un momento de desafogo e prodúcese un encontro sexual entre as dúas mozas. Ao final da novela aparece un novo personaxe, frei Lucas, que vén a poñer luz á historia; este personaxe, que vive nun mosteiro, está traducir un manuscrito que Ernesto atopou no burato e no que se narran as lendas existentes sobre o castelo que pertencían aos Quadrom; as lendas contaban que no castelao había un laberinto que fora construído para poder manter amores secretos cunha rapaza; ao atopar a entrada do labirinto, na que Ernesto, Sara e Rosario caeran, descubriuse a veracidade da lenda.

Sumai, Anxos, *Anxos de garda*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, xuño 2003, col. Central Literaria, 216 pp. (ISBN: 84-96203-33-6).

Nesta obra, que se empezou e se segue a escribir na rede, Anxos Sumai (Catoira, 1962) reflicte a súa necesidade de contar, de falar da vida, coas súas dores e ledicias, de comunicarse, e quere facelo "para deixar constancia de que estou viva e tamén, conféssoo, para fuxir da vertixe da soidade non buscada." Fai uso da palabra, de metáforas, de contos e historias do discorrer da realidade cotiá para presentarnos as complexidades da existencia humana na sociedade actual a través da visión dunha muller galega moderna, sempre cunha evocación literaria ou musical de fondo, como unha presenza física máis, os "links" como ela lles chama, excepto nos momentos difíciles, cando "non hai música". A súa escrita, a xeito de diario contado dendo o 9 de setembro de 2002 ata o 21 de abril 2003, permítelle retratar o seu mundo íntimo como reflexión consciente das súas vivencias e relacións persoais no marco de Santiago de Compostela, ao mesmo tempo que plasma as súas inquedanzas, medos e esperanzas sen virarlle nunca as costas á actualidade máis inmediatea, tratando dente unha perspectiva crítica a piratería discográfica, a censura nos medios de comunicación, a actuación do goberno tanto no desastre do Prestige como na guerra en Iraq, o terrorismo, a violencia de xénero, o racismo ou, xa nun ámbito máis persoal, a eterna pugna entre o rural e o urbano, tradición e modernidade, que ela consegue desdramatizar.

Recensións:

- Javier Solís, 'Anxos das redes', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', 2003, p. 9.

Dá noticia da publicación do libro *Anxos de garda* de Anxos Sumai, que recolle os diarios que a autora escribiu desde setembro de 2002 ata abril de 2003 para o portal web <http://www.culturagalega.org>, onde semana a semana ía colgando -e aínda hoxe segue facéndoo- a súa vida privada transformada en literatura. Trátase dunha obra autobiográfica na que non faltan as meditacións introspectivas, as reflexións sobre os acontecementos sociais, as recomendacións literarias, as referencias musicais e teatrais, entre moitos outros temas. Solís alaba a prosa da obra, á que cualifica de brillante e renovadora. A editorial A Nosa Terra inaugura con *Anxos da garda* a súa colección "Central literaria".

- Xosé M. Eyré, 'Diario dunha muller do século XXI', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 26.

Amplio comentario sobre a obra *Anxos da garda*, de Anxos Sumai. Logo de sinalar que a obra ofrece unha lectura amena, onde os alardes técnicos e os valores literarios se presentan simplemente como instrumentos que conducen á reflexión, destaca a emotividade e sensibilidade con que esta muller, "conscientemente muller", do século XXI, urbana pero fortemente apegada ao seu lugar de nacemento, se achega tanto ao seu mundo interior de soños e de insomnios como ao seu mundo cotiá, rodeada de artistas, de literatura e de música, para reflexar unha realidade doadamente criticábel.

- Tomás Ruibal, 'Reflexión sobre os medos dunha muller galega', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 19 outubro 2003, p. 9.

Achega ao novo traballo de Anxos Sumai, *Anxos da garda*. Comenza salientando a aposta da editorial A Nosa Terra por obras que intentan apartarse da liña máis habitual na escrita en galego. Segue cunha achega ao traballo desta escritora como pioneira no uso das novas tecnoloxías como Internet. Xa no análise da obra, Tomás Ruibal fálanos dunha obra que parece claramente autobiográfica en donde o máis interesante se atopa na "reflexión sobre os medos, as inxedanzas e os gustos dunha muller que vive plenamente na Galicia moderna." Sen discutir a súa brillantez intelectual, conclúe con algunhas observacións críticas sobre aspectos da obra que repercuten negativamente no lector, creándose un "complexo de inferioridade", así como un distanciamento entre este e o mundo da autora. Trátase dalgúñas reflexións que carecen de interese na actualidade ou a acumulación de citas e alusións musicais e literarias só entendidas por aqueles que comparten os intereses da autora.

- Ramón Nicolás, 'O cuco cantando en abril', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. IV.

Sucinta aproximación ao novo libro de Anxos Sumai, que ademais estrea a colección "Central Literaria" na editorial A Nosa Terra. Sinala que se trata dunha proposta "peculiar" e "interesante" que reforza o auxe da ficción de autoría feminina. Salienta a solvencia coa

que a autora entra no xénero do diario persoal para abordar valentemente o seu mundo íntimo de privacidade; mais sempre atenta ao discorrer social e cultural do momento. Finalmente, valora positivamente a obra como "unha crónica persoal exposta con naturalidade" e despide este comentario felicitando á autora.

- Camilo Franco, 'Fragmentos de vida en internet', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'Letras en galego', 22 novembro 2003, p. 7.

Alúdese á obra de Anxos Sumai coma un libro que recolle os diarios que ela mesma escribe na web do Consello da Cultura Galega. Camilo Franco describe *Anxos da garda* como un libro "espontáneo e intenso", salientando a forma valente e natural, sen imposturas, coa que a autora trata un tema tan delicado como o dos sentimentos, no que é difícil saber canto hai de ficción e canto de realidade.

Referencias varias:

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

- M. Angueira, 'Los ángeles sobrevolaron Catoira', *Diario de Arousa*, 13 setembro 2003, p. 72.

Faise eco do acto de presentación do libro de Anxos Sumai, *Anxos da garda*, que inicia a colección "Central Literaria" de A Nosa Terra. A presentación tivo lugar o día de onte no salón de plenos do concello de Catoira. Acompañaron á escritora o actor galego Antonio Durán "Morris", o poeta Arturo L. Regueiro e o director literario da editorial, Enrique Acuña. Ademais de referirse á súa anterior publicación en internet, desta obra destaca o humor, a ironía e a melancolía con que explica non só os seus sentimentos persoais senón tamén a súa particular percepción da actualidade política, social e cultural. Noutra sección fai un pequeno achegamento ao seu labor como documentalista, tradutora e narradora.

- Antonio Durán Morris, 'Xente de verdade, xente a compartir', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 29.

Co gallo da publicación de *Anxos da garda*, Antonio Durán reflexiona sobre a súa relación persoal coa autora do libro, do que afirma que "será o seu diario, pero tamén é a nosa memoria; a nosa vida e o noso diario." Salienta ademais o feito de ser aínda un "proceso de creación vivo" que se segue a escribir con moito éxito na rede.

- Iago Martínez, 'Internet permite un contacto co lector que o papel non dá', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 outubro 2003, p. 15.

Entrevista realizada a Anxos Sumai con motivo da presentación na Casa do Libro da súa

obra *Anxos da Garda*. Coménzase establecendo unha comparación entre o que para esta autora supón escribir na rede e escribir sobre o papel. Segundo ela, a grande diferenza é que internet permite un contacto máis directo e unha resposta máis inmediata co lector. Así mesmo, reflexionase sobre a problemática entre literatura e exhibicionismo, realidade e imaxinación literaria, que pode xurdir coa lectura da súa obra, na que aparecen persoas reais, moitas delas coñecidas polo público. Anxos afirma que de realidade aparecen os sentimentos e as situacións, noutros casos emprega a ficción, crea personaxes.

- Lupe Gómez, 'Achegando os libros ós espacios do teatro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 5.

Dá conta do acto de presentación do libro *Anxos da garda* que tivo lugar o pasado 29 de setembro na Sala Galán en Santiago de Compostela. O acto contou coa presenza de amigos e coñecidos, entre eles o actor Antonio Durán "Morris", que leu algúns fragmentos do libro, o escritor Camilo Franco e Rosa Aneiros, con emocionadas intervencións cheas de sentimento; por parte da editorial, Enrique Acuña, que falou co entusiasmo propio da súa condición de editor. Salienta Lupe Gómez o feito de que o libro fose presentado na Sala Galán como mostra de achegamento da literatura ás salas de teatro. Do mesmo xeito, alude continuamente á calidez e camaradería do acto mesmo.

- Rosa Aneiros, 'O diario do diario. Voando con Anxos da Garda', *A Nosa Terra*, nº 1.0104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 24.

Nun exercicio de creatividade metanarrativa, Rosa Aneiros vai describindo, tamén a modo de diario persoal, o libro de Anxos Sumai. Cada día dunha semana, de venres a xoves, remata cunha sentencia que plasma, de maneira maxistral, cada un dos aspectos máis salientábeis da obra. Baste cun exemplo para comprobalo: "con Anxos da Garda vivimos a crónica apurada dos nosos días." Domingo, Rostros de manifestación.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma ensaísticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *A fuxida da loba*, de Carlos Laredo, *A cor do cavalo*, de Félix Rodal-Fraga, e *Anxos de garda*, de Anxos Sumai, da que se sinala que recolle os artigos que a autora escribiu para a edición de fin de semana do portal "Culturagalega.org", nos que a xeito de diario relata experiencias vividas por ela mesma. Da autora dise que traballa como documentalista, letrista de grupos de rock and roll e guionista de banda deseñada.

Táboas, Teresa e Antón Sobral (coord.), *Contos dende a arquitectura*, limiar de Teresa Táboas Veleiro, Pontevedra: Colexio de Arquitectos de Pontevedra, 2003, 91 pp. (ISBN: 84-7824-427-1).

Volume colectivo composto por un limiar e seis relatos dos autores citados que teñen en común algún aspecto relacionado coa arquitectura. Tal como apunta no limiar Teresa

Táboas Veleiro, a presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Pontevedra, a idea de publicar este libro de contos responde "exclusivamente a ese interese de intercambio entre as distintas manifestacións artísticas, buscar neste caso un espacio común onde convivan con enorme variedade e forma, arquitectura e literatura". Todas as narracións van acompañadas de ilustracións de diferentes artistas plásticos; duns e doutros damos conta a continuación:

- Marilar Aleixandre, 'Deseño', pp. 53-62.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) vai demostrando ao longo deste relato o confusa que pode chegar a ser para a mente humana a liña divisoria entre a realidade e as súas propias creacións. É o caso da arquitecta que protagoniza esta narración que acaba de rematar o deseño dunha casa e despois de apagar o ordenador a deseñadora chega a confundir os espazos da súa propia casa cos que acaba de deseñar, chegando incluso a derribar paredes e abrir novas portas, sempre na procura do deseño perfecto. As ilustracións que aparecen no relato son de Sergio Casas.

- Fina Casalderrey, 'Residencial Cero', pp. 15-30.

Neste relato Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1952) mestura o mundo real co do máis alá a través do protagonista; un artista que decide abandonar o ático no que vive na procura dunha casa máis ampla. Acode a Internet e na páxina web www.residencial-cero.es e, a pesar de ser o visitante cincocentos mil trece, consegue unha preciosa casa a un prezo asequíbel. Despois de asinar o contrato con Eva, a enviada pola axencia, instálase no novo domicilio e todos os días recibe a visita desta moza, incluso quedándose polas noites con el. Un amigo revelaralle que "Residencial cero" é por todos coñecido como o antigo cemiterio e Eva resultará ser a morte que anda na súa procura. Está acompañado das ilustracións de Kiko Dasilva (Vigo, 1979).

- Luísa Castro, 'A randea', pp. 41-51.

Neste caso a escritora Luísa Castro (Foz, 1966) escolleu unha casa da aldea para situar as dúas protagonistas deste conto: unha nena e a súa randea. Fai un percorrido polas distintas estancias da casa, tanto as da xente coma as dos animais, a través dos ollos da cativa ata chegar ao faiado que é onde se atopa a randea. Este espazo e o propio enredo cobrarán un sentido totalmente distinto para ela cando se entere de que, na mesma viga na que está colgada a carriola, se aforcou o anterior propietario da casa. As ilustracións son de Din Matamoro.

- Susana Fortes, 'Un blues para Salieri', pp. 81-91.

Neste conto Susana Fortes (Pontevedra, 1959) escolleu o mundo da música para demostrar como o ser humano nun pequeno e inesperado intre pode encontrar o porqué de algo ao que pasou toda a vida dándolle voltas. É o caso do protagonista deste relato, un músico que non

entende como un negro que chegou de Nova Orleáns pode asubiar ou cantaruxear grandes temas da música clásica sen distinguir a Mozart de Schubert. Ao fin conclúe que esas notas tamén as podía ter atopado el, porque "o xenio só habita intacto, nesa parte da alma onde a conciencia non pode gastalo". As ilustracións son de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958).

- Miguel Suárez Abel, 'O mar das laranxas', pp. 63-80.

O relato de Miguel Suárez Abel (Arzúa, A Coruña, 1952) é quizais o menos relacionado directamente coa arquitectura, xa que sitúa boa parte da acción na Costa da Morte, no mar de Corme. Alí preséntanos ao narrador-protagonista agardando a volta dunha rapaza coa que pasou a noite anterior. Mediante este narrador omnisciente cóntanos o pasado da moza, un pasado envolto por diferentes e sucesivas traxedias no mar; o mesmo mar que Suárez Abel tamén quere presentar como redentor do futuro desa moza. Acompáñase o relato con ilustracións de Antón Sobral.

- Suso de Toro, 'O paso do vento', pp. 31-39.

Suso de Toro (Santiago, 1956) móstranos como as forzas naturais prevalecen ante a teimosía do home. É a historia dun debuxante que vén de instalarse na torre dun edificio que acababan de reformar, para facer dela o lugar de traballo. Ante un día de moito vento nota como os veciños se amosan receosos co que lle pode acontecer á torre, e el non tardará en comprobalo cando unha forte ventada tira con ela. Por alí era o paso do vento, e xa a tiña tirada noutras ocasións. Acompáñase o relato coas ilustracións de Pepe Barro.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Arquitectura literaria', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xullo 2003, p. 83.

Fai referencia á obra promovida polo colexio de Arquitectos de Pontevedra, *Contos desde a Arquitectura*. Despois de referirse a outras antoloxías temáticas da nosa literatura, apunta que nesta obra se conseguiu unir "arquitectura e literatura" como se pretendía. Logo, cita os seis contos que a compoñen e achega brevemente algunha das liñas temáticas, destacando que case todos xiran arredor da arquitectura, aínda que, afirma, van dende o "relato angustioso" ata o "fantasmal" ou "o erótico-paixonal". Por outra banda, indica como precedente *Memorias de derribos* de Miguel Anxo Murado. Remata aludindo ao traballo dos ilustradores e á edición.

- Xesús Fraga, 'Construír con palabras', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 22, 'Letras en galego', 16 agosto 2003, p. 7.

O xornalista explica que seis escritores galegos e outros tantos ilustradores dialogan entre si dende as súas propostas, narración e debuxo, no volume colectivo *Contos dende a arquitectura*, que vén de publicar o COAG (Colexio de Arquitectos de Galicia). Comenta

que foron Fina Casalderrey, Suso de Toro, Luisa Castro, Marilar Alexandre, Miguel Suárez Abel e Susana Fortes os que escribiron cadanseu conto; todos eles ilustrados con debuxos e fotografías de Kiko da Silva, Pepe Barro, Din Matamoro, Sergio Casas, Antón Sobral e Miguelanxo Prado. Para definir a finalidade deste libro, Xesús Fraga traslada as palabras da presidenta do COAG "un punto de encontro onde os escritores se expresan sen atrancos coa única limitación virtual da arquitectua".

Referencias varias:

- X. F., 'Seis escritores galegos fan dialogar nun libro arquitectura e literatura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 agosto 2003, p. 37.

Preséntase o libro *Contos dende a arquitectura* como o volume composto por seis narracións nas que o arquitectónico vai dende unha presenza fundamental no argumento da historia a un protagonismo máis sutil. Enuméranse os escritores dos contos, os ilustradores e o responsábel da edición. Dise que nalgúnhas narracións, un feito arquitectónico como é a construción dun complexo residencial agocha un pasado turbio e perigoso. Engádesse que hai outros contos nos que se cita aos grandes mestres da arquitectura moderna.

Vázquez Pintor, Xosé, *Mar de bronce*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Narrativa, nº 191, 189 pp. (ISBN: 84-7507-168-6).

É esta unha novela que fala do mar e da vida da súa xente, na que Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) penetra nun mundo pouco explorado narrativamente, pero moi rico en experiencias. A novela ten trinta e tres pequenos capítulos nos que se confunden os narradores, pero que xiran case sempre ao redor de Anxo Gorospe, o herdeiro dunha conserveira en decadencia. Pero do que se fala ao longo da novela é de toda a xente de Rilo de Mar, un vila mariñeira calquera, e a súa historia, que Galerna, o da fábrica, se propuxo escribir nos últimos momentos na súa vida. As experiencias da mocidade do protagonista ocupan unha primeira parte do libro, e aí aparecen as mulleres como protagonistas, xa sexa nos lances amorosos ou no mundo da fábrica sometidas a Abel, o dono e o pai de Anxo. A medida que avanza a novela as historias da vila e a propia historia familiar vanse apoderando da memoria de Anxo, que decide desenvolver por fin o seu afán literario e contar estes recordos. Sobre a técnica narrativa destaca o enorme caudal de léxico do mar e o dominio da lingua e dos costumes da costa. Os personaxes femininos son os que máis marcan nesta novela, as mulleres son moitas veces modelos de cordura e de aguante, nun ambiente que en momentos se amosa endurecido. Son mulleres coma Carola, a nai de Anxo, que soporta con aparente ignorancia a figura á veces desprezábel pero complexa e chea de contradicións do seu home Abel. Tamén se afonda na soidade da vellez e en cómo se acentúan as ansias vitais coma o amor, polo contemplativo mar que nunca puideran navegar.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O mar da vida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 2003, p. V.

Hai ao principio un breve comentario sobre a aparición de moitos libros relacionados co mar nos últimos tempos. Un deles é a novela de Vázquez Pintor que pasa a comentar coma unha novela que fala da rememoración de Anxo Gorospe, fillo do dono da conserveira de Rilo de Mar, unha vila mariñeira. O xeito de narrar vese marcado por esas rememoracións que se mesturan coa realidade do propio protagonista, construídas con analepses e distintos planos que toman forma ao longo dos trinta e tres capítulos. Así, vaise creando a ficción, sobre todo cara o final, de que a novela que estamos lendo está escrita polo propio Anxo Gorospe, o que propicia a incursión de referencias moi atinadas sobre o que é o escribir unha novela. Aínda se ven máis cousas no libro de Vázquez Pintor, que recorda á anterior, *A memoria do boi*, e non só pola boa prosa e a exhibición lingüística, un conxunto de pequenas historias que só ao final toman sentido unitario. Son historias que falan do papel da muller, do sexo, do poder, do mar e os naufraxios ou o mar como fonte de vida. Confírmase que a novela trae a memoria do mar con sentimento e sabedoría.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A recuperación ficcional da épica do noso mar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 3.

Descríbese a novela como unha posta por escrito que Galerna fai do seu desexo incumplido de ser mariñeiro. Sinálase que este tema foi reclamado pola literatura dende Antón Villar Ponte ata Carlos Casares e que, pola contra, só se tratou na lírica. Vese a novela como un sincretismo da vivencia do mundo galego do mar: do papel da muller tenra e resistente e das outras existencias anónimas. Indica que Vázquez Pintor aproveita a novela do protagonista para desenvolver isto e, por último, destácase a sabia documentación a mestura de técnicas narrativas e a impresionante cantidade de léxico vertido nesta novela.

- Héitor Mera, 'A fala e a vida de Cangas. Vázquez Pintor publica Mar de bronce', *A Nosa Terra*, nº 1.091, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 27.

Afóndase na novela de Xosé Vázquez Pintor, autor do que se salienta galardóns como o Premio da Crítica Española ou o Torrente Ballester, conseguidos con títulos coma *A memoria do boi*. Segundo Héitor Mera, esta novela confirma por agora ao escritor nun discurso literario que se move ao redor de historias corais ensarilladas, que o lector ten que conformar coma un todo. Mirando xa máis de preto a novela localiza un protagonista claro, Anxo Gorospe, herdeiro dunha conserveira que rematando a súa vida decide, a xeito de terapia para reconciliarse con si mesmo, escribir unha novela sobre a súa vila, Rilo do Mar, de aí, segundo Mera, o constante xogo entre narrador heterodiexético e homodiexético. Un dos elementos definitorios do mundo do mar na novela dise que é a lingua dialectal (que sería a propia do Morrazo, identificada en formas coma hos ou peis) pero ademais cargada de requintamento. Así pois, coa novela Vázquez Pintor uniríase aos grandes prosistas e poetas que falan do noso mar, algo que se aprecia como afortunado, pois botábase en falta unha novela que tratase ben a vida dos mariñeiros e da xente do mar.

- Ramón Nicolás, 'O mar dá vida, o mar da vida', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19,

'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Sobre esta novela dísenos que nunha primeira lectura podería semellar unha novela clásica de protagonista en exercicio da memoria, pero, sen embargo, xurdirían outras cousas coma a xestación dunha novela na que mestura o pasado do protagonista co seu presente. Sobre as memorias de Anxo Gorospe, continúaase, vai transcendendo o proceso de creación e redacción da novela, e impoñéndose o efecto de que a novela que estamos lendo é a mesma que escribe o protagonista. Destaca, ademais, o tratamento doutros temas por medio de pequenas hitorias á maneira dun quebracabezas, as que, se di, nin Anxo Gorospe nin o lector quixeran dar fin. Aspectos como o tratamento da muller traballadora ou o mar nas súas moitas vertentes (as travesías polos mares do mundo, a caza de baleas, o mar como necesidade para a existencia, etc.). Todo isto, destácase, contado cunha narrativa de poderosa forza.

- Armando Requeixo, 'O mar de Vázquez Pintor', *Tempos Novos*, nº 75, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', agosto 2003, p. 69.

Realiza, logo dunha introdución na que fai mención ao gran número de obras que se publicaron relacionadas co mar nos últimos tempos, unha breve recensión sobre a nova novela de Xosé Vázquez Pintor, *Mar de bronce*. Indica que Anxo Gorospe, o Ghalerna, é o personaxe principal da obra, que fai un repaso aos acontecementos da súa vida, lembrando melancolicamente dende a súa vellez o seu pasado no que recorda, entre outros detalles, os amores que tivo. Armando Requeixo destaca a lingua empregada, que pretende reflexar a fala viva do pobo, ademais do pouso poético que se deixa sentir ao longo de toda a súa obra.

- Xosé M. Eyré, 'Vidas equivocadas e tensión poética', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 26.

Afóndase na novela de Vázquez Pintor que, segundo se di, está poboada de vellos, coma moitas outras novelas do autor, para encarar a memoria e as lembranzas, o mesmo que na novela que escribe o protagonista, Anxo Gorospe. Cóntasenos como todo comeza cos amores de Gorospe que deixan sitio aos amigos, ou o pai ou á fábrica, con toques humorísticos e enmarañado todo por un falso azar, en digresións feitas para suxestionar ao lector cara unha historia única final. Diante deste fragmentarismo destácanse coma auténtica armazón uns personaxes reais e complexos. As formas de novelar lémbrenlle a Xosé M. Eyré algunha obra de Carlos Caneiro coma *Os séculos de lúa*, pola presenza dun protagonista que está a escribir un libro e pola palabras cargadas de lirismo e intensidade poética. Sinálase, finalmente, que o emprego que Pintor fai da palabra se convirte en reivindicación da poesía, da literatura e da propia lingua por medio da súa sonoridade e do propio comportamento lingüístico dos personaxes.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Fai referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades da editorial Xerais de cara ao Día das Letras Galegas, entre as que hai obras dedicadas a Antón Avilés de Taramancos e outras de creación. Entre estas, na colección "Literaria" cita a novela *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor, da que se fai unha breve descrición.

- Salvador Rodríguez, 'Reivindico a fala mariñeira para a literatura galega', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 46, 'Entrevista', 5 xuño 2003, p. III.

Entrevístase a Xosé Vázquez Pintor co gallo da publicación da súa novela *Mar de bronce*. Na entrevista o autor comenta que a idea de escribir esta obra xurdiu co fin de completar o círculo das súas memorias, comezadas con *Quen faga voar* e *Memoria do boi*, correspondéndose a última novela coa súa relación co vida mariñeira. De todos os xeitos declara que actuou con prudencia e medo como rapaz de interior e, salienta, que o feito de proceder dun lugar do interior de Galicia foi unha motivación. No que se refire á novela, di que é dura pola necesidade de reflectir situacións reais e crúas e que o título está relacionado co mar e co bronce das campás. Por último, con respecto á lingua, di que pretende reflectir a lingua mariñeira que reclama para a nosa literatura.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A procura dos enigmas da palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 15 xuño 2003, p. 53.

Conversa con Antón Lopo en Monforte, na que o escritor define o que para el é a poesía e distínguela do que sería a novela. Continúa a conversa comentando o que fai actualmente e cunha breve mención ao que é o seu último poemario, *Fálame*, que levaría o mesmo sentimento que as súas publicacións anteriores. En columna á parte, coméntase a obra *Mar de bronce*. Empeza cunhas liñas sobre Vázquez Pintor para logo meterse xa máis de cheo na súa última novela cunha pequena sinopse do desencadeante da trama, Anxo Gorospe decide escribir unha novela que recolla a memoria de Rilo do Mar. Considérase un libro ben escrito pero que non ten o sosego necesario para enfiar a historia, pero con todo recoméndaa como novela da memoria. No que respecta á linguaxe empregada dise que, como é habitual no escritor, é moi elaborada. Rematase dicindo que non é do mellor do autor pero que si é entretida.

- Belén López, 'A realidade sempre supera a ficción; o 'Prestige' sería increíble nunha novela', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 xuño 2003.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, gañador no ano 2002 do Premio da Crítica Española, co gallo da publicación da súa novela *Mar de bronce*. Nela o autor manifesta a intención de que esta novela peche un ciclo sobre a memoria que lle debía á tribo galega. A novela aborda o mundo do mar visto polo herdeiro dunha conserveira decadente que lle serve para facer memoria e para denunciar o desleixo que hai con este mundo. Tamén emprega esta novela para denunciar a explotación feminina e sinala que os personaxes cobraron vida propia facéndose máis complexos. Xa noutra parte da entrevista requírese a opinión do escritor sobre a imaxe de Galicia e problemas coma os da lingua.

- Jorge Lamas, 'Vázquez Pintor pecha o seu ciclo da memoria coa novela 'Mar de bronce'',

La Voz de Galicia, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 46.

Preséntasenos a obra de Xosé Vázquez Pintor, *Mar de bronce*, coma unha novela que fala do mar e da decadencia das conserveiras galegas. A obra insírese nunha pentalexía do autor dedicada á memoria. Na análise da trama fálase de Anxo Gorospe coma o protagonista que non puido saír ao mar exterior e que intenta corrixilo coa memoria dos vellos mariñeiros. En voz do escritor salientase o emprego da fala mariñeira e do estándar galego. Á parte fálase do traballo de documentación que tivo que facer o escritor falando con vellos mariñeiros e patróns que o informaron sobre o Gan Sol ou o mar de Cariño.

Vázquez, Benxamín, *Cando soñar é canso*, Vigo: Ir Indo Edicións, maio 2003, col. Ir Indo Narrativa, nº 43, 221 pp. (ISBN: 84-7680-424-5).

Benxamín Vázquez amosa nesta a súa primeira novela unha historia atemporal cunha acción situada en Santiago de Compostela e na Cidade de Alas, noutro Vetusta. Durante os primeiros capítulos o mundo da arquitectura imbúe toda a escrita e vemos cómo xorden os seus tres protagonistas: o Mestre Mateo, o contador da historia -un oficial de primeira- e o propio narrador-novelistas. Despois dunhas reunións previas para falar da construción do Pórtico Occidental na Catedral do Occidente e de ver os problemas de financiamento desta obra, que dependen de Juan Pintaulelles, descríbese cómo El-Rei lle outorga ao Mestre Mateo o título de Real Mestre de Obras, pero despois de finalizar esta obra, retíraselle este título e é destituído. Ao longo dos vinte capítulos desta narración aparecen personaxes tan dispares como Claude Lévi-Strauss, Ana Ozores, Virxilio ou o presidente da Xunta, e como remate temos os agradecementos onde podemos ler que "o narrado non é máis ca un soño, acontecido no noso tempo, máis ou menos".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A ensoñación do Pórtico de Occidente', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 outubro 2003, p. 3.

Ponse de manifesto que *Cando soñar é canso* é unha novela froito de trinta anos de matizacións que empezaron a tomar forma escrita a finais de 1994. Considérase que é unha obra allea á modernidade narrativa, onde o anacronismo é a clave narrativa. Tamén se indica que é unha historia atemporal con mestura de tempos e personaxes reais e oníricos.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Desacertos narrativos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Libros', 30 outubro 2003, p. V.

Comenta que este é o debut narrativo de Benxamín Vázquez. Con referencia á obra destaca que non é de doada clasificación e indica que nela podemos ollar un narrador omnisciente que actúa como *alter ego* do Mestre Mateo -personaxe actual- e "que escribe en primeira persoa con óptima pero con pouco acerto".

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, 'Benxamín Vázquez crea soños na súa primeira novela', *La Región*, 'Cultura', 1 xuño 2003, p. 67.

Informa sobre a presentación desta novela no Casino Cultural do Carballiño nun acto ao que asistiron o seu autor, xunto a Bieito Ledo e Miguel Anxo Fernández. Indícase asemade que Benxamín Vázquez definiu a obra como un abano de ideas "con personaxes reais e ficticios nunha mixtura onde se confunde pasado e presente".

- Maré, 'O tempo segundo Benxamín Vázquez', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 53.

Anúnciase que Benxamín Vázquez presentará esta obra na súa cidade de adopción, Santiago de Compostela, na Fundación Caixa Galicia, e indícase que é unha obra "de tese, de ideas cun transfondo ideolóxico".

- E.P., 'As editoriais pasean as súas novidades', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xuño 2003, p. 50.

Dá conta dunha serie de presentacións bibliográficas en Galicia e, entre elas, anuncia que *Cando soñar é canso* de Benxamín Vázquez será presentada en Santiago de Compostela.

- Concha Pino, 'Busco sorprender ó lector e facerlle pensar cando le', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 10 xuño 2003, p. L2.

Co gallo da publicación desta obra o seu autor apunta algunhas das súas claves como que é o resultado da súa vida literaria, que é un xogo co tempo e con diversos personaxes e escritores de diferentes épocas e xéneros e mais que, con *Cando soñar é canso*, "busco sorprender ó lector e facerlle pensar"

- M. Rodríguez, 'Cando soñar é canso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'Letras en galego', 21 xuño 2003, p. 7.

Conversa na que Benxamín Vázquez destaca que *Cando soñar é canso* é unha historia atemporal que comezou a ser debuxada en 1968 e que ademais se sitúa por riba da historia, aínda que ten claves medievais e historiográficas.

- A.N.T., 'Benxamín Vázquez: 'Un soño comprometido é difícil de manter', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Fin de Semana', 11 setembro 2003, p. 33.

Entrevista ao xornalista galego Benxamín Vázquez, que acaba de publicar *Cando soñar é canso*. Sinala que a idea deste libro xurdiu hai trinta anos, cando el facía prácticas nun xornal; explica que é unha obra tratada con rigor históricos, na que se mesturan cousas reais e de arcano; afirma que hoxe en día é difícil manter un soño comprometido e que, o soño,

adoita usarse como evasión; fala, finalmente, da situación actual do audiovisual galego e da novela na que está traballando.

Vidal, Francisco Antonio, *A luz da eclipse*, V Premio Literario Pastor Díaz de Novela, Noia- A Coruña: Toxosoutos, 2003, col. Narrativa histórica, nº 3, 180 pp. (ISBN: 84-96259-02-1).

Baixo este título agóchase unha historia de seres en loita persoal pola ansia do coñecemento, por arelas de visións, por ver e comprender o mundo. Dende unha terceira persoa controladora Francisco Antonio Vidal (Palmeira, 1957) desenvolve, ambientada nos finais do século XV, unha historia na que os homes queren coñecer o que se oculta tras o sol. Entre personaxes históricos e ficticios aparece Don Xoan, O Piloto, que está preocupado por abrir unha nova rota marítima navegando cara occidente e deixándose guiar polas estrelas. Partindo deste punto van xurdindo sucesos variados nos que historia e ficcións se entrelazan de forma coherente. Presuntas herexías, amores e dificultades para a súa existencia, viaxes e, fundamentalmente, o mar van enchendo as páxinas desta obra de xeito livián. Están presentes na obra lugares do mar galego, da Arousa, do Barbanza, con topónimos explícitos que sempre orientan cara unha busca da verosemellanza literaria iniciada xa coa aparición de personaxes históricos. A prosa é fluída e a linguaxe non dificulta a lectura.

Recensións:

- Domingo Tabuyo, 'Dende o cuarto das estrelas', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 59, 'Libros', 20 novembro 2003, p. 4.

É un comentario da última obra de Francisco Antonio Vidal: *A luz da eclipse*. Primeiramente faise un esbozo do argumento da mesma así como dalgún dos personaxes principais. Afirmase que é unha "novela de mar", do mar de Arousa e das súas paisaxes e coméntase tamén que se trata dunha obra ben construída e que profunda na idea de que a solución aos enigmas está diante dos ollos e só é preciso agardar pola luz necesaria para eliminar "as tebras que ocultan as respostas". Ilústrase coa portada do libro.

Villanueva, Xosé Manuel, *Cuarteto con piano*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Narrativa, nº 190, 581 pp. (ISBN: 84-7507-167-8).

Esta novela de Xosé Manuel Villanueva (Lugo, 1959) está escrita ao redor dunha obra de Brahms, o *Opus 60*, e dunha interpretación desta composición musical. A historia transcorre nos primeiros anos oitenta, concretamente no Nadal de 1981, no que un grupo de músicos novos se reúne para ensaiar a devandita obra para logo interpretala na honra do home dunha mestra común. Pero o ambiente da vila na que ensaian está enrarecido polo conflito mineiro, paralelo pero antagónico ao que por esas datas hai en Polonia, o que desencadea unha serie de acontecementos e de comportamentos dos protagonistas. Paralela a esta acción, aínda que hai nexos de unión entre as dúas, hai outra historia protagonizada, tamén, por catro mozos, que forman un comando terrorista do GRAPO (Grupo

Revolucionario Antifascista Primero de Octubre) preparando un atentado. A narración condúcese por medio da omnisciencia selectiva cunha nómina abundante de personaxes, o que permite ao público moitas veces asistir ao choque de personalidades antagónicas. O tempo da narración case se corresponde cun tempo real, non hai elipses temporais, aínda que no tempo da historia só pasan catro días, o que dalgún xeito deixa ver que a novela se centre máis nos personaxes que na acción. As ambicións, a ideoloxía ou a traizón son as emocións máis importantes, que modifican a breve estancia na vila, sobre todo cara ao final coa irrupción da forza, protagonizada sobre todo pola policía, que altera o comportamento dalgunhas personaxes.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Más de doce horas de lectura', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 29 xuño 2003, p. 9.

Fala Tomás Ruibal da presentación da novela *Cuarteto con piano*, de Xosé Manuel Villanueva, co gallo da súa presentación na galería Sargadelos de Compostela. Define o libro como unha historia longa pero que engancha ao lector, parafraseando a Manuel Bragado. Logo xustifícase a extensión, coas palabras do autor, como esixencia propia da novela e do gusto do autor polas estruturas complexas e ricas. Tamén se parafrasea ao escritor para falar da importancia da música no relato. Por último, hai unha descrición da trama da novela e destácase a profundidade en temas como as dificultades de convivencia, o amor ou o terrorismo.

- Ramón Nicolás, 'Densidade e musicalidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Libros', 2 outubro 2003, p. IV.

Nunha pequena introdución á figura literaria de Xosé Manuel Villanueva lémbrese a súa irrupción no panorama literario con *Adeus India, adeus*. Así comeza o artigo no que se comenta a súa última obra, *Cuarteto con piano*. Destácase dela unha presenza moi importante da música como fondo e como centro do discurso dalgunhas personaxes e a contemporaneidade da mesma. Logo descríbese a trama. Os méritos que se lle conceden á novela son o longo alento narrativo ou a reconstrución histórica da realidade da época, acompañado todo polo "intelixente e meditado" paralelismo entre os acontecementos e o "Opus 60" de Brahms. Pero en contrapartida atópase que fronte á forte construción dalgunhas personaxes, hai certa topicidade noutros, previsibilidade na resolución e digresións irrelevantes. Con todo, a obra vese coma interesante polos seus desafíos temáticos e polo traballo formal.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Faise referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades da editorial Xerais

de cara ao Día das Letras Galegas, que inclúen obras dedicadas ao homenaxeado e outras de creación. Entre estas, cítase *Cuarteto con Piano*, de Xosé Manuel Villanueva.

- Maré, 'Con longo alento narrativo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2003, p. 50.

Fálase da novela *Cuarteto con piano*, de Xosé Manuel Villanueva, a raíz da súa presentación en Santiago de Compostela. Parafraseando as palabras do autor fálase da necesidade do formato longo para o que se quería contar. Sinálase que na obra se ve exactamente a forma do *Opus 60* de Brahms en varios elementos da estrutura que respondería tamén, citando de novo ao autor, ás esixencias da historia. Logo faise unha descrición da trama centrada nunha vila galega dos anos oitenta na que uns músicos ensaian a peza, moi preto de onde uns terroristas do GRAPO preparan un atentado. Remátase con palabras de Manuel Bragado destacando tres sentimentos na novela: a forza, a ansia e a saudade que para o autor do artigo se manifestan na amizade, o terrorismo ou a clandestinidade.

- Camilo Franco, 'Interésame o presente como material para a novela', *La Voz de Galicia*, 'O cronómetro', 28 xuño 2003, p. L2.

Entrevista a Xosé Manuel Villanueva na que empeza facendo referencia á presentación da novela *Cuarteto con piano* na Galería Sargadelos de Santiago. A continuación fala do tempo da narración, sobre o que di que é case real aínda que con algunha simultaneidade, e o tempo no que se sitúa, con respecto ao que reivindica a necesidade de tratar temas máis recentes, como neste caso a década dos oitenta. Por último, fala da estrutura do cuarteto musical no relato, da que o autor di que non ten un fin culturalista, senón que está determinada por seren músicos os catro protagonistas e porque lle permite lembrar outras novelas ou facer paralelismos co grupo de catro terroristas.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

VV. AA., *Seis ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, maio 2003, 137 pp. (ISBN: 84-95460-27-0).

Volume que acolle seis relatos que teñen como pano de fondo as terras de Ferrol. Todos comezan cunha breve biobibliografía dos autores participantes e que son os seguintes:

- Xavier Alcalá, "O tafetán", pp. 7-23.

Neste relato que Xavier Alcalá (Miguelturna, a Mancha 1947) dedica aos seus compañeiros

de mili, nárranse as reflexións, aventuras e desventuras dun mozo que tiveron que ir estudar a Madrid por non ter a especialidade elixida en Santiago de Compostela, recorda a súa infancia. Recorda os tempos do sesenta e oito, as idas e vindas de Madrid a Ferrol, a mili, etc.

-Rosa Aneiros, "Corre, Roque, corre", pp. 25-54

Rosa Aneiros (Taraza, Meirás-Valdovino, 1976) neste relato que dedica a seu pai e veciños de Meirás, di que nel recolle as lembranzas deses personaxes nun tempo de fame e miseria. Así un narrador omnisciente por medio da descrición e moito diálogo fala dos costumes dunha zona de Ferrolterra e das aventuras e desventuras dunha xuventude que sobre todo xogaba ao fútbol e do que ocorreu un día que Roque se aburriu e foi ao mar e de como tiveron que sufrir a represión do franquismo até o ano 1972, represión policial en Ferrol.

-Vicente Araguas, "Semana Santa ferrolana", pp. 55-71

Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950) en , dedicado a Fernando Vivanco, recrea en trinta e un breves capítulos e nunha "Nota bene" e o capítulo XIII. Nárrase como se desenvolveu a vida en terras ferrolanas polos anos trinta ao redor da Semana Santa, entre procesións e cafés, e entre convivencias con xentes doutros lugares.

-Henrique Dacosta, "Ouro maldito", pp. 73-108.

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) neste relato dedicado á súa avoa Socorro, "víctima da miseria dos tempos difísiles", e a Alexandre e Gala, fai un percorrido biográfico, fala da nacemento do Xacobe e de como resultou, da súa nai e do tempo que tivo que sufrir cárcere, en Carranza, por culpa da confianza depositada nun veciño e dos avatares polos que pasou a familia e veciñanza, mesmo chegando á emigración, en tempos difíciles que quere constantemente non esquecer.

-Anxo Franco, "Unha lumieira singular", pp. 109-129.

Anxo Franco (Ferrol, 1958), dedica a Anxo e Martiño este relato que divide en dúas partes "Os preparativos" e a "A lumieira", e no que fala de medos, morte, represalias e agochos tras as fogueiras da noite de San Xoangueira en fogueiras por pobos e aldeas ferrolás.

-Ramón Loureiro, "Chocolate", pp. 131-137.

Ramón Loureiro (Fene 1965) dedica este relato aos seus amigos da tertulia do Cafeto e céntralo na reflexións tidas en canto á reliquia do Santo Neno de Escandoi que anunciaba ou denunciaba as guerras.

Referencias varias:

- N. V., 'A literatura local chama con forza ás portas da Feira do Libro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 16 maio 2003, p. 10.

Infórmase da presentación en Ferrol das novelas *Polos fillos dos fillos* e *Resistencia* (2002), e do volume de relatos titulado *Seis ferroláns*, con motivo da Feira do Libro. Da obra de Xosé Manuel Sarille destaca a mestura de ficción e realidade na exposición das consecuencias que tivo a Guerra Civil española no pobo de Castroverde. Engádese que na presentación desta novela o seu autor estivo acompañado polos xornalistas Perfecto Conde e Henrique Sanfíz e o deseñador Manolo Martínez.

- A.R., 'Narrativa ferrolá', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Crítica', xuño 2003, p. 70.

De pouco frecuente se cualifica o libro *Seis ferroláns*, conxunto de relatos de Xavier Alcalá, Rosa Aneiros, Vicente Araguas, Henrique Dacosta, Anxo Franco e Ramón Loureiro. O feito de seren relatos de seis autores dunha mesma cidade, sobre todo tratándose da ultimamente varada cidade departamental, agrádese coma unha rareza estimábel. As historias, dise, son moi diferentes tanto temática como estilisticamente, tal e como se demostra nun percorrido pormenorizado por cada autor; indica, así mesmo, que a obra acada unidade grazas á presenza de Ferrol no fondo de todo o libro. Felicítase, finalmente, á editorial Embora por un libro que sería digno mostrario da narrativa ferrolá.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega, como foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os escritores que participan neste volume cun texto narrativo son: Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) con "A day in life"; Alberte Santos con "A marea das vacas"; Antom Ninguem con "Negra Neve"; Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) con "Carta de Nadal"; Anxo Moure con "Historia dun paxaro cormorán (borracho de alcatrán) e salgadiña, a estrela de Fisterra"; Anxos Sumai (Catoria, 1962) con "Vaga que vén do oeste"; Camilo Pardo López con "Bosteiro"; Carlos Santiago con "Metaquímica do fuel-oil"; Clara Martín con "Requiem polo derradeiro Arao"; Estela Suárez Recousó con "Querido Piche"; Fran Alonso (Vigo, 1963) con "O país dos contos"; Francisco Castro (Vigo, 1966) con "Galicia"; Francisco Domínguez con "A maré de morte do Prestige"; Gema Rey con "¿Quen son eu?"; Grupo Etnográfico Mascato con "Chora o mar lágrimas negras"; Henrique Rabuñal (A Pastoriza, 1962) con "O noso planto"; J Ganime-E Neira con

"Os araos da revolta"; Kike Benlloch (A Coruña, 1974) con "[Á tia treme-lhe a voz ao outro lado do fio telefónico. 'Muito me doiu ver']"; Luís M. Calvo Salgado con "Seminario e diario"; Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) con "Amputado"; Miguel Rozados Lorenzo con "No noso febreiro do 2003"; Óscar Curros con "Democracia dictada"; Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) con "A negrura do mar"; Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) con "A alentía luxada de chapapote"; Sebastián Martínez con "Había días de sol"; Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) con "Nunca Máis' na man da xente"; e Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) con "Augamares negras".

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas; entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da Facultade, no que intervirán

Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores; indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas dúascentas páxinas e dous CD que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CDs con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, na que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar onte na Sala Nasa de Santiago de Compostela; indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe; considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura; neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra cultura posíbel', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 25.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Burla Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

VV. AA., *La torre de papel*, Lucindo Xabier Membiela (ed.), A Coruña: Camiño do Faro S.L., 3 agosto 2003, 331 pp. (ISBN: 84-933357-0-3) (DL: C-1855-2003).

Este volume subtítulado "Relatos bilingües en las lenguas y dialectos hispánicos" recolle, como ben di, un conxunto de contos nas seguintes linguas e dialectos: galego, asturiano, vasco, leonés, galego-berciano, castelán, aragonés, catalán, extremeño, valenciano, murciano, andaluz, sefardí e spanglish. En canto ao relato que representa a lingua galega é "O cantar da ruliña", de Cristina Amenedo, que conta a historia dunha avoa que desempeña o papel de notaria nun ambiente rural mesturado co amor que mostra ao seu neto. Pola súa banda, o conto galego-berciano escollido é o de Aquilino Poncelas Abella titulado "¿Aúla xente?", que narra a historia das vellas xentes do Bierzo que representan o derradeiro sinal de vida da comarca, onde incluso a vexetación derruba as antigas casas matriarcais da aldea.

Referencias varias:

- M.B., 'Una editorial coruñesa reúne catorce cuentos en todos los dialectos hispanos', *La Opinión*, 'Cultura', 2 novembro 2003, p. 66.

Dá conta de que a editorial coruñesa Camiño do faro reuniu nun volume catorce relatos curtos escritos en todas as linguas do ámbito xeográfico hispánico: galego, catalán, leonés, aragonés, asturiano, murciano, valenciano, galego-berciano, andaluz, extremeño, vasco e castelán, ademais de dous relatos escritos en *spanglish* e sefardí. Segundo indica, cada conto vai acompañado dunha tradución ao castelán e de gravados do século XIX. Así mesmo, todo eles teñen en común o feito de se desenvolver no lugar de orixe da fala na que están escritos.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □♦, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no "Premio de relato, poesía e tradución" convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun Limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta dos textos gañadores correspondentes a este apartado do *Informe*:

- Robert Duif, "Todos estrañan a David" (1º Premio de Relato Curto), pp. 9-25.

Relato que narra a desaparición de David, un mozo galego que reside en Poitiers (Francia) onde vive coa súa moza e traballa como lector para un famoso escritor. O relato divídese en tres partes, nas que en cada unha delas as persoas relacionadas con David (Nathalie, a súa moza; Madame Aigle, a secretaria do famoso escritor; e Harcourt, o famoso escritor) narran en primeira persoa a súa desaparición. O misterio que envolve o sucedido desvanécese no relato de Harcourt, quen explica que el posúe unha estraña cualidade que lle permite visualizar os asasinatos que famosos criminais relatan nos seus libros autobiográficos; deste xeito descubre, a partir dun relato escrito polo propio David, que o mozo foi o asasino de seu pai e este, ao sentirse descuberto, desaparece.

- Manuel Ángel Álvarez Sánchez, "Tan doado" (1º Accésit de Relato Curto), pp. 27-39.

Reflexións en primeira persoa dun adulto que precisa tomar pílulas para durmir e que describe como é ese momento no que entra nun profundo sopor e se relaxa; sinala que sempre lle veñen á mente os recordos da infancia e dá conta dos seus medos, da súa relación coa familia, cos mestres e cos amigos, das súas expectativas para o futuro, dos seus desexos de ser feliz, etc. Todos os recordos, desexos e expectativas da infancia se contraponen á consciencia de estarse convertendo no que sempre odiou e de volver a sentir os medos de cando era neno; a rutina e a imposibilidade que sente para mudar a súa realidade obrígano a tomar pílulas para poder durmir e non pensar.

- Jacobo Díaz Rodríguez, "20:33 (Outro máis de trens)" (2º Accésit de Relato Curto), pp. 41-56.

Xan Pena é o protagonista deste relato, un mozo que en primeira persoa narra todo o que se lle pasa pola mente dende que sae da casa para coller o tren que o levará a Vigo ata que chega a esa cidade. Trátase dun texto próximo ao monólogo interior, no que as reflexións do protagonista sobre a rutina, sobre a súa infancia e sobre os demais viaxeiros se mesturan coas referencias a acontecementos históricos ou a películas e, mesmo, con oracións como "Nunca máis" ou "Non á guerra".

- Pablo Otero Tranchero, "Insomne" (1ª mención de publicación de relato curto), pp. 57-69.

O protagonista deste relato é un home que vive coa súa moza e a súa filla, na casa que sempre desexou e ao pé dunha tranquila praza. Unha noite soña que está esperto e que non pode durmir; soña que vive só nunha pequena casa, cunha cama incómoda e nunha rúa ruidosa; soña, tamén, que de repente aparece ao seu lado a súa moza, que segundo el cre morrera nun accidente de tráfico. Cando esperta descobre, pouco a pouco, que todo fora un soño e que cando creu padecer insomnio realmente estaba durmido.

- Daniel González Vázquez, "Os abaladores de Soavela" (2ª mención de publicación de relato curto), pp. 71-82.

O protagonista deste relato é un mozo galego que narra como nos anos noventa coñeceu a un vello que lle contou que o surf era un deporte de orixe galega, antigamente coñecido como "abalar" e que se practicaba de noite; o home contoulle, ademais, como el creou o negocio O'Neill en Australia e explicoulle que o símbolo da marca representa as illas de Ons e Onza co sol poñéndose por detrás.

VV. AA., *Pulmonario de duros latexos*, Premios Literarios "Minerva" 2003, Limiar de Miguel Anxo Fernán-Vello, Santiago de Compostela: Colexio Peleteiro/Revista Vamos ♦, 2003, 112 pp. (ISBN: 84-607-6534-2).

Volume que recolle os poemas e relatos premiados na XXXª edición dos Premios Literarios "Minerva", correspondentes ao ano 2002. Despois da composición dos xurados das diferentes modalidades, reproducése o discurso lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, mantedor desta edición, no acto de entrega destes premios, que tivo lugar no salón de actos do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. Despois de incluír as composicións poéticas gañadoras desta edición, das que damos conta no apartado correspondente deste *Informe*, reproducense os relatos gañadores no eido da narrativa, no que o primeiro premio o obtivo "Avós", de Bianca Cid Bouzas (Cambre, 1984), un conto no que un narrador en primeira persoa evoca as lembranzas sobre a relación dos seus avós xa anciáns pouco antes de morrer e a súa concepción da vida e da morte. O segundo premio foi para "As once da noite", de Lidia López Teijeiro (Paradela, Lugo, 1986), no que se narra o enfrontamento do reloxeiro chamado o Retorta co deus Cronos, unha loita que leva ao home ata a loucura polo celos que o deus ten do seu labor, e o terceiro para "Morriña", de Fátima Peón Torres (Pontevedra, 1985), un relato no que a narradora evoca a figura do seu mellor amigo da infancia, un rapaz homosexual que sempre foi diferente ao resto e que acaba de morrer nunha manifestación antiglobalización en Barcelona. Os accésits foron para Inma García Fernández (Curtis, A Coruña, 1985) por "¿Canto? - Nadia", no que se narra cómo unha anciá se aferra, nos momentos en que se sente máis feble, á carta de amor que un día lle escribira o que hoxe é o seu marido, e do que segue totalmente namorada; o segundo para Sabela Recalde Penabad (San Miguel-Barreiros, Lugo, 1986) por "Miruca", un relato no que un neno lembra a amizade que o uniu con Miruca, unha nena orfa da aldea á que todos tiñan por tola, e o terceiro para Eva Vila Melero (Ourense, 1984) por "Vida de tres", retrato da vida de tres mulleres, unha nai e as súas dúas fillas, abandonadas polo home que levan unhas vidas superficiais e faltas de comunicación e cariño entre elas ata que, despois de dezaseis anos, el regresa e descubren que é

narcotraficante.

Xesteira, José Ángel, *Caldo de mares para homes libres*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2003, col. Alternativas, 244 pp. (ISBN: 84-9782-012-6).

José Ángel Xesteira (Redondela, 1946) é a autor desta novela de piratas na que o protagonista principal, Amado Piñeiro, pasa a súa vida como cociñeiro en embarcacións piratas a principios do século XIX, época na que, tal e como repite o narrador en diversos momentos, a piratería está en absoluto decaemento e na que fan aparición "outros piratas como os *trust*, *companies* ou *societés* (...) que actúan dende mesas de oficinas de Londres, Nova York, Madrid...". A meirande parte da obra xira en torno ás historias que se contan de noite nun barco, o "Santa Lilaina", un barco que persegue un rumbo ao que o lector lle dá sentido pleno dentro da trama argumental cando se chega ao penúltimo capítulo. Salvo algunhas excepcións (coma o caso do capitán Alencastre) ditas historias son contadas por Amado Piñeiro e a través delas dá a coñecer a orixe, transcurso e punto no que se atopa a súa vida. Así pois, como se subliñou liñas arriba, trátase dun cociñeiro galego de barcos piratas que adquire grande importancia dentro da tripulación ata un punto no que chega a mandar máis que o capitán. A historia transcorre atopándose con diversos persoeiros de grande importancia na novela coma o capitán Laffite e avanza ata un punto no que, conxuntamente con Orlandinho (pirata de orixe brasileira), fan unha cooperativa e mercan unha goleta, a "Iemanxá". A partir de aquí cóntanse unha gran cantidade de pasaxes (cos seus correspondentes lugares, tempos, formas e personaxes), entre as que se atopa a parada en Cuba e o coñecemento de Tomasa Lecumberri, elemento fundamental na trama da novela. Despois de moitos sucesos e tombos polas máis diversas costas americanas, o protagonista decide volver á súa terra natal. Pero a chegada á súa aldea é absolutamente desoladora de xeito que doa a súa herdanza e decide un reencontro co seu único amor vital: Tomasa. Toda esta historia vital é contada por Piñeiro a un pequeno grupo de xente na travesía a Cuba, que é o destino do Santa Lilaina e onde se atopará coa súa querida. A partir dese momento, un narrador omnisciente dános a coñecer o desenlace definitivo nun epílogo. Con todo o descrito, é evidente que nos achamos perante unha obra de trama argumental complexa e continuamente cambiante, cun ritmo narrativo rápido, personaxes que aparecen e desaparecen incesantemente e espazos absolutamente itinerantes pero que teñen un denominador común: pertencer á costa. Divídese en tres grandes partes subdivididas en trinta e tres capítulos ao que se lles suma un epílogo e un glosario.

Recensións:

- Santiago F. Cordeiro, 'Escumadeiras coma sabres', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, p. 11.

Dá conta da aparición do libro de J. A. Xesteria, *Caldo de mares para homes libres*, unha obra a cabalo entre novela e ensaio, onde se relata a vida e miragres de Amador Piñeiro, un cociñeiro feito pirata, que viaxa a Cuba para atoparse coa súa amada Tomasa. Ademais de describir o argumento, salienta que tras a obra se agocha a vella tradición mariñeira da navegación a vela, a noción dun estilo de vida propio maila idea utópica do pirata "outsider" que non se adapta ás normas sociais e soña cun mundo mellor. Segundo

Cordeiro, a través desta obra o autor transmite a súa mensaxe: "o home, dentro dos avatares históricos, é capaz de decidir o seu destino, é dicir, a súa felicidade."

- Francisco Martínez Bouzas, 'Andainas de piratas, utopías baixo unha bandeira negra', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 outubro 2003, p. 3.

Sínálase, con respecto á aparición de *Caldo de mares para homes libres*, que se trata dunha publicación peculiar inserta nun panorama "máis ben mediocre". Fálase da piratería e das características que distinguen á obra de Xesteira das demais, dando a coñecer os personaxes da mesma e poñendo especial fincapé no protagonista, Amaro Piñeiro, un galego que fai a súa incursión nese mundo tan particular e que exerce tanto de cociñeiro coma de negreiro, pirata, empresario, comercial ou buscador de tesouros. Remátase o artigo expoñendo o punto de vista do autor e subliñando tratamento nobre e humano que se lle dá aos terríbeis piratas nunha obra con "sabor tropical, cosmopolita e libertario".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Caldo de mares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 23 outubro 2003, p. V.

Logo de referirse ao gran "déficit de mar" que hai nas nosas letras, apoiándose nun laio atribuído a Vilar Ponte -quen falaba da ausencia dunha verdadeira épica do mar-, Martínez Bouzas mergúllase nunha recensión na que non deixa pasar as vivencias entre corsarios e piratas nas que está baseada unha obra ambientada no século XIX, época do decaemento da piratería. Faise o correspondente resumo da trama argumental para, ao final, dar o seu punto de vista subliñando a habilidade narrativa coa que Xesteira converte en nobres e humanos aos terríbeis piratas.

Referencias varias:

- Belén López, 'Os xornalistas deberían ter un código como os piratas', *El Progreso*, 'Gente', 'Entrevista', 19 2003, p. 3.

Entrevístase ao columnista e escritor de Redondela José Ángel Xesteira, tras a inmediata presentación de *Caldo de mares para homes libres*. O escritor fala de múltiples aspectos relacionados tanto coa devandita, como coa súa experiencia persoal e profesional. Así, trata tanto do seu xeito de asinar, como do título da obra, pasando polo xénero no que está escrita, as características da súa trama argumental, o seu traballo como xornalista e escritor ao mesmo tempo ou a actualidade no seu contorno laboral.

- X. L. Méndez Ferrín, 'Nobelo de piratas', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 18 xullo 2003, p. 2.

Méndez Ferrín inicia o seu artigo facendo unha referencia histórica á actividade corsaria en Galicia e en especial aos piratas galegos Bernardo e Benito Soto, así como ás diferentes reseñas literarias galegas ambientadas na piratería, coma é o caso de *Caldo de mares para homes libres*, unha obra na que o protagonista principal é un galego pirata: Amado Piñeiro. O autor cita varios acontecementos históricos nos que se sustenta a obra (plasmados ou omitidos nas páxinas de Xesteira), os personaxes que conviven nela e aos acontecementos

que se producen.

- Salvador Rodríguez, 'Os piratas non eran os únicos malvados dos mares', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 321, 'Entrevista', 19 xullo 2003, p. 4.

Entrevista a José Ángel Xesteira na que Rodríguez fai unha introdución percorrendo a traxectoria literaria do escritor e incide sobre aspectos como os cambios existentes en *Caldo de mares para homes libres* con respecto a obras anteriores, o protagonista galego da obra (o cociñeiro Amado Piñeiro), os lendarios piratas, corsarios e bucaneiros, o enclave histórico da novela ou o xénero ao que pertence. Ante isto, Xesteira dá a coñecer, principalmente, a realidade dunha obra que pega continuos chimpos entre a historia e a ficción.

- H. Vixande, 'Xosé Anxo Xesteira. 'Os banqueiros rouban coma os piratas, pero non son románticos'', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 31 xullo 2003, p. 40.

Entrevista absolutamente centrada na última obra de Xesteira, publicada por Xerais, na que responde acerca de aspectos moi cinxidos á temática tratada nela: a piratería. Así, expón as características diferenciais entre os piratas, os corsarios e os bucaneiros, os paralelismos entre a antiga figura de pirata e certas figuras pertencentes á sociedade actual ou a presenza dun galego, Amado Piñeiro, estruturando o eixo argumental desta creación literaria.

- Belén López, 'J. A. Xesteira. 'Podíamos aprender dos piratas'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 setembro 2003, pp. 82-83.

Extensa entrevista de dúas páxinas na que Belén López, co trasfondo da última creación do escritor de Redondela, se introduce en diversos aspectos que atinxen ao seu labor como escritor. Así, responde a cuestións coma o porqué do título *Caldo de mares para homes libres*, as peculiaridades dos piratas que aparecen nesta obra, a influencia das amizades, familia e cine nos seus traballos ou a situación que, segundo el, vive o xornalismo na actualidade.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 2 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *Caldo de mares para homes libres*, de J. A. Xesteira, da que se salienta o seu "intenso alento narrativo", a mestura da aventura, a gastronomía e as peripecias de homes de mar nun tempo pasado, cos que o autor consegue unha obra de "sabor tropical e cosmopolita". Tamén se achega ao poemario *Ras e tritongos*, de Carlos Solla, e á reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, das que se dá conta no apartado correspondente deste *Informe*.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Blanco Amor, Eduardo, *Os biosbardos. Contos prá xente*, Vigo: Galaxia, 21 xullo 2003, col. Literaria, Biblioteca de autor Blanco Amor, nº 1, 125 pp. (ISBN: 84-8288-615-0).

Volume inaugural da "Biblioteca de autor Eduardo Blanco Amor" que, baixo o título *Os biosbardos. Contos prá xente*, recolle unha serie de sete relatos de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897- Vigo, 1979) aparecidos por vez primeira en 1962 e que foron traducidos ao castelán, *Las musarañas*, no ano 1975. Comeza cunha "Xustificación" do propio autor na que sinala os libros que nacen das súas lembranzas de Auriá, o período temporal no que se desenvolven as historias que se contan e o carácter autobiográfico que o autor lles imprime. A seguir, reproducense as diferentes narracións que compoñen o volume, cada unha das cales, xira en torno a un personaxe principal, sempre un neno ao que lle acontece algunha aventura. As historias titúlanse: "A arrasadeira", "O noxo", "O encalatro", "Primeira comunión", "Bartomeu i os biosbardos", "O salvamento" e "O estreno".

Recensións:

- Moisés R. Barcia, 'Os biosbardos', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Anuncia que a editorial Galaxia inaugura a "Biblioteca Blanco Amor" coa edición de *Os Biosbardos*. A edición está moi coidada e destaca a normativización do texto de Blanco Amor.

- Tomás Ruibal, 'Reedicións dun clásico', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 21 setembro 2003, pp. 8-9.

Dáse conta da aparición de *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe* na Biblioteca Blanco Amor da Editorial Galaxia. Así mesmo, Tomás Ruibal aventúrase a sinalar a aparición en breve, tamén nesta colección, de *A esmorga*. De seguido, analízanse os dous primeiros títulos e destácanse algúns dos aspectos nos que radica a modernidade do autor de Auriá. Finalmente, fálase desta coidada reedición de Galaxia, que inclúe fotos do propio Blanco Amor, e da irrepetíbel figura como novelista deste auriense.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Nese mosaico de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2003, p. 44.

Tras comentar como se recorda a Eduardo Blanco Amor nos derradeiros anos da súa vida, fálase do proxecto "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia e, máis concretamente, dos dous títulos, *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), cos que se inicia esta colección que tamén incluírá a súa obra en castelán. En recadro á parte, baixo o título "Memoria emigrante", ofrécense algúns datos biográficos do autor nado en Ourense e anúnciase *Chile a la vista* (1951) como a próxima entrega deste proxecto.

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fíxase na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da reedición de *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor; obra de oito relatos que son estampas dun tempo pasado, ademais salientase que o fío condutor dos contos sexa o personaxe-narrador. Tamén repara no comentario da obra *Tarxeta vermella*, de Xosé Miranda, e na novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz.

- Vicente Araguas, 'Cativos', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 3 outubro 2003, p. 72.

Coméntase unha afirmación feita por Vicente Araguas nunhas xornadas en Ourense sobre a figura de Eduardo Blanco Amor para destacar a importancia que o articulista lle outorga á obra deste ourensán. De seguido, ofrécense algúns trazos que caracterizaban ao autor de *A Esmorga* e analízase a obra *Os Biosbardos*, que grazas á "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia se pode agora reler.

Blanco Amor, Eduardo, *Xente ao lonxe*, Vigo: Galaxia, xullo 2003, col. Literaria, 326 pp. (ISBN: 84-8288-605-3).

Nova edición da novela de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) publicada por primeira vez en 1972, aínda que coas alteracións impostas pola censura. O texto íntegro publicaríase na segunda edición, de 1976. A presente edición, que non inclúe as ilustracións de Díaz Pardo que contiñan a primeira e segunda, aparece esta vez na colección "Biblioteca Blanco Amor", da que *Xente ao lonxe* constitúe a segunda entrega. A obra está precedida dun "Prólogo útil" no que Blanco Amor expón o seu programa ético e estético, reflexionando e analizando tanto a súa obra como o panorama da narrativa galega coeva. Nel manifesta a súa vontade de expresar unha realidade histórico-social servíndose dunha estrutura narrativa complexa e dunha coidadísima elaboración lingüística. A novela preséntase dividida en catro partes. A primeira parte céntrase nas vivencias infantís de Suso, en alternancia coa exposición de historias da cidade. Na segunda nárrese o conflito familiar que se crea pola confrontación entre o ensino laico ou relixioso, tendo como pano de fondo a loita do pobo contra a Igrexa e o Goberno. A terceira parte céntrase na revolta popular de Ursaria (baseado nos feitos reais de Oseira) e a represión brutal na que deriva e que afecta á familia do narrador. Na cuarta parte asistimos á madurez sexual e social de Suso. O final da novela é aberto e a esperanza reflíctese nunha carta de Evanxelina na que

afirma que a pesar das dificultades a loita continúa. *Xente ao lonxe* ten unha estrutura complexa: consta de varios narradores, ficando o discurso narrativo determinado pola pluralidade de puntos de vista. Así, o narrador principal é Suso, o protagonista, que en función do plano diexético a desenvolver cede a súa voz a outros narradores secundarios (como a súa irmá Evaxelina, un narrador-observador indeterminado... así como escenas dialogadas ou a inserción do discurso epistolar). Deste xeito imos coñecendo o seu proceso de iniciación vital, alén do seu ambiente familiar (o dos Aser), e a articulación e desenvolvemento do mundo do proletariado que estaba a xurdir no Ourense (Auria) de comezos do século XX, contextualizado no marco social e histórico do tempo. A obra constitúe así un completo fresco social, cunha complexa rede de personaxes, desde a familia de Suso ata o conxunto da sociedade, centrado no agromar da conciencia sindical e política do proletariado e con atención aos conflitos xerados pola situación socio-económica. Móstranos os diferentes estamentos sociais do Ourense da época: a burguesía, os cargos administrativos, relixiosos, as organizacións políticas do sistema da Restauración, e os seus soportes ideolóxicos. Do outro lado estarían o proletariado, que comeza a dotarse de organización e de medios de expresión (que sofren a represión da burguesía) e os membros marxinais da sociedade, sen medios económicos nin ideoloxía. Deste modo, malia ser Suso o personaxe principal, ten en realidade un protagonismo compartido coa colectividade de Auria, de tal xeito que podemos considerar *Xente ao lonxe* unha novela tanto de aprendizaxe como histórica.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Reedicións dun clásico', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 21 setembro 2003, pp. 8-9.

Dáse conta da aparición de *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe* na Biblioteca Blanco Amor da Editorial Galaxia. Así mesmo, Tomás Ruibal aventúrase a sinalar a aparición en breve, tamén nesta colección, de *A esmorga*. De seguido, analízanse os dous primeiros títulos e destácanse algúns dos aspectos nos que radica a modernidade do autor de Auria. Finalmente, fálase desta coidada reedición de Galaxia, que inclúe fotos do propio Blanco Amor, e da irrepetíbel figura como novelista deste auriense.

Referencias varias:

- Maré, 'Nese mosaico de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2003, p. 44.

Tras comentar como se recorda a Eduardo Blanco Amor nos derradeiros anos da súa vida, fálase do proxecto "Biblioteca Blanco Amor" da Editorial Galaxia e, máis concretamente, dos dous títulos, *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), cos que se inicia esta colección que tamén incluírá a súa obra en castelán. En recadro á parte, baixo o título "Memoria emigrante", ofrécense algúns datos biográficos do autor nado en Ourense e anúnciase *Chile a la vista* (1951) como a próxima entrega deste proxecto.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 11 setembro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a obra *Contos de Santos e Nadal*, de Ramón Otero Pedrayo e da reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, da que se salienta que é unha das grandes novelas corais da literatura galega, na que a través dunha gran galería de personaxes o autor recrea os grandes cambios sociais da Galicia de finais do século XIX e salienta que o autor combinou a cento setenta personaxes cunha "concepción cinematográfica" do relato.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 2 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *Caldo de mares para homes libres*, de J. A. Xesteira, do poemario *Ras e tritongos*, de Carlos Solla, e da reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, da que se salienta que é unha das grandes novelas corais da literatura galega, na que a través dunha gran galería de personaxes o autor recrea os grandes cambios sociais da Galicia de finais do século XIX e salienta que foi considera por certo sector da crítica a obra máis ambiciosa do autor ourensán.

Ferreiro, Celso Emilio, *Obra narrativa*, edición de Mónica Góñez Silva, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Clásicos, nº 2, 230 pp. (ISBN: 84-9782-063-0).

Esta obra reúne nun único volume os dous libros de ficción en prosa que publicou Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979), *A fronteira infinda* e mais *A taberna do galo*, nunha edición ao coidado de Mónica Góñez Silva. O libro ábrese cun estudo introdutorio, "Celso Emilio Ferreiro, vida e obra", no que Mónica Góñez logo de abordar a biografía do autor celanovés analiza a súa obra en prosa. Con respecto a *A fronteira infinda* salienta que cando Celso Emilio escribe o libro xa vivira o mundo da emigración, de xeito que malia reutilizar nel certos materiais anteriores como os seus artigos no *Faro de Vigo*, estas circunstancias persoais están moi presentes na obra. Así Góñez vai analizando o tratamento das distintas personaxes. Tamén apunta aqueles contos nos que o autor recicla o material dos artigos da súa sección "La jaula de los pájaros raros" no xornal vigués. Finalmente apunta outras alusións ao mundo galego, que convive nos relatos coa exuberancia do mundo tropical, e sinala como unha constante nestes relatos a crítica contra o sector da comunidade emigrante que sempre atacou, os ricos desleigados e as inxustizas do sistema social, alén de salientar a riqueza da expresividade lingüística e a fina ironía da que bota man Celso Emilio. No tocante a *A taberna do galo*, Mónica Góñez salienta que na obra se inclúen retallos da vida real do autor mesturadas coa arte de contar, polo que esta conforma un documento de grande importancia para coñecer ao escritor. Sinala que as coordenadas espaciais nos sitúan na taberna do Galo, onde se van contando historias relacionadas co *Emiliño* ou cos seus veciños. Góñez vai resaltando algúns dos episodios que deitan luz sobre sucesos biográficos de Celso Emilio, como a narración do episodio persoal que deu pé ao poema "Longa noite de pedra" ou as páxinas dedicadas a Xosé Velo, sen esquecer que xunto ás achegas para unha biografía persoal están os detalles da vila, moi acordes coas conversas da taberna. Resáltanse tamén certos casos de intertextualidade co resto da obra do propio Celso Emilio, e remata salientando a capacidade expresiva que o autor amosa nestas prosas. En relación cos criterios de edición explica que se parte da última edición en

vida do autor, quitando o relato "O alcalde" que aparece por vez primeira no terceiro volume das *Obras Completas* publicadas en 1981. Sinala tamén que os textos foron sometidos a unha regularización lingüística, substituíndose as formas castelás ou falsamente galeguizadas polas formas "axeitadas na actualidade". Mantivéronse no entanto trazos dialectais do galego ourensán que caracterizan a lingua do autor, como o paradigma de demostrativos, o pronome *il* e os plurais en *-ós*. *A fronteira infinda* está formado por dez relatos, aos que sigue un "Vocabulario de americanismos". Os relatos están ambientados en América Latina, concretamente en Venezuela, no entanto a presenza de Galicia é constante, unha Galicia ás veces mítica e noutros casos máis concreta. Moitos dos contos están protagonizados por emigrantes galegos que non sempre contan coa simpatía do autor, abordándose neles diversas temáticas, como o motivo do bandido xusto, a denuncia da tortura nas cadeas, o retrato das ditaduras fascistas ou a crítica ao emigrado próspero pero desleigado e sen escrúpulos. Estes relatos estrutúranse desde ángulos e técnicas variadas e complexas, predominando a modalización a través dun narrador omnisciente heterodiexético ou ben a través dun "eu protagonista". *A taberna do galo* ábrese cunha "Advertencia" na que se nos presenta a obra como un fragmento doutra que o autor estaba a preparar, *Memorias de nunca*. A acción sitúase na taberna do Galo, en Celanova, exercendo o taberneiro como narrador, de xeito que Celso Emilio aparece en ocasións como narratario e como interlocutor do narrador. Así, cóntanse historias relacionadas co mozo *Emiliño* e coa realidade da súa vila natal e as súas xentes, funcionando en moitas páxinas como unha autobiografía. Deste xeito somos partícipes das súas lembranzas da infancia, do espertar á sexualidade, de historias pintorescas dos seus veciños e sucesos graciosos, pero tamén de historias da guerra ou críticas voraces aos seus inimigos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécese algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión referidas á literatura galega ofrécese algúns apuntamentos sobre a reedición da *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de cose/Héleris*, de Alexandre Nerium e Carlos Negro; e *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz. Da primeira destácase o carácter fustigante contra a inxustiza que Celso Emilio lle imprimía a todas as súas obras, presente tamén neste volume que acolle as obras *A fronteira infinda* (1972) ou *A taberna do galo* (1978). Sinálase tamén que a responsábel da edición, Mónica Góñez, ofrece un interesante estudo da obra do autor celanovés, símbolo da corrente socialrealista.

- Domingo Tabuyo, 'Narrativa de C.E. Ferreiro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Libros', 18 decembro 2003, p. IV.

Indícase que a narrativa de Celso Emilio Ferreiro presenta o mesmo abano de recursos estilísticos que a súa poesía, tratando as mesmas materias de anguria, loita, xustiza social, coa mesma intensidade que nos poemas aínda que con maior expresividade e liberdade. Apúntase que a alma crítica e irónica de Celso Emilio é quen de diseccionar a realidade nas múltiples facetas emotivas e de denuncia cunha presenza máis directa e destacada se cabe, e

saliéntase o recurso á ironía, ao humor acedo, á corrosividade, mais tamén a comprensión que amosa cos parias, perdedores e fracasados. Destácase a especial habilidade do autor para retratar tipoloxías singularizadas, figuras que pretenden vivir outras vidas que non son as súas, amosando algúns exemplos destes personaxes. Saliéntase tamén o protagonismo destacado da sexualidade nos relatos, o que se ve tanto nas historias dalgúns personaxes como nos múltiples alcumes e nomes que fan referencia a este tema. Finalízase indicando que se trata dunha obra viva e activa que reflicte un coñecemento profundo da sociedade e das súas miserias, da emigración, dos enganos e da desesperación.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'A prosa dun defensor das xentes da súa terra, Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 novembro 2003, p. 55.

Dáse conta do estudo realizado por Mónica Góñez sobre a prosa de Celso Emilio Ferreiro que recolle baixo o título de *Celso Emilio Ferreiro. Obra Narrativa*. Volume no que se publican os dous únicos libros de ficción en prosa que publicou o escritor: *A fronteira infinda* e *A taberna do galo*.

- M.B., 'Unha colección recupera a obra de Lueiro Rey e Celso Emilio Ferreiro', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 52.

Dáse conta dalgúns novidades editoriais. Para comezar, saliéntase a recuperación, en Xerais, da obra de dous "clásicos" galegos: Celso Emilio Ferreiro e Manuel Lueiro Rey. En canto ao primeiro, refírese á aparición da *Obra narrativa* de Celso Emilio, que inclúe os dous únicos libros de prosa escritos polo autor mais un estudo preliminar a cargo de Mónica Góñez. De Lueiro Rey, indícase, sae *Derradeira escolma ferida*, unha revisión actualizada de dúas obras anteriores de título similar. A seguir, faise mención dunha antoloxía de lírica galego-portuguesa que tira do prelo tamén Xerais e que confeccionou o especialista Xosé Bieito Arias Freixedo. Por último, e centrándose xa noutra casa, a Editorial Galaxia, achégase información o xornalista sobre a novela de Xosé Antonio Neira Cruz *O armiño dorme*, da que se destaca a espacialización italiana e mais o "romeoexulietismo" da historia.

- Marcos Valcárcel, 'Prosas de Celso Emilio', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 18 decembro 2003, p. 93.

Sinala que do mesmo xeito que o papel central da novelística de Blanco Amor ocultou a calidade literaria da súa obra poética, a potencia da obra lírica de Celso Emilio relegou a un segundo plano a súa obra en prosa, polo que remarca a importancia de recuperar tanto a poesía dun como a narrativa do outro para termos unha imaxe acaída de ambos. De aí a oportunidade desta edición da narrativa de Celso Emilio que publica Xerais da man de Mónica Góñez. Indica que as prosas de Celso Emilio se concentran no seu xornalismo publicado no *Faro de Vigo* desde os anos cincuenta e nos libros *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do Galo* (1978). Do primeiro apunta que recolle unha serie de relatos sobre a emigración cunha perspectiva tan crítica como a de *Viaxe ao país dos ananos*. Sinala o acerto de Mónica Góñez ao relacionar estes relatos cos seus artigos na sección "La jaula de

los pájaros raros" no xornal *Faro de Vigo*, ao existiren coincidencias evidentes e estaren varios contos inspirados en personaxes reais. Do segundo volume salienta a "simpática taxonomía" do escritor que clasifica "por especies e maneiras os alcumes da vila". Este mesmo artigo foi publicado no xornal *Galicia Hoxe*, do día 26 de decembro de 2003.

- Marcos Valcárcel, 'As prosas do Celso de Celanova', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 decembro 2003, p. 56.

Sinala que do mesmo xeito que o papel central da novelística de Blanco Amor ocultou a calidade literaria da súa obra poética, a potencia da obra lírica de Celso Emilio relegou a un segundo plano a súa obra en prosa, polo que remarca a importancia de recuperar tanto a poesía dun como a narrativa do outro para termos unha imaxe acaída de ambos. De aí a oportunidade desta edición da narrativa de Celso Emilio que publica Xerais da man de Mónica Góñez. Indica que as prosas de Celso Emilio se concentran no seu xornalismo publicado no *Faro de Vigo* desde os anos cincuenta e nos libros *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do Galo* (1978). Do primeiro apunta que recolle unha serie de relatos sobre a emigración cunha perspectiva tan crítica como a de *Viaxe ao país dos ananos*. Sinala o acerto de Mónica Góñez ao relacionar estes relatos cos seus artigos na sección "La jaula de los pájaros raros" no xornal *Faro de Vigo*, ao existiren coincidencias evidentes e estaren varios contos inspirados en personaxes reais. Do segundo volume salienta a "simpática taxonomía" do escritor que clasifica "por especies e maneiras os alcumes da vila". Este mesmo artigo foi publicado no xornal *La Región*, do día 18 de decembro de 2003.

Jaureguizar, *Freedom spik*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, nº 52, serie Literaria, 88 pp. (ISBN: 84-8302-989-8).

Freedom Spik é un conxunto de "microrrelatos" de Jaureguizar (Bilbao, 1965), publicado por primeira vez en 1995 e pertencente ao xénero bravú, que presenta catro novos relatos nunha versión de peto con trinta e tres pezas. Lonxe de posuír unha única trama argumental, dá a coñecer unha multitude de flashes (cada un con cadansúa trama) que amosan intres da realidade social máis cotiá. Tanto podemos toparnos cun home que pasa o día sentado no sillón co mando a distancia dende que deixou de vivir no rural coma cunha cativa que, por mor da "culturización" televisiva, lle chama "*norit*" aos cordeiros. Son moitos e moi diversos os instantes recollidos neste libro pero, a pesar da variedade, plásmase con grande frecuencia un abismal contraste entre o mundo rural e o urbano. Do mesmo xeito, existe grande variedade nas voces narrativas, atopando tanto narracións en primeira coma en terceira persoa cun narrador que ás veces é o protagonista principal, ás veces secundario, ás veces forma parte da historia que narra e outras é alleo. Incluso nalgunha ocasión atopamos ausencia de narración coa presenza de fragmentos de diálogos. Novamente, atópase unha enorme diversidade no que atinxe aos espazos (tantos cantos relatos hai na obra) e tampouco faltan historias nas que son omitidas as referencias espaciais. A obra amosa un ritmo narrativo moi rápido pretendendo plasmar o instante (convén subliñar a inexistencia gráfica dos puntos e á parte coa pretensión de avivar este ritmo), cunha linguaxe chea de frases feitas propias dun rexistro coloquial e continuos vulgarismos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Ferozmente vivas ', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 13, 'Letras en galego', 14 xuño 2003, p. 7.

Ramón Nicolás, logo de plasmar a importancia que tivo a presente obra cando saíu do prelo a mediados dos noventa como grande revulsivo que significou, cita tamén a significación que *Fridom Spik* posúe dentro da obra de Santiago Jaureguizar. Asemade, insértaa dentro da literatura bravú facendo un pequeno percorrido polas características da mesma para finalizar cunha referencia ao continuo contraste existente nun universo social que mantén un difícil equilibrio entre a tecnoloxía de última xeración e os tradicionais costumes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Fridom Spik', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. V.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enxalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradicción que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi publicado nos xornais *El Correo Gallego*, dentro do seu suplemento "Correo das culturas" no día 20 de xullo, e en *La Opinión*, no día 13 de setembro.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Renovando o frescor da literatura bravú', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Narrativa', 20 xullo 2003, p. 2.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enxalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradicción que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi publicado nos xornais *Faro de Vigo*, o día 26 de xuño, e en *La Opinión*, o día 13 de setembro.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Literatura 'bravú' hoxe', *La Opinión*, 'Saberes', nº 22, 13 setembro 2003, p. 7.

Martínez Bouzas, logo de recoñecer a Jaureguizar coma un dos "inventores" da literatura bravú, informa da reedición dun dos libros máis representativos desa clase de literatura, *Fridom Spik*, do que destaca a súa particular presentación da realidade a través de pequenas "peciñas narrativas" enxalzando a virtude de poder plasmar a banalidade e febleza que moven ao mundo. Reflexiona acerca dos mesmos e fai fincapé na permanente contradicción que se pode atisbar entre o mundo tradicional e o tecnolóxico. Esta mesma recensión foi publicado nos xornais *El Correo Gallego*, dentro do seu suplemento "Correo das culturas"

o día 20 de xullo, e en *Faro de Vigo*, o día 26 de xuño.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Títulos', *El Progreso*, 'Gente', 'O Calcapapeis', 13 xullo 2003, p. 6.

Logo de facer unha breve reflexión sobre o título do seu libro *Fridom Spik* e as críticas que recibiu polo mesmo, o escritor fai un repaso por diversos títulos que posúen certa orixinalidade, citando obras de autores coma Cid Cabido.

Lamas Carvajal, Valentín, *Catecismo do labrego de Valentín Lamas Carvajal con Castelao*, limiar de Manuel Espiña Gamallo, A Coruña: Novos Vieiros/Gran Enciclopedia Galega, 2003, col. Documentos, Xerais Peto, 61 pp. (ISBN: 84-932970-3-8).

Reedición de *O Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), na que se fai, tal e como se indica na introdución, unha revisión e actualización da lingua. A obra vai precedida dun limiar de Manuel Espiña Gamallo, coengo da Colexiata da Coruña, no que se achega á figura do autor e a algúns aspectos da súa vida privada, como a fe católica que profesaba ou as distintas publicacións das que foi promotor; explícase, asemade, que a primeira publicación deste se fixo, en dúas entregas, na revista *O tío Marcos da Portela*. Esta nova reedición inclúe, ademais, ilustracións de Daniel Alfonso R. Castelao que acompañan ao texto. *O catecismo do labrego* é documento de humanidade rural, no que o labrego aparece maltratado pola historia e denuncia os seus problemas como os foros, os trabucos, as quintas e tamén a súa falta de rebeldía; a estrutura da obra é a mesma que a do antigo catecismo, pero neste caso predomina a sátira, a ironía, a antítese, as frases feitas, os refráns ou as locucións; todo isto, cunha lingua popular e viva, que reproduce fielmente a fala dos labregos.

Lesta Meis, Xosé, *Manecho o da rúa*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Froita do tempo, nº 7, 99 pp. (ISBN: 84-96203-46-8).

Este relato obra de Xosé Lesta Meis (Santa María de Oza, 1887-?) ten como protagonista a Manoel, alcumado Manecho o da Rúa, e nel vemos as súas peripecias dende a súa fuxida da aldea e a súa chegada á illa de Cuba até o seu regreso a Galicia sen un can. Durante este periplo a concepción que tiña Manecho da súa aldea evoluciona e vai desde o desprezo cando foxe como polisón a América até a reconciliación na fin dos seus días. Na súa estancia na illa americana Manecho intégrase na sociedade cubana, le moito e traballa pouco, namorase varias veces pero a definitiva é con Elba, neta de españois, á que ten que deixar ante as negativas dos pais da rapaza. Despois deste fracaso decide regresar a Galicia e xa na súa aldea descobre por medio de cartas que Elba o quere, mais xa non é quen de regresar a América e ao saber que Elba morreu despídese do mundo reconciliándose coa aldea da que fuxira. Na narración vemos as dificultades coas que se atoparon moitos dos emigrantes galegos en América, focalizados nestes caso no mal vivir e o moito traballar dos galegos na illa de Cuba e asemade reflíctese na grafía algúns dos trazos fonéticos do español de Cuba: seseo, <s> aspirado en final de sílaba, yeísmo, etc.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *Manecho o da rúa*, de Xosé Lesta Meis; *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada; e *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero. Da obra de Lesta Meis sinala que é un relato sobre a emigración a Cuba a comezos do século XX, no que se atopan notas autobiográficas do autor. Destácase que é a historia da vida dun mozo emigrado que comeza e remata traxicamente na súa aldea natal. Do autor sinálanse algúns datos biográficos como o seu nacemento en Santa María de Orza en 1887, a súa condición de emigrante e o seu achegamento ao nacionalismo galego co grupo Nós. Lémbrese que publicou outras obras como *Estebo* (1927) e *Abellas de ouro* (1930).

Lueiro Rey, Manuel, *O sol na crista do galo*, edición de Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 54, 313 pp. (ISBN: 84-8302-968-5).

Este volume de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes-Pontevedra, 1916-O Grove, 1990) saíu ao prelo por vez primeira, cun "Limiar" de Basilio Losada, en 1982, publicado por Edicións do Castro, casa responsábel tamén da súa reimpresión en 1991. Trátase dun conxunto de trece historias, os protagonistas das cales son personaxes cotiáns, e nas que se emprega unha linguaxe clara e sinxela. Un narrador omnisciente en terceira persoa vai enfiando estes trece relatos, intercalando a maxia coa realidade e perfilando as miserias e traxedias que mergullaron nos anos posteriores da Guerra civil os pobos e aldeas de Galicia. A pesar da traxedia na que se desenvolven todos eles, déixase entrever un lugar para a esperanza. En 2002, o libro foi reeditado na colección "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia* e Edicións Xerais de Galicia. Na citada colección, o texto reproducido partía precisamente da edición fixada por Ramón Nicolás Rodríguez para esta nova impresión feita por Xerais en 2003, que daquela permanecía inédita. A diferenza das anteriores publicacións, nesta ocasión reproducese, para alén dos doce relatos e o "Limiar" de Losada que integran *O sol na crista do galo*, un apéndice con dous escritos en castelán do autor ("La pena de muerte. Su ineficacia" e "A todos los míos: como presencia") e outro de Ramón Garrido ("Una noche de septiembre"). Cómpre sinalar, non embargantes, que o lugar natural do "Limiar" foi modificado para se colocar tamén nos apéndices do libro. Ademais, incorpórase un "Glosario" e, o que supón o engadido máis significativo, un completo e longo estudo introdutorio a cargo do editor. Nel repásase, en primeiro lugar, a "Traxectoria biográfico-literaria" do escritor pontevedrés, dando conta da etapa de formación, da posguerra e o exilio americano e dos derradeiros anos de volta a Galicia. A continuación, examínase pormenorizadamente "A obra literaria de Lueiro Rey", percorrendo os distintos xéneros que cultivou, tanto en galego como en castelán. Despois, Ramón Nicolás achega unha "Análise literaria" de *O sol na crista do galo*, deténdose no estudo da modalización, a temporalización e a espacialización narrativa, os personaxes, os

temas, a recepción da obra, etc. Finalmente, antes de dar paso ao conxunto de relatos que lle dá título ao libro, ofrécense os criterios de edición e unha "Bibliografía selecta" arredor de Manuel Lueiro Rey.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Compromiso ético', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 40, 'Libros', 24 abril 2003, p. IV.

Preséntase e analízase o último número da colección "Biblioteca das letras galegas" de Edicións Xerais: *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey, escritor do que se destaca o seu constante compromiso ideolóxico. Comézase por notar que nesta ocasión é o propio director da colección literaria, Ramón Nicolás, o encargado da edición. Afirmase que a exhaustividade coa que se preparou esta edición, cun amplo estudo introdutorio, fai que este libro teña en páxinas "un volume superior ao do propio texto en si". Detense, seguidamente, no comentario deste estudo, para concluír que malia non ser Lueiro Rey un dos "autores maiores na nosa lingua", vale a pena ler esta obra "e todos os aspectos que sobre ela e sobre o seu autor son achegados da man de Ramón Nicolás".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Unha reedición necesaria dunha obra imprescindible', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 4 maio 2003, p. 3.

Comentario á reedición de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Infórmase nos de que este libro fora publicado orixinalmente en 1982, e que supuxera a segunda incursión na narrativa galega do autor. Francisco Martínez Bouzas inicia á súa análise cunha reflexión arredor do bilingüismo de Lueiro Rey. Lembra despois que este mesmo texto xa fora obxecto de reedición había uns meses, na colección "Biblioteca Galega 120". Explica despois cales son as características destes relatos veristas que xiran arredor das consecuencias da Guerra Civil, afirmando que algún acada a "condición de novela breve". Finalmente, conclúe que se trata dunha excelente edición precedida por un completo estudo de Ramón Nicolás.

- Xulio Valcárcel, 'O sol na crista do galo', *El Ideal Gallego*, '*La Galería*', nº 271, 'Páxina literaria', 17 agosto 2003, p. 4.

Achéganos o autor as súas impresións tras a relectura de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey, na última reedición que presentou Edicións Xerais. Debrúzase no contido dos diferentes relatos que integran o conxunto, no que segundo Valcárcel aparece claramente a marca da Guerra Civil que caracteriza a Lueiro e a toda a súa xeración. Explica que o autor comezou a escribir en galego seriadiamente, e finaliza manifestando unhas palabras laudatorias para o estudo de Ramón Nicolás que acompaña a presente edición.

- Xesús Alonso Montero, 'Lueiro, na crista', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 39, 'Beatus

qui legit', 13 decembro 2003, p. 7.

Indica que coa reedición desta obra se achega a escritura de Manuel Lueiro Rey a novos lectores; sinala que o estudo preliminar que Ramón Nicolás preparou é, a día de hoxe, a monografía máis completa sobre o narrador, poeta e xornalista. Sinala, de seguido, que á obra de Lueiro debemos engadir *Derradeira escolma ferida*, editado hai un mes por Xerais, onde se recolle un mollo de poemas, en boa parte inéditos, en edición de Ramón Nicolás; fai referencia ao modo no que chegaron a el estes poemas é á escolla do título feita por Ramón Nicolás. Fala, finalmente, dos versos sinxelos do poeta e sinala que está pendente a recuperación da súa produción xornalística.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'O sol na crista do galo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Letras en galego', 5 abril 2003, p. 4.

Faise referencia á aparición en Xerais do "texto fixado e definitivo" de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Céntrase sobre todo no estudo de Ramón Nicolás que precede ao texto, que é froito, segundo se afirma, de moitos anos de preparación e que "aporta unha nova perspectiva sobre a traxectoria vital" do autor. Achega tamén algunha información sobre os traballos precedentes de Ramón Nicolás.

- Xesús Alonso Montero, 'Lueiro Rey', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Beatus qui legit', 5 abril 2003, p. 4.

Xesús Alonso Montero anuncia desde a súa columna habitual do suplemento *Culturas* a presentación nese mesmo día da última reedición de *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey. Dita presentación terá lugar no seu Grove natal e, segundo Alonso Montero, supón un fito "no curriculum literario de Manuel Lueiro" dada a calidade de "auténtica monografía" do estudo preliminar de Ramón Nicolás. Tamén achega as súas lembranzas persoais do autor de *O sol na crista do galo*, a quen prologou o seu primeiro libro en galego *Un tempo de sol a sol* (1971).

Otero Pedrayo, Ramón, *Contos do camiño e da rúa*, Vigo: Galaxia, 27 xuño 2003, col. Literaria, Biblioteca de autor Otero Pedrayo, nº 1, 116 pp. (ISBN: 84-8288-608-8).

Volume de relatos escritos por Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888- Trasalba-Amoeiro-Ourense, 1976) e publicado por vez primeira en 1932 na editorial Nós. Recuperado en 1995 na "Colección literaria" de Galaxia, reeditase nesta ocasión como volume inaugural da "Biblioteca de Autor Otero Pedrayo" baseándose no texto publicado por Xosé Manuel Salgado e Xulio Sousa Fernández no ano 1995. Ilustrado na cuberta por un fragmento de "Xentes que nos ollan" de Isaac Díaz Pardo, está composto por sete contos de temática diversa titulados "A serea", "A criada", "O fidalgo", "O Pecado", "O Pazo das Cinco Chagas", "Medicina legal" e "Dona Xohana e don Guindo". Neles contraponse a vida nas

aldeas fronte á vida nas vilas e cidades ou a figura do fidalgo en decadencia fronte ao burgués en alza, reflectindo así, as contradicións dunha sociedade galega en transición entre dous séculos. Algúns destes relatos xa foran incluídos en anteriores recompilacións, por exemplo, en *O fidalgo e outras narracións* (1982) e *O fidalgo e outros relatos* (1994), edición, esta última, de Antón Palacio Sánchez.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Relatos dos nosos clásicos para o remate do verán', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 31 agosto 2003, p. 2.

Dáse conta, dentro do proxecto "Bibliotecas específicas de autor" da colección 'Literaria' de Galaxia, da aparición de dúas obras de Blanco Amor e de dous títulos de Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*. Respecto a estes dous últimos títulos indícase a época na que foron publicados e os relatos polos que están compostos. Así mesmo, sinálanse as características destes relatos en relación á restante produción de Otero Pedrayo; parafrásanse as opinións dalgúns estudosos no tocante á importancia da prosa do autor de Trasalba; destácase a súa ampliación temática e a modernización técnica narrativa no relato breve do autor e, finalmente, alúdese á lingua e estilo empregado por Pedrayo nos seus relatos breves.

- Tomás Ruibal, 'A obra de Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, '*Revista! Letras*', 'Anaquel dos libros', 2 novembro 2003, p. 8.

En primeiro lugar infórmase da aparición de *Contos de Santos e Nadal* e *Contos do camiño e da rúa* de Ramón Otero Pedrayo na colección "Bibliotecas de autor" da editorial Galaxia. A seguir, Tomás Ruibal destaca as características principais destes dous libros de relatos e pón en relación a obra de Otero coa de Ramón María del Valle Inclán. Para dar conta das semellanzas entre estes dous escritores Ruibal acode a algún exemplo concreto de Pedrayo.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

Otero Pedrayo, Ramón, *Contos de Santos e Nadal*, Vigo: Galaxia, 27 xuño 2003, col. Literaria, 110 pp. (ISBN: 84-8288-609-6).

Segundo volume da "Biblioteca de Autor Otero Pedrayo" ilustrado na súa cuberta cun fragmento de "O concerto de Zanfona" de Isaac Díaz Pardo. Ábrese cun breve limiar do autor, datado en Santiago de Compostela o 8 de novembro de 1956, no que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888- 1976) comeza aludindo ao remate dos contos de *Entre a vendima e a castañeira* para, a seguir, mencionar o comezo da redacción, "hoxe, no serán emocionado e griseiro de Compostela", dos contos que se recollen neste volume. Segue o autor de Trasalba afirmando que aos vellos lles gustan os contos e dando as razóns polas que, segundo el, se debe esta querencia. Finalmente, neste seu limiar, Otero Pedrayo diríxese ao "vello amigo Pedroso" para, axudado por unha interrogación retórica, reafirmar que "deica os primeiros soles de xaneiro" se poden imaxinar algunhas historias. A continuación, reproducense os nove contos, publicados postumamente, que compoñen este volume. Estes relatos titúlanse: "As sete portas da sociedade"; "O barco"; "O amante da néboa", "O sorrir da serea"; "Camiñaron no abrente"; "O corazón da pedra"; "O vello e mais o río"; "A revolta e gran risada" e "A cepa do caíño". Narrados maioritariamente desde unha terceira persoa, a excepción do antepenúltimo e do último conto no que a narración desde a primeira persoa está presente, pese a que logo se lle concede protagonismo a outras voces, presentan temáticas habituais neste autor como a presenza da fidalguía vida a menos en "O amante da néboa" ou "O sorrir da Serea"; historias de mortes estrañas e sospeitosas vinganzas, en "A cepa do caíño" ou mesmo a temática mariñeira, como xa desde o título se nos indica, en "O barco" ou "O Sorrir da Serea".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Relatos dos nosos clásicos para o remate do verán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 31 agosto 2003, p. 2.

Dáse conta, dentro do proxecto "Bibliotecas específicas de autor" da colección 'Literaria' de Galaxia, da aparición de dúas obras de Blanco Amor e de dous títulos de Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*. Respecto a estes dous últimos títulos indícase a época na que foron publicados e os relatos polos que están compostos. Así mesmo, sinálanse as características destes relatos en relación á restante produción de Otero Pedrayo; parafrásanse as opinións dalgúns estudosos no tocante á importancia da prosa do autor de Trasalba; destácase a súa ampliación temática e a modernización técnica narrativa no relato breve do autor e, finalmente, alúdese á lingua e estilo empregado por Pedrayo nos seus relatos breves.

- Tomás Ruibal, 'A obra de Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 2 novembro 2003, p. 8.

En primeiro lugar infórmase da aparición de *Contos de Santos e Nadal* e *Contos do camiño e da rúa* de Ramón Otero Pedrayo na colección "Bibliotecas de autor" da editorial Galaxia. A seguir, Tomás Ruibal destaca as características principais destes dous libros de relatos e pón en relación a obra de Otero coa de Ramón María del Valle Inclán. Para dar conta das semellanzas entre estes dous escritores Ruibal acode a algún exemplo concreto de Pedrayo.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Bibliotecas de autor', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 10 setembro 2003, p. 69.

Marcos Valcárcel comenta, en primeiro lugar, a escaseza de libros nos diferentes fogares galegos, destacando incluso a ausencia neles dos considerados clásicos da nosa literatura. De seguido, sinala que é preciso aplaudir as iniciativas pensadas para "eliminar eses baleiros" e detense concretamente na publicación pola Editorial Galaxia da colección "Bibliotecas de Autor". Finalmente, Valcárcel indica os autores e as obras coas que se abre esta colección: Ramón Otero Pedrayo, con *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de Santos e Nadal*, e Eduardo Blanco Amor, con *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 11 setembro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a reedición de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, e dos contos inéditos de Ramón Otero Pedrayo titulados *Contos de Santos e Nadal*, onde se recollen nove relatos que constitúen unha parte do seu proxecto de crear un ciclo narrativo de relatos dedicados ás distintas estacións do ano.

Pexegueiro, Alfonso, *O deserto de Nabalpam*. -*Notas de Cecía T. S.*-, prólogo e epílogo do autor, A Coruña: Edicións Espiral Maior, novembro 2003, col. Narrativa, nº 34, 73 pp. (ISBN: 3484-95625-81-4).

Baixo o título de *O deserto de Nabalpam*, sae neste ano reeditado na colección "Narrativa" de Espiral Maior o libro orixinalmente publicado baixo o nome de *Relatos pra salferir* (1981), de Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948). Trátase de dezaseis relatos breves (algún deles ocupa só unha liña e media), incluído o denominado "Limiar", acompañados de dúas notas autorais: unha ao comezo, e outra ao final. Na primeira ("O deserto de Nabalpam"), Pexegueiro explica que o presente volume leva o título co que saíu a edición en catalán de *Relatos pra salferir* en 1985 (*El Desert de Nabalpam*), incluíndose a maiores un relato inédito datado en 1980: "A muller do Deserto Branco". Ademais, advirte da unidade do conxunto a través do protagonismo feminino das historias, encarnado no personaxe que aparece no subtítulo: Cecía T. S., quen se erixe en "tecedora de tódalas narracións sendo á vez unha". Na nota epilodal, o autor volve insistir no papel de Cecía como "punto de referencia, de homenaxe, de sentenza ou de adoración", ao tempo que achega algunha das claves hermenéuticas da obra subliñando que "o que neste libro se desenvolve son experimentos de creación reducindo os espazos por inadaptación dos sentidos". En efecto, as narracións caracterízanse por un grande rupturismo formal e de contido. Transgredense en todo momento as convencións gráficas e morfosintácticas da linguaxe, mestúranse linguas e rexistros, mundo real e imaxinado, déixase a palabra en liberdade e acúdense aos procedementos do surrealismo para construír un mundo onírico, anegado de lirismo, no que se exploran os eternos problemas do ser humano e se xoga "a descubri-lo mundo ou a acabar con el".

Toro, Suso de, *Tic-Tac*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2003, col. Narrativa,

nº 188, 315 pp. (ISBN: 84-9782-002-9).

Dez anos despois da que fora a súa primeira publicación, Xerais reedita -na colección "Narrativa"- unha das obras senlleiras de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956): *Tic-Tac*. Este libro, composto por unha multitude de pequenas historias e reflexións agrupadas en cinco grandes "Misterios dorosos", preséntase cunha excelsa variedade no que atinxe aos temas tratados, tempos, espazos e voces narrativas. Así pois, encóntranse un cumio de meditacións que o protagonista fai tanto acerca si mesmo coma acerca da sociedade, abranguendo dende a máxima das introspeccións persoais ata as reflexións de carácter social ou dende aspectos absolutamente banais ata outros de grande calado e, sempre, cunha superlativa variedade de voces narrativas. Poden acharse reflexións ou historias en primeira, segunda e terceira persoa (cun narrador ás veces homodiexético, outras heterodiexético) facendo tamén acto de presenza fragmentos de diálogos sen ningún tipo de fio narrativo. Todo isto, expresado nun rexistro profundamente coloquial cunha continua presenza de vulgarismos. O pasado e o presente son os tempos empregados na obra con maior asiduidade, aínda que nun caso e noutro as historias tan só ocupan temporalmente o instante, a través dun ritmo lingüístico sen ningún tipo de pausa e sen puntos e á parte. Espazos, exceptuando aqueles relatos nos que nos existe unha ubicación concreta, existen tantos coma narracións podemos atopar en toda a obra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Tic-Tac', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 29 xuño 2003, p. 6.

Informa da reedición de *Tic - Tac*, dez anos despois de que súa primeira publicación; fala do carácter precursor que esta obra, xunto con outros títulos coma *Polaroid*, *Ambulancia* ou *Land Rover* tivo tanto en escritores da súa xeración. Cualifica a literatura de *Tic - Tac* coma fragmentaria, obsesiva, introspectiva e anovadora.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 9 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa notas sobre as novidades editoriais galegas que seguen: a reedición da novela *Tic-Tac*, de Suso de Toro; *Descripción do reino de Galicia*, do Licenciado Molina; a fotobiografía de *Alexandre Bóveda*, de Xosé Enrique Acuña; e o número 158 da revista *Grial*. Da nova edición da novela de Suso de Toro sinálase que é a edición definitiva, revisada polo autor dun texto "que se converteu nun clásico contemporáneo da narrativa galega". Ademais de lembrar brevemente o contido da obra, tamén destaca que este volume conta cun epílogo do profesor Antonio Francisco Pedrós-Gascón no que ofrece un estudo da obra de Suso de Toro.

- N.V., 'Suso de Toro: 'O Nacioal foi como un premio colectivo'', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 20 novembro 2003, p. 11.

Fai referencia ás declaracións realizadas por Suso de Toro nunha charla que tivo lugar o 19

de novembro na Galería Sargadelos; nela reflexionouse sobre os vinte anos de traxectoria literaria que leva percorridos tras a concesión do Premio Nacional de Narrativa e a reedición de *Tic Tac*, a súa obra mestra. Nela falou, entre outros moitos aspectos, da evolución do estilo do propio autor -segundo o cal antes "describía a realidade e agora quere transformala"-, da consecución do Premio Nacional, do movemento Nunca Máis, das súas obras máis senlleiras ou da súa última creación: *Morgún*.

- Salvador Rodríguez, 'Quen canonizou a miña obra foi a crítica española, non a galega', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Entrevista', 20 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Suso de Toro na que se fala tanto da actividade literaria coma da político-social que está a levar o escritor compostelán nos últimos tempos. Nela pregúntaselle acerca do Premio Nacional, da importancia que ten dita concesión na súa traxectoria profesional, da implicación social que manifestou co movemento Nunca Máis, da reedición de *Tic-Tac* e da publicación de *Morgún*, o último libro en saír do prelo.

Toro, Xelís de, *Non hai misericordia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, nº 53, serie Literaria, 203 pp. (ISBN: 84-8302-990-1).

Non hai misericordia é unha orixinal novela de Xosé Luís de Toro Santos (Santiago de Compostela, 1962), publicada por vez primeira en Edicións Positivas no ano 1990, editorial da que o propio autor é codirector, e da que se realizou unha reimpresión en 1992. A obra, que resultara gañadora do I Premio de Narrativa "Cidade de Lugo" 1990, artéllase como un conxunto de relatos breves entrelazados entre si. En efecto, todos eles teñen en común a funcionalidade, o motivo central (a violencia nas súas diferentes facetas, da máis explícita á máis sutil), a espacialización urbana (trátase da cidade de Compostela), e a aparición secundaria de personaxes que foron ou serán protagonistas noutro momento. O eixo estrutural da narración é a celebración dun debate radiofónico sobre o tema da violencia no que interveñen o locutor e director do programa, un teólogo, un asistente social, un sociólogo, un psicólogo e un escritor. Os contos que este crea e que se intercalan na emisión do espazo serven, precisamente, de pretexto para a reflexión e a expresión das diferentes opinións que sobre o asunto posúen os tertulianos e mais algún ouvinte que participa telefonicamente. Estes diálogos mostran parodicamente a vacuidade da verborrea académica dos participantes, da que a penas sae indemne o autor, Ricardo. No final do relato, descubrimos que, coma se dun dos seus personaxes se tratase, o propio escritor é vítima da violencia do director da radio, quen o despide; e tamén que os protagonistas dos contos de Ricardo son personaxes que existen na realidade, e polo tanto que a violencia non é unha mera ficción. Péchase a obra coa reprodución dun encrucillado que unha das protagonistas está a resolver para ver de conciliar o sono, actividade que interrompe xusto cando chega á cinco horizontal porque non encontra a palabra que corresponde: "misericordia". Este libro reeditase agora con capas brandas e pequeno formato na colección "Peto" de Xerais, con mínimos cambios no texto que non afectan no esencial ao contido e disposición formal orixinais. Esas modificacións consisten, fundamentalmente, nalgũa rectificación léxica, na supresión dalgũa que outra frase e tamén nas dedicatorias da obra e na corrección do título dos capítulos dentro índice: mentres que nas primeiras edicións no corpo do texto aparecían as partes que reproducen a emisión

radiofónica designadas como "Sintonía", pero no índice líase "Debate"; na presente publicación mantense nos dous lugares a designación de "Sintonía".

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería Galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Breve recensión que valora positivamente *Non hai misericordia*, a segunda novela de Xelís de Toro, editada por Xerais. Comenta a estrutura do libro que xira arredor de diferentes relatos como pretexto para o diálogo entre varios contertulios. Sinala ademais como principal característica a "recreación paródica do xeito de expresarse que ten cada un dos participantes", cualificando a obra de arriscada e orixinal. A noticia inclúe recensións de *Diálogo de deuses. Diálogos de prostitutas* (2002), de Luciano de Samosata, e de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, así como breves recensións ás obras *Nin Berlín* (2003), de Xosé M. Gayoso, e *Mago por correspondencia* (2003), de Joles Sennell.

- Manuel Rosales, 'Sen misericordia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. IV.

Despois de lembrar que *Non hai misericordia*, de Xelís de Toro, fora merecente en 1990 do Premio Cidade de Lugo, e de informar da súa reedición, Manuel Rosales detense na análise desta novela. Afirmar, en primeiro lugar, que esta "narrativa plural" é sintomática do cambio de actitude experimentada neste xénero coa chegada dos anos noventa. Esa novidade consiste, segundo explica, no recurso a un "discurso híbrido". Achéganos despois ao contido argumental da obra, salientando que o marco narrativo da mesma xira arredor do tema da violencia. Indica que se trata dunha estrutura "orixinal e atrevida", onde cinco relatos serven de pretexto para a emisión dun debate radiofónico. Destaca como punto climático o final da novela, cando se produce un cruzamento entre a realidade da tertulia radiofónica e a ficción dos relatos, e se usan procedementos narrativos complexos como a combinación de planos temporais e o monólogo interior.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Christie, Agatha, *Pano. O derradeiro caso de Poirot* (*Curtain: Poirot's last case*, 1926), trad. Montse Gálvez Fernández, Vigo: Galaxia □, outubro 2003, col. Biblioteca Agatha Christie, nº 5, 192 pp. (ISBN: 84-8288-629-0).

A editorial Galaxia, da man de Montse Gálvez, traduce ao galego *Pano. O derradeiro caso de Poirot*, obra na que morre Hércules Poirot, detective de orixe belga que protagonizou unha extensa saga de libros escritos pola que é considerada a "raíña do crime", Agatha Christie. Esta foi escrita en 1926 e publicada moito máis tarde, en 1976, tras o falecemento da escritora. O transcurso da trama ten lugar en Styles, unha vella casa de hóspedes. Moitos anos atrás, Poirot resolvera no mesmo contorno o caso Inglethorp co que iniciara a súa

brillante carreira de detective en Inglaterra. Agora, xa nos seus derradeiros días de vida, decrepito, afectado pola artrite e obrigado a permanecer en cadeira de rodas, chama ao seu amigo e colaborador Hastings para pedirlle que se reúna con el e que lle axude a descubrir o autor dun crime que aínda non se cometera pero que, con seguridade, tería lugar. O afamado detective aínda posúe un privilexiado cerebro e, a pesar de que o físico non lle acompaña, é quen dirixe dende o primeiro momento a investigación, encomiando a Hastings as accións de pescuda informativa. O *grosso* do argumento narrativo dá inicio cando descubren que o asasino é unha das persoas que se hospeda na casa; Poirot, sempre manexando datos que nin sequera lle dá a coñecer ao seu colaborador, coñece con gran adianto a realidade do que está a acontecer, mentres que Hastings pasa intres de auténtico desconcerto. Ao longo da obra sucédense diversas mortes, pero as informacións son contradictorias e non é posíbel intuír quen é o asasino. Cando o desenlace de todo o enleño comeza a esclarecerse, morre, por razóns naturais, o Sr. Poirot, polo que a verdadeira realidade que sempre se escondeu tras todos os sucesos que tiveron lugar na casa, así coma as mortes e coma outros casos anteriores, é contada polo detective nunha carta dirixida a Hastings e lida por este post-mortem. A trama da obra segue unha gran linealidade e os feitos sucédense nun abano temporal indefinido pero con continuas referencias ó pasado ou a instantes do día (a hora do almorzo, a cea...) e, iso si, nun espazo francamente marcado do que non se sae, salvo pequenas excepcións, en ningún momento da acción.

Referencias varias:

- MARE´ , 'Agatha Christie en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARE´ ', 12 novembro 2003, p. 42.

Anúncianse diversas publicacións que a editorial Galaxia inicia no outono de 2003. Así pois, a primeira metade do artigo céntrase na "Biblioteca Sheakespeare" e que inclúe as obras do dramaturgo inglés traducidas ao galego. Por outra banda infórmanos dunha nova entrega na colección "Biblioteca Agatha Christie" da que publica dous emblemáticos títulos: *Dez negriños* e *Pano*. Destaca que nela xa se inclúen obras coma *Asesinato no Orient Express*, *O asesinato de Roger Ackroyd*, *Cianuro escumoso* e *Telón*.

Christie, Agatha, *Dez negriños* (*And there were none*, 1939), trad. Eva M. Almazán García, Vigo: Galaxia □, setembro 2003, col. Biblioteca Agatha Christie, nº 4, 221 pp. (ISBN: 84-8288-586-3).

Historia clásica de suspense e misterio que ten como protagonista a dez personaxes atrapados nunha illa da costa inglesa chea de misterios, invitados ou contratados polo dono da illa, un millonario do que ninguén sabe a identidade. O único que une aos personaxes é a sombra do crime, pois todos son sospeitosos de ter cometido algún crime polo que non pagaron, e a súa pertenza a distintas clases da sociedade inglesa da época. A acción, que acontece a principios do século vinte, transcorre en apenas cinco días e descríbese ao longo de dezaseis capítulos que se completan cun epílogo, no que se fai unha prolepse na que se fala das investigacións do caso e no que aparece unha carta do asasino onde se descubre toda a verdade. Nada máis chegar á illa os personaxes van morrendo un a un e os que van quedando tentan organizarse para defenderse ante a imposibilidade de fuxir; a desconfianza entre eles e a angustia que xera esta situación vai propiciando que eles mesmos se conduzan

ao final, no que non quedará ningún vivo na illa. O misterio non se resolverá as últimas páxinas, cunha complicada manobra narrativa.

Referencias varias:

- MARÉ , 'Agatha Christie en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 42.

Anúncianse diversas publicacións que a editorial Galaxia inicia no outono de 2003. Así pois, a primeira metade do artigo céntrase na "Biblioteca Sheakespeare" e que inclúe as obras do dramaturgo inglés traducidas ao galego. Por outra banda infórmanos dunha nova entrega na colección "Biblioteca Agatha Christie" da que publica dous emblemáticos títulos: *Dez negriños* e *Pano*. Destaca que nela xa se inclúen obras coma *Asesinato no Orient Express*, *O asesinato de Roger Ackroyd*, *Cianuro escumoso* e *Telón*.

Conrad, Joseph, *Tifón (Typhoon, 1999)*, tradución e notas de Xavier Queipo, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións □, 2003, col. Biblioteca de Traduccións, 112 pp. (ISBN: 84-7824-348-8).

Joseph Conrad, de nome Teodor Józef Konrad Nalecz Korzeniowski (Ucraina, 1857-1924) describe en *Tifón* a dramática situación dun vapor ao mando do capitán MacWhirr que atravesa un tifón no mar da China e no que viaxa unha carga de *colliers* chineses. O carácter deste home, firme, pouco comunicativo mais eficiente, case un antiheroe, e o seu convencemento de que unha tormenta non ha poñer en perigo o seu poderoso barco, vai enchéndose de dúbidas conforme comprende a dureza da ameaza. Pero decide non cambiar o seu rumbo e atravesar o tifón para non deixar de cumprir o tempo de chegada a porto. Na crónica dos acontecementos, relatada dende o punto de vista dun narrador omnisciente, préstase especial atención a Jukes, o axudante do capitán, encargado de transmitir e executar as ordes ao resto da tripulación, coidar da seguridade dos *coolies* que se refuxian nas adegas do barco e sufrir o cuestionamento do desagradábel segundo de a bordo cunha intención de reflectir a reacción do home ante unha situación límite na que a morte axexa. A novela remata cunha carta na que Jukes relata a terríbel experiencia vivida no barco. A edición péchase cunha biografía de Conrad, mariño e escritor e cun breve achegamento ao contido da novela, publicada por primeira vez como folletín da *Pall Mall's Magazine* entre xaneiro e marzo de 1901.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Joseph Conrad, a paixón pola grande aventura nas letras ', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 novembro 2003, p. 3.

Sitúa a Joseph Conrad, xunto a Henry James e George Eliot, no grupo de escritores canónicos da literatura inglesa do século XIX. Recupera algúns episodios da súa biografía como o seu nacemento falando polaco, a súa aprendizaxe do francés e do inglés, lingua que aprende nos barcos e que escribe cunha prosa requintada e refinada, e a súa nacionalidade

británica, que adquire en 1886. Identifica o mar como pano de fondo de toda a súa obra e en *Tifón* sinala que o seu propósito é coñecer o home levándoo ao límite das súas paixóns e poñéndoo en situacións límites, unha tempestade neste caso, e que empuxa o lector ao final "con tal de ver como remata todo en estraños mundos de forza e de morte onde deixan de teren vixencia as leis e costumes da civilización". Finalmente cualifica a Conrad de novelista moral e a novela como a apoteose do dramatismo.

- Moisés R. Barcia, 'Typhonn/Tifón', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. V.

Resume o argumento de *Tifón*, de Conrad, alude á semellanza da historia coa recente película *A tormenta perfecta* e achega algúns datos biográficos do escritor ucranio que foi mariño e se nacionalizou británico. Menciona tamén outros dos seus títulos traducidos ao galego, *Corazón da escuridade* (1997) por Manuel Outeiriño e *A liña de sombra* (2000), por Benigno Fernández Salgado e Ana Isabel Iglesias Francos. Con respecto á tradución de *Tifón* realizada por Xavier Queipo, se ben sinala que contén acertos, detense especialmente nos seus erros, que se traducen en "oracións embarulladas nas que afloran moitos erros de traductor inexperto ou desleixado, que se evitarían na súa maioría con só usar con atención dicionarios e outros materiais", achegando exemplos concretos. Conclúe que estas cuestións tradutolóxicas non impiden a comprensión do libro pero limitan o seu gozo estético.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión no referido á literatura galega de: *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, de Valentín Alvite; *Tifón*, de Joseph Conrad; e *Intempériome*, de Xela Arias. Da obra de Conrad sinala que malia que moitos críticos teñen visto esta novela como dramática o autor nunca concordou con iso e consideraba que a ironía facía de moitas das súas pasaxes estimuladoras do riso. Tamén recolle as palabras do tradutor, que indica que a apoteose do dramatismo non se acada ata os capítulos cinco e seis, e lembra que foi publicada en folletín no ano 1901.

- R. García e X. Fraga, 'Unha nova colección permite ler en galego as obras de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 61.

Anúncianse os novos títulos traducidos ao galego por parte de varias editoriais, comezando pola estrea dunha nova colección dedicada aos clásicos universais na Editorial Galaxia que acolle na súa primeira entrega dúas obras de Shakespeare e que pretende traducir obras fundamentais da historia da literatura. Recóllense as palabras do profesor Miguel Pérez Romero, tradutor de Shakespeare, que sinala a dificultade de trasladar a este autor ao galego polos seus xogos de palabras e os termos de dobre sentido que emprega. Infórmase tamén dos títulos editados por Sotelo Blanco, *Tifón*, de Joseph Conrad traducido por Xavier Queipo e *O proceso*, de Kafka, traducido por Luís Fernández Rodríguez que manifesta que

o estilo deste autor é moi repetitivo e representa unha tentación corrixilo. Finalmente, da editorial Tris Tram, menciónanse a tradución de poemas de Robert Louis Stevenson, Apollinaire e Edward Lear, labor realizado por Pepe Coira en colaboración con Guillermo Martínez nos últimos dous libros.

Correia, Hélia, *Montedemo* (*Montedemo*, 1983), prólogo de Burghard Baltrusch, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Peto, nº 51, As Literatas, 67 pp. (ISBN: 84-8302-988-X).

Traducción de *Montedemo*, terceira novela publicada pola escritora portuguesa Hélia Correia (Lisboa, 1949). O prólogo de Burghard Baltrusch comeza cunha breve reflexión sobre o pouco que se traduce do portugués, así como achega a traxectoria de Hélia Correia. A maior parte deste prólogo está dedicada, non embargantes, a facer unha lectura simbólica do libro, que o propio autor reconece que non é a única. *Montedemo* é unha narración curta e desenvolvida linealmente aínda que ao final se descubre coma regresiva, concedendo unha visión mítica ao sucedido. O narrador omnisciente adivíñase como feminino e, cun ton tan lírico como narrativo, cóntanos a historia intemporal ocorrida nunha vila imaxinaria do litoral portugués. Os feitos dos que se falan adquiren pola forma de contalos carácter lendario, ao que contribúe en boa medida a tendencia a ser unha obra coral, na que os personaxes se describen máis coma estereotipos ou roles que coma persoas reais. De feito, o propio monte que dá nome á novela, xoga un papel tan importante como a maioría deles e parece un ente vivo nas descrições. A historia parte do propio monte, veciño da vila, no que se celebra unha festa no mes de febreiro, que, dalgún xeito, libera o lado máis salvaxe dunhas xentes inmersas nunha represiva e abafante moral cristiá. Adivíñase así unha áurea pagá na celebración a partir da que Milena, a protagonista, queda preñada e empeza a ser marxinada pola sociedade, porque representa dalgún xeito unha liberación feminina diante do papel que se lle impón. A chegada da nova criatura cerra dalgunha maneira un ciclo natural, no que a vila se convulsiona e Milena gaña adeptos, pero o feito de que o cativo sexa negro precipita os ánimos da xente. O final da historia non está pechado, a discrepante expúlsase da sociedade, pero os seus defensores, Dulciña e Tenorio ou Irene, a tola, representan dalgún xeito unha semente de esperanza de cambio.

Recensións:

- Joaquim Ventura, 'Montedemo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Libros', 12 xuño 2003, p. IV.

Fálasenos da tradución da obra da portuguesa Hélia Correia, cualificada coma unha das mellores escritoras de despois da Revolución dos Cravos. Logo hai unha contextualización do que é a situación da muller portuguesa que deixa o salazarismo e que reflexa a atmosfera do libro. A historia, dinos, transcorre nunha pequena vila costeira, nun ambiente represivo no que a protagonista queda preñada dun descoñecido de raza negra. A sexualidade reprimida nas mulleres ou o onanismo son dous dos temas que ve Joaquim Ventura neste

fío argumental. Pero non cualifica a narración como dun feminismo belixerante, as protagonistas serían mulleres autoreprimidas por valores sociais que sitúan na periferia á nai solteira cun fillo mulato. Esa periferia, impotente contra a represión, tería entón que desaparecer ou integrarse.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O fermento reivindicativo dun mundo feminino e pagán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 29 xuño 2003, p. 3.

Insístese primeiro nunha idea do prólogo deste libro: o descoñecemento da literatura portuguesa provocado en Galicia polas expectativas de que se lese esta literatura na lingua orixinal. Logo faise unha breve descrición da carreira literaria de Hélia Correia coma unha das grandes voces literarias de Portugal que empeza a publicar en 1981. Cunha escrita moi lírica, na que lle gusta romper as fronteiras canónicas e estruturas convencionais ou denunciar formas de vida tradicionais, o caso de *Montedemo*. Descríbese a obra como curta pero con moita carga simbólica, reivindicando un mundo pagán, dionisiaco e feminino que choca coa concepción imperante. A protagonista, indica, converte a súa preñez, que era a encarnación do mal, nunha forma de pensar libre que fai xurdir un conflito. Apóstase por esta lectura aínda que se di que tamén se pode ver coma unha novela sobre a intolerancia cara unha muller que decide liberarse dos costumes patriarcais.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Da Bela Otero a Yourcenar', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Fálase da edición de dúas coleccións de libros centrados en mulleres. Por un lado, a colección "Mulleres" de A Nosa Terra, que recolle as biografías de mulleres como María Casares, Maruxa Mallo ou María Otero. Por outro lado, a colección "Literarias" de Xerais Peto, que publica obras traducidas de mulleres coma Margarite Yourcenar ou Angela Carter. Anúnciase, así mesmo, para o mes seguinte, a publicación nesta última colección de *A pedra angular* de Emilia Pardo Bazan e *Montedemo* de Hélia Correia.

- Jaureguizar, 'O humor predomina nas 22 novelas que aspiran ó Premio Xerais 2003', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 2 maio 2003, p. 75.

Faise referencia á presentación que Manuel Bragado fixo das novidades que a editorial Xerais publicará con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, con obras dedicadas ao homenaxeado e outras de creación. Entre estas últimas, na colección "Literaria" aparecen a novela *Mar de bronce*, de Xosé Vázquez Pintor, da que se fai unha breve descrición, e *Cuarteto con Piano*, de Xosé Manuel Villanueva; na colección "Peto" publícase a tradución da novela curta *Montedemo* de Hélia Correia, que tamén é descrita brevemente.

Díaz Corvelle, Nicomedes Pastor, *De Villahermosa á China. Coloquios da vida íntima*, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, 2003, col. Trasmontes, nº 7, 417 pp. (ISBN: 84-95622-92-0).

Novela tipicamente romántica, con paixóns desesperadas e amores patolóxicos, peregrinacións e relixiosidade. Ábrese cunha advertencia de Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-1863), na cal explica as razóns da tardanza da publicación da súa obra e na que se mostra moi crítico con esta a modo de "captatio benevolentiae". Fora publicada enteira por vez primeira en 1852 en castelán en dous tomos. Divídese en catro libros: "Derradeira noite do mundo", "Valdeflores", "Esperanzas perdidas" e "Votos cumpridos". Péchase cun epílogo. Trátase da historia atormentada de catro personaxes: Xavier e Irene, Enrique e Sofía. Esta última e Xavier atópanse nun baile de máscaras no palacio de Villahermosa de Madrid. Propicia o encontro o feito de que pronuncien a un tempo a frase que dá título ao primeiro libro. Tiveran unha vida desgracida e buscaban a solución no suicidio. Ela porque lle prometera ao seu pai antes de morrer que casaría co seu curmán Enrique, ao que non quería, e el porque a súa namorada Irene puxera os ollos noutro home ao que mataría nun dolo. Os catro acaban un ano despois en Valdeflores en Viveiro. Irene vivía retirada nun convento e Sofía accede ao lugar nun estado de loucura. Suceden unha serie de peripecias que levan ao casamento de Sofía e Enrique, ao sacerdocio de Xavier, santo misioneiro en Oriente, e ao sacrificio da clausura de Irene. A novela, que está cargada de datos autobiográficos, é contada por un narrador en terceira persoa omnisciente, aínda que en moitas ocasións deixa falar aos protagonistas en extensos diálogos ou longos monólogos. En canto ao ritmo narrativo, este é lento, pois abundan as descrições de paisaxes, costumes ou da psicoloxía dos personaxes. O autor trata de moralizar e ensinar, xa que nunha encrucillada de paixóns, triunfa a virtude e o sacrificio.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Pastor Díaz recuperado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 16 outubro 2003, p. IV.

Tras aludir ás dúbidas do autor de publicar ou non a novela e a cómo finalmente saíu do prelo, traza un breve perfil profesional do lugués. Subliña, ademais, as "tinguiduras biográficas" e os trazos románticos da obra. Así mesmo, apunta que certas características a vencellan "á novela costumista, á descritiva e á psicolóxica". Finalmente, refírese á liña argumental coa que comeza o libro.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Crear o mar en Compostela', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 17 agosto 2003, p. 45.

Nesta sección, Manuel Vidal Villaverde ofrece comentarios de dúas obras actuais: *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz. Desta última, sinala que fora publicada en 1858 enmarcada no movemento romántico e que agora se traduce por primeira vez ao galego da man de Rosa María Peña Guerrero. Ademais de aludir ao argumento, sinala que xa moitos críticos a cualificaron como "un

adianto da novela descritiva". Outras cualidades destacadas son a adecuación dos personaxes e a boa estruturación dos diálogos. Remata recomendando a súa lectura.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da reedición de *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor, de *Tarxeta vermella*, de Xosé Miranda e tamén, da novela romántica *De Villahermosa á China*, de Nicomedes Pastor Díaz, da que salienta os trazos románticos e á que considera como "un adianto da novela descritiva, costumista e psicolóxica".

Fariña Jamardo, Xosé, *Pepiño*, trad. do autor, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, 2003, 221 pp. (ISBN: 84-8457-136-X).

Publicase por fin e en galego esta novela traducida polo propio autor que xa saíra no ano 1966 en castelán. Aparece, en primeiro lugar, unha pequena "Introducción" onde o autor explica os problemas da censura que sufriu esta novela gañadora no ano 1958 do premio "Valle-Inclán" de Bos Aires e que agora o autor decide publicar en galego. A seguir, o lector encóntrase cun "Limiar" no que Fariña Jamardo fala da novela, a modo de presentación do protagonista, Pepiño, e dos demais personaxes insistindo na presenza constante dunha Galicia labrega e máxica. É aquí, cando se dá comezo á novela que formalmente aparece distribuída en vinte e tres capítulos onde se contarán as vivencias dun rapaz labrego, Pepiño, e o seu descubrimento ante a vida, na que atopará o amor, a tristura, etc, mais tamén a morte, xa que en plena mocidade o protagonista caerá nunha doenza que lle levará ao fin da súa vida e que será, ao mesmo tempo, como unha liberación, xa que o protagonista se librará da miseria e pobreza na que se vían sumidos el e a súa familia. E é coa súa morte como rematará o discurso narrativo. Desde o punto de vista estilístico, é notábel a abundancia de diálogos curtos que lle dan celeridade á acción ademais das descrições detalladas do vivir labrego de principios do século XX.

Referencias varias:

- Borobó, 'O presidente dos secretarios', *Galicia Hoxe*, 'O novelo dos anacos', 19 xuño 2003, p. 4.

Faise un pequeno percurso sobre a vida profesional e literaria de Xosé Fariña Jamardo, onde Borobó destaca a publicación de tres contos deste autor en "La Noche" en 1947 ou 1948 e a súa novela escrita en castelán e traducida agora ao galego, *Pepiño*. Esta é cualificada como unha das obras magnas da galeguidade e ao seu autor, como home dunha gran capacidade de traballo xa que concilia a súa actividade profesional coa enorme vocación literaria.

- R.C., 'Unha análise sobre 'Coa alma espida' e 'Pepiño'', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Lecer', 31 agosto 2003, p. 14.

Cítanse dúas obras de Xosé Fariña Jamardo que aínda que levan escritas desde a década de cincuenta non saíron á luz ata agora. A primeira é *Coa alma espida*, a súa segunda obra poética que recolle textos xestados a principios da segunda metade do século XX e que teñen por tema as preocupacións do ser galego, os traballos dos mariñeiros e gandeiros, e as penurias da muller galega, entre outros. A segunda obra é unha novela escrita no ano 1957 en castelán, *Pepiño*, gañadora do premio "Valle Inclán" no ano 1958, convocado polo Centro Galego de Bos Aires. É agora cando aparece en lingua galega onde na introdución o autor conta os problemas de publicación que sufriu pola censura franquista.

- Sonia Torre, 'Pepiño' se convierte al gallego', *La Región*, 'Cultura', 6 setembro 2003, p. 75.

Faise referencia ao premio que acadou en 1958 a obra en castelán de Xosé Fariña Jamardo, *Pepiño*, polo Centro Gallego de Bos Aires, publicada en 1966 con problemas de censura e que agora aparece publicada pola Deputación de Pontevedra e traducida ao galego. Ademais, cítase o poemario que aínda que escrito fai tempo, o autor decidiu publicar agora, *Coa alma espida*, seguindo as recomendacións que no seu día lle deu Celso Emilio Ferreiro pola calidade que presentaba e que só agora se atreveu a sacar á luz.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Guedellas de seda e liño', *Atlántico Diario*, 'Musas', 14 setembro 2003, p. 51.

Ademais dunha entrevista con María Victoria Moreno, da que damos conta no apartado correspondente, tamén se inclúe nesta sección fixa de Manuel Vidal Villaverde un comentario crítico desta novela cualificada como "curiosa e conmovedora". Descríbese brevemente o argumento e sinálase que o limiar e a introdución do autor son innecesarios. Explica que esta novela gañara en 1958 o Premio "Valle Inclán 1957", aínda que non fora publicada no seu día polos problemas coa censura do momento.

Joyce, James, *Fragmentos de Ulises*, 1926, estudo introdutorio de Kerry Ann McKevitt, introdución traducida por Carlos Acevedo, trad. Ramón Otero Pedrayo, Vigo: Galaxia, novembro 2003, col. Illa Nova, nº 3, 85 pp. (ISBN: 84-8288-646-0).

Tradución daqueles fragmentos que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) fixo do *Ulises* (1922), de James Joyce (Dublín, 1882- Zurich, 1941). Este traballo foi publicado por primeira vez no número trinta e dous da revista "*Nós*" en 1926, baixo o título de "Ulises (Anacos da soadísima novela de James Joyce postos en galego do texto inglés, por Ramón Otero Pedrayo)". Ábrese cun estudo da irlandesa K.A. McKevitt, no que trata de clarexar de qué fontes partiu o ourensán para levar a cabo o seu proxecto. Ademais, salienta o interese das Irmandades da Fala e do Grupo Nós pola literatura do irlandés. O *Ulises* de Joyce conta o que lle ocorre a Leopold Bloom e a Stephen Dedalus un día de xuño de 1904 na cidade de Dublín. Toma como referencia a *Odisea* de Homero, xogando coa linguaxe e dándolle un dobre sentido ao texto. Otero traduciu tan só anacos dos capítulos "Ithaca" e "Cyclops". Do primeiro recolle a conversa do paseo nocturno entre os dous protagonistas sobre política, nacionalismo, lingua, relixión... A seguir céntrase no convite que Bloom lle fai a Stephen na súa casa. Alí seguen as reflexións, algunhas banais, como as virtudes da auga ou a relación da muller e a lúa. Estes fragmentos están estruturados en forma de catecismo de

preguntas e respostas. O fragmento de "Cyclops" narra cómo a cidade se prepara para asistir á execución dun reo en clave de parodia.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Galaxia editará os fragmentos do 'Ulises' que traduciuu Otero Pedrayo', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 14 xuño 2003, p. 82.

Informa deste proxecto da editorial viguesa. Apunta que a tradución irá precedida dun traballo dunha profesora irlandesa e que se estuda o incluír tamén un estudio de Vicente Risco sobre a literatura irlandesa. Así mesmo, alude á colección na que se publicará. Por outro lado, recorda quen foi James Joyce, cómo foi financiada a súa obra e cál era a liña argumental desta. Finaliza facendo referencia a outras traducións do *Ulises* e doutras obras do escritor irlandés.

- Camilo Franco, 'Galaxia reedita a traducción do 'Ulises' feita por Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 decembro 2003, p. 49.

Salienta que este traballo fose o primeiro nunha lingua peninsular e xustifica isto na atracción do Grupo Nós polo irlandesismo e o "carácter anovador" de Joyce, centrándose no caso de Risco. Despois, sitúa os fragmentos traducidos polo señor de Trasalba dentro da estrutura do *Ulises* e subliña destes o carácter "non científico desde o punto de vista lingüístico e mesmo literario". Ademais, sinala a polémica que aborda a prologuista. Remata destacando que a editorial viguesa puxo de manifesto o "carácter emblemático" desta obra.

- José Miguel A. Giráldez, 'Galaxia publica os anacos do 'Ulises' traducidos por Pedrayo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 28 decembro 2003, p. 1.

Alude á paixón da xeración Nós pola obra de Joyce, a pesar dalgunhas críticas, destacando especialmente o interese de Risco. Así mesmo, salienta a prontitude coa que Otero fixo a súa tradución e o que esta significou no panorama peninsular. Por outro lado, refírese á polémica sobre as fontes que tomou o ourensán para levar a cabo o seu proxecto e que recolle a prologuista.

Kafka, Franz, *O proceso*, trad. Luís Fernández Rodríguez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Medusa/narrativa, 269 pp. (ISBN: 84-7824-434-4).

Tradución do ensaio, que se enmarca dentro do realismo metafísico, *Der Prozess*, de Fran Kafka (Praga, 1883-1924) que o seu amigo Max Brod publicou en 1925, tras a súa morte, contradicindo o seu expreso desexo de destruír todo os seus manuscritos. Conta a historia de Joseph K, un modesto empregado de banco que é acusado, sen que se lle impute ningún cargo determinado polo que cre que lle será fácil probar a súa inocencia ata que se ve apresado pola engrenaxe dun proceso, dominado por unha xustiza complicada representada por funcionarios subalternos que o xulgan baseándose en códigos que veñen sendo libros pornográficos. Joseph K asústase pero ese mundo inverosímil e monstruoso acaba

atraéndoo e nin el mesmo sabe se é inocente ou culpábel. Quere vivir, pero non ten a enerxía precisa para facer fronte aos verdugos que o asasinan no nome dunha inexistente xustiza. A narración segue unha lóxica totalmente onírica na que todo parece desenfocado e convertido nun enigma.

Recensións:

- Francisco Martínez Bourzas, 'Un testemuño da absoluta deshumanización do mundo', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 9 novembro 2003, p. 3.

Informa da publicación da tradución ao galego de *O Proceso* de Kafka e destaca que debería aumentar o número de traducións das obras clásicas en todos os eidos do coñecementos como pilar fundamental para unha perfecta normalización. A seguir pon en contexto a publicación da obra orixinal (1914), no cumio da "era da burocracia" na que Kafka era inspector dunha entidade de seguros. Continua afirmando que houbo moi poucos escritores que realizaran coma el a representación "da orixinalidade e a elementalidade da concepción e a representación deste mundo e o asombro fronte o que xamais ten existido". Logo comenta o feito de que a obra pode ser comentada como unha experiencia biográfica e social ou coma o froito da lóxica dos sonos. Tamén destaca que, ás veces, se pode ver na obra ao Kafka enxeñoso e achega algúns exemplos. Fala, tamén, do estilo afirmando que é "conciso e exacto", con toques de ironía, e que o eixo condutor é unha "reflexión interminable". Remata dicindo que a novela é "un testemuño desesperado da absoluta deshumanización do mundo histórico que lle tocou vivir ao autor".

- Moisés R. Barcia, 'Kafka en galego', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 62, 'Libros', 4 decembro 2003, p. V.

Comeza explicando o argumento da obra e logo afirma, dando exemplos concretos, que goza de perfecta actualidade na sociedade occidental. A continuación afirma que estilisticamente a obra encádrase no "realismo metafísico" pola verosimilitude do narrado, porque a técnica empregada consegue envolver ao lector e porque paralelamente á lectura da obra o lector cuestiónase o seu destino, xunto ca personaxe principal. Afirma que *O proceso* é "coma un pesadelo, de ambiente opresivo e angustioso". Logo fala das traducións da obra e comenta, entre outras características, que o tradutor, Luis Fernández Rodríguez, tentou manter o estilo repetitivo de Kafka e a forma de indicar os diálogos que existe na tradición alemana. Deste xeito conserva o sentido de pesadez tan acorde co tema da obra.

- M. Blanco Rivas, 'Manifesto contra o totalitarismo', *Faro de Vigo*, '*El Sábado*', nº 344, 'Libros', 27 decembro 2003, p. 2.

En primeiro lugar comenta o argumento e a seguir aconsella a lectura da obra dende o noso propio punto de vista, deixando de lado as múltiples interpretacións que se realizaron sobre ela. Na segunda parte fala da vida e da obra do escritor alemán.

Referencias varias:

- R. García e X. Fraga, 'Unha nova colección permite ler en galego as obras de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 61.

Anúncianse os novos títulos traducidos ao galego por parte de varias editoriais, comezando pola estrea dunha nova colección dedicada aos clásicos universais na Editorial Galaxia que acolle na súa primeira entrega dúas obras de Shakespeare e que pretende traducir obras fundamentais da historia da literatura. Recóllense as palabras do profesor Miguel Pérez Romero, tradutor de Shakesperare, que sinala a dificultade de trasladar a este autor ao galego polos seus xogos de palabras e os termos de dobre sentido que emprega. Infórmase tamén dos títulos editados por Sotelo Blanco, *Tifón*, de Joseph Conrad traducido por Xavier Queipo e *O proceso*, de Kafka, traducido por Luís Fernández Rodríguez que manifesta que o estilo deste autor é moi repetitivo e representa unha tentación corrixilo. Finalmente, da editorial Tris Tram, menciónanse a tradución de poemas de Robert Louis Stevenson, Apollinaire e Edward Lear, labor realizado por Pepe Coira en colaboración con Guillermo Martínez nos últimos dous libros.

Nothomb, Amélie, *Un nome de dicionario* (*Robert des noms propres*, 2002), trad. Dolores Vilavedra, Vigo: Galaxia □, outubro 2003, col. Literaria, nº 195, 140 pp. (ISBN: 84-8288-635-5).

Esta obra, publicada no ano 2002 por Editions Albin Michel, de Amélie Nothomb amósanos a vida dunha moza chamada Plectrude, que nace no cárcere despois de que a súa nai ingresara neste polo asasinato de seu pai. Isto xa será un problema que a condicionará durante toda a súa vida. A única obsesión que terá será a danza e ingresar na Ópera de París aínda que caerá vítima da anorexia crebando os seus anxeios máis fortes. A obra non aparece dividida en capítulos senón que se nos amosa toda como un conxunto. A autora baseouse na cantante francesa Robert para introducirmos na problemática vida desta moza. É importante mencionar a capacidade de síntese da autora que, dunha forma moi orixinal e directa, nos introducirá nesta novela de non máis de cento cincuenta páxinas onde xunto co tema principal, aparecerán outros que sobrecolleán á protagonista e que fíaran unha rede que filtrará de forma permanente no miolo do libro.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Un nome de dicionario', a brutal amputación da infancia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Novela', 28 decembro 2003, p. 3.

Fálase da obra da autora francesa Amélie Nothomb, que xa viña de publicar *Higiene de l'asasin*, obra que a rebelou como unha das apostas literarias máis novas da francesa. Insístese na escrita irreverente da autora, da mestura da ironía e do humor, e dun conxunto de olladas incisivas e crueis que nos presentan o amor, o conflito, etc. dunha rapaza vítima da anorexia que só se verá salvada pola aparición do amor.

- Tomás Ruibal, 'Unha historia ben resolta', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 28 decembro 2003, pp. 8-9.

Aparece aquí unha loubanza á aparición desta novela da escritora francesa Amélie Nothomb, gañadora do Gran Premio da Academia Francesa, onde a autora se inspirou no cantante Robert para presentarnos a vida dunha moza que só aspira a ser bailarina pero que, por mor da anorexia, ve truncados os seus anxeios. Insístese na forma moi sincrética e directa da escrita da obra, que vai deixando filtrar outros temas que se superpoñen ao principal.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspectos e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Nothomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínxe de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Oliveira, Rui Miguel, *Voar coma os paxaros, chorar coma as nubes (Un filme portugués)*, V Premio de Narrativa Galaico-Portuguesa Eixo Atlántico-La Voz de Galicia-Público, A Coruña: La Voz de Galicia □, 2003, col. Biblioteca Gallega, 244 pp. (ISBN: 84-9757-112-6).

Tradución ao galego, da que non se especifica o autor, do texto galardoado na quinta edición do Premio "Eixo Atlántico-La Voz de Galicia-Público". Trátase dunha novela na que se deixa ver a historia recente de Portugal, dende o salazarismo ata hoxe, a través das experiencias, lembranzas e reflexións presentes das familias Vasconcellos e Saleiro, e mediante unha orixinal estrutura que fai confluír varias voces narrativas relacionadas con estas familias. Así, e empregando unha técnica próxima da *stream of consciousness*, ofrécese ao lector a oportunidade de coñecer a historia persoal e axitación psicolóxica dos seguintes personaxes: Guilherme de Vasconcellos, fillo dun ministro de Salazar (fuxido e morto no Brasil despois da caída do rexime), que combateu en Angola cando da guerra de independencia obrigado polo pai, para "defender a patria dos comunistas", e que acaba por morrer tras un accidente de tráfico ao que asistimos os lectores; a ex-muller de Guilherme, Patrícia Saleiro, a quen este coñeceu por ser a irmá do seu compañeiro en África, João, quen narra as súas aventuras e desventuras sexuais e amorosas, especialmente a que experimentou cun traballador do seu pai; o propio João, que despois de repasar a súa infancia como fillo dun temido terratenente de Vila Viçosa afín á ditadura, relata o seu

suicidio; o fillo de Guilherme e Patrícia, Miguel, ao que escoitamos no primeiro capítulo mentres agoniza nun hospital ata finalmente morrer a causa dos seus problemas coas drogas; o amigo e amante de Miguel, Ricardo; e maila nai de Guilherme, Amélia, que vive a súa decadencia física e psíquica despois de soportar a convivencia cun marido obsesionado pola man dura e dado aos escarceos sexuais coa sirventa. O receptor é obrigado a reconstruír as relacións entre todos estes personaxes no interior dunha polifonía de voces que estenden ecos da súa melodía no conxunto do relato, de maneira que se localizan varios fragmentos que actúan a modo de "refráns" ou *leit-motivs*, entre eles, o que dá título ao libro. Hai nesa enunciación coral, incluso, extractos de definicións do dicionario, dunha guía de viaxes ou do horóscopo dunha revista feminina. Por último, cómpre destacar que o relato se estrutura en dezaioito partes cos títulos nos que se imitan os pasos que se seguen na reprodución dunha cinta de vídeo: dende o *Insert* ao *Eject*, pasando por diversos *Play*, *Rewind* e *Pause*. Deste xeito, o lector vese incitado a interpretar o que le coma se de unha película se tratase.

Pardo Bazán, Emilia, *A pedra angular*, prólogo e trad. de Mónica Bar Cendón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Peto, As Literatas, nº 50, 243 pp. (ISBN: 84-8302-987-1).

Mónica Bar Cendón é a tradutora ao galego desta novela de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851- Madrid, 1921), que foi publicada en 1891 e traducida anteriormente a inglés, alemán e ruso. Mónica Bar é, así mesmo, a autora do Limiar que precede a obra e no se fai unha coidada análise da novela; sinala que esta obra é 'clave para indagar na mentalidade, no modo de vida e nas institucións da España da Restauración' e dá conta do seu argumento, da personalidade e prototipo das personaxes da obra, da postura de Pardo Bazán ante a pena de morte, da presenza das distintas ideoloxías do momento e doutras cuestións precisas para entender a novela en todo o seu contido. Esta obra, que abre o debate sobre a pena capital, transcorre nunha vila de Cantabria, Marineda, a finais do século XIX e o seu fio condutor é o doutor Pelayo Moragos, quen serve de relación entre as dúas historias que fundamentan o argumento da novela: dunha banda, un crime acontecido en Erbeda, aldea próxima a Marineda na que o doutor ten unha casa, e doutra banda, a historia persoal de Juan Rojo, que é o vergudo de Marineda. A partir do asasinato dun carreteiro, polo que condenan á pena capital á súa muller e ao seu suposto amante, ábrese o debate entre os demais personaxes da novela sobre a súa abolición; neste sentido destaca a postura do doutor Moragos, que contrario a esta condena, toma como desafío convencer a Juan Rojo para que abandone a súa profesión. Doutra banda, asistimos ao drama persoal de Juan Rojo, que é abandonado pola súa muller a causa da súa profesión e rexeitado pola sociedade, e o drama do seu fillo, Telmo Rojo, que é apedrado polos rapaces do instituto e tamén rexeitado pola sociedade; a partir deste episodio, o doutor Moragos ponse en contacto con estes dous personaxes e, co propósito de sacalos deste mundo, propónlle a Juan Rojo un trato: el leva para a súa casa a Telmo, co fin de darlle unha educación, a cambio de que o verdugo se negara a executar as mortes dos dous condenados polo asasinato de Erbeda; Juan Rojo acepta, pero ao ver que perde ao seu fillo, suicídase.

Recensións:

- Joaquim Ventura, 'A pedra angular', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. IV.

Afirma, en primeiro lugar, que a tradución ao galego de obras coma esta é necesaria para artellar un sistema lingüístico-literario plenamente autónomo. Sinala, asemade, que a obra é unha chamada de atención contra a pena de morte dende o punto de vista do propio verdugo, que sente como é rexeitado por unha sociedade que reclama este tipo de castigos e que necesita recorrer ao alcohol para soportar ese rexeitamento social; considera, así mesmo, que *A pedra angular* é unha novela que propicia a reflexión do lector sobre este tema.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Da Bela Otero a Yourcenar', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Fala da edición de dúas coleccións de libros centrados en mulleres. Por un lado, a colección "Mulleres" de A Nosa Terra, que recolle as biografías de mulleres como María Casares, Maruxa Mallo ou María Otero. Por outro lado, a colección "Literarias" de Xerais Peto, que publica obras traducidas de mulleres coma Margarite Yourcenar ou Angela Carter. Anúnciase, así mesmo, para o mes seguinte, a publicación nesta última colección de *A pedra angular* de Emilia Pardo Bazan e *Montedemo* de Hélia Correia.

- R. García, 'Una editorial madrileña recupera los cuentos de Pardo Bazán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 maio 2003, p. 52.

Informa da publicación de seis volumes nos que se recollen gran parte dos contos escritos por Emilia Pardo de Cela. Estas obras, publicadas pola editorial madrileña Bermuciel, agrupan os contos por temas (de policía, sangrentos, de inverno, de verán e outono, da Galicia antiga e de amor) e serán presentados o vindeiro 30 de maio, no edificio da Real Academia Galega. Fai referencia, así mesmo, a publicación de *A pedra angular*, dentro da colección "Peto", por parte de Edicións Xerais; sinala que esta novela de Emilia Pardo Bazán se publicou en 1891, que a autora da tradución ao galego e do prólogo é Mónica Bar Cendón e que na obra se "critica con dureza os mecanismos da xustiza, e do poder en xeral, para castigar os culpables dos malos tratos ás mulleres".

- M. B., 'Una nueva editorial publica en seis libros los cuentos de Pardo Bazán', *La Opinión*, 'Cultura', 25 maio 2003, p. 58.

Sinala que a editorial Bermuciel, de recente creación, nace co obxectivo de dar a recuperar a obra máis descoñecida de Emilia Pardo Bazán; neste sentido, publicou seis volumes nos que reúnen os contos de Pardo Bazán en función da súa temática e pretenden publicar dous máis cos relatos de viaxes da escritora galega. Indica, asemade, que Edición Xerais acaba de publicar *A pedra angular*, unha tradución ao galego da obra de Emilia Pardo Bazán; explica que a acción da novela transcorre nunha aldea próxima a Marineda (reflexo da

Coruña na obra da escritora) e que nela ataca a violencia de xénero e critica a actuación da xustiza con respecto aos malos tratos.

- A. M., 'A pedra angular', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'Letras en galego', 31 maio 2003, p. 7.

Dá conta da publicación de *A pedra angular*, unha tradución ao galego da novela de Emilia Pardo Bazán; sinala que a autora coruñesa destacou polo seu labor pioneiro na causa feminista e na denuncia das desigualdades e que, nesta novela, denuncia as decisións inxustas da xustiza e a inexistencia dos malos tratos como delito tipificado. Indica, finalmente, que a tradutora é Mónica Bar Cendón e que a obra inclúe un limiar coas claves da novela.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a novela *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, na que se critica a forma de impartir xustiza e salientase a problemática da violencia familiar que sofren as mulleres. Tamén se achega ao libro de cartas de Álvaro Cunqueiro *Cartas ao meu amigo*, ao libro de contos *Osa Menor*, de Xosé Nicanor Alonso, e ao libro infantil *¡Tódalas cores!*, de Max das que se dá conta no lugar correspondente deste *Informe*.

Pereira, Antonio, *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo (Cuentos de la Cábila, 2000)*, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, 2003, col. Literaria, nº 193, 136 pp. (ISBN: 84-8288-607-X).

O poeta e narrador en español Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) presenta neste *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo* a tradución ao galego do seu libro *Cuentos de la Cábila* (2000). Os relatos que compoñen este volume están ambientados nun territorio real -O Bierzo-, nomeadamente no barrio vilafranquino da Cábila, -topónimo que se ben non existe oficialmente si existe entre os moradores da vila berciana de Vilafranca do Bierzo-. Este volume está formado por trinta e un relatos curtos, con numeración romana e con título, que xorden da realidade da Cábila vivida por Antonio Pereira. En conxunto estamos perante breves cadros nos que o seu autor, que fala en primeira persoa, reflicte a vida cotiá do barrio da Cábila, os seus veráns en Portugal, as relacións do Bierzo con Galicia, as reflexións sobre a época da Segunda República e do fascismo franquista, etc. O derradeiro relato, "O recoñecemento", amosa o recoñecemento que Vilafranca do Bierzo lle tributou a Antonio Pereira como fillo predilecto. Toda a escrita está imbuída por un ton intimista con acenos de nostalxia das vivencias da infancia e adolescencia de Antonio Pereira de rapaz.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Fabulacións no país de Vilafranca do Bierzo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 decembro 2003, p. 3.

Explica que esta obra é un achegamento ficcional á infancia do autor no contorno do Bierzo onde sobresaí a súa vila natal: Vilafranca do Bierzo. Con relación ao seu autor apunta que segue sentíndose poeta e recalca que é un gran "contista aplicado" pouco coñecido en Galicia.

- Tomás Ruibal, 'A mirada do neno que medra', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 14 decembro 2003, pp. 8-9.

Asegura que os diferentes relatos deste volume manteñen unha continuidade argumental, semellante aos capítulos dunha novela, e destaca a forte compoñente autobiográfica. Asemade salienta que Antonio Pereira é un narrador excelente cunha gran "capacidade literaria e fabuladora" e tamén repasa algúns seus premios acadados, como o "Torrente Ballester".

Referencias varias:

- José Miguel A. Giráldez, 'Pereira desembarca en Galicia co fulgor dos seus relatos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 novembro 2003, p. 1.

Conversa con Antonio Pereira na que afirma que este volume é unha gran ocasión de demostrar o seu agarimo por Galicia e que nel tamén se pode ollar un gran pouso da súa vida e historia persoal. Tamén destaca que o relato "A ilustre casa de Pereira" é unha homenaxe a Eça de Queiroz e que unha das características deste volume é a fabulación.

- Camilo Franco, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que conflúen nestes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado segundo el pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, verquida ao galego por Dolores Vilavedra. Fala de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos "ese espazo fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínx de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de estirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial.

Verne, Jules, *Vinte mil leguas baixo dos mares* (*Vingt milles lieues sous les mers*) , trad. Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo Porteiro, Vigo: Ir Indo Edicións □, 2003, col. Clásicos, 475 pp. (ISBN: 84-7680-496-2).

Versión galega dunha das obras máis coñecidas de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905), considerado o pai da ficción científica literaria. Nesta obra, estruturada en dúas partes e posta en boca dun dos seus personaxes, resáltase o carácter verídico do que se relata, sobre todo na súa conclusión. Como indica o título, o argumento xira arredor dunha viaxe submarina, situada na segunda metade do século XIX. O narrador é un estudoso francés, o profesor Aronnax, que é enviado como experto a un barco para perseguir unha masa móbil descoñecida que afunde as embarcacións; tras sufrir un accidente marítimo, do que só salvaron o profesor, o seu axudante e un arpoador canadense, descubren que quen os salva é o que moitos crían que era un cetáceo xigantesco e que eles mesmos perseguiran. En realidade tratase dun artiluxio moi sofisticado, dirixido polo capitán Nemo e cunha tripulación que se comunica a través dunha lingua inventada. O profesor Aronnax e os seus compañeiros están retidos nesta máquina case dez meses nos que percorren vinte mil leguas por diferentes mares e lugares, entre eles a baía de Vigo, e nos que pasan por situacións ben distintas. Neste tempo o capitán Nemo cóntalles, pouco a pouco, que odia a humanidade e que por iso vive baixo os mares sen querer mostrar o seu invento, aínda que nunca lles revela a causa dos seus sentimentos. Ante a imposibilidade de que os libere, os tres prisioneiros deciden fuxir; só o consiguen cando o submarino, chamado Nautilus, se dirixe ao remuíño mariño entre as illas Feroe e Loffoden, polo que o profesor deixa a dúbida de se este aparato e o seu capitán serán capaces de superar ese momento nun lugar no ata o momento ningún barco se salvou.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □♦, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no Premio de relato, poesía e tradución convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun Limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta dos textos gañadores correspondentes a este apartado do *Informe*:

- Iván Sestay Martínez, "Curutos treboentos" (1º Accésit de Tradución), pp. 185-205.

Tradución dos dous primeiros capítulos do orixinal *Wuthering Heights* de Emily Blontë, nos que o Sr. Lockwood narra en primeira persoa o encontro co seu caseiro, o Sr. Heathcliff, que vive nunha morada coñecida como Curutos Treboentos; narra, asemade, a visita que nunha tarde de nevarada fai aos Curutos Treboentos, onde coñece a todos os habitantes desa casa e onde comproba que todos se caracterizan, sobre todo o dono, polo seu carácter reservado, malhumorado e maleducado; o tempo atmosférico impídelle volver ao pazo que lle ten alugado ao Sr. Heathcliff e debe pasar a noite alí.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega, como foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os escritores alleos ao sistema literario galego que participan neste volume cun texto narrativo traducido ao nosa lingua son: Julen Vereza con "Algunha vez a vida sorpréndenos", e Xandru Martino Ruíz con "Arra", en tradución de Xavier Frías-Conde.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas; entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da facultade, e no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores; indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas dúascentas páxinas e dous CD que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CD con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, no que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe, e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar onte na Sala Nasa de Santiago de Compostela; indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa

sociedade á que se dirixe; considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura; neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra culturaposíbel', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 37.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Bula Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

I.4. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, edición, introdución e notas de Rafael Adán Rodríguez, Eulalia Agrelo Costas, M^a Teresa Araújo García, Alexandra Cabaleiro Carro, Xabier Campos Villar, Isabel Mociño González, M^a Teresa Monteagudo Cabaleiro, Mario Romero Triñanes e M^a Isabel Soto López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2003, col. Narrativa recuperada, 658 pp. (ISBN: 84-453-3736-X).

Volume compilatorio no que se recollen textos narrativos publicados en xornais e revistas galegas e da emigración ao longo da segunda metade do século XIX e os primeiros anos do XX. Esta edición foi elaborada por Rafael Adán Rodríguez, Eulalia Agrelo Costas, M^a Teresa Araújo García, Alexandra Cabaleiro Carro, Xabier Campos Villar, Isabel Mociño González, M^a Teresa Monteagudo Cabaleiro, Mario Romero Triñanes e M^a Isabel Soto López, todos eles investigadores vinculados nalgún momento ao Centro Ramón Piñeiro. O volume está estruturado en dous grandes bloques. Por un lado, aparecen organizados alfabeticamente aqueles autores identificados e máis ou menos coñecidos desta época, dos que se ofrecen datos biobibliográficos, incidindo naqueles menos tratados ata o de agora polas fontes de referencia, e un comentario dos textos narrativos antologados. Por outro lado, nun segundo bloque aparecen unha serie de sinaturas ou pseudónimos que ata o de agora non foron identificados, dos que se ofrecen os datos que se puideron coñecer así

como o comentario dos textos que viron a luz baixo esas sinaturas. Os autores coñecidos antologados son: Xulio Alonso Sánchez (Lugo, 1859-Cangas do Morrazo, 1916), Justo Eliseo Areal Barros (Tui, 1862-Vigo, 1902), José Barral Campos (¿?), Leopoldo Basa Villadefrancos (A Coruña, 1886-San Sebastián, 1947), Luís Bouza Trillo (Vilagarcía de Arousa, 1869-1941), Emilio Canda (San Salvador da Lama (Pontecaldelas),?-?), Manuel Castro López (Lugo, 1860-Bos Aires, 1926), Juan Cuveiro Piñol (A Coruña, 1821-Valladolid, 1906), Alfredo Fernández (Xinzo da Limia, 1869-Madrid, 1927), Benito Fernández Alonso (Santa María a Real de Entrimo, 1848-Ourense, 1922), Juan Fernández Merino ("Fernán Minero"), Remigio Garrido Bouzas (Baños de Molgas, 1830-Escornabois, 1907), Fernando García Acuña (Macuriges-Cuba, 1861-Betanzos, 1895), Laureano Guitián Rubinos (Lugo, 1843-Lalín, 1886), Antonio María de la Iglesia González (Santiago de Compostela, 1822-A Coruña, 1892), Francisco María de la Iglesia González (Santiago de Compostela, 1827-A Coruña, 1897), Máximo Leyes Posse (San Amedio de Sarces, Laxe, 1855-A Estrada, 1899), Baldomero Lois Pérez (Santiago de Compostela, 1877-¿?), José López Otero (¿?), Ildefonso López Saavedra (Lugo, 1868-¿?), Francisco Lourido Sánchez (¿?), Jenaro Mariñas González (Noia, 1868-A Coruña, 1938), Hipólita Moíño de Landrove (Ferrol, ¿?-¿?), Adolfo Mosquera Castro (¿?), Xan Neira Cancela (Santa María a Mayor de Vigo, 1849-Ourense, 1909), Manuel Nóvoa Costoya (Santa María a Real de Sar, 1860-¿?), Manuel Núñez González (Vilardevós, Ourense, 1865-1917), Eduardo Núñez Sarmiento (Angueira, Santa Mariña de Ribasar, A Coruña, 1865-1906), Luís Otero Pimentel (Outeiro de Portodemouros, Vila de Cruces, Pontevedra, 1834-Cádiz, 1920), Xan Manuel Paz (Ourense, 1839-1895), Xan Pla e Zubiri (Juan Pla Zubiri) (Viveiro, 1864-Manresa, 1936), Carlos Pol Caamaño (¿?), Francisco Portela Pérez (Pontevedra, 1864-1948), Rufino Ribera Losada (¿?), Lisardo Rodríguez Barreiro (San Martiño de Noia, 1862-Vilagarcía de Arousa, 1943), Francisco Romero Blanco (San Pedro de Tállara, Lousame, 1838-Noia, 1918), Galo Salinas Rodríguez (San Nicolao, A Coruña, 1852-1926), Francisco Suárez Salgado (San Xillán de Beba, Mazaricos, 1862-Brión, 1910) e Marcial Valladares Núñez (Estrada, 1821-1903). En canto aos autores descoñecidos ou pseudónimos non identificados atopamos os textos asinados por: A.A., Cecilio Navarro, Domingo Lago, G.Sus, Gelabert, Inocencio Filgueira, J.D.S., L. de G., Manoel da Cabana, Manuel López Prado, Pepe Reimúndez, R.C., S. Cora, Xan de Bentraces, Xan de Codesal, Xan Rodríguez Banante e V.P.

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Aleixandre, Marilar, *Desmentindo a primavera*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Poesía, nº 1, 68 pp. (ISBN: 84-9782-060-6).

Exercicio de reconstrución da memoria en sentido cronoloxicamente inverso, partindo de restos, de cinzas e de reproches que o tempo, os séculos durante os que toda unha tradición se estableceu a base de traballo e teima nun lugar determinado, nunha casa, bota á cara dun habitante actual incapaz de continuar tal empresa. Marilar Aleixandre fai unha reflexión sobre a pervivencia a traveso dun discurso, por veces de marcado carácter narrativo, no que os personaxes extinguidos cobran vida en medio doutros, non sempre

humanos, nunca idos, e acompáñase de referencias literarias introdutorias como Celan, Cunqueiro, Rilke ou Silvia Plath, para situar cada punto da historia. Un total de trinta e tres composicións conforman a segunda achega da autora ao mundo da poesía, divididas en tres partes, de explícita cronoloxía, por medio das que o crebacabezas esnaquizado de imaxes, feitos e emocións que constrúen o contorno lírico se deixa reconstruír.

Recensións:

- X.G.G., 'Confusa poesía de Marilar Aleixandre', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 27.

Analiza a organización e a escritura do libro *Desmentindo a primavera*, de Marilar Aleixandre. Critica a ausencia dun sentido de construción poemática e a conformación dun estilo baseado na elección dun léxico excesivamente dialectal e dunha sintaxe complexa e antirrítmica.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Xerais renova a colección de poesía cunha obra de Marilar Aleixandre', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 30.

Menciónase a aparición do libro de Marilar Aleixandre como inauguración da nova serie de poesía de Xerais, xunto a (*Cito*) de Emma Couceiro e dando por rematada a colección anterior, "Ablativo Absoluto".

- C. Domínguez, 'Marilar Aleixandre. O meu poemario é unha crónica imaxinaria', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 5 decembro 2003, p. 64.

Ante as preguntas do xornalista, a autora fala dos temas principais de seu libro. En canto aos seus novos proxectos, Marilar Aleixandre anuncia o comezo dunha nova novela xuvenil e a publicación dun dos seus relatos, "A area escoita o temporal", nun libro editado en Valencia.

- Xosé Lois García, 'Edicións Xerais de Galicia renóvase', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 16 decembro 2003, p. 4.

Anuncia a aparición da colección "Poesía" de Edicións Xerais. Fai mención dos dous libros que inauguran este proxecto, (*Cito*), de Emma Couceiro, e *Desmentindo a primavera*, de Marilar Aleixandre.

- Concha Pino, 'A poesía é como o sal, serve para conservar sentimentos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 19 decembro 2003, p. L2.

Marilar Aleixandre sinala que o seu libro xira arredor dos sentimentos producidos pola morte do pai do seu home e o abandono da casa familiar deste. En canto á súa poesía, a entrevistada considérase un caso atípico porque a súa obra poética é posterior á publicación da súa narrativa.

- M. Barba, 'No meu libro hai moitos poemas escritos desde unha voz de home', *La Opinión*, 'Cultura', 26 decembro 2003, p. 37.

Nesta entrevista Marilar Aleixandre explica os elementos fundamentais do seu poemario, construído sobre a evocación da Galicia rural abandonada e da infancia perdida. Así mesmo, a poetisa analiza os símbolos como a abella, a silva ou a ortiga que articulan os textos do libro, recoñecendo, ademais, a influencia da Álvaro Cunqueiro e rexeitando as categorías de poesía masculina ou feminina.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Epicentro*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, marzo 2003, col. Tambo, 118 pp. (ISBN: 84-8457-143-2).

Unha vez máis a memoria como lugar de repouso e bálsamo contra a enfermidade do *tempus fugit* aparece nos versos de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932). Nun poemario denso e de longa duración dividido en tres apartados -"Home pola palabra", "As raíces insomnes" e "Último renacemento"- o autor bota a ollada cara ao xa acontecido sen ningún tipo de eivas, asumíndoo tal e como foi, para ben e para mal, e revisitándoo sen deixar de engadir novas análises esclarecedoras do seu sentido. Como ferramenta para a superación do irrecuperábel esgrime un amor que inza todos os ámbitos do presente, acadando deste xeito unha función terapéutica inescusábel, e convida o lector a facer parte do senso do libro e da súa escrita. Ao longo das sesenta e cinco composicións que o constitúen, *Epicentro* desenvólvese no habitual estilo de verso libre de Torneiro e entre un bosque de metáforas elaboradas que axudan a situarse nese universo propio creado en torno á memoria.

Recensións:

- Xesús Fraga, 'O paso dos meses', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 6, 'Letras en galego', 26 abril 2003, p. 7.

Dá conta da aparición do poemario e sinala o paso do tempo como fío condutor, manifestado a través dos meses do ano, así como o establecemento da memoria do poeta e a súa voz como arma contra o esquecemento. Menciona as referencias a persoeiros do mundo do cine, a música e a literatura como Ingrid Bergman, Franz Schubert e Walt Whitman.

- Armando Requeixo, 'Epicentro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 5 xuño 2003, p. IV.

Dando conta da aparición de *Epicentro*, salienta a longa e digna traxectoria lírica de Torneiro e profunda na estrutura do libro, sinalando a volta á nenez e o amor como eixes temáticos do poemario. Fai unha gabanza da metáfora e a cadencia do verso e destaca o feito de cada palabra escrita ser necesaria, de non sobrar nada. Remata outorgando ao autor

coruñés o título de mestre e á obra o estatus de lección para aspirantes a poetas.

- Xavier Castro R., 'Álvarez Torneiro e a íntima dimensión da poesía en comunión co lector', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 3.

Tras cualificar a Manuel Álvarez Torneiro como "excelente creador lírico de dilatado labor e cerne xeneroso", achégase ao seu último poemario incluído na colección "Tambo" da Deputación de Pontevedra. Indica que *Epicentro* é un poemario denso, que debe lerse con vagar para asimilalo aos poucos; sinala que nesta obra, que se divide en tres partes, o autor fai un compendio de recordos e sentimentos pasados evocados dende o presente, nos que o amor e a saudade ocupan un lugar importante.

- Vicente Araguas, 'Álvarez Torneiro deixa o té frío', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 17 agosto 2003, p. 2.

Tras facer unha análise do poema que pecha *Epicentro*, afirma que en toda a obra de Manuel Álvarez Torneiro hai unha concepción da escrita como vencedora do tempo e que se converte en solución/salvación a forza de recuperar as súas pegadas. A continuación, fai referencia ás tres partes nas que se estrutura a obra: "Home pola palabra", "As raíces insomnes" e "Último renacemento", indicando a temática presente en cada unha delas.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'O nosoutros máis alá da poética', *Atlántico Diario*, 'Musas', 29 xuño 2003, p. 53.

Entrevista con Antón Dobao, xornalista e poeta que ten no prelo a súa próxima obra, titulada *Materia*. Tamén se fai eco da publicación do libro de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) *Epicentro*. Afirma o comentarista que son versos que subliman o universo rural e que a colección "Tambo" da Deputación Provincial de Pontevedra se vén de enriquecer con este novo volume.

Álvarez, Francisco, *Para abril e amantes*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, marzo 2003, col. Tambo, 48 pp. (ISBN: 84-8457-142-4).

Conxunto de trinta e nove poemas formando un conxunto homoxéneo tanto no temático coma no estilístico. A sensualidade a través do desexo da amada ausente e a lembranza de tempos de compañía idos emerxe a cada verso do libro, mesturándose cunha imaxe de soidade na distancia física que se funde co sentimento de amor profundo, ás veces adolescente pola súa transparencia. Francisco Álvarez (A Guarda, 1957) achéganos unha obra de estruturas sinxelas, con ritmo fluído e continuo, nunha linguaxe na que as referencias substantivas ao corpo se manifestan de xeito permanente no medio dunha voráxine de predicados voluptuosos inseridos na atmosfera dos sentidos e o goce físico e mais espiritual.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Voz menor', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 47, 'Libros', 12 xuño 2003, p. IV.

Sinala o carácter bilingüe da produción poética de Francisco Álvarez ao mesmo tempo que, logo de indicar os contidos temáticos do libro, incide na idea dunha obra modesta en canto á achega que ao panorama actual galego pode facer, pois, segundo Requeixo, o léxico é reiterativo, a rima fácil, as imaxes gastas e a recorrencia a tópicos literarios afastados da literatura do século XXI, habitual. Remata considerándoo un poemario menor dentro dunha colección que ten publicado títulos máis ambiciosos no estético.

- Tomás Ruibal, 'Poesía sen retórica', *Diario de Pontevedra*, '*Anaquel dos libros*', 13 xullo 2003, p. 9.

Sinala que a Deputación de Pontevedra publica dentro da colección de poesía "Tambo" *Para abril e amantes*, de Francisco Álvarez, poeta galego residente en New York. A principal virtude deste poemario está, tal e como pretende indicarse co título da recensión, en que non pode incluírse nin na chamada poesía culturalista nin na considerada poesía posmoderna, aínda que nisto reside tamén a súa principal chata, salientando as reminiscencias de Neruda, Salinas e talvez Borges, que se plasman na excesiva simplicidade dos temas e das formas con que se encontra o lector.

- Tomás Ruibal, 'Poesía sen retórica', *Diario de Pontevedra*, '*Revista! Letras*', 27 xullo 2003, p. 8.

Trátase dunha versión máis breve da recensión publicada neste mesmo xornal, co mesmo título e en data 13 de xullo de 2003.

- Vicente Araguas, 'Os versos frescos 'Para abril e amantes'', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 28 setembro 2003, p. 3.

Para abril e amantes lémbrale a Vicente Araugas o Neruda dos *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*, unhas composicións conscientemente inxenuas pero traballadas, e áchao o agasallo perfecto entre persoas namoradas.

Referencias varias:

- R.R. Vicente, 'Para abril e amantes', novo poemario de Francisco Álvarez', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Louriña', 25 outubro 2003, p. 30.

Saliéntase a traxectoria como poeta e dramaturgo de Francisco Álvarez, gañador no 2003 xunto co dramaturgo e ensaísta colombiano Miguel Falquez-Certain do Premio "Repertorio Español de Teatro" pola obra *Quemar las naves*. Canto ao poemario *Para abril e amantes*,

dedicado á súa muller Loli, destácase que nel o autor fai partícipes das súas vivencias amorosas aos lectores amosándose tal cal é, chamando ás cousas polo seu nome, sen rodeos.

Arias, Xela, *Intempériome*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, outubro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 126, 79 pp. (ISBN: 84-95625-76-8).

Despois de sete anos de ausencia editorial no eido da poesía, Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2004) presenta un libro no que o seu universo persoal, fóra de modas e tendencias, se afianza por medio dos seus versos, consolidándose como unha autora con capacidade creativa independente. Dividido baixo tres epígrafes -"E así que se me din que agarda"; "Corazón cuestión"; e "vencerse é cousa de se tratar"-, o poemario presenta unha morfoloxía estrutural irregular, por canto a primeira das partes está composta dunha única peza (á que precede unha cita de Quevedo) de longa duración, mentres que as restantes amosan poemas en xeral curtos, chegando en moitos casos a unha brevidade absoluta ao modo dos haikus. *Intempériome* transloce unha subversión sintáctica, xa no propio título, que produce o seu efecto secundario máis inmediato no contorno temático da obra. A utilización transgresora e reiterada do pronome persoal como modificador de substantivos e verbos en contextos inicialmente non procedentes ou nos límites do seu uso, co violentamento gramatical que isto supón, deriva nuns versos por veces duros e sen compaixón que un "eu lírico" deita, dirixíndose normalmente a un "ti", contra si mesmo como na procura dunha catarse.

Recensións:

- Penélope Pedreira, 'Intempériome', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Fala sobre o poemario da escritora e tradutora lucense Xela Arias, titulado *Intempériome*, no que cunha retórica hermética e difícil fala das miserias e dos medos que asaltan ao ser humano.

- Vicente Araguas, 'Os cormoráns que iluminan os versos de Xela Arias', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 xullo 2003, p. 2.

Vicente Araugas saúda a aparición do cuarto poemario de Xela Arias, *Intempériome*, unha autora pouco pródiga e coa coraxe necesaria para violentar a sintaxe e inventar as palabras que necesita, nunha obra que se volve máis e máis reflexiva a medida que avanza e que resulta no seu conxunto "cri(p)ticamente" aceda.

- Dorinda Castro Soliño, 'Intempériome', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. IV.

Ademais de explicar o título do poemario e situarnos á autora, Dorinda Castro ofrécenos unha breve excursión pola súa estrutura e o seu contido, atendendo aos trazos máis salientábeis do cuarto poemario de Xela Arias, *Intempériome*: trinta poemas longos ou

breves como *haikus* repartidos entre as súas tres partes, en que se xoga coas palabras e nomeadamente cos pronomes para falar, unha outra vez, do amor.

- X.G.G., 'Xela Arias, as promesas incumpridas', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Cultura', 30 outubro 2003, p. 27.

Coméntase que se agardaba máis deste cuarto poemario de Xela Arias, publicado despois de sete anos de silencio, máis indagación poética verbal e poética, máis ironía, porque para facer poesía vivir e sentir son condicións indispensábeis, pero non suficientes.

- Ramón Nicolás, 'Ata sempre, Xela', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 13 novembro 2003, p. I.

Dá conta da aparición do último libro de Xela Arias, *Intempériome*, á vez que se despide, despois do seu pasamento, da figura dunha muller cuxo labor supuxo tanto para o mundo da cultura en Galicia desde o eido da poesía ou da tradución en Edicións Xerais coma no ensino secundario desde hai dúas décadas. Acompaña a recensión unha escolma de tres poemas pertencentes ás súas tres obras mais coñecidas, *Tigres como cabalos*, *Darío a diario* e o propio *Intempériome*.

Referencias varias:

- Begoña R. Sotelino, 'Espirál Maior incorpora os libros de catro mulleres á súa colección poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 50.

Dáse conta de que Espiral Maior presenta cinco novos volumes da súa colección de poesía en Vigo, apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Sinálase que a colección, que se sostén grazas aos seus cento vinte e catro subscritores, pasa a incluír *Intempériome*, de Xela Arias; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *O son da xordeira*, de Antía Otero; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova.

- Alberto Quian, 'Espirál Maior presenta cinco novos libros da súa colección 'Poesía'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xullo 2003, p. 42.

Noticia da presentación en Vigo de cinco novos libros de poesía dentro da colección de Espiral Maior, apadriñados por Francisco Fernández del Riego: *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- A.D., 'Espirál Maior amplía a colección Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2003, p. 51.

Noticia da publicación de cinco volumes dentro da colección de poesía da editora Espiral Mayor, dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Trátase de *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme

Kruckenberg; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta; *Intempériome*, de Xela Arias, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Alfredo Conde, 'Poesía feminina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 xullo 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá conta no seu espazo de opinión da aparición de catro volumes de poesía asinados por mulleres da man de Espiral Maior: *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- MARÉ, 'En clave de verso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2003, p. 51.

Espiral Maior propón para o verán de 2003 catro títulos que percorren o abano xeracional da literatura galega escrita por mulleres a través das esculcas formais de Xela Arias (*Intempériome*), M^a do Carme Kruckenberg (*Lembranzas da beleza triste*), Marta Dacosta (*As amantes de Hamlet*) e a debutante Antía Otero (*O son da xordeira*).

- C.V., 'Unha aposta histórica pola renovación da poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 29.

Comeza sinalando que a aparición no panorama editorial galego de Espiral Maior, editora dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello, supuxo a creación do que hoxe é o fondo máis rico de poesía da historia da literatura galega, cuxos últimos títulos pertencen ás poetisas, M^a do Carme Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero, unha nova autora nacida en 1982 e que da a medida dá aposta da editora polas novas voces da poesía.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe unha breve referencia a esta obra.

- R.N., 'Intempériome', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 20, 'Letras en galego', 2 agosto 2003, p. 7.

Nota na que se dá conta da publicación, despois de sete anos de silencio, do último poemario de Xela Arias, *Intempériome*, e se salienta a mudanza cualitativa que supón dentro da súa poesía.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión no referido á literatura galega de: *Don Nuno e outros relatos humorísticos*, de Valentín Alvite; *Tifón*, de Joseph Conrad; e *Intempériome*, de Xela Arias, poemario do que sinala que a súa autora, unha recoñecida tradutora, xoga coas palabras nunha poesía de carácter íntimo e cunha forte presenza de

sentimentos como o amor, a soedade ou a beleza. Sinala as tres partes nas que está dividido o poemario, ademais de lembrar os recoñecementos que a autora ten acadado polo seu labor tradutor.

- MARÉ, 'Do tempo da estrañeza', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 novembro 2003, p. 51.

Chus Pato, Manolo Bragado, María Xosé Queizán, Miguel Anxo Fernán-Vello, Helena González e Ana Romaní evocan a figura da poetisa Xela Arias e salientan a traxectoria dunha autora que, sobre todo, indagou. Inclúese un poema de *Intempériome*, o seu último poemario.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Xela Arias, poeta no pouso dos afectos', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 3 novembro 2003, p. 3.

Palabras de lembranza e loanza para Xela Arias con motivo do seu pasamento, que en poucos días había presentar o seu último poemario, publicado por Espiral Maior, xunto a Miguel Anxo Fernán Vello. Destácase igualmente o seu labor como tradutora.

- MARÉ, 'Unha francotiradora', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 novembro 2003, p. 50.

Sinálase que francotiradores foron os membros desa xeración esquecida da poesía galega que a crítica nunca soubo incluír nas súas referencias, en palabras de Helena González e Manuel Bragado. Así Xela Arias, unha escritora unida estreitamente a Edicións Xerais desde os seus inicios, cuxa obra máis coñecida, *Tigres como cabalos* (1990), onde aparecía espida en fotos tiradas por Xulio Gil, levantou certa polémica no seu momento. Destácase ademais nesta relembanza da poetisa feita no día do seu enterro o seu importante labor como tradutora.

- F.F., 'Fallece en Vigo la poeta y traductora Xela Arias', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 3 novembro 2003, p. 30.

Noticia do pasamento de Xela Arias, poetisa e tradutora, por causa dun paro cardíaco. Lémbrese que Xela Arias era filla de Valentín Arias, que fora xerente de Edicións Xerais e presidente da Asociación de Tradutores Galegos, traballara como correctora, asesora e tradutora en Edicións Xerais, e obtivera varios premios polas suas traducións, como o Premio da "Sociedade da Lingoa Portuguesa" pola tradución de *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco, ou o premio "Ramón Cabanillas" pola tradución de *O derradeiro dos mohicanos* de Fenimore Cooper.

- Primitivo Carbajo, 'Xela Arias, poetisa y traductora', *El País*, 'Necrológicas', 4 novembro 2003, p. 47.

Breve nota na que se informa da morte de Xela Arias e se fai un percorrido pola súa traxectoria como poetisa e tradutora. Entre as obras citadas, atópase a derradeira: *Intempériome*.

- Vicente Araguas, 'Xela', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 4 novembro 2003, p. 64.

Reivindicación da importancia da obra poética de Xela Arias dentro do panorama da poesía galega e nomeadamente dentro da poesía feita por mulleres, xunto con Luísa Castro, e do valor da súa última obra, *Intempériome*.

- Ramón Nicolás, 'Adeus, Xela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 novembro 2003, p. 45.

Breve nota de despedida a Xela Arias despois do seu pasamento e repaso das súas obras entre as que se atopa *Intempériome*.

- J.C. Bastos, 'Morrer non conta', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 4 novembro 2003, p. 51.

Crónica do enterro da poetisa Xela Arias, celebrado o día 3 de novembro de 2003 no cemiterio vigués de Pereiró, ao que asistiron centos de persoas. Acompañaa unha breve semblanza da súa figura e un breve resumo do comunicado emitido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega con tal motivo. Ao final, nomea a presentación hai poucas semanas de *Intempériome*.

- Marta Dacosta, 'Xela Arias ', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 30.

Marta Dacosta lembra os momentos pasados con Xela Arias no último ano e fala da procura da esencialidade nos seus versos. Tamén comenta a presentación da obra *Intempériome* que se ía celebrar no mes de outono.

- Fran Alonso, 'Borboriño para Xela', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 6 novembro 2003, p. 40.

Fran Alonso evoca a figura dunha Xela Arias nerviosa ante o seu primeiro recital poético e traza unha tenra despedida desta poetisa que se despediu "buscando unha nova dimensión para a palabra en *Intempériome*".

- A.N.T., 'Xela Arias, a poeta da nudez', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 30.

Recóllese a noticia da morte de Xela Arias e faise un percorrido pola súa traxectoria profesional como correctora e asesora de Edicións Xerais, tradutora, poetisa e profesora de ensino secundario. Queda anotado que deixou inédito un texto para o volume colectivo *Sempre mar* da Plataforma contra a Burla Negra.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Xela Arias: in memoriam', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 9 novembro 2003, p. 26.

Evocación de tintes líricos da figura da poetisa Xela Arias que toma como referencia o seu último poemario, *Intempériome*.

- X.L. Méndez Ferrín , 'No pasamento de Xela Arias', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 10 novembro 2003, p. 12.

Xosé Luís Méndez Ferrín lamenta a morte da filla dos amigos, da nena que coñeceu, da poetisa rupturista, da colaboradora en diferentes publicacións do país, da escritora que "estudou a lingua na voz dos que a falan", da tradutora e da narradora que non puido chegar a ser por culpa da morte.

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A Nosa Cultura, Libro e CD, 148 pp. (ISBN: 84-96202-81-X).

Este libro, co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere manifestar a súa posición contraria á marea negra, ten como limiar a poesía "Sempre mar", tirada do poemario *Profecía do mar* de Bernardino Graña. A obra acolle un conxunto moi heteroxéneo de textos, tanto en verso coma en prosa (poemas, relatos, artigos, manifestos, etc.) de oitenta e catro autores galegos centrados na denuncia da catástrofe do Prestige. Na folla de garda infórmanos de que os beneficios das vendas desta edición serán destinados á Plataforma Nunca Máis. Os autores que participan no volume con textos poéticos son Adolfo Caamaño (Barro, 1959) con "Ave na memoria azul de Ons"; Alexandre Ripoll Anta con "Cantar de amor, escarnho e pranto polo mar"; Ana Romaní (Noia, 1962); X. Antón L. Dobao (Lugo, 1963) con "Mil imaxes"; Bieito Iglesias (Ourense, 1957) con "Paris, mon amour"; Antón Avilés (Noia, 1935-1992) con "De Valdeorras a Taramancos"; Cesáreo Sánchez Iglesias (O Carballiño, 1951) con catro poemas titulados "A Miño", "A Pasaxe", "Camposancos" e "A Guarda"; Chus Pato (Ourense, 1955); Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969); Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967) con "Prestige"; Emma Couceiro (Cospeito, 1977); Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974); Isidro Novo (Lugo, 1951) con "A mar ferida" e "Información light (baixa en alcatrán)"; Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) con "Ventos libres zoan"; Luis Rei Núñez (A Coruña, 1958) con "O mar chámase Burla Negra"; Luisa Villalta (A Coruña, 1957) con "Índixena da civilización"; Manuel A. Torneiro (A Coruña, 1932) con "Outro mar"; Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958) con "Épica de piche"; Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) con "Verbas ao mar"; Manuel Vidal Villaverde con "Negra maré"; Marga do Val (Vigo, 1964); M^a do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926); M^a do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) con "Poema de amor"; Marica Campo (O Incio, 1948); Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) con "os nomes a voces"; Marta Dacosta (Vigo, 1966) con "Mougás"; Miguel Sande (Arteixo, 1961) con dous poemas numerados; Miro Villar (Cee, 1965) con "Nuno"; Olga Patiño Nogueira; Paco Souto; Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) cun texto do poemario *Morte do Mar*; Pura Vázquez (Ourense, 1918) cun poema de *Man que escribiu no mar*; Rafa Villar (Cee, 1968) con "Costa da Morte"; Raúl G. Pato con "Mal debuxante"; Rosa Méndez; Teresa Seara con "Mar de alma preta (Manifesto)"; Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954) con "Nunca Máis"; Xavier Cordal (A Coruña, 1956); Xavier Lama (Guntín, 1963) con "A ferida que non poderá taponar-lo batiscafo"; Xavier Seoane (A Coruña, 1954) con "Oceánica"; Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) con "Dignidade"; Xesús Pereiras (Monterroso, 1960); Xoán Neira (Meilán, Lugo, 1953) con "Nunca Máis", "Canallas" e "As redeiras da noite"; Xoán X. Fernández Abella con "Sobre o Prestige"; Xosé Abeal (1954); Xosé Ballesteros con "MaR 1960"; Xosé Estévez con "Cantiga Galeusca do chapapote"; Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931) con "Rosalía non chorou por todos"; Xosé Leira (Valdoviño, 1951) con dous poemas numerados en romanos; Xosé M^a Álvarez Cáccamo

(Vigo, 1950) con "Contra a Mentira Negra"; Xosé M^a Dobarro Paz con "¡Anda xa!" con ; Xosé Miranda (Lugo, 1955); Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) con "Presaxio" e Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977). Os textos narrativos e ensaísticos incluídos no libro son citados no apartado correspondente deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Marea negra na senda do desastre do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Preséntase a nova escolma de poesía xurdida a partir do desastre do *Prestige*, *Alma de beiramar* publicada en A Nosa Terra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que conforma unha antoloxía de oitenta e catro escritores, poetas e narradores que leva como destino económico a Plataforma Nunca Máis, recollendo poemas desde Bernardino Graña ou Adolfo Caamaño ata Yolanda Castaño. Insístese na variedade de calidade poética.

Referencias varias:

- C.V., 'A literatura contra o piche no mar', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 25.

Faise referencia á escolma poética publicada pola AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), onde se insiste na variedade de autores tanto polas súas diferentes idades coma pola pertenza a diferentes xeracións e conxunto de xéneros literarios coa intención de deixar constancia da oposición social á marea negra provocada polo *Prestige*. A seguir aparecen citados un bo número dos autores participantes, dende Adolfo Caamaño a Yolanda Castaño. Incídese, ademais, no conxunto plural e variado de colaboracións literarias xa que ao lado de poemas existen tamén manifestos con marcado carácter reivindicativo.

- Alfredo Conde, 'Poesía que nos ilumina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 xullo 2003, p. 4.

A partir dunha cita de Max Aub, Alfredo Conde divaga sobre o significado da arte para transmitir ao lector a publicación da obra de oitenta e catro autores, narradores e poetas, *Alma de beiramar*, publicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra, que loan ao mar despois dos acontecementos xurdidos o 13 de novembro de 2002 que levaron ao afundimento do *Prestige*.

- R.N., 'Alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto 2003, p. 7.

O autor quere deixar constancia a través do subtítulo, *A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, das intencións desta iniciativa que nace como resposta á catástrofe do *Prestige*, onde oitenta e catro voces expresadas en forma de relatos, ensaios e composicións poéticas tentan amosar unha plena solidariedade cos acontecementos.

Insístese, ademais, na pluralidade existente neste libro de estilos, idades, temáticas, promocións e opcións estilísticas e formais unidas como mostra de protesta contra a indignidade.

- Amaia Mauleón, 'Alma de Beiramar', el grito de las letras gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 setembro 2003, p. 34.

Alúdese á presentación do libro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar*, en Vigo o día 23 de setembro na "Casa del Libro", da man de varios dos seus autores como Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña, Fran Alonso, Marga do Val, Xela Arias, Marta Dacosta, Roque Cameselle, Francisco Castro e Manuel Villaverde.

- MARÉ, 'Varios escritores galegos axúntanse para denunciar a crise do 'Prestige', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 setembro 2003, p. 76.

Refíresenos á publicación da Asociación de Escritores en Lingua Galega que xunto con A Nosa Terra sacaron á luz *Alma de beiramar* como denuncia e compromiso dos autores galegos para deixar memoria do afundimento do *Prestige*, dándolle a total recadación á Plataforma Nunca Máis. Anúnciase, ademais, a presentación do libro na galería Sargadelos de Compostela o día 24 de setembro, por Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño, así como un posterior recital da man dalgúns colaboradores desta obra.

- Sofía de Benito, 'Con alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 25 setembro 2003, p. L14.

Faise referencia ao acto de presentación da obra da Asociación de Escritores en Lingua Galega *Alma de beiramar*, por Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño en Compostela que contou coa participación de varios dos seus colaboradores como Chus Pato, Bieito Iglesias, María do Cebreiro, Rafa Villar, Antón Dobao, Raúl Gómez Pato, Rosa Aneiros, Xoán Xosé Abella e María do Carmo Kruckenberg.

- MARÉ, 'Co ánimo de facer ruído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2003, p. 43.

Faise referencia ao acto de presentación da obra da Asociación de Escritores en Lingua Galega *Alma de beiramar*, e tamén se lle presta atención ao Congreso de Cultura Mariñeira e Popular, organizado por dita asociación os días 10 e 11 de outubro que contará con diferentes sesións sobre temas galegos relacionados co mar.

Avendaño, Alberto, *Texas*, Vigo: Galaxia, outubro 2003, col. Dombate, nº 36, 91 pp. (ISBN: 84-8288-620-7).

A volta de Alberto Avendaño (Vigo, 1957) ao mundo da poesía vén dada por trinta e cinco poemas de clara vocación polimórfica e testemuñal. O autor crea un mosaico composto de pezas que representan anacos da intrahistoria dun país conformado por pequenos heroes cotiáns, moitas veces perdedores, e paisaxes que se resisten a claudicar ante a presenza

humana. O libro, que se inicia cun texto a modo de introdución do propio autor, no que Vigo aparece, nun nivel metafórico, como porta de América, está formado por unha gran diversidade de rexistros e estilos, entre os que se atopa unha influencia considerábel, ás veces explícita, da tradición musical popular (referencias a Andy Wilkinson ou Billie Holiday, por exemplo); citas dialóxicas que non escapan ao contorno cinematográfico; referencias literarias entre as que camiñan Borges (xa precedendo o comezo do corpus poético), Octavio Paz, Cormac McCarthy ou W. H. Auden, entre outros; e a presenza continua de inglés, español e galego, por veces constituíndo pezas monolingües, por veces mesturándose na mesma, representando deste xeito o evidente carácter mestizo do mundo texano que Avendaño reconstrúe no papel. A obra remata cun pequeno glosario, útil para o lector despistado, de voces chicanas espalladas ao longo de todo o texto.

Referencias varias:

- Concha Pino, 'Hai demasiada lírica que se perde na lírica, e este libro ten alma', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 novembro 2003, p. 53.

O entrevistado describe brevemente o seu labor poético en Estados Unidos, onde, como el mesmo indica, puido recuperar o lúdico, lírico e lascivo que dominaba a súa experiencia dentro de "Rompente". Avendaño sinala que o seu libro achega á literatura galega a estética da mestizaxe, personalidade e un impulso único, é dicir, unha alma propia.

- MARÉ, 'Encontro de texturas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 novembro 2003, p. 43.

Explica as características que conforman a escrita de Alberto Avendaño no seu libro. Afirma que, segundo as palabras do propio escritor, o poemario é "un encontro de texturas literarias e emocionais", ao tempo que o seu libro máis galego. Entre as posíbeis influencias recollidas pola obra, cita a xeneración beat, as vangardas de entreguerras, Lorca, Borges ou a música country.

- Carme Vidal, 'O regreso texano de Alberto Avendaño', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 30.

Dá conta da publicación do poemario de Alberto Avendaño. Presta atención especialmente ás experiencias poéticas do autor xunto aos outros integrantes do grupo "Rompente", Manuel María Romón e Antón Reixa. Relaciona o valor transgresor e crítico do libro co espírito subversivo de dito proxecto. Finalmente, enxalza o labor como xornalista do poeta, quen dirixe en Washington o semanario *El tiempo latino*.

- Pedro Rielo, 'Un texano en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 16 decembro 2003, p. 5.

Con motivo da publicación do libro, o xornalista fai unha breve presentación da figura de Alberto Avendaño e as súas experiencias vitais en Texas. No referente ao poemario, define a escrita de Avendaño como unha proposta contemporánea e transgresora, na que a mestura lingüística se converte nunha aposta pola mestizaxe cultural.

Blanco Valdés, Juan L., *Ruínas*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, abril 2003, col. Libros da Frouma, nº 28, 84 pp. (ISBN: 84-85385-78-0).

Ao longo de corenta e oito composicións de extensión media, Juan Luís Blanco Valdés (A Estrada, 1960) ofrece un repertorio de momentos esmorecidos, froito do sempre irrecuperábel tempo, por medio das sensacións e o arrecendo que deles fica. Dende a metafísica máis profunda ata o amor extraviado nalgún recanto da propia vida, pasando pola aceptación pesimista do desastre existencial atinxido, están presentes no segundo poemario publicado do autor que, inmerso nun "eu lírico" omnipresente e pechado na súa propia atmosfera, recorre, como únicas opcións posíbeis contra o tedio do camiño cíclico e rutineiro inesgotábel, ao dictame do espírito amoldado ao seu destino ("sexamos chuvia sen máis auga que a de hoxe") e á procura da transcendencia por medio do acto literario que o vehicula ("¿A quen podería regalar esta palabra/que fose presenza de min cando me vaia?").

Recensións:

- H. N., 'Interrogantes sobre ruínas disfrazadas de presente', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 3.

Dáse conta da aparición de *Ruínas*, na colección "Libros da frouma". Destácase o uso dunha lingua traballada e palabras cargadas de contido que refiren tematicamente un mundo existente no recordo do que a penas fican máis que recendos, e desde os que parte unha ollada cara a diante.

Buhigas, Mon G., *Poemas para Emilia*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, febreiro 2003, col. Libros da Frouma, nº 27, 96 pp. (ISBN: 84-85385-75-6).

Cunha selección de citas extraídas do mundo da música pop, agrupadas baixo o epígrafe "E eu non son coma outras aves de rapina", ábrese o primeiro poemario de Mon G. Buhigas (Vilagarcía de Arousa, 1965). As referencias, tiradas dos máis diversos estilos e momentos, esténdense ao resto do libro de xeito máis ou menos explícito: Beatles, Enya, Mike Oldfield, Kate Bush, Gerry and the Pacemakers, etc., aparecen nas súas páxinas, denotando así o labor de crítico musical desenvolvido polo autor noutras ocasións. Amais destas, tamén se atopan moi presentes algúns elementos da cultura irlandesa, mesmo palabras gaélicas, conformando un universo persoal moi determinado dentro do cal se desenvolve a temática amorosa fundamental da obra. Cun destinatario declarado no título, Buhigas desenvolve unha poética do corpo e do espírito centrada nun amor ideal por veces presente, por veces ausente, pero sempre constatado no sentir do propio poeta. A lingua, directa e en ocasións moi descritiva, entronca coa tradición musical mencionada por medio da brevidade e sinxeleza estrófica. Remata, logo de sesenta pezas, e baixo o título de "Nunca camiñarás só", cunha especie de sección de agradecementos na que semellan estar presentes gran parte dos actantes dese universo propio.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, 'Aura Emilia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 1 maio 2003, p. IV.

Dá a benvida no mundo das letras a Mon G. Buhigas pola publicación do seu primeiro libro e salienta as relacións hipertextuais do poemario co mundo da música pop. Sinala tamén a presenza do amor como centro temático arredor do que xiran as diferentes composicións e destaca a luminosidade, sabor e tacto presentes nos versos.

- Vicente Araguas, 'O paso da canción ó poema de Mon G. Buhigas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 18 maio 2003, p. 3.

Fai un breve apuntamento biográfico do autor para centrarse logo na relación da poesía de Mon G. Buhigas coa música pop, atopando claras coincidencias estilísticas e estruturais, mais determinando tamén o feito de o autor ser consciente da diferenza entre os dous eidos.

- Xosé M. Eyré, 'Versos amatorios para ler a calquera hora', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 26.

Gabando a colección "Libros da frouma" pola súa factura e presentación, destaca a madurez dos poemas de Mon G. Buhigas tendo en conta o carácter inaugural do seu primeiro libro. Salienta o ritmo ondulante, sen saídas de ton, e a capacidade de suxestión dos versos; e sinala a presenza de estruturas breves e aparentemente sinxelas nunhas composicións de lirismo intimista en torno ao amor e os seus temas circundantes. Finalmente indica a proximidade co xénero da canción e loa a falta de pretenciosidade do conxunto no tocante ás referencias hipertextuais, así como o asequíbel que pode resultar a súa lectura orientada a un receptor de ensino medio.

Castaño, Yolanda, *O libro da egoísta*, Vigo: Galaxia, abril 2003, col. Dombate, nº 35, 66 pp. (ISBN: 84-8288-602-97).

Unha nova maneira de enfrontarse ao acto de creación poética con respecto ás súas obras anteriores é o que Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) amosa neste libro inzado de diversidade e liñas que se lanzan en todas direccións con rumbo descoñecido partindo da desmembración dun "eu", xa remarcado no título, que estoura no acto da súa propia procura. Unidade e multiplicidade son os eixes que orientan a lectura dunha obra que xoga á ambigüidade na súa mesma estrutura a través de distintos tipos de linguaxe para un discurso exclusivo pero dinámico en continua evolución. Desde formas narrativas a teatrais, pasando polas epistolares, podemos atopar ao longo das máis de sesenta páxinas que compoñen o traballo e que, agás en casos concretos, translocen unha autorreferencialidade radical ata tal punto que a lingua remata por ser non a manifestación do "eu lírico", mais a súa propia esencia e materia.

Recensións:

- Ana Coromoto, 'O libro da egoísta', *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº

36, 2003, pp. 45-46.

Salienta a carreira literaria de Yolanda Castaño que se consolida con este último libro, *O libro da egoísta*. Del indica a mestura de temas que se poden extraer dos poemas onde a autora expresa a súa vivencia persoal. Tamén considera que o libro poderíase dividir en dúas partes, a primeira con "poemas breves é unha poesía de personaxe" e a segunda parte constitúena documentos íntimos da poetisa. Na parte final do artigo salienta o valor literario do poemario polo seu contido novidoso nesa visión da muller egoísta.

- C. D., 'Yolanda Castaño explora en si mesma', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 4 maio 2003, p. 1.

Dáse conta da aparición do último traballo de Yolanda Castaño, pasando despois a analizar os contidos que o integran, onde se salienta o aprofundamento que a autora fai de si mesma por medio da autocritica e unha procura da autenticidade. Asemade sinálase o carácter multixenérico dos textos e o xogo formal que a poeta compostelá desenvolve para integrar ao lector na obra. Finalmente menciónase a distancia temática con respecto ás súas publicacións anteriores.

- Ramón Nicolás, 'O eu dúplice', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'Letras en galego', 31 maio 2003, p. 7.

Logo de comentar a presentación da colección "Dombate", da editorial Galaxia, e as súas anovacións, entra no libro de Yolanda Castaño sinalando a fidelidade da autora á estética anterior, malia servirse neste caso dunha instancia autorial diferente coa que dialoga para conseguir chegar a unha duplicidade representada no seu alter ego. Remata subliñando o carácter contradictorio e contrastivo, mais rotundo, do traballo.

- Dorinda Castro Soliño, 'Desde dentro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Libros', 19 xuño 2003, p. IV.

Dá conta da aparición de *O libro da egoísta* salientando o feito de ser un traballo moi esperado polos lectores. Refíre logo brevemente a traxectoria e estatus literario actual da autora, amais de salientar o éxito que a obra está a acadar, para pasar a facer unha análise máis fonda na que se resalta a "desgarrada reflexión sobre a identidade" que se pode atopar nela en base á multiplicidade de personalidades líricas e, para rematar, un apuntamento no tocante ao plano formal no que se destaca a interdisciplinabilidade textual e as referencias a outras literaturas, subliñando, como colofón, a singularidade do libro dentro do panorama literario galego.

- Xosé M. Eyré, 'Os textos híbridos de Yolanda Castaño', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 26.

Despois de comentar o proceso de remodelación da editorial Galaxia, dentro da que aparecen os novos títulos da colección "Dombate", *As torres no ar* de Avilés de Taramancos, e *O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño salíéntanse os dous eixes fundamentais deste último: a procura interior, no plano temático; e a exploración de novos

camiños, no formal. Fálase, sen embargo, de que os dous son fenómenos máis aparentes que reais posto que, con respecto ao primeiro caso, se poden atopar os elementos habituais do resto da obra da poeta; e no segundo, as narracións das que se vale entroncan coa chamada Literatura Mínima, da que se fai unha pequena análise. Sinálanse tamén os evidentes puntos de contacto con Chus Pato.

- Vicente Araguas, 'O libro da egoísta', poemario inevitable', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 29 xuño 2003, p. 3.

Resalta o carácter autopromocional de Yolanda Castaño a nivel literario e mais humano como algo positivo para a poesía galega. Xa dentro do libro, comenta a aproximación ao épico e o narrativo desde unha perspectiva fóra da rutina; e a recorrencia ao truco da autoidolatría desenvolvido nas súas páxinas.

- Lupe Gómez, 'Fermoso egoísmo', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 473, 3 xullo 2003, p. 6.

Lupe Gómez fai unha disertación poética en torno á nova obra de Yolanda Castaño, na que analiza, en primeiro lugar, o libro como obxecto, para pasar a investigar logo os contidos, nos que salienta a fortaleza da voz da autora, a súa liberdade e a sinceridade, que veñen da man da transgresión, o vitalismo e a sensualidade, así como a beleza implícita no poemario. Sinala tamén a diversidade formal nos diferentes textos que conforman a obra para rematar afirmando que os xéneros non existen.

- Armando Requeixo, 'Poeta e versos da dinastía de Adnalo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 xullo 2003, p. 3.

Logo dunha breve reflexión sobre a "sobreexposición mediática", Armando Requeixo sinala a pouca xenerosidade do libro de Yolanda Castaño cara ao acomodo do lector, así como a transgresión das fronteiras xenéricas aristotélicas á que, sen embargo, lle quita importancia fronte á forza temática do traballo da autora no tocante á indagación identitaria.

- Tomás Ruibal, 'Nova etapa de 'Dombate'', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos libros', 13 xullo 2003, pp. 8-9.

Cualifica *O libro da egoísta* como proposta literaria radical malia tratar un dos temas máis recorrentes na poesía universal como é o da identidade persoal. Sinala a presenza permanente dun "eu" por veces compracente e o desmembramento das fronteiras tradicionais entre prosa e poesía, subliñando que o libro non deixará indiferente a ninguén.

- Xosé María Costa, 'Yolanda Castaño, talento con carencias', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 27.

Sitúa a Yolanda Castaño como herdeira das tradicións vangardistas que parten do século pasado mais sinala o feito de que as súas intencións de crear unha linguaxe de seu que atrape ao lector non dan un froito convincente. Distingue unha primeira parte na que os versos son escuros e ambiguos intencionadamente pero sen unha resolución final aceptábel,

malia haber faíscas de talento en momentos concretos. A partir do poema "Eu son a que ninguén agarda", sen embargo, reconece unha voz persoal e creadora no poema penetrado polo son e a emoción.

Referencias varias:

- C. Villar, 'Avilés de Taramancos e Yolanda Castaño resucitan a colección de poesía Dombate', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 24 abril 2003, p. 46.

Dá conta da reaparición da colección "Dombate", adormecida desde hai anos, e da publicación de *As torres no ar*, de Avilés de Taramancos, e *O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño, así como do acto de presentación dos dous libros.

- AFA, 'Dombate abre o diálogo entre a tradición e a renovación poética', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 abril 2003, p. 67.

Dá conta da recuperación da colección "Dombate" de poesía e sinala, en palabras de Yolanda Castaño, a temática de *O libro da egoísta*, inaugurador desta nova etapa, arredor da identidade feminina desde un punto de vista para alén do feminismo.

- Luis Congil, 'Yolanda Castaño pide novos criterios para adxudicar o Día das Letras', *El Ideal Gallego*, 'Galicia', 18 maio 2003, p. 30.

Ao longo da entrevista a autora reflexiona, ademais de sobre os criterios da adxudicación do Día das Letras Galegas, sobre o mercado editorial galego e a literatura no audiovisual, e fai un breve comentario en torno a *O libro da egoísta*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 29 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do poemario de Yolanda Castaño *O libro da egoísta*, publicado na colección "Dombate" do que se salienta o cambio de rumbo que supón na traxectoria da autora e onde reformula "a voz da muller como un suxeito múltiple". Ademais deste libro, Blanco Rivas tamén comenta o conto *O galo de Antioquía*, de Carlos Casares, e a obra *Anamarciana: Vacacións en Europa*, de Alberto Varela Ferreiro.

- Albino Mallo, 'A poeta Yolanda Castaño presenta a súa última obra cun 'videopoema'/O risco e a palabra', *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, 'Cultura/MARÉ', 30 maio 2003, p. 67/53.

Coméntase a presentación de *O libro da egoísta* na Fundación Luís Seoane e fálase do seu carácter provocador e atípico, así como do carácter interdisciplinario do traballo da autora compostelá e da súa relación con outras formas de expresión, especialmente a musical, a prol de conseguir unha divulgación maior.

- I. S., 'Yolanda Castaño cuestiona os modelos sociais no 'Libro da egoísta'', *La Opinión*,

'Cultura', 30 maio 2003, p. 59.

Co gallo da presentación do libro de Yolanda Castaño, a xornalista fai un resumo dos seus contidos temáticos e estilísticos e sinala, por medio das propias palabras da poeta, o uso de novas tecnoloxías no evento.

- Xurxo Fernández, 'El 'show' de Yolanda Castaño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 maio 2003, p. 41.

Dá conta do evento de presentación de *O libro da egoísta* na Fundación Luís Seoane da Coruña e dos diferentes momentos do acto.

- C.F., 'Antón Lopo mergúllase na vida diaria para rescatar a poesía 'con carne', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 xuño 2003, p. 9.

Infórmase nos da presentación de dous libros de poesía que teñen lugar ese día en Santiago. Por un lado, a do poemario *Fálame* de Antón Lopo, na que estarán Xavier Cordal e Chus Pato. E, por outro, Yolanda Castaño con *O libro da egoísta*, coa participación de Víctor Freixanes e na que se inclúe un videopoema. Tamén fai unha breve descrición dos dous libros citando declaracións de ambos autores.

- Maré, 'Yolanda Castaño preséntase en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xuño 2003, p. 42.

Anuncia a presentación do poemario de Yolanda Castaño no Centro Galego de Arte Contemporánea e sinala a presenza, ademais da autora, do editor, Víctor Freixanes.

- Reyes Recio, 'La bella y la poesía', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 'Fin de semana', 8 xuño 2003, p. 5.

Fala brevemente da presentación de *O libro da egoísta* na Fundación Luís Seoane e salienta o seu carácter desgarrador.

- Xulio Valcárcel, 'Libro de Yolanda Castaño', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 8 xuño 2003, p. 4.

Dá conta do acto de presentación de *O libro da egoísta* na Fundación Luís Seoane e sinala o feito de que a autora sexa a representante máis coñecida dunha literatura escrita desde a condición e o xénero feminino.

- Alberto Quián, 'A miña última obra é a máis auténtica e obscena', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xuño 2003, p. 40.

Entrevista na que Yolanda Castaño fala sobre o carácter transgresor e obsceno do seu libro, así como da súa relación con outras linguaxes e tamén da situación dos novos poetas galegos.

- B. L., 'A xente confunde a soberbia co que non é pero eu non son nada orgullosa', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 xuño 2003, p. 77.

A poeta compostelá reflexiona, a través dunha entrevista na que se anuncia o acto no que se vai dar a coñecer o seu novo libro na cidade de Pontevedra, sobre as ideas que o constrúen e o cambio de rumbo que supón con respecto ás obras anteriores. Fala tamén das razóns que a levan a facer a presentación por medio dun vídeo-poema.

- Albino Mallo, 'Na presentación engadiu unha proxección que denominou 'Videopoesía', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 12 xuño 2003, p. 8.

Logo dunha introdución sobre as diferentes facetas da escritora e unha serie de cuestións orientadas neste sentido, o xornalista pregunta a Yolanda Castaño sobre a temática de *O libro da egoísta* e o significado dentro da súa traxectoria.

- B. L., 'Yolanda Castaño ou o vicio da beleza', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 12 xuño 2003, p. 86.

Dá conta da presentación do libro de Yolanda Castaño no Ateneo de Pontevedra e fala da súa traxectoria en todos os ámbitos sinalando, finalmente, a nudez e sinceridade da nova obra.

- Carme Vidal, 'Yolanda Castaño. 'A poesía é o xénero máis egoísta', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 30.

Faise un repaso de toda a traxectoria de Yolanda Castaño e do carácter interdisciplinario das súas presentacións para chegar a unha análise temática e estilística do seu novo libro, onde se salienta a súa obscenidade, risco e autocrítica, así como o xogo que supón a utilización continua de desdobramentos dun "eu" lírico.

- Vicente Araguas, 'Egoísta', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 3 xullo 2003, p. 64.

Comenta a aparición do libro de Yolanda Castaño, a súa madurez como escritora e o éxito de vendas.

- Xurxo Fernández, 'Borrosos confines del yo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 21 xullo 2003, p. 64.

Menciona o libro de Yolanda Castaño en relación á idea literaria do "eu" e sinala a madurez e coherencia da autora.

- Ángel Palmou, 'Yolanda Castaño', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'O saqueo', 9 agosto 2003, p. 13.

Logo dunha breve introdución biobibliográfica menciona a presentación de *O libro da egoísta*.

- Teresa Seara, 'Yolanda no espello', *Tempos Novos*, nº 76, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', setembro 2003, p. 77.

Dá conta da publicación da última obra de Yolanda Castaño, un poemario titulado *O libro da egoísta*. Recóllense versos do libro e palabras da propia autora sobre el e a súa actitude vital. Finalmente fálese de xeito breve da linguaxe e do estilo.

- Francisco X. Castiñeira, 'O erotismo resúltame moi productivo para reflexionar como son eu na vida', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'La entrevista', 5 outubro 2003, pp. 10-11.

Entrevista na que se tratan unha serie de temas en relación á poesía galega actual, ao seu mercado, á súa recepción, etc. e na que a autora fala do proceso de creación de *O libro da egoísta* e do seu éxito de vendas, así como do que supón a obra dentro da súa evolución como poeta.

- Xurxo Fernández, 'El tiempo atrapado en un espejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 15 decembro 2003, p. 72.

Xurxo Fernández repasa sucintamente nesta páxina algunhas das obras publicadas no ano que remata. No que respecta aos libros en galego, dá os títulos das seguintes obras: canto á narrativa, *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, que lle parece unha "obra clave para entender nuestro pasado"; canto á poesía, destaca *Fálame*, de Antón Lopo, e o *Libro da egoísta*, de Yolanda Castaño. Tamén se refire, neste mesmo xénero, a Helena Villar, da que afirma que "nos hacía recordar la esencia misma de la lírica".

Couceiro, Emma, (*Cito*), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Poesía, nº 2, 62 pp. (ISBN: 84-9782-061-4).

O terceiro poemario de Emma Couceiro (Cospeito-Lugo, 1977) constitúe un elaborado xogo metalingüístico inzado de autorreferencias que recorren persistentemente a si mesmas na procura dun "eu lírico" extraviado nunha historia xa concluída e unha viaxe por lugares simbólicos que tentan atinxir a súa redefinición. Estructurado en catro partes -"Prólogo", "O fío da historia (variacións)", "Notas ao texto" e "Epílogo"-, o conxunto vén precedido dun poema solto, o que dá nome ao libro, e unha dedicatoria que se constitúe en declaración de principios. As citas e notas a rodapé son continuas e refiren a autores como Stendhal, Kundera, etc., nalgúns casos, e noutros á propia poeta e á mesma obra, de tal xeito que na meirande parte das ocasións tamén conforman esencialmente a materia poética, desenvolvéndose de igual modo un sistema de correlacións entre as diferentes partes na mesma dirección que establece o complexo entramado discursivo metapoético.

Recensións:

- X.G.G., 'Emma Couceiro, a salvación pola palabra', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 27.

Expón os trazos que caracterizan o poemario. Segundo o xornalista, o libro distínguese pola

afirmación da subxectividade, a función referenciadora da linguaxe, o recurso á coloquialidade e as citas. A poesía de Emma Couceiro resulta, así, unha escritura con moita expresividade, pero carece dunha auténtica e verdadeira procura estilístico-formal.

Referencias varias:

- I. P., 'Una poetisa que cuestiona sus obras anteriores', *La Opinión*, 'A pie de calle', 2 febreiro 2003, p. 28.

Comenta a aparición do libro de Emma Couceiro e cualifícao, por medio das palabras da autora, como renovador con respecto á súa obra anterior, sinalando a mestura de dous xéneros, poético e de ficción, e a función metalingüística como base textual.

- Maré, '(Cito)', proxecto metaliterario', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 agosto 2003, p. 46.

Sinalando a identidade como núcleo temático e comentando o xogo metapoético desenvolvido por medio de multiplicidade de voces e niveis textuais, dáse conta da inminente aparición de *(Cito)*, da poeta Emma Couceiro.

- Jaureguizar, 'Emma Couceiro versionea poemas anteriores en 'Cito'', *El Progreso*, 'Cultura', 9 setembro 2003, p. 61.

Dáse conta da próxima presentación do libro de Emma Couceiro. Coméntanse as diferentes partes do poemario e sinálase a presenza de espazos e tempos simbólicos dentro dunha reflexión en torno á identidade, a memoria, o desamor e a soidade.

- C.T. , 'Escribir poesía implica certo exhibicionismo persoal', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 8 decembro 2003, p. 9.

Informa da presentación na Coruña deste poemario. Explica que, segundo as palabras da propia autora, o libro supón "unha reflexión sobre o proceso da creación poética". Así mesmo, a poetisa defende unha lectura sen prexuízos e a superación da autenticidade nos sentimentos do autor como un valor literario.

- Xosé Lois García, 'Edicións Xerais de Galicia renóvase', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 16 decembro 2003, p. 4.

Anuncia a aparición da colección "Poesía" de Edicións Xerais. Fai mención dos dous libros que inauguran este proxecto, *(Cito)*, de Emma Couceiro, e *Desmentindo a primavera*, de Marilar Aleixandre.

- Albino Mallo, 'Interesa o poeta ante o texto', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 22 decembro 2003, p. 56.

Nesta entrevista a poetisa fala do seu labor poético e das súas impresións ante a publicación do seu libro de poemas. Destaca os premios recibidos polos seus anteriores poemarios, *Humidosas* e *As entrañas horas*, e a súa participación en diferentes actividades dedicadas á

promoción da poesía galega (libros colectivos, recitais, editoriais, etc.). No referente á súa poesía, Emma Couceiro sinala que o seu principal interese é a actitude do poeta ante o texto.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A rigorosa paixón pola historia', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 28 decembro 2003, p. 66.

Páxina na que Manuel Vidal Villaverde inclúe, para alén dunha entrevista co investigador Uxío-Breogán Diéguez, un comentario a (*Cito*), o último poemario de Emma Couceiro. Sinálase que esta poetisa é unha das máis notábeis voces da poesía galega e cítanse algunhas das súas obras precedentes. Defínese a súa poesía como hermética e clarificadora con capacidade de transmisión emocional e cun certo distanciamento esencial. Transcríbense algúns versos desta obra e afirmase que en toda a poesía de Emma Couceiro hai un intimismo á procura do eu colectivo.

Creus Andrade, David, *Palabras para un parque hidráulico*, I Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón, prólogo de Xabier Cordal Fustes, ilustrado polo autor, Santa Comba: tresCtres Editores, 2003, col. Varilongo/Poesía, nº 3, 87 pp. (ISBN: 84-932667-7-9).

Precedido dun prólogo de Xabier Cordal, o poemario inaugural de David Creus, premiado na primeira edición do Afonso Eanes do Cotón, é un exercicio de auto-entendemento e confronto cara a unhas estruturas sociais antropoloxicamente lexitimadas pola tradición. Evidénciase a formación artística do poeta ao longo de todo o libro, pois o continuo xogo das diferentes tipografías e tamaños de letra nun espazo dominado polo ritmo que vén marcado dende a configuración gráfica, e onde se inclúen, nalgúns casos, debuxos do propio autor, confírelle un carácter plástico no que as mesmas palabras ben puideran ser pinceladas cun significado engadido sobre do gramatical, creando un obxecto estético de valor autónomo. A lingua está inzada de reiteracións obsesivas que poden funcionar a modo de lema e mesmo eslogan de corte publicitario. Atopamos, amais disto, unha profusión de onomatopeas, por veces tamén de carácter repetitivo, que se aproximan a unha banda sonora, marcando un ritmo con desaxustes e altibaixos, acorde coa aparente desfragmentación sintáctica e a prol dunha expresividade fortemente apoiada nas variacións do soporte gráfico.

Recensións:

- X.G.G., 'Creus, pintor de poemas', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 27.

Saliéntase que esta obra de David Creus, licenciado en Belas Artes e gañador do "I Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón" no ano 2002, é un poemario en que as palabras aparecen coma imaxes, de gran calidade visual.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Para cicatrizar silencios', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 decembro 2003, p. 55.

Presentación na galería Sargadelos de Santiago do *Caderno apócrifo da pequena defunta*, de Eduardo Estévez, e de *Palabras para un parque hidráulico*, de David Creus, a cargo de Yolanda Castaño e Marilar Aleixandre, respectivamente. Sinálase que leron textos de ambos poemarios a mesma Yolanda Castaño e a actriz Belén Constenla.

Creus, Estevo, *Decrúa*, III Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, epílogo de Xavier Rodríguez Baixeras, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 133, 76 pp. (ISBN: 84-95625-76-8).

O quinto poemario de Estevo Creus e III Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño estrutúrase en tres partes de continuidade temática que conforman a liña dun proceso definido dentro do que é o título do libro. Un proceso de deconstrución inicial que, a traveso do remexemento e a ollada cara a dentro, da desubicación e a descontextualización, dá paso ao renacemento e reconstrución do individuo fronte a unha realidade que, partindo do caos, devén orde. É difícil establecer un límite exacto entre os poemas, pois cada unha das partes -"A realidade: mapa e territorio", "A realidade: lugar de desposesión" e "Enumeración da realidade"- cabe considerala, malia a fragmentación interna e a división marcada polo poeta, como unha peza de carácter unitario. A lingua chántase nun universo metafórico propio e hermético inzado de imaxes de ton surrealista e expresionista que o van fragmentando en micromundos de acceso limitado. Pecha o libro un epílogo de Xabier Rodríguez Baixeras no que se fai unha reflexión sobre a ollada do poeta cara á realidade como espello de si mesma no que se reflicte o seu propio caos.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Destruír para construír', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 decembro 2003, p. 67.

Sinálase que a "decrúa" é a primeira cava que se lle dá á terra para despois sementala, e isto é en parte o que Estevo Creus pretende con este poemario, desaprender a realidade na escrita para volver a "apre[he]ndela" ao longo do proceso de cambio que sofre o protagonista. Dise que *Decrúa* se divide en tres partes ("A realidade. Mapa e territorio", "A realidade. Lugar e desposesión", e "Enumeración da realidade") e conta cun prólogo de Xavier Rodríguez Baixeras.

- A.N.T., 'Lóuzara é literatura', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Fin de Semana', 18 decembro 2003, p. 33.

Entrevista a María Casar, presidenta da Asociación Cultural Ergueitos de Sarria, despois da presentación do último poemario que recibiu o Premio "Fiz Vergara Vilariño", *Decrúa*, de Estevo Creus, centrada no labor desenvolvido pola devandita asociación.

Dacosta, Marta, *As amantes de Hamlet*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, xuño 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 127, 65 pp. (ISBN: 84-95625-70-9).

Un conxunto de trinta e catro poemas divididos en oito apartados ("Abandonádeme", "Ofelia", "Tempo de rabaquetas", "Ósos de muller", "As amantes de Hamlet", "Non rematou o inverno", "Cartas mariñas para Penélope" e "Fiinda") conforman a quinta entrega poética en forma de libro de Marta Dacosta (Vigo, 1966). Cambiando un pouco o rumbo das súas anteriores obras, a autora ofrece unha visión desmitificadora e desubicadora da muller como colectivo, representada en mitos tirados da tradición que adquiren a súa importancia non como personaxes, mais como roles aos que involuntariamente son encadeados por unha sociedade pouco disposta a aceptar a mudanza e recoñecer a importancia evidente dun elemento social infravalorado ou acoutado nas súas funcións. Hamlet como presenza anecdótica, sen acción que o xustifique fronte á épica dun xénero capaz de evolucionar de seu e en loita constante. Respira a obra dunha insubmisión declarada que se transmite nun estilo transparente por sincero.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Ofelia e Penélope nos versos de Dacosta', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 31 agosto 2003, p. 2.

Salienta o combativo de *As amantes de Hamlet* e o carácter rompedor na proposta de personaxes tipificados como Ofelia. Cualifica a Marta Dacosta como "autora de xénero" e de escrita moi persoal con ambicións estilísticas evidentes. Destaca asemade a limpa caligrafía e ausencia de altisonancias, para rematar sinalando a presenza de fragmentos de prosa dentro do libro que constitúen talvez unha das mellores partes.

- X.G.G., 'Peso excesivo da tradición en Marta Dacosta', *A Nosa Terra*, nº 1.100, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 27.

Na opinión do autor desta recensión os poemas de *As amantes de Hamlet* repiten figuras xa empregadas ata a saciedade na poesía e, malia que se le con agrado, posto que é fácil recoñecelos como poemas, non achegan nada novo.

- Dorinda Castro Soliño, 'As amantes de Hamlet', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 23 outubro 2003, p. IV.

Sinala que *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, é un poemario que consta de trinta e cinco poemas repartidos entre oito partes: unha primeira sen título e que consta dun único texto, "Ofelia", "Tempo de rabaquetas", "Ósos de muller", "As amantes de Hamlet", "Non rematou o inverno", "Cartas mariñas para Penélope" e "Fiinda". Dorinda Castro entende que se trata dun libro concibido desde a óptica feminina dunha muller comprometida.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Espiral Maior presenta cinco novos libros da súa colección 'Poesía'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xullo 2003, p. 42.

Noticia da presentación en Vigo de cinco novos libros de poesía dentro da colección de Espiral Maior, apadriñados por Francisco Fernández del Riego: *Do tempo posuído*,

antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Begoña R. Sotelino, 'Espiral Maior incorpora os libros de catro mulleres á súa colección poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 50.

Dáse conta de que Espiral Maior presenta cinco novos volumes da súa colección de poesía en Vigo, apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Sinálase que a colección, que se sostén grazas aos seus cento vinte e catro subscritores, pasa a incluír *Intempériome*, de Xela Arias; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *O son da xordeira*, de Antía Otero; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova.

- A. D., 'Espiral Maior amplía a Colección Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2003, p. 51.

Noticia da publicación de cinco volumes dentro da colección de poesía da editora Espiral Mayor, dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Trátase de *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta; *Intempériome*, de Xela Arias, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Alfredo Conde, 'Poesía feminina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 xullo 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá conta no seu espazo de opinión da aparición de catro volumes de poesía asinados por mulleres da man de Espiral Maior: *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- MARÉ, 'En clave de verso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2003, p. 51.

Espiral Maior propón para o verán de 2003 catro títulos que percorren o abano xeracional da literatura galega escrita por mulleres a través das esculcas formais de Xela Arias (*Intempériome*), M^a do Carme Kruckenberg (*Lembranzas da beleza triste*), Marta Dacosta (*As amantes de Hamlet*) e a debutante Antía Otero (*O son da xordeira*).

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe unha breve referencia a esta obra.

- C. V., 'Unha aposta histórica pola renovación da poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 29.

Comeza sinalando que a aparición no panorama editorial galego de Espiral Maior, editora

dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello, supuxo a creación do que hoxe é o fondo máis rico de poesía da historia da literatura galega, cuxos últimos títulos pertencen ás poetisas, M^a do Carme Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero, unha nova autora nacida en 1982 e que dá a medida da aposta da editora polas novas voces da poesía.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A imaxe e a cor das palabras', *Atlántico Diario*, 'Musas', 3 agosto 2003, p. 47.

Entrevista coa pintora e escritora Ánxeles Penas na que a autora rememora o seu nacemento como poeta, aínda que pensa que o seu primeiro libro "quizais está aínda por escribir" e resume a súa poética como unha síntese de varias linguaxes. Tamén se inclúe un comentario do libro *As amantes de Hamlet*, da autoría de Marta Dacosta (Vigo, 1966). Comenta que neste libro a autora afonda no intimismo e que transmite emoción.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Crear o mar en Compostela', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 17 agosto 2003, p. 45.

Entrevista na que se reflexiona sobre o sentido dun dos poemas de *As amantes de Hamlet* e o significado do libro dentro da evolución da autora como poeta. Marta Dacosta salienta o carácter intimista dos seus escritos e o feito de pasar dun íntimo individual a outro colectivo.

- Carme Vidal, 'Marta Dacosta. 'As amantes de Hamlet é o meu libro máis feminino', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 29.

Entrevista á autora de *As amantes de Hamlet* na que desvela o sentido da obra como unha ferramenta rompedora de tipoloxías estereotipadas en torno á figura da muller na sociedade e na literatura e se adscribe de cheo á poesía feminina nun sentido máis alá do que a crítica da década pasada o ten feito, reflexionando finalmente sobre a creación poética actual e o mundo editorial por medio do anuncio do posíbel peche da editorial Espiral Maior.

Estévez, Eduardo, *Caderno apócrifo da pequena defunta*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, outubro 2003, 69 pp. (ISBN: 84-8485-125-7).

O libro gañador do XV Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" supón o número catro dos poemarios publicados en galego por Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969). Citando inicialmente a Apollinaire e rematando cunha breve referencia a Pizarnik, o autor presenta un contido lírico envolvente cunha densa atmosfera decadente con cheiro a antigo; inzada de imaxes extraviadas no terreo do íntimo, saltando no medio de ausencias, silencios e lembranzas que terman por coser feridas de lenta cicatrización. O discurso xoga á ambigüidade, mais tamén á ambivalencia, por medio de voces diversas, que o lector debe situar a cada momento, e variacións na dirección do destinatario, facendo do "eu lírico" un lugar equívoco e de difícil limitación, e conseguindo así trasladar o confuso da atmosfera a este aspecto, o que crea un difuso veo esférico de carácter case onírico en torno a toda a obra. Dividido en tres partes de continuidade numérica, o volume semella realizarse nun só poema que se estende do comezo á fin onde unha páxina deriva inequivocamente na

seguinte, non sendo doado concibir as súas pezas como elementos independentes.

Fariña Jamardo, Xosé, *Coa alma espida*, limiar de Xesús López Fernández, Vigo: Edicións de Autor, 2003, 78 pp. (ISBN: 84-8457-140-8).

A publicación deste poemario de Xosé Fariña Jamardo (Caldas de Reis, 1919) lévase a cabo, segundo explica Xesús López Fernández no limiar, tempo despois da súa escrita, pois as composicións que o constitúen son na súa meirande parte dos anos sesenta e, por motivos de dedicación do autor, non viron a luz ata hoxe. Logo desta aclaración e dun breve resumo de contidos, amais dalgunha reflexión sobre diversos temas tratados no libro, López Fernández deixa paso ao corpus poético, que aparece precedido dunha copia facsimilar da carta enviada por Celso Emilio Ferreiro no ano 1974 ao autor na que fai gabanza do seu traballo. Este corpus está conformado por vinte e seis poemas organizados en catro bloques de división temática ao redor de Galicia como terra e nación, a vida e costumes do mundo mariñeiro e labrego, retrato de certos elementos tradicionais do contorno animal e vexetal do país, e un panexírico sobre Celso Emilio, respectivamente; desenvolvendo unha imaxe costumista por veces, e social, outras, desde a sinxeleza dunha lingua coloquial e cotiá.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Unha reliquia poética de Xosé Fariña Jamardo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 1 xuño 2003, p. 3.

Centrándose na relación entre Celso Emilio Ferreiro e Xosé Fariña Jamardo, que se fai explícita no libro deste por medio da inserción facsimilar dunha carta, coméntase o carácter perenne dalgúns dos poemas presentes en *Coa alma espida*, especialmente os que compoñen a parte máis neocostumista e folclórica, e salientase o bo uso dunha lingua popular e conversacional, laiándose asemade de que a obra non tivese visto a luz no momento no que se pretendía inicialmente, vinteito anos antes.

- X.G.G., 'Fariña Jamardo, un poemario arcaico e curioso', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 27.

Sínálase que *Coa alma espida* é un poemario de corte socialrealista publicado fóra do seu tempo, desa poesía comprometida que parece escrita no estadio preestético da lírica, e que servirá aos novos para saber como escribían os poetas dos setenta.

Referencias varias:

- R.C., 'Unha análise sobre 'Coa alma espida' e 'Pepiño', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 31 agosto 2003, p. 14.

Cítanse dúas obras de Xosé Fariña Jamardo que aínda que levan escritas desde a década de cincuenta non saíron á luz ata agora. A primeira é *Coa alma espida*, a súa segunda obra poética que recolle textos xestados a principios da segunda metade do século XX e que

teñen por tema as preocupacións do ser galego, os traballos dos mariñeiros e gandeiros, e as penurias da muller galega, entre outros. A segunda obra é unha novela escrita no ano 1957 en castelán, *Pepiño*, gañadora do premio "Valle Inclán" no ano 1958, convocado polo Centro Galego de Bos Aires. É agora cando aparece en lingua galega onde na introdución o autor conta os problemas de publicación que sufriu pola censura franquista.

- Sonia Torre, 'Pepiño' se convierte al gallego', *La Región*, 'Cultura', 6 setembro 2003, p. 75.

Faise referencia ao premio que acadou en 1958 a obra en castelán de Xosé Fariña Jamardo, *Pepiño*, polo Centro Gallego de Bos Aires, publicada en 1966 con problemas de censura e que agora aparece publicada pola Deputación de Pontevedra e traducida ao galego.

Ademais, cítase o poemario que aínda que escrito fai tempo, o autor decidiu publicar agora, *Coa alma espida*, seguindo as recomendacións que no seu día lle deu Celso Emilio Ferreiro pola calidade que presentaba e que só agora se atreveu a sacar á luz.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Como un home de Vilameán', *Atlántico Diario*, 'Musas', 7 setembro 2003, p. 49.

Entrevista co historiador Xoán Bernárdez Vilar. Tras describir o contexto espacial e temporal en que ten lugar a conversa, Manuel Vidal Villaverde reproduce o esencial da mesma. O autor afirma que cando escribe ficción, non deixa de ser historiador. Por outra banda, faise eco da reedición de *Coa alma espida*, de Xosé Fariña Jamardo (Caldas de Reis, 1919). Son versos, segundo afirma o comentarista, dun alento intimista, místico e bucólico.

Fundación Premios da Crítica-Galicia, *O poema irmaus de Celso Emilio Ferreiro nas linguas dos que vivimos en Galicia*, Vigo: Fundación Premios da Crítica-Galicia □, 2003, 32 pp. (DL: C-843/2003).

Volume que recolle os diferentes poemas lidos no Teatro García Barbón de Vigo o 10 de maio de 2003 durante a entrega dos "Premios da Crítica" e onde tivo lugar un encontro multicultural. Comézase cunha introdución na que se destaca a importancia que tivo a emigración para Galicia e na que se reflexiona sobre a inmigración que hoxe en día chega ao noso país e que provoca como resultado o multiculturalismo na nosa sociedade. A seguir temos as vintetrés versións nas diferentes linguas das etnias establecidas en Galicia do poema "Irmaus" que publicara Celso Emilio Ferreiro no seu libro de poemas *Longa noite de pedra* (1962). Despois da reprodución do poema en lingua galega aparece a súa tradución ao alemán -de Franck Meyer-, ao árabe -de Ghaleb Jaber Ibrahim-, ao bretón -de Natali Raoul-, ao catalán -de Josep Anton Rabella-, ao checo -de Katerina Vlasakova-, ao chinés -de Perry Yu-, ao español -de Xesús Ferro Ruibal-, ao éuscaro -de Henrike Knörr-, ao ewondo (sur de Camerún) -de Víctor Omgbá-, ao francés -de Marisa Álvarez Santamarina-, ao gaélico irlandés -de Sean Ua Suilleabhain-, ao grego -de Jacqueline Attard-, ao inglés -de Berta Castaño Torrado-, ao italiano -de Cristina Marchisio-, ao letón -de Natalia Soltan-, ao polaco -de Kinga Renciewicz-, ao portugués -de Joaquim Azevedo Mendes-, ao quechua -de Remigio Agreda Herrera-, ao romanés -de Pedro Cristian Ionescu Pérez-, ao ruso -de Ekaterina Guerbek-, ao sueco -de Hakan Casares-, ao xaponés -de

Yoshiuki Matsouka- e finalmente ao ucraíno.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, 'Irmaus', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'A outra mirada', 17 maio 2003, p. 11.

Fala da ledicia "filolóxica" que lle produce esta edición políglota do poema "Irmaus" de Celso Emilio Ferreiro. Recalca que a intención desta publicación multilingüe fica fóra da filoloxía -a convivencia multicultural- pero pregúntase se este poema é o axeitado para isto, dado que é "un poema de irmandade para a loita".

García Bodaño, Salvador, *Cidade virtual*, ilustr. do autor, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2003, col. Mandaio, nº 4, 93 pp. (ISBN: 84-933327-1-2).

Salvador García Bodaño (Vigo, 1935), membro numerario da Real Academia Galega, poeta, ensaísta, crítico de arte e articulista en diversos medios, achéganos á épica do cotián actual mediante este *Cidade Virtual*. O poemario divídese en tres partes claramente diferenciadas nas que o ton poético adoita tinturas ben diversas. As dez primeiras pezas vense agrupada nunha parte titulada "Estruturas dos sentimentos", na que o mundo e a súa conformidade, a morriña polos tempos de reivindicación, o amor, o mar que o trae e leva ou tempo que transcorre fan acto de presenza en poemas coma "Muller no hall do hotel", "Metamorfose", "Vivencia en tempo de amor" ou "Mar do ocaso". A segunda, e máis pequena parte, "Ámbitos humanos", é amplamente descritiva e nela xorde unha multitude de fotografías que reproducen recunchos cotiás nos que fan vida uns seres humanos inertes caracterizados por unha estupidez masiva, pensamento plano e deshumanización programada. Elévase, por conseguinte, o ton crítico e a ironía conforme vai avanzando a obra, pero realmente é ao chegar á terceira parte, "Pegadas no asfalto", cando podemos contemplar a máxima expresión do mesmo. En poemas coma "Horizonte de modernidade", "Edén de artificio", "Endecalóxicos ecosílabos" ou "Recordos no microondas", a ironía elévase ata o sarcasmo e a mentira; o papanatismo, a supercifialidade e o consumismo convértense nos auténticos protagonistas dunha obra na que o poeta protesta profundamente irado perante a devastación mental universal que se está a vivir no mundo cotián cunha voz realmente tirante e un ritmo cada vez máis rápido, cunha sucesión vertixinosa de estouridos contra o presente que tan só da oco ao doce cando fala do pasado. A meirande parte dos vinte e sete poemas que compoñen a obra acompañanse con debuxos en branco e negro realizados polo autor cunha gran sinxeleza de trazado, nos que se poden contemplar imaxes fundamentalmente urbanas.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Cidade virtual', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 19 2003, p. 4.

Fálase do positivo de non excederse na produción literaria e si de buscar a calidade, publicar cando hai algo que dicir. Iso é o que considera que fai Salvador García-Bodaño na

súa última obra: *Cidade Virtual*, composta por tres partes contrapostas que tocan distintas dimensións dentro da idea de urbe. Fálase dalgún dos poemas que compoñen a obra destacando "Xelmírez, 15" no que se recorda a Carlos Casares e ilústrase o artigo cunha fotografía do autor.

- Ramón Loureiro, 'Poemas nese mar de luz', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 29, 'Letras en galego', 4 outubro 2003, p. 7.

Fala da publicación, dentro da colección "Mandaio", de *Cidade Virtual*, última obra de Salvador García Bodaño. Faise unha loanza do autor e da obra e préstase especial atención ao poema que leva por título "Xelmírez 15" e que está dedicado á lembranza de Carlos Casares.

- Xavier Castro R., 'García Bodaño: cidade de encontro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 novembro 2003, p. 4.

Comentario de *Cidade Virtual*, de Salvador García-Bodaño na que primeiramente se fai referencia á dosificación que o autor fai da súa produción. A continuación ofrece un breve paso polas cidades anónimas ou nomeadas que García-Bodaño fai xurdir no seu poemario. Remata falando dalgún dos poemas que compoñen a obra e desa concepción da cidade como ser próximo.

- X.G.G., 'Bodaño, nin frío, nin quente', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 27.

Unha paráfrase de palabras de Borges serve de escusa para comezar o comentario de *Cidade virtual* de Salvador García-Bodaño. Nel destaca que o autor volve á cidade natal cun libro dividido en tres partes. Considera que malia algún bo poema o autor non consegue superar os seus anteriores libros aínda que o seu coñecemento dos versos lle permite salvar as formas.

- Ramón Nicolás, 'Cidade virtual', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. IV.

Comentario de *Cidade Virtual*, último poemario de Salvador García-Bodaño. Saliéntase que se trata dunha visión da cidade artellada en tres bloques, cada un deles centrado nun aspecto determinado. Procúrase a comunicación directa, desprovista de adornos e case prosaica. Ilústrase coa portada da obra.

- Ramiro Fonte, 'A cidade de Bodaño', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 decembro 2003, p. 25.

Tras unha breve referencia á poesía anterior de Salvador García-Bodaño coméntase a súa nova obra *Cidade Virtual*. Dise dela que é a poesía que se debe facer hoxe, cos versos xustos, cheos de verdade, claros, coloquiais e fuxindo das parafernalias enfermizas da poesía actual. Sobresae do poemario que parece feito por un poeta mozo.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Poeta, de novo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 setembro 2003, p. 60.

Neste artigo infórmase da presentación na Coruña de *Cidade Virtual*. Ademais de facer referencia á biografía de Salvador García-Bodaño con comentarios acerca da súa longa época de silencio fábase da temática da obra que xira en torno a unha urbe anónima e a todo o que conleva: incomunicación, afogados, as súas partes, etc. Tamén se fai unha breve exposición do estilo literario que se caracteriza pola fluidez léxica e as metáforas sinxelas. Coméntase que hai ilustracións do propio autor.

- MARÉ, 'Pouco, sobrio e limpo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 setembro 2003, p. 61.

Pretende dar conta, ao fin da publicación de *Cidade Virtual* da traxectoria literaria de Salvador García-Bodaño, un dos máis destacados representantes da xeración das Festas Minervais. Comézase falando dos primeiros premios literarios (Festas Minervais) para falar logo doutras actividades culturais. Finalmente faise referencia á publicación da obra citada e ao xeito que ten de enfocar a cidade dende dentro. Acompáñase o artigo de dous poemas do autor, así como de dous debuxos feitos por el para a obra.

- Camilo Franco, 'A urbe, centro da nova poética de Salvador García Bodaño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 46.

Fálase da publicación de *Cidade Virtual* que supón a volta ás librerías de Salvador García-Bodaño despois de dez anos de ausencia. Cítanse palabras do autor acerca da obra nas que comenta que quixo escribir sobre a cidade que ameaza ao individuo e á que hai que enfrontarse. Segundo García-Bodaño é unha cidade feita de anacos doutras e comenta que pretendeu pasar da tendencia mimética que hai entre moitos poetas actuais.

- Enrique de Ron, 'Edificios de cinza, de palabras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 setembro 2003, p. 53.

Fala da presentación na Coruña de *Cidade Virtual*. Reflicítese as opinións de Luciano Rodríguez, que analiza as tres partes que compoñen o poemario. Rodríguez cualifica a obra de irónica, comprensiva, vitalista e con mirada fresca e comenta o carácter crítico de certos poemas fronte ás "voces poéticas que se consideran sublimes". Tamén se recolle unha breve opinión do editor Tucho Calvo e brevemente en qué consistiu o acto de presentación.

- I. Suárez, 'O importante é lograr a normalización do galego, porque as normas xa están aí', *La Opinión*, 'Cultura', 21 setembro 2003, p. 59.

Entrevista a Salvador García-Bodaño con motivo da publicación de *Cidade Virtual*. O autor comenta que algúns poemas xa foran publicados e que neses dez anos de silencio non estivo inactivo. "Esa cidade é a que todos levamos na memoria" comenta o autor e reflexiona acerca da relación coas súas obras anteriores. Fala García-Bodaño da ausencia de innovación da poesía galega. Finalmente resposta a preguntas sobre a normativización e normalización do galego.

- Vicente Araguas, 'Urbanidade', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 25 novembro 2003, p. 64.

Referencia biográfica de Salvador García-Bodaño na que se recordan os seus inicios de poeta. Engádese un pequeno comentario de *Cidade Virtual* no que se cualifica o libro de "intenso e delicado".

García López, Xoán, *Abonda coas palabras*, debuxos de Manuel López, María Dolores Fernández, Carlos García e Diego Vázquez, prólogo de Rosa Méndez Fonte, A Coruña: Edicións de Autor, 2003, 173 pp. (ISBN: 84-930622-2-7).

Sétimo poemario de Xoán García López (Barallobre, Fene, 1942) que consta de setenta e catro poemas. O libro ábrese cunha dedicatoria e unha indicación do autor na que exterioriza os seus desexos e sentimentos acerca da súa poesía, declarando que foron elaborados ao longo do ano 2002. A continuación séguelle un prólogo-manifesto de Rosa Méndez Fonte onde reflexiona sobre o concepto de poesía, as distintas formas de facer poesía e en concreto sobre os versos de Xoán García. O autor inclúe tamén unha relación de citas de filósofos, poetas, novelistas, periodistas, médicos, filólogos, oradores... que insírese ao longo do poemario (cada sete/oito poemas). O volume está ilustrado con varios debuxos de Manuel López, María Dolores Fernández (Mari), Carlos García e de Diego Vázquez (Dexo). Os poemas, polo que á súa forma se refire, caracterízanse pola liberdade sintáctica; en canto á disposición gráfica alternan poemas longo e curtos, en prosa e en verso (predominan estes últimos), incluso algúns se achegan ao tipograma. Neles o autor verte diversos temas de actualidade (a marea negra do Prestige, as guerras, a preocupación pola capa de ozono, a consecuencia dos encoros e dos aeroxeneradores nos ríos e montes galegos, a emigración que chega en pateras á Península...); o amor, dende o máis platónico e sensual ao máis tanxíbel e carnal; o paso do tempo polas cousas de cada día, etc. na maioría das ocasións envoltos nos elementos da natureza, astros, fauna, flora, e acoutados por topónimos reais como Louseira ou Vilar de Abaixo. O último poema xira ao redor da importancia da palabra (esta vai en maiúsculas) entre os humanos. Tamén introduce catro receitas de cociña sobre a sardiña, unha definición e un poema eloxio a este peixe.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, 'El poeta recuerda...', *Diario de Ferrol*, 'entre nosotros', 16 marzo 2003, p. 20.

Anuncia a presentación do poemario *Abonda coas palabras* de Xoán García López para o mes de maio. Repasa os libros de poemas que xa ten editado este autor: *Marineda* (1998), *Poemas de beiramar* (1999), *Buxaina de sentimento* (2000), *Voz* (2001), ademais doutros libros de literatura infantil, teatro... Engade que estes novos poemas van acompañados de debuxos de Manuel López, María Dolores Fernández (Mari) e de Carlos García, ademais de levar a portada feita polo pintor Diego Vázquez (Dexo). Informa tamén da convocatoria e do xurado do premio internacional de poesía en castelán que acaba de convocar a Fundación Loewe, e da próxima presentación de *Casa de Poetas/Antología poética*, do grupo Chorima.

Garrido Castromán, Daniel, *Da terra, do mar e do ceo*, Vilagarcía de Arousa: Concello de Vilagarcía ♦, 2003, 88 pp. (DL: PO-354/2003).

O poemario de Daniel Garrido divídese en seis partes, agrupadas baixo os epígrafes: "A natureza", "Cantigas de amigo", "Do ceo", "Xentes", "Panxoliñas" e "Xacobeo", amais de dous poemas sen clasificar engadidos ao remate. Os devanditos títulos funcionan sempre como referencia absoluta dos seus contidos respectivos, predominando, globalmente, a temática centrada na paisaxe, a paisanaxe e o costumismo. Formalmente atopamos ao longo da obra (por veces indicada cun subtítulo que antecede á peza) varios tipos de estrofa canónica, dende soneto ata décima espinela, pasando polo simple pareado e o romance, así como algunhas estruturas a semellanza de certas cantigas medievais galego-portuguesas, onde se aprecian recursos típicos do xénero como é o leixaprén. Cabe sinalar, ademais, a presenza de composicións homenaxe a destacadas figuras das letras galegas no apartado "Xentes" como son: Aquilino Iglesia Alvariño, Castelao, Otero Pedrayo, Rafael Dieste, Manuel Antonio e mesmo Martín Codax.

Gómez Pato, Raúl, *Verba quae supersunt (Antoloxía apócrifa da poesía latina)*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, abril 2003, col. Di-versos, 61 pp. (ISBN: 84-87783-75-9).

Tomando como referencia diversas concepcións da literatura en escritores como Borges, Cunqueiro, Ciorán, Chesterton, Manuel Antonio e outros, o poeta Raúl Gómez Pato xustifica no prólogo da súa obra a apropiación do nome dunha serie de clásicos latinos falsamente antoloxizados para dar voz ás súas propias palabras, de xeito que o libro ofrece trinta e sete poemas nos que o estilo resulta coherente, en cada caso, co dos seus supostos autores (Livio Andrónico, Catulo, Ovidio, Marcial, etc.), malia tematicamente ofrecerem unha actualidade recoñecíbel dadas as referencias ao noso contorno socio-político-cultural; remata cun drama de "autor incerto" en catorce actos versificados. Formalmente achégase moito ás traducións latinas ao galego de maneira que goza de solidez como antoloxía apócrifa.

Recensións:

- Penélope Pedreira, 'Palabras que permanecen', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Letras', 2003, p. 10.

Céntrase no terceiro caderno de poemas que Raúl Gómez Pato publica na colección "Di-versos" de Edicións Xerais e que leva por título *Verba quae supersunt*. Pon de manifesto as liñas arredor das cales xira entre as que destaca a orixinalidade, o persoal xogo de apócrifos como unha antoloxía ou reescritura de poetas clásicos occidentais, o estilo natural e a espontaneidade. Remata este comentario dicindo que con esta obra Gómez Pato "axuda dalgún xeito a encher o baleiro do Século de Ouro na literatura galega."

- Tomás Ruibal, 'Antoloxía apócrifa da poesía', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 24

agosto 2003, pp. 8-9.

Dá conta da publicación de dous libros da colección "Di-versos" de Edicións Positivas, *Verba quae supersunt*, de Raúl Gómez Pato, e *A tensa calma da catapulta*, de Xosé Luís Mosquera Camba. Indica que ambas obras se sitúan máis aló da poesía tradicional, conseguindo non deixar indiferente ao lector en ningún momento.

- X.G.G., 'Raúl Gómez Pato, poesía alén da parodia', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 27.

Reivindica a importancia do libro de Gómez Pato, poemario que o xornalista considera escasamente valorado. Subliña a construción dialóxica dos poemas, situados nunha reformulación da linguaxe cotiá a través da parodia.

- T.S., 'Compendio', *Tempos Novos*, nº 77, 'Libros', outubro 2003, p. 79.

Comentario do libro de poemas de Raúl Gómez Pato, do que se destaca que está baseado na continuidade, feito que se nos di que xustifica o autor no prólogo como habitual en toda obra, que sempre bebe do anterior. Así, fábase de retoma, a modo de homenaxe de escritores latinos coma Tiberio Graco, Ausonio ou Séneca, entre outros.

- Román Raña, 'Xogo de espellos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Libros', 4 decembro 2003, p. IV.

Comenta os rasgos básicos do poemario. Considera que o libro constitúe un xogo de espellos construído sobre a centralidade da metaliteratura herdada de Borges e Pessoa, elemento demostrado polo feito de que o libro contén textos atribuídos a diversos autores latinos.

- Vicente Araguas, 'Os mares poéticos da nova xeración', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 decembro 2003, p. 3.

Informa da publicación do libro, destacando a vocación innovadora que o caracteriza. Subliña que o poemario, ademais dos poemas atribuídos a poetas latinos, inclúe un guión teatral no que o autor desenvolve as súas posibilidades narrativas.

Referencias varias:

- M. Barba, 'Á literatura galega fáltalle o referente do Século de Ouro', *La Opinión*, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 53.

Sinala a Gómez Pato como renovador dentro do panorama literario galego e dá conta do sentido do título da obra, así como da intención do autor de encher o baleiro dun Século de Ouro inexistente en galego e representar nela un compromiso ético e social, o que vén avalado pola pertenza deste ao colectivo sociocultural Rede Escarlata.

- MARÉ, 'Un xogo de apócrifos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 xullo 2003, p. 53.

Dá noticia da celebración do Festigal 03 O noso país, a nosa festa, no que tivo lugar a presentación do poemario de Gómez Pato. Recolle as palabras do poeta nas que sinala que a súa obra pretendía cubrir "ese século de Ouro que á literatura lle falta, como caso curioso e único" e explica o proceso de composición do libro, creado a partir da inspiración en autores clásicos ou a busca de poetas acordes cos textos xa escritos, procedementos que deron lugar ao xogo de apócrifos proposto polo poemario.

- A.R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Johán, Ángel, *Os cadernos dun prisioneiro de guerra (1937-1941)*, edición e estudo de Nuria López Presedo, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2003, col. Documentos, nº 183, 301 pp. (ISBN: 84-8485-117-6).

Neste volume recóllense, a xeito de facsímile, os poemas, contos, reflexións en primeira persoa e ilustracións que o pintor e escritor lugués Ángel González López (Lugo, 1901-Madrid, 1965) realizou entre os anos 1937 e 1941, época en que sufriu condena na prisión provincial de Las Palmas. En concreto, aparecen compendios doce poemas, un "álbum íntimo" titulado *Surcos* e unha colección de dez contos para nenos. A totalidade destes textos, inéditos ata o de agora, está escrita en castelán, agás unha "Cantiga do berce" composta en galego. Mais, para alén desta peza lírica e dos deseños, o libro ten interese polo estudo de Nuria López Presedo que o acompaña. Ofrecenos a autora, en primeiro lugar, unha ficha cronolóxica de Ánxel Xoán González López, "Ángel Johán". Nela percíbese que, no ámbito da literatura galega, Johán foi colaborador de importantes revistas do noso sistema como *Aturuxo*, *Xistral*, *Grial* ou *El Pueblo Gallego*, deixou escrita algunha poesía en galego, prologou o libro *Muiñeiro de brétemas* (1949) de Manuel María, e deseñou a capa de *Barco sen luces* (1969), de Luís Pimentel. A seguir, prodúcese un "Prólogo" asinado por Ángel González Doreste, primoxénito do autor ao que se consagra o volume, que antecede o capítulo "Os catro anos de reclusión no penal de Las Palmas". Explícase neste último que Johán foi arrestado en 1937 baixo a acusación de ter informado ao bando republicano dos movementos das tropas franquistas e que algúns dos escritos que concibiu durante os catro anos de encarceramento xa foran publicados, ben polo autor, ben postumamente pola propia Nuria López. A continuación, ofrécense xa os textos. En primeiro lugar, os poemas soltos que conforman o apartado "Obra poética inédita da súa etapa en prisión" e dos que a estudosa nos achega, antes de pasar á lectura dos mesmos, unha clasificación que apunta tres grandes temáticas: o erotismo, o amor e a poesía intimista dirixida aos fillos (a esta última pertence "Cantiga do berce"). Seguidamente, prodúcese o caderno *Surcos* e uns "Contos de guerra", coas respectivas introducións analíticas de López Presedo. Como anexo, inclúense as "portadas deseñadas por Ángel Johán", un epílogo e unha bibliografía.

Kruckenberg, María do Carme, *Lembranzas da beleza triste*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, xuño 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 125, 61 pp. (ISBN: 84-95625-70-9).

Escritora en galego nos anos 50 e, por conseguinte, coetánea de figuras coma as irmás Vázquez, Luz Pozo Garza ou Xohana Torres, M^a do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) -tras a creación de *Poemas sen resposta*, en 1999- presenta este *Lembranzas da beleza triste*, un libro de poemas que, dende o punto de vista estrutural se ve dividido en dúas grandes partes das cales a primeira é substancialmente máis longa: "O amor que nunca fixo máis que entolecer a soedade" e "Nin cen lúas de xelo poden atafegar a quimera do pensamento", respectivamente. A unidade temática que se pode contemplar no poemario é palpábel, sendo de importante presenza o paso do tempo fuxidío e os seus efectos, a nostalxia, a dor calma ou a saudade, elementos en múltiples ocasións evocados a través de imaxes e xoguets da nenez (gatos marrulleiros, bonecas ou mecanos). Achámonos, pois, perante unha obra de corte profundamente intimista na que a presenza do eu explícito ("EU antonte aínda tiña ganas de cantar") ou implícito, así coma os verbos en pretérito perfecto é incesante. Sitúanos, nas máis das veces, en tempos e lugares pasados aínda que non é excesivamente inusual atoparse con máis dun "aquí" e "agora" e todo cunha linguaxe correcta e pensada.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'A beleza nos versos de M. do Carme Kruckenberg', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 10 agosto 2003, p. 2.

Tras iniciar atribuíndolle unha grande importancia a Kruckenberg por iniciar a súa escrita cando a lingua galega era cousa "de cativo cultivo literario", o recensionista céntrase directamente en *Lembranzas da beleza triste*, cualificándoa coma unha obra saudadosa dun tempo definitivamente fuxido pero, como algo característico dela, cita que non se canta con nostalxia.

- X.G.G., 'Poesía para a clase media', *A Nosa Terra*, nº 1.101, 'Cultura', 23 outubro 2003, p. 27.

O autor do artigo inicia facendo unha observación acerca da que conceptúa coma "a poesía para a clase media", unha clase dentro da que se incluíría *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme de Krukenberg. Dela subliña que é una poesía sinxela e emocionada na que o vivido está sempre a piques de consumirse e na que a presenza da morte é intermitente.

- Román Raña, 'Poder de evocación', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Libros', 6 novembro 2003, p. IV.

Román Raña fai unha análise da última obra de M^a do Carme Krukenberg, *Lembranza da beleza triste*, na que dá a coñecer a presenza dos sentimentos máis dolorosos e emotivos que naceron da súa pluma, o poder evocador da súa linguaxe concentrada en alexandrinos con ton discursivo, os principios momentos polos que transcorre a obra ou as reflexións

realizadas cara ao final da obra centradas no paso do tempo.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Espirál Maior presenta cinco novos libros da súa colección 'Poesía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xullo 2003, p. 42.

Noticia da presentación en Vigo de cinco novos libros de poesía dentro da colección de Espiral Maior, apadriñados por Francisco Fernández del Riego: *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Begoña R. Sotelino, 'Espirál Maior incorpora os libros de catro mulleres á súa colección poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 50.

Dáse conta de que Espiral Maior presenta cinco novos volumes da súa colección de poesía en Vigo, apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Sinálase que a colección, que se sostén grazas aos seus cento vinte e catro subscritores, pasa a incluír *Intempériome*, de Xela Arias; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *O son da xordeira*, de Antía Otero; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova.

- A.D., 'Espirál Maior amplía a Colección Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2003, p. 51.

Noticia da publicación de cinco volumes dentro da colección de poesía da editora Espiral Mayor, dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Trátase de *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta; *Intempériome*, de Xela Arias, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Alfredo Conde, 'Poesía feminina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 xullo 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá conta no seu espazo de opinión da aparición de catro volumes de poesía asinados por mulleres da man de Espiral Maior: *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Lembranzas da beleza triste', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 27 xullo 2003, p. 55.

Referíndose á serenidade dos seus versos ou á denotada nostalxia, paixón e tenrura que se "respira" en *Lembranzas da beleza triste*, Vidal achéganos a esta última obra de M^a do Carme Kruckenberg, da que tamén subliña a súa extensión, a existencia de trinta e sete poemas e a división en dúas grandes partes: "O amor que nunca fixo máis que entolecer a soedade" e "Nin cen lúas de xelo poden atafegar a quimera do pensamento".

- MARÉ, 'En clave de verso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2003, p. 51.

Espiral Maior propón para o verán de 2003 catro títulos que percorren o abano xeracional da literatura galega escrita por mulleres a través das esculcas formais de Xela Arias (*Intempériome*), M^a do Carme Kruckenberg (*Lembranzas da beleza triste*), Marta Dacosta (*As amantes de Hamlet*) e a debutante Antía Otero (*O son da xordeira*).

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe unha breve referencia a esta obra.

- C.V., 'Unha aposta histórica pola renovación da poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 29.

Comeza sinalando que a aparición no panorama editorial galego de Espiral Maior, editora dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello, supuxo a creación do que hoxe é o fondo máis rico de poesía da historia da literatura galega, cuxos últimos títulos pertencen ás poetisas, M^a do Carme Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero, unha nova autora nacida en 1982 e que da a medida dá aposta da editora polas novas voces da poesía.

López Marqués, Xabier, *Das paisaxes esquecidas*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 2003, 55 pp. (ISBN: 84-920742-8-0).

Edición numerada de cento vinte exemplares para este poemario composto de trinta e seis "paisaxes", dúas composicións introdutorias (nas que se deixa enxergar o cerne dunha metapoética particular) e outras dúas epilogais que pechan o libro. Xabier López Marqués estende as súas ferramentas lingüísticas ao longo destas páxinas para describir, ás veces, e construír, outras, unha serie de fotografías elaboradas nas que a profusión léxica adobiada cunha carga de rudimentos fónicos, de repetición e derivativos, amais de abundantes tropos do máis variado, fan da propia palabra un campo por veces autorreferencial que se rexe por normas exclusivas. Neste senso, as citas iniciais de Luz Pozo Garza, Xurxo Bugallal e Shakespeare, completadas con outras inseridas xa no corpus poético, introducen o xogo que o autor está a propor con este traballo.

López Valcárcel, Xulio, *Casa última*, limiar de Darío Xohán Cabana, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 131, 97 pp. (ISBN: 84-95625-78-4).

Logo dunha reflexión de Darío Xohán Cabana ao redor da personalidade poética do autor no limiar, Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953) presenta arredor de cincuenta poemas que describen un lugar xeográfico, temporal e emocional desde tres perspectivas diferentes

representadas nos epígrafes que dan nome á estrutura do libro: "Naemor", "Heroica do cuco" e "Sombras". Na primeira parte hai unha prevalencia absoluta do contorno percibido intensamente por medio dos cinco sentidos, as emocións desátanse mais sempre partindo deles; na segunda, a máis breve, atopamos un catálogo de ausencias; e na derradeira a asunción melancólica e resignada dunha realidade en base ás ruínas que esta amosa incondescendentemente e co rigor que dicta o *tempus fugit*. Formalmente predomina o verso libre, aínda que podemos encontrar varios sonetos e outro tipo de estrofas clásicas. A lingua é moi descritiva, especialmente na primeira parte, e cun marcado carácter narrativo, sen perder por iso a profundidade da metáfora. Pódense ver algunhas citas introdutorias de Alberti, José Ángel Valente, Curros Enríquez e Tomás Barros.

Recensións:

- Luciano Rodríguez, 'Poesía esperada', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 6.

Analiza os elementos principais do libro de poemas de Xulio L. Valcárcel. Sinala que a orixe do poemario é a necesidade de reinventar a vivencia que desapareceu, de tal maneira que nos seus textos se leva ata o límite a reflexión sobre a perda, o desamparo e o desarraigo.

Referencias varias:

- José A. Ponte Far, 'Xulio López Valcárcel', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 17 novembro 2003, pp. 4-5.

Expón as liñas básicas da evolución da poesía de Xulio L. Valcárcel dende o seu primeiro libro, *Véspera do día*, ao seu último poemario, *Casa última*. Ademais de resumir brevemente a traxectoria do poeta, inclúe diversos textos extraídos dos seus libros, os cales exemplifican os cambios producidos na escritura do autor lugués.

- R. Loureiro, 'Xulio Valcárcel regresa á poesía coa publicación de 'Casa última', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Nota na que se dá conta da presentación na Coruña de *Casa última*, de Xulio Valcárcel, dez anos despois de *Memoria de agosto*. Sinálase que ao acto asisten Manuel Rivas e Miguel Anxo Fernán Vello.

- Albino Mallo/E. Estévez, 'Xulio López Valcárcel presenta 'Casa última/Xulio L. Valcárcel presenta o poemario 'Casa última', *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, 'Hoy/MARÉ', 13 decembro 2003, p. 76/51.

Dá noticia da presentación do libro de Xulio L. Valcárcel, publicado na editorial Espiral Maior. Recolle as opinións de Miguel Anxo Fernán Vello e Manuel Rivas, responsábeis da editorial, os cales coinciden en ver o libro como unha viaxe polo mundo interior do poeta.

Lopo, Antón, *Fálame*, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, marzo 2003, col. Esquíu de Poesía, nº 92b, 129 pp. (ISBN: 84-95289-41-5).

O libro, que levou o accésit no premio "Esquíu" de poesía, recolle cerca de corenta poemas de Antón Lopo (Monforte, 1961), que expresan outras tantas microhistorias ou microsituacións. Adivíñase unha estruturación en series de poemas marcadas por temáticas correlacionadas, a comunicación e a relación entre as persoas, a distancia nun sentido amplo, a soidade, o coñecemento do mundo e do eu, etc. Todo isto filtrado desde a óptica da comunicación e da expresión por un mesmo eu lírico. O libro móvese entre a escrita e a oralidade, desde o correo electrónico ata as mensaxes dos móbiles, continuando nisto con outros proxectos do autor. Isto ten a súa correspondencia na linguaxe que se emprega, moi narrativa e concisa, que se libera do simbolismo rebuscado. É unha lingua que se aproxima ao popular, aparecen nomes de marcas e de persoa, e que quere levar a poesía cara ao mundo de hoxe: globalizado, con problemas para a comunicación real e para a relación interpersonal entre amigos ou amantes. Os poemas falan de persoas anónimas, pero ao mesmo tempo teñen detrás unha forte carga intimista na que dun xeito doce e sen acritude se expoñen as cousas con toda a súa crueza.

Recensións:

- Camilo Franco, 'Poboando a lírica', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 xuño 2003, p. 9.

Afirma que *Fálame* se opón á poesía estetizante, ocupada só na forma. Di que este libro está escrito nun sentido moito máis humano e máis próximo do que sería a vida diaria. Nesta liña cre que o poemario é cruel porque conta as cousas como son, positivas e negativas, e estráñase da vocación descritiva, afastada das últimas tendencias preocupadas pola estética. Por iso se considera o libro coma de sentido común, que "deixa que a poesía medre desde as cousas que pasan".

- Xabier Cordal Fustes, 'Fálame, de Antón Lopo', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 385-388.

Reprodúcese o texto lido na presentación de *Fálame*, de Antón Lopo. Xabier Cordal identifica un desleixo aparente das palabras na primeira lectura do poemario que non é tal, senón unha mostra de conversas, correos electrónicos, palabras reais, "como o coleccionista de bolboretas abre un álbum de pel, ou máis ben como un deus triste conta desordenada a historia da creación". Interpreta este poemario como a continuación da obra anterior de Lopo, *Pronomes*, e sinala que o poeta aposta pola cercanía como estratexia de comunicación e pola inserción de silencios, evidentes no libro a través da presenza de páxinas en branco. Con respecto ao lugar que ocupa Antón Lopo na poesía galega, sitúao a boa distancia "dun seu colega, de nome Rivas", e preto de Lois Pereiro "pero sen a amargura do legado do outro grande poeta de Monforte e correndo riscos técnicos que esixen unha pericia moito maior", un nome, en fin, que brilla con claridade, "sen decrecer nin decepcionar nunca e sen conformarse cun rexistro, nin cun estilo propio".

- Manuel Vidal Villaverde, 'Fálame', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 6 xullo 2003, p. 35.

Nesta páxina de Manuel Vidal Villaverde, o autor dedícalle nesta ocasión un espazo ao comentario da obra *Fálame*, de Antón Lopo. Explica que este libro forma parte dun proxecto poético de longo alcance e que o seu creador é un poeta consagrado e cunha gran capacidade de transmitir a emoción. Reproduce algúns trechos do poemario para demostrar así a súa afirmación de que o estilo de Lopo non lle fai concesións ao "metaforismo cego, aburrido e baleiro".

- Xulio Valcárcel, 'Premio Esquíu último', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 6 xullo 2003, p. 4.

Coméntase ao principio o premio "Esquíu" de poesía en lingua galega do ano 2003. Despois analízase a obra distinguida co accésit, *Fálame*, e fai unha pequena sinopse bibliográfica do autor. Define o devandito poemario coma áspero e descarnado pero tamén visceral e humano. Nas poesías identifícanse recursos narrativos que xa apareceran en *Ganga*, última novela de Antón Lopo, para tratar temas amargos como a dificultade das relacións interpersoais, a incomunicación sexual ou a imposíbel felicidade, etc. Fálase do libro coma "diferente", que reflicte a dualidade, elevada e ruín, do ser humano, e dise que é unha obra en certo sentido coral. Considérase o libro coma fóra do habitual, sen desmerecer para nada a calidade doutros premiados, e prognostícase que pode ser un referente a ter en conta.

- Penélope Pedreira, 'Dime con quen falas', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', novembro 2003, p. 12.

Comentario do poemario de Antón Lopo titulado *Fálame* publicado pola S. C. Valle-Inclán e que acadou o accésit do "Premio Esquíu" correspondente ao ano 2003. A articulista destaca o papel do diálogo como nexa de unión entre todos os poemas, diálogo que se manifesta en diversas formas desde unha carta ata correos electrónicos pasando polas mensaxes de móbiles, e tamén subliña o estilo coloquial ou conversacional do poemario, malia determinados momentos de lirismo.

Referencias varias:

- AFA, 'Antón Lopo presenta en Ferrol o seu 'Fálame', un libro dos afectos', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 25 abril 2003, p. 59.

Comézase cun fragmento do poemario *Fálame*, que dá pé para falar do seu acto de presentación, que ten lugar o mesmo día en Santiago. A continuación descríbese o libro seguindo as palabras de Xavier Cordal, quen, xunto con Chus Pato, participa na presentación. Fálase do libro como "intimista e desolador", propio dun autor tras do que se agocha un "bo director de cine ou o xornalista que é" facendo unha bela montaxe. A xeito de conclusión cualifícase o libro de duro pero cun falante lírico amábel.

- AFA, 'Poesía é', *O Correo Galego*, 'AFA', 25 abril 2003, p. 33.

A presentación do libro *Fálame* en Ferrol dá pé para falar do autor e da súa concepción da

poesía. Dise que a obra que se presenta é parte dunha pentalexía baixo o nome de *É*, que comezou Antón Lopo con *Prestidixitador* e á que foi achegando novos materiais. O libro, dise, fala "sen censuras" da realidade máis próxima, e nel latexa o amor. Por último, hai unha pequena descrición da personalidade artística de Antón Lopo.

- MARÉ, 'Amor con nome propio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xuño 2003, p. 42.

Cuns versos do libro, dáse conta do acto de presentación en Santiago de *Fálame*, coa participación, a máis do autor, de Xavier Cordal e Chus Pato. E, precisamente, da voz destes dous poetas tómase unha descrición tanto do libro coma do escritor nas súas diferentes facetas artísticas.

- MARÉ, 'Antón Lopo presenta 'Fálame', un libro 'do corazón e do amor', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 4 xuño 2003, p. 76.

Fálasenos da presentación, na Galería Sargadelos de Santiago, do poemario *Fálame*, de Antón Lopo, na que acompañarán ao autor Chus Pato e Xavier Cordal. Descríbese a obra aproveitando un texto de Xavier Cordal que aparece no anterior poemario de Antón Lopo, *Pronomes*.

- C.F., 'Antón Lopo mergúllase na vida diaria para rescatar a poesía 'con carne', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 xuño 2003, p. 9.

Infórmase nos da presentación de dous libros de poesía que teñen lugar ese día en Santiago. Por un lado, a do poemario *Fálame* de Antón Lopo, na que estarán Xavier Cordal e Chus Pato. E, por outra banda, Yolanda Castaño con *O libro da egoísta*, coa participación de Víctor Freixanes e na que se inclúe un videopoema. Tamén fai unha breve descrición dos dous libros citando declaracións de ambos autores.

- Xurxo Fernández, 'Qué dicen los poetas de ahora', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 9 xuño 2003, p. 72.

Á marxe doutras noticias, comézase falando da concesión a Derek Walcott do premio Nobel de literatura para continuar comentando a nova obra de Antón Lopo, que describe citando a Xabier Cordal e na que ven reminiscencias de Nicanor Parra. Fálase do libro como obra mestra e de Lopo como autor clave.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A procura dos enigmas da palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 15 xuño 2003, p. 53.

Conversa con Antón Lopo en Monforte, na que o escritor define o que para el é a poesía e distínguela do que sería a novela. Continúa a conversa comentando o que fai actualmente e cunha breve mención ao que é o seu último poemario, *Fálame*, que levaría o mesmo sentimento que as súas publicacións anteriores. En columna á parte, coméntase a obra *Mar*

de bronce. Empeza cunhas liñas sobre Vázquez Pintor para logo meterse xa máis de cheo na súa última novela cunha pequena sinopse do desencadeante da trama. Considérase un libro ben escrito aínda que non ten o sosego necesario para enfiar a historia. No que respecta á linguaxe empregada dise que, como é habitual no escritor é moi elaborada. Remátase dicindo que non é do mellor do autor pero que si é entretida.

- Xurxo Fernández, 'El tiempo atrapado en un espejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 15 decembro 2003, p. 72.

Xurxo Fernández repasa sucintamente nesta páxina algunhas das obras publicadas no ano que remata. No que respecta aos libros en galego, dá os títulos das seguintes obras: canto á narrativa, *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, que lle parece unha "obra clave para entender nuestro pasado"; canto á poesía, destaca *Fálame*, de Antón Lopo e o *Libro da egoísta*, de Yolanda Castaño. Tamén se refire, neste mesmo xénero, a Helena Villar, da que afirma que "nos hacía recordar la esencia misma de la lírica".

Martínez-Conde, Ricardo, *Compostela, vella memoria*, ilustr. Javier Mourón Figueroa, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, decembro 2003, col. Varilongo/Poesía, nº 4, 61 pp. (ISBN: 84-933588-0-0).

Poemario de Ricardo Martínez Conde, (Aldariz, 1951) dedicado á capital galega, como o propio título indica, de expresión melancólica e visión tradicional da cidade. Precedido de tres citas de Álvaro Cunqueiro, Seamus Heaney e Keats, a estrutura divídese en cinco partes encadradas ao principio e ao final por dúas ilustracións de Javier Mourón Figueroa. Os títulos de cada unha das partes -"Amence", "Paseniño", "Acougo", "Atardecer" e "Tempo e silencio"- desenvolven unha sucesión no tempo, un día, que tamén se pode apreciar no transcurso temático dos poemas. Pódese ver nesta sucesión que a primeira persoa do plural que aparece ás veces e involucra ao lector, describe a entrada dun "camiñante", "viaxeiro" ou "peregrino" na cidade co espertar do día. A través de imaxes profusas e sinxelas nos distintos poemas, que en conxunto conforman unha unidade, o autor achega diversos lugares composteláns: a catedral, a carballeira de Santa Susana, etc., expoñendo sentimentos ligados a eles como a relixiosidade, a soidade, a tranquilidade, a demora do tempo, etc. A choiva, a néboa, as campás, a pedra ou os tellados, son elementos repetidos para darlle ao lector unha imaxe lírica da cidade. A evocación xustifícase na idea de que a memoria é o garante da identidade. En canto á forma, os poemas son de extensión variábel, ás veces divididos en estrofas de verso libre, con ritmo interno pero sen rima. Os máis longos responden a unha vontade máis descritiva e os de menor extensión a unha evocativa.

Meyer, Franck, *Resumo da despedida*, Vigo: Francka Editora, 2003, 91 pp. (ISBN: 84-932575-3-2).

O terceiro poemario publicado en galego por Franck Meyer presenta un mosaico de pezas que xiran fundamentalmente arredor de dous eixes: unha realidade social-humana desesperanzadora e un abeiro carnal onde extraviarse e procurar a paz. Trátase de poemas,

por veces contradictorios, nos que o cotián resulta presenza continua, tanto na lingua coma nas imaxes, sendo mesmo avalado este elemento por unha serie de incisos fotográficos en diferentes lugares do libro que amosan paisaxes urbanas e semi-urbanas que metaforicamente poden representar tamén as eivas dunha realidade que non contenta en absoluto a un "eu lírico" en pleno proceso de abandono e deriva, se ben é certo que no remate se inclúe un pequeno ceo-esperanza na esquina superior dereita da páxina. Eugénio de Andrade, Moses Pelham e Jim Morrison cítanse a modo de introdución nunha obra onde tamén podemos atopar a Brecht no medio dos versos espaxados (pois por veces semellan estrados no papel) ao longo das súas follas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Resumo da despedida', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Letras en galego', 7 xuño 2003, p. 7.

Cita, en primeiro lugar, os dous libros anteriores de Franck Meyer e sinala que a eles engade agora esta obra, *Resumo da despedida*, que foi publicada na súa propia editorial co pretexto do primeiro aniversario da súa fundación. Indica que a obra acolle os motivos que máis preocupan ao autor (a carnalidade, a sensualidade, a autoironía, ...), que son tratados dende unha perspectiva realista e intimista.

- Armando Requeixo, 'A tristura das cicatrices', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. IV.

Dá conta da publicación do poemario de Franck Meyer. Sinala que o libro, autoeditado por Meyer no selo Franca Editora, se centra no cotidianismo e o universo amoroso. O poemario intensifica certas visións da realidade xa apuntadas nos anteriores libros de Meyer tales como o desengano, a frustración e a soidade. Os textos que compoñen o libro dialogan con fotografías de caóticas entremesturas urbanas e constrúen un mosaico verboicónico que pretende levar ao lector á reflexión sobre a tensión entre a dor e o erotismo.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, 'Facemos libros para xente de hoxe', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Entrevista', 17 abril 2003, p. III.

Nesta entrevista Franck Meyer explica as características básicas que definen, dende o seu punto de vista, o mundo editorial galego. No relativo á súa editorial, anuncia a publicación de tres libros de narrativa, *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, *O libro dos aparecidos*, de Xerardo Quintiá, e *Lista de espera*, de Xoán Piñeiro, todos eles acordes co espírito de orixinalidade que define aos textos do selo de Meyer, Franca Editora. Tamén di que están a preparar a edición dun libro estranxeiro titulado *Resumo da despedida*.

- Ramón Nicolás, 'Facemos libros para xente plural e de hoxe', *La Opinión*, 'Entrevista', 1 maio 2003, p. 64.

Ademais de expresar a súa opinión sobre a edición en Galicia, Franck Meyer expón os

criterios utilizados polo seu selo editorial para a selección dos textos. Meyer anuncia a publicación do seu poemario para a celebración do primeiro aniversario da súa editorial.

- A.N.T., 'Franck Meyer. 'O galego obrigatorio no ensino estase a converter nun lastre para as editoriais', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 'Fin de semana', 8 maio 2003, p. 41.

Ante as preguntas do xornalista, o autor di que o seu poemario pretende romper a incomunicación, partindo dos fenómenos físicos para falar da realidade e buscar certezas. En canto ao mundo editorial en Galicia, Meyer opina que a obrigatoriedade do galego no ensino explota un determinado sector literario ao tempo que esquece un espectro moi amplo, no que se inclúe a poesía.

- R.N., 'Resumo da despedida', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'Letras en galego', 31 maio 2003, p. 7.

Informa da aparición do libro de poesía de Franck Meyer. Subliña que esta obra ofrece unha nova reformulación dos motivos que xa dominaban os textos anteriores do autor, elementos entre os que destacan a carnalidade, a sensualidade e a autoironía.

Mosquera Camba, Xosé Luís, *A tensa calma da catapulta*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, abril 2003, col. Di-versos, 48 pp. (ISBN: 84-87783-73-2).

Recorrendo a un verso do poeta arxentino Juan Gelman, Xosé Luís Mosquera Camba utiliza a imaxe da catapulta para dar corpo a un conxunto de corenta e dous poemas nos que a ausencia emerxe como tema fundamental por medio da continua apelación a un "ti lírico", mais a medida que o poemario avanza semella haber unha adaptación a tal circunstancia, de tal xeito que torna en estado habitual, perdendo a conflitividade que podía representar; neste senso pódese falar de dinamismo no discurso poético do libro, dinamismo que mesmo é palpábel na variación temática que experimenta no seu desenvolvemento e tamén en certas referencias metapoéticas. Aparecen versos recollidos explicitamente dunha serie de autores como o xa mencionado Gelman, o catalán Masoliver Ródenas, o norteamericano E. E. Cummings, Pierre-Jean Jouve, W. B. Yeats, Cesare Pavese, Joseph Von Eichendorff e Chico Buarque; mais non a modo de cita, senón inseridos dentro das propias pezas de Camba e formando parte delas como plaxio declarado. A lingua, sempre fluída e sinxela, establece un ton coloquial, por veces de corrente de pensamento, que serve como achega ao contorno do cotián.

Recensións:

- Noel Blanco Mourelle, 'Paisaxes con figura. (Reflexións sobre A tensa calma da catapulta)', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 405-409.

Comeza cuestionándose cómo xulgar un libro como *a tensa calma da catapulta*, primeiro poemario de Xosé Luís Mosquera Camba, nun contexto lírico como o sistema galego actual. Salienta que o autor toma como materia prima os elementos do seu mundo cotián, decantándose pola poesía da experiencia, que apela a un ámbito común da memoria, neste

caso claramente experiencial, que se manifesta na observación dunha realidade conformada por actos sen importancia nos que o lector pode recoñecerse e tamén no uso de determinados usos e claves lingüísticas. Identifica tamén a presenza dun verso libre de aparencia desmañada, sen divisións estróficas ou grandes audacias tipográficas. A seguir, refírese ás tres partes nas que se divide o libro, das que salienta a segunda pola inclusión dunha serie de composicións nas que o autor introduce versos e fragmentos directamente tirados doutros autores como Eichendorff, Yeats ou mesmo Chico Buarque, e que denomina "plaxios". Percibe ecos de Montale, Pavese, Holan, Pimentel e unha verdadeira reflexión do eu poético sobre o baleiro da existencia e a comprensión do seu sentido, un rexistro da anécdota por parte da voz poética que consegue facer transcendente o poema sen parecelo. Considera este volume como unha das propostas líricas máis arriscadas e acertadas do 2003.

- Tomás Ruibal, 'Antoloxía apócrifa da poesía', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 24 agosto 2003, pp. 8-9.

Dá conta da publicación de dous libros da colección "Di-versos" de Edicións Positivas, *Verba quae supersunt*, de Raúl Gómez Pato, e *A tensa calma da catapulta*, de Xosé Luís Mosquera Camba. Indica que ambas obras se sitúan máis aló da poesía tradicional, conseguindo non deixar indiferente ao lector en ningún momento.

- X.G.G., 'Mosquera Camba, poesía, falida, do cotiá', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 27.

Analiza o libro de poemas de Mosquera Camba. Sinala que, aínda que o poemario supón un interesante acercamento á poesía do cotián, constitúe un intento fallido pola falta de expresividade que caracteriza os seus versos.

- Rafael Fernández Lorenzo, 'Portulanos de ausencias', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 16 outubro 2003, p. IV.

Dá conta da publicación do poemario *A tensa calma da catapulta* e subliña a importancia do tema da ausencia no poemario, composto por corenta e dous textos, algúns dos cales alcanzan a brevidade dos haikus. Destaca a presenza de catro composicións, denominadas plaxios polo propio escritor, nas que o poeta utiliza para a súa escritura versos procedentes doutros autores. Desta maneira, o libro é considerado unha proposta atractiva que irrompe con forza no eido das letras galegas.

- C.F., 'A tensa calma da catapulta', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', novembro 2003, p. 14.

Fala sobre *A tensa calma da catapulta* de Xosé Luís Mosquera Camba, publicado pola editorial Positivas. Di que se trata dun canto á ausencia do outro, no que o poeta ofrece a crónica dunha vida que a soidade converteu nunha interminábel espera da morte

Negro, Carlos, *Héleris*, VII Premio de Poesía Johán Carballeira, A Coruña: Edicións

Espiral Maior, outubro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 130, 74 pp. (ISBN: 84-95625-77-6).

Tras a intervención poética contra a marea negra no proxecto colectivo Negra Sombra, en 2003, Carlos Negro (Lalín, 1970) presenta *Héleris*, unha obra do mesmo xénero que obtivo o VII Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu, na que dúas almas xemelgas contan a súa vida dende o nacemento ata os derradeiros días. O seu propio título é a fusión daqueles que dividen estruturalmente o poemario en dúas grandes partes: "Helena" (que coincide co nome da protagonista) e "París". A primeira deixa plasmada a historia dunha rapaza nacida en 1948 e marcada polo ambiente puritano e relixioso, pero ao mesmo tempo hipócrita, dun réxime opresor e vive o momento de coñecer ao que será o seu marido coma un puro trámite sen amor arranxado pola nai na súa "posta de longo". Dá a coñecer o resto de vida facendo fincapé en instantes coma a voda, a primeira noite de casados, o nacemento do seu fillo ou a vellez. Fronte ao lánguido ton de tristura que é vivido pola protagonista, en "París" cámbiase pola felicidade dun rapaz que, se ben é certo ve truncada a súa infancia moi pronto, non é menos que casa profundamente namorado de Helena e sente con gran tenrura os momentos que está xunto a ela. Estruturalmente, achámonos perante unha obra composta por dúas grandes partes simétricas de vinte e cinco poesías cada unha, que coinciden coa simetría argumental das vidas que nela son reflectidas ou coa liña temporal que seguen, unha liña focalizada especialmente en momentos de determinada importancia vital: o nacemento, a infancia, o matrimonio, o nacemento dun fillo e a vellez. Son escritas en primeira persoa e fanse escasas referencias espaciais.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 14 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de diversas obras que nesta ocasión son *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de couse/Héleris*, de Alexandre Nerium/Carlos Negro; e *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz. Da obra de Alexandre Nerium e de Carlos Negro sinala que foron galardoadas co Premio Johán Carballeira en recoñecemento da calidade literaria de ambas obras. De *Héleris* salientase a estruturación do poemario e o aprofundamente en ambientes e personaxes, a través dunha visión da posguerra na que se bota man da interpretación do mito de Helena e París.

Nerium, Alexandre, *Vogar de couse*, VII Premio de Poesía Johán Carballeira, limiar de Francisco Fernández Rei, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 129, 87 pp. (ISBN: 84-95625-80-6).

O limiar, do que se encarga Francisco Fernández Rei ofrece claves para entender este complexo libro, e fala dos grupos poéticos da última poesía galega, en especial, do Batallón Literario da Costa da Morte, co que se relaciona directamente o poeta. De seguido expón as tres claves do libro: a vida como singradura, que é como interpreta o conxunto do libro cunha simetría entre o tempo estacional e o tempo vital; a homenaxe ao mar e á poesía,

constante durante todo o libro, pero máis explícita no último poema; e o léxico mariñeiro que o poeta incorpora para a literatura e moderniza. E en efecto o léxico mariñeiro que desborda todo o libro é o que fai máis especial e intensa, e, ao mesmo tempo, máis difícil esta experiencia poética de Alexandre Nerium (Fisterra, 1960), pseudónimo de Francisco Manuel López Martínez. Hai vocábulos propios da Costa da Morte ou só de Fisterra ao lado doutros que xa introduciran na literatura galega xente coma Manuel Antonio. Todo isto cunha estrutura en cinco partes cun quinteto e cinco poemas de cinco quintetos cada unha, escritos todos con quintetos encadeados, como ben apunta xa Fernández Rei no limiar. A homenaxe ao mar, parella á que se fai á poesía e aos poetas, sexan do mar ou non, é unha das claves de todo o libro. Son cinco os poetas máis claramente homenaxeados, pois aparecen uns versos de cada un deles ao comezo dos capítulos e outro en cada estrofa do último poema do libro: Manuel María, Xohana Torres, X. L. Méndez Ferrín, Bernardino Graña e Uxío Novoneyra; pero ademais aparece latente moitas veces a voz de Manuel Antonio ou Avilés de Taramancos. Nos poemas hai unha evolución do tempo, van pasando as estacións, así, na primeira parte está a primavera e na segunda o verán, na terceira achégase a última estación, e nas dúas partes finais xa é inverno, Fernández Rei interpreta isto no limiar coa equivalencia das estacións e a singradura vital. Pero o mar do poema non é o das grandes travesías de Manuel Antonio, é o mar coñecido da baixura, case en simbiose co mariñeiro que o sente sempre dentro del, hai unha visión moito máis interior do mar, o mar que hai aquí está dentro do poeta, non o ve desde fóra, parece, máis ben, unha relación de amor e desamor intemporal co propio mar que se repite ao longo de moitos anos, e moitos homes.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión referidas á literatura galega achégase a *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de couse/Héleris*, de Alexandre Nerium/Carlos Negro; e *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz. Da obra de Alexandre Nerium e de Carlos Negro sinala que foron galardoadas co Premio Johán Carballeira en recoñecemento da calidade literaria de ambas obras. *De Vogar de couse* dise que o xurado destacou o traballo lingüístico do léxico mariñeiro, así como o ritmo e as referencias á poesía contemporánea.

Otero, Antía, *O son da xordeira*, Prólogo de Marica Campo, A Coruña: Edicións Espiral Maior, xuño 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 128, 70 pp. (ISBN: 84-95625-70-9).

Primeiro poemario de Antía Otero (A Estrada, 1982) que presenta unha división en tres apartados. O primeiro, dotado dunha grande unidade e que toma o título do libro, está composto por vinte e dous poemas que xiran arredor do mundo das costureiras e da explotación laboral, no que ten un protagonismo indiscutíbel o son das máquinas de coser, que desenvolve todas as súas posibilidades metafóricas. Ademais, algunhas composicións céntranse na revisión de mitos androcéntricos e patriarcais, converténdoo en denuncia da

explotación laboral e do traballo silandeiro das mulleres. No segundo apartado, "Alén das vías", que comprende dez poemas, o eu lírico convértese en viaxeira para nos achegar un álbum das viaxes emprendidas en soidade por espazos como Grecia, Eire, Lisboa, Amsterdam ou Bruxas, nas que a arte ocupa un papel destacado. Finalmente, en "Salgada Soidade", o terceiro apartado do libro, reúnen dezaseis poemas de liña máis intimista, nos que figuran temas como o amor e o desamor, o medo, a soidade ou as arelas de futuro. Os poemas van precedidos dun prólogo de Marica Campo no que saúda a estrea pública como poeta de Antía Otero e a sitúa na liña de poesía de muller. Percorre cada un dos apartados do poemario, ao que compara cunha "casa amoblada con soños e recordos, con anseios e experiencias", mais unha casa aberta, unha morada en construción.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'A acústica nos versos de Antía Otero', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 setembro 2003, p. 3.

Comeza aludindo á portada do volume *O son da xordeira*, que reproduce un cadro de Caspar David Friedrich cunha muller de costas mirando por unha fiestra, que ten antecedentes en Vermeer e consecuentes en Magritte e Dalí. Con respecto á poética de Antía Otero neste seu primeiro volume sinala que non descoida nin as pautas visuais nin as musicais e que practica unha liña de poesía feminina que "escacha fiestras e rompe valados a base de alzamentos sintácticos e conceptuais", centrados na temática da muller na casa, arrolada polo son da Singer nos poemas que ocupan o primeiro apartado do libro que "ben puido alongar (...) ata mudala en asunto monográfico". Repara tamén na presenza de dous apartados complementarios, un de viaxes e outro de aspectos varios como o amor e o desamor. Conclúe que estamos ante unha poeta de palabra orixinal e forte que vai dar moito que falar e que ler.

- X.G.G., 'Que grande es Antía!', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 27.

Destaca o excelente prólogo que abre *O son da xordeira*, escrito por Marica Campo, e dá conta dos tres apartados do poemario: "O son da xordeira", "Alén das vías" e "Salgada soidade", apuntando que o primeiro é o máis conseguido e goza dunha unidade envexábel. Sinala a inxenuidade de composicións como "AMOR te", ademais de reparar na revisión de mitos como o de Penélope, "unha destrución irónica, sen chegar ao sarcasmo". Salienta tamén que por medio do lirismo converte en épica a muller que cada día pedalea na Singer e pon de manifesto a solidariedade que manifesta entre poética, ética e política. Conclúe que se ben non é unha obra mestra, hai cinco ou seis poemas que destacan pola súa frescura e que de Antía Otero se pode esperar "o mellor do mellor".

- Rafael Fernández Lorenzo, 'Un prometedor inicio', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Libros', 30 outubro 2003, p. IV.

Dá conta da estrea de Antía Otero con *O son da xordeira*, un poemario no que recoñece unha sorprendente frescura e seriedade. Achega algúns datos biobibliográficos da poeta, apuntando que naceu na Estrada en 1982 e que na actualidade cursa estudos de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Ademais menciona a súa participación

no libro colectivo *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003), o premio que acadou no certame Francisco Añón do Concello de Outes coa obra *De porta un horizonte*, que aparecerá proximamente nas librarías e o seu traballo no Consello de Redacción da folla voandeira de poesía *Augasverso*, publicada pola Fundación Cultural da Estrada. Repara a seguir nos tres apartados nos que se divide o poemario, salientando pola súa coherencia o primeiro, no que denuncia a explotación laboral á que eran sometidas as costureiras. Conclúe cualificando de acertado este inicio dunha nova voz.

- Xosé M. Eyré, 'A casa orixinaria como referencia poética', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 26.

Sitúa a Antía Otero entre as novas voces poéticas pois naceu en 1982 e con vinte e un anos vén de publicar o seu primeiro poemario, *O son da xordeira*. Á parte dalgúns poemas nos que predomina unha actitude inxenua, repara noutros como "Incongruencia" ou "O que Penélope teceu na súa Singer", nos que percibe a solidariedade co sexo feminino e a ruptura de mitos. Pon de relevo ademais a temática da explotación doméstica e a solidariedade cos ancestros e coa terra, directamente vinculada á metáfora da casa, e que tivo moita rendibilidade xa na década pasada. En *O son da xordeira* percibe que a casa é o punto de partida e tamén de retorno tras da viaxe, que aparece na segunda parte do poemario e que se concibe como un rito iniciático, unha aventura que non parece ser demasiado positiva. Finaliza destacando que se trata dunha boa carta de presentación.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Espiral Maior presenta cinco novos libros da súa colección 'Poesía'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xullo 2003, p. 42.

Noticia da presentación en Vigo de cinco novos libros de poesía dentro da colección de Espiral Maior, apadriñados por Francisco Fernández del Riego: *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Begoña R. Sotelino, 'Espiral Maior incorpora os libros de catro mulleres á súa colección poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 50.

Dáse conta de que Espiral Maior presenta cinco novos volumes da súa colección de poesía en Vigo, apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Sinálase que a colección, que se sostén grazas aos seus cento vinte e catro subscritores, pasa a incluír *Intempériome*, de Xela Arias; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *O son da xordeira*, de Antía Otero; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova.

- A.D., 'Espiral Maior amplía a Colección Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2003, p. 51.

Noticia da publicación de cinco volumes dentro da colección de poesía da editora Espiral

Mayor, dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Trátase de *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética de Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta; *Intempériome*, de Xela Arias, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Alfredo Conde, 'Poesía feminina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 xullo 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá conta no seu espazo de opinión da aparición de catro volumes de poesía asinados por mulleres da man de Espiral Maior: *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- MARE, 'En clave de verso', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 28 xullo 2003, p. 51.

Espiral Maior propón para o verán de 2003 catro títulos que percorren o abano xeracional da literatura galega escrita por mulleres a través das esculcas formais de Xela Arias (*Intempériome*), M^a do Carme Kruckenberg (*Lembranzas da beleza triste*), Marta Dacosta (*As amantes de Hamlet*) e a debutante Antía Otero (*O son da xordeira*).

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe unha breve referencia a esta obra.

- C.V., 'Unha aposta histórica pola renovación da poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 29.

Comeza sinalando que a aparición no panorama editorial galego de Espiral Maior, editora dirixida polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello, supuxo a creación do que hoxe é o fondo máis rico de poesía da historia da literatura galega, cuxos últimos títulos pertencen ás poetisas, M^a do Carme Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero, unha nova autora nacida en 1982 e que da a medida dá aposta da editora polas novas voces da poesía.

- Carme Vidal, 'Antía Otero. 'Nunca fixo tanta falta a poesía'', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 29.

Conversa con Antía Otero con motivo da publicación do seu primeiro poemario, *O son da xordeira*. Nela conta que escribe dende nena e que naceu entre libros en parte debido a que seu pai é o escritor David Otero. A propósito da expresión utilizada por Marica Campo no prólogo do libro, "poesía de muller", sinala que lle produce sentimentos encontrados pois se ben opta por unha poesía con compromiso de xénero, tamén lamenta que se siga a utilizar esta etiqueta como un compartimento estanco que amosa que a situación non está aínda normalizada. Declara que a primeira parte do seu libro naceu de ver as costureiras todos os días na súa rúa, sometidas a unha explotación laboral, cun traballo constante nas súas Singer, cuxos sons non chegaban fóra. Sinala que nada vai cambiar por ter un libro publicado e anuncia que en breve sairá *De porta un horizonte*, gañador da última edición do

Premio Francisco Añón do Concello de Serra de Outes. Pronúnciase tamén sobre a situación da poesía e dos poetas na sociedade actual, sinalando que nunca fixeron tanta falta como agora e que a súa presenza debería ser maior; sobre a crise editorial que vive por exemplo Espiral Maior que acolleu o seu libro ou sobre a falta de unión que percibe entre os membros da súa xeración en contraposición cos poetas que formaban parte do Batallón Literario da Costa da Morte.

Otero, David, *Para iso está o futuro*, ilustr. de Manuel Frago, A Estrada: Edicións Fervenza, 2003, col. O Cartafol de Vilancosta, 42 pp. (ISBN: 84-932977-1-2).

Poemario de Davil Otero (Santiago de Compostela, 1946) no que recolle cinco poemas de extensión variábel baixo os títulos "E dicimos...", "Para iso está o futuro", "A don Manuel García Barros", "Con pobo e canto" e "E logo... ¿por que non tal diría Castelao?", compostos de versos sinxelos onde ecoan temas como o amor á Terra, á lingua, á mocidade, etc... dentro da tentativa desta colección de ser unha homenaxe á familia dos Valladares, no ano en que se cumpre o centenario do pasamento de Marcial Valladares.

Referencias varias:

- M.O., 'Para isto está o futuro, o último libro de David Otero', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 marzo 2003, p. 77.

Refírese á obra de David Otero mais incidindo na presentación que tivo lugar na galería Sargadelos polo director de Edicións Fervenza, Xosé Luna, onde explicou as razóns que lle levaron a titular esta colección como "O cartafol de Vilancosta", debido á relación deste lugar con Avelina Valladares. Dísenos tamén da perfecta relación entre texto e imaxe onde as ilustracións están feitas polo artista Manuel Frago.

- M.G., 'David Otero inaugura a aposta poética de Edicións Fervenza', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 29 marzo 2003, p. 35/76.

Considérase aquí a obra de David Otero, inaugurando a colección de poesía desta editorial e titulada "O cartafol de Vilancosta", onde se fai unha reflexión sobre o mar despois da traxedia que supuxo o *Prestige* o 13 novembro de 2002, anunciando a súa presentación o día 11 abril de 2003 na sala Varela Buxán do Teatro Principal da Estrada.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Libro das viaxes*, Poio: Litoral das Rías, 2003, col. Hipocampo Amigo Poesía, nº 11, 77 pp. (ISBN: 84-932093-6-8).

Manuel Pereira Valcárcel (A Estrada, 1955) elabora un poemario no que recolle a esencia das viaxes, xa ben sexan reais ou vitais. Ábrese cun poema no que destaca "a ilusión nova e acendida" da "ruta de ida". As composicións que lle seguen englobanse en seccións que reflicten o decorrer do traxecto, así como elementos propios deste: "Partir", onde se refire á disposición de ánimo para a aventura na procura de algo impreciso a través de camiños simbólicos, pondo énfase na "tristeza dos que se van" e na "mágoa dos que quedan";

"Retratos", imaxes de turistas, pasaxeiros e visitantes; "Tránsitos" con nostálxicas travesías; "Éxodos", dos que non puideron elixir; "Cidades", aquelas que acollen ao viaxeiro; "Regresos", o cansazo da viaxe é destacábel; e "Fin do traxecto", onde salienta a necesidade de "borrar as pegadas dos agoiros". O sentir do viaxeiro experimenta cambios significativos, por veces contraditorios, ao longo da súa andaina: esperanza, soidade, ilusión, saudade, fracaso... Os viaxeiros son diversos, o mesmo que as súas viaxes: camiño na busca do amor ou da Terra Prometida, por exemplo. Dende o punto de vista formal, predominan os poemas curtos que non se axustan á métrica tradicional, ademais de toda unha serie de orixinais imaxes e unha linguaxe moi visual.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'As viaxes melancólicas de Pereira Valcárcel', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 novembro 2003, p. 3.

Despois de aludir á "elegancia e discreción" do poeta, céntrase neste libro do que principia destacando a edición. Subliña o ton melancólico que percorre as súas páxinas, así como fai referencia a un certo "sentimentalismo peneirado por un contorno moderno". Ademais, salienta a capacidade reflexiva e a "linguaxe cinematográfica" que acompañan ao escritor na viaxe. Por outra banda, pon atención nos poemas claramente narrativos e noutros máis breves que, afirma, están "emparentados con aquela estética do silencio" de José Ángel Valente.

Pozo Garza, Luz, *Medea en Corinto*, edición de Andrés Pociña e Aurora López, Ourense: Linteo, xuño 2003, col. Aberta, 79 pp. (ISBN: 84-96067-02-5).

Este volume comeza cunha introdución na que os seus autores fan unha aproximación aos cincocentos setenta e catro versos en forma dialogada que compoñen *Medea en Corinto*, que representa o décimo poemario de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922). Nesta introdución tamén se fala das sete versións do tema de Medea escritas dende 1984 dentro da literatura galega, da importancia de *Medea en Corinto* na produción literaria de Luz Pozo Garza e remátase a falar desta Medea galega e das características desta edición. A seguir reproducése o poemario *Medea en Corinto* en versión galega así como coa súa tradución ao español, feita polos autores da edición.

Recensións:

- López, Aurora, 'Lendo como muller: Medea en Corinto, de Luz Pozo Garza', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 57-60.

Aurora López comenta a obra de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) *Medea en Corinto* (Edicións Linteo, 2003), obra de gran valía, segundo comenta, xa que, xurdida como un encargo á poetisa, acabou converténdose, sempre seguindo as palabras de Aurora López, nunha obra de calidade. Resalta, ademais, o feito de que Luz Pozo Garza soubese separar o seu punto de vista do propio punto de vista da protagonista da historia, Medea, incorporando así novas voces. Destaca, tamén, a galeguización que a poetisa fai de Medea.

- Xosé Manuel Rodríguez, 'Medea na lírica de Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 30, 'Letras en galego', 11 outubro 2003, p. 7.

Explica cómo Andrés Pociña e Aurora López propuxeron a Luz Pozo facer unha achega poética á figura do mito clásico grego de Medea e que como resultado xurdiu este poemario. Sinálase que constitúe un poemario cheo de sentimento e vitalidade que nos presenta a unha Medea no seu esquema vital máis clásico e inserido na tradición galega. Finalmente apúntase que a poetisa está a preparar as súas obras completas para a súa publicación na editorial ourensá Linteo.

Referencias varias:

- María Xosé Queizán, 'Medeas', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 54-56.

A publicación de *Medeas. Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* (Universidade de Granada, 2002), de Aurora López e Andrés Pociña, sérvelle a María Xosé Queizán para comentar as diferentes adaptacións que se teñen feito do mito grego. Destaca, como contribución da literatura galega, a *Medea en Corinto* de Luz Pozo Garza.

- Alfredo Conde, 'A difusión do libro', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 25 setembro 2003, p. 4.

Comeza reflexionando sobre a importancia crecente que están a ter os libros de poemas dentro das vendas editoriais e posteriormente loa a publicación de *Medea en Corinto*, subliñando o rigor editorial de Linteo así como a importancia da súa introdución.

- Xesús Alonso Montero, '¿Filicida por amor?', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 30, 'Beatus qui legit', 11 outubro 2003, p. 7.

Despois de se achegar ao mito clásico de Medea faise referencia á edición deste volume que é cualificado de "fermoso oratorio dramático" e sinálase que é o resultado do traballo comezado dentro da colectánea *Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* publicada pola Universidad de Granada en 2002.

- Albino Mallo, 'Luz Pozo Garza. 'Unha oportunidade a Medea', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 17 novembro 2003, p. 56.

Conversa coa poetisa Luz Pozo na que fala da xénese desta obra -como resultado da petición de dous profesores galegos de grego na Universidad de Granada- e do seu traballo na Real Academia Galega, do que subliña as súas achegas á figura de Avilés de Taramancos.

- V.O., 'Luz Pozo protagonizará una lectura dramatizada de 'Medea en Corinto', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 decembro 2003, p. 53.

Anuncia que Luz Pozo Garza estará na clausura das xornadas "Territorios da poesía" na Coruña na que se fará unha lectura dramatizada deste poemario acompañada de Olga Patiño.

- I. Suárez, 'Luz Pozo trata a felicidade e o horror en 'Medea en Corintio', *La Opinión*, 'Cultura ', 10 decembro 2003, p. 60.

Infórmase de que *Medea en Corinto* cobrará vida no Museo de Belas Artes da Coruña coa participación de Luz Pozo -como Nodriz-, Olga Patiño -como Medea- e Santiago Fernández -como Xasón-, e asemade destácase a forza expresiva deste poemario.

Rei Núñez, Luís, *Alma mareira*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, marzo 2003, col. Tambo, 73 pp. (ISBN: 84-8457-145-9).

Baixo catro epígrafes que se corresponden con senllas perspectivas dunha ollada profunda ao mundo do mar e ao que este representa dentro da tradición, do presente e da idiosincrasia propia do país e da súa cultura, estrutúrase o poemario de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958). Se o primeiro, "Nunha pedriña me sento", parte dun enfoque intimista e persoal, "Ribeiranas de Louro" achega os catro elementos ao contorno da nosa costa; "Somos Atlántico" procura unha visión esencial, por veces épica e, finalmente, "Ferrados de Historia", é poesía cívica que reflicte o sentir dun pobo ante a ameaza do noso elemento fundamental. Asemade, este abano de olladas ten a súa correspondencia no que a artificios estilísticos se refire, pois a tipoloxía estrófica é moi diferente ao longo do libro, chegando a desenvolver unha das partes, a terceira, integramente en prosa poética, e as ferramentas lingüísticas traballan en aras dunha gran variedade de recursos líricos.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Alma mareira', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 29 maio 2003, p. IV.

Tras citar as obras anteriores de Luís Rei Núñez, indica que en *Alma mareira* o autor abandonou as influencias anteriores de Cernuda ou Cunqueiro para presentar unha poética sincera, de aparencia sinxela e depurada. Indica que os poemas recollen "o cardiograma sentimental dunha paisaxe que lle é propia e que o determina como ser: o seu Muros natal" e que neles profundiza no amor como forza primixenia e do desastre do Prestige. Dá conta das catro seccións nas que se estrutura a obra e indica que estas presentan diversos rexistros formais; sinala, finalmente, que Rei Núñez atopa nesta obra unha lucidez expresiva que o confirma como poeta de voz madurecida.

- Vicente Araguas, 'O tour de force de Luís Rei Núñez', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 3.

Fai referencia, en primeiro lugar, a outros autores que como Luís Rei Núñez botan man do mar como eixo temático central das súas obras, como son Manoel Antonio ou Ramón

Cabanillas. Sinala, de seguido, que *Alma mareira* é unha mostra de procedementos poéticos diversos cunha estratexia temática única e fai referencia ás distintas partes do libro, dando conta do seu contido. Indica, finalmente, que na sección "Orfos do Estado" o autor inclúe poemas de protesta pola catástrofe do Prestige e que estes poemas se caracterizan polo tratamento con rigor e intelixencia que o autor fai do tema, procurando evitar a demagoxia.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'Alma mareira', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 'Letras en galego', 3 maio 2003, p. 7.

Sinala que Luís Rei é unha das máis sólidas voces poéticas de Galicia e que soubo crear o seu propio espazo no sistema literario; indica que o seu último libro de poemas é un agasallo para os lectores e evoca unha cita de Cunqueiro para dar conta da gran calidade da obra e do pracer que produce a súa lectura.

- B.L., 'Rei: 'Sentín a agresión do 'Prestige' como unha agresión a min mesmo', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 5 xuño 2003, p. 84.

Entrevista a Luís Rei Núñez con motivo da presentación do seu libro, *Alma mareira*, no auditorio Caixanova en Pontevedra. O autor explica que o libro acolle un tipo de poesía que define como figurativa e que se caracteriza pola musicalidade presente en toda a obra; fala da súa estrutura en catro partes e dá conta das diferenzas existentes entre elas. Fala da necesidade que para el é que os poetas actuais se fixen máis en predecesores como Rosalía de Castro ou Antonio Machado; e, finalmente, fai referencia á última parte do libro, na que recolle poemas comprometidos e de proposta cara ao desastre do Prestige.

- B.L., 'O poeta feito de ondas e salitre', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 xuño 2003, p. 77.

Dá conta da presentación de *Alma mareira* no auditorio Caixanova de Pontevedra, nun acto organizado polo Ateneo e no que o autor estivo acompañado por Miguel Pereira e Luís Alonso Girgado. Recolle as palabras do autor, nas que el mesmo se confesa "fillo do mar", e cita os poemas recitados ao longo da presentación. Fai referencia, asemade, ás palabras de Luís Alonso Girgado sobre a obra.

Rey López, Alfonso, *A verdadeira historia de "Pepe do Rego"*, edición de Alfonso Rey Souto, Edicións de Autor, 2003, 85 pp. (DL: C-1797-03).

Neste edición de autor, o poeta chantadino Alfonso Rey López (Mondín-Chantada, 1951) presenta unha historia de "caciques e emigración, desas que non nos son estrañas en Galicia", escrita en verso; o relato, co que o autor quere homenaxear aos seus pais e a todos aqueles que tiveron que emigrar, narra as peripecias vitais de Pepe do Rego, dende o seu nacemento ata a súa morte, pasando polos anos de emigración en Caracas e polo seu retorno a Galicia tras a ruína. O libro, que inclúe unha "Biografía" do autor feita por Afonso

Rey Souto e dous "Prólogos" do propio autor, estrutúrase en trinta e cinco "cantos" numerados e cun título, que comezan cun prólogo e rematan cun conxunto de poemas de amor asinados polo propio Pepe do Rego. O volume péchase cun texto titulado "Dedicatoria final en prosa sentida", no que o autor do libro explica que todo o narrado é ficticio, aínda que no fondo do relato está presente a súa historia familiar máis inmediata.

Rey López, Alfonso, *Cancioneiro básico*, Edicións de Autor, 2003, 55 pp. (DL: C-1892-03).

Alfonso Rey López (Mondín-Chantada, 1951) presenta baixo o título de *Cancioneiro básico* un libro que contén poemas, cantigas e panxoliñas. Estruturado en seis partes: a primeira, "Sonetos", son dez composicións unidas pola temática amorosa, que como el mesmo di son o resultado de experiencias vividas ou de fantasías imaxinadas na época en que os escribiu (case todos eles están datados) e pola reflexión sobre o paso do tempo tanto na historia coma na vida dunha persoa, dun ser querido e, en especial, dos alumnos que pasaron polo colexio onde el exerce a súa actividade docente (Colexio ALCA de Biduído). "Cinco minutos de espera", a segunda parte, está composta por cinco poemas unidos tematicamente pola contraposición entre a lentitude do paso do tempo en momento de espera fronte á rapidez coa que actúa cando se produce o encontro tan desexado. Na terceira parte, "Presencias en Biduído", inclúe seis composicións nas que plasma o desacougo que produce no suxeito lírico a ausencia do ser amado, nun cadro no que a natureza pode enfatizar a esperanza ou o desespero. "Lembranzas", que constitúe a cuarta sección, está dominada tematicamente pola renuncia, o *tempus fugit* ou as historias dos soños. A penúltima parte, "Cantigas de amigo" son once composicións, todas elas coa estrutura e a temática propia deste tipo de cantigas medievais. A maioría son cantigas de romaría, a onde vai ir a namorada á procura do seu amado (á romaría do Faro, á de San Pedro ou á de Santa María a Vella de Noia), ben acompañada da súa nai ou da súa irmá. A derradeira sección, que o autor titulou "Vilancicos", conforma cinco panxoliñas con estrutura, ritmo e temática propios deste tipo de composicións.

Rey López, Alfonso, *Poemas eróticos*, edición de Esther Souto Cambre, Edicións de Autor, 2003, 31 pp. (DL: C-1892-03).

Volume de poemas moi heteroxéneo de Alfonso Rey López (Mondín-Chantada, 1951) no que tenta facer chegar ao lector cousas coma o amor, o erotismo, o romanticismo ou a ensoñación da persoa amada. Ao longo dos vinte e nove poemas que compoñen o libro o autor busca repetidamente a imaxe, a voz, o recordo ou a compañía dunha amiga que semella ser máis que amada. A heteroxeneidade formal caracteriza o estilo métrico do poemario. Entre as vinte e nove composicións que o compoñen atópanse sonetos, sucesión de tercetos, cuartetos ou directamente o uso dun versolibrismo que non emprega rima. En calquera caso é unha obra variada formalmente pero moi uniforme na súa temática xirando sempre en torno aos sentimentos amorosos e á relación de parella.

Rodríguez Baixeras, Xavier, *Francesca*, Pontevedra: Deputación Provincial de

Pontevedra ♦, marzo 2003, col. Tambo, 41 pp. (ISBN: 84-8457-144-0).

Envolto na temática amorosa, Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) volta ao prelo cun poemario composto por trinta e tres sonetos, forma poética xa desenvolvida polo autor en obras anteriores, onde atopamos pequenas variacións de metro e rima que impiden, desde unha perspectiva de conxunto, a monotonía que puidera derivarse de tan estrito desenvolvemento, dando, ao mesmo tempo, un carácter máis dinámico e sorpresivo á obra. Asemade, esta "falla de rigor" no esquema tradicional concorda por veces coa intencionalidade dos versos que, profundando na idea do amor desde unha perspectiva de madurez onde, malia esta, non está ausente a paixón, ben sexa contida ou temperada pola experiencia vital, semellan desbocarse en ocasións para realzar o desliz inevitábel que é o sentimento humano incontrolado, de maneira que o xogo tensional establecido entre estes dous polos dá impulso e ritmo ao libro.

Recensións:

- Román Raña, 'Temperatura emocional', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 5 xuño 2003, p. IV.

Indica que este é o número dezasete da colección "Tambo", promovida polo Deputación de Pontevedra, e dá os seus parabéns ao responsábel, Luís Rei Núñez. De seguido, indica que o poemario de Rodríguez Baixeras, que ten un título de evocacións petrarquistas, contén trinta e tres sonetos e afirma que o autor é un dos mellores sonetistas do país. Fai referencia aos seus libros anteriores, *Fentos no mar* e *Visitantes*, e indica que este último volume constitúe un percorrido polo mundo anímico do autor e que o fío común de todos os poemas é a temática amorosa. Analiza formalmente os poemas, que presentan unha gran variedade para evitar a monotonía, e destaca a serenidade que produce a lectura deste libro.

- Tomás Ruibal, 'Clasicismo e calidade poética', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 31 agosto 2003, p. 8.

Afirma, en primeiro lugar, que o binonimio clasicismo/calidade poética foi empregado polos máis grandes poetas do século XX e indica que na poesía, por definición, a forma non condiciona o contido nin a calidade. Sinala, a seguir, que a obra de Xavier Rodríguez Baixeras acolle trinta e tres sonetos caracterizados polo seu tradicionalismo, clasicismo, elegancia e intensidade poética; indica que o tema central é o amor, visto dende diferentes puntos de vista, e que na obra aparecen tamén os outros grandes temas da poesía universal: o paso do tempo, o significado da existencia humana ou a relación coa terra. Pecha o artigo coa transcripción dun dos sonetos do libro.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Rodríguez Baixeras lembra o Mediterráneo no seu novo poemario, 'Francesca', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 30 maio 2003, p. 81.

Afirma, en primeiro lugar, que o título desta obra de Rodríguez Baixeras é un nome catalán de muller e indica que nela o autor lembra as súas vivencias no Mediterráneo. Sinala que o

propio autor define a súa escrita de "orientación clásica" e o volume como unha "evasión no senso de que está fundamentado sobre a realidade mediterránea, pero é unha realidade poética". Recolle as palabras do autor, nas que explica as razóns polas que recorreu ao soneto e sinala que este tipo de composición poética lle serviu para revisitar a paisaxe mallorquina da súa xuventude.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A revelión da palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 8 xuño 2003, p. 45.

Conversa entre Manuel Vidal Villaverde e o poeta Xabier Cordal, para quen a poesía "é igual aos remordementos, e tarda moitos anos en calar". Tamén se trae a esta páxina de "Musas" un comentario da obra *Francesca*, poemario de Xavier Rodríguez Baixeras que constitúe, ata o momento, a súa última entrega literaria e que o crítico considera una boa nova para os amantes da poesía. Explica que se trata dunha serie de sonetos que aparecen na colección "Tambo" da Deputación Provincial de Pontevedra.

Rodríguez, Noelia, *Sons de baleas*, presentación de Xosé Lamela Bautista, Terras de Bouro (Portugal): Calidum, abril 2003, 94 pp. (DL: 194606-2003).

Este libro *Sons de baleas* é o primeiro de Noelia Rodríguez (Lisboa, 1977). Nel recóllense máis de sesenta poemas, dentro dos que hai un pequeno apartado titulado "Compostela". A propia autora declara nunha nota ao principio que é un poemario para a vivencia persoal do lector e para a esperanza. Por iso, aínda sendo a temática variada (recordos da infancia, a familia, os amigos, o amor, a sociedade, a emigración) desenvólvese toda arredor dunha perspectiva vivencial moi íntima e, ás veces metafísica, que se adiviña incluso nos poemas de temática máis social. Os poemas constrúense en formas moi diferentes, recordando incluso algunhas ás empregadas por autores galegos consagrados, uns cun ton máis metafórico ca outros, e case todos, salvo seis que teñen títulos propios, están numerados. A ambientación móvese polos espazos vitais da autora -Lisboa, o Xurés ou Compostela-, e todas as composicións están moi marcadas pola experiencia da emigración. Son moi numerosas no libro as citas de escritores galegos, portugueses ou de sona internacional, pois dalgún xeito, xa o di a autora na nota do principio, a obra pretende conectar e continuar coa poesía anterior, tanto na temática coma na forma. Por outra banda, a presentación de Xosé Lamela Bautista incide na unión entre o Xurés galego e o Gerês lusitano, que ten como punto clave Riocaldo, o escenario subxectivo da maior parte da poesía de Noelia Rodríguez, estando, por tanto, representados nas súas palabras dous mundos que son só un.

Recensións:

- Teresa Seara, 'Benvida', *Tempos Novos*, nº 75, 'Crítica. Libros', agosto 2003, p. 68.

Dáse conta das últimas publicacións no eido da poesía comezando por falar de *Xanela ao bío*, de Paco de Tano, con ilustracións de Paco Souto nunha edición de autor. A seguir tamén se detén no poemario *Sons de baleas*, de Noelia Rodríguez, do que indica que consiste nun conxunto de poemas de temática diversa que comparten un eu poético

confesional. Logo comenta *Muller de vidro* (2002), de Asunción Arias e Pablo Otero, que ten como tema principal a muller e a súa problemática. Afirmar que o eu poético se amosa totalmente nítido, como visto a través dun cristal, que ao mesmo tempo o encerra. Destaca desta obra tamén a linguaxe empregada.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Noelia Rodríguez. 'As editoriais galegas non apostan polos novos poetas', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Fin de semana', 15 maio 2003, p. 41.

Entrevista a Noelia Rodríguez co gallo da publicación do seu libro *Sons de Baleas* pola editorial galego-portuguesa Calidum. A escritora dinos que o libro é de prosa poética, con personaxes e con enredos distintos da poesía clásica. Recoñece que tanto o ter nacido en Lisboa coma as referencias á poesía lusa foron claves para que a editorial apostase polo libro, pois xa tiña recorrido as editoriais galegas sen éxito, se cadra polo minoritario do xénero.

- X. L. Méndez Ferrín, 'Presenza do Xurés', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 2 xuño 2003, p. 2.

A reflexión que dá pé a este artigo é sobre o Xurés como fronteira política artificial. Tras unha descrición da zona, dise que Xosé Lamela Bautista é un gran coñecedor da mesma e que fai o prólogo do libro *Sons de baleas*, de Noelia Rodríguez. Fai entón un comentario do libro, do que salienta o seu carácter arraián e ao que define como profundo e acolledor, con numerosas citas e con intimismo, pero tamén con xorda carraxe, para rematar dando a benvida á obra.

- Teresa Seara, 'Benvida', *Tempos Novos*, nº 80, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', agosto 2003, p. 68.

Introdución ás novas achegas de Paco de Tano, *Xanela ao Bío* (2002); Noelia Rodríguez, *Sons de baleas* (2003); e Asunción Arias e Pablo Otero (ilustrador), *Muller de vidro* (2002). Descríbense as obras poéticas e introdúcenos o universo simbólico de cada unha delas reproducindo pequenos fragmentos de cada unha.

Romero, Medos, *Lenzo das madrugadas*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, novembro 2003, col. Libros da Frouma, nº 30, 56 pp. (ISBN: 84-85385-84-5).

Obra de Medos Romero (Soomede, As Pontes, 1959) formada por corenta e seis poemas titulados na súa meirande parte de extensión breve onde coa "idea da perda" como pano de fondo se pode observar un grupo de lugares pertencentes á infancia rural da escritora que aparecen fortemente marcados polo rápido despoboamento das aldeas, coa perda dos modos de vida tradicionais que iso provoca, en favor do mundo das cidades. Chama a atención a pegada de Manuel María ou de Uxío Novoneyra nalgúns composicións.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Da luz cegada de Medos Romero', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 21 decembro 2003, p. 16.

Recalca que na obra se pode apreciar claramente o dominio do mundo que desaparece, o conxunto de lugares da infancia rural marcados polo vertixinoso despoboamento das aldeas e a perda dos modos de vida tradicionais en favor dos urbanitas. Continua eloxiando a creación poética da autora, onde se poden apreciar toques de Manuel María, Uxío Novoneyra, Thomas Eliot ou Joseph Conrad. Remata aconsellando que a lectura desta obra se realice en pequenas doses e con tempo.

Referencias varias:

- R. Loureiro, 'Versos de íntima memoria', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'Letras en galego', 6 decembro 2003, p. 7.

Dá conta da publicación de *Lenzos das madrugadas*, de Medos Romero que, en palabras do autor, é "unha viaxe pola memoria dos vellos camiños pontenses". O artigo remata coas palabras da propia autora, Medos Romero, que afirma que "nesta obra é na que mellor se pode apreciar a idea da perda".

Rúa, Xosé Lois, *Elexías do Camba*, XIX Premio de Poesía Cidade de Ourense, limiar de Aquilino S. Alonso Núñez, A Coruña: Edicións Espiral Maior, outubro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 132, 144 pp. (ISBN: 84-95625-79-2).

Obra coa que Xosé Lois Rúa Núñez (Campobeceros-Ourense, 1951) obtivo o XIX Premio de Poesía Cidade de Ourense 2001. O libro ábrese cunha "Xustificación preliminar", na que o autor explica que o Camba é o río que pasa pola súa aldea natal e que quedou asolagada hai anos, cando se construíu o encoro de Portas; sinala, ademais, que o obxectivo desta obra é evitar o esquecemento da historia ancestral de Campobecero. O libro inclúe, asemade, un limiar de Aquilino S. Alonso Núñez, no que achega algúns datos biográficos do autor e no que fai referencia á xénese desta obra e ao seu contido. Explica que Rúa pretendía facer unha triloxía, que se iniciou con *O tránsito da auga* e que as dúas partes que integran este volume ("O curto verán das cereixas" e "Elexías a Orfeo") ían ser o segundo e terceiro libro da triloxía. Aínda, finalmente, que Rúa combina intimismo e compromiso social. A primeira parte do libro, "O curto verán das cereixas", está subdividida en cinco partes: "O que resta do pasto", "Coplas da seitura inacabada", "Nos arredores teus", "As garrafas do sol" e "Devólveme a mirada". Recolle un total de corenta e cinco poemas, datados entre setembro de 1998 e febreiro de 2000, nos que o "eu poético" lembra os veráns pasados en Cambalán e o amor a Vedaíña. A segunda parte, "Elexías de Orfeo", está composta por cincuenta poemas numerados en romanos, máis dous poemas titulados "Oratio fúnebre" e "Cantos final de vida e esperanza". Nesta parte emprega o mito de Orfeo para fuxir do medo á morte a través do amor á terra.

Somoza, Isabel, *Anacos de preto verbo*, Lugo: Edicións de Autor, 2003, [52] pp. (DL:

LU: 513/03).

Pequeno poemario de edición bilingüe galego-castelán composto por versos libres de curta extensión. En cada páxina aparecen un par de versos, unha liña ou unha estrofa ilustradas con imaxes de plumas que conforman distintos debuxos relacionados co que se expresa no poema. A poetisa manifesta en primeira persoa, dirixíndose a un interlocutor descoñecido nalgúns fragmentos, a consciencia da vida e a dor que isto produce. Non obstante, os versos rematan coa aparición do optimismo que vén dado pola felicidade.

Souto, Paco, *Crebar cristais coa lingua*, Malpica: Caldeirón, maio 2003, 74 pp. (DL: C - 1167 - 2003).

Componse esta obra de corenta e tres poemas, en xeral de curta extensión, que reflicten o mundo no que vivimos e as razóns polas que hai que seguir loitando por el. O libro está dividido en dúas partes den diferenciadas non só pola temática, senón pola disposición, sendo ambas necesarias como contrapunto. A sección "Apoloxías" composta por trece poemas representa unha necesidade de afirmación vital do mundo e aparecen baixo un fondo negro, fronte ao branco no que se dispoñen os trinta poemas de "Como águas de maio". Neste caso, perséguese a necesidade de denunciar un mundo inxusto no que teñen cabida movementos contrarios como os ecoloxistas. A voz lírica pode ser individual ou colectiva que observa en moitos casos os desastres e as inxustizas que se cometen en lugares próximos ou afastados como Somalia, Iraqe, Chiapas ou Timor. Dende un punto de vista formal, destaca o predominio do verso curto e unha tendencia á expresión sinxela e espida de artificios.

Recensións:

- Teresa Seara, 'Benvida', *Tempos Novos*, nº 75, 'Crítica. Libros', agosto 2003, p. 68.

Dáse conta das últimas publicacións no eido da poesía comezando por falar de *Xanela ao bío*, de Paco de Tano, con ilustracións de Paco Souto nunha edición de autor. Salienta o diálogo que se establece entre os textos e as ilustracións ata converterse en poesía visual, que o discurso lírico vai dende a lembranza dun amor feliz e a vivencia da soidade ata a dor pola perda da amada. Teresa Seara destaca como temas o erotismo, a observación do corpo e a fermosura dunha muller descrita empregando metáforas mariñeiras. A seguir tamén se detén no poemario *Sons de baleas* de Noelia Rodríguez e *Muller de vidro* (2002), de Asunción Arias e Pablo Otero, que ten como tema principal a muller e a súa problemática. Afirma que o eu poético amósase totalmente nítido, como visto a través dun cristal, que o mesmo tempo o encerra. Destaca desta obra tamén a linguaxe empregada.

Referencias varias:

- V.I., 'Deberían impartirse nocións das outras linguas do Estado', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 24 decembro 2003, p. L2.

Entrevista ao poeta Paco Souto con motivo da publicación do seu terceiro libro *Crebar*

cristais coa lingua na editorial Caldeirón que el mesmo fundou. Comenta brevemente a estrutura da obra en dúas seccións que se presentan unha como contrapunto da outra, baixo os títulos de "Como augas de maio" e "Apoloxías". Alén diso, fai unha reivindicación das linguas minoritarias do estado, entende que sería necesario que houbo un coñecemento delas ao igual que acontece en Suíza.

Varela, Xosé Manuel, *Casa vouga. Poemas e debuxos*, ilustr. Miguel Anxo Calvo, Malpica de Bergantiños-A Coruña: Asociación Cultural Raigañas □, 2003, col. Poesía, nº 1, 44 pp. (ISBN: 84-607-9358-3).

A través de vinte e sete poemas de extensión diversa, Xosé Manuel Varela (Malpica de Bergantiños, 1967) ofrécenos no seu libro un retrato paisaxístico, costumista e humano completo da Costa da Morte. Centradas no forte vínculo existente entre a terra e o mar, do que o autor suxire unha continuidade por medio da eliminación da idea de límite, as pezas translocen un intenso sentimento de pertenza a unha comarca que se amosa tan hostil coma xenerosa cos seus habitantes. Unha lingua directa e fluída, acompañada dos sobrios debuxos de Miguel Anxo Calvo (Cances-Carballo, 1960), que transitan parellos ao verso ao longo de toda a obra e achegan desde dentro ao lector os segredos desta terra.

Villar Janeiro, Helena, *Pálpebra azul*, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia, setembro 2003, col. Singulares, nº 1, 143 pp. (ISBN: 84-931711-9-0).

Este novo poemario de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo 1940), que inaugura a colección "Singulares" do P.E.N. Clube, ábrese cun prólogo da autora no que explica a xénese dos seus *haikus*. Indica, tras parafrasear unhas reflexións de Mario Benedetti sobre o xénero xaponés, que na xestación deste libro apareceu o espírito do *haiku* antes que a forma, pois o seu interese por esta nova percepción da fermosura partiu da contemplación dun arce xaponés no seu xardín e desenvolveuse no monte, procurando cogumelos, ao ollar con novos ollos a morte aparente da natureza outonega. Así, coa axuda de Octavio Paz, a pintura de Sesshu Toyo e os *haikus* clásicos de Matsuo Basho e de Oshima Ryoto entrou nun círculo de silencio e recolleto, constatando como tantos poetas occidentais a proximidade entre a poesía *zen* e as vangardas. O poemario consta de sesenta e sete poemas que xiran arredor da interpretación da natureza. Seguindo o rigor formal do *haiku* clásico, todos eles se compoñen dunha única estrofa de tres versos e dezasete sílabas (cinco sílabas o primeiro verso, sete o segundo e cinco o terceiro).

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 novembro 2003, p. 75.

Dá conta da publicación da obra *Pálpebra azul*, de Helena Villar Janeiro que vén de editar o Pen Clube de Galicia na colección "Singulares". Sinala que é unha recompilación de haikus, nos que a autora dialoga co hilozoísmo de Amado Carballo e nos que destaca "un lene erotismo". Reproduce algúns versos destes poemas.

- Marcos Valcárcel, 'Haikus en pálpebra azul', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 novembro 2003, p. 56.

Sinala que son moitos os poetas occidentais que nalgún momento se sentiron achegados aos *haikus* xaponeses, así como das afinidades que estes manteñen co espírito da poesía galega, referenciando algúns traballos que relacionan os *haikus* coa lírica galego-portuguesa ou coa obra de Uxío Novoneyra. Infórmanos de que Helena Villar Janeiro vén de publicar *Pálpebra azul*, un "fermoso" libro de *haikus* dos que Valcárcel salienta o diálogo co hilozoísmo de Amado Carballo nuns casos ou o ton ousado das vangardas noutros, así como o seu recollemento e un lene erotismo.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Os haikus de Helena Villar Janeiro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 26 novembro 2003, p. 3.

Tras citar algunhas das reflexións coas que diversos expertos teñen caracterizado o *haiku*, indica que Helena Villar Janeiro, autora de *Pálpebra azul*, coñece ben a esencia deste xénero. Sinala que con este libro a autora parte cara ao descubrimento do "cósmico-natural", profundamente relacionado cun sentimento de carácter existencial, e que os seus haikus son "operacións radicais do espírito, delicadas e certas, vibrantes e plásticas, dramáticas e transcendentales". Reproduce algúns destes poemas e remata salientando a beleza poética e filosófica do haiku na voz de Villar Janeiro.

- Carme Vidal, 'A miña familia era unha factoría literaria', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 29.

Entrevista con Helena Villar Janeiro co gallo da publicación dos seus libros *Pálpebra azul* e *Feminino plural*, así como da concesión do "Premio Arume" de poesía infantil da Fundación Neira Vilas a *Na praia dos lagartos*, de próxima publicación. Ao longo da entrevista evócase o ambiente familiar da autora salientando esta o relevante papel que os seus fillos xogaron na súa literatura infantil, feita en gran medida para eles e pola conciencia de que era algo que faltaba por facer na literatura galega. Abórdase tamén a súa infancia e a figura do seu pai, a quen describe como un gran narrador e poeta oral. Ao lle preguntaren polo seu papel de pioneira en moitas facetas, apunta que foi a primeira muller en formar parte dun grupo poético, confesando que foi Xesús Rábade quen a impuxo en Cravo Fondo cando o chamaron a el para formar parte do grupo. Isto lévaa a establecer un paralelismo entre ela e Rosalía pola axuda que ambas recibiron dos seus maridos á hora de se iniciaren no mundo das letras. Afirmar ademais que se considera pioneira na poesía erótica co libro *Festa do corpo*. Ao longo da entrevista abórdanse outros temas como a liña seguida por Cravo Fondo, a súa admiración por Rosalía ou a amplitude de xéneros e rexistros que manexa. No referente á súa poesía, Helena Villar defínese como ontolóxica e cunha gran compoñente panteísta. Define *Na praia dos lagartos* como un libro ecoloxista moi planificado, no que a protagonista é a natureza humanizada, e no tocante a *Pálpebra azul* sinala que tamén naceu do seu contacto coa natureza e dunha posterior investigación sobre os haikus, que son poesía pura, para o que afirma que lle axudou ter traducido a Rosalía.

- Xurxo Fernández, 'El tiempo atrapado en un espejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los

Vientos', 15 decembro 2003, p. 72.

Xurxo Fernández repasa sucintamente nesta páxina algunhas das obras publicadas no ano que remata. No que respecta aos libros en galego, dá os títulos das seguintes obras: canto á narrativa, *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, que lle parece unha "obra clave para entender nuestro pasado"; canto á poesía, destaca *Fálame*, de Antón Lopo e o *Libro da egoísta*, de Yolanda Castaño. Tamén se refire, neste mesmo xénero, a Helena Villar, da que afirma que "nos hacía recordar la esencia misma de la lírica".

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □♦, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no Premio de relato, poesía e tradución convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido dámos conta dos autores galardoados no apartado de poesía:

- Alba Vidal Fernández, "Roupa a secar ao sol" (1º Premio de Poesía), pp. 85-104.

O sentimento amoroso e o sexo son os eixos temáticos centrais dos poemas de Alba Vidal Fernández; a voz lírica elabora un breve poemario caracterizado pola actitude dominante que esta manifesta na relación amorosa e pola brevidade dos poemas, de métrica, rima e estrutura irregular.

- Iago Castro Buerger, "Tres mulleres e un finxidor" (1º Accésit de Poesía), pp. 104-111.

Iago Castro obtivo o 1º accésit de poesía cun conxunto de tres poemas titulados 'Amalur, nosa, Amalur', 'Muller no vidro' e 'Diálogo', numerados en romano. Os poemas caracterízanse, dende o punto de vista léxico, pola ruptura da orde léxica e mesmo da orde sintáctica e, dende o punto de vista gráfico, pola distribución do poema no papel e ausencia dos signos gráficos convencionais (puntos, maiúsculas, ...). A voz lírica diríxese, en todos eles, a unha segunda persoa, presumiblemente a tres mulleres, coas que mantén tipos de relacións diferentes.

- Silvia Penas Estévez, "Poemas para días verticais" (2º Accésit de Poesía), pp. 113-121.

Conxunto de seis poemas nos que a voz poética se dirixe ao ser amado dende o recordo e nos que, nalgúns deles, evoca distintos lugares ou cidades nos que estiveron xuntos: Coimbra, Florencia,... Os títulos dos poemas fan referencia a unha progresión que vai dende a verticalidade, sinalada entre paréntese tras o título do primeiro poema, ata a horizontalidade, citada no último poema, pasando polas seguintes posicións: 1ª inclinación, 2ª inclinación-declive, 3ª inclinación declive e inclinación última.

- Beatriz Lorenzo López, "Leda Ophelia ofuscada" (1ª mención de publicación), pp. 123-129.

Dúas composicións poéticas tituladas 'Leda Ophelia ofuscada', longo poema caracterizado pola falta de signos de puntuación no que o eu lírico se dirixe a Ophelia, e 'Nocturnos', que á súa vez se divide en dúas partes, "Noite" e "Laio", nos que a voz poética en terceira persoa da primeira parte se contrapón á voz poética en primeira persoa da segunda e nos que se fai referencia á nostalxia polo pasado.

- Antonio Millán Torrado, "A-Mares" (2ª mención de publicación), pp. 131-143.

Once poemas breves nos que a temática central é o sentimento amoroso e nos que destaca a distribución do texto no papel, a presenza de símbolos gráficos, a inclusión de caracteres gregos, o emprego da lingua inglesa e a ruptura da orde sintáctica, léxica e gramatical.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega coma foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os poetas do sistema literario galego que participan neste volume son: Adrián Álvarez con "Ás nosas costas raiadas polas alleas noites de óbitos"; Alberte Momán (Ferrol, 1976) con "Superados xa"; Alexandre Nerium con "Trazos de negro cuspe"; Alizia Fernández con "Prendede as luces"; Almudena García con "Rumo ao inferno"; Ana Romani (Noia, 1962) con "Do diario"; Antía Otero (A estrada, 1982) con "[En azul abro os ollos]"; Antón Dobao (Lugo, 1963) con "O elo feble do imperio"; Asun Arias con "A lenda do curral"; Baldo Ramos (Celanova, 1971) con "Nunca Máis"; Carlos González con "O grito afogado"; Carlos Negro (Lalín, 1970) con "Mendinho negro"; Carlos Quiroga con "Arte vulcánica"; Celso Fernández Sanmartín con "[Chegados a unha camposa]"; Chus Pato (Ourense, 1955) con "Sobre o desexo de mobilidade"; Chus Ruíz con "[haiku]"; Claudia Casado con "Plastilina"; Claudio Pato (Ourense, 1962) con "Memoria"; Concha Casavella con "A Manfred, en memoria"; David Souto con "Cantar do rexurdir custoso"; Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) con "[porque coa túa]"; Elvira Riveiro Tobío con "Digo Prestige e basta"; Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977) con "Digo"; Emma Pedreira (A Coruña, 1978) con "[Hai un corazón que deita sangue de sombra enquistado nas augas]"; Estevo Creus (Cee, A Coruña, 1971) con "[No cultivo extensivo de palabras]"; Fermín Simal Moreira con "Urro urxente"; Fernando Rodríguez (Pontecesures, Pontevedra, 1966) con "Non máis, nunca máis"; Francisco Souto con "Dies irae"; Gaspar con "Mar de fóra"; Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) con "Receita do pote galego (also known as "Sonettino con saia de muiñeira)";

Helena de Carlos (Cenlle, 1964) con "Poema de antes de chegar o Prestige"; Inés Vázquez con "Os aforros do mar"; Iolanda Gomis con "as baleas de auga"; Isaac Ferreira (Ferreira do Valadouro, 1946) con "Galiza: Catarse 2002 (Traxedia do Prestige)"; José Alberte Corral Iglesias con "[Porque vinhérom com a sua soberbia]"; Juan Antonio Vázquez con "Defendendo (canción para o grupo Mopongo)"; Lucía Aldao con "[Tamén eu]"; Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) con "O océano e as ondas. Primeiro movemento (Allegro)"; Lupe Gómez (Curtis, 1972) con "Abrir as pernas"; Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958) con "Épica de piche"; Manuel Outeiriño (Ourense, 1962) con "Esgazo (todo)"; Manuel Seixas con "Prestixio"; Marco López Pichucho con "Xorda xente enxoita"; Marga do Val (Vigo, 1964) con "[Houbo un tempo no que o mar levou o aparello do Rifante]"; Margarita Ledo Andiñ (Castro de Rei, 1951) con "poe-poema"; María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) con "As lombas do areal"; María Lado (Cee, 1979) con "[os ollos cansos e o babi azul e branco]"; Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) con "Barco negreiro"; Marta Dacosta (Vigo, 1966) con "[Parece un mariñeiro]"; Matilde Castro con "Tempo"; Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958) con "Fragmentos de esperanza"; Miro Villar (Cee, 1965) con "Dioni"; Mistura Teis con "Longo sono"; Modesto Fraga (Fisterra, A Coruña, 1974) con "Coídos"; Mónica Góñez con "Partindo"; Noel Blanco Mourelle con "Dous cantos de berce para o pesadelo do Rei Artur"; Oriana Méndez con "[Penduran dos meus dedos tantos corazóns]"; Óscar Antón Pérez García con "[Percevida nas tépedas espesuras do compromiso]"; Pepe Cáccamo con "Contra a mentira negra"; Rafa Villar (Cee, 1968) con "porto da Coruña, ano mil novecentos e poucos"; Ramiro Vidal con "Rocksteady"; Raúl Gómez Pato con "O futuro é noso amigos"; Richard Pazos con "Os nosos nunca máis"; Santiago Sanjurjo Díaz con "Mira"; Séchu Sende (Padrón, 1972) con "Na miña casa hai mulleres cangrexo"; Verónica Martínez Delgado con "Un corpo de muller"; Xabi Ribax con "Noite de pedra negra"; Xavier Castro con "Historias"; Xavier Frías Conde con "Corrían rúas"; Xavier Zarco con "[Ouço, Galiza, o choro]"; Xela Arias (Lugo, 1962) con "Cadáver de Man"; Xosé Manuel Blanco con "Cando digo morte"; Xosé Miranda (Lugo, 1955) con "Guau"; e Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) con "[Pero non fales das estampas...]".

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas. Entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da Facultade, e no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala NASA a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores. Indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas duascenas páxinas e dous CDs que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CDs con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, na que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe, e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar onte na Sala Nasa de Santiago de Compostela. Indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe. Afirma que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura. Neste sentido considera que se deben desenvolver empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra cultura posíbel'', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 25.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Burla Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

VV. AA., *Pulmonario de duros latexos*, Premios Literarios "Minerva" 2003, limiar de Miguel Anxo Fernán-Vello, Santiago de Compostela: Colexio Peleteiro/Revista Vamos ♦, 2003, 112 pp. (ISBN: 84-607-6534-2).

Volume que recolle os poemas e relatos premiados na XXXª edición dos Premios Literarios "Minerva", correspondentes ao ano 2002. Despois da composición dos xurados das

diferentes modalidades, reproducíase o discurso lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, mantedor desta edición, no acto de entrega destes premios, que tivo lugar no salón de actos do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. A continuación preséntanse os premios de poesía, nos que lle correspondeu o primeiro premio a David Souto Alcalde (Vilagarcía de Arousa, 1983) por "Pulmonario de duros latexos", composto por tres poemas titulados: "Coas cabezas cheas de ferro", "Soño bélico primeiro" e "Formas do lume", caracterizados polo ton reflexivo arredor de temas como a morte, a falta de liberdade ou o valor da propia poesía a través da forma dos versos longos. O segundo premio recaeu en Noel Blanco Mourelle (A Coruña, 1984) por "Tres latexos inconexos", formado polas composicións "Lánguido pranto por Fernando Pessoa", "Crónica de eu" e "Tempo de destrución", que tratan temáticas como a incomunicación, a soidade e o medo, xogando con versos moi curtos fronte a outros de carácter narrativo. O terceiro premio de poesía foi para Emilio José González Pérez (Quins-Melón, Ourense, 1984) por tres poemas sen título, nos que se xoga coas formas narrativas nunha exploración das diversas posibilidades expresivas da linguaxe, nunha proposta estética marcada polas vangardas do século XX. Os accésits nesta mesma modalidade acadáronos Anabel Valera Formoso (As Pontes de García Rodríguez, 1985) e Pablo Fidalgo Lareo (Vigo, 1984) por "Da beiramar" e "A idade do ar", respectivamente, nos que predomina un marcado ton intimista. Péchase o volume cos gañadores no eido da narrativa e dos que xa demos conta no apartado correspondente deste *Informe*.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Alonso Montero, Xesús, *Pois era un barco pirata (Romance escrito nalgures no ano 2028, centenario do autor e 180 aniversario da publicación do Manifesto)*, Pontevedra: Colección Hipocampo Amigo, abril 2003, col. Poesía, [24] pp. (ISBN: 84-932093-7-6).

Trátase dun poema publicado tamén na edición de *Negra Sombra (Intervención poética sobre a marea negra)* e, como indica o propio autor na nota preliminar, esta nova edición presenta, con respecto á anterior, unha modificación no verso corenta, amais dunha nova estrofa interpolada entre este e o seguinte. Dedicándoo a David Álvarez Carballido, Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), presenta, partindo da traxedia do Prestige nas costas galegas no ano 2002, e supostamente escrito desde a perspectiva do futuro 2028, un poema de forte carga social e cívica no que dá repaso á problemática mundial do momento. Formalmente, e respondendo ao seu propio título, obedece a norma do romance ao longo das súas trescentas estrofas.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'De piratas negros navegando nos versos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Poesía', 21 decembro 2003, p. 4.

Informa da publicación do libro de Xesús Alonso Montero. A obra, publicada xa no volume colectivo *Negra sombra*, édítase por vez primeira como publicación exenta na colección

lírca "Hipocampo Amigo". Este longo poema, segundo afirma o xornalista, supón un perfecto exemplo de poesía belixerante, motivada neste caso polo desastre do Prestige.

Referencias varias:

- J. Alonso, 'Unas horas con Alonso Montero', *El Progreso*, 'Al paso', 10 marzo 2003, p. 80.

Dá conta da presentación que o autor fixo do poema con motivo dunha homenaxe que lle renderon en Lugo. Sinala a existencia de dúas partes, unha presente e outra futuríbel, dentro da peza.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, decembro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 134, 419 pp. (ISBN: 84-95625-83-0).

Esta colectánea, rigorosamente establecida e revisada, reúne todos os poemarios que Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) publicou até 2003. Na lapela indícanse todos os libros en verso publicados polo poeta vigués e agás *Lúa de pan* (2002) están todos presente neste libro. O volume, que comeza cunha breve nota do autor e cuns versos de Antón Avilés de Taramancos recolle os seguintes libros de poemas: *Praia das furnas* (1983) -con prólogo de Xavier Seoane-; *Arquitecturas da cinza* (1985); *Os documentos da sombra* (1986) -cunha nota do autor-; *Luminoso lugar de abatimento* (1987) -co prólogo titulado "Detrás do mar inmóbil, luminoso lugar" de Miguel Anxo Fernán-Vello-; *Cimo das idades tristes* (1988) -con prólogo de Basilio Losada-; *Fragmentos de mar* (1989) -que é o máis breve-; *O lume branco* (1991); *Colección de espellos* (1994); *A escrita das aves de marzo* (1997); *Calendario perpetuo* (1997) -cun extenso prólogo de Arturo Casas titulado "O poema en prosa e a lei do calendario"-; *Os cadernos da ira* (1999) -co prólogo "Hemorragia interna" de Xosé Luís Méndez Ferrín-; *Vocabulario das orixes* (2000) e mais *Depósito natural* (2002), que presenta unha nota do autor. Sínálase tamén que desta primeira edición se fixo unha tiraxe especial, numerada e asinada polo autor, de cento vinte e cinco números, reservada aos subscritores da colección "Espiral Maior de Poesía".

Referencias varias:

- MARÉ, 'Patrimonio cultural', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 decembro 2003, p. 51.

Indícase que a cidade de Vigo acolleu a presentación dos volumes *Ancoradoiro*, de X. M.^a Álvarez Cáccamo, e máis *Traxectorias*, de Vitor Vaqueiro. Sínálase que con estes textos se pode realizar unha panorámica sobre estes poetas olívicos de liña diverxente pero cronoloxicamente coincidentes. Reprodúcense algúns dos comentarios desta presentación como os de Álvarez Cáccamo, que apuntou que a súa obra "é un canto á poesía da memoria, da política e do amor".

- María Villar, 'Álvarez Cáccamo e Vitor Vaqueiro presentan toda a súa obra poética', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 decembro 2003, p. 32.

Fálase da presentación das compilacións poéticas *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, de X. M.^a Álvarez Cáccamo, e *Traxectorias*, de Vitor Vaqueiro. Apúntanse algúns dos premios acadados por estes poetas e finalmente reproducése un poema de cada colectánea.

- A.B., 'Espirál edita a poesía completa de Vitor Vaqueiro e Álvarez Cáccamo', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 decembro 2003, p. 73.

Informa de que Espiral Maior vén de presentar dúas colectáneas poéticas de senllos escritores vigueses: Vitor Vaqueiro e X. M.^a Álvarez Cáccamo. Sinálase que Miguel Anxo Fernán-Vello afirmou neste acto que ambos os volumes "son parte importante do patrimonio cultural de Galicia" e con relación ao volume de Cáccamo *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)* subliñouse a súa densidade poética e que o seu autor é un dos poetas símbolo da Xeración dos 80.

Cabana, Darío Xohán, *Vinte cadernos. (Poemas 1969-2002)*, prólogo de Moncha Fuertes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, 538 pp. (ISBN: 84-8302-940-5).

Este amplo volume de Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, 1952) preséntase como unha antoloxía completa da produción poética do autor chairego. O propio autor encárgase, nunha "Nota bibliográfica" final, de presentarnos estes *Vinte cadernos* como unha edición definitiva da súa obra lírica reunida. Nela explica que realizou os axustes pertinentes (modificación dalgún verso, supresión ou engadido dalgún poema dos libros publicados) e, sobre todo, que "ten especial interese en facer constar que esta é toda a súa obra poética deica agora, e que esta e non outra é a súa substancia literal. Outros versos que derramou polo mundo prefíre que sexan piadosamente esquecidos, ou que fiquen vencellados só á ocasión que os suscitou". Deste xeito, tan só faltarían por incluír do total da súa produción en verso as composicións de dous libros (*Chirlo merlo na filgueira*, de 1990 e *Cinco lendas*, de 1993), e isto "non porque os anoxe ou rexeite", senón polo seu carácter narrativo. A orde de presentación dos poemas segue a data de escritura e non a da súa "azarosa" publicación. Recóllense, así, textos publicados nos seguintes libros ou folletos ("cadernos"): *Verbas a un irmao* (1970), *Home e terra* (1970), *Romanceiro da Terra Cha* (1973), *Mortos porque Galicia viva* (1974, publicado co pseudónimo de Daniel Méndez), *Elexía nunha escuridade mortal* (1974), *Ábrelle a porta ó día* (1981), *A fraga amurallada* (1983, Premio Cidade de Ourense 1982), *VIII fragmentos* (1987, Premio Cidade de Ourense 1986), *Amor e tempo liso* (1987, Premio Celso Emilio Ferreiro 1986), *Cantigas de amor vilao* (1987), *Patria do mar* (1989), *Recolleita* (1992, recopilación que contén varios títulos ou "cadernos") e *Canta de cerca a morte* (1994). Así mesmo, inclúense algúns "Poemas dispersos" que non saíron publicados en formato libro, algún deles de moi difícil localización, e o poema inédito "A un señor de mediana idade". O volume leva, por último, un "Limiar" de Moncha Fuertes no que, tras se afirmar que a obra poética de Cabana é "unha loita permanente" contra a morte e o esquecemento, se analizan algúns aspectos significativos da lírica do autor.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Luz inmortal de bronce e pedra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 3, 'Letras en galego', 29 marzo 2003, p. 7.

Comentario a *Vinte cadernos*, de Darío Xohán Cabana, no que se afirma que esta recopilación do conxunto da produción poética do autor era "imprescindible". Sinala que o prólogo de Moncha Fuertes que introduce o volume é un poema máis e que no libro se percorren todos os libros de versos de Cabana, así como os seus textos introdutorios. Destaca, por último, que o gran tema destes poemas é Galicia.

- Xabier Cordal, 'Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Publicacións', abril 2003, pp. 257-260.

Dáse conta da recente publicación de *Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)* de Darío Xohán Cabana en Edicións Xerais de Galicia da que se asegura que é un volume imprescindible na literatura galega. Nel compílanse case trinta e cinco anos de creación poética dunha das figuras consagradas das nosas letras. Aínda así, Xabier Cordal bota en falta algunhas creacións que non se inseriron, refírese a letras para solistas ou grupos como *Fuxan os ventos*, textos en revistas ou tiraxes ilegais etc. Recoñece que na Terra Chá hai unha escola de poetas que creceu arredor do Seminario de Santa Catarina, destacan os nomes de Noriega Varela, Crecente Vega, Iglesia Alvariño ou Cunqueiro, aínda que Darío X. Cabana non asistiu e quen modelou os seus versos foi Manuel María co que mantén unha estreita relación. Fai un breve repaso polas etapas da súa escrita destacando unha primeira de compromiso social, para dar paso a outras nas que predomina o amor ou o mito fundacional. Para rematar salienta a humildade do escritor e resalta que a "mal chamada obra completa de Darío Xohán Cabana" é unha peza clave na nosa literatura.

- Vicente Araguas, 'Obra enteira de Darío Xohán Cabana', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 3.

Tras afirmar que a vocación poética de Darío Xohán Cabana non debe ficar escurecida pola súa faceta de novelista, Vicente Araguas reseña o libro "de máis de 500 páxinas" que vén de aparecer publicado en Xerais: *Vinte cadernos*. Trátase, segundo di, dun volume no que se recolle a súa produción lírica completa; non embargantes, bota en falta algunha composición como "Romance das saudades da Gran Chaira", aínda que agradece a aparición dalgunha que fora desbotada no seu momento. Sinala, por último, que da lectura do libro se desprende que "hai dous Daríos": o lírico e mais o épico.

- Ramón Nicolás, 'A poesía de D. X. Cabana', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Libros', 10 abril 2003, p. V.

Analízase *Vinte cadernos*, de Darío Xohán Cabana, a publicación da súa *opera omnia* poética dende os anos setenta ata o de agora, cun total de dezoito poemarios reeditados xunto a algúns poemas dispersos. Destaca que é o propio autor o encargado de seleccionar e

revisar os textos incluídos, que respectan no esencial, segundo se afirma, a publicación orixinal. Refírese tamén ao prólogo da profesora Moncha Fuertes e á nota autorial final. Sinala, por último, que os temas dos poemas de Cabana entroncan coa tradición poética galega.

- Vicente Araguas, 'Darío enteiro, Darío enteiro, Darío enteiro, Darío enteiro', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 473, 3 xullo 2003, p. 8.

Comentario laudatorio de *Vinte cadernos*, de Darío Xohán Cabana, libro no que se recolle a obra poética completa do autor lugués. Vicente Araguas vai repasando o percorrido neste xénero do escritor, desde os seus comezos como poeta que se despuntaba ao lado do seu conterráneo Xesús Rábade Paredes, ata o último poemario publicado e incluído en *Vinte cadernos: Canta de cerca a morte* (1994). Refírese, así mesmo, ás declaracións do propio Cabana no sentido de pedir que se esquezan "piadosamente" as composicións non incluídas neste *opera omnia*.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Darío Xohán Cabana recompila para Xerais un libro coa súa obra poética', *La Voz de Galicia*, 'Lugo. Provincia', 23 xaneiro 2003, p. L7.

Anúnciase que Darío Xohán Cabana está rematando un volume no que recollerá toda a súa produción poética máis dous poemas inéditos escritos recentemente. Dise que está previsto que o volume estea listo en marzo e que contará cun limiar de Moncha Fuertes. Tamén se di que o escritor ten a intención de publicar unha novela en 2003 despois de varios anos sen facelo.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Vinte cadernos', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 2 marzo 2003, p. 51.

Ao lado dunha entrevista co pintor Baldomero Moreiras, Manuel Vidal Villaverde inclúe un comentario á última publicación de Darío Xohán Cabana: *Vinte cadernos*. Explica que se trata dunha escolma da súa poesía de 1969 a 2002 e que contén un prólogo de Moncha Fuertes.

- Jaureguizar, 'Darío Xohán Cabana prepara un libro de contos con vivencias súas', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 3 marzo 2003, p. 67.

Recolle as palabras de Darío Xohán Cabana, quen explica que está preparando a edición de *Mitos e memorias* e, en columna á marxe fai referencia á novidade editorial de Xerais coa obra *Vinte Cadernos* do mesmo autor. Realiza un percorrido pola súa produción literaria e comenta os seus novos proxectos.

- Froilán Varela, 'Escribo por necesidades íntimas, non coa intención de acadar éxito', *El Progreso*, 'Terra Chá', 18 marzo 2003, p. 22.

Entrevista con Darío Xohán Cabana co gallo da celebración do Día das Letras Chairegas, dedicado este ano ao escritor. Entre outras cuestións, o homenaxeado refírese ao proceso que segue para crear unha novela, á súa afección pola materia artúrica, ao seu labor como tradutor ao galego de obras como *A divina comedia* de Dante ou o *Cancioneiro* de Petrarca, á "identidade cultural" da Terra Chá, etc. Ademais, comenta que está a preparar dúas novelas; lamenta que a última que publicou, *Morte de rei*, pasara inadvertida para o público e menciona a aparición dun poema inédito, titulado "A un home de mediana idade", na antoloxía que Xerais vén de publicar recompilando toda a súa obra en verso: *Vinte cadernos*.

- AFA, 'Contra a guerra/Homenaxe das Letras Chairegas ó poeta lugués Darío Xohán Cabana', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 21 marzo 2003, p. 33/76.

Destácase nesta noticia que Darío Xohán Cabana, autor que será homenaxeado no Día das Letras Chairegas 2003, ten percorrido a última semana diversos centros de ensino da Terra Chá para manifestarse contra a guerra entre Estados Unidos e Iraq. Con tales motivos, reproducense algunhas manifestacións do escritor, á vez que se apunta que recentemente vén de publicar a súa obra poética baixo o título de *Vinte cadernos*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 27 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fíxa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da obra que recolle toda a poesía publicada por Darío Xohán Cabana, baixo o título de *Vinte cadernos*. O prólogo corre a cargo de Moncha Fuertes. Do poemario salienta que mostra a loita permanente do autor contra a morte e o esquecemento a través dunha lingua única.

- Xulio Valcárcel, 'Darío Xohán Cabana', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 251, 'Páxina literaria', 30 marzo 2003, p. 4.

Antes de comentar o novo traballo de Darío Xohán Cabana, *Vinte cadernos*, Xulio Valcárcel detense en presentar ao seu autor. Así, sinala en primeiro lugar a súa versatilidade como escritor, lembrando que é narrador para adultos e tamén para os máis novos, tradutor e poeta. A continuación, indica que foi homenaxeado este ano co Día das Letras Chairegas e describe o acto, no que tivo lugar a presentación do volume *Vinte cadernos*. Centrándose xa neste, subliña que "fixa toda a poesía escrita por Darío Xohán Cabana facilitando o acceso a edicións esgotadas ou de difícil localización". Apunta como eixos do conxunto o home, a terra, a fidelidade ás orixes e á lingua e a integración de valores universais.

- Marcos Valcárcel, 'Darío Xohán Cabana', *La Región*, 'Sociedad', 2 abril 2003, p. 69.

Faise eco da aparición de *Vinte cadernos*, un percorrido polos máis de trinta anos que Darío Xohán Cabana ten consagrado á poesía. Infórmase de que son trece libros os que se recollen no volume e de que leva un prólogo de Moncha Fuertes. Así mesmo, explícase que

se mantiveron os limiares orixinais de cada libro, destacándose os de Manuel María (para *Romanceiro da Terra Cha*) e Méndez Ferrín (para *Canta de cerca a morte*).

- Xosé Lois García, 'A poesía completa de Darío Xohán Cabana', *O Correo Galego*, 'Ecos da berenguela', 13 maio 2003, p. 3.

Refírese o autor a *Vinte cadernos (poemas 1969-2002)*, de Darío Xohán Cabana. Cualifica a poesía deste escritor como "popular", marcada polo seu talante ideolóxico, e sitúao na tradición de Crecente Vega, Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María. Afirmar, ademais, que Cabana foi un poeta de transición entre a xeración dos anos sesenta e setenta e a dos oitenta.

- Jaureguizar, 'Miranda e Cabana pechan etapas publicando catro recompilacións', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 decembro 2003, p. 82.

Dá conta da presentación que Xerais fixo das súas novidades editoriais entre as que se atopa a publicación da obra de Darío X. Cabana *Vinte Cadernos*, no que volta a vista atrás para pechar unha etapa na súa poesía, pois xa ten novos poemas para publicar.

Casas Blanco, Augusto M^a, *O vento segrel*, edición de Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2003, col. Láncara de poesía, 234 pp. (ISBN: 84-453-3525-1).

Volume que recolle a segunda edición de *O vento segrel*, primeiro poemario en galego do ourensán Augusto M^a Casas Blanco (Ourense, 1906- Barcelona, 1973) sacado por vez primeira do prelo da editorial Nós no ano 1932. Consta dun limiar titulado "O vento segrel, á volta de setenta anos" no que os editores explican as razóns que os levaron a reeditar este poemario e no que sinalan os aspectos e as partes nas que pretenderon achegar algo novo ao respecto deste autor e da súa obra, despois do xa publicado. Presenta un apartado titulado "Datos bio-bliográficos de Augusto M^a Casas" no que se fai unha achega á vida e obra, tanto en galego coma castelán do ourensán, e o apartado, "Panorámica das vangardas", no que se analizan os movementos poéticos que se estaban desenvolvendo en Europa, Hispanoramérica e en Galicia no momento en que *O vento segrel* se publica por primeira vez, así como aspectos da Xeración de 1922 ou de Vangarda na que Augusto Casas se inclúe. Baixo o epígrafe "O vento segrel" analízase polo miúdo o poemario. Dáse conta da súa estrutura, da recepción que a obra tivo, do contexto editorial no que se publicou e das temáticas presentes nos poemas que a compoñen. Analízase tamén o punto de vista lírico (clasifícanse os poemas segundo este), a métrica, a retórica, o estilo e finalmente a lingua. Despois de sinalar os criterios da edición, ofrécese a bibliografía activa, tanto en galego coma en castelán do ourensán, así como a súa hemerografía activa e pasiva. Finalmente, reproducése tanto o poemario *O vento segrel* coma unha serie de poemas soltos que o autor publicou na prensa, pero que non foron incluídos en ningún dos seus poemarios.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O vento segrel', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 16 outubro 2003, p. IV.

Comézase aludindo á presenza da sinatura de Augusto María Casas en diferentes publicacións galegas da preguerra e a seguir dáse conta da publicación en 1932 do seu primeiro poemario en galego, *O vento segrel*. De seguido, sinálanse diferentes obras poéticas posteriores nas que manterá a actitude lírica presentada nese primeiro poemario e dáse conta da aparición dunha segunda edición deste. Finalmente, destácanse as características desta reedición de Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña, así como a figura do ourensán como "parte substancial da poesía galega do século XX".

- Marcos Valcárcel, 'Tres poetas esquecidos', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 2 novembro 2003, p. 9.

Achega de Marcos Valcárcel ás figuras de tres poetas: os irmáns ourensáns Augusto María Casas e Álvaro de las Casas, e o pontevedrés Xerardo Álvarez Limeses. Nela faise un repaso a aqueles aspectos biobibliográficos máis interesantes para a cultura galega destes autores: xéneros que cultivaron, actividades nas que participaron, etc. e comenta a edición conxunta de Alonso Girgado e Carmen Fariña da obra de Casas *O vento segrel*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Nas orelas da saudade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 maio 2003, p. 52.

Dáse conta da presentación en Ourense da obra *O Vento Segrel*, do ourensán Augusto María Casas. Parafrásanse as palabras do Conselleiro de Educación á respecto da obra e dos investigadores, e indícanse aspectos do contido desta reedición. Faise unha breve achega á vida e época de Augusto María Casas e, finalmente, sinálase *O Vento Segrel* como o título que rebelou ao seu autor como poeta en galego e como contribución moi estimábel á poesía da etapa de vangarda. Nun recadro á marxe baixo os títulos "Unha obra que se tentou mellorar" e "Terceiro volume de 'Lancara'" infórmase da tiraxe de exemplares e da distribución desta obra, así como dalgúns aspectos da Colección Lancara.

- Marcos Valcárcel, 'O vento segrel', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 18 xuño 2003, p. 61.

Sitúa a reedición de *O vento segrel*, de Augusto María Casas, realizada por Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña, no apartado de recuperacións de voces relevantes do noso patrimonio literario. Menciona a relación de Augusto Casas con Otero Pedrayo e alude á ampla produción do autor ourensán e á actual descatalogación dos seus libros. Así mesmo, sinala algúns aspectos do estudo realizado polos editores mencionados (como a recuperación de bo número de poemas soltos ou a importancia dos breves ensaios de crítica literaria do ourensán con Víctor Casas). Alude ao estudo similar feito por Alonso Girgado, no ano 2001, sobre a figura de Amado Carballo e destaca os temas tratados en *O vento segrel*.

- Manuel María, 'Varias recuperacións oportunas e necesarias', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 27 xullo 2003, p. 4.

Manuel María agradece o envío por parte do Centro Ramón Piñeiro dun agasallo de varios libros e alude á ignorancia que lle presta moita xente ás publicacións institucionais. A continuación, indica os libros que lle foron remitidos polo centro de investigacións mencionado: as edicións facsímiles de *La Tierra Gallega* e do poemario *Aturuxos*, a obra completa en galego de Xosé Crecente Vega, en edición do profesor Ricardo Polín, e a nova edición de *O vento segrel*, de Augusto María Casas, realizada por Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda. Finalmente, sinala a importancia deste último do que indica algún dato de interese que se descobre grazas a esta reedición, da que só lamenta unha edición en formato facsímile.

Casas, José Luis, *Os sulcos e os ventos de Álvaro*, Ourense: Ediciones Okapi, novembro 2003, col. Memoria del sentir, nº 4, 92 pp. (ISBN: 84-921898-4-3).

Aínda que o título non o deixe suficientemente claro, esta é a reedición do poemario *Sulco e Vento*, de Álvaro de las Casas Blanco (Ourense, 1901-Barcelona, 1950), a cargo de José Luís Casas (Ourense, 1936). Segundo se fai constar no volume, trátase da terceira edición desta obra, que saíra orixinalmente publicada en galego no ano 1931 (Ourense, Aláuda), e tivera unha segunda edición en Oporto no 1936. Nesta ocasión aparecen os poemas excluídos na segunda ("Cando oías miñas verbas", "pra Manoel Machado", "Chuvias pra Victoriano Taibo", "Pra Alfonso Castelao", dúas "Canzós de Berce", todas as "Cántigas" e os "Alalás, aos meus rapaces de Noia"), así como as pezas non incluídas na primeira. Non obstante, o editor e introdutor do libro leva a cabo aquí, para alén da mencionada reedición, toda unha personalísima declaración de principios a respecto da memoria do seu tío, coa pretensión manifesta de reivindicar a figura do autor que lle dedicara o poema "A un fillo que nunca terei". De feito, os textos limiares que acompañan as composicións líricas de *Sulco e Vento* están encamiñados nese sentido. O primeiro deles, "Un retrato matón", reproduce a biografía que sobre o autor escribiu Júlio de Lemos, Secretário Perpétuo do Instituto Histórico do Minho e amigo persoal de De las Casas en agosto de 1950. A seguir, vén unha listaxe cos "Libros de Álvaro", ordenada cronoloxicamente dende 1921 a 1938. Por último, en "Guía espiritual", José Luís Casas arremete contra algúns persoeiros que considera traizoaron a memoria do seu tío, como Isaac Díaz Pardo, e contra o "espeso silencio" que rodea a memoria, tentando poñer en claro o que, segundo el, é o verdadeiro pensamento de Álvaro de las Casas, desvirtuado por "cobardes, ignorantes, descoñecedores da súa traxectoria e envidiosos".

Correa Calderón, Evaristo, *Poesía galega completa*, edición, introdución e notas de Xulio Pardo de Neyra, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, xuño 2003, col. Libros da Frouma, nº 29, 220 pp. (ISBN: 84-85385-78-0).

Rescatar o nome de Evaristo Correa Calderón (Neira de Rei, Lugo, 1899) da escuridade e o esquecemento que a crítica exerceu sobre el é, segundo mostra na presentación o editor deste volume, Xulio Pardo de Neyra, a intención dunha compilación que presenta a

integridade da obra poética, incluíndo a inédita, do autor neirés. Desenvolve logo un completo estudo que abrangue desde unha aproximación biográfica ata dous catálogos (un xenérico-cronolóxico e outro xenérico-temático) da súa produción literaria, pasando por unha reflexión arredor da periodización da Época Nós e as relacións de Correa con este contorno, por unha parte, e a reclamación do seu carácter precursor dentro do vangardismo en Galicia para alén das consideracións aceptadas habitualmente pola crítica, pola outra. Engade, antes de pasar ao corpus poético, un índice de eventos bibliográficos comprendidos entre 1917 e 1931. A obra de Correa aparece dividida neste volume en cinco partes, respondendo aos criterios organizativos e didácticos necesarios para tentar ofrecer unha boa sistematización, segundo indica o propio editor, ficando contida dentro dos seguintes epígrafes: "Poemas sinxelos", publicados entre 1917 e 1921 en diversos números de *A Nosa terra*; "Ontes. Poemas", poemario editado en *Ronsel* no 1928; "Poemas soltos (Editados)", producidos polo autor entre 1916 e 1967; "Poemas soltos (Inéditos)", dúas pezas datadas en 1958 e 1986; e "Traduccións", de Rubén Darío, Omar Al-Khayyam, Paul Verlaine, Giovanni Pascoli, Joan Maragall e Francis Jammes.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'A presenza galega de Correa Calderón', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Libros', 30 outubro 2003, p. IV.

Sínálase que a valoración da obra literaria de Evaristo Correa Calderón estivo loxicamente mediatizada pola súa afiliación á Falanxe e o abandono do cultivo literario do galego xa antes da Segunda República. Así, lóase a "meritoria e exhaustiva edición" que o investigador Xulio Pardo de Neyra leva a termo en *Poesía galega completa*, na que se recuperan os dous poemarios máis coñecidos de Correa Calderón, *Poemas sinxelos* e *Ontes*, así como outros poemas dispersos en diversas publicacións periódicas, composicións inéditas e un bo número de traducións. Destácase que a edición ofrece unha completa introdución na que amais da biografía, se analiza polo miúdo a inclusión do autor na "nova xeración galega", o seu vangardismo literario e a súa produción galega, sistematizándoa nun catálogo xenérico-cronolóxico e noutro de carácter xenérico-temático. Finaliza salientando que o que fora o primeiro valedor do discurso reintegracionista, autor do primeiro conto infantil da nosa literatura e un dos iniciadores da estética vangardista na literatura galega dispón xa dunha edición fiábel dos seus textos poéticos, e sinala que quizais non se demore a popularización da súa obra narrativa, co que teríamos unha idea máis cabal da súa andaina literaria en galego.

Cunqueiro, Álvaro, *Poesía en gallego completa*, prólogo de Vicente Araguas, trad. de Vicente Araguas e César Antonio Molina, Madrid: Visor Libros □, 2003, col. Visor de Poesía, nº DXXIV, 282 pp. (ISBN: 84-7522-524-1).

Volume que recolle a poesía completa en galego de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), que se inicia cun prólogo titulado "Una literatura", no que se lle adiantan ao lector algunhas das características de cada un dos libros que compoñen esta obra. Os poemarios que conforman este volume son: *Mar ao Norde* (1932), en tradución ao castelán

de Vicente Araugas, estruturado en catro apartados titulados "Porto", "Mar outa", "Illa" e "Terra adentro"; *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933), formada por vinte e cinco poemas; *Poemas do sí e do non* (1933), que se presenta cun limiar que antecede os poemas que conforman a obra; *Dona do Corpo Delgado* (1950), no que se recollen os poemas: "Recomendación da alma e do corpo", "Soedade primeira", "Soedades da miña branca señor", "Antiga noiva verde", "Dúas elexías" e "Derradeira elexía"; *Cantiga do amor cortés*; *Herba de aquí ou acolá*, subdividida en dúas partes: "As historias" e "Vellas sombras e novos cantos".

Recensións:

- José Luis García Martín, 'Cunqueiro, poesía en gallego completa', *El Mundo*, 'Cultural', 'Letras', 5 febreiro 2003, p. 11.

Co motivo da aparición na editorial Visor do volume que recolle as poesías completas en galego de Cunqueiro, José Luís García Martín debuxa o perfil profesional do poeta. O autor intenta ofrecer a súa visión dos diferentes libros de poemas de Cunqueiro que recolle o volume de recente publicación.

Cunqueiro, Álvaro, *Dona do corpo delgado*, Vigo: Galaxia, outubro 2003, col. Dombate, nº 37, 43 pp. (ISBN: 84-8288-630-4).

Galaxia recupera, dentro da renovada colección "Dombate", o que fora o primeiro poemario da posguerra de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), que saíra do prelo en 1950 baixo o selo editorial da Colección "Benito Soto". Esta nova edición introduce significativas mudanzas de tipo ortográfico e morfolóxico con respecto á lingua do orixinal, sen que estas respondan a un criterio coherente. Trátase dun poemario cun ton melancólico e saudoso, centrado na presenza feminina como material poético. Nesta obra Cunqueiro pulsa variados e moi diferentes rexistros. Divídese en tres partes: "Dona do corpo delgado", "Dúas Elexías" e "Cantigas do amor cortés". Nas dúas primeiras predomina unha voz íntima; comeza cunha nota existencial, moi leve, que non estaba presente na poesía anterior de Cunqueiro e que sinala os camiños polos que transcorrerá parte da súa produción posterior, proseguindo cun ton elexíaco tamén descoñecido ata entón. Na terceira parte, "Cantigas de amor cortés", retoma como o seu nome indica, a veta neotrobadoresca, conectando coa súa produción de preguerra. Así a literatura galega medieval está presente na trascrición de versos case literais de Afonso o Sabio, Airas Nunes ou Pero Meogo. Tamén é perceptíbel a influencia da poesía medieval francesa, en particular de François Villon e Ronsard.

Referencias varias:

- Juan Soto, 'Versos que tuvieron dueña', *El Progreso*, 'Habitación al viento', 23 novembro 2003, p. 96.

Lóase a figura de Álvaro Cunqueiro, do que se indica que é un dos escritores que quedan e non dos que pasan. Ponse como mostra as dúas reedicións que veñen de saír do prelo,

Merlín y familia, do xornal *El País*, e *Dona do corpo delgado*, da colección "Dombate" de Galaxia, da que se salienta a renovación do deseño. Faise referencia á dona a quen está dedicado o libro, e a seguir repásanse unha serie episodios biográficos de Cunqueiro relacionados coa etapa na que publicou esta obra, a do seu regreso a Mondoñedo tras o malentendido co embaixador de Francia en Madrid. Finalmente relátase unha anécdota relacionada co parentesco de Cunqueiro con Valle-Inclán.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Polo patio de luces canta unha rola', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 17 decembro 2003, p. 4.

Sinala que ten diante unha fermosa edición de Álvaro Cunqueiro. Indica que o libro viu a luz por primeira vez en 1950, na colección "Benito Soto" e a seguir enumera por orde de aparición os catorce poemarios, cos seus autores, que se editaron en dita colección. Afirmar que *Dona do corpo delgado* foi o primeiro libro que como tal publicou Cunqueiro e que quizais fose escrito entre 1948 e 1949. A seguir fai unha evocación do verán, da sega e do canto dos paxaros, seguidas dunha serie de divagacións cheas de referencias literarias e filosóficas de índole diversa.

- R.L., 'Cunqueiro reeditado', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 40, 'Letras en galego', 20 decembro 2003, p. 7.

Sinala que hai libros coa virtude de facer a calquera feliz, como este que Galaxia reedita na colección "Dombate". Salienta o atractivo formato da edición e a fermosa cuberta deseñada por Janeiro, que reproduce un fragmento dun cadro de Vermeer, confesando a alegría que lle produce ver publicar así "esa marabilla de versos que é *Dona do corpo delgado*".

Fernández y Morales, Antonio, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, estudos introdutorios de José Antonio Balboa de Paz, Manuel Gutiérrez Tuñón, Anxo Angueira Viturro e Rosario Álvarez Blanco, Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, abril 2003, 384 pp. (ISBN: 84-88635-36-2).

Edición facsimilar de *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández y Morales (Astorga, 1817- Cacabelos, 1896), publicada por primeira vez en 1861. O volume ábrese cunha "Presentación" de Alfredo Rodríguez, presidente do Instituto de Estudios Bercianos, responsábel da edición, e os estudos introdutorios de José Antonio Balboa de Paz, Manuel Gutiérrez Tuñón, Anxo Angueira Viturro e Rosario Álvarez Blanco. No primeiro dos estudos, "Antonio Fernández y Morales: Notas biográficas", José A. Balboa de Paz fai un percorrido pola súa biografía, seguindo a súa carreira militar e política. Saliéntase sobre todo o seu carácter liberal e o seu amor polo local, pola lingua, costumes e folclore do Bierzo, pero destacando que este amor parte dunha perspectiva cosmopolita e dunha gran cultura clásica e humanística. No referente á súa obra indícase que colaborou asiduamente na revista *El Escla* con poemas, charadas e críticas teatrais. Nesta revista publicou en 1860 o poema en galego "O fiandon d'aldea". A seguir fai unha pequena semblanza dos dous libros que viu editados: *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) e *Ensayos poéticos* (1876), este último en castelán. O estudo de Manuel Gutiérrez Tuñón, "Ensayos poéticos en dialecto berciano. Por Antonio Fernández Morales", comeza facendo

unha síntese da situación lingüística do Bierzo. A seguir fai un percorrido polas distintas partes da obra: a "Introducción" de Mariano Cubí i Soler, o "Prólogo" de Fernández Morales, os propios poemas e o "Catálogo" ou glosario final. É o estudo da introdución de Cubí i Soler o que ocupa a maior parte do traballo baseado no interese por ser unha mostra dos coñecementos lingüísticos que había en España e sobre a propia España na segunda metade do século XIX. No tocante ao "Prólogo" de Fernández Morales indícase que o seu interese radica na apreciación sociolingüística que fai o autor, que Gutiérrez Tuñón cualifica de autoodio, e no interese que amosa por crear unha ortografía acorde coa peculiaridade da lingua galega. Xa no referente aos poemas, considera que o seu valor estético non é alto, aínda que si o é o seu interese etnográfico e lingüístico. Por último salienta que os trazos lingüísticos que aparecen nos poemas e no glosario responden case perfectamente ao galego berciano que utiliza un falante actual. O terceiro dos estudos introdutorios é "Achea literaria ós Ensayos poéticos en dialecto berciano de Antonio Fernández Morales", de Anxo Angueira Vitorro. Angueira reivindica o importante papel deste autor no Rexurdimento e denuncia o seu descoñecemento e a mala valoración crítica que mereceu a súa obra. Fai un detallado estudo da poesía de Fernández Morales clasificándoa en "Poesía paisaxística", "Poesía Costumista", a maioritaria, "Poesía relixiosa" e "Poesía satírica, crítica e ideolóxica". A esta clasificación séguelle o apartado "Lingua e estilo". Salientando da primeira o caudal léxico que nos amosa a súa obra, e do segundo que o autor é un poeta narrativo, contador de longas historias e pintor de "exhuberantes" cadros populares, que só bota man do lirismo nos poemas de fondo relixioso. Saliéntase tamén a axilidade nos diálogos, a riqueza de recursos, os trocos métricos, as citas culturais, etc. Indícase por último que o intenso alento do poeta prolonga xenerosamente os poemas como poucos autores na nosa historia literaria, sen encheiros por iso de palla, e mesmo así "Nas circunstancias, nas marxes prescindibles ou alí onde, poucas veces, decae o alento poético atopamos sempre o farturento milagre da lingua". Finalmente reproducíase o estudo lingüístico da profesora Rosario Álvarez, "Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales", que xa fora publicado en 1996 na *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*. A seguir ofrécese a reprodución facsimilar da obra, que conta como vimos coa introdución de Mariano Cubí i Soler, o prólogo do propio Fernández Morales e os dezaseis poemas que constitúen o núcleo da obra. A estes habería que engadir outros catro poemas en castelán en loanza do autor, da autoría de Fernández Baeza, Mateo Garza, Deogracias Villabrille e José Estañí, e un "Catálogo de voces del dialecto berciano".

Recensións:

- Anxo Angueira, 'Ensayos Poéticos en dialecto berciano. Antonio Fernández Morales', *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Cuestións', xaneiro 2003, pp. 39-53.

Angueira fai unha denuncia do silencio no que se encontra a obra do berciano Antonio Fernández Morales, *Ensayos poéticos en dialecto berciano* pola crítica literaria en Galicia tanto da época coetánea ao autor, século XIX, coma polo autismo nos actuais manuais de historia literaria. Menciónase a obra deste autor como paralela ás grandes obras do Rexurdimento e ao exilio cultural e político no momento en que saíu á luz. Angueira insiste

na importancia da obra deste autor como pioneira na corrente realista e costumista sendo toda ela un canto ao Bierzo dentro dun excepcional estudo etnográfico e antropológico. A seguir, ofrécese un pequeno estudo temático da poesía deste autor, dividida en poesía paisaxística, costumista, relixiosa, satírica, crítica e ideolóxica para acabar cunha reseña da lingua e estilo empregados na súa obra, e dunha pequena biografía de Fernández Morales.

Referencias varias:

- X. L. Méndez Ferrín, 'Letras bercianas', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 30 maio 2003, p. 2.

Comézase salientando a relación entre os impulsores das nosas letras e o liberalismo. Sinálase a continuación que o segundo libro publicado en galego, e anterior ao *Álbum de la Caridad* e a Rosalía, foi *Ensayos Poéticos en Dialecto Berciano*, de Antonio Fernández e Morales, indicando que o perfil deste autor coincide completamente co modelo cultural e ideolóxico "dos primeiros cultivadores da nosa lingua". A seguir infórmase de que o Instituto de Estudios Bercianos vén de publicar unha edición facsímile dos poemas publicados en 1861 por este autor berciano, feito que explica segundo Méndez Ferrín que teña sido case excluído da historia da cultura galega e a súa obra moi mal interpretada desde o punto de vista crítico-literario. Considera que a reedición servirá para chamar a atención dos lectores sobre esta obra "fundacional e vastamente desconsiderada". Remata comentando sucintamente os estudos introdutorios que completan o volume, moi valiosos e renovadores ao seu xuízo, e salientando o acerto do Instituto de Estudios Bercianos de os incluír nesta edición.

Lueiro Rey, Manuel, *Derradeira escolma ferida (de onte, de hoxe, de mañán)*, edición de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Clásicos, nº 3, 151 pp. (ISBN: 84-8302-896-4).

Este poemario póstumo de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916-O Grove, 1990) ábrese cun proemio de Xesús Alonso Montero: "Manuel Lueiro Rei, hoxe". Apunta Alonso Montero que malia ter Lueiro acadado consideración como narrador, a súa poesía non é tan tida en conta. Fai un pequeno percurso polos seus poemarios en galego até chegar a este último editado por Ramón Nicolás. Aclara que estes poemas facían parte dunha carpeta titulada *De onte, de hoxe, de mañán*. Alonso Montero salienta o acerto do editor á hora de escoller o título co que finalmente o poemario viu a luz, ao estar de cheo na liña dos poemarios anteriores *Escolma ferida* (1977) e *Nova escolma ferida* (1988) e orientar o lector na sociopoética de Lueiro. Afonda no carácter social da obra de Lueiro, caracterizándoo como xusticieiro e mesmo belixerante, e recoñecendo que en ocasións a súa espada brilla máis que a canción. Así, fai un percurso polos seus principios éticos e estéticos, pondo en relacións a xestación destes poemas co momento histórico no que viviu. No prólogo de Ramón Nicolás, "A voz poética de Lueiro: paixón ética e estética", tras nos ofrecer un breve perfil bio-bibliográfico e explicar como chegaron estes poemas inéditos ás súas mans, expón os criterios de edición polos que se guiou. Infórmanos de que a súa intención era ofrecer unha reprodución o máis escrupulosa e fiel aos orixinais que fose posíbel. Así, a súa intervención limitouse a actualizar a ortografía e emendar algunha gralla,

amais de traducir sete poemas que estaban en castelán coa indicación de "pasar ao galego", adecuándoos ao ideolecto de Lueiro. No referente ao poemario, cualifícao como o testamento literario do autor e subliña o seu carácter de libro conclusivo, co que se remata un ciclo creativo que aínda estaba en vigor. Así, sinala que o poemario forma parte do universo poético en lingua galega que o autor iniciara en 1971 con *Un tempo de sol a sol (poemas do neno galego)*, advertindo no entanto que cómpre non deslindar a súa obra en galego da súa produción lírica en castelán. Considera que os poemas que constitúen o volume xiran en torno a tres núcleos temáticos. Así, uns céntranse no paso do tempo e as fendas que produce, noutros predominaría a vea intimista do autor e no último grupo entrarían aqueles caracterizados pola rebelión, a carga política e a intención social. Finalmente reflexiona sobre o diálogo que o volume establece coa obra anterior de Lueiro e subliña o carácter metatextual desta. O poemario componse de setenta e un poemas de verso libre e estilo sinxelo, nos que xeralmente o contido predomina sobre a forma. Están distribuídos en catro seccións: "Derradeira escolma ferida (de onte, de hoxe, de mañán)", a máis extensa, formada por corenta e catro poemas; "Homenaxes", na que se recollen nove poemas dedicados a Alexandre Bóveda, Lorenzo Varela, Luís Seoane, Paco Galán, Blas de Otero, Miguel Hernández, a cidade de Santiago de Chile e ao pobo portugués con motivo do 25 de abril; "Poemas do neno", dezasete poemas marcados pola presenza temática do neno e o futuro que lle agarda, visto case sempre con pesimismo; e por último "Xa sabedes", composta por un único poema do mesmo título no que o autor se reafirma na súa posición ética de utilizar a poesía como denuncia. A estas seccións hai que engadir un apéndice no que se recollen os orixinais en castelán dos sete poemas traducidos por Ramón Nicolás.

Recensións:

- Manuel Rosales, 'Derradeira escolma ferida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Libros', 18 decembro 2003, p. IV.

Sínálase que este poemario inédito fecha o ciclo creativo aberto en 1977 con *Escolma ferida* e continuado en 1988 con *Nova escolma ferida*, constituíndo o testamento literario dun escritor cheo de forza e verdade. Logo de resumir o contido do proemio de Xesús Alonso Montero e mais do prólogo de Ramón Nicolás cos que se abre a obra, salientase que o valor máis destacado da poesía de Lueiro é a súa sinceridade, pois fala constantemente da historia interior das persoas, dos sentimentos e olladas cos que o ser humano afronta o mundo e a vida. Outra das insignias da súa poesía sería a denuncia social, mesmo sacrificando a calidade en beneficio da comunicación directa. Así, considérase que o coloquialismo e prosaismo do que bota man prexudican a expresión poética pero favorecen a claridade comunicativa. Remátase indicando que Manuel Lueiro Rey nunca deixou de nos ofrecer o berro de denuncia a través da súa militancia vital e poética.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'Xerais saca á luz un poemario inédito de Manuel Lueiro Rey', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 novembro 2003, p. 55.

Indícase que Xerais saca á luz este poemario que Lueiro deixara disposto para a súa

publicación meses antes do seu pasamento, en edición crítica de Ramon Nicolás, polo que constitúe un verdadeiro testamento literario do autor e non se trata de poemas rescatados dun caixón. Recóllense declaracións de Ramón Nicolás nas que explica que foi a viúva de Lueiro, Maruxa Lores, quen lle cedeu o texto e nas que sinala cál foi o seu papel á hora de editalo. Finalmente fanse algunhas calas na traxectoria literaria do autor, salientando o Premio de Novela Ciudad de Oviedo que acadara en 1966 con *Manso*.

- L. Varela, 'Xerais presentó la obra poética póstuma de Manuel Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 29 novembro 2003, p. 11.

Infórmase da presentación deste volume que tivo lugar na Casa da Cultura e que contou coas intervencións de Manuel Bragado, Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolás e a viúva do poeta Maruxa Lores. Indícase que Alonso Montero afirmou que Lueiro se atopa no cumio do seu recoñecemento e enxalzou o esforzo e dedicación de Maruxa Lores. Tamén salientou a importancia da obra xornalística de Lueiro e desexou que algún día apareza en volume. Da intervención de Manuel Bragado apúntase que destacou a lealdade da familia e agradeceu a Alonso Montero e Ramón Nicolás o seu empeño en recuperar a obra deste autor que se converteu en punto de referencia da literatura galega. Da de Ramón Nicolás sinálase que salientou a actualidade da obra de Lueiro e que indicou que este poemario é a proba de que mantivo o xenio literario até a fin dos seus días, sinalando que o matiz rebelde do poemario se funde coas lembranzas da súa infancia e da paisaxe. Por último infórmase de que Maruxa Lores fechou o acto dedicando unhas emotivas palabras aos seus compañeiros de mesa e á súa familia.

- M.B., 'Unha colección recupera a obra de Lueiro Rey e Celso Emilio Ferreiro', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 52.

Dáse conta dalgunhas novidades editoriais. Para comezar, salientase a recuperación, en Xerais, da obra de dous "clásicos" galegos: Celso Emilio Ferreiro e Manuel Lueiro Rey de quen indica que sae a obra *Derradeira escolma ferida*, unha revisión actualizada de dúas obras anteriores de título similar. A seguir, faise mención dunha antoloxía de lírica galego-portuguesa que tira do prelo tamén Xerais e, por último, e centrándose xa noutra casa, a Editorial Galaxia, achégase información sobre a novela de Xosé Antonio Neira Cruz *O armiño dorme*.

- Xesús Alonso Montero, 'Lueiro, na crista', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Beatus qui legit', 13 decembro 2003, p. 7.

Indícase que a reedición de *O sol na crista do galo* na Biblioteca 120 de *La Voz de Galicia* e mais a preparada por Ramón Nicolás para Edicións Xerais, que conta cun estudo preliminar que supón a monografía máis completa sobre o autor, fan que o nome de Lueiro Rey se sitúe na crista da onda como nunca antes estivera. Explica Alonso Montero a procedencia dos poemas e salienta o acerto do editor á hora de escoller o título do poemario do que destaca o rebelador que resulta das feridas e aldraxes sociais, nuns versos moitas veces sinxelos e de fasquía popular, aínda que non "impoéticos", o que exemplifica co final da 'Cantiga do mar de Arousa'. Finalmente sinala que Lueiro estará máis na crista da onda cando se recuperen parte das súas páxinas xornalísticas, especialmente as posteriores a

1975, das que salienta a súa belixerancia cos conformismos políticos.

Miranda, Xosé, *As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002)*, prólogo de Darío Xohán Cabana, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Alternativas, 388 pp. (ISBN: 84-9782-064-9).

As cidades mergulladas é o título que recibe a publicación da *opera omnia* poética, ata o presente, do escritor Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955). Neste grosa volume reúnen non só os poemarios éditos do autor senón tamén os que permanecían inéditos ata o de agora. Como explica Darío Xohán Cabana no prólogo, Miranda non conseguiu levar á imprenta algunhas das súas composicións líricas ata 1996 (*Amantes e viaxeiros*, escrito en 1984 baixo o título de *De como Tristán amaba as cidades mergulladas*, e merecente do Premio Eusebio Lourenzo Baleirón 1995), cando a súa sona como narrador o convertera nunha figura consolidada das letras. Ata ese momento reducíase a súa contribución pública no eido da poesía a recitais, "algúns poemas en xornais e revistas" e "algunha presenza nalgunha antoloxía". A presentación dos textos segue a orde cronolóxica da súa escrita, de maneira que se recollen os seguintes libros: *Lenta luz nos lousados* (1973-1982, que son, segundo Cabana, os seus "versos primeiros -mais nada primeirizos-"), *Amantes e viaxeiros* (1984, por onde desfilan personaxes lendarios coma Tristán e Ulises), *Carozo azul* (1985, onde as tres seccións en que se divide o conxunto levan unha glosa argumental ao xeito antigo), *Vésperas de min mesmo* (1986, poemario dividido en "Terra silúrica", "Barlovento", "Neve" e "Pero"), *Sonetosfera* (colección de sonetos de 1993), *Se parte a miña alma* (poema-testamento datado en 1994), *Permiso para o curso* (1995, poemario lírico-narrativo estruturado en tres partes: "Na que o grumete se fai ó mar", "Onde se decata que non hai porto" e "Do regreso"), *Escondida senda* (1997, onde as composicións van divididas en dúas seccións: "Tebas, ou Pedro Abelardo" e "Heloísa, ou terra de asilo") e *Inverno e outras ausencias* (1998-2002, onde aparecen, entre outros, poemas-homenaxe a figuras como Antón Avilés de Taramancos, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra, Manuel María, etc.). Canto ao aspecto métrico-formal do conxunto, cómpre sinalar, como observa o prologuista, que aos primeiros poemas versolibristas ou brancos sucédelles a partir de 1993 unha case exclusiva tendencia cara ao soneto.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'O tempo á procura do tempo', *Atlántico Diario*, 'Musas', 16 novembro 2003, p. 51.

Reprodúcese o encontro entre Manuel Vidal Villaverde e Xosé Vázquez Pintor, escritor que afirma sentir a literatura como algo esencial e andar á procura do libro que o "salve" como o *Quixote* a Cervantes. Por outra banda, fálasenos da recompilación da obra total no que á poesía se refire de Xosé Miranda, *As cidades mergulladas*. Destaca o limiar de Darío Xohán Cabana e enumera os títulos dos libros que a conforman.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Infantil/Xuvenil', 27 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz e *As cidades mergulladas*, de Xosé Miranda, da que sinala que recolle a súa produción poética dos últimos vinte anos. Sinálase que esta obra está prologada por Darío Xohán Cabana, que nela se recollen tanto obras editadas coma material disperso inédito e reproducense as palabras do prologuista, nas que destaca a súa querencia polo verso libre e a obra extensa e intensa deste autor.

Vaamonde, Florencio, *Os calaicos/Mágoas/Follas ao vento*, edición de Isabel Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 57, 338 pp. (ISBN: 84-9782-011-8).

Volume editado por Isabel Seoane que conta cunha ampla introdución na que se achega á vida e obra do autor do século XIX Florencio Francisco Antonio Vaamonde Lores (Bergondo, 1860-A Coruña, 1925). Neste amplo estudo inicial ofrécenselle ao lectorado datos, algúns deles inéditos, da traxectoria vital do autor e da súa familia, así como información sobre o contexto histórico e cultural no que Vaamonde Lores viviu unha panorámica do contexto literario no que o autor do XIX escribiu e un repaso a toda a produción deste. De seguido, analiza polo miúdo o poema épico en catro cantos *Os Calaios*, publicado por primeira vez en *La Tierra Gallega* en 1894; o poemario *Mágoas*, publicado como tal en 1901 e a recompilación de poemas relacionados entre si, pero escritos en diferente data, *Follas ao vento*, publicada en 1919. Baixo o epígrafe "Análise lingüística e métrica" a introdutora analiza a nivel gráfico, morfosintáctico e léxico a lingua do autor nos poemarios citados. Completan esta introdución tres apartados máis nos que se especifican os criterios desta edición e a bibliografía de e sobre o autor. A seguir, reproducense as tres obras anteriormente mencionadas con aclaracións e notas a rodapé. Finalmente, complementase este volume cun índice no que se inclúen diferentes poemas non recollidos en libro ata o momento pero que Seoane considerou importantes, ben por tratar temas non presentes nos poemarios editados, ben por estar dedicados a feitos ou personaxes significativos, e cuns glosarios de nomes propios e nomes comúns que facilitan a lectura e comprensión dos poemas que recolle este volume.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, 'Un gran poeta do XIX', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 22, 'Qué está pasando', 16 agosto 2003, p. 2.

Alonso Montero lamenta o silenciamento e a cualificación de figuras secundarias, feita por parte dos estudosos, aos que foron sometidos autores da segunda metade do século XIX, como por exemplo, Florencio Vaamonde Lores, e sinala que recibiu con ledicia a aparición, dentro da colección "Biblioteca das Letras Galegas" de Edicións Xerais, dirixida por Ramón Nicolás, dun volume que recolle tres libros dese escritor: *Os calaicos* (1894), *Mágoas* (1901) e *Follas ao vento* (1919), estes dous últimos nunca reeditados. Menciona o labor de tradutor dos clásicos gregos e latinos realizado polo nado en Bergondo en 1860 e

alude aos traballos de María Teresa Amado Rodríguez ao respecto desta cuestión, así como tamén a un estudo sobre a prosa de Vaamonde Lores realizado por Isabel Seoane, a editora desta novo volume. Finalmente, achega algún dato biográfico do que dá noticia a edición de Isabel Seoane e destaca a mesma como un "anticipo elocuente do que será a próxima tese de doutoramento da profesora".

- Armando Requeixo, 'Lembranza do gran Vaamonde Lores', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 novembro 2003, p. 4.

Tras sinalar a importancia das reedicións de autores e obras do noso pasado, así como a necesidade das mesmas, dáse conta da aparición de *Os Calaicos. Mágoas. Follas ao vento*. Destácanse as características máis importantes desta reedición de Isabel Seoane Sánchez sobre a obra de Florencio Vaamonde Lores e felicítase á autora "polo seu excelente labor".

- Xosé Feixó, 'Conciencias nacionais', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Libros', 27 novembro 2003, p. IV.

Infórmase do novo número da "Biblioteca das Letras Galegas", publicado por Edicións Xerais de Galicia, que ofrece nesta ocasión tres obras de Florencio Vaamonde Lores: *Os Calaicos*, *Mágoas* e *Follas ao vento*. Xosé Feixó explica unha das razóns pola que esta reedición é un libro de obrigada lectura e pón en relación o volume *Os Calaicos* coa construción da epopea galega promovida na Cova Céltiga; coa obra *Os Eoas*, de Eduardo Pondal (da cal anuncia a publicación pola RAG); coa influencia dos clásicos latinos e gregos; etc. Finalmente, destaca *Os Calaicos* como o primeiro poema épico, ofrece algúns datos sobre a súa publicación e reproduce un fragmento desta composición para demostrar que calquera oitava real do mesmo resulta suficiente para contextualizar e exemplificar o poema. Tamén se reproducen as palabras do autor en relación á influencia do romantismo.

Referencias varias:

- R.N., 'Os calaicos. Mágoas. Follas ao vento', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 18, 'Letras en galego', 19 xullo 2003, p. 7.

Destácase a Florencio Vaamonde Lores como un dos escritores de finais do século XIX que traballaron arreo para normalizar o noso sistema literario, abrindo novos vieiros non transitados pola literatura galega ata daquela, e dáse conta do rescate de tres poemarios deste autor nunha edición feita por Isabel Seoane. Así mesmo, afirmase que coa lectura destes poemarios e a exhaustiva biografía e completo estudo literario que os precede nesta reedición, se dá un paso adiante para valorar a achega poética dun autor pouco popularizado.

- Marcos Valcárcel, 'Os nosos clásicos', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 23 xullo 2003, p. 69.

Coméntase a importancia dos autores clásicos e a escasa lectura destes en Galicia, así como o difícil acceso a eles ata hai poucos anos. Sínálase o cambio que se está a producir neste último aspecto grazas ao traballo do Centro Ramón Piñeiro (cita autores como Pérez Placer,

Lugris Freire, Manuel Lois Vázquez ou Amor Meilán, entre outros, sobre os cales o Centro editou obras nos últimos tempos) e de Edicións Xerais, editorial que dentro da "Biblioteca das Letras Galegas" presenta reedicións preparadas por especialistas, como son *A gaita gallega* (2002), de Xoán Manuel Pintos e, recentemente, *Poesía*, de Marcial Valladares, realizada por Xosé A. Fernández Salgado, e *Os calaicos*, de Florencio Vaamonde Lores, por Isabel Seoane. Deste último afirma que se considera o primeiro poema épico nacional das nosas letras.

Valladares, Marcial, *Poesía*, introdución e notas de Xosé A. Fernández Salgado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 56, 278 pp. (ISBN: 84-9782-010-X).

Edición anotada que recolle a obra poética de Marcial Valladares Núñez (Vilancosta, A Estrada, 1821-1903). Presenta unha longa introdución na que Xosé Antonio Fernández Salgado (Ferreiravella, Lugo, 1966) se achega á vida e á obra deste autor ademais de analizar a lingua empregada. Baixo o epígrafe "A obra de Valladares e o seu tempo" Fernández Salgado caracteriza o contexto social, político e cultural galego do século XIX. Así mesmo, detense na produción do autor decimonónico sinalando, en primeiro lugar, as influencias que recibiu e, seguidamente, as disciplinas ás que máis tempo se dedicou e nas que deixou importantes contribucións, como son, a literatura, a lingüística e o folclore. De seguido, e baixo o epígrafe "A obra poética", céntrase na produción poética de Valladares frecuentemente escurecida nos estudos de literatura galega do XIX pola súa actividade literaria como narrador. Neste apartado sinala as xeracións nas que foi encadrado o de Vilancosta; dá conta de cando inicia a escrita poética, así como dos poemas, tanto en galego coma en castelán, que nesta edición se recollen dos que, entre outra información, tamén achega a data na que se compuxeron ou a obra na que se localizaron; sinala a periodización que se pode establecer na produción poética de Valladares en función dos temas e das idades do poeta e clasifícase a súa produción segundo a liña temática en: poemas sentimentais e amorosos, poemas costumistas e didáctico-morais, poemas de raíz folclórica e forma popular e epigramas. Despois da análise da lingua e tras sinalar as fontes manexadas para esta edición e os criterios empregados nesta, e de relacionar a bibliografía da obra poética do autor, reproducense os diferentes poemas con notas a rodapé, ordenados cronoloxicamente. Finalmente, recóllense nun apartado titulado "Apéndices", poemas en castelán de Valladares, poemas dedicados ao autor por outros escritores como Labarta Pose e García Barros, unha relación das siglas das publicacións onde se recollen os poemas editados e un glosario.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'O costumismo nos versos de Marcial Valladares', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 novembro 2003, p. 3.

Comeza destacando a importancia de Marcial Valladares como autor de *Maxina* e sinalando algunha das características desta novela. A seguir, Vicente Araguas sinala a presenza das fontes populares nos diferentes xéneros que Valladares cultivou e destaca a clara presenza

desta no xénero poético. Dá conta da publicación de *Poesía* de Xosé A. Fernández Salgado, afirma que como poeta culto Valladares non presenta ningún interese, salvo algunhas excepcións que sinala e, finalmente, céntrase no Valladares poeta popular que realmente vale a pena, o dos *Epigramas* ou o que homenaxea a *Rosalía*.

- Manuel Rosales, 'Poesía de M. Valladares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Libros', 11 decembro 2003, p. IV.

Dáse conta da nova achega á figura de Marcial Valladares, cando se cumpren cen anos da súa morte, por parte de Edicións Xerais de Galicia e dentro da "Biblioteca das Letras Galegas". Sinálanse algúns dos campos de estudos nos que Valladares destacou e indícanse as razóns que levaron a Xosé A. Fernández Salgado á edición da poesía do autor de *Maxina*. A continuación, Manuel Rosales analiza polo miúdo aquelas partes en que se divide a introdución da edición de Fernández Salgado. Finalmente, destácase a merecida lembranza que supón esta obra para este "precursor no uso do galego nos primeiros tempos do Rexurdimento".

Referencias varias:

- R.N., 'Poesía', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 18, 'Letras en galego', 19 xullo 2003, p. 7.

Sinálase que, pese a estar pasando desapercibido o centenario do falecemento de Marcial Valladares, se salda unha conta pendente co autor, como é a de poder acceder á compilación da súa obra poética dispersa, grazas á aparición dunha edición anotada levada a cabo por Xosé A. Fernández Salgado, quen presenta, por exemplo, poemas inéditos de Valladares ou un bo número de datos vitais descoñecidos.

- Marcos Valcárcel, 'Os nosos clásicos', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 23 xullo 2003, p. 69.

Coméntase a importancia dos autores clásicos e a escasa lectura destes en Galicia, así como o difícil acceso a eles ata hai poucos anos. Sinálase o cambio que se está a producir neste último aspecto grazas ao traballo do Centro Ramón Piñeiro (cita autores como Pérez Placer, LUGRÍS Freire, Manuel Lois Vázquez ou Amor Meilán, entre outros, sobre os cales o Centro editou obras nos últimos tempos) e de Edicións Xerais, editorial que dentro da "Biblioteca das Letras Galegas" presenta reedicións preparadas por especialistas, como son *A gaita gallega* (2002), de Xoán Manuel Pintos e, recentemente, *Poesía*, de Marcial Valladares, realizada por Xosé A. Fernández Salgado, e *Os calaicos*, de Florencio Vaamonde Lores, por Isabel Seoane. Deste último afirma que se considera o primeiro poema épico nacional das nosas letras.

Vaqueiro, Vítor, *Traxectorias (1977-2002)*, prólogo do autor, A Coruña: Edicións Espiral Maior, decembro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 135, 257 pp. (ISBN: 84-95625-84-9).

Volume que recolle a produción poética dos últimos vintecinco anos de Vítor Vaqueiro

(Vigo, 1948) e do que nesta primeira edición se numeraron cento vinte e cinco exemplares, asinados polo autor, que constituén a edición princeps reservada para os subscritores da colección "Espirál Maior Poesía". Comeza cun prólogo do escritor vigués, datado en outubro de 2002 e titulado "Dos misterios da escrita: breve exercicio de sinceridade ou historia dun poemario", no que dá conta do que os lectores van atopar neste volume e cómo foi concibido. Así, por exemplo, Vaqueiro comenta o que tratou de reflectir en "A fenda do horizonte" e cómo foi xurdindo "Teoría do Coñecemento", os dous poemarios inéditos que tamén se recollen nesta escolma. O poeta alude á súa faceta narrativa en relación coa poesía e, a continuación, indica cómo se realizou a edición dos textos publicados con anterioridade e que tamén son incluídos neste volume. Sinala que se levou a cabo unha revisión lingüística e léxica e que, pese a non estar contento con algúns dos versos, en xeral, estes aparecen como nas súas respectivas edicións, desaparecendo unicamente algunha dedicatoria que por diferentes motivos xa non ten valor. No remate deste prólogo o autor expón algunha idea sobre a cuestión normativa. A seguir, reproducense os poemarios: *Lideiras entre a paisaxe* (1977-1978), editado en Vigo en Edicións Castrelos no ano 1979; *Informe da Gavilla* (1978-1979), publicado en Galaxia no ano 1980; *A fraga prateada* (1979-1983), publicado por Galaxia no ano 1983 e Premio da Crítica Española ao ano seguinte; *A cámara de néboa* (1983-1985), que viu a luz en Edicións Sotelo Blanco no ano 1989 e "A fenda no horizonte" (1986) e "Teoría do coñecemento" (1997- 2000), como xa indicamos, inéditos ata a actualidade. "A fenda no horizonte" está formado por un longo poema no que se tenta reflectir a volta dos exiliados despois da ditadura, mentres que "Teoría do coñecemento" está composto por dúas partes: "A Barca de Caronte" e "Poemas da palabra". Os poemarios recollidos nesta escolma presentan citas de diferentes artistas (cantores, escritores, etc.).

Referencias varias:

- MARÉ, 'Patrimonio cultural', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 decembro 2003, p. 51.

Indicase que a cidade de Vigo acolleu a presentación dos volumes *Ancoradoiro* de X. M.^a Álvarez Cáccamo, e mais *Traxectorias*, de Vítor Vaqueiro. Sinalase que con estes textos se pode realizar unha panorámica sobre estes poetas olívicos de liña diverxente pero cronoloxicamente coincidentes. Reprodúcense algúns dos comentarios desta presentación como os de Álvarez Cáccamo, que apuntou que a súa obra "é un canto á poesía da memoria, da política e do amor".

- A.B., 'Espirál Maior edita a poesía completa de Vítor Vaqueiro e Álvarez Cáccamo', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 decembro 2003, p. 73.

Informa de que Espiral Maior vén de presentar dúas colectáneas poéticas de senllos escritores vigueses: Vítor Vaqueiro (*Traxectorias*) e X. M.^a Álvarez Cáccamo (*Ancoradoiro*). Sinalase que Miguel Anxo Fernán-Vello afirmou neste acto que ambos os volumes "son parte importante do patrimonio cultural de Galicia".

- María Villar, 'Álvarez Cáccamo e Vítor Vaqueiro presentan toda a súa obra poética', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 decembro 2003, p. 32.

Fálase da presentación das compilacións poéticas *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, de X. M.^a Álvarez Cáccamo, e *Traxectorias*, de Vitor Vaqueiro. Apúntanse algúns dos premios acadados por estes poetas e finalmente reproducése un poema de cada colectánea.

VV. AA., *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*, Santiago de Compostela: Fundación Araganey ♦, 2003, 106 pp. (ISBN: 84-931373-5-9).

Reedición aumentada da escolma poética que, baixo o mesmo título e con idéntica intención reivindicativa, saíra publicada no ano 1989 a cargo da Fundación Araganey. As composicións líricas vanse sucedendo seguindo a orde alfabética da primeira letra do nome do autor, e separados os que figuraban na primeira edición dos que aparecen por vez primeira agora, sen máis paliativo que a breve nota introdutoria da lapela, asinada polo Presidente da Fundación Araganey, Ghaleb Jaber Ibrahim. Nela explícase que este libro, dedicado "Ó Pobo Palestino e Galego" segundo figura nunha das páxinas de garda, diversos poetas da nosa terra denuncian, cada un ao seu xeito e servíndose sempre da palabra, o maltratado do que está a ser vítima o pobo palestino. Trátase, así, de simbólicas "pedras que se lanzan contra os blindados asasinados dun estado amoral ocupante das terras dun pobo digno, que está a ser masacrado". Aos trinta e dous autores da primeira edición (Antón Reixa, Bernardino Graña, Carlos Feáns, Cesáreo Sánchez Iglesias, Claudio Rodríguez Fer, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño, Lino Braxe, Lois Diéguez, Luís González Tosar, Manuel Forcadela, Manuel Guede Oliva, Manuel María, Manuel Pereira Valcárcel, Manuel Xosé Neira, María do Carme Kruckenberg, Marta Dacosta, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte, Uxío Novoneyra, Vicente Araguas, Xavier Rodríguez Baixeiras, Xavier Rodríguez Barrio, Xavier Seoane, Xela Arias, X. Antón L. Dobao, Xosé Lois García, X. L. Méndez Ferrín, Xosé María Costa e Xulio L. Valcárcel), engádenselle agora os seguintes: Alfonso Pexegueiro, Antonio García Teijeiro, Chus Pato, Claudio Pato, Estíbaliz Espinosa, Eva Veiga, Fermín Bouza, Fran Alonso, Francisco X. Fernández Naval, Ghaleb Jaber Ibrahim, Gonzalo Navaza, Helena Villar Janeiro, Luísa Villalta, Maite Dono, María do Cebreiro, Marica Campo, Marilar Aleixandre, Minchy Jaber, Miro Villar, Modesto Fraga, Rafa Villar, Salvador García Bodaño, Úrsula Heinze, Xesús Rábade Paredes, Xosé Carlos Caneiro e Yolanda Castaño, chegando así a rondar o medio centenar de poetas.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, 'Versos a Palestina', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 21 setembro 2003, p. 3.

Reflexiona Salvador García-Bodaño sobre a poesía de Fadwa Tuqan, poeta palestina que reflicte "o dolor e a miseria" da súa terra nos seus versos. Con tal motivo, anuncia que dende a Fundación Araganey se está a preparar a reedición ampliada do libro *Ofrenda dos poetas galegos a Palestina* (1989).

II.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Apollinaire, Guillaume, *Apollinaire*, trad. Pepe Coira e Santiago Martínez, Lugo: TrisTram, 2003, col. Poesía de Peto, 55 pp. (ISBN: 84-89377-42-1).

Obra que recolle vinte e seis poemas de Guillaume Apollinaire na súa versión orixinal en lingua francesa e coa tradución ao galego realizada por Pepe Coira e Santiago Martínez. Os poemas, de temática variada, caracterízanse pola súa brevidade e pola importancia dos elementos paratextuais, como a ausencia de signos de puntuación ou a disposición dos versos no texto.

Borda, Itxaro, *Os soños do Neandertal*, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2003, 21 pp. (DL: C-2635-2003).

Pequeno volume da autora basca Itxaro Borda (Baiona, 1959), formado por un poema de douscentos noventa e dous versos, traducido ao galego por Emilio Araújo. Situados na Idade de Pedra, nas covas de Izturitz e Otsozelaia (Euscadi) o eu lírico diríxese a Neandertal instándoo a soñar: "Soña Neandertal / Mesmo se non sabes a onde / Te levan os teus soños", indicando así mesmo que o que está a facer o poeta é escribir estes soños. Así, a través das vivencias ou soños de distintos neandertais tíranse evocacións ao amor, á morte, á inmovilidade do tempo, ao futuro árido dos Sapiens, ao medo... O poema finaliza reiterando as interpelacións coas que comezaba: "Soña Neandertal / Este poeta que se vai petrificando / Escribe os teus soños". O volume fêchase cunha especie de epílogo titulado "Declaracións", no que a autora, respondendo a tres preguntas de Emilio Araújo, manifesta que neste intre o que tenta coa súa poesía é "facen pasar sentimentos físicos através das palabras"; indica así mesmo que as palabras que máis resoan nos seus últimos poemas son "luz" e "amor" e afirma, por último, que malia haber pouca xente que le poesía hai que seguir sendo a voz que berra no deserto, posto que non se sabe a quen pode axudar, consolar ou mesmo curar esta voz.

Hernández, José, *Martín Fierro*, trad. Bernaldo Souto, ilustr. Florencia Rivas Molina, prólogo de Luís Martul Tobío, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, novembro 2003, 333 pp. (ISBN: 84-453-3649-5).

Versión bilingüe castelán-galego da obra emblemática e universal do século XIX *Martín Fierro* de José Hernández (Bos Aires 1834-1886). O volume conta cun prólogo de Luís Martul Tobío, no que introduce e analiza a literatura gauchesca arxentina. Sobre isto destaca que xurdiu en contacto cos movementos emancipadores de orixe popular contra o poder colonial e a construción burguesa da sociedade, polo que conecta este xénero literario co proceso global de formación da nación arxentina. Salienta tamén que é a primeira vez na literatura que existe un protagonista popular dos sucesos históricos e que é unha poesía culta, aínda que feita con materiais tradicionais, e traballada. A seguir especifica que existen dúas fases diferenciadas: unha inicial unificada no protagonista popular e outra, unha vez acadada a independencia, caracterizada pola escisión en grupos ou faccións de distinta ideoloxía. No literario isto repercute na aparición de diálogos de personaxes con diversos puntos de vista, e a desidentificación do autor co protagonista. Resume dicindo

que se pasou en xeral do canto colectivo ao soliloquio. Posteriormente fala da inestábel e política vida de José Hernández, que mestura a escrita e o combate na guerra. Na derradeira parte, Martul fai unha análise da obra. Observa que *El gaucho Martín Fierro* (1872), composta por trece cantos, é unha denuncia e unha lamentación da situación do gaucho, namentres *A volta de Martín Fierro* (1879), composta por trinta e tres cantos, é, pola contra, unha aceptación do estado de cousas e pretende a integración do gaucho na sociedade. Afirmar tamén que ten en conta a linguaxe, estrutura métrica, personaxes e paisaxe, para poder ser fiel á realidade do gaucho, polo que a aparente espontaneidade é en realidade un fondo traballo que fixo que a obra tivera enorme repercusión. Martul ademais anota que Hernández salienta a perspectiva política ofrecendo unha visión onde o destino trágico dos gauchos vén dado polas prácticas políticas dos gobernantes. Elabora un último parágrafo sinalando que o motivo da tradución de Bernaldo Souto non só se debe a que é unha obra de importancia simbólica para o coñecemento do ser arxentino, senón que se produce tamén polo sentimento solidario do tradutor cos movementos emancipadores, tendo en conta ademais que era un galeguista concienciado. A continuación, aparecen os versos de *El gaucho Martín Fierro* e *A volta de Martín Fierro*. Na primeira parte relátase en primeira persoa de singular a vida do protagonista, o gaucho Martín Fierro. Comeza apuntando a súa felicidade inicial no seu rancho coa muller e os fillos, que remata co seu recrutamento para o exército na fronteira. Alí cóntanse as súas penalidades, pasa fame, non cobra soldo nin ten roupa, sofre vexacións e o traballo duro, etc., até que consegue escapar e ao ver que xa non ten familia nin rancho, convértese en desertor, levando unha vida de foraxido, chea de pelexas, bebida e morte. Remata camiñando cara ao deserto e a fronteira en busca da seguridade que non ten. Os dous últimos versos sêvenlle ao autor para denunciar a situación desesperada dos gauchos. N' *A volta de Martín Fierro* reivindica de novo o canto de denuncia e prosegue cos tormentos vividos polo protagonista. A súa condición no deserto non mellora, xa que é cautivado polos indios, dos que se dá unha visión moi negativa. Cando consegue escapar xunto a un compañeiro, este morre a causa da peste. Ao voltar do deserto atopa que a muller morreu, pero finalmente encontra algúns dos fillos. Son estes quen retoman a partir de aquí o canto e narran as súas vidas por turno, sempre cheas de desgrazas, tristeza e inxustizas, pasando polo cárcere, o exército, a fame, os malos tratos, a soidade, etc. Na fin os fillos sepáranse e seguen cada un un camiño distinto. O poeta reclama nos últimos versos os dereitos do gaucho, pero dunha maneira moito máis lene que na primeira parte, afirmando que non quere "ofender" a ninguén.

Lear, Edward, *Lear*, trad. Pepe Coira e Santiago Martínez, Lugo: TrisTram, 2003, col. Poesía de Peto, 59 pp. (ISBN: 84-89377-41-3).

Edición bilingüe inglés-galego dunha escolma de "limeriks" de Edward Lear (Highgate, 1812 - San Remo, 1888). A tradución correu a cargo de Pepe Coira e Santiago Martínez. O volume ábrese cun breve apunte biográfico do autor, onde se indica que a obra por excelencia de Lear son os seus "limeriks", un popular tipo de poema cómico inglés, aos que el sempre chamou "parvadas". O libro ofrécenos unha selección de vinte e seis destes poemas, acompañados da súa versión en galego. Todos eles son composicións de cinco versos, de carácter satírico, que na versión orixinal teñen rima consonante (aabba). Están así mesmo acompañados de cadanseu debuxo, unha caricatura feita expresamente para cada composición polo propio autor na que se desenvolve o motivo do poema.

Licenciado Molina, *Descripción do Reino de Galicia*, introd. Pablo Ferrero Ferrero, Noia-A Coruña: Toxosoutos/Orbigo, setembro 2003, col. Seitura, 283 pp. (ISBN: 84-95622-98-X).

Versión bilingüe castelá-galega do texto que, no século XVI, escribira en español Bartolomé Sagrario de Molina, licenciado nado en Málaga en data descoñecida e que exerceu de coengo no Bispado de Mondoñedo entre os anos 1546 e 1549, xusto un ano antes de que saíse impresa esta obra. Do autor sábese bastante pouco, tal e como indica J. Pablo Ferrero Ferrero na súa breve introdución para a presente edición de Toxosoutos, pero esta *Descripción do Reino de Galicia e das cousas notables del*, inmortalizouno ao converterse nun modelo a imitar posteriormente, deixándose notar a súa pegada en libros como *León de España*, de Pedro de la Vezilla. O volume vai dedicado ao Marqués de Cortes, gobernador de Navarra, e nel repásanse a haxiografía, mitoloxía, xeografía, historia e xenealoxía do Reino de Galicia. O criterio seguido pola editorial é o de ofrecer a versión orixinal, a modo de facsímile, nas páxinas pares do volume; mentres que o texto galego, que abandona a letra gótica daquela, ocupa as impares. O propio licenciado Molina explica ao comezo que o libro vai estruturado en cinco partes, ás que hai que engadir unha nota inicial, o "Privilexio da súa maxestade" autorizando a impresión, un "Prólogo" autorial, unha "Táboa" a xeito de índice, e unha "Introducción" en verso na que se loan as terras galegas. Así pois, Bartolomé Sagrario fálanos, mesturando as impresións propias coas oídas e nun estilo ameno e próximo ao lector, "Dos corpos santos", "Dos casos notables do reino de Galicia", "De tódolos seus portos e a da súa costa marítima", "De tódolos seus ríos, pobos e terras" e "Das liñaxes e das casas". Combina sempre unha composición lírico-narrativa en primeira persoa coa súa respectiva glosa en prosa que a vén completar. Remata o libro pedindo desculpas polos esquecementos que puido cometer e convidando a quen "se atope máis habido ca min aínda" a que "colla pluma e supla os meus erros".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Infantil/Xuvenil', 9 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa notas sobre as novidades editoriais galegas que seguen: a reedición da novela *Tic-Tac*, de Suso de Toro; *Descripción do reino de Galicia*, do Licenciado Molina; a fotobiografía de *Alexandre Bóveda*, de Xosé Enrique Acuña; e o número 158 da revista *Grial*. Da obra asinada polo Licenciado Molina destaca a feitura curiosa deste volume tanto pola súa antiguidade coma polo seu contido e forma métrica. Sinala que se combina o verso e a glosa, estruturados en cinco partes, nas que se enxalza Galicia. Salienta que o estilo lembra ao de Juan de Mena e que estamos ante unha obra que inspirou outras da súa época.

- Xosé A. López Teixeira, 'Nas orixes dun país', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 6 novembro 2003, p. I.

Repasando dende o punto de vista histórico os diferentes usos que a denominación *Galiza*

experimentou ao longo dos anos, o autor deste artigo refírese, entre outras, á obra do Licenciado Molina titulada *Descripción do Reino de Galiza*, escrita no século XVI. Indica, a colación disto, que este "volume singular" no que se repasan a historia, a xeografía e as tradicións do territorio galego vén de ser reproducido agora pola editorial Toxosoutos. Comenta que nel se mesturan o real e o fantasioso, xa que é froito das pescudas que o seu autor, "defensor de Galiza", realizaba viaxando polo país, e non tanto do estudo nos textos históricos. Tamén explica que se confeccionou para informar aos gobernantes e que é a orixe do moitos tópicos da "Galiza mítica".

March, Katleen, *Entre dúas augas*, Santiago de Compostela: Noitarenga (Amaranta Press), outubro 2003, 27 pp. (ISBN: 84-931352-0-8).

Kathleen March acolle neste libro cinco poemas de Claudio Rodríguez Fer acompañados da súa tradución ao inglés. Proceso inverso: inglés-galego é o que fai con dous poemas de William Carlos Williams e un de Rilke que son acompañados todos do texto do poema e das citas traducidas. Remata con dous poemas que parecen da autora polo que transmiten: vivir en Maine e gustarlle Galicia. Ao comezar o volume di que naceu da confluencia do seu interese pola poesía de Claudio Rodríguez Fer, por Galicia e pola linguas.

Palacios González, Manuela (editor), *Pluriversos: seis poetas irlandesas de hoxe*, trads. Manuela Palacios González e Arturo Casas, limiar da editora, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións □, novembro 2003, col. Libros da Frouma, nº 31, 311 pp. (ISBN: 84-85385-85-3).

Edición bilingüe da selección de poemas de seis poetas irlandesas actuais feita por Manuela Palacios González, que contou coa axuda na tradución dos poemas de Arturo Casas. As autoras antologadas son Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ní Dhomhnaill, Mary Dorcey, Medbh McGuckian e Anne Le Marquand Hartigan, ás que a editora caracteriza por estaren a transformar a tradición lírica de Irlanda. O volume ábrese cun limiar no que Manuela Palacios explica que a poesía recollida nesta antoloxía representa un discurso alternativo que busca transformar a sociedade, que nela non están recollidas autoras xa asentadas na tradición literaria irlandesa e que os criterios para a selección se basearon na calidade avalada polos premios recibidos, a ampla produción e a publicación das obras en editoriais de prestixio. Destaca que a selección destas seis autoras veu dada pola relevancia dos seus textos para o contexto socio-cultural galego e o seu impacto na crítica literaria internacional. Sinala os libros dos que proceden os poemas seleccionados, publicados todos eles na década dos noventa, especifica a súa vontade de incluír só a mulleres como xeito de crítica pola marxinación que seguen sufrindo no eido académico, exemplificando con cifras este feito, e céntrase en cada unha delas analizando as características fundamentais da súa poesía. Así, de Eavan Boland destaca o feito de que combata o estereotipo que caracterizaba o personaxe feminino como pasivo e a redefinición do feito literario coa incorporación da muller; de Paula Meehan sinala o seu interese polas relacións de poder, tentando implicar ao público lector na interacción do persoal e o social; de Nuala Ní Dhomhnaill, autora en gaélico, que ten boa parte da súa produción traducida ao inglés e que busca na súa poesía unha nova relación entre os sexos; de Mary Dorcey di que pertence a

un sector de autores que queren revisar o patrón de temas e funcións, centrándose ela na relación entre mulleres; de Medbh McGuckian destaca a desestabilización total das diferenzas tradicionais entre os sexos a través da ambigüidade; e, finalmente, de Anne Le Marquand Hartigan destaca que os seus poemas serven para recapitular os temas vistos nas autoras anteriores, pero coa súa particular elegancia. A seguir inclúese a bibliografía, tanto das fontes primarias coma secundarias e finalmente os poemas na lingua orixinal acompañados da súa tradución ao galego.

Stevenson, Robert Louis, *Stevenson*, trad. Pepe Coira, prólogo de Daniel Domínguez, Lugo: TrisTram, 2003, col. Poesía de Peto, 63 pp. (ISBN: 84-89377-43-X).

Libro que recolle vinte e catro poemas orixinais de Robert Louis Stevenson (Edimburgo, 1850- Vailima, Samoa, 1894) coa súa tradución correspondente ao galego, que realizou Pepe Coira e un limiar asinado polo guionista Daniel Domínguez no que se dirixe ao lector para ofrecerlle unhas pinceladas sobre a vida e obra de Stevenson e insistirle en que a pesar de que é un autor moito máis coñecido polas súas narracións ca no ámbito da poesía, esta non desmerece en absoluto a fama consolidada do autor escocés, tal como no seu momento dixeran o poeta Borges. Os orixinais son presentados na parte esquerda e a tradución na dereita. A selección comeza co poema titulado "Ó comprador indeciso", no que Stevenson di ser quen de agradar cos seus poemas "ós sabios rapaces de hoxe" e o poema que Pepe Coira escolleu para o peche desta pequena antoloxía é "Réquiem", no que o seu autor deixou escrito o epitafio para a súa lápida. Os vinte e dous restantes compóñense de versos que evocan historias persoais do propio Stevenson (recordos de cando estivo moito tempo enfermo na cama, avatares e aventuras no mar e cos seus amigos mariñeiros...) ou outros que recordan tópicos poéticos como o amor, a vida ou a natureza.

Referencias varias:

- Irma Calvín, 'TrisTram estrea colección con poemas de Stevenson', *El Progreso*, 'Gente', 'Entre líneas', 16 novembro 2003, p. 6.

A xornalista informa de que a editorial lucense TrisTam vén de publicar *Stevenson*, o primeiro título dunha nova colección, "Poesía de Peto", coa que busca levar ao galego, en edicións populares, grandes poetas da literatura universal. Expón que a tradución está feita por Pepe Coira e que se escolleron vinte e catro poemas entre os máis representativos da obra lírica de Stevenson "marcada polo vitalismo, o amor pola aventura e o valor da amizade". A continuación céntrase nas palabras que Borges tivo para a poética deste escritor escocés e na semblanza que Daniel Domínguez fai do mesmo no limiar da obra. Por último, comenta que esta nova colección da editorial Tristán preséntase en pequenos libros que custan tres euros noventa e cinco e que proximamente aparecerán outros volumes dedicados á lírica de Apollinaire e Edward Lear.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □♦, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no Premio de relato, poesía e tradución convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta do único traballo de tradución poética que se recolle no volume:

- Jorge Luís Bueno Alonso e Ana María Fernández Soneira, "O corvo" (2º Accésit de Tradución), pp. 207-214.

Tradución ao galego de *The Raven*, o coñecido poema de Edgar Allan Poe, dende o orixinal en lingua inglesa. A voz poética escoita no medio da noite un ruído e pensa primeiro que é unha visita, pensa logo que é a súa amada Leonor e descobre, finalmente, que o autor dos ruídos é un corvo que está na súa fiestra; o paxaro entra no seu cuarto e a todas as preguntas do home, sobre o seu nome, sobre a súa orixe e sobre Leonor, responde unicamente "Nunca máis"; o poema remata coa desesperación do protagonista polas palabras e a presenza do agoirento paxaro, que queda para sempre no seu cuarto.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas Plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega coma foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do Prestige; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. Os poetas alleos ao sistema literario galego que participan neste volume con poemas traducidos á nosa lingua son: Alfons Navarret con "As mans do pescador", traducido por Sechu Sende; Antonio Rubio Mendoza con "[Ninguén chorou a túa morte...]", en tradución de Eduardo Estévez; Blanca Luz Pulido con "O ceu de nunca máis", en tradución de Sechu Sende; Caíca con "Alma", en tradución de Eduardo Estévez; Harkaitz Cano con "FGL", traducido por Rafa Villar; José Luís Calvo con "Cala solitaria", en tradución de Eduardo Estévez; Kirmen Uribe con "Un pouco máis alá", en tradución de Eduardo Estévez; Luis Valle Regueiro con "O afogado cego", en tradución de Eduardo Estévez; Manuel Marí con "Praia", en tradución de Rosa Salgueiro; María Luísa Paz Garrido con "Maravillosa visión", en tradución de Oriana Méndez.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa*

Terra, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre Mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais, etc. organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas. Entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán diferentes grupos musicais e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o Outono Cultural. Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos Lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias Finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre Mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da Facultade, e no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar. Sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre Mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos musicais, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre Mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores. Indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas duascenas páxinas e dous CDs que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da

presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do Prestige. Dá conta da presentación da obra *Sempre Mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CDs con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, na que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe, e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra Sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre Mar*, que tivo lugar na Sala Nasa de Santiago de Compostela. Indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, asemade, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe. Considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a nosa sociedade actual necesita deste tipo de literatura. Neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre Mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra cultura posíbel'', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 25.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Burla Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que nesta obra, na que se reflexiona sobre o desastre do Prestige e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra, colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no

apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

VV. AA., *Poesía neohelénica (1708-1977)*, prólogo de Juan J. Moralejo, tradución de Evaristo de Sela, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, outubro 2003, 105 pp. (ISBN: 84-453-3083-7).

Edición bilingüe en grego e galego de poemas de autores gregos modernos e que Evaristo de Sela se encargou de traducir. Despois dos prólogos institucionais, comeza o volume cun prólogo do Catedrático de Filoloxía Grega, Juan J. Moralejo, no que lembra o gran traballo de tradución que desenvolveu Evaristo González Fernández, coñecido como Evaristo de Sela, no campo dos autores clásicos. Os poemas que aparecen trasladados ao galego, datados entre 1708 e 1977, son "O natal", "O malvado pseudopatriota" e "O médico", de Ablikhos Mikelis (1844-1917); "Raia o día" e "Non digas", de Angulés Fotis (1911-1964); "A Grecia" (1708) e "Oh rosa, a máis fermosa" (1792), ambos anónimos; "Coche á chuvia", "De cada día" e "Flores por terra", de Agras Tellos (1889-1944); "A mariña das rochas", "Helena", "O granado tolo", "Corpo de verán" "O mariñeiriño do xardín", estes dous últimos da obra *O sol primeiro*, un poema de *Canto heroico e fúnebre polo subtenente caído en Albania* e outro de *É digno*, todos de Odisseas Elytis (1912-1996); "Á maneira de Iorgos Séferis", "O rei de Asina", "O día derradeiro", "Micenas", "Rima", "A casa á beira do mar" e "O naufraxio", estes dous últimos de *O Tordo* e "Helena", de Iorgos Séferis (1900-1971); e, finalmente, "Melancolía de Iasón, fillo do Cleandro, poeta en Commaxena", "As fiestras", "Mar de mañá", "Favor do Alexandro Balas", "Muros", "Xónica", "Ítaca", "Cesarión", "Da escola do célebre filósofo", "Cirios", "O Deus abandona a Antonio", "Agardando ós bárbaros", "Termópilas", "A Satrapía", "Che fece... il gran rifiuto" e "Voces", de Constantinos P. Kavafis (1863-1933). Dada a variedade dos autores tamén varían a temática e as formas, atopando así poemas con xogos de roturas no interior dos versos, con expresións vocativas, con cambios de grafías para resaltar palabras, con temáticas de dor, guerra, de contemplación da natureza, etc.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, 'Sela: de pastor de cabras a erudito', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 27 abril 2003, p. 50.

Faise un percorrido pola vida de Evaristo González Fernández (Sela, 1917-1994) máis coñecido por Evaristo de Sela e que foi profesor de grego no instituto vigués Santa Irene ao tempo que prolífico tradutor. Lémbrese que era fillo de familia humilde e que tras a guerra civil deambularía de prisión en prisión e sería precisamente na cadea onde descubriría o grego clásico, lingua á que dedicaría a súa vida. Sinálase que foi autor das traducións ao galego da *Iliada* e a *Odisea*, así como dalgún poemario como a edición bilingüe *Poesía neohelénica 1708-1977*, que rematou a súa filla.

Wilde, Óscar, *A Balada do Cárcere de Reading (The Ballad of Reading Goal)*, trad. Amalia Salvado e Antón Lopo, prólogo de Antón Lopo, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento □, 2003, col. Poesía, nº 167, 115 pp. (ISBN: 84-8487-025-1).

Tradución da obra de Oscar Wilde (Irlanda, 1854-París, 1900), *The Ballad of Reading Goal*. Trátase dun breve poemario estruturado en seis cantos nos que este autor irlandés levanta, co forte berro da poesía, un serio alegato en contra da pena de morte e do sistema penitenciario que el viviu. Escrita nada máis saír do cárcere tras cumprir unha condena por homosexualidade, Wilde desenvolve un cúmulo de análises e opinións sobre as accións do ser humano, a impasibilidade ante a morte, propia ou allea, o medo, a tristura, a inxustiza e a opresión sistemática do individuo por parte dos seus semellantes e das leis que reparten inxustiza. Todo ten a súa orixe cando Wilde se atopa dentro do cárcere cun condenado a morte como ben explica Antón Lopo no prólogo desta edición. A partir dese punto os sentimentos propios e alleos van ser verquidos por Wilde nestes versos que, pese a perder a súa métrica e a súa rima coa tradución non perde nin a intensidade da mensaxe nin a vixencia. No prólogo de Antón Lopo dánsenos notas biográficas do autor, algunhas importantes para unha mellor comprensión da obra. Tamén presenta esta edición uns apéndices, recollidos de diversas fontes onde podemos ver anacos das actas do xuízo contra Oscar Wilde, breves notas biográficas e comentarios acerca da súa influencia na cultura homosexual.

Recensións:

- Alberto Álvarez Lugrís, 'Versos do cárcere', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 11.

Alberto Lugrís describe a tradución ao galego da derradeira obra de Oscar Wilde, escrita no cárcere cando cumpría condena por homosexual. Destaca a calidade da tradución e da edición malia merma de forza que supón a perda da rima inglesa.

- Moisés R. Barcia, 'Por amor á arte', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 29 maio 2003, p. 45.

Fálase da edición desta obra comentando a orixe do poemario cando Wilde foi encarcerado por homosexual e se atopou con Charles Woolridge, un condenado a morte polo asasinato da súa muller. Sinálase que é un alegato de seis cantos contra a pena de morte, no que ademais o texto presenta a versión orixinal e unha introdución de Antón Lopo. Neste artigo tamén se comentan algúns aspectos rítmicos e métricos.

- Teresa Seara, 'Os límites a vida', *Tempos Novos*, nº 77, 'Libros', outubro 2003, p. 79.

Coméntanos Teresa Seara a tradución galega da que sería a última obra de Óscar Wilde, *A balada do cárcere de Reading*, que fixeron, para a editorial Laiovento Amalia Salvado e Antón Lopo. Precisamente emprega unhas palabras do prólogo que escribe o propio Lopo

para comezar cunha breve narración das circunstancias vitais do escritor inglés antes de escribir a obra. Segundo as palabras do tradutor "o movemento de liberación homosexual é un ataque directo ao arquetipo masculino", e precisamente pola súa condición de homosexual, e por unha relación co fillo dunha persoa influínte, Óscar Wilde, conta Teresa Seara, viuse sometido á cadea e ao desprestixio social na Inglaterra victoriana, tendo que emigrar para Francia, onde escribiría esta obra antes de morrer. Na última parte do artigo afonda no que vén sendo a trama do libro, que recrea o enxuízamento dun alto militar inglés, que o propio Wilde coñecera no cárcere, por matar á súa muller; segundo ela o escritor utiliza un pouco o personaxe de Woolridge como alter ego seu e aproveita a historia para denunciar a vida infrahumana da cadea e a dor polo afastamento do amante.

Referencias varias:

- Ángel V. A., 'Las cosas de los políticos', *El Progreso*, 'De actualidad', 16 abril 2003, p. 72.

Nesta páxina inclúese unha breve referencia, entre outras varias que son alleas á literatura galega, á tradución que Antón Lopo está preparando para Laiovento de *A Balada do Cárcere de Reading*, obra de Óscar Wilde. Tamén se indica que Xavier P. Docampo está a piques de ver saír os seus libros *A casa da luz* e *Cando petan na porta pola noite* en catalán (Barcanova) e portugués (Ámbar), respectivamente.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 15 maio 2003, p. VII.

Coméntase cal é a orixe da obra coincidindo coa estancia en prisión de Oscar Wilde e a visión do comportamento de Charles Woolridge, un home condenado a morte por matar á súa muller. Fálase brevemente da realidade deste poemario como alegato contra a pena de morte e dise cales son os temas que aparecen na obra.

- Martín Veiga, 'Irlandeses entre nós', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Letras de Irlanda', 26 xuño 2003, p. II.

Dentro dunha páxina dedicada ao estudo das letras irlandesas, Martín Veiga analiza o tradicional interese da cultura galega por Irlanda, especialmente na Época Nós, e que se plasma na tradución á nosa lingua de diversas obras da literatura irlandesa. O autor fai a continuación un percorrido polas máis salientábeis, advertindo a especial presenza de autores como Wilde e, sobre todo, Joyce. Tamén se refire nesa enumeración a dúas traducións publicadas no ano 2003: *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett e *A balada do Cárcere de Reading*, de Oscar Wilde. Este artigo saíu reproducido tamén no suplemento "Saberes" de *La Opinión* (nº 21, 6 de setembro, p. 4), aínda que nesta publicación aparece sen as últimas liñas, de maneira que só queda reflexada a referencia ao libro *A balada do Cárcere de Reading*.

- MARÉ, 'Liberdade e castigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2003, p. 51.

Fala da presentación de *A balada do cárcere de Reading* de Oscar Wilde, edición bilingüe

de Laiovento. Coméntase que é o primeiro alegato literario contra a pena de morte e a situación da vida nos cárceres. Á marxe dun breve comentario sobre os encargados da edición danse datos sobre a composición do poemario cando Wilde saíu do cárcere tras dous anos de condena por homosexualidade e outros datos de importancia desta obra e da propia vida do autor.

- MARÉ, 'Canto á liberdade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xuño 2003, p. 54.

Coméntase a publicación por parte de Laiovento da obra *A balada do cárcere de Reading*, de Oscar Wilde, obra poética formada por seis cantos e composta por Wilde ao saír do cárcere despois de cumprir unha condena de dous anos por homosexualidade. Aquí coméntanse os datos desta edición, bilingüe e con tradución de Amalia Salvado e Antón Lopo (este último tamén é o autor da introdución) e con ilustracións de Xurxo Fernández.

- Martín Veiga, 'Irlandeses entre nós', *La Opinión*, 'Saberes', nº 21, 6 setembro 2003, p. 4.

Dentro dunha páxina dedicada ao estudo das letras irlandesas, Martín Veiga analiza o tradicional interese da cultura galega por Irlanda, especialmente na Época Nós, e que se plasma na tradución á nosa lingua de diversas obras da literatura irlandesa. O autor fai a continuación un percorrido polas máis salientábeis, advertindo a especial presenza de autores como Wilde e, sobre todo, Joyce. Tamén se refíre nesa enumeración á tradución ao galego que de *A balada do Cárcere de Reading*, de Oscar Wilde, se realizou no ano 2003. Este artigo saíu reproducido tamén no suplemento "Faro da Cultura" do *Faro de Vigo* (nº 49, 26 de xuño, p. II), coa única diferenza de que nel se engaden unhas liñas finais aquí ausentes.

II.4. ANTOLOXÍAS

Casas Vales, Arturo (coord.), **Casas**, Arturo (editor), *Antoloxía consultada da poesía galega. 1976-2000*, edición e proemio de Arturo Casas, Lugo: TrisTram, 2003, col. Poesía, 708 pp. (ISBN: 84-89377-46-4).

Coa intención de contribuír á fixación dun canon para o último cuarto do século XX, este abultado volume ideado e coordinado por Arturo Casas (A Coruña, 1958) constitúe unha colectánea de textos da autoría de vinte e seis poetas, publicados todos eles nun total de vinte e cinco libros que se editaron entre 1976 e 2000. A obra é o resultado dun inquérito realizado entre un número representativo de axentes responsábeis da institucionalización literaria (produtores, editores, historiadores, estudosos e críticos da poesía galega), que se especifican nos "Apéndices". Así, recóllense aquí os autores (de Álvaro Cunqueiro a Alfonso Pexegueiro, de Manuel María a Olga Novo, de Luz Pozo a Lois Pereiro) e as obras máis votadas nun proceso que demorou máis de tres anos, e no que se pronunciaron noventa e sete persoas das duascenas consultadas. Cada conxunto de poemas reproducido acompáñase dunha introdución biobibliográfica que contén mesmo declaracións autopoéticas do autor en cuestión. Todos estes textos van precedidos dun "Proemio" onde o

compilador explica o procedemento de elaboración do libro, expón os criterios de edición e ofrece "naturalmente, unha xustificación", ineluctábel en toda antoloxía. Así, comeza por recoñecer a "aversión" que costuma suscitar este tipo de publicacións, nomeadamente entre os lectores especializados, dada a súa inevitábel parcialidade. Recomendando non embargantes unha lectura tamén "en negativo" da selección (isto é: reparando non só no que está senón tamén nos materiais desbotados) e situándose no horizonte das teorías sistémicas e sociolóxicas da literatura, sinala que concibe esta *Antoloxía consultada* como un instrumento para constatar "os criterios e tendencias dominantes" entre un sector influente do campo literario galego na época abranguida. Describe despois pormenorizadamente o método de confección da escolma, indicando as fontes consultadas, fundamentando os termos inicial e final de periodización e insistindo na convivencia de varias poéticas, escolas e unidades xeracionais entre os autores escollidos. No entanto, para alén de todo iso, o profesor Casas destense tamén en analizar dende diversos puntos de vista a etapa que vai de 1976 a 2000 e en reflexionar sobre os modelos e as carencias da nosa historia literaria, convertendo estas palabras preliminares nun discurso crítico que sobrancea polo seu interese e profundidade os lugares comúns habituais nun prólogo destas características.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Cen expertos escollen a mellor poesía galega de 1975 ó 2000', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 10 decembro 2003, p. 83.

Anuncia a próxima publicación, pola editorial luguesa TrisTram, dunha *Antoloxía consultada* de poesía do derradeiro cuarto do século pasado. Explica que a obra foi feita baixo a coordinación de Arturo Casas, profesor de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela e encargado de redactar a introdución do libro, e que se elaborou cos votos de case cen especialistas. Indica que aparecen segundo este sistema dezaseis poemas por autor, tirados dos vinte e cinco libros máis representativos dos vinte e seis poetas máis votados. Enumera despois eses autores, destacando aos dez lucenses que entre eles figuran. Finalmente, refírese á tentativa de realizar un proxecto semellante por parte de Xosé Filgueira Valverde, antes da Guerra Civil.

Castro, Rosalía de, *Rosalía de Castro. Antoloxía*, introducción e selección de textos de Anxo Angueira, limiar de X. L. Méndez Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, Libro e CD-Rom, 134 pp. (ISBN: 84-9782-072-X).

Publicada no ano en que se cumpre o cento corenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* (1863), esta antoloxía de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), preparada por Anxo Angueira, recolle corenta e un poemas que a autora de Padrón incluíra en *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* (1880). Aparecen precedidos por un limiar de X. L. Méndez Ferrín, no que pon de manifesto a necesidade de ofrecer unha visión global desta autora, e por unha introdución do antólogo. Este último explica que para este volume escolleu poemas das obras mencionadas porque "representan o máis alto e o máis grande de toda a súa produción poética". Así mesmo expón que entre estes dous libros

hai coincidencias temáticas e estilísticas, razón que explica a estrutura temática desta antoloxía. Os títulos das distintas seccións nas que se agrupan os poemas son os seguintes: "Terras de Rosalía", onde aparecen poemas centrados na paisaxe de lugares significativos para a autora; en "Santos, campás e pecados" os poemas remiten á relixiosidade, que nalgúñas ocasión aparece criticada; "Festas e fames" demostra que Rosalía se sentía comprometida coas xentes máis miserábeis; "Dúas elexías" dá cabida á dedicada a Sir John Moore e a menos coñecida dedicada a Inés de Castro e a Luís de Camões; "Sombras e Soidades" recolle a faceta máis intimista da autora; "Verba de muller" evidencia a preocupación de Rosalía pola situación da muller en ámbitos como o político e o literario; e por último en "Pola dignidade nacional" aparecen reflectidos distintos problemas de Galicia na época que viviu a autora como por exemplo a miseria e a emigración. Os poemas aparecen acompañados de cadros da colección Caixanova, que son da autoría de Jenaro Pérez Villaamil, Pedro Pérez de Castro, Serafín Avendaño Martínez, Román Navarro García, Arturo Fernández Cersa, Ovidio Murguía de Castro e Jenaro Carrero Fernández.

Referencias varias:

- S.J., 'Unha antoloxía presenta a Rosalía de Castro como feminista e liberal', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 7 decembro 2003, p. 75.

Fai referencia á publicación dunha escolma de poemas de Rosalía de Castro que conta con versos de *Cantares gallegos* e *Follas novas* e que está a cargo de Anxo Angueira. Así mesmo indica que os poemas se acompañan de cadros da colección Caixanova e dunha grabación feita polo antólogo. Cualifica de novidosa a organización da obra e describe a temática das distintas seccións nas que está dividida. Ademais disto salienta que Anxo Angueira recolleu poemas moi coñecidos xunto a outros menos valorados para rachar cos tópicos que pintan a esta autora como "santiña". Segundo el, era unha muller moi avanzada intelectualmente e algúns dos seus poemas son reivindicativos á vez que variados en canto á temática.

- C.F., 'Anxo Angueira propón unha nova lectura de Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 decembro 2003, p. 50.

Informa da aparición dunha escolma dalgúns dos poemas de Rosalía de Castro a cargo de Anxo Angueira. Segundo destaca, este propónse deste xeito ofrecer unha visión distinta desta autora. Dá conta de que Angueira afirma que era unha poeta máis moderna e comprometida do que se pensa, polo que escolleu para demostralo poemas de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* agrupándoos por temáticas. Así mesmo, sinala que este libro vai acompañado dun CD-Rom no que Anxo Angueira pon voz aos versos da autora que, segundo el, é unha figura fundacional da literatura galega.

Castro, Rosalía de, *Poemas. (Antología bilingüe)*, trad. Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, introducción de Xesús Alonso Montero, Padrón-A Coruña: Fundación Rosalía de Castro/Centro de Estudios Rosalianos □♦, febreiro 2003, 317 pp. (ISBN: 84-87668-18-6).

O libro *Poemas. (Antología bilingüe)* consta de dúas partes: unha introdución de Xesús Alonso Montero e o conxunto de poemas rosalianos seleccionados por Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) e Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) aos que adxuntan a súa tradución ao castelán. A "Introdución a la poesía de Rosalía de Castro" de Xesús Alonso Montero divídese en catro partes: na primeira realiza un achegamento a algunhas das obras rosalianas; na segunda expón unha relación cronolóxica da vida e obra de Rosalía de Castro; na terceira transcribe citas e/ou opinións que dezanove escritores deixaron escritas sobre Rosalía e a súa obra. Estes son: Ventura Ruíz Aguilera, Emilio Castelar, Enríque Díaz-Canedo, Azorín, Miguel de Unamuno, Antonio Machado, Federico García Lorca, Ernestina de Champourcín, Ricardo Gullón, Juan Ramón Jiménez, Luis Cernuda, Dámaso Alonso, José María de Cosío, Juan Chabás, Max Aub, Carmen Conde, Rafael Lapesa, Aurora de Albornoz e Antonio Gala. Na última parte fai catro consideracións sobre esta antoloxía, da que di que foi pensada e realizada para visitantes da Casa-Museo de Rosalía de Castro que, alleos á lingua galega, querían ler a obra de Rosalía. Explica os motivos polos que o Centro de Estudios Rosalianos lle encomendou este labor a Xesús Rábade Paredes e a Helena Villar Janeiro e engade o propósito deste libro, que os interesados na poeta galega pero non versados nin no seu idioma nin na súa obra poidan contar cunha selección dos seus versos máis representativos. A antoloxía bilingüe propiamente dita comeza cunha breve nota dos autores e logo preséntana estruturada en tres partes: na primeira aparecen os poemas seleccionados de *Cantares Gallegos*, coa dedicatoria da autora a Fernán Caballero e parte do prólogo do mesmo libro. A segunda está composta polas composicións escollidas das cinco partes na que se divide *Follas Novas*, á que tamén engaden parte do prólogo; por último, a terceira parte constitúena os poemas elixidos de *En las orillas del Sar*.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Con Rosalía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 5 xuño 2003, p. IV.

Despois de presentar o libro *Poemas, (Antología bilingüe)* e de informar dos responsábeis da tradución e selección dos poemas, da edición e mesmo da data na que se acabou de imprimir, pasa a describir polo miúdo o prólogo de Xesús Alonso Montero. Divídeo en catro partes, da primeira, "Vida y obra de Rosalía de Castro (1837-1885)" di que é un resumo biobibliográfico da escritora de Padrón; da segunda, "Rosalía de Castro. Cronología biobibliográfica", defínea como un instrumento eficacísimo para contextualizar os fitos máis importantes do seu decorrer vital; a terceira está conformada polas opinións de dezanove escritores e críticos non galegos, dos que Xosé Feixó seleccionou as palabras que Dámaso Alonso dedicou a Rosalía; a cuarta parte preséntaa coma a explicación á aparición desta antoloxía: polos moitísimos visitantes da Casa Museo de Rosalía de Castro que solicitaron un volume coas súas mellores páxinas en edición bilingüe. Finalmente o xornalista eloxia a selección de textos por parte de Xesús Rábade e Helena Villar.

- A.E., 'Rosalía para non galegos', *La Opinión*, 'Saberes', nº 14, 14 xuño 2003, p. 4.

Despois de presentar o libro *Poemas, (Antología bilingüe)* e de informar dos responsábeis da tradución e selección dos poemas, da edición e mesmo da data na que se acabou de

imprimir, pasa a describir polo miúdo o prólogo de Xesús Alonso Montero. Divídeo en catro partes, da primeira, "Vida y obra de Rosalía de Castro (1837-1885)" di que é un resumo biobibliográfico da escritora de Padrón; da segunda, "Rosalía de Castro. Cronología biobibliográfica", defínea como un instrumento eficazísimo para contextualizar os fitos máis importantes do seu decorrer vital; a terceira está conformada polas opinións de dezanove escritores e críticos non galegos, dos que Xosé Feixó seleccionou as palabras que Dámaso Alonso dedicou a Rosalía; a cuarta parte preséntaa coma a explicación á aparición desta antoloxía: polos moitísimos visitantes da Casa Museo de Rosalía de Castro que solicitaron un volume coas súas mellores páxinas en edición bilingüe. Finalmente o xornalista eloxia a selección de textos por parte de Xesús Rábade e Helena Villar.

Referencias varias:

- AFA, 'Rosalía para eles/Publicase 'Poemas', unha antoloxía bilingüe dos versos de Rosalía', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 25 febreiro 2003, p. 30/67.

Dáse conta da presentación de *Poemas. (Antología bilingüe)* na Galería de Sargadelos de Santiago de Compostela. Explicase que esta selección antolóxica foi feita por Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, que traduciron poemas pertencentes a *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e tamén engadiron algúns de *En las orillas del Sar*. Tamén se informa de que esta edición bilingüe é editada polo Centro de Estudos Rosalíanos e que vai prologada polo seu director, Xesús Alonso Montero, ofrecendo, ademais dunha biografía de Rosalía, datos sobre os tres poemarios e un conxunto de dezanove críticas sobre Rosalía asinadas por escritores non galegos como Azorín, Lorca, Unamuno, Cernuda, Carmen Conde ou Dámaso Alonso.

- Marcos Valcárcel, 'Escolma rosaliana', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 23 abril 2003, p. 69.

A propósito da publicación de *Poemas. (Antoloxía Bilingüe)*, a cargo da Fundación Rosalía de Castro e do seu Centro de Estudos Rosalíanos, que dirixe Xesús Alonso Montero, dise que a escolma e tradución realizada por Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes inclúe os poemas máis representativos da escritora de Padrón, en diversos rexistros e matices, ademais dos dezaseis textos de *En las orillas del Sar*, na súa lingua orixinal. Por último, comenta o engadido biobibliográfico de Alonso Montero, mais as opinións de dezanove autores non galegos.

Cochón, Iris (editor), *Un Ganges de palabras*, trad. do galego Iris Cochón, Málaga: Diputación Provincial de Málaga ♦, abril 2003, col. Puerta del Mar, nº 70, 144 pp. (ISBN: 84-7785-565-X).

Baixo a preparación de Iris Cochón (selección, tradución e prólogo), esta antoloxía bilingüe galego-castelá percorre o fundamental da produción poética de Chus Pato (Ourense, 1955), á vez que recolle algúns textos inéditos. Publicada na colección "Puerta del Mar" da Deputación de Málaga, a escolma non segue unha orde cronolóxica: os vinte textos extraídos de *Uránia* (1991), *Heloísa* (1994), *Fascínio* (1995), *Nínive* (1996), *A ponte das*

poldras (1996), *m-Talá* (2000) e mailos cinco escritos inéditos ("-¿é vostede unha persoa...", "e agora o panóptico é unha ruína", "pero os meus osos...", "Cloto" e "-O importante é a perda..."), vanse colocando sen un criterio prefixado nas páxinas (galego nas pares, castelán nas impares) cunha indicación final da súa procedencia bibliográfica. Isto débese, segundo explica a antóloga, á particular unidade de conxunto da produción de Pato. No estudo preliminar, titulado "Preámbulo o Sónar", Iris Cochón preséntanos a poesía de Chus Pato como unha escrita "de intervención" que abrangue todos os xéneros (incluídas as formas artísticas contemporáneas), que experimenta coa linguaxe cunha intención que vai moi para alén do puramente "decorativo" e que foxe da concepción limitada da lírica como expresión da subxectividade. Antes ben, afirma, non se trata dunha creación "en la perspectiva de una voz única y quejumbrosa que monologue o aserte sin fin: la poesía potencia el discurso de fuente plural, se vuelve dialógica (aunque no siempre dialogante) y tiende a constituirse como una urdimbre, un tejido, un dispositivo de voces". Cómpre sinalar, por último, que con respecto ás edicións orixinais, as composicións deste libro sufriron nalgún caso certas correccións autorais, á vez que se presentan as máis longas acurtadas segundo as indicacións da propia Chus Pato.

Referencias varias:

- MARE', 'Máquina de liberdade', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 25 xullo 2003, p. 52.

Faise eco da aparición de *Un Ganges de palabras*, escolma poética en galego-castelán de Chus Pato, editada por Iris Cochón. Preséntase á escritora como unha muller comprometida politicamente e á antóloga como "probablemente a maior especialista no labirinto poético desta autora". Achéganse algúns trazos do conxunto seleccionado, e reflíctense as opinións de Chus Pato con respecto ás traducións, que considera importantes.

- A.N.T., 'A Deputación de Málaga publica unha antoloxía de Chus Pato', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 25.

Anúnciase a publicación da antoloxía bilingüe *Un Ganges de palabras*, pola que a Deputación de Málaga, a través da edición de Iris Cochón, dá a coñecer aos lectores en castelán a obra poética de Chus Pato. Glósase a introdución de Cochón ao volume, e advírtese de que esta non é a primeira vez que Pato aparece traducida ao castelán: xa aparecera nesa lingua o seu libro *Heloísa* (1998).

Federación de Libreiros de Galicia, *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*, limiar dos editores, A Coruña/Vigo: Edicións Espiral Maior/Edicións Xerais de Galicia, 2003, 207 pp. (ISBN: 84-95625-61-X/84-8302-782-8).

A obra comeza cun limiar dos editores no que se expoñen as causas que levaron á confección do libro. Toman a poesía como unha "voz das causas colectivas", sobre todo en determinados momentos históricos como o foi o da marea negra causada polo afundimento

do *Prestige* e a súa xestión política, con todas as consecuencias que diso derivaron. Logo de eloxiar a sociedade galega por cómo actuou fronte ás adversidades cóntannos que as súas editoriais, Xerais e Espiral Maior, pedíronlles aos poetas galegos que confeccionasen un poema sobre o sucedido co propósito de que funcione como unha "intervención cultural". Logo do breve "Limiar" o poemario ábrese cun poema se título de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña 1992) pertencente a *As torres no ar* (1989), que funciona a modo introdutorio. Nel refírese a unha escena da súa infancia na que uns artesáns están construindo un navío. Prodúcese unha identificación entre a alma do poeta e a nova nao, que agarda a que icen a vela para comezar a navegar. A seguir dáse conta da relación de autores que interviron nesta obra: Xoán Abeleira (Maracay-Venezuela, 1963), "A balea morta"; Lucía Aldao, [sen título]; Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), "remontando a mare (4 de decembro)"; Fran Alonso (Vigo, 1963), "Autocollage para un mar de piche"; Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), "Pois era un barco pirata"; Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952), "Viaxe a Cigalia, o país do chapapote"; Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), "Contra a mentira negra"; Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), "Campo de albas en negado espello"; Anxo Angueira (Manselle-San Xulián de Laiño-Dodro, 1961), [sen título]; Vicente Araguas (Xuvia-Narón, 1950), [sen título]; Xela Arias (Lugo, 1959), "Never more"; Alfonso Armada (Vigo, 1958), "Opio Galego"; Pilar Beiro [sen título]; Fermín Bouza (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973), [sen título]; Darío Xohán Cabana (Cospeito-Lugo, 1952) "Sonetos comunicados polo espírito do finado Arístides Silveira ó seu amigo e amanuense Darío Xohán Cabana"; Xosé Manuel Cairo Antelo (Noia, 1945), "¡¡¡Máis nunca!!!"; Marica Campo (Val do Mao-O Incio, Lugo, 1948), "A camelia do mar tiña os pétalos brancos"; Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963), [sen título]; Ramón Caride Ogando (Cea, 1957), "Sempre e(n) nunca máis"; Arturo Casas (A Coruña, 1958), "o exercicio da caligrafía, ou anamorfoses do capital"; Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), [sen título]; Luísa Castro "O meu buque ten patente limpa e pide libre plástica"; Ignacio Chao (Pontedeume, 1968) "Ave de compañía"; Xabier Cordal (A Coruña, 1965), [sen título]; Emma Couceiro (Cospeito-Lugo, 1977) "Pedra Negra"; Estevo Creus (Cee-A Coruña, 1971), "animal ferido:cognitiva"; Marta Dacosta (Vigo, 1966), "Mariñeiro"; Helena de Carlos (Barbadás-Cenlle, 1964), "Tras de Casiopea"; Paco de Tano, [sen título]; Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), "Ventos libres zoan"; María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), "A espiral do silencio"; Marga do Val, "Okeanos' mütze"; Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros-Celanova, 1966), "Nena con ollos de mar"; Maite Dono [sen título]; Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), "Ta fantastika"; Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969), [sen título]; Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958), "Frangmentos de esperanza"; Ana María Fernández, [sen título]; Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956), "Ondas do ximprón", "Ximprón"; Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969), [sen título]; Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), "A balsa da medusa"; Manuel Forcadela (Tomiño, Pontevedra, 1958), "Épica de piche"; Modesto Fraga (Fisterra-A Coruña, 1974), "De cando 'Mar de Fóra' ollou a morte nos coídos e todo o chapapote devoraba a inmensa boca do berrón"; Xesús Franco (Vigo, 1943), [sen título]; Luís G. Tosar (Buenos Aires, 1952), "Lembranza do mar de desalación do *jalipote*"; Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935), "Crónica negra"; Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), "Choran"; Lupe Gómez (Fisteus-Curtis, 1972), "O mar é unha muller triste"; X. C. Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949) "Nunca máis"; Raúl Gómez Pato, "Soneto para nunca máis volver"; Mónica Góñez (Fisterra, 1977), "¿Quen me cegou as pedras das mans?"; Bernardino Graña (Cangas, 1932), "Ante a cidade co mar

manchado"; Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967), "Nunca máis (Crónica alternativa)"; María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), "Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos"; Antón L. Dobao (Lugo, 1963), "Colapso"; Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953), "Chuvia"; María Lado (Cee, 1979), [sen título]; Margarita Ledo, "Areia"; Xosé Leira López (Lago-Valdoviño, 1951), [sen título]; Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942), "Ladaíña da Galicia en negrura"; Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), [sen título]; Manuel M. Romón (Vigo, 1956), [sen título]; Manuel María (Outeiro de Rei, 1929), "Crónica certa do de\$prest&(I)ixo do prest&&(I)ixo"; X. L. Méndez Ferrín (Ourense, 1938), "Illas"; Rosa Méndez Fonte (Ferrol, 1957), [sen título]; Franck Meyer (Lorena, 1968), "éche éche o que"; Xosé Miranda (Lugo, 1955), "Titáns"; Xosé Manuel Moo, "(a)fundido en negro"; Gonzalo Navaza (Lalín, 1957), "Crónica"; Carlos Negro (Lalín, 1970) "Coplas do desprestixio"; Manuel Xosé Neira "O mar de alcatrén"; Xoán Neira (Meilán-Lugo, 1953), "Nunca máis canallas", "Canallas"; Alexandre Nerium (Fisterra, 1960), "Se acaso mortecina volves vaga"; Kiko Neves (Ponteares, 1969), [sen título]; Lucía Novás, [sen título]; Olga Novo (Vilarmao-A Pobra de Brollón, 1975), "Marea Negra", "Marea Blanca"; Antía Otero (A Estrada, 1982), [sen título]; Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), [sen título]; Olga Patiño Nogueira "Ás de aceiro"; Chus Pato (Ourense 1955), [sen título]; Claudio Pato (Ourense, 1960), [sen título]; Xabier Paz (A Coruña, 1949), "Falou El"; Emma Pedreira (A Coruña, 1978), "Sombra tóxica"; Xesús Pereiras, "Tributos á besta negra"; Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948), "Prestige: unha catástrofe que se poido evitar"; Millán Picouto (Ourense, 1949), "Para sufrir dabondo"; Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922), "Esconxuro da marea negra do *Prestige* Dende o cabo da Fisterra"; Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957), "Dimisión"; María Xosé Queizán (Vigo, 1939), "¡Como nos doe a ferida do mar!"; Xerardo Quintiá (Friol-Lugo, 1970), "negro sobre negro"; Xesús Rábade (Cospeito, 1949), "Vómitos de Prestige"; Henrique Rabuñal (Pastoriza-Arteixo, 1962), "Galiza negra"; Román Raña Lama (Vigo, 1960) "Díptico de corrupción e caos"; Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958), "Carta desde Carnota"; María Reimóndez Meilán, "Conexión especial con Galicia"; Antón Reixa (Vigo, 1957), "Estatua de fuel"; X. H. Rivadulla Corcón "Elas"; Manuel Rivas, (A Coruña, 1957), "Oda a Pucho Boedo"; Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), "Nunca Man"; Ana Romaní (Noia, 1962), [sen título]; Medos Romero (Somedes, 1959), "Badalada fría"; Gloria Sánchez, [sen título]; Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín-O Irixo, 1951), "Arealonga", "O Barqueiro", "Bares", "Sarridal", "Ortigueira", "Cariño", "Ortegal", "Cantís da Capelada", "Teixido", "Candieira", "Vilarrube", "Pantin", "Valdoviño", "A Frouxeira", "Covas", "Prior", "Gabeiras", "Doniños", "Prioriño", "Ares", "Redes", "Cabanas", "Perbes", "Miño", "Gandario", "Sada", "Cirro", "A Marola", "Dexo", "Lorbé"; Miguel Sande (Pastoriza-Arteixo, 1961), [sen título]; Isolda Santiago (Mazaricos, 1960), [sen título]; Manuel Seixas (Vilagarcía, 1961), "Esquecer sería o máis negro abismo"; Sechu Sende (Padrón, 1972), [sen título]; Xavier Seoane (A Coruña, 1954), "Urnas do mar"; Francisco Souto (A Coruña, 1962), [sen título]; Domingo Tabuyo (Pontevedra, 1959), "Cando Morreu o Mar"; Vitor Vaqueiro (Vigo, 1948), "A consciencia dun goberno"; Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), "Poema Neghro (Mancamellemar, in memoriam)"; Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961), "A propósito do Prestige"; Martín Veiga (Noia, 1970), "Elexía en inverno"; Manuel Vidal Villaverde (Vigo, 1946), "Anunciación para este inverno"; Luísa Villalta (A Coruña, 1957), "O sinal"; Miro Villar (Cee, 1965), "Che", "Xirolo"; Rafa Villar (Cee, 1968), "rastros do mar"; e Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940), "En estatuas de sal".

Recensións:

- Rodri García, 'A lírica sobre as ondas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 'Letras en galego', 24 maio 2003, p. 7.

Principia explicando que o libro xorde das composicións dun grupo de cento vinte poetas galegos que, logo de presenar os acontecementos que tiveron lugar, puxeron en marcha o seu "poder compositivo". Cantan á dor do mar e das xentes, expresan o sentimento de abandono e de rabia ante algo que nunca tivo que suceder. Rodri García, logo de referirse ao debuxo da portada, de Xavier Correa Corredoira, fala do primeiro poema da obra que pertence a Avilés de Taramancos, que amosa un punto de vista totalmente distinto ao que se ten na actualidade do "jalipote". Remata dicindo que os poetas galegos fixeron nesta obra "un barco lírico para navegar sobre ondas brancas".

- Xulio Valcárcel, 'Negra sombra', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 25 maio 2003, p. 4.

Dá conta das entidades que impulsaron a publicación e fala dos máis dun cento de poetas que colaboraron co propósito de solidarizarse e de criticar a xestión política da catástrofe ecolóxica. Logo fala das diferentes perspectivas coas que trataron o tema: dende a denuncia das mentiras, pasando pola ira sarcástica ou o escarnio ata con poemas de esperanza. Destaca M^a do Carmo Kruckenberg que aproveita a ocasión para homenaxear a Avilés de Taramancos.

- Ramón Nicolás, 'Poesía solidaria', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Libros', 19 xuño 2003, p. IV.

Comeza facendo mención da numerosa produción artística que se xerou a causa do afundimento do petroleiro "Prestige". No eido literario, segundo Ramón Nicolás, sobresaíe *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*, onde se reconduce a "plurisignificación simbólica rosaliana" dirixíndoa cara ao ámbito reivindicativo e da intervención. A seguir fala das orixes do libro e loa aos seus promotores por terse atrevido a dar tal paso. Califica como de histórico e comenta tamén que o único elemento cohesionador da obra é a traxedia do petroleiro. A seguir describe brevemente os poemas e remata afirmando que lle devolven a potencialidade da palabra poética "como reflexo de liberación" e de testemuña.

- Xesús Alonso Montero, 'O 'Prestige' e as musas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Qué está pasando', 9 agosto 2003, p. 2.

Comeza hipotetizando con que no futuro se farán teses de doutoramento a causa das consecuencias do afundimento do Prestige, a continuación, dá conta da gran cantidade de publicacións de toda índole que orixinou, das cales sobresaíe *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Logo descríbela brevemente afirmando que dentro do libro hai poemas "memorables". Despois fala das achegas culturais catalás relacionadas co tema, de entre elas *Nunca máis (Si tots nosaltres som la mirada i el vent)*, publicado en Barcelona.

Referencias varias:

- C. Vidal, 'Antoloxías poéticas contra a marea negra', *A Nosa Terra*, nº 1.067, 'Cultura', 30 xaneiro 2003, p. 25.

Iníciase falando do recital poético "Alma de Beiramar perdida" e logo fai unha referencia á próxima publicación de *Negra sombra...* e cita algúns dos seus autores e aos editores. Remata informando dunha páxina electrónica na que se pode ler poesía.

- C. V., 'Poetas y artistas unen sus voces para reivindicar el respeto al mar', *El Ideal Gallego*, 'Galicia', 2 febreiro 2003, p. 24.

Fala do recital poético da Coruña e anuncia a próxima publicación de dous libros, o da Asociación de Escritores en Língua Galega e o da Federación de Libreiros de Galicia.

- A.P., 'Do verso libre', *O Correo Galego*, 'AFA', 29 abril 2003, p. 29.

Dá conta da publicación da obra e dos detalles técnicos. Destaca, entre outros aspectos, que é a antoloxía poética máis ampla editada ata a data. A continuación describe moi brevemente a obra e cita palabras dos editores nas que afirman que "están todos" e que, segundo o presidente da Asociación de Libreiros de Galicia, o xénero empregado é o máis axeitado para contar o que ocorreu.

- Concha Pino, 'Unha antoloxía reúne a reacción dos poetas ante o 'Prestige'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 abril 2003, p. 45.

Informa da publicación desta antoloxía e das especiais circunstancias que a orixinaron. Logo de facer unha relación dalgúns autores, fala das posibilidades de ser publicado noutras linguas e defíneo como "unha reacción ética profunda".

- Carme Vidal, 'Poemas voluntarios contra a marea negra', *A Nosa Terra*, nº 1.080, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 30.

Comeza afirmando que a publicación desta obra é única pola gran nómina de poetas, pertencentes a diferentes xeracións e ao singular consorcio que o edita. A seguir describe os poemas. Destaca que o único poeta morto é Antón Avilés de Taramancos. Tamén fala da obra, *Nunca Máis, a ollada da infancia*, publicado por Kalandraka. Remata facendo referencia a que a bibliografía relacionada co "chapapote está aumentando".

- Manuel Vidal Villaverde, 'Na entrega do silencio transparente', *Atlántico Diario*, 'Musas', 4 maio 2003, p. 44.

Nesta ocasión, Manuel Vidal Villaverde conversa con Manuel Álvarez Torneiro, poeta que afirma centrarse para compoñer na relación do psicoafectivo coa paisaxe rural e que tamén lembra a súa etapa como xornalista. Alén desta entrevista, coméntase o libro *Negra sombra*, antoloxía coeditada pola Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais e cuxo

tema central é a desfeita causada nas costas galegas a raíz do afundimento do petroleiro Prestige.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 22 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa, Blanco Rivas dá conta de certas novidades editoriais. Neste caso céntrase en dous libros de literatura infantil e no estudio de Elixio Villaverde, *Galegos en México*. Ademais comenta o volume de poesía *Negra Sombra* do que salienta a idea de que a poesía ten a capacidade de agrupar no seu interior a voz das cousas colectivas, feito que sucede normalmente en momentos moi concretos como o actual, debido ao afundimento do petroleiro. Finaliza afirmando, entre outras cuestións, que a obra é unha "intervención poética contra a marea negra".

López-Casanova, Arcadio, *Do tempo posuído. Poesía (1960-2000)*, prólogo de Claudio Rodríguez Fer, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2003, col. Poesía, nº 124, 238 pp. (ISBN: 84-95625-57-1).

Recalca no prólogo Claudio Rodríguez Fer que esta non é unha simple antoloxía poética do autor, do que xa existían dúas *Antología personal* (1987) e *Mester de poeta* (1999), senón un conxunto revivido que se nos ofrece coma un todo. Están, dinos, os poemas de toda unha obra e analiza a novidosa estrutura do libro, na que se centra a maior parte do prólogo. O volume preséntase coma unha antoloxía que recolle a poesía de Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) entre 1960 e 2000, pero segundo o prologuista, nunha reelaboración da poesía de toda unha vida, con algunhas achegas máis, que se pode considerar un libro novo, pois rompe dalgún xeito coa concepción anterior desta poesía. A propia estrutura do volume é circular e pechada, comeza cunha visión metapoética e remata cun "cabo" que viría a revisar o dito, aínda que o carácter de antoloxía fai que se inclúa unha bibliografía sobre o poeta. A primeira sección do libro, composta por textos que reflexionan sobre a propia poesía, consta dun total de seis poemas distintos entre si e vaise correspondendo co que logo será o libro no que se aprecia unha constante evolución tanto da estética coma da materia tratada. Así a primeira división, "Tempo de historia (1960-67)...2000", está centrada no que sería Galicia en si e nos recordos da posguerra, salvo a terceira parte "palabra compartida" na que hai poemas dedicados a figuras coma Otero Pedrayo ou Rosalía de Castro, destacando un poema inédito feito tras a morte de Uxío Novoneyra. A segunda, "Tempo de exilio (1968-76)... 1983", representa un cambio de rumbo na obra, aínda que ten dúas seccións ven distintas, "Mesteres", na que se aprecia a renovación formal, e "Sonetos da vixía e a desfeita" compostos na forma clásica. No apartado "Tempo de liturxia (1977-1982)" acentúase a reflexión sobre a existencia en forma, sobre todo, de sonetos. E a última parte "Tempo de degaro (1984-1994)" ten unha presenza máis fonda da sombra expresada en formas neotrobadorescas ou en sonetos. O libro péchase sobre si mesmo con "cabo", unha reflexión dialogada sobre o poeta e a poesía que remata co soneto chamado "onde se pecha a palabra". Hai que salientar que, á marxe da evolución poética, a lingua que se emprega é, sen embargo, característica de todo o poemario: áspera, coidada e cargada de forza. Todas estas dimensións do libro danlle un dobre interese polo que ten de revisión poética e pola facilidade con ben que se apreza a evolución da mesma.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Poesía e existencia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 24, 'Letras en galego', 30 agosto 2003, p. 7.

Preséntase o libro *Do tempo posuído*, de Arcadio López Casanova, como único por non ser unha antoloxía autorial senón algo máis. Saliéntase que, á parte dun criterio selectivo e de inéditos, hai no libro un desexo de ofrecer unha nova visión do conxunto da obra lírica do poeta. No que respecta á estrutura dísenos que é cuadripartita, iniciada cun conxunto metapoético e concluída cun poema epilodal, correspondéndose as catro partes con períodos históricos e biográficos do autor. Ao longo destas sección considera que se estende unha estética variada, dende a poesía civil ao existencialismo, con poemas que dialogan con compañeiros e poetas e outros eróticos ou da memoria persoal e colectiva evidenciando unha expresión coidada con gusto polas formas clásicas coma as neotrobadorescas ou os sonetos. Cualifica por último a obra de "excelente traballo poético" ao longo dun dilatado período de tempo, tan vivo coma o autor.

- Teresa Seara, 'Pedra poética de mil facetas', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Cultura', 30 outubro 2003, p. 27.

Sinala Teresa Seara que hai en *Do tempo posuído* corenta anos de traballo e sete poemarios, cos que Arcadio López-Casanova volve a dialogar. Concorde, pois, con Claudio Rodríguez Fer cando di no prólogo que é un conxunto revivido, que se presenta coma un todo novo. Analiza a estrutura da obra, da que sinala que na primeira parte se recollen os poemas dos anos sesenta, influídos polas correntes socialrealistas, unha veta cívica que abandona, segundo Seara, na seguinte etapa, entre 1968 e 1977, a época dos mesteres nos que fala dun exilio interior. Esta poética atopará un contrapunto en "tempo de liturxia", na que se trata de saír desa noite escura cara a erótica da vida, da luz, aínda que non sexa por moito tempo, pois logo volve á escuridade. Así, chega a análise de Teresa Seara á última parte, "Tempo do degaro" (1983-1994), que leva os poemas máis recentes, nos que a luz adquire un primeiro plano diante da sombra e a señardade. Por último, coméntanos as dúas seccións que fan de marco ao libro, unha con textos autopoéticos do autor e outra cos dous últimos poemas, un no que resume os temas da súa poesía e outro que dialoga co que serve de presentación do libro.

- Teresa Seara, 'Acio agridoce', *Tempos Novos*, nº 78, 'Libros', novembro 2003, p. 73.

Refírese a *Do Tempo posuído* de Arcadio López-Casanova do que sinala que se trata dunha antoloxía da súa poesía agrupada en catro ciclos, dos que sinala algunha característica. Apunta que o primeiro, "Tempo da historia", recolle a súa poesía cívica; o segundo, "Tempo de exilio", poesía agridoce; o terceiro, "Tempo da liturxia", unha "erótica da existencia"; e o último, "Tempo de degaro", "vitalidade". Apunta, tamén, que principia o libro coas súas "Poéticas" sobre a propia escrita e lle dá remate con outros dous textos, un dos cales "revisa os temas esenciais da súa poética". Conclúe salientando a importancia deste autor.

- Román Raña, 'Ópera Magna', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. V.

O título do artigo é a definición que dá Román Raña da obra de Arcadio López Casanova porque considera que resume e condensa a obra dun dos autores máis coñecidos da literatura galega. Ve nesta obra un exercicio de depuración da poesía, que nos envolve nun microcosmos de beleza por descubrir. A pluralidade do libro considérase tal, que sería impropio reduci-lo a uns poucos temas, aínda que si se fala dalgúns, como o desterro, o amor, a traizón e a dor e a lealdade. Conseguiría, para Román Raña, Arcadio López Casanova con *Do tempo posuído* o obxectivo último da arte: loitar contra a morte coa forza da palabra, tanto nas elexías, coma nos poemas existenciais, nos versículos ou nos versos nos que lle gusta nomear a terra.

- Xulio Valcárcel, 'Obra reunida de Arcadio López-Casanova', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 7 decembro 2003, p. 4.

Preséntanos neste artigo Xulio Valcárcel *Do Tempo Posuído. Poesía* (1960-2000), volume preparado e corrixido polo autor, Arcadio López Casanova, para Espiral Maior, e no que se contén toda a súa poesía ata a data. Para Valcárcel esta é unha obra atinada e case necesaria para afondar na obra do poeta, que define como unha das máis ambiciosas empresas da literatura galega, enlazando coa mellor tradición do medievo. Continúa describindo a súa obra e di que é única e cerimonial, que ademais desa concepción medievalista, do Románico, tamén aparece a riqueza léxica e o exceso do barroco, os dous estilos preponderantes en Galicia. O bo facer do poeta e o coñecemento do seu oficio fan, segundo Valcárcel, que os seus libros non envellezan, que aparezan neles novos matices, "poesía para degustar aos poucos" polo seu grao de concentración. No que respecta á temática fala dos temas insistentes en Arcadio López Casanova: o exilio como destino, o desvalemento ontolóxico do ser humano ou a morte. Salienta que nesta poesía non hai posibilidade de salvación nin de volta, que nos acompaña a voz dos que foron, os defuntos, fundidos coa terra en círculo de vida, cun rumor de rezos e pregos que fai de coro á voz singular do autor. Por último comenta o que supuxo a súa obra *Mesteres* (1976) coa que se uniu a outras voces como X. L. Ferrín, Álvaro Cunqueiro ou Miguel González Garcés, que pedían unha renovación da poesía retomando a tradición de xente como Aquilino Iglesias Alvariño.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Espiral Maior presenta cinco novos libros da súa colección 'Poesía'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 10 xullo 2003, p. 42.

Noticia da presentación en Vigo de cinco novos libros de poesía dentro da colección de Espiral Maior, apadriñados por Francisco Fernández del Riego: *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética de Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *Intempériome*, de Xela Arias; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

- Begoña R. Sotelino, 'Espirál Maior incorpora os libros de catro mulleres á súa colección poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 50.

Dáse conta de que Espiral Maior presenta cinco novos volumes da súa colección de poesía en Vigo, apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Sinálase que a colección, que se sostén grazas aos seus cento vinte e catro subscritores, pasa a incluír *Intempériome*, de Xela Arias; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *O son da xordeira*, de Antía Otero; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, e *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova.

- A.D., 'Espirál Maior amplía a colección Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2003, p. 51.

Noticia da publicación de cinco volumes dentro da colección de poesía da editora Espiral Mayor, dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Trátase de *Do tempo posuído*, antoloxía da obra poética da Arcadio López Casanova; *Lembranzas da beleza triste*, de M^a do Carme Kruckenberg; *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta; *Intempériome*, de Xela Arias, e *O son da xordeira*, de Antía Otero.

Novas Verbas, *Cando as luces rebentan o silencio*, presentacións de Xesús García Calvo e Xosé M. López Ardeiro, prólogo de Helena Villar Janeiro, ilust. de David Fernando Giraut, Santa Comba: tresCtres Editores □, febreiro 2003, col. Varilongo/Poesía, nº 2, 193 pp. (ISBN: 84-932667-7-9).

O volume está composto por cinco pequenos libros de poesía de cada unha das integrantes do colectivo Novas Verbas: Anet Beiro, Rosa Lois, Silvia Mariño, Lupe Oroña e Lorena Peillet. Ábrese a antoloxía coa presentación de Xosé María López Ardeiro, na que retrata dun xeito moi lírico a cada unha das poetas. Séguelle un prólogo a cargo de Helena Villar Janeiro no que ofrece, primeiro, unha visión xeral daqueles trazos que definen o colectivo, salientando unha xuventude compartida ou unhas claves poéticas concretas. Remata trazando moi brevemento o perfil poético de cada unha das poetas antologadas. Novas Verbas desvela o amor, as perdas máis sentidas, as inquietudes e as teimas interiores, tras as que latexa con forza o devir do tempo e a saudade. Ao tempo experimentan as máis variadas formas métricas e estilísticas. Polo medio destes versos móvense as rompedoras ilustracións de David Ferrando Giraut. Os poemarios antologados son: "De soños e vixilias", de Anet Beiro (pp. 23-47), no que o recordo melancólico e unha incesante busca a través da natureza, dos soños e do tempo presiden estes versos; "Entre lusco e fusco", de Rosa Lois (pp. 49-89), no que a "mestura de sentimentos é a que se ve nacer entre o lusco e o fusco" destas páxinas. Son, en xeral, un conxunto de poemas de corte existencial; "Dende a sombra do abatemento", de Silvia Mariño (pp. 91-119), no que deseña un camiñar vital, cheo de desacougos e algún recordo doce, "excedendo límites cronolóxicos e /vivindo nas marxes do sentir"; "Esencia de pensamentos", de Lupe Oroña (pp. 121-147) no que "moreas de sensacións acoden ó pensamento" e "recordos perdidos en tempos pasados" enchen os seus versos; e, finalmente, "Cómicas analoxías", de Lorena Peillet (pp. 149-192), que

presenta versos conceptuais nos que a clave é o "sentir". A imaxinación voa entre "subconscientes obstinados" e "sobredose psicolóxica".

Recensións:

- Carme Vidal, 'Amigas pola poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.084, 'Fin de Semana', 29 maio 2003, p. 40.

Achega unha presentación do grupo Novas Verbas. Mais antes, cita os nomes das integrantes e o título de cadanseu poemario. Subliña que como colectivo non as une ningún tipo de "manifesto ou ideario literario", que tan só as vincula "certo xeito emocionado e vital de se dedicar á poesía". Ademais, procura outros puntos comúns, como a procedencia, a súa amizade ou a razón pola que escriben poesía, aínda que sexa de forma diferente. Por outra banda, pon de manifesto a afluencia de público nas presentacións do libro. Tamén alude aos estreitos vínculos do grupo con Xosé María López Ardeiro e remata cunhas liñas do prólogo, nas que Helena Villar as define como "colectivo estable".

Referencias varias:

- A.M., 'Cando as luces rebentan o silencio', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 8, 'Letras en galego', 10 maio 2003, p. 12.

Dá noticia da publicación da obra e salienta que esta é moi variada, tanto nos "resultados" coma nos "contidos". Así pois, apunta algunha das liñas temáticas, entre elas, a saudade ou o paso do tempo. Por último, salienta as ilustracións e o patrocinio.

Pato, Chus (coord.), *Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía escarlata*, prólogo de Antón Figueroa, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, abril 2003, col. Eidos, nº 1, 333 pp. (ISBN: 84-933176-1-6).

No prólogo da primeira publicación da Difusora de Letras, Artes e Ideas, Antón Figueroa amosa o que pode ser, en certa medida, unha declaración de principios da entidade e, facendo unha reflexión sobre o proceso de-singularizador que sofre a arte en todos os seus campos no medio dunha cultura ao servizo do mundo neo-liberal e globalizado, introduce a vinte e catro poetas sen maior concorrencia que a de pertenceren ao grupo Redes Escarlata, sen que este sexa un criterio de antoloxización pois, como apunta Figueroa, a coherencia interna vén marcada pola amálgama que supón tanta diversificación, constituíndo así a súa forza como libro. Os autores son, seguindo a orde da súa aparición: Oriana Méndez, Iago Castro, Isaac Xubín, Xabier Castro, Alberto Momán, Óscar Antón Pérez García, Raúl Gómez Pato, Xavier Cordal Fustes, Antón Dobao, Claudio Pato, Anxo Angueira, Manuel Seixas, Antón Lopo, Pilar Beiro, Carme Carballo, Xoaquín Silva, Chus Pato, Asun Arias, Darío Xohán Cabana, Manuel Vidal Villaverde, Francisco Domínguez Romero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo e Luz Fandiño.

Recensións:

- A.R. López e Soedade Noia (coords.), 'Xuro que nunca volverei pasar fame', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 464, 10 abril 2003, pp. 1-12.

Anúnciase a presentación do libro colectivo de Redes Escarlata, dentro das celebracións do Día das Letras Galegas, dándose conta dos autores que participarán e sinalando a obra como un produto sen uniformidade antolóxica, temática ou estilística ningunha, salientando, pola contra, o seu carácter de amálgama e de colaxe, como o punto no que reside a súa forza fundamental, e a presenza de autores tan distanciados xeracionalmente como X. L. Méndez Ferrín, Xabier Cordal ou Alberte Momán.

- Xosé M. Eyré, 'Unha mostra de poesía esкарлата', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 28.

Comenta a concepción poética dende a perspectiva da semiótica que se deixa ver na introdución de Antón Figueroa ao libro de Redes Escarlata, pasando logo a describir, en breves matices, os traballos dos diversos autores que compoñen esta compilación, desde Oriana Méndez a Luz Fandiño. Salienta, para rematar, a presenza dunha poesía en estado puro e sen condicionamentos por non tratarse dunha obra de carácter antolóxico nin referencial e estar constituída en base á ausencia de criterio delimitador.

- Ramón Nicolás, 'Poesía esкарлата', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'Letras en galego', 21 xuño 2003, p. 7.

Dando conta do carácter plurisimbólico da referencia cinematográfica que constitúe o título, menciónase a aparición da obra como presentación, ademais dunha nova editorial, do colectivo de poetas que é Redes Escarlata, indicándose a coidada factura do volume e gran diversidade de pezas que sorprenden na súa lectura e salientando o exercicio libre de comunicación poética que supón o seu contido.

- Dorinda Castro Soliño, 'Poesía esкарлата', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. IV.

Comenta a aparición desta antoloxía e a súa editorial no espazo literario galego, dándolle a aquela o carácter novidoso que supón o feito de atopar tal diversidade de experiencias poéticas nunha soa obra. Menciona a todos os autores que a compoñen e sinala a presenza de poesía breve, narrativa, social, rupturista e mesmo haikus para configurar os estilos discursivos que se poden atopar; Galicia, Arxentina, Cuba ou Irlanda como lugares polos que transcorren os traballos; e o cinema, o Amadís, os sete pecados capitais ou o consumismo, como referencias presentes ao longo da súa lectura. Salienta a mostra de liberdade que representa a publicación e remata saudando a súa aparición como evidencia da fecundidade da poesía galega actual.

- T.S., 'Fame', *Tempos Novos*, nº 77, 'Libros', outubro 2003, p. 79.

Dá conta do primeiro libro de poemas colectivo editado polos integrantes de Redes Escarlata co título de *Xuro que nunca volverei pasar fame*. Segundo se nos di son un total de vinte e catro autores entre os que destacan nomes consagrados, coma Chus Pato, Darío

Xohan Cabana ou X. L. Méndez Ferrín, ao lado doutras voces novas, como Carme Carballo, Luza Fandiño ou Alberte Momán. Do volume coméntase que aproveita a heteroxeneidade do libro para actuar contra a uniformidade, citando palabras do prólogo de Antón Figueroa.

- Vicente Araguas, 'Uns versos como Escarlata O'Hara', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 3.

Destaca a radicalidade como único elo de unión entre os vinte e catro poetas que compoñen este volume e a radicalidade entendida como aposta vigorosa de arraigamento coa terra. Gaba a exemplaridade do prólogo de Antón Figueroa polo seu rigor e amenidade e sinala a presenza de pezas con diferentes niveis de calidade, agradecendo a recuperación dun poeta como Ramón Lorenzo e salientando a presenza de Xoaquín Silva, descoñecido para o autor do artigo pero do seu completo agrado.

Referencias varias:

- AFA, 'Nunca máis fame', *O Correo Galego*, 'AFA', 13 maio 2003, p. 31.

Dáse conta da publicación do caderno monográfico dedicado ás Redes Escarlata e que mostra unha serie de pezas escollidas de gran parte dos autores presentes no libro *Xuro que nunca volverei a pasar fame*, abríndose cun texto a modo de introdución de Xabier Cordal no que fai unha reflexión arredor do significado do colectivo e as súas actuacións. Sinálase que o resto dos poetas que integran o monográfico son dende Alberto Moman, Antón Dobao, Anxo Angueira ata Manuel Vidal Villaverde ou Manuel Seixas.

- C.V., 'Trinta e dous poetas publican Xuro que nunca volverei pasar fame', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 30.

Dá conta do acto de presentación do libro colectivo de Redes Escarlata, que inaugura a editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas, no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía de Santiago. Menciónase o feito de ter aumentado o número de integrantes do grupo con respecto aos que aparecen na publicación e faise un resumo da introdución desta.

- A.N.T., 'As Redes Escarlata homenaxean os presos no antigo cárcere de Vigo', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 33.

Anúnciase a presentación de *Xuro que nunca volverei pasar fame* dentro do acto de homenaxe aos presos do antigo cárcere de Vigo e faise referencia á orixe do nome do grupo Redes Escarlata. Dáse conta tamén do recital que se levará a cabo no evento por parte de varios dos poetas implicados.

- Alberto Quian, 'O grupo Redes Escarlata lembra ós axustizados na cadea de Príncipe', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 13 xuño 2003, p. 49.

Dáse conta da presentación de *Xuro que nunca volverei pasar fame* dentro do acto de homenaxe aos presos da antiga cadea de Vigo, da que se mencionan as intervencións de

Méndez Ferrín e Anxo Angueira.

- Marcos Valcárcel, 'Unha nova editora', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 25 xuño 2003, p. 69.

Menciónase a publicación do libro colectivo de Redes Escarlata como inaugurador, xunto a *Nunca Máis. A voz da cidadanía*, da Difusora de Letras, Artes e Ideas.

- Marcos Valcárcel, 'Unha nova editora', *Galicia Hoxe*, 'Pé das Burgas', 27 xuño 2003, p. 5.

Dáse conta do nacemento da Difusora de Letras, Artes e Ideas na cidade de Ourense e menciónase como produto inaugural a escolma de Redes Escarlata.

- A.R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Pozo Garza, Luz, *Historias fidelísimas. Poesía selecta 1952-2003*, introdución de Carmen Blanco, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia □, xullo 2003, col. Arte de Trobar, nº 3, 252 pp. (ISBN: 84-931711-8-2).

Historias fidelísimas é unha antoloxía da obra poética de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922), publicada na colección "Arte de Trobar" do P.E.N. Clube xusto cando se cumpren cincuenta anos da aparición do seu primeiro libro en galego, *O paxaro na boca* (1952). A edición corre a cargo da propia Luz Pozo e mais da profesora Carmen Blanco (Lugo, 1954), especialista na relación entre literatura e muller e responsábel do estudo introdutorio con que se abre a escolma: "Tránsito íntimo por Luz Pozo Garza". Esas páxinas preliminares supoñen un percorrido cronolóxico pola traxectoria bio-bibliográfica da autora e están divididas en diversos apartados: "As orixes", "A guerra e o exilio", "A chuvia de *Danae* para o *Paxaro na boca*", "A fin e o principio das *Verbas derradeiras*", "O clasicismo codaxiano do *Concerto* e do *Códice*", "A transparencia mística de *Prometo a flor de loto* e *Vida secreta de Rosalía*", "Os *Poemas gaélicos* e a paixón de *Medea*" e "Verterse ao interior". Este último capítulo artéllase a modo de conclusión e nel afirmase que "estamos sen dúbida ante unha escritora clásica, no sentido de canónica, pero tamén no senso estético, pois é a súa unha poesía de fulgurante beleza platónica rexida pola claridade, a fondura e a harmonía". Faise, así mesmo, unha relación simbólica entre o nome da autora e as características da súa escrita: lucidez (Luz), profundidade (Pozo) e clasicismo (Garza). A continuación, hai unha breve nota autorial na que, para alén de expresar os seus agradecementos a todas as persoas que apoiaron a publicación deste libro, Luz Pozo indica que a escolla dos textos para a escolma segue un criterio de "índole persoal". Por fin, reproducense os poemas seguindo unha estrita orde cronolóxica: catro de *O paxaro na boca* (1952), once de *Verbas derradeiras* (1976), dezaseis de *Concerto de outono* (1981), doce de *Códice Calixtino* (1986), vinte e dous de *Prometo a flor de loto* (1992) e catorce de *Vida*

secreta de Rosalía (1996). Inclúense ademais algúns textos dun poemario aínda en construción, *Iwerddon. Poemas gaélicos*, datados entre 1997 e 2003 e publicados parcialmente na revista *Hablar/Falar de Poesía*, cinco dos "seis monólogos" de *Medea en Corinto* (2003) e o poema-homenaxe a Luz Garza *Nai Luz* (2003).

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Escolma fidelísima de Luz Pozo', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 2003, p. 23.

A escolma recentemente publicada baixo o título de *Historias fidelísimas*, sêrvelle ao autor desta reseña para reflexionar arredor da creación poética da súa autora, Luz Pozo Garza. Destaca con palabras laudatorias o ton intimista e luminoso da poeta, pero critica negativamente certos excesos formalistas que, segundo el, empañan por veces a súa escrita lírica. Afirmar, neste sentido, que "o seu verso semella máis limpo e anovado" cando "non dá en sementar en calquera recanto violíns, fagots, anémonas e outras lindas palabras".

- Román Raña, 'Arquitectura de abismos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 20 2003, p. V.

Comentario á última publicación de Luz Pozo Garza, a antoloxía *Historias fidelísimas*. Faise un percorrido ordenado polo contido do volume, desde o "prólogo documentadísimo e apaixonado" de Carmen Blanco aos diferentes conxuntos de poemas reproducidos nel, representativos da bibliografía galega da autora de 1952 ata o momento presente. Vaise examinando o diferente teor das composicións segundo a produción lírica de Luz Pozo avanza no tempo, reproducindo inclusivamente algúns versos, para concluír que "emociona sentirse no medio desta arquitectura de abismos, penetrar nas nocturnas palabras da poeta en loita contra a morte".

- Vicente Araguas, 'Unha escolma de Luz Pozo Garza', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 outubro 2003, p. 3.

Comenta Vicente Araguas a antoloxía de Luz Pozo Graza recentemente publicada baixo o título de *Historias fidelísimas*. Destaca o estudo introdutorio de Carmen Blanco, a fermosa maquetación do libro e o acertado do título. Indica que a escolma arrinca da obra *O paxaro na boca* (1952) e subliña a variedade temática da poesía da autora, a quen non dubida en cualificar como unha "referencia obrigada da nosa poesía".

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Luz Pozo Garza: 50 anos de poesía', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 23 outubro 2003, p. 3.

Faise eco da aparición dunha "magnífica" antoloxía de Luz Pozo Garza: *Historias fidelísimas*. Nota que esta publicación coincide co cincuentenario da edición de *O paxaro*

na boca (1952), primeiro libro en galego da autora tras os tres primeiros en castelán. Afirmar que a de Luz Pozo é unha poesía "delicada e perfecta" e comenta que neste libro hai un interesante estudo preliminar de Carmen Blanco. Así mesmo, chama a atención para o "agasallo" que significa a introdución no volume dunha serie de textos até entón inéditos: *Iwerddon. Poemas galegos, Medea en Corinto* (2003) e *Nai Luz* (2003).

Rivas, Manuel, *Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, decembro 2003, col. Espiral Maior Poesía, nº 136, 351 pp. (ISBN: 84-95625-85-7).

Recompilación na que se recolle toda a obra poética de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) e que inclúe os libros do autor dende a súa presentación en sociedade aos vinte e tres anos con *Libro do Entroido* (1979), ao que seguiu *Anisia e outras sombras* (1981), un conxunto de poemas escritos en colaboración con Xavier Seoane e sustentados na escrita automática, e, posteriormente, *Balada nas praias do Oeste* (1985), *Mohicania* (1987), *Ningún cisne* (1989), co que acadou o Premio Leliadoura, e *Costa da Morte blues* (1995). A estes súmanse poemas inéditos ou só dados a coñecer en diferentes publicacións, algúns deles dedicados a acontecementos de recente actualidade como o desastre do Prestige ou a guerra de Iraq. Os medios e os modos expresivos mantéñense constantes ao longo desta recompilación, baseándose no verso libre, sen suxeicións de ritmo nin de rima, e apostando pola expresión dun apuntamento, dunha sorpresa ou dun testemuño dalgún feito. A actitude lírica vai do paradoxo á ironía, pasando pola interpretación crítica-alegórica da realidade e aborda temas como a emigración ou a supervivencia diaria entendida como unha aventura, a través de poemas breves sempre salpicados de humor e ironía. Os protagonistas adoitan ser xentes sinxelas e anónimas, mais ao mesmo tempo sabias e respectábeis, e a través do reflexo do seu decorrer vital, o poeta constrúe o que se ten definido como unha épica do cotián.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'De 1980 ó 2003/Manuel Rivas reúne a súa poesía en "Do descoñecido ó descoñecido"', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARE/Hoy', 15 decembro 2003, p. 45/p. 68.

Entre as novidades editoriais de próxima publicación refírese ao volume *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-2003*, no que se recolle toda a obra poética de Manuel Rivas. Sinala que o adianto deste volume foi publicado no suplemento cultural "*Babelia*" de *El País*, no que se reproduciu un dos poemas e se anunciaba a reedición de varios dos seus títulos na tradución en castelán, como *O pobo da noite*, coa inclusión de textos que non apareceron na primeira edición. Recolle palabras de Fernán-Vello quen sinala que este volume vai supoñer un fíto importante na súa editorial, Espiral Maior, na que aparecerán tamén as poesías completas de Víctor Vaqueiro e de Xosé María Álvarez Cáccamo tras duns momentos de dúbida polo seu traballo editorial debido á súa minoritaria repercusión. Indica ademais que a súa editorial é "unha casa aberta a aqueles que amosen a súa calidade" e que dentro das liñas abertas noutros xéneros se publicarán dous libros de narrativa, un de

Martínez Oca e outro de Alfonso Pexegueiro.

- S.J., 'Do descoñecido ao descoñecido' reúne a poesía de Manuel Rivas', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 18 decembro 2003, p. 83.

Infórmase da próxima publicación do volume *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-2003*, que recolle a obra poética completa de Manuel Rivas. Recóllense as declaracións do director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, quen salienta que se trata dunha edición moi rigorosa na que traballou o propio autor. Sinala que un dos poemas que forma parte deste volume foi publicado no suplemento cultural "*Babelia*" de *El País*, onde tamén se anunciaba a reedición de varios dos seus títulos na tradución en castelán, como a antoloxía *O pobo da noite*, coa inclusión de textos que non apareceron na primeira edición de 1998. Transmite ademais a súa satisfacción por incorporar a Rivas a unha colección de poesía que suma doce anos de vida e anuncia que nestes mesmos días saíran do prelo as poesías completas de Víctor Vaqueiro e de Xosé María Álvarez Cáccamo e dous libros de narrativa, un de Xosé Manuel Martínez Oca e outro de Alfonso Pexegueiro. Finalmente infórmase da próxima aparición en marzo de 2004 de *Territorio de desaparición*, de Fernán-Vello na editorial Galaxia.

- Camilo Franco, 'Manuel Rivas reúne nun libro os seus 23 anos de obra poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 decembro 2003, p. 47.

Refírese á presentación pública do libro *Do descoñecido ó descoñecido*, que resume os vinte e tres anos de poesía de Manuel Rivas, en Santiago e na Coruña, onde tivo lugar un recital no Instituto Eusebio da Guarda coa presenza de Carlos Morán. Inclúense as manifestacións de Darío Villanueva, quen sinalou que Rivas "converte a Galicia nun argumento poético con horizontes amplos, no que hai unha visión integrada da terra, do mar e da cidade e na que hai mesmo un referente mítico para a terra", e as explicacións de Fernán-Vello, que comentou que este volume serve para "redescubrir ó poeta, para demostrar as verdades literarias profundas de Manolo Rivas e no que están as resonancias da tenrura e as delicadas formas da ironía que caracterizan a súa obra". Resúmense tamén as declaracións de Rivas que explicou que esta edición supuxo volver repasar toda a súa obra e definiu a poesía como unha muller que camiña levando cousas enriba da cabeza e que un dos seus cometidos "debe ser tentar volver poñer as cousas no seu sitio" e "restaurar o sentido da palabra sometida ó espolio e ó roubo".

- Xosé Manuel Pereiro, 'Manuel Rivas asegura que la poesía es el 'taller donde nace todo', *El País*, 'La cultura', 20 decembro 2003, p. 43.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela e na Coruña do volume *Do descoñecido ó descoñecido*, que reúne toda a obra poética de Manuel Rivas. Infórmase de que o proxecto do editor de recompilar os seis libros de Rivas publicados dende 1980 a 2003 se converteu nunha viaxe polo interior da súa obra e que se inclúen tamén poemas inéditos ou só publicados en revistas. Recóllense as palabras de Fernán-Vello, quen destacou que a súa condición de poeta está oculta pola de narrador pero é esencial na súa construción de escritor, e de Darío Villanueva, que salientou que a súa mirada poética está presente en aspectos como a súa visión dramática e nada convencional da natureza.

- Carmen Villar, 'Manuel Rivas recompila toda a súa obra poética nun único volume', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 20 decembro 2003, p. 39.

Recóllese parte da intervención de Manuel Rivas con motivo da presentación na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela de *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-2003*, volume que reúne toda a súa obra poética dende a súa primeira obra *Libro do Entroido* ata o momento actual. Sinálase que o escritor bromeou ao sopesar o libro, de trescentas cincuenta páxinas, dicindo que por fin ten a sensación de ter unha obra sólida, insistiu en que os poemas conteñen informacións esenciais que non se poden transmitir doutro xeito e aproveitou para rexeitar a poesía que non se implica. Tamén se indica que Darío Villanueva sinalou que a obra de Manuel Rivas amosa a súa condición de poeta que se percibe no resto da súa obra.

- MARÉ, 'Punto de partida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 decembro 2003, p. 51.

Infórmase da presentación na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela de *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-2003*, volume que reúne toda a obra poética de Manuel Rivas. Sinálase que no acto estiveron presentes, ademais do escritor, o editor, Miguel Anxo Fernán-Vello e Darío Villanueva. Recóllense as palabras de Manuel Rivas, que concibe este libro como parte da súa identidade galega, que posúe unha forma portuaria, onde se escoitan músicas, viaxeiros e mercadorías e tamén definiu a poesía como un xénero que ten que ver coa descuberta, como o camiño do ser humano e do descoñecido. Tras asegurar que nunca deixou de escribir poesía, explicou que o proceso de edición deste libro lle serviu para reencontrarse coas súas imperfeccións e as cousas que lle sacudiron hai tempo. Dáse conta tamén do contido do volume, sinalando que recolle poemas dende o Rivas máis novo, que publicou con vinte e tres anos *Libro do entroido* ata os dedicados ao mundo do mar en *Costa da Morte blues* ou poemas soltos dedicados á guerra de Iraq ou antes do desastre do Prestige. Finalmente, resúmense as palabras do editor, Fernán-Vello, que definiu esta colleita como a síntese do código xenético da literatura de Manuel Rivas e destacou a presenza da retranca e do mar como lugar central de referencia.

- N.V., 'Manuel Rivas trae a Ferrol dúas décadas de creación poética', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 23 decembro 2003, p. 11.

Anúnciase a presentación do volume *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-2003*, que recolle toda a obra poética de Manuel Rivas, na Galería Sargadelos de Ferrol, un auténtico acontecemento editorial que en menos dunha semana vendeu máis de mil douscentos exemplares. Sinálase que o acto contará coa presenza de Miguel Anxo Fernán-Vello, o editor de Espiral Maior, o propio Manuel Rivas e o profesor e guitarrista César Morán Fraga.

- C.V., 'Manuel Rivas reúne a súa poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Cultura', 24 decembro 2003, p. 19.

Recóllense declaracións de Manuel Rivas, Darío Villanueva e Miguel Anxo Fernán-Vello con motivo da presentación do libro *Do descoñecido ó descoñecido. Obra poética 1980-*

2003 en Compostela. Sinálase que o libro se abre co poema "Ósos e tellas" e se pecha con "O rap do inimigo", recollendo vinte e tres anos de colleita poética de Rivas, resumida en seis libros e poemas soltos, algúns deles moi recentes. Segundo expresou Rivas esta obra é un "libro portuario", ao conxugar a condición de punto de partida e de chegada e como compendio "das mulleres que levan cousas enriba da cabeza", e tamén unha obra imperfecta agora revisitada. Confesa tamén que pasou da concepción inicial da poesía como "un estoupido" a confiar "noutro proceso de creación, na idea de construción da verba que nos leva a outra verba". Pola súa parte Darío Villanueva manifestou que na súa narrativa e nas súas reportaxes se descobre a voa poética de Rivas, ao que definiu como "un escritor libre que non se sente sometido a tendencias nin etiquetas". As palabras de Fernán-Vello apuntan que esta obra amosa o home en toda a súa dimensión e redescobre o poeta que sempre existiu e se ha de converter en "patrimonio cultural e literario".

Varela, Lorenzo, *Escolma: 12 poemas*, edición de Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, 2003, 27 pp. (ISBN: 84-9782-087-8).

Recolle doce poemas en galego e castelán de Jesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez (Cuba, 1916-Madrid, 1978) que se insiren na homenaxe que o Concello de Monterroso lle fixo a este poeta no vixésimo quinto aniversario da súa morte. O volume ábrese cun sucinto limiar de Xesús Alonso Montero no que reflicte brevemente algúns dos episodios máis relevantes da traxectoria vital de Lorenzo Varela, salientando a súa loita pola liberdade democrática. Asemade, refírese á súa poesía combativa e de amor, subliñando a súa singularidade lírica. A antoloxía divídese en dúas partes. A primeira acolle sete poemas en galego publicados entre 1944 e 1970. Predomina unha liña socialrealista con composicións centradas na angustiada saudade do emigrante ou nas dramáticas vivencias da Guerra Civil. Así, topamos con poemas dedicados aos seus compañeiros asasinados nesta contenda ou a un guerrilleiro galego abatido no 1947. Tamén alude a un pasado mítico de loita e resistencia a través dun poema sobre un fidalgo, Ruy Sordo, que liderou a primeira loita irmandiña. Na segunda parte achega cinco poemas en castelán, datados entre 1937 e 1963, entre eles unha homenaxe a Picaso ou os dirixidos á súa nai e a Federico García Lorca. É salientábel a presenza do pobo galego e a súa voz comprometida cos seus dereitos. En canto ao estilo hai un claro predominio dos recursos de corte popular como repeticións do todo tipo ou estrofas populares como coplas de arte menor, sen deixar por isto de haber unha certa influencia da vangarda.

Referencias varias:

- Gonzalo Bouza Brey, 'Últimas novedades', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Libros que leer', 6 decembro 2003, p. 27.

Alude á homenaxe do Concello de Monterroso a Lorenzo Varela. Entre os diversos actos, destaca a presentación desta antoloxía. Cita os poemas e subliña que tentan ser unha representación da lírica deste ilustre poeta. Ademais, salienta a súa relevancia e o seu compromiso.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

García Castro, Pilar, *Teatro para todos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 2003, col. Cadernos de Formación e Cultura, nº 1, 61 pp. (DL: C-1300-2003).

O volume recolle catro pezas teatrais breves de Pilar Areanca, pseudónimo de Pilar García Castro (Ortigueira, 1962). Na presentación Héctor Barrera louva o labor da autora a prol da cultura galega a través da sociedade A Nosa Galiza de Xenebra coa que colabora. Así mesmo, refírese a esta entidade da emigración como un modelo a seguir polo seu traballo no eido da dramaturxia. A primeira peza, *Benditos fillos*, presenta a un matrimonio de emigrantes retornados de Suíza que son escravos dos seus desagradecidos fillos, ao tempo que sofren as impertinencias da nai del e a excesiva confianza do seu veciño Xan. Na segunda, *Vexo, vexo*, unha falsa vidente aprobeitase da ignorancia dos seus clientes para roubarlles todo o diñeiro que lle é posíbel. Na terceira, *Que nos deixen retirar en paz*, presenta a dúas parellas de vellos xogando ás cartas coa retranca propia da súa idade mentres comentan cómo son vítimas dos egoísmos dos seus fillos. Na última, *Ti ben ¿E eu?*, ofrece varias historias cun único fío de unión, o banco dun parque e unha especie de fada ou anxo que en todas está presente. Diversos personaxes pasan por ese lugar para deixar patentes os seus problemas. É destacábel que case toda a xente moza fale castelán no libro, así como a complicidade que ás veces hai co lector ou público. As catro obriñas desenvólvense nun único acto, a súa acción transcorre nunhas horas ou incluso nuns minutos e, excepto na última, os espazos son interiores. A autora pretende divertir e tamén coa súa ironía e humor pór de manifesto carencias ou eivas da sociedade actual como o egoísmo, o engano, a prepotencia ou a falta de cariño entre achegados.

Referencias varias:

- Suso Souto, 'Un centenar de personas en el estreno de tres obras de Pilar García', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 8 xuño 2003, p. 36.

Informa da presentación do libro, así como da representación de tres pezas deste en Silleda por parte da Escola Municipal de Arte Dramático Marisa Soto. Asemade, dá unhas cantas referencias da autora, indicando que participa na agrupación teatral A Nosa Galiza. Alude brevemente ao contido das obras representadas e salienta que o libro será distribuído polos diversos centros galegos do mundo.

Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus, Madelón*, A Coruña: Edicións Espiral Maior □, 5 maio 2003, col. Espiral Maior Teatro, nº 1, 136 pp. (ISBN: 84-95625-64-4).

Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943) desenvolve nas dúas pezas que compoñen este volume unha dura crítica contra as novas formas de manipulación informativa e cultural exercida, baixo formas diversas, nas sociedades modernas. *A larva*

furiosa, estreada no ano 1985, céntrase no mundo do teatro e nos axentes que controlan e monopolizan o ámbito da cultura e da arte. As figuras do actor, do poeta, do músico, do activista político, do marxinado e mesmo do espectador e do guía cultural son satirizadas nesta obra de feitura circense e metateatral. A reconstrución caótica e caprichosa do absurdo proceso de canonización dunha ópera, non coñecida por ninguén, pero sancionada igualmente como un ben de interese social, é o pretexto desta farsa crítica. Nela os personaxes personifican un perverso e falso proxecto democrático de programación e planificación cultural e, convertidos en monifates, venden e corrompen os seus ideais artísticos e políticos por acadar un posto de poder no sistema. *Adeus, Madelón*, estreada no ano 1989, denuncia a falla de escrúpulos e a morbosidade que dirixen as accións dos medios de información das sociedades contemporáneas. A manipulación informativa realizada por tres traballadores dun grupo de comunicación exemplifica os comportamentos ilegais e inmorais das axencias de noticias que falsean ao seu antollo os feitos e trafican coas novas co obxecto de obter unha exclusiva e amplos beneficios. As crueis e depravadas formas de presión que os traballadores do grupo de comunicación exercen sobre o protagonista da noticia, un preso condenado por un crime que asegura non ter cometido, remata co seu suicidio final. A obra pon de manifesto a perda de principios éticos e morais nos medios de información e opinión social.

Recensións:

- Henrique Rabuñal, 'Trío de ases do teatro galego', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Teatro', setembro 2003, p. 20.

Alude á colección "Espiral Maior Teatro" que abre un oco a un xénero fundamental do noso sistema literario. Para a súa estrea bota man de tres grandes autores da dramática actual galega: Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado. O primeiro reúne as súas obras *A larva furiosa*, estreada en 1985, e *Adeus, Madelón*, estreado en 1989. Euloxio Ruibal recolle en *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro galego* dezaseis textos escritos entre 1991 e 2001 que abordan o tema do teatro galego do século XX. Camilo Díaz Baliño, Otero Pedrayo, Castelao, Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, Luís Seoane, Carbalho Calero e Isaac Díaz Pardo son os protagonistas aos que Ruibal adica diferentes ensaios críticos. Finalmente, na terceira entrega da colección, Pillado ofrécenos a súa versión de *Fígaro ou a inútil precaución*, baseada n'*O Barbeiro de Sevilla ou a precaución inútil* de Pierre Augustin Caron de Beaumarchais (1732-1799), estreada en 1997.

Referencias varias:

- S. J., 'Espiral Maior editará toda a obra dramatúrxica de Manuel María', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 17 marzo 2003, p. 67.

Dáse noticia da aparición dunha nova colección de teatro creada pola editorial Espiral Maior da que é director Miguel Anxo Fernán-Vello. A publicación das pezas de Manuel Lourenzo *A larva furiosa* e *Adeus, Madelón* inaugura esta serie editorial que ten prevista a edición de textos dramáticos e teóricos doutros dramaturgos como Manuel María, cuxa obra completa comezou a ser editada a partir de abril do ano 2003 baixo o criterio de Miguel Mato, os textos ensaísticos de Euloxio Ruibal recollidos no volume *Escritos sobre*

teatro, a obra de Francisco Pillado Mayor *Figaro ou a inútil precaución*, e unha recompilación do teatro de Jenaro Marinho del Valle. O artigo reproduce tamén textualmente algunhas consideracións de Manuel Lourenzo sobre as pezas presentadas. Nelas o autor destaca a intención crítica coa que foron escritas e precisa ademais que introduciu nelas algunhas modificacións. Alén disto, o artigo anuncia a próxima publicación de textos poéticos como *Onde viven os saqueadores de naufraxios* ("Premio Johan Carbalheira" de Bueu), de Xurxo Alonso e traducións de poetas baleares que está a realizar Xavier Rodríguez Baixeras.

- C.F., 'Espiral Maior presenta a súa nova colección de textos teatrais', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 46.

Resumo da presentación, o día 18 de xuño na Galería Sargadelos en Santiago de Compostela, da colección de textos teatrais da editorial Espiral Maior. O artigo reproduce as palabras de Miguel Anxo Fernán Vello nas que explica as intencións da colección e a previsión das obras a publicar de Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal, Francisco Pillado Mayor, Jenaro Marinho del Valle, Xesús Pisón e Manuel María. Fernán-Vello afirma que a colección vén encher un baleiro no sistema editorial e teatral galegos e destaca como "a escrita teatral vive moi bos momentos en Galicia".

- Carmen Villar, 'Espiral Maior únese á promoción do xénero dramático cunha colección de teatro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 19 xuño 2003, p. 48.

Nota informativa da presentación en Santiago da colección "Teatro" da editorial Espiral Maior. Nela recóllese a intención de mellorar as condicións editoriais do teatro en Galicia segundo as manifestacións do director de Espiral Maior Miguel Anxo Fernán-Vello. Sinálase tamén a asistencia ao acto dos tres autores cuxos textos abren a colección, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado Mayor, xunto con Amado Ricón presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), institución que colabora con esta iniciativa editorial, e Isaac Díaz Pardo.

- MARÉ, 'Teatro para lectores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2003, p. 52.

Noticia que se fai eco da presentación na Galería Sargadelos da colección "Teatro" realizada pola editorial Espiral Maior. O artigo menciona a participación no evento dos autores Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado Mayor que estrean a serie, ademais de Amado Ricón, presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), institución colaboradora do proxecto, Isaac Díaz Pardo e Miguel Anxo Fernán-Vello. A existencia dun público lector interesado no xénero teatral é unha das ideas destacadas no artigo que subliña a conveniencia desta iniciativa que nace coa vocación de ser "unha colección transversal e aberta" que pretende ser "vía de diálogo, de exposición e de encontro", segundo Fernán-Vello. A colección abordará a publicación de obras de creación e estudos dramáticos galegos e universais e ten previsto publicar textos de Manuel María, Xesús Pisón e Jenaro Marinho del Valle.

- C.V., 'Teatro para ler na nova colección de Espiral Maior', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 25.

Artigo que referencia a creación da colección "Teatro" da editorial Espiral Maior, dirixida por Miguel Anxo Fernán-Vello. Este sinala as intencións desta liña editorial na que colabora o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e destaca a necesidade de regularizar o sistema teatral galego mediante a construción dunha plataforma que achegue o fenómeno teatral, na súa vertente teórica e creativa, aos lectores e que permita aos escritores difundir as súas obras. As pezas de Manuel Lourenzo, Francisco Pillado e os ensaios de Euloxio Ruibal son os tres primeiros volumes da colección, que ten previsto a publicación da obra de Manuel María, Jenaro Marinhas del Valle e Xesús Pisón. Unha breve nota sobre os próximos textos que noutros xéneros publicará Espiral Maior completa o artigo.

- Manuel F. Vieites, 'Espiral Maior Teatro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Teatro', 25 setembro 2003, p. VIII.

Manuel F. Vieites dá conta da creación por parte de Espiral Maior dunha nova colección especializada na edición de textos dramáticos e estudos sobre as artes escénicas. A seguir fai un breve resumo dos contidos e a feitura das obras editadas de Manuel Lourenzo, Francisco Pillado e Euloxio Ruibal. Alén disto, Vieites insiste en que a selección dos textos futuros debe atender tanto as creacións do país como as de fóra para "coñecer e valorar o propio e converter en propio o alleo".

- N.V. , 'Espiral Maior reivindica o xénero literario do teatro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 14 novembro 2003, p. 19.

Nota informativa da presentación da colección de teatro da editorial Espiral Maior. A noticia resume os propósitos da serie expostos polo director da editorial Miguel Anxo Fernán-Vello dos que destaca o seu carácter transversal e a súa intención de encher un espazo editorial pouco desenvolvido e "conseguir canonizar o xénero teatral para normalizalo literariamente". A relación de título e autores presentados e previstos completa o artigo.

Manteiga, Luís, *Teatro galego*, prólogo de Francisco Fernández del Riego, edición e notas de Laura Tato, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, decembro 2003, col. Teatro, 249 pp. (ISBN: 84-8485-129-X).

O volume, que recolle as obras teatrais en galego de Luís Manteiga, iníciase cun prólogo de Francisco Fernández del Riego, onde relata algúns aspectos biográficos do autor ao que coñeceu a principios dos anos trinta, e cun amplo estudo introdutorio de Laura Tato Fontaíña. A profesora, antes desta introdución, fai un comentario coas razóns da elaboración deste traballo e explica os motivos polos que inclúe no volume os debuxos "A síntese do crime" de Luís Seoane. A continuación expón a dificultosa vida de Manuel Manteiga, marcada pola tise, destacando o compromiso ideolóxico e político, representado na dirección do xornal *Claridad* e distintas colaboracións xornalísticas (*Nós*, *Resol*, *A Nosa Terra*...), a formación autodidacta e a escrita literaria. Así mesmo analiza brevemente a lingua empregada polo autor e estuda a obra dramática, resumindo cada unha das pezas

teatrais ofrecidas no volume. *A Mecada. Estampa rural en 4 cadros* é a obra que abre o apartado literario e a máis extensa. Nela nárrase o vivir da aldea focalizado en catro espazos que teñen un carácter colectivo por excelencia: a taberna, o fiadeiro nunha casa, o adro da igrexa e o campo da festa, que poderían ser os de calquera parroquia galega, do mesmo xeito que os personaxes, que son arquetipos correspondentes a un único protagonista colectivo: o pobo, aínda que dramatiza a peza contando a historia de dous namorados na que a rapaza morre accidentalmente. *Branca. Drama curto* é unha peza sobre a moralidade engaiolante imposta ás mulleres. Estrutúrase en dous cadros nos que nunha casa illada da sociedade dúas rapazas novas, Alviña e Branca, comentan as súas actitudes sobre o amor. Alviña está namorada de Paulo, irmán de Branca, e resulta a encarnación do ideal cristiá de esposa, submisiva, inxenua e dulce; Branca representa a contra, a luxuria e paixón, a liberdade sexual, e tamén o tormento por este sentir. *O Brouzo. Drama Curto* dramatiza en dúas escenas situadas nunha rectoral a crise de fe dun abade. En *Zabulón. Drama de ensoños en tres esceas* Manteiga crea un alter ego, Zabulón, que é un empresario de ideoloxía comunista que crea xunto co seu irmán un medicamento fundamental para a saúde humana. Ao querer mercarullo unha multinacional que multiplicaría os beneficios, oponse porque non quere vendelo senón donalo ou pedir o custo mínimo que cubra o soldo dos empregados da fábrica e de si mesmo. Non obstante, os empregados, o irmán e a propia muller, non comparten esta opinión e Zabulón remata suicidándose. A derradeira peza é *Apocalipsis. Drama en tres esceas*, onde mediante a metáfora filosófica dunha familia cunha nai imparcial e catro irmáns divididos en dous bandos enfrontados, os dous dedicados á lectura e reflexión e os dous activistas revolucionarios, o autor apunta a división existencial entre o activismo político e o cultural.

Manuel María, *Edipo*, introdución e edición de Miguel A. Mato Fondo, A Coruña: Universidade da Coruña □♦, novembro 2003, col. Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor, nº 30, 114 pp. (ISBN: 84-9749-097-5).

Edición do texto dramático de Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo 1929) *Edipo*, escrito en 1960, e gañador no ano 1961 do "Premio Vilar Ponte" do Centro Galego de Bos Aires. Esta obra, inédita até o de agora, é una mostra da reformulación de mitos clásicos, solución dramática recorrente no teatro galego da segunda metade do século XX. A súa publicación vai acompañada "Dunhas palabras do autor" nas que Manuel María presenta a obra e explica as circunstancias persoais e histórico-sociais nas que foi escrita. O mito de Edipo, segundo manifesta o autor, soporta un discurso crítico que supera a censura da ditadura franquista e presenta o modelo dun gobernante que é un "home bo, xeneroso, incommovíbel nos seus principios éticos", mentres Antígona é "un prototipo de muller forte, valente, filla exemplar e heroica". Alén desta explicación e xustificación do autor, a obra vai precedida dun extenso estudo crítico realizado por Miguel A. Mato Fondo, editor tamén do texto. Na introdución previa Mato Fondo realiza un percorrido sumario pola traxectoria vital e literaria do escritor destancando os fitos máis importantes. Ademais fai fincapé nos trazos estéticos e ideolóxicos que definen a súa produción poética e que están presentes tamén, tal e como sinala a crítica, na súa literatura dramática. O estudioso propón unha clasificación da obra teatral do escritor chairego dividíndoa en catro grandes bloques: teatro lírico; teatro de denuncia social e política; teatro de carácter histórico e teatro de recreación clásica, no que precisamente se insire a peza *Edipo*. Finalmente Mato Fondo dedica un espazo á análise da

obra, sinalando as aportacións persoais de Manuel María á tradición dramática do mito, marcada fundamentalmente pola escrita das traxedias de Sófocles *Edipo Rei* e *Antígona*; *Edipo en Colono*, de Sófocles o Novo e a *Antigone* de Anouilh. O traballo crítico de Mato Fondo contempla pois o estudo do desenvolvemento escénico e a análise dos personaxes e dos temas, incidindo nas semellanzas e nas diferenzas da proposta de Manuel María respecto dos modelos mencionados. O Edipo na formulación do escritor chairego é un vagabundo vello e maldito que se enfronta, acompañado da súa filla Antígona, a unha viaxe errática que remata coa morte final do personaxe, unha vez recobrado o favor dos deuses. Manuel María nesta obra en tres xornadas dramatiza os anos finais de Edipo, nun tempo Rei de Tebas, desde a súa caída en desgraza tras seren revelados os vaticinios do oráculo. A peregrinación do vello e rendido Edipo convertido nun rapsoda, nun poeta que defende a grandeza da palabra, xunto coa metaliteraturización do personaxe, declarada dende o prólogo por un narrador extradiexético, son as aportacións máis sinaladas de Manuel María.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Sobre o 'Edipo' de Manuel María', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 decembro 2003, p. 57.

Recensión sobre a publicación da obra de Manuel María, *Edipo*, nunca antes editada nin representada. A nota destaca algunhas das afirmacións do autor que xustifican o sentido e intención crítica da peza e tamén algunhas das valoracións que sobre ela fai Miguel A. Mato Fondo no estudo preliminar que antecede o texto.

Pazó, Cándido, *Ñiquiñaque. O último roedor*, Premio Max ao Mellor Texto en Galego 2001, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, 2003, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 38, 108 pp. (ISBN: 84-453-3579-0) (ISBN: 84-9782-017-7).

Volume composto por dúas pezas teatrais de extensión breve. A primeira delas, *Ñiquiñaque. Pateticomedia rodante para dous actores* recibiu o "Premio Max" ao mellor texto en galego no ano 2001. O contido da obra é fundamentalmente metateatral xa que os personaxes da obra son dous actores que han de representar precisamente o papel de actores ambulantes. Cosme e Damián son cómicos da legua que percorren os camiños levando os seus modestos espectáculos ás xentes, á espera de que xurda a ocasión de demostrar a súa valía e ascender así social e artisticamente. A posibilidade que xorde na peza de representar diante do Gran Duque é a oportunidade que estaban a esperar e que, finalmente, desaproveitan por covardía. Non obstante, malia o desesperanzado final da obra derivado da rendición dos actores, Cándido Pazó (Vigo, 1960) fai nesta peza unha homenaxe ambivalente ao teatro. As referencias metateatrais, o humor, a ironía, a parodia do teatro como forma de vida sucédense na escenificación dos ensaios e finxidas improvisacións dos actores. O xogo e a fusión intencionada de referentes pertencentes a períodos históricos de significado oposto en canto ao grao de aceptación e importancia social do teatro crean un espazo e un tempo diexéticos novo de signo contraditorio, que recorda con nostalgia tempos mellores e denuncia con ironía e humor a situación presente. *O último roedor* é a segunda peza que integra este volume. Produto dunha experiencia de escrita teatral

realizada en Bruxelas no ano 2000, a obra presenta a agonía do último rato que, nun estado febril e delirante, enfróntase ás pantasma e aos recordos que habitan a súa conciencia danada pola vivencia do macabro e agónico final da súa especie. "O último roedor", único supervivente no sumidoiro, espazo denantes putrefacto, pero agora limpo e polo tanto inhabitábel para as ratas, dialoga con violencia e desesperación coas pantasma da súa conciencia enaxenada, materializadas fisicamente na escena, até rematar pouco a pouco coa súa desesperada vida nun salvaxe acto de automutilación.

Referencias varias:

- E.P., 'Editan 'Moliere Final' de Roberto Salgueiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 novembro 2003, p. 42.

Menciónase a publicación polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Edicións Xerais de Galicia da obra de Roberto Salgueiro *Molière final*, sendo o número trinta e seis da colección de teatro "Os libros do Centro Dramático Galego", onde se amosa a noite posterior á morte do famoso dramaturgo francés. Dise que a obra subirá aos escenarios da man da compañía Talía Teatro. Refíresenos, ademais as outras obras do mesmo autor gañadoras do mesmo premio: *O arce do xardín* (1998) e *Eliana en ardentía* (2000), xunto coa publicación dentro desta colección de *Niquiñaque. O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti.

- Xosé M. Eyré, 'Teatro para ler', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 26.

Xosé M. Eyré comeza a súa proposta de lectura de catro pezas teatrais constatando o abandono que sofre o xénero teatral lido. *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó, a tradución ao galego da obra *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti, e *Molière final*, de Roberto Salgueiro, son as pezas suxeridas das que Eyré ofrece un pequeno resumo argumental.

- S.R., 'Os libros do Centro Dramático', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 342, 'Libros', 13 decembro 2003, p. 2.

Dá conta da aparición de tres novos volumes da colección "Os libros do Centro Dramático Galego" que Xerais e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) editan conxuntamente. *Molière Final* de Roberto Salgueiro, *Pedro e o Capitán* de Mario Benedetti, traducida por Francisco Pillado, *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó son as obras presentadas e brevemente resumidas.

- M. Otero, 'O teatro impreso en papel', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 6.

Faise referencia á nova publicación por Xerais de tres novos títulos de teatro que aparecen en "Os libros do Centro Dramático Galego": a obra gañadora do "Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro" de 2002, *Molière final* de Roberto Salgueiro, *Niquiñaque. O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti, traducido por Francisco Pillado.

Pillado Maior, Francisco, *Fígaro ou a inútil precaución. Libreto de comedia baseado en O Barbeiro de Sevilla de P. C. de Beaumarchais*, introd. de Xesús González Gómez, A Coruña: Edicións Espiral Maior, maio 2003, col. Espiral Maior Teatro, nº 3, 114 pp. (ISBN: 84-95625-65-2).

Edición do texto teatral *Fígaro ou a inútil precaución*, de Francisco Pillado (A Coruña, 1941), versión da obra *O barbeiro de Sevilla*, de Pierre Caron de Beaumarchais. A obra vai precedida dunha breve introdución firmada por Xesús González Gómez que leva por título "Francisco Pillado como iniciador e dramaturgo". Nela salientase o intenso labor que o autor vén desenvolvendo como dinamizador cultural en distintos eidos, especialmente no teatral. Ademais no prólogo sinálanse as diferenzas e os acertos do texto de Pillado respecto do modelo francés do que é versión. O texto de Pillado responde ás convencións da comedia amorosa e de enredo ao manter os personaxes tipo destas obras e desenvolver os tópicos argumentais e temáticos do vello ciumento que é burlado polos mozos namorados. Os protagonistas son os habituais nas comedias de enredo: o triángulo amoroso composto pola fermosa moza Rosa Guzmán, o vello Bartolo que a pretende e o namorado Conde de Almaviva. Ao seu carón os cómplices que toman parte nas intrigas amorosas Fígaro, Basilio e a criada. Mediante enganos Fígaro e o Conde conseguen vencer a "inútil precaución" de Bartolo coa mediación final do xuíz. As argucias de Fígaro e o Conde, os equívocos, o recurso ao disface, a confusión de identidades, o humor e as ironías nos diálogos cheos de dobres intencións proporcionan un ritmo dinámico e lúdico á comedia que é subliñado ademais co importante papel da música e as cancións.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'O Barbeiro de Sevilla en libreto de comedia...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 322, 'Librería galega', 26 xullo 2003, p. 2.

Despois de recoñecer o importante papel desempeñado por Francisco Pillado Mayor como dinamizador do sistema teatral galego, retoma algunhas ideas do limiar á obra de Xesús González Gómez e sinala como características e calidades fundamentais da peza a conservación dos catro actos orixinais da obra de Beaumarchais, aínda que coa alteración e supresión dalgunhas escenas; a eliminación de personaxes sen importancia; a modificación e o descarte de diálogos que poderían resultar pouco claros hoxe; e a depuración na peza da apoloxía de Fígaro presente na orixinal. Finalmente o crítico pon de relevo o carácter galego da expresión e o facer dos personaxes.

Referencias varias:

- S. J., 'Espiral Maior editará toda a obra dramaturxica de Manuel María ', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 17 marzo 2003, p. 67.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- C.F., 'Espiral Maior presenta a súa nova colección de textos teatrais', *La Voz de Galicia*,

'Cultura', 19 xuño 2003, p. 46.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- Carmen Villar, 'Espirál Maior únese á promoción do xénero dramático cunha colección de teatro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 19 xuño 2003, p. 48.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- Maré, 'Teatro para lectores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2003, p. 52.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- C.V., 'Teatro para ler na nova colección de Espiral Maior', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 25.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- Manuel F. Vieites, 'Espirál Maior Teatro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Teatro', 25 setembro 2003, p. VIII.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- N.V., 'Espirál Maior reivindica o xénero literario do teatro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 14 novembro 2003, p. 19.

Ver Lourenzo, Manuel, *A larva furiosa/Adeus Madelón*, neste mesmo apartado do *Informe*.

Prieto Roca, José Luis, *Monólogo do imbecil/Jánsel e Pónsel*, Premio Max de Teatro 2003, Ferrol: Edicións Embora, decembro 2003, col. Teatro, 93 pp. (ISBN: 84-95460-29-7).

Volume que recolle as pezas teatrais *Monólogo do imbecil*, "Premio Max de Teatro" 2003, e *Jánsel e Pónsel* de José Luís Prieto Roca (Narón, 1967). Na primeira un Santi relátanos a súa historia mediante o emprego do monólogo, como reza o título, dende que era un espermatozoide, empregando un peculiar punto de vista. A trama argumental comeza cando estaba dentro dos testículos do seu proxenitor, logo continúa dentro do útero materno e despois como persoa humana, dende que era un bebé até que foi un adolescente, que abandonou os estudos, pasou por diversos traballos, incluído o de traballar como a mascota Naranjito, pasando tamén polo cárcere e que acabou casado. O final é bastante impactante. Chama a atención que se mencionan diversos momentos históricos como o Mundial de Fútbol, a caída do Muro de Berlín, a primeira vez que o home pisou a Lúa, etc. A segunda das pezas *Jánsel e Pónsel* é un diálogo entre esas dúas personaxes ao longo de sete actos nos que, como indican no primeiro, "Presentación", realizan "un repaso á evolución da vida viaxando polas diferentes etapas..." dende "O principio", "A vida acuática", "A orixe do homo sapiens", "A vida primitiva", "As civilizacións" até "O presente e o futuro" de xeito

"lúdico-didáctico-recreativo-neurótico".

Salgueiro, Roberto, *Molière final*, Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro 2002, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, 2003, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 36, 62 pp. (ISBN: 84-453-3578-2) (ISBN: 84-9782-015-0).

Peza de Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) coa que acadou o "Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2002" e na que a acción se centra na noite inmediatamente posterior á morte do dramaturgo francés Jean-Baptiste Poquelin, máis coñecido como Molière. Desenvólvese a trama arredor da situación límite na que nese intre se atopan as persoas máis próximas a el. A obra ten unha estrutura de dez escenas breves que flutúan entre tres escenarios diferentes: a casa de Molière, a casa de Lulli e a rúa. Os personaxes presentes na obra son o Baron, Armanda, La Grande, Monfleury e Lulli.

Referencias varias:

- E.P., 'Editan 'Moliere Final' de Roberto Salgueiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 novembro 2003, p. 42.

Menciónase a publicación polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Edicións Xerais de Galicia da obra de Roberto Salgueiro *Molière final*, sendo o número trinta e seis da colección de teatro "Os libros do Centro Dramático Galego", onde se amosa a noite posterior á morte do famoso dramaturgo francés. Dise que a obra subirá aos escenarios da man da compañía Talía Teatro. Refíresenos, ademais as outras obras do mesmo autor gañadoras do mesmo premio: *O arce do xardín* (1998) e *Eliana en ardentía* (2000), xunto coa publicación dentro desta colección de *Niquiñaque. O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti.

- Xosé M. Eyré, 'Teatro para ler', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 26.

Xosé M. Eyré comeza a súa proposta de lectura de catro pezas teatrais constatando o abandono que sofre o xénero teatral lido. *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó, a tradución ao galego da obra *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti, e *Molière final*, de Roberto Salgueiro, son as pezas suxeridas das que Eyré ofrece un pequeno resumo argumental.

- M. Otero, 'O teatro impreso en papel', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 6.

Faise referencia á nova publicación por Xerais de tres novos títulos de teatro que aparecen en "Os libros do Centro Dramático Galego": a obra gañadora do "Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro" de 2002, *Molière final* de Roberto Salgueiro, *Niquiñaque. O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti, traducido por Francisco Pillado.

- S.R., 'Os libros do Centro Dramático', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 342, 'Libros', 13 decembro 2003, p. 2.

Dá conta da aparición de tres novos volumes da colección "Os libros do Centro Dramático Galego" que Xerais e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) editan conxuntamente. *Molière Final* de Roberto Salgueiro, *Pedro e o Capitán* de Mario Benedetti, traducida por Francisco Pillado, *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó son as obras presentadas e brevemente resumidas.

Salgueiro, Roberto, *Apnea. Traxedia contemporánea para cinco intérpretes*, A Coruña: Baía Edicións, setembro 2003, col. Baía teatro, nº 6, 50 pp. (ISBN: 84-96128-26-1).

Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) achéganos un texto lírico no que participan cinco personaxes: Home que salta á comba, Bailarina, Boneca do XVIII francés, preciosa e esbranquecida, Home do XIX con paraugas aberto e Pai. A través destas páxinas fáisenos unha crítica á sociedade do século XX partindo da intolerancia e represión dunha guerra ou unha ditadura que levan incluso aos fusilamentos, como é o caso do Pai asasinado que lle pide á súa filla, a través de cartas, que nunca esqueza o pasado por moito que este se intente borrar. O Home do XIX con paraugas aberto representa esa mentalidade ditatorial. A Bailarina é a muller orfa que só desexaba na vida ter a figura duns pais nos que refuxiarse. O Home que salta á comba rexeita a sociedade na que vive, síntese fracasado e preso das dúbidas. A Boneca do XVIII francés, preciosa e esbranquecida mostra a vida de París, unha cidade que considera agradábel até que lle mostra a cara da pobreza e a emigración. A peza remata coa xustaposición de ideas, a do Home que salta á comba desexando un mundo mellor, menos automatizado, sen guerras e co dereito á liberdade, fronte ao Home do XIX que está seguro da súa vitoria, pois non vai permitir un cambio de sociedade.

Vidal Bolaño, Roberto, *Integral*, Ferrol: Edicións Embora □, 2003, col. Teatro, 101 pp. (ISBN: 84-95460-23-8).

Teatro dentro do teatro que rolda o esperpento de Valle-Inclán. Dous homes de provincias aproveitan a súa estadía na cidade para presenciar un espido nun vello cabaré. Unha vez alí son enganados por uns personaxes que aparentan ser máis ben pantasma do pasado esplendoroso daquel local, ao que agora non entra nin unha alma. Estes entreteñen aos dous clientes coas súas conversas. Alí saen as historias das súas vidas, algunha máis que patética. A frustración, a angustia, o rancor, as teimas ocultas ou as ilusións non cumpridas teñen cabida aquí. O espectáculo que agardan demora demasiado e a paciencia dos provincianos acábase, tendo lugar un desenlace curioso. Cando estes marchan, os do cabaré dispóñense a realizar de novo outra actuación como aquela, todo fora unha farsa. A obra adáptase á regra das tres unidades e nela subxace unha crítica social, adobiada coa ironía máis fina e o humor máis sarcástico.

Recensións:

- Camilo Franco, 'Liñas entrecruzadas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Letras en galego', 7 xuño 2003, p. 7.

Sinala que a obra se desenvolve entre "a imprecisa circunstancia beckettiana e a corrosión sobre a realidade que produce o esperpento". Así mesmo, tras destacar a compoñente humorística, apunta que este teatro responde a unha "revisión da sociedade", coidando que no seu "fondo metafórico" se agachan alusións á situación política do momento. Por último, afirma que a peza está na liña doutras de seu.

Vidal Bolaño, Roberto, *Animaliños*, edición e introdución de Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro e Manuel Quintáns Suárez, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, abril 2003, col. Follas de Teatro, nº 4, 172 pp. (ISBN: 84-85385-77-2).

Este libro, *Animaliños*, do desaparecido dramaturgo galego Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), constitúe a primeira publicación en papel da peza do mesmo nome que fora estreada no Auditorio Municipal de Narón en marzo de 2002. O volume ábrese cun extenso capítulo introdutorio a cargo dos editores. Así, e en primeiro lugar, o propio director da colección "Follas de teatro", Luís Alonso Girgado, ofrece uns apuntes biográficos acerca de Vidal Bolaño. Pola súa banda, Teresa Monteagudo Cabaleiro ocúpase das achegas teatrais e cinematográficas do autor. Por último, Manuel Quintáns Suárez indaga na relación entre tradición e modernidade na produción teatral de Vidal Bolaño. Esta introdución complétase cunha ficha en que se repasa a bibliografía e mais unha relación dos espectáculos, festivais, premios e nominacións do escritor. En canto ao texto de *Animaliños*, que aparece estruturado en trinta e dúas "variacións" ou partes, preséntanos as tribulacións dunha serie de personaxes (designados como El, ELA, O TIPO RARO, O TIPO E A TIPA NORMAIS, etc.) que teñen que facer fronte a unha praga de caracois que ameaza con destruír os seus amados xardíns. Esta obsesión levaos a adoptar solucións drásticas. Sobre tal liña argumental, e con grandes doses de sarcasmo, o autor aborda algúns dos motivos e teimas máis presentes na sociedade actual, desde os problemas de parella até a reclusión e esquecemento no que viven os anciáns.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Teatro total', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Libros', 8 maio 2003, p. IV.

Fai un repaso pola produción dramática de Roberto Vidal Bolaño, salientando as súas múltiples facetas e afán renovador, que o sitúan, segundo afirma, como un autor fundamental no período democrático. A continuación céntrase en *Animaliños*, e na edición realizada por Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo e Manuel Quintáns. Requeixo considéraa como "o primeiro estudio integral sobre *Animaliños*", e salienta a súa exhaustividade, precisión e singularidade no panorama do teatro galego actual.

- Camilo Franco, 'Animais somos nós', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Letras en galego', 12 xullo 2003, p. 6.

Refírese á publicación de *Animaliños*, obra de Roberto Vidal Bolaño. Sinala, en primeiro lugar, que o mesmo feito da edición en libro da peza constitúe un síntoma de que o autor está a ser canonizado. A seguir, destaca os estudos preliminares de Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo e Manuel Quintáns que preceden ao texto. Indica despois que esta obra constitúe a última comedia dunha triloxía paródica, e que nela se reflicten as obsesións e a deshumanización propias dos últimos tempos. Conclúe, finalmente, que, cun certo sentido do esperpento, o que o autor nos transmite a través desta peza é que "os animais somos nós".

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, 'De mitos, reinos y leyendas', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 14 abril 2003, p. 72.

Ademais de mencionar algúns mitos como o do rei Arturo e lendas como a de Inés de Castro, que están na memoria colectiva de todos, recomenda libros, discos e direccións de internet. Nestes últimos apuntamentos menciona a edición de *Animaliños*, texto inédito de Vidal Bolaño que, segundo indica, é un luxo para todos os que aprecian a súa obra ou colaboraron con el nalgún momento.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Taxes, Francisco, **Vidal Bolaño**, Roberto, *Daquel abrente*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, marzo 2003, col. Centro Dramático Galego, nº 30, 253 pp. (ISBN: 84-453-3503-0).

Daquel Abrente é o nome da proposta escénica conmemorativa do proceso de profesionalización do teatro galego que foi estreada polo Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago de Compostela en marzo de 2003. Este volume contén os textos das dúas obras que formaron parte deste espectáculo: *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, e *O velorio*, de Francisco Taxes. Ademais, como é habitual nesta colección, inclúense dous apartados de información sobre a montaxe e os contextos escénico e literario da escrita de ambas as dúas obras. No primeiro deles, achégaselle ao lector diverso material gráfico e textual que inclúe un traballo do director do espectáculo, Francisco Simón, titulado "Daquel Abrente". Nel resume e dispón cronoloxicamente os pasos e as decisións dramatúrxicas que definen a súa montaxe insistindo en que, se ben ambas as dúas pezas comparten a crítica contra o abuso do poder e a modalidade farsesca como temática e vehículo expresivo comúns, a premisa fundamental do espectáculo foi a de manter e respectar a singularidade das dúas pezas.

O apartado de corte histórico denominado "O contexto" está composto por dous traballos. O primeiro deles "Homenaxe na lembranza. (...E a utopía foi posible)", de Miguel Á. Gómez Segade, constitúe un testemuño de primeira man dun dos organizadores da Aula de Teatro Universitario de Santiago de Compostela no seo da cal se estrearon as dúas obras. Gómez Segade fai unha crónica do acontecemento, lembra o proceso de profesionalización

das compañías Antroido e Troula, responsábeis da montaxe de *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio* respectivamente, e avalía o impacto crítico das dúas representacións. O segundo traballo, máis extenso, que antecede aos textos do espectáculo corre a cargo de Pedro P. Riobó e leva por título "O velorio de Laudamuco, señor de ningures. Crónica dunha transición contada a miña maneira". Como indica o subtítulo o estudo baséase tamén na valoración persoal de Riobó como testemuña directa do proceso de nacemento do teatro profesional galego. O papel fundamental que xogou a Asociación Cultural Abrente e a súa consolidación como plataforma excepcional do teatro galego a través da organización da Mostra de teatro e do Concurso de textos teatrais Abrente é analizado polo miúdo neste traballo. Riobó, despois de lembrar os primeiros e voluntariosos intentos realizados anos antes para conseguir apoios institucionais que consolidasen o proceso de normalización do escenario teatral galego, sinala os principios fundacionais da Mostra, repasa o difícil e laborioso camiño percorrido dende a súa creación en 1972 até a súa desaparición en 1980, e salienta as conquistas acadadas nas tarefas de recuperación do teatro galego dentro da cadea de transformacións denominadas polo autor "efecto Abrente". Finalmente, o traballo péchase con dous apartados dedicados a describir a traxectoria dos dramaturgos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes, analizando con maior detención as obras da montaxe arriba nomeadas, nun nivel xeral, no contexto dramático da época, e nun nivel máis particular na produción dramática e artística de ambos os dous autores. *Laudamuco, señor de ningures* é unha mostra do trágico final que lle espera a aqueles axentes que exercen o poder absoluto dende instancias unipersoais, non sancionadas polo pobo, que poden rematar, como acontece na obra, co levantamento radical do oprimido que é quen de inverter a orde das cousas. O rei Laudamuco, figura rebaixada e denigrada, é o personaxe que representa este poder deturpado de raizame falsamente divina. A condena a morte de Laudamuco, o seu confinamento nun espazo impropio dos membros da realeza e a privación dos seus privilexios é a situación dramática que dá corpo á tese da obra, e propicia a escenificación dun grotesco acto carnavalesco no que o rei destronado tenta soste unha patética ilusión de normalidade que revela a baixeza e a covardía do personaxe, incapaz de enfrontarse á realidade, e a alienación de Rouco dominado pola súa condición de escravo. A morte indigna do rei e o suicidio do seu servo que renuncia á liberdade representada na obra pola súa muller Minia, portavoz na escena do pobo, é o patético final daqueles que exercen o poder tiránico e tamén daqueles outros que se subxugan a el. *O Velorio* de Francisco Taxes (A Coruña, 1940) é unha traxedia rural que desenvolve tamén o tema universal do poder e da dominación nas relacións sociais. Malia a historia estar recreada nun contexto histórico-social moi preciso, a Galiza rural subxugada pola figura incontestábel do cacique, Taxes trascende este escenario ao conxugar elementos característicos desta realidade (ceremoniais e comportamentos rituais), con condutas e reaccións intemporais desenvolvidas polo home sometido aos abusos do poder e privado de liberdade. A obra presenta a noite do velorio do cacique do pobo polos seus fillos, veciños, xornaleiros e prañideiras. Nunha atmosfera desacougante, tanto pola climatoloxía da noite como polo estado anímico dos personaxes, a reunión de honra, acompañamento e pésame polo defunto, convértese nun acto de profanación, vinganza e morte. Aqueles que foron vítimas dos abusos do cacique, axudados polo efecto desinhibidor do alcohol, asasinan aos fillos de Don Xurxo, representantes e continuadores xa que logo da tiranía familiar. A explosión incontrolada dos que padeceron os abusos do cacique ilustra as consecuencias trágicas e impredecíbeis que a dominación e a explotación desperta no individuo que, organizado nun grupo xusticeiro e incontrolado, transfórmase nun ser atávico, dominado

por instintos animais e primitivos.

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Benedetti, Mario, *Pedro e o capitán* (*Pedro y el capitán*, 1986), trad. Francisco Pillado Maior, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, 2003, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 37, 59 pp. (ISBN: 84-453-3580-4) (ISBN: 84-9782-016-9).

Estamos perante a versión galega de *Pedro y el capitán* do uruguaio Mario Benedetti (Uruguai, 1920). Comeza cun prólogo de Mario Benedetti, datado en 1979, no que sinala que esta obra, a pesar de ser concibida nun principio como unha novela que pensaba titular *El cepo*, acabou rematando na presente peza dramática. *Pedro e o capitán* é unha obra de teatro con dous únicos personaxes -localizados nunha sala de interrogación-, un militar torturador e un preso político de esquerda torturado, Pedro. Está xebrada en catro actos e en conxunto representa unha crúa reflexión sobre a violencia dos réximes políticos ditatoriais onde tamén se fai unha achega á problemática moral da tortura.

Referencias varias:

- E.P., 'Editan 'Moliere Final' de Roberto Salgueiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 novembro 2003, p. 42.

Menciónase a publicación polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Edicións Xerais de Galicia da obra de Roberto Salgueiro *Molière final*, sendo o número trinta e seis da colección de teatro "Os libros do Centro Dramático Galego", onde se amosa a noite posterior á morte do famoso dramaturgo francés. Dise que a obra subirá aos escenarios da man da compañía Talía Teatro. Refíresenos, ademais as outras obras do mesmo autor gañadoras do mesmo premio: *O arce do xardín* (1998) e *Eliana en ardentía* (2000), xunto coa publicación dentro desta colección de *Niquiñaque*. *O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti.

- Xosé M. Eyré, 'Teatro para ler', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 26.

Xosé M. Eyré comeza a súa proposta de lectura de catro pezas teatrais constatando o abandono que sofre o xénero teatral lido. *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó, a tradución ao galego da obra *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti, e *Molière final*, de Roberto Salgueiro, son as pezas suxeridas das que Eyré ofrece un pequeno resumo argumental.

- M. Otero, 'O teatro impreso en papel', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 6.

Faise referencia á nova publicación por Xerais de tres novos títulos de teatro que aparecen

en "Os libros do Centro Dramático Galego": a obra gañadora do "Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro" de 2002, *Molière final* de Roberto Salgueiro, *Niquiñaque. O último roedor* de Cándido Pazó e *Pedro e o capitán* de Mario Benedetti, traducido por Francisco Pillado.

- S.R., 'Os libros do Centro Dramático', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 342, 'Libros', 13 decembro 2003, p. 2.

Dá conta da aparición de tres novos volumes da colección "Os libros do Centro Dramático Galego" que Xerais e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) editan conxuntamente. *Molière Final* de Roberto Salgueiro, *Pedro e o Capitán* de Mario Benedetti, traducida por Francisco Pillado, *Niquiñaque* e *O último roedor* de Cándido Pazó son as obras presentadas e brevemente resumidas.

Shakespeare, William, *Romeo e Xulieta. O rei Lear (Romeo and Juliet. King Lear)*, trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia □, outubro 2003, Fundación Caixa Galicia, 2003, col. Clásicos Universais. Biblioteca William Shakespeare, nº 2, 291 pp. (ISBN: 84-8288-625-8) (ISBN: 84-95491-82-6).

Miguel Pérez Romero verte ao galego neste volume dúas das traxedias máis coñecidas de William Shakespeare (Stratford-upon-Avon 1564-1616). A tradución de *Romeo e Xulieta* está precedida dunha "Nota preliminar" na que se nos informa da transmisión textual desta obra escrita orixinalmente en 1594 ou 1595 e estreada un ano despois. Pérez Romero sinala que toma como base a edición de G. Blackmore Evans (1984), aínda que afirma seguir nalgúns casos o seu propio criterio, guiado polas edicións de T. J. B. Spencer (1967), Brian Gibbons (1980), e Stanley Wells e Gary Taylor (1988). O argumento da obra desenvolve a historia de dúas poderosas familias, os Capuleto e os Montesco, que tinxen de sangue as rúas de Verona coas súas disputas. Durante o carnaval, o mozo Romeo, fillo do xefe dos Montesco, asiste disfrazado a un baile celebrado na casa do xefe dos Capuleto coa intención de atopar na festa a Rosalina, da que está namorado. Mais esquécease ao ver a Xulieta, filla dos donos da casa, da que fica namorado. Xulieta, tras falar brevemente con Romeo, tamén se namora del. No seu seguinte encontro intercambian xuramentos de amor eterno e, conscientes do obstáculo infranqueábel que supón o odio entre as súas familias, deciden acudir a frei Lourenzo para que os case en segredo. Este acepta, confiando en que iso sirva para reconciliar as dúas familias. Mais tras o casamento Romeo vese envolto nunha pelexa e acaba matando un Capuleto, o que provoca que o príncipe de Verona o desterre. Os pais de Xulieta, sen saber que esta casara con Romeo, pretenden obrigala a casar con Paris. Para evitalo, a moza acude a frei Lourenzo, quen lle dá unha apócema que a fará pasar por morta durante uns días, indicándolle que cando esperte no sepulcro el e Romeo estarana agardando para poderen fuxir xuntos. Mais Romeo recibe a noticia da súa morte antes que a carta de frei Lourenzo na que lle explica o plan, e corre a Verona decidido a ver por última vez á súa amada e morrer canda ela. No sepulcro de Xulieta atópase con Paris, ambos discuten e Romeo acaba matándoo. Ao abrir a tumba e ver o corpo de Xulieta suicídase tomando un veneno, e cae morto sobre o corpo desta. Nese momento chega frei Lourenzo para recoller a Xulieta, que está a piques de espertar do seu letargo. Cando esta ve o cadáver de Romeo e comprende polas palabras do frade o que sucedeu, mátase cravando a daga do seu amado. *O rei Lear*, composta en 1605, publicouse

por vez primeira en 1608, reimprimiuse en 1619 con algunhas revisións, e na edición de 1623, que reúne toda a obra dramática de Shakespeare, aparece un texto moi revisado. Na "Nota preliminar" que precede a tradución explícanse as diferentes solucións que toman as edicións modernas, e Pérez Romero indica que toma como base para o seu traballo a edición de Jay L. Halio (1992), baseada na última aínda que aceptando lecturas das anteriores, e que publica en apéndice as pasaxes que só constan na edición de 1608. Ao longo de cinco actos cóntasenos a historia do rei Lear, quen sentíndose vello e canso decide dividir o seu reino entre as súas tres fillas, e para decidir qué parte lle dar a cada unha como dote, pídelles que lle digan canto o aman, e a que máis o ame será a que quede coa mellor parte do reino. As dúas máis vellas, Goneril e Regan, adulan hipócrita e desmesuradamente o seu pai, mentres que Cordelia, a máis nova e favorita do rei, é sincera e dille que o ama como unha filla a un pai, nin máis nin menos. Anoxado coa resposta, Lear renega da súa filla e deshérdaa, repartindo a súa parte entre as outras dúas fillas e deixándoa sen dote. Kent, o seu máis leal servente, tenta facelo entrar en razón e defende a Cordelia, polo que é desterrado. Axiña o rei Lear descubrirá que as declaracións de amor das súas fillas máis vellas non eran máis que mentiras oportunistas, pois ao se faceren co poder comezan as intrigas para se desfaceren do pai. Desprezado e rexeitado por estas, que se negan a darlle cobixo, Lear vese obrigado a vagar polo campo e remata por perder o xuízo. Cordelia ao saber da situación regresa co exército do seu marido para tentar restaurar ao seu pai no trono. Paralelamente teñen lugar outras tramas secundarias que se van entrelazando coa de Lear, como a do conde de Gloucester. Este é enganado polo seu fillo ilexítimo, Edmund, que lle fai pensar que o seu outro fillo, Edgar, quere traizoalo. Edgar vese obrigado a fuxir para salvar a vida. Edmund, cobizoso de poder, conspirará tanto con Goneril coma con Regan, que acabarán matándose unha á outra pola súa causa, para se facer co trono. Así chega a prender o seu pai Gloucester por apoiar os plans de Cordelia. Gloucester é cegado e expulsado do seu castelo, condenado a vagar polos bosques como un mendigo. Alí atopase co seu fillo lexítimo, Edgar, quen facéndose pasar por un tolo para que non o recoñezan, coida do seu pai e impide que se suicide. Cando Edgar lle revela a súa verdadeira identidade, o corazón de Gloucester non o resiste e morre. Finalmente Edgar consegue desenmascarar o seu irmán, e xunto con Kent frustran os plans dos traidores. No entanto, non chegan a tempo de evitar a morte de Cordelia. Lear ao saber da morte da súa filla non pode soportar a culpa e a tristura e morre.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Gorentar a Shakespeare e poder facelo galego', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 decembro 2003, p. 3.

Coméntase que un dos moitos méritos da Editorial Galaxia é o de verter sistematicamente ao galego as grandes obras da literatura occidental de todos os tempos en coleccións como "Obras Universais" ou a "Biblioteca Sherlock Holmes". Así considérase un luxo a aparición da "Biblioteca Shakespeare", tendo en conta que a maioría das traducións ao galego que se publican cada ano corresponden a obras "insubstanciais" de literatura infantil destinadas a satisfacer o mercado de lecturas obrigatorias. Indícase que o primeiro volume co que bota a andar esta nova colección, en tradución de Miguel Pérez Romero, inclúe a comedia *Noite de reis* e mais *A tempestade*, da que sinala que quizais sexa a derradeira obra xenial do autor. O segundo volume, no que se centra a recensión, está composto por *Romeo e Xulieta*

e *O rei Lear*, unha das grandes obras de madurez do dramaturgo inglés. Faise un breve percorrido pola atención que a crítica lle prestou a Shakespeare ao longo da historia, desde Ben Jonson a Harold Bloom, quen afirma que "Shakespeare é o canon occidental". Sinálase que a maioría das súas obras seguen a ser representadas e constitúen unha fonte de inspiración para numerosos experimentos teatrais. Saliéntase o profundo coñecemento da natureza humana que comunican e a habelencia no emprego da linguaxe poética e dos recursos dramáticos. De *Romeo e Xulieta* indícase que é unha historia de amor imposible que remata coa morte dos amantes, paradigma da traxedia amorosa ao lle daren corpo estes adolescentes de Verona á paixón por excelencia, aquela que non se moldea ás ordes e consellos e quere configurar o mundo á súa medida. Alúdese ao xuízo de W. H. Auden para salientar que a peza non versa só sobre as relacións amorosas senón que tamén é o retrato dunha sociedade na que os seus integrantes regulan e xulgan a conduta segundo o parámetro da "bela e bruta figura". De *O rei Lear* apúntase que é a máis radical e estarrecedora das obras de Shakespeare, na que se narra con crueza unha experiencia extrema de loucura, dor e destrución. Afirmase así mesmo que a obra é a máis fonda reflexión sobre a natureza humana que produciu o teatro, abordando cuestións como a verdade, a mentira e a manipulación das mentes polo poder, de aí a súa contemporaneidade.

Referencias varias:

- MARÉ , 'Agatha Christie en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 42.

Ver Christie, Agatha: *Dez negriños*, neste mesmo apartado do *Informe*.

- R. García e X. Fraga, 'Unha nova colección permite ler en galego as obras de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 61.

Anúncianse os novos títulos traducidos ao galego por parte de varias editoriais, comezando pola estrea dunha nova colección dedicada aos clásicos universais na Editorial Galaxia que acolle na súa primeira entrega dúas obras de Shakespeare e que pretende traducir obras fundamentais da historia da literatura. Recóllense as palabras do profesor Miguel Pérez Romero, tradutor de Shakesperare, que sinala a dificultade de trasladar a este autor ao galego polos seus xogos de palabras e os termos de dobre sentido que emprega. Infórmase tamén dos títulos editados por Sotelo Blanco, *Tifón*, de Joseph Conrad, traducido por Xavier Queipo e *O proceso*, de Kafka, traducido por Luís Fernández Rodríguez, que manifesta que o estilo deste autor é moi repetitivo e representa unha tentación corrixilo. Finalmente, da editorial Tris Tram, menciónanse a tradución de poemas de Robert Louis Stevenson, Apollinaire e Edward Lear, labor realizado por Pepe Coira en colaboración con Guillermo Martínez nos últimos dous libros.

- M.B., 'É o nacente, e Xulieta o sol', *La Opinión*, 'Cultura', 16 novembro 2003, p. 59.

Infórmase de que Galaxia inaugura a "Biblioteca Shakespeare" dentro da súa colección "Clásicos Universais", coa que se pretende achegar o universo literario do dramaturgo inglés ao lector galego. Sinálase que este volume inclúe dous dos dramas máis significativos do autor, traducidos por Miguel Pérez Romero: *Romeo e Xulieta* e *O rei Lear*. O primeiro polo seu éxito e popularidade, e o segundo por ser un dos cumios da

filosofía e da utilización da linguaxe que saíron da pena de Shakespeare. Indícanse cales foron as edicións empregadas por Pérez Romero como base do seu traballo e salientase que o tradutor trate de solucionar no propio texto os dúplos sentidos e xogos de palabras dos orixinais, evitando así recorrer a notas a pé de páxina que obstaculicen a lectura. A seguir, caracterízase *Romeo e Xulieta* como unha extraordinaria historia de amor cunha trama apaixonante e enxeñosos diálogos, e *O rei Lear* como a grande traxedia na que a subversión de todos os valores fai percibir con nitidez a presenza do absurdo na cerna mesma da vida. Finalmente dise que *Noite de reis* e *A tempestade* conforman o segundo tomo da "Biblioteca Shakespeare", que pretende acadar tanto éxito como a "Biblioteca Agatha Christie", da que tamén se acaban de editar novas entregas.

Shakespeare, William, *Noite de Reis. A tempestade* (*Twelfth Night, or What You Will. The Tempest*), trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia/Fundación Caixa Galicia □, outubro 2003, col. Clásicos Universais. Biblioteca William Shakespeare, nº 1, 216 pp. (ISBN: 84-8288-624-X)(84-95491-81-8).

Tradución das obras de William Shakespeare (Stratford-upon-Avon, 1564-1616) *Noite de Reis* e *A tempestade* realizada por Miguel Pérez Romero. A primeira recrea unha historia na que Viola chega a unha praia descoñecida e, disfrazada de home entra ao servizo do duque de Orsino que á súa vez se adica ao galanteo de Olivia, herdeira de Iliria. O duque pide ao falso varón que interceda por el diante de Olivia e esta queda namorada de Viola. Así comeza unha sucesión de equívocos que se suceden durante toda a obra. *A tempestade* arranca cunha forte tormenta desencadeada por Próspero, duque lexítimo de Milán ao que o seu irmán usurpou o poder expulsándoo do ducado a unha illa deserta coa única compañía da súa filla Miranda. Alí adícase ao estudo do cosmos e reúne o esencial para a obra alquímica da transmutación. Finalmente todo volverá ao seu lugar conformándose a harmonía do mundo. Trátase dunha tradución que tenta conservar un ton discursivo semellante ao do autor orixinal, sen adaptar a un rexistro distinto as palabras proferidas polos personaxes, tentando manter a métrica que en moitas pasaxes caracteriza a escrita de Shakespeare e mantendo un seguimento fiel das obras orixinais.

III.4. POSTAS EN ESCENA

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Ciclo de teatro afeccionado do Morrazo

Organizado pola Asociación Cultural A Cepa, ten por obxectivo reunir todos os grupos de expresión dramática da comarca e ofrecer aos amadores deste xénero artístico a posibilidade de presenciar o teatro de recreación máis próxima. As actuacións desta primeira edición tiveron lugar no Auditorio Municipal de Cangas os venres a partir das dez e media da noite e celebráronse entre o 3 de maio e o 14 de xuño. A inauguración do ciclo correu a cargo da Compañía Avresno coa peza *As árbores morren en pé*, despois da lectura

do pregón feita polo actor Celso Parada.

IIª Mostra de teatro afeccionado de Poio

Organizada por primeira vez pola Concellaría de Asuntos Sociais do Concello de Poio, busca a promoción das artes escénicas no municipio. Ten como escenario o salón do Centro Social da Casa Rosada. Celebrouse durante os meses de marzo, abril e maio, sendo inaugurada o día 3 de marzo polo grupo Avante de Sanxenxo con *Historia de María atrapada* e *Casados de pouco*, ao que lle seguiron Fonte da Tella con *O achado do castro*, a Asociación de Mulleres de Moaña con *Pic-nic*, o grupo Expresión con *Queridos Reis Magos*, o grupo Casa da Bola de Cangas con *Sala de espera*, a Mimosa de Monte Porreiro con *Pánico en casa Pepe* e pechou a mostra o grupo do Centro de Servizos Sociais de Poio con *Triste chegada*.

IVª Mostra "Teatro no Camiño" de teatro amator de Palas de Rei

Organizada polo Grupo Metátese tenta mostrar o traballo dos grupos afeccionados galegos e foráneos que participan en cada edición. No ano 2003 celebrouse en agosto na Casa da Cultura desta localidade luguesa en sesións ás 22:00 horas. Contou coa presenza de grupos foráneos como Blas de Otero de Madrid e entre os galegos participaron: a Asociación de Amas de Casa de San Tirso con *Taberna sen dono*, Candelexas con *O Tremoeiro* e Falcatrueiros.

Referencias varias:

- Francisco de Gracia, 'Teatro y diversas historias veraniegas', *El Progreso*, 'De actualidad', 6 agosto 2003, p. 72.

Fálase desta mostra de teatro amator organizada polo grupo Metátase en colaboración con outros organismos e que se celebra en Palas de Rei. Cítanse algunhas das obras que participan no certame.

IIª Mostra "Teatro en Galicia" de Lugo

Celebrada por primeira vez no ano 2002, está organizada pola Área de Benestar Social da Concellaría de Cultura e Educación do Concello de Lugo. Tivo lugar entre o 22 e o 26 de abril en sesións que comezaron ás oito e media da tarde e que tiveron lugar no Auditorio Municipal Gustavo Freire e no Centro Social Municipal Uxío Novoneyra. As compañías participantes foron: o luns 22 de abril inaugurou a Companhia Internacional de Teatro Arte Livre coa peza *Isadora Duncan*; o martes día 23 actuou Sarabela Teatro con *Romance de Micomicón a Edhelala*; o mércores 24 foi Volta e Dálle Teatro con *¡Furga garabela!*; o xoves 25 Teatro Maltés con *Fillo do rigor*; e pechou as actuacións da semana Nove-Dous con *Rexurdimento: Coplas de cego* que subiu ás táboas o venres 26 de abril.

IIIª Mostra de teatro clásico de Lugo

Organizada por primeira vez en 2001 pola Área de Benestar Social da Concellaría de Cultura e Educación do Concello de Lugo, a partir de 2002 contou coa colaboración do grupo de teatro Achádego e o patrocinio nalgunha das súas obras da Fundación Caixa Galicia. A edición de 2003 celebrouse do 13 ao 19 de xaneiro en sesións que se levaron a cabo ás 20:30 horas no Auditorio Municipal "Gustavo Freire" e no Centro Social Municipal "Uxío Novoneyra". As compañías foráneas participantes foron Teatro Corsario de Valladolid, Morboria Teatro, Producciones Inconstantes Teatro, Alquibla e Histrión Teatro, mentres que a representación galega correu a cargo de Achádego Teatro que representou a peza *A mandrágora* e que clausurou a mostra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Máis de catro mil espectadores asistiron á Mostra de Teatro Clásico', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 20 xaneiro 2003, p. 75.

Dá conta das representacións de grupos foráneos que se levaron a cabo nesta mostra.

IVª Mostra de teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"

Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellaría de Cultura de Gondomar, baixo o patrocinio de Caixanova e Plastic Onium, esta iniciativa enmárcase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade, que dende o ano 2001 se diferenciou en "Mostra de Teatro de Primavera" e "Mostra de Teatro de Outono". Conta co patrocinio da Xunta de Galicia, Caixanova e a empresa Inergy e ten como escenario o Auditorio Lois Tobío desta localidade pontevedresa. En 2003, a mostra de primavera celebrouse entre o 8 e o 30 de marzo. As compañías que participaron foron: Teatro do Morcego con *Os patios da memoria*, Arte Livre do Brasil con *A belle Otero*, Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Teatro Galileo con *Caprichos de Cervantes* e Vichelocrego con *Alicia no país das marabillas*. A edición de outono foi inaugurada o 8 de novembro por Rara Avis con *Baby boom no paraíso*, seguida logo por Producións Librescena con *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*, Teatro do Aquí con *Animaliños*, Balea Branca con *O bico da muller araña*, Teatro do Morcego con *A gran ilusión* e clausurou a mostra o grupo Vichelocrego con *Auto dos Reis Magos*. Todas as representacións tiveron lugar ás 22:00 horas cunha entrada de dous euros.

Referencias varias:

- Vicente Montejano, 'El Concello de Gondomar abre la Mostra de Teatro 'Roberto Vidal Bolaño'', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor', 22 febreiro 2003, pp. 8-9.

Fálase do comezo da mostra de teatro "Roberto Vidal Bolaño" que organiza o Concello de Gondomar. Faise unha breve recensión da traxectoria de cada unha das compañías

participantes así como das obras que van representar. As compañías son Teatro do Morcego, Arte Livre (Brasil), Sarabela Teatro, Galileo ou Vichelocrego.

- A. G., 'Gondomar celebra la Mostra de Teatro de Primavera', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 8 marzo 2003, p. 33.

Comenta o comezo da mostra de teatro de primavera da vila de Gondomar. Esta mostra contará con cinco representacións a cargo dos grupos Teatro do Morcego, Arte Livre de Brasil, Sarabela, Galileo e Vichelocrego. As representacións terán lugar no auditorio Lois Tobío as noites dos sábados.

- V.M., 'Cita de teatro en Gondomar', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor/Área Metropolitana', 5 novembro 2003, p. 12.

Anúnciase a celebración da mostra e sinálase que a inauguración correrá a cargo da compañía Rara Avis coa peza *Baby boom no paraíso*. Dáse conta do reparto, faise unha breve historia da compañía e adiántanse outras actuacións como as de Teatro do Aquí con *Animaliños* ou Balea Branca con *O bico da muller araña*, entre outras.

XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada

Organizada polo Centro Teatral Faro-Miño, en colaboración coa delegación de Cultura do Concello de Chantada, e dende o 2002 co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), a Confederación Estatal de Teatro Amateur (CETA) e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), ten como escenario a Praza do Cantón. Esta mostra iniciouse no ano 1990 coa creación do grupo Faro-Miño e a edición de 2003 tivo lugar entre o 18 e o 22 de agosto. Os grupos participantes foron: Teatro Nove-Dous con *O porqué das cousas*, Solpor con *O anel máximo*, O Bordelo con *Trébedes sen lume*, Candelexas con *A verdadeira historia da casinha de papel* e Faro-Miño con *O cego de Fornelos*.

Referencias varias:

- A.L., 'El grupo 'Faro-Miño' empieza a preparar el programa de la Mostra de Teatro Popular', *El Progreso*, 'Comarcas', 11 maio 2003, p. 18.

Comenta que esta entidade deu os primeiros pasos para organizar a próxima edición deste festival. Refírese tamén á xira que está facendo co espectáculo *Arte Furto* e anuncia que preparan unha nova obra.

- A.L., 'A XIII Mostra de Teatro Popular de Chantada dará comezo este luns', *El Progreso*, 'Comarcas', 16 agosto 2003, p. 16.

Anuncia esta celebración e comenta o programa. Salienta que a Mostra vaise pechar coa obra *O cego de Fornelos* de Faro-Miño, como homenaxe aos fundadores deste grupo. Asemade, recolle a opinión de Ramón Rodríguez, membro de Faro-Miño, que salienta a

calidade do teatro afeccionado e recalca a consolidación deste encontro teatral.

- A.L., 'La compañía 'Novedous' abrirá hoy la Mostra de Teatro en O Cantón', *El Progreso*, 'Comarcas', 18 agosto 2003, p. 13.

Dá noticia do comezo deste festival teatral en Chantada e enumera os espectáculos participantes.

- L.Q., 'El público abarrotó la plaza de O Cantón en la apertura de la XIII Mostra de Teatro', *El Progreso*, 'Comarcas', 20 agosto 2003, p. 20.

Salienta a masiva afluencia de público e cita o nome das obras que se representan neste evento chantadino.

- Francisco de Gracia, 'Una biblioteca para Estudios Chairegos', *El Progreso*, 'De actualidad', 29 agosto 2003, p. 95.

Sección de novas de actualidade da provincia de Lugo na que se dá conta, entre outras, da doazón de libros feita pola Fundación Caixa Galicia ao Instituto de Estudios Chairegos, á vez que se transmite o agradecemento do coordinador do grupo teatral Faro-Miño pola masiva asistencia de público á XIII Mostra de Teatro de Chantada.

XVº Mostra de teatro de Cee

Celebrada de xeito continuado dende o ano 1988, naceu co obxectivo primordial de dar promoción á actividade teatral na comarca de Fisterra. Está organizada pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e a Compañía Talía Teatro, en colaboración co Concello de Cee, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). No ano 2003 celebrouse entre o 22 e o 26 de agosto con tres sesións: a infantil ao mediodía, unha vespertina ás dez da noite e unha "golfá" todos os días á media noite co nome de "Mar de fondo", na que actuaron Carlos Santiago, o Dúo Chapapote, Ricardo de Barreiro, Carlos Blanco e Quico Cadaval. As compañías participantes foron: Malabaranda con *Koma-2*, Os Quinquilláns con *As abellas*, Pablo Nojes con *Que pasa na praza*, Sapristi con *Hotel Run*, Cachirulo con *Santiago, historia dunha viaxe*, A Serna con *A casa de Bernarda Alba*, Monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado*, Talía Teatro con *Bicos con lingua*, Teatro Buratini, Teatro do Aquí e Tres Globos.

XXª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas

Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, contou co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o "Premio Xiria" co que se destaca o labor

teatral dunha persoa. Na edición de 2003 celebrouse entre o 8 e o 12 de setembro en rúas, discotecas, pubs, a Casa da Cultura e o Auditorio Municipal, escenarios que acolleron as actuacións despois da inauguración co pregón da actriz galega Berta Ojea. Ademais das compañías foráneas chegadas de diferentes puntos de España, México ou Arxentina, tamén actuaron as galegas Teatro Bruto con *En punto* e Teatro do Morcego con *A gran ilusión*, ademais de Carlos Santiago con *Monólogos finlandeses*. Ás postas en escena tamén se engadiu outras propostas paralelas como animación de clows na rúa, unha exposición sobre o grupo Els Joglars, un curso de teatro a cargo de Berta Ojea titulado "O actor e a actriz como eixo fundamental do teatro", lecturas dramatizadas de obras de Roberto Vidal Bolaño, a quen se lle rendeu unha homenaxe e, como vén sendo habitual nos últimos anos, na última xornada da mostra entregouse o "Premio Xiria" ao labor teatral, que nesta edición foille concedido a Xosé Manuel Pazos.

Referencias varias:

- Salvador Rodríguez, 'Veinte años es mucho', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 328, 6 setembro 2003, p. 1.

Programa da mostra no que se explica detalladamente cada unha das actividades que se van levar a cabo nesta vixésima edición. Sinálanse as actuacións de cada unha das xornadas dende o luns día 8 até o sábado 12 de setembro, tamén se repasan outras actividades paralelas como a mostra sobre os corenta anos de Els Joglars, un curso de teatro e a lectura dramatizada dalgunhas obras de Roberto Vidal Bolaño como homenaxe polo seu falecemento, así como a entrega do "Premio Xiria".

- Camilo Franco, 'A Mostra de Teatro de Cangas celebra vinte anos de humor', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 8 setembro 2003, p. 56.

Dáse conta da celebración da vixésima edición da Mostra de Cangas, que para conmemorar o aniversario quere repasar os diferentes xéneros teatrais. Repasa o programa e cada unha das actuacións, que no referido ás actuacións galegas conta coa presenza de Carlos Santiago e Teatro do Morcego. Remata aludindo a outras actividades paralelas como un curso de teatro ou a lectura dramatizada de obras de Roberto Vidal Bolaño.

- C.C., 'Tres jóvenes promesas del teatro actuaron ayer en el festival de Cangas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 10 setembro 2003, p. 69.

Noticia da actuación da compañía El Cruce de Madrid, na que se explica o argumento da peza representada e adiántase tamén a actuación da galega Teatro Bruto.

- MARÉ, 'Cangas lembrará a Roberto Vidal Bolaño cunha lectura das súas obras', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 68.

Anúnciase a homenaxe a Roberto Vidal Bolaño que a Mostra de Cangas lle rende na súa vixésima edición e na que se van levar a cabo lecturas dramatizadas dalgunhas das súas creacións. Adiántanse tamén outras actuacións de compañías foráneas e a do actor galego Carlos Santiago coa peza *Monólogos finlandeses*.

- MARÉ, 'Cita no Morrazo/Cangas lembrará a Roberto Vidal Bolaño cunha lectura das súas obras', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 10 setembro 2003, p. 43/68.

Anúnciase a homenaxe a Roberto Vidal Bolaño que a Mostra de Teatro de Cangas lle rende na súa vixésima edición e na que se van levar a cabo lecturas dramatizadas dalgunhas das súas creacións. Adiántanse tamén outras actuacións de compañías foráneas e a do actor galego Carlos Santiago coa peza *Monólogos finlandeses*.

- E.V.R., 'Teatro do Morcego representa 'La gran ilusión' en la Mostra canguesa', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 12 setembro 2003, p. 20.

Faise eco da posta en escena de *A gran ilusión*, de Teatro do Morcego, da que sinala que se trata dunha peza do italiano Eduardo de Filippo, dirixida por Celso Parada. Tamén se fai eco doutras actuacións e de actividades paralelas como un taller de interpretación a cargo de Berta Ojea, no que se traballan aspectos como a relaxación, a improvisación ou a memoria sensorial. Remata lembrando que até finais do mes pódese visitar a exposición "40 anos de Els Joglars", situada no Auditorio Municipal.

- E.V.R., 'La Mostra de Teatro llega a su fin con una nueva actuación de Nancho Novo', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 14 setembro 2003, p. 21.

Dáse conta da celebración dunha xornada máis do previsto da mostra, na que o actor Nancho Novo porá en escena a súa peza *Defendiendo al cavernícola*. Tamén se sinala que coincidindo coa clausura entregárase o "Premio Xiria" a Xosé Manuel Pazos, director da mostra durante os seus primeiros doce anos.

- J.L.M., 'La Mostra Internacional de Teatro de Cangas resultó un éxito de público', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 16 setembro 2003, p. 19.

Recóllese a valoración final positiva dos organizadores da edición de 2003 da Mostra de Teatro de Cangas, especialmente pola numerosa presenza de público. Saliéntase o éxito acadado por Nancho Novo e baixo o título de "El euro 'lo subió todo'" alúdese ás dificultades económicas que cada ano teñen que enfrontar os organizadores para sacar adiante esta mostra.

- A.N.T., 'Festa e riso no Morrazo', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 30.

Achégase ao Festival de Teatro Cómico e Festivo de Cangas con motivo da súa vixésima edición, destacando a importancia dunha traxectoria tan longa e o esforzo que supón para os organizadores, en especial pola falta dun apoio real das institucións. A seguir percorre cada un dos espectáculos que estiveron presentes nesta edición, dos que critica o excesivo peso das compañías procedentes de Madrid, fronte a edicións anteriores nas que a procedencia era máis diversa. Valora cada un dos espectáculos representados, destacando a calidade media da mostra, especialmente en representacións como as dos grupos Comedias de Querétaro e Yllana. Remata reclamando un maior apoio para esta mostra dende as

institucións.

IVª Mostra de teatro Cabanateatro

Esta mostra naceu no ano 2000 coa finalidade de premiar a posta en escena de orixinais e adaptacións de textos dramáticos contemporáneos. No ano 2002 deixou de ser un certame de teatro e converteuse nunha mostra con participación de grupos profesionais e afeccionados contratados polo Concello de Cabana de Bergantiños, encargado da súa organización. No ano 2003 celebrouse os días 16, 17 e 18 de maio para conmemorar o Día das Letras Galegas no Pavillón Municipal e nela participaron: Uvegá Teatro con *Mulleres*, Falcatuada Teatro con *A verdadeira historia de Romeo e Xulieta* e Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*.

VIIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego)

Esta mostra, que tivo orixe en 1994 organizada pola Aula de Ourense como a I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense, pasou en 1996 a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Ten entre os seus obxectivos potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares, e ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo, e conta co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e Caixanova. Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro" para premiar con seiscentos euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. En 2003 tivo lugar entre o 22 de abril e o 10 de maio e contou coa presenza de agrupacións de Angola, Baleares, Estremadura, Lisboa, Madrid, Marrocos, México e de Galicia, que foi representada pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, o grupo Cordelia con *Ítaca 16-03*, Caleac Teatro, Aula de Teatro do Campus de Pontevedra con *Ecos e silencios*, Aula de Teatro do Campus de Lugo con *Pic-Nic*, Aula de Teatro do Campus de Vigo con *Supertot* e Maricastaña con *O despertar*. O premio da MITEU foi para Manuel Freire, da Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, e para Mari Luz Añel, da Concellaría de Educación, que recibiron unha peza artesanal de Xesús Costa.

Referencias varias:

- Fernando Dacosta, 'A octava edición', *La Región*, 'Ciudad', 24 abril 2003, p. 13.

Breve noticia da celebración da oitava edición da MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario). Fernando Dacosta salienta as emocións que provoca o desfile inaugural coas

accións teatrais na rúa Paz do grupo Rosaura e de Sabela Gago.

- LR, 'Objetivo: Más de cinco mil espectadores', *La Región*, 'Ciudad', 24 abril 2003, p. 13.

Nova edición da MITEU que tentará superar a asistencia de público de edicións anteriores. A obra que inaugura a mostra é *La noche de los asesinos*, escrita polo autor cubano José Triana e representada polo grupo Caleac de Lugo baixo a dirección de Alberte Alonso. A nota recolle a denuncia do director pola carencia en Galicia dunha escola de teatro que é paliada en parte polas aulas de teatro universitario. A crítica da obra destaca o talento e a capacidade das tres actrices que dramatizan unha veintena de personaxes que imaxina cales serían as consecuencias do asasinato dos seus proxenitores.

- Z.I., 'La octava edición de la Mostra de Teatro reúne en Ourense a más de 20 compañías teatrales', *La Región*, 'Universitas', 24 abril 2003, p. 39.

Presentación xeral da oitava edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU). Destácase a dimensión internacional do certame que conta coa actuación de grupos de Lisboa, Angola, México e Marrocos, ademais de grupos do Estado español, xunto coa inclusión de textos clásicos e outros de carácter máis experimental. A programación da mostra non inclúe só representacións teatrais, senón que conta tamén con exposicións, concertos, coloquios e o "Premio de dramaturxia Carlos Couceiro" cos que a organización tenta acadar a participación activa do público que espera sobrepase a cifra de cinco mil catrocentas persoas. Os responsábeis da MITEU, de acordo coa Concellaría de Educación do Concello de Ourense, tentan promocionar o teatro entre o estudantado mediante a asistencia diaria de setenta e cinco alumnos dos insititutos ourensáns. O artigo apunta os eventos máis sinalados, datas, horarios e prezos, destacando algunha das montaxes e concertos máis interesantes da mostra.

- Maricastaña, 'Para que vaia a máis', *La Región*, 'Ciudad', 25 abril 2003, p. 15.

Nota de prensa do grupo organizador da MITEU na que manifestan a súa satisfacción polo ambiente que se respira na cidade con motivo da celebración deste evento. Salientan a presenza de grupos procedentes de países como Angola ou Marrocos, animando ao público a participar nesta experiencia teatral.

- LR, 'Cerrado por un día', *La Región*, 'Ciudad', 28 abril 2003, p. 15.

Crítica da montaxe realizada polo grupo ourensán Cordelia con dramaturxia de Elena Seijo e Fina Calleja. A obra recrea dous universos da *Odisea* de Homero, baseándose en dúas figuras centrais da fábula: Penélope e Ulises. Segundo declaracións de Fina Calleja a peza combina traballos individuais con corais nos que os actores traballan a nivel corporal e vocal ofrecendo un resultado equilibrado.

- Luz Ocampo, 'Lo que se esconde detrás del telón', *La Región*, 'Ciudad', 28 abril 2003, p. 9.

Describe a trastenda de MITEU relatando a convivencia e os encontros que se producen entre os membros das vinte e dúas compañías que, en datas diferentes, danse cita na mostra

ourensá. Ademais faise mención ao proceso de selección das compañías realizado por Sarabela e a Aula de Ourense meses antes da inauguración e lóase o importante traballo realizado polos equipos técnicos que preparan a escenografía para cada espectáculo. A seguinte representación da MITEU é a do grupo Morgana Teatre das illas baleares coa obra "1984", adaptación e dirección de Juan Enrique Ramón Balcells sobre un texto de George Orwell.

- Fina Calleja, 'Apertas e alento', *La Región*, 'Cultura', 29 abril 2003, p. 51.

Breve nota na que a autora reflexiona sobre a capacidade do teatro para mesturar xéneros, de empregar distintas linguaxes para provocar emoción no espectador, etc. Destaca que a MITEU está achegando novas propostas escénicas e que os organizadores teñen que darlle alento aos novos valores.

- X.M.R., 'Los universitarios de Pontevedra llevan la fotografía al escenario', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 30 abril 2003, p. 6.

Sinálase que a montaxe *Ecos e silencios*, dirixida por Pepa Barreiro, que se representou dentro da MITEU 2003 ten como base as fotografías de Sebastião Salgado e a súa exposición "Éxodos" e destácase que é unha proposta diferente na escena universitaria galega.

- Fina Calleja, 'A proximidade da guerra', *La Región*, 'Cultura', 30 abril 2003, p. 67.

Breve nota na que se fai referencia á temática da guerra presente na MITEU a través das postas en escena que se levan a cabo. Repasa algúns dos autores que retrataron conflitos bélicos nas súas obras como Orwell, Cuña Bóveda ou Arrabal. Destaca a presenza nesta edición dun teatro comprometido coa realidade que leva á reflexión e á acción fronte á barbarie.

- Fernando Dacosta, 'Miteu: o soño continúa', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, 'Teatro', maio 2003, pp. 36-37.

Apunta que a MITEU de 2003 superou o número de espectadores de edicións anteriores, foi incrementada con actividades paralelas -tertulias, concertos, exposicións fotográficas, contacontos, etc.- e contou coa participación de dezaseis países. Tamén indica que a premio do xurado recaeu en *Apnea* da Aula de Teatro de Santiago e que o premio do espectador foi para *Frieda* de México.

- Fina Calleja, 'Vida e teatro', *La Región*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 67.

Breve reflexión sobre a importancia do teatro nas nosas vidas con motivo da celebración da VIII MITEU e da representación de Marifé Santiago Bolaños.

- J.M.R., 'Tres famosos en tertulia', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 10 maio 2003, p. 11.

Fálase da charla que mantiveron os galegos Miguel de Lira e Míriam Gallego xunto con Jorge Sanz no Teatro Principal de Ourense dentro da MITEU 2003 na que disertaron sobre o traballo de actor en teatro, cinema e televisión.

- Jesús Manuel García, 'La muestra teatral baja el telón con la esperanza de seguir creciendo', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 11 maio 2003, p. 10.

Anúnciase o peche da VIII edición da MITEU na que participaron máis de douscentos actores universitarios en vinte e dous espectáculos xunto cun programa paralelo e anúnciase que se concederán dous premios: premio do xurado, dotado con 600 euros, e o do espectador, dotado con 300 euros.

- LR, 'La Mostra de Teatro baja el telón', *La Región*, 'Ourense', 11 maio 2003, p. 8.

Referencia ao peche da oitava edición da MITEU despois de quince días de representacións. Destaca o grupo de Casablanca Ben Msik que representou unha obra que conta a historia de dous comediantes do século XVII que se topan maxicamente nun teatro contemporáneo. A mostra rematou cos premios de recoñecemento ás tarefas de apoio á MITEU e recaeron nas persoas de Manuel Freire e Mary Luz Añel. Os premios do público e o "Carlos Couceiro", así como as cifras de asistencia, daranse a semana seguinte. Fina Calleja, membro de Sarabela e relacións públicas da mostra, afirma que a MITEU "está totalmente integrada na cidade" e expresa a súa satisfacción polo grao de aceptación do público.

- Sofía de Benito, 'Un maestro de la oratoria', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 15 maio 2003, p. L15.

Dá conta, entre outros actos do día en Santiago de Compostela, do "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro" acadado pola Aula de Teatro da USC (Universidade de Santiago de Compostela) na VIII Mostra de Teatro Universitario de Ourense pola posta en escena de *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes*.

IIIº Ciclo de teatro "Sen Numerar"

Organizado por primeira vez no ano 2001 co obxectivo de achegar o teatro aos máis novos con propostas variadas, ten como escenario o Forum Metropolitano da Coruña. No ano 2003 tivo lugar ao longo do mes de febreiro en sesións celebradas ás 20:30 horas e cun prezo de entrada de seis euros. Acolleu a actuación de seis compañías, catro galegas e dúas foráneas: Teatro do Atlántico con *Ecos e voces dun tempo e dun país*, Uvegá Teatro con *Mulleres*, Vaivén, Librescena Produccións con *Obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*, Teatro da Lúa e Qüiz TV. En outubro tiveron lugar novas representacións nas que participou Santi Prego con *Monólogo do imbécil* ou Eme2 con *Malicia*.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'Libro de reclamaciones', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 22 outubro

2003, p. 19.

Céntrase na representación levada a cabo pola compañía Eme2 da súa peza *Malicia*, dentro da programación deste ciclo. Explica amplamente o argumento da obra e sinala o reparto.

IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela

Organizado por primeira vez en 2001 pola Concellaría de Cultura do Concello de Redondela coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), leva como subtítulo "Sete olladas teatrais para Redondela". Naceu coa vontade de institucionalizar o teatro e que durante os meses de febreiro e marzo Redondela se convertera na vila do teatro de Galicia. As actuacións son integramente en galego e en cada edición está como convidada unha compañía de teatro da propia localidade. Na edición de 2003 celebrouse todos os sábados dende o día 22 de febreiro até o 12 de abril, con funcións no Multiusos da Xunqueira ás dez da noite e cun prezo da entrada de tres euros. Nel participaron sete compañías galegas que foron: Teatro da Lúa con *A longa agonía das centolas*, Teatro Galileo con *O médico á forza*, Nove-Dous con *Historias mínimas*, Máscara Producións con *Discurso sobre o fillo de puta*, Fulano, Mengano e Cítano con *Cheiro de estrelas II*, Teatro de Ningures con *Círculo* e Teatro Os da Coviña con *Hip, hip, hurra*, que clausurou o festival e foi a agrupación local convidada.

Referencias varias:

- N.P., 'Siete compañías gallegas representan sus obras en la tercera edición de 'Teatrarte', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 13 febreiro 2003, p. 18.

Sinala algunhas das características que terá a III edición do ciclo "Teatrarte 2003" de Redondela así como o seu programa que contará coa participación de sete compañías galegas: Teatro da Lúa; Teatro Galileo; Nove-Dous; Máscara Producións; Fulano, Mengano e Cítano; Teatro de Ningures e mais Teatro Os da Coviña.

- C.F., 'Teatrarte 2003', regresa a Redondela con siete nuevas 'olladas', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Vigo', 13 febreiro 2003, p. 35.

Indícase que a obra *A longa agonía das centolas*, de Teatro da Lúa, abrirá o ciclo "Teatrarte 2003" de Redondela e asemade apúntanse as outras seis obras que participarán neste ciclo.

Xª Mostra de teatro afeccionado de Pontevedra

Organizada polo Concello de Pontevedra e a Coordinadora de Teatro desta cidade, comezou unha andadura máis firme no ano 2000 coa participación dende aquela de cinco grupos en cada edición. No ano 2003 celebrouse entre o 3 e o 26 de outubro no Teatro Principal desta cidade e presentou como novidades un maior número de agrupacións participantes, así como unha prolongación maior no tempo, celebrándose só as fins de semana. Tamén por primeira vez o público puido adquirir un bono para asistir a todas as

representacións en lugar de pagar un euro e medio por cada unha das actuacións, que tiveron lugar ás nove e media da noite. Os grupos participantes foron: Teátrica con *A farsa do avogado*, Etrunoia con *Ledaíñas pola morte do Meco*, Arume con *Así é se vos parece*, Quartoescuro con *Teatro Paradise*, Tricomía con *Tres nun, só hai un*, Grupo de Expresión con *Entre nós*, A Mimosa con *PQP (Plus Quam Perfecto)*, Aula de Teatro de Pontevedra con *A vinganza do Padre Cu* e Xenio con *Unha fin de semana na cidade*.

Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol dende o mes de novembro do ano 2000 en colaboración coa Asociación Max de Teatro, no que tamén teñen o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. Cada unha das súas tempadas engloba os meses de novembro a marzo. No ano 2003 tivo continuidade durante os meses de xaneiro a abril a terceira tempada deste ciclo, na que, ademais de compañías foráneas actuaron tamén as galegas: Fridom Spik Teatro con *Dueto Musico-hortera*, grupo Amistad con *Mariñeiro en terra*, N+1 con *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garabatas, ...E deus na de todos* do grupo do IES Rodolfo Ucha, *Que quere quen te quere* de Teatro Xove Amistad, *Case nunca pasa nada* de Amigos do Teatro, *Os vello non deben de namorarse* de Os amigos, *Unha rosa é unha rosa* de Amistad Xove e pechou esta edición *Só para homes* de Oquetiqueiras. En novembro de 2003 deu comezo a cuarta tempada que se alongou até abril de 2004. Nesta nova edición ademais das agrupacións de afeccionados tamén participaron algunhas compañías profesionais que foron financiadas pola Deputación da Coruña. De novembro a decembro tiveron lugar as actuacións de: Bartoleta Teatro con *¡Viva o duque noso amo!*, Mulleres Rurais de Esmelle, Candelexas con *A verdadeira historia da casinha de papel*, Escola de Teatro de Narón con *A festa da Neves* e Teatro Baratto con *Cineclú*.

Encontros Culturais de Culleredo

Ciclo organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Culleredo e dividido en "Encontros Culturais de Primavera", que se desenvolveu dende marzo até xuño, e "Encontros Culturais do Outono", que se iniciou en outubro. Todas as representacións que teñen lugar nestes encontros celébranse semanalmente no Edificio Municipal de Servicios Múltiples de O Burgo. Na súa edición de primavera estivo dedicado ao actor e director teatral Adolfo Marsillach e tivo un total de nove representacións tanto de compañías profesionais coma de grupos afeccionados. Inaugurouse o día 7 de marzo con *O médico á forza*, de Teatro Galileo e continuou coas representacións de *O faiado encantado*, de Factoría Teatro baseada en textos de Shakespeare; *Baby boom no paraíso*, de Rara Avis; a peza infantil *A espada de Raex*, de Teatro Maltés; Teatro do Morcego con *Os vello non deben de namorarse*, Specillum Meigallada, Teatro Casahamlet e Sal-Monela Teatro. No outono os espectáculos foron: Balea Branca con *Notas dun estudante que morreu tolo*, *Historias mínimas* e *O bico da muller araña*, Monicreques de Kukas, Teatro do Aquí,

Produccións Librescena, Teatro do Atlántico, Talía Teatro, Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Títeres Falcatrúa con *Dado trucado, xogo revirado* e *A sorprendente historia de benfado Mourellas*.

Referencias varias:

- S. Abad, 'Nueve títulos como tributo a Marsillach', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 18 febreiro 2003, p. 19.

Refírese aos "Encontros Culturais de Primavera de Culleredo" que estará dedicado a Adolfo Marsillach e asemade indícase que estes encontros terán lugar entre os meses de marzo e xuño e que neles participarán a compañía Galileo Teatro con *O médico á forza*, Factoría Teatro, Teatro Maltés, Teatro Bufones, Speculum Meigallada e Rara Avis Teatro.

- S. Abad, 'Una primavera con cine, teatro, fiestas y museos', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambre', 7 marzo 2003, p. 19.

Indícase que o concelleiro de Cultura de Culleredo presentou os "Encontros Culturais de Primavera de Culleredo" que contará con certames literarios, ciclo de cine, exposicións e dez representacións teatrais, como *O médico á forza* de Galileo Teatro, que abrirá estes eventos culturais.

XIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, dende a edición de 2002 leva como título "FIOT" e as representacións teñen lugar no Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo. Na edición de 2003 celebrouse dende o 17 de outubro até o 2 de novembro, contou cun presuposto de corenta e tres mil euros e nel participaron ademais de compañías de diferentes puntos de España e o clown belga Elliot, as galegas Nordesía Produccións con *Dillei*, Talía Teatro con *Xustiza infinita* e San&San con *Muñekitous*. Dentro deste festival tamén se levaron a cabo actividades paralelas como a Rúa dos Contos, na que se celebraron actos en diferentes locais da vila, entregouse o "Premio do Público" outorgado na pasada edición a Teatro Meridional e os premios do "Concurso Escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís" aos tres mellores traballos. Tamén neste evento celebrouse o día 31 de outubro o "III Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos".

Referencias varias:

- R. Busto, 'El Outono de Teatro conjuga obras gallegas e internacionales', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 4 outubro 2003, p. 33.

Anúncianse as datas de celebración deste festival e destácase como unha gran novidade a estrea de *Dillei*, da compañía Nordesía. Sinálase a presenza de compañías de carácter galego, outras nacionais e mesmo unha internacional, ademais das diversas actividades paralelas ao propio festival, como o "Certame Galego de Dramatización de Monólogos

Cómicos" ou o "Concurso Escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís". Remátase aludindo ao presuposto e á participación do público en anteriores edicións.

- M.C.S., 'Se levanta el telón en Carballo', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 19 outubro 2003, p. 21.

Realízase un resumo das obras que se representan dentro deste festival. Talía presenta *Xustiza infinita*, unha obra relacionada cos atentados ás torres xemelgas e as consecuencias máis directas desta catástrofe. Nordessía Producións acode con *Dillei*, obra dirixida e interpretada por Carlos Blanco que mestura escenas cómicas con números musicais. A compañía coruñesa San & San interpreta a súa obra *Muñekitous*, parodiando aos documentais de natureza. Como novidade dásenos conta da sección Factoría Local, na que interveñen tres agrupacións carballesas: Taller de Teatro Vieiro, Grupo de L'Isle Jourdain e a Asociación Cultural San Cristovo. Paralelamente á celebración das actividades teatrais tamén se preve a celebración de actividades relacionadas coa literatura oral, en concreto a Rúa dos Contos e un concurso de monólogos.

- Juan Fernán, 'Teatro en Carballo', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 19 outubro 2003, p. 6.

Dáse conta da celebración deste Festival, organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte coa colaboración do Concello de Carballo. As producións galegas do festivan son *Xustiza infinda* (Talía), *Dillei* (Nordesia), e *Muñekitous* (San & San). Anúnciase tamén a celebración, igualmente en Carballo, do III Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos, organizado por Radio Bergantiños Cadena SER.

- Cristina Abelleira, 'El teatro llega a Carballo', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Escenarios', 24 outubro 2003, p. 2.

Dásenos conta das representacións que, dentro deste Festival, terán lugar na fin de semana.

- M.C.S., 'Carballo estrena un musical', *La Opinión*, 'Carballo/Costa da Morte', 24 outubro 2003, p. 35.

Anuncia a estrea da montaxe de Carlos Blanco, *Dillei*, dentro deste ciclo de teatro. Indícase que as entradas están esgotadas dende hai unha semana, polo que mesmo se estuda a posibilidade de volver poñela en escena. Explicase que nesta peza se ofrece un novo estilo de musical dirixido á xente nova, no que se conxuga a teatralidade e a música. Recóllense as declaracións do protagonista nas que fala da súa concepción da función, da mestura do tradicional co futurista, da música en directo, etc. Remátase anunciando tamén unha das actividades paralelas, que é a Rúa dos Contos, ademais de adiantar a actuación de San&San.

IVº Festival "Alternativa" 2003

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago

de Compostela no ano 2000. Está organizado polas salas Nasa e Galán, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e Caixanova, e dende 2001 conta tamén co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2003 celebrouse entre o 21 de febreiro e o 29 de marzo e como novidade deste ano incluíuse por primeira vez no festival o programa de Curtas da Sala Galán, que vai pola súa décima edición. Na xornada inaugural desenvolvéronse as propostas de pezas curtas, propostas de creación presentadas ao público co atractivo de seren procesos de investigación sen a cobertura dunha montaxe teatral pechada. Entre as diversas propostas estaba a galega *Curto de vista*, de María a Parva. Nos demais días desenvolvéronse máis de vinte actuacións de teatro, música e danza de formacións procedentes de Andalucía, Aranjuez, Barcelona, Madrid, País Vasco, Portugal ou Viena, ás que se lles engadiu un taller de adestramento do actor, que se desenvolveu entre o 3 e o 8 de marzo.

Referencias varias:

- M. Beceiro, 'Propuestas renovadoras de teatro, danza y música en Alternativa 2003', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 12 xaneiro 2003, p. L10.

Fálase da cuarta edición do certame teatral "Alternativa" que todos os anos organizan conxuntamente as salas Nasa e Galán en Santiago de Compostela. Ofrecense dez espectáculos nos que estarán presentes a danza, poéticas diversas, vídeo como axuda audiovisual, temáticas de reflexión social, etc.

- A.N.T., 'Bárbara Monteagudo. 'As pequenas compañías foxen das subvencións da Xunta', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Fin de semana', 13 febreiro 2003, p. 41.

É unha entrevista a Bárbara Monteagudo en relación coa súa participación no Festival "Alternativa 2003" coa peza *Sotto Tempi*. Trátase dunha obra curta baseada no falar aleatorio e na improvisación e que se inspira na artista mexicana Frida Kahlo. Bárbara Monteagudo fala da cabida que poden ter as curtas de teatro dentro dos festivais e na atención do público ao tempo que eloxia a existencia de festivais e certames de teatro alternativo.

- M. Beceiro, 'Alternativa 2003 abre seis semanas de teatro, música y danza independientes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 febreiro 2003, p. 44.

Achéganos á cuarta edición de "Alternativa", festival organizado polas salas Galán e Nasa. Coméntase a presenza, entre a oferta, de compañías de teatro, danza e música e a chegada de artistas de diversos puntos da península. Recóllense as opinións vertidas por Ana Vallés (Sala Galán) e Xesús Ron (Sala Nasa) durante a presentación do festival, sobre todo en relación aos problemas orzamentarios.

- Carmen Villar, 'Alternativa 2003 se inicia hoy a pesar de los problemas de financiación', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 21 febreiro 2003, p. 41.

Fala do comezo de "Alternativa 2003", festival teatral organizado en Santiago de Compostela polas Salas Nasa e Galán. Ademais de citar algunhas das compañías

participantes, o artigo xira ao redor dos problemas de financiamento que fixeron reducir as representacións nun vinte por cento.

- AFA, 'Alternativa' arrisca coa danza, a música e o teatro independente', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 21 febreiro 2003, p. 67.

Fala da presentación da cuarta edición de "Alternativa", festival organizado en Santiago de Compostela polas salas Galán e Nasa e no que ademais de teatro independente pódense presenciar tamén espectáculos de danza e música. Pódese ler a queixa dos organizadores do evento pola redución do orzamento así como unha breve exposición dalgunhas das compañías participantes. Nun pequeno cadro á parte faise referencia aos premios "Max" e á ausencia de patrocinadores.

- AFA, 'Alternativa 2003', *O Correo Galego*, 'AFA', 21 febreiro 2003, p. 31.

Fala da presentación de "Alternativa 2003", cuarta edición do festival de teatro, música e danza organizado polas salas compostelás Galán e Nasa. Recóllense as opinións vertidas por Xesús Ron e Ana Vallés (representantes das salas) onde expoñen que a redución do orzamento provocou unha mingua do vinte por cento dos espectáculos previstos. Ademais disto tamén se fala brevemente da oferta e das intencións do certame.

- Conchi Bilbao, 'Compostela celebra a festa da escena independente', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 febreiro 2003, p. 1.

Explicase en qué consiste "Alternativa 2003", a cuarta edición do festival da escena independente, organizado polas salas Nasa e Galán en Santiago de Compostela. Coméntase o número de representacións e artistas que compoñen o cartel e que se reparten entre espectáculos teatrais, musicais e de danza. Tamén se explica en qué consiste algún deles.

- Lupe Gómez, 'O teatro fabuloso', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 marzo 2003, p. 5.

Fala do que se puido ver no primeiro día de curtas de teatro dentro do festival "Alternativa 2003". Destaca a crítica do espectáculo da alemá Helen Bertels. Descríbense brevemente tamén algunha destas postas en escena breves como a de Roberto Traba e Minke Lap ou a da compañía compostelá María a Parva.

- AFA, 'A quen madruga...', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 marzo 2003, p. 35.

Explicase brevemente en qué consiste a obra *A quien madruga...* que o grupo Cambaleo Teatro escenifica na sala Galán dentro do programa da cuarta edición do festival "Alternativa". Segundo o artigo a obra é un mosaico formado por escenas independentes nas que cinco actores dan vida a cinco personaxes anónimos.

- AFA, 'Un mundo illado', *O Correo Galego*, 'AFA', 21 marzo 2003, p. 34.

Comenta a representación en Compostela de *Folie a deux*, primeiro traballo da compañía

catalá Titzina Teatro. Esta obra, que se representa dentro do programa de "Alternativa 2003", nace tras a participación de varios dos actores como voluntarios nun psiquiátrico. Catro actores representan os personaxes do psiquiátrico ofrecendo unha visión persoal do mundo da tolemia.

- Manuel Beceiro, 'El público de Alternativa mejoró en cantidad y calidad', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 1 abril 2003, p. L2.

Entrevista a Helen Bertels, actriz da compañía Matarile e responsábel de relacións públicas coa prensa do teatro Galán. Expón os resultados da cuarta edición da mostra "Alternativa" e estímaos como moi positivos tanto de público, en canto a número e ambiente entre o mesmo, como de compañías de boa calidade, en palabras da entrevistada.

Ciclo de teatro do Concello de Rábade

Organizado polo Concello de Rábade tivo lugar durante o mes de xuño e as actuacións estiveron enmarcadas na campaña "Móvete en Verán", organizada polo departamento de Cultura deste concello. As representacións que se levaron a cabo estaban encadradas tamén dentro dos "Itinerarios Culturais" organizados pola Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a Deputación Provincial de Lugo. Comezou o 6 de xuño coa actuación de Ubu Teatro que representou *A raíña aburrída*, unha versión de *Rei Aborrecido* de Xesús Pisón; o 13 de xuño foi Argalladas quen actuou con *Non hai ladrón que por ben non veña*, de Darío Fo; o día 20 foi o Grupo de Teatro de Chantada con *Artefacto*; e finalmente o grupo de teatro da Biblioteca de Antas de Ulla que escenificou *O Quixote*.

IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán"

Organizado por primeira vez en 2002 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxe a Agustín Magán, así como que sirva de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na edición de 2003 celebrouse do 9 ao 14 de decembro no Salón Teatro de Santiago en sesións ás 22:00 horas, cun prezo de tres euros por entrada ou a posibilidade de adquirir un bono por doce euros para todas as representacións. Os grupos participantes foron: o grupo de Palas de Rei Metátese Teatro con *Silencio*, o de Marín Noitebra Teatro con *Pero... ¿quen colleu o tren?*, o vigués Porta Aberta con *O galego, a mulata e o negro*, o de Lugo Achádego Teatro con *Mandrágora*, o de Pontevedra O Trasno Novo Teatro con *Vixía* e o lugués Palimoco Teatro con *Miserábeis*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Fin de ano escénico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 decembro 2003, p. 41.

Comeza dando conta das lecturas dramatizadas que ao longo dun ciclo organiza o Salón

Teatro de cara á celebración da fin do ano. Tamén dá conta da nova edición do Festival de teatro afeccionado Agustín Magán, indicando cada un dos grupos participantes.

- A.N.T., 'O galego, a mulata e o negro no II Festival de Teatro Afeccionado', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 4 decembro 2003, p. 30.

Adianto das actuacións previstas dentro deste festival de teatro afeccionado, que inaugura Metátese Teatro con *Silencio*, seguido logo por Noitebra, Porta Aberta, Achádego e Trasno Novo Teatro. Dáse conta brevemente do argumento da peza e sinálanse os seus intérpretes.

- P.A.M., 'Teatro afeccionado, en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 decembro 2003, p. 53.

Nota na que se anuncia a próxima celebración deste festival de teatro, no que, segundo o presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), expónse o traballo de grupos que son verdadeiros dinamizadores culturais e que favorecen a formación de actores. Tamén se recollen as declaracións do presidente da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), Alberto Álvarez, quen destaca a heteroxeneidade das pezas seleccionadas, e de Manuel Souto, xerente do IGAEM, quen se refire ao erro de identificar teatro afeccionado cun xénero menor. Remátase adiantando algunhas das actuacións previstas.

- E.P., 'Metátese Teatro' vai representar a peza 'Silencio', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 9 decembro 2003, p. 75.

Nota na que se nos dá conta da participación do grupo de teatro afeccionado Metátese neste festival coa súa obra *Silencio*. Sinálase que xunto a este grupo participan tamén Noitebra (Marín), Porta Aberta (Vigo), Achádego (Lugo), O Trasno Novo (Vigo) e Palimoco (Lugo).

- Álvaro Agulla, 'El grupo de teatro marinense 'Noitebra' participa en el Agustín Magán', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 9 decembro 2003, p. 69.

Nota na que se dá conta da participación do grupo marinense Noitebra neste festival coa súa obra *Pero... quen colleu o tren?*, obra propia estreada o 7 de xuño na Casa da Cultura de San Xulián e que pasou logo por Portonovo e o Teatro Principal de Pontevedra.

- MARÉ, 'A porta aberta do teatro afeccionado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 decembro 2003, p. 50.

Nota na que se dá conta das celebracións deste festival e da participación nel de seis compañías afeccionadas. Remátase sinalando que este evento está organizado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e que con el preténdese fomentar o teatro amador.

- Lupe Gómez, 'Onde nace o teatro, a súa infancia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 decembro 2003, p. 5.

Achégase a este festival no que destaca as palabras emocionadas da inauguración de Manuel Lourenzo e a forza do teatro afeccionado, ao que considera un "teatro vivo, ilusionado". A seguir, céntrase na peza *Silencio*, de Metátese, da que sinala que é unha obra profunda, na que se conxuga a denuncia e a comedia, aínda que por veces semella un certo caos, moita dispersión e fragmentación. Tamén destaca que non é unha peza rematada, senón que vai expoñendo temas cos que facer pensar ao espectador, co que establecer un xogo.

XIª Feira do teatro de Galicia

Celebrada con regularidade dende o ano 1997, en que era a quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e coordinada por Rubén García. Lévese a cabo en Santiago de Compostela e por primeira vez no ano 2001 foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Este evento ten como finalidade ser unha canle para a distribución dos espectáculos e a el asisten programadores, produtores e distribuidores teatrais de toda a Península, que nesta edición se ampliou aos seleccionadores do Festival de Teatro das Autonomías, que elixiron catro compañías para participar neste evento en representación do teatro feito en Galicia. Na súa décimo primeira edición contou con vinte e nove compañías, vinte e catro delas galegas e desenvolveuse dende o día 8 ao 12 de abril. Os escenarios foron a Aula Socio-Cultural de Caixa Galicia, a Sala Nasa, a Sala Iago, Salón Teatro, o Teatro Galán e o Teatro Principal, ademais da Alameda e algunhas rúas do casco vello de Santiago. As compañías galegas participantes foron: Bucanero Teatro con *Monólogo do imbécil* e *Tres notas*, María a Parva con *Xogo para nenas*, Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol*, Teatro do Atlántico con *Vanzetti*, Eme 2 Produccións con *Malicia*, Pífano Teatro con *Estima*, Teatro de Ningures con *Círculo*, Teatro Galileo con *O médico á forza*, Produccións Librescena con *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*, Chévere con *Río Bravo 02*, Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Teatro do Aquí con *Farois vermellos*, Talía Teatro con *Xustiza infinita*, Teatro Maltés con *Matanza*, Teatro Bruto con *En punto*, Teatro da Lúa con *As mulleres do porvir* e Teatro do Morcego con *A gran ilusión*. Como xa ocorrera na edición anterior, houbo compañías que presentaron propostas de teatro infantil, entre as que se atopaban as galegas Tanxarina Títeres con *O demo Rapatú*, Monicreques de Kukas con *Anxélica no ombral do ceio*, Títeres Trompicallo con *Manolito Camaleón*, Artello Teatro Alla Scala 1:5 con *Amadís de Algures*, Títeres Cachirulo con *Cousas de Castelao* e Berrobambán con *Movimentos para trasnos e trastes*.

Referencias varias:

- Patricia Piñeiro, 'Diario da Feira do Teatro', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 'Espacios', 2003, pp. 24-30.

A xeito de diario dáse conta de todas e cada unha das funcións incluídas na Feira do Teatro de Galicia, especificando o lugar, data e hora, así como o reparto, unha breve síntese do contido da peza, a duración, o idioma no que se representa e adxudícaselle unha nota de valoración. Ao final de cada un dos días ofrece unhas conclusións nas que se recollen as impresións xerais que lle provocaron as pezas teatrais representadas. Finalmente fai unha

serie de críticas, entre as que está o feito de que sexan demasiadas obras para cada un dos días, o tarde que remata a última de cada xornada, o feito de que o público en xeral non foran programadores senón público independente ou o feito de que o nivel da feira fora moi desigual. Péchase o artigo cun balance xeral no que se sinala o escaso número de actores de cada compañía, a tendencia xeral á comedia sen moitas pretensións, a innovación tanto en textos orixinais coma na volta aos clásicos, a abundosa presenza de público ou o feito de que o teatro infantil está en apoxeo e presenta obras de gran calidade.

- A.I.S., 'El grupo Once Salamanca inaugura hoy la agenda mensual del Principal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 1 abril 2003, p. 36.

Repaso pola programación ao longo do mes de abril no Teatro Principal, que entre outros actos acollerá algunhas postas en escena programadas na Feira do teatro de Galicia.

- AFA, 'Multiplicidade de estilos', *O Correo Galego*, 'AFA', 4 abril 2003, p. 31.

Dáse conta da celebración da undécima Feira do teatro de Galicia entre o 8 e o 12 de abril, cun total de vinte e nove compañías, vinte e catro galegas e cinco de fóra, cifra nunca acada até agora. Do certame destácase a súa variedade e que acudiran numerosos produtores e distribuidores que dispoñen de máis de trinta horas de espectáculos para elixir e a presenza dos seleccionadores do Festival de Teatro das Autonomías, festival madrileño dedicado este ano ao teatro galego. Á parte coméntase a gran aposta polo teatro infantil e por espectáculos de autores galegos contemporáneos.

- AFA, 'A XI Feira do Teatro de Galicia celebrará o seu encontro 'récord'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 4 abril 2003, p. 75.

Referencia ao comezo da XI Feira do teatro de Galicia. Dela salientase a importancia concedida ao teatro infantil e de títeres e o aumento das compañías e programadores asistentes. O director do evento Rubén García destaca o aumento de compañías galegas, foráneas e as variedades de estilos e xéneros. Amado Ricón, presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, refírese a ela como "canle pra a distribución de espectáculos" e Aníbal Otero, xerente da institución, resalta o labor dos programadores procedentes de distintos puntos do Estado español. O artigo sinala que a esta edición asisten os seleccionadores do Festival de Teatro de Autonomías que elixirán a catro compañías para participar no evento que este ano está dedicado ao teatro galego.

- Carmen Villar, '29 compañías asomarán a súa obra na XI Feira do Teatro de Galicia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 4 abril 2003, p. 49.

Anuncio da celebración da XI Feira do teatro de Galicia desde o 8 ao 12 de abril en distintos espazos escénicos de Santiago de Compostela. A Feira prentede ofrecer "unha visión moi ampla do teatro galego actual" segundo o seu director Rubén García e para iso contará con vinte e nove compañías (vinte e catro delas galegas e cinco de fóra) e un centenar de programadores de distintos puntos da Península. O público tamén poderá asistir por dous euros.

- Camilo Franco, 'A Feira do Teatro exhibe nesta edición o humor das compañías galegas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 6 abril 2003, p. L10.

Fálasenos da nova edición da Feira do teatro cun total de vinte e nove espectáculos en cinco días, ademais dalgúns que quedaron fóra do programa. Destácanse obras como *As damas de Ferrol*, *A gran ilusión* ou algúns clásicos como *Médico á forza* de Molière ou a revisión sintética das obras completas de Shakespeare de Librescena. Non só a comedia pura senón os seus "arrabaldes" coma *Rio bravo 02*, o éxito de Chévere, *A conxura dos necios* de Sarabela Teatro, *Bar de lágrimas* de Los Ulen ou nun sentido máis amplo de comedia *Cyrano* de Teatro Meridional. Outra forma de teatro, que se di que abunda moito nos últimos anos, é o monólogo, con catro obras: *Xogos para nenas* de María a Parva, *Farois vermellos* de Teatro do Aquí, *Monólogo do imbécil* de Santi Prego ou *Xustiza infinita* de Talía Teatro. Tamén ve Camilo Franco unha recuperación da identidade dos títeres coa adaptación de textos e debuxos de clásicos como Blanco Amor ou Castelao.

- Camilo Franco, 'Flanqueando o monólogo', *La Voz de Galicia*, 'A priori', 8 abril 2003, p. L8.

Fai aquí unha revisión da primeira xornada da Feira do teatro, que comeza e remata con monólogos. Comeza a xornada con *Xogo para nenas* de María a Parva con Gena Baamonde, logo vén *As damas de Ferrol* de Teatro do Noroeste. O terceiro espectáculo é *Bar de lágrimas* de Los Ulen e o cuarto *Vanzetti*, a obra que presenta Teatro do Atlántico. Por último está o *Monólogo do imbécil* de Santi Prego, con texto de José Luís Prieto.

- M. Beceiro, 'La Feira do Teatro abre con críticas a la excesiva presencia de monólogos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 8 abril 2003, p. L8.

O artigo xira ao redor da presentación da primeira xornada da undécima edición da Feira do teatro de Galicia, con obras de María a Parva, Teatro do Noroeste, Los Ulen, Teatro do Atlántico e Santi Prego. A feira reunirá, segundo nos conta M. Beceiro, a vinte e nove compañías e comprende de cinco a sete espectáculos diarios en Santiago. Na presentación desta primeira xornada, dinos, xurdiron voces críticas, coma Luma Gómez, Gena Baamonde ou Santi Prego, contra o excesivo número de monólogos e o escaso número de actores nas obras e pedindo unha mellora urxente dos investimentos en teatro.

- E.P., 'Preparados, listos...', *O Correo Galego*, 'AFA', 8 abril 2003, p. 30.

Ao principio o artigo céntrase na presentación da obra *As damas de Ferrol* de Eduardo Alonso que se incluírá na XI Feira do teatro. Nela a actriz Luma Gómez fai referencia á diminución do número de integrantes nas compañías galegas e á preocupante abundancia de monólogos. Despois fálase desta nova edición da Feira do teatro que comeza coa representación da devandita obra e doutras tres, *Xogo para nenas* de María a Parva, *Vanzetti* de Teatro do Noroeste e por último *Monólogo imbécil* de Santi Prego. Tamén se nos di que actuará a foránea Los Ulen con *Bar de lágrimas*.

- Camilo Franco, 'Adaptacións literarias', *La Voz de Galicia*, 'A priori', 9 abril 2003, p. L8.

Revisión da segunda xornada da undécima Feira do teatro, na que se comentan os seguintes espectáculos: *Rapatú* de Títeres Tanxarina, a primeira obra infantil da feira; *Xustiza infinita* de Talía Teatro, con texto de Cándido Pazó e interpretación de Artur Trillo; *Malicia* de Eme2 Producións; *Círculo* de Teatro de Ningures, coa que a compañía volvería adaptar a Suso de Toro; *Cyrano* de Teatro Meridional, unha das definidas como "exquisitas" adaptacións desta compañía; e *Estima* de Pifano Teatro, con texto de Xavier Picallo.

- Manuel Beceiro, 'Los titiriteros se incorporan a la Feira do Teatro condenando la guerra', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 abril 2003, p. L8.

Trátase aquí a presentación da segunda xornada da undécima Feira do teatro, nun acto no que se falou do crecente número de monólogos. Destácanse as intervencións de Cándido Pazó, que culpou deste problema ao sistema de circuítos de exhibición de Galicia, e de Mela Casal, que falou da publicitación dos espectáculos ou do "boom" do audiovisual como problemas importantes. Rematouse a presentación coa lectura do manifesto dunha agrupación de titiriteiros contra a guerra acordado en asemblea.

- AFA, 'Chegan os títeres', *O Correo Galego*, 'AFA', 9 abril 2003, p. 32.

Abórdase no artigo a segunda xornada da undécima Feira do teatro, que se abre coa compañía de títeres Tanxarina levando a escena *Rapatú*, conto tradicional europeo adaptado por Quico Cadaval. Outras das obras das que se anuncia a representación son *Xustiza infinita* de Talía Teatro con texto de Cándido Pazó; *Malicia* de Eme2 Producións, creada por Paula Carballeira; e *Círculo* de Teatro de Ningures. Do grupo madrileño Los Ulen presentárase *Cyrano* de Edmond Rostand, adaptada e traducida por Julio Salvatierra. A xornada remataría con *Estima* escrita por Xavier Picallo. Á marxe dos espectáculos coméntásenos que na presentación se insistiu no fenómeno do aumento de monólogo, concretamente fálese de Mela Casal e Cándido Pazó. E por último dáse conta da lectura dun manifesto contra a guerra por parte do colectivo dos titiriteiros.

- Camilo Franco, 'Literatura de fondo', *La Voz de Galicia*, 'A priori', 10 abril 2003, p. L8.

Coméntánsenos as obras que se van poder ver ese día na Feira do teatro, destacando que hai nelas "literatura de fondo": *Manolito Camaleón*, de Títeres Trompicallo, que conta a historia de cómo se apaña Manolito para atrapar unha mosca; *Farois Vermellos*, de Teatro do Aquí, adaptación escénica dun texto de José Luís Martín Descalzo; *Anxélica no ombral do ceio*, de Os monicreques de Kukus, onde se recupera unha obra de Eduardo Blanco Amor; *El amigo de John Wayne*, de Ados Teatroa; e *A conxura dos necios*, de Sarabela Teatro, sobre a novela homónima de John Kennedy Toole.

- M. Beceiro, 'La Feira do Teatro facilita que las compañías salgan fuera de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 10 abril 2003, p. L8.

Fálasenos no artigo da comunicación entre profesionais e programadores que hai na Feira do teatro. Dísenos que se aproveitan os momentos de descanso para conversar, segundo se confirma coas palabras de Rubén García, director da feira. Pero tamén se dá a versión dos

artistas que din que máis que falar discútese moito cos programadores. Recóllense ademais algunhas queixas sobre a focalización da vida teatral nunha feira dunha soa semana ao ano. Aínda que se di que, con todo, hai unanimidade en salientar que desde que esta existe expórtase máis teatro galego. Por outra banda danos conta de mobilizacións en contra da guerra por parte dos participantes na feira.

- Carme Vidal, 'Teatro do Noroeste, unha compañía histórica con sala propia', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 30.

Trátase aquí a traxectoria da compañía Teatro do Noroeste, creada en 1987, nunha conversa con Luma Gómez e Eduardo Alonso, membros da compañía e actriz e director, respectivamente, e da súa última obra: *As damas de Ferrol*, que se representa na Feira do teatro. Os dous coinciden en amosarse preocupados polo pequeno formato das obras que se fan en Galicia, motivado, din, polas dificultades económicas. Analizando con máis perspectiva o teatro galego, Alonso, ademais de queixarse pola falta de apoio institucional e o pequeno labor do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, tamén considera que se teñen tomado traxectorias erradas polos propios artistas. Pero, para el, o mundo do teatro galego ten boa calidade e só carece da promoción adecuada. Como un método de defenderse destes problemas optaron, comentan, por estabilizarse coa xestión da sala Yago en Santiago, aínda que neste proxecto tamén hai vocación de servizo cultural á cidade. Falan tamén do seu repertorio, composto por autores galegos contemporáneos e clásicos.

- A.N.T., 'Pablo Rodríguez: 'A obra é unha homenaxe ás 'Marías' compostelás'', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Fin de semana', 10 abril 2003, p. 41.

Entrevista a Pablo Rodríguez, director da compañía Teatro Bruto, na que se lle pregunta sobre a obra *En punto* que representan na Feira do teatro. Segundo declara a obra débese a unha pescuda sobre a figura de dúas mulleres composteláns coñecidas como as "dúas en punto". Trata do percorrido diario que facían as Marías e intérpreta Gloria Rico e Mónica Camaño coa participación do público. Cando se lle pregunta despois sobre o teatro de rúa considera que non está estendido en Galicia, pero que Teatro Bruto lévao practicando varios anos con moi boa resposta, aínda sendo un teatro difícil.

- Camilo Franco, 'A rúa e o fin de festa', *La Voz de Galicia*, 'A priori', 12 abril 2003, p. L8.

Fálanos Camilo Franco do programa do último día da Feira do teatro, que ten un ton festivo e musical, e no que se representarán as seguintes obras: *Movimento para trasnos e trastos* de Berrobambán, que ten "trasnos trastes e música" nun espectáculo cualificado de divertido; *En Punto* de Teatro Bruto, espectáculo a realizar nas rúas de Santiago baseado nas dúas Marías; *As mulleres do porvir* de Teatro da Lúa, obra sobre o recordo de Rosalía, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán; *¿Qué es la vida?* de Uroc Teatro; *As obras completas de Will Shakespeare* de Producións Librescena, síntese humorística das obras do escritor inglés; *A gran ilusión* de Teatro do Morcego, unha obra de Eduardo di Filippo; e *2x4 = es tango* da compañía Venimos de Muy Lejos, un fin de festa cun espectáculo de tangos.

- C.F., 'Máis vale sós que mal acompañados', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 abril 2003,

p. L10.

Bota aquí unha ollada ao que foi a Feira do teatro, analizando algunhas obras. En xeral ve un teatro atomizado e pequeno, no que destacan os monólogos como as mellores contribucións artísticas. Entre as obras destaca, nas de "certo tamaño", *Río Bravo 02* de Chévere. Outras como *Círculo* de Teatro de Ningures ou *A conxura dos necios* de Sarabela Teatro quedarían a medio camiño cun espectáculo tanto bo coma malo. A que máis o decepcionou foi *O médico á forza* de Galileo. No que respecta ás compañías de fóra, o traballo de Teatro Meridional é cualificado de excelente, e dos Los Ulen fala dun espectáculo "moi teatral". Os espectáculos de pequeno formato recálcaos como os máis aproveitábeis, sobre todo algúns coma o de Teatro Bruto ou *Tres notas* de Teatro Bucanero, unha peza "graciona e resultona". Menciona, xa á parte, tres producións: a de María a Parva, que é feita á medida para Gena Baamonde, un traballo sinxelo pero equilibrado; *Xustiza infinita* de Talía Teatro, definida como actual e dun humor tranquilo; e, por último, a produción de Teatro do Aquí con texto de Martín Descalzo, como un monólogo intenso.

- Camilo Franco, 'A inercia da espiral', *La Voz de Galicia*, 'Entreacto', 13 abril 2003, p. L10.

Analízase neste artigo a Feira do teatro cunha perspectiva crítica. Camilo Franco dinos que nos últimos anos as obras están "adelgazando tanto fisicamente como artisticamente". Segundo el, este ano acentuáronse os males da edición anterior. A precariedade parece que fai perder o referente ao teatro galego que necesita moito un revulsivo. Por iso cualifica a feira como mediocre creativamente, con excepcións, pero non abundas. As cousas para el parecen encamiñarse cara a unha apatía en espiral que vai medrando, mentres se demostra que para malas montaxes non hai límites.

- A.N.T., 'Os monólogos reinaron na Feira do Teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 29.

Fai un balance do que deu de si este evento teatral organizado polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais en Compostela. Alude aos espectáculos e ás compañías participantes, salientando o traballo dalgunhas, como Chévere ou Teatro Bruto. Pon de manifesto, ademais, "a redución de elencos que está a experimentar o teatro galego". Evidencia tamén a calidade do teatro infantil e a abundante asistencia ás representacións.

Xª Curtas de teatro galego

Celebradas dende o ano 1993, na súa décima edición intégrase no Festival "Alternativa" 2003 organizado polas salas Nasa e Galán. É un programa no que unha serie de profesionais do teatro representan espectáculos nos que a característica fundamental é a orixinalidade, a improvisación e o feito de que os actores traballan sós ou con alguén co que non traballan habitualmente. Nesta edición tivo lugar o 21 de febreiro no teatro Sala Galán e como iniciativas en galego presentouse *Curto de vista*, de María a Parva.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, 'Retallos de vida, retallos de teatro', *Tempos Novos*, nº 70, 'Cataventos', marzo 2003, pp. 12-13.

Achega un breve comentario dos espectáculos que se representaron na X edición das curtas de teatro da sala Galán. Apunta que *Yo, la alemana* de Helen Bertels se "configura como unha viaxe ó ser máis autorreflexivo e máis consciente". Ve *Faro errante* de Roberto Traba e Minke Lap como "unha metáfora da emigración" e subliña que *Curto de vista* de María a Parva "roza o absurdo e xoga coa metateatralidade". En *Sotto tempi* de Bárbara Monteagudo sinala a ausencia da palabra e o corpo como transmisor dunha singular estética teatral. Tamén afirma que *A deshoras*, de Eugenia Iglesias, "presenta a persoal visión do escenario como elemento personificado". Por último, aplaude o espectáculo de Juan Berzal e a iniciativa de lles deixar aos espectadores unha mensaxe en cada butaca. Remata cos mellores desexos para a seguinte edición.

Ciclo de teatro "Vigo a escena"

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001 e prolongouse ao longo de todo o ano 2002 coa actuación de medio cento de agrupacións teatrais viguesas. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas. No ano 2003 contou cun orzamento de sesenta e cinco mil euros e coa participación de oito grupos teatrais con once propostas escénicas que levaron a cabo arredor de corenta actuacións entre o mes de febreiro e o de xuño. Os grupos vigueses participantes foron: Teatro Aforo con *O cepillo de dentes*, The Pinga Teatro con *Ligazón* de Valle-Inclán, Artello Teatro alla Scala 1:5 con *Amadís de Algueres*, Teatro Avento con *¿Quen matou a Mari Lauri?*, o espectáculo de danza *Tres de tres* de Dobre Xiro, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Máscara Producións con *Malandros*, *Guillados* e *Discurso sobre o fillo de puta* e Sísifo Teatro con *¿Que...?* e *O bico da muller araña*.

Referencias varias:

- Rosé Carrera, 'Vigo a escena' levará ós barrios 40 representacións de 8 compañías', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 8 febreiro 2003, p. 16.

Fala da presentación da segunda edición do programa "Vigo a escena" que entre os meses de febreiro e xuño percorrera numerosas parroquias do concello de Vigo e que contará cun orzamento de seis mil cincocentos euros. Asemade indícase o nome dalgunhas das compañías deste programa: Teatro Aforo; The Pinga Teatro; Artello; Avento; Dobre Xiro; Fulano, Mengano e Citano e mais Máscara e Sísifo.

IVº Ciclo "Verán de teatro" de Vigo

Incluído no programa de festas do verán do Concello de Vigo, naceu no ano 2000 coa denominación de "Verán de teatro e danza" organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, e ten como escenario a Praza da Estrela, onde se levan a cabo representacións nocturnas durante unha semana. Nesta edición de 2003 comezou o sábado 13 de xullo e rematou o día 18 do mesmo mes. Inaugurouse a semana con actuacións musicais e coas compañías teatrais foráneas La Tartana e Teatro Arca. En canto á presenza galega, participaron o día 16 de xullo Patricia de Lorenzo, o 17 o grupo santiagués Dous son compañía coa peza *As cincentas desclowntroladas* e pechou esta edición a compañía Volta e Dálle con *Furga garabela!*

IXº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago

Celebrado dende 1995, este festival está dirixido por Roberto Salgueiro e celébrase nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela, que teñen como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. En 2003 celebrouse entre os días 24 e 30 de marzo no Teatro Principal de Santiago de Compostela, en sesións que tiveron lugar ás 21 horas, e entre os días 28 de marzo e 1 de abril no Teatro Gustavo Freire de Lugo. Participaron sete grupos tanto de Europa coma de Iberoamérica, entre os que se atopaban os galegos: Aula de Teatro do campus de Lugo con *Pic-Nic* e Aula de Teatro da Universidade de Santiago que representou *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes. Libreto coreográfico nº 1*.

Referencias varias:

- AFA, 'A 'Apnea' de Salgueiro no Festival de Teatro', *O Correo Galego*, 'AFA', 26 marzo 2003, p. 32.

Dá conta da representación de *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes. Libreto coreográfico nº 1* de Roberto Salgueiro no Teatro Principal de Compostela, dentro dos actos da IX edición do Festival de Teatro Universitario organizado pola Universidade de Compostela. Informa do horario e lugar no que se realizarán as representacións e do carácter gratuito das mesmas; ademais disto, anuncia que o festival foi presentado polo vicerreitor do campus de Lugo, Carlos Herrero, e que estas representacións tamén se levarán posteriormente á cidade lucense.

- Manuel Beceiro, 'Las condiciones de que goza el teatro aquí son fantásticas', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 27 marzo 2003, p. L2.

Entrevista a Gerhard Dressel, director da compañía de Teatro Universitario Eventproduktion de Constanza (Alemaña), con motivo da súa participación no Festival Internacional de Teatro Universitario en Santiago de Compostela. Dressel fala dos seus inicios no mundo teatral en Brasil e da man de Gerald Thomas. Sostén que na Universidade de Constanza o teatro non ten cabida, e todo o que se fai relacionado con este mundo da representación é sen o apoio financeiro da Universidade. Neste senso loa as condicións nas

que se atopa o teatro galego, os espazos cos que conta e as axudas institucionais que ten.

- Lupe Gómez, 'Un pasodobre para parar a guerra', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 5.

A xornalista fala da posta en escena de *Pic-Nic*, de Fernando Arrabal, a cargo da Aula de Teatro do campus de Lugo baixo a dirección de Pablo Rodríguez, e a propósito do IX Festival Internacional de Teatro Universitario. Cualifícaa de representación curta, intensa, suave e amena e defínea como un poema contra a guerra. Engade que o texto traxicómico resultou moi axeitado para o que se está a vivir en Iraq.

- Ruth Fernández Fernández, 'Theatri Mundi', *O Correo Galego*, 'Día a día', 22 abril 2003, p. 3.

De todas as obras que se representaron na cidade de Lugo dentro do IX Festival Internacional de Teatro Universitario, Ruth Fernández comenta a escenificada polos actores do Departamento de Artes Escénicas da Universidade de Sao Paulo (Brasil). Destaca de *Vladimir e Estragón*, a obra que montaron con anacos do texto de Samuel Beckett, os dous personaxes protagonistas, situados no universo da tormenta, no que cobra especial relevancia o calzado como preludio da morte. Resalta o feito de se situaren no vestíbulo para a representación da obra, que a xornalista atribúe á intención dos actores de se achegaren e involucrar o público.

Ciclo de teatro "Caixanova"

Esta entidade crediticia organiza anualmente, coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios, unha tempada de abono de teatro galego en Vigo. Os espectáculos teñen lugar no Centro Cultural Caixanova. No ano 2003 e ao longo do último trimestre do ano tiveron lugar oito montaxes producidas en Galicia. Iniciouse o ciclo o 25 de setembro coa representación de *O canto do Dime-Dime*, de Factoría Teatro, continuou o 3 de outubro con *Círculo*, de Teatro de Ningures, o 10 de outubro *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*, de Librescena Produccións, o 7 de novembro *Malicia (Maica&Alicia)*, de Eme2 Produccións, o 14 de novembro *As damas de Ferrol*, de Teatro do Noroeste, o 29 de novembro *Hai que romper*, de Áncora Produccións e rematou o 29 de decembro coa peza *Dillei*, de Nordesía Produccións.

Referencias varias:

- S.P., 'O canto do Dime-Dime' de Danis chega a Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2003, p. 52.

Anuncia a posta en escena da peza *O canto do Dime-Dime* de Daniel Denis dentro do ciclo de teatro organizado por Caixanova. Sinala a data da representación, os actores participantes e o argumento da obra, que xira arredor do enfrontamento entre o rural e o mundo dominado polas tecnoloxías.

- MARÉ, 'Comeza a temporada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 setembro 2003, p. 54.

Dá conta da presentación do calendario das actividades culturais de Caixanova na cidade da Coruña entre as que están varias exposicións e representacións teatrais como *Vanzetti* de Teatro do Atlántico ou *A gran ilusión* de Teatro do Morcego.

- MARÉ, 'Teatro aquí e agora', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 setembro 2003, p. 61.

Repaso das compañías que van estar presentes no ciclo organizado por Caixanova ao longo da tempada de abono de teatro galego. Achégase a cada unha das representacións, explicando brevemente o reparto, a temática e argumento de cada unha das pezas, ademais de sinalar as datas de representación.

- A. Mauleón, 'O canto do Dime-Dime' inicia el ciclo de teatro gallego en Caixanova', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 25 setembro 2003, p. 35.

Informa de que a compañía Factoría Teatro inaugurou a tempada de teatro galego do Centro Cultural Caixanova de Vigo coa obra *O canto do Dime-Dime*, da que se indica que foi traducida ao galego por Franck Meyer e mais que nela sobresaí o seu especial tratamento da palabra.

IVª Mostra de teatro afeccionado de Arteixo

Organizada pola Concellaría de Cultura e a Rede Galega de Teatros e Auditorios, ten como escenario o Centro Cívico Cultural. Na edición de 2003 inaugurouse o 14 de marzo con *O merliño branco*, de A Retranca Grupo de Teatro, seguindo logo o 21 de marzo coas pezas *Pipo* e *A bela durminte*, do Grupo de Teatro do centro escolar Galán; o 4 de abril foi Faíscas quen puxo en escena *Mulleres xuntas: lume e pólvora*; e o 11 de abril o Grupo Lembranza representou *Meigas no tempo* así como o grupo de terceiro curso do IES da Pastoriza levou a escena *Na procura da diversión*.

Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo

Evento celebrado por primeira vez organizado polo Colexio Fingoi, que conta coa colaboración do Concello de Lugo e o Instituto Galego de Educación Ambiental A Ponticela. Celebrouse entre o 4 e o 12 de maio no Auditorio Gustavo Freire e nel participaron tanto grupos profesionais coma afeccionados. Ademais das postas en escena tamén se celebrou un curso de teatro a cargo de Sarabela e outro de monicreques que impartiu Margarita Portomeñe. As entradas custaron un euro e as agrupacións que actuaron nesta primeira edición foron: Nostrumcai con *Tatuaxes*, Ubú Teatro con *A raíña aburrida*, Axóuxere con *No es tan fácil*, Caleac con *La noche de los asesinos*, Nova Escena con *Cincenta*, Achádego, Palimoco con *Os Miserábeis* e Matapiollos con *Mario*, ademais de Sarabela Teatro que clausurou a mostra con *A conxura dos necios*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Primavera cultural', *El Progreso*, 'El despertador', 24 abril 2003, p. 8.

Dá conta da presentación das IV Xornadas de Artes Escénicas do Colexio Fingoi e da I Mostra de Teatro Cidade de Lugo que levou a cabo a Delegada de Familia, Coro Piñeiro, a Coordinadora do evento, Paloma Lugilde, e a directora do colexio, Siña Fernández. Tamén se fai eco brevemente doutras noticias da actualidade luguesa.

VIIª Mostra de Teatro de Ribadumia

Mostra organizada polo Concello de Ribadumia e cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra. Todas as funcións teñen como escenario a Casa de Cultura da localidade. No ano 2003 contou con tres representacións, que se iniciaron o domingo día 7 de decembro, no que actuou o Grupo Expresión con *Entre nós*, seguido o sábado día 13 por Alecrín coa peza *Un ovo de dúas xemas* e rematou o día 14 de decembro coa actuación do grupo teatral Xenio que escenificou a peza *Unha fin de semana na cidade*. O éxito acadado nesta convocatoria fixo que o Concello estude a posibilidade de aumentar no próximo ano o número de representacións de tres a seis grupos e converter o evento nun referente a nivel provincial.

XVI Noites teatrais do Pazo de Vilamarín

Organizadas pola área de Cultura do Concello de Vilamarín en colaboración con Caixanova, a Consellaría de Cultura e a Deputación Provincial de Ourense. Todas as representacións lévanse a cabo no Pazo de Vilamarín a partir das nove e media da noite e con entrada libre. Na edición de 2003 representáronse as pezas: *O Principiño*, de Teatro de Ningures; *Arsénico de mesa*, do grupo de actores da IAD da Universidade Laboral de Ourense; *O circo das máscaras*, dos Quinquilláns; e *Os vellos non deben de namorarse*, de Teatro do Morcego.

IVº Ciclo "Vive con nós o teatro"

Organizado pola Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Lugo ten como escenario o Centro Social de Fingoi. O programa deste ciclo está dirixido a todos os públicos e pretende potenciar os grupos de teatro dos colexios e centros sociais. Na edición de 2003 celebrouse entre os meses de maio e xuño e contou coa participación de: a aula de teatro do instituto Virxe dos Ollos Grandes que representou *Tres sombreiros de pico*, Nova Escena con *O Decamerón*, grupo do Centro de Lamas de Prado con *A visita do inspector*, A Milagrosa con *A consulta* e o grupo de teatro do María Auxiliadora con *Galaxian 2003*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Teatro para todos os públicos', *El Progreso*, 'El despertador', 24 maio 2003, p. 6.

Repaso dos actos culturais máis relevantes que se levan a cabo na cidade de Lugo, entre os que salienta a celebración deste ciclo, do que ofrece algunhas das actuacións xa celebradas e outras previstas.

Teatro Galán

Sala independente de Santiago de Compostela fundada en 1993 que forma parte do Circuito de Salas Alternativas Españolas e na que se organizan actividades teatrais, presentacións de libros, debates e cursos sobre o teatro, ademais doutras actividades artísticas relacionadas coa danza. A encargada da programación é Ana Vallés, directora tamén da compañía residente Matarile Teatro, que é a que xestiona esta sala. Entre outras actividades, neste ano 2003 organizou unha vez máis, xunto coa sala Nasa, a décima edición das Curtas de Teatro Galego, acolleu representacións da Feira do teatro de Galicia e do Festival "Alternativa". Ademais das abondosas representacións de compañías foráneas que houbo ao longo de todo o ano, tamén estiveron presentes as galegas: Matarile Teatro con *Acto seguido*, Sapristi con *Hotel Run* e Mofa e Befá con *Acto sen palabras*.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, 'Las salas Nasa y Galán promueven una asociación gallega de teatros', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 16 xaneiro 2003, p. L9.

Infórmase de que as salas alternativas compostelás Nasa e mais Galán veñen de formalizar a creación da Asociación de Teatros Alternativos de Galicia (ATEA) coa que tentan a busca de programacións de risco no teatro, danza ou música contemporánea.

- M.B., 'La Galán celebra sus diez años con un programa de teatro, danza y música', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 maio 2003, p. L6.

Dá conta da celebración do décimo aniversario da sala Galán cunha serie de actuacións como a do músico lisboeta Miguel Azguime, a do bailarín alemán Dominik Borucki ou a de Mofa e Befá, que suporá a súa volta aos escenarios.

- Carmen Villar, 'Dez anos que non se foron co vento', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 311, 10 maio 2003, p. 2.

Fálase da historia da sala Galán desde os seus comezos, o 17 de abril de 1993, no antigo almacén de "Motocicletas Galán" até os nosos días coa celebración de diferentes actos co gallo do seu décimo aniversario. Detense tamén nas súas dificultades para sobreviviren e destácase que eles son os encargados da organización do máis importante festival de danza na rúa en Europa: "En pé de pedra".

- R.C.B., 'Décimo cumpreanos feliz para o santiagués Teatro Galán', *O Correo Galego*, 'Lecer', 'Cultura', 11 maio 2003, p. 2.

Dáselle os parabéns á sala Galán polo seu décimo aniversario e anúncianse as celebracións

que terán lugar debido a esta efeméride: Miguel Azguime, Dominik Borucki, Mofa e Befá, Pablo Tubas, o Cuarteto de Lalín e mais os cócteles de Fran Reixa. Asemade indícase que Ana Vallés, responsábel de programación, fai un balance positivo desta década de traballo aínda que se queixa da falta de apoio económico por parte das institucións.

- Lupe Gómez, 'A sala Galán de Santiago festexou o seu décimo aniversario', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 18 maio 2003, p. 5.

Alúdese aos festexos que tiveron lugar con motivo do décimo aniversario da sala Galán onde "houbo de todo" pero "sobre todo teatro" e afirmase que o resultado foi de moita diversión e moito pracer.

- Mónica Vázquez, 'Con Galán, el público joven descubre el teatro', *La Opinión*, 'Entrevista', 3 xuño 2003, p. 64.

Conversa con Ana Vallés, actual responsábel de programación da sala Galán, na que fala das orixes desta sala -dentro de Matarile Teatro- con tres persoas Baltasar Patiño, Eugenia Iglesias e mais a entrevistada así como doutros aspectos relacionados con esta sala. Indica que Galán non é un proxecto elitista e subliña que a pesar de obter numerosos éxitos -como "En pé de pedra"- non teñen garantido o futuro dado que a resposta dos responsábeis teatrais non é equiparábel á do público e profesionais.

- MARÉ, 'Volver á Galán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 outubro 2003, p. 45.

Indícase que as obras *Acto seguido*, de Matarile Teatro, e *Homo politicus*, de La República de Madrid, formarán parte da programación da sala Galán até o mes de decembro. Afirmase que a primeira delas é unha metáfora social na que as relacións de poder parecen inevitábeis e onde a política convértese nunha arma de dobre fío.

- Arantxa López, 'A 'alternativa' é galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 decembro 2003, p. 40.

Achega á situación do teatro alternativo en Galicia a través dos responsábeis das salas Nasa e Galán de Santiago de Compostela. Recóllense as declaracións de Baltasar Patiño, director do Teatro Galán, e de Xesús Ron, da sala Nasa, nas que consideran como factores principais da crise do teatro alternativo a puxanza dos medios audiovisuais, a falta de promoción e de financiamento, para o que se sinala que as dúas salas veñen de unirse na reclamación dun maior apoio institucional. Por outra parte, tamén se recollen as declaracións da crítica Iolanda Ogando, quen destaca a gravidade do problema económico, da falta de espazos adecuados para as compañías e a escaseza de público, salientando á vez a calidade das programacións destas dúas salas.

VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba

Organizado polo Centro Dramático Vilalbés, dirixido por María Xosé Lamas, conta coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Vilalba. No ano 2003 celebrouse nas fins de semana entre o 11 de outubro e o 29 de novembro no auditorio municipal, con

funcións os venres e sábados ás nove da noite e os domingos ás oito. Inaugurou o ciclo Teatro do Morcego con *A gran ilusión*, continuou o venres 17 Metátese con *Silencio*, o sábado 18 Nova Escena con *O Decamerón*, o domingo 19 Achádego con *A Mandrágora*, o domingo 26 Candelexas con *A verdadeira historia da casiña de papel*, o 1 de novembro foi o Centro Dramático Vilalbés con *A Farsa das zocas*, o venres día 7 Nove Dous con *Historias mínimas*, o día 22 Sarabela Teatro con *Sexismunda* e pechouse o día 29 con *Porca Vita (Matanza)* de Teatro Maltés.

Referencias varias:

- M.C., 'Morcego abre el sábado el VI Outono de Teatro del Centro Dramático Vilalbés', *El Progreso*, 'Terra Chá', 9 outubro 2003, p. 32.

Faise eco da presentación do VI Outono de Teatro de Vilalba organizado polo Centro Dramático Vilalbés. Adianta as compañías participantes, o lugar de actuación e os prezos das entradas.

- Mayte Corbelle, 'Nueve grupos participan desde ayer en el Outono de Teatro de Vilalba', *El Progreso*, 'Terra Chá', 12 outubro 2003, p. 24.

Nota na que se dá conta da celebración deste ciclo e dos grupos que participan nesta edición.

X Xornadas de teatro universitario da Coruña

Evento organizado polo Vicerreitorado de Estudantes da Universidade da Coruña coa colaboración do grupo Hac Luce. No ano 2003 celebráronse entre o 23 e o 30 de abril e tiveron como escenario o Fórum Metropolitano. As sesións tiveron lugar ás oito e media da noite e o prezo das entradas foi de tres euros. O programa que se presentou estivo constituído por: *Rulfo: polo pequeno ceo da porta*, de Hac Luce; *Pic-Nic*, da Aula de Teatro do Campus de Lugo; *O despertar*, da Aula de Teatro do Campus de Ourense; *Ecos e silencios*, da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra; *Apnea*, da Aula de Teatro do Campus de Santiago de Compostela; e *A noite dos asasinados*, da Aula de Teatro do Campus de Lugo. Ademais dos grupos das universidades galegas e co afán de traspasar fronteiras nesta convocatoria tamén participaron os grupos da Universidade de Querétaro (México) e das Illas Baleares.

Referencias varias:

- I.M., 'El teatro universitario cumple diez años y sueña con ampliar fronteras', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 22 abril 2003, p. 23.

Dá conta da inauguración da décima edición das xornadas de teatro que se celebran no Fórum e que se abren coa representación de *Rulfo: polo pequeno ceo da porta*, da compañía de teatro universitario Hac Luce. Tamén nos informa do interese por parte dos organizadores de abrirse a grupos estranxeiros.

IXª Mostra de teatro ONCE

A cidade da Coruña foi escollida como a principal sede da celebración desta mostra de teatro que se celebra cada dous anos, na que participan grupos de toda a Península, pola súa accesibilidade e pola infraestrutura da que dispón, segundo os responsábeis da ONCE en Galicia, aínda que tamén se levaron a cabo funcións en Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo. Celebrouse entre o 29 de marzo e o 4 de abril, e nela ademais das postas en escena tamén se organizaron conferencias, visitas culturais e talleres de contacontos. As entradas foron gratuítas e os invidentes gozaron das obras a través dun sistema de audio-descripción, que consiste na narración do que ocorre no escenario por parte dun locutor especialista. Os grupos galegos participantes foron: Valacar con *Lisístrata* e Matarile Teatro con *A brazo partido*, que clausurou a mostra.

Referencias varias:

- M.B., 'Los invidentes españoles exhiben su genio dramático', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 29 marzo 2003, p. L2.

Infórmase de que a novena Mostra de Teatro ONCE, que se celebra cada dous anos, nesta ocasión desenvolverá a súa programación en Vigo, Ourense, Lugo e Santiago. Engade que entre as compañías de todo o territorio español que participan no evento inclúense tamén algunhas galegas como Matarile Teatro, que cerrará o festival no Teatro Rosalía de Castro da Coruña coa obra *A brazo partido*.

- J. A. Martínez Sevilla, 'Iceberg cultural', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 1 abril 2003, p. 21.

O xornalista fala sobre a obra teatral *Lisístrata*, de Aristófanes, en versión galega de Manuel Lourenzo, coa que se inaugurou a IX Mostra de Teatro ONCE no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Destaca o éxito que acadou entre o público esta representación, feita pola compañía Valacar e dirixida por Arturo López Rodríguez. Enxalza os diálogos xocosos, cortantes e aceirados e a posta en escena. Por último, eloxia esta iniciativa da ONCE "con acertadas montaxes, dirección e ofertas dignas e contrastadas".

- J. A. Martínez Sevilla, 'La ONCE y su espejo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 3 abril 2003, p. 21.

Nesta ocasión J. A. Martínez opina sobre *Tres lunas rojas*, obra do canario Pancho Guerra, que foi representada por Antígona, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, dentro da IX Mostra de Teatro ONCE. Comenta o papel da maioría dos participantes na realización da obra: a directora, os músicos, os responsábeis da realización escenográfica e do vestiario, os actores e incluso define cada un dos personaxes. Asegura que este texto melodramático do século XX, enriquecido pola fala e os ditos populares de Gran Canaria, "salva su truculencia gracias al hálito poético y gritos de libertad que vertebran el argumento".

- Doda Vázquez, 'Actores en la sombra', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 4 abril 2003, p. 22.

Informa sobre a representación teatral que tivo lugar no Fórum Metropolitano da Coruña, a propósito da IX Mostra de Teatro ONCE. Alí trece nenos gaditanos de entre seis e doce anos escenificaron *Las aventuras de Bartolillo*. Fala da compañía de teatro que representou esta obra, chamada ¡Menudo Trajín!, que está formada na súa maior parte por nenos cegos e outros que teñen algunha deficiencia visual. A xornalista asegura que foi tal o éxito, que a ONCE tivo que programar unha segunda actuación e que a obra gustou tanto porque chega un momento no que, pola maneira de moverse no escenario, non se sabe quen é invidente e quen ve perfectamente.

IVª Mostra de teatro afeccionado das Pontes

Organizada polo grupo Amigos do Teatro, está patrocinada polo Concello das Pontes e celébrase durante a primavera. As actuacións desenvólvense ás oito da tarde no auditorio da Casa Dopeso e na cuarta edición celebrouse dende o día 26 de abril até o 17 de maio. Nela participaron, entre outros, os grupos O Bordelo con *Trébedes sen lume* e Amigos do Teatro con *Case nunca pasa nada*.

Circuitos teatrais de Moaña

Este ciclo ten lugar todos os sábados a partir das once da noite no Salón de Actos do Instituto das Barxas. No ano 2003 tivo lugar entre o 13 de setembro e o 25 de outubro, no que ademais se lle rendeu unha homenaxe ao dramaturgo galego Roberto Vidal Bolaño. Este evento contou cun presuposto de quince mil catrocentos euros, financiados pola Xunta de Galicia e o Concello de Moaña. O prezo das entradas foi de tres euros para o público en xeral e de dous para os estudantes, parados e asociados, aínda que tamén se podía adquirir un abono para todas as obras por once euros. As pezas representadas foron: *Cheiro de estrelas II*, de Fulano, Mengano e Citano; *Círculo*, de Teatro de Ningures; *O porqué das cousas*, de Nove-Dous; *A gran ilusión*, de Teatro do Morcego; *Monólogo do imbécil*, de Santi Prego; *Tres notas*, de Teatro Bucanero; e *Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os cincuenta*, de Pífano Teatro.

Referencias varias:

- C.G., 'Hoy se inician los 'Circuitos de Teatro 2003' de Moaña', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 13 setembro 2003, p. 86.

Anúnciase o comezo das actividades en Moaña dos Circuitos de teatrais que contará cun orzamento de quince mil catrocentos euros e afirmase que nel participarán entre outros Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Teatro de Ningures con *Círculo* ou Nove-Dous con *O porqué das cousas*.

XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellaría de Cultura, está dirixida por Rubén García, tendo como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo as rúas e outras prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. No ano 2003 celebrouse entre o 19 e o 26 de xullo e tivo como escenario o auditorio, as rúas e prazas da vila de Ribadavia e tamén dalgúns parroquias. Foi inaugurada polo actor Luís Tosar, que leu o pregón, e nela participaron vinte compañías procedentes tanto do Estado español coma do estranxeiro. De entre elas cinco foron galegas: Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Chévere con *Río Bravo 02*, Trompicallo con *Jiñol*, Teatro Bruto con *En punto* e o Centro Dramático Galego con *Daquel Abrente*, que por causa da chuvia tivo que ser suspendida a última hora. Nesta edición o "Premio de Honra Abrente" foi concedido ao colectivo Burla Negra pola súa defensa da cultura galega. O premio do público ao espectáculo de sala foi para *La mano del emigrante*, da compañía vasca Tanttaka, baseado na obra de Manuel Rivas, e o de rúa para os australianos The happy sideshow.

Referencias varias:

- Rubén García, 'XIX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia-2003', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 2003, pp. 53-54.

Dura crítica de Rubén García, director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, aos recortes de presuposto que sufriu esta edición dende as institucións. Considera que nun país normalizado non se debería estar a falar de cartos, pero en Galicia non é posíbel isto. Tamén considera que malia os atrancos esta edición supuxo que a Mostra se fixera máis forte e demostrara que é patrimonio cultural de todos, como quedou patente pola implicación dos profesionais e do público participante. A seguir, fai un repaso polas compañías participantes, as actividades paralelas que se levaron a cabo, os gañadores dos diferentes premios que se entregaron e conclúe augurando un bo futuro para este evento.

- LR, 'La Mostra de Teatro promete un programa 'rompedor' con veinte compañías de prestigio', *La Región*, 'O Ribeiro', 28 xuño 2003, p. 14.

Recolle o máis significativo da presentación deste encontro teatral de Ribadavia e comenta o programa. Subliña que será un teatro novidoso e "de autor contemporáneo". Así mesmo, alude aos premios que se van conceder, entre eles, o "Abrente" a Burla Negra. Tamén o presuposto é obxecto dun breve comentario.

- E.P., 'Tosar será pregoeiro da Mostra de Teatro de Ribadavia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xuño 2003, p. 50.

Anuncia o nome do pregoeiro e alude brevemente aos diferentes escenarios que, indica, buscan "achegar o teatro ós veciños".

- M.A., 'A Mostra de Teatro de Ribadavia reunirá 22 compañías', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3

xullo 2003, p. 54.

Salienta a diferente procedencia dos participantes e os días nos que se desenvolverá a Mostra. Asemade dá o nome do pregoeiro e do espectáculo que pechará esta edición. Tamén comenta os novidosos lugares de escenificación e o financiamento. Remata destacando que moitos dos espectáculos son novos en Galicia.

- Sonia Torre, 'El teatro y la vida', *La Región*, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 83.

Fai unha loanza da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, salientando a afluencia de público e a calidade dos espectáculos. Explica a súa "fama de talismán" e recorda algunha das compañías que pasou pola terra ourensá. Remata lamentando que a crítica que houbo polo tema do Prestige influíra no financiamento.

- C. Crespo, 'La Mostra levanta el telón mirando al bolsillo', *La Región*, 'Verano de teatro', 19 xullo 2003, p. 17.

Pon de manifesto os problemas económicos desta edición. Recolle a crítica da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia á Xunta por reducir a súa aportación. Sinala que estes ven na entrega do premio "Abrente" a Burla Negra e ao pregoeiro Luís Tosar como a causa do recorte, posto que, asegura, foron voces discordes no caso do Prestige. Por outro lado, refírese ao comezo do festival e ao chamamento ao público por parte do director da Mostra.

- Lolín Lira, 'Ribadavia, el Almagro gallego', *La Región*, 'Verano de teatro', 19 xullo 2003, p. 17.

A propósito do comezo desta Mostra, fai unha breve alusión á carteleira, ás novidades, ás actividades "paralelas" e aos premios que outorga. Destaca, ademais, a importancia destas xornadas teatrais, das que trata de ofrecer os antecedentes, entre eles, a Mostra Abrente.

- M. Barba, 'A Mostra de Ribadavia periga pola redución da subvención da Xunta', *La Opinión*, 'Cultura', 19 xullo 2003, p. 45.

Salienta as denuncias da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia sobre os problemas económicos da Mostra, subliñando supostos motivos ideolóxicos. Así mesmo, recolle as explicacións da Xunta de Galicia sobre o devandito recorte presupostario. Por outro lado, apunta, segundo o director da Mostra Rubén García, que o espectáculo *Alejandro y Ana* de Teatro Animalario ou a participación de Chévere poden ser outras razóns polos que se retirase o diñeiro oficial.

- MARÉ, 'Indignación en escena', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xullo 2003, p. 55.

Recole as críticas da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena á Xunta de Galicia por reducir "drasticamente" a axuda económica ao evento teatral de Ribadavia. Ademais achega as supostas causas deste recorte e subliña que o Centro Dramático Galego non cobrará polo seu traballo.

- X.M.R., 'A Asociación de Actores rexeita o recorte de axudas á Mostra', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 19 xullo 2003, p. 7.

Céntrase no malestar da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia debido ao "brutal recorte no apoio económico" da Xunta á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2003 e recálcase que esta mostra segue a ser un referente de prestixio.

- Xosé Manoel Rodríguez, 'O pregón de Luís Tosar abre o festival teatral de maior proxección de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 19 xullo 2003, p. 6.

Dáse conta do comezo dos actos da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2003 que contará nesta primeira xornada coa presenza de Luís Tosar, que pronunciará o discurso inaugural, e coa presentación de tres espectáculos inéditos en Galicia, entre eles a corrosiva montaxe *Alejandro y Ana* da compañía Animalario.

- C. Crespo, 'Ribadavia iza un telón reivindicativo', *La Región*, 'Verano de teatro', 20 xullo 2003, p. 19.

Lamenta que a presentación da Mostra de Ribadavia se centrase no problema económico e non en cuestións teatrais.

- Carmen Crespo, 'A Mostra non ten prezo', *La Región*, 'Verano de teatro', 20 xullo 2003, p. 19.

Achega as duras críticas que se verteron contra a Xunta de Galicia durante o acto que daba comezo á festa teatral de Ribadavia.

- M. B., 'Tosar critica a censura política na Mostra de Ribadavia', *La Opinión*, 'Cultura', 20 xullo 2003, p. 60.

Dá conta das diferentes reaccións dos participantes na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ante o drástico recorte das subvencións que recibía da Xunta. A seguir fala do discurso de apertura feito por Luís Tosar no que se cualifica o xesto de censura política.

- M.A., 'Malos tempos para a escea e o audiovisual', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xullo 2003, p. 70.

Fai mención das palabras de Luís Tosar nas que este, entre outros detalles, alude á "misteriosa" desaparición de gran parte da subvención que recibía a Mostra a tan só catro días do comezo. Cualifica tamén o momento actual do audiovisual como malo e lembrou aos participantes nos diferentes movementos cidadáns de protesta.

- X.M.R., 'Sarabela volve ó castelo de Ribadavia coa súa obra *A conxura dos necios*', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 20 xullo 2003, p. 6.

Anúnciase que a compañía ourensá Sarabela representará *A conxura dos necios* no

incomparábel marco do castelo de Ribadavia dentro da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia 2003 e indícase a forma de reservar entradas para este espectáculo. Asemade indícase que a última actuación de Sarabela na MIT foi con *O lapis do carpinteiro* e que agora están a ultimar a súa próxima estrea *Así que pasen cinco anos* de Lorca.

- Xosé Manoel Rodríguez, 'O alcalde de Ribadavia pide á Xunta que reconsidere o recorte de axudas á Mostra', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 20 xullo 2003, p. 7.

Fálase do acto no que o alcalde de Ribadavia emprazou ao delegado de Cultura da Xunta en Ourense, tamén presente neste acto, para que intercedera perante o conselleiro de Cultura da Xunta ante a falta de apoio desta para a realización da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2003. Tamén se recollen as palabras de Luís Tosar nas que se referiu á situación que están a vivir os actores por mobilizarse contra a catástrofe do Prestige e contra a guerra de Iraq.

- Camilo Franco, 'Tosar reivindica en Ribadavia o dereito da escena a expresarse', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 xullo 2003, p. 47.

Iníciase citando algunhas palabras do pregón que o propio Luís Tosar realizou na apertura da Mostra de Teatro de Ribadavia nas que afirma que o papel tradicional da xente do teatro foi sempre dicir o que pensaba. Logo explícanos que o ton que empregou Tosar debeuse a gran redución por parte da Consellaría de Cultura da subvención que lle outorgaba á Mostra. O actor no seu discurso fixo referencias tamén ás liberdades de expresión, lamentou a situación actual, facendo especial fincapé no grande esforzo que realizan as xentes vencelladas ás actividades escénicas, e loou tamén que se premiara a Burla Negra. Remata citando as palabras do director do certame, Rubén García, que recordou o que significara Ribadavia nos anos setenta.

- Lolín Lira Pousa, 'Sentido y sensibilidad', *La Región*, 'Verano de teatro', 21 xullo 2003, p. 15.

Principia falando da drástica redución presupostaria das axudas á Mostra Internacional de Teatro que fixo a Consellaría de Cultura e, a seguir, comenta o feito de que o grupo Animalario solidarizouse e mudou a súa actuación de escenario para poder ter máis aforo e, como consecuencia, máis ingresos.

- S. Pinal, 'O público apoia o teatro e deixa propina', *La Región*, 'Verano de teatro', 21 xullo 2003, p. 15.

Comenta a gran solidariedade do numeroso público que acudiu á Mostra, que incluso deu propinas co propósito de tentar axudar a compensar o recorte de axudas que deixaron de concederlles a Xunta de Galicia e Caixanova. Logo fala da actuación da compañía australiana Sideshow, da representación do grupo Animalario e o da compañía gala Les Saupalin. Finaliza anunciando a montaxe do grupo Sarabela Teatro.

- C. Crespo, 'El 'efecto televisión' llega a Ribadavia', *La Región*, 'Verano de teatro', 22 xullo

2003, p. 15.

Principia comentando, en primeiro lugar, o "efecto televisión" que sofren algúns actores teatrais que interveñen en series televisivas e, a seguir, fai mención á faceta reivindicativa que amosan algúns deles. Remata falando do éxito que tivo a actuación do grupo Sarabela.

- Xosé Manoel Rodríguez, 'O Museo Etnolóxico de Ribadavia repasa a historia teatral galega', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 22 xullo 2003, p. 6.

Dá conta da exposición "O teatro institucional en Galicia. Normalización ou normalidade cultural" que ten lugar en Ribadavia co gallo da Mostra Internacional de Teatro de 2003 e asemade destácase a solidariedade da compañía Animalario que decidiu actuar nun espazo de meirande aforo para o público co fin de vender máis entradas para paliar a falta de apoio da Xunta a este evento teatral.

- Carmen Crespo, 'Más teatro, por favor', *La Región*, 'Verano de teatro', 22 xullo 2003, p. 15.

Argumenta que a crise do teatro simplemente case non existe e boa proba diso é a masiva asistencia de público que teñen as diferentes representacións da Mostra.

- X.M.R., 'Miguel de Lira e Chévere volven ó Oeste', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 22 xullo 2003, p. 7.

Destácase o éxito que está a ter a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2003 a pesar da falta de apoio da Xunta e anúnciase que a compañía compostelá Chévere retorna a Ribadavia coa segunda entrega da súa exitosa comedia musical *Río Bravo 02*.

- X.M.R., 'Chévere recolle as súas montaxes e propostas nun libro e nun compacto', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 23 xullo 2003, p. 6.

Fálase da presentación dentro da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia 2003 dun libro e mais dun CD-Rom que amosa os quince anos de actividade da compañía Chévere. Indícase que o libro conta coa colaboración de Camilo Franco e Quico Cadaval e que o CD inclúe unha ampla información sobre os espectáculos e proxectos de Chévere neste quince anos. Finalmente alúdese a unha pregunta parlamentaria do BNG na que solicita unha aclaración sobre "o recorte da axudas á MIT".

- Xosé Manoel Rodríguez, 'Memoria colectiva do naufraxio', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 23 xullo 2003, p. 7.

Refírese á estrea en Ribadavia por parte da compañía euscalduna Tanttaka Teatro da adaptación de *A man dos paños* da que se destaca que é unha obra contra o esquecemento e asemade anúnciase a actuación de The Magical Brothers na Mostra Internacional de Teatro 2003.

- X.M.R., 'Dos condes de Ribadavia a Río Bravo', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense',

24 xullo 2003, p. 7.

Sublíñase o éxito da representación de *Río Bravo 02* de Chévere na Mostra Internacional de Teatro xa que máis de cen espectadores mercaron as súas entradas sabendo que non terían onde se sentar dado que o auditorio do castelo de Ribadavia conta cun aforo de oitocentas cadeiras e, non obstante, a venda de entradas foi de novecentas vinte.

- Xosé Manoel Rodríguez, 'O Centro Dramático Galego traerá a homenaxe a Abrente', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 24 xullo 2003, p. 6.

Repásase a importancia da Mostra Internacional de Teatro (MIT) para a historia do teatro galego e anúnciase que o Centro Dramático Galego representará na MIT de 2003 dúas obras -*Laudamuco, señor de ningures* e mais *O velorio*- que marcaron en 1978 unha nova traxectoria para a escena galega. Tamén se alude que o público designará cos seus votos o mellor espectáculo da MIT de 2003.

- Mar Barros, 'Ribadavia, puro teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Fin de semana', 24 xullo 2003, p. 31.

Comeza informándonos de que máis de vinte compañías participan na Mostra Internacional de Teatro. A seguir fala do propósito por parte dos organizadores de facer un espectáculo "de actor contemporáneo con actuacións rompedoras". Tamén fai mención a redución das axudas da Xunta e de Caixanova e ao pregón de Luís Tosar. Finaliza citando os nomes das compañías que participan e a gran afluencia de público que tiveron.

- C. Crespo, 'Ribadavia ten unha cor especial coa Mostra', *La Región*, 'Verano de teatro', 25 xullo 2003, p. 17.

Dá conta da Mostra e das consecuencias positivas que ten para Ribadavia. Fala brevemente das diferentes representacións e remata falando do espectáculo que pechará o festival, *Daquel Abrente*, dirixida por Manuel Guede.

- X.M.R., 'Ribadavia é o lugar referencial para o teatro galego', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 25 xullo 2003, p. 7.

O director do Centro Dramático Galego presentou na Mostra Internacional de Teatro (MIT) 2003 a montaxe *Daquel Abrente* -unha homenaxe ás obras *Laudamuco, señor de ningures* e mais *O velorio*-, proposta cualificada como "unha homenaxe á audacia e á insolencia daquelas xentes que crearon o festival" e da que se salienta a participación de Manuel Manquiña ao renunciar a gañar diñeiro no cinema español por estar nesta montaxe.

- X. C. Sierra Rodríguez, 'Teatro e museo', *La Región*, 'Verano de teatro', 26 xullo 2003, p. 14.

Loa a Mostra e, entre outros aspectos, as representacións que se fixeron na rúa con todo o que iso carrega. Dá conta logo das actividades nas que o museo etnográfico estivo directamente relacionado.

- C. Crespo, 'A Mostra baixa o telón', *La Región*, 'Verano de teatro', 26 xullo 2003, p. 14.

Informa do grande éxito da Mostra Internacional de Teatro e de cales foron as representacións máis exitosas. Ao final cita os espectáculos que se escenificaron por primeira vez fóra do núcleo urbano de Ribadavia.

- X.M.R., 'Ribadavia pechou a MIT máis solidaria', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 27 xullo 2003, p. 7.

Repásanse os feitos máis importantes da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2003 e indícase que se outorgaron premios a diferentes obras: á montaxe *La mano del emigrante* de Tanttaka Teatroa o premio do Xurado, á obra *Río Bravo 02* de Chévere o premio do Público, á montaxe *The happy Sideshow* da compañía australiana Sideshow o premio ao mellor espectáculo de animación e que o premio de Honra Abrente foi parar ao colectivo Burla Negra.

- Lolín Lira, 'Ribadavia y Fuenteovejuna', *La Región*, 'Verano de teatro', 27 xullo 2003, p. 18.

Comenta o gran apoio do público que tivo a Mostra en contrapartida co drástico recorte da aportación económica da Consellaría de Cultura, comparando esa actitude coa famosa frase de Lope de Vega "todos a unha".

- C. Crespo, 'A mostra remata con premios e chuvia', *La Región*, 'Verano de teatro', 27 xullo 2003, p. 18.

Informa dos premios que entregou por primeira vez o xurado. *La mano del emigrante*, do grupo vasco Tanttaka, recibiu o primeiro premio, *The happy Sideshow*, dos australianos Sideshow, foi a mellor representación na rúa e *Río Bravo 02*, de Chévere, obtivo o premio do público. O artigo remata informando do manifesto que firmaron catorce asociacións do Ribeiro para apoiar o certame.

- C. Crespo, 'O teatro fixo crítica social desde o seu nacemento, ¿por que non a vai facer agora?', *La Región*, 'Ourense', 27 xullo 2003, p. 8.

Entrevista ao director da Mostra, Rubén García Fernández, quen cualifica a presente edición como altamente positiva, tanto no que se refire á asistencia como á resposta do público. O director afirma que ademais da temática habitual busca outras obras innovadoras. Afirma, entre outras cousas, que ás compañías teatrais galegas fáltales promoción e máis distribución. Finaliza dando unha definición de teatro.

- C. Crespo, 'Lo que la Mostra dejó', *La Región*, 'Verano de teatro', 28 xullo 2003, p. 11.

Fai balance da Mostra comentando que, ademais dos aspectos culturais e festivos, tivo tamén un reivindicativo. Comenta o feito de que, logo de catro anos, se homenaxease unha compañía galega, Chévere. Na última parte fai referencia ás diversas coincidencias que se

deron paralelamente á Mostra, de entre elas destaca o trixésimo aniversario de Abrente.

- C. Crespo, 'O próximo ano vai haber moi bo teatro', *La Región*, 'Provincia', 22 novembro 2003, p. 21.

Entrevista a Rubén García, director da Mostra Internacional de Ribadavia, que vén de asistir ao Foro Internacional das Artes Escénicas de Bilbao na busca de espectáculos para a próxima convocatoria da mostra que dirixe. Salienta aspectos deste foro como a importancia do marketing para captar público, sinala que xa ten algún espectáculo apalabrado e que a próxima edición terá que ser máis forte por tratarse do vixésimo aniversario deste evento. Remata augurando que na próxima convocatoria vai haber moi bo teatro.

Xoves teatrais de Ferrol

Programa de teatro profesional organizado polo concello ferrolán coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a Fundación Caixa Galicia e coordinado polo Ateneo Ferrolán, no que se levan a cabo representacións teatrais ao longo de todo o ano. Celébranse os xoves dos meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro no auditorio do Centro Torrente Ballester. Na edición do ano 2003, dedicada ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, contou cun presuposto de cincuenta e oito mil euros e coa participación de dezaseis compañías, das que once son galegas. Deron comezo as representacións o día 6 de febreiro. As sesións foron ás oito e media da tarde, aínda que tamén se realizan pases para escolares. As representacións de selo galego foron, entre outras, as de Sarabela con *O lapis do carpinteiro*, Produccións Librescena con *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*, Eme 2 Produccións con *Malicia (Maica&Alicia)*, Teatro Maltés con *Porca Vita*, Talía Teatro con *Xustiza infinita*, Teatro do Atlántico con *Ecos e voces dun tempo e dun país*, Uvegá con *Mulleres*, Áncora Produccións con *Hai que romper* e Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol*.

Sala Yago

Espazo escénico que dende mediados de outubro de 2001 converteuse en teatro estábel, integrouse na Coordinadora de Salas Alternativas de España, igual que a sala Galán e a Nasa, e no que a oferta de espectáculos de monicreques é o seu factor diferenciador. Ademais da súa programación de teatro de actor, cine de autor en versión orixinal e música, tamén se levan a cabo representacións teatrais das máis diversas compañías galegas e mantense a oferta da programación de monicreques de xeito periódico. No ano 2003 recibiu compañías procedentes de diversos lugares do mundo, así como galegas, entre as que estiveron: Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol*, Librescena Produccións con *Os cárceres do olvido* e *As obras completas de Will Shakespeare*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* e Cachirulo con *Santiago, historia dunha viaxe*. Esta sala mantén ao longo do ano unha serie de programas como son o "Especiais no Yago", que incluíu un curso de monicreques e un espectáculo elaborado pola sala e o colectivo Nunca

Máis; "Títeres no Yago", "Títeres para a escola", "Teatro no Yago" ou "Cine no Yago", ademais de acoller representacións da Feira do Teatro de Galicia, o festival Galicreques e o Festival de Reis.

Referencias varias:

- C. Iglesias, 'Santiago recupera un cine histórico con el regreso del Yago a la cartelera', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 3 xaneiro 2003, p. 25.

Infórmase que ante a inminente creba do compostelán Cine Yago as compañías teatrais Cachirulo e Teatro do Noroeste asinaron un acordo para a súa recuperación e xestión compartida. O local convértese en Sala, na que se representarán obras teatrais e de monicreques.

- Manuel Beceiro, 'La sala Yago no entiende su exclusión de la red gallega de teatro alternativo', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 17 xaneiro 2003, p. L9.

Dásenos conta do descontento dos responsables da Sala Yago ante o feito da súa exclusión á hora de constituí-la Asociación de Teatros Alternativos de Galicia (ATEA) e de participar na rede galega de teatro alternativo. Esta asociación formouse dende as tamén compostelás Sala Galán e Sala Nasa

- A.I.S., 'La directiva de la Sala Yago denuncia la falta de apoyo del ayuntamiento', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 3 abril 2003, p. 36.

A directiva da Sala Yago fai balance do primeiro trimestre. Como aspecto máis positivo destácase a resposta do público, mentres no aspecto negativo dáse conta do escaso apoio recibido polas autoridades públicas locais. No que atinxe ás actividades do segundo cuadrimestre afirmase a continuidade das actividades realizadas ata o de agora e anúncianse novas actividades. Entre elas destácase a celebración da XI Feira do Teatro, así como un curso de "Introdución ao teatro de monicreques e de actor".

- AFA, 'A Yago presenta a programación con críticas ó concello', *O Correo Galego*, 'O día', 3 abril 2003, p. 44.

A Sala Yago presenta a súa programación de cara ao segundo trimestre do ano. Como novidade introdúcese o apartado "Especiais no Yago", que contén un curso de monicreques. Os responsables da sala destacan tamén a escasa colaboración recibida dende os poderes públicos municipais.

- S.P., 'De volta á escena na Yago de Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 setembro 2003, p. 50.

Dá conta do reinicio das actividades da Sala Yago de cara ao cuarto trimestre do ano.

- MARÉ, 'Teatro por partida dobre', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2003, p. 42.

Dáse conta das dúas obras que dirixe en Santiago o actor e escenógrafo Celso Parada: Os vellos non deben de nanorarse e A comedia do Gurgullo. As representacións teñen lugar na saña Yago e no Salón Teatro respectivamente.

Sala Nasa

Creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA), é unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Durante o ano 2003 acolleu, na liña de anos anteriores, as máis variadas actividades relacionadas coa cultura. No que ao teatro se refire contou con espazos como o "Ultranoite", que nesta ocasión levou por título "Contra a Burla Negra", no que se realizou un cabaret colectivo e os fondos recadados foron destinados a combater os efectos da marea negra. Tamén se puxeron en escena a obra *Río Bravo 02* de Chévere e *Malicia* de Eme 2, así como unha parte dos espectáculos da Feira do teatro de Galicia.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, 'Chévere seguirá co teatro de humor e comprometido', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 5 xullo 2003, p. L2.

Co gallo do décimo quinto aniversario da compañía teatral Chévere anúnciase un acto ("Ultranoite") no que o público poderá deleitarse cunha escolma de *sketchs* de espectáculos da citada compañía, ademais doutros grupos de teatro e músicos de diferentes bandas. Aproveitase para facerlle unha pequena entrevista a un dos actores da mesma, Xesús Ron, quen sostén que o grupo teatral vén facendo un teatro de humor para resistir os tempos que lles tocan vivir. O actor ten as esperanzas de que no futuro o teatro se vexa máis apoiado, porque insiste en que o esforzo e o traballo da xente só non é suficiente, e engade que non lles gustaría que o seu traballo fose de supervivencia continua.

- Arantxa López, 'A 'alternativa' é galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 decembro 2003, p. 40.

Achega á situación do teatro alternativo en Galicia a través dos responsábeis das salas Nasa e Galán de Santiago de Compostela. Recóllense as declaracións de Baltasar Patiño, director do Teatro Galán, e de Xesús Ron, da sala Nasa, nas que consideran como factores principais da crise do teatro alternativo a puxanza dos medios audiovisuais, a falta de promoción e de financiamento, para o que se sinala que as dúas salas veñen de unirse na reclamación dun maior apoio institucional. Por outra parte, tamén se recollen as declaracións da crítica Iolanda Ogando, quen destaca a gravidade do problema económico, da falta de espazos adecuados para as compañías e a escaseza de público, salientando á vez a calidade das programacións destas dúas salas.

Sábados teatrais de Narón

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e da Deputación da Coruña, lévanse a cabo cunha sesión semanal no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril e de setembro a decembro. A entrada é de catro euros para os adultos e dous para os menores, aínda que tamén se pode mercar un abono para dez sesións por vinte e oito euros. Ao longo do ano 2003 tiveron lugar representacións de compañías tanto foráneas coma galegas. No mes de marzo celebrouse a primeira década de existencia do Auditorio de Narón e durante o último trimestre do ano organizáronse as representacións en catro bloques temáticos: a produción feita en Narón, as postas en escena dirixidas aos máis pequenos, o drama e aquelas obras máis comprometidas con sectores desfavorecidos. As compañías galegas participantes foron: o Centro Dramático Galego con *O colaborador*; Bucanero coas tres pezas *Tres notas*, *Se normal*, *vota Substancia Bucanera* e *Monólogo do imbécil*; Eme 2 Producións con *Malicia (Maica&Alicia)*; Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol* e *Campo Sur*; As Vede3 con *16 horas*; Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*; Rara Avis Teatro con *Baby boom no paraíso*; Teatro do Atlántico con *Vanzetti*; Matarile Teatro con *Acto seguido*; Producións Librescena con *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*; Monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado*; Uvegá Teatro con *Mulleres*; Teatro do Morcego con *A gran ilusión*; e Teatro do Aquí con *O cabodano*.

Referencias varias:

- S.P., 'Uvegá Teatro representa 'Mulleres' en El Alto', *La Opinión*, 'Narón', 18 xaneiro 2003, p. 32.

Nota na que se anuncia a representación de *Mulleres*, de Uvegá Teatro, no Auditorio de Narón dentro dos Sábados Teatrais, dos que se lembra que nesta edición foron inaugurados polo Centro Dramático Galego.

- Susana Pérez, 'Un auditorio incondicional', *La Opinión*, 'Narón', 30 marzo 2003, p. 38.

A xornalista fai un repaso pola programación teatral que o Concello de Narón organiza ao longo de todo o ano. Achega as cifras de espectadores que pasaron polo Auditorio do Alto do Concello de Narón no ano 2001 (máis de dez mil) e en 2002. Comenta que participaron máis de trinta compañías cunhas corenta e seis representacións; de todas elas destaca *A conxura dos necios* de Sarabela Teatro, *A cacatúa verde* (no ano 2001) e *Rosalía* (2002) do Centro Dramático Galego. Dos grupos teatrais de fóra de Galicia di que Emilio Gutiérrez e María Adánez na representación de *El príncipe y la corista* e o monólogo de Lola Herrera foron os que contaron con máis aceptación por parte do público.

- Rocío Pita Parada, 'Unas 200 personas se interesan por la escuela de teatro profesional', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 19 setembro 2003, p. 17.

Ademais de informar sobre a programación dos Sábados Teatrais do Concello de Narón, dos que se di que se dividirán en catro bloques temáticos: un dedicado ao teatro naronés, outro ao teatro infantil, un terceiro ao drama e o último acollerá obras de temática social, coméntase a posta en marcha da primeira escola de teatro profesional de Galicia. A concelleira de cultura do Concello de Narón, Ana Muñiz, e o director técnico do organismo

municipal, Luciano Fernández, explican que o programa de estudos teatrais terá unha duración de seis cursos, repartidos en dous ciclos, e que o ano académico comezará en outubro, con clases en tres niveis. Por último, engaden que a creación desta escola suporá unha inversión para o Concello de Narón duns doce mil euros.

- S.P., 'Una obra de Prieto abrirá los Sábados Teatrais', *La Opinión*, 'Narón', 19 setembro 2003, p. 18.

Dá conta do comezo do primeiro dos ciclos dos Sábados Teatrais do Concello de Narón coa obra *Se normal, vota Substancia Bucanera*, de José Luís Prieto, un naronés que vén de ser galardoado co "Premio Max" ao mellor autor teatral en galego. Informa de que neste mesmo apartado inclúese *Monólogo do imbécil*, a obra pola que foi premiado o devandito autor e *Baby boom no paraíso*, que tamén está protagonizada por actores de Narón. Engade que no segundo ciclo, o dedicado ao teatro infantil, estarán presentes as compañías catalás La Pera Limonera y Teatre Arca e, en representación galega, os Monicreces de Kukas. O terceiro ciclo estará protagonizado polo drama, coas compañías Teatro do Atlántico, Matarile Teatro e Librescena. Finalmente apunta que a programación se pechará co teatro máis comprometido, incluíndo obras como *El amigo de John Wayne*, que se achega aos problemas das persoas deficientes; *Campo Sur*, que versará sobre os pobos sen estado como o saharauí; e *La mano del Emigrante*, baseado nun texto de Manuel Rivas.

- Rocío Pita Parada, 'Bucanero ironizó sobre la política en la apertura de los Sábados Teatrais', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 21 setembro 2003, p. 16.

Informa do éxito que acadou a representación teatral *Se normal, vota Substancia Bucanera*, de José Luís Prieto, baixo a dirección de Iolanda Muíños e a cargo da compañía naronesa Bucanero; obra teatral encargada de inaugurar a nova temporada do ciclo Sábados Teatrais que o Concello de Narón vén organizando anualmente. Segundo a xornalista, os actores Pedro Picos, Xosé Bonome e José Luis Prieto son uns verdadeiros talentos xurdidos da prolífica canteira teatral naronesa. Engade que a obra presenta unha peculiar proposta para unhas eleccións imaxinarias e ironiza sobre o mundo da política. Finalmente, comenta o novo funcionamento do despacho de billetes informatizado, que permite aos responsábeis do Padroado da Cultura o control sobre a ocupación da sala e das reservas.

- R.P.P., 'El Padroado da Cultura reunió a 31.000 personas el pasado año', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 1 outubro 2003, p. 21.

Infórmase de que o Padroado da Cultura do Concello de Narón elaborou un informe onde constan todas as representacións (corenta e cinco) e asistentes a elas (once mil sesenta) que se celebraron neste municipio durante o ano 2002, co fin de acadar un orzamento por parte da Consellaría de Educación que lles permita a construción dun "gran contenedor cultural", xa que o actual auditorio, onde teñen lugar todos os acontecementos culturais, quedáselles pequeno. Por último, coméntase que as dúas actividades máis concorridas foron as dos Sábados Teatrais e a Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil, quedando espectadores sen poder entrar ao recinto por falta de espazo.

- Susana Pérez, 'Los Sábados Teatrais volverán en enero con 13 espectáculos', *La Opinión*,

'Narón', 20 decembro 2003, p. 19.

Dá conta do reinicio, de 17 de xaneiro a 17 de abril, dos "Sábados Teatrais", organizados polo Concello de Narón. Como estreos en galego represéntanse as obras *Fobias, unha extraña noite na casa de Luís Mendia* (compañía Lagarta-Lagarta), *Camiño longo* (Teatro do Aquí), *A comedia do Gurgullo* e *O ano do Cometa* (Centro Dramático Galego), *Así pasen cinco anos* (Sarabela Teatro), *Pallasos* (Uvegá Teatro), *O caso da rúa Lourcine* (Teatro do Morcego), e *Molière final* (Talía Teatro).

Outono teatral do Carballiño

Despois da desaparición en 2000 do Festival do Teatro Galego que durante quince anos tiña organizado a Asociación Cultural Orballo, o Concello do Carballiño realizou durante dúas edicións unhas xornadas de teatro de rúa, que no ano 2002 deron lugar ao "Outono Teatral", aproveitándoo o Concello carballinés para a súa entrada na Rede Galega de Teatros e Auditorios. No ano 2003 tiveron lugar catro representacións que se celebraron os venres ás once da noite no Auditorio Municipal cun prezo da entrada de catro euros. As compañías que puxeron as súas pezas en escena foron: Teatro do Atlántico con *Solo para Paquita*, San&San con *Muñekitous, a regional geographicreport*, Nove-Dous con *O porque das cousas* e Chévere con *Río Bravo 02*.

VIª Mostra de teatro de Vilanova de Arousa

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Vilanova de Arousa, dende o ano 2002 está dentro da programación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, o que supón a posibilidade de contar periodicamente con espectáculos que entran no círculo galego. Ten como escenario a Casa de Cultura de Vilanova e na edición de 2003 contou coa participación de grupos como: The Pinga con *Urbe*, Factoría Teatro con *Coitelos nas galiñas*, Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol* e Librescena Produccións con *Obras completas de Will Shakespeare*.

Vª Mostra internacional de teatro universitario

Promovida polo Instituto das Artes Escénicas e Musicais, está organizada pola Compañía Teatro de Ningures co patrocinio do Vicerreitorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo e conta coa colaboración da Facultade de Belas Artes, do Concello de Pontevedra e Caixanova. Está coordinada no Campus de Pontevedra por Casilda García Alfaro e no de Vigo por Salvador del Río. As pretensións desta mostra son as de dar a coñecer o teatro a nivel universitario que se fai nos campus de Pontevedra e de Vigo, á vez que busca fomentar a formación dos alumnos das aulas de teatro universitarias e favorecer o seu contacto con outras agrupacións teatrais. Na edición de 2003 tivo lugar entre o 28 de abril e o 3 de maio no Campus de Pontevedra, mentres que no de Vigo se celebrou entre o 6 e o 10 de maio. Tivo como escenario o Auditorio de Caixanova de ambas cidades, con entrada libre, e participaron os grupos: Aula de Teatro da Universidade de Vigo con

Supertot, Asociación de Estudiantes Angolanos en Portugal, Aula de Teatro do Campus de Pontevedra con *Ecos e silencios*, o grupo marroquí Atelier de Théâtre de Ben Msik, o Grupo Maricastaña con *O despertar*, Aula de Teatro da Universidade de Extremadura, Hac Luce e o grupo La Vuelta de México.

Referencias varias:

- B.L., 'Un musical protagonizado por un superheroe', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 abril 2003, p. 85.

Dá conta do comezo da V Mostra internacional de teatro universitario que se celebra en Pontevedra e informa de que esta se iniciou cunha comedia musical, unha versión de *Supertot*, que realizou a Aula de Teatro do Campus de Vigo. Comenta que esta obra segue o esquema do libro de Benet i Jornet e que se trata dunha parodia de superheroes que actúa na gran cidade e "todo iso no que se basean as películas e os cómics". Tamén se comenta que o director de *Supertot* destacou desta mostra de teatro a posibilidade que ofrece de investigar e experimentar en temas escénicos, ademais de poder ver compañías doutros lugares como Marrocos ou Angola, xa que a Asociación de Estudiantes Angolanos en Portugal representa tamén nesta mostra a obra *Bungila pela libertação*.

- B.L., 'Os 'Éxodos' de Sebastiao Salgado levan 'Ecos e silencios' ó escenario', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 maio 2003, p. 75.

Crítica da obra *Ecos e silencios* montada pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, composta maioritariamente por alumnos de Belas Artes, dentro da Mostra internacional de teatro universitario celebrada no auditorio de Caixanova que se leva a cabo en Pontevedra até o día 3 de maio e en Vigo dende os días 6 ao 10 de maio. A obra dirixida por Pepa Barreiro está baseada na serie fotográfica de Sebastiao Salgado titulada "Éxodos" que foi teatralizada nun taller de escritura teatral impartido por Sanchís Sinisterra. Os textos resultado destes exercicios representados na Mostra manifestan a dimensión investigadora e experimental que debe caracterizar este tipo de certames. O artigo apunta a seguinte representación o día 2 de maio: *El soko de bla bla* do Atelier de Théâtre de Ben Msik de Marrocos no auditorio Caixanova.

VIIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo

Naceu no ano 1997 e celebrouse na primavera organizada pola Asociación de Prevención e Loita contra a Droga Avante, coa colaboración do Ministerio de Asuntos Sociais, a Consellaría de Sanidade e Servizos Sociais e o Concello de Sanxenxo. Esta iniciativa enmárcase dentro do Programa de Prevención de Drogodependencias no ámbito do lecer e o tempo libre que puxo en marcha a asociación hai sete anos. No 2003 celebrouse entre os meses de maio e xuño no edificio de usos múltiples de Portonovo. Algunhas das obras representadas das que temos noticia foron *Amores e desamores de Micomicón e Adelala*, unha versión libre da obra escrita por Eduardo Blanco Amor, a cargo do grupo A Mimosa; *Amante póstumo* e *Actriz abandonada polo seu espectador* do grupo de teatro do colexio Abrente; e *Cousas do demo* da asociación Avante.

IVª Mostra de teatro universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Organizada pola Universidade de Santiago de Compostela, baixo a coordinación da Aula de Teatro da USC e coa produción do Vicerreitorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria, naceu coa vontade de ser un referente para a posta en escena dos grupos de teatro de carácter universitario de toda Galicia. Na edición de 2003 contou co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a Fundación Caixa Galicia e celebrouse entre os días 18 de maio e o 3 de xuño, tanto no campus de Compostela coma no de Lugo, tendo como escenarios no primeiro o Auditorio da Universidade, o Salón Teatro e a sala Nasa, mentres que no segundo celebrouse no Auditorio Gustavo Freire. Os grupos participantes con obras en linguas distintas ao galego foron: La Troupe Française, Hac Luce da Universidade da Coruña, Comité Teatro, English Theatre Group, Aula de Teatro de Granada e Aula de Teatro da Universidade de Extremadura, mentres que as obras en galego que se representaron foron *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes* da Aula de Teatro da USC, *O PQ das cousas* de Eis Teatro, *Sexus interruptus* de Terapia do chicle, *A cantante calva* de Captatio Benevolentiae, *Outra primavera* de Aula de Teatro de Ourense Maricastaña, *Sétimo día* de Teatro das Ánimas, *Obituario* de Fatuati, *Nunca durmo* de Ápeiron Teatro, *A matanza dos Seixas* de Pelouro Teatro, *Azotea* de Teatro no Aramio, *Caurentena* de Cadáver Exquisito e *Baixo o bosque lácteo* de Tirititraun.

Referencias varias:

- C.d.U., 'Coproducción da Aula de Teatro da USC coa homónima de Konstanz', *El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 'Correo da Universidade', 22 maio 2003, p. 4.

Informa da celebración da IV Mostra de teatro universitario da Universidade de Santiago, centrándose na coprodución teatral que está a levar a cabo a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela e a compañía teatral da Universidade de Konstanz (Alemaña). Coméntase que é un proxecto que naceu do encontro que ambas entidades protagonizaron no Festival de Teatro Europeo de Rouen. Dise que *Playback Ulysses 03 - Myths, money and more*, que así se titula esta obra teatral, é unha adaptación do texto *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes*, de Roberto Salgueiro. Finaliza opinando que con este proxecto común se verán representadas as referencias políticas e sociais da Europa do novo século: o nazismo, a Guerra Civil española, o conflito dos Balcáns e a inmigración, entre outros.

IVª Mostra de teatro afeccionado de San Sadurniño

Nova edición desta mostra que se celebra cada ano no centro cultural do Concello de San Sadurniño. As entradas custan tres euros e a metade para os xubilados e os menores de 18 anos. No ano 2003 foi inaugurada o domingo 2 de febreiro coa peza *¿Quen matou a Mari Lauri?* de Teatro Avento, seguida logo polas representacións de Imaxina con *Campanas de Bastabales*, Metástase con *Cascudas*, O Bosque con *O pincel máxico*, ademais de Ad

Libitum e a compañía amadora Tranghaiada con *El último gallinero*.

Ciclo de teatro de Cambados

Este ciclo programado pola Rede Galega de Teatros e Auditorios tivo como escenario a Sociedade Cultural de Cambados e as representacións leváronse a cabo durante cinco domingos consecutivos a partir das 19:30 horas dende o día 26 de outubro até o 23 de novembro. O prezo das entradas foi de tres euros para os adultos e a metade para os estudantes, xubilados e socios da Sociedade Cultural cambadesa. As pezas representadas foron: *As obras completas de William Shakespeare (abreviadas)*, de Librescena Produccións; *Anxélica no ombral do ceio*, de Monicreques de Kukas; *Sexismunda*, de Sarabela Teatro; *Farois vermellos*, de Teatro do Aquí; e *O bico da muller araña*, de Balea Branca.

Referencias varias:

- Mercedes Angueira, 'A Rede Galega de Teatros enche os escenarios de Cambados', *Diario de Arousa*, 'E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...', 1 novembro 2003, p. 44.

Repaso á programación deste ciclo celebrado en Cambados no que ademais de sinalar a compañía e a peza que se vai representar, ofrece algunhas notas da traxectoria profesional da formación e tamén do argumento da peza que van poñer en escena. Así refírese a *Anxélica no ombral do ceio*, de Monicreques de Kukas; *Sexismunda*, de Sarabela Teatro; *Farois vermellos*, de Teatro do Aquí; *O bico da muller araña*, de Balea Branca e *As obras completas de Will Shakespeare*, de Librescena Produccións.

IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña

Este encontro naceu, segundo os seus organizadores, coa intención de facerlle un oco ao teatro independente e que se converta nunha chamada anual na que os traballos presentados incidan na dramaturxia propia de Galicia e en autores novos, para que se transforme nun referente dentro do panorama teatral galego. Celebrouse entre o 21 e o 26 de xaneiro de 2003 no Fórum Metropolitano da Coruña. As compañías participantes foron: Teatro da Bufarda con *Tres, tres, tres*, Nostrumcai-Teatro con *Tatuaxes*, Teatro Mutante con *Comida*, San&San con *Muñequitos*, Teatro Barato con *Cine Club* e Avento Teatro con *¿Quen matou a Mari Lauri?*

Referencias varias:

- M. Guerreiro, 'Teatro da Bufarda inaugura a mostra da escena independente', *La Opinión*, 'Cultura', 21 xaneiro 2003, p. 53.

Anuncia que a obra *Tres, tres, tres*, que é unha reflexión sobre a incomunicación da sociedade actual, inaugura os II Encontros de Teatro Independente da Coruña, e indica que Teatro Mutante con *Comida* será outro dos grupos participantes.

- I.M., 'Por un puñado de aplausos', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 23 xaneiro 2003, p. 15.

Reflexiona sobre a escaseza de medios que teñen as compañías de teatro independente para poder representar e indica como unha posíbel saída destes grupos son as actuacións que terán lugar dentro da mostra de Teatro Independente da Coruña.

IIª Mostra de teatro afeccionado 'Móstrate'

Mostra organizada pola Asociación Cultural Solpor, de Fornelos da Ribeira (Ponteareas), que pretende promover o teatro afeccionado máis alá da súa comarca contando coa participación de grupos de toda Galicia, achegando así o teatro ao maior número de persoas posíbel. As actuacións tiveron lugar na Carballeira das Fraguíñas a partir das dez e media da noite e a mostra comezou o venres día 27 de xuño coa actuación de Berenguela Teatro con *Café-Club*, á que logo seguiron en días posteriores actuacións como a do grupo Teatro Experimental con *Retablo dun tempo presente*.

Referencias varias:

- G.P., 'Fornelos acoge desde el viernes la II Mostra de Teatro Aficionado 'Móstrate', *Faro de Vigo*, 'Condado-Paradanta', 25 xuño 2003, p. 15.

Informa de que as obras *Café-club* de Berenguela Teatro e *Retablo dun tempo presente* do grupo de Barbadás Teatro Experimental serán representadas en Fornelos dentro da II Mostra de teatro afeccionado "Móstrate".

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Áncora Produccións: *Hai que romper*.

Peza baseada na vida e obra de Antón Avilés de Taramancos, na que se combina a representación co recitado de poesía deste autor, mergullándose así no seu mundo poético.

Dramaturxia e dirección: Ánxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora.

Interpretación: Gustavo Pernas Cora, Eva Veiga, Ánxela G. Abalo, Brandam e Bernardo Martínez.

Música: Brandam e Bernardo Martínez.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Referencias varias:

- C. V., 'Avilés chega ao teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 27.

Anúnciase a representación da peza en diferentes lugares de Galicia e salientase que nela se recrea coas técnicas do teatro a vida de Antón Avilés de Taramancos. Recóllense as declaracións de Ánxela Abalo nas que destaca o interese que espertou neles a vida e obra do autor de Taramancos, o fácil que foi montar o espectáculo por ter feito o propio poeta un seguimento dramatúrxico da súa vida, pero a dificultade de elaborar a escolma de textos. Remátase dando conta do reparto e destacando a importancia da música.

- Albino Mallo, 'Hai que romper', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 outubro 2003, p. 50.

Anuncia a representación desta peza, da que sinala que ten como protagonista a Antón Avilés de Taramancos, nunha recreación da súa vida. Recóllense as palabras de Ánxela Abalo, unha das autoras, quen salienta a fascinación que lle provocou a vida e obra do poeta noiés e a dificultade de elixir os textos. Remátase salientando a conxunción entre Galicia e o Caribe acadada na obra.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Avilés de Taramancos en escena', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 27 outubro 2003, p. 3.

Dá conta da posta en escena por toda Galicia de *Hai que romper*, de Áncora Produccións, unha peza na que sinala que se representa o perfil humano do poeta "unido á textualidade dramática da súa poesía". Do espectáculo salienta a carta que Ánxela Abalo, directora e actriz, lle dirixe ao poeta e na que lle explica que buscan mergullarse no seu mundo poético. Tamén destaca a enerxía do verbo lírico deste poeta que fundiu vida e obra ou a temática do mar, a terra, o amor e a tenrura, todo nun espectáculo que considera unha excelente homenaxe a Avilés de Taramancos.

- J.A. Martínez Sevilla, 'El mensaje marino', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 28 outubro 2003, p. 18.

Anuncia a representación desta peza no Fórum Metropolitano da Coruña, da que destaca o delicado ritmo, a enerxía creadora e a mensaxe do poeta, nuns poemas que "adquieren concreción real al ser el autor dueño de la palabra". Tamén destaca a música, a cadencia versificadora dos intérpretes e a xestualidade, co que nos achegan á vida dun home que volveu á súa terra diferente e que a plasmou na súa obra.

- MARÉ, 'Taramancos chega ó Principal compostelán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2003, p. 61.

Nota na que se anuncia a presentación de *Hai que romper* no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Sinalase que nesta ocasión Ángela Abalo e Gustavo Pernas contan coa colaboración de Bernardo Martínez e Brandam.

- Ana Iglesias, 'Áncora Teatro regresa al Principal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 28 outubro 2003, p. 32.

Nesta sección fixa na que se dá conta de feitos culturais e sociais da cidade de Santiago de

Compostela, anúnciase tamén a posta en escena de *Hai que romper* no Teatro Principal, unha peza que se vén unir ás homenaxes que Antón Avilés de Taramancos recibiu ao longo do ano e na que salienta a colaboración de familiares e amigos do poeta.

- Chicha Pantín, 'Una aventura de lo más poética', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 6 decembro 2003, p. 22.

Entre outras novas de actualidade da cidade de Ferrol dáse conta da representación de *Hai que romper* no Centro Cultural de San Sadurniño. Sinálase que é unha peza na que Áncora Producións investiga a vida e obra do poeta Antón Avilés de Taramancos e que conta coa colaboración de Eva Veiga.

Arela das Artes: *Infamia*, baseada na obra de Hellman.

Adaptación teatral libre de *The Children's Hours*, da escritora americana Lillian Hellman, unha peza na que cun marcado ton feminista se cuestionan todos aqueles prexuízos que envolven as relacións homosexuais. A historia está situada nunha pequena cidade de Galicia ao comezo dos anos setenta e desenvólvese nun internado feminino dirixido por dúas mestras que son acusadas de lesbianismo por unha alumna.

Adaptación: Roberto Cordovani.

Referencias varias:

- Gabino Porto, 'A Cañiza, nuevo espacio teatral', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 3 maio 2003, p. 45.

Dá conta da constitución na Cañiza dunha nova compañía teatral chamada Arela das Artes, dirixida por Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, e que vén de estrear a peza *Infamia*. Sinálase que se trata da adaptación dunha obra da escritora americana Lillian Hellman, na que se cuestionan dende unha posición feminista os prexuízos que envolven as relacións homosexuais. Remátase repasando a orixe desta iniciativa e recollendo as palabras de Cordovani, nas que destaca que con esta peza queren denunciar a hipocrisía que rodea as relacións humanas.

Arte Livre do Brasil: *A volta do parafuso*.

Peza de Henry James, caracterizada polo suspense, na que se xoga coas palabras no tratamento de temas como o erotismo ou a pedofilia. Está protagonizada por unha institutriz inglesa que asiste a estrañas aparicións na casa na que traballa, na que descobre que os nenos están posuídos polos espíritos dos antigos serventes.

Adaptación e dirección: Roberto Cordovani.

Interpretación: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

Referencias varias:

- A. Mauleón, 'Teatro Arte Livre do Brasil estrena mañana en Vigo la obra de terror 'A volta do parafuso', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 2 xuño 2003, p. 12.

Anuncia a estrea en Vigo de *A volta do parafuso*, unha peza na que se busca materializar no teatro as emocións que espertan as películas de suspense. Destácase a coidada escenografía dunha peza na que se conta a chegada dunha institutriz inglesa a unha casa na que comezan a ocorrer cousas estrañas. Sinálase que está patrocinada pola Concellaría de Muller e o Servizo de Normalización do Concello de Vigo e adiántase que despois percorrerá diferentes lugares de Galicia e España. Remátase indicando que esta obra forma parte dun ciclo protagonizado por mulleres caracterizadas por unha personalidade moi definida e que buscan un lugar no mundo.

- A.N.T., 'Roberto Cordovani leva a Vigo tres das súas mulleres de teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 38.

Anúnciase a estrea de *A volta do parafuso*, obra na que Roberto Cordovani interpreta unha muller, como xa fixera nas obras arredor da vida da Bela Otero e de Aurora Rodríguez. Segundo o actor e director destas pezas estas mulleres caracterízanse por ser "malas segundo a forma común de falar, perturbadas pola relixiosidade ou a represión sexual". Compara a protagonista de *A volta do parafuso* coas dúas anteriores, diferenciándose por ser temerosa ante o mundo ameazante. Remátase ofrecendo o calendario das actuacións previstas por esta compañía.

Balea Branca: *O bico da muller araña*.

Obra do escritor arxentino Manuel Puig, na que se desenvolve unha trama ambientada na ditadura arxentina, na que dous presos, condenados por motivos moi diversos, coinciden na cela dun cárcere.

Dirección: Dami Contreras.

Ver Ciclo de teatro de Cambados.

Recensións:

- Iolanda Ogano, 'Tensar con decibelios ', *Tempos Novos*, nº 77, 'Teatro', outubro 2003, p. 83.

Comeza falándonos da atemporalidade de certas temáticas, non só os grandes asuntos como o amor ou o odio, senón tamén pequenos subtemas: a crueldade, o engano, a chantaxe, a represión ou a loita. Unha boa parte destes temas dinos que se poden encontrar na novela do arxentino Manuel Puig, *El beso de la mujer araña*, famosa pola película homónima de Héctor Barbenco. E fálanos deste libro porque é no que basea Dami Contreras o espectáculo máis recente da compañía Balea Branca, da que é o máximo responsábel, *O bico da muller araña*. Segundo Iolanda Ogano coa montaxe preténdese investigar e analizar o lado escuro por medio do traballo actoral de só dous homes que se enfrontan aos límites da tolemia. Atópalle, non obstante, algúns defectos á obra sobre todo na contradición que

supón o forzar na estadía pechada de dúas persoas un entorno no que a tensión estaba marcada pola rapidez e a inhumanidade. Ademais, á parte de pequenos descoidos que desloquen a obra, criticábase a mala escolla dos diálogos nunha obra no que o que importa é o que se fala. Aínda así, no apartado das virtudes inclúe o axeitado de traer á escena galega unha peza de recoñecida calidade e que ademais presenta a dificultade de ser exportada dun medio distinto ao teatral. Así mesmo, agrádanlle os mundos mentais que se crean coas palabras de personaxes tan antagónicos e a revisión que se fai dos temas.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'Sobre as necesidade de soñar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Teatro', 28 setembro 2003, p. 5.

Coméntase a peza *O bico da muller araña*, da que Lupe Gómez considera que é un exercicio de entretemento "algo baleiro", posto que se tratan temas como a homosexualidade con reparos, nunha peza na que non hai claridade nin provocación e cunha interpretación esquiva e forzada nun ruído constante de diálogos. Considera que é unha obra moi plana, sen cambio de escenario, estática, que consegue evocar o ambiente carcerario no que se desenvolve pero que tería que terse descargado máis a peza para que "na liberdade resultara máis atractiva".

- Mercedes Angueira, 'A Rede Galega de Teatros enche os escenarios de Cambados', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 1 novembro 2003, p. 44.

Repaso pola programación teatral na vila de Cambados da man da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Sinala que a primeira representación correrá a cargo de Monicreques de Kukas coa peza de Eduardo Blanco Amor *Anxélica no ombral do ceio*, seguida logo polas actuacións de Sarabela Teatro con *Sexismunda*, Balea Branca con *O bico da muller araña* e Librescena Producións con *As obras completas de Will Shakespeare*. De todas elas ofrece a liña argumental.

Balea Branca: *Ai Carmela*.

Traxicomedia de José Sanchís Sinisterra na que se conta a vida e desgraza de dous humoristas, Carmela e Paulino, en plena Guerra Civil española, durante a que son capturados mentres actuaban no bando republicano e acusados de espías polo bando nacional.

Dirección: Damián Contreras.

Interpretación: Teté García e Fran Salgado.

Belmondo: *Sidecar*.

Montaxe baseada nos textos escritos por Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido, Ángel Burgos e Carlos Santiago, que traballaron tendo como idea o sidecar e como horizonte unha viaxe. O resultado é unha comedia na que se leva a cabo tanto unha viaxe de dous

personaxes pola estrada coma unha viaxe a través dos elementos escénicos do teatro dentro do teatro.

Dramaturxia e dirección: Carlos Santiago.

Interprétes: Borja Fernández e Marta Pazos.

Axudante de dirección: Gil Rodrigues.

Textos: Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido, Ángel Burgos e Carlos Santiago.

Coreografía: Uxía Pereiro.

Música: Fran Pérez.

Vestuario: Mónica Lavandera.

Maquillaxe: Fany Bell.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Teatro e vida en 'Sidecar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 53.

Dá conta da estrea na sala Nasa da peza *Sidecar*, do grupo Belmondo. Recóllense as palabras de Carlos Santiago, director da peza, nas que sinala que nela se confunde vida e teatro "nunha clave moi dadaísta e surreal", nunha aposta máis teatral na que se implicaron diferentes propostas creativas.

- Iolanda Ogando, 'O teatro na estrada', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Teatro', xullo 2003, p. 85.

Destaca a renovación positiva que do teatro galego están a levar a cabo certas compañías pequenas, situando entre estas a compañía Belmondo. A seguir, comenta o último espectáculo desta, *Sidecar*, no que, segundo afirma, fúndense "estéticas diversas". Tras referirse a certos erros, como "unha engranaxe nos textos que, por veces, renxe", céntrase nos acertos. Aplauda, por exemplo, a interpretación ou o espazo escénico. Finaliza insistindo na relevante contribución de Belmondo á dramaturxia galega.

Bruto, Teatro: En punto.

Peza na que dúas personaxes moi "peculiares" interaccionan en situacións cotiás que se producen en diferentes cidades e pobos, na busca doutras persoas peculiares na que atopan atrancos que son habituais.

Intepretación: Mónica Camaño e Gloria Rico.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver XXª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas.

Ver XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- A.I.S., 'Compostela vibra arredor dos días da Ascensión', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 maio 2003, p. 68.

Dá conta de diversas actuacións dentro do marco das festas da Ascensión de Santiago de Compostela, entre elas do espectáculo de rúa *Circo de máscaras*, de Os Quinquilláns, e a posta en escena de *En punto*, de Teatro Bruto.

Bucanero Teatro: *Jánsel e Pónsel. Documental lúdico didáctico recreativo neurótico.*

Baseada nun texto de José Luís Prieto, esta obra é unha explicación peculiar da orixe do universo e a evolución do home até desembocar no "homo global", coa que se fai parodia dun documental arredor da historia da humanidade.

Dirección: Santi Prego.

Interpretación: Xosé Bonome (Nero) e Pedro Picos (Buca).

Adaptación: Flor Maceiras.

Referencias varias:

- N.V.s, 'A Macuca fará de Pontedeume un cultural país de Nunca Máis', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 31 agosto 2003, p. 15.

Con motivo da celebración das festas de setembro de Pontedeume faise un repaso pola programación de actos culturais previstos, froito da colaboración da comisión de festas e o colectivo A Macuca. Sinálase que entre as novidades terán lugar as postas en escena de *Jánsel e Pónsel*, a cargo de Bucanero Teatro; *Yoni Medio Gramo*, de Contracontos; e *Titiricircus*, de Tanxarina Teatro; así como a presentación do volume de banda deseñada *H2Oil* ou do libro de fotografías *No país de nunca máis*.

Bucanero Teatro: *Se normal, vota Substancia Bucanera.*

Parodia escrita por Xosé Luís Prieto sobre as eleccións, nas que se presenta o partido que lle dá título á obra. Os elixidos son membros dun partido político que pretenden representar ao colectivo aínda "normal" do planeta.

Dirección: Iolanda Muíños.

Interpretación: Pedro Picos, Xosé Bonome e Xosé Luís Prieto.

Deseño gráfico: Héctor Bonome.

Escenografía: Pepablo e Leandro.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- N.V., 'Bucanero, dos años haciendo bandera de la risa inteligente', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 28 agosto 2003, p. 17.

Achega á traxectoria dos integrantes da compañía profesional Bucanero, formada por Xosé Bonome e Pedro Picos. Lémbrese que ambos comezaron na Escola de Teatro de Narón, que logo estrearon *Jánsel e Pónsel*, e posteriormente chamounos a produtora M2 coa que se

fixeron profesionais. Destácase a calidade das obras que teñen levado a escena, escritas por José Luís Prieto, "Premio Max" de teatro, que son ademais da anterior *Tres notas* e *Se normal, vota Substancia Bucanera*, todas elas en cartel. En columna á parte, faise unha achega argumental a esta última obra, que foi estreada en Bilbao e que será estreada en Narón no mes de setembro.

- X.T., 'Lo más importante de este nuevo espectáculo es que es naronés', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 18 setembro 2003, p. 21.

Entrevista con Pedro Picos e Xosé Bonome, con motivo da súa participación nos Sábados Teatrais coa peza *Se normal, vota Substancia Bucanera*. Comezan contando cómo xurdiu a compañía na Escola de Teatro de Narón e a súa sorpresa polo éxito acadado en tan pouco tempo, para logo centrarse no argumento da peza, da que consideran que o mellor é o feito de ser un espectáculo naronés, que xunto con *Jánsel e Ponsel* e *Tres notas* percorrerá os escenarios galegos.

Carlos Santiago: *Monólogos finlandeses*.

Ver XXª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas.

Casahamlet. Estudio de Teatro: *Liturxia de Tebas*.

Peza de Manuel Lourenzo na que Edipo, libre dos seus poderes, imaxina un adeus aos cidadáns de todo o mundo.

Casahamlet. Estudio de Teatro: *Escuro enigma eu son*.

Baseada en versos de Píndaro, está interpretada por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández.

Centro Dramático Galego: *Daquel abrente*.

Dirección, iluminación e escenografía: Antonio Simón.

Interpretación: Manuel Areoso, Elena Atienza, Lino Braxe, César Cambeiro, Luma Gómez, Manolo González, Xulio Lago, Manuel Manquiña, Laura Ponte, Rodrigo Roel, Pepe Soto e Gonzalo Uriarte.

Músicos: Brais Morán, César Morán, Humberto Morán e Pablo Morán.

Axudante de dirección: Elina Luaces.

Auxiliar de dirección: Nerea de Valenzuela.

Auxiliar de produción: Ángeles Prieto.

Meritorio de dirección: Borja Insua.

Vestuario: Suso Montero.

Composición: César, Humberto e Pablo Morán.

Maquillaxe: Dolores Centeno.

Confección das máscaras: Águeda Biéitez.

Fotografía: Miguel A. Fernández.

Deseño Gráfico: Alberte Permuy.

Produción: Francisco Oti Ríos.

Referencias varias:

- Xosé Boubeta, 'Abrente con Brétema', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 'Opiniós dende a butaca', 2003, pp. 55-56.

Achega á peza *Daquel abrente*, representada polo Centro Dramático Galego (CDG), na que comeza explicando que estamos ante unha homenaxe póstuma a dous dramaturgos galegos recentemente desaparecidos, Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes, na que se funden as súas pezas *Laudamuco*, *señor de ningures* e *O velorio*. Sinálase que o título é unha clara referencia aos festivais de Teatro Galego de Ribadavia, que organizara a Asociación Cultural Abrente. Despois de aludir brevemente ao argumento de cada unha das pezas, Xosé Boubeta critica o labor do director, Antonio Simón, que considera que "fracasa estrepitosamente" na adaptación de *Laudamuco*, *señor de ningures*, do mesmo xeito que o reparto, observando que optaría por direccións diferentes en cada peza. Remata este artigo cunhas reflexións sobre o papel desenvolvido polo CDG, nas que lembra que naceu para ser unha compañía de referencia e crítica que na actualidade os seus espectáculos non esperten o interese do público ou o feito de que non asuma riscos escénicos, o que considera que debería levar aos responsábeis a unha fonda reflexión.

- Xurxo Taxes Díaz, 'Francisco Taxes', *Revista Galega de Teatro*, nº 48-49, 2003, pp. 49-49.

Artigo sobre Francisco Taxes escrito polo seu fillo. Nel coméntase a posta en escena no ano setenta e oito de *O Velorio* e os avatares deste texto, importante historicamente para o coñecemento do teatro profesional galego actual. Fálase da próxima montaxe que o CDG (Centro Dramático Galego) vai facer desta obra e da morte que acudiu antes de que o seu autor puidese vela.

- IGAEM, 'O CDG conmemora o 25 aniversario do teatro profesional galego coa estrea de *Daquel Abrente*', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, p. 60.

Recolle a noticia da estrea por parte do CDG (Centro Dramático Galego) da obra *Daquel Abrente*, espectáculo que conmemora os vintecinco anos de teatro galego profesional recuperando dous textos iniciáticos: *Laudamuco*, *señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño e *O Velorio* de Francisco Taxes. Cítase o elenco de actores e técnicos e destácase algunha outra característica da montaxe.

- Concha Pino, 'Daquel abrente' recupera os textos máis emblemáticos do teatro galego', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 16 febreiro 2003, p. L10.

Infórmase da posta en escena do espectáculo teatral dirixido por Antonio Simón que intenta revisar e actualizar dúas obras emblemáticas presentadas na mostra de Ribadavia para celebrar o vinte e cinco centenario do nacemento de Abrente. Esta montaxe do Centro Dramático Galego recollerá os textos de Roberto Vidal Bolaño *Laudamuco*, *señor de ningures* e *O velorio* de Francisco Taxes, obras que marcan o comezo da profesionalización

do teatro galego. Adiántase que a estrea farase baixo o nome *Daquel Abrente* e terá lugar o 7 de marzo no Salón Teatro aínda que as representacións continuarán até o mes de abril.

- Concha Pino, 'O CDG recupera 'O velorio', de Taxes, e 'Laudamuco' de Vidal Bolaño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 22 febreiro 2003, p. 46.

Comeza o artigo lamentando o pasamento do dramaturgo Francisco Taxes Prego, autor da peza *O velorio*, que se vai poñer en escena o 7 de marzo en Compostela xunto con *Laudamuco, señor de ningures* do tamén finado Roberto Vidal Bolaño. Infórmase de que a montaxe *Daquel Abrente* vai ser levada a cabo polo Centro Dramático Galego e dirixida por Antonio Simón, quen reunirá estes dous textos para celebrar o vinte e cinco aniversario de Abrente, que se considera o fíto fundacional da dramaturxia galega. Dáse conta de que estas obras foron as elixidas porque elas representan a profesionalización do teatro galego xa que foi Roberto Vidal Bolaño o que funda a súa primeira compañía, Antroido, e estrea a peza; a compañía Troula fai o propio co texto de Taxes.

- Carme Vidal, 'Adeus a Francisco Taxes, un escritor libre para o teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 30.

Laméntase o pasamento do dramaturgo Francisco Taxes Prego (1940-2003) xusto no momento en que o Centro Dramático Galego estaba preparando a posta en escena do seu texto *O velorio*, escrito en 1971 e representado en 1978 baixo a dirección de Antonio Simón, o mesmo que levará sobre as táboas do Salón Teatro a peza de Taxes e o *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño. Recóllense as palabras do propio Antonio Simón que declara ao seu amigo como un "escritor maldito" por estar á marxe e querer ser libre, xa que só pensaba en representar as súas pezas e con esa intención escribía. Para rematar o artigo escóllese a opinión da profesora e experta en teatro galego Dolores Vilavedra, quen fala de Francisco Taxes como un "dramaturgo puro" chamado a ser o cuarto nome do grupo Abrente que forman Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo e Euloxio Ruibal.

- Carmen Villar, 'O teatro galego celebra vodas de prata', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 302, 1 marzo 2003, p. 1.

Anúnciase a próxima montaxe do Centro Dramático Galego (CDG) que dirixirá Antonio Simón e que levará o título *Daquel Abrente*. Explicase que o espectáculo nace para conmemorar o vinte e cinco aniversario da profesionalización do teatro galego coa creación da compañía Troula de Manuel Manquiña e Antonio Francisco Simón e Antroido de Roberto Vidal Bolaño. Coméntase cómo ambas fixeron unha aposta clara por vivir do teatro e estrearon no ano 1978 a obra *O velorio* de Francisco Taxes e no 1973 *Laudamuco, señor de ningures* do propio Roberto Vidal Bolaño. Saliéntase que para esta celebración o CDG reunirá a actores que naquel momento representaron as pezas como é o caso de Manuel Manquiña, Manuel González e Gonzalo Uriarte. No terreo literario, destácase que son obras que falan das consecuencias do uso e abuso do poder en clave de farsa expresionista.

- I.F., '25 años de esperpento', *El Mundo*, 'El Cultural', 'Teatro', 6 marzo 2003, p. 40.

Dá conta da posta en escena, por parte do Centro Dramático Galego, da montaxe titulada *Daquel Abrente*. Indícase que o director, Antonio Simón, realiza con esta peza unha homenaxe aos autores e compañías que marcaron o nacemento do teatro profesional galego hai vinte e cinco anos: Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes, por unha banda, e os grupos Antroido e Troula, pola outra. Explicásenos que a primeira formación representou en 1973 *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño; e a segunda, en 1978, *O velorio* de Francisco Taxes. Os textos destas dúas obras dramáticas son precisamente as que agora se levan xuntas a escena. E isto, dísenos, porque ambas teñen en común a temática (as consecuencias do abuso de poder e a morte como forma de rebeldía) e o estilo "esperpéntico".

- A.N.T., 'Taxes e Vidal Bolaño volven á escena en Daquel abrente', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Informa de maneira sucinta da posta en escena por parte do Centro Dramático Galego de *Daquel Abrente*, unha peza que recolle dúas obras emblemáticas da dramaturxia galega como *O velorio* de Francisco Taxes e *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño. Lémbrese que esta representación conmemora o vinte e cinco aniversario da profesionalización da escena galega e é unha homenaxe aos dous escritores falecidos pouco antes de finalizado o proxecto.

- Camilo Franco, 'O Centro Dramático recupera as dúas obras coas que se iniciou o teatro profesional galego en 1978', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 7 marzo 2003, p. 47.

Infórmase da posta en escena de dúas pezas que simbolizan a profesionalización do teatro galego como son *O velorio* de Francisco Taxe e *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño. Estas vinte e cinco anos atrás foron representadas co afán de vivir do teatro e con *Daquel abrente* quere conmemorarse este feito no que participan actores como Manuel Manquiña, que naqueles tempos estaba involucrado no proxecto de Troula. Recóllense tamén as súas palabras, manifestando que dende aquela o teatro galego segue con carencias como a falta dun teatro infantil que cree novos espectadores.

- AFA, 'O CDG retoma a crítica ó poder das obras de Vidal Bolaño e Taxes', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 7 marzo 2003, p. 68.

Anúnciase a montaxe de *Daquel abrente* por parte do Centro Dramático Galego e baixo a dirección de Antonio Simón. Explicase que se pretende conmemorar os vinte e cinco anos do salto á profesionalización do teatro da man de Roberto Vidal Bolaño coa compañía Antroido e a representación *Laudamuco, señor de ningures*, e da compañía Troula con *O velorio*. Enténdese tamén que despois da morte de Vidal Bolaño e Francisco Taxes, autores das pezas, vai ser unha homenaxe a eles. Recóllese que Manuel Manquiña, integrante de Troula no seu día, volverá estar no reparto. Finalmente sinala que Manquiña apunta a necesidade de facer un teatro infantil na busca de novos espectadores.

- Carmen Villar, 'O CDG celebra con 'Daquel abrente' os 25 anos do teatro galego/El CDG celebra con "Daquel abrente" los 25 años del teatro gallego', *Faro de Vigo/La Opinión*,

'Sociedad', 7 marzo 2003, p. 40/p. 58.

Comeza o artigo lamentando a morte dos dramaturgos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes, autores de *Laudamuco, señor de ningures* e *O velorio* respectivamente, que o Centro Dramático Galego levará a escena baixo o título *Daquel abrente* e que pretende ser unha homenaxe aos vinte e cinco anos da profesionalización do teatro galego. Lémbrese que estes textos foron representados polas compañías Antroido e Troula, dirixidas por Vidal Bolaño a primeira e Manuel Manquiña e Antonio Simón a segunda, que naquel momento apostaron por vivir do teatro. Sinálase que a montaxe ten como alicientes o feito de volver contar entre os actores do reparto con Manuel Manquiña e Laura Ponte, que xa no ano 1978 saíron ao escenario.

- AFA, 'Pasado histórico', *O Correo Galego*, 'AFA', 7 marzo 2003, p. 31.

Recóllese a posta en escena por parte do Centro Dramático Galego da obra *Daquel abrente* que pretende ser unha celebración dobre, por unha banda dos vinte e cinco anos da profesionalización da escena galega e tamén dos trinta anos da I Mostra de Teatro en Ribadavia. Infórmase de que os textos elixidos para pór sobre as táboas son *O velorio* de Francisco Taxes e *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño. Así mesmo faise referencia ao falecemento recente destes dous dramaturgos polo que se fará do acto de estrea unha improvisada homenaxe.

- AFA, 'A escena en pé', *O Correo Galego*, 'AFA', 8 marzo 2003, p. 32.

Dáse conta da manifestación que centos de persoas do ámbito da cultura fixeron ante o Salón Teatro de Santiago de Compostela protestando pola cultura teatral da Xunta de Galicia. Alí, estreábase a montaxe *Daquel Abrente*, na que se levan á escena o texto de Roberto Vidal Bolaño *Laudamuco, señor de ningures* e *O velorio* de Francisco Taxes. Recóllense as declaracións de Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, que manifestou que non había manipulación xa que o propio Vidal Bolaño traballara antes do seu pasamento no proxecto.

- C. D., 'Unha lembranza a 'Daquel abrente' de 1973', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 2.

Recóllese a noticia da montaxe por parte do Centro Dramático Galego da peza *Daquel Abrente*, que pretende ser unha homenaxe múltiple ao teatro galego despois de vinte e cinco anos de profesionalización, aos dous dramaturgos recentemente falecidos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes e, finalmente, ao trixésimo aniversario da I Mostra de Teatro de Ribadavia. Lémbrese que a obra teatral recolle e actualiza as pezas *Laudamuco, señor de ningures* e *O velorio* de Vidal Bolaño e Francisco Taxes respectivamente.

- Lino Braxe, 'Un cuarto de século de teatro', *La Opinión*, 'Opinión', 10 marzo 2003, p. 18.

Agradece neste artigo a posta en escena por parte do Centro Dramático Galego de *Daquel abrente*, unha peza na que teñen cabida dúas obras que representan a profesionalización do teatro en Galicia e que son *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño e *O*

velorio de Francisco Taxes. Entende que é un motivo de celebración e laméntase da falta de coñecemento, por parte do público, dos actores e das pezas, dicindo que sen mitos non hai mitoloxía. Remata desexándolle outros vinte e cinco anos máis de vida á escena teatral galega.

- Albino Mallo, 'Na lembranza de Vidal Bolaño e Taxes', *O Correo Galego*, 'Visións', 12 marzo 2003, p. 2.

Sinala que o falecemento de Roberto Vidal Bolaño e de Francisco Taxes coincidiu co proxecto que o Centro Dramático Galego (CDG) tiña preparado para renderlles unha homenaxe, coincidindo co vinte e cinco aniversario da posta en escena de *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio*; indica que, deste xeito, o CDG recuperou estas dúas pezas nun espectáculo titulado *Daquel Abrente*, baixo a dirección de Antonio Simón. Afirmar que ambas pezas coinciden na temática de fondo e na fórmula narrativa; realiza unha breve achega a cada un delas e lamenta que esta iniciativa do CDG se convertise nunha homenaxe póstuma aos dous dramaturgos galegos.

- Camilo Franco, 'Pesos do tempo', *La Voz de Galicia*, 'Crítica', 15 marzo 2003, p. 59.

Achégase á obra *O Velorio*, de Francisco Taxes, que o Centro Dramático Galego (CDG) está a representar dentro dun espectáculo conxunto titulado *Daquel Abrente*. Sinala que pasaron vinte e cinco anos dende que foi representada por primeira vez e que o paso do tempo trouxo consigo consecuencias negativas para esta peza; considera que a obra estaba escrita para un momento diferente ao actual e que a posta en escena realizada polo CDG peca de excesiva formalización, co cal perde a lixeireza e axilidade que a caracterizou no seu momento.

- Carme Villar, 'O teatro galego celebra vodas de prata', *La Opinión*, 'Saberes', nº 2, 'Candilejas', 22 marzo 2003, p. 15.

Fai referencia ao novo espectáculo do Centro Dramático Galego, *Daquel Abrente*, e sinala que as pezas que o integran, *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio*, foron representadas hai vinte e cinco anos polas compañías Troula e Antroido, respectivamente. Dá conta das razóns que levaron ao CDG a montar este proxecto, dirixido por Antonio Simón, e indica que se mantiveron, sempre que foi posíbel, os actores que participaron naquela primeira representación. Fala, finalmente, da traxectoria do teatro profesional galego nestes vinte e cinco anos.

- Lupe Gómez, 'Metáforas de opresión e liberdade', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 marzo 2003, p. 5.

Dá conta das sensacións que lle produciu a nova montaxe do Centro Dramático Galego, *Daquel Abrente*; fai referencia ao contido de ambas pezas e afirma que *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio* son dúas obras boas representadas por bos actores; destaca a escenografía do espectáculo, que é "colorista, luminosa, trágico-cómica e innovadora", e mais a música.

- Manuel Guede Oliva, 'Daquel abreinte', *Eco*, nº 143, 'Opinión', abril 2003, p. 69.

Sinala que o espectáculo *Daquel Abrente* naceu en xullo de 2001 en terras da Estrada, aínda que Vidal Bolaño e Francisco Taxes non puideron chegar á cita prevista. Recoñece nestes dous creadores a coraxe, a audacia, a insolencia e o talento, e considéraos imprescindíbeis na historia do teatro galego contemporáneo pola súa esencial contribución. Reclama "honor e gratitude para eles" porque "souberon escribir para nós, por nós, desde nós, a nosa fundación, a nosa dignidade, o noso respecto profesional".

- Iolanda Ogando, 'Cara e cruz', *Tempos Novos*, nº 71, 'Teatro', abril 2003, p. 84.

Reseña da representación de *Daquel Abrente*, realizada polo Centro Dramático Galego cos textos de *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, e *O velorio*, de Francisco Taxes. A autora salienta primeiramente a importancia de ambas obras, deténdose logo nos motivos da polémica suscitada por dita representación. No que se refire propiamente á montaxe, sinálanse como principais méritos o traballo actoral, a estética expresionista e o deseño escenográfico, e como eiva máis significativa o desigual tratamento das obras, o que fai que "non acabe de callar a súa xustaposición". Non obstante, a conclusión é que *Daquel Abrente* é "unha das ofertas do Centro Dramático Galego máis atraentes dos últimos tempos".

- G.V.P., 'Son dous dos máis grandes dramaturgos que deu Galicia', *Eco*, nº 143, 'Entrevista', abril 2003, pp. 66-68.

Con motivo de se cumprir en 2003 o vinte e cinco aniversario do teatro profesional galego, o Centro Dramático Galego reestrea o espectáculo *Daquel Abrente*, dirixido por Antonio Simón, e que recrea dúas obras dos dramaturgos xa desaparecidos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Recóllense as opinións do directo do espectáculo que comentan que as dúas obras agora reelaboradas, *Laudamuco, señor de ningures* e *O velorio*, teñen en común a súa denuncia do abuso do poder e a súa fórmula narrativa e expresionista, ademais de supoñer "o bandeirazo de saída para a profesionalidade do teatro galego". Sinala algúns cambios que se produciron nestes anos de vida profesional dos actores en Galicia cualificándoos de positivos, nun panorama que avanza en calidade e cantidade malia queden cousas por conseguir como unha escola superior de arte dramática, unha rede de compañías residentes na comunidade ou o investimento da empresa privada a través de sectores como o téxtil ou a hostalería, por exemplo. Refírese á nova xeración de autores teatrais galegos e sinala que o teñen algo complicado para crear e saír fóra de Galicia, aínda que valora a posibilidade de establecer relacións co Norte de Portugal, onde el mesmo desenvolve parte do seu labor. Sinala tamén que a creación en 1985 do Centro Dramático Galego supuxo un punto e á parte na historia do teatro en galego e opina sobre a decisión da Xunta de Galicia de non subvencionar a edición do 2003 do "Premio Max", que non lle parece sería porque os cartos xa estaban comprometidos previamente.

- Camilo Franco, '25 anos de teatro galego', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'En escena', 5 abril 2003, p. 10.

Fai referencia ao vinte e cinco aniversario do nacemento do teatro profesional galego;

describe aquel momento histórico e o papel que o teatro desempeñaba naquela situación; dá conta da situación actual e fala de *Daquel Abrente*, a obra na que o Centro Dramático Galego recolle *Laudamuco, señor de Ningures* e *O Velorio*; indica, finalmente, que estas dúas pezas foron representadas hai vinte e cinco anos por Troula e Antroido, inaugurando así a profesionalidade do teatro.

- Manuel F. Vieites, 'O abrente teatral de Ribadavia', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 39, 17 abril 2003, p. I.

Explica como naceu o teatro galego profesional, do que agora se celebra o vinte e cinco aniversario. Lamenta que esta efeméride non suscitase ningunha celebración, nin encontro e fala da posta en escena de *Daquel Abrente*, na que o Centro Dramático Galego recolle ás dúas pezas inaugurais do noso teatro. Fala de cada unha destas pezas, *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio*, do seu reparto e contido; e fai referencia, finalmente, á situación actual do teatro galego.

- Albino Mallo, 'O abrente do teatro galego', *O Correo Galego*, 'Visións', 23 abril 2003, p. 2.

Fala de *Daquel Abrente* e das dúas pezas que o integran; cita ao seu director e a algúns dos actores do reparto; finalmente, fai referencia á situación do teatro galego hai vinte e cinco anos e á actualidade.

- Miguel Bertojo, 'O velorio', unha reestrea de luxo', *O Correo Galego*, '*Lecer*', 'Reportaxe', 27 abril 2003, pp. 4-5.

Recolle as declaracións dos actores de *O Velorio*, peza que forma parte de *Daquel Abrente* do Centro Dramático Galego; estes, falan do texto de Francisco Taxes, do contido e temática da obra, da posta en escena, do vestiario, etc.

- María Pardo, 'Teatro de la Abadía centra la programación estival del Rosalía', *La Opinión*, '*Cultura*', 3 maio 2003, p. 59.

Dá conta da oferta teatral que o teatro Rosalía ten prevista para o mes de xullo; sinala que entre as compañías que actuarán no teatro coruñés está o Centro Dramática Galego, con *Daquel Abrente*, que é unha homenaxe ás dúas obras fundacionais do teatro profesional galego; indica que estas dúas pezas, que se representan xuntas, están dirixidas por Antonio Simón e que o seu título lembra o nome da asociación que organizou a primeiro Mostra de Ribadavia.

- Alberto Quián, 'Teatro profesional galego, 25 aniversario en Vigo', *Faro de Vigo*, 13 xuño 2003, p. 88.

Sinala que *Laudamuco, señor de ningures* e *O Velorio*, estreadas por primeira vez en 1978 no colexio La Salle de Compostela, marcaron o inicio do teatro profesional en Galicia e que ambas integran o espectáculo *Daquel Abrente*, co que o Centro Dramático Galego quere conmemorar esta data. Sinala que a obra será representada mañá en Vigo e recolle as

palabras de Manuel Guede ao respecto, que fai referencia á recente desaparición dos dous autores das pezas e do reparto destas. Acolle tamén as palabras de Manquiña, quen explica a importancia de *O Velorio* na súa traxectoria profesional.

- I. M., 'La obra de Taxes me impulsó a seguir mi carrera como actor', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 16 xullo 2003, p. 17.

Entrevista a Manuel Manquiña, actor protagonista de *O Velorio* de Francisco Taxes, na que fala da súa experiencia como actor; indica que el xa formara parte do primeiro reparto desta peza, estreada hai vinte e cinco anos, aínda que nun papel diferente; afirma que aquela representación marcou a súa traxectoria como actor e indica que esta función supón o seu regreso aos escenarios tras catro anos de afastamento.

- M. Barba, 'A Coruña rememora o nacemento do teatro profesional galego', *La Opinión*, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 51.

Sinala que o Centro Dramático Galego (CDG) estrea hoxe no teatro Rosalía as montaxes *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, e *O Velorio*, de Francisco Taxes; con estas pezas, que integran o espectáculo *Daquel Abrente*, o CDG quere conmemorar o vinte e cinco aniversario da primeira representación de *O Velorio*. Recolle as declaracións de Manuel Guede, que analiza cal era a situación do teatro galego naquel momento; do director da obra, Antonio Simón, quen recibiu a responsabilidade de montar esta peza despois do falecemento de Roberto Vidal Bolaño; e de Manquiña, que participou no reparto da obra de Taxes hai vinte e cinco anos e que repite nesta nova posta en escena.

- Adriana L. Blanco, 'Daquel abrente' conmemora un cuarto de siglo del teatro gallego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 51.

Fai referencia á representación de *Daquel Abrente* no Teatro Rosalía de Castro; sinala que esta obra conmemora o vinte e cinco aniversario do teatro profesional galego, coa recuperación de dous textos que sinalan o nacemento da escena galega: *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño e *O velorio*, de Francisco Taxes. Lembra que ambas as dúas se estrearon na Galicia de 1978 e sinala que as similitudes dos dous textos permitiron ao CDG a refundición das dúas obras nun só traballo. Sinala que moitos membros do reparto son os mesmos que participaron na primeira estrea das obras e fai alusión ás principais dificultades coas que se atoparon para montalas novamente.

- J. A. Martínez Sevilla, 'Los iguales desiguales', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 22 xullo 2003, p. 19.

Sinala que o Centro Dramática Galego presentou no Teatro Rosalía de Castro o seu espectáculo *Daquel Abrente*, dirixido por Antonio Simón e integrado por dúas pezas, *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño e *O Velorio* de Francisco Taxes; indica que con esta proposta escénica se conmemora o vinte e cinco aniversario do teatro profesional galego; fai unha breve achega a cada unha das pezas e quéixase por que o prezo da entrada deste espectáculo foi máis elevado na Coruña que en Santiago.

Centro Dramático Galego: *A comedia do Gurgullo*.

Dirección, versión e dramaturxia: Celso Parada.

Interpretación: Manuel Pombal, Xan Casas, Vicente de Souza, Miguel Varela, Marcos Orsi, Evaristo Calvo, César Goldi, Mundo Villalustre, Manuel Botana e Santi Prego.

Escenografía e máscaras: Pablo Giráldez "O Pastor".

Iluminación: Eduardo Alonso.

Coreografía: Olga Cameselle.

Vestuario: Carlos Alonso.

Dirección Musical e arranxos: Pablo Costas.

Selección musical e idea plástica: Celso Parada.

Asistentes de dirección: Dami Contreras, Salvador del Río e Maxo Barjas.

Auxiliar de Producción: Ángeles Prieto.

Fotografía: Miguel A. Fernández.

Deseño gráfico: Alberte Permui.

Producción: Francisco Oti Ríos.

Referencias varias:

- E.P., 'O CDG leva ó Salón Teatro a súa última montaxe', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 22 outubro 2003, p. 75.

Nota na que se anuncia a estrea en Santiago de Compostela d'*A comedia do Gurgullo* baixo a dirección de Celso Parada, ademais de sinalar que foi estreada en Elxe e facendo o adianto das datas doutras representacións.

- MARÉ, 'Cabaré teatral', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 outubro 2003, p. 53.

Fálase da estrea da última montaxe do CDG (Centro Dramático Galego), *A Comedia do Gurgullo*, entrándose nas opinións do seu director Celso Parada. A peza é unha nova versión de textos de Plauto tentando, segundo o director, ser fiel a unha visión estética máis actual con referencias ao cine. Aparece citada a nómina de actores e coméntase brevemente que, ademais dunha xira por Galicia, haberá algunha función fóra da comunidade. Finalmente destácanse outros traballos nos que está presente Celso Parada así como algunha crítica súa.

- MARÉ, 'Contaminatio plautina', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 outubro 2003, p. 52.

Coméntase o inicio da nova temporada do CDG (Centro Dramático Galego) coa estrea d'*A Comedia do Gurgullo*. Sínálase que se trata da terceira vez nos seus vinte anos que o CDG representa unha obra do teatro greco-latino, nesta ocasión baixo a dirección de Celso Parada. Recóllense algunhas opinións sobre a montaxe de Manuel Guede, así como o elenco de actores que participan nela.

- Carmen Villar, 'O CDG abre a temporada cun Plauto cómico e 'cabareteiro'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 outubro 2003, p. 45.

Refírese á estrea da obra *A Comedia do Gurgullo* por parte do CDG (Centro Dramático Galego) baseada en textos de Plauto e con dirección de Celso Parada. Esta peza supón tamén a estrea de Celso Parada como director dunha obra do CDG. Recóllense as súas palabras durante a presentación da obra, na cal tamén estaban Evaristo Calvo e Manuel Guede. Nun pequeno apartado fálase das próximas propostas do CDG: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares (primeira obra infantil do CDG) e *O ano do cometa*, de Álvaro Cunqueiro.

- Camilo Franco, 'O Centro Dramático quere entregarse ó público coa súa revisión de Plauto', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 24 outubro 2003, p. 54.

Fálase d'*A Comedia do Gurgullo*, peza coa que o CDG (Centro Dramático Galego) estrea a temporada do seu vixésimo aniversario. Sinálase que se trata dunha refundición de textos de Plauto dirixida por Celso Parada e que foi estreada en Elxe. Aquí coméntase a proximidade da primeira representación en Galicia, no Salón Teatro de Santiago. Recóllense opinións verquidas tanto polo director como por Evaristo Calvo, un dos actores, durante a presentación da montaxe. Menciónase tamén nun pequeno apartado a estrea de *Dillei*, último espectáculo de Carlos Blanco.

- Camilo Franco, 'Vinte anos buscando público', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 32, 'Teatro', 25 outubro 2003, p. 14.

Achega á posta en escena d'*A Comedia do Gurgullo*, refundición de textos de Plauto, dirixida por Celso Parada e que coincidirá co vixésimo aniversario do CDG (Centro Dramático Galego). Coméntase brevemente tamén cáles son as próximas montaxes do CDG: *O ano do cometa*, de Álvaro Cunqueiro (dirixida por Quico Cadaval) e *As laranxas máis laranxa de todas as laranxas*, de Carlos Casares (dirixida por José Caldas).

- C.D.C., 'A comedia do Gurgullo': debullando o Plauto máis galego', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 outubro 2003, p. 1.

Fálase da inauguración da temporada no Salón Teatro compostelán coa obra do CDG (Centro Dramático Galego) *A Comedia do Gurgullo*, unha refundición de textos de Plauto que dirixe Celso Parada. Coméntase cá é o argumento da obra e cítase a nómina de actores que a representan. Recóllense as palabras de Manuel Guede sobre o seu interese por levar a obra ao Estado español e faise unha breve achega biográfica a este persoeiro.

- Camilo Franco, 'Menos mal que era para rir...', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 29 outubro 2003, p. 55.

Crítica da obra do Centro Dramático Galego, *A Comedia do Gurgullo*. Camilo Franco arremete contra unha montaxe que el define como simple, como unha comedia burda na que se demostra non comprender que o humor é cousa de intelixencia e non de escaseza de luces. Tamén sinala que o humor é "algo cotidiano pero non fácil de facer" e que o CDG naufragou no seu intento.

- Lupe Gómez, 'Viaxando na música e a ilusión para traer os clásicos ó presente', *Galicia*

Hoxe, 9 novembro 2003, p. 5.

Crítica da peza *A Comedia do Gurgullo*, levada a escena polo Centro Dramático Galego e que consiste nunha comedia baseada na refundición de textos de Plauto. Lupe Gómez comenta que é unha obra moi divertida e dinámica que senta ben. Eloxia o traballo dos actores así como a man de Celso Parada, director da montaxe.

- Salvador Rodríguez, 'O CDG demostrou que o teatro galego non é de quita e pon', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Entrevista', 13 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Manuel Guede, cabeza visíbel do Centro Dramático Galego. Comézase explicando cáles van ser as próximas representacións da compañía institucional, que coinciden co vixésimo aniversario desta. A continuación débúllanse algúns dos problemas, polémicas ou proxectos de Manuel Guede, en particular, e do CDG e do teatro galego en xeral.

- E.P., 'A última obra do CDG, xa en español', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2003, p. 53.

Breve nota na que se anuncia a participación do Centro Dramático Galego con *A comedia do Gurgullo* en castelán no I Foro Internacional de Artes Escénicas de Bilbao.

- Xosé Lueiro, 'Teatro plautino', *Galicia Hoxe*, 'HOXE VENRES', 14 novembro 2003, p. 4.

Entrevista a Celso Parada, director da montaxe do Centro Dramático Galego, *A comedia do Gurgullo*, na que responde a preguntas vinculadas coa citada montaxe atendendo a asuntos como as malas críticas, a afluencia de público, as dificultades para adaptar textos clásicos, a visión da obra de Plauto, etc.

- S.P., 'Estréase en Bilbao 'A Comedia do Gurgullo' do CDG', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 novembro 2003, p. 51.

Dá noticia da estrea en castelán d'*A comedia do Gurgullo*, do CDG en Bilbao dentro do I Escenium-Foro Internacional das Artes Escénicas. Sinálase que a institución galega foi seleccionada xunto cunha andaluza e unha catalá para representar a centros públicos de diferentes autonomías.

- Xosé Lueiro, 'Son un actor aterrado', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 19 decembro 2003, p. 4.

Entrevista a Santi Prego, membro fundador de Ollomoltranvía (e antes de Ollomol Teatro Submarino), unha das compañías máis importantes do teatro galego e que compaxina o seu traballo televisivo en *Rías Baixas* coa participación na montaxe do CDG (Centro Dramático Galego), *A Comedia do Gurgullo*. Responde a preguntas sobre a desaparición de Ollomoltranvía, do seu traballo na televisión ou da maneira de compaxinar varias montaxes

a un tempo. Tamén se comentan algúns aspectos da montaxe do CDG.

Compañía N+1: *Ela, el e Pirandello*.

Peza escrita por Fusa Guillén, que supón a estrea desta compañía como profesional.

Dirección: Ángeles Rodríguez.

Interpretación: Fusa Guillén e Carlos Mosquera "Mos".

Factoría Teatro: *O canto do Dime-Dime*.

Texto de Daniel Danis que ten como fio condutor o enfrontamento do mundo rural cun mundo no que o corpo está oculto polas máquinas e a tecnoloxía. Ten como protagonistas a tres irmáns que, ao morrer seus pais adoptivos nunha treboada, se organizan nunha tribo e rexeitan toda intromisión. Teñen como herdanza unha máquina, o Dime-Dime, na que cada un desafoga as súas penas e alegrías. É o soño dun mundo primitivo, arcaico e lonxe do universo da cidade.

Tradución ao galego: Franck Meyer.

Dirección: Cristina Domínguez.

Interpretación: Alfredo Rodríguez, César Martínez "Goldi", Rocío González e Xosé Antón Coucheiro "Cou".

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Referencias varias:

- MARÉ, 'Cabaret atemporal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 outubro 2003.

Fala da estrea en Santiago de Compostela da obra *O canto do Dime-dime*, de Daniel Denis, levada a escena nesta ocasión por Factoría Teatro. Sinálase que se trata dun enfrontamento entre o mundo rural e as máquinas, no que os protagonistas son tres irmáns e unha irmá dúas veces orfos ao desapareceren os seus pais adoptivos. Coméntanse, nun pequeno cadro, as liñas que esta compañía segue para facer as súas montaxes.

- Ana Iglesias, 'La ultimísima propuesta de Factoría Teatro', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 22 outubro 2003, p. 34.

Dá conta da presentación de *O canto do Dime-Dime*, a cargo de Factoría Teatro, en Santiago de Compostela, sinalando tamén os nomes dos integrantes da compañía.

- Manuel Beceiro, 'Factoría regresa con un drama que enfrenta al medio rural con el urbano', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 22 outubro 2003, p. L10.

Coméntase a representación no Teatro Principal de Santiago de Compostela da última montaxe da Factoría Teatro: *O canto do Dime-Dime*. Trátase dunha historia na que tres irmáns e unha irmá quedan dúas veces orfos tras a desaparición dos pais adoptivos. Os

catro organízanse nunha tribo creando entre eles unha "sociedade do amor". Recóllese tamén algunha opinión da directora, Cristina Domínguez, así como a acollida da obra por parte do público.

- Camilo Franco, 'Regresos narrativos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 26 outubro 2003, p. L8.

Fálase das características de dúas montaxes. En primeiro lugar de *Acto seguido* de Matarile Teatro, unha montaxe que recunca nas obsesións humanas e en certa autonomía das escenas recollendo algúns dos espazos que daban forma a *A brazo partido*. A outra peza da que se fala é *O canto do Dime-Dime* de Factoría Teatro. Trátase dunha obra con certa rareza narrativa, con trazos cómicos pero sen ser unha comedia. Segundo Camilo Franco a obra ten, agás no final, frescura e capacidade narrativa.

- C. Domínguez, 'Aposta por proxectos arriscados', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Entrevista', 2 novembro 2003, pp. 12-13.

Longa entrevista a Cristina Domínguez Dapena, directora da compañía Factoría Teatro, con motivo da estrea da súa última peza, *O canto do Dime-Dime*, e do inicio dunha xira por Euscadi. Explica cómo xurdiu a idea de representar esta obra de Daniel Denis, despois de dar cun texto del en París; o seu gusto por autores contemporáneos, por considerar que son os que mellor poden tratar os problemas actuais; a importancia das traducións como reelaboracións o máis fieis posíbeis dos textos orixinais, explicando ademais que a desta peza fixoa Franck Meyer e enumerando outros autores que teñen traducido como Coltés ou Eduard Thomas. Refírese brevemente ao seu labor como actriz nas pezas de teatro infantís que monta a súa compañía, a súa relación cos outros actores, a temática da peza de Denis, que xira arredor dos sentimentos das persoas, a inclusión da música tradicional galega nela ou a súa admiración por textos feitos dende a periferia. Remata aludindo a outros proxectos da compañía e á situación das mulleres directoras galegas no ámbito teatral, que malia os importantes traballos que levan a cabo padecen certa invisibilidade.

Librescena Produccións: *Os cárceres do olvido*.

Peza de Imma Antonio construída a través de noticias de actualidade extraídas da prensa diaria que ten como protagonista un xornalista. A modo de flash-backs, este correspondente de guerra retirado despois de corenta anos informando de guerras, fames, pestes e outros conflitos, lembra no transcurso dunha entrevista os dramas humanos que se producen como consecuencia destas situacións.

Dirección: Miguel Pernas.

Interpretación: Imma António, Miguel Pernas, Xosé Vilarelle e Agustín Vega.

Referencias varias:

- C.P., 'Librescena estrea na Iago a obra de Imma Alonso 'Os cárceres do olvido', dirixida por Miguel Pernas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 27 novembro 2003, p. L9.

Dá conta da estrea d'*Os cárceres do olvido*, de Imma António, na Sala Yago por parte de Librescena Produccións. Dise que esta obra está concibida a partir de noticias da prensa diaria cun xornalista como protagonista. Sinala o reparto e destaca que para a autora se trata dun espectáculo con data de caducidade, no que a prensa é protagonista, e para Miguel Pernas, director, é un exercicio de reflexión sobre o mundo que habitamos.

- Xosé Lueiro, 'Teatro para a reflexión', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 5 decembro 2003, p. 04.

Entrevista con Miguel Pernas que comeza respondendo ao que significa o título da peza, na que se reflexiona sobre a morte, a guerra, a fame e a peste, nunha proposta de Imma António. Sinala que despois dalgúns clásicos decidiron abordar a liña do teatro social dos anos setenta coa peza *A morte e a doncela*, para logo achegarse a esta última peza na que a través de flash-backs dentro dunha entrevista a un reporteiro se achegan aos catro xinetes do Apocalipse, empregando os seus recordos. Fala do seu propio personaxe, da acollida do público e dos proxectos futuros, entre eles a representación da Biblia.

Librescena Produccións : *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas).*

Peza baseada nun texto da compañía The Reduced Shakespeare Company de Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield, que pretende achegar a obra do dramaturgo inglés a todos os públicos, en clave de comedia e parodia.

Versión de Imma António e Miguel Pernas.

Dirección: Xosé Rabón.

Interpretación: Imma António, Miguel Pernas e Xosé Vilarelle.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Ver Ciclo de teatro de Cambados.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, 'Este espectáculo é unha cura de adelgazamento', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 29 xaneiro 2003, p. L2.

Entrevista con Miguel Pernas e Imma António, actores da compañía teatral Librescena que están levando a cabo a representación teatral das obras de William Shakespeare. Sosteen que partiron da obra dos actores californianos Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield, que fixeron unha peza cómica con todas as obras do dramaturgo inglés para un programa didáctico, co fin de achegar os universitarios ao teatro shakesperiano, aínda que posteriormente o levaron a todo tipo de público e por todo o continente. Finalizan esta conversa dicindo que a obra está a funcionar moi ben, tanto en centros escolares coma co auditorio adulto; así mesmo sosteen que o achegamento que fixo Javier Gurruchaga ao teatro de Shakespeare pasou inadvertido porque -segundo eles- levouno demasiado ao seu terreo persoal.

- Lupe Gómez, 'Un exercicio de liberdade', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 5.

Critica negativamente a adaptación teatral das obras de William Shakespeare nesta posta en escena que está a levar a cabo a compañía Librescena. Opina que cae moitas veces no ridículo, na esaxeración e na afectación, xa que, na súa opinión, os recursos humorísticos son forzados e falsos e engade que a escenografía case non existe e o decorado é sempre o mesmo. Bota de menos máis carga afectiva, máis peso da linguaxe textual e máis importancia para as historias que recrean, en resumo, máis forza teatral. O que destaca positivamente son as actuacións dos tres actores: Miguel Pernas, polas súas actuacións estupendas nos papeis femininos; Imma António, pola súa boa escenificación; e Xosé Vilarelle, pola súa comicidade.

- I.M., 'Shakespeare 'todo a cen'', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 27 febreiro 2003, p. 21.

Tómanse as palabras do actor Miguel Pernas que define esta obra teatral como "Shakespeare, todo a cen", xa que "cen son os minutos que dura a obra e a cen por hora van os actores". Infórmase de que haberá cinco representacións no Fórum Metropolitano da Coruña, das cales dúas estarán dirixidas exclusivamente a escolares e as outras tres ao resto do público. Canto aos actores dise que Miguel Pernas interpreta todas as personaxes femininas, Imma António é a responsábel dos heroes e Xosé Vilarelle o galán. Engádese que a obra está realizada en clave de humor e destinada a todos os públicos, tanto para os versados na obra de Shakespeare coma para os profanos nela. Lémbrese, finalmente o éxito acadado por esta obra, que se leva representando máis de doce anos nos Estados Unidos a cargo dos profesores universitarios Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield.

- J.A. Martínez Sevilla, 'Éxito completo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 4 marzo 2003, p. 19.

Logo de que tivese lugar a representación d'*As obras completas de Will Shakespeare* no Fórum Metropolitano da Coruña, o xornalista analiza o papel dos autores: de Miguel Pernas, di que fai falar os seus xestos; de Imma António, destaca as súas calidades de feminina, douda, sincera, ferinte e sensíbel; e a Xosé Vilarelle fáino responsábel de "manter presenza paralela, apaixonado e convincente aos outros dous". Tamén fai un pequeno repaso polo traballo do director e doutros técnicos como os responsábeis da escenografía, vestiario, luces ou perruquería. Presenta esta posta en escena como unha comedia locuaz, reflexiva e familiar parodia dos monumentos literarios escritos polo dramaturgo inglés, que foron interpretados en clave de "astracana farsa teatral, disparatada y chabacana, pero tomando la acepción de farsa como nombre dado en lo antiguo a las comedias".

- MARÉ, 'As obras completas de Will Shakespeare chegan a Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 outubro 2003, p. 52.

Informa da chegada da compañía Librescena con Imma António, Miguel Pernas e Xosé Vilarelle ao Centro Cultural Caixanova de Vigo para representar *As obras completas de Will Shakespeare* de Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield. Reproduce as palabras dos actores galegos que sosteñen teren "un profundo coñecemento e respecto ao mellor

dramaturgo de todos os tempos" e que o fan en clave de comedia para facelo chegar ao público de todas as idades e condicións.

- A.G., 'El teatro de Shakespeare llega a Gondomar por primera vez', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 15 novembro 2003, p. 22.

Anuncia que dentro da mostra outonal "Roberto Vidal Bolaño", que se está a levar a cabo no Concello de Gondomar, terá lugar a representación d'*As obras completas de Will Shakespeare* a cargo da compañía Librescena. Informa de que está dirixida por Xosé Manuel Rabón e que o texto foi construído polo grupo americano The Reduced Shakespeare Company, que decidiu achegar o autor de Stanford a todos os públicos botando man da comedia e da parodia.

- M.B., 'Librescena hace parodia de las obras completas de Shakespeare', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 11 decembro 2003, p. L9.

Dáse conta da estancia da compañía teatral Librescena na Sala Yago en Santiago de Compostela dende o xoves até o domingo para representar *As obras completas de Will Shakespeare*, que os americanos Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield elaboraron para levar aos seminarios das universidades californianas. Recóllense as opinións de Imma Antón, Miguel Pernas e Xosé Vilarelle sobre esta escenificación dicindo que fan Shakespeare "todo a cen", porque en cen minutos e, polo tanto, "a cen por hora" condensan toda a dramaturxia do escritor inglés. Para completar este "subtítulo" expresan o desexo de chegar ás cen representacións.

María a Parva: *Curto de vista.*

Interpretación: Gena Baamonde, Roberto Leal e Javier M. Oro.

Ver IVº Festival "Alternativa" 2003.

Máscara Produccións: *Discurso sobre o fillo de puta.*

Peza baseada na obra do portugués Alberto Pimenta, na que "Fillo de puta" é "todo o mundo" ou "ninguén", unha propensión humana que se manifesta cando as condicións o permiten e resulta moi habitual.

Dirección: Xerome Calero.

Interpretación: Patricia Alfaia, Marco Antonio Álvarez, María A. Lagarón, Xerome Calero Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga.

Ver IIº Ciclo "Vigo a escena".

IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, 'Máscara Produccións lleva al escenario el 'Discurso sobre el hijo de

puta' de Pimenta', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 28 marzo 2003, p. 50.

Infórmase da representación no Auditorio do Concello de Vigo da obra *Discurso sobre o fillo de puta*. Trátase dunha adaptación de Xerome Calero sobre texto do autor portugués Alberto Pimenta e que Máscara Produccións leva a escena. Calero optou por unha montaxe en sentido solemne cun decorado eclesiástico que contrasta cos actores, que irrumpen no escenario con nariz de pallaso.

- A. Mauleón, 'Máscara Produccións presenta su 'Discurso sobre o fillo de puta' en Vigo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 outubro 2003, p. 44.

Fala da representación de *Discurso sobre o fillo de puta* en Vigo no Auditorio do Concello. Sete actores dan vida a esta obra do portugués Alberto Pimenta que fala da sociedade que nos rodea, na que os personaxes que responden ao título da obra parecen abundar, segundo explica o director Xerome Calero. Sinálase que a compañía ten en cartel outras dúas obras e está preparando unha máis: *Jilipichi*.

Matarile Teatro: *Acto seguido*.

Peza creada por Ana Vallés na que se trata a confusión na que vivimos entre a realidade e a ficción, achegándose ás distintas formas de narrar os temas, aos medios de comunicación, ás necesidades de definirnos, explicarnos e reafirmarnos, nun traballo no que prima a comunicación co espectador.

Dirección: Ana Vallés.

Interpretación: Helen Bertels, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Daniel Moreno, Ana Vallés, Marina Wainer e Sergio Zearreta.

Deseño de iluminación, espazo escénico: Baltasar Patiño.

Textos: Javier Martínez Alejandro.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- M.B., 'Matarile indaga en la ficción que vive la gente del teatro en su nueva obra', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 setembro 2003, p. L8.

Tras o éxito de *A brazo partido*, dise que Matarile está a preparar *Acto seguido*, que estreará o 15 de outubro no Teatro Galán. Sete actores traballan partindo da nada para elaborar o guión dunha montaxe que nace, en principio, coa dificultade do éxito da anterior. Sinálase tamén que aos actores habituais se engaden a arxentina Marina Wainer e o galego Sergio Zerraeta.

- Lupe Gómez, 'Hai que elevar o berro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 setembro 2003, p. 5.

Anuncio da nova tempada teatral que está a piques de comezar. Entre as obras que se

agardan sinala a de Matarile, unha peza metateatral que tentará ser unha metáfora do que somos. Tamén está próxima a estrea da última comedia do Centro Dramático Galego ou a proposta de Sarabela Teatro, que nesta ocasión optou por unha obra de García Lorca. Fala finalmente de Teatro Bruto, recollendo algúns desexos propios para o teatro galego.

- Carmen Villar, 'Matarile Teatro estrena 'Acto seguido'', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 332, 4 outubro 2003, p. 2.

Dáse conta da estrea de *Acto seguido*, última proposta de Matarile Teatro. Indícase que na peza se aborda a situación dun ser humano por aquel que vai escribir a súa historia, preguntándose se será ou non benévolo. Tamén se recollen algunhas das actividades que terán lugar na Sala Galán proximamente: grupos teatrais, musicais ou cursos de temáticas variadas.

- Ana Iglesias, 'Pífano y Matarile se disputan el aplauso de los espectadores', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 outubro 2003, p. 34.

Comentario arredor de *Estima*, última montaxe de Pífano Teatro, da que se sinala que nela Gloria Ferreiro e Mela Casal se poñen ás ordes de Xan Cejudo para levar a bo fin unha peza de Xavier Picallo, e *Acto seguido*, de Matarile Teatro.

- MARÉ, 'Entre a ficción e a realidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 outubro 2003, p. 42.

Fálase da estrea de *Acto seguido*, última montaxe de Matarile Teatro, que mantén moitas das características da súa anterior peza *A brazo partido* pero que cambia a temática. Se daquela se trataba dunha temática vinculada á morte agora constrúen un espectáculo sobre o exercicio do actor. Explicase brevemente cómo foi o traballo con improvisacións, así como a liña de intencións do grupo. Recóllense declaracións dalgún membro da compañía.

- Manuel Beceiro, 'Matarile reflexiona sobre la realidad y la ficción en su nuevo espectáculo', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 outubro 2003, p. L8.

Fálase da nova montaxe de Matarile Teatro: *Acto seguido*, na que se cuestiona o papel do actor no escenario. Ana Vallés, directora e actriz, opina que os actores viven un continuo conflito sobre qué é o que ofrecen ao público. Deste problema e do traballo actoral día a día xorde *Acto seguido*. Súmanse dous novos actores que, xunto aos máis veteranos, desenvolveron un traballo de improvisación diario até chegar ao resultado final.

- Camilo Franco, 'Regresos narrativos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 26 outubro 2003, p. L8.

Fálase das características de dúas montaxes. En primeiro lugar de *Acto seguido* de Matarile Teatro, unha montaxe que recunha nas obsesións humanas e en certa autonomía das escenas, recollendo algúns dos espazos que daban forma a *A brazo partido*. A outra peza da que se fala é *O canto do Dime-Dime*, de A Factoría Teatro. Sinálase que se trata dunha obra con certa rareza narrativa, con trazos cómicos pero sen ser unha comedia. Segundo Camilo Franco a obra ten, agás no final, frescura e capacidade narrativa.

- Lupe Gómez, 'Soños que viven dentro do teatro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 novembro 2003, p. 5.

É unha crítica de *Acto seguido*, a última montaxe teatral de Matarile Teatro. Lupe Gómez defínea como unha obra "emocionante, bonita, fonda", di tratarse dun teatro de riscos e apostas que fai que nos sintamos vivos. Fálase da metateatralidade que enche a peza e coméntanse algunhas características da mesma ao tempo que se afirma que Matarile é unha compañía moi consolidada.

- Ana Iglesias, 'Días de turrón en Área Central', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 20 novembro 2003, p. 34.

Nesta sección, na que se fai eco dos actos culturais máis destacados que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela, dáse conta da posta en escena de *Acto seguido*, de Matarile Teatro, que supón o inicio da xira desta compañía por toda España.

Mofa e Befá: *Acto sen palabras II*.

Peza de Samuel Beckett

Dirección: Quico Cadaval.

Interpretación: Víctor Mosquera e Evaristo Calvo.

Nordesía Produccións: *Dillei*.

Musical no que se mesturan as cancións e os ritmos tradicionais galegos con música disco e imaxes de videocreación inseridas en directo. O espectáculo inclúe tamén narración oral, monólogo e humor negro.

Dirección: Carlos Blanco.

Interpretación: Carlos Blanco, Ramón Pinheiro (percusión), Nathan (Dj), Uxía Pedreira, Davide Salvado e Richar Rivera (voces e pandeiretas).

Música en directo: Ecléctica Ensemble e Dj Snoocer.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Ver XIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo, "Fiot03".

Referencias varias:

- MARÉ, 'O Dillei de Carlos Blanco entre a música e teatro en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 decembro 2003, p. 44.

Nota na que se anuncia a posta en escena desta peza no Centro Cultural Caixanova de Vigo. Sinálase tamén que está producida por Nordesía Produccións e que nela se combina o humor, a narración oral e a música tanto tradicional coma actual.

- Maite Gimeno, 'Dillei' o reinterpretar la música tradicional en clave moderna', 'Galicia', 28 decembro 2003, p. 22.

Nesta sección fixa na que se dan novas de actualidade dedícase, nesta ocasión, a parte central ao anuncio da posta en escena de *Dillei*, de Carlos Blanco, en Vigo. Destácase que na presentación se salientou o feito de que é unha reinterpretación da música tradicional galega pero tamén unha chamada á reflexión sobre temas transcendentales da nosa sociedade.

- María Villar, 'El actor Carlos Blanco presenta 'Dillei', un musical de corte vanguardista', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 28 decembro 2003, p. 33.

Dá conta da presentación do espectáculo de Carlos Blanco *Dillei* no Centro Cultural Caixanova. Explica que nel se fusionan diferentes estilos dende a narración oral, pasando polo monólogo de actualidade até o humor negro ou a música disco. Destácase tamén a improvisación como aspecto esencial da obra e a importancia da figura do "dillei".

Nove-Dous Teatro: *O porqué das cousas*.

Comedia baseada nun texto de Quim Monzó, na que se intercalan outros xéneros e na que se escenifica a relación dos personaxes coa felicidade, que unhas veces buscan e outras esquivan.

Dirección: Roberto Cerdá.

Interpretación: Josi Lage, Lois Soaxe e Jouse García.

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Ver XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Referencias varias:

- B. Mouriño, 'Sorprende que na Ulla se movan tanto para facer teatro', *El Progreso*, 'Fotomatón', 16 marzo 2003, p. 16.

Entrevista realizada a Jouse García, actor do grupo Nove-Dous e profesor de teatro nas escolas de Antas de Ulla e Monterroso. O entrevistado comenta aspectos do seu traballo como os anos que hai que se dedica a este labor, as obras que está a preparar ou a opinión sobre o teatro na zona da Ulloa.

- S. Pinal, 'Trabajamos en un montaje muy ambicioso', *La Región*, 'Provincia', 8 xullo 2003, p. 18.

Entrevista a Josi Lage, actriz e monitora da escola de teatro do Carballiño. Faise unha breve achega biográfica da entrevistada e posteriormente recóllense as súas opinións sobre a escola municipal na que traballa, sobre a afección polo teatro da xente do Carballiño e sobre os próximos traballos con Nove-Dous, compañía na que traballa.

- D.D.G., '¿Cara a onde imos?', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 5 decembro 2003, p. 03.

Comézase explicando brevemente o argumento da peza para logo centrarse na súa posta en escena, da que se salienta a presenza no escenario de miniaturas espidas de todo disimulo e sensacións como as dobres intencións, o humor e o desexo, todas elas encamiñadas a facer reflexionar sobre o logro da felicidade. Remátase dando conta dos prezos, horarios e outras funcións previstas por esta compañía en toda Galicia. En cadro á parte e baixo o título de "5 anos de vida" faise unha breve biografía desta compañía ourensá.

- M.B., 'Nove-Dous aborda las relaciones de pareja en 'O porqué das cousas'', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 decembro 2003, p. L6.

Dáse conta da posta en escena d'*O porqué das cousas*, de Nove-Dous no Teatro Principal de Santiago. Sinálase que é unha peza de Quim Monzó, na que se escenifica un libro de contos. Dáse conta do argumento e indícase que é unha comedia agridoce, que segundo Josi Lage pon en escena as relacións persoais e de parella.

Os Quinquilláns: *As abellas*.

Ver Vª Mostra de teatro de Cee.

Referencias varias:

- D.R., 'Quinquilláns anima la ciudad con teatro de calle hecho desde Galicia', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 maio 2003, p. 16.

Coméntase o traballo de Os Quinquilláns, grupo de teatro de rúa, que está actuando en Vigo con motivo da cerimonia de entrega dos premios Max. Recóllense as palabras do seu director, Lucho Penabade, que comenta que son fundamentalmente un grupo de rúa e que lamenta que nunha cidade como Vigo con poboación nova non se apoie máis o teatro, mentres que en vilas como Muros ou Noia sexan habituais os espectáculos de rúa. Fálase finalmente do próximo proxecto do grupo.

Os Titirinautas: *Ensalada de mosquitos*.

Peza de Xosé Lueiro sobre un texto de Morato, coa que este grupo de actores afeccionados deu o seu paso á escena profesional.

Dirección: Celso Parada.

Escenografía: Oti.

Pífano Teatro: *Acto imprevisto*.

Dirección: Xosé M. Olveira "Pico".

Guión: Miguel Gallego.

Interpretación: Mela Casal, Gloria Ferreiro e Guillermo Cancelo.

Pinga Teatro, The: *Urbe*.

Comedia baseada en textos propios da compañía na que dous cidadáns, o Susinho de Moraes e Pere Brut, fan unha viaxe surrealista polo corazón dunha gran cidade. Ao longo deste percorrido xorden historias e situacións coas que o público se sente identificado.

Interpretación: Miguel Condal e Xesús Pando.

Referencias varias:

- Marta Suárez, 'El alma del teatro no es el puro entretenimiento', *Faro de Vigo*, 'Faro Verano', 19 xullo 2003, p. 41.

Recóllense as declaracións de Jesús Pando e Miguel Condal con motivo da súa participación no IVº "Verán de teatro" de Vigo coa súa peza *Urbe*. Comezan sinalando que naceu este proxecto como unha necesidade de crítica social e para amosar cal é a súa concepción do teatro, no que buscar facer cousas novidosas, con diferentes rexistros e modalidades, e co humor como punto de partida. Rematan apuntando que a peza está fundamentada en textos propios que son tomados como base para a improvisación.

Quinquilláns, Os: *As voces do mar*.

Odisea marítima na que participan zancudos, xigantes e marabelistas, que simbolizan a loita dun mariñeiro que sae a faenar coas inclemencias do tempo e diversos seres mariños que parecen saídos da mitoloxía.

Dirección: Lucho Penabade.

Referencias varias:

- A.S., 'El teatro gallego de calle asalta la ciudad', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 3 maio 2003, p. 42.

Dá conta das actuacións que ofrecerán os grupos teatrais Os Quinquilláns con *As voces do mar*, unha odisea marítima na que participan doce actores acompañados de xigantes e homes con zancos, e Picompé en distintas rúas da cidade de Vigo dentro do programa "Os Max na rúa". Tamén informa que dentro do mesmo acto haberá representacións de compañías teatrais de Euskadi e Valencia. Remata o artigo coas opinións dalgúns destes actores teatrais que entenden que o teatro debería saír máis á rúa, xa que así se achegaría este xénero a persoas que doutro xeito non irían a unha representación teatral.

- Alberto Quián, 'Teatro contra viento y marea', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 maio 2003, p. 14.

Descríbense as actuacións que tiveron lugar no paseo de Samil en Vigo con motivo da clausura dos "Premios Max" de teatro, entre as que figura a do grupo teatral Os

Quinquilláns. Explicase que esta peza representa o mar, o vento e un mariñeiro intrépido que sae coa súa barca na busca de peixes.

Sapristi: *Hotel Run*.

Recreación cómica de humor negro de Evaristo Calvo, na que se conta a historia de dúas irmás que se ven obrigadas a cumprir a última vontade de seu pai: estender as súas cinzas no hotel no que pasara os mellores momentos da súa vida.

Dirección: Evaristo Calvo.

Interpretación: Patricia Vázquez e Nuria Sanz.

Música: Rodrigo López.

Ver Vª Mostra de teatro de Cee.

Referencias varias:

- Marga Mosteiro, 'Sapristi se presenta en Santiago con 'Hotel Run', obra de humor negro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 novembro 2003, p. L9.

Faise eco da presentación na sala Galán de Santiago de Compostela da compañía teatral Sapristi coa obra *Hotel Run*, que intenta acadar un espazo propio na escena galega, aínda que xa se estreou en agosto nas localidades coruñesas de Cee e Muros dentro da Mostra do Teatro Galego. O seu director, Evaristo Vázquez, definea como unha peza de humor negro e amargo, un humor moral contra a mentira, na ; nela cóntase a historia de dúas irmás que teñen que cumprir o último desexo do seu pai: espaxar as súas cinzas pola habitación do hotel Run. Engádesse que as actrices que levarán a cabo a representación son Patricia Vázquez e Nuria Sanz, que compartirán a escena coa música en directo de Rodrigo López.

- MARÉ, 'Dende o humor moral', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2003, p. 50.

Dáse conta da xénese da compañía teatral Sapristi, que xorde de Mohicana SL, un equipo artístico que funciona como soporte para calquera actividade de creación, tal e como o vén facendo dende 1993 en que levou a cabo espectáculos de Mofa e Befá, pasando pola súa participación en numerosos programas da TVG. Polo que respecta á obra *Hotel Run*, recóllense as palabras do seu director que di que non é un traballo que se "dea ao chiste fácil" senón que se trata de rirse de quen o conta, rirse para librarse do horror que xenera a sociedade. Engádesse que este humor moral está dirixido dun xeito artesanal, a través do método da repetición, da busca e eliminación do que sobra. Destácase a actuación de Patricia Vázquez, Nuria Sanz e a do músico Rodrigo López.

- A.N.T., 'Nuria Sanz. 'Interpretamos o circo da vida', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Fin de semana', 13 novembro 2003, p. 29.

Entrevista a Nuria Sanz a propósito da estrea teatral de *Hotel Run* en Santiago de Compostela, da que ela é coprotagonista ao lado de Patricia Vázquez e Rodrigo López. Define a obra como unha comedia un tanto negra, cun humor propio de Mofa e Befá, xa

que o seu director -Evaristo Calvo- é un dos compoñentes deste grupo. Fálase do seu argumento e do reparto de papeles e de cómo as personaxes protagonistas son moi distintas: unha representa o lado da maxia e a outra o racional. Comenta que é unha obra de poucos personaxes por cuestións económicas porque como non reciben axudas da administración é moi difícil acometer un traballo con máis actores. Finalmente, de entre todos os seus traballos que fixo na televisión, no cine e no teatro, sostén que é este último o que lle resulta máis satisfactorio.

- C. Domínguez, 'Morta coa risa un ano despois', *Galicia Hoxe*, 'Entrevista: Teatro', 16 novembro 2003, pp. 12-13.

Entrevista coa actriz Patricia Vázquez, que ademais de estar representando *Hotel Run*, participa no espectáculo *Vía Oral* xunto a Carlos Blanco e está a punto de iniciar *O ano do cometa* co Centro Dramático Galego. A intérprete quéixase do estado do teatro en Galicia e do teatro itinerante, xa que "estreas unha obra e por moito éxito que teñas despois poden pasar meses sen volvela a representar". Respecto á obra que está a facer coa compañía Sapistri di que é un teatro levado ao clown, feito que lle resulta innovador e sorprendente porque ela sempre fixera teatro naturalista.

- Lupe Gómez, 'Un conto bonito que acontece nun hotel', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 novembro 2003, p. 5.

A xornalista expresa que a obra *Hotel Run* lle resultou aburrida, que debería ter máis peso, ser máis dinámica e con máis argumento, que non debería aparecer ante o público tan pobre, tan muda e tan baleira. Prosegue comentando que non lle parece un teatro de emocións, senón un traballo que é o resultado de ensamblar pezas construíndo unha especie de caixa de sorpresas. Insiste en que atopa moitas repeticións, simplificacións e reducións, que deixan a obra demasiado núa ante o público como "se non tivese nada que contarnos". Só destaca positivamente a actuación dos actores dicindo que saben estar moi ben nos seus respectivos personaxes.

Sísifo Teatro: *O bico da muller araña*.

Peza de Manuel Puig na que se presenta a relación entre dous presos, un homosexual e un activista político, que comparten cela. Da simbiose producida emerxerá vitoriosa a dignidade necesaria para non ceder diante da represión, nunha obra na que se mestura a tenrura e o drama.

Dirección: Manuel Camba.

Interpretación: Rafa Costas e Juan Silva.

Música: Kurt Weill, Lisa Gerrard e Terje Rypdal.

Produción: Sísifo Teatro.

Selección musical: Alejandro Guillán.

Iluminación: Emilio Bugarín.

Son: Fernanda Cáccamo.

Utilaxe e montaxe escénica: Benito Martínez.

Vestuario: Sísifo Teatro.

Voces en off: Pepe González e Alejandro Guillán.

Ver II Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, 'Sísifo lleva a escena 'O bico da muller araña', *Faro de Vigo*, 'Vigo por los cuatro costados', 10 xuño 2003, p. 3.

Dáse conta da posta en escena da obra de Manuel Puig, *O bico da muller araña*, a cargo da compañía teatral Sísifo, que xa a representou en Carral e en Bembibre, dando así forma a un proxecto que o seu director Manuel Camba tiña en mente dende o ano 1995. Informan da interpretación de Rafa Costas e Juan Silva no papel de Molina e Valentín, dous presos que comparten cela nun cárcere sudamericano na década dos sesenta. Coméntase que é unha comedia na que se mestura a tenrura co humor e co drama e explícase que a pantera negra que decora a cela é o símbolo da frustración de Molina, un homosexual obsesionado co cine, que teme cambiar se é bicado, atendendo á alegoría da muller araña. Faise un repaso polo resto de participantes na escenificación, o encargado da luminotecnia, son e montaxe, entre outros.

Talía Teatro: *Bicos con lingua*.

Ver Vº Mostra de teatro de Cee.

Talía Teatro: *A paz do crepúsculo*.

Peza de Itziar Pascual, gañadora do "Premio Serantes" do Concello de Santurtzi, o que supuxo a coprodución desta montaxe da que se fixo responsábel Talía Teatro. A historia céntrase nas reflexións de personaxes que estiveron na División Azul cando Alemaña invadiu a Unión Soviética, uns individuos que están nunha guerra que non é a súa e defendendo uns ideais que non asumen como propios.

Interpretación: Toño Casais e Xavier Estevez.

Escenografía: Carlos Alonso.

Música: Colectivo Dous.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Estrea en Santurtzi de 'A paz do crepúsculo' de Pazó', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 novembro 2003, p. 52.

Preséntanse dúas representacións teatrais: *A paz do crepúsculo* de Itziar Pascual, que se estrea en Santurtzi da man de Talía Teatro, compañía que dirixe Cándido Pazó, e *A guerra das Galicias*, que presenta Títeres Cachirulo. Da primeira achégase información sobre a súa autora, como que é gañadora do "Premio Serantes" do Concello de Santurtzi, e dise que nesta peza se relatan as reflexións de persoas que estiveron na División Azul cando

Alemaña invadiu a Unión Soviética.

Teatro Bruto: *Agnus Patris*.

Recreación do mito de Edipo da autoría de Alfonso Becerra de Becerreá, que mereceu o "Premio Álvaro Cunqueiro" de 2001. Esta nova versión presenta unha inversión do mito por tratar a relación dun pai co seu fillo baixo o nexo dunha nai morta pero omnipresente.

Dirección: Pablo Rodríguez.

Interpretación: Xulio Lago, Gloria Rico e Pablo Rodríguez.

Música: Alberto Augusto Miranda.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Teatro Bruto estrea na Estrada un 'Edipo invertido', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 30.

Infórmase da estrea no Teatro Principal da Estrada de *Agnus Patris* de Alfonso Becerra, un texto que conta co "Premio Álvaro Cunqueiro" de 2001. Dise que a compañía teatral encargada da posta en escena desta obra é Teatro Bruto e que conta cos actores Xulio Lago, Gloria Rico e Pablo Rodríguez, quen á súa vez é o seu director. Trasládanse algunhas opinións do director nas que di que o autor da obra creou un Edipo invertido, xa que relata a relación dun pai co seu fillo baixo o nexo dunha nai morta pero omnipresente, e engade que o traballo dos personaxes resulta complicado porque comeza nun ambiente realista e remata cun teatro moi achegado ao simbolismo. Destácase, así mesmo a música que corre a cargo de Alberto Augusto Miranda.

Teatro Cachuzo: *Insomnio*.

Peza de Rubén Ruibal na que se tratan temas de actualidade, algúns deles relacionados cos medios de comunicación, sobre o que é correcto informar e o que non.

Dirección: Carlos Losada.

Interpretación: Ursia Gago, Santi Telmo, Iria Cacheiro, Begoña Ferreira, Eva Gontad e Silvia Cerneira.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Los jóvenes viven pasiones 'cósmicas' en un congreso astronómico', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 11 decembro 2003, p. 34.

Ademais de facerse eco de diferentes actos culturais que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela, tamén se dá conta da posta en escena da peza *Insomnio* na sala Nasa a cargo de Teatro Cachuzo.

- M.B., 'Teatro Cachuzo invita a la reflexión tomando como pretexto el arte ', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 12 decembro 2003, p. L8.

Dáse conta da representación teatral *Insomnio* na sala Nasa de Santiago de Compostela por parte da compañía Teatro Cachuzo e dirixida por Carlos Losada. Coméntase que levan dous anos a traballar nesta montaxe e que o texto do que parten é de Rubén Ruibal, o mesmo autor ao que seleccionaron para o seu anterior espectáculo, *Fume*. Sobre *Insomnio* dise que toma como base a arte contemporánea, pero que na comedia todo flúe entre soño e realidade. Polo que respecta á posta en escena destácase a aposta por unha estrutura clásica, na que se mesturan elementos do clown e da comedia do arte, co obxectivo de facela máis achegada ao espectador. Remátase coa relación dos actores que a escenificarán: Ursia Gago, Santi Telmo, Iria Cacheiro, Begoña Ferreira, Eva Gontad e Silvia Cerneira.

Teatro da Lúa: *As mulleres do porvir*.

Peza na que a musa Clío decide ter unha reunión atemporal con tres mulleres: Concepción Arenal, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Neste encontro as catro falan das noticias que hoxe en día aparecen nos xornais e xorden temas como os malos tratos, chegando á conclusión de que foron mulleres pioneiras no seu tempo e que os seus ideais seguen vixentes na actualidade.

Dirección: Dorotea Bárcena.

Interpretación: Dorotea Bárcena, Gema Baamonde, Susana Dans e Beatriz Graña.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'A revolución de ser mulleres xogando co tempo pasado', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 11 maio 2003, p. 5.

Comeza definindo a obra *As mulleres do porvir* que está a escenificar Teatro da Lúa, baixo a dirección de Xan Cejudo, como un "encuentro virtual entre o pasado e o futuro. Un paseo pola memoria". Opina que lle parece unha formulación moi orixinal, divertida e enxeñosa o feito de xuntar no ciberespazo a Concepción Arenal, Rosalía de Castro e a Emilia Pardo Bazán. Das actrices que se encargan de darlle vida teatral ás literatas galegas di que saben ser cómicas e serias ao mesmo tempo e que sobresaen as súas actuacións. Non obstante, Lupe Gómez quexase da prevalencia que lle dan ao texto, semellando que están lendo todo o tempo e bota de menos máis forza teatral, máis música, un ritmo máis dinámico e maior fluidez.

Teatro de Ningures : *Círculo*.

Comedia baseada na obra de Suso de Toro.

Dirección: Etelvino Vázquez.

Interpretación: Pepa Barreiro, Sonia Rúa, Casilda García, Francisco Paredes, Santiago Cortegoso e Salvador del Río.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".
Ver XIª Feira do teatro de Galicia.
Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".
Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Referencias varias:

- C.C., 'La música y el teatro serán los protagonistas de la programación de febrero en el Auditorio', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Cangas/Moaña', 4 febreiro 2003, p. 24.

Repaso á programación do Auditorio Municipal de Cangas, na que ademais de sinalar que se representou con éxito *Círculo*, de Teatro de Ningures, se adianta a próxima posta en escena de *Animaliños*, de Teatro do Aquí, así como outras actuacións musicais.

Teatro do Aquí: *Farois vermellos*.

Monólogo baseado na peza de José Luís Martín Descalzo, ambientado na Guerra Civil, que trata das conversas dunha prostituta cun crucifixo, que se converte no seu confidente e polo que está disposta a morrer.

Dirección: José Paredes.
Interpretación: Mónica Camaño.
Produción: Belén Quintáns.
Montaxe: Kachet Loxística.

Ver Ciclo de teatro de Cambados.
Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Referencias varias:

- Carlos Risco, 'El legado teatral de Vidal Bolaño', *Faro de Vigo*, 'Visado', 'Pistas', 4 abril 2003, p. 5.

Menciónase que Teatro do Aquí estreará en Vilagarcía de Arousa o 4 abril de 2003 a obra de Roberto Vidal Bolaño *Farois Vermellos*, dirixida polo portugués Zé Paredes. Alúdese ás dificultades que teñen os integrantes deste grupo teatral debido á falta de Bolaño xa que este pasa por ser o renovador do teatro galego.

- G.B./B.V., 'Teatro do Aquí estrea con cheo total', *Diario de Arousa*, 'Vilagarcía', 6 abril 2003, p. 14.

Faise referencia ao éxito da estrea de Teatro do Aquí en Vilagarcía coa obra de Roberto Vidal Bolaño *Farois Vermellos*, lembrando o excelente labor de cada un dos integrantes desta compañía, desde o seu director, Zé Paredes, até a súa única actriz, Mónica Camaño.

- Manuel Beceiro, 'Farois vermellos' expresa a hipocrisía de hoxe en día', *La Voz de*

Galicia, 'Santiago', 8 maio 2003, p. L2.

Entrevista á actriz protagonista do monólogo da última obra de Teatro do Aquí, Mónica Camaño, onde se incide no papel de prostituta aínda que coa presenza da hipocresía relixiosa e do baleiro que supón a perda de Roberto Vidal Bolaño.

- Lupe Gómez, 'Unha muller que reinventa a memoria do seu pobo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 15 xuño 2003, p. 2.

Esta é unha crítica da representación da obra *Farois Vermellos* baseada nunha obra do escritor e sacerdote castelán José Luís Martín Descalzo onde se avalía a súa escenografía, moi ben valorada e apúntase unha eiva, a de falta de máis teatro, poesía e transgresión.

- Iolanda Ogando, 'Historia da(s) xente(s)', *Tempos Novos*, nº 76, setembro 2003, p. 79.

Coméntase a última montaxe da compañía Teatro do Aquí. Trátase da obra *Farois Vermellos*, adaptada dun orixinal de José Luís Martín Descalzo. Coméntase que é a primeira montaxe do grupo tras a morte de Roberto Vidal Bolaño e fálase do bo traballo de Mónica Caamaño (única actriz) para facer críbeis uns personaxes que habitan na lembranza aceda da Guerra Civil. Críticanse, por outra banda, aspectos como a caída de ritmo e a aparencia de excesiva lonxitude. Finalmente hai unha nota de felicitación para a Mostra de Teatro de Cee.

Teatro do Morcego: *A gran ilusión*.

Peza de Eduardo de Filippo na que se aborda o tema dos celos a través dun marido que perde a súa muller moza polo seu carácter posesivo. Enganado por un mago, chega a crer que ela está nunha caixa diminuta que endexamais se atreve a abrir.

Dirección: Celso Parada.

Interpretación: Casilda García, Pepa Barreiro, María Bañobre, Maxo Barjas, Miguel Varela, Salvador del Río, Alberte Barreiro, Santiago Cortegoso, Miro Magariños, Eva Carreras, Celso Parada, Sonia Rúa e Mundo Villalustres.

Escenografía: P. Pastor.

Vestuario: Carlos Alonso.

Selección musical e interpretación: Pablo González, Max Gómez, Warren e Mundo Villalustres.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver XXª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'Un xogo de maxia feito con elegancia, forza e moita ilusión', *El Correo*

Gallego, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 5.

Dá conta da representación que está a facer Teatro do Morcego con *A gran ilusión*, un texto de Eduardo Filippo que a súa posta en escena é dirixida por Celso Parada. Comenta que o argumento, a escenografía, os decorados, a música -en directo- e os vestiarios están moi logrados e que a súa conxunción chega a conformar unha maxia que envolve ao espectador e que atrapa a súa atención, aínda que para ela serían necesarios máis actores que lle deran máis dinamismo á obra.

- J.A. Martínez Sevilla, 'La ilusión culinaria', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 11 novembro 2003, p. 11.

O comentarista informa da actuación de Teatro do Morcego no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, dentro do ciclo "Caixanova", con *A gran ilusión* de Eduardo Filippo. Define esta obra como unha comedia descritiva da burguesía napolitana, á que lle dan vida quince actores acompañados dunha orquestra en directo con música popular italiana, que amosan as súas ilusións, desexos, ambicións, hipocrisías e queixas daquela sociedade. Insiste no bo facer destes actores e do director ofrecendo unha comedia "fonda, humanísima y poética", así mesmo como no de cada un dos restantes compoñentes da compañía, dos que vai facendo un repaso valorativo con nomes e apelidos. Inclúe a relación das cancións que se interpretan.

- Xosé Lueiro, 'A voz, arte de seducción', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 12 decembro 2003, p. 04.

Entrevista a Paco Campos, protagonista de *A gran ilusión* de Teatro do Morcego, na que comeza referíndose á súa experiencia no mundo audiovisual e da dobraxe, comparando a situación de Galicia coa de fóra. Sinala que participa nesta peza substituindo a Miguel Varela pero que os seus inicios están no teatro, alude á dificultade de adoptar un papel xa definido con anterioridade, refírese ao personaxe que interpreta como moi atractivo e que a súa ilusión é interpretar o personaxe de Montenegro nas *Comedias bárbaras*. Finalmente, refírese a cómo chegou á televisión e a algúns papeis que interpretou.

Teatro Galileo: *O médico á forza*.

Peza de Molière

Dirección: Pedro Rubín.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Referencias varias:

- S.A., 'Teatro Galileo estrena la obra 'O médico á forza' en Culleredo', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambre', 6 marzo 2003, p. 23.

Breve noticia sobre a presentación da montaxe teatral que patrocinou o Concello de Culleredo, *O médico á forza* e que escenificarán os actores de Teatro Galileo no Burgo. Infórmase que uns cincocentos rapaces de máis de catorce anos asistirán á estrea e que se fará un segundo pase ao día seguinte para todos os públicos.

- S.R., 'El Igaem se acercará a O Grove con una obra de Moliere', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 21 agosto 2003, p. 24.

Nota na que se anuncia a representación no Grove desta peza teatral dentro das actividades programadas para o verán nesta localidade.

Volta e Dálle Teatro: *Salitre*.

Peza na que se achega ao sufrimento provocado polo afundimento do Prestige, aínda que en ningún momento se fai alusión directa a el. Baséase na historia dun mariñeiro que unha mañá sae para faenar e descobre que en lugar do mar está un deserto. A partir deste momento o obxectivo da súa vida é atopar o mar, sen o cal nada ten sentido.

Autor e director: X. Henrique Rivadulla.

Interpretación: Pepe Penabade e Comba Campoy.

Referencias varias:

- A.N.T., 'X.H. Rivadulla Corcón. 'Faise un teatro pobre pola falla de subvencións e recursos', *A Nosa Terra*, nº 1.101, 'Fin de semana', 23 outubro 2003, p. 33.

Conversa con X. H. Rivadulla Corcón, o autor de *Salitre*, a obra de teatro que a compañía Volta e Dálle preestrea en Santiago de Compostela. Rivadulla Corcón di que o guión desta obra nace a raíz do afundimento do *Prestige*, pero non só polo suceso en si, senón pola necesidade que senten nese momento os muxiáns de contar o que lles está a acontecer dende a súa relación particular co mar, porque di que son observados por moita xente a través dos medios de comunicación pero que ninguén comprende a relación deles co mar. Resume o argumento da obra nun traballo simbólico, no que o protagonista é un mariñeiro que un día ao ir coller a súa gamela, o mar desaparecera e entón embárcase na aventura de ir á súa procura. Finalmente conclúe que en Galicia se está a facer un teatro pobre por falta de subvencións e recursos.

- M.B., 'Quero incidir en por qué o mar significa a nosa vida', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 24 outubro 2003, p. L2.

Entrevista a Xosé Rivadulla Corcón. Falan do argumento e o seu creador di que hai dous factores que lle influíron na escolla do mar como protagonista: a contaminación que causou o desastre do *Prestige* e o feito de ser natural de Muxía. Rivadulla quéixase tamén do abandono que está a sufrir o teatro galego por parte da Administración, que se esquece de que Galicia necesita que esta arte sexa un servizo público.

- B.L., 'Volta e Dálle estrea en Pontevedra unha obra que non existiría sen o 'Prestige',

Diario de Pontevedra, 'Vivir aquí', 30 outubro 2003, p. 87.

Dáse conta da presentación de *Salitre* en Pontevedra a cargo dos seus responsábeis e do concelleiro de cultura. Resúmese o argumento da obra e cítanse os seus dous intérpretes: Comba Campoy e o propio produtor Pepe Penabade. Trasládanse as palabras deste acerca da desaparición paulatina dos oficios tradicionais en Galicia, que relaciona directamente coa perda da lingua. Así mesmo, transcríbense as verbas de agradecemento, tanto para un mariñeiro de Marín que lle ensinou a coser redes como para a súa compañeira de reparto. Tamén se recollen as opinións de Xosé Rivadulla Corcón a cerca do texto, do seu significado e da interpretación que lle deron.

- Belén López, 'Comba Campoy. 'O do Prestige foi tan duro que nos uniu a todos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 novembro 2003, p. 84.

Infórmase da estrea na cidade de Pontevedra de *Salitre*, do seu argumento e dos personaxes que a interpretan. Tamén se traen a colación as palabras que Xosé Henrique Rivadulla Corcón pronunciou o día da presentación da mesma. Incídese en que esta obra, coma todas as de Rivadulla, está marcada polo carácter simbólico e que pretende ir máis aló do desastre causado polo petroleiro *Prestige* en Galicia, incidindo na desmantelación do sector pesqueiro galego. Tamén se adxunta unha entrevista a Comba Campoy, onde fala das tres personaxes que interpreta: a gaivota, a muller do mar que tivo que emigrar e a princesa que simboliza a globalización. Remata falando das súas experiencias na televisión, no cine e do seu debut no teatro con esta obra.

- Xosé Lueiro, 'Unha homenaxe ó mar', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 21 novembro 2003, p. 4.

Entrevista a Pepe Penabade, actor e produtor da compañía teatral Volta e Dálle, quen sostén que *Salitre* pretende ser unha homenaxe á xente que vive e traballa no mar, así como un elemento de reflexión sobre a delicada situación que está a atravesar este sector despois do afundimento do *Prestige*. Fala do texto, escrito por Rivadulla Corcón ao xeito do teatro simbolista dos anos 50, que toma o mar como referente lírico e constrúe unha fábula dun mariñeiro e unha gaivota que un día descubren que o mar desapareceu. Insiste en que como produtor trata de apostar por un teatro que reflexione sobre aspectos sociais de Galicia para reivindicar a identidade galega. Pon de relevo o traballo da actriz principal, Comba Campoy, da que di que lle resultou toda unha revelación, tanto a nivel persoal como profesional. Quéixase de que esta teña que interpretar tres papeis nesta obra, que non haxa cartos para poder contar con máis actores.

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

A Milagrosa: *A consulta.*

Ver IVº Ciclo "Vive con nós o teatro".

A Mimosa: *PQP (Plus Quam Perfecto)*.

Composición colectiva dos compoñentes desta agrupación teatral, na que con moita ironía e sarcasmo se critica calquera das guerra que houbo ao longo da historia da humanidade.

A Serna: *A casa de Bernarda Alba*.

Ver Vª Mostra de teatro de Cee.

Achádego Teatro: *A mandrágora*.

Versión da obra de Machiavelli, ambientada na Florencia actual e na que se critican os modos de vida dos diferentes estamentos. A planta da mandrágora, á que se lle atribúen propiedades como a curación da esterilidade, é o motor desta obra, na que un mancebo se namora da muller dun rico e tenta conseguir á súa amada Lucrecia.

Dirección: Antón Sampaio.

Interpretación: Roi Macía, Andrés Castelo, Alberto Pérez, Alberte Cabarcos, Marga Portomeñe, Antón Sampaio, Tareixa Campos e Esther Pedrouzo.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Ver IIIª Mostra de teatro clásico de Lugo.

Airiños: *Non lle busques tres pernas ao alcalde*.

Referencias varias:

- M.G., 'Decembro Cultural en O Son', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 decembro 2003, p. 39.

Ademais doutros actos que se van celebrar ao longo do mes de decembro en diferentes lugares do Concello de Porto do Son, dáse conta da posta en escena de *Non lle busques tres pernas ao alcalde*, do grupo de teatro Airiños de Asados.

Alecrín: *Un ovo de dúas xemas*.

Arume: *Así é se vos parece*.

Asociación de Amas de Casa de San Tirso: *Taberna sen dono.*

Ver IVª Mostra "Teatro no Camiño" de teatro amateur de Palas de Rei.

Asociación de Mulleres Rurais de Fírvada-Porqueira: *A farsa das zocas.*

Peza de Ricardo Carballo Calero.

Dirección: Manuel Martínez.

Referencias varias:

- R.N., 'Las mujeres de Porqueira se pasan al teatro', *La Región*, 'Actualidade Porqueira', 8 febreiro 2003, p. 25.

Achégase ás actividades desenvolvidas no seo desta asociación de mulleres, das que se destaca a preparación da peza *A farsa das zocas*.

Asociación Xuvenil e Cultural Enxebre: *Hamlet.*

Aturuxo: *Vacacións.*

Peza escrita por Javier Millán para este grupo que pertence á Aula de Teatro para persoas maiores da Área Social do Concello de Ourense.

Dirección: Javier Millán.

Aula Aberta de Teatro 'Escola Viva: *A zapateira prodixiosa/Algunhas horas con Mario.*

Adaptación ao galego das obras de Federico García Lorca e Miguel Delibes.

Aula de Teatro do Campus de Lugo: *A noite dos asasinados.*

Ver X Xornadas de teatro universitario da Coruña.

Aula de Teatro do Campus de Lugo: *Pic-Nic.*

Ver VIIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Ver X Xornadas de teatro universitario da Coruña.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Una tarde de teatro', *El Progreso*, 'El despertador', 7 marzo 2003, p. 11.

Sección na que se acollen as novas do día relacionadas con Lugo e entre as que dá conta da representación da obra *Pic-Nic*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago no Auditorio Gustavo Freire.

Aula de Teatro do Campus de Pontevedra: *Ecos e silencios.*

Peza na que se parte da exposición fotográfica titulada "Éxodos" do portugués Sebastiao Salgado, na que como única escenografía se presenta unha fotografía arredor da que xira o texto.

Dirección: Pepa Barreiro.

Ver Vª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Ver X Xornadas de teatro universitario da Coruña.

Aula de Teatro do Campus de Pontevedra: *A vinganza do Padre Cu.*

Peza baseada no *Ubú Rei*, de Alfred Jarry, e en diversos episodios de *Luces de Fisterra*, de Carlos Mella. Conta humoristicamente a historia dun individuo que, inducido pola súa dona, tenta volver capitalizar o poder perdido. A súa conspiración remata en drama por estar nun país caracterizado polo abandono, os actos grotescos dos seus mandatarios e a suciedade física e ética dos seus personaxes.

Aula de Teatro do Campus de Vigo: *Supertot.*

Dirección: Salvador del Río.

Interpretación: Toño Boa, Paulino Figueroa Mijón, Coque, María Belén Meniño, Gabriel Lezcano, Xosé Daniel Costas, César Varela, Javier Posada Duran, Sabela Correa Comesaña, Ana Contreras e Ana Gregores Arjones.

Escenografía: Diego Seixo.

Vestuario: Sonia Rúa.

Ver VIIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Ver Vª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Aula de Teatro do Instituto Virxe dos Ollos Grandes: *Tres sombreiros de pico.*

Dirección: Marga Portomeñe.

Ver IVº Ciclo "Vive con nós o teatro".

Aula de Teatro Universitario da USC: *Apnea. Traxedia contemporánea para cinco intérpretes.*

Peza de Roberto Salgueiro.

Ver IXº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago.

Referencias varias:

- Iolanda Ogano, 'A poesía cobra corpo', *Tempos Novos*, nº 76, 'Teatro', xuño 2003, p. 76.

Dise de *Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes*, a última obra da Aula de Teatro Universitario da USC, que é un caso excepcional no que o espectáculo consegue volver poesía as palabras, xa que todas as liñas de forza do mesmo apuntan para o lírico. Con texto de Roberto Salgueiro, fábase do espectáculo como xogo de paradoxos, onde hai personaxes nostálgicos doutros tempos ou un pasado que fala do presente, todo coa intencionalidade de sinalar algo esencial, que todo segue a ser o mesmo, que se adoptan diversas formas pero que as traxedias son as mesmas. O espectáculo de Salgueiro basea a súa beleza no paradoxo, continúaase, pero tamén na contención, tanto na palabra, que non cae no panfletario, como na coreografía que tensiona e destensiona. Os personaxes estarían tamén caracterizados polo equilibrio e a solvente interpretación. Por todas estas características a obra considérase unha das máis interesantes do teatro galego e láméntase a súa escasa distribución por ser teatro universitario. A palabra, as imaxes ou os corpos, á par do texto, constrúen un teatro no que se recupera a protesta desde o contemporáneo, unha liña artística que se di pouco habitual na nosa escena e que golpea ao público.

- S. Pinal, 'Os do teatro galego son heroes', *La Región*, 'Provincia', 10 xuño 2003, p. 17.

Entrevista a Tamara Cristóval, unha das integrantes do reparto de *Apnea*. Explica que está estudando Filoloxía Galega, que para ela é unha satisfacción o poder traballar cun director como Roberto Salgueiro, que lle gustaría facer tanto cine coma televisión e que en Galicia as pequenas compañías teñen moi difícil o seu mantemento polo sistema de subvencións.

Avante: *Zona cero.*

Baseada nos acontecementos do 11 de setembro de 2001 en Estados Unidos é unha alegación contra o maniqueísmo político e cultural que está sufrindo o mundo.

Badius: *Tócame Sam.*

Bartoleta Teatro: *¡Viva o duque noso amo!*

Peza orixinal de Luís Alonso de Santos, escrita nos anos setenta, está ambientada na España dos Austrias do século XVII, na que unha compañía de teatro debe representar unha peza

ante o duque de Simancas, o que serve para facer unha dura reflexión sobre o papel da arte en relación co pobo e co poder.

Dirección: Helga Méndez.

Interpretación: Tito Taboada, Fernando Ocampo, Carlos Castrillón, Helga Méndez, M^a José Doce, Esperanza Vidal, Conchi García, Pablo García e Rosalía Rodríguez.

Candelexas: *A verdadeira historia da casiña de papel.*

Comedia sobre a especulación inmobiliaria, a rixidez administrativa e a consideración dos vellos na sociedade actual. Compárase a situación dos residentes nunha casa, da burguesía de comezos de século e a duns okupas da actualidade, inserindo mesmo un monólogo intermedio no que se fala do turismo rural.

Autoría e dirección: Víctor Vez.

Interpretación: Maluca Amado, Rosa Caamaño, Puri e Guillermo Fernández e Víctor Vez.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Ver XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Candelexas: *O Tremoeiro.*

Peza na que se contan catro historias diferentes e que xiran arredor do machismo, a guerra, a intolerancia e a infidelidade.

Dirección: Víctor Vez.

IVª Mostra "Teatro no Camiño" de teatro amator de Palas de Rei.

Centro de Actividades de Portosín: *Non sexas marioneta no Nadal.*

Referencias varias:

- M.G., 'Decembro Cultural en O Son', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 decembro 2003, p. 39.

Ademais doutros actos que se van celebrar ao longo do mes de decembro en diferentes lugares do Concello de Porto do Son, dáse conta da posta en escena de *Non sexas marioneta no Nadal*, do grupo de teatro do Centro de Actividades de Portosín.

Centro Dramático Vilalbés: *A farsa das zocas.*

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Escola Municipal de Arte Dramático 'Marisa Soto de Silleda: *Que nos deixen retirarnos en paz.*

Escola Municipal de Arte Dramático 'Marisa Soto de Silleda: *Benditos fillos.*

Escola Municipal de Teatro de Vigo: *Farsas.*

Baseada en tres farsas de Eduardo Blanco Amor.

Referencias varias:

- Pablos, 'Ceremonias para la farsa', *Atlántico Diario*, 'La crítica', 9 marzo 2003, p. 17.

Comenta a súa asistencia á posta en escena da Escola Municipal de Teatro de Vigo, da que destaca que malia seren afeccionados desenvolven un traballo excelente, tanto dende o punto de vista educativo coma de formación teatral. Destaca o labor de Maximino Keyzán á fronte deste espectáculo, do que apunta o coidado dos detalles, a ambientación e o feito de que fai da escenificación algo máis que mero entretemento. Remata salientando o éxito da representación e reclamando unha mellora nas condicións desta escola.

- A. Quián, 'El Gobierno suspende el tradicional acto institucional del Día Mundial del Teatro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 26 marzo 2003, p. 45.

Dáse conta da suspensión do acto oficial para conmemorar o Día Mundial do Teatro, que segundo fontes institucionais vén motivada pola situación bélica en Iraq. En columna á parte e baixo o título de "La Escola Municipal de Teatro de Vigo representa 'Farsas', de Blanco Amor" dáse conta da posta en escena de *Farsas*, unha peza baseada nas tres escritas polo autor ourensán cos títulos de *Anxélica no ombral do ceo*, *Amores e crimes de Juan el Pantera* e *Falsa morte e certa morte de Estoraque o Indiano*. Noutra columna recóllense as opinións de Cándido Pazó nas que denuncia a hipocrisía pola postura do Ministerio ao suspender o acto institucional e formar parte dun Goberno que apoia a guerra.

Etrunoia: *Ledaíñas pola morte do Meco.*

Peza da autoría de Roberto Vidal Bolaño.

Falcatrueiros: *Un día.*

Referencias varias:

- Hilario García, 'El grupo de teatro de 'Falcatrueiros' interpreta el sábado una obra propia', *El Progreso*, 'A Ulloa', 7 maio 2003, p. 16.

Nota na que se anuncia a estrea no centro sociocultural de Monterroso de *Un día*, peza de creación propia do grupo de teatro Falcatrueiros.

Faro-Miño: *O cego de Fornelos*.

Peza de Varela Buxán representada por este colectivo hai trece anos e que quere ser unha homenaxe a catro dos membros fundadores.

Interpretación: Paco Maciñeiras, Xosé Antón Rodríguez, Amelia Ledo, Ánxel Castro e Moncho Rodríguez.

Ver XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Referencias varias:

- A.L., 'Faro-Miño rendirá homenaxe a catro de sus fundadores el 22 de agosto', *El Progreso*, 'Chantada', 20 xullo 2003, p. 18.

Dá conta da preparación da peza de teatro *O cego de Fornelos* para homenaxear a catro dos membros fundadores desta agrupación cultural. Adiántase que a reestrea desta peza, que foi a primeira que puxeran en escena en 1990, será na Mostra de teatro popular de Chantada, acto no que tamén se lle entregará a Paco Viñas, Malú Ledo, Rocío Méndez e Rafael Viñas unha placa conmemorativa. Por outro lado, tamén se dá conta das actuacións que están a desenvolver coa súa peza *Arte-facto*, entre elas na localidade ourensá de Escornabois.

Grupo de teatro Amistad: *A casa dos seductores*.

Comedia de enredo.

Dirección e adaptación: Manuel Basoa.

Grupo de teatro Contraste: *Unha avoa a catro patas*.

Grupo de teatro Cordelia: *Ítaca 16-03*.

Ver VIIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Grupo de teatro de Antas de Ulla: *Cabaret*.

Referencias varias:

- M.J.F., 'Música y teatro durante todo el verano', *La Región*, 'Festas de Santa Mariña', 17 xullo 2003, p. 44.

Repaso polas actuacións que terán lugar no Concello de Xinzo da Limia con motivo das súas festas patronais. Anuncia a posta en escena de *Cabaret*, do grupo de teatro de Antas de Ulla; *Historias mínimas*, de Nove-Dous Teatro; e *Binomio de Newton*, de Teatro do Adro.

Grupo de teatro de Lamas de Prado: *A visita do inspector*.

Ver IVº Ciclo "Vive con nós o teatro".

Grupo de teatro Expresión: *Entre nós*.

Grupo de teatro María Auxiliadora: *Galaxian 2003*.

Ver IVº Ciclo "Vive con nós o teatro".

Grupo de teatro Os Amigos: *Case nunca pasa nada*.

Dirección: Lucía Caneiro.

Grupo de teatro Os Amigos: *Os vellos non deben de namorarse*.

Adaptación da peza de Daniel Rodríguez Castelao.

Dirección: Lucía Caneiro.

Grupo de teatro Xeito: *Unha casa de tolos*.

Grupo de teatro Xeitosos: *A farsa das zocas.*

Grupo de teatro Xenio: *Unha fin de semana na cidade.*

Obra de Norman Krasna, na que se conta a historia dunha moza que acaba de romper co seu mozo e vai pasar uns días á gran cidade para evadirse do seu problema e reflexionar sobre o seu futuro.

Hac Luce: *Rulfo: polo pequeno ceo da porta.*

Ver X Xornadas de teatro universitario da Coruña.

Lirilampo: *Rebentacontos.*

Luzada: *A casa dos seductores.*

Referencias varias:

- C.B., 'Recuerdan a Maruxa Villanueva con teatro', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2003, p. 23.

Anuncia unha homenaxe a Maruxa Villanueva por parte da Concellaría de Cultura do Concello de Padrón, na que se porán en escena as pezas *A casa dos seductores*, de Luzada; *Mulleres*, de Uvegá Teatro; ou *Grelos Crest*, de Ullán Teatro.

Malabaranda: *Koma-2.*

Ver Vª Mostra de teatro de Cee.

Maricastaña: *O despertar.*

Peza baseada na obra *Despertar de primavera*, de Frank Wedekind.

Dramaturxia: Fernando Dacosta.

Ver VIIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Ver Vª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Ver X Xornadas de teatro universitario da Coruña.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Jóvenes y poder: una relación tormentosa', *La Región*, 'Cultura', 11 xuño 2003, p. 59.

Achégase ao contido desta peza, que no seu momento escandalizou á sociedade alemá, pero que segue en plena vixencia. Destácase o labor de adaptación de Fernando Dacosta e sinálase que a través dun grupo de mozos universitarios e un profesor vaise asistindo a un proceso de maduración con escenas cotiás, poéticas e expansivas, nas que a música e o vestiario teñen un papel fundamental.

Metátese Teatro: *Silencio*.

Peza na que se reflexiona sobre o silencio e o medo a lembrar os instintos primarios incompatíbeis cos ruídos do mundo moderno.

Dirección: Alfonso García Penas e Xesús Xabier Souto Bragado.

Interpretación: Óscar Varela Casal, Mónica Pérez Souto e Xosé Manuel Pérez.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".

Referencias varias:

- Elvira Fente, 'Teatro solidario', *El Progreso*, 'Especial. Palas de Rei', 6 abril 2003, p. VI.

Achega á traxectoria de Metátese da que se lembra que as súas últimas actuacións foron coa peza *Vesania*. Recóllense tamén as palabras de Xabier Souto, guionista do grupo, nas que explica cómo comezaron a colaborar coa Organización Non Governamental "Meniños" e as actuacións que teñen levado a cabo a prol deste colectivo. Saliéntase que as obras que eles escriben teñen contido social, como *Silencio*, a súa última peza, na que se recollen escenas que non foran aproveitadas para a anterior, e remátase facendo alusión á promoción que este grupo fai do teatro afeccionado na comarca.

- L.C., 'El séptimo arte al aire libre', *La Región*, 'Verano al sol', 20 agosto 2003, p. 13.

Repaso por algunhas das actividades que se van desenvolver ao longo da xornada en diferentes puntos da provincia de Ourense. Ademais de exposicións e proxeccións cinematográficas, tamén se dá conta da posta en escena de *Silencio*, de Metátese Teatro na Casa da Cultura de Barbadás.

Monte Oribio: *Consulta, Loita na familia e Como tódolos días*.

Referencias varias:

- V.L.V., 'El grupo teatral de Sarria 'Monte Oribio' abriu el programa de ocio de este verano', *El Progreso*, 'Comarcas', 14 xullo 2003, p. 12.

Dáse conta da actuación da agrupación teatral Monte Oribio no Concello do Páramo, dentro da programación dos meses de verán. Explicase que a representación constou de tres pezas breves tituladas *Consulta*, *Loita na familia* e *Como tódolos días*.

Noitebra Teatro: *Pero... ¿quen colleu o tren?*.

Peza protagonizada por Antón, empregado da estación de ferrocarril, que vai tecendo historias, froito da súa imaxinación, sobre as persoas que transitan polo seu lugar de traballo.

Dirección: Andrea Bayer Lloves.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".

Nostrumcai-Teatro: *Tatuaxes*.

Monólogo artellado en dúas pezas teatrais de Xesús Pisón, no que se conta a historia de dous irmáns sen nome, idade e historia, reflectidos nun pai ao que lle deu morte un deles e que serve para denunciar o peor da condición humana.

Dirección: Alberte Cabarcos.

Interpretación: Julia Armesto, Xavier Ramilo e Alberte Cabarcos.

Ver IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Nova Escena: *A Cincenta*.

Parodia do conto clásico.

Coordinación: Xoán Laxe.

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Nova Escena: *O Decamerón*.

Selección de cinco dos contos de Bocaccio, adaptados por Xoán C. Laxe, nos que as historias hilarantes sosteñen un contrapunto cómico coa traxedia reflectida no punto de partida, no que se atopa un grupo de mozos de Florencia que marchan ao campo fuxindo dunha peste.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.
Ver IVº Ciclo "Vive con nós o teatro".

O Bordelo: *Trébedes sen lume.*

Ver XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

O Carballo: *Canto máis quente, mellor.*

Peza cómica que é unha adaptación da película de Billy Wilder *Con saias e ao tolo*.

Referencias varias:

- Zotero, 'El grupo teatral 'O Carballo' actuará mañana en la villa', *El Progreso*, 'Chantada', 27 decembro 2003, p. 19.

Anúnciase a actuación de O Carballo con *Canto máis quente, mellor* e sinálase que este grupo está integrado por unha decena de mozos do municipio. Ademais adiántanse outras actividades programadas pola asociación cultural que leva o mesmo nome.

O Trasno Novo Teatro: *Vixía.*

Comedia sarcástica.

Dirección: Xaime Costas.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".

Oquetiqueiras: *Só para homes.*

Comedia de Sacha Guitry na que se fala da loita de sexos.

Dirección: Luís Ramos.

Palimoco Teatro: *Miserábeis.*

Adaptación da obra escrita por Víctor Hugo. Nela afóndase nas dualidades presentes na vida, miserias e virtudes, a través de personaxes como Jean Valjean, Fantine ou Cosset.

Dirección: Paloma Lugilde.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".
Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Pelouro Teatro: *A matanza dos Seixas.*

Porta Aberta: *O galego, a mulata e o negro.*

Comedia con texto de Gustavo Pernas Cora, na que se presentan personaxes como escravos africanos, emigrantes, mulatas que practican idiomas, soldados, gángsters, revolucionarios, telefonistas, prostitutas ou contrabandistas, que conforman esta reconstrución do pasado galaico-caribeño.

Dirección: Froíña García Abalo.

Interpretación: Pablo Fernández, Lucía Martínez e Roi González.

Ver IIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán".

Quartoesкуро: *Teatro Paradise.*

Repaso á historia da dramaturxia a través dunha compañía que ve frustrada a súa propia produción polos designios dun fantasma. Como consecuencia o grupo acaba descubrindo novas formas de facer teatro. Así, póñense en escena espectáculos shakesperianos, teatro do absurdo ou musicais de Broadway.

Dirección: Carlos Gulías e Ruth Briones.

Interpretación: Ángel Seoane, María Navarrete, María Rodríguez, Jorge Dosil, Helena Tourís, Andrea Pérez, Ana Seoane, Pilar Barrio, Mela Santos, Leticia Miranda, Ana Vidal, Carlos Gulías, Ruth Briones e Aida Álvarez.

Raiolas: *O achado do castro.*

Retranca: *Trecolexando.*

Roza do Pedrol: *Pic-nic.*

Peza de Fernando Arrabal adaptada por este grupo de teatro, que foi representada no III "Certame teatral Enxebre" organizado polo colectivo do mesmo nome.

San&San: *Muñequitous.*

Parodia dun programa de animais do National Geographic protagonizada por un explorador

australiano de orixe galega e o seu compañeiro condutor que non se entenden.

Interpretación: Carlos Sande e Pablo Sánchez.

Cámara: Carol Garel.

Luz e son: Afonso Pérez.

Ver IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Ver XIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo, "Fiot03".

Referencias varias:

- Doda Vázquez, 'Los actores que contagian su arte a los demás', *La Opinión*, 'A pié de calle', 9 outubro 2003, p. 29.

Recóllense as declaracións de Pablo Sánchez e Carlos Sande sobre a orixe do nome do grupo que conforman, sobre o seu estilo marcado pola mestura e sobre as características da súa última montaxe, da que explican o argumento. Anuncian as súas próximas actuacións, entre as que destacan un taller de teatro e no que o perfil de asistentes é de entre vinte e trinta anos, aos que lles gusta especialmente a improvisación. Rematan salientando que o máis difícil é ensinar e a satisfacción que produce ver cómo a xente goza.

- HV, 'Muñequitous' na Sala Nasa', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 17 outubro 2003, p. 4.

Anúnciase a presenza de San&San na sala Nasa de Santiago de Compostela coa peza *Muñequitous*, da que se explica o reparto e adiantase que o seu contido xira arredor dun explorador e as aventuras que corre en diferentes lugares do mundo na compañía do seu tradutor e de seres extraordinarios.

- MARÉ, 'A sala Nasa acolle o 'Muñequitous' de San&San', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 outubro 2003, p. 50.

Breve nota na que se anuncia a presenza de San&San na sala Nasa coa peza *Muñequitous*, da que se adianta o reparto e a liña argumental.

- M.B., 'A palabra que mellor nos define é a de cómicos', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 26 outubro 2003, p. L2.

Entrevista a Carlos Sande e Pablo Sánchez, integrantes de San&San, na que explican que o seu estilo o definirían como cómico e que consiste en beber de diferentes fontes. Tamén sinalan que *Muñequitous* é unha parodia dos documentais do mundo da natureza coa que queren facer humor e renderlle unha homenaxe, nun espectáculo sen guión no que o público participa activamente.

Sociedade Teátrica: A farsa do avogado.

Comedia anónima medieval, na que se narran os enganos dun avogado a un comerciante e cómo os enredos deste acaban ante os tribunais.

Dirección: Miro Magariños.

Interpretación: Bernardo Fernández, Rosa María Tomé, Manuel G. Cendón, Xosé M. Valcárcel e Ramón Portela.

Referencias varias:

- B.L., 'Nace un novo grupo de teatro afeccionado en Pontevedra: Teátrica', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 3 maio 2003, p. 82.

Anúnciase a estrea da primeira peza a cargo da Sociedade Teátrica, integrada por actores afeccionados procedentes do grupo Xenio de Mourente. Recóllense as declaracións dalgúns integrantes nas que explican a súa procedencia e o seu desexo de seguir actuando e de pasalo ben. Sinalan que o feito de que dirixira a peza Miro Magariños foi polo desexo de achegarse ao xeito de traballar do teatro profesional. Rematan explicando o seu estado de ánimo ante a estrea.

Solpor: *O anel máximo.*

Ver XIIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Teatrarte: *A esencia do tango.*

Teatro Aforo: *O cepillo de dentes.*

Xogo metateatral no que se revelan as diferentes situacións e conflitos cotiáns dunha parella, de xeito que se entra nun espazo onde a fronteira entre a obra e a vida se dilúe. Empregando diálogos aparentemente absurdos, entretécese unha historia que nos leva a reflexionar sobre o absurdo da condición humana e a súa repercusión na vida.

Dirección: Leonel García Laborde.

Axudante de dirección: Susana Faccio.

Interpretación: Pilar Dios e Jean Marc Van Loo.

Escenografía: Leonel García Laborde.

Maquillaxe: Montse V. Trigo.

Produción, Luz, Son e Vestiario: Teatro Aforo.

Ver IIº Ciclo "Vigo a escena".

Teatro Baratto: *Cineclú.*

Peza escrita por Simone Negrín, na que o protagonista é o cine a través de escenas breves en clave de humor. A mestura de técnicas e estilos están presentes neste percorrido polos

diferentes xéneros cinematográficos, dende o cine mudo, pasando polo negro, o neorrealismo italiano ou o erótico, que conforman un cabaré multilingüe.

Dirección: Simone Negrín.

Interpretación: José Luís López Roca, Alfonso Rodríguez Molares e Simone Negrín.

Teatro da Bufarda: *Hora punta.*

Peza na que un paciente e o seu psiquiatra manteñen conversas nas que o segundo, Pelourinho, anda na busca da súa identidade.

Interpretación: Ramiro Neira e Xosé Carlos Majeito.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'Teatro, 'show' cabaretero y danza', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 27 setembro 2003, p. 15.

Recolle a programación que tivo lugar no Fórum Metropolitano no que se combinou o teatro a cargo de Bufarda, o cabaré con Aves Mariás e a danza. Da peza de teatro *Hora punta* destaca que é un texto dramático breve cheo de risas e humanismo, no que o personaxe central busca a súa identidade.

Teatro da Bufarda: *Tres, tres, tres.*

Conxunto de tres pezas teatrais da autoría de Xoán Carlos Mejuto interpretadas por tres actores diferentes nas que se reflexiona sobre o traballo, o amor e a guerra. Tamén se abordan cuestións como a incomunicación que se xera na sociedade actual e a falta de solucións a estas situacións.

Interpretación: Xoán Carlos Mejuto, Ramiro Neira e Fernando Pérez.

Ver IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Teatro do Vilar: *A puta namorada.*

Obra de Chema Cardeña, que foi traducida por Lolín Lira e ambientada no Madrid dos Austrias, na que se conta a relación de María Calderón, amante de Filipe IV, co pintor Diego Velázquez e unha especie de bufón intranquilo e miserable.

Intepretación: María García Araújo, Edmundo Araújo e Víctor L. Corral.

Referencias varias:

- Carmen Crespo, 'El público apoya mucho al teatro', *La Región*, 'Provincia', 13 decembro 2003, p. 18.

Informa da posta en escena por parte do grupo de teatro afeccionado Teatro do Vilar da obra *A puta namorada*. Unha historia que está ambientada en Madrid no tempo dos Austrias e que conta a relación de María Calderón, amante de Filipe IV, o pintor Diego Velázquez e un bufón. Tamén se di que o texto é de Chema Cardeña, a tradución de Lolín Lira e que a dirección corre a cargo de Rubén García, para quen a obra é a busca de liberdade por parte dos tres personaxes. Na mesma noticia fáiselle unha pequena entrevista á actriz principal María García, coa que conversan a cerca do teatro afeccionado e sobre esta peza teatral que está a representar.

Teatro Os da Coviña: *Hip, hip, hurra.*

Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

TEN (Teatro Escola de Narón): *Integral.*

Peza de Roberto Vidal Bolaño publicada en galego neste ano e da que se pode ver a súa descrición no apartado correspondente deste *Informe*.

Dirección: José Luís Prieto e Flor Maceiras.

Tiruleque: *Silicon Valley.*

Peza de Xosé Prada protagonizada por Fito e Menchu, dous namorados que queren casar pero que atopan a oposición do pai dela, Pedro Beltrán, un home corrupto moi rico que ten unha viña no Ribeiro.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, 'Shakespeare viaxa ó val do Ribeiro', *La Región*, 'Carballiño', 30 xuño 2003, p. 16.

Dáse conta da estrea no auditorio do Carballiño desta peza escrita por Xosé Prada. Explícase o argumento coa axuda das palabras dalgúns dos propios integrantes. Así mesmo, lémbrese que este grupo de teatro afeccionado naceu no ano 1986 entre os socios do Casino do Carballiño e que sempre escenifican comedias por considerar que lles resultan máis doadas e mellor recibidas polo público.

Tricomía: *Tres nun, só hai un.*

Ullán Teatro: *Jrelos Crest.*

Comedia de creación propia do grupo na que se recrea o mundo das telenovelas

sudamericanas, que está protagonizada por Gregorio Inocencio, dono dunha multinacional venezolana que se fixo rico vendendo grelos e que tras sufrir un accidente ten que ser a súa filla Jennifer Hortensia a que dirixa o seu imperio.

Interpretación: Sonia Barros, Francisco Collantes, María Gaiteiro, Gonzalo Gesto, Carlos Martínez, Hixinio Rodeiro, Alfonso Romeo, Cristina Romeo, Ignacio Ferradáns e Manuel M. Carrillo.

Guión, dirección, vestuario e atrezzo: Ullán Teatro.

Iluminación: Manuel M. Carrillo e Agustín Barros.

Maquillaxe: Sonia Barros.

Perruquería: Ignacio Ferradáns.

Son: Manuel García.

Técnicos desta montaxe: Alejandro Carrillo e David Pereiras.

Referencias varias:

- H. Neira, 'Ullán arrasa nos escenarios coa súa teatro-novela 'Jrelos Crest', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 xullo 2003, p. 34.

Comézase explicando que esta peza foi escrita polos propios integrantes do grupo e que se estreou en maio en Santa Cruz de Ribadulla. Explicase o argumento desta e faise unha historia da traxectoria desta agrupación teatral dende a súa estrea en 1994. En columna á parte dáse conta do reparto, das obras que escenificaron até o de agora e dos premios que teñen recibido.

- C.B., 'Recuerdan a Maruxa Villanueva con teatro', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2003, p. 23.

Anuncia unha homenaxe a Maruxa Villanueva por parte da Concellaría de Cultura do Concello de Padrón, na que se porán en escena as pezas *A casa dos seductores*, de Luzada; *Mulleres*, de Uvegá Teatro; ou *Grelos Crest*, de Ullán Teatro.

Valacar: Lisístrata.

Versión galega de Manuel Lourenzo da obra de Aristófanes, na que o autor grego nos mete nas rúas de Atenas e nos fai partícipes da súa vida cotiá a través da sátira incisiva, a burla máis cruel e o enfrontamento entre sexos.

Dirección: Arturo López Rodríguez.

Ver IXª Mostra de teatro ONCE.

Referencias varias:

- Abel Peña, 'Un joven actor que provoca las carcajadas', *La Opinión*, 'A pié de calle', 21 setembro 2003, p. 10.

Achega ao labor do actor Osvaldo Digón, integrante do reparto do grupo de teatro Valacar

en *Lisístrata*, quen vai explicando as diferentes facetas profesionais polas que pasou, dende animador e contacontos para nenos até actor de monólogos. Refírese amplamente a esta última faceta, na que está moi involucrado, destacando que se basea en sucesos da vida cotiá e que ten como referencia a Gila.

Xerigonza Teatro: *A pousadeira*.

Xerpo: *Contradanza*.

Mestura de modalidades teatrais baseada en tres contos de orixe chinés, arxentino e marroquí.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, 'Xerpo ou a pasión polo teatro', *Faro de Vigo*, 'Especial Festas do Cristo de Porriño', 27 setembro 2003, p. 14.

Historia do grupo de teatro afeccionado Xerpo do Porriño na que, ademais de repasar algúns dos títulos que teñen levado a escena, se detén na súa actual montaxe: *Contadanza*, unha mestura de expresión corporal, monicreques, contacontos e interpretación a través de tres contos.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Achádego Teatro: *A tempestade*, de Antón Sampaio (direc.).

Obra de William Shakespeare que se caracteriza pola ausencia de fontes literarias na súa trama e na que a hipótese que se mantén con máis forza é a de que está baseada en relatos de viaxes que comezaron a circular por Inglaterra nos inicios do século XVII.

Dirección e coordinación: Antón Sampaio.

Interpretación: María Fernanda López, Xoán Carlos Laxe, Antón Sampaio, Guillermo Díaz, Iago López, Alberto Pérez, Rafael Sánchez, Tareixa Campo, Roi Macía, Marco Abeledo, Esther Pedrouzo, Paloma Lugilde, Mónica Ouro, María Fernández, Alba Fernández, María Franco e Ana Fernández.

Deseño escenografía: Carlos Laxe e Antón Sampaio.

Realización escenografía: Suso Meilán, José Blázquez e Guillermo Díaz.

Deseño vestuario: Esther Pedrouzo e Tareixa Campo.

Realización vestuario: Mercedes Cotelo.

Atrezzo: Xoán C. Laxe.

Caracterización e maquillaxe: Achádego/Palimoco.

Deseño de iluminación e efectos: Antón Sampaio.

Selección musical: Camilo Santos, Paloma Lugilde e Antón Sampaio.

Realización e deseño de máscaras: Kukas.

Técnico de son e de iluminación: Camilo Santos e Suso Meilán.

Documentación: Xoán C. Laxe.

Tradución: Pilar García Negro e Marica Campo.

Áncora Producións: *Footing*.

Peza de Gustavo Pernas Cora, que foi gañadora do Xº Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña, na que se pon en escena a historia de tres homes e unha muller que fan footing no paseo marítimo dunha cidade, que aparentemente corren como adestramento, pero que en realidade corren para escapar de si mesmos. Trátanse as escapadas diarias, o desexo de desconexión e renuncia do home moderno, os seus prexuizos, racismo, fanatismo... do home actual.

Dirección: Gustavo Pernas Cora.

Interpretación: Lino Braxe, Manuel Areoso, Ánxela G. Abalo e Vicente de Souza.

Referencias varias:

- Gustavo Pernas Cora, 'Puesta en escena de Footing', *ADE*, nº 95, 'Notas de dirección', 2003, pp. 136-139.

Artigo que xira arredor de *Footing* de Gustavo Pernas e dos seus catro personaxes (Un, Dous, Tres e Ela), que entrenan para fuxir de si mesmos mentres ofrecen ao público os seus pensamentos e lembranzas, que constitúen o fío condutor da obra; afóndase na personalidade de cada un e tamén na posta en escena en sesenta metros cadrados, con cicloramas e retroproxeccións que prolongan o espazo.

Arte Livre do Brasil: *Belle Otero, o corpo que fala*, Interpretación: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

.

A partir dunha obra de Marga do Val, créase a biografía de Carolina Otero, dende que era a nena Agustina e sofre unha violación aos dez anos, para logo chegar a ser unha muller de referencia no mundo do espectáculo e da beleza a finais do século XIX.

Dirección: Roberto Cordovani.

Interpretación: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

Referencias varias:

- Mónica Bar Cendón, 'Belle Otero o corpo que fala: unha proposta dramática intelixente', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 67-68.

Mónica Bar Cendón reseña a posta en escea de *Belle Otero. O corpo que fala*, obra de Roberto Cordovani e Marga do Val inspirada na biografía desta última *Carolina Otero (A Nosa Terra*, 2001).

- P. Piñeiro, 'Entrevista con Roberto Cordovani', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 'Espacios', 2003, pp. 31-33.

Conversa con Roberto Cordovani, director e actor da compañía Arte Livre do Brasil, na que fala das súas personaxes femininas nas obras que ten en cartel. Comeza referíndose á Bela Otero, baseada na obra de Marga do Val, na que destaca que esta muller encarna unha personaxe feminina con moitas características masculinas polo seu carácter e determinación. Tamén se refire á diferenza con *O retrato de Doryan Gray*, no que o seu papel é o dun home que cuestiona o mito do masculino, introduce os primeiros matices da homosexualidade na literatura inglesa e representa un personaxe ambiguo. Adianta algún dos proxectos máis inmediatos da compañía como a peza *A volta do parafuso*, na que se representa a mulleres inglesas reprimidas sexualmente. Volve sobre a personaxe da Bela Otero e salienta a visión galega da protagonista polo feito de estar escrita a obra por unha muller galega, Marga do Val. Refírese ás características da adaptación que levou a cabo, ao contrapunto que supón Bettina fronte á Bela Otero, á escenografía sinxela do espectáculo que resalta máis ao personaxe principal e no papel que representa a igrexa, no que se critica o marcado carácter masculino desta. Contrapón as personaxes da Bela Otero e Aurora Rodríguez, personaxe principal doutra das pezas da compañía, destacando da segunda a súa afouteza e coraxe. Tamén alude ao esforzo que supón a representación destas pezas en días sucesivos ou á súa identificación maior con Aurora Rodríguez, para rematar expresando o seu desexo de poder levar a cabo un teatro en Mondariz, concello no que está asentado.

- B.L., 'Mulleres que nunca foron vítimas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 febreiro 2003, p. 78.

Anúncianse as obras do director Roberto Cordovani ligado á compañía Arte Livre do Brasil, *Aurora Rodríguez* e *Belle Otero*, construídas sobre textos de Marga do Val, representadas os días 20 e 21 de febreiro de 2003 no Teatro Principal de Pontevedra.

- Mónica Bar Cendón, 'A Bela Otero dixo nunca máis', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 33.

Refírese aquí á posta en escena da obra de Cordovani, *Belle Otero o corpo que fala*, obra pertencente á compañía Teatro Livre do Brasil onde se reactualiza a figura de Carolina Otero desde o seu nacemento até a súa morte. Faise unha enumeración dos logros interpretativos dos dous actores da obra, Cordovani e Eisenhower Moreno, tendo como base o guión de Marga do Val partindo dunha biografía da Bela Otero.

Arte Livre do Brasil: *Aurora Rodríguez e a boneca de carne.*

A vida de Aurora Rodríguez, unha muller ferrolá que viviu nos anos trinta do século XX, é o argumento desta peza na que se desenvolve a súa historia dende que decide ter unha filla de solteira, á que acaba asasinando. Esta muller chegou a converterse nunha icona da súa época pola loita que levou a cabo a prol dos dereitos femininos, mesmo durante o tempo que estivo na cadea.

Dirección: Roberto Cordovani.

Interpretación: Roberto Cordovani, Eisenhower Moreno, Pablo Ribeiro e Aníbal Echebeste.

Referencias varias:

- B.L., 'Mulleres que nunca foron vítimas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 febreiro 2003, p. 78.

Anúncianse as obras do director Roberto Cordovani ligado á compañía Arte Livre do Brasil, *Aurora Rodríguez e Belle Otero*, construídas sobre textos de Marga do Val, representadas os días 20 e 21 de febreiro de 2003 no Teatro Principal de Pontevedra.

- Sonia Torre, 'Aurora Rodríguez: una historia de lucha', *La Región*, 'Cultura', 21 outubro 2003, p. 59.

Comeza facendo un repaso pola vida da protagonista desta obra, Aurora Rodríguez, muller que convulsionou a sociedade española dos anos vinte e que Marga do Val fixo protagonista da súa peza teatral. Recóllense as palabras de Roberto Cordovani, quen destaca que as mulleres protagonistas das súas pezas teatrais son libres e revolucionarias para os valores da época que lles tocou vivir.

- E.P., 'Cordovani leva a Ourense 'Aurora Rodríguez'', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 23 outubro 2003, p. 51.

Nota na que se anuncia a chegada ao Teatro Principal de Ourense de *Aurora Rodríguez e a boneca de carne*. Sinálase tamén que a obra conta a vida dunha muller ferrolá dos anos vinte que decide ter unha filla de solteira á que acarará asasinando.

Bacana Teatro: *Ratman&Boby.*

Definida polos seus integrantes como "aventura musical, aeróbica e furiosamente anticapitalista". Cunha mestura de humor, música e interpretación, satirízase aos heroes e aos mitos, á vez que se aposta polo entretemento do espectador. Os dous heroes, Ratman e Bobyn terán que enfrontarse ao roubo do Ratbuga, o compañeiro incombustíbel na loita contra o pensamento único e a globalización.

Dirección: Marcos Orsi.

Interpretación: Xulio Abonjo e Marcos Orsi.

Axudante de dirección: Mara Sánchez.
Música: Carlos Santiago e Pepe Sendón.
Coreografía: Marcos Orsi.
Iluminación: Baltasar Patiño.
Vestuario, maquillaxe e atrezzo: Mara Sánchez.

Referencias varias:

- Vanesa Martínez, 'Ratman&Bobynd', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 55-56.

Coméntase a obra teatral *Ratman & Bobynd*, da compañía Bacana, na que Marcos Orsi e Xulio Abonjo elaboran un exercicio musical e visual que parodia os superheroes clásicos. Fálase do bo facer dos actores, da orixinalidade do texto, das letras das cancións e doutros elementos da montaxe como a aparición de invitados sorpresa como Ernesto Chao e Luís Zahera que desenvolven o papel de viláns.

- E.O.R., 'Ratman&Bobynd', en su versión de superhéroes de cloaca, atacan de nuevo', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 4 xaneiro 2003, p. 31.

Alúdese á compañía novel compostelá Bacana S.C. composta por Marcos Orsi, Xulio Abonjo e Mara Sánchez, que representarán o 6 e 7 de xaneiro de 2003 a súa primeira obra, *Ratman e Bobynd*, peza musical que conta coa intervención de actores consagrados como é o caso de Ernesto Chao e que supón unha nova versión destes heroes da pantalla.

- Priscila López, 'Una versión musical de 'Batman y Robin' suena hoy en Santa Cruz', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 8 febreiro 2003, p. 23.

Anúnciase a representación de Bacana na Coruña o día 8 de febreiro de 2003. Incídese na realización dun espectáculo musical que ten como protagonistas aos heroes Batman e Robyn mais como unha versión onde a sátira aparece de forma permanente.

- Lupe Gómez, 'Comedia, cómic, baile', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Teatro', 16 febreiro 2003, p. 5.

Achega á obra *Ratman e Bobynd*, de Bacana, da que sinala que combina a comedia, a farsa, a crítica e mesmo a coreografía. Destaca a calidade do texto, o labor dos actores, a música e a capacidade do conxunto para provocar a risa. Ademais de valorar tamén aspectos como a crítica e reflexión que provoca no espectador, Lupe Gómez manifesta o moito que lle gustou esta peza.

- Iolanda Ogando, 'Rat-parodia (que algo queda)', *Tempos Novos*, nº 70, 'Voces e culturas. Crítica. Teatro', marzo 2003, p. 85.

Fai referencia á obra *Ratman e Bobin* de Bacana. Sinala que se trata dunha parodia do mito de Batman e Robin, na que só acha un defecto, o ritmo. Non obstante, cre moi positivo o espectáculo, en xeral, por xogar coa experimentación e renovar o teatro. Destaca o humor e a música que incorporan á peza.

Bucanero Teatro: *Monólogo do imbecil*.

Peza que foi recoñecida co "Premio Max" ao mellor espectáculo teatral en 2003, na que se representa a historia dun personaxe de arredor de corenta anos que comeza a contar a historia a súa vida no momento en que é fecundado, froito da unión dun espermatozoide imbecil cun óvulo tamén imbecil.

Escrita e dirección: Xosé Luís Prieto.

Interpretación: Santi Prego.

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- M.B., 'El actor Santiago Prego se enfrenta al 'Monólogo del imbecil' en el Teatro Principal', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 abril 2003, p. L9.

Refírese á obra *Monólogo do imbecil*, texto escrito por José Luís Prieto protagonizado polo actor Santiago Prego. Considérase a opinión do actor e director na definición do personaxe como ser excluído do mundo mais que se aproveitará desta situación para sobrevivir.

- M. Beceiro, 'No teatro o actor tamén ten que sentirse como un imbecil', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 5 abril 2003, p. L2.

Recóllese unha entrevista do actor do monólogo representado no Teatro Principal o día 5 de abril de 2003, Santiago Prego, onde fala da relación que ten o seu papel en *Monólogo do imbecil* coa realidade actual.

- Lupe Gómez, 'A comodidade do útero fronte o difícil que é nacer e seguir vivindo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 abril 2003, p. 5.

Faise aquí unha enumeración da posta en escena da obra de José Luís Prieto, representada polo único actor da obra, Santi Prego, incidindo na óptima consecución do texto así como do traballo do actor.

- María Pardo, 'O teatro galego foi esmagado de forma sistemática polo Concello da Coruña', *La Opinión*, 'Cultura', 4 outubro 2003, p. 51.

Faise unha entrevista ao protagonista de *Monólogo do imbecil*, Santi Prego, obra da autoría de José Luís Prieto, gañadora na última edición dos "Premios Max" ao mellor espectáculo. O actor lembra as dificultades de producir teatro galego na Coruña debido ao pouco apoio recibido polo Concello ademais da tensa relación dos actores galegos co Goberno autonómico.

Casahamlet, estudio de teatro: *Hamlet e familia*.

Peza baseada en textos de Álvaro Cunqueiro, William Shakespeare e Heiner Müller, na que Hamlet opta por dar a cara e a palabra ao horror que deixou restos de ósos que ninguén recolle nun patio de Elsinor. A través deste personaxe escóitanse as voces de centos de personaxes verbalizando as súas dúbidas e confiando aos oíntes todas as súas artes de simulación e ironía.

Dirección: Manuel Lourenzo.

Interpretación: Manuel Lourenzo, Santiago Fernández e Pablo Rodríguez.

Casahamlet, estudio de teatro: *Animal vacío*.

Peza de teatro de Xesús Pisón que foi estreada pola compañía teatral Casahamlet na Casa da Cultura da Serra de Outes o 20 de outubro de 2002, protagonizada por cinco personaxes: oficiante, noiva, noivo, larva 1 e larva 2. Nela recréase un mundo irreal habitado por seres con corpo de home e cabeza de animal que necesitan matar para liberarse de tal condición e converterse en homes; descríbese, polo tanto, unha situación caracterizada pola violencia irracional onde a guerra e a loucura son signos definitorios da especie.

Dirección e dramaturxia: Manuel Lourenzo.

Interpretación: David Lendoiro, Santiago Fernández, Xabier Ramilo, Paulo Serantes e Manuel Lourenzo.

Axudante de dirección: Gloria Rico.

Dirección técnica: Octavio Mas.

Axudante de dirección técnica: Xabier Candeira.

Iluminación e atrezzo: Xoán M. López Eirís.

Composición musical: Brandam.

Deseño de iluminación: Gloria Rico.

Deseño gráfico: Xesús Pisón.

Fotografía: Cilha Lourenço.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'Obra polimórfica', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 17 marzo 2003, p. 9.

Achega á peza *Animal vacío*, que Casahamlet vén de poñer en escena no Fórum Metropolitano da Coruña. Indica que estamos ante un exercicio introspectivo sobre a animalidade do home vehiculada a través da guerra e da loucura, que se estrutura en doce pezas inconexas que forman unha mensaxe enigmática e intrincada, na que se xoga coa confusión. Sinala que se fai un percorrido dende o mundo grego ao actual pasando por mitos como Hamlet ou Drácula, nunha peza que resulta complicada para o público, pois non consegue conectar as abstraccións e pensamentos. Remata destacando que malia a dificultade está ben resolta e repasando o seu reparto.

- P.G., 'Un impulsor del teatro en la ciudad', *La Opinión*, 'A pie de calle', 1 abril 2003, p.

20.

Conversa con Santiago Fernández, cofundador xunto con Manuel Lourenzo da compañía Casahamlet. Comézase referindo a actividades da compañía como a formación de actores ou a publicación de manuais, ademais de centrarse na necesidade de crear unha Escola de Teatro de Galicia na Coruña, cidade con tradición neste campo. Critica a actitude das administracións públicas e considera que coa creación desta escola se podería afianzar máis a formación de profesionais que se dedicaran enteiramente a esta actividade e que actualmente derivan para a televisión. Remátase sinalando que ao longo deste ano a compañía mantén en escena as pezas *Escuro enigma eu son*, *Animal vacío* e *Hamlet e familia*.

Centro Dramático Galego: *O colaborador*.

Obra de Friedrich Dürrenmatt na que o seu protagonista é Doc, un biólogo que perde a súa posición pola crise económica, o que o leva a traballar de taxista até que se atopa con Boss, un asasino a soldo que contrata os seus servizos para que cun necrodializador, que el inventou, faga desaparecer a xente que mata.

Dirección: Manuel Guede Oliva.

Interpretación: Miguel Pernas, Marcos Viéitez, Celso Parada, Rebeca Montero, Estevo Creus, Toño Casais, Miguel L. Varela e Francisco Lestón.

Axudante de dirección: Imma Antonio Souto.

Construción máscaras: Águeda Viéitez.

Escenografía: Francisco Oti Ríos.

Espazo sonoro: José Pratas.

Estudo crítico: Carlos Buján.

Imaxe gráfica: Alberte Permuy.

Fotografía: Miguel A. Fernández.

Produción: Francisco Oti Ríos.

Vestuario: Argimiro Rodríguez.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Iolanda Ogando, 'O mundo en partículas', *Tempos Novos*, nº 68, 'Teatro', xaneiro 2003, p. 86.

Crítica teatral da montaxe *O colaborador* levada a cabo polo Centro Dramático Galego. Empeza por unha introdución á obra de Friedrich Dürrenmatt e a relación vida-morte na obra do dramaturgo. Analiza o corpus actoral así como a escenografía e iluminación desde un punto de vista dos acertos, tamén da proposta de Manuel Guede, para concluír cunha relación das eivas do espectáculo da man da duración, falta de matices, música ou descanso. Conclúe cunha valoración positiva do conxunto.

- E.P., 'De xira/O Centro Dramático Galego leva a Portugal a montaxe "O Colaborador", *O*

Correo Galego/El Correo Gallego, 'AFA/Cultura', 3 xaneiro 2003, p. 32/p. 67.

Céntrase no último espectáculo do Centro Dramático Galego, *O colaborador*, versión en galego do texto do autor suízo Friedrich Dürrenmatt adaptado e dirixido e fará nas portuguesas Évora e Coímbra. Indícasenos o reparto, constituído por Miguel Pernas, Marcos Viéitez, Celso Parada, Rebeca Montero, Estevo Creus, Toño Casais, Miguel L. Varela e Francisco Lestón, e tamén os integrantes do equipo artístico como Francisco Oti, Antonio F. Simón, José Pratas, Argimiro Rodríguez e Imma Antón Souto. Por outra banda, refíresenos a publicación dun estudo monográfico crítico levado a cabo por Carlos Buján dentro da colección "Os libros do espectáculo" do CDG.

- Camilo Franco, 'O poder deforma', *La Voz de Galicia*, 'Crítica', 9 xaneiro 2003, p. 51.

Alúdese á última obra do Centro Dramático Galego, *O colaborador*, cun texto de Friedrich Dürrenmatt e dirixida por Manuel Guede, onde se fala do poder. Observa que a obra ten bastantes eivas na posta en escena como é a monotonía, a dimensión combativa da peza... Sinálase a particularidade desta produción: a montaxe levada a cabo por unha compañía portuguesa xunto co CDG.

- Iria Suárez, 'O CDG trae á Coruña a visión grotesca de Friedrich Dürrenmatt', *La Opinión*, 'Cultura', 25 xaneiro 2003, p. 60.

Informa da posta en escena por parte do Centro Dramático Galego da obra *O colaborador* do dramaturgo suízo Friedrich Dürrenmatt, que terá lugar no Teatro Rosalía da Coruña. Deseguido, comenta o argumento da peza que presenta unha sociedade inserida no capitalismo que perdeu os valores fundamentais na figura dun biólogo que despois de fracasar profesionalmente se ve abocado a traballar para un mafioso facendo desaparecer cadáveres. Finalmente, salientase o labor de Manuel Guede, director do CDG, que dedicou catro meses na adaptación desta obra tan complexa.

- C.D.C., 'Caixanova: unha programación para tódolos gustos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 xaneiro 2003, p. 1.

Recóllese a oferta cultural da entidade Caixanova para as cidades de Vigo e A Coruña que incluírá unha variada oferta de música, teatro, danza e exposicións. No tocante ao teatro destácase a posta en escena na cidade herculina de *O colaborador*, por parte do Centro Dramático Galego; *O público* de Atalaia Teatro e *O meu suicidio*, dirixida por Mario Gas. Na cidade de Vigo a programación teatral contará con obras como *O lapis do carpinteiro*, *O príncipe e a corista*, *Arsénico, por favor* e novos montaxes de *Macbeth* e de *O rei Lear*.

- M. Quintáns S., 'O colaborador' actualizado e adaptado á escena galega', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 4.

Achégase ao volume *O colaborador* (2002), de Friedrich Dürrenmatt, da colección publicada polo Centro Dramático Galego, da que salienta que ademais de estar a formar a historia do teatro galego contemporáneo de orientación institucional é unha base documental de gran valor na que poder ver representada "unha das mostras máis expresivas

da creatividade e modernidade da nosa cultura". Elude falar da relación entre teatro institucional e privado, pero considera que esta colección resultará imprescindible para este estudo. Salienta o acertado da elección de Dürrenmatt, un autor ao que se achega detidamente Carlos Buján no estudo crítico que acompaña a obra e do que destaca a súa actualidade e importancia.

Chévere: *Río bravo 02*.

Wéstern recuperado con motivo do décimo quinto aniversario da sala Nasa. Esta comedia fora estreada no ano 1990, aínda que agora só repiten dous dos membros do reparto e a peza conta cunha nova formación musical, ademais dalgúns arranxos. Respondendo ao xénero, conta con todos os seus tópicos e arquetipos.

Dirección: Chévere.

Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido e Xesús Ron.

Músicos en escena: Ramón Orencio López e Xacobe Martínez.

Música orixinal: Fran Pérez.

Letras das cancións: Pepe Sendón.

Deseño luz e son: Óscar Álvarez.

Espazo escénico: Chévere e Carlos Alonso.

Iluminación: Óscar Álvarez.

Técnicos en xira: Xurxo Pinheiro e Fidel Vázquez.

Roupas e obxectos escénicos: Carlos Alonso.

Caracterizacións e maquillaxe: Fanny Bel.

Deseño gráfico: Fausto Isorna.

Equipo de produción: Xron, M. Serodio e Belén Brandío.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- Fernando Salgado, 'Río bravo': Tiros, juicios y güisqui durante cuatro días en Vilagarcía', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 13 febreiro 2003, p. 85.

Informa de que Chévere porá en escena en Vilagarcía de Arousa unha obra de teatro ambientada no Oeste, *Río Bravo 02*. Anima a todos a asistir debido a que un dos obxectivos da peza é facer rir e a que esta é unha das últimas oportunidades para ver esta representación. E isto explícao indicando que esta é a terceira versión dunha obra estreada en 1991, da que o grupo non pensa facer unha cuarta revisión.

- M. Guerreiro, 'Río Bravo' mostra o Oeste desde un lugar onde o grelo ten máis presenza que o catus', *La Opinión*, 'Cultura', 8 marzo 2003, p. 60.

Con motivo da posta en escena de *Río Bravo 02* no teatro Rosalía de Castro da Coruña faise unha entrevista a Miguel de Lira, actor que encabeza o reparto da obra. Sobre esta indica

que é unha peza de hai tempo e que o grupo Chévere a escolleu para celebrar o seu décimo quinto aniversario porque foi a que máis conectara co público. Ademais opina que ao ser unha peza baseada nun xénero clásico, o *western*, aínda que adaptado a Galicia, permite introducir moitos máis signos teatrais que o público entende perfectamente. Respecto aos cambios que presenta a peza apunta que no esencial se mantén e que tan só se varía o principio e o final, ademais de introducir algúns elementos que actualizan o discurso.

- J.A. Martínez Sevilla, '¡Xum! ¡flaca, flaca...!', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 11 marzo 2003, p. 19.

Análise da obra teatral *Río Bravo 02*, da que fai unha loanza xeral deténdose en varios dos seus elementos. Comeza por salientar o carácter innovador nunha peza que parte dun clásico e, a continuación, resalta o canto, o baile, a interpretación dos actores, a iluminación, o vestiario, etc. Por todo isto fai ademais unha gabanza do grupo Chévere e engade que esta é unha peza que, parodiando un mundo xa vivido, se xustifica por si mesma, a pesar de que se lle cambiou o final.

- Manuel Beceiro, 'Río Bravo' está moi ben para evadirse da guerra', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 2 abril 2003, p. L2.

Entrevista na que o actor Miguel de Lira apunta algunhas das claves do éxito da nova versión de *Río Bravo*. Indica que se introducen referencias á actualidade porque o *western* é un xénero que se adapta moi ben. Así mesmo apunta que o ritmo e o humor son fundamentais nesta obra na que tanto goza o público coma o reparto de actores. Aproveita para recordar que parte do custo da entrada se destina á Plataforma Nunca Máis e para constatar que, vendo o éxito desta peza, se hai crise no teatro galego é porque as institucións non apostan por el.

- Alfredo Conde, 'Facendo descubrimentos', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 20 abril 2003, p. 4.

Apunta cómo foi facendo algúns descubrimentos ao ler libros e ver obras de teatro. Comeza recordando unha novela lida xa hai anos, coa que aprendeu que dende que chegara o cine cambiara a maneira de narrar. Continúa destacando que hai menos tempo, vendo uns espectáculos teatrais dentro da Semana do Teatro Galego, descubriu tamén os cambios que o cine levou ao teatro. Por último destaca o bo espectáculo que hai en *Río Bravo 02*, posta en escena por Chévere, grupo que, segundo confesa, viu nesta ocasión por primeira vez representando esta peza na que tamén se fai unha homenaxe ao cine.

- Laura Grandal, 'A rede de teatros trae dez funcións á provincia', *La Región*, 'Cultura', 16 agosto 2003, p. 59.

Dá conta dos espectáculos que programou a Rede Galega de Teatros e Auditorios para o Teatro Principal de Ourense, o Auditorio de Carballiño e a Casa de Cultura do Barco. Segundo indica, no primeiro destes lugares a partir de outubro estará Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Chévere con *Río Bravo 02* e Tanttaka Teatroa con *La mano del emigrante*. No Carballiño e no Barco subliña que haberá tres e catro actuacións,

respectivamente, e que tan só o grupo Chévere será o que actúe nos tres lugares mencionados.

- Laura Grandal, 'Chévere: activistas do espectáculo', *La Región*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 59.

Conversa con Miguel de Lira arredor de *Río bravo 02*, peza da que sinala que forma parte das iniciativas para conmemorar o décimo quinto aniversario da compañía e o décimo da sala Nasa, ademais dun libro e un CD-Rom con todo o material da compañía dixitalizado. Define a obra como inspirada no wéstern, xénero ao que se achega a través dun musical, que ten moi boa aceptación por parte do público. Define o grupo teatral como un activista do espectáculo caracterizado pola liña común do humor e a música en directo. Remata adiantando que están a preparar outra peza para estrear no Nadal baixo o título de *Escapárate* e para a primavera *Radio Universo*.

Eme 2 Produccións: *Malicia* (Maica&Alicia).

Primeira produción propia desta produtora galega que comezou a súa actividade en 2001. Trátase dunha comedia escrita por Paula Carballeira que busca profundar na condición da muller a través de situacións cotiás vividas por dúas irmás de personalidades contrapostas: Maica e Alicia.

Dirección: Cristina Domínguez.

Interpretación: Anabell Gago e Mercedes Castro.

Escenografía: Carlos Alonso.

Iluminación: Joseba García.

Vestuario: La Canalla.

Fotografía: Mónica Gago.

Produción executiva: Julio Perugorría.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'A desilusión de vivir nun mundo inxusto cos nosos sonhos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 4 maio 2003, p. 5.

Nomea o equipo de traballo da obra *Malicia*, que está totalmente integrado por mulleres. É, pois, como indica, unha obra de mulleres que fala destas mesmas. Destaca que é unha peza irónica, lúcida e amena na que dúas irmás representan dous tipos distintos de mulleres, aínda que salienta que non son arquetipos, xa que son personaxes cheos de matices. Engade a isto que a obra funciona porque fai que o espectador sinta, ría e pense. Tan só resalta como negativo unha reflexión que se fai nun momento da obra e que, segundo di, queda algo trasnoitada.

Factoría Teatro: *Coitelos nas galiñas.*

Peza de David Harrower, "Premio María Casares á Mellor Dirección Escénica 2002", ambientada na Escocia rural do século XVIII, que pretende ser o estandarte da rebelión de homes e mulleres de todos os tempos. Neste ambiente vive unha muller sometida ao seu marido e que comeza a aprender a poñerlle palabras ao mundo que a rodea, malia o seu analfabetismo, a través da súa amizade cun muiñeiro.

Dirección: Cristina Domínguez.

Interpretación: Rocío González, César Martínez "Goldi" e Alfredo Rodríguez.

Deseño do espazo escénico: Carlos Alonso.

Xénero: Drama.

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas II.*

Espectáculo no que o público asiste a unha viaxe a un país imaxinario chamado "Jalisia", onde se vai gravar un programa de televisión de variedades. Trátase dun programa da TVJá, *Cheiro de Estrelas*, ao que asisten unha serie de personaxes como Chicho de Chantada, Melindre de Melide, Otilia, Hipólito Cerdeira, etc.. que lle van dando vida ao espectáculo que se parece ao que se fai na TVPP (Televisión de Padrón Parriba).

Dirección: Manuel Pombal.

Interpretación: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal.

Escenografía: Paula Mariño.

Música: Bernardo Xosé e Manuel Pombal.

Fotografía: José Groba e Isabel Álvarez.

Asistencia técnica: Roi Sobral.

Realización vestuario: Alberto Moldes e Pilar Pombal.

Axudantes de produción: Marisa Gallego e Maribel Pérez.

Vestuario: Fulano, Mengano e Citano.

Xénero: Comedia.

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Ver IIº Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Referencias varias:

- E.G., 'Un concierto barroco y el humor de Fulano, Mengano y Citano llenarán el Auditorio de Tui', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Val Miñor', 9 maio 2003, p. 18.

Ademais de anunciar un concerto de música barroca no auditorio de Tui, sinala que a compañía Fulano, Mengano e Citano vai presentar neste mesmo lugar a comedia *Cheiro de estrelas II*. Indica cal é o argumento desta posta en escena a sinala a hora e prezo da obra.

María a Parva: *Xogo para nenas.*

Interpretación: Gena Baamonde.
Escenografía: Kukas.
Atrezzo: Mercedes Rey.
Soporte lumínico: Jorge Méndez Oro.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'Buscando fontes para a diversión e o pracer', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 20 abril 2003, p. 5.

Comeza definindo o espectáculo *Xogo para nenas*, da compañía María a Parva, como un xogo atrevido cunha linguaxe valente. Salienta que se trata dunha peza para divertirse e rir, das mulleres sobre todo, pero tamén un pouco dos homes. Destaca a interpretación de Gena Baamonde, que actúa con moito vitalismo, e subliña que a música é moi axeitada ao que se representa. Segundo di, xógase con ela para resaltar diversas situacións dentro do caos deliberado da peza. Outros aspectos que recalca son o papel activo do público ou o pracer que se busca na obra, que non é máis que un xeito de afastar a tristeza e ilusionar os ollos.

Máscara Produccións: Guillados.

Versión galega da comedia *Fuera de quicio*, de J.L. Alonso de Santos, que se centra nas aventuras e desventuras de dúas tolas que se citan no interior do psiquiátrico con dous internos do pavillón dos homes.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal.
Interpretación: Patricia Alfaya, Xerome Calero, Antón Casal, Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga.
Tradución: Antón Casal.
Banda sonora: Antón Casal e Tronqa Jazz Quartet.
Carpintería: Pablo Puga.
Deseño cartel e fotografía: Manuel Vicente.
Iluminación: Xerome Calero.
Producción: Máscars Produccións.
Vestuario: Carmen Vázquez López.
Voz en off: Gloria Sampedro.

Ver IIº Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Máscara Produccións: Malandros.

Adaptación da novela *Crónica dos bons malandros*, do escritor e periodista portugués Mario Zambujal. Historia de Renato, o Pacífico, e a súa cuadrilla seleccionada, que será a protagonista dun asalto que vai espantar o mundo.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal.

Interpretación: Patricia Alfaya, Xerome Calero, Antón Casal, Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga.

Dramaturxia e adaptación: Xerome Calero e Antón Casal.

Tradución: Antón Casal.

Carpintería: Pablo Puga.

Deseño cartel e fotografía: Manuel Vicente.

Escenografía e vestuario: Máscara.

Guitarra: Toni Parco.

Iluminación e son: Xerome Calero.

Ver IIº Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Matarile Teatro: *A brazo partido*.

Obra de Ana Vallés na que se trata o tema da morte. O argumento parte da morte dun home que está sentado pelando unha laranxa, o que desencadea toda unha serie de situacións entre cómicas e desesperadas.

Dirección: Ana Vallés.

Interpretación: Helen Bertels, Ana García, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Juan López Berzal, Daniel Moreno e Ana Vallés.

Deseño de iluminación, espazo escénico e montaxe musical: Baltasar Patiño.

Textos: Juan Martínez Alejandre.

Tradución ao galego e dicción: Anxos Sumai.

Fotografía e vídeo: Javier M. Oro, Baltasar Patiño e Miguel Suárez R.

Vestuario: Matarile Teatro.

Ver IXª Mostra de teatro ONCE.

Referencias varias:

- AFA, 'Matarile Teatro retoma 'A brazo partido' na Galán', *O Correo Galego*, 'O día', 22 xaneiro 2003, p. 36.

Informa de que Matarile Teatro retoma a representación de *A brazo partido* despois dun ano, e que o fai na súa propia sala. Recolle as palabras dunha das actrices, que indica que esta peza é unha suma de sensacións, información que amplía a actriz e directora Ana Vallés ao sinalar que é o público o que lle vai sumando diferentes códigos e escenas. Fai referencia despois ás representacións feitas en diversas comunidades e á mensaxe da obra que, segundo sinala, é a reafirmación das ganas de vivir a pesar do medo á morte. Por último salienta que na obra os actores se chaman polo seu nome real e que a súa directora foi seleccionada para o premio nacional de directoras de escena.

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres*.

Espectáculo, creación do grupo, que reúne un bo número de cancións de todos os estilos,

dende cancións tradicionais até o rap ou a canción africana e onde os diferentes personaxes que aparecen no escenario, todos moi próximos aos rapaces e rapazas, tratan temas como os xogos tradicionais fronte á televisión ou os videoxogos; os xoguetes bélicos e sexistas fronte á animación á lectura ou a importancia do uso do galego, a ecoloxía, a lectura, a cultura en xeral, etc.

Dirección: Migallas.

Interpretación: María Campos e Carlos Yus.

Escenografía, vestuario, cancións, fotografía, deseño gráfico e produción: Migallas.

Monicreques de Kukas: *Anxélica no ombral do ceio.*

Obra baseada nun texto de Eduardo Blanco Amor. Trátase dun espectáculo de guiñol pensado para o público adulto, aínda que está catalogado como apto para todas as idades. Presenta monicreques de gran formato sobre o escenario con catro manipuladores para contar as dúbidas da moza Anxélica sobre a conveniencia de entrar no ceo, onde foi enviada.

Nove-Dous: *Rexurdimento. Coplas de cego.*

Peza de Afonso Becerra, na que tomando as coplas de cego e o universo deste personaxe se nos presenta a Saturio e ao seu axudante Cirilo, que gañan a vida contando e cantando coplas que relatan sucesos truculentos. Fartos destes temas soñan que visitan a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez para que lles escriban coplas máis "cultas".

Dirección: Afonso Becerra de Becerreá.

Interpretación: Jouse García, Clara Vázquez, Tamara Cristóbal e Lois Soaxe.

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso.

Axudante de Dirección: Josi Lage.

Xénero: Comedia.

Nove-Dous Teatro: *Historias mínimas. Un espectáculo mutante de teatro.*

Peza de Javier Tomeo na que se mesturan o drama, a comedia, o amor, o absurdo ou a morte, nunha representación aleatoria das distintas partes da que se conforma a obra. Está formada por arredor de vinte historias curtas a partir dunha primeira que se elixe sacando unha bóla dunha urna.

Dirección: Jouse García.

Interpretación: Lois Soaxe, Josi Lage.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Referencias varias:

- M.J.F., 'Música y teatro durante todo el verano', *La Región*, 'Festas de Santa Mariña', 17

xullo 2003, p. 44.

Repaso polas actuacións que terán lugar no Concello de Xinzo da Limia con motivo das súas festas patronais. Anuncia a posta en escena de *Cabaret*, do grupo de teatro de Antas de Ulla; *Historias mínimas*, de Nove-Dous Teatro; e *Binomio de Newton*, de Teatro do Adro.

Os Quinquilláns: *O circo das máscaras*.

Conta a historia dun pai, Xoán, e da súa filla, Sabela, que buscan a verdade e o entendemento. O circo prepárase para a estrea dun novo espectáculo pero Sabela quere marchar e o resto dos habitantes están arrefriados e confusos. Con esta peza quérese reflectir a vida das xentes do circo e os seus esforzos por saíren adiante.

Dirección: Carolina Ramos.

Interpretación: Xoán Curiel, Nazaré Davila, Zezilia Meléndez, Xurxo V. Piñeiro e Eva Vila.

Máscaras de: Christina Rozendaal.

Música en directo: Manolo Ribeiro.

Referencias varias:

- A.I.S., 'Compostela vibra arredor dos días da Ascensión', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 25 maio 2003, p. 68.

Dá conta de diversas actuacións dentro do marco das festas da Ascensión de Santiago de Compostela, entre elas do espectáculo de rúa *Circo de máscaras*, de Os Quinquilláns, e a posta en escena de *En punto*, de Teatro Bruto.

Os Quinquilláns: *A Noite*.

Recreación das andanzas de Felipe de Amancia, o fiel criado de Merlín, que sospeita que a soidade e a ruína da casa e Miranda acabará por separalos, mentres queóola de neve por onde se ve o mundo e o cadro misterioso dos cegos amigos que o visitan buscando un remedio. Estes tres agasallos só Felipe poderá velos antes de que o maleficio convirta os soños en pesadelos.

Dirección: Gabriel Penabade.

Interpretación e manipulación dos monicreques: Anxo García e Ignacio Vilariño.

Música: Xurxo Piñeiros e David Vieites.

Interpretación, danza, manipulación e zancos: Xoán Carlos Iglesias.

Iluminación: Óscar.

Vestuario: Betti Lobato.

Inchábeis a cargo de: Nazaré da Vila.

Pífano Teatro: *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?*.

Peza de Antón Losada na que se narra a vida de dúas dependentas duns grandes almacéns, Juli e Puri. Fórono todo na empresa na súa mocidade: brillantes, atrevidas e ousadas, fixéronse as raíñas das súas respectivas seccións de venda. Agora viven desprazadas polas novas xeracións de "pipiolíñas sen conciencia", como elas mesmas as cualifican, lonxe das luces e do trato directo cos clientes. Juli ten problemas de dependencia con todo tipo de pastillas, mentres que Puri é unha fanática das liñas 906, e precisamente unha excesiva factura do consumo telefónico centra boa parte da intriga desta obra.

Dirección: Xan Cejudo.

Axudante de dirección: Xavier Picallo.

Interpretación: Mela Casal e Gloria Ferreiro.

Música e Soundtrack: Piti Sanz.

Deseño vestuario e maquillaxe: Carmela Montero.

Realización vestuario: Carme Pichel.

Escenografía: Baltasar Patiño.

Realización escenografía/Iluminación: B&K.

Asistencia técnica: Kachet S.L.

Fotografía: MARGEN.

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Referencias varias:

- Neli Pillado, 'Ó chegar ós 50, as actrices non encaixamos en moitos papeis', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 7 xuño 2003, p. 18.

Con motivo da representación de *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?* no multiusos da Xunqueira en Redondela, faise unha entrevista a Gloria Ferreiro. Esta sinala que esta obra é unha denuncia da situación que vive a muller en moitas profesións, entre elas a de actriz. Respecto a esta actividade destaca ademais que non son recoñecidas todas as actrices que o merecen e que se debería promover a asistencia ao teatro.

Pífano Teatro: Estima.

Melodrama sobre a emigración de Xabier Picallo, que transcorre na sala de espera dun aeroporto. Debido ao atraso do voo, dúas mulleres que están agardando, unha de aldea e co home na emigración, outra filla dun emigrante rico e muller de negocios, entran en contacto malia non teren nada en común.

Dirección: Xan Cejudo.

Interpretación: Mela Casal, Gloria Ferreiro e Guillermo Cancelo.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Referencias varias:

- Cristina Sanjurjo, 'Es increíble ver lágrimas en los ojos cuando se encienden las luces',

Atlántico Diario, 'Área Metropolitana', 4 marzo 2003, p. 25.

Entrevista a unha das dúas actrices que conversan na peza teatral *Estima*, Gloria Ferreiro. Primeiramente fai referencia ás reaccións que desperta esta peza no público, que nalgúns casos mesmo chorou, o que demostra que chega ao corazón. A continuación indica que esta é unha obra que trata sobre sentimentos da vida e que, a pesar de estar protagonizada por mulleres, non só está dirixida a estas. Finalmente fala sobre a situación da muller en xeral e destaca que, malia que avanzou moito, aínda lle queda moito por facer.

- María Rodríguez, 'Levo tantos anos en 'Luar' que creo que é parte da miña vida', *La Opinión*, 'Arteixo', 21 marzo 2003, p. 35.

Conversa con Mela Casal, actriz e codirectora da compañía Pífano Teatro. Con motivo da próxima representación de *Estima* explica que o tema da peza é a emigración e que o seu título obedece ao que senten as súas protagonistas. Destaca ademais que xa pasaron seis anos desde que ela e Gloria Ferreiro se fixeron con esta compañía que, segundo indica, ten previsto montar un espectáculo infantil que lles escribirá Neira Cruz.

- M.R., 'El sábado teatro y fotos', *La Opinión*, 'Arteixo', 27 marzo 2003, p. 28.

Informa de que o centro cívico acollerá a representación de *Estima*, da compañía Pífano Teatro. Destaca que o argumento desta xira arredor dunha conversa entre dúas mulleres nun aeroporto. Salienta ademais que o tema é a emigración partindo de que ambas mulleres teñen familiares na diáspora. Dá conta tamén doutro acto no mesmo centro, unha mostra da fotógrafa Ana García.

- Ana Iglesias, 'Pífano y Matarile se disputan el aplauso de los espectadores', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 outubro 2003, p. 34.

Comentario arredor de *Estima*, última montaxe de Pífano Teatro, da que se sinala que nela Gloria Ferreiro e Mela Casal se poñen ás ordes de Xan Cejudo para levar a bo fin unha peza de Xavier Picallo, e *Acto seguido*, de Matarile Teatro.

- M. B., 'Mela Casal y Gloria Ferreiro protagonizan un melodrama sobre la emigración', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 outubro 2003, p. L8.

Indica que Pífano Teatro porá en escena a obra *Estima*, da que ofrece algunhas notas sobre o seu argumento e tema. Destaca que neste texto de Xabier Picallo se toca a temática da emigración dende o punto de vista das mulleres que emigraron xunto ao daquelas que quedaron. Expón que isto o representan as actrices Mela Casal e Gloria Ferreiro, das que se salienta o seu papel nun rexistro serio, bastante diferente do seu traballo en televisión. Respecto aos seus papeis tamén sinala que aparentemente son dúas mulleres que non teñen nada que ver, pero que comparten a resignación, a soidade ou as ausencias dos que non están.

- Conchi Bilbao, 'Outra vez xuntas no mirador', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', nº 509, 'Entrevista: Teatro', 26 outubro 2003, pp. 12-13.

Entrevista ás integrantes de Pífano Teatro, Gloria Ferreiro e Mela Casal, que dende decembro de 2002 poñen en escena a obra *Estima*. Segundo indican esta foi escrita por Xabier Picallo expresamente para elas, que elixiron para a dirección a Xan Cejudo. Ambas salientan o bo traballo deste director que optou por unha escenografía pobre e por dar relevancia aos silencios, que no caso desta obra funcionan moi ben ante o público. Así mesmo as dúas coinciden en resaltar que o que realmente conecta cos espectadores é o tema da emigración, posto que todos en Galicia teñen casos próximos. Ademais destas opinións ofrécense algúns datos sobre cómo se coñeceron estas dúas actrices e cales son os seus obxectivos dentro do teatro galego.

- Lupe Gómez, 'Un mapa infantil, ilusionado', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 outubro 2003, p. 5.

Comentario crítico sobre a obra teatral *Estima*, que define nun primeiro momento como obra tranquila e trágico-cómica. Destaca que en xeral é unha obra boa, que engancha e que libera, aínda que tamén considera que pode resultar triste e aburrída. Segundo sinala, isto é debido a que é unha peza moi sinxela á que lle falta algo de paixón e na que as súas protagonistas encarnan arquetipos de mulleres. Ademais destes aspectos indica que nela se trata o tema da emigración unido ao do amor e outros sentimentos. A pesar das críticas que fai, considera que a trama da peza é entretida e interesante.

Produccións Librescena: *A morte e a doncela*.

Obra de Ariel Dorfman que ten como escenario unha casa na praia onde unha muller, Paulina, fai a cea mentres agarda polo seu marido, Gerardo. Nese momento chega un coche que non é o del e un home entra na casa acompañando ao seu marido. Trátase do médico Miranda, un home que acaba de axudar a Gerardo porque picara unha roda e non tiña outra de reposto. A sorpresa vén dada polo feito de que Paulina reconece a este médico como o autor das torturas ás que fora sometida durante o réxime político anterior, dando comezo a partir de aquí á trama para a vinganza.

Tradución do texto: Imma Antonio e Miguel Pernas.

Dirección: Xosé M. Rabón.

Interpretación: Imma Antonio, Miguel Pernas, Agustín Vega.

Escenografía: Xosé Méndez.

Realización escenográfica: Escenaset.

Referencias varias:

- Iolanda Ogando, 'O regreso dos demos', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas. Teatro', maio 2003, p. 76.

A autora desta recensión fala da última obra da compañía Librescena, dirixida por Xosé Manuel Rabón, do texto do autor chileno Ariel Dorfman *A Morte e a Doncela*, onde aparecen reflectidos os totalitarismos e ignorancia que sempre envolveron á historia e que por medio dunha escenografía moi axeitada, por unha iluminación fría e dura, etc., son

reflexo da miseria e horror, dos perigos que o home encerra para o home.

Rara Avis Teatro: *Baby boom no paraíso.*

Comedia de Ana Istarú, fresca, moi contemporánea, intelixente e cunha linguaxe viva e actual, na que unha muller, Ariadna, relata a historia da súa preñez e todas as circunstancias, pensamentos e personaxes que rodean o feito. Moi divertida e ácida, é unha crítica radical a un proceso sobradamente coñecido como é o das cerimonias que acompañan á maternidade, sen caer en tópicos e lugares comúns. O marido de Ariadna, Diego, é o contrapunto cómico do relato, así como outros personaxes coma a sogra, o veciño, o médico e o propio bebé que fai chegar os seus pensamentos a través dunha voz en "off". Esta obra resultou gañadora do segundo "Premio María Teresa León" para autoras dramáticas.

Dirección: Rita Cabezas.

Interpretación: Xosé Bonome, Carlos Mosquera e Rita Cabezas.

Xénero: Comedia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Sarabela Teatro: *Sexismunda.*

Baseada na peza de Calderón de la Barca, Rosaura, acompañada por Clarín, encóntrase nunha paisaxe estraña na que atopa a moza Sexismunda, cautiva dende o seu nacemento sen saber por qué. Clotaldo, coñecedor da identidade de Sexismunda que é filla do rei Basilio, manda aprexar aos forasteiros e recoñece entre as pertenzas de Rosaura algo que el lle dera anos antes a unha muller. O rei Basilio desvela a existencia desta filla e a presenza de Rosaura e Clarín fan cambiar os acontecementos. Esta peza foi recoñecida con seis galardóns na entrega dos "Premios María Casares".

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.

Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Fina Calleja, Sabela Gago, Elena Seijo, Suso Díaz e Tito R. Asorey.

Xénero: Drama.

Ver Ciclo de teatro de Cambados.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'O teatro ourensán trasládase a Marrocos', *La Región*, 'Cultura', 29 agosto 2003, p. 67.

Informa de que os grupos de teatro ourensáns Sarabela e a Aula de Teatro Universitario viaxarán a Marrocos para representar *Sexismunda* e *O despertar*, respectivamente, dentro da décimo quinta edición do Festival Internacional de Teatro de Casablanca. Salienta que

estes grupos estarán ao lado doutros españois de prestixio e anuncia que tamén estarán presentes no evento outras persoas ourensás relacionadas co mundo do teatro como Olga Mojón, xerente do Teatro Principal. Aproveita para sinalar que a próxima estrea de Sarabela, no mes de outubro, será *Así que pasen cinco anos*.

Sarabela Teatro: *O lapis do carpinteiro*.

Baseada na novela homónima de Manuel Rivas, trátase dunha historia de amor, melancolía e busca da liberdade en tempos da guerra civil española e da posguerra. A historia de amor está protagonizada por Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario, e o médico republicano Daniel da Barca, posuidor da beleza física e seguidor da teoría da realidade do doutor Nóvoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e graza de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar. Esta obra foi galardoada con oito "Premios María Casares" de teatro no ano 2001.

Dramaturxia: Begoña Muñoz, Fina Calleja e Ánxeles Cuña Bóveda.

Dirección: Xulio Lago.

Adaptación: Sarabela Teatro.

Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Antón R. Macía, Marcos Orsi, Fina Calleja, Elena Seijo, Sabela Gago, Matilde Vázquez e Míriam Gallego.

Deseño de escenografía e atrezzo: Jesús Costa.

Realización de escenografía e atrezzo: Arteficción S. L. e Jesús Costa.

Deseño e realización de máscaras: Jesús Costa.

Deseño de vestiario: J. Carlos Rodríguez.

Deseño de son: Arturo González.

Deseño de iluminación: Antón R. Macías, Ánxeles Cuña e Suso Díaz.

Perruquería: Quique Martínez.

Deseño Gráfico: 1:Media.

Fotografía: Mario G. Herradón.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'Sarabela Teatro escenifica en Vigo 'O lapis do carpinteiro'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 24 xaneiro 2003, p. 41.

Dá conta de que a compañía Sarabela vai representar en Vigo a adaptación da obra de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*. Sobre esta expón algunhas das valoracións que fixo a directora da representación, Ánxeles Cuña Bóveda, como por exemplo a unión que hai entre o esperpento, a ficción lírica e a propia realidade, ou o feito de que é sobre todo unha historia de amor con algúns retos para o espectador. Salienta ademais que esta peza conseguiu na temporada pasada premios nas distintas categorías dos "María Casares", e que conta cun argumento que se adapta ben a distintos medios, tal como demostrou Antón Reixa ao levala ao celuloide.

- Lupe Gómez, 'A memoria como un lapis que vai debuxando en nós', *El Correo Gallego*,

'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 5.

Describe a posta en escena da peza *O lapis do carpinteiro* facendo fincapé nas distintas sensacións que vai transmitindo ao público. Comeza indicando que en xeral é unha metáfora do amor para logo salientar que a historia é capaz de facer sentir tristeza e melancolía á vez que fai experimentar a necesidade de non falsear a memoria da guerra. Por outro lado subliña o bo labor teatral que fai que esta peza sexa colorista e luminosa. Detense ademais en distintos personaxes e conclúe que, a través de distintos elementos, é unha obra que transmite a dor da historia, pero dunha maneira viva, orixinal e ilusionante.

- B.L., 'O lapis de Sarabela', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 14 maio 2003, p. 83.

Alude primeiramente ao personaxe real no que se basea a obra de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*, da que se destaca que deu lugar a unha película e a unha obra de teatro. Sobre esta última salienta que Sarabela a puxo en escena en Pontevedra e que nela, ao igual que na obra orixinal, mestúranse amor, liberdade e denuncia. Destaca ademais que Herbal é o personaxe central da trama e que o público é capaz de percibir que este en realidade admira a outro dos personaxes da peza.

- Eva González, 'Manuel Rivas supo recrear el amor entre mi marido y yo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 15 novembro 2003, p. 43.

Con motivo da representación en Tui de *O lapis do carpinteiro* entrevístase a Choncha Concheiro García, muller na que se inspirou Manuel Rivas para a súa obra. Salienta que esta muller asistiu á estrea da peza en Vigo e ela mesma destaca as escenas nas que viu reflectida a historia do seu matrimonio. Así mesmo opina que o autor acertou ao contar a súa vida, aínda que tamén cre que como a súa houbo outras moitas historias.

Sarabela Teatro: *Así que pasen cinco anos*.

Peza de Federico García Lorca.

Interpretación: Fernando Dacosta, Josito Porto, Tito Asorey, Xavier Estevez, Suso Díaz, Elena Seijo, Sabela Gago e Nate Borrajo.

Escenografía: Suso Díaz.

Maquillaxe: Carmela Montero.

Música: Lameiras Cid e Labrador.

Vestuario: Teté Seoane.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Sarabela reinterpreta a Lorca', *La Región*, 'Cultura', 19 setembro 2003, p. 75.

Sinala que a compañía Sarabela está na última fase dos ensaios da peza lorquiana *Así que pasen cinco anos*. Sobre esta salienta que a súa directora, Ánxeles Cuña, opina que resultará un espectáculo moi plástico. Así mesmo pon de relevo que será unha peza dun

intenso contido visual e auditivo na que se mesturarán vida, amor e morte. Ademais ofrece os nomes do reparto da obra e subliña que a iluminación xogará un papel importante por contribuír á parte máis onírica do espectáculo. Á parte disto dá conta de que esta peza contará cunha versión en galego e outra en castelán para representar na Mostra de Teatro das Autonomías Vila de Madrid.

- Laura Grandal, 'Sarabela entra nun bosque de sonhos lorquianos', *La Región*, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 83.

Salienta que a compañía Sarabela deixou ver un fragmento do que será a súa próxima estrea: *Así que pasen cinco anos*. Segundo destaca, a pesar da brevidade do representado, puido apreciarse a mestura de prosa, verso e canción, así como as distintas sensacións que transmite esta peza. Faise eco ademais das palabras da directora, Ánxeles Cuña, quen se mostra satisfeita por traballar sobre esta obra lorquiana, que para moitos é irrepresentábel. Á parte disto menciona outros espectáculos que mantén esta compañía en cartel e deixa constancia da proxección internacional que está adquirindo.

- S.P., 'Sarabela interpretará en Ourense e en Madrid a obra de Lorca', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2003, p. 63.

Resalta que a compañía Sarabela porá en escena *Así que pasen cinco anos* en galego e castelán. Nesta última lingua indica que o fará en Madrid dentro do festival de Autonomías. Sobre a obra salienta que se tocan os temas do amor, a morte, o soño e o paso do tempo. Comenta tamén que é unha peza metafórica na que para esta representación se introducen signos para que o público a entenda. Ademais fai referencia a que son oito actores os que dan vida aos vinte personaxes e a que son varias as entidades que financian este espectáculo.

- Iolanda Ogando, 'A imaxe... e a palabra', *Tempos Novos*, nº 78, 'Teatro', novembro 2003, p. 77.

Despois de salientar a seriedade e orixinalidade renovadora dos traballos de Sarabela, comenta a súa última obra, unha posta en escena da peza lorquiana *Así que pasen cinco anos*. Sinala que se tenta profundizar "nalgunha das teimas" de Lorca a través da imaxe nun "espectáculo limpo e maduro". Asemade, observa certas eivas como partes da tradución ou a adaptación das cancións. Pola contra, destaca a iluminación e a escenografía entre outros elementos dramáticos.

Sarabela Teatro: *A conxura dos necios*.

Obra de John Kennedy Toole, na que o protagonista, Iñacio Rei, vive aos seus trinta anos coa súa estrafalaria nai e se dedica a escribir unha extensa denuncia contra o século XX, que considera falto de teoloxía e xeometría así coma de decencia e bo gusto. Por unha inesperada necesidade de diñeiro vese catapultado á febre da existencia contemporánea á que Iñacio subirá algún grao máis.

Dirección e adaptación: Ánxeles Cuña.

Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Elena Seijo, Xavier Estévez, Fina Calleja, Sabela Gago e Tito R. Asorey.

Escenografía e atrezzo: Marcelino de Santiago "Kukas".

Xénero: Traxicomedia.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Ver XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Seisdedos: *Bululú*.

Espectáculo organizado pola Consellaría de Cultura para promocionar o Camiño de Santiago. Coa técnica dos monicreques recupérase a figura do teatro popular galego: o bululú, nunha peza que se vai enriquecendo coa recollida de historias dos propios peregrinos. Está protagonizada polo Maese Seisdedos e Matapitos, que percorren o Camiño de Santiago cantando e contando historias.

Intérpretes: Anxo García Vilariño e Ignacio Vilariño.

Referencias varias:

- V.L.V., 'El espectáculo de títeres 'Bululú' inicia hoy un recorrido jacobeo', *El Progreso*, 'Sarria', 16 xullo 2003, p. 12.

Dá conta do inicio da segunda edición do espectáculo *Bululú* no Cebreiro, para logo seguir percorrendo diferentes lugares do Camiño de Santiago. Sinálase que está organizado pola Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que nel se contan historias ocorridas no Camiño e que ten por obxectivo enriquecer a historia da rota a través da recompilación de historias dos propios peregrinos. Remata destacando que se quere así recuperar a figura do Bululú e facer unha investigación escénica do teatro popular, para o que os artistas percorren o camiño cos propios peregrinos.

- Susana Formoso, 'Romances medievais vuelven a Compostela', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 25 xullo 2003, p. 28.

Faise eco da presenza da compañía Seisdedos nas rúas de Compostela co espectáculo *Bululú*, no que as historias cantadas e narradas van acompañadas por monicreques. Destácase que o obxectivo desta compañía é recuperar a dramaturxia do medievo e remata indicando os integrantes deste proxecto.

Sísifo Teatro: *¿Que...?*.

Serie de monólogos cómicos, nos que unha serie de homes saen ao escenario para debullar

algúns dos problemas, dúbidas e inseguridades que lles atinxen. Aquí falan diante do psicólogo-espectador que se mostra compasivo por identificarse con moitos dos argumentos expostos, malia seren ridículos, pero que acougan o espírito dos que sofren.

Dirección: Manuel Camba.

Interpretación: Rafael Costas e Mercedes Carballo.

Deseño de escenografía: Sísifo Teatro.

Música: Joan Albert Amargos, Don Grusing e "Pagasus".

Produción: Sísifo Teatro.

Selección musical: Manuel Camba.

Vestuario: Sísifo Teatro.

Violoncello: Rebeca Núñez.

Ver II Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Talía Teatro: *Xustiza infinita*.

Monólogo escrito por Cándido Pazó e protagonizado por Lisardo Sotelo, un empregado de banca que ten que presentar un famoso escritor, Simón Freire, autor dunha obra moi exitosa sobre os atentados do 11 de setembro. Como o escritor non dá chegado, Lisardo ten que salvar a situación como pode.

Dirección: Cándido Pazó.

Interpretación: Artur Trillo.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver XIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo, "Fiot03".

Referencias varias:

- AFA, 'Crítica metafórica', *O Correo Galego*, 'AFA', 20 marzo 2003, p. 48.

Expón algunhas das características da obra *Xustiza infinita*, que se representa na sala Yago de Santiago de Compostela. Destaca que se trata dunha peza escrita por Cándido Pazó, que tamén é o director, e interpretada por un único actor, Artur Trillo. Este último, segundo se sinala, cre que a maioría da obra está en clave de comedia, aínda que se deixa espazo para a reflexión dos espectadores. A propósito destes últimos apunta que tamén desempeñan un papel, xa que a medida que van entrando na sala dáselles unha nota de prensa, que lles fai asumir un rol. Así mesmo ofrece algunhas curiosidades como que a peza foi escrita pensando neste actor ou que se rematou de escribir ao mesmo tempo que xa se ensaiaba.

- Manuel Beceiro, 'Estados Unidos impón a súa forma de entender o mundo', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 23 marzo 2003, p. L2.

Achégase ao argumento de *Xustiza infinita*, peza escrita en clave de humor para reflexionar sobre a admiración que desperta a cultura americana. Destácase que o único actor da peza, Artur Trillo, indica que, a pesar de ser cómica, é unha obra que achega complicidade co espectador e que resulta algo tramposa.

Teatro Bucanero: *Tres notas.*

Peza escrita por Santi Prego na que, en clave de humor, se tenta dar resposta á pregunta de se hai vida antes da morte.

Dirección: Santi Prego.

Interpretación: Pedro Picos, Xosé Bonome e Santi Prego.

Ver Circuitos teatrais de Moaña, "Memorial Javier Veiga".

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Teatro da Lúa: *A longa agonía das centolas.*

Comedia negra de Ovidio Lucio Blanco, en tradución de Iolanda Ogando, con todos os compoñentes clásicos do xénero dende asasinatos, traficantes, almas en pena, até encaixes de Camariñas, inxenuas artesananas que falan coas centolas ou drogaditos. Partindo da exquisitez dos mariscos galegos e o cotizados que están, aquí os personaxes queren facerse donos de tan prezado negocio.

Dirección: Gina Piccirilli.

Interpretación: Dorotea Bárcena, Beatriz Graña, Roberto Leal e Ramiro Neira.

Escenografía e atrezzo: Ovidio Lucio Blanco.

Música: Pablo Pérez.

Xénero: Comedia negra.

Ver IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela.

Teatro do Adro: *Binomio de Newton.*

Sátira sobre a inmadurez e a fuxida do compromiso na que se conta a historia dun cazador que vai polo monte e se atopa cun mozo a piques de se aforcar, ao que ameaza con pegarlle un tiro se non desiste da súa actitude. O suicida, asustado, desiste e comeza un diálogo existencialista entre eles no que se reflicte a frustración e o sentido da vida do suicida fracasado.

Dirección: Cándido Pazó.

Interpretación: Josito Porto e Manuel Oliveira "Pico".

Xénero: Cómico.

Referencias varias:

- M.J.F., 'Música y teatro durante todo el verano', *La Región*, 'Festas de Santa Mariña', 17 xullo 2003, p. 44.

Repaso polas actuacións que terán lugar no Concello de Xinzo da Limia con motivo das

súas festas patronais. Anuncia a posta en escena de *Cabaret*, do grupo de teatro de Antas de Ulla; *Historias mínimas*, de Nove-Dous Teatro; e *Binomio de Newton*, de Teatro do Adro.

Teatro do Aquí: *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño.

Terceira entrega da triloxía formada por *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*, peza na que, fixándose en distintos animais, se analizan fenómenos da realidade actual. Parodia a contraditoria relación entre a sociedade da opulencia e o contorno natural. O espazo está situado nun xardín simbólico dunha urbanización de chalés acaroados na que xorde unha praga de caracois.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño

Interpretación: Mónica Camaño, Avelino González e Rubén Ruibal.

Espazo escénico: Julia Brens.

Coreografía: Teatro Bruto.

Vestuario: Gonzalo Vilas.

Referencias varias:

- C.C., 'La música y el teatro serán los protagonistas de la programación de febrero en el Auditorio', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Cangas/Moaña', 4 febreiro 2003, p. 24.

Repaso á programación do Auditorio Municipal de Cangas, na que ademais de sinalar que se representou con éxito *Círculo*, de Teatro de Ningures, se adianta a próxima posta en escena de *Animaliños*, de Teatro do Aquí, así como outras actuacións musicais.

- Sofía de Benito, 'Hai que ir con los tiempos', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 7 outubro 2003, p. L15.

Sección de novas relacionadas con diversos eidos da cultura, que nesta ocasión acolle, entre outras cuestións, a noticia da participación de compañías galegas profesionais na Mostra de Teatro das Autonomías de Madrid. Céntrase en Teatro do Aquí, que vai representar a peza *Animaliños*, da que ofrece o reparto e uns trazos do argumento. Tamén adianta a participación de Chévere con *Río bravo 02* e Teatro do Noroeste con *As damas de Ferrol*.

Teatro do Atlántico: *Ecos e voces dun tempo e dun país*.

Espectáculo de corte intimista e cunha gran carga de humor no que se fai un percorrido pola poesía galega contemporánea e no que están presentes as obras de máis de vinte poetas galegos, entre eles Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Luísa Castro ou Manuel Rivas.

Dirección: Xulio Lago.

Intepretación: María Barcala, Xavier Constenla, Pilocho e Xulio Lago.

Teatro do Atlántico: *Pervertimento*.

Peza da autoría de José Sanchís Sinisterra na que se recrea unha realidade chea de lirismo, humor e tenrura na que os mortos son tan protagonistas coma os vivos, onde os cadáveres se erguen e protestan mentres os humanos falan sen ter que dicir.

Dirección e iluminación: Xulio Lago.

Versión galega: Xosé Manuel Pazos.

Interpretación: María Barcala, Xoán Carlos Mejuto, Iolanda Muíños, Santi Prego e Xosé Vilarelle.

Vestuario: Susa Porto.

Técnicos de escena: Xosé M. Molinos e Antón Arias.

Teatro do Atlántico: *Vanzetti*.

Peza da autoría de Luís Araújo, na que se recrean as cartas que nos anos 20 o anarquista italiano Vanzetti lle enviou á súa familia antes de ser executado.

Dirección: Xulio Lago.

Interpretación: Jouse García, Gonzalo M. Uriarte e Manuela Varela.

Axudantes de dirección: María Barcala e Gloria Rico.

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, 'La mayoría de los galleguistas no asisten al teatro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 xaneiro 2003, p. 39.

Tras indicar a representación no Centro Cultural Caixanova de Vigo da obra *Vanzetti*, do histórico punto de partida da mesma, así como a compañía, o director e os actores, reproducécese unha entrevista a Xulio Lago. Nesta entrevista o director de Teatro do Atlántico comenta o que o atraeu da obra para levar a cabo a súa representación, cómo resolveu a escenografía da mesma e cómo é a reacción do público ao vela. Así mesmo, fala da lingua que se emprega nas súas montaxes e da evolución do teatro galego nos últimos vinte anos. Finalmente sinala os lugares nos que *Vanzetti* será representada.

- Manuel Beceiro, 'Teatro do Atlántico dramatiza las cartas del reo Vanzetti a su hermana', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 xaneiro 2003, p. L9.

Tras informar do contexto histórico no que se vivía na década dos vinte en América e do que este convulso panorama supuxo para dous inmigrantes italianos anarquistas como Saco e Vanzetti, dáse conta da representación dunha peza teatral, relacionada con este tema pola compañía Teatro do Atlántico a partir dun texto de Luís Araújo. Baixo o epígrafe 'Una obra para meditar sobre la vida, la sociedad y la política' reproducécese a opinión do director da montaxe de *Vanzetti* ao respecto das utilidades do teatro e desta obra, e a respecto do tempo actual comparado co tempo no que está ambientado o drama.

- M. Barba, 'Gustaríame estar no Rosalía como compañía estable e non como indixente', *La Opinión*, 'Cultura', 15 outubro 2003, p. 53.

Con motivo da posta en escena de *Vanzetti* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña recóllense as impresións de Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico, nas que destaca a loita do seu personaxe principal pola dignidade humana, feito que declara moi escaso actualmente. Tamén manifesta o seu cariño polo escenario coruñés, aínda que lle gustaría poder ter unha compañía estábel e non actuar só durante dous días. Da obra destaca a súa moderna estrutura dramática e do teatro galego lamenta a situación das compañías teatrais, por considerar que parte do teatro está secuestrado polos "xestores culturais" e que é difícil poder chegar ao público das cidades.

- M.B., 'Vinte anos de Teatro do Atlántico', *La Opinión*, 'Cultura', 15 outubro 2003, p. 53.

Comeza dando conta do próximo vixésimo aniversario de creación da compañía Teatro do Atlántico e dalgunha das obras que representou nestas dúas décadas. A continuación ofrécese a opinión de Xulio Lago a respecto da supervivencia de compañías teatrais coma a súa e indícanse algúns dos problemas teatrais que el sinala. Finalmente fálase de *Vanzetti*: dos autores que participan, de cómo se axusta ao concepto de teatro no que a compañía cre, das datas de representación, etc.

- A. R. San Adrián, 'La tragedia de Vanzetti, a escena', *La Voz de Galicia*, 'D Escenarios', 17 outubro 2003, p. 2.

Dáse conta da representación da obra *Vanzetti* de Luís Araújo interpretada polo Teatro do Atlántico dentro do ciclo teatral levado a cabo no Teatro Rosalía de Castro. Así mesmo, resúmese o argumento e indícase o reparto e a dirección da obra.

Teatro do Morcego: *Momo*.

Peza baseada no texto homónimo de Michael Ende, que está protagonizado por unha nena deste nome que ten o don de escoitar aos homes. Na sociedade na que vive asiste a unha transformación motivada pola falla de tempo de toda a xente, pois uns homes grises queren roubarlle o tempo á humanidade.

Adaptación e Dirección: Celso Parada.

Interpretación: Miro Magariños, Eva Carreras, Mundo Villalustres, Salvador del Río, Santiago Cortegoso, Maxo Vargas, Alberto Barreiro, Sonia Rúa e Pepa Barreiro.

Iluminación: Celso Parada.

Teatro do Morcego: *Os vellos non deben de namorarse*.

Peza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na que todo xira arredor dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o Sr. Fuco, que teñen a desgraza de poñer os seus ollos en tres mozas: Lela, Micaela e Pimpinela.

Dirección: Celso Parada.

Interpretación: Carlos Alonso, Maxo Barjas, Pepe Barreiro, Miguel Borines, Eva Carreras, Belén Constenla, Casilda García, Andrés Giráldez, Miro Magariño, Sonia Rúa, Patricia Vázquez, Salvador del Río, Gonzalo Uriarte e Braulio Velo.

Vestuario: Carlos Alonso.

Técnico de luces: Suso Barreiro.

Técnico de son: Francisco Alfaro.

Colaboración musical: María Xosé López e Xico de Cariño.

Xénero: Comedia.

Teatro do Morcego: *Os piratas-Branca Rosa*.

Peza inspirada no texto orixinal de D. Barbany e S. Sans, onde se leva a escena unha historia en forma de opereta romántica, na que, a cadros de gran colorido, se presentan por medio do texto e da música as desventuras de Branca Rosa, filla do virrei de España nas Antillas, casada sen amor cun nobre portugués, raptada polo pirata Morgan e convertida ao remate en serea por un Neptuno enrabachado.

Dirección: Celso Parada.

Interpretación: Eva Carreras, Eduardo R. Cunha "Tatán", Damián Contreras, Salvador del Río, Miro Magariños, Miguel Borines, Andrés Giráldez, Fran Paredes, Santiago Cortegoso, Max Gómez e Suso F. Barreiro.

Iluminación: Suso F. Barreiro.

Escenografía: O Pastor.

Xénero: Comedia romántica.

Teatro do Noroeste: *Campo Sur*.

Monólogo sobre un texto de Lino Braxe no que se conta cómo as grandes ansias de liberdade de Aixa, unha mestra árabe que vive nun campamento onde só atopa a alegría de darlle clase ás nenas deste campo, aparecerán cando a obriguen a casar e se vexa na necesidade de fuxir.

Dirección: Elina Luaces.

Interpretación: Luma Gómez.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Iolanda Ogando, 'Retrato de observador con trampa', *Tempos Novos*, nº 69, 'Voces e culturas. Crítica. Teatro', febreiro 2003, p. 77.

Comeza cunha reflexión acerca do sufrimento humano diante das catástrofes, aínda que sexan afastadas. Por iso considera axeitada a escolla do tema de *Campo Sur* a última obra de Teatro do Noroeste de autoría e dirección de Lino Braxe, porque pretende investigar sobre o mundo islámico tan de actualidade. Pero o que nun principio lle pareceu loábel perde interese polo fundamental da obra, a demagogia, porque presenta desde o punto de

vista occidental o pensamento dunha muller islámica. O texto foxe de demonizar o mundo árabe o que lle parece axeitado pero logo, para Iolanda Ogando, está o problema da nosa incapacidade de entender unha sociedade allea, aínda que reconece que se intenta. Á marxe disto tamén se critica a previsibilidade e o xogo descarado coas emocións do público, o que causa desinterese. Por todos os tópicos da obra e a pouca profundidade do tema acabase pedindo que non pase o mesmo coa nosa cultura.

- Lino Braxe, 'O teatro e a crítica', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Culturas. Cartas', abril 2003, p. 77.

Tras felicitar á revista en cuestión pola súa continuidade, o autor maniféstase sobre a crítica teatral, pedindo que non se volva publicar en *Tempos Novos* ningunha crítica dos espectáculos nos que el tome parte. A continuación expón os motivos desta postura, en concreto, a disconformidade cunha crítica publicada anteriormente (número 69) nesta revista. Aínda que non o especifica, tal recensión centrábase en *Campo Sur*, e estaba asinada por Iolanda Ogando. A xuízo de Braxe, xunto coa avaliación do aspecto puramente artístico da montaxe, viña a cuestionarse nese escrito a propia persoa do autor, algo que Lino Braxe identifica na práctica co "xornalismo do corazón" e que lle desagrada. Rebate, por último, as opinións dos ditos críticos, e reitera a súa petición aos responsábeis da publicación.

Teatro do Noroeste: *Feirantes*.

Baseado en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro, este espectáculo teatral céntrase nunha selección de textos escollidos da serie de retratos de tipos populares e recollidos na súa obra *Os outros feirantes*. Na posta en escena a protagonista é unha vaca marela, que serve de fío condutor para realizar o percorrido polos diferentes sitios e personaxes que aparecen na obra do escritor mindoniense.

Dirección: Eduardo Alonso.

Interpretación: Luma Gómez.

Música: Chefá Alonso.

Escenografía: Equipo Teatro.

Vestuario: Carmela Montero.

Posta en escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena.

Referencias varias:

- A.I., 'Teatro gallego y cine europeo en la oferta de enero de la Sala Yago ', *El Correo Gallego*, 'Pantalla y escenario', 8 xaneiro 2003, p. 30.

Infórmase da programación levada a cabo na Sala Yago de Compostela durante o mes de xaneiro. Indícase que comezou a súa oferta cun Festival de Reis que contou coa asistencia de diversas compañías de títeres e anúnciase a proxección de diferentes películas como, entre outras, 'Nómadas del viento', 'Un hombre de verdad' ou 'El empleo del tiempo'. Finalmente, sinálase que o teatro galego tamén estará presente nesta programación coa obra

Feirantes da compañía Teatro do Noroeste.

Teatro do Noroeste: *As damas de Ferrol*.

Obra de Eduardo Alonso na que se representa a historia de dúas supostas irmás, xa maiores, Maruxa e Lourdes, que falan sobre a súa situación actual e as causas que as levaron a ela. Pechadas nun vello casarío, unha delas aparentemente impedida, e a outra aparentemente infantilizada, degrañan a súa realidade que pode ser unha fantasía ou unha realidade do acontecido. Entre elas está a constante evocación dun home que lles condicionou a vida. O marco no que se insire a obra é a cidade de Ferrol, onde aparentar é máis importante que o que se é realmente.

Dirección: Eduardo Alonso.

Interpretación: Elina Luaces e Luma Gómez.

Música orixinal: Chefa Alonso.

Música interpretada por: Akafree.

Xénero: Comedia.

Ver Ciclo de teatro "Caixanova".

Ver XIª Feira do teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Eduardo Alonso, 'Notas a vuelapluma para la puesta en escena de *As damas de Ferrol*', *ADE*, nº 95, 'Notas de dirección', 2003, pp. 129-130.

Dá unhas notas sobre a obra de teatro de Eduardo Alonso *As damas de Ferrol*; destaca o límite entre realidade e imaxinación como tema da obra, reflectido por medio de dúas personaxes que falan sobre si mesmas. Salienta o mínimo decorado (dúas cadeiras, unha mesa e un moble) e atrezzo (unha radio e unha cadeira de rodas), o marco ferrolán como fondo e a música de Chefa Alonso.

- Karina Bravo, 'Una comedia que 'distorsiona para observar mejor' la realidad', *Diario de Arousa*, 12 setembro 2003, p. 56.

Informa da representación na Casa da Cultura de Vilagarcía da obra teatral *As damas de Ferrol* protagonizada por Luma Gómez e Elina Luaces. Infórmase da relación de Luma Gómez coa compañía que representa a obra, e dáse conta do argumento desta peza teatral. Así mesmo, dise onde se localiza a historia, qué é o que esta comedia aborda e cales son as súas pretensións. En recadro á parte, baixo o epígrafe 'Una compañía teatral prolífera', indícase a data de fundación da compañía Teatro do Noroeste e sinálanse algunhas das obras que esta compañía representou.

- Ágatha de Santos, 'As damas de Ferrol' juega con lo real y lo irreal', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 14 novembro 2003, p. 44.

Despois de dar conta do lugar e hora da representación en Vigo de *As damas de Ferrol*, protagonizada por Luma Gómez e Elina Luaces, entrevístase a Eduardo Alonso, director da compañía que a representa, Teatro do Noroeste. Nesta entrevista Eduardo Alonso explica o porqué da localización en Ferrol da obra, ofrece algunha das características das dúas personaxes protagonistas desta peza teatral, comenta o tema que presenta e finalmente fala da pretensión desta comedia estruturada en círculos.

Teatro Maltés: *Porca vita (Matanza)*.

Peza de Roberto Salgueiro protagonizada por dous cochos e un matachín, na que se establece un xogo de contrastes simbolizado polos dous porcos que centran o diálogo, onde un deles soña con ser trompetista dunha *big band* e o outro ten como máxima aspiración rematar sendo degustado nun banquete da Xunta.

Dirección: Lino Braxe.

Interpretación: Lino Braxe, Xavier Deive e Xosé Luís López "Sacha".

Música: Diplomáticos de Monte Alto.

Ver VIº Ciclo Outono de Teatro de Vilalba.

Uvegá Teatro: *Mulleres*.

Peza de Darío Fo e Franca Rame coa que esta compañía conmemora o seu décimo quinto aniversario. Nela dáse unha visión crítica e solidaria das sempre difíciles relacións entre o home e a muller, cun punto de humor grotesco no que a risa golpea ao home, o eterno antagonista.

Dirección: Vicente Montoto.

Interpretación: Susana Dans, Mara Sánchez e Laura Ponte.

Tradución e adaptación: Vicente Montoto.

Espazo escénico: Carlos Alonso.

Iluminación: Octavio Más.

Vede 3: *16 horas*.

Peza de Xosé Luís Prieto na que se fala da historia de tres mulleres que contan, con moita ironía, as súas preocupacións. O traballo, o seu aspecto físico ou as súas relacións cos homes son algunhas das cuestións que se poñen en escena.

Dirección: Xosé Luís Prieto.

Interpretación: Iolanda Muíños, Silvia Casal e Patricia Vázquez.

Iluminación: Xabier Porto.

Música: Xosé Bonome.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- S.P., 'Una obra de teatro, acto principal del Día de la Mujer', *La Opinión*, 'Narón', 8 marzo 2003, p. 29.

Anuncio da presenza de As Vede 3 no Auditorio Municipal de Narón con *16 horas*, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora. Sinálase o argumento da peza e que está dirixida a maiores de trece anos.

Volta e Dálle Teatro: *Furga Garabela*.

Obra de X. Henrique Rivadulla "Corcón" na que se conta a historia do debuxo dun afiador que sae do cadro no que se atopa e se converte nun afiador de carne e óso coa intención de experimentar a vida dos humanos. No seu deambular traballando de afiador e capador atopará a amizade de Vladimir, un cocho afeccionado aos puros habanos e ao licor café e a de Dalmacio, un can de palleiro experto en linguas gremiais como o barallete. Despois de percorrer o mundo, dáse conta da verdadeira condición humana, da insolidariedade dos seus semellantes e decide que é mellor ser debuxo e volver ao cadro.

Texto e dirección: X. H. Rivadulla "Corcón".

Interpretación: Pepe Penabade.

Cartel, escenografía e máscaras: Xosé Vizoso.

Deseño de iluminación: Antonio Simón.

Espazo sonoro: Paco Nogueiras.

Axudante de dirección: Marisa A. Garea.

Vestuario: Carmen Pichel.

Maquillaxe: Carmen González.

Técnicos de escena: Xavier Olite, Miguel Betés e Xurxo Piñeiro.

Fotografía: Xan G. Muras.

Distribución: Pepe Penabade, Nazaret López e Neves Fernández.

Asesor: Miguel de Lira.

Electricista: Xan Carlos Iglesias Tarrío.

Xénero: Traxicomedia.

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

A Forna: *O enfermo imaxinario*.

Peza de Molière que esta agrupación teatral vén representando dende a súa creación no ano 2001 con dezasete actores afeccionados.

Dirección: José Juan Martínez Moya.

Amistad Xove: *Unha rosa é unha rosa*.

Traxicomedia da autoría de Suso de Toro, na que se fai unha crítica aceda á sociedade actual a través da repartición da herdanza da vella Rosa entre os seus dous sobriños, Pololo e Adela, e a filla doutra sobriña xa morta.

Dirección: María José Doce.

Interpretación: Elena Curto, Raúl Gundín, Lorena Martínez, Irene Mosquera, Román Muñoz, Rosalía Piñeiro, Vanesa Rodríguez e Alba Sordo.

Aula de Teatro Municipal de Pontevedra: *O mellor dos mundos*.

Peza de Quim Monzó na que se dá vida a unha cadea de historias crueis e desacougadoras que xorden dun mundo en aparente equilibrio, onde os infernos privados asoman baixo o sorriso de personaxes patéticos e grotescos.

Interpretación: Sonia Abollo, Alfonso Rodiño, Rosa Corbacho, Luís Gómez, Xabier Cerdeira e Fran Costa.

Referencias varias:

- M.I., 'O Principal foi o mellor dos mundos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 12 xaneiro 2003, p. 78.

Dáse conta da estrea en Pontevedra de *O mellor dos mundos*, a cargo da Aula Municipal de Teatro de Pontevedra. Sinálase que é unha peza conformada por pequenos fragmentos do catalán Quim Monzó, marcada polos fortes contrastes e na que se critica a unha sociedade inerte que chega ao patetismo, provocando a comicidade. En columna á parte destácase que esta peza foi seleccionada para participar en festivais de fóra de Galicia e que vén precedida polo éxito obtido en certames como o de Laxe, no que resultou gañadora, ademais de lembrar os galardóns que xa obtiveran con *Un millón de vacas*.

Aula de Teatro Municipal de Pontevedra: *Un millón de vacas*.

Dirección, adaptación e dramaturxia: Anxo Lourido.

Interpretación: Rosa Corbacho, Ruth Briones, Sonia Abollo, Gregorio Montilla, Alfonso Rodiño, Bibiana Piñeiro, Encarna Salas, Carolina Besada, José Luís de la Torre e Águeda Piñeiro.

Ambientación sonora: José Manuel Aragunde.

Asistentes na dirección: Álex Vicente e Alma Álvarez.

Deseño e realización de vestiario: Vanesa Collazo.

Deseño e realización da escenografía: Encarna Salas, Bibiana Piñeiro e Sonia Abollo.

Iluminación: Xurxo Cortázar e José Luís Franco.

Escola Municipal de Arte Dramático 'Marisa Soto' de Silleda: *Sala de espera*.

Peza de Xosé Vázquez Pintor, publicada pola Editorial Fervenza en 2002, na que se contan as desventuras dun grupo de persoas que van a unha clínica na busca de beleza exterior para ocultar as fealdades internas.

Dirección: Héctor Varrera.

Faro-Miño: *Arte-facto*.

Referencias varias:

- A.L., 'Faro-Miño rendirá homenaje a cuatro de sus fundadores el 22 de agosto', *El Progreso*, 'Chantada', 20 xullo 2003, p. 18.

Dá conta da preparación da peza de teatro *O cego de Fornelos* para homenaxear a catro dos membros fundadores desta agrupación cultural. Adiántase que a reestrea desta peza, que foi a primeira que puxeran en escena en 1990, será na Mostra Popular de Chantada, acto no que tamén se lle entregará a Paco Viñas, Malú Ledo, Rocío Méndez e Rafael Viñas unha placa conmemorativa. Por outro lado, tamén se dá conta das actuacións que están a desenvolver coa súa peza *Arte-facto*, entre elas na localidade ourensá de Escornabois.

Fontevella: *Os vellos non deben de namorarse... das mozas novas*.

Dirección: Chelo Pampillón.

Referencias varias:

- C.M., 'Charlas y teatro para la tercera edad', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Bueu', 4 marzo 2003, p. 19.

Céntrase nas actividades do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bueu, entre as que destaca a posta en escena de *Os vellos non deben de namorarse... das mozas novas*, a cargo de Fontevella.

Fridom Spik Teatro: *Dueto Musico-hortera*.

Comedia protagonizada por Leandro Lamas e Pepablo. É orixinal de José Luís Prieto Roca e conta a historia de dous irmáns que teñen un dúo musical de verbenas. A peza serve para facer un repaso da historia recente e os cambios sociais.

Grupo de teatro Amistad: *Mariñeiro en terra*.

Peza cómica en tres actos na que o grupo de Santa Mariña do Vilar desenvolve a trama protagonizada por un mariñeiro que está sempre a navegar e volve para visitar un sobriño e facerlle un galano. Cando chega á casa non sabe se os que viven alí son os seus parentes ou outras persoas.

Dirección, adaptación e tradución: Manuel Basoa.

Interpretación: Xosé Cabana, Marité Fernández, Xosé Mato, Fran Quintiá, Rosalía Rodríguez, Motse Ruíz e Chacha Serantes.

Grupo de teatro Casa Rosada: *Triste chegada*.

Peza cómico-sentimental de Manuel Varela Buxán que xira arredor da emigración á que se viron sometidos milleiros de galegos a principios do século pasado e a dificultade de volver á terra e reencontrarse cos seus seres queridos.

Dirección: Manuel Solla.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'El grupo de teatro de la Casa Rosada de Poio actúa hoy en San Xulián', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Marín', 12 xaneiro 2003, p. 22.

Anuncio da actuación do grupo de teatro da Casa Rosada con *Triste chegada* na Casa da Cultura de San Xulián. Sinálase que é unha peza na que se tratan temas como o sometemento da muller ou a emigración, na que participan actores de idades comprendidas entre os doce e os setenta anos. Faise tamén unha breve historia desta agrupación, creada en 2001 cunha axuda dos Servizos Sociais e salientase o circuíto de teatro afeccionado creado en 2002 pola oportunidade que supón para os grupos afeccionados de dar a coñecer os seus traballos.

Metátese: *Vesania*.

Composición propia do grupo.

Dirección: Afonso García.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, 'Ós sons do teatro na Ulloa', *El Progreso*, 5 xaneiro 2003, p. 17.

Dáse conta dos actos conmemorativos do décimo aniversario do grupo Metátese, creado o 21 de decembro de 1992. Da historia da agrupación destaca o feito de que por ela pasaron máis de oitenta actores, que comezou representando obras de autores para rematar nas creacións propias e que está investigando con novas técnicas e formas teatrais. Da súa última montaxe destácase que os actores se convierten en cascudas e que nela fan participar ao público. Remata adiantando algúns dos plans de futuro da agrupación como a celebración da mostra de teatro afeccionado, as súas viaxes fóra de Galicia ou a colaboración con causas benéficas.

- Paula Bergantiños, 'Dez anos de Teatro Amador desde Palas de Rei', *A Nosa Terra*, nº

1.064, 10 xaneiro 2003, p. 31.

Historia do grupo Metátese con motivo da celebración do seu décimo aniversario. Lémbrese que entre os actos que tiveron lugar está a súa representación da peza *Vesania*, ademais de estar a organizar a cuarta edición da Mostra de teatro amator de Palas de Rei. Lémbrese tamén que o obxectivo co que naceu en 1992 foi o de achegar as manifestacións teatrais a todo aquel público que non pode gozar das de grupos profesionais. Recóllense as declaracións do director, Afonso García, que salienta a importancia de buscar novos camiños teatrais dentro da agrupación, denuncia a falta de medios materiais e técnicos e destaca a importancia de chegar aos máis desfavorecidos con cuestións que lles preocupan. Remátase aludindo aos compromisos adquiridos polo grupo tanto a nivel social coma profesional.

- Elvira Fente, 'Teatro solidario', *El Progreso*, 'Especial Palas de Rei', 6 abril 2003, p. VI.

Achega á traxectoria de Metátese da que se lembra que as súas últimas actuacións foron coa peza *Vesania*, unha creación propia da agrupación coa que percorreron diferentes lugares de Galicia e España. Recóllense tamén as palabras de Xabier Souto, guionista do grupo, nas que explica cómo comezaron a colaborar coa Organización Non Governamental "Meniños" e as actuacións que teñen levado a cabo a prol deste colectivo. Saliéntase que as obras que eles escriben teñen contido social, como *Silencio*, a súa última peza, na que se recollen escenas que non foran aproveitadas para a anterior, e remátase facendo alusión á promoción que este grupo fai do teatro afeccionado na comarca.

O Carballo: *O rei nu*.

Intepretación: Lucas Rigueira Rei, Jesús Ángel López Sixto, Susana Rigueira Rei, Rocío Gayoso Calzas, Olaia Iglesias Castrillejo, Teresa Gómez Feás, Elena Fernández Iglesias, Gemma Rodríguez Osorio, Lucía López Vila e Ignacio Portela Gómez.
Luz e son: Miguel Fernández Iglesias.

Referencias varias:

- Zotero, 'El grupo de teatro 'O Carballo' reunió a unas 150 personas con su última obra', *El Progreso*, 'Zona Sur', 2 xaneiro 2003, p. 15.

Dá conta do éxito acadado polo grupo de teatro coa representación de *O rei nu* coa finalidade de apoiar a todos os afectados polo vertido do Prestige. Destácase o numeroso público asistente e a boa recadación que se logrou, á vez que se sinala o reparto da peza.

Quartoescuro: *Eu son un sernormal*.

Referencias varias:

- Belén López, 'Son seres normais', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 17 outubro 2003, p. 84.

Dáse conta da posta en escena de *Eu son un sernormal*, de Quartoescuro na Sala Camawey de Pontevedra, á vez que se achega á historia deste grupo de teatro afeccionado creado na Facultade de Ciencias Sociais desta cidade. Recóllense as declaracións dalgúns integrantes nas que explican a súa traxectoria, as pezas que teñen representado e o balance positivo dos seus dous anos de existencia. Desta obra explican que a levaron no pasado ano á mostra de Pontevedra e que é un "tratamento psicossomático intensivo contra a normalidade", posto que esta está representada pola enfermidade que debe ser tratada en catro fases: a negación, a aceptación, o tratamento e a recaída.

Teatro Avento: *¿Quen matou a Mari Lauri?*

Comedia estreada en 1996 na que se desenvolve unha trama que xira arredor das pescudas para resolver o asasinato dunha moza de dezaseis anos en estrañas circunstancias. Cando a policía decide pechar a investigación por falta de pistas, son catro señoras sen ningunha experiencia as que deciden seguir coa investigación e dan cun enxeñeiro xenético como principal sospeitoso. Esta peza, dende a súa estrea, foi merecedora de premios como o do "Certame de teatro afeccionado Ciudad de Reigosa" en 1997, o do "Festival de teatro afeccionado da Cabana" en 1999, o premio no "Certame nacional de teatro para afeccionados Ciudad de Benavente" en 2002 ou o primeiro premio do "VI Certame de teatro de afeccionados Ciudad de Arévalo" en 2002, entre outros.

Dirección e guión: Xoán Abreu.

Interpretación: Benito A. Correa, Xoán Abreu, Carlos R. Roca, Juancho Ferrón e Marcos Alonso Costas.

Escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento.

Luz e son: Lauri Abreu, Carmen Gutiérrez e Gustavo Loira.

Vestuario: Irene Dafonte.

Ver IIº Ciclo de teatro "Vigo a escena".

Ver IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Teatro Mutante: *Comida*.

Peza de Martin Van Veldhuizen na que se busca facer reflexionar ao espectador sobre os canons de beleza, a importancia do aspecto físico ou as relacións familiares da sociedade occidental actual.

Interpretación: Beatriz Bóveda, Ana Tegra e Mónica Sueiro.

Ver IIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Avilés de Taramancos, Antón, *Antoloxía*, escolma, introdución e notas de Ana Romaní, Vigo: Galaxia, febreiro 2003, col. Letras Galegas, 206 pp. (ISBN: 84-8288-594-4).

Selección de textos poéticos de Antón Avilés Vinagre (Taramancos, Noia, 1935-1991) realizada por Ana Romaní que vai acompañada dunha longa introdución na que a escritora e xornalista se achega a esa figura tanto desde o punto de vista biográfico coma literario. Repásase desde o seu nacemento, na parroquia da que tomou o nome artístico, e a súa infancia ata o seu regreso a Galicia desde o exilio sudamericano, pasando, entre outras, polas vivencias xuvenís na Coruña, cidade na que se formou politicamente. Baixo o epígrafe "Obra literaria. Os periplos de Ulises" Romaní sinala os eixos sobre os que xira a obra do noiés. Deseguido, en "Obra poética" e "Obra en prosa" faise un repaso á obra poética, desde os seus inicios en 1955 con *As moradiñas do vento* ata o volume póstumo *Última fuxida a Harar* (1991), recalando en *A frauta y-o garamelo* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961), *O tempo no espello* (1982) ou *Cantos caucanos* (1984) entre outros, e á súa obra en prosa, con *Nova crónica das Indias* (1989). No apartado titulado "Obra viva. *A atalaia e a memoria*" Ana Romaní detense no volume publicado no ano da morte de Avilés, *Obra viva*, que escolma textos en prosa do autor escritos maioritariamente entre 1985 e 1991, e sinala algunha das características máis importantes deste volume, de igual forma que fixo coa produción comentada en apartados da antoloxía previos a este. Ao final da introdución destácanse as pretensións de *Antón Avilés de Taramancos. Antoloxía*, as características formais que presenta, as edicións que se seguiron para este volume, á vez que se aclaran cuestións sobre a escolla ortográfica empregada e se engaden os agradecementos. Tamén se engade bibliografía de e sobre Antón Avilés. Na antoloxía propiamente dita atopamos composicións dos diferentes poemarios do autor e polo tanto de diferentes datas. Nestes poemas están moi presentes características e temáticas xa sinaladas na introdución, como por exemplo, o mundo da natureza, a temática erótico-amorosa, a ausencia da terra, morriña, saudade, paso do tempo, etc.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 5 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fíxase na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocupase nesta ocasión da escolma de Antón Avilés de Taramancos titulada *Antoloxía*. Sinalase que a obra é unha escolla, por parte da autora que a edita, Ana Romaní, dos textos de madurez do escritor e da súa obra poética, para unha maior comprensión do mesmo. Destácase que ao final do libro se inclúen unhas notas que facilitan a súa lectura.

Avilés de Taramancos, Antón, *Obra poética completa*, limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, A Coruña: Edicións Espiral Maior, marzo 2003, col. Opera Omnia, 480 pp. (ISBN: 84-95625-63-6).

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a editorial Espiral Maior recolle neste tomo a obra poética completa do escritor homenaxeado: Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, Noia, 1935-1991). Está composta polos oito títulos publicados en vida do autor, aos que se une un editado postumamente, arredor de trinta composicións dispersas, así como corenta inéditas que, completan a conta de poemas. Igualmente, a todos eles engáñense as traducións que fixera de *Crónica (Chronique)*, de Saint-John Perse, e *Cemiterio Mariño (Cimetière marine)*, de Paul Valéry. Ordenados cronoloxicamente, a recolección dá inicio coa súa primeira obra, *As moradiñas do vento* (1955), na que Avilés, cun estilo equilibrado e sereno, emprega a humanización do vento para amosarnos unha multitude de descrições e imaxes principalmente paisaxísticas, humanización que será empregada igualmente en *A frauta e o garmelo* (1959), o seu segundo poemario. Os poemas de amor chegan en *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959) e *Poemas soltos a Maricarmen Pereira* (1961), nos que vai xurdindo gradualmente un marcado erotismo. Estando xa en Colombia, Taramancos escribe *Os poemas da ausencia* (1963 e 1969), subdivididos ao mesmo tempo en dúas grandes partes ás que se lle suma un conxunto de poemas finais, no que xorde a paixonal nostalxia pola súa terra, a onde volve en 1980. Este acontecemento de suma importancia vital vese reflectido en *Nova crónica de Ulises*. De xeito semellante a como fora evocada Galicia en *Os poemas da ausencia*, en *Cantos caucanos* (1985) Avilés insírese na que fora a súa segunda patria, Colombia, enchendo os versos de imaxes exóticas e topónimos propios da zona. Volve ó seu eu máis íntimo en 1989 con *Torres no ar* para, en *Última fuxida de Harar* (publicado postumamente en 1992), rivalizar con espírito activo e positivo contra a doenza que lle está a matar e ver a morte coma unha volta ás orixes materiais. A publicación vese encabezada por un limiar no que Xosé María Álvarez Cáccamo realiza unha pormenorizada análise de toda a obra.

Recensións:

- Teresa Seara, 'A espada e o navío', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 28.

Iniciase o artigo facendo referencia ás múltiples publicacións que en todas as edicións do Día das Letras Galegas se realizan en torno ao autor homenaxeado, pero opina acerca da paradóxica situación provocada tras a celebración do mesmo segundo a cal é esquecido o autor brevemente, algo que non debería acontecer, no seu xuízo con Avilés de Taramancos, un dos máximos representantes da xeración das Festas Minervais. Logo disto, fai unha ampla referencia á recolección realizada por Espiral Mayor da obra poética completa do escritor noiés, incidindo e comentando con certo detemento as súas máis importantes obras.

Referencias varias:

- C. D., 'Antón Avilés a estrela de Espiral Maior', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 marzo 2003, p. 2.

Nesta nova incídese nas vindeiras publicacións que Espiral Mayor realizará en breve. Así, refírese á obra poética completa do escritor ao que é dedicado o Día das Letras, Avilés de Taramancos; á edición da poesía feminina coa estrea de Antía Otero e a inauguración dunha nova sección de teatro que recolle obras de Euloxio Rubial, Manuel Lourenzo e Pillado Mayor.

- Xesús Fraga, 'Espiral Maior reúne nun só tomo toda a obra poética de Avilés de Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 50.

Os nove cadernos de versos do autor noiés que forman parte do tomo *Obra poética completa* publicada por Espiral Mayor, conforman o groso desta nova na que, asemade, son recollidas as palabras que tanto Miguel Anxo Fernán Vello coma X.M. Álvarez Cáccamo pronunciaron ben na presentación do libro ou ben no limiar do mesmo, respectivamente. É incluída tamén unha columna na que se fai especial mención á publicación de poemas inéditos ou á inclusión de traducións feitas por Avilés de autores como Saint-John Perseo ou Paul Valéry.

- Carme Vidal, 'Espiral Maior publica a obra poética completa de Avilés', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 24.

Referencia á obra publicada por Espiral Maior na que se recolle a obra completa do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas: Avilés de Taramancos. Refírese á suma dos nove títulos que xa foran publicados á que se unen arredor de tinta composicións dispersas e corenta inéditas que completan a conta de poemas do que, considera Vidal, é un dos autores máis relevantes da nosa literatura. Non deixa pasar tampouco a inclusión de traducións de *Crónica*, de Saint-John Perse, e *Cemiterio Mariño*, de Paul Valéry.

- Xavier Castro R., 'O corpus lírico e a traxectoria vital de Antón Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 xullo 2003, p. 3.

Nova na que se fai referencia á obra publicada por Espiral Maior na que é recollida a obra completa de Avilés de Taramancos citando a publicación de poemas inéditos e traducións e parafraseando algunhas das palabras que X.M. Álvarez Cáccamo realiza no limiar do libro.

Avilés de Taramancos, Antón, *Escolma poética*, limiar e selección de Carlos Lema, Vigo: Galaxia □, maio 2003, 73 pp. (DL: VG 449-2003).

Escolma de poemas de Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, Noia, 1935-1991) entregada co xornal *El Ideal Gallego*. para conmemorar o día das Letras Galegas. Esta antoloxía inclúe un limiar de Carlos Lema titulado "Nota Biográfica" no que fai unha achega á traxectoria vital e literaria do poeta noiés. A selección de poemas inclúe vinte e un textos pertencentes ás súas obras *As moradiñas do vento* (1955), *A frauta y-o garamelo* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961), *Os poemas da ausencia* (1977), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e *Última fuxida a Harar* (1992). Esta mesma antoloxía foi entregada tamén aos lectores do xornal *La Región*.

Avilés de Taramancos, Antón, *Tres capitáns de tempos idos*, ilust. de Manolo Uhía, edición, introdución e apéndice de Pilar Sampedro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Merlín, nº 133, serie Verde, 67 pp. (ISBN: 84-8302-966-9).

Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, 1935-A Coruña, 1992) estruturou este texto teatral en tres lances nos que se narra con humor a través de tres personaxes principais e arquetípicos e dun poeta de renome en Galicia, a historia do país e da súa lingua, cómo naceu, cómo pasou por tempos escuros, cómo rexurdiu e cómo chegou a ser considerada na actualidade. O volume vai ilustrado polos debuxos realizados polo autor para a representación, é dicir, os bocetos de carácter espontáneo para a identificación dos actores, e polos que achega Manolo Uhía (Portonovo, 1944), que iluminan a lectura desta obra e mesmo axudan para a posta en escena, pois contextualízana. Encargouse da edición e do "Epílogo" Pilar Sampedro. Neste último, baixo os epígrafes "Pequena biografía do autor", "Avilés e o teatro", "Historia da peza" e "A primeira representación desta obra", dános noticia dos datos máis significativos da biografía de Avilés, das incursións deste no teatro, de cómo se xestou esta peza realizada mentres durou unha película de cine e das representacións que dela se fixeron. Esta obra tamén está incluída no apartado de literatura infantil por estar dirixida a un lectorado específico.

Recensións:

- María Navarro, 'Amor ao idioma', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Infantil/Xuvenil', 3 abril 2003, p. VII.

Dá noticia da publicación desta obra, unha edición póstuma, subliña, realizada por Pilar Sampedro. Fala da estrutura do volume e da historia narrada, que conta que é a historia de Galicia contada en "clave metafórica" polos personaxes que interveñen na obra. Salienta o didactismo que impregna cada intervención dos personaxes coa finalidade de dar a coñecer ao público mozo determinados aspectos que quizais lles son inapreciábeis. Fai fincapé en que non se debe perder de vista o contexto no que se insire a obra con escaseza de texto para escolares moi diferentes aos de hoxe que, afirma, xa non precisan obras coma esta.

Avilés de Taramancos, Antón, *As torres no ar*, Vigo: Galaxia, abril 2003, col. Dombate, nº 34, 64 pp. (ISBN: 84-8288-600-2).

Coa reedición deste libro de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992), publicado xa en 1989, ábrese de novo a colección "Dombate" de poesía. Hai que dicir que o texto é exactamente o mesmo que o da edición orixinal, se ben esta contaba con ilustracións de Alfonso Costa e Alejandro P. Pascual, coas que non conta a edición de Galaxia. As dúas portadas, aínda que distintas, son do amigo do poeta, Urbano Lugrís. O volume conta con arredor de corenta poemas, que se dividen en tres partes, "Cantos a carón da terra", "O cántico das naves: elexías do mar" e "A torre secreta" e conta tamén cun "Pórtico". As dúas primeiras partes e o pórtico están escritas en verso libre, mentres que a última son un total

de doce sonetos, algúns irregulares. As partes son entre si moi distintas, sobre todo a última cun ton moito máis comedido e alegre. O libro ábrese co "pórtico", onde a voz do poeta se dirixe á súa nai, facendo as veces de poética e conectando sobre todo coa primeira parte do poemario, a nai anúnciase como unha especie de musa que inspira a poesía sensualista do poeta. Serve este pórtico de preludio á primeira parte do poemario, "Cantos a carón da terra", porque tamén nesta as figuras femininas da nai e da avoa son os elementos centrais dos poemas, coas que se identifica a terra, á que están dedicados. A terra, a nai e a avoa confúndense para o poeta nunha figura de fertilidade e de sustento, de raíz do home, unha terra agrícola, fértil, na que agroma a semente, unha visión moi mística, metafísica e íntima. A segunda parte é a dedicada ao mar, que non non é visto tan íntimo coma a terra, aínda que hai referencias á infancia do poeta. O mar non é algo que ancore ao pasado e ás raíces, como a terra, é un mar no que hai grandes veleiros un espazo para o camiño, para a liberdade da aventura. Nesta parte é onde se ven máis referencias literarias e culturais, especialmente no poema chamado "Nemo", dividido así mesmo en varios, que ten citas de poetas como Dante ou referencias ao personaxe homérico de Ulises, obsesivo nel. É este, un espazo máis masculino, no que hai un poema que fala do pai mariñeiro. A terceira parte do libro son poemas de amor, cargados de erotismo, un repaso ao amor na súa vida, un canto de amor a todas as mulleres que amou. Son un sonetos nos que os sentidos da vista e do gusto se aproveitan ata o máximo para expresar o erotismo. O ton é moito máis distendido que nas outras partes, moito máis alegre. En definitiva, un volume moi dispar no que o sentimento de facer poesía lle dá unidade.

Referencias varias:

- C. Villar, 'Avilés de Taramancos e Yolanda Castaño resucitan a colección de poesía Dombate', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 24 abril 2003, p. 46.

Dá conta da reaparición da colección "Dombate", adormecida desde hai anos, e da publicación de *As torres no ar*, de Avilés de Taramancos, e *O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño, así como do acto de presentación dos dous libros.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Infantil/Xuvenil', 19 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre o poemario *As torres no ar*, de Antón Avilés de Taramancos, publicado por primeira vez en 1989. Sinálase que esta obra reflicte o pensamento do seu autor e salientase que é a "expresión máis lograda da súa madurez creadora". Tamén se achega á novela *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando, da que se dá conta no seu lugar correspondente.

- Xavier Castro R., 'Un canto emocionado ás persoas próximas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 22 xuño 2003, p. 4.

Celébrase aquí a decisión da Real Academia Galega de dedicar o ano 2003 a Antón Avilés de Taramancos, levando así a obra do autor, que se define como un dos mellores poetas galegos dos últimos anos, ao público xeral e dando un pulo ao seu estudo. Pero tamén se celebra porque supuxo unha nova etapa na "emblemática" colección "Dombate", na que se

nos lembra que publicaran autores dos máis destacados. Así, preséntase a reedición de *As torres no ar*, de Avilés de Taramancos, como obra continuadora desas grandes voces. Para definir a obra, recórrense a palabras do propio autor que falan de "recuperación da terra", e sinálase como temática máis destacada desta a figura da nai e da avoa, a terra e o mar cos seus mitos. Da edición, destácanse sobre todo as ilustracións de Alexandre González Pascual, Urbano Lugrís e Alfonso Costa.

Avilés de Taramancos, Antón, *Nova crónica das Indias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xaneiro 2003, col. Narrativa, nº 186, 129 pp. (ISBN: 84-8302-931-6).

A única incursión que fixo Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992) no eido da narrativa son unha serie de relatos que agrupou baixo o título de *Nova crónica das Indias*, se se exceptúa a obra de teatro *Tres capitáns en tempos idos*. O libro comeza con catro partes moi breves, sen título e a modo de proemio, que xunto co epílogo proporcionanlle á obra unha estrutura totalmente pechada. Nestes catro retallos iniciais evoca á súa avoa e a súa nai, presenta a Galicia mariñeira e a campesiña da súa infancia, lembra o duro traballo que levaban a cabo os mariñeiros da súa vila e remata reflexionando sobre algúns aspectos da emigración. O núcleo temático que une o resto dos relatos xira ao redor do indixenismo, a través do que o autor vai describindo diferentes circunstancias polas que tiveron que pasar os pobos americanos no proceso de sometemento á nova cultura, relixión e costumes dos conquistadores. Para isto o autor unhas veces bota man da ficción como no relato "O buscador de illas", co que se achega ás aventuras de illas fantásticas da literatura universal, ou no que relata a caza dun xaguar e, noutros casos, representa os indíxenas con nomes propios e a través das fazañas de personaxes históricos como no que narra a entrada de Álvaro de Oyón na praza de Neiva e as fatais consecuencias do seu levantamento ou o informe e datos do xenocidio na comarca de Planas. No epílogo co que remata o libro ("O regreso de Ulises Fingal") o autor narra o retorno de Ulises Fingal, pseudónimo que Avilés tomou do seu amigo Urbano Lugrís. Nel presenta unha despedida persoal moi íntima, na que incluso dialoga con Rosalía, Curros e Eduardo Pondal. Polo que respecta á forma, Avilés de Taramancos elixiu o xénero da crónica, á maneira das antigas crónicas que relataban o sucedido nos novos mundos. Empregou unha prosa poetizada, que en moitos dos relatos se transforma claramente en versos, unhas veces máis longos e outras máis curtos, que lle dan dinamismo ás experiencias, propias ou alleas, que está a contar. Abundan os americanismos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Á busca do carballo sideral', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Libros', 13 febreiro 2003, p. V.

Comeza transcribindo o desexo que Avilés de Taramancos formulou nun dos relatos que compoñen o libro *Nova crónica das Indias*: que no medio do seu peito naza un carballo sideral para que nel aniñen os ouriolos. A continuación eloxia esta única incursión no eido da narrativa do poeta noiés, destacando o talento que amosa neste libro e que, pese a compartir símbolos, personaxes e o rexistro lingüístico (cheo de americanismos) co poemario *Cantos caucanos*, esta obra narrativa está dotada dun "saíbo ben singular" na

tradición literaria galega. Prosegue aconsellándolle ao lector que supere certo cripticismo inicial que poida atopar nos relatos e que se deixe meter no "denso, orixinal e vizoso bosque" que constitúen as experiencias autobiográficas e outras tiradas da tradición indíxena que o autor foi plasmando ao longo da obra. Tamén fala da presenza do elemento ficcional en alternancia con esa realidade indíxena. Por último, deténse no derradeiro relato, "O regreso de Ulises Fingal", para explicar que este personaxe se trata dun heterónimo do propio Avilés de Taramancos, que á súa vez procede da pseudonomía adoptada do seu amigo Luguís Freire.

- Xavier Castro R., 'Un relato sobre a vida dos pobos indíxenas en América', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 4.

Presenta este libro como unha serie de relatos que o autor articulou empregando a fórmula da crónica dende o coñecemento e a implicación persoal durante os dezanove anos que estivo en Colombia. Clasifica estas narracións en lendarias, reais e autobiográficas, pero sempre coa finalidade por parte do seu creador de presentar os pobos indíxenas en continuo conflito cos conquistadores, retratando indios, indias, homes de armas e ilustres galegos. Destaca que nas catro primeiras partes do libro o autor inclúe instantáneas da súa vida familiar, persoal e da súa patria e que no epílogo, con "O regreso de Ulises Fingal", Avilés de Taramancos retoma a posición de narrador para recoller a voz da terra dende as persoas máis próximas e realizar unha persoal crónica de acontecementos, lendas e recreacións da súa realidade e traxectoria vital. Tamén fala de Ulises Fingal como heterónimo do autor e remata cualificando a obra de "fermoso libro de prosas diversas e engaiolantes, mostra das habilidades narrativas de Antón Avilés de Taramancos".

Referencias varias:

- AFA, 'A vida como odisea', *O Correo Galego*, 'AFA', 19 febreiro 2003, p. 31.

A propósito da reedición de *Nova crónica das Indias* cualifícase a prosa de Avilés de Taramancos de envolvente e cautivadora e preséntase como unha historia sobre as circunstancias que foron artellando a vida e o pensamento dos pobos indíxenas sometidos pola invasión europea. Nesta liña destácase o labor do poeta noiés tomando partido, a través da pluma, nos asoballamentos e denunciando as barbaries que se cometen nas terras virxes, que son queimadas polos colonizadores. Transe a colación palabras que o propio autor ten pronunciado sobre a proximidade cos personaxes da súa obra, tamén da influencia que sobre el tiñan exercido escritores colombianos, venezolanos, peruanos ou brasileiros. Resáltase a súa participación na vida política e cultural cando volveu de América. Remata este artigo coa enumeración de obras que van ser reeditadas co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

- Marcos Valcárcel, 'Memoria de Avilés', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 26 febreiro 2003, p. 85.

Selecciona e comenta brevemente algunhas das publicacións que as distintas casas editoriais están a sacar con motivo da celebración do Día das Letras Galegas en homenaxe a Avilés de Taramancos. Cita *Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé María Álvarez

Cáccamo, editada por Galaxia, da que di que nela se fai un percorrido pola súa biografía e o seu papel cultural e sociopolítico na Galicia dos anos oitenta; a antoloxía preparada por Ana Romani, tamén de Galaxia; a achega biográfica de Xosé Agrelo Hermo que saíu na colección "Faíscas" de Edicións Toxosoutos; e *Nova crónica das Indias*, en Edicións Xerais, que -segundo o xornalista- é un canto telúrico e indixenista cheo de denuncias e saudades. Menciona, así mesmo, a edición de *Cantos caucanos*, preparada por Martín Veiga e a obra de teatro infantil *Tres capitáns de tempos idos*, as dúas en Xerais. Finaliza esta relación mencionando a biografía e fotobiografía asinadas por M^a Dolores Arxóns e Xabier Castro, autores tamén do estudo limiar da reedición de *A frauta y-o garmelo* en Follas Novas.

- Helena Villar Janeiro, 'Nova crónica das Indias', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 4 abril 2003, p. 3.

A escritora lembra que de volta dos Premios da Crítica pediulle a Avilés de Taramancos un libro de relatos para a colección "Nabarquela" que ela coordinaba e que uns meses máis tarde lle entregou *Nova crónica das Indias*. Helena Villar cre que ninguén mellor que Avilés para descubrir mundos sorprendentes e para narrar a esencia do que pode considerarse como aventura, tal e como o demostrou describindo o seu pobo e as súas actividades de subsistencia nesta crónica. Destaca desta a incursión á alteridade feminina a través das figuras de súa nai e avoa e a maxistralidade coa que narrou a situación do indio colombiano. Remata dándolle as grazas ao amigo Avilés por obsequiala con este compendio literario que -segundo a autora lucense- vai do lírico ao épico, da experiencia ao mito, da acronía á precisión histórica, da orixe á aventura, do coñecido ao exótico, do mar á terra e do sentimento individual á vivencia colectiva.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Infantil/Xuvenil', 8 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do libro de relatos de Antón Avilés de Taramancos titulado *Nova crónica das Indias*. Sinala que o autor presenta o pensamento dos pobos indíxenas formados na evanxelización, nunha viaxe suxestiva e mítica polas terras americanas.

Avilés de Taramancos, Antón, *Escolma poética*, limiar e selección Carlos Lema, Vigo: Galaxia □, maio 2003, 75 pp. (DL: VG-459-2003).

Escolma de poemas de Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, Noia, 1935-1991) entregada co xornal *La Región* para conmemorar o día das Letras Galegas. Esta antoloxía inclúe un limiar de Carlos Lema titulado "Nota Biográfica" no que fai unha achega á traxectoria vital e literaria do poeta noiés. A selección de poemas inclúe vinte e un textos pertencentes ás súas obras *As moradias do vento* (1955), *A frauta y-o garmelo* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961), *Os poemas da ausencia* (1977), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e *Última fuxida a Harar* (1992). Esta mesma antoloxía foi entregada tamén aos lectores do xornal *El Ideal Gallego*.

Avilés de Taramancos, Antón, *Cantos caucanos*, edición de Martín Veiga, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Biblioteca das Letras Galegas, 150 pp. (ISBN: 84-8302-946-4).

Nova edición de *Cantos Caucanos*, que se publicara por primeira vez en 1985 na editorial Sotelo Blanco. Nesta ocasión a obra vai precedida dun estudo crítico de Martín Veiga, que comeza trazando un perfil biográfico do autor noiés. Continúa presentando a Avilés de Taramancos como poeta independente, aínda que destaca a súa adscrición á xeración de *La Noche*, dos 50 ou das Festas Minervais, segundo as distintas denominacións da crítica. Analiza tamén nestas páxinas iniciais o conxunto da obra poética deste autor, para logo deterse en *Cantos Caucanos*, obra da que comeza facendo unha achega histórica á súa edición. Segundo sinala neste apartado este foi o primeiro libro de Avilés ao seu regreso de Colombia, mais antes de ser publicado integramente na colección "Leliadoura", a parte central xa circulaba entre os seus amigos nunha edición non venal e posteriormente no caderno de poesía *Cen augas*. En canto ao significado da obra salienta que con estes poemas o seu autor intenta buscar un paraíso que xa non posúe e facer unha homenaxe a Colombia, o seu país de adopción. Detense ademais na temática e na forma de cada un dos trece poemas que compoñen *Cantos Caucanos*, botando ás veces man doutros críticos, para concluír o percorrido por esta obra fixándose na lingua e estilo. Como conclusión apunta que con estes poemas se introduciu o exotismo na literatura galega ao facer alusión á xeografía colombiana do Cauca. Con este estudo introdutorio pon de manifesto ademais a boa acollida que tivo esta obra, que no mesmo ano acadou o Premio Nacional da Crítica e quedou finalista do Premio Nacional de Literatura. Despois deste achegamento á obra e ao autor reproducense os cantos con abundantes notas a rodapé para facilitar o seu entendemento. Ademais este volume conta cun apéndice onde se reproduce o limiar de Basilio Losada Castro á primeira edición desta obra e cun glosario.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Un poeta orixinal', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Libros', 1 maio 2003, p. V.

Comeza sinalando que ao igual que outros anos cando se achega a celebración do Día das Letras Galegas, estase dando unha auténtica avalancha de publicacións sobre o homenaxeado neste día. Así, salienta que ao lado de libros sen interese pola súa escasa documentación aparecen algúns como a edición de Martín Veiga do volume poético *Cantos Caucanos*, que conta cun rigoroso estudo. Deste destaca a documentada interpretación sobre cada un dos poemas. Aproveita ademais para facer a súa propia análise, aínda que breve, destes versos nos que, segundo di, predomina a forza cósmica, a denuncia e a melancolía. Así mesmo reivindica este libro, que cre maxistral e un fito para o seu tempo.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 24 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do poemario *Cantos caucanos*, de Antón Avilés de Taramancos, publicado polo propio autor en 1985 e na que o poeta expresa a saudade por Colombia. A obra foi gañadora do Premio Nacional da Crítica e finalista do Premio Nacional de Literatura. Nesta ocasión a edición corre a cargo de Martín Veiga.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS

Agrelo Hermo, Xosé Lois, **Arxóns Álvarez**, M^a Dolores, *Antón Avilés de Taramancos (1935-1992). Unha fotobiografía*, colaboración de Salvador García-Bodaño, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Consello da Cultura Galega □♦, maio 2003, 139 pp. (ISBN: 84-7507-378-6).

Edición especial para o Día das Letras Galegas 2003 realizada por Edicións Xerais de Galicia e o Consello da Cultura Galega. Salvador García-Bodaño é o encargado de abrir o volume co ensaio "Antón Avilés, o sentimento fabulador da terra". Destaca a singular escrita poética de Antón Avilés de Taramancos (1935-1992) e o seu carácter "afable e leal, bo conversador, sempre emprendedor e optimista, soñador, cun acusado sentido humorístico, idealista, apaixonado, nacionalista, solidario, rebelde, dotado dun espontáneo don de xentes e cunha gran calidade humana". Recoñece tres trazos fundamentais na personalidade creativa e humana de Avilés: a construción dunha poética do sentimento, o impulso fabulador e o amor pola palabra e a vivencia da Terra. Tras dunha "Cronoloxía" preséntase a fotobiografía, dividida en catro bloques que atenden á infancia en Taramancos (1935-1953), ao tempo de formación e bohemia vividos na Coruña (1953-1961), a estadía en Colombia (1961-1980) e ao retorno a Galicia (1980-1992). Conclúe o volume cunha "Bibliografía".

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Un atractivo fotodocumento', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 5 xuño 2003, p. V.

Tras se referir a esta serie de fotobiografías que edita Edicións Xerais de Galicia como contribución á homenaxe ao autor celebrado no Día das Letras Galegas e que combinan a perspectiva clásica e a literaria, valora a achega biográfica de Dolores Arxóns e Xosé L. Agrelo que se suma ás realizadas ao longo de 2003 por Ana Romaní, Martín Veiga, Xosé María Álvarez Cáccamo, Aurora Marco ou Xavier Castro. Destaca que esta fotobiografía recupera unha apreciable cantidade de documentos e material fotográfico e comeza cun traballo limiar de Salvador García-Bodaño que une os aspectos biográficos e literarios de Avilés de Taramancos. Conclúe salientando que o volume supón unha atractiva viaxe pola biografía e a dimensión artística do poeta.

- Xavier Castro, 'Olladas de Antón Avilés: os amigos', *El Correo Gallego*, 'Correo das

Culturas', 27 xullo 2003, p. 3.

Presenta a *Fotobiografía de Antón Avilés de Taramancos* como o froito do labor anual de Edicións Xerais de Galicia, neste caso en colaboración co Consello da Cultura Galega, e do traballo de M^a Dolores Arxóns Álvarez e Xosé Luís Agrelo Hermo, dúas persoas moi próximas á obra e ao periplo vital do poeta. Salienta o rigor do traballo de Salvador García-Bodaño, fundamental na traxectoria de Avilés de Taramancos e amigo durante moitos anos, e a afortunada escolla gráfica e fotográfica do volume.

Referencias varias:

- Carmen Villar, 'Taramancos, foto a foto, verso a verso', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 17 maio 2003, p. 48.

Recolle as palabras dos responsábeis de *Antón Avilés de Taramancos. Unha fotobiografía*. A súa biógrafa, M^a Dolores Arxón, sinalou que neste libro dá conta do que Avilés de Taramancos foi e representou; Xosé Luís Agrelo, encargado do apartado gráfico apuntou que Avilés decidiu fotografar a súa terra antes de marchar a Colombia, unhas instantáneas que teñen un indiscutíbel valor sentimental; mentres que Salvador García-Bodaño salientou a súa capacidade de grande escritor e a súa condición de home afábel e leal, bo conservador, optimista e soñador. Coméntase ademais que o volume recolle duascientas imaxes que resumen toda a vida do poeta dende 1935 a 1992.

- E. P., 'Xerais e o Consello da Cultura editan un volume fotodocumental', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 75.

Infórmase da presentación de *Antón Avilés de Taramancos. Unha fotobiografía* no Consello da Cultura Galega, que se define como un percorrido fotodocumental realizado por Salvador García-Bodaño, Dolores Arxóns e Xosé Luís Agrelo. Sinálase que Manuel Bragado destacou no acto as diferentes achegas da publicación, que recolle máis de douscentos documentos, entre fotos, reproducións de manuscritos e portadas de libros. Dolores Arxóns comentou que a elaboración do libro supuxo un proxecto moi emocionante e que o obxectivo foi dar a coñecer a personalidade de Avilés de Taramancos dende distintas visións. Anúnciase tamén a publicación do libro-CD, *Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos*, por parte do Consello da Cultura Galega.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, Vigo: Galaxia, xaneiro 2003, col. Letras Galegas, 131 pp. (ISBN: 84-8288-591-X).

Biografía de Antón Avilés Vinagre (Noia, 1935-1992), na que se condensa toda a súa andaina, mesturando as peripecias vitais co seu quefacer político, cultural e, sobre todo, literario. O volume divídese en cinco capítulos. No primeiro, "Taramancos. A torre da infancia da infancia", céntrase na infancia na súa aldea natal e na primeira mocidade en Noia, salientando a grande pegada desta etapa de aprendizaxe na súa obra. No segundo capítulo, "A Coruña. Os soños na fronte da patria", fai referencia á súa estadía na Coruña, onde, di, levaba unha vida bohemia e se relacionaba con intelectuais de todo tipo, entre

eles, Urbano Lugrís ou Uxío Carré. Non se esquece da intensa tarefa literaria neste momento. No terceiro capítulo, "Colombia. A outra casa", recolle a vida e a obra da emigración. Salienta aquí a maduración da súa escrita, destacando a influencia da terra de acollida e da morriña de Galicia. No capítulo cuarto, "Noia. O regreso de Ulises Fingal", alude á volta á terra natal e toda a actividade pública que leva ata a súa morte. Analiza máis sucintamente a produción literaria desta época e subliña a aparición dun novo discurso poético. No derradeiro capítulo, "Galiza. Esa permanencia que nos leva...", fai alusión ás homenaxes e recoñecementos póstumos, así como ás diversas publicacións sobre a súa obra. É un traballo que bebe de diferentes fontes documentais, entre as que ocupa un lugar destacado a propia obra de Avilés. Tamén se vale da amizade que tiveran, de aí a emotividade coa que explica certos aspectos.

Recensións:

- Camilo Franco, 'Biografía vital dun poeta', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 2, 'Letras en galego', 22 marzo 2003, p. 7.

Despois de aprobar que a biografía dun poeta debe estar feita por outro poeta, subliña a axeitada combinación da vida e obra do homenaxeado neste volume. Asemade, define o libro como unha "biografía literaria e didáctica", xustificando brevemente isto. Así explica que, por unha banda, ofrece "un retrato equilibrado na dimensión de autor", recollendo diversos aspectos do seu quefacer poético e, por outra, trata de "ensinarnos ó poeta".

- Xulio Valcárcel, 'Vida de Antón Avilés', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 13 abril 2003, p. 4.

Denuncia que certos sectores non valoren o suficiente ao autor de *Contos Caucanos* por, entre outros aspectos, a súa condición nacionalista. Por outro lado, destaca a rigorosidade e o bo criterio deste traballo que, segundo afirma, xa fora ideado con acerto anos atrás. Así mesmo, pon de manifesto a relevancia do egrexio noiés e fai unha breve achega á súa vida, lembrando instantes puntuais desta. No que se refire ao eido literario, fai referencia aos seus primeiros escritos, á participación no grupo "Amanecer" ou á publicación de poemas da emigración en *Grial* da man de García-Bodaño.

- Román Raña, 'Sempre en Taramancos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Libros', 17 abril 2003, p. IV.

Destaca de entre todos os estudos sobre Antón Avilés este ensaio biográfico que chama a ser "modelo" de "reconstrucción biográfica" para outros autores. Refírese á amizade de Xosé María Álvarez Cáccamo co seu biografado e salienta que esta non impide o seu rigor e obxectividade. Así mesmo, observa o contraste documental e admírase dun estilo do que destaca "unha prosa acolledora". A seguir, céntrase na estrutura e achega uns poucos datos do libro, como a relación con Urbano Lugrís. Remata salientando que se soubo "transmitir, con éxito, a singularidade de Avilés como creador".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Vida de Antón Avilés de Taramancos', *Atlántico Diario*, 'Día das Letras', 'Musas', 23 marzo 2003, p. 41.

Alúdese á publicación de *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, realizada polo profesor Xosé María Álvarez Cáccamo. Sinala que foi publicada por Galaxia e lóase a construción da obra.

Arxóns Álvarez, M^a Dolores, **Castro**, Xavier, *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Letras Galegas, 134 pp. (ISBN: 84-8302-947-2).

Esta obra publicada con motivo do Día das Letras Galegas divídese en catro apartados. No primeiro "Cronoloxía", realizada por M^a Dolores Arxóns Álvarez, realízase unha percorrido cronolóxico pola biobibliografía de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992). No seguinte, "Avilés de Taramancos: Breve Crónica dunha singradura", realizado pola mesma profesora, analízase en profundidade a vida do escritor comezando cunha panorámica autobiográfica que realizara o propio Avilés en 1987. A seguir Xavier Castro Rodríguez en "Obra literaria: as arquitecturas da palabra" realiza o estudo correspondente a toda a súa produción literaria. Comeza facendo un percorrido pola Xeración dos 50, á que pertencía Avilés e a seguir estuda e comenta a súa produción comezando pola "Obra poética", onde se encadran *As moradias do vento* (1955), *A frauta i-o Garamelo* (1959), *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961), *Poemas da ausencia. Primeira Parte. Bogotá* (1963), *Os poemas da ausencia. Segunda Parte. Bogotá* (1969), *Nova Crónica de Ulises* (1978), *Cantos Caucanos* (1985), *As torres o ar* (1989), *Obra inmisericorde* (1990), *Última fuxida a harar* (1992). Na súa "Obra dramática" fala por exemplo da peza *Tres capitáns de tempos idos* (1983). En "Obra en prosa" trata as creacións *Nova crónica das Indias* (1989) e *Obra viva* (1992), que permaneceu inédita ata que Ana González Vázquez realizou unha escolla de artigos escritos en diferentes publicacións periódicas ordenándoos cronoloxicamente. Tanto este apartado coma o segundo inclúen fotografías do homenaxeado e dos lugares máis simbólicos. O libro finaliza co apartado "Bibliografía de e sobre Antón Avilés de Taramancos" realizado por María Dolores Arxóns, onde recolle todas as obras publicadas ata o momento sobre o de Taramancos.

Recensións:

- A.R., 'Mapa para ler a Avilés', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', maio 2003, p. 68.

O autor deste comentario, Armando Requeixo, achégase á obra que Lola Arxóns e Xavier Castro lle dedican a Avilés de Taramancos co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2003. Afirmar que de entre todas as monografías que se publican por estas datas, *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra* sobresa polo seu valor duradeiro no tempo, así como pola súa capacidade didáctica e o bo traballo da edición técnica, destacando a capa que reproduce un cadro orixinal de Alfonso Costa. Tamén enumera as partes deste volume editado por Xerais: "Cronoloxía", "Avilés de Taramancos: Breve crónica dunha

singradura", "Bibliografía" e "Obra literaria: As arquitecturas da palabra". En resumo, considérasea unha obra interesante tanto para especialistas coma para simples curiosos.

- Xosé Vasco, 'Coñecer a Avilés', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Letras Galegas, 2003', 15 maio 2003, p. IV.

Informa da publicación de *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra* por Edicións Xerais de Galicia dentro da súa colección "Letras Galegas" realizada por Lola Arxóns e Xavier Castro, que tamén prepararan a edición de *A frauta i-o garamelo* en Follas Novas (2000). A seguir, realiza unha análise dos contidos da obra, dos que sinala que Dolores Arxóns comeza o libro cunha guía sobre Avilés e a continuación ofrécenos a súa biografía. Logo indica que Xavier Castro Rodríguez realiza a traxectoria bibliográfica do homenaxeado. A continuación indícanos que a obra finaliza cun apartado no que se recolle a bibliografía sobre Avilés. Conclúe o artigo recomendando a obra.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 17 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de dous libros da literatura galega: *Antón Avilés de Taramancos*, de Lola Arxóns e Xavier Castro, e *O bosque de levas*, Alfonso Álvarez Cáccamo. Da primeira comenta que o libro ademais de tratar da súa vida e obra tamén inclúe unha bibliografía sobre o autor e presenta fotografías cedidas pola familia de Avilés.

Biblioteca Pública de Ourense, *Antón Avilés de Taramancos. Letras Galegas 2003*, Ourense: Servicio de Difusión e Orientación Bibliográfica ◻♦, 2003, [24] pp. (DL: OU-76-2003).

Volume publicado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2003 que se centra na figura do homenaxeado neste ano, Antón Avilés de Taramancos. En primeiro lugar faise un repaso biobibliográfico á figura deste autor noiés no que se pode atopar a unión vital e literaria xunto co mundo mariñeiro e labrego. Despois reproducense algúns fragmentos das súas obras como de *Nova crónica das Indias* (1989) ou algúns dos seus poemas. Na derradeira parte desta obra divulgativa indícanse -incluída a sinatura- todas as obras referidas á bibliografía de Avilés de Taramancos e aos estudos centrados na súa figura, que se poden atopar nas seccións galega e infantil da Biblioteca Pública de Ourense.

Calvo, Tucho (editor), *Avilés de Taramancos. Homenaxe*, A Coruña: La Voz de Galicia ◻, 2003, col. Biblioteca Gallega, 94 pp. (ISBN: 84-9757-103-7).

Homenaxe poética a Antón Avilés de Taramancos, ilustrada por recoñecidos artistas do país (Alfonso Abelenda, Xosé Manuel Cairo, Alfonso Costa, González Pascual, Lugrís, Ánxeles Penas, ...) e que recolle creacións de todos aqueles escritores que nalgún momento lle dedicaron un poema; resultan, en total, trinta e tres poemas nos que Xosé Manuel Álvarez Cáccamo, Manuel Álvarez Torneiro, Lino Braxe, Dario Xohán Cabana, Xosé Manuel Cairo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Francisco X. Fernández Naval, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Salvador García-Bodaño, Bernardino Graña, M^a do Carme Kruckenberg, Arcadio López-Casanova, Manuel María, Martín Veiga, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Chus Pato, Ánxeles Penas, María Xosé Queizán, Xesús Rábade Paredes, Antón Reixa, Manuel Rivas, Xavier Rodríguez Baixeras, Xavier Rodríguez Barrio, Ana Romaní, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xavier Seoane, Xulio López Valcárcel, Paulino Vázquez Vázquez, Eva Veiga, Luísa Villalta e Helena Villar Janeiro amosan a súa amizade e admiración polo poeta noiés. O libro inclúe, así mesmo, outros tres apartados: "Confidencias con Antón Avilés de Taramancos", no que Xosé Manuel Beiras escribe a Antón Avilés de Taramancos para narrarlle, entre outras cousas, as reaccións do pobo galego ante a catástrofe do Prestige; "As horas luminosas", no que Ana Romaní se achega á figura do poeta noiés, destacando o seu periplo vital e o seu profundo compromiso con Galiza, coa lingua, coa cultura, ...; e "A obra poética de Antón Avilés de Taramancos", onde Miguel Anxo Fernán-Vello dá conta da produción poética do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Fariña Miranda, Carmen e Xavier Castro (editor), *De Rosalía a Avilés de Taramancos. Escolma do Día das Letras Galegas (1963-2003)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/tresCtres Editores/Federación de Libreiros □♦, 2003, 85 pp. (DL: C-572-2003).

Edición non venal que xorde dunha iniciativa conxunta da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ademais da Federación de Libreiros de Galicia. Ábrese cunha nota dos editores na que informan que o obxectivo do volume é divulgativo e pretende ser unha mínima mostra "de doada lectura para calquera lector" que se achega aos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas no período 1963-2003. A seguir, édítase un texto, nuns casos en prosa e noutros en verso, de cada un dos autores homenaxeados con motivo do Día das Letras Galegas dende 1963 que son: Rosalía de Castro (1963) Alfonso Daniel R. Castelao (1964), Eduardo Pondal (1965), Francisco Añón (1966), Manuel Curros Enríquez (1967), Florentino López Cuevillas (1968), Antonio Noriega Varela (1969), Marcial Valladares (1970), Gonzalo López Abente (1971), Valentín Lamas Carvajal (1972), Manuel Lago González (1973), Xohán Vicente Viqueira (1974), Xoán Manuel Pintos (1975), Ramón Cabanillas (1976), Antón Vilar Ponte (1977), Antonio López Ferreiro (1978), Manuel Antonio (1979), Alfonso X O Sabio (1980), Vicente Risco (1981), Luís Amado Carballo (1982), Manuel Leiras Pulpeiro (1983), Armando Cotarelo Valledor (1984), Antón Losada Diéguez (1985), Aquilino Iglesia Alvariño (1986), Francisca Herrera Garrido (1987), Ramón Otero Pedrayo (1988), Celso Emilio Ferreiro (1989), Luís Pimentel (1990), Álvaro Cunqueiro (1991), Fermín Bouza-Brey (1992), Eduardo Blanco Amor (1993), Luís Seoane (1994), Rafael Dieste (1995), Xesús Ferro Couselo (1996), Ánxel Fole (1997), os tres trobadores medievais Martín Códax, Johan de Cangas e Mendinho (1998), Roberto Blanco

Torres (1999), Manuel Murguía (2000), Eladio Rodríguez (2001), Frei Martín Sarmiento (2002) e Antón Avilés de Taramancos (2003). Indícase ao pé de cada un a procedencia do texto seleccionado e o ano de publicación.

Referencias varias:

- E. Á., 'Unha escolma cos homenaxeados polas Letras Galegas festexa o 17 de Maio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 abril 2003, p. 42.

Dá conta das iniciativas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para conmemorar o Día das Letras Galegas, entre as que está a publicación dunha escolma con textos de todos os autores homenaxeados ata o de agora neste día. Sinala que este volume foi presentado polos Conselleiros de Educación e Cultura nun acto no que tamén se asinou un convenio coa Federación de Libreiros para o fomento da lectura. Apunta que a tiraxe desta obra é de máis de trinta e cinco mil exemplares, que será agasallada a todos os que merquen un libro, que ademais terán un desconto do dez por cento durante o mes de abril. Explica que esta iniciativa terá continuidade no Día Internacional do Libro Infantil e no Nadal e remata lembrando algúns datos biográficos de Avilés de Taramancos e que a súa obra aborda temas como o amor, a terra e o mar, a patria e a saudade.

Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coord.), *Congreso sobre Antón Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, xullo 2003, col. Difusión cultural, nº 37, 245 pp. (ISBN: 84-453-3655-X).

Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Noia os días 3, 4 e 5 de abril de 2003. Tras os prólogos institucionais ofrécense os artigos que damos conta a seguir:

- Xosé Lois Agrelo Hermo, 'Os compromisos de Avilés', pp. 53-58.

Salienta o autor que Antón Avilés de Taramancos foi sempre un home comprometido con todo aquilo no que cría: a familia, a amizade, a terra, o mar, a lingua, a patria e o pobo. Así, tras destacar a importancia que para Avilés tiñan a familia e os amigos, sinala Agrelo Hermo que toda a súa obra poética se integra nos dous elementos que enmarcaron o seu nacemento e a súa infancia: a terra e o mar; sendo o sentimento telúrico tópico na súa obra. Tamén afirma o autor que a lingua foi o meirande compromiso asumido por Avilés, sendo este alicerce e fundamento de todos os demais compromisos do poeta. Destaca que Avilés recuperou a fala dos labregos e mariñeiros elevándoa a categoría literaria con verdadeira vontade de estilo, e que esta fidelidade á lingua continuaría no seu periplo americano. Será esta fidelidade á lingua a que o leve ao compromiso coa patria. Agrelo salienta como Avilés demostra a súa grandeza de espírito e a súa concepción universal do ser humano cando na longa estadía en Colombia se compromete coa cultura e coa identidade do país que o acolleu. Xa de volta en Noia comprométese coa súa vila natal, desenvolvendo unha actividade frenética no eido cultural. Deste xeito apunta Xosé Agrelo que poetas da talla de Ana Romaní ou Martín Veiga tiveron na taberna de Avilés o seu taller de formación. Por último, sinala que as actividades de Avilés en favor da comunidade se incrementaron a

partir de 1987, ao se facer cargo da concellaría de Cultura, e pasa a indicar algunhas das súas actuacións neste eido. Conclúe que a morte lle segou a vida a un grandísimo poeta, señor da palabra, estilista e perfeccionista excepcional, entrañábel e universal, pero, sobre todo, a un poeta comprometido.

- Vicente Araguas, 'Avilés de Taramancos: partida', pp. 11-35.

Abórdase neste traballo o período inicial da poesía de Antón Avilés de Taramancos, desde *As moradias do vento* (1955) até *Nova crónica de Ulises* (1978). Vicente Araguas analiza a evolución da súa poética e vaina pondo en relación coas publicacións doutros autores galegos coevos. Sinala as influencias de autores como Miguel Hernández, Pablo Neruda, Seamus Heaney, Amado Carballo, Celso Emilio Ferreiro, Blas de Otero, Aquilino Iglesia Alvariño, Bécquer e mesmo cantantes como Georges Brassens. Así mesmo, vai apuntando como trazos característicos destes primeiros libros o erotismo, a compoñente telúrica, o compromiso, o simbolismo, o expresionismo, o romanticismo simbolista de corte nerudiano ou o culturalismo, salientando que foi un pioneiro neste aspecto.

- Manuel Dourado Deira, 'Vivencias co poeta, retornado dun exilio voluntario', pp. 213-219.

Comeza Dourado Deira reflexionando sobre o estigma da emigración en Colombia que durante vinte anos padeceu Antón Avilés de Taramancos, e sobre os conceptos de "exilio voluntario" e "exilio emigratorio", chegando á conclusión de que alén de buscar sustento, o que levou a Avilés de Taramancos a emigrar foi o abafante ambiente político e sociocultural que se vivía no franquismo. Sinala así mesmo como a vida os achegou a ambos na loita diaria, de xeito que compartiron unha serie de vivencias que o autor pretende resumir aquí. Deste xeito destaca algunhas das ideas e inquietudes que compartían, que fixeron que a súa amizade derivase cara á colaboración. Así, Dourado vai desde as teorizacións na prensa sobre os problemas que nos afectan até a acción política, repasando as principais actividades que Avilés levou a cabo como concelleiro de cultura en Noia durante o goberno do BNG. Finalmente o autor aborda a dimensión relixiosa do poeta noiés, caracterizando a súa fe como "telúrica" e "extraoficial". Fe telúrica porque é percibida através do amor á terra, e fe extraoficial porque decorre á marxe, e mesmo en contra, da igrexa "considerada oficial". Sinala así que a igrexa que preferiría Avilés sería unha non aliada cos poderes deste mundo, identificada e comprometida co pobo ao que debería servir e que brillase pola súa humildade e xentileza.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Vida e poesía en Antón Avilés de Taramancos', pp. 19-25.

Miguel Anxo Fernán Vello sostén neste traballo que vida e poesía forman parte dun todo, sendo a vida do poeta, nos seus planos material e sensíbel, o alicerce substancial e experiencial da expresión poética do autor. Deste xeito salienta que a poesía de Avilés de Taramancos crea tensións moi particulares entre a vivencia e a linguaxe, e incorpora todo un tratado do coñecemento vivencial, irradiando nos múltiples planos de percepción que ofrece ao lector "unha profunda luminosidade do humano que transcende, unha estética da experiencia persoal intimamente unida a unha ética do sentimento colectivo". Analiza Fernán Vello como na obra poética de Avilés sempre está presente a dimensión da vida,

amosando através duns cantos, poemas, prólogos, etc., a conciencia que da fusión entre vida e poesía ten Avilés. Salienta así mesmo o carácter extraordinario que adquire esta dimensión biplánica, de fusión entre o biográfico e o literario, na súa obra. Conclúe que en poucas obras poéticas se percibe o misterio, a dor, o pracer e a aventura única de vivir como na de Taramancos, nada da tensión vital, da fe inmensa no acto poético e da conciencia activa da realidade e do tempo.

- Manuel Forcadela, 'Antón Avilés de Taramancos: poesía e indagación', pp. 137-152.

O estudo de Manuel Forcadela parte de tres afirmacións. A primeira, de Roland Barthes, sostén que o escritor finxe responder cando en realidade interroga. A segunda é a formulación de Jacques Lacan, que define o inconsciente como un saber que se articula como unha linguaxe. E a terceira é a idea de Friedrich Jameson de formular a ficción literaria como un conxunto de ideoloxemas, en tanto que síntomas do inconsciente social, manifestados non como respostas senón como dúbidas. Así, Forcadela manifesta o seu propósito de abordar algúns dos mundos cognoscitivos aos que a poesía de Avilés se aproxima sen posibilidade de afrontalos. Diferencia dúas posicións con respecto á escrita. A primeira suporía que o escritor ten algo que dicir, mentres que a segunda entende que o escritor non ten que dicir senón máis ben escoitar, sendo o seu un exercicio de recepción e non de emisión, pois o emisor sería a linguaxe. Deste xeito escíbese para saber, para descubrir o que non se sabe, fronte á primeira postura que pretende comunicar o que previamente sabe. Deste xeito, identificando a primeira coa corrente social-realista e a segunda coa culturalista, relaciona a oscilación entre as dúas posturas coa evolución da poesía galega nos oitenta. Salienta, así mesmo, o papel da sublimación, pois é através da sublimación que o poeta accede ao coñecemento, sinalando que a estrañeza da sublimación é un dos asuntos presentes en toda a temática de Avilés. Ao final da súa comunicación, Forcadela conclúe, en primeiro lugar, que Avilés non se vincula na súa obra co social-realismo, a diferenza do proceso común da súa xeración; en segundo lugar, que no seu regreso de América o poeta se identifica coa xeración dos 80, caracterizada por superar os postulados do socialrealismo, contribuíndo así a elevar a figura de Álvaro Cunqueiro dentro do sistema literario galego en detrimento de Celso Emilio Ferreiro; a terceira conclusión que apunta Forcadela é que o poeta debe apostar pola renovación da tradición, nunha fórmula que consegue a síntese das dúas oposicións binarias claves no pensamento de Avilés de Taramancos: creación poética e sociedade, e mais tradición e modernidade. Por último, advirte que o Día das Letras Galega pode levar a que algúns presenten a súa obra como produto dun poeta vividor, romántico e aventureiro, rexeitando o aspecto ético, de compromiso co país, coa súa lingua e coas súas xentes, sinalando que do equilibrio entre os dous polos é de onde xurdirá a visión máis atinada, ao ser nese ideoloxema onde se formula a súa pregunta principal, a súa busca.

- Luís González Tosar, 'Antón Avilés de Taramancos na revista Dorna', pp. 241-244.

Neste traballo abórdanse as colaboracións de Avilés na revista *Dorna*. González Tosar, tras lembrar o momento no que oíu falar por primeira vez do poeta, sinala que esta colaboración comezara no número seis da devandita revista coa publicación de "Os elementos do desastre ou canto do vello capitán Pablo de Rokha morto no exilio", que asinara Avilés como Ulises Fingal. No entanto González Tosar salienta a aparición no sétimo número de

Dorna, en abril de 1984, do "Primeiro canto Caucano", sinalando que supuxo toda unha revelación no panorama literario daquel tempo e que é unha peza fundamental para entendermos os textos escritos polo autor xa en Galicia a partir de 1980. E como mostra reproduce as dúas primeiras partes deste poema. Apúntase a seguir que no número oito aparece "Os que vedes o mar, védeo no vento...", con ilustracións do propio Avilés. Considera González Tosar que este texto é a mellor mostra das magníficas relacións que Avilés mantiña cos poetas máis novos daquel momento, falando mesmo da "xeración Dorna". Finalmente destácase a significativa presenza do autor noiés no número nove da revista, cun poema dedicado ao pintor e poeta Reimundo Patiño, a quen está dedicada toda a revista, e coas traducións que Avilés realiza de dous poemas do escritor inglés Jack Hill: "Desembarcos en Sicilia" e "Imprecación da moza celta ó soldado romano".

- María do Carme Kruckenberg, 'Os compromisos en Antón Avilés', pp. 37-41.

Tras un poema en memoria de Antón Avilés de Taramancos, a autora evoca o momento no que coñeceu ao autor noiés, cando acababa de chegar de Colombia, nun recital poético en Santiago de Compostela que tiña como obxectivo facer rexurdir a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Así, María do Carme Kruckenberg lembra a etapa na que Avilés e mais ela foron presidente e vicepresidenta, respectivamente, da devandita Asociación, as súas conversas na taberna do poeta sobre América, o cargo como responsábel de cultura no Concello de Noia, así como o seu amor por Galicia que o levou a se afiliarse ao Bloque Nacionalista Galego. Sinala a autora que nos seus últimos anos Avilés traballou no proxecto de culturizar ás xentes da bisbarra dun xeito xeneroso, restando así tempo á súa obra literaria. Finalmente Kruckenberg rememora a derradeira vez que estivo con Avilés, cando deixaron a presidencia da AELG para que se puidese renovar a súa dirección, e remata reproducindo o poema "Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos".

- Ánxeles Penas, 'O exilio interior na obra de Antón Avilés de Taramancos', pp. 195-211.

Ánxeles Penas comeza este achegamento á obra de Avilés rememorando como Salvador García Bodaño foi o fío condutor que a levou a saber da existencia de Avilés, así como a primeira lectura dos seus versos na revista *Grial* e o momento no que o coñeceu persoalmente, dez anos máis tarde, en 1980, no I Congreso de Escritores en Lingua Galega. A seguir fai referencia á publicación en 1982 de *O tempo no espello*, volume que recompilaba toda a produción de Avilés até o momento, e ao prólogo que asina García Bodaño, matizando a autora algunhas das aseveracións deste no tocante á relación entre vida e poesía en Avilés, pois sostén a autora que todos os grandes poetas transmutan as experiencias persoais para soerguelas do ámbito anecdótico e facelas entrar no territorio universal dos arquetipos. Penas cualifica a poesía de Avilés como unha poesía auroral, no dobre sentido de que é unha poesía de día, de luz, esperanzada afirmación ontolóxica, pero tamén de creación de lingua. Sinala a autora que é nos libros de mocidade onde se atopan os acenos máis ledos da súa poesía, nos que asoma o dominio da métrica e da música do verso, así como a riqueza e autenticidade da lingua. E apunta que é o feito de ter nacido a súa poesía tan chea de luz e de inocencia o que fai máis dramática a ferida que a ausencia introduciu no seu corazón, descubríndose non só un exiliado da terra senón tamén da patria, da luz e da inocencia; síntese, así, máis que un home, todo un pobo; asume unha dobre obriga, cara á terra e cara ás criaturas todas. A autora sinala a morte de Fina Barrios, o seu

primeiro amor, como o causante de que entrase o autor nas rexións infernais do sentimento, no lado escuro, ficando desde entón prefigurado o arquetipo luz-tebras, así como a eterna loita entre Eros e Tánatos. Afirmar Penas que é neste exilio incurábel do amor onde comeza para Avilés o verdadeiro exilio interior, cando é expulsado definitivamente do paraíso, sendo o desterro nas terras de alén mar unha prolongación dun desterro máis radical e máis íntimo. No entanto, ao regresar a Galicia Avilés dáse conta de que ten un novo amor, ten dúas patrias e non quere nin pode renunciar a ningunha. O seu canto afinado e enriquecido polos anos de exilio tórnase épico e solemne, cobrando por intres acentos homéricos. Sinala a autora que será a partir de agora un canto recio, maduro, aberto cara a un destino estelar, un canto no que todo aparece traspasado por un pulo grandioso. Nacen así os *Cantos caucanos* e *As torres no ar*, épica do periplo colombiano e exaltación de Galicia; a dor transfigurada fai aparecer unha nova luz; é o tempo de fundamentar, de reconstruír. Ánxeles Penas salienta neste traballo a importancia das imaxes do "espazo feliz", que teñen un peso decisivo na súa obra. Indica que son espazos de posesión e que deben ser protexidos contra forzas adversas porque frecuentemente están ameazados, e sostén que constitúen para Avilés toda unha topofilia, que se oporí, en doente antítese, á saudade. Abórdase así a loita por crear ese espazo e as consecuencias de ser un alleado, un exiliado, que supón unha constante teima por volver, por atopar porto seguro. Deste xeito, a autora afirma que ao recuperar a casa o poeta instálase na plenitude do seu ser. O centro de destino é "o lar recuperado", a terra prometida, aínda que xa non o inocente edén da infancia no que aínda non tiña coñecemento, senón o Pardés, o segundo edén que, como indica Penas, está prometido á raza adánica cando teña rematado os seus periplos. Este segundo edén só se consegue despois das probas, das experiencias e dos sufrimentos, xa que é unha terra interior conquistada, e xa non regalada.

- David Pérez Iglesias, 'Última fuxida a Harar: Luz e rebeldía', pp. 84-103.

Este traballo ofrécenos unha aproximación desde a materia textual, pictórica e manuscrita ao poemario *Última fuxida a Harar*. Tras sinalar que toda a obra anterior de Avilés se centra no conflito entre espazo e identidade, indica que este poemario concita outras complexidades, como a tensión entre unidade e dispersión, a diversidade de estilos e focalizacións, ou a desigualdade na tensión e no éxito poético. Salienta que é un libro extremadamente condicionado pola circunstancia vital e pola necesidade, sendo en realidade o xermolo de diversos libros, que estarían enmarcados polos paratextos. Así, cualifícase como un texto moi complexo, irregular por veces e enigmático. A seguir o autor analiza a dimensión pictórica do orixinal manuscrito. Afirmar que cando Avilés ilumina os seus textos está a descubrir un novo sentido, revelado no feito de pintar. Insiste en que a versión manuscrita do libro e a súa iluminación enfróntanos a unha realidade cualitativamente diferente: á poesía mesma, á poesía como acción e como vida no tempo. Deste xeito relaciona as pinturas de Avilés coas pinturas rupestres, identificando *Última fuxida a Harar* cunha cova, por ser unha acumulación de signos, unha comunión coa imaxe, sen secuencia temporal. Sinala que as pinturas que iluminan *Última fuxida a Harar* son necesarias porque nacen dun silencio ou dunha música, e primixenias porque rachan esa forma de escuridade que é o ruído e furia dos nosos días. Xogando co paralelismo das pinturas rupestres sinala que Avilés tiña que pintar porque o seu tempo acababa, sendo estes debuxos testemuños dunha pegada, de que estivemos aquí, unha comunicación que abrangue pasado e futuro e soña coa totalidade do tempo, o tempo sen datas da morte.

Defende o autor que é desde estas premisas desde as que hai que contemplar *Última fuxida a Harar*, insistindo en que é antes que nada unha experiencia visual, e analiza a relación que na obra se dá entre texto e pintura. A continuación o autor fai algunhas consideracións sobre o texto considerado de forma autónoma, sinalando que o poemario é unha loita pola luz, e que son catro os ámbitos desa loita: a incompreensión e rebelión do eu ante unha eternidade deshumanizada; a loita entre dous tempos históricos, o tempo imposto desde o poder e o tempo conquistado; o tempo como mito e finalmente a morte, o tempo como límite do corpo. Conclúe que nestes catro espazos hai unha palabra común: liberación. O autor finaliza cun recordo aos fillos de Antón Avilés e á súa dona Sofía, a quen dedica a súa comunicación, sinalando tamén que se Avilés estivese entre nós a súa voz diría "Non á guerra. Nunca máis".

- Xesús Rábade Paredes, 'O regreso de Ulises', pp. 27-35.

Malia partir da afirmación de que unha forza telúrica invade o ser do autor no seu regreso á terra, Xesús Rábade sostén que a poesía de Avilés amosa sempre unha dobre proxección, de maneira que o suxeito lírico que se abre no momento de reencontrarse Galicia sente a fonda nostalxia da anterior singradura, xurdindo así os "poderosos e imperiosos" *Cantos Caucanos*. Afirmar que unha obsesión no poeta é a relación coa terra como nai primixenia, e apunta os diversos modos nos que esta se manifesta na súa obra. Así, sinala como o sentimento da terra e da paisaxe é un dos núcleos temático-simbólicos de toda a súa obra. Tomando como referencia *As torres no ar* e *Última fuxida a Harar*, Xesús Rábade diferencia dúas liñas básicas que presiden o canto de Avilés. Por unha banda, unha liña vertical, da luz, do mundo aéreo, da plenitude erótica, unha fase optimista, esplendorosa e plena que dura todo o tempo da viaxe de ida, mentres non se instala nel a ferida do tempo e a nostalxia. Por outro lado unha liña horizontal, a perpetua singradura sen regreso, o horizonte de sombras da viaxe interior, a nostalxia do amor e a conciencia da finitude. Esta perda da inocencia lanza ao poeta, segundo Xesús Rábade, na busca de paraísos perdidos, acentuándose o sentimento da terra como nai universal. Afirmar así o autor que Avilés acerta no empeño de desvelar segredos, de lles pór de novo nome ás cousas, creando emocións cósmicas e desentrañando para Galicia e para o mundo unha realidade dignificada que logra aproximarnos con maior fidelidade á nosa propia terra, ao tempo histórico e aos ritmos do universo mediante a entrega ao instante e á evocación dun mundo plenamente vivido en harmonía cos seres e coas cousas. A seguir Xesús Rábade sostén que é unha constante na cultura galega a actitude, ás veces pagá e ás veces panteísta, de identificación coa paisaxe. Sinala así como esta actitude se combina na terceira década do século XX con tendencias literarias de diversas escolas, e as repercusións que isto ten nas xeracións posteriores. Salienta especialmente a figura de Manuel Antonio, e aborda os puntos de contacto que o entendemento do universo mariño ten en ambos autores. Finaliza o autor cunhas breves notas verbo do tratamento do tempo e da paisaxe na poesía de Avilés.

- María do Cebreiro Rábade Villar, 'A alteridade na obra de Avilés. A representación de América e a subxectividade das mulleres', pp. 71-88.

María do Cebreiro aborda neste traballo, partindo de *Nova Crónica das Indias*, a cuestión da representación da alteridade desde unha conciencia nacional, pero centrando o eixo teórico máis que no problema da identidade na cuestión do suxeito. Pártese da afirmación

de que tanto a identidade como a alteridade son figuras do múltiple, asumindo tamén a interrelación entre a conciencia do eu e a conciencia do outro, pois toda "autoimaxe" presupón unha "heteroimaxe". Sinálase que un pensamento do múltiple no ámbito cultural levaría á constatación de que o aceso ao mundo dos outros non é tanto un proceso dialéctico, dirixido cara á anulación ou síntese das distincións, senón máis ben un camiño aberto ao encontro, nuns casos violento e noutros reparador, coas diferenzas. Tendo presente que na obra de Avilés este "outro" se concibe case sempre como "outra", a autora pregúntase quen son estas "outras" na obra de Avilés. Así, María do Cebreiro desenvolve unha hipótese que responde a esta pregunta describindo o resultado dunha fusión poética entre dúas multiplicidades: as terras (galega e americana) e as mulleres (a amada, a nai e a avoa). Fundamentándose en nocións clave como "experiencia", "reparación" ou "subxectividade", trata de descubrir o sentido da tensión entre a territorialidade e a desterritorialización na obra de Avilés, que se referencia tanto na paisaxe galega como no fértil ámbito do Cauca, e que apunta tamén, dun xeito simbólico, a unha nova concepción da identidade feminina. A autora sostén que a representación literaria da vivencia física da terra, do amor filial e do erotismo non se manifestan en Avilés como movementos de agresión, ao xeito das crónicas de conquista, senón baixo a forma dun canto lírico e en ocasións épico, no que a subxectividade se expresa como multiplicidade e apertura á diferenza. *Nova Crónica das Indias* non é, pois, unha crónica máis da conquista, senón unha nova crónica da descuberta, ao recaer a énfase non na agresión senón no coñecemento e no desexo de restitución simbólica. Deste xeito María do Cebreiro destaca como tanto nos *Cantos Caucanos* como na *Nova Crónica das Indias* o encontro coa alteridade constitúe un acontecemento que converte o destino en azar e multiplica as orixes, permitindo a emerxencia do que é radicalmente outro e da que é radicalmente outra. Así, a autora defende que o encontro coa alteridade feminina e americana coñece en Avilés dúas modulacións posíbeis, non excluíntes, e que na súa alternancia dan testemuño da rica complexidade da súa obra. Afirmar que o saber amoroso como experiencia dos corpos e a súa conversión nunha experiencia colectiva asentada no desexo de reparación amorosa constitúen, en último termo, a materia poética dos *Cantos Caucanos* e a trama narrativa da *Nova Crónica de Indias*. Avilés opta na súa literatura, segundo esta investigadora, pola participación afectiva co seu obxecto, nun movemento de acción comunicativa que a autora denomina "intro-proxección". Por un lado o suxeito desprégase sobre o obxecto para se recoñecer nel; e polo outro asiste á manifestación da diferenza allea, xurdindo nel un desexo de apropiación da alteridade. En último termo, a proxección íntima do alleo sobre o propio constitúe a garantía dun diálogo lexítimo cos outros. No tocante á identidade feminina, apúntase que é no arranque da *Nova Crónica das Indias*, cando Ulises lembra a infancia perdida e constrúe a súa xenealoxía, onde a avoa se erixe como complexa síntese dunha concepción dignificadora da subxectividade feminina. Destaca como non hai esencialismo nesta concepción do feminino, ao se faceren avoa e bisavoa unha nos ollos da nai, empregándose creacións léxicas como "nai-avoa" ou "avoa-nena" para mostrar que son principios creativos encarnados textualmente, construcións arquetípicas, e non simples correlatos dunha identidade corporal unitaria. Sinálase así que Avilés canta o suxeito múltiple, que pode ser tanto o corpo que abeira unha multitude de voces como unha identidade plural que se distribúe irregularmente, tomando como asento moitos corpos. Finalmente conclúese que a experiencia individual faise unha coa conciencia da marxinalidade colectiva, de modo que a vontade de autonomía social, sintetizada nun entendemento político do dereito á reaparición histórica, pode transformar o espazo dos

desexos e dos corpos.

- Alexandre Ripoll Anta, 'Nova crónica das Indias: Galicia e América descubertas', pp. 231-239.

O autor comeza a súa comunicación lembrando como coñeceu a Antón Avilés de Taramancos e algunhas das ocasións nas que coincidiu con el. Parte dun traballo publicado en 1993 en *Luzes de Galiza*, "A América descuberta' Pondal e Avilés", no que confrontaba a visión de América de Pondal e Avilés á luz d'*Os Eoas* e de *Cantos Caucanos*, o primeiro identificado cos descubridores-colonizadores e o segundo cos nativos. Alexandre Ripoll céntrase nesta ocasión noutra obra do noiés na que a presenza de América tamén é central, *Nova Crónica das Indias*. Tras explicar á xénese da obra salienta que se trata dun libro concibido como obra de arte total, coa integración de texto e ilustracións baixo a forma de gravados *in modo antico* coevos da época da conquista. Así, critica enerxicamente a última edición que do volume publicou Xerais, por non respectar nin o deseño, nin a tipografía nin a intención do autor. Centrándose xa na obra, sinala que esta é a vivencia en América de Antón, unha crónica exuberante na que nos movemos polos espazos vividos e evocados por Avilés na súa andaina vital, e polas peripecias dos personaxes históricos ou de ficción da obra. No referente ao tempo da novela, indica que vai da conquista española até o pasado vivido por Antón Avilés; alternanse deste xeito relatos entre o pasado histórico e o pasado máis inmediato. Ripoll salienta o carácter de literatura de fusión que presenta a obra: fusión do lírico co épico-narrativo, do galego co americano na paisaxe, no sentimento telúrico, na lingua, na ficción e na historia, fusión de espazos e tempos, e fusión de literatura e vida de Avilés. Sinala tamén que se trata dunha obra polifónica, na que a voz do narrador principal alterna coas voces dos protagonistas dos relatos. A seguir, Alexandre Ripoll analiza a estrutura da obra, formada por tres partes, dúas paratextuais, a introdución e o epílogo, e unha terceira formada polos catorce relatos que quedan entre estas, abordando un a un todos os relatos do volume. Finalmente, Ripoll conclúe que Avilés se identifica totalmente coa América que descobre, facéndose un americano máis sen deixar de ser galego, sendo así fiel ás dúas patrias; e engade que, se a patria é a lingua, no caso de Avilés a patria galega se engrande coa riqueza do léxico e topónimos americanos.

- Blanca-Ana Roig Rechou, 'Avilés de Taramancos e a literatura infantil e xuvenil', pp. 43-51.

Sinala a autora que xa na súa etapa coruñesa Antón Avilés comeza a facer transparentes moitos dos seus compromisos persoais co país e as súas xentes, e toma o poema "Canto de nenos en roda", publicado en 1959, como o inicio do seu compromiso máis directo coa mocidade. Indica a profesora Roig Rechou que este compromiso se viu truncado pola emigración e, tras facer algúns apuntes biográficos sobre este período, salienta como ao seu regreso Avilés inicia a súa relación literaria coa mocidade apoiándoa, proporcionándolle canles de publicación, organizando recitais e reunións na súa Tasca Típica, etc. Labor que tamén realizou desde a asociación cultural Cataventos e desde a Concellaría de Cultura. Apunta, así, que autores como Manolo Nimo, Martín Veiga, María Xosé Canitrot ou X. M. Cairo Antelo publicaron os seus primeiros poemarios na colección "Verba que comeza". Porén, a autora advirte que Avilés non se preocupou unicamente de motivar á mocidade para a creación literaria, senón que tamén lles dirixiu a súa única obra en prosa: *Nova*

crónica das Indias. Obra que lle fora encargada por Helena Villar Janeiro para a colección Nabarquela, dirixida a estudantes de secundaria. Blanca Ana Roig ofrécenos unha análise das tres partes nas que se divide a obra, destacando a súa utilidade didáctica. Salienta o feito de estar escrita para un lectorado determinado, sen negar que sexa acaída para outros lectores. Así, critica que as editoriais Ir Indo e Xerais cambiasen a obra dunha colección xuvenil a outra dirixida ao lector adulto, argumentando amplamente a súa postura e desmontando algunhas das razóns aducidas para o cambio. A seguir, a autora indica que Avilés non só se comprometeu coa mocidade, senón tamén coa infancia, e que este compromiso levouno a escribir en 1983, a petición da mestra Pilar Sampedro, a peza dramática *Tres capitáns de tempos idos*. Tras expor o argumento da obra, salienta que Avilés demostra habelencia na estruturación dunha peza de teatro dirixida á infancia ao non se facer pesado o didactismo, e apunta que malia tratarse dunha obra articulada a base de monólogos e case sen acción consegue crear dramatismo e dinamismo através dos símbolos, dos efectos do sentimento e da participación do público. Alén disto, a autora destaca que o compromiso de Avilés co ensino e coa infancia non se reflicte só nas súas obras, senón tamén na realización doutras actividades e reflexións de grande interese neste ámbito, como a posta en marcha de certames literarios, de xornadas de teatro na escola ou como amparar publicacións dirixidas aos máis novos. Finalmente salientase a importancia que Avilés daba aos mestres, sinalando que este sentía que os mestres, alén de mediadores entre a infancia, a mocidade e a literatura galega, ían ser os mellores portadores e realizadores dos seus compromisos e dos compromisos de todos os que están a facer país.

- Pilar Sampedro, 'Avilés e a educación. Afortalar a semente, beber nas fontes e dar auga', pp. 59-70.

Lémbrese o compromiso nacionalista de Avilés, identificándoo co mito de Ulises. Identifícase así mesmo ao poeta co mito de Prometeo, por estarmos ante un mestre que ensina co lume purificador da consciencia. Neste traballo de ensinar que exerceu o poeta noiés a autora comeza salientando a vertente dirixida á infancia, pois era consciente da necesidade de asegurar a semente do futuro. Así, a autora fai unha enumeración de aspectos nos que Avilés se relacionou co mundo do ensino: disposición para acudir aos centros, apuntes facilitados ao profesorado, concesión de entrevistas a escolares, etc. Destaca deste xeito o apoio que prestou á escola dos oitenta, cando o idioma comezaba a entrar nas aulas e os profesores se atopaban sen materiais nos que se apoiar, como demostra escribindo *Tres capitáns de tempos idos* ou *Nova crónica das indias*, ou promovendo a publicación de *Versos para ler na escola* de Sebastián Paz. Pilar Sampedro continúa lembrando outras actividades como a posta en marcha desde a asociación cultural Catavento dos Encontros de Teatro na Escola e os certames literarios para nenos, a participación no Concurso de Xoguets non Bélicos, nos consellos escolares, na busca de alternativas educativas para o concello, etc. Así mesmo, a autora aborda a labor educadora de Avilés nun senso amplo de educación que acolle á cultura e á transmisión de valores e o traballo en relación cos máis novos, facendo fincapé no xeito de se relacionar cos mozos que tiña Avilés. Sinala Pilar Sampedro que o de Antón Avilés é un didactismo amplo, que abarca diferentes manifestacións. Así, afirmase que exerce a educación en senso amplo, no camiño de evitar a alienación, transmitindo os valores do país, dos saberes non oficiais, en cada ocasión que se lle presenta, educando através dos escritos en prensa ou nas intervencións públicas, achegando a cultura á xente. Conclúe indicando que se ben algúns destes textos

pertencentes á literatura de circunstancias poden estar próximo ao panfleto, sálvanse pola dose poética que conteñen e por quererem persuadir compartindo a materia dos soños.

- Anxo Tarrío Varela, 'As prosas de Avilés de Taramancos', pp. 121-136.

Comeza o profesor Tarrío abordando a cuestión da ficcionalidade como criterio co que delimitar o texto literario do texto non literario. Así, tras unha ampla reflexión teórica sobre estes límites apunta que a obra prosística de Avilés se reduce a dous títulos de diferente fasquía: *Nova crónica das indias*, o único con signos paratextuais claros que advirten ao lector que está ante unha obra de ficción, e un libro misceláneo que reúne discursos variados e moitas das súas colaboracións na revista *Barbanza*. Afirma o autor que *Nova crónica das indias* supuxo unha experiencia lectora exótica e refrescante no seu momento e que empata coa tradición galega de narrativa curta de Cunqueiro ou Castelao. A seguir, Anxo Tarrío realiza unha análise desta obra; explica a súa estrutura, indicando que o primeiro e o último texto teñen un carácter paratextual e funcionan como introdución e epílogo, como partida e regreso. Ambos sitúanse en Galicia e, entre eles, atopámonos con catorce pezas prosísticas que evocan episodios, paisaxes e personaxes da historia, da xeografía e da humanidade americanas, contrapóndose así ás crónicas clásicas de Indias. Aborda o caso dalgunhas personaxes como Pedro de Añasco ou Pedro Sarmiento de Gamboa, indicando que moitas delas teñen un transfondo real. Alén da amenidade das historias, o autor salienta a compactación que Avilés realizou para evocar na mente do lector, espacial e temporalmente, o ambiente do Caribe. Así mesmo, dá conta dalgúns dos recursos máis salientábeis empregados nas narracións, como as elipses, xustaposicións, enumeracións asindéticas, imaxes totalizadoras, metáforas fugaces e surrealistas, hipérboles expresionistas etc. En canto a *Obra viva* comeza reparando nas cartas coas que se abre e data o volume: "Carta gnómica a Urbano Lugrís" e "A carta que nunca escribín" dedicada a Celso Emilio Ferreiro. Sinala que se trata de dúas cartas ficticias, ao seren públicas e non teren destinatario real senón ideal. Trátase pois de cartas literarias, nas que o profesor Tarrío indica os diversos graos de contido referencial comprobábel e o que é pura imaxinación. Destaca o autor como nesta obra son recorrentes unha serie de ideoloxemas que Avilés desexaba difundir para que impregnasen o discurso nacionalista pasando a ser compoñentes básicos do mesmo, como a insistencia no poder liberador inherente á propia lingua ou o da tolerancia e erradicación do odio sen renunciar á radicalidade das conviccións nacionalistas. Tamén apunta Tarrío que todas as páxinas de *Obra viva* respiran o convencemento "idealista e algo inxenuo por veces" de que a misión do poeta non pode ser alleo ao compromiso social. Sostén que as dúas dimensións fundamentais da obra son a recuperación da memoria, a partir de semblanzas literarias de personaxes da cultura cos que mantivo contacto, malia ser ás veces fugaz ou simplemente textual, e de experiencias vividas polo poeta no eido da arte, da literatura, ou da vida; e as crónicas do acontecer cotiá desde o seu regreso de Colombia. O traballo finaliza reivindicando a dimensión máis vitalista e chea de sentido do humor de Avilés de Taramancos.

- Marcos Valcárcel, 'Avilés de Taramancos na tradición dos poetas do mar', pp. 171-194.

Estúdase a imaxe do mar nos poetas galegos, comezando polos trovadores medievais Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas, Paio Gómez Charinho, Xohán Zorro, Roi Fernandes, Nuno Fernandes Torneol e Afonso X. Dos poetas medievais pasa o autor ás

vanguardas, e máis concretamente a autores neotrobadorescos que recolleron o tema do mar e o espírito medieval nas súas composicións en obras como *Mar ao norde* e *Cantiga nova que se chama riveira* de Álvaro Cunqueiro, *Nao senlleira* de Bouza Brey, *Primeiras cantigas* de Xosé Díaz Jácome ou "Poemento da vida" de Xoán Vicente Viqueira. Sinálase que outro gran poeta do mar foi Eduardo Blanco Amor, co seu gran libro mariñeiro *Poema en catro tempos*, alén de Manuel Antonio, Cabanillas, López Abente, etc. Deste xeito chégase á poesía de Avilés de Taramancos, analizando a utilización do simbolismo do mar e sinalando como neste autor o mar é escenario de múltiples poemas. Así, Valcárcel sostén que o mar podería servir de fío condutor do conxunto dos seus libros poéticos, apuntando que estes teñen na saudade, a terra, o sentimento da patria e o amor os seus puntos vitais de referencia. Finalmente, o autor menciona algúns dos grandes libros que na longa posguerra do franquismo e na actualidade tiveron as nosas rías como motivo central de inspiración, e remata lembrando a traxedia do afundimento do *Prestige* e cómo está a mobilizar aos nosos poetas para crear desde un ton de denuncia xusto e inevitábel novos poemarios co mundo do mar como cerne.

- Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, 'Arredor de Antón Avilés de Taramancos e da integración de temáticas exóticas no sistema literario galego', pp. 153-169.

Partindo de que Antón Avilés de Taramancos é considerado un poeta singular dentro da súa xeración e mesmo un poeta exótico pola súa vinculación con Colombia e sobre todo por libros como *Cantos Caucanos* e *Nova Crónica das indias*, o autor propónse situar a transterritorialidade de Avilés e a súa capacidade de sentir e amar fondamente dúas terras dentro dun contexto de vinculación histórica permanente entre o autóctono e as influencias foráneas, sinalando as características especiais recoñecíbeis no caso de Avilés. Así, Afonso Vázquez-Monxardín comeza por analizar a imitación do alleo nos inicios da literatura galega a partir da influencia da literatura provenzal nos inicios da lírica galego-portuguesa. Aborda, a seguir, o peche arredor de si que a cultura galega viviu nos séculos escuros e a busca doutros modelos ao se decataren os intelectuais de que para normalizar a cultura é preciso combinar a expresión estética das temáticas e cuestións autóctonas coa apertura a modos literarios e argumentos de orixe exótica. Salienta o autor como a tradición cultural galega sempre se singularizou polo desexo de apertura ao mundo, e aborda diferentes mostras disto como o Manifesto nacionalista de Lugo, a obra de Risco, a revista *Nós*, as vanguardas, etc. No tocante ás temáticas exóticas e ás vanguardas, destaca o autor a obra *Estebo* de Xosé Lesta Meis pola súa fondura sociolóxica e descrición tanto da aldea de orixe como da emigración e a Cuba de principios de século aos ollos dun emigrante iletrado. A este respecto tamén se apunta a obra doutros autores como Euxenio Montes, Daniel A. Castelao, Federico García Lorca, Ramón Otero Pedrayo, Luís Seoane ou Eduardi Blanco Amor. Continúa Afonso Vázquez comparando os casos de Avilés e Celso Emilio, sinalando que a ampla cadea de paralelismo que existen entre ambos son máis aparentes que reais, pois se ambos emigran, escriben sobre a terra de acollida e militan na esquerda, noutros aspectos a distancia que os separa é enorme, debido, segundo o autor, a sensibilidades, formas de entender a poesía e recorridos vitais íntimos diverxentes. Finalmente, o autor achégase á obra da xeración da nova narrativa, a dos estudantes universitarios santiagueses dos anos cincuenta que continúan coa anovación de contactos, temáticas e formas expresivas, salientando os cambios sociais que viviu esta mocidade e como influíron nela. Conclúe Vázquez-Monxardín que Avilés foi un gran poeta, que

responde como poucos a esa intersección imprescindíbel para a creación literaria entre o orixinalmente noso e o chega de máis alá de nós.

- Martín Veiga, 'Cantos caucanos ou a saudade revertida', pp. 105-120.

Comeza o autor falando da historia editorial de *Cantos caucanos*, sinalando que é un proceso que encerra certas claves interesantes para o seu coñecemento certo e ofrece datos importantes sobre a complexa posición de Avilés de Taramancos dentro do sistema literario galego. A seguir, Martín Veiga reflexiona sobre as causas que levaron a Avilés a escribir os seus *Cantos caucanos*, tratando aspectos como a saudade que o poeta sente por Colombia ao instalarse en Galicia, mostra de cómo se integrara na vida colombiana, e destacando a forte vinculación que no caso de Avilés se dá entre vida e poesía. Sinala que se trata da procura dun paraíso que o autor xa non posúe, e que nesta busca incesante e imposible do paraíso perdido se oculta o verdadeiro sentido da obra literaria de Avilés de Taramancos. A seguir, repárase en certos aspectos da obra en si e nos poemas que a conforman, para desvelar parte dos trazos que lle dan unidade, tanto formal como temática. Así, tras unha análise pormenorizada dos poemas, faise unha valoración de conxunto, destacando que son varios os compoñentes que fan deste poemario unha obra única no ámbito da literatura galega: en primeiro lugar, a sabia utilización da experiencia persoal colombiana para tecer un discurso lírico que a transcende; en segundo lugar, a "prodixiosa potencia verbal" que consegue combinando o noso léxico patrimonial cos americanismos. Indícase que a súa ollada é atemporal, mítica, o que explica as transposicións cronolóxicas que se producen nalgúns poemas. Así, a magnitude dos feitos que a obra tenta abarcar propicia o ton épico de moitos dos textos que a integran, algo característico tamén doutras obras de Avilés. Apúntase tamén que nesta obra se confirma o emprego de escollas métricas como o hendecasilabo branco, o alexandrino ou o versículo, predominando o verso libre a carón de ritmos ou escollas estróficas tanto clásicas como produto do sincretismo e asimilación cultural operados no autor en Colombia, como mostra o ritmo de bambuco do poema "O piano". Saliéntase, por último, a suntuosidade da voz poética, demorada nesta obra nunha narratividade historicista propia da nova épica ao tempo que se entrega aos matices delicados da poesía lírica e elexíaca.

- Fidel Vidal, 'Reserva íntima', pp. 221-229.

O autor fai unha serie de reflexións verbo da poesía de Antón Avilés de Taramancos, sinalando que esta é a súa reserva íntima. Apunta que a palabra poética é o material máis nobre na forxa dos homes comprometidos coa liberdade e que só a voz do poeta será quen de salvar esta terra. Estas reflexións estrutúranse en oito epígrafes. Comeza con "Material da patria", ao que segue "Palabra compartida", sostendo que a poesía non é só unha forma de coñecemento, senón un xeito de vida compartida. Continúa con "O berro sublimado", onde define a poesía de Avilés como "un berro demudado que moldea alterando a figura, un berro cauteloso e preocupado". En "Nome da existencia" o autor reflexiona sobre o silencio na escrita, o consumo e destrución dos textos e mais a procura da existencia. En "Memoria da metáfora" comeza aclarando que a metáfora é o lugar onde a palabra pode superar o seu valor semántico. Sinala que hai que concibir a metáfora como un caso especial de inconceptualidade, indicando que é outra forma de conciencia, de vivencia, de memoria. No seguinte epígrafe, "O texto sensitivo", vincúlase a experiencia coa sensación e

a memoria que se asenta co paso do tempo, lembrando que a linguaxe escrita fainos revivir a experiencia do autor e a nosa propia. Indícase tamén que Avilés é unha proba do tópico que di que non hai textos neutrais, ao non haber dúbida da toma de partido e intencionalidade dos seus versos. A seguir, en "Victoria do perdedor", salientase que a poesía de Avilés é unha fartura de aire libre, abrangendo unha xeografía case cósmica sen descoidar o tamaño humano. Destácase que Avilés é un poeta que sofre a rente do chan, e que forma parte dunha caste de rebeldes nutrido de "frescuras e compromisos". Fálase tamén da importancia de aprender a ser perdedor, recalcando que ser perdedor, sobre todo nestes tempos, non supón non estar na verdade e coa verdade. No última epígrafe, "A voz que me aloumiña", o autor sèrvese dunha cita de Marcel Duchamp para indicar que a arte é un camiño que conduce a rexións que non gobernan nin o tempo nin o espazo. Apunta que é pola palabra que compartimos e nos comprometemos, desde a sinxela emoción, co home e coa terra; e finaliza cunha serie de preguntas retóricas que rematan co verso de Avilés "¿Escoitarán no mundo a voz que me aloumiña?"

Liñares Giraut, X. Amancio, Puentes Chao, Antonio, "Diccionario" Antón Avilés de Taramancos, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, 2003, col. "Diccionario"/Letras dous mil..., nº 3, 173 pp. (ISBN: 84-932667-3-6).

X. Amancio Liñares Giraut (Negreira, 1961) e Antonio Puentes Chao (Muras, 1961) abren este libro cunha "Presentación", na que explican que esta é a terceira obra da colección "Diccionario", que ten como fin espallar a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas e que vai especialmente destinada ao alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e Bacharelato. A obra, que se estrutura en sete partes, comeza cun "Limiar" de Salvador García Bodaño, onde describe a Antón Avilés de Taramancos como un poeta contemporáneo de gran forza lírica e poética; enumera algunhas das súas obras e manifesta a súa alegría por térselle dedicado esta homenaxe; sinala, finalmente, que esta obra é unha das máis recomendadas de cantas se publicaron este ano sobre a biografía e bibliografía do poeta noiés. De seguido, no apartado titulado "Autor" ofrécese unha coidada biografía do poeta, que se organiza en catro partes que fan referencia ás catro etapas vitais do autor: "Os primeiros anos", "Na Coruña e en Ferrol", "Dúas décadas en Colombia" e "Outra vez -e sempre- en Noia". No seguinte apartado, que leva por título "Creación", faise referencia á produción literaria de Antón Avilés de Taramancos; préstase especial atención a toda a súa obra poética, pero tamén ás súas traducións e obras en prosa, tanto de creación literaria coma ensaística; inclúese, así mesmo, o comentario dun texto poético. Seguidamente, en "Imaxes", inclúense ilustracións e fotografías relacionadas co poeta noiés e, en "Obras", ofrécese unha relación de toda a súa bibliografía. Nos últimos apartados, "Recolleita", "Recursos didácticos" e "Sinopse", preséntase unha selección de textos, diversas propostas de traballo para alumnos de ESO e Bacharelato e un cadro sinóptico que recolle os acontecementos máis significativos, en relación con Antón Avilés, acontecidos entre 1935 e 2003.

Recensións:

- M. Quintáns S., 'Un estudio sobre a figura de Antón Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 25 maio 2003, p. 4.

Fai referencia á publicación de *Antón Avilés de Taramancos*, o terceiro número da serie monográfica xenericamente denominada "Diccionario", coa que a editorial de Santa Comba 3C3 contribúe ao espallamento da figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Sinala que a obra, de clara vocación pedagóxica, mantén o esquema estrutural das anteriores e que inclúe un prólogo de Salvador García-Bodaño, un estudo da vida e obra de Antón Avilés, un conxunto de imaxes (fotografías e documentos) relacionados co autor, unha relación das súas obras e unha relación de estudos e traballos sobre o poeta, unha selección de textos e unha serie de recursos didácticos especialmente dirixidos ao profesorado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato.

Marco, Aurora, *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, xuño 2003, 336 pp. (ISBN: 84-95622-90-4).

Extenso volume no que se fai un demorado repaso pola traxectoria vital e a produción literaria de Antón Avilés de Taramancos. A súa autora preséntanos neste volume unha biografía autorizada de Avilés de Taramancos partindo dun gran traballo de hemeroteca adobiado coa axuda de testemuños orais e escritos. Comézase cun "Liminar" no que Aurora Marco apunta algunhas das características máis salientábeis deste estudo e a seguir temos os catro capítulos deste traballo. O primeiro "Taramancos. Infancia e adolescencia" repasa as orixes de Avilés de Taramancos, a súa etapa de estudante na aldea de Boa, en Noia, en Santiago de Compostela e o comezo dos seus estudos de Náutica na Coruña. Asemade tamén dá conta da súa temperá vocación literaria que comeza na revista *Tapal*. En "Na Coruña. Boémia e poesía" fala dos seus estudos, sen entusiasmo, de Náutica e da súa predilección polo mundo literario (teatro, tabernas, relatorios, lecer, etc.) e polo movemento estudantil "Amencer". Tamén se describe aquí o seu servizo militar en Ferrol, a súa amizade co pintor Xosé Luís Rodríguez Sánchez e o seu regreso a Noia. Este capítulo péchase coa reprodución de dezaseis cartas dirixidas a Avilés de Taramancos, datadas entre 1959 e 1961. "Colombia. Polas rotas da saudade", que é o terceiro capítulo, debulla a súa emigración a Colombia -Bogotá (1961-1970) e Cali (1971-1980)- até o seu regreso a Noia, así como a súa produción literaria *Cantos caucanos* (1985), *Nova crónica de Ulises* (1978), etc. Este apartado tamén remata coa reprodución de doce cartas de Avilés de Taramancos dirixidas a varias persoas -nomeadamente a Salvador García-Bodaño- e de trinta e seis misivas dirixidas ao propio Avilés de Taramancos, de Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Salvador García-Bodaño, etc. O apartado que pecha este estudo "Regreso a Ítaca" céntrase na derradeira etapa deste autor coa súa volta a Noia após vinte anos de exilio, referíndose ás súas numerosas publicacións, á creación da "Tasca típica" en Noia e á súa faceta como político dentro do BNG co que chegou a ser concelleiro de cultura de Noia. Este cuarto bloque complementase con dous anexos: o primeiro consta de seis textos que falan de Avilés de Taramancos e o outro está composto novamente por cartas de Avilés de Taramancos dirixidas a Alexandre González Pascual, a Tomás Barros e mais unha incompleta a Xosé Neira Vilas, e ao lado destas tamén temos outras dezanove dirixidas a Avilés de Taramancos de Basilio Losada, X. L. Méndez Ferrín, etc. Este amplo estudo, que conta con abondoso material fotográfico, incluso algún inédito, de apoio, péchase cos agradecementos aos numerosos informantes que tivo Aurora Marco.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Todo sobre Taramancos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', 'Libros', 8 maio 2003, p. V.

Alude nun primeiro intre ao volume *E.A.B Diante dun xuíz ausente*, de Gonzalo Allegue e a seguir céntrase en *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*. Sinala que este ensaio é unha das achegas biográficas-divulgativas-informativas máis salientábeis das publicadas até hoxe en día, debido á súa inxente cantidade de documentación, peneirada dende numerosos puntos de vista. Asemade destaca a exhumación dun abondoso corpus epistolar inédito e subliña que este volume contibuirá a rachar con certos tópicos que están presentes na vida de Avilés de Taramancos.

- M. Quintáns, 'Un francotirador da fermosura', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 11 maio 2003, p. 2.

Sinala que este libro é unha homenaxe a Avilés de Taramancos e que a súa autora recolle nel a historia da vida e dos libros deste escritor noiés, incluíndo a reprodución de douscentos documentos -documentos persoais, cartas a Avilés de Taramancos, debuxos, textos manuscritos, noticias de prensa, etc.- e de cento oitenta e seis fotografías. Recalca o seu ton didáctico, que a edición foi patrocinada polo Concello de Noia en colaboración coa Deputación da Coruña, e finalmente o recensionista realiza unha pequena achega aos diferentes apartados deste libro.

Referencias varias:

- J. G., 'Avilés de Taramancos quiso instalarse en Santiago al regresar del exilio', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 7 xaneiro 2003, p. L4.

Sinala que un dos asuntos que documenta *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura* é que Avilés de Taramancos estivo interesado en se establecer como libreiro en Compostela ao regresar do seu exilio colombiano. Tamén asegura que a súa autora xulga de grande interese o epistolario así como a relación de Taramancos con Ramón Piñeiro e con Salvador García Bodaño.

- Lolita Vidal, 'Un poeta de la hermosura', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 30 marzo 2003, p. L14.

Entre os actos sociais dos que dá conta atópase a presentación deste volume obra de Aurora Marco. Segundo indica, foi ela quen aproveitou esta presentación para instar á lectura dos textos deste poeta e recoñecer así a súa contribución á literatura galega. Ademais informa de que tamén tomaron parte neste acto o director de Toxosoutos, Xosé Agrelo, o fillo de Antón Avilés e o alcalde de Noia.

- Lorena Romero Carballo, 'Ferrol e Avilés de Taramancos', *Diario de Ferrol*, 20 abril 2003, p. 56.

Sostén que este libro deixa patente unha estreita relación de Avilés de Taramancos coa cidade de Ferrol e con algunhas persoas da comarca, como co poeta mugardés Lino Braxe. Fai referencia a que Alfonso Costas elaborou a portada deste volume e remata describindo as diferentes etapas da vida de Avilés de Taramancos.

- Xosé María Dobarro, 'Antón Avilés e Álvaro Cunqueiro: dous grandes', *Diario de Ferrol*, 'Oustravolta', 27 abril 2003, p. 26.

Coida que lendo as páxinas de *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura* se poden atopar referencias ao ambiente de afoego claustrofóbico, de cuartel ou presidio, no que se vivía durante a "negra dictadura franquista", e apunta que isto mesmo se pode ollar en *Cartas ao meu amigo*, de Francisco Fernández del Riego.

- Manuel María, 'Notas marxinais verbo da Peña Amanecer', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 22 xuño 2003, p. 8.

Faise unha breve referencia a este volume e a que, en contra do reiteradamente repetido e publicado, Miguel González Garcés nunca presidiu a Peña Amencer na que se integrou Avilés de Taramancos na Coruña na década dos cincuenta.

Roig Rechou, Blanca-Ana, **Sampedro**, Pilar, *Antón Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, abril 2003, col. A nosa memoria, nº 31, 165 pp. (DL: C-582-03).

Volume editado polas Consellarías de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, de Educación e Ordenación Universitaria e mais de Cultura, Comunicación Social e Turismo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Antón Avilés de Taramancos, no que Blanca-Ana Roig Rechou e Pilar Sampedro ofrecen unha achega pormenorizada a esta figura. A obra está estruturada en diferentes apartados como "Cronobiobibliografía", na que se atende de xeito pormenorizado aos aspectos vitais e intelectuais deste autor dende a data do seu nacemento ata a súa morte, apartado que se complementa logo cunha "Cronobibliografía póstuma", na que se recollen os actos de homenaxe, as edicións da súa obra e aquelas actividades de máis relevancia que tiveron lugar ata a decisión da Real Academia Galega de lle dedicar o Día das Letras Galegas e a Xunta de Galicia o ano 2003. En "Obra literaria" estúdase a traxectoria do autor de Taramancos, na que se diferencian catro etapas na súa poética: o ciclo de formación, no que se reúnen os poemas de xuventude publicados en revistas como *Tapal*, *Atlántida*, *Lar* ou *Sonata Gallega*; o denominado ciclo coruñés, iniciado en 1955 con *As moradiñas do vento* e continuado en obras como *A frauta y o garmelo* (1959) ou na poesía amorosa de *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959); o ciclo colombiano, que coincide coa súa estada neste país e no que escribiu obras como *Poemas da ausencia. Primeira parte* (1963), *Poemas da ausencia. Segunda parte* (1969) e *Nova crónica de Ulises* (1978); e, finalmente, o ciclo noiés, no que se encadran obras como *O tempo no espello* (1982), *As torres no ar* (1989) e *Obra inmisericorde* (1990). Tamén se atende á súa obra narrativa incluída en *Nova crónica das Indias* (1989) e *Obra viva* (1992), así como á súa faceta de tradutor. A seguir, dedícase un amplo capítulo á obra poética de formación

(1950-1955), na que se reproducen os poemas que viron a luz neste momento. O apartado final está constituído por unha ampla "Bibliografía", na que se diferencia entre primaria, que inclúe a poesía, a prosa, o teatro e as traducións e versións, e secundaria, na que se atende ás edicións, limiares e prólogos da obra de Avilés, a aqueles monográficos, colectivos e homenaxes tributadas ao poeta, a artigos en revistas e noutras publicacións periódicas, ás historias literarias, estudos sectoriais e antoloxías nas que se acolleu esta figura, así como enciclopedias, dicionarios e repertorios bibliográficos e mesmo páxinas web.

Referencias varias:

- AFA, 'Cultura dedica a Avilés un volume da colección 'A Nosa Memoria'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 13 maio 2003, p. 75.

Anuncia a publicación desta monografía arredor da figura de Antón Avilés de Taramancos, elaborada por Blanca-Ana Roig Rechou e Pilar Sampedro. Faise unha breve achega á vida do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, do que se salienta o seu compromiso coa lingua e o cedo que comezou a cultivar a poesía. Do mesmo xeito, tamén se dá conta dos actos organizados polo Consello da Cultura Galega, entre os que sinala un recital poético a cargo de Ana Romaní e Anxo Quintela, a presentación do libro-CD *Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos* e unha mesa redonda sobre Carlos Casares. Finalmente, tamén se dá conta dos actos organizados polo Centro Comercial Compostela para celebrar o Día das Letras Galegas e dirixidos aos máis pequenos como unha sesión de contacontos con Avelino González ou un taller de creación a cargo de David Otero.

Romaní, Rodrigo e Cristina Pujaltes (coord.), *Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos*, limiar de Ana Romaní, transcrición de Ana Salgado, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 2003, col. As nosas voces, nº 19, Libro e CD, 95 pp. (ISBN: 84-95415-69-0).

Este pequeno volume editado polo Consello da Cultura Galega en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas iníciase co limiar asinado por Ana Romaní e, deseguido, compílanse unha serie de poemas transcritos a partir da segunda edición de *O tempo no espello* publicado por Edicións do Castro en 1992, agás os poemas, "De cómo Reimundo Patiño..." tomado da versión publicada no número nove da revista *Dorna*, editada pola Universidade de Santiago de Compostela e do poema que pecha o volume "Chachahuí", recollido a partir da *Antoloxía* editada por Galaxia en 2003. Ademais dos poemas, na parte final do libro, recóllense dúas entrevistas realizadas ao homenaxeado. A primeira foi extraída do programa radiofónico *O son da súa vida*, conducido por Cristina Lombao en 1989 na Radio Galega e, a segunda, está tomada de *A Viborona*, conducido neste caso por Ana Romaní e Antón Rodríguez López en RNE. Radio 4 no ano 1988. Así mesmo, co volume entrégase un CD que contén os documentos sonoros inéditos gravados por Antón Avilés de Taramancos no ano 1974 en Cali (Colombia).

Tarrío Varela, Anxo (coord.), *Día das Letras Galegas 2003. Avilés de Taramancos*,

Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2003, 207 pp.
(ISBN: 84-9750-145-4).

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas que anualmente edita o Departamento de Filoloxía Galega. Nel acóllense traballos de diferentes estudosos arredor da figura do autor homenaxeado, que neste ano 2003 foi Antón Avilés de Taramancos. Baixo a coordinación de Anxo Tarrío Varela, o volume estrutúrase en dúas partes ben diferenciadas, por unha banda os estudos arredor da obra de Avilés e, pola outra, unha ampla bibliografía sobre o autor, na que se atende tanto aos volumes de carácter xeral nos que se lle deu acollida coma aquelas monografías e homenaxes nas que se ocuparon del diferentes críticos, ou mesmo a recepción que en publicacións periódicas tivo ao longo da historia, até chegar á súa presenza en diferentes páxinas web. Esta obra conta coas ilustracións de Alfonso Costa e ademais dos artigos que deseguida describimos tamén acolle o de Francisco Fernández Rei, "Noso é o remo e o adival. Mar e léxico do mar en Avilés de Taramancos", no que se centra no estudo da lingua do poeta de Taramancos.

- Anxo Tarrío Varela, "Avilés de Taramancos na(s) Universidade(s)", pp. 7-15.

A xeito de introdución, Anxo Tarrío Varela lembra a historia da conmemoración do Día das Letras Galegas dende 1963, relacionándoo co precurso vital de Antón Avilés de Taramancos. Como homenaxe ao amigo, reproduce aquí traducido ao galego o texto publicado no número cincocentos corenta e seis da revista *Ínsula* (xuño 1992) co que honrar a memoria de Avilés de Taramancos ao pouco de desaparecer. Neste artigo lembra cómo tivo coñecemento do poeta a través de Salvador García-Bodaño, cómo foi coñecendo as súas obras, a súa volta en 1980, a saída do prelo de volumes como *O tempo no espello* (1982) ou *As torres no ar* (1989). Tamén se ocupa do seu labor no Concello de Noia ou a súa colaboración no *Boletín Galego de Literatura*, no que publicou un corpus poético titulado *Obra inmisericorde*. Sinala que despois do seu pasamento o 22 de marzo de 1992 aínda se publicou *Última fuxida a Harar*. Remata salientando a satisfacción que lle proporcionou coordinar este volume dedicado ao amigo co que a Universidade de Santiago se suma á homenaxe do Ano Antón Avilés de Taramancos.

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Avilés de Taramancos: vida e obra", pp. 17-47.

Percorrido polo decurso vital de Antón Avilés Vinagre dende o seu nacemento o 6 de abril de 1935 ata a súa morte en marzo de 1992. Achégase ás súas primeiras composicións na revista *Tapal*, á vez que lembra o seu contacto na cidade da Coruña con intelectuais como Urbano Lugrís, González Garcés ou Álvarez Torneiro, entre outros. Estabelece diferentes etapas na súa vida, comezando pola de "formación", que chega a mediados dos cincuenta, e que comprende os poemas de xuventude caracterizados pola inxenuidade, os metros clásicos e asinados co ortónimo de pía. A "etapa coruñesa" é a que comprende publicacións como *As moradias do vento* (1955) e *A frauta i-o garmelo* (1959), na que predomina a temática da evocación da paisaxe, o mar e o vento ou a poesía amorosa. Da "etapa colombiana" destaca as dificultades económicas e a produción de poemas que enviaba aos amigos e coñecidos, con series tituladas *Poemas da ausencia. Primeira parte* (1963), *Poemas da ausencia. Segunda parte* (1969) e *Nova crónica de Ulises* (1980), caracterizada pola poesía amorosa e pola saudade e nostalxia da Terra. De volta a Galicia en 1980,

achégase á súa produción e ao seu labor cultural, ás súas abondosas colaboracións en revistas do momento, especialmente *Barbanza*, da que describe todas as súas colaboracións. Esta etapa denominada "noiesa" considera que é un resumo das etapas anteriores á que agora se lle engade a lembranza da terra colombiana de acollida. Sinala que as obras deste momento foron *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989), *Obra inmisericorde* (1990) e *Última fuxida a Harar*. Achégase tamén á súa obra narrativa *Nova crónica das Indias*, da que explica as vicisitudes dende que saíu nunha colección xuvenil até a súa publicación nunha colección para o público en xeral, e *Obra viva*. Do seu labor como dramaturgo destaca *Tres capitáns de tempos idos* e o texto inacabado "O fusquenllo", ademais de lembrar o seu labor como tradutor. Remata situando a Avilés de Taramancos na chamada por Anxo Tarrío "Xeración dos cincuenta", formada por autores que sen participar na guerra civil viviron as súas consecuencias, aínda que Roig Rechou establece unha unidade xeracional que denomina "De Galaxia ás Asociacións culturais dos sesenta", que buscaba o renacer da cultura galega e un cambio sociopolítico e cultural.

- María Xesús Nogueira Pereira, "A casa de Chachahuí. Aproximación a *Cantos caucanos*", pp. 49-91.

Estudo sobre a obra *Cantos caucanos*, de Antón Avilés de Taramancos, no que se comezan sinalando os condicionantes que para a súa obra tivo a longa estadía do poeta en Colombia, tanto para a recepción coma a valoración e a súa situación no discurso historiográfico e crítico da literatura galega. A seguir, céntrase neste poemario que foi o primeiro que realizou xa de volta en Galicia e que representa unha obra singular no corpus da literatura galega tanto pola temática (universo colombiano) coma pola experimentación lingüística. Na análise comeza deténdose na compoñente autobiográfica que críticos como Xosé María Álvarez Cáccamo teñen sinalado, para logo M^a Xesús Nogueira percorrer aqueles aspectos que fan dela unha peza central na traxectoria poética de Avilés de Taramancos, especialmente polos vínculos temáticos e estilísticos que establece con outras obras. Así, dáse conta da xénese do poemario, no que se inclúen poemas publicados con anterioridade; a súa estrutura en dúas partes coa viaxe como motivo central; os elementos paratextuais, que dirixen o lector cara ao repertorio da épica e da crónica; os eixos temáticos, que xiran arredor da evocación e homenaxe ás terras do Cauca; os personaxes baseados na realidade antropolóxica andina ou aqueles referenciais do mundo da música e da danza; a importancia de figuras como a da nai e da avoa, que se converten en interlocutoras; o tratamento do amor, o erotismo, a música, a saudade revertida e, finalmente, un estudo da lingua empregada.

- Martín Veiga, "O selo da identidade mítica: presenza da lírica medieval galego-portuguesa en *Última fuxida a Harar*", pp. 93-111.

Estudo do diálogo que Antón Avilés de Taramancos establece no poemario *Última fuxida a Harar* (1992) coa tradición a través da lírica galego-portuguesa, nunha obra escrita coa certeza da morte. Lembra diversas ocasións nas que Avilés se referiu á importancia da lírica galega medieval para a configuración da identidade de Galicia. Destaca que á importancia dos cancioneros medievais engadiu Avilés elementos como Compostela ou Rosalía de Castro, fundamentando así a universalidade de Galicia. Fai tamén un repaso polo resto da obra poética do autor para achegarse ao verdadeiro sentido da integración do mundo

medieval na súa obra literaria. Comeza por *O tempo no espello* (1982), do que destaca a influencia de Álvaro Cunqueiro e a corrente vangardista do neotrobadorismo; en *Cantos caucanos* (1985), no que percorre os diferentes versos de trobadores medievais presentes na obra; ou en *As torres no ar* (1989), obra que significou o reencontro do poeta coa terra e o mar da infancia, na que as referencias á literatura medieval se limita á serie "Nemo" e na que se detecta a presenza da materia de Bretaña. Considera que a verdadeira función das referencias medievais na poesía de Avilés é a de estimular o xurdimento de novas direccións de pensamento para encarar o futuro dun pobo secularmente lastrado. Do poemario obxecto de estudo céntrase nas dúas partes tituladas "Crónica dos antigos reis" e "As armas e os baroes assinalados", explicando a estrutura de cada unha delas e percorrendo os diferentes poemas que as compoñen e nos que se salienta a presenza da figura do rei D. Dinís, da materia de Bretaña, así como a súa tendencia cara a narratividade. Destácase que nestes poemas se trasloce a importancia que Avilés lle deu a esta época tanto pola súa significación para a lingua e poesía galega coma polo xurdimento do románico ou o auxo de Compostela, así como a constatación dende o presente da decadencia dos valores identitarios, un aspecto presente tamén en *Nova crónica das Indias* (1989), obra na que se dá unha concepción mitoloxizada do pasado. Conclúe que Avilés desenvolveu un intenso diálogo intertextual coa tradición lírica galego-portuguesa en *Última fuxida a Harar* e ao longo de toda a súa obra literaria en xeral, por ter asumido o corpus poético medieval como depositario dos valores esenciais da identidade tanto real coma mítica de Galicia.

- Arturo Casas, "O poema *Aínda ferido da caída*: alegoría e autopoética", pp. 113-123.

Estudo do poema "Aínda ferido da caída", incluído na segunda parte de *As torres no ar* (1989), titulada "Cantos a carón da terra", unha serie de cantos que Casas sinala que se dirixen a recuperar vivencias da primeira xuventude, nun cruxol de tempos no que introduce o procedemento do estrañamento provocado pola ausencia. A seguir fai un repaso pola obra poética de Taramancos que caracteriza por someter os seis poemarios a un eixe temático harmonizador que prima por veces aspectos esteticistas e culturalistas e por outras a emotividade con recursos propios da oda ou da sonoridade hímica. Considera que estas marcas favoreceron a integración do poeta na xeración dos oitenta, malia pertencer por "natureza" á xeración das Festas Minervais. Achégase ás características temático-formais de *As moradias do vento* (1955), *A frauta i-o garmelo* (1959), *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985) e *Última fuxida a Harar* (1992). Céntrase, a seguir, na análise semiótico-hermenéutica de "Aínda ferido da caída", no que atopa un "nido pendur autopoético" e "unha reflexión de natureza alegórica sobre a linguaxe literaria e a conciencia histórica do escritor". Considera que o emprego do mito do anxo caído está lonxe dunha reelaboración do tópico do orgullo ou desobediencia e se achega máis ao postulado por Walter Benjamin na súa apelación ao *Angelus Novus* de Paul Klee. Analiza tamén a estrutura temático-formal do poema, na que diferencia unha primeira parte na que o eu declara algúns atributos negativos da súa singularidade para logo reafirmarse na vivencia e necesidade de insubmisión permanente, o que produce que o texto xire arredor dun "eixo paradoxal-agonístico múltiple nas súas proxeccións" antitéticas. Remata poñendo as claves do poema en relación co ensaio "Criación e rebeldía", incluído en *Obra viva* (1992), no que Avilés de Taramancos manifesta a súa concepción do poeta que ten a misión de impugnar o mundo recibido e as súas representacións habituais, un síntoma cultural

enraizado na poética romántica e nas concepcións humboldtianas da linguaxe. Xustifica así a lectura como texto autopoético desta composición por definir a posición do poeta sobre a linguaxe e a Historia.

- Eulalia Agrelo Costas, "Bibliografía sobre Avilés de Taramancos. Volumes de carácter xeral", pp. 155-162.

Recóllense neste apartado as referencias a todos aqueles volumes de carácter xeral que acolleron estudos da biografía ou da produción literaria de Antón Avilés de Taramancos. Como adianta nunha breve introdución, Eulalia Agrelo Costas achega nesta bibliografía secundaria aquelas historias da literatura, enciclopedias de ámbito xeral e dicionarios específicos de literatura, así como os repertorios bibliográficos que trataron algún aspecto deste autor. Aténdese tamén ás antoloxías xerais ou de determinadas épocas ou temáticas da literatura galega que reproducen poemas de Avilés de Taramancos, para rematar cos estudos xerais que tratando un xénero concreto ou cuestións do sistema literario galego e que se deteñen no autor de Taramancos. Téntase con este conxunto heteroxéneo de volumes dar unha mostra da atención e análise que diversas xeracións de lectores e críticos fixeron da figura de Antón Avilés de Taramancos.

- Isabel Mociño González, "Bibliografía sobre Avilés de Taramancos. Monografías e homenaxes/Publicacións periódicas", pp. 163-168.

Apartado no que se dá conta das obras específicas que dende diferentes ópticas se ocuparon da análise da vida e obra de Antón Avilés de Taramancos, así como das homenaxes que lle foron tributadas a raíz da súa morte ou aquelas publicadas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas deste ano 2003. Chámase a atención sobre o feito de que moitos dos volumes foron publicados recentemente, o que se considera un síntoma de esquecemento desta figura e mesmo que as homenaxes viñeron moitas veces de man de escritores amigos.

- Isabel Mociño González/Alicia Munín, "Bibliografía sobre Avilés de Taramancos. Publicacións periódicas", pp. 169-204.

Recóllese neste apartado da bibliografía secundaria sobre Antón Avilés de Taramancos todas as referencias localizadas en revistas e xornais, de ámbito maioritariamente galego, atopadas ata o momento, moitas das cales aparecen dende o ano 1995 descritas no *Informe de literatura*, publicado anualmente polo Centro Ramón Piñeiro. Téntase con este repertorio ofrecer aos interesados na figura de Antón Avilés de Taramancos un material moi disperso co que poder configurar unha visión máis clara do tratamento e recepción que este autor tivo ao longo do tempo.

- Eulalia Agrelo Costas, "Avilés de Taramancos na rede", pp. 205-207.

Neste apartado final da bibliografía secundaria arredor da figura de Antón Avilés de Taramancos, Eulalia Agrelo Costas recolle aquelas páxinas web nas que se dá conta de diferentes aspectos do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, moitas delas con

motivo desta efeméride.

Referencias varias:

- E. P., 'Presentación na USC dun acto literario sobre Avilés', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 16 maio 2003, p. 76.

Anúnciase a celebración dun acto literario no Salón Nobre de Fonseca con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas a Antón Avilés de Taramancos. Sinálase que está previsto que asistan o reitor da Universidade compostelá, o director do Departamento de Filoloxía Galega, que presentará o volume *Día das Letras Galegas 2003. Antón Avilés de Taramancos*, e Anxo Tarrío Varela, que lerá unha conferencia sobre este autor.

- E. P., 'A USC réndelle homenaxe a "unha das voces poéticas galegas máis sobresalientes"', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 75.

Faise eco da celebración dun acto literario en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos na Universidade de Santiago de Compostela con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Sinálase que neste acto se presentou o volume elaborado por docentes e investigadores do Departamento de Filoloxía Galega, baixo a coordinación de Anxo Tarrío Varela. Recóllense as palabras de Ramón Mariño, director deste departamento, nas que se salienta que Antón Avilés de Taramancos foi unha das voces poéticas máis sobresalientes da literatura galega da segunda metade do século XX. Relaciónase a listaxe de colaboradores do volume presentado e indícase que Anxo Tarrío leu a conferencia "Avilés de Taramancos na(s) Universidade(s)", na que fixo un percorrido bibliográfico pola obra do poeta, no que salientou a súa obra prosística e a súa dimensión poética. Remátase aludindo á apertura dunha exposición no Claustro Alto de Fonseca dunha mostra sobre o poeta noiés.

- C. P., 'A celebración adiantouse a onte en institucións e entidades', *La Voz de Galicia*, 'A festa das Letras', 17 maio 2003, p. L5.

Dá conta dos actos de homenaxe a Antón Avilés de Taramancos con motivo do Día das Letras Galegas celebrados en diferentes institucións. Céntrase especialmente no acto literario que tivo lugar no Salón Nobre de Fonseca, ao que di que asistiron a viúva e os tres fillos do escritor, no que se presentou un volume coordinado por Anxo Tarrío Varela e ilustrado por Alfonso Costa. Tamén repasa outras iniciativas que se van levar a cabo en Santiago de Compostela como a entrega de tres libros gratuítos por parte do Concello a todos os usuarios do transporte público, as actividades para a infancia da Biblioteca de San Pedro ou o desconto dun dez por cento nos libros que algúns libeiros venden na Praza do Toural.

Veiga, Martín (coord.), *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Ensaio, nº 179, 201 pp. (ISBN: 84-8487-044-8).

Martín Veiga Alonso inicia este estudo que enfoca a obra poética de Avilés de Taramancos

(Noia, 1935-A Coruña, 1992) cun "Limiar" no que explica que a obra recolle as actas do congreso "Roots and Wings. The Poetry of Antón Avilés de Taramancos" celebrado no Irish Centre for Galician Studies da University College Cork nos días 22 e 23 de febreiro de 2003 e realiza a seguir unha breve introdución aos diferentes apartados que ten a obra, que está dividida en dous grandes bloques. O primeiro, "Crítica", contén ademais do apartado final dedicado á bibliografía, seis estudos dos que se dá conta a seguir. O segundo, "Poesía", está formado por unha "Escolma poética (galego-inglés) de Antón Avilés de Taramancos" que recolle unha selección de diversos poemas pertencentes a *Os poemas da Ausencia*, *Nova crónica de Ulises*, *Cantos Caucanos*, *As torres no ar* e *Última fuxida a Harar*, realizada por Martín Veiga e David Mackenzie, que incorpora tamén unha tradución ao inglés ao carón do orixinal galego. No seguinte apartado, "Resposta de seis poetas irlandeses á obra de Antón Avilés de Taramancos", os mesmos especialistas realizan a tradución ao galego das "composicións-resposta" que realizaron Matthew Geden, Trevor Joyce (Dublín, 1947), Gerry Murphy (Cork, 1952), Gregory O'Donoghue (Cork, 1951), Liz O'Donoghue (Cork, 1960) e Desmond O'Grady (Limerick, 1935). Os estudos incluídos neste volume son os de:

- David Pérez Iglesias, "Espacio e identidade. A poesía de Antón Avilés de Taramancos", pp. 13-43.

Analiza o simbolismo dos diferentes espazos que aparecen nas obras de Avilés de Taramancos. Destaca, entre outros factores, a case total ausencia de topónimos, agás en *Cantos Caucanos*. Afirmar que é exemplar en canto a que sinala unha derrota e salienta que nace da relación conflitiva que mantén o autor co seu "habitus", a interiorización, fundacional. A seguir, céntrase no espazo que xerou o "habitus" vital e literario de Antón, que é "refundado pola súa acción literaria e poética". Repasa logo as súas obras comezando por *Nova Crónica das Indias* onde indica que o cronotopo dominante é a casa. De *Obra Viva* apunta que é na que se atopan os textos que falan máis directamente de Noia. Avilés realiza, segundo David Pérez Iglesias, unha lectura metonímica (parte-todo) entre a vila e Galicia. Outros elementos que tamén están presentes son a "aldea", que é a supervivencia e a protección, o "bosque", que simboliza o mito da orixe, e o "mar", que é visto como medio de subsistencia dos máis pobres e ao mesmo tempo como proxección. Emprega os poemas e os relatos para recuperar o pasado. Indica que a primeira poesía de Antón vive nun diálogo "impensado e feliz". Logo analiza a súa produción poética tomando como punto de partida os tres períodos nos que pode dividirse: a súa etapa de formación e as súas primeiras obras escritas antes da súa emigración-exilio, nas que o amor e a natureza (metáfora de Noia) son as liñas temáticas dominantes, a da emigración americana e a que vai dende o seu regreso ata a súa morte. Na primeira destaca a radicalidade das emocións de orixe física e o sistema autónomo dentro dos sucesivos sistemas que forman a economía e a cosmovisión campesiña nas súas obras. Salienta que se produce unha "literaturización" dun habitus co que inda non houbo ruptura". Pola contra, a segunda etapa está marcada por ese factor. O espazo referencial deixa lugar a outro ficticio, ideal, busca no máis profundo do propio ser. Aquí é cando se consolidan as grandes macrometáforas da súa creación poética: o poeta como anxo rebelde e o poeta como novo Ulises. Na derradeira etapa retoma os tópicos do mar e do bosque pero cunha gran paixón. Repasa os aspectos máis importantes de *O tempo no espello*, *Última fuxida a Harar* e *As torres no Ar* que representan "a reconstrución dunha torre derrubada, a da propia identidade, a da nación".

Sinala que Harar é o lugar onde todos os signos son inútiles porque foron incorporados na acción, na vida, e que se resume en "saber onde estivemos e onde estamos".

- María do Cebreiro Rábade Villar, "A imaxe do río nos *Cantos Caucanos*: Novas figuras para identidade liminar", pp. 44-66.

María do Cebreiro partindo dunha lectura de *Cantos Caucanos* estuda a identidade na obra de Avilés de Taramancos, que para explicala aplica á imaxe poética do río. Indica que a obra de Avilés é un dos máis claros exemplos das múltiples dimensións e sentidos que pode ter o concepto. O tópico do río serve como elemento conciliador da tensión entre o desexo de expansión e a necesidade de acougo. O seu fundamento político baséase na idea de que o camiño das augas e o camiño da vida son o mesmo e de que os dous conducen a un lugar mellor. Analiza a seguir a identidade en clave nacional e reflexiona logo sobre o emprego do topónimo Taramancos como nome e indica que a épica do escritor noiés é amorosa e está vinculada coa "linguaxe da canción". Do mesmo xeito sinala que poden apreciarse en *Cantos Caucanos* referencias temáticas, prosódicas e melódicas cos sons e a canción caribeña. Afirmar que o mar e o río representan unha identidade móbil e que as figuras da feminidade son múltiples. Apunta que posibelmente a natureza salvaxe se presenta como emblema do Paraíso Perdido e a imaxe do río Cauca articula un proxecto retrospectivo da nostalxia. A continuación divaga sobre "¿A quen lle fala Avilés?" achegando, entre outras características, que Avilés canta na fronteira e sobre a fronteira do desterro, logo divaga sobre as diferentes teorías. Conclúe afirmando que a súa produción é "unha longa camiñada polos lugares que se foron sedimentando na memoria".

- Martín Veiga, "A reserva íntima: Poesía e poética de Antón Avilés de Taramancos", pp.67-86.

O autor fai unha reflexión sobre a poética de Avilés de Taramancos comezando por indicar que a súa entrega á poesía foi precoz, definitiva e que se mantivo inmutábel ao longo de toda a súa vida, empregando sempre e de forma comprometida a lingua galega, agás en contadas composicións. Nos poemas publicados con anterioridade ao seu exilio a Colombia os temas predominantes foron a expresión exaltada e celebratoria da natureza e a representación dos espazos naturais familiares, que tamén tocou en libros posteriores. Chama a atención sobre a reflexión arredor do discurso poético que aparece integrada nos textos líricos, que se amosa a miúdo formando bloques temáticos, redes isotópicas ou campos de sentidos que se poden clasificar en diversos conxuntos como a oposición luz-escuridade, poesía de simbiose coa terra, etc. A seguir estuda cómo se relaciona ese xogo opositivo entre a luz e a escuridade, que nun amplo número de ocasións aparece relacionado coa simboloxía da xénese, con reflexións sobre a identidade histórica galega ou con aspectos biográficos. Conclúe analizando o bloque temático da poesía de simbiose coa terra, que aparece ligada a un fondo autobiografismo e que se atopa relacionada coa idea da recuperación do Paraíso Perdido.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, "Labor da terra e soño marítimo na poesía de Antón Avilés de Taramancos", pp. 87-107.

Estudo articulado en cinco apartados que se abre con "A ollada simbólica", onde indica que a Poesía de Avilés actúa como lente transformadora, interrogativa e indagadora. A seguir realiza unha breve visión panorámica das primeiras obras. En "Terra e mar: Fusión e

contraste" afirma que Antón na súa etapa colombiana identifica o eu poemático co seu país empregando imaxes mariñas. Usa a metáfora do corpo formado por materias sólidos e substancias líquidas, que son un trasunto da terra e o mar. Ambos símbolos aparecen emparellados, ao igual que os seus sinónimos, en diversas obras como *Os poemas da ausencia*, mentres que noutras aparecen contrastados en diferentes apartados. A continuación en "O labor da terra" e "O soño marítimo" analiza por separado eses dous elementos temáticos amosando que a terra (labranza) representa a firmeza e o acougo, mentres que o mar (fusión) é o espazo de aventura e liberdade, escenario fantástico, océano de nostalxia concreta, etc. Conclúe co apartado "As trabes do universo" indicando que ese par simbólico aparece ao longo de toda a súa obra.

- Miro Vilar, "*Última fuxida a Harar*, a palabra do Poeta en herdanza", pp. 108-119. Análise da última obra de Antón Avilés de Taramancos, *Última fuxida a Harar* (1992), publicada logo da súa morte e Premio da Crítica Galega 1993. Comeza analizando a "Xénese, historia e recepción" que tivo, salientando, entre outros trazos, que Avilés concluíuna tres meses antes de falecer. A seguir explora "Os paratextos" facendo fincapé no subtítulo, *Derrota e singraduras*, no prólogo de Miguel Anxo Fernán-Vello, no poema do propio Avilés que precede ao contido da obra en si, nas escasas citas que aparecen e nas dedicatorias da obra. En "Estrutura e liñas poéticas" sinala que está formada por corenta textos poéticos estruturados en tres partes principais que contan con cadanseu apéndice ao final da obra. Logo fala brevemente de cada unha delas. Conclúe con "Repertorio formal e estilístico" apuntando que o versolibrismo, sen rima, no que domina a arte maior é a súa principal característica. Estilisticamente chama a atención sobre a gran sensorialidade e a sensualidade erótica dos poemas, que choca co propio drama existencial do autor. Remata sinalando que a linguaxe se caracteriza pola naturalidade.

- Luís Avilés Baquero, "Que a terra me conforte", pp. 120-128. Luís Avilés Baquero, fillo de Avilés de Taramancos, ofrece unha visión persoal da vida de seu pai incluíndo anécdotas persoais. Comeza por salientar a súa grande humanidade. Logo tamén fala da unión do ser humano co seu contorno que experimentou Avilés e o seu compromiso coa lingua, que propiciou que tivera que emigrar-exiliarse. Menciona tamén o compromiso social que manifestou como poeta e destaca a súa última obra *Última fuxida a Harar* na que verteu toda a súa creatividade.

Veiga, Martín, *Antón Avilés de Taramancos*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2003, col. As nosas fontes, nº 2, 59 pp. (ISBN: 84-932-977-0-4).

Baixo o título *Antón Avilés de Taramancos* atópase unha obra que fai un percorrido biográfico arredor do autor noiés homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2003. Martín Veiga Alonso (Noia, 1970) sinala que esta obra pretende amosar, dende a brevidade da súa extensión, cáles foron os principais avatares na vida deste autor falecido no ano 1992. Ilustrado cun importante número de fotografías, vai facendo un percorrido lineal dende a infancia en Taramancos ata o seu falecemento por mor dunha grave enfermidade. Deste xeito recóllense datos sobre os seus estudos, o seu temperán interese pola poesía, os anos de bohemia na Coruña, o seu compromiso político e artístico (mesmo colaborando en montaxes teatrais), a marcha a Colombia por medo ao franquismo, o seu regreso a Noia, os

traballos na hostalería, as novas colaboracións culturais e outro importante número de sucesos e avatares. Trátase, en conxunto, dunha obra breve pero intensa en canto aos seus contidos, acompañada por abondosos documentos gráficos e cunha lingua asequíbel que contribúe á intención divulgadora dunha obra desta índole.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Adeus ao ano Avilés', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. IV.

Infórmase da publicación da obra de Martín Veiga *Antón Avilés de Taramancos*. Coméntase que, ademais dun importante material fotográfico, consiste esta obra nun percorrido biográfico minucioso que incluso desvela aspectos pouco coñecidos do autor noiés e valórase positivamente o traballo de documentación do autor.

Referencias varias:

- M. O., 'Presentación literaria en el Teatro Principal', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra\Tabeirós\Provincia', 30 maio 2003, p. 27.

Informa de que o escritor Martín Veiga presentou a súa biografía sobre Antón Avilés de Taramancos no Teatro Principal da Estrada. Apunta algúns datos editoriais desta obra e sinala que Martín Veiga é profesor no centro de estudos de Cork en Irlanda. Salienta ademais que estiveron presentes neste acto o director da editorial, Xosé Luna, e o poeta Miro Villar.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A Xanela, 'Antón Avilés de Taramancos', *A Xanela*, nº 15, 'Festa das palabras', 2003, pp. 17-18.

Breve repaso pola biografía e obra literaria de Avilés de Taramancos, dende que publicou os seus primeiros poemas na revista noiesa *Tapal* e o seu primeiro poemario, *As moradias do vento*, pasando pola súa emigración a Colombia, ata a súa volta á vila natal e morte na Coruña o 22 de marzo de 1992. Así mesmo, enuméranse as súas obras poéticas (*A frauta i-o garamelo*, *O tempo no espello*, *Cantos Caucanos*, *As Torres no ar* e *Última fuxida a Harar*) e o libro en prosa *Crónica da Indias*. Tamén se fai referencia á súa actividade política e cultural en Noia. Acompáñase esta referencia bibliográfica con catro poemas: "Chachahuí" de *Cantos Caucanos*, "¡Pido para..." de *Poemas a Fina*, "Avoa, nai anterga..." de *As torres no ar*, e "Fusquenlla" de *Última fuxida a Harar*. Preséntase tamén unha páxina da revista *Lar*, que lle dedicara un número extraordinario, o Día de Galicia de 1954, a Avilés de Taramancos.

Alonso Girgado, Luís, 'Nas moradias poéticas de Avilés de Taramancos', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 7-20.

Pecorrido pola obra creativa de Antón Avilés de Taramancos. Comeza falando das primeiras composicións poéticas do autor, pezas de adolescencia que viron a luz na súa terra natal. Logo detense na traxectoria vital, a vida na Coruña, a emigración, o retorno, etc., etapas que se van datando xunto coas diferentes obras das que se fan comentarios tanto estilísticos coma temáticos. Fálase da súa evolución poética e recóllense comentarios doutros autores.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, 'A poesía de Antón Avilés de Taramancos: memoria da vida', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 21-26.

Referencia directa a algunha das temáticas cultivadas por Antón Avilés de Taramancos. Así, fálase da profunda saudade que enchen moitas das súas letras, da nenez lonxana e fermosa na aldea natal, na bipolaridade entre terra e mar e o interese por este último ou o amor, que domina en exclusiva dous libros de mocidade como son *Pequeno canto para un peixe xoven* ou *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*. Descríbense algúns volumes e débúllase máis polo miúdo a presenza dalgún destes temas na súa obra.

Arxóns Álvarez, M^a Dolores, '2003: Ano de Antón Avilés de Taramancos. Percorrido bibliográfico', *Alameda*, nº 12, xuño 2003, pp. 55-56.

Neste artigo de María Dolores Arxóns recóllense os volumes que, con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Antón Avilés de Taramancos, foron publicados no ano 2002 e parte do 2003 que abordan o estudo biográfico e desenvolven diversas investigacións sobre o escritor noiés. Tamén se inclúen títulos de Antón Avilés de Taramancos que acollen estudos críticos. Presenta en total dezasete títulos.

Axeitos, Xosé Luís, 'A arquitectura poética na obra de Avilés de Taramancos', *Boletín da Real Academia Galega*, 2003, pp. 27-40.

Coméntase a poesía do escritor barbanzano atendendo ao seu estilo e ás formas dos seus versos. Cualifícase a poesía de Avilés de Taramancos como sólida, atravesada "pola solidez do edificio poético" e chea dos ecos da nosa orixe histórica. Fálase do seu heterónimo Ulises Fingal, das etapas da súa creación, dende as composicións de xuventude até as últimas pezas e recóllense algúns poemas que van ilustrando as análises teóricas da produción do autor.

Bernárdez, Carlos L., 'Publicacións sobre Avilés de Taramancos', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, , pp. 111-113.

Tal e como indica o título desta achega, Carlos L. Bernárdez realiza un repaso pola bibliografía que, co gallo do Día das Letras Galegas en homenaxe a Avilés de Taramancos, se tirou do prelo, cifrándoas nun trinta por cento da produción total galega do mesmo ano. Clasifícaa en edicións e reedicións de libros do autor e os estudos sobre a súa figura e obra. Dos primeiros salienta a *Obra poética completa* cun estudo de Xosé María Álvarez Cáccamo, da editorial Espiral Maior; o labor de Galaxia, que abriu a colección "Dombate" con *As torres do ar*; as redicións de *Cantos caucanos*, baixo a responsabilidade do tamén

poeta noiés Martín Veiga; de *Tres capitáns de tempos idos* -na colección "Merlín" e en edición de Pilar Sampedro e ilustracións de Manolo Uhía- e de *Nova crónica das Indias*, todas elas publicadas en Edicións Xerais. Das antoloxías destaca a feita por Ana Román para a editorial Galaxia e a elaborada para A Nosa Terra por Xosé María Álvarez Cáccamo. Polo que respecta aos estudos salienta dous traballos de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Vida e obra de Antón Avilés de Taramancos* e *Avilés de Taramancos*, que preparou para a editorial Galaxia e para A Nosa Terra, respectivamente; *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura* que é un ensaio de Aurora Marco; *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra* publicada na colección "Letras Galegas", que nesta ocasión chega das mans de M^a Dolores Arxóns e Xabier Castro; *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos* de Pilar Sampedro e Xosé Agrelo Hermo, entre outros. Para rematar subliña o libro realizado por Martín Veiga para Edicións Fervenza, nunha coedición realizada polo Concello de Noia e pola Universidade de Cork e o *Diccionario Antón Avilés de Taramancos*, de X. Amancio Liñares Giraut e Antonio Puentes, que sacou á luz a editorial coruñesa TresCtres.

Capelán, Antón, 'Da saudade revertida: a realidade americana na obra de Avilés de Taramancos', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 41-138.

Trátase do máis extenso dos estudos sobre Avilés de Taramancos dos recollidos neste volume. Céntrase na análise da produción do autor, prestando atención á súa relación co continente americano. Tras unha introdución profúndase en temas como a súa obra xornalística xurdida da colaboración en diversos xornais, do seu contacto con Pablo Neruda, etc. En apartados posteriores analízanse as súas obras, tanto a *Nova Crónica das Indias* prestando especial atención á relación entre ficción e realidade coma aos *Cantos Caucanos*, analizando de xeito pormenorizado e individual as composicións do autor.

Carro, Xavier, 'A poética ascensional no primeiro Avilés', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 139-154.

Coméntase a primeira produción de Antón Avilés de Taramancos. Comeza o estudo falando da madurez "non aprendida" que dende os seus anos mozos parece acreditar o autor. Elóxiase a expresividade sentimental que parece acadar xa nas súas primeiras composicións. Recóllese e analízase algún poema e fálase dos tres ciclos que parecen datar a traxectoria do autor (ciclo coruñés, ciclo colombiano e ciclo noiés) para acabar centrándose no primeiro, na súa xuventude e máis polo miúdo nalgunha composición desta época.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Avilés de Taramancos nalgunhas publicacións periódicas, revistas e xornais', *Boletín da Real Academia Galega*, 2003, pp. 155-164.

Fala das composicións que Antón Avilés de Taramancos viu impresas en publicacións periódicas. Comeza o artigo coa exposición dos desexos, xa de xuventude, de chegar a ser escritor e a súa relación con intelectuais da época como "Manolé" (Manuel Fabeiro Gómez 1916-1992). A partir deste punto coméntase a súa participación en xornais e revistas como *Tapal*, *La Noche*, *Rianxo*, *Lar*, *Atlántida* e outras moitas das dúas beiras do océano. Recóllense poemas e colaboracións en prosa dalgunhas delas.

Cuns, Xulio, 'O día en que coñecín a Avilés de Taramancos', *A Xanela*, nº 15, 'Festa das palabras', 2003, pp. 19-20.

Xulio Cuns comeza este artigo facendo un pequeno repaso polos acontecementos máis destacados da vida de Avilés de Taramancos, para dar paso a varias anécdotas que coñece do poeta noiés, como a que protagonizou na selva amazónica, que despois de que o prendesen uns indios salvaxes, o xefe da tribo destes resultou ser galego. Tamén alude a algún escrito curioso que saíra da pluma de Antón Avilés e relata cómo se coñeceron os dous, a propósito dun recital poético no que participaban Manuel María e Uxío Novoneyra, e a impresión que lle causou.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Antón Avilés de Taramancos: a saudade dividida', *Boletín da Real Academia Galega*, 2003, pp. 165-174.

Numerado en tres partes diferenciadas este artigo tenta profundar na saudade que aparece en moitas composicións de Avilés de Taramancos e relacionala coa propia vida do autor. Fálase de "saudade dividida", de varios tipos de saudade e téntase ilustrar botando man dalgúns poemas do autor. Recóllese e coméntase tamén algunha composición do regreso, da volta á terra que se bota de menos. Tíldase a saudade en Avilés de Taramancos de signo de "dor e tristura" pero tamén "enerxía, unha luz prodixiosa, un alimento poético".

Fonte, Ramiro, 'Un romántico de futuro (Mitos de artista na lírica de Avilés de Taramancos)', *Boletín da Real Academia Galega*, 2003, pp. 175-184.

Comeza falando do propio concepto de poesía, de poesía romántica, moderna, etc. e a partir dese punto céntrase non só na arte compositiva de Antón Avilés de Taramancos senón tamén na súa propia biografía e na súa relación ou proximidade con outros artistas. Analízase a súa obra brevemente e poñéndoa en relación coa doutros poetas ou co estilo destes.

García-Bodaño, Salvador, 'Vida e narración en Avilés de Taramancos', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 205-214.

Trátase dunha semblanza biográfica de Antón Avilés de Taramancos. Coméntase dende a súa pertenza á familia formada por Severiano Avilés Outes e Manuela Vinagre Fuentes até os seus anos en Bogotá ou Cali e o seu definitivo regreso a Noia. Ponse ao autor en relación con outros persoeiros como Urbano Lugrís, que foi grande amigo do autor na súa época de vida na Coruña, ou con importantes poetas colombianos como Eduardo Cote Lamus ou Jorge Gaitán. Fálase tamén brevemente da súa produción e doutros aspectos biográficos como a súa orientación política cara ao nacionalismo.

González, Ana / **Romasanta**, Alberto, 'O regreso de Avilés de Taramancos', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Especial Antón Avilés de Taramancos', abril 2003, pp. 83-93.

Céntrase este artigo na dobre influencia que lle comporta a Antón Avilés de Taramancos o

seu regreso a Galicia: a desaparición do paraíso de Colombia e a realidade galega fronte ao mundo soñado por Avilés. Tamén se detén en reflexionar sobre o seu reencontro cos amigos na terra, así como na actividade literaria e política de Avilés dende que regresa en 1980.

Hermida Iglesias, Manuel, 'Lembranzas sobre Noia no ano de Avilés', *Alameda*, nº 11, marzo 2003, pp. 51-56.

Neste artigo Manuel Hermida fai un percorrido por algunhas das gabanzas dedicadas á vila de Noia que se publicaron en diversos xornais como *La Noche*, *La Voz de Galicia* ou *El Ideal Gallego* ao longo dos últimos anos, concretamente desde 1957 até os anos noventa. Sinala o autor que a maioría destes traballos, asinados por homes "de primeira línea das letras galegas", aparecen nos extraordinarios dedicados ás festas de San Marcos e de San Bartolomeu. Así, ao fío dos cometarios que sobre a vila deixaron escritos autores como José Couselo Bouzas, Xesús Rey Alvite, Manuel Fabeiro Gómez, Eduardo Mariño Mirazo, Joaquín Alberto Tabernero, Luís Blanco Vila, Antonio Busto Rodríguez, María Rosa Bondad, Antonio Prado Díaz, "Borobó", José Luís Bugallal, Santiago Páramo Aller, Francisco Fernández del Riego, Eugenio Fernández Almuzara, Antonio Rodríguez Cadarso, Luís Pousa, etc., salientanse as cualidades máis coñecidas da vila e lémbrense algunhas das súas anécdotas máis destacadas. Lembrando que o Día das Letras Galegas se dedica este ano a Avilés de Taramancos, finaliza Hermida reproducindo parte de dous artigos dedicados a este autor noiés, un de Antonio Gutiérrez de Velasco e outro de Salvador García-Bodaño, publicados en *La Voz de Galicia* no ano 1992 e mais en *La Noche* en 1962, respectivamente. O primeiro destaca o papel que Avilés, como presidente da comisión de Cultura no Concello de Noia, xogou na reorganización do Arquivo Histórico da vila, alén de loar a súa figura humana e literaria. O texto de García-Bodaño describe unha viaxe familiar feita a Taramancos que o leva a evocar a figura do seu amigo Avilés, que no momento se atopaba en América.

Hermida, Manuel, 'Necroloxías de 13 noieses comentadas por Avilés no Barbanza', *Alameda*, nº 12, xuño 2003, pp. 49-54.

Manuel Hermida presenta unha serie de escritos publicados sen asinar no xornal local noiés *Barbanza* e que asegura seren de Avilés de Taramancos. A serie de textos son efemérides dos seus veciños, que empezan o 22 de marzo de 1992 e rematan no 1989. Trece son as necrolóxicas nas que indica o nome do veciño e a data, e nalgún caso o alcume (como o Pichón). Nos textos recorda o valor humano, o seu traballo ou dedicación, os seus valores, achega recordos dos finados e, en definitiva, loa a vida dos seus veciños dun modo moi particular. Remata coa recompilación das necrolóxicas que anunciaron a morte do poeta noiés.

Loureiro, J.M., 'D. Antón Avilés de Taramancos', *Libredón. Órgano oficial del Centro Gallego de Santander*, nº 47, 'Cultura', 2003, p. 11.

Faise unha aproximación á figura de Antón Avilés de Taramancos centrándose nos seus aspectos biográficos, subliñando que ante todo estamos perante un poeta e remátase reproducindo un poema de *Última fuxida a Harar* (1992).

Portas Ferro, Xesús, 'Antón Avilés de Taramancos, poeta', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 132, 'Estudios', marzo 2003, pp. 6/110-26/130.

Comeza facendo unha achega biobibliográfica ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Antón Avilés de Taramancos, para logo deterse nos grandes temas das súas obras. Para repasar a vida do noiés principia aludindo á súa infancia nun tempo de miseria, aos seus primeiros estudos, así como ás publicacións iniciais nos primeiros anos da década de 1950. Segundo sinala, no 1953 trasladouse á Coruña e alí aprendería definitivamente a ser poeta. Desta etapa destaca a súa relación con mozos da súa idade e outras persoas que lle serviron de mestres como Uxío Carré Alvarelos, Miguel González Garcés e, sobre todo, Urbano Lugrís. A seguir indica que emigrou a Colombia en 1961 e que a súa primeira década alí se caracterizou pola penuria económica. Do seu regreso a Galicia en 1980 salienta que foi para Avilés unha rápida rehabilitación como poeta e que despois desta data publicou a maior parte da súa obra. Ademais, desta etapa sinala que rexentou unha taberna en Noia e que foi concelleiro de cultura nese mesmo lugar. Sobre a temática tratada por Avilés nos seus escritos salienta o da concepción da escrita e o papel do poeta. Apunta que el mesmo nun discurso de 1986 indicou que a creación literaria era unha reacción de rebeldía. Así mesmo, outros dos temas aquí mencionados e omnipresentes na súa obra son a saudade pola que consideraba as súas terras (Galicia e Colombia) e a busca do paraíso. Por último, refírese á identificación plena do poeta co pobo e a lingua e, como tema de importancia secundaria, alude á relixión, destacando que a súa consideración da igrexa era negativa, mais que a súa posición ante a relixión era por momentos confusa.

Pozo Garza, Luz, 'As aves libertarias', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 215-218.

Trátase dunha creación literaria que procura evocar a figura de Antón Avilés de Taramancos. Para iso empréganse referencias a Galicia e a América, ás palabras e aos recordos, á saudade e ao amor, á patria e, entre estas e outras evocacións, procúrase unha imaxe do homenaxeado.

Puñal, Belén, 'Avilés de Taramancos. Viaxe íntima', *Tempos Novos*, nº 72, 'Entregas culturais', maio 2003, pp. 52-57.

Neste artigo, a autora mergúllase na Noia de Avilés de Taramancos e ofrécenos unha visión ampla tanto da súa vida coma da súa obra, axudada de numerosas cartas ao poeta ou citas doutros literatos ben coñecedores de Avilés ou estudosos da súa obra como Salvador García-Bodaño, Ramón Piñeiro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Arturo Casas, etc. Faise mención da necesidade do poeta de emigrar por problemas económicos, da súa actividade política dentro do BNG á volta da súa estadía en Colombia e os problemas que isto lle produciu. Mais hai tamén un longo estudo da súa poética, das temáticas empregadas polo de Taramancos, como o universo da terra e do mar, da nai e da avoa, do amor e defensa de Galicia, da fusión da compoñente erótica coa sentimental, etc. Cítanse, así, os seus poemarios: *A frauta i o garamelo*, *As moradiñas do vento*, *Os poemas da ausencia*, *Cantos caucanos*, *Última fuxida a Harar* e *O tempo no espello*.

Reboiras, Óscar / **Villanueva**, José, 'Rodrigo Romaní. Cantos de liberdade', *Tempos Novos*, nº 72, 'Entregas culturais', maio 2003, pp. 64-67.

Entrevista ao músico galego Rodrigo Romaní, na que os autores parten da aparición do seu novo disco *Cantos Caucanos*, nome tomado dun poemario do poeta Antón Avilés de Taramancos para mergullárense no traballo deste músico, xa no tempo en que pertencía a "Milladoiro" e tamén na súa carreira actual en solitario. Abordan cuestións sobre o presente e futuro da situación da música galega subliñando a necesidade de acadar conciencia na sociedade galega para poder manter a industria musical do país.

Ribera, Juan M., 'Otra visión del día de las letras gallegas', *Eco*, nº 147, 'Opinión', agosto 2003, p. 79.

O profesor de Filoloxía Catalá da Universidade Complutense de Madrid, Juan M. Ribera, relata neste artigo a súa asistencia a Noia con motivo de se celebrar unha homenaxe a Avilés de Taramancos, protagonista do Día das Letras Galegas en 2003. Menciona a presenza no acto das académicas Luz Pozo e Xohana Torres, que apoiaron a lembranza do poeta cos seus versos. Tamén se refire ao acto académico celebrado na Universidade da Coruña o 16 de maio e lamenta que só houbera once asistentes. Sinala que saíu escandalizado e que "el año próximo la UDC no debería celebrar este día literario aclarando a los medios que no lo hace porque, de hecho, no interesa a la comunidad universitaria ni siquiera a la filológica".

Seara, Teresa, 'Crónica dunha celebración', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Crítica', xuño 2003, p. 71.

Pasado o mes de maio, bótase unha ollada ao que deu de si, editorialmente, o Día das Letras Galegas dedicado a Antón Avilés de Taramancos. Empézase por analizar as reedicións, entre as que se destaca como "o volume máis importante" a *Obra Completa* de Espiral Maior, que recolle todos os libros publicados, algún texto inédito, as versións que Avilés fixo de *Crónica*, de Saintjohn Perse, e *O cemiterio mariño*, de Paul Valery, e os comentarios de Xosé María Álvarez Cácamo. Tamén se fala doutras reedicións como a de *As torres no ar* (Galaxia) ou *Cantos Caucanos* (Xerais), e destácase entre as antoloxías a feita por Ana Romaní para Galaxia: *Antón Avilés de Taramancos. Antoloxía*. O apartado das biografías considérase abundante e resáltanse a de Aurora Marco, *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura* (Toxosoutos), e as dúas nas que participou María Dolores Arxóns, *Avilés de Taramancos 1935-1992. Unha fotobiografía* (Xerais), con Xosé Lois Agrelo, e *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra* (Xerais), na que se fai un repaso completo da obra. Á parte nomea outras máis destinadas á didáctica, dúas de Xosé María Álvarez Cácamo: *Vida de Antón Avilés de Taramancos* (Galaxia) e *Antón Avilés de Taramancos* (A Nosa Terra); unha de Xosé Agrelo: *Avilés de Taramancos* (Toxosoutos); e outra de Blanca Roig e Pilar Sampedro: *Antón Avilés de Taramancos* (Xunta de Galicia), esta co máis completo apartado bibliográfico. No que se refire ás homenaxes, subliñase o volume colectivo *Antón Avilés de Taramancos. Homenaxe* (*La Voz de Galicia*), os quince poemas de Manuel Álvarez Torneiro, *A lámpara perpetua* (*Casa da Gramática*) e os dous volumes monográficos da revista noiesa *Casa da Gramática*. Tamén o libro-disco *Antón Avilés de Taramancos* (Consello da Cultura), con poemas recitados por el e, sobre todo, o

disco *Cantos caucanos* cos poemas musicados por Rodrigo Romani.

Tarrío Varela, Anxo, 'Lendo Nova Crónica das Indias e outras prosas de Avilés de Taramancos', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 185-201.

Análise dalgunhas composicións narrativas de Antón Avilés de Taramancos. Comeza o estudo cunha longa disertación sobre a literatura, os xéneros, a verosimilitude, etc. relacionándoa coa obra que se pretende comentar. Así, fálase finalmente de colaboracións xornalísticas do autor, da *Nova Crónica das Indias* e da súa construción e división, da *Obra viva* ou incluso algunha epístola.

Torres, Xohana, 'As navegacións oceánicas de Xosé Antón Avilés Vinagre', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 219-223.

Descrición de lugares e, por extensión, de quen os habita. A imaxe de Noia, da súa ría e as súas casas e a de Colombia cos Andes e o cóndor emprégase para retratar a Antón Avilés de Taramancos. Dous lugares con nome de mariños universais que configuran "as dúas patrias de Avilés". Fálase tamén da Coruña e da amizade do autor, en especial, con Urbano Lugrís.

Torres, Xohana, 'As navegacións oceánicas de Xosé Antón Avilés Vinagre', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Acoutacións', abril 2003, pp. 193-197.

Repaso á vida do homenaxeado Antón Avilés de Taramancos a quen a Real Academia Galega dedicou o Día das Letras Galegas 2003. Dise que a súa obra está marcada por unha vida inqueda e moi rica, en formación, debido ao seu espírito inconformista; que a súa infancia está ligada a Noia e ao mar que tanta presenza ten na súa creación; que a súa xuventude transcorre na cidade da Coruña, onde marcha a estudar náutica, pero na cal coñece a figura de Urbano Lugrís, un pintor e intelectual de quen el dirá máis tarde que foi a súa verdadeira Universidade. Salienta que na cidade herculina se insire no mundo dos faladoiros, dos recitais, do teatro e participa en actividades culturais de todo tipo. Céntrase na vida adulta que pasou na emigración, en Colombia, onde escoitará crónicas indíxenas e onde se fornecerá de interesantes lecturas. Finalmente, lembra que co tempo regresa á súa vila natal e alí vai alumear o camiño a novos poetas cunha obra excelente e cunha lingua harmónica e de rexistros imaxinativos, en palabras da propia Xohana Torres.

Valcárcel, Marcos, 'Bibliografía', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Especial Antón Avilés de Taramancos', abril 2003, p. 96.

Relación de máis trinta referencias biográficas relacionadas coa figura de Antón Avilés de Taramancos que van dende artigos publicados en diferentes revistas até libros monográficos centrados no homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2003.

Valcárcel, Marcos, 'Un roteiro polo universo literario de Antón Avilés de Taramancos', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Especial Antón Avilés de Taramancos', abril 2003, pp. 71-81.

Comézase este artigo cunha aproximación á figura de Antón Avilés de Taramancos onde se destaca que a súa andaina literaria estivo moi vinculada coa súa biografía e, a seguir, faise un achegamento á súa obra poética partindo da propia palabra do poeta de Noia, dende os seus versos máis sentidos, co fin de recuperar o seu "alento lírico e épico". Para isto xebra esta aproximación en cinco grupos temáticos -o Amor, a Terra e o Mar, a Patria, o "Eu" lírico e mais o sentimento da Saudade- nos que se reproducen poemas de Avilés con breves comentarios.

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, 'Antón Avilés de Taramancos: cronobiografía', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Especial Antón Avilés de Taramancos', abril 2003, pp. 94-95.

Repásase a biografía de Antón Avilés de Taramancos de xeito cronolóxico, centrándose nos feitos máis salientábeis dende o seu nacemento en 1935 até a súa morte en 1990, e prolongando esta cronobiografía alén da súa morte, con mencións a obras publicadas sobre Avilés e até o ano 2003, ao celebrar o Día das Letras Galega na súa honra.

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, 'Antón Avilés de Taramancos. Poeta entre dúas terras', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Especial Antón Avilés de Taramancos', abril 2003, pp. 61-69.

Neste repaso á produción literaria de Avilés de Taramancos destácase a dificultade de integración de xeito claro da figura deste poeta a algún grupo xeracional e sublíñase que a recuperación da figura de Avilés é un acto de xustiza histórica. A seguir descríbese a súa nenez, a súa época coruñesa así como o seu primeiro poemario *As moradias do vento* (1955). Tamén se detén en *A frauta i o garamelo* (1959), *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959) e *Poemas soltos a Maricarmen Pereira* (1961), para despois centrarse nas súas obras da etapa de emigración colombiana e rematar coa produción dende a súa volta a Galicia.

Veiga, Martín, 'Antón Avilés de Taramancos e a ruptura do marco xeracional', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 117-123.

O tema central do artigo é o encadramento xeracional de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992). Martín Veiga comeza salientando a dificultade que existe á hora de incluír a Avilés nun grupo de posguerra xa que a traxectoria vital do poeta produciu variacións na evolución da súa obra literaria. Xeralmente englobase a Avilés no conxunto de escritores nados entre os anos trinta e os corenta, aínda que todos eles presentan diverxencias e unha grande individualidade. Veiga propón diferentes denominacións que recibiu este conxunto de escritores tomadas dos estudos de distintos críticos como Fernández del Riego ("novo núcleo xeneracional"), Anxo Tarrío ("xeración dos 50") e Borobó ("xeración de *La Noche*"), aínda que o nome máis aceptado é o que propuxo Méndez Ferrín, como "xeración das Festas Minesvais". A continuación, nomea os distintos autores que se inclúen nesta xeración como Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, etc. e tamén Avilés de Taramancos, aínda que García-Bodaño considera que só deberían pertencer a esta denominación aqueles escritores que tiveran participado nas Festas Minervais, feito que Avilés non levou a cabo. Entre as características salientábeis

desta xeración, cita o feito de non vivir directamente a guerra civil mais si sufrir a "represión ou supresión de liberdades e dereitos civís", a participación en iniciativas culturais como as Festas Minervais, a creación do grupo Brais Pinto, colaboracións no diario *La Noche*, etc. e, sobre todo, o seu "romper co formalismo da tradición, abrirse á universalidade, facer cousas novas". Sinala que no caso de Avilés, esta individualidade se ofreceu máis marcada debido á súa ausencia física de Galicia, ata que regresa á Coruña nos anos cincuenta onde renova o contacto coa cultura galega e coincide coa chamada Escola da Tebra, da que se diferenci polos seus poemas máis luminosos e vitalistas que a liña angustiosa proposta pola Escola. Martín Veiga indica que a marcha de Avilés a Colombia supón a distancia coa lingua galega dun xeito máis marcado, e o esquecemento do seu uso, así como a influencia nos seus versos de escritores colombianos ou brasileiros. Nos anos oitenta, Avilés regresa definitivamente a Galicia e toma contacto cos novos escritores da xeración dos oitenta como Ana Romaní, Eusebio Lorenzo Baleirón ou Ramiro Fonte e inicia a colaboración coa revista *Dorna*, polo tanto, Veiga conclúe afirmando que Avilés iniciou unha renovación poética nos anos oitenta xa que principiou de novo a súa carreira literaria.

Villar, Miro, 'Última fuxida da Harar: a palabra do Poeta en herdanza', *Dorna. Expresión Poética Galega*, 2003, pp. 83-92.

Análise en catro apartados estruturais do libro de poemas de Antón Avilés de Taramancos, *Última fuxida a Harar*, publicado postumamente en decembro de 1992 como décimo volume da colección "Espiral Maior". No apartado de "Xénese, historia editorial e recepción", Miro Villar céntrase, por un lado, nos cambios estéticos e tipográficos que sufriu o volume dende a súa primeira edición, así como na xestación dos poemas; por outro lado, na recepción crítica da derradeira obra deste autor, salientando que non existe unha opinión unánime. A seguir, en "Paratextos", fai un percorrido polo conxunto de materiais que acompañan ao texto, principalmente aqueles de compoñente verbal que, como Villar apunta, "contribúen a ensanchar a plurisignificación da obra." En "Estructura e liñas poéticas", infórmanos sobre a estruturación do contido, que consta de corenta textos poéticos repartidos en tres partes, cunha sección final de apéndice: "O cazador no escuro", cuxas principais liñas temáticas son as reflexións sobre a vida e a morte, a saudade ou as memorias do pasado, da emigración e da orixe labrega familiar, así como diferentes versos metapoéticos; "Silva de vária fermosura", no que xorde a temática patriótica, a dor e o amor, a visión da fugacidade da vida, xunto con composicións épicas; "Crónica de antigos reis", que segue a visión mítica que recrea "a época dourada do reino"; para rematar, en "Repertorio formal e estilístico", que fai referencia á forma e á métrica dos poemas, que destacan polas súa asonancia e oralidade, así como ao punto de vista estilístico que o autor emprega. Sensorialidade, naturalidade e brillantez de léxico son os aspectos máis destacados.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Alonso Montero, Xesús, 'Avilés Vinagre', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Letras Galegas', 2003', 15 maio 2003, p. IV.

Sínálase un aspecto que considera descoñecido na vida de Antón Avilés de Taramancos: a amizade co poeta ourensán José Luís López Cid, e ilústraa cunha carta que este último lle mandara pouco despois do pasamento do poeta de Taramancos. Na carta, López Cid, fala de cómo coñeceu, xa en 1953, ao noiés "nunha tarde de viño e rosas", e de cómo este lle escribiu esa mesma tarde un poema. Lembra que posteriormente tamén participaría en representacións dunha obra súa. Alonso Montero reproduce o poema e sinala que se cadra ten importancia para o seu estudo como un dos primeiros do poeta, dous anos antes de escribir en 1955 *As moradias do vento*.

Alonso, Carlos / Fernández del Riego, Francisco / LR / M.C. / Monxardín Fernández, Afonso V. / R.N. / Valcárcel, Marcos / Vidal Villaverde, M. / Villaverde, Manuel V., 'Antón Avilés de Taramancos', *La Región*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, pp. 33-48.

Este suplemento especial dedicado a Antón Avilés de Taramancos, no que algúns dos artigos incluídos coinciden cos do suplemento editado polo *Atlántico Diario* co gallo do Día das Letras Galegas recolle, para alén dos artigos asinados dos que se dá conta a continuación, e entre outros escritos sen asinar, unha enumeración dos diferentes actos culturais que van ter lugar por estas datas nas principais cidades e vilas de Galicia. Os artigos de autoría particular describímolos de seguido:

- Carlos Alonso, 'Poesía e narrativa marcada pola emigración', p. 37.

Subliña que a obra do homenaxeado é moi variada en canto a xéneros, aínda que recoñece a relevancia da súa poesía. Pon de manifesto que nesta ten gran peso "o amor, o nacionalismo e os recordos". Así mesmo, alude aos tres períodos do seu quefacer poético coas súas correspondentes obras, nos que, considera que a división vén marcada pola emigración. Despois, céntrase no seu traballo noutros eidos como o narrativo, o epistolar ou o ensaístico, citando algunha obra.

- Francisco Fernández del Riego, 'Aquel ano de 1963', p. 34.

Lembra cómo xorde o Día das Letras Galegas e os motivos que un grupo de académicos, entre os que figuraba el, presentaron na Real Academia Galega na defensa deste proxecto. Así mesmo, tamén recorda a primeira celebración desta festividade e salienta o valor emblemático de Rosalía de Castro. Este artigo aparece tamén reproducido no suplemento do *Atlántico Diario*.

-LR, 'Avilés de Taramancos: cronoloxía dunha vida azarosa', p. 36.

Tras trazar a cronoloxía vital do autor galego, céntrase brevemente no seu compromiso nacionalista, nos oficios da emigración ou nalgún merecido recoñecemento literario.

-M.C., 'Dez ourensanos entre os homenaxeados', p. 35.

Recorda a todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas. Ademais, pon de manifesto que esta data serve para dar pulo aos escritores galegos e á nosa lingua. Este artigo aparece tamén incluído no suplemento do xornal *Atlántico Diario* baixo o título "Corenta anos homenaxeando á lingua galega".

- Afonso V. Monxardín Fernández, 'Dúas sensibilidades emigrantes', p. 39.

Despois dunha sucinta introdución sobre a singularidade e perfil literario de Antón Avilés de Taramancos, compara as experiencias na emigración deste e de Celso Emilio Ferreiro. Subliña que, aínda que hai certos puntos comúns, son moito maiores as diferenzas, produto de sensibilidades distintas. Por outro lado, pon de manifesto que Celso Emilio foi un poeta civil, mentres que Antón non quería mesturar "a creación estética coa intencionalidade social", aínda que recoñece nel certa poesía combativa. Indica que a escrita do noiés sobre a terra de acollida foi máis sentida e é moi importante no conxunto da súa obra, a diferenza da do de Celanova. Finaliza coa teima dos dous de "poetizar sobre coplas populares".

-R.N., 'As librerías notan pouco interese polo libro en galego', p. 47.

Recolle a opinión, non moi positiva, de varios libreiros ourensáns sobre a venda de libros en galego o Día das Letras Galegas.

- Marcos Valcárcel, 'Avilés, poeta da patria', p. 40.

Analiza a presenza da patria na obra de Antón Avilés a través de varios poemas de seu, subliñando que a súa concepción da patria garda moitas semellanzas coa doutros egrexios escritores como Alfonso Castelao ou Ramón Otero Pedrayo. Sinala, primeiro, a correspondencia entre patria e pobo, por ser este o que velou pola súa cultura e lingua, observando neste punto coincidencias con Celso Emilio ou Manuel María. Por outro lado, apunta que "a Patria é tamén Historia negada" e fai referencia á concepción "orgánico-historicista" desenvolvida por Otero, na que, asegura, o noiés se insire. Ademais, indica que bota man da imaxe de Patria do Rexurdimento e salienta o "diálogo" cos autores emblemáticos desta etapa como Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal.

- M. Vidal Villaverde, 'Antón no ruído do tempo sen retorno', p. 42.

Sente profundamente a "ausencia" do autor de *As torres no ar* e dóese da "imposibilidade do retorno, achegando uns versos deste nos que precisamente se lamenta do mesmo. Por outro lado, lembra cando coñeceu a Antón Avilés de Taramancos e acolle unhas liñas da biografía de Pepe Cáccamo, nas que destaca "a presenza materna na obra de Avilés". Este artigo aparece tamén no suplemento do xornal *Atlántico Diario*.

- Manuel V. Villaverde, 'Escribía e amaba, botaba de menos o tempo da avoa', p. 38.

Recorda a Antón Avilés de Taramancos a través dunha conversa coa súa muller Ana Sofía Baquero. Esta, entre outros aspectos, salienta como libro fundamental de Avilés *Cantos*

Caucanos, onde observa a presenza de todos os seus seres queridos. Aínda así, pon de manifesto unha sensibilidade especial cara á obra *Última fuxida a Harar*, da que achega uns versos. Remata manifestando que é consciente, como o seu home, de que "non hai regreso, só devalo". Este artigo aparece tamén no suplemento do xornal *Atlántico Diario*.

Alvarellos, Henrique / **Cacheiro Varela**, Maximino / **Fernández del Riego**, Francisco / **Lema**, Carlos / **M.C.** / **Salvi**, Lucky / **Vidal Villaverde**, M. / **Vidal Villaverde**, Manuel / **X.D.C.**, 'Antón Avilés de Taramancos', *Atlántico Diario*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, pp. 33-48.

Este suplemento especial dedicado a Antón Avilés de Taramancos no que algúns dos artigos aparecen tamén no suplemento editado co gallo do Día das Letras Galegas en *La Región*, inclúe ademais dos artigos asinados dos que se dá conta a continuación, unha enumeración dos diferentes actos culturais que van ter lugar por estas datas nas principais cidades e vilas de Galicia e mais un par de páxinas finais cunha aproximación biobibliográfica ao autor. Os artigos incluídos son os de:

- Henrique Alvarellos, 'Ai, o tempo', p. 45.

Salienta que os versos de *Cantos caucanos* "Non hai regreso avoa, /nunca/ regresa o mesmo home ao mesmo sitio" son unha sentenza de Avilés que revela a súa mestría. Así mesmo, ponos en paralelo co pensamento de Heráclito ou Heidegger sobre o efémero da vida.

- Maximino Cacheiro Varela, 'Avilés de Taramancos no universal', p. 44.

Comenta sucintamente *Cantos caucanos*, subliñando que esta obra supón un canto saudoso da rexión colombiana do Cauca. Realiza unha breve análise temática de cada un dos cantos do libro, pondo de manifesto características míticas, étnicas, épicas, etc. ou a apaixonada fusión con aqueles lugares de acollida. Remata pondo énfase na "forza telúrica das terras americanas" na súa poesía.

- Francisco Fernández del Riego, 'Aquel ano de 1963', p. 43.

Lembra cómo xorde o Día das Letras Galegas e os motivos que un grupo de académicos, entre os que figuraba el, presentaron na Real Academia Galega na defensa deste proxecto. Así mesmo, tamén recorda a primeira celebración desta festividade e salienta o valor emblemático de Rosalía de Castro. Este artigo aparece reproducido tamén no suplemento do xornal ourensán *La Región*.

- Carlos Lema, 'Os ollos do bilúrico', p. 45.

Despois de pór de relevo a importancia do xénero poético na literatura, céntrase nunha breve caracterización da escrita poética de Avilés de Taramancos. Así, sinala que esta supón renovación e que é unha poesía da terra e da saudade da infancia que "vai da dor máis intensa... á expresión pura". Por outro lado, salienta os esforzos das editoriais para que saibamos quen é o homenaxeado e ve necesario formar novos lectores.

-M.C., 'Corenta anos homenaxeando á lingua galega', p. 38.

Recorda a todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas. Ademais, pon de manifesto que esta data serve para dar pulo aos escritores galegos e á nosa lingua. Esta noticia aparece tamén reproducida no suplemento publicado co gallo desta efeméride por *La Región* co título de "Dez ourensanos entre os homenaxeados".

- Lucky Salvi, 'A dobre saudade de Taramancos/O poeta que sempre quixo versar', p. 35/42.

Realiza un curto percorrido polas datas máis significativas da vida do egrexio escritor. Así pois, alude á pegada da infancia na súa obra, ao contacto con intelectuais como Urbano Lugrís na etapa coruñesa ou á emigración. Ademais, neste repaso biográfico ofrece unha xustificación da utilización do topónimo Taramancos como tributo á súa xente e terra.

- M. Vidal Villaverde, 'Antón no ruído do tempo sen retorno', p. 37.

Refírese á formación poética e ideolóxica do poeta de Taramancos, salientando as influencias. Así, observa que Manuel Fabeiro contribuíu na súa orientación galeguista, así como as tertulias nas tabernas da súa mocidades foron clave no seu pensamento. Destaca tamén a súa relación con Urbano Lugrís ou as reunións coruñesas con poetas como Miguel González Garcés. A seguir, céntrase na etapa posterior á emigración para pór de manifesto brevemente a súa loita patriótica e cultural, ademais dunha relevante actividade literaria. Esta mesma noticia aparece publicada no suplemento do xornal ourensán *La Región*.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Escribía e amaba, botaba de menos o tempo da avoa', p. 36.

Recorda ao ilustre nacionalista a través dunha conversa coa súa muller Ana Sofía Baquero. Esta, entre outros aspectos, salienta como libro fundamental de Avilés *Cantos Caucanos*, onde observa a presenza de todos os seus seres queridos. Aínda así, pon de manifesto unha sensibilidade especial cara á obra *Última fuxida a Harar*, da que achega uns versos. Remata manifestando ser consciente, como o seu home, de que "non hai regreso, só devalo". Esta noticia aparece reproducida tamén no suplemento de *La Región*.

-X.D.C., 'Hoxe homenaxeamos á xeración dos 50', p. 40.

Entrevista ao presidente da Real Academia Galega. Xosé Ramón Barreiro explica os motivos da elección do homenaxeado este ano, subliñando a calidade da súa poesía e o feito de que represente á xeración dos cincuenta. Sinala que lle gusta toda a obra do noiés e destaca desta a súa "riqueza léxica". Así mesmo, refírese aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas e, por último, fai referencia á situación da lingua e aos proxectos máis próximos da institución que preside.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, 'Avilés de Taramancos', *Faro de Vigo*, 'A Escola do Faro', 6 maio 2003, p. 1.

Percorrido pola vida e obra de Avilés de Taramancos. Dos seus primeiros anos concédeselle unha especial importancia, ademais das figuras de súa nai e súa avoa, ao mundo da labranza que estas lle ensinaron e ao mundo mariñeiro, co que ten contacto Avilés tanto polos mariñeiros de baixura coma polo pasmo diante dos grandes veleiros, que lle suxerían a aventura. O seu contacto coa literatura, dinos Álvarez Cáccamo, que foi moi incipiente, con dezaseis anos, pero que se desenvolve, xunto ao compromiso político nos seus anos bohemios na Coruña. Lembra que escribiría alí os seus primeiros libros, *A frauta i-o garamelo* e *As moradias do vento*, e outros poemas. Contacta, ademais, con persoas moi importantes para el coma UrbanoLugrís. Logo continúa a súa biografía cos anos aventureiros en Colombia, onde casaría e escribiría *Os poemas da ausencia*. Xa de volta fálase da recuperación do seu ritmo de escritura, recompila todo o anterior en *O tempo no espello*, e escribe, en 1985, os *Cantos caucanos* e, en 1989, *As torres no ar*, ademais de renovar o seu compromiso coa política e a cultura. Xa nos seus últimos tempos, dinos Álvarez Cáccamo, empeza *Última fuxida a Harar*, obra póstuma na que se enfronta á ameaza de morte. Non se esquece no artigo dun breve comentario sobre a súa prosa, cun único libro, *Nova crónica das Indias* (1985) con base autobiográfica, nin da súa obra xornalista que se recollerá en *Obra viva*. Morre, comenta Álvarez Cáccamo, en 1992 deixando moitos rastros da súa personalidade comprometida.

Angueira, Anxo, 'As letras de Avilés', *Atlántico Diario/La Región*, 'universitas', 29 maio 2003, p. 43/35.

Comézase o artigo cunha breve reflexión sobre o que supuxo o Día das Letras Galegas desde 1963, no que a celebración estivo unida sempre á reivindicación lingüística e política, e de produción de magníficos traballos de investigación sobre os homenaxeados. De Antón Avilés de Taramancos destácase o seu paso por América, do que trouxo para a literatura galega retallos de paisaxes e cultura americana en libros como *Nova Crónica das Indias* ou *Cantos Caucanos*. Sinala que na súa figura literaria se atopan elementos tan salientábeis como a delicada mestura do popular e o culto, ou a profunda vivencia da experiencia da partida e do regreso, que plasmou en *As torres no ar*. Avilés aínda sendo tamén autor de pezas de teatro, tradutor ou articulista, vese sobre todo coma un poeta que deixa como testamento poético o camiño da resistencia e o combate. Por último, a homenaxe a este escritor considérase extensíbel tamén a toda a xeración das Festas Minervais, con persoeiros claves na dignificación da literatura a lingua de Galicia.

Calvo, Tucho (coord.), 'Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura', *La Voz de Galicia*, 8 maio 2003, pp. 1-24.

Suplemento especial sobre Antón Avilés de Taramancos co que este xornal se suma ás celebracións do Día das Letras Galegas. Ademais dos artigos asinados, dos que se dá conta de seguido, achega unha aproximación biobliográfica do noiés. Asemade, refírese ao libro que entrega o xornal coruñés con este número, no que se recollen poemas e ilustracións de amigos do homenaxeado. Péchao un poema de seu inédito, "Poema da nena namorada", cedido por Xosé María Guillén.

- M^a Dolores Arxóns Álvarez, '1980-1992: A derradeira singladura', pp. 10-11.

Repasa a etapa final da vida do poeta de Noia tras a emigración. Explica cómo se integrou de novo na terra natal e cómo rexurdiu a súa poesía. Así mesmo, refírese á súa fecunda participación en diversas actividades culturais e políticas. Comenta a súa obra desta época tanto poética, coma narrativa e ensaística. E, subliña o cambio que se produce nesta na década dos noventa, marcada pola enfermidade. Céntrase, logo, na súa derradeira obra, *Última fuxida a Harar*, onde afirma que a morte ten un papel fundamental e están presentes os trazos definitorios da súa poética "a patria, o amor, a natureza, a paixón, a derrota e a singradura". Salienta en todo momento o vitalismo do poeta e as súas ansias de loita patriótica.

- Santiago Avilés, 'O home que atopou o punto da corda para os fillos', p. 20.

Pon de manifesto o que representou o seu pai para el; a educación e os valores que lle inculcou a través dalgũa anécdota.

- Xavier Castro Rodríguez, 'O xénero da prosa en Avilés de Taramancos', pp. 18-19.

Comenta varias incursións en prosa do autor de *Cantos Caucanos*. Principia referíndose a un texto publicado en *La Voz de Galicia* en 1960 co título de "Los gozos de abril", no que salienta o peso da natureza. A seguir, céntrase en *Crónica das Indias*, analizando brevemente a ficción e os datos biográficos. Subliña que se trata dun "canto á liberdade" de todos os pobos invadidos. Remata aludindo a *Obra viva*, pondo especial énfase nos artigos do xornal *Barbanza* nos que observa constantes súas como "terra, lingua, compromiso, denuncia..."

- Alfonso Costa, 'O Trazo dun poeta', p. 12.

Céntrase na faceta de artista do noiés, destacando a forza visual e a expresividade dos seus debuxos que, di, colorean as súas vivencias máis íntimas a través da palabra.

- Camilo Fernández Valdehorras, 'Un francotirador da fermosura', pp. 16-17.

Caracteriza a poesía de Antón Avilés tomando como referencia os datos de *Obra viva*. Acha que son cinco as constantes poéticas: "espiritualidade neopagá; ideario social de cosmovisión revolucionaria; estética antropocéntrica; ética neoplatónica; e poética neorromántica". Subliña que todos estes trazos conforman o que chama "Poesía dramática de rebelión ou Poética de rebelión" e que, afirma, se observa, sobre todo, en *Última fuxida a Harar*. Así pois, tras aludir ao singular estilo do noiés, aborda un estudo desta poética.

- Ramiro Fonte, 'Prodixiosa parella', pp. 14-15.

Refírese á amizade do poeta de Taramancos con Urbano Lugrís. Lembra cómo se coñeceron e foi esa anecdótica relación. Asemade, salienta a achega do extravagante pintor coruñés á poesía de Antón, pondo énfase na "influencia da poética marítima de Lugrís".

- Xosé María Guillén, 'O poeta do tempo que fuxe', pp. 6-7.

Recorda a súa relación con Avilés de Taramancos na Coruña. Así, fai, primeiro, referencia á colaboración de ámbolos dous no grupo "Amanecer" e recorda emocionado as xuntanzas na casa de Miguel Ángel Garcés. Escolle, de entre todos os recordos, unha divertida peregrinaxe a Santiago. Logo, conta cómo pouco a pouco foron perdendo o contacto. Remata cun breve, mais entrañábel, retrato do seu amigo, ao que define como "poeta do tempo que fuxe".

- Aurora Marco, 'As sólidas torres de Avilés de Taramancos', pp. 2-4.

Realiza un repaso pola biografía do homenaxeado. Céntrase en todos aqueles aspectos da súa vida que influíron logo no seu quefacer poético, como a paisaxe da súa infancia, e na súa evolución como poeta. Finaliza salientando a definitiva consolidación da súa escrita.

- José Pardo Llada, 'Poeta galego en Cali', pp. 8-9.

Achega algunhas lembranzas sobre a súa amizade co autor de *As torres no ar* en Cali. Refírese á vida que levaba alí e á súa xenerosidade e bondade. Recoñece que foi el quen lle puxo o título de Marqués de Taramancos. Ademais, alude ás conversas que mantiñan sobre poesía e subliña a súa calidade como poeta, reproducindo os versos que lle dedicara á morte de Urbano Lugrís. Remata alegrándose que sexa homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Castro R., Xavier, 'Breve achega biobibliográfica a Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 4.

Coméntase no artigo a publicación do libro *Avilés de Taramancos* (2002), de Xosé Agreló Hermo, cando xa se aproxima o Día das Letras Galegas, dedicado ao escritos noiés, ao que se define como poliédrico e versátil. O libro dísenos que o publica a editorial Toxosoutos na colección "Fasquía", na que xa apareceren outros libros sobre personaxes relevantes da cultura. Destácase do estudo o seu didactismo e a sinxeleza da lingua que pretenden achegalo ao público en xeral, algo constante na colección, sen descoidar para nada a biografía, que se completa con fotografías e cunha bibliografía.

Castro R., Xavier, 'Un día das Letras Galegas para o gran poeta de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 11 maio 2003, p. 1.

Neste artigo aproveita Xavier Castro que se lle dedican a Antón Avilés de Taramancos o Día das Letras Galegas para falar sobre o noiés. Na primeira parte preocúpase por situar a Avilés como membro da xeración chamada dos 50, e coetáneo da do 36. Despois acláranos as circunstancias nas que se movera, publicando, ao igual que os compañeiros de xeración, en pequenos espazos de difusión como o xornal *La Noche* ou revistas bilingües coma *Atlántida* ou *Alba*, aínda que o de Taramancos xa publicara, desde moi novo, en revistas como *Tapal* ou *Lar*. Na resto do artigo repasa a vida de Avilés, desde os primeiros anos en Noia e a Coruña, onde tomaría contacto coa intelectualidade. Logo viría, segundo Castro, a emigración a Colombia, onde casaría e desde onde mandaría pequenas noticias e algún poema. Volve en 1980 e instálase en Noia, aínda que Colombia deixara rastro nel, como demostra o seu libro *Cantos caucanos*. Nos últimos anos, comenta Xavier Castro, ademais

de presidir a Asociación de Escritores en Lingua Galega, publicaría *As torres no ar*, *Nova crónica das Indias* e *Última fuxida a Harar*, ata que morre en 1992.

Castro R., Xavier, 'As orixes líricas da mocidade do poeta de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 11 maio 2003, p. 4.

Neste artigo faise un breve estudo do que foi o libro, que se di que situou a Avilés de Taramancos dentro das mellores voces poéticas do panorama galego, *A frauta i-o garamelo*. A súa data de publicación sitúase en 1959, cando o poeta tiña vinte e tres anos e publicara algúns versos en revistas coma *Tapal* ou *Lar*, só con catorce anos, e un poemario á maneira de separata da revista *Atlántida*, *As moradias do vento*, como fixeran Manuel María ou Luz Pozo. A edición do libro fíxose, segundo se nos di, por subscrición popular e contaba con once poemas, que xiraban arredor do mundo dos paxaros e do seu canto, en versos sinxelos e sonoros. Saliéntase que a publicación, que contaba con ilustracións de Alexandre González Pascual e portada de Xosé Lois, causaría moi boa impresión entre os escritores consolidados, como Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro.

Castro Soliño, Dorinda, 'Lembranza do poeta', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Libros', 13 febreiro 2003, p. IV.

Presentación da biografía de Antón Avilés de Taramancos editada para a Editorial Toxosoutos por Xosé Agrelo Herme. Un libro que se cualifica de ameno e fermoso, escrito con elegancia e respecto e cheo de citas de entrevistas ao autor e poemas. Tirada deste libro, faise un pequeno percorrido pola vida do autor, desde a aldea de Taramancos onde naceu e que lle daría o nome polo que o coñecemos por unha invención de Uxío Novoneyra, aos anos na Coruña nos que vive a bohemia. A súa emigración en Colombia, recorrendo poboados indíxenas e amando esa terra, e logo, o regreso e a continuación da vida literaria e do compromiso político desde a súa taberna.

Gaspar, Silvia, 'Avilés de Taramancos, poeta', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', nº 719, 'O que le, é un león', 12 maio 2003, p. 7.

Faise unha biografía do autor homenaxeado no ano 2003 no Día das Letras galegas, Antón Avilés de Taramancos. Comézase polo seu lugar de nacemento, Taramancos, do que collería o seu nome poético e onde mamou a cultura tradicional de Galicia. Despois fálanos dos seus anos na Coruña a partir de 1953, coñecendo a xente coma Uxío Novoneyra ou Álvaro Cunqueiro e escribindo os primeiros libros: *As moradias do vento* e *A frauta i o garamelo*. Logo, cóntasenos como, polo seu compromiso político, tivo que emigrar a Colombia a principios dos anos sesenta. Alí vive unha vida entre o aventureiro e o convencional, da que hai noticia no seu volume de prosas *Nova crónica das Indias*. E, por último, dáse conta da seu regreso, despois do que continúa coa creación poética, publicando *As torres no ar* e *Tempo no espello*, ata o seu pasamento en 1992.

González, David, 'O francotirador da fermosura', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'El perfil', 18 maio 2003, p. 14.

Describe David González a vida e a persoa de Antón Avilés de Taramancos, ao que se lle

dedica o Día das Letras Galegas, empregando fragmentos dos seus poemas. As súas orixes mariñeiras e labregas dinos que fan del unha encarnación do compromiso e a identificación, e danlle unha visión panteísta da paisaxe, como se demostra xa nos seus primeiros poemas. Os problemas económicos e políticos foron os que motivaron a súa chegada a Colombia, despois de anos de aventura e variados oficios na Coruña. Segundo di David González, en América encontraría o amor e diversas aventuras e oficios, recoñecidos polo escritor. Seguiría a que foi, como nos recorda, a senda doutros escritores do país, que sempre viviu cun ollo en América. E Colombia convértese na súa segunda patria, á que lle dedicará despois os poemas de *Cantos caucanos*. Pero a Avilés, segundo o ve David González, púdolle a saudade e volveu para Noia traballar coas xeracións máis novas de poetas, vivindo unha vida de esperanza e loita, até que un cancro acabou coa súa vida. Este artigo aparece tamén en *El Progreso*, 'Perfil', 25 maio 2003, p. 10.

González, David, 'O francotirador da fermosura', *El Progreso*, 'Gente', 'Perfil', 25 maio 2003, p. 10.

Describe David González a vida e a persoa de Antón Avilés de Taramancos, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas, empregando fragmentos dos seus poemas. As súas orixes mariñeiras e labregas dinos que fan del unha encarnación do compromiso e a identificación, e danlle unha visión panteísta da paisaxe, como se demostra xa nos seus primeiros poemas. Os problemas económicos e políticos foron os que motivaron a súa chegada a Colombia, despois de anos de aventura e variados oficios na Coruña. Segundo di David González, en América encontraría o amor e diversas aventuras e oficios, recoñecidos polo escritor. Seguiría a que foi, como nos recorda, a senda doutros escritores do país, que sempre viviu cun ollo en América. E Colombia convértese na súa segunda patria, á que lle dedicará despois os poemas de *Cantos caucanos*. Pero a Avilés, segundo o ve David González, púdolle a saudade e volveu para Noia traballar coas xeracións máis novas de poetas, vivindo unha vida de esperanza e loita até que un cancro acabou coa súa vida. Este artigo foi tamén publicado en *El Ideal Gallego*, 'El perfil', 18 maio 2003, p. 14.

Quintáns S., M., 'Colombia, unha das 'Ítacas' de Avilés, faise realidade poética nun libro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 11 maio 2003, p. 4.

Preséntasenos a Antón Avilés de Taramancos como un "Ulises" na busca dunha patria. A mais buscada e sentida dísenos que foi Galicia e como proba desta saudade dáse un fragmento dun artigo de Salvador García-Bodaño, "Noticia de Avilés de Taramancos", no que se fala da saudade do noiés en terras americanas. Sen embargo, tamén se aclara como, unha vez de volta aquí, Avilés ten outra "Ítaca" nas terras colombianas, ás que cantará no seu libro *Cantos caucanos*, publicado en 1985. Descríbese despois, por medio de citas de poemas, os elementos máis nostálgicos do libro. Nel estará todo o seu universo americano, exótico para os ollos galegos, e cargado de lugares e referencias da evocación colombiana.

Raña, Román, 'Un poeta maior', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 febreiro 2003, p. IV.

Fálase do volume *Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé María Álvarez Cáccamo para a editorial A Nosa Terra. Destácase del o atinadas que son as fotografías que non adornan

senón que complementan o texto, poñendo de relevancia os aspectos máis salientábeis da biografía. No que se refire ao texto de Álvarez Cáccamo, agrádese a paixón e a amizade que reflicte, e as citacións de prosas e versos de Avilés. Do libro dise en xeral, que son moitas as impresións que se poden tirar sobre a vida do poeta, acompañadas das opinións e a documentación de Cáccamo, destacando sobre elas a etapa na Coruña, coas anécdotas bohemias xunto con Urbano Lugrís, e as súas peripecias colombianas.

Raña, Román, 'Tres patrias para un poeta', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 43, 15 maio 2003, p. I.

Román Raña bota unha ollada crítica sobre a etiqueta xeracional na que se encadrou a Antón Avilés de Taramancos. Advírtenos, xa desde o principio, do perigo que hai en atribuírlle unha xeración ao autor e do controvertido do concepto de etiquetas. Segundo di, nos anos de posguerra coincidiron dous grupos de poetas, por un lado, os da chamada Xeración do 36 e, polo outro, os da Xeración dos 50 ou das Festas Minervais. Avilés, dinos, encádrase na xeración das Festas Minervais, pero non coincide coa descrición que fan críticos coma Xosé Luís Franco Grande, pois, aínda que asume o compromiso político que caracteriza a súa xeración, viviu moi alleo, subsistindo na Coruña, ao ambiente Compostelán, no que se moveron os outros. Considera que separa radicalmente a Avilés da súa xeración a emigración, que parte a súa obra en dúas etapas e o afasta dos movementos culturais do país, coincidindo xa, na súa reentrada, coa xeración dos 80. Outra razón que ve para dúbida en integrar ao noiés na xeración dos 50 é a súa obra poética, caracterizada nun principio polo paisaxismo e que non ten nada que ver coa denominada "escola da Tebra". Considera que non influencia do surrealismo nin tampouco da filosofía existencial, elementos que apunta X. L. Méndez Ferrín como caracterizadores desta xeración. Conclúe con todo isto Raña que Avilés de Taramancos só tivo tres patrias: Galicia, Colombia e a poesía.

Requeixo, Armando, 'Unha manchea de poemas únicos', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 11 maio 2003, p. 4.

Aventúrase Armando Requeixo a describir *As torres no ar*, de Antón Avilés de Taramancos, que non dubida en cualificar como un dos mellores libros de poemas da poesía galega do século XX, aínda tendo esta moitos outros grandes poetas. Dinos Requeixo que o libro fala da terra, da xente e da paisaxe, coa creatividade que conteñen as imaxes poéticas do noiés, con palabras exactas e alento épico para revelar o país, os mariñeiros e os labregos, terra e mar, coas lembranzas infantís en Noia. Continúa o artigo con citas dalgúns dos versos do poema, que ilustran o dito, para concluír cunha cita de tres versos, que considera un símbolo perfecto do compromiso coa terra.

Romaní, Ana, Antonio R. López e Conchi Bilbao (coord.), 'J. A. Avilés Vinagre. Amañador de curazous esnaquizados. Coleccionista de moas do xuicio, vermes, bicos e olladas mornas de nenas de 15 á 18', *Galicia Hoxe*, 17 maio 2003, p. [35].

Monográfico que homenaxea a Antón Avilés Vinagre o Día das Letras Galegas. Acolle unha serie de textos, dos que de seguido se ofrece unha descrición, que están elaborados a partir dun verso do poeta de Noia por persoas que compartiron algún instante da súa vida

con el. Ademais, recóllense testemuños do *Diccionario Antón Avilés Taramancos*, unha achega biobliográfica e composicións en prosa e verso de autores como Lino Braxe (Mugardos, 1962), Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951), Antón Lopo (Noia, 1970), Ramón Lorenzo (Eirapedriña, Ames, 1935), Chus Pato (Ourense, 1955), David Pérez Iglesias (Seárez, Ames, 1962), Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) e Martín Veiga (Noia, 1970).

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Deixar a patria é un peso que se levará sempre entre as tempas', pp. 25-26.

Despois de referirse á "primeira fuxida da patria", o longo camiño da emigración saudosa, achega un poema, "segunda crónica", no que alude á derradeira saída, a da morte. Salienta continuamente a pervivencia do poeta nos seus versos e apunta unha forte "alianza" con el, ao que se dirixe emocionado coa ollada posta no futuro da terra.

- Ramiro Fonte, 'O poeta é un cazador alucinado', pp. 19-20.

Céntrase en *Última fuxida a Harar*, intentando identificar ese lugar, Harar, que, afirma, "está no mapa da poesía moderna". Despois de comparalo con Rimbaud, sinala, inicialmente, que Harar foi Colombia. A seguir, alude ao regreso á terra natal, salientando o que significou esta volta no panorama literario galego. Chega, finalmente, á conclusión de que Harar está máis alá da morte, dende onde non hai regreso, pero salienta si segue a correspondencia con nós a través dos seus versos.

- Manuel Forcadela, 'Antón Avilés, o home que era un pobo', pp. 16-18.

Tras facer notar que o ilustre noiés pertencía por espírito á xeración dos oitenta, sinala as súas arelas de "reconstrucción nacional de Galicia" e destaca que todos os seus esforzos se orienten á consecución deste obxectivo. Subliña, ademais, nun lugar relevante do seu quefacer a lingua e a tradición galegas, pondo de manifesto a acertada unión desta coa cultura iberoamericana. Así mesmo, comenta un poema de Avilés no que, este dirixíndose á patria, apunta á lingua como "ferramenta de traballo" e "arma de supervivencia". Finaliza agradecendo ao poeta o seu traballo e a súa amizade.

-Manuel María, 'Avilés deixounos versos que explican e fan comprender perfectamente a algúhos seres humanos que son minoría', pp. 7-8.

Define ao autor de *O tempo no espello* como "poeta total", pondo énfase na súa orixinalidade e universalidade, comparándoo con Eduardo Pondal ou Bernardiño Graña. Alude, así mesmo, á súa xeración e ao que esta representou para Galicia. Por outra parte, achega uns versos de *As torres no ar*, concretamente do poema "Hai que matar a Supermán", salientando o valor metafórico deste heroe negativo e asoballador dos pobos. Remata co desexo de Antón Avilés, "paz" e "alegría".

- Pilar Pallarés, 'Antón deixou o sílex, destensou o arco, deitou no chan a frecha e ergueu a palabra. Alzou arquitectura', pp. 11-12.

Alude ao Ulises Fingal de Noia, ao eterno viaxeiro que, afirma, fundou no Cauca unha "nova patria" e logo regresou saudoso ás raíces. Por outro lado, procura salienta o poder da palabra "acesa" do Marqués de Taramancos con anacos da súa poesía.

- Ana Romani, 'Avilés... esa inquedanza', pp. 4-5.

Refírese á proposta que se lles fixo aos colaboradores deste suplemento de "apropiarse" dun verso do autor homenaxeado para construíren a súa achega, subliñando o poder que pode ter tan só un verso. Asemade, lembra conversas co noiés sobre literatura, destacando que para este a "poesía está sempre detrás do que se escribe".

Souto, Xurxo, 'Importante: un libro de paixón incontrolable', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 8.

Coa evocación da súa primeira lectura de *Cantos caucanos* comeza Xurxo Souto o artigo, dedicado a este libro de Antón Avilés de Taramancos. Dinos que o libro fixo que nos chegase Colombia, cos versos tan sensoriais de Avilés, a un panorama poético marcado polas imaxes neo-subrealistas. Logo, fai unha pequena reflexión sobre a lírica, por un lado a sudamericana de García Calvo ou Jorge Guillén. Polo outro, a de Uxío Novoneyra e Manuel María aquí, que reclamaban a paisaxe como elemento que define ao individuo. Celebra, pois, o atrevemento que tivo Avilés, impresionado polas terras colombianas, de traer a Galicia o "continente literario de Juan Rulfo e García Márquez". Remata Souto cunha irónica advertencia sobre a paixón que desprende o libro e cun fragmento deste.

Veiga, Martín, 'A travesía sen fin', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Letras Galegas, 2003', 15 maio 2003, p. II.

Retoma Martín Veiga a vida e obra de Antón Avilés de Taramancos e comeza describindo Taramancos natal no que, segundo se nos di, Avilés tivo un convivio co traballo de mariñeiros e campesiños moi transcendente para el. Sinala que comezaría a escribir moi novo, pois xa en 1950 publicaba poemas na revista *Tapal*. Logo cóntanos cómo se traslada á Coruña, coñece amigos coma Urbano LUGRÍS e toma contacto co mundo da cultura e co galeguismo de esquerdas. Fálanos tamén das primeiras publicacións que datan desa época *As moradias do vento* e *A frauta i-o garamelo* e doutras composicións inéditas que aparecerían en *O tempo no espello* (1982). Logo viría a emigración para América, por motivos políticos e económicos, onde, ademais de casar con Sofía Baquero, non desaproveitaría a oportunidade de vivir diversas aventuras recollidas na *Nova crónica das Indias*, ademais doutras que circularon por medio das súas cartas a Salvador García-Bodaño. No regreso de Avilés, motivado pola saudade, cóntasenos cómo se entregou á produción poética desde a súa tasca, publicando *Cantos caucanos* e *As torres no ar*, ou o seu activismo, como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e como Concelleiro de Cultura en Noia. No final da súa vida di Martín Veiga que escribiu *Ultima fuxida a Harar*, cunha "lucidez arrepiante diante do tráxico destino". Tamén nos dá o autor unha breve nota na que fala das súas outras actividades creativas, como ensaísta, tradutor ou artista plástico, das que deixou moitos testemuños.

VV. AA., 'Día das Letras Gallegas', *ABC*, 'Día das Letras Gallegas', 17 maio 2003, pp. 1-

Este número especial que sacou o xornal *ABC* co gallo do Día das Letras Galegas está enteiramente dedicado a Galicia, redactándose os seus artigos en castelán (páxinas pares) e galego (páxinas impares) conxuntamente. Se ben nas primeiras páxinas se tocan temas diversos relacionados coa cultura, logo céntrase a atención na celebración que lle dá título ao número. Damos conta a continuación daqueles escritos de interese para a literatura galega:

- Luís de la Mata, "Un galardón que premia a aqueles escritores galegos que aceptaron o reto de difundilo idioma", p. 15.

Reflexiona ao comezo sobre a importancia da normalización da lingua galega, que é responsabilidade dos falantes. Neste contexto, explica a continuación a orixe do Día das Letras Galegas e a qué tipo de persoas se dedica. Fala de Rosalía de Castro, a primeira homenaxeada, logo comenta brevemente os méritos máis importantes do homenaxeado do ano pasado, Frei Martín Sarmiento e, a seguir, os de Antón Avilés de Taramancos. Remata loando a "intachable calidade deste premio" e enunciando a listaxe dos homenaxeados.

- Ana Martínez, "O mito do francotirador Avilés de Taramancos", pp. 17-19.

O artigo divídese en dúas partes, na primeira hai unha biografía básica de Avilés de Taramancos e na segunda fálasenos da súa última obra. Empeza o texto cunhas palabras do escritor nas que se define como un poeta que nin é "de oficio nin oficial", como "alguén que sempre chega tarde", que non ten a paciencia nin o tempo doutros escritores. Con iso empézase a debuxar a persoa de Avilés, das súas orixes labregas e mariñeiras e da súa etapa de estudante na Coruña, onde se nos di que coñeceu a Urbano Lugrís, leu conferencias e tomou contacto co nacionalismo galego de esquerdas. Logo, segundo lemos no artigo, estando xa en Ferrol para facer o servizo militar publica o seu primeiro libro *A frauta i o garamelo*, aínda que se comenta que empezara a escribir xa en Noia na revista *Tapal*, e cando volve para a casa de Taramancos xa terá o segundo *Pequeno Canto*. A seguinte etapa da súa vida que se conta é a emigración para América, que se describe como unha época importante, pois, alí casa e ten fillos, pero tamén como unha etapa de aventuras, desempeñando os máis diversos oficios. Por outra banda, perdería o contacto con Galicia e a súa cultura, só mantido pola correspondencia con Salvador García-Bodaño, que mandará publicar os seus poemas en *Grial*. Desde a época na que volveu de América o artigo céntrase sobre todo en analizar a súa obra, empezando polas orixes de *Pequeno Canto*, do que se nos comenta que xa ten elementos da súa obra posterior, para pasar a falar do cambio que significou a emigración. Nun primeiro momento, dise, o poeta andaba "ferido pola ausencia", como confesaría el mesmo nos seus "Poemas da ausencia", logo, en *Nova crónica das Indias* ou mesmo en *Última fuxida a Harar* vese un Avilés como un "cosmonauta solitario", un home dividido entre a alegría de volver á casa e outras saudades. Logo, a autora adiviña un escritor máis maduro na época de *As torres o ar*, onde dá sentido á súa longa viaxe, véndoa coma unha especie de descenso aos infernos. E, xa por último, nos derradeiros poemas, fábase dunha volta aos primeiros cantos cunha voz renacida.

- Ana Martínez, "O meu home era un ser máxico que deixou na súa terra querida unha

pegada eterna", p. 21.

Entrevista a Sofía Baquero Céspedes, muller de Antón Avilés de Taramancos, aparecida no número especial dedicado ao Día das Letras Galegas na que recorda aspectos da súa vida íntima e familiar. Sinala, por exemplo, cómo se coñeceu a parella en Colombia e as argalladas que facían para poderen verse de mozos ela e o seu home, ou cáles foron algunhas das profesións que o escritor exerceu na emigración. Así mesmo, comenta o desexo do noiés de regresar ao país no que nacera, cómo foi a viaxe que fixeron a Galicia para coñecer aos pais de Avilés e a emoción que o encontro supuxo, ou cá é a razón pola que, unha vez instalada aquí desde hai anos, non trasladara a súa residencia a Colombia. Finalmente, sinala o labor cultural realizado polo seu home na vila de Noia e declara a grata sorpresa que supuxo que escolleran a Avilés para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas, tan só once anos despois do seu falecemento.

VV. AA., 'Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Día das Letras', 17 maio 2003.

Suplemento que *El Correo Gallego* dedicou a Avilés de Taramancos para homenaxealo no Día das Letras Galegas. Nel pódense ler notas, estudos e recensións para completar a súa andaina vital e para achegar análises de obras concretas. Participaron neste traballo:

- Fran P. Lorenzo, "Un poeta que foi un pobo", p. 1.

Comeza cun poema de Avilés como símbolo do abrollar da súa poética, logo fai un percorrido pola temática da súa obra, refírese á influencia da súa nai Lela da Pastora e á súa identificación con Ulises e, finalmente, adianta a autoría dos traballos que compoñen este suplemento monográfico.

- Manrique Fernández, "O Ulises que partiu de Taramancos", pp. 2-19.

Amplio percorrido biobibliográfico de Antón Avilés de Taramancos, feito por Manrique Fernández.

- Dolores Arxóns, "Cronoloxía biográfica de Avilés", p. 22.

Cronoloxía de Avilés de Taramancos, na que comeza pola súa data de nacemento e recolle aqueles feitos máis destacados da súa vida e obra, rematando en 1994, ano no que se publica unha edición bilingüe de *O cimiterio mariño*, de Paul Valéry, no que se inclúe a reprodución do manuscrito da tradución feita por Avilés de Taramancos.

- Alexandra Cabaleiro, "Tres capitáns de tempos idos", pp. 24-26.

Informa da publicación da obra teatral *Tres capitáns de tempos idos*, de Avilés de Taramancos pola editorial Xerais, que contén ilustracións do propio autor xunto con outras de Manolo Uhía e unha introdución de Pilar Sampedro, que foi a que alentou ao autor para que a creara co propósito de ensinalle aos nenos da Serra de Outes a historia das Letras Galegas. Na última parte realízase un comentario dos personaxes da obra.

- Fran P. Lorenzo, "Xeografías e regresos de Avilés", pp. 28-31.

Dá conta dos lugares aos que estivo vinculado Avilés e que deixaron pegada na súa obra. Sinala que todos eles están recollidos en "Paseo con Avilés", que recorre a xeografía do autor incluíndo tamén poemas do homenaxeado e que foi realizado polo Concello de Noia.

- Luís Avilés, "Un vento na nosa casa", p. 31.

Agradecemento do fillo de Antón Avilés de Taramancos a todos os que fixeron que a súa figura e o seu pensamento nunca caeran no esquecemento e que axudaron a que neste ano se lle tributara esta homenaxe.

- Xosé Agrelo, "Avilés entre bastidores", p. 33.

Refírese á faceta de dramaturgo de Antón Avilés de Taramancos, comezando por explicarnos que participou na montaxe e na realización de *La mujer más prudente* de Xosé Luís López Cid e, anos máis tarde, na de *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro. Sinala que traballou de axudante de dirección, apuntador e mozo de recados, facetas todas elas que o marcarían positivamente. A seguir dinos que na súa etapa de concelleiro de Cultura en Noia organizou unhas Xornadas de Teatro na Escola. Remata falándonos do esbozo dunha peza teatral, *A vella nai e a técnica Rorschach*, da que o propio Avilés nos informa en "Galicia no diván" de *Cadernos de Psicología*, nº 11 (1991). O autor conclúe afirmando que unha das personaxes desa obra é a mesma que a Velliña que aparece en *Tres capitáns de tempos idos*, onde o noiés quixo que representase a unha "Galicia-avoa, doce e sofrida, agarimosa e forte".

- Xavier Castro, "Arte de vento e paxaros", p. 34.

Comézase por informar de que en *As moradias do vento*, primeira obra poética de Avilés de Taramancos publicada nunha separata da revista *Atlántida*, xa aparecen dous elementos que estarán sempre presentes na súa obra posterior que son o mar e a terra. A seguir fala da súa segunda obra, *A frauta i-o garmelo* (1959), que mereceu os mellores eloxios dos intelectuais do momento e onde atopamos ás aves como metáfora de liberdade. Remata comentando a coincidencia dese poemario co de Pablo Neruda, *Arte de pájaros*, a quen coñeceu o noiés en Bogotá (Colombia).

- Fran P. Lorenzo, "Esencia do verso luminoso", p. 36.

Destácase que a última obra que publicou Avilés en vida foi *Antoloxía Poética*, na colección Biblioteca 114 de *El Correo Gallego* (Editorial Compostela, 1992) na que Miguel Anxo Fernán Vello recolle unha selección da súa produción en verso de 1955 a 1990 e realiza a introdución na que define a obra poética de Avilés cualificándoa de "luminosa e solar, sensual e sensitiva, terrestre e uránica".

VV. AA., 'Antón Avilés de Taramancos', *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Día das Letras Galegas 2003', 17 maio 2003, pp. 1-16/35-62/37-62.

Suplemento especial dedicado a Antón Avilés de Taramancos (1935-1992) e editado co gallo do Día das Letras Galegas que, con pequenas modificacións, saíu acompañando os xornais *Diario de Ferrol*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*. Inclúe, para alén dos estudos asinados dos que damos conta a seguir, unha cronoloxía biográfica do escritor, un cadro bibliográfico e unha listaxe da bibliografía secundaria sobre o autor. No *Diario de Ferrol* aparece a maiores un artigo de Xosé María Dobarro e no de *El Ideal Gallego* aparece, a maiores, como tamén no *Diario de Arousa*, unha recompilación de declaracións, citas e reflexións do homenaxeado baixo o título: "Pensamento de Antón Avilés de Taramancos". Os artigos incluídos son:

- Xosé María Dobarro, 'Ausencia de Antón Avilés nalgúnhas antoloxías', p. 2.

Este artigo, incluído só no suplemento que acompaña a edición de *Diario de Ferrol*, é un comentario sobre a ausencia de Antón Avilés de Taramancos nalgúnhas antoloxías poéticas, se ben se aclara desde o principio que, estas antoloxías aínda que contribúen á difusión dos autores non son definitivas para a súa consagración. A primeira antoloxías das que nos fala é a de Basilio Losada en 1971 *Poetas gallegos de posguerras*, na que si que estaba Avilés, aínda que desaparecería despois, na seguinte antoloxía do autor, *Poetas gallegos contemporáneos* de 1972. Apunta Xosé María Dobarro, como posíbel causa da súa ausencia, os anos de Colombia, nos que apenas tivo comunicación con Galicia, ata a publicación, por parte de Salvador García-Bodaño de "Noticia de Avilés de Taramancos", con dez poemas seus. Aínda que tamén se comenta como o autor noiés non perdeu contacto co mundo literario, coñecendo a poetas como Ariel Canzani, ou xornalistas como José Miguel González Garcés, que coñecía a Avilés da revista *Atlántida*. Parécelle, pola contra, máis chamativa que non aparecese noutras máis actuais como *Do modernismo aos novos* (1980), de Francisco Fernández del Riego, e *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1984), de César Antonio Molina.

- María Cuquejo, 'Reloxo na selva é tempo perdido', p. 5/ p. 60/ p. 42.

Fálasedo único libro que Avilés de Taramancos escribiu en prosa, *Nova Crónica das Indias*, un volume que segundo a estudosa está construído con anécdotas, reflexións e lecturas que o autor tivo durante os seus anos de emigración. Son dezasete contos nos que o primeiro fala da Galicia que queda atrás e o epílogo sería da volta á casa, mentres que polo medio estaría o Avilés colombiano, con influencias de escritores sudamericanos. A seguir céntrase no relato "India aguaruna non sabe de labranza", do que se destaca o tratamento da selva como protagonista, na liña doutros autores sudamericanos. O entretecer de historias e anécdotas, iríanos metendo no mundo dos indios, nos mundos dos xívaros e dos caciques, que ás veces podían ser de Betanzos. Marca aquí Avilés, comenta Cuquejo, o tempo das Indias, que funciona doutro xeito diferente ao das continuas mudanzas de Occidente, de maneira que, *Nova Crónica das Indias* se converte en atemporal.

- Luís Alonso Girgado, 'De cando Avilés lle escribiu a un corvo', p. 7/ p. 42/ p. 40.

Ocúpase o artigo da etapa anterior á emigración de Antón Avilés de Taramancos. Nesta primeira etapa da súa vida, dísenos que só escribira un feixe de poemas e que en 1959 escribe os dous poemarios *A frauta i-o garamelo* e *Poemas a Fina Barrios*, nos que se evidencia a súa calidade. Céntrase a seguir en *A frauta i-o garamelo*, que se considera "unha das máis puras manifestacións da nosa poesía de tódolos tempos", pola elegancia do verso e a imaxinería sensorial, con certa herdanza do hilozoísmo. Pero sobre todo fálase do poema "Carta a un corvo que se chama Alberte" facendo unha pequena introdución á figura do corvo na literatura, como símbolo ou como obxecto literario. Segundo se nos di, a figura do corvo emprégase nestes versos de Avilés ao xeito tradicional, por un lado é o mensaxeiro e, polo outro, un elemento escuro e fúnebre, como consecuencia da súa cor negra. Todo isto nun poema do que se conclúe que fala da natureza e do mundo infantil desde unha óptica fantástica e visionaria. Destácase a súa calidade entre as distintas voces que tivo o poeta ao longo da súa vida.

- Miguel Carlos Vidal, 'Avilés de Taramancos y Aturuxo', p. 9/ p. 56/ p. 41.

Fálanos Miguel Carlos Vidal, un dos fundadores da revista *Aturuxo* xunto con Tomas Barros, da súa relación con Avilés de Taramancos. O grupo da revista, comenta, reuníase todos os domingos en faladoiro nun café de Ferrol e a ela incorporouse xente coma Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Miguel González Garcés ou Ricardo Carballo Calero. Lembra que un deses días se presentou alí Avilés, que despois sería un asiduo do faladoiro, no que pedía que lle valorasen os seus poemas, e da revista, na que publicou varios destes. Incluso comenta Vidal, cómo lles pediu opinión sobre *As moradias do vento*, un poemario que aparecera como separata da revista *Atlántida*. Logo, dinos Vidal que lle perdeu a pista, porque marchou para A Coruña, e que só sabería del en 1971, cando aparecen en *Grial* "Os poemas da ausencia", xa desde Colombia. Fálanos tamén de cómo soubo que volvera nos anos oitenta para Galicia e como seguiu el a súa carreira literaria. Lembra que o propio Avilés lle mandou un exemplar de *As torres no ar* pedíndolle opinión. Por último describe o seu último encontro co poeta en 1991, no que se despediron sen saber que lle quedaban escasos meses de vida.

- Xulio Valcárcel, 'As Torres no Ar', p. 11/ p. 61/ p. 43.

Analiza Xulio Valcárcel o libro *As torres no ar*, para o que Avilés de Taramancos escollera unhas verbas de súa nai como título. O libro dísenos que consta de tres partes, compensadas no tamaño, ás que precede un pórtico, unha especie de poética. Da primeira parte destácase o ton metafísico, case místico, para o que a figura materna lle achega a vivencia da terra e a da avoa sería un "enganche" co pasado, cos que nos precederon. Atópase tamén nestes poemas un xogo simbólico coas luces e as sombras, o gusto por cousas pequenas que poden pasar desapercibidas e unha dialéctica constante entre a perda e a recuperación nun universo moi íntimo. A segunda parte do poema estaría, di Xulio Valcárcel, baseada na experiencia mariñeira, co mar como un arquetipo, e co tempo como símbolo da destrución. Considera que o universo que hai neste poema é o dos estaleiros da ría ou do cheiro a galipote, o do mar dos naufragados e o do desaparecido pai. Destácanse dous poemas "A espada florecida", por ser o de visión máis positiva, e o que fala de cómo se fai un zoco mariñeiro, pola súa fermosura. Remata sinlando que a última parte do libro sería un conxunto de doce sonetos de amor, de feitura perfecta e no que aparece o lado máis físico

do amor.

- Carmen Fariña, 'A saudade inversa en 'Cantos caucanos', p. 12/ p. 40/ p. 46.

Comeza cunha descrición dos primeiros anos da obra de Avilés, desde os primeiros poemas, publicados en revistas como *Tapal* de Noia. Despois virían, segundo comenta Carmen Fariña, os poemas publicados na revista *Atlántida* e o poemario *A frauta i-o garamelo*, nos que xa expón liñas temáticas posteriores, como o amor á terra e o mar, a saudade ou o compromiso. A súa emigración a América suporía, en palabras que se extraen do propio autor, un truncamento radical na súa vida. Sinálase que xa de volta publica *Cantos caucanos*, un libro no que cantaría a saudade de Colombia e da súa natureza. Os eixos temáticos da súa vida, di Carmen Fariña, pasan agora a funcionar dentro da saudade invertida cara a Colombia, nun total de once poemas e dúas crónicas. Son poemas épicos, líricos e biográficos, nos que o poeta transmite que ve esa terra e esa xente como unha segunda patria, concretada na rexión do Cauca. Para reflectir todo isto, coméntasenos cómo emprega topónimos reais ou imaxinarios, como Tuluá ou Chachauí, e abundante léxico indíxina, do que se nos dá unha longa listaxe. Así pois, para Carmen Fariña, a saudade de Avilés, nun primeiro momento cara a terra natal, vírase logo cara ás terras americanas.

- Xosé Neira Vilas, 'Lembranza do poeta emigrante', p. 13/ p. 38/ p.39.

Fala Xosé Neira Vilas de Avilés de Taramancos como emigrante que, despois de dúas décadas en Colombia, volveu con muller e fillos e cun horizonte americano, porque o galego é poroso, incorpórase á sociedade que o acolle e acaba por pertencer a dúas patrias. Fala tamén da súa relación persoal co homenaxeado, co que tivo correspondencia xa cando el estaba en América e o de Taramancos en Noia, un contacto que se mantivo cando os dous estaban en lugares distantes de América, pero compartían proxectos e pensamentos. Lembra que esta proximidade non se faría física ata 1981, cando se atoparon os dous en Galicia. Sinala tamén que hai outra circunstancia que os une, pois el mandáralle en 1961 un folleto que falaba da celebración do Día dos Mártires galegos e a policía soubo que o tiña Avilés, polo que comezaron a vixialo ata que, seguindo un consello, marchou para Colombia. Por último, recálcanse as cualidades que fan que Avilés sexa ben merecente de dedicarlle o 2003, ao ser unha das maiores voces poéticas de Galicia e cunha mensaxe vital aleccionadora.

- María Lojo, 'A simboloxía da terra na Nova Crónica de Indias', pp. 14-15/ pp. 58-59/ pp. 44-45.

Quéixase María Lojo do inxusto esquecemento que sofre, diante da produción poética, a obra en prosa de Avilés, *Nova crónica das Indias* e pasa a falarnos dela. Indica que a súa estrutura é circular, que comeza coa partida e remata coa volta do protagonista co pseudónimo de Ulises Fingal. Porén esta unidade na estrutura non se corresponde co discorrer do tema, que se parece máis a unha viaxe iniciática á maneira da *Odisea*, de Homero, ou de *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo, un antecedente na literatura galega ao que Avilés achegará a novidade da paisaxe colombiana. O traballo de María Lojo céntrase na parte da obra que transcorre en Galicia, a partida e o regreso, entre as cales o protagonista sofre unha transformación que converte ao rapaz en guerreiro. O libro, dinos,

empeza coa despedida da figura da avoa-nai, a figura feminina vinculada á terra que supón a estabilidade, non só pola vertente telúrica senón tamén por un aspecto de negación do tempo. A esta estabilidade, continúa Lojo, faille de contrapunto o mar, figura masculina de peregrinación na que se sofre a evolución, na que un protagonista innominado se converte en Ulises Fingal, que volta a loitar pola honra da súa nación. Saliéntase que a muller ten un papel secundario pero necesario para a configuración do protagonista, unha figura confusa en Avilés, na que se misturan as distintas facetas de nai, avoa, muller sensual e mesmo o descanso do valente. A muller, segundo Lojo, permanece allea á historia e á acción, esperando a volta do home que constrúe a historia e, no retorno, transfórmase en Penélope, a Penélope do poema de Díaz Castro, que se identifica coa muller galega ou con Galicia vista como "violentada, insegura" e que "Ulises Fingal" vai rescatar como un heroe.

- T.D.I., 'Avilés, un home de dous mundos', p. 36/ p. 38.

Achegamento á figura de Antón Avilés Vinagre dende unha dobre vertente: a de rapaz que naceu en Taramancos, nunha familia agraria e mariñeira e a do emigrante que viviu uha vida de novela. Antes de emigrar cóntasenos cómo Avilés trabara contacto co nacionalismo de esquerdas e empezou a traballar pola recuperación do galego, ademais de publicar dous libros. A emigración sería, segundo se nos di, unha paréntese na súa vida cultural e literaria, coa que mativo contacto pola correspondencia con algún amigo, como Salvador García-Bodaño, ao que lle mandaría uns poemas para publicar en *Grial*. Cando volve en 1980 a Noia recupérase a súa figura literaria, cultural e política; publica *O tempo no espello* dous anos despois, *Cantos caucanos* en 1985, *As torres no ar* en 1989 e xa postumamente *Última fuxida a Harar*. Lémbrese que intervén en medios como *Grial* ou *Luzes de Galicia*, ademais de ser presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Como poeta defínese como de "verso férreo e cristalino", cunha poesía moi poderosa que fala do amor, do nacionalismo ou da nostalxia de "dous mundos" con forza e vitalidade.

VV. AA., 'Avilés de Taramancos', *El Progreso*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, pp. 1-8.

Suplemento especial que *El Progreso* publica con motivo da celebración do Día da Letras Galegas, no que diferentes autores realizan unha achega á vida e obra do autor homenaxeado. Deseguido dáse conta dos artigos incluídos neste suplemento:

- Manuel Piñeiro, "Taramancos, aldea de Avilés", p. 2.

Resumo da biografía de Antón Avilés de Taramancos na que se explica, entre outros detalles, que colleu o nome de Taramancos por ser ese o topónimo da aldea onde naceu.

- Manuel Piñeiro, "Francotirador da fermosura", p. 3.

Comeza repasando a bibliografía de Avilés de Taramancos, a continuación informa de que no 1985 recibiu o Premio da Crítica con *Cantos caucanos* e que anos máis tarde con *Última fuxida a Harar* lle foi concedido o Premio da Crítica Galega. Conclúe afirmando que non hai unanimidade a hora de poñerlle etiqueta á xeración literaria á que pertence pero si á hora de falar dos seus compoñentes (Manuel María, Méndez Ferrín, Ramón Lourenzo,

etc.).

- Antonio Soto, "Florece o galego escrito, pero hai ruptura na transmisión da lingua", p. 4.

Entrevista ao presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta de Haz, na que se anuncia a próxima publicación do primeiro volume das obras completas do Padre Sarmiento e se informa, entre outros datos, de que nunca antes se publicaran tantos libros en galego coma na actualidade. Considera tamén que, pola contra, se está a producir un corte na transmisión oral.

- M. S., "O dobre de exemplares", p. 5.

Infórmase de que, ao contrario do que acontece no resto de España, en Galicia aumentou o número de exemplares das tiraxes e de que os libros galegos superan a tiraxe media española.

- Antonio Soto, "Igrexa, ensino e medios é onde está máis en xogo o futuro da lingua", p. 6.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro Fenández, presidente da Real Academia Galega, na que afirma que o ensino, os medios de comunicación e a Igrexa son os piares básicos para o futuro do idioma. Logo indica que Avilés de Taramancos posuía un perfil distinto e un pouco singularizado, xa que soubo expresar o que era a morriña e a saudade. Destaca de entre as súas obras *Cantos Caucanos*, na que está presente a lonxanía. Remata falando das diferentes normativas.

- D.G., "A Academia traslada a Noia a sesión plenaria", p. 7.

Dá conta da celebración de diferentes actos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Comeza referíndose a que a Real Academia Galega celebrou a sesión plenaria en Noia, onde se rendeu unha homenaxe a Antón Avilés de Taramancos; e que o Consello da Cultura Galega editou un disco que contén poemas recitados e gravados polo escritor en Cali (Colombia) no 1974 xunto con dúas entrevistas radiofónicas concedidas na década dos 80. Tamén alude ás manifestacións que se organizaron e remata falando da homenaxe que se realizou ao escritor noiés no Bierzo.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, 'Avilés na Casa de Rosalía', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 14 abril 2003, p. 2.

Opina que a elección de figuras como Sarmiento e Avilés de Taramancos veu revitalizar a celebración do Día das Letras Galegas. Dá conta da presenza simbólica de Avilés o 5 de abril na Casa Museo de Rosalía no que tivo lugar un recital e sinala que se ben na súa obra non hai excesivas referencias a Rosalía, sábese polas súas amizades que era un incondicional devoto da súa obra. Fala tamén das dificultades de artellar o programa das

actividades rosalianas neste ano 2003 para divulgar e potenciar a súa obra e lamenta a falta de apoio económico a prol de Rosalía.

Araguas, Vicente, 'Agüita', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 7 abril 2003, p. 48.

Conta unha anécdota que viviu cando se dirixía, acompañado dunha mariscadora que atopou na rúa, ao Congreso de Avilés de Taramancos na Casa da Cultura de Noia. Sinala que mantivo unha conversa con ela sobre o chapapote, sobre o vento en Noia e sobre a beleza do edificio do Concello, e ela sempre remataba dicindo "¡Agüita!". Cando lle preguntou qué opinión lle merecía o seu paisano "conmovida, cos ollos moi brillantes, vai e cáseque berra nunha expresión de xúbilo, nun a xeito de aturuxo: ¡Agüita! ¡Agüita!".

Araguas, Vicente, 'Xoldra', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 17 maio 2003, p. 64.

Nesta columna celebra o autor que se decidise ter un Día das Letras Galegas non laborábel e no que se homenaxea a un autor galego. Lembra a figura de Rosalía de Castro como autora "fundamental e fundacional" que coa súa obra *Cantares Gallegos* (1863) ocupa un lugar memorábel no ámbito poético do século XIX. Así, igual que Rosalía de Castro recuperaba a lingua, Araguas reflexiona en que a xuventude debe ser consciente da riqueza da lingua propia e unirse para que o idioma non se perda.

Caneiro, Xosé Carlos, 'Unha rosa', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 15 maio 2003, p. 72.

Xosé Carlos Caneiro reflexiona sobre as pequenas cousas da vida que se anceian e buscan en calquera momento, así, lembra que o Día das Letras Galegas é como calquera outro, pois este vai en declive nun ambiente onde todo é decadente. Deste as liñas que está a escribir pide que as cousas cambien e que as letras galegas se convirtan no "libro galego".

Carballo, Francisco, 'Antón Avilés de Taramancos', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Fin de semana', 23 xaneiro 2003, p. 35.

Percorrido pola traxectoria vital e poética de Antón Avilés de Taramancos, a quen define como a realización perfecta da amizade. Lembra que o coñeceu na súa taberna e que foi un poeta precoz que comezou a escribir aos dezaseis anos. Recupera tamén os seus contactos coa asociación Amanecer da Coruña da man de Lugrís e o seu exilio a Colombia de onde volveu logo de vinte anos para se implicar na política de Noia e presidir a Asociación de Escritores. Equipárao a Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez como poetas da patria, no seu caso de dúas patrias: Galicia e Colombia.

Conde, Alfredo, 'Pulo ó Día das Letras', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 25 maio 2003, p. 4.

Sinala que o Día das Letras Galegas está baleiro de contido dende que foi declarado día festivo, posto que non hai ningún tipo de actividade que vertebre a súa celebración. Propón, para os vindeiros anos, que os galegos nos agasallemos entre nós cun exemplar do *Galicia Hoxe*, xornal de nova creación que se vai publicar integramente en galego, e mais cunha margarida.

Conde, Alfredo, 'Cousas que sorprenden', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 27 maio 2003, p. 4.

Fala, en primeiro lugar, da "Libreta das Letras", que é unha especie de folleto que a TVG envía aos escritores con textos do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. De seguido, fala da amizade que mantivo con Antón Avilés de Taramancos e sinala que, quizais, algún día se decida a contar algunhas cousas que sorprenderán.

Dourado Deira, Manuel, 'Avilés: profético Ulises da Patria ameazada', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 29 marzo 2003, p. 3.

Sinala, en primeiro lugar, que a sombra da guerra en Iraq afoga o seu espírito e alédase de que aínda fique a poesía, como a de Avilés de Taramancos. Indica que se vai celebrar en Noia, os días 3, 4 e 5 de abril, un congreso dedicado ao poeta, que é identificado polo articulista coa mítica figura de Ulises na súa ansia de regresar á Ítaca-Galicia-Penélope. Afirma, finalmente, que os versos antibelicistas do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas cadran moi ben coa actualidade.

Dourado Deira, Manuel, 'Avilés: preocupación pola cultura popular', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 5 abril 2003, p. 3.

Sinala que Avilés de Taramancos era un home comprometido co mundo cultural e que sabía que as armas da cultura non eran suficientes, polo que se pasou á política. Fai referencia, así mesmo, á súa etapa como concelleiro de cultura en Noia, desenvolta entre 1987 e 1991, na que tentaría chegar a "alta cultura" ao pobo, organizando, por exemplo, concertos públicos de música clásica.

Dourado Deira, Manuel, 'De Couso a Avilés: ¿Evoluciona o ser humano? ', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 12 abril 2003, p. 3.

Sínálase que a morte do xornalista José Couso empañou o "baño de poesía" que Manuel Dourado estaba a tomar no congreso dedicado á figura de Avilés de Taramancos en Noia, e saca a colación algúns versos do poeta que veñen ao caso.

Dourado Deira, Manuel, 'O Avilés integral', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 10 maio 2003, p. 3.

Felicita á Real Academia Galega polo acerto de dedicar o Día das Letras Galegas ao poeta, narrador e xornalista Antón Avilés de Taramancos por favorecer a descuberta non só dun gran poeta telúrico e cósmico senón tamén do Avilés integral, isto é, un magnífico escritor. Sinala que sobre a súa figura pesaba unha sombra de ignorancia e desmemoria que o reducía a un poeta menor e que se está a corrixir coa celebración de actos como o Congreso celebrado os días 3, 4 e 5 de abril en Noia ou a mesa redonda que tivo lugar en Rianxo arredor da figura de Avilés. Anuncia tamén a celebración dunha maratón poética auspiciada polo Concello de Santiago e remata citando os principais títulos que compoñen a súa obra, dende a súa identificación coa terra representada en *O tempo no espello* (1982), a saudade

inversa de *Cantos caucanos* (1983-84), a sensualidade intimista de *As torres no ar* (1989), a ironía de *Nova Crónica das Indias* (1989) e a recompilación do seu labor xornalístico, *Obra viva* (1992).

Dourado Deira, Manuel, 'Avilés: significado de vinte anos no desterro', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 17 maio 2003, p. 6.

Sinala que, ao longo dunha serie de artigos de opinión que se van publicar nos vindeiros días, vai dar conta do periplo vital de Avilés de Taramancos en Colombia; indica, ademais, que a publicación destes artigos será posíbel grazas á información obtida da súa viúva.

Dourado Deira, Manuel, 'Avilés: por terras colombianas', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 24 maio 2003, p. 4.

Tal e como anunciara nun artigo anterior, Manuel Dourado comeza aquí a semblanza dos anos que Avilés de Taramancos viviu en Colombia; neste primeiro, fai referencia a unha etapa inicial de "malaventura".

Dourado Deira, Manuel, 'O marqués de Taramancos', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 31 maio 2003, p. 4.

Continúa coa semblanza dos anos que Antón Avilés de Taramancos estivo en Colombia, iniciada en días anteriores na mesma sección deste xornal. Nesta ocasión fai referencia a unha segunda fase que denomina "ventureira fortuna dos dez últimos anos".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Avilés entre nós', *O Correo Galego*, 'A fenda', 15 maio 2003, p. 3.

Achega á figura do poeta Antón Avilés de Taramancos, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas deste ano.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Cantos Caucanos', *Galicia Hoxe*, 'A Fenda', 22 maio 2003, p. 5.

Anuncia a saída ao mercado dun disco de Rodrigo Román, titulado *Cantos caucanos*, con composicións inspiradas nos textos do poemario homónimo de Avilés de Taramancos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Antón Avilés na carballeira de San Xusto', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 xullo 2003, p. 3.

Dá conta dunha homenaxe que se lle tributou a Avilés de Taramancos na carballeira de San Xusto que se atopa na vila pontevedresa de San Xurxo de Sacos. Lembra que o 10 de novembro de 1990, Avilés estivera nesa carballeira para defendela do perigo de caer en mans da igrexa e deixar de ser pública e que daquela falara no seu discurso da carballeira como ámbito de liberdade e convivencia. Sinala tamén que o carballo é sinónimo "de puxanza, de duración e simboliza tanto a forza moral como a forza física" e que Avilés

sabía que para os celtas era o emblema da hospitalidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Antón Avilés e Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 21 xullo 2003, p. 3.

Repara na correspondencia entre Rosalía de Castro e Antón Avilés de Taramancos e recorre ás consideracións do poeta de Noia que definiu a Rosalía como "nai primixenia". Sinala que ambos comparten, máis alá do propiamente poético, un mesmo sentido ético ante a realidade da terra e da lingua e que Avilés se reconece en Rosalía e expresa esta relación en "analoxías de alta tensión ética e estética".

Fernández, Xurxo, 'Días de vino y letras', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 19 maio 2003, p. 80.

Relaciona as boas letras co bo viño, mencionando a relación que tiveron en diferentes aspectos coa bebida escritores como Homero, Álvaro Cunqueiro, Edgar Allan Poe, Villon, Lord Byron e Antón Avilés de Taramancos, "el genial poeta que atendía negocio de vinos en Noia" e homenaxeado con acerto nesta edición do Día das Letras Galegas. Dá conta tamén da inauguración do remodelado edificio de Sargadelos de Díaz Pardo e da presentación da novela *Escoitar o silencio*, de Otilia Seijas en Hipercor.

García-Bodaño, Salvador, 'Na raíz das palabras', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 6 abril 2003, p. 3.

Refírese ao congreso que se celebrou en Noia dedicado a Antón Avilés de Taramancos e recupera a súa traxectoria poética e biográfica. Destaca a súa temperá vocación literaria e a publicación dos seus primeiros poemas na revista *Tapal*, así como o seu primeiro premio que recibiu aos dezaseis anos nun certame en Noia no que actuou de mantedor Ramón Otero Pedrayo. Tras os seus poemarios iniciais, *As moradias do vento* (1955) e *A frauta e o garmelo* (1959) e do seu paso pola Coruña onde estableceu unha estreita amizade co pintor surrealista Urbano Lugrís, recupera o momento no que marchou a Colombia e o seu regreso a Noia en 1980, onde segundo sinala escribiu os seus mellores libros: *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e *Última fuxida a Harar* (1992), "a entrega póstuma dunha vida transmutada en soños, o seu testamento poético no que nos ofrece a beleza das súas palabras entrañábeis".

García-Bodaño, Salvador, 'Avilés: o sentir da fala', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 4 maio 2003, p. 3.

Comeza recordando unha visita á viúva e aos fillos de Avilés de Taramancos, acompañando a Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, Lourdes López e a profesora Lola Arxóns. Di que ao entrar naquel salón-biblioteca non puido evitar lembrar a Avilés coloreando as láminas que pintou para acompañar os poemas de *Última fuxida a Harar* e cómo ao regresar á casa volveu sobre a súa obra, decatándose de cómo o seu mundo poético se sente en cada verso e se proxecta entre o sentimento e a loita, entre a lírica e a épica, destacando o ritmo e a musicalidade, a pluralidade temática e a variedade de estruturas formais.

García-Bodaño, Salvador, '17 de maio: Antón Avilés', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 11 maio 2003, p. 3.

Sitúa a Avilés de Taramancos entre os homenaxeados no Día das Letras Galegas dentro da Xeración dos 50, aínda que puntualiza que el prefere incluílo na Promoción do Alborecer. Destaca a seguir a súa obra en prosa, que abrangue a súa obra xornalística desenvolvida por exemplo no periódico *Barbanza* nos anos 1988 e 1989, escolmada en *Obra viva* (1992) e *Nova Crónica das Indias* (1989), dezaseis relatos de variada temática, dos que destaca o seu alto valor literario e o feito de que acheguen un enriquecedor indixenismo léxico.

Hermida Iglesias, M., 'Un home sen fachenda', *O Correo Galego*, 'AFA', 19 febreiro 2003, p. 31.

Lembranza de Antón Avilés de Taramancos e de dous dos seus amigos, Manuel Fabeiro Gomes e Basilio Fernández Barbazán, que iluminaron o seu percorrido poético na Coruña e noutros lares. Conta o seu labor de taberneiro en Noia, ao seu regreso de Colombia, e daqueles encontros nese espazo, que servían para compartir saberes e conversas co "gran Mestre Moas" e con Basilio Fernández que, "usando o taboleiro dos resultados do fútbol (...) debuxaba o tema da semana e sempre referente a algo da nosa terra", e de onde saíron as ensinanzas de lingua galega e a idea do primeiro monumento a Castelao, feito por subscrición popular.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Avilés', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 26 xaneiro 2003, p. L15.

O historiador e profesor Liñares Giraut sinala que nunca até esta edición se notou tan preto ao escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas porque a presenza de Avilés de Taramancos ecoa aínda en Noia e Compostela, no *Barbanza* e na Coruña. Comenta que Avilés participou en moitas actividades literarias, nacionalistas e humanistas e que sempre sentiu Compostela á beira da súa Noia.

Manuel María, 'O nome de Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 'Feitos, homes e palabras', 11 maio 2003, p. 8.

Define a Avilés de Taramancos como poeta imprescindible, gran poeta e galego exemplar. Lembra que o coñeceu e o tratou da man do pintor Urbano Lugrís e que compartiu con el moitos encontros nos que sempre prevaleceu o seu espírito de galegos normalizados, optimistas, soñadores, que acreditaban na poesía e nun futuro ceibe para Galicia. Sinala que sempre foi un poeta con voz propia e recupera o momento no que lle entregou o seu primeiro poemario, *A frauta i o garamelo* e que, compartindo a decisión con Uxío Novoneyra e o propio Manuel María, quixeron seguir o exemplo dos trovadores galego-portugueses medievais e asinar a súa obra co nome de pía e o seu lugar de orixe: Novoneyra do Courel, Manuel María da Terra Chá e Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *Galicia Hoxe*, o 17 de maio de 2003.

Manuel María, 'Avilés de Taramancos: exemplar', *Galicia Hoxe*, 'Na vangarda', 17 maio

2003, p. 44.

Define a Avilés de Taramancos como poeta imprescindíbel, gran poeta e galego exemplar. Lembra que o coñeceu e o tratou da man do pintor Urbano Lugrís e que compartiu con el moitos encontros nos que sempre prevaleceu o seu espírito de galegos normalizados, optimistas, soñadores, que acreditaban na poesía e nun futuro ceibe para Galicia. Sinala que sempre foi un poeta con voz propia e recupera o momento no que lle entregou o seu primeiro poemario, *A frauta i o garmelo* e que, compartindo a decisión con Uxío Novoneyra e o propio Manuel María, quixeron seguir o exemplo dos trovadores galego-portugueses medievais e asinar a súa obra co nome de pía e o seu lugar de orixe: Novoneyra do Courel, Manuel María da Terra Chá e Avilés de Taramancos. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *El Correo Gallego*, o día 11 de maio de 2003.

Méndez Ferrín, X.L., 'Con Avilés en Noia', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 19 maio 2003, p. 2.

Evoca, a partir dunha viaxe a Noia, a figura de Antón Avilés de Taramancos e a aquela xeración de poetas galegos que decidiu engadirlle ao seu apelido o nome do lugar onde naceran.

Méndez Ferrín, X.L., 'Premios literarios (II)', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 26 maio 2003, p. 68.

Opina que é necesaria a existencia de premios literarios ben dotados e, ao fio disto, fala dos Premio á Creación Literaria da Crítica; considera, asemade, que sería bo para a nosa literatura que se premiasen máis categorías xenéricas distintas. Fai referencia, de seguido, á homenaxe que con motivo do Día das Letras Galegas se lle brindou a Antón Avilés de Taramancos e critica que a este autor non se lle concedese ningún premio literario.

Neira Vilas, Xosé, 'Con Avilés na Estrada', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 4 maio 2003, p. 2.

Dá conta da súa relación con Antón Avilés de Taramancos, que se remonta a cando vivía en Bos Aires, e soubo del por Manuel Fabeiro e pola revista noiesa *Tapal* e se decidiu a escribirlle en 1959, ao ver unha crónica de Fernández del Riego de *A frauta i o garmelo*, para que lle enviase exemplares da súa obra e así poder distribuílos en Follas Novas. Comenta que mantiveron unha intensa relación epistolar entre Cali e A Habana e que en 1981 se coñeceron persoalmente. Lembra unha xornada inesquecível que compartiron na Estrada, con motivo dunha acto de homenaxe que se lle tributou á Asociación Galega de Escritores da que Avilés era presidente. Salienta que naquel acto Avilés improvisou un discurso sobre a emigración e o amor a Galicia que ambos tiñan en común.

Neira Vilas, Xosé, 'Avilés e as 'Xornadas'', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 18 maio 2003, p. 2.

Conta a historia de cómo un folleto subversivo de corenta e oito páxinas, titulado "Xornadas patrióticas galegas" e publicado en Bos Aires por emigrantes galegos, foi o

responsábel de que Antón Avilés de Taramancos acabase exiliándose.

Neira Vilas, Xosé, 'O nacionalismo de Avilés', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 34.

Sinala que coñeceu persoalmente a Antón Avilés de Taramancos en 1981, aínda que mantiñan correspondencia dende 1959. Explica que falaban de Galicia, da súa historia, da represión franquista, do futuro e do ideario nacionalista que ambos compartían. Sinala que a emigración sempre desenvolveu un papel decisivo no nacionalismo galego e que Avilés, durante os vinte anos que estivo no desterro, sempre estivo ao tanto dos pronunciamentos nacionalistas de dentro e fóra de Galicia.

Paz Gago, Chema, 'Cara unha idade de ouro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'A outra mirada', 17 abril 2003, p. 11.

Cando se cumpren corenta edicións do Día das Letras Galegas, considera que a situación da lingua e da literatura galegas é a mellor da súa historia. Cualifica de decisivo o apoio da administración, o esforzo de fundacións privadas e o papel dos medios de comunicación, que consolidaron unha industria galega sólida. Salienta a relevancia da festividade do Día das Letras Galegas pois contribuíu a coñecer os creadores e a fixar un canon literario galego e augura unha idade dourada para as nosas letras no século XXI.

Pérez Prieto, Victorino, 'O Deus de Avilés de Taramancos', *Diario de Ferrol*, 'O Recanto', 18 maio 2003, p. 24.

O autor, cura e escritor, explica que coñeceu persoalmente a Avilés de Taramancos e fala da relixiosidade presente na súa obra e de cómo aparece reflectida nela a figura de Deus. Este mesmo artigo foi publicado o día 22 de maio no xornal *A Nosa Terra*.

Pérez Prieto, Victorino, 'O Deus de Avilés de Taramancos', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Opinión', 22 maio 2003, p. 7.

O autor, cura e escritor, explica que coñeceu persoalmente a Avilés de Taramancos e fala da relixiosidade presente na súa obra e de cómo aparece reflectida nela a figura de Deus. Este mesmo artigo foi publicado o día 18 de maio no xornal *Diario de Ferrol*.

Rielo, Pedro, 'O Ulises nacional', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 18 maio 2003, p. 6.

Salienta que Antón Avilés escolleu o nome da súa aldea para afianzar a súa identidade e que sempre tivo a capacidade de ver as cousas dende as raíces da infancia. Comenta que dende *As moradiñas do vento* até os *Cantos caucanos* asistimos ao eterno retorno dun Ulises, que o levou a se converter nunha referencia para toda unha xeración que segue as súas pegadas. Destaca tamén a súa rebeldía, as súas leccións vitais e a súa concepción da poesía como descuberta dos prodixios máis cativos e expresión de experiencias vividas con intensidade.

Sixto Seco, Agustín, 'Avilés na Casa de Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 9 abril 2003, p. 3.

O presidente da Fundación Casa-Museo de Rosalía de Castro dá conta dun acto en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos, que se celebrou na sede da fundación. Sinala que no transcurso da homenaxe se escoitaron gravacións nas que o poeta recitaba a súa obra.

Sixto Seco, Agustín, 'Galicia, 'a dimensión perfecta', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 17 maio 2003, p. 3.

Agustín Sixto toma como punto de partida un verso do autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas e, a partir del, comenta o acto de entrega dos Premios da Crítica.

Valcárcel, Marcos, 'O poeta Avilés, o noso mar, Castelao', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 10 xaneiro 2003, p. 2.

Entre outros asuntos alleos á literatura galega, fai referencia á homenaxe que se lle brindará a Antón Avilés de Taramancos con motivo do Día das Letras Galegas; sinala que o poeta nunca imaxinou este recoñecemento e subliña a temática do mar como unha constante na súa obra; como exemplo, recolle algúns versos de *As torres no ar*. Por outra banda, fala do compromiso dos escritores galegos coas plataformas Nunca Máis e Burla Negra, e recolle unha palabras que Alfonso Daniel R. Castelao pronunciou en Barcelona en 1937 sobre a importancia do mar e da pesca no noso país.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 7 febreiro 2003, p. 15.

Saúda estes primeiros meses do ano dedicado a Antón Avilés de Taramancos ao que cualifica como un dos grandes poetas do mar que seguramente nunca imaxinou que se lle ía dedicar o Día das Letras Galegas. Comenta que concibiu o mar dos galegos como símbolo de liberdade.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 25 marzo 2003, p. 59.

Lembranza da figura de Avilés de Taramancos na que se destaca deste poeta o feito de que era, tal e como el mesmo dicía de si, un francotirador da fermosura.

Valcárcel, Marcos, 'Avilés de Taramancos, poesía do mar, felicidade', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 28 marzo 2003, p. 3.

Marcos Valcárcel recicla aquí as poucas palabras en lembranza de Avilés de Taramancos publicadas en *La Región* o 25 de marzo do 2003 nas que destacaba deste poeta o feito de que era, tal e como el mesmo dicía de si, un francotirador da fermosura.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 6 abril 2003, p. 67.

Dá conta da súa presenza no Congreso sobre Avilés de Taramancos que tivo lugar na Casa da Cultura que leva o seu nome en Noia, no que falou de Avilés como poeta do mar e o

situou no mesmo ronsel de Manuel Antonio e Martín Codax. Finalmente, di que compartiu xornada con Afonso Vázquez-Monxardín, que falou do exotismo na obra do noiés.

Valcárcel, Marcos, 'Chamáronlle o Rei Sabio', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 11 abril 2003, p. 2.

Dá conta da celebración, en Noia, dun congreso dedicado á figura de Avilés de Taramancos e do relatorio co que entreviú o autor deste artigo de opinión.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 11 maio 2003, p. 74.

Fala, en primeiro lugar, dos numerosos traballos publicados sobre Antón Avilés de Taramancos e destaca a biografía de Aurora Marcos, titulada *Avilés de Taramancos: un francotirador da fermosura*. Fai referencia, en segundo lugar, ao labor que o autor homenaxeado desenvolveu como axudante de dirección na montaxe de *Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro para a súa estrea no teatro Rosalía de Castro. Indica, asemade, que Antón Avilés foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e concelleiro de cultura en Noia polo BNG. Por último, fai referencia aos anos nos que Avilés residiu en Colombia, nos que non perdeu o contacto coas súas amizades en Galicia e nos que escribiu *Cantos Caucanos* e *Nova crónica de Indias*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 75.

Conta que nestes días anda a dar charlas sobre Avilés de Taramancos en colexios e institutos e que, ás veces, non pode deixar de sorprenderse ante as preguntas do alumnado. Relata unha anécdota que lle sucedeu no colexio Filomena Dato da Valenzá cunha nena que lle preguntou por qué Avilés escribía poemas.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 75.

Dá conta dun recital de poemas que realizou no Instituto da Carballeira no que sinala que rematou lendo dúas cantigas de amor dedicadas a Sofía Baquero Céspedes, a muller de Avilés que nos anos oitenta deixou Bogotá co seu home e tres pequenos para se instalar nunha cultura descoñecida. Remata dicindo que como alma xemelga do poeta tamén merece este Día das Letras Galegas.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 18 maio 2003, p. 90.

Páxina de opinión dedicada integramente a Antón Avilés de Taramancos, na que, baixo diferentes epígrafes, fai referencia á presenza do mar na obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Baixo o título "Poeta do mar", sinala que un dos temas máis recorrentes na obra poética de Avilés de Taramancos é o mundo do mar e dos mariñeiros. No apartado titulado "Símbolo da liberdade", explica como o mar é, na obra poética de Avilés de Taramancos, símbolo de liberdade. No epígrafe que leva por título "Ulises Fingal", fala de cómo o mundo mariñeiro de Avilés de Taramancos comunica cos mundos fantásticos de Urbano Lugrís, "quen lle deixará en herdo o pseudónimo literario de Ulises Fingal". Finalmente, en "Meu amor é navío de altas sedas", Marcos Valcárcel exemplifica os

distintos significados das imaxes marítimas de Avilés de Taramancos con versos tirados da súa produción poética.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 25 maio 2003, p. 80.

Páxina de opinión dividida en pequenos epígrafes con título propio e dedicada integramente a Antón Avilés de Taramancos e á presenza da temática amorosa dentro da súa obra poética. Baixo o epígrafe "O teu amor é unha fonte", indica que o amor é un dos *leitmotiv* da poesía de Avilés de Taramancos ao longo dos tres ciclos en que adoita dividirse a súa obra: o coruñés, o colombiano e o noiés. Baixo o epígrafe "Sensualidade, erotismo", subliña o importante papel que a temática amorosa ocupa na produción poética de Avilés de Taramancos e fai referencia á perceptíbel pegada nela de Pablo Neruda. Baixo o epígrafe "Vida no cárcere", dá conta da perspectiva coa que Avilés contempla o Val do Cauca no seu poemario *Cantos caucanos* e incardínoa dentro da súa produción poética. Finalmente, baixo o epígrafe "Eu amo as minerais entrañas do meu eido", sinala que a poesía de Avilés de Taramancos podería inserirse na tradicional liña poética galega de canto á paisaxe e identificación coa natureza.

Vázquez Allegue, Jaime, 'Letras Galegas', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 17 maio 2003, p. 24.

Vázquez Allegue salienta a importancia que os galegos dan ao Día das Letras Galegas como un día de homenaxe á cultura galega e sobre todo necesario para a lembranza de escritores xa esquecidos. Indica que leu algúns poemas de Antón Avilés de Taramancos e dálle importancia ao feito de que os mellores poemas do autor foron escritos lonxe da súa terra, prestando tamén importancia á poesía de liberdade que escribiu Avilés. Outro aspecto que cita Vázquez Allegue, e que lle agrada, é o feito de que este ano se escollese como homenaxeado a un autor máis ou menos recente, xa que normalmente son autores da distancia e se é así, incluso deberían ser homenaxeados aqueles que tamén na distancia escribiron letras en galego, por exemplo, Federico García Lorca.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Presencia e ausencia de Avilés de Taramancos', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 18 marzo 2003, p. 2.

Lembra, a partir dun encontro poético, á figura de Antón Avilés de Taramancos, a quen coñeceu neste acto e onde recitara dous poemas da súa obra *Cantos caucanos*, dos que transcribe algún verso. Tamén recorda as reunións que mantiña con el na Taberna Típica e salienta o seu derradeiro libro, *Última fuxida a Harar*. Na parte final da columna, Vidal Villaverde fai referencia á lembranza deste gran deescritor e aos momentos posteriores á súa morte.

Villar Janeiro, Helena, 'Pero, de súpeto...', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 24 xaneiro 2003, p. 3.

Villar Janeiro denuncia a catástrofe do *Prestige* e fai unha reflexión sobre a vida mariñeira, para iso menciona o libro de Antón Avilés de Taramancos, *Nova crónica das Indias*, onde o autor canta a vida da súa aldea co mar de fondo e menciona o tema da emigración.

Villar Janeiro, Helena, 'Feira do libro', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 9 maio 2003, p. 3.

Comeza o seu artigo retomando uns versos de Avilés de Taramancos pertencentes ao poema "María", de *Cantos caucanos* (1985), dedicado á protagonista dunha novela sentimental de Jorge Isaacs, moi popular en Colombia: "Abres o libro / e un perfume de xardín silvestre / de xardín doutro tempo aínda fresco / emana da lectura". Sinala que estes versos serven para lle aplicar a calquera libro. Dá conta tamén da clausura da Feira do Libro de Santiago que contou, segundo a prensa, cun nivel moi aceptábel de vendas. Sinala que agora só falta que aqueles que se deixaron seducir pola letra impresa se adentren nas páxinas dos libros e descubran emocións, historias dignas de ser interiorizadas e modelos dun discurso intelectual.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A.N.T., 'Xosé Agrelo Hermo. 'De Avilés só hai que ler un poema para decatarse do seu talento', *A Nosa Terra*, nº 1.065, 'Fin de semana', 16 xaneiro 2003, p. 33.

Comeza dando conta da publicación pola Editorial Toxosoutos de *Avilés de Taramancos* (2002), volume que recolle a biografía do escritor. A continuación, entrevístase a Xosé Agrelo Hermo, quen sinala algunhas das características máis destacábeis da figura do escritor noiés, así como a presenza da ideoloxía nacionalista nas súas obras. Finalmente, Agrelo Hermo opina que homenaxear a Avilés de Taramancos no Días das Letras Galegas é "unha oportunidade de ouro" para que este noiés acade o recoñecemento merecido.

Bom, José Xavier, 'Antón Avilés ten poesía moi diferente a outros exiliados', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 14 xaneiro 2003, p. L2.

Conversa con Pilar Sampedro arredor da unidade didáctica na que se aproxima á obra de Antón Avilés de Taramancos e que elaborou xunto con Xosé Agrelo en 1995, mais que no ano 2002 coñeceu unha reedición. Responde a cuestións como o interese por facer este traballo en honra da amizade que os unía a Antón Avilés de Taramancos e a dor pola súa morte, ademais de buscar facilitar a achega do alumnado a un autor caracterizado pola diferenza que presenta a súa poesía con respecto a outros exiliados, pola súa polifacecía, a presenza de vocabulario americano ou a súa concepción do mito. En canto aos contidos, sinala que publican algúns textos inéditos e fan unha selección da obra de Avilés, na que analizan temas como a terra, a Patria, o mar, a amizade, etc. e propoñen actividades con estes textos para o alumnado.

Dorca, Abdón, 'Incluso temos libros para a xente que di que non le', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 3 abril 2003, p. L4.

Entrevista a Tucho Calvo na que o director literario do clube de lectores Biblos comenta as razóns que o impulsaron á creación do proxecto e as pretensións deste; a súa intencionalidade de achegar aos lectores á literatura portuguesa para romper a invisibilidade

que padece; a razón pola que o primeiro número da revista do club está dedicado a Antón Avilés de Taramancos ou a súa opinión respecto ao primeiro volume da colección "Mandaio" que se agasalla co número un da revista do club. Así mesmo, Tucho Calvo dá conta de cómo recibiron as editoriais galegas o seu proxecto e a participación destas no mesmo, á vez que sinala algúns dos xéneros que Biblos oferta aos lectores. Finalmente, indica o número de afiliados cos que conta o club e como o volume que máis se vende.

Quián, Alberto, 'O nivel da poesía galega está moi por encima do da prosa ', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 14 maio 2003, p. 44.

Recolle a entrevista feita a Xosé María Álvarez Cáccamo pola publicación do libro *Un territorio fascinante: a Vida* e a *Antoloxía de Avilés de Taramancos*, autoría compartida con Ana Romaní quen se ocupou da antoloxía. Cáccamo sinala que a obra de Taramancos está lonxe de ser unha autobiografía, xa que o poeta o que fai é unha interpretación da vida social, dos ciclos da vida non desde o primeiro plano do "eu", aínda que salienta que o máis meritorio do poeta homenaxeado era a súa "capacidade para conxugar o social co individual". Na parte final da entrevista Álvarez Cáccamo ante a pregunta de que Taramancos lle convence máis, o clasicista ou o rupturista, remata confirmando que el prefere a evolución rupturista con obras como *Cantos caucanos*, *As torres no ar* ou *Última fuxida a Harar*.

Rodríguez, Salvador, 'Avilés escribiu para comprender e facernos comprender', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Letras Galegas, 2003', 15 maio 2003, p. III.

Xosé María Álvarez Cáccamo, autor de *Vida de Antón de Taramancos* (2002), volume editado pola editorial Galaxia, opina que a vida e obra deste noiés resultan inseparábeis e dá conta de cómo era o Avilés que el coñeceu. De igual xeito, sinala as diferenzas da visión do mundo labrego entre Avilés de Taramancos e Xosé Neira Vilas e comenta a relación entre o poeta homenaxeado no Días da Letras Galegas 2003 e Urbano Lugrís Freire. Destaca tamén as características para el máis salientábeis do autor de *Última fuxida a Harar* e, finalmente, opina que non se debe "situar unha fronteira rigorosa" entre a obra de Avilés de antes e despois da súa estadia en Colombia. Ao final da entrevista tamén fala da relación entre a obra literaria e o compromiso político do escritor noiés.

Santos, A. D., 'Fundímonos nun gran abrazo', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 4 abril 2003, p. L5.

Miguel Anxo Fernán Vello explica cómo coñeceu a Antón Avilés de Taramancos e opina sobre o recoñecemento que a figura do poeta noiés ten entre o público. Así mesmo, considera un acerto a homenaxe a este autor no 'Día das Letras Galegas e explica o que isto supón. Finalmente, Fernán Vello comenta a razón pola que o verso "O inimigo é un inferno que nos invade a alma", recollido nun poema da súa autoría en memoria de Avilés de Taramancos na exposición "Antón na memoria: imaxe e palabra", está en vermello.

Vidal, Carme, 'Rodrigo Romaní. 'Avilés é unha mina, ten unha riqueza artística que nin Neruda', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 8 maio 2003, p. 48.

En primeiro lugar Rodrigo Romaní coméntalle a Carme Vidal cómo foi a súa achega á obra de Antón Avilés de Taramancos para a realización do seu segundo traballo en solitario *Cantos Caucanos*. A seguir, o músico afirma que tanto a obra de Avilés coma o seu propio disco, presenta "acento latinoamericano" pese a que tamén está presente o aspecto galego. De igual xeito, comenta que Avilés é o poeta á súa medida e opina que, aínda que non vai ser un disco comercial, "é necesario tal como está a situación do país". Finalmente, fala da presenza no seu disco dunha gravación do propio Avilés que tamén será editada, xunto con algunhas entrevistas do escritor noiés, nun traballo que prepara o Consello da Cultura Galega.

Villar, Carmen, 'Taramancos musical', *Faro de Vigo*, 'Visado', 16 maio 2003, p. 1.

Comeza informando da aparición do segundo traballo en solitario, *Cantos Caucanos*, de Rodrigo Romaní, que está inspirado na obra de Antón Avilés de Taramancos. A seguir, reproducése a entrevista que Carmen Villar lle fai ao músico na que este explica a razón pola que escolleu a Avilés de Taramancos como motivo inspirador deste seu traballo, así como cáles foron os aspectos da súa poesía que o atraeron. Sinala tamén que *Cantos Caucanos* contén unha gravación coa voz do propio Avilés recitando algúns dos seus versos. Romaní expresa a súa opinión respecto á relación entre música e poesía e ao progreso cultural de Galicia e, finalmente, declara que non ten idea de se a cultura galega sobrevivirá á globalización, mais que en Galicia "sempre haberá artistas que pelexen por evitar o estancamento e porque haxa algo máis que o simple espectáculo veraniego". Esta mesma noticia foi publicada no suplemento "Saberes" número 12 de *La Opinión* o día 31 de maio na páxina 13.

Villar, Carmen, 'O que se percibe é que Galicia está farta de cachondeo', *La Opinión*, 'Saberes', nº 12, 'Entrevista', 31 maio 2003, p. 13.

Comeza informando da aparición do segundo traballo en solitario, *Cantos Caucanos*, de Rodrigo Romaní, que está inspirado na obra de Antón Avilés de Taramancos. A seguir, reproducése a entrevista que Carmen Villar lle fai ao músico na que este explica a razón pola que escolleu a Avilés de Taramancos como motivo inspirador deste seu traballo, así como cáles foron os aspectos da súa poesía que o atraeron. Sinala tamén que *Cantos Caucanos* contén unha gravación coa voz do propio Avilés recitando algúns dos seus versos. Romaní expresa a súa opinión respecto á relación entre música e poesía e ao progreso cultural de Galicia e, finalmente, declara que non ten idea de se a cultura galega sobrevivirá á globalización, mais que en Galicia "sempre haberá artistas que pelexen por evitar o estancamento e porque haxa algo máis que o simple espectáculo veraniego". Esta mesma noticia foi publicada en *Faro de Vigo* o día 16 de maio na páxina 1.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.G., 'Emigrantes festexan o Día das Letras Galega en Nigrán', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 17 maio 2003, p. 26.

Anuncia a conferencia a cargo de Bieito Legaspi Villamarín na residencia "Tempo Libre" de Panxón sobre a vida de Antón Avilés de Taramancos. Tamén adianta que a todos os presentes se lles obsequiará cun libro sobre o autor.

A.I.S., 'El Corte Inglés conmemora las Letras Galegas', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 13 maio 2003, p. 37.

Dá conta do comezo dos actos da "Semana das Letras Galegas" cunha xornada na que se explicará o significado do Día das Letras Galegas, falarase do homenaxeado, Avilés de Taramancos, e finalizará co contacontos *Nova Crónica das Indias* a cargo de Avelino González. Tamén se informa de que ao longo da semana se realizarán un taller de creación titulado "Xoguemos coas palabras", un taller de achegamento á poesía e unha escenificación de *Tres Capitáns de tempos idos*, de Avilés coa que concluirán os actos. Finalmente menciona que o xurado do "V Concurso de Carteis Letras Galegas" dará a coñecer proximamente os gañadores.

A.I.S., 'Comenzó en Hipercor una intensa semana de actos sobre las Letras Gallegas', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 14 maio 2003, p. 35.

Informa das distintas actividades que o centro comercial de Compostela organizou para celebrar o Día das Letras Galegas e que inclúen unha charla sobre o significado desta data, unha conferencia sobre a vida e obra de Antón Avilés de Taramancos, un taller de creación literaria, outro de achegamento á poesía e a entrega de premios do V Concurso de Carteis, dirixido a escolares de secundaria.

A.N.T., 'Exposición fotográfica en Pontevedra', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 38.

Sinala que con motivo da celebración da véspera do aniversario da morte de Antón Avilés de Taramancos se inaugurará en Pontevedra unha exposición formada por un gran número de imaxes titulada "Antón Avilés de Taramancos. Fotobiográfica" na que se fai un percorrido pola vida do escritor.

A.N.T., 'Avilés nas XIII Xornadas de Lingua e Literatura da AS-PG e CIG', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 38.

Dá conta da celebración das "XIII Xornadas de Lingua e Literatura" que comezarán cun acto arredor da figura de Avilés de Taramancos e a continuación reflexionarán sobre a lingua, a literatura, os medios de comunicación e o plano de Normalización Lingüística.

A.N.T., 'A vida de Avilés de Taramancos a través dos seus versos', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 38.

Infórmase da exposición "Antón Avilés de Taramancos. Fotobiográfica", que organiza o Concello de Pontevedra. Dise que nela se mesturan fotografías con anacos de poemas e datos biobibliográficos de Avilés.

A.N.T., 'Actos de Sarria ao Bierzo', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 27.

Logo de referirse á celebración do Día das Letras Galegas en toda Galicia, fai mención dos actos organizados en Sarria e no Bierzo. Sinala que no concello lucense se inaugurou o Bosque das Letras, no que cada ano se plantará unha árbore diferente en homenaxe ao escritor ao que se lle dedique esta celebración, e que os gañadores do Premio Fiz Vergara Vilariño ofrecerán un recital poético. Tamén se indica que o colectivo Fala Ceibe do Bierzo celebrará esta data cuns actos que inclúen un recital poético, teatro e música e aos que asistirán Anxo Angueira, Alexandre Banhos e Raúl Gómez Pato.

A.P., 'Homenaxe a Avilés de Taramancos na Carballeira de San Xusto, en Cotobade', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Comarca', 12 xullo 2003, p. 17.

Informa da homenaxe que varias asociacións de Cotobade brindarán a Antón Avilés de Taramancos na Carballeira de San Xusto. Sinala que con este acto queren recoñecer o labor do poeta na defensa desta carballeira e anuncia a presenza de Lois Avilés Baqueiro (fillo do homenaxeado), Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Agrelo Hermo e o gaiteiro Óscar Ibáñez.

AFA, 'Emerxe o poeta/As editoras achegan o roteiro vital e as obras de Avilés de Taramancos', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 19 marzo 2003, p. 31/p. 67.

Despois de destacar breves retallos da vida de Antón Avilés de Taramancos, como a súa estancia en Colombia, a volta a Noia ou a súa pertenza ao grupo poético dos oitenta, faise unha enumeración de todas as reedicións das obras do poeta noiés que están a levar a cabo as distintas editoriais galegas. Informa de que Xerais reedita *Nova crónica das Indias*, *Tres capitáns de tempos idos* -da man de Pilar Sampedro-; *Cantos caucanos*, preparada por Martín Veiga; e unha autobiografía que levaron a cabo os profesores M^a Dolores Arxóns e Xabier Castro. Pola súa banda, a editorial Galaxia encargouse da edición de *A vida de Antón Avilés de Taramancos*, asinada polo poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, e unha *Antoloxía* elaborada por Ana Romani. Sotelo Blanco encargouse de sacar novamente á rúa *Cantos caucanos* e *As torres no ar*. O académico Salvador García Bodaño prologou unha recompilación de toda a obra de Avilés anterior a 1982, que se encarga de editar Edicións do Castro. Proséguese con Edicións Toxosoutos, que saca á rúa unha achega biográfica feita por Xosé Agrelo Hermo e *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos* deste autor e Pilar Sampedro. Polo que respecta á editorial Laiovento ofrece a *Obra completa* de Avilés de Taramancos, na que se recollen artigos de prensa, discursos, presentacións e outros anacos da prosa cotiá do poeta. Edicións A Nosa Terra tamén reconstrúe a biografía de Avilés, ilustrada con fotografías. Finalmente, e en espazo a parte, coméntase a recompilación dos poemas inéditos e da poesía dispersa que levou a cabo Miguel Anxo Fernán-Vello, que xunto coas traducións que fixera o propio Avilés de *Crónica de Saint Persé* e *O cemiterio mariño* do tamén poeta francés Paul Valéry son editadas por Espiral.

AFA, 'Cor, palabra e música', *O Correo Galego*, 'AFA', 6 maio 2003, p. 30.

Faise eco da presentación do disco homenaxe a Antón Avilés de Taramancos, *Cantos Caucanos*, de Rodrigo Romani, no que se recollen os poemas máis musicais de *O tempo no espello*, *As torres no ár*, *Cantos Caucanos* e *Última fuxida a Harar* de Avilés de Taramancos. Tamén se destaca que un dos cortes contén a voz orixinal do noiés.

AFA, 'Avilés inspira 'A Xaguarana', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 14 maio 2003, p. 75.

Dáse noticia da saída á luz da curtametraxe "A Xaguarana", realizada por personaxes en plastilina pola produtora Lúa Films en colaboración coa Xunta de Galicia, que este ano basea o seu argumento en dous relatos de Antón Avilés de Taramancos publicados no libro *Nova crónica das Indias*. Tamén se informa dos actos organizados no Concello de Allariz en relación co Día das Letras Galegas, nos que o concelleiro de cultura, Antonio Blanco, reivindicou a normalización da lingua galega e salientou a importancia desta efeméride como feito cultural que remove a todo o país.

Agulla, A., 'Os colexios de Marín rematan os actos das 'Letras Galegas'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 maio 2003, p. 79.

Sinala que o colexio Seguelo de Marín celebrou o Día das Letras Galegas cun recital de poesía, a actuación do grupo Migallas e a entrega de premios do concurso "Entre nós, en galego"; o instituto Mestre Laudín, tamén de Marín, celebrouno cun concurso de poesía, cunha exposición sobre Antón Avilés de Taramancos, coa representación de *Tres capitáns de tempos idos* e *Unha rosa é unha rosa*, con actuacións musicais e con entregas de premios.

Ares, Sara, 'A Academia Galega eleva ó grao sumo o compromiso de Avilés coa súa terra', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 maio 2003, p. 54.

Fai referencia á homenaxe que a Real Academia Galega brindou onte a Antón Avilés de Taramancos no Teatro Coliseo Noela de Noia. No acto participaron, entre outros, Xosé Ramón Barreiro, Salvador García Bodaño, Luz Pozo Garza e Xohana Torres; nas súas intervencións destacaron o compromiso social e radical do autor, subliñaron a pegada de Urbano Lugrís sobre a personalidade de Avilés e sinalaron que a súa infancia en Taramancos tivo un papel determinante en toda a súa obra literaria. A homenaxe completouse cunha ofrenda floral ante a tumba do poeta e coa inauguración dun busto de Avilés de Taramancos nos xardíns da alameda de Noia.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Infantil/Xuvenil', 23 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa Blanco Rivas dá conta dunha serie de novidades editoriais: *Un nicho para Marilyn*, de Miguel Anxo Fernández; *Mitos e lendas hindúes* (2002), de María Reimondez; *Resistencia* (20002), de Rosa Aneiros e, por último, a reedición da unidade didáctica sobre Antón Avilés de Taramancos que Xosé Agreló e Pilar Sampedro publicaron con motivo da homenaxe a Avilés polo Día das Letras Galegas.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Infantil/Xuvenil', 6 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa dáse conta do volume *Avilés de Taramancos* escrito por Xosé Agrelo Hermo sobre este autor noiés no que recolle a súa vida e obra.

C.B., 'Recital para Avilés en la Casa Museo Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 23 xuño 2003, p. 23.

Sinala que Anxo Quintela e Ana Romanía representaron no Auditorio da Casa Museo de Rosalía o espectáculo "A voz e o poema, os periplos de Avilés de Taramancos", no que a posta en escena ocupa un lugar relevante. Saliéntase que o recital, que cativou ao público, alternaba a voz en off de Avilés, que narraba diferentes acontecementos da súa vida, coa posta en escena que Romaní e Quintela facían dos poemas do escritor noiés.

C.B., 'A voz perpetua/Fernán Vello recuerda a Rosalía de Castro desde Avilés de Taramancos', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 16 xullo 2003, p. 47/p. 31.

Sinala que a Fundación Rosalía de Castro celebrou o 118 aniversario da morte da poeta cun acto ao que asistiron unhas dúascentas persoas e que tivo lugar na Casa Museo da Matanza. Dise que no acto interviñeron Miguel Anxo Fernán Vello, que reflexionou sobre a profunda relación existente entre Rosalía de Castro e Antón Avilés, e asegurou que ambos "compartían o mesmo sentido ético pola realidade da terra e da lingua"; M^a do Carme Kruckenberg, que recitou o poema rosaliano "A xustiza pola man"; e Xesús Alonso Montero, que presentou o segundo número da revista de *Estudios Rosalianos*, na que colaboraron Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, Isidoro Millán, Lucía García e Ramón Nicolás, entre outros.

C.V., 'A Academia homenaxea ao poeta de Noia ', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 24.

Fala da sesión extraordinaria que a Real Academia Galega celebrou en Noia con motivo do Día das Letras Galegas. Sinala que ao acto, que tivo lugar no Coliseo Noela, asistiron veciños e amigos de Antón Avilés de Taramancos; que durante a sesión plenaria interviñeron Salvador García Bodaño, que fixo un percorrido polo súa biografía e destacou o seu compromiso político; Luz Pozo Garza, que falou da súa obra como unha "poesía de signo e inaugural, nova, paradisíaca..."; e Xohana Torres, que destacou o exercicio de amor e liberdade que Avilés realizou coa súa poesía. Indica tamén que Xosé Ramón Barreiro foi o encargado de clausurar o acto e asegurou que Avilés "desenvolvera unha interpretación en clave dialéctica da historia do país" e pechou o seu discurso co verso do poeta noiés "Hai que romper, romper agora!". Dá conta, así mesmo, dos actos organizados pola Plataforma Nunca Máis en Barcelona, da colocación dunha placa en Santiago de Compostela para lembrar a Avilés e da plantación das primeiras árbores do Bosque das Letras en Sarria.

D.G., 'A RAG salienta o compromiso de Taramancos coa terra e a lingua', *ABC*, 'Galicia',

18 maio 2003, p. 30.

Fai referencia á homenaxe que a Real Academia Galega (RAG) e o Concello de Noia brindaron onte a Antón Avilés de Taramancos, con motivo do Día das Letras Galegas. Sinala que asistiron a súa viúva e os seus fillos e indica que a sesión plenaria da RAG tivo lugar no Coliseo Noela, que o presidente da RAG destacou o compromiso social e radical do poque Salvador García Bodaño fixo un percorrido pola vida e obra de Avilés, destacando o seu sentimento nacionalista; que interviñeron, en último lugar, as académicas Luz Pozo, que falou da personalidade do autor, e Xohana Torres, que sinalou que Avilés "fixo da poesía un exercicio de amor e liberdade por onde navegar na súa existencia".

Dorca, Abdón, 'Os colegas de Taramancos eloxiaron a vertente telúrica dos seus versos', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 4 abril 2003, p. L5.

Analiza as dúas primeiras conferencias coas que comezou un congreso que se está a celebrar en Noia sobre Avilés de Taramancos. A primeira, realizada por Vicente Araguas, abarcou o período de 1955, data de publicación de *As moradiñas do vento*, ata 1970, que foi cando retornou de Colombia. Nesas datas Avilés dou os seus primeiros pasos poéticos, que segundo Araguas non deben desprezarse, xa que neles se poden aprezoar temas que logo serían característicos. O segundo conferenciante foi Miguel Anxo-Fenán Vello quen destacou que en Avilés se dá a identificación entre vida e obra e destaca trazos temáticos como o peso da infancia, o erotismo, a chamada da natureza e o compromiso político.

Dorca, Abdón, 'O exilio na obra do poeta pon o peche ó congreso celebrado en Noia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 abril 2003, p. 42.

Infórmase da clausura do congreso que se celebra en Noia sobre Antón Avilés de Taramancos no que intervirá Ánxeles Penas, que analizará como a experiencia do exilio que sufriu o escritor se plasmou na súa creación literaria. Continúa indicándonos que o último acto será unha mesa redonda na que participarán Manuel Douradedicadas ao escritor que tamén están na vila.

E.M.M., 'Letras Galegas en clave de caricatura', *Diario de Ferrol*, 13 maio 2003, p. 64.

Fala da orixe do Día das Letras Galegas e logo dá conta da exposición de caricaturas realizadas por Xoán Veiga de todos os homenaxeados nese día que ten lugar no centro cívico de Caranza. Finaliza cunha breve descrición de Antón Avilés de Taramancos.

E.P., 'Homenaxe poética/O Consello da Xunta declara o ano como o de Avilés de Taramancos', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 3 xaneiro 2003, p. 31/68.

Comeza informando da decisión da Xunta de Galicia de declarar o ano 2003 como Ano de Avilés de Taramancos, ao que a Real Academia dedica tamén o Día das Letras Galegas. Dá uns apuntamentos da súa vida e obra. Remata informando de que a decisión tomada obriga a todas as entidades vinculadas á cultura e dependentes da Xunta a destacar a obra do escritor nunha parte das súas actividades.

E.P., 'Homenaxe a un exemplo', *O Correo Galego*, 'AFA', 27 marzo 2003, p. 42.

Faise eco das celebracións de homenaxe que o Concello de Santiago de Compostela realiza a Avilés de Taramancos que terán como núcleo central un concerto de Rodrigo Romani, no que estreará o seu novo disco. Tamén informa de que se fará a entrega dos premios da "VIII Edición do Concurso Literario Ánxel Casal".

E.P., 'Congreso ó redor de Avilés de Noia', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 74.

Nota onde se fai referencia á celebración en Noia dun congreso que ten como obxectivo, ademais de homenaxear, analizar a obra de Antón Avilés de Taramancos no que participarán numerosos especialistas na obra deste autor. Menciona tamén a inauguración das exposicións "Última fuxida de Harar", formada coas ilustracións orixinais da obra do mesmo título, e "Antón na memoria: imaxe e palabra". Finalmente danse uns breves apuntes biográficos.

E.P., 'A CRTVG distribúe a 'Libreta das letras'', *El Correo Gallego*, 'Comunicación', 9 maio 2003, p. 77.

Anuncia a presentación dunha libreta editada pola Compañía da Radio Televisión de Galicia coa que quere homenaxear a Antón Avilés de Taramancos e difundir información sobre el. Sinálase que esta iniciativa, en vigor dende 1996, consiste nun caderno con anacos da obra de Avilés de Taramancos, acompañada dun lapis e un marcador de lectura. Anuncia tamén que entre os medios de comunicación da empresa pública se farán programas especiais en homenaxe do autor.

E.P., 'A festa da lingua', *O Correo Galego*, 'AFA', 13 maio 2003, p. 30.

Comeza informando de que Antón Avilés de Taramancos será o homenaxeado no Día das Letras Galegas e logo explica brevemente a orixe da efeméride, pasando a continuación a expoñernos a listaxe dos homenaxeados, dos que salienta o feito de que foron corenta e tres en corenta e un anos e que só houbo dúas mulleres. Tamén dá conta do inicio da programación organizada polo Centro Comercial Compostela con motivo da "Semana das Letras Galegas", da que se explica que se levará a cabo unha sesión de contacontos baseada na *Nova Crónica das Indias*, a cargo do actor Avelino González; un taller de creación titulado "Xoguemos coas palabras", e outro de achega á poesía. Finalmente, indica que se porá en escena a obra *Tres capitáns de tempos idos*, de Avilés de Taramancos. Tamén destaca a exposición "Galicia solidariedade" e que pronto o comité organizador dará a coñecer o nome dos gañadores do V Concurso de Carteis Letras Galegas, organizado polo mesmo centro comercial.

E.P., 'O Campus de Vigo réndelle a súa homenaxe a Avilés de Taramancos o 29 de maio', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 18 maio 2003, p. 75.

Explica que a Universidade de Vigo celebrará o Día das Letras Galegas o 29 de maio e

sinala que o acto incluíra un recital poético coordinado polo profesor Anxo Angueira; a entrega dos premios de poesía, relato curto, tradución e teatro da Universidade de Vigo para o ano 2003; e o discurso de clausura a cargo do rector, Domingo Docampo. Por outra banda, informa que o Vicerrectorado de Extensión Universitaria instalou nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra uns paneis alusivos a esta celebración, que rotarán polas distintas facultades e escolas da universidade durante este mes.

Ferradas, A., 'Maratón sobre Taramancos ', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 18 maio 2003, p. 59.

Dáse conta da terceira edición da xornada de vinte e catro horas de lectura intensiva, organizada polo Centro de Estudos Medievais de Ribadavia para celebrar o Día das Letras Galegas e na que un centenar de voluntarios leron a obra de Antón Avilés de Taramancos. Recóllense as palabras do director do centro, José Luís Chao, quen sinalou que a asistencia desta edición foi menor que nas anteriores e afirmou que o Día das Letras Galegas debería celebrarse en todas as localidades galegas. Sinálase, así mesmo, que neste ano se cumpre o corenta aniversario da celebración desta e enumera algúns dos homenaxeados.

Franco, Camilo, 'Os libreiros reclaman unha celebración participativa en xornada laborable', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 49.

Recolle as impresións de diferentes libreiros de Galicia sobre o Día das Letras Galegas; todos eles preferirían que o 17 de marzo fose laborábel e consideran que a súa festividade inflúe negativamente nas vendas, na organización de actividades, na participación da xente e no verdadeiro significado desta data.

Franco, F., 'García-Bodaño: 'A poesía de Avilés está moi atravesada de vocación arquitectónica', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 13 maio 2003, p. 41.

Comeza coa transcripción dunhas palabras de Salvador García-Bodaño nas que fala da poesía de Avilés de Taramancos. A seguir informa da mesa redonda que se celebrou no Club FARO o Día das Letras Galegas titulada "A voz lírica e cívica de Avilés de Taramancos". Indícase que Manuel Bragado, director de Xerais, foi o moderador e participaron María Dolores Arxón, profesora e biógrafa de Avilés; García- Bodaño, poeta e membro da Real Academia; e Xosé Luís Axeitos, profesor e investigador da literatura galega. Destácase que todos os participantes coincidiron ao afirmar que Avilés posuía unha gran capacidade de construción poética e unha gran cultura.

García, R., 'De Rosalía a Antón Avilés, o Día das Letras Galegas cumpre hoxe 40 anos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 48.

Dá conta do corenta aniversario do Día das Letras Galegas e sinala que, segundo Miguel Anxo Fernán Vello, existen semellanzas entre algúns versos de Rosalía de Castro e de Antón Avilés de Taramancos. Transcribe, así mesmo, os versos que Avilés dedica a Rosalía na "Muiñeira iniciática de Rosalía na fiada de Ortoño". Explica que esta celebración parte dunha iniciativa de Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, na que se escolleu o 17 de maio como día de exaltación do libro galego por ser esta a data que aparece na dedicatoria de Rosalía de Castro a Fernán Caballero en *Cantares*

Gallegos. Lembra que o 17 de maio de 1963 estivo dedicado a Rosalía de Castro e que nel houbo numerosas ofrendas florais ás estatuas e ao sartego da poeta, múltiples actos en todas as cidades galegas e que a Real Academia Galega iniciou o seu costume de celebrar nesta data unha sesión extraordinaria. Indica, finalmente, que a celebración deste día nos anos oitenta se caracterizaba por unha gran mobilización social e que, na actualidade, se caracteriza por unha masiva produción editorial.

Gaspar, Silvia, 'En busca de Avilés de Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 5 maio 2003, p. 7.

Ás portas do mes de maio, faise un percorrido breve polas obras xa publicadas a redor do homenaxeado, Antón Avilés de Taramancos. Das reedicións ou das obras inéditas do autor destácase a súas *Obras Completas*, publicadas por Espiral Maior, e a obra teatral *Tres capitáns de tempos idos*, publicada por Xerais pensando na representación escolar, con ilustracións do propio autor e cun apéndice de Pilar Sampedro. Tamén se fala de que Galaxia abre unha nova etapa da súa colección de poesía Dombate coa reedición do poemario de Avilés *As torres no ar*. No apartado dos estudos inclúese a biografía de Xosé Agrela para Toxosoutos e *Anton Avilés de Taramancos. Vida e Obra* de Lola Axóns e Xavier Castro para xerais. E lémbrese tamén a revista monográfica *A nosa Cultura*, de *A Nosa Terra*, centrada na figura do noiés.

Gómez, Joel, 'El Concello dedica un parque nuevo en homenaje a Avilés de Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 2 maio 2003, p. L9.

Dá conta da dedicación dun parque novo a Avilés de Taramancos polo Concello de Santiago e a presentación dunha biografía del na Feira do Libro realizada por Aurora Marco. Joel Gómez destaca desa obra o encontro que mantivo en Bogotá con Pablo Neruda e o moito que significou Santiago para el, xa que alí coñeceu a muller á que lle dedicou *Poemas soltos a Maricarme Pereira*. Logo fala de diversas amizades que tivo como foron Ramón Piñeiro ou Xosé Manuel Beiras.

Guerreiro, María, 'As editoriais vólcanse con Avilés', *La Opinión*, 'Cultura', 2 marzo 2003, p. 74.

Repaso polo labor editorial que se está a realizar sobre a obra de Avilés de Taramancos a propósito do Día das Letras Galegas de 2003. Enuméranse os múltiples traballos que, escritores e investigadores, están a realizar sobre diferentes aspectos da vida e obra do poeta noiés. En lugar destacado preséntase *Nova crónica das Indias*, de Edicións Xerais, e resúmese como unha viaxe suxestiva e mítica a través das terras americanas que Avilés coñeceu na emigración, na que se narran as visicitudes desta misturadas coas consecuencias da conquista de América; *Obra viva*, o conxunto de artigos xornalísticos, discursos e conferencias de Avilés de Taramancos que reuniu Ana González e que publica Laivento; a biografía, *Avilés de Taramancos* que elaborou Xosé Agrela publicada por Toxosoutos e que inclúe na colección "Faíscas" e, desta mesma editorial, destácase *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos* de Pilar Sampedro e Xosé Agrela Hermo, na que se pon en relación o poeta co contexto literario, político e cultural no que viviu. Preséntase a editorial A Nosa Terra como unha das máis prolíficas ao respecto, xa que sacou á rúa un

libro coa súa biografía, unha revista especial sobre a súa figura e unha antoloxía poética seleccionada por Xosé María Álvarez Cáccamo. Tamén se fai un breve comentario sobre a estancia de Avilés en Colombia, a súa volta a Noia e a posterior participación na vida cultural e política galega. Así mesmo, dedícaselle unhas liñas a parte ao libro realizado por Aurora Marco, *Antón Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, que publicará Toxosoutos acompañado dun vídeo realizado por Luís Avilés, fillo do poeta.

Jaureguizar, 'Noia será a sede dun congreso en abril sobre Avilés de Taramancos', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 16 marzo 2003, p. 82.

Informa do congreso que se celebrará sobre Antón Avilés de Taramancos no que participarán entre outros, Pilar Sampedro, Xosé Agrelo, Blanca Roig, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Luís Méndez Ferrín, Vicente Araguas, Xesús Rábade, María do Cebreiro, Anxo Tarrío e Martín Veiga. Tamén destaca que se celebrará unha exposición cos orixinais da obra de Avilés *A última fuxida a Harar* (Espiral Maior, 1992) xunto cunhas sesenta fotografías que María Esteirán realizou de escritores da nosa terra xunto cos textos que lle dedicaron eles a Taramancos. Remata anunciando que proximamente entrará en funcionamento unha páxina web co enderezo www.avilesdetaramancos.com, dedicada ao poeta.

Jaureguizar, 'Rodrigo Romaní prepara un disco inspirado na poesía de Taramancos', *El Progreso*, 'Cultura', 28 maio 2003, p. 91.

Anuncia a preparación dun disco titulado *Cantos Caucanos* por Rodrigo Romaní que está dedicado a Avilés de Taramancos e no que se mesturan distintos tipos de música (folk lationamericano e galego xunto cunha foliada, unha cantiga e un alalá).

L.G., 'Cativos e urbanitas, os máis desgaleguizados', *La Región*, 'Día das Letras Galegas', 16 maio 2003, p. 8.

Fai referencia ás declaracións do Gabinete de Normalización Lingüística da Xunta sobre o uso do galego na provincia de Ourense e recolle as declaracións de Carlos Callón, Luís García Mañá e Ramón Caride Ogando ao respecto. Fai referencia, ademais, á celebración do Día das Letras Galegas e dá conta das actividades previstas nas principais vilas e cidades da provincia: concertos, festivais folclóricos, contacontos, feiras do libro, etc. Finalmente, indica que os autores máis vendidos nas librarías ourensás ultimamente son Suso de Toro (*Trece badaladas*) e Manuel Rivas (*Muller no baño* e *Chamadas perdidas*), seguidos de Carlos Casares, Antón Avilés de Taramancos e as obras relacionadas coa Plataforma Nunca Máis e a catástrofe do Prestige.

López, Uxía, 'A Fundación Rosalía reedita un disco de poemas en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 6 abril 2003, p. L12.

Faise eco da reedición dun disco de poemas titulados *Rosalía na voz dos poetas* dedicado a Antón Avilés de Taramancos pola Fundación Rosalía de Castro no que colaborara o propio Avilés en 1983. A seguir infórmanos do acto poético que se realizou tamén na honra do escritor.

LVG, 'Un congreso en Noia abre os actos das Letras Galegas deste ano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 43.

Dá conta do comezo dun congreso sobre Avilés de Taramancos en Noia onde intervirán na primeira xornada escritores como Vicente Araguas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xesús Rábade, Luís G. Tosar, María do Carmo Krukenberg, Blanca Roig, Xosé Agrelo e Pilar Sampedro. A continuación efectúa un percorrido polas diferentes publicacións que se realizaron sobre Avilés de Taramancos. Dise que a editorial Fervenza presentou unha biografía realizada por Martín Veiga Alonso e Toxosoutos publicou *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, escrita por Xosé Agrelo e Pilar Sampedro. Anúnciase que tamén esa editorial publicará unha obra de Aurora Marco na que se estuda o epistolario do escritor con intelectuais galegos, mentres que 3C3 Editores publicou *Diccionario do poeta* de Amancio Liñares e Antonio Puentes; Xerais unha monografía sobre a vida e a obra de Avilés, escrita por Lola Arxóns e Xavier Castro, e tamén *Cantos Caucanos*, de Avilés; e Galaxia *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, dentro da súa colección "Letras Galegas". Conclúe esta panorámica afirmando que grazas ao Día das Letras Galegas se reeditan obras esgotadas e se realizan textos críticos de análise arredor do homenaxeado.

M.G., 'Dos logotipos realizados por Costa recuerdan a Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 xaneiro 2003, p. 35.

Informa da presentación polo Concello de Noia de dous logotipos que lembran a Avilés de Taramancos realizados por Alfonso Costa, quen tamén fixo a portada do libro *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos* (2002), escrito por Pilar Sampedro e Xosé Agrelo, editada por Toxosoutos. Remata mencionando outras iniciativas que se levarán a cabo para homenaxear o escritor como a publicación dunha obra de teatro inédita, un festival, o descubrimento dunha escultura ou a convocatoria do "Segundo Premio de Relatos de Aventuras".

M.G., 'Tarrío defiende los componentes literarios que contienen los medios', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 5 abril 2003, p. 75.

Comeza dando conta da intervención do profesor Anxo Tarrío Varela no congreso que se está a celebrar en Noia na que afirmou que os compoñentes literarios non son exclusivos dunha soa dimensión, senón que pola contra poden empregarse noutros eidos como por exemplo o xornalístico. Sinálase que logo realizou unha análise explicativa da *Nova crónica de Indias* de Avilés e un resumo da vida do poeta en Colombia. A continuación fala das intervencións de María do Cebreiro, que realizou unha achega teórica a obra de Avilés, e David Pérez Iglesias, que analizou *Última fuxida a Harar*. Remata citando a intervención de Martín Veiga, que falou de *Cantos Caucanos*, última obra de Avilés.

M.G., 'A ferida de amor de Avilés de Taramancos/Penas sostiene que el poeta quedó herido al perder a su primer amor', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 6 abril 2003, p. 48/75.

Informa da intervención de Ánxeles Penas coa que se clausurou o congreso sobre Avilés de Taramancos que tivo lugar en Noia, na que definiu ao escritor como unha persoa dunha "gran capacidade de cortesía" no que a figura feminina sempre estaba presente. Cita a continuación as palabras do fillo do homenaxeado nas que loa que se lle dedique este ano o Día das Letras. Remata falando brevemente da conferencia de Manuel Dourado Deira, que na súa intervención defendeu a relixiosidade de Avilés.

M.G., 'Homenaje nacionalista a Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 8 maio 2003, p. 42.

Dá conta da homenaxe que o nacionalismo galego ofreceu a Antón Avilés no Coliseo Noela de Noia, ao que asistiron unha duascenas persoas. Sinálase que no acto interviñeron Xosé Agrelo Hermo, que destacou o compromiso de Avilés coa lingua e co seu pobo; Xosé Álvarez Cáccamo, quen fixo referencia á súa obra e recitou algún dos seus poemas; e Xosé Manuel Beiras, que falou da imposibilidade de separar as facetas poéticas e política do escritor homenaxeado.

M.G., 'O país unido na memoria de Avilés/O pobo de Noia únese á homenaxe da Academia a Avilés de Taramancos', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 18 maio 2003, p. 69/73.

Indica que a Real Academia Galega celebrou en Noia unha sesión extraordinaria en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos. Sinala que, en primeiro lugar, a viúva do escritor destapou na alameda un busto de bronce, ao pé do cal Xosé Ramón Barreiro depositou un ramo de flores; de seguido, todos os asistentes se desprazaron ao Coliseo Noela, onde tivo lugar a sesión da institución. Informa que interveu, en primeiro lugar, Manuel González González, que leu a acta na que se daba conta do motivo polo cal se dedicou o Día das Letras Galegas a Antón Avilés; a continuación, Salvador García-Bodaño fixo un percorrido pola vida e obra de Taramancos, onde destacou os anos vividos na Coruña e en Colombia; interviñeron, asemade, Luz Pozo Garza e Xohana Torres, que se centraron na súa produción poética; mentres que clausurou o acto Xosé Ramón Barreiro, que agradeceu ás autoridades locais as facilidades prestadas e falou da amizade que o unía ao autor noiés.

M.G., 'Decembro Cultural en O Son', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 decembro 2003, p. 39.

Anúnciase a celebración do programa "Decembro cultural" que organiza o Concello de Porto do Son e, entre diferentes actividades, salientase a realización dunha mesa redonda o 16 de decembro sobre Avilés de Taramancos, na que participarán Xosé Agrelo Hermo e Aurora Marco. Adiante que ao mesmo tempo se inaugurará a exposición "Antón na memoria: imaxe e palabra" coas fotografías de María Esteirán e unha mostra bibliográfica sobre o poeta noiés.

M.I., 'A conta atrás', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 maio 2003, p. 83.

Dá conta do acto de presentación da Semana das Letras Galegas de Pontevedra, organizada polas Asociacións do Burgo e Santiago Peregrino. Indica que no acto de presentación tivo

lugar un recital de versos de Antón Avilés e a actuación dun grupo de gaitas e dun coro. Adianta o programa previsto para esta semana, no que se inclúe unha homenaxe popular, unha festa de convivencia e un ciclo de conferencias, nas que participarán Miguel Anxo Fernán Vello ("Antón Avilés de Taramancos: a militancia na poesía"), Xesús Portas Ferro ("Antón Avilés de Taramancos: a autopoética e os temas da súa obra") e Engracia Vidal Estévez ("Antón Avilés de Taramancos: a lingua e as letras no seu tempo").

M.I., 'Pontevedra festexou o idioma e a Antón Avilés de Taramancos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2003, p. 84.

Informa dos múltiples actos cos que a cidade de Pontevedra homenaxeou onte a Antón Avilés de Taramancos e á lingua galega. Entre eles os da asociación sociocultural O Burgo e a asociación de veciños Santiago Peregrino que clausuraron a Semana das Letras cunha festa de convivencia e cunha homenaxe ao autor noiés; así como, un recital poético.

M.M.O., 'La Fundación Rosalía homenajea a Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 7 abril 2003, p. 21.

Dá conta da homenaxe que realizou a Fundación Rosalía de Castro a Avilés de Taramancos na que un grupo de poetas leron fragmentos da súa obra e realizaron comentarios persoais arredor da súa relación con Avilés.

MARÉ, 'A maré da cultura galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 maio 2003, p. 52.

Indica que hoxe terá lugar, en Noia, a sesión extraordinaria que a Real Academia Galega celebra anualmente para celebrar o Día das Letras Galegas, na que o académico Salvador García Bodaño lerá un discurso de loanza á figura de Antón Avilés de Taramancos e á súa obra. Sinala, así mesmo, que a Xunta entrega hoxe os Premios das Letras e das Artes de Galicia; que Vilanova dos Infantes celebra a segunda edición da Romaría Etnográfica Raigame e que a Fundación Granell acolleu un maratón de lectura sobre a obra de Antón Avilés.

MARÉ, 'Lembrar a Avilés en 'A voz e o poema'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xuño 2003, p. 54.

Indica que Ana Romani e Anxo Quintela representarán hoxe, na Fundación Rosalía de Castro, "A voz e poema" que, ten por obxectivo presentar e dar a coñecer a Antón Avilés de Taramancos mediante un espectáculo que inclúe gravacións da propia voz do poeta, música, efectos de son, iluminación e unha posta en escena cargada de simbolismos. Fai referencia, asemade, á *Antoloxía* de Ana Romani, onde a poeta fixo unha recompilación e escolla da obra poética e narrativa de Avilés. Recolle, finalmente, uns breves apuntamentos biográficos e bibliográficos do autor, nos que destaca os seus estudos de náutica, a súa estancia en Colombia, os seus cargos de concelleiro de cultura en Noia e de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e as súas colaboracións en revistas como *Grial*, *Dorna* ou *Luzes de Galiza*, entre outras.

Matta, Luis de la, 'Un galardón que premia a aqueles escritores galegos que aceptaron o

reto de difundir-lo idioma', *ABC*, 'ABC Cultural', nº 590, 17 maio 2003, p. 15.

Incluído nun número especial dedicado ao Día das Letras Galegas, Luis de la Mata sinala, en primeiro lugar, que nesta efeméride se homenaxea a autores que coa súa obra colaboraron na difusión e engrandecemento da lingua e literatura galegas; lembra que esta data se celebra dende 1963, que a súa impulsora é a Real Academia Galega e que se escolleu o 17 de maio por corresponder coa publicación de *Cantares Gallegos*. Fai referencia, en segundo lugar, a Antón Avilés de Taramancos, de quen destaca o seu compromiso nacionalista e o seu labor a prol da recuperación e defensa do idioma. Fala, asemade, de Frei Sarmiento, do que destaca a súa influencia na creación do Seminario de Estudos Galegos. Finalmente, inclúe unha listaxe cos corenta escritores aos que se lles dedicou esta data.

Mauleón, Amaia, 'Los jóvenes capitanes de las letras gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 14 maio 2003, p. 45.

Dise que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), en colaboración co Corte Inglés, organizou un acto dirixido aos escolares vigueses para achegalos á figura de Antón Avilés de Taramancos. Explicase que o acto incluíu a representación de *Tres capitáns de tempos idos*, que é a única peza de teatro que escribiu Taramancos, e unha lembranza dos corenta autores homenaxeados nesta festividade. Inclúe, así mesmo, as declaracións de Blanca-Ana Roig Rechou, presidenta de GALIX, quen afirmou que o obxectivo da asociación é "promover a lectura dos nosos escritores e animar aos máis novos a lellos, por que así entenderán mellor o noso país".

Monteagudo, Xosé, 'Taramancos', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 33.

Fai referencia a un artigo de Carme Vidal, publicado no mesmo xornal, no que os parentes e veciños de Antón Avilés lembraban ao poeta; das entrevistas destaca a incredulidade dun irmán de Avilés sobre as calidades poéticas do seu irmán e asegura que isto pode deberse a que a proximidade física diminúe a mitificación e á interpretación da cultura e da vida práctica como algo independente. Sinala que no ámbito rural a cultura é vista como algo alleo e asegura que existe unha dicotomía que tende a separar cultura e vida práctica, polo que é difícil que nun ambiente rural se comprenda que unha persoa que realiza as mesmas tarefas que os demais poida ser poeta. Fala, finalmente, da escasa presenza que a cultura galega ten nas vilas e concellos menos poboados e critica que a administración non tome medidas para que os galegos asimilen a existencia dun universo cultural de seu.

Nicolás, Ramón, 'Ollada a Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 1 marzo 2003, p. 11.

Nota na que se menciona a publicación da obra de Xosé Agrelo Herme *Avilés de Taramancos* (2002) publicada pola Editorial Toxosoutos na que se dá unha panorámica biobibliográfica do escritor.

Nicolás, Ramón, 'Letras Galegas, 2003', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Letras

Galegas 2003', 15 maio 2003, p. V.

Repaso polos perfís biográficos e literarios que se están a ser publicar a propósito do Día das Letras Galegas en homenaxe a Avilés de Taramancos. Comeza por Edicións Xerais, encargada de reeditar a obra de teatro infantil *Tres capitáns de tempos idos*, na colección "Merlín" en edición de Pilar Sampedro e con ilustracións de Manolo Uhía; de *Nova crónica das Indias*, que -segundo o xornalista- é un libro de relatos marcados polo talento e singularidade do seu autor; unha nova edición de *Cantos caucanos*, baixo a responsabilidade do tamén poeta noiés Martín Veiga; *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra*, publicada na colección "Letras Galegas", que nesta ocasión chega das mans de M^a Dolores Arxóns e Xavier Castro; e *Antón Avilés de Taramancos 1935-1992. Unha fotobiografía*, coeditada polo Consello da Cultura e que correu a cargo de María Dolores Arxóns e Xosé Lois Agrelo. Ramón Nicolás prosegue enumerando as numerosas reedicións coas que lle corresponden á editorial Galaxia, que abre a anovada colección "Dombate" con *As torres do ar* e tamén *Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; e *Antoloxía poética*, que realizou Ana Romaní. Informa tamén de que na colección "Faíscas" de Edicións Toxosoutos, o escritor Xosé Agrelo Hermo publicou o seu *Avilés de Taramancos* e nesta mesma editorial noiésa véñse de reeditar un traballo publicado en 1995 baixo o título de *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos* (2002), de Pilar Sampedro e Xosé Agrelo Hermo, ademais de ofrecer o que -segundo o xornalista- é o volume biográfico máis salientábel de todos os publicados, *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, un ensaio de Aurora Marco. Finalmente lembra o labor de Espiral Maior que publicou a compilación da súa obra poética baixo a responsabilidade de Miguel Anxo Fernán-Vello, o de A Nosa Terra que tamén editou unha biografía a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo; o de Edicións Fervenza, nunha coedición realizada polo Concello de Noia e pola Universidade de Cork, baixo o título de *Antón Avilés de Taramancos*. Por último, rexistra o *Diccionario Antón Avilés de Taramancos* de X. Amancio Liñares Giraut e Antonio Puentes Chaos, que sacou á luz a editorial coruñesa TresCtres.

Noal, X., 'Literatos galegos e amigos falarán do poeta de Taramancos no seu 'mausoleo', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 3 abril 2003, p. L5.

Informa do comezo dun congreso en Noia organizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural no que se falará de Avilés de Taramancos e repasa a súa programación. Indica que na primeira sesión intervirán Vicente Araguas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xesús Rábade e Luís G. Tosar. Logo haberá unha mesa redonda con María do Carmo Kruckenberg, Blanca Roig, Xosé Agrelo e Pilar Sampedro. Tamén se inaugurará unha exposición coas ilustracións orixinais da última obra de Avilés, *Última fuxida a Harar*, que non figuran na publicación e tamén se poderá ver a mostra "Antón na memoria: imaxe e palabra". Continúa sinalando que na seguinte sesión intervirán María do Cebreiro, David Pérez Iglesias, Martín Veiga e Anxo Tarrío e haberá un debate entre Manuel Forcadela, Alfonso Vázquez e Marcos Valcárcel, ademais dunha proxección e un recital poético. Remata adiantando que na última xornada falarán Ánxeles Penas e Manuel Dourado Deira, Fidel Vidal e Alexandre Riboll estarán nunha mesa redonda.

P.V., 'O poeta da aldea noiésa de Taramancos', *La Opinión*, 'Día das Letras Galegas', 17

maio 2003, p. II.

Achégase á vida e á obra de Antón Avilés de Taramancos, establecendo catro períodos vitais: infancia e mocidade en Noia, estudos na Coruña, anos de emigración en Colombia e retorno a Galicia. Sinálase que Antón Avilés Vinagre naceu en Taramancos e da súa infancia destaca a influencia que nel exerceron a súa nai e a súa avoa. En 1953 marchou á Coruña para estudar náutica e alí tomou contacto coa Peña Amencer e con rapaces que, como el, tiñan inquietudes pola poesía e as artes; desta etapa destaca a súa amizade con Urbano Lugrís e a súa implicación co galeguismo de esquerdas. Alude ao seu período en Colombia, ao retorno a Noia en 1980 e ao seu labor xa de volta en Galicia como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega ou como concelleiro de cultura no seu municipio natal. En canto á súa obra, sinálase que publicou o seu primeiro poema, titulado "Saloucos dun emigrante", en 1951 na revista *Tapal*; en 1955 *As moradias do vento*, na revista *Atlántida*; en 1958 o libro de poemas *A frauta i o garamelo*; e finalmente, *O tempo no espello* (1982) e *Cantos Caucanos* (1985), obra pola que obtivo o Premio da Crítica Española.

P.V., 'O recoñecemento a unha importante creación poética', *La Opinión*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, p. III.

Repásase a produción poética de Antón Avilés de Taramancos, que estrutura en tres períodos: a etapa que o autor residiu na Coruña, a etapa de exilio en Colombia e a etapa tras o seu regreso a Galicia. Cítanse as seguintes obras de poesía: *As moradias do vento* (1955); *A frauta i o garamelo* (1959), que o xornalista Jorge Victor Sueiro vendía polas tabernas; *Pequeno Canto*, co que obtivo o accésit no certame poético da colección "Brais Pinto"; *Poemas de ausencia* (1969); *O tempo no espello* (1982), que inclúe toda a obra poética anterior; *Cantos Caucanos* (1985), que foi Premio Nacional de Literatura; *As torres do ar* (1989), do que o propio autor dixo que era "o libro da patria recuperada"; *Antoloxía poética* e *Última fuxida a Harar*, ambos de 1992. Fálase, así mesmo, dos traballos de Avilés noutros eidos literarios e cítase *Nova crónica das Indias* (1989), que é o seu único libro de relatos; a peza teatral *Tres capitáns dos tempos idos* e *Obra viva* (1992), na que recompila todos os seus ensaios.

P.V., 'Catro décadas dunha data histórica para a lingua galega', *La Opinión*, 'Día das letras Galegas', 17 maio 2003, p. VI.

Fai referencia ao corenta aniversario do Día das Letras Galegas. Explica que a primeira celebración tivo lugar o 17 de maio de 1963, cando se cumpría o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Lembra que a idea xurdiu dos académicos Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego, que escolleron esta data por ser a que aparece baixo a dedicatoria de Rosalía a Fernán Caballero. Detalla os pasos que se seguiron dende que os académicos presentaron a solicitude ante a Real Academia Galega ata que se obtiveron todas as aprobacións e autorizacións para celebrar esta data. Sinala, finalmente, que a primeira celebración do Día das Letras Galegas supuxo un feito histórico en toda Galicia e que a xornada estivo chea de actos culturais, ofrendas de flores, lecturas literarias, conferencias, etc.

Pallarés, Pilar, 'Avilés', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 'Cultura', 8 maio 2003, p. 31.

Tomando como punto de partida diversas frases que Avilés deixou nas súas obras, entre elas, Pilar Pallarés cita *O tempo no espello* (1982) e *Última fuxida a Harar* (1992), reflexiónase sobre o paso do tempo que se interpreta como unha eterna viaxe na que o escritor, identificado con Ulises, chegou ao día do seu pasamento.

Pereiro, Xosé Manuel, 'El Día de las Letras Gallegas recuerda hoy la vida y la obra del poeta Antón Avilés de Taramancos', *El País*, 'La Cultura', 17 maio 2003, p. 43.

Sinálase que hoxe se celebra o Día das Letras Galegas e recóllense as declaracións de Manuel Bragado sobre a repercusión desta data nas vendas; o director de Edicións Xerais lamenta que en Galicia non se venda tanto coma en Cataluña polo Sant Jordi e indica que, pola contra, si hai un aumento de produción editorial ao redor deste data, xa que este ano se editaron uns trinta e cinco libros sobre Avilés de Taramancos. Doutra banda, faise unha achega á traxectoria biográfica e literaria do homenaxeado, na que se destaca o seu exilio en Colombia e na que se enumeran, entre outros, os seguintes libros: *A frauta i o garmelo*, *Nova crónica das Indias*, *As torres do ar* ou *Obra viva*.

Pino, Concha, 'Romaní funde a súa música coa poesía de Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, 'Espectáculos', 9 maio 2003, p. 53.

Fai referencia á presentación do último traballo discográfico de Rodrigo Romaní titulado *Cantos Caucanos*, no que pon música a dez poemas de Antón Avilés de Taramancos. Este traballo, no que se reflite a saudade de Taramancos por Noia e polos Andes e no que colaboraron numerosos músicos galegos, inclúe unha remasterización da voz orixinal de Antón Avilés recitando os seus propios poemas. Dise que a presentación tivo lugar no Consello da Cultura Galega e continuarán por toda Galicia.

R.S., 'A Universidade de Vigo lembrará a Taramancos o vindeiro 29 maio', *ABC*, 'Galicia', 18 maio 2003, p. 30.

Indica que a Universidade de Vigo celebrará o vindeiro día 29 de maio un acto conmemorativo do Día das Letras Galegas; sinala que o acto terá lugar na Facultade de Belas Artes e que inclúe un recital poético a cargo de alumnos e profesores da Facultade de Filoloxía e Tradución, a entrega dos premios literarios convocados pola universidade e a intervención do rector, Domingo Docampo. Sinala, así mesmo, que unha exposición percorrerá os distintos campus da universidade para dar a coñecer os autores homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963 e que na facultade de Filoloxía se proxectará unha película sobre a vida de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Requeixo, Armando, 'Torneiro ou o fulgor da verba votiva', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 agosto 2003, p. 3.

O artigo xira ao redor de Manuel Álvarez Torneiro, con motivo da publicación dun poema seu en *A lámpada perpetua*, unha separata coa que se inicia a colección "Porta Azul" da revista noíesa *Casa da Gramática*. Sinálase que o volume leva como subtítulo *Homenaxe a*

Avilés de Taramancos e son quince poemas de diversos creadores, cun prólogo de Teresa Seara. Indica que o poema de Torneiro, que contén todo o cosmos do seu amigo noiés, establece con el unha intertextualidade por medio das vivencias compartidas e puntos comúns, como Rimbaud, Milton, Rilke ou Igor Lúgrís. Por último, ofrécenos Requeixo un pequeno fragmento do poema.

Rodríguez, Adrián, 'Avilés de Taramancos en la memoria', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 13 xullo 2003, p. 68.

Dá conta da homenaxe que a vila de Cotobade lle rendeu a Antón Avilés de Taramancos e que foi organizada por Amigos de San Xusto, pola Asociación Cultural Canón de Pau e pola Comunidade de Montes de San Xusto. Sinálase que o acto incluíu unha carreira de carrilanas, unha mostra biográfica realizada polo escritor Xosé Agrelo, un concerto de violín, a proxección dun vídeo do fillo de Avilés, unha comida ao aire libre e un recital poético a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo e Miguel Anxo Fernán Vello. Remátase lembrando a amizade de Avilés cos veciños de Cotobade.

Rodríguez, Salvador, 'Romaní de Taramancos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Música', 12 xuño 2003, p. VIII.

Fala do último disco de Rodrigo Romaní, *Cantos Caucanos*; no que o autor musicaliza varios poemas de Antón Avilés de Taramancos e que, ademais, inclúe unha remasterización da voz orixinal do poeta acompañada pola Real Filharmónica de Galicia. Considera que, grazas a este disco, a obra de Avilés pode chegar a un público que ata o de agora non o coñecía.

Souto, Xurxo, 'O ano de Antón Avilés de Taramancos', *La Opinión*, 'el Domingo', 5 xaneiro 2003, p. 16.

Loa a decisión da Real Academia de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Avilés de Taramancos e logo fai un repaso pola súa vida e obra, afirmando que estiveron sempre unidas. Para demostralo a explicación inclúe poemas do escritor.

Souto, Xurxo, 'Viaxe a Taramancos con José Manuel Avilés', *La Opinión*, 'el Domingo', 4 maio 2003, p. 16.

Comeza cun poema de Avilés e continua cunhas declaracións do seu irmán, José Manuel Avilés. Axudado del, Xurxo Souto fala dalgúns momentos importantes na biografía de Avilés que deixaron pegada na súa creación literaria como foi a estadía en Colombia. Transcribe tamén unha carta que Taramancos lle enviara a seu irmán e remata falando da última etapa do escritor noiés. No último apartado dá uns apuntamentos biográficos das viaxes marítimas de José Manuel Avilés e conclúe cun poema do homenaxeado.

Souto, Xurxo, 'Letras galegas, o día despois', *La Opinión*, 'el Domingo', 18 maio 2003, p. 16.

Fala da relación que Antón Avilés de Taramancos mantiña coa cidade da Coruña e da

grande amizade que o unía a Urbano LUGRÍS. Transcribe as palabras de Taramancos nas que explica que coñeceu a LUGRÍS lendo a "Elexía de Sir John Moore" de Rosalía de Castro, no xardín de San Carlos, e sinala que os dous autores eran amigos de pasear polas rúas da cidade e de visitar as súas tascas. Asegura que o feito de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Taramancos supón "o reencontro da Coruña cun dos fillos da bohemia da cidade" e pide aos coruñeses que persigan os pasos de Antón Avilés e Urbano LUGRÍS polos recunchos da cidade, por que a súa pegada e a súa palabra aínda latexan.

Souto, Xurxo, 'O retorno de Ulises Fingal', *La Opinión*, 'el Domingo', 27 xullo 2003, p. 16.

Fala da exposición que a Fundación Caixa Galicia organizou coa obra de Urbano LUGRÍS; analiza os principais elementos da súa pintura e describe detalladamente o cadro "O anticuario do porto". Explica, ademais, que Antón Avilés de Taramancos e LUGRÍS compartiron, durante os seus anos de bohemia na Coruña, o pseudónimo de Ulises Fingal; considera, polo tanto, que neste ano de homenaxe a Avilés era necesaria unha exposición coma esta, na que retornar ao outro Ulises Fingal.

U.L., 'A Fundación Rosalía de Castro reedita un disco en memoria de Antón Avilés de Taramancos', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 2 abril 2003, p. L11.

Faise eco da reedición do disco *Rosalía na voz dos poetas* co que a Fundación Rosalía de Castro quere renderlle homenaxe a Avilés e anuncia a celebración dun acto poético.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 setembro 2003, p. 59.

Alude á presenza na Casa da Cultura de Noia e no camposanto de Boa dun grupo de setenta ourensáns para homenaxear ao poeta Antón Avilés de Taramancos coa lectura dalgunha das súas composicións ante a presenza da súa viúva, Sofía Baquero.

Vidal, Carme, 'Noia prepárase para celebrar a Avilés', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 31.

Comeza informándonos dos proxectos organizados polo equipo responsábel da revista *Casa da Gramática* con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, dos que destacan a celebración dun certame de relato de aventuras que leva o nome do homenaxeado, Avilés de Taramancos; a dedicación de dous números monográficos da revista a creación dunha insignia conmemorativa ou a exposición que se celebrará sobre a vida e obra do escritor no instituto Virxe do Mar, entre outros actos que tamén desenvolverá o centro. Continúa enumerándonos as iniciativas que tomou o Concello de Noia como a de colocar pancartas conmemorativas ou a actuación dun contacontos con acompañamento musical baseado na obra *Nova Crónica das Indias*. Finaliza informándonos de que os fillos do homenaxeado crearán unha páxina web sobre seu pai e dous documentais e que se celebrará un congreso dedicado a el organizado pola Consellaría de Cultura.

Vidal, Carme, 'Sofía Baquero'. 'Avilés volveu de Colombia porque quería escribir', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 35.

Faise unha reflexión sobre as palabras de Sofía Baquero, a viúva de Antón Avilés de Taramancos, sobre o seu marido das que conclúe que Taramancos recuperou a súa creatividade literaria cando volveu a Galicia.

Vidal, Carme, 'Crónica de Taramancos, a aldea que lle deu nome ao poeta', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 26.

Describe Taramancos, a aldea noíesa na que naceu Antón Avilés, e recolle as impresións dos seus veciños sobre o poeta. Todos eles manifestan a súa alegría por térselle dedicado o Día das Letras Galegas e destacan a súa gran bondade. Sinala, finalmente, que en 1996 se colocou unha placa que indica cal é a casa na que naceu o poeta e sinala que toda a vila de Noia está a celebrar nestes días este acontecemento.

Villar, Carmen, 'As tribus (de plastilina) falan galego', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 14 maio 2003, p. 44.

Informa da presentación de "A Xaguana", unha curtametraxe de animación en plastilina da produtora coruñesa Lúa Films, que cada ano estrea por estas datas un novo episodio da serie "A lingua animada", baseada nalgunha obra do autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Dise que "A Xaguana" está inspirada na obra *Nova crónica de Indias* de Antón Avilés de Taramancos, que se desenvolve na selva amazónica e ten como protagonista a un neno que busca unha solución que os salve da evanxelización que os misioneiros pretenden para a súa tribo.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Adrán Goás, Carlos, *Nicomedes Pastor Díaz*, Lugo: El Progreso de Lugo □, 2003, col. Fillos de Lugo, 74 pp. (DL: LU-158-03).

Neste breve tomo de Carlos Adrán recóllese de forma moi resumida a vida de Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811- Madrid, 1863). O libro ábrese cunha biografía clásica, na que se relata a vida do poeta e político viveirense dende o seu nacemento ata a súa morte. O autor profunda na súa formación e na súa etapa como político, na que foi por varias veces ministro dos gobernos de Isabel II. En "Datos para unha vida" trázase unha cronoloxía da vida do biografado, sendo nalgúns casos ampliada con feitos históricos (xuramento da infanta Isabel como herdeira, asasinatos de frades no 1834...) e literarios (estrea de *Don Álvaro y la fuerza del sino*, suicidio de Larra...). Finalmente, Carlos Adrán realiza unha clasificación da obra de Nicomedes Pastor Díaz.

Agís Villaverde, Marcelino e Darío Villanueva (coord.), *Medicina e Humanismo. Homenaxe a Domingo García-Sabell*, Santiago de Compostela/Vigo: Universidade de

Santiago de Compostela/Galaxia ♦, 2003, 209 pp. (ISBN: 84-9750-262-0)(84-8288-640-1)).

Volume no que se recollen os artigos de homenaxe a Domingo García-Sabell (Santiago de Compostela, 1908-A Coruña, 2003), no que se fai constar que foron recompilados en vida do homenaxeado, sobrevivindo a morte deste no transcurso do proceso de edición da obra. Despois dos prólogos institucionais, organízanse os traballos nas seccións: "Biografía", na que se fai un breve percorrido pola súa traxectoria vital; "A persoa", na que se recollen as visións que persoeiros da cultura galega ofrecen sobre García-Sabell; "O intelectual", na que se fai unha achega a distintas facetas nas que o humanista destacou; "A política e as institucións", na que se dá conta do labor desenvolvido polo homenaxeado como delegado do goberno ou a seu notorio polifacetismo; e "Entrevistas", para rematar cun apéndice gráfico no que se recollen distintas instantáneas do homenaxeado con personalidades da cultura ao longo da súa vida. De seguido dáse conta daqueles artigos nos que se atende, dalgún xeito, a aspectos relacionados coa literatura galega:

- Xesús Alonso Montero, "Domingo García-Sabell (1951-1959): A dimensión culta e europea do galeguismo (con Ramón Piñeiro ó fondo)", pp. 27-33.

Despois de sinalar que é unha honra para el participar neste volume, quéixase pola falta da publicación dunha biografía digna do homenaxeado e explica que se vai achegar á figura de Domingo García-Sabell durante os anos 1951 e 1952. Explica que, durante os anos cincuenta, entrou en contacto cos galeguistas da época grazas aos contactos de Ramón Piñeiro, a quen define como unha peza clave no seu achegamento ao galeguismo; fai referencia ás xuntanzas na casa de Ramón Piñeiro, nas que o intelectual deseñaba o mapa espiritual de Galicia e no que, de xeito especial, traballaba na dignificación da lingua galega. Tras loar o labor de Piñeiro nestes anos, sinala que a maior empresa da época para dignificar o galego foi a creación da editorial Galaxia (1950) e dá conta dos primeiros volumes publicados nela. Indica, así mesmo, que houbo catro personalidades ás que Ramón Piñeiro comprometeu na causa deste galeguismo cultural: Luís Pimentel, Rof Carballo, Celestino Fernández de la Vega e Domingo García-Sabell; destaca o sinal de altura e cultura que para o galeguismo supuxo que un intelectual das características de Sabell se achegase ao galeguismo e asegura que, para moitos, foi unha invitación á causa. Dá conta da amizade que trabou co homenaxeado en 1953 e que se intensificou no curso 1956-57; destaca, finalmente, o papel que García-Sabell desempeñou no volume de homenaxe que Galaxia preparou cando en 1958 se xubilou Ramón Otero Pedrayo, pois grazas a el participaron nela importantes escritores extragalegos. Conclúe afirmando que Domingo García-Sabell representou, por riba doutros intelectuais da época, a dimensión culta e europea do galeguismo neses anos.

- Xerardo Fernández Albor, "Os tempos da Rosaleda", pp. 35-38.

Explica, tras agradecer a posibilidade de participar neste volume, que vai lembrar os "tempos da Rosaleda", é dicir, os anos nos que residiron nesta zona compostelá Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro e el mesmo. Afirmar que a chegada de García-Sabell supuxo unha fonda influencia no eido médico e no cultural; define as súas conferencias como perfectas e as súas tertulias como un regalo; e sinala que a chegada de Domingo á Rosaleda, nos anos cincuenta, imprimiu un pulo político a toda actividade cultural desenvolta. Dá conta, deseguido, das principais empresas culturais levadas a cabo naqueles

"tempos da Rosaleda", nas que tanto García-Sabell como Piñeiro tiveron un papel fundamental: a creación de Galaxia (1950), a creación dunha cátedra de galego na Universidade de Santiago (1969), a Fundación Penzol (1963), a instauración do Día das Letras Galegas (1963), a creación do Instituto da Lingua Galega (1971), e o nacemento do colectivo Realidade Galega (1980), formado por sesenta e sete persoas ubicadas na órbita do galeguismo e presidido polo propio García-Sabell. Consta o enriquecemento que para el supuxeron aqueles anos e lembra, para rematar, as persoas ilustres que tivo a oportunidade de coñecer na casa de Domingo e as viaxes que con el e con Piñeiro realizou por toda Galicia.

- Francisco Fernández del Riego, "O peso da noite", pp. 39-47.

Crónica dos anos seguintes á sublevación fascista, coa que desapareceron todos os avances conseguidos na causa galeguista e cultural durante os anos precedentes (Seminario de Estudos Galegos, Editorial Nós e aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía). Tras dar coidada conta dos anos de silencio, represión e censura vividos, fai referencia a distintos feitos que trouxeron de novo as esperanzas aos galeguistas do momento: a emisión na BBC de corenta e tres programas en lingua galega durante o período 1947-56, nos que se trataban as características culturais de Galicia, e a aparición no outono de 1949 en Compostela do "Suplemento de los sábados" do xornal *La Noche*. Indica que, grazas a estes primeiros alentados, comezaron a traballar no propósito de lle dar unha nova vida á cultura galega e fai referencia aos obxectivos perseguidos por aquel grupo de homes, caracterizados polo servizo á lingua e cultura propias. Fai referencia ao posicionamento político e á actividade cultural desenvolta nos anos cincuenta pola intelectualidade anterior ao franquismo; dá conta, así mesmo, do labor iniciático de intelectuais de recoñecido prestixio que iniciaron o proceso de recuperación galego, entre os que destaca a Ricardo Carballo Calero, Xoán Rof Carballo, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega e Domingo García-Sabell. Sinala que naqueles anos García-Sabell publicou ensaios monográficos sobre a lírica de Rosalía, a pintura de Luís Seoane ou a actitude do home galego ante a ciencia; todos eles editados co epígrafe "Ensaíos". Sinala, finalmente, que a actividade de todos estes ensaístas favoreceu positivamente a reconstrución cultural de Galicia.

- X.L. Franco Grande, "A humanidade do humanista", pp. 49-57.

Texto cargado de anécdotas coas que o autor dá conta da amizade que o unía ao intelectual homenaxeado e do respecto e admiración que sentía por el. Franco Grande, que se centra nas súas vivencias dos anos cincuenta, destaca o entusiasmo xuvenil, a xenerosidade, a capacidade para ilusionar aos demais, o forte apego á realidade global do país, a cordialidade, a paciencia e o sentido do humor de Domingo García-Sabell. O autor explica, asemade, como, grazas ao compromiso e vencello de García-Sabell co país, el mesmo se implicou coa causa galega.

- Arcadio López-Casanova, "García-Sabell e os novos", pp. 63-68.

Na súa homenaxe a Domingo García-Sabell, Arcadio López-Casanova lembra o que para el e para os seus compañeiros universitarios significou a amizade do homenaxeado. Explica que arredor dos anos sesenta se xuntaron en Compostela un grupo de mozos, que posteriormente se coñeceron como a Xeración do 68, unidos polo sentimento galeguista e pola inqueda a prol do desenvolvemento da lingua e cultura do país; lembra a primeira visita á casa de García-Sabell e cómo este os apoiou en todas as iniciativas desenvoltas,

especialmente na "Campaña do peso" para a creación dos Premios Castelao. Sinala, ademais, que García-Sabell foi para aquel grupo o seu "mestre clarexador", que lles descubriu aos grandes oradores galegos, que os guiou intelectualmente e que foi para eles un verdadeiro modelo de vocación.

- Carlos Baliñas Fernández, "García-Sabell: de *Amicitia Sermo Brevis*", pp. 79-88.

Artigo no que o autor evoca distintos momentos da súa traxectoria vital nos que tivo contacto co intelectual homenaxeado. Polo que respecta á literatura galega, cómpre destacar a descrición que fai do seu primeiro encontro con García-Sabell; este encontro produciuse en 1954, cando un grupo de intelectuais galeguistas (Otero Pedrayo, Borobó, Manuel Beiras, Ramón Piñeiro, Paco del Riego e Xaime Isla) e mais un grupo de estudantes universitarios (Mourullo, Lugrís, Manolo Vidán, Xosé Manuel Beiras e o autor deste texto) se xuntaron na casa de Domingo García-Sabell; explica que acudiron á casa do médico despois dunha cea na que se homenaxeaba a Ramón Otero Pedrayo e lembra que García-Sabell decidiu deixar constancia da velada para o futuro gravando nun magnetófono os discursos que cada quen pronunciou. A partir dese momento, coincidiron en múltiples ocasións das que o autor dá coidada conta, sobre todo, en conferencias e cursos impartidos polo homenaxeado. O texto péchase cunha loanza final a toda actividade intelectual desenvolta polo homenaxeado, na que destaca a publicación de *Gromos do pensamento e Relembros*, dous libros nos que se recollen artigos que foron aparecendo na prensa diaria.

- Darío Villanueva, "Os ensaios literarios de Domingo García-Sabell", pp. 113-130.

Achega ao traballo que o homenaxeado, Domingo García-Sabell, desenvolveu como crítico literario. Fai referencia, en primeiro lugar, a unha conferencia que o médico pronunciou no Museo Carlos Maside en 1971 (convertida en opúsculo por Edicións do Castro nese mesmo ano), na que o propio García-Sabell explica a razón pola que exerce como crítico literario; e que, segundo sinala, se debe ao seu compromiso ético e civil con Galicia. O autor deste estudo, tras falar do nacemento da crítica literaria moderna e describir o seu primeiro encontro co homenaxeado, fai referencia aos ensaios que García-Sabell escribiu sobre literatura tanto galega, como universal ao longo da súa vida; realiza un coidadoso estudo de cada un deles e explica que o labor de crítico literario que o homenaxeado realizou debe entenderse nun contexto no que tanto el, como os demais homes de Galaxia empregaron a literatura e a crítica como "ferramenta para ceibar as mentes". Fai referencia, así mesmo, aos libros nos que García-Sabell recompilou os artigos xornalísticos publicados ao longo da súa vida: *Cen relembros* (La Voz de Galicia, A Coruña, 1993), *Libro dos comentos* (Edicións do Castro, Sada, 1996), *Os gromos do pensamento* (Galaxia, Vigo, 1996) e *Tempo de lecer* (Galaxia, Vigo, 1998).

- Xosé R. Barreiro Fernández, "García-Sabell, presidente da Real Academia Galega (1977-1997-), pp. 133-138.

Estudo co que o actual presidente da Real Academia de Galicia se suma á homenaxe a Domingo García-Sabell, achegándose ao labor que o polifacético intelectual galego desenvolveu ao fronte da presidencia da Real Academia Galega entre os anos 1977-97. Tras facer un breve repaso pola historia desta institución, sinala que García-Sabell foi elixido presidente o día 1 de novembro de 1977 polo seu compromiso democrático e porque o seu perfil se adecuaba ás necesidades da Academia. Destaca a creación, xunto a Constantino García, Carlos Casares, Ramón Piñeiro e Marino Dónega, dunha estratexia cultural que

atendía, case exclusivamente, á defensa, fixación, protección e difusión do idioma galego e dá conta dos logros acadados neste empeño. Sinala que o nomeamento de Domingo García-Sabell como delegado do Goberno en Galicia trastornou todos os planos e proxectos iniciados, pois a Academia perdeu a súa independencia política e os múltiples cargos do seu presidente impedían que lle dedicara á institución o tempo que esta necesitaba. Sinala que, ante esta situación, foi necesaria a creación do Consello da Cultura Galega e o Centro Ramón Piñeiro, que ocuparon o espazo que noutras comunidades históricas enchían as academias ou os institutos equivalentes; explica, ademais, que a dúplice responsabilidade de García-Sabell provocou situacións especialmente conflitivas, unha "anemia económica" da institución e o desacordo dalgúns dos seus membros. A situación resolveuse o 19 de xullo de 1997, cando García-Sabell presentou a dimisión como presidente da Real Academia, sendo nomeado Francisco Fernández del Riego o 29 de novembro de 1997.

Alonso Girgado, Luís, **Monteagudo Cabaleiro**, Teresa, *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, novembro 2003, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, 140 pp. (ISBN: 84-453-3677-0).

Volume que comeza cunha ampla cronobiografía de Ramón Piñeiro (1915-1990) e que a seguir reproduce un breve conxunto de cartas particulares, inéditas até o de agora, de Ramón Piñeiro. Estas cartas representan unha parte mínima das moitas que deixou escritas e están dirixidas a Antón Avilés de Taramancos, Carlos Casares, Pilar Cayón, Rafael Dieste, Manuel María, Manuel Meilán, Eduardo Moreiras, Luís Pimentel, Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco, Pilar Vázquez Cuesta e mais a Carlos Zubillaga, que tamén é autor dunha presentación das cartas que Ramón Piñeiro lle escribiu a el.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, 'Rescatar el pánico en las ondas', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 8 decembro 2003, p. 48.

Nesta páxina, variada en canto á temática, Xurxo Fernández dedícalle unhas liñas aos tres cadernos que o "incansable y loable Centro" dedica á figura de Ramón Piñeiro.

Alonso Girgado, Luís, **Cunquejo Enríquez**, María, **Monteagudo Cabaleiro**, Teresa, *Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, novembro 2003, col. Cadernos Ramón Piñeiro, nº 3, 54 pp. (ISBN: 84-453-3676-2).

Terceiro volume da colección "Cadernos Ramón Piñeiro", editado polo centro homónimo, que recolle practicamente toda a produción escrita de Ramón Piñeiro (1915-1990). En "O labor publicístico de Ramón Piñeiro" dáse conta da amplitude da súa obra e indícase que dela resta por recompilar un dez por cento, ben por estar espaxada por publicacións

periódicas de difícil acceso, ben pola súa andaina cronolóxica. Advírtese, así mesmo, da recorrencia publicista de boa parte dos escritos de Ramón Piñeiro; por esta razón, nesta bibliografía localízase a fonte inicial e, se existiran, anótanse as posteriores. A produción escrita de Ramón Piñeiro organízase en diferentes apartados: "Libros", "Epistolarios", "Colaboracións en libros de autoría colectiva", "Prólogos, limiares e edicións", "Traducións" e "Colaboracións en revistas e xornais".

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, 'Rescatar el pánico en las ondas', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 8 decembro 2003, p. 48.

Nesta páxina, variada en canto á temática, Xurxo Fernández dedícalle unhas liñas aos tres cadernos que o "incansable y loable Centro" lle dedica á figura de Ramón Piñeiro.

Alonso Montero, Xesús, **Barreiro**, Herminio, **García**, Xosé L., **Hernández**, Humberto, **Luca**, Gustavo, **Meilán Gil**, X. L., **Méndez Ferrín**, X.L., **Miranda**, Anisia, **Neira Vilas**, Xosé, **Seoane**, Ángel G., *Martí, palabra de liberdade*, Oleiros: Comité Galego de Honra Pro CL aniversario do Nacemento de José Martí (1853-2003) □, xaneiro 2003, 77 pp. (DL: C- 2861-02).

Obra coa que se pretende conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de José Martí, realizada coa colaboración financeira da Alternativa de Veciños de Oleiros e que destinará os beneficios que resulten da súa venda a proxectos de cooperación en Cuba. Os seus autores, que forman parte do Comité Galego de Honra Pro CL aniversario do Nacemento de José Martí (1853-2003), pretenden difundir a figura e o pensamento deste cubano, fillo de españois, que loitou pola independencia de Cuba.

- Ángel G. Seoane, "Martí, un exemplo para todos nós", pp. 4-7.

Sinala que esta homenaxe ofrece unha importante información sobre José Martí elaborada por recoñecidas personalidades da cultura galega; define a Martí como "un loitador pola dignidade humana do século XIX" e destaca a súa dimensión cultural, literaria, teórica e a súa predisposición á acción, á loita de cara á transformación da realidade.

- X. L. Meilán Gil, "Un impulso que merece atención", pp. 8-11.

Indica que José Martí foi pensador, organizador revolucionario, diplomático, articulista, poeta e autor de libros literarios. Lembra que trazou as bases intelectuais e políticas que encamiñaron a Cuba cara á independencia e que defendeu a importancia da educación e dunha universidade americana para gobernar e desenvolver as novas nacións. Fala, finalmente, da creación do Consello Universitario Ibeoromericano, encamiñado á creación dun espazo común de educación.

- Anisia Miranda, "Os primeiros dezaioito anos de Martí", pp. 12-21.

Narra a infancia e mocidade de José Julián Martí Pérez, nado o 28 de xaneiro de 1853 na Habana. Explica que viaxou a España, terra da súa nai, en 1856 e que estudou, por expreso desexo dos seus pais, dende moi pequeno; con trece anos comezou a traducir clásicos literarios e a recibir premios escolares polos seus traballos; publicou o seu primeiro artigo o 19 de xaneiro de 1869, na revista *El Diablo Cojuelo* que editaba un amigo seu. En 1869 sofre un incidente co Corpo de Voluntarios e permanece detido ata 1870, cando é xulgado polo Consello de Guerra; é condenado culpábel por ter faltado ao respecto aos Voluntarios e ingresa na cadea, onde é destinado a facer traballos forzados. Grazas ás xestións dos seus pais, é liberado en 1871 coa condición de que veña á Península para continuar os seus estudos; en canto chega a España denuncia o trato recibido en prisión.

- Humberto Hernández R., "A madurez vixente de Martí", pp. 22-31.

Afirma que divulgar a obra de Martí é un deber, por que aínda é un gran descoñecido, e destaca a súa capacidade para unir aos cubanos no propósito da independencia e para organizar unha guerra xusta e necesaria. Analiza o pensamento político de José Martí e a súa vixencia na actualidade, dá conta da súa loita pola independencia de Cuba e Porto Rico contra o imperialismo español e destaca que creara o Partido Revolucionario Latinoamericano, que tiña como fin organizar e conducir unha guerra anticolonialista e de independencia. Fai referencia a seguidores do pensamento martiano, algúns deles aínda hoxe encarcerados nos Estados Unidos, e fala, finalmente, da vitoria no movemento revolucionario encabezado por Fidel Castro cen anos despois do nacemento de Martí.

- Herminio Barreiro, "José Martí: sobre educación e cultura popular", pp. 32-37.

Incide na preocupación de José Martí pola educación, que se reflite na súa célebre frase: "Ser cultos para ser libres", e que hoxe está presente en practicamente todos os discursos públicos de Fidel Castro. Como mostra, transcribe un texto de Martí publicado en *Escritos sobre educación* (1976), baixo o epígrafe "Educación Popular", que resume e sintetiza o avanzado pensamento martiano arredor desta temática. Analiza este texto, destaca a frase "Instrucción no es lo mismo que educación" e sinala que Martí consideraba necesaria a existencia dunha educación común para todos, que na escola non se distinguira entre clases sociais.

- Gustavo Luca, "Xornalismo de combate", pp. 38-43.

Afirma que José Martí foi o primeiro xornalista de combate, a pesar da tendencia a encadralo no ensaio ou no pensamento político. Lembra o rexeitamento de Martí polo manierismo servil da prensa colonial e compárao coa prensa actual galega; sinala, así mesmo, que Martí consideraba que a prensa debía "encamiñar, explicar, ensinar, guiar e dirixir" e non ser unicamente unha transmisora de noticias. Transcribe un fragmento de "Nuestra América", un artigo de Martí publicado na revista *Ilustrada* de Nova Iorque en xaneiro de 1891, no que fala da vergoña que algúns nados en América senten pola súa terra; fai referencia, así mesmo, a un texto de Martí traducido por Xosé Neira Vilas sobre a liberdade e transcribe parte del.

- X. Neira Vilas, "Martí e os galegos", pp. 44-59.

Sinala que José Martí nunca estivo en Galicia; a pesar disto, na súa obra hai referencias a personalidades, lugares e acontecementos galegos. Deseguido, dá conta dalgunhas destas referencias e sinala que Martí fixo referencia a Ferrol, por un incidente acontecido na visita de Alfonso XII; a Santiago de Compostela e ao seu arcebispo; a Aureliano Linares Rivas; a Montero Ríos; a Palacio Valdés; a Emilia Pardo Bazán, á que consideraba unha autoridade literaria; a Concepción Arenal, a quen definiu como a dama ilustre máis grande de España; á Bella Otero, a quen veu actuar despois de que se retirara unha bandeira de España (símbolo da monarquía que oprimía a súa illa) da entrada do teatro; e a Rosalía de Castro, da que leu *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* (mesmo transcribiu unha frase do prólogo de *Follas Novas* nunha carta que enviou ao embaixador arxentino en Wáshington). Neira Vilas transcribe dous artigos de Martí sobre dous emigrantes galegos incorporados á loita independentista da illa caribeña, publicados no xornal *Patria* de Nova Iorque: "José Martínez, "El Gallego"" e "Pablo Insua". Fala, finalmente, da existencia de traducións ao galego de versos de Martí e de monumentos en honor á súa figura erixidos no territorio galego (Vigo, Santiago de Compostela, Coles, Oleiros...), facendo referencia á inauguración do monumento de Oleiros situado no Parque José Martí.

- X. Alonso Montero, "José Martí e Rosalía Castro: Un texto e un enigma", pp. 60-63.

Dá conta do coñecemento que José Martí tiña da obra *Follas Novas* de Rosalía de Castro, publicado na Habana en 1880. Explica que Martí cita dúas liñas do prólogo deste libro nunha carta que envía a Vicente G. Quesada, embaixador da Arxentina en Wáshington, o 7 de xaneiro de 1891; isto demostra que Martí coñecía a obra rosaliana e que a impresión da súa lectura fora favorable. Alonso Montero considera que Martí tiña diante o libro de Rosalía, pois sería difícil que citase de memoria esas dúas liñas con tanta precisión, e sinala que non hai noticia de que se pronunciase sobre o mesmo antes nin despois de 1891; estráñase, así mesmo, de que Martí non fixese ningunha referencia a outros poetas de lingua galega, nin sequera a Curros Enríquez, exerceu o xornalismo na Habana entre 1894 e 1908.

- Xosé L. García, "José Martí: crítico pioneiro da globalización", pp. 64-71.

Explica que José Martí foi correspondente especial do xornal *La Nación de Buenos Aires* e cónsul do goberno arxentino na Conferencia Internacional Americana, celebrada en Washington e Nova York a finais de 1889; as súas crónicas deste acontecemento mostran o seu talante político e o seu coñecemento económico que manifestou dun xeito intelixente e comprensivo. Nos seus artigos, Martí fala da excursión que fixeron en tren os delegados e xornalistas por varios lugares dos Estados Unidos; dá conta das pretensións globalizadoras do gran imperio económico e bélico e anuncia que Estados Unidos está poñendo en marcha unha imparábel maquinaria de absorción económica e política. Martí criticou, tamén, o capitalismo americano, as súas pretensións imperialistas, a desigualdade social, o nacemento do que hoxe se chama globalización, a ruptura do equilibrio do ecosistema e a depredación de espazos naturais; sinala, finalmente, que Martí publicou en maio de 1891 un ensaio sobre cuestións económicas, sociais e políticas con motivo da conferencia Monetaria das Repúblicas de América.

- X. L. Méndez Ferrín, "Martí e máis eu", pp. 72-77.

Critica que nos tempos da Guerra de Cuba ningún galego defendera publicamente a lexitimidade da guerra, nin a causa independentista; os intelectuais e directores de opinión galegos de finais do século XIX ignoraban a figura de José Martí e Méndez Ferrín non soubo da súa existencia ata que viu o seu busto na Biblioteca América da Universidade de Santiago; o seguinte contacto foi nas clases de literatura hispanoamericana na Facultade de Letras de Madrid, momento a partir do cal procurou as obras de Martí na Biblioteca Nacional e no Instituto de Cultura Hispánica. Explica que foi coñecendo o pensamento político de Martí a través dos discursos de Fidel Castro e que isto o levou á lectura da súa obra en verso e en prosa, no que o axudou moito Xosé Neira Vilas.

Alonso Montero, Xesús, *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*, prólogo do autor, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, 2003, col. Nós-outros/ensaio, nº 2, 171 pp. (ISBN: 84-932667-4-4).

Esta obra, saída do prelo no ano 2003, ten unha base en conferencias anteriores ofrecidas polo autor da mesma. O texto encóntrase dividido en tres partes ben diferenciadas mais un prólogo onde explica os motivos da existencia deste traballo, así como un índice onomástico situado ao final da obra. Na primeira, aparece a conferencia ofrecida por Alonso Montero o día 13 de setembro de 2001 titulada "A Guerra Civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez" co gallo do cento cincuenta aniversario do seu nacemento seguido de dez facsimilares de artigos xornalísticos ou cartas de particulares que dan voz ao silenciamento ao que estivo sometido Curros no franquismo. Nun segundo capítulo aparecen cinco apartados escritos *ad hoc* que complementan a longa conferencia que deu o autor en 2001, con algún onde se sinalan autores que utilizaron versos de Curros ou a homenaxe a este no ano 1951 onde a Otero Pedrayo se lle obrigou a falar en español. O libro remata cun capítulo titulado "O poeta Curros contra Franco" publicado no 2002 no *Boletín da Real Academia Galega*. A obra tenta dar unha visión da censura que sufriron os editores, estudosos e os difusores da obra de Curros.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'A persecución dun poeta', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Libros', 12 xuño 2003, p. V.

O autor fai referencia aquí á obra de Xesús Alonso Montero facendo fincapé na documentación do texto de Montero, destacando especialmente a recollida de documentos de edición facsimilar ou os cinco apartados escritos *ad hoc* e que axudan á análise das *Obras escogidas* de Curros en 1956, sempre insistindo na idea fundamental que quere transmitir Montero: a relevancia da figura de Curros despois da súa morte e o intento de ser silenciado na ditadura franquista.

- Miro Villar, 'Xesús Alonso Montero, Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 403-404.

Valora positivamente a existencia de editoriais que rescatan do esquecemento a historia

literaria galega, como a veterana Ediciós do Castro, que mantén a colección "Documentos para a historia contemporánea de Galicia" con máis de cento setenta títulos, ou a pequena editorial tresCtres coa súa serie "Nós-outros / Ensaio", dirixida por Amancio Liñares Giraut e Antonio Puentes Chao, inaugurada co volume *Miguel de Unamuno e a lingua galega*, de A. Rodríguez Guerra e ao que lle segue *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*, de Alonso Montero, do que se ocupa a seguir. Sinala que o volume recolle a conferencia pronunciada por Alonso Montero na inauguración do congreso celebrado en setembro de 2001 en Celanova, con motivo de se cumprir o cento cincuenta aniversario da morte do poeta, á que se engaden unha serie de apartados novos e o artigo "O poeta Curros Enríquez contra Franco", ademais duns apéndices en facsímile. Salienta a singular capacidade suxestiva dos epígrafes ou encabezamentos escollidos por Alonso Montero, así como as páxinas que presentan a autocensura en 1945 de Ramón Otero Pedrayo, cotexando un texto da súa autoría con outro tamén seu de 1926, e as informacións relativas á celebración do centenario de Curros, no 1951, dende a perspectiva oficialista do franquismo e dende as colectividades galegas no exilio. Conclúe destacando a rigorosidade do traballo, a intencionalidade didáctica e esclarecedora de Alonso Montero e a apertura de novas liñas de investigación para as novas xeracións.

- M. Quintáns S., 'Alonso Montero e Curros Enríquez no Franquismo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 novembro 2003, p. 4.

Lóase, aquí, o labor dos profesores Amancio Liñares e Antonio Puentes como editores literarios da editorial tresCtres que aparte de dar a coñecer autores novos, tamén aposta por autores de recoñecido prestixio como é o caso de Xesús Alonso Montero. Cítase, entón, a obra de ensaio deste autor que foi publicada nesta editorial, *Curros Enríquez no franquismo (1936-1991)*, formada por un conxunto de traballos "A Guerra Civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez (presencias e ausencias do nome e da obra de Curros de 1936 a 1971)", "Addenda (cinco capítulos breves)" e "O poeta Curros Enríquez contra Franco". Apúntase para a ligazón entre Alonso Montero e o autor do Rexurdimento pola exhausta dedicación á súa obra polo catedrático de Literatura Galega da Universidade de Compostela, e neste caso, para as limitacións que a ditadura impuxo sobre os editores ante a obra de Curros. Cítanse, ademais, pequenos anacos do prólogo sobre os obxectivos do autor coa publicación desta obra.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Curros censurado', *La Opinión*, 'Ronsel dos libros', 21 maio 2003, p. 69.

Valcárcel dá conta aquí do congreso celebrado en Celanova en setembro de 2001, co gallo do cento cincuenta aniversario do nacemento de Curros Enríquez, que fora inaugurado por Xesús Alonso Montero cunha conferencia recollida agora no libro publicado no 2003 *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*. O autor fala do celme da obra de Alonso, das estratexias culturais do franquismo para silenciar determinados autores e obras, así como do labor feito na emigración por xente coma Castelao, Marcos Raña, etc., ou voces que ofreceron en Galicia un Curros parcial, como Cunqueiro ou Eugenio Montes, entre outros. Esta mesma noticia foi publicada en *Galicia Hoxe*, o día 25 de maio de 2003.

- Marcos Valcárcel, 'Curros censurado', *Galicia Hoxe*, 'Ronsel dos libros', 25 maio 2003, p. 7.

Valcárcel dá conta aquí do congreso celebrado en Celanova en setembro de 2001, co gallo do cento cincuenta aniversario do nacemento de Curros Enríquez, que fora inaugurado por Xesús Alonso Montero cunha conferencia recollida agora no libro publicado no 2003 *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*. O autor fala do celme da obra de Alonso, das estratexias culturais do franquismo para silenciar determinados autores e obras, así como do labor feito na emigración por xente coma Castelao, Marcos Raña, etc., ou voces que ofreceron en Galicia un Curros parcial, como Cunqueiro ou Eugenio Montes, entre outros. Esta mesma noticia foi publicada en *La Opinión*, o día 21 de maio de 2003.

- Maré, 'Curros Enríquez, outra vítima daquel escurentismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xuño 2003, p. 55.

Esta pequena recensión céntrase na presentación da obra de Alonso Montero na galería de Sargadelos en Compostela nun acto onde interviron o profesor e escritor Miro Villar e o profesor e director editorial de 3C3, Antonio Puentes Chao. Incídese aquí sobre a importancia do labor que certos exiliados e emigrantes fixeron a favor de Curros Enríquez, como da prohibición que se lle fixo a Otero Pedrayo, a quen as autoridades obrigaron a falar en español nun acto de homenaxe ao escritor ourensán.

- Concha Pino, 'A Guerra Civil tamén se perpetró con Curros', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 13 xuño 2003, p. L2.

Faise referencia á presentación do libro de Alonso Montero na galería Sargadelos de Compostela o día 12 xuño de 2003, xunto a unha pequena enquisa ao autor na que dá conta das limitacións, prohibicións e censura que sufriran durante a ditadura fascista os editores, estudosos e divulgadores das obras de Curros.

- D. Faro, 'Muchos profesores saben más de 'Crónicas Marcianas' que de Curros', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 1 xullo 2003, p. 20.

O autor dispón dunha entrevista feita a Alonso Montero sobre a publicación da súa última obra, *Curros Enríquez no franquismo* onde el di que partiu dunha conferencia feita co motivo do cento cincuenta aniversario do nacemento do autor progresista sinalando o esquecemento ao que están sometidos moitos intelectuais do século XX polo propio profesorado e facendo ver o silenciado que estivo Curros na ditadura española.

Alonso Montero, Xesús, *Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásico (Noticia e textos) Homenaxe ó profesor Sergio Álvarez Campos*, Fundación Rosalía de Castro, 2003, Centro de Estudios Rosalianos, 2003, col. Vintecatro de febreiro, nº 5, 43 pp. (ISBN: 84-87668-20-8).

Este libro, que a Fundación Rosalía de Castro edita grazas á axuda económica da Real

Academia Galega, ábrese cun 'Atrium', no que se indica que o Centro de Estudios Rosalianos ofrece e dedica este volume aos asistentes ao XI Congreso da Sociedade Española de Estudios Clásicos, que terá lugar na Universidade de Santiago de Compostela do 15 ao 20 de setembro; indícase, así mesmo, que o volume é unha homenaxe do Centro ao profesor Sergio Álvarez Campos (1924-1994). Xesús Alonso Montero organiza este libro en catro capítulos ou apartados, aos que engade un apéndice que logo se describe. No primeiro apartado, titulado "Un poema de Rosalía de Casto traducido ó latín (1927)", recolle a tradución que o padre barcelonés Tomás Viñas de San Luís fixo do poema "Cando penso que te fuches" de *Follas Novas* (1880) ao latín e achega información sobre o poema e sobre o tradutor. No segundo apartado, titulado "Dous poetas de hoxe cantan, en latín, a Rosalía", fai referencia ao I Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega e realiza unha coidada achega á figura de Gregorio San Juan (Palencia, 1928) e á figura do P. Sergio Álvarez Campos (Cenlle, 1924-Santiago de Compostela, 1994), ambos os dous autores de senllos poemas escritos en latín, dedicados á poetisa galega e incluídos aquí. No terceiro apartado, titulado "'A Rosalía', de Curros Enríquez, traducido ó latín e ó grego clásico", transcribe a tradución que o P. Sergio Álvarez Campos fixo ao latín do poema de Manuel Curros Enríquez e a tradución que o ilustre helenista Isidoro Millán (Pontevedra, 1922-Santiago de Compostela, 2002) fixo ao grego clásico do mesmo poema. O último apartado, titulado "Un poema rosaliano de García Lorca (1935) traducido ó latín polo P. Sergio Álvarez (1994)", recolle a versión orixinal do poema "Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta", da obra *Seis poemas galegos* (1935) de Federico García Lorca e a tradución que deste fixo o P. Sergio Álvarez Campo ao latín. O volume péchase cun "Apéndice" no que se recolle un texto autobiográfico, titulado "Eu, poeta en latín", de Sergio Álvarez e publicado en *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*.

Alonso Montero, Xesús, *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Crónica, 226 pp. (ISBN: 84-9782-036-3).

Neste estudo, Xesús Alonso Montero analiza con exhaustividade as denuncias sobre a opresión do idioma galego no franquismo que un grupo de galeguistas exiliados en Iberoamérica presentaron no seo da VIII Conferencia Xeral da UNESCO, celebrada en Montevideo en 1954. Neste contexto, os capítulos seis e sete mencionan certos efectos da devandita persecución no eido de editoriais como Galaxia e destacan o labor desenvolvido dende a revista do Centro Gallego de Buenos Aires para enxalzar o prestixio do galego, devaluado polos ideólogos do réxime. Resáltase a Ramón Cabanillas ou a Ramón Piñeiro, pero tamén galego-arxentinos como Francisco Luis Bernárdez, que loaron a calidade e riqueza expresiva dos textos literarios galegos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'A batalla de Montevideo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Libros', 13 novembro 2003, p. V.

Ramón Nicolás enmarca a obra de Xesús Alonso Montero na liña na que este vén afondando nos últimos anos: a reflexión sobre os feitos políticos e literarios que marcan o

pasado recente de Galicia. Nicolás sinala a sinxeleza da escritura, presta especial atención á repercusión da denuncia feita na UNESCO nos delegados españoles e loa a exhaustiva documentación coa que o autor ampara a súa análise.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, 'En Montevideo denunciouse a persecución do galego polo franquismo', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 57, 'Entrevista', 30 outubro 2003, p. III.

Conversa con Xesús Alonso Montero sobre o significado da denuncia feita na UNESCO, que segundo el pretendía poñer en evidencia a política persecutoria franquista do galego diante dos representantes dos demais países do mundo. Explica a situación do galego, relegada aos ámbitos informais, e analiza a influencia dos sucesos de Montevideo nunha certa apertura da política de publicacións franquistas.

- Mercedes Angueira/Gonzalo Bouza-Brey, 'A batalla de Montevideo é a crónica dos atentados contra o uso público do galego', *Diario de Arousa*, '*Arousa, un mar de cultura*', 1 novembro 2003, p. 33.

Entrevista na que Xesús Alonso Montero dá conta das reaccións que o episodio de Montevideo suscitou na delegación española e nas dos demais países. Expón tamén o veto do galego no contexto literario e repasa os principais documentos recollidos no libro. Por último, cualifica a súa obra como un "libro antifranquista escrito por un filósofo".

- L.O.C., 'En Montevideo denunciouse a persecución do galego', *La Opinión*, '*Saberes*', nº 30, 8 novembro 2003, p. 4.

Conversa na que Xesús Alonso Montero sinala que o obxecto da denuncia feita en 1954 na UNESCO perseguía poñer en evidencia a persecución do galego diante dos demais países do mundo. Describe o afastamento forzoso do galego dos medios cultos como unha condena a morte percurada polas autoridades franquistas e destaca a tarefa desenvolvida polos galegos exiliados nesta loita.

- Jaureguizar, 'Alonso Montero cre que a postura de Fraga sobre o galego cambiou en 1954', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 22 novembro 2003, p. 91.

Informa da presentación de *A batalla de Montevideo* e das declaracións do seu autor, Xesús Alonso Montero, que afirma que os feitos tratados no libro concienciaron a Manuel Fraga do problema do galego.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 64, 'Infantil/Xuvenil', 18 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión, referidas á literatura galega achégase a *A batalla de Montevideo*, de Xesús Alonso Montero e a *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik. Da primeira sinalase que nesta obra se ofrece o facsímile da denuncia en

galego, francés e inglés das actividades culturais que se prohibían na década dos cincuenta en Galicia, auspiciada polos exiliados interiores e os do exterior.

Amado R., María Teresa, *Covadonga de Xosé Rubinos. Unha Iliada galega do século XX*, limiar de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2003, col. Ensaio/Filoloxía, 199 pp. (ISBN: 84-8485-112-5).

Investigación do poema heroico *Covadonga*, de Xosé Rubinos (A Coruña, 1898 - Miami, 1963) publicado por primeira vez no 1950 na Habana. Comeza con "Limiar para un exercicio de rigor clásico" no que Xesús Alonso Montero dá uns breves apuntamentos biográficos, logo para ter máis información sobre as creacións do autor remite á antoloxía *Cantigas, fábulas e outros poemas (Escolma poética)*, edición de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro publicada por Follas Novas Edicións, colección "Libros da Frouma", (2002). Afirmar tamén que inda que *Covadonga* está vinculada con *Os Eoas* de Pondal é a *Iliada* galega, garda relación directa coa obra do mesmo título de Homero, precisamente este é o obxectivo de M. Teresa Amado: demostrar que é unha *Iliada* galega do século XX. Remata dando uns apuntes bibliográficos de María Teresa Amado e clasificando o presente traballo como "unha monografía exemplar". A continuación a filóloga en "Épica na literatura galega" e "Xosé Rubinos" aporta unha visión da época, a vida e as obras realizando ademais unha valoración da súa poesía. Logo fai un pormenorizado estudo de *Covadonga* comezando polos datos técnicos, afirmando que o propio autor dixo que era unha "obra de nenez", xa que a rematou con vinte e oito anos. A seguir analiza o texto comparándoo coa *Iliada* homérica atendendo á métrica, á lingua, aos temas, ao eixo argumental, aos símiles, aos epítetos e a outros trazos propios do estilo épico. Ao longo de catro mil novecentos catro versos, artellados en quince "xestas", (termo equivalente aos "cantos" da *Iliada*), trátase o tema da Reconquista como unha cruzada en defensa da Patria e de Deus visto dende unha óptica positiva. O amor por Galicia e o compoñente divino son os outros eixes temáticos que tamén se poden apreciar. A acción comeza xusto seis días antes da batalla de Covadonga. Na obra de Rubinos pode verse unha panorámica xeral da formación da unidade de España xa que se aprecian tamén alusións a acontecementos anteriores e posteriores á Reconquista, como por exemplo a feitos dos reinados de Felipe II e Afonso XIII. Conclúe a obra con dous apéndices: "Correspondencia entre as pasaxes de *Covadonga* e as da *Iliada* que lle serven de modelo" e "Tradución das pasaxes da *Iliada* citadas no traballo".

Referencias varias:

- A.M., 'As pegadas do mundo clásico', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', 'Letras en galego', 27 setembro 2003, p. 6.

Infórmase de que María Teresa Amado, "gran coñecedora dos textos clásicos", vén de sacar á luz un estudo sobre a influencia da *Iliada* de Homero no longo poema épico titulado *Covadonga*, de Xosé Rubinos, publicado a comezos do século XX. Indícase que se analizan neste ensaio diversos aspectos que van desde a xestación da obra á súa lingua.

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega contra a marea negra*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, Libro e CD, 148 pp. (ISBN: 84-96202-81-X).

Este libro, co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere manifestar a súa posición contraria á marea negra, ten como limiar a poesía "Sempre mar", tirada do poemario *Profecía do mar* de Bernardino Graña. A obra acolle un conxunto moi heteroxéneo de textos, tanto en verso como en prosa (poemas, relatos, artigos, manifestos, etc.) de oitenta e catro autores galegos, centrados na denuncia da catástrofe do Prestige. Na folla de garda infórmase de que os beneficios das vendas desta edición serán destinados á Plataforma Nunca Máis. Os autores que participan no volume con artigos, manifestos, etc. son Camilo Gonsar (Sarria, 1931) con "Nunca Máis"; Carlos L. Bernárdez con "Nunca máis, máis que nunca"; Dora Vázquez (Ourense, 1913) con "Perfil de Pura Vázquez"; Fidel Vidal con "Compulsión de repetición"; Ramón Caride (Cea, 1957) e Luís Mejuto con "Manifesto lido na capela da Nosa Señora da Lanzada o día 22 de xaneiro do 2003"; Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976) con "Un espacio para a esperanza"; Xosé Francisco Fernández Naval con "Os que non somos mariñeiros"; Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) con "Contra a mentira e a ocultación" e Xosé Ramón Freixeiro Mato (Carballo, 1951) con "A hora do compromiso e a mobilización". Nos apartados correspondentes deste *Informe* descríbese este libro atendendo á produción narrativa e poética incluída nel.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Marea negra na senda do desastre do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 3 agosto 2003, p. 2.

Preséntase a nova escolma de poesía xurdida a partir do desastre do *Prestige*, *Alma de beiramar* publicada na editorial A Nosa Terra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no ano 2003, que conforma unha antoloxía de oitenta e catro escritores, poetas e narradores que leva como destino económico a Plataforma Nunca Máis, recollendo poemas desde Bernardino Graña ou Adolfo Caamaño ata Yolanda Castaño. Insístese na variedade da calidade poética.

Referencias varias:

- C.V., 'A literatura contra o piche do mar', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 25.

Faise referencia á escolma poética publicada pola AELG, Asociación de Escritores en Lingua Galega, onde se insiste na variedade de autores tanto polas súas diferentes idades como pola pertenza a diferentes xeracións e conxunto de xéneros literarios coa intención de deixar constancia da oposición social á marea negra provocada polo *Prestige*. A seguir aparecen citados os autores: Adolfo Caamaño, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Antón L. Dobao, Camilo Franco, Camilo Gonsar, Cesáreo Sánchez Iglesias, Chus Pato, Dora e Pura Vázquez, Eduardo Estévez, Emilio Ínsua, Estivaliz Espinosa, Fran Alonso, Francisco Castro, Isidro Novo, Lois Diéguez, Luís Rei Núñez, Luísa Villalta, Manuel A. Torneiro,

Forcadela, Vidal Villaverde, Marga do Val, M^a do Carme Kruckenberg, M^a do Cebreiro, Marica Campo, Marilar Aleixandre, Marta Dacosta, Miro e Rafa Villar, Paco Souto, Rosa Aneiros, Teresa Seara, Vicente Araguas, Xavier Cordal, Xavier Seoane, Xela Arias, Xesús Pereiras, X. Fernández Ferreiro, X. Fernández Naval, X.M^a. Álvarez Cáccamo, X.R. Freixeiro Mato, X. Miranda, Xulio Valcárcel e Yolanda Castaño. Incídese, ademais, no conxunto plural e variado de colaboracións literarias xa que ao lado de poemas existen tamén manifestos con marcado carácter reivindicativo.

- Alfredo Conde, 'Poesía que nos ilumina', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 xullo 2003, p. 4.

A partir dunha cita de Max Aub, Alfredo Conde divaga sobre o significado da arte para transmitir ao lector a publicación da obra de oitenta e catro autores, narradores e poetas *Alma de beiramar* publicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra, que louvan ao mar despois dos acontecementos xurdidos o 13 de novembro de 2002 que levaron ao afundimento do *Prestige*.

- R.N., 'Alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Letras en galego', 9 agosto 2003, p. 7.

O autor quere deixar constancia a través do subtítulo, *A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, as intencións desta iniciativa que nace como resposta á catástrofe do *Prestige*, onde oitenta e catro voces, expresadas en forma de relatos, ensaios e composicións poéticas, tentan amosar unha plena solidariedade cos acontecementos. Insístese, ademais, na pluralidade existente neste libro, de estilos, idades, temáticas, promocións e opcións estilísticas e formais unidas como mostra de protesta contra a indignidade.

- Maré, 'Co ánimo de facer ruído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 setembro 2003, p. 43.

Esta referencia é parella á anterior aínda que se lle presta máis atención ao Congreso de Cultura Mariñeira e Popular, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega para os días 10 e 11 de outubro no que, con diferentes sesións, se abordarán temas galegos relacionados co mar.

- Amaia Mauleón, 'Alma de beiramar', el grito de las letras gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 24 setembro 2003, p. 34.

Alúdese á presentación do libro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Alma de beiramar*, en Vigo, o día 23 de setembro de 2003 na Casa del Libro, da man de varios dos seus autores, como Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña, Fran Alonso, Marga do Val, Xela Arias, Marta Dacosta, Roque Cameselle, Francisco Castro e Manuel Villaverde.

- Maré, 'Varios escritores axúntanse para denunciar a crise do 'Prestige'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 setembro 2003, p. 76.

Refírese á publicación da Asociación de Escritores en Lingua Galega que xunto con A Nosa Terra sacaron á luz *Alma de beiramar* como denuncia e compromiso dos autores galegos para deixar memoria do afundimento do *Prestige*, dándolle a total recadación á Plataforma Nunca Máis. Anúnciase, ademais, a presentación do libro na galería Sargadelos de Compostela o día 24 de setembro de 2003, por Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño e un posterior recital da man dalgúns colaboradores desta obra.

- Sofía de Benito, 'Con alma de beiramar', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 setembro 2003, p. L14.

Faise referencia ao acto de presentación da obra da Asociación de Escritores en Lingua Galega *Alma de beiramar*, por Euloxio Ruibal e Yolanda Castaño en Compostela o 24 de setembro de 2003 que contou coa participación de varios dos seus colaboradores como Chus Pato, Bieito Iglesias, María do Cebreiro, Rafa Villar, Antón Dobao, Raúl Gómez Pato, Rosa Aneiros, Xoán Xosé Abella e María do Carmo Kruckenberg.

Axeitos, X. L., *O exilio galego: un mapa de cicatrices*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, novembro 2003, col. Documentos, nº 185, 336 pp. (ISBN: 84-8485-127-3).

Este libro de Xosé Luís Axeitos está artellado en tres capítulos mais unha introdución. Nesta última, o escritor expón a intención deste traballo e os motivos que o levaron a escribilo, xa que, segundo el, son moi poucos os estudos e recuperación dos escritos dos escritores no exilio. Tamén establece as diferenzas entre exilio interior e exterior e dentro deste entre emigrantes e exiliados, propiamente ditos. Así mesmo, informa ao lector que neste libro a maior parte dos artigos, conferencias, cartas... responden ao exilio de Arxentina. O primeiro capítulo, baixo o subtítulo de "Literatura testemuñal. Epistolarios e autobiografías" o autor realiza un percorrido polo devir histórico de aquí e de aló e pola actividade cultural, tamén das dúas partes, inserindo numerosas cartas recuperadas, unhas entre intelectuais, como poden ser as de Luís Seoane a Lorenzo Varela, a Fernández del Riego, a Alonso Montero ou a Paz Andrade; outras entre familiares como as que lle escribe Rafael Dieste ao seu irmán Antonio. Tamén lle presta especial atención ao labor cultural de Lois Tobío e ao libro *Visto al pasar. República, guerra y exilio*, que escribiu Carmen Antón (viúva de Gori Muñoz). O segundo capítulo, que subtitulou "O mundo da edición. Revistas e artes gráficas" céntrase na faceta de artista gráfico de Castelao e a súa repercusión, sobre todo na prensa da época; no simbolismo literario da obra de Camilo Díaz Baliño; no labor editorial de Ánxel Casal; na arte gráfica de Luís Seoane, do que tamén achega algúns poemas inéditos, na doazón da súa biblioteca á Real Academia Galega e da relación que mantiña con Federico García Lorca; o labor da editorial Ruedo Ibérico; a función da revista *Cabalgata*; e a figura de Carlos Maside no exilio. O terceiro capítulo está dedicado á extensa bibliografía de Rafael Dieste, tanto aos libros que deu ao prelo coma ás súas colaboracións xornalísticas, nas súas estancias en Galicia e no exilio: así mesmo, X.L. Axeitos tamén recolle a súa preocupación pola educación e a súa actuación ao respecto. Por último, dúas personalidades máis que tamén viviron o exilio protagonizan as últimas páxinas deste libro: Lorenzo Varela e Carlos Gurméndez.

Axeitos, X. L., Barreiro Fernández, Xosé Ramón, *Cartas a Murguía. I*, edición, introducción e notas dos autores, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza ♦, 2003, col. Galicia Viva, (ISBN col: 84-9752-006-8), 564 pp. (ISBN: 84-95892-02-2).

O volume ábrese cunha presentación do presidente da Real Academia Galega ao que segue o limiar dos autores, "O epistolario de Manuel Murguía: utopías e afáns dun intelectual galego". Afirmase neste prólogo que o corpus epistolar de Murguía custodiado pola Real Academia Galega, composto por mil seiscentas cartas recibidas e cen cartas enviadas, supón unha base documental excepcional na nosa cultura, que os editores dan á luz sen outro afán que o do diálogo intelectual. Sinálase que o proxecto de publicación do epistolario contempla editar en tres tomos as cartas recibidas, ordenadas cronoloxicamente, e nun cuarto tomo as cartas enviadas por Murguía. Con respecto a este primeiro tomo indican a existencia duns fíos condutores que permiten agrupar os diferentes interlocutores de Murguía. O de maior solidez e persistencia sería o que xira arredor da elaboración da *Historia de Galicia*, cuxo interlocutor privilexiado sería Soto Freire, amosando a intrahistoria dunha obra por entregas chea de dificultades e atrancos de todo tipo. Tamén se salienta a ampla e sólida rede de informantes coa que conta Murguía ao longo de toda Galicia para obter datos concretos sobre monumentos, lendas, bibliografía, etc. Outro fío condutor sería o relacionado co xornalismo, co que se asiste ao desfile de proxectos editoriais utópicos, nacementos afortunados, etc., co trasfondo da fe liberal na prensa como medio revolucionario. No medio destes dous grandes eixos temáticos estarían, segundo os autores, o *Diccionario de escritores gallegos* e as polémicas e enfrontamentos dialécticos de Murguía. Sinalan, así mesmo, que desde as cartas iniciais se amosan determinadas constantes: a fidelidade de Murguía a Galicia e o seu posicionamento dentro do círculo dos partidarios da revolución e do liberalismo democrático que a inspiraba. Esta correspondencia amosaría, por outra banda, o asentamento case unánime da intelectualidade galega en recoñecer o liderado intelectual de Murguía cando apenas contaba con trinta anos. Apuntan, finalmente, que as cartas permitirán reconstruír etapas da vida de Murguía moi pouco exploradas, iluminar episodios de grande transcendencia, etc. Así, fan un sucinto percorrido por algúns apartados da vida de Murguía nestes primeiros anos, como o ambiente periodístico-literario que se respiraba ao seu redor, a súa etapa de bohemia madrileña, os seus posteriores intentos de acadar un posto na administración ou a neutralidade mantida por Murguía no campo da política. Tras o limiar indícanse as características desta edición, sinalando que se moderniza a ortografía segundo as normas do castelán actual, anotando a pé de páxina as formas autógrafas que se consideran relevantes e ofrecendo tamén reproducións facsimilares dalgunhas cartas representativas que permiten observar aspectos lingüísticos de interese. A seguir, reproducense as cincocentas corenta e seis cartas das que consta este primeiro volume, dispostas por orde cronolóxica, desde 1855 até 1867. A edición das cartas acompáñase de numerosas notas a pé de páxina nas que alén de datos referentes aos manuscritos, como dimensións, tipo de papel, membretes, etc., se achega información diversa sobre algunhas das persoas, obras ou publicacións periódicas ás que se fai referencia nas misivas, facilitando así a súa comprensión e contextualización. Entre os numerosos remitentes, cuxas cartas a Murguía podemos consultar nesta obra, figuran nomes como os de Aurelio Aguirre, Indalecio Armesto, Teodomiro Avendaño, Alejandro Chao, Juan Compañel, Carlos Ramón Fort, Juan Manuel Paz Novoa, Narciso Pérez Reoyo, Eduardo Pondal, Ricardo Puente y Brañas, Ventura Ruíz Aguilera, Saco y Arce, Soto Freire, Benito Vicetto ou José Villaamil y Castro. Finalmente o volume conclúe

cun "Índice cronolóxico", un "Índice de remitentes" e mais un "Índice analítico", que facilitan a súa consulta.

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, 'La RAG colgará en Internet parte de su fondo hemeográfico', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 marzo 2003, p. 45.

Salienta que a Real Academia Galega ten previsto catalogar todo o seu fondo hemerográfico e dixitalizar trinta e dúas revistas completas antes de dezaioito meses. Segundo di, Xosé Barreiro Fernández destacou que este é un proxecto de gran envergadura que conta coa financiación da Fundación Barrié e que será realizado por unha empresa vinculada á Universidade da Coruña. Así mesmo fai fincapé na importancia de poñer en rede revistas e xornais anteriores a 1930, moitos deles fóra da rede común. En columna á parte indica que o presidente da Real Academia aproveitou o anuncio desta catalogación para adiantar a saída do primeiro tomo do epistolario de Manuel Murguía, do que subliñou a súa amplitude de contidos.

- Iria Suárez, 'Cartas ó pai da Academia', *La Opinión*, 'Cultura', 17 maio 2003, p. 58.

Fálase da aparición da obra *Cartas a Murguía*, na que se recollen cartas recibidas por este intelectual galego entre 1855 e 1868. Nelas coméntanse aspectos da *Historia de Galicia* na que traballou Murguía, de xornalismo ou do *Diccionario de escritores gallegos* que nunca chegou a rematarse. Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luis Axeitos falan, na presentación da obra, da importancia que teñen estas cartas para comprender tanto o traballo das clases intelectuais coma das humildes nesa loita por dignificar o país". Faise tamén referencia a un bo número de cartas familiares así como a Juan Naya, durante moitos anos bibliotecario da Academia, quen decidiu deixar todos os fondos na biblioteca deste organismo.

- Rodríguez Maneiro, 'El epistolario de Manuel Murguía', *El Ideal Gallego*, 'Pluma del día', 7 xuño 2003, p. 23.

Coméntase a edición do libro *Cartas a Murguía I* fixándose no contido e forma dalgunhas das epístolas que conforman o volume. Destácanse como curiosas as cartas de Aurelio Aguirre e as de Vicetto por estaren vinculadas á cidade da Coruña. Ilústrase todo con referencias históricas ao momento da redacción das cartas.

- C.B., 'Cartas a Murguía I', hoy en la Casa Museo Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 4 xullo 2003, p. 36.

Coméntase a inminencia do acto de presentación do libro *Cartas a Murguía I* así como as persoas que asistirán ao mesmo. Dise que esta presentación foi organizada conxuntamente pola Fundación Rosalía de Castro e a Real Academia Galega.

- Uxía López, 'O libro 'Cartas a Murguía' salda unha débeda co home de Rosalía de Castro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 xullo 2003, p. L9.

Coméntase a presentación do primeiro volume da colección *Cartas a Murguía*, que contén cincocentas corenta e seis cartas escritas entre 1855 e 1867. A esta presentación asistiron os autores da edición, Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, xunto a Marta Rey, directora da Fundación Pedro Barrié de la Maza, e Xesús Alonso Montero que cualificou a obra de "minoritaria" pero moi importante para coñecer mellor o Rexurdimento Galego.

- Maré, 'Murguía desde dentro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xullo 2003, p. 51.

Fálase da presentación do primeiro volume das *Cartas a Murguía*, compilación de epístolas datadas entre 1855 e 1868 e que agrupa un total de cincocentas corenta. Un dos editores, Xosé Luís Axeitos, comenta que estas cartas son interesantes para coñecer moitos aspectos que rodeaban á publicación de obras como *Cantares Gallegos* ou os primeiros fascículos da *Historia de Galicia*.

- Xosé María Dobarro, 'Padrón foi unha festa', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 6 xullo 2003, p. 28.

Coméntase a presentación en Padrón, na Casa da Matanza, do libro *Cartas a Murguía I*, edición da cal son responsábeis Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, baixo o patrocinio da Fundación Barrié de la Maza. O volume recolle 546 cartas enviadas a Murguía entre 1855 e 1867, que segundo Xosé María Dobarro pode facer mudar "o que se viña dicindo acerca da conformación do noso rexurdir político, cultural e literario no século XIX". Tanto os autores coma o profesor Xesús Alonso Montero aludiron á importancia que tivo o feito de que Juan Naya, antigo bibliotecario da Academia Galega, deixase depositadas estas cartas (entre outras cousas) pois pertencíanlle segundo o testamento da herdeira de Murguía.

- Avelino Abuín de Tembra, 'As 'Cartas a Murguía'', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 27 xullo 2003, p. 5.

Tras un breve comentario sobre a celebración do Día das Letras Galegas e dos homenaxeados dos últimos anos, Avelino Abuín de Tembra céntrase na análise de *Cartas a Murguía*, epistolario editado por Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos. No epistolario recóllense cartas de moitos intelectuais da época que verten nelas as súas inquedanzas. Destácase unha de Aurelio Aguirre, na que comenta os seus proxectos literarios.

- Manuel María, 'Das cartas e outras canles', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 3 agosto 2003, p. 4.

Trátase dun artigo no que o poeta Manuel María expón a importancia das cartas como xénero literario ao tempo que comenta brevemente algunhas características da comunicación epistolar. Alude, finalmente, á correspondencia dirixida a Manuel Murguía por personalidades culturais da época e que Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos acaban de editar.

- H. Neira, 'A cultura da Galicia do XIX a través das cartas a Murguía', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 24 agosto 2003, p. 3.

Trátase dunha análise da obra *Cartas a Murguía I*, obra editada por Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos e que contén un total de cincocentas corenta e seis cartas nas que figuran nomes como os de Eduardo Pondal, Marcial Valladares ou Valle-Inclán. A edición presenta un bo número de fotografías (de personaxes e das propias cartas) así como de notas que axudan a comprender o contexto das epístolas.

- Rodríguez Maneiro, 'Infatigable Fundación 'Barrié de la Maza', *El Ideal Gallego*, 'Pluma del día', 12 outubro 2003, p. 8.

Coméntanse moitos dos proxectos culturais e publicacións da Fundación Pedro Barrié de la Maza entre as cales se atopa o epistolario *Cartas a Murguía I*.

- Albino Mallo, 'A Fundación Barrié presenta tres títulos da Biblioteca Filolóxica', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 1 novembro 2003, p. 75.

Trátase do anuncio das últimas publicacións da Fundación Pedro Barrié de la Maza entre as que figura a obra *Cartas a Murguía I*.

Blanco, Carmen, *Alba de mulleres*, ilust. Sara Lamas, limiar da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, marzo 2003, 55 pp. (ISBN: 84-8302-970-7).

Ensaio poético de Carme Blanco (Lugo, 1954) con ilustracións de Sara Lamas, publicado con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora. A ensaísta sinala xa na introdución que abre o volume que é unha homenaxe a todas as mulleres anónimas que contribuíron co seu labor á mellorar a dignidade da vida. Este traballo está marcado por un forte carácter reivindicativo, no que Blanco percorre todas as profesións, condicións, caracteres do pasado e do presente, rescatando a través da palabra a toda muller nunha sociedade na que foi sometida pola estrutura patriarcal. Predomina o tratamento da muller como colectivo, aínda que homenaxea tamén de xeito específico a algunhas mulleres ás que admira especialmente como é o caso de Xoana Capdevila (represaliada polos fascistas).

Referencias varias:

- C.V., 'Carme Blanco publica 'Alba de Mulleres', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 31.

Faise eco da publicación do ensaio de Carme Blanco *Alba de mulleres*, do que sinala que é un texto elexíaco dedicado ás mulleres. Recóllense as palabras da autora nas que se refire ao seu desexo de homenaxear ás mulleres en xeral. Saliéntase o labor investigador da autora arredor das mulleres, das que sinala que foron a súa preocupación permanente. Refírese tamén á influencia de *Alba de gloria* de Castelao nesta obra, á súa forte carga reivindicativa e a súa elección dalgúns nomes propios, convidando a que se continúe investigando neste eido. Finalmente, destácanse tamén o estilo de frases curtas e evocadoras, o que favorece o seu recitado, e as ilustracións de Sara Lamas.

- A.S., 'Carmen Blanco homenaxe a las gallegas en el ensayo poético 'Alba de mulleres', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 7 maio 2003, p. 40.

Faise eco da presentación do ensaio poético *Alba de mulleres* na librería Cervantes de Vigo. Recóllense as palabras da propia autora nas que sinala que con esta obra quere homenaxear as mulleres galegas ao xeito de *Alba de groria*, de Castelao. Tamén destaca que con esta obra quere rescatar as vítimas das inxustizas do patriarcado e do fascismo. Da visión salientase a conxunción do pesimismo de ver o malo e o optimismo da esperanza no cambio e remátase dando conta da tiraxe desta coedición das Concellerías da Muller de Vigo, Pontevedra e Santiago e Edicións Xerais de Galicia.

- T.S., 'Os nomes esenciais', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xullo 2003, p. 82.

Subliña que esta obra de Carme Blanco é unha homenaxe a todas as mulleres que traballaron para mellorar na vida. Destácase tamén a beleza das ilustracións de Sara Lamas que acompañan o texto.

- R.N., 'Alba de mulleres', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 9 agosto 2003, p. 7.

Dáse conta da publicación deste ensaio de Carme Blanco do que se destaca a súa orixinalidade. Sinalase que a autora toma como referente o discurso *Alba de groria*, de Castelao e configura unha reflexión metapoética sobre a muller de todos os tempos, tipos, idades, profesións ou condicións sociais dende a solidariedade e dignidade. Tamén se indica que se deixa sentir a pegada de Rosalía de Castro, nun volume no que resaltan as ilustracións de Sara Lamas como unha parte consubstancial da obra.

Borobó, *Libro dos exemplos*, Edicións A Nosa Terra, 2003, 283 pp. (ISBN: 84-96203-34-4).

Volume que recolle o traballo xornalístico de Raimundo García Domínguez (1916-2003), *Borobó*, no semanario *A Nosa Terra* entre outubro de 1997 e xullo de 2003. Este traballo consistiu en achegarse a distintos persoeiros da vida intelectual galega. Varios dos personaxes sobre os que tratan estes artigos son literatos, entre eles Xosé María Castroviejo, Álvaro de las Casas, Álvaro Cunqueiro, Xulio Sigüenza, Euxenio Montes, Filgueira Valverde, Carvalho Calero, Xoán Xesús González, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Valenzuela Otero, Fermín Bouza-Brey, Ramón Cabanillas, Faustino Rey Romero, Ramón Otero Pedrayo, Luís Seoane ou Ramón del Valle-Inclán. As últimas páxinas desta obra recollen algunhas fotos de *Borobó* xunto a destacadas personalidades da vida cultural galega.

Borobó, *O Cesures de Don Víctor*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2003, Pontecesures-Pontevedra: Concello de Pontecesures ♦, maio 2003, 220 pp. (DL: VG-469-2003).

Raimundo García Domínguez *Borobó* estrutura este volume en catro grandes bloques que, á súa vez, se dividen nos artigos publicados durante a súa vida xornalística nos distintos medios. A temática principal desta escolma de artigos é Pontecesures e os seus habitantes, entre os que destaca o doutor Víctor García, pai do escritor e que lle serviu de fonte de recordos. Iníciase o libro con aqueles textos aparecidos no xornal *La Noche*, son os máis numerosos e relatan a industrialización da zona ou a primeira feira do automóbil que levou a cabo o seu pai xunto con Eugenio Escuredo. Outros temas tratados son a andaina da Cerámica Celta que fundou Ramón Diéguez e pola que pasaron Castelao, Valle-Inclán ou Maside como ilustres visitantes. Inclúense tamén tres discursos pronunciados por Borobó, dous con motivo das Festas do Carme e da Lamprea e o último no día en que foi designado fillo predilecto da súa vila. Este compendio de declaracións públicas sobre as terras do Ullán conclúe cun apéndice fotográfico de Pontecesures e dos seus veciños.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Borobó, homenaxe a un xornalista', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 33.

Anuncia a homenaxe que o Concello de Pontecesures prepara para o escritor Raimundo García Domínguez, Borobó fillo predilecto desta localidade na que naceu. Recóllese que o acto consistirá na inauguración dunha rúa neste municipio e a publicación do libro *O Cesures de don Víctor* no que se recollen aquelas noticias por el publicadas durante a súa prolífica vida de xornalista sobre diversos aspectos da súa localidade natal. Repásanse, así mesmo, outras publicacións que durante o ano saíron á luz sobre os seus traballos como é o caso de *O novelo dos anacos e outros exemplos* (USC) e *Homenaxe a Borobó* (Edicións do Castro).

- C. B., 'Borobó' tendrá desde hoy una calle en su pueblo natal, Pontecesures', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 16 maio 2003, p. 43.

Infórmase da presentación do libro *O Cesures de don Víctor*, editado polo Concello de Pontecesures como mostra da vinculación do xornalista, cronista e director de *La Noche* Raimundo García Domínguez, *Borobó*, co municipio. Complétase a noticia indicando que os actos de recoñecemento da figura do escritor conlevaron tamén a designación dunha rúa co seu nome en dita vila.

- Cristina Botrán, 'O legado de 'Borobó'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 maio 2003, p. 55.

Refírese á presentación do libro *O Cesures de don Víctor*, unha publicación que recolle artigos do escritor *Borobó* sobre a súa vila natal, Pontecesures. O Concello, amais de presentar este texto, tamén homenaxeou ao seu paisano poñéndolle o seu nome a unha das rúas. Lémbrese tamén que, no mesmo acto, Pousa Antelo descubriu unha placa co seu nome para outra rúa da localidade pontevedresa.

- C. B., 'O Cesures de don Víctor', el legado que 'Borobó' dona a su pueblo natal', *El Ideal Gallego*, 'Área de Compostela', 17 maio 2003, p. 37.

Dá conta da homenaxe que o Concello de Pontecesures rendeu a Raimundo García Domínguez, *Borobó*, e a Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao. Céntrase na publicación do libro *O Cesures de don Víctor* que o propio Concello elaborou, nel recóllense os artigos máis destacados de *Borobó*, especialmente aqueles nos que pinta aos seus paisanos, a súa vida e a intrahistoria da vila que o veu nacer.

Calvo, Tucho, *Carlos Casares. O conto da vida*, Fundación Caixa Galicia, 2003, A Coruña: La Voz de Galicia, 2003, Fundación Carlos Casares, 2003, col. Biblioteca Gallega, 174 pp. (ISBN: 84-9757-100-2).

Nesta edición conmemorativa do primeiro cabodano do pasamento de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002), despois de dúas introducións do editor e director de *La Voz*, Santiago Rey Fernández-Latorre e Bieito Rubido, respectivamente que se refiren á amizade, ao coñecemento e recoñecemento e á valía do escritor, comezan ao longo de quince capítulos as reflexións e conversas entre Tucho Calvo (La Guaira, Venezuela, 1954) e Carlos Casares. Tucho Calvo inicia cada capítulo cun recordo de cada unha das épocas nas que viviu Carlos Casares dende a súa infancia ourensá á primavera de 1993 en Vilariño da Ramallosa (Nigrán). Casares amplía cada unha para realizar esta completa biografía. Os quince capítulos dos que consta o libro levan un título alusivo á parte biográfica que se esmiza na descrición e conversa. Unha ampla e detida biografía de Galicia e de Carlos Casares que remata con "Epílogo: Follas en Branco" recordando a saída en *La Voz de Galicia* despois da morte do escritor da columna que el escribía en branco e recordando os anos da súa amizade. O volume queda pechado cunha cronoloxía da vida de Carlos Casares.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'A arte de conversar', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas. Crítica', maio 2003, p. 68.

Explica Armando Requeixo que a Biblioteca Gallega de *La Voz de Galicia* e a Fundación Carlos Casares veñen de publicar un libro de entrevistas que Tucho Calvo lle fixo ao mencionado escritor, do que agora se cumpre o primeiro ano do pasamento: *Carlos Casares. O conto da vida*. A continuación, examina o volume comezando por informar de que a súa orixe está nunha longa conversa que o xornalista e mais o autor mantiveron no ano 1993. Nela, sinala Requeixo, Casares vai repasando os "máis variados e transcendentais temas" da súa biografía e da situación sociocultural que lle tocou vivir: a súa infancia, o encontro en Ourense con Vicente Risco, a amizade con Ramón Piñeiro, a súa relación con Xosé Luís Méndez Ferrín, o seu papel na Real Academia Galega, etc. Ademais, gaba a habilidade de Tucho Calvo para non se facer notar.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Casares denunciou en vida a censura de Fraga', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 2003, dende 20 marzo 2003 ata 26 marzo 2003, p. 38.

Fai referencia neste libro a unhas declaracións que Carlos Casares fixera en 1989 referidas a que o seu libro *Vento ferido* fora censurado polo ministro de Información e Turismo de entón. A seguir cítanse palabras de Casares que explican que o libro fora feito de xeito "elíptico" para salvar a censura, e conta cómo Paco del Riego escondeu o libro antes que chegara a policía a Galaxia a quen lle dixo que vendera todos os exemplares. Así o libro distribuíuse máis tarde.

- B.R.S/J.L., 'A presentación da biografía de Casares rememora a súa cualidade humana', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 2003, p. 44.

Dáse conta da presentación desta obra na sede viguesa da Fundación Caixa Galicia. Recóllense as palabras de Kristina Berg que recorda cómo gozaba Casares ao ver rematada unha obra. Tamén as do autor, Tucho Calvo, quen di quedeixou que falase Casares e que a súa intención foi intervir pouco. Damián Villalaín, secretario da Fundación Carlos Casares, salientou o talante de Casares en xeral e Bieito Rubido, director de *La Voz de Galicia*, dixo que con esta obra *La Voz* comezaba a pagar a débeda que tiña co autor e considera que a obra serve para recordar "a calidade humana que tivo un escritor chamado a formar parte da historia de Galicia".

- Ramón Loureiro, 'La Voz revivirá a maxia das palabras de Casares cun libro de conversas inéditas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 marzo 2003, p. 48.

Anúnciase a saída á rúa desta obra para conmemorar o primeiro cabodano de Carlos Casares. Dise que por medio desta obra Casares volverá a falar cos lectores a través das conversas que tivo con Tucho Calvo ao redor do ano noventa na casa do escritor. Anúnciase que o libro é un percorrido pola infancia nas terras ourensás da posguerra, das inxerencias dos primeiros anos, da influencia de Ramón Piñeiro, da paixón pola literatura. Dise que é esta unha obra "literaria fermosamente escrita", e un documento imprescindible para comprender o polifacético Casares. Faise referencia aos editores, ao deseñador e ás fotografías, moitas inéditas que refliten distintos momentos da vida de Casares. Recóllense palabras de Tucho Calvo en relación á intención da obra: "eu quixen que a voz de Carlos se escoitase nestas páxinas" e salientáanse moitas das historias que o avó lle contaba a Casares.

Casanova Fernández, Fernando, *Victoriano García Martí. Paisajes literarios de una vida*, A Pobra do Caramiñal: Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla/Concello da Pobra do Caramiñal ♦, 2003, [54] pp. (DL: C-2067-2003).

Editado pola Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla e o Concello da Pobra do Caramiñal, Fernando Casanova escribe este libro no que tenta recuperar a figura de Victoriano García Martí, o polifacético escritor oriundo da Pobra do Caramiñal. A obra vese dividida, fundamentalmente en dúas grandes partes centradas, por unha banda, na vida do intelectual e, por outra, na relación deste coa súa vila natal. Da primeira detállanse aspectos dos que se salientan a súa fugaz carreira académica (con dezanove anos era licenciado en Dereito), a súa prolífica estada en Madrid, na que estivo relacionado coas máis grandes figuras da cultura e, en especial, das letras, o seu encarceramento coa chegada da Guerra Civil en 1936 ou o seu retorno á Pobra nos últimos anos de vida. Na segunda

citada parte, faise unha compilación dos máis diversos recunchos cos que conta a Pobra e ós que García Martí aludiu en diferentes escritos. Deste xeito fanse referencias ó Barrio "dos Cataláns", ó porto, ó Pazo de Xunqueiras, á casa grande de Aguiar, ás festas e manifestacións relixiosas e a outros lugares referidos ó autor dos que cómpre destacar o monumento que se fixo no Caramiñal en 1983 en homenaxe a el ou a Biblioteca co seu nome. Estes textos vense acompañados ó inicio por un prólogo do ex-presidente da Xunta de Galicia, Fernando Fernández Albor e, ó remate, por una sinopse das obras publicadas por García Martí.

Recensións:

- Suso Souto, 'Fernando Casanova rescata al autor García Martí del olvido literario', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 novembro 2003, p. 43.

Infórmase da presentación do libro *Victoriano García Martí. Paisajes literarios de una vida* facendo especial fincapé no esquecemento no que está inmerso este polifacético escritor que foi traducido ao polaco, francés, inglés e alemán e cuxas obras contan con prólogos de figuras de tan grande relevancia coma Valle-Inclán, Ortega y Gasset ou Unamuno.

Casares, Carlos, *Á marxe. Palabra de escritor*, IVº Premio "Roberto Blanco Torres" de Xornalismo de Opinión, introd. de Xosé A. Neira Cruz, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2003, 95 pp. (ISBN: 84-9750-259-0).

Comeza este volume cunha introdución a cargo de Xosé A. Neira Cruz, na que comenta as reaccións ante a morte de Carlos Casares o 10 de marzo de 2002. Logo fala do Casares autor de opinión na prensa galega, unha obra diaria que producía "maxia simpática" no lector. Refírese ás reaccións que produciu ver en branco o lugar que ocupara o artigo de Casares "Á marxe" en *La Voz de Galicia*. A seguir, no apartado "Xornalismo e literatura. A tentación de separar siameses" reflexiona sobre esta relación, sobre as polémicas que xurdiron ao respecto e dá as súas propostas. No apartado "O lugar de Carlos Casares no xornalismo de creación" salienta o labor de Casares "cara á presentación dun mundo sustentado nas palabras" e a súa querencia polo cultivo do xornalismo de creación. Expón as peculiaridades do estilo de Casares nesta actividade. Pecha o apartado "Escribir á marxe de cada día. As 67 últimas columnas de opinión de Casares", no que fai un repaso polo labor desenvolvido por Casares en *La Voz de Galicia* dende 1988 ata o día da súa morte e tamén sobre a bagaxe anterior neste ámbito coa que contaba o escritor. A seguir, reproducense os artigos da sección "Á marxe" dende o 2 de xaneiro ao 10 de marzo de 2002, moitos dos cales poden verse descritos no *Informe de literatura* correspondente ao ano 2002. Péchase o volume cun "Epílogo" que recolle un breve traballo de Víctor F. Freixanes, "Casares nos xornais", no que comenta parte da obra de Casares nos xornais dende o primeiro artigo publicado en *La Región* no ano 1968, recorrendo a comentarios sobre esa obra, tanto de Casares coma de estudosos da obra do escritor ourensán. Finalmente, Belén Fortes ofrece "Unha conversa con Carlos Casares", na que recolle reflexións do autor sobre a participación na política, sobre a literatura, o seu labor editorial, os seus proxectos e sobre as institucións nas que participou.

Celeiro Álvarez, Luís, *Fiz Vergara Vilariño. Poeta nos eidos da bremanza*, XVI Premio Literario Ánxel Fole, Fundación Caixa Galicia ♦, 2003, 207 pp. (ISBN: 84-95791-67-2).

Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza de Luís Celeiro é unha sentida homenaxe a home e ao escritor Fiz Vergara Vilariño (Santalla de Lóuzara (Lugo), 1952-1997), polo que recibiu o XVI Premio Literario "Ánxel Fole", convocado pola Fundación Caixa Galicia e o diario *El Progreso* de Lugo. A obra está encabezada por un prólogo de Xesús Alonso Montero, no que lembra as virtudes de Fiz Vergara, e, sobre todo, a súa paixón pola escritura, pese a estar afectado por unha grave enfermidade que case lle impedía camiñar, escribir e falar. Non faltan as palabras de eloxio para o libro de Luís Celeiro, manual indispensable para todos aqueles que se queiran achegar a obra de Fiz Vergara Vilariño. Celeiro revela en "Ó comezar" que a convocatoria do premio Ánxel Fole centrado na figura de Fiz Vergara Vilariño, foi só un acicate, no que xa era unha obriga e un desexo para co poeta de Santalla e coa súa familia. O bo facer de Celeiro explican o apartado "Fole e Fiz, dous amigos que se foron", no que establece as relacións entre os dous escritores lucenses, unidos tamén neste ensaio, pois Ánxel Fole dálle o nome ó premio que Luís Celeiro recibiu por estudar a figura do lírico louzariño. O autor dedica o capítulo "Lóuzara, detrás do alto de Aira Padrón" á terra que viu nacer e na que viviu Fiz Vergara. En "Fiz Vergara Vilariño, 45 anos de labrador con regos de tinta" detalla a biografía do poeta: nace en 1952, sofre un accidente en 1961 que lle deixa secuelas agravadas por unha distonía muscular agresivamente deformante e a asma acaba coa súa vida en xullo de 1997. Celeiro salienta outros feitos relativos á vida do poeta, acompañados de referencias extraculturais de diversa índole sucedidas entre 1952 e 1997. A obra de Fiz Vergara abrangue os tres grandes xéneros literarios: poesía, teatro e narrativa, aínda que é a poesía de Fiz, o xénero que Celeiro comenta máis polo miúdo no capítulo titulado "A poesía. O entusiasmo dun autor doído". A produción poética do autor comeza co libro inédito *En carne viva*, o que lle seguirán *Pra vós* (1971), *Encontro cos tiburós* (1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993) e *Animal sen fel* (1998). Se temas como as eivas, o amor, a soidade, a paisaxe de Lóuzara, a preocupación social, etc. son recurrentes na maioría dos poemarios, os aspectos formais foron mellorando ó longo da súa traxectoria poética ata chegar á auténtica corrección e grandeza. Fiz deixou, tamén, unha gran cantidade de poemas soltos, moitos deles obxectos de premios literarios. O teatro, ao que se dedica o apartado "A escena ¿contrapunto ou complemento? A obra teatral de Fiz", é un xénero no que se mostrou especialmente dotado desde os seus inicios. Burla e traxedia mestúranse en dramas rurais nos que as vítimas semellan réplicas do poeta e o illamento está omnipresente. Celeiro comenta as seguintes obras: *A meiga do cruceiro* (1974), *As pulgas nunca dormen* (1979), *O monstro humano* (1986), *O vello muiño nunca morrerá* (1994), *A traxicomedia dos peidos do demo* (1985) e *Cando a morte baixa a Milrosas e neva a retortoiro* (1996). Algunhas destas obras foron representadas en presenza do autor e co aplauso do público. Celeiro centrase na narrativa de Fiz Vergara Vilariño nos capítulos "A novela de Fiz, *Tinín Palmeiro*" e "Os relatos curtos de Fiz Vergara Vilariño". Vergara deixou inconclusa *Tinín Palmeiro*, unha narración extensa de nove capítulos distribuídos en trinta e nove folios. Está ambientada na súa Santalla natal e protagonizada por unha persoa que naceu sen extremidades. Tamén escribiu relatos curtos que Celeiro clasifica en tres

grandes grupos: I. Infantís con trasfondo social: *Historia dun tolo que sabía toca-lo clarinete*, *Unha gaivota en Lóuzara*, *A boneca negra de Maruxela*, *Un anaco da historia feliz de Maruxela Preguntona*, *A leiteira de Meixonfrío* e *O anano e o xigante*. II. Populares ou tradicionais: *O can doente*, *De como a meiga de Torbeo se lle apareceu ó Caifaso no muiño*, *O porco de San Antón* e *¿Por qué Deus faría a brétema?* III. Retratos: *O emigrante*, *Encontro co demo*, *A beata María Manuela*, *Dona Xatrudes*, *Manoliño das pedreiras*, *A présa* e *O trasgo maior*. Os capítulos destinados a estudar a produción literaria de Fiz van acompañados de numerosos fragmentos da súa obra, que exemplifican as características temáticas e formais do autor. O capítulo "Fiz, correspondente na república popular da sensibilidade" céntrase na faceta de Fiz como colaborador da prensa, concretamente do diario *El Progreso*, para o que escribiu varios artigos. Tamén colaborou con institucións de toda índole, nas que predominan os pregóns con motivo das festas e acontecementos máis diversos. "Fiz Vergara Vilariño: un home no medio da bremanza" é o título dunha emotiva conversa que Celeiro mantivo con Fiz Vergara durante un par de días da primavera de 1997 e que tivo como escenario a casa do poeta e diversas paraxes da Lóuzara, ás que o poeta lle cantara en numerosos poemas. Esta conversa non só discorre polas canles da literatura; política, sociedade, amizade, etc. son outros dos temas que completan esta peculiar entrevista. Inclúese un "Prontuario lexicográfico louzariño" que recolle palabras louzariñas empregadas na obra literaria de Fiz Vergara. Celeiro pecha o seu ensaio con catro sonetos dedicados ao escritor. Nun libro destas características non podía faltar una cumprida bibliografía, que inclúese as referencias obrigadas á obra de Fiz Vergara Vilariño e estudos e artigos sobre o autor de Santalla e a súa obra.

Recensións:

- Camilo González Rodríguez, 'Celeiro Álvarez, Luis; Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da Bremanza. Fundación Caixa Galicia. Lugo 2003, 207 páxs.', *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, nº 27, 'Libros', 2003, p. 399.

Sinala a importancia desta obra publicada por Luis Celeiro sobre a figura de Fiz Vergara Vilariño como un poeta de suma importancia pola súa solidariedade cos seus antecesoros e a "sinxeleza e armonía da súa palabra" polo que foi denominado "poeta nacional de Lóuzara". No libro recóllense textos inéditos de Fiz Vergara, así como noticias e datos do autor. Este traballo foi gañador do "XVI Premio Literario Ánxel Fole".

- Román Raña, 'Sobre Fiz Vergara', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. V.

Refírese á publicación do libro *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* de Luís Celeiro, co que gañou a XVI edición do premio Ánxel Fole convocado pola Fundación Caixa Galicia e o diario *El Progreso*. Raña agradece a Celeiro o labor de recuperar a un poeta que dedicou a súa vida a escribir, a pesar de estar sumido nunha grave enfermidade, que o levou á morte aos corenta e cinco anos. Raña destaca a parte do libro dedicada a produción poética de Fiz Vergara, que comeza coa obra inédita *En carne viva*, e que se enriquecerá con títulos como *Pra vós* (1971), *Encontro cos tiburós* (1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993) e *Animal sen fel* (1998).

Referencias varias:

- Andrés Tarrío B., 'A Literatura en Fiz é compromiso', *Galicia Hoxe*, 'A contra. Latitudes', 29 maio 2003, p. 64.

Luís Celeiro fala do seu libro recién publicado, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*. Recorda a figura do poeta, un home comprometido non só coa literatura, senón tamén cos problemas da sociedade. Dá conta da necesidade de estudar a obra deste autor.

- Alfredo Conde, 'Fiz Vergara Vilariño', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 12 xuño 2003, p. 4.

Con motivo da publicación do libro *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* de Luís Celeiro, Alfredo Conde lembra a figura do lírico de Santalla, de quen foi un bo amigo, e destaca a importancia da súa obra literaria.

- V. L. Villarabid, 'Unas 50 personas honraron un año más a Fiz Vergara en Lóuzara', *El Progreso*, 'Comarcas', 16 xuño 2003, p. 14.

Sobre cincuenta persoas, entre amigos e escritores homenaxearon a Fiz Vergara Vilariño nunha romaxe polo lugares cantados polo poeta de Lóuzara. Ademais da ofrenda floral, recitáronse algúns dos seus poemas e pronunciáronse varios discursos en recordo do poeta. Nesta homenaxe tamén estivo Luís Celeiro, autor dun ensaio sobre o poeta titulado *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*.

- C.d.U, 'Luís Celeiro presenta o libro sobre Fiz Vergara Vilariño', *El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 18 xuño 2003, p. 2.

Faise eco da publicación do libro *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* de Luís Celeiro. A obra recolle a vida e a obra do poeta do concello de Samos, de onde procede tamén o autor do ensaio. Celeiro recorda a Fiz Vergara: un gran poeta e un home doído, non só pola súa propia enfermidade, senón tamén polas inxustizas que sufrían os obreiros, os labregos e os mariñeiros galegos.

- Xulio Valcárcel, 'San Fiz de Lóuzara', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 22 xuño 2003, p. 4.

Dá conta da romaxe que cada ano celebra un numeroso grupo de amigos de Fiz Vergara Vilariño polos lugares cantados polo poeta. Entre os amigos do poeta destaca a Luís Celeiro, que acaba de publicar un libro sobre a vida e a obra do poeta louzariño titulado *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*. Non faltan as palabras de eloxio para un poeta observador e minucioso, un poeta que, a pesar da súa inxusta e agresiva enfermidade, deixou uns dos versos máis conmovedores da súa xeración.

- Rubén Valverde, 'Os xornalistas e os zapateiros traballamos en coiros', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 27 novembro 2003, p. 40.

Faise referencia á publicación do libro de Luís Celeiro, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*, que relata a vida e a obra do escritor de Santalla (Samos), co que gañou a XVI edición do premio Ánxel Fole. Luís Celeiro é profesor na Facultade de Xornalismo de Santiago e é o responsábel do gabinete de prensa da Universidade de Santiago, ademais é poeta, ensaísta, escultor e zapateiro. Celeiro fala da combinación na súa xuventude dos estudos co oficio de zapateiro, do seu labor como poeta e, sobre todo, da súa faceta de xornalista, profesión que lle proporcionou máis dunha anécdota.

Cerdà, Jordi, Víctor Martínez-Gil e Rexina R. Vega (coord.), Barcelona, *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2003, 289 pp. (ISBN: 84-8485-108-7).

Volume que recolle as Actas do Congreso Internacional "Álvaro Cunqueiro a Catalunya", celebrado en novembro do 2001 como parte integral do "Seminari d'Estudi de les Literatures Ibèriques" da Universidade Autònoma de Barcelona, que ten como obxectivo profundizar na complexidade da iteración dos diferentes sistemas literarios da Península Ibérica. Introduce o libro "Unhas palabras de presentación" dos editores onde se sinalan os motivos da realización do mesmo. O discurso de Cunqueiro exemplifica cómo as literaturas peninsulares presentan unha rede claramente plural xa que se moveu ao redor de tres sistemas literarios: o galego, o español-castelán e o catalán. A súa relación coa cultura catalana vaise configurando a través das diversas intervencións e abarcando diferentes ámbitos: dende a realización dunha "biografía catalana" ata unha análise de poemas seus en catalán, cartas e traducións, pasando por un estudo do seu contacto de primeira man coa realidade catalana, da súa amizade con diversos persoeiros como Tomàs Garcés, Nestor Luján, Joan Perucho ou Josep Pla, así como da súa colaboración en diferentes publicacións e editoriais catalanas. Pecha o libro a Mesa Redonda do Congreso, "Cunqueiro en Cataluña", onde se recollen as palabras dos encargados do acto de clausura, profundos coñecedores da obra e da persoa de Cunqueiro tales como o escritor Pere Gimferrer, o xornalista Armesto Faginas, o profesor Basilio Losada xunto co profesor Xesús Alonso Montero, lector de Cunqueiro. Todos eles destacan, baixo diversas perspectivas, as "diferentes facetas do perfil humano e intelectual de Cunqueiro" así como a súa descrición dende unha biografía catalana. A seguir, resúmense os once artigos que aparecen neste volume.

-Xesús Alonso Montero, 'Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomàs Garcès', pp. 11-29.

Nas dúas primeiras seccións en que o autor divide a exposición, ademais dunha nota aclaratoria con respecto á súa disertación no congreso, fai unha rastrexadura da actividade poética de Cunqueiro en catalán, así como da datación e publicación de dous poemas cunqueirianos nesa lingua: "Cantiga Catalana" que aparece en *Quaderns de Poesia* (1935) e "La nit és bruma" en *Autopoética e posías*, 1935, publicado por Filgueira Valverde en 1991. Segue cunha transcrición da carta de Cunqueiro a Tomàs Garcés do ano 1936 que inclúe parte dun terceiro poema, "Cançó del rossinyol", que é analizado máis detalladamente na cuarta parte. Nela cotéxase con outro texto moi similar en galego,

existente tamén en 1936, e xorde a dúbida: "¿orixinal ou traducción do galego?" Segundo Montero a opción da tradución sería a máis factible. A derradeira sección resulta un apéndice sobre a relación de Cunqueiro con Tomàs Garcés, pero sobre todo, do galaicismo presente na vida e obra deste último. Para rematar, despois da bibliografía citada, aparecen versións manuscritas dos poemas e a carta anteriormente referidas xunto con outra carta de Cunqueiro a Xosé María Álvarez Blázquez e a portada de *Deu poemas gallecs* (1954), traducidos ao catalán por Garcés.

- Xosé Francisco Armesto Faginas, 'Álvaro Cunqueiro: una biografía catalana', pp. 31-52.

Móstrase de forma biográfica a vinculación de Cunqueiro co ámbito catalán. Faginas repasa a súa primeira estada en Barcelona (1935), onde entra en contacto cos compoñentes de Amics de la Poesia, sobre todo Tomàs Garcés, Carles Riba e Ignacio Agustí. A Guerra Civil marca unha nova orientación no escritor galego. Publicará en castelán (1936-1950) e en editoriais madrileñas, e tamén colaborador en revistas de corte falanxista como *Vértice*. Rematada xa a guerra, reencóntrase con Barcelona (1954/55) no que se coñece como a "segunda etapa catalana" de Cunqueiro. Neste xiro da súa carreira terá gran importancia, por un lado, a revista *Destino*, á que tamén pertencen amigos seus como Agustí, Luján, Perucho ou Vergés, por outro, serán editoriais catalanas as que publiquen a partir de agora case todos os seus libros en castelán. Queda constancia desta relación con Cataluña a través das palabras das súas amizades catalanas que se van vertendo ao longo da elaboración desta biografía, a través de publicacións como *Quaderns de Poesia*, *Destino*, *El Progreso* ou *Faro de Vigo*, ademáis das conferencias e crónicas do mesmo Cunqueiro.

- Josep M. Balaguer, 'Els primers contactes de Cunqueiro amb el món cultural català i algunes conseqüències', pp. 53-85.

A chegada de Cunqueiro a Barcelona está chea de interrogantes e xira en torno á agrupación *Amics de la Poesia*. Balaguer ofrece, por un lado, unha maior precisión nas datas e causas que axudan a establecer un percorrido claro da conexión Cunqueiro-Cataluña dende os seus primeiros contactos a principios dos anos 30, pasando pola paréntese da Guerra Civil ata a época de posguerra, ao mesmo tempo que incide no modelo de escritor como "poeta-intel.lectual-home de lletres" e nunha nova proposta estética que tanto interesaba ao entorno intelectual catalán e Cunqueiro lles ofrecía. Por outro lado, reflexiona sobre cómo o caso de Cunqueiro permite entender determinados mecanismos de funcionamento dos diferentes sistemas literarios e ata qué punto a súa interrelación axuda a un escritor a construírse como tal.

- Jordi Cerdà, 'Cunqueiro o l'estètica del retrogust', pp. 87-105.

Atende ao gran interese de Cunqueiro en situar a crítica gastronómica nunha categoría literaria, reivindicando a cociña das grandes cortes europeas fronte a aqueles que propoñen unha cociña urbana e burguesa. Da súa visión do "arte" culinario, resultado dunha asociación harmónica de rigor técnico e mestría máis un pouquiño de alquimia e imaxinación, deriva toda unha estética persoal e literaria que Cerdà vincula, ao longo da súa exposición, coa idea do "retrogust" como recreación dun intre de pracer, de equilibrio perfecto, efímero e fuxidío; coa concepción do barroco como categoría estética asociada ao

efecto de "desmesura", así como coa teorización da historia das culturas e a relación dialóxica entre a cultura da tradición central e as culturas periféricas. Como unha das máximas manifestacións culturais, a gastronomía ten como obxectivo a defensa do "hedonismo", a consecución da felicidade a través do "saber comer". Segundo Cerdá, Cunqueiro preséntase como un gran erudito da cultura gastronómica, evocando unha cociña con misterio, con literatura.

- Helena González Fernández, 'Galicia, o com subjectivar la diferència', pp. 107-131.

En confrontación cunha tendencia globalizadora de reforzamento das indentidades centrais, enfátizase aquí a existencia positiva da "diversidade". Segundo esta autora, Álvaro Cunqueiro, narrador galego dos anos 50, eríxese como representante do compromiso dun escritor coa súa comunidade e atopa na literatura o oco necesario para a "autorepresentación" a través da imaxinación, da subxectividade e do "realismo máxico" como estratexias de resistencia dunha identidade ameazada. Responde, deste xeito, ao proxecto de planificación cultural do grupo Galaxia como modelo dunha estética endocéntrica. Para abordar o complexo tema da relación entre creación e identidade, Helena González emprega unha carta pública de Ramón Piñeiro ao escritor mindoniense (1951), así como as notas para unha conferencia que Cunqueiro publicaría no 1963 e que xorden como concreción para a concepción de "diferencia" dende a filosofía antropolóxica de Ramón Piñeiro.

- Xesús González Gómez, 'Traduccions de poetas cataláns por Álvaro Cunqueiro e outras curiosidades', pp. 133-163.

Antes de centrarse no campo da tradución, o autor deténse brevemente, por un lado, nun aspecto pouco estudado polos críticos cunqueirianos como é a relación do escritor galego con diferentes editoriais e publicacións como *Quaderns de Poesia*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de España*, *Destino*, *La Vanguardia*, *El Noticiero Universal* e as editoriais Taber ou Tusquets; por outro lado, nunha crítica bastante dura á calidade das edicións comerciais que dende 1970 foron aparecendo das traducións que dende o catalán ou outros idiomas fixo Cunqueiro ao galego, así como da recolleita de artigos publicados en *El Progreso* e editados co título de *O Reino da chuvia* (1992). Máis censurables atopa certas edicións galegas póstumas como *Ensayos* (1991) ou a edición comentada e aumentada por Xosé Henrique Costas González de Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí ou acolá* (1991) con respecto ao poema "Na Víspera". Ao longo deste prolegómeno queda claro que Cunqueiro sentía unha especial devoción por Cataluña: poemas en catalán, artigos, poemas adicados a temas cataláns e, por suposto, traducións de poetas cataláns ao galego, entre outros, Tomàs Garcés, J. V. Foie, Marta Pessarrodona, Joan Teixidor ou Salvador Espriu. A maioría deles foron publicados no xornal *Faro de Vigo* dende 1968, ben baixo o seu verdadeiro nome, ben empregando o pseudónimo *Manuel María Seoane* ou as siglas A.L. (Álvaro Labrada) e C. X. (Cristóbal Xordán). Estas traducións, en total vinte e catro poemas, quedan recollidas ao final do artigo.

- Thomas Harrington, 'Álvaro Cunqueiro, Pascoaes y la Editorial Apolo de Barcelona', pp. 165-183.

Este autor emmarca o estudo de Cunqueiro dentro da análise das relacións culturais intraibéricas na primeira metade do século XX. A relación infrutuosa entre Cunqueiro, o poeta portugués Teixeira de Pascoaes e a editorial barcelonesa Apolo tómasse como referente da existencia natural de tropos culturais e comunicativos, redes persoais e políticas editoriais en plena posguerra, ademais e como dos efectos do "comercio cultural", entendido como a importación estratéxica de modelos de pensamento e comportamento dun sistema cultural a outro, que se analiza, neste caso concreto, a través das formulacións iberistas e pan-lusitanos do escritor catalán Ignasi Ribera i Robira, tanto dende unha postura atlantista e da súa conexión con Pascoaes, reafirmando ambos na teoría de que Galicia e Portugal formaban unha soa nación cultural, coma dende a influencia que a súa visión tripartita da cultura ibérica tivo en certos sectores da vida intelectual barcelonesa onde a editorial Apolo empezou a ter un papel destacado dende principios dos anos 30.

-Víctor Martínez-Gil, 'Álvaro Cunqueiro en els escriptors catalans: una imatge de Galicia', pp. 185-209.

Céntrase no discurso catalán sobre Galicia a través da maneira en que a intelectualidade catalá, principalmente expoñentes da literatura de posguerra como Gaziol ou Josep Pla, se achega á figura de Cunqueiro. Mostra unha imaxe de Galicia que vai dende a visión dunha literatura moderna e actual nos anos vinte e trinta, pasando por unha concepción culinaria, barroca e relativista durante a posguerra, ata unha consideración máis reivindicativa e académica a partir dos anos sesenta. É, en definitiva, unha imaxe marcada polo problema catalán, o iberismo e o papel político e cultural dos diferentes nacionalismos.

- César Antonio Molina, 'Cuatro variaciones sobre Álvaro Cunqueiro', pp. 211-221.

Narra en primeira persoa algunhas vivencias e lembranzas que lle aconteceron co escritor galego e que titula "Bolas de Nieve", "La luz de las ciudades sumergidas", "Pies de fotos" e "El sabor de las cerezas". Recorda, entre outras cousas, as súas visitas ao piso de Cunqueiro en Vigo, as viaxes de Cunqueiro a Coruña dende Vigo para dar conferencias e como el, aínda neno, tiña a tarefa de acompañalo pola súa peregrinación pola cidade. Lembra tamén un álbum de fotos de artigos en prensa cos "pés de foto" escritos por Cunqueiro como un pequeno libro de poemas en prosa onde o escritor mindoniense "editorializaba lo intemporal, la realidad cotidiana con la ficción literaria."

-Rexina R. Vega, 'Cataluña le a Cunqueiro', pp. 223-248.

Analiza o proceso de construción de Cunqueiro-escritor, ademais de observar o grao de especificidade da súa lectura no entorno catalán en relación coa que se produce dende Madrid. Para isto, divide o traballo en tres partes: "Os camiños de Cunqueiro" dá conta cronoloxicamente dos contactos deste escritor cos medios culturais cataláns. A poesía catalana presentaba un concepto de modernidade concebida non como ruptura senón como renovación da tradición, motivando que o discurso cunqueirano fose moi valorado por esa mestura de tradición e modernidade. "As linguas de Cunqueiro" apunta elementos esenciais na súa relación coa lingua tales como unha indefinición sobre a súa adscrición lingüística na súa etapa de narrador maduro, caracterizada polo bilingüismo, a defensa dunha heteroxeneidade lingüística e cultural como clave do seu pensamento e un hibridismo

lingüístico que condena ao escritor a posicións marxinais dentro do panorama literario do seu tempo. É en "Imaxinación e exotismo" onde a autora amosa a recepción de Cunqueiro como escritor galego, tanto no ámbito da cultura catalana coma dende o centro madrileño. Di que evoluciona dende a marxinación e incompreensión nos anos cincuenta, sesenta e setenta, a través dunha visión totalmente reducionista e etnográfica sobre a base da súa concepción ficional de carácter fantástico e lírico, ata unha progresiva reivindicación e contextualización póstuma por mor dunha lectura máis universal e contemporánea da súa proposta literaria, motivada polas novas liñas que definen o discurso da posmodernidade durante os anos 80 e 90. Menciona a bibliografía realizada por Blanca-Ana Roig Rechou e Miguel-Anxo Seixas Seoane, "Bibliografía sobre Álvaro Cunqueiro", *Álvaro Cunqueiro, Boletín Galego de Literatura*, Monografías 1, 1992: 221-289, xunto coa sección "Compendio Bibliográfico anual" no *Anuario de Estudios Literarios Galegos*.

- Joaquim Ventura, 'Rastres catalans en els escrits d'Álvaro Cunqueiro', pp. 249-269.

Céntrase nos diversos referentes cataláns que se poden rastrexar dentro do universo literario de Álvaro Cunqueiro. Cataluña está presente, en maior ou menor medida, en case tódalas obras cunqueirianas: a Barcelona das súas amizades e relacións profesionais con intelectuais e publicacións barcelonesas, concretamente co entorno da revista *Destino*; Cataluña como destino de moitos galegos por mor da emigración e do servizo militar ou como evocación mítica a través da presenza das sedes episcopais como as cidades de Vic, Tarragona e Tortosa; no ámbito histórico, como referente provenzal á corte papal d'Avinyó, entre outras, ou escenario de historias de crimes.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Cunqueiro e Cataluña', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 23 outubro 2003, p. IV.

Comentario do volume *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*, editado por Edicións do Castro, resultado do congreso "Álvaro Cunqueiro a Catalunya", promovido pola Universidade Autónoma de Barcelona. Dá conta da participación de importantes especialistas na obra cunqueiriana, galegos e cataláns, así como das diferentes dimensións creativas do escritor galego tratadas no transcurso do mesmo. Ademais, valora moi positivamente a publicación destas Actas tanto como avance dentro do estudo da figura de Cunqueiro, debido ás interpretacións novedosas e á documentación case descoñecida que achega ao lector, como no coñecemento das relacións interculturais das diferentes literaturas da península.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Cunqueiro é símbolo de vangarda e tradición', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Fin de semana', 27 outubro 2003, p. 33.

Entrevista a Rexina Vega co gallo da publicación do volume *Álvaro Cunqueiro. Amizades Catalanas* de Edicións do Castro. Ademais de citar algúns dos participantes no volume, fala do nacemento do libro ao mesmo tempo que aproveita para criticar o "desinterese da

Xunta" e a "falta de implicación da Universidade que provocan o silenciamento de moitas destas actividades." Para rematar, alude ao porqué do interese recíproco entre Cunqueiro e a intelectualidade catalana.

- Alberto Quián, 'O Cunqueiro máis catalán', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 14 novembro 2003, p. 44.

Faise eco do acto de presentación das Actas do Congreso Internacional "Álvaro Cunqueiro a Catalunya" na Galería Sargadelos de Vigo. Recolle fragmentos do discurso de Regina R. Vega, profesora da Universidade de Vigo, que fai unha achega á figura de Cunqueiro centrándose no desenvolvemento da relación do escritor mindoniense co ámbito catalán.

Chousa, Isabel, *Luis Pimentel*, Lugo: El Progreso de Lugo □, 2003, col. Fillos de Lugo, 61 pp. (DL: LU/159-03).

Ensaio que aborda diversos puntos da vida de Luis Pimentel (Lugo, 1895-1958). Está estruturado en cinco capítulos, perfectamente documentados. No primeiro, "Pimentel, unha vida, unha obra", achega o máis relevante da traxectoria vital do autor de *Barco sin luces*, ocupándose sobre todo do seu legado literario. Subliña a descuberta da literatura de mans de Evaristo Correa e os seus comezos na revista *Ronsel*, así como comenta *Triscos* e a súa obra póstuma. No capítulo segundo, "Pimentel, autor controvertido", destaca certos tópicos e polémicas sobre a súa escrita, entre eles a escolla da lingua ou o seu discutido galeguismo. No capítulo terceiro, "Pimentel, o universo poético e as influencias", céntrase na pegada que determinados autores deixaron na súa poesía, entre os que están F. Jammes ou Rosalía de Castro. No cuarto capítulo, "Pimentel, ferido de guerra", refírese aos seus poemas "Cunetas", pondo énfase na dorida temática que transmiten. No derradeiro capítulo, "Pimentel, a homenaxe da prensa", fai referencia ás homenaxes que recibiu en 1990 con motivo do Día das Letras Galegas, destacando o suplemento especial que lle dedicou *El Progreso*. O volume péchase cunha pequena cronoloxía, unha lista coas súas obras e a bibliografía sobre a que se alicerza este estudo.

Cores Trasmonte, Baldomero, *Unha viaxe pola rúa do Vilar*, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, marzo 2003, col. Galicia, 138 pp. (ISBN: 84-95491-60-5).

Este libro de Baldomero Cores Trasmonte (Cee-A Coruña, 1929), publicado co gallo da inauguración da sede da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela, constitúe un escrito a cabalo entre o ensaio literario e o libro de viaxes, malia a concentración do espazo xeográfico estudado. Trala "Presentación" de Mauro Varela Pérez, Presidente da citada institución, o volume divídese en quince capítulos nos que o autor vai percorrendo diferentes aspectos vinculados coa emblemática rúa compostelá. Comeza por facer unha descrición topográfica, arquitectónica e histórica ("A morfoloxía da rúa do Vilar"), con constantes digresións subxectivas que amenizan a lectura. Nos seguintes capítulos, analiza Cores Trasmonte "A monumentalidade como ambiente espiritual" (II) e "A organización eclesiástica e a habitabilidade da rúa do Vilar" (III). Seguidamente, propón e pormenoriza diferentes itinerarios de paseo pola rúa en "É bo para facer sendeirismo urbano trazarse un

camiño". Créase, a continuación, na "Actividade socioeconómica da rúa do Vilar", para dedicarse despois, brevemente, a describir a existencia de "Un vestixio renacentista: o pazo do Marqués de Monroi" (VI) e mais de "Dúas placas conmemorativas, entre outras moitas que se poden poñer" (VII). Neste capítulo refírese o autor ás placas que lembran, respectivamente, a memoria do impresor e alcalde republicano Ánxel Casal, que instalou os talleres da editorial Nós no número 15 da rúa, e a do pintor Tito Vázquez. Baldomero Cores Trasmonte aproveita a ocasión para advertir que tamén a "memoria oficial" debería render homenaxe a figuras como Rosalía de Castro ou Alexandre Pérez Lugín, que tamén viviron nesta rúa. Dito isto, e atravesando o limiar que se sitúa "Entre a Casa do Cabido e a Casa do Deán" (VIII), mergúllase tanto no "Ambiente da rúa do Vilar" (IX), coma no "Ambiente socioicónico da rúa do Vilar" (X) e no "Lecer público na rúa do Vilar" (XI), dando conta así dende a climatoloxía ao ocio característico deste espazo, no pasado e no presente. Destaca, entre outros lugares de interese, o cine Yago, subliñando a súa dedicación actual aos espectáculos de monicreques. Os últimos capítulos dedícaaos á presentación dos "Movimentos de masas pola rúa do Vilar", consistentes nas peregrinacións e nas procesións; dos "Servicios e a actividade pública", e mais das "Fundacións Culturais". Canto á estas últimas, para alén de se referir á Fundación Caixa Galicia, anuncia a próxima apertura da Fundación Torrente Ballester. Conclúe cun estudo sobre "A socioicónica galega e a expresión gráfica da rúa do Vilar".

Referencias varias:

- Manuel María, 'A rúa do Vilar, corazón do mundo en Santiago', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 7 decembro 2003, p. 8.

Enxalza Manuel María a recente publicación de Baldomero Cores Trasmonte, titulada *Unha viaxe pola rúa do Vilar*, ao tempo que a pon en relación cos estudos que á cidade de Santiago de Compostela consagraron autores como Álvaro de las Casas ou Otero Pedrayo. Como colofón, convida ao escritor a completar o volume con outro(s) que ofrezca(n) máis pormenores sobre certas institucións, feitos e lugares relacionados coa rúa do Vilar.

Cortés, Manuel e Xesús Ron (editor), *Chévere quince anos*, Santiago de Compostela: Chévere/Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais □, 2003, Libro e CD, [96] pp. (DL: 1663).

Volume conmemorativo publicado con motivo da celebración do décimo quinto aniversario da compañía Chévere, no que se recolle abondoso material iconográfico acompañado de fragmentos de críticas recibidas polos diferentes espectáculos que puxo en escena esta compañía. Ábrese o volume coa concepción que Chévere ten do teatro, apostando pola mestura e a busca dun novo xeito de facer teatro, renunciando ao teatro de autor ou ao establecido como tradicional pola vangarda e a crítica. Maniféstanse independentes e firmemente convencidos do que fan, co propósito de acadar momentos memorábeis que desexan compartir co maior número de xente. Explican a súa organización interna, cun traballo colectivo a prol dun teatro no que recrean aquilo que lles gustaba cando eran cativos. Recóllense textos asinados como o de Paco Bixou, no que lembra a fundación do

grupo; Camilo Franco, que alude ao desastre do *Prestige* e o contrapón ao "humor de resistencia" practicado por Chévere; e Quico Cadaval, que ofrece a súa visión do teatro como unha arte aborrecida, na que os espectadores desenvolven mecanismos contra a inopia, e que no seu caso consiste en elaborar teorías estéticas. Tamén lembra un espectáculo da compañía en Madrid no que conseguían emparentar dúas actitudes artísticas totalmente diferentes e conclúe que esta compañía lle ten dado os mellores e peores momentos da súa vida como espectador. Péchase o volume coa relación de montaxes teatrais que levaron a cabo ao longo dos quince anos, as edicións das que se fixeron cargo e os festivais nos que participaron. O volume en papel acompáñase dun CD-Rom no que se inclúe máis información sobre a compañía e material iconográfico adicional.

Dasilva, Xosé Manuel, *Babel entre nós. Escolma de textos sobre a traducción en Galicia*, Vigo: Universidade de Vigo ♦, 2003, 441 pp. (ISBN: 84-8158-243-3).

Esta é unha antoloxía de textos onde aparece reflectida a reflexión sobre a tradución en galego de diferentes autores dende o século XIX. O libro aparece distribuído en tres partes. A primeira, "Limiar", é unha presentación do que despois será o celme da obra. Aparecen nomeadas algunhas publicacións de antoloxías de textos sobre tradución con alcance universal, como *Das Problem des Übersetzens* de Hans Joachim Störing do ano 1963, ou *De Cicéron á Benjamin. Traducteurs, traductions, réflexions*, 1992 de Michel Ballard, entre outras, ou publicacións de ámbito cultural máis limitado, onde se citan *English Translation Theory, 1650-1800*, de T. R. Steiner, 1975, *Teoría diacrónica da traducción portuguesa. Antología (S. XV- XX)*, de Carlos Castilho País, 1997, etc.... Despois disto, o autor insiste na ausencia deste tipo de estudos en Galiza, e a vontade de ofrecer unha visión representativa de cómo foi vista a tradución en Galiza a través do tempo. A seguir, amósase a importancia do xénero histórico no medievo, ou na Xeración Nós a tradución do *Ulysses* de Joyce por Otero, así como o traslado de obras clásicas e de autores recoñecidos de literaturas modernas como principal patrimonio da actividade tradutora na época franquista. O autor acaba esta primeira parte insistindo no lugar que ocupan as traducións no actual sistema literario galego así como o eco que están a ter autores galegos fóra das nosas fronteiras. A segunda parte, corresponde coa antoloxía destas traducións, "Textos Escolmados", e conta con textos de Saco y Arce, Curros, Vaamonde Lores, E. Correa Calderón, Risco, Castelao, Manuel Antonio, M. Portela Valladares, Filgueira Valverde, R. Dieste, F. Fernández Armesto, Plácido R. Castro, Villar Ponte, A. Gómez Ledo, A. Lousada Diéguez, R. Blanco Torres, Carvalho Calero, Otero, M. Rabanal, Julio Sierra, Augusto María Casas, A. Rey Soto, Juan Aparicio, J.M. Castroviejo, J. Sigüenza, Ramón Piñeiro, M. Rodrigues Lapa, L.J. Quintela Ferreiro, S. Lorenzana, F.J. Sánchez Cantón, Fernández de la Vega, F. Rebelo Gonçalves, X. Landeira Yrago, A. Paradela, José Fernández Ferreiro, Ramón Rodríguez Otero, Antón Beiras, A. Torres Queiruga, M. Vidán Torreira, A. López Casanova, X. Morente, F.A. Ricardo Silva, Alonso Montero, A. Bonet Correa, Julio B. Jaimes, Carlos Casares, Carlos A. Baliñas, Isaac Alonso Estravís, Franco Grande, Álvarez Blázquez, Epifanio Ramos, Celso Emilio, José-Santiago Crespo Pozo, Carmen Martín Gaité, Blanco Amor, Darío Álvarez Blázquez, Leandro Carré, Carlos Murciano, Felipe Martínez Marzoa, Evaristo de Sela, Antón Tovar, Lois Lustres, X. Neira Vilas, Valentín Paz Andrade, Lois Tobío, Fernández del Riego, Basilio Losada, Fernando Pérez-Barreiro Nolla, Teresa Barro, Hixinio Rous, Xavier Costa, Xesús Ferro Ruibal,

Miguel González Garcés, Xosé M. Beiras, Cándido Pazó, Ricardo Palmas, Giuliana Lanciani, Xosé Henrique Costas González, Elvira Souto, Manuel Guede Oliva, Jaime Santoro, Vicente Araguas, Moncha Fuente Arias, Rodríguez Baixeras, Méndez Ferrín, Suso Pensado, Antón Santamarina e Suso de Toro. Na terceira parte, o autor achega unha "Bibliografía" coa que remata o seu libro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Babel entre nós', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 62, 'Libros', 4 decembro 2003, p. IV.

Refírese á publicación polo profesor de Filoloxía da Universidade de Vigo Xosé M. Dasilva, dunha antoloxía ou compilación titulada *Babel entre nós*, arredor de textos de autores que en calquera lingua reflexionaron sobre o feito da tradución en galego. Puntualízase sobre o carácter heteroxéneo dos douscentos textos que o conforman e os máis de cento cincuenta autores que aparecen ao longo de máis de cento trinta anos. Cítanse autores como Saco y Arce, Vaamonde Lores, Castelao, Manuel Antonio, Plácido R. Castro, R. Blanco Torres, Aquilino Iglesia Alvariño, Salvador Lorenzana, Xesús Alonso Montero, Carvalho Calero, Cunqueiro, Méndez Ferrín e Suso de Toro.

Díaz, Mercedes, *Maruja Mallo*, Lugo: El Progreso de Lugo □, 2003, col. Fillos de Lugo, 87 pp. (DL: LU-169-03).

Nárrase a vida da pintora Maruja Mallo, nada o 5 de xaneiro de 1906 na vila luguesa de Viveiro. A profesión do seu pai lévaa a coñecer diversos lugares ata que no ano 1922 se instala por unha longa etapa en Madrid. Alí ingresa na Academia de Belas Artes de San Fernando e coñece a personalidades tan importantes da época como Dalí, Lorca, Buñuel, Neruda, Alberti e Miguel Hernández, con estes dous últimos mantén unha relación sentimental e deles recibiu grandes eloxios pola súa obra pitórica. Préstase especial atención á exposición que promove Ortega y Gasset nun dos salóns da *Revista de Occidente*, nela podíanse observar principalmente dúas series pitóricas que reciben o nome de *Verbenas* e *Estampas*. A temática principal das primeiras son as festas populares mentres que as segundas optan por temas variados. Coméntase que mentres durou o idilio con Alberti, ambos artistas colaboraron e complementáronse, tras o seu desengano amoroso trasládase a París por medio dunha bolsa co obxectivo de perfeccionar as técnicas de escenografía e onde ampliou o círculo de amizades con Picasso, Joan Miró ou André Bretón. Ao retorno á capital española entabla relación con Neruda e con Miguel Hernández co que vive unha intensa relación amorosa. O escritor deixa constancia das vivencias sufridas coa galega na obra *El rayo que no cesa*. Co levantamento militar do ano 36 vén o seu exilio a Bos Aires onde vive intensamente facendo conferencias. Vintecinco anos despois regresa a España, un país que a esquecera e que a foi rescatando da memoria pouco a pouco e grazas a distincións como a Medalla de Ouro de Belas Artes. Morre no ano 1995 e os seus restos descansan en Viveiro. O libro inclúe un listado cronolóxico das súas exposicións, así como unha bibliografía e un conxunto de láminas.

Díaz-Fierros Viqueira, Francisco e Henrique Monteagudo Romero (coord.), *Carlos Casares, a semente aquecida da palabra*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 9 marzo 2003, 277 pp. (ISBN: 84-95415-68-2).

Publicación coordinada por Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo coa que o Consello da Cultura Galega quere facer un especial recordo ao que foi o seu terceiro presidente, Carlos Casares (Ourense 1941-Santiago 2002), no primeiro cabodano do seu pasamento. Este volume, que recolle as colaboracións de creadores literarios, ensaístas e intelectuais do mundo da cultura de Galicia e doutros lugares da Península, estrúcturase en cinco grandes apartados: "O espello á beira do camiño. Carlos Casares na Cultura Galega [biografía e bibliografía]", "O soño ferido: creación literaria", "A escrita nas marxe: crítica", "Palabras para un país: ensaios" e "O morcego e as bolboretas. Ensaio de autopoética"; o volume inclúe, ademais, unha presentación institucional, un Limiar de Alfonso Zulueta de Haz e un texto, titulado "Razón desta homenaxe", na que os coordinadores explican os motivos que levaron ao Consello da Cultura Galega a realizar esta homenaxe. Na primeira parte, "O espello á beira do camiño", Henrique Monteagudo fai unha coidada achega á vida e obra do autor homenaxeado; sinala que este estudo se veu limitado pola premura coa que se tivo que facer e realiza unha coidada biografía que organiza en dez apartados: 'Raíces na Terra', 'Onde o mundo se chama Ourense', 'Tempo de Compostela', 'Revelación dunha promesa', 'Tempo prohibido', 'Os soños luminosos', 'Un país por facer', 'Por Galaxia, na demanda do Grial', 'A través do cristal: xornalismo e literatura' e 'Cultura da apertura e o diálogo'; inclúe, asemade, unha listaxe das fontes bibliográficas consultadas e algunhas notas sobre elas, unha listaxe coa bibliografía de Carlos Casares e unha listaxe con todos os galardóns literarios que lle foron concedidos. En "O soño ferido: creación literaria" inclúense as colaboracións de numerosos escritores galegos; na parte de poesía inclúense textos de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Salvador García-Bodaño, Manuel Guede Oliva, Arcadio López Casanova, M^a Victoria Moreno, Luz Pozo Garza, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Baixeras, Xohana Torres, Luís G. Tosar, Antón Tovar, Xulio L. Valcárcel e Helena Villar Janeiro; na parte de narrativa inclúense textos de Xavie Alcalá, Marilar Aleixandre, Xosé Carlos Caneiro, Luísa Castro, Bieito Iglesias, Inma López Silva, Ramón Loureiro, Marina Mayoral, Xosé Neira Vilas, Xerardo Quintiá, Antón Riveiro Coello, Vítor Vaqueiro e Manuel Veiga. Nos apartados "A escrita nas marxes: crítica" e "Palabras para un país: ensaios" inclúense traballos de diferentes persoeiros que se achegan á figura do escritor finado dende diversos puntos de vista; as colaboracións críticas e ensaísticas que versan sobre literatura galega son descritas máis abaixo. Finalmente, inclúese un ensaio do propio Carlos Casares titulado *O morcego e as bolboretas. Ensaio de autopoética*, que constitúe a transcripción da intervención do autor no Encontro de Escritores Galegos e Portugueses, celebrado en Santiago de Compostela en setembro de 1991. Cómpre sinalar, ademais, que este volume se acompaña dun disco compacto con textos literarios de Carlos Casares na voz de catro actores galegos, tres obras musicais e un documento sonoro, no que o propio Casares dá lectura ao ensaio *O morcego e a bolboreta*. Damos conta, de seguido, das colaboracións que versan sobre literatura galega:

- Xavier Carro, "Un escritor na marxe da cada día", pp. 139-144.

Achega á figura de Carlos Casares como columnista; sinala que a súa obra xornalística é inseparábel da súa produción literaria e que, polo tanto, é necesaria a recompilación de

todos os seus textos periodísticos para evitar a súa perda. Indica que este labor comezou na década dos anos sesenta, cando se converteu en cronista da estadia da selección española en Santiago no *ABC*; despois traballou en *La Voz de Galicia*, onde tiña unha sección semanal de carácter literaria, chamada 'A ledicia de ler'; finalmente, en 1992 acepta, no mesmo xornal, a colaboración diaria 'Á marxe'. Fai referencia ao gusto de Carlos Casares polo detalle, pola brevidade narrativa e fai unha coidada análise da súa sección 'A marxe', indica que cada un destes textos é un diario personalísimo do autor no que mestura xornalismo e literatura.

- Arturo Casas, "Poética da marxe. Retratos e variantes fiognómicas nas columnas xornalísticas de Carlos Casares", pp. 145-153.

Sinala que vai estudar o libro de Carlos Casares *Na marxe de cada día*, publicado en 1994 na colección "Biblioteca Gallega" e que recolle cento trinta e cinco das columnas publicadas ao longo do ano 1993 no xornal *La Voz de Galicia* baixo o epígrafe "A marxe". Indica que o propio Carlos Casares definiu o seu labor de columnista como 'próximo ao de que escribe un diario'; sinala que o seu traballo consiste en falar do "non principal", dos episodios menos visíbeis do día a día e afirma que o limiar da obra funciona como unha especie de poética *a posteriori*. Sinala que en cada unha das columnas de Casares hai un relato ou unha concatenación de relatos que o autor presenta como verídicos, equipando narrador con autor; sinala que así o entenden os lectores e que, polo tanto, "Á marxe" é un texto no que Casares fala da súa vida. Fai referencia á produción xornalística de Carlos Casares nun territorio entre o lúdico e o conversacional e subliña o emprego por pola súa parte dun recurso literario que consiste en ensinar a través dun texto no que parece que Casares está 'a falar por falar'. Arturo Casas analiza, de seguido, a incorporación de segmentos descritivos á columna e ofrece unha coidada relación e explicación dos seus elementos descritivos máis recorrentes en *Na marxe de cada día*; sinala, así, que Casares fai na súa obra descrições de seres destacados e familiares destes, de persoas cun aspecto físico curioso ou ridículo, de mulleres fermosas, de políticos, de aristócratas e familiares reais, de individuos aproveitados, de actores, de escritores, de tipos populares, de artistas plásticos e de topografías, cronografías ou accións; Casas estuda, finalmente, os recursos empregados por Carlos Casares para facer estas descrições e insiste na presenza de certa ironía, lúdica, humorista e non censoria, nas súas columnas.

- M^a do Pilar García Negro, "O sol do verán: as afinidades electivas", pp. 155-156.

Fai unha achega á última novela de Carlos Casares, *O sol do verán* (2002), que foi publicada postumamente e indica que é unha obra que, como toda boa novela, admite varias lecturas. Fai referencia á súa trama semi-policíaca e ao fino retrato psicolóxico que Casares fai dos personaxes; afirma que é unha novela de fonda saudade e dá conta da presenza e importancia que na obra teñen a familia e o mundo rural galego; analiza, asemade, o seu argumento e realiza unha breve achega á protagonista feminina. Sinala, finalmente, que se trata dunha novela humanista e refírese ao momento histórico que Galicia está a vivir nos días nos que ela debe escribir este artigo para homenaxear a Carlos Casares.

- Silvia Gaspar, "O quinquenio baleiro: de *Xoguetes para un tempo prohibido* a *Memorias do díaño*", pp. 157-161.

Achégase á obra *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), que compara con *Memorias do díaño* (1980) de Fermín Bouza Álvarez para concluír a falta de reflexión literaria existente

nos cinco anos transcorridos entre a publicación de ambas obras. Sinala, en primeiro lugar, que a obra de Carlos Casares á que fai referencia é considerada un texto emblemático por acadar o Premio Vintecinco Anos de Galaxia e o da Crítica Galega (1976), por abri-lle as portas da Real Academia Galega a Carlos Casares, por dar paso a un novo enfoque temático e expresivo dentro da nosa literatura e por converterse nun texto referencial de extraordinaria acollida entre os lectores. Deseguido realiza un estudo comparativo entre os contidos das novelas antes sinaladas, facendo fincapé nas dicotomías que entre o medio familiar/estudiantil e familia/mundo exterior están presentes en ambas; indica que nas dúas novelas hai "un alegato de raíz existencialista no que subxace un nihilismo de aplicación social: é o anuncio do desencanto". Critica, finalmente, a falta de reflexión existente entre 1975 e 1980, que sería de gran interese para o sistema literario galego.

- Xoán González-Millán, "Súa ilustrísima Carlos Casares: a alegorización da historia", pp. 163-170.

Estudo de *Ilustrísima* (1980), que é definida como unha novela histórica e de tese. Analiza as tensións existentes na novela entre a ficción e a realidade histórica e fai referencia aos elementos que marcan a temporalidade da novela, aínda que non había un desexo por parte de Carlos Casares de encadear os seus personaxes a un marco histórico moi preciso. Fala do uso que Casares fai, igual que fixeras Benito Pérez Galdós, da Biblia para definir o perfil ideolóxico e os principios dos comportamentos dos seus personaxes; sinala que na obra están presentes algunhas das correntes ideolóxicas da Galicia de fin do século XX e principios do XXI e destaca a ausencia do pensamento socialista, intentando darlle unha resposta ao porqué desa cuestión. Dá conta do argumento da novela e analiza as reaccións dos distintos personaxes ante a chegada do cinematógrafo ás vilas galegas; así, Casares utiliza o cinematógrafo como instrumento para medir o grao de intolerancia dun determinado sector da sociedade. Fai un estudo dos personaxes, sobre todo de *Ilustrísima*, e destaca a caracterización maniqueísta destes. Cómpre sinalar, finalmente, que todas as explicacións están exemplificadas con fragmentos da novela.

- Jon Kortázar, "Bio-bibliografía", pp. 171-174.

Jon Kortázar dá neste traballo unha nova acepción ao termo "bio-bliografía", ao estudar a influencia e importancia que na súa propia biografía tivo a bibliografía de Carlos Casares. Fala da relación de amizade que os uniu e indica que o primeiro libro que leu de Carlos Casares foi *Os escuros soños de Clío* (na súa tradución ao castelán), no Nadal de 1985; naquel ano ambos os dous coincidiron nos Encontros de Verines falando da evolución da literatura galega e vasca respectivamente. Indica que en outubro de 1987 comprou *Os mortos daquel verán* (na súa tradución ao castelán) e afirma que a súa lectura lle causou gran perplexidade. Sinala que o primeiro libro de Casares que leu na súa lingua orixinal foi *Un país de palabras*, que Dolores Vilavedra lle regalou en 1999 cando el estaba impartindo un curso de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela; confesa que este libro, do que coñecía o seu contido antes de lelo por que Casares lera parte del nos Encontros de Verines, foi o que releu ao ter coñecemento do falecemento do escritor. Sinala que en 1999, tras ter un pequeno distanciamento con Carlos Casares, comprou *Deus sentado nun sillón azul* (na súa tradución ao castelán) e dá conta das impresións que a súa lectura lle produciu. Sinala, finalmente, que almorzou con Carlos dez días antes da súa morte e que ao saber dela comprou *Vento ferido* e *Ilustrísima*, ambas as dúas en galego como homenaxe á súa memoria e confesa que, polo de agora, aínda non ten forzas para

mercar nin ler *O sol do verán*.

- Xosé Manuel Salgado, "Nin tan sequera *O sol do verán*", pp. 175-178.

Sinala, en primeiro lugar, que neste ano desapareceron algunhas das persoas que alteraron o curso da literatura galega e nomea a Xoán Manuel Casado, Carlos Casares e Roberto Vidal Bolaño. Sinala, deseguido, que neste artigo pretende dar conta das impresións que lle produciu a lectura de *O sol do verán* (2002), mais aclara que este non é un traballo de crítica literaria formal, tan só unha forma de sumarse a esta homenaxe a Carlos Casares. Indica que a novela parte da rememoración que do pasado fai Helena, que é protagonista-narradora; dá conta do argumento da obra e analiza a técnica narrativa empregada por Carlos Casares, facendo referencia ao recurso cervantino do manuscrito atopado, ás escenas aclaratorias da obra e aos breves "flashes" que só cobran sentido ao chegar ao desenlace; analiza os personaxes principais da novela, Carlos e Helena, e sinala que *O sol do verán* é unha orixinal e fermosa historia de amor na que Casares deixou pegada do seu gusto pola fabulación de carácter oral.

- Luís Suñen, "Transparente Carlos", pp. 179-180.

Confesa, en primeiro lugar, o difícil que para el, amigo persoal de Carlos Casares, é asimilar a súa morte; dá conta da súa incredulidade e tacha a súa desaparición de inxusta. Fai, a continuación, un repaso polos moitos momentos que viviron xuntos, fala dos seus recordos e narra algunhas anécdotas do finado escritor; lembra as visitas que ambos os dous facían a Ramón Piñeiro na súa casa, as recepcións reais, os fallos dos Premios da Crítica, os seus paseos polas vellas librerías e a viaxe que fixeron xuntos á Habana. Sinala, en último lugar, que de Carlos quedan os seus libros e cita catro deles: *Ilustrísima*, *Deus sentado nun sillón azul*, *Un país de palabras* e *Xoguetes para un tempo prohibido*; deste último destaca a escena do baile, que define como unha das mellores da literatura galega de calquera tempo.

- Marcos Valcárcel, "Carlos Casares: o escritor nos xornais", pp. 181-187.

Tras sinalar que a memoria de Carlos Casares permanece viva nos seus lectores e que merece ser rememorado dende moitas perspectivas distintas (escritor de novelas e relatos breves, animador de grandes empresas e iniciativas culturais, escritor de columnas nos xornais, etc.), indica que vai lembrar as achegas que Casares fixo ao xornalismo literario. Sinala que as súas primeiras entregas na prensa ourensá foron nas publicacións *Fin de Semana* (1962-1963), *Aula* (1963) e *Miña Fala* (1969) e asegura que o seu nacemento como columnista se produciu en 1968; neste ano comezou a publicar os seus artigos de carácter político e literario, baixo o título "Con esta lupa", no diario *La Región*. As colaboracións neste xornal mantivéronse ata 1974; un ano máis tarde Casares comeza unha serie de entregas fixas en *La Voz de Galicia* que manterá ata a súa morte. Fai referencia á sección de crítica e divulgación literaria titulada "A ledicia de ler" e á columna diaria "A marxe", que mantivo dende 1988. Afirmo que Carlos Casares foi o primeiro escritor galego en contar cunha sección diaria en galego e asegura que o seu era o espazo de opinión máis lido dese xornal. Indica que Carlos Casares lle dedicou ao columnismo, cando menos, o mesmo esforzo que ás súas obras de ficción literaria e que isto lle valeu os Premios Julio Camba de Xornalismo (1995), o Premio Fernández Latorre (1993) e o Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo (2002), concedido postumamente. Analiza os temas recorrentes nas columnas de Carlos Casares e estuda o seu estilo, que se caracteriza pola

súa naturalidade, pola súa facilidade de expresión, pola súa transparencia e pola súa sinxeleza; recolle as palabras do propio Casares, onde define o seu estilo, e fai referencia ás críticas que ao escritor se lle fixeron por non seguir o estándar normativo da lingua e por incluír castelanismos nos seus textos.

- Dolores Vilavedra, "*A ledicia de ler: unha achega*", pp. 189-196.

Faise unha achega ás cualidades que Carlos Casares mostrou como crítico literario na sección "A ledicia de ler", que se inaugurou o 5 de xaneiro de 1975 en *La Voz de Galicia*; a autora do texto sinala que este non é un estudo pormenorizado da historia desta sección e indica que basea o seu traballo na análise dos noventa artigos publicados nos dous primeiros anos de vida de "A ledicia de ler". Tras facer referencia ao lugar físico que a devandita sección ocupaba dentro do xornal, fala dos criterios polos que un crítico literario escolle as obras que vai comentar e desta actividade dentro do ámbito literario galego. Deseguido, dá conta de gran parte das obras recensionadas por Casares e sinala cáles foron os motivos que levaron ao autor a incluír estas obras na súa sección. Fala así da vocación filolóxica de Casares; da súa paixón por autores como Vicente Risco ou Alfonso R. Castelao, que se manifesta na recensión de trece obras de ou sobre este último autor nestes dous anos; da súa atención ao discurso que sobre Galicia se elaboraba alén das fronteiras de Galicia coa intención de desmentir tópicos e imaxes preconcebidas; ao criterio interdisciplinar polo que seleccionaba os seus libros atendendo a temas de máxima actualidade, sobre os cales Casares manifestaba as súas propias opinións; á súa implicación co galeguismo, que se materializa na recensión de obras da Xeración Nós e do grupo Galaxia; á preferencia de Carlos Casares polo ensaio e á escasa atención prestada á poesía; á ilusionada expectación mostrada cara á narrativa, en concreto á Nova Narrativa Galega e, por riba de todo, a Xosé Luís Méndez Ferrín; e, finalmente, á atención prestada ao xénero teatral. Fai referencia, así mesmo, á preocupación que ao longo de toda a súa vida tivo Carlos Casares pola lingua, buscando unha unificación idiomática da que deixa constancia nos seus artigos; subliña, finalmente, a claridade coa que Casares manifestaba a súa opinión persoal nas súas recensións e o seu intento por buscar algún elemento positivo en todas as obras.

- Darío Villanueva, "*Unha presentación de Deus sentado nun sillón azul*", pp. 197-204.

Indica, en primeiro lugar, que o pasamento de Carlos Casares supuxo para el a perda dun dos seus autores favoritos, dun líder e dun amigo; fala, tamén, do seu coñecemento do autor coa lectura de *Xoguetes para un tempo prohibido* e da relación de amizade e profesional que ambos os dous mantiñan dende había tempo. Sinala, deseguido, que vai retomar neste traballo as palabras que el mesmo pronunciou na presentación de *Deus sentado nun sillón azul*, que tivo lugar na Coruña, en abril de 1996, coa presenza de Manuel Rivas e de Carlos Casares. Afirmar que a novela, publicada por Xerais nese mesmo ano, acolle tres novelas: unha novela de amor, unha novela histórica e unha novela de ideas; todas elas de estilo límpido e sinxelo, cunha forma narrativa equilibrada. Fala das semellanzas existentes entre Carlos Casares e o protagonista da novela, que é un escritor de novelas e columnista cun estilo literario próximo ao de Carlos Casares. Fai referencia, así mesmo, á identificación posíbel de Vicente Risco como modelo inspirador do protagonista da novela, cuestión que o propio Casares negaba, e dá conta de todos os motivos que avalaban esta identificación: a mesma caracterización física, as concomitancias biográficas entre ambos, a obsesión do protagonista por escribir unha novela sobre a presenza do demo no mundo, a ideoloxía

política, etc. Darío Villanueva sinala que desta identificación non se falou na presentación da novela, por non ser de agrado para o autor; sinala que se falou, pola contra, da dimensión ideolóxica da novela; da presenza nela de feitos fundamentais dos anos trinta e cuarenta para España e Europa, converténdose así, a obra, nunha novela histórica; e do discurso intimista que predomina en todo o libro. Dá conta, coidadosamente, do argumento da novela; explica que toda a acción xira ao redor do protagonista e de tres mulleres relevantes na súa vida; fai referencia a cada un destes personaxes e describe a estrutura narrativa da novela. Incide, finalmente, en dúas cuestións presentes na obra e ás que se fixo referencia naquela presentación de 1996: a presenza do cine e da "nouveau roman" francés en *Deus sentado nun sillón azul*.

- Francisco Díaz-Fierros Viqueira, "A paisaxe, un diálogo coa natureza desde o sentimento e a razón", pp. 209-217.

Francisco Díaz-Fierros Viqueira divide o seu ensaio, dedicado ao estudo da paisaxe en dúas partes; analiza, en primeiro lugar, a paisaxe como expresión dunha sensibilidade literaria e presenta, en segundo lugar, as novas valoracións da paisaxe. Na primeira parte, titulada "A paisaxe, como expresión dunha sensibilidade literaria" fai referencia á interpretación que ao longo da historia se fixo en relación co concepto da paisaxe; analiza, así mesmo, o seu tratamento na literatura galega e destaca que os escritores románticos do Renacemento cultural de Galicia nos que manifesten con máis claridade ese sentimento estético da paisaxe; maioritariamente os poetas, como Pondal ou Rosalía. Na segunda parte, titulada "Novas olladas desde a racionalidade", explica as valoracións que nos últimos tempos se está a facer da paisaxe: psicolóxicas, antropolóxicas, ecolóxicas, morfodinámicas e económicas.

- Víctor F. Freixanes, "Memoria de editor", pp. 223-226.

Lembra unha viaxe que os dous fixeron en 1993 a Berlín para asistir á presentación, que no Instituto Literario de Berlín, se facía dunhas traducións de textos literarios galegos ao alemán. Lembra que naquela ocasión falaran do significado que para ambos os dous tiña a labor editorial e dos seus proxectos ao fronte de Galaxia (Casares) e Xerais (o autor deste texto). Freixanes explica que hai dous xeitos de entender a edición contemporánea, dende o punto de vista do mercado, para obter beneficios económicos, e dende o punto de vista cultural, para obter un beneficio cultural, político e emocional; afirma que Casares entendía o seu labor dende este segundo punto de vista. Fai referencia ao nacemento da editorial Galaxia, en 1950, e á vontade coa que foi creada: 'para establecer unha plataforma posible para a expresión cultural do galeguismo interior, silenciado e severamente controlado polo réxime'; fai un repaso á realidade editorial galega daquel momento e fai referencia aos obxectivos de Ramón Piñeiro na dirección literaria da editorial. Fala da visión que Carlos Casares tiña da editorial, que entendía como un proxecto político e cultural; destaca a participación de Casares na fundación, en 1986, da Asociación Galega de Editores e considera a incorporación do idioma galego aos planos de estudo non universitario (1979) como un punto de inflexión no mundo editorial galego. Comenta os proxectos dos que falaban naquela viaxe, entre os que destaca a recuperación dos clásicos galegos e universais; e fala, finalmente, da importancia que para Casares tiña a tradución dos grandes autores universais á lingua galega.

- Xosé López, "A visión cotiá das pequenas cousas a través da xanela dunha columna", pp.

239-246.

Achégase ás colaboracións fixas que Carlos Casares mantivo nos diarios de información xeral; tras analizar trescentas pezas, publicadas maioritariamente en *La Voz de Galicia*, define ao finado escritor como o mellor columnista galego do século XX. Fai referencia ao papel que para Casares desempeñaban os diarios, como medio de achegarse aos lectores para mostrarlles as características textuais e formais da súa obra, e fala do papel que desempeñaban escritores e xornalistas nos medios de comunicación impresos galegos ao longo do século XIX e principios do XX. Analiza a relación existente entre literatura e xornalismo, ofrece a visión de diversos autores e sinala que Carlos Casares os interpretaba como ámbitos diferentes, pero con puntos de contacto. Sinala que, entre todos os xéneros de opinión, Casares mostrou preferencia pola crítica e pola columna; fala das súas colaboracións fixas, sobre todo en *La Voz de Galicia*; analiza as características e estilo das súas columnas; e fai referencia á preocupación e interese de Casares polas novas tecnoloxías da información.

- Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, "Impresións e lembranzas. A miña homenaxe a Carlos Casares", pp. 247-249.

Fai referencia, en primeiro lugar, ás impresións que nel produciu a morte de Carlos Casares, acontecida hai agora un ano; describe, deseguido, ao escritor galego como "un home bo, amable e entrañable, prudente e ponderado, culto e bo conversador". Evoca varios dos momentos que ambos compartiron, entre os que destaca os días previos á elección de Casares como presidente do Consello da Cultura Galega ou a ocasión na que Carlos lle regalou un libro seu sobre Ramón Piñeiro no que daba conta de certo episodio que ocorrera en 1936 entre Piñeiro e o pai de Eduardo Pardo de Guevara; lembra, finalmente, o encontro que mantivo con Casares un par de semanas antes da súa morte en Madrid, onde se reuniron para perfilar dous proxectos do Consello da Cultura: o congreso-exposición sobre Diego Sarmiento de Acuña e a recuperación, estudo e edición das obras manuscritas de Frei Martín Sarmiento. Destaca, finalmente, o seu carácter simpático, sinxelo e próximo.

- Jesús Pérez Varela, "O amigo e o intelectual galeguista", pp. 251-253.

Fai referencia á amizade que mantiña con Carlos Casares dende 1994, cando Luís G. Tosar os presentou con motivo da edición que a Xunta de Galicia fixo de *As cruces de pedra na Galiza* e *As cruces de pedra na Bretaña*. Dá conta da relación persoal que dende aquela mantiveron e do cordial e agradábel que foi o trato profesional entre ambos, como responsábel da Consellería de Cultura un e como presidente do Consello da Cultura Galega o outro. Fai referencia á traxectoria de Casares como escritor e columnista e amosa o seu profundo pesar pola súa desaparición.

- Andrés Torres Queiruga, "Carlos Casares: a morte como semente", pp. 267-270.

Texto que reproduce, con algunhas melloras de estilo, a homilía pronunciada no funeral de Carlos Casares celebrado na igrexa de San Domingos de Bonaval por Andrés Torres Queiruga. Neste texto faise especial referencia á condición humana de Carlos, pero tamén á súa labor como escritor e xornalista, destacando as súas colaboracións en *La Voz de Galicia* e a construción dese "país de palabras"; fai referencia, así mesmo, ao que sobre Casares recolleu Víctor Freixanes en *Unha ducia de galegos* e ao texto de Manuel Rivas que será lido no funeral.

Referencias varias:

- Xosé Manoel Rodríguez, 'El Consello da Cultura editará un libro de homenaje a Casares', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 13 febreiro 2003, p. 6.

Anúnciase a próxima publicación de *Carlos Casares: a semente esquecida* (2003) por parte do Consello da Cultura Galega obra que foi coordinada por Francisco Díaz Fierros e Henrique Monteagudo. Tamén se anuncia a edición dun disco que incluírá gravacións da voz de Carlos Casares así como de textos de Casares na voz, entre outros, de Manuel Manquña.

- M.B., 'O Consello da Cultura homenaxea a Casares cun libro de 50 escritores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 marzo 2003, p. 48.

Describe o acto co que o Consello da Cultura lle rendeu unha homenaxe a Carlos Casares no seu primeiro cabodano. Di que comezou coa presentación deste libro, dá noticia dos asistentes e das palabras da súa viúva Kristina Berg, presidenta da Fundación que leva o nome do escritor. No apartado literario do acto, que foi presentado por Ana Romaní, Víctor Freixanes fixo unha lembranza de Casares; un grupo de actores e creadores literarios leron textos do autor e Ramón Castromil rematou o acto interpretando ao piano unhas pezas de Ginastera e Gustavino.

- Marcos Valcárcel, 'Semente da palabra', *La Región*, 'Sociedad', 12 marzo 2003, p. 69.

Dáse noticia da presentación do libro no Consello da Cultura Galega. Cualifica a obra de moi coidada e logo describe parte dela.

Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*, limiar do autor, Galaxia, 2003, col. Memoria, nº 3, 250 pp. (ISBN: 84-8288-633-9).

Traballo de índole biobibliográfico sobre a figura de Álvaro de las Casas (Ourense, 1901-Barcelona 1950). A monografía iníciase cun extenso repaso pola súa vida dende o seu nacemento no seo dunha familia de posibles que lle inculca un forte catolicismo, ata os derradeiros anos pasados en diversos países de Sudamérica. Destácase a súa etapa de estudante na que foi alumno de Losada Diéguez e onde se aproximou por primeira vez ao galeguismo, aínda que non participase activamente nel ata pasados varios anos. Entre medias descríbese a súa relación coa Casa Real en Madrid, unha etapa na que defendía unha postura monárquica e católica. Dátase a súa chegada ao galeguismo arredor do ano 1930, cando se instala en Noia como profesor de Xeografía e Historia do instituto da localidade, dende alí vai participar activamente no Partido Galeguista e na elaboración de iniciativas como a agrupación infantil galeguista Ultreya. Márcase un punto de inflexión no ano 1934 cando Álvaro de las Casas é encarcerado pola súa actividade, dende esa data vai esmorecendo o seu compromiso galeguista. A última etapa desenvólvese en Sudamérica

onde volve ó seu españolismo místico e comeza a súa defensa do réxime franquista e do catolicismo, aínda que mantén o seu interese pola cultura e funda a editorial Emecé onde se van publicar obras tanto en galego como en castelán. Complétase o libro cunha detallada bibliografía á que se suma un apéndice documental, un epistolar e outro gráfico. Remata o volume coa listaxe das abreviaturas así como cun índice onomástico.

Dobarro Paz, Xosé María, **Vázquez Souza**, Ernesto, *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, presentación de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003, serie Documentos, nº 168, 486 pp. (ISBN: 84-8485-110-9).

Este groso volume de Xosé María Dobarro Paz (Ferrol, 1950) e Ernesto Vázquez Souza (A Coruña, 1970) insírese dentro da colección "Documentos" de Ediciós do Castro, que ten como obxectivo expreso recuperar a historia contemporánea do país e "aprender da realidade pra correxir o camiño". Neste caso, apórtase abundante documentación para reconstruír a biografía de José Ángel Antonio Casal Gosenge, o "editor mártir" nado na Coruña en 1895 e "paseado" polas forzas falanxistas preto de Santiago de Compostela no verán de 1936. Tampouco se esquece da súa compañeira, María Miramontes Mato, costureira de profesión e responsábel pola mantenza do fogar que compartía con Casal. Xa no limiar, Xesús Alonso Montero encárgase de adiantar que este título escrito a catro mans vén complementado por outro da autoría de Vázquez Souza, tamén recollido neste *Informe de literatura: A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Este autor defendera en 2000, e baixo a dirección do profesor Dobarro, a súa tese de doutoramento arredor desta mesma figura. Así mesmo, Alonso Montero lembra outras achegas á persoa de Ánxel Casal, de maior ou menor extensión, que se tiñan feito con anterioridade a estes "fitos" que agora se presentan, entre as cales cabe destacar a obra *Ánxel Casal e o libro galego*, de Francisco Fernández del Riego, o capítulo que lle dedica Ramón Otero Pedrayo no *Libro dos amigos*, ou un artigo de Luís Seoane en *Galicia Emigrante*. A este último, como tamén a Castelao e a Isaac Díaz Pardo, agradécelle o prologuista o seu empeño porque "non se apagara o lume do nome de Ánxel Casal". Os autores asinan, por súa vez, unha "Introducción" na que fan constar unha listaxe de persoas ás que lle agradecen a súa colaboración e na que ofrecen a obra como material aproveitábel para os investigadores ao tempo que a presentan como unha lectura interesante para o público en xeral. Tras estes preámbulos, o libro divídese en diversos capítulos. No primeiro deles ofrécese unha completa e ben atestada "Biografía" de Ánxel Casal. Explícase moi pormenorizadamente, percorrendo á vez a historia do nacionalismo galego, que este persoeiro estivo en contacto co republicanismo coruñés dende a infancia, que se incorporou cedo ás Irmandades da Fala, que fundou con Leandro Carré a editorial coruñesa Lar e mais a editorial Nós, que chegou a ser alcalde da cidade de Santiago, etc. Veñen despois as ilustrativas reproducións dos "Textos xornalísticos propios" (cinco artigos breves publicados na prensa por Casal) e de "Unha correspondencia en galego": cento sesenta e unha cartas dirixidas a diferentes destinatarios (Xulián Magariños, Ramón Villar Ponte, Rafael Dieste, Manoel-Antonio, Salvador Cabeza de León...), xunto cunhas "Solicitudes, bandos e manifestos" tamén asinado por este autor. Finalmente, achéganse uns "Testemuños" de terceiras persoas, uns "Documentos (Transcritos e Gráficos)", que inclúen dende os estatutos e actas de xuntanza das Irmandades ata fotografías, e unhas "Referencias Bibliográficas".

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Ánxel Casal', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 273, 'Páxina literaria', 31 agosto 2003, p. 4.

Comeza Xulio Valcárcel este comentario referíndose aos sete anos de traballo que os autores do libro *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* demoraron en dar ao prelo o citado volume, concretizando así o que considera unha "tarefa necesaria". Despois de resumir o esencial da aportación do biografado, Ánxel Casal Gosenge, á cultura galega, detense Valcárcel en destacar a cantidade de documentos orixinais que se reúnen no libro comentado, así como no "eruditísimo estudo" de Ernesto Vázquez Souza publicado ao mesmo tempo ca este, nomeadamente as cartas axuntadas. Finalmente, afirma que esta obra serve de grande axuda para coñecer mellor a época de Casal.

- Ramón Nicolás, 'O editor mártir', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 9 outubro 2003, p. I.

Ofrécese nesta páxina un comentario eloxioso dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza. Ambos os dous volumes son situados por Ramón Nicolás na esteira de títulos e conferencias que viñeran a reivindicar a figura deste editor e político coruñés, entre os que salientan o capítulo que Ramón Otero Pedrayo lle dedicara no seu *Libro dos amigos* e a monografía *Ánxel Casal e o libro galego*, de Francisco Fernández del Riego, entre outros. Para Nicolás, estas obras agora publicadas son "unha resposta rotunda e vigorosa, desde o campo da investigación literaria, ao sesgo neutralizante, aséptico e case pasivo que ofrecía a encarnación deste personaxe real" na película *O lapis do carpinteiro*. Pasa despois a resumir e valorar o contido de cada un dos dous traballos. Así, do primeiro destaca o prólogo de Xesús Alonso Montero e o material inédito con que contribúe a perfilar a personalidade de Casal. Canto ao segundo, indica que se vehicula en máis de setecentas páxinas unha profunda análise do papel que esta figura desenvolveu arredor do libro galego e enxalza o valor das "utilísimas" bibliografías que se ofrecen ao final do mesmo. Conclúe afirmando que constitúen un importante avance para o coñecemento dunha parte fundamental da nosa historia literaria.

Referencias varias:

- Isaac Díaz Pardo, 'Ánxel Casal', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 19 maio 2003, p. 17.

Faise eco da celebración dunha mostra sobre Ánxel Casal en Compostela, cuxos materiais foron sintetizados a partir dos dous volumes que Ernesto Vázquez Souza e Xosé María Dobarro tiraron do prelo neste 2003 arredor da figura do impresor galeguista. Repasa o labor de recuperación desta figura ao longo do tempo, lembrando os nomes de Luís Seoane, Castelao ou Francisco Fernández del Riego. Despois, detense Isaac Díaz Pardo en analizar os principais episodios da vida de Ánxel Casal e a súa muller, María Miramontes, sinalando que ambos os dous "estaban ligados á miña familia".

- MARÉ, 'Para a recuperación da memoria de Ánxel Casal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 maio 2003, p. 52.

Recollen a conferencia que o profesor Xusto Beramendi pronunciou na Galería Sargadelos de Santiago dentro dun ciclo dedicado a Ánxel Casal e aproveitan para indicar que neste mesmo espazo compostelán terá lugar a presentación dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza.

- Xesús Alonso Montero, 'Casal, hoxe', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'A outra mirada', 31 maio 2003, p. 15.

Congratúlase o autor desta columna fixa pola inauguración dunha sala co nome de Ánxel Casal. Desta figura, engade, vén de publicarse recentemente unha monografía en dous volumes "que lle fai xustiza", e da que son autores Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza. Explica que este último fixo unha tese dirixida polo primeiro, e que esa é a base do texto do segundo libro. Finalmente, achega unhas notas bibliográficas de Ánxel Casal.

- Sofía de Benito, 'Adiós a las aulas en Periodismo', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 1 xuño 2003, p. L15.

Anuncia a presentación na Galería de Sargadelos da obra de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza, *Ánxel Casal. Textos e documentos* publicada por Edicións do Castro.

- MARÉ, 'Fouce, hórreo e prelo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xuño 2003, p. 50.

Dáse conta neste artigo da recente presentación na Galería Sargadelos dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza. Trátase, segundo se explica, de dous volumes complementarios publicados por Edicións do Castro nos que se recolle a biografía de Ánxel Casal e se aprofunda no labor que desenvolveu nos ámbitos político, cultural e empresarial. Recollendo as palabras dos autores na presentación, indícase que para a confección destas monografías se acudiu a fontes orais (as lembranzas de persoeiros aínda vivos que coñeceron a Casal) e se recuperaron abundantes fontes escritas (escritos e cartas do editor coruñés). Así mesmo, repásanse os acontecementos máis destacados da biografía de Casal para deste xeito comprender mellor o alcance do seu labor nun panorama marcado por "a carencia de clásicos galegos, a ausencia de sistemas e modelos literarios, de autores e lectores, a competencia e os escasos medios económicos".

- R.N., 'Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Letras galego', 12 xullo 2003, p. 6.

Entre outras novidades destacábeis, presenta Ramón Nicolás, na súa sección "Letras en galego", o libro *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza. Cualifícao de "excepcional" e informa que se trata dunha

recuperación da biografía de Ánxel Casal, "o editor de Nós". Indica que para iso os autores empregaron abondo material inédito.

- Ramón Nicolás, 'Dúas pezas da mesma historia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 41, 'Lo mejor del año', 17 decembro 2003, p. 9.

Agora que finaliza o ano, Ramón Nicolás fai balance dos froitos máis destacábeis que deixaron os xéneros non ficcionais no eido literario galego. Destaca, no ámbito da biografía, os dous volumes que Ernesto Vázquez Souza e Xosé María Dobarro Paz lle dedicaron á figura de Ánxel Casal. Considéraas "dúas obras insubstituíbeis para entender a traxectoria do libro galego e a importancia" deste impresor e editor. Destaca o seu carácter enciclopédico e a vocación biográfica e sociolóxica destes traballos. Canto ao primeiro, de autoría compartida, comenta que está prologado por Xesús Alonso Montero e que achega moito material descoñecido ata o de agora. A respecto do segundo, do que o responsábel é Vázquez Souza, afirma que se divide en tres partes e que sintetiza o papel de Casal no que se refire ao desenvolvemento editorial galego.

Dónega, Marino, *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, Limiar de Torres Queiruga, Vigo: Galaxia, 31 marzo 2003, col. Memoria, nº 1, 213 pp. (ISBN: 84-8288-601-0).

O presente volume recolle as lembranzas de Marino Dónega, galeguista de prol. A súa estrutura consta dun prólogo de Andrés Torres Queiruga que enxalza a personalidade tolerante e a vontade de estilo de Dónega. Tras este, as memorias veñen expostas en forma de cartas a unha parella de amigos, Petra e Fiz. Por último, un apéndice gráfico completa a edición. O contido das cartas é bastante heteroxéneo e abarca desde as súas vivencias privadas ata os sucesos políticos e culturais nos que se implicou como consecuencia da súa militancia ideolóxica. As primeiras epístolas repasan a súa ascendencia familiar e a infancia en Andalucía e Valladolid, marcadas por anécdotas escolares e recordos galegos. Á perda da súa nai séguelles a etapa en Lugo, onde cursou estudos nos Maristas. E, axiña, o seu compromiso político, producido cando, como el mesmo di, "o meu galeguismo sentimental iniciou a súa andadura racionalista e consciente". A súa entrada no Partido Galeguista, de cuíñas Mocidades foi dirixente, en 1933, complementábase coas súas colaboracións en *Grial*, *A Nosa Terra* ou nas tertulias do Café Galicia. Posteriormente, ofrece a súa visión persoal da xerminación do Estatuto de Autonomía, presentado dous días antes do Levantamento Nacional. O repaso do panorama da posguerra e a loita galeguista na clandestinidade ocupan as últimas cartas, que mencionan os inicios da editorial Galaxia e as súas diatribas coa censura. O libro pecha coa referencia ao capítulo de Montevideo.

Recensións:

- M. Veiga, 'As memorias inconclusas de Marino Dónega', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 31.

M. Veiga valora a publicación da autobiografía de Marino Dónega, malia o feito de estar se rematar. Destaca os principais acontecementos narrados por Dónega e o seu xeito de reflectir como, na ditadura franquista, calquera diverxencia no pensamento podía acarrear

riscos importantísimos. Califica a obra como un "texto doce".

- Xulio Varcárcel, 'Unha lembranza epistolar', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 260, 'Páxina literaria', 1 xuño 2003, p. 4.

Xulio Varcárcel dá conta da presentación das memorias de Marino Dónega, acto presidido por Xosé Ramón Barreiro e Andrés Torres Queiruga, autor do prólogo das mesmas, que remarcaron a discreción e xenerosidade de Dónega. Ademais, fai un sucinto resumo dos sucesos constatados nas cartas que conforman o libro.

- Xosé Feixó, 'Lembranzas epistolares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Libros', 19 xuño 2003, p. IV.

Tras facer unha breve andadura pola biografía de Dónega, Xosé Feixó enxalza o libro de memorias do mesmo polos diversos eidos que esta abrangue, desde o retrato de persoeiros ata a reconstrución política e cultural de Galicia, todo isto abordado desde unha vontade de estilo moi marcada.

Referencias varias:

- AFA, 'Os recordos perdidos', *O Correo Galego*, 'AFA', 8 abril 2003, p. 32.

Dise que Víctor F. Freixanes comeza a desvelar a súa liña como novo director de Galaxia coa presentación da colección "Memorias". Os dous primeiros números da mencionada colección, engádese, son recopilacións epistolares. Unha delas é *De mim para vós*, de Marino Dónega; e a outra leva por título *Cartas ao meu amigo*. Tamén se anuncian novos títulos e se dá conta da aparición dun novo formato para a revista *Grial*.

- Carlos Fernández, 'Un libro e unha exposición lembra a amizade entre Cunqueiro e Del Riego', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 8 abril 2003, p. 79.

Recolle a presentación do libro *Cartas ao meu amigo*, parella á exposición homónima que durante todo o mes de abril está a ter lugar na Casa Galega da Cultura de Vigo. Recolle algunhas declaracións dos presentes no acto, como Víctor Freixanes, o Concelleiro de Cultura de Vigo ou Francisco Fernández del Riego, que é o destinatario deste epistolario, remitido por Álvaro Cunqueiro dende Mondoñedo entre os anos 1949 e 1961.

- AFA, 'Cegal ofrécelles ós libeiros galegos o proxecto da gran librería 'on line', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 8 abril 2003, p. 75.

Para alén de se describir o nacemento do portal electrónico CegalNet, dáse conta brevemente, e á parte, da presentación dos dous primeiros títulos publicados dentro da nova colección "Memoria" da editorial Galaxia. Eses volumes son, indícasenos, *De min para vós*. *Unha lembranza epistolar*, de Marino Dónega e mais *Cartas ó meu amigo*, de Álvaro Cunqueiro.

- Doda Vázquez, 'El avión del campus', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 8 abril 2003, p. 22.

A publicación de *De min para vós*, memorias póstumas de Marino Dónega, presentadas na sede da Fundación Caixa Galicia, é salientada por ser o primeiro título dunha nova colección da editorial Galaxia titulada "Memoria".

- M. Barba, 'Galaxia recupera dous epistolarios de Cunqueiro e Marino Dónega', *La Opinión*, 'Cultura', 8 xuño 2003, p. 67.

Anúnciase que a editorial Galaxia vén de publicar dous novos títulos na súa colección "Memoria". Trátase, segundo se nos informa, de *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, de Marino Dónega, un dos fundadores de Galaxia, e de *Cartas ao meu amigo*. Respecto a este último epistolario, explícase que se trata da correspondencia que mantivo Álvaro Cunqueiro co seu amigo da infancia, Francisco Fernández del Riego, entre 1946 e 1961. Coméntase que este intelectual tivo unha singular influencia no mindoniense; e, por último, dáse conta do próximo relanzamento da colección "Illa Nova".

- Carlos Fernández, 'De min para vós', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'Letras en galego', 21 xuño 2003, p. 7.

Carlos Fernández faise eco da publicación das memorias de Marino Dónega, lamentando o feito de que estean inconclusas xa que queda sen contar a súa andadura no período democrático galego. Resalta sobre todo a capacidade de observación de Dónega, así como a súa tolerancia e comprensión cos opostos ideoloxicamente, e a súa benevolente xenerosidade cos que lle fixeron dano.

- Vicente Araguas, 'Lembranzas', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 6 decembro 2003, p. 64.

Con motivo da publicación das memorias de Marino Dónega, Vicente Araguas fala da súa relevancia no galeguismo coas súas actividades e coa súa obra *Escolma posible* con textos de Castelao.

Equipo Glifo, *Diccionario de termos literarios*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2003, (ISBN col: 84-453-3584-7), 786 pp. (ISBN: 84-453-3583-9).

Segundo volume do *Diccionario de termos literarios* elaborado polo Equipo Glifo (Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias), formado por Anxo Tarrío Varela, Fernando Cabo Aseguinolaza, Blanca-Ana Roig Rechou, Arturo Casas, Anxo Abuín e Darío Villanueva, que forma parte do proxecto "Diccionarios de Literatura" que dirixe, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Anxo Tarrío Varela. Do mesmo xeito que no primeiro volume, publicado no ano 1998, recóllense tamén agora definicións de termos do ámbito da retórica, da historia, da crítica, da narratoloxía, da semiótica, da hermenéutica, etc. acompañadas de exemplos pertencentes ao corpus literario galego desde a Idade Media ata a actualidade. Cada unha das voces inclúe, cando é pertinente, termos relacionados, co obxectivo de guiar o lector por redes terminolóxicas

coherentes que faciliten tanto a aclaración puntual sobre un termo coma a información sobre vocábulos vinculados. Péchase o volume cunha ampla bibliografía.

Recensións:

- F.M.B., 'Un diccionario literario que non merece de novo o silencio', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 7 decembro 2003, p. 2.

Dá conta da publicación do segundo volume do *Diccionario de termos literarios* elaborado polo Equipo Glifo. Denuncia a falta de sensibilidade cara a este traballo "encomiable" que deu como froito "este monumento do noso sistema literario". Augura que este novo volume de "grande rigor, claridade e á vez sabedoría e erudición" padecerá o mesmo silencio que o primeiro volume en canto aos medios académicos. Critica o "andazo de ninguneo" que se dá na cultura galega, da que será vítima esta nova obra, na que como lembra na súa introdución se pedían achegas e suxestións para corrixir puntos de vista ou posíbeis deficiencias. Remata sinalando que o mutismo sobre este proxecto vai contra aqueles que "debendo opinar, optan polo silencio".

Referencias varias:

- Maré, 'Os dez anos do Centro Ramón Piñeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 outubro 2003, p. 50.

Dáse conta dos actos previstos con motivo do décimo aniversario do Centro Ramón Piñeiro, entre os que se destaca a presentación do segundo volume do *Diccionario de termos literarios*, elaborado polo grupo de investigadores denominado Equipo Glifo e integrado por Anxo Abuín, Fernando Cabo, Arturo Casas, Blanca-Ana Roig, Anxo Tarrío e Darío Villanueva. Do mesmo xeito, dáse conta daqueloutras publicacións que vai presentar este centro como o CD-Rom *Conversa con Ramón Piñeiro*, tres entregas da colección "Cadernos Ramón Piñeiro", tres entregas dos "Cadernos de fraseoloxía" e a edición facsimilar da revista *Tapal*.

- Maré, 'Con rigor científico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 outubro 2003, p. 45.

Sínálase que a presentación do segundo volume do *Diccionario de termos literarios* abre os actos de celebración do décimo aniversario do Centro Ramón Piñeiro. Recóllense as palabras de Anxo Tarrío Varela nas que destaca que con esta entrega xa se publicaron máis de mil cincocentas voces e case mil dúas centas páxinas nas que se busca unha "lectura clara e amena". Tamén sinala que é un proxecto de difícil elaboración, no que as amplas posibilidades levaron aos responsábeis a "transgredir os lindos do estrictamente literario". Considérase que unha das súas dimensións pioneiras é a presenza de terreos pouco frecuentados polos manuais convencionais, que se atopa na metade do camiño e ten o reto de colgarse na rede. Do mesmo xeito, Darío Villanueva salienta a visión de conxunto e a linguaxe clara para facer un instrumento axeitado ao avance do coñecemento e destaca o feito de que estea en galego, de que na obra se dean catro liñas de estudo: a perspectiva histórica, a crítica literaria, a Teoría literaria e a Literatura comparada. Finalmente, dáse conta da tiraxe da edición e remátase coas palabras do Conselleiro de Educación nas que

destaca a utilidade do volume, a concisión da redacción ou a rede de interrelacións, entre outros aspectos.

- X. L. Méndez Ferrín, 'Robbe-Grillet amigo', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 28 outubro 2003, p. 28.

Comentario ao redor da novela *La Reprise*, de Alain Robbe-Grillet, que di Méndez Ferrín que lle enviou o seu amigo Manuel Outeiriño. Indica que á vez que le este libro lle bota unha ollada simultaneamente a diferentes entradas do *Diccionario de termos literarios*, do que salienta o estar "escrito e pensado en independentista". Considera que é un dicionario excelente que lle demostra "o contumaz que eu son e do periclitados que van os meus métodos de lectura".

Fernández del Riego, Francisco, *Camiño andado*, Vigo: Galaxia, 6 novembro 2003, col. Memoria, nº 4, 276 pp. (ISBN: 84-8288-632-0).

No libro de memorias *Camiño andado*, Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913) relata non só a súa vida, senón tamén, unha etapa da historia de Galicia, historia da que formou parte activamente. O libro estrutúrase en vinte e catro capítulos, con títulos expresivos e case metafóricos -"Ó abrir o sulco", "Sempre a pé de obra", "Furando nas trebas", "No remate da andadura"-, polos que desfilan os acontecementos que marcaron a súa existencia. Despois de relatar a súa infancia, a súa adolescencia e os seus anos como estudante universitario -etapas nas que xa se perfilan as que serán as constantes da súa vida: a súa afición ás letras e o seu traballo en defensa de Galicia, do idioma galego e da cultura galega- a vida de Del Riego topará coa guerra civil, feito que non só truncou o proceso histórico do galeguismo, senón que tamén deteu as aspiracións docentes de Del Riego, coma as de moitos outros galeguistas, e marcou a súa residencia definitiva en Vigo. Na cidade olívica, desempeñou, entre outros traballos, o de pasante no despacho de Paz Andrade e mantivo reunións con importantes personalidades da cultura, entre as que destacan a Maside, Colmeiro, Laxeiro, Lugrís, Plácido Castro, González Carvalho, etc., sempre baixo a atenta mirada do goberno ditatorial, pois, en efecto, non cesaban as persecucións e encarceramentos, dos que dá boa conta neste libro. Un encontro casual con Enrique Peinador, despertou as ansias de reconstruír secretamente o Partido Galeguista, despois de varias reunións e de moitas chamadas a antigos militantes lograron pór en pé, aínda que de forma clandestina, o Partido Galeguista, no cal Ramón Piñeiro, nomeado secretario político, converteuse na figura principal. Na vida do intelectual galeguista teñen moita importancia as viaxes a América Latina, terra que acolleu a moitos exiliados e emigrados galegos. Invitado polo Centro Gallego de Bos Aires e de Montevideo voou a estas cidades en 1957, máis tarde viaxará a Venezuela invitado pola Irmandade da Fala de Caracas, en ambas as viaxes pronunciou diferentes conferencias sobre escritores galegos e sobre temas relacionados coa cultura galega. Recorda a fundación da Real Academia Galega en 1905 baixo a presidencia de Manuel Murguía, institución da que primeiro foi elixido membro numerario e despois presidente. Entre os numerosos proxectos que levou a cabo no seo da institución, destaca a súa proposta de celebrar o Día das Letras Galegas, el mesmo fixou a data deste evento o 17 de maio. Dedicou un capítulo ao cenáculo ourensán, no que salienta a Cuevillas, a Risco e, sobre todo, a Otero Pedrayo; non menos importancia

na súa traxectoria vital tivo Castelao, a quen dedica outro capítulo. En varios apartados reúne aos amigos que compartiron con el as tarefas e os ideais galeguistas, primeiro aos máis antigos, aquí entrarían Ramón Cabanillas, Manuel Gómez Román, Xesús Carro, Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey, Lois Tobío, Blanco Amor, Plácido Castro, etc, e despois aos membros da súa xeración, como Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Carlos Maside, Manuel Colmeiro, e outro longo etcétera; para todos e cada un deles, ten o cronista palabras de eloxio e de agarimo. Na súa historia vital cobrou especial protagonismo a fundación en 1950 da editorial Galaxia, da que foi secretario e na que traballou, ademais de ser un dos principais impulsores, de maneira incansábel durante moitos anos. A editorial afianzou os lazos persoais e profesionais con Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto, que desempeñaron os postos de director e conselleiro-delegado da editorial respectivamente. Detense nas múltiples peripecias que salpican a historia de Galaxia. Outro dos acontecementos máis importantes da vida de Fernández del Riego foi a creación da Fundación Penzol, á que lle dedicou moitas horas de traballo e de cuxa historia dá testimonio por extenso. A fundación acolleu toda a colección de libros, manuscritos, folletos, revistas, documentos e textos raros e curiosos que posuía o bibliófilo Fermín Fernández Penzol Lavandeira e que doou a Galicia en vida. O valioso fondo bibliográfico da Fundación permitiu que se convertira a partir de 1963 nun centro de referencia para estudiosos e investigadores. Hoxe, lonxe xa dos anos escuros do franquismo, a biblioteca da Fundación Penzol xunto coa Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego están instaladas na denominada Casa Galega da Cultura, situada en Vigo. A Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego está formada por trinta mil volumes, un arquivo de documentos contemporáneos e unha valiosa pinacoteca galega de época; Fernández del Riego móstrase satisfeito deste regalo outorgado ao pobo de Vigo, cidade na que refixo un andar esperanzado truncado pola Guerra Civil. Actualmente a súa vida, que xa chegou ós noventa anos, está íntimamente ligada á Casa Galega da Cultura, aquí Fernández del Riego lembra, reflexiona e escribe libros coma este *Camiño andado*. A obra complétase cun apéndice gráfico formado por varias fotografías nas que o protagonista das memorias aparece acompañado de familiares e ilustres persoeiros, que coma el foron testemuñas de excepción dunha etapa da historia galega e cos que compartiu momentos inesquecíveis do seu periplo vital. Se hai unha palabra que define a interesante e activa vida de Francisco Fernández del Riego, esa é, sen dúbida, Galicia, pois consagrou a súa existencia ao servizo da cultura galega.

Referencias varias:

- MARÉ, 'En homenaxe a Fernández del Riego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 decembro 2003, p. 44.

Anuncia a presentación na Casa Galega da Cultura do libro de memorias *Camiño andado* (2003) de Francisco Fernández del Riego, que ademais dunha autobiografía é unha crónica persoal da historia de Galicia. Neste acto, a editorial Galaxia homenaxeará ao escritor.

- I.M., 'Renden homenaxe a Del Riego polo seu 'Camiño andado'', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 23 decembro 2003, p. 36.

Alude á presentación do libro de memorias *Camiño andado* de Francisco Fernández del

Riego publicado pola editorial Galaxia. Acompañaron ao escritor, Xosé Lois Franco Grande, Víctor Freixanes, Uxío Labarta e Xaime Illa Couto, todos gabaron e destacaron a importancia da obra nas letras galegas.

- Camilo Franco, 'Del Riego conta nas súas memorias a historia do galeguismo no século XX', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 decembro 2003, p. 73.

Fai referencia á presentación na Fundación Penzol en Vigo de *Camiño andado* (2003), un libro de memorias de Francisco Fernández del Riego. Xosé Lois Franco Grande, Víctor Freixanes, Uxío Labarta e Xaime Illa Couto destacaron o valor desta obra non só por ser a crónica dunha vida, senón tamén por ser unha crónica persoal dunha etapa da historia galega e por rescatar un xénero, a autobiografía, que conta con escasa presenza nas letras galegas.

- María Villar, 'Francisco Fernández del Riego presenta sus memorias 'Camiño andado'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 23 decembro 2003, p. 56.

Faise eco da presentación na Casa Galega da Cultura de *Camiño andado* (2003), unha autobiografía de Francisco Fernández del Riego. O intelectual galeguista estivo acompañado por Xosé Lois Franco Grande, Víctor Freixanes, Uxío Labarta e Xaime Illa Couto, todos subliñaron a importancia desta obra non só por ser a crónica da vida de Del Riego e a crónica dunha etapa da historia de Galicia, senón tamén polo propio xénero, a autobiografía, dada a escaseza do mesmo en lingua galega.

- María Villar, 'Fernández del Riego dá testemuña de setenta anos de galeguismo', *La Opinión*, 'Cultura', 23 decembro 2003, p. 41.

Dá conta da presentación na Casa Galega da Cultura do libro de memorias *Camiño andado* (2003) de Francisco Fernández del Riego, quen declarou a súa satisfacción polo resultado da obra. Del Riego estivo acompañado por Xosé Lois Franco Grande, Víctor Freixanes, Uxío Labarta e Xaime Illa Couto, todos manifestaron a radical importancia de *Camiño andado* e loaron ao escritor.

- MARÉ, 'Un 'Camiño Andado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 decembro 2003, p. 37.

Refírese á homenaxe que a editorial Galaxia rendeu a Francisco Fernández del Riego con motivo da presentación da súa autobiografía titulada *Camiño andado* (2003), que ademais de relatar a súa vida, relata unha etapa importante da historia galega. Xosé Lois Franco Grande, Víctor Freixanes, Uxío Labarta e Xaime Illa Couto loaron a obra e a figura do escritor. Un breve discurso de Del Riego sobre a súa relación con Galaxia pechou este emotivo acto. Dá conta tamén das súas principais obras e dalgúns dos cargos desempeñados por Fernández del Riego.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 decembro 2003, p. 59.

Dá conta da presentación en Vigo do libro de memorias *Camiño andado* (2003) de Francisco Fernández del Riego. Destaca o papel de Fernández del Riego como testigo de

excepción dunha época da historia galega.

Fernández del Riego, Francisco, *Sinais dunha cultura*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, 8 marzo 2003, 241 pp. (ISBN: 84-8457-138-6).

Volume editado pola Deputación de Pontevedra no que Francisco Fernández del Riego ofrece unha visión dos diferentes aspectos do contexto cultural galego nun intento de reflectir sen deformacións "a esencia dunha cultura singularizada", ao mesmo tempo que perfila a realidade dunha Galicia proxectada cara o futuro, mais sempre fiel ás súas raíces, tal e como di na "Nota proloquial" coa que se abre a publicación. A continuación, nos quince apartados cos que conta este monográfico, recóllense as características diferenciadoras do que non lle é propio a Galicia, sendo a paisaxe, a cultura e as xentes os pilares nos que converxen aspectos como crenzas naturalistas, interpretacións da paisaxe, o vencello con Portugal, achegamentos á creación artística ou á relación con diversos escritores foráneos. Figuran tamén apuntamentos sobre o significado histórico da lingua e o papel exercido polos medios escritos. Deseguido dáse conta aquí de cada un deles, non sen antes salientar a cantidade de exemplos e referencias cos que o autor acompaña a súa exposición: "País de pedra e auga" mergúllase na esencialidade cultural destes dous elementos, referentes simbólicos no mundo da tradición galega, dende a época prehistórica ata a modernidade, chegando a nós como pegadas de civilizacións antigas, restos escultóricos, pinturas decorativas, cantigas e romances medievais ou lendas e crenzas populares polas que se interesaron intelectuais como Cuevillas e Bouza-Brey, entre outros. En "Cultos á natureza" o autor presta atención ao tema do "mito" e do rito como evocación do mito, á transmutación do profano en sagrado, á significación mítica e folclórica dalgúns animais na vida galega, sobre todo a serpe e o lobo, así como á pervivencia na mitoloxía popular de cultos e crenzas pagáns vencellados a diferentes lugares e elementos naturais e que non só sobreviviron na tradición oral senón que tamén se atopan en textos de autores contemporáneos como Risco, Cuevillas, Bouza-Brey. O seguinte apartado, "Proceso da lingua" intenta reflectir a importancia da lingua galega como "herdo espiritual" que nos identifica como pobo. A través dunha exposición cronolóxica da situación da lingua galega nas diferentes épocas históricas, Del Riego reivindica o seu verdadeiro significado como a "máis completa e definitoria" expresión identitaria xa que se trata do resultado dunha "experiencia colectiva multiseccular". Salienta ademais os esforzos do ámbito rural por mantela viva e a loita de escritores e intelectuais por dignificala e proporcionarlle aires de modernidade. En "Tradición escultórica" achégase á longa e abondosa historia da arte escultórica dende unha orixe prehistórica na arte castrexa, pasando pola Idade Media, momento no que se conforma a verdadeira liña escultórica en Galicia, ata chegar á época contemporánea que manifesta dúas etapas marcadas pola Guerra Civil, con figuras como Madariaga, Asorey, Santiago Bonome ou Xosé Eiroa na etapa anterior á guerra, máis tarde salientan os nomes de Antonio Faílde Gago, Cristino Mallo, Camilo Otero, Arturo Baltar, Acisclo Manzano e Elena Colmeiro, entre outros, e que souberon vencellar con precisión formas foráneas con características da arte autóctona. "Presencia do libro" adéntrase xa no mundo da escrita. Fai un percorrido pola historia do libro dentro do ámbito cultural galego tomando como punto de partida a literatura culta e literatura popular presente no século XII. O autor subliña a época do romanticismo como un momento de auxe cultural, despois de séculos de desprestixio, con nomes como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros

Enríquez. A esta revitalización contribuíu tamén á creación da Biblioteca Gallega (1889) xunto co xurdimento das Irmandades da Fala e a Xeración Nós, a principios do século XX. Distingue Del Riego na produción escrita entre a etapa de anteguerra, caracterizada polo "predominio histórico-arqueolóxico-etnográfico", e o período de posguerra, que se singularizou pola "preocupación filolóxico-lingüística e económico-social", proxectando a cultura galega contemporánea cara ás correntes foráneas, feito que, segundo este autor, concilia a tradición autóctona co espírito universalista. No tocante á prensa, salienta tamén en "Páxinas de xornais" o papel desenvolvido polas publicacións periódicas como "instrumentos dunha misión cultural transcendente" a través dun percorrido exhaustivo pola traxectoria periodística en Galicia, aludindo a diversos xornais e revistas que viron a luz fundamentalmente a partir do século XX. Logo de ofrecer unha visión histórica da situación editorial e xornalística, Del Riego arrinca o seu achegamento ao labor cultural en lingua galega comenzando con "Letras contemporáneas", dedicada a perfilar os trazos das distintas xeracións de escritores que dende principios do século XX protagonizaron o Rexurdimento das letras galegas: primeiro, aqueles nados nos últimos anos do XIX, fundadores das Irmandades da Fala, do Boletín *A Nosa Terra* e da revista *Nós*, seguidos daqueles que naceron arredor de 1900, xunto con escritores nados entre 1910 e 1920, que empezaron a súa actividade literaria nos anos da República, véndose interrompida pola Guerra Civil. Fala desta como dunha xeración "ponte" para o "renacemento contemporáneo" da cultura galega na década dos 50 con novos valores, cuxo labor se desenvolveu en diferentes ámbitos como a tradución, o ensino e a creación poética e teatral. A seguir, en "Vencellos galegos-portugueses", o autor pon de relevo a relación cultural entre Galicia e Portugal a través dun enfoque histórico-literario, prestando especial atención tanto ás primeiras décadas do XX, momento no que se restablece a relación intercambial incentivada polas Irmandades da Fala e a colaboración mutua de escritores en diversas revistas, como a aqueles intercambios culturais que tiveron lugar despois do silencio das letras galegas durante a ditadura franquista. Salienta ademais as relacións persoais que se estableceron entre as figuras da intelectualidade de ambos os dous países. Na mesma liña, en "Galicia de alén o mar" ocúpase dos estreitos vencellos culturais e intelectuais que se foron abrindo ao longo do tempo entre "a Galicia europea e a Galicia emigrada en América" grazas á colaboración de intelectuais nos Centros Galegos da Habana, Bos Aires, Montevideo, México ou Caracas, desenvolvendo un transcendental labor colectivo de difusión e revitalización da esencia cultural galega no mundo americano. Deseguido, en "Paisaxes literarias" refírese ás diferentes interpretacións que da paisaxe propia se atopa nas nosas letras, dende a poesía galega medieval, na que existía como "elemento accesorio", pasando polo romanticismo, cando se converte en "elemento substantivo da arte", ata a produción literaria moderna, tanto prosística como poética, reducindo a dous os procedementos de interpretar a paisaxe galega: ben "incorporándoa ao propio estado da alma" ou ben "traducíndoa tal como é ela de seu". Detense naqueles autores máis representativos polas paisaxes particulares que se reflicten na obra que deixaron, entre eles os poetas Rosalía de Castro, Pondal, Curros Enríquez, Noriega Varela, Cabanillas, Manuel Antonio, Iglesia Alvariño ou Uxío Novoneyra e prosistas como Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Blanco Amor, Dieste, Filgueira Valverde, Cunqueiro e Fole. Sen abandonar o tema da paisaxe, en "Aloia e o Baixo Miño" examina os trazos paisaxísticos de tres lugares concretos vencellados ao monte Aloia: as paisaxes miñotas, a cidades tudense e a serra do Galiñeiro, rememorando lendas e recordos propios relacionados con este espazo natural. A continuación, Del Riego céntrase na relación persoal e artística que escritores foráneos

tiveron con Galicia. Deste xeito, en "García Lorca poeta en galego" fala da chegada deste poeta andaluz a Galicia e salienta a admiración que Lorca sentía por Rosalía e polos cancioneros medievais, o entusiasmo pola poesía que puido ollar no grupo de artistas galegos que atopou, xunto co feitizo que Galicia lle produciu, ata o punto de escribir *Seis poemas galegos* (1935), que reflicten cómo Lorca se achegou á alma e á terra galegas. Fai unha pequena paréntese con "Andadura artística" onde se achega ás novidades que na pintura galega se produciron fundamentalmente durante os primeiros anos 30, xurdindo no panorama artístico varios pintores como Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro e Manuel Torres. Ademais dos devanditos pintores, faise eco da vida e traxectoria artística de Xosé Otero Abeledo, que traballou baixo o pseudónimo de *Laxeiro*. Deseguido, en "Raíces dunha narradora Brasileira" volta a pór de manifesto a relación doutro escritor foráneo con Galicia, neste caso a da escritora Nélida Piñón. Refírese ás numerosas viaxes que se foron sucedendo despois dun período no que viviu en Galicia cando contaba dez anos de idade, a través das cales puido coñecer a terra dos seus devanceiros, que alimentou moita da súa narrativa. Remata finalmente o volume co apartado "Galeguidade de Valle-Inclán" no que Del Riego fai unha achega, biográfica e artística, á figura deste escritor nado en Galicia desexando constatar o seu "signo galego" e a inspiración que a súa terra lle puido aportar.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'Del Riego retrata as esenciais de Galicia en 'Sinais dunha cultura', *Faro de Vigo*, 'Sociedade', 10 abril 2003, p. 42.

Faíse eco do acto de presentación da nova obra divulgativa de Francisco Fernández del Riego, *Sinais dunha cultura*, que tivo lugar na Fundación Penzol en Vigo. O acto contou coa presenza do propio autor, que definiu a obra como "de iniciación para que o público coñeza as peculiaridades da cultura galega", tamén do presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Manuel Abeledo, e o concelleiro de Cultura de Vigo, Carlos Príncipe, que destacaron a figura deste escritor dentro do panorama intelectual galego. Remata facendo referencia ao papel de Del Riego como director da biblioteca na Fundación Penzol, que cumpre corenta anos.

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme, *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, prólogo de Francisco Salinas Portugal; Premio Sempre en Galiza de Investigación 2002, Vigo: Edicións A Nosa Terra, setembro 2003, col. Campus, nº 15, 280 pp. (ISBN: 84-96203-45-X).

Carme Fernández Pérez-Sanjulián (A Coruña, 1963) fai un amplo estudo da vontade ideolóxica da obra de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888 - Trasalba, 1976). Partindo da idea da existencia dunha literatura fundacional, que a autora explica como aquela que con vontade de crear un conxunto de ideas nacionais, Fernández Pérez-Sanjulián estuda unha a unha as diferentes novelas de Otero Pedrayo. Conclúe, así, que do conxunto da súa obra se pode extraer unha mensaxe política. Otero Pedrayo, segundo sostén a autora, tentou coas súas novelas darlle un referente nacional a Galicia.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Otero Pedrayo quere difundir a idea de nación a través das súas novelas', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 29.

Carme Vidal entrevista a Carme Fernández Pérez-Sanjulián tras gañar esta última o premio Sempre en Galiza de ensaio coa súa obra *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Nesta entrevista trátanse as principais liñas argumentais sobre as que xira o libro, do que se anuncia que vai ser publicado en *A Nosa Terra*.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Ramón Otero Pedrayo: constructor literario da nación', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 25 novembro 2003, p. 3.

Miguel Anxo Fernán Vello fai unha crítica altamente positiva de *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo* (2003) que, segundo di parafraseando a introdución do texto, se convertirá nun acontecemento dentro da historiografía literaria galega. Para Fernán Vello este é un libro de lectura obrigada tanto para os lectores de Otero Pedrayo como para os interesados na literatura.

- Clara Aldán, 'La fascinación de Bará por Otero Pedraio', *Diario de Pontevedra*, 'Desde a Praza da Verdura', 2 decembro 2003, p. 28.

Comenta Clara Aldán que na presentación do libro *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, gañador do premio "Sempre en Galiza" 2002, a autora, Carmen Fernández, chegou tarde. Mentres non chegaba, explica, Bará ocupou o tempo de espera falando de Otero Pedrayo. Tamén se refire á presenza de Quintana no Congreso Bóveda.

- Pilar Fariña, 'Louzán vuelve a sorprender al negociar con la oposición los presupuestos', *El Correo Gallego*, 'Pontevedra', 2 decembro 2003, p. 22.

Entre outros temas que non teñen que ver coa literatura, Pilar Fariña faise eco da presentación no Café Moderno de Pontevedra do libro *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, gañador do Premio de Investigación "Sempre en Galiza" 2002. Tamén anuncia a próxima entrega dos premios "Modesto R. Figueiredo" na súa XXIXª edición.

Ferreiro Fente, Xosé Gregorio, *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela (florilexio de textos sobre a vida, a obra e o home)*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, novembro 2003, 207 pp. (ISBN: 84-8485-132-X).

Volume de homenaxe ao escritor Lorenzo Varela (A Habana, 1916-Madrid, 1978) que ten a Xosé Gregorio Ferreiro como autor da edición, compilación e notas, e que conta tamén cun prólogo de Alonso Montero. Nel fálase desta colectánea da que se salienta que é unha escolma representativa dos xuízos e das observacións que os críticos e estudosos emitiron sobre a vida e obra de Lorenzo Varela. Tamén ten collida neste libro unha

biobibliocronografía, que inclúe a etapa *post mortem* (1979-2003) de Lorenzo Varela. A seguir preséntase o "Florilexio" no que sesenta e seis escritores -entre eles Ánxel Fole, Fernández del Riego, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo, Rafael Alberti, Octavio Paz, Otero Pedrayo, Ernesto Guerra da Cal, Méndez Ferrín, etc.- falan sobre a vida, a obra e o home Lorenzo Varela. Como remate aparece un "Anexo" con poemas sobre Lorenzo Varela -de Iglesia Alvariño, Darío Xohán Cabana, Manuel Lueiro Rey, etc.-, cunha lembranza inédita "Unha casa en Buenos Aires" de Fernando Scornik Gerstein datada en 1993, con cartas relacionadas con Lorenzo Varela e mais con dous textos, obra do autor homenaxeado: "Autobiografía" -inédito e datado en 1972- e mais "Diseño de una nación".

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, 'Monterroso lembrou a Lorenzo Varela desde diversos ángulos', *El Progreso*, 'Comarcas. A Ulloa', 30 novembro 2003, p. 21.

Dáse conta da presentación deste volume dentro dos actos de homenaxe a Lorenzo Varela que tiveron lugar en Monterroso e tamén se recollen opinións de Fernando Scornik Gerstein sobre a súa convivencia co seu padrastró Lorenzo Varela.

- Daniel Salgado, 'Monterroso honra o poeta exiliado Lourenzo Varela', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 30.

Indícase que, vinte e cinco anos despois do pasamento de Lorenzo Varela, o concello de Monterroso homenaxeou a figura deste poeta exiliado cunha mesa redonda e coa presentación de *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela (florilexio de textos sobre a vida, a obra e o home)*, do que se subliña que amosa as valoracións que, con Varela e os seus poemas como paisaxe, realizaron varios escritores.

- Gonzalo Bouza-Brey, 'Últimas novedades', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Libros que leer', 6 decembro 2003, p. 27.

Fálase da homenaxe á figura de Lorenzo Varela que tivo lugar en Monterroso así como do libro *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela*, do que se destaca que recupera a memoria dun dos poetas galegos máis senlleiros e case descoñecido para a maioría dos galegos.

Fortes, Belén (coord.), *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, limiar de Belén Fortes, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Estudios e investigacións, 157 pp. (ISBN: 84-7824-430-1).

Volume colectivo que contén seis ensaios de Virginia Woolf traducidos do inglés ao galego por Alberto Fortes, nomeadamente: *Profesións para as mulleres*, *Mulleres novelistas*, *Carta de Woolf verbo do status intelectual das mulleres*, *Contestación de Woolf*, *As mulleres e a ficción* e mais *A característica feminina na ficción*. Complétase a obra con outros doce artigos doutras tantas autoras galegas que, tomando como punto de partida os ensaios de Woolf, reflexionan sobre a relación entre as mulleres e a literatura. Son os

seguintes:

-Ana Romaní, 'As papoulas, o xardín e outros rubores ou sobre o anxo da casa e as literaturas', pp. 145-149.

Abórdase a cuestión das literaturas de mulleres através dunha serie de reflexións e preguntas retóricas, nas que se establece un diálogo implícito coa mesma *Eduarda* á que se dirixía o ensaio de Rosalía de Castro *Las Literatas*. Pártese da base de que a Literatura con maiúsculas non admite máis que un dobre adxectivo: boa ou mala. Indícaselle a Eduarda que malia pasaren só cen anos, os mecanismos de descrédito de certa literatura vinculado coa súa feminización agora son máis sutís, sabendo que "o mercado banaliza e simplifica e vende, que a literatura das mulleres é unha marca que oculta en si mesma, e entre mesas redondas e titulares enganosos, o prezo dun silencio monstruoso, agora rendible, que a penas saciará (¿por canto tempo?) a ansiedade do cíclope". Sinálase que a marca crea o seu propio produto, convertendo unha *parte* da literatura que escriben as mulleres en *todo* o que escriben as mulleres, a pesar de que cada muller escribiu diferente e resistente ao longo dos séculos. A seguir Ana Romaní advirte que se ben foi preciso como estratexia visibilizar as escritas, evidenciar a súa negación e subversión, desvelar a non neutralidade do neutro universal, agora córrese o risco de solidificarse nas etiquetas, pasando de ser excluídas en tanto que mulleres a ser lidas como mulleres ou por ser mulleres. Finalmente ofrécese unha ampla nómina de autoras entre as que se vai indicando que "nada é igual". O traballo conclúe sostendo que "nada é igual e, sen embargo, hai un fío que como a tea esgazada de Penélope rompe e creba as arestas do mito, e a súa parodia polo xardín".

-Camiño Noia, 'A ollada interior de Virginia Woolf', pp. 33-44.

A autora comeza este traballo sinalando as circunstancias que condicionaron a súa percepción da obra de Virxinia Woolf, os distintos momentos en que se achegou á súa obra e qué buscaba en cada un deles: ver o emprego que nas súas novelas facía das novas técnicas narrativas, procurar as súas propostas sobre a escrita de mulleres, analizar a súa relación co grupo de intelectuais universitario de Bloomsbury e finalmente, tras ver o filme *As Horas*, deixarse levar polos textos e tratar de percibir as esencias que encerraban. Tras esta pequena explicación abórdanse os aspectos biográficos que Camiño Noia acha determinantes no proceso da construción textual de Woolf, analizando así mesmo a utilización que esta fai das súas vivencias familiares como materia literaria das súas novelas. A seguir céntrase no feminismo de Virxinia Woolf, partindo dunha reflexión sobre os xuízos de Harold Bloom a respecto deste asunto, e nas consideracións da autora británica sobre a escrita das mulleres. Por último a autora destaca a concepción intelectual da realidade, o seu esteticismo e as súas ideas feministas na crítica literaria como os aspectos máis sobranceiros da obra de Virxinia Woolf.

-Celia M.^a Armas García, 'Virginia Woolf e o polisistema literario', pp. 101-111.

Reflexión sobre os ensaios de Virgina Woolf desde a perspectiva teórica iniciada por Itamar Even-Zohar. Obsérvase así que a profesión de escritora e de produtora está limitada desde o comezo por non ter o mesmo repertorio que os seus colegas masculinos, sendo os

seus produtos de interese máis restrinxido ao impediren os homes o tratamento de certos elementos. No tocante á institución, sinálase que non había no tempo de Woolf moito interese en impulsar textos de autoría feminina, un interese que tampouco amosa o mercado. Así, destácase o déficit que presentan as escritoras á hora de normalizaren o seu papel débese a carencias en macrofactores fundamentais para o funcionamento do sistema, carencias que veñen impostas por factores externos, relacionados coa súa posición subordinada ao home. Considérase que a escritora inglesa foi un "escritor" no sentido tradicional do termo, mais marcada pola condición de xénero, o que a leva a tomar partido e ser conscientemente feminista. Através da análise dos seus escritos, conclúese que Woolf mantivo unha belixerancia constante neste campo, inclusive consigo mesma.

-Helena González Fernández, 'Mulleres e ficción en Galicia ou a necesidade de superar os estados carenciais', pp. 45-60.

Partindo do artigo "Women and Fiction", que Virxinia Woolf publicara en 1929, analízase a situación da literatura galega actual escrita por mulleres, sostendo que a dobre cuestión dos xéneros como territorios formais da ficción e como territorios das identidades se manifesta nas situacións de subalteridade como a (hiper)conciencia das carencias e o reto permanente por superalas. Sinala que o caso galego, malia certas particularidades, como a dobre resistencia de xénero e nacional, non difire moito doutros. Analízanse así as carestías que observaba Woolf na ficción inglesa escrita por mulleres, confrontándoas coas que se detectan na literatura galega. Abórdanse así diferentes cuestións como a dos xéneros literarios na escrita feminina e o mito da normalidade, a obxectualización á que se someteu certa escrita de mulleres converténdoa nun produto de consumo, o papel que xogou a literatura testemuñal no caso galego, a preocupación á que deu lugar a conciencia da carencia de narradoras nos 90, fronte ao que sucedía noutros sistemas literarios, as razóns deste déficit de narradoras, a necesidade de superar a construción de personaxes modélicos ou a necesidade de elaborar estratexias ficcionais que "reviren" o repertorio, o tema da deconstrución da masculinidade ou o conflito entre o mito da normalidade, que pasa polo (hiper)mercado, e o mito da vangarda est/ética. Finaliza sinalando que esa narrativa e teatro escrito por mulleres que tanto se agarda na literatura galega, para ter éxito, debería autoimporse tamén retos formais, de tal xeito que as súas aparicións non sexan clons dos modelos dispoñíbeis.

- Inma López Silva, 'Unha autora para a Odisea ou a noiva superdotada de Harold Bloom', pp. 85-91.

Reflexión sobre a situación das mulleres -especialmente das mulleres escritoras- que parte dunha anécdota de verniz cosmopolita nunha biblioteca de París. A autora bota man do exemplo vital e textual de Virgina Woolf, mais tamén das súas propias experiencias como novelista e, singularmente, como crítica teatral. Neste último aspecto, o da crítica, obsérvase o problema da denominación das mulleres que exercen este labor, así como a súa participación nun terreo dominado tamén polos varóns.

-Luísa Villalta, 'Por que os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita

por mulleres)', pp. 61-84.

Preténdese neste artigo avivar o debate sobre os condicionantes de xénero no público lector, o que leva tamén a reflexionar sobre o problemático tema da autoría feminina, no sentido do "personaxe da escritora". Este personaxe é unha muller libre, independente, dispón do "cuarto propio" reclamado por Virginia Woolf, etc.; porén, non deixa de ser un personaxe, "un duplicado escénico baixo o que se ocultan a escritoras reais". Obsérvase tamén cal é o proceso de secundarización da literatura escrita por mulleres e como a teoría feminista pode caer en ocasións en trampas ás que as conduce o propio sistema. O escrito termina cunha atípica declaración de intencións, onde sintetiza as principais liñas que defendeu previamente.

-Manuela Palacios González, 'Virginia Woolf e o discurso ambivalente', pp. 93-100.

Céntrase na análise do ensaio "As mulleres e a narrativa" e a ambivalencia do seu discurso, calificándoo como un ensaio que se deconstrúe a si mesmo. Sostén que o método empregado por Woolf é o da "exploración oscilante" e xulga os seus paradoxos non como eivas, senón como manifestacións dunha loita de intereses ideolóxicos. Deste xeito abórdase a contradición que se dá no ensaio entre a denuncia da exclusión das mulleres da profesión de escritoras e a condena da actitude reivindicativa na narrativa, vinculándoa co conflito de discursos que se dá nas primeiras décadas do século XX: por unha banda o discurso feminista de liberación da muller, e pola outra un discurso modernista que predica a autonomía da arte a respecto da sociedade, a autonomía dos xéneros literarios entre eles e a ruptura co realismo do XIX. Sostén Manuela Palacios que o discurso ambivalente de Woolf non dá por supostas ningunha destas teorías senón que as vai probando, tenta relacionalas e estúdaas nunhas circunstancias e nun período histórico moi concreto. Afirma así que a autonomía da arte é un discurso ideolóxico con difícil arraigamento en Virginia Woolf, sendo máis fortes aínda as súas reservas no tocante ás barreiras entre xéneros literarios. Conclúese que nese choque dos discursos feminista e da autonomía da arte o primeiro é o que Woolf considera prioritario e factíbel, colocando a autonomía da arte no "non-lugar" da utopía.

-Margarita Ledo Andión, 'Virginia Woolf, un bolso cativo que esvara para o chao...', pp. 133-137.

Sostense que Virginia Woolf é paradigma da modernidade e do século XX. Sinálase a súa diversidade e a diversidade de vieiros polos que nos conducen os seus textos, e que cada escrito, cada fragmento, a súa obra literaria e mesmo a exhibición da súa independencia, son un resultado, alén dunha construción dunha imaxe con valor de representación dun novo suxeito, a muller. Indícanse algúns dos moitos signos que inscriben a Woolf no seu tempo, nos momentos nos que se definiu o século: a decisión de matar o "anxo do fogar", a consciencia do poder e os seus mecanismos, a psicoanálise, a relación entre mente e corpo e entre querer e facer, a identidade como resultado e como novo elemento de intervención, a construción da diferenza... Saliéntase que no ámbito da literatura, ao igual que noutros, propón aspectos seminais para o pensamento materialista e destácase tamén a súa confianza no cine, ao que olla coma unha linguaxe que podemos ver e sentir, e a pescuda arredor de

cómo poderá o cine atopar a súa diferenza. Afirma Margarita Ledo que a existencia dunha diferenza non reductíbel, tamén desde a perspectiva de xénero, emerxe en todos os ámbitos do século, singularmente no da creación cultural, apuntando os debates teóricos dos anos oitenta e concluíndo que existen distintos modos de entender e practicar a alteridade. Remata lembrando algunhas inflexións, algunhas das persoas ou actuación que permiten que nos interroguemos se existiu a muller no século XX, isto é, se foi só produto ou se foi unha persoa activa. Os exemplo que sinala son Leni Riefenstahl, Tina Modotti, o magazine *Ladies Home Journal*, Emilia Altenloh ou Gisele Freund. Insístese en que Woolf foi pioneira neses anos de entreguerras e en que no caso do cinema a súa contribución roza a xenialidade da intuición. Finalízase apuntando que Woolf quería falar dos afectos, ousando facelo nos seus textos máis incidentais: "Buscou imaxes para trasladar afectos nunha obra de novo tipo, nunha escena posíbel en que a paixón fose un bolso cativo de muller no chao".

-María do Cebreiro Rábade Villar, 'A escrita das tateas: teoría e práctica do discurso interrompido (unha lectura do pensamento literario de Virginia Woolf)', pp. 151-157.

María do Cebreiro lembra o mito de Progne e Filomela como mostra de dous discursos, o do canto e o do silencio, que son cara e cruz dun mesmo rito de restauración do paraíso perdido das mulleres. Filomena representa o florido discurso da saudade, a retórica das bágoas e o lamento, e Progne o discurso do silencio. Porén, a autora reinterpreta a Progne non como muda, senón como tateas, o que a leva a reflexionar sobre a escrita das tateas e o pensamento literario de Virxinia Woolf. Afirma a autora que "unha imposible gramática da tartamudez débúxase como un proxecto no que o *logos* está imposibilitado para tomar asento, para instalarse de xeito comfortable 'en las orillas del Ser'. Deste xeito, por habitar "a casa do ser" as tateas veríanse obrigadas a pagar un alto prezo. Salienta que a tartamudez ten a súa orixe no réxime dos afectos, indicando que nomear o afectivo é na sociedade actual a estratexia máis efectiva de oposición ao "factual", isto é, ao económico. Así, se Woolf lamentaba que a literatura feminina se identificase coa expresión dos sentimentos, María do Cebreiro sitúase entre as que botan en falta a compoñente emocional no discurso dos homes, lamentando a castración afectiva que produce certa condepción do "masculino". A seguir a autora aborda o artigo "Professions for women", que segundo confesa a reconciliou definitivamente coa escritora británica, e a relación de Woolf con James Joyce. Fronte á lectura da demanda que fai Woolf dun cuarto propio como esixencia dunhas condicións materiais mínimas que posibiliten para as mulleres o exercicio da literatura, considera que con esta figura a autora tamén pretendía representar o dubidoso espazo dunha escrita "non contaminada", en conexión cos ideais do modernismo angloamericano da súa xeración. Deste xeito a autora destaca a complexa encrucillada teórica do pensamento literario de Woolf ao reclamar, como muller, unha diferenza na escrita e denunciar, como intelectual, as pegadas femininas sobre o texto, "residuos" prescindíbeis que testemuñarían o servilismo do sentido a unha condición externa, mingando así a súa desexada autonomía. Indícase ao mesmo tempo que Woolf reconece a masculinidade da escrita e considera que a afirmación das mulleres como escritoras comporta a xestación dunha fraseoloxía feminina. Fronte á idea de que a muller acada a maioría de idade no momento no que decide deixar de escribir baladas, de suspirar ou berrar para entrar nos territorios supostamente neutrais da narrativa ou do ensaio, territorios da "non-persoa", sospeita María do Cebreiro que o risco está xustamente en negar o espazo

da persoa a expensas dunha inflación do saturado espazo do individuo: "A persoa perde o seu nome no xénero (sexual ou literario, de novo tanto ten) e só pode recobralo facendo visíbel a gaiola dourada da linguaxe, o teito de cristal da tradición". Conclúe que o feito de a literatura feminina estar cinguida a condicionamentos externos pode non ser testemuño da súa falibilidade, senón a confirmación de que quizais non sexa desexábel nin posíbel unha escrita "desprovista de costuras, de remendos, de cicatrices que apunten cara a un 'fôra do texto". Así, como resposta ao imperio da palabra normativa, celebra a posibilidade dunha literatura tateada, sinalando algunhas (e algúns) das descendentes de Progne na literatura galega.

-María Pilar García Negro, 'Rosalía de Castro: o valor dunha pioneira', pp. 127-131.

Pilar García Negro realiza un percorrido por algúns dos aspectos nos que a escritora galega Rosalía de Castro foi pioneira, especialmente no referido ao combate feminista desde a literatura. Con este fin, salientáanse obras como *El caballero de las botas azules (Cuento extraño)* ou "Las literatas". Tendo en conta os condicionantes da obra rosaliana, Pilar García Negro sostén que se as contribucións de Woolf ao campo do feminismo e da literatura de autoría feminina poden cualificarse de revolucionarias, a obra de Rosalía de Castro "esgotaría os adxectivos" nestes mesmos campos.

-María Xosé Porteiro, 'Aproximación a algunhas das preocupacións compartidas con Virginia Woolf arredor das mulleres e a literatura', pp. 113-125.

Percorrido pola historia do silenciamento e a reivindicación da voz das mulleres, seguindo itinerarios de pensamento xa transitados tamén por Virginia Woolf. Iníciase o texto cunha análise sobre o momento da privación da palabra feminina e o papel das relixións neste proceso, para logo atender ao papel da escrita como canle para a liberdade de expresión (no cal se atende tamén a algúns exemplos galegos, como os de Rosalía de Castro e Francisca Herrero Garrido). O texto detense despois no combate para que as mulleres teñan presenza no espazo público e conquisten o dereito pleno de cidadanía, o cal vai da man dunha nova corrente: a feminista.

-Marilar Aleixandre, 'Arrebolarlle un tinteiro á cabeza', pp. 139-143.

Partindo da imaxe de Virginia Woolf, na que conta que para desfacerse do Anxo do Fogar rematou por arrebolarlle un tinteiro á cabeza, Marilar Aleixandre reflexiona sobre os estereotipos e sobre como lles facer fronte. A autora aposta, máis que por tirarlles tinteiros á cabeza, por opoñerlles imaxinación. Comeza defendendo que non existe "a muller", senón moitas mulleres con personalidades, desexos e teimas propias. Discute así mesmo a existencia da "literatura de mulleres", apuntando que en todo caso ela prefere falar de "literatura e mulleres". A propósito dos estereotipos e fantasmas cos que se tivo que enfrentar Virginia Woolf como escritora considera que moitos deles están xa superados. Sinala que na actualidade o fantasma do que resulta máis difícil desfacerse é o da conciencia da propia autoría como muller: falar desde a condición de muller. A este

respecto reflexiona sobre as implicacións que isto ten sobre todo en xéneros como a narrativa, nos que é esencial deixar aos personaxes despegarse da autora ou autor, ou sobre os dilemas que ten que afrontar unha escritora pola súa condición de muller, como se cumprise utilizar unha obra literaria para desmontar prexuízos e estereotipos sexistas. Finaliza reivindicando o papel da imaxinación, a súa capacidade para derrotar seres imaxinarios e o feito de que para que algo poida solidificarse na realidade, primeiro cómpre imaxinalo. Deste xeito, salienta que as mulleres lle deben á imaxinación a súa situación actual, posto que para que se chegase até aquí outras mulleres tiveron que imaxinalo e soñalo antes.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Doce ensaios arredor de Virginia Woolf...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 321, 'Librería galega', 19 xullo 2003, p. 2.

Saliéntase o crecente interese que espertou nos últimos anos a "literatura de mulleres", contrapondo esta expresión á de "literatura feminina". Faise referencia á opinión dalgunhas analistas que afirman que o feito de instar ás mulleres a definir o que é ou non é a literatura de mulleres sería o froito dunha visión de esguello sobre o panorama literario, realizada desde unha posición de superioridade que obriga á minoría a definirse. A seguir indícase que neste libro, doce autoras "con nome propio na cultura galega" reflexionan sobre a relación entre as mulleres e a literatura partindo de varios ensaios de Virxinia Woolf que se reproducen nas primeiras páxinas, aspirando así a superar e actualizar o seu pensamento de sorprendente vixencia, e darlle unha nova dimensión. Afirmase deste xeito que o volume pretende ser un punto de encontro aberto ás opinións destas doce autoras, servindo de plataforma desde a que reflexionar sobre este tema sempre controvertido, participando así con perspectivas heteroxéneas nun debate que parece estar máis aberto que nunca. Finalízase coa nómina de colaboradoras que participan no volume.

- Dorinda Castro Soliño, 'O anxo da casa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Libros', 11 setembro 2003, p. IV.

Afirmase que o libro coordinado por Belén Fortes consiste na recompilación e edición duns textos ensaísticos de Virxinia Woolf sobre a conflitiva temática das mulleres escritoras. Así, Dorinda Castro apunta que con este pretexto na obra reflexiónase sobre a cuestión da "literatura feminina" ou "literatura feita por mulleres", debaténdose cuestións como, se a muller debe escribir desde unha posición identitaria de xénero, se a muller ten unha ollada diferente sobre o mundo e sobre si mesma, se ten un xeito diferente de se enfrontar á escrita ou se os avances na situación social da muller se reflectiron no ámbito da creación literaria. Tras indicar o nome das mulleres que reflexionan sobre estes asuntos no volume, saliéntase que nos fornecen unha visión plural sobre cuestións como o feminismo de Woolf, ou se a narrativa é un xénero máis doado para a muller, o que contrasta coa situación galega. Esta situación tamén se analiza, abordándose aspectos como a falta de modelos literarios, a necesidade de cubrir baleiros ou a dupla problemática de enfrontarse ademais de á cuestión do xénero á cuestión nacional. Castro tamén apunta que no libro se ofrece un percorrido histórico pola loita dos movementos de liberación da muller, os mitos sobre o seu rol na sociedade, a diferenza entre feminismo e feminidade e a explicación do feito literario

feminino partindo da teoría dos polisistemas. Conclúese que o libro dá unha nova dimensión ás ideas de Virxinia Woolf achegando importantes opinións a un debate aínda aberto, e insinúase que para normalizar de verdade, quizais faga falta un volume no que os homes reflexionen sobre si mesmos.

Referencias varias:

- M.R.B., 'Escrita e mulleres', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 14.

A partir dunha serie de textos de Virginia Wolf, doce mulleres da cultura galega reflexionan sobre a condición feminina neste volume coordinado por Belén Fortes. M.R.B. subliña a actualidade da autora de *Cara ó faro*.

- Ángel V. A., 'A la espera del verano tardón', *El Progreso*, 'De actualidad', 19 xuño 2003, p. 68.

A propósito das vacacións e a lectura nas praias recoméndase este libro para aqueles que gusten das "lecturas estivais sesudas". Indícase que nel, doce autoras galegas reflexionan sobre a relación entre a muller e a literatura, salientando que algunhas destas autoras son de Lugo, como María Pilar García Negro e Margarita Ledo Andión, ou fillas de lucenses, como María do Cebreiro Rábade Villar.

- MARÉ, 'Doce ensaios sobre Virginia Woolf', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2003, p. 54.

Infórmase da presentación desta obra na Galería Sargadelos de Santiago, indicando que no acto interviron Dolores Vilavedra e María Xosé Agra Romero. Sinálanse as doce autoras galegas que participan neste volume, coordinado por Belén Fortes, no que analizan a vixencia do pensamento da feminista inglesa e expoñen o tema da literatura de mulleres.

- M. Rodríguez, 'Escrita e mulleres', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 15, 'Letras en galego', 28 xuño 2003, p. 7.

Tras sinalar que no mundo editorial galego Virxinia Woolf é case unha descoñecida, indícase que Sotelo Blanco publica este ensaio, coordinado por Belén Fortes, no que unha ducia de docentes, escritoras e críticas galegas glosan a obra de Virxinia Woolf e a vixencia das súas ideas e da súa escrita, tentando dar resposta a preguntas como se a muller ten unha ollada diferente do home sobre o mundo e sobre si mesma, e cómo se reflicte isto na súa escrita. Advírtese de que a lectura dos traballos non pecha o debate, senón que o aumenta e enriquece.

- Susana Álvarez, 'Doce escritoras gallegas reabren el debate sobre la literatura de mujer alrededor de Virginia Woolf', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 3 xullo 2003, p. 45.

Infórmase de que a obra foi presentada na Feira do Libro de Vigo. Sinálase que se trata dunha colección de ensaios arredor da figura de Virxinia Woolf e da relación entre a literatura e a muller. Finalmente recóllense unhas declaracións da Concelleira da Muller, María Xosé Porteiro, realizadas na presentación do libro, nas que sinala que a presenza da

muller no discurso público coincide co avance da democracia e coa súa maior participación social.

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario a esta obra.

Frías Conde, Francisco-Xavier, *A poesía eonaviega contemporánea (Notas sobre literatura galega de Asturias)*, prólogo de José Antonio López Silva, Eilao-Asturias: MDGA Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, febreiro 2003, 124 pp. (ISBN: 84-89880-42-5).

Neste breve libro de Francisco-Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) faise unha revisión da literatura escrita en galego nas terras asturianas entre o Eo e o Navia. No prólogo, José Antonio López Silva perfila a figura de Frías Conde como investigador da lingua e a cultura galegas deste territorio administrativamente asturiano. Precisamente, di López Silva que moitos dos seus artigos sobre esta temática son o xermolo do volume, do que salienta a súa importancia de cara a fomentar a reflexión no sistema literario galego sobre a súas periferias e sobre as súas relacións con estas. O estudo ten basicamente tres partes; a primeira, que abrangue aproximadamente as sesenta primeiras páxinas, é unha análise do panorama literario eonaviego desde principios do século XX ata principios do século XXI. Para afrontar esta primeira parte, hai unha pequena introdución sobre as características da lingua e a literatura galegas en Asturias. Logo, faise unha periodización das manifestacións literarias por etapas: principios do século XX, anos do franquismo e a literatura desde 1975; nesta última etapa distingue tres xeracións: a do Rexurdimento, a intermedia e a dos oitenta. A segunda parte do libro é un repertorio bibliográfico da literatura eonaviega entre 1995 e 2001, na introdución aclara as particularidades deste traballo, e como foi elaborado: a escaseza de libros, as normativas e linguas que se empregan e os criterios que se tomaron para seleccionar os textos que comprende. O repertorio consta de cinco páxinas, con obras tanto ficcionais como filolóxicas en xeral, pero os criterios empregados para a súa elaboración son confusos. A terceira parte é unha antoloxía, na que se recollen traballos de autores clasificados segundo a súa data de nacemento (os nados antes de 1960 e os nados despois deste).

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Eo-Navia descubrir a literatura de Asturias', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 4 maio 2003, p. 3.

Como espazo de atención merecido para a lingua galega do occidente de Asturias, preséntase a obra de Xavier Frías Conde, que reclama o dereito desta fala a unha literatura digna de consideración. Do autor faise un breve percorrido polas diferentes actividades ás que se dedica: poeta, activista cultural e promotor do galego e do eonaviego en concreto. Lóase o traballo rigoroso sobre o galego de Asturias que se presenta no libro, se ben, non se

comparte o seu criterio no apartado onde se estuda da literatura, que recolle desde autores do século XIX, coma Bernardo Acebes y Huelves, ata os poetas máis novos, como Viqui Veiguela; tamén se recalca a boa edición, que fixo o propio autor, e na que se inclúe un prólogo de José Antonio López Silva.

Fundación Vicente Risco (editor), *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*, ilustr. de Xaime Quessada, Virxilio Fernández, Arturo Baltar e Acisclo Manzano, A Coruña: La Voz de Galicia/Fundación Vicente Risco □, 2003, col. Biblioteca Gallega, 237 pp. (ISBN: 84-9757-111-8).

Volume que recolle dezoito colaboracións nas que se procura dar unha imaxe múltiple (cada colaboración céntrase nunha faceta do autor) de Vicente Risco atendendo tanto ás características intelectuais coma ás meramente biográficas. O prólogo á edición é de Bieito Rubido, director de *La Voz de Galicia*, nel fala das múltiples tarefas disciplinarias que levou a cabo o autor ourensán durante a súa vida, ao tempo que se tilda de controvertido e inadaptado á súa época. Ilústrase a obra con debuxos de varios deseñadores.

-María Jesús Martínez-Risco Fernández, "O pai", pp. 11-15.

María Jesús, filla do autor, recorda a imaxe de seu pai e a maneira de actuar cos seus fillos. Nárranse imaxes da infancia, como as reunións de intelectuais que se producían no escritorio contiguo ao dormitorio da nena. Fálase tamén da relación despois do matrimonio da filla, da enfermidade que acabou coa súa vida, etc.

-Francisco Fernández del Riego, "O perdurable", pp. 19-27.

Breve percorrido biográfico que ilustra o traballo de Risco como literato. Fálase do nacemento de *La Centuria* e da súa ideoloxía do momento, da revista *Nós*, dos seus artigos tanto nestas como en *A Nosa Terra*, a cegada de *O porco de pé*, etc.

-Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro, "O ourensán", pp. 31-34.

Breve comentario sobre a vida cultural de Ourense nos anos da posguerra: tertulias, publicacións e outras actividades das que Risco semellaba o epicentro.

-Xosé Ramón Barreiro Fernández, "O murguían", pp. 37-50.

Comézase falando do esquecemento ao que algúns membros das irmandades someteron aos precursores. Risco tamén foi nun principio crítico con Murguía e cos precursores, aínda que logo os estudase. Arredor desta tensión entre "vellos" e "novos" movementos xira todo o artigo.

-Justo Beramendi, "O nacionalista", pp. 53-62.

Breve teorización sobre Risco e o nacionalismo, relacións, visións, etc. Tócanse temas básicos como a distinción de nación e estado, o concepto de Galicia-nación, a perda da

galeguidade, as necesidades de Galicia e os fins para os que debe orientarse o traballo político dos galegos.

-Xosé Manuel Cid Fernández, "O pedagogo", pp. 65-79.

Fálase de Risco como educador. Dende 1916 ata a República, Risco é parte do Claustro da Escola Normal de Mestres de Ourense onde discutía con outros intelectuais sobre prácticas educativas e outros temas. Fálase da formación dunha escola galega, dos problemas trala guerra, etc.

-David Cortón Lamelas, "O caldéalo", pp. 83-93.

Fálase da orixe da familia de Vicente Risco, de Castro Caldelas. Coméntanse as paisaxes da zona e as palabras do autor en artigos e obras que beben das imaxes desta localidade e que levan a calificalo como o "cronista oficial de Castro Caldelas".

-José M^a Equileta Franco, "¿O arqueólogo?", pp. 97-101.

Risco non foi un arqueólogo, pero si foi un teórico da historia e si valoraba a arqueoloxía como documento histórico. A revista *Nós* prestou atención á arqueoloxía e na súa *Historia de Galicia* (1952) refírese a pobos antigos coñecidos polas manifestacións arqueolóxicas. Tamén se fala da tradición popular.

-Camilo Franco, "O dramaturgo", pp. 105-110.

O teatro é imprescindible para a construción dun país: a mesma idea que afloraba nos anos 20, segue vixente hoxe. Risco escribiu *O bufón d'El Rei* en 1924 e publicouna en 1928. Coméntase esta obra; tíldase de menor pero analízanse as súas virtudes e coméntase un pouco a realidade da súa existencia ata que o CDG (Centro Dramático Galego) a representou na actualidade.

-Mar Gil, "O allaricense", pp. 113-117.

Coméntase a relación de Vicente Risco coa vila de Allariz; a súa casa; os artigos alí xurdidos para o xornal *La Región*; os paseos pola vila; a etnografía; a figura do nacionalismo na vila, etc.

-Arturo Lezcano Fernández, "O profeta", pp. 121-124.

Comézase falando da coherencia na obra e na vida de Vicente Risco e a continuación criticase aos que chamaron "traidor" ao autor. Fálase dalgunhas das concepcións de Risco sobre o mundo e o home e da perdurabilidade da súa palabra.

-Alejandro López Outeiriño, "O xornalista", pp. 127-129.

Partindo do feito de coincidir en *La Región* Vicente Risco e o autor deste artigo, coméntase o traballo do primeiro como xornalista. Fálase da súa capacidade como articulista, crítico

literario, etc. Destácase o seu coñecemento de temas moi diversos e cítase *El libro de las horas* como o mellor legado de Vicente Risco ao xornalismo.

-Luís Martínez-Risco Daviña, "O lusista", pp. 133-140.

Coméntase o interese, tanto político coma cultural, de Vicente Risco por Portugal e a divulgación que tentou facer dalgún autor portugués, a aproximación que buscou dende as Irmandades da Fala e o posicionamento ideolóxico ao respecto, entre outras cousas.

-Manuel Outeiriño, "O pesimista", pp. 143-161.

Partindo dunhas palabras de *Nós, os inadaptados* nas que Vicente Risco se define como pesimista, coméntase parte do estilo da prosa do autor e ponse en relación co pensamento alemán do que é deudor. O seu concepto de nacionalismo na época da I Guerra Mundial, a súa proximidade a Hegel ou a idea de "nacionalismo cultural" son algúns dos temas tratados.

-Olivia Rodríguez González, "O pensador", pp. 165-182.

Fálase do pensamento de Vicente Risco e ponse en relación con outros aspectos da realidade histórica como o da actualidade. Fálase dos seus contrarios, artistas que non lle gustaban pero que son importantes dentro da cosmogonía dos opostos. Coméntanse visións artísticas e outros aspectos do seu pensamento e ilústrase todo con anacos de textos do autor.

-Anxo Tarrío, "O literato", pp. 185-215.

Percorrido pola obra de Vicente Risco no que se fala tanto das pezas en galego como das escritas en castelán. Caracterízase o estilo mencionando o xesto "insolente" de obras coma *O porco de pé*, fálase das influencias e proximidades literarias, recóllense anacos de obras, etc.

-José Luís Varela, "O paraíso", pp. 219-225.

Narración de momentos nos que José Luís Varela coincidiu con Vicente Risco e outros intelectuais da época e que serve para evocar a figura do autor ourensán.

-Joaquín Ventura, "O heterodoxo", pp. 229-237.

Coméntanse algunhas das doutrinas que axudaron á formación de Risco como intelectual. Así, fálase do interese polas culturas orientais, a propia concepción do nacionalismo, a mitoloxía culta e outros elementos que axudan a debuxar a figura dun Risco heterodoxo.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Vicente Risco actualizado', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'Letras en galego', 6 decembro 2003, p. 7.

Coméntase a publicación de *Vicente Risco, o mestre sempre vivo*, un conxunto de dezaioito reflexións de diversos especialistas sobre o autor de *Mitteleuropa*. Fálase das súas inquiredanzas intelectuais así como das principais disciplinas polas que mostrou interese. Coméntase que non é un traballo que peche as posíbeis interpretacións da obra de Risco pero abre un camiño para o seu estudo.

González Fernández, Anxo, López Vázquez, Ramón, *Ramón Piñeiro: dúas lecturas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, novembro 2003, col. Cadernos Ramón Piñeiro, nº 1, 72 pp. (ISBN: 84-453-3678-9).

Con este *Ramón Piñeiro: dúas lecturas* nacen os "Cadernos Ramón Piñeiro", publicados polo centro que leva o nome do pensador galego. Como explican os directores da colección na súa breve introdución, son estes pequenos libros unha iniciativa que pretende, sempre usando a lingua galega, recoller ensaios, investigacións e estudos arredor das Humanidades. Este tomo inaugural, toma como protagonista o pensamento de Ramón Piñeiro (Láncara, 1915- Santiago de Compostela, 1990).

O volume consta dos seguintes artigos:

- Anxo González Fernández, "Lírica e metafísica no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro", pp. 13-40.

Anxo González fai un pequeno estudo sobre uso do sentimento no pensamento de Ramón Piñeiro. Así, recolle as diferenzas que o filósofo fai entre o sentimento que causa no individuo un obxecto ou persoa e o sentimento que causa o propio individuo en si mesmo. Ambos os dous vense reflectidos na lírica, que permite polo tanto establecer unha análise dos mesmos.

- Ramón López Vázquez, "Para unha sistemática de Ramón Piñeiro", pp. 41-72.

Nesta segunda parte do libro, Ramón López trata de indicar o conxunto da obra de Ramón Piñeiro. No primeiro capítulo, "Atrévete a sentir", recolle a presenza do estudo do sentimento na obra de Piñeiro, seguindo por tanto a liña do artigo anterior. En "Todo é cuestión de método", recolle a importancia dos tres no seu pensamento, xa que todo acaba por ser agrupado en conxuntos de tres partes. Finalmente, en "A carta como regra", defende a importancia das cartas na obra do filósofo, na que ocupan pola súa abundancia un lugar de importancia. Afirmar López Vázquez que as cartas Ramón Piñeiro mostran as súas ideas con rotundidade, ademais de que permiten ollar parte da súa realidade que nos seus libros nunca se chegarían a acadar.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, 'Rescatar el pánico en las ondas', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 8 decembro 2003, p. 48.

Nesta páxina, variada en canto á temática, Xurxo Fernández dedícalle unhas liñas aos tres

Cadernos que o "incansable y loable Centro" lle dedica á figura de Ramón Piñeiro.

González Pérez, Clodio, *Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989. Unha vida dedicada á Nosa Cultura*, Noia: Toxosoutos, decembro 2003, col. Memorialia, nº 2, 278 pp. (ISBN: 84-96259-08-0).

Libro no que se recupera a figura de Xaquín Lorenzo "Xocas", o polifacético escritor ourensán ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2004. A obra divídese, fundamentalmente, en dúas partes asimétricas: aquela que ocupa oito dos dez capítulos que a compoñen, na que se narra con detalle a vida do homenaxeado e aquela outra na que é descrita a súa obra, honras e recoñecementos. Na primeira parte faise en primeiro lugar referencia á vida dos seus devanceiros, dos que salienta a figura do pai por ter sido un destacado político pertencente a unha coalición republicano-socialista no Concello de Ourense. Logo de citar o seu nacemento, realízase un repaso pola súa vida de estudante en Compostela, as súas primeiras publicación en *Nós* con vinte anos, a súa actividade no Seminario de Estudos Galegos, a participación na Guerra Civil e posteriores consecuencias, o seu labor como docente no colexio privado Cardenal Cisneros, a inauguración do Museo do Pobo Galego do que el foi presidente do padroado e cuxa inauguración supuxo a culminación de todo un soño e os seus derradeiros días. No que atinxe á obra de Xaquín Lorenzo, ao igual que a que caracterizara a moitos dos membros do Seminario de Estudos Galegos, vese copada por traballos de etnografía, arqueoloxía, historia e lingüística, algo que non esquece de citar o autor desta recompilación, ao igual que non esquece os seus labores como debuxante ou fotógrafo. Estes textos acompañanse con fotografías e ilustracións en branco e negro que dan constancia gráfica das referencias e datos que ao longo de todo o libro se ofrecen.

Graña Pérez, Beatriz, *Voces da memoria: galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista*, Premio Xohana Torres de Investigación 2003, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Concello de Santiago ♦, 2003, 175 pp. (ISBN: 84-9750-267-1).

Ensaio literario escrito por Beatriz Pérez Graña (Redondela, 1978), gañador do premio "Xohana Torres" de Investigación 2003 e editado polo Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Nel ofrécese unha visión reivindicativa da muller galega como "suxeito histórico dentro do exilio e da resistencia que se inicia despois do alzamento militar de 1936 en Galicia", é dicir, a historia tratada dende unha perspectiva de xénero. Ábrese cun breve prólogo que explica o silenciamento da memoria feminina durante o conflito bélico e o posterior réxime franquista e que, consecuentemente, fai que a base investigadora a constitúan fundamentalmente fontes orais. Ao longo dos dous capítulos seguintes, reconstrúense os recordos das mulleres entrevistadas, todas elas de distintas idades, diferentes condicións socio-económicas, diversa procedencia xeográfica, tanto en Galicia como no exilio, ou distinta ideoloxía, para tratar de acadar, por un lado, "unha identidade superior que funda os aspectos colectivos da memoira feminina desta época"; por outro, comprender a complexa relación da muller galega coa política, a guerra,

o exilio e a emigración. Así, o primeiro capítulo leva por título "Exiliadas e resistentes galegas 'coa vida cortada'", que conta a historia daquelas mulleres que viviron a II República, a Guerra Civil e o exilio. Son María Elvira Fernández López (A Coruña, 1912), muller de Luís Seoane, figura fundamental na cultura e na historia de Galicia, que o axuda de xeito incansable, moral e artisticamente, en diferentes actividades culturais no exilio; Ascensión Concheiro García (Ordes, 1913), muller do doutor Francisco Comesaña. A súa vida no tempo da guerra é reconstruída por Manuel Rivas en *O lapis do carpinteiro*. Ambos os dous participaron en diversas asociacións con outros exiliados en México. María Victoria Villaverde (Vilagarcía de Arousa, 1922), exiliada dende adolescente, cando remata a guerra regresa a Galicia e sofre o que ela mesma chama "exilio interior galego", polo que volta a Bos Aires co seu home, participando en actividades culturais. Sentiu tamén a necesidade de recuperar as vivencias da súa infancia e nace o libro *Tres tiempos y la esperanza*. Josefina (Ourense, 1918) e Luisa González Cudeiro, aparecen vinculadas á resistencia distribuindo propaganda comunista durante a posguerra e son encarceradas en varias ocasións. Josefina sofre unha peregrinación por cárceres españois durante once anos, finalmente acada a liberdade condicional. Deciden marchar a Venezuela pero logo volven a Galicia xa que nunca se sentiron adaptadas á nova sociedade e á nova cultura. Finalmente, atópase a figura de Carmen Arias de Castro (A Coruña, 1921), acuarelista e debuxante, xoieira e decoradora, muller de Isaac Díaz Pardo. O ambiente intelectual, galeguista e artístico da súa infancia vese truncado polo alzamento do 36. Xunto co seu home, inician varios proxectos de cerámica: Cerámicas O Castro en Galicia e tamén na Magdalena en Arxentina. Á volta do exilio, impulsan a cerámica de Sargadelos. O segundo capítulo, "Exiliadas e resistentes galegas 'coa vida marcada'", céntrase naquelas mulleres que viviron as consecuencias directas do Réxime. Aparecen os nomes de Ana Viéitez Gómez (Ferrol, 1935), que recorda unha vida de inestabilidade, inseguridade, marxinação e represalias, dunha Galicia de posguerra sumida na represión e na miseria; unha vida primeiro de exilio en México, máis tarde de traslados a Madrid, Canarias e novamente Madrid, onde experimenta a transición democrática e se establece definitivamente. Iolanda Díaz Gallego (Sarria, 1934) e María Luisa Barreiro (San Cosme de Neste, 1941) son dúas mulleres expoñentes da fina barreira do exilio e da emigración, unha mestura entre as antigas sociedades de emigrantes galegos e os novos exiliados. Abandonaron Galicia xunto coas súas familias cando eran moi novas. É en Uruguai onde estas mulleres tiveron grande importancia na difusión cultural e empresarial do ser galego. Finalmente, xorde o nome de Concepción Cid Limia (Ourense, 1946) que garda lembranzas de peso histórico dos últimos corenta anos do século XX. Con estudos de xornalismo e vinculada activamente á política comunista, combina as súas vivencias locais en Ourense, Santiago, Vigo e Ferrol coas lembranzas en Madrid ou, no ámbito internacional, en Arxentina, Suíza, Unión Soviética e Romanía. Na actualidade reside en Ourense. Remata este estudo cunhas páxinas finais que conteñen a bibliografía que a autora consultou para a súa investigación.

Guitián, Xoán (coord.), *Homenaxe a Borobó*, ilust. Xosé Comoxo, Xulio Maside, Díaz Pardo, Xurxo Fernández, Paola García Paz, Carlos Maside, César Lombera, Vizoso, Guillermo Pedrosa, Pepe LLerena, Siro, prólogo de Xoán Guitián, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2003, 352 pp. (ISBN: 84-8485-096-X).

Este volume de homenaxe a Raimundo García Domínguez, coordinado e prologado por

Xoán Guitián e acompañado de fotografías e deseños, recolle as colaboracións que a tal efecto realizaron preto de setenta escritores, políticos e persoeiros da cultura galega en xeral, e que se enumeran a seguir. Consta de dúas partes: baixo o epígrafe de "Adro", inclúense o citado limiar de Xoán Guitián, unha presentación biográfica a cargo de Xabier Baltar Toxo ("Borobó: un achegamento") e mais unha "Carta de don Ramón Otero Pedrayo a Josefina e Teresa Rodríguez Castelao". A continuación vén a parte principal: "Testemuños e colaboracións", onde se ofrecen os textos (algúns referenciais, outros poéticos) dos colaboradores, ordenados por orde alfabética e sen que figure "en ningún caso mención de cargos, títulos ou profesións dos mesmos". Isto é así, segundo explica Xoán Guitián no "Prólogo", porque os autores están alí reunidos debido unicamente "á súa condición de amigos de Borobó". Desta maneira, aparecen as seguintes colaboracións: Xabier Baltar Toxo, "Borobó: un achegamento" (pp. 12-31); Ramón Otero Pedrayo, "Carta de don Ramón Otero Pedrayo a Josefina e Teresa Rodríguez Castelao" (pp. 32-33); Gonzalo Bouza-Brey, "Acróstico" (p. 35); Avelino Abuín de Tembra, "Borobó o noso" (pp. 39-45); Ana Acuña e Carmen Blanco Ramos, "Anacos de memoria" (pp. 46-50); Xosé Agrelo, "Borobó no Seminario" (pp. 52-53); Alejandro Allegue, "Borobó e a beleza" (pp. 55-60); Xesús Alonso Montero, "Os anos gloriosos do periodista Borobó en Compostela" (pp. 61-65); Xosé María Álvarez Cáccamo, "O meu anaco de Borobó" (pp. 66-67); Vicente Araguas, "A Borobó roubáronlle unha pluma nova do trinquete o 28 de marzo do 39" (p. 69); Xosé R. Barreiro Fernández, "O noso primeiro encontro" (pp. 71-72); M. Jaime Barreiro Gil, "Borobó" (pp. 74-76); Xosé Manuel Beiras, "Un anaco de Borobó" (pp. 78-81); Antonio Blanco Dopico, "Querido tío, recibín as apostólicas bendicións" (pp. 82-86); Carmen Blanco, "A maxia de maio" (pp. 88-89); Luis Blanco Vila, "El lagar de Borobó" (pp. 91-95); Carlos de Blas Armada, "Borobó, madrigallego de oro" (pp. 97-99); Antonio Bonet Correa, "Los años 40, Santiago de Compostela y Borobó" (pp. 100-103); Fermín Bouza Álvarez, "Borobó e a intrahistoria" (pp. 104-105); Gonzalo Bouza-Brey Villar, "Relembanzas de Borobó e de Trevonzos" (pp. 107-109); Fernando Cabeza Quiles, "Borobó en Bergantiños" (pp. 111-115); Quico Cadaval, "Borobó" (pp. 116-119); Teodomiro Cardalda Fernández, "De Vilaxoán a Trevonzos co touporroutou da motora" (pp. 121-123); Carmiña Castromil, "Borobó, mestre" (pp. 124-125); Lois Celeiro, "Saúdos, mestre" (pp. 126-127); Perfecto Conde, "Borobó, unha memoria de Galicia" (pp. 129-134); Coordinadora cidadá 'Cachimbo pola paz', "O secuestrador arrependido" (pp. 135-138); Baldomero Cores Trasmonte, "O diálogo permanente con Borobó. Fóra e desde os papeis" (pp. 140-155); Daniel Cortezón, "Borobó, o 'puzzle' periodístico" (pp. 157-159); Couselo, "O ano capicúa de Borobó" (pp. 161-164); Fina Diéguez Montes, "A Borobó" (pp. 167-170); Antonio D. Olano, "Borobó: la primavera de Ánxelo Novo" (pp. 171-174); Manuel Dourado Deira, "As miñas memorias sobre Borobó" (pp. 176-177); Xerardo Estévez, "Catro perfís" (pp. 184-186); Xosé Fariña Jamardo, "A miña amizade con Borobó" (pp. 188-190); Xerardo Fernández Albor, "Homenaxe a Borobó" (pp. 191-192); Francisco Fernández del Riego, "Presencia dun xornalista exemplar" (pp. 194-197); Xurxo Fernández, "Eloxio de Borobó, bardo e xornalista" (p. 198); X.L. Franco Grande, "Un referente dos anos escuros" (pp. 200-201); Manuel Gago e Xosé Pereira, "Xornalismo de coñac *versus* xornalismo de café de máquina" (pp. 203-207); Celso García de la Riega, "Recuerdos de guerra" (pp. 208-213); Xosé María García Palmeiro, "Anacos imprescindibles" (pp. 214-216); Luís G. Tosar, "Valente irmán Raimundo: ¡Que viva V.I.R.!" (pp. 217-218); José Luis Goñi Etchevers, "Borobó, mi padre y yo" (pp. 220-223); Bernardino Graña, "O exemplo de Borobó" (pp. 224-231); Pablo de la Higuera, "De

Altamira a Trevonzos pasando por La Cibeles" (pp. 232-234); Emilio Lavandeira Prieto, "Borobó: sabio y bueno" (pp. 236-237); Arcadio López-Casanova, "No Preguntoiro, un home (Homenaxe a Borobó)" (pp. 238-239); Xosé López, "Un anaco do mellor Borobó" (pp. 240-245); Anselmo López Morais, "Borobó" (pp. 246-247); Albino Mallo, "O 'anaco' como xénero literario" (pp. 248-250); Manuel María, "O meu 'Borobó'" (pp. 272-253); Xosé L. Méndez Ferrín, "Borobó, mestre do xornalismo" (pp. 255-257); José Ramón Ónega, "Borobó, precursor" (pp. 258-262); Encarna Otero, "Borobó amigo" (pp. 264-265); Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, "Borobó" (pp. 267-272); Guillermo Pedrosa, "A Borobó" (p. 273); Avelino Pousa Antelo, "A miña relación con Borobó" (pp. 275-277); Manuel Quintáns Suárez, "Borobó, o luar de xaneiro en 'La Noche' compostelá" (pp. 278-283); Xesús Rábade Paredes, "Que trata da verdadeira identidade de Frei Nino venerable lector en San Francisco presunto levitante e nigromante e devoto amantísimo de Sor Constanza *et alii*" (pp. 284-285); Claudio Rodríguez Fer, "Prehistoria de Borobó" (pp. 287-289); Gonzalo Rodríguez Mourullo, "Borobó e a recuperación da conciencia galega" (pp. 291-294); Xosé L. Rodríguez Prado, "Na homenaxe a Borobó" (pp. 295-297); X. M. Romay Beccaría, "Homenaje a Borobó" (pp. 298-299); Xosé A. Sánchez Bugallo, "Borobó e Santiago" (pp. 300-302); Victor Manuel Santidrán Arias, "Coincidencias e paradoxos" (pp. 304-306); Enrique Santín, "Borobó: un home bo" (pp. 308-309); Xesús Santos, "Do Preguntoiro a Trebonzos pasando por Madrid" (pp. 311-316); Máximo Sar, "Borobó, como yo lo veo" (pp. 317-320); Alfonso Sastre, "Borobó" (pp. 321-322); Xavier Senín, "Raimundo García Domínguez, o meu veciño" (pp. 324-326); Siro, "Borobó, meu padriño" (p. 328); Agustín Sixto Seco, "De ganchete con 'Borobó'" (pp. 330-332); Sabino Torres Ferrer, "Meus primeiros tropezos con Borobó" (pp. 333-335); Xabier del Valle-Inclán Alsina, "Atento, meu, que xa ven a música" (p. 336); Carme Varela, "Carta a Carlota" (pp. 338-339); Manuel Velo Velo, "A miña relación con Borobó" (pp. 341-343); e Helena Villar Janeiro, "De amicitia" (p. 345).

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, 'Libro de Borobó', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 9 marzo 2003, p. 3.

Abuín de Tembra realiza unha recensión sobre *Homenaxe a Borobó* no que se reúnen os escritos de oitenta autores a modo de homenaxe ao periodista galego. A recensión iníciase cunha reflexión por parte do seu autor sobre a propia figura do xornalista e do seu significado dentro da literatura en lingua galega, enumerando temas e tipos típicamente galegos que foron retratados pola pluma de Borobó. Enuméranse tamén os participantes da homenaxe e tamén a aqueles outros que deberían ter estado e non están. Remátase o artigo coa reprodución duns versos de Helena Villar, os mesmos cos que remata o volume comentado.

- Borobó, 'A maxia de maio e de Carmen Blanco', *O Correo Galego*, 'o novelo dos anacos', 11 marzo 2003, p. 48.

Mención do autor ao matrimonio lugués formado por Carmen Blanco e o seu marido Claudio Rodríguez Fer, que por medio dun artigo dela, titulado *A maxia de maio* tiñan contribuído a *Homenaxe a Borobó*. É o artigo de Borobó unha análise deste anterior

traballo de Carmen Blanco no que valora o autor algunhas afirmacións vertidas pola luguesa sobre, entre outras cousas, a relación de Borobó con Ánxelo Novo. O artigo está salpicado por citas que aluden ao artigo de Carmen Blanco e remata cunha alusión á crónica de José Martí sobre as execucións dos que se coñeceron como os mártires de Chicago.

- AFA, 'Homenaxe a xeito de libro en Santiago ó pai do xornalismo de posguerra', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 abril 2003, p. 75.

Constitúe o artigo unha referencia á presentación do libro homenaxe ao articulista *Borobó* que se levou a cabo en Santiago de Compostela. Menciónase a presenza do homenaxeado a través dunha cinta magnetofónica e dase, posteriormente, paso ás voces, a modo de citas, de Xavier Baltar e Xosé María García Palmeiro que debuxan a figura do homenaxeado a través de varias anécdotas.

- AFA, 'Borobó, o home do Anaco', *O Correo Galego*, 'AFA', 11 abril 2003, p. 30.

Referencia á presentación en Santiago de Compostela do libro *Homenaxe a Borobó* que reuniu a setenta "amigos compostelanos" do articulista de quen tamén se ofrece no artigo unha pequena nota biográfica, ao mesmo tempo que se reproducen algunhas das cousas ditas polo homenaxeado no casete a través do cal se dirixiu aos asistentes. O artigo complétase cun cadro no que se citan algunhas das opinións vertidas polos participantes na homenaxe sobre Borobó e a súa etapa como articulista en *La Noche*.

- Borobó, 'O segredo dos setenta', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 12 abril 2003, p. 48.

Reprodúcese o lido, a modo de intervención do autor, na presentación do libro *Homenaxe a Borobó* e que lle serve ao autor para transcribir o que el coñecía de antemán sobre esta homenaxe que se lle estaban organizando e tamén para reflexionar acerca do significado que para el ten verse homenaxeado por intelectuais relevantes, algúns dos cales non dubida en mencionar con nome e apelidos a modo de agradecemento.

- Gonzalo Bouza-Brey, 'Homenaxe de Galicia a Borobó, mestre do xornalismo galego', *Diario de Arousa*, 13 abril 2003, p. 15.

Páxina realizada por Gonzalo Bouza-Brey, con diferentes apartados e dedicada íntegramente a *Borobó*. O distintos textos que integran á páxina son: "Intelectuais galegos renden unha homenaxe a Borobó en Compostela", onde dá conta da homenaxe que duascenas persoas renderon ao xornalista na capital galega; "Pequeno apunte biográfico", onde se achega á vida e traxectoria profesional do homenaxeado; "Borobó, Arousa e Galicia", onde se dá conta da relación do xornalista co comarcá arouzá, que é berce de múltiples persoeiros da cultura galega; "Libro homenaxe a Borobó", no que se fai referencia ao libro *Homenaxe a Borobó* e se enumeran todos as persoas que participaron con artigos; "Acróstico", poema de Gonzalo Bouza-Brey sobre o homenaxeado; e "De Vilaxoán a Trevonzos co Toupourroutou da Motora", onde Teo Cardalda Fernández dá conta da amizade que o uniu a *Borobó*.

- VV.AA., 'Homenaxe a Borobó', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 abril 2003, p. 34.

Nesta páxina dedicada a Raimundo García Domínguez, *Borobó*, achéganse seis fragmentos dalgúns dos textos que integran o libro *Homenaxe a Borobó*, publicado por Edicións do Castro. Así, aparecen extractos dos textos que se enumeran a seguir: "O creador da *Xeración da Noite*", de Gonzalo R. Mourullo, que se detén sobre a presenza de Borobó en *La Noche*; "Prehistoria de Borobó", de Claudio Rodríguez Fer, quen se ocupa da participación de *Borobó* na Guerra Civil como miliciano; "A Borobó roubáronlle unha pluma nova do trinquete o 28 de marzo do 39", composición poética de Vicente Araguas; "Mestre do xornalismo", de X.L. Méndez Ferrín, onde se destaca a influencia de *Borobó* no xornalismo galego; "O meu Borobó", de Manuel María, quen presenta a *Borobó* como un xornalista, escritor e humanista de primeira orde; e "Borobó", de Alfonso Sastre, que subliña a recuperación da memoria de Galicia que levou a cabo este persoeiro.

- Manuel Dourado Deira, 'Homenaxe a Borobó', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 19 abril 2003, p. 2.

Manuel Dourado Deira comenta a aparición do volume *Homenaxe a Borobó*. Comeza a recensión relatando a anécdota do que pasou coa súa invitación para acudir ao acto de homenaxe e a partir de aí disertará sobre a figura de *Borobó* como emblema do xornalismo en galego. Así mesmo, aproveita, antes de rematar, para recomendar aos lectores que lean este volume.

- Borobó, 'A borobización de Alfonso Sastre', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 26 abril 2003, p. 48.

O *anaco* de *Borobó* ofrece unha reflexión do propio autor acerca dalgúns dos colaboradores do libro *Homenaxe a Borobó*. O autor conta anécdotas de Alfonso Sastre e Quico Cadaval e de cómo o primeiro, a partir de conversacións mantidas co segundo, solicitou ser incluído na homenaxe que se lle preparaba ao xornalista. *Borobó* reproduce tamén unha carta do mesmo Sastre na que fala da impresión causada por Santiago Montero Díaz na súa persoa.

- VV. AA., 'Borobó', *O Correo Galego*, '*Borobó. Mestre de xornalistas*', 16 maio 2003, pp. 1-8.

O xornal *O Correo Galego*, precisamente na data en que aparece por última vez con este nome, pois a partir do Día das Letras Galegas de 2003 levará o de *Galicia Hoxe*, dedícalle un suplemento especial a Raimundo García Domínguez, '*Borobó*'. Inclúese nel un "anaco" do propio homenaxeado, titulado "Mostra de gratitude", onde se refire emocionado ao libro *Homenaxe a Borobó*, ás súas colaboracións en *La Noche*, e mais expresa a súa gratitude aos membros do xornal *O Correo Galego*. A continuación, engádese unha pequena mostra das colaboracións existentes no volume *Homenaxe a Borobó*, a saber: "Borobó e *O Correo Galego*, historia feita con 'anacos" de Rosabel Candal; "Borobó: sabio e bo", de Emilio Lavandeira Prieto; "Un anaco do mellor Borobó", de Xosé López; "O meu Borobó", de Manuel María; "Borobó, o meu pai e mais eu", de José Luis Goñi Etchevers; "A Borobó roubáronlle unha pluma nova do trinquete o 28 de marzo do 39", de Vicente Araguas; "No

Preguntoiro un home (Homenaxe a Borobó)", de Arcadio López-Casanova; "Saúdos, mestre", de Lois Celeiro e "Borobó, mestre de xornalismo", de Xosé L. Méndez Ferrín. No medio desta escolma de textos do libro, aparecen dous redactados *ex profeso*: o do compilador da obra, Xoán Guitián ("Borobó e a amizade") e o do decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, Xosé María García Palmeiro ("A memoria do mestre"). Estes dous escritos falan das relacións persoais de *Borobó* e da súa actividade como xornalista, respectivamente.

Ínsua López, Emilio Xosé, **Nuevo Cal**, Carlos, *O primeiro Antón Villar Ponte. Achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908)*, XVIIº Premio Literario "Ánxel Fole", A Coruña: Fundación Caixa Galicia ♦, 2003, 374 pp. (ISBN: 84-95491-85-0).

Emilio Xosé Insúa López e Carlos Nuevo Cal son os autores desta obra, gañadora do décimo sétimo Premio Literario Ánxel Fole, que leva por subtítulo "Achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908); os propios autores indican na "Presentación" que o seu obxectivo foi estudar o período comprendido entre o nacemento de Antón Vilar Ponte (1881) e a súa marcha a Cuba (1908); dan conta, así mesmo, do proceso de investigación e dos contidos da obra. O libro estrutúrase en cinco grandes capítulos ("Nacemento e infancia de A. Vilar Ponte en Viveiro", "Entre Santiago e Viveiro. Os anos universitarios de A. Vilar Ponte", "A estadía de Vilar Ponte en Foz (I). Adicación á política e ao teatro", "A estadía de Vilar Ponte en Foz (II). Labor xornalístico" e "Entre Viveiro e Madrid", divididos á súa vez en subapartados. No primeiro capítulo faise referencia á familia de Vilar Ponte, caracterizada polo ideoloxía conservadora e católica, e descríbese aquel Viveiro de finais do século XIX dende o punto de vista social, económico e político; tamén dan conta dos seus primeiros estudos no Colexio Insigne de la Natividad de Nuestra Señora e dos avatares políticos de seu pai durante aqueles anos. No segundo capítulo fálase dos seus anos de estudo en Compostela, onde rematou Secundaria e cursou Farmacia; indícase que neste anos comezou o seu activismo republicano; faise referencia aos seus primeiros traballos xornalísticos e á súa actividade como actor de teatro durante as vacacións na vila natal; dáse conta, asemade, da publicación na prensa local dos seus primeiros poemas, escritos en castelán e con influencias do modernismo hispano. No terceiro capítulo dáse conta das actividades que, en relación coa súa ideoloxía republicana, desenvolveu Vilar Ponte durante a súa estadía en Foz, onde traballaba como boticario; faise referencia ao influxo que Manuel Leiras Pulpeiro exerceu en Vilar Ponte, sobre todo no compromiso co idioma e a cultura galega; e estúdase a súa achega á actividade teatral, onde destacan as traducións que Vilar Ponte fixo de autores cataláns para a Escola Rexional de Declamación coruñesa e as pezas *El peso de una ley* (representada por primeira vez en Viveiro, en abril de 1902) e *A patria d'o labrego* (publicada en Lueza en 1905) de autoría propia. No cuarto capítulo, tamén referido aos anos de residencia en Foz, alúdese á súa actividade xornalística daqueles anos, que se caracteriza pola súa colaboración en xornais locais, comarcais, provincias e nacionais; neste capítulo dáse coidada conta da súa participación en cada un deses xornais e, en especial, nos focenses *El automóvil* e *¡Guau...guau!*, que naceron da tertulia formada ao redor da botica de Antón. No último capítulo faise referencia aos anos nos que Antón Vilar Ponte viviu entre Viveiro e Madrid exercendo a actividade xornalística; dáse conta das súas colaboracións en xornais galegos e

da súa labor como redactor do xornal madrileño *El País* e explícanse as razóns que o levaron a tomar a determinación de emigrar a Cuba en 1908. Finalmente preséntase unha "Síntese conclusiva", na que os autores expoñen as conclusións que eles tiraron tras a súa investigación, unha "Bibliografía" e un "Apéndice textual", no que se inclúen vinte e cinco textos literarios que o autor escribiu durante o período estudado e que foron publicados en diversos xornais e revistas.

Ledo Cabido, Bieito (editor), *Diccionario Enciclopédico Galego Universal*, Ir Indo Edicións, 2003, Vigo: La Voz de Galicia □, 2003, (ISBN col: 84-7680-429-6).

O *Diccionario Enciclopédico Galego Universal* consta de sesenta volumes en tapa dura, con cento vinte e oito páxinas cada un. Vendéronse co xornal *La Voz de Galicia* todos os martes e xoves a dous euros cada un. En total o diccionario ten sete mil seiscentas oitenta páxinas, con vinte mil ilustracións e preto de duascientas mil entradas, que recollen unha selección do saber universal desde unha óptica galega (inclúe un corenta por cento de referencias exclusivamente galegas), ademais de abranguer información específica sobre o país. É esta unha versión actualizada e resumida da *Enciclopedia Galega Universal*, realizada a partir da mesma base de datos e coa que comparte ilustracións e, en boa medida, deseño. No primeiro volume, despois dos créditos e o prólogo, aparece unha guía práctica para o uso correcto do diccionario onde se especifica a estrutura xeral das entradas léxicas. Tamén se recollen as abreviaturas e os signos convencionais, que se repiten nos restantes volumes.

Referencias varias:

- R.G., 'O novo diccionario vai ser imprescindible nas bibliotecas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 setembro 2003, p. 38.

Entrevista con David Otero na que sinala que o *DEGU* (*Diccionario Enciclopédico Galego Universal*) vai ser unha ferramenta imprescindible nas aulas, tanto pola cantidade de información que presenta coma polo feito de espertar o desexo de aprender e de incentivar a busca e lectura doutros termos. Considera que os docentes debería ter este diccionario como bibliografía por dar acceso á ciencia "de todo o mundo", por estar escrito en galego e por que considera que é un bo suplemento aos libros de texto.

- M.R., 'Este diccionario será unha obra de consulta moi útil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 setembro 2003, p. 47.

Entrevista con Isaac Díaz Pardo arredor do *DEGU* (*Diccionario Enciclopédico Galego Universal*), iniciativa da que se sinala que ten precedentes en Cataluña. O intelectual galego destaca a gran capacidade sintetizadora desta obra, lembra que cando el estudou non había tantos materiais e que manexaba unha de Diderot. Do mesmo xeito considera que o *DEGU* axudará á normalización lingüística e que ata o de agora só estaba a *Gran Enciclopedia Galega*, de Silverio Cañada, pero escrita en castelán, centrada en Galicia e non tiña o carácter universal desta nova ferramenta. En columna aparte, salientase que Díaz Pardo valora especialmente o feito de que estea escrito en galego e considera que será unha peza

fundamental de manexo para os escolares, sen que teñan necesidade de consultar materiais noutras linguas.

- M.R., 'Con este novo diccionario cúmplase un soño galeguista', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 setembro 2003, p. 47.

Entrevista a Miguelanxo Fernán-Vello, na que sinala que co *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)* se cumpre un dos anxeos dos galeguistas, pois nel dáse un "espírito de universalidade", presente xa no Grupo Nós. Considera que con este diccionario se universaliza o galego, demostrando que é unha lingua moderna coa que explicar a ciencia e a tecnoloxía. En columna aparte destácase a utilidade desta obra para os escolares galegos de todos os niveis e a súa importancia para a formación dos galego falantes.

- M.R., 'O Degu supón ter unha visión do mundo desde Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 45.

Entrevista con Alfonso Zulueta de Haz, Presidente do Consello da Cultura Galega, na que destaca a visión galega que se ofrece do mundo no *DEGU (Diccionario Enciclopédico Galego Universal)* o cal ve como un bo complemento da *Gran Enciclopedia Galega* de Silverio Cañada e unha boa ferramenta de normalización lingüística por estar escrito en galego. En columna aparte, recóllense as lembranzas de Zulueta de Haz da súa época de estudante nas que non se contaba con tanto material e entre as súas palabras preferidas escolle abremente.

- Xosé Carlos Caneiro, 'Degu', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 11 setembro 2003, p. 64.

Dáse noticia da publicación do *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)*, que se considera unha peza fundamental do desenvolvemento dos galegos e reflexo do abandono do "minifundismo intelectual". Razóns como o poder compararnos cos británicos, o ter un "bálsamo" despois da catástrofe do *Prestige* ou o feito de que autores como Celso Emilio Ferreiro abrazarían esta obra e se sentirían orgullosos, son algunhas das esgrimidas por Caneiro para darlle a benvida a esta nova ferramenta.

- A.N.T., 'Degu, segunda enciclopedia universal en galego', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 25.

Anuncia a próxima saída do *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)* xunto co xornal *La Voz de Galicia* o día 14 de setembro. Explica que terá sesenta entregas, que se realizarán o martes e xoves de cada semana xunto co xornal e que supón a aparición da segunda enciclopedia en galego despois da *Enciclopedia Galega Universal*. Recóllense as manifestacións dos representantes da empresa editorial que destacan o feito de que esta obra de consulta ofrece á vez nocións do coñecemento universal e dá respostas a cuestións galegas. Remátase lembrando que a *Enciclopedia Galega Universal* comezou a publicarse en 1999, que ten prevista a publicación de catorce tomos e que serviu de base para este *DEGU*.

- César Casal González, 'Enciclopédicos', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 12 setembro

2003, p. 64.

Dá conta da saída do *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)* lembrando as palabras de seu pai referidas a que todo o bo se vende só. Destaca o prezo asequíbel da obra, compáraa coa *Enciclopedia Británica* e de que nesta obra se universaliza o saber. Lembra que *La Voz de Galicia* divulgou a "alma y las ficciones de un pueblo" coa colección "Biblioteca Galega 120" e que agora con esta obra fixa "los hechos, las realidades, las cifras, los nombres de la Historia".

- V.M., 'Por ese prezo é máis doado ir facendo unha enciclopedia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 setembro 2003, p. 60.

Entrevista a Xosé Neira Vilas con motivo da publicación do primeiro volume do *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)*, no que se inclúe a voz "aldea". Comézase evocando o personaxe de Balbino de *Memorias dun neno labrego* (1961) e o autor explica as diferencias que observa entre a aldea que el retrata na obra e as actuais, especialmente polas prestacións técnicas e hixiénicas, lembrando que foron os emigrantes os que mudaron a fisonomía das aldeas. Tamén evoca a Fole e a súa idea de que os galegos tiñan que facer a revolución da auga, levando esta a todas as casas. Ademais de aludir á dispersión das aldeas galegas opina que esta nova ferramenta ten detrás un bo equipo de profesionais e un prezo moi asequíbel para que a xente a poida mercar.

- H.H., 'A idea é sacar da escuridade a quen deu tanta luz a Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 setembro 2003, p. 45.

Entrevista con Francisco Peña, presidente da Asociación Cultural Alexandre Bóveda arredor do *Diccionario Enciclopédico Galego Universal (DEGU)*, despois dunha breve introdución na que se lembra a entrada referida ao galeguista incluída no terceiro volume desta obra. Na conversa, Francisco Peña explica a situación e as actividades que levan a cabo na asociación, das que destaca o seu carácter participativo, e do dicionario destaca principalmente o seu carácter asequíbel dende o punto de vista económico.

- J.L., 'O Degu naceu co obxectivo de ser unha obra útil e digna para Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 novembro 2003, p. 56.

Entrevista a Bieito Ledo, director da Editorial Ir Indo, na que explica que a idea inicial de facer un dicionario enciclopédico foi de Bieito Rubido, que para materializar esta idea a súa editorial puxo todo o esforzo humano na empresa e que buscan que esta obra sexa útil e digna para Galicia. Considera que a ningunha das empresas involucradas lles interesa un produto mediocre, especialmente por tratarse do "territorio das palabras, da imaxinación". Explica que algúns dos atrancos que atoparon foron a multidisciplinaridade e o gran número de persoal que tiveron que contratar, así como a localización das máis de vinte mil ilustracións. Considera que esta obra é importante por achegarse ao mundo dende unha óptica galega e remata sinalando que o gran número de persoas traballando neste proxecto favoreceu que se adiantaran os traballos da *Enciclopedia Galega Universal*, que para o ano 2004 entregará do número dez ao catorce.

Ledo Cabido, Bieto (editor), *Enciclopedia Galega Universal*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2003, (ISBN col: 84-7680-288-9) (ISBN: 84-7680-298-6).

Novo volume da *Enciclopedia Galega Universal (EGU)* que saíu á rúa neste ano 2003, concretamente o décimo. Coma nos tomos anteriores, nas páxinas iniciais dáse conta dos seus créditos, da nómina dos seus colaboradores e das abreviaturas empregadas, ademais de describirse a estrutura das entradas e mostrar os signos convencionais que aparecen nos mapas. A seguir, aparece a descrición de cada unha das voces que neste tomo aparecen comprendidas entre as letras *giro* e *khod*. O volume leva o indicativo de que recibiu o "Trofeo Galeguidade 2003" da Enxebre Orde da Vieira.

Referencias varias:

- Carmen Villar, 'A terra e a lingua son as protagonistas do IX tomo da Enciclopedia Galega Universal', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 maio 2003, p. 43.

Faise eco da presentación do noveno volume da *Enciclopedia Galega Universal* en Santiago de Compostela. Ademais de destacar que este proxecto tan ambicioso de Ir Indo Edicións contempla publicar catorce volumes, tamén se centra no contido do que foi obxecto de presentación, no que as entradas "galego" e "Galicia" son as de maior extensión da obra. Tamén se recollen as palabras dos encargados da presentación: o editor, Bieito Ledo, que destacou a importancia dada ás voces sinaladas; o coordinador da voz "galego", Manuel González González, que salientou o risco da aposta que supón este proxecto, a súa importancia para a comprensión da cultura galega e o esforzo do gran número de persoas involucradas; e o director da editorial, Xosé A. Perozo, que puxo de manifesto a "andaina difícil" da que é froito este traballo.

Longhini, Nora, *Buenos Aires na obra de Neira Vilas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, febreiro 2003, col. Ensaio/Filoloxía, 216 pp. (ISBN: 84-8485-097-8).

A partir dos libros de Neira Vilas *Camiño Bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968) e *Remuíño de sombras* (1973) a profesora Nora Longhini elabora este volume no que analiza a presenza da cidade de Bos Aires neles. Parte dunha introdución á vida e obra do escritor para despois centrarse nos textos citados dos que ofrece un resumo argumental. Os seguintes capítulos están dedicados a analizar aspectos da cidade que se aprecian nas obras como a contaminación acústica ou a diversidade de linguas que recrea a través dos personaxes, especialmente da lingua lunfarda. Mostra a recreación que se aprecia nos textos dos barrios bonaienses, así como do tango, ou dos "conventillos" e das pensións nas que vivían os emigrantes. Unha parte do libro recolle as correntes filosóficas, como o existencialismo que chegaban aos círculos intelectuais e que foron asimiladas por Neira Vilas que as reflicte, especialmente, en *Camiño bretemoso* onde o protagonista segue liñas defendidas polo científico e filósofo José Ingenieros. É unha mostra de intertextualidade, tema que a autora trata con máis profundidade. Tamén se traballan outros aspectos como a linguaxe do escritor que se define como precisa e sutil, coa utilización dun galego

exquisito, e a temática das obras centrada especialmente na Galicia campesiña do século XX e na emigración americana presentada como negativa. Os dous últimos capítulos achegan a bibliografía e un glosario de voces lunfardas. Finalmente, o libro complétase con tres apéndices que inclúen os prólogos dos libros e opinións, letras de tangos e as portadas das obras.

Referencias varias:

- A. M., 'Buenos Aires na obra de Neira Vilas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 8, 'Letras en galego', 10 maio 2003, p. 12.

Breve referencia á publicación da obra de Nora Longhini da que se destaca o seu contido. Saliéntase a visión que ofrece da emigración dende os textos de Neira Vilas, centrándose exclusivamente en Bos Aires.

- Xosé Lois García, 'O Buenos Aires de Neira Vilas', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 15 xullo 2003, p. 4.

Elóxiase a obra do escritor Xosé Neira Vilas con motivo da publicación do libro da profesora Nora Longhini *Buenos Aires na obra de Neira Vilas* na que analiza a pegada da cidade de Bos Aires no escritor e, en concreto, en tres das súas obras: *Camiño Bretemoso*, *Historia de emigrantes* e *Remuíño de sombras*. Agradece a publicación deste estudo que esclarece a vida dos moitos emigrantes galegos que se asentaron na capital arxentina e desenvolveron distintos papeis dentro dunha sociedade tan distinta da que procedían.

Longueira, Silvia e Martínez Latas, Isabel (coord.), *Grial Cadernos. Un mar de literatura*, Vigo: Galaxia, decembro 2003, 89 pp. (ISBN: 84-8288-653-3).

Monográfico no que se recollen as visións, tanto en prosa coma en verso, ofrecidas por diferentes autores galegos e foráneos sobre o mar durante unhas xornadas celebradas en Vigo. Juan Ángel Juristo no seu artigo "Miradas que se complementan" explica, a modo de introdución, as características do volume e a presenza cada vez maior do mar como temática na creación literaria, así como o desenvolvemento das xornadas que deron orixe á obra. A seguir, reproducense as intervencións dos autores, entre os que aparecen os galegos Luísa Villalta (Foz, 1960), Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956), Víctor F. Freixanes (Pontevedra, 1951) e Alfredo Conde (Allariz, 1945). Péchase o volume cunha biobibliografía de cada un dos autores incluídos.

Loureiro, Ramón, *Carlos Casares. O camiño das palabras*, Vigo: Edicións A Nosa Terra □, 2003, Fundación Carlos Casares, 2003, 64 pp. (ISBN: 84-96203-51-4).

Este ensaio de Ramón Loureiro está orientado a abrir a obra de Casares a novos lectores. Cunha linguaxe sinxela vai artellando en apartados unha biografía do escritor ourensán embarcado nun proxecto chamado Galicia, no que destaca a súa actividade como literato e como director de Galaxia. Un libro áxil, cunha lingua asequíbel e sen máis pretensións que

a de ilustrar a vida e obra de Carlos Casares desde un punto de vista totalmente humano. A nivel de contidos empeza por un percorrido pola súa infancia e como esta influiu na súa vida, a súa formación no seminario, e a partir da adolescencia descríbese a relación de Casares coas letras e como coñeceu a Vicente Risco. Nun novo apartado relátase o seu período en Compostela onde se licenciaria en Filoloxía Románica e como entra en contacto co galeguismo. Un apartado especial meréceo a relación con Ramón Piñeiro e reacréase na relación dos dous intelectuais. Relata tamén o seu labor político e como se xesta *Vento ferido* a partir duns contos publicados en *Grial*. A partir de aquí relata a obra bibliográfica de Casares. Faise tamén un repaso da súa actividade docente que chegou a estar prohibida en Galicia. Cando regresa de Bilbao, onde exerceu a profesión de mestre, coñece a Kristina Berg. Loureiro conta a historia de cómo se coñeceron, dunha forma fermosísima. A partir de entón viaxa a Suecia con regularidade, país que se converte en modelo. No apartado "A lingua dun país" relátase a participación de Carlos na elaboración das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* e da preocupación deste pola lingua. Xa no final describe o seu labor no parlamento (1981-1985) e como en 1986 asume a dirección de Galaxia. Descríbese finalmente a súa morte na que se destacan as anécdotas protagonizadas polos paxaros que cantaban na súa despedida.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Carlos Casares visto por Loureiro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'Letras en galego', 22 novembro 2003, p. 6.

Primeiramente fala das dificultades de facer unha biografía sobre un amigo, como é o caso de Ramón Loureiro ao emprender esta biografía que "incorpora unha cantidade substantiva de material biográfico e documental" para divulgar o perfil humano e literario de Carlos Casares. A pesar desas dificultades Ramón Nicolás cualifica este traballo de "acabada factura, emocionalmente medido e estilisticamente espléndido". Salienta o uso dos recursos orais para percorrer a biografía do escritor que lle dán á prosa naturalidade e á obra, cun fondo labor investigador, o carácter divulgativo, didáctico e xeralista que se pretendía.

- Xulio Valcarcel, 'Carlos Casares', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 286, 'Páxina literaria', 30 novembro 2003, p. 4.

Salienta a definición que se dá de Casares "media ponte entre o seu país e todas as grandes culturas do mundo" e cualifícase a obra de "afinada síntese de razón e emoción". Dise que se expón con prosa directa e eficaz os diversos avatares vitais de Carlos Casares sen deixar ningún e tratados con equilibrio, conseguindo os obxectivos propostos: "unha visión global da vida e da obra dun personaxe determinante na Galicia do século XX, Carlos Casares, que ademais era o seu (noso) amigo".

Referencias varias:

- A.N.T., 'A Fundación Carlos Casares e Edicións A Nosa Terra asinan un convenio de colaboración', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 25.

Anúnciase o convenio a longo prazo que contempla a saída de varios libros sobre Carlos

Casares. O primeiro é *Carlos Casares. O camiño das palabras*, escrito por Ramón Loureiro que se presentará en Ferrol o próximo mes. Enuméranse os títulos previstos para a colección e quen se encargará da distribución.

- A.B., 'Convenio de la Fundación Casares y 'A Nosa Terra', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 3 outubro 2003, p. 76.

Noticia sobre o convenio da Fundación Casares e A Nosa Terra para a publicación e divulgación da obra de Carlos Casares.

- Sonia Torre, 'Las páginas de la vida de Casares', *La Región*, 'Cultura', 3 outubro 2003, p. 67.

Descríbese neste artigo o convenio entre a Fundación Casares e A Nosa Terra, e dáse o título do primeiro libro, *Carlos Casares. O camiño das palabras* de Ramón Loureiro. Sinálase que o convenio contén tamén o proxecto das obras completas. Descríbese a firma do convenio e a actividade da Fundación Carlos Casares no seu pouco tempo de vida.

- R. Santamarta, 'A biografía de Casares reivindica o compromiso do escritor con Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 novembro 2003, p. 45.

Preséntase o libro *Carlos Casares. O camiño das palabras* como unha obra que abre a produción do escritor ourensán a unha nova xeración de lectores. Anuncia a presentación pública do libro no Centro Torrente Ballester de Ferrol. Descríbese o libro de Ramón Loureiro na que o lector poderá encontrar un traballo bio-bibliográfico sobre Casares. Transcríbense tamén as impresións de Damián Villalaín sobre a obra de Loureiro e como a morte de Casares cortou o traballo de *Carlos Casares, nove retratos e unha conversa inacabada*.

- S.L., 'O escritor e editor Carlos Casares, no camiño das palabras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 novembro 2003, p. 50.

Noticia dos actos de presentación do libro *Carlos Casares. O camiño das palabras* no centro Torrete Ballester, e da exposición "Os mundos de Casares".

- E.M.M., 'Ferrol vuelve a recordar a Carlos Casares en un sentido homenaje', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 9 novembro 2003, p. 4.

Neste artigo reproducense as declaracións da viúva de Carlos Casares, Kristina Berg, nas que fala da atracción que Casares sentía por Ferrol. Descríbense os actos en homenaxe ao escritor: acto de homenaxe, exposición "os mundos de Carlos Casares" e entrega dunha placa á Fundación Carlos Casares. Descríbese tamén a intervención do alcalde de Ferrol, Juan Juncal, na que loa ao escritor ourensán. Tamén se achegan as intervencións do Director Xeral de Promoción Cultural e da súa viúva. Finalmente anótase a presentación do libro *Carlos Casares. O camiño das palabras* do xornalista Ramón Loureiro editado por A Nosa Terra.

- Chicha Pantín, 'La memoria del gran escritor Carlos Casares aún sigue viva', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 9 novembro 2003, p. 19.

Crónica do acto de homenaxe a Carlos Casares en Ferrol que comeza cunha relación de asistentes e as súas intervencións: a súa viúva, os fillos... Dáse noticia da presentación do libro *Carlos Casares. O camiño das palabras* e da exposición sobre Casares, acompañado dunha relación breve de obras do creador ourensán.

- Rubén Santamarta, 'Ramón Loureiro compila o pensamento de Casares e o seu proxecto de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 novembro 2003, p. 49.

Reflexións sobre a obra de Ramón Loureiro e a súa intervención na presentación pública do libro *Carlos Casares. O camiño das palabras*. Resaltan as intervencións da viúva de Casares, do alcalde de Ferrol e dos representantes da Xunta de Galicia. Nunha sección á parte reproducése unha intervención de Kristina Berg, viúva do escritor.

- César Casal González, 'O Carlos', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 10 novembro 2003, p. 72.

Artigo de opinión onde se expón cun estilo poético o acto de homenaxe a Carlos Casares en Ferrol e a presentación da obra de Ramón Loureiro sobre o escritor ourensán.

- A.N.T., 'Apresentada a primeira biografía de Carlos Casares', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 26.

Relátase como no acto de homenaxe a Carlos Casares e Ferrol o 8 de novembro de 2003 no centro cultural Torrente Ballester se presentou a primeira biografía do escritor, feita por Ramón Loureiro, na colección Esencias de Edicións A Nosa Terra. Dáse conta do acto e dos asistentes. Hai que destacar a intervención de Xosé Fernández Puga que anunciou un proxecto a máis longo prazo para dar a coñecer a obra de Carlos Casares. Nun aparte descríbese a intervención de Ramón Loureiro e de cómo se xestou a obra. Dáse conta das razóns que levan a esta publicación e descríbese tamén a exposición do Centro Torrente Ballester adicada a Carlos Casares.

Mandianes Castro, Manuel, *O río do esquecemento. Idade antropolóxica de Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Ensaio, nº 6, 201 pp. (ISBN: 84-9782-078-9).

Manuel Mandianes Castro (Loureses, 1942) propónse con este libro, titulado simbolicamente *O río do esquecemento*, levar a cabo unha aproximación arredor da antropoloxía e a etnografía de Galicia dende un punto de vista divulgativo. A tal fin, analiza e condensa o pensamento dalgúns autores que teñen realizado achegas significativas ao respecto ao longo da Historia, observando o proceso de construción da identidade galega dende os tempos máis remotos ata á actualidade. Divídese o estudo en catro partes: a primeira delas, "A violencia terreal", céntrase nas descrições clásicas sobre os habitantes do *Finis Terrae*. O segundo capítulo ten por obxectivo amosar a definición que de Galicia

deron certos intelectuais como "Un pobo celta". A seguir, trátase da consideración de "Independente" que os homes de Nós e do Seminario de Estudos Galegos lle deron ao noso pobo. Por último, engádese un apartado ("E viaxeiro") no que se defende que o galego é tamén un pobo que por diversas razóns sae do seu país e se reflexiona arredor das cuestións da saudade e da morte. Para alén de se facer eco da literatura oral popular como fonte de información (cantigas, refráns, lendas), Mandianes amosa certa atención no conxunto ás aportacións feitas dende o campo literario, pois "as veces os novelistas mostran mellor, e de maneira máis intelixible, a realidade que os sociólogos e antropólogos" e porque "estudiosos da literatura, da poesía e da lingüística galegas aproveitan o que din os antropólogos e, ó mesmo tempo, os seus estudos poden ser de grande e inmediata utilidade ós antropólogos". Desta maneira, son referidos escritores e pensadores como Benito Feijó, Martín Sarmiento, Manuel Murguía, Vicente Risco, Fermín Bouza Brey, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Rodríguez Castelao, etc. Como o mesmo estudoso anticipa ao comezo do libro ("Introducción"), a conclusión que pode tirarse tras a súa lectura é a de que, tanto polo que respecta á tradición etnográfica como á propia literatura antropolóxica, "os costumes vellos vanse transformando pero poucas veces desaparecen, e os novos non o son tanto como puidera parecer a simple vista; máis ben son, case sempre, novas maneiras de modos vellos".

Recensións:

- A.M., 'O río do esquecemento', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 6.

Salienta a historia narrada na obra *O río do esquecemento*, onde Mandianes Castro recolle o mito galego da chegada de Décimo Xuño Bruto ao río Limia e resalta a fereza dos galegos ante as invasións, a identificación de Galicia co celtismo, o labor do Seminario de Estudos Galegos e a abundante emigración que sufriu Galicia. Indica que o libro reflicte a personalidade dos galegos a través dunha lectura "amena e atractiva".

Marco, Aurora, *Ramiro Paz Carbajal 1891-1936. Unha vida segada pola barbarie*, Noia: Toxosoutos, novembro 2003, col. Memorialia, nº 1, 183 pp. (ISBN: 84-96259-03-X).

Este libro de Aurora Marco (Teruel, 1948) pretende recuperar e dar a coñecer a biografía de Ramiro Paz Carvajal. Segue dese xeito o espírito da colección "Memorialia" de Toxosoutos, que nesta ocasión deixou escapar algúns erros de confección editorial nos encabezados de páxina. Este impresor socialista nado en Pontevedra no ano 1891 foi fusilado na mesma cidade en 1936: eis a "barbarie" á que se refire o subtítulo da presente obra. Nela atopa o lector tres grandes bloques temáticos arredor da figura protagonista, para alén dun "Liminar" asinado pola autora no que se adianta a estrutura do volume e se expresan diversos agradecementos, reiterados ao final do libro. En primeiro lugar ("Vida e obra dun socialista"), ofrece ao lector a través dun relato ameno dos acontecementos non só o percurso existencial, profesional e ideolóxico de Paz Carvajal, acotado para maior didactismo por etapas, senón tamén un retrato da vida local da altura e unha historia do socialismo pontevedrés. Así, mostra un home autodidacta, comprometido coa causa obreira e moi implicado na actividade sindical e política; e tamén a un home vinculado ao mundo

da edición e da cultura. Tipógrafo de profesión, Ramiro Paz dirixiu varios semanarios, fundou a imprenta "La Popular" (de onde saíron do prelo varios números de *A Nosa Terra*), rexentou un quiosco de xornais e novelas e participou nas mesmas tertulias que Castelao e outros insignes intelectuais da época. No segundo capítulo, Aurora Marco insire un "Apéndice documental" que recolle un feixe de textos da autoría do biografado mais algún testemuño adicional de interese redactado por outras figuras contemporáneas a el. A mesma estudosa encárgase de subliñar o valor destes textos, pois resultan "publicacións de moi difícil acceso". Tras a relación das fontes documentais e bibliográficas, o derradeiro apartado deste libro constitúe un "Apéndice gráfico" a modo de fotobiografía. Así conclúe esta monografía concebida en homenaxe ao impresor pontevedrés e aos seus dez "compañeiros de infortunio", executados coma el o 12 de novembro de 1936, entre os que se encontraban, entre outros, Víctor Casas ou Alexandre Bóveda.

Recensións:

- Xosé Freire, 'Os fusilados do 12 de novembro', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 27.

Comentario ao último traballo de Aurora Marco, titulado *Ramiro Paz Carvajal (1891-1936). Unha vida segada pola barbarie*. En primeiro lugar, Xosé Freire fai referencia ao marco editorial en que esta monografía se insire: o "inxente esforzo de reconstrución da nosa memoria" que, por diversas vías, está realizando a editorial Toxosoutos de Noia. A seguir, e xa centrándose no libro de Marco, explica cal é a súa estruturación. Indica que se divide en tres apartados, e que o primeiro deles, "Vida e obra dun socialista", é o maior en extensión. Os outros dous, continúa, son respectivamente un "estenso, minucioso e ilustrativo" apéndice documental e un anexo fotográfico. Tras afirmar que se trata dunha homenaxe "a todos os que sufriron a represión franquista", o comentarista remata cualificando a obra de "imprescindíbel".

Referencias varias:

- J.B., 'Vida dun impresor republicano', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 novembro 2003, p. 84.

Recóllese a presentación no Café Moderno de Pontevedra do libro *Ramiro Paz Carvajal (1891-1936). Unha vida segada pola barbarie*, de Aurora Marco. Glósanse as palabras pronunciadas pola autora para resumir o acto, no que, segundo se informa, Aurora Marco se referiu á súa obra como o pago dunha "débeda simbólica con uns homes e mulleres que nos iluminaron co seu traballo". Valórase tamén o grande esforzo de investigación e documentación que a estudosa levou a cabo para realizar este libro.

- José Xavier Bom, 'Este libro é unha homenaxe a todos os fusilados de 1936', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 novembro 2003, p. L2.

Entrevista con Aurora Marco, autora do libro *Ramiro Paz Carvajal (1891-1936). Unha vida segada pola barbarie*. A estudosa explica cal é o obxectivo deste traballo, afirmando que se trata ante todo dunha homenaxe aos fusilados de 1936, concretamente a Ramiro Paz

Carvajal e aos que foron exectutados o mesmo día ca el. Despois enumera os trazos máis destacábeis desta figura e resume o seu ideario político. Por último, fai unha valoración do ano de Antón Avilés de Taramancos, poeta a quen lle foi dedicado o Día das Letras e sobre do que Aurora Marco publicou recentemente unha monografía.

Martínez-Risco Daviña, Luis, *Memorial Juan Xesta*, introd. de Arturo Lezcano Fernández, Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, 2003, 94 pp. (ISBN: 84-96011-29-1).

É unha especie de biografía homenaxe a Juan Fernández Pérez, máis coñecido como *Xesta*, escrita por Luís Martínez-Risco Daviña (Santiago de Compostela, 1959) e na que se destaca sobre todo o seu labor cívico a prol da cidade de Ourense. Ademais do prólogo institucional do presidente da Deputación, hai ao principio unha "Semblanza familiar de Juan Fernández, Xesta", escrita por Arturo Lezcano Fernández, neto do propio biografado, unhas citas nas que falan del Luís Trabazo e Xulio Alonso-Losada e un limiar do autor. As citas son dous fragmentos que destacan as súas cualidades como persoa e educador, e a "semblanza" é unha pequena biografía desde o punto de vista próximo dun descendente, que coincide en xeral co que se di en todo o libro. No limiar o autor conta como se achegou á figura de Juan Fernández e como esta lle fixo reflexionar sobre o Ourense de principios de século e o esforzo de persoas coma Alexandre Bóveda, Florentino Cuevillas, Otero Pedrayo ou o propio "Xesta" para modernizar cultural e civicamente a cidade. O resto do volume componse de pequenos capítulos nos que se tratan os diversos aspectos da figura de don Juan, como era chamado polos seus alumnos, e que teñen tamén dalgún xeito unha continuidade cronolóxica. Ademais, polo medio incorpóranse un gran número fotografías, documentos e debuxos do biografado que ilustran e completan o texto. A parte dos que xa comentamos, os breves apartados nos que se divide o libro son: "O músico", "O artista plástico", "O bibliotecario", "Os seus últimos anos de bibliotecario", "A academia xesta", "O cidadán" e "A íntima relación co seu irmán Luís". Aínda que polo seu título se deduciría que son apartados inconexos e fragmentarios, o autor dálles unha sucesión temporal que, en certa medida, se corresponde coa traxectoria vital de Juan Fernández Pérez. Así, nos dous primeiros capítulos trátanse sobre todo os seus comezos, nos que partindo dunha condición humilde consegue facerse camiño, nun principio por medio da música, á que se dedica profesionalmente e que lle permite continuar os seus estudos, primeiro na "Escola de Artes y Oficios de Ourense" e logo facendo o bacharelato e licenciándose serodiamante en Filosofía e Letras. No seu paso pola devandita Escola de Oficios consegue quedar coma profesor, impartindo clase tamén na súa propia academia, "Academia Xesta", tanto de debuxo coma de música, e traballando como retocador de fotografías e retratista. O seguinte apartado, "O bibliotecario", correspóndese coa seguinte etapa da súa vida, na que ingresa no corpo de "Archiveros, bibliotecarios y arqueólogos". Durante esta época escribe varios traballos catalogando obras de arte e manuscritos e incluso unha biografía de Curros Enríquez, chegando a ser vicepresidente da Comisión de Monumentos de Ourense, membro da Real Academia de Historia ou membro da Real Academia Galega, entre outros méritos. Pero o labor que máis se destaca del como bibliotecario é o seu traballo para a recuperación da biblioteca pública de Ourense, tralo incendio de 1927 cando era el o xefe da biblioteca, do que se dá unha nutrida información. Xa nos últimos capítulos, ocúpase Martínez-Risco dos derradeiros anos de Juan Xesta, despois do alzamento do 36, nos que foi sometido a un

proceso de depuración e apartado da súa actividade de bibliotecario por algún tempo. Á parte están os capítulos: "A academia Xesta", no que se profunda un pouco na historia deste centro de ensino rexentado por don Juan, segundo di, un centro de estudo convencional, pero no que primaban os valores cívicos; e "A íntima relación con seu irmán", que se ocupa un pouco da figura de Luís Xesta, irmán de don Juan, e da relación de protectorado que exerceu sobre el.

Mascato, Antón (coord.), *Carlos Casares. Revista de Estudios Miñoranos*, Nigrán: Instituto de Estudios Miñoranos □, 2003, 118 pp. (ISBN: 84-8289-213-4).

Este é un volume especial dedicado á figura de Carlos Casares que editou a *Revista de Estudios Miñoranos* con motivo do primeiro cabodano do autor. O monográfico saíu á luz na primavera do 2003 e, tras as presentacións institucionais por parte do director do Instituto de Estudios Miñoranos e do alcalde de Nigrán, aparecen os artigos dedicados ao autor ourensán. Ao final inclúese un índice de autores que son os que asinaron os respectivos artigos e engádese un CD cunha entrevista ao autor gravada en setembro do 2000, no programa "As lérias do moucho" da radio municipal de Nigrán. Os artigos son os seguintes:

- Carlos Casares, "Eloxio da tolerancia", pp. 9-11.

Recolle o discurso que ofreceu Carlos Casares na presentación do Caderno nº 5 do Instituto de Estudios Miñoranos (IEM) na Casa da Cultura de Gondomar. O discurso versa sobre a tolerancia e a convivencia que se pode observar por exemplo no entroido, festa da liberdade onde a única regra é a de non enfadarse. Casares tamén fai referencia a diferentes descubrimentos importantes ao longo da historia, como é o caso do uso do garfo para comer -paso decisivo na convivencia-, igual que o feito de aprender a falar en voz baixa, como tamén o concepto de democracia entendendo que a razón só a teñen aqueles que son maioría. Finalmente, remata loando o labor do IEM e sobre todo o congreso que van realizar sobre o Conde de Gondomar.

- M^a Xosé González Chamorro/Alberto Valverde Otero, "Perfil biográfico de Carlos Casares", pp. 13-22.

Recóllese neste traballo a vida de Carlos Casares dividida en tres etapas: "A infancia e a súa primeira adolescencia (1941-1957)", "A xuventude: os anos estudiantís (1957-1969)" e "A madurez: o compromiso coa cultura (1970-2002)". Na primeira parte dáse conta do nacemento do escritor e os primeiros anos en Xinzo de Limia. Tamén se refire ao seu ingreso no Seminario onde xa tivo os primeiros contactos coa poesía de Rosalía de Castro. Na etapa da xuventude relata a participación de Casares nos concursos literarios onde coñeceu a Risco quen marcou un xeito de narrar no escritor. Así mesmo, dáse conta da colaboración que mantivo co grupo Galaxia durante os estudos universitarios, momento no que coñeceu a Ramón Piñeiro. Participou na actividade política e ingresou na ADE (Asociación de Estudiantes Democráticos) na que levou a cabo diferentes actos culturais e políticos e, máis tarde, ingresou na Fronte de Liberación Popular. Ao tempo que exercía tales actividades foi publicando artigos e diferentes relatos. No último período, de madurez,

recóllese a vida de Casares a partir dos anos 60 ata a súa morte, etapa na que mantivo e acrecentou a súa actividade política e participou en diferentes actos da evolución galega como en Realidade Galega, na Lei de Normalización Lingüística, no Consello da Cultura Galega e na creación de certas institucións. Con este labor compaxinou a produción literaria e foi neste momento da súa vida cando houbo unha maior cantidade de obras que sacou do prelo. Recibiu importantes premios e ingresou tamén na Real Academia Galega. Ao final do artigo, destácase a importancia do traballo de Carlos Casares para a evolución de Galicia e cómo se perdeu un dos "sólidos piares" da cultura galega coa súa morte.

- Camiño Noia, "Carlos Casares na narrativa galega actual", pp. 23-29.

Neste artigo, Camiño Noia resume toda a produción narrativa de Casares, analizando os dous libros de relatos que escribiu e as seis novelas, dos que indica as súas influencias e comenta as principais características. Salienta que nos primeiros anos da súa produción, Casares foi gran admirador da moderna narrativa europea e isto obsérvase nos trazos europeístas que xa se atopan na súa primeira obra, *Vento ferido*, coa que comeza a súa andaina na renovación da narrativa galega. A segunda, tamén vangardista, foi *Cambio en tres*. Ademais destas características, Camiño Noia salienta outros trazos como pode ser o uso do monólogo interior e apunta os obxectivos e funcións desta nova técnica de narrar. A seguinte novela escrita foi *Xoguetes para un tempo prohibido*, a partir da cal o autor, sen prescindir da técnica vangardista, céntrase en contar as historias con claridade, isto ocorrerá tamén nos seguintes libros, por exemplo, *Ilustrísima*, da que salienta o seu argumento e a estrutura tradicional adaptábel a calquera época. Mais, *Os escuros soños de Clío* marca unha paréntese na narrativa de Casares porque mestura a fabulación histórica con trazos de fantasía. Camiño Noia considera que é neste punto onde se inicia unha nova etapa na traxectoria narrativa de Casares, etapa de madurez que chega con *O sol do verán*, *Deus sentado nun sillón azul* e *Os mortos daquel verán*. Destas tres últimas, comenta o autor o argumento e aquelas características máis salientábeis para, finalmente, rematar o artigo loando a prosa e a técnica de Carlos Casares.

- Iago Martínez, "A obra xornalística de Carlos Casares", pp. 31-39.

Este artigo de Iago Martínez fai un percorrido polas incursións de Casares no eido do xornalismo, cunha estruturación en tres grandes apartados: unha introdución na que salienta o labor xornalístico de Casares durante os primeiros anos do Seminario, cando participou no semanal *El Averno* ou nas páxinas de *La Voz de Galicia*, ata ser galardoado co "Premio Fernández Latorre" en 1983. O primeiro apartado titúlase "Semblanza da obra xornalística: *La Voz de Galicia* (1975-2002)", e resume o paso do escritor polo xornal ao que estivo vencellado case trinta anos, período que subdivide en dúas etapas: "A ledicia de ler (1975-1988)" da que resalta o xornalismo de divulgación cultural e "Á marxe (1988-2002)", etapa na que o xornalismo e o literario acaban confluindo. Iago Martínez analiza no artigo ese labor que exerceu Casares e titula a segunda parte do seu traballo como "Oralidade e sinxeleza: Notas para unha ética do estilo", onde salienta o carácter oral dos artigos de Carlos Casares dirixidos a un amplo público, de aí a súa natureza coloquial e a claridade con que os expón para acabar converténdose nunha "sorte de tertulia pública", improvisada.

- Fran Alonso, "A obra infantil de Carlos Casares", pp. 41-46.

Despois de datos biobibliográficos sobre o escritor, analiza dez textos que segundo el constitúen a obra infantil de Carlos Casares. Comenta *A galiña azul*, "un libro fermosísimo, sinxelo, profundamente humano, divertido e ateigado de tenrura". Fala da temática, dos personaxes e do seu significado no momento da publicación, apoiándose neste caso nas reflexións realizadas por Blanca-Ana Roig, Agustín Fernández Paz e Xosé Antonio Neira Cruz. A seguir, detense en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, que analiza dende a temática e forma literaria até a súa estrutura dramática. Así, pouco a pouco menta todos os volumes, entre os que están *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), a serie dos Toribios, *Lolo anda en bicicleta* (1996) e *Un polbo xigante* (2000), obra que considera máis dirixida aos adolescentes.

- Bieito Legaspi, "A outra obra de Casares", pp. 47-49.

Neste capítulo fálase primeiro da obra biográfica de Casares, mencionando traballos sobre Curros, Risco, Otero, Ramón Piñeiro, Francisca Herrera, Xan da Coba, Bouza-Brey e Fole. Despois fálase doutras obras especiais como a "Guía de Pontevedra", "Un país de palabras", "Hemingway en Galicia", "A vida do Padre Sarmiento", "Gonzalo Torrente Ballester, o escritor, o amigo" e "Ourense de auga e pedra".

- Gonzalo Navaza, "Carlos Casares e a traducción literaria ó galego", pp.51-54.

O autor fala das tres traducións literarias máis importantes de Casares, *O principião*, *Os escaravellos voan á tardiña* e *O vello e o mar* e admira a súa precisión e sinxeleza, así como a súa capacidade de facer que o texto soase a galego sen facer notar a man do tradutor.

- Antón Mascato, "A herdanza do vinculeiro: o editor", pp. 55-58.

Fálase do traballo de Casares á fronte de Galaxia e *Grial*, da súa capacidade de levar adiante os traballos grazas ó seu carácter aberto e comprensivo que tiña cos seus colaboradores. Segundo o autor do artigo, Casares "herdou" estes proxectos editoriais e deixounos con notábeis mellorías.

- "Entrevista a Carlos Casares", pp. 59-72.

Nesta entrevista, Casares fala un pouco da súa vida, contando algunha anécdota. Fala tamén da súa visión de Otero, de Risco, do seu amigo Torrente, de Ramón Piñeiro, da editorial Galaxia e do futuro que lle auguraba á lingua.

- Manuel Rodríguez Álvarez, "Memorial de amigo", pp.73-76.

É un artigo con ton sentimental no que o autor fala de Carlos Casares e da súa estreita relación de amizade con el.

- Miguel Viqueira, "O clube dos pecadores húmidos", pp. 77-78.

Trata das tertulias nas que o autor participaba xunto con Casares, Manuel Prego e Torrente Ballester na Ramallosa.

- Xulio Ríos, "Alumno de Carlos", pp. 79-81.

O autor do artigo fala da posición política gardada por Casares e explica o xeito no que mudou a súa opinión sobre a mesma desde que fora alumno del ata que madurara e

comprendera a opinión do ourensán.

- Antonio Araújo Quintas, "Buscando desesperadamente a un escritor", pp. 83-86.
Conta como conseguiu contactar con Casares por teléfono, sen sequera coñecelo, para pedirlle que fixera o testamento da sardiña de 1994 para a vila de Gondomar e o pouco esforzo que precisou para convencelo. Inclúe o texto lido polo propio Casares no Enterro da Sardiña daquel ano.

- Xosé María Fonseca Moretón, "*En todas partes cuecen habas* ou pinceladas con nostalgia", pp. 87-88.
Trátase dun artigo no que o autor fala da súa relación de amizade con Casares e a súa peculiar compenetración.

- Entrevista con Bieito Ledo, "Decidíu vir vivir a este fermosísimo val", pp. 89-93.
Trátase dunha entrevista a Bieito Ledo no programa *A gavela do Guillade* en Radio Voz-Onda Cero do Val Miñor, emitido pouco despois da morte de Casares. Nela, Ledo fala de Casares como o seu amigo e de cómo acabou vivindo alí, en Vilariño.

- M^a Xesús Pérez García, "Cando o gran amor se chama Carlos Casares: entrevista a Kristina Berg", pp. 95-98.
Trátase dunha entrevista á viúva do escritor na que conta como deu en coñecelo nun tren e como ficaron namorados. Logo fala dos difíciles primeiros anos (aínda baixo a ditadura) e da perseverancia de Carlos en non querer marchar de Galicia pese ás presións. Logo conta a grandes trazos como fôra a súa relación co polígrafo ourensán.

- M^a Xosé González Chamorro, "Actos de homenaxe a Carlos Casares en Nigrán", pp. 99-103.
Este artigo dá nota da homenaxe que o IEM, o Instituto de Estudos Miñoranos, e os centros educativos da comarca fixeron á figura de Casares trala súa morte.

- Alberto Valverde, "A bibliografía de Carlos Casares Mouriño", pp. 105-108.
Artigo no que se fai un repaso por toda a obra do escritor ourensán homenaxeado.

- Alberto Valverde, "A cronobiografía de Carlos Casares", pp. 109-115.
Dá nota da súa vida en relación cos acontecementos máis importantes ocorridos no momento en cuestión.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 41, 'Infantil/Xuvenil', 1 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fíxa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do monográfico editado pola *Revista de Estudos Miñoranos* que lembra a vida e obra do escritor. Ademais, Blanco Rivas cita os nomes dos escritores que colaboran neste monográfico.

Mascato, Antón (coord.), *Don Paco del Riego. Fillo adoptivo de Nigrán*, Nigrán-Pontevedra: Concello de Nigrán ♦, 2003, Libro e CD, 70 pp. (ISBN: 84-8289-220-7).

Con motivo do nomeamento de Francisco Fernández del Riego como fillo adoptivo de Nigrán, vila na que viviu ao redor de trinta anos, publícase este libro homenaxe que recolle os discursos que tiveron lugar o 19 de outubro do 2002 no Pazo da Touza onde transcorreu o acto. As intervencións, que loaron a súa figura, correron a cargo dos profesores Xulián Maure e Camiño Noia; do académico da Lingua Xosé Luís Franco Grande; do director do IGADI, Xulio Ríos; do director do Instituto da Lingua Galega, Antón Santamarina; do escritor Alfonso Álvarez Cáccamo; do secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo; do funcionario da ONU Ramón Lugrís e doutras personalidades do mundo da cultura galega como Bernardino Graña, Antón Mascato e Xosé Luís Barreiro. Sen esquecer amigos do homenaxeado como Isaac Díaz Pardo e Xesús Aramburu. O acto pechouse coas intervencións de Carlos Méixome, director do Instituto de Estudos Miñoranos e Manuel Rial, alcalde da localidade. Finalmente Del Riego agradeceu as mostras de cariño e loanza recibidas polo seu traballo, ao mesmo tempo que eloxiou a vila na que residiu durante tantos anos. O volume inclúe fotografías do día e un CD como documento sonoro do acto.

Referencias varias:

- Alfredo Goberna, 'Del Riego dona al Concello de Nigrán mil libros de su biblioteca personal', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 8 abril 2003, p. 27.

Destácase a doazón que Fernández del Riego fixo ao Concello de Nigrán, un total de mil libros da súa biblioteca persoal. Refírese tamén ao feito de ser fillo adoptivo da localidade, acto do que queda constancia no libro *Don Paco del Riego. Fillo adoptivo de Nigrán*.

- A. G., 'Nigrán inaugura una exposición sobre Del Riego', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 29 abril 2003, p. 23.

Infórmase da inauguración dunha exposición no Concello de Nigrán sobre o ex presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego. Obsérvase que este feito será aproveitado para facer entrega do libro que se elaborou a partir do acto no que esta figura das letras galegas foi nomeado fillo predilecto da vila.

- Alfredo Goberna, 'Nigrán ya tiene en propiedad la biblioteca de Playa América de Del Riego', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 1 maio 2003, p. 21.

Dáse conta da doazón que Francisco Fernández del Riego fixo da súa biblioteca ao Concello de Nigrán do que é o único fillo adoptivo. No acto da firma do acordo tamén tivo lugar a entrega do libro no que se recolle a intervención dos asistentes ao nomeamento.

Mojón Costela, Olga e Tomás Vega Pato (coord.), *O Teatro Principal de Ourense (1992-*

2002), prólogo de Nuria Espert, Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, xaneiro 2003, 121 pp. (ISBN: 84-96011-17-8).

Libro publicado co gallo do décimo aniversario da rehabilitación do Teatro Principal de Ourense que conta cunha luxosa encadernación e con abondoso material fotográfico de apoio. Comeza cun prólogo de Nuria Espert no que enxalza a traxectoria deste teatro e onde se lembra das súas actuacións nesta sala ourensá. Despois preséntase unha breve introdución, a cargo dos coordinadores deste volume, así como un texto de Luís Rivas Villanueva. A seguir están os catro bloques nos que se xebra este volume: "Recuperación", "Lembranza", "Os acontecementos" e "As vivencias", nos que temos diferentes artigos, de persoas vencelladas co mundo teatral e co Teatro Principal, que repasan diversos aspectos do devir histórico deste teatro de Ourense. Os textos que se centran no mundo literario son os seguintes:

- Luís Rivas Villanueva, "Notas históricas do Teatro Principal", pp. 15-37.

Este texto, que fora redactado como introdución ao libro *O Principal* (1993), repasa a memoria histórica deste teatro dende a súa construción en 1830, grazas a Santiago Sáez, ata súa recuperación en 1993. Reprodúcense textos e poemas de Valentín Lamas Carvajal relacionados con este teatro, sinálase que as súas paredes acolleron zarzuela, coros, sociedade filharmónica, cinema, etc., e ademais de plasmar como outros literatos como Curros Enríquez, Zorrila, Pardo Bazán ou Rey Soto tamén tiveron relación co Teatro Principal.

- X. L. Méndez Ferrín, "As nove menos cuarto", pp. 57-59.

Recorda dende a saudade a vida social e cultural do Ourense da súa xuventude e da importancia que naquela altura tiña a rúa da Paz, da que se fai unha detida descrición, así como do Teatro Principal, do que destaca que xa o visitara de neno. Resalta tamén a importancia da Imprenta Otero, xa que de aquí sairá a metade da literatura ourensá do século XIX, ademais de mencionar a Otero Pedrayo e ao Espolón da praza Maior de Ourense.

- Francisco X. Fernández Naval, "Houbo unha vez un Teatro e no Teatro houbo un bar...", pp. 65-69.

A xeito de conversa con Gelucha, a muller que durante tantos anos vendeu as lambetadas no Principal nas proxeccións de cinema de reposición para a xente humilde, faise un percorrido polos recordos de Gelucha -onde sobresaen nomes como os de Risco, Cuevillas, Quesada, Virxilio, etc.- e remátase co laio de que neste aniversario non se convida ás xentes que fixeron a pequena historia do Teatro Principal.

- Ánxeles Cuña Bóveda, "10.º aniversario do Teatro Principal", pp. 95-98.

Apoiándose nun texto teatral felicita a todas as persoas e institucións que fixeron posíbel a recuperación deste teatro como espazo de normalización da arte dramática en Ourense, recalca que gracias ao Teatro Principal a Cidade das Burgas está presente no circuío A da

rede galega de teatros e auditorios. Tamén destaca que a compañía de teatro Sarabela está intimamente vencellada a esta institución.

- Ernesto Chao, "¿Dez anos xa? Parece que foi onte", pp. 111-113.

Ernesto Chao lémbrese que dende a súa Ribadavia natal vían o Teatro Principal como o punto de referencia da súa vida cultural, gábase da programación destes dez anos de vida e remata pedíndolle ao público a aos programadores que aposten polo teatro galego.

Pardo de Neyra, Xulio, *Ánxel Fole. Pazos e nacionalismo*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, febreiro 2003 (ISBN: 84-8408-240-7).

A memoria de licenciatura titulada *Ánxel Fole. Pazos e nacionalismo* defendida por Pardo de Neyra na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1999, constitúe a orixe do presente volume que pretende ser unha homenaxe ao escritor Ánxel Fole con motivo da celebración do centenario do seu nacemento. O limiar correu a cargo do profesor Anxo Tarrío, responsábel da dirección do traballo inicial xa citado, que destaca o inxente labor de búsqueda realizado, así como o substancial proveito da obra. O traballo desenvólvese facendo primeiro un percorrido pola árbore xenealóxica do escritor, así como do patrimonio que pertencía á casa dos Foles de Navia e dos Quiroga. Indícase que todos os pseudónimos cos que Fole asinaba e que utilizou de maneira indiscriminada estaban inspirados nestas propiedades e apelidos dos seus antergos. A linaxe, nun principio, era humilde, pero coa chegada dos Borbóns ascenden e manipulan os documentos que mostrarán a partir dese momento raiceiras ilustres. Despois, céntrase na vida do propio escritor que estivo marcada polo abandono do pai, o maxistrado Fole y Quiroga. Da súa xuventude destácase a unión ao Partido Republicano Radical Socialista de Lugo e seguidamente a súa captación para a causa galeguista. Ata o ano 1953 non publica a súa primeira obra en galego *Á lus do candil. Contos a carón do lume*, á que seguirían *Terra Brava*, *Pauto do demo*, *Contos da néboa*, *Historias que ninguén cre*. Estes textos son os que toma Pardo de Neyra para estudar a literatura palaciana. Fai unha tipoloxía dos fidalgos que aparecen na literatura de Fole, así atopamos ao fidalgo absentista, o pendulario, o despótico ou o patriota entre outros. Tamén o intenta coas fidalgas, pero como se explica estas teñen un rol moi pasivo. Téntase mostrar como o discurso palaciano é utilizado polo escritor para intentar transformar Galicia e supera-lo atraso dende o arraigo á Terra. O volume conclúe cunha prolixa bibliografía activa e pasiva acompañada doutras fontes empregadas.

Pardo de Neyra, Xulio, *Evaristo Correa Calderón*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, novembro 2003, col. A nosa memoria, nº 32, 164 pp. (ISBN: 84-453-3664-9).

Baixo o título de *Evaristo Correa Calderón* publica Xulio Pardo de Neyra (Lugo, data) unha antoloxía "do labor intelectual" de Correa Calderón (Neira, 1899-Trives, 1986), incluíndo mostras dos varios xéneros literarios que cultivou, acompañada dunha pormenorizada biografía sobre o autor. Trala presentación institucional vén a primeira parte do volume, constituída por dez breves capítulos que repasan o percurso vital, profesional e

bibliográfico de Correa, dende a súa nenez ata o pasamento. Dáse a coñecer cal foi a súa orixe familiar, a súa formación inicial e as súas precoces manifestacións intelectuais; a súa etapa madrileña, cando se hospeda na Residencia de Estudiantes e se adhire aos novos movementos de vangarda que coñece a través de Cansinos Asséns, Ramón Gómez de la Serna, Euxenio Montes, Federico García Lorca, etc.; a súa volta ao Lugo natal e a conseguinte creación dun espazo galego de vangarda, cando funda a revista *Ronsel*; os seus anos de lector universitario en Europa; a etapa de *Vanguardia Gallega*, o xornal republicano de Lugo; a súa reacción tras o levantamento franquista, ao que se suma alentado por José Filgueira Valverde; e a súa etapa como brillante hispanista en Salamanca (onde cofunda a editorial Anaya) e en Madrid. A continuación, reúnense textos de diversa natureza que conforman a escolma: "A gaitiña melancólica", "D'a terra. N'as aas d'unha anduriña...", "Dúas estreliñas políticas", "Berros de Loita", "Os Poemas da Esaltazón. A Carne", "Verbas acesas", "Nature Morte", "Carnaval tráxico", "Semana Santa", "Gárgolas", "Villancico", "Romancinho de Rosa", "Fiandón", "O Miragre de Raimundo de Penaort", "Manifesto aa Nova Generazón Galega" e "Margarida a da sorriso d'aurora". Finalmente, engádense como apéndice unha listaxe coas datas máis significadas no percurso vital e bibliográfico do autor, un índice completo da súa produción en galego e unha bibliografía básica.

Pereira Martínez, Carlos, Romero Masiá, Ana, *Germinal. Centro de Estudios Sociales (Cultura Obreira na Coruña, 1902-1936)*, Betanzos-A Coruña: Briga Edicións, 2003, 178 pp. (ISBN: 84-932734-2-2).

Estudo no que se analiza e traza a historia da Sociedad de Estudios Filosóficos, Científicos y Sociológicos Germinal, aparecida na Coruña en xuño de 1902 e que pronto se coñecería simplemente como Germinal. Ábrese cunha pequena "Presentación" asinada polos autores, Carlos Pereira Martínez e Ana Romero Masiá, na que, alén de sinalar a importancia que tivo esta sociedade, xunto con La Antorcha Galaica del Libre Pensamiento, reflexionan sobre as dificultades que lles xurdiron á hora de tentar facer unha historia de Germinal, as fontes utilizadas, etc., e rematan amosando o seu agradecemento ás persoas que lles axudaron na investigación. No primeiro capítulo, "A fundación" analízase o contexto no que xorde, as dificultades iniciais coas que se atopou e mais o seu regulamento fundacional. Apúntanse como obxectivos básicos da sociedade o cultural e instrutivo: a difusión e instrución en todas as ramas do saber segundo os principios emanados da economía e filosofía modernas e con carácter plural, sen discriminación ideolóxica. Os medios para acadar estes obxectivos serían a creación dunha biblioteca, celebrar conferencias, certames e veladas literario-musicais, impulsar comisións de propaganda e crear escolas laicas para a formación dos obreiros. A seguir, abórdanse os seus trinta e catro anos de vida en dúas dimensións diferenciadas: unha primeira na que se destacan aspectos máis puntuais directamente relacionados coa vida interna da institución ou dos problemas da clase obreira coruñesa, e unha segunda na que se comentan e analizan actuacións que tiveron continuidade ao longo de toda a vida de Germinal, como os mitins, conferencias ou a preocupación pola educación. A primeira dimesión sería abordada no capítulo II, "Aspectos xerais da súa evolución". Divídese esta evolución en catro períodos, un que iría de 1902 a 1912, marcado pola ilusión do proxecto que se está a pór en marcha, no que se analizan as reivindicacións laicistas e anticlericais, renovacións da xunta directiva, os locais sociais e o

financiamento... O seguinte abrangería de 1912 a 1923, caracterizado como unha etapa de crise e dificultades, ao igual que o seguinte, 1923-1931, marcado pola ditadura, que chegou a ilegalizar a sociedade durante catro anos. Así, coa chegada da República (1931-1936) renace Germinal, vivindo un período de intensa reactivación das actividades. A segunda dimensión que se comentaba sería a dos capítulos III e IV. No terceiro, "Educación e Cultura", estúdanse as actividades directamente relacionadas co ensino, que se manifestan en dous campos: nos intentos de crear unha escola laica e na organización de clases para adultos. Así mesmo, dedícanse senllos epígrafe á biblioteca, sinalando que era a actividade máis querida e potenciada, polo que chegou a ser a maior biblioteca obreira da cidade, ao orfeón *Aurora*, ás excursións e ás representacións teatrais, salientando o interese polo teatro que desde o primeiro momento amosou a sociedade, consciente do seu valor e o de outras mostras culturais, para espertar a conciencia de clase, mais tamén para educar e distraer. Apúntase entre outras cousas que as representacións eran no local da propia Germinal, e as obras, xeralmente breves, encádranse en dous tipos de xénero: os dramas sociais e os xoguetes cómicos. Achegan os autores unha listaxe dos títulos que se coñecen (todos eles en español) e das datas de representación, facendo unha pequena análise daquelas obras das que se conserva o texto. Sinalan tamén que algunhas forman parte do repertorio máis coñecido e de máis éxito das obras de carácter obreiro, especialmente as de tendencia anarquista. No tocante ao cuarto capítulo, "Política e sindicalismo", abórdanse tres aspectos tratados polos xerminalistas con grande atención e dedicación: os mitins, as conferencias e as veladas de controversia. Sinálase que os temas que orixinaron un maior número de mitins foron as peticións de liberdade para os presos por delitos políticos e sociais, seguidos daqueles conmemorativos, contra a carestía da subsistencia e a falta de traballos, os antibelicistas, de propaganda anarquista e libertaria e outros menos frecuentes como por exemplo as reivindicacións agraristas de 1909. Apúntase tamén, a respecto das conferencias e veladas de controversia, que ideoloxicamente os conferenciantes responden a un amplo abano, que vai desde anarquistas, librepensadores, marxistas, etc., até persoeiros máis conservadores. Así, os autores ofrecen unha análise da dedicación profesional dos conferenciantes, das datas e tema desenvolvido, diferenciando así as distintas etapas no panorama xeral destas actividades. Finalmente, no capítulo V, "Os homes de Germinal" destácanse os datos máis relevantes das actividades realizadas por aqueles que ocuparon o cargo de presidente da institución, sen pretenderen os autores ofrecer unha biografía completa. Así, dáse información referente a José Álvarez García, Manuel Alvedro, Germán Barreiro, Emilio Cayazzo Cruz, Antonio Cortés, Manuel Cortés Regueira, Ricardo Coteló Palleiro, Benito Couceiro Gómez, Rafael García García, Ricardo García Lago, Luís Huici Fernández, José Láuzara García, Marcial Lores García, Manuel Martínez Pérez, Jacinto Méndez Esporín, José Moreno, Emilio Pisos Lois, Ricardo del Río Casal, José Sanjurjo Rodríguez, Enrique Solís Piñeiro e Rafael Vázquez. O volume fécchase cun apartado de anexos que ocupa unhas corenta páxinas, achegándose todo tipo de documentos como o regulamento fundacional, cartas, noticias de xornais, bases dos Certames Literarios organizados por Germinal, os compoñentes das súas xuntas directivas, etc.

Pereiro, Paulino, *A música teatral*, A Coruña: Universidade da Coruña ◻♦, maio 2003, col. Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor, nº 27, 125 pp. (ISBN: 84-9749--061-4).

Ensaio centrado na música teatral entendida como unha manifestación específica da Música

concibida como arte xeral e matriz. Como o propio Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) recoñece o seu traballo non encaixa con facilidade no tipo de escritos académicos ou eruditos que segue unha exposición referenciada con abundante bibliografía especializada. O libro estrutúrase en dúas partes: "Manifesto con axuda da poesía" e "Poética da música teatral", este último xa editado con anterioridade en Cadernos de Teatro e que é acompañado ademais nesta nova publicación cunha análise práctica do papel da música na ópera grazas á inclusión dun texto que o propio autor elaborara para o programa de *Il Barbiere di Siviglia*, de Rossini representado en Compostela en agosto de 1998. Nas dúas partes do ensaio o autor desenvolve de forma reiterativa o obxectivo que dirixe o seu traballo: a descrición de cómo debe ser, non cómo é na práctica escénica pasada e presente, a música teatral. Pereiro aborda a súa análise e explicación das funcións e capacidades da música teatral ao longo de pequenos subapartados cuxas ideas principias son resumidas nos capítulos "Repaso para exame" e "Repaso para o segundo parcial (entran poucos temas, menos mal)". Na primeira parte do ensaio o autor vota man da poesía mediante a cita de versos de importantes e coñecidos poetas para precisar algunhas das súas ideas ao considerar ao poeta "filósofo do símbolo" igual que o músico. Paulino recoñece como trazo definidor da música o seu carácter abstracto e simbólico, condición que dota esta linguaxe dunha capacidade polisémica e dunha ambigüidade que lle permite comunicar novos significados ou suliñar e destacar os xa expresados por outros medios na escena. A relación das características definitorias da música teatral e a explicación da súa pontecialidade expresiva non obvia o feito de constituír esta linguaxe un medio expresivo autónomo e singular que establece no espectáculo teatral relacións de complementariedade e interrelacións dinámicas coas demais linguaxes escénicas que a dotan dunha capacidade narrativa que inicialmente lle é allea. Pereiro proporciona oportunos exemplos de casos de escrita musical para a escena e partituras que ilustran as ideas e suxestións que lle vai propoñendo ao lector, que non ten que ser necesariamente coñecedor da materia.

Referencias varias:

- E.P., 'Igaem e UDC editan dúas obras de música e teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 decembro 2003, p. 38.

Dáse conta da aparición de dous novos títulos na colección "Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor", editados polo Igaem e maila Universidade da Coruña. Trátase de *A música teatral*, un ensaio de Paulino Pereiro, e *Farsa dos almocreves*, peza teatral do dramaturgo portugués Gil Vicente.

Pérez Rodríguez, María Antonia, *Luis Seoane a través da prensa (1929-1979)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, xullo 2003, 363 pp. (ISBN: 84-8485-119-2).

Volume que se achega á vida e obra de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979) a través da prensa escrita, por crer a súa autora, tal como indica na introdución, que esta visión resultará "esclarecedora da súa dimensión artística e social". As publicacións analizadas inclúen xornais e revistas de América e de Europa. Nelas, ademais de aludir á obra deste persoeiro, recóllese a súa relación con distintos intelectuais. A obra está estruturada en seis capítulos, que abranguen diferentes etapas cronolóxicas. No primeiro

analízanse as notas de prensa sobre este artista aparecidas entre 1929 e 1949. Comeza, pois, cando se estaba dando a coñecer o seu labor e vai ata o momento en que nas distintas publicacións xa se pode deducir que gozaba de prestixio como debuxante. O segundo capítulo detense no período entre 1950 e 1955, anos produtivos pictórica e literariamente para este personaxe. Nos artigos presentados, por exemplo, queda constancia da acollida que tivo o seu poemario *Fardel do eisilado* (1952). A terceira etapa aquí diferenciada vai dende 1956 ata 1962. Séguense recollendo notas de prensa sobre Seoane, quen nesta etapa, ademais de ser recoñecido como pintor, escribiu a peza de teatro *La Soldadera* (1957). O capítulo cuarto abrangue dende 1963 ata 1970 e nel recóllense as impresións das súas exposicións en xornais como *ABC*, *La Voz de Galicia* ou *El Español*, así como en revistas xerais e especializadas. O quinto capítulo, que comprende a etapa de 1971 a 1979, de igual forma que os anteriores, dá conta da súa tarefa de pintor e da súa vida a través da prensa, que nalgún caso reproduce as palabras deste artista. O último dos capítulos desta monografía, entre outros aspectos e a modo de conclusión, establece cinco etapas na súa evolución plástica, indica as características da súa obra, enumera algúns dos temas que tratou, revisa cales foron os críticos que escribiron sobre el, analiza os factores que o canonizaron, fai unha achega á súa ideoloxía e constata que os seus libros tiveron menos repercusión mediática que as súas mostras.

Regal Ledo, Manuel, *Roxelio Subiela Ledo. A gracia dun home de aldea*, Asociación Irimia □, 2003, col. Angueira II Época (ISBN: 84-89102-10-4).

Biografía de Roxelio Subiela Ledo (1924-2001), un home do mundo rural galego ao que o autor quere brindar unha homenaxe pola súa sabedoría, autoridade moral, vontade de traballo, bondade, coñecemento, experiencia, etc. A obra estrúturase en dúas grandes partes, precedidas dunha "Introducción" na que Manuel Regal explica cales son as razóns que xustifican esta homenaxe e na que, tras sinalar que esta é un recoñecemento a todo o mundo rural, agradece a todos aqueles que colaboraron na elaboración deste libro polo seu traballo. A primeira parte, baixo o título "A vida do Roxelio", inclúe sete capítulos nos que dá coidada conta da traxectoria vital do homenaxeado; na segunda parte, titulada "Testemuños e pregarías", inclúe once textos de creación literaria, algúns en prosa e outros en verso, algúns asinados e outros non, nos que se fai referencia á vida do homenaxeado e nos que, sobre todo, se deixa constancia dos sentimentos que nos seus veciños, familiares e amigos deixa o seu recordo. O libro, que inclúe fotografías do propio Roxelio Subiela, péchase cun "Epílogo" do autor, no que incide nos merecementos de Subiela Ledo, e de todos os maiores, para recibiren unha homenaxe coma esta.

Rei Ballesteros, Anxo A., *Tempo e vinganza. Ensaio sobre Hamlet, de William Shakespeare*, II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, Vigo: Galaxia □, maio 2003, col. Ensaio, nº 19, 302 pp. (ISBN: 84-8288-603-7).

Trala publicación de diversas novelas, un libro de relatos e outro de teatro, Anxo Rei Ballesteros (Codeso-Boqueixón, 1952) volve ao xénero ensaístico (en 1989 publicara *A outra memoria*) con este *Tempo e vinganza* -galardado con Premio Ramón Piñeiro de

ensaio na Edición de 2002- no que é analizado o *Hamlet* de William Shakespeare. Ballesteros dá inicio ao libro cunha incursión directa no primeiro acto da obra do século XVII falando dun puntual acontecemento da súa trama, pero xa nesa primeira páxina introdúcese no que será o principal tópico da obra: o tempo. Os fragmentos do literato inglés son empregados para manifestar unha fonda preocupación polo paso do tempo, analizando a crise da modernidade e como se constitúe a vida cotiá actualmente. A interpretación que se lle dá a isto supón unha nova concepción da vida na que se constata a existencia dun tempo urbano e cosmopolita que pretende ignorar as leis da natureza fronte a outro tempo harmónico, natural e local. Estruturalmente, presenta catro partes de tamaño variable, das que a primeira é notoriamente maior con dezaseis capítulos fronte ós seis, oito e sete das tres restantes, respectivamente. No que atinxe á linguaxe, é empregado un rexistro correspondente co xénero do que se trata, sendo moi directo en ocasións pero facendo tamén incisións densas e profundas.

Recensións:

- Camilo Franco, 'Contra o silencio', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 15, 'Letras en galego', 28 xuño 2003, p. 7.

O desenvolvemento do contido da obra, núcleo deste artigo, vese precedido por una breve reflexión acerca da ubicuidade que posúe *Tempo e vinganza* dentro do panorama ensaístico galego actual. Dito isto, adéntrase no texto destacando o emprego da análise da historia do príncipe de Dinamarca, identificada coma o síntoma dun proceso social e filosófico. A maiores, expresa o seu punto de vista acerca do tratamento que Rei Ballesteros efectúa sobre Hamlet.

- Basilio Lourenço, 'A vinganza do goliardo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Libros', 16 outubro 2003, p. V.

É empregada esta recensión inicialmente por Lourenço para expresar a importancia e pertinencia que para el ten a existencia de Premios de ensaio como o Ramón Piñeiro, un xénero "deixado da man" hoxe en día que precisa ser "reactivado", segundo manifesta. Esta breve introdución enlaza coa obra que obtivo o devandito premio na edición de 2002 da que, para presentalo a modo de resumo, salienta tres grandes aspectos: a explicación que para el ten a "vinganza" que consta no título, o papel que Rei Ballesteros lle dá á *dúbida* de Hamlet en contraposición co tradicional e a dobre linguaxe con respecto ó sexo representada por Ofelia e o protagonista. Finalmente, o recensionista dá o seu punto de vista acerca da mesma, da que destaca que non se trata de "hermenéutica literaria" nin de "filosofía da cotianeidade", senón que, sinxelamente, é un "pasa-tempo".

Referencias varias:

- E.P., 'Galaxia presenta en Vigo 'Tempo e Vinganza' de Anxo Rei Ballesteros', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 68.

Véxase: E.P., 'Desde o ollar Hamlet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xuño 2003, p. 55.

- E.P., 'Desde o ollar Hamlet/Galaxia presenta en Vigo 'Tempo e Vinganza', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 3 xuño 2003, p. 55/68.

Nesta ocasión ponse o acento na futura presentación de *Tempo e vinganza*, informando ao pormenor dos asistentes cos que contará o acto correspondente e recollendo unhas palabras do editor, Víctor F. Freixanes. Logo disto, fai un breve apuntamento da obra e do autor, citando da primeira a que é a súa "fonte de inspiración", o Hamlet de Shakespeare, os tópicos nela tratados ó igual que efectúa unha enumeración das entregas que ten realizadas Rei Ballesteros.

- Begoña R. Sotelino, 'Anxo Rei analiza a sociedade actual en 'Tempo e vinganza', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 xuño 2003, p. 45.

Sotelino incide no acto de presentación do libro levado a cabo pola Editorial Galaxia na Casa da Cultura de Vigo, para, posteriormente, subdividir o artigo en dúas grandes partes correspondentes ás principais exposicións argumentais desta obra na que se analiza o *Hamlet* de Shakespeare: a concepción da vida co paso do tempo e o amor. Remata aludindo a anteriores creacións de Ballesteros.

- A. Quián, 'Anxo Rei presenta 'Tempo e vinganza', Premio Ramón Piñeiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 6 xuño 2003, p. 45.

Anunciase a saída ao prelo da obra escrita por Rei Ballesteros e gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2002, plasmando as palabras que o autor tivo cara ao público na presentación da mesma e á que asistiron editores e colaboradores coa mesma. A meirande parte do artigo recolle aquelas puntualizacións que o boqueixonés fixo acerca da temática principal do libro: o tempo e o cambio de época que se está a sufrir.

- MARÉ, 'Como un desafío', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xuño 2003, p. 52.

Nesta nova dáse conta da presenza de diversas personalidades do mundo empresarial e da cultura na presentación de *Tempo e vinganza*, para, despois, facer unha incursión na propia obra, da que subliña a obtención do premio e da que plasma a principal temática tratada nela: o paso do tempo. Remata o artigo facendo fincapé na importancia que este escritor ten para as nosas letras e cítanse diversos títulos feitos pola súa pluma.

- A.E., 'Rei Ballesteros na procura do tempo perdido', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 29.

O artigo recolle as impresións de Rei Ballesteros e Víctor Freixanes, director da editora de *Tempo e vinganza*, trala concesión do premio "Ramón Piñeiro de Ensaio" á devandita obra. Nel, logo de informar da presentación e dar a coñecer a súa impresión sobre o libro, detalla as palabras de loa que tivo o editor cara ao escritor, a quen se referiu como o auténtico continuador de Piñeiro e García Sabell. Tamén se fai unha fonda reflexión acerca da imaxe que, acerca do tempo, plasma Ballesteros en *Tempo e vinganza*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49,

'Infantil/Xuvenil', 26 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fíxase na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de *Malfeito bufón* de Xaquín Marín Formoso e de *Tempo e vinganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros. Desta última sinala que é unha análise sobre a concepción do tempo na modernidade a partir dunha lectura do *Hamlet* de Shakespeare; outros temas que trata son o amor, a morte, a familia... Con ela, o autor resultou gañador do Premio "Ramón Piñeiro de Ensaio 2002".

- A. R. López e Soedade Noia, 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Véxase a descrición que deste suplemento se fai no apartado V. 6. Notas, presentacións e escritos varios, xa que se inclúe un comentario sobre esta obra.

Rico Vereá, Manuel, *Conversa con Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 2003, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2003, CD-Rom (ISBN: 84-453-3683-5) (ISBN: 84-453-3683-5).

Estes son dous CDs que recollen unha entrevista feita polo xornalista Manuel Rico Vereá a Ramón Piñeiro no ano 1988 no programa *Terra e xente* de Radio 4, emisora galega de Radio Nacional de España na Coruña, onde se amosa o percurso vital, cultural e político deste galeguista, dende o seu nacemento, o 31 de maio de 1915 en Armea (Lugo), ata os anos oitenta, pasando polos primeiros contactos co galeguismo en Lugo ou Compostela, a súa implicación no Estatuto, fundación de Galaxia, etc..., deixando constancia de diferentes reflexións sobre a lingua galega, a saudade, que lle levaría a escribir *Filosofía da saudade* na editorial Galaxia, política, galeguismo, literatura, e polo tanto, amosando ser un claro representante e mentor da posguerra en Galiza, así como das xeracións que nacían nestes anos.

Referencias varias:

- E.P., 'Constantino García e Ramón Piñeiro serán obxecto dunha homenaxe mañá venres', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 27 novembro 2003, p. 76.

Anúnciase o acto de homenaxe aos galeguistas Ramón Piñeiro e Constantino García no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades organizado pola Consellería de Educación e dentro do marco da celebración do décimo aniversario deste centro. Presentaranse tres números dos Cadernos *Ramón Piñeiro*: o primeiro, *Ramón Piñeiro: dúas lecturas*; o segundo consiste nun estudo da biografía do autor xunto cunha escolma de cartas; e o último analiza a súa bibliografía. Ademais, anúnciase tamén a presentación do CD *Conversa con Ramón Piñeiro*.

Rodríguez Dacal, Carlos, *O irmanciño de Otero Pedrayo. Pinsapo memorable de Galicia*,

Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, 2003, 222 pp. (ISBN: 84-96011-21-6).

O biólogo Rodríguez Dacal fai neste libro un minucioso traballo de investigación sobre a relación de irmandade entre Ramón Otero Pedrayo e a árbore que seu pai plantou no xardín da solaina, en Trasalba, con motivo do nacemento do seu primoxénito. O volume intenta desbotar algúns dos erros que se mantiveron ao redor do *irmanciño*, o máis importante é que non se trata dunha araucaria como sempre se pensou, senón dun pinsapo ou abeto español. Faise un seguimento dende o 5 de marzo de 1888, data de nacemento de Otero Pedrayo e da plantación da árbore, ata o 5 de febreiro de 1972, día no que un forte vendaval a derruba, feito que é entendido polo escritor como un presaxio da súa propia morte que acontece catro anos despois. O investigador procura datos sobre a compra da árbore, o lugar de asentamento, a relación co galeguista e a época posterior á súa desaparición, para isto baséase en diferentes testemuños e nas obras do propio escritor ourensán. Cóntase como "as mans amigas" de Otero Pedrayo mercan a árbore ás agachadas para facer un cadaleito no que ía descansar a súa muller. Finalmente, por problemas na madeira isto non puido ser polo que foi o propio escritor o que catro anos despois descansou rodeado polo *Irmanciño* sen el sabelo. Achéganse datos sobre as plantacións posteriores de araucarias no mesmo xardín e a existencia dun irmán menor do primeiro pinsapo polo que como se di no libro "¡O *Irmanciño* vive!". O volume tamén inclúe un bo número de fotografías, principalmente do escritor e do xardín da solaina onde estaba o *Irmanciño*.

Referencias varias:

- Xosé Manuel Rodríguez, 'Un libro recupera a historia da relación entre Otero Pedrayo e unha árbore', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 45.

Resúmese a historia de fondo cariño que Otero Pedrayo protagonizou ao longo de oitenta e catro anos co que el chamaba *irmanciño*. Destácase o labor de investigación de Rodríguez Dacal no que se desbota algún erro histórico como que a propia especie non era unha araucaria, senón un pinsapo ou abeto español.

- Agustín Sixto Seco, 'Da 'figueira' de Padrón ó 'pinsapo' de Trasalba', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 16 xullo 2003, p. 3.

Móstrase a gran sorpresa suscitada polo libro do botánico Carlos Rodríguez Dacal *O irmanciño de Otero Pedrayo. Pisapo memorable de Galicia*, no cal se afirma que a árbore á que Otero denominou *irmao* non era como todos pensaban unha araucaria, senón un pinsapo. Relaciona esta árbore, a que tanto cariño lle tiña o escritor de Trasalba, coa figueira que Rosalía plantou en Padrón, pois ambos escritores sentíanas fondamente.

- M. de Bran, 'O *irmanciño* de Pedrayo', *La Región*, 'Ourense', 20 xullo 2003, p. 12.

Con motivo da publicación do libro *O irmanciño de Otero Pedrayo* do profesor e doutor Carlos Dacal realízase un repaso pola importancia de dita árbore para o escritor ourensán e a relación que con ela mantivo durante a súa vida. Dise que Otero pensou que era un símbolo fatídico a morte da árbore e foi casualidade que pouco despois morrera a súa muller e catro anos máis tarde el mesmo.

- M. de Bran, 'O irmanciño de Pedrayo', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Páginas de historia', 3 agosto 2003, p. 41.

Constata a publicación do libro *O irmanciño de Pedrayo* polo profesor Dacal, onde se revela a verdadeira especie á que pertence a famosa árbore que acompañou a Ramón durante oitenta e catro anos da súa vida, como outros datos deste espécime, entre eles o seu tamaño ou a súa procedencia.

Rodríguez Rodríguez, Jesús, Montse Castro Rodríguez e Manuel Souto López (coord.), *Centro Galego de Porto Rico*, Ourense: Alternativa Editorial □, 2003, 224 pp. (ISBN: 84-96085-20-1).

Iníciase o volume con traballos de Jesús Rodríguez Rodríguez, Pilar Cagiao Vila, Joaquín Quiñoy, Lourdes Montero, Olegario Loreto Blanco, Vicente Peña e Baldomero Cores explicando o por qué da realización deste monográfico co que se conmemoran o vinte e cinco anos do Centro Galego de Porto Rico. Eloxios e reflexións sobre a importancia de libros coma este. A seguir reproducése o índice xeral. Na introdución dáse das pretensións do traballo e xa se adianta o contido das partes do mesmo. Na primeira parte, Miguel Vila analiza a emigración española e especificamente galega a Porto Rico nos séculos XIX e XX. Matilde Albert Robatto reflexiona sobre os vínculos entre Galicia e Porto Rico con referencias a intelectuais galegos e as súas consideracións sobre este país. Baldomero Cores Trasmonte presenta un detallado percorrido polos antecedentes sociais e culturais da colectividade galega en Porto Rico até a creación do Centro. Na segunda parte faise unha historia do Centro dende a súa fundación a hoxe a partir das personalidades máis relevantes do Centro. Seguen a esta parte un conxunto de reflexións feitas por personalidades representativas da comunidade emigrante. Finalmente, unha unidade didáctica dun grupo de pedagogas da Facultade de Ciencias da Educación reflicte a orixe e historia do Centro, produción literaria, publicacións e accións en xeral para que ao ser practicada por escolares de aquí e de alá leven a mocidade ao coñecemento deste Centro e a súa relación con outros.

Rodríguez, Luciano (coord.), *Miguel González Garcés. O home. O libro. A palabra. A imaxe*, A Coruña: Concello da Coruña ♦, 2003, 150 pp. (ISBN: 84-95600-22-6).

Volume no que se realiza unha achega ás distintas facetas culturais desenvolvidas por Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989) ao longo da súa vida, como poeta, historiador, docente, crítico de arte, articulista, etc. O libro ábrese cun prólogo institucional, tras o que se recollen diferentes artigos de Luciano Rodríguez, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé R. Barreiro Fernández, Xulio L. Valcárcel e Xavier Seoane sobre a vida do homenaxeado, sobre o seu labor na Asociación Cultural Iberoamericana, sobre a súa faceta de historiador e sobre a súa obra como poeta. Deseguido, ábrese unha sección titulada "Miguel González Garcés, a colección de arte", na que se reproducen cadros de diferentes pintores galegos como mostra da paixón de Garcés pola pintura galega contemporánea; a obra péchase cunha relación feita por Carlos González Garcés dos artigos xornalísticos que

Miguel González Garcés publicou ao longo da súa vida e coa reprodución de parte deles. A continuación, dáse conta dos artigos incluídos no volume que, dalgún xeito, teñen relación coa literatura galega:

- Luciano Rodríguez, "Noticia de Miguel González Garcés", pp. 7-14.

Neste artigo faise unha coidada achega á traxectoria vital e profesional do autor homenaxeado. Miguel González Garcés nace o día 12 de xaneiro de 1916 na Coruña e nela morre o 12 de decembro de 1989; destaca, da súa infancia, a enfermidade que en 1923 o deixa postrado durante meses na cama. González Garcés cursa estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e realiza os cursos de Doutoramento en Madrid. En 1938 casa con Elvira Santiso Girón, coa que ten tres fillos: Laura (1944), Carlos (1946) e Alberto (1950). En 1941 ingresa no Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos, sendo o seu primeiro destino a Biblioteca Nacional de Madrid; en 1943 volve á Coruña como director da Biblioteca Pública, posto que ocupa ata 1984. Cómpre subliñar, con respecto á súa produción poética, que Miguel González Garcés é un poeta bilingüe, que comeza escribindo en castelán e unicamente o fai en galego a finais dos sesenta. Ademais dunha abondosa produción en lingua castelá, publica as seguintes obras en galego: *Bailada dos anxos* (1961); *Poema ó meu mar* (1968), co que obtén a "Rosa de Ouro" na II Festa da Cantiga convocada polo Concello da Coruña; *Nas faíscas do soño* (1972), que é un dos libros máis logrados da poesía galega desa década e que contén poemas aparecidos en obras anteriores (unha práctica que en libros posteriores sistematizará); *Paso soa de luz* (1975), onde, en edición bilingüe, recompila poemas anteriores; *Claridade en que a tentas me persigo* (1977), poemario tamén bilingüe polo que recibe o Premio da Crítica da Asociación Española de Críticos Literarios en 1978; *Sede e luz* (1986), que recolle con modificacións o libro anterior; e *Un nome só na néboa*, que se presentou no día do seu pasamento e no que o autor dialoga entre a linguaxe poética e plástica. Dáse conta, tamén, das traducións dos seus poemas a múltiples linguas e das súas colaboracións nas principais revistas poéticas españolas e galegas, por exemplo en *Atlántida*, *Aturuxo* ou *Amanecer*; indica que a súa obra aparece nas principais antoloxías das últimas décadas e fai referencia aos seus traballos de selección poética e edición textual; así como, aos seus múltiples traballos xornalísticos, que se viron compensados coa concesión en 1960 do premio "Fernández Latorre", e ao seu traballo como profesor de Arte e Literatura no Colexio Academia Galicia entre os anos 1946-1981. Finalmente, fai referencia ao amplísimo labor cultural desenvolvido ao longo da súa vida e aos numerosos recoñecementos a esta intensísima traxectoria.

- Xulio L. Valcárcel, "A ferida transparencia sobre a poesía de Miguel González Garcés", pp. 27-42.

Indica, en primeiro lugar, que Miguel González Garcés naceu e viviu na Coruña e que esta cidade e o lugar de Portazo, onde se ubica a súa casa familiar, se convertiron nos seus espazos vitais e literarios. Sinala que foi profesor, historiador, articulista e, sobre todo, poeta; indica, asemade, que foi autor de dúas antoloxías de poesía galega e autor de estudos sobre a obra de poetas como Luís Pimentel, Manuel Antonio ou Aquilino Iglesia Alvariño. Defíneo como afectuoso, simpático, cordial e xeneroso e dá conta do trato persoal que mantiña con el, así como das múltiples visitas que fixo á súa casa familiar por onde tamén

pasaron Xavier Seoane, Pilar Pallarés, Lino Braxe, Luciano Rodríguez, Manuel Álvarez Torneiro ou Miguel Anxo Fernán-Vello. Fai, en segundo lugar, unha achega á súa produción poética en lingua castelá falando de *Vibraciones* (1947), *Isla de dos* (1953), *Siete canciones* (1954), *Poema del imposible sosiego* (1954), *El libro y el verso* (1958), *Alrededor del mar* (1961) e *El cuervo en la ventana* (1967). Sinala, en terceiro lugar, que Garcés optou definitivamente pola lingua galega, publicando os últimos e máis significativos libros monolingües; pasa, así, a dar coidada conta dalgúns dos libros que o poeta coruñés publicou en lingua galega. O primeiro deles é *Bailada dos anxos*, que se enmarca dentro dunha poética "do sinxelo" na que a presenza de elementos oníricos e simbolistas é importante; a súa escrita é marcadamente impresionista e caracterizada polos versos breves, enunciativos e puntuais que buscan a concentración; de toda a súa produción poética, este é o libro no que a paisaxe ten unha maior presenza e no se presenta unha poética próxima á de Amado Carballo, polo seu hilozoísmo e pola personalización da natureza. No seu seguinte libro, *Nas faíscas do soño*, ofrece unha expresión máis núa e auténtica na que as superposicións temporais ocupan un lugar relevante; neste libro os xogos temporais e as cousas cotiás, sinxelas e profundas serven para achegar as vivencias do pasado; neste e nos demais libros de Garcés están presentes a angustia existencial e o desamparo ontolóxico do ser humano, como exempliza grazas a dous poemas da obra; e nesta obra, os poemas xorden a partir dunha pequena anécdota que, por asociación, dá lugar ao fenómeno creativo. O seu terceiro libro en lingua galega é *Sede e luz*, no que o tema central é o amor ao que se fai referencia dende distintas perspectivas; como modo no que o eu poético se atopa a si mesmo ou como amor real vivido física e espiritualmente; é unha obra cargada de densidade, profundidade e éxtase na que o amor e a verdade se confunden no ideal amoroso e na que a vida e o ideal erótico se identifican coa existencia. Finalmente, é autor de *Un nome só na néboa*, unha obra de reflexión fronte á morte, escrita dende a enfermidade e presentada o mesmo día do seu pasamento; para algúns críticos este libro é unha homenaxe á pintura e aos pintores, para outros é unha obra na que se combina vitalidade e madurez, paixón e serenidade; dende o punto de vista formal esta obra caracterízase pola amplitude de rexistros, que van dende o poema en prosa ao verso libre; nesta obra, na que están presentes todos os elementos conceptuais e estéticos dos anteriores, o poema créase a partir dun cadro ou dunha escultura creando unha realidade nova. Indica, finalmente, que toda a obra de Miguel González Garcés se orienta á procura da beleza e que el foi un exemplo de dedicación.

- Xavier Seoane, "Algúns lembranzas ao fío do Premio González Garcés de Poesía", pp. 43-48.

Indica, en primeiro lugar, que o premio de poesía Miguel González Garcés foi creado pola Deputación da Coruña en 1991 co obxectivo de honrar a memoria do poeta, escritor e crítico coruñés e de apoiar a creación poética nun momento de insuficiencia editorial debido ao alto número de creadores consolidados e emerxentes. O premio naceu xunto ao premio Rafael Dieste, e celebrouse de xeito conxunto ata 1997; neste ano, debido a ampliación dos premios convocados pola Deputación, a semana do premio Miguel González Garcés pasou a celebrarse de xeito independente. Afirmar que xa dende a primeira convocatoria o premio acadou unha extraordinaria participación e un eco social e cultural que de contado o situaron na primeira liña da poesía galega; e considera que isto pode

deberse á elevada calidade dos autores gañadores, á edición inmediata das obras, á súa boa difusión nos medios de comunicación e ao feito de que os xurados fosen sempre altamente cualificados; como mostra disto dá conta do xurado da primeira edición, que estivo formado por Antón Avilés de Taramancos, Pilar Pallarés e Xosé María Álvarez Cáccamo e que concedeu o premio a *Visitantes*, de Xavier Rodríguez Baixeras. Indica que a partir da segunda convocatoria, na que resultou gañadora a obra *Prometeo a flor de loto* de Luz Pozo Garza, se incorporaron aos libros gañadores as ilustracións de creadores galegos relevantes e achega un amplo listado dalgúns dos ilustradores que participaron nesta colección. Sinala que, ao longo das once convocatorias do premio, participaron nas súas semanas culturais importantes poetas que ofreceron os seus recitais na cidade, entre eles cita a José Ángel Valente, Francisco Brines, Mario Benedetti, Daniel Viglietti, Ernesto Cardenal, Manuel María, Salvador García Bodaño, Bernardino Graña ou Uxío Novoneyra, entre outros; narra cómo se desenvolveron estes recitais e a relevancia que tiveron no seu momento. Destaca, en canto aos recitais de poetas galegos, o ofrecido en 1997 por Pilar Pallarés, Chus Pato, Luz Pozo Garza, Ana Romaní e Pura Vázquez, e o ofrecido por Salvador García-Bodaño, Bernardino Graña, Manuel María e Uxío Novoneyra no Pazo de Mariñán. Sinala, finalmente, que ao longo destas semanas tamén se organizaron presentacións de libros, conferencias, obras teatrais, actuacións musicais, etc. e dá conta das principais actividades organizadas neste senso.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informes de literatura 1995-2002*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2003, CD-Rom (ISBN: 84-453-3574-X).

Nova entrega do *Informe de literatura* correspondente ao ano 2003 e elaborado por un equipo de redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos ao mesmo. Dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que conta coa axuda de Eulalia Agrelo Costas, así como das bolseiras do proxecto Isabel Mociño González e Alicia Munín Munín. Ata o ano 1999 editouse en soporte impreso e dende o 2000 en soporte informático. O CD-Rom publicado no 2003, que recolle todos os *Informes* dende o 1995 ata o 2002, ábrese coa presentación do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e os créditos. A continuación aparecen os *Informes* detallados por ano e finalmente un índice temático e outro onomástico. Como nos outros anos, o do 2003 contén unha serie de estatísticas nas que se reflite a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas coma foráneos, e os apartados estruturados en "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras Galegas: Antón Avilés de Taramancos", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas", "Clásicos greco-latinos traducidos", "A literatura infantil e xuvenil galega", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios", "Literatura medieval", "Folletos de novidades editoriais", "Páxinas Web" e "Apéndice libros doutros anos non recollidos nos *Informes* anteriores". Tamén contén unha presentación na que a directora e coordinadora ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso por cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado.

Román Alonso, Jesús-Fernando, *Arturo Noguerol Buján. Xornalista, arbitrista e financeiro do Galeguismo*, Vigo: Ir Indo Edicións, novembro 2003, col. Galegos na Historia, nº 26, 63 pp. (ISBN: 84-7680-500-4).

Trátase dunha biografía de Arturo Noguerol, intelectual e político galeguista nacido en Ourense en 1892. O volume divídese en cinco partes: o primeiro capítulo pasa revista ós principais acontecementos vitais de Noguerol, á súa infancia e adolescencia no ambiente familiar e social ourensá, mentres que o segundo esboza o seu perfil intelectual e a súa definición como militante do republicanismo galeguista. Menciónanse as súas relacións con outros ilustres pensadores como Risco ou Otero Pedrayo, o seu ingreso nas Irmandades da Fala e as súas colaboracións nas revistas *Centuria* e *Nós*, das que foi xerente e administrador. Jesús Román-Alonso tamén consigna os seus labores políticos na Corporación Ourense na República, e explica cómo foron estas as que provocaron a súa detención e inmediata execución en setembro de 1936, tralo Alzamento. A terceira parte é unha reprodución dun poema manuscrito seu, a cuarta un repertorio bibliográfico da obra de Arturo Noguerol e, finalmente, ofrece unha cronoloxía cos principais sucesos que marcaron a vida e a obra deste personaxe.

Referencias varias:

- Víctor Furelos, 'El Festival de Cine batió registros en esta edición', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 27 novembro 2003, p. 26.

Fai unha breve referencia á presentación do libro *Arturo Noguerol Buján, xornalista, arbitrista e financeiro do galeguismo galego*, elaborado por Fernando Román, en Ourense, así como ao acto de homenaxe que se adicará ao mesmo personaxe na mesma vila.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 28 novembro 2003, p. 75.

Marcos Valcárcel reivindica a figura de Arturo Noguerol, os seus feitos máis importantes, e recomenda ler a biografía escrita por Fernando Román-Alonso.

- Marcos Valcárcel, 'Memoria de Arturo Noguerol', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 28 novembro 2003, p. 72.

Tras facerse eco da presentación da biografía de Arturo Noguerol feita por Fernando Román-Alonso, Marcos Valcárcel repasa a traxectoria deste personaxe ourensán.

- Marta Carballo, 'Ourense recupera la memoria del galeguista Arturo Noguerol', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 novembro 2003, p. 52.

Describe os diversos actos de recoñecemento celebrados en Ourense en torno á figura de Arturo Noguerol e destaca a intención dos mesmos de que a figura deste galeguista non caia no esquecemento.

Ruibal, Euloxio R., *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro galego*, A Coruña: Edicións Espiral Maior □, maio 2003, col. Espiral Maior Teatro, nº 2, 229 pp. (ISBN: 84-95625-66-0).

Este volume reúne dezaseis escritos sobre teatro galego que van dende o labor de Camilo Díaz Baliño ata o do seu fillo Isaac Díaz Pardo, pasando polos mellores dramaturgos que deron as letras galegas nun tempo que se define como difícil e desesperanzado para este xénero. Un destes nomes é Otero Pedrayo coa súa obra *A Lagarada* na que Euloxio Ruibal destaca o reflexo dunha sociedade en conflito entre os estamentos. A continuación salienta a Castelao, autor que, segundo el, recolle os aspectos máis próximos á tradición e do que se salienta a habilidade e o interese que sempre manifestou pola escenografía. Dieste tamén merece mención nestes artigos, del resalta o seu estilo conciso salferido de certo humorismo, pero na peza *Don Frontán* o máis destacado, segundo o autor, é a impregnación de Valle-Inclán en certos trazos. Nos seguintes tres capítulos realiza unha aproximación a Cunqueiro, do que salienta o recurso do mito e da poesía; dúas características permanentes nas súas pezas que desenvolve cunha lingua coidada e rica, moi elegante e áxil, carente do barroquismo empregado nas novelas. Os últimos escritos están dedicados a Blanco Amor, Luís Seoane, Carvalho Calero e Díaz Pardo polos que fai un percorrido bibliográfico para logo comentar, como nos outros casos, algún aspecto salientábel das súas pezas, por exemplo o tratamento do amor en Blanco Amor. Para rematar inclúe unha bibliografía seleccionada para cada escritor así como as referencias aos textos que se comentan.

Recensións:

- Henrique Rabuñal, 'Trío de ases do teatro galego', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Teatro', 2003, p. 20.

Alude á colección Espiral Maior Teatro que abre un oco a un xénero fundamental do noso sistema literario. Para a súa estrea bota man de tres grandes autores da dramática actual galega: Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado. O primeiro reúne as súas obras *A larva furiosa*, estreada en 1985, e *Adeus, Madelón*, estreado en 1989. Euloxio Ruibal recolle en *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro galego* dezaseis textos escritos entre 1991 e 2001 que abordan o tema do teatro galego de século XX. Camilo Díaz Baliño, Otero Pedrayo, Castelao, Rafael Dieste, Álvaro Cunquero, Blanco Amor, Luís Seoane, Carballo Calero e Isaac Díaz Pardo son os protagonistas aos que Ruibal adica diferentes ensaios críticos. Finalmente, na terceira entrega da colección, Pillado ofrécenos a súa versión de *Fígaro ou a inútil precaución*, baseada n'*O Barbeiro de Sevilla ou a precaución inútil* de Pierre Augustin Caron de Beaumarchais (1732-1799), estreada en 1997.

Referencias varias:

- Carmen Villar, 'Espiral Maior únese á promoción do xénero dramático cunha colección de teatro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 19 xuño 2003, p. 48.

Nota informativa da presentación en Santiago da colección "Teatro" da editorial Espiral Maior. Nela recóllese a intención de mellorar as condicións editoriais do teatro en Galicia

segundo as manifestacións do director de Espiral Maior Miguel Anxo Fernán-Vello. Sinálase tamén a asistencia ao acto dos tres autores cuxos textos abren a colección, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado Mayor, xunto con Amado Ricón presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), institución que colabora con esta iniciativa editorial, e Isaac Díaz Pardo.

- Maré, 'Teatro para lectores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2003, p. 52.

Noticia que se fai eco da presentación na Galería Sargadelos da colección "Teatro" realizada pola editorial Espiral Maior. O artigo menciona a participación no evento dos autores Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Francisco Pillado Mayor que estrean a serie, ademais de Amado Ricón, presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), institución colaboradora do proxecto, Isaac Díaz Pardo e Miguel Anxo Fernán-Vello. A existencia dun público lector interesado no xénero teatral é unha das ideas destacadas no artigo que subliña a conveniencia desta iniciativa que nace coa vocación de ser "unha colección transversal e aberta" que pretende ser "vía de diálogo, de exposición e de encontro", segundo Fernán-Vello. A colección abordará a publicación de obras de creación e estudos dramáticos galegos e universais e ten previsto publicar textos de Manuel María, Xesús Pisón e Jenaro Marínhas del Valle.

- Salvador García-Bodaño, 'Teatralidade e Teatro', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 3 agosto 2003, p. 3.

Establécese unha diferenza entre as palabras teatralidade e teatro, da primeira dise que se lle pode aplicar ao tipo de obras mediocres, moi abundantes ultimamente, mentres que a segunda corresponde á dramaturxia de verdade, a que fai sentir algo, a que chega ao corazón. Destaca o libro de Euloxio Ruibal *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro galego*, unha serie de dezaseis ensaios galegos sobre autores clásicos da nosa literatura teatral que se publicou nunha colección dirixida por Fernán Vello na que saíron textos de outros destacados dramaturgos como Manuel Lourenzo ou Francisco Pillado.

- Manuel F. Vieites, 'Espiral Maior Teatro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Teatro', 25 setembro 2003, p. VIII.

Manuel F. Vieites dá conta da creación por parte de Espiral Maior dunha nova colección especializada na edición de textos dramáticos e estudos sobre as artes escénicas. A seguir fai un breve resumo dos contidos e a feitura das obras editadas de Manuel Lourenzo, Francisco Pillado e Euloxio Ruibal. Alén disto, Vieites insiste en que a selección dos textos futuros debe atender tanto as creacións do país como as de fóra para "coñecer e valorar o propio e converter en propio o alleo".

Santos Gayoso, Enrique, *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos*, Edicións de Autor, agosto 2003, 239 pp. (ISBN: 84-688-0795-8).

Diccionario redactado en castelán que se abre cun prólogo do propio autor datado no ano 2000 no que Santos Gayoso explica as razóns que o motivaron á escrita deste volume, o

traballo que esta lle supuxo, os modelos que seguiu para o mesmo e os problemas que se lle presentaron. Finalmente, alude á presenza na súa obra de escritores tanto galegos como foráneos que por diferentes razóns estiveron vinculados a Galicia, ben por transcorrer parte da súa vida nesta terra, ben por escribir sobre temas galegos ou ben polo seu destacado labor en favor do progreso de Galicia. A seguir, baixo o epígrafe "Seudónimos y apodos: Tratamiento general de la obra", achéganse unhas observacións para a mellor comprensión deste dicionario, entre as que destacan a explicación do que entende o autor neste volume porseudónimo ou apodo. Deseguido, preséntase o "Diccionario deseudónimos" e o "Diccionario de apodos" nos que, tanto nun coma no outro, a referencia dos personaxes, na que se ten en conta o artigo, o pronome, o tratamento, etc., está ordenada alfabeticamente. Hai que sinalar que nos dous dicionarios citados se indica a quen pertence oseudónimo ou apodo concreto e en qué publicación foron empregados. Despois de cada dicionario achégase tamén unha táboa estatística dosseudónimos e apodos máis significativos comentados anteriormente. Baixo o epígrafe "Diccionario de autores: Seudónimos. Apodos" ordénanse os autores alfabeticamente polos apelidos, indícanse os seusseudónimo(s) e/ou apodo(s) e ofrécese algún dato biográfico. Finaliza este volume cun conxunto de anexos: "Publicaciones periódicas gallegas que se han distinguido por la utilización deseudónimos", no que se indica o título da publicación e osseudónimos alí empregados; "Relación de autores que publicaron obras o artículos periodísticos anónimos, pero que son identificables" e, finalmente, "Personajes gallegos conocidos por un título nobiliario", no que se recollen os títulos, o posuidor deste e algunha nota biográfica.

Referencias varias:

- Alberto Quián, '¿Quien se esconde detrás de Heriberto Bens?', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 marzo 2003, p. 46.

Comeza dando conta da publicación de *Diccionario deseudónimos y apodos gallegos* de Enrique Santos Gayoso e sinálanse as partes nas que está estruturado o volume. A seguir, Alberto Quián indica aquelas nas que Santos Gayoso se detén máis e a información que nelas achega. Reproduce as verbas do autor do volume a respecto do labor que supuxo a súa investigación, os motivos para imporse unseudónimo e non outro, a diferenza da escolla destes repecto aos apodos, os tipos de apodos que recolle ou os motivos nos que se inspiran estes. En columna á parte, titulada "Un diccionario autoeditado", indícase que a edición do *Diccionario deseudónimos y apodos gallegos* foi costeada polo propio Santos Gayoso, así como os lugares nos que o volume se pode adquirir, xa que non serán distribuídos nas librerías. Tamén dá as razóns desta autoedición. Esta noticia foi publicada tamén en *La Opinión*.

- Alberto Quián, '¿Quien se esconde detrás de Heriberto Bens?', *La Opinión*, 'Saberes', nº 5, 12 abril 2003.

Comeza dando conta da publicación de *Diccionario deseudónimos y apodos gallegos* de Enrique Santos Gayoso e sinálanse as partes nas que está estruturado o volume. A seguir, Alberto Quián indica aquelas nas que Santos Gayoso se detén máis e a información que nelas achega. Reproduce as verbas do autor do volume a respecto do labor que supuxo a súa investigación, os motivos para imporse unseudónimo e non outro, a diferenza da

escolla destes respecto aos apodos, os tipos de apodos que recolle ou os motivos nos que se inspiran estes. En columna á parte, titulada "Un diccionario autoeditado", indícase que a edición do *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos* foi costeada polo propio Santos Gayoso, así como os lugares nos que o volume se pode adquirir, xa que non serán distribuídos nas librerías. Tamén dá as razóns desta autoedición. Esta noticia foi publicada tamén en *Faro de Vigo*.

Saurin de la Iglesia, María Rosa, *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Unha biografía intelectual*, prólogo de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Santiago de Compostela: CSIC/Xunta de Galicia ◻♦, 2003, col. Cuaderno de estudios gallegos, nº XXX, 251 pp. (ISBN: 84-00-08170-6).

Volume redactado en castelán e anotado que constitúe o trixésimo anexo dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Ábrese cun breve prólogo do director do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, e está dedicado á memoria de Eladia de la Iglesia y Santos (1870-1949), tía avoa da autora do volume. Dividido en vinte e sete capítulos, nel, María Rosa Saurin de la Iglesia achégase á biografía de tres homes do XIX, tres irmáns que loitaron de diferentes xeitos por Galicia, como son os irmáns De la Iglesia: Antonio, Francisco e Benigno, así como á actividade cultural levada a cabo por estes tres polifacéticos personaxes. Ao longo dos diferentes capítulos dáse conta do contexto social no que os tres escritores viviron e escribiron e achéganse datos novos sobre a súa vida e obra. Consta este volume duns apéndices finais de grande interese nos que se recollen copias das partidas de bautismo dos tres irmáns, de documentos académicos (certificados, cualificacións, etc.), cartas dirixidas por algún deles a diferentes institucións ou amigos, etc. Tamén presenta dous índices analíticos, un onomástico e outro de revistas, e unha listaxe de siglas finais.

Sotelo Blanco, Olegario (coord.), *Centro Galego de Barcelona. 80 anos de historia (1923-2003)*, prólogo do autor, Barcelona: Ronsel ◻♦, 2003, 220 pp. (ISBN: 84-88413-22-X).

Trátase dunha edición conmemorativa que edita o Centro Galego de Barcelona co gallo do aniversario dos seus oitenta anos de existencia, e que vai dedicada "a todos os emigrantes galegos que non esquecen a súa terra". Como expón no "Prólogo" do libro o actual presidente da entidade e responsábel da iniciativa, Olegario Sotelo Blanco, a intención deste volume é pór por escrito a historia do Centro antes de que se desvaneza da memoria dos seus socios, sendo que ademais se perdeu, segundo afirma, moita documentación importante. Para iso, explica, pediu a colaboración de persoas vencelladas á institución, como son Francisco Dapena Alfonsín, Xosé Luís Vázquez Sotelo, Daniel e Manuel Pérez Guerra, Manuel Vázquez Fernández, Nemesio Amarelo, Luís Lamas, Ánxeles Pérez Guerra, César del Caño, Pandereteiras Arrañoá, Toni Contado, Basilio Losada Castro, Xesús González Gómez, Emilio Manolo Piñeiro, Moncho Ramos e Anxo L. Baranga. Estes colaboradores repasan os diferentes períodos do Centro Galego de Barcelona desde a súa fundación en 1923 ata hoxe nos capítulos titulados "Fundación do Centro (1923-1936)", "A refundación do Centro (1948-1954)" e "O Centro baixo a restauración democrática (1977-

2003)". Ademais, inclúese un escrito de Luís Seoane a xeito de limiar ("As sociedades"), unha relación das principais "Actividades" do Centro (entre as que destaca a creación da revista *Alborada* en 1948, unha publicación que recolleu significativas colaboracións no ámbito cultural e literario), e un apartado con "Testemuños" de Basilio Losada ("A miña memoria do Centro Galego"), Emilio Domínguez Cabana ("Unha historia persoal"), Xoán M. Casado ("Un Centro para os emigrantes galegos"), Xavier Costa Clavell ("Labor cultural do Centro Galego"), Xesús González Gómez ("O meu Centro Galego"), Manolo Piñeiro ("Un emblema galego en Barcelona"), Moncho Ramos ("O Centro Galego: 1965-1975") e Anxo L. Baranga ("¿Está xubilado o Centro Galego?"). Por último, aparece un "Epílogo" no que se reflexiona sobre o futuro da entidade no século XXI, e uns "Apéndices" nos que se achegan unha reprodución das sinaturas no libro de honra do Centro e unha enumeración das diferentes Xuntas Directivas que se sucederon no tempo.

Tobío, María, *Anacos da vida dunha muller galega*, edición de Luís Martul e Xosé Ramón Fandiño, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, decembro 2003, col. Documentos, nº 182, 76 pp. (ISBN: 84-8485-128-1).

Esta obra recolle as palabras escritas por María de los Ángeles Tobío Fernández, unha muller que naceu en Viveiro en 1908 e á que lle tocou vivir o triste episodio da Guerra Civil. María Tobío, non se entende moi ben comenta aspectos cruciais da súa vida, dende a súa infancia e os anos de formación deixando atrás Viveiro e indo para Santiago. Explica como foi das primeiras mulleres que conseguiu realizar estudos superiores en Galicia. Dá conta da chegada da República e do seu casamento con Pedro Martul, do coñecemento que tivo de cidades como Madrid ou Valencia, a marcha a México, etc. Explica algúns aspectos das relacións familiares tanto co seu marido coma cos seus irmáns e fala da situación dos exiliados en México resaltando algúns sucesos da súa estancia alí e a súa volta definitiva a Galicia. Trátase pois, en definitiva, dunhas breves memorias autobiográficas desta muller e a súa familia. Inclúense nesta edición un completo apéndice fotográfico con imaxes de María Tobío e da súa familia e un limiar explicativo da personalidade desta muller elaborado por Kathleen March. A edición está a cargo de Luís Martul e Xosé Ramón Fandiño.

Toro, Antonio Raúl de e David Clark Mitchel (editor), *As nove ondas. Iº Simposio Internacional de Estudios Célticos*, A Coruña: Universidade da Coruña ♦, abril 2003, 213 pp. (ISBN: 84-9749-052-5).

Volume no que se recollen os traballos referidos á literatura galega de:

- Antonio Francisco Pedrós Gascón, "Lo celta como pre-texto, o de los orígenes a Joyce pasando por Cunqueiro: el tema de la identidad nacional gallega en Suso de Toro", pp. 97-109.

Achegamento crítico á visión que Suso de Toro ten sobre temas como o celta, Galicia e Joyce, escritor que foi tomado como máximo representante do neoceltismo. Pedrós Gascón constata que para o autor de *Tic-Tac*, a presenza do celta non só ten que ver con motivos

ideolóxicos -buscar referencias culturais non hispánicas e vencellar a cultura galega con outras culturas atlánticas- ou motivos estéticos, senón tamén coa natureza crepuscular de Galicia, "unha nación que se extingue lenta e inexorable desde sempre" e, sobre todo, coa busca da panacea que vertebre a identidade do individuo. Na obra de Suso de Toro hai, segundo o articulista, unha gran preocupación polo tema da identidade do ser humano, feito que implica o emprego do celtismo ou doutros mitos (Prometeo, Teseo, Hamlet). O escritor busca no celtismo a identidade nacional galega.

- María Isabel Longueira Mira, "Pervivencia de tradiciones celtas en los escritores gallegos contemporáneos: dos referencias, Méndez Ferrín y Fernández Naval", pp. 145-152.

Tras un breve repaso do celtismo desde Murguía e Pondal ata a xeración Nós, pasando por Rosalía de Castro e Curros Enríquez, a autora céntrase en dous textos contemporáneos en prosa e en verso de Xosé Luís Méndez Ferrín e Francisco Xosé Fernández Naval respectivamente, analizando con detalle os trazos celtas que os caracterizan. Este estudio leva a Longueira Mira a concluír a importancia do celtismo, como trazo fundamental sobre o que se asenta o ser galego.

- Olivia Rodríguez González, "O significado do celtismo en Vicente Risco", pp. 159-167.

Parte da idea de que o celtismo -manifestado en dous mitos principais: a demanda do Santo Graal e a Atlántida asulagada- é un dos máis importantes elementos no pensamento e na obra de Vicente Risco, e trata de demostralo mediante un detallado percorrido polas influencias e pola produción literaria do escritor ourensán. Parte dos primeiros artigos e obras centrados na cuestión do celtismo, para despois deterse en *A estrela do apóstolo*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, *A vella velliña* e *Dédalus en Compostela*, ata chegar á *Mitoloxía cristiana* e *Orden e caos*. Para Olivia Rodríguez, o celtismo en Vicente Risco constitúe no só unha fonte de creación, senón tamén unha obsesión durante toda a súa vida.

- Manuel Castiñeira Novo, "Notas en torno ao celtismo: Plácido R. Castro", pp. 169-176.

Trata de rescatar do inxusto esquecemento a figura de Plácido R. Castro, e sobre todo, os seus múltiples estudos relacionados coa cultura e a literatura célticas, non en van Castro, sistematizou as características do celtismo, entre as que privilexiou a "saudade", definida como un sentimento universal, é dicir, que non é exclusivo do celtas ou da arte céltica, pero que ten unha especial intensidade e delicadeza neste pobo. Ofrécese tamén unha escolma de textos que reflicten as características da saudade. O articulista conclúe afirmando que Castro defende a identificación de Galicia con outros pobos celtas (Irlanda, Escocia, Gales) e foi, ademais, un entusiasta defensor da necesidade da influencia do espírito céltico no mundo.

- Xulio Pardo de Neyra, "Evaristo Correa Calderón no sistema galeguista do primeiro tercio de século XX: o ideario correano do atlantismo como resposta ó mediterraneo hispano", pp. 177-198.

O artigo estrutúrase en catro seccións: "Evaristo Correa na literatura galega contemporánea. O seu protagonismo dentro do programa nacionalista das Irmandades da Fala", "A fantasía do celtismo historiográfico e literario dun territorio oprimido", "A teoría do atlantismo e o pensamento galeguista: unha aportación 'de resposta'" e "Coda". No primeiro apartado fai un achegamento á biografía de Evaristo Correa Calderón destacando o seu labor na segunda década do século XX como impulsor da Irmandade da Fala de Lugo, feito que o erixe como un dos protagonistas máis temperáns dos tempos de constitución do nacionalismo galego para despois arrimarse, guiado por Vicente Risco e Euxenio Montes, ao galeguismo da Galicia franquista. No segundo capítulo destaca as aportacións de Benito Vicetto á consideración das raíces celtas galegas. No terceiro apartado, despois dun brevísimo repaso da historia de Galicia e dos principais defensores do celtismo, céntrase no pensamento de Correa Calderón, quen, en múltiples traballos, pon de manifesto os criterios atlantistas que distinguen a Galicia: a característica emigrante do espírito galego e a presenza da paisaxe. No último apartado "Coda", sitúase a Correa Calderón como un dos pioneiros do celtismo e do atlantismo de Galicia, ademais dun dos máis firmes defensores da conxunción galego-portuguesa, aínda que posteriormente, por circunstancias históricas e políticas coñecidas, o seu atlantismo xa admitise contactos coa cultura castelá; de feito, Correa acabará defendendo a unidade política de España, antes impensábel para el, pero manifesta a heteroxeneidade das súas rexións.

Recensións:

- C.D.C., 'As nove ondas': a fraternidade celta e o Atlantismo cultural', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 decembro 2003, p. 2.

Dá conta da publicación pola Universidade da Coruña, do volume *As nove ondas* (2003) a cargo de Antonio Raúl del Toro e David Clark. O libro está formado por varios estudos que van desde María Edgeworth, ata os paralelismos entre o mundo galaico, irlandés, escocés ou xermánico, pasando pola análise da obra de Seamus Heaney, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Xosé Luís Méndez Ferrín, etc. desde a óptica da cultura céltica. Pero, *As nove ondas* non só recompila as comunicacións presentadas no I Simposio Internacional de Estudios Célticos, senón que tamén recolle os intereses do recentemente creado Instituto Universitario de Estudios Irlandeses "Amérgin", cuxo labor é profundar na secular comunión galaica coa cultura irlandesa e escocesa.

Torres Queiruga, Andrés, *Para unha filosofía da saudade*, Trasalba-Ourense: Fundación Otero Pedrayo □, xuño 2003, 189 pp. (ISBN: 84-920781-7-0).

A Fundación Otero Pedrayo publica baixo o título *Para unha filosofía da saudade* o texto que resultou gañador no Premio Trasalba neste 2003. O seu autor, Andrés Torres Queiruga (Aguíño-Ribeira, 1940), xa se tiña detido no tema da saudade no seu discurso de entrada na Real Academia Galega en 1981 e nalgúns outros traballos posteriores publicados en revistas especializadas. Este discurso, coa resposta de Ramón Piñeiro, fora editado por Galaxia como *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*. Piñeiro, a quen vai dedicado o libro, foi outro especialista na materia, e tamén Ramón Otero Pedrayo se

ocupara da saudade no seu discurso de ingreso na mencionada institución. Así, pois, o texto que se ofrece agora é unha refundición adaptada de todos os anteriores, cumpríndose o "soño" que o mesmo Torres Queiruga confesa no seu "Prólogo en dous tempos" de reunilos nun corpus unitario. Sendo a da saudade "unha preocupación entrañable, para a nosa cultura, igual que o constitúe para a portuguesa, a brasileira e, en xeral, para toda a lusofonía" hai nestas páxinas innumerables referencias a figuras destacadas das letras galegas e lusas que expresaron nas súas creacións o sentimento da saudade, e que ata incluso tentaron convertilo en pedra angular dunha cosmovisión que sería propia e exclusiva de Galicia. Desta maneira, fálase de Ramón Cabanillas, dos trobadores medievais, de Teixeira de Pascoas, de Rosalía de Castro, de Rafael Dieste, de Antón Avilés de Taramancos, de Vicente Risco, de Luis de Camões, de Celestino Fernández de la Vega, etc. Por outra banda, lévase a cabo unha análise do problema dende un punto de vista fenomenolóxico e ontolóxico no que a literatura é sempre un punto de referencia e de mediación. A obra estrutúrase en dúas grandes partes constituídas por diversos apartados. No primeiro capítulo, "A saudade en si mesma", inclúense o "Prólogo en dous tempos", unha "Introducción", unha "Aproximación fenomenolóxica", un "Intento de explicación ontolóxica" e unha conclusión "A xeito de verificación". O segundo capítulo trata de estudar "A saudade nalgúns pensadores", para o cal se examina "O tema da saudade en Rafael Dieste", "Ramón Piñeiro: a saudade elevada a rango metafísico", "Religación e saduade: a saudade desde a filosofía de Zubiri" e "A saudade en Lain Entralgo e Rof Carballo".

Uz, Carmen, *Leiras Pulpeiro*, [Lugo]: El Progreso de Lugo □, 2003, col. Fillos de Lugo, 95 pp. (DL: LU 166/03).

A vida e a obra de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) centran este pequeno volume. A súa autora fai un percorrido tanto pola súa profesión de médico como pola súa condición de poeta, sen esquecer a súa ideoloxía republicana e a influencia que esta tería na súa vida e na dos que o rodeaban.

Valcárcel, Marcos (coord.), *Lembranzas e homenaxe desde Ourense. Carlos Casares, punto de encontro*, Ourense: Concello de Ourense ♦, 2003, col. Auria, nº 7, 118 pp. (ISBN: 84-87623-56-5).

Despois dun "Proemio" institucional por parte do Alcalde de Ourense e do "Índice", vén a "Presentación" titulada "Punto de encontro", onde o coordinador do libro se laia da morte de Carlos Casares, a quen considera símbolo dunha forma determinada de entender Galiza, ámbito no que di que se vai desenvolver a Fundación Carlos Casares como punto de encontro entre diferentes sensibilidades, todas elas empeñadas en desenvolver a vitalidade cultural galega, e no que quere encadrar este libro. A seguir, indica que o libro ofrece achegas e referencias ourensás e adianta os apartados. Maníféstase agradecido con todos os que o fixeron posíbel. No "Limiar" Víctor Fernández Freixanes mostra o seu interese por los escritores nos xornais e fai un percorrido pola obra de Casares salientando o seu amor

pola palabra; chega datos biográficos que considera fundamentais para comprender ao home escritor dos textos que se van reproducir neste volume, escritos en castelá e felicita ao coordinador. Logo ofrécense os artigos de Casares en *La Región* (1968-1974). Neles Carlos Casares manifestouse diante de problemas da actualidade, dos seus sentimentos sobre Galiza e sobre a lingua e das necesidades do país, da súa obra e da literatura universal e da galega en particular. Tamén na sección "Con esta lupa" ilustrada por caricaturas de Siro López falou de personalidades galegas e non galegas, da cultura e da política. A seguir Siro en "Con esta outra lupa" recorda cómo naceu a sección anterior e as persoas próximas que desapareceron e salienta o interese que tivo a sección no xornalismo galego "nun tempo ilusionado en que as arelas de liberdades democráticas guiaban o noso facer" e na que Carlos fixo reflexións "atinadas" sobre os varios personaxes que el caricaturizou. Séguelle o apartado "Algunhas entrevistas a Carlos Casares na prensa de Ourense ou que fan alusión á súa presenza ourensá". Nelas Arturo Lezcano, Maribel Ourteiriño, Alfonso Sánchez Izquierdo, F. Álvarez Alonso, J.J. Feijóo, Cristina Huete, Benxamín Vázquez, Javier D. Campa, Xosé Manuel del Caño, Domingo de Castro, Raquel Feijóo expoñen as opinións de Casares sobre os premios que recibiu, sobre a súa profesión, sobre a súa dedicación literaria e o seu compromiso coa lingua e coa literatura. Pechan o libro "Crónica da súa presenza ourensá" na que se recollen artigos de compañeiros e amigos que opinan sobre o Carlos de Ourense; e "Homenaxes a Carlos Casares", nos que, como di o coordinador, se recollen colaboracións de autores ourensáns ou con referencias en Ourense que recordan as súas vivencias con Carlos Casares. No "Epílogo" faise un percorrido cronolóxico pola vida do ourensán que se cualifica de "apuntamentos" pois son poucas as páxinas nas que se concentran as actividades máis salientábeis relacionadas co Ourense de Carlos Casares dende 1969 a 2002, data do falecemento do ourensán en Vigo.

Vázquez Facchini, Ana María (coord.), *Galicia desde Salamanca.4*, Salamanca: Xunta de Galicia/Lectorado galego de Salamanca, 2003, 220 pp. (ISBN: 84-931111-3-9).

Con este título, o lectorado galego de Salamanca, edita anualmente unha revista. No ano 2003 esta revista foi substituída polo presente monográfico que acolle os traballos que se presentaron nas Xornadas de Lingüística Galego-Portuguesa, celebradas os días 6,7 e 8 de maio de 2002, en Salamanca. Acolle esta monografía soamente un traballo relacionado coa Literatura galega, débese a:

-Henrique Monteagudo Romero, "O Coloquio en mil duascenas coplas galegas e o seu Comento: *notas para unha revisión*", pp. 13-43.

Traballo no que Monteagudo revisa as coplas do padre Sarmiento, pon ao día os coñecementos e interpretacións dos textos, fala da súa xestación, do proceso de transmisión e da divulgación da peza. É simplemente unha primeira incursión, pois anuncia un traballo máis rigoroso e extenso baseado no orixinal autógrafo que o autor deste traballo atopou na Biblioteca Nacional de Madrid.

Vázquez Souza, Ernesto, *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, marzo 2003, serie Documentos, nº 169, 703

pp. (ISBN: 84-8485-100-1).

Este amplo e voluminoso traballo monográfico de Ernesto Vázquez Souza (A Coruña, 1970) editase, xunto con *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, dentro da colección "Documentos" de Edicións do Castro. Abrangue toda unha serie de factores e aspectos vencellados ás publicacións que tiveron lugar no período que vai entre os anos 1916 e 1936 e preocúpase, dende unha perspectiva pouco frecuente entre os estudosos, do libro como obxecto en si mesmo. En realidade, trátase da publicación refundida e modificada de parte da tese de doutoramento defendida polo autor na Universidade da Coruña en 2000; un proceso de investigación que dera comezo moitos anos atrás, tal e como o fai saber o mesmo Vázquez Souza nunha nota explicativa inicial. O libro organízase en catro grandes apartados: unha introdución e tres partes, que conforman cos seus subtítulos o título xeral da obra. Leva, ademais, un "Apéndice gráfico" na súa parte central. Na introdución ofrécense os criterios metodolóxicos seguidos, un panorama da edición en Galicia e unha reflexión sobre o estado do sistema literario galego, particularmente no que á crítica e á historiografía institucional se refire. En "A fouce" (símbolo utilizado polas Irmandades e polo Partido Galeguista) analízanse os proxectos editoriais dos anos vinte e trinta, época na que Ánxel Casal emerxe como figura clave. Percórrense deste xeito as condicións da produción cultural na Galicia da altura e as distintas tentativas de conformar un sistema editorial galego forte e autónomo. "O hórreo" (presente no gravado de Castelao que constituíu o emblema das edicións Nós) céntrase máis concretamente nas dúas empresas editoriais impulsadas por Casal: Lar e Nós. Achéganse neste capítulo diversos índices, moi pormenorizados, das publicacións tiradas por estas casas e algunhas outras menores. Por último, "O prelo" constitúe unha extraordinaria bibliografía documental do libro galego do período clasificada polos seus lugares de impresión. Preséntase como provisoria xa que o autor da investigación asegura que nas continuas revisións ás que a someteu atopouse con novidades aínda non plasmadas na confección destas listaxes tal cal aparecen no libro. Finalmente, reclama maiores apoios institucionais para os aínda precarios estudos literarios no país e descúlpase porque a súa é "unha obra aínda en curso" que se viu obrigado a fazer pública "pola teima do editor".

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Ánxel Casal', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 273, 'Páxina literaria', 31 agosto 2003, p. 4.

Comeza Xulio Valcárcel este comentario referíndose aos sete anos de traballo que os autores do libro *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* demoraron en dar ao prelo o citado volume, concretizando así o que considera unha "tarefa necesaria". Despois de resumir o esencial da aportación do biografado, Ánxel Casal Gosenge, á cultura galega, detense Valcárcel en destacar a cantidade de documentos orixinais que se reúnen no libro comentado, así como no "eruditísimo estudo" de Ernesto Vázquez Souza publicado ao mesmo tempo ca este, nomeadamente as cartas axuntadas. Finalmente, afirma que esta obra serve de grande axuda para coñecer mellor a época de Casal.

- Ramón Nicolás, 'O editor mártir', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 9 outubro 2003, p. I.

Ofrécesenos nesta páxina un comentario eloxioso dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza. Ambos os dous volumes son situados por Ramón Nicolás na esteira de títulos e conferencias que viñeran a reivindicar a figura deste editor e político coruñés, entre os que salientan o capítulo que Ramón Otero Pedrayo lle dedicara no seu *Libro dos amigos* e a monografía *Ánxel Casal e o libro galego*, de Francisco Fernández del Riego, entre outros. Para Nicolás, estas obras agora publicadas son "unha resposta rotunda e vigorosa, desde o campo da investigación literaria, ao sesgo neutralizante, aséptico e case pasivo que ofrecía a encarnación deste personaxe real" na película *O lapis do carpinteiro*. Pasa despois a resumir e valorar o contido de cada un dos dous traballos. Así, do primeiro destaca o prólogo de Xesús Alonso Montero e o material inédito con que contribúe a perfilar a personalidade de Casal. Canto ao segundo, indica que se vehicula en máis de setecentas páxinas unha profunda análise do papel que esta figura desenvolveu arredor do libro galego, e enxalza o valor das "utilísimas" bibliografías que se ofrecen ao final do mesmo. Conclúe afirmando que constitúen un importante avance para o coñecemento dunha parte fundamental da historia literaria de Galicia.

Referencias varias:

- Isaac Díaz Pardo, 'Ánxel Casal', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 19 maio 2003, p. 17.

Faise eco da celebración dunha mostra sobre Ánxel Casal en Compostela, cuxos materiais foron sintetizados a partir dos dous volumes que Ernesto Vázquez Souza e Xosé María Dobarro tiraron do prelo neste 2003 arredor da figura do impresor galeguista. Repasa o labor de recuperación desta figura ao longo do tempo, lembrando os nomes de Luís Seoane, Castelao ou Francisco Fernández del Riego. Despois, detense Isaac Díaz Pardo en analizar os principais episodios da vida de Ánxel Casal e a súa muller, María Miramontes, sinalando que ambos os dous "estaban ligados á miña familia".

- MARÉ, 'Para a recuperación da memoria de Ánxel Casal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 maio 2003, p. 52.

Recollen a conferencia que o profesor Xusto Beramendi pronunciou na Galería Sargadelos de Santiago dentro dun ciclo dedicado a Ánxel Casal, e aproveitan para indicar que neste mesmo espazo compostelán terá lugar a presentación dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza.

- Xesús Alonso Montero, 'Casal, hoxe', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 11, 'A outra mirada', 31 maio 2003, p. 15.

Congratúlase o autor desta columna fixa pola inauguración dunha sala co nome de Ánxel Casal. Desta figura, engade, vén de publicarse recentemente unha monografía en dous volumes "que lle fai xustiza", e da que son autores Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez

Souza. Explica que este último fixo unha tese dirixida polo primeiro, e que esa é a base do texto do segundo libro. Finalmente, achega unhas notas bibliográficas de Ánxel Casal.

- Sofía de Benito, 'Adiós a las aulas en Periodismo', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos ', 1 xuño 2003, p. L15.

Anuncia a presentación do libro de Vázquez Souza, *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno* sobre a figura de Ánxel Casal, na Galería de Sargadelos.

- MARÉ, 'Fouce, hórreo e prelo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xuño 2003, p. 50.

Dáse conta neste artigo da recente presentación na Galería Sargadelos dos libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* de Xosé María Dobarro e Ernesto Vázquez Souza e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego*, de Ernesto Vázquez Souza. Trátase, segundo se explica, de dous volumes complementarios publicados por Ediciós do Castro nos que se recolle a biografía de Ánxel Casal e se aprofunda no labor que desenvolveu nos ámbitos político, cultural e empresarial. Recollendo as palabras dos autores na presentación, indícase que para a confección destas monografías se acudiu a fontes orais (as lembranzas de persoeiros aínda vivos que coñeceron a Casal) e se recuperaron abundantes fontes escritas (escritos e cartas do editor coruñés). Así mesmo, repásanse os principais feitos da biografía de Casal para deste xeito mellor comprender o alcance do seu labor nun panorama marcado por "a carencia de clásicos galegos, a ausencia de sistemas e modelos literarios, de autores e lectores, a competencia e os escasos medios económicos".

- Ramón Nicolás, 'Dúas pezas da mesma historia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 41, 'No ficción en galego', 27 decembro 2003.

Agora que finaliza o ano, Ramón Nicolás fai balance dos froitos máis destacábeis que deixaron os xéneros non ficcionais no eido da literatura galega. Destaca, no ámbito da biografía, os dous volumes que Ernesto Vázquez Souza e Xosé María Dobarro Paz lle dedicaron á figura de Ánxel Casal. Considéraas "dúas obras insustituíbeis para entender a traxectoria do libro galego e a importancia" deste impresor e editor. Destaca o seu carácter enciclopédico e a vocación biográfica e sociolóxica destes traballos. Canto ao primeiro, de autoría compartida, comenta que está prologado por Xesús Alonso Montero e que achega moito material descoñecido ata o de agora. A respecto do segundo, do que o responsábel é Vázquez Souza, afirma que se divide en tres partes e que sintetiza o papel de Casal no que se refire ao desenvolvemento editorial galego.

Vega, Ángel de la , *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, limiar de Raimundo García Domínguez (Borobó), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Crónica, 135 pp. (ISBN: 84-9782-037-1).

Este libro do xornalista lucense Ángel de la Vega (Friol, 1931) recompila cento unha anécdotas que foi tirando da súa amizade, ao longo de corenta anos, con Ánxel Fole. Todas estas anécdotas foron contadas por Fole, outras vividas polo autor deste volume, outras

referidas e transmitidas oralmente por amigos e compañeiros e incluso as hai escolmadas de libros. Conta cun limiar "A xeración dos Ánxeles", obra de *Borobó*, no que se identifica cos estudantes que estiveron na universidade compostelá nos anos da II República, entre os que destaca a Ánxel Fole, e onde tamén fala das tertulias literarias ás que ía Fole. Após deste limiar preséntase unha introdución ao Fole máis persoal -a súa maneira de ser ou de vestir, as súas comidas, o que odiaba, etc.- e a seguir as cento unha anécdotas contadas por Ángel de la Vega que aparecen xebradas en doce apartados dispostos segundo o seu asunto: "O Fole neniño", "A personalidade de Fole", "Ánxel Fole viaxeiro", "Comidas", "Nas terras do Incio e Quiroga", "Na redacción do *Progreso*", "Escritor", "Lembranzas de Fole", "Vellos tempos", "Música e televisión", "Traxes" e mais "Don Fabulón".

Recensións:

- C.F., 'Ánxel Fole. 101 anécdotas', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras. Recensións breves', 2003, p. 14.

Dá conta da publicación do libro *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, no que Ángel de la Vega trata de achegarse á figura do escritor lugués, retratado, sobre todo, como un gran fabulador, todos os que o oían falar quedaban atrapados polo seu discurso. Entre as anécdotas destácase que Fole era pouco amigo da hixiene e temeroso coas mulleres.

- Armando Requeixo, 'Anecdótico foleano', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Libros', 30 outubro 2003, p. IV.

Comeza facendo unha descrición da obra escrita por Ángel Martínez Fernández de la Vega, máis coñecido por Ángel de la Vega, e a seguir céntrase neste volume. Del sublíñase que presenta unha estrutura temática e que o seu meirande mérito radica na práctica totalidade do anecdótico de Ánxel Fole. Tamén se indica que achega ao lector ao lado máis humano e entrañábel de Fole e que se trata de "unha das obras máis divertidas escritas a propósito do autor de *Terra brava*".

- Armando Requeixo, 'Literatura do eu', *La Opinión*, 'Saberes', nº 35, 'Lecturas', 13 decembro 2003, pp. 2-3.

Reflexiona sobre a importancia das obras biográficas ou literatura do eu dentro da literatura galega e que o recensionista atribúe á expansión do sistema literario galego e á necesidade de textos que reflectan a memoria dos grandes persoeiros. Despois reproduce o artigo "Anecdótico foleano" que o propio Armando Requeixo publicara en *Faro de Vigo* o 30 de outubro de 2003.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Ángel de la Vega recupera nun libro de anécdotas a ironía de Ánxel Fole', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 26 xuño 2003, p. 67.

Anúnciase a publicación para o mes de xullo desta obra e que para o mes de agosto a editorial Galaxia recuperará as obras completas en galego de Fole así como un tomo de

textos en español, con Claudio Rodríguez Fer como coordinador.

- Armando Requeixo, 'Sempre entre nós', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 agosto 2003, p. 41.

Sinala que a canonización dentro do sistema literario galego vén dada polo Día das Letras Galegas, e como consecuencia disto fala da publicación da varios libros sobre a figura de Ánxel Fole, entre eles o volume *Ánxel Fole. 101 anécdotas*.

- A.M., 'Un anecdotario foleano', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 25, 'Letras en galego', 6 setembro 2003, p. 7.

Breve alusión ao libro *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, do que se afirma que recompila un cento de anécdotas contadas en primeira persoa por Ánxel Fole.

- MARÉ, 'Entre os amigos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 setembro 2003, p. 62.

Indícase que o volume *Ánxel Fole. 101 anécdotas* sae do prelo co gallo do centenario de Ánxel Fole, de quen se destaca a súa gran capacidade de fabulación. Con referencia a este libro afirmase que desenvolve a personalidade de Fole desde as anécdotas e mais que desenreda as anécdotas da amizade entre Ánxel Fole e Ángel de la Vega.

- Marcos Valcárcel, 'Anecdotario Foleano', *La Región*, 'Sociedad', 17 setembro 2003, p. 69.

Afirma que o volume *Ánxel Fole. 101 anécdotas* recolle fragmentos da oralidade foleana froito da convivencia entre Ánxel Fole e Ángel de la Vega e describe algunhas das anécdotas que aparecen nel.

- Vicente Araguas, 'Foleada', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 27 setembro 2003, p. 64.

Vicente Araguas escribe que vén de ler "dun tirón e morto de risa" o volume *Ánxel Fole. 101 anécdotas* que define como unha "virgallada" para ler devagar entre gargalladas.

- Beatriz Abelairas, 'Antologías y abecedarios', *Qué leer día a día*, nº 81, 'Otras letras', outubro 2003, p. 26.

A sección "Otras letras" desta revista, dedicada ás literaturas noutras linguas cooficiais do Estado distintas do español, conta neste número con catro subapartados (catalán, éuscaro, galego e asturiano). No correspondente ás letras galegas, faise referencia a dúas publicacións recentes: *A-Z*, de Jesús Fraga e *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, de Ángel de la Vega. Da primeira indícase que se trata da segunda obra narrativa do autor e que o tema e o espazo comúns a todos os relatos que a conforman son, respectivamente, a emigración e Londres. Canto á segunda, explícase de maneira sucinta que nela se describen máis de cen lances curiosos e humorísticos da vida do escritor lucense. Tamén se fai mención da intencionalidade por parte da Real Academia Galega de confeccionar unha biografía sobre Manuel Murguía.

- Xulio Valcárcel, 'Anecdótico foliano', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 281, 'Páxina literaria', 26 outubro 2003, p. 4.

Afirma que Ángel de la Vega presenta neste libro a un Fole íntimo, achegado e cotiá coas súas xenialidades e inxenuidades, se ben tamén indica algúns erros puntuais deste volume. Indica, así mesmo, que consegue achegar ao lector á personalidade de Fole sen caer na rexouba e que retrata a súa figura e non a mitifica.

- Xosé Neira Vilas, 'Nos cen anos de Fole', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 9 novembro 2003, p. 2.

Sinala que a única vez que viu a Fole -o 17 de outubro de 1972 na casa de Alonso Montero en Lugo- estaba tamén presente Eduardo Blanco Amor e que todos faláron a oito sobre literatura, a emigración, etc., e que todas estas anécdotas parécense as que integran o libro de Ángel de la Vega *Ánxel Fole. 101 anécdotas*.

Vidal Villaverde, Manuel, *Contra o tempo*, presentación de Francisco Fernández del Riego, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Foradeserie, 194 pp. (ISBN: 84-8487-029-4).

A obra comeza cunha introdución, "Axeito de presentación", onde Francisco Fernández del Riego realiza unha análise global indicando que amosa interpretacións bio-bibliográficas dos escritores evocados e opina que o estilo de Vidal Villaverde (Vigo, 1946) é o do "deseño poético dunha valoración persoal". A seguir Vidal Villaverde presenta un conxunto de cincuenta e cinco textos aparecidos na columna "Opinión&Análisis" do *Diario de Pontevedra* consistentes en artigos e críticas literarias, incluía a literatura estranxeira e a literatura comparada, de escritores, arqueólogos, pintores, que teñen como tema común os retratos que o autor, mediante o emprego dunha prosa lírica e impresionista que enfoca dende a sensibilidade poética. Na meirande parte deles aparecen fotografías dos retratados.

Recensións:

- Maximino Cacheiro Varela, 'Contra o tempo', no tempo de Vidal Villaverde', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 15 novembro 2003, p. 4.

Na análise que se fai da obra *Contra o tempo* comézase afirmando que está composta por un conxunto de artigos e críticas literarias que teñen como tema retratos que o autor enfoca dende a sensibilidade poética. A seguir o recensionista afirma que están glosados tanto escritores como arqueólogos, pintores, xunto a contribucións no eido da literatura comparada e da literatura estranxeira, (cando trata a *Vita Nuova* de Dante Alighieri). Remata definindo os artigos que forman *Contra o tempo* como pequenos ensaios que posúen unha gran precisión lingüística e unha "beleza da expresión".

- Estro Montaña, 'Contra o tempo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Libros', 4 decembro 2003, p. IV.

Dá conta da recente presentación de *Contra o tempo* de Manuel Vidal Villaverde por Xosé Luís Méndez Ferrín e Gonzalo Navaza. Segundo Estro Montaña esta obra é unha "aproximación poética e sentimental a algunha das partes máis importantes da nosa memoria pictórico-literaria" xa que na obra trátanse tanto escritores como pintores. Afirma tamén que Vidal Villaverde, mediante unha prosa lírica e impresionista, dá a coñecer as súas opinións a cerca de escritores e pintores senlleiros da nosa terra. Destaca que establece paralelismos entre Torrente Ballester ou entre o *Tirano Banderas* de Ramón María del Valle-Inclán con Celso Emilio Ferreiro.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 16 outubro 2003, p. VII.

Entre as novidades editoriais das que se dan conta nesta sección fixa, nesta ocasión Blanco Rivas achégase ao volume *Contra o tempo*, de Manuel Vidal Villaverde, do que repasa algúns dos persoeiros que aparecen ao longo desta obra, dende Martín Códax, pasando por Bouza-Brey ou Ánxel Fole ata Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor ou Luís Seoane. Sinala tamén que o volume presenta abondoso material gráfico sobre os autores tratados.

- X.L. Méndez Ferrín, 'Daguerrotipos contra o tempo', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 7 novembro 2003, p. 30.

Dá conta da publicación dunha colección de ensaios breves de "interpretación e etopeia" sobre unha serie de figuras literarias e artísticas da Galicia de hoxe en día, baixo o título de *Contra o tempo* de Manuel Vidal Villaverde. Logo recomenda a súa lectura para todos aqueles interesados na historia da cultura galega e pon como exemplo o texto "Concordancias entre *Tirano Banderas* e *Viaxe ao país dos ananos*" no que se demostra que Celso Emilio coincide con Valle-Inclán no tratamento da figura do emigrante español/galego en América, que en canto mellora a súa economía, métese en política e renega das súas raíces. A esa comparación Ferrín engade un dos textos que Celso Emilio publicou en Caracas baixo o pseudónimo de "Aristides Silveira" co título *Poemas de escarño e maldicer* no que fala da comunidade galega "desleal" de Venezuela.

- Maximino Cacheiro Varela, 'Contra o tempo, no tempo de Vidal Villaverde', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 9 novembro 2003, p. 28.

En primeiro lugar analiza a obra *Contra o tempo* afirmando que está composta por un conxunto de artigos e críticas literarias que teñen como tema retratos que o autor enfoca dende a sensibilidade poética. A seguir, afirma que están glosados tanto escritores como arqueólogos, pintores, xunto a contribucións no eido da literatura comparada e da literatura estranxeira, (cando trata a *Vita Nuova* de Dante Alighieri). Remata definindo os artigos que forman este libro como pequenos ensaios que posúen unha gran precisión lingüística e unha "beleza da expresión".

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Manuel Vidal Villaverde, xornalista e poeta contra o tempo', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 12 novembro 2003, p. 3.

Comeza cunha breve reflexión sobre o título da nova obra de Manuel Vidal Villaverde, *Contra o tempo*. A seguir, defínea como "dionisiaca no sentir e apolínea no estilo", afirmando que está formada por artigos que primeiro viron a luz nos xornais.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Miquel Martí i Pol', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 15 novembro 2003, p. 34.

Comeza o artigo lembrando onde coñeceu o recentemente falecido Miquel Martí i Pol, a continuación informa de que publicou no seu libro *Contra tempo* textos que xa apareceron nesa columna. Logo realiza unha loa ao escritor catalán.

Vieites, Manuel F., *Crónica do teatro galego (1992-2002) (críticas, artigos, estudos, entrevistas, recensións,...)*, Vigo: Universidade de Vigo ♦, 2003, col. Monografías da Universidade de Vigo, nº 56, 671 pp. (ISBN: 84-8158-249-2).

Manuel F. Vieites (Lorbé, A Coruña, 1956) recolle neste volume, editado pola Universidade de Vigo, unha escolma dos seus escritos sobre o teatro en Galicia que foron publicados ao longo de dez anos, 1992-2002, en medios académicos e periodísticos diversos. Esta crónica do teatro galego ofrece un amplo e vivo panorama do desenvolvemento do teatro galego a través de críticas teatrais publicadas en prensa (máis de sesenta), recensións de textos dramáticos, traballos de carácter divulgativo e informativo publicados fóra de Galicia, entrevistas con directores de escena, reflexións relacionadas coas políticas teatrais e culturais atendendo a toda a súa complexidade e facendo un seguimento dos diversos eidos nos que se concreta, etc. As "lecturas críticas" de Vieites están dirixidas ás "persoas interesadas na peripecia histórica do teatro nos últimos anos" e tamén ás "interesadas no estudio dos procesos de creación, difusión e recepción cultural, sempre relacionados coas políticas culturais". Alén deste perfil xeral de lector, os alumnos da futura Escola Superior de Arte Dramática e os alumnos de filoloxía contan cun útil material de estudo e análise do fenómeno teatral galego que estuda os traballos de autores, directores e compañías máis relevantes e significativos da historia da literatura dramática e teatral galega. Anxo Tarrío Varela e Laura Tato Fontaiña salientan na lapela do volume o valor crítico e a pertinencia desta publicación que observa con agudeza e coñecemento o panorama teatral galego.

Recensións:

- Damián Villalaín, 'Prosas de intervención', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Libros', 27 novembro 2003, p. V.

Destaca Damián Villalaín a difícil situación na que se atopa o teatro galego convertido nun "reducto artístico frecuentado por incondicionais". A situación do público galego é parella á do estado español e xorde como consecuencia dun alto grao de incultura teatral provocado

pola forte ruptura creativa que a ditadura franquista forzou en todas as artes. Villalaín considera que *Crónica do teatro galego*, de Manuel F. Vieites é unha "prosa de intervención" que fornece a comunidade galega dun importante material de debate escrito por un home que, dende a militancia teatral, está comprometido coa cultura e o teatro do país. Villalaín eloxia con contundencia o traballo desenvolvido por Vieites a quen considera un "home clave do teatro galego da última década".

Vilavedra, Dolores (editor), *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961*, limiar de Francisco Fernández del Riego, Vigo: Galaxia, abril 2003, col. Memoria, nº 2, 216 pp. (ISBN: 84-8288-559-6).

Reprodúcese neste libro, coordinado e anotado por Dolores Vilavedra, a correspondencia que Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) dirixiu dende 1949 ata 1961 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913). Leva dúas introducións: "Algo máis ca un epistolario", a cargo da editora, e "Memoria do amigo", asinada por quen constitúe o destinatario das cartas reproducidas no volume. Na primeira delas, repasa Vilavedra o que hai de común (vivencias, actividades, inxedanzas, empresas editoriais, etc.) nas biografías que compoñen esta relación epistolar, sinalando as diferenzas de talante (o de del Riego moi activo, máis soñador co de don Álvaro) existentes entre estas dúas figuras destacadas das letras galegas. Descríbense o formato e contido, ben heteroxéneos, das noventa e cinco cartas agora feitas públicas e explícase, así mesmo, o seu corte cronolóxico: as misivas inícianse en Mondoñedo no ano de 1949, cando se comeza a preparar o suplemento do xornal compostelán *La Noche*; e rematan en 1961, cando Álvaro Cunqueiro se instala na cidade de Vigo. Canto ao prólogo de Francisco Fernández del Riego, relembra o autor brevemente a súa amizade e colaboracións ata o estourido da Guerra Civil para desembocar nos anos en que se atoparon de novo os vellos amigos, a través das cartas. Época na que, segundo afirma, a "miña teimosía" conseguiu que Cunqueiro se "reintegrara ao antigo solar". No corpo central do libro, as cartas van numeradas e levan unha datación aproximada entre corchetes, pois na súa maioría carecían de referencias deste tipo no orixinal. Obsérvase no conxunto un Cunqueiro que se sente "canso, soio, triste, á nugalla, valdeiro", que traduce, que lle dá voltas aos títulos dos libros que anda a escribir, que se sente orgulloso das súas creacións, que envía orixinais para seren publicados, que solicita cartos de cando en vez... A través das cartas transparéntase tamén o estado e os avatares do sistema literario galego na altura, o proceso de creación de textos hoxe consolidados e mais noticias dalgún outro que nunca chegou a ter forma agás na prolífica imaxinación cunqueiriana. Así pois, neste epistolario celosamente conservado por Fernández del Riego testemúñase, como concluíra a profesora Vilavedra no limiar, a indefinición entre realidade e ficción cultivada polo mindoniense e "esa capacidade que o escritor tiña para construír unha realidade alternativa, á súa medida e para si". Pódese perfilar tamén, implicitamente, a imaxe do destinatario: un don Paco "esgazado entre o papel de amigo e o de editor, un pouco empresario e outro pouco psicólogo, pai espiritual e colega de xoldas", e que segundo esta autora sería o responsábel, en grande medida, da recuperación de Cunqueiro para a literatura galega nos anos da posguerra.

Recensións:

- Xosé Manuel G. Trigo, 'Cunqueiro de Amicitia', *Grial*, nº 158, 2003.

G. Trigo cualifica de "regalía" a publicación de *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego*; explica que, aínda que non está totalmente de acordo con Dolores Vilavedra e con Del Riego cando afirman que a través das cartas se pode serguir o proceso creativo do escritor mindoniense, son valiosísimas para coñecer o ritmo ao que ía escribindo, pero sobre todo para descubrir o Cunqueiro como home e boa parte dos seus sentimentos. Tamén resalta a funcionalidade deste epistolario como documento da época histórica na que foi escrito, ademais de poder coñecer o estilo cunqueiriano neste tipo de xénero.

- M. Veiga, 'Cunqueiro, os anos de tristeza e creatividade dun xenio', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 31.

O comentarista céntrase nun novo libro publicado pola editorial Galaxia: o que leva por título *Cartas ao meu amigo*, de Álvaro Cunqueiro, e que recolle a correspondencia que este lle dirixiu a Fernández del Riego entre os anos 1949 e 1961. Explica que se trata dunha época na que Cunqueiro se vira privado dos apoios que anteriormente recibira e na que del Riego tenta "que volva ao rego que nunca debiera ter deixado", rescatándoo para o galeguismo. Afirmar, neste sentido, que o amigo conseguiu do escritor mindoniense "as mellores pezas narrativas que daría ao prelo e tamén algúns dos mellores libros cos que conta a literatura galega". Tamén salienta que nesta correspondencia se atopan abundantes mostras da imaxinación cunqueiriana, opinións persoais sobre a andadura da literatura galega. En resumo, considera que esta publicación deixa ben ás claras que Álvaro Cunqueiro é "a crema da literatura do noso país".

- Ramón Nicolás, 'Prosa íntima de Cunqueiro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 29 maio 2003, p. V.

Recensión de *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego*. Comeza Ramón Nicolás por felicitar a iniciativa de publicar as cartas conservadas por Francisco del Riego que lle escribira Álvaro Cunqueiro durante a década de 1950. Explica que o cre así posto que deste xeito se facilita aos lectores a aprofundización na peculiar personalidade do mindoniense. Engade que o epistolar é un xénero lamentabelmente moi descoidado na nosa historiografía literaria, e suxire que este libro pode chegar a constiuír un precedente. Explica despois cal é o contexto en que xorde este envío de misivas: trátase, afirma, dun período clave na bioblografía do autor. Estima moi interesante as "reviravoltas editoriais" presentes neste epistolario do que considera parte do máis destacábel da súa produción. Finalmente, invita á súa lectura por tratarse dunha oportunidade para coñecer mellor a reintegración de Cunqueiro no sistema literario galego, feito no que ten moito que ver, subliña, o seu confidente Fernández del Riego.

- María Xesús Lama, 'Álvaro Cunqueiro: Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Publicacións', xullo 2003, pp. 399-402.

Considera o reflexo da personalidade e das circunstancias de Álvaro Cunqueiro como o aspecto máis valioso desta colección de cartas do mindoniense. Refírese tamén a que se trata dun epistolario limitado a un único destinatario, Francisco Fernández del Riego, e a un período de tempo que coincide cos anos en que Cunqueiro produce unha parte importante da súa obra en galego, ao tempo que comeza a artellarse o proxecto editorial de Galaxia no que el participa activamente. Comenta que as cartas revelan ademais dunha relación de amizade, unha tarefa compartida: a produción de cultura galega. Alude tamén ao prólogo de Fernández del Riego que abre o volume, onde explica as orixes e evolución desta amizade que se remonta á infancia, se estreita na mocidade ao compartiren ambos ideais galeguistas e se mantén toda a vida. Menciona algúns dos temas recorrentes entre ambos, en particular o intercambio de comentarios críticos e de informacións que contribúen a caracterizar o sistema literario galego, como o interese de Cunqueiro pola actividade cultural do exilio, para o que Del Riego serve de punto de contacto fundamental. Finalmente salienta o resultado convincente que logrou Dolores Vilavedra como responsábel da edición, no referido ao labor de ordenar o material e engadir un "prólogo iluminador".

Referencias varias:

- C.F., 'Cartas ao meu amigo', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 14.

C. F. fala da correspondencia epistolar que Álvaro Cunqueiro mantivo con Francisco Fernández del Riego durante o retiro mindoñense do primeiro. Nelas, segundo se nos di, abórdanse temas fundamentalmente literarios.

- Carlos Fernández, 'Un libro e unha exposición lembran a amizade entre Cunqueiro e del Riego', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 8 abril 2003, p. 79.

Recolle a presentación do libro *Cartas ao meu amigo*, parella á exposición homónima que durante todo o mes de abril está a ter lugar na Casa Galega da Cultura de Vigo. Recolle algunhas declaracións dos presentes no acto, como Víctor Freixanes, o concelleiro de Cultura de Vigo ou Francisco Fernández del Riego, que é o destinatario deste epistolario, remitido por Álvaro Cunqueiro dende Mondoñedo entre os anos 1949 e 1961.

- AFA, 'Os recordos perdidos', *O Correo Galego*, 'AFA', 8 abril 2003, p. 32.

Dise que Víctor F. Freixanes comeza a desvelar a súa liña como novo director de Galaxia coa presentación da colección "Memoria". Os dous primeiros números da mencionada colección, engádese, son recopilacións epistolares. Unha delas é *De min para vós*, de Marino Dónega; e a outra leva por título *Cartas ao meu amigo*. Tamén se anuncian novos títulos e se dá conta da aparición dun novo formato para a revista *Grial*.

- Ághata de Santos, 'Del Riego: 'Nin a guerra interrompiu a miña amizade con Cunqueiro'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 8 abril 2003, p. 47.

Dise que a editorial Galaxia inaugura unha nova colección, titulada "Memoria", coa edición do libro *Cartas ao meu amigo*, volume no que se reúnen as cartas que Álvaro Cunqueiro lle remitiu dende Mondoñedo a Francisco Fernández del Riego. Inclúense algunhas

declaracións do destinatario, entre elas, a súa valoración persoal do volume. Así, segundo se reproduce textualmente, para del Riego estas cartas veñen amosar distintos ángulos do escritor mindoniense: dende o Cunqueiro desilusionado ata o escritor consciente do valor da súa obra. Tamén se fai mención dunha mostra co mesmo nome na que se expoñen obxectos persoais de ambos os dous autores, primeiras edicións dalgunhas das súas obras, etc.

- AFA, 'Cegal ofrécelles ós libeiros galegos o proxecto da gran librería 'on line', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 8 abril 2003, p. 75.

Para alén de se describir o nacemento do portal electrónico CegalNet, dáse conta brevemente, e á parte, da presentación dos dous primeiros títulos publicados dentro da nova colección "Memoria" da editorial Galaxia. Eses volumes son, segundo se indica, *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, de Marino Dónega e mais *Cartas ao meu amigo*, de Álvaro Cunqueiro.

- Camilo Franco, 'A correspondencia con Del Riego descobre ó Cunqueiro melancólico', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 abril 2003, p. 53.

Reportaxe na que Camilo Franco informa da recente publicación do libro *Cartas ao meu amigo*, un volume no que se fan públicas as misivas que Álvaro Cunqueiro dirixiu a Francisco Fernández del Riego durante doce anos. Recrea o estado anímico do escritor na época en que ten lugar tal correspondencia, e insiste en que se trata dun momento moi prolífico para o autor. Valora moi positivamente este material que agora sae á luz porque, segundo afirma, achega información interesante sobre o proceso de xestación dalgunhas obras. Comenta como caso curioso que, segundo fica reflectido nas cartas, o seu *Hamlet* superou a censura en Madrid ao pensar os interventores que se trataba dunha tradución de Shakespeare ao galego. Tamén se refire, en columna á parte, a diversas actividades existentes ou proxectadas arredor da figura de Cunqueiro en diversas cidades.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Nulla dies sine linea', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 29 abril 2003, p. 2.

Manuel Vidal Villaverde recolle nesta sección as súas impresións tras a lectura do epistolario que Álvaro Cunqueiro dirixiu a Francisco Fernández del Riego entre 1949 e 1961 e que agora sae publicado da man de Dolores Vilavedra. Sinala a fonda tritura que transmiten estas cartas e aproveita para repasar o percurso vital e bibliográfico de Cunqueiro nos últimos anos.

- M. Barba, 'Galaxia recupera dous epistolarios de Cunqueiro e Marino Dónega', *La Opinión*, 'Cultura', 8 xuño 2003, p. 67.

Anúnciase que a editorial Galaxia vén de publicar dous novos títulos na súa colección "Memoria". Trátase, segundo se informa, de *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, de Marino Dónega, un dos fundadores de Galaxia, e de *Cartas ao meu amigo*. Respecto a este último epistolario, explícase que se trata da correspondencia que mantivo Álvaro

Cunqueiro co seu amigo da infancia, Francisco Fernández del Riego, entre 1949 e 1961. Coméntase que este intelectual tivo unha singular influencia no mindoniense; e, por último, dáse conta do próximo relanzamento da colección "Illa Nova".

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa unhas breves notas sobre a obra *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, do conxunto de contos *Osa Menor*, de Xosé Nicanor Alonso, do libro infantil *¡Tódalas cores!* de Max e, por último, das cartas escritas por Álvaro Cunqueiro e tituladas *Cartas ao meu amigo*, adicadas a Fernández del Riego, compañeiro no galeguismo e a quen anima a volver "sobre as vellas palabras". A edición da obra correu a cargo de Dolores Vilavedra.

- Vicente Araguas, 'Espistolar', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 4 agosto 2003, p. 40.

O autor faise eco, nesta columna fixa que ten no xornal *Diario de Ferrol*, da aparición das *Cartas ao meu amigo* de Álvaro Cunqueiro na editorial Galaxia. Eloxia a Dolores Vilavedra, quen preparou a edición destas cartas que Cunqueiro dirixiu nunha etapa especialmente triste da súa vida a Francisco Fernández del Riego, e aconsella a súa lectura a todos aqueles que conciben a literatura como "un gozo extemos dos sentidos".

Villar Janeiro, Helena, *Feminino plural*, prólogo de Xurxo Fernández, Santiago de Compostela: Compostela/Grupo Correo Gallego, febreiro 2003, 147 pp. (ISBN: 84-8064-125-8).

Este libro da autoría de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) conta cun prólogo asinado por Xurxo Fernández. Nel salientase a importancia dos xornalistas e escritores como notarios do presente para poder analizar a historia contemporánea. Así, facendo referencia a Alejo Carpentier, que negaba a dicotomía entre o escritor e o xornalista, faise un sucinto repaso a algúns dos escritores que exerceron o seu maxisterio na prensa, salientando tamén o protagonismo que a muller tivo desde a primeira hora na escrita e nos medios de comunicación. Alúdese deste xeito a algunhas das máis sobranceiras mulleres que compaxinaron a escrita e o xornalismo, desde Safo ou Hypathia até Emilia Pardo Bazán ou Filomena Dato. Inscríbese así a Helena Villar nesta tradición, sinalando que a autora luguesa está nunha situación privilexiada ao lle permitir o seu espírito renacentista cumprir perfectamente varias tarefas diferentes. Finalmente defínese esta obra como unha desas actas do presente ás que se facía referencia no comezo do prólogo. O volume recolle artigos publicados entre os anos 1994 e 2002 na columna de opinión que a autora ten no xornal *El Correo Gallego*. O fio condutor que lle dá coherencia á escolma é que todos os artigos teñen que ver dun ou doutro modo coas mulleres. Así, ao longo das súas páxinas, a autora reflexiona sobre unha grande variedade de temas, que van desde a participación da muller na liturxia até a condena a morte de Safiya Hussaini, pasando pola representación da obra *Rosalía* por parte do Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'A miña familia era unha factoría literaria', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 29.

Entrevista con Helena Villar Janeiro co gallo da publicación dos seus libros *Pálpebra azul* e *Feminino plural*, así como da concesión do "Premio Arume" de poesía infantil da Fundación Neira Vilas a *Na praia dos lagartos*, de próxima publicación. Ao longo da entrevista evócase o ambiente familiar da autora salientando esta o relevante papel que os seus fillos xogaron na súa literatura infantil, feita en grande medida para eles e pola conciencia de que era algo que faltaba por facer na literatura galega. Abe narrador e poeta oral. Ao lle preguntaren polo seu papel de pioneira en moitas facetas, apunta que foi a primeira muller en formar parte dun grupo poético, confesando que foi Xesús Rábade quen a integrou en Cravo Fondo cando o chamaron a el para formar parte do grupo. Isto lévaa a establecer un paralelismo entre ela e Rosalía pola axuda que ambas recibiron dos seus maridos á hora de se iniciaren no mundo das letras. Afirmar ademais que se considera pioneira na poesía erótica co libro *Festa do corpo*. Ao longo da entrevista abórdanse outros temas como a liña seguida por Cravo Fondo, a súa admiración por Rosalía ou a amplitude de xéneros e rexistros que manexa. No referente á súa poesía, Helena Villar defínese como ontolóxica e cunha grande compoñente panteísta. Define *Na praia dos lagartos* como un libro ecoloxista moi planificado no que a protagonista é a natureza humanizada, e no tocante a *Pálpebra azul* sinala que tamén naceu do seu contacto coa natureza e dunha posterior investigación sobre os haikus, que son poesía pura, para o que afirma que lle axudou ter traducido a Rosalía.

Villaverde, Elixio, *Galegos en México (1878-1936)*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, 302 pp. (ISBN: 84-7824-428-X).

Este libro de Elixio Villaverde (O Irixo, 1954), gañador do VIII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, ábrese cun "Limiar" do propio autor no que explica que a orixe desta obra está nun dos capítulos da súa tese de doutoramento defendida na Universidade de Santiago de Compostela. Así, tras falar doutras publicacións súas que tamén tiveran como orixe diferentes capítulos da devandita tese, ofrece un pequeno esbozo do contido do volume, explicando tamén a súa xestación, consellos e orientacións de diversos profesores, etc. O estudo estrutúrase en tres capítulos. O primeiro, "Antecedentes: os galegos na Nueva España e no México independente", abórdase o caso da elite galega instalada na época colonial, o incremento da emigración no século XVIII co establecemento dos correos marítimos, a situación dos galegos na independencia mexicana e desde a independencia á ditadura de Porfirio Díaz. No segundo capítulo, "México como destino: a estabilidade porfiriana como factor de atracción" estúdase a etapa do mandato de Porfirio Díaz en México e o progreso económico que vive o país neste período, sustentado nas bases da pacificación do territorio, o investimento de capital estranxeiro, as grandes riquezas naturais e a chegada de inmigrantes europeos. O terceiro capítulo é o máis extenso e o claro eixo vertebrador do volume, "Análise da inmigración contemporánea á luz do Rexistro Nacional de Estranxeiros (1878-1936)". A metodoloxía desde a que se aborda o estudo da emigración nesta etapa baséase na análise e interpretación minuciosas dos datos fornecidos polo Rexistro Nacional de Estranxeiros de México. O estudo destes cincuenta e oito anos

divídese en cinco subperíodos: o primeiro vai desde o ingreso dos primeiros emigrantes rexistrados (1878) até o desastre de 1898. O segundo de 1899 até o fin da ditadura de Porfirio Díaz en 1910, etapa na que se produce reemigración desde Cuba tras a independencia da illa. O terceiro vai de 1911 a 1920 e está marcado pola Grande Guerra en Europa e a década da Revolución Mexicana. O cuarto abrangue a etapa de maior éxodo migratorio, de 1921 a 1929, e finalmente o quinto vai desde 1930 ao comezo da Guerra Civil en España, período que estaría marcado polas secuelas da crise de 1929. En cada unha destas etapas estúdase a tipoloxía dos inmigrantes galegos que chegan a este país analizando nove variábeis: o seu lugar de orixe por concellos, por provincias, a súa distribución socio-profesional, grupos de idade no intre de se rexistrar, o porto ou fronteira de entrada a México, o lugar de residencia en México, os idiomas que dominan, a nacionalidade do seu cónxuxe e a relixión, datos que se resumen nos numerosos cadros e mapas distribuídos ao longo dos diferentes epígrafes. Así mesmo o traballo ofrece exemplos da historia de persoas concretas e en moitos casos recoñécíbeis cos que se pretende explicar aspectos máis xerais, así como algunhas anécdotas das viaxes do autor a México. O traballo conclúe coa relación de fontes empregadas (arquivísticas, impresas e orais) e mais coa bibliografía.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Terra de acollida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 25 setembro 2003, p. I.

Coméntase a importancia que o fluxo de persoas entre Galicia e América tivo na sociedade e cultura galegas, todo isto en relación coa publicación de *Galegos en México (1878-1936)* de Elixio Villaverde García. Coméntase que nesta obra figuran datos concretos da orixe dos galegos emigrados, o lugar ao que foron e outra serie de apuntamentos sobre as súas biografías.

- Armando Requeixo, 'Queimada de tequila', *La Opinión*, 'Saberes', nº 27, 18 outubro 2003, p. 4.

Coméntase a publicación da obra *Galegos en México (1878-1936)* de Elixio Villaverde García. Nela cítanse nomes de galegos que emigraron a México e faise unha concienciada viaxe polas influencias dos galegos no país centroamericano así como as que este tivo nos galegos. Cóntase na obra tamén algunha biografía chamativa de galegos en América. Destácase no artigo que a obra foi galardoada co Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2003.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Infantil/Xuvenil', 22 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do monográfico *Galegos en México (1878-1936)*, do escritor Elixio Villaverde García. Trátase dun estudo sobre a presenza galega en México comparando o

lugar de orixe dos emigrantes e a nova terra á que chegan. Tamén se refire na sección ao poemario *Negra sombra*, elaborado por diversos poetas galegos, e a dúas obras infantís *Orión e os animais magos*, de Joan Manuel Gisbert e *Un día de caza*, de Xoán Abeleira.

- Xesús Alonso Montero, 'Emigrante cun libro na maleta', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'A outra mirada', 12 xullo 2003, p. 15.

Fálase da presentación da obra *Galegos en México (1878-1936)* de Elixio Villaverde. Destácase fundamentalmente a presenza no acto de Alfredo Antón Guerra, un galego de setenta e un anos que tivera que emigrar a México. Este home atopara un volume de *Sempre en Galiza* e aló onde ía sempre o acompañaba. En torno a este feito artéllase o artigo.

VV. AA., *Sempre mar: cultura contra a burla negra*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto/Plataforma contra a burla negra/Colectivo Chapapote/Plataforma Nunca Máis, 2003, Libro e CD, 203 pp. (ISBN: 84-607-9745-9).

Volume editado polas plataformas Nunca Máis, Burla Negra e Colectivo Chapapote e a Asociación Cultural Benito Soto no que colaboran dezaioito ilustradores, vinte e sete grupos musicais e cento dezasete escritores tanto da literatura galega, como foránea. Tal e como se explica no "Limiar", este traballo é un exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia ante todos os acontecementos que rodearon o afundimento do *Prestige*; nese mesmo limiar, explícase que o título do libro se refire ao poema homónimo de Bernardino Graña publicado en *Profecía do mar* (1966), que se recolle no apéndice desta obra. No volume inclúese un texto de carácter ensaísta de Xabier Cordal (A Coruña, 1965), titulado "Arrabaldo do norte. Crise da información e iniciativa popular no atentado do Pprestige".

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Burla Negra presenta o seu libro-disco no aniversario do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Fai referencia á presentación de *Sempre mar*, que terá lugar o día 13 de novembro na Sala Nasa de Compostela. Sinala que na elaboración participaron uns trescentos escritores, ilustradores e músicos, batendo unha nova marca de autoría colectiva. Indica que no proxecto non só colaboraron escritores coñecidos, senón todos aqueles que quixeron "mostrar a carraxe do momento"; sinala que participaron, ademais, escritores cataláns, vascos e asturianos. Cita algúns dos escritores galegos e músicos que colaboraron neste libro-CD e fala do Foro Negro e da próxima realización dunha curtametraxe, ambos proxectos da Plataforma contra a Burla Negra.

- A.N.T., 'Moita cultura no primeiro ano do Prestige', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 25.

Dá conta das numerosas exposicións, concertos, presentacións literarias, recitais, documentais... organizados en toda Galicia ao cumprirse un ano da catástrofe do petroleiro

Prestige nas costas galegas; entre todos os actos dá conta da presentación do libro-disco *Sempre mar*, que terá lugar o 13 de novembro en Compostela e na que participarán Alfolies, Ruxe Ruxe, Pilocha, Roberto Parada, Liñaceira e un gran número de actores teatrais que interpretarán algúns textos da obra.

- U.L., 'Rois oferta un Outono Cultural cheo de humor, contos, música e teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 8 novembro 2003, p. L12.

Dá conta da oferta cultural que o Concello de Rois programou para o "Outono Cultural". Entre a programación prevista cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a posta en escena de *Menos lobos*, de Talía Teatro; a obra *A casa de Bernarda Alba*, a cargo da Asociación Cultural A Senra; unha sesión de contos na que Carlos Santiago narrará *Historias finlandesas*; un recital de poesía e a presentación do libro *Sempre mar*.

- MARÉ, 'As mesmas voces altas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2003, p. 43.

Dá conta dos actos organizados en toda Galicia con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do *Prestige*. Entre os actos literarios, cita o recital poético que se celebrará na Facultade de Filoloxía, organizado polos Comités Abertos da facultade, e no que intervirán Lupe Gómez, Manuel Rivas, Pilar Pallarés e Rafa Villar; sinala, así mesmo, que mañá terá lugar na Sala Nasa a presentación do libro *Sempre mar*, da Plataforma contra a Burla Negra, no que participan grupos como Ruxe-Ruxe, Liñaceira, Pilocha, Milladoiro, María Manuela ou Leilía, ademais de numerosos escritores e ilustradores galegos.

- A.N.T., 'Sempre Mar, a resposta cultural ao petroleiro', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 21.

Sinala que *Sempre mar* é, dos corenta libros producidos arredor do sinistro do petroleiro, no que colaboran máis autores; indica que toma o título do poema de Bernardino Graña incluído no volume e que, nas dúascentas páxinas e dous CD que o compoñen, colaboran numerosos escritores, ilustradores e músicos galegos. Dá conta do lugar e data da presentación, cita algúns dos autores participantes e sinala que o libro inclúe un poema da finada Xela Arias sobre Man, o alemán de Camelle.

- P.A., 'Largometraje colectivo', *El Progreso*, 'En portada', 13 novembro 2003, p. 6.

Entre outras cousas, fai referencia ás producións xornalísticas e literarias de autoría individual ou colectivas publicadas con motivo do accidente do *Prestige*. Dá conta da presentación da obra *Sempre mar*, que o colectivo Burla Negra presentará no primeiro aniversario do accidente e que inclúe un libro con colaboracións de escritores e debuxantes galegos e mais dous CD con temas de vinte e sete artistas e grupos musicais. Tamén fai referencia á obra xornalística *Nunca Máis. Galicia á intemperie*, no que Suso de Toro analizou o primeiro mes da catástrofe, e dá conta, finalmente, de dúas antoloxías poéticas: *Alma de beiramar*, editada por A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e *Negra sombra*, editada por Edicións Xerais e Espiral Maior.

- MARÉ, 'A esperanza da derrota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 51.

Dá conta dos actores e grupos musicais que actuaron na presentación do libro-disco *Sempre mar*, que tivo lugar na Sala Nasa de Santiago de Compostela; indica que este acto abriu unha xira coa que a Plataforma contra a Burla Negra percorrerá toda Galicia amosando o seu compromiso co seu futuro baixo as premisas da reivindicación lúdica. Indica, temén, que a obra inclúe as colaboracións de cento dezasete escritores, dezaioito ilustradores e numerosos músicos e formacións musicais.

- Marta Dacosta, 'Literatura e compromiso', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Sinala que a arte debe estar intimamente relacionada e comprometida co mundo en que nace, sendo fundamental a súa interpretación da realidade e o seu compromiso coa sociedade á que se dirixe; considera que a literatura comprometida é unha das ferramentas máis difíciles de utilizar e afirma que a sociedade galega actual necesita deste tipo de literatura; neste sentido deben desenvolverse empresas culturais que satisfagan estas necesidades sociais. Entre as iniciativas de literatura comprometida cita *Sempre mar*, da que di ser "a homenaxe que a Plataforma contra a Burla Negra realiza ás xentes da cultura".

- A.N.T., 'Un foro por 'outra cultura posíbel', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 25.

Infórmase das diferentes actividades que leva a cabo a Plataforma contra a Burla Negra e entre elas destaca a recente publicación do libro *Sempre mar*.

- O.L., 'Sempremar', un libro e dous CD creados por Burla Negra', *La Opinión*, 'Cultura', 29 decembro 2003, p. 37.

Sinala que na obra *Sempre mar* se reflexiona sobre o desastre do *Prestige* e que pretende recadar fondos para os afectados pola marea negra; colaboraron cento dezasete escritores, vinte e sete grupos musicais e dezaioito ilustradores. Dá conta dos artistas que participan no apartado musical e apunta algunhas referencias ás pezas de cada un deles. En canto ao aspecto literario, sinala que a obra inclúe textos en prosa e verso de autores galegos, entre os que cita a Suso de Toro, Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Ana Romaní, Chus Pato, Emma Pedreira, Fran Alonso, Manuel Seixas, Manuel Forcadela, Margarita Ledo, Ramón Caride, Xosé Miranda, Bernardino Graña e Rosa Aneiros.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Cañada, Silverio (editor), *Gran Enciclopedia Galega*, (Tomo I: a-aguin) (Tomo II: aguiñar) (Tomo III: anas-arrron) (Tomo IV: arros-bao) (Tomo V: baq-blan) (Tomo VI: blas-calc) (Tomo VII: cald-carba) (ISBN do tomo I: 84-87804-02-0) (ISBN do tomo II: 84-87804-04-7) (ISBN do tomo III: 84-87804-05-5) (ISBN do tomo IV: 84-87804-06-3) (ISBN do tomo V: 84-87804-07-1) (ISBN do tomo VI: 84-87804-08-X) (ISBN do tomo VII: 84-87804-09-8) (ISBN da obra completa: 84-87804-03-9), Lugo/Pontevedra: El

Progreso/Diario de Pontevedra □, 2003, 256 pp. .

Ao longo do ano 2003 comezou a reedición actualizada, revisada e traducida ao galego da *Gran Enciclopedia Gallega*, que en 1974 editara Silverio Cañada, a cargo dos xornais galegos *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, que estableceron unha periodicidade mensual para a entrega dos volumes. Con esta posta ao día preténdese dar unha visión actualizada da realidade galega e ao mesmo tempo recoller os cambios máis importantes nos case trinta anos que separan as dúas edicións. Os contidos que abrangue van dende a política, á ciencia, á xeografía, ao deporte ou á creación artística. No tocante á literatura galega ofrece biografías de escritores, apuntamentos históricos de movementos e escolas ou información detallada sobre diversas publicacións. Así, ao longo do ano 2003 chegaron aos quioscos os oito primeiros volumes. O primeiro tomo, que comprende as entradas que por orde alfabética están entre *a* e *aguin*, ábrese cuns textos institucionais que destacan este labor de reedición e actualización, para logo dar paso a unhas páxinas que dan conta das diferentes temáticas que aparecerán en todos os tomos desta obra. En canto a contidos literarios, algúns dos aspectos máis relevantes deste primeiro volume son o estudo da lírica de Afonso X o Sabio ou a relación que se fai de agrupacións culturais, das que algunhas, como por exemplo a chamada O Facho ou a Agrupación do Teatro Galego, se relacionan con diferentes campos desta arte.

(Tomo II: aguiñ/anar), 256 pp., (ISBN do tomo II: 84-87804-04-7).

O segundo volume desta obra comprende aquelas entradas relacionadas con Galicia que van dende as que empezan por *aguiñ* ata as que o fan por *anar*, polo que a última que aparece é *anarquismo*. Relacionado coa literatura aparecen algúns trobadores co apelido Airas, unha análise da obra *Aires da miña terra* de Curros Enríquez, ademais da visión da temática do amor na literatura medieval, na popular ou na poesía do Rexurdimento baixo o epígrafe *amor*.

(Tomo III: anas/arron), 256 pp., (ISBN do tomo III: 84-87804-05-5).

Terceiro tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, que comprende dende a voz *anasco*, apelido de orixe castelá, ata o pobo dos *arronios*. Entre ambas entradas dáse cabida a outras, entre elas algunhas relacionadas coa literatura galega como a compañía profesional de teatro Áncora Produccións e os escritores Francisco Añón Paz, Vicente Araguas, Alfonso Armada Rodríguez e Ramón Armada Teijeiro.

(Tomo IV: arros/bao), 256 pp., (ISBN do tomo IV: 84-87804-06-3).

Neste cuarto tomo da reedición da *Gran Enciclopedia Gallega* aparecen as voces comprendidas entre *arrós* e *bao*. Algunhas das que se poden relacionar dun xeito ou doutro coa literatura galega son as que informan sobre a Asociación de Escritores en Lingua Galega; sobre o escritor Augusto Assía, pseudónimo de Felipe Fernández Armesto; o poeta Avilés de Taramancos, pseudónimo de Antón Avilés Vinagre; ou sobre publicacións como

o suplemento *Axóuxere*, publicado con *La Región*.

(Tomo V: baq/blan), 256 pp., (ISBN do tomo V: 84-87804-07-1).

Quinto volume da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, onde aparecen voces relativas a Galicia entre os comezos de palabra *baq* e *blan*. Ábrese o tomo co nome dun importante músico do Barroco en Galicia e péchase cun topónimo. No tocante aos seus contidos literarios, nesta entrega atópanse, entre outras cuestións, as biografías dos escritores Juan Barcia Caballero; Ben-cho-Shey, pseudónimo de Xosé Ramón Fernández Oxea; Xoán Bernárdez Vilar; Eduardo Blanco Amor e Roberto Blanco Torres; ao lado da historia das editoriais Biblioteca de Escritores Gallegos e Biblioteca Gallega.

(Tomo VI: blas/calc), 256 pp., (ISBN do tomo VI: 84-87804-08-X).

Sexto volume da reedición actualizada da enciclopedia galega de Silverio Cañada. Nel aparecen as entradas comprendidas entre *blas* e *calc*. Os seus contidos literarios son variados e van dende todas as revistas que inclúen no seu título a palabra *boletín*, como o *Boletín Galego de Literatura*, ou todas que conteñen *cadernos*, como os *Cadernos da Escola Dramática Galega*; ata os escritores Fermín Bouza-Brey, Lino Braxe Mandiá e Ramón Cabanillas; o ilustrador Francisco Bueno Capeáns; o grupo literario Brais Pinto; o autor, director e autor Quico Cadaval ou outras entradas como Bos Aires e o semanario *Café con Gotas*, que tocan aspectos variados da literatura galega.

(Tomo VII: cald/carba), 256 pp., (ISBN do tomo VII: 84-87804-09-8).

Esta entrega da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* contén as palabras, topónimos ou nomes que se inclúen entre *cald* e *carba*. Ábrese o volume cun topónimo e péchase cunha biobibliografía de Pepe Carballude Blanco. Ademais deste escritor, aparecen outros como Tucho Calvo, os irmáns Julio e Francisco Camba Andreu, Marica Campo, Xosé Carlos Caneiro, Johán Carballeira e Ricardo Carballo Calero. Á parte disto, inclúe información sobre a literatura medieval nas entradas *cancioneiro* e *cantiga*.

(Tomo VIII: carbe/castre), 256 pp., (ISBN do tomo VIII: 84-87804-10-1).

Neste oitavo volume da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* dáse cabida ás entradas que van dende as que empezan por *carbe* ata as que o fan por *castre*. Algunhas das voces relacionadas coa literatura galega son as seguintes: o escritor Ramón Caride Ogando, os distintos membros da familia Carré Aldao e Carré Alvarellos, o ilustrador Pepe Carreiro, o mestre e poeta Francisco Xavier Carro Rosende, os escritores Xoán-Manuel Casado Martínez e Xohán Casal, o editor Ánxel Casal, a escritora Fina Casalderrey, o literato Carlos Casares, a actriz María Casares, o ensaísta e poeta Arturo Casas Vales, a poetisa Yolanda Castaño e a editorial Castrelos, ademais de dedicar varias páxinas á figura de Castelao.

Referencias varias:

- Rocío Cortés, 'Pretendemos que sexa un gran de area para aumentar a autoestima dos galegos', *El Progreso*, 'Entrevista', 25 maio 2003, pp. 22-23.

Conversa con Benxamín Casal na que se fai un repaso polas distintas facetas profesionais e persoais de quen agora dirixe a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, que os xornais *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* comezaron a editar. Achéganse datos biográficos sobre o seu nacemento, os estudos de Enxeñería Agrónoma e Ciencias Económicas, a presidencia do Círculo das Artes de Lugo, a dirección do Ministerio de Agricultura, a xerencia do catastro lucense e o seu paso pola política galega, a carón de figuras tan senlleiras como Alfredo Conde, Carlos Casares e Ramón Piñeiro. Tamén se menciona a súa responsabilidade dentro da Editorial Galaxia como vicepresidente e membro do consello da administración. Polo que respecta á reedición da *Gran Enciclopedia Gallega*, e como director deste proxecto, Benxamín Casal cre que esta obra vai achegar unha visión de Galicia a través da lingua que lle é propia, que será unha imaxe escrita do que é a Galicia do século XXI, abarcando o seu pasado, presente e futuro e que suporá un gran de area que contribúa a aumentar a autoestima dos galegos. Defínea como unha obra de consulta, de referencia e unha ferramenta de traballo para moita xente. Esta noticia foi reproducida tamén un día despois en *Diario de Pontevedra*.

- Rocío Cortés, 'Benxamín Casal', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 25 maio 2003, pp. 64-65.

Conversa con Benxamín Casal na que se fai un repaso polas distintas facetas profesionais e persoais de quen agora dirixe a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, que os xornais *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* comezaron a editar. Achéganse datos biográficos sobre o seu nacemento, os estudos de Enxeñería Agrónoma e Ciencias Económicas, a presidencia do Círculo das Artes de Lugo, a dirección do Ministerio de Agricultura, a xerencia do catastro lucense e o seu paso pola política galega, a carón de figuras tan senlleiras como Alfredo Conde, Carlos Casares e Ramón Piñeiro. Tamén se menciona a súa responsabilidade dentro da Editorial Galaxia como vicepresidente e membro do consello da administración. Polo que respecta á reedición da *Gran Enciclopedia Gallega*, e como director deste proxecto, Benxamín Casal cre que esta obra vai achegar unha visión de Galicia a través da lingua que lle é propia, que será unha imaxe escrita do que é a Galicia do século XXI, abarcando o seu pasado, presente e futuro e que suporá un gran de area que contribúa a aumentar a autoestima dos galegos. Defínea como unha obra de consulta, de referencia e unha ferramenta de traballo para moita xente. Esta noticia está tamén reproducida no xornal *El Progreso*.

- MARÉ, 'O saber en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2003, p. 42.

A propósito da presentación da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* en Santiago de Compostela, dáse conta dos diferentes representantes da cultura galega que acudiron ao acto, como o conselleiro de Cultura Xesús Pérez Varela, o presidente do Consello da Cultura Alfonso Zulueta, Fernández Abalat, en representación da Real Academia Galega,

amais do director da obra Benxamín Casal. Preséntase a actualización desta enciclopedia respecto da que se editara en 1974 como o maior dos compendios dos saberes sobre Galicia plasmado "por fin" na súa lingua. Infórmase de que Benxamín Casal toma o relevo de Ramón Otero Pedrayo e relaciónanse os membros dos distintos consellos da Enciclopedia. Resúmense as diversas materias que se abordarán nas súas páxinas e engádese que estarán apoiadas por fotografías, mapas, cadros estatísticos e outras infografías diversas. Finalmente tráese a colación as palabras que os distintos participantes tiveron para Silverio Cañada e explícanse os pasos necesarios para a súa adquisición.

- Perfecto Conde, 'Ave, Silverio', *A Nosa Terra*, nº 1.084, 'Sociedade', 29 maio 2003, p. 18.

O autor deste artigo lembra o amigo que lle morreu hai un ano, Silverio Cañada. Segundo Perfecto Conde, o ilustre personaxe asturiano recupera agora o sitio que lle corresponde na memoria colectiva de Galicia coa publicación da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Comenta que cando no ano 1972 chegou ao mercado libreiro de Galicia a súa enciclopedia, "o patio estaba para poucas carreiras" e tívose que publicar en castelán. Insiste en que a todos os que participaban neste feito cultural para Galicia -entre eles o propio Perfecto Conde- quedoulles "a espiña cravada no corazón". Por iso, é polo que enxalza a iniciativa dos responsábeis de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* de reeditar esta obra en galego. Tamén ten unhas palabras de agradecemento para Benxamín Casal e destaca o detalle que todos eles tiveron de engadir o nome de Silverio Cañada ao novo título da enciclopedia.

- Paco Martín, 'Enciclopedia', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Opinión/Opinión&Análisis', 1 xuño 2003, p. 31/26.

O escritor comeza evocando o arrecendo dos libros cando saen do prelo e lembra cando, hai trinta anos, Silverio Cañada presentaba no mercado a primeira entrega da *Gran Enciclopedia Gallega*, colaborando na construción de Galicia. Este mesmo sentimento trasládase á actualidade co gallo da actualización daquela obra, da que resalta que se presente en lingua galega. Remata desexando que dentro de trinta anos a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* "siga a ser a agra aberta a tódalas labouras como desexara o seu egrexio prologuista".

- Afonso Eiré, 'Benxamín Casal', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Galiza', 12 xuño 2003, pp. 10-11.

Entrevista a Benxamín Casal que se divide en tres partes. Na primeira conversan sobre a definición que se lle ten aplicado en numerosas ocasións como intelectual galeguista e como galeguista histórico, da man da súa etapa política na Galicia preautonómica. O director da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* séntese galeguista como aquel que pensa por e dende Galicia e que traballa por ela. Tamén falan sobre o "piñeirismo" e da súa función como coordinador do grupo dos catro parlamentarios que ao seu lado completaban Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Carlos Casares. Na segunda parte abórdanse algúns dos seus coñecementos sobre a realidade rural de Galicia, dada a súa condición de enxeñeiro agrónomo; neste eido salienta que o futuro de campo galego está na diversificación, en contra do monocultivo que vén imperando. No último chanzo desta entrevista tratan algúns dos aspectos da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, como a maneira de actualizar

as distintas entradas, reducindo algunhas das da edición de 1974 e ampliando outras, amais das novas incorporacións. Así mesmo, resáltase o feito de que se presente en galego e da súa posterior presentación en CD Rom e DVD, para situala na era dixital que impera na actualidade.

- Isabel Chousa, 'Unha Enciclopedia para unha nova realidade social', *El Progreso*, 'Cultura', 20 xuño 2003, p. 93.

Artigo que se centra basicamente naqueles temas novos que se incorporan nesta edición da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, co fin de dar conta da realidade actual de Galicia e dos acontecementos ou avances que se produciron dende 1974 ata hoxe. Así pois, fálase das novas tecnoloxías, do láser, do comercio electrónico, das enerxías alternativas, de todo o relacionado cos medios informativos e da informática, entre outros, como realidades que se describen nesta obra. Tamén se resalta a atención que se lles presta nesta enciclopedia a cambios que se produciron, como a chegada da democracia, a autonomía e as novas institucións políticas. Engádesse que a actual revisión que se está a facer, ademais de estar escrita en galego, tamén afecta ás entradas existentes, pois moitas delas son reducidas ou ampliadas para conseguir un equilibrio estrutural no que os temas amplos se expliquen de xeito fraccionado. Finalmente tamén se fai fincapé nas infografías, mapas de situación e fotos, que segundo Benxamín Casal, foron actualizadas nun 95% respecto da edición de 1974.

- Isabel Chousa, 'O tomo III da Enciclopedia Galega entregárase en xullo', *El Progreso*, 'Cultura', 22 xuño 2003, p. 77.

Dáse conta da saída ao mercado do terceiro tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, que recolle todas as voces comprendidas entre *anas* e *arron*. Resáltanse entradas como o apelido Andrade, moi abundantes e significativos na historia de Galicia; Os Ancares, do que se describiu a súa situación xeográfica, económica, antropolóxica, demográfica, o seu folclore...; as antas, coa situación xeográfica destes monumentos dolménicos, que se presentan acompañados de fotografías e mapas; as disciplinas de Arquitectura e Arqueoloxía. Polo que respecta ás biografías contempladas neste tomo, menciónanse Concepción Arenal e o bispo Araújo.

- Isabel Chousa, 'Estudiosos destacan o valor identitario que ten a 'Enciclopedia'', *El Progreso*, 'Verano', 23 xullo 2003, p. 77.

Neste artigo recóllense as opinións que a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* lles merece a Xavier Alcalá e a Andrés Torres Queiruga, membros os dous do seu Consello Asesor e Editorial, respectivamente. O enxeñeiro de Telecomunicacións sitúa esta obra no mundo actual, no que a informática e, concretamente, Internet están a ofrecer moita información sobre todos os ámbitos do saber, polo que entende que se debe especializar o coñecemento, perdendo en extensión e aumentando en intensidade e, na súa opinión, é o que está a facer a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Torres Queiruga salienta que estea escrita en galego e a actualización dos contidos e a ampliación das disciplinas que abarca. Así mesmo, resalta que se manteña o formato e o aspecto da edición de 1974, porque -segundo o teólogo- así conserva a súa identidade. Engade que lle parece unha

enciclopedia de grande utilidade didáctica nos eidos da antropoloxía, literatura e historia galegas.

- Isabel Chousa, 'O tomo V da Enciclopedia estará en tódolos quioscos en setembro', *El Progreso*, 'Cultura', 17 agosto 2003, p. 69.

Infórmase da próxima dispoñibilidade no mercado do quinto tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* e dáse conta dalgunhas das voces que se recollen neste volume. Destácanse os concellos como Baralla, Barbadás, Barreiros, Betanzos...; as comarcas do Barbanza, da Barcala e de Bergantiños; e biografías de persoeiros como Pedro Barrié de la Maza, Manuel Becerra ou Eduardo Blanco Amor. Como mostra da atención que esta obra presta á actualidade galega cítanse entradas como "bioética", "bioclimatoloxía" ou "biotecnoloxía" e as biografías de Xosé Ramón Barreiro, Luís Barreiro Rivas, Xosé Manuel Beiras e Xosé Blanco. Tamén se recordan as distintas publicacións periódicas maila actriz e presentadora Uxía Blanco, ás que se lles dá cabida nesta nova entrega.

- Isabel Chousa, 'Descifrando a ciencia', *El Progreso*, 'Cultura', 29 agosto 2003, p. 93.

A propósito da saída ao mercado do quinto tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* céntrase este artigo nas voces de nova introdución. Así pois, coméntase a entrada "bioclimatoloxía", que vai acompañada de numerosas infografías que axudan a comprender a influencia dos factores climáticos nos seres vivos; a "bioxeografía", para a que se tiveron en conta criterios florísticos, fitosociolóxicos, climáticos e edafolóxicos, entre outros; a "bioética" que, para maior claridade, se exemplificou co recente caso de Ramón Sampredo; e a "biotecnoloxía", coa que se describe como se poden empregar as propiedades dos seres vivos para fins industriais. Remata esta achega xornalística coas palabras de Benxamín Casal sobre estes novos termos que recollen a realidade social de Galicia.

- Isabel Chousa, 'Os novos galegos', *El Progreso*, 'Cultura', 30 agosto 2003, p. 77.

Este artigo céntrase no tratamento que se lles dá aos persoeiros da vida cultural, social e política de Galicia neste quinto tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Polo que respecta aos persoeiros que forman parte da historia galega menos recente resáltanse La Bella Otero e Roberto Blanco Torres; e Uxía Blanco e Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sey), como representantes do xornalismo actual en Galicia; a José Blanco e a Xosé Manuel Beiras, para o eido da política; ao historiador e presidente da Real Academia Galega Xosé Ramón Barreiro e ao pedagogo e profesor de Ciencias Políticas Luís Barreiro Rivas. Insístese en que de todos eles se achega información sobre a súa vida e traxectoria profesional.

- Isabel Chousa, 'Mañá vaise poñer á venda o V tomo da Enciclopedia', *El Progreso*, 'Verano', 31 agosto 2003, p. 93.

Co gallo da saída do quinto tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* este artigo xira ao redor da historia da orde beneditina -fundada por San Bieito de Nursia hai mil cincocentos anos- á que se lle deu acollida neste volume. Dise que nel se trata a forma de vida destes monxes, a organización dos mosteiros que habitaban, como se foi estendendo

esta orde, a exclaustación e as desamortizacións que sufriron e os espazos que ocuparon en Galicia; tal é o caso dos cenobios de San Martín Pinario, San Paio de Antealtares, de Ribas de Sil, de Celanova ou o de Samos, que se presentan co apoio visible de fotografías e mapas.

- Isabel Chousa, 'A Enciclopedia inclúe unha biografía de Bello Piñeiro', *El Progreso*, 'Cultura', 24 setembro 2003, p. 77.

A propósito da publicación do tomo quinto da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, no que aparece a entrada de Filipe Bello Piñeiro, a xornalista fai un breve repaso pola vida e obra deste pintor que naceu en Mugar dos (A Coruña), un dos máximos representantes do neoimpresionismo galego. Achégase información sobre a súa afección á literatura, teatro e incluso ao xornalismo, chegando mesmo a escribir dúas obras literarias sobre a artesanía de Sargadelos.

- Isabel Chousa, 'O tomo VI da Enciclopedia estará a partir de mañá en tódolos quioscos', *El Progreso*, 'Cultura', 30 setembro 2003, p. 85.

Co gallo da publicación do tomo sexto da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* analízanse numerosas voces ás que dá acollida. Así, no referente á toponimia galega, resáltase a descrición orográfica, demográfica, climatolóxica e patrimonial que se realizou de concellos como Boqueixón, Boiro, Boimorto, Bóveda ou Burela, entre outros. Polo que respecta aos persoeiros galegos biografados neste volume resáltanse Alfredo Brañas, Enrique Heraclio Botán, Alexandre Bóveda, Fermín Bouza-Brey ou Ramón Cabanillas. Dise que o punto de modernidade nesta nova entrega vén dado coa entrada do *Bosque animado* ou da actriz María Bouzas. Tamén se recorda que, do mesmo xeito que en tomos anteriores, se recollen todas as publicacións periódicas e os boletíns de todos os tempos.

- Isabel Chousa, 'Galegos ilustres centran o tomo VI da Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 1 outubro 2003, p. 77.

Tal e como recolle o título deste artigo, dáse conta de tres das grandes personalidades da vida cultural de Galicia que aparecen descritas, en todas as súas diversas facetas, no tomo sexto da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. O primeiro trátase de Fermín Bouza-Brey, do cal se abordou a súa traxectoria literaria, política, investigadora, etnográfica e poligráfica. Outra figura senlleira abordada é o pontevedrés Alexandre Bóveda, do que se describe o seu labor como economista ou como político no seo do Partido Galeguista e na elaboración do primeiro Estatuto para Galicia. O terceiro é o escritor, economista, avogado e político Alfredo Brañas. Tamén se menciona a Enrique Heraclio Botana, que malia non ter tanta repercusión na historia de Galicia, trátase dunha das figuras máis importantes do obreirismo galego.

- Isabel Chousa, 'A Enciclopedia aborda as obras dos antergos e a súa pegada', *El Progreso*, 'Cultura', 20 outubro 2003, p. 85.

Repaso por algúns dos contidos do sexto volume da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Segundo sinala, dáse cabida neste tomo a diferentes monumentos e restos

arqueolóxicos, localizados en concellos variados. Destaca que os datos achegados sobre os castros permiten facerse unha idea da Galicia doutros tempos. Así mesmo, os estudos sobre algúns cruceiros levan a indagar sobre as lendas e motivos que provocaron a súa construción. Por último resalta que tamén se poden ver outras manifestacións artísticas, como por exemplo as pinturas murais do conxunto arqueolóxico situado ao lado da igrexa parroquial de Santalla de Bóveda ou a pintura máis contemporánea do pintor compostelán Modesto Brocos.

- Isabel Chousa, 'O sétimo tomo da Enciclopedia, a partir de mañá en tódolos quioscos', *El Progreso*, 'Cultura', 30 outubro 2003, p. 77.

Realízase un repaso polas biografías ás que se lle dan cabida no sétimo tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* que acaba de saír á rúa. Dise que neste volume se pode profundar nas vidas de galegos como a escritora coruñesa Emilia Calé y Torres de Quintero, o avogado e escritor Leopoldo Calvo Sotelo, a escritora Marica Campo, o músico Emilio Cao, o pintor compostelán Juan José Cancela ou na dos xornalistas Tucho Calvo e Francisco Campos Freire. Neste mesmo senso destácase o ámbito do deporte, xa que aparecen descritas as traxectorias do regatista Pedro Calvo-Sotelo ou do ximnasta Jesús Carballo. Así mesmo, tamén se recolle que neste volume aparece exposta toda a traxectoria de Silverio Cañada.

- Isabel Chousa, 'Os escritores protagonizan o sétimo volume da Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 31 outubro 2003, p. 93.

Como o seu propio título indica, neste artigo recompílanse os escritores galegos aos que se lles deu entrada no sétimo volume da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Así pois, fálase de Emilia Calé y Torres de Quintero como a persoa que potenciou o xurdimento do primeiro Centro Galego de Galicia a partir da Sociedade Galicia Literaria; da profesora e escritora Marica Campo e do poeta e novelista Xosé Carlos Caneiro como os representantes do movemento literario contemporáneo; e das biografías de Ricardo Carballo Calero e Johán Carballeira. Tamén se recorda a faceta de dramaturgo de Leopoldo Calvo Sotelo.

- María Reguera, 'Chega o oitavo tomo', *El Progreso*, 'Cultura', 28 novembro 2003, p. 91.

Notifícase a posta á venda do oitavo tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. O desenvolvemento da noticia xira ao redor de dúas voces que foron tratadas con amplitude neste volume: a cultura castrexa e a cartografía. A primeira preséntase como un manifesto máis de que unha das constantes desta obra é a aposta polos temas que son sinais de identidade galegos e extráense datos da entrada sobre os castros, sobre a época na que chegou esta sociedade a Galicia... Canto á segunda, cítanse algúns nomes de cartógrafos do século XVIII e lémbrese o traballo que está a desenvolver na actualidade o Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga). Baixo o epígrafe "algunhas páxinas", seleccionáronse as follas da Enciclopedia que aluden a Casares Quiroga, Luz Casal, Benxamín Casal, Carlos Casares e Antonio Casares Rodríguez.

- M.R., 'O luns sae á venda o oitavo tomo da Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 29 novembro 2003, p. 91.

Ademais de recordarlles aos lectores o que deben facer para conseguir a *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* fábase do seu oitavo tomo, facendo un repaso por algunhas das entradas que alberga. Dise que se trata a arquitectura a través da figura de Casas Novoa, o autor da fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago de Compostela e de parte da catedral de Lugo; as artes escénicas, coas biografías de Antonio Casal e Antonio Casas; a política, coa pormenorización da voz *carlismo*; a xeografía co tratamento da serra do Careón e o mundo editorial coa descrición do labor de Edicións Castrelos, entre outros. Así mesmo, adxúntanse ilustracións da xornalista María Castaño, da poetisa Yolanda Castaño, do director e guionista Héctor Carré, do carlista Fernando VII e do voceiro do Servizo de Normalización Lingüística da USC, *O Cartafol*.

- M.R., 'A próxima entrega da 'Gran Enciclopedia' ocúpase de Castelao', *El Progreso*, 'Cultura', 30 novembro 2003, p. 82.

Para esta nova promoción do oitavo tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* escolleuse a figura de Castelao, ao que se lle dedicaron vinte e catro páxinas e corenta e dúas fotografías para dar conta da súa biografía e obra política e cultural nesta obra de consulta. Trouxéronse a este artigo retallos da súa infancia en Arxentina, da mocidade en Santiago de Compostela como estudante de Medicina e da súa estancia en Rianxo como médico. Tamén se fala da súa faceta política como unha das máximas figuras do galeguismo, do seu labor en Acción Gallega e como membro do Partido Nacionalista Republicano Galego, do Partido Galeguista... Menciónase *Sempre en Galiza* como a "biblia" do galeguismo e alúdese á súa calidade como humorista gráfico.

- M.R., 'O venres, o noveno tomo', *El Progreso*, 'Comunicación', 30 decembro 2003, p. 77.

A propósito da publicación do noveno tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, enuméranse algúns dos concellos que aparecen descritos nel, coa súa historia, economía, xeografía..., como o de Castroverde, Cervantes ou Cervo; ademais de espazos tan singulares para Galicia como Santa María do Cebreiro ou a praia das Catedrais. Tamén se adxuntan catro páxinas deste volume, nas que aparece o arquitecto galego Santiago Catalán, a poetisa María do Cebreiro, o toureiro Celita e o Centro Gallego da Habana.

- M.R., 'Os nomes do noveno tomo', *El Progreso*, 'Cultura', 31 decembro 2003, p. 73.

Para resaltar os persoeiros que son biografados no noveno tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* escolléronse os escultores Felipe de Castro e Castro Cansenco, o pintor e gravador Manuel Castro Gil e os escritores Camilo José Cela, Diego Antonio Cernadas y Castro e Rosalía de Castro. Desta última dise que é a protagonista de dezasete páxinas deste volume, acompañadas por vinte e seis documentos gráficos que inclúen fotografías da autora en distintos momentos da súa vida e reproducións dos seus traballos. Así mesmo, infórmase que foron Aurora López, Andrés Pociña, Anxo Tarrío, Arcadio López Casanova, Carmen Blanco e Kathleen March os responsábeis desta biobibliografía da poetisa padroense.

Casas, Álvaro de las, *Verbas aos mozos galegos. O momento universitario. Conferencia dita no Paraninfo da Universidade compostelán o 9 de marzal do 1933*, Vigo: Fundación Premios da Crítica-Galicia ◻♦, 2003, Asociación Álvaro das Casas, 2003, 15 pp. (DL: C-344/2003).

Edición facsimilar do discurso lido por Álvaro de las Casas (Ourense, 1901-Noia, 1950) no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela o 9 de marzo de 1933, editado pola Fundación dos Premios da Crítica Galicia e a Asociación que leva o nome do autor con motivo da celebración dunha homenaxe ao autor no Pazo dos Ulloa ao longo do Día da Muller Traballadora. Neste discurso De las Casas exhorta á mocidade galega, en especial á universitaria, a que tome conciencia da situación de Galicia como nación e loite por mellorar a situación que se vive. Comeza analizando a situación da universidade galega, comparándoa coa europea e as do resto da Península Ibérica, explica a súa concepción do papel que lle corresponde a esta institución como motor do cambio da sociedade na que se inscribe, criticando que no caso galego non se este a facer; anima a que se leve a cabo unha educación cultural integral, repasa os movementos asociativos europeos da mocidade, explica o funcionamento do grupo Ultreya, creado por el mesmo, do que reproduce o decálogo do seu ideario, os procedementos que seguen e destaca que no aspecto literario organizan conferencias, prácticas de lectura e escritura en galego, concursos de contos e resumos bibliográficos, ademais de editar dúas coleccións "Os Nossos" e "Patria". Repasa outras iniciativas subscritas a diferentes lugares de Galicia promovidas por estas seccións xuvenís e remata exhortando a que todos a que participen na lección de dignidade que precisa Galicia a través da defensa da honra, da civilidade e da liberdade.

Referencias varias:

- Agustín Sixto Seco, '...E a braseira do lume no lar', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 1 marzo 2003, p. 3.

Sixto Seco titula o seu artigo de opinión cun verso de Álvaro de las Casas e evoca a súa xuventude na cidade de Ferrol, da que lembra que nela o galego era estraño, situación que considera que agora mudou. Tamén anuncia os actos de homenaxe organizados pola Fundación Premios da Crítica, nos que ademais de colocar unha placa na súa casa natal tamén se publicou a edición facsimilar de *Verbas aos mozos galegos*. Remata reproducindo uns versos do autor como homenaxe persoal.

- Manuel Dourado Deira, 'Álvaro de Las Casas na fosa común do esquezo', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 1 marzo 2003, p. 2.

Reivindica a figura de Álvaro de las Casas e sinala que a Fundación Premios da Crítica Galicia tenta recuperar esta figura do galeguismo cunha homenaxe en Esposende, de onde era orixinario, e a edición facsimilar de *Verbas aos mozos galegos*. Lembra que outras iniciativas foron a edición de *Matria* por parte de Follas Novas. A seguir fai un breve percorrido pola biografía do autor ourensán, salienta o seu labor xornalístico e o cultivo de todos os xéneros, en especial no eido do teatro con pezas como *A morte de Lord Staüler*, *O outro* ou *Pancho de Rábade*. Da poesía salienta os títulos de *Sulco e vento* e da novela *O xardín do castelo de Vidre* e *Ladaíña*. Remata recomendando a lectura, da man de Carballo

Calero, de *Xornadas de Bastián Albor*, ensaio no que difunde o seu pensamento galeguista.

- Miguel Suárez Abel, 'Unha foto e unha homenaxe', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 7 marzo 2003, p. 29.

Despois de se referir á morte do fotógrafo Manuel Ferrol a través da descrición da súa fotografía máis representativa da emigración, céntrase na homenaxe que a Fundación Premios da Crítica Galicia lle vai render a Álvaro de las Casas. Salienta o labor deste a prol do galeguismo, especialmente como difusor entre a mocidade e o seu labor de creación recollido en máis de sesenta obras. Sinala que nese acto se vai distribuír a edición facsimilar de *Verbas aos mozos galegos*.

- Xavier Castro R., 'Álvaro de las Casas, un escritor singular', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 abril 2003, p. 4.

Comeza referíndose ao longo período de silenciamento no que se mantivo a figura de Álvaro de las Casas, malia a súa abondosa produción de máis de setenta libros e as colaboracións xornalísticas, de entre as que destaca *Alento. Boletín de Estudos Politécos* (1934-1935). Alude ao acto de homenaxe celebrado no pazo natal de Esposende promovido pola Fundación Premios da Crítica Galicia, a Deputación de Ourense e a Asociación Álvaro de las Casas. Sinala que pretenden dar a coñecer o labor galeguista do autor, que nesa homenaxe se entregou tamén a edición facsimilar de *Verbas aos mozos galegos*, da que explica o contido e estrutura e remata alentando á asociación Álvaro das Casas para que traballe a prol da divulgación do labor deste autor.

Correa Calderón, Evaristo, *El arte racial de Suárez Couto*, Intr. de Xulio Pardo de Neyra, Oviedo: López&Malgor Editores, agosto 2003, col. Libros del Eo, 78 pp. (ISBN: 84-932626-2-5).

Reedición da obra *El arte racial de Suárez Couto*, escrita en 1924 por Evaristo Correa Calderón (1899-1986) e publicada nese mesmo ano por Ronsel, despois de que os intelectuais involucrados no proxecto Ronsel organizasen unha exposición deste pintor ribadense. Este ensaio de arte subtítulado *Notas de estética gallega* aparece precedido por un estudo introdutorio de Xulio Pardo de Neyra. Nel achégase á figura de Correa Calderón, do que ofrece un percorrido bio-bibliográfico, onde aparece descrito o seu papel no vangardismo e galeguismo da década dos anos vinte. Así mesmo reproduce as palabras de diferentes personalidades para explicar o que significou a actividade desenvolvida por Ronsel, xa que con este nome aludíase a algo máis que unha revista e unha editorial.

Referencias varias:

- Patricia Álvarez, 'Pintura raical, un viejo ensayo redivivo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 332, 'Libros', 4 outubro 2003, p. 3.

Céntrase na obra *El arte racial de Suárez Couto*, de Correa Calderón. Segundo sinala, esta foi a primeira publicada pola mítica editorial Ronsel. Destaca que neste volume se

identifica ao artista Suárez Couto como "pintor de la raza" e que a obra no seu conxunto é un interesante experimento crítico de arte. Resalta, ademais, o estudo introdutorio de Xulio Pardo de Neyra, quen reclama o recoñecemento de Correa Calderón, xa que en xeral foi desprezado pola crítica literaria galega por apuntarse ao bando dos vencedores da Guerra Civil.

Gutiérrez, Eduardo, *Alexandre Bóveda en A Nosa Terra*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2003, col. Ensaio, nº 171, 102 pp. (ISBN: 84-8487-027-8).

Segunda edición, corrixida e aumentada, do ensaio que resultou premiado na primeira convocatoria do Premio "Alexandre Bóveda" de 1986, data na que saíra ao prelo por primeira vez. Eduardo Gutiérrez realiza neste libro un traballo de recompilación dos trinta e cinco artigos que Alexandre Bóveda publicou en *A Nosa Terra*, boletín do Partido Galeguista, entre febreiro de 1932 e xullo de 1936. Malia que estes escritos se asentaron maioritariamente no aspecto sociopolítico, algúns deles poden ter algún interese para a literatura galega en particular e a cultura galega en xeral, como os titulados "Pra Raza Celta", onde saúda a publicación do primeiro número desta revista de Montevideo; "No centenario de Pondal", no que honra a egrexia figura do Rexurdimento; ou "Maíos e festas da lingua", que repasa diversas empresas culturais existentes na Galicia da altura, entre as cales figuran o Seminario de Estudos, a Editorial Nós, etc. Precedendo aos textos, o autor da escolma ofrece un "Limiar" no que se adianta o contido dos artigos e se cualifica a Bóveda de "heroe nacional".

Villar Ponte, Antón, *100 artigos*, edición de Tucho Calvo, Vigo: La Voz de Galicia □, 2003, col. Biblioteca Gallega, 219 pp. (ISBN: 84-9757-107-X).

Trátase dun volume no que se recollen cen artigos publicados por Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) no xornal *La Voz de Galicia* entre os anos 1911 e 1917. Os artigos foron seleccionados por Tucho Calvo e neles afóndase en temas diversos: culturais, políticos, necrolóxicos, etc. Pero sempre mantendo un estilo de escritura propio e sen abandonar a lingua castelá. Nesta colecta de artigos pódense atopar referencias aos emigrados e aos seus traballos lonxe da terra, á morte de persoeiros como Eduardo Pondal, ao que califica de "bardo", ao incansábel traballo literario de Cabanillas, ao agrarismo e ao galeguismo, etc. A maior parte destes textos foron extraídos da sección "Con letra del siete" pero recóllense algúns doutros apartados. A obra conta cun prólogo de Justo Beramendi titulado "Antonio Villar Ponte: o nacionalismo republicano" no que se explica a grandes trazos a biografía do autor prestando especial atención á súa evolución política, ao nacemento do galeguismo, á República, etc...

Referencias varias:

- Emilio Xosé Ínsua, 'La Voz recolle nun libro cen artigos de Antón Villar Ponte', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xullo 2003, p. 45.

Dá noticia do agasallo do volume *100 artigos* o próximo Día de Galicia e lembra as

distintas etapas nas que o fundador das Irmandades da Fala estivo vencellado ao xornal coruñés. Así, indica que entre 1901 e 1912 estivo como colaborador e, logo, dende 1912 ata 1918 pasou a formar parte da redacción. Apunta que como redactor, nun principio só escribía artigos "nun ton lixeiro e humorístico" sobre temas diversos, para despois, a partir de 1914, defender o nacionalismo e a lingua galega. Afirma que en 1918 abandona o xornal e non será ata 1933 a súa volta a el, cando, como columnista, avogue polo galeguismo e a autonomía de Galicia.

- Emilio Xosé Ínsua, 'La Voz redescobre a Villar', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xullo 2003, p. 46.

Despois de informar da entrega dun volume que recolle parte dos artigos que de Antón Vilar Ponte publicou en *La Voz de Galicia*, salienta a súa faceta literaria. Así, alude, primeiro, á súa escrita da mocidade que, di, está condicionada pola prensa local de Viveiro. Apunta que esta, toda en castelán, ten influencias neorrománticas e modernistas, e a marca evidente de Aurelio Aguirre. Ademais, destaca en castelán un *Cuento de Reyes* para *La Voz de Galicia* e unha peza teatral *El peso de la ley*. Por outro lado, subliña que comeza a escribir en galego pola súa relación con Leiras Pulpeiro. Sinala que nesta lingua creou a súa peza *A patria do galego*, diversos poemas publicados en *A Nosa Terra* e *Galicia*, así como traduciu obras doutras linguas.

- Emilio Xosé Ínsua, 'Antón Villar Ponte, un dos grandes animadores do teatro galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 50.

Tras indicar que este xornal vai publicar un libro cos artigos que o intelectual de Viveiro escribiu nas súas páxinas, céntrase no seu teatro. Refírese a diferentes vertentes de Antón Vilar Ponte en relación ao mundo da dramaturxia, entre elas a de actor, escritor, prologuista de obras teatrais ou estudoso da historia do teatro. Salienta que a crítica teatral non valorou positivamente a calidade da súa escrita dramática, si a súa achega teórica; aínda que apunta que nos últimos tempos se empeza a ver con outros ollos.

- Emilio Xosé Ínsua, 'La Voz recupera unha figura básica da historia de Galicia, Villar Ponte', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 xullo 2003, p. 45.

Anuncia que *La Voz de Galicia* edita unha escolma cos artigos que Antón Vilar Ponte publicou nas súas páxinas e recorda a "conmoción" que supuxo a súa morte que, di, levou á inmediata organización de diversas actividades en homenaxe súa. Despois, lamenta que trala Guerra Civil non se lle rendera o tributo merecido á figura deste intelectual galego, subliñando que só no exilio se lle fixo xustiza, aínda que se deixara de lado a súa obra literaria. Alude á obra *Pensamento e sementeira. Leiciós de patriotismo galego* (Bos Aires, 1971), na que, afirma, Salvador Lorenzo recolle un bo feixe de textos do galeguista. Remata salientando a importancia da conmemoración que se lle fixo o Día das Letras Galegas de 1977 para a recuperación da súa obra.

- C.F., 'Villar Ponte ten toques pacifistas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 xullo 2003, p. 48.

Entrevista a Xusto González Beramendi, prologuista deste volume que entrega *La Voz de*

Galicia. Este describe a Antón Vilar Ponte como xornalista e comenta a imaxe del que subxace dos seus artigos. Sinala que escribiu sobre asuntos diversos, próximos ou afastados, pondo de exemplo a súa opinión sobre a I Guerra Mundial. Remata trazando a evolución política do fundador das Irmandades da Fala.

- Emilio Xosé Ínsua, 'Villar Ponte adiantou en La Voz a base das Irmandades da Fala', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 22 xullo 2003, p. 45.

Subliña que no libro que ofrece este xornal o Día do Apóstolo se reflicte parte da ideoloxía que sustentou ás Irmandades da Fala. Ademais, indica que Antón Villar Ponte no seu folleto "Nacionalismo Gallego" se basea en dúas "premisas", denuncia da negativa situación de Galicia en todos os eidos e a reivindicación da lingua e cultura galegas. Por outro lado, salienta o papel destacado do egrexio viveirense nos primeiros pasos dados polas Irmandades da Fala, así como tamén se refire ao seu declive dentro destas.

- Emilio Xosé Ínsua, 'Os artigos de Villar Ponte que entrega La Voz amosan o seu progresismo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 xullo 2003, p. 52.

Fai referencia á evolución ideolóxica de Antón Villar quen, afirma, se sitúa nas liñas do "progresismo democrático, reformista e de extracción pequeno-burguesa". Refírese, sobre todo, á súa militancia no republicanismo, dende a simpatía inicial ata o desencanto final.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Cardullo, Bert (editor), *Leccións de dramaturxia (What is dramaturgy?)*, trad. Manuel F. Vieites, Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia □, decembro 2003, col. Biblioteca de teatro, nº 3, 357 pp. (ISBN: 84-453-3722-X) (84-8288-650-9)).

Publicación de carácter colectivo resultado do convenio de colaboración entre o Instituto das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Editorial Galaxia, que foi publicada inicialmente en 1995 pola editorial Peter Lang Publishing en Nova York. Bert Cardullo, editor do volume, recompila cerca dunha trintena de traballos realizados por distintos estudosos do fenómeno teatral e dramaturxistas que tentan precisar qué é a dramaturxia, cales son as funcións que asume un dramaturxista, cal é a posición que esta figura ocupa no sistema teatral e qué modelo de formación integral debe recibir. Cardullo, autor tamén dun traballo introdutorio no que tenta definir o papel e o relevo da dramaturxia, reúne ensaios e entrevistas nos que se realizan reflexións suxestivas e mesmo polémicas sobre o estado da dramaturxia dende fins dos setenta ata os comezos dos anos noventa. A obra de carácter comparativo analiza a situación desta nova profesión, non consolidada da mesma maneira en todos os sistemas teatrais, en Alemaña, Inglaterra, Polonia, Iugoslavia e os Estados Unidos. O volume complétase cunha cumprida bibliografía sobre dramaturxia reunida polo editor e outra final recompilada por Manuel F. Vieites que complementa a anterior, baixo o criterio de accesibilidade e dispoñibilidade ao lector peninsular.

Fernández-Xesta y Vázquez, Ernesto, *Nuevo "Cathalogo de las obras del P. Fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos tomos en folio" (Contribución al homenaje al padre Sarmiento en el Día das Letras Galegas del año 2002)*, Pontevedra: Museo de Pontevedra ♦, 2003, 126/[90] pp. (ISBN: 84-95632-13-6).

Ernesto Fernández-Xesta y Vázquez presenta neste volume un novo documento de frei Martín Sarmiento, descoñecido ata o momento, o "Cathalogo de los Obras del Padre Maestro fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos Tomos en folio"; tal e como o autor explica na "Introducción", este non é un traballo no que se estuda en profundidade nin a figura nin a obra do erudito beneditino, senón un traballo no que se dá a coñecer este documento, no que se describe, no que se transcribe o seu texto e no que se compara o seu contido co dos índices e catálogos coñecidos ata agora. O volume ábrese cun prólogo institucional, tras o que se nos presenta a "Introducción" do autor; aparecen, a continuación, as seis partes nas que se estrutura o contido desta obra. No primeiro capítulo, "El documento y su autor", dáse conta da localización do documento, do seu contido, da súa identificación e do autor do manuscrito do "cathálogo". No segundo capítulo, titulado "La Transcripción del 'Cathalogo de las obras del Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos Tomos, en folio'", transcribese o documento completo da forma máis fiel posíbel, explicando no apartado precedente os criterios de edición. No terceiro capítulo, titulado "Cronología de la vida y de las obras del Padre Martín Sarmiento, contenidas en el 'Cathalogo de las Obras del Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos Tomos, en folio'", realízase a cronoloxía do documento estudado tendo en conta, exclusivamente, os datos que aparecen nos comentarios do propio Cathálogo. No cuarto capítulo, "Índice de la obras del Padre Sarmiento contenidas en el 'Cathálogo de las Obras del Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos Tomos, en folio'", inclúese unha listaxe de todas as obras que aparecen no referido catálogo, anotando os datos precisos para localizalas dentro do documento. No quinto capítulo, titulado "Índice onomástico e de lugares", achégase unha listaxe de todos os antropónimos e topónimos aparecidos no documento. O volume péchase cunha "Bibliografía" e coa reprodución facsímile do documento estudado.

Férriz Roure, Teresa, *Romance, una revista del exilio en México*, prólogo de Francisco Caudet, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, setembro 2003, col. Ensaio/Filoloxía, 380 pp. (ISBN: 84-8485-118-4).

Romance foi unha das máis emblemáticas revistas do exilio republicano en América, creada polos intelectuais exiliados co obxectivo de fomentar a cultura propia fóra de España, pero que chegou a converterse no foro de encontro das diversas culturas hispanoamericanas. Apareceu en México en febreiro de 1940 e rematou a súa andaina en maio de 1941. Agora, no ano 2003, Teresa Férriz vén de publicar un amplo estudo, perfectamente documentado, encol da complexa e conflictiva traxectoria da devandita revista, en canto ao seu labor de difusión cultural, que pon de manifesto as relacións de intercambio entre España e Latinoamérica nos primeiros anos do exilio en México. Así mesmo, ofrece unha profunda análise das diferentes liñas temáticas que rexeron esta publicación, ademais de reflectir as tensións entre os diferentes plantexamentos ideolóxicos e a pluralidade de intereses unido

ao conflito que xorde da necesidade de integrarse no novo medio social e cultural sen esquecer o peso da tradición española. Comenza o libro cun prólogo de Francisco Caudet, no que explica a orixe e desenvolvemento da revista para finalmente louvar o traballo da escritora. Séguenlle unhas páxinas de presentación da propia autora a modo de introdución e de exposición do estado da cuestión así como de agradecemento a quen apoian a realización deste volume. O resto do libro aparece estruturado en catro grandes apartados que, segundo explica Teresa Férriz, permite achegarnos a *Romance* dende diversos enfoques. En primeiro lugar, atopamos "*Romance en los inicios del proceso de aculturización*", que percorre a súa historia interna e externa así como as causas de seu nacemento. En "*Romance como reflejo histórico*" analiza a visión de España que aparece na revista, a visión de Europa, o discurso universalista, o papel de compromiso do intelectual, a apropiación do popular ou a nova perspectiva americana. Os dous derradeiros bloques, "Ejemplaridad y tradición inmediata" e "Teoría y práctica literarias" expoñen as achegas que dende a revista se fixeron á historia das letras hispanas. Remata o libro cun quinto apartado a modo de conclusión, "*Romance, su final como principio*", que define á revista como representación dun soño quixotesco, emblema dun "ideal de unidad hispánica" que non renaceu dende entón, pero que hai que ter en conta. Ao final, inclúe un índice da revista, tanto temático e de autores coma analítico.

Fole, Ánxel, *Obra literaria completa (III). Obra en castelán*, edición, introdución e notas de Claudio Rodríguez Fer, Vigo: Galaxia □, decembro 2003, col. Obras completas, 629 pp. (ISBN: 84-8288-647-9) (ISBN da obra completa: 84-8288-641-X).

Trátase dun novo volume recompilatorio que, sobre a obra de Ánxel Fole, realiza Claudio Rodríguez Fer para a editorial Galaxia, despois de ter tirado do prelo en 1997 os dous primeiros tomos, que neste 2003 saen tamén reimpresos. Nesta terceira entrega recóllese a produción do autor lugués en lingua castelá, incluíndose composicións poéticas, narrativas e tamén algúns artigos publicados na prensa ao longo da súa vida que tratan diversos aspectos da literatura galega. O volume, despois do limiar asinado polo editor, no que explica a produción que se recolle nel, estrutúrase nos seguintes apartados: "Poesía"; "Narrativa"; "Artigos con elementos narrativos", "Kaleidoscopio de Lugo", un apartado no que se recollen colaboracións en prensa de Fole nas que fala do Lugo que el viviu, do de carácter histórico e aquel máis artístico, no que lembra a escritores como Aurelio José Pereira de la Riva, Ben-Cho-Shey ou Lorenzo Varela, ademais de amigos como Luís Pimentel e Ramón Piñeiro, e outros intelectuais relacionados coa cidade nun momento dado como Federico García Lorca, Arturo Souto ou Ángel Johán; "Galicia: galeguismo, lingua e lugares", un apartado no que se recompilan artigos que tratan cuestións de pensamento, política ou lingua; "Historia, política e cultura", con referencias ao compromiso humanista, ao mundo celta, á República e á Guerra Civil, así como diferentes artigos sobre escritores españois contemporáneos, galegos como Álvaro Cunqueiro ou Uxío Novoneyra e outros portugueses, para rematar con aqueles que versan sobre as artes plásticas e o apartado "Estampas de rusofilia", no que se inclúen artigos arredor de autores e cuestións rusas.

Referencias varias:

- S.V., 'Galaxia editará a obra en castelán de Ánxel Fole', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 4 xaneiro 2003, p. L4.

Anúnciase que a editorial Galaxia ten a intención de reeditar a obra completa escrita en lingua castelá polo autor lugués Ánxel Fole. Lémbrese que esta casa editora xa tiña tirado do prelo, no ano 1997, a obra completa de Fole en galego, repartíndoa en dous volumes. Daquela, o motivo da publicación fora o Día das Letras Galegas, dedicado ao mencionado escritor. Agora, a recolla realízase co gallo da celebración dos cen anos do seu nacemento e tamén dos cincuenta da publicación do seu primeiro libro: *Á lus do candil*. Por outra banda, menciónanse outras publicacións que estaban no mercado no Nadal de 2002, dando algunha información sobre tres libros que atinxen ao campo da literatura infantil: *Contos do encantamento* e *Cando os animais falaban*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, dos que se comenta que recollen a tradición popular de transmisión oral, e *A verdadeira historia dun burro chamado Feldespato*, de Xerardo Quintiá, da que se di que se trata dun volume para lectores a partir dos nove anos.

García Cortés, Carlos, *Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806) un promotor de la Ilustración en Galicia*, A Coruña: Biblioteca de la Casa Consulado ♦, outubro 2003, 326 pp. (ISBN: 84-607-9212-9).

Con motivo do douscentos aniversario da fundación da Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, publícase a biografía do seu fundador, Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806), que, ademais, foi un estudoso e intelectual galego comprometido coa nosa sociedade e promotor da Ilustración en Galicia. Tras o "Liminar", no que se fai unha primeira achega á Ilustración galega e á figura do intelectual, preséntanos unha "Introducción General", na que o autor expón cales son os obxectivos e características deste estudo, explica a metodoloxía empregada, as fontes consultadas e resume, brevemente, os contidos do libro. A obra organízase en dúas grandes partes, cun total de catro capítulos cada unha deles, divididos á súa vez en distintos apartados. A primeira parte, "Recuperación biográfica", dedícase á biografía de Pedro Antonio Sánchez Vaamonde e nela desenvólvense os seguintes contidos: "Origen y genealogía"; "Formación y estudios", onde se fai referencia aos seus estudos humanísticos, filosóficos, teolóxicos e canónicos, ás súas graduacións académicas e á súa actividade docente na universidade; "Ministerio eclesiástico", onde se dá conta dende a súa ordenación sacerdotal ata os cargos desenvolto na diocese de Compostela; e "Fallecimiento y memoria", onde se fai referencia ao falecemento de Pedro Antonio Sánchez aos 57 anos de idade a causa dunha grave enfermidade. A segunda parte, na que se afonda na relación existente entre a Ilustración galega e Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, desenvólvese nos seguintes capítulos: "La Ilustración en nuestro entorno", onde se relacionan as características da Ilustración galega e se nomean os intelectuais que a ela pertenceron; "Escritos y publicaciones de Sánchez", onde se dá conta da obra publicada e inédita de Sánchez, que se acolle a unha dobre temática: teolóxico-histórica e ilustrada; "Actuación de carácter cultural", onde se fai referencia ás iniciativas culturais que Sánchez emprendeu en relación coa Universidade de Compostela e co Consulado do Mar; e "Actuación de carácter económico", onde se destacan as actuacións de carácter económico que o biografado desenvolveu, sobre todo, en relación coa Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. No apéndice final dáse conta das "Fontes utilizadas", que se organizan

en tres apartados: fontes documentais, fontes impresas e bibliografía; a obra complétase cunha serie de imaxes que gardan relación co biografado: fotografías da súa casa natal, de retratos, de lugares nos que Sánchez exerceu os seus cargos eclesiásticos, da biblioteca da Casa do Consulado, de portadas de libros, da súa acta de defunción, etc.

Hodge, Alison (coord.), *Teoría e práctica da interpretación. A formación do actor no século XX (Twentieth Century Actor Training, 2000)*, trad. Manuel F. Vieites, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia ♦, 2003, col. Biblioteca de teatro, nº 2, 405 pp. (ISBN: 84-453-3637-1).

Obra editada na colección 'Biblioteca de Teatro', froito do convenio de colaboración entre o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Editorial Galaxia. O estudo, traducido por Manuel F. Vieites, foi publicado orixinalmente pola editorial Routledge no ano 2000 baixo o título, *Twentieth Century. Actor Training*. Este volume colectivo, coordinado por Alison Hodge, autora tamén do estudo introdutorio que prologa a obra, "analiza a xenealoxía e a diversidade no desenvolvemento da formación do actor desde as primeiras propostas de Stanislavski". Os especialistas responsábeis dos doce estudos que compoñen o volume explican os principios teóricos e prácticos fundamentais que subxacen ás distintas correntes actorais e escénicas do século XX. Os directores de escena e formadores seleccionados son os seguintes: Konstantin Stanislavski, Vsevolod Meyerhold, Jacques Copeau, Michael Chekhov, Bertold Brecht, Joan Littlewood, Lee Strasberg, Stella Adler, Sanford Meisner, Joseph Chaikin, Peter Brook, Jerzy Grotowski, Eugenio Barba e Włodzimierz Staniewski. Están ilustrados con fotografías e breves referencias críticas a algunha das montaxes máis representativas de cada director. Ademais cada capítulo contén un pequeno apartado de bibliografía que Manuel F. Vieites completa cunha cumprida selección de bibliografía xeral nas páxinas finais do volume, que inclúe tamén un útil índice onomástico.

Referencias varias:

- E.P., 'Técnicas Hodge en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 decembro 2003, p. 50.

Breve reseña do segundo volume *Teoría e práctica da interpretación* da colección "Biblioteca de teatro" que a Editorial Galaxia publica conxuntamente co IGAEM. O artigo enumera os directores estudados e destaca o público diverso ao que vai dirixido.

Royet-Journoud, Claude, *Frases para un felo*, trad. Emilio Araújo, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2003, 80 pp. (DL: C-1-2003).

Edición non venal na que Emilio Arauxo (Coles-Ourense, 1946) selecciona numerosas frases extraídas da correspondencia mantida con Claude Royet-Journoud (Lyion, 1941) entre 1999 e 2002 que teñen como temática o mundo do antroido e dos felos; os textos acompañanse cunha serie de fotografías do propio Emilio Araújo dos felos característicos do antroido popular galego, que foron as que inspiraron as frases do autor francés.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, 'Frases e imaxes para celebrar un Entroido', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 2 marzo 2003, p. 2.

Tras salientar a xenerosidade e a achega de Emilio Araújo á cultura galega, indícase que a revista *Amastra-N-Gallar* chega ao seu número catro. Apunta que este número se artella ao redor dun dossier sobre o poeta belga Henry Bauchau e sobre outro relativo ás "Situacións da poesía". A seguir lémbrense outros cadernos anteriores ofrecidos por Araújo en edición non venal, noemadamente os textos de Alain Badiou *Lacan e o real* e mais *O deber intrínseco*. Finalmente, o autor céntrase no comentario de *Frases para un felo*, un libro no que os textos do intelectual francés Claude Royet-Journoud aparecen xunto ás fotografías de Emilio Araújo.

Referencias varias:

- X.L. Méndez Ferrín, '¡Viva o antroido de eiquí!', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 24 febreiro 2003, p. 2.

Indica que a última publicación da editorial Amastra-n-gallar se titula *Frases para un felo*, que é un conxunto de pensamentos suxeridos a Claude Royet-Journoud por diversas fotografías de felos da autoría de Emilio Araújo, que tamén se encarga da tradución dos textos ao galego. Indica, a continuación, que os felos fotografados son propios da Terra de Maceda e que teñen moita similitude cos peliqueiros de Laza e cos cigarróns do Val do Támega; describe, a seguir, a vestimenta propia de cada un deles e as semellanzas entre elas. Transcribe, para rematar, dous textos do libro e sinala que grazas aos pensamentos de Royet-Journoud nos enfrontamos a un dos enigmas galegos obrigándonos a reflexionar e dudar.

- Carme Vidal, 'O discreto editor que regala libros', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 35.

Fai referencia á editorial Amastra-n-gallar e indica que xa ten editados dez libros que son distribuídos de balde polo poeta e editor Emilio Araújo nas librarías. Explica cales son os obxectivos do editor e de onde procede o nome da editorial. Destaca, asemade, a diversa procedencia dos autores que publican nesta empresa as traducións das súas obras ao galego, dende o poeta chinés Yu Jian ata Natacha Michel; tamén fai referencia á publicación de catro revistas monográficas e á ampla listaxe de colaboradores que participaron nelas. Sinala, de seguido, que o último libro publicado por Amastra-n-gallar é *Frases para un felo*, no que se mesturan as fotografías de Emilio Araújo cos textos de Claude Royet-Journoud; explica que o editor comezou a enviarlle ao escritor francés as fotografías en 1999 e que durante tres anos mantiveron unha continua correspondencia, así Royet-Journoud comentaba nas súas cartas as imaxes dun Entroido que non coñecía e que o sorprendía. Sinala, finalmente, que a editorial non conta con ningún apoio institucional nin económico e indica que o seu logotipo é un debuxo realizado por Claude Royet-Journoud.

Sainero, Ramón, *Linguas e literaturas celtas. Orixe e evolución*, trad. Rosa María Peña Guerrero, A Coruña: Toxosoutos □, 2003, col. Serie Keltia, nº 19, 313 pp. (ISBN: 84-95622-85-8).

Nesta obra Ramón Sainero realiza un percorrido polas distintas linguas celtas primitivas prestando especial atención ao irlandés e á súa literatura. A obra divídese en dúas partes diferenciadas. Na primeira delas hai unha aproximación ás linguas celtas nunha sucesión de epígrafes ou divisións que falan das linguas celtas primitivas, do celta continental ou do celta insular dando conta das características fonéticas máis representativas. Dentro desta primeira parte introdúcese un apartado adicado ás literaturas, especialmente ás insulares pero tamén á bretona, córnica e incluso ás do territorio peninsular ibérico. Nesta sección presta atención a temas como a materia osiánica nas distintas literaturas. A segunda parte do libro está adicada ao irlandés. En primeiro lugar faise unha aproximación ás formas gramaticais e ás estruturas lingüísticas do irlandés moderno. Tras esta introdución lingüística hai unha breve escolma de textos da literatura irlandesa acompañada dun glosario de termos. Coméntase que as literaturas celtas son, á marxe da grega e a romana, as máis antigas de Europa e presentan un conxunto de obras que merecen ocupar un lugar importante dentro da cultura occidental, fundamentalmente pola influencia que tivo en literaturas nacionais posteriores. Segundo palabras do propio autor o motivo polo que nace esta obra é o de "dar a coñecer este mundo celta perdido nas brumas do pasado, posuídor dunha maravillosa cultura milenaria moi diferente do mundo moderno actual".

Yagüe López, Pilar, *El círculo de artesanos en la vida literaria y cultural de A Coruña. 1884-1912. (Con escritos desconocidos)*, texto preliminar de X.L. Axeitos, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña ♦, 2003, 185 pp. (ISBN: 84-95950-59-6).

Volume que se abre cunha presentación en galego de Xosé Luís Axeitos datada na cidade da Coruña no ano 2002 e titulada "O *Circo de Artesanos* da Coruña, voz cívica da cidade". Nela o rianxeiro destaca o que supón o estudo da profesora Pilar Yagüe López ao respecto da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da cidade da Coruña e do que esta institución significou. Alude Axeitos ao proceso galeguizador, nun contexto desfavorábel, levado a cabo polo *Circo*, aspecto, xunto con outros, dos máis destacados no traballo de Yagüe López. Finalmente, sinálase a importancia do volume *El Círculo de Artesanos en la vida literaria y cultural de A Coruña (1884-1912)* para o coñecemento e valoración do *Circo*. A seguir, ábrese esta monografía, redactada integramente en castelán, cunha introdución da autora na que Pilar Yagüe explica a orixe desta publicación, anuncia que constitúe a primeira parte dun traballo que ten pensado continuar en breve e indica os libros que tomou como referencia para a escrita desta primeira parte. Nesta introdución tamén destaca a importancia da Instrución Recreativa de Artesáns, menciona as fontes das que se valeu para o seu traballo e dá conta do contexto no que esta súa investigación se insire dentro do marco español. Finalmente, sinala Yagüe López a inclusión dun interesante "Apéndice" neste primeiro volume no que se recollen discursos importantes pronunciados en tres momentos notábeis dos anos da historia do *Circo* que este traballo comprende. Na parte final, ademais dos agradecementos, a autora fai aclaracións a respecto das notas informativas a pé de páxina. Despois desta introdución *El Círculo de Artesanos en la vida*

literaria y cultural de A Coruña (1884-1912) presenta tres capítulos nos que desde 1884 ata 1912 se fai un repaso á historia desa asociación creada en 1847 e ás actividades culturais realizadas por esta ou nas que a sociedade colaborou. Así, en "La Sociedad de Artesanos en las últimas décadas" dáse conta polo miúdo da celebración dos Xogos Florais de 1884 na que a sociedade participou; das homenaxes a Rosalía de Castro, a Concepción Arenal ou aos Mártires de Carral; dos actos con que os coruñeses recibiron á escritora Emilia Pardo Bazán ou, entre outras actividades e relacións, da vinculación entre a Academia Gallega co Círculo. En "Un nuevo siglo", segundo capítulo do volume, destácase o labor bibliotecario realizado por Eladio Rodríguez no seo da asociación; dáse conta dos actos realizados con motivo da visita de Unamuno á Coruña e das diferentes homenaxes nas que a Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos colaborou, así como se informa das conferencias levadas a cabo pola Academia de Belas Artes nos salóns da sociedade en cuestión. Tamén se dá conta neste segundo capítulo da participación do *Circo* na recadación para erixir un monumento a Emilia Pardo Bazán, da relación desta sociedade cos esperantistas e coa Universidade Popular ou coa inauguración da Academia Gallega. No terceiro capítulo, "Años culminantes", o estudo de Pilar Yagüe ocúpase, entre outros temas, da creación da Sección Ateneística da Reunión de Artesanos e dalgúns dos seus momentos máis importantes; dos festexos realizados en torno á música galega e a chegada desde Cuba de José Castro Chané á Coruña; dos actos celebrados na homenaxe á figura de Curros por causa da chegada do seu fêretro ou da polémica sobre a desestimación da candidatura de Emilia Pardo Bazán á Academia Española. Finalmente, no apartado "Apéndice. Discursos y cartas" recóllense un conxunto de discursos que destacadas figuras da política e da cultura ofreceron na cidade da Coruña en diferentes actos patrocinados pola Reunión de Artesáns, algúns deles, como os de Emilia Pardo Bazán, non publicados desde a súa aparición na prensa do momento ou outros publicados parcialmente. De igual xeito, transcríbense dúas cartas inéditas de Pardo Bazán.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A Xanela, 'Eira Vella: dez anos coa cultura', *A Xanela*, nº 16, 'Centenarios', 2003, pp. 19-20.

Dado que a Asociación Cultural Eira Vella vén de cumprir unha década dende o seu nacemento faise un repaso pola súa andaina. Lémbrense os fundadores, especialmente os que seguen vinculados a ela, e as actividades que a prol da cultura galega vén desempeñando, como son as homenaxes a diferentes personalidades desta, a presentación de diversos libros e a divulgación de novidades literarias ou as diferentes xornadas encaradas a promover a lingua galega. Por suposto, resáltase como sinal de identidade da asociación a revista *A Xanela*, que comezou sendo o suplemento cultural do xornal *Betanzos y su comarca* no ano 1994 e que se independizou despois como órgano da citada asociación para plasmar as iniciativas culturais anteriormente mencionadas.

A Xanela, 'Ánxel Fole', *A Xanela*, nº 16, 'Centenarios', 2003, pp. 16-17.

Por mor do centenario do nacemento de Ánxel Fole, esta revista lémbrao facendo un repaso pola súa biografía e o seu labor a prol da cultura galega. Fálase, polo tanto, do seu traballo xornalístico en *Yunque*, en *El Pueblo Gallego* e en *El Progreso*. Así mesmo, tráese a colación a súa importancia na editorial Galaxia e enuméranse algunhas das súas obras máis relevantes (*Á lus do candil*, *Terra Brava*, *Historias que ninguén cre* ou *Pauto do demo*). Achégase un relato da súa autoría titulado "A nosa terra. O feitizo da paisaxe", no que o escritor lucense fala dos sentimentos que levan consigo diferentes aspectos da cultura galega, como a música, a fala, a pintura ou a poesía.

A Xanela, 'Florencio Delgado Gurriarán', *A Xanela*, nº 16, 'Centenarios', 2003, p. 17.

A propósito do centenario do nacemento deste poeta valdeorrés preséntase unha pequena biobibliografía súa, destacando a súa militancia no Partido Galeguista, a súa colaboración cos seus primeiros poemas na revista *Nós* e posteriormente en *Vieiros* e o seu exilio en México por mor da Guerra Civil. Así mesmo, lémbrese que é autor do poemario *Bebedeira*, de *Galicia infinda*, *Cantareñas* ou de *O sono do guieiro*. Tamén se apunta que foi un dos nomes que a Academia Galega barallou para dedicarlle o Día das Letras Galegas e reproducése un poema seu, o "Romanzo do cabaleiro ourizo".

A Xanela, 'Álvaro Cebreiro', *A Xanela*, nº 16, 'Centenarios', 2003, p. 18.

Aínda que Álvaro Cebreiro xa fora lembrado no número anterior desta revista, vólvese facer un repaso pola súa biografía e sobre todo polo seu labor artístico, a propósito das súas múltiples colaboracións en numerosos xornais e revistas da súa época. Recuperan para a ocasión un texto de Avilés de Taramancos sobre Cebreiro, no cal expresa a impresión que lle causou velo no leito enfermo, pouco antes de morrer.

A Xanela, 'Betanzos na ollada do inglés Bell', *A Xanela*, nº 16, 'Viaxeiros', 2003, pp. 23-24.

Infórmase de que Aubrey F. G. Bell foi un célebre hispanista inglés que viviu entre 1881 e 1950 e que viaxou por toda a Península Ibérica e despois fixou a súa residencia en Portugal. Así mesmo, destácanse os seus traballos sobre literatura castelá e sobre a galego-portuguesa, en concreto as traducións e comentarios que fixo sobre as cantigas de trovadores como Martín Codax, Pero Meogo ou Johan Zorro. Por outra banda, resáltase que as súas impresións respecto de Galicia, froito das súas viaxes pola mesma, foron traducidas ó galego recentemente e que se publicaron baixo o título *Galicia vista por un inglés*. Como exemplificación reproducése un fragmento do libro, a propósito da vella cidade de Betanzos.

A.P., 'Anxo Rei: volven as cegoñas á fronteira', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 80, 'Música', decembro 2003, p. 35.

Informa de que o cantor Anxo Rei vén de sacar o disco *Fronteira de cegoñas. Versos de Florencio D. Gurriarán*, no que teñen cabida poemas de Florencio Manuel Delgado Gurriarán nos que sempre está presente a comarca ourensá de Valdeorras da que son o poeta e o cantor.

Abalo, Ánxela G., 'As paisaxes dramáticas', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 64-67.

Recóllese a vida teatral da autora incidido na época dos setenta, década da "movida" viguesa, coa Sala Carral, a importancia de Abrente en Rivadavia, e na dos oitenta coa creación do CDG. A autora deixa constancia das problemáticas que ten hoxe a dramaturxia galega para facerse cun espazo na sociedade actual xa que existen outros intereses, entre eles e con máis peso os económicos, que levan a posicionar o teatro nun espazo marxinado fronte á forte presenza da televisión, etc. e incide na necesidade de recuperar o significado da palabra e da rúa como obriga dos e das artistas e cidadás.

Abuín González, Anxo, 'Pola banda de Moebius: os loci memoriae en O nome dos disfraces', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, , pp. 109-110.

Anxo Abuín desartella a obra de Manuel Guede Oliva, *O nome dos disfraces* (2002), basicamente ao redor de dous elementos relacionados entre si: o tempo e o esquecemento, os cales -segundo o crítico- un precisa do outro. Apunta a necesidade que ten a sociedade e o individuo de esquecer para poder saborear o presente, xa que considera que é indispensable borrar o pasado recente para que se poida chegar ao pasado máis antigo e presenta esta situación como o tema principal deste libro de Guede Oliva, "un pequeno tratado sobre o uso do tempo". Comenta, así mesmo, outros aspectos da obra teatral como son o papel que cada personaxe desempeña na obra e a maneira en que o seu autor os dispuxo ao servizo do tema principal.

Abuín, Anxo / **Araújo**, Nuria, 'Um diálogo de surdos (ou quase): sobre a crítica teatral na Galiza', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 78-83.

Os autores fan unha análise do grao de desenvolvemento, funcións e características da crítica teatral galega. A ausencia dunha comunicación efectiva entre o crítico e o lector/espectador, de debates produtivos entre os diferentes membros do sistema, reflíte a precariedade deste discurso que carece dos espazos textuais e da repercusión informativa axeitada, ademais dos lectores necesarios para acadar un funcionamento normalizado. A aparente tranquilidade da crítica teatral galega agocha a precariedade dunha esfera social case que inexistente. Anxo Abuín e Nuria Araújo defenden a pertinencia dunha crítica de carácter intersubxectivo, sensíbel ao principio de pracer do público que estea rexida por valores éticos que a afasten da súa posíbel manifestación como "arte de inxuriar". Neste sentido, estes estudosos destacan os esforzos e as traxectorias dun conxunto de críticos-autores galegos que, de forma sinalada, veñen construindo unha crítica teatral que dá resposta ao que os autores denominan "hermenéutica diatópica" e "erótica da arte". Damian Villalaín, José M^a Paz Gago, Manuel F. Vieites, Gustavo Luca de Tena, Camilo Franco, Iolanda Ogando e Inmaculada López Silva son a nómina de críticos mencionados dos que destacan as colaboracións realizadas en publicacións periódicas (académicas ou de divulgación) e as intencións e obxectivos do seu labor crítico.

Acín, Ramón, 'O Encontro. Carlos Casares', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 204-209.

Achega á narrativa de Carlos Casares neste artigo incluído dentro das actas do I Encontro de Autores "Palabras, palabras, palabras", celebrado en Zaragoza entre o 3 e o 6 de abril de 2000, e que a dirección do *Boletín Galego de Literatura* quere converter nunha sinxela homenaxe ao autor ourensán falecido en 2002. Ramón Acín comeza salientando do autor a súa actitude de "remanso, análise, profundación e memoria" que reflicte nas súas novelas *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), opoñendo esta actitude ao mundo mediático que hoxe lanza ao mercado produtos de carácter "superficial" e efímero. Alude tamén ás súas facetas de biógrafo, ensaísta, xornalista, conferenciante, profesor e editor; salienta o seu coñecemento da lingua e a súa actividade como investigador, en especial polas achegas a autores como Ánxel Fole, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Curros Enríquez ou Valle-Inclán. Da súa obra narrativa sobrancea a calidade tanto pola recepción crítica que tivo coma polo recoñecemento en forma de premios que acadou. Sitúa o tratamento da memoria e da oralidade como os dous piares da súa obra narrativa, ademais da súa capacidade de dotar a palabra dunha visión filmica, ao xeito do obxectivismo de Robbe-Grillet, pero no autor galego dotado de gran funcionalidade nunha prosa na que "flúe con forza a complexidade da existencia". Ve na memoria unida á Historia o grande elemento aglutinador da obra de Casares, unha función intuída en *Os escuros soños de Clío* (1979), ampliada en *Ilustrísima* e *Os mortos daquel verán*, e que "estala con toda a súa intensidade" en *Deus sentado nun sillón azul*. Considera que o fin das novelas de Casares é reactualizar o pasado para coñecernos mellor, con grande equilibrio entre a dinámica da memoria e a verosimilitude nunha combinación de materiais diversos cos que constrúe a visión da memoria recuperada. Remata concluíndo que ante as obras de Casares o lector non pode permanecer inmune.

Adán, Carme / **Angueira**, Anxo / **Pazó**, Cándido / **Pérez Vicente**, Isaac / **Sendón**, Pepe / **Vázquez Freire**, Miguel / **Villar**, Rafa, 'Pensamento crítico e poder', *Tempos Novos*, nº 79, 'Cultura', decembro 2003, pp. 74-81.

Debate moderado por Miguel Vázquez Freire no que distintas persoas vinculadas ao mundo da cultura intentan buscar respostas a interrogantes relacionadas co momento cultural dos nosos días. Os participantes comezan as súas intervencións ofrecendo a súa opinión sobre o que é o pensamento crítico e a súa consideración de se existe ou non en Galicia. En xeral todos coinciden en sinalar que a aparición de asociacións e colectivos no ámbito cultural son un sinal da potencial masa crítica. Malia isto, tamén hai quen apunta que este aspecto se ve contrarrestado co intervencionismo do poder en certos campos da cultura. Outra das cuestións sobre a que debaten é o estado da cultura galega. De novo hai unha maioría coincidente que resalta o bo momento polo que está a pasar Galicia, aínda que engade que para entender isto hai que facelo sen comparacións con outras culturas. Tanto Rafa Villar coma Anxo Angueira aluden á situación da literatura e ambos opinan que está a pasar por un bo momento. Non obstante, tamén hai queixas sobre a situación xeral desta cultura que para sobrevivir necesita das subvencións que, segundo os contertulios, actúan un pouco a modo de censura. Por último, debaten sobre as alternativas á actual situación cultural. Cándido Pazó resalta que el intenta revolucionar a situación en cada unha das súas actuacións, mentres que en xeral o resto de participantes na conversa destacan a mobilización social dos últimos tempos, feito que se traduciu na creación de agrupacións como Foro Negro ou Redes Escarlata.

Aleixandre, Marilar, 'Unha ladroa mirando a través do ollo da chave', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 66-71.

Contribución de Marilar Alexandre ás xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do vinte e oito ao trinta de novembro de 2003 baixo o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra e Luciano Rodríguez. O seu discurso está artellado ao redor da idea de que escribir é unha actividade furtiva e vai desenvolvendo esta idea explicando a través das historias que lles acontecen aos protagonistas dos seus relatos e novelas como tivo que ir roubando retallos de vidas alleas. Así mesmo, Marilar Alexandre pensa que tamén se é furtivo coa lingua que se utiliza e tamén o exemplifica co seu caso no que o galego foi adoptado, non lingua materna; respecto disto tamén diserta sobre a escolla de variedades dialectais. Finalmente reflexiona sobre o esforzo que require a escritura, en especial nos relatos, malia que se adoita cualificalos de maior sinxeleza cá novela.

Allende, María Teresa, 'PENA, XOSÉ RAMÓN: Históia da literatura medieval galego-portuguesa, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, S.L. (2002)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 204-207.

Achega á obra última que Xosé Ramón Pena publicou sobre a historia da literatura galego-portuguesa, na que o autor estuda os distintos aspectos lingüísticos e históricos que confluíron na aparición de dita literatura. Fai referencia, en primeiro lugar, á obra que Xosé Ramón Pena publicara en 1986, titulada *Literatura galega medieval*, en dous tomos: I, *A historia* e II, *Antoloxía (lírica e prosa)*; compara ambas obras e sinala que, a pesar de estar intrinsecamente unidas, a obra reseñada é máis completa e máis sintética que a anterior. De seguido, describe a estrutura da obra e dá coidada conta dos contidos de cada capítulo, presentando nesta recensión parte das explicacións que Pena expón na súa obra sobre a literatura galego-portuguesa. Indica, deste xeito, que a obra se estrutura en quince capítulos e que estes se agrupan en catro bloques; no primeiro deles, Xosé Ramón Pena estuda o marco lingüístico e cultural no que se desenvolveu a literatura estudada; no segundo bloque, que é o máis extenso, Pena refírese á lírica trobadoresca; no terceiro achégase ás coordenadas histórico-lingüísticas da Galicia medieval e á chamada escola galego-castelá; e, no último bloque, o autor estuda a prosa medieval e a literatura novelesca. A autora deste estudo afirma, finalmente, que a obra reseñada constitúe unha primicia tanto pola súa estrutura, como pola riqueza dos seus contidos e asegura que desempeña claramente a función de manual para o estudo desta época.

Almazón García, Eva M., 'Os ingredientes da apócema máxica: lealdade ó noso e ó alleo en Harry Potter e a cámara dos segredos', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Traduccións xustificadas', 2003, pp. 259-263.

Comentario sobre a súa estratexia de tradución da segunda entrega de Harry Potter. Comenza formulando a tradicional oposición tradución literal fronte tradución libre, da que xorden tres aspectos fundamentais: "concepción do debate", "escolla" e "xustificación" ou, como ela mesma nos di, "¿cánta lealdade se lle debe ó noso e canta ó alleo?" Ofrece como resposta a escolla para a tradución da primacía do noso sobre o alleo xustificándose nunha interpretación sumamente reflexiva do texto orixinal que a levou a elixir uns criterios

determinados que deron lugar ao discurso galego que deles xorde. Para dar unha explicación xustificada do seu proceso de tradución cita algúns exemplos concretos que ilustran este criterio anosador. Para rematar, expón algunhas situacións nas que esta tendencia non aparece, nalgúns casos por imposición allea, e que reflicten o grao de proporción noso/alleo que se seguiu na elaboración da "apócema traductora".

Alonso Estraviz, Isaac, 'Portugal e Galiza no bom caminho', *Agália*, nº 73-74, 'Notas', xaneiro 2003, pp. 177-178.

Isaac Alonso Estraviz fai referencia neste artigo ás diferentes actividades realizadas entre galegos e portugueses na revista *Nós*, no periódico *A Nosa Terra*, organizando viaxes, etc., a comezos da década dos vinte do século pasado.

Alonso Girgado, Luís, 'Prensa e literatura galegas na Habana (1880-1936)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 21-26.

Inicia o estudo facendo referencia á situación do Centro Galego da Habana dende a súa fundación ata o seu momento máis álxido. A seguir apunta as principais características da prensa emigrante galega de Cuba e os de Galicia, que funcionaron como instrumento de propaganda e de actividade dos galegos emigrados, ademais de servir para exaltar á súa patria. Sinala que todas as publicacións estaban relacionadas co Centro Galego, posto que este era o centro de reunión da meirande parte dos emigrados. Logo describe as distintas actividades que realizaba o Centro Galego mencionando aos colaboradores máis destacados. Das case oitenta cabeceiras menciona *El Eco de Galicia* (1878-1902), *Galicia Moderna*, (1885), *A Galita Gallega* (1885), *Follas Novas* (1895-1907), *Galicia* (1902-1930), *Eco de Galicia* (1917-1936), *Cultura Gallega* (1936-1940), *La Tierra Gallega* (1894-1896). Sobresaen no eido literario os números que aparecían cada ano co gallo do 25 de xullo. Tamén fala do *Diario de la Marina*, *El Centro* (1914), *La Voz del Alumno*, (1935), *Loita* (1939), *Lar* (1940), *Vida Gallega* (1938-1954), *Rosalía* (1937), etc. Menciona a inauguración en 1973 dunha exposición de libros galegos en Cuba polo Instituto de Literatura e Lingüística da Habana. Tamén fala de Cabanillas, Basilio Álvarez, Xosé Fontenla Leal (impulsor da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega), Manuel Curros Enríquez, Manuel Lugrís Freire, Ramón Armada Teixeiro (fundador da *Gaita Gallega* (1885)), Alfredo Fernández, Xosé Lesta Meis, Patricio Delgado Luares (que empregaba o pseudónimo de Xan de Masma), José Rubios Ramos, etc. Destaca a Rosalía de Castro e a Manuel Murguía, que recibiron numerosas subvencións dos emigrados galegos en Cuba. Tamén cita a músicos representativos galegos en Cuba como, por exemplo, Pascual Veiga, que musicou o Himno Galego, composto por Eduardo Pondal.

Alonso Girgado, Luís, 'Prensa e literatura galegas na Habana (1880-1936)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 21-26.

Luis Alonso Girgado fai un percorrido pola historia da prensa e da literatura galega na Habana entre 1880 e 1936, centrándose na súa influencia en Galicia e nos autores que nela participaban.

Alonso Montero, Xesús, 'Sobre o escritor Álvaro de las Casas, o seu extraño exilio no 36 e

a silenciada segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931:1936)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 7-20.

Logo dunha breve introdución, realiza unha panorámica biobibliográfica de Álvaro de las Casas, que foi catedrático no instituto noiés ata que, coa chegada do franquismo, foi suspendido de emprego e soldo. Indica que tivo que fuxir no 1937 a Portugal, onde foi acollido por uns amigos que tiñan ideas afíns á ditadura salazarista. A seguir comenta *Sulco e vento* (1931¹ e 1936²); a segunda edición, onde hai cincuenta e tres poemas, fronte aos trinta da primeira, caracterízase polo lusismo gráfico e pola supresión dos cinco últimos poemas da primeira edición que son os de tema civil, que para Álvaro de las Casas podían ser perigosos nesa época por ser os "separatistas"; tamén suprime o poema "Pra Castelao". O seu ideario era unha mestura de aristócrata e fascista pero referido a Galicia, o que podía ser moi negativo nos primeiros anos da ditadura. Logo describe a etapa americana do escritor, durante a cal que estivo en Brasil, Chile e Arxentina. Nese último país foi onde levou a cabo unha grande actividade como conferenciante, autor de libros e docente pero en ningún caso se relacionou coa actividade que levaron a cabo os exiliados galegos. Alonso Montero defíneo como un exiliado sen causa xa que coa súa ideoloxía puido ter retornado á súa patria. Conclúe cun "Apéndice" que contén tres mostras facsimiladas de cinco poemas, un artigo e unha caricatura que son representativas da súa "peregrinatio" por Portugal e Hispanoamérica.

Alonso Montero, Xesús, 'Isidoro Millán: letras clásicas, letras galegas', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 227-248.

Breve esbozo da vida e obra de Isidoro Millán González Pardo (Pontevedra, 1922-Santiago de Compostela, 2002). Trátase dun lingüista e estudoso clasicista que exerceu como mestre de grego en varios institutos galegos. Recóllese neste artigo, ademais de datos biográficos de interese, unha nómina do seu traballo literario, tanto no campo da tradución como no do estudo literario. Recóllese algunha mostra do seu traballo de tradutor, algunha entrevista e algunha carta como documentación que axuda a ilustrar o artigo.

Alonso Montero, Xesús, 'Cultura e compromiso onte e hoxe: 1936-2003', *A Trabe de Ouro*, nº 55, 'Acoutacións', xullo 2003, pp. 355-363.

Texto da conferencia lida en Pontevedra o 21 de abril de 2003 na Aula Castelao de Filosofía, na que Xesús Alonso Montero reflexiona sobre o presente botando "olladas inquisitivas" cara ao pasado próximo de Galicia e no que utilizando a ironía repasa os acontecementos políticos que tiveron lugar o verán de 1936. Recorre ao protagonismo de Alexandre Bóveda e Ánxel Casal para darlle a volta á historia, xa que segundo as súas palabras non morreron nesas datas porque a sublevación franquista en Galicia conseguiu ser abafada e esmagada. Isto impediu miles de mortes de escritores e xentes da cultura que estaban no punto de mira dos falanxistas, como Darío Álvarez Limeses, Víctor Casas, Roberto Blanco Torres, Camilo Díaz Baliño, Xohán Xesús González, Arturo Noguerol, Xoán Carballeira, Urbano R. Moledo, Jacinto Santiago, Xaime Quintanilla ou Manuel Rodríguez Castelao, co cal a historia de Galicia e a de toda España deu un xiro decisivo que cambiou os feitos radicalmente.

Alonso Montero, Xesús, 'Domingo García-Sabell. Unha dimensión culta e europea do galeguismo', *Tempos Novos*, nº 76, 'Horizontes', setembro 2003, pp. 56-59.

O profesor Alonso Montero comeza facendo unha descrición da situación política na posguerra centrándose no traballo galeguista de Ramón Piñeiro e nas publicacións de Galaxia. Fala de Domingo García-Sabell como un dos comprometidos por Ramón Piñeiro para a defensa da intelectualidade galega. Comeza entón unha breve exposición da súa biografía falando das súas lecturas e dalgúns dos seus labores como galeguista. Remata o artigo pedindo que algún biógrafo importante recolla a vida deste intelectual.

Alonso Nogueira, Álex, 'Xoán González-Millán. Obra aberta', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', xaneiro 2003, , p. 9.

Realízase un repaso pola liña investigadora de Xoán González-Millán dende que publicou *Silencio, parodia e subversión* (1991) ata que deu ao prelo *Resistencia cultural e diferenza histórica* (2000), co que se pretendía delimitar as problemáticas dos estudos sobre a cultura contemporánea. Álex Alonso apunta como fíos comúns entre unha e a outra a procura doutros camiños que axudasen a recuperar as inercias implícitas na rutinización das terminoloxías, na asunción da teoría como mera abstracción e non no cuestionamento da perspectiva do investigador. Como principais diferenzas anota que no último aparecen novos conceptos coma sistema, campo e institución... máis encarados a un nacionalismo literario.

Alonso, Eduardo, 'A casa da parra', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 16-20.

Trátase dunha pequena crónica da época de preparación de *Bailadela da morte ditosa* na que Eduardo Alonso reproduce recordos nos que se agolpan dificultades, traballos, solucións aos atrancos, etc. Introdúcense polo medio da narración parágrafos dos traballos teóricos relativos á elaboración da montaxe.

Alonso, Eduardo, 'O movemento teatral galego', *Setepalcos*, nº 4, 'Historia e actualidade do teatro galego', maio 2003, pp. 54-56.

Eduardo Alonso fai un balance sobre a situación na que se atopa a profesión teatral galega e, en liñas xerais, considera que esta non atravesou un bo momento e permanece nun estado de "desorientación, incúria e desmobilización" ao non ter avanzado substancialmente tras os logros realizados entre 1978 e 1988. Alonso fai unha relación das reivindicacións que a profesión realizou en 1990 e publicou nun libro branco baixo o título "Necesidade dunha Política teatral". Tras expoñer os sete principios que sostían as demandas da profesión neses anos, o autor recupera as súas demandas aínda hoxe vixentes. Alonso clasifica en oito bloques as carencias de entón e complétaas considerando as necesidades actuais. A produción institucional, a formación, a produción privada, a distribución (a rede de teatros públicos), os festivais e as mostras, a organización administrativa, os medios de comunicación públicos e os orzamentos son os centros valorados que presentan aínda importantes deficiencias, malia os pequenos avances realizados coa creación do Centro Dramático Galego, o IGAEM e a Rede Galega de Teatros e Auditorios e a incipiente

política de subvencións da administración pública.

Álvarez Castro, Mercedes, 'En Tránsito. Poesía Galega en Madrid, Sada-A Coruña, Edicións do Castro (2001), 222 p.', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 190-192.

Recensión de *En Tránsito. Poesía Galega en Madrid*, que é unha antoloxía de poetas galegos (ou vinculados a Galicia e á nosa literatura) que presentan dous trazos comúns: a súa pertenza cronolóxica á segunda metade do século XX e a súa estancia durante un longo período de tempo en Madrid; sinala que esta antoloxía, coordinada por Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel, pode entenderse como unha continuidade de *Alén do azul* (Edicións do Castro, 1999), que é unha antoloxía, realizada por Xosé Lois García, de doce poetas galegos residentes en Cataluña; e explica que ambas obras son froito do interese da editorial pola recuperación da memoria histórica de Galicia, onde o tema da emigración ocupa un lugar relevante. Cita aos poetas que configuran esta antoloxía: Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Sabino Torres Ferrer, Reimundo Patiño, Xosé Alexandre Cribeiro, Antonio Domínguez Rey, Fermín Bouza Álvarez, Vicente Araguas, César Antonio Molina, Manuel Pereira Valcárcel, Alfonso Armada, Claudio Pato, Xavier Frías Conde, Maite Dono, José Manuel Outeiro G. e Victoria Veiguela. Sinala que a obra inclúe un estudo introdutorio de Ana Acuña, no que se achega aos movementos que dentro da literatura galega xurdiron a partir da segunda metade do século XX, tanto aos desenvoltos en Madrid polos autores antes citados, como aos movementos xurdidos na Galicia interior. Sinala, así mesmo, que Borobó pecha a obra cun estudo, a modo de epílogo, sobre os máis ilustres poetas "madrigalegos" dende o XIX: Cabanillas, Nicomedes Pastor Díaz, Rosalía, Francisco Añón, Curros Enríquez, Álvaro Cunqueiro e Uxío Novoneyra. Fai referencia, finalmente, aos criterios empregados nesta antoloxía para a selección de poetas e poemas, incluíndo neste estudo algúns dos textos presentes na obra.

Álvarez Lugo, Alberto, 'Vello ceo nórdico', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Críticas e recensións', 2003, pp. 289-292.

Dá conta do volume *Vello ceo nórdico. Poesía estonia contemporánea. Edición trilingüe estonio-galego-inglés* (2002), editado por Arturo Casas e Jüri Talvet, traducido ao inglés por éste último xunto con H. L. Hix e ao galego por Manuel Barbeito e Manuela Palacios. Expón dous claros motivos que reflicten claramente o valor e interese deste monográfico que Lugo cualifica de impecable: por un lado, as linguas, poesías e culturas como a estonia son plenamente europeas; por outro, como pertencentes tamén a unha cultura "minoritaria e minorizada" deberíamos mostrar interese en fomentar este tipo de literaturas, que "loitan por sobrevivir e conserva-la súa identidade na Europa do pensamento único." De seguido, comenta a estruturación do volume que se abre cun prólogo de Jüri Talvet no que presenta a Estonia dende unha perspectiva histórica e xeográfica. Séguelle unha descrición dos poetas que aparecen na antoloxía, que se descobre, segundo Lugo, "subxectiva e pouco canónica". No apartado "Criterios de traducción" Manuel Barbeito e Manuela Palacios bosquexan a súa particular poética máis os criterios a seguir na elaboración destas traducións. Da antoloxía en si, Lugo salienta a súa "absoluta corrección formal, unha gran sensibilidade poética e unha capacidade de evocar no lector novas paisaxes para sentimentos moitas veces familiares." Remata o libro coa versión

inglesa que serve de ponte, acompañada dunha noticias bibliográficas dos poetas antologados.

Álvarez, Rosa, 'Pasado e futuro dunha actriz', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 68-71.

Faise aquí un percorrido pola vida teatral da autora dividindo o discurso entre o pasado, todo aquilo que fixo, e o futuro, o que desexaría facer a partir de agora. Amósanos a súa andaina por compañías teatrais non profesionais en tempos de Abrente ata ser partícipe do CDG dende a súa creación en 1984 en Compostela ou nas compañías privadas, deixando constancia das representacións nas que actuou. A autora fala de todo o aprendido así como tamén dos seus medos, erros, etc., que a conforman como actriz, pasando polo agradecemento aos seus mestres. Para rematar, reescribe dúas citas de Peter Brook e Liudmila Petrushevskaia.

Álvarez, Rosario / **Rodríguez Montederramo**, Xosé Luís, 'Escrita poética en galego a fins do século XVI: a Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués', *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, 2003, pp. 249-305.

Trátase da edición, por parte dos autores citados, da "Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués". Comeza coa historia do texto e o comentario sobre os dous testemuños nos que se documenta a composición. Séguelle unha referencia ao homenaxeado na canción cunha breve explicación sobre quen era e o contexto da canción. A continuación aparece a análise do poema que presta atención á estrutura argumental e á métrica e finalmente inclúese un estudo lingüístico (fonético, morfolóxico e léxico). Finalmente está a edición moderna do texto acompañada dos dous testemuños así como dun glosario.

Andrade Grande, Perfecto / **Stefánsson**, Hermann, 'Traducir de linguas distantes. Auroras boreais', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, dende xullo 2003 ata agosto 2003, p. 8.

Hermann Steffánsson e Perfecto Andrade falan das vicisitudes que os levaron a traducir poesía islandesa ao galego tras a chegada do primeiro a Santiago a estudar literatura comparada.

Árguas, Vicente, 'El deseo de contar historias', *Leer*, nº 138, 'Letras Gallegas', xaneiro 2003, p. 140.

Primeiro menciónanse nomes como Borges, Chéjov, Cortázar, Edgar Allan Poe e Cunqueiro para logo centrarse na figura de Tucho Calvo. Destácase a súa calidade como autor de relatos breves co seu libro *Corazón entre desertos* (2002). Logo descríbese o libro, o cal está composto por dezanove relatos. Tamén se centra no libro de poesía *Lúa de pan* (2002) de Xosé María Álvarez Cáccamo. Resáltase a súa figura como gran poeta moderno e logo fállase un pouco da obra, facendo fincapé sobre todo na idea de que é un libro para maiores e nenos, polo que debería traducirse a outras linguas.

Araguas, Vicente, 'Bandera blanca contra la guerra', *Leer*, nº 139, 'Letras Gallegas', febreiro 2003, p. 76.

Primeiro fálanos da penúltima novela de Alfredo Conde, *Azul cobalto* (2001), de carácter biográfico. Logo céntrase na súa última novela, *Memoria do soldado* (2002), onde reflexiona sobre o conflito bélico. Tras comentar a trama e críticas da obra, pásase a falar dun libro de poesía, *Unha vida de traballo nos bosques do cânabo* (2002), de Claudio Pato, que o cualifica como un libro que se aparta do convencional e non se insire nas liñas que traza a poesía galega actual.

Araguas, Vicente, 'Un año sin Carlos Casares', *Leer*, nº 140, 'El Mirador', marzo 2003, p. 14.

Lembranza de Carlos Casares ao transcorrer un ano desde o seu pasamento; fala do vacío causado por esta desaparición e fai referencia á súa derradeira obra, xa póstuma, *O sol do verán*; lembra os diferentes encontros nos que disfrutou da súa compañía e sabiduría e sinala que Casares nos deixou, a través da súa colaboración en *La Voz de Galicia*, oito anos da súa vida.

Araguas, Vicente, 'Literatura oral', *Leer*, nº 140, 'Letras Gallegas', marzo 2003, p. 76.

Este artigo céntrase na figura de Carlos Casares, un dos maiores narradores galegos, do que salienta ao principio a obra *Deus sentado nun sillón azul* (1996), para pasar de seguido a comentar a derradeira novela de Casares *O sol do verán* (2002). Destaca da mesma a historia con poucos personaxes pero chea de intimismo, onde o autor emprega as súas mellores artes narrativas, sobre todo a capacidade de transmitir ao papel as historias orais. Un dos temas importantes do libro e que apunta aquí Araguas, é a oposición ao franquismo que manteñen os personaxes pero que se amosa tamén de forma suxerida. Ao final do artigo, fai referencia a un libro de Ramón Loureiro titulado *Carlos Casares: Nove retratos e unha conversa inacabada*, publicado no ano 2002 con motivo de realizar unha homenaxe ao autor falecido. O obxectivo do mesmo era recoller as conversas que Loureiro mantivo con Casares pero tal proxecto viuse truncado e de aí, esta publicación "inacabada" na que se evidencia a boa oralidade de Casares.

Araguas, Vicente, 'Nunca Máis', *Leer*, nº 141, 'Letras Gallegas', abril 2003, p. 76.

Ao inicio do artigo apunta o autor as manifestacións e compostura da sociedade galega ante a catástrofe do Prestige para traer a colación a obra escrita por Suso de Toro *Nunca máis Galiza á intemperie* (2002); libro que recolle artigos publicados polo autor en diversos xornais e do que salienta o bo estilo do mesmo na creación dunha literatura de urxencia. Na parte final do artigo Araguas tamén fai referencia a outra publicación *Homenaxe a Borobó* coordinado por Xoán Guitián que presenta unha escolma de ensaios de diferentes autores sobre a vida e traxectoria literaria de Borobó.

Araujo Cardalda, Laureano, 'A traducción literaria en Galicia: algunhas reflexións e unha experiencia persoal', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Deutcher Galicien-Tag 2003', decembro 2003, pp. 12-18.

Dende o inicio reivindica o estatuto do tradutor, moi maltratado no país. Propón a necesidade de informar nas introducións aos libros sobre a lectura feita polo tradutor para unha mellor comprensión do seu labor e expón que se baseará no seu caso, porque reúne características comúns ao conxunto dos tradutores. Enmarca o seu estudo na teoría dos polisistemas que se desenvolve sobre a obra de Itamar Even-Zohar e de Gideon Toury. Dende aquí apunta que o tradutor é un manipulador literario que realiza un proceso de comunicación en constante tensión entre dous sistemas diferentes, o que lle serve tamén para interrogarse sobre a concepción clásica das traducións como obras inferiores e da esixencia de invisibilidade do tradutor (ocultar a diferenza co texto orixe), que, observa, conleva a explotación e marxinación deste. Deseguido introdúcese no caso galego para denunciar a falta dunha política pública que provoca unha literatura traducida con posición insignificante e periférica no sistema. Polo dito, asegura que os motivos das traducións hoxe en día son de rendibilidade económica para a editorial, pracer persoal, proxección social, posición ética ou política do tradutor, etc. Remata a análise apuntando a desigualdade entre os sistemas galego e español e a presión que este exerce sobre a tradución galega. Feitas estas observacións pasa a exemplificar mediante o parágrafo final de diferentes traducións de *A morte en Venecia* (entre elas a do autor) os problemas concretos con que se pode atopar un tradutor e as súas diferentes solucións. Finalmente engloba todo o dito no derradeiro apartado no que volve reivindicar a mellora do estatuto do tradutor, que traballa esporadicamente e sen recoñecemento público. O artigo dispón dunha pequena bibliografía ao remate.

Armesto Faginas, Xosé Francisco, 'Cunqueiro e o mar de Vigo', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Cidades literarias', xullo 2003, , p. 32.

A admiración de Álvaro Cunqueiro polo frade Guevara, en concreto pola súa obra *Menosprecio de corte y alabanza de aldea*, confesada repetidamente, é relacionada por Xosé Francisco Armesto coa actitude do mesmo Cunqueiro. Este queixábase constantemente da súa vida en Vigo e adoitaba refuxiarse longas temporadas en Mondoñedo, onde só botaba en falla o mar olívico.

Axeitos, Xosé Luís, 'Días de amargas ausencias', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Documentos', 2003, pp. 165-169.

Nestes documentos reproducense algúns parágrafos de cartas de intelectuais galegos do exilio nos que expresan o sentir pola morte dalgún ser querido ou o temor a que esta se produza mentres están lonxe. Con motivo do pasamento de Lois Tobío, último dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, lembra Axeitos que o ciclo vital dunha xeración que marcou a cultura galega se está cumprindo. Así recóllese un texto de Gil Albert dirixido a Rafael Dieste e Serrano Plaja no que manifesta o seu desacougo e soidade do exilio; o caso do Licenciado Núñez de Prada que refire Manuel López Mosquera, o relato da morte de Xavier Bóveda que fai Luís Seoane a Lorenzo Varela ou como Otero Espasandín sente a morte de Antonio Baltar en carta a Rafael Dieste. Remátase coa reprodución da necrolóxica que Díaz Pardo e Seoane lle fan a María Miramontes e Ramón Suárez Picallo.

Axeitos, Xosé Luís, 'Dos arquivos de Rafael Dieste. O cine nos epistolarios do exilio. (Mitoloxía e simboloxía antifranquista', *Boletín Galego de Literatura*, nº 27, 'Documentos', 2003, pp. 231-236.

Reúne un conxunto de reflexións epistolares relacionadas co cinema, entre elas as cartas que intercambiaron Eduardo e Rafael Dieste antes da guerra de 1936 arredor da idea de realizar difentes proxectos cinematográficos; ou as consideracións que Luís Seoane intercambia con Lorenzo Varela e que dan conta dun espectador apaixonado. Repara en feitos como a escasa presenza do exiliado como personaxe nas longametraxes do cinema español, que contrasta coas referencias que aparecen no cinema feito polos exiliados, debido en parte á rixida censura á que estivo sometida esta manifestación artística durante a ditadura franquista. Refírese tamén ao escaso desenvolvemento do cinema en Galicia antes da Guerra Civil e aos afáns reivindicativos da produción do exilio que emprenden José Suárez en *Mariñeiros* e Carlos Velo.

Balseiro, Natalia, 'O teatro en... ', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, dende 2002 ata 2003, pp. 41-45.

Coméntase a iniciativa do concello de San Sadurniño de crear un Proxecto Teatral que consiga unha rede estábel para a programación de teatro profesional, unha infraestrutura axeitada e aposte polo teatro como creación cultural. Fálase de cales son as intencións deste proxecto así como de actividades que se organizan e intencións futuras.

Baltés, Blanca, 'Momentos de reencuentro', *ADE*, nº 94, 2003, pp. 141-149.

Informa das xornadas sobre "El teatro del exilio español", celebradas do 19 ao 22 de novembro do 2002 e organizadas pola RESAD, ADE e a Fundación Pablo Iglesias. Despois de describir cada unha das conferencias conforme se sucederon, resume a levada a cabo por Manuel F. Vieites, que disertou sobre Rafael Dieste e Luís Seoane. Dela destaca que son autores que escribían en galego e con obras de forte contido social, que veñen a ser a expresión dun teatro galego nacionalista non excluínste. Salienta do dito por Vieites dúas obras teatrais de Seoane, que resume e comenta lixeiramente, e a forte crítica a Castelao, que a articulista sospeita que esconde unha crítica aos actuais nacionalismos excluínste.

Bande Rodríguez, Enrique, 'Alexandre Bóveda: 'o motor de explosión do galeguismo no mundo enteiro', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 17, 'Literatura', abril 2003, pp. 7-15.

Artigo baseado nos textos que Enrique Bande publicou na editora ourensá Duen de Bux co título *Alexandre Bóveda: motor do galeguismo* (2003). Nel repásase a importancia de Alexandre Bóveda no nacionalismo galego, co seu salientabel papel no Partido Galeguista e na elaboración do Estatuto de Autonomía de 1936. Tamén se detén no seu encarceramento, interrogatorio, "xuízo" e fusilamento, e, igualmente que no volume citado remata reflexionando sobre a valoración de Bóveda no seu centenario así como vítima dunha inxustiza histórica.

Barcia, M.R., 'Contos galegos de tradición oral', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003,

, p. 14.

M. R. Barcia destaca a iniciativa da profesora Camiño Noia Campos ao editar esta compilación de contos orais galegos recollidos polos seus alumnos e postos en relación coa tradición europea.

Barcia, Moisés R., 'Breve historia da traducción ao galego', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 4.

Moisés Barcia describe a evolución da traducción ao galego como un camiño paralelo á que sufriu a propia literatura nesta lingua, desde o esplendor medieval ata a esperanzadora situación actual, pasando polo sopor dos Séculos Escuros e dos avatares políticos máis recentes. Sinala os cambios no tipo de literatura traducida, desde unha primeira época na que os clásicos grecolatinos eran os preferidos, ata o auxe da literatura xuvenil e infantil demandada polas escolas, e tamén a transformación no estatus do traductor, que pasou de efectuar a traducción por militancia lingüística á profesionalización do seu labor, pese a que isto non sexa recoñecido pola industria editorial, que segue, segundo Barcia, concebindo a traducción como un traballo secundario e eventual.

Barreiro, Xavier, 'Trasnos feirantes', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 18, novembro 2003, pp. 79-83.

Conto de Xavier Barreiro co que recibiu o Primeiro Premio do apartado literario fallado na Segunda Romaría Etnográfica *Raigame* no que se describe a Romaría-Feira que se celebra anualmente nun espazo paralelo a Vilanova dos Infantes, Meiganova dos Trasnantes, onde acoden tódolos trasnos co propósito de complicarnos a existencia e aproveitarse dos nosos defectos. Aporta unha pormenorizada descrición dos variopintos postos de venta que alí se atopan.

Bermúdez, María Teresa, 'Martázul. Xosé Antonio Perozo', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 299-303.

En primeiro lugar apunta unhas breves notas bibliográficas de Xosé Antonio Perozo e logo realiza unha achega a obra galardoada co XX Premio Blanco Amor, *Martázul*, indicando que, precedida de citas literarias a cerca do "amor" e a "liberdade", é unha "fábula actual nun contorno urbano, europeo e cosmopolita. Aparece estruturada en tres partes "O tren do pracer", "Pigmalión" e "Tempo de memoria". Destaca entre outras características a multiplicidade de escenarios, que teñen a Vigo como eixo central, as referencias intertextuais a obras da tradición cultural europea e que presenta como principal novidade ter como personaxe principal unha muller que pon en práctica a liberdade de decisións e a liberdade sexual, Martázul mantén, entre outras, unha relación de erotismo e complicidade cun arquitecto de renome, representa a "un ser poliédrico que representa a feminidade plural e viva". Chama tamén a atención sobre a presenza do xogo metaliterario e metatextual que dá lugar a un interesante xogo de planos, a alternancia de voces narrativas e perspectivas e, dentro do tempo do discurso, a sucesión de tempos do presente cos do pasado. Destaca a seguir a naturalidade da presentación das relacións sentimentais e sexuais e que a obra é representativa da diversificación e actualización das personaxes

femininas. Conclúe apuntando que é "unha novela rica, complexa e ben elaborada, que harmoniza con mestría a profundidade do tema co seu tratamento técnico".

Bernández Vilar, Xoán, 'Cando un mestre se vai', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 131, xaneiro 2003, pp. 83-89.

A primeira parte desta sección xira ao redor da vida e obra de Isidoro Millán González-Pardo (Pontevedra, 1922-2002), a propósito do seu recente falecemento. Na subsección "Cine e teatro" infórmase de que a obra da alemana Heidi Hün-Bode, *Os mundiños*, vén de acadalo "Premio Estornela de Teatro para Nenos" da Fundación Neira Vilas; así mesmo, dise que a novela *Trece badaladas* de Suso de Toro foi levada ao cine da man do director Xabier Villaverde, protagonizada por Luís Tosar, Juan Diego e Marta Etxura. Nesta mesma sección, baixo o subtítulo de "Congresos. Comunicaci3ns", recóllese que Camilo Gonsar acaba de incorporarse á Real Academia Galega cun discurso sobre a literatura galega e achégase unha pequena nota biobibliográfica deste autor sarriao. É, emporiso, na subsección de "As letras" onde se amorean as novas sobre a literatura galega: infórmase de que o bonaerense Eduardo Estévez acadou o "Premio Eusebio Lourenzo Baleir3n" de Poesía coa obra *Caderno apócrifo da pequena defunta*; de que Xavier Seoane foi o gañador do Certame de Poesía do Pen Club e Caixanova con *Dársenas do ocase*; de que se fallaron os premios "Johan Carballeira" que, en poesía, recaeron en Carlos Negro e Alexandre Nerium polas súas obras *Heleris* e *Vogar de couse*, respectivamente e na modalidade de xornalismo en *A perigosa vida dun árbitro bravú* de Francisco Seoane; de que Xoán García foi o vencedor da última edición do premio "Espiral Maior de Poesía" polo seu traballo *In-ventos*; de que Enma Pedreira gañou o "Modesto R. Figueirido" de narraci3ns curtas, convocado pola Fundación Pedr3n de Ouro, con *Os doce devoradores* e de que Xosé Luís Vázquez Somoza, Xosé Díaz e Xaime Domínguez recibiron cadanseu accésit; e, por último, que se vén de fallar o Premio de Traducci3n "Plácido Castro", que recaeu en Xesús Riveiro Costa, por *Á busca do tempo perdido*, de Marcel Proust e que Alexandra Koss e Enma Lázara quedaron como finalistas con traduci3ns de Ant3n Chejov e de Honoré Balzac, respectivamente. No derradeiro apartado desta sección, -en "Varia"- destácase, de entre as numerosas homenaxes que está a recibir Francisco Fernández del Riego, a exposici3n máis recente que se levou a cabo na Casa da Cultura de Vigo, Unha lenda viva, no mesmo acto no que presentou o seu libro *Desde a miña fiestra*. Para finalizar, Xoán Bernárdez lémbrales aos lectores que este ano o Día das Letras Galegas vai estar dedicado a Avilés de Taramancos.

Bernández Vilar, Xoán, 'De vita brevi', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 135, novembro 2003, pp. 70-76.

Trátase dun artigo no que despois dunha introduci3n na que fala de asuntos da infancia nos informa de algunhas novidades do mundo cultural. Empeza coa banda deseñada, informándonos da celebraci3n en xullo do Sétimo Salón do Cómic en Cangas e o Salón Viñetas desde o Atlántico da Coruña que tivo lugar xa no mes de agosto. No que respecta ao teatro dásenos noticia da XX Mostra de Teatro Cómic de Cangas, onde se viron obras do arxentino Angel Pavlovsky ou de Teatro do Morcego, e se homenaxeou a Roberto Vidal Bolaño. Nun apartado que leva o título de "Congresos. Comunicaci3ns" infórmase da decisi3n da academia de dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2004 a Xaquín Lorenzo

Fernández, Xocas, e infórmase un pouco da súa traxectoria. Máis adiante fálanos dos decesos de persoas coma Domingo García-Sabell, o que fora presidente da Real Academia Galega, do que se nos di que destacou como investigador, con traballos sobre o *Finnegans Wake* de Joice. Outro dos falecementos importantes para a literatura galega do que nos fala é o de Raimundo García Borobó, que nos di que foi colaborador no xornal *La Noche* e director de *El Correo Gallego*, ademais de escribir varias comedias, narracións e guións cinematográficos. Xa no espazo que dedica a falar especificamente de literatura dásenos conta da resolución de algúns premios, coma o "Xerais", que levaría *Casa Skylab* de Santiago Jaureguizar, ou o "Merlín" de literatura infantil que levaría Manuel Lourenzo González. co libro *Irmán do vento*. Tamén nos fala do "Premio de novela por entregas", de *La Voz de Galicia*, que sería para Xosé Antonio Perozo por *Caderno de Riparia*. Outro premio do que se nos informa é o "Narrativas Quentes", convocado por Edicións Positivas e que gañaría Alberte Momán con *O lobo da xente*. Á parte anúnciase que volve a saír, con edición bimensual, a *Guía dos Libros Novos*, e de que o poeta herculino Miguel Anxo Fernán Vello, gañou o premio xornalístico "Reimóndez Portela". Aínda se inclúen dúas notas de interese máis, a primeira que Antón Tovar gañou o premio "Celanova, Casa dos Poetas", e a segunda o anuncio da tradución para varios idiomas de libros de Agustín Fernández Paz, coma *Avenida do Parque, 17* que se traducirá ao árabe, *Centro do Labirinto* para o catalán ou *O laboratorio do doutor Nogueira* para o portugués.

Bernández Vilar, Xoán, 'Un ano de Prestige', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 135, novembro 2003, pp. 80-86.

No artigo faise unha pequena revisión das novidades culturais en Galicia. Comeza Xoán Bernárdez Vilar cunha reflexión sobre o ano que pasou desde o afundimento do Prestige, salientado como positivo os numerosos traballos, de investigacións ou de produción cultural, aos que deu lugar. Entre as novidades culturais, salienta a celebración, a finais de outubro e principios de novembro, do congreso "Galeusca 2003", xuntanza de escritores galegos, vascos e cataláns, e a do congreso "A Galicia de Bóveda", no que se analizarán as circunstancias relacionadas coa vida do mártir galego. No apartado das defuncións fálanos Bernárdez Vilar da perda de Xela Arias Castaño, poeta, tradutora, narradora e activista cultural, que deixa libros coma *Denuncia do equilibrio* ou *Tigres coma cabalos* e traducións de autores de renome internacional: James Joyce, Feminore Cooper, Wenceslao Fernández Flórez ou Camilo Castelo Branco. No que se refire xa propiamente ás novidades de literatura, coméntanos que Suso de Toro gañou o "Premio Nacional de Narrativa, 2003" pola súa novela *Trece badaladas*. E tamén que a Asociación de Escritores en Lingua Galega elixiu como mellor novela do ano 2002 *Memoria para Xoana*, de Marica Campo, e como segunda *Resistencia*, de Rosa Aneiros. Por outro lado fálanos do premio do Pen Clube que lle foi concedido ao escritor de Cangas Bernardino Graña e do bo funcionamento da revista literaria concibida para a rede *Andar 21*. Logo faise un percorrido por novas máis xerais, destacando que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades cumpriu dez anos de existencia, nos que publicaron máis de noventa obras, presentaron un tradutor automático castelán-galego, puxeron dúas bases de datos na rede e elaboraron un Arquivo da Galicia Medieval.

Bernárdez, Carlos L., 'Refutación da musa. Manuel Forcadela', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 319-320.

Análise do Premio da "Crítica Española" e Premio "Aula de Poesía" de Barcelona *Refutación da musa* de Manuel Forcadela. Indica que constrúe un universo concentrado, cheo de referencias míticas e metaliterarias e que xa dende o mesmo título se aprecia a tensión clásico-romántica, (na que está de fondo o ideal clásico perdido), que caracteriza a unha gran parte da cultura occidental. A ironía xorde como unha das respostas posíbeis que é empregada en *Refutación da musa*. Conclúe afirmando que ofrece unha ofrenda cos seus poemas no sentido clasicista da beleza.

Bernárdez, Carlos L. / **Castaño**, Yolanda, 'Os escritores máis novos do encontro en Mondoñedo', *Tempos Novos*, nº 72, 'Enregas culturais', maio 2003, pp. 61-63.

Os autores recordan neste artigo a celebración, con éxito, do I Encontro de Novos Escritores celebrado en Compostela en decembro de 1996 da man da Asociación de Escritores en Lingua Galega onde se observou un nutrido grupo de poetas que obrigaba á crítica a denominar xeración e que na segunda edición que tivo lugar entre o 15 e 17 de novembro de 2002 se reuniron os integrantes dunha nova xeira que axudados por editoriais coma Espiral Maior, Letras de Cal ou Edicións do Dragón, están dando a coñecer a gran vitalidade da poesía entre os autores novos.

Biscainho Fernandes, Carlos C., 'Paisaxes dramáticas do ensino teatral galego', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 26-31.

Esta é unha reflexión e crítica da actual situación da dramaturxia galega debido á carencia dunha Escola Superior de Ensino Teatral que normalice a situación do ensino teatral galego xa que sería este o que puidese favorecer a pervivencia do propio sistema, así como da existencia de escolas galegas que se insiren dentro do sistema español debido á fuxida do idioma propio da escena galega, o galego. Denúnciase, entón, a problemática da lingua tanto nos actores coma nos profesionais converténdose as producións en carentes de trazos propios galegos, tanto fonéticos como estruturais, etc., ademais da inexistencia dun masivo público que posicione ao teatro galego en situación normal.

Blesa, Túa, 'O corpo escrito', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 210-213.

Achega á poesía de Yolanda Castaño e á presenza nela do corpo, incluído dentro das actas do I Encontro de Autores "Palabras, palabras, palabras", celebrado en Zaragoza entre o 3 e o 6 de abril de 2000. Despois de preguntarse pola visión que fôra de Galicia hai dos seus poetas e de cualificar esta de "potente", pasa á análise do tratamento que Yolanda Castaño lle dá ao corpo nos seus poemarios *Delicia* (1998), *Venecia, o vicio da beleza. Catálogo da exposición de Antón Sobral* (2000) e *Vivimos en el ciclo de las Erofanías* (2000). Considera que unha das características máis destacadas é que este se "metamorfosea" en palabra, a través do que se designan todas as dimensións do suxeito e mesmo se chega a converter en alma. Explica algunhas das simboloxías que adquire como o triunfo da vida sobre a morte, a manifestación en cada verso a través de sensacións e en palabras que son un acto de corporeización, no que se inscribe a carnalidade, considerada un selo da escrita da autora. Tamén destaca as abondosas expresións sensuais con alusións aos sabores e que responden

a un desexo de beleza humanizada e real. Conclúe que achegarse á obra de Yolanda Castaño é unha forma de reencontrarse o lector "nunha lectura do corpo mesmo".

Bogo Saavedra, Isabel, 'Literatura oral nun recuncho de Ferrolterra', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 27-32.

Breve estudo sobre as crenzas e a literatura oral nas parroquias de Castro (Narón-A Coruña) e Sequeiro (Valdoviño-A Coruña). Divide todo o material que recolleu en dous grandes grupos: crenzas e cancións. No primeiro comeza falando das "Doenzas" como o mal de ollo, as queimaduras e as lombrigas, explicando os pasos que se levaban a cabo para solucionar estes problemas e incluíndo a transcripción dalgúns ritos que se empregaban. A seguir, describe os "Agoiros", que estaban representados principalmente polas pegas e as píntegas, e os "Seres míticos" como "A Señorita" ou o "Chupasanghe". Fala, de seguido, das "Cancións", que tratan diversos temas como o amor, o desamor, a sátira, a crítica, a despedida, etc. Inclúe numerosos exemplos de todo o exposto.

Bragado, Manuel / **Carballa**, Xan, 'Ideas para o desafío editorial', *Tempos Novos*, nº 77, 'Conversa', outubro 2003, pp. 64-72.

Trátase dunha conversa entre Manuel Bragado, responsábel de Xerais, e Xan Carballa de A Nosa terra, na que analizan conxuntamente a situación do mundo editorial galego. Os dous coinciden en sinalar que despois dun período de enorme expansión editorial na década dos noventa, ou segundo di Xan Carballa desde que naceu Xerais en 1979, no que se publicaron a maior parte dos libros en galego, agora o libro está vivindo un período de recesión e perdeu o vintecinco por cento da súa tiraxe. Comparando esta situación coas outras linguas minoritarias do estado, din que o libro galego estaba progresando con respecto ao catalán, por exemplo, e manténdose ao nivel do éuscaro, pero que se diferencia deste na falta de apoio institucional, moito máis decidido no caso vasco. O libro nos anos noventa, apunta Bragado, era o sector "mimado" na cultura galega e agora éo o audiovisual, os dous cren necesario o proteccionismo institucional na cultura e demandan da Xunta que considere as editoriais un sector industrial e que apoie máis decididamente á tradución, un sector no que as axudas son moi necesarias pola pouca rendibilidade, en parte debida a un problema de diglosia que apunta Xan Carballa: o lector prefire a tradución en castelán antes que en galego. Outra institución que consideran que lles dá as costas son os medios de comunicación, tanto públicos coma privados, salvando algunhas excepcións. O nivel de lectura dos galegos é, segundo Bragado, inferior ao que lle correspondería, en parte por outros dos problemas cos que se atopan, a carencia de infraestruturas culturais como bibliotecas e a precariedade dos investimentos e dos seus criterios. Aínda así ven cousas moi positivas e esperanzadoras, coma a puxanza que ten agora mesmo a ficción en galego ou as melloras tecnolóxicas que facilitan a existencia das pequenas editoriais, algo que Xan Carballa ve con bos ollos. Tamén falan de cousas que o propio sector pode mellorar, como mancomunar esforzos en cousas como a distribución para reducir custos ou tentar seducir aos medios de comunicación e as institucións. En definitiva, cara ao futuro falan dun panorama no que hai unha serie de elementos favorábeis: a tecnoloxía dixital ou a internacionalización da impresión, que permite editar libro galego en Hong Kong por exemplo. E tamén dunha serie de riscos: a incursión de editoras estranxeiras no libro galego, problemas sociolingüísticos, coma o marcados ideoloxicamente que están aínda os

libros en galego, ou os novos formatos que queren substituír a edición en papel, pero, segundo Carballa, estes riscos téñense que asumir como retos. Por último apunta neste sentido Manuel Bragado que os editores teñen que mellorar a súa confianza e apoiarse máis, teñen que esixir o recoñecemento social do seu traballo.

Burgoa Fernández, Juan J., 'Manuel Fernández Varela, un crego ferrolán ilustrado', *FerrolAnálisis*, nº 18, 'Ferrolterra', 2003, pp. 19-27.

Recolle a vida deste sacerdote ilustrado, aínda que antes fai unha descrición do "movemento ilustrado" e da "Ilustración española e galega". Subliña que en Galicia houbo moitos cregos ilustrados, sinalando entre eles ao Padre Sarmiento ou a Juan Sobreira. Apunta que todos buscaron a defensa dos intereses de Galicia. Logo, céntrase xa na figura de Manuel Fernández Varela (Ferrol, 1772- Madrid, 1834), lembrando case toda a súa traxectoria profesional, sen case mencións á literatura galega. Destaca as súas "oracións fúnebres" e a súa condición de mecenas, subliñando que foi protector de Nicomedes Pastor Díaz. Así mesmo, apunta que Alfredo Brañas o consideraba "o meirande orador de Galicia".

C.F., 'Erros e Tánatos', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, , p. 14.

C. F. destaca do libro de relatos de Gonzalo Navaza o feito de que teña alcanzado a décima edición e cualifica contos incluídos nela, que versan sobre o poder dos equívocos na vida cotidiana, como "excelentes".

Cabana, Darío Xohán, 'Digresións sobre traducción literaria e literatura nacional', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 72-79.

Disertación de Darío Xohán Cabana nas xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do 28 ao 30 de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra mais Luciano Rodríguez. O escritor lucense foi o encargado do eido da tradución, e sobre ela comeza expoñendo, con moito humor, anécdotas sobre traducións e tradutores que leu ou escoitou. Fai un repaso pola historia da tradución en distintas épocas e espazos universais para logo pasar á historia da tradución en Galicia, que tivo os seus albores na Idade Media e quedou oculta practicamente ata a Xeración Nós no século XX, que a retomaron , aínda que moi timidamente, segundo Darío Xohán Cabana. Tampouco se mostra optimista nin contento co ritmo que demostra este campo actualmente dentro da literatura galega. Remata propoñendo que organizacións públicas como Política Lingüística da Xunta de Galicia deberían tomar cartas no asunto, ou incluso se podería recorrer a empresas privadas como a *La Voz de Galicia* pedíndolle que fixese no eido da tradución o que fixo coa Biblioteca 120.

Caetano Biscaíño, Carlos, '¿A onde vai o teatro?', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Teatro', xullo 2003, , p. 20.

Caetano Vizcaíno cre que os avances acadados no sistema teatral galego non deben facer esquecer as precariedades do mesmo, as dificultades dos actores e a escasez de público. Para tentar solucionalo propón un maior exercicio de autocrítica e unha revitalización do

espectáculo.

Capelán Rei, Antón, 'Certezas entre a néboa. Méndez Ferrín e Compostela', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Cidades literarias', novembro 2003, , pp. 32-33.

Estuda o tratamento da cidade de Santiago de Compostela na produción literaria de Xosé Luís Méndez Ferrín. Son moitas as obras nas que aparece Compostela, sobre todo, a visión de Compostela como cidade universitaria; destaca *Arrabaldo do norte*, e tres relatos "Sibila", "Episodio de caza", "Morrer en Laura", reunidos en *Crónica de nós*. Pero, segundo Capelán Rei, a visión de Compostela amósase en toda a súa plenitude en *Antón e os inocentes* e *No ventre do silencio*. Conclúe o articulista afirmando que para Méndez Ferrín, Santiago non só é un espazo privilexiado da súa obra narrativa, senón tamén un centro simbólico fundamental da cultura histórica de Galicia.

Casal Porto, José / **García Giménez**, Alfredo, 'O sentimento da terra. Cartas desde a emigración: 'Buscando espellos' por Elena Fojo e 'José Benito Ameal' por Nieves Ameal ', *A Taboada. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo* , nº 7, xullo 2003, pp. 115-128.

Os autores do artigo achéganse a dúas manifestacións de emigrantes galegos das terras de Moraña que durante a súa ausencia da terra escribiron sobre os seus sentimentos. Comezan evocando algúns versos de Curros Enríquez e Rosalía de Castro nos que fan referencia á emigración. Salientan que nos escritos se ve cómo estes emigrantes tentaron mudar os rumbos das súas vidas, buscar un futuro mellor, aínda que nunca lograron esquecer as súas orixes, cuestión que mesmo se dá en xeracións posteriores. A seguir, reproducen os textos "Buscando espellos", de Elena Fojo, e "José Benito Ameal", de Nieves Ameal. No primeiro evócase a casa familiar, lémbrese a historia da familia e os sentimentos que experimentou cando foi visitar a casa despois de cincuenta anos fóra, onde se atopa con toda a súa vida, simbolizada no espello. Reproduce dous poemas, "O espello da miña avoa" e "Para meu pai Porfirio", nos que evoca estas dúas figuras. No segundo, esta descendente de emigrantes galegos na Arxentina lembra a súa historia familiar.

Casas, Arturo, 'Seiva do logos. Integración do pensamento filosófico na poesía galega da segunda metade do século XX', *Serta*, 2003.

Comeza o artigo cunha pequena introdución na que fala do estreito vencellamento que sempre houbo entre poesía e filosofía. Logo pasa a explicar de modo orientativo a relación no século XX deste binomio na cultura galega e a asunción dun nacionalismo literario como fío condutor da mesma. Di que, establecido o réxime franquista, retomáronse as ideas marcadas no período das Irmandades da Fala, que serían progresivamente modificadas por influencia do pensamento fenomenolóxico, polo Marxismo e por realidades históricas como os procesos poscoloniais, a Guerra Fría ou o estruturalismo. A militancia nacionalista produciu un afastamento máis ou menos consciente dos modelos practicados na literatura española. A partir do 76 isto diluíuse un pouco para dar unha nova apertura á temática literaria. Pluralizáronse as tendencias, houbo un diálogo interxeneracional, chegou o erotismo e, sobre todo, incorporouse a muller a todos os niveis do sistema cultural. Casas di que hoxe, debido á grande cantidade de autores en activo e á multiplicidade de poéticas

concorrentes, é imposible definir nun só trazo a nosa literatura. Ó remate do artigo inclúe poemas de Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carvalho, Méndez Ferrín, López-Casanova, Chus Pato, Claudio Rodríguez Fer, Luísa Villalta e Manuel Outeiriño, todos eles co aspecto común de ter un forte trans fondo filosófico.

Caseiro, Delfín / **Riveiro Coello**, Antón / **Valcárcel**, Marcos, 'Homenaxe a Carlos Casares', *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, nº 4, 2003, pp. 227-235.

Crónica da homenaxe que o Centro de Cultura Popular do Limia lle brindou a Carlos Casares, en Xinzo da Limia, o día 22 de xuño de 2002. Nunha especie de preámbulo explícase que a esta homenaxe foi un acto de xustiza co que se quixo dar conta da enorme perda que supón o pasamento do limiao máis ilustre, ademais de colaborador e amigo; faise referencia á lectura colectiva que no acto se fixo do relato "O galo de Antioquía", publicado no número 3 da revista *Lethes*, e reitérase o agradecemento aos lectores, ao familiares e ao público asistente á homenaxe. Deseguido, reproducense as intervencións que no acto realizaron Antón Riviero Coello, co título "Un sol de diamante"; Delfín Caseiro, co título "Carlos Casares: a paixón verbal" e Marcos Valcárcel, co título "Evocación de Carlos Casares en Xinzo de Limia". Delfín Caseiro fai referencia aos tres esteos de Casares: a fidelidade á fala, a gratitude á literatura e a lealdade á Terra, que se converteron no seu compromiso de referencia; e fai unha achega a tres das obras do autor, *Un país de palabras*, *O libro dos amigos* e *Os escuros soños de Clío*; pecha a súa intervención cun recordo agarimoso para o escritor limiao. Marcos Valcárcel comeza a súa exposición afirmando que Carlos Casares foi un dos poucos escritores que recibiron o recoñecemento merecido en vida e intúe que, só paso do tempo, seremos capaces de entender o que significou na historia cultural do país; destaca a súa xenerosidade e a súa accesibilidade; destaca o seu labor como columnista, co que se meteu na vida de milleiros de persoas e co que conseguiu que persoas que nunca leran o xornal acudiran diariamente á súa sección "Á marxe"; define as súas columnas como "pezas de xornalismo e de literatura" e cualifica a Casares como "un clásico"; fai unha achega ás distintas obras literarias do autor e afirma que, en todas elas, hai un elemento común: "calquera páxina de Casares remite ó escritor que está detrás do folio"; pecha a súa intervención destacando a xenerosidade e a bondade infinda de Carlos Casares. Antón Riveiro Coello centra a súa exposición na relación de amizade que mantivo co autor homenaxeado, a quen coñeceu hai catro anos cando presentou en Ourense a súa novela *A quinta de Saler*; destaca a súa enorme xenerosidade e bonhomía, que herdou de seu pai, e afirma que foi un excelente escritor, gran xestor cultural, humanista conciliador e home culto; dá conta dalgunha anécdota vivida xuntos e afirma que Carlos foi un mestre para el; pecha a súa intervención apuntando á súa produción literaria, achegando as súas consideracións e valoracións persoais como lector.

Caseiro, Delfín, 'Presenza da Limia na obra de Antón Tovar', *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, nº 5, 2003, pp. 133-151.

Este traballo é unha ampliación da intervención que Delfín Caseiro fixo nos actos de homenaxe ao poeta Antón Tovar, celebrados en Rairiz de Veiga o día 2 de decembro de 2001 con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto do Concello. Sinala que os actos daquel día trouxeron á memoria do homenaxeado os seus recordos da infancia, xa recuperados e recreados ao longo da súa obra, por exemplo en *Diario sin datas* (1987), do

que se extrae un fragmento. Afirmar que toda a obra creativa de Tovar conforma unha verdadeira autobiografía e recolle as explicacións que o profesor e crítico literario Anxo Tarrío fixo ao respecto no Limiar de *Calados esconxuros* (1980) e no estudio "Consideracións semiolóxicas arredor da poesía de Antonio Tovar", publicado en *Grial* (nº 57). Estudia a inserción que na obra de Tovar hai de diferentes elementos que evocan aos anos de infancia e adolescencia vividos na Limia; fai referencia, así, á presenza recorrente dos seguintes temas: o tempo da infancia e da xuventude; a terra, a natureza e a paisaxe; e mais a palabra, a fala e a lingua. Explica cada un destes motivos funcionais e estéticos coa reprodución de diferentes poemas de Antón Tovar e explica cómo, no conxunto da súa obra, se converten en referentes simbólicos que confiren á Limia un lugar destacada dentro da súa poética.

Caseiro, Delfín, 'Un ano sen Carlos Casares', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 70, 'Auria das letras', febreiro 2003, pp. 32-34.

Reflexiona sobre os sentimentos que floreceron nos XIII Encontros Literarios que tiveron lugar no Liceo de Ourense motivados pola ausencia de Carlos Casares. Reproduce as palabras que amigos e familiares como Basilio Losada, Damián Villalaín, Xavier Casares -irmán-, Håkan Casares -fillo-, Kristina Berg -muller-, etc., lle dedicaron durante a celebración destes encontros aos que Carlos Casares sempre colaborou.

Castaño, Iolanda, 'Volver o mundo do dereito', *Tempos Novos*, nº 75, 'Voces e culturas. Crítica', agosto 2003, p. 64.

Comenta, logo de introducirmos un pouco na figura do clown, a posta en escena de *Sen título* pola compañía Arrepentimientos de Padrón, dirixida por Marta Pazos, afirmando, entre outras cousas, que é "unha amalgama de recursos expresivos que tocan na parte máis intelixente dos espectadores".

Castaño, Yolanda, 'Paisaxe da última poesía galega', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 214-224.

Estudo da produción poética galega dos últimos anos, incluído nas actas do I Encontro de Autores "Palabras, palabras, palabras", celebrado en Zaragoza entre o 3 e o 6 de abril de 2000. Yolanda Castaño comeza situándose como creadora no sistema literario galego, advertindo da posíbel subxectividade e impresionismo do traballo. Describe o panorama da década dos noventa pola presenza de autores maiores como Méndez Ferrín, Manuel María, Luz Pozo ou Bernardino Graña; a de autores de enlace, entre os que destaca a Cesáreo Sánchez; a xeración dos oitenta, con voces tan representativas como Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Claudio Rodríguez Fer, entre outros, para rematar coa última promoción que se ten denominado "xeración dos 90" ou "Nova poesía galega". Antes de centrarse nestes últimos fai un breve repaso polos trazos máis característicos da poesía galega dende a década dos setenta na que se deu dende o socialrealismo ata a renovación da lírica dos oitenta, na que se volve aos "temas eternos", se fomentan os recitais e certames, actividade que esmoreceu nos últimos anos da década e que deu paso a novas voces poéticas nos primeiros noventa. Refírese á primeira parte dos noventa como de "clima preparatorio", na que se vai dando a asunción dunha nova estética e que se plasma

en obras como *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), de Fran Alonso; *Metáfora da metáfora* (1991), de María Xosé Queizán, e *Urania* (1991), de Chus Pato. A seguir, alude á importancia dos premios que deron a coñecer a poetas como Rafa Villar, á práctica da edición de autor como fixo Celso Fernández Sanmartín, a proxectos alternativos como Edicións do Dragón ou proxectos sen precedentes como Letras de Cal, que sacou á luz dez libros de poesía de xente moza, ademais das revistas consolidadas e o importante papel dos colectivos poéticos, entre eles o Batallón Literario da Costa da Morte. Considera como características fundamentais destes poetas a busca de novos ámbitos, a volta aos recitais poéticos e a comunicación directa co público, levando a poesía a lugares antes inusitados. Considera como un feito fundamental da poesía dos noventa a eclosión de mulleres poetas, que segundo a crítica son as responsábeis das maiores achegas da década, aínda que se mostra contraria a que sexan encadradas baixo o epígrafe de "poesía de muller", posto que son autoras de propostas poéticas moi interesantes e que deben ser valoradas por si mesmas. Exemplifica este grupo con Emma Couceiro, como dona dun "radical intimismo e linguaxe poética marcadamente propia", e a Lupe Gómez e Olga Novo polas súas poéticas marcadas polo erotismo. Remata salientando outras características destes autores como o seu contacto coa lingua dende os niveis básicos do ensino e a literatura galega como referencia; ademais da falta dunha liña poética dominante, aínda que si unha rica heteroxeneidade, a volta á expresión máis directa, o intimismo en ton vivencial, a fuxida da ampulosidade formal, o cultivo dos mesmos temas pero con máis presenza da metapoética, así como certa recuperación das temáticas sociais pero con novas ópticas.

Castro, Antón, 'Fernán-Vello: mar de amor e de paisaxe', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 225-226.

Retrato persoal do amigo e poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, incluído dentro das actas do I Encontro de Autores "Palabras, palabras, palabras", celebrado en Zaragoza entre o 3 e o 6 de abril de 2000. Comeza destacando cuestións de carácter persoal como a súa afección ás plumas estilográficas coas que escribe longas cartas. Das temáticas destas misivas lembra o gusto que amosaba o poeta polas lecturas de autores italianos e portugueses ou o feito de que se inspiraba tocando a frauta e o violín. Lembra a súa produción poética en obras como *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Memorial de brancura* (1985), *Libro das paisaxes vivas* (1987), *A raíz posuída* (1990) ou *As certezas do clima* (1996). Sinala que nestes libros está presente o amor, a voluptuosidade e o recoñecemento do outro nunha lírica que cualifica de marcada polo clima espiritual. Tamén sinala que este autor abordou todos os xéneros, aínda que foi no poético no que fixo unha achega "substancial e decisiva". Alude á súa faceta de editor e fundador de Espiral Maior e á súa vida cultural activa, xa sexa impartindo talleres ou conferencias, e en constantes viaxes.

Conde, Alfredo, 'Gonzalo Torrente Ballester, escritor galego', *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, nº 1, 2003, pp. 15-21.

Fala da súa experiencia persoal con Gonzalo Torrente Ballester, a quen sempre chamou "Don Gonzalo". Coñeceu a Torrente cando este escribía no xornal *Faro de Vigo* unha sección titulada "A modo" e o primeiro contacto visual que tivo con el foi no café Carabela. En 1969 asistiu a unha conferencia de Torrente no Ateneo de Pontevedra, na que lle rebateu algunhas das súas teorías. Posteriormente en 1970 ou en 1971 chegou a Pontevedra Carlos

Castilla del Pino e preguntoulle a Conde se coñecía a Torrente, el mentiu dicíndolle que si e viuse na obriga de chamar a don Gonzalo, quen amabelmente os citou para o día seguinte. Neste encontro co escritor, Alfredo Conde sentíase incómodo pola actitude que tivera con el na conferencia mencionada, pero isto solucionouno Torrente agasallándoo cun exemplar do primeiro volume de *Los gozos y las sombras* cunha dedicatoria que dicía "A Alfredo Conde, ya reconciliados", a partir deste momento Alfredo Conde converteuse nun admirador e amigo fiel e leal de Torrente. Comenta o intenso labor que lle supuxo a tradución ao galego de *La isla de los jacintos cortados* e que lle serviu, xunto coa lectura atenta de *La saga/fuga de J.B.*, para aprender como se constrúe unha novela desde dentro. Refírese ao inxusto descoñecemento da figura e da obra de Torrente ata a emisión da serie de televisión baseada na súa novela *Los gozos y las sombras* e a publicación de *La saga/fuga de J.B.*, foi entón cando se produciu o recoñecemento da grandeza literaria de Torrente Ballester, que non cesou ata a súa morte. Finalmente, alude á crítica que sempre se lle fixo a Torrente por escribir en castelán. Alfredo Conde defende que polos temas tratados e polas personaxes que pululan pola súa extensa obra, Gonzalo Torrente Ballester é "un escritor galego, do que os demais escritores temos que aprender e temos que considerar sempre unha referencia necesaria".

Conde, Perfecto, 'Borobó, o home que sabía de todo', *Tempos Novos*, nº 76, 'Voces e culturas', setembro 2003, p. 82.

Trátase dunha lembranza de Raimundo García Domínguez, máis coñecido como "Borobó", que faleceu o 28 de agosto de 2003. Fálase da influencia que tivo este home na formación de moitos galeguistas e intelectuais de posguerra. Resáltase a súa calidade como articulista e conclúese que era un sabio, un mestre e, fundamentalmente un "xeneroso home bo".

Conesa, Paco, 'Paisaxes soñadas', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 36-37.

Esta é unha reflexión sobre a importancia do espazo dentro do eido teatral, utilizando para iso unha secuencia de metáforas míticas que converten ao texto nun discurso onde sobrancea o lirismo aínda que o celme do texto fica claro no tema principal, que como dixemos, se refire ao espazo escenográfico, ao propio escenógrafo e a todo o que rodea á representación dunha obra teatral.

Constenla Bergueiro, Gonzalo, 'A tradución para o galego na entrada do milenio: reconto dos libros traducidos nos anos 2000 e 2001', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Informacións', 2003, pp. 305-317.

Análise do reconto dos libros traducidos nos anos 2000 e 2001 que se pode cualificar de positivo, cun incremento de títulos publicados en forma de libro con respecto ao ano 1999, tendo en conta que a literatura infantil e xuvenil, rexida por intereses editoriais, determina o balance de cifras. Se miramos o ano 2000, comenza referíndose á lingua dos orixinais, primando o español, seguido do inglés e o francés. En canto aos datos ofrecidos polas editoriais, destaca que Xerais superou o número de traducións publicadas por Galaxia, aínda que non publicou ningún título en teatro. Por xéneros, cabe salientar, segundo Constenla, a narrativa para adultos, mentres que a tradución ao galego de textos poéticos

continúa caendo. O ensaio segue a manter unha liña equilibrada cunha "oferta plural e variada", sendo a literatura infantil e xuvenil a que máis títulos achega ao conxunto das traducións literarias. No tocante ao ano 2001, lamenta a inversión de cifras das obras traducidas respecto ao anto anterior, baixando visibelmente o número de literatura foránea trasladada ao noso idioma, indicador para Constenla da precaria situación desta actividade literaria. A causa atópaa na caída numérica dos títulos de literatura infantil e xuvenil traducida. Comenta ademais que o español revalida a súa posición preferente. No ámbito editorial, Xerais mantén o liderado, aínda que moi axustado, non superando a outras en cada un dos xéneros a traducir. En canto a este último punto, é a literatura de mulleres a verdadeira protagonista da narrativa para adultos, ao tempo que a tradución de poesía experimenta un leve incremento. Remata este reconto citando todas as obras traducidas en cada un dos anos analizados, tendo en conta os diferentes xéneros: narrativa, poesía, dramática, ensaio e literatura infantil e xuvenil.

Constenla Bergueiro, Gonzalo, 'Estado da cuestión: traducción e normalidade', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 5.

Gonzalo Constenla relaciona a situación da tradución ao galego coa normalización desta lingua, e sinala que, xa que un lector en galego non pode escoller calquera obra para ler na súa lingua, a normalización da tradución non está acadada. Critica que as obras en castelán e en portugués sexan as máis traducidas ao galego mentres que títulos senlleiros do chinés e árabe non o sexan, así como que os esforzos adicados ó trasvase de literatura infantil e xuvenil non se vexan complementados con traducións de literatura para adultos. Con todo, o autor opina que a mellora dos tradutores e o compromiso dalgunhas editoriais compensa o pasotismo da administración.

Constenla Bergueiro, Gonzalo, 'Traducción literaria: na procura da normalización que non chega', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 285-290.

Realiza un balance das traducións ao galego no que constata unha baixa dun vinte por cento, mentres que a produción libreira galega se mantén. As traducións ao galego só manteñen un débil fio de contacto con outras literaturas e non un diálogo e comunicación permanentemente actualizada con outras literaturas e culturas. O ensaio e a poesía son os únicos xéneros que se manteñen e, pola contra, a literatura infantil e xuvenil e a narrativa e teatro descendieron. O castelán, seguido do catalán, o alemán e o inglés, é a lingua máis traducida. Xerais presentouse como a líder no número de traducións en global publicadas no 2001, Galaxia supéraa no número de exemplares de narrativa e Kalandraka no de infantil e xuvenil, Xuntanza Editorial no ensaio, Espiral Maior na poesía e a colección da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña en teatro. Destaca a incorporación da literatura de mulleres á tradución como verdadeira protagonista do xénero de narrativa para adultos con títulos de Agatha Christie, Andrea Dworkin, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Herta Müller ou Ángela Carter. No eido da poesía salienta a aparición de tres volumes pertencentes Walt Whitman, a edición bilingüe de vinte voces líricas das Illas baleares antologados por Pere Roselló, e *Ambra*, de Ursula Heinze e Ramón Lourenzo, onde a voz da poeta se confunde coa da autora que dialoga cos lectores. Na dramaturxia destaca a tradución da obra de Plauto, *A Aulularia*. No que se refire ao ensaio

traducíronse títulos vinculados ao fenómeno do nacionalismo como expresión política de crítica e contestación á globalización coas obras de Josep Huguet e Joan M. Serra, *Os nacionalismos perigosos*, e de José Ignacio Laxasta-Zabalza, *España uniforme*. Finaliza co repaso dos títulos da literatura infantil e xuvenil, onde fala, por exemplo, da versión do alemán que Luciano Fernández de Sannamed fixo de *Max e Moritz*, e da que Moisés R. Barcia realizou dos tres tomos de *O Señor dos Aneis* de Tolkien.

Cortijo Ocaña, Antonio, 'Un texto galego descoñecido do século XVI: a Comedia de la invención de la sortija da Bancroft Library (Berkeley)', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Estudios', febreiro 2003, pp. 17-49.

Achega o texto anónimo da peza teatral *Comedia de la invención de la sortija*, que se conserva nun manuscrito da Fernán Núñez Collection da Bancroft Library, da University of California (UCB MS 143, vol. 18) e que foi representada no 1594 en Monforte de Lemos co gallo da chegada do arcebispo e cardeal don Rodrigo de Castro para inaugurar o Colexio de Xesuítas. Antonio Cortijo comeza por dar unha visión da vida e obra do cardeal incluíndo textos de estudos realizados por Ramón Lorenzo (2000) e Armando Cotarelo Valledor (1945-1946) a cerca desta personaxe. Afirmar que é un espectáculo de tipo cortesán e de circunstancias dotado de momentos elevados de poesía, música, danza e escenas soltas con carácter de entremés. Destaca ademais do valor histórico dalgunha das súas partes, o texto galego dos folios 35-36 polo seu valor literario e lingüístico e porque é o único entremés conservado desta época integramente en galego. Logo analiza as causas de que o texto acabase na Bancroft Library. A seguir inclúe a peza íntegra, que está dividida en dous actos destinados a ser representados en dous días. "Trata dunha procesión das varias provincias e capitalidades galegas que van presentando as súas ofrendas, os seus emblemas e invencións perante determinadas figuras morais antes de "correr la sortija".

Cozinha, Ivám, 'Inma López Silva, a fascinación da literatura', *Tempos Novos*, nº 73, 'Voces e culturas. Entrevista', xuño 2003, pp. 67-69.

Entrevista a Inma López Siva, crítica teatral, escritora e gañadora do premio Xerais do 2002. Comézase cunha reflexión sobre a literatura, da que a autora di que ten o privilexio de mobilizar actitudes críticas e inventar outros mundos cuestionando o real, e que debe compaxinar a vontade formativa co sentido lúdico. Xa centrándose no seu libro *Concubinas*, gañador do Xerais, di que esixe ao lector un esforzo que o fai activo e defínea coma unha fantasía simbólica na que a cuestión humana é tratada de xeito irónico. No que respecta ao Premio Xerais confesa que mudaron as cousas nos factores externos como a relación con outros escritores ou coa prensa. Logo a conversación deriva para a súa faceta de colaboradora nos medios impresos, aos que cualifica de cobardes por desprazar a información cultural e aos cidadáns críticos. Pero ela declara sentirse, antes de nada, escritora para expresarse, aínda que tamén o faga coa crítica teatral. Agora, vivindo en París, engade, desmitifica totalmente a cidade da luz e dá a súa visión de Galicia desde alí: un recuncho mal gobernado que espertou despois do Prestige, aínda que si con grandes potencialidades como na literatura.

Cruces Colado, Susana, 'Roubine, Jean Jacques: Introdución ás grandes Teorías do

teatro', *ADE*, nº 94, 'Libros', 2003, p. 215.

Fala sobre a publicación do ensaio de Jean Jacques Roubine *Introducción ás grandes Teorías do teatro* (2002) na colección "Biblioteca de teatro" de Galaxia, destacando o feito de ser a tradución galega deste texto, da man de Xoán Manuel Garrido Vilariño, a única que se fixo nunha lingua peninsular. Céntrase despois no conxunto da obra do autor, na súa concepción do fenómeno teatral e no obxectivo do citado ensaio: ofrecer un reconto das poéticas teatrais francesas dende o século XVII ata a actualidade.

Cruces Colado, Susana, 'Traducir ao/do portugués', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', xullo 2003, , p. 7.

Susana Cruces resalta a necesidade de aumentar as traducións entre o galego e o portugués pese á intercomprensión que hai entre as dúas linguas, xa que existe unha separación administrativa e cultural entre estes sistemas.

Cuña Bóveda, Ánxeles, 'Paisaxes soñadas', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 8-11.

Esta autora teatral fala da necesidade do dramaturgo de se achegar e se relacionar coa sociedade na que vive para prover ás súas obras da maior matización posíbel grazas á multiplicidade de perspectivas. Di que ese é o obxectivo do grupo de teatro no que traballa, Sarabela, e que foi primordial para as súas obras, das que dá nota neste artigo, explicándoas brevemente.

Dasilva, Xosé Manuel, 'A cuestión é non matar as palabras...(sobre as traizóns de Aquilino Iglesia Alvariño como traduttore)', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 2003, pp. 71-108.

Análise da figura de Iglesia Alvariño en calidade de *traduttore* a través dun dos seus principios máis salientábeis: o peculiar paradigma de lingua literaria que aparece nas súas traducións galegas dos textos clásicos *Carmina* de Horacio e *A Comedia da oliña* de Plauto, salientando ao final do estudo que se trata dun proceso de recepción non exento de obxeccións, non chegando a adquirir a súa proposta lingüística no xénero poético a condición de canónica dentro da tradución galega, pese ao intento deste escritor de ofrecer un modelo de expresión lírica propio para liberar á poesía galega da influencia que no período de posguerra exercían as fontes da lírica medieval. Como punto de partida atópase un artigo do mesmo Iglesia Alvariño en *La Noche* afirmando que "a cuestión é non matar as palabras" como resposta ás críticas sobre supostas "traizóns" como tradutor vertidas por Manuel Rabanal no mesmo xornal. Para a posterior análise, Xosé Manuel Dasilva estrutura o traballo en diferentes seccións: ao "Limiar" sénguenlle "Os *Carmina* como procura dun modelo idiomático", "A propósito da recepción crítica dos *Carmina*", "Os *Carmina* e a intrahistoria dun premio conflictivo", "Manuel Rabanal e as escollas lingüísticas de Iglesia Alvariño", "Rodríguez Lapa, Ramón Piñeiro, Cunqueiro e os *Carmina*". Remata o seu artigo cunha reflexión sobre a valía da actividade translativa deste escritor lucense que elixiu unha "opción expresiva na que adquire relevo un determinado tipo de lingua, de trazos claramente dialectais, que lle permitía realizar no acto de traducir unha adaptación case

integral, de conscientes efectos literarios, dos orixinais respectivos."

Dasilva, Xosé Manuel, 'Camoës en galego: algunhas versións do soneto 'Alma minha gentil, que te partiste'', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Notas', 2003, pp. 125-137.

Saliéntase nesta nota a fortuna do soneto de Camoës "Alma minha gentil, que te partiste" na literatura portuguesa e universal. Pon de relevo a sinxeleza do texto, a súa organización formal semellante a unha pregaria e o seu ritmo melódico, trazos que xustifican o impacto deste poema, así como a elucubración ao redor da identidade da destinataria á que se dirixe o emisor lírico. Recolle a singular interpretación da composición que realizou Filgueira Valverde quen, tendo en conta a elegía de Lope de Vega dedicada á morte do seu fillo, considerou que se trataba dunha homenaxe desesperada á morte dunha criatura. A seguir, refírese ás dificultades textuais que presenta o poema, xa que existen dúas lecturas diverxentes segundo se estableza o texto a partir dos códices manuscritos ou das edicións impresas. Tras reproducir a versión establecida por Acevedo Filho, céntrase na fortuna crítica da composición camoniana tanto en Galicia coma no resto da Península, recollendo as diferentes traducións realizadas.

Dasilva, Xosé Manuel, 'O pensamento de Plácido R. Castro sobre a traducción', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Críticas e recensións', 2003, pp. 281-288.

Recensión do libro *Unha escolma xornalística* (2002) que recolle unha selección de artigos de Plácido R. Castro difundidos orixinalmente en diferentes xornais. Debidamente traducidos ao galego, foron seleccionados para esta ocasión por Xulio Ríos. Debido á súa variada temática, aparecen estruturados en cinco series que axudan a entender a simbiose entre galeguismo e internacionalismo: "Democracia e nacionalismo", "Irlanda e o celtismo", "Acción exterior de Galicia", "Progreso e identidade" e "Sobre literatura e traducción". É esta última a que centra o comentario, xa que Plácido Castro, amais dun gran tradutor, foi un dos máis brillantes pensadores sobre a traducción que deu Galicia. Dentro desta serie, Dasilva salienta os artigos "Christina Rossetti", no que se ofrecen versións de cinco poemas seus; "Laios gaélicos", que incorpora as traducións de tres poetas irlandeses feitas a partir das respectivas traducións inglesas, e o artigo "O galego é outro idioma", no que Plácido Castro defende a traducción ao galego de calquera texto que poida ser traducido ao castelán. Finalmente engade, por conta propia, certas reflexións de Castro sobre a traducción que non se recollen neste volume, como o artigo "El teatro gallego", no que defende a dramaturxia irlandesa mediante o exercicio da traducción como fonte para a creación dun teatro galego. Así mesmo, para completar a aproximación a Plácido Castro tradutor, refírese entre outros ao proxecto de colaboración entre este e Villar Ponte para traducir dúas pezas de Yeats, *The Land of Heart's Desire* e *Cathleen ni Houlihan*, que saírían do prelo baixo o título *Dous folk-dramas de W. B. Yeats*. Tamén menciona a distinción que as súas versións de dez poetas ingleses, compartidas con Lois Tobío e Florencio Delgado Gurriarán, acadou na Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires en 1946; as súas versións de Christina Rossetti ou das *Rubáiyát* de Omar Khayyám.

Dasilva, Xosé Manuel, 'O Padre Sarmiento, Teórico da traducción', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Informacións', 2003, pp. 319-322.

Breve reflexión sobre a relación entre o Pai Sarmiento e o campo da tradución, centrada nas posibles digresións ou opinións sobre o feito tradutor que este frade puido espallar ao longo da súa vastísima obra, sobre todo tendo en conta a dependencia que o pensamento ilustrado mostrou con algunhas culturas foráneas, tal e como nos indica Dasilva citando o traballo do historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Ilustración galega. As luces dun século" (2002). Despois de lamentar a presente situación da obra do Pai Sarmiento, "máis inédita que édita", recupera para esta revista a versión galega do traballo que Sarmiento escribiu sobre o acto de traducir e que leva por título *Demonstración crítico-apologética de el Theatro crítico universal que dio a luz el R. P. M. Fr. Benito Geronymo Feyjoo, Benedictino*.

Dasilva, Xosé Manuel, 'Francisco Añón en homenaxe a Camoes', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 41-50.

Comeza referíndose ás homenaxes poéticas que ao poeta portugués lle tributaron Rosalía de Castro, "Dend'as fartas orelas do Mondego" (1880), e José López de la Vega, "Un recuerdo a Camões", (1957); a seguir, comenta as composicións de Francisco Añón "A Lisboa" (1857) e "En la inauguración de la estatua a Camoens", incluíndo os textos comentados. "A Lisboa" é un "canto apaixonado que Añón consagra á capital portuguesa"; as estrofas sétima e oitava, segundo nos indica Dasilva, son unha "rendida ofrenda" a Camões. Con respecto ao segundo poema, indica que posúe unha estrutura binaria onde xorden apóstrofes que apelan constantemente a Camões e que tamén hai bastantes referencias aos *Lusiadas*; fai referencia, a continuación, aos dous documentos autógrafos que se conservan do poema, que posúen pequenas diferenzas e coméntaos baseándose nos estudos de Bel Ortega. Fala, a seguir, da tradición impresa do poema mencionando, entre outros, o traballo realizado por Ramón Lorenzo. Finaliza facendo mención á necesidade de que se realice un estudo crítico da obra de Añón.

Dasilva, Xosé Manuel, 'Un conxunto de narracións portuguesas con ingredientes galegos', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 120-122.

Malia que se trata dun libro de relatos dun autor portugués, *Cenas da vida dum minotauro* de José Viale Moutinho, Xosé Manuel Dasilva cre que merece ser lembrado dentro do mundo das letras galegas polo que por elas ten feito, sobre todo no eido da tradución, no que levou ao portugués obras de Méndez Ferrín, Neira Vilas e textos de Castelao, Vicente Risco e de Alonso Montero; ademais de ser un defensor da tradución recíproca nas dúas linguas como ponte entre as literaturas galega e portuguesa.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Cabanillas e Verdaguer: unha adaptación', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 51-54.

Inicia o artigo citando as palabras de Ramón Cabanillas, quen manifestaba que se iniciara na literatura como tradutor dos poetas cataláns; sinala, de feito, que o primeiro poema de Cabanillas en galego é unha tradución: "Preludio. Morrerei no meu niño. Traducción de Verdaguer". Sinala que detrás das traducións que Cabanillas fai dos poetas cataláns están o mestre Magariños e Alfredo Brañas, de cuxa admiración por Cataluña dá conta Dobarro neste artigo. Apunta as similitudes vitais e literarias entre Verdaguer e Cabanillas, ambos se

criaron no seo de familias modestas e estudaron no seminario e, no tocante á poesía, ningún dos dous foi un poeta erudito nin puramente instintivo, pois procuraron combinar as habilidades versificadoras cos coñecementos literarios, o mesmo fixeron no tratamentos do idioma, xa que mesturaron a linguaxe culta coa popular conseguindo excelentes patróns lingüísticos. Finalmente, inclúe o poema orixinal en catalán de Verdaguer e a tradución de Cabanillas para mostrar que Cabanillas, máis que traducións fai recreacións, polo que habitualmente os seus textos teñen maior extensión e cambia con frecuencia as estrofas.

Dourado Deira, Manuel, 'Riveiro Coello, Antón. Cartafol do Barbanza, viaxe polo cuadrante das sereas. Angueira, Anxo. Terra de Iria, viaxe ó país de Rosalía de Castro', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 132, 'Recensións', 2003, pp. 106/210-107/211.

Describe dous libros da serie "As Viaxes" buscando algúns puntos en común entre eles. Os volumes comentados son *Cartafol do Barbanza, viaxe polo cuadrante das sereas*, de Antón Riveiro Coello e *Terra de Iria, viaxe ó país de Rosalía de Castro*, de Anxo Angueira, ambos os dous editados no ano 2002. Resume a singularidade destas dúas monografías en catro aspectos: en primeiro lugar destaca que as dúas se refiren a unha demarcación natural moi delimitada, en segundo lugar indica que son froito dunha peregrinación real na que se contemplou todo en detalle, no terceiro aspecto subliña que os seus verdadeiros protagonistas son as xentes dos lugares descritos e, por último, sinala que nelas se descobre Galicia dunha forma viva e humana.

Enríquez, Xosé Manuel, 'Ganga. Antón Lopo', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Libros', febreiro 2003, pp. 304-306.

En primeiro lugar define a obra como un relato "heterobiográfico, retrospectivo e non ultimado" quen nos adentra nun mundo que se nutre de falsidades sucesivas, personalidades paralelas e entes dobremente ficcionados. Seguidamente indica que *Ganga* é unha obra poliédrica, unha novela de aventuras actuais, que nas formas é moderna, pero na concepción é clásica. Tamén é deformante posto que nada nin ninguén é como debería ser e todo é cuestionábel. Alude a que presenta como novidade que os asuntos tratados aparecen por xunto e que son vítimas dun tratamento desinhibido e familiar. Apunta tamén que o fio narrativo se desenvolve ao longo de noventa e un sketches de extensión variable e que está escrita a posteriori do relato.

Estévez, Xosé, 'A estirpe vasca de Manuel M. Murguía', *Murguía. Revista Galega de Historia*, 'Fontes', maio 2003, , pp. 21-33.

Investígase o pasado familiar vasco de Manuel Murguía, os seus antepasados eran oriúndos de Astigarraga onde tiñan unha casa solar que exercía dende a Idade Media o padroado da Igrexa, cobraban rendas dos veciños e percibían peaxe. Con motivo da restauración do absolutismo o seu avó liberal tivo que fuxir ata á Coruña e alí estableceuse coa súa familia. Posteriormente, a súa filla Concha, nai de Manuel Murguía, permanecería na cidade herculina casando cun boticario. O artigo remata cunha serie de discursos e poesías que se leron nunha homenaxe realizada á nai do estudoso na súa terra natal, no concello de Oiartzun, polo fondo amor que sentía por ela.

F. Cordeiro, Santiago, 'A salgada patria dos libros', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', novembro 2003, , p. 11.

Fala do libro *Memorial de a bordo* (2003) de Alberto Fortes publicado pola editorial El Cobre (Barcelona), que non só relata peripecias marítimas, senón que tamén reflexiona sobre a relación do home e o mar. Segundo Cordeiro faltan obras na historia da literatura galega e hispánica que traten o tema do mar, de modo que *Memorial de a bordo* contribúe a encher ese oco.

Fernández Castro, X. M., 'Elia en ardentía ou Bernardo destemplado / Historias de María atrapada. Breve tratado de amor precipitado. Roberto Salgueiro González', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 329-333.

Realiza en primeiro lugar unha panorámica xeral da produción de Roberto Salgueiro González, que divide en dúas etapas separadas polo lustro de silencio que tivo ao comezo da década dos noventa e informa da publicación no 2001 de *Elia en ardentía ou Bernardo destemplado* (Premio Cunqueiro 2000), que é unha peza formada como un cuarteto no que sobresaí o dúo amoroso composto por Bernardo de Terzi e Elia de Rucellai. No texto a literatura ten un papel central no desenvolvemento e no tratamento da acción, que recae sobre a elocuencia dos personaxes, e posúe unha dinámica próxima á linguaxe cinematográfica. A continuación comenta *Historia de María atrapada. Pequeno tratado de amar precipitado* (2001), onde pode observarse o ton crítico e humorístico propio de Roberto Salgueiro. Consiste nunha traxedia antiheroica onde os personaxes son aquilo polo que se lles paga, "son vítimas dunha conxuntura histórica". A acción desenvólvese de noite na parada dun autobús que cobre a liña ao aeroporto onde tres descoñecidos inician trato. Fernández Castro cita tamén a última obra que publicou, *Matanza* (2002).

Fernández Castro, Xosé, 'Os novos dramaturgos dos anos oitenta', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 32-43.

O artigo establece unha nómina de oito autores nobeis e catorce textos que foron galardoados en distintas convocatorias dos certames teatrais Premio de Teatro Álvaro Cunqueiro, Premio de Teatro Camiño de Santiago e Premio Rafael Dieste, organizados pola administración pública. Os anos 1988, data da primeira edición do Álvaro Cunqueiro, e 2001 son os límites cronolóxicos que definen o corpus establecido por Fernández Castro que inclúe autores nados entre 1958 e 1972 pertencentes á denominada pola crítica como "Xeración dos noventa" e que o autor, dada a súa amplitude, fragmenta nun primeira selección que cualifica como "primeira dramaturxia hiper-institucional". Fernández Castro realiza un resumo do argumento das pezas premiadas e unha interpretación crítica das mesmas que ofrecen ao lector unha panorámica precisa das liñas de creación seguidas nos anos oitenta. A relación de obras e autores analizadas é a seguinte: *O arce no xardín*, de Roberto Salgueiro, Premio Álvaro Cunqueiro 1988; *Historia de Neerea (Melodrama antigo)*, de Roberto Salgueiro, finalista do Premio Álvaro Cunqueiro, 1989; *Copenhague (Comedia evidencialista)*, de Andrés Álvarez Vila e Xosé Cid, Premio Álvaro Cunqueiro 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans, Premio Dieste 1993; *O peregrino errante que cansou ao*

Demo (Retablo barroco en dez escenas dunha Galicia visionario e popular doutros tempos), de Xavier Lama, Premio Camiño de Santiago 1993; *Lugar*, de Raúl Dans, Premio Álvaro Cunqueiro 1994; *Raiñas de Pedra*, de Cándido Pazó, finalista do Premio Álvaro Cunqueiro 1991; *O serodio remordemento do amor (fantasía trágica en once escenas dun tempo ido de plenitude e cinza)*, de Xavier Lama, Premio Dieste 1995; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande, Premio Dieste 1998; *Estrema*, de Raúl Dans, finalista do Premio Dieste 1998; *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado*, de Roberto Salgueiro, Premio Álvaro Cunqueiro 2000; *Footing*, de Gustavo Pernas, Premio Dieste 2001; *Matanza*, de Roberto Salgueiro, finalista do Premio Dieste 2001 e *39 veces chao*, de Miguel Sande, finalista Premio Dieste 2001.

Fernández del Riego, Francisco, 'Memoria de Lois Tobío', *Grial*, nº 158, 'Documentos', abril 2003, , pp. 94-95.

Fernández del Riego rememora a súa relación persoal e profesional con Lois Tobío; dende o ano 1931, que o coñeceu en Santiago de Compostela, cando exercía como profesor de Historia do Dereito na universidade ata o regreso a Galicia logo de permanecer exiliado en Montevideo. Relata como o foi introducindo no coñecemento de Galicia e dos seus problemas en longos paseos polas rúas compostelás; a súa actividade política practicada a propósito do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía no que participou; as cartas que lle escribía, primeiro dende Praga, a onde fora destinado como diplomático e despois dende Xenebra, Viena, Varsovia... ou as que lle enviaba dende o exilio uruguaio. Tamén fai un repaso polos libros máis destacados que Tobío deu ao prelo, resaltando os múltiples estudos feitos sobre o conde de Gondomar.

Fernández Naval, Francisco X., 'A pesca e a literatura galega', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Monográfico', setembro 2003, , p. 4.

Análise do vencello do home co mar e, máis concretamente, coa pesca entendida como procura do sustento e esforzo no traballo diario. Ademais fai un seguimento da relación nuclear e primixenia entre o mar-pesca e a literatura galega dende o cancionero popular ata a actualidade, salientando o escaso tratamento que se lle veu dando á temática pesqueira, así como a ausencia de grandes personaxes mariñeiros e de sagas narrativas referidas ao mar e á pesca, reflexo dunha carencia literaria que permitise identificar a relación do home co mar.

Fernández Paz, Agustín, 'Literatura que tamén poden ler os nenos', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', xaneiro 2003, , pp. 88-95.

Relatorio que ofreceu Agustín Fernández Paz nas xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do vinte e oito ao trinta de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra mais Luciano Rodríguez. O escritor reflexiona ao redor de catro eixes que lle atinxen á literatura infantil e xuvenil e, algúns deles a todo tipo de literatura galega; por unha banda fala do concepto que hai xeneralizado sobre literatura para nenos, unha barreira preestablecida pola que se diferencia da de "adultos" que Agustín Fernández Paz rexeita por completo; ligado a este concepto desenvolve a idea de que este tipo de escritores son considerados a maioría das veces

escritores periféricos; tamén abrangue o carácter localista que se adoita atribuír ao autor de literatura galega e, por último, desenvolve o seu punto de vista a cerca de escribir en galego, nunha lingua minorizada e de cómo están as cousas institucional e socialmente a este respecto.

Fernández Rei, Francisco, 'Plácido Castro e as traducións ó galego', *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Crónica', xaneiro 2003, pp. 135-140.

O autor parte da súa participación como parte do xurado do II Premio de Tradución Plácido Castro, para defender a tradución ao galego de obras extranxeiras e da importancia que isto conleva tendo en conta o estatus de lingua minorizada en que se atopa o galego. O artigo é unha descrición do que consiste este premio e das conclusións ás que chega Fernández Rei sobre as traducións ao galego de textos estranxeiros que xa desde a época de Otero, como tradutor do *Ulysses* de James Joyce, se viñan facendo.

Fernández Rei, Francisco, 'Plácido Castro. Culto, moderno, tolerante', *Tempos Novos*, nº 78, 'Horizontes', novembro 2003, pp. 50-55.

Principia facendo unha breve presentación da vida de Plácido Castro, na que salienta o seu compromiso galeguista e lamenta que a súa figura pasara para moitos "desapercibida". Logo, tras referirse á relación deste humanista con Cambados, fai alusión a *Unha escolma xornalística* (2002) de Edicións do Castro na que se recolle parte dos seus artigos na prensa. Sinala que nestes se evidencian as súas ideas políticas e o seu nacionalismo, subliñando que moitas delas aínda hoxe terían vixencia. A seguir, realiza un comentario das cinco seccións nas que se divide o volume, case todas con artigos sobre cuestións políticas, excepto a última, "Sobre literatura e tradución". Nesta párase a destacar o significado do seu labor de tradutor, sinalando que para el "galeguismo e universalismo eran totalmente compatibles", así como cita algunha das traducións realizadas. Tamén, da segunda, "Irlanda e celtismo", explica que o de Corcubión aseguraba que Irlanda era unha boa fonte de inspiración para os escritores galegos sen ter que acudir á Grecia clásica. Remata afirmando que en parte o nacionalismo que hai hoxe coincidiría co de Plácido Castro, "un nacionalismo pacífico, progresista e tolerante". Nunha nota á parte advirte que este artigo recolle en liñas xerais a súa intervención no acto de presentación da escolma antes mencionada.

Fernández Valdehorras, Camilo, 'Memoria dun morto nunca ausente: Roberto Vidal Bolaño', *Citania*, nº 4, 2003, pp. 79-91.

Lembra a súa amizade co dramaturgo Roberto Vidal Bolaño (Santiago, 1951-2002), da súa mesma xeración. Sinala que a súa etapa máis unida foi durante os anos despois da posguerra e ata o ano 80 departiron nas noites composteláns sobre os problemas do teatro e do país. Comenta como durante un tempo a súa relación non pasou por un bo momento por tomar partes distintas sobre un mesmo tema, aínda así sempre se gardaron un fondo respecto. Recoñécelle a súa loita polo teatro galego e a súa figura como escritor, iluminador, actor... Entende que o seu era un compromiso coa realidade da terra a partir dunha ideoloxía nacionalista e progresiva, ansiou sempre un teatro galego de calidade que chamase á poboación ás salas. Comenta anécdotas relacionadas cos seus encontros en

diversas ocasións e a súa derradeira coincidencia o 4 de xaneiro do 2002 no acto de presentación da "Biblioteca Galega 120" e as ideas que os unían como pode ser a ansia dunha sociedade galega culta e próspera que loite por un país libre e que sexa capaz de crear un teatro nacional. Garda especial recordo da posta en escena de *Memoria de mortos e ausentes* (1978), unha peza na que se establece unha oposición entre o rural e o urbano, o perigo da desaparición dunha aldea polas máquinas representada con poucos medios e cunha escenografía funcionalista propia dos tempos.

Fernández, Carlos, 'A tentación academizante', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , pp. 10-13.

Carlos Fernández, membro do Consello da revista *Grial*, fai un repaso histórico polos diferentes cometidos aos que se foron sometendo as revistas dende o seu nacemento como tales ata a actualidade. Contrapón a distinta funcionalidade que tiñan as revistas culturais fronte ás científicas, nadas cada unha ao abeiro das ciencias naturais e das sociais. Trata tamén a revista crítica, que xurdiu no século XIX, e como en ocasións se viu e se ve supeditada a intereses económicos ou persoais, como poden ser o espallamento de artigos favoritistas ou simplemente traballos que teñen como único fin engrosar o currículo académico dos asinantes. Remata lembrando que a nova etapa de *Grial* arranca cun espírito crítico, informativo e cultural, escapando dese periodismo trivial, que só amosa o fuxidío e é incapaz de fuxir do fragmentarismo.

Fernández, Miguel Anxo, 'Socialmente necesaria, artisticamente persoal', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas', maio 2003, p. 74.

Crítica da película *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa, na que o autor, para alén de deterse na historia recente e estado actual do audiovisual galego, fai unha pequena comparación entre a cinta e a novela homónima de Manuel Rivas en que se basea. Comeza por sinalar que a peza literaria tivera un éxito enorme, chegando a afirmar que se trata da "novela contemporánea máis lida dentro e fóra de Galicia", con dezaseis edicións en Xerais e outras tantas traducións. A seguir, afirma que as relacións entre literatura e cine son moi complexas e que as adaptacións, sobre todo de obras coma a deste caso, resultan moitas veces difíciles. Finalmente, conclúe expresando a súa satisfacción perante o resultado conseguido por Reixa.

Fernández, Santiago, 'O drama das palabras', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 32-33.

Partindo dunha aula onde se lle pide a unha alumna que lea uns versos do poeta Avilés de Taramancos e coa conseguinte falta de lectura dramática co que esta persoa o fai, o autor expón dunha forma bastante poética tanto na forma como no fondo, a falta de consideración da palabra por parte da sociedade actual o que conleva a ter un teatro moi afastado dos seus principios como diálogo retórico, e polo tanto, algo máis que un diálogo coloquial. Incídese, ademais, na necesidade e a actual falta da palabra para o ser humano que fai que o teatro non estea nun bo momento debido, precisamente, a esta crise da palabra.

Figueroa, Antón, 'Relación literaria, tecnoloxía e cultura única', *A Trabe de Ouro*, nº 55,

'Cuestións', xullo 2003, pp. 301-311.

Comeza esta reflexión lembrando os fundamentos da comunicación literaria, que se produce mediante a tarefa de interpretación dun texto que, para ser lido, presupón unha comunidade cultural entre o escritor e o lector en termos xerais; implica un mínimo de coincidencias entre ambos e soporta, pero esixe, un máximo de diferencias como condicións para ser comprendido. Incide no rol activo do lector neste proceso, que debe encher os baleiros do texto con elementos da súa cultura. Propón algúns elementos de discusión e reflexión en relación co acontecer literario e coas relacións entre literatura e cultura única, nesta época chamada de globalización na que as novas tecnoloxías constitúen o seu símbolo e un dos seus poderes. Detense na modificación dos soportes textuais dende a letra impresa en papel ata a aparición masiva da prensa, do cine, da radio, da televisión e das redes actuais, que ocasionaron que os medios de crear e de fixar e reproducir textos destinados a seren recibidos ficcionalmente se multiplicasen, e que cambiase a incidencia no lector, formado agora non só mediante a letra impresa. Considera que as posibilidades da informática están a influír no acto de lectura, adquirindo o carácter máxico que o libro perdeu en certo modo. Ao seu entender o receptor de literatura vai seguir sendo un suxeito palimpsesto que acumula cultura e "textos", aínda que ese palimpsesto xa non estará unicamente conformado por lecturas de libros senón probablemente cada vez menos. Utilizando a categoría de campo literario, establecida por Pierre Bourdieu, reflexiona sobre a literatura como acontecer social, concluíndo coa afirmación de que tanto o mundo da arte coma o das letras enfróntanse a novos retos por mor da presión de cambio que se está a exercer nos hábitos culturais, de xeito que os poderes económicos mundializados e o mercado único que se está instaurando, parecen levar ao cuestionamento das culturas mesmas e da autonomía dos campos artísticos, pola interacción que se produce sempre entre o poder e o campo artístico.

Folgueiras López, Mónica, 'Dieter Kremer (ed.). Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos. Universidade de La Habana. Facultad de Artes y Letras. Cátedra de Cultura Gallega. 17 a 21 de abril de 2000', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 293-295.

Análise das actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos celebrado en Cuba en abril de 2000 que están formadas por cento quince comunicacións que se presentaron en dous volumes editados por Dieter Kremer baixo o lema "Un século de estudos galegos. Galicia fóra de Galicia". O primeiro tomo aparece dividido en tres bloques que analiza individualmente. No primeiro deles aborda a lingua, e co propósito de analizar a situación actual realízase un repaso polas diferentes épocas e aspectos do galego tratando temas como a lexicoloxía, a semántica, a fonoloxía, a fonética e a sintaxe. Na literatura observa a división dos artigos en tres apartados que tratan a literatura galega do alén mar, as "monografías" e a "crítica feminista". A tradución é o último dos apartados onde rexistra dous traballos de Teresa Caneda Cabrera con "Nacionalismo e modernismo: Joyce en galego" e de Ana Luna con "A tradución no desenvolvemento do sistema literario en galego. Os cambios de voz de Manolo Rivas". Conclúe indicando que non analiza o segundo tomo porque non se tratan temas filolóxicos.

Forcadela, Manuel, 'Cuaderno de versiones, de José Ángel Valente', *Viceversa. Revista*

Galega de Traducción, nº 7-8, 'Críticas e recensións', 2003, pp. 299-302.

O breve percorrido polo pensamento e traxectoria artística, fundamentalmente poética, de José Ángel Valente (Ourense 1929- Xenebra 2000) vai acompañado dunha recensión de *Cuaderno de versiones*, volume preparado e prologado por Claudio Rodríguez Fer que contén versións de textos escritos en diversos idiomas (francés, inglés, italiano, grego e alemán) dos que Valente sentiu a necesidade de adecuar ao seu propio código, no idioma castelán e, en menor medida, en galego. Polo tanto, segundo Forcadela, o interese dese "pequeno catálogo de obras escollidas" radica non só no proceso levado a cabo para acadar unha adecuación entre os textos de partida e os de chegada, senón tamén na peculiaridade dos autores e obras escollidas. Mencionáanse neste comentario catro seccións especialmente significativas: as adicadas aos metafísicos ingleses, a eugenio Montale, a Konstantino Kavafís e a Paul Celan. Remata a recensión cunha referencia ás versións de Valente dos poemas de Friedrich Hölderlin ao galego, que considera "significativas e fermosas".

Forcadela, Manuel, 'O ensaio no ano 2001', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 227-239.

Comeza afirmando que o discurso ensaístico galego do 2001 foi semellante ó do ano anterior. Destaca tres características principais: a inmediatez, xa que posúen unha bondade de intervención rápida, a nación e a terceira é a tendencia a botar man da literatura como fondo sobre o que asentar a propia especulación, esta última está en retroceso. Tamén dedica un apartado ás obras publicadas co gallo do Día das Letras Galegas. No tema do nacionalismo e a súa defensa comenta as obras de Camilo Nogueira *A memoria da nación*, Antón Figueroa *Nación, literatura, identidade*, Xosé Chao Rego *Itinerario da conciencia galega*, Xavier Vihar Trilho, *A remodelação "federal-confederal" do Reino da Espanha*, Noa Rios Bergantinhos *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936). Ideologia e realidade*, *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* de Olivia Rodríguez González, *Arredor de Castelao* de Pilar García Negro, *Castelao e o seu tempo: unha persectiva ourensá* de Francisco Fernández del Riego e *A aristocracia imposible: o discruso político de Nietzsche* de Francisco Sampedro. Esta última é unha das que máis destaca deste ano. Continúa analizando as obras que repasan a nosa tradición literaria onde destaca un conxunto de conferencias presentadas nas xornadas adicadas a Fermín Bouza-Brey e Manuel Antonio que aparecen nos respectivos volumes; *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media* de Santiago Gutiérrez e Pilar Lorenzo, *Novela en pé de guerra: a Guerra Civil vista polos novelistas galegos en castelán*, *"A Esmorga" de Blanco Amor* de Ana Belén Martínez Delgado e *"Parranda" de Gonzalo Suárez*. Tamén cita, no apartado de "monográficos e traballos de análise da totalidade da súa obra" de escritores vivos, os que se realizaron a cerca de Xosé Neira Vilas e Manuel María. Destaca tamén *Do lado dos ollos* de Emilio Araújo, que recolle setenta e nove entrevistas a diferentes poetas de todo o mundo sobre o proceso literario. No apartado dedicado ao Día das Letras Galegas destaca *O Diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega* de Xoán González-Millán, *Eladio Rodríguez e a cultura galega* de Ramón Mariño, *A vida de Eladio Rodríguez González* de David Otero e *Eladio Rodríguez. Vida e obra*, de Marcos Varcárcel. Conclúe afirmando que a nación dende as súas múltiples perspectivas continúa sendo o tema máis tratado.

Forneiro, José Luis, 'Contra o minifundismo cultural (Contestación a Domingo Blanco)', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Comunicacións', febreiro 2003, pp. 137-151.

Contestación á reseña que Domingo Blanco publicou no *Anuario de Estudios Literarios galegos 2000* sobre o seu libro *El comercio tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas* (2002). Explica a aversión que Domingo Blanco sente cara o Seminario Menéndez Pidal, contra a aplicación dos seus principios á literatura galega e explica que posúe uns limitados coñecementos do romanceiro tradicional galego extractando e comentando textos del. Rétao a que xustifique moitas das afirmacións que realiza nese eido, e conclúe afirmando que as críticas realizada por Blanco, responden "o papel de suposta autoridade na literatura galega popular" que nega toda a discordancia coa súa concepción da literatura de clases populares galegas, que bebe directamente das obsoletas teses diferencialistas de orixe romántica que non serven, sobre todo se proveñen do exterior.

Franco Grande, X. L., 'Domingo García Rodríguez (Borobó)', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 134, 'In Memoriam', 2003, dende setembro 2003 ata outubro 2003, pp. 95-96.

É un breve texto no que se recorda a Domingo García Rodríguez, coñecido como "Borobó". Segundo Xosé Luís Franco Grande foi unha das pezas claves do que sería o galeguismo despois da Guerra Civil, e sen el non se explica a xeración que nesta época modernizou a narrativa e a poesía e levou a cultura galega ás masas. Fixo canto puido por apoiar esta nova xeración, abríndolles as portas do xornal *La Noche* e alentando cantos actos e iniciativas promovían. Desde a súa presenza na prensa, desde os seus "Anacos", di Franco Grande, difundía a súas conferencias e apoiaba campañas coma a "campaña do peso" que posibilitara o premio "Castelao" de teatro. De feito lembra como un dos nomes daquela xeración se debe a el: "a xeración de *La Noche*", que ironicamente fai alusión aos anos de franquismo. En definitiva Borobó sería para el un dos referentes desta época na que, despois da desfeita cultural que foi para Galicia a posguerra, puido iniciarse unha nova etapa, a Galicia moderna. E por iso se queixa de que non haxa ningunha tese doutoral sobre este tema e de non se lle fixese xustiza a xentes coma Borobó, algo que espera que, polo menos, se lle faga "post mortem".

Freire, Carlos, 'Fueliadas. Poetas contra a marea negra', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Monográfico', 2003, , p. 6.

Faise eco do amplo número de publicacións poéticas que provocou o desastre do Prestige. Nuns casos trátase de libros colectivos e intervencións conxuntas como *Negra sombra, intervención poética contra a marea*, publicada conxuntamente por Espiral Maior e Edicións Xerais, e *Alma de beiramar*, levado ao prelo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e o semanario *A Nosa Terra*. Noutros casos trátase de autores individuais como Xosé María Álvarez Cáscales con "Mare do pobo a arder". Todos eles reflicten as reaccións perante a catástrofe, mais, sobre todo, critican a desidia e incapacidade dos gobernantes á hora de enfrontarse á traxedia.

Freixanes, Víctor, 'Conversa con Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto.

Corenta anos de Grial', *Grial*, nº 157, 'Entrevista', 2003, , pp. 50-57.

A propósito do cuadrexésimo aniversario de *Grial*, que vén saíndo á rúa de forma regular dende 1963, achégase unha entrevista con Xaime Isla Couto e con Francisco Fernández del Riego - directores de honra nesta nova xeira da revista-, que lembran os primeiros anos desta publicación e o seu percorrido ata a actualidade. Conversan sobre o *Suplemento del Sábado* do xornal compostelano *La Noche*, detrás do que tamén estiveron os dous, e sobre fundación da editorial Galaxia.

Freixanes, Víctor, 'Unha nova andaina', *Grial*, nº 157, 'Carta do editor', 2003, , pp. 3-5.

Comeza o director desta revista lembrando a etapa que estivo dirixida por Carlos Casares e todos os logros que con ela e, en xeral, no mundo cultural galego foi acadando. A continuación, Víctor Freixanes explica os propósitos cos que retoma esta nova etapa a revista *Grial*, entre eles o compromiso de atender os diferentes eidos culturais de Galicia entendidos como unha cultura aberta, en diálogo coas culturas contemporáneas, nunha lingua moderna, símbolo da identidade de Galicia. Por último, presenta un a un os novos compoñentes do Consello de Redacción, dous deles pertencentes xa ao anterior (Xan Bouzada e Carlos Fernández) e os outros (Xosé María Álvarez Cáccamo, David Barro, Domingo Docampo, Uxío Labarta, Carlos Lema, Alberto Meixide, César Portela, Andrés Torres Queiruga, Dolores Vilavedra e Ramón Villares) incorpóranse de novo. Tamén informa de que Xosé Manuel Soutullo vai levar a súa coordinación, Fausto Isorna, o deseño e a dirección será compartida por el e Henrique Monteagudo.

Freixanes, Víctor, 'Destrucción da memoria', *Grial*, nº 158, 'Carta do editor', 2003, , pp. 5-7.

Partindo do desencadeamento da guerra contra Irak e dos posteriores asaltos a bibliotecas e museos, Víctor Freixanes realiza un breve repaso por acontecementos semellantes ao longo da historia da humanidade, para explicar o motivo da elección deste tema neste número de *Grial*. Sostén que hai que abordar estes temas de cara á configuración das sociedades do século XXI. No mesmo artigo lembra que se está a cumprir o centenario do nacemento de Alexandre Bóveda (1903-1936); preséntao como unha das moitas vítimas da barbarie do ano 1936 e fai un repaso polo seus múltiples traballos políticos, sociais e culturais.

Freixanes, Víctor F., 'A cidade literaria (Notas para unha conferencia. 30 anos da edición de La saga/fuga de J. B.)', *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, nº 1, 2003, pp. 23-34.

Comeza apuntando que hai cidades para todos os xéneros literarios: cidades miscelánea, case que enclopédicas (París, Nova York, Bos Aires, ...), cidades-poema (Lisboa), cidades-ensaio (Brasília ou Frankfurt), cidades-filosóficas (Leipzig), cidades-relato breve (Tunes, Marraquech, ...), cidades-teatro (Londres, Verona, Venecia, Roma, ...) e cidades-novela (Praga, Manhattan, ...). Ao grupo de cidades-novela, afirma Freixanes, pertence Castroforte del Barralla, que non é outra que Pontevedra, aínda que en *La saga/fuga de J.B.* tamén hai outras vilas. Torrente coñece por primeira vez Pontevedra nos anos trinta cando o seu pai fixa a residencia familiar primeiro en Vigo e despois en Bueu, e na vila do Lérez

reside coa súa familia nos anos sesenta. Outras cidades aparecen en diferentes obras do escritor, así Villasanta de la Estrella é Santiago de Compostela, en *Dafne y ensueños* está Ferrol e Puebla Nueva del Conde, a vila de *Los gozos y las sombras*, é Bueu. O propio Torrente falou da condición de Pontevedra como cidade-novela nun artigo publicado nun xornal, no que dicía que Pontevedra ten a medida xusta do ser humano, só en cidades así pode o escritor traballar o gran espazo da narración total, a totalidade da condición humana, na súa riqueza e na súa complexidade, na súa diversidade e tamén no seu disparate, palabra moi grata a Torrente. Así en *La saga/fuga de J.B.* danse cita a Pontevedra dos Churruscaos, a Pontevedra do Partido Galeguista, a Pontevedra dos santos que veñen do mar, a Pontevedra do loro Ravachol e outros moitos aspectos que marcaron a historia da cidade do Lérez e que Freixanes apunta neste estudo. Comenta que lle pregutou a Torrente se era certo o rumor de que intentara escribir *La saga/fuga de J.B.* en galego, pero o escritor limitouse a dicir que a súa relación co galego era incompleta, podía e sabía falalo, pero a súa lingua literaria era o castelán; non se sentía con forzas ou con coñecemento abondo como para escribir en galego. Aínda así, segundo Freixanes, poucos autores acolleron e recrearon con tanto talento a identidade de Galicia, "a nosa memoria, o noso ser máis íntimo". A partir disto, afirma que cuestionar ou discutir se son ou non son galegos, escritores coma Torrente Ballester, Valle Inclán, Emilia Pardo Bazán, Camilo José Cela ou Wenceslao Fernández Flórez porque non escribiron en galego, parécelle dunha pobreza de horizontes inaceptábel. Completa o artigo referíndose á súa relación persoal con Gonzalo Torrente Ballester, a primeira vez que o viu saía da cafetería Lar de Pontevedra acompañado doutros profesores do instituto de Pontevedra, no que exercía como profesor de literatura. No ano 1975 coñeceuno persoalmente grazas a unha entrevista que lle tivo que facer enviado polo xornal *Informaciones*, no que tamén colaboraba o escritor. Freixanes declara que non sería capaz de escribir *O triángulo inscrito na circunferencia* sen ter lido antes a obra de Torrente e o artigo mencionado anteriormente, pois esta novela é outra maneira de ver Pontevedra. Por último, subliña a necesidade de ler a obra de Torrente.

G. Trigo, Xosé Manuel, 'Mar de fondo', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 116-117.

O recensor comeza eloxiando a liña narrativa que segue o escritor Manuel Rivas e que demostra unha vez máis en *As chamadas perdidas* (2002). Enxalza que non faga "libros *omnibus*", senón obras dotadas do seu estilo e ton particular; en especial celebra o seu instinto lírico inelutábel, tanto na poesía coma na prosa e vaine exemplificando con distintos aspectos que caracterizan algúns dos relatos deste libro, como poden ser as imaxes visualizantes, sensoriais, asistidas por unha especie de suxestións fotográficas. Finalmente destaca o mar como elemento predominante na súa obra, que tamén fai de pano de fondo en *As chamadas perdidas*, "un libro aromado de salitre e floreado de espuma, que gaña unha emoción engadida nestes días de negrume nos nosos areais".

G. Trigo, Xosé Manuel, 'Literatura electoral', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', 2003, , p. 10.

Refírese, con certa ironía, ás preferencias literarias dos políticos, centrándose no caso de Mariano Rajoy, que afirma ler a Ortega, Julián Marías, Carlos Casares e Manuel Rivas.

Trigo pregúntase se tan disímiles estilos literarios responderán a un espírito aberto e tolerante.

G.V.P., 'En dous ou tres anos van desaparecer moitas editoriais', *Eco*, nº 145, 'Entrevista', xuño 2003, pp. 72-73.

Entrevista na que Bieito Ledo, fundador e director da editorial Ir Indo, que naceu en 1985 e que se conta entre as editoriais de referencia en Galicia, apunta a necesidade de reorganización que precisa o mundo editorial galego. Comeza sinalando que Ir Indo é a terceira editorial do país, por detrás de Galaxia e Xerais, e a primeira en cadro de persoal, e que naceu co obxectivo de ser unha editorial xeneralista, cunha ampla variedade de produtos que chega xa aos 400 títulos publicados maioritariamente en galego, e ofrecer unha visión distinta, interpretando a realidade máis complexa. Na súa opinión o sector editorial galego vive un momento moi delicado que rematará coa desaparición dalgunhas empresas para que outras poidan sobrevivir con maior garantía. Propón un estudo en profundidade por parte da Xunta para reformar a Lei de Normalización Lingüística e favorecer que o galego non desapareza na súa loita co castelán. Entre os proxectos máis importantes de Ir Indo menciona a *Enciclopedia Galega Universal*, na que colaboran máis de cincocentas persoas das tres universidades e que ten un custo total de 6.000.000 euros.

G.V.P., 'O legado de Casares vai máis alá do meramente literario', *Eco*, nº 148, 'Entrevista', setembro 2003, pp. 68-70.

Conversa con Damián Villalaín, director da Fundación Carlos Casares dende febreiro de 2003, na que sinala que a idea de crear esta Fundación xurdiu pouco tempo despois da morte de Casares entre un grupo de amigos íntimos co obxectivo de que pervivise o seu legado literario, cívico e cultural e que o seu Padroado está formado por cinco dos seus familiares directos e seis persoas designadas pola presidenta, a súa viúva Kristina Berg, entre os que se contan Darío Villanueva, Manuel Rivas, Manuel Rodríguez Vázquez, Manuel Rodríguez Álvarez e Xosé María Fonseca Moretón, ademais de dez institucións nas que a pegada de Casares foi moi importante: a Xunta de Galicia, os concellos de Vigo e Ourense, Caixa Galicia, Caixanova, *La Voz de Galicia*, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Editorial Galaxia e a Fundación Penzol. Indica que o presuposto da Fundación rolda os 240.000 euros e ten a súa sede temporal en Vigo, no edificio Asefal, na que existe unha zona de ocio e cines, unha sala multiusos que é tanto biblioteca coma salón de actos e outro espazo que comeza a funcionar como lugar de traballo dos seminarios permanentes que acolle a institución. Sinala tamén que contan cunha pequena parte da biblioteca de Casares e os seus arquivos, á espera dunha sede permanente, e que son catro os obxectivos fundamentais que se perseguen: velar pola difusión, o coñecemento, o estudo e a investigación da obra de Casares; contribuír á normalización lingüística e cultural de Galicia, fundamentalmente nas áreas ás que Casares estivo vinculado en vida; fomentar unha cultura cívica, baseada na tolerancia, na pluralidade e na concepción da diversidade como riqueza social; e manter as pontes entre a cultura galega e a universal. Salienta que a Fundación quere estar presente no debate cultural de Galicia, favorecendo a apertura a novos campos e organizando seminarios permanentes que tratarán proximamente temas como a animación á lectura, as industrias culturais, a educación en sociedade, a lingua e a sociedade e a ordenación do territorio e o

urbanismo, a carón de eventos como os "Encontros no Atlántico", os debates do "Café Voltaire" ou os "Encontros de Mondariz".

García López, Xosé Anxo, 'Consideracións críticas sobre a obra poética de Rafael Dieste', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 55-68.

O artigo está formado por seis apartados, nos cales García López aborda a produción poética de Rafael Dieste. No primeiro apartado reivindica a importancia e a calidade da obra poética de Rafael Dieste relegada inxustamente, segundo el, a un segundo plano. En "Estudios críticos da lírica diestiana. Panorámica xeral" recolle os traballos que abordaron a obra poética do autor rianxeiro, entre os que sobresaen os asinados por Francisco Fernández del Riego, Luz Pozo, Estelle Irizarry ou Arturo Casas. O terceiro apartado, "Dieste, poeta bilingüe", subliña que o feito de que Dieste escriba poesía en galego e en castelán implica a necesidade de estudiala de maneira individualizada, segundo a lingua que empregue. O apartado "Consideracións sobre a poética diestiana" céntrase na obra poética en galego e en castelán de Dieste apuntado o contexto literario e as influencias, os eixes temáticos e os motivos de cada unha delas. Pódese destacar que entre os eixes temáticos figuran a animación da paisaxe, a exaltación da figura de Castelao e o rexeitamento de xuízos absolutos na poesía en galego e a viaxe, o deveso de coñecemento, a paisaxe e o amor na poesía en castelán. En canto aos motivos, sinala que se ben as árbores e a auga son motivos recorrentes na poesía en galego e en castelán, nesta última tamén aparecen a sombra, a luz, os paxaros e a esfera. Xosé Anxo García atende, pois, ás peculiaridades e describe a especificidade da poesía diestiana. No quinto apartado, "Visión transcendente da realidade. Notas a un poema case inédito de Rafael Dieste", apunta que na poesía diestiana hai certos aspectos ocultos tras a realidade obxectiva, os cales só se perciben a partir dunha ollada atenta, e ilústrao cun poema inédito titulado "Pregón a la puerta de la sal", que, incomprensiblemente, ficou á marxe de todas as antoloxías xurdidas tras o pasamento do autor. Para finalizar, García López pregúntase as causas que explicarían a breve produción poética de Rafael Dieste e apunta que, quizais, a poesía foi só un dos modos elixido nun determinado momento da súa traxectoria creativa para transmitir o seu pensamento.

García López, Xosé Anxo, 'Dous poemas no exilio: sobre a prehistoria de O soño do guieiro de Florencio Delgado Gurriarán', *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 29, 2003, pp. 67-81.

Este artigo ofrécenos un achegamento á produción literaria do escritor valdeorrés exiliado en México Florencio Delgado Gurriarán, máis concretamente ao poema "Ranae ad Solem" do que se atopan tres versións: a primeira de 1948 no xornal *Galicia*, máis tarde aquela que enviou en 1970 á publicación porteña *Correo de Galicia* e, finalmente, a que o propio escritor recolle no seu poemario *O soño do guieiro* de 1986. As versións de 1948 e 1970 aparecen reproducidas integramente nas primeiras páxinas deste artigo. Analízanse as modificacións existentes nas diferentes versións do poema como reflexo dun determinado posicionamento ideolóxico por parte do escritor como representante do ideal colectivo do exilio galego no panorama político español da súa época. Deste xeito, nun primeiro apartado, "¿monarquía ou república? Apuntamentos sobre a posición do exilio galego", o autor debulla o contexto hitórico no que se desenvolveu a andaina literaria de Delgado

Guirriarán e dentro do que se deben interpretar as dúas primeiras versións do poema: a ditadura do franquismo e o debate que se estaba a producir tanto dentro de España coma no exilio pola sucesión de Franco. Atopamos tamén, por un lado, a actitude, non sempre de consenso, pero maioritariamente favorábel ao bando republicano, fundamentalmente os residentes en México, do galeguismo exiliado e, por outro lado, a opinión dos galeguistas que permaneceron en España que non se opoñían totalmente á restauración da monarquía. Remata o artigo cun segundo apartado, "Un exemplo de autocensura: *o soño do guieiro*", onde se expón o aparente cambio de actitude de Delgado Guirriarán na época da monarquía constitucional, coincidindo coa próxima edición do seu poemario. Previendo dificultades, amósase republicano, mais por riba de todo demócrata, polo que fai cambios respecto ás versións anteriores suavizando o ton antimonárquico do poema.

Gómez, Joel R., 'Ernesto Guerra da Cal e o Brasil: um reconhecimento mútuo e frutífero', *Agália*, nº 73-74, 'Notas', xaneiro 2003, pp. 203-205.

Dá conta das actividades que Ernesto Guerra da Cal desenvolveu no Brasil dende a década dos cincuenta -conferencias, doutoramento Honoris Causa pola Universidade da Bahia, estudos sobre literatura, etc.- e a seguir reproducese o amplo estudo "O impacto da cultura brasileira nos Estados Unidos" que lera en 1970 na Universidade Federal do Rio de Janeiro.

Gonçales Blasco, Luís, 'Defendendo D. Ricardo', *Agália*, nº 73-74, 'Notas', xaneiro 2003, pp. 189-202.

Fai unha defensa á figura de Ricardo Carvalho Calero polos ataques que recibiu con referencia á opinión deste profesor sobre o poeta berciano Antonio Fernández Morales, nomeadamente os xurdidos dende as páxinas de *A Nosa Terra*.

González-Ahola, Tomás, 'Traducir de lenguas distantes. Da Finlandia rural a Galiza', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 8.

Tomás González fala das dificultades que tivo que solventar para traducir ao galego a obra finesa *Kalevala*, entre as que se atopan o feito de que o finés sexa unha lingua lonxana e non indoeuropea, e que a devandita obra estea escrita en dialecto.

Góñez Silva, Mónica, 'Celso Emilio prosista', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Deutcher Galicien-Tag 2003', decembro 2003, pp. 7-9.

Retrata o espírito vinculante e intertextual da prosa coa totalidade da obra de Celso Emilio Ferreiro. Uns pequenos apuntes biográficos encadran o inicio, onde sinala tamén os poemarios máis coñecidos. A continuación desenvolve o tema expoñendo tres exemplos de poemas que aparecen nas dúas obras prosísticas do escritor, *A Fronteira Infinda* (1972) e *A Taberna do Galo* (1978). Destes exemplos deduce tres motivos importantes que se atopan nestas obras e tamén na poética do autor: a poesía social, o recordo da infancia e a crítica a certo colectivo de emigrantes. Pola vía da exemplificación segue a comentar outros casos de intertextualidade como o uso de pseudónimos empregados polo escritor para a denominación de personaxes, historias paralelas a artigos xornalísticos da súa autoría ou a utilización da propia biografía, onde Mónica Góñez Silva ve a maior concomitancia entre

vida e obra na malquerencia polo colectivo de emigrantes galegos desleigados.

González Fernández, Begoña, 'García Cortés, Carlos: O cura de Fruíme. Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777). Instituto Teolóxico Compostelano. Santiago de Compostela, 2002, 286 páxs.', *Lycensia. Miscelánea de cultura e investigación*, nº 26, 'Libros', 2003, p. 195.

Salienta ao inicio da recensión o pouco estudados que se atopan os autores galegos do século XVIII para destacar o traballo realizado por García Cortés do intelectual Diego Antonio Cernadas e Castro, sobre o cal fixo con anterioridade outro estudo titulado "Cara ó III centenario do Cura de Fruíme (1702-1777)" onde sacou á luz textos inéditos deste ilustrado. A continuación dá conta da estrutura do libro que se inicia cun limiar seguido de tres partes que conforman o corpo da obra: "Recuperación biográfica", "Catalogación da obra publicada" e "Antoloxía poética galega". O libro péchase coa relación das fontes documentais e bibliográficas.

González Fernández, Helena, 'Catalogar o conto popular', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 125-126.

Celébrase que Camino Noia realizase un catálogo tipolóxico do conto galego que, aínda que non recolla toda a narrativa neste eido, ofrece unha proposta de catalogación a partir da recolleita achegada pola editora na que se interrelacionan entre si todos os textos e versións galegas editadas e se comparan con outras tradicións, xa que carecía de tal ferramenta a literatura galega, pois aínda que houbo outros intentos de catalogación, segundo Helena González, non respondían ao catálogo tipolóxico. Remata eloxiando tamén o feito de que no libro se recolla literatura popular actual e da ampla bibliografía que se adxunta.

González García, Miguel Ángel, 'Una crónica novelada de la vida rural', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 70, 'Crónica', febreiro 2003, pp. 35-37.

Fálase da novela escrita en galego *Na miña aldea* (c. 1920) escrita baixo o pseudónimo O Hidalgo de Monterrey, e que se corresponde co párroco José Alonso Obregón. Indícase que esta novela é un pretexto co que se reflicte o vivir cotián da aldea ourensá de Laza -festas, fiadeiros, entroido, etc.- de finais do século XIX e que tan ben coñecía o seu autor ao ser aquí onde naceu.

González Herrán, José M. / **Tarrío Varela**, Anxo, 'Encontro en Compostela con Xabier Villaverde e Suso de Toro', *Boletín Galego de Literatura*, nº 27, 'Encontros', 2003, pp. 237-261.

Reprodúcese a conversa mantida entre José M. González Herrán, Anxo Tarrío Varela, Xabier Villaverde e Suso de Toro arredor das relacións entre cinema e literatura, a partir da experiencia de adaptación da novela *Trece badaladas*, unha idea que non seguiu o proceso habitual xa que se trata de dous proxectos que naceron ao mesmo tempo. Ao longo da entrevista, Suso de Toro e Xabier Villaverde explican cómo xurdiu e se desenvolveu este traballo dobre, cáles foron os seus métodos de traballo para elaborar os dous textos, o escrito (a novela e o guión) e a película e as diferenzas e semellanzas que existen en canto

ao tratamento de personaxes e espazos. Suso de Toro refírese asemade ao papel que o cine ten nas súas novelas, unha influencia que reconece en todos os narradores contemporáneos e que chega pola vía da narrativa norteamericana a partir do behaviorismo. Reconece ter empregado "o ollo de cámara" en moitos dos seus textos, así como un xeito de narrar, que define como algo "natural", a través de secuencias e planos, "mesmo metendo banda sonora nalgún momento, o cal é unha perversión...".

González Liaño, Iria, 'Traducción e xénero: o feminismo de Rosalía de Castro traducido ó inglés', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Teoría e historia da traducción', 2003, pp. 109-130.

Preséntase este artigo dentro da liña da teoría da tradución feminista que pretende recuperar aquelas obras escritas por mulleres que reivindicán un pensamento común en defensa dos seus dereitos, neste caso a través dun estudo das traducións que Kathleen March fixo ao inglés das obras comprometidas de Rosalía de Castro. Os primeiros apartados son de carácter fundamentalmente teórico e descritivo: en "Rosalía de Castro reivindicativa" reflexiona brevemente sobre a Rosalía feminista e denunciadora da condición inferior da muller; en "¿Qué é a traducción feminista?" fai un percorrido dende o nacemento desta corrente na que interacciona a teoría da tradución coa aparición dos chamados Estudos de Xénero a finais dos anos 60 en Norteamérica, ao que hai que engadir determinados condicionamentos ideolóxicos; en "A traducción como instrumento de proxección das obras rosalianas" quedan citadas as obras de Rosalía traducidas ao inglés como mostra da importancia que a partir da segunda metade do século XX adquiriu para a crítica a obra rosaliana fóra das nosas fronteiras; finalmente, en "Posición da traductora con respecto á obra de Rosalía" salienta a fascinación que Kathleen March sentiu pola vertente feminista da escritora galega, actuando como difusora do discurso reivindicativo rosaliano no sistema literario anglófono. De seguido atopamos "Análise da traducción do discurso feminista de Rosalía" no que se descubren as estratexias que a tradutora pon en marcha para achegar o pensamento rosaliano, presente en "Lieders", *La hija del mar* e no ensaio "Las literatas. Carta a Eduarda", a un sistema receptor alleo á cultura de orixe. Remata o artigo cun breve comentario sobre a "Recepción no sistema meta" en comparación coa do sistema fonte, tendo en conta que tal recepción ten lugar cen anos despois. Subliña tamén o labor de tradución de mulleres coma Kathleen March que impulsan o recoñecemento do canon literario galego.

González-Millán, Xoán, 'Ecos do Rexurdimento cultural galego no Epistolario de Menéndez Pelayo', xaneiro-febreiro-marzo, *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Cuestións', 2003, pp. 13-37.

Faise referencia á importancia dos epistolarios como informadores dun determinado momento tanto sobre calquera tipo de vivencias individuais como colectivas. González-Millán parte do *Epistolario* de Ramón Menéndez Pelayo publicado en vinte e tres volumes entre os anos 1982 e 1991 onde se recollen experiencias socioculturais de fins do século XIX e principios do S.XX. O autor incide nas cartas enviadas por Pelayo e Gumersindo Laverde Ruiz que se transformaría no informador de Galicia, indicando datos de incuestionábel utilidade como é o caso do *Diccionario* de Marcial Valladares, indicacións de López Ferreiro, etc. Veríanse nas súas correspondencias un peso moi importante do

catolicismo tradicionalista e polo tanto, polos intelectuais católicos, aínda que tamén se advirte un interese notábel polo rexionalismo onde aparecen referidos Murguía e a súa muller, Rosalía. O autor salienta, tamén, a figura de Sarmiento nas correspondencias entre Pelayo e Laverde para seguir, indicar a correspondencia entre Menéndez Pelayo e Martínez Salázar por mor da edición crítica da *Crónica Troyana*. Sinala, despois a miscelánea de temas que aparecen na parte última desta obra para rematar afirmando e insistindo no interese do *Epistolario* de M.Pelayo pola información ofrecida e pola presentación da realidade sociocultural galega da época.

Grial, 'Biblos. Un club galego de lectores', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , pp. 7-8.

Infórmase do nacemento do primeiro club de lectores de Galicia baixo a presidencia de Tucho Calvo que abeira fondos das editoriais galegas e unha representación cualificada da edición portuguesa. Así mesmo, dise que comezou a súa andaina cunha tiraxe de 270.000 exemplares e co agasallo de *Sete noites e un amencer*, un libro de relatos de Francisco X. Fernández Naval. Lémbrese a iniciativa do citado xornalista coa "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia* para sentenciar que nunca un libro en lingua galega acadara cotas de penetración social tales (distribuíronse máis de seis millóns de libros) e que con este novo proxecto pretenden finalidades semellantes.

Grial, 'Encontro de escritores galegos. A Coruña 2002. Unha reflexión compartida', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 58-59.

Infórmase das xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do 28 ao 30 de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra mais Luciano Rodríguez. Dise que o motivo desta reunión foi o de falar sobre o futuro da creación literaria e a súa relación co discurso social e cultural galego. Ademais de enumerar todos os participantes (Susó de Toro, Yolanda Castaño, Xabier Docampo, Helena Villar Janeiro, Xulio Valcárcel...) explícase que as xornadas estiveron centradas en seis parámetros clásicos da creación: a novela, por Marilar Alexandre; a poesía, por Xabier Seoane; a tradución, por Darío Xohán Cabana; a literatura para os máis novos, por Agustín Fernández Paz; e o teatro, a cargo de Cándido Pazó. Estas seis intervencións son presentadas integramente nas seguintes páxinas da revista.

Grial, 'Cinco ausencias', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , p. 7.

Enuméranse as cinco personalidades que, en distintos eidos da creación, da memoria histórica e da investigación, vén de perder a cultura galega. Concretamente no eido do teatro lémbrese a Vidal Bolaño e a Francisco Taxes; polo labor na editorial Galaxia e como crítico recórdase a Isidoro Millán González-Pardo; polos seus traballos fotográficos, a Manuel Ferrol e de Lois Tobío dise que é a memoria dun tempo que a historia tronzou, pero que deixou esperanzada semente.

Grial, 'O cine, un sector estratéxico', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , p. 7.

Transmítese a situación pouco favorábel para o mundo audiovisual galego correspondente ao bienio 2000-01 que vén de realizar o Observatorio do Audiovisual (ODA) que dirixe a

catedrática da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, Margarita Ledo Andión. Achéganse datos concretos ao respecto, como que das 75 realizacións finalizadas neste período só un doce por cento estivo orientado ás salas cinematográficas e conclúese que isto significa unha das meirandes eivas para a consolidación dun sector que se considera de vital importancia para o desenvolvemento da cultura galega.

Grial, 'A Fundación Casares inicia as súas actividades', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , p. 8.

Achégase información sobre a presentación en sociedade da Fundación Carlos Casares, construída en Vigo, presidida pola súa viúva Kristina Berg e dirixida polo editor Damián Villalaín. Exponse que os seus obxectivos están constituídos polo espallamento da obra de quen durante dezaseis anos dirixiu a Editorial Galaxia e a revista *Grial*, ademais do seu profundo compromiso coa creación e o estudo da literatura galega. Así mesmo, infórmase de que as súas primeiras actividades se centran en ciclos de conferencias, seminarios e campañas de animación á lectura en lingua galega.

Grial, 'Ramón Villares no Consello da Cultura', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , p. 8.

Infórmase da substitución da historiadora Pilar Cagiao por Ramón Vilares ao fronte do plenario do Consello da Cultura. Realízase un pequeno repaso dos traballos máis sobranceiros nos respectivos campos nos que son especialista ambos os dous.

Grial, 'Novas incorporacións á Real Academia Galega', *Grial*, nº 157, 'Rego da cultura', 2003, , p. 8.

Dáse conta da lectura dos respectivos discursos de Camilo Gonsar e de Manuel María na súa entrada á Real Academia Galega. Así mesmo, indícase que estas incorporacións son a continuación da renovación da devandita institución que se iniciou coa chegada de Francisco Fernández del Riego e que concluirá cos próximos ingresos de Rosario Álvarez e de Víctor Freixanes.

Grial, 'Álvaro Cunqueiro no Círculo de Bellas Artes', *Grial*, nº 158, 'Rego da cultura', 2003, , p. 10.

Infórmase de que o escritor mindoniense foi noticia en Madrid dende o mes de abril ata xuño, ao abeiro dunha exposición que reuniu mostras gráficas, testemuños e documentos de diferentes autores galegos contemporáneos. De Cunqueiro expuxéronse fotografías, obxectos persoais e exemplares das primeiras edicións de varios dos seus libros. Igualmente se dá noticia de que este traballo foi levado a cabo por César Molina, director do Círculo de Belas Artes e por Xosé Luís Canido, o comisario do evento.

Grial, 'Congreso de Estudos Galegos en Barcelona', *Grial*, nº 158, 'Rego da cultura', 2003, , p. 10.

Infórmase de que a personalidade e a obra do recentemente finado en Nova York Xoán González Millán serviu para reafirmar en Barcelona a necesidade dun discurso renovado e crítico para os estudos da literatura galega. Dise que o devandito congreso estivo organizado ao redor de dous temas principalmente: a significación da muller na literatura galega e a relación de Galicia cos restantes pobos ibéricos. Tamén se achega o dato de que González-Millán foi substituído por Basilio Losada Castro na presidencia da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

Grial, 'Epistolario de Lois Tobío a Francisco Fernández del Riego', *Grial*, nº 158, 'Documentos', 2003, , pp. 89-93.

Tal e como indican, a revista *Grial*, con motivo do recente falecemento de Lois Tobío e grazas á xenerosidade de Francisco Fernández del Riego, pretende facerlle unha homenaxe sacando á luz unha pequena escolma da correspondencia enviada polo finado vivariense ao seu antigo discípulo e compañeiro en numerosos loítas a prol da cultura galega. Preséntanse, xa que logo, cinco cartas: unha enviada dende Xenebra, que é unha estampa de Suíza segundo a vía Tobío; as outras catro fóronlle enviadas a Del Riego dende Montevideo e nelas preséntase como tema recorrente a *Historia de Galicia*, dirixida por Otero Pedrayo, que estaban intentando sacar adiante por aquela época.

Grial, 'Xurxo Lobato, premio Ortega y Gasset', *Grial*, nº 158, 'Rego da cultura', 2003, , p. 10.

Comunicase que o fotógrafo Xurxo Lobato recibiu o Premio de Xornalismo Ortega y Gasset, na súa modalidade de fotoxornalismo. Engádese que a fotografía da cuberta do anterior número de *Grial* -a propósito da catástrofe do *Prestige*- formaba parte da reportaxe, publicada en boa parte nas páxinas de *La Voz de Galicia*. Tamén se realiza un breve achegamento ao seu labor literario e ás colaboracións que leva feito tanto en xornais coma en revistas.

Guede Oliva, Manuel, 'Roberto Vidal Bolaño: da enorme orfandade...', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 21-22.

Referencia de Manuel Guede ao oco xurdido da morte de Roberto Vidal Bolaño. Coméntanse puntos de encontro e desencontro entre os dous e controversias xurdidas nalgunhas montaxes. Fala tamén da dor que supón perder ao "noso máis grande dramaturgo".

Guerbek, Ekaterina, 'Traducir de linguas distantes. A obra que xurdiu do frío', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 8.

Ekaterina Guerbek repasa os logros acadados na tradución entre ruso e galego, nos que se sinala o labor do Centro Ramón Piñeiro, e os obstáculos aos que se ten que enfrontar este labor.

Gurriarán, Ricardo, 'Entrevista con Luís Tobío', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Crónica', abril 2003, pp. 271-276.

O articulista Ricardo Gurriarán transcribe a entrevista que mantivo en xaneiro de 1999 con Luís Tobío na súa casa madrileña onde faláron de diversos temas, pero sobre todo de Florencio Delgado Gurriarán sobre o que estaba traballando. O entrevistado comenta a súa etapa como director da Sección de Ciencias Sociais e Xurídicas do Seminario de Estudos Galegos, alí contribuíu á redacción do Estatuto de Galicia de 1936 e trabou amizade con persoeiros como Risco, Valentín Paz Andrade ou Carballo Calero. Despois viría a Guerra Civil e o exilio onde coincide con Castelao en Nova Iorque. No que ten que ver co poeta galeguista e republicano Florencio Delgado Gurriarán ofrece algúns datos, aínda que recoñece que non coincidiron en moitas ocasións, da súa poesía dinos que se aproxima á francesa que naquel momento estaba en auge e despois da Guerra, como a maioría, fixo poesía de resistencia antifranquista que se recolle en *Cancioneiro da Loita Galega*. Remata o artigo coa proclamación desta figura como un espello no que se teñen que ver as novas xeracións galeguistas.

Iglesias, Bieito, 'A memoria ferida', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , p. 124.

Comentario a cerca das memorias que vén de escribir Antón Baamonde só o título de *Aire para respirar* (2002). O primeiro que destaca Bieito Iglesias é a idade do autor para escribir unhas memorias, estando acostumados a que estas se leven a cabo de cara ao final das vidas; aínda que subliña que o libro ten moito de ensaístico e que se afasta das memorias canónicas. Expón que contén unha *execratio* de Galicia, que presenta un país erguido sobre os piares da saudade e do rancor e, neste senso, relaciónao co *Dublín* de Joyce. Finalmente, recomenda algunhas emendas no plano da expresión para sucesivas edicións.

Janeiro Casal, Manuel, 'Deseño. ¿Que pode significar esa palabra? Carlos Casares', *Eco*, nº 143, 'Opinión', abril 2003, p. 47.

Lembra a desaparición de Carlos Casares en marzo de 2002 e os encargos que tivo que realizar con urxencia, tanto libros sobre a súa figura coma traballos que el tiña pendentes, carteis e mesmo a imaxe da fundación que leva o nome do escritor. Sinala que durante meses, mentres a colección "Literaria" de Galaxia seguía o seu camiño, cada vez que realizaba unha cuberta tiña a sensación de estar falando do propio Carlos, pois a colección era o seu orgullo. A seguir refírese á concepción do deseño e do deseñador que amosou durante toda a súa traxectoria Carlos Casares, consciente da función social desta actividade e da súa importancia na construción cultural dun pobo. Apunta que o seu compromiso co deseño se manifestou ao longo da súa biografía e non só en Galaxia, á que situou nun espazo significativo do deseño editorial e na que traballaron importantes deseñadores como o desaparecido Francisco Mantecón, autor de coleccións como "Dombate" ou "Diccionarios", ou Manolo Rodríguez, Rodman, quen podería falar do seu interese pola innovación; senón tamén na súa etapa á fronte do Consello da Cultura Galega na que creou a comisión técnica de deseño, baixo a coordinación de Iago Seara, abordando unha nova imaxe para as súas publicacións. Remata sinalando que Casares estivo na idea orixinal que se plasmou na primeira campaña institucional de promoción da lingua galega, "Fálalle galego"; elaborada por Francisco Mantecón e o propio Manuel Janeiro.

Kortazar, Jon, 'Un mundo de boas intencións', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, ,

pp. 113-115.

O recensor comeza facendo un repaso polo percorrido de *Un tranvía cara a SP* (2002) de Unai Elorriaga, dende o primeiro momento que se presentou ao Premio Igartza na súa versión en éuscaro, na que quedou en terceiro lugar, ata o momento da súa publicación, cunha boa acollida. A continuación, describe o argumento da novela e as características que a conforman, dentro das que salienta unha fragmentación posmoderna, na que os detalles son os elementos fundamentais do texto, os elementos máis líricos, que son tamén os máis lúdicos e os distintos niveis narrativos.

Lago, Xulio, 'Carta privada a Roberto Vidal Bolaño', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 5-6.

Carta de Xulio Lago dirixida ao falecido Roberto Vidal Bolaño. Referencias á súa figura e á súa obra, comentarios sobre a relación persoal entre o articulista e o referido e fundamentalmente o lamento pola súa ausencia enchen esta colaboración. É un pranto pola súa morte con forma de epístola.

Lago, Xulio, 'Ollando cansadamente cara adiante', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 12-13.

Neste monólogo, o dramaturgo lamentase da pouca raigame que o teatro galego acadou nestes vinte e cinco anos de vida. Fai comparación co desenvolvemento da estrutura teatral en Francia e di que xa no XIX o estado galo desenvolvera as bases para esa estrutura, impondo condicións como que o teatro tiña que rexeitar a lei da ganancia e vivir cun constante apoio do Estado, que deberían formarse grupos estábeis asalariados, que se debía fidelizar ao público e que se precisaban espazos teatrais permanentes. Lago di que nós estamos moi lonxe de conseguir todo iso e que, "ollando cansadamente cara adiante", tampouco ve un futuro moi prometedor.

Lama, María Xesús, 'O mundo artúrico na obra de Álvaro Cunqueiro. Un Merlín compoñedor antes da descrenza e da parodia', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Estudios', febreiro 2003, pp. 51-90.

Artigo dividido en dez apartados nos que María Xesús Lama comeza poñendo en contexto o tratamento da materia de Bretaña en Cunqueiro, que xa comezara nas súas obras de mocidade. Adscribese ao neotrobadorismo, aínda que experimentou con diferentes tendencias vangardistas. Afirmar que logo da Guerra Civil proliferou ese movemento porque era o máis idóneo para esquivar a censura. Menciona e fala brevemente de *Merlín e familia* (1955) e de *Crónica do Sochantre* (1956) e da relación entre o neotrobadorismo e o celtismo. A seguir informa de que Galaxia, nacida en 1950, foi moi importante na recuperación do sistema literario galego e xogou un papel decisivo en relación coa narrativa de Cunqueiro xa que, ademais dunha canle de difusión, estimulou a súa creatividade. Realiza logo unha aproximación á influencia que as ideas de Ramón Piñeiro, que lle dirixiu unha carta aberta, "Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio desde a ladeira dun castro lugués", (1951), tiveron sobre o escritor. Cunqueiro contéstalle de forma práctica nas tres novelas galegas que

publicou entre 1955 e 1961 e en forma de reflexión teórica nun artigo, "Imaxinación e creación", (1963). No seguinte apartado analiza "A figura de Merlín na tradición literaria medieval" e a seguir analiza a figura dese mago que Cunqueiro recupera, independentemente da corte artúrica, e que se caracteriza por estar situado nunha época indeterminada, pero moi próxima á actual, (no apéndice da edición castelá localízase logo da Revolución Francesa). Tamén comenta a personaxe de Xenebra, que lle serve de acompañante, comparándoa coa da tradición artúrica. A seguir afirma que o Merlín de Cunqueiro é máis humanizado, instruído nas artes do mundo é unha especie de artesán e compoñedor que é solicitado polos seus coñecementos e que desenvolve a súa vida con total normalidade. Logo analiza os métodos que empregou o escritor para dar forma á intertextualidade deixando ver levemente elementos do mundo artúrico. Demostra no seguinte apartado a vontade de crer na existencia da Idade de Ouro que aparece na novela. Logo dá conta da visión paródica do mundo celta e do cabaleiresco noutras obras de Cunqueiro. No seguinte apartado realiza un comentario da narrativa de Cunqueiro baseándose nos estudos de Xoán González Millán (1991) e Anxo Tarrío (1989) que deixan de ver a súa obra como unha literatura do marabilloso e do fantástico. Conclúe con "A contribución de Cunqueiro: novas perspectivas no tratamento dun hipotexto identificador", onde afirma que o escritor "crea un contra espazo de confrontación dialóxica en aberta oposición ás metanarrativas" dos sistemas canonizados.

Lamapereira, Antón, 'O teatro amador na Galiza', *Setepalcos*, nº 4, 'Historia e actualidade do teatro galego', maio 2003, pp. 68-73.

O autor ofrece unha panorámica do teatro amador galego. Ata fins dos anos setenta o teatro amador foi a manifestación teatral predominante e nel as constantes definidoras foron a defensa das liberdades políticas e da lingua. Este teatro afeccionado ou independente estaba composto por un número importante de grupos, enumerados no traballo, que atoparon na Mostra e no Concurso de Textos Teatrais de Ribadavia o espazo idóneo para se reunir, experimentar e discutir os camiños que podería percorrer o incipiente teatro galego. Despois de Abrente, acadada xa a profesionalización, o teatro afeccionado segundo Lamapereira segue desempeñando un importante papel e ten que participar nun fondo e complexo proceso de animación cultural aproveitando o "inmenso potencial que em si mesmo encerra para o desenvolvemento persoal e social". Resulta difícil fixar un censo fiable de grupos amadores, pero trátase dun "movimento social poderoso" que abrangue unha ampla variedade de grupos, de características diversas en canto á experiencia, idade, profesión, formación e expectativas laborais. As distintas mostras de teatro amador que se celebran en Galicia, arredor de 25, son a plataforma de promoción fundamental. Lamapereira denuncia a falla de atención, planificación e compromiso por parte das institucións públicas que non dispoñen dunha política de animación teatral seria ao estaren reducidas a unha "política incerta de *subsídios*". O teatro amador vese na obriga de resolver por si mesmo os seus propios problemas, reto que conta cunha importante iniciativa: a creación o 17 de xullo de 2001 da Federación Galega de Teatro Amador (FEGATEA) á que Lamapereira encomenda as tarefas de elaborar iniciativas concretas de política teatral.

Lombera, César, 'Roberto Vidal Bolaño: In Memoriam', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 9-10.

Descrición da figura de Roberto Vidal Bolaño, tanto física como humana. Coméntase o seu traballo nas diversas facetas do teatro: autor, director e actor e lémbrese algunha anécdota ou momento concreto da súa vida.

López Calvo, Xesús Andrés, 'O arcebispo Rajoy e a Ilustración', *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, nº 10, 2003, pp. 43-80.

A xeito de preámbulo fala do significado da Ilustración e a súa chegada a España e en concreto a Galicia. Entende que hai características comúns que definen o Século das Luces como a natureza entendida como ámbito de investigación, a razón rexida pola experiencia e a atención ao home. Á Península Ibérica chegou a comezos do século XVIII grazas á obra do galego Frei Benito Xerónimo Feixó *Teatro crítico universal* (1739) e as *Cartas eruditas* (1750). Galicia considérase a periferia da periferia polo que a Ilustración é máis tardía, pero contou con activos membros como Sarmiento (1695-1772), que crearon academias e sociedades como a Academia de Agricultura do Reino de Galicia. No segundo apartado céntrase na figura do arcebispo Rajoy (1690-1772) nado en Pontedeume, que estudou gramática e dereito e despois de traballar na Real Audiencia da Coruña encamiñou os seus pasos á vida eclesiástica, no ano 1751 chega a arcebispo da diocese de Santiago. Introdúcese a súa persoa dentro da época que lle tocou vivir. No terceiro apartado céntrase no mecenado en Pontedeume onde reconstruíu a igrexa parroquial, mostra do primeiro renacemento galego, doou xoias de gran valor á igrexa e, entre outras cousas, encargou a ampliación do Convento de Santo Agostiño. Engádese despois do apartado cuarto de conclusións, un anexo que corresponde ao panexírico que pronunciou no seu funeral o frade agostiño Juan de Ocampo, tamén oriúndo de Pontedeume.

López Casanova, Arcadio, 'Sobre o sistema literario Galego', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 60-65.

Achega de Arcadio López Casanova ás xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do 28 ao 30 de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra mais Luciano Rodríguez. Nela o estudoso primeiro relaciona a lingua coa comunidade e co modelo de cultura para despois establecer, segundo o seu criterio, catro características que definen o sistema literario galego: un sistema non establecido, pechado temporal e espacialmente, subsidiario e conservador. A continuación explica a natureza deste sistema e os seus factores constituíntes. Así mesmo, expón algunhas das contaminacións que cre que está a padecer a literatura galega e o estado no que atopa el na actualidade este sistema literario.

López Fariña, Monserrat, 'Anxo Abuín González (ed.), Teatro, cerimonia e xogo. A traxectoria teatral, literaria e cinematográfica de Euloxio R. Ruibal, Lugo: Tris-Tram, col. Máscaras, 2001, 330 pp', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Libros', 2003, pp. 227-234.

Recensión do volume colectivo que inaugura a colección "Máscaras", dedicada ao estudo do teatro. Considera que esta obra é unha mostra máis da normalización que está experimentando o sistema literario e editorial galego e salienta o acerto da elección de Euloxio R. Ruibal como autor estudado. Explica que os artigos compendiados neste volume xiran arredor do labor artístico de Ruibal, especialmente no que se refire ao teatro. Así

percorre cada unha das colaboracións valorando as achegas máis interesantes dos estudosos participantes. Comeza deténdose en "Euloxio R. Ruibal: Glosario", de Anxo Abuín, no que destaca o interese da constelación de termos críticos tirados da teoría da literatura, da filosofía, da historia da arte e do teatro contemporáneo, a través dos que evidencia e interpreta a actitude rupturista de Ruibal. De "A obra dramática de Euloxio R. Ruibal", de Laura Tato sinala que é un traballo máis xeral no que se presenta a traxectoria do autor estudado de xeito cronolóxico, no que explica as obras, as técnicas e recursos teatrais empregados, ademais dos referentes literarios, os temas e preocupacións recorrentes na súa escrita. Do artigo de Miguel Pérez Romero, "Aspectos populares no teatro de Euloxio R. Ruibal" sinala que se ocupa do papel da cultura popular na súa dramaturxia, esforzándose en probar que malia a vontade experimental do autor achega a súa obra á cultura orixinaria da que emerge, desmarcándose á vez de patróns costumistas e folcloristas, o que lle dá unha dimensión local e universal a un tempo. A seguir, achégase aos traballos centrados na peza *Zardigot*, a máis destacada na traxectoria de Ruibal e sobre a que traballan Camilo Fernández en "Hermeneuse de *Zardigot*: traxedia, existencialismo e sicoanálise"; Dolores Vilavedra en "Apuntes para unha análise da recepción de *Zardigot*"; Cristina Blanco González en "Achegas para a comparación entre *Madre Coraxe e os seus fillos* e *Zardigot*", todos eles moi valorados polas amplas perspectivas que ofrecen sobre esta peza. Segue logo deténdose no traballo de Carme Becerra "O mito do poder nunha farsa de Euloxio R. Ruibal", no que se estudan as funcións do mito e se constata a temática do poder como recorrente. De "*O Cabodano*: comunicacións patolóxicas e conflito dramático. Notas dispersas para unha dramaturxia posible", de Manuel F. Vieites, salienta a lectura dramatúrxica baixo unha óptica totalizadora na análise dos personaxes anómalos, recoñecendo unha dimensión psicodramática da obra, que considera o maior mérito do estudo, así como os modelos teóricos e a proposta de posíbeis liñas de traballo dramatúrxico. De "*O son da buguina*: xogos de ficción ou a novidade saudosa", de Inma López Silva, última peza polo de agora de Ruibal, indica que as referencias metateatrais, a funcionalidade das acoutacións e a plurivalencia do espazo escénico, ademais de trazos recorrentes na escrita do autor, nunha obra na que mira ao pasado con nostalgia. De "O xogo dramático no teatro infantil de Ruibal", de Sury Sánchez, sinala que se analiza a capacidade do autor para adaptarse ao público infantil, concibido como persoas completas e complexas en obras como *Teatro para nenos* e *Brinquemos ó teatro*, nas que se salienta que Ruibal inventa novos mundos de ficción cos que busca unha comunicación efectiva na que os rapaces aprendan xogando. Do traballo de María Teresa Vilariño Picos "De 'Cartel de cego' a *Casarriba*. A fantástica viaxe narrativa de Euloxio R. Ruibal", sinala que nel se fai un percorrido pola obra narrativa do autor e se estudan como principais trazos a oralidade, a ironía e o fantástico, relacionándoos co teatro e o cine. Finalmente, en "Euloxio R. Ruibal, creador filmico", de Norma Rodríguez González, sinala que se analiza a faceta cinematográfica do autor nas súas diferentes modalidades.

López López, Xabier, 'A literatura como purificación', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, , pp. 107-108.

O crítico interpreta a última entrega narrativa de Antón Risco, *Embrión* (2002), como unha busca do tempo perdido, como unha novela instalada na eternidade e nun espazo no que todo cabe; unha narración que ten como piar a desintegración da cadea causa-efecto tal e como se adoita percibir. Emparéntaa con dous referentes literarios: o *Ferdidurke* de

Gombrowic (a historia dun home que de repente se converte en neno) e co relato "O neno suicida" de Rafael Dieste. Por outra banda, relaciónaa con *Tánata* (1998) e con *Os fillos do río* (1999), as dúas últimas entregas de Antón Risco e sostén que a actual consegue redimensionar a mensaxe das anteriores.

López López, Yolanda, 'Trece badaladas: falseando as pedras de Compostela baixo a chuva', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 69-73.

Analiza as diferenzas e as similitudes entre a novela *Trece Badaladas* de Suso de Toro e a película do mesmo título de Xavier Villaverde baseada na novela. Na novela eríxese como gran protagonista a propia cidade de Santiago de Compostela, non só pola constante recorrencia a rúas e lugares recoñecíbeis como a catedral, a Fachada de Praterías, o parque da Alameda, etc., senón tamén pola confluencia das lendas e tradicións da cidade no devir argumental dos personaxes e polos propias conversas dos personaxes que reflicten o antagonismo dun Santiago visto por un nativo e o de alguén que o descobre por primeira vez. Na película, a trama principal céntrase na complexa personalidade de Xacobe, o personaxe principal; a cidade de Santiago pasa a ser un pano de fondo. O filme non contribúe, segundo a autora, a creación dunha nova perspectiva da cidade, de maneira que Santiago queda vencellada cinematograficamente aos tópicos da vida estudiantil ou á percepción dos turistas de tradición xacobeá. Sinala algunhas influencias de Hitchcock no filme de Villaverde. Finalmente, confirma as diferentes solucións de dous produtos culturais que parten da mesma idea, mentres Suso de Toro xoga e fantasea cunha Compostela que bebe das súas tradicións e dos seus mitos, na película, Santiago resulta un decorado.

López Otero, María Anjos, 'As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía, de Celia M. Armas', *Agália*, nº 73-74, 'Recensons', xaneiro 2003, pp. 251-254.

Realiza unha aproximación ao volume *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía* (2002) na que se sinala que a súa autora investiga sobre as escritoras galegas durante a década de 1860. Destácase que neste estudo se afirma que as mulleres daquela altura tiñan moi delimitada a súa produción e mais que tiñan unha forte solidariedade feminina.

López Silva, Inma, 'A Cultura: futuro e presente. Alonso Montero-Salvat-Díaz Pardo', *Citania*, nº 4, 2003, pp. 109-125.

Trátase dunha conversa entre Xesús Alonso Montero, Ricard Salvat e Isaac Díaz Pardo arredor dalgúns puntos interesantes do presente e o pasado da cultura. Observan todos eles un futuro difícil e incerto e lembran un pasado marcado polo inxenuidade e a utopía de lograr grandes cambios a través de novas ideoloxías políticas. Xesús Alonso Montero céntrase no seu paso polo comunismo e a decepción que o abordou unha vez que chegou a Moscova, el aborrece o capitalismo e declárase marxista, un discurso similar ao de Ferrín que lle dá problemas á hora de publicar nos xornais, observa que a censura segue habitando entre nós. Ricard Salvat era comunista pero nunca militou dentro dun partido, céntrase no seu paso pola universidade e sente desacougo ao observar que a xente ten pouco rigor por non saber dicir que non. Engade Ricard Salvat, noutra liña, que os cargos culturais non

debería ser electos a dedo e atopa no movemento contra a globalización unha primeira lumieira despois da xeración indiferente que os seguiu a eles. Isaac Díaz Pardo é empresario e iso úneo ao capitalismo, pero todos entenden que a súa maneira de ver a plusvalía é moi diferente, el cos beneficios axuda aos máis mozos a publicar libros ou a outras actividades creativas. Outros temas que se abordan son o papel dos medios de comunicación, do Consello da Cultura Galega, da globalización ou o idioma e a súa identidade.

López Silva, Inma, 'Traxedia de corazóns en pálpito ou cómo matar o fillo', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 122-123.

A raíz de que o Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais recaese en *Agnus patris* (2002) de Afonso Becerra de Becerreá, Inma López Silva comenta que a literatura dramática galega acaba de adquirir un novo autor, quen xa tiña estreado algún texto, aínda que nada publicado. A propósito da obra, di que busca as reminiscencias da traxedia clásica no tema central e mesmo nos nomes dos personaxes, pero que busca modernizar ambientes, linguaxes e caracteres. Engade que a historia ten certo ton costumista e que incluso en ocasións cae no tópico, pero que o autor soubo crear un espectáculo imaxinado por un director de escena que sabe como converter en teatro aquilo que ás veces pensa literariamente.

López Silva, Inma / **Vilavedra**, Dolores, 'Os contadores de historias na Galiza', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 62-67.

Entrevista a Cándido Pazó e Quico Cadaval, dous actores e escritores de notábel presenza no panorama teatral galego, nomeadamente no eido espectacular nos anos noventa como contadores de historias. Nas preguntas referidas por Inma López Siva e Dolores Vilavedra dan conta das particularidades que o espectáculo escénico de contar historias ten en Galicia. Os dous autores insisten en que a relación da narrativa popular cos contadores de historias non é directa. Segundo Quico Cadaval o espectáculo de contar historias é unha forma de teatro moderno que inaugura un camiño novo que non é continuación dunha tradición anterior, aínda que mantén débedas con ela. Candido Pazó concorda con Cadaval na súa tese central, se ben matiza que os contadores de historias teñen acadado unha arte escénica distinta do teatro posto que se rexe por códigos propios. Ambos os autores precisan a súa concepción desta arte, desfacendo idea preconcebidas e tópicos que non reflicten o sentido destes espectáculos, nin os seus principios.

López Silva, Inmaculada / **Vilavedra**, Dolores, 'Dicionário do teatro galego', *Setepalcos*, nº 4, 2003, pp. 112-121.

Bloque final desta revista, no que Inmaculada López Silva e Dolores Vilavedra, "coordinadoras deste número, realizan un pequeno dicionario de autores, directores, creadores, actores e compañías que, como elas mesmas recoñecen, non pretende ser un catálogo exhaustivo, senón un apéndice informativo á revista para orientar ao lector non galego. As entradas resumen a traxectoria e o currículo de cada un dos axentes.

López Silva, Inmaculada, 'O sistema editorial e o teatro en Galicia', *Casahamlet. Revista de*

teatro, nº 5, maio 2003, pp. 18-23.

A autora di que non hai un ámbito de publicación estábel para o teatro galego e que a impresión e a representación das obras non camiñan parellas, habendo máis escena que edición. Segundo López Silva, esta ruptura débese a unha mala xestión e á ineficacia para captar público e lectores. Ademais, di que as cifras do noso teatro son moi malas, que representa tan só un dous por cento da produción total. Así mesmo, fala dunha publicación inconstante e de proxectos editoriais efémeros promovidos case sempre desde a individualidade. Engade a carencia de traducións de obras de importancia ó galego e remata degoirando unha mudanza no futuro.

López Silva, Inmaculada, 'O teatro galego desde Abrente até aos nosos días', *Setepalcos*, nº 4, 'Historia e actualidade do teatro galego', maio 2003, pp. 16-23.

Salienta que a conciencia recuperadora de Abrente e os seus principios fundadores determinaron os derroiteiros do teatro galego tanto na súa vertente espectacular, como na escrita dramática. A consolidación dos grupos teatrais como axentes promotores do movemento escénico e a promoción de iniciativas editoriais centradas na publicación de textos teatrais foron dúas vías abertas en 1973 e continuadas anos despois. López Silva apunta as mudanzas que se producen tras a desaparición de Abrente no ano 1980 e analiza as tres constantes que, ao seu ver, definen o teatro galego ata os anos 90: a cuestión lingüística -criterio definidor-; a investigación e a experimentación estéticas -lene fronteira entre o teatro comercial e experimental-; e a preocupación pola captación de público. O traballo remata cunha síntese da evolución experimentada polas compañías amadoras cara á profesionalización. O ano 1978 e a decisión de Roberto Vidal Bolaño e a compañía Antroido de facer do teatro unha ocupación profesional única, determinación seguida por outras compañías afeccionadas e de nova creación, marca o inicio deste proceso. A creación no ano 1984 do Centro Dramático, da Asociación de Actores, Directores e Técnicos e Escena en 1987 e do IGAEM en 1989 foron outros chanzos importantes cara á profesionalización, se ben segue a ser hoxe unha eiva importante a carencia de centros de formación especializada como unha Escola Superior de Arte Dramática. Finalmente López Silva establece tres grandes grupos de compañías segundo o proxecto escénico ou a opción preferencial en termos de repertorio que adoiten manexar: compañías con autor residente, compañías de repertorio e dramaturxia e compañías de teatro alternativo e experimental.

López-Casanova, Arcadio, 'O sistema poético de Amado Carballo (Para unha análise do impresionismo eglóxico na lírica galega moderna)', *Revista Galega do Ensino*, nº 38, 'Colaboracións especiais', febreiro 2003, pp. 73-106.

O profesor Arcadio López-Casanova, establece nun primeiro intre os trazos que definiron á chamada xeración de vangarda ou do 22. Defínea como unha xeración que achegou á lírica galega uns claros esbozos de modernidade e innovación. A seguir preséntanos a obra de Carballo, que é definida como de tradición simbolista. Afonda na obra deste autor analizando a temática presente nas súas creacións tales como as cores, os elementos naturais... evocando os máis puros enclaves bucólicos. Conclúe o estudo defendendo que polo seu labor ha de considerarse como merecente dun posto de honra dentro da lírica moderna galega.

Lourenzo, Manuel, 'Roberto necesario', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 7-8.

Reflexións de Manuel Lourenzo sobre o seu amigo Roberto Vidal Bolaño. Fala da súa presenza imperecedoira, "viva e perdurábel, das súas compañías Antroido e Teatro do Aquí e da influencia que tivo noutros actores.

Lourenzo, Manuel, 'Un espazo vital para o teatro', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 2-5.

Neste artigo, Lourenzo fala do teatro como mimese da realidade e da diversión como valor fundamental do mesmo, en oposición á distracción. Reclama para o teatro un ámbito creativo lonxe da mera espectacularidade ou o mero experimentalismo. Di que a linguaxe do teatro ha de ser sinxela, pero que non por iso ten que estar baleira de contido e simbolismo, de dilemas, de recursos. Finaliza afirmando que a función do teatro é "revelar, é dicir, o contrario de velar", o que dá mostra da importancia da realidade no teatro para este autor.

Louzao Outeiro, Miguel, 'VILLAYERDE, MARIVÍ: Tres tempos e a esperanza, Editorial A Nosa Terra, Vigo (2002)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 209-210.

Recensión do libro de Mariví Villaverde, *Tres tempos e a esperanza*, que define como "unha biografía novelada". Explica que se trata dun libro editado en 1962 en Bos Aires, do que se recollen "os tres tempos" e ao que se engade unha parte final ("a esperanza"), escrita na actualidade e que leva por título "Palabras que escribín corenta anos despois". Indica que cada un destes "tempos" se corresponden cunha época da vida de Mariví Villaverde: a adolescencia, a primeira xuventude, e a segunda xuventude e o comezo da madurez; resume brevemente cada un destes períodos e indica que as páxinas deste libro están ateigadas de recordos tenros, pero tamén de medos e sufrimentos vividos nos anos trinta do século pasado. Sinala que este é un libro de lectura recomendabel para todos os lectores e, en especial, para os alumnos de secundaria, para non perder a memoria histórica do período que lle tocou vivir á autora do libro. Indica, asemade, que a obra inclúe un pequeno álbum fotográfico que ilustra o narrado. Apunta, finalmente, dúas pexas ao libro reseñado: dunha banda, o prólogo de Anxos Sumai, que segundo indica é bastante amplo e adianta en demasia o contido do libro; e doutra banda, a extrema brevidade do engadido actual, que produce un desequilibrio entre as distintas partes da obra.

Louzao Outeiro, Miguel / **Mejía Ruíz**, Carmen, 'Os exilios de María Victoria Villaverde', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Crónica', 2003, pp. 147-150.

Artigo no que se dá conta dos anos de infancia e xuventude vividos por Mariví Villaverde, que estiveron marcados polo exilio; o texto elabórase a partir dunha conversa que os autores mantiveron coa escritora o día 22 de xaneiro na súa casa madrileña. No artigo, escrito en primeira persoa, Mariví dá conta da súa infancia en Vilagarcía de Arousa, no seu dunha familia acomodada, e describe a situación política daqueles anos. Lembra a Guerra Civil e cómo esta afectou á súa familia; narra os seus primeiros anos de exilio en Francia e

Arxentina, tras os que viviu cinco anos en Galicia co seu marido, Ramón de Valenzuela; explica que, ao acabar a Guerra Civil, se viron obrigados a exiliarse de novo en Bos Aires, onde tomaron contacto coa vida cultural galega desenvolta alí; dá conta das actividades e traballos que realizaron naquel tempo e sinala que ambos publicaron as súas obras no seo da Federación de Sociedades Galegas, da que Ramón de Valenzuela formaba parte; conta que regresaron a Galicia en 1966 e que, tendo en conta que a situación aínda non era favorábel, nese mesmo ano regresaron a Madrid, onde ela aínda reside (aínda que fortemente vinculada a Galicia).

Louza Outeiro, Miguel / **Mejía Ruíz**, Carmen, 'Os días de Borobó', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Entrevista', 2003, pp. 179-183.

Entrevista realizada a Raimundo García Domínguez, "Borobó", na súa casa de Madrid o día 29 de xaneiro. O arousán fala, en primeiro lugar, da súa infancia nas Terras de Iria; indica que naceu o día dez de xullo de 1916 en Pontecesures, no seo dunha familia de clase media; lembra os recordos daqueles anos e explica cómo era o sistema escolar da súa vila natal. Conta cómo foron os seus anos de estudante universitario, cómo estudou un primeiro ano de dereito e cómo cambiou logo para letras; fala dos seus profesores e compañeiros; explica, ademais, que el estaba estudando en Santander cando estourou a Guerra Civil e narra os periplos que tivo que pasar por este motivo. Explica que estivo na Fronte dende novembro de 1936 ata que acabou a guerra, cando foi enviado a un campo de concentración e que, dende alí, foi enviado ao consello de guerra, do que se salvou, probabelmente, pola orixe galega do xuíz. Sinala que, ao rematar a guerra, volveu a Madrid, onde levou unha vida "bohemia, moi austera e humilde"; conta que aquí colaborou en distintos xornais: *La Estafeta Literaria*, *En Fantasía* (onde publicou Elección Parcial, que é unha obra de teatro que nunca máis se editou), *El Español* e *Madrid*. Explica que voltou a Galicia en xaneiro de 1947 para colaborar, cos seus "Anacos" en *La Noche*, que despois dirixiu durante anos; aquí, traballou tamén no xornal económico *Diario Tres E* e no *Arriba*, onde tiña unha sección titulada "El Callejón de Gato", que asinaba co heterónimo de Anxelo Novo. Conta, tamén, que o nome de Borobó lle vén dende a infancia, pois foi esta a primeira palabra que pronunciou e que empregaba para designar infinidade de cousas; aínda que, segundo sinala, pode haber outra versión pola cal esta sería a forma na que el chamaba a un veciño que se chamaba Salvador e que, por esta razón, lle quedou a el o nome. Explica, finalmente, cómo entende a súa estancia en Madrid (MadriGalicia, para el) e analiza a situación actual de Galicia, tras a catástrofe do Prestige.

Louza Outeiro, Miguel, 'O Día das Letras Galegas na Universidade Complutense de Madrid', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Crónica', 2003, pp. 145-146.

Fai referencia aos actos de celebración do Día das Letras Galegas na Universidade Complutense de Madrid, nos que participaron Sonia Varela Pombo, Antón Reixa e un pequeno grupo de poetas. Segundo sinala, Sonia Varela expuxo de xeito ameno a vida, estudos, opinións, etc. de Frei Martín Sarmiento; Antón Reixa falou do cinema galego e fixo referencia a *O lapis do Carpinteiro*, o filme que acababa de rodar baseado na novela de Manuel Rivas; e os poetas Manuel Pereira Valcárcel, Luís Luna, Xavier Arconada e Iria Fernández Silva pecharon o acto co seu recital.

Luna, Ana, 'Cincuenta anos á espera de Godot', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 11.

Ana Luna faise eco da tradución ao galego da obra senlleira de Samuel Beckett *Á espera de Godot*, décadas despois da súa publicación na lingua de partida.

Luna, Luis, 'BLANCO, CARMEN: A golpe de dor, tresCtres editores, Santa Comba-A Coruña (2002)', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 194-196.

Estudo da primeira novela de Carmen Blanco, *A golpe do dor* (2002), que se publicou nunha coidada edición de tresCtres, con prólogo de Manuel Pereira e ilustracións de Cristina Durán. Indica que a narración parte dun momento impreciso do presente e que a voz se sitúa nun espazo rural; neste contexto, unha voz feminina, que emprega como técnica narrativa o monólogo interior, conecta entre si diferentes tramas, espazos e personaxes relacionados pola dor que producen na narradora e polo evocador recordo do pasado. Neste senso, destaca a importancia que dentro da narración e dende o punto de vista da protagonista desempeñan os seguintes elementos: o retorno á aldea natal, que se converte na procura dunha infancia perdida; a paisaxe, que define como mística e que chega ao estatus de personaxe dentro da novela; a igrexa, que dentro da novela é lugar de soidade e mais de encontro; ou a propia protagonista, que como muller se vai facendo ao longo da narración. Achégase, así mesmo, ao papel que dentro da novela desenvolve a protagonista e ao xogo de voces, que dan forza á novela. Eloxía, finalmente, a alta calidade desta obra.

Madeira, Rui, 'Basta de flores!', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 86-93.

Rui Madeira fai unha valoración da situación da escena lusófona e das relacións actuais e futuras de Galicia e Portugal. O autor tenta "dar testemuña das impresións e sentimentos" da súa andaina teatral e sinala a Valle-Inclán e Roberto Vidal Bolaño como dous referentes teatrais esenciais na súa visión do teatro galego. A análise da montaxe dos *Espectros*, de Ibsen, que Madeira dirixiu e realizou en colaboración co Centro Dramático Galego e a Companhia de Teatro de Braga (CTB), é un núcleo importante do artigo. Nela o autor amosa a complexidade que encerra o proceso da posta en escena e, ao tempo, ofrece o seu parecer sobre o sentido e as particularidades das relacións entre o sistema teatral galego e portugués. Alén disto, no traballo reúnense interantes reflexións do autor sobre o densevovemento do sistema teatral en moitas das súas vertentes (a escena, a escrita, o estudo académico...)

Martínez Bouzas, Francisco, 'Azul cobalto. Alfredo Conde', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Libros', febreiro 2003, pp. 307-309.

Logo de reflexionar brevemente sobre se encadrar a obra dentro da novela histórica ou da biografía novelada, indica que pertence a este último xénero, partindo da comparación da obra coas de Walter Scott. Afirmar que Alfredo Conde realiza unha invención da personalidade do marqués de Sargadelos, xa que partindo de datos verídicos reelabora a súa vida engadíndolle diversas doses de ficcionalidade, creándolle incluso unha vida erótico-

sentimental. Apunta que na obra están presentes os trazos xerais do autor, como o emprego de analepses mixtas homodiexéticas, boas recreacións de atmosferas e ambientes e un tempo narrativo moi dilatado.

Martínez Sotelo, Vanessa, 'El Festival tiene demostrada su solvencia con creces', *Primer Acto*, nº 297, 2003, pp. 145-148.

Entrevista a Ana Vallés e Xesús Ron, responsábeis do IV Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela, que é unha iniciativa privada da Sala Nasa e o Teatro Galán que, durante seis semanas, ofrece un total de vinte e dúas representacións de solistas e compañías locais, estatais e internacionais. Ana Vallés e Xesús Ron opinan que este Festival demostrou a súa solvencia con creces e que só ten unha materia pendente: o apoio de patrocinadores; sinalan que entre os obxectivos do festival destaca o desexo de xerar e apoiar a creación e o seu compromiso co artístico; destacan a presenza das compañías "Cambaleo" e "La República", que é unha mostra da especie de rede teatral que se configura coa existencia destes festivais e falan da situación actual que vive o teatro en Galicia, ante a cal ambos entrevistados amosan unha visión positiva. Finalmente, fan referencia á proxección e recepción de *A brazo partido* de Matarile e *Río Bravo* de Chévere, e explican cal sería, ao seu parecer, o papel das salas alternativas.

Martínez, Pancho, 'Roberto Vidal Bolaño no audiovisual', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 34-35.

Pancho Martínez esboza lixeiramente o traballo de Roberto Vidal Bolaño no audiovisual. Comenta que gozaba con todo o proceso de preparación dos traballos, cos guións, coa montaxe, etc. Remata o artigo engadindo que, a pesar de todo, destaca polo teatro e por el deixou a cámara.

Mc Kevitt, Kerry Ann, 'A traducción dos galegos á historia celta. A presencia de Leabhar Gabbála en Nós', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Comunicacións', febreiro 2003, pp. 153-167.

Estudo da tradución realizada por *Nós* de tres capítulos da obra épica irlandesa *Leabhar Gabbála*, (*O libro das conquistas de Irlanda*) e que foi publicada en 1931 nos números 86, 88, 92 e 95. Realiza un breve comentario do texto orixinal en gaélico explicando as súas orixes, e falando logo das traducións que se realizaron ao inglés. Afirmar que a Xeración Nós mediante as traducións, sobre todo de textos irlandeses, (debido a que Irlanda era unha rexión que tamén loitaba pola súa identidade nacional e cultural), quería axudar a recuperar e lexitimar a lingua galega introducindo mitos que establecían lazos filiais coas "nacións celtas" establecendo unha orixe común e que, paralelamente, ofrecía un feito diferencial da España castelá. A seguir estuda a tradución afirmando que se realiza un labor de "ocultación doméstica do texto estranxeiro facéndoo intelixible e incluso familiar para o lector". Incorpora ademais dez notas a pé de páxina e converte algúns nomes ao galego. Apunta tamén o feito de que a tradución non aparece firmada e que posúe poucos comentarios persoais. Logo realiza un estudo sobre a autoría da tradución amosando as opinións de diversos persoeiros e cotexando o estilo do texto co de Villar Ponte, Otero, Cuevillas e Risco. Conclúe coa conxectura de que puido ser Risco quen realizara a

tradución co propósito de que a cultura galega presumira "dos supostos antepasados celtas", o que explicaría tamén a escolla dos tres últimos capítulos do *Leabhar Gabbála* e o feito de que non os firmase.

Mejía Ruíz, Carmen, 'ALONSO MONTERO, XESÚS (1999): Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo. Santiago de Compostela. Fundación 10 de marzo: Universidade, 82 p.', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 185-188.

Recensión da reedición da obra *Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo* (1974), que en 1999 publicou a Universidade de Santiago de Compostela xunto coa Fundación 10 de marzo con motivo da xubilación do profesor Xesús Alonso Montero. Explica que a obra reseñada consta dun limiar de Darío Villanueva e dunha presentación de Xesús Díaz; inclúe, asemade, un capítulo titulado "Algúns xuízos sobre Pedro Petouto", no que se recollen as opinións dalgúns críticos que faláron da edición de 1974, tras o que se nos presenta o prólogo do autor á presente edición. Sinala, ademais, que se trata dunha edición moi coidada que inclúe ilustracións de Xaime Quesada e Xosé Luís de Dios. Explica que a obra se basea no xogo retórico do manuscrito atopado, pois o autor indica que soubo de Pedro Petouto grazas a un manuscrito que contiña as memorias deste personaxe e que fora atopado por un erudito francés en 1948; sinala que o feito de que o manuscrito estivese incompleto é utilizado polo autor como un modo de crear a ambigüidade literaria e a dúbida do lector acerca da veracidade ou do narrado. Dá conta, finalmente, dalgúns reflexións que o profesor Pedro Petouto expón nas súas clases, que sempre teñen trazos comúns coa ideoloxía de Xesús Alonso Montero.

Méndez Ferrín, X.L., 'Espacios imaxinarios e realidade social na literatura', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Acoutacións', abril 2003, , pp. 221-230.

O escritor Xosé Luís Méndez Ferrín trata o espazo imaxinario na narrativa galega, aínda que considera que todos os universos literarios son por definición imaxinarios. Entende que existe certa tendencia a pensar que na narrativa aparecen con máis frecuencia os espazos realistas, pero por distintas razóns el considera que isto non se achega á realidade. Así, manifesta que nas nosas letras a aldea galega nunca foi retratada coa complexidade que ela encerra e só se salientou o mundo dos propietarios, deixando á marxe xornaleiros, caseteiros, labregos sen terras, os comerciantes e as feiras entre outros. Explicao por unha falta de demora na investigación da realidade cultural e social da aldea. O mundo imaxinario está fortemente influído polo mundo artúrico, o celtismo de Murguía que recolleu na súa pluma Eduardo Pondal e o atlantismo do grupo Nós. Méndez Ferrín fala de que sobre esta sensibilidade diferenzialista se asenta toda a literatura galega contemporánea. Na década dos sesenta apúntase a fundación da UPG e a fusión entre o marxismo e o nacionalismo que vai esvaecer os postulados do atlantismo e do celtismo, entende que boa mostra disto, desta "colisión revolucionaria", é a obra de Darío Xohán Cabana.

Mene, Alex, 'Os negativos de Narciso. (Auto)retrato de Blanco Amor', *Tempos Novos*, nº 76, setembro 2003, pp. 10-11.

O artigo divídese en varias partes. Na primeira ("O escritor fotógrafo") faise unha

brevísima referencia biográfica e da súa produción literaria. A continuación destácase o seu interese pola fotografía e polo homoerotismo. Na segunda parte ("Autorretratos") coméntase que ao autor gustáballe ser retratado e descríbense algúns dos seus autorretratos. En "Amigos e amantes" (parte terceira) fálase das instantáneas tomadas a algúns amantes e remata o artigo dicindo que viviu a súa homosexualidade cunha liberdade que levou á súa obra creativa. Recóllense tres autorretratos e unha fotografía feita ao actor Rafael Alvarado.

Meyer, Franck, 'Siddhartha en galego', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Traduccions xustificadas', 2003, pp. 249-254.

A petición da revista *Viceversa*, recolle nestas páxinas un comentario sobre a súa propia tradución ao galego da obra de Hermann Hesse, *Siddhartha*. Ao tempo que verte certas reflexións sobre o tema do canon, considerando a hipótese de que esta obra sexa canónica, ofrécenos tamén a súa percepción sobre o proceso tradutolóxico do texto, sempre en relación con outra das súas traducións, *Baixo as rodas*. En función do seu labor como tradutor chega, por último, a falar doutros aspectos importantes para este ámbito como son os rexistros lingüísticos e a actitude do corrector, que en moitas ocasións empobrece a versión galega.

Míguez, Sonia, 'Carmen Becerra Suárez y M^a Teresa Vilariño Picos (eds.) Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico. Estudios críticos seguidos da comedia '¡Anxeliños!'. Santiago: Tris-Tram, 2002', *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, nº 1, 'Reseñas y noticias', 2003, pp. 237-238.

Repasa brevemente o contido de cada un dos estudos críticos sobre a creación dramática de Roberto Vidal Bolaño que constitúen o libro *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico. Estudios críticos seguidos da comedia '¡Anxeliños!'* editado por María Teresa Vilariño Picos e Carmen Becerra e publicado pola editorial Tris-Tram. Vilariño Picos céntrase na importancia que Vidal Bolaño concedía á posta en escena, factor que tiña presente no momento da redacción da obra teatral. Damián Villalaín e Manuel Guede ofrecen a visión emocionada e persoal do seu amigo Vidal Bolaño. Dolores Vilavedra analiza a figura do escritor dentro do sistema literario galego. Inmaculada López Silva aborda o traballo de Vidal Bolaño como autor e director do Centro Dramático Galego. Nuria Arauxo, Carmen Becerra e Montserrat Ribao analizan *Agasallo de sombras* (1992), *Cochos* (1992) e *Doentes* (1998) respectivamente, tres das pezas teatrais máis interesantes de Vidal Bolaño. Noemí Pazó estuda a obra *Da Xaxara ao Touporroutou*, unha mostra de teatro infantil do dramaturgo, intentando integrala na historia do teatro infantil galego, pero sen esquecer a relación co resto da súa obra, coa que comparte motivos temáticos e mecanismos críticos. As colaboracións péchanse cun *Post scriptum* de Anxo Abuín, no que eloxia a figura de Vidal Bolaño, preocupado non só pola escritura das súas obras, senon tamén pola escritura da voz, do corpo e do movemento en escena. O volume inclúe a comedia satánica *¡Anxeliños!*, obra inédita de Vidal Bolaño, estreada pola compañía Teatro de Aquí en 1996 e que foi galardoada en 1998 co premio "María Casares" ao Mellor Texto Orixinal. Roi Vidal Ponte e Paulo Rodríguez Lema son os reponsábeis da extensa e actualizada bibliografía sobre Roberto Vidal Bolaño, que completa o volume.

Mociño González, Isabel, 'Escrito por mulleres', *Festa da palabra silenciada*, nº 18,

'Actualidade', 2003, pp. 45-53.

Isabel Mociño González realiza unha bibliografía de toda a obra publicada en Galicia no ano 2002 por mulleres. No apartado de monografías, faise referencia ao *Informe de Literatura* do ano 2001.

Monteagudo, Henrique, 'O tempo recobrado', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 124-125.

Preséntase o libro *Da miña acordanza* (2002) de Ramón Piñeiro, que deu ao prelo Carlos Casares, como unha memoria atípica porque non foi escrita nin revisada polo seu protagonista, pero como un libro necesarísimo para entender boa parte da historia de Galicia e porque nel se atopan moitas das claves do país galego actual. No que segue, Henrique Monteagudo detense en cada un dos tres apartados nos que está artellado o libro: o primeiro é unha transcripción dunhas conversas gravadas magnetofonicamente nas que o propio Piñeiro fala da súa experiencia vital; o segundo son uns documentos nos que o galeguista establece as diferenzas entre o galeguismo do interior e o do exilio; e no último céntrase nos esforzos que levaran a cabo o mesmo Ramón Piñeiro e os seus contemporáneos por reorganizar o galeguismo.

Monteagudo, Henrique, 'Outra visión sobre a obra *Da miña acordanza*. Un testemuño fiel', *Tempos Novos*, nº 68, 'Voces e Culturas. Opinión', xaneiro 2003, pp. 80-83.

O profesor Henrique Monteagudo valora positivamente o libro de memorias de Ramón Piñeiro editado por Galaxia baixo o título *Da miña acordanza* (2002). Comenta como foi elaborado a partir, por unha banda, dunhas conversas que Carlos Casares mantivo no seu día con Ramón Piñeiro e, por outra, de textos do escritor. Explica como esta solución veu provocada pola morte repentina do intelectual galeguista, ante este suceso Casares entendeu que a segunda parte do volume sería cuberta por diversos textos. Henrique Monteagudo responde neste artigo a unha crítica publicada no número 64 da revista *Tempos Novos* na que X.L. Franco Grande debulla unha serie de argumentos en contra do libro. Para o recensionista non teñen valía pois entende que temos que avaliar esta obra como divulgativa, para o gran público e non con pretensións maiores. Tamén entende que non é hora da crítica, senón de esixir rigor ás publicacións e manifesta que a ten e que se pode cotexar noutros libros como *O río do tempo* ou *A xeración Galaxia* de Fco. Fernández del Riego. Recoñece que a segunda parte "sabe a pouco" e por iso propón máis investigación agora que o gran coñecedor de Ramón Piñeiro, Carlos Casares, xa non está entre nós.

Monteagudo, Henrique, 'Unha recomendable bafarada', *Tempos Novos*, nº 70, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', marzo 2003, p. 82.

Refírese á autobiografía *Aire para respirar* (2002), de Antón Baamonde. Sinala que o "engado do relato radica na crónica dos seus esforzos", lembrando algúns. Logo, alude ao epílogo, no que apunta que ofrece unha visión crítica e negativa da nosa sociedade, extraendo as súas conclusións. Cre, por outro lado, que o autor non foi o suficientemente autocrítico, mais recomenda o libro por achar certas constantes atractivas.

Moreno Barragán, Jesús Miguel, 'Roberto Novoa Santos', *FerrolAnálisis*, nº 18, 'Galicia', 2003, pp. 154-157.

Resume a biografía de Roberto Novoa Santos (A Coruña, 1885 -Santiago de Compostela, 1933). Salienta deste a súa traxectoria profesional como médico e profesor, así como comenta a súa actividade creativa. Enumera unha longa lista de títulos que corresponden a ámbitos moi diversos, entre eles, *A Santa Compañía*, novela publicada en Céltiga e traducida ao galego por Xaime Quintanilla. Ademais, sinala a súa calidade como conferenciante e a súa actuación en política do lado de ilustres galegos como Antón Villar Ponte. Remata explicando por que o centro hospitalario no que traballa leva o nome deste egrexio galego.

Múñoz Carrobles, Diego, 'PEREIRA VALCÁRCEL, MANUEL: Inventario de fragmentos, Santiago, Librería Follas Novas, Colección 'Libros da Frouma' (2001), 120 pp.', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 207-209.

Recensión da obra *Inventario de fragmentos*, coa que o poeta galego Manuel Pereira gañou o XI Certame de Poesía Rosalía de Castro da Casa de Galicia en Córdoba. Destaca, en canto ao contido, o carácter intimista do libro e sinala que o tema principal é a vida, que se afronta dende distintas perspectivas; estreitamente vinculados a este aparecen outros temas, como o paso do tempo, o destino, o recordo, a soidade ou a morte; sinala, así mesmo, que ao longo do libro hai outros temas menores ou motivos que se entrecruzan cos anteriores, como poden ser a beleza ou o amor. Destaca, asemade, a interpretación que o propio Manuel Pereira fai da súa propia poesía, que el ve como algo que xorde de maneira misteriosa e que lle permite vencer o olvido. En canto ao estilo, sinala que se trata dun libro de linguaxe sinxela, comprensíbel, emocionante e expresiva na que destaca a constante presenza de elementos da natureza. Indica, finalmente, que os cento dez poemas que compoñen a obra se presentan nunha estrutura perfectamente adecuada aos fins expresivos do poeta.

Muñoz Saá, Begoña, 'Asun Arias: A muller de vidro', *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Publicacións', xaneiro 2003, pp. 111-112.

Reflexiona, a partir da obra *A muller de vidro* (2002), de Asun Arias, sobre a figura e papel da muller na sociedade actual, axudándose do termo "muller de vidro" para indicar a fragilidade inmanente do xénero feminino. Aparecen, ademais, mencionadas algunhas mulleres de cultura, como Pura e Dora Vázquez, que serven como argumento para defender a igualdade de xéneros en todos os eidos. É entón, este artigo, unha reflexión sobre a condición da muller, violada tanto física como psiquicamente mais onde a esperanza é o primeiro e último que fica.

Murguía, Manuel, 'Os precursores', *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 1, 'Fontes', 2003, , pp. 9-14.

Tradución dunhas páxinas do libro de Manuel Murguía *Los precursores* nas que o autor

expón a necesidade desta obra e os motivos que o levaron á súa composición. Manifesta que o seu amor por Galicia é froito do que sempre observou que tiña súa nai por Euskadi, lugar onde naceu e de onde era oriúnda toda a súa familia. Na parte final expresa a necesidade que había dunha obra destas características xa que era obrigado recoller os persoeiros que loitaron por Galicia, aquelas persoas entregadas a defender un país necesario de rexeneración.

Neira Cruz, Xosé A., 'Claudio Magris. Entre os confíns e o mar', *Tempos Novos*, nº 79, 'Ideas', decembro 2003, pp. 94-97.

Entrevista ao narrador, ensaísta e columnista Claudio Magris nunha das súas estancias en Galicia. Deste lugar indica que o atrae sobre todo a súa dimensión de país mariño, aínda que confesa que para escribir sobre Galicia tería que visitala máis veces e entendela na súa esencia. De feito, á pregunta de se podería escribir sobre Santiago de Compostela, subliña que podería facer unha crónica sobre a súa estadia nesta cidade, pero para tratala como materia literaria debería entender este lugar como símbolo europeo, cousa que aínda non logrou. Ademais responde a cuestións relacionadas coas materias habituais nos seus escritos, poer exemplo as identidades de Europa e o concepto de fronteira. Sobre este aspecto destaca a necesidade de que se manteñan as identidades culturais dos distintos estados de Europa, xa que sen elas non sería o que é.

Nicolás, Ramón, 'Poesía e Prestige', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 10.

Ramón Nicolás fala de *Maré do pobo a arder*, o poemario que escribiu Pepe Cáccamo inspirándose na catástrofe do Prestige, que cualifica como portador dunha "voz denunciadora e solidaria".

Nogueira, María Xesús, 'A poesía galega actual. Algunhas notas (necesariamente provisionais) para un estado da cuestión', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 85-97.

Segundo se sinala no resumo que o precede, este artigo "ten por obxectivo ofrecer unha panorámica da poesía galega contemporánea, centrándose tanto na súa evolución coma nas diversas correntes estilísticas aparecidas desde 1976. Tamén se referirá aos temas do discurso historiográfico e crítico e inclúese unha bibliografía comprensiva". A autora indica, en primeiro lugar, que as distintas correntes que explican o discurso poético galego dende 1975 se basean en traballos de distinto tipo, que clasifica do seguinte xeito: limiares alógrafos das propias obras de creación; recensións; e antoloxías, que poden acompañarse con estudos introdutorios e traballos monográficos sobre determinadas épocas, poéticas ou autores; define cada un destes tipos de traballos e fai referencia aos principais traballos destes tipos que dentro da poesía galega se publicaron no período temporal estudado. Dá conta dalgunhas constantes presentes na maior parte destes traballos, que segundo sinala non sempre favoreceron o rigor do discurso acerca da poesía actual, e presenta unha panorámica sucinta da poesía galega entre 1975 e finais do século XX, intentando revisar as principais problemáticas e incorporando as últimas achegas críticas. Presenta esta panorámica de xeito cronolóxico, dividíndoa en cinco momentos: "Os derradeiros versos sociais"; "Annus mirabilis", facendo referencia ao ano 1976 no que apareceron: *Con*

pólvora e magnolias de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Mesteres* de Arcadio López-Casanova e *Seraogna* de Alfonso Pexegueiro; "Daqueles (marabillosos) anos", para referirse á actividade poética desenvolta por unha serie de grupos e asociacións entre os que Rompente ocupa un lugar destacábel; "A poesía dos ointenta", na que identifica as seguintes poéticas diferenciadas: a culturalista, a poesía da experiencia, o experimentalismo, a poesía de muller e as poéticas senlleiras; e, finalmente, "Os poetas dos noventa", no que dá conta das principais poéticas destes anos e das características dos seus textos. Cómpre sinalar que, en cada un destes apartados, tamén se recollen as opinións doutros autores acerca da evolución do discurso poético galego e que, en cada un deles, a autora dá conta das principais obras publicadas. O estudo péchase cun apartado titulado "Referencias bibliográficas", no que se inclúen os principais manuais sobre este período poético.

Nogueira, María Xesús, 'O periplo de María', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, , pp. 113-114.

Achega crítica ao primeiro poemario de María Reimóndez, *Moda galega* (2002), do que se comenta que se abala entre a naturalidade do discurso e os tópicos culturais, resultando un texto orixinal no que se ofrece unha visión da muller a través da observación de escaparates. María Xesús Nogueira sobresaia algúns temas como o da ditadura do consumo e a relación e/ou dependencia que dela ten a muller de hoxe en día, a escravitude do culto ao corpo ou a tallaxe imposta, entre outros. Tamén apunta que se tratan asuntos de máxima actualidade, como pode ser a violencia doméstica ou a visión reducionista da muller como reprodutora. Finalmente destaca a simbiose entre o uso de formas lingüísticas pertencentes á cultura da modernidade cos tons coloquiais e, mesmo oralizantes, que emprega a autora neste poemario.

Nogueira, Xosé, 'Trece badaladas', *Grial*, nº 158, 'Cine, teatro e artes escénicas', 2003, , pp. 134-135.

Crítica sobre a película *Trece badaladas* que dirixiu Xabier Villaverde e que está baseada no guión que fixo Suso de Toro, que despois desenvolveu ata dar lugar á novela homónima.

Noia Campos, Camiño, 'En memoria da amiga Xela Arias Castaño', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 135, 2003, pp. 70-73.

Preténdese facer unha lembranza da persoa e da obra da escritora Xela Arias, que falecera recentemente. Camiño Noia fálanos desde a proximidade de quen a coñeceu e a tratou aínda pretendendo non facelo. A vida da escritora transcorre case toda en Vigo segundo nos di, desde moi nova "metéuselle a galeguidade na cana dos osos" e só con dezasete anos cóntanos coma, con certo grao de rebeldía, deixa os estudos para empezar a traballar en Edicións Xerais de Galicia, que creara un ano antes Xulián Maure. Polo que nos comenta Noia estes primeiros anos de traballo son unha aprendizaxe constante en contacto con escritores, tradutores, ilustradores, etc., decidíndose seis anos despois a publicar o seu primeiro libro *Denuncia do equilibrio*, no que di que deixa marcas de sinceridade literaria e que tería continuación con *Lilí sen pistolas*, finalista do Premio Esquíu, no que aumenta a melancolía e a desesperanza. Tamén nos fala de poemas publicados en xornais e revistas

coma *Tintitán*, *Festa da palabra silenciada*, *Dorna*, *Faro de Vigo*, *La voz de Galicia*, etc. Logo, unida sentimentalmente a Xulio Gil publicaría *Tigres coma cabalos* en 1990, do que se di que o centro temático é o corpo nu de vestimentas, representado tanto icónica como verbalmente. Estes son, para Camiño Noia, os anos de plenitude de Xela Arias, pouco despois retomará os estudos e será nai, experiencia que provocaría textos coma o libríño *Darío a diario*, unha reflexión, disenos, dunha nai consciente do seu compromiso cun novo ser. Por último a súa amiga fala dos últimos anos da escritora coma anos de sufrimentos, doenzas e a separación de Xulio Gil, froito dos cales é o seu cuarto libro de poemas *Intempériome*, xa do 2003. Por último, tamén nos fala Noia da súa importante obra como tradutora, na que acadou recoñecementos coma o "Premio da Sociedade de Lingua Portuguesa" ou o "Premio Ramón Cabanillas", deixando como última tradución *Le Spleen de Paris*, de Baudelaire, ou do seu labor anónimo como correctora de estilo. Remata o artigo cun lamento pola crueldade da súa morte e cuns versos seus e outros de Manuel Pereira Valcarce.

Núñez Seixas, Xosé Manoel, 'Escaso criterio historiográfico', *Tempos Novos*, nº 80, 'Crítica', agosto 2003, p. 70.

Análise do libro de Carlos Fernández Santander, *El exilio gallego de la Guerra Civil* (2002), que describe como "obra singular". Critica a caótica estrutura e a tortuosa redacción. Apunta a abondosa acumulación de datos, que pode resultar excesiva. Observa que a obra non engade nada novo pola súa ocultación sistemática de fontes ou a inexistencia dalgunhas das citadas. A continuación comenta a división do libro, que responde a catro bloques: un onde se reproducen biografías de exiliados galegos; outro dedicado ás súas institucións e asociacións; un terceiro no que analiza o seu labor cultural, e que reproduce listaxes de editoriais, obras literarias publicadas no exilio, publicacións dos anos cincuenta e sesenta, programas de radio, etc.; e o derradeiro, composto por dezanove documentos. Remata cunha valoración irónica e crítica da obra presentada.

Ogando, Iolanda, 'A metáfora do porco', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , p. 123.

A escritora realiza unha crítica sobre *Matanza* (2002) de Roberto Salgueiro, que quedou finalista no Premio de Teatro Rafael Dieste 2001. Comeza relacionándoa co resto da súa produción coa que o enlaza a través do humor e da extravagancia, dous trazos recorrentes na literatura de Roberto Salgueiro. O feito de que os protagonistas sexan dous porcos permítelle a Iolanda Ogando relacionar este libro con obras de autores como Handke, Ionesco ou coas dos galegos Vicente Risco e Roberto Vidal Bolaño. Interpreta este traballo como unha metáfora da sociedade actual na que hai explotados e explotadores e como unha nova contribución á visión da natureza do home, aínda que aquí sexan os animais os humanizados.

Ogando, Iolanda, 'Teatro: suplindo carencias', *Grial*, nº 158, 'O espello das letras', 2003, , p. 114.

Iolanda Ogando celebra a proposta da editorial Tris Tram, a través da colección "Máscaras" e baixo a dirección de Anxo Abuín, de ofrecer libros de estudo e traballo sobre literatura dramática. Lembra os comezos desta iniciativa coa publicación dun volume dedicado a

Euloxio Ruibal e agora a súa continuación co libro que se vén de publicar en 2002, *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*. Comenta que se atinxen moitas das facetas profesionais deste dramaturgo, a de actor, a de director e, nomeadamente, a de autor teatral. Tamén apunta que neste libro ademais de todos os artigos de investigación sobre a literatura dramática en xeral, e sobre Roberto Vidal Bolaño, en particular, inclúe a edición de *¡Anxeliños!*, un dos seus textos máis exitosos na escena que ata o de agora non fora publicado.

Ogando, Iolanda, 'Teatro galego do ano 2001: a voltas coa (ir)realidade', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 277-283.

Indicando que "continúa a ser o irmán pequeno do noso sistema literario", sintetiza a produción teatral deste ano. O único dato positivo que da é o auxe que viviu o teatro infantil. As pezas que se editaron aparecen en dúas canles principais, os *Cadernos de Teatro*, dirixidos por Francisco Pillado e a *Revista Galega de Teatro*, dirixida por Antón Lamapereira, únicas vías de edición teatral constantes en Galicia xunto con "Os Libros do Centro Dramático Galego", que o IGAEM promove en cada espectáculo. Indica que Linteo, Baía, e Tris Tram son as únicas que publican este xénero como un máis dentro da literatura galega. Máis adiante analiza "Os autores, ou de cando tampouco as cousas semellan circular por onde debe", onde afirma que a meirande parte desas obras non proceden do sistema escénico galego como o *Ciclo de Venus* e *Dous asteroides*, de Millán Picouto, *A vella peneira a noite*, de Xabier Cordal, *Pequeno sol satélite*, de Cesáreo Carballido, *Historia de María atrapada*. *Pequeno tratado de amor precipitado*, de Roberto Salgueiro e *Footing*, de Gustavo Pernas Cora. No seguinte apartado, "O teatro infantil: verdadeiro motor no panorama do ano" destaca que a sorpresa deste ano foi a edición de varios títulos de teatro para nenos e mozos que rachan coa monotonía reinante. Menciona títulos como *Pelexa no souto*, *Sala de espera* de Xosé Vázquez Pintor, *A estrela Volarina na torre Carolina* de An Alfaya, a *Historia dunha sobreira* de Ramón Caride Ogando, *¡Cázame ese pensamento!* de Antón Cortizas e *A música da noite* de Manuel Lourenzo González. No epígrafe "Outros" reseña a publicación de *Rosalía de Ramón Otero Pedrayo* na adaptación que Roberto Vidal Bolaño fixo para o espectáculo homónimo; *Poética da música teatral* de Paulino Pereiro; *Unha montaxe de Os vellos non deben de namorarse en español* de Xesús González Gómez e o volume coordinado por Anxo Abuín, *Teatro, cerimonia e xogo*, que xira arredor da figura e a obra de Euloxio R. Ruibal. Conclúe reiterando a proposta-demanda de que se cree unha "política decidida, clara e coherente de edición teatral" que axude a fomentar a creación literaria dramática e a súa comunicación coa realidade galega.

Ogando, Iole, 'Três erm três... grandes no teatro galego', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 24-31.

Estudo analítico e descritivo no que se sinalan os trazos comúns, as traxectorias e apostas particulares de tres dos dramaturgos máis importantes do teatro galego contemporáneo: Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño. Iolanda Ogando comeza o seu traballo debuxando as liñas básicas do contexto teatral no que se desenvolveu a obra dos tres autores para despois destacar os fitos principais que conforman a súa actividade teatral. Membros destacados do Grupo Abrente, os tres autores durante os anos setenta participaron activamente na Mostra e no Concurso de Ribadavia ben como escritores, ben como

directores ou actores. O seu alto grao de compromiso e implicación co teatro galego callou na aposta decidida pola profesionalización do sistema teatral galego e no anseio de modernización da escrita dramática. A entrada en vigor do Estatuto de Autonomía no 1980 e os cambios institucionais que este feito propiciou coa posta en marcha de políticas culturais normalizadoras permitiron configurar un novo contexto creativo para estes autores que teñen alcanzado un posto sinalado na historia do teatro galego grazas aos seus textos, pero tamén grazas ao seu labor investigador e, no caso particular de Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño, grazas á súa participación intensa e incansábel na escena galega a través da dirección, actuación, creación de grupos, formación, etc.

Olveira, Manuel, 'O lapis do carpinteiro', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Audiovisual', 2003, , p. 21.

Manuel Olveira describe a adaptación cinematográfica da obra de Manolo Rivas *O lapis do carpinteiro*, feita por Antón Reixa, cunha valoración positiva. Aprecia o que facer dos actores e a complexidade dalgúns personaxes mentres que lamenta a linealidade innecesaria da película, que contrasta coa discontinuidade do libro.

Panero, Carmen, 'Socioloxía da literatura, teatro e feminismo no ámbito nacional galego. Noticias dun curso', *Citania*, nº 4, 2003, pp. 71-74.

Con motivo da celebración os días 26, 27 e 28 de xuño do 2002 no Paraninfo do Reitorado da Universidade de Vigo do curso "Literatura e sociedade: novas achegas desde a Socioloxía e o Feminismo" faise un resumo das principais achegas que fixeron os convidados. En primeiro lugar trátase a conferencia "A noción do campo artístico e o estudio das relacións literarias no sistema literario galego" de Antón Figueroa que tratou temas como o sentimento de superioridade dalgunhas literaturas. A segunda ponencia "Aplicacións sociolóxicas da Historia comparada da literatura" correu a cargo de Arturo Casas quen achegou unha ampla bibliografía sobre estudos comparatistas. A intervención de Anxo Tarrío reflexionou sobre a importancia do paratexto. Coméntase que ademais concorreron a profesora Spitzmesser experta na obra de Álvaro Cunqueiro, o profesor Francisco Rodríguez especializado na obra de Rosalía de Castro e Curros Enríquez, Manuel Vieites no tratamento do teatro e Iris M^a Zabala analizando a situación do feminismo na literatura.

Pardo Bazán, Emilia, 'A evolución do pé', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 95-96.

Recupérase, traducido ao galego por Marga Rodríguez Marcuño, o artigo *A evolución do pé*, que Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1857- Madrid, 1921) publicara no xornal *La Nación* (Bos Aires, 1913).

Pascual, Roberto, 'Que prime a calidade', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas', xullo 2003, pp. 78-80.

Neste artigo preséntase a formación e integrantes do coñecido como "Foro teatral de Sada". Describe a seguir a estrutura e funcionamento así como os obxectivos do Foro. Destaca a

reivindicación da necesidade dunha política teatral. Tamén destaca documentos como "A programación teatral: unha nova proposta" no que se denuncia unha dispersión de criterios de selección de espectáculos, e desenvolve as palabras de Eduardo Alonso sobre este tema. Reclámase tamén un estudo sociolóxico para poder elaborar análises e unha reestruturación da Rede. Roberto Pascual pide atención para este Foro.

Paz Gago, Chema, 'O Centro Dramático Galego, quase dúas décadas', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 57-61.

Chema Paz Gago realiza neste artigo un breve percorrido pola historia do Centro Dramático dende a súa creación en 1984. O autor fai fincapé nas contribucións que esta institución ten realizado ao sistema teatral galego en cuestións relacionadas coa programación, co patrocinio de autores e directores galegos e co establecemento de relacións con outros sistemas teatrais como o español, o portugués e o catalán. En síntese, segundo Paz Gago o CDG ten contribuído á formación dunha conciencia nacional galega no plano cultural e no especificamente espectacular, permitindo a consolidación da profesión teatral galega, a activación dun circuíto teatral de exhibicións e a asistencia dun público regular.

Paz Rodrigues, José, 'R. Otero Pedrayo, modelo de educador galego, teórico e práctico', *Agália*, nº 73-74, 'Estudos', xaneiro 2003, pp. 95-114.

Faise un demorado repaso pola faceta de pedagogo de Otero Pedrayo no Instituto de Ourense -hoxe IES Otero Pedrayo- e na Facultade de Filosofía e Letras da USC e co apoio de abondoso material fotográfico. Comézase falando da súa etapa como estudante para despois centrarse na súa faceta de educador e conclúese facendo mención tanto das súas ideas educativas como dos seus libros de carácter máis pedagóxico.

Pazó, Cándido, 'A lingua no teatro: entre a coíné e o castrapo', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 96-97.

Disertación do autor e director teatral nas xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do 28 ao 30 de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra mais Luciano Rodríguez. Cándido Pazó artella o seu discurso ao redor do binomio lingua-escenificación teatral, explicando que a lingua que empreguen os autores ten que operar como medio de comunicación puro e empírico, poñéndose ao servizo da escena, polo que en moitas ocasións é necesario desenvolver unha koiné, desbotando o estándar. Conclúe que, na maioría das ocasións, o teatro móvese entre a "castrapización e a liturxización da lingua".

Pena, Xosé Ramón, 'Nación literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Antón Figueroa', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 296-298.

Comeza reproducindo un parágrafo da obra de Antón Figueroa, que a seguir analiza, afirmando que se trata dun exame serio, rigoroso e de extrema lucidez. Comeza indicando que profundiza, partindo das ideas de Pierre Bourdieu e de Itamar Even-Zohar na teoría dos sistemas e na teoría dos campos sociais, poñendo con especial atención á noción de campo

literario. Logo destaca os apartados "Constitución do ámbito nacional e funcionamento da literatura" e "Literatura galega e campo literario. Hipóteses, problemas, anomalías", dos que realiza unha breve descrición. Xosé Ramón Pena conclúe apuntando a falta de casos concretos nos que Figueroa se detén para poder coñecer mellor o funcionamento da dialéctica que presenta. Destaca a ollada atenta e crítica carente de prexuízos coa que realizou o estudo.

Pereira, Dionisio, 'Visións de Compostela', *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Acoutacións', xaneiro 2003, pp. 69-79.

O autor parte dun comentario de Otero Pedrayo sobre a ausencia dunha novela onde a protagonista fose a cidade de Compostela, para afirmar que aínda que a aseveración de Otero é certa, existen na historia literaria galega numerosas obras onde esta cidade se fai eco. A partir de aquí, Pereira, amosa as diferentes visións de numerosos escritores sobre Compostela que inciden na simboloxía que esta ten en canto á relixiosidade e ao galeguismo, como opinaba o propio Otero, visións pexorativas onde a cidade infunde tristura, segundo Rosalía ou Roberto Blanco Torres, tamén onde prevalece o poder da democracia e do pobo, visto por Heraclio Pérez Placer, ou unha visión aberta de Compostela onde a pluralidade e comprensión é patente con figuras como José Pasín, Manuel Fandiño, Ezequiel Rey, Luis Seoane, e Laureano Santirso Girón, entre outros.

Pérez Barreiro, Fernando, 'Máis sobre o libro 'Da miña acordanza'', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e culturas. Opinión', abril 2003, pp. 76-77.

O autor comenta a obra *Da miña acordanza* (2002), conxunto de conversas, documentos e escritos autobiográficos de Ramón Piñeiro, e considera que o volume non pode verse como unhas "memorias" propiamente ditas. A continuación céntrase nas polémicas suscitadas por esta cuestión, en concreto a mantida por Xosé Luís Franco Grande e Henrique Monteagudo, e chega á conclusión de que estas "liortas" deben deixarse de lado para centrarse nun "debate aberto e sen mitificacións" acerca do legado de Ramón Piñeiro.

Pérez Mondelo, Xosé, 'César Arias: Memoria fiel de Brais Pinto', *A Trabe de Ouro*, nº 53, 'Crónica', xaneiro 2003, pp. 117-127.

Recóllese aquí, unha entrevista realizada polo autor a un dos homes pertencentes a 'Brais Pinto', César Arias, onde o entrevistado fala da súa marcha a Madrid e a conseguinte formación do grupo 'Brais Pinto', do descubrimento e compromiso con Galicia, de opinións e recordos sobre os seus compañeiros do grupo e do esmorecemento deste como aglutinador destes mozos.

Pérez Veiga, Julio, 'Florencio M. Delgado Gurriarán', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 76, 'Personajes', agosto 2003, pp. 18-21.

O valdeorrés Florencio Manuel Delgado Gurriarán é o centro destas páxinas que repasan a súa vida e obra. Alúdese ao seu compromiso republicano e galeguista, ao exilio tras a Guerra Civil en Portugal, Francia e México, á súa axuda para que saíse a revista *Vieiros* e mais ás súas obras principais: *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963) ou *O soño do*

guieiro (1986).

Pino, Concha, 'O incerto futuro das salas alternativas', *Setepalcos*, nº 4, maio 2003, pp. 84-85.

Estudo da difícil situación que atravesan as salas alternativas en Galicia e breve resumo das traxectorias e apostas desenvolvidas polas dúas únicas salas alternativas que hoxe se conservan en Santiago de Compostela: a Sala Nasa e o Teatro Galán, ambas as dúas sedes estábeis das compañías Chévere e Matarile Teatro respectivamente. Concha Pino apunta como estas salas indepententes seguen a cuestionar hoxe, como nos oitenta, a ideoloxía e as estéticas oficiais e tamén, como entón, seguen a carecer dos medios suficientes e dos apoios institucionais necesarios para non chegar á quebra económica. A Nasa, cunha oferta ampla e diversificada, e a Galán, máis orientada cara á danza, teñen demostrado a súa capacidade para crear públicos novos, recuperar o sentido das iniciativas independentes, críticas co poder político e coa cultura e propaganda oficiais, aínda que, dados os obstáculos que teñen que vencer, este sexa máis ca nunca un exercicio de resistencia.

Postigo Aldeamil, M^a. Josefa, 'La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas de 2002', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Crónica', 2003, pp. 151-155.

Estudo no que a autora dá conta dos artigos relacionados coa lingua e literatura galega publicados nos números correspondentes ao 2002 das seguintes revistas: *A trabe de Ouro*, *Publicación Galega de Pensamento Crítico*, *Boletín Galego de Literatura*, *Cadernos de lingua*, *Dorna*, *Grial*, *Revista Galega de Filoloxía*, *Revista Galega de Teatro* e *Verba*. Nos distintos números da revista *A trabe de Ouro* cómpre destacar, dende o punto de vista literario, os seguintes artigos: "Un poema de Rosalía de Castro" de Anxo Angueira, no que analiza o poema "[Miña Santiña,]" incluído na segunda edición de *Cantares Gallegos*; "Arredor d'O divino Sainete" de X.L. Méndez Ferrín, no que traslada unha conferencia ditada no Congreso Curros Enríquez 2001; "Terra e Memoria en Otero Pedrayo" de Ramón Villares, no que se analiza a obra do escritor ourensán dende o punto de vista da historia; tres conferencias de Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández Rei e X.L. Méndez Ferrín lidas nos actos da Real Academia Galega para honrar a Frei Martín Sarmiento e as "Propostas da Real Academia Galega ó Goberno e mais ó Parlamento de Galicia", publicadas na sección "Crónica". Con respecto ao número 26 do *Boletín Galego de Literatura*, sinala que se trata dun "volume monotemático" titulado *Bibliografía sistemática da Teoría literaria* e describe o seu contido. Indica que o número 28 da revista *Dorna* inclúe, entre outros, poemas de Marilar Aleixandre, X. Antón L. Dobao, X.L. Franco Grande, Xosé Luís Méndez Ferrín, Toni García Arias, Xesús Manuel Valcárcel e Miro Villar; destaca o relato "Memoria dos dixitais" de Emma Pedreira e describe os seguintes artigos: "O erotismo da literatura de Cunqueiro", de Noel Blanco Mourelle; "Notas para unha análise estilístico-formal do poemario *Raza e Terra* de Eladio Rodríguez González" de Xosé Anxo García López; "Dialéctica e confrontación intertextual en *A Constelación da Xuvenca*" de José Antonio López Silva; e "Ursula Heinze: a voz da distancia no embigo" de Franck Meyer. En canto aos artigos publicados nos tres números de *Grial* cómpre destacar, dende o punto de vista da literatura galega, un grupo de traballos subordinados ao tema "No centenario de Plácido Castro", coordinados por Xulio Ríos. É necesario destacar, finalmente, os seguintes contidos dos tres números publicados da *Revista Galega de*

Teatro: o editorial do número 30, titulado "Proxecto Xeral do Teatro"; o artigo "Institucións, certames e o teatro escolar", do que non se cita o autor; as páxinas dos números 30 e 31 nas que diversos contacontos galegos narran as súas experiencias e anécdotas; e, por último, o editorial do número 32, no que se dá conta da morte de Roberto Vidal Bolaño.

Prol, Santiago, 'Xosé Lois Parente: o poeta vangardista de Maceda', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 70, 'Personajes', febreiro 2003, pp. 24-27.

Faise un repaso pola vida e obra de Xosé Lois Parente (1903, Maceda-1948, Ourense), onde se salienta o seu pensamento galeguista, as súas colaboracións en *Heraldo de Galicia*, *Nós*, *Misión* ou *La Región*, o seu poemario *Con prisma azul* (1933), e remátase reproducindo algúns dos seus poemas.

Puñal, Belén, 'Poesía ferida en Salvaterra', *Tempos Novos*, nº 77, 'Crónica', outubro 2003, pp. 10-12.

Este texto de Belén Puñal nárranos o que aconteceu na décimo sétima edición do "Festival de Poesía do Condado", organizado pola Asociación Cultural e Deportiva do Condado a principios de setembro, baixo o lema "Verbas para non esquecer". O festival constou de varios días con actuacións musicais e teatrais, exposicións, audiovisuais e o propio día do recital, ademais antes de comezar o festival dínos Puñal que se presentou en Vigo e Compostela un libro que recolle boa parte dos versos que se recitaron nesta edición. Entre os poetas participantes destácanse tanto voces consolidadas coma novos versificadores, de xeito que compartiron palestra Manolo Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Estevo Creus e outros menos coñecidos: Marcos Abalde, Manuel Solleiro, Salvador Calderón de Anta, Eugenio Outeiro, Kiko Neves, Brais González, Asunción Arias, Margarita Ledo Andión, María Sarriá... Das composicións que se recitaron salientase unha angueira común de crítica social e rebeldía, ao igual que nas declaracións que se recollen a poetas como Manolo Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello, ou Estevo Creus. Pero non é a denuncia a única faceta do festival, tamén se fala del coma un punto de promoción para novos poetas, xa o fora antes, segundo se nos di, para Iolanda Castaño, Helena de Carlos, Margarita Val, Enma Pedreira ou Igor Lugrís, e séguese sendo agora para xente coma Roi Vidal, como el mesmo reconece nunhas declaracións; Fátima Peón, que xa escribe poemas, prosa, teatro e guións, e gañou premios coma o "Minerva" ou o "Manolo Lado"; ou Daniel Salgado, gañador do premio "Uxío Novoneyra". Á parte dos petas de aquí, dos que se reproducen algúns poemas, viñeron poetas doutros sitios como o vasco.

Quintana Garrido, Xosé Ramón, 'Historia sociocultural dos inmigrantes galegos', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 83.

Reséñase a obra *O inmigrante imaxinario* (2002), do historiador Xosé Manoel Núñez Seixas, que enfoca o tema da emigración a Arxentina atendendo aos estereotipos creados sobre os galegos no seu país de acollida. Explicásenos que este tema se desenvolve en dúas partes: vendo primeiro cómo nace a imaxe negativa do "gayego", e logo a contraímaxe correspondente elaborada polas elites emigradas. Nos derradeiros capítulos, dísenos, dáse unha achega á identidade cultural e lingüística dos emigrados. Conclúe o autor salientando

a novidade e rigor da obra, así como a anteción constante aos contextos sociais e políticos nos que se desenvolveu o fenómeno estudado.

Quintáns S., M., 'Francisco Fernández del Riego. Homenaxe a Francisco Fernández del Riego, de AA.VV.', *Revista Galega do Ensino*, nº 38, 'Recensións', febreiro 2003, pp. 235-238.

Neste artigo M. Quintáns define a D. Francisco Fernández del Riego como un home "polígrafo que consagrou a súa vida á loita pola dignidade e recoñecemento de Galicia". Salienta deste volume que serven para renderlle homenaxe a Fernández del Riego as numerosas colaboracións que nel se atopan, de personaxes tan coñecidos como Ferro Ruibal e García Bodaño, encargados do apartado "O que xa se dixera de D. Paco" onde "evocan lembranzas de momentos pasados" da vida e obra do homenaxeado. A seguir comenta que un segundo apartado presentado baixo o epígrafe "O que agora queremos dicir de D. Paco", recolle numerosos escritos de xente relevante do mundo das letras dedicados a loar a figura deste escritor. Entre os autores atopamos nomes tan célebres como X. Alonso Montero, Alfredo Conde, Isaac Díaz Pardo, X. L. Méndez Ferrín, Marina Mayoral, etc.

Quiroga, Carlos (coord.), 'Literatura galega hoje', *Mealibra. Revista de Cultura*, 2003, pp. 109-174.

Neste número da revista *Mealibra. Revista de Cultura*, correspondente ao inverno 2003/2004, Carlos Quiroga comeza o seu artigo cunha introdución na que explica o esquema que seguiu para artellar este apartado e que tentou pasar todos os textos, co consentimento dos seus autores, ao galego reintegrado, se non o estaban xa nos orixinais. A continuación vén o apartado "prêambulo prescindível" no que dá uns apuntes sobre a historia de Galicia dende a Idade Media á actualidade, logo, en "esclarecemento necesario", analiza a situación actual da lingua e a literatura galega e comenta as diferentes normativas ortográficas que existen e achega a súa opinión. En "o último quartel do século XX" dá unha panorámica das diferentes xeracións do século destacando os escritores máis importantes xunto coas súas características e reflexiona a cerca das normativas defendendo a reintegracionista. Logo, en "Anos70-80", explica que o recoñecemento mediático e social, (mediante premios, por exemplo), facilitou a creación dun clima de aparente normalidade literaria e logo ofrece a nómina dos escritores e as obras máis destacábeis. Conclúe con "a encruzilhada milenar" onde comenta os autores actuais. A seguir está unha antoloxía de poesía galega na que participaron os seguintes escritores : Ana Romaní (Noia, 1962), Antón Lopo (Monforte, 1960), Arturo Casas, (1958), Carlos Figueiras, (Chantada, 1981), Carlos Quiroga (Escalóm, 1961), Chus Pato (Ourense, 1955), Helena de Carlos, (Barbantes-Cenlle, 1964), Henrique Rabunhal, (A Coruña 1961), João Guisán Seixas, (A Coruña, 1957), Joel R. Gómez, (Ourense, 1959), Lourenço Álvarez, (Vigo, 1961), Luísa Villalta, (A Coruña, 1957), Manuel Lourenzo, (Ferreira do Valadouro, 1943), Marcos Abalde, (Vigo, 1982), María do Cebreiro, (Santiago de Compostela, 1976), Miro Villar, (Cee, 1965), Oriana Méndez Fuentes, (Vigo, 1984), Paula San Vicente Pellicer, (A Coruña, 1963), Pilar Pallarés, (Culleredo, 1957), Rafa Villar, (Cee, 1968), Raquel Miragaia, (Tardade, 1974), Román Raña, (Vigo, 1960), Suso de Toro, (Santiago de Compostela, 1956), Xavier Queipo, (Santiago de Compostela, 1957), Xosé María Álvarez Cáccamo, (Vigo, 1950) e Xulio Valcárcel, (Lugo, 1953).

R. Barcia, Moisés, 'Henrique Harguindey: o gusto de traducir', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Conversa', 2003, , pp. 28-29.

Entrevista a Henrique Harguindey, figura senlleira e referencia indiscutíbel no campo da tradución literaria do francés ao galego. Harguindey fala sobre a súa paixón pola tradución, que se remonta á súa adolescencia, dos problemas habituais aos que se enfronta o tradutor e da situación actual da tradución ao galego. Reclama, tamén, máis axudas institucionais para a tradución.

R. Vega, Rexina, 'A seducción do terror, a busca de sentido', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 117-118.

Coméntase que a novela de Suso de Toro, *Trece badaladas*, que editou o ano pasado (2002), agora foi traducida ao castelán da man de Dolores Vilavedra e Belén Fortes, na editorial Seix Barral, e o director Xabier Villaverde lévaa ao cine. Detense Rexina R. Vega nas diferenzas existentes entre o libro e o filme, como pode ser a diferente concepción e tratamento do terror gótico, do medo irracional e a aceptación da presenza sobrenatural. A continuación critica o argumento da novela e destaca os dous polos nos que, na súa opinión, se move: o pracer intuitivo da novela, do relato de terror e a busca de sentido, de profundidade, propia da novela de ideas. Conclúe que *Trece badaladas* é unha novela moderna, polifónica, na que conflúen os modos do cinema.

Rábade Villar, María do Cebreiro, 'Probas de lume, prácticas de risco. Para unha lectura posfeminista de Concubinas', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 118-120.

María do Cebreiro comeza a súa recensión á novela de Inma López, *Concubinas* (2002), dicindo que non se trata dunha obra escrita só para lectoras, como moitos poderían pensar. Prosegue comentando o tratamento que a autora lle deu ao sexo neste libro, adoptando unha postura que vai dende a tenrura ao distanciamento, pero sempre dotada de fonda ironía. No tocante á forma destaca os xogos metaficcionais que se mesturan co presente, dando lugar a unha literatura "non naturalista", que relaciona co realismo máxico de Alejo Carpentier. Remata inserindo este traballo novelístico no esforzo común que as mulleres escritoras galegas están a realizar por formaren un corpo social dentro da literatura galega.

Rábade Villar, María do Cebreiro, 'Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme a nova poesía galega?', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 265-276.

En primeiro lugar afirma que, de xeito xeral, pode observarse un continuísmo nas obras editadas con respecto a década dos noventa. A seguir realiza unha visión dos títulos publicados na que mestura os criterios estéticos coa descrición da liña editorial de determinados "grupos de prestixio". Comeza coa editorial Espiral Maior, que é a de maior entidade no campo da poesía galega que aposta pola continuidade con respecto os oitenta destaca e comenta obras como, por exemplo, *Banzados* de Xosé Vázquez Pintor, *Sedimentos* de Xabier Paz e *Velenarias* de Emma Pedreira. De Ablativo Absoluto afirma que este ano impulsou a edición de autores xa coñecidos polos lectores como Carlos Negro,

Far-West, Fran Alonso, *Subversións*, e Helena de Carlos, 1999. Letras de Cal segue a presentar poetas novos como Xosé de Cea, *Presencia da fenda*, ou Verónica Martínez, con *Desterrada do meu corpo*, que xorden do premio que convoca a entidade. No seguinte apartado analiza o importante papel que xogan as institucións na edición de poesía, xa que segue a depender das subvencións das universidades, as deputacións, concellos ou as sociedades económicas, que, con moita frecuencia se vinculan con premios literarios. Continúa comentando o labor de Galaxia e O Castro, onde se atopan tanto os clásicos como os novos valores, destaca *Cadáver adiado*, de Antonio Tovar e *Acaso o inverno*, de Carlos Penela. Deseguido fala das editoriais Follas Novas, Livros da Frouma, Litoral das Rías, (Colección Hipocampo Amigo) e Positivas, Amastra-n-gallar e Baia Branca, estas tres últimas acolleron algúns dos títulos máis destacados do ano como *A casa deshabitada da familia Pena*, de Raúl Gómez Pato, *A vella peneira a noite* de Xabier Cordal, *Pequeno sol satélite* de Cesáreo Carballido. Do 4 edicións e Nigra, como coleccións emerxentes poden indicar, segundo María do Cebreiro, futuras orientacións poéticas ou dar a coñecer voces novas. De entre as súas publicacións destaca *Ailalelo de auga* de Xerardo Quidiá e *e se non é?* de Xosé Alberte Alonso. Logo fala das edicións de poesía galega fora de Galicia na editorial Tema (Lisboa) e na serie "Arte Tripharia" (Madrid). Tamén trata nun apartado as "Edicións de autor e outras vías de publicación minoritarias", onde comenta obras como *Agasallo de verbas* de Ramón Rodríguez Porto, *Rompendo adivais da gorxa* de Cándido Duro ou *Ambra. Gedichte/Poemas* de Úrsula Heinze de Lorenzo, que recolle textos escritos en alemán e traducidos ao galego por Ramón Lorenzo. A seguir repasa as "Antoloxías poéticas", que representan en certa medida a canonización dos autores e dos seus textos e tamén a relación que a poesía garda coas institucións, que inflúen na súa produción coa celebración de premios, congresos, etc. Destacan *Antoloxía, 12 poemas* editado por *La Voz de Galicia* ou *Poesía dos 90*, por exemplo. Remata cunha reflexión, "Final aberto ¿Poesía nova ou nova poesía?".

Rábade Villar, María do Cebreiro, 'Escribir sobre a luz. Antoloxía de fotógrafos e narradores', *Citania*, nº 4, maio 2003, pp. 51-57.

Reflexiónase nun primeiro momento sobre a relación que se establece entre a imaxe e a palabra dende Horacio na súa *Ars Poetica* ata a actualidade. Enténdese que na época moderna a proxección máis visíbel desta unión é o hipertexto informático, unha forma na que non hai límites claros entre a información textual, sonora e imaxinística. A continuación achégasenos unha panorámica da literatura galega contemporánea e a relación que mantivo cos microrrelatos que asociaron imaxe e palabra. Pártese de Castelao e as súas *Cousas*, claro exemplo do anteriormente dito e que tivo a súa continuidade en *mini.relatos* (1999) de Fran Alonso, en *Gameleiros* (2002) de Manuel Álvarez e Miro Villar, en *Os pousos da pedra* (2000) coordinado por Elías Torres Feijoo ou en *Palabras no aire* (2003) editado por Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña. Finalmente, preséntase a escolma que ten como obxectivos a comunión de elementos visuais e narrativos.

Rabuñal, Henrique, 'Historia e balance de Abrente', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Teatro', 2003, , p. 20.

Dá conta da publicación pola editorial Xerais do libro *Un abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia* (2002) de Inma López Silva e Dolores Vilavedra, que

recolle a historia da "Asociación Cultural Abrente", nacida en 1969 en Ribadavia e disolta en 1983, que corre paralela á historia da Mostra e o Concurso de Teatro de Ribadavia. O articulista destaca os grupos que pasaron pola Mostra de Teatro -Carantoña, O Toxo, Loita, etc.- e os autores que participaron no concurso de textos -Roberto Vidal Bolaño, Carlos Casares, Manuel Lourenzo, etc. O volume complétase coas colaboracións de Alonso Montero, Luca de Tena e Euloxio Ruibal, entre outros.

Ramos Mateo, Hugo, 'Suso de Toro e Manuel Rivas: dous discursos literarios', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 99-105.

Segundo se sinala no propio resumo, que precede ao estudo, este é "unha aproximación aos discursos narrativos de Suso de Toro e de Manuel Rivas que, desde distintas perspectivas, renovaron a literatura galega para facela partícipe da universalidade da arte". O estudo estrutúrase en catro partes: "Apuntes biográficos e obra", "Estilo", "Temática" e "Personaxes". Na primeira delas, "Apuntes biográficos e obra", indícase o lugar e data de nacemento de cada un dos autores e achégase o listado das súas obras publicadas ata o momento. No segundo apartado, "Estilo", sinálanse as características narrativas de ambos os dous autores; como características propias da narrativa de Suso de Toro destácase a súa habilidade para mesturar rexistros, os xogos coa focalización do narrado, a busca da harmonía da cultura elitista e de masas, a revisión de textos da mitoloxía grega e o seu aproveitamento como fonte para a creación, o uso de conceptos e técnicas narrativas propias da renovación da novela de inicios do século XX ou o seu talento para reflectir a realidade da Galicia contemporánea de maneira crítica e personal; en canto a Manuel Rivas, sinálanse como principais características da súa obra o seu clasicismo, o costumismo presente nos seus relatos curtos, o lirismo habitual da súa prosa e o emprego da imaxinación para describir a realidade cotiá tinxida de aspectos marabillosos que se integran nela con naturalidade. No terceiro apartado, "Temática", faise referencia aos temas máis recorrentes nas obra de Rivas e de Toro; destácase o emprego que do paso do tempo, con todas as súas consecuencias, e da arte fai Suso de Toro ao longo da súa obra; e indícanse, como temas recorrentes na obra de Manuel Rivas, a esperanza no home, os aspectos amargos da vida e a decadencia de costumes, actividades e formas da vida tradicional. Na última parte deste estudo, titulada "Personaxes", sinálase que, salvo excepcións, os personaxes de Suso de Toro son a antítese do heroe clásico, mentres que os de Manuel Rivas se caracterizan pola súa "posibilidade de ser: o seu mundo ficcional é case real". Cómpre sinalar, finalmente, que as explicacións deste estudo van acompañadas de fragmentos de ambos os dous autores, que facilitan a comprensión do exposto; así mesmo, ao final do artigo, inclúese un texto de Suso de Toro tirado da presentación da páxina web do autor (www.susodetoro.com).

Raña, Román, 'A historia escríbese de noite. Bieito Iglesias', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Libros', febreiro 2003, pp. 314-315.

O estilo literario é o primeiro que destaca Román Raña de *A historia escríbese de noite*, a seguir comenta a trama argumental e logo a estrutura indicando que é simple e que contén abundantes analepses. Destaca que todas esas características aparecen distorsionadas polo prisma do narrador. A realidade filtrase na linguaxe do narrador, o procedemento básico é a hipérbole irónica e deformante. Aprecia influencias de Castelao, Chesterton ou Otero.

Remata afirmando que a verdadeira protagonista é a linguaxe.

Regueiro Salgado, Begoña, 'Freixanes y Rivas: dos modelos de novela histórica gallega', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 107-116.

Realiza unha comparación entre dous escritores galegos e dúas obras súas: Víctor F. Freixanes coa obra *O enxoval da noiva* e Manuel Rivas con *O lapis do carpinteiro*, das que analiza as súas similitudes e diferenzas. Comenta que as dúas novelas pretenden plasmar a importancia de Galicia e nelas os autores mostran a mesma concepción da literatura. Begoña Regueiro inclúeas na nómina de novelas históricas e realiza un percorrido pola evolución da novela histórica galega; de seguido, céntrase na análise de cada unha das obras e cita as súas posíbeis fontes clásicas e medievais, no caso da novela de Freixanes e as fontes históricas dos anos da guerra civil española, na novela de Rivas. A autora trata, tanén, o tema da confrontación entre o ben e o mal que aparece nas obras pero salienta que os autores se enfrentan ao conflito de xeito diferente, xa que Freixanes presenta o ben e o mal baixo personaxes tradicionais da iconografía cristiá e Rivas toma os seus propios iconos para a mesma representación. No que si coinciden é no papel salvador que os dous autores lle outorgan ao ben, posto que os personaxes das novelas amosan a súa redención para salvarse, e dos que a articulista fai un extenso comentario sobre as súas características. Outros feitos que salienta Begoña Regueiro nas dúas novelas son a presenza de elementos fantástico-máxicos, as dúas obras están escritas en terceira persoa por un narrador testemuña que non participa nos feitos e, a linealidade narrativa interrómpeuse con frecuencia. Conclúe afirmando que é natural que estas novelas coincidan en múltiples aspectos xa que o tema central do ben fronte ao mal existe desde sempre cuns fundamentos básicos practicamente inamobíbeis.

Revista Murguía, 'A entrevista', *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 1, maio 2003, , pp. 131-133.

Entrevista realizada a Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao que, ademais, foi militante das Mocidades Galeguistas (1932-1936) do Partido Galeguista. Conta os primeiros pasos da Fundación e a actividade que levan a cabo, entre a que destaca a promoción da súa obra e a súa persoa, a elaboración de traballos, a organización de conferencias ou a incorporación da súa figura na rede. Remata coa lembranza da época anterior e posterior á Guerra Civil dentro das organizacións políticas.

Riobó, Pedro P., 'Conversas de 25 anos de Teatro Profesional 4. Manuel Lourenzo', *Revista Galega de Teatro*, nº 36, 'Falamos con...', outubro 2003, pp. 16-22.

Entrevista realizada a Manuel Lourenzo e centrada no tema da Escola Dramática Galega que nace na Coruña no 1978. Fálase de que os socios que comezaron este proxecto se adicaban a outros traballos, da disolución do Taller 1 deste grupo, da reivindicación do "teatro de furgoneta", da dificultade de ter sala propia e outros temas relacionados co seu traballo, co pasado e co presente do teatro galego.

Riobó, Pedro P., 'Conversas de 25 anos de Teatro Profesional 3. Francisco Taxes e Antonio Simón', *Revista Galega de Teatro*, nº 36, 'Falamos con...', outubro 2003, pp. 5-10.

Trátase dunha entrevista realizada a Francisco Taxes e Antonio Simón o 6 de decembro de 2002. O tema fundamental é o do nacemento do teatro profesional galego e da obra de Taxes *O Velorio*. Vaise explicando cómo foi a montaxe desta obra aló polo 1978 e a partir dese punto esbózanse outros temas como a traxectoria creadora de Francisco Taxes ou a súa coincidencia nalgunha montaxe con Antonio Simón.

Riobó, Pedro Pablo, 'Falamos con... Belén Quintáns', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 23-27.

Entrevista realizada a Belén Quintáns onde explica como foi o traballo en Teatro do Aquí dende a súa fundación, da que ela foi copartícipe, ata a morte de Roberto Vidal Bolaño. Comenta como era o proceso de selección dos textos, a nómina de actores, a idea que Vidal Bolaño tiña dunha compañía e outros aspectos tanto do grupo como do autor.

Riobó, Pedro Pablo, 'Falamos con... Laura Ponte e Rodrigo Roel', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 11-15.

Nesta entrevista analízase a traxectoria de Roberto Vidal Bolaño dende a perspectiva das súas compañías: "Antroido", creada no 1978 e a aínda activa "Teatro do Aquí". Así bótase unha ollada sobre os inicios do teatro profesional e a súa evolución ata hoxe dende as palabras de Laura Ponte e Rodrigo Roel. Analízanse montaxes e algunhas situacións históricas do teatro profesional galego.

Riobó, Pedro Pablo, 'Roberto Vidal Bolaño', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 28-33.

É un breve repaso pola traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño dende que "estreara" a escena profesional galega coa compañía "Antroido" (xunto coa coruñesa "Troula") ata o inconcluso proxecto de *O cabodano*. Cítanse obras e galardóns que estas recolleron. Acompáñase o artigo dun anexo no que figuran as obras que escribiu, nas que participou (nunha ou outra faceta), as montaxes das súas compañías así como unha bibliografía empregada para a confección do mesmo.

Rivas, Manuel, 'Exilio, eros e ironía', *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, nº 1, 2003, pp. 35-45.

Rivas comeza refiríndose a algúns lapsos que de seguro lle gustarían moito a Gonzalo Torrente Ballester, para despois entrar no fascinante mundo de *La saga/fuga de J.B.* Primeiro comenta o informe do censor da novela, que decía "De todos los disparates que el lector que suscribe ha leído en este mundo, este es el peor. Totalmente imposible de entender la acción pasa en un pueblo imaginario, Castroforte del Baralla, donde hay lampreas, un cuerpo santo que apareció en el agua, y una serie de locos que dicen muchos disparates. De cuando en cuando alguna cosa sexual. Casi siempre tan disparatada como el resto. Y alguna palabrota para seguir la actual corriente literaria. Este libro no merece la aprobación ni la denegación. La denegación no encontraría justificación, y la aprobación sería demasiado honor para tanto cretinismo e insensatez. Se propone se aplique el silencio

administrativo". A continuación, sinala a extensa realidade que engloba *La saga/fuga de J.B.*; Rivas non é partidario, a pesar das referencias concretas da obra, a identificar Castroforte del Baralla cunha única cidade galega, el considera que se debe falar dunha confederación de comarcas e xentes moi diversas. Así mesmo, trata a condición da novela como xogo, tal e como a definía o propio Torrente, apunta o proceso contradictorio que marca a traxectoria da obra e, finalmente, afirma que a imaxinación e a ironía son as características principais de *La saga/fuga de J.B.*

Roca, Pepe da, 'Lola Arxóns', *Alameda*, nº 12, 'Entrevista', xuño 2003, pp. 10-13.

A entrevista a María Dolores Arxóns, licenciada en Pedagogía e profesora de lingua e literatura galegas, empeza por un percorrido á vida cultural da vila noíesa facendo especial fincapé nas persoas, e os recursos da vila. A partir de aquí describe o nacemento (en 1997) e a situación actual da revista *Casa da Gramática*, que foi premiada no 2002 como a mellor publicación escolar de Galicia. Destaca as actividades paralelas como o certame literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos (III edición), a homenaxe a Álvaro de las Casas coa reedición de *Matria* e a colección de libros Porta Azul. Resume tamén os prexectos de futuro. Analiza tamén o éxito entre figuras de renome e cita a colaboradores habituais. Reflexiona despois sobre a importancia da adicatoria do Día das Letras Galegas a Avilés de Taramancos para a vila de Noia, para así, pasar a unha análise das necesidades e carencias culturais da vila de Noia, conclúe con que os cartos en cultura non son os que máis votos renden. Por último reflexiona sobre o alumnado e a súa vocación artística, as súas vías de expresión e as súas oportunidades.

Rodríguez Baixeras, Xavier, 'A autotraducción, dobre traición', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 6.

Xavier Rodríguez fala do problema ao que se enfronta un poeta que se traduce así mesmo a outra lingua, xa que, ademais de saber que hai sempre dimensións dunha lingua intraducíbeis a outra, no caso da autotradución existe un vencello entre o mundo íntimo e a expresión deste nunha determinada lingua. O trasvase mecánico a outra lingua pode non respectar esa intimidade.

Rodríguez Barcia, Moisés, 'As recensións de Bivir', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Críticas e recensións', 2003, pp. 293-298.

Comenza explicando o porqué desta serie de comentarios que se inician con este volume sobre textos traducidos que aparecen na Biblioteca Virtual (BIVIR). Segundo Moisés Rodríguez, intentan crear un punto de referencia na crítica de traducións ao galego, atendendo á competencia do tradutor, ás circunstancias da tradución, ou á calidade da tradución esperando que sirvan como ferramenta de aprendizaxe para aquelas persoas que se adican a traducir, ao tempo que se cobre o vacío existente nas obras publicadas en Internet, xa que carecen da entidade dos textos escritos. Nesta ocasión, ocúpase da tradución de *La légende de Saint Julien L'Hospitalier*, que aparece baixo o título de *A lenda de San Xulián o hospitalario*. Sinala que dita tradución resulta aceptábel e correcta. Entre os aspectos negativos salienta que se trata dunha tradución excesivamente literal, ben por falta de revisión ou por non deixar un período suficiente de tempo entre o proceso

tradutolóxico e a revisión. A continuación, recolle os erros máis sistemáticos.

Rodríguez Castelao, Daniel, '1889. O rexionalismo galego de Murguía', *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 1, 'Fontes', 2003, , pp. 15-19.

Tradución dun texto de Daniel R. Castelao extraído da edición de X. Alonso Montero da obra de M. Murguía *Política y sociedad en Galicia* (Madrid: Akal editor, 1974). Escribe un Castelao molesto pola actitude dalgúns republicanos que ignoran ou queren ignorar as profundas raíces do nacionalismo galego. Basea a súa afirmación en palabras do propio Murguía que tivo un episodio similar, aínda así o propio Castelao reconece que o seu rexionalismo era moi suave e, en ningún momento, negou o Estado español.

Rodríguez, Luciano / **Seara**, Teresa, 'Última poesía galega', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 198-203.

Estudo da evolución da lírica galega nas últimas décadas, no que se comeza establecendo algúns feitos que marcaron a evolución da lírica galega, como a ruptura co Socialrealismo, a publicación de *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín, da obra poética completa de Álvaro Cunqueiro e a recuperación de autores "silenciados ou desatendidos" nos anos sesenta e setenta. Sinalan que nos inicios dos oitenta tres grupos poéticos tentan dinamizar o panorama literario, que se publican antoloxías como *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985) ou os nomes dalgúns dos poetas que máis influíron na poesía galega como Xavier R. Baixeras, X. M. Álvarez Cáccamo, M. A. Fernán Vello, Xulio L. Valcárcel ou Claudio Rodríguez Fer, entre outros. Consideran como principal achega a lingua poética coidada, a recuperación de temas deostados e autores silenciados e o fondo compromiso ético coa terra-patria. Establecen como trazos definitorios da poesía galega dos oitenta: a busca dunha linguaxe e temáticas propias, a recuperación da palabra "suxerente e vivencial" ligada ao eu, a asunción da tradición universal, o forte culturalismo e as estruturas formais con novo tratamento; a recuperación da lírica e do tema amoroso na relación coa terra, o compromiso ético e moral co seu tempo ou a preocupación formal na que se conxuga a mensaxe comprometida coa linguaxe coidada. Outros factores aos que se alude é ao gran número de publicacións periódicas, de antoloxías ou a creación de novos premios e a celebración de recitais poéticos, todo o cal esmorece a partir de 1987. Na década dos noventa consideran que se dan unha serie de elementos que desencadean unha nova dinámica e que propician a aparición de voces poéticas novas, entre eles o aumento de premios, a recuperación do ritmo das publicacións, a dinamización do espazo cultural por empresas marxinais, a proliferación de grupos poéticos, a importancia cuantitativa e cualitativa da produción de mulleres ou a boa formación académica dos novos autores. Consideran que se deu unha sucesión natural entre os poetas dos oitenta e dos noventa, que presentan uns trazos individualizadores como a modernización dos campos léxicos, a renovación no vocabulario, a preocupación por un discurso directo, a profundación no ton coloquial e a busca dunha expresión máis núa. Consideran que cultivan os mesmos temas pero que buscan formas de expresión diferentes, un ton máis intimista nunha poesía que se volve máis vivencial e de circunstancias. Rematan concluíndo que se pode definir a obra dos poetas dos noventa pola contención expresiva ligada á preocupación pola comunicación co lector, a asunción de temas poéticos universais, o maior intimismo e a procura dunha voz poética persoal dende o cultivo de

temas e formas clásicas.

Rodríguez, Luciano, 'Eclipse. Xavier R. Baixeras', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 321-325.

Tras citar as súas sobras anteriores di que se aprecia en *Eclipse* unha continuidade temática xa que o que menciona nos primeiros libros aparece agrandado e mellorado nos seguintes con temas como a vivencia compartida, a xeografía persoal-sentimental ou os ámbitos familiares. A seguir analiza cada unha das cinco seccións nas que se divide a obra que xa no título indican simbolicamente a materia e a intención do canto "Para escarnio das augas", "Ecos", "Criaturas do soño", "As pedras" e "11-8-99...".

Rodríguez, Ramón Nicolás, 'Males de cabeza. Fran Alonso', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 310-313.

Principia mencionando o feito de que o autor estivera dende finais dos oitenta reescribindo *Males de cabeza*. Logo indica que a "indefinición xenérica que manifesta" a obra permite definila ben como unha novela que se retroactiva dende si mesma ben como un conxunto de relatos articulados mediante unha estrutura fragmentaria. Refírese a seguir ao macrotexto que, segundo algúns estudosos, engloba a obra de Fran Alonso, indicando que a obra é un espello da súa produción podendo observarse casos de autorreferencialidade. As influencias do cine, sobre todo de películas como *Leolo* de Jean-Claude Lauzon e *Casablanca*, e da literatura, sobre todo de escritores como Quim Monzó, Janet Frame e Carver, son algúns dos méritos que destaca desta obra e deduce do seu emprego o desexo de reivindicar a parte destes dous campos que trataron a demencia. Finaliza dicindo que é un "texto cru cheo de sensibilidade poética diante do cotián".

Roel Rivera, Rodrigo, 'Escenografía soñada', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 38-39.

Faise aquí unha declaración de intencións partindo dunha anécdota acontecida ao autor. Así, fálase da escenografía, das súas eivas e da importancia que debe ter a dependencia e subordinación da súa funcionalidade xa que é necesario que se presente ao servizo doutros factores de maior importancia como son o texto dramático, a dirección de escena ou a interpretación dos actores. Para o autor a escenografía ten que ser, entón, aquela que sen renunciar aos seus valores plásticos de beleza, expresividade, etc, consiga conxugalos aos intereses do drama.

Romero, Marga, 'Festa Xela', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 43-44.

Con motivo da morte da escritora e profesora Xela Arias (Lugo, 1962- Vigo, 2003), Marga Romero escribe un obituario no que, de forma persoal, achega a figura da autora e a súa obra.

Romero, Marga, 'Conversa con M^a do Carme Kruckenberg', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 65-66.

Marga Romero fai un esbozo biográfico da escritora M^a do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), da súa infancia, da súa vida privada e da historia da súa familia. As referencias á súa obra literaria aparecen no primeiro e no derradeiro parágrafos do texto.

Rutherford, John, 'O Obradoiro de traducción da Universidade de Oxford', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Monográfico', 2003, , p. 7.

John Rutherford explica o traballo de tradución desenvolvido na Universidade de Oxford desde a creación do Centro de Estudos Galegos da mesma institución en 1991, ata a actualidade, mencionando as obras empregadas e os lectores participantes.

Salgado, Xosé M., 'Profundas intensidades emotivas', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 112-113.

Xosé Manuel Salgado realiza unha recensión da derradeira novela de Carlos Casares, *O sol do verán* (2002). O crítico vai describindo o argumento da obra ao mesmo tempo que vai comentando a funcionalidade e a engrenaxe entre si dos distintos elementos que a conforman: o protagonista-narrador, os diálogos, o tempo e o espazo. Así mesmo, interpreta o tema principal do libro, a vida da protagonista despois de que a súa parella se quitase a vida. Conclúe dicindo que non sabería dicir se é un dos mellores traballos de Carlos Casares, pero si o que mellor composto está.

Salgado, Xosé M., 'Idiotas e vividores. Sobre un texto de Celso Emilio Ferreiro', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Textos', abril 2003, , pp. 241-245.

O profesor Xosé Manuel Salgado lembra a vinculación do autor de *Longa noite de pedra*, Celso Emilio Ferreiro, coas Mocidades Galeguistas chegando a ser Secretario da Organización dende abril de 1935 ata a súa desaparición en xullo do 1936. Recóllense varias citas nas que chama á rebelión ao pobo que vive escravizado e préstase especial atención a un texto publicado no xornal *Heraldo de Galicia* firmado polo autor tras o fracaso electoral dos partidos galeguistas e de esquerdas de novembro de 1933, dedicado a Vicente Risco e no que baixo o título de "Idiotas e vividores " vaticina que o presente é desas persoas antigaleguistas, obtusas incapaces de comprender a grandeza dun movemento social, pero que estas mentes cativas e inmoriais non teñen futuro e proclama que "o mañán é noso".

San Román, Gustavo, 'Anecdótico da edición galega das obras de José A. y Trelles ('El Viejo Pancho', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Notas', 2003, pp. 139-152.

Comézase referindo Gustavo San Roman a xénese do seu traballo de investigación e ás orixes do seu interese pola figura e pola obra do escritor uruguaio José A. y Trelles, coñecido polo pseudónimo de "El Viejo Pancho". Explica que este traballo foi publicado en 1998 baixo o título de *"Paja Brava" de El Viejo Pancho e outras obras de José A. Alonso y Trelles* polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A seguir, céntrase nos primeiros pasos do seu traballo, que comezaron cos contactos mantidos co neto do escritor, a colaboración do cal foi moi importante, e as consultas realizadas na

Biblioteca Nacional de Montevideo, fundamentalmente no Arquivo Alonso y Trelles onde se gardan algúns manuscritos. Comenta tamén algunhas das dificultades coas que se tivo que enfrontar e corrixe as erratas que se inclúen nesta edición. A xeito de apéndice engade dous textos atopados ao longo das súas pescudas: unha carta de Trelles publicada no xornal *El Telégrafo* e a versión facsimilar do poema "¡Ecce Homo!".

Santamarina, Antón, 'Darío, Dante e Petrarca', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Acoutacións', abril 2003, , pp. 199-202.

Recóllese o discurso pronunciado polo profesor Antón Santamarina o día 21 de marzo do 2003 con motivo do "Día das Letras Chairegas", celebrado en Vilalba en homenaxe ao escritor Darío Xohán Cabana. Lembra a primeira vez que o coñeceu nun certame literario aínda sendo un mozo, dende aquela e a pesar da distancia e da idade sempre compartiron ideas sobre Galicia e foron forxando unha amizade. Destaca o labor tan interesante, para unha literatura que tenta consolidarse, da tradución de clásicos como Dante Alighieri e Petrarca, desta produción destaca a sutileza coa que plasmou non só o contido literario senón as estruturas métricas mostrando un galego inmolorable como tamén recorda é propio de todas as súas obras. Lóase o feito de seguir as normas académicas, pero sen perder ese "galego de lareira" tan rico e auténtico que o caracteriza dende as súas primeiras creacións. Para rematar o discurso agradécelle o "anaco de país que lle tocou facer" a Darío Xohán Cabana e que o levou de promesa a figura das nosas letras.

Saulheimer, Patrick, 'Das Romanwerk von Manuel Rivas. Untersuchungen zu einem galicischen Erfolgsautor', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Examensarbeiten', decembro 2003, pp. 45-46.

Co mesmo título, "A narrativa de Manuel Rivas. Estudo do éxito do autor galego", fixo o traballo para o exame de licenciatura. Este é un resumo dese estudo. A finalidade é analizar os elementos constitutivos da narrativa de Manolo Rivas para comprender o éxito desta. Baséase en tres obras: *Os comedores de patacas*, *En salvaxe compañía* e *O lapis do carpinteiro*. Nelas atende á estrutura, aos sucesos, á situación narrativa, aos personaxes, á cronoloxía e ao estilo, e a súa función no contexto de toda a obra. Tamén consulta a obra lírica, o ensaio e o relato curto. Sinala que o punto de partida da súa temática é Galicia porque Rivas quere axudar a obter un coñecemento cultural nos propios galegos. Tamén busca na memoria colectiva. Apunta Saulheimer a dualidade campo/cidade, a idealización do pasado (recorrendo a elementos fantásticos, á oralidade, que é a historia do pobo, e aos clásicos). Observa a intertextualidade da súa obra, as diferentes voces narrativas, a sintaxe accesíbel a un público amplo, e a factura de historias opostas e complexas pero harmoniosas. Compendia os seus argumentos para expor que o seu éxito radica no uso do galego e na presentación dunha nova Galicia de tradición liberal e oposta á actual. Esa combinación de lingua e contido fai tamén que Rivas gañe público fóra das fronteiras de Galicia.

Seara, Teresa, 'Aprendiz', *Tempos Novos*, nº 68, 'Voces e Culturas. Crítica. Libros', xaneiro 2003, p. 84.

Análise do poemario *Caderno a destempo* (2002), de Frank Meyer. Alude á temática

marcada por unha forte dor e polo desacougo motivado polo paso inexorábel do tempo que fai impensábel un posíbel retorno. Comenta como o eu poético se sente baleiro e non atopa en ningún sentimento forza para superar a derrota interior.

Seara, Teresa, 'A voz en espiral. Datos para unha análise da primeira década (1991-2001) de Edicións Espiral Maior', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Estudios', febreiro 2003, pp. 91-133.

Analiza o papel que levou a cabo a editorial Espiral Maior fundada en 1991 por Miguel Anxo Fernán-Vello, a súa consolidación, a acollida crítica que tivo a empresa e as obras por ela publicadas, que no seu momento foi moi arriscada xa que apostaba moi forte pola poesía, un xénero minoritario nesa época. Realiza un comentario pormenorizado de cada unha das coleccións, especialmente de "Poesía", coa que se inaugurou a empresa publicando *Metáfora da metáfora* (1991) de María Xosé Queizán, e que, a finais do 2001 conta con cento quince volumes. Destaca dous factores fundamentais dela, que está aberta a todo tipo de producións poéticas, apostando moi forte polo discurso das mulleres, e o seu principal sistema de financiamento, consistente na subscrición. Ao longo dos apartados "Obras orixinais", "Antoloxías e obras case completas", "Obras galardoadas en certames", "Reedicións" e "Traducións" analiza a colección. A seguir fala das demais coleccións poéticas "Illa Verde", "Alba Longa", "Antiga", que xorde coa finalidade de difusión noutros lugares, e "Opera Prima". Continúa cunha panorámica polas coleccións de ensaio e estudo "Ensaíos", que ten a literatura como tema máis recorrente e que conta co Premio Espiral Maior de Ensaio que ten como finalidade motivar a creación ensaística, "Didáctica", dedicada exclusivamente aos homenaxeados no Día das Letras Galegas, "Novo Prelo" e "Historia e documentos", que ten como principais propósitos recuperar textos doutras épocas xerando estudos sobre eles. Logo fala da colección "Narrativa" especializada en prosa ficcional, e das dúas últimas coleccións, "Imaxes no tempo", que recupera fotos doutra época e "Visual", que elabora catálogos de exposicións. A continuación Teresa Seara fala dos apartados "Edicións especiais", onde a editorial recolle aquelas obras que van máis alá do carácter divulgativo sendo materiais de bibliófilos e coleccionistas, "Fora de colección" e "Teatro", onde informa de que é o único xénero do que non se ocupa a editorial, e recolle unhas palabras do seu director onde anuncia que pronto xurdirá. Remata cun "Apéndice" onde achega o listado de todas as obras publicadas, no que se pode observar un ritmo ascendente no número de exemplares, ademais dunha diversificación dos xéneros xa que inicialmente a editorial era só de poesía.

Seara, Teresa, 'O libro das aves', *Tempos Novos*, nº 69, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', febreiro 2003, p. 73.

Despois de recalcar que xa se tiña reclamado nesas páxinas a necesidade dun estudo literario e un ensaio de calidade, parello á existencia dun corpus poético de calidade, comprácese a autora en falar do libro *Luz Pozo Garza. A ave do norte*, xa publicado no ano 2002, porque cumpre os requisitos do que ela demandaba. O libro é da autoría de Carmen Blanco, que o dividiu en tres Partes. Na primeira "A figura literaria de Luz Pozo Garza: a ave da luz sabe onde está o norte", dinos Teresa Seara, fai un percorrido pola vida e a obra da autora ribadense nacida en 1922: o exilio en marrocos, a posguerra e a instalación na

Coruña, os primeiros libros en castelán e despois a confluencia de vida e obra tras casar con Eduardo Moreiras. As outras dúas partes, proséguese, son estudos dos seus libros *Códice Calixtino* e *Vida secreta de Rosalía*, e profundiza na temática destas obras e na súa influencia de Rosalía, na segunda sobre todo. Conclúese dicindo que neste libro aparecen todas as múltiples caras de Luz Pozo.

Seara, Teresa, 'Maxia negra', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 80.

Comentario da antoloxía *Damas negras* (2002), de María do Cebreiro, que reúne e pasa ao galego textos de cantantes do jazz, gospel ou blues, entre outros estilos. A autora sinala o carácter novidoso desta colectánea, por establecer conexións entre a música e a poesía e "ir integrando así as letras de canción na categoría de poema".

Seara, Teresa, 'Diario íntimo', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 80.

Breve reseña do poemario *A mala idea*, publicado por Fernando Rodríguez Gómez no ano 2002. A autora considéralo como unha reflexión sobre a vida en clave sarcástica. A denuncia social, a rutina, a loucura... son algúns dos temas que, segundo ela, aparecen na mencionada obra.

Seara, Teresa, 'Abáname verso', *Tempos Novos*, nº 71, 'Voces e Cultura. Crítica. Libros', abril 2003, p. 80.

Neste artigo faise referencia á obra *O libro dos abanos* (2002), resultado da exposición "Palabras no aire" celebrada en Compostela e na que se amosaban varios abanos asinados por diversos escritores galegos. Sinálase tamén o precedente da exposición realizada en Vigo en 1922, o que dá pé á autora para referirse ao valor artístico e á utilidade comunicativa que os abanos tiveran no pasado. Por último, faise un repaso por algúns dos motivos tocados nas composicións da colectánea, salientando principalmente a atención que prestaron os poetas á natureza do aire e á musicalidade do vento.

Seara, Teresa, 'Dobre corazón', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas', maio 2003, p. 69.

Teresa Seara detense nesta columna no comentario de *Gameleiros* (2002), unha obra que, segundo explica, reúne os textos líricos do poeta Miro Villar e as fotografías de Manuel Álvarez. Indica que, a través do diálogo entra ambas as artes, este libro retrata o mundo dos mariñeiros de baixura da zona da Guarda. Por outra banda, a autora lembra que este non é o primeiro caso en que se irmanan a arte poética e a fotográfica, poñendo como exemplo as obras *Tigres coma cabalos*, de Xela Arias, e *Alguén agarda que volva alí* de Xulio Gil. Seara enxalza a calidade deste libro, e afirma que con el os propios lectores "embarcamos na gamela" e "compartimos a sorte incerta destes modernos gladiadores".

Seara, Teresa, 'A liña do horizonte', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xullo 2003, p. 82.

Tras aludir a que o poemario *Dársenas do ocaso* (2002), de Xavier Seoane foi merecedor do premio Caixanova 2002 e tamén do Premio da Crítica Española, así como que é o número inaugural dunha nova colección de poesía chamada "Arte de Trobar" e editada polo PEN Clube, apunta que o seu contido xira arredor das "grandes preguntas existenciais". A seguir, subliña que o volume contén tres libros, dos que traza as liñas temáticas. Así, sinala que o Libro I aborda os "misterios dunha vida xa crepuscular", no Libro II "achega o recordo saudoso para os que xa non están" e no III "expresa o desexo último de seguir" adiante, tendo unha lembranza para autores emblemáticos da nosa literatura como Rosalía.

Seara, Teresa, 'Libros', *Tempos Novos*, nº 75, 'Entregas culturais', agosto 2003, pp. 68-69.

Dá conta das últimas publicacións no eido da poesía comezando por falar de *Xanela ao bío* (2002), de Paco de Tano, con ilustracións de Paco Souto. Comenta o diálogo que se establece entre os textos e as ilustracións ata converterse en poesía visual. O discurso lírico vai dende a lembranza dun amor feliz e a vivencia da soidade ata a dor pola perda da amada. Teresa Seara destaca como temas o erotismo, a observación do corpo e a fermosura dunha muller descrita empregando metáforas mariñeiras. O seguinte libro do que fala é *Sons de baleas* (2003), de Noelia Rodríguez, que consiste nun conxunto de poemas de temática diversa que comparten un eu poético confesional. Logo comenta *Muller de vidro*, de Asunción Arias e Pablo Otero, que ten como tema principal a muller e a súa problemática. Afirmar que o eu poético amósase totalmente nítido, como visto a través dun cristal, que ao mesmo tempo o encerra. Destaca desta obra tamén a linguaxe empregada. A continuación fala de *O longo día acaba*, (Accésit do premio González-Garcés 2002), de Lino Braxe, do que indica que nel se contraponen os recordos de tempos felices aos dun futuro cada vez menos positivo. A mensaxe que transmite o poemario é que "é inútil fuxir dos anxeos do corazón". Para rematar fai alusión á tradución que Xavier Rodríguez Baixeras fai da *Obra poética* (2002) de Bartomeu Rosselló-Pòrcel (1913-1938), que está formada por cincuenta poemas, os breviaros e o único libro que publicou. Na obra atopamos pegadas do futurismo, o surrealismo e o neopopularismo.

Seoane, Ana, 'El teatro del exilio en el cono sur', *ADE*, nº 98, 2003, pp. 50-57.

Despois dunha pequena introdución sobre a importancia da comunidade de exiliados tras a Guerra Civil española, sobre todo galegos, e as súas características, a autora fai un repaso das actrices e actores, dramaturgos, etc., máis coñecidos en Arxentina e Uruguai. Observamos de entre eles a Rafael Dieste, ao que Ana Seoane cualifica de referente da intelectualidade exiliada e porteña, xa que estivo á fronte do departamento editorial de Atlántida. Apunta o feito de que moitos galegos levaban ou fundaban naquel tempo distintas editoriais, como "Botella al mar" de Luís Seoane e Arturo Cuadrado, que impulsou entre outros a Julio Cortázar. En Uruguai anota, ademais doutras persoas, ao galego Manuel Domínguez Santamaría, director teatral que representou durante as décadas dos corenta e cincuenta e que despois foi docente e director da Escuela Municipal de Arte Dramático.

Seoane, Xavier, 'A lingua de Adán', *Grial*, nº 157, 'Lingua e proxecto literario', 2003, , pp. 80-87.

Reflexión de Xabier Seoane sobre a poesía presentada nas xornadas que tiveron lugar no Pazo de Congresos da Coruña do 28 ao 30 de novembro de 2003 so o título de "lingua e proxecto literario" e coordinadas por Dolores Vilavedra e Luciano Rodríguez. Seoane ofrece primeiramente numerosas interpretacións e concepcións da poesía segundo diferentes poetas universais e segundo os diversos puntos de vista que o poeta adopta cando crea poesía. Despois detense na situación e consideración social da poesía e do poeta, relacionándoa con outros eidos da creación literaria.

Silva, César, 'Ourensanos y el cine', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 69, 'Cine', xaneiro 2003, pp. 30-31.

Fálase das actividades que tiveron lugar durante o sétimo Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, e entre elas, destácanse as proxeccións dos documentais *Memorias dun neno labrego. Historia dun libro*, do director carballinés Ismael González, e mais *O himno galego*, do allaricense Carlos Oro Claro.

Sobrino Freire, Iria, 'A tribo das baleas. Poetas de arestora. Antología de la poesía gallega última. An Anthology of the Latest Galician Poetry. Helena González (ed. e sel.)', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 323-328.

Co gallo da publicación da obra de Helena González reflexiona sobre o papel que xogan as antoloxías no sistema literario. Indica que a escolma realizada responde a un propósito normalizador do sistema poético galego mediante o uso da representación, como a propia editora indica no limiar. Iria Sobrino analiza tamén outros estudos de Helena González e tamén *Para saír do século* (1997) de Teresa Seara e Luciano Rodríguez, que versan sobre o mesmo tema.

T.S., 'Resistencia poética', *Tempos Novos*, nº 68, 'Voces e Culturas. Crítica. Libros', xaneiro 2003, p. 84.

Céntrase no comentario da publicación do libro *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas* (2002), de Xesús Alonso Montero. Menciona que o volume recolle textos de escritores como Blanco Amor, Neruda, Luís Seoane, Alberti ou Pilar Pallarés que no seu día escribiron en contra da represión franquista.

T.S., 'Pentaloxía', *Tempos Novos*, nº 68, 'Voces e Culturas. Crítica. Libros', xaneiro 2003, p. 84.

Fai referencia á publicación do libro *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)* (2002), unha selección elaborada por Concepción Álvarez e Xosé Henrique Costas na que se centraron en cinco poetas comprendidos entre as datas citadas, que están unidos polo emprego da variedade berciana do galego.

T.S., 'Tesouro', *Tempos Novos*, nº 69, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', febreiro 2003, p. 73.

En primeiro termo faise unha rememoración da figura poética esencial da posguerra que é Tomas Barros, hoxe esquecida e necesitada dunha reedición. E despois preséntanos o libro *O primeiro Tomás Barros* do ano 2002 no que se fai unha reedición dos primeiros libros do poeta *Monólogo de la forma* e *Espantapájaros*, este último ilustrado por Díaz Pardo.

T.S., 'Bálsamo', *Tempos Novos*, nº 69, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', febreiro 2003, p. 73.

Coméntasenos neste artigo a publicación do libro de poemas *Ese extraño silencio* de Modesto Fraga, publicado no ano 2002. O libro, dinnos, está dividido en tres partes "Corpos paisaxe", "Itinerario de silencios" e "Luz de equinoccio", nas que afonda na súa temática anterior: a paisaxe mariña vivida introspectivamente e o amor como eixo da existencia.

T.S., 'Caderno de bitácora', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', maio 2003, p. 69.

Faise mención ao Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu, que premiou na súa cuarta edición a obra *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), de Xurxo Alonso, que se sitúa nun tempo pasado nos ambientes portuarios e decadentes propio dos saqueos como primeira ameaza.

T.S., 'Voz viva', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas. Libros', maio 2003, p. 69.

Recóllese aquí a aparición da obra *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme* (2002), de Xulio Pardo de Neyra, que vén sendo un estudo pormenorizado do autor ilustrado Diego Antonio Zernadas e Castro, máis coñecido como o cura de Fruíme, ofrecéndonos unha coidada edición dos poemas divulgados e non ata o de agora.

T.S., 'Enganos', *Tempos Novos*, nº 74, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', xullo 2003, p. 82.

Breve noticia arredor de *Moda galega* (2002), de María Reimóndez, un volume no que se sinala que a autora reflexiona sobre a importancia da moda como "medio de recoñecemento e integración social". Destácase que o volume, igual que o mundo que toma como referencialidade, está artellado arredor de dúas coleccións esenciais que son as de "primavera-verán" e "outono-inverno" e que nel se desvelan as estratexias de uniformización que se impoñen na sociedade a través da moda.

T.S., 'Poesía mallorquina', *Tempos Novos*, nº 75, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', agosto 2003, p. 69.

Noticia da tradución que Xavier Rodríguez Baixeras fixo da *Obra poética* (2002), de

Bartomeu Rosselló-Pòrcel (1913-1938), publicado por Edicións Positivas. Indícase que está formada por cincuenta poemas, os breviaros e o único libro que publicou, ademais de que na obra atopamos pegadas do futurismo, o surrealismo e o neopopularismo.

T.S., 'Palabras finais', *Tempos Novos*, nº 75, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', agosto 2003, p. 69.

Comentario breve de *O longo día acaba*, (Accésit do premio González-Garcés 2002), de Lino Braxe, publicado pola Deputación da Coruña, do que indica que nel se contraponen os recordos de tempos felices aos dun futuro cada vez menos positivo. Saliéntase que a mensaxe que transmite o poemario é que "é inútil fuxir dos anxeos do corazón".

T.S., 'O longo fio da memoria', *Tempos Novos*, nº 76, 'Voces e culturas', setembro 2003, p. 77.

Coméntase a saída ao mercado dunha edición facsimilar de *Longa noite de pedra*, realizada por Xerais e que inclúe debuxos de Picasso e Miró adicados ao autor, Celso Emilio Ferreiro. Faise un breve resumo da actividade editorial de poesía na posguerra e coméntase que a obra conta cun limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín onde evoca a historia do libro e da colección Salnés, na que apareceu publicada por vez primeira.

Tarrío Varela, Anxo, 'A obra narrativa de Carlos Casares', *Revista Galega do Ensino*, nº 38, 'Colaboracións especiais', febreiro 2003, pp. 15-45.

Ensaio no que o profesor e catedrático Anxo Tarrío Varela se achega principalmente ás dúas últimas novelas do escritor ourensán Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002). Unha destas obras é *Deus sentado nun sillón azul* (1996) publicada en vida do autor e a outra *O Sol do verán* (2002) publicada postumamente. O estudo céntrase principalmente na relación que o autor ourensán mantivo coa corrente denominada nova narrativa. Repasa detalladamente a prolífica vida deste home de letras tanto dende un punto de vista profesional como personal. Defíneo coma un home vinculado á política, á literatura, á economía... e fervente loitador e defensor da cultura do seu pobo dende os seus anos máis mozos.

Tato, Laura, 'A histórica: O teatro galego até 1936', *Setepalcos*, nº 4, 'Historia e actualidade do teatro galego', maio 2003, pp. 6-15.

Estudo panorámico sobre o desenvolvemento do teatro galego desde fins do século XIX ata o estalido da Guerra Civil española no 1936. O traballo, ademais de sinalar as dificultades sufridas polo teatro galego ata a súa recuperación no último terzo do XIX, apunta algunhas das particularidades que definen a súa andadura como produto dunha literatura emerxente ou marxinalizada. Laura Tato traza as liñas fundamentais do proceso de recuperación do teatro galego inserido, ata a aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981, dentro dun programa máis amplo de construción nacional. Son dous os núcleos fundamentais e interrelacionados nos que Tato estrutura o seu estudo de conxunto: un resumo das frustradas tentativas de creación dun teatro nacional galego e o final comentario dalgunha

das obras desta época que destacan pola súa calidade artística como *O Mariscal, traxedia histórica en verso*, de Ramón Cabanillas; *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste; *O Bufon de El Rei*, de Vicente Risco; *A lagarada farsada trágica para ler*, de Ramón Otero Pedrayo e *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso R. Castelao.

Taxes Díaz, Xurxo, 'Francisco Taxes', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, dende 2002 ata 2003, pp. 48-49.

Artigo sobre Francisco Taxes escrito polo seu fillo. Nel coméntase a posta en escena no 1978 de *O Velorio* e os avatares deste texto, importante historicamente para o coñecemento do teatro profesional galego actual. Fálase da próxima reportaxe que o CDG (Centro Dramático Galego) vai facer desta obra e da morte que acudiu antes de que o seu autor puidese vela.

Tempos Novos, 'Avances', *Tempos Novos*, nº 75, 'Cataventos', agosto 2003, p. 12.

Dáse conta da recuperación da colección "Illa Nova" por parte de Galaxia coa publicación de *Accidental* de Manuel Darriba e *Por conto alleo* de Camilo Franco e da estrea dunha colección de teatro coa publicación de *A larva furiosa* e *Adeus, Madelón* de Manuel Lourenzo, *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro galego* de Euloxio Ruibal e o libreto de comedia baseado na obra *O barbeiro de Sevilla* que realiza Francisco Pillado Maior. Na última parte do artigo infórmase da nova colección infantil de Xerais, que se inaugura con *Sopa de contos*, que está formado polos seguintes relatos: "A carapuchiña vermella", "A historia dos tres porquiños", "O lobo e os sete cabriños", "A bela dormente" e "A princesa e o chicharo", dos irmáns Jacob e Wilhelm Grimm.

Toro Santos, Antonio Raúl de, 'Traducir poesía irlandesa contemporánea: viaxe a Ítaca', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Traduccions xusticadas', 2003, pp. 265-272.

Como xustificación do título, comenza o seu artigo cunha reflexión sobre as razóns que abalan a relación entre o periplo do Ulises homérico e a experiencia de traducir poesía irlandesa contemporánea. Deseguido, refírese á antoloxía *Poesía irlandesa contemporánea*, para analizar posteriormente as dificultades que afrontou o equipo de tradución a través da análise dalgúns poemas escollidos, non sen antes lembrar brevemente a función do tradutor reflectindo, por un lado, a loita entre "traducción poética" e "traducción académica", así como a idea de tradución como un "proceso de transculturalización"; por outro, incidindo nos diferentes graos de complexidade presentes en toda tradución literaria que se incrementa no caso da poesía irlandesa contemporánea, xa que o tradutor debe ter en conta non só que se vai a atopar con tradicións poéticas antiquísimas ou co fenómeno da intertextualidade, senón tamén que os poemas traducidos representan "un mundo fragmentado desde o punto de vista histórico, físico e psicolóxico."

Torres Queiruga, Andrés, 'Domingo García-Sabell', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 134, 2003, pp. 90-91.

Trátase dunha breve memoria do falecido na que se nos fala da súa persoa e da súa vida. Da

vida de Domingo García-Sabell dinos que foi líder estudantil e que , máis para diante, sería apartado da vida universitaria polo seu compromiso galeguista durante a ditadura, para, finalmente, cobrar relevo de novo coa etapa autonómica. Entre as súas moitas actividades, fálasenos da política da medicina, do "médico humanista" que comprende e aconsella ao enfermo, e, sobre todo, da "antropoloxía no sentido etimolóxico", cos seus ensaios, tanto os existenciais, seguindo as correntes da época, coma os preocupados pola estética e polas artes. Nestes ensaios estuda, segundo se nos di, numerosos autores galegos coma Rosalía, Castelao, Fole, Cunqueiro, Novoa Santos, Seoane, Manuel Antonio, etc.; españois: Ortega ou Unamuno sobre todo, e estranxeiros: Joyce, Poe, Van Gogh, Cocteau, Picasso... Todos estes traballos, aínda que están recollidos nas colectáneas que el mesmo fixo, considéranse merecentes de ser reunidos nunhas obras completas que fagan máis accesíbel tanta información, para que poida ser así continuada a súa obra de investigación do humano.

Torres, Suso, 'Centenario de Álvaro Cebreiro', *A Xanela*, nº 15, 'Lembranza', 2003, pp. 23-24.

Co gallo do centenario do nacemento do artista coruñés, Suso Torres fai un repaso da súa plasmación ideolóxica como nacionalista das Irmandades da Fala, como republicano "sen partido" e como galeguista. Polo que respecta ao seu quefacer artístico, presenta aos tres Cebreiros: o caricaturista, o humorista e o ilustrador de libros e deseñador. En calquera destas facetas salienta os traballos que acadaron máis repercusión e os medios para os que traballou.

Trigo, Xosé Manuel G., 'As chamadas perdidas, de Manuel Rivas', *Revista Galega do Ensino*, nº 38, 'Recensións', febreiro 2003, pp. 233-234.

Resalta sobre todo de Manuel Rivas o feito de que é un autor fiel a contos feiticeiros presentados ao modo da narrativa occidental. Compara os seus relatos cos tan característicos da obra do ruso Chejov e puntualiza que un escritor non precisa entregarse a un xénero tan complexo como o da novela para sentirse realizado como tal. A seguir define o libro do autor *As chamadas perdidas* (2002) como unha obra chea de sensibilidade na que a idea de adoptar un eu testemuña como voz narrativa impregna aos relatos dunha forte veracidade e mesmo de tenrura cando o narrador é un neno. Para finalizar comenta que empregar narradores en primeira persoa, permítelle a Rivas poñer en boca destes unha linguaxe cargada de metáforas e hipérboles tan recorrente nas súas obras.

Tudela, Olivia, 'Ingresa na RAG Manuel María, poeta da Terra Chá', *Eco*, nº 142, 'Sociedade', marzo 2003, p. 71.

Dá conta da cerimonia de ingreso na Real Academia Galega, o pasado 15 de febreiro, do poeta da Terra Chá Manuel María, sucedendo na cadeira a Marino Dónega. Resume o contido do seu discurso, "A Terra Chá: poesía e paisaxe", no que recordou a longa nómina de poetas criados na súa terra, dende Xosé María Chao Ledo (1844-1894) e Xosé Luís García Mato (1924-1980), pertencentes á que Manuel María chama a Escola Poética da Terra Chá, ata os tres grandes mestres da poesía chairega do século XX, Xosé Crecente Vega (1896-1948), Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961) e Xosé María Díaz Castro (1914-1990). Entre os máis novos referiuse a Darío Xohán Cabana e Miguel Anxo Fernán-

Vello. De acordo con Ramón Otero Pedrayo, manifestou que a paisaxe é un trazo determinante da persoa. Resúmese ademais o contido do discurso de contestación, pronunciado por Xosé Luís Méndez Ferrín, quen recoñeceu o valor de Manuel María como integrante da xeración poética da posguerra e precursor de moitos poetas actuais dende a publicación de *Muiñeiro de brétemas* en 1950. Salientou tamén o seu labor xornalístico nos eidos do artigo de opinión e da crítica literaria, o seu traballo de narrador no xénero do relato curto con títulos como *O xornaleiro e sete testemuñas máis* (1971) e a súa importante contribución ao teatro galego dentro da liña culta do portugués Gil Vicente, do teatro de monicreques ou do teatro histórico.

Tudela, Olivia, 'Borobó, unha fiestra aberta á vida galega', *Eco*, nº 150, 'Sociedad', novembro 2003, p. 66.

Olivia Tudela repasa a obra xornalística e ensaística de Raimundo García Domínguez, "Borobó", sinalando que conta cunha estrutura de mosaico polo seu fragmentarismo en canto á entrega aos lectores no xornal e o seu carácter compacto se se contempla en toda a súa extensión unha vez que se recollen as súas achegas en volumes. Refírese ao termo *anaco*, que define certeiraamente a visión persoal do ensaio que practica Borobó: "retrincos entrelazados que chegan a formar un tapiz de vida por onde vemos discorrer a historia cultural da Galicia do s. XX". A seguir analiza algunhas das súas técnicas, mencionando as múltiples combinacións, reais ou imaxinarias, entre acontecementos, datas, vidas, personaxes; a súa memoria prodixiosa; a súa lucidez, curiosidade e o esquerdismo que practica. No que atinxe aos trazos caracterizadores do ensaio de Borobó sinala a narratividade como elemento dominante, o humor como fío estilístico, a linguaxe conversacional como soporte e a presenza do eu do autor que impregna os seus escritos dunha marcada personalidade. Finalmente, menciona os seus traballos arredor de Rosalía de Castro e Castelao, os seus intentos de practicar unha poesía narrativa e as súas pezas teatrais, aínda que considera que "nada é comparable á perfección da súa obra ensaística".

Tudela, Olivia, 'Suso de Toro. Traballador da literatura', *Eco*, nº 151, 'Entrevista', decembro 2003, pp. 58-61.

Entrevista con Suso de Toro na que fala da súa traxectoria como escritor, con xa unha vintena de libros publicados e o Premio Nacional de Literatura no seu haber pola novela *Trece badaladas*, e da súa concepción do artista e a súa necesaria comunicación coa sociedade. Sinala que *Trece badaladas* naceu a partir dun guión para a televisión que logo adaptou, tendo como referente unha serie francesa dos anos sesenta, *Belphegor, a pantasma do Louvre*, protagonizada por unha pantasma que camiñaba polas rúas de París. Esta idea vaga foi o xerme dunha pantasma camiñando por Santiago, á que sumou un prólogo a xeito de Cervantes no que di que unha rapaza, a narradora da novela, foi a que lle enviou o manuscrito, e outros rexistros cos que logrou desenvolver a trama á maneira dunhas bonecas rusas. Comenta que a súa pretensión con esta novela foi perturbar e desconcertar a mentalidade contemporánea, forzando ao lectorado a acreditar no misterio e na maxia e achegando, por primeira vez, unha novela de ideas que ademais abrangue todo un período da súa vida e na que aparece o tema da morte, a relixiosidade, a transcendencia, elementos que estaban en libros anteriores pero sen verbalizar. A seguir explica como asumiu o seu papel de escritor en lingua galega sinalando que desexaba ser aceptado só pola súa obra e a

través do pacto co lector e coas vendas, sen pertencer a ningún grupo literario, mais a crítica non o soubo entender e negábanlle o recoñecemento artístico. Ademais elixiu presentar unha visión do país ofrecendo a imaxe dunha sociedade desgarrada, partida, conflitiva, amosándoo tamén destruindo a lingua. Refírese tamén á súa concepción da literatura como industria, tendo en conta o mercado e as editorias como empresas pero só conseguiu que a xente o considerase "un peseteiro. Díciánme: a lingua e a literatura galega non debe ser traducida a pesetas, e o artista non debe pretender vivir dela". O éxito comercial de *Polaroid* e a existencia dos lectores deulle a razón. Con respecto á súa idea de empresa cultural explica que a concibe como proceso de maduración social no que o mundo da creación cultural acceda ao capital e este cree a empresa e declara estar relacionado con empresas de edición, produtoras de televisión, discográficas e produtoras de cine, tanto galegas coma de fóra. Remata falando da súa colaboración coa plataforma Nunca Máis, "que configura unha sociedade moderna de cidadáns, e iso é algo novo, porque o que houbo ata agora foron accións sen unir".

Vallés, Ana, 'As paisaxes dramáticas soñadas', *Casahamlet. Revista de teatro*, nº 5, maio 2003, pp. 14-15.

A dramaturga fala aquí do teatro como unha aspiración á realidade, pero sempre como arte, non como oficio ou forma de pasar o tempo. Para ela o teatro é a forma óptima de comunicación, de inmediatez, herdeira do rito, case un anacrónico reduto no que se pode producir unha relación directa, de persoa a persoa. Di que procura buscar as emocións, conmover, dar paso ao inconsciente, pasar dunha lóxica narrativa a unha lóxica asociativa, coma a dos soños, pero sempre tentando de producir un efecto de realidade a partir da artificialidade.

Varela Orol, Concha, 'Unha biblioteca curiosa e selecta', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, pp. 127-129.

Concha Varela opina sobre a edición que o profesor Monteagudo vén de realizar do *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de algún particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos* (2002) do padre Sarmiento, acompañados do limiar e apéndices ao texto, o establecemento das distintas copias, a bibliografía sarmentina sobre libros e a contextualización de Sarmiento co libro dentro da época que lle tocou vivir. Sobre todo detense neste último punto, na concepción do libro e da biblioteca que posuía Frei Martín Sarmiento no século XVIII e nos cambios que esta viña experimentando.

Vázquez Pozo, Gonzalo, 'Tucho Calvo. Fundador do Clube de Lectores Biblos', *Eco*, nº 150, 'Entrevista', novembro 2003, pp. 76-78.

Entrevista na que Tucho Calvo fai balance da situación do Club de Lectores Biblos que dende a súa creación en marzo de 2002 chegou a mil douscentos asociados. Comeza sinalando que o obxectivo principal foi facer visíbel a produción editorial galega e os seus escritores e escritoras, atendendo fundamentalmente a zonas onde non hai librarías, polo que non supón competencia para este sector, e que a iniciativa foi excelentemente acollida polos medios de comunicación, as editoriais, os creadores e creadoras e diversas institucións. Refírese aos contidos da revista a través da cal os socios e socias poden facer

os seus pedidos, sinalando que ofrece información sobre as novidades do mercado editorial galego e unha selección de libros de fondo asociados a un autor destacado ou de actualidade. Comenta tamén que se ofrece a colección "Mandaio" da editorial Biblos para fidelizar os socios e socias, que conta xa con catro títulos: *Sete noites e un amencer*, de Francisco Fernández Naval; *A casa de Galdiaz*, de Lois Diéguez; *Cidade virtual*, de Salvador García-Bodaño e unha novela de Isidro Novo sobre os malos tratos. Valora a situación do mundo editorial en Galicia comentando que pasa por un mal momento que debe afrontarse con optimismo e non descarta a posibilidade de chegar co seu Clube ao mercado portugués.

Veiga Novoa, Cristina, 'A traducción de Xeo e lume, de Andrea Dworkin (1986)', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Traduccions xustificadas', 2003, pp. 255-257.

Explica a difícil experiencia de traducir *Xeo e lume* (2001), un proceso nada doado xa que, segundo ela mesma, se trata dunha obra que non responde ao que tería que ser unha "típica traducción literaria" e que xa se evidencia a través dunha primeira lectura, pero que se intensifica aínda máis na documentación sobre a vida de Andrea Dworkin, atopando numerosas coincidencias entre ficción e vivencias persoais. Lamenta o "carácter puramente funcional" e o "estilo servil" da tradución, ademais da marxe limitada de actuación á hora de enfrontarse ao texto, debido á subxectividade, valoracións e xuízos presentes na obra, dado que o seu obxectivo orixinal é a "denuncia pura e dura" da represión sexual deixando de lado a carga estética propia da literatura. Por este motivo, cualifica a tradución como "unha traducción de decisións" sobre o qué, o para qué e o cómo, que pretende non escurecer a mensaxe da obra de Dworkin: a agresión sexual, o maltrato, a prostitución e a pornografía como claros expoñentes da violación dos dereitos humanos e das mulleres.

Veiga, Rexina R., 'Estraña ave do paraíso. A recepción da obra cunqueiriana na literatura castelá', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Comunicacións', febreiro 2003, pp. 201-223.

Ao longo de sete apartados Rexina R. Veiga analiza a recepción de Cunqueiro na literatura castelá. En primeiro lugar indica que a presenza dun mercado editorial cada vez máis voraz e a multiplicación de foros mediáticos, entre outros factores, provocaron que a lista dos escritores galegos, vascos e cataláns que se atopen duplicados en dous sistemas literarios, en dúas linguas, é moi ampla. No caso galego menciona a Suso de Toro, Carlos Casares, Manuel Rivas, etc. A seguir explica que Cunqueiro supón un caso extremo e inusual de escritor bilingüe, o que dificulta o seu encadramento literario, o que a crítica soluciona incluíndoo nun determinado sistema, marxinando a produción na outra lingua. *La fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro* de Diego Martínez Torrón (1980) ou *La narrativa de Álvaro Cunqueiro* de Cristina de la Torre (1988) son dous dos estudos que cita como exemplos de críticos que marxinan as obras galegas do autor ou cítanas só na súa versión castelá. Logo analiza a hipótese de que, no caso de Cunqueiro, a obra en galego e a obra en castelán se presenten como variantes dun único macrotexto, argumentando que de ser aceptado dificultaría a explicación dos desaxustes que se producen nalgunha das traducións, como as modificacións por extensión temática na versión castelá de *Merlín e familia*, (Cunqueiro, 1957), onde engadiu o capítulo "Noticias varias da vida de don Merlín". Decántase porque

ese tipo de modificacións se deban ao carácter híbrido das versións castelás, onde reelabora globalmente o texto realizando un procedemento de aclimatación endóxena, o citado capítulo parodia a novela barroca española. Apunta a seguir que Cunqueiro, onde se unen a faceta de autotradutor coa de escritor bilingüe, incorpora nas versións castelás desde o orixinal galego trazos tanto de creación como de tradución aínda que están máis próximas a esta última. Valora a interferencia lingüística como un feito estilístico en si mesmo. O estilo castelán que emprega é unha aberta parodia ou remedo da tradición clásica. Cunqueiro sitúase nun sistema intermediario entre dúas linguas con trazos de ambas as dúas. No seguinte apartado analiza a marxinalidade a que estivo sometido o mindoniense polas súas características ata a década dos noventa, a pesar de que se lle concedera o vixésimo quinto premio Nadal con *Un hombre que se parecía a Orestes*. Rexina R. Vega destaca tamén a inexistencia de críticas que traten a influencia do discurso literario culto galego e a identificación de Cunqueiro por parte da literatura castelá con Galicia, que á súa vez relacionan co celtismo. Remata indicando que a recepción da obra de Cunqueiro na literatura castelá presenta unha clara tendencia á absorción e que, como segue a identificarse como representante de Galicia, non se encadrou no panorama do seu tempo dentro dos parámetros establecidos.

Velasco, María del Mar, 'ARAGUAS, VICENTE: A canción do verán. Ir Indo, Vigo (2001). 210 páx', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Recensións', 2003, pp. 188-189.

Breve recensión de *A canción do verán*, de Vicente Araguas. Sinálase, en primeiro lugar, que toda a trama se artella ao redor da música que, xunto coa viaxe que realizan os protagonistas e o sexo, son o eixo que vertebra a novela. Describe aos protagonistas, Pancho Fontenla e Fandiño, dous amigos da imaxinaria Nebia que realizan unha viaxe cun dobre valor á cidade da Coruña, que é descrita como unha terceira protagonista dentro da novela. Sinala que a novela está chea de referencias á música, ao cine, ao deporte, á literatura ou á situación lingüística galega e fai referencia a dous exemplos concretos. Dá conta do estilo narrativo empregado por Araguas e destaca a variedade de perspectivas da obra, que se conseguen cos constantes cambios da voz narrativa.

Ventura, Joaquim, 'Teoría do caos. Marilar Aleixandre', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Libros', febreiro 2003, pp. 316-318.

Comeza mencionando as insólitas circunstancias que envolven a Marilar Aleixandre: bióloga de orixe extragalaica de serodia aparición, cunha prolífica bibliografía, que repasa brevemente, e cun gran número de premios literarios. A seguir comenta a novela para adultos *Teoría do caos*, título representativo da organización interna da obra, estruturada en "cadros que, narratoloxicamente van casando polos lados". Indica a existencia de dous planos temporais relacionados entre si, un que nos situaría no franquismo e outro na época das primeiras eleccións municipais. Destaca que trata moi ben a linguaxe xuvenil específica e a linguaxe estándar da narración. Remata apuntando que a destrución da novela que realiza ten como principais riscos que o lector perda o fío argumental e os apriorismos que, nesta obra en concreto, se reducen a pequenas anécdotas.

Vidal Estévez, Engracia, 'Libros chegados', *Encrucillada. Revista galega de pensamento*

cristián, nº 134, 2003, pp. 107-108.

Neste apartado dáse conta dalgunhas novidades editoriais, entre as que destacan, para a literatura galega, os seguintes títulos: *Avilés de Taramancos. Unha fotobiografía*, publicado por Xerais e polo Consello da Cultura Galega, no que María Dolores Arxóns e Xosé Lois Agrelo, coa colaboración de Salvador García Bodaño, ofrecen unha biografía con material gráfico do escritor; tamén dedicado ao homenaxeado no Día das Letras Galegas está *Poemas e entrevistas*, da colección "As nosas voces" do Consello da Cultura Galega, que ten texto e voz do propio autor; e *O vento segrel* de Augusto María Casas, publicado pola Xunta de Galicia en edición de Luís Alonso Girgado, con biografía e bibliografía do autor; e un estudo das vangardas.

Vidal Estévez, Engracia, 'Libros chegados', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 135, 2003, pp. 105-106.

Coméntanse brevemente algúns libros publicados recentemente. Para empezar fai referencia ao volume do *Diccionario de termos literarios* que vai da letra *e* á *h*, feito polo Equipo Glifo do Centro para a Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro, que dirixe Anxo Tarrío Varela. Logo tamén alude a dous libros de poesía, o primeiro de David Creus Andrade, *Palabras para un parque hidráulico*, publicado pola editora tresCtres e que fora o gañador do premio de poesía Alfonso Eanes de Cotón 2002; o segundo libro de poemas é *Libro das viaxes* de Manuel Pereira Valcárcel, un galego residente en Madrid con máis títulos publicados. Remata o artigo cuns versos deste último escritor.

Vidal, Carme, 'A insolencia de Antón Reixa', *Grial*, nº 158, 'Cine, teatro e artes escénicas', 2003, , pp. 136-137.

Comentarios acerca da película *O lapis do carpinteiro*, que dirixiu e produciu Antón Reixa, baseándose na novela homónima de Manuel Rivas.

Vidal, Engracia, 'O cura de Fruíme', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 131, 'Recensións', 2003, p. 100.

Recensión sobre o traballo que Carlos García Cortés levou a cabo sobre Diego Antonio Cernadas de Castro, no que recolle unha serie de artigos publicados entre os anos 1998 e 2000. Di Engracia Vidal que esta obra, publicada baixo o título xenérico de *Cara ó III centenario do cura de Fruime (1702-1777)*, se estrutura en tres partes: a biografía, a catalogación da súa obra e unha antoloxía poética galega, completándoa cunha interesante bibliografía e con escollidas ilustracións. Convida aos lectores a se achegaren a esta figura que "non deixa de ser actual en moitas das súas páxinas".

Vieites, Manuel F., 'El exilio gallego en Buenos Aires. El caso de la creación dramática: de Castelao a Luis Seoane', *ADE*, nº 98, 2003, pp. 58-77.

Ponencia na que se reivindica a necesidade de recuperar o legado dos emigrados e exiliados galegos e incardinalo no noso tecido sociocultural. Préstase atención especial ás distintas ideoloxías políticas desas persoas e aos tamén diferentes proxectos teatrais que xeraron.

Castelao, Blanco-Amor e Daniel Manuel Varela Buxán exemplifican o bando maioritario do teatro rexionalista. A compañía deste último, xunto a Maruxa Villanueva, foi a súa plataforma, cuxo momento culminante se deu na estrea d'*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, en Bos Aires no 1941. Cítase *A melosa Blandina* como teatro en galego de Blanco-Amor. Fronte a estes, na óptica dun teatro máis social e vangardista, repárase en Rafael Dieste, Jaime Quintanilla e Luís Seoane. Fálase d'*A fiestra valdeira* e *O drama do cabalo de axedrez* de Dieste e da súa faceta de teórico teatral. O teatro de Seoane, en castelán, e especialmente a análise do rupturista *Esquema de farsa* merecen unha atención máis profunda que os outros autores e obras.

Vieites, Manuel F., 'El Esquema de farsa de Luís Seoane y el compromiso histórico', *ADE*, nº 94, 'Teatro del exilio', 2003, pp. 160-165.

Destaca o feito de non ser Luís Seoane incluído entre os autores do exilio español e louva a súa obra dramática (*La Soldadera*, *El irlandés astrólogo* e *Esquema de farsa*) pola que fai un pequeno repaso que se demora na última das obras e que remata coa reprodución dalgúns parágrafos desta.

Vieites, Manuel F., 'Antón Villar Ponte traductor. Apropiación e recreación do ideario artístico do movemento dramático angloirlandés e do Abbey Theatre', *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 7-8, 'Teoría e historia de traducción', 2003, pp. 11-50.

O autor tenta analizar o papel desempeñado por Antón Villar Ponte no desenvolvemento, durante o primeiro terzo do século XX, dun teatro nacional baseado non só na tradición nacional e popular senón fundamentalmente na recreación e apropiación de diferentes correntes europeas, entre elas, o Abbey Theatre irlandés, nun intento de revitalizar a nosa literatura a través das traducións de textos foráneos e poder, deste xeito, ensinar novos modelos identitarios. Divide o seu artigo en diferentes apartados: unha introdución que nos sitúa no debate existente nos primeiros anos do século XX sobre o sistema teatral galego; en "Como en Irlanda" céntrase nos nexos comúns entre Galicia e Irlanda, como integrantes do chamado "mundo celta", fronte ás dicotomías existentes cunha Castela máis latina, ademais de falar da relevancia para escritores como Villar Ponte da literatura angloirlandesa como referente na promoción dunha literatura dramática que non só fose galega pola lingua senón tamén polo material literario, tratamento, temática e mundos recreados, representada en autores como Yeats, Lady Gregory, Synge ou Douglas Hyde. Ao tempo, menciona xa diferentes traducións e artigos de Villar Ponte, Vicente Risco, Plácido R. Castro sobre este tema e que foron aparecendo en varias publicacións da época. A continuación, en "Recepción e influencias da cuestión irlandesa", vanse mencionando referencias á Irlanda que se atopan en diversos números de *A Nosa Terra* e *Nós* a través dos cales comprobamos cómo os nacionalistas galegos se implicaron activamente na causa irlandesa. No seguinte apartado, salienta cómo o paso dun "teatro rexionalista", asentado nunha estética folclorista, costumista e hiperenxebrista que dominaba a escena dende 1882 ata 1936, a un "teatro nacional" dependía dunha "definición dun novo paradigma de creación teatral galega" que era entón deficitario e precario. O derradeiro apartado de análise, "Antón Villar Ponte e a traducción" mostra as diversas contribucións deste escritor á causa común do galeguismo, conectado con Irlanda non só dende a tradución como estratexia de apropiación discursiva, senón tamén a través da teoría do *folk-drama* como

exemplo para un modelo propio. Conclúe o artigo facendo un resumo das achegas traductolóxicas deste escritor ao tempo que reafirma a importancia dos estudos de tradución como proposta de "espacios de interdisciplinidade sumamente interesantes para afondar no coñecemento e na transformación da realidade."

Vieites, Manuel F., 'Os inicios da educación teatral en Galicia', *Revista Galega de Teatro*, nº 33-34, 2003, pp. 36-40.

Fálase da conmemoración do primeiro centenario da creación da "Escuela Gallega de Declamación", primeira compañía teatral galega nacida na Coruña no ano 1903. Coméntase o contexto no que xorde esta escola e relaciónase co momento actual da formación teatral en Galicia, onde se bota en falta a creación dunha escola superior de arte dramática. Critícase á clase política por non poñer máis interese na promoción do teatro e da creación dun tecido teatral.

Vieites, Manuel F., 'As representacións da nación no teatro galego', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 125-144.

Manuel F. Vieites argumenta os cambios que se produciron na elaboración de pezas teatrais dende un discurso rexionalista nos primeiros autores ata o discurso nacionalista que representa Xaime Quintanilla en *Alén* (1921), un texto pioneiro neste tratamento e que considera silenciado por non ser o seu autor un dos popes da creación da patria. Recolle as características do teatro rexionalista que opta polo folclorismo, o ámbito rural e mariñeiro, o drama social e rural, a narratividade con intencionalidade didáctica e social. Presenta, tamén, os trazos do teatro nacionalista que avoga pola tendencia ao universalismo, unha maior riqueza ambiental, máis dramaticidade, novas formas dramáticas e a introdución de tendencias como o simbolismo ou o modernismo sempre na procura da calidade artística. A continuación, detecta estes trazos na obra *Alén*, que é o primeiro texto simbolista da nosa dramaturxia; o seu autor Xaime Quintanilla entende que o galego é un medio de expresión no que pode tratar calquera temática. Por esta razón presenta aspectos moi rechamantes para a época ao longo dos tres actos como o tratamento dos personaxes, o espazo da acción que transcorre nun piso en Nova York, a relación entre vivos e mortos a través de rituais de invocación e espiritualismo, a referencia constante ao silencio ou a importancia da iluminación ou a falta dela. Analiza a construción dunha literatura nacional nos primeiros anos do século XX e céntrase nunha obra que se considera fundamental e pouco tida en conta nos estudos.

Vieites, Manuel F., 'O sistema teatral galego. A perspectiva da divulgación e da recepción', *Setepalcos*, maio 2003, pp. 44-53.

Dende a consideración do teatro galego como un práctica social que se desenvolve nun campo de produción, divulgación e recepción cultural ser desenvolver plenamente, Manuel F. Vieites analiza o mapa teatral de Galicia e busca as causas que explican as disfuncións que se observan nos procesos de divulgación e recepción dos produtos teatrais. O teatro galego enfrontase a dous retos fundamentais: mostrar a súa viabilidade en competencia co teatro en castelán e facelo nunha comunidade onde o teatro é aínda unha manifestación cultural marxinal. Tras constatar este feito Vieites sinala como o proceso de formación do

tecido teatral galego, iniciado trala ditadura militar de Franco, presenta aínda cuestións cruciais por resolver: constitución de elencos estábeis, modernización das infraestruturas, definición das redes de exhibición e distribución, organización de festivais... Segundo Vieites as melloras producidas son cuantitativas e non cualitativas, non se ten acadado unha transformación substancial do sistema teatral galego posto que as estruturas creadas non producen a rendibilidade esperada. A creación dun mapa teatral galego ten que dirixirse a público regular que é necesario crear e formar conseguindo así que o teatro se incorpore aos hábitos de consumo cultural da poboación galega. Para acadar este obxectivo Vieites destaca a necesidade de vencer importantes limitacións como a inexistencia dunha Escola Superior de Arte Dramática, a ausencia case absoluta do teatro nos *curricula* do ensino, a falla de proxectos de animación e dinamización teatral que permitan introducir o teatro como unha opción cultural demandada e desexada pola comunidade, etc. O circuíto de exhibición teatral galego -resultado da promoción da Rede Galega de Teatros e Auditorios realizada polo IGAEM e os concellos participantes no proxecto, xunto coas actuacións das Deputacións Provinciais e entidades financeiras como Caixanova e Caixa Galicia- segue a ser deficitario porque para se manter precisa necesariamente dun financiamento público. Por outra banda, os festivais e as mostras teatrais que configuran tamén o mapa teatral galego desempeñan unha función irregular xa que cubren as eivas de programación e distribución teatral e non a complementan como cabería esperar. Neste último punto, Vieites insiste na conveniencia de organizar un Festival Internacional de Teatro en Galicia e pontenciar e intensificar as relacións entre Galicia e Portugal a fin de chegar a normalizar o tecido teatral galego e consolidar unha oferta teatral de interese.

Vieites, Manuel F., 'Ribadavia 1973, Compostela 1978, ¿Aniversarios para esquecer?', *Revista Galega de Teatro*, nº 36, 'Espacios', outubro 2003, pp. 11-15.

Coméntanse algunhas das celebracións que conleva o ano 2003 con respecto ao teatro galego: o centenario da creación na Coruña da Escuela Regional de Declamación (1903), o trinta aniversario da primeira Mostra de Ribadavia (1973) e o vinte e cinco aniversario da profesionalización do teatro galego. Desenvólvese o artigo tomando como arranque estas dúas últimas efemérides e falando das características destacábeis do teatro profesional galego.

Vieites, Manuel F., 'Tespis no labirinto das subvencións', *Tempos Novos*, nº 79, 'Cultura', decembro 2003, pp. 82-85.

Comeza sinalando que o ano 2003 podía celebrarse no eido teatral por múltiples razóns. En primeiro lugar alude ao centenario da Escuela Regional Gallega de Declamación, en segundo lugar aos trinta anos das Mostras de Ribadavia e, por último, ao vixésimo quinto aniversario da profesionalización de compañías de teatro como Antroido ou Troula. Pero, a pesar disto, indica que as únicas celebracións se reduciron a unhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega, a edición dun libro sobre a historia de Ribadavia de Dolores Vilavedra e Inma López Silva, ademais da presentación dun espectáculo do Centro Dramático Galego con textos de Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Así mesmo comenta que tan poucos actos ao longo dun ano evidencian os silencios desta profesión. Manuel F. Vieites opina que a defensa do teatro galego debe comezar polos profesionais desta arte. Mais, segundo indica, actualmente estes parecen ter unha visión minifundista

que empeora o teatro galego. Tan só destaca algúns actos puntuais como o Foro de Sada, que se celebra dende hai un par de anos. Considera que estas accións illadas son escasas e que o teatro en Galicia necesita liberarse das subvencións e organizarse partindo das ideas de toda a xente que traballa neste mundo. Para rematar apunta algúns dos temas que serían obrigatorios nun congreso de teatro galego.

Vilariño, Sindo, 'A Asociación Regionalista de Galicia en Pontedeume', *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, nº 10, 2003, pp. 147-160.

Comeza aludindo á inauguración no ano 1890 da Asociación Regionalista Gallega asentada na cidade de Santiago e que foi a base do movemento rexionalista. Destácase que foi a primeira organización política galeguista da historia. Coméntase que a súa finalidade era sacar a Galicia da postración, e loitar contra o caciquismo e o centralismo para lograr unha tímida autonomía. Foi en Pontedeume onde se celebrou a asemblea de constitución no ano 1891, nela participaron setenta socios que elixiron de presidente a Galo Salinas. indica que a organización contaba cunha publicación propia *La Patria Gallega* (1891-1892) dirixida por Manuel Murguía e observa que a actividade cultural era prioritaria, máis que a política. Expón que durou un ano polas tensións entre o bando liberal liderado por Murguía e o sector católico- tradicionalista representado por Alfredo Brañas. A seguir, céntrase na figura de Galo Salinas y Rodríguez (1852-1926), dramaturgo e poeta comprometido co rexurdir de Galicia a través do rexionalismo. Viviu en Pontedeume e dende alí mantivo correspondencia con Murguía para a construción da organización. Inclúense as cartas e actas datadas nos meses de xuño e xullo.

Vilavedra, Dolores, 'Pasado, presente e futuro da narrativa galega', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Encontros', 2003, pp. 181-197.

Estudo da evolución da narrativa galega atendendo tanto ao efecto de dependencia e subdesenvolvemento que padeceu Galicia historicamente e da evolución da propia lingua no seu proceso cara á estandarización. Comeza chamando a atención sobre o texto fundacional da narrativa galega, *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares, por ser bilingüe, o que considera un reflexo do compromiso ideolóxico expreso do autor, fronte á obra de López Ferreiro que vai máis alá coas súas novelas monolingües, que considera froito do ideario tradicionalista do autor e que ten por obxectivo recuperar un pasado moi valorado no que fundamentar o presente. Dentro da configuración identitaria do discurso narrativo sitúa a Francisco Álvarez de Nóvoa como un precursor na renovación temática fronte á imposta polo costumismo ruralista. Aínda que cualifica a súa actitude de "insubmisia" no seu momento, sobrancea o feito de que pasou a ter un papel fundamental no programa cultural das Irmandades da Fala, que buscaban potenciar a ficción narrativa a través de coleccións como "Lar" ou "Céltiga". Sitúa ao grupo Nós como o que lle deu o pulo definitivo a unha narrativa "moderna e diversificada". Destaca como trazos característicos da narrativa de autores como Risco e Castela a introdución do humor, considerado propiamente galego e diferenciador de Castela. Pola contra pon en cuestión a modernidade da prosa de Otero Pedrayo, en especial polas estruturas modalizadoras empregadas. A seguir e baixo o epígrafe "De 1936 aos nosos días" reflexiona sobre os efectos da guerra e a posguerra, sinalando que os autores posteriores tiveron que ligarse coa tradición realista decimonónica por falta de formación e información, feito que constata en

A xente da Barreira (1951), de Ricardo Carvalho Calero. Sobrancea que o discurso reaccionou deseguida buscando vías innovadoras a través de proxectos colectivos como a chamada Nova Narrativa Galega, á vez que aparecían figuras senlleiras como Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor. Da novela dos anos cincuenta e sesenta destaca a manifestación da crise das formas tradicionais de narrar, a busca de novos estilos e formas, así como un certo grao de elitismo que esixe un lector competente. Na década dos setenta considera que se dá a fase de asimilación das novas técnicas, que minguan os experimentalismos e aparecen novelas de iniciación sentimental como *Adiós María* (1971), *Retorno a Tago* (1971) ou *A nosa cinza* (1980). Sitúa nos inicios dos anos oitenta un "espectacular despegue" da narrativa galega parello ao interese pola novela longa, que a partir de mediados da década tendeu cara a formas máis breves. Como títulos significativos sinala *O triángulo inscrito na circunferencia* (1981), de Víctor F. Freixanes, e *Polaroid* (1986), de Suso de Toro, das que salienta algunhas das súas características e a recepción que tiveron no seu momento. Finalmente, da narrativa dos últimos anos ofrece algunhas consideracións xerais como o predominio do individualismo, a fragmentación e unha vontade de negación das categorías convencionais; a conclusión do proceso voluntarista da experimentación, a recuperación dos sinais de identidade, a desorientación no xénero detectada pola crítica, os proxectos literarios persoais e a desvinculación do compromiso colectivo, entre outras.

Vilavedra, Dolores, 'Un texto longamente madurecido', *Grial*, nº 157, 'O espello das letras', 2003, , pp. 115-116.

Dolores Vilavedra critica a novela gañadora do Premio "Blanco Amor" correspondente ao ano 2002, *As voces da noticia* de Xosé Monteagudo, un escritor novel que xa obtivera un accésit no Premio "Modesto R. Figueirido" 2001. A recensora realiza un repaso polo argumento ao redor do que se artella esta longa novela: un xornalista que indaga sobre un asasinato que tivo lugar hai dez anos. Destaca que este non se atén a unha función puramente vertebradora da diéxese principal, o cal, en opinión de Vilavedra, embarulla un pouco o texto, creándolle certa dificultade ao lector para enfiar a historia e para seguir a cada un dos personaxes. Puntualiza que o creador debera ter concentrado máis os seus esforzos en afinar os rexistros lingüísticos dos diferentes personaxes. Non obstante, destaca positivamente o tratamento pormenorizado dos espazos xeográficos e o que lle confire a algún dos personaxes (Damián). Remata concluíndo que a novela pode lembrar *A Esmorga* ou *Os mortos daquel verán*, de Eduardo Blanco Amor e Carlos Casares, respectivamente.

Vilavedra, Dolores, 'Lembranza de Xoán González-Millán', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, febreiro 2003, pp. 11-13.

Loanza de Xoán González-Millán, (1951-2002), director do *Anuario* dende a súa fundación no 1992. Menciona a coincidencia da morte do seu amigo, Carlos Casares, no mesmo ano. Logo dá uns apuntes biográficos ofrecendo datos como que participou na fundación da Asociación Internacional de Estudos Galegos, da que foi presidente entre 1991 e 1994. A continuación fala da súa bibliografía da que afirma que combina un difícil equilibrio co rigor científico e a paixón pola cultura galega. Comeza destacando a gran paixón que sentía polo escritor Álvaro Cunqueiro, que cristalizou, por exemplo, na súa tese doutoral, *Proceso textual y desintegración narrativa de la novelística de Álvaro Cunqueiro* ou en *Álvaro*

Cunqueiro: os artificios da fabulación (1991). A seguir menciona os seus estudos e ensaios *Silencio, parodia e subversión* (1991), *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994), *A narrativa Galega actual (1975-1984)*, *Historia Social* (1996), *Communication littéraire et culture en Galice* (1997), este último en coautoría con Antón Figueroa; *Resistencia cultural e diferenza histórica. A experiencia da subalternidade* (2000) e *Diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez* (2001). Remata comentando a gran importancia que tivo para o *Anuario de Estudios Literarios* falando dalgúns artigos que escribiu e mencionando a particular visión que, a distancia xeográfica, lle daba da cultura galega.

Vilavedra, Dolores, 'Un esperanzador catálogo de voces singulares', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 257-263.

Comeza mencionando que os escritores que lideran o mercado, como Manuel Rivas e Suso de Toro, non publicaron nada neste ano. Continúa citando a Marilar Aleixandre, que gañou o premio de novela por entregas de *La voz de Galicia* con *Unha presa de terra* (Ir Indo) e o "Xerais" con *Teoría do caos*. Cita a Fran Alonso, que recupera na colección "Xerais Peto" a novela breve *Relatos dunha hora*, que recorda na intriga a *Males de cabeza*. Logo comenta brevemente *A historia escríbese de noite* (Premio "García Barros", Galaxia) e *A vida apoteósica* (Xerais) de Bieito Iglesias, *As horas sucias* (Xerais) e *Breve crónica universal da clase obreira*, (Premio "Lueiro Rey" de Narrativa Curta 2001) de Jaureguizar, *O último paraíso* (Espiral Maior) de Fernández Ferreiro, *A memoria do boi* (Premio "Torrente Ballester" e Premio da "Crítica" española) de Vázquez Pintor, *Como levar un morto* (Sotelo Blanco) de Rábade Paredes, *Papaventos* (Xerais) e *O ladrón de esperma* (Premio "Café Dublín" 2000) de Xavier Queipo, *Homónima* (Premio "Álvaro Cunqueiro", Galaxia) de Antón Riveiro Coello, *Biografías de malogrados* (Espiral Maior) de Manel Veiga, e *Un rabaño de ovellas brancas* (Galaxia) de Xerardo Quintiá, que se publica na colección Descuberta. Afirmar que a gran revelación do ano foi Xabier Quiroga con *Atuado na braña*, que ao longo de máis de seiscentas páxinas emprega as posibilidades que ten a paisaxe brañega para elaborar unha intriga que serve de fío condutor ao proceso de crise identitaria e a crítica aos valores da sociedade capitalista. A continuación fala dos novos escritores como Kiko Neves, Samuel Solleiro e Roque Comeselle. Os modelos xenéricos que se actualizaron neste ano foron a novela "intelectual" con obras como *O caderno* (Premio "Risco de Literatura Fantástica", Sotelo Blanco) de Xavier López, a literatura erótica coa posta en marcha por parte de Positivas da colección "Narrativas Quentes", onde viron a luz *Infidelidades* de Manuel Lourenzo González e *Xeografías* de Francisco Castro; e, finalmente, a narrativa de humor, con *Acompañoo no sentimento* (Xerais) de Xesteira ou *Santos e defuntos* (colección "A Letra Dormente") de Gonzalo Navaza.

Vilavedra, Dolores, 'Literatura galega. Escolma de libros ó sol', *Tempos Novos*, nº 75, 'Entregas culturais', agosto 2003, pp. 44-46.

Logo dunha brevísima introdución na que, entre outras cousas, aconsella probar diferentes xéneros, editoriais, autores, etc. recomenda as seguintes obras para o verán: *O sangue dos camiños* de Ramón Caride Ogando, (Premio "Risco de Literatura Fantástica"), de Sotelo Blanco. Afirmar que Caride actualiza diferentes modalidades narrativas (ciencia ficción, literatura de viaxes...), demostrando que todo se pode re-inventar con excelentes resultados;

O soño do falcón de Xabier Iglesias, editado en Toxosoutos, novela histórica na que se xoga coa figura de Pedro Madruga; *De soños e memorias*, volume de varios autores publicado por Espiral Maior, conxunto de relatos premiados nas edicións novena, décima e undécima do Certame de Narracións Breves "Manuel Murgía", organizado polo Concello de Arteixo. A seguir informa da volta da colección "Illa Nova" de Galaxia, que se inaugura con *Accidental* de Manuel Darriba, e *Por conto alleo*, de Camilo Franco. Continúa con *Narradio. 56 historias no ar*, obra colectiva que sae en Xerais, onde se intenta recuperar a parte oral do relato, a obra vén acompañada de catro CDs nos que os propios autores len os seus relatos. Comenta logo a tradución que Xavier R. Baixeras realiza da obra de Helia Correia, *Montedemo*, (Xerais). A seguinte obra da que fala é de Carmen Blanco, *Alba de mulleres*, que sacou Sotelo Blanco, indica que a autora fai memoria de todas as mulleres que axudaron a construír a historia. Despois fai mención a *Escrita de mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, volume de varios aurores editado por Sotelo Blanco, no que para a súa elaboración se toman como punto de partida un conxunto de ensaios de Virginia Woolf acerca da muller escritora sobre os que un grupo de mulleres de diferente condición ideolóxica, profesional e xeracional reflexionaron partindo das súas experiencias persoais. As seguintes obras son de Roberto Vidal Bolaño, *Integral*, de Embora, texto encargado polo Concello de Narón para ser representado pola Escola de Teatro do Padroado e, logo, publicado; Álvaro Cunqueiro, *Cartas ao meu amigo*, de Galaxia, epistolario escrito a Francisco Fernández del Riego entre 1949 a 1961; Iolanda Castaño, *O libro da egoísta*, editado por Galaxia, que marca un cambio na traxectoria da autora ao empregar a prosa como medio discursivo; Darío Xohán Cabana, *Vinte cadernos (poemas 1969-2002)*, de Xerais, recolleita da súa produción poética nos últimos trinta anos. Remata comentado *Tempo e vinganza*, de Anxo Rei Ballesteros, Premio "Ramón Piñeiro" de ensaio 2002, publicado por Galaxia, que aborda o mito de Hamlet dende unha novidosa perspectiva.

Villalaín, Damián, 'López Silva, Inma y Vilavedra, Dolores: Un Abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia', *ADE*, nº 94, 'Libros', 2003, pp. 215-216.

Presenta o libro *Un Abrente teatral. As mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia* (2002) de Dolores Vilavedra e Inma López e o seu contido: un estudo detallado da actividade teatral de "Abrente" en Ribadavia entre os anos 1973 e 1980.

Villar, Miro, '(Nós, as inadaptadas), María do Cebreiro', *Festa da palabra silenciada*, nº 18, 'Actualidade', 2003, pp. 61-64.

Miro Villar comenta o poemario de María do Cebreiro *Nós, as inadaptadas* (2002), obra que o autor define como libro de viaxes. Resalta Miro Villar que, a pesar do pouco aprecio da autora cara á súa obra publicada, a súa calidade é considerábel.

VV. AA., 'Poética', *Setepalcos*, nº 4, 2003, pp. 96-111.

Os directores representantes ou as propias compañías: "Áncora Produccións", "Teatro do Atlántico", "Chévere", "Librescena", "Matarile" (neste caso por Ana Vallés), "Teatro do Morcego" (por Celso Parada), "Teatro do Noroeste" (por Eduardo Alonso), e "Sarabela Teatro" (por Ánxeles Cuña Bóveda), trazan as súas traxectorias e tentan definir a súa

poética, as apostas escénicas que veñen realizando e a súa concepción do teatro. Nestes traballos, alén de expoñer os seus proxectos e premisas escénicas, as compañías valoran e critican a situación do teatro galego manifestando os seus anxeios de acadar un sistema teatral e cultural plenamente normalizado.

VV. AA., 'La Tabla Redonda de los escritores', *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, nº 1, 2003, pp. 55-64.

Transcrición da mesa redonda transcorrida no congreso internacional organizado polo Grupo de Investigación Gonzalo Torrente Ballester celebrado no mes de novembro do 2002. Nela interveñen Darío Villanueva, que ademais é o moderador, José Saramago, Alfredo Conde, Víctor Freixanes e Manuel Rivas. Comeza coas consideracións de Darío Villanueva que aborda as funcións da Crítica literaria e distingue varios grupos de novelistas: aqueles que teñen un gran éxito de público, os que conseguen unha resposta positiva por parte da crítica e os que acadan o aplauso do público e da crítica; pero, engade un último grupo que englobaría a aqueles escritores que obteñen a admiración dos propios escritores. Segundo Villanueva, un dos que maior crédito obtivo entre os seus colegas foi Gonzalo Torrente Ballester. Apunta tamén que a fama literaria de Torrente produciuse sobre todo a partir da publicación de *La saga/fuga de J.B.* e grazas, en parte, á excelente crítica da novela que escribiu Pere Gimferrer. Por último, refírese á renovación dos parámetros da narrativa que supón esta obra torrentina. José Saramago considera que *La saga/fuga de J.B.* está esperando aínda un bo número de lectores e colócaa ao carón do *Quijote* ou do *Ulises*. Alfredo Conde coincide con Saramago en parangonar a novela torrentina coas obras citadas e refírese ás circunstancias persoais de don Gonzalo que explican que durante moitos anos a súa obra non fose valorada como se merece. Manuel Rivas refírese aos intres nos que Torrente pensaba en deixar de escribir, sobre todo a partir da publicación do *Don Juan*, pois nunha feira do libro en Madrid só firmou un exemplar da novela, mentres ao seu lado vía outro escritor polo que agardaban fileiras de persoas. Rivas pensa que estes momentos de desacougo e frustración de Torrente foron importantes para a xestación de *La saga/fuga de J.B.* e alaba con entusiasmo os acertos da novela. Víctor Freixanes considera que *La saga/fuga de J.B.* é unha das novelas que pertence á estirpe de "escritores-taller", é dicir, a onde os escritores van en busca de solucións para os problemas que supón a escritura dunha obra. Finalmente, Rivas refírese a consideración de *La saga/fuga de J.B.* como xogo no sentido de "apostar de cabeza, xogando a vida" e Saramago apunta que é necesario analizar o que hai de xogo na novela, pero sen esquecer outros elementos que configuran o caleidoscopio que é *La saga/fuga de J.B.*

X.G., 'Unha historia sen matices', *Tempos Novos*, nº 72, 'Voces e culturas', maio 2003, p. 75.

Crítica da versión filmica de *O lapis do carpinteiro*, novela de Manuel Rivas levada ao cine por Antón Reixa. A película en cuestión sèrvelle ao autor para esbozar unha reflexión sobre "a natureza filmica e as relacións que pode ter con outras artes, neste caso coa literatura". Maniféstase, en xeral, moi descontento co resultado da adaptación. Considera que Reixa respectou en exceso o texto literario, que non transformou os contidos semánticos da novela á linguaxe visual, senón que se limitou a copialos. Séntese decepcionado, pois "eu confiaba na traxectoria artística de Reixa", e recoméndalle a lectura do libro de Pere Gimferrer *Cine*

y literatura (1985).

XRon, '¡Engáñchate á vida, vai ao teatro!', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 'Espacios', 2003, pp. 47-48.

Reflexión sobre o labor e a resposta social acadada polas actividades realizadas na Carpa Voluntaria da Burla Negra, unha iniciativa coa que se quere dignificar a vida cultural, social e política de Galicia. Explicase que o proxecto "O País de Nunca Máis" albergou actividades teatrais nas que participaron por iniciativa propia máis de cincocentos artistas e que contaron coa asistencia de trece mil espectadores. Destaca o voluntarismo amosado polos diferentes colectivos participantes e a resposta do público, que interpreta como unha evidencia de que "algo moi gordo está a pasar" independentemente das institucións culturais e dos poderes públicos.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

A.F. / Alonso Montero, Xesús, 'Curros Enríquez', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 4, 6 maio 2003, pp. 76-77.

Abórdanse algúns aspectos da vida de Curros Enríquez (1851). Empézase recalcando o seu duro ambiente da infancia en Celanova, asfixiado polo dominio clerical da vila e polo despotismo de seu pai, e tendo como único refuxio a súa nai. Estes feitos, sobre todo as relacións co pai, ademais de marcar o seu carácter propiciarán a súa fuxida para Madrid con só quince anos. Alí refúxiase na casa de seu irmán e emprende en poucos anos os estudos, época na que escribiría o seu famoso poema "Cántiga" e asistiría á Revolución de Setembro de 1868. Ao seu pensamento político expresado nun artigo, segundo Alonso Montero, é o que lle causara o seu desterro en Inglaterra, do que é perdoado en 1870 cando volve a Celanova. Pero non diminúe, segundo o autor, a acritude con seu pai polo que volve para Madrid, onde casa e empeza a traballar de redactor e con posterioridade de redactor de guerra nos choques carlistas do norte. A súa figura como poeta en galego comeza a consolidarse, segundo se di, a partir de gañar un premio en Ourense en 1877. Nos seguintes anos publica *Aires da miña terra* en 1880, libro que causa unha gran polémica, á que lle dedica unha columna á parte Alonso Montero, que provocou que Curros fora condenado a cadea polo contido dos poemas que ofenderon ao bispo de Ourense, despois de ser o libro subvencionado pola deputación coa defensa de Enrique Otero, pai de Otero Pedrayo. Logo a partir de 1888, tras a publicación de *O divino sainete*, case non se atopan datos nos biógrafos ata que marcha a Cuba en 1894, parece ser que por problemas matrimoniais. Acabará alí os seus días en 1908 e só volverá en 1904 para, como se di, ser o primeira poeta galego laureado.

Adán Villamarín, Carme, 'Cíborg, novas metáforas para a teoría feminista', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 469, 5 xuño 2003, pp. 12-13.

Reflexiónase sobre a relación entre o feminismo e a posmodernidade indicando o punto de

vista de pensadoras feministas como Judith Butler, Seyla Benhabib, Celia Amorós ou Donna Haraway. Desta última recálcase que é a iniciadora do ciberfeminismo, cunha figura de ficción como "ciborg", que é autora de *Un manifesto ciborg* e que pretende redefinir o quefacer científico e político para que as mulleres sexan quen de intervir.

AFA, 'A 'Resistencia' como arma e opción', *O Correo Galego*, 'AFA', 21 febreiro 2003, p. 33.

Resáltase primeiramente a importancia do amor nesta historia de Rosa Aneiros, *Resistencia* (2002), ambientado no Portugal da ditadura salazarista. Destácase a importancia que a autora lle deu ao verismo, recollendo incluso unhas declaracións nas que Rosa Aneiros afirma que ficcionando se sentía mal.

Álvarez Gándara, Alfonso, 'Alfonso Castelao', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 2, 4 maio 2003, pp. 76-77.

Alfonso Álvarez Gándara fai un percorrido pola biobliografía de Alfonso Rodríguez Castelao, o rianxeiro nacido en 1886. Comeza relatando que emigrou sendo neno a América, buscando xuntarse na Pampa con seu pai. Aborda a seguir os seus estudos de medicina en Santiago e Madrid, e o seu comezo literario en publicacións como *El Barbero Municipal*, de Rianxo, para pouco despois centrar a súa actividade no mundo da caricatura e adherirse a Acción Gallega, antes de tomar contacto coas Irmandades da Fala. Continúa destacando a súa participación da vida política e cultural, mencionando a súa participación na creación da revista *Nós*, a súa destacada actividade como debuxante e os seus comezos na escrita coas obras *Un ollo de vidro* (1922) e o primeiro volume de *Cousas* (1925). Salienta tamén que a partir de 1927 sofre un agravamento da súa enfermidade ocular, sen que isto produza un descenso da súa actividade: ingresa na Real Academia Galega, é elixido deputado do Partido Galeguista nas Cortes Republicanas e, en 1934, reúne *Cousas* nun volume e publica *Retrincos e Os dous de sempre*. Continúa relatando que a guerra civil o sorprende en Madrid e pouco despois marcha a América, onde publica *Os vellos non deben de namorarse* (1941) e *Sempre en Galiza* (1944). Apunta tamén que a súa morte se produce en Bos Aires en 1950 e que aínda na actualidade segue a ser un autor de referencia para se achegar ao pensamento galego. Finaliza o artigo aludindo á importancia da súa obra como artista gráfico e como humorista.

Álvarez, Patricia / **Anta Rilo**, Eladio / **Bragado**, Manuel / **Kruckenberg**, María do Carme / **Zulueta de Haz**, Alfonso, 'Faro de Vigo. 150 años', *Faro de Vigo*, 'Faro de Vigo. 150 años', 3 novembro 2003, p. 160.

Suplemento especial para conmemorar o cento cincuenta aniversario do xornal *Faro de Vigo*, no que distintos xornalistas, colaboradores do xornal e persoeiros da vida cultural galega aluden a diferentes aspectos relacionados coa historia desta publicación viguesa. Inclúese ademais como folla solta unha reprodución da portada do xornal do 7 de decembro de 1978, na que queda reflectida a noticia da aprobación da constitución española no día anterior. Damos conta a continuación dos artigos nos que se trata sobre literatura galega:

- Eladio Anta Rilo, "Cerezales, con Cunqueiro, Torrente y el Mago Merlín", pp. 49-50.

Baixo o pseudónimo de Eladio Anta Rilo, Xosé M. Armesto Faginas dá conta de distintos acontecementos relacionados co xornal *Faro de Vigo*, coincidindo coa etapa na que o dirixiu o ourensán Manuel González Cerezales e máis tarde Álvaro Cunqueiro. Sinala que precisamente a chegada de Cerezales coincidiu coa incorporación de Álvaro Cunqueiro a este xornal e que entre eles houbo unha boa relación. Destaca tamén que nesta etapa de Cerezales as plumas máis importantes de Galicia colaboraban nas páxinas deste diario: Otero Pedrayo, Vicente e Sebastián Risco, García Sabell, Ánxel Fole, Fernández del Riego, Alonso Montero, Carballo Calero, Xosé María Álvarez Blázquez e mesmo Torrente Ballester, articulista de columnas de actualidade comentadas en toda a cidade. Así mesmo dá conta de que dos tres posíbeis sucesores de Cerezales, Díaz Jácome, Alejandro Armesto e Cunqueiro, se elixiu ao terceiro. Sobre a etapa deste último como director comenta que a pesar de que nos seus primeiros anos o xornal sufriu varias restricións, ao igual que o seu antecesor no cargo fixo que este xornal competise en firmas e espazos literarios con calquera rotativo de tirada nacional.

- Alfonso Zulueta de Haz, "O Consello da Cultura nos albores do século XXI", p. 96.

Recorda que o Consello da Cultura Galega naceu grazas ao establecido no artigo trinta e dous do Estatuto de Autonomía e que xa leva dúas décadas en funcionamento. Despois disto alude á singularidade e funcionamento desta entidade, sinalando que actualmente funcionan nela catro "Arquivos" que investigan distintos aspectos da cultura. Así mesmo menciona importantes actividades realizadas nos vinte anos que leva funcionando e opina que hoxe en día é imprescindible integrarse nas novas tecnoloxías da Sociedade da Información, polo que esta entidade conta cunha páxina web desde a que se poden baixar todas as súas publicacións en formato pdf e un portal que ofrece información cultural posta ao día.

- Patricia Álvarez, "Firmas en Faro", pp. 123-126

Salienta os nomes de varios escritores de recoñecido prestixio que colaboraron nas páxinas de *Faro de Vigo* dende o seu nacemento ata a actualidade e seguindo unha orde cronolóxica. Primeiramente apunta que no período do Rexurdimento o poeta José María Posada, un dos fundadores deste xornal, contribuíu a que colaborasen nel os principais literatos galegos da época. A seguir sinala que a partir de 1856 publicou como folletíns novelas de recoñecemento internacional xunto a obras de autores románticos galegos como Benito Vicetto. Outra iniciativa que destaca é o "Semanario del Faro", publicado a partir de 1875, ano no que o xornal pasou a subtitularse "periódico político y literario", por ser un suplemento que recollía poesías, contos, artigos e crónica cultural e científica. Sobre este semanario di que aínda que non recollía textos en exclusiva para o xornal, ofreceu importantes primicias no ámbito da literatura galega. Ademais disto detense na contribución de destacados persoeiros da cultura e política galega ao xornal, incluíndo por

exemplo a Manuel Murguía, a pesar de non ser este un asiduo colaborador. Dá tamén noticia da incorporación da ilustración e da técnica de fotogravado mencionando aos seus colaboradores máis destacados. Dedicar, ademais, un espazo a tres directores, denominados "literarios", entre os que se atopa Álvaro Cunqueiro, que dirixiu o xornal entre 1964 e 1970, aínda que a súa presenza nel se estende ao longo de case tres décadas. Entre os escritores de colaboración máis recente cita a Torrente Ballester, Fernández del Riego, que usou tamén os pseudónimos de Salvador de Lorenzana e Cosme Barreiros, e Méndez Ferrín, que alterna nos seus artigos a crítica á actualidade política con comentarios de historia e literatura.

-Manuel Bragado, "Canle secreta para unha rosa", pp. 132-133.

Manuel Bragado realiza para este suplemento especial do *Faro de Vigo* un estudo pormenorizado da figura de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), senlleiro colaborador do xornal. Comeza centrándose no seu papel como "modelo de intelectual resistente" e salienta a súa participación activa na vida política e cultural galega do seu tempo (foi membro da Federación de Mocidades Galeguistas e do Partido Galeguista), o que lle trouxo o desterro a raíz da sublevación franquista. A continuación repasa o seu legado como creador literario, citando tanto as súas obras poéticas coma as de narrativa. A respecto destas últimas, destaca que a súa novela en castelán *El crimen de la isla verde* foi finalista do Premio Nadal en 1945, ano en que Camen Laforet o recibiu por *Nada*. A seguir, comenta o seu labor como "libreiro e editor culto e fantasioso", e indícanos que Álvarez Blázquez emprendeu iniciativas tan importantes no contexto cultural da altura como a creación das editoriais Monterrey (1950, cofundada con Luís Viñas Cortegoso) e Castrelos (1964, en colaboración cos seus irmáns) ou a apertura en 1948 da Librería Anticuaria (tamén con Viñas), onde colaborou Darío Xohán Cabana. Despois de analizar en detalle as diferentes coleccións que albergaron eses proxectos editoriais (entre as que destaca "O Moucho", de edicións Castrelos), pasa xa a enfocar a súa actividade como "xornalista e cronista da historia de Vigo". Enumera todos os traballos que dirixiu no ámbito da arqueoloxía local; refírese aos artigos que sobre diversas cuestións relativas á cidade olívica deixou escritos na súa columna diaria do *Faro de Vigo* (1956); e deixa constancia tamén da súa actividade divulgativa a respecto da historia viguesa, que culmina co nomeamento como "Cronista Oficial da Cidade" en 1976. Para concluír, lamenta Bragado un "recoñecemento insuficiente" deste intelectual.

- María do Carmo Kruckenberg, "O que vai de onte a hoxe", p. 137.

A escritora viguesa M^a do Carmo Kruckenberg salienta a relación da súa familia coa familia Lema, indicando que mesmo ela foi como unha irmá da neta de Eladio Lema. Ademais desta relación persoal destaca que nos anos sesenta comezou a escribir neste xornal unha páxina de moda que titulou "Comenta comentarios" e na que facía unha especie de crítica a algúns medios que estaban cambiando as crenzas sobre a estética e a ética. Remata aludindo ás novas formas de facer periodismo de maneira agresiva, periodismo de rúa, etc., e aínda que non defende esta maneira de exercer a profesión, opina que para facer periodismo de altura xa están os escritores.

Araguas, Vicente, 'A música femia de Damas Negras', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 xaneiro 2003, p. 3.

Vicente Araguas comenta a antoloxía que a poetisa María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) realizou de cancións moi coñecidas que ela mesma traduciu ao galego. Resalta Araguas a pretensión que *Damas Negras* (2002) ten de separar música e texto, aínda que reconece que é moi difícil mentres se le non tararear a letra seguindo a melodía.

Araguas, Vicente, 'Ficción viaxeira', *Diario de Ferrol*, 'Literatura', 19 xaneiro 2003, p. 15.

Vicente Araguas analiza o libro de relatos do historiador Guillermo Lorca *Relatos para ver mundo* para concluír que se trata dun autor "serodio que pode dar moito que falar (e ler)". Dise que o libro recolle unha serie de viaxes protagonizadas por diferentes personaxes que teñen en común a súa relación, por orixe ou proximidade, coa comarca ferrolá, como Araguas dá a entender ao longo do seu artigo.

Araguas, Vicente, 'A longa alba de Celso Emilio Ferreiro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 xaneiro 2003, p. 3.

Unha edición facsimilar de *Longa noite de pedra* sérvelle a Vicente Araguas para recuperar a memoria do que este libro de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912- Vigo, 1979) significou para el e para a súa xeración.

Araguas, Vicente, 'Un robinson literario desembarca en Galicia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 3.

Vicente Araguas dá conta da tradución ao galego por parte de Emilio Araúxo de *O deber inestético*, obra do filósofo Alain Badiou. Informa de que esta tradución se inclúe no número da revista *Amastra-N-Gallar* dedicado a Fernando Pessoa e no que tamén aparece un artigo de Uxío Novoneyra sobre Zeca Alonso.

Araguas, Vicente, 'Dársenas de ocase', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 febreiro 2003, p. 3.

Araguas inicia este artigo referíndose ao esquecemento experimentado por Xavier Seoane, ao que sen embargo considera un poeta decisivo ao que agora parece chegarlle o recoñecemento en forma de galardóns. A continuación, salienta a influencia do mundo da arte (principalmente a pintura) na súa poesía, en concreto en *Dársenas do ocase* (2002), influencia que segundo el posibilita unha comunicación "baixo mínimos" co lectorado. O intimismo e a conexión deste poemario coa súa obra precedente son aspectos que tamén toca Araguas para rematar.

Araguas, Vicente, 'Un percorrido polo máis 'fashion' de Vigo ', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 marzo 2003, p. 3.

Tras atoparse ante a obra dunha autora para el descoñecida, o poemario *Moda galega*, de

María Reimondez, Vicente Araguas analiza cun certo toque de ironía o seu contido. Afirmar que a obra é un percorrido informativo, tenro e irónico polas tendas viguesas e, ao mesmo tempo, polos hábitos de vestir. Conclúe que a pesar dalgúns erros, como que a autora transite por "moldes sociais resesos", o libro é "desfrutable".

Araguas, Vicente, '¿O Telón da poesía de Pura Vázquez?', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 3.

Tomando como punto de partida o último libro de poemas de Pura Vázquez (Ourense, 1918), *A música dos tempos*, Vicente Araguas analiza de forma valorativa a traxectoria poética da autora. Destaca de forma principal que o estilo de Pura Vázquez está xa definido e finaliza desexando que non cumpra a súa promesa de converter este poemario na obra que peche a súa produción.

Araguas, Vicente, 'Versos sobre o feito de vivir', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 20 abril 2003, p. 3.

Araguas menciona un libro publicado anos antes, no 2001, da autora coruñesa Charo Pita *Desde Arcadia para Govinda* editada por Espiral Mayor e que foi o IXº Premio de Poesía Espiral Mayor. Resalta dela a diversidade desde o punto de partida ambiguo no que a situación feminina non quere ser excluínte ao igual que a pretensión de facer unha viaxe curvilínea polo camiño complexo do ser humano, desde a exaltación lúdica que implica o feito de vivir.

Arce, María, 'Ética e estética do neocostumismo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Tribuna de opinión', 9 xaneiro 2003, p. II.

María Arce analiza recollendo opinións anteriores ("O apagón da cultura galega nos medios de comunicación", de Carlos Bernárdez en *A Nosa Terra*, e "Retornen os cisnes", de Manuel Vieites no mesmo "*Faro da Cultura*") as tendencias narrativas da Galicia actual, deténdose para iso nunha análise da situación cultural da terra. Distingue, seguindo a Carlos Bernárdez, tres sectores dentro da propia sociedade: o grupo que está sendo reeducado culturalmente polos medios; o que, tendo un nivel cultural superior, centra a súa ollada nos "productos españois maioritarios e os galegos cando traen adxunto o certificado de apto concedido por Madrid" e o minoritario "identificado coa cultura nacional". Apoiándose en Manuel Vieites, María Arce afirma que a narrativa está volvendo cara un neocostumismo exaltador do atraso galego como medio de reconciliar a todos os grupos. Conclúe afirmando que esta corrente literaria está acabando por converter o lectorado en "turistas na súa propia terra".

Baliñas Fernández, Carlos A., 'Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 9, 11 maio 2003, pp. 84-85.

Carlos A. Baliñas Fernández percorre diferentes momentos da biografía de Otero Pedrayo. Lembra o seu nacemento en Ourense en 1888, nunha familia de fidalgo que se converteran en burócratas; os seus estudos de bacharelato na cidade, logo en Compostela e Madrid. Refírese a seguir a súa etapa como profesor de ensino medio, profesión pola que sentiu unha

gran paixón, e a súa actividade pública en Galicia a partir de 1921, sobre todo como grande orador. Comenta como a chegada da guerra civil interrompe a súa actividade, xa que pasa de ser deputado na república a retirarse da docencia e recluírse no seu pazo de Trasalba, mantendo sempre un compromiso e unha resistencia moral coas súas ideas. Baliñas sinala que no momento no que se abre un pouco o réxime franquista retoma algo a súa vida pública ata a súa morte en 1976. Con respecto á súa obra salienta a súa produción narrativa así como outros xéneros que cultivou na liña da recuperación da memoria viva do pasado colectivo, tanto no que denomina relatos de autobiografía de nós -*Arredor de sí* (1926) ou *Escrito na néboa* (1927), protagonizados por Adrián Solobio, trasunto do escritor-, coma en descrición de tipos que descubren Galicia -*Devalar* (1935). Alude tamén ás súas novelas referidas ás grandes transformacións do agro galego no século XIX, como *Os camiños da vida* (1928) e *Do mesón dos ermos* (1936), e a aqueles que enchen as lagoas da historia erudita, *A romería de Xelmírez* (1934) ou *Las palmas del convento* (1941).

Barcia, Moisés R., 'O gran Gatsby, entre nós', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Libros', 3 abril 2003, p. V.

Comenta a tradución ao galego da obra *O gran Gatsby* (Vigo, Ir Indo, 2002), de F. Scott Fitzgerald e salienta que se trata dunha novela que recrea a época anterior ao crack bursátil de 1929, un mundo no que se mestura o glamour e a corrupción e onde todo o que se ve é mentira. Incide especialmente na tradución levada a cabo por Laura Rodríguez Gómez como traballo de fin de carreira e cre que a nova fornada de tradutores formados na facultade subsanará algunhas eivas grazas á súa aprendizaxe teórica, aínda que tamén entende que é moi necesaria a formación práctica para evitar erros como os que sinalan no artigo.

Barcia, Moisés R., 'Cincuenta anos despois', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Letras do noso tempo', 17 abril 2003, p. II.

Comentario de *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett. O autor refírese primeiro ás repercusións da súa estrea en 1953, para a continuación encadrar a obra no teatro do absurdo, ao ofrecer unha visión pesimista da condición humana moi próxima da que dá Ionesco. Sinala tamén o peso da Segunda Guerra Mundial no tratamento de temas como a relixión ou a morte, así como a sinxeleza da trama, que vén metaforizar o absurdo da existencia humana. Remata suxerindo a identificación de Godot con Deus, algo que o autor considera posíbel pola "opresiva omnipresencia de Godot". Este texto saíu publicado tamén no nº 7 do suplemento "Saberes" de *La Opinión* o 26 de abril de 2003.

Barcia, Moisés R., 'Cincuenta anos despois', *La Opinión*, 'Saberes', nº 7, 'Candilejas', 26 abril 2003, p. 15.

Comentario de *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett. O autor refírese primeiro ás repercusións da súa estrea en 1953, para a continuación encadrar a obra no teatro do absurdo, ao ofrecer unha visión pesimista da condición humana moi próxima da que dá Ionesco. Sinala tamén o peso da Segunda Guerra Mundial no tratamento de temas como a relixión ou a morte, así como a sinxeleza da trama, que vén metaforizar o absurdo da existencia humana. Remata suxerindo a identificación de Godot con Deus, algo que o autor

considera posíbel pola "opresiva omnipresencia de Godot". Este texto publicouse tamén no suplemento "*Faro da Cultura*", do *Faro de Vigo*, o 17 de abril de 2003.

Barreiro Fernández, Xosé R., 'Os milagres do cotián', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 4.

Fai referencia á edición que Luís Mariño e Carlos Delgado fixeron da obra *Os escuros soños de Clío*, de Carlos Casares, en Edicións do Cerne. Afirmar que este é un libro que lle impresionou e que rele de vez en cando, sempre con pracer. En canto ao argumento, sinala que o autor simula ser un historiador que rescata historias diversas de arquivos, xornais, libros vellos, etc. e, deste xeito, preséntanos as biografías de trece galegos. Indica que as historias están relacionadas con nigromantes, alquimistas, cegos, falsos magos, masóns, etc., e que se sitúan nun tempo histórico no que os prodixios, milagres e portentos forman parte do cotián. Finalmente, fai referencia á historia da que é protagonista D. Antonio Vieites, crego de Castrofeito.

Barros, Mar, 'Poesía nos abanos', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Fin de semana', 13 febreiro 2003, p. 41.

Sinala que Follas Novas Edicións vén de publicar *O libro dos abanos (Palabras ao ar)*, que é un testemuño da exposición de abanadores pictórico-poéticos presentada o ano pasado na Galería Noroeste. Explica que nesta exposición trinta e cinco poetas retomaron un práctica do século XIX consistente en escribir poemas nos abanos; cita aos poetas son derivacións dos luxosos álbums de poesía, onde ademais do valor dos autógrafos poéticos se engadían as ilustracións pictóricas e composicións musicais. Cita aos poetas que participaron nesta iniciativa, entre eles, María do Cebreiro, Emma Couceiro, Estevo Creus, Luz Pozo, Chus Pato, Xohana Torres, M.A. Fernán-Vello, Iolanda Castaño, Claudio Rodríguez Fer, Antón Reixa ou Ánxeles Pernas, que utilizaron os abanos como medio de expresión para a súa creación literaria e plástica.

Bernárdez, Carlos L., 'Unha emocionada pulcritude', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 27, 'Libros', 23 xaneiro 2003, p. V.

Sinala que a obra de Román Raña, *Eloxio da desorde* (2002), que recibiu o Premio de Poesía Miguel González Garcés, vén de saír do prelo nunha coidada edición que inclúe ilustracións de Ánxel Huerte. Indica que esta obra supón o asentamento dos principios temáticos e formais do seu anterior poemario, *Ningún camiño* (1997), e que nela recorre os grandes temas universais: o amor, a morte, a soidade, o paso do tempo, etc. Ademais, salienta que en poemas como "Quen foi así regresa" ou "Terceiro misterio" se pode percibir a influencia ou complicidade co poeta mindoniense Álvaro Cunqueiro. Afirmar, finalmente, que na obra completa de Roman Raña se poden establecer dous ciclos poéticos: dunha banda, as obras publicadas na década dos oitenta (*Retrato de sombra en outono* (1981), *Nas areias doutro mar* (1984), *Extramuros da noite* (1985) e *De muda primavera* (1988), que se caracterizan polo ton culturalista e pola reflexión sobre determinados arquetipos absolutos; doutra banda, estarían os dous últimos poemarios publicados, nos que a memoria xoga un papel fundamental.

Bernárdez, Carlos L., 'Os ollos do poeta', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Arte', 4 decembro 2003, p. VI.

Indica que vén de cumprirse o vintecinco cabodano do pasamento do poeta Lorenzo Varela e que, con este motivo, o mundo da cultura lle ofreceu unha homenaxe na vila lucense de Monterroso. Sinala que a súa poesía é do máis representativo da produción poética do exilio e que se caracteriza pola calidade formal, o lirismo e o compromiso cívico. Entre a súa obra destaca *Catro poemas pra catro gravados* (1944), *María Pita e tres retratos medievais* e *Lonxe* (1954), que é a súa obra máis ambiciosa e da que salienta os poemas "Manuel Ponte" e "Compañeiros da miña xeración mortos e asasinados". Indica, ademais, que na Arxentina formou un grupo cultural co escritor Arturo Cuadrado e co pintor e poeta Luís Seoane; que ilustrou todos os libros de Lorenzo Varela, establecendo unha relación de grande intensidade entre o debuxo e o texto, especialmente en *Catro poemas pra catro gravados*. Sinala, finalmente, que o interese de Lorenzo Varela pola arte levouno a utilizar a arte e os artistas como tema literario, como en *Homenaje a Picasso* (1963), e a desenvolver unha importante actividade como crítico de arte, publicando varios libros con esta temática: *Murillo* (1946), *Seoane* (1948), *El Renacimiento* (1951) ou *Seoane o el arte sometido a la libertad* (1966).

Bilbao, Conchi, 'Nove retratos e unha conversa con Casares', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 marzo 2003, p. 1.

Ramón Loureiro retoma a idea de Carlos Casares de inmortalizar o seu pensamento nun libro. En *Carlos Casares. Nove retratos e unha conversa* temos un Casares preocupado pola situación do galego fronte ao castelán. O autor do libro, Ramón Loureiro, cre que é mellor deixar pasar o tempo para que a literatura de Casares se revalorice, ao igual que pasou con Cunqueiro.

Blanco Mariño, Manuel, 'Relembanzas de tempos pasados', *Diario de Ferrol*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 4 outubro 2003, p. 38.

Indica que neste mes se van cumprir os vintecinco anos dende que se lle deu o nome de Fermín Bouza Brey ao instituto de estudos tecnolóxicos de Fonte Carmoa, Vilagarcía. Sinala que Bouza Brey foi un gran poeta e erudito; fai referencia ás súas obras *Nao senlleira* (1933), *Seitura* e *Cabalgadas no Salnés* e ás características lingüísticas do seu galego. Afirma que polo seu currículo (maxistrado, doutor en filosofía e letras, excelente escritor, investigador, arqueólogo, promotor do Seminario de Estudos Galegos e membro da Real Academia Galega), ocupa un lugar relevante na nosa historia e homenaxéao cunha composición poética da súa autoría na que lembra a súa ligazón coa comarca do Salnés.

Borrazás, Xurxo, 'Cando o local se converte en lenda', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 6.

Refírese á obra *O retorno dos homes mariños* e ao seu autor, Xurxo Souto. Do autor sinala que é o fillo ou filla que todos os pais desexarían ser, amais dun bo amigo. Afea os que consideran que os seus libros son unha faceta máis da súa personalidade festeira, porque esta é unha forma de restarlle méritos. Do libro dise que está composto por un conxunto de

relatos fermosos que tratan a realidade cotiá, convertendo os personaxes locais en lendas e parodiando os mitos. Afirmo que a lectura destes textos lle permite ao lectorado "emocionarse, cheirar o sal do mar, a pólvora dos foguetes, o chapapote dos petroleiros, as tapas na barra dunha tasca enxebre ou a xente boa de acá para alá".

Borrazás, Xurxo, 'Posmodernidade, pero ¿que posmodernidade?', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 469, 5 xuño 2003, p. 9.

Pregúntase Xurxo Borrazás se o espírito moderno, o posmodernismo, aínda segue vivo. Reflexiona sobre este movemento cultural que quixo espir o modernismo para ver o seu verdadeiro valor e conclúe que é preferíbel debater sen sancionar que sancionar sen debater.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Tres importantes aportacións da emigración á Cultura de Galicia', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 17 xaneiro 2003, p. 12.

Fai referencia á transcendencia que tres iniciativas galegas da emigración, dúas na Habana e outra en Bos Aires, tiveron e seguen tendo na cultura e no patrimonio de Galicia: a Real Academia Galega, a Biblioteca América e o himno galego. Sinala que dende 1881 un grupo de intelectuais galegos defenderon a necesidade de crear unha Academia Galega; esta iniciativa, que foi apoiada polos galegos residentes na Habana coa creación da "Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega", converteuse en realidade o 4 de setembro de 1905 coa creación na Coruña da Academia Galega, que acadou o título de Real Academia o 25 de agosto de 1906. A Biblioteca América, que xorde da iniciativa do emigrante santiagués Gumersindo Busto, instalouse no Pazo de Fonseca compostelán e fundouse o 26 de xullo de 1926; esta biblioteca, que é considerada a máis importante biblioteca americanista de Europa, conseguiu os seus fondos grazas á creación dunha comisión "Pro acercamiento intelectual americano" con delegacións en toda América que, durante vintedous anos, enviaron a Galicia os fondos recollidos. Fai referencia, finalmente, á creación do himno galego; sinala que a letra do poema pertence a Eduardo Pondal e a música ao mestre Pascual Veiga e que, aínda que existía dende 1890, non foi interpretado ata 1907, sendo esta primeira interpretación no Teatro Nacional do Centro Galego de Cuba; en 1908 foi declarado himno oficial do Centro Galego da Habana e foi interpretado por primeira vez en Galicia, nun acto no Circo Teatro de Pontevedra, o 19 de xaneiro de 1913.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A prensa e a radio na emigración galega', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 18 xaneiro 2003, p. 14.

Fai referencia ao importante movemento xornalístico que se desenvolve ao redor dos Centros e das Sociedades Galegas na emigración a partir do último terzo do século XIX. Sinala que a profesora María do Carmen Pérez Pais, que fixo a súa tese de doutoramento sobre a prensa galega en América, ten catalogadas máis de tres mil cincocentas publicacións en galego ou castelán editadas polos nosos emigrantes. Entre todas elas fai referencia a *La Gaita Gallega*, fundada na Habana en 1872; *El Eco de Galicia*, fundada na Habana en 1878; *A Gaita Galega*, fundada na Habana en 1885, sendo a primeira publicación escrita integramente en galego; *El Avisador galaico*, fundado en Cienfuegos en 1878; *El Gallego*, fundado en Bos Aires en 1879, etc. Tamén destaca a presenza da Galicia

emigrante nas emisións radiadas e cita tres programas que teñen continuidade actualmente: "Sempre en Galicia", "Galicia emigrante" e "Ecos de Galicia".

Bouza Brey, Gonzalo, 'Os emigrantes galegos en América e as Artes: O Teatro', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 21 xaneiro 2003, p. 14.

Fai unha análise da presenza e influencia do xénero teatral entre os emigrantes galegos en América e sinala que a primeira estrea de teatro en galego na emigración tivo lugar na Habana en 1886, coa representación de *Rexurdimento* de Ramón Armada Teixeira; a obra estreouse no Teatro Tacón, que posteriormente se chamaría Teatro Nacional e que foi adquirido polo Centro Galego para a construción do seu edificio oficial. Afirma que a obra de maior incidencia social do teatro galego en América foi *Os vellos non deben namorarse* (1941), de Alfonso D. Rodríguez Castelao, dirixida por Manuel Varela Buxán e representada pola súa propia compañía, "Compañía Galega Maruxa Villanueva". Varela Buxán (A Estrada 1909-1986), coñecido polo pseudónimo "Ken Keirades", foi autor de numerosas pezas teatrais: *Se o sei non volvo á casa*, *Pola nosa culpa*, *A xustiza dun muiñeiro* ou *Taberna sen dono*, nas que actuaron el e mais a súa muller, Maruxa Villanueva, con numerosos actores galegos. De entre todos eles destaca ás actrices Xosefa Goldar (Cangas, 1910) ou María Casares. Cita, finalmente, a autores galegos que tiveron gran importancia no teatro iberoamericano, como Xavier Bóveda (autor de *Tierra dura e Laura busca un amante*), Nicolás de la Llaneras (*Si los hijos levantarán la cabeza e Miente y serás feliz*), Ferreira (*El hombre inmaculado*), Amado Billar Novaiz (*Mientras dan las seis*) ou Carlos Montenegro (*Dos barcos, Hombres sin mujer* ou *Aviones sobre el pueblo*).

Bouza Brey, Gonzalo, 'Os emigrantes galegos en América e as Artes: Castelao e a pintura', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 25 xaneiro 2003, p. 16.

Sinala que este é o primeiro dunha serie dedicada a artistas arousáns na emigración, que comeza referíndose ao galego máis universal: Alfonso R. Castelao. Sinala que Castelao naceu o 30 de xaneiro de 1886 en Rianxo e que emigrou a Arxentina en 1896 e que, xa alí amosou a súa vocación artística influenciada polo debuxante galego Xosé Cao; regresou a Galicia en 1900 e licenciouse en Medicina en 1909, ano no que empezou a debuxar as portadas de *Vida Gallega* e no que fundou en Rianxo o semanario *El Barbero Municipal*; en 1916 gaña as oposicións a funcionario do Instituto Xeográfico e Estatístico e marcha a Pontevedra, ese mesmo expón as estampas do *Álbum Nós* en Galicia e Madrid; en 1920 fai unha xeira de exposicións por toda Galicia; en 1921 viaxa por Francia, os Países Baixos e Alemaña e á volta comeza a colaborar como debuxante no xornal *Galicia*; en 1925 funda a Coral Polifónica de Pontevedra, aínda hoxe vixente; en 1926 publica *Cousas* e é nomeado membro numerario da Real Academia galega; tres anos máis tarde, ao volver da súa viaxe pola Bretaña, publica o segundo libro de *Cousas*; en 1931 funda o Partido Galeguista e inicia a súa carreira política; entre 1931-1936 escribe *Cincuenta homes por dez réas*, *Os dous de sempre* e *Retrincos* e entre 1934-1935 está exiliado en Badaxoz; durante a guerra publica *Galiza mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*; en 1940 comeza o seu exilio en Arxentina e alí morre o 7 de xaneiro de 1950. Durante estes dez anos desenvolve unha intensa actividade política e cultural entre as comunidades galegas emigrantes, entre as que destacan a fundación do Consello de Galicia, a súa participación no Goberno da República, a publicación de *Sempre en Galiza* (1944) e *As Cruces de Pedra na Galiza* (1949) ou a

estrea de *Os vellos non deben namorarse* (1941).

Bouza Brey, Gonzalo, 'Os emigrantes e as Letras: Rafael Dieste', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 18 febreiro 2003, p. 14.

Sinala que son moitos os escritores arousáns que, por unha razón ou outra, se converteron en bastións da nosa cultura dende a outra ribeira oceánica e céntrase na figura de Rafael Dieste. Sinala que Dieste (1899-1981) amosou as súas inxerencias literarias dende neno e que escribiu o primeiro texto que del se conserva con once anos: unha carta ao seu irmán Eduardo na que lle relata as impresións da súa primeira viaxe no vapor a Vilagarcía en compañía de súa nai para mercar os seus primeiros zapatos (este texto atópase na súa Fotobiografía, publicada por Xerais); con dezaseis anos publica o seu primeiro texto nun xornal de Vilagarcía, no *Galicia Nueva*; entre 1917 e 1919 permanece na emigración mexicana e na súa volta a Galicia inicia unha forte relación coa intelectualidade galega (Risco, Otero Pedrayo, Villar Ponte, etc.), publicando numerosos artigos no xornal *El Pueblo Gallego* e na revista *Galicia*; en 1927 le a súa obra teatral *A Fiestra Valdeira* no Seminario de Estudos Galegos, ao que pertence dende esta data; en 1928 inicia un longo periplo que o levará a Londres, París e Madrid, ata incorporarse ás Misións Pedagóxicas que o levarán a percorrer todo o territorio español; co inicio da sublevación fascista, Dieste participa activamente nos grupos de intelectuais defensores da legalidade republicana e forma parte de numerosas revistas; ao rematar a guerra marcha coa súa muller a Rotterdam, Montevideo e Bos Aires, onde toma contacto coa comunidade intelectual exiliada, coa que organiza numerosas actividades culturais; en 1961 retorna a Galicia, onde continúa a súa defensa da lingua e cultura de Galicia, que lle é recoñecida co seu nomeamento como numerario da RAG o 18 de abril de 1970.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A emigración e as Letras: Ramón Martínez López, intelectual galego universal', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 22 marzo 2003, p. 14.

Cóntase a traxectoria de Ramón Martínez López que, dende o comezo estivo vencellado á cultura galega e logo, na universidade, coincidiu con grandes persoeiros galegos. Tamén se resalta o seu papel na política galega como fundador do Partido Galeguista en 1931 e logo a súa participación no Estatuto de Autonomía no 1936. Por mor da guerra civil tivo que exiliarse, primeiro en Arxentina e logo en Estados Unidos; neste tempo, aínda que desempeñaba o seu labor de catedrático de Filoloxía española, non abandonou a cultura de Galicia. Á súa volta formou parte da Fundación Otero Pedrayo, do Consello da Cultura galega e da RAG; tamén retomou a súa actividade dentro do Partido Galeguista.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A emigración e as Letras: Ramón Fernández Mato, xornalista, escritor e político boirense', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 2 abril 2003, p. 14.

Realiza unha achega á biobibliografía do xornalista, escritor e político Ramón Fernández Mato (1889-1980). Sinala que dende moi novo amosou as súas inxerencias intelectuais; cursou os estudos de Medicina en Santiago, onde coincidiu con Alfonso Rodríguez Castelao e con quen fundou a revista *Galicia Moza*; ao rematar os estudos, marchou a Madrid para traballar como redactor en diversos xornais e en 1914 emigrou a Bos Aires,

onde tamén exerceu como xornalista; regresou a Galicia en 1924 e comezou a súa carreira política, que o levaría a desempeñar diversos cargos dentro da organización estatal republicana; cando rematou a guerra, marchou exiliado a Cuba, dende onde se trasladou a Venezuela e Santo Domingo. No eido literario, Fernández Mato foi escritor maioritariamente en lingua castelán, aínda que deixou algúns poemas en galego e é considerado un dos máis senlleiros intelectuais galegos do século XX. Sinala, finalmente, que Fernández Mato era tío do poeta Manoel Antonio, quen lle dedicou uns fermosos versos e que, xunto con Alberto Vilanova Rodríguez, é un dos seus máis destacados biógrafos.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A emigración e as Letras: Xosé Núñez Búa, galeguista, profesor e escritor', *Diario de Arousa*, 'Os arousáns polo mundo', 12 abril 2003, p. 14.

Destácase a figura do profesor, galeguista, político e escritor Xosé Núñez Búa nado en Tenorio (Cotobade), pero fortemente unido a Vilagarcía, onde entre outras cousas dirixiu o Colexio León XIII e fundou o Sindicato Católico Agrario. Destaca tamén a súa actividade galeguista nas Irmandades da Fala e como membro relevante do Partido Galeguista da vila. Alude a estas e outras facetas que o obrigan a emigrar durante a Ditadura e ao gran labor que desenvolveu no exilio. Destaca na faceta de escritor o anecdotario *Revoeira* sobre os primeiros cincuenta anos do século XX no eido social e cultural de Galicia. Apunta finalmente que morreu en Arxentina no ano 1981.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A Emigración e as Letras: Manoel Antonio, poeta e capitán do mar', *Diario de Arousa*, 'Los arousanos por el mundo', 20 abril 2003, p. 13.

Aborda unha viaxe pola vida do mariñeiro e arousán Manuel Antonio, ofrecendo datos sobre as súas pequenas colaboracións en revistas como *Suevia*, *La Redención*, o importante manifesto do ano 1922 xunto a Álvaro Cebreiro, onde aparecería a súa crítica ao tradicionalismo literario e a defensa das innovacións que se viñan dando en toda Europa a principios do século XX. Hai tamén unha enumeración das obras que nos deixou escritas: *Con anacos d'o meu interior*, *Foulas*, *De catro a catro*, *Sempre e mais depois e Viladomar*.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Frai Martín Sarmiento, o peregrino ilustrado', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Ruta xacobeá do Mar de Arousa', 5 xullo 2003, p. 42.

Sinala que frei Martín Sarmiento foi o principal impulsor da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa, que percorreu en 1745, sendo Ano Santo. Nesta peregrinación percorreu a mesma ruta que fixera o cadáver do apóstolo Santiago, dende Arousa ata Padrón e logo a Compostela. Fixo todo o percorrido pola costa, deixándonos unhas das mellores descrições da paisaxe galega; investigou a flora, a fauna e os restos de moluscos que atopaba nas praias, chegando a xuntar oito mil cunchas e unha innumerábel colección de vexetais e herbas que atesourou na súa cela madrileña; e ao chegar a Compostela, comezou outra viaxe ata Ferrol e a Costa da Morte. Sinala que Sarmiento volveu a Galicia en 1754; nesta visita, amais de preocuparse por cuestións biolóxicas, marítimas e históricas, prestoulle especial atención ao estudo da toponimia galega.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Mariví Villaverde e Ramón de Valenzuela', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 outubro 2003, p. 35.

Con este artigo pon punto e final á serie titulada "Os arousáns polo mundo. Nós tamén fomos emigrantes", lembrando o matrimonio formado por Mariví Villaverde e Ramón Valenzuela. Sinala que María Victoria Villaverde (Vilagarcía, 1922) tivo que exiliarse en Francia e logo na Arxentina por que seu pai participara activamente como primeiro alcalde republicano da vila e como deputado nas Cortes da II República. No exilio publicou a obra *Tres tiempos y la esperanza* (1962), da que se editou recentemente a terceira edición, con tradución ao galego e correccións da propia autora, na editorial A Nosa Terra; un libro no que dá conta da súa experiencia vital, e considerado como un dos máis importantes testemuños da Galicia daquel tempo. Sinala, doutra banda, que Ramón Valenzuela foi desterrado entre 1945 e 1950; das súas obras destaca *Non agardei por ninguén e Era tempo de apandar*, ambas sobre o conflito militar e a posguerra española. Menciona, así mesmo, o seu libro de relatos *O naranxo*, os seus escritos de crítica literaria e a súa achega á Asociación Gallega de Universitarios e Artistas de Bos Aires.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Ramón Cabanillas, 'O poeta da raza', na Habana', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Os emigrantes arousáns', 27 outubro 2003, p. 34.

Indica que Ramón Cabanillas (1876-1959) é un dos poetas máis salientábeis en lingua galega e un loitador exemplar das causas galeguista e democrática. Revela que o seu estro poético naceu na súa etapa de emigrante na Habana (1910-1915) e sinala que durante estes anos desenvolveu unha imparábel actividade cultural: dirixiu o boletín *El Centro* da comunidade galega en Cuba; asistiu con frecuencia ás tertulias da chamada Cova Céltiga no café La Puerta del Sol, onde se atopaba con Antón Vilar Ponte, Roberto Blanco Torres, Ramón Armada Teixeira, etc.; publicou numerosos poemas en galego na revista *Suevia* e os libros *No desterro. Visións galegas* (1913) e *Vento mareiro* (1915). Apunta tamén que xa en Galicia publica *Da terra asoballada* (1917), onde manifesta a súa loita agraria e galeguista e do cal destaca o poema "¡O meu carriño!". Sinala, finalmente, que Cabanillas é considerado "o poeta da raza".

Bouza-Brey Villar, Gonzalo (coord.), 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 setembro 2003, pp. 29-44.

Número especial do suplemento *Arousa, un mar de culturas*, consagrado á figura do recentemente finado Raimundo García Domínguez, 'Borobó'. Xa na portada explícase que co monográfico se quere render homenaxe a este cesureño, así como "dar mostra da nosa dor e da impronta que marcou nesta redacción en particular e no xornalismo galego en xeral". No suplemento inclúense os seguintes artigos e escritos:

-Xabier Baltar: "Un achegamento á súa figura", p. 30.

Extracto do texto que Xabier Baltar publicou no libro *Homenaxe a Borobó*, no que fai referencia á biografía de Raimundo García Domínguez (1919-2003). Sinala que naceu en Pontecesures e que pertenceu á chamada "Constelación Literaria de Cortegada"; destaca o seu labor literario e xornalístico e subliña a súa actitude ante a vida e o seu sentido do

humor. Dá conta dos anos que estivo fóra de Galicia, entre 1936 e 1940, nun campo de concentración e no cárcere; fala, así mesmo, dos dous anos (1940-1942) nos que estivo en Marrocos cumprindo o servizo militar. Finalmente dá conta do percorrido que, como profesional do xornalismo, realizou por diversos medios galegos e nacionais: *La Noche*, *El Correo Gallego*, *3E*, *Chan*, *Arriba*, Axencia EFE, etc.

-Gonzalo Bouza-Brey: "Guieiro do xornalismo galego", p. 31.

Afirma que con Borobó morreu o mellor xornalista da prensa galega dos últimos tempos e lembra un poema que o propio Bouza-Brey lle dedicou neste mesmo suplemento con motivo do premio que o Concello de Cuntis e a Universidade de Santiago de Compostela convocan en lembranza do xornalista Roberto Blanco Torres. Sinala que coñeceu a Borobó cando tiña cinco ou seis anos e destaca a relación de amizade que mantivo con el, as conversas que mantiveron e as numerosas persoas que asistiron á súa despedida. Indica que todas as colaboracións deste suplemento subliñan "a verba, a conversa e a sabedoría de Borobó". Fala, finalmente, en nome de todas persoas que traballan no *Diario de Arousa* e amosa a profunda dor coa que despiden "ao mestre do xornalismo".

-Alonso Montero: "Os meus anos gloriosos", p. 31.

Fai referencia ao comezo xornalístico de Borobó. Salienta que empezou a traballar nesta profesión en Santiago no ano 1947 e destaca as dificultades que había daquela para ser "brillante, intelixente e crítico". Afirma que o xornal *La Noche* foi a súa voz ou o seu voceiro e fai referencia aos miles de "Anacos" que publicou entre 1946 e 1965. Fala, así mesmo, do seu gusto polos pseudónimos (Borobó, El Sargento Levi, Julio Sierra, Raimundo Lozano, Don Gallego ...) e intúe que podería ser un modo de non comprometerse abertamente. Indica, para rematar, que foi un home respectado, admirado e querido por todos.

-Mercedes Angueira e Bouza-Brey: "Unha biografía apaixonante", p. 32.

Fálase de Xabier Baltar Toxo e da súa relación con Borobó. Dise que Baltar, autor das notas biográficas incluídas no libro *Homenaxe a Borobó* publicado hai uns meses, aínda lembra os veráns que ambos os dous pasaban en Rianxo e a amizade que unía os seus pais. Xabier Baltar destaca a gran capacidade mental e de lembranza de Borobó, a súa traxectoria profesional, sobre todo, como xornalista e, por riba de todo, a súa condición de "boa persoa". Asemade, fai referencia á amizade existente entre Raimundo García Domínguez e Augusto Villanueva, profesor de medicina. Sinala que se coñecían dende había moito tempo, posto que os seus pais compartían profesión e amizade; fai referencia ás conversas que mantiñan e ao ambiente familiar de Borobó, co que Villanueva entrou en contacto. Indica, finalmente, que o doutor estivo xunta a Borobó nos últimos días da súa enfermidade, exercendo a súa profesión. Desta experiencia, Villanueva destaca a loita de Borobó pola vida e a enteiraza que mostrou ata o final.

-[Borobó]: "A xeografía do Papudo", p. 33.

"Anaco" publicado no *Diario de Arousa* con data 22 de xuño de 2003 sobre Papudo, veciño

da Arousa natal do xornalista. Sinala Borobó que este home consideraba a todos os de alén do río Ulla ou de alén do mar portugueses. Relaciona isto coas palabras de Juan Rodríguez de la Cámara, que na primeira novela española dicía "... dela pequena Francia, oy llamada Gallizia", e coa reminiscencia italiana de Ramón Valle-Inclán, e conclúe que, segundo todo isto, Francia (Arousa Norte) e Portugal (Arousa Sur) estarían divididas polo Mar Tirreno (río Ulla).

-Borobó: "Verbas na presentación do libro da súa homenaxe", p. 33.

Borobó revela que foi Máximo Sar quen lle contou que en Galicia se lle estaba preparando unha homenaxe. Sinala que un ano despois desta revelación, Edicións do Castro publicou o libro *Homenaxe a Borobó* no que participaron unha ducia de artistas e setenta escritores do ámbito político e literario de Galicia. Cita a algúns deses colaboradores e sinala que lles dará as grazas, un a un, nos seus "Anacos" de *El Correo Gallego*.

-Gonzalo Bouza-Brey: "Acróstico", p. 34.

Poema acróstico que coas iniciais dos seus versos escribe "Borobó periodista". Está formado por dezaseis versos de rima consonante e estrutura métrica regular e nel gábase a figura de Raimundo García Domínguez, definida, entre outras cousas, como "orgullo senlleiro da Galicia", "exemplar combatente antifeixista" e "inxel testemuña da firmeza".

-Vicente Araguas: "A Borobó roubáronlle unha pluma nova do trinque", p. 34.

Poema de trece versos, con rima e métrica irregular, que fai referencia á cara que a Borobó se lle quedou cando "ese mangallón dos vencedores" lle roubou unha pluma que acababa de mercar o 28 de marzo de 1939.

-Arcadio López-Casanova: "No preguntoiro un home", p. 34.

Poema de seis estrofas, con catro versos cada unha delas e rima asonante, que fai referencia a Borobó e á súa residencia no Preguntoiro, aos seus Anacos xornalísticos, ao seu traballo en *La Noche*, aos seus compañeiros de xeración e amigos, etc.

-Helena Villar Janeiro, "De amicitia", p. 34.

Poema composto por vinte e catro versos, de rima e métrica irregular, no que a autora fai referencia á amizade que na data na que foi escrito, febreiro de 2002, mantiña co xornalista homenaxeado.

-[Borobó]: "Poesía en pé de loita", p. 35.

Baixo este epígrafe se presentan dous poemas da autoría de Borobó, titulados "A Noite Alumeada" e "Epifanía", sobre Rosalía de Castro. No primeiro fala das xentes da comarca arousa, que van polos camiños con fachos, para iluminar a casa de Rosalía; no segundo alude a unha homenaxe que se lle brindou á gran poeta galega e na que interviñeron Ramón

Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño e Ramón Cabanillas. Ambos os dous poemas están compostos por dez estrofas de catro versos cada unha delas, con rima consonante.

-Carlos Rodríguez: "O seu vencello coa comarca", p. 36.

Nestas páxinas inclúense sete pequenos apartados ("Borobó, viaxeiro e guía da comarca Arousa", "Boiro e a Pobra", "Vilagarcía de Arousa e o Grove", "Catoira", "Defensa e Selo de Galicia", "Rianxo, a vista soñada polo mestre", "Caldas e Cuntis, o eixo das vilas termiais" e "Círculo pechado de obra e vivencias") nos que se fai referencia á vinculación de Borobó con lugares da comarca do Ulla, e que van acompañados de imaxes fotográficas. Fálase do triángulo xeográfico formado por Pontecesures (vila na que naceu en 1916 e na que agora descansan as súas cinzas), Madrid e Trevanzos (lugar do Concello de Boiro no que tiña a súa casa). Fálase da Pobra, onde era asiduo dos pregóns festivos, e de Vilagarcía, onde participou no I Congreso de Poesía Galega, celebrado en 1997; do Grove e de Catoira, onde promoveu actividades festivas e etnográficas e fundou o Ateneo do Ullán; de Rianxo, vila á que lle dedicou un libro de poemas e a publicación Rianxada; de Caldas, onde pasou boa parte da súa infancia cos avós maternos, e, finalmente, de Cuntis, onde recibiu o Premio de Xornalismo Blanco Torres.

-Castro Ratón: "Borobó e os madrigalegos", p. 38.

Faise referencia, en primeiro lugar, ao termo *madrigalegos* co que Borobó designaba a aquelas persoas que dende Madrid exercían a "galegitude autenticamente comprometida co país". Sinálase que Borobó sempre colaborou coa causa galeguista e criticase, polo tanto, a falta de recoñecemento no libro *Da miña acordanza* de Ramón Piñeiro. Gábase a súa traxectoria profesional como impulsor de *La Noche* e da revista *Chan* e polos seus famosos "Anacos". Faise referencia, finalmente, ao seu libro *O Cesures de don Víctor*, que, segundo indicou o alcalde Manuel Luís Álvarez Angueiro no prólogo, é un anaco da intensa e comprometida vida de Borobó.

-Teo Cardalda, "Un galego bo e xeneroso", p. 38.

Dá conta do sentimento de mágoa e tristura que lle provocou o pasamento de Borobó. Lembra o momento no que se coñeceron e dá conta da amizade que mantiveron. Afirma que sentiu por el unha gran simpatía, respecto e admiración que gozou dos seus Anacos e que aprendeu moito das súas palabras. Lembra os faladoiros nos que Raimundo García Domínguez lle presentou a moitos intelectuais galegos e lembra o día no que bautizaron un castiñeiro co nome de Ramón del Valle-Inclán. Conta que, a raíz dunha anécdota, Borobó sempre lle chamaba "vello rockero" e, finalmente, despídese do xornalista e amigo ao que cualifica como "O Mestre".

-Xosé María Palmeiro: "Baixo o signo da coherencia ética, a xenerosidade e o xornalismo en liberdade", p. 39.

Lembra, en primeiro lugar, a derradeira conversa que mantivo con Borobó na súa casa de Compostela e na que este lle confesou que aínda lle quedaban moitas cousas por facer. Dá conta da admiración que sente polo volume de traballos que Raimundo García Domínguez

publicou, pola súa capacidade para impulsar proxectos xornalísticos e pola súa disciplina para escribir as súas colaboracións ata a fin. Fai referencia aos seus Anacos, que empezaron a publicarse o 1 de febreiro de 1946 en *La Noche*, e ás páxinas literarias onde publicarían os que hoxe coñecemos como "Xeración de La Noche". Fala, asemade, da súa estada en Madrid e da súa actividade na revista *Chan*, na Axencia EFE, e en medios impresos de Galicia e de fóra dela. Sinala que Borobó foi, a petición do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, o encargado de inaugurar a primeira conmemoración do Día Mundial da Liberdade de Prensa (3 de maio de 2001) e afirma que Borobó foi un home feliz e alegre, bo e xeneroso, figura senlleira do xornalismo galego do século XX.

-Máximo Sar: "Sobresaliente endovélico", p. 40.

Fai referencia ás Xuntanzas Endovélicas, unha especie de asociación creada a finais dos anos setenta e composta por "un grupo de intelectuales gallegos, muy selectos", á que pertencían, entre outros, Carlos García Bayón, Manuel Velo Velo, Pesqueira Salgado, Piñeiro Aren, Ana Ares, Borobó (que se incorporou en 1980) e o propio Máximo Sar. Explica como coñeceu a Borobó e fala das xuntanzas anuais dos endovélicos, nas que as intervencións de Raimundo García Domínguez era agardadas por todos.

-Xerardo Fernández Albor: "Verbas do libro da Homenaxe", p. 41.

Reprodúcese o texto co que Xerardo Fernández Albor colaborou no libro de Raimundo García Domínguez. Nel dá conta da súa amizade, que se remonta aos tempos de xuventude na comarca de Arousa, e da súa admiración polo labor xornalístico que Borobó desenvolveu á fronte de *La Noche*. Sinala que a xuventude daquela agardaba con impaciencia os seus Anacos e destaca que a amizade que os unía se mantivese inalterábel ata hoxe. Considera que pode tratarse da máxima "memoria viva" e asegura que é un gran xornalista, narrador e autor teatral. Dá conta da calidade literaria das súas pezas de teatro e afirma que é unha mágoa que non sexan representadas. Apoia a petición para conceder o nome de Borobó a unha rúa compostelá e propón que toda a obra de Borobó sexa recompilada e publicada.

-Manuel Blanco Mariño: "Sempre na miña lembranza", p. 41.

Define a Raimundo García Domínguez como "a peza máis principal que contribuíu ao novo rexurdimento da nosa lingua" e destaca a súa actividade xornalística na revista *Chan* e no xornal *La Noche*. Cita, así mesmo, o suplemento literario de *La Noche*, "Artes e Letras", onde publicaban os seus textos os membros da agora chamada Xeración de La Noche. Subliña a súa valentía xornalística durante a ditadura franquista, sobre todo tendo en conta que loitara nas forzas republicanas e que estivera no cárcere e en campos de concentración. Fai referencia, finalmente, ás palabras que Xesús Alonso Montero pronunciou sobre Borobó no adro da igrexa de Pontecesures. Esta colaboración complétase cun poema titulado "A don Raimundo García Domínguez (Borobó) no día do seu pasamento", no que fai referencia ao seu encarceramento, á súa actividade xornalística e ao seu descanso final no cemiterio de S. Xulián de Requeixo.

-Xoán Guitián: "Borobó na paisaxe", p. 42.

Xoán Guitián, que foi coordinador do libro de homenaxe a Borobó publicado por Edicións do Castro e presentado o día 10 de abril en Santiago, lembra nesta ocasión os paseos que fixo xunto a Borobó por diferentes lugares de Galicia. Alude a cando estiveron no Barbanza, en Bealo, en diferentes praias e polo río Tambre e destaca o que Borobó leva gozado con esas paisaxes.

-Xosé María Dobarro, "Palabras perdidas", p. 42.

Lembra, en primeiro lugar, que a última entrega da colaboración "Outravolta" que todos os domingos publica en *Diario de Ferrol* versou sobre a súa amizade con Borobó. Sinala, de seguido, que o seu coñecemento de Raimundo García Domínguez foi tardío, a pesar de que dende neno sabía da existencia de *La Noche* e *Chan*. Explica que iniciaron a súa amizade sendo el xa adulto e fai referencia, finalmente, ao encontro que mantiveron en setembro de 2001 con motivo do Congreso sobre o Exilio Galego, organizado polo Consello da Cultura Galega, ao que ambos asistiron.

-Gonzalo Bouza-Brey e Mercedes Angueira: "As últimas homenaxes", p. 43.

Indica, primeiramente, que o "mestre do xornalismo" gozou nas últimas décadas de numerosas mostras de recoñecemento pola súa traxectoria profesional e dá conta dalgunhas das distincións e galardóns que recibiu. De seguido, fai referencia ás tres últimas homenaxes que se lle brindaron en Pontecesures, Boiro e Santiago. Explica que no seu Pontecesures natal descubriu unha placa que outorga o seu nome a unha praza e que presentou no salón de plenos do Concello o seu último libro *O Cesures de D. Víctor*. Do Concello de Boiro recibiu o nomeamento de Fillo Predilecto e en Santiago tivo lugar, o pasado 10 de abril, a presentación do libro *Homenaxe a Borobó*, á que asistiron diferentes persoeiros do ámbito político, social, cultural e ideolóxico.

-Gonzalo Bouza-Brey e Mercedes Angueira: "Emotivo e multitudinario adeus a un anaco da cultura galega", p. 44.

Nesta última colaboración do suplemento faise unha crónica do último adeus a Raimundo García Domínguez, que faleceu o 28 de agosto de 2003. Indícase que a súa capela ardente foi situada no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval, e que o seu féretro estivo permanentemente cuberto coa bandeira de Galicia e custodiado pola Policía Municipal vestida de gala. Dise que os seus restos foron incinerados en Vigo e soterrados no panteón familiar do cemiterio da parroquia de San Xulián en Pontecesures e faise referencia, finalmente, ao funeral oficiado polo franciscano Xosé Isorna. Destácase a gran consternación que supuxo esta perda entre o mundo da intelectualidade galega, cítanse a algúns dos asistentes e dáse conta das palabras que algún deles pronunciou sobre o "mestre do xornalismo".

Bragado, Manuel, 'Vigo, capital editorial', *Faro de Vigo*, 'Faro de Vigo. 150 años', 3 xaneiro 2003, pp. 29-32.

Reportaxe, inserida no suplemento co que o xornal *Faro de Vigo* conmemora os seus cento

cincuenta anos de existencia, na que Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia dende 1994, repasa a vizosa actividade editorial viguesa dende 1853 ata hoxe. Distingue tres etapas principais: en primeiro lugar, a que ocupa toda a segunda metade do século XIX; a seguir, os anos vinte e trinta, xa no século XX; a posguerra e, finalmente, a actual. Comeza, pois, por referirse ao momento fundacional que supuxo a instalación da imprenta de Xan Compañel, "o primeiro dos editores en lingua galega", na rúa Real. Sinala cómo desta casa saíron non só publicacións periódicas como *La Oliva* ou *El Miño*, senón tamén libros en castelán de Manuel Murguía e Rosalía de Castro (*La primera luz*, o incompleto *Diccionario de escritores gallegos* ou *La hija del mar*) e a obra que inaugura a literatura galega: *Cantares gallegos* (1863). A este período pertencen tamén iniciativas editoriais como as de Pascual Arza e Ángel de Lema (fundador de *Faro de Vigo* en 1853, xornal que sacaba á luz "folletóns" como o titulado *Poesías*), a de Fernández Dios (que publicou o primeiro diario vigués, *La Concordia*, e títulos de Francisco Añón, Teodosio Vesteiro Torres, etc.), ou a de Eugenio Krapf (quen, procedente de Zúric, se instalou na cidade olívica a finais do século XIX). Continuando o tempo, indica que nos primeiros anos do século XX diminúe a edición de libros en Vigo, a pesar de existir numerosas imprentas, e que será o xornal *El Pueblo Gallego* o que en 1926 veña paliar esta situación ao promover a publicación de *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste. Así mesmo, refírese a outras empresas de finais dos anos vinte e comezos dos trinta, como a de José Cao Moure (P.P.K.O) ou Roel. Tras a crise que supuxo a Guerra Civil, prosigue, co asasinato dun impresor tan salientábel como Ánxel Casal (director de Nós, na Coruña e en Santiago), na cidade de Vigo veñen producirse tres tentativas de recuperación. Son elas a editorial Cíes, Edicións Monterrey-Castrellos e a Editorial Galaxia. Destaca, en primeiro lugar, o labor de Xosé María Álvarez Blázquez e Luis Viñas Cortegoso, fundadores de Monterrey e responsábeis da publicación de obras de Nicomedes Pastor Díaz, Frei Martín Sarmiento, etc., e da posta en marcha das Edicións Castrellos, editora monolingüe galega na que saíron as coleccións "Pombal" (clásicos gallegos) e "O Moucho" (libros de peto, entre os que se conta o primeiro best-seller do noso sistema: *O catecismo do labrego*). En segundo lugar, céntrase en Galaxia, empresa dirixida por Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro, un fito senlleiro no sistema literario galego que tiña por obxectivo "manter viva a personalidade de Galicia e asegurar a pervivencia da súa lingua e da súa cultura" nun período difícil e cheo de impedimentos. Entre as tarefas realizadas por Galaxia, refírese ao impulso de coleccións "míticas" como "Salnés" ou "Illa nova" e á aparición da revista *Grial*. Pasando xa aos anos oitenta, momento da adquisición do estatuto de autonomía para o país e da incorporación do galego ao ensino, salienta o nacemento de Edicións Xerais, que levou a cabo traballos pioneiros en moitos ámbitos (por exemplo, a creación dos premios homónimos). Conclúe o estudo indicando a existencia, dende esa altura, doutras casas viguesas como Ir Indo, Edicións do Cumio, Nova Galicia, Ediciones Nigra, etc., e apuntando que a cidade concentra máis do sesenta por cento do volume da edición privada de Galicia.

Bragado, Manuel, 'De Camilo a Isaac', *Faro de Vigo*, 'As portadas do Faro de Vigo no Día de Galicia', 25 xullo 2003, p. 2.

Dentro do suplemento especial que o xornal sacou co gallo da celebración da festividade de Santiago Apóstolo, e que reproduce algunhas capas históricas do *Faro de Vigo* nesa data sinalada, Manuel Bragado fai un comentario da portada que Camilo Díaz Baliño ideou para

o número 18.452, do 24 de xullo de 1927. Alén da descrición icónica do deseño, que se inspira na lenda da Raíña Lupa, Bragado achega informacións acerca do pintor e intelectual compostelán asasinado en 1936. Por exemplo, salienta que foi autor de *Conto de guerra*, "texto considerado hoxe pioneiro da literatura infantil na nosa lingua". Subliña por último a "coincidencia propia da providencia laica" que supón o feito de que no presente ano de 2003 sexa o fillo de Camilo Díaz, Isaac Díaz Pardo, quen ocupa a primeira páxina do xornal como autor do bando institucional do Día de Galicia.

Cacheiro Varela, Maximino, 'Un feixe de artigos no que o autor destila sensibilidade filosófica e literaria', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 4 maio 2003, p. 4.

Comentario da obra *Un ímpeto do tempo* (2002), colección de ensaios asinados por Ángel Núñez Sobrino. O autor céntrase principalmente na diversidade temática da colectánea e comenta polo breve algúns deses temas, como a música clásica, o valor das antigüidades ou a preocupación literaria. Conclúe Cacheiro Varela subliñando a "sensibilidade filosófica e literaria" e o amor por Galicia que, ao seu xuízo, amosa o ensaísta nos seus traballos.

Callón, Carlos, 'Da sátira ó orgullo: itinerario homosexual pola Literatura galega', *Galicia Hoxe*, '*Revista das Letras*', nº 472, 26 xuño 2003, pp. 2-7.

Este monográfico de *Revista das Letras* é unha contribución á xornada do movemento de liberación homosexual que terá lugar o 28 de xuño. Faise unha aproximación ao feito da diferenza na Literatura galega e elabórase unha escolma de poemas, que supón a primeira selección destas características do sistema literario galego, con trece poemas de trobadores medievais, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Lorenzo Varela, Álvaro das Casas, Eduardo Blanco Amor, Ana Román, etc.

Calvo Varela, Raúl, 'La literatura gallega en el siglo XX', *Diario de Pontevedra*, '*Revista! Letras*', 26 outubro 2003, p. 10.

Repaso ao desenvolvemento das letras galegas durante o século XX, centrándose no referido á poesía e á prosa. Sinálase, entre outras cousas, que a poesía social chega a Galicia "con algo de retraso en comparación con la castellana", que Blanco Amor - a quen por erro chama Campo Amor- escribiu novelas memorábeis como *A Esmorga* (1959) ou *Xente ao lonxe* (1972) que Xohana Torres e María Xosé Queizán son representantes da nova narrativa ou que o realismo social de finais do século presenta antecedentes na novela *Memorias dun neno labrego* (1961), de Neira Vilas.

Calvo, Tucho, 'O fillo da florista ó lonxe', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 3, 'Retrovisor', 29 marzo 2003, p. 10.

Fala de Eduardo Blanco Amor e da súa afección á fotografía. Para iso ilústrase o artigo cunha instantánea dun corpo espido que parece ser o propio autor ourensán e coa referencia á obra *O fillo da florista. 34 retratos de Eduardo Blanco Amor*, editado por Linteo en 1998. Dise que Blanco Amor era máis ca un fotógrafo afeccionado. Era tamén un modelo que sabía poñerse diante da cámara. Todo o dito xira arredor dunha idea: a soidade do home e a

singularidade da súa existencia representada nese corpo espido.

Caneiro, Xosé Carlos, 'A metáfora de Nós', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 9.

Destaca a singularidade de *Con pólvora e magnolias* de Ferrín dentro das nosas letras, como un "texto permanente", "imprescindible", "que foxe de todo convencionalismo" e gaña valor co tempo. Asemade, salienta o estilo do ourensán e apunta que poetiza metaforicamente sobre "as emocións máis humanas". Remata lamentando que non se valore na súa xusta medida.

Carballo Calero, Ricardo / **Fontoira Surís**, Lydia, 'Rosalía de Castro', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 1, 3 maio 2003, pp. 84-85.

Segundo se di no texto a vida de Rosalía de Castro non foi excepcional salvo polas circunstancias do seu nacemento, ao ser filla dun sacerdote ordeado. Porén a familia de seu pai faríase cargo del ata que se vai vivir coa nai primeiro a Padrón e logo a Santiago. Alí Rosalía toma contacto con outros intelectuais coma Aurelio Aguirre ou Pondal. En 1856 dísenos que marcha a Madrid, onde publicará o seu primeiro libro *La Flor* (1957), a raíz do que coñecerá a Murguía e casará con el. Seguindo despois ao seu home por diferentes puntos da xeografía de España, acaba os seus días na casa da Matanza (Padrón) en 1885. Saliéntase como na súa biografía aínda hai moita escuridade en aspectos da súa vida e como despois de morta a súa figura ou a súa psicoloxía foron mitificadas e transformas polo pobo e por intelectuais, moitas veces centrándose só en parte da súa obra. Indícase, tamén, que a súa correspondencia revela aspectos novos de Rosalía como a súa enerxía ou unha personalidade vehemente. Remátase dicindo que comezou a escribir con só oito anos e que no seu último libro en castelán, *En las orillas del Sar* deixou a súa mellor poesía. Noutro apartado repásase a obra de Rosalía desde *La flor*, as súas novelas en castelán *La hija del mar*, da que se di que está inspirada en Muxía; a segunda novela, *Flavio*; a que se considera a súa mellor novela, *El caballero de las botas azules*, cualificada aínda como novela de xuventude. De 1861 é o primeiro poema en galego, "Adios ríos, adios fontes" que inclúe en *Cantares gallegos* (1963) e que glosa cantigas populares. Despois deste transcendental libro sinálase que aínda publicará a súa mellor obra máis innovadora en galego, *Follas novas*, en 1880.

Carballo Calero, Ricardo, 'Cabanillas', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 6, 8 maio 2003, pp. 78-79.

Reprodúcese un texto de Carballo Calero no que este evoca a Ramón Cabanillas como un poeta total, o último da literatura galega, e ademais considérao o poeta máis importante das Irmandades da Fala. Logo fai un repaso da súa vida, desde o nacemento en Fefiñáns en 1876, no que tamén se apunta a súa época de seminarista en Santiago que abandonará, a emigración a Cuba entre 1910 e 1915 e logo a súa consolidación como poeta, chegando a ser académico da Academia Galega e da Española. Alude tamén aos seus últimos anos que pasou na capital do estado, en Baracaldo ou no mosteiro de Samos e a súa morte en

Cambados en 1959. A súa obra está, para Carballo Calero, formada por libros que agrupan composicións de temática distinta: *No desterro* (1913), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927), todos libros de poesía, a non ser *Camiños da terra* (1949) que agrupa textos narrativos. Tamén dá conta dun destacado papel na dramaturxia no que salienta das obras que conservamos *O mariscal*, escrito con A. Villar Ponte, e *A man da santiña*. No que se refire á poesía, analízase a súa evolución desde os antecedentes poéticos do século anterior ata o modernismo, separando a súa obra en dous grandes bloques temáticos. Na poesía cívica pon en relación con Curros, do que sería debedor, como xa apuntara Basilio Álvarez, no movemento do cal se insería Cabanillas, aínda que Cabanillas consegue unha técnica máis matizada e é máis católico e máis centrado na temática da identidade colectiva. Na poesía amorosa fala da conexión con Heine ou con Rosalía, pero abordando o amor coma un sentimento estético. Por último menciona a existencia da poesía relixiosa (*Samos*) e da poesía narrativa, reunida en *Camiños no tempo*.

Castaña, Yolanda, 'A delicada música', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 7.

Recoñece a súa predilección por *Livro das devoracións* (1996), de Pilar Pallarés e comenta algunha das liñas temáticas que a atraen. Así subliña que o libro "é a iluminada resignación inconformista", "a aventura do misterio da derrota" ou "a vida como desposesión", entre outras características.

Castro R., Xavier, 'A recepción na Real Academia Galega do escritor Camilo Suárez-Llanos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 xaneiro 2003, p. 4.

Gábase a incorporación de novas persoas na RAG como a de Camilo González Suárez-Llanos e indícase que se vén de publicar nun volume o seu discurso de ingreso titulado *Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo* (2003), datado en decembro de 2002 e cualificado como "un fermoso traballo de recreación histórico-literaria", así como a resposta de Franco Grande.

Castro R., Xavier, 'A lembranza do escritor Xavier Bóveda', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 febreiro 2003, p. 4.

Fala da saída do prelo do interesante traballo *Xavier Bóveda. Belezas locais, bohemia e aventura emigrante* (2002), obra de Luís Martul, Carmen Luna e María Golán. Indícase que se trata dunha escolma de numerosos textos e diferentes xéneros -poesía, teatro, ensaios- e incluso un epistolario e a reprodución dalgunhas cartas.

Castro R., Xavier, 'Libro-homenaxe ó profesor Fernando Tato Plaza', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 marzo 2003, p. 4.

Afirmase que a USC publicou o voluminoso libro *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza* (2002) na lembranza deste profesor. Sinálase que nesta heteroxénea miscelánea, xebrada en

oito bloques, están presentes traballos e estudos de varias dúzias de especialistas de lingua e literatura galega ou española, de tradución, etc.

Castro R., Xavier, 'A recompilación dunha parte fundamental da produción de Manuel Álvarez Torneiro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 abril 2003, p. 4.

Céntrase na publicación dun novo poemario de Manuel Álvarez Torneiro, *Os reinos do fulgor. Antoloxía esencial (1982-2002)* (2002), en edición da Deputación da Coruña da man de Concepción Delgado Corral, onde o poeta sen afastarse dos temas líricos por excelencia, ofrece novas variacións sobre estas fórmulas, resultando unha obra poética moi culta e perfectamente ancorada na realidade humana galega que é unha especie de continuación de *Memoria dun silencio* do ano 1982.

Castro Soliño, Dorinda, 'Benquerido Neira Vilas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Libros', 6 febreiro 2003, p. IV.

Debúllanse os cinco capítulos da biografía de Neira Vilas publicada por Ramón Regueira Varela, *Xosé Neira Vilas: narrador, poeta, xornalista, historiador da nosa emigración* (2002), na que se destaca a importancia da emigración e da súa muller Anisia, e onde sobresaíe o numeroso apoio fotográfico.

Castro Soliño, Dorinda, 'Versos nas mans', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Libros', 20 marzo 2003, p. V.

Céntrase na publicación, por parte de Edicións do Castro, dun libro de poemas bilingüe (alemán-galego) titulado *Torso. Gedichte/Poemas* (2002), de Úrsula Heinze, unha das fundadoras do PEN Clube galego. A seguir describe a obra, aludindo ao deseño da cuberta, ao título, ao número de poemas e ao contido.

Castro Soliño, Dorinda, 'O saxo como acubillo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Libros', 10 abril 2003, p. IV.

Analízase *Na agonía dos outonos en silencio*, obra de Antonio García Teijeiro. Salienta que é un poemario para adultos dado que é un autor coñecido especialmente na literatura infantil e xuvenil. Destaca a temática do desacougo coa metáfora latente do outono, ao que axuda o paso do tempo, o amor e a soidade. Por último, refírese á estruturación do poemario en nove partes, das que salienta "solos de saxo", dedicado a este instrumento, ao jazz e ao blues. Entende que detrás do saxo o eu lírico pode esconderse do desacougante mundo que o rodea.

Caveiro, Laura, 'Batallas e letras', *La Opinión*, 'Saberes', nº 16, 28 xuño 2003, p. 12.

Fala da relación coas guerras e as armas de escritos de Ernest Hemingway, D. H. Lawrence ou de Hans Christian Andersen, e referido á literatura galega céntrase no poema "Soldado", que aparece reproducido, obra de Celso Emilio Ferreiro e que fora composto cando a Lexión Cóndor alemá arrasou Gernika o 26 de abril de 1937.

Cordal, Xabier, 'Das múltiples artes', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', 'AFA', 21 marzo 2003, p. 32.

Descríbese, tanto física coma literaria, de Darío Xohán Cabana. Fálase do escritor como clásico da literatura galega e coméntase a súa obra en relación con algunhas das referencias culturais que introduce, así como da súa condición de escritor da Terra Chá. Mestúrase a estética da literatura do escritor lugués co seu compromiso político e as súas ideas sociais.

Cordal, Xabier, 'Posmodernidade. Cando a palabra se converte nun proceso infeccioso', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 469, 5 xuño 2003, pp. 2-3.

Faise un balance do posmodernismo a comezos dos anos oitenta e o que esta nova etapa supuxo, o progreso. Apunta que posmodernidade tamén chegou a literatura da man de Cunqueiro.

Cueto, Juan, 'Pop 'glocal'', *El País*, 'Babelia', nº 616, 'Escaparate', 13 setembro 2003, p. 16.

Reflexiona sobre o volume *Mujer en el baño* (2003), de Manuel Rivas e sinala que está composto por artigos e conferencias do propio Rivas que se transforman, pola arte da súa maxia "narrativa (galega)", nun coherente conxunto de relatos. Indica tamén que é un militante contra o cinismo e mais que a súa obra é "sencillamente transversal" e que non se move por xéneros.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Lamas Carvajal', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 5, 7 maio 2003, pp. 76-77.

Achega datos biográficos de Lamas Carvajal que vai contrastando con diferentes biógrafos: Eduardo Blanco-Amor, Fernández Gallego, López-Aydllo, ou mesmo Otero Pedrayo. Sinala que Lamas Carvajal nace en Pontevedra en 1849 e que parece que o seu pai morreu cando el aínda era moi novo pero contou coa protección dun tío Pedro Carvajal, como reflicte na súa obra. Apunta tamén que desde neno sufriu de enfermidades oculares e que xa na década dos 70 parece que está en Santiago de Compostela estudando Medicina. Alí escribiu sobre algunha lenda do lugar tanto en castelán, "La monja de San Payo" e "Las dos perpetuas", coma en galego, "O espertar do día en Conxo" e "O monte sacro". Sínálase, a seguir, que en 1874 casa e comeza a súa carreira xornalística en *El Heraldo Gallego*, nada máis inaugurarse, do que chegará axiña a ser director e propietario. En 1876 comeza coa súa máis sonada creación, o primeiro xornal en galego, *O Tío Marcos da Portela*, aínda que ao mesmo tempo xa empeza a cegar de todo e de feito morrerá cego o día de inauguración da Real Academia Galega en 1906, tras ser nomeado membro fundador. Noutra columna fálase da súa relevancia como escritor e como xa na creación da sociedade "Galicia Literaria" foi nomeado socio honorífico antes ca Rosalía ou Murguía. Aínda que o seu xornal *El Heraldo Gallego* se converteu en órgano de expresión do galeguismo e da súa obra ata 1880, será *O Tío Marcos da Portela* onde publique case todos os seus escritos despois recollidos en *Gallegada* ou *A musa das aldeas*, como o famoso *Catecismo do Labrego*.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Vicente Risco', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 8, 10 maio 2003, pp. 86-87.

Recolle algúns datos biográficos de Vicente Risco que comezan coa referencia ao seu nacemento en Ourense en 1884, nunha familia de ascendencia fidalga, e á súa infancia na cidade, onde comparte amizade con Otero Pedrayo. Salienta o seu carácter inconformista coa sociedade que coñeceu e o feito de se converter axiña ao snobismo, interesándose polas literaturas afastadas, o esoterismo e a teosofía oriental, tal e como plasmaría en *Nós, os inadaptados*. A seguir, recolle o seu paso por Madrid, a fundación da revista La Centuria, onde publica "Preludio a toda estética futura" e o seu achegamento ao galeguismo a partir de 1917. Detense na publicación de Teoría do nacionalismo galego (1918), co que se consolida como teórico do movemento; de El problema político gallego e Mitteleuropa, que supoñen unha renovación das teorías expostas por Murguía dende novos presupostos filosóficos. Apunta Dobarro que esta actividade arredor do nacionalismo se interrompe coa chegada da guerra civil, cando ao non poder superar o medo ao réxime se suma a el. No que atinxe á súa produción literaria, cualifícaa de didáctica e encamiñada ao pensamento político. Menciona as súas primeiras colaboracións en prosa e verso no diario *El Miño*; e as súas obras Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros, cualificado por Risco de texto humorístico-máxico-exotérico; *O lobo da xente*; *A trabe de ouro e a trabe de alcatrán*; e as máis importantes *O porco de pé* e *Os europeos en Abrantes*. Remata citando a súa novela en castelán, *La puerta de paja*, e a peza teatral *O bufón d-El Rei*.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Álvaro Cunqueiro', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 12, 14 maio 2003, pp. 86-87.

Define a Álvaro Cunqueiro como un autor total que pasou por todos os xéneros literarios, desde a poesía ata libros de cociña ou obras de teatro, e un renovador, coa súa mestría lingüística, da literatura galega. Sinala que naceu en Mondoñedo en 1911, que cursa o bacharelato en Lugo e que comeza Filosofía e Letras en Santiago. Menciona a súa produción literaria como poeta e cita *Mar ao norde* (1932) e *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933), encadradas no neotrovadorismo. Apunta tamén que despois da guerra e tras adherirse ao novo réxime, comezou a súa carreira xornalística, na que chegaría a ser Director do *Faro de Vigo*, e iría deixando de lado a poesía polo auxe do tema social e a decadencia do vangardismo. Aborda a seguir a súa obra narrativa, cualificada como disfrace do lirismo, e cita as súas obras en castelán -*Un hombre que se parecía a Orestes* (1969) ou *Las mocidades de Ulises* (1960)- e en galego -*Merlín e familia* (1955) ou *As crónicas do Sochantre* (1956). Salienta a súa peculiar mestura de fantasía, realidade, humor e lirismo, coa que tería éxito nos premios como o "Nadal" do 68 e o seu destacábel labor no eido da literatura dramática, aínda que define estas obras como narracións dialogadas. Menciona tamén as guías de viaxes que escribiu e os seus libros de cociña, entre eles, *A cociña galega* (1973).

Eiré, Afonso, 'Un marco ante o xornalismo vellouqueiro', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 33.

Reprodúcese o texto "Un marco ante o xornalismo vellouqueiro", que se centra na descrición da figura e obra de Borobó e que debería ter sido publicado no libro *Homenaxe a Borobó* mais que non aconteceu "por causas alleas á nosa vontade".

Eyré, Xosé M., 'A Escravitude, lugar mítico', *A Nosa Terra*, nº 1.084, 'Cultura', 29 maio 2002, p. 28.

Aproximación á novela *Diario comboio* (2002), de Raquel Miragaia, da que se destacan as súas semellanzas con *A sombra máxica*, de Thomas Mann. Apúntase que conta de once capítulos, e con fotografías intercaladas, nas que vemos a vida de diferentes personaxes desde un tiránico punto de vista único.

Eyré, Xosé M., 'Crónicas do desamor', *A Nosa Terra*, nº 1.063, 'Cultura', 4 xaneiro 2003, p. 18.

Xosé M. Eyré comeza aludindo a que Imma López Silva acadou o Premio Xerais 2002 con *Concubinas* para logo se centrar na descrición desta novela. Afirmar que neste volume se fomenta o esquezo inmediato do lido, que nin sequera o lugar e o tempo serven como eixos e subliña a complexidade de facer unha síntese argumental. Apunta tamén o seu multiculturalismo e afirma que "está poboada por personaxes malfadadas que non logran realizarse vitalmente porque se ven desprovistas de amor (por iso son concubinas)". Remata emparentándoa con *Ébora*, de Xosé Carlos Caneiro.

Eyré, Xosé M., 'A novela dun ilustrado', *A Nosa Terra*, nº 1.064, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 26.

Demorada análise da novela *Os nomes da morte* (2002), de Vítor Vaqueiro, da que se recalca que é obra dun ilustrado que presenta os recursos característicos do século das luces: a digresión e a interrupción de Diderot. Fala tamén da posibilidade de cuestionarse o carácter de novela desta obra, dado que está composta por oito relatos que teñen como finalidade aclarar a morte de Herminio Rotea, mais que no fondo se tratan moitas outras cousas relativas ao ser humano. Finalmente acha que o importante desta novela son "as consideracións intercaladas" e non a posíbel resolución do crime.

Eyré, Xosé M., 'As sorpresas da vida', *A Nosa Terra*, nº 1.065, 'Cultura', 16 xaneiro 2003, p. 26.

Análise crítica da novela *O mono no espello*, de Xabier López López, que acadou o Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2002. Comeza reflexionando sobre a novela curta como subxénero narrativo e a propósito desta obra destaca o seu forte simbolismo, a abundante presenza de digresións e que nela se conta a historia dun bañista que recolle un cativo perdido e que non sabe qué facer con el.

Eyré, Xosé M., 'Unha historia de amor na revolución portuguesa', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Cultura', 23 xaneiro 2003, p. 26.

Abre Eyré este artigo cualificando a *Atuado na braña*, de Xabier Quiroga, e *Resistencia*, de

Rosa Aneiros, como historias que deixan pouso e que non morren. A seguir céntrase na descrición de *Resistencia* da que sinala que é unha novela de grandes amoros -de Dinís e Filipa- que ficaron presos desde a adolescencia e que no seu título está presente a amálgama da fonte social e amorosa.

Eyré, Xosé M., 'Olor a orquídeas', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 32.

Coméntase a segunda entrega literaria de Miguel Anxo Fernández, *Un nicho para Marilyn* (2002) que é cualificada de "novela negra, de factura canónica e de lectura amena". Indícase que un dos seus protagonistas é un detective galego en L.A. chamado Frank Soutelo e que el mesmo é unha vítima, un fillo da emigración, dentro do mundo de contrabando dos mortos. Afirmase que as mellores páxinas desta novela son os retratos dos sospeitosos, que conta cunha rica fraseoloxía e con as múltiples referencias ao cinema. Para rematar subliña que a ligazón de Frank Soutelo con Galicia vén dada pola cultura e pola gastronomía e que conta cun remate apoteósico con sorpresa incluída.

Eyré, Xosé M., 'Cando poesía, prosa e fotografía se mesturan', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Cultura', 20 febreiro 2003, p. 26.

Reflexiona sobre *A Espera Crepuscular. (Viagem ao Cabo Nom. 1)* (2002), de Carlos Quiroga, do que sinala que é o resultado das necesidades expresivas novas e integradoras do seu autor. Indica que este volume, no que tamén ten presenza destacada a fotografía, se coloca na fronteira entre poesía e prosa, que presenta un "uso libérrimo dos recursos literarios" e mais que a característica fundamental destes textos é a evocación.

Eyré, Xosé M., 'De como ver o exterior pechado nun mesmo', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 32.

Apunta que a novela *O embrión* (2002), do finado Antón Risco, está estruturada en trinta e un breves capítulos que representan un novo experimento narrativo con introspección, carga filosófica e simboloxía. Tamén afirma que conta cun ameno discurso no que o seu protagonista, Bieito, tenta illarse do mundo até chegar ao estado embrionario, á redución do universo a unha persoa.

Eyré, Xosé M., 'Un saxofón e catro ollos azuis', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 32.

Con motivo da publicación de *O demo e o profundo mar azul* (2002), de Eva Moreda, comenta que se trata da presentación no mundo literario da autora, coñecida ata este momento pola participación nalgún concurso literario. Afirmar que é unha obra suxerente, dotada dun dinamismo que fai a lectura rápida, aínda que lle critica unha falta de ambición literaria e varios erros na composición.

Eyré, Xosé M., 'Lembrando os anos do medo', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 26.

Comentario da obra *Amigo medo* (2002), de Xavier López Rodríguez da que, segundo Eyré, a historia central (a do xeneral Gómez Caminero durante a Guerra Civil) é un pretexto para contar outra, a do rapaz que o vai guiar cara á fronteira portuguesa, e que se reproduce simulando a gravación dunha serie de casetes. Valora esta novela como un exercicio de recuperación da verdade e a dignidade usurpadas polo franquismo, así como do compromiso ético que prevalece sobre as preocupacións estéticas.

Eyré, Xosé M., '¿Teñen algo que dicirse un okupa e un xubilado?', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 26.

Describe *Un tranvía cara a S.P* (2002) de Unai Elorriaga, cuestionando se se trata dunha novela ou dunha antinovela. Salienta que polo feito de afastarse do modelo clásico se converte nunha novela posmoderna.

Eyré, Xosé M., 'Cando a historia senta na mesa da cociña', *A Nosa Terra*, nº 1.092, 'Cultura', 24 xullo 2003, p. 26.

Compara as similitudes entre *A estraña estrela* (2003), de Xabier López López e *O bosque de Levas* (2002), de Alfonso Álvarez Cáccamo, da que se fai unha análise máis detallada. Afirmar que esta historia está personificada en Manolo de la Cruz e que presenta humor, ilustración e simbolismo xunto con amenizantes (micro)historias intermedias.

Eyré, Xosé M., 'Mundo rural con traxedia', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 26.

Comentario sobre *As voces da noticia* (2002), de Xosé Monteagudo, novela da que se afirma que o seu argumento se centra na chegada dun xornalista a Brea co fin de elaborar unha reportaxe. Apunta tamén que a maior parte desta narración son as confesións que as xentes lle fan ao xornalista que é unha historia realista de transfondo clásico na que o lector ten un importante rol, dado que deberá construír esa historia coa súa complicidade.

Feixó, Xosé, 'Memoria de Ferrol', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Libros', 23 xaneiro 2003, p. IV.

Anuncia a publicación dun monográfico arredor da vida e obra de Ernesto Román Laureano Pérez Güerra (Ernesto Guerra da Cal), titulado *Ferrol en tempo de historia. E. Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial* (2002), dividido en dezoito artigos moi variados e de diversos autores. Ofrece apuntamentos biográficos e cita as súas obras e estudos, salientando dous libros en galego, *Lúa de Alén-Mar* e *Río de Sonho e Tempo*, publicados por Galaxia no 1959 e 1963, respectivamente.

Feixó, Xosé, 'Corenta anos dun clásico', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Libros', 13 marzo 2003, p. IV.

Dá conta da aparición da edición facsímile de *Longa noite de pedra* (2002), de Celso Emilio Ferreiro, que reproduce a primeira, de 1962 con motivo de se cumprir corenta anos

da súa aparición. Sinala que esta edición contén un limiar de X. L. Méndez Ferrín, "Pequena historia deste libro" onde se explica, entre outros detalles, cómo e por qué naceu a colección de poesía "Salnés". Menciona tamén o prólogo de Ramón Nicolás e os debuxos de Picasso e Miró que inclúe a edición.

Feixó, Xosé, 'Aínda Sarmiento', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Libros', 20 marzo 2003, p. IV.

Sinala que malia se lle ter dedicado o Día das Letras Galegas 2002 a Sarmiento, a súa figura e a súa obra continúan a ser obxecto de estudo polos múltiples aspectos que quedan por descubrir, xa que só coñecemos unha pequena parte da súa obra.

Feixó, Xosé, '150 anos de X. M. Pintos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 marzo 2003, p. IV.

Anuncia a publicación dunha reedición de *A gaita gallega*, de Xosé Manuel Pintos con motivo de se cumprir cento cincuenta anos da súa aparición na imprenta de José y Primitivo Vilas. Salia que se trata dun libro fundacional do Rexurdimento e que a edición, que aparece dentro da colección "Biblioteca das Letras Galegas" dirixida por Ramón Nicolás en Edicións Xerais de Galicia, conta cunha introdución de Carme Hermida.

Feixó, Xosé, 'Longa noite de pedra': corenta anos dun clásico', *La Opinión*, 'Saberes', nº 5, 12 abril 2003, p. 7.

Achega á edición facsímile que Edicións Xerais e a Fundación Celso Emilio Ferreiro acaban de publicar de *Longa noite de pedra*, con ocasión de se cumprir os corenta anos da súa edición. Sinala que esta reedición reproduce a primeira de 1962 que inclúe un limiar de Xosé Luis Méndez Ferrín, titulado "Pequena historia deste libro", un prólogo de Ramón Nicolás, titulado "Esa sombra que me asombra", e debuxos de Picasso e Miró, que acompañaron serigrados unha edición especial de cen exemplares. Indica que o título da obra é unha metáfora moi lograda, aplicábel á infinidade de circunstancias, e lembra que sobre esta obra escribiron os máis escolleitos poetas, profesores e críticos do século XX; indica, ademais, que é unha das obras máis lidas da nosa literatura.

Fernández del Riego, Francisco, 'Luís Seoane', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 14, 16 maio 2003, pp. 86-87.

Percorrido pola traxectoria vital do xenial pintor galego Luís Seoane, centrándose no seu traballo cultural. Destaca o seu labor artístico antes do exilio, subliñando diversas colaboracións literarias e de debuxo en distintos medios. Así mesmo, tamén pon énfase en todas aquelas iniciativas que Seoane levou a cabo a prol da dignificación cultural da súa terra na súa estada obrigada en Bos Aires.

Fernández Lorenzo, Rafael, 'Lirismo reflexivo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Libros', 23 xaneiro 2003, p. V.

Comeza mencionando a concesión do XXI Premio Esquíu de Poesía en lingua galega a

Manuel Forcadela por *Lámpada e medusa*. A seguir percorre a bibliografía de Forcadela, comezando polas obras que publicou sobre diversos autores. Na súa faceta de narrador destaca que se deu a coñecer no 1990 con *Paisaxe con muller e barco*, coa que logrou o Premio García Barros na súa primeira edición. Cita seguidamente a súa produción poética, composta por títulos como *Ferida acústica de río*, Premio Celso Emilio Ferreiro 1982; *O varredor en outono*, Premio Leliadoura 1987; *Morte do fadista*, Premio Espiral Maior 1999; *Refutación da musa*, Premio Aula de Poesía de Barcelona 2000. Con respecto a *Lámpada e medusa*, destaca a súa musicalidade e o carácter autobiográfico que posúen a maioría das composicións. Apunta que Forcadela realiza un balance sobre moitos aspectos da súa vida e reflexiona sobre un gran número de cuestións con bastante pesimismo, ademais de que en case todos os poemas se representa o outono e que se fai partícipe ao lectorado mediante unha dobre metaforización.

Fernández Lorenzo, Rafael, 'Estructura circular', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 febreiro 2003, p. IV.

Dá conta da publicación de *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), de Xurxo Alonso, obra gañadora do VI Premio de Poesía "Johan Carballeira" do concello de Bueu, que se une aos galardóns xa acadados polo poeta (no 1998 o Francisco Añón, no 2001 o Feliciano Rolán). Apunta o emprego de vocábulos específicos da zooloxía, da botánica e da náutica, así como algúns dos temas que aborda: intercambios comerciais, avatares das xentes do mar e emigración, así como a innovadora simbiose entre dúas artes, xa que o autor é o encargado das ilustracións. Conclúe salientando a presenza no poemario de autores como Salgari e Stevenson.

Fernández Naveiro, Juan Carlos, 'Das raíces da cultura galega', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 20 abril 2003, p. 9.

Refírese ao volume *Un ímpeto do tempo (unha fixación deleitosa)*, de Ángel Núñez Sobrino, publicado na editorial portuguesa Imprensa de Coimbra en 2002. Sinala que se trata dun libro diverso, no que destaca un 'hedonismo intelixente'; xa que o autor aparece como un amante da sensibilidade e da sensualidade dentro dun marco cultural que remite ás raíces esenciais da cultura galega contemporánea, con influencias ambientais en Compostela e Portugal e cunha conexión con tendencias europeas.

Fernández, Carlos, 'Dieste y Seoane en el exilio', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Retrovisor', 7 xuño 2003, p. 10.

A partir dunha foto na que aparecen Rafael Dieste e Luís Seoane, datada en Arxentina en 1948, repasa a loita que estes dous exiliados galegos fixeron contra a ditadura franquista, centrándose na "resistencia cultural" da "pluma y palabra" -con revistas, xornais, emisións radiofónicas, etc.- na que sempre estivo presente a arela de regreso a Galicia coa morte do ditador.

Fonte, Ramiro, 'Cunqueiro, poeta', *ABC*, 'Blanco y Negro Cultural', nº 586, 'Libros', 17 abril 2003, p. 9.

Ampla reflexión sobre Álvaro Cunqueiro que se inicia cunha introdución na que se fala do panorama literario galego das tres primeiras décadas do século XX, que foron de gran esplendor. A seguir sinala que Cunqueiro se dá a coñecer como poeta nesta etapa e que pertence á xeración posterior a *Nós*, formada tamén por Amado Carballo, Manuel Antonio, Euxenio Montes, Fermín Bouza-Brey ou o Lorca dos *Seis poemas galegos*. Repasa as súas publicacións comezando polos poemarios *Mar ao Norde* (1932), *Poemas do si e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama Riveira* (1931) cos que se introduce no panorama lírico. Segundo Ramiro Fonte, a súa poesía pretende ser unha síntese entre a tradición (o neopopularismo e o neotrobadorismo) e as vangardas. Ao mesmo tempo escribe artigos no xornal *El Pueblo Gallego* e na posguerra publica en castelán *Elegías y canciones* (1940), que, segundo o articulista, non é mais que unha tradución dos versos galegos. En 1950 repara na aparición de *Dona do corpo delgado* e no 55 de *Merlín e familia*, na que Cunqueiro, sen abandonar o realismo, emprega as leis da imaxinación, buscando o diálogo entre a tradición galega e a tradición occidental. Láíase de que non exista unha obra que recolla todos os artigos e que só existe unha selección feita por Xesús González Gómez en *Flor de diversos*. Conclúe destacando a necesidade de que se reúna toda a obra de Cunqueiro que está dispersa, sobre todo a dos últimos anos, en abondosas publicacións periódicas.

Fonreira Surís, Lydia e Carmen García R., 'E. Blanco Amor', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 13, 15 maio 2003, pp. 86-87.

Percorrido pola figura de Blanco Amor desde os moitos e diversos ámbitos da súa vida cultural. Sinálase que naceu en Ourense, posibelmente en 1897, e que emigrou moi novo para América, onde comezou a dedicarse ao xornalismo e encabezou publicacións relacionadas con Galicia, como *Céltiga* ou o xornal da Federación de sociedades galegas. Coméntase que exerceu a docencia en Uruguai ou Chile e que en 1929 volveu para a Península como correspondente en Madrid, onde tomou contacto con moitos intelectuais da época. Destácase a súa relación con García Lorca por ser a que provocou os famosos seis poemas en galego deste e apúntase que en 1935 volveu para Arxentina e colaborou na oposición antifascista. Da súa obra literaria salientase tanto a poesía coma a narrativa ou o ensaio, xéneros nos que alternou o galego (*Poema en catro tempos*, *A esmorga*) e o castelán (*En soledad amena*, *Los miedos*). Cítanse tamén o seu primeiro poemario, *Romances Galegos* (1928), e a súa última novela, *Xente ao lonxe* (1972); a tradución de *A esmorga* (1959), titulada en castelán *La parranda* (1962); e a súa obra teatral *Farsas*, que tivo tres edicións distintas. Con respecto ao ensaio destácanse os seus traballos dedicados a Castelao ou Ortega y Gasset e as tres antoloxías de escritores galegos: Rosalía Castro, Valentín Lamas Carvajal e a *Antología popular del Padre Feijoo*.

Fortes Torres, Manuel Á., 'Observación do mundo rural e vitalismo', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 30.

Reflexiónase sobre o volume *Un ímpeto do tempo. Unha fixación deleitosa* (2002), do profesor de filosofía Ánxel Núñez Sobrino. Sublíñase que as referencias a pensadores son constantes así como o fondo compromiso coa cultura galega do seu autor. Asemade apúntase que Núñez Sobrino se declara seguidor de García-Sabell e indícase que os ensaios

deste volume teñen dúas temáticas: investigación coa erudición e investigación coa honestidade.

Fraga, Xesús, 'Á procura da máis grande das ficcións', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 23, 23 agosto 2003, pp. 16/3-4.

Este artigo que se inicia na contraportada do suplemento "Culturas" de *La Voz de Galicia*, ten a súa continuidade nas páxinas 3 e 4 interiores nas que se recolle o artigo de Camilo Franco, "Unha novela sen herdanzas". Dá conta da reflexión a cerca de se a "grande novela galega está escrita" na que participaron varios novelistas representativos das nosas letras. Comezaron falando de obras de referencia que marcaron o camiño. A maior parte coincidiu en destacar tanto *A esmorga* coma *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor e *Arredor de si* e *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo. Entre os libros máis recentes referíronse á importancia de *Tic-tac* de Suso de Toro. Tamén reflexionaron sobre as características que debe posuír unha gran novela. Algúns afirmaron que hai que fuxir dos tópicos (novela do mar ou da emigración) xa que, segundo eles, unha ficción é grande cando é fiel á verdade literaria. Segundo outros, a historia de Galicia ten suficientes materiais para confeccionar esa narración. Coincidiron todos en que o diálogo co público, tanto presente coma futuro, é o que fai inmortal unha obra.

Franco, Camilo, 'Con outros ollos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Novas narradoras', 17 maio 2003, pp. 12-14.

Tira unha serie de conclusións do encontro cun grupo de novas narradoras en galego. Apunta que estas non cren en certas etiquetas como a de "xeración" ou a de "literatura feminina" e salienta que só aspiran a que se vexa normal o feito de que as mulleres tamén escriban narrativa. Asemade, achega unha breve presentación da traxectoria literaria de cada unha delas e recolle os seus puntos de vista. Así, sinala que Rosa Aneiros ve o feminino como "parte do mundo" e se acha influenciada pola súa carreira xornalística. Tamén afirma que para ela a historia é fundamental e critica o mundo literario galego. De María Canosa subliña a súa "precocidade" como escritora e o ambiente literario no que se criou. Manifesta que non lle interesan as etiquetas e que recoñece as "vantaxes" que ten para publicar. Por outra banda, asegura que Pilar Fernández coída que a narrativa supón unha certa "madurez" e que a escrita galega de mulleres está alcanzando tamén a "madurez normalizada". Salienta que Raquel Miragaia afirma que "non é necesario buscar argumentos femininos para ser escritora". De Eva Moreda destaca a simbiose entre música e literatura e o seu gusto pola mitoloxía e sinala que elixe a narrativa por un impulso individual. Finalmente, de María Reimóndez salienta a súa faceta de tradutora, o seu compromiso coa India e a súa condición de feminista.

Franco, Camilo, 'Unha novela sen herdanzas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 23, 'En portada', 23 agosto 2003, pp. 3-4.

Afirma que a narrativa longa padece unha distancia entre os seus feitos e os seus logros, entre o traballo e o recoñecemento. Semella que a novela galega está "pasando a revisión permanente", topámonos con fraquezas pero tamén con potenciais, aínda que pode observarse que sobrevive nos novelistas actuais unha inqueda polas "territorios non

conquistados". Os novelistas galegos coinciden en que en Galicia non foron parellos o tempo da novela co cronolóxico, xa que non chegaron no seu debido momento Flaubert, Tolstoi, Kafka, etc. A maior parte deles son optimistas en canto ao estado actual. A seguir Camilo Franco recolle algunhas opinións neste sentido. Alfonso Cáccamo, Ramón Caride e Rosa Aneiros coinciden en que aumentou a variedade e a cantidade nos últimos anos; Francisco Fernández Naval e Suso de Toro fan unha lectura social e coinciden en afirmar que quedan historias por contar. Segundo Manuel Rivas, hai que abandonar os tópicos e deixar de darlle tanta importancia ao argumento. Jaureguizar afirma que "volvemos en exceso sobre nomes habituais como Cunqueiro ou Otero" e coincide con Xosé Carlos Caneiro en que as novelas deben responder á verdadeira literatura. Xosé Fernández Ferreiro considera que na novela galega, ao igual que a doutras culturas, "peneirase pouco, publícase moito". Tamén se inclúe a lista das cinco novelas máis votadas, (*A Esmorga*, de Blanco Amor, *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, *Xente ao lonxe*, de Blanco Amor, *Os camiños da vida*, de Otero Pedrayo e *Tic-tac* de Suso de Toro). Este artigo ten a súa continuidade na contraportada do suplemento "Culturas", p. 16 de *La Voz de Galicia*, onde se recolle o artigo de Xesús Fraga, "Á procura da máis grande das ficcións".

Freire, Xosé, 'Reavivando pensamentos oxidados', *A Nosa Terra*, nº 1.068, 'Cultura', 6 febreiro 2003, p. 33.

Informa da publicación da nova obra de Antón Baamonde, logo de dez anos de silencio, *Aire para respirar*, (*memorias dun tempo presente*), que caracteriza como "amena, aceda, inzada de desencanto e ironía, provocadora, nidia e crítica". Salienta que o protagonista é o propio autor que relata a súa andaina vital durante vinte e cinco anos e aproveita para desmitificar situacións e persoeiros da nosa realidade. Apunta tamén que Antón Baamonde pretende amosarnos a súa análise sobre o último cuarto de século e que ao final da obra hai un ensaio, "Recapitulación: Galicia, hoxe, máis ou menos" no que reflexiona sobre o devalar da identidade de Galicia neses vinte e cinco anos.

Freire, Xosé, 'As negruras do imperialismo', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Cultura', 20 febreiro 2003, p. 27.

Comeza falando das orixes da obra de Josep Conrad, *Corazón da escuridade* (1997), e logo describe o argumento, que se centra na moralidade da instalación e explotación colonial, que o escritor ve no Río Congo, quedando fondamente impresionado. Comenta que nesta obra poden verse claramente os males do imperialismo e o gran xenocidio levado a cabo por Leopoldo II, o rei dos belgas, unicamente orixinado pola súa cobiza persoal. Repara tamén en que Marlow ten un gran paralelismo con Conrad, xa que muda ante o horror que ve e xustifica a loucura de Kurtz, o outro protagonista. Remata informándonos de que Manuel Outeiriño foi o tradutor da novela.

Freire, Xosé, 'Viaxes polo Atlántico dos sentimentos', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 31.

Sínálase que co poemario *Dársenas do ocase* (2002) o seu autor, Xavier Seoane, enceta a colección de poesía "Arte de Trobar" así como o premio literario de Poesía Caixanova. A seguir faise unha pequena aproximación ás obras anteriores deste autor e referíndose a

Dársenas do ocase afirma que está imbuída pola claridade conceptual e a rixidez expresiva. Indica tamén que consta de tres partes e reflexiona sobre outros aspectos apoiándose en versos deste libro.

Freixanes, Víctor, 'Unha ollada diferente', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 6.

Co gallo da terceira reimpresión da obra de Miguel Anxo Murado, *Ruído* (1995), comenta a obra comezando pola estrutura, formada por trece relatos que o autor crea tomando como punto de partida as súas experiencias na guerra dos Balcáns. O que nun principio podería considerarse como a visión dun xornalista, resulta ser algo moito máis profundo xa que dende a traxedia do conflito amosa a crueldade, a tenrura, a furia, o latexar intenso da condición humana. Remata comentando o relato "Francotiradores", do que afirma que é unha mostra dun novo xeito de narrar e de enxergar a realidade, que tamén se pode apreciar nos escritores das últimas décadas do século.

Galicia Hoxe, 'Ler e voar', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 23 outubro 2003, pp. 1-8.

Trátase dun especial dedicado ao repaso e comentario das últimas novidades editoriais do ano e ten como finalidade animar o lectorado a que se acheguen as librarías nun momento de crise no sector do libro. Así se afirma nunha nota introdutoria, titulada "Piloto da túa propia imaxinación", onde se sinala que, malia a convulsión editorial, continúa a variedade de propostas doutras tempadas, ou incluso amplíase a oferta. A continuación, reproducense unhas notas que achegan as principais características de obras de varios xéneros. Comézase por eloxiar o poemario *Cidade virtual* (2003), de Salvador García Bodaño nunha columna titulada "Edificios de cinza na Cidade Virtual de Bodaño". Dise que se trata dunha obra onde se mestura o cotián coa emoción e que leva unhas ilustracións do propio autor. Tamén se comentan, en "Frank Kafka e Conrad en galego da man de Sotelo", as traducións ao galego de *Tifón*, de Joseph Conrad, por parte de Xavier Queipo, e de *O Proceso*, de Frank Kafka, por parte de Luis Fernández Rodríguez, respectivamente. Ambos libros foron tirados do prelo, segundo se indica, pola editorial Sotelo Blanco. En "Para ir lendo 'Don Nuno e outros relatos humorísticos'" faise unha breve recensión da última publicación de Valentín Alvite, que asina nesta ocasión como Álvaro Sina, cuxa lectura se recomenda precisamente polo seu humor, tamén enxalzado polo prologuista, Xosé Luís Méndez Ferrín. A seguir, coméntase *Casa Skylab*, de Santiago Jaureguizar ("A realidade e a reflexión, con praza en 'Casa Skylab'"). Desta obra achégase un resumo do argumento para concluír que "máis que unha novela, o que Jaureguizar propón é un poderoso exercicio narrativo sobre a Galicia actual e a Galicia soñada". Baixo o título de "Variedade e fantasía: para os lectores novos", ofrécese un repaso das máis recentes publicacións no ámbito da literatura infantil e xuvenil, enumerándose as seguintes obras: *O arniño dorme*, de Neira Cruz; *Durmido sobre os espellos*, tradución ao galego dun orixinal de Jordi Serra i Fabra; *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo; *Morgún*, de Suso de Toro; *Pel de lobo*, de Xosé Miranda; *Onde o sol non adormece*, de Antón Cortizas; e *Lúas de nácara*, de Fina Casalderrey. Despois, fálase do "Romace de memorias no debut de Carlos Arias", isto é, do *Libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade*. Explicase que se trata da narración das memorias de Xulio Corveira, o protagonista, un octoxenario que fai balance da súa existencia. Por último, coméntase en "Pedrayo na construción dunha novela nacional" o ensaio de Carme

Fernández Pérez-Sanjulián, *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, sinalándose que a autora é unha especialista na figura de Otero Pedrayo e informando do contido do libro.

Gallego, Emilio, 'La cultura a través de un espejo: Galicia en el país de las maravillas', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 8 xuño 2003, pp. 2-3.

Xosé Manuel González Reboredo é a figura sobre a que xira este artigo. Comézase indicando a importancia de Fermín Bouza Brey, Antón Fraguas e Xosé Filgueira Valverde na súa formación, despois descríbese o seu periplo docente -Santiago de Compostela, Lugo, Zamora, Ferrol e finalmente no IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela -, e cítanse as diferentes institucións nas que participou e participa activamente como no Instituto Padre Sarmiento, no Consello da Cultura Galega, no Museo do Pobo Galego ou no Clube Nacionalista Alén Nós, tendo sempre presente o seu amor pola historia, a arqueoloxía e a etnografía de Galicia.

Gallego, Emilio, 'La literatura en un tiempo de molinos que se lleva el tiempo', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 15 xuño 2003, pp. 2-3.

Faise un demorado repaso pola vida de Xesús Alonso Montero. Comézase pola súa nacencia en Vigo e desta etapa destácase o influxo exercido pola aldea do ribeiro ourensán de Ventosela. Relátase que estudou debido a que un erróneo diagnóstico médico afirmaba que non servía para as tarefas do campo. Faise un repaso polos mestres que deixaron unha fonda pegada na súa vida -Bernardiño Graña, Rafael Lapesa, Dámaso Alonso, Otero Pedrayo, etc.- e cítanse tamén os diferentes lugares nos que estivo como docente ata chegar a ser catedrático emérito de Filoloxía Galega.

Gallego, Emilio, 'Sangri-Lá o la parábola de un gallego perdido en el paraíso', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 10 agosto 2003, pp. 2-3.

Céntrase na vida e no labor de Basilio López Castro, sinalando que aos catro anos tivo que abandonar a súa Galicia natal, aos nove, logo da morte do pai comezou xa a traballar e logo, grazas ao consello dun letrado, para o que tamén traballou, continuou estudando. Cóntase que ingresou na Facultade de Filosofía e Letras onde chegou a doutorarse nesa disciplina e en Dereito, e que por casualidade coñeceu a Antonio Comas e comezou a impartir dúas horas de clases semanais de galego na universidade. A continuación destácase que a súa relación epistolar con Ramón Piñeiro foi decisiva xa que, en palabras do propio Losada cada carta foi "unha verdadeira universidade na que me marcou a súa idea de Galicia". Os dous abandeiraron un nacionalismo cultural, do que Losada foi un perfecto embaixador por todo o mundo. Acadou a cátedra de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Barcelona que combinou coa creación de numerosos artigos sobre literatura, a tradución dun bo número de obras e a creación propia. Cítanse obras como *Princesiña de Francia*, *O Camiño de Santiago*, *Poesía Gallega Contemporánea*, *Rosalía de Castro*, *Galicia*, *Goya*, *La Peregrina* ou *Poesía Gallega de Postguerra*. Conclúese falando doutras paixóns de Losada.

García Negro, Pilar e Xosé María Dobarro Paz , 'Manuel Antonio', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 7, 9 maio 2003, pp. 86-87.

Pilar García Negro e Xosé María Dobarro ofrecen neste artigo un achegamento á figura de Manuel Antonio, o autor de Rianxo. Nunha primeira parte aproxímanse á súa vida, relatando como ao quedar orfo de pai foi educado pola súa nai e os seus parentes nunha marcada relixiosidade, que o vinculará nun primeiro momento ao carlismo. Refírese logo aos seus estudos, anos nos que fai gala dun espírito inqueda e empeza a colaborar en publicacións como *Suevia*, para se dedicar posteriormente aos estudos de mariño mercante e achégarse ao nacionalismo, asistindo ás asembleas nacionalistas e publicando o manifesto *Máis alá* xunto con Álvaro Cebreiro. Pouco tempo despois xa empeza a navegar polo mundo, publica o seu único libro en vida *De catro a catro* (1928) e deixa preparado outro, *Viladomar*, antes de morrer en 1930. Sen embargo deixou agrupadas varias coleccións de poemas: *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, e *Sempre e máis despois*. Saliéntase tamén que se perderon gran parte dos seus papeis, pero que aínda así hai algúns inéditos moi interesantes. A seguir refírense á súa obra inédita, que a penas foi coñecida ata os anos setenta, inseríndoa no movemento vangardista do creacionismo, un movemento que fai propio, rachando coa sintaxe e con imaxes que rompen coas tradicionais. Dedicase unha atención especial ao libro *Foulas* no que o creacionismo se presenta máis consolidado pero sen deixar de estar adaptado á realidade galega. Manuel Antonio, conclúen, era un poeta galego que estaba ao tanto de todas as novidades europeas, lendo revistas actuais publicadas en Galicia ou no estranxeiro. Xa á parte hai unha pequena digresión sobre as tensións do poeta: a que se establece entre os movementos de vangarda e a forma como o poeta se aproximaba á realidade galega; e a trivialización da realidade que hai no vangardismo e que sen dúbida entra en contacto coa súa personalidade, preocupada pola realidade.

García, Rodri, 'El castillo de Caneiro', *La Voz de Galicia*, 'Análisis', 20 xaneiro 2003, p. 59.

Dá conta da publicación en castelán de *Ébora* (2000) de Xosé Carlos Caneiro e logo realiza un breve comentario da obra, sinalando a súa división en vinte e catro capítulos, ao igual que a *Odisea* de Homero. Libardino Romero é o personaxe principal a quen o propio autor cede a palabra para que face de case todas as cousas que envolven a vida e ademais viaxe por Ébora ensinándoa. Remata afirmando que o reto e poñela ao mesmo nivel que o *Ulyses* de Joyce.

Gómez, Lupe, 'Entusiasmo poético', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, pp. 2-3.

Reflexión na que expresa a impresión que lle produciu a lectura do ensaio *O sol de Homero* (2002) de Xavier Seoane do que di, entre outras cousas, que emprega perfectamente a linguaxe. Ademais loa o ben documentado que está e defíneo como "un libro alegre". Tamén afirma que hai que ver a poesía como unha forma de entender o mundo.

Gómez, Lupe, 'Épica das mulleres', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 458, 27 febreiro 2003, pp. 2-3.

Comeza falando de *Memoria para Xoana* (2002), de Marica Campo do que di que é un libro aberto e escrito dende a sinceridade, "un exercicio poético de estirar a alma". Relata a historia dunha nai que lle conta o pasado a súa filla no que se fala tamén da historia recente de Galicia a través dun monólogo dirixido a Xoana por súa nai. Continúa definindo a linguaxe como sentimental, intimista e sincera e destaca a presenza constante da música. Refírese ademais ao éxito que tivo entre o público, que se debe a que representa sentimentos vivos entre nós. Clasifica esta obra como feminista, debido a que case todas as personaxes son mulleres.

Gómez, Lupe, 'O mapa da vida', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 463, 27 marzo 2003, pp. 2-3.

Fala da publicación do libro de Mariví Villaverde *Tres tempos e a esperanza* (2002) e sinala que se trata dunha obra autobiográfica que recrea varios tempos: o da nenez feliz, a guerra traumática e o amor por un home encarcerado. Comenta que é un libro coidado, con dominio da linguaxe e coa capacidade de facer chorar: "unha celebración da vida". Ilústrase cunha fotografía de Mariví Villaverde con Ramón Valenzuela e o seu fillo.

Gómez, Lupe, 'Resistir no amor', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 466, 24 abril 2003, pp. 4-5.

Comentario da novela *Resistencia* (2002), de Rosa Aneiros, ambientada no Portugal de finais da Ditadura e protagonizada polos amantes Dinis e Felipa. De comezo, Lupe Gómez recoñece a gratísima impresión persoal que lle deixou a obra, e que ao seu xuízo explica e lle fai entender o éxito desta. A continuación, vai debullando os diversos aspectos que nela conflúen: a temática amorosa, o compromiso coa liberdade, a evocación da terra e a historia portuguesa ou o entrecruzamento de historias como algúns dos elementos máis salientábeis.

González Martínez, Xosé, 'Opción de futuro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Lingue e sociedade', 3 abril 2003, p. II.

Comeza lembrando as "mandas testamentarias" do medievo, onde se ordenaba aos herdeiros que continuasen tal ou cal tradición familiar. Xesús Ferro Couselo en *A vida e fala dos devanceiros* recolle un gran número de exemplos. Tamén destaca que a maior parte deles comezaban con invocacións a Deus ou aos santos e que tiñan finalidades pías, recoñecendo a xurisprudencia a súa validez. A continuación compárao cos testamentos actuais que carecen de todo trazo literario. Logo fala da obra de Xulio Cuns, *O que non quedou nos protocolos*, onde se relata que a transmisión patrimonial está connotada cun sistema de valores relacionado coa cultura e as tradicións galegas, que diversos autores trataron tanto en contos coma en relatos. Xosé González Martínez lamentase de que non se recollan nese tipo de textos as explicacións aclaratorias ou as mandas dirixidas aos herdeiros. A seguir fala da campaña de normalización lingüística "Non desherdes a túa lingua" promovida pola Xunta de Galicia, que pretende que os testamentos inclúan tamén unha parte na que se encomende a defensa e a protección da lingua e da cultura de Galicia. A seguir fala de *Un futuro para a lingua*, onde se recollen máis de cen exemplos redactados por outras tantas persoas.

González Martínez, Xosé, 'A memoria esquecida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Historia', 25 setembro 2003, p. II.

Refírese, primeiro, á publicación da biografía *A memoria esquecida* e ás entidades que colaboraron nela. Sinala que o seu autor se doe de que non se recoñeza a figura de Arturo Noguerol e salienta a importancia deste a través dunhas palabras de Ramón Otero Pedrayo, nas que pon énfase na súa condición de financeiro da cultura galega. A seguir, achega un pequeno resumo da traxectoria vital de Noguerol, destacando a súa colaboración na fundación de *La Centuria* ou a súa xerencia na revista *Nós*. Así mesmo, pon de relevo o seu gusto pola fidalguía galega e os seus pazos. Remata aludindo a artigos de seu nos que denuncia a situación da clase obreira ou se mostra contrario á pena de morte. Por outro lado, nunha breve columna á parte, baixo o título de "A evolución ideolóxica", fai referencia ás súas ideas políticas.

González, David, 'Un hombre encantador con muy mala hostia/Un hombre grande y con mucho carácter', *El Progreso/El Ideal Gallego*, 'Gente/La Galería', nº 251, 'Perfil', 30 marzo 2003, p. 10/9.

Percorrido breve pola vida de Roberto Vidal Bolaño no que se insiste na súa presenza na cidade de Santiago, no abandono dun cómodo posto de empregado de banca para dedicarse ao teatro, na defensa da súa dignidade como única maneira para rebelarse contra a opresión e, principalmente, no seu carácter e actitude vital.

González, David, 'Médico da alma, aberto e dialogante', *El Progreso*, 'En portada', 6 agosto 2003, p. 3.

Dá conta do moito que significou para a cultura galega Domingo García-Sabell, recentemente falecido. Comeza por facer mención ao seu propósito, que compartiu cos integrantes do Seminario de Estudos Galegos, de incorporar as vangardas artísticas do momento á cultura de Galicia e de converter o galego nunha lingua válida para calquera tipo de comunicacións. Da súa xuventude aprendeu o valor da palabra ao servizo do entendemento humano. Destaca os seus ensaios no eido da antropoloxía galega: *Notas para unha antropoloxía do home galego*, *Galicia rural na encrucillada* e *Notas para unha antropoloxía do home galego*, *Galicia rural na encrucillada* ou *Paseata arredor da morte* e ao final xustifica as decisións que tomou no eido da política. Este artigo publicouse tamén en *El Ideal Gallego*, na sección "El perfil", o 10 agosto 2003, baixo o título de "Médico da alma".

González, David, 'Un médico da alma', *El Ideal Gallego*, 'El perfil', 10 agosto 2003, p. 9.

Dá conta do moito que significou para a cultura galega Domingo García-Sabell, recentemente falecido. Comeza por facer mención ao seu propósito, que compartiu cos integrantes do Seminario de Estudos Galegos, de incorporar as vangardas artísticas do momento á cultura de Galicia e de converter o galego nunha lingua válida para calquera tipo de comunicacións. Da súa xuventude aprendeu o valor da palabra ao servizo do entendemento humano. Destaca os seus ensaios no eido da antropoloxía galega: *Notas para*

unha antropoloxía do home galego, Galicia rural na encrucillada e Notas para unha antropoloxía do home galego, Galicia rural na encrucillada ou Paseata arredor da morte e ao final xustifica as decisións que tomou no eido da política. Este artigo publicouse tamén en *El Progreso*, na sección "En portada", o 6 de agosto de 2003, baixo o título de "Médico da alma, aberto e dialogante".

González, David, 'O galeguista anglófilo', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 278, 'El perfil', 5 outubro 2003, p. 9.

Co gallo da homenaxe que se celebrou en Vigo o 18 de setembro a Plácido Ramón Castro del Río polo 70 aniversario do recoñecemento internacional de Galicia como nación no Congreso de Nacionalidades Europeas (Berna, 1933), David González recorda que foi un dos mellores representantes do galeguismo universalista e na actualidade a súa figura case é descoñecida. A seguir ofrece uns apuntamentos biográficos nos que salienta a súa participación na vida cultural da época, na fundación da Asociación de Escritores Galegos e a colaboración coas Irmandades da Fala. Así mesmo, sinala que traduciu ao galego, colaborando cos irmáns Vilar Ponte, *Teatro Irlandés. Dous folkdramas* de W. B. Yeats, *Catuxa* de Houlihan e *O País da Saudade* de William Butler Yeats, publicado en *Nós* (1935) e, en solitario, *Os Rubáiyat*, de Omar Khayyám, dende a versión inglesa de Edyard Fitzgerald, publicado en *Grial* (1965). A continuación informa de que no eido do xornalismo colaborou en *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Faro de Vigo*, *La Nación* de Buenos Aires ou *Jornal de Notícias* de Porto. Finaliza cuns apuntamentos sobre diversas actividades de grande importancia nas que tamén participou. Este artigo aparece tamén publicado o 12 de outubro en *El Progreso*.

González, David, 'O galeguista anglófilo', *El Progreso*, 'Gente', 'Perfil', 12 outubro 2003, p. 8.

Co gallo da homenaxe que se celebrou en Vigo o 18 de setembro a Plácido Ramón Castro del Río polo 70 aniversario do recoñecemento internacional de Galicia como nación no Congreso de Nacionalidades Europeas (Berna, 1933), David González recorda que foi un dos mellores representantes do galeguismo universalista e na actualidade a súa figura case é descoñecida. A seguir ofrece uns apuntamentos biográficos nos que salienta a súa participación na vida cultural da época, na fundación da Asociación de Escritores Galegos e a colaboración coas Irmandades da Fala. Así mesmo, sinala que traduciu ao galego, colaborando cos irmáns Vilar Ponte, *Teatro Irlandés. Dous folkdramas* de W. B. Yeats, *Catuxa* de Houlihan e *O País da Saudade* de William Butler Yeats, publicado en *Nós* (1935) e, en solitario, *Os Rubáiyat*, de Omar Khayyám, dende a versión inglesa de Edyard Fitzgerald, publicado en *Grial* (1965). A continuación informa de que no eido do xornalismo colaborou en *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Faro de Vigo*, *La Nación* de Buenos Aires ou *Jornal de Notícias* de Porto. Finaliza cuns apuntamentos sobre diversas actividades de grande importancia nas que tamén participou. Este artigo aparece tamén publicado o 5 de outubro en *El Ideal Gallego*.

González, Helena, 'Ulises e o jazz', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, p. 8.

Tomando como punto de partida os datos que obtivo nun proxecto sobre a presenza de novas narradoras nas literaturas do Estado español, Helena González reflexiona sobre o caso galego, onde atopou nove escritoras nadas logo de 1960 que publicaron un libro de narrativa para adultos nos 90. No 2001 o catálogo vai aumentando e xa non se rexistra unha fuga cara á narración como se produciu a finais da década dos oitenta. No outono do 2002 aparecen seis libros de novas narradoras. A continuación Helena González comenta un deles, *O demo e o profundo mar azul*, de Eva Moreda, que reconstrúe a historia dun "Ulises-emigrante nos altares do jazz a través o seu álbum de fotos". Sinala que se trata dun relato de estrutura sinxela que conta a historia de Goro, un emigrante que triúfa nos Estados Unidos conseguindo tocar coas máis importantes figuras do jazz pero é infeliz xa que vive dividido entre a familia e a súa gran paixón pola música. Non é quen de volver a casa. Segundo Helena González, a obra garda similitudes con algunhas de Castelao no uso da ferramenta lírica da lembranza da muller e a filla.

González, Helena, 'Esquela para un novo decorado', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 469, 5 xuño 2003, pp. 10-11.

Artigo centrado na reflexión sobre o posfeminismo poético concibido como un dos territorios da posmodernidade como é o corpo humano e en obras de autoras galegas como Lupe Gómez con *Pornografía* (1995), Emma Couceiro con *Humidosas* (1997), Chus Pato, con *m-Talá* (2001) ou María do Cebreiro con *Nós, as inadaptadas* (2002).

González, Helena, 'S/extrangers: a palabra reprimida', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 472, 26 xuño 2003, p. 8.

Partindo dunhas verbas de Fernando Franco, Helena González céntrase no problema de facer unha historia da literatura lesbiana. O principal é definir cal é o obxectivo de estudo xa que ningún extremo convence. O que está claro é que ten que ser transversal e plural, ao igual que calquera manifestación cultural que atinxa a un grupo social. A seguir critica que se xerarquicen as identidades emerxentes, feito que no caso galego se complica xa que as escritoras que se identifican lesbianas con actividade pública son un reducidísimo grupo, dentro do xa pequeno grupo das escritoras en lingua galega. Afirmar que é unha literatura inexistente. A continuación relata que a escritora galega lesbiana apareceu na década dos 90. Só María Xosé Quizán declarou a súa escrita lesbiana. Conclúe afirmando que ese tipo de literatura tardará en chegar debido, entre outros factores, ao reducido número de narradoras.

González, Manolo, 'O Ramón Piñeiro', *Galicia Hoxe*, 'Eu>Nós', 25 xullo 2003, pp. 28-29.

Co gallo do décimo aniversario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades Manolo González repasa as diferentes liñas de traballo que se están levando a cabo. Comeza facendo referencia ás enfocadas ao estudo da época medieval e na recuperación do patrimonio cultural. En primeiro lugar fala do *Arquivo Galicia medieval*, que engloba os subproxectos *Lírica profana*, *Lírica relixiosa*, *Prosa literaria* e *Prosa documental*. Froito desa investigación foi a publicación en dous volumes da *Lírica profana galego-portuguesa*, no que se recollen a totalidade das cantigas transmitidas polos

cancioneiros ordenadas segundo a numeración proposta por Tavani. Logo destaca a *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa*, que se pode consultar pola internet e onde se tamén se topa o corpus completo das cantigas, unha análise retórica e un estudo biográfico dos trobadores. Logo fala da edición facsimilar de textos e da colección *Narrativa recuperada* e menciona os proxectos que se basean na investigación de base e que poñen a disposición dos estudosos recursos fundamentais para realizar investigacións literarias e lingüísticas. Destaca *Bilega*, *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*, base de datos permanentemente actualizada, consultábel na internet o igual que o *Corga* (*Corpus de referencia do galego actual*), onde se inclúe unha colección de textos producidos dende o ano 1975 representativos do uso lingüístico do galego actual. Tamén se mencionan o *Corpus documentale latinum Gallaeciae*, no que se recolle a documentación medieval galega en latín; a *Base de datos de Fraseoloxía galega*, que pretende recoller a maior cantidade posíbel de fraseoloxía galega e ofrecela debidamente depurada, ordenada e definida; e os *Informes de Literatura*, que se publican anualmente e dan noticia de todo aquilo que aparece en soporte impreso nas súas máis diversas manifestacións que se refire a literatura galega. A continuación cita a *Bibliografía da literatura galega* e a seguir o *Diccionario de termos literarios*, que recolle entradas relacionadas cos mais diversos sectores do campo literario e describe as actividades que se están a desenvolver relacionadas ca enxeñería lingüística e as tecnoloxías da fala, como Cotovía, que é o primeiro conversor texto-fala de lingua galega e Es-Ga, un programa que traduce textos castelán-galego automaticamente. A seguir describe o proxecto *Etiquetador e Lematizador do Galego actual*, que pretende desenvolver ferramentas que permitan o recoñecemento e a análise automática de formas do galego actual. Na parte final destaca o importante papel que ten o centro como formador de investigadores.

González, Xosé, 'Álvaro de las Casas: fervenza de creatividade/Lembranza en Esposende para Álvaro de las Casa', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Tribuna libre', 8 marzo 2003, p. 33/76.

Logo dunha breve introdución na que contextualiza a Álvaro de las Casas, fala da súa faceta política para, a continuación, mencionar que lle deu especial importancia ao teatro porque era o medio máis axeitado para transmitir o pobo a mensaxe galeguista. Dá conta de que fundou o grupo Utreya e do acto de recoñecemento da súa memoria que convocan a Fundación Premios da Crítica Galicia e a Asociación Álvaro de las Casas en Esposende-Ribadavia. Na última parte do artigo achega unha serie de datos biográficos seguindo a Francisco Abeijó Núñez, entre os que salienta o seu nacemento na cidade de Ourense o 2 de xullo de 1901 e a súa morte en Barcelona o 8 de marzo de 1950. Este artigo apareceu, con breves modificacións e baixo o título "Álvaro das Casas, redivivo", no xornal *Faro de Vigo*, do 8 de marzo de 2003.

González, Xosé, 'Álvaro das Casas, redivivo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 303, 'Cultura', 8 marzo 2003, p. 2.

Comeza salientando o descoñecida que é a figura de Álvaro das Casas, malia os esforzos dalgúns estudosos, entre eles os da profesora Dolores Arxóns Álvarez, *Matria*. A seguir, ofrece unha panorámica biobibliográfica del, que comeza coa referencia ao seu prolífico labor como escritor, xa que escribiu máis de sesenta libros, á fundación do grupo Utreya e

dun partido político denominado Vangarda Nazionalista Galega e á dirección da revista *Alento Boletín de Estudos Políticos*. Remata sinalando que a produción de Álvaro das Casas axudou a revitalizar os estímulos galeguizadores. Este artigo é unha adaptación doutro publicado en castelán co título "Lembranza en Esposende para Álvaro de las Casas", publicado en *El Correo Gallego* o 8 marzo 2003, e en galego, "Álvaro de las Casas: fervenza de creatividade", en *O Correo Galego*, o 8 de marzo de 2003.

Guerreiro, María, 'O último legado do bardo', *La Opinión*, 'Cultura', 21 marzo 2003, p. 67.

Sínálase que o profesor Manuel Ferreiro recuperou textos inéditos de Pondal, que lle dan unha nova dimensión a súa obra. Ademais, salientase que *Eduardo Pondal. Poesía galega completa III. Poemas manuscritos* pecha a triloxía sobre a obra lírica de Pondal editada por Ferreiro, quen reconece que nestes poemas se manteñen os seus trazos fundamentais pero tamén se atopan moitos anticastelanistas. Para rematar faise unha pequena alusión ao seu poema épico *Os Eoas*, do que Ferreiro di atopou unha copia que publicará proximamente.

Hermida, Modesto, 'Lembranza de Álvaro das Casas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. I.

Refírese á figura de Álvaro das Casas, a quen na súa opinión se ten esquecido na historia de Galicia debido ao seu exilio americano. Céntrase na súa etapa de maior actividade, entre 1928 e 1936, da que menciona o seu labor como director da Biblioteca de Estudios Gallegos en Madrid e como catedrático de Xeografía e Historia.

Hermida, Modesto, 'Álvaro das Casas', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 466, 24 abril 2003, pp. 2-3.

Reivindicación da figura de Álvaro María de las Casas Blanco (1901-1950), do que comeza sinalando as diversas "singraduras" ideolóxicas e xeográficas. Indica que dende 1936 e co autor en América foi esquecido, feito que considera inxusto e que agarda que mude. Lembra que foron poucos os estudosos que se centraron nesta figura, entre eles Luís Alonso Girgado, Dolores Arxóns, Xavier Castro Rodríguez ou Xosé Agrelo Hermo, ademais da Fundación Premios da Crítica Galicia. Detense no período vital do autor de 1928 a 1936, considerada a súa etapa máis vizosa nun tempo "convulso, complexo pero de cachón aberto para a esperanza". Lembra o seu período como director da Biblioteca de Estudios Galegos en Madrid, o seu labor na cátedra de Xeografía e Historia en Extremadura no Instituto de ensino secundario de Noia, onde entra en contacto con intelectuais como Carlos Maside, e onde comeza a levar a cabo a súa inqueda intelectual nacionalista, en especial en obras como *Sulco e vento* (1931), *Matria* (1935) ou *Verbas aos mozos galegos*. Refírese tamén ao seu labor como "guieiro da mocidade" especialmente coa fundación dos Ultreya e remata aludindo á súa promoción de publicacións periódicas como *Alento*, na que colaboraron persoeiros como Risco, Fernández del Riego ou Vilar Ponte. Esta noticia aparece tamén no suplemento "Saberes", do xornal *La Opinión*.

Hermida, Modesto, 'Lembranza de Álvaro de las Casas', *La Opinión*, 'Saberes', nº 8, 3 maio 2003, p. 4.

Reivindicación da figura de Álvaro María de las Casas Blanco (1901-1950), do que comeza sinalando as diversas "singraduras" ideolóxicas e xeográficas. Indica que dende 1936 e co autor en América foi esquecido, feito que considera inxusto e que agarda que mude. Lembra que foron poucos os estudosos que se centraron nesta figura, entre eles Luís Alonso Girgado, Dolores Arxóns, Xavier Castro Rodríguez ou Xosé Agrelo Hermo, ademais da Fundación Premios da Crítica Galicia. Detense no período vital do autor de 1928 a 1936, considerada a súa etapa máis vizosa nun tempo "convulso, complexo pero de cachón aberto para a esperanza". Lembra o seu período como director da Biblioteca de Estudios Galegos en Madrid, o seu labor na cátedra de Xeografía e Historia en Extremadura no Instituto de ensino secundario de Noia, onde entra en contacto con intelectuais como Carlos Maside, e onde comeza a levar a cabo a súa inqueda intelectual nacionalista, en especial en obras como *Sulco e vento* (1931), *Matria* (1935) ou *Verbas aos mozos galegos*. Refírese tamén ao seu labor como "guieiro da mocidade" especialmente coa fundación dos Ultreya e remata aludindo á súa promoción de publicacións periódicas como *Alento*, na que colaboraron persoeiros como Risco, Fernández del Riego ou Vilar Ponte. Esta noticia aparece tamén reproducida no suplemento de *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 466.

Iglesias Diéguez, Alfredo, 'Vintecinco anos da historia de Galicia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 4.

Comentario de *Aire para respirar: memorias dun tempo presente* (2002), crónica en primeira persoa do período Tardofranquista e dos anos posteriores firmada polo escritor Antón Baamonde. Refírese especialmente a un capítulo do libro onde observa o clientelismo político que prolifera en Galicia; segundo o recensionista isto non é inherente á sociedade galega, senón que é resultado dunha precariedade económica que preside a vida cotiá. Entende que o autor non reparou o suficiente na causa que produce esa situación clientelar.

Iglesias, Alfredo, 'Cara á Arxentina (1880-90)', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Libros', 30 xaneiro 2003, p. IV.

Dá a benvida á obra de Xosé Manuel Núñez Seixas, *O inmigrante imaxinario*, que cualifica de novidade na historiografía galega. Sinala que esta novela se centra no inmigrante galego na Arxentina entre os anos 1880 e 1940, período no que se estaban forxando as identidades colectivas. Este mesmo estudo foi publicado en *El Correo Gallego*, o día 9 de febreiro de 2003.

Iglesias, Alfredo, 'Os galegos na Arxentina entre 1880 e 1940', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 4.

Dá a benvida á obra de Xosé Manuel Núñez Seixas, *O inmigrante imaxinario*, que cualifica de novidade na historiografía galega. Sinala que esta se centra no inmigrante galego na Arxentina entre os anos 1880 e 1940, período no que se estaban forxando as identidades colectivas. Este mesmo estudo foi publicado en *Faro de Vigo*, o día 30 de xaneiro de 2003.

Iglesias, Alfredo, 'Crónica dos tempos recentes', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Libros', 13 febreiro 2003, p. V.

Aire para respirar: memorias dun tempo presente, de Antón Baamonde, onde se relatán as dúas últimas décadas da historia de Galicia centra este artigo. Coméntase que a reconversión industrial se mantén grazas á economía, o que provocou unha grande inestabilidade laboral, un dos problemas actuais en Galicia.

Laxe, María, 'Retrato de Xosé Neira Vilas', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 33.

Coméntase a publicación da primeira biografía de Xosé Neira Vilas, realizada por Ramón Regueiro. Saliéntase que abrangue desde a infancia ata a actualidade, sen esquecer a súa etapa de emigrante en Bos Aires e Cuba.

Ledo Andión, Margarita, 'Luís Pimentel', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 11, 13 maio 2003, pp. 86-87.

Achega unha breve biografía do autor de *Triscos*, Luís Pimentel, na que se centra, sobre todo, na súa condición de poeta. Tras consideralo "o arquetipo de profesional liberal ilustrado", fai referencia ás súas escasas publicacións literarias, analizando sucintamente as liñas temáticas e formais que se perciben na súa obra. Observa na súa poesía características como "humanismo", "intimismo" e certo compromiso social. Por outro lado, destaca a influencia que recibiu de autores como Rosalía ou J.R. Jiménez, e, despois de aludir a outras artes nas que Pimentel tivo parte e subliñar algúns estudosos da súa obra, remata con tres poemas de seu que cre representativos do seu labor lírico: "Enterro dun neno pobre", "Palabras" e "A Rosalía".

López Silva, Inma, 'Soñar unha montaxe de 'O cabodano', e rebelarse', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 5.

Nesta ampla sección na que diversos persoeiros da cultura galega recomendan unha obra posterior a 1975, Inma López Silva escribe sobre O cabodano de Euloxio R. Ruibal, que foi premiada en 1975 co "Abrente". Sinala que se trata dun texto dramático que ten unha temática ousada para o tempo no que foi escrito. Destaca a presenza de fórmulas rituais que recuperan a literatura popular e tradicional, o emprego do diálogo e o lirismo co que o autor xoga. Afirma que se trata dunha obra de total actualidade, por reflexionar sobre a liberdade e a guerra; sinala que esta atemporalidade é un dos trazos que caracterizan ás grandes obras e manifesta o seu desexo de ver unha gran montaxe desta obra.

López, A. R. e Soedade Noia, 'Paul Celan', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 481, 9 outubro 2003, pp. 1-16.

Neste número da "Revista das Letras", reproducense parte dos poemas traducidos ao galego por Catuxa López Pato da obra de Paul Celan, *A rosa de ningúen*, en edición bilingüe, acompañados dunha introdución feita pola tradutora e recollendo algunha fotografía deste autor alemán. Sinálase neste estudo a influencia da pluralidade lingüística na educación do poeta, que o levará a facer traducións de autores como Kafka, Mandelstamm, Paul Valéry, Shakespeare ou Rimbaud. No seu percurso vital salienta o feito de que a súa familia

desaparecese nun campo de concentración nazi, o seu exilio en París, as súas estadias en centros psiquiátricos ou o seu suicidio en 1970. Da súa produción sinálase que foi incomprendida en Alemaña e que os textos que se inclúen neste monográfico pertencen á obra *Die Niemandrose* (1963), dedicada ao poeta ruso Ossip Mandelstamm. Da temática da obra dise que nela Celan tematiza a súa dúbida no xudaísmo e no seu deus, emprega unha linguaxe consciente da súa natureza política, fundamentando a súa poética "na potencialidade política das súas palabras", reconstruíndo e reinventando a linguaxe poética.

López, A. R. e Soedade Noia (coord.), 'Bóveda', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 27 novembro 2003, pp. 1-16.

Número especial dedicado á figura de Alexandre Bóveda (1903-1936), co gallo do centenario do seu nacemento, que se abre cunhas palabras de Antón Avilés de Taramancos seguidas dunha introdución biográfica do personaxe a quen se consagra o estudo. Nela explícase que con este monográfico se pretende recuperar a memoria de Bóveda. A continuación, reproducense catro cartas inéditas facilitadas pola Fundación Alexandre Bóveda: dúas dirixidas a Fernández del Riego, outra a Víctor Casas, e a última a Antón Alonso Ríos. Seguidamente, aparecen os artigos asinados polos diferentes colaboradores do suplemento: Marga Romero ("Non hai inocencia"), Francisco Carballo ("Bóveda, artífice da construción da nación"), Uxío-Breogán Diéguez ("Bóveda e o Estatuto de Autonomía"), X. L. Bóveda Álvarez ("Bóveda e a Deputación") e X. Carlos Garrido Couceiro ("O crime perfecto"). De todos eles, o único que amosa unha relación directa coa literatura galega é o primeiro, que recensionamos a continuación.

-Marga Romero, "Non hai inocencia", pp. 6-7.

Destaca a relevancia da literatura á hora de construír a identidade galega ao longo do tempo e subliña a través de distintos autores a creación de diversos mitos sobre as orixes e a historia de Galicia, como é o caso de Manuel Murguía que explotou a "épica pondaliana". Por outro lado, salienta entre os mártires da patria a Alexandre Bóveda quen, afirma, chega á literatura de xeito diferente a outros, posto que é considerado como próximo a quen o introduciu nela. Cita unha longa lista de poetas que dende fins dos sesenta escribiron sobre el, destacando pola súa calidade un poema de Salvador García Bodaño de *Ao pé de cada hora*, así como a presenza de Bóveda en *Os cadernos da ira*, de X.M. Álvarez Cáccamo. Sinala que neste último poemario se comproba que "a literatura non é inocente", pois alí están os asasinos e alí hai un "xuízo literario". Tamén se refire á presenza de Bóveda noutros xéneros, entre eles, na novela de Manuel Domínguez Benavides *La escuadra la mandan los cabos*, na biografía sobre o mártir de Xosé María Álvarez Blázquez ou na autobiografía de Lois Tobío, *As décadas de T.L.*

López, Belén, 'O misterioso caso do libro invisible', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', 17 maio 2003, pp. 8-9.

Reflexiona sobre a situación do libro galego, pois este aparece relegado a un segundo plano nas librerías, feito que se comproba ao visitar os establecementos. Escóllense catro da cidade de Pontevedra: Michelena, Seoane, Escolma e Paz, onde a edición en galego non está discriminada. Recóllense as opinións dos libeiros que concordan cos editores en que

se venden moitos máis libros en castelán que en galego, sendo o máis vendido *¿Qué me quieres amor?* aínda que se constata que a venda dos libros en galego vai en aumento. Por outra parte, salientase que hai máis lectorado de narrativa que de poesía, o que se atribúe a que a poesía require dunha lectura activa e a que a maior parte do lectorado de poesía son poetas. Menciónase, ademais, que cada vez hai máis produción e o espazo é o mesmo.

López, Siro, 'O humorista inconsciente', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 3 maio 2003, pp. 1/3-4.

Ofrece algunhas consideracións sobre o humorismo de Álvaro Cunqueiro en comparación con autores como Pla ou Camilo José Cela, quen si tiñan asumido o humor como parte fundamental das súas obras e o seu mundo máxico "sen ruindades nin miserias". Alude tamén ao relativo abandono que sofre este autor, ao non existiren aínda unhas obras completas nin un esforzo real por difundir a súa produción desde Galicia. A seguridade refírese á mostra monográfica celebrada en Madrid baixo a dirección de César A. Molina, na que podían atoparse fotografías, entrevistas e primeiras edicións de obras, así como ao interese que a obra cunqueiriana suscita no exterior, máis recentemente, dentro da propia literatura española, tal e como López explica xa no final do artigo.

Losada, Basilio, 'Celso Emilio Ferreiro', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 10, 12 maio 2003, pp. 76-77.

Aborda a vida e obra do escritor de Celanova, Celso Emilio Ferreiro. En primeiro lugar refírese á súa vida: o escritor naceu en 1912 e xa desde moi novo formou parte das Mocidades Galeguistas. É obrigado a ir á guerra e nun período de cárcere empeza a escribir *Longa noite de pedra*. En 1963, descontento coa posguerra, emigra a América; en Caracas terá grandes tensións co mundo da emigración galega, o que dará pé ao libro *Viaxe ao país dos ananos*. Ao volver xa reside en Madrid. No que se refire á súa obra aparece un Celso Emilio que escribe tanto en galego coma en castelán, aínda que se reproducen declaracións súas nas que recoñece que se traduce ao castelán. Segundo Basilio Losada a obra máis importante localízase a partir de 1954, aínda que xa empezara a escribir antes, e nestas composicións anteriores percíbense ecos posmodernistas e imaxinistas e tamén o trobadorismo, que lle valen para consolidar o dominio técnico do verso e o xogo áxil de imaxes, elementos que se consideran os máis destacados do seu dominio formal, a sabia construción do verso e un uso funcional da imaxe. Á parte hai unha breve análise das edicións da súa obra, tanto en castelán como en galego, poemarios como *13 poemas iracundos y una canción desesperada*, *Antipoemas*, *O soño sulagado*, *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos* ou *Cantigas de escarnio e maldicer*, segundo as diferentes edicións e as diferenzas que presentan; e tamén de libros de prosa como *A fronteira infinda* ou *A taberna do galo*, sen esquecer os seus libros en castelán sobre Curros Enríquez.

Loureiro, Ramón, 'Un libro sen fronteiras', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 11 xaneiro 2003, p. 11.

Describe a novela de Carlos G. Reigosa *Intramundi* (2002). Coincide con Bryce Echenique en indicar que a novela é un deses escasos libros que "prenden coma o lume". Sinala que a ficción da novela se mestura con episodios reais como o tempo da República ou da ditadura

e co imaxinario galego, como a posibilidade de que Arturo fose, de incógnito, un dos reis de Galicia. Por outra banda, observa distintos lugares que aparecen na novela e distintas épocas polas que viaxa e cualifica a obra como un "salvavidas" que permite evadirse dos reveses da vida.

Lourenzo, Manuel, 'A palabra no vento', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 7.

Comenta brevemente *M-Talá* (2000), de Chus Pato, valéndose das propias palabras da autora. Subliña que a obra "é un xeroglífico gravado no inmutable labirinto que acubilla o Enigma" que tanto a atrae. Así mesmo alude ás metáforas e salienta que a poeta tan só arela "ser entendida".

Luca de Tena, Gustavo, 'Borobó no tempo dos Anacos grandes', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 29.

Presenta a Raimundo García Domínguez, Borobó, como creador dos "anacos", que se contraponen ao periodismo do momento. Conta algunha anécdota da súa vida e fala do seu enterramento, oficiado polo crego Isorna. Prosegue facendo fincapé en que non hai nada escrito sobre os xornalistas da República (Ánxel Huete, Xulio Sigüenza, Paco del Riego ou Ánxel Fole); describe cómo algúns lograron sobrevivir á censura e chegar a postos de certo poder, e subliña cómo a ditadura fagocitaba o traballo desta xente. Narra unha divertida anécdota de Borobó cando publicaba a revista *Chan* para despois dar conta do seu labor, xunto con Xoán Xesús González, para xuntar as forzas nacionalistas coas socialistas. Lamenta que na súa desaparición os xornais non se inzaran de flores en homenaxe ao xornalista e considera que isto só pode deberse a un intento de silenciar a súa obra. Nun texto independente, *O derradeiro anaco*, Encarna Otero fai unha despedida do xornalista.

M.P., 'O teatro independente, unha semente política', *La Opinión*, 'Cultura', 26 xaneiro 2003, p. 65.

Trátase dunha referencia ao que foi "O Facho", grupo teatral independente xurdido nos últimos anos da ditadura franquista e de marcada ideoloxía nacionalista. Recóllense palabras do seu creador Manuel Lourenzo e coméntase como se facían as representacións por mor da censura. Fálase dalgún dos seus membros e das vinculacións políticas que terían posteriormente.

Martínez Bouzas, F., 'O mono no espello': literatura no seu estado máis puro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 xaneiro 2003, p. 3.

Refírese á publicación por parte de Sotelo Blanco de *O mono no espello*, de Xabier López López, gañadora do último premio Lueiro Rey de Novela Curta. Apunta que nela un profesor solitario e obsesionado coas súas lecturas atopa un cativo extraviado co que todo cambia. Sinala que, desde unha omnisciencia lineal e sinxela, Xabier López vai desenvolvendo unha historia de relacións humanas, xogando co linde que separa os mundos e a cordura da tolemia. Considera o máis destacábel da novela o clima abafante e de silencio que envolve o individuo.

Martínez Bouzas, F., 'Estampas vitais do saxofonista desarraigado', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 febreiro 2003, p. 3.

Comenta *O demo e o profundo mar azul*, coa que Eva Moreda debuta baixo o amparo de Edicións Positivas. Indica que se trata dunha novela curta na que a autora introduce o lector na vida dun emigrado que debe tocar o saxofón para sobrevivir e que acaba triunfando en América xunto aos mellores músicos de jazz. Conclúe que a trama desta novela consegue afondar nos sentimentos humanos.

Martínez Bouzas, F., 'Nos lindes abafantes de tras da corda', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 3.

Analiza a novela de Carlos G. Reigosa *Intramundi* e di dela que é moitas cousas á vez. Salienta que recolle medio século "de historia" en Tras da Corda, na Terra Chá, onde se colocan unha morea de personaxes como o cacique ou Anxo Xesto, o símbolo da resistencia e que todo xira arredor da teimosía de facer unha estrada e á oposición caciquil que non quere que esta se constrúa. Finalmente, apunta que é unha novela social con certo costumismo do rural galego.

Martínez Bouzas, F., 'A Escravitude, espacio e tempo de soidade', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 febreiro 2003, p. 3.

Refírese ao conxunto de relatos *Diário Comboio* de Raquel Miragaia, da que salienta os once relatos que inclúe, unidos polo feito común de estaren ambientados na aldea da Escravitude, aínda que poderían ter calquera outra localización. Define o espazo como un lugar de soidade e ignorancia, no que predomina unha existencia rutineira que só se rompe coa presenza do tren que vai e vén de Santiago. Conclúe que no texto prima a linealidade narrativa, a omnisciencia e a prosa fluída.

Martínez Bouzas, F., 'Unha fabulación de personaxes normais', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 3.

Comeza referíndose á obra literaria de Miguel Suárez Abel e aos premios acadados até o momento, entre os que destacan o Premio Blanco Amor coa novela *Turbo*. Cita tamén outras como *Sabor a ti* e *Selva negra*. A continuación céntrase na publicación de *O repenique de Beatriz Goldar* (2002), gañadora do Premio de Novela por entregas 2002. Desta comenta a súa estrutura que consta de trinta e unha secuencias para cada día do mes e, con respecto á temática, defínese como unha novela pouco habitual para o xénero folletinesco, xa que troca o misterio polo vivir cotián do traballador dun banco que vai evolucionando psicoloxicamente.

Martínez Bouzas, F., 'Os verdadeiros dramas da Galicia profunda', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Narrativa', 16 marzo 2003, p. 3.

Presentación da novela *As voces da memoria*, de Xosé Monteagudo, que gañou o premio "Blanco Amor". Describe a técnica e sinopse da historia; analiza as loitas no rural,

representadas na novela a través do crime sobre o que versa; indica que a novela é unha visión real e, á vez, poliédrica do mundo tradicional galego; e fai unha valoración positiva da presentación da novela.

Martínez Bouzas, Francisco, 'O sereno gusto da morte', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Libros', 16 xaneiro 2003, p. V.

Comenta a novela *O embrión* (2002) de Anton Risco e apunta que con ela o autor gañou o Premio de Novela Liceo Rubia Barcia e que agora edita Galaxia. Cualifícaa de obra de corte existencial, unha especie de diario dun feto que mira a vida que lle espera a el e aos demais, co que se consegue mesturar os baleiros do individuo, a obsesión pola morte ou a fabulación ao tempo que se experimenta e se entrecruzan xéneros e rexistros lingüísticos.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Olladas poliédricas ás profundidades da identidade', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 xaneiro 2003, p. 3.

Comenta a novela *O embrión* (2002), texto póstumo de Antón Risco. Salienta que enlaza perfectamente coa produción anterior do autor e que nela xoga coa fantasía e a realidade e unha voz narrativa omnisciente desenvolve a crónica da súa vida e a dos seus devanceiros. Apunta, ademais, que se afonda na existencia e na percepción da propia morte e que se pode ler como unha novela filosófica onde todo é simbólico.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Agardareite sempre' as verbas da resistencia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 xaneiro 2003, p. 3.

A propósito de *Resistencia* (2002), a última novela da autora Rosa Aneiros, na que se presenta un percorrido pola historia social e política do Portugal das ditaduras fascistas. Comenta que hai varios escenarios nos que se presenzan relacións amorosas, violencia, inquietude, amor, utopías e crueldade e loita pola liberdade. Refírese ao final que é "inesperado e arreguizante", e sinala que se trata dunha novela que reconcilia coa literatura.

Martínez Bouzas, Francisco, 'De demos e de mares', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Libros', 13 febreiro 2003, p. IV.

Con respecto a *O demo e o profundo mar azul* (2002), de Eva Moreda destaca o feito de que sexa a primeira obra publicada da autora, que xa gañou varios premios e colaborou en publicacións colectivas. Refírese ao contido desta novela curta, apuntando que nela se conta a vida dun galego que emigra a Norteamérica e gaña a vida tocando o saxofón até caer no desarraigo da terra. Na súa opinión, ese profundo mar azul será o que se interpoña entre el e as dúas mulleres amadas que deixou ao marchar.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A teima dos oitomiles, a condena da morte', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 febreiro 2003, p. 3.

Refírese á publicación en galego da obra *Sprako tranvía* (2002), ópera prima de Unai Elorriaga, coa que o autor vasco gañou o Premio Nacional de Literatura. Informa de que a obra foi traducida por Ramón Loureiro e publicada por Galaxia baixo o título *Un tranvía*

cara a SP. Cualifícaa como unha das mellores dos últimos tempos e comenta que é unha obra dura e cobizosa que xira en torno aos pesadelos e soños dun home maior que vive na confusión entre o real e o imaxinado e ás relacións humanas que xorden dese punto. Salienta tamén a súa estrutura fragmentaria e caótica, aínda que vertebrada nunha congruencia interior.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Unha divertida visita espectral', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. V.

Comentario centrado en *O bosque de levas* (2002), de Alfonso Álvarez Cáccamo que comeza cuns breves apuntamentos sobre o autor e as súas obras anteriores. Resume o argumento, centrado na relación que mantén unha familia galega cun espectro axustizado no 1833 polas súas ideas liberais. Repara, así mesmo, no emprego da primeira persoa por un dos personaxes, que vai engarzando pequenas historias, enxeñosas e con fluidez lingüística.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Unha insólita radiografía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Libros', 13 marzo 2003, p. V.

Comentario de *As voces da noticia* (2002), de Xosé Monteagudo no que se explica que se trata dun retrato da vida rural da Galicia interior, do vencellamento á terra e á propiedade privada. Explica que vén dada polo relato dun xornalista que é enviado a unha aldea para escribir sobre un crime acontecido dez anos atrás e que malia isto non é unha novela costumista senón unha visión sólida das tensións dunha sociedade aínda moi ligada á propiedade da terra.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Radiografía daquel gran soño americano', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 abril 2003, p. 3.

Refírese á aparición da tradución ao galego da obra de F. Scott Fitzgerald *O gran Gatsby* (2002), unha historia que conta aqueles "felices anos 20" onde proliferan os novos ricos despois da I Guerra Mundial, pero sen esquecer os pobres que seguen pertencendo ao mesmo estrato. Define o texto como "unha das obras máis grandes da literatura escrita en inglés" e destaca o enfoque narrativo, os axeitados diálogos, as descrições precisas e a traballada trama.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Dous clásicos da dramaturxia do século XX entre nós', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 20 abril 2003, p. 3.

Comenta as traducións ao galego de *Morte dun viaxante* (2002), de Arthur Miller, e *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett, ás que valora como dúas obras de vangarda que racharon coa tradición teatral burguesa. A continuación detense na obra de Miller, que outorgou gran prestixio ao seu autor e que supón unha denuncia do capitalismo a través da traxedia persoal do protagonista, Willy Loman. En canto a *Á espera de Godot*, Martínez Bouzas sinala que con ela chegou a culminación do Teatro do Absurdo, e, en canto ao misterio de quen é Godot, inclínase por velo como un xeito de representar a ausencia de sentido da existencia humana.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Varios testemuños para desvendar unha morte', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 abril 2003, p. 3.

Refírese á nova obra de Vitor Vaqueiro, *Os nomes da morte* (2002), na que dá conta de numerosos testemuños e dende diferentes enfoques da morte de Herminio Rotea, un galego emigrado no Brasil. Indica a relación deste libro, en canto á estrutura da novela, co conxunto de relatos *Os xenerais de África*, onde o escritor volve fabricar unha visión ambigua e relativa sobre os porqués dunha morte. Comenta a aparición de moitas citas e digresións eruditas e dun estilo repetitivo, ateigado de barroquismos.

Mera Herbello, Héitor, 'Unha pantasma na familia', *A Nosa Terra*, nº 1.079, 'Cultura', 24 abril 2003, p. 27.

Reseña da obra *O bosque de levas* (2002), de Afonso Álvarez Cáccamo, novela que xira arredor da relación entre unha familia galega e o espectro dun liberal madrileño executado no século XIX, o que dá lugar a situacións humorísticas, ao afondamento na historia decimonónica española e galega e a un coñecemento mutuo entre os personaxes, que Mera Herbello ve totalmente postos ao servizo da historia. En canto á estrutura, sinala a existencia de catro capítulos, dos cales os centrais son, ao seu xuízo, os de maior calidade. Conclúe que se trata dunha novela de interese, amena e didáctica, que resolve con mestría as situacións narrativas máis complicadas.

Miranda, Xosé, 'Os versos dun home derrotado pola vida que resucita', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 9.

Recoñece a influencia nas súas obras poéticas *Amantes e viaxeiros* (1996) e *Carozo azul* (1997) de *Herba aquí e acola*, de Cunqueiro, mais non así na súa obra narrativa *Historia dun paraguas azul*, como lle ten atribuído a crítica. Asemade, fai unha louvanza da obra do mindoniense, que, afirma, é única por "escribir como necesidade da alma" e por "abandonar definitivamente os artificios". Coida que é "irrepetible", ademais de considerala precursora dun cambio na poesía galega.

Mirás, Nacho, 'Que non morra o conto ', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Literatura', 9 agosto 2003, pp. 8-9.

Artigo biográfico arredor da figura do escritor Ánxel Fole ante a proximidade do centenario do seu nacemento. Coméntanse anécdotas do escritor e recóllense opinións acerca del verquidas por algúns dos intelectuais que mantiveron unha relación próxima con el. Atópanse palabras do propio autor provintes dalgunha entrevista e tenta ofrecerse, en xeral, un conciso retrato deste creador da Terra Chá.

Montaña, Estro, 'Un profeta crítico', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Libros', 20 febreiro 2003, p. IV.

Coméntase a edición de *A máquina do tempo*, de H. G. Wells levada a cabo por Toxosoutos e traducida por Raul Araya. Fálase do argumento da novela, é dicir, das viaxes que realiza o

protagonista a través do tempo e relaciónase con outras creacións (literarias, cinematográficas, etc.), ao tempo que se fala doutras obras de Wells e se verquen datos sobre a súa biografía.

Montaña, Estro, 'De camiño', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Letras de sempre', 29 maio 2003, p. II.

Analiza, en primeiro lugar, as viaxes dentro da literatura clásica: a *Odisea*, o *Libro dos argonautas*, etc.; fai referencia á literatura medieval e chega á española, da que destaca a picaresca e a bizantina como fórmulas que presentan a viaxe como elemento definidor. Continúa resumindo a importancia da viaxe na literatura do século XVIII, do XIX e da xeración do 98. Remata por sinalar que os libros de viaxe serven para informar pero tamén para o deleite. No apartado "Viaxar en galego" resume os títulos compendiados nas editoriais A Nosa Terra, Nigra, Xerais e Galaxia.

Navaza, Gonzalo, 'Máquinas de facer escritores', *La Opinión*, 'Saberes', nº 7, 26 abril 2003, p. 8.

Reflexión sobre a influencia da informatización no eido da creación cultural na que se achegan numerosas ferramentas que tentan axudar aos escritores dentro da internet. Considérase a obra de Xavier Alcalá *Tertulia* (1985) como a pioneira na modernización do escritor informatizado. Incorpora, ademais, consideracións sobre o futuro do soporte tradicional, o libro, e ademais galego, en proceso substitutivo pola internet.

Nicolás, Ramón, 'Memoria de M. Lueiro Rey', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 9 xaneiro 2003, p. 1.

Refírese á obra de Manuel Lueiro Rey *Vicente y el otro*, publicada en Bos Aires en 1968. Comenta que se editou cun limiar de Xesús Alonso Montero e que contén relatos con temas diversos pero marcados por unha visión crítica do seu tempo. Conclúe reclamando a tradución desta obra ao galego.

Nicolás, Ramón, 'Resistencia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Libros', 9 xaneiro 2003, p. IV.

Coméntase a última novela de Rosa Aneiros, *Resistencia* (2002). Sinálase que, co eixo argumental dunha historia de amor, se achega ao lector a unha etapa clave da historia de Portugal, á represión das ditaduras de Salazar e Caetano. Ademais valora o feito de que manteña unha configuración de carácter audiovisual e que toque temas como a tortura física ou psicolóxica xirando en torno á crueldade do ser humano.

Nicolás, Ramón, 'Unha escalada moi persoal', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Libros', 30 xaneiro 2003, p. V.

Coméntase a tradución galega da novela coa que Unai Elorriaga gañou o último Premio Nacional de Literatura, *Un tranvía cara a SP* (2002), realizada por Ramón Loureiro. Indica que se trata dunha obra na que un ancián se propón subir ao SP, iniciais do nome dun

monte de máis de oito mil metros de altura e que partindo deste punto e dun proceso de demencia irrefreábel, xorden evocacións e lembranzas e o límite da realidade comeza a esvaírse.

Nicolás, Ramón, 'Xornalismo, ficción e realidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Libros', 6 febreiro 2003, p. V.

Comentario de *Muller no baño* (2002), última obra de Manuel Rivas. Apunta que no volume se recollen colaboracións deste autor, conformando un libro de artigos sobre temas diversos. Detense especialmente na primeira das colaboracións que dá nome á obra. Esta mesma recensión foi publicada en *La Voz de Galicia*, o día 22 de febreiro de 2003.

Nicolás, Ramón, 'Labazadas de realidade', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 22 febreiro 2003, p. 10.

Comentario de *Muller no baño* (2002), última obra de Manuel Rivas. Apunta que no volume se recollen colaboracións deste autor, conformando un libro de artigos sobre temas diversos. Detense especialmente na primeira das colaboracións que dá nome á obra. Esta mesma recensión foi publicada en *Faro de Vigo*, o día 6 de febreiro de 2003.

Nicolás, Ramón, 'A voz de Cabanillas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 febreiro 2003, p. V.

Saúda a publicación de *Escolma poética* (2002), unha selección de poemas de Ramón Cabanillas que estrea a nova colección "Arte de Trobar", impulsada polo P.E.N. Club de Escritores de Galicia, que conta no seu consello de redacción con varios escritores destacados das nosas letras. Sinala que a escolma vén da man de Xesús Rábade Paredes que reformula un traballo anterior. Ademais comenta brevemente algunha das obras de Ramón Cabanillas das que proceden os poemas seleccionados. Esta mesma noticia foi publicada no suplemento "Saberes", de *La Opinión* o día 10 de maio de 2003.

Nicolás, Ramón, 'Casares como encontro', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. IV.

Refírese a *Carlos Casares. Punto de encontro* (2002), un volume coordinado por Marcos Valcárcel no que se recollen artigos do autor ourensán, entrevistas e traballos suscitados pola súa obra. Enumera os autores e as características dalgún destes estudos e entrevistas e inclúe unha cronoloxía do autor ilustrada con fotografías.

Nicolás, Ramón, 'Á busca da verdade', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', 'Letras en galego', 15 marzo 2003, p. 7.

Comenta a última novela de Víctor Vaqueiro que leva por título *Os nomes da morte* (2002), da que se salienta que se estende diante do lector unha superficie chá na que o autor dispuxo as súas pezas para que se descifre a veracidade das opinións dos personaxes. Apunta que son oito voces as que falan de Herminio Rotea e ofrecen o seu testemuño sobre a vida e a morte deste. Cita os nomes dos personaxes e comenta que todo na obra é

contraditorio.

Nicolás, Ramón, 'Un annus mirabilis', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 20 marzo 2003, p. I.

Breve comentario no que, con motivo de se cumprir setenta anos da publicación dunha chea de poemarios de estimábel percorrido para a literatura galega e que algúns coinciden en nomear como un segundo *annus mirabilis*, 1933, se recordan títulos como *Cantiga nova que se chama Riveira* e *Poemas do si e non*, de Álvaro Cunqueiro; *Firgoas. Poemas 1930-31*, de Manuel Luís Acuña; *Nao senlleira*, de Bouza Brey; *Codeseira. Poemas*, de Xosé Crecente Vega; *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño; e outros dous títulos de moi distinto xorne e que estiveron sempre un pouco esquecidos: *O poema da Cruña*, de José Rubinos e *Con prisma azul*, de José Luís Parente. Este artigo apareceu tamén no número no suplemento "Saberes", de *La Opinión*, o 18 de abril do 2003.

Nicolás, Ramón, 'Terra de Iria', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 marzo 2003, p. IV.

Alude á obra do poeta e narrador Anxo Angueira, *Terra de Iria* (2002) publicada pouco despois de *Cartafol do Barbanza*, de Antón Riveiro Coello na mesma colección "As viaxes" de A Nosa Terra, onde se fai un roteiro polas terras "rosalianas" e onde, ademais da descrición xeográfica e paisaxística, non faltan as dimensións culturais, literarias, históricas, artísticas e mesmo sentimentais. Cualifica o tipo de prosa de arrecendente e poderosa, en ocasións escintilante.

Nicolás, Ramón, 'O libro dos abanos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Libros', 3 abril 2003, p. IV.

Recorda primeiramente a exposición que tivo lugar na "Galería Noroeste" de Compostela, onde se mostrou unha colección de abanos decorados con versos e debuxos de autores galegos. Seguidamente, eloxia a publicación do volume *O libro dos abanos* (2002) que recolle aquel acontecemento tan peculiar e explica que nel colaboraron diversos poetas, dende as xoves promesas ata autores xa consagrados como Luz Pozo, Darío Xohán Cabana ou García-Bodaño, que son os encargados de ofrecer as diversas perspectivas do abano.

Nicolás, Ramón, 'Un 'annus mirabilis', *La Opinión*, 'Saberes', nº 6, 'Lecturas', 18 abril 2003, p. 10.

Breve comentario no que, con motivo de se cumprir setenta anos da publicación dunha chea de poemarios de estimábel percorrido para a literatura galega e que algúns coinciden en nomear como un segundo *annus mirabilis*, 1933, se recordan títulos como *Cantiga nova que se chama Riveira* e *Poemas do si e non*, de Álvaro Cunqueiro; *Firgoas. Poemas 1930-31*, de Manuel Luís Acuña; *Nao senlleira*, de Bouza Brey; *Codeseira. Poemas*, de Xosé Crecente Vega; *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño; e outros dous títulos de moi distinto xorne e que estiveron sempre un pouco esquecidos: *O poema da Cruña*, de José Rubinos e *Con prisma azul*, de José Luís Parente. Este artigo apareceu tamén no número no suplemento "Faro da cultura", de *Faro de Vigo*, o 20 de marzo do 2003.

Nicolás, Ramón, 'Un espectro na casa', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 'Letras en galego', 3 maio 2003, p. 7.

Comentario da novela *O bosque de levas* (2002), de Alfonso Álvarez Cáccamo. Tras unha breve síntese argumental, Ramón Nicolás toca os trazos característicos da obra: o humor, a actitude combativa e o afondamento na realidade histórica do século XIX, que se contrasta coa actualidade. Tamén sinala o autor o dominio das estratexias narrativas demostrado polo novelista, que lle permite crear "un universo veraz dominado pola curiosidade e a emoción".

Nicolás, Ramón, 'Ramón Cabanillas. Acerca dunha escolma da súa poesía', *La Opinión*, 'Saberes', nº 9, 10 maio 2003, p. 4.

Saúda a publicación de *Escolma poética* (2002), unha selección de poemas de Ramón Cabanillas que estrea a nova colección "Arte de Trobar", impulsada polo P.E.N. Club de Escritores de Galicia, que conta no seu consello de redacción con varios escritores destacados das nosas letras. Sinala que a escolma vén da man de Xesús Rábade Paredes que reformula un traballo anterior. Ademais comenta brevemente algunha das obras de Ramón Cabanillas das que proceden os poemas seleccionados. Esta mesma noticia foi publicada no suplemento "*Faro da Cultura*", de *Faro de Vigo* o día 27 de febreiro de 2003.

Nicolás, Ramón, 'Curros en Cuba', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 49, 'Libros', 26 xuño 2003, p. V.

Anuncia a saída dunha edición facsimilar da revista *La Tierra Gallega* (2002), de Curros Enríquez, proxecto elaborado entre a Real Academia Galega e as institucións cubanas Instituto de Literatura e Lingüística e a Biblioteca José Martín. Salienta que con esta edición se trata de divulgar e ofrecer luz sobre a figura de Curros Enríquez como xornalista, ideólogo e director da publicación. Apunta ademais que se trata dunha figura importante para entender a historia da nosa cultura en Cuba.

Nicolás, Ramón, 'Desde os Aturuxos', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 51, 'Libros', 18 setembro 2003, p. IV.

Céntrase na aparición dunha edición facsimilar da obra *Aturuxos*, de Ramón Armada Teixeira realizada a partir dun volume conservado no Instituto de Literatura e Lingüística da Habana. Recóllense palabras do prólogo desta edición, feito por Luís Alonso Girgado, e cítanse algunhas das súas obras para finalmente centrarse no volume que motiva o artigo.

Nicolás, Ramón, 'Comezos dunha andaina', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 28, 'Letras en galego', 27 setembro 2003, p. 6.

Dá conta da publicación da ópera prima de Xurxo Alonso coa que acadou o sexto Premio de Poesía Johán Carballeira, titulada *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002). Comenta que esta poesía enlaza coa poesía dun autor como Manuel Antonio pero para un lector máis contemporáneo. Finalmente expón cales son algúns dos temas dos poemas que

compoñen o libro.

Nicolás, Ramón, 'A vida e a memoria', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 31, 'Letras en galego', 18 outubro 2003, p. 6.

Comenta a última obra de Marica Campo, *Memoria para Xoana* (2002) da que se destaca que se trata dunha novela curta na que unha nai relata a historia da súa familia á filla que nacerá axiña. Cítanse algúns dos nomes das mulleres desa familia e considera que o libro afonda nas relacións humanas e encerra unha dimensión simbólica da nosa historia, de Galicia e do seu futuro.

Nicolás, Ramón, 'Os ecos clásicos de Crecente Vega', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 40, 'Letras en galego', 20 decembro 2003, p. 7.

Dá conta da edición da obra poética completa de Xosé Crecente Vega baixo o título *Folla Bricia. Poesía galega completa* (2002), cuxa compilación e anotación das composicións correu a cargo de Ricardo Polín. Considera relevante afondar no coñecemento dos poetas da Terra Chá; cita algúns deles e remata recollendo unhas palabras de Manuel María.

Noia, Soedade e A. R. López (coord.), 'Tristan Tzara. Unha antoloxía', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 487, 16 outubro 2003, pp. 3-8.

Ofrécese unha escolma de textos de Tristan Tzara precedidos dunha introdución na cal se achegan unhas notas biográficas sobre o autor, sobre a Guerra Mundial e sobre o movemento "Dadá". Coméntase brevemente en qué consistía esta tendencia poética e resúmese a evolución poética deste autor. Inclúense un total de nove composicións: "Para facer un poema dadá", "Par où je passe...", "Canción dadá", "Poema XIV", "Cuarto manifesto Dadá", "O señor Antifilósofo", "As mutacións radiantes" e "Poema quince", exemplos do tipo de arte poética que promulgaba o autor, caracterizada pola incoherencia das mensaxes e a impresión rápida de imaxes.

Pardo, María, 'As 25 primaveras do teatro profesional', *La Opinión*, 'Cultura', 26 xaneiro 2003, pp. 64-65.

Dá conta do vinte e cinco aniversario do nacemento do teatro profesional galego datado coa estrea de *O Velorio*, de Francisco Taxes que levou ás táboas a compañía Troula da Coruña. Destaca algunhas das figuras que participaron naquel evento como Manuel Manquiña, Antonio Simón, Gonzalo Uriarte ou Manolo González e recupera a traxectoria do grupo Antroido, a compañía de Roberto Vidal Bolaño que estreara daquela *Laudamuco, señor de ningures*. Relaciona todo isto co novo proxecto do CDG (Centro Dramático Galego), *Daquel Abrente*, que consistirá na posta en escea dunha montaxe conxunta das dúas obras citadas.

Pazó, Cándido, 'Paracaidistas', *Galicia Hoxe*, 'Eu>Nós', 25 xullo 2003, p. 38.

Trátase dun artigo en primeira persoa no que Cándido Pazó se inclúe nese grupo de xente que se adica a facer teatro en Galicia e tenta expoñer algúns dos problemas que sofre o

teatro galego hoxe en día. Comenta a chegada de proxectos con contagotas e mil atrancos que tivo lugar nas décadas anteriores e os problemas dos que aínda hoxe adocece o sistema teatral galego como a falta dunha cultura teatreira, os problemas institucionais, etc.

Pombo, Ernesto S., 'Estudio definitivo del exilio gallego', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 11 xaneiro 2003, p. 10.

Coméntase a obra *El exilio gallego de la guerra civil* (2002), de Carlos Fernández Santander dedicada tanto ao exilio exterior coma ao interior, ás editoras e publicacións e na que se elabora un catálogo de exiliados en función das profesións e aparecen detallados algúns dos sucesos da época. Valórase a obra como "definitiva" para a comprensión desta etapa histórica.

Ponte, Pilar, 'Unha feliz descuberta', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Libros', 6 febreiro 2003, p. V.

Dá conta da publicación de *Diário Comboio* (2002), de Raquel Miragaia. Comeza aludindo á formación da autora e achega algún dato biográfico. A continuación explica que se trata dun conxunto de once relatos nos que se retrata o mundo da aldea e menciona algunhas características da prosa de Raquel Miragaia apoiándose en palabras da mesma autora. Tamén se destaca que as fotografías que ilustran o volume son obra de Luz Castro.

Ponte, Pilar, 'Un novo xeito de denunciar', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. IV.

Coméntase a última obra de María Reimóndez, *Moda galega* (2002), da que se salienta que se trata dunha obra poética na que un paseo polo mundo comercial da moda en Vigo é o pretexto para reflectir unha visión "crúa de inxustizas" e abusos. Ademais, sinala que é un volume formado por sesenta e catro composicións agrupadas en dous bloques que se dividen, á súa vez, noutros. Detense nalgunha das composicións e resalta a intención crítica da obra.

Pozuelo Yvancos, José María, 'Aquellas tardes azules....', *ABC*, 'ABC Cultural', nº 599, 'Libros', 19 xullo 2003, p. 10.

Refírese a *El sol de verano*, de Carlos Casares, última novela publicada en vida e traducida ao castelán por el mesmo. Resalta a importancia concedida á infancia, que se evoca con nostalgia recordando os veráns nos que xorde o amor adolescente. Detense na figura de Helena, a protagonista e narradora, e do seu amigo Carlos, arredor do que xira o comentario argumental da obra. Conclúe falando do estilo da prosa e de certas características temáticas.

Prol, Santiago, 'Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República', *A Nosa Terra*, nº 1.064, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 38.

Céntrase en Xosé Lois Parente e na súa obra. Comeza citando algunha referencia que atopou sobre el na bibliografía de consulta. Fala tamén do seu bilingüismo á hora de compoñer versos e recolle algún poema en galego, ademais de nomear algún dos persoeiros

aos que adicaba as súas composicións. Finaliza alundindo á súa vinculación política coa dereita galeguista e facendo unha breve viaxe pola súa biografía.

Queipo, Xavier, 'A Cidade dos Césares', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, pp. 6-7.

Coméntase a impresión que o autor tivo ao ler *A cidade dos Césares*, de Víctor F. Freixanes e o que significou para el.

Quintáns S., M., 'Carmen Blanco ou o texto como protagonista', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 febreiro 2003, p. 4.

Comenta a novela de Carmen Blanco Ramos *A golpe de dor* (2002) e salienta como a súa característica máis importante, o modo de contar a historia, xa que o lectorado percibe que a historia só é posíbel na forma elixida pola autora. Concibe os personaxes como entes que van cobrando realidade e o espazo como soporte animador do mundo externo e interno. Destaca finalmente a sensibilidade poética do relato que en moitos aspectos evoca estilo narrativo de Valle-Inclán e conclúe que o resultado é un convite á reflexión sobre a condición humana e a realidade do mundo.

Quintáns S., M., 'Unha paisaxe nova na narrativa galega actual: a Baña e Santa Comba de Xallas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Relatos', 2 marzo 2003, p. 4.

Artigo de presentación da novela *O fillo do emigrante* de Pablo Vaamonde García que nos centra no espazo xeográfico e na trama. Fai unha valoración positiva da técnica empregada polo escritor que converte ao lector en espectador dos feitos.

Quintáns S., M., 'Unha visión dos coidados traballos de María Reimóndez', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 30 marzo 2003, p. 4.

Fálase da saída do prelo de dous libros da escritora María Reimóndez Meilán, *Moda galega* (2002) e *Mitos e lendas hindús* (2002). A propósito deste último comenta que é unha tradución de dezaseis relatos escollidos e comentados pola autora. Apunta tamén que é un volume de tamaño reducido cuxa intención principal é achegar ao lectorado a unha cultura distinta, coa aproximación a algunhas das crenzas e mitos da cultura hindú.

Quintáns S., M., 'O mellor teatro galego contemporáneo en castelán', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Dramaturxia', 23 novembro 2003, p. 4.

Comeza cunha reflexión sobre o feito da tradución de obras literarias galegas a outras linguas e de obras doutras linguas ao galego. Tamén se valora un posíbel sistema de subvencións. Posteriormente analiza a adaptación teatral de Quico Cadaval, representada polo CDG (Centro Dramático Galego), sobre a obra de Álvaro Cunqueiro *Se o vello Sinbad volveuse ás illas*, como produto literario e a súa tradución ao castelán, que recibiu no ano 2000 a subvención de axuda á tradución da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia.

Quintáns S., M., 'O descubrimento dun autor teatral anónimo pero veterano', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Dramaturxia', 14 decembro 2003, p. 4.

Preséntase a obra *O nome dos disfraces*, de Manuel Guede Oliva, primeiro volume da colección "Rubín/Teatro" de tresCtres Edicións, así como a traxectoria artística do escritor. Apunta a necesidade do autor de plasmar o seu propio proxecto teatral en forma de libro. É o primeiro texto dramático de Manolo Guede e é valorado positivamente por Quintáns, que subliña o coidado no aspecto literario e tamén no que a intriga dramática se refire.

Quintáns, M., 'A máquina do tempo' de H. Georges Wells', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Novela', 23 marzo 2003, p. 4.

A través dunha reflexión do ser humano ante unha realidade inexplicábel, presenta *A máquina do tempo* de H. Georges Wells, en versión galega de Alfonso Costa. Loa o éxito da novela e o acerto do autor inglés polo seu poder de penetración no ser humano. Fai unha pequena análise da obra grazas á versión de Costa.

Raña, Román, 'O milagre da palabra', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Libros', 30 xaneiro 2003, p. IV.

Dá noticia da reedición de *Visitantes* (1991), de Xavier Rodríguez Baixeras por parte da Deputación da Coruña, achegando unha sucinta análise desta obra. Sinala que presenta un poeta ferido entre recordos e aparicións de mortos e que hai dous tipos de composicións, aquelas en verso hendecasilabo e alexandrinos, nas que "percibimos as perplexidades da vida que se esvai", e aquelas outras, "unha panoplia de poemas de diversa arquitectura". Por outro lado, destaca o papel da natureza e a forza da palabra do poeta.

Raña, Román, 'Tan perto, tan lonxe', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. IV.

Recomenda *Contos xitanos* (2002) ao lectorado e achega un breve comentario do contido. Inscribe o volume na literatura oral dos xitanos e sinala que moitos trazos se vencellan coa literatura popular. Tras lamentar que o tradutor Xavier Campos non indicase a obra orixinaria da que partiu, analiza moi brevemente a liña temática de cada un dos dezasete contos, observando características como o enxeño, a fantasía, o erotismo ou a traxedia.

Raña, Román, 'Unha obra madura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Libros', 13 marzo 2003, p. V.

Achega unha breve análise de *Dársenas do ocaso* (2002), de Xavier Seoane. Tras salientar os premios recibidos por esta obra e ofrecer unha sucinta presentación de autor, pon de manifesto a "elaboración" e a "complexidade" deste poemario, comentando cada unha das tres partes nas que se divide. Así, apunta que en "Libro primeiro: Dársenas do ocaso" se mesturan as imaxes marítimas coas reflexións existenciais; en "Libro segundo: Do sosego e do lar" evidéncianse os "intramuros do poeta"; e en "Libro terceiro: Da ventura e da viaxe" "atopamos composicións culturalistas" e o drama da morte.

Raña, Román, 'Gameleiros', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Libros', 3 abril 2003, p. V.

Achégase á obra *Gameleiros* (2002) da que comenta que está impregnada de sentimento mariñeiro. Destaca o feito de conxugar a fotografía co verso, o que resulta novidoso e atractivo para o lectorado. Do primeiro aspecto encárgase Manuel Álvarez que retrata a vida mariñeira con realismo o que, segundo o recensionista, consegue conmover ao lectorado pola súa forza. Dos versos da autoría de Miro Villar salientase a carga melancólica que acadan, incluso sendo lidos con independencia das fotografías.

Raña, Román, 'Un vol d'inefabel poesía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Libros', 8 maio 2003, p. V.

Gaba a tarefa da editorial Espiral Maior a prol da poesía galega e o seu labor de tradución da poesía doutras linguas ao galego. Céntrase a seguir na edición bilingüe galego-catalán *Un vol d'inefable poesía*, de Miguel Costa i Llobera (Pollença, 1854- Palma, 1922). Comenta brevemente as seccións deste volume, que recolle composicións de diferentes datas, subliñando a presenza dun deus e unha paisaxe singulares. Observa que na estética se evidencia "un extinto parnisiánismo" e a pegada dos clásicos latinos e da tradición, intuindo vagas coincidencias con Cabanillas ou con Pondal. Por outro lado, subliña o acerto da introdución de M^a Antonia Perelló e a rigorosidade da tradución de Xavier Rodríguez Baixeras. Remata aplaudindo esta iniciativa de Espiral Maior.

Raña, Román, 'Letras das Illas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Libros', 22 maio 2003, p. V.

Preséntanos a tradución de Xavier Rodríguez Baixeras da *Obra poética*, de Bartomeu Roselló Porcel. Dá unhas notas biográficas sobre o escritor maiorquín e despois fai un repaso pola evolución da súa técnica ao longo da súa obra. Reproduce varios versos e felicita a Baixeras por achegar esta tradución ao noso idioma.

Raña, Román, 'Folla Bricia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Libros', 29 maio 2003, p. V.

Fai referencia á publicación, por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, da obra *Folla Bricia*, de Xosé Crecente Vega. Destaca o estudo crítico de Eduardo Polín, que acolle uns apuntamentos biobibliográficos e unha análise da obra, con reprodución de fragmentos. Vincula a obra de Crecente Vega coa relixiosidade (xa fora así para Luís Pimentel) e anota certo saudosismo panteísta.

Raña, Román, 'Poesía discursiva', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Libros', 19 xuño 2003, p. V.

Despois de citar as primeirass traducións de poesía mallorquina de Xavier Rodríguez Baixeras para Espiral Maior, comenta o seu último traballo deste tipo, *Antoloxía poética* de Miguel Ángel Riera (Macanor, 1930-1996). Presenta ao autor mallorquín e achega unhas sucintas notas de cada un dos seus poemarios, subliñando certo erotismo, sentimentalismo e

temática amorosa, nalgún caso "cansativa". Sinala que a súa poesía "resulta sumamente discursiva, inclinándose moitas veces a un plano de coloquialismo realista, a un prosaísmo que non alcanza o de inspiración poética".

Ratón, Castro, 'No centenario de Fole', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 13 setembro 2003, p. 38.

Comeza salientando a importancia da escrita de Ánxel Fole no século XX como creador dun universo propio e como un dos grandes mestres do relato curto e céntrase na descrición da súa creación literaria, apoiándose en palabras de Carlos Casares e reproducindo fragmentos de obras de Fole.

Requeixo, Armando, 'O mono no espello', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Libros', 30 xaneiro 2003, p. V.

Tras salientar a traxectoria literaria "ascendente" de Xavier López López, céntrase na súa última novela *O mono no espello* (2002). Achega un breve resumo da trama argumental e apunta unha "posmoderna recreación do mito do neno salvaxe". Así mesmo, destaca o elemento fantástico e a pegada de novelistas europeos como Molière ou Calvino. Pon de relevo tamén a excelente descrición de ambientes, o tratamento da psicoloxía dos personaxes e a súa habilidade para captar a atención do lectorado. Por outro lado, sinala a abundancia de digresións e citas literarias e filolóxicas que, di, poden sobrar para algúns lectores.

Requeixo, Armando, 'Novas xentes de Tras da Corda', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Libros', 6 febreiro 2003, p. IV.

Sinala que con *Intramundi* (2002) Carlos G. Reigosa volve ás liñas literarias que caracterizan as súas primeiras obras, *Tras da Corda* (1982) ou *As pucharcas da lembranza* (1986). Fai referencia ao argumento e subliña que a través deste recrea varios momentos clave da historia da Galicia rural do XX. Alude tamén á boa acollida da versión castelán e recomenda esta novela, entre outros aspectos, pola elaboración estilística, a descrición dos personaxes ou "o realismo dos seus diálogos".

Requeixo, Armando, 'Rosa Aneiros, unha narradora en ascenso', *Diario de Ferrol*, 'Literatura', 9 febreiro 2003, p. 15.

Tras facer alusión á traxectoria literaria desta autora, confiando que esta medre aínda máis, comenta a súa última novela, *Resistencia* (2002). Sinala que esta xira arredor dunha historia de amor que lembra ás novelas folletinescas do século XIX e na que, afirma, destaca o ton sentimental. Asemade, apunta que a escritora centra toda a súa atención no decorrer da trama, deixando de lado outros aspectos narrativos. Por último, aínda que sinala o "abuso do casual", subliña que se trata dun produto atractivo para o lectorado.

Requeixo, Armando, 'Escritores galegos con denominación de orixe', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 febreiro 2003, p. 4.

Tras aplaudir o traballo de tradución de literatura galega do Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, céntrase na súa última publicación, *O conto galego do século XX* (2002). Describe brevemente a súa introdución, feita por Luis Alonso Girgado, apuntando que se trata dunha achega rigorosa ás características do noso conto ao longo da súa historia no século pasado. Cita tamén os autores galegos escolmados, entre eles Ánxel Fole ou Suso de Toro, e indica que o volume remata cunhas aproximacións biobibliográficas destes. Conclúe aledándose de que as nosas letras cheguen a outras culturas.

Requeixo, Armando, 'Eduardo Pondal: poesía completa', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 febreiro 2003, p. 4.

Comenta a seriedade investigadora e crítica coa que Manuel Ferreiro se enfrontou ao seu traballo *Poesía galega completa, III. Poemas manuscritos* (2002), no que recolle parte da produción poética de Eduardo Pondal. Ademais, aplaude o apoio de Sotelo Blanco Edicións a este tipo de obras.

Requeixo, Armando, 'Contra o esquecemento', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 marzo 2003, p. V.

Achega á obra *Nunca máis Galiza á intemperie*, que Suso de Toro publicou en 2002 e na recolle distintos artigos xornalísticos que o escritor publicou nos días seguintes ao afundimento do Prestige. Transcribe algúns fragmentos da obra e fai fincapé na incompetencia dos políticos gobernantes; sinala que máis ofensivo que os acontecementos aos que se fai referencia é a desinformación e a deturpación da realidade ofrecida polas televisións; e, finalmente, pon en dúbida as palabras de Suso de Toro: "Pareceume que nestes días vin nacer unha nación", por que, segundo afirma, os galegos temos moita capacidade para "esquecer afrontas".

Requeixo, Armando, 'Unha viaxe poética e pictórica polas veas do Ulla, nas terras da Iria antiga', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 6 abril 2003, p. 4.

Valórase positivamente a iniciativa de Edicións A Nosa Terra de publicar libros-guía sobre diferentes lugares de Galicia baixo a autoría de escritores vencellados a esas comarcas. Faise mención aos volumes xa editados para, seguidamente, centrarse no de Anxo Angueira *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002), no que se ofrece un percorrido polas terras do Ulla e polos seus ilustres veciños, entre os que destaca Rosalía de Castro, Macías o Namorado ou Borobó. Finalmente, elóxiase o estilo do escritor, que se compara cun bo pintor xa que "mellora o orixinal sen por iso traizoalo".

Requeixo, Armando, 'Algunhas voces literarias ourensás', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 29 xuño 2003, p. 4.

Salienta a importancia cultural da "colección Auria" da Concellaría de Cultura de Ourense e cita algún dos seus títulos, centrándose logo en *Carlos Casares. Punto de encontro* (2002). Sinala que recolle os artigos do autor de *Ilustrísima* publicados en *La Región* entre 1968 e 1974 sobre personaxes tan dispares como Celso Emilio, Ramón Piñeiro ou Camus.

Así mesmo, indica que achega quince entrevistas a Carlos Casares sobre Ourense e outras colaboracións doutros escritores nas que se refiren aos vencellos deste coa cidade das Burgas.

Requeixo, Armando, 'La Tierra Gallega', o semanario de Curros', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 31 agosto 2003, p. 3.

Comenta a edición facsímile de *La Tierra Gallega*, revista dirixida por Manuel Curros Enríquez na Habana entre 1894-96. Indica que este volume se debe ao traballo de Luis Alonso Gargado e María Teresa Monteagudo Cabaleiro que, afirma, conseguiron xuntar un bo feixe de números desta publicación, antes case inaccesíbel. Subliña as anotacións destes e o contido da introdución na que dan conta dos contidos de *La Tierra Gallega*, colaboradores, papel de Manuel Curros, etc. Por outro lado, salienta o seu valor histórico, observando nela "o pensamento rexionalista, galeguista, crítico e progresista de Curros".

Requeixo, Armando, 'Fole perdura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Letras de noso', 9 outubro 2003, p. II.

Recorda que xa se cumpriu o centenario do nacemento de Ánxel Fole e salienta a proliferación de estudos de investigación de diversa calidade sobre este destacado escritor, tras ser homenaxeado en 1997 co Día das Letras Galegas. Así mesmo, denuncia que aínda hoxe pervivan certos tópicos sobre a súa obra. Sinala que non se pode considerar a Fole só un "escritor ruralista" pola súa vinculación coa literatura oral ou polos ambientes recreados, subliñando que tamén ten escrita situada en escenarios urbanos. Ademais tenta botar abaixo a idea de que o lugués usou unha lingua exclusivamente dialectal, pondo de manifesto que "construíu un vehículo expresivo claramente interdialectal". Remata subliñando a relevancia de quen cualifica "un mestre da palabra". Por outro lado, noutra columna, co título "Os outros Fole", queixase de que o lugués non estea o suficientemente estudado en moitas das súas vertentes, como a súa escrita en castelán ou seu ensaio.

Requeixo, Armando, 'Literatura do eu', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 4 decembro 2003, p. 1.

Salienta o aumento de libros galegos que se centran no "eu" nos últimos anos, aludindo a diversas modalidades: autobiografías, biografías, diarios, memorias e epistolarios. Asemade, busca as causas deste crecemento na "expansión xenérica do sistema literario galego", no desexo de coñecer as figuras máis representativas da nosa cultura e no "amortecemento da literatura de defensa colectiva".

Rincón, Amado, 'Eduardo Pondal', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', nº 3, 5 maio 2003, pp. 68-69.

Céntrase na figura de Eduardo Pondal, describindo, en primeiro lugar, a súa condición aristocrática familiar, que xa ía marcar desde o comezo a súa actitude vital. Cóntase que foi criado polas irmás e instruído primeiro nunha escola dun párroco e, xa en Santiago, estuda bacharelato e Medicina e toma contacto no Liceo de la Juventud con outros mozos como Rosalía de Castro, Murguía ou Aguirre e empeza a escribir poemas en castelán. Segundo

Amando Rincón a poesía era a súa maior debilidade xunto ás súas ansias políticas progresistas, e a iso dedicará a súa vida tras un breve paso polo exército. A seguir refírese á súa participación en 1861 nos Xogos Florais da Coruña e á publicación no *Álbum de la Caridad* do seu poema "A campana de Anllóns", que o converte nun home do Rexurdimento. Sinala que o seu papel se materializaría no seu *Rumores de los pinos* (1877) unha experiencia bilingüe na que se dá comezo ao seu celtismo e a partir do cal abandona a escrita en castelán. Outro dos feitos que marca como transcendentales para comprender a figura é a súa participación na tertulia A Cova Céltica", porque supón o aumento do seu compromiso radical coa lingua e a busca de novas formas literarias e lingüísticas máis cultas e vangardistas que ocasionaron que non fose entendido no seu tempo. Indica tamén como mostra de radicalismo o seu condenado poema "Brindis", escrito para o Banquete de Conxo e no que reclama un pobo galego igualitario. Á marxe esténdese sobre a popularidade do poeta fóra das fronteiras galegas tanto en España e Portugal coma en Francia e na súa colaboración en numerosas revistas da época.

Río, Irene del, 'Unha experiencia de catro anos', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 473, 3 xullo 2003, pp. 2-3.

Fai referencia á súa experiencia como lectora de galego na cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana, salientando algunha das actividades máis significativas desta cátedra que, destaca, cumpre dez anos. Cita algúns traballos de investigación dos alumnos sobre lingua e literatura galegas, como estudos sobre a poesía de Rosalía de Castro. Por outro lado, comenta o acto de investidura de Xosé Neira Vilas como Doutor Honoris Causa desta universidade. Alude a algún dos asistentes ao evento e comenta que o discurso deste ilustre galego abordou o tema da emigración galega en Cuba. Ademais, subliña a estreita vinculación Neira Vilas coa illa que, di, foi o que lle valeu en parte este nomeamento. Refírese tamén á súa participación na creación desta cátedra na universidade cubana ou a diversos traballos sobre egrexios galegos que tiveron contacto con Cuba como Curros ou Castelao.

Ríos, Xulio, 'Plácido Castro regresa a Vigo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 329, 'Homenaxe', 13 setembro 2003, p. 4.

Con motivo dos actos conmemorativos que sobre Plácido Castro van ter lugar proximamente en Vigo, refírese aos aspectos máis salientábeis da traxectoria vital deste home de Corcubión, nas súas facetas de xornalista, político comprometido e traductor, destacando as súas peregrinaxes por diversos lugares por circunstancias como o franquismo. Conclúe lamentando que en Galicia non recoñezamos o suficiente a súa tarefa a prol da nosa terra.

Rivas, Manuel, 'A onomatopea da carne', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 5.

Fai un comentario moi poético de *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) de Lois Pereiro. Subliña que dende o sufrimento o autor canta á vida e vencéllao coas obras de despedida de Moncho Valcárcel ou Antón Avilés de Taramancos.

Rodríguez, Francisco, 'Rosalía foi unha escritora conflictiva da época (I)', *Diario de Ferrol*, 19 outubro 2003, p. 5.

Xustifica a afirmación do título deste artigo no "carácter revolucionario da súa escrita", salientando a súa orixinalidade. Subliña que non a souberon entender e ademais intentaron manipular a súa figura. Revela, tamén, o seu desexo de ser "escritora profesional" e pon énfase na súa ampla cultura. Por outro lado, indica a ideoloxía consciente que subxace das súas novelas ata 1868. Así, apunta que *La hija del mar* defende a liberación da muller, *A historia de Flavio* denuncia os matrimonios por interese e *El caballero de las botas azules* critica os valores burgueses. Remata referíndose ao illamento e á crise persoal de Rosalía na Restauración, pódoo en paralelo co que transmite en *Las orillas del Sar*. Lamenta o pouco éxito desta obra e destaca a súa singularidade e novidade no contexto no que foi publicada.

Rodríguez, Francisco, 'Rosalía e a súa obra no contexto social da época', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', nº 243, 26 outubro 2003, p. 5.

Subliña de Rosalía "o compromiso coa criazón dunha literatura nacional galega" e comenta a ideoloxía que subxace da súa obra poética en galego. Así, salienta de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas* as liñas reivindicativas da dignidade galega e a súa forte "carga subversiva", destacando as dificultades políticas e sociais que topou na época. Asemade, refírese a cómo foi recibido o seu traballo polos seus contemporáneos, facendo alusión a aqueles que a aceptaban e a gababan, como Manuel Curros Enríquez, ou a aqueles que, como a burguesía da Restauración, a rexeitaban.

Romero, Marga, 'Un espacio universal', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Letras do noso', 1 abril 2003, p. II.

Marga Romero fai un percorrido pola vida de Lois Tobío, dende a súa infancia en Viveiro e Compostela ao seu retorno do exilio en 1962, pasando pola creación do Seminario de Estudos Galegos, o proxecto do Estatuto, a súa estadía en Alemaña, Bulgaria e Hispanoamérica ou o seu labor como tradutor, principalmente de autores alemáns como Hesse, Rilke ou Goethe. Este repaso toma como referente a propia autobiografía de Tobío, titulada *As décadas de T.L.*

Romero, Marga, 'A Galiza de Tobío', *La Opinión*, 'Saberes', nº 22, 'Lecturas', 13 setembro 2003, p. 6.

Fai referencia á autobiografía de Lois Tobío *As décadas de T.L.*, destacando o seu compromiso con Galicia. Subliña que neste volume se reflicte parte da historia da nosa terra dende os ollos deste ilustre lugués, quen, salienta, participou en proxectos tan importantes como o Seminario de Estudos Galegos ou a elaboración de anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia. Asemade, refírese ao seu paso por diversos países estranxeiros por diferentes motivos, entre eles, traballo, defensa da causa republicana ou exilio político.

Romero, Santiago, 'El guardián del grial galleguista', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 20/9.

Gaba de Domingo García- Sabell a súa capacidade intelectual e o seu compromiso coa súa terra, salientando que foi testemuña e tamén partícipe, polémico ás veces, da historia de Galicia da segunda metade do século XX. Destaca deste médico a súa traxectoria política e cultural, referíndose principalmente ao galeguismo concentrado arredor de Galaxia e ao deseño de estratexias de futuro político para Galicia. Subliña tamén a súa relevancia na transición democrática e o seu cargo de subdelegado do goberno que, di, lle valeu críticas cando foi nomeado presidente da Real Academia Galega. Remata aludindo á súa retirada da vida pública e ao seu derradeiro libro, *Paseata arredor da morte*, no que salienta que se encara coa morte.

Rosales, Manuel, 'Costumismo e modernidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Libros', 13 marzo 2003, p. IV.

Acolle positivamente a última novela de José Luis Sucasas *O paxaro que ninguén ve* (2002). Valora que o autor cree a súa obra de temática costumista con "recursos modernos que subliñan os complexos procesos de imaxinación mítica". Así mesmo, comenta brevemente os diferentes elementos que configuran o universo narrativo desta novela, entre eles, as coordenadas espacio-temporais, a caracterización dos personaxes ou o punto de vista. Tamén fai referencia á trama argumental, que xira arredor dunha morte sen aclarar, e destaca o fondo popular e o ton trágico e real da historia.

Rozas, Mercedes, 'O legado de 'Nós', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Exposicións', 17 maio 2003, p. 15.

O anuncio de que Sargadelos homenaxea a Ánxel Casal e o ambiente galeguista de preguerra cunha exposición sêrvelle para destacar a faceta de editor de Casal. En concreto, céntrase no que supuxo a revista *Nós* na época e no seu contorno. Lembra a moitos que, xunto a Casal, traballaron nesas páxinas e as tertulias que se formaban arredor dela. Por outro lado, alude aos anos finais do republicano: a súa presenza no concello de Santiago, o pulo que lle deu ao Estatuto, o seu fusilamento e a destrución do seu obradoiro.

Ruibal, Euloxio R., 'Tralo rexurdimento', *Galicia Hoxe*, 'Eu>Nós', 25 xullo 2003, p. 36.

Póñense de manifesto as metas da Asociación de Escritores en Lingua Galega, destacando o seu compromiso coa lingua, literatura e cultura galegas. Aplauda a proposta de consenso da lingua da Real Academia Galega e, pola contra, lamenta que a Administración non poña en marcha políticas normalizadoras máis efectivas. A seguir, céntrase nas iniciativas levadas a cabo por esta asociación, como a proposta de candidatura de Méndez Ferrín ao Premio Nóbel de Literatura ou o impulso dun premio literario propio. Finaliza insistindo nas coordenadas que dirixen a actividade desta asociación.

Ruibal, Tomás, 'Obra póstuma de Antón Risco', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 19 xaneiro 2003, p. 6.

Indica que en *O Embrión* (2002), de Antón Risco se combina a historia dun home preocupado polo "eterno retorno" coa "reflexión dos grandes mitos da cultura occidental". Así mesmo, lembra como esta novela póstuma acadou o premio Liceo Rubia Barcia Cidade de Ferrol e subliña algúns datos da traxectoria vital do autor. Salienta tamén que o máis relevante desta obra reside na "narración e reflexión, realismo no relato e filosofía".

Ruibal, Tomás, 'A vida de Xosé Neira Vilas', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 2 febreiro 2003, pp. 8-9.

Fai un comentario de *Xosé Neira Vilas. Narrador, poeta, xornalista, historiador da nosa emigración* (2002), volume sobre a vida e a obra de Xosé Neira Vilas, a cargo de Ramón Regueira Varela, publicado na colección "Galegos na historia" de Ir Indo. Subliña como certos algúns datos que o autor sinala como claves na súa traxectoria: o gusto pola literatura, a emigración e o amor pola Galicia rural. Asemade, refírese á estrutura e ao contido, do que salienta os capítulos que recollen a súa estadia na emigración. Fai referencia tamén aos apéndices finais do libro, afirmando que son interesantes porque recollen, á parte de datos biobliográficos, a opinión do autor sobre temas variados. Finaliza coa valoración de Ramón Regueira sobre o seu biografado, a quen cualifica de "suma de pasión polos libros e nostalxia da terra sen deixar de implicarse nos países nos que foi vivindo".

Ruibal, Tomás, '¿Literatura para quen?. Os nomes da morte', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 16 febreiro 2003, p. 9.

Tomás Ruibal non nega nesta columna a calidade de *Os nomes da morte* (2002), de Víctor Vaqueiro, pero, ante a que el xulga extrema complexidade literaria, pregúntase quen serán os lectores desta obra. Ruibal asegura que un libro desta categoría se alonxa dos lectores medios que, afirma, fan dinámico o mercado literario.

Ruibal, Tomás, 'Emigración', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 23 febreiro 2003, p. 9.

Achega a liña argumental de *O demo e o profundo mar azul* (2002), de Eva Moreda: a historia dun labrego que emigra a Estados Unidos e se enriquece como músico de jazz. Gaba a brevidade da obra, mais cre negativa a inverosimilitude de certas partes da trama como que o galego se rodee de grandes músicos americanos.

Ruibal, Tomás, 'O mundo do cine e os seus mitos', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 2 marzo 2003, p. 8.

Fai alusión ao contido de *Un nicho para Marylin* (2002), de Miguel Anxo Fernández. Sinala que trata certos mitos do cine americano dende un punto de vista irónico e paródico, observando que isto resta creatividade ao autor. Así mesmo, coida que son negativas as repeticións que hai ao longo da obra. Conclúe agardando que o autor traballe un pouco máis a súa escrita.

Ruibal, Tomás, 'Outras culturas en galego', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 16 marzo 2003, p. 9.

Infórmase nos de dous libros editados por Edicións Positivas: *Mitos e lendas hindús e Contos Xitanos*. Do primeiro, que conta cunha tradución, introdución e selección de María Reimóndez, expóñense os criterios de selección da editora, así como as fontes e descríbese o volume e os compendios míticos dos que procede. Do segundo descríbese a selección de contos e reflexiónase sobre a cultura xitana. Sinálase, como inconvinte de ambos volumes, a súa brevidade.

Ruibal, Tomás, 'Poesía última de Cáccamo', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 27 abril 2003, p. 9.

Saúda a publicación do conxunto de poemas escritos entre 1995 e 2001 de Álvarez Cáccamo na colección de poesía "Tambo" que publica a Deputación de Pontevedra baixo a dirección de Luís Rei Núñez co título *Depósito Natural* (2002). Engade que moitos dos poemas xa foran aparecendo en revistas como *Dorna* ou *Clave Orión*; así como a importancia dunha estrutura facilmente identificábel xa que unha parte dos poemas están dedicados a poetas galegos e nunha segunda parte aparecen poemas de corte moito máis tradicional.

Ruibal, Tomás, 'O último premio Blanco Amor', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 25 maio 2003, pp. 8-9.

Fai referencia á concesión do último premio "Blanco Amor" á novela *As voces da noticia* (2002), de Xosé Monteagudo. Indica que na obra, da que critica a súa extensión, se narra a viaxe dun xornalista galego a unha aldea na que se cometeu un crime dez anos atrás; deste xeito, achégasenos un retrato do mundo rural. Critica o punto de partida da novela, por falla de credibilidade, e sinala que se trata dunha obra ben contruída tecnicamente na que a voz dun narrador en primeira persoa se combina con numerosos materiais. Fai fincapé no argumento da novela e loa a descrición dos diálogos, que cualifica de convicentes. Finalmente, realiza unha pequena achega á biografía de Xosé Monteagudo,.

ruibaldo@hotmail.com, 'Poesía e debuxos', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Letras', 18 maio 2003, pp. 8-9.

Achega unhas poucas reflexións sobre a colección de poesía que vén de publicar a Deputación de Pontevedra baixo a coordinación de Antón Sobral. Cre "excusables" algunhas colaboracións, mais outras "indiscutibles" como as de Forcadela ou Román Raña. Así mesmo, tamén coida que certas ilustracións non son moi axeitadas, mentres que outras, di, si se amoldan perfectamente aos poemas. Por outro lado, salienta a edición e o traballo de Sobral e remata co que considera o mellor poema, "A luz debuxou no tendal...", de Alfonso Álvarez Cáccamo.

Salgado, Daniel, 'Militancia da Terra', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 33.

Presentación do libro *Cantos da seiva* (2002), primeiro libro de Xesús Pereiras e premio "Fiz Vergara Vilariño" no ano 2001. Encadra o volume na literatura da década dos oitenta pero madurado pola súa publicación tardía. Destácase o panteísmo e o ecoloxismo dos poemas, reproducindo fragmentos dos textos. Salgado describe tamén o estilo e tranquilidade de Xesús Pereiras.

Sandoval, Lois, 'Crepúsculo e alba de Carlos Quiroga', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, p. 12.

Fai referencia a *A esfera crepuscular* (2002), de Carlos Quiroga, salientando que esta é a primeira entrega dun proxecto máis amplo. Apunta que o autor segue as liñas literarias xa explotadas no seu poemario *Gong*, entre elas, "a vangarda culturalista", aínda que precisa que continúa a procurar novos vieiros con este libro. Asemade, subliña, entre outros aspectos, que se trata dun volume "poliexpresivo", "experimental e reflexivo", no que se evidencia, destaca, o seu compromiso coa literatura.

Santiago, More, 'Luz Pozo Garza, una ribadense en el sillón U de la Real Academia Galega', *El Correo Gallego*, 'Reportaje', 30 marzo 2003, pp. 16-17.

Con motivo do ingreso da ribadense Luz Pozo Garza na Real Academia Galega ocupando o sillón U, ofrécese unha breve sinopse da dúa vida, dende a súa infancia feliz entre os libros e a música até a morte do seu marido no 1991, pasando pola perda do seu irmán na Guerra Civil, polos seus estudos de música, Maxisterio e Filoloxía Románica. O relato biográfico ilústrase con diversas fotografías da vida da autora.

Santiago, More, 'Desde as cinzas da guerra', *O Correo Galego*, 'AFA', 30 marzo 2003, p. 50.

Breve percorrido pola vida de Luz Pozo Garza con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega, no que salientan as etapas vividas pola autora dende o presidio de seu pai, o exilio en Marrocos e o seu matrimonio co seu profesor Francisco Vázquez Ramudo, para rematar falando da súa obra e do seu labor como mestra, escritora e nai. Acompáñase de varias fotografías.

Santiago, More, 'Luz Pozo, o U da RAG', *O Correo Galego*, 'AFA', 30 marzo 2003, p. 49.

Fálase da infancia e primeira xuventude da escritora ribadense Luz Pozo Garza. Coméntanse algunhas das influencias literarias da autora así como a situación da familia facendo fincapé no seu pai, grande afeccionado á lectura, que a orientou cara á literatura e á música e que no 1936 foi detido en Lugo por pertencer a Izquierda Republicana. Na vida en Lugo, co seu pai preso, remata o artigo. Engádese unha fotografía de xuventude da autora.

Santiago, More, 'Del Riego, el hijo del rural lucense que perfiló la galaxia galleguista', *El Correo Gallego*, 'Reportaje', 20 abril 2003, pp. 12-13.

Breve achega á vida do académico Francisco Fernández del Riego co gallo da próxima

publicación das súas memorias. Lémbrese a súa andaina na creación da editorial Galaxia no ano 1950, así como os seus numerosos traballos posteriores como presidente da Real Academia Galega ou actualmente na Fundación Penzol en Vigo.

Santiago, More, 'Fernán-Vello, el poeta que versifica el tránsito de la Galicia rural a la urbana', *El Correo Gallego*, 'Reportaje', 28 setembro 2003, pp. 8-9.

Realiza un repaso pola vida de Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958). Así, fai referencia á súa familia, á súa formación académica e, principalmente, á súa traxectoria literaria. Salienta os numerosos premios recibidos e cita parte da súa obra, subliñando a súa faceta de poeta. Tamén alude á fundación de Espiral Maior e á súa activa participación na asociación O Facho a prol da nosa cultura. Destaca, ademais, o seu papel como conferenciante e colaborador xornalístico. Por outro lado, pon de manifesto o seu carácter serio e rigoroso, sen esquecerse de mencionar as súas afeccións.

Sierra, Germán, 'Literatura posmoderna', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 469, 5 xuño 2003, p. 6.

Empeza cunha cita do *Avant-pop manifesto* de Mark Amerika para iniciar a súa reflexión sobre o posmodernismo literario en América, España, etc. En Europa fai fincapé no posmodernismo arquitectónico como reacción ao realismo. Anota tamén as dificultades para definir o posmodernismo na literatura e dá a súa opinión, establecendo que a literatura posmodernista é a reivindicación do modernismo, e segue reflexionando sobre esta idea.

Silva, Toni, 'La guerra en primera persona', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 18 xaneiro 2003, p. 11.

Comenta sucintamente *Memoria do soldado* (2002), de Alfredo Conde. Apunta que se basea nas vivencias dun soldado durante a Guerra Civil e fai referencia a algún episodio. Así mesmo, subliña que o autor, a través deste personaxe, denuncia e critica o absurdo das guerras.

Toro, Suso de, 'Romántico, nihilista e fermoso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 10.

Tras aludir ao desencantador panorama literario galego para algúns escritores, párase naqueles que "escriben en solitario", entre os que cita a Miguel Anxo Murado ou a Xavier Queipo. Asemade, achega unha sucinta valoración de *Ártico e outros mares* (1990) do último autor nomeado, libro que cualifica de "romántico, nihilista e fermoso". Xulga que é unha obra "aberta" que "incorpora unha nova sensibilidade e un espazo tan aberto que nos acolle, nos asombra e nos devora".

Toro, Suso de, 'Maestro en el arte de fugas', *El País*, 'La Cultura', 15 novembro 2003, p. 44.

Sinala que o libro *Vida e fugas de Fanto Fantini*, de Álvaro Cunqueiro podería ter algo de

autobiográfico, salientando que o mindoniense foi o gran mestre da "arte de fuga, de invención e variación". Logo, tras facer brevemente referencia á evolución ideolóxica do autor, céntrase na súa prosa, subliñando a súa fascianación polo mundo dos sonhos, que, afirma, o levou a recoller na súa obra toda a tradición occidental vencellada a isto. Así mesmo, apunta os trazos máis salientábeis de *Merlín e familia*: humor, ironía, maxia, mestura do cotián e do afastado no tempo. Por outro lado, lembra que o autor de *Os outros feirantes* escribiu artigos sobre escritores universais como Pessoa ou Joyce.

Valcárcel, Marcos, 'Un pintor de paisaxes', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 21 setembro 2003, p. 9.

Debrúzase o estudoso na obra narrativa de Francisco Álvarez de Nóvoa (1873-1936), un nome a recuperar para a historia das nosas letras. Comeza por afirmar que no período de 1890 a 1900 xorden, da man de Álvarez de Nóvoa e mais de Heraclio Pérez Placer, obras claves na renovación da narrativa galega contemporánea, no sentido da superación do costumismo decimonónico. Cita os dous títulos asinados por Álvarez de Nóvoa que viron a luz naquela altura: *Beira o Barbaña. Paisaxes*, que saíu en forma de folletín durante 1894 e *Pé das Burgas* (1896), conxunto de prosas lírico-narrativas precedido dunha autopoética denominada "Dous parrafeos". Comenta, ademais, que este escritor mereceu a atención de Xosé Luís Méndez Ferrín e outros críticos recentes pero que, no entanto, pasou desapercibido entre os autores da época da Xeración Nós.

Valcárcel, Marcos, 'A loita pola cultura enxebre', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 28 setembro 2003, p. 9.

Analízase a figura de Xavier Prado "Lameiro" (1874-1942), considerado por Vicente Risco, segundo refire Marcos Valcárcel, como o sucesor natural de Lamas Carvajal. Explicase que, de feito, o autor tomou deste o estilo costumista propio da estética decimonónica para a súa produción lírica e, sobre todo, teatral, ámbito onde destacou de maneira especial. Sinálase que foi o responsábel, entre outros, da creación das Irmandades da Fala de Ourense e que "resucitou" o xornal *O Tío Marcos d'a Portela*. Repásanse algúns títulos dramáticos de éxito na altura e subliñase a súa visión negativa da cidade, vinculada coa desgaleguización e a falta de enxebismo. En columna á parte, finalmente, repásase o seu percorrido biobibliográfico.

Valcárcel, Marcos, 'Fantasía e erotismo na obra de Heraclio Pérez Placer', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 5 outubro 2003, p. 9.

Nesta ocasión, Marcos Valcárcel examina a narrativa do ourensán Heraclio Pérez Placer (1866-1926). Alén de nos ofrecer uns "trazos biográficos" en columna á parte, repasa as principais características da súa escrita, baseándose para iso no estudo que María Isabel Soto López publicou no Centro Ramón Piñeiro: *Obra narrativa en galego* (1998). Así, destaca en primeiro lugar a variedade xenérica que cultivou, dende as estampas descritivas ata o relato humorístico, lendario, marabilloso ou amoroso. Sinala como as dúas claves de conxunto máis interesantes o seu "lene e coidado erotismo", por unha banda, e as súas incursións na fantasía, pola outra. Así mesmo, subliña a súa capacidade descritiva, que sitúa na liña posromántica de Álvarez de Nóvoa, a súa adscrición ao naturalismo, o dominio na

análise psicolóxica dos personaxes (rurais ou urbanos), a sensualidade e o protagonismo feminino.

Valcárcel, Marcos, 'O poeta do Ribeiro que escribiu un diccionario', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 12 outubro 2003, p. 9.

Marcos Valcárcel detense, dentro do seu estudo do mundo literario vencellado á cidade de Ourense, na figura de Eladio Rodríguez González (1864-1949). Lembra que este escritor foi homenaxeado co Día das Letras Galegas de 2001, altura na que se publicaron abundantes traballos útiles para coñecermos a súa produción poética e lingüística. Canto a esta última, afirma que o seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961) era "o máis amplo e completo dos existentes". Respecto ao seu legado lírico, sinala a súa identificación coa Galicia rural e apunta como liñas esenciais a exaltación mística da paisaxe, o franciscanismo lírico no ronsel de Noriega Varela e o ton reivindicativo. Por último, resume os principais fitos da súa biografía, destacando o feito deste autor ter sido secretario e presidente da Real Academia Galega entre 1926 e 1934.

Valcárcel, Marcos, 'Os poetas mozos das sete entregas de 'La centuria'', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 19 outubro 2003, p. 9.

Neste caso, a páxina "Ourense, universo literario" de Marcos Valcárcel, dedícase ao estudo da publicación periódica *La Centuria*, editada en Ourense entre 1917 e 1918 baixo a responsabilidade de Vicente Risco, así como á súa significación e aos autores vencellados a ela. Obsérvase que se trata dunha revista allea ao galeguismo, que acollía as colaboracións en castelán de autores mozos na esteira do modernismo literario (Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Xavier Bóveda, Eduardo del Palacio, etc.), e na que tamén se comeza a dar paso ás novas correntes vangardistas. Así, apunta Valcárcel, é nestas páxinas onde Risco dá a coñecer o seu manifesto "Preludio a toda estética futura". En conxunto, afirma o estudoso, tratábase dun "primeiro intento de conectar coas literaturas foráneas", dando mesmo acollida a voces procedentes de fóra de Galicia. En columna á parte, debrúzase Valcárcel sobre "o primeiro Risco", dando a coñecer algúns datos relevantes da súa biobibliografía durante a súa primeira etapa como intelectual e escritor. Destaca o feito de que, nesta altura, o autor estaba fascinado co simbolismo rubeniano e o ocultismo.

Valcárcel, Marcos, 'Da prehistoria ó xornalismo', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 9 novembro 2003, p. 9.

Iniciase esta páxina cunha solicitude contundente, pronunciada polo profesor Xesús Alonso Montero: "hai que revalorizar o Florentino Cuevillas escritor". En consecuencia, o que se pretende con este artigo é, xustamente, lembrar que alén do etnógrafo e o arqueólogo hai no mencionado autor, nado en 1886 e finado en 1958, un gran narrador e un non menor xornalista. A primeira faceta, dinos Marcos Valcárcel, está recollida no volume póstumo *Prosas galegas, 1920-1958*, publicado por Galaxia en 1962. Canto á segunda, indícase que colaborou en moitos diarios e revistas ourensáns, entre os que enumera *La Región*, *La Centuria* ou *Nós* con escritos que apareceron no libro recopilatorio de Galaxia. En columna á parte, ofrece a súa biografía e bibliografía, destacando o seu paso polo Seminario de Estudos Galegos e a súa vinculación cos homes da Xeración Nós.

Valcárcel, Marcos, 'O señor de Moldes', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 9 novembro 2003, p. 9.

Marcos Valcárcel céntrase, dentro da súa sección fixa sobre o universo literario de Ourense, na figura de Antón Losada Diéguez (1884-1929). Defíneo como un "formador de formadores do nacionalismo", xa que influíu fondamente nos autores vinculados á revista *Nós*, como Ramón Otero Pedrayo, impulsando o ingreso destes nas Irmandades da Fala. Repasa o conxunto da súa produción, espallada en diferentes publicacións periódicas, sinalando que se trata de textos de creación (contos, poemas, unha comedia inacabada, unha tradución de Dante) e, sobre todo, de textos ensaísticos e de propaganda patriótica. Tamén diseña o seu perfil ideolóxico, que se sustentaría segundo o autor no catolicismo, o anticaciquismo e o galeguismo *enxebre*. Engade, finalmente, información biobibliográfica.

Valcárcel, Marcos, 'Vicente Risco nos anos vinte', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 16 novembro 2003, p. 9.

Examina a produción literaria e influencia intelectual de Vicente Risco durante a década de 1920. Despois de se referir a artigos xa publicados nesta mesma sección dominical dedicados a este autor, indica que estes anos son, en moitos aspectos, de "apoxeo" no percurso vital e literario de Risco. Para demostralo apunta, por exemplo, que nesta época exerceu un maxisterio cultural e intelectual recoñecido entre os escritores máis mozos, que alicerzou teoricamente o nacionalismo, que mantivo relacións con figuras doutros sistemas literarios afíns (o portugués, o éuscaro, o catalán), etc. Tamén lembra que é daquela cando saen editadas "dúas marabillas narrativas": *O porco de pé* (1928) e a novela inacabada *Os europeos en Abrantes* (1927). Realiza despois un comentario á parte da primeira das obras mencionadas, salientando a parodia do tecido social ourensán que nela se rexistra e presentándoa non só como un importante fito na literatura satírica galega, senón tamén como a nosa primeira novela moderna. Finalmente, complementa este estudo cunha "biografía polémica" do autor, entendendo por "polémica" a conversión de Risco ao franquismo a partir de 1936.

Valcárcel, Marcos, 'O poeta dos nosos viños', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 23 novembro 2003, p. 9.

Refírese a Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987), poeta nado en Valdeorras e ao que se dedica a súa atención nesta páxina de "Ourense, universo literario". Explicase que Delgado Gurriarán seguiu o espírito imaxinista de Amado Carballo para construír unha poética de exaltación do viño, do amor e da paisaxe e destaca tamén as súas composicións líricas de intervención social en contra do réxime franquista. Indica que publicou catro libros, os tres últimos xa no exilio en México, e compara en certa medida con Avilés de Taramancos. Tamén se reproducen dous fragmentos doutras tantas cartas que enviou a Francisco Fernández del Riego e mais a Xosé Gayoso nas que reflexiona sobre o noso idioma. Por último, en columna á parte, repasa os pormenores do seu percurso vital.

Valcárcel, Marcos, 'Das vangardas ó franquismo', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 30 novembro 2003, p. 9.

Artigo dedicado á traxectoria vital e literaria de Euxenio Montes (1900-1982), ao que cualifica como un dos personaxes "máis fascinantes e novelescos do noso mundo cultural". Comeza por examinar a primeira etapa, cuxo fin vén marcado polo estourido da Guerra Civil, na que o autor escribe toda a súa produción en galego. Son anos, comenta o estudoso, nos que Montes participa da vida cultural galega, trabando amizade con Eduardo Blanco Amor, Cándido Fernández Mazas ou Xavier Bóveda. Segundo indica Valcárcel, a lírica deste período caracterízase polo imaxinismo con leves trazos vangardistas. A seguir, explica que Montes se converteu ao réxime franquista e non volveu a publicar en galego. Por último, dedícalle un espazo ao resumo dos principais fitos biográficos do escritor.

Valcárcel, Marcos, 'Tres xornalistas republicanos', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', nº 515, 'Ourense, xornalistas republicanos', 7 decembro 2003, p. 9.

Baixo este título, recolle Marcos Valcárcel para o seu "Ourense, universo literario" unha achega a tres figuras que destacaron nun xénero que para el "debe, cando menos en certos casos, considerarse un xénero literario máis": o xornalístico. Trátase de Jacinto Santiago (1894-1936), Roberto Blanco Torres (1881-1936) e Basilio Álvarez (1877-1943), líder de Acción Gallega, tres homes que teñen en común, na súa opinión, a práctica dun xornalismo comprometido e rebelde. Os dous primeiros, explica Valcárcel, foron "paseados" en 1936, e o terceiro conseguiu fuxir a Arxentina, ficando no exilio ata a súa morte. Reproduce algúns fragmentos de artigos asinados por estes personaxes para mostrar o carácter dos mesmos, e finalmente, inclúe unha ficha biográfica do sacerdote Basilio Álvarez.

Valcárcel, Marcos, 'A forza do silencio dun escritor', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', nº 516, 'Ourense, universo literario', 14 decembro 2003, p. 9.

Marcos Valcárcel detense nesta ocasión no exame do escritor Manuel Luís Acuña (1899-1975). Comeza por manifestar o desconcerto que persoalmente lle supón o feito de que só publicase un libro en vida: "¿como foi posible que o autor de *Firgoas*, esa marabilla publicada no medio de República, non volvease nunca ó mundo dos versos, nin sequera en castelán?". Para o autor, a explicación podería acharse nas nefastas consecuencias do levantamento militar do 36, e congratúlase polo movemento de revalorización desta figura que se está levando a cabo na última década. Explica despois que pertence á chamada Xeración de 1922 e que conviven nel influencias poéticas diversas, de Cunqueiro, Manuel Antonio, Amado Carballo ou Blanco Amor. Por último, ofrece os principais fitos biográficos de Acuña nunha columna á parte.

Valcárcel, Marcos, 'Mestres e poetas da República', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 21 decembro 2003, p. 9.

Ocúpase de tres figuras que destacaron no mundo do ensino da década dos trinta: Manuel Gómez del Valle (1906-1936), Juan Lacomba (1900-1963) e Manuel García Paz (1895-1990). Do primeiro explica que deixou escritos algúns textos literarios, case todos en castelán, que foi un home comprometido social e politicamente e que foi fusilado cando o alzamento franquista, ademais de considerar a Xesús Alonso Montero como o seu principal biografador. Canto a Manuel García Paz, indica que publicou algunhas obras en galego e

que outras están á espera de ver a luz nunha "uxente edición crítica", lamentando o esquecemento en que caeu este "auténtico Patriarca das nosas letras". Respecto ao valenciano Juan Lacomba, sinala que alén de mestre, foi poeta e crítico de arte, e que nalgúns dos seus textos se refliten as súas impresións de Celanova, vila a que foi trasladado para dar clases.

Valcárcel, Marcos, 'A pegada do modernismo', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 'Ourense, universo literario', 28 decembro 2003, p. 9.

Baixo este título, Marcos Valcárcel repasa na súa sección fixa dedicada ao mundo literario ourensán a vida e a obra de Antonio Rey Soto (1879-1966). Indícanos que este home pertence a ese grupo de escritores nados en Galicia que publicaron as súas obras fundamentalmente en castelán, tirando tres libros de poemas que viron a luz nos comezos da súa actividade literaria: *O mosteiro de Ribas do Sil* (1903), *Falenas* e *O pazo* (1905). Sitúao, ademais, na corrente do modernismo, que tivo escasa repercusión nas nosas letras. Como tradutor, continúa Valcárcel, verteu ao galego a Byron e a Horacio, e foi tamén dramaturgo, novelista e guionista de cine. Así mesmo, explica, tras ordenarse sacerdote en Ourense e viaxar a Santiago e Madrid, ingresou na Real Academia Galega en 1920 e subliña que mantivo relacións de amizade con figuras como Castelao, Blanco Amor, Murguía e Noriega Varela. Por último, destaca a súa "magnífica" biblioteca, que se conserva no Mosteiro de Poio, ao que se retirou nos seus derradeiros anos.

Valcárcel, Xulio, 'Muller no baño', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 26 xaneiro 2003, p. 4.

Recóllese a publicación da antoloxía de traballos xornalísticos de Manuel Rivas (A Coruña, 1957), *Muller no baño* (2002) así como a súa presentación. Destaca Xulio Varcárcel o intento de Rivas de "situar a Galicia no mundo" ocupándose de temas variados.

Valcárcel, Xulio, 'Escolma de Victor Campio Pereira', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 243, 'Páxina literaria', 2 febreiro 2003, p. 4.

Dá conta da publicación de *Perdida luz* (2002), de Victor Campio Pereira (Garabás, Maside, 1928), na colección "Os libros da Frouma", unha antoloxía da obra deste autor reticente a publicar, segundo conta Xulio Valcárcel, pero de enorme importancia como dinamizador cultural.

Valcárcel, Xulio, 'Concubinas de Inma López Silva', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 9 febreiro 2003, p. 4.

Xulio Varcárcel comenta *Concubinas* (2002), de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978), novela gañadora do Premio Xerais e que é supón "a súa graduación como escritora". Destaca o autor a doada lectura da obra, o que, como remarca, non elimina unha coidada composición.

Valcárcel, Xulio, 'Visitantes', de Xavier R. Baixeras, *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 16 febreiro 2003, p. 4.

Xulio Varcárcel dá conta da reedición do poemario *Visitantes* (1991), co que Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) gañara o Premio de Poesía Miguel González Garcés en 1991. A nova edición mellora, segundo sostén Valcárcel, a presentación do texto, e facilita a súa lectura.

Valcárcel, Xulio, 'Biografía de Neira Vilas', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 246, 'Páxina literaria', 23 febreiro 2003, p. 4.

A publicación da biografía do autor de *Memorias dun neno labrego* titulada *Xosé Neira Vilas. Narrador, poeta, xornalista, historiador da nosa emigración* (2002), de Ramón Regueira Varela, sêrvelle a Xulio Varcárcel para facer un pequeno percorrido pola vida do escritor de Gres, dende o seu nacemento en 1928 até a actualidade.

Valcárcel, Xulio, 'Dársenas do ocase', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 2 marzo 2003, p. 4.

Xulio Varcárcel recolle a publicación de *Dársenas do ocase* (2002), I Premio Caixanova *Arte de Trobar*, de Xavier Seoane (A Coruña, 1954). Afirmar Valcárcel que se trata dun libro de madurez e complexo.

Valcárcel, Xulio, 'Reedición de 'Mesteres'', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 249, 'Páxina literaria', 16 marzo 2003, p. 4.

Informa da edición de *Mesteres* (1999) de Arcadio López Casanova en Xerais. Presenta este volume como paradigmático da poesía do momento, produto epigonal da literatura social. Na descrición da obra destaca os matices fonéticos, a súa densidade expresiva e léxica. Remata cunha análise-exposición da temática da súa poesía.

Valcárcel, Xulio, 'Antoloxía de Cabanillas', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 256, 'Páxina literaria', 4 maio 2003, p. 4.

Valcárcel comeza definindo a Cabanillas como un clásico que pervive na actualidade, e, fronte a certas eivas que o autor detecta (como o emprego do termo "Raza"), fai prevalecer as súas virtudes máis notábeis (variedade da súa obra, dedicación exhaustiva, etc.). A continuación, céntrase na antoloxía de Cabanillas realizada por Xesús Rábade Paredes, *Ramón Cabanillas: antoloxía* (2002), deténdose brevemente na súa estrutura interna e concluíndo que se trata dunha obra moi importante para manter a vixencia da poesía do cambadés.

Valcárcel, Xulio, 'Damas negras', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 257, 'Páxina literaria', 11 maio 2003, p. 4.

Comentario da antoloxía *Damas negras* (2002), realizada por María do Cebreiro e que reúne pezas cantadas por mulleres do mundo anglosaxón e con raigame africana (Billie Holiday, Diana Krall, Aretha Franklin, entre outras). Valcárcel apunta outros posíbeis criterios, como a inclusión do rap ou ritm&blues, mais valora positivamente o da antóloga.

En canto á ausencia da música destas pezas, o autor sinala cómo esta se compensou cunha "dose adicional de liberdade na traducción dos textos", que considera atinada.

Valcárcel, Xulio, 'Terra de Iria', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 18 maio 2003, p. 8.

Pon de manifesto o obxectivo de *Terra de Iria* (2002), de Anxo Angueira, así como o da colección á que pertence, e fai un breve percorrido polo seu contido. Apunta que contén "referencias históricas, socioeconómicas, literarias". Ademais salienta a toponimia que aparece na obra.

Valcárcel, Xulio, 'Exposición sobre Miguel González Garcés', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 261, 'Páxina literaria', 8 xuño 2003, p. 4.

Infórmase da exposición que no Quiosco Alfonso da Coruña se dedica ao poeta Miguel González Garcés. Destácase a importancia deste poeta-erudito e con referencia á exposición, organizada por Luciano Rodríguez Gómez, subliñase que reflicte o espazo histórico e vivencial de Miguel González Garcés.

Valcárcel, Xulio, 'Follas novas', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 283, 'Páxina literario', 9 novembro 2003, p. 4.

Unha nova reedición da obra de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) *Follas Novas* a cargo de Teresa Bermúdez (2002) sérvelle a Xulio Varcárcel para rememorar as circunstancias nas que se escribiu e publicou a obra.

Valcárcel, Xulio, 'Obra de Crecente Vega', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 285, 'Páxina literaria', 23 novembro 2003, p. 4.

Xulio Varcárcel fai unha breve aproximación á obra e á vida de Xosé Crecente Vega (Santa María de Outeiro, Terra Chá, 1896-Segovia, 1948), sacerdote, profesor de latín e poeta. Lamenta o esquecemento ao que foi condenada a súa obra, que compara coa de Noriega Varela. Recomenda a lectura de *Folla Bricia* (2002) e do estudo que Ricardo Polín fai da súa obra.

Valeiro, Marta R., 'Francisco Taxes, a alma impulsora do teatro moderno', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 marzo 2003, p. 1.

Marta R. Valeiro fai unha semblanza de Francisco Taxes (Camariñas, 1942) tras a súa morte. Resalta a súa influencia, especialmente a da súa primeira obra *O velorio*, e a súa pertenza ao grupo Abrente.

Vallés, Ana, 'Espacios alternativos', *Galicia Hoxe*, 'Eu>Nós', 25 xullo 2003, p. 39.

Ana Vallés explica o que se podería entender por teatro alternativo, aínda que segundo afirma é casi imposible facer unha defición xeneralista. Comenta, logo, a situación do teatro alternativo en Galicia, destacando a importancia de Santiago de Compostela no conxunto

do Estado e queixándose da falta de apoio do goberno.

Veiga, M., 'O médico que se metía en política e o galeguista que impugnou a Lei de Normalización', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'O pasamento de García-Sabell', 4 setembro 2003, p. 12.

Trala morte de Domingo García Sabell (Santiago de Compostela, 1909- A Coruña, 2003), M. Veiga traza un esbozo sobre a súa figura empregando ó mesmo tempo vivencias persoais con feitos históricos.

Veiga, Manuel, 'Manuel María e o Deus das pequenas cousas', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'O Foro das ideas e das artes', 10 xullo 2003, p. 2.

Con motivo da publicación en 2001 da obra completa de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929), que xulga aínda unha novidade pola súa importancia e polas súas dimensións e analiza cada un dos poemarios de Manuel María.

Ventura, Joaquim, 'Un espello de nós', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 27, 'Libros', 23 xaneiro 2003, p. IV.

Joaquim Ventura comenta o libro de viaxes *Impresións de Iberia* (2002), de André Peticolin que a finais do século XIX percorreu Galicia e que foi traducido por L. García Bugarín. Recolle que se afasta da idílica imaxe dunha "Arcadia" e que "este viaxeiro soubo captar o xeito de ser dos galegos".

Ventura, Joaquim, 'De medos e segredos', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 44, 'Libros', 22 maio 2003, p. IV.

Analiza o tratamento da Guerra Civil na literatura galega e fai unha achega á obra de Xavier López Rodríguez, *Amigo medo*. Describe o argumento da novela, os recursos, as técnicas, etc., e reflexiona sobre o medo e sobre aqueles que se viron metidos no conflito arriba sinalado.

Ventura, Joaquim, 'Do prelo ao celuloide', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 55, 23 outubro 2003, p. 1.

Tomando como punto de partida a adaptación ao cinema das obras *Trece Badaladas* (2002), de Suso de Toro e *Soldados de Salamina* (2001), de Javier Cercas, Joaquim Ventura analiza a influencia que na literatura ten este tipo de adaptacións.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O trazo aberto', *Atlántico Diario*, '*La Revista*', 'Musas', 19 xaneiro 2003, p. 47.

Refírese ao libro *O trazo aberto* (2002), no que percibe a mestura da obra de pintores e de poetas galegos. Cualifica o volume de "unha invitación á travesía poética".

Vidal Villaverde, Manuel, 'Sempre irmá', *Atlántico Diario*, '*La Revista*', 'Musas', 16

febreiro 2003, p. 47.

Sinala que *Sempre irmá* é un breve poemario que Pura Vázquez escribiu en 1996 e que agora se reedita, en edición de autor e non venal, en Ourense. Indica que o subtítulo da obra é *Poesía en ton menor: Imos chegando as dúas/á cima do cachón./Da lábil onda./Porque somos dous ríos,/e unha corrente soa./Un só mansío* e fai referencia á temática dos versos.

Vidal Villaverde, Manuel, 'De naufraxios', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 6 abril 2003, p. 69.

Comenta a saída ao mercado dunha obra escrita por Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956) e titulada *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), co que acadou o VI Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu. Sinala que son trinta e un poemas ilustrados polo propio autor e que se trata dunha "singradura de distintas voces". Finaliza reproducindo uns versos destes poemario.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Un vol d'inefable poesía', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 27 abril 2003, p. 55.

Comentario centrado na antoloxía *Un vol d'inefable poesía* (2002), que recolle parte da obra do poeta catalán Miquel Costa i Llovera, ao que define como un clásico da literatura en catalán nas Illas Baleares. A continuación, ofrece algúns datos biobliográficos e menciona as características desta antoloxía, para concluír que o intimismo, o humanismo cristián e coidadas doses de sensualismo son os trazos fundamentais da obra deste autor.

Vidal, Carme, 'Xoán Xosé García. 'A poesía desligada das vivencias sería un divertimento'', *A Nosa Terra*, nº 1.063, 'Cultura', 4 xaneiro 2003, p. 17.

Carme Vidal recolle as declaracións do poeta Xoan Xosé García (Ferrol, 1970) tras gañar o Premio Espiral Maior de Poesía. Subliña o feito de que, aínda que o autor escribe dende a adolescencia, comeza a publicar agora. O libro é, segundo as declaracións que se recollen do poeta, unha indagación a dúas voces sobre o amor, que acaba por refuxiarse no lugar mítico que Xoan Xosé García nomeou Torén.

Vieites, Manuel F., 'Un centenario para o teatro galego', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Teatro', 16 xaneiro 2003, p. VIII.

O centenario da estrea da obra teatral *¡Filla...!* de Galo Salinas na cidade da Coruña, que tivo lugar o 18 de xaneiro de 1903, sèrvelle a Manuel F. Vieites para facer un breve repaso do nacemento do teatro galego. Conclue lamentando a falta dunha escola de arte dramático na actualidade en Galicia.

Vieites, Manuel F., 'Teatro e cidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Tribuna de opinión', 23 xaneiro 2003, p. III.

Parte da fuxida de talentos a escolas e sistemas teatrais foráneos para reclamar unha Escola

de Arte Dramática en Galicia. Expón a necesidade de promocionar un sector común ao audiovisual e ao teatro e fai tamén unha relación dos centros onde se imparten estudos en Arte Dramática en España. Analiza desde un punto de vista político a situación da loita polo lugar onde implantar a escola e baralla tamén unha serie de argumentos polos que centrar esta actividade na cidade de Vigo. Á parte observa a situación do teatro escolar e indaga na súa organización e reclama, finalmente, unha compañía residente para Vigo.

Vieites, Manuel F., 'O nome dos disfraces', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Teatro', 10 abril 2003, p. VIII.

Tras un pequeno percorrido pola vida e traballo de Manuel Guede a cargo do CDG, céntrase no seu libro *O nome dos disfraces* (2002), un texto na procura de resolver un enigma ao redor da morte dun alto funcionario vinte e cinco anos despois de que acontecese. Resáltase a importancia de coñecer o pasado para poder afrontar o futuro.

Vieites, Manuel F., 'Unha urbe creativa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 maio 2003, p. I.

Apunta os tres elos sobre os que debe xirar o "pacto polo teatro" que debe elaborar a cidade de Vigo. Así, indica que deberá ser unha cidade teatral apoiándose na creación do Instituto Municipal das Artes Escénicas, solicitando para a Cidade Olívica a Escola Superior de Arte Dramática e, finalmente, organizando un Festival Internacional de Teatro e Danza.

Vieites, Manuel F., 'Teatro en Vigo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 22 maio 2003, p. I.

Primeiro fálase da entrega dos premios "Max" que tivo lugar en Vigo para logo centrarse no teatro. Critícase que non se comentase nada del e que unido a isto está o feito de que acolla obras que chegan de fóra e non se potencie a súa capacidade creativa. Por outra parte pídesse que se potencien os teatros da cidade, aínda que para iso se necesita a creación dun Instituto Municipal das Artes Escénicas.

Vieites, Manuel F., 'Teatro amator', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 26 xuño 2003, p. I.

O teatro é de vital importancia para o bo desenvolvemento da cidadanía, segundo sostén Manuel Vieites. Afirmar que o teatro afeccionado é unha boa maneira de que os diferentes membros da sociedade interactúen. Defende, igualmente, a súa importancia á hora de inculcar valores na xuventude.

Vieites, Manuel F., 'Teatro e cidade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Teatro', 2 outubro 2003, p. VIII.

Manuel F. Vieites argumenta sobre o beneficio que unha Escola de Arte Dramático lle suporía a Galicia. En primeiro lugar fala dos beneficios económicos (postos de traballo,

etc.) e da excepcionalidade da comunidade galega no panorama español, por ser unha das tres comunidades autónomas nas que non se poden seguir estes estudos. Finalmente, o autor céntrase na defensa da cidade de Vigo como lugar privilexiado para estes estudos.

Vilavedra, Dolores, 'Intramundi', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, pp. 4-5.

Dolores Vilavedra comenta *Intramundi* (2002), novela na que Carlos Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948) "fai unha crónica particular de Tras da Corda", que é, segundo sinala Vilavedra, o "particular Macondo" do autor. Destácase que a novela retome o xénero de novela de caciques e que mesture a historia de protagonista co relato coral. Lamenta que a condición de xornalista do autor se deixe entrever nalgúns capítulos, así como que a obra aparecese en primeiro lugar no mercado castelán.

Vilavedra, Dolores, 'Resistencia', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 458, 27 febreiro 2003, pp. 6-7.

Dolores Vilavedra afonda na obra de Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) *Resistencia* (2002), nos seus fallos e nas súas virtudes. Así, destaca a importancia dos silencios dos personaxes, protagonistas case dunha saga familiar, algo, segundo Vilavedra, positivo para a novela. Pero, en cambio, critica a brevidade dalgúns capítulos e a seriación apreciable noutros.

Vilavedra, Dolores, 'Lembranza de Xoán González-Millán', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 5 xullo 2003, pp. 40-41.

Dolores Vilavedra fai un longo obituario trala morte de Xoán González Millán (1951-2002), autor de diferentes estudos sobre a literatura galega e profesor nunha universidade estadounidense. Destaca especialmente a súa condición de creador do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, xurdido no 2002.

Villar, Carmen, 'O home que caeu nas gadoupas dos lobos', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 325, 16 agosto 2003, p. 4.

O centenario do nacemento de Ánxel Fole (Lugo, 1903- 1986) permítelle a Carmen Villar facer un percorrido pola vida e obra do autor lucense. Destaca a influencia da tradición oral na súa produción, así como a vantaxe que tivo por nacer nun fogar acomodado no que se potenciou a cultura. Finalmente recorda a súa actividade política, para concluír ofrecendo pinceladas sobre a súa vida.

Villares, Ramón, 'Intelectual e ensaísta', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 22, 'O retrovisor', 16 agosto 2003, p. 10.

Ramón Villares fai un breve estudo sobre a condición europeísta de Domingo García Sabell. Sostén Villares que, aínda que a súa obra estaba escrita en galego e que o seu autor se converteu nun dos dinamizadores do ensaio, a súa visión non se centraba en Galicia.

Viqueira, Silvia, '¿Cuáles son los auténticos incunables gallegos? ', *El Correo Gallego*, '(Sobre)Vivir', nº 2, 2003, p. 4.

Sinala que se considera que unha obra impresa é un incunábel cando é anterior ao 1501, aínda que esta data límite non é rixida; explica as características destes documentos e dálle a procedencia latina deste termo. De seguido indica que, entre os máis destacados incunábeis galegos, cómpre destacar o *Confesional de Mondoñedo*, que se atopa no seminario de Mondoñedo; o *Breviario Auriense*, que se atopa na Catedral de Ourense e se considera a primeira obra impresa de Galicia; o *Misal Auriense*, que é de 1494 e que se atopa en Monterrei ou o *Misal Compostelano* de 1495; achega, finalmente, breves comentarios sobre cada un destes incunábeis galegos.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, 'Fillos egrexios de Rianxo', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 12 xaneiro 2003, p. 2.

O aniversario do pasamento de Castelao (Rianxo, 1886- Bos Aires, 1950) lévalle a Avelino Abuín de Tembra a recordar as figuras da literatura galega nadas alí nun período de quince anos: Rafael Dieste (Rianxo, 1899- Santiago de Compostela, 1981), Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930) e o propio Castelao. Abuín de Tembra afirma que se trata dun caso insólito e único que nun mesmo lugar nacesen en tan pouco tempo tres persoas tan importantes.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Terra de Iria de Anxo Angueira', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 10 febreiro 2003, p. 3.

Critica o empeño de Borobó por reivindicar o topónimo do Ullán, que segundo o propio Borobó foi argallado por Lustres Ribas (mártir de Santa Uxía de Ribeira) e que abrangería dende o Faramello a Cortegada. No seu empeño, Borobó e Piñeiro Ares chegaron a crear o Ateneo do Ullán, o que provocou unha controversia que se resolveu chamándolle a esa zona Terras de Iria Flavia. Fala, de seguido, do libro de Anxo Angueira: *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*, que é o número seis das "Viaxes de A Nosa Terra"; gaba o labor literario do seu autor e dá conta do percorrido que realiza Anxo Angueira por esas terras.

Abuín de Tembra, Avelino, 'A escolma poética de Cabanillas', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 17 febreiro 2003, p. 3.

En primeiro lugar, gaba ao escritor Xesús Rábade Paredes e cita algunhas das súas obras poéticas, narrativas e ensaísticas. De seguido, sinala que vén de publicar *Ramón Cabanillas. Escolma poética* e explica que esta coidada antoloxía inclúe cincuenta poemas de cada poemario de Cabanillas, referencias biográficas e as notas do editor. Afirma, finalmente, que Cabanillas é un dos poetas galegos máis esquecidos dende o seu pasamento e lembra que na ditadura franquista os seus poemas circulaban en follas soltas. Destaca, así

mesmo, a súa categoría como poeta e a súa gran condición humana.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Rosalía, 166 anos de existencia', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 24 febreiro 2003, p. 3.

Lembra que hoxe se cumpre o cento sesenta e seis aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a quen considera a "a voz de Galicia para sempre". Afirmo que aínda queda moito que facer pola dignificación internacional da poetisa galega e dá conta dos erros que sobre a biografía e bibliografía da escritora aparecen en obras nacionais como o *Diccionario de Autores* (1973), de Mariano Baquero, publicado pola editorial Montaner y Simón, e o *Diccionario Literario* (1967), de González Porto-Bompiani, da mesma editorial nos que hai referencias á vida de Rosalía de Castro pouco axeitadas nun volume deste tipo, erros nos títulos das obras, erros nos anos de publicación e faltan referencias a obras significativas.

Abuín de Tembra, Avelino, 'As calendas galegas de marzo', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 2 marzo 2003, p. 2.

Dá conta das efemérides máis destacábeis dos tres primeiros meses do ano. Sinala que en xaneiro se celebran os aniversarios do nacemento de Alfredo Brañas, de Rafael Dieste, de Uxío Novoneyra e de Alfonso D. Rodríguez Castelao; cúmprense, así mesmo, os aniversarios do pasamento de Ramón María del Valle-Inclán, de Castelao e de Manuel Antonio. En febreiro celébranse os aniversarios do nacemento de Salvador Cabeza de León, de Eduardo Pondal e de Rosalía de Castro; cúmprense, así mesmo, os aniversarios do pasamento de Concepción Arenal e de Álvaro Cunqueiro. Finalmente, no mes de marzo celébranse os nacementos de Otero Pedrayo e de frei Martín Sarmiento, a publicación de *Sempe en Galiza*, de Castelao, e o aniversario do pasamento de Curros Enríquez.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Tributo para Álvaro de las Casas', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 3 marzo 2003, p. 2.

Dá conta da homenaxe que se lle brindará a Álvaro de las Casas proximamente en Santiago de Esposende, preto de Ribadavia. Explica que Álvaro de las Casas (1901-1950) foi un destacado poeta nacionalista, catedrático, director do instituto de Noia, impulsor da Biblioteca de Estudios Galegos e do boletín *Alento* de cultura galega, autor dunha cuantiosa obra literaria (poética, narrativa e dramática) e fundador da organización Ultreia, que pasou varios anos no desterro bonaerense. Ademais de citar parte da súa obra, explica os principios e principais actividades de Ultreia.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Galicia Viva para Borobó', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 1 xuño 2003, p. 6.

Dá conta da homenaxe que Pontecesures lle rendeu a Borobó, fillo predilecto da vila, poñéndolle o seu nome a unha das rúas. Sinala, así mesmo, que a pesar de ter nacido en Pontecesures, Borobó sentía verdadeira paixón por Rianxo e a ela dedicou numerosas e entusiastas páxinas literarias; a pesar disto, a corporación municipal rexeitou a iniciativa dunha asociación cultural que pretendía nomealo como fillo adoptivo. Isto non mermou a persistencia do escritor pola vila e polos seus fillos ilustres (Castelao, Dieste, Manuel

Antonio...) sobre os que realizou numerosos traballos e investigacións.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Arturo Noguerol', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 8 xuño 2003, p. 5.

Considera que chegou o momento de honrar os chamados "secundarios das letras de Galicia", porque á sombra dos grandes escritores galegos (Rosalía de Castro, Curros Enríquez, ...) hai moitos outros aos que, nalgúns casos, non se lles prestou todo o recoñecemento que merecerían. Tendo en conta que a Real Academia Galega debe decidir proximamente quen será o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2004, a Avelino Abuín de Tembra vénselle á mente Arturo Noguerol Buján, de quen di que foi un funcionario público comprometido con Galicia e co seu tempo, que foi asasinado en agosto de 1936 na beiravía da estrada A Coruña-Ferrol e que inspirou en Otero Pedrayo os maiores eloxios de concordia.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Os xogos florais', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 7 xullo 2003, p. 5.

Sinala que vén de celebrar o cento doce aniversario dos Xogos Florais de Tui (1891) e explica que este tipo de certames, celebrados en numerosas cidades galegas, serviron de impulso para a promoción, defensa e dignificación da lingua galega. Pregúntase se non sería axeitado que a día de hoxe se recuperasen co fin de prestixiar a lingua e colaborar no seu proceso de normalización.

Abuín de Tembra, Avelino, 'A hora de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 20 xullo 2003, p. 4.

Afirma, en relación co Día das Letras Galegas, que a sociedade se inclina pola poesía e que, por esta razón, os anos dedicados a poetas teñen máis relevancia cós dedicados a narradores, investigadores ou ensaístas. Sinala que o ano 2004 estará dedicado a Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas" e considera que hai outros autores (Flores Delgado, Gurriarán, os curas de Fruime, Lorenzo Varela, Ramón Piñeiro, Plácido R. Castro...) que merecían máis pronto esta honra e apunta a posibilidade de que se lle dedique a Lorenzo Fernández debido á presión do Museo do Pobo Galego, da Fundación Antonio Fraguas e dos epígonos da galeguidade que esmorece. De seguido, dá conta dos méritos (iniciativas, premios, cargos...) que fan a Xaquín Lorenzo merecedor desta homenaxe.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Ánxel Fole na soedade', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 18 agosto 2003, p. 5.

Lamenta que o centenario do nacemento de Ánxel Fole non fose celebrado como o escritor lucense merecería e critica que nin a sociedade civil, nin os seminarios de lingua e literatura galega fixesen nada evitalo. Sinala que unicamente se pronunciou un discurso loatorio en Lugo, a cargo de Luís Alonso Girgado e enumera as catro grandes obras de Fole (*A lus do candil*, 1953; *Terra brava*, 1955; *Pauto de demo*, 1958, e *Os contos da néboa*, 1973) e os encomios e homenaxes recibidas: ingreso na Real Academia Galega, fillo predilecto de Lugo, medalla Castelao...

Abuín de Tembra, Avelino, 'Oito de setembro', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 7 setembro 2003, p. 5.

Fai referencia ás numerosas celebracións que ao redor da festividade da Virxe se celebran por toda Galicia na semana do oito de setembro; fala, así mesmo, do amplo cancionero popular que existe ao redor deste eixo temático. Sinala, finalmente, que o pasado dez de agosto se homenaxeou ao trovador Johán de Requeixo, que cantou á Virxe do Faro e que neste acto se colocaron os cinco poemas que del se conservan en pedra granítica.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Bóveda no desdén', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 2 novembro 2003, p. 5.

Sinala, en primeiro lugar, que en Galicia hai numerosas efemérides que non se celebran (o centenario de Eça de Queirós, a batalla de Pontesampaio, o Día Mundial do Mar, o Día da Galiza Mártir, o aniversario do banquete de Conxo e os mártires de Carral...). Entre todas estas efemérides que Galicia non celebra, destaca o desleixo institucional cara ao centenario do pasamento de Alexandre Bóveda; afirma que Bóveda "é a primeira vítima da coacción españolista sobre o actual panorama de Galicia" e critica que a sociedade civil non equipare a figura de Castelao coa de Bóveda, pois segundo Abuín son complementábeis e inseparábeis. Reclama, finalmente, para Alexandre Bóveda o recoñecemento e homenaxes que merece.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Luís Aguirre del Río (I)', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 30 novembro 2003, p. 5.

Sinala que á nómina de autores das terras de Laíño e Dodro (Fortunato Cruces Angueira, Eusebio Lorenzo Baleirón, Anxo Angueira e Ramón F. Reboiras) hai que engadir o nome de Luís Aguirre del Río. Comenta que este escritor, nado en Lestrove en 1839, é autor dun poema titulado "Ámame", que presentou aos Xogos Florais da Coruña en 1861 e que aparece no *Álbum de la Caridad* e que escribiu, ademais, un *Diccionario del dialecto gallego*, que se converte no primeiro vocabulario galego por cronoloxía e no único que recolle o léxico das terras de Padrón. Sinala tamén que entregou na imprenta unha folla solta titulada *Himno escolar* e que é autor dun denso volume de poemas que se conservan na súa versión manuscrita e que están acompañados dunha biografía do poeta escrita por Nicasio Rodríguez de Castro. Abuín sinala que agora resta saber qué relación mantivo Aguirre cos demais escritores da súa xeración e por qué quedou no esquecemento tras a súa morte.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Luís Aguirre del Río (e II)', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 1 decembro 2003, p. 5.

Dá conta de tanta información biográfica se coñece sobre Luís Aguirre del Río. Sinala que naceu en Lestrove no ano 1840 e que foi educado na casa dos avós paternos en Rianxo. Estudou no instituto universitario de Santiago e en 1856 empezou a facer versos, sendo unha fonte importante de inspiración unha rapaza da que estaba namorado. En 1860 marchou para Madrid, onde se fai amigo de Vicetto e Añón e alí publicou *Ecos del*

Manzanares, un volume no que compilou cantares do pobo madrileño, e un volume de sesenta e sete poemas; en 1862 publicou na Coruña outro poemario con cincuenta e dous textos. Ademais, parece que publicou en revistas e xornais máis de duascenas poesías, das que apenas se conserva memoria. En Madrid, estivo protexido por Nicomedes Pastor Díaz e foi amigo de Ruíz Aguilera, Navarro Villoslada e Antonio de los Ríos Rosas; en 1863 regresou a Galicia, instalouse en Santiago de Compostela e alí se data a súa restante produción poética.

Abuín de Tembrea, Avelino, 'A hora de Bóveda', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 8 decembro 2003, p. 5.

Entre outros asuntos, fai referencia ao congreso "A Galicia de Bóveda", no que se revisou coidadosamente a biografía, o pensamento, o labor político e a transcendencia de Alexandre Bóveda na preparación do Estatuto de Galicia. Neste congreso reivindicouse a homenaxe pública e urxente que Bóveda merece e solicitouse o recoñecemento oficial de Alexandre Bóveda como pai da Patria, artífice do Estatuto de 1936 e mártir da causa nacional galega. Finalmente, Abuín de Tembrea pregúntase a onde irán todas estas reivindicacións.

Abuín de Tembrea, Avelino, 'Páxinas da Historia galega', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 14 decembro 2003, p. 5.

Dá conta das numerosas efemérides galegas celebradas no mes de decembro, por exemplo o pasamento de Eduardo Blanco Amor, a fundación de Edicións do Castro, o nacemento de Luís Pimentel, a estrea do himno galego, o nacemento de Álvaro Cunqueiro... Entre todas elas destaca a decapitación do mariscal Pardo de Cella (17 de decembro de 1483) e o saqueo das rías de Vigo e Arousa efectuado polos piratas turcos e berberiscos (9 e 10 de decembro de 1617), ás que se refire de xeito máis pormenorizado.

Alcalá, Xavier, 'Guerra e posguerra', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 16 marzo 2003, p. 8.

Afirma que as dúas últimas décadas da literatura galega estiveron ateigadas de novelas que lembraban as atrocidades cometidas na guerra e na posguerra (*Os mortos daquel verán*, *Verán do 36*, *Fuxidos de sona*, *Matádeo mañá...*), pero sorpréndese da gran presenza que este tema está tendo nos últimos tempos. Intúe que pode deberse ao rumbo bélico que pretende tomarse dende Madrid e asegura que o Tribunal das Letras debe someter a xuízo este tipo de actuacións políticas.

Alcalá, Xavier, 'Entre a BBC e o CCG', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 28 decembro 2003, p. 6.

O vixésimo aniversario do Consello da Cultura Galega e a súa estada en Portugal, levan a Xavier Alcalá a reflexionar sobre a lingua e a literatura galegas. Así, refire as súas conversas cos seus anfitrións sobre os cultos reis medievais e sobre a reportaxe que a BBC lles dedicou ás relacións entre as linguas ibéricas na Idade Media.

Aleixandre, Marilar, 'Xela, furtiva, na madrugada', *La Voz de Galicia*, 'De cotío', 4

novembro 2003, p. 6.

Lembranza, de gran contido poético, de Xela Arias con motivo do seu falecemento.

Allegue, Alexandre, 'A Borobó. In Memoriam', *Diario de Arousa*, 'Opinión', 7 setembro 2003, p. 7.

Poema dedicado a Borobó por Alexandre Allegue. O texto lírico en cuestión está datado en Vilanova de Arousa, e posúe unha estrutura epistolar (co encabezamento "Caro Mestre") e paralelística (todos os versos agás o último comezan por "Medra...").

Alonso Montero, Xesús, 'Vinte escritores en Fisterra', *La Voz de Galicia*, 'Beatus qui legit', 2 xaneiro 2003, p. 12.

Xesús Alonso Montero comenta a reunión de escritores que houbo en Fisterra para ler os seus textos sobre o afundimento do *Prestige*. Resalta a importancia da presenza dos escritores e escritoras nun acto destas características, sinalando que non se tratou só dun acto literario senón dunha "cita coa Historia".

Alonso Montero, Xesús, 'Loito na lingüística indoeuropea', *La Voz de Galicia*, 'Beatus qui legit', 16 xaneiro 2003, p. 14.

A morte do lingüista Isidoro Millán González-Pardo sèrvelle a Xesús Alonso Montero para trazar un breve percorrido polas súas contribucións á literatura galega. Destaca en primeiro lugar a súa amizade e admiración por Ramón Cabanillas, autor co que Isidoro Millán colabara tanto no cancionero *Antífona da Cantiga* (1951) cun comentario filolóxico dos textos coma na obra do cambadés *Versos de alleas terras e tempos idos*, para a que Ramón Cabanillas tivera moi en conta a pretradución e as observacións de Isidoro Millán sobre algúns poetas gregos. Tamén reflicte as contribucións que como tradutor tivo Isidoro Millán, que verteu do galego ao grego antigo o poema "A Rosalía", de Curros Enríquez, así como ó galego unha oda de Horacio e "Morte na catedral" de Eliot.

Alonso Montero, Xesús, 'Homenaxe a Fernando Tato', *La Voz de Galicia*, 'Beatus qui legit', 6 febreiro 2003, p. 10.

Dá conta da homenaxe que a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela rendeu ao profesor Fernando R. Tato Praza, finado o 8 de xaneiro de 2000. No acto presentouse o volume *Homenaxe a Fernando R. Tato Praza*, coordinado polo profesor Ramón Lorenzo; o libro contén cincuenta e cinco traballos de investigadores novos e de nomes consagrados, en moitos casos presentando temas investigados por primeira vez. Entre as obras do desaparecido profesor cita a súa colaboración en *Diccionario dos nomes galegos* (1992), *Alonso e Montero: estudio antroponímico* (1999) e a edición do *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, que foi premiado en 1999 pola Fundación Lois Peña Novo.

Alonso Montero, Xesús, 'Noite de pedra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 1, 'Beatus qui legit', 15 marzo 2003, p. 7.

Fai referencia á presentación, en Vigo, do facsímile da primeira edición de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, coincidindo co corenta aniversario da súa publicación; do acto critica a súa frialdade e as poucas persoas que asistiron. Considera que a obra é un dos grandes libros da literatura galega e que tivo un papel fundamental en pleno franquismo; moléstalle a aptitude que cara á figura de Celso Emilio Ferreiro manteñen certas institucións e persoas e propón á Fundación que leva o seu nome que organice unhas xornadas de estudo para achegármonos ao vigor e ao esplendor da poesía de Celso Emilio.

Alonso Montero, Xesús, 'Lois Tobío', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 2, 'Beatus qui legit', 22 marzo 2003, p. 7.

Sinala que hai unha etapa da vida e do pensamento de Luís Tobío que é ignorada e silenciada por moitos; refírese ao fervor marxista que presidía a súa vida cando está en Alemaña no ano 1930. Lembra que daquela era, xunto con Felipe Fernández Armesto, un marxista confeso e que naquel país recibiron a visita dun Vicente Risco reaccionario, etapa vital que aparece nas *Memorias* do propio Tobío, onde tamén se confesa discípulo de Heller. O profesor Alonso Montero lamenta, así mesmo, que algúns ensaios de Luís Tobío, como *Refresións encol do momento aitual de Galicia* e outros textos semellantes, estean aínda sen editar.

Alonso Montero, Xesús, 'Perfidia ianqui', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 3, 'Beatus qui legit', 29 marzo 2003, p. 7.

Lembra o artigo que Manuel Curros Enríquez publicou na Habana en 1896, titulado "Perfidia ianqui", sobre a aptitude de Estados Unidos axudando aos insurxentes cubanos para liberarse da canga española en beneficio propio. Compara esta situación co que está a acontecer en Iraq e lembra, así mesmo, as palabras de Curros denunciando o imperialismo dos Estados Unidos e as "virtudes" da civilización ianqui. Remata manifestando a súa posición contraria á guerra de Iraq.

Alonso Montero, Xesús, 'Azaña', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 5, 'Beatus qui legit', 12 abril 2003, p. 10.

Fala da relación epistolar que mantiveron Manuel Azaña, presidente da II República, e Eduardo Blanco Amor. Sinala que estas cartas, catorce en total, se conservan na Biblioteca de escritores ourensáns da Deputación Provincial de Ourense e que foron exhumadas, lidas e comentadas por Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda. De entre todas elas, destaca unha de Cipriano Rivas Cherif (cuñado de Azaña), escrita dende Francia en 1940, pola cal se sabe que Blanco Amor lle ofrecera ao ex-presidente os seus modestos medios económicos. Asemade tamén se sabe por esta, que estes ofrecementos confortaron profundamente a Azaña nos seus últimos días de vida.

Alonso Montero, Xesús, 'Escritores ourensáns', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Beatus qui legit', 7 xuño 2003, p. 15.

Fala da Biblioteca de Escritores Ourenseiros da Deputación de Ourense; explica que nela se

recollen fondos bibliográficos e documentais (cartas, manuscritos, inéditos, iconografías...) de varios escritores da provincia e que, de todos eles, o fondo máis rico corresponde a Eduardo Blanco Amor, de quen se gardan numerosas cartas, dedicatorias de libros, os manuscritos dos seis poemas galegos de García Lorca... A iniciativa de crear esta biblioteca partiu de Victorino Núñez, daquela presidente da Deputación, e foi dirixida nos seus primeiros anos por Ángeles Fernández, a quen reconece o seu importante labor e a dedicación a tan relevante institución.

Alonso Montero, Xesús, 'Xerardo' Denley', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 13, 'Beatus qui legit', 14 xuño 2003, p. 7.

Sinala que Gerald Denley, nado en Londres no ano 1926, escribiu dende 1973 un mollo de poemas en lingua galega. Explica que chegou a Valdoviño dende París, en bicicleta, en 1969 e que as xentes do lugar lle chamaban Xerardo. Conta que en 1993 participou no Iº Congreso de Poetas Alófonos, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, e que nas actas do mesmo se inclúe un poema seu titulado "A Rosalía", no que lle agradece o poema que ela lle dedicou a sir John Moore. Sinala, finalmente, que Gerald Denley morreu atropelado por un automobilista na cidade da Coruña o pasado 4 de xuño.

Alonso Montero, Xesús, 'Bóveda e o latín clásico', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 15, 'Beatus qui legit', 28 xuño 2003, p. 15.

Sinala que o 4 de xuño se celebrou o centenario do nacemento de Alexandre Bóveda e, con este motivo, a cidade de Pontevedra organizou unha mostra evocando a súa vida e a súa morte. Bóveda foi fusilado o 17 de agosto de 1936 e, en opinión de Alonso Montero, ningún dos seus biógrafos ten examinado a fondo as circunstancias do fusilamento. Afirmar que o secretario xeral do Partido Galeguista salvou a vida pola mediación dunha familia influente e que Alexandre Bóveda, que unicamente era secretario de organizacións, non atopou en todo Pontevedra quen o defendese. Conta, finalmente, que durante o xuízo de Bóveda o fiscal Ramón Rivero atribuíu uns versos de Horacio a Virxilio.

Alonso Montero, Xesús, 'Córgomo, capital da cultura', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 20, 'Beatus qui legit', 2 agosto 2003, p. 15.

Informa da homenaxe que a aldea de Córrego (Valdeorras) ofreceu ao seu veciño, o poeta Florencio Delgado Gurriarán, no centenario do seu nacemento; o acto incluíu un pregón a cargo de Xesús Alonso Montero, dous monólogos de Quico Cadaval e un recital poético a cargo de Redes Escarlata. O poeta, que destacou pola súa poesía satírica contra o ditador franquista e por traducir ao galego poetas franceses, estivo exiliado en México e agora os seus veciños queren recuperar a súa memoria dando a coñecer os seus versos.

Alonso Montero, Xesús, 'S.O.S.: ¿Quen foi Antonio Magariños Granda?', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 33.

Fala dun poema inédito titulado "Estoria escolar do Noso Señor", datado en 1963 e da autoría de Antonio Magariños Granda. Alonso Montero explica que este texto foi recomendado polo censor eclesiástico como material pedagóxico para inculcar na

poboación rural a doutrina cristiá, aconsellando ademais a súa publicación no *Boletín da Arquidiocese*. Con respecto ao autor, sinala que en 1962 traballaba como mestre nacional de Cambados e que podería ser o fillo dun mestre ao que Ramón Cabanillas citou en 1915 pola súa 'verba clara e limpa'.

Alonso Montero, Xesús, 'Borobó, ¡meu capitán!', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 25, 'Beatus qui legit', 6 setembro 2003, p. 7.

Pouco tempo despois do pasamento de Borobó, fai un recordatorio para gabar a súa calidade literaria, sobre todo como xornalista, e a súa gran amizade. A xeito de anécdota conta que a sublevación de agosto do 36 sorprendeu a Borobó como bolseiro en Santander e que, no canto de vir para Galicia, marchou a Madrid; alí, con tan só vinte anos, foi un dos que impediu que os fascistas tomasen a cidade o 6 de novembro de 1936 participando na batalla como sarxento de artillería. Conta, ademais, que pouco tempo despois deste episodio Borobó foi nomeado Comisario político.

Alonso Montero, Xesús, 'A Eneida, ¿secuestrada?', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'Beatus qui legit', 20 setembro 2003, p. 7.

Sinala que o sacerdote e poeta Avelino Gómez Ledo (1893-1977) traduciu ao galego o poema épico de Virxilio, *A Eneida* e tamén as dez églogas e *As Xeórxigas* do mesmo autor. Explica que os manuscritos das traducións de *A Eneida* se atopan no mosteiro de Oseira e critica que aínda non se teña publicado. Insta, finalmente, ás autoridades municipais de Chantada para que recuperen esta versión galega de *A Eneida* do desleixo intelectual no que se atopa.

Alonso Montero, Xesús, 'O último poeta en latín', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 28, 'Beatus qui legit', 27 setembro 2003, p. 6.

Sinala que a semana pasada a Universidade de Compostela acolleu o XI Congreso da Sociedade Española de Estudos Clásicos, onde os escritores galegos estiveron presentes. Dunha banda, falou dos escritores galegos que están no ronsel das humanidades na sesión titulada "A tradición clásica en Galicia"; doutra banda, a figura de P. Sergio Álvarez Campos (1924-1994) estivo presente en todo o congreso. Sinala que Álvarez Campos foi profesor de latín na universidade compostelá e unha autoridade das linguas clásicas; foi, asemade, poeta en latín e tradutor de poetas galegos ao latín e ao grego clásicos. Indica, finalmente, que os asistentes ao congreso visitaron a Casa Museo de Rosalía (Padrón) e que alí recibiron un opúsculo de corenta e catro páxinas titulado *Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásico*, subtitulado *Homenaxe ó profesor Sergio Álvarez Campos*.

Alonso Montero, Xesús, 'Cando Rosalía vendeu media leira', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 29, 'Beatus qui legit', 4 outubro 2003, p. 7.

Sinala que, no número dous da *Revista de Estudios Rosalianos*, Victoria Álvarez Ruíz Ojeda acaba de publicar un documento que revela que Rosalía de Castro vendeu o 3 de abril de 1866 media leira que compartía cunha tía súa e que súa nai tivo que vender en 1847

a casa de Padrón. Di así mesmo que se publicou recentemente o epistolario *Cartas a Murguía*, en edición de Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, onde figura unha carta do editor Soto Freire a Murguía, de data 4 de abril de 1866, na que se compromete a enviarlle máis cartos para que Rosalía de Castro non se vexa obrigada a vender a finca. Todos estes documentos dan conta da precaria situación económica na que viviu a poeta galega.

Alonso Montero, Xesús, 'Rosalía: Ta pu lof ulkantufe', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 31, 'Beatus qui legit', 18 outubro 2003, p. 6.

Indica que o Centro de Estudios Rosalianos publicará proximamente unha coidada edición multilingüe do poema de Curros Enríquez titulado "A Rosalía" que incluírá a versión texto na lingua amerindia dos mapuches, o mapudungun. O autor da tradución é Leonel Lienlaf, un poeta de Alepue co que Alonso Montero se puxo en contacto a través de Paulina Valente, profesora en Santiago de Chile e sobriña de José Ángel Valente, que está a preparar unha tese de doutoramento na que compara a poética de Rosalía de Castro coa dalgunhas voces femininas importantes da literatura hispanoamericana.

Alonso Montero, Xesús, 'Centenario estradense', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 32, 'Beatus qui legit', 25 outubro 2003, p. 7.

Sinala que o 20 de maio deste ano se celebrou o centenario do pasamento de Marcial Valladares Núñez e para conmemorar esta data, a editorial Xerais publicou a edición da súa *Poesía*, precedida dun estudo de cen páxinas da autoría de Xosé A. Fernández Salgado. Este estudo preliminar, que é un resumo da tese de de doutoramento do profesor, constitúe o achegamento máis amplo e erudito á vida e á obra literaria de Marcial Valladares. Alonso Montero confesa que sente devoción polo autor do *Diccionario gallego-castellano* (1884), que en 1866 se retirou aos seus lares de Vilancosta, canso da súa actividade política, para entregarse aos seus estudos lingüísticos.

Alonso Montero, Xesús, 'Ánxel Casal en Cáceres', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 35, 'Beatus qui legit', 15 novembro 2003, p. 7.

Indica que a lectora de galego na Universidade de Estremadura organizou en Cáceres unhas xornadas de estudo co título "Lembrando a Castelao", en relación cos dez meses que o ilustre galego estivo exiliado nas terras estremeñas. As xornadas, que incluíron sete conferencias, foron inauguradas por Alonso Montero cunha conferencia titulada "Castelao, o escritor e o artista, nos anos da Guerra Civil" na que deu conta do contido dalgunhas cartas que Castelao enviou ao seu amigo Rodolfo Prada (Bos Aires) en 1938 e 1939. Nestas cartas Castelao amosa a súa dor pola morte de Ánxel Casal, que foi paseado o 19 de agosto de 1936; pídelles a Rodolfo Prada que saúde á viúva de Casal (exiliada en Bos Aires) e lamenta que Casal e outros republicanos desatendesen os seus consellos cando o 17 de xullo de 1936 tratou de disuadilos para que non volvesen a Galicia dende Madrid, a onde foran para entregar o texto do Estatuto de Autonomía.

Alonso Montero, Xesús, 'Kálevala', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'Beatus qui legit', 22 novembro 2003, p. 6.

Indica que hai uns días que estivo na Universidade de Helsinqui, invitado pola Cátedra de Galego que rexenta a hispanista Taina Hämääläinen, para proferir dúas conferencias: unha sobre a problemática cultural e política do idioma galego (de 1853 a hoxe) e outra sobre Álvaro Cunqueiro como lector apaixonado do poema épico Káleva. En Helsinqui, ademais, coñeceu a Sánteri Siemes, un rapaz superdotado para os idiomas, que con vinte e dous anos sabe vinte linguas, entre elas, o galego e mesmo escribiu algún traballo sobre o infinitivo conxugado.

Alonso Montero, Xesús, 'Cita en Monterroso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'Beatus qui legit', 6 decembro 2003, p. 7.

Dá conta da homenaxe que a vila de Monterroso rendeu o 29 de decembro ao poeta Lorenzo Varela. O acto incluíu múltiples actividades literarias: conferencia inaugural, mesa redonda, recital poético, mostra fotobiobibliográfica, fallo dun certame escolar e a presentación de dous libros. Por un lado, unha escolma de poemas, preparada por Alonso Montero e editada por Xerais; polo outro, un volume no que Gregorio Ferreiro Fonte seleccionou centos de textos críticos e poéticos sobre Lorenzo Varela.

Alonso, Fran, 'Plácido Castro', *A Nosa Terra*, 11 setembro 2003, p. 40.

Sínálase que Plácido Castro foi un dos candidatos ao Día das Letras Galegas 2004 e faise unha breve achega á súa figura, destacando a súa vinculación coa cultura británica, o seu labor político e o seu traballo como presidente das Irmandades da Fala.

Álvarez Gándara, Alfonso, 'García-Sabell na Historia', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 9 agosto 2003, p. 28.

Recorda a Domingo García-Sabell no día seguinte ao seu pasamento; destaca a superioridade intelectual, paradigma do intelectual europeo, do médico humanista, académico, antropólogo, filósofo, polígrafo, músico e musicólogo que desempeñou o papel de embaixador de Galicia na cultura de fóra.

Álvarez, Armando, 'Manolo Rivas', *Faro de Vigo*, 'Tal como es', 19 xaneiro 2003, p. 13.

Segundo transmite Armando Álvarez, ao longo do tempo os escritores clasificáronse naqueles que se illan do mundo circundante e se consagran ás musas e os que se implican nas causas que cren máis xustas. A Manuel Rivas, o columnista adscribo a este derradeiro grupo e subliña que a súa figura lévalle "cada vez a miña fe nesta profesión vacila" a recuperala.

Amenedo, Cristina, 'Ramiro Fonte', *El Correo Gallego*, 'Lorelei', 9 maio 2003, p. 4.

Fala do poeta Ramiro Fonte e destaca o seu libro *A rocha dos proscritos* e o seu emprego da "poesía primixenia", de composicións de métrica clásica e rima asonante e consonante. Afirmar que os seus poemas falan da vida, de espazos galegos e londinenses, da morte de seres queridos, de amores e desamores, etc. Remata transcribindo uns versos dun poema

que Ramiro Fonte dedicou a Francisco Añón.

Araguas, Vicente, 'Sans souci', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 14 xaneiro 2003, p. 64.

Vicente Araguas traza un breve retrato do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, deténdose especialmente na súa faceta de editor. Opina Araguas que o seu labor é realmente loábel por manter de forma independente a publicación de obras poéticas, a pesar do escaso mercado que estas producións teñen.

Araguas, Vicente, 'Conversa', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 17 xaneiro 2003, p. 64.

Vicente Araguas refírese á publicación de *Carlos Casares: Nove retratos e unha conversa incabada* (Concello de Ferrol-Fundación Carlos Casares, 2002), obra na que Ramón Loureiro recolle parte dunha serie de entrevistas con Carlos Casares (Ourense, 1941- Vigo, 2001) que puido concluír antes da morte do escritor e entrevistado. Araguas reafírmase a través deste libro na idea de que Carlos Casares era un dos poucos escritores dotados tanto do don da escritura como do da palabra.

Araguas, Vicente, 'Borobó', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 13 febreiro 2003, p. 72.

A amizade que mantén co escritor Raimundo García Borobó (Pontecesures, 1916 - Santiago de Compostela, 2003) permítelle a Vicente Araguas coñecer e transmitir aos seus lectores dúas anécdotas do seu compañeiro de tertulia, ao que el define como "un vellote san e intelixente".

Araguas, Vicente, '25 anos', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 23 febreiro 2003, p. 64.

Sinala que hai vinte e cinco anos que comezou a publicar poesía, aínda que é lector e escritor do xénero dende moito antes. Para celebrar este aniversario ofreceu un recital-conferencia na Casa de Galicia, no que tamén participaron Fermín Bouza e Manolo Pereira. Afirma que gozou moito con esta actividade e non descarta repetir a celebración en Ferrolterra.

Araguas, Vicente, 'Huerga&Fierro', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 14 marzo 2003, p. 72.

Fala de Huerga&Fierro, unha razón social limitada formada por unha parella que se dedica ao mundo da literatura; o catálogo literario desta pequena editorial é moi variado e nel aparecen autores como Derek Walcott, Marisa Medina, Darío Xohán Cabana ou o propio Araguas. Indica, finalmente, que son unha parella curiosa á que ten grande amizade.

Araguas, Vicente, 'Crego', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 7 xullo 2003, p. 40.

Dá conta da publicación da obra de Xosé Crecente Vega *Folla Bricia* (Centro Ramón Piñeiro, 2002), en edición emérita de Ricardo Pelín. Describe, así mesmo, os paseos que o crego de Narón facía entre San Xiao e Santa Rita, pois era coadxutor de ambas igrexas, e da súa marcha a Ciudad Real por mor da guerra.

Araguas, Vicente, 'Don Domingo', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 6 agosto 2003, p. 56.

Fai referencia ao pasamento de Domingo García-Sabell. Lembra a súa actividade como médico humanista e o seu labor a prol do galeguismo; asemade, destaca a súa faceta de escritor e, sobre todo, a amizade e consellos que brindou a todos os escritores novos que se iniciaban nesta actividade.

Araguas, Vicente, 'Borobó, adeus', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 31 agosto 2003, p. 56.

Con motivo do pasamento de Borobó, lembra a ocasión na que dixo del que tiña un aquel de personaxe de Pío Baroja. Lembra, tamén, as tertulias celebradas no Café Comercial, nas que Borobó facía alarde das súas "palabras eruditas e xenerosas". Sinala que sempre envexou o seu excelente estado de saúde e alédase de que se segue escribindo os seus artigos de *A Nosa Terra* ata o final.

Araguas, Vicente, 'Romeán', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 3 setembro 2003, p. 64.

Fala da xornada de lecer que pasou na casa do seu amigo Darío Xohán Cabana, na parroquia de Romeán. Das obras do escritor lucense cita *Galván en Saor* e a tradución de *A Divina Comedia*.

Araguas, Vicente, 'Espiral', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 23 setembro 2003, p. 56.

Fai referencia ás declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello, nas que asegura que o noso mundo editorial está pasando por un momento crítico. Araguas constata o descenso de lectorado, a pesar de aumentar o número de publicacións e incorporarse o ensino de lingua galega ao sistema educativo, e considera que é necesario adoptar algún tipo de medida de choque.

Araguas, Vicente, 'Chistes', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 28 setembro 2003, p. 64.

Sinala que na actualidade o termo 'cómico' tende a substituír aos clásicos 'conto', 'tebeo' ou 'chiste' e fai referencia á permanencia, na cidade de Ferrol, dunha chistería onde aínda se trocan libros de Marcial Lafuente Estefanía, Clark Carrados ou Corín Tellado. Sinala que el nunca gustou deste tipo de literatura, aínda que de cativo era lector habitual de chistes coma DDT, Pulgarcito, El Capitán Trueno, etc.

Araguas, Vicente, 'Cerqueiras', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 4 decembro 2003, p. 64.

Fala de Xaquín Cerqueiras, un mestre nacional afincado en Neda con dominios no eido musical, pictórico e poético. Lembra a súa capacidade para facer poesía ao gusto popular, ben medida, de temática enxebre, e tamén cando se coñeceron no bar de Tolo (Neda) e a súa hospitalidade.

Araguas, Vicente, 'Laura', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 23 decembro 2003, p. 60.

Tras atoparse nos premios Esquí coa escritora Laura Landeira, Vicente Araguas recorda a

obra teatral *Escena para catro personaxes* que, xunto con outros dous escritores, ambos redactaran seguindo a influencia de Ionesco.

Bahillo, Jesús, 'Tropelía con Casares en Nigrán', *Atlántico Diario*, 4 marzo 2003, p. 23.

Denuncia que algúns concelleiros do Partido Popular en Nigrán votaron en contra de darlle o nome de Carlos Casares ao seu paseo marítimo. Opina que este é un acto de ignorancia e mala fe e achega datos que demostran o pouco coñecemento literario dalgún dos concelleiros deste partido. Así mesmo apunta que a mesma persoa fora a responsábel de retirar a placa de Castelao para substituíla por unha co nome de Bernardo Vázquez e que entre os manifestantes que protestaron por este feito estaba Alonso Montero, a quen o político confundiu con Carlos Casares. Lamenta, pois, que neste concello non se soubese apreciar ao intelectual comprometido que foi este último escritor.

Baltar Toxo, Xabier, '¿Como poñerlle un nome?', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 28 xuño 2003, pp. 43-44.

Indica que na súa participación no libro *Homenaxe a Borobó* lle tocou facer un achegamento á figura deste polígrafo nacido en Pontecesures. Segundo comenta, a raíz deste dato aproveitou para sinalar a abundancia de escritores que naceron arredor da ría de Arousa ou máis ben arredor da desembocadura do Ulla. Sinala, pois, que nesta colaboración propuxo darlles ao conxunto de escritores desta zona os nomes de "Constelación Literaria de Cortegada" ou en vez de "de Cortegada" "Arousana". Indica tamén que na presentación deste volume volveu a propoñer a mesma idea e que o profesor Xesús Alonso Montero, tamén presente no acto, suxeriu cambiar en parte a denominación, polo que pasaría a ser "República Literaria de Cortegada", ao que lle contestou que o termo de república podía levar a engano pola súa polisemia, mais o profesor Alonso Montero indicou que a utilizaba no sentido de "res pública", o que concerne a todos. Pola súa parte, Gonzalo Bouza-Brey, tamén presente no acto, prefíre falar de "Arousa, un mar de cultura".

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, 'Para Carlos, xa na lembranza', *La Voz de Galicia*, 'Tribuna', 15 abril 2003, p. 12.

Recorda Barreiro que como todos os 14 de abril entrou na librería para mercar un libro, unha homenaxe que fai dende que un día coma ese comprou na Librería Porto de Santiago *Vento ferido* e ese día coñeceu ao seu autor. Fixéronse amigos para sempre, "unhas veces máis amigos que outras, pero sempre leais". Recorda a personalidade conciliadora de Casares en todas as institucións, que dirixiu, nas que se sentirá "por moito tempo a ausencia". Lembra unha melodía que se oíu na homenaxe a Fernández del Riego e con ela despídese coa lembranza para sempre.

Becerra, Marta, 'Cursos paralelos', *El Progreso*, 'El despertador', 2 outubro 2003, p. 6.

Recóllense os programas de actividades que o grupo Ubú Teatro e o colectivo María Castaña presentaron en Lugo. Do primeiro salientáanse os cursos de elaboración de máscaras ou monicreques, así como as aulas de iniciación ao teatro tanto para nenos coma para adultos, mentres que do segundo adiantáanse actividades de lecer tamén para todo tipo

de público.

Blanco Llano, Pedro X., 'Hai un ano... Casares', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 8 novembro 2003, p. 9.

Comenta que hai un ano se lle dedicou unha praza en Ferrol a Carlos Casares e que pasado este tempo o que se vai facer para homenaxear ao mesmo autor é unha serie de actos. Recorda que Casares estaba fascinado por esta cidade que, segundo dicía, era pouco coñecida polo resto de Galicia. Agradece o gusto do autor e tamén o bo facer da cidade por seguir recordándoo.

Blanco, Luisa, 'Carlos Casares no meu recordo', *Faro de Vigo*, 9 marzo 2003, p. 28.

Recorda a Carlos Casares ao cumprirse un ano do seu falecemento. Sinala que o coñecía dende a infancia, posto que eran veciños, e que logo pasaron etapas de estudantes nas que coincidían. Na universidade, a pesar de estar no mesmo curso, comenta que cando vía a Casares era na rúa, porque el só ía ás clases que lle interesaban máis. Despois desta etapa, segundo sinala, perdeulle un pouco a pista porque a autora do artigo marchou a Alemaña. Destaca que cando se reencontraron comentaron o distinto tipo de vida que podía levar un neno e unha nena cando eles o eran. Por último indica que para homenaxear ao seu amigo estivo lendo varias das súas obras e salienta que *O sol do verán* é a mellor da súa novelística. Engade que cando le a autores ourensáns como Casares, Blanco Amor ou Alfredo Conde ten a sensación de estar na casa.

Borobó, 'O nome do Ullán', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 30 xaneiro 2003, p. 56.

Aclara que "Ullán" é o topónimo que el lle dá á terra de Iria, nome que tomou do xornalista Lustres Rivas, aínda que foi José Piñeiro Ares quen máis divulgou esta forma. Borobó indica que el divide o río Ulla en tres zonas e que a última, a que denomina como Ullán, é a que comprende dende Carcacia ata as torres do Oeste. Salienta que el mesmo foi quen comezou a chamar así á comarca de Iria nas páxinas de *La Noche* alá polos anos corenta. Así mesmo expón que seguiu usando este nome, tal como pode verse no libro que recolle os seus artigos aparecidos na mesma sección deste entre xuño de 2000 e de 2001, *O novelo dos anacos e outros exemplos* (2002). Contrastando con el e os outros xornalistas aludidos, indica que Anxo Angueira non utiliza esta denominación no seu libro *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*, aparecido no mesmo ano.

Borobó, 'Os discípulos de Bernardino Graña', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 1 febreiro 2003, p. 48.

Achégase ao contido de *Viaxe ó país de Rosalía de Castro. A terra de Iria*, de Anxo Angueira, facendo un repaso polos escritores e xornalistas da zona iriense. Como indica xa ao comezo, o propio Angueira é natural desta zona e discípulo de Bernardino Graña, como tamén o foi, entre outros, o poeta Eusebio Lorenzo Baleirón. Segundo sinala, algúns destes alumnos de Bernardino Graña foron os que guiaron a Angueira polas parroquias desta zona que conta entre os seus veciños con personaxes como Antonio Domínguez Rey, Avelino

Abuín de Tembra, Ramón F. Reboiras ou Rocío Castro Tarrío.

Borobó, 'O fillo do meu mestre', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 8 febreiro 2003, p. 48.

Comeza sinalando Borobó que, unha mañá de domingo, Anxo Angueira conversou longamente con el sobre a súa terra de Iria, razón pola que o segundo lle dedicou un exemplar do seu libro *Viaxe ó país de Rosalía de Castro*. Salienta tamén que nesta terra, concretamente en Cesures, lle puxeron o seu nome a unha rúa, polo que cre que se lle desculpará que conte o que foi o momento máis dramático da súa infancia: a morte do seu compañeiro de escola e fillo do seu mestre. Destaca deste episodio cómo tivo noticia do ocorrido, a pena que sentiu e como o mestre, ao velo a el, non deixaba de chorar porque se acordaba do seu fillo.

Borobó, 'A variante de Felisa a do Roque', *O Correo Galego*, 'O novelos dos anacos', 4 marzo 2003, p. 48.

Sinala que Anxo Angueira no seu libro *Terra de Iria* (2002) recolle un salmo, variante doutro recollido por Murguía en *Galicia* sobre a primeira noite de maio, aínda que a súa informante o sitúa en trinta e un de abril. Este feito faille recordar a Borobó o caso dun deputado que presentou un proxecto de lei con esa mesma data que non se aprobou por ese erro cronolóxico, posto que o mes de abril só ten trinta días. Volve despois a retomar o tema do primeiro de maio e sinala que el mesmo apuntara varios ditos sobre esta data nun libro que probablemente Anxo Angueira non coñecese.

Borobó, 'O arco funerario da cantora do Sar', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 27 marzo 2003, p. 56.

Comenta que a idea de trasladar os restos de Rosalía de Castro a San Domingos de Bonaval cun monumento digno da autora partiu da colonia galega en Cuba. Indica que esta lle pediu á Sociedade Económica de Amigos do País, de Santiago, este cometido e destaca que o director desta sociedade, Díaz de Rábago, se encargou de que o país galego contribuíse neste feito. Así mesmo, sinala que o propio Díaz de Rábago xunto ao viúvo de Rosalía, Manuel Murguía, foi o encargado de escoller as diferentes tallas propostas para o sepulcro da poetisa. Opina que a elección do mestre Landeira foi apropiada, xa que del destaca a súa maxistralidade.

Borobó, 'O exemplo de D. Paulino Pedret Casado', *A Nosa Terra*, nº 1078, 'Anacos de Borobó', 16 abril 2003, p. 35.

Recorda a figura e obra do erudito crego e Catedrático de Dereito Canónico na Universidade de Santiago, Paulino Pedret. Sinala que unha das intervencións públicas que recorda deste sabio foi cando recitou oracións de amor ante a tumba de Rosalía e na coroación poética de Ramón Cabanillas. Cualifica a este personaxe de esgrevio e aclara que con este adxectivo, co que se refería a varias das persoas que incluía nas por el denominadas xeracións dos Ramóns e dos Álvares, quería referirse ao que en realidade é egrexio, nobre ou digno. Lembra a seguir que sendo aínda mozo, Paulino Pedret tamén

utilizara de forma incorrecta esta palabra para referirse a San Martiño de Braga. Indica que este cura traduciu ao galego a obra deste santo e lamenta que o presidente da Asociación de Amigos de Otero Pedrayo e director xeral de universidades, Xosé Eduardo López Pereira, non cite esta tradución na que el fixo do mesmo autor sesenta e cinco anos despois.

Borobó, 'Os estilos do sarxento Levi', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 18 abril 2003, p. 48.

O propio Borobó indica que ao longo da súa vida de xornalista tivo, cando menos, dous estilos. Segundo sinala, este comentario xorde a raíz do dito por Alfonso Sastre na colaboración que fixo na homenaxe a este xornalista. Expón que os seus escritos en *La Noche* son ben distintos dos anacos que escribe corenta anos despois para este xornal. Sobre o seu estilo comenta que o profesor Alonso Montero estivo falando durante máis dunha hora nunha charla organizada polo mestre Mourelle de Lema na Coruña. Segundo di, esta longa charla resumíuse nun artigo da revista *Galicia en Madrid* e posteriormente sintetizouse aínda máis no volume *Homenaxe a Borobó*.

Borobó, 'De Víctor a Albino, ou ó revés', *O Correo Galego*, 'O novelo dos anacos', 30 abril 2003, p. 48.

Comenta que medio século despois da experiencia xornalística de *La Noche* están a suscitar interese os seus anacos. Como exemplo disto transcribe parte do prólogo dialogado do volume *O novelo dos anacos e outros exemplos* (2002), no que Víctor F. Freixanes lle pregunta ao propio Borobó pola natureza dos anacos. Segundo se recolle no prólogo mencionado a estrutura do anaco perfecto é sinxela: unha primeira parte para expoñer a noticia, un segundo parágrafo para referenciala e, por último, un parágrafo para situala na historia e concluír. Así mesmo, Borobó reconece que o único xornalista que practicou o seu método persoal foi Albino Mallo.

Borobó, 'Convertido en rúa', *Galicia Hoxe*, 'O novelo dos anacos', 17 maio 2003, p. 4.

Reproduce as palabras lidas por Borobó en Pontecesures despois de que se lle puxese o seu alcume a unhas das rúas deste lugar. Nelas, este xornalista móstrase agradecido e salienta que tamén o seu pai conta cunha rúa neste concello. Destaca que xa o xornalista vilalbés Antonio D. Olano augurara un evento parecido nunha homenaxe que lle ofreceran os compañeiros madrigalegos cando cumpriu oitenta anos e recorda que, ademais del, tamén Avelino Pousa Antelo lle deu nome a unha das rúas deste pobo que, aínda que non é o seu, el tanto estima.

Borobó, 'A pluma de ouro que nunca foi', *Galicia Hoxe*, 'O novelo dos anacos', 29 maio 2003, p. 4.

Recorda cando no ano 1965 ía marchar de Santiago e os seus amigos, os catorce de Osebe, decidiron regalarlle unha pluma. Indica que para mercala organizaron unha subscrición popular na que cada asinante entregaría cinco pesetas. Salienta que houbo máis de mil subscricións e que polo tanto se superaron as cinco mil pesetas, mais, tal como sinala, o tesoureiro deste encargo considerou que lle serían máis útiles os cartos en metálico ca unha

pluma. Finalmente reconece que a el lle acae mellor o bolígrafo e que nunca usou pluma.

Borobó, 'O tanguero resurrecto, outra vez', *Galicia Hoxe*, 'O novelo dos anacos', 12 xuño 2003, p. 4.

Refírese a un dos seus anacos xornalísticos no que aclaraba que o "metálico espantallo" que aparecía nunha foto que fixera Angelines Filgueira no congreso sobre Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo era o tanguero resurrecto en vez do corpo do propio Cunqueiro. Comenta que este artigo apareceu primeiro en castelán, despois en galego en *O Correo Galego*, logo no libro *O novelo dos anacos e outros exemplos* e, por último, no catálogo da exposición de fotografías orixinais de Filgueira o pasado inverno na Casa de Madrigalicia.

Borrajo, Ponciano, 'Don Joaquín Lorenzo, un maestro', *La Región*, 'Cultura', 13 decembro 2003, p. 75.

Recorda ao seu mestre don Joaquín Lorenzo Fernández como unha persoa admirada polos seus alumnos, aínda que estes non chegaban a alcanzar a importancia desta persoa como arqueólogo e historiador que traballaba por e para Galicia. Considera que era un home apaixonado que impoñía a súa autoridade con naturalidade á vez que falaba de temas que lle encantaban, como por exemplo a cidade de Ourense. Parécelle, pois, moi boa noticia que propuxesen para o Día das Letras Galegas a Xocas, a quen os seus alumnos sen saberen por que recibía ese nome lle chamaban Xocaspeare.

Bouza-Brey Villar, Gonzalo, 'Galicia e Arousa choran pola perda do último sobrevivente do Seminario de Estudos Galegos', *Diario de Arousa*, 14 marzo 2003, p. 3.

Sinala que co pasamento de Lois Tobío, Galicia perdeu unha das súas personalidades máis senlleiras do último século. Destaca as distintas facetas nas que sobresaíu e dá conta da amizade que tiña coa súa familia, xa que co pai do articulista, Luís Bouza Brey, compartira os estudos de Dereito e fundara a revista universitaria *Adral*. Ademais, co seu tío Fermín Bouza Brey e outras personalidades fundara o Seminario de Estudos Galegos. Resalta, en xeral, todo o labor cultural desenvolvido por Lois Tobío ao longo da súa vida, mesmo no exilio, e manifesta o aprecio que este sentía por Arousa, terra na que veraneaba dende que era rapaz.

Bouza-Brey Villar, Gonzalo, 'Galicia queda un pouco máis orfá', *Diario de Arousa*, 'Opinión', 6 agosto 2003, p. 30.

Recorda a traxectoria profesional de Domingo García-Sabell no momento en que tivo noticia do seu pasamento. Sobre a súa dedicación á política alude ao seu talante democrático e sinala que, xunto con Piñeiro, foi un dos artífices da autonomía galega. Outra das facetas que destaca deste persoeiro é o cambio que impulsou na Real Academia Galega, institución que presidiu antes de Fernández Del Riego, o outro gran renovador desta entidade. Recorda, ademais, a súa loita por determinados sinais da identidade cultural galega e as visitas deste intelectual á familia do articulista.

Bragado, Manuel, 'Revisitar a Celso Emilio', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 23

febreiro 2003, p. 28.

Dá conta da actualidade das obras de Celso Emilio Ferreiro en días nos que cómpre pedir a paz, posto que este era o autor da liberdade e da esperanza. Salienta que para el a función da poesía era a comunicación e o coñecemento, de maneira que a través dela se comprometeu socialmente. Por todo isto sinala a boa ocasión para revisitar a obra deste poeta, sobre todo agora que un se pode achegar a *Longa noite de pedra* a través do facsímile realizado pola Concellería de Cultura de Vigo e Xerais con motivo do corenta aniversario da súa primeira edición. Destaca ademais outros dous textos deste escritor: *A taberna do galo* e *Dende eiquí vexo o mar acolá en diante*, nos que parece anticiparnos un tempo presente.

Bragado, Manuel, 'Axenda cultural ', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 9 marzo 2003, p. 27.

Achégase á axenda cultural de Vigo para demostrar que, a pesar de que podería ser mellorábel, presenta bastante variedade. Deste xeito indica que, por exemplo para a vindeira semana nas páxinas deste xornal se anuncian actos relacionados con novidades literarias, exposicións, a proxección dun ciclo de cine, competicións de vela ou a continuación da segunda Mostra de Teatro Alternativo, que pon en escena a obra *Footing*. Engade, ademais, que a celebración dos premios Max nesta cidade é un evento oportuno para situar a Vigo cun posicionamento que defende a liberdade de creación e a expresión cultural.

Bragado, Manuel, 'Ponte Jules Verne', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 14 setembro 2003, p. 23.

Destaca o feito de que o nantés Jules Verne foi un dos que máis publicidade fixo da Ría de Vigo por todo o mundo ao facer referencia a ela nun capítulo nunha das súas obras. Relata que este escritor chegou ao porto de Vigo en 1878 por unha avaría no seu barco cando se dirixía ao Mediterráneo e salienta que se converteu así no mellor propagandista desta cidade. Céntrase tamén en sinalar distintas homenaxes feitas a este literato, que soubo fusionar os mitos coa ciencia, e opina que con motivo de cumprirse cen anos do seu pasamento en 2005, sería un acto significativo darlle á ponte de Rande a nova denominación de Ponte Jules Verne ou Ponte do Capitán Nemo.

Bragado, Manuel, 'A indagación de Xela Arias', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 9 novembro 2003, p. 28.

Recorda cando coñeceu a Xela Arias, quen lle transmitiu parte das notas e trucos que o acompañan a diario no seu traballo editorial en Xerais. Salienta que, aínda que este coñecemento foi tardío, puido compartir con ela experiencias que lle demostraron que a súa conversa non era banal. Delas destaca a súa última intervención en público xunto a Ferrín e Navaza na última Festa da Alegría de Braga e as conversas que xiraron arredor da edición do poemario *Darío a diario*, escrito para enfrontarse coa experiencia de ser nai.

Bragado, Manuel, 'Dobre fractura (Conto de Nadal)', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada',

14 decembro 2003, p. 26.

Relato baseado na conversa dunha parella no hospital. O home quíxase continuamente da súa mala sorte polo accidente de coche que tivo, mais a súa muller quíttalle importancia ao asunto e tranquilízao explicándolle que tan só ten unha dobre fractura nunha perna. Durante a conversa refírense, ademais, aos seus rapaces e a outros familiares do accidentado como a sogra ou os cuñados.

Bragado, Manuel, 'Unha cesta de pombas e mazás', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 21 decembro 2003, p. 27.

Con motivo da homenaxe que se lle fixo ao poeta Lorenzo Varela en Monterroso no seu vixésimo quinto cabodano, fai un repaso da súa vida. Desta forma pretende rescatar a memoria do que considera o gran poeta galego da emigración e do exilio. Seguindo unha orde cronolóxica resalta os feitos culturais e políticos protagonizados por este autor, que traballou xunto a Luís Seoane e Arturo Cuadrado a favor da causa de Galicia no exilio. Remata indicando que a esquecida memoria do exilio debe recuperarse, exaltando tamén a outros personaxes como Otero Espasandín, Rafael Dieste ou Xosé Velo.

Braxe, Lino, 'Xocas' e a norma da concordia', *La Opinión*, 'Opinión', 21 xullo 2003, p. 15.

Fai referencia á nova normativa do galego aprobada pola Real Academia Galega. Cre que era xa tempo de que esta chegase porque os intelectuais galegos estaban divididos por unha simple cuestión de grafía. Sitúa este feito dentro do novo camiño que lle pretende dar Barreiro Rivas á Academia, organismo que, segundo indica, estaba ofrecendo unha mala imaxe. Para esta renovación apunta outros feitos como a boa elección de homenaxeados no Día das Letras Galegas. A este respecto indica que a figura escollida para o 2004 foi Xaquín Lorenzo, Xocas, do que sinala que a última entrevista lla concedeu a el. Engade que nela choraron os dous de emoción cando o entrevistado dixo que lle gustaría que envolvesen o seu ataúde cunha bandeira de Galicia.

Braxe, Lino, 'Don Ángel', *La Opinión*, 'Opinión', 11 agosto 2003, p. 12.

Con motivo de cumprirse o centenario de Ánxel Fole, aspecto que segundo di, está pasando desapercibido, recorda algunhas anécdotas relacionadas con el e mostra a admiración que sente pola súa vida e pola súa literatura. Sitúa a Fole como o mestre de relatos de medo na literatura galega equiparándoo con Poe e sinala que, a diferenza deste autor, Fole se preocupaba máis polas sensacións que polo argumento. Aproveita tamén para recordar que estivo en Lugo durante unha etapa ocupando o mesmo cuarto que tivera o escritor centenario nun hostel e que el foi o seu primeiro editor, posto que Fole era o responsábel do cultural "Táboa Redonda", que editaba *El Progreso*.

Braxe, Lino e Antonio Simón, 'Un dos nosos', *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol/La Opinión*, 22 febreiro 2003, p. 46/47/59.

Lembran a Francisco Taxes ás poucas horas do seu falecemento e gábano tanto como persoa coma na súa tarefa de escritor teatral. Como compañeiros de proxectos do finado

desexan que a súa obra sexa valorada na súa xusta medida. Destacan que algúns dos seus textos, por exemplo *O velorio* e *Lenta raigame* seguen tendo vixencia e son teatro rico en comunicación co público. Enumeran algúns dramaturgos universais que influíron na súa escrita e salientan a faceta de Taxes como columnista. Destacan, ademais, que unha das súas últimas decisións foi non asistir á posta en escena de *O velorio* polo Centro Dramático Galego cando se cumpriron vinte e cinco anos da súa estrea. En definitiva, valoran positivamente a este autor e no final ironizan sobre o feito de que falaren del sen usar a palabra "maldito", de forma consciente.

Cabeza Quiles, Fernando, 'O meu Borobó', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 9 setembro 2003, p. 5.

Fernando Cabeza repasa, trala morte de Borobó, o intrépido papel que este reporteiro xogou ao abrir camiño no estreito xornalismo galego da posguerra. Este artigo publicouse tamén no xornal *A Nosa Terra* do 18 de setembro do 2003.

Cabeza Quiles, Fernando, 'O meu Borobó', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Opinión', 18 setembro 2003, p. 4.

Fernando Cabeza repasa, trala morte de Borobó, o intrépido papel que este reporteiro xogou ao abrir camiño no estreito xornalismo galego. Este artigo publicouse tamén no xornal *Galicia Hoxe* do 9 de setembro do 2003.

Casal González, César, 'Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 14 maio 2003, p. 68.

Trátase dun breve repaso aos títulos de Cunqueiro para loubar a homenaxe feita no Círculo de Bellas Artes madrileño ao que, segundo César Casal, foi un dos pais do realismo máxico.

Casalderrey, Fina, 'Quizais un recendo', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Dende un punto', 18 xaneiro 2003, p. 33/31.

Grazas a unha mensaxe na internet dunhas alumnas de segundo de Bacherelato preguntando sobre o tratamento do amor e do sexo na literatura, Fina Casalderrey reflexiona sobre este tema universal, aparentemente doado mais finalmente complexo cando hai que explicalo. Ao longo deste artigo, que comenza cunha cita de Juan Ruiz Arcipreste de Hita, vai expoñendo os paradoxos do amor ata chegar ao momento en que, lonxe do "travestismo literario" das cantigas de amigo medievais, a muller toma a palabra e destrúe os mais vellos tópicos sobre a súa sexualidade e o tratamento literario da mesma. Conclúe o seu argumento dicíndonos que o amor na literatura adoita aparecer non como trama central senón rodeando diferentes temáticas, "coma un recendo inevitable que humaniza e que mesmo pode transformarnos."

Casalderrey, Fina, 'Ausencias no meu xardín', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Dende un punto', 25 xaneiro 2003, p. 25/37.

Fina Casalderrey reflexiona sobre a liberdade de prensa que ela mesma define do seguinte

xeito: "sen máis censuras cás que eu mesma me impuxen". Observa que desgrazadamente España ocupa o posto vixésimo noveno na lista mundial referida a este tema, polo que é de agradecer, segundo as súas palabras, poder gozar de tal privilexio, mentres durou a súa experiencia como colaboradora do xornal.

Casalderrey, Fina, 'Cara unha nova estrela', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 25 xullo 2003, p. 2.

Fina Casalderrey lembra o sentimento de Galicia como patria desde que era unha nena e como, co paso dos anos, esta foi evolucionando e enriquecéndose ao complementarse con ideas lingüísticas e históricas. Remata reflexionando sobre as desvantaxes para normalización lingüística do exceso de celo na normativa.

Castro, F., 'Caligrafía sobre poemas', *Atlántico Diario*, 'Culturamanía', 13 marzo 2003, p. 22.

Aplauda a iniciativa do ilustrador Lázaro Enríquez de crear nun espazo cotián, neste caso unha cafetaría, un lugar para a poesía e a arte plástica, en donde recrear e reinventar a palabra escrita a través da súa apropiación para a pintura, sen perder a súa significación poética, xa que os trazos do cadro expresan case tanto coma o poema.

Castro, Francisco, 'Francisco Fernández del Riego', *Atlántico Diario*, 'A crítica', 10 xaneiro 2003, p. 22.

Dá conta da exposición adicada a Francisco Fernández del Riego que a Concellería de Cultura de Vigo organizou co gallo do seu noventa aniversario, asumindo tamén a edición dun libro, *Desde a miña fiestra*. Francisco Castro súmase a esta celebración escribindo este artigo, onde se refire o labor de Fernández del Riego dentro da revitalización da cultura galega nun "galeguismo progresista", sobre todo durante a época do franquismo. Tamén destaca o seu traballo na Fundación Penzol, na editorial Galaxia ou poñendo en marcha nos primeiros sesenta o Día das Letras Galegas.

Castro, Francisco, 'Biblos', *Atlántico Diario*, 'Culturamanía', 9 marzo 2003, p. 14.

Francisco Castro apoia o nacemento de "Biblos, clube de lectores" como unha iniciativa cultural, promovida orixinariamente por Carmela G. Boó e Tucho Calvo, que potencia a "visibilidade" do libro galego achegando á sociedade actual a nosa produción editorial a través dunha revista bimestral que oferta unha coidada selección de títulos que serán entregados a domicilio, ademais de descontos, promocións e agasallos.

Castro, Luísa, 'Galicia 'divine', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'A mi bola', 6 decembro 2003, p. 10.

Luísa Castro presenta unha queixa pola incompatibilidade de ser unha muller traballadora e con fillos máis a actividade de asistir ás presentacións literarias. A última na que estivo foi a celebrada no clube de jazz clásico galego Dado-Dada, na que participaban entre outros,

Emma Couceiro e María Lado e, puido comprobar a boa saúde coa que goza a poesía galega e o ben que se relacionan os poetas, así que reclama máis actos deste tipo e non que os artistas aparezan a miúdo nos medios de comunicación ou ao fronte das manifestacións.

Castro, Xan, 'Pepa a Loba, de Borobó', *La Región*, 'Mis relatos', 31 agosto 2003, p. 17.

Trala morte de Borobó, Xan Castro lembra as columnas que este xornalista publicou falando de Pepa a Loba, unha bandoleira do século XIX, e das súas aventuras con personaxes como Xan Quinto.

Castro, Xavier, 'Troula na vendima', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 26 setembro 2003, p. 5.

Xavier Castro fala da vendima como acontecemento que xunta o traballo coa ledicia e a troula e apóiase en fragmentos de literatos galegos como Cabanillas, Otero Pedrayo e Eladio Rodríguez que así a reflicten.

Castro, Xavier, 'Erotismo na vendima', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 10 outubro 2003, p. 4.

Xavier Castro cita a diversos autores literarios galegos que amosan como a vendima servía de pretexto para numerosos xogos eróticos entre mozos e mozas.

Castro, Xavier, 'Rexoubas de lagarada', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 17 outubro 2003, p. 4.

A lagarada, parte da vendima na que se pisaban as uvas, ten a súa dimensión sensual, xa que serve de oportunidade para o contacto entre a xente máis nova. Ao mesmo tempo, Xavier Castro indica, empregando referencias a textos de Otero Pedrayo ou Eladio Rodríguez, como esta actividade tamén amosa formas de relación social determinadas.

Castro, Xavier, 'O amor á sombra das parreiras', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 24 outubro 2003, p. 4.

A zona emparrada das casas serviu, segundo Xavier Castro, como espazo intermedio entre o público e o privado, de lugar idóneo para os cortexos amorosos.

Castro, Xavier, 'O recendo sensual das viñas', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 31 outubro 2003, p. 4.

As cantigas de diversos autores serven de pretexto para relacionar o mundo do viño e das uvas coa sensualidade.

Castro, Xavier, 'Bebida e condición feminina', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 14 novembro 2003, p. 4.

Xavier Castro fala do anís como bebida tipicamente feminina na realidade galega. Emprega

referencias de Blanco-Amor, Valle-Inclán e Cunqueiro, que sinalan que as mulleres adoitaban tomalo nos momentos difíciles da vida.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 setembro 2003, p. 5.

Fala sobre o entremés de Gabriel Feixoo de Araújo, engadindo neste caso a súa aparición no *Catálogo biográfico e bibliográfico del Teatro antiguo español, desde sus orígenes hasta mediados del siglo XVIII* no que aparece recollido baixo dous títulos diferentes. Posteriormente foi incluído no *Catálogo de las piezas de teatro que se conservan en el departamento de manuscritos de la Biblioteca Nacional*, onde se atopa gardado na actualidade, e comenta certas características que presenta dito volume.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 25 setembro 2003, p. 5.

Continúa a falar sobre o entremés de Gabriel Feixoo de Araújo, engadindo neste caso un breve resumo da trama central, considerada de base histórica: o enfrontamento que naquela época tiña lugar entre galegos e portugueses pola pesca no río Miño.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 26 setembro 2003, p. 5.

Novos datos sobre a obra de Gabriel Feixoo de Araújo, datada no século XVII. Saliéntase agora a deliberada diferenciación entre o galego e o portugués, para enfatizar o enfrontamento entre ambos territorios, a pesar da relativa unidade lingüística que caracterizaba aquel momento. Remata reproducindo uns versos da muller portuguesa a modo de exemplo.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 27 setembro 2003, p. 5.

Derradeira charamusca referida ao entremés de Gabriel Feixoo de Araújo, onde se alude á métrica tan variada para unha obra relativamente curta, apenas catrocentos trinta e tres versos, e que reflicte o virtuosismo do autor. Finalmente, saliéntase a súa significación histórica non só ao ser a primeira obra teatral galega coñecida, senón tamén como un valioso documento dos costumes e da lingua galegas dese século.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 novembro 2003, p. 5.

Nova serie de "Charamuscas" que nos achegan á figura do escritor Rafael Dieste (1899-1982). Esta primeira refírese á súa biografía, centrándose fundamentalmente no eido literario: o seu interese dende neno polas letras e a filosofía, o seu papel de xornalista en Vigo, así como o de creador do Teatro Guíñol Misións e da revista *Hora de España*, lector de lingua e literatura españolas ou o seu labor como profesor en México.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 novembro 2003, p. 5.

Coméntase a obra narrativa de Rafael Dieste, enmarcada dentro da Época Nós, na que destaca o relato literario ou o conto, xénero de gran tradición en Galicia. Ademais de varios artigos de prensa, só escribiu dúas obras en galego: a obra teatral *A fiestra valdeira* e *Dos*

archivos do Trasnó, un dos primeiros exemplos de relato moderno no panorama literario galego, xa que introduce a figura dun lectorado implícito que participa no proceso de creación.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 21 novembro 2003, p. 5.

Recolle datos xa mencionados na anterior entrega, salientando a figura de Dieste, xunto con outros autores da xeración Nós, como impulsor da definitiva modernización da prosa galega de creación. Noutras palabras, "a literatura galega deixa de ser aldeá para comezar a exercer certa universalidade."

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 22 novembro 2003, p. 5.

Como autor que escribiu máis en castelán que en galego, engade que ademais das dúas obras anteriormente mencionadas, Dieste publicou tamén en galego o seu discurso de entrada na Real Academia Galega (1970), titulado *A vontade de estilo na fala popular*. Remata cun fragmento do conto *O neno suicida*, incluído en *Dos arquivos do trasno*, como mostra do seu facer creador.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 2 decembro 2003, p. 5.

Comenza dicíndonos que a partir de agora se centrará no análise da serie de contos *Dos arquivos do Trasnó*, polo que remata de novo recollendo e ampliando o fragmento do relato *O neno suicida*.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 3 decembro 2003, p. 5.

Observa en Rafael Dieste a combinación de dúas vertentes: a dimensión de universalidade, a través da súa conexión con Allan Poe en canto á poética do relato e a dosificación dos tópicos do conto de misterio en títulos como "Encol da morte do Bieto" ou "A luz en silencio", xunto coa dimensión autóctona e definitoria do "ser antropolóxico galego", que o conectan cos mellores escritores de Galicia.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 4 decembro 2003, p. 5.

Seguindo coa súa conexión de Rafael Dieste con Poe, alúdese a un dos grandes alicientes da narrativa diesteniana: a mestría coa que se move na fronteira entre o real e o imaxinario sen mergullar totalmente o relato na esfera do sobrenatural para poder atopar unha explicación racional ao suceso que se está a narrar.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 5 decembro 2003, p. 5.

Continuando coa súa análise dos relatos de Rafael Dieste apunta que ademais dos relatos onde o autor non traspasa totalmente os dominios da realidade, aparecen outros contos que xa comezan abertamente cun feito inverosímil, como "Once mil novecentos" ou "O neno suicida", aínda que, ao final, o lectorado atopa certa explicación para poder entendela.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 decembro 2003, p. 5.

Remata a serie dedicada a Rafael Dieste salientando sobre todo a preocupación obsesiva polo fugaz paso do tempo, o que lle confire á súa obra un ton de melancolía que trascende a obra e se impregna no lectorado.

Conde, Alfredo, 'Mareas literarias', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 2 xaneiro 2003, p. 4.

Reflexo do desagrado de Alfredo Conde coa actitude do mercado comercial cara ao mundo literario. Para isto sèrvese dun símil comparativo entre o que está a suceder na paisaxe musical, máis concretamente co fenómeno de Operación Triunfo, e as diferentes creacións literarias que van xurdindo cada ano. Critica a falta de rigor á hora de publicar a gran profusión de libros que se están a escribir. Expresa tamén a súa disconformidade tanto co propio lector coma coas editoriais, que apoian a un novo escritor para olvidalo rapidamente e "substituílo pola colleita deste ano." Tal actitude, segundo este crítico, conduce a unha falta de calidade literaria e, polo tanto, a un desprestixio da literatura.

Conde, Alfredo, 'Palabras no aire', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 3 xaneiro 2003, p. 4.

A través da lectura de *O Libro dos Abanos*, publicado por Follas Novas baixo a edición de Luis Alonso Gargado e Carmen Fariña, cun limiar de Anxo Tarrío, Alfredo Conde reflexiona sobre a orixe divina da poesía. "Palabras no aire" é o subtítulo da obra; de aí a concepción da palabra como unha manifestación divina que flúe polo aire, que o poeta capta na visión fuxidía e plasma no poema, como sucede nos poemas que aparecen no libro. Sinala que nós, os lectores, coas nosas interpretacións, somos os encargados de traer "novos aires" ao ambiente que nos rodea.

Conde, Alfredo, 'A penas unha especie máis', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 4 xaneiro 2003, p. 4.

Alfredo Conde realiza unha apoloxía da lectura nun momento no que no se le nada ou case nada. Frente ás novas tecnoloxías, a literatura, aquela entendida como unha das "belas artes", funciona como canle de redescubrimento de nós mesmos e do mundo que nos rodea. Ofrece a posibilidade de recuperar a capacidade de pensar do ser humano, abrindo novamente as portas ao onírico, á imaxinación.

Conde, Alfredo, 'Anos sen Castelao', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 7 xaneiro 2003, p. 4.

Rende unha pequena homenaxe reivindicativa a Castelao co gallo do cincoenta e tres aniversario da súa morte alá no exilio en Arxentina. Salienta a posición de Castelao non só no mundo da cultura galega como "unha das persoas que máis amou Galicia", senón tamén como o que, segundo Conde, realmente foi, un político galego.

Conde, Alfredo, 'Poetas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 21 xaneiro 2003, p. 4.

Coa escusa dunha próxima cea coa poeta Luz Pozo, Alfredo Conde amósanos a súa concepción platoniana da figura do "poeta" como "enigma" da poesía entendida como combinación dun sentido aparente (a forma) e dun sentido oculto (o fondo) na procura dun ideal de fermosura. Descríbese a si mesmo como un mal poeta, mais un apaixonado da poesía, sobre todo da escrita de Luz Pozo e dos versos daqueles que chama "poetas gordos", Cunqueiro e Neruda, entre outros. Afirma, finalmente, que non ten unha opinión clara sobre as novas "poetas" dentro do mundo da poesía actual.

Conde, Alfredo, 'Bufandas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 24 xaneiro 2003, p. 4.

Rememorando unha anécdota que lle aconteceu cunha xornalista na entrega do premio á mellor novela do ano pola edición española de *Memoria de Noa*, cando aínda empregaba as súas bufandas de pel que tamén vestía o seu avó, Alfredo Conde fai unha crítica ao mundo das aparencias na sociedade na que a "bufanda", feita de restos de abrigos confeccionados para as "burguesas olivicas", xorde paradoxalmente como representación dunha aparente superioridade social daqueles que buscan pertencer ao "gremio dos estirados". Agora, segundo Conde, co paso do tempo, un muda de parecer e xa non apetece levar as bufandas.

Conde, Alfredo, 'Días de luz', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 febreiro 2003, p. 4.

Sinala de xeito crítico o panorama grisáceo que se cerne en canto á escasa edición de producións, tamén xornalísticas, en galego fronte ao castelán, o que leva a un inminente empobrecemento cultural e intelectual. Só queda recorrer á relectura dos clásicos galegos, sobre todo, dende o ámbito educativo, como una esperanza para o regreso dos días de luz.

Conde, Alfredo, 'Este espacio de convivencia', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 2 marzo 2003, p. 4.

Alfredo Conde realiza unha crítica a aqueles que buscan que se entenda Galicia dende un único punto de vista, sen transixencias nin "interpretacións libérrimas", e aboga por unha visión plural e heteroxénea para crear "un espacio de convivencia" que debería ser construído por todos, sen que importen as diferenzas ideolóxicas ou raciais. Trátase, como el mesmo di, dunha "común aventura de sermos e sabérmonos galegos."

Conde, Alfredo, 'A velocidade da vida', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 3 marzo 2003, p. 4.

Co gallo da próxima conmemoración dos vinte e cinco anos de *Abrente*, que se celebrará no Salón Teatro coa restrea de obras de Vidal Bolaño e Paco Taxes, Alfredo Conde pensa sobre a fugacidade do paso do tempo, aludindo implícitamente ao "carpe diem", como necesidade de gozar da vida.

Conde, Alfredo, 'Clube de Lectores', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 marzo 2003, p. 4.

Alfredo Conde admira o labor do Clube de Lectores Biblos e cre que iniciativas deste tipo

son as que fan avanzar a normalización da literatura en galego.

Conde, Alfredo, 'Dúbida metafísica', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 marzo 2003, p. 4.

Alfredo Conde queixáse do trato recibido por certos críticos que o consideran traidor á lingua galega e reivindica a súa posición como autor que máis páxinas ten escrito nesta lingua.

Conde, Alfredo, 'A undécima ás portas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 6 maio 2003, p. 4.

Alfredo Conde reflexiona sobre o sentido da súa produción literaria, xa abundante, e o seu millar de lectores, así como sobre a súa columna na que comparte diariamente os seus pensamentos cos mesmos destinatarios.

Conde, Alfredo, 'Facer país, non partido', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 14 maio 2003, p. 4.

Alfredo Conde opina que o feito de que a produción de obras de creación en galego alcance cotas mínimas, débese en boa parte a que a política de subvencións noutrora exercida, levouse a cabo empregando uns criterios que non permitiron a constitución dun público lector senón que se limitaron a satisfacer demandas de certos colectivos.

Conde, Alfredo, 'Non fumos quen ', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 15 maio 2003, p. 4.

Alfredo Conde lamenta a inexistencia dun público lector de literatura galega, nun marco, o español, onde a afección a ler é de por si rara. Para o autor, o caso galego explícase pola competencia co español, a deixadez dos galegos e pola ineficacia da política lingüística que, agás no ámbito académico, onde creou institucións eficientes como o Ramón Piñeiro e as cátedras, contribuíu a que todos perdesen "a batalla dos lectores".

Conde, Alfredo, '¿Quen asubía primeiro?', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 maio 2003, p. 4.

Alfredo Conde lamenta, ante a proximidade do Día das Letras Galegas, que a riqueza do sistema literario e do mundo académico galego, dentro do que destaca a relevancia internacional do Instituto da Lingua Galega e do Ramón Piñeiro, non se vexa complementada cun número crecente de lectores, senón todo o contrario. Isto xera unha situación semellante á de "ter fame e tomar bicarbonato".

Conde, Alfredo, 'Cando era antano', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 28 maio 2003, p. 4.

A propósito dun ensaio escrito por Camilo José Cela en 1961 sobre a alma galega, Alfredo Conde constata a ausencia de reflexións metafísicas e teolóxicas na actualidade, e

pregúntase se terá que ver cos cambios sufridos polo país.

Conde, Alfredo, '¿Qué lle faría eu?', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 9 xuño 2003, p. 4.

Alfredo Conde rebate o contido dunha carta ao director na que se critica a súa valoración de Antón Avilés como un poeta excelso, alegando que as admiracións literarias non teñen que vir determinadas polas opcións ideolóxicas dos literatos.

Conde, Alfredo, '¿Quén asinará libros?', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 18 xuño 2003, p. 4.

Ante os cambios sufridos pola industria editorial, que non se move por criterios estritamente literarios á hora de escoller aos futuros títulos para sacar á luz, Alfredo Conde prevé que, dada a ridiculez da maioría dos personaxes públicos actuais, será xente desta calaña a que acabe asinando libros nas feiras literarias.

Conde, Alfredo, 'Pecadores húmidos', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 23 xullo 2003, p. 4.

Baseándose no caso da Lei Seca estadounidense que prohibía o consumo de alcohol pero non conseguiu máis que aumentalo, Alfredo Conde fai unha analoxía co caso da literatura galega e interrógase acerca de se esta sairá do seu sopor se se prohibise.

Conde, Alfredo, 'Escribir para vivir', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 29 xullo 2003, p. 4.

Ante as críticas vertidas contra el por unha carta ao director, Alfredo Conde confesa que escribe porque non concibe vivir sen facelo e defende a idea de que o uso de dúas linguas é un dereito e unha mostra de riqueza.

Conde, Alfredo, 'Domingo García-Sabell', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 6 agosto 2003, p. 4.

A propósito da morte de Domingo García-Sabell, Alfredo Conde louba a súa figura como o "intelectual máis exportable" de Galicia e afirma que no futuro será aínda máis apreciado que actualmente.

Conde, Alfredo, 'Os derradeiros galeguistas', *Galicia Hoxe*, 'Os outros días', 19 agosto 2003, p. 4.

Pouco despois do pasamento de Domingo García-Sabell, Alfredo Conde opina que coa súa desaparición quedan xa poucos representantes da xeración de Galaxia e poucos galeguistas. Reivindica a continuación o papel de García-Sabell na defensa de Galicia como nacionalidade histórica.

Conde, Alfredo, 'Tra-los pasos de Romasanta', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 29 agosto 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá conta das súas investigacións acerca de Manuel Blanco Romasanta, asasino en serie, ao que segue a pista polos escenarios da súa vida.

Conde, Alfredo, 'Conxurar os medos', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 9 setembro 2003, p. 4.

Ante a súa inmediata partida a Rusia para firmar exemplares das súas obras, Alfredo Conde reflexiona sobre o pracer de viaxar e os medos que o acompañan nos seus desprazamentos, medos a desgrazas que, por outra parte, poden suceder nos lugares máis insospeitados da nosa vida cotiá.

Conde, Alfredo, 'Saber ler o mar', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 outubro 2003, p. 4.

Tras dúas visitas recentes a Portosín e Vigo, Alfredo Conde confesa a súa atracción polo mar e explica que pode ser berce de relatos inefábeis se se saben "ler" axeitadamente os seus movementos.

Conde, Alfredo, 'Comer cerimoniosamente', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 3 novembro 2003, p. 4.

Alfredo Conde esgrime as conclusións sacadas da conversación sobre a literatura galega mantida polo escritor durante a festividade lucense de San Froilán.

Conde, Alfredo, 'Crónicas daquel tempo', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 19 decembro 2003, p. 4.

Co gallo da conmemoración dos vinte anos da creación do Consello da Cultura, Alfredo Conde, a modo retrospectivo, fai unha análise crítica do sometemento da loita ideolóxica ás ansias de poder baixo aquelas peculiares circunstancias que levaban á "pura e continua axitación." Pasados vinte anos, sinala que cadaquén opine o que queira xa que cada vez apetece falar menos das "crónicas daquel tempo."

Conde, Alfredo, 'Sombra do aire na herba', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 20 decembro 2003, p. 4.

Alfredo Conde dá unha opinión moi favorábel sobre o acto conmemorativo dos primeiros vinte anos do Consello da Cultura Galega, onde actuou o cantante Amancio Prada, entoando versos de diferentes escritores galegos. Con motivo deste aniversario editáronse tamén facsimilarmente as *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X o Sabio e o *Coloquio e mil duascientas coplas galegas*, de Frei Martín Sarmiento. Ao mesmo tempo, loa o labor do Consello á hora de fomentar a cultura galega para "construír un espírito colectivo" e "reconstruír o tótem fundacional".

Conde, María, 'Pases vitalicios', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 16 xaneiro 2003, p. 4.

Alfredo Conde lembra nesta súa sección fixa os tempos en que os autobuses da empresa Castromil levaban o nome de escritores galegos, en que se lles regalaba aos usuarios *Os contos do Castromil*, libríños para os que el mesmo escribiu algún relato, e en que se lle agasallaba aos autores deses contos cun pase para viaxar de balde coa empresa. A raíz da venda de Castromil, Conde cuestiónase se esa prerrogativa seguirá vixente. Afirmar que non está interesado persoalmente en facer uso do pase, pero que lle parecía unha "mostra dunha especial sensibilidade do empresariado galego cara á súa propia cultura e ós seus propios creadores" que non se debería perder.

Costa Clavell, Xavier, 'A vida e o traballo', *O Correo Galego*, 'No faiado', 15 xaneiro 2003, p. 4.

Recolle as reflexións do propio Xavier Costa sobre o traballo de escribir non só como medio para gañarse a vida, senón tamén como traballo de tipo vocacional, dunha "necesidade vital de índole espiritual" que seguiría facendo aínda que se adicase a outra cousa. Preséntanos o labor da escritura como un eixo central e necesario no seu existir para o que se necesita algo máis que vocación: cultura, un estilo propio e unha forte personalidade para soportar os fracasos e os desprezos. Pese a isto, un debe seguir ledando cando escribe porque ese é o verdadeiro escritor.

Costa Clavell, Xavier, 'A música dos tempos', *O Correo Galego*, 'No faiado', 1 marzo 2003, p. 2.

Breve aproximación á figura de Pura Vázquez, pertencente como Luz Pozo Garza, á xeración da posguerra e considerada como unha das voces máis representativas da poesía galega dos últimos tempos. Para constatar a súa admiración por esta escritora, Xavier Costa ofrécenos unha mostra da súa obra poética, concretamente algúns versos de poemas pertencentes ao seu derradeiro libro, *A música dos tempos*, publicado no ano 2002.

Costa Clavell, Xavier, 'Fernández Ferreiro', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 25 maio 2003, p. 7.

A raíz da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega ten previsto dedicar á figura de Fernández Ferreiro, Xavier Costa aproveita para se referir á súa actividade como xornalista e narrador en lingua galega, e o destaca como autor do primeiro western escrito neste idioma.

Costa Clavell, Xavier, 'Os libros amigos', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 31 maio 2003, p. 5.

Para Xavier Costa, os libros que nos fascinaron permanecerán no noso recordo durante toda a nosa vida. A continuación, menciona algúns dos que el persoalmente nunca poderá esquecer, como a obra de Cervantes, Rosalía, Méndez Ferrín, Shakespeare ou Valle-Inclán.

Costa Clavell, Xavier, 'Centenario da morte de Marcial Valladares', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 20 xuño 2003, p. 5.

Aproveitando que se cumpren cen anos da morte de Marcial Valladares, Xavier Costa enxalza o seu papel no Rexurdimento das letras galegas, ao ser o primeiro autor dunha

novela nesta lingua, *Maxina ou a filla espúrea*. Fala tamén do resto da súa produción literaria.

Costa Clavell, Xavier, 'A forte vocación de xornalista de Borobó', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 7 setembro 2003, p. 4.

Costa Clavell lembra a súa relación con Borobó e pasa revista ao seu traballo nos xornais *La Noche* e *El Correo Gallego*, así como aos seus múltiples pseudónimos.

Costa Clavell, Xavier, 'Martázul', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 12 setembro 2003, p. 4.

Xavier Costa realiza unha concisa aproximación á novela de Xosé A. Perozo, *Martázul*, XX Premio de Narrativa "Blanco Amor". Por un lado, alude á figura de Perozo como un dos mellores narradores actuais en lingua galega. Por outro lado, salienta da novela unha sólida estrutura máis unha narrativa áxil que axudan a argumentar unha temática atrevida, chea de erotismo, que se reflicte nuns personaxes magníficamente retratados, sobre todo, a protagonista central, Martázul, símbolo da busca dunha identidade á marxe dos convencionalismos sociais.

Costa Clavell, Xavier, 'Borobó', *El Progreso*, 'Opinión', 25 setembro 2003, p. 25.

Tras o pasamento de Borobó, Xavier Costa pasa revista á súa relación co xornalista, así como aos principais fitos da súa vida e quefacer nos medios galegos.

Costa Clavell, Xavier, 'Éxito das mulleres', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 12 outubro 2003, p. 4.

Malia aos obstáculos que unha sociedade machista lles impón, Xavier Costa destaca o papel sobresaliente que moitas mulleres teñen acadado en distintas esferas, centrándose especialmente en personaxes galegos como Pardo Bazán ou Concepción Arenal.

Costa Clavell, Xavier, 'No pasamento de Joan Perucho', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 11 novembro 2003, p. 5.

Despois da morte de Joan Perucho, Xavier Costa destaca o poder imaxinativo deste xuíz, comparábel ao de Cunqueiro, e reivindica os seus principais títulos literarios, así como a calidade da súa biblioteca.

Costa Clavell, Xavier, 'Trece campanadas', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 2 decembro 2003, p. 5.

Xavier Costa valora moi positivamente a obra de Suso de Toro, *Trece Campanadas*, afirmando que a lectura na versión castelá (2002) cambiou completamente a súa opinión do autor que é descrito, en palabras de Costa, como "un narrador de abraiante creatividade", cunha prosa que "constitúe unha verdadeira festa literaria". Cualifica esta novela como "espléndida" e "admirable", onde Suso de Toro crea un "esotérico e caleidoscópico mundo novelístico" no contorno de Compostela.

Costa Clavell, Xavier, 'Centro galego da Cidade Condal', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 15 decembro 2003, p. 5.

Aproveitando a publicación dun libro que narra a historia do Centro Galego de Barcelona, Xavier Costa repasa a súa traxectoria desde a fundación ata a actualidade, destacando o labor de directores como Sotelo Blanco e Casado Nieto.

Dacosta, Marta, 'Espiral Maior', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 25.

Debido aos problemas da editorial Espiral Maior, que conta no seu fondo cunha das coleccións de poesía máis importantes da literatura galega, reflexiona sobre a poesía e as posibles campañas de promoción deste xénero non só desde as librarías, senón tamén desde o propio goberno da Xunta.

Díaz Pardo, Isaac, 'A Biblioteca do Exilio', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 13 xaneiro 2003, p. 10.

De entre os numerosos títulos publicados pola editorial "A Biblioteca do Exilio", destaca o anexo *El exilio gallego de la Guerra Civil* (2002), de Carlos Fernández Santander. Neste volume o autor dá conta da multitude de galegos que viviron no exilio, non só escritores e pintores, senón tamén políticos, militares, científicos, empresarios, etc.

Díaz Pardo, Isaac, 'Os Villar Ponte e A Coruña', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 20 xaneiro 2003, p. 15.

Co gallo da celebración dun Congreso sobre Ramón Villar Ponte na Facultade de Humanidades de Lugo, Díaz Pardo recorda o contexto histórico no que viviu e traballou o autor. Villar Ponte pertencía a un gran círculo de amigos e intelectuais que desenvolvía a súa actividade cultural, política e histórica na Coruña, cidade onde se deu o máis importante movemento republicano de España.

Díaz Pardo, Isaac, 'Relembros de Lois Tobío', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 17 marzo 2003, p. 8.

Recorda a Lois Tobío, un home que sempre reivindicou a Galicia, feito que os máis achegados lle agradeceron e trataron de premiar con diversas homenaxes e distintas sorpresas.

Díaz Pardo, Isaac, 'Lorenzo Varela e a RAG', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 16 xuño 2003, p. 5.

Apunta a posibilidade de lle dedicar o Día das Letras Galegas a Lorenzo Varela. Para o articulista, Varela, Luis Seoane e Rafael Dieste representaron os verdadeiros intelectuais, xa que entendían a cultura como algo global, e ademais da arte e das letras preocupábanles a historia, a economía, a industria, etc.

Díaz Pardo, Isaac, 'Valente e Ramonet en Fonseca', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 30 xuño 2003, p. 5.

Dá conta da exposición do colexio Fonseca dedicada a José Ángel Valente, na que Isaac Díaz Pardo bota en falta algunhas obras. Tamén fala da investidura como *Doctor Honoris Causa* de Ignacio Ramonet. O discurso de Ramonet versou sobre a importancia da Universidade para entender o problema da información-comunicación.

Díaz Pardo, Isaac, 'No pasamento de García-Sabell', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 19.

Loanzas para Domingo García-Sabell, de quen se destaca o seu papel na fundación da editorial Galaxia, a labor como presidente da Real Academia Galega (RAG), e, sobre todo, o seu talento, intelixencia e amor por Galicia.

Dobarro, Xosé María, 'Dígoche ata sempre, (a)preciado amigo', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 14 xaneiro 2003, p. 13.

Faise eco da repentina morte do literato e xornalista Mario Couceiro Bescos, cando os seus amigos lle preparaban unha homenaxe, que se celebrará, con máis emoción se cabe, no seu recordo.

Dobarro, Xosé María, '¿Por que son chavista?', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 28 xaneiro 2003, p. 19.

Con motivo da presentación do libro *¿Por qué soy chavista?* e dunha conferencia de Francisco Sesto Novás, Dobarro reflexiona sobre a problemática de Venezuela e aproveita para reivindicar a importancia de Sesto Novás na poesía galega.

Dobarro, Xosé María, 'Neira Vilas 'honoris causa' na Habana', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 18 febreiro 2003, p. 15.

Felicita a Xosé Neira Vilas, a quen lle concederon o título de *Doutor Honoris Causa* na Universidade da Habana, onde existe unha cátedra de Cultura Galega. Neira Vilas viviu na Habana durante máis de trinta anos a partir de 1961 e alí conserva unha vivenda a que viaxa cada ano para pasar unha tempada. Por outro lado, boa parte da súa obra xestouse nesta cidade. Anteriormente, a Universidade da Habana tamén lle outorgou o título de *Doutor Honoris Causa* a Gonzalo Torrente Ballester, feito que fai reflexionar ao articulista sobre se é a lingua ou a patria o que define a inclusión dun autor nunha determinada literatura; para el, a lingua é o factor determinante.

Dobarro, Xosé María, 'Velorio', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 26 febreiro 2003, p. 11.

Dá conta da morte de Francisco Taxes. Recorda a importancia da súa obra e céntrase en *O Velorio*, obra que en breve representará o Centro Dramático Galego. Opina tamén sobre a manifestación da plataforma cidadá Nunca Máis e sobre o inminente ataque a Irak.

Dobarro, Xosé María, 'Caleidoscopio', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 11 marzo 2003, p. 15.

A pesar de que o primeiro poema de Curros Enríquez está escrito en galego -"Cántiga", que comeza co verso "No xardín unha noite sentada" que o pobo cambiou polo máis idóneo e popular "Unha noite na eira do trigo"-, a súa primeira composición coñecida foi "Al dos de mayo", datada nese mesmo día do ano 1972, tema no que insistiría na loa, escrita en colaboración co seu cuñado Leopoldo Vázquez, titulada "El dos de mayo de 1808", representada no Teatro de Novedades de Madrid o 2 de maio de 1874 con grande éxito de público. Ambas as dúas celebran a grandeza dun pobo e non a miseria dun réxime, xa que os españois se opuxeron a unha invasión allea por considerala unha imposición. Este feito leva a Dobarro a reflexionar sobre a situación actual de Iraq.

Dobarro, Xosé María, 'Boas mans para a cultura', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 6 abril 2003, p. 16.

Faise eco da designación do poeta e arquitecto vigués-caraqueño Francisco Sesto Novás como Viceministro de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes de Venezuela, seguida do nomeamento como Presidente Encargado do Consello Nacional de Cultura (CONAC). A partir desta nova, recorda a Celso Emilio Ferreiro, quen a principio dos anos sesenta marchara a Venezuela para facerse cargo da actividade cultural da Irmandade Galega.

Dobarro, Xosé María, 'Esa vida que nos toca', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 31 agosto 2003, p. 16.

Anuncia o pasamento de Raimundo García Domínguez, "Borobó". Destaca a súa colaboración no semanario *El Barbero Municipal*, cuxos servizos podían aplicarse, segundo Dobarro, a moitas institucións e concellos na actualidade.

Dobarro, Xosé María, 'Adeuses e benvindas', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 28 decembro 2003, p. 20.

Dá conta da morte de Brian Hughes e da sentida homenaxe que os familiares e amigos lle fixeron en Neda. Tamén lles dá a benvida ás *Normas ortográficas e morfolóxicas* do idioma galego na súa última versión, a aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Domínguez Prieto, Juan Miguel, 'Liñas e versos lentos para Pura Vázquez', *O Correo Galego*, 'Unha carta', 11 xaneiro 2003, p. 4.

Emocionada carta a Pura Vázquez, autora de *A música dos tempos* (2002), que se pecha cun sentido soneto, dedicado tamén á poeta.

Dourado Deira, Manuel, 'Castelao, o mar e a ecoloxía', *El Correo Gallego*, 'Mar de Arousa', 4 xaneiro 2003, p. 34.

Carta dirixida a Castelao na que se explica o contido da asemblea anual da Fundación Castelao. Relátanse as principais dificultades da Fundación: as significativas ausencias dalgúns membros, a escaseza dos recursos económicos, que quizais impida a recuperación, catalogación e publicación da súa obra gráfica, e o problema da casa natal, xa que aínda é un misterio se a casa do autor acollerá definitivamente a súa memoria e a súa obra.

Dourado Deira, Manuel, 'Ánxel Casal: encontro rememorativo', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 23 agosto 2003, p. 4.

Con motivo da dedicación do Concello de Santiago a Ánxel Casal dun monolito na linde entre Cacheiras e Montouto na estrada A Estrada-Santiago, onde se di que apareceu o seu corpo, Dourado pon de relevo a importancia de Casal; para el, Casal, Castelao e Bóveda forman a "tríade gloriosa". Recomenda os libros *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, de Xosé María Dobarro Paz e Ernesto Vázquez Souza, e *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, de Vázquez Souza para coñecer mellor a figura de Casal.

Dourado Deira, Manuel, 'Borobó, belisco de inmortalidade', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 6 setembro 2003, p. 4.

Reflexiona sobre a perda que supón a morte de Raimundo García Domínguez, "Borobó". Recorda con emoción ao home e á obra e recolle as palabras de varios amigos e admiradores -Emilio Lavandeira, García de la Riega, Blanco Tobío, Xoán Guitián, Javier Baltar- que souberon e saben valorar a persoa e o traballo de "Borobó".

Dourado Deira, Manuel, 'Novena a Santa Isabel', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 27 setembro 2003, p. 4.

Comenta a *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel na visitación que lle fixo a súa curmá a Virxe María e que se celebra na vila de Outeiro de Rei da Terra Chá*, escrita por un devoto nativo de Outeiro de Rei, obra de Manuel María e dedicada a Dourado Deira. A obra, un "sublime canto en prosa poética", trata diversos aconteceres da vida das terras de Outeiro de Rei, nos que intercede a Santa, levando os seus devotos polo bo camiño. Sinala que está composta por nove capítulos, en relación cos días da novena, que presentan unha idéntica estrutura en catro partes: "Acto de Contrición", onde se trata un tema particular, "Meditación", sobre un acontecemento lendario que provoca a súplica do devoto á Santa e a súa poderosa intervención que o salva; "Oración", na que se pide pola primacía das boas vontades do ser humano, e "Propósito", no que se promete a boa conduta polo ben propio e da comunidade.

Dourado Deira, Manuel, 'O libro, medicina do espírito', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 8 novembro 2003, p. 4.

Reflexiona sobre a pouca importancia que se lle concede aos libros nos nosos días, inundados, sobre todo, pola "rosa" programación televisiva, pero tamén polos novos soportes informáticos, especialmente o CD, capaz de almacenar miles de páxinas. Dourado incide na necesidade de falar e ler en galego.

Dourado Deira, Manuel, 'Cultura institucional en Galicia', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 22 novembro 2003, p. 4.

Amosa a súa preocupación pola situación do libro galego e a falta de apoio institucional que recibe e lembra as conversas que mantivo con dous rianxeiros, Rafael Dieste e Roxelio Pérez González, Roxerius, sobre o impulso que a República quixo dar á educación e á cultura. Recupera a creación das Misións Pedagóxicas, presididas por Bartolomé de Cosío, ás que se incorporou de seguido Dieste realizando múltiples actividades. Refírese tamén ao labor de Roxerius, artífice dun movemento de renovación pedagóxica e galeguización do sistema educativo e conclúe que estes logros non se tiveron en conta nin sequera como exemplos de vías de solución para a promoción do libro e da cultura en Galicia.

Dourado Deira, Manuel, 'O sector editorial: ¿apoio institucional?', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 29 novembro 2003, p. 4.

Subscribe a opinión do editor Fernán-Vello sobre o escaso apoio institucional ao libro e ás bibliotecas públicas, ademais de recoller algúns datos do debate en *Tempos Novos* entre Manuel Bragado e Xan Carballo, responsábeis das editoriais Xerais e A Nosa Terra respectivamente. Destaca a importancia da problemática do sector editorial e a necesidade de certa implicación do goberno neste tema, dado que a base da cultura galega está no libro en galego.

Dourado Deira, Manuel, 'Rosalía, heroína entre heroínas', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 28 decembro 2003, p. 6.

Grazas á xenerosidade de Couselo, Dourado accedeu e dá conta do contido do discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto González Besada, lido o 7 de maio de 1916. O tema central do discurso é a defensa de Rosalía de Castro, pero antes o autor fai un alegato da raza galega, primeiro dos homes galegos e despois das mulleres, das que destaca o papel decisivo na vida familiar e social de Galicia. Loaa o esforzo e o valor de González Besada por "traspasar o lintel" da Real Academia Española e divulgar entre os seus membros o mundo galego e a unha escritora galega.

Eiré, Afonso, 'Borobó como ponte entre o nacionalismo e o socialismo', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 28.

Lembranza da figura de "Borobó". Comézase falando da súa vinculación ao xornalismo e á revista *A Nosa Terra* e en torno a este eixo xira todo o artigo. En relación a isto introdúcense tamén datos sobre a súa biografía como a proximidade ideolóxica co socialismo, do que foi militante.

Escudeiro Soto, José M^a., 'Carta a Carlos Casares', *Faro de Vigo*, 'Cartas', 4 abril 2003, p. 73.

Imaxinaria carta dirixida a Carlos Casares na que se fala da pouca atención prestada polo concello de Nigrán á figura do escritor. Lémbrense personaxes das súas obras para ilustrar a

negativa a poñer o nome de Carlos Casares a un paseo nesta vila, onde o escritor ourensán pasou longa parte da súa vida e onde realizou moito do seu traballo.

Estévez, Xerardo, 'Domingo García-Sabell', *La Voz de Galicia*, 'Compostelaneando', 17 agosto 2003, p. L2.

Breve recordatorio da figura de Domingo García-Sabell. Coméntase a súa labor de galeguista durante o franquismo e máis tarde, xa na democracia, o seu traballo como político vencellado ao partido socialista. Faise unha breve cita da concepción que este home tiña do galeguismo e da identidade dos galegos e pídesse a publicación pronta dos seus discursos.

Estévez, Xerardo, 'Nuestro amigo Borobó', *La Voz de Galicia*, 'Compostelaneando', 14 setembro 2003, p. L2.

Iníciase o artigo cunhas breves explicacións filosóficas para logo pasar a comentar a figura de Raimundo García "Borobó". Destácase o seu traballo para que o xornal *La Noche* puidese publicarse durante moitos anos, así como o humanismo que desprendía. Fálase dalgún premio que recibiu, dos seus múltiples pseudónimos e da súa vinculación á cidade de Santiago.

Ezequiel, 'Lo de Domingo', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 25 xullo 2003, p. 11.

Breve colaboración de tema político sobre o traballo de Domingo Bello Janeiro, catedrático da universidade da Coruña e director da EGAP (Escola Galega da Administración Pública). En apartado distinto coméntase unha homenaxe a José Manuel Romay Beccaría en Camariñas.

Ezequiel, 'Homenaje al preclaro Juan Naya', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 14 novembro 2003, p. 10.

Referencia ao acto de homenaxe que se lle tributa a Juan Naya. Cítanse as persoas que van participar neste acto e destácanse algunhas das actividades desempeñadas por este persoeiro, dando especial énfase ao seu traballo como responsábel da Biblioteca da Real Academia Galega.

Ezequiel, 'Los Martínez-Risco: entre La Coruña y Allariz', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 21 novembro 2003, p. 10.

Breve comentario sobre a inauguración da Fundación Vicente Risco en Allariz e rápidas referencias á evolución da familia así como ao respecto que se lle ten á figura do patriarca.

F.M.B., 'Espiral Maior: as dificultades da edición independente', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 14 setembro 2003, p. 2.

Ponse de manifesto a grave crise que atravesamos debido ao baixón da venda e da lectura do libro galego. Recóllese cómo Miguel Anxo Fernán Vello fixo público

este feito e cómo o escritor se manifestou a prol da nosa literatura. Así mesmo, alértase aos lectores de que se non se produce un incremento nas vendas a editorial terá que pechar.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Avilés de Taramancos, a lingua do mar', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 13 2003, p. 3.

Alude á celebración do Iº Congreso de Cultura Popular e Mariñeira organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en Corcubión. Recóllese a temática mariña abordada dende distintas perspectivas e presente en diversos autores como Antón Avilés de Taramancos, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Ana Romani. Conclúese cunha aproximación máis detida á obra de Avilés de Taramancos na que o mar aparece como "pura contemplación estética", ao que tamén se achega dende a sensorialidade e a emoción.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Manuel María na Academia', *O Correo Galego*, 'A fenda', 20 febreiro 2003, p. 3.

Fálase do acto multitudinario de recepción na Real Academia Galega de Manuel María, en Vilalba, onde o novo académico leu un discurso titulado "A Terra Chá: poesía e paisaxe", un estudo sobre a relación dos poetas chairegos. Mendíonase tamén que Méndez Ferrín foi o encargado de dar resposta ao discurso do poeta. Insístese na transcendencia literaria e intelectual deste acto pola beleza das intervencións.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Con González Garcés', *Galicia Hoxe*, 'A fenda', 12 xuño 2003, p. 5.

Co gallo da exposición que está tendo lugar na Coruña no espazo do 'Kiosko Alfonso' sobre a vida e obra do poeta Miguel González Garcés, lémbrese a súa figura como amigo e poeta ademais da posibilidade de adicarlle o Día das Letras Galegas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Fundación Luís Seoane', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 xuño 2003, p. 3.

Anúnciase a apertura da nova Fundación Luís Seoane, creada xa en 1996 mais que agora abre un novo espazo na cidade da Coruña nun edificio remodelado da man dos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco, baixo a dirección de Alberto González-Alegre, para ser un novo centro de arte contemporánea.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Con Fiz Vergara Vilariño', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 18 xuño 2003, p. 3.

Fálase da homenaxe que cada ano ten lugar en Santalla de Lóuzara, no concello de Samos, ao poeta muiñeiro Fiz Vergara Vilariño, organizada pola Asociación Cultural Ergueitos de Sarria e que este ano contou coa presenza dos poetas Cesáreo Sánchez, Xesús Pereiras, Xavier Baixeras, Marica Campo, Estevo Creus, Xulio Valcárcel e Fernán Vello, que leron varios poemas do poeta lugués.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Notas sobre a densidade poética en Xavier Seoane', *Galicia*

Hoxe, 'Caderno aberto', 23 xuño 2003, p. 3.

Remítese á obra do poeta coruñés Xavier Seoane, *O sol de Homero. Unha defensa da poesía*, e do último libro gañador do "I Premio de Poesía Caixanova-Pen Clube de Galicia", *Dársenas do oaso*, como exemplo da densidade poética, entendida esta como concentración lírica significativa. Cítase, ademais, no inicio, a necesidade da poesía lírica terse que mover no "ámbito da excelencia", segundo o filósofo alemán Hans-Georg Gadamer, discípulo de Heidegger e falecido no 2002.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Unha literatura sen lectores', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 27 xuño 2003, p. 3.

Recollendo o título da terceira parte da obra de Castellet, *La hora del lector*, "Una literatura sin lectores", e unha cita de Sartre, o autor reflexiona sobre a situación actual da literatura galega. Considera que, debido a unha caída moi forte do número de lectorado, a literatura galega está nun serio perigo pola propia natureza social da literatura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Fundación Neira Vilas: un paradigma a seguir', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 xullo 2003, p. 3.

Recoñécese o labor cultural feito pola Fundación Neira Vilas en Gres (Vila de Cruces), situada na Casa do Romano e dirixida por Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, como Centro Cultural, onde existe un Museo Etnográfico e unha extensa Biblioteca que funcionan como dinamizadores e divulgadores literarios e artísticos dentro do mundo rural galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Miquel Àngel Riera e Padrón', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 18 xullo 2003, p. 3.

Recórdase aquí a figura do poeta balear Miquel Àngel Riera, moi recoñecido dentro da literatura catalá e do que Xavier Rodríguez Baixeras xunto co profesor Francisco Díaz de Castro, fixeron unha antoloxía de toda a súa obra poética. Despois de lembrar os premios acadados polo autor cando se cumpren sete anos da súa morte, recórdase a relación emocional que o poeta mantivo coa vila galega de Padrón, do que xa deu noticia o xornalista e pintor padronés, Masito Beiró. Déixase constancia, ademais, dunha das obras deste poeta, *Crònica lasciva d'una decadència*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Escritores e articulismo', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 5 agosto 2003, p. 3.

Reflexión sobre o xornalismo literario que aparece a diario nos xornais. Cítanse a autores como Alfredo Conde, Carlos Mella ou Vicente Araguas, ademais da profesora Rosa Nívea Pedroso, da Universidade Federal do Rio Grande do Sul de Brasil, que teorizou sobre o xornalismo literario ou de opinión. Para rematar, aparecen citados Alejo Carpentier, Octavio Paz e Gabriel García Márquez, autores que tamén expresaron a súa opinión sobre o tema.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Domingo García-Sabell, o home e o galeguista', *Galicia*

Hoxe, 'Caderno aberto', 7 agosto 2003, p. 3.

Recórdase aquí a Domingo García Sabell despois da súa morte. Comézase narrando unha anécdota contada por Carvalho Calero, para despois referir o contacto que mantivo coa xente do exilio, a defensa das liberdades públicas, a importancia da súa obra ensaística, ou o interese de recuperación e dignificación cultural de Galiza.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Xaime Quessada: ¿dislate, provocación ou ignorancia?', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 8 agosto 2003, p. 3.

Recóllese a crítica a unhas declaracións, recollidas de forma textual, do artista Xaime Quessada e que afirman que a lingua galega non é válida para a creación de novela urbana debido ao seu léxico ruralista. Vello emprega a ironía para desbotar estas declaracións, comparando ao artista cun esperpento valleinclanesco.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Lembranza de Ánxel Fole', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 14 agosto 2003, p. 3.

Lamenta o desapercibido que está pasando Ánxel Fole, despois de cumprirse o centenario do seu nacemento o día 11 de agosto de 2003. Menciónase só a homenaxe feita polo concello de Lugo da man do profesor Luís Alonso Girgado e a seguir lémbrense para despois recordar a grandes trazos a súa vida e o recoñecemento que lle veu despois de morto.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O lapis do carpinteiro en agosto', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 15 agosto 2003, p. 3.

Faise aquí unha crítica do filme de Antón Reixa, *O lapis do carpinteiro*, baseado na obra co mesmo título de Manuel Rivas, despois da proxección que tivo lugar en Sada, no Museo de Carlos Maside, o día 12 de agosto de 2003 á que asistiron o director, o escritor, e Chonchi Concheiro, viúva do doutor Francisco Comesaña e xunto con este base na novela de Rivas, convidados por Isaac Díaz Pardo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Instituto Rosalía de Castro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 agosto 2003, p. 3.

En relación ao tema da viabilidade práctica, recoñecemento e proxección do galego, catalán e eúscaro ao que se ten referido Jon Juaristi, director do Instituto Cervantes, invítasenos a reflexionar sobre a non existencia en Galiza dun Instituto Rosalía de Castro para a promoción e a difusión internacional da lingua, da literatura e da cultura galega.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O teatro en crise', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 4 setembro 2003, p. 3.

Rescatando unhas palabras de Lorca sobre a importancia do teatro nun pobo, e recordando os numerosos debates sobre "O Teatro e a crise latinoamericana" no cuarto Festival Internacional de Teatro en Santa Cruz de la Sierra (Bolivia), amósasenos a situación crítica

na que se atopa o teatro galego despois dos datos que a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) acaba de facer públicos e que refiren que Galiza xunto con Andalucía e Castela-A Mancha, son as comunidades que menos invisten nas artes escénicas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Lembranza de Uxío Novoneyra', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 5 setembro 2003, p. 3.

Recórdase ao poeta Uxío Novoneyra sinalando a presenza que el ten en Fernán Vello pola amizade que profesaron, ademais do seu valor como escritor. Menciónanse tamén a Avilés de Taramancos e Carvalho Calero.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O humanismo de Borobó', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 9 setembro 2003, p. 3.

Comeza referíndose ao labor feito polos humanistas do Renacemento para facer unha comparación co xornalismo feito polo xa morto Raimundo García Domínguez, máis coñecido como Borobó, nas súas columnas diarias "Anacos" do diario vespertino, *La Noche*, do que foi director. Ademais, cítanse opinións de Manuel Dourado Deira e Gonzalo R. Mourullo sobre o xornalista.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poesía e público', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 10 setembro 2003, p. 3.

Faise mención da décimo sétima edición do Festival da Poesía en Salvaterra do Miño, celebración tradicional integrada, tamén, por outras artes como a pintura, a escultura ou a música. Recoméndase a obra de Bruno Gentili, *Poesia e pubblico nella Grecia antica*, ademais de deixar constancia da importancia social e cívica que este festival ten, reflectida nos lemas desta edición "Nunca Máis" ou "Non á guerra", e invítase a facer un Gran Festival Internacional de Poesía con carácter anual en Compostela.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Doutor Manuel Reimóndez Portela', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 15 setembro 2003, p. 3.

Co gallo da novena convocatoria na Estrada do certame xornalístico "Manuel Reimóndez Portela", Fernán Vello insiste na importancia deste premio pola súa temática e obxectivos concretos, ademais de achegarnos datos sobre a figura que lle dá nome a este certame a través de Xosé Neira Vilas, Gustavo Docampo ou Camilo Nogueira.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Galicia, un País no mundo', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 18 setembro 2003, p. 3.

Informa de que con motivo da celebración do setenta aniversario do recoñecemento de Galicia como nación, os galeguistas Isaac Díaz Pardo, Xosé Fernández Martínez, Fernando Pérez Barreiro, Xulio Ríos, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Ramón Villares e Francisco Fernández del Riego asinaron un manifesto conmemorativo. Ofrecense os motivos polos que Galicia se considerou unha nación, entre os que destacan a súa clara diferenza do resto dos pobos, o seu idioma e os seus costumes.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A voz no tempo de Carvalho Calero', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 outubro 2003, p. 3.

Tras escoitar unha entrevista realizada ao profesor Ricardo Carvalho Calero, o autor de *A xente da Barreira*, queda impresionado de que estea xa morto. Parécelle moi estraño que trece anos despois do seu pasamento a audición fai que rexurda na súa memoria o perfil ben nido do que foi para el mestre e amigo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Libros, lectura e bibliotecas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 9 outubro 2003, p. 3.

Salienta a grave crise que está pasando a literatura galega a falta dunha lei que a erga. Infórmanos de que houbo unha proposta realizada pola profesora María Pilar García Negro, pero que esta foi denegada. Compara a nosa situación coa doutras comunidades autónomas e pon en evidencia o noso atraso neste campo. Para finalizar, reclama unha mellora para o libro galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Un paradigma da literatura galega', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 15 outubro 2003, p. 3.

Expresa a súa satisfacción ao coñecer que o Premio Nacional de Narrativa foi outorgado ao escritor galego Suso de Toro. Este feito sèrvelle para repasar a súa traxectoria dende que en 1983 obtén o Premio Galicia de Literatura da Universidade de Santiago co libro de relatos *Caixón desastre* ata a súa última novela *Trece badaladas* (2002). Destaca da súa novelística a presenza continua de Santiago, a constante do misterio e a condición existencial do ser humano, a vida e a sombra da morte, pero sobre todo o compromiso coa lingua e o país.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Manuel María: 50 anos da publicación do 'Terra Chá'', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 28 outubro 2003, p. 3.

Como consecuencia da celebración do cincuenta aniversario da publicación da obra de Manuel María *Terra Chá*, lémbrese da primeira vez que leu o poemario e nel atopou palabras fermosas. Chega á conclusión de que esta zona galega sen a existencia do poeta nunca chegaría a ser a entidade simbólica e literaria que é agora.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Juan Abeleira ou as luces da palabra', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 outubro 2003, p. 3.

Céntrase na obra de Juan Abeleira, quen tras escribir dous libros en castelán iníciase no sistema literario galego. Menciónase que escolle a lingua das súas raíces para o poemario *Animais animais* publicado no 2001. Por último, fai un breve resumo da súa vida, salientando algunha das súas traducións como a da biografía de Vivienne Haigh-Wood, esposa do poeta T. S. Eliot.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Galiza en relación con América', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 27 novembro 2003, p. 3.

Avógase pola intensa comunicación de Galicia e Latinoamérica nun momento en que as relacións entre os dous países non son moi cordiais. Considérase que a nosa terra debería ser "cabeza de ponte" para o bo entendemento. Así mesmo, faise un percorrido pola emigración e o exilio galego lembrando a Bos Aires como a capital da cultura galega durante unha época, xa que de alí saíron libros como o *Sempre en Galiza*, promovéronse diversas iniciativas artísticas ou fundouse o Consello de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A Galiza de Bóveda en Pontevedra', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 1 decembro 2003, p. 3.

Con motivo da celebración en Pontevedra do congreso "A Galicia de Bóveda", o columnista fai un repaso da vida do galeguista pousándose en certos momentos ou comentarios que outros personaxes como Ramón Otero Pedrayo ou Xosé Manuel Beiras fixeron del. Resáltase a importancia que Pontevedra tivo para Bóveda, un home que en palabras de Beiras tiña "unha mente cristaiña e anticipadora".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A poesía como fórmula de convivencia e diálogo entre culturas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 9 decembro 2003, p. 3.

Defende que a poesía non está en perigo de extinción e que o feito de que se lle dedique un día conmemorativo non quere dicir que sexa unha arte milenaria. Parécelle normal que a poesía estea pasando un mal momento, pois entende que simplemente non é insensíbel nin allea á barbarie e, polo tanto, sofre as súas consecuencias. Remata o artigo pedindo unha maior difusión da lírica e o seu ensino e inculco nos centros de ensinanza.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A micro pechado: radio galega en Catalunya', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 decembro 2003, p. 3.

Celebra a iniciativa de divulgar a cultura galega en Cataluña a través dun boletín, de escasas catro páxinas, que baixo o título de *A micro aberto* tenta informar aos galegos alí afincados de diversos temas. Sinala que está editado pola Asociación de Espacios Radiofónicos de Catalunya (ERGAC) e que conta cunha tiraxe de mil exemplares. Engade, así mesmo, que neste boletín pódense atopar colaboracións de Martí Aviñó, Antón E. Escuredo e Eduard del Castillo, entre outros.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A falarnos de Cunqueiro en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 19 decembro 2003, p. 3.

Elóxiase a figura do escritor Álvaro Cunqueiro, falecido en Vigo no ano 1981 e ao que lembra con motivo dun encontro cuns compañeiros. Recórdanse as palabras do catedrático de Teoría da Literatura Darío Villanueva, pronunciadas con motivo da XIX edición da Feira Internacional del Libro de Buenos Aires, na que sostivo que amais dun escritor de imaxinación posúe unha "profunda vocación realista".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Libros para o Nadal', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 23 decembro 2003, p. 5.

Aproveitando as datas do Nadal o escritor propón mercar e agasallar libros en galego, ben sexa narrativa, ensaio ou poesía, xa que entende que o xénero é o de menos importancia. Incita á lectura entendendo que cada libro lido é unha viaxe que se realiza e ademais en galego "para sentir o mundo e para pensar libremente en nós".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Os poetas de Fisterra', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 decembro 2003, p. 3.

Constrúe un texto no que se expresa a fonte de inspiración que é para os poetas Fisterra. Constan os nomes de grandes autores que utilizaron como recurso os seus encantos, como Manuel María ou Marta Dacosta. Nesta terra naceron grandes poetas e algúns deles recóllense no libro *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra*, no que aparecen os nomes de Alexandre Nerium, Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez, Xoán Alberte Moure Ínsua e Roberto Traba Velay.

Fernández del Riego, Francisco, 'Os ensinados do vello amigo', *La Voz de Galicia*, 'Obituario', 14 marzo 2003, p. 8.

Faise un percorrido do contacto entre o autor e Luís Tobío desde o momento que se coñeceron, no outono de 1931, ata a súa morte. Cítanse a obra *Catro ensaios sobre o conde de Gondomar*, o volume das súas memorias *As décadas de T.L* ou a versión ao galego da poética de Rilke.

Fernández del Riego, Francisco, 'Literatura e cine', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, '[De cotío]', 3 maio 2003, p. 15.

Relaciónase aquí a literatura co cine despois de que en Francia xurdise o "nouveau roman", da man de autores como Robbe-Grillet, que tomaron elementos propios do cinema para poder modernizar a novela do século XX, como é o caso do *flash-back*, que posibilita a colocación dun pasado no presente. Cítase, ademais, a obra *O ano último en Mariebad* como exemplo desta renovación literaria que a pesar de ter desaparecido deixou pegadas na literatura, aínda que a súa carreira no cinema amosou máis supervivencia.

Fernández del Riego, Francisco, 'Dieste, home de tertulia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'De cotío', 21 xuño 2003, p. 15.

Menciónase a cualidade de Dieste de bo orador, tan pouco falada polos estudosos centrados só na obra literaria de creación e ensaio. Insístese na personalidade de artista da conversa do autor de Rianxo, sobre calquera tipo de tema. Cítanse as tertulias no 'Café Español' en Compostela con Constantino Candeira, Manuel Antonio ou Carlos Maside. En Vigo, no Café Derby, no Nuevo Café, nas salas de redacción de *El Pueblo Gallego*, xunto a Paco Luís Bernárdez, Amado Carballo, Euxenio Montes, Felipe Fernández Armesto, Lustres Rivas ou Xohán Carballeira. En Madrid no café Granja del Henar con Maside, Urbano Lugrís, Fersen, Otero Espasadín... En Bos Aires no Jockey Club ou no Café Tortoni xunto a Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Manuel Colmeiro, Lorenzo Varela ou mesmo no peirao de Rianxo.

Fernández del Riego, Francisco, 'A creación galega desde fóra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 24, 'De cotío', 30 agosto 2003, p. 15.

Faise aquí mención da importancia con que é recibida a produción galega fóra de Galicia referindo no comezo a un artigo atopado polo autor e que coloca a Juan Ramón Jiménez, baixo a influencia da poética de Rosalía de Castro. A seguir, séguense a expor diferentes argumentos que recollen a mesma idea.

Fernández del Riego, Francisco, 'Antehistoria do libro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'De cotío', 20 setembro 2003, p. 15.

Repasa os antecedentes do libro dende a prehistoria ata a actualidade. Remóntase a un primeiro período, no cal as historias se transmitían de pais a fillos, para pasar á civilización exipcia que comeza a empregar símbolos xeroglíficos e, paulatinamente, grafías que derivaron no noso alfabeto. Tamén repara nos distintos materiais empregados como soporte da escrita, dende a pedra ata o papel, pasando polo papiro, as taboíñas de cera ou o pergameo.

Fernández del Riego, Francisco, 'O gran ensaísta na memoria', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 29, 'De cotío', 4 outubro 2003, p. 15.

Fai un percorrido polas características humanas e narrativas do médico e galeguista García Sabell. Móstrao como un ensaísta pleno, capaz de reflexionar sobre calquera temática, dende a medicina ata a filosofía, pasando pola antropoloxía ou a arte. Distíngueo pola súa intelixencia e a súa intuición poética, amais do seu estilo brillante. Para finalizar, lembra a súa faceta menos coñecida de narrador, el é o autor de *Prosas galegas*, obra onde amosa, unha vez máis, un galego rico e fluído.

Fernández del Riego, Francisco, 'Co poeta na súa montaña', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 30, 'De cotío', 11 outubro 2003, p. 15.

Recorda unha xornada co poeta lugués Aquilino Iglesia Alvariño percorrendo as terras que o viron nacer e fai fincapé en como ese mundo se reflicte na súa obra. Recolle os bidueiros, as gándaras, os illós, as lagoas e todos os lugares humildes da súa aldea, Seivane, e arredores. Lembra que naquela viaxe acababa de saír o seu libro *Corazón ao vento*, no que demostra que é fillo da montaña e un cultivador da fala galega.

Fernández del Riego, Francisco, 'A nosa xeración desaparecida', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'De cotío', 22 novembro 2003, p. 15.

Fai unha lembranza da súa xeración e manifesta que estaban unidos por un mesmo propósito: o amor á súa terra coas súas eivas e as súas virtudes. Entende que os seus membros, a maioría deles falecidos, deixaron unha fonda pegada na historia cultural de Galicia, sempre conscientes da responsabilidade de levar a cabo a tarefa de avance para a súa terra por moitos que foran os atrancos.

Fernández del Riego, Francisco, 'O río profundo que atravesar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'De cotío', 6 decembro 2003, p. 15.

Fai un repaso pola obra *Fleuve profond, sombre rivière* (1964), de Marguerite Yourcenar, a quen Francisco del Riego non incluíu no seu libro *Letras do noso tempo* pese ás indicacións de Álvaro Cunqueiro. Confesa que naquel momento non tiña constancia dos seus comentarios sobre os poemas negros americanos, aínda que si da súa figura. Conclúe que é unha lectura moi particular e que no seu momento foi un documento valioso para os devotos da música relixiosa negra nos Estados Unidos.

Fernández del Riego, Francisco, 'O río profundo que atravesar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'De cotío', 13 decembro 2003, p. 15.

Percórrense as terras que baña o río Sil, a chamada e descoñecida Ribeira Sacra. Recórdanse os vales, os viñedos e, en xeral, toda a paisaxe caracterizada polos contrastes e á que os mosteiros da zona dan gran beleza e riqueza artística como o de Santa Cristina ou o de San Estevo de Ribas de Sil.

Fernández del Riego, Francisco, 'Entre o Tâmega e o Marão', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 41, 'De cotío', 27 decembro 2003, p. 2.

Con motivo da última viaxe do escritor ás terras montańesas de entre Douro e Miño, lembra a figura do poeta Teixeira de Pascoaes e a súa obra impregnada de saudade polas vivencias da nenez nesa paisaxe portuguesa. Entende que a sombra do Marao e a brétema do Tâmega teñen nel a pegada do panteísmo romántico que se desprende da súa poética. Recolle a admiración do escritor por Rosalía de Castro e Noriega Varela, así como a súa unión a Galicia.

Fernández Ferreiro, J., '¡Silenzo!', *La Región*, 'Cultura', 29 xuño 2003, p. 67.

Recóllese un artigo publicado polo autor en *La Región*, o 30 de xullo de 1958, ano da morte do escritor ourensán, Florentino López Cuevillas. Trátase dunha despedida e especie de homenaxe a este home, pertencente á Xeración Nós e galeguista, escrita de forma moi literaria e lírica

Fernández, Xurxo, 'Pensar a paso de cangrejo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 24 febreiro 2003, p. 72.

Entre outros temas alleos á literatura galega, recóllese nesta páxina a creación dunha nova colección de poesía por parte do Pen Clube de Galicia, Xerais e Caixanova: a titulada "Arte de Trobar". Infórmanos de que está dirixida por Helena Villar Janeiro e Luís González Tosar. Por último, indicanos que os títulos das dúas primeiras obras desta colección son *Dársenas do ocaso* (2002), de Xavier Seoane (gañador do Premio Caixanova) e *Escolma poética* (2002), de Ramón Cabanillas (edición de Xesús Rábade Paredes).

Fidalgo Santamariña, X.A., 'Un merecido homenaxe', *La Región*, 'Cultura', 16 xullo 2003,

p. 67.

Despois de coñecer o nomeamento de Xaquín Lorenzo Fernández como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas para o 2004, faise aquí unha loubanza deste investigador da cultura galega, amosando satisfacción polo recoñecemento que se lle outorga ao ourensán así como tamén o pulo que isto significa para a Etnografía, a Arqueoloxía e a historia de Galicia.

Figueroa, Adela, 'Galiza, entre o nexo histórico e o rupturismo', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Opinión', 4 setembro 2003, p. 4.

Reflexión sobre a renuncia que os galeguistas históricos están a facer en relación aos problemas actuais que se veñen sucedendo en Galicia ou fóra dela e despois de realizar en anos anteriores a defensa dos valores democráticos empregando numerosas formas de contribuír ao galeguismo, como foi a fundación da editorial Galaxia.

Fonte, Ramiro, 'As décadas de Tobío', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 31.

Recórdase a obra de Luís Tobío despois da súa morte, *As décadas de T. L.*, publicada na década de noventa e que conforma unha narrativa de recordos e da memoria que supuxo unha grande influencia no autor desta columna xornalística que fai unha loa desta novela.

Franco Grande, X. L., 'Plácido Castro, nacionalista internacionalista', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Latexos', 18 setembro 2003, p. 7.

Fai referencia á figura do "nacionalista internacionalista" Plácido Castro que o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), plataforma creada por Xulio Ríos, está tentando valorizar e difundir, xa que segundo afirma o autor desta columna xornalística, é ignorado por moitos galegos. Así, recorda a contribución que Plácido Castro fixo en 1933 para que a Sociedade de Nacións recoñecese a Galicia e a súa condición de nación, de aí, a necesidade de coñecer a súa vida e obra.

Franco, Camilo, 'A contracorrente das luces', *La Voz de Galicia*, 'Obituario', 22 febreiro 2003, p. 13.

Fai alusión á obra de Francisco Taxes, *O velorio*, publicada na "Biblioteca 120" de *La Voz de Galicia*, e *Lenta raigame*, esta última non publicada nunca. Menciona, ademais, as súas incursións como guionista de curtametraxes no incipiente cinema galego e láíase por non poder compartir con el a posta en escea da man do Centro Dramático Galego (CDG) de *O velorio*, por mor da súa morte.

Franco, Camilo, 'Transversais', *La Voz de Galicia*, 'Reserva india', 31 outubro 2003, p. 52.

Refírese ao marco que representa Galeusca para as culturas minoritarias na Península Ibérica. Con motivo do vinte aniversario deste encontro entre escritores galegos, cataláns e vascos, recórdase a función coa que naceu, a de demostrar que o menor número de falantes

dunha lingua non está relacionado coa calidade da súa literatura e, sobre todo, a de buscar unha relación fluída entre os tres sistemas literarios.

Freixanes, Víctor F., 'Luís Tobío', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 15 marzo 2003, p. 10.

Despois da morte de Luís Tobío, Freixanes conta como o coñeceu, nunha xuntanza organizada por Isac Díaz Pardo onde acudiran Inés Canosa, Eugenio Granell, Guillermo Escrigas e Ramón Villares, despois de ter publicado a súa obra de memorias *As décadas de T.L* en Edicións do Castro. Fai, ademais, un pequeno percorrido polos acontecementos nos que participou e que supoñen unha grande importancia dentro da historia cultural e política de Galicia.

Freixanes, Víctor F., 'As primeiras letras', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 26 abril 2003, p. 11.

Recupera as súas lembranzas infantís asociadas coa lectura, da man de seu avó e de seu pai, e atribúelles a aquelas experiencias a súa afección e interese polos libros e pola literatura. Refírese á crise que vive actualmente o mundo do libro, aínda que recoñece nunca se leu e se editou tanto como agora, e sinala que a sociedade debe deixar de percibir unha carencia obxectiva na súa relación cos libros. Remata valorando a importancia da lectura compartida entre pais e fillos, unha experiencia que lembra con especial emoción.

Freixanes, Víctor F., 'Paseata arredor da vida', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 9 agosto 2003, p. 5.

Recorda diante dunha fotografía de escritores galegos nas montañas do Cebreiro, a figura do ensaísta García-Sabell que aparecía xunto a Ramón Piñeiro co que mantivo unha relación de amizade durante toda a súa vida. O articulista recorda o primeiro ensaio que leu del sobre o erotismo e a súa sorpresa pola maneira moderna no tratamento, a dimensión universal e o estilo na construción dun pensamento. Pon esta lectura en relación co último traballo de Carlos Casares, *Paseata arredor da morte*, que entende é unha alfaia do pensamento galego e universal.

Freixanes, Víctor F., 'As castañas de Borobó', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 30 agosto 2003, p. 5.

De forma moi literaria sitúanos no momento da impresión xornalística de principios de século, para recordar a figura de Borobó e o seu paso por *La Noche* ou *El Correo Gallego*, os encantos que mantivo con el e as súas últimas conversas con Xosé María García Palmeiro.

Freixanes, Víctor F., 'Xela Arias', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 8 novembro 2003, p. 5.

Con motivo da morte da poetisa Xela Arias lembra a súa vida e obra entregada á literatura galega. Entre os seus títulos destaca a dedicada ao seu fillo, *Darío a diario* (1996), un libro

que nomea especialmente por estar cheo de esperanza e luz. Lémbrese de cando a coñeceu e de como a viu medrar como escritora. Finalmente, relata que cando se menciona a calquera das poetisas galegas, noméase tamén a Xela Arias.

Galdo, Fausto, 'A herdanza culinaria do Montalbán', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 281, 'A folla do pirixel', 26 outubro 2003, p. 5.

Lembra a figura de Manuel Vázquez Montalbán na súa vertente culinaria, xa que pode considerarse un dos grandes da gastronomía galega, non só pola difusión que dela fixo o seu famoso personaxe, Pepe Carvalho, nacido en Láncara (Lugo) senón tamén pola publicación de numerosos libros teóricos sobre cociña, entre eles algún dedicado a Galicia. No que se refire á súa figura literaria sinala que pasou en Galicia algunha tempada e despois localizou aquí algunha das súas novelas, como *Erec y Enide*; noutras utiliza personaxes galegos coma o chamado Almoína, republicano que educa aos fillos de Trujillo e escribe as obras da súa muller. Conclúe cunhas breves notas sobre un dos seus libros de cociña que tratan sobre Galicia, o seu restaurante favorito e unha receita súa.

García López, Xoán, 'Entre o Marraxón e o Ancos', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 27 agosto 2003, p. 12.

Xoán García López relata un paseo matinal cara ao monte Marraxón que realiza un domingo. Afirmar levar por compañeiro de viaxe o libro de Rosa Aneiros *Resistencia* (2002), do que di que se trata dun "canto vivo" ao Portugal previo á Revolución dos Caraveis. Felicita á autora pola novela, augurándolle grandes éxitos literarios.

García López, Xoán, 'Dende Ferrol a Quiroga, camiño da poesía', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 9 setembro 2003, p. 15.

Comenta a súa asistencia, acompañado de máis xente do Grupo de Amigos da Poesía "Chorima" de Ferrol, ao "V Encontro de poetas" ou "Festival Poético" do Sil, que se celebrou en Quiroga. Á parte de describir o concello e o transcurso do acto, felicita á organización, ao grupo Amencer Quirogués. En concreto, menciona a Xabier Castro, o presidente, e a Pepe Pol e Xesús Galán, organizadores do encontro e fundadores de Amencer Quirogués.

García Méndez, Ismael, 'El humor como terapia', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 10 setembro 2003, p. 36.

Céntrase no escritor vilanovés Julio Camba e na súa prosa que define como "sazonada". Preséntao como un autor ideal para superar o aburrimiento do vivir de a diario. Lémbrese a este respecto dunha das súas novelas, *El destierro*, novela autobiográfica na que di que o autor comenta as súas andanzas por Arxentina e de como foi expulsado, xunto con outros anarquistas do país. Á parte de comentar esta lectura, tamén fala das súas colaboracións xornalísticas, sobre todo de como compara o campo bávaro.

García Negro, M^o do Pilar, 'Ramón Vilar Ponte (1891-1953)', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 18 setembro 2003, p. 13.

Ocúpase M^a do Pilar García Negro de dar proxección pública á figura de Ramón Vilar Ponte por se cumpriren na data de elaboración do artigo, o 14 de setembro de 2003, cincuenta anos do seu falecemento. Segundo informa, seu irmán é moito máis coñecido, aínda que irremisibelmente o estudo de un ten que levar para o do outro por conxunción de intereses e de traballo. Foi Ramón, asegúranos, quen ideou as Irmandades da Fala e produciu libros básicos para a cultura galega como: *Doctrina Nazonalista*, *Historia de Galicia* ou unha, hoxe incompleta, *Historia da Lingua Galega*. Estes artigos fanlle a García Negro ver a Ramón Vilar como un nexo entre Murguía e Castelao e un dos piares do nacionalismo, ademais de falar, xa daquela, da necesidade do uso consciente da lingua galega para soerguer o idioma. Sen embargo, veríase escurecido, segundo di, pola Guerra Civil e polo galeguismo despolitizado no que non encaixaba, o que non impide enaltecerse hoxe do seu exemplo e da súa modernidade.

García, Xosé Lois, 'Neira Vilas, Doutor Honoris Causa pola Universidade da Habana', *O Correo Galego*, 'Ecos da Berenguela', 25 febreiro 2003, p. 3.

Dános conta do nomeamento de Xosé Neira Vilas como Doutor Honoris Causa en Letras pola Universidade da Habana, o 10 de febreiro de 2003, coincidindo co décimo aniversario da fundación da Cátedra de Cultura Galega nesta universidade e coas Xornadas Científicas que se están celebrando a raíz deste. Descríbese como foi o acto, celebrado na Aula Magna da universidade coa presenza do director da cátedra José Antonio Baujín e do decano da Facultade de Artes e Letras, Rogelio Rodríguez Coronel, ademais de numerosos galegos de Cuba, ao lado da tumba dun famoso cubano de orixe galega, o padre Félix Varela. Comenta tamén o discurso de Neira Vilas, no que destacou a presenza de galegos en Cuba e das súas achegas. Ao día seguinte, segundo comenta, continuaban as xornadas analizando a presenza de Curros Enríquez en Cuba.

García, Xosé Lois, 'Chantada de Ánxel Fole', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 14 agosto 2003, p. 5.

Evoca a Ánxel Fole, aínda que fosen moitas xa as loas que recibiu con motivo dos cen anos do seu nacemento. Cualifícao como un grande creador de microcosmos nos que estaban de fondo os espazos da provincia de Lugo. Salienta tamén que case toda a vida viviu na cidade, que coñecía moi ben a xeografía e as xentes da provincia porque as amaba e ía á terra dos seus antepasados, Chantada, para recoller datos. Comenta despois que era descendente dunha familia desta vila luguesa e que abundan na súa obra as referencias e as descrições desa terra, tanto nas obras narrativas coma nas crónicas xornalísticas en *El Progreso*. Por todo o dito, o autor pide que Chantada lle renda unha homenaxe a Ánxel Fole poñéndolle o seu nome a unha das súas rúas.

García-Bodaño, Salvador, 'Diante do silencio', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 2 marzo 2003, p. 3.

Fala Salvador García-Bodaño do esquecemento que sufriu o escritor e profesor galego Álvaro de las Casas. O motivo desta reflexión é unha homenaxe que se lle vai facer en Esposende, no Ribeiro, no pazo dos Ulloa, onde residiu e tiña unha biblioteca e un arquivo

documental que case se perde por completo. Da súa vida salienta como tivo que fuxir coa guerra, primeiro para Portugal e logo para América, e como despois foi marxinado pola súa ideoloxía no exilio, aínda que outros con peripecias maiores non sufriron ese esquecemento. Sinala que Otero Pedrayo ou Francisco Fernández del Riego non o esqueceron nas súas obras, e mesmo o primeiro deles leu un discurso homenaxe diante da súa tumba. Recentemente indica que foi no instituto de Noia, onde el dera clase, onde se reivindicou a súa significación cultural como escritor, político, fundador de Ultreya, de Galeuzca ou da Asociación de Escritores de Galicia, redactor do manifesto *Mais*, etc. Finalmente, informa da homenaxe que se lle rendeu na revista noíesa *Casa da Gramática*, da reeición das súas obras, empezando polo poema escénico *Matria*, publicado pola editorial Follas Novas en 2002, cun estudo sobre a súa vida e obra por parte de Lola Arxóns e cunha análise do teatro da época feito por Xosé Castro.

García-Bodaño, Salvador, 'Tempo ferido', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 9 marzo 2003, p. 3.

Comeza falando dunha homenaxe a Carlos Casares que se celebrou no Consello da Cultura Galega e que constou de dúas partes: unha institucional, na que interviron Francisco Díaz-Fierros, Celso Currás, Alfonso Zulueta e Kristina Berg, a súa dona, e a outra máis literaria e musical, na que, baixo a dirección de Ana Romaní, entrevistou xente como Víctor Fernández Freixanes, Iolanda Castaño, Luz Pozo, os actores Miguel Pernas, Xulio Lago e Elina Luaces. Sinala que o acto rematou con Ramón Castromil tocando as dúas pezas que oíra Casares na homenaxe a Francisco Fernández del Riego pouco antes de morrer. Salvador García-Bodaño di que leu o poema "Xelmirez 15-4º", unha lembranza da casa de Ramón Piñeiro, o que lle dá pé para lembrar a figura de Piñeiro, que cualifica de chave, xunto con Fernández de Riego, na reconstrución interxeracional do galeguismo. Fai un breve recordatorio da vida de Ramón Piñeiro e do libro de memorias *Da miña acordanza*, de Carlos Casares, que salienta como incompleto. Por último cita o libro *Carlos Casares, punto de encontro*, que agradece a Marcos Valcárcel.

García-Bodaño, Salvador, 'Garcés dende a néboa', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 22 xuño 2003, p. 3.

Co gallo da clausura dunha exposición no Kiosko Alfonso da Coruña titulada "Miguel González Garcés. O home. O libro. A palabra. A imaxe", menciona que a mostra foi comisariada por Luciano Rodríguez, autor da edición de *Miguel González Garcés. Poesía* de 1998, na que colaboraron X. R. Barreiro Fernández, M. Álvarez Torneiro, X.L. Valcárcel e Xavier Seoane, este último encargado tamén do libro *Un home só na néboa*, a súa derradeira entrega poética en 1989. Comenta que o poeta tiña unha ampla personalidade literaria e o perfil de home de cultura, e na súa poesía plasma unha sensibilidade intimista aberta á erudición e á sensualidade perceptiva. Rememora as súas vivencias comúns desde que se coñeceron en 1962, con motivo dos Xogos Florais de Galicia, e a relación que mantivo con Avilés de Taramancos. Por último lembra que se lle deben moitas achegas á cultura galega, entre as que destaca a súa antoloxía *Poesía Gallega de Posguerra (1939-1975)*, que xa considera histórica.

García-Bodaño, Salvador, 'Na tradición galeguista', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos

días', 13 xullo 2003, p. 3.

Céntrase na figura de Gustavo Santiago Valencia, "home de ideario galeguista", a raíz dun acto celebrado no Museo do Pobo Galego, no que a Fundación Padroado Pedrón de Ouro o homenaxeou nomeándoo presidente de honra. Sinala que o acto estivo organizado por Xosé Ramón Fandiño e nel interviron Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, e Avelino Abuín de Tembra, o actual presidente da Fundación Pedrón de Ouro. Salvador García Bodaño cualifica a Gustavo Santiago Valencia como parte da nosa tradición con maiúsculas, alude ao seu periplo vital desde os primeiros anos en Ourense, onde foi alumno do membro do Partido Galeguista Leuter González, ata a súa dedicación á cultura galega, como presidente do Padroado do Pedrón de Ouro, dirección desde a que convertería o padroado en fundación. Tamén di que foi un constante animador cultural, creando premios coma o Modesto R. Figueiredo, o premio Manuel Antonio, premios de Etnografía ou sobre o Camiño de Santiago.

García-Bodaño, Salvador, 'A bendición maldita', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 24 agosto 2003, p. 3.

A lectura do artigo de Carlos Ruíz Rodríguez, que respondía a unhas declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello sobre o estado actual da lingua galega e a difusión editorial, fan que García-Bodaño insista no tema do que considera un paso preocupante o feito de que o coñecemento do galego pase a non ser obrigatorio nas oposicións a Administración Autonómica. O preocupante da situación está corroborado, segundo di, polos nada esperanzadores informes da Real Academia Galega. As declaracións de Fernán Vello parécelle que insisten nesta preocupación xeral, pero céntranse no aspecto da política cultural, que Salvador García-Bodaño considera que está aletargado, sobre todo no último ano e medio, e utilizado para, por exemplo, reprimir decisións editoriais.

García-Bodaño, Salvador, 'Memoria de Jordi Domènech', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 26 outubro 2003, p. 3.

Comeza falando das perdas irreparábeis que está tendo a literatura catalá nos últimos meses, coa desaparición dalgunhas da súas figuras de enorme difusión como Terenci Moix ou Vázquez Montalblán xunto a de resonancia en círculos reducidos como Jordi Domènech, falecido hai un mes, ao que Salvador García-Bodaño coñecía persoalmente. Deste informa que naceu en Sabadell no ano 1941, que escribiu poemas que van desde o posímbolismo ata as vangardas e que era un bo coñecedor da nosa literatura, da portuguesa e da lingua e literatura italiana e dos seus dialectos. Cita especialmente o titulado *Un poema en dez anacos. Galego/catalán*, parte dunha homenaxe a Joan Oliver publicada en Edicións do Castro en 1974. Por outra parte, tamén rememora os encontros co poeta finado, desde a súa primeira viaxe a Galicia para recibir un premio, en 1962, na que se coñeceron, ata a derradeira, no último mes de agosto, que ao final foi coma unha especie de despedida para o escritor catalán, na que rememoraron vellos tempos.

García-Bodaño, Salvador, 'A 1ª elexía a Bóveda', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 23 novembro 2003, p. 3.

Anuncia a próxima celebración dun congreso sobre Alexandre Bóveda con motivo do centenario do seu nacemento. Indica que vai estar estruturado en temas relacionados co pontevedrés: "A biografía" "Os días de Bóveda", "Bóveda no ensaio actual", "Contexto histórico da República" "A Represión", "A recuperación da memoria", "Pensamento", "Bóveda vive" e "Presenza de Bóveda en Pontevedra", e que haberá un acto musical e literario "Bóveda na voz dos poetas", no que participarán varios poetas. Este último acto previsto no programa moléstalle especialmente pola súa falta de rigorosidade; de feito, lamentase de que non fose invitado cando foi o primeiro que escribiu unha elexía a Bóveda na posguerra publicada en 1967 no poemario *Ao pé de cada hora*. Para dar fe deste feito e do inxusto do seu esquecemento, reproduce un fragmento dun artigo que publicou o 21 de decembro de 2001 con motivo do falecemento da dona do galeguista no que fala doutro acto ao que acudira en 1964 en Pontevedra, no que coñeceu a viúva, e para o que tiña listo o poema "Non houbo galas", dedicado a Bóveda.

Gómez, Lupe, 'O teatro inmenso', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Teatro', 12 xaneiro 2003, p. 5.

O texto reflicte a visión que ten do teatro Lupe Gómez, escrito dun xeito moi lírico, con moitas metáforas e símbolos. A escritora dá unha visión renovada do mundo do escenario como espazo para a aventura ou o soño, como espazo renovador. Insiste en negar a crise do teatro, "o que está en crise é o mundo", e remítenos a un mundo de soños, de danzas de nenez, que é o que vén sendo para ela o teatro. Reclama a reinvención para todo, o teatro ten que renacer na escola, ten que reinventarse e converterse nun espazo de liberdade e de vida.

Gómez, Lupe, 'Teatro galego, reflexión', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 1 agosto 2003, p. 4.

Lupe Gómez quéixase amargamente de que a afluencia de público sexa moito maior para o teatro de fóra que para o galego, aínda que pretende ser optimista co noso teatro, do que sempre se di que conta con poucos medios e con poucos apoios, pero que considera bastante creativo. Ela quere crer que non existe a crise no teatro galego, que a creatividade, a ilusión e o entusiasmo rompen o atasco. Conclúe que se pode entrever a imaxinación que lle vai permitir mirarse a si mesmo como periferia coa súa marabillosa autenticidade, porque algún día hai que saír e mirar cara adiante.

Gómez, Lupe, 'Teatro, encontro', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Venres', 8 agosto 2003, p. 4.

Reflexiona sobre o que considera unha das características máis marabillosas do teatro, o contacto entre corpos dos actores e os dos espectadores. Sinala que ofrece algo que segundo ela ten unha gran carga sexual. Ofrece un achegamento que non consegue nin o cinema nin a literatura porque as palabras collen forza ao seren pronunciadas en alto e o detido colle forza co movemento. A forza do teatro, continúa, radica nesa pulsión que dá vida ao público e fai que se entregue, por iso o teatro fai que nos sintamos vivos, que sintamos o espectáculo como real. Remata o artigo pedindo que para sentir ese pulo sexual se vaia "desnudos" ao teatro, preparados para entrecruzar a razón co irracional.

Gómez, Lupe, 'A cidade empeza xa a animarse', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas',

7 setembro 2003, p. 5.

Despois do verán, Lupe Gómez sinala que comeza a temporada de teatro de outono na cidade de Compostela, actividade que xa botaba en falta logo de todo o verán sen programación estábel. Percorre diferentes iniciativas nas que o teatro terá un lugar predominante como a Sala Nasa, Galán ou Yago, aínda que sen sinalar ningunha obra en concreto.

Gómez, Lupe, 'Os paxaros queren voar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Teatro', 14 setembro 2003, p. 5.

Quéixase da crise do teatro, xa que no que vai de ano os espectáculos teatrais son menos que en anos pasados e nos próximos meses de inverno tampouco se agarda moita actividade. Pregúntase por qué a xente vai cada vez menos ao teatro, e por qué as institucións que deberían axudar ao teatro non o fan. Tal é como ela o ve, o teatro é algo importante para a cidade; vivir sen el é máis difícil, porque a xente precisa soñar e precisa da imaxinación.

Gómez, Pedro, 'Basilio Álvarez (post-mortem)', *La Región*, 'De paso', 8 decembro 2003, p. 14.

Lembranza da figura de Basilio Álvarez con motivo do sesenta aniversario da súa morte. Enumera algúns actos que se teñen celebrado en homenaxe súa e di que despois de que morrese silenciouse a personalidade do famoso agrarista, deputado e xornalista. Non obstante, en pequenos círculos lembrouse ao cura de Beiro, e así se explican acontecementos coma que fose nomeado fillo predilecto da provincia en 1928 pola Deputación, como se ve na reprodución da acta que publica o xornal *La Región* o 27 de xullo do 2003. Tamén salienta, entre as homenaxes, que se lle dedicase unha das rúas que dá á ponte do Milenio, con motivo da súa inauguración en 2003. Conclúe falando da sede do "círculo basilista" e dunha placa e un busto seu que se colocaron en Beiro, e tamén neste mesmo sitio da organización dunha semana cultural cunha conferencia dedicada a el neste ano 2003.

González Pérez, Clodio, 'Cadernos de Ribadavia', *O Correo Galego*, 'O rodicio do tempo', 22 febreiro 2003, p. 4.

Comenta os contidos de dous números da revista *Cuadernos de Ribadavia*, que lle chegaron ás mans. Trátase de dúas pequenas monografías que abordan temas históricos. O primeiro número céntrase no cerco que sufriu Ribadavia no século XIV por parte das tropas inglesas do duque de Lancaster, elaborado por Xosé Ramón Estevez Pérez co título "Crónica de Froissart. Defensa e toma de Ribadavia". Informa de que outra versión dos mesmos feitos aparece no libro *O Ribeiro. O viño da cultura. A cultura do viño*, de Alfonso Mato. O segundo número da revista leva por título "Os xudeus de Ribadavia na documentación" e está feito por Gloria de Antonio Rubio, quen fai un repaso por toda a documentación medieval buscando rastros dos xudeus, sobre todo dos máis importantes.

González Pérez, Clodio, 'Álvaro das Casas, o Ribeiro e Noia', *O Correo Galego*, 'O rodicio

do tempo', 1 marzo 2003, p. 4.

A propósito da homenaxe que se lle vai render a Álvaro das Casas no Pazo dos Ulloa de Esposende, no que viviu despois de casar con unha das súas donas, faise un repaso pola vida deste galeguista. Comenta a súa presenza no Ribeiro e en Noia, no Instituto do que foi director ata que o denunciaron por impartir a conferencia "O momento universitario: Verbas aos mozos galegos". Destaca tamén na súa traxectoria a creación da organización xuvenil Ultreia, con representación en varias vilas e cidades galegas como Lugo, Pontevedra, Padrón, Redondela, Vigo, Ourense, Tui, etc., na que participaron entre outros Xosé Filgueira Valverde ou Xurxo Lourenzo. Reproduce o decálogo da organización e fala da vida de Álvaro das Casas despois da guerra, cando emigrou a Portugal e América, onde fundou a editorial Emecé, para morrer en Barcelona en 1950.

González Pérez, Clodio, 'De romaxe a Rocamador', *O Correo Galego*, 'O rodicio do tempo', 26 abril 2003, p. 4.

Comenta que relendo *As crónicas do Sochantre*, de Álvaro Cunqueiro, na que se menciona a Rocamador, ocorréuselle que sería interesante facer un estudo dos centros de devoción dos galegos na Idade media. Lembra a historia dese santuario occitano e as numerosas mencións del que hai en textos galegos xa desde 1302, en doazóns ou esmolas para el, ou mesmo nas *Cantigas de Santa María*, na cantiga oitava do código rico. Así, ademais de facer un pequeno repaso pola historia deste lugar de devoción medieval e das súas pegadas en Galicia, aproveita para animar á lectura de Cunqueiro pola súa riqueza.

González Pérez, Clodio, 'O carballo de Luxís', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 18 maio 2003, p. 6.

Fala dos carballos e das carballeiras de Galicia, da súa beleza e dos perigos que corren nos mundos de hoxe. O que lle dá pé para falar disto é un vello carballo da parroquia de Pacios, no concello lugués de Castro de Rei, que fora cantado polo poeta chairego Crecente Vega, admirador das árbores, como se demostra no texto que se reproduce no artigo. Dá conta tamén doutros carballos antigos e famosos coma o de Eira, en San Amaro, Ourense, do que xa sabía o Padre Sarmiento, o de Augas Santas, Allariz, e outros. Ao final, ademais de animar a xente a ir velas, recórdase que algúns, como Avilés de Taramancos, consideran as árbores como sagradas para os galegos.

González Pérez, Clodio, 'Arturo Noguerol e 'La Centuria'', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 7 xuño 2003, p. 5.

Refírese á figura de Arturo Noguerol Buján, un dos galeguistas asasinado en 1936, sinalando que foi inxustamente esquecida, só rehabilitada, en certo sentido, por algúns coma Otero Pedrayo, que fala del no seu libro *O libro dos amigos*. De Arturo Noguerol comenta como apareceu na cultura galega coa revista *La Centuria*, encabezada por Risco e na que tamén se dan a coñecer Álvarez de Nóvoa, Correa Calderón, Florentino López Cuevillas, Noriega Varela, Emilio Amor ou Xavier Bóveda. Defínese a Noguerol como o arbitrista ou o financeiro do galeguismo, un home de recursos, que ademais de ser administrador da revista, tamén levou a xerencia da revista *Nós* en Ourense, participou nas

Irmandades da Fala e colaborou en *A Nosa Terra*. Remata o artigo reclamando un xusto tratamento dalgún especialista na época como Xosé B. Reza, na versión en galego da *Enciclopedia Galega*.

González Pérez, Clodio, 'O amigo 'Xocas', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 19 xullo 2003, p. 4.

Con motivo da elección de Xaquín Lorenzo como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2004, fala del dende a visión de quen o coñeceu e o tratou, primeiro no Instituto Padre Sarmiento e logo no Museo do Pobo Galego. Lembra como nunha reunión do Museo do Pobo Galego levou unhas coplas do maio de Ourense que falaban de Xocas e de don Vicente Risco, coplas que logo publicou e que reproduce no artigo. De Xaquín Lorenzo salienta o seu traballo calado como cronista dun xeito de vida que el sabía que ía cambiar, e que por iso se afanaba en gardar en palabras e debuxos, desde o seu primeiro traballo no número 42 de *Nós*, ata o seu último traballo, un ano despois de morrer. Entre as súas obras destaca a *Etnografía Cultural material*, que é o segundo volume da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo e editada en Bos Aires en 1962, un volume que define como monumental, de máis de setecentas páxinas, reeditado en catro tomos, e que é a máis clásica das obras galegas de etnografía.

González Pérez, Clodio, 'Unha volta pola terra de Iria', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 2 agosto 2003, p. 5.

A lectura do libro de Anxo Angueira, *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*, dálle pé para non só facer un pequeno comentario do libro, senón tamén un repaso polas terras das que nos fala o libro. Comeza o libro en Iria, coa súa colexiata, logo pasa polo monte Meda, onde conflúen os concellos de Rianxo, Rois, Dodro e Lousame. Continúa polas terras de Herbón e todo o curso do Ulla: Padrón, Pontecesures, Dodro, Valga, Rois e A Escravitude, xa en Santiago de Compostela. Neste itinerario imaxinario fai continuas referencias a persoeiros da cultura galega como Sarmiento, Rosalía, Castelao, X. Lois Ladra, Antón Fraguas, mitos como o castro da raíña Lupa ou mesmo *La Bella Otero*.

González Pérez, Clodio, 'A 'esquela' de Cuevillas', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 4 outubro 2003, p. 5.

Relata unha anécdota protagonizada por Xaquín Lorenzo e Florentino Cuevillas, íntimos amigos xa desde a época do Seminario de Estudos Galegos, e autores de varios traballos en colaboración. Esa amizade fixo que, segundo conta Clodio González, a familia de Cuevillas, cando morre, lle encargase a nota necrolóxica a Xaquín Lorenzo. Este redáctaa en galego, pero no xornal ourensán negáronse a publicarlle así e pediron permiso á censura. Dende Madrid negaría a autorización Fraga Iribarne e o enterro de Cuevillas tivo que celebrarse sen necrolóxica en galego e sen poder cantar o himno. Pero si que levou, como din unhas declaracións que Clodio González extrae de Xaquín Lorenzo, unha bandeira de Galicia agochada baixo a chaqueta e uns versos do seu tamén íntimo amigo Fermín Boza-Brey, que se reproducen no artigo.

González-Alegre, A., 'Fai tempo de Seoane', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 maio 2003, p.

51.

Coméntase a actualidade que ten agora mesmo a figura de Seoane grazas ao esplendor co que aparece a súa Fundación, aínda que xa tiña dado os seus primeiros pasos coa iniciativa de Maruxa Fernández, pois está abrindo as súas portas a nova sede na Coruña. Segundo González-Alegre a Fundación nace con centos de amigos e de colaboradores e con grande experiencia na produción cultural.

Graña Núñez, Xosé, 'Sobre Manuel María', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 3 marzo 2003, p. 67.

Comenta o inxusto esquecemento que sufriu a figura de Manuel María. De feito el recoñece que acabou de estudar filoloxía galego-portuguesa e Manuel María era para el un completo descoñecido. Hoxe, recoñecido e admirado pola Cultura Galega en xeral, ten o seu contrapunto, pois é o primeiro autor galego vivo en ter unha biografía completa ou case completa. Da autoría de Camilo Gómez Torres, a *Bibliografía de Manuel María* sería, segundo sinala, un extraordinario exemplo de rigor científico, ademais da primeira obra publicada pola Fundación Manuel María. Informa que este traballo derivou da tese de doutoramento "Manuel María: poesía, traballo lingüístico e cultural", que xa tiña sido a base doutro libro do mesmo autor *Manuel María: os traballos e os días*, publicada por Laiovento en 2001. Da biografía en si fala con admiración, e defínea como un enorme exercicio de documentación rigorosa e dunha metodoloxía exemplar, na que se rexistra toda a obra do autor, desde publicacións en revistas, ata traducións ou a obra da rede. Refírese ademais á perfecta estruturación do libro, o que o fai moito máis accesíbel e o converte nunha obra imprescindible para coñecer a realidade sociocultural, socioliteraria e, incluso, sociopolítica da Galicia da segunda metade do século XX.

Gwede, 'A música dos tempos', de Pura Vázquez', *La Región*, 'Panorama', 3 xaneiro 2003, p. 20.

Dá conta da aparición do libro de poesías de Pura Vázquez *A música dos tempos*, algo que considera é habitual destas datas. O autor do artigo declárase a si propio coma un dos seus máis antigos lectores, dende os seus comezos, cando algúns lle chamaban "a nova Rosalía", e seguindo despois a súa traxectoria. Do libro destaca a súa musicalidade, formando coa rima e o ritmo unha sucesión de melodías; os versos defínense coma partes dun poemario sinfónico. A linguaxe, moi traballada, e o melódico dos poemas fanlle pensar que, neste libro, a autora se reencontrou coa música para rememorar a infancia e outras esencias anímicas.

Gwede, 'Prensa gallega en Cuba', *La Región*, 'Panorama', 19 febreiro 2003, p. 19.

Saúdase con gozo a nova publicación do Centro de Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro, un estudo sobre a revista *Galicia Moderna*, publicada en Cuba entre 1850 e 1890, continuando así coa tarefa de dar a coñecer a prensa galega editada en Cuba nos séculos XIX e XX. Coméntase a importancia destas publicacións, para consolidar o bloque que formaron os galegos en Cuba arredor do Centro Gallego. Do centro Ramón Piñeiro comenta que xa dedicou algúns traballos á investigación desta prensa publicada en Cuba,

dirixidos por Luís Alonso Girgado e nos que colaboraron Natalia Regueiro e Josefa Veloso Gómez, traballos que recollen este interesante xornalismo de Cuba, que se ocupaba tanto do que pasaba en calquera parte da illa, coma do que pasaba en Galicia. O volume *Galicia Moderna*, conclúe, é un bo exemplo desta liña inforamtiva, que rescata a dispersa historia da nosa emigración.

Iglesias Sueiro, Gonzalo, 'Inmortalidade', *La Región*, 'La tribuna', 6 agosto 2003, p. 56.

Con motivo da morte de Domingo García-Sabell, expón os méritos fundamentais que lle provoca a súa lembranza, polos que pensa que foi incluído na memoria colectiva do pobo. O repaso destes méritos comeza coa súa capacidade oratoria, continúa co labor como político (como delegado do Goberno) e finaliza englobando todo na definición de intelectual de renome, profesional irreprochábel e político honesto.

Ínsua, Emílio Xosé, 'Liñas de urxencia', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 22.

Recordo da figura de Lois Tobío, salientándoo como traballador incansábel no estudo e divulgación da cultura e historia galegas. Sinala o seu labor tradutor de grandes autores alemáns, a súa abondosa colaboración en revistas e xornais e a súa actuación política no Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de 1931 e no Consello de Galicia. Tamén apunta o seu carácter conversador, demostrado moitas veces na súa vila natal (Viveiro), e remata cunha exhortación aberta á difusión da súa obra.

Isorna, José, 'Follas Novas', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 19 xullo 2003, p. 4.

Noticia da reunión con motivo de se cumprir o cento dezaioito aniversario da morte de Rosalía de Castro, na casa da Matanza, nun acto cultural onde se lembraron as obras da poetisa. Explica despois que no título da súa mellor obra, *Follas Novas*, se inspirou o libreiro e editor Rafael Silva Costoyas para fundar a librería "Follas Novas" de Santiago de Compostela.

Jaureguizar, 'Os non citados', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 19 xaneiro 2003, p. 9.

Critica a escaseza de libros de memorias en galego, quizais debido ao temor á reacción dos aludidos. Apunta dous exemplos deste xénero que tentan amañar minimamente o problema, *Da miña acordanza*, de Ramón Piñeiro e *Aire para respirar*, de Antón Baamonde. Destaca deles o seren dous libros de mobilizadores políticos derrotados pola guerra civil de 1936 e describe algunha das anécdotas narradas.

Jaureguizar, 'Salóns', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 16 febreiro 2003, p. 9.

A inauguración do primeiro Salón do Libro Infantil e Xuvenil, promovido pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega coa colaboración da Área de Benestar Social en Lugo, é o motivo que o leva a animar esta iniciativa e, á vez, pedir un compromiso serio para poder garantir unha continuidade necesaria para a implicación dos novos. Os desacertos organizativos doutras experiencias, fan que destaque como moi importante a permanencia do certame

para obter bos resultados na mocidade.

Jaureguizar, 'RAG e Rivas', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 23 febreiro 2003, p. 9.

Co gallo do ingreso de Manuel María na Real Academia Galega e do apoio que recibiu por parte de medio milleiro de persoas que escoitaron o seu discurso, Jaureguizar apunta a necesaria modernización da institución, xa que por exemplo cualifica o cambio de normativa como prudente e comedido. Apunta o achegamento necesario á sociedade que se debe facer e a renovación xeracional con escritores como Manuel Rivas; aspectos que xa se están intentando, como se ve na suxestión feita polo presidente, Xosé Ramón Barreiro, a Rivas de integrarse na academia, que o escritor rexeitou, ou no ingreso de Manuel María.

Jaureguizar, 'Biblos', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 2 marzo 2003, p. 9.

Estuda a a posibilidade dun mercado galego para a venda de libros por catálogo suxestionado pola aparición do catálogo Biblos, iniciativa do xornalista e escritor Tucho Calvo. Apunta que non pasan de dez mil as persoas interesadas no libro galego e que estas non semellan suficientes para o propósito. Non obstante, saúda que o xornalista confie superar a anormal situación do mercado literario galego baseándose no listado dos trinta mil subscritores da *Biblioteca 120*.

Jaureguizar, 'Nie mehr', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 16 marzo 2003, p. 9.

Na polémica mantida nos xornais cataláns entre os escritores Alfredo Conde, Suso de Toro e Manuel Rivas, apoia a este último na súa participación na manifestación do colectivo "Nunca Máis" e argumenta a necesidade de que o escritor, coma calquera outra profesión, debe manter a postura política e social que considere conveniente, en contra dos moitos que agora reclaman que o escritor se limite exclusivamente a exercer o seu oficio, unha implicación na dinámica colectiva que sosteñen autores como Günter Grass.

Jaureguizar, 'Marea', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 6 abril 2003, p. 9.

Comenta a subida das vendas nos libros tras a marea negra do "Prestige", como o único ben no medio da catástrofe, un fenómeno que está asombrando a todos os editores galegos. Exemplifica, ademais, mediante os subscritores de *Biblos*, que esta subida inclúe profesionais de todo tipo. Expón datos clarificadores: o último estudo da Federación de Gremios de Editores de España sinala que un de cada catro lectores galegos adoita ler na lingua do país, números que superan aos dos vascos e aos dos cataláns de Valencia. Disto conclúe que "as desgracias unen. Desgraciadamente".

Jaureguizar, 'Peto', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 13 abril 2003, p. 9.

Demuestra a anormalidade da edición galega sinalando o escaso interese dos lectores polo libro de peto, máis barato, namentres noutros países como Inglaterra e Alemaña acada o trinta e cinco ou corenta por cento da totalidade das vendas. As experiencias das editoras como Xerais que sacaron coleccións de libros de peto, obteñen unha resposta irregular en compradores e libeiros, o que leva a Jaureguizar a dicir que o lectorado galego ten un nivel

económico e educativo superior á media, e que por iso prefiren as edicións luxosas, que son as que mellor se venden segundo os editores.

Jaureguizar, 'Corazón, crime', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 20 abril 2003, p. 9.

Sobre o argumento da titulación axeitada para obter un maior éxito comercial, elabora a opinión de que non son os editores, a pesar de xogárense o patrimonio, senón os representantes comerciais os que recomendan o uso dun ou doutro título, porque son eles os que se enfrontan aos libeiros para que merquen e expoñan as obras nos escaparates. Apunta que os propios escritores saben que os títulos que levan palabras como crime, corazón ou alma, supoñen unha venda maior de exemplares.

Jaureguizar, 'Consorcio', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 25 maio 2003, p. 9.

Céntrase nas dificultades das editoras galegas no mercado actual. Un exemplo é a creación do Consorcio Editorial Galego, conformado por Bahía Edicións, A Nosa Terra e Sotelo Blanco, que foi unha resposta á presión do mercado para obter unha maior competencia. Sinala que esta decisión se basea na forte competencia interna (existen vinte e sete empresas editoriais na Asociación Galega de Editores para un mercado de quince mil persoas), e externa (as multinacionais) e medidas como a adoptada pola Consellaría de Cultura que pretende limitar as subvencións exclusivamente ás editoras que tiren un mínimo de dez libros ao ano.

Jaureguizar, 'Ir Indo', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 1 xuño 2003, p. 9.

Enxuíza as editoriais que non pagan os dereitos de autor, o dez por cento dos beneficios, poñendo o exemplo de Ir Indo, que acaba de sufrir por parte dun autor de dicionarios unha demanda por este motivo. Apoia que se fagan públicas as irregularidades das editoras correspondentes, e que se recompense moralmente ás que son honestas.

Jaureguizar, 'A dedo', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 27 xullo 2003, p. 9.

Observando o caso de Darío Xohán Cabana, diserta sobre a conveniencia de escribir novela longa, traballo compensado neste caso pola crítica e o público. Expón que moitos escritores falan de que a novela longa é unha concepción burguesa que está superada, co que non está de acordo, xa que aduce que o relato curto non é o xénero da vangarda "lumpemproletaria". Prefire pensar que os problemas son outros, como por exemplo, o prezo, que é determinante segundo os editores.

Jaureguizar, 'Á de mosca', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 3 agosto 2003, p. 6.

A xestación dunha novela enche o contido deste artigo: *Á de mosca* (1998), escrita por Aníbal Malvar. Despois de sinalar algunhas posíbeis maneiras á hora de comezar a factura dunha obra, con música clásica, coa fresca, nun café, á noite, etc., indica a peculiar escrita desta novela, nas noites de dous meses con café e bourbon na terraza dun sexto piso de Compostela, que fixo perder o emprego de xornalista ao autor desta.

Jaureguizar, 'Cursi', *El Progreso*, 'Á sombra', 20 agosto 2003, p. 72.

Retrata con ironía e humor a poesía e os poetas, cualificando a lírica de "secta hermética", só entendida e útil para os propios poetas que debido a unha "alteración cromosomática" son os únicos que a len, escriben, editan e gozan. Apunta o caso de Miguel Anxo Fernán-Vello, de quen admira o feito de editar tantos libros, aínda que até a fin mantén a incapacidade para sentir pracer coas rimas daqueles que non son poetas.

Jaureguizar, 'Morrer sen entrevista de Dragó', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 12 outubro 2003, p. 93.

Entre outros temas diversos, Jaureguizar dedícalle unhas liñas a Suso de Toro e ás súas obras *Trece badaladas*, da que afirma que se le con grande pracer; *Tic tac*, da que di que é unha obra inimitábel en calidade e modernidade e da que lembra que estivo a piques de recibir o Premio Nacional de Narrativa no 1993; e *Círculo*, da que comenta que moitas editoriais españolas se están a interesar por publicala en lingua castelá.

Jaureguizar, 'Reserven sitio no catamarán', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 14 decembro 2003, p. 93.

Ademais de referirse ao novo xornal de novidades que vén de publicar Edicións Xerais de Galicia, dá conta da publicación na colección "Mandaio" de Biblos da obra *Compostellanum*, de Ángel de la Cruz, unha novela histórica na que o protagonista é o arcebispo Xelmírez. Sinálase que nesta novela elixe como narrador, o axudante dun delegado de Inocencio II que tenta pescudar por qué o vulgo acusa a Xelmírez de nepotismo e corrupción. Recóllense as declaracións do autor nas que sinala que a novela naceu como idea para un guión e que xa ten vendidos os dereitos audiovisuais a Dygra, así como a súa idea de escribir outra novela ambientada na Galicia do século XV. En columna á parte anuncia a reunión que van celebrar os membros da Asociación de Músicos en Lingua Galega (AMELGA) e os da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Laxe Freire, M.A., 'A Galicia dos nosos escritores', *O Correo Galego*, 'Follas soltas', 2 febreiro 2003, p. 2.

Sinala que, a diferenza do que ocorre na maior parte das vellas nacións europeas, en Galicia non existe ningún escritor que conseguise sintetizar e reflectir o espírito nacional deste pobo; a única autora que se achegou a este obxectivo foi Rosalía de Castro, pero o seu prototipo de ser galego está lonxe de ser asumido por todos os galegos. Tamén Gonzalo Torrente Ballester, a pesar de escribir en castelán, tratou nas súas obras a Galicia, da que amosou unha imaxe realista e afastada dos pesimismos e dramatismos de Rosalía. Fala, finalmente, do modelo de muller galega que aparece nas obras de Torrente Ballester e Rosalía de Castro, totalmente distantes da realidade actual.

Laxe Freire, M.A., 'Un poeta do pobo', *O Correo Galego*, 'Follas soltas', 16 febreiro 2003, p. 2.

Fai referencia ao acto no que Manuel María deu lectura ao seu discurso de ingreso na Real

Academia da Lingua Galega (RAG), que tivo lugar onte en Vilalba. Sinala, en primeiro lugar, que o feito de que o acto tivese lugar na capital chairega é unha mostra da política descentralizadora dos actos institucionais do presidente da RAG e o recoñecemento das características propias das diferentes comarcas naturais de Galicia. Deseguido, louva o poeta Manuel María, a quen considera "un poeta do pobo que fixo patria e que fixo tamén e aínda está a facer historia", que "coñece tan ben o seu pobo como o seu oficio".

Laxe Freire, M.A., 'Galicia urbana', *Galicia Hoxe*, 'Follas soltas', 24 agosto 2003, p. 4.

Sinala que os fundadores das Irmandades da Fala (Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, os irmáns Vilar Ponte...) e máis tarde o Partido Galeguista, consideraban que as cativas cidades de principios de século impedían a modernización de Galicia e que o modelo axeitado para o seu desenvolvemento se baseaba nas casas de labranza tradicionais entendidas como unidades de produción. Fronte a isto, sinala, Galicia modernizouse, só parcialmente, a costa de baleirar o campo para que medrasen as cidade. Critica o actual sistema económico, que vai camiño das megacidades, e asómbrase da tendencia actual que leva os labregos xubilados a pechar a casa da aldea para adquirir unha vivenda na cidade.

Laxe Freire, M.A., 'O outono e as letras', *Galicia Hoxe*, 'Follas soltas', 19 outubro 2003, p. 4.

Fala da importancia que na sociedade rural galega tiña a literatura de tradición oral e lembra as historias narradas arredor do lume nas tardes de outono. Sinala que aquela literatura era unha fonte de aprendizaxe e divertimento para os nenos daquela e que a lectura é unha das maiores actividades formativas. Considera que o descenso do lectorado non afecta só a Galicia e recolle as consideracións dos editores galegos, segundo os cales, esta perda se debe ao noso descenso demográfico e á falta dunha acertada política lingüística. Lamenta, finalmente, que as editoriais satisfagan unicamente a demanda escolar e oficial e afirma que hai moi bos libros de literatura galega, de difícil acceso para o lector.

Laxe Freire, M.A., 'Narrativa na sociedade costumista', *Galicia Hoxe*, 'Follas soltas', 9 novembro 2003, p. 4.

Sinala que o atraso social e económico de Galicia con respecto a outros lugares de Europa, por exemplo Inglaterra, foi determinante na tardía instauración do xénero narrativo. Afirmar que Galicia non contou cunha verdadeira narrativa ata o século XX e que, aínda que na actualidade os niveis de calidade e cantidade sexan semellantes aos dos países do noso contorno, o xénero non conta co interese do público. Considera que a maior parte da produción literaria galega é simplemente obxecto do estudo e atención do profesorado do ensino e que a narrativa galega carece dunha verdadeira autenticidade.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Peche', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 16 febreiro 2003, p. L15.

Sinala que a revista mensual *Guía dos libros novos*, que naceu en 1998, deixou de publicarse por falta de financiamento cando ía polo seu número corenta e un. Sinala que a publicación, de información e crítica bibliográfica, se caracterizaba polo seu deseño

anovador, polo coidado dos aspectos formais e polo grupo de especialistas e analistas nas letras e nas ciencias.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Disfraces', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 6 abril 2003, p. L15.

Dá conta da presentación do texto teatral *O nome dos disfraces* (2002), de Manuel Guede, que tivo lugar na Sala Iago. O libro, que abre a colección "Rubín/Teatro" de 3C3 Editores, presentouse cunha singular posta en escena: a sala de teatro converteuse nunha cantina dunha estación ferroviaria na que os xogos de luces, as voces dos actores, as análises literarias e as lecturas tiveron un lugar relevante. O acto estivo precedido dun prólogo de Inma Silva López.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Quintáns', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 3 agosto 2003, p. L11.

Fala de Manuel Quintáns Suárez, gran lector e conversador, que é requirido asiduamente como xurado dos certames literarios galegos. Sinala que naceu en Santa Comba, que se formou en Filosofía e Letras e que se xubilou como catedrático de Literatura no Instituto Eduardo Pondal de Santiago de Compostela. Ccon este motivo, un grupo de docentes e amigos publicaron *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns* (1999, Editorial Follas Novas). Na actualidade traballa no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, publica en prensa recensións de obras e está preparando, como coordinador e escritor, o volume *Historia de Santa Comba de Xallas*.

Lira Pousa, Lolín, 'Xesús Alonso Montero, 'O noso'', *La Región*, 26 novembro 2003, p. 20.

Dá conta da conferencia que Xesús Alonso Montero pronunciou en Ribadavia, á volta da súa viaxe a Helsinki, onde impartiu dúas conferencias: unha sobre Álvaro Cunqueiro e a súa paixón polo Kelebalá (poema épico nacional), e outra sobre a problemática político-social da nosa lingua. Na conferencia ofrecida en Ribadavia, inscrita no programa da Xunta de Galicia sobre "Os nosos escritores", debullou a súa biografía, falou do seu *Informe dramático sobre la lengua gallega* e deu lectura a uns poemas da súa autoría, escritos baixo o esquema formal das cantigas de amigo e con temática social.

Lombao, Manuel, 'Adeus, Don Luís', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 21.

Fai referencia ao pasamento de Luís Tobío e afirma que este encheu a historia de Galicia do século XX. Dá conta dos lugares onde residiu, dende o seu nacemento en Viveiro ata que se instalou definitivamente en Madrid, e lembra a súa elegancia, o seu falar pausado e a súa *Historia de Galicia*, editada no exilio. Fala, finalmente, da homenaxe que se lle brindou hai un ano en Madrid, que incluíu a publicación dun libro, e do seu acto de despedida, que tivo lugar en Madrid.

López Fernández, Xesús, 'Lembranza de Ánxel Fole', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 25 agosto 2003, p. 17.

Sinala que Ánxel Fole, do que este ano se celebra o aniversario do seu nacemento, sempre defendeu o emprego dun "galego variado", que amosase as múltiples variantes lingüísticas e a riqueza léxica da lingua. Dá conta das explicacións que sobre a vida e obra de Ánxel Fole fixo Dolores Vilavedra na súa *Historia da literatura galega*, destacando a oralidade da obra do escritor lucense. Afirmar, finalmente, que as novas normas da lingua galega non tiveron en conta a lingua falada nin o bilingüismo harmónico e que estamos a vivir unha situación caracterizada por "unha normas que non van e, tamén, un nacionalismo sen galeguismo".

López-Castelli, Elena, 'A Álvaro Gil, in memoriam', *El Progreso*, 'Cultura', 5 setembro 2003, p. 91.

Co gallo da celebración do centenario do nacemento de Álvaro Gil, mecenas da cultura galega, a súa neta Elena López-Castelli dedícalle unhas liñas. Subliña a súa condición de home dedicado a Galicia e tamén a súa dimensión humana, lamentando o esquecemento en que caíu a súa figura. Afirmar, de pasaxe, que Isaac Díaz Pardo lle pediu que escribise a biografía do seu avó.

Maíz Tógores, Xosé María, 'Dos poetas da terra', *Galicia Hoxe*, 'O chioleiro', 17 maio 2003, p. 4.

Narra cómo naceu a súa admiración pola lírica galega. Conta que buscando un libro no despacho do seu pai, en Madrid, descubriu casualmente a escolma poética de Varela Jácome, coa que coñeceu os poetas máis representativos da nosa literatura.

Mallo, Albino, 'Celso Emilio na miña lembranza', *O Correo Galego*, 'Visións', 15 xaneiro 2003, p. 2.

Lembranza que fai Albino Mallo sobre certos encontros da mocidade con Celso Emilio Ferreiro, a partir do agasallo recibido pola editorial Xerais da reedición facsímile de *Longa noite de pedra*.

Mallo, Albino, 'Maruxa non o verá', *O Correo Galego*, 'Visións', 9 abril 2003, p. 2.

Sinala que Maruxa, viúva do pintor Luís Seoane, finou hai poucos días e que, polo tanto, non poderá asistir á inauguración da nova sede da Fundación Luís Seoane no que fora o antigo Cuartel de Macanas da Coruña. Fala da Fundación, das actividades desenvoltas e destaca o labor do seu director, Alberto González-Alegre. Fai referencia, finalmente, á amizade que mantivo con Maruxa e ás visitas que realizou ao seu domicilio, onde puido comprobar con que amor e orde gardaba todo o tesouro artístico que Luís Seoane deixou (cadros, gravados, follas soltas, debuxos, cartas e libros).

Mallo, Albino, 'A escola de Borobó', *Galicia Hoxe*, 'Visións', 3 setembro 2003, p. 4.

Conta que coñeceu a Raimundo García, Borobó, cando chegou a Santiago na década dos corenta para matricularse na facultade de dereito; daquela fíxose asiduo da redacción do

xornal *La Noche*, onde Borobó traballaba e ensinaba o oficio aos rapaces novos que querían aprender. Conta que Borobó foi o seu mestre e que lle deu bos consellos; permitiulle publicar algún artigo no xornal e volveron a coincidir na axencia EFE. Sinala que se debería recuperar a obra que de Borobó hai espallada polos xornais e que está sen publicar; anima, ademais, aos produtores galegos a que teñan en conta a súa biografía da Bela Otero para facer unha película.

Mallo, Albino, 'Lembrando a Eugenio Granell', *Galicia Hoxe*, 'Visións', 8 outubro 2003, p. 4.

Indica que neste mes se vai cumprir o segundo cabodano do pintor e escritor Eugenio F. Granell e fala da Fundación que leva o seu nome, sita en Santiago, onde poden contemplarse unha importante colección de obras propias e alleas, obxectos doutras culturas, etc. Sinala que, durante a Guerra Civil, Granell loitou no exército republicano e que, tras percorrer varios campos de concentración de España, tivo que exiliarse en Santo Domingo, Guatemala e Nova Iork; á súa volta tivo o recoñecemento merecido e en 1995 concedéuselle a Medalla de Ouro das Belas Artes. Fai referencia, finalmente, á súa actividade como escritor e sinala que é autor de importantes catálogos, novelas (*La novela del indio*, *Tupinamba* ou *Federica no era tonta*) e ensaios; así mesmo, colaborou co teatro deseñando escenografías e vestiarios para diferentes obras.

Mallo, Albino, 'Montalbán e Galicia', *Galicia Hoxe*, 'Visións', 22 outubro 2003, p. 5.

Refírese ao falecemento do escritor Manuel Vázquez Montalbán. Sinala que era fillo dun galego emigrado en Barcelona e que adoitaba pasar algúns días do verán no Morrazo. Fala do seu personaxe máis coñecido, o detective galego Pepe Carvalho e do resto da súa obra literaria, teatral e audiovisual. Sinala, ademais, que vai publicar postumamente *Milenio*, a derradeira historia do seu famoso detective.

Manuel María, '¿Como se transmite o noso idioma?', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 6 xaneiro 2003, p. 8.

Fai referencia a Alfonso Armada (Vigo, 1958), que exerce de xornalista en Madrid e que é autor de dous libros de poesía en galego: *Escuma dos dentros* (1997) e *Pita velenosa na porta dos azores* (2002); ademais de escribir, obras teatrais e xornalísticas na nosa lingua. Do seu segundo libro destaca a "emoción e claridade da súa mensaxe" e a semellanza formal coa poesía de Uxío Novoneyra. Salienta, asemade, que o autor emprega a lingua galega para a que debe ser a súa verdadeira vocación: a poesía. Fala, de seguido, da negación que moitos galegos fan da súa lingua e asegura que isto leva consigo a negación do pobo galego. Transcribe, finalmente, uns fragmentos de dous poemas de Armada sobre estas cuestións.

Manuel María, 'Envellecemos, envellecemos...', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 14 xaneiro 2003, p. 8.

Sinala que a poeta inglesa Elizabeth Barret lle pediu á cidade de Florencia que lle permitise envellecer con ela e que non hai nada máis fermoso no mundo que o desexo de que a persoa

amada envelleza máis lentamente ca nós mesmos. Apunta que esta idea aparece na poesía de Barret, de Álvaro Cunqueiro e nun antigo poema chinés. De todos eles transcribe un fragmento.

Manuel María, 'Os pontapés olímpicos do poeta de Amarante', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 28 xaneiro 2003, p. 8.

Sinala que o poeta portugués Teixeira de Pascoaes recorreu ao mito dos Titáns e ao fútbol para explicar a gravitación dos astros e que, tendo en conta o tradicionalismo de Teixeira, resulta sorprendente a aparición deste deporte na súa poesía, pois cando escribiu estes versos o fútbol era unha moda proveniente dun país estranxeiro. Transcribe os versos aos que fixo referencia e explica o mito dos Titáns, de orixe grega.

Manuel María, 'Sobre as neves de antano', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 23 marzo 2003, p. 8.

Fala, en primeiro lugar, do poema no que Uxío Novoneyra define o outono e sinala que para el é o tempo perfecto. Fai referencia ás *Canciós da roda do tempo*, do poeta catalán Salvador Espriu e compara o inverno co verán. Sinala que ambas estacións se caracterizan pola súa brancura, unha das nevaradas e outra das flores que nacen. Dá conta, finalmente, dunha lenda referida ao rei Almutamid de Sevilla.

Manuel María, '¡Outra vez, outra vez o terror!', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 7 abril 2003, p. 8.

Manifesta a súa posición contraria a calquera guerra e concretamente á iraquí. Critica a actitude do goberno estadounidense e fai referencia a dous poemas de Luís Pimentel: "Cunetas" (o título deste artigo é un verso deste poema) e "Forasteiro", sobre o horror dos fusilamentos perpetrados pola rebelión franquista e sobre o terror dos homes, respectivamente.

Manuel María, 'A herdanza da saudade eterna portuguesa', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 18 maio 2003, p. 8.

Fala do saudosismo portugués e da influencia que exerceu en poetas galegos como Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela e, sobre todo, Ramón Piñeiro. Lembra que este último autor publicou *Filosofía da saudade* (1984) e que o seu saudosismo tivo influencias no galeguismo de posguerra e no cultivo dunha literatura persoalista centrada no propio "eu".

Manuel María, 'Ladrós de versos de sixilosa perfidia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 23 maio 2003, p. 8.

Sinala que Manuel Ferreiro é o maior estudoso da persoa, vida e obra de Eduardo Pondal e que, grazas ao seu traballo, coñecemos cada vez máis poemas e aspectos da vida de Pondal. Comenta tamén que o poeta de Bergantiños sufriu nos últimos anos da súa vida demencia senil e que unha das súas teimas era crer que os seus amigos lle roubaban os poemas. Pondal deu conta desta obsesión nos seus versos e mesmo sinalou que o roubo se lle facía á

patria, pois a ela pertencían os seus poemas. Fai referencia, finalmente, ao libro de Manuel Ferreiro *Pondal: do dandismo á loucura* (1991), no que se dá conta deste asunto e dos problemas de saúde mental do poeta.

Manuel María, 'Actualidade de Miguel González Garcés', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 8 xuño 2003, p. 8.

Fai referencia á vida e obra de Miguel González Garcés (1916-1989), a quen considera o maior poeta da Coruña e o que mellor a interpretou poeticamente. Sinala que neste mes se clausura unha mostra sobre a súa vida e obra e afirma que esta mostra tiña que ser permanente, para así dar a coñecer o labor do poeta, historiador, crítico e divulgador cultural. Sinala que eles foron grandes amigos, insiste na vinculación de González Garcés coa cidade da Coruña e destaca tres dos seus poemas: "Poema del imposible sosiego", "Lista de los" e "Lamento por la ría". Indica, asemade, que é autor de seis libros de poesía en lingua galega.

Manuel María, 'Unha versión poética moi desafortunada', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 10 agosto 2003, p. 4.

Fala das edicións que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades fixo da obra *O vento segrel* e da revista *Alba*, que inclúen ambas as dúas o poema "Serán sin ela", de Augusto María Casas. Contrapón estas edicións coa tradución que deste poema fixo ao castelán Ramón González-Alegre en *Antología de la poesía gallega contemporánea* (Madrid, 1959), e sinala que a tradución presenta erros evidentes e crítica o desleixo de certos tradutores.

Manuel María, 'O centenario de Ánxel Fole: Divagacións', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 17 agosto 2003, p. 4.

Indica que o pasado día once deste mes se celebrou en Lugo o centenario do nacemento de Ánxel Fole. Sinala que o seu nome completo é Ánxel Aleixandre e que o seu padriño foi Luís Vázquez Barreiro, pai de Luís Pimentel. Fai referencia ás importantes bibliografías dedicadas á obra e á persoa do poeta, publicadas sobre todo en 1997, cando se lle dedicou o Día das Letras Galegas, e indica que a súa obra completa está publicada en dous volumes. Lembra, finalmente, que o día vinte e sete deste mes se cumpre o centenario do nacemento do poeta galego Manuel Delgado Gurriarán.

Manuel María, 'Un gravado en honra de Moncho Valcarce', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 14 setembro 2003, p. 8.

Fai referencia ao conxunto de gravados que Xavier Correa Corredoira realizou para colaborar economicamente coa Irmandade Moncho Valcarce, que pretende realizar unha exposición titulada "Moncho Valcarce. Na memoria". Gaba a figura de Ramón Valcarce Vega, cura das Encrobas, dende o punto de vista humano e literario, e describe un dos gravados que compoñen a serigrafía antes citada.

Manuel María, '¿Que clase de poesía será o viño?', *El Correo Gallego*, 'Correo das

Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 2 novembro 2003, p. 8.

Explica que grazas a José Parada, membro da Irmandade dos Vinhos Galegos e autor de *Metafísica del vino* coñeceu un aforismo de Teixeira de Pascoaes sobre o viño ("o vinho é poesía que se bebe/ a poesía é un vinho que se ouve). Sinala que outros autores, como o Arcipreste de Hita, Urbano Lugrís ou Ramón Cabanillas, tamén deixaron constancia na súa obra da relación existente entre poesía e viño. Indica, finalmente, que estes días se está a celebrar en Amarante o cincuenta aniversario do pasamento de Teixeira de Pascoaes.

Manuel María, 'Maxia novembrina', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 23 novembro 2003, p. 8.

Indica que o mes de novembro ten un aquel de maxia e destaca algúns dos santos que nel se celebran: Santos, San Uxío, San Andrés e San Martiño. Sinala, ademais, que a luz nostálgica destes días trae ao recordo os amigos que desapareceron recentemente, entre eles Borobó, Xela Arias, Éxito Gonçalves, Jordi Domenech, Joan Perucho e Miguel Martín i Pol.

Manuel María, 'Vidas converxentes que non corren paralelas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 28 decembro 2003, p. 8.

Fala da amizade que uniu a Urbano Lugrís, de quen este ano se celebra o trinta cabodano do seu pasamento, e a Antón Avilés de Taramancos, homenaxeado co Día das Letras Galegas. Sinala que os dous tiveron unha vidas curtas que converxeron na etapa na que ambos viviron na Coruña "unha bohemia patética" e que Avilés foi un "devoto e fidelísimo discípulo de Lugrís". Fai referencia ao celtismo presente na obra pictórica de Urbano Lugrís e á influencia humana e intelectual que este exerceu en Avilés.

Martín, Paco, 'O ouro da Terra Chá luguesa', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 15 febreiro 2003, p. 35.

Fai referencia ao ingreso de Manuel María, como membro numerario, na Real Academia galega. Sorpréndese de que isto non acontecese moito antes, tendo en conta os méritos do poeta e sinala que o acto de ingreso terá lugar en Vilalba e que o discurso de Manuel María tratará sobre a poesía e mais a paisaxe da Terra Chá. Dá conta, así mesmo, da existencia de dúas empresas multinacionais que andan á procura de ouro nesas terras e pregúntase se, de ser certa a existencia do precioso mineral, os numerosos escritores destas terras abandonaran a súa tarefa literaria pola "febre do ouro", tal e como aconteceu no século XIX en California. Esta noticia tamén foi publicada en *El Progreso*.

Martín, Paco, 'Cen anos de Fole', *El Progreso*, 'Auga lizgaira', 10 agosto 2003, p. 23.

Sinala que mañá se celebra o cen aniversario do nacemento de Ánxel Fole e que na súa cidade natal, Lugo, se van celebrar actos oficiais na súa honra. Lembra, a xeito de anécdota, a intervención de Fole nun programa que sobre Galicia fixera a TF1, en 1977, no que narraba un conto de lobos na lareira dunha casa de Bretoña, que foi visto por numerosos emigrantes galegos en Suíza e Francia, aínda que Fole, e probabelmente os demais

participantes, nunca chegaron a velo. Esta noticia tamén foi publicada en *El Progreso*.

Martín, Paco, 'Cen anos de Fole', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 10 agosto 2003, p. 28.

Sinala que mañá se celebra o cen aniversario do nacemento de Ánxel Fole e que na súa cidade natal, Lugo, se van celebrar actos oficiais na súa honra. Lembra, a xeito de anécdota, a intervención de Fole nun programa que sobre Galicia fixera a TF1, en 1977, no que narraba un conto de lobos na lareira dunha casa de Bretoña, que foi visto por numerosos emigrantes galegos en Suíza e Francia, aínda que Fole, e probabelmente os demais participantes, nunca chegaron a velo. Esta noticia tamén foi publicada en *El Progreso*.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Tusquets celebra os vinte e cinco anos de literatura erótica en 'La sonrisa vertical'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 26 xaneiro 2003, p. 2.

Dá conta da inauguración da sección de literatura erótica Arco de Eros, na librería Antifona de Compostela. Apunta que, dentro da literatura galega, este é un xénero aínda por inventar, a pesar da existencia de dous certames (Máquina de Vapor e Narrativas Quentes) e duns poucos libros (*Infidelidades* de M. Lourenzo; *Xeografía* de Francisco Castro; *Contos eróticos eles/elas* de Xulio Valcarcel, etc.). Sinala, como referente a ter en conta para impulsar este xénero, o certame "La Sonrisa Vertical" de Tusquets Editores, que este ano cumpre o seu vinte e cinco aniversario e cita algunhas das obras e autores galardoados.

Martínez Couselo, Xosé, 'Lois Tobío estudiou ó amador da paz', *O Correo Galego*, 'Recuncho de Altamira', 14 marzo 2003, p. 2.

Dá conta do falecemento de Lois Tobío, que tivo lugar no día de onte en Madrid e salienta que foi un dos últimos en desaparecer do grupo de galegos que se tiveron que exiliar por mor da guerra civil e dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, do que agora era presidente. Indica que Lois Tobío se licenciou en Dereito, que ampliou os seus estudos de Ciencias Políticas en Berlín e que gañou a praza de auxiliar de Historia do Dereito en 1931; dende 1933 traballou como secretario da Embaixada de España en Bulgaria, onde o sorprende a guerra civil; estivo exiliado en Nova Iorque, A Habana, México e Montevideo, regresou a España en 1963 e retomou a súa carreira diplomática en 1974. Sinala, finalmente, que dedicou os últimos anos da súa vida ao estudo de Diego Sarmiento y Acuña, Conde de Gondomar; cita as obras *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh* (1974) e *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca* (1984), así como algúns artigos que publicou en *Grial*: "O eramismo de Gondomar", "O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres", "Gondomar e o galego", etc.

Martínez Couselo, Xosé, 'Lois Tobío lía ós 3 anos as receitas de 'Picadillo'', *O Correo Galego*, 'Recuncho de Altamira', 15 marzo 2003, p. 2.

Fai referencia a Lois Tobío e ao seu libro *As décadas de T.L.*, publicado en 1994 por Edicións do Castro. Sinala que a obra é unha especie de memorias, nas que Tobío lembra cada unha das décadas vividas nun capítulo. Asegura que as súas setecentas dúas páxinas

enganchan ao lector e que nelas se descubren cousas como que Tobío comezou a ler aos tres anos ou que se trasladou dende Viveiro a Santiago aos nove. Dá conta, así mesmo, do interese de Lois Tobío pola figura de Diego Sarmiento y Acuña, Conde de Gondomar, figura sobre a que publicou numerosos traballos en libros e revistas deberían ser recollidos nun só tomo para continuar a investigación do que foi embaixador de España en Londres na corte do rei Xacobe I.

Martínez Couselo, Xosé, 'A inmensa granxa que soñaba Luís Seoane', *O Correo Galego*, 'Recuncho de Altamira', 14 maio 2003, p. 2.

Fai referencia a un debate celebrado en 1977, que levou por título "Visión de Galicia no ano 2002", no que trece galegos imaxinaron cal podería ser a situación do país nesta data. Transcribe parte das intervencións de Álvarez Blázquez, Cunqueiro, Díaz Pardo, Barros Pardo, Luís Seoane, Carlos Casares, González Suárez-Llanos e Fernández de la Vega.

Mayoral, Marina, 'O que queren as mulleres', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas soltas', 13 abril 2003, p. 18.

Narra unha historia do rei Arturo que lle chegou a través dun correo electrónico. Conta que o rei Arturo foi capturado polo monarca dun país veciño e que a condición para non condenalo a morte era descubrir qué queren as mulleres; unha bruxa ofrécelle ao rei a resposta a cambio de que lle dese a man do seu cabaleiro máis apostado, este acepta e ela dille que as mulleres queren ser soberanas do seu propio destino. Na noite de vodas da bruxa e do cabaleiro, ela ofrécelle a el a posibilidade de converterse nunha fermosa muller durante a metade do día e escoller entre ser guapa de día ou de noite; el non é quen de decidir e deixa que sexa ela quen escolla. A bruxa, tendo en conta que o seu esposo lle deixara sen dona da súa vida, decide ser fermosa durante todo o día. A sentenza da historia é a seguinte: "Non importa que unha muller sexa bonita ou fea... no fondo é sempre unha bruxa".

Meilán Gil, José Luis, 'Vivencia de García-Sabell', *La Voz de Galicia*, 'Línea abierta', 7 agosto 2003, p. 7.

Fai referencia ao falecemento de Domingo García-Sabell, con quen compartiu traballos e ilusións. De todos os recordos que del garda, destaca a lección maxistral que ofreceu ao recibir o Doutoramento Honoris Causa pola Universidade da Coruña, cando aínda era presidente da Real Academia Galega. Transcribe algunhas citas doutros autores empregadas por Sabell e fai referencia ao seu sentimento relixioso.

Meixome, Carlos, 'Tobío e Gondomar', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 22.

Sinala que coñeceu a Lois Tobío cando se desprazou á súa casa de Madrid para comunicarlle que o Concello de Gondomar ía pórle ao auditorio o seu nome. Tras aquela primeira visita, visitouno noutras ocasións para falar e consultar documentación que conservaba. Fai referencia ás memorias de Tobío, *As décadas de L.T.* (1994) e ao seu empeño por seguir os acontecementos do mundo e de Galicia; para isto seguía dous

telexornais diarios, lía un xornal cada mañá e sempre tiña ao seu carón *A Nosa Terra*. O autor, Méixome, sorpréndese da preocupación que Tobío tiña polo futuro de Galicia, a pesar de que residiu practicamente toda a súa vida fóra, e subliña a súa participación nos momentos máis destacados do galeguismo ao longo do século XX.

Méndez Ferrín, X.L., 'Teatro e Tui', Critica que a cidade de Tui entrase na "rede de teatros de Galicia" pola ampliación da Área Panorámica, cando o Teatro Principal está abandonado. Afirmo que a perda deste Teatro é un escándalo e que o coidado e recuperación destes edificios é unha mostra de cultura e sensibilidade. Fai referencia á restauración doutros teatros nacionais, como o Liceo, o Teatro Real de Madrid, o de Ourense ou o de Pontevedra, entre outros, e sinala que o Teatro Principal garda boa parte da memoria sentimental, festival, musical, dramática, cinematográfica e social de Tui. Como feito destacábel lembra que neste edificio se celebraron, en xuño de 1891, os Xogos Florais de Galicia, que foi o primeiro acto público contemporáneo no que se usou con exclusividade a lingua galega.
, *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 20 xaneiro 2003, p. 2.

Méndez Ferrín, X.L., 'Jardines lejanos', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 31 xaneiro 2003, p. 2.

Tras sinalar que o título fai referencia a un dos primeiros libros de poemas de Juan Ramón Jiménez, reflexiona sobre os conceptos de "xardín", "alameda" e "parque". Afirmo que "xardín" é a denominación máis tradicional; que as "alamedas" chegaron a Galicia coincidindo coa consolidación da política de quendas da Restauración Borbónica e que as alamedas galegas se caracterizan pola ausencia de álamos; e que os "parques" son posteriores e que se caracterizan por unha "pomposa intención elitista".

Méndez Ferrín, X.L., 'Dun xardín a outro', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 3 febreiro 2003, p. 2.

Sinala que na obra *Do Poesía ós Remedios*, de Luís Ribas Villanueva, se fala da xénese e constitución do Xardín do Posío de Ourense. Lamenta que este xardín non recupere a súa condición didáctica e científica e propón que se cree a figura do conservador botánico, tal e como existía no Xardín de Padrón. De seguido, transcribe dous textos descritivos de Ramón Otero e Anxo Angueira sobre os Xardíns do Posío e de Padrón, respectivamente.

Méndez Ferrín, X.L., 'A memoria infiel', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 21 marzo 2003, p. 2.

Fai referencia a unha louvanza fúnebre que de Lois Tobío escribe Isaac Díaz Pardo en *La Voz de Galicia* (17-03-03) na cal nega a existencia dunha segunda etapa do Consello de Galicia por mor do rigor xurídico de Lois Tobío. Tras destacar os méritos de Isaac Díaz Pardo, asegura que ese é un dato errado e que o Consello de Galicia tivo unha segunda etapa de funcionamento na segunda década dos sesenta.

Méndez Ferrín, X.L., 'Soldado', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 21 abril 2003, p. 2.

Fai referencia á manifestación contra a guerra de Iraq, que tivo lugar en Compostela, promovida pola Plataforma Galega pola Paz. Describe o ambiente, destaca unha consigna e analiza o manifesto lido ao seu remate. Indica que o acto se pechou coa música de John Lenon e que el, como outros manifestantes, botaron en falta que alguén recitase os versos de Celso Emilio Ferreiro contra a guerra. Finalmente, transcribe un fragmento do poema "Soldado" (1963) de Celso Emilio.

Méndez Ferrín, X.L., 'Cornalina e Camoes', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 12 maio 2003, p. 2.

Compara a fascinación que o profesor Herminio Barreiro sentiu de novo por unha cingara chamada Cornalina coa que agora sente por Luís Vaz de Camoes. Fai referencia ao empeño de Herminio Barreiro por descubrir as posibles raíces galegas do autor portugués, cita o seu opúsculo titulado *No solar galego de Camoes* e sinala que as dúbidas sobre a orixe do autor son antigas e a súa resolución innecesaria.

Méndez Ferrín, X.L., 'Un sabor a ósos', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 4 xullo 2003, p. 2.

Sinala, en primeiro lugar, que a Real Academia Galega debería concederlle o Día das Letras Galegas a Lorenzo Varela. Gaba a súa obra e recolle algúns versos cos que Méndez Ferrín fai referencia ao acontecido a Ricardo Feijoo Varela, un socialista de Cañón, concello de Celanova, que en 1936 non renunciou aos seus principios e que sobreviviu á represión franquista, pero ao que a igrexa lle negou sepultura cando faleceu en 1949. Foi enterrado nun camiño e agora a familia, tras moitos trámites, conseguiu exhumar legalmente os seus restos para enterralos dignamente o vindeiro 6 de xullo.

Méndez Ferrín, X.L., 'Bóveda', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 18 agosto 2003, p. 10.

Sinala que onte, Día da Galicia Mártir, se lembrou a Alexandre Bóveda e recolle as palabras que sobre el pronunciou Alfonso Daniel R. Castelao na primeira celebración do Día dos Mártires Galegos. Coincide con Castelao en que Bóveda deixou as súas "obras" sen asinar; indica cales son, ao seu parecer, as razóns polas que foi asasinado e transcribe uns versos que Ramón Otero Pedrayo escribiu ao coñecer o seu falecemento.

Méndez Ferrín, X.L., 'Plácido R. Castro na memoria', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 22 setembro 2003, p. 17.

Dá conta da homenaxe que o Concello e o IGADI lle renderon a Plácido R. Castro, un dos dirixentes do Partido Galeguista. Comenta que Plácido R. Castro destacou polos seus traballos de tradutor de textos literarios ingleses para o galego e que son moi apreciadas as súas versións de Fitzgerald/Omar Khayyan e algunhas pezas teatrais de W. B. Yeats. Sinala que tamén colaborou na obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Alborada, Bos Aires, 1949), que contén traducións de Lois Tobío, Delgado Gurriarán e Plácido R. Castro.

Mera, Manuel, 'Os nosos mártires', *Faro de Vigo*, 18 agosto 2003, p. 11.

Explica que cada 17 de agosto se celebra o Día da Galicia Mártir, no que se homenaxea a todos aqueles que foron asasinados tralo alzamento fascista de 1936. Indica que a data escollida se corresponde co fusilamento de Alexandre Bóveda e que, coma el, moitos outros morreron polo seu pensamento: Ánxel Casal, que durante a ditadura de Primo de Rivera mantivo *A Nosa Terra*, que colaborou no conservatorio de Arte Galega e a que botou a andar a primeira escola en galego; Johan Carballeira; Xoán Xesús González; Víctor Casas; etc. Sinala, finalmente, que a represión franquista obrigou a máis de seiscentos mil galegos a emigrar e desfixo os logros galeguistas e nacionalistas acadados ata aqueles anos. Esta noticia foi tamén publicada no *Faro de Vigo*.

Mera, Manuel, 'Os nosos mártires', *La Opinión*, 19 agosto 2003, p. 16.

Explica que cada 17 de agosto se celebra o Día da Galicia Mártir, no que se homenaxea a todos aqueles que foron asasinados tralo alzamento fascista de 1936. Indica que a data escollida se corresponde co fusilamento de Alexandre Bóveda e que, coma el, moitos outros morreron polo seu pensamento: Ánxel Casal, que durante a ditadura de Primo de Rivera mantivo *A Nosa Terra*, que colaborou no conservatorio de Arte Galega e a que botou a andar a primeira escola en galego; Johan Carballeira; Xoán Xesús González; Víctor Casas; etc. Sinala, finalmente, que a represión franquista obrigou a máis de seiscentos mil galegos a emigrar e desfixo os logros galeguistas e nacionalistas acadados ata aqueles anos. Esta noticia foi tamén publicada no *Faro de Vigo*.

Neira Vilas, Xosé, 'O poeta de Meira', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 23 febreiro 2003, p. 2.

Adica ao poeta Avelino Díaz (1897-1971) estas liñas. Comenta a súa biografía de maneira breve, salientando a súa participación nas actividades galeguistas organizando, escribindo e falando, e a súa obra lírica *Debezos*, *Pallaregas* e *Flor de remate*, ademais de poemas dispersos en xornais e revistas e traballos inéditos en galego e castelán. Apunta a aparición do libro *Avelino Díaz: unha voz comprometida na Galicia emigrante* (2002), publicado pola profesora Maribel Freire, que contén información sobre a biografía e unha escolma da obra poética de Avelino Díaz.

Neira Vilas, Xosé, 'Galicia en Montevideo', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 2 marzo 2003, p. 2.

Apunta as actividades, aínda vixentes, do Patronato da Cultura Galega de Montevideo, fundado en 1964 para canalizar o labor cultural, entre elas a organización de conferencias, proxeccións audiovisuais, exposicións, clases de lingua galega e de teatro, etc., ademais de posuír unha biblioteca e crear e atender a escola Galicia, incorporada ao sistema educativo uruguaio. Anota que o Patronato se fixo cargo da emisión de radio máis antiga do mundo, "Sempre en Galicia", iniciada en 1950, á morte do fundador e animador Manuel Meilán e que tamén xestionou que se lle puxesen nomes como Follas Novas ou Curros Enríquez a distintas rúas de Montevideo e cada ano celebran a Festa da Poesía, editan a revista *Guieiro*, iniciaron a edición de libros e outorgan a Vieira de Prata a personalidades da

cultura galega.

Neira Vilas, Xosé, 'Maruxa Fernández', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 11 maio 2003, p. 2.

Con motivo da morte de Maruxa Fernández, viúva de Luís Seoane, repasa a laboura no exilio deste matrimonio polos valores da cultura galega e a súa reivindicación. Despois do falecemento de Seoane, apunta que é a ela a quen lle debemos a revisión e catalogación da súa obra pictórica e bibliográfica, grazas á conservación de todo o material, ademais de concluír a Fundación Luís Seoane, testemuño do talento do pintor e do que foi o exilio galego.

Neira Vilas, Xosé, 'Encontros con Tobío', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 25 maio 2003, p. 2.

Retrata a súa relación con Lois Tobío, con motivo da súa morte. Saliéntao como paradigma de lucidez e conduta e rememora os seus encontros e a correspondencia mantida ao longo dos anos, dende que se coñeceron en Buenos Aires no ano 1955 no Primeiro Congreso da Emigración Galega. Comenta tamén os traballos nos que colaboraron na emigración, como poñelo en contacto coa contralto santiaguesa María Valverde para entrevistala en Galicia emigrante, e en Galicia, no Instituto Galego de Información ou en diversas conferencias e actos.

Neira Vilas, Xosé, 'Teatro na aldea', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 15 xuño 2003, p. 2.

Recorda a experiencia xuvenil da creación dun lugar para a representación e posta en escena de diversas obras galegas de Antón Vilar Ponte, Ricardo Frade, etc. Subliña o traballo que tiveron que levar a cabo para acondicionar a casa onde representaban, cómo anos máis tarde comprobaría que tamén facían as compañías de teatro independente de Buenos Aires. E sobre todo, que a representación se facía en galego, ao final dos anos corenta, pero que ningún censor os prohibiu probabelmente porque vivían no rural.

Neira Vilas, Xosé, 'Pancho de Rábade', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 29 xuño 2003, p. 2.

Comenta a representación da obra *Pancho de Rábade*, de Álvaro de las Casas que fixo co grupo de teatro da súa xuventude, despois de ler o seu libro *Cartas a Lelo* (1971), onde aparecía citada, Xosé Agrelo Hermo. Apoia a actualidade da mensaxe da peza, que denuncia a desgaleguización do país, e reivindícaa como resposta ao centenario da nacemento do autor que acaba de cumprirse.

Neira Vilas, Xosé, '25 anos na rúa Nova', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 3 agosto 2003, p. 2.

Salienta as actividades culturais de gran valía levadas a cabo na galería Sargadelos de Compostela, sita na rúa Nova dende o 17 de maio de 1978. Saúda que este referente

cultural ineludíbel en Compostela comprase recentemente o edificio enteiro e prepare unha ampliación, co que contará, ademais do que xa ten, cunha sala de actos, outra de exposicións, unha biblioteca e unha sala para o uso gratuíto doutras entidades. Recorda tamén a presentación do libro de Xesús Alonso Montero *Política e cultura en Galicia* (1977) uns días despois da apertura da galería, e a presentación dun volume de poemas traducidos ao galego de Nicolás Guillén.

Neira Vilas, Xosé, 'Nas puntas do Miño', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 14 setembro 2003, p. 2.

Evoca a presenza do río Miño na literatura galega e portuguesa (estendéndose nas anécdotas da súa viaxe ao nacemento e á embocadura) a través do apunte duns versos do poeta camiñense Gavinho Pinto e do libro do goianés Eliseo Alonso, *Contos do Miño* (1955), que conta cun eloxioso prólogo de Blanco Amor e debuxos de Colmeiro. Sinala tamén a aparición do Miño nas lendas, nos mitos, no refraneiro e no cancionero popular e destaca a importancia simbólica deste río na cultura galega.

Neira Vilas, Xosé, 'A Festa das Letras', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 21 setembro 2003, p. 2.

Sinala como exemplo a seguir a semana cultural denominada "Festa das Letras" celebrada anualmente na aldea do Couto, en Ponteceso. Este acontecemento foi organizado por vez primeira pola Asociación Monte Branco no ano 1983 e hoxe en día dispón dunha Casa dos Veciños que conta con placas e esculturas que recordan cada un dos autores e das organizacións homenaxeados. A Asociación edita unha obra do autor escollido e expón libros e fotografías do mesmo. A celebración inclúe actividades nos centros de ensino, roteiros, cine, teatro, feiras do libro e de artesanía, concursos, xogos para rapaces, etc., e remata na festa maior da parroquia.

Neira Vilas, Xosé, 'Dúas cartas de Castelao', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 28 setembro 2003, p. 2.

Comenta dúas cartas escritas por Castelao ao xornalista, narrador e diplomático Luís Amado Blanco. Da primeira, datada o seis de marzo de 1939, destaca que amosa o seu entristecemento pola marcha da guerra en España e da segunda, do doce de xullo do mesmo ano, destaca o ton humorístico, que aparece mesturado co desánimo que lle produce a situación de Galicia e España e o futuro incerto que se presenta para el e a súa dona. Ademais informa de que está a traballar no segundo libro do *Sempre en Galiza*.

Neira Vilas, Xosé, 'Dende Florianópolis', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 5 outubro 2003, p. 2.

Dá conta da tradución do seu libro *Nai* ao portugués polo brasileiro Newton Sabbá Guimaraes e aproveita para comentar o coñecemento e querencia que este profesor ten do país, o que o levou a xestionar xunto con Dolores Vilavedra un lectorado de galego na Universidade Estatal do Centro-Oeste de Paraná. Tamén expón os idiomas que coñece o citado, as traducións por el feitas a diversos idiomas e a súa obra en prosa e en verso, da

que Xosé Neira Vilas traduciu algúns poemas ao galego.

Neira Vilas, Xosé, 'Poesía en Malpica', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 19 outubro 2003, p. 2.

Comenta a súa asistencia a un recital de poesía portuguesa, organizado en Malpica polo poeta Paco Souto, no que recitaba entre outros a poetisa Maria Virginia Monteiro. Aproveita a súa figura para falar do pai, que dirixiu en Porto no ano 1960 a revista *Céltica*, na que colaboraron os escritores galegos Leandro e Lois Carré, Manuel María, Pura Vázquez, Abuín de Tembra, Xosé M. Álvarez Blázquez, etc., e publicábanse poesías de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

Neira Vilas, Xosé, 'O campo da batalla', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 28 outubro 2003, p. 2.

Relata a loita, que se narra en *O campo de batalla*, dos galeguistas emigrados en Buenos Aires que denunciaron na capital uruguiaia no outono de 1954 a persecución que vivía a lingua galega, aproveitando a oitava Conferencia Xeral da UNESCO. Resalta tamén a efervescencia da cultura galega apoiada por escritores como Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, etc., que incluía a publicación de libros e revistas, o teatro, as emisións radiais, etc.

Neira, Manuel Xosé, 'Rei Artús', *O Correo Galego*, 'Licor de herbas', 11 febreiro 2003, p. 4.

Comeza falando do rei Artur e das suxestións e metáforas que a súa figura lle provocan. Despois de reflexionar sobre o universal que resulta a dor, cita a Claudio Rodríguez Fer na súa visión dunha Galicia perdida, a dos bidueiros. Tamén observa que a poesía de Xesús Manuel Valcárcel resulta intrépida en comparanza coa do seu irmán Xulio, moito máis escura e cun rexistro máis reducido. No último parágrafo cita algúns escritores do seu agrado como os irmáns Cáccamo, Isidro Novo, de quen especifica que foi galardoado co premio "Eusebio Lorenzo Baleirón", e X. Antón L. Dobao.

Neira, Manuel Xosé, 'Lúa vedada', *O Correo Galego*, 'Licor de herbas', 22 febreiro 2003, p. 4.

Comeza recoñecendo o labor a prol a cultura galega de Ramón Piñeiro. Logo de Bernardino Graña salienta a calidade do seu libro *Fins do mundo* e observa que quizais pasará máis á historia por narrador que por poeta. Apunta tamén o "dualismo estrutural quixotesco" de Castelao en oposición á complexa filosofía de Pérez de Ayala e sinala que Francisco Fernández del Riego di que era un home de poucas lecturas, ao contrario que Ramón Otero Pedrayo. Por último, de Ricardo Carvalho Calero anota unha novela "moi oteriana", *A xente na barreira*, e afirma que esta non achega nada á literatura de posguerra se non é pola restauración lingüística.

Neira, Manuel Xosé, 'De perdóns e explicitacións', *O Correo Galego*, 'Licor de herbas', 6 marzo 2003, p. 4.

Comeza criticando que se lle outorgara o "Premio Eusebio Lorenzo Baleirón" a Isidro Novo polo seu poemario *Dende unha nada núa*, por considerar que, malia a súa rotunda intensidade, está mal construído. Por outra parte, opina que en canto ao "Premio Esquíu" prefíre o poemario de Arturo L. Regueiro ao de Rábade Paredes, que foi o gañador con *Poldros de música*, e de quen di que é un autor conservador na onda vindicativa de Ramón Cabanillas. Lembra tamén a calidade dalgúns obras de Helena Villar Janeiro, meritória de premios como o "Eusebio Lorenzo Baleirón".

Neira, Manuel Xosé, 'Libeliña', *O Correo Galego*, 'Licor de herbas', 15 abril 2003, p. 2.

Entre outras cousas alleas á literatura, apunta que Ramón Otero Pedrayo é un autor esquecido, de quen observa que ten unha escrita barroca e plenamente decimonónica. A seguir nomea a Miguel González Garcés e afirma que é co-responsábel dun galego mol e frouxo, resultado de ser un "clarísimo esteta" e polo tanto un autor "medio" de escrita deficiente. Por último, anota que prefíre a Eduardo Moreiras, posto que é un autor singular e de verbo duro, cun ton bretón ou céltico.

Neira, Manuel Xosé, 'X.L. Méndez Ferrín', *Galicia Hoxe*, 'Follascas', 18 maio 2003, p. 5.

Achega a súa conformidade para lle dar o Nobel a Xosé Luís Méndez Ferrín, de quen afirma que "é o grande da literatura dos nosos días" e "toda unha lenda". Destaca a súa escrita lúcida e honesta, a súa proposta ética de raíz humana e marxista e o seu galeguismo nacionalista. Observa tamén que na súa escrita traballa o "mito galiciano" e as polaridades capitalismo-anticapitalismo, consumismo-socialismo.

Neira, Manuel Xosé, 'De borboletas e fontes', *Galicia Hoxe*, 'Licor de herbas', 22 xuño 2003, p. 5.

Argumenta que a trepia galega do idioma moderno son Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Luís Pimentel, aos que dalgún xeito se lles podería engadir Eduardo Blanco Amor. De Ánxel Fole sinala que foi o último en recoller Galicia, o último "rastreador" exacto e pertinaz; de Luís Pimentel destaca que asume o "desgarro" de Tomás Barros e de todo o grupo Aturuxo; finalmente, de Cunqueiro, salienta que é o último grande da literatura galega.

Neira, Manuel Xosé, 'Dende a visión dos cunqueiros perspectivistas', *Galicia Hoxe*, 'Licor de herbas', 16 agosto 2003, p. 4.

Constrúe o artigo ao redor do concepto de identidade e de patria dos nacionalismos de esquerda. Por este motivo introduce a figura de Ramón Piñeiro, preocupado pola ilustración dun pobo ou nación que probablemente cría entre Castelao, Cunqueiro e Fole. Observa que a reflexión de Piñeiro sobre a realidade galega o fai meditar sobre o Cunqueiro etéreo e máxico e o Fole que non posúe unha técnica moderna pero si emotivo lirismo, polo que resulta un soporte antropolóxico para un pobo fantástico, lírico e fabulador.

Neira, Manuel Xosé, 'Anecdótico', *Galicia Hoxe*, 'Licor de herbas', 21 agosto 2003, p. 5.

Comeza afirmando que nin coñece nin se preocupa do labor feito por Basilio Losada. Pola contra salienta o traballo de Manuel María. Sinala que é un poeta fundamental para os estudosos do século XX e cualifícao de poeta popular, aínda que diga que é un narrador en verso e que podería facer unha obra en prosa moi densa, recordando a peza teatral *Os Alugados*. Introduce despois unha referencia ao "ben alimentado e medrado" Víctor Freixanes ao se pór ao mando de Galaxia. Finalmente, caracteriza a Ramón Piñeiro como un "conciliador", home de "esquerda", preocupado polo idioma e obsesionado coa dereitización das clases dirixentes.

Neira, Manuel Xosé, 'Tres eran tres as fillas de El Rey (II)', *Galicia Hoxe*, 'Licor de herbas', 25 agosto 2003, p. 5.

Achega unha mestura de distintos temas, entre os que cita diversos autores e obras galegas. De Xohana Torres destaca a peza teatral *A outra banda do Iberr*, que o leva a reflexionar sobre a interdisciplinabilidade entre o teatro, cinema e literatura. Sobre isto apunta que Ánxel Fole levou obras ao cinema, afirmando que lle debe bastante a este xénero. Así mesmo, destaca a Manuel Lourenzo como un autor moi propicio para un hipotético Teatro Popular Galego. Loá tamén a Manuel María, que cualifica de "o mellor poeta popular"; a Neira Vilas, de quen destaca *Memorias dun neno labrego* (1961); a Isidro Novo, de quen apunta *Teaza de brétema* (1994); e a Paco Martín. Por último, observa que hai que recuperar ao anti-clerical de "saibo popular" e "cadencia harmoniosa" Manuel Curros Enríquez.

Neira, Manuel Xosé, 'Sempre os problemas', *Galicia Hoxe*, 'Caravel dos caraveis', 8 setembro 2003, p. 4.

Opina sobre algúns aspectos ou personaxes da cultura galega, como por exemplo o traslado dos restos de Castelao ao Panteón dos Galegos Ilustres, que considera un erro histórico. Alude tamén ao enterramento de autores como Ramón del Valle-Inclán, Ricardo Carvalho Calero e Ramón Piñeiro no cemiterio de Boisaca; á opinión que teñen os galegos da obra de Valle-Inclán, á súa visión persoal de Lois Diéguez ou á visión que o Bloque Nacionalista Galego ten de Ánxel Fole.

Neira, Manuel Xosé, 'Epistolario co lector', *Galicia Hoxe*, 'Licor de herbas', 10 setembro 2003, p. 5.

Analiza a súa experiencia coa literatura, observando que un bo escritor debe ler moito, sobre todo poesía, aínda que el recoñece non o facer en abundancia. Doutra banda, pregúntase sobre os méritos de M^a Xosé Queizán para entrar na Real Academia Galega, cando di que só ten de mérito a novela *Amantia* (1984). Seguindo a mestura de ideas apunta tamén o aprecio que sente por Manuel María.

Neira, Manuel Xosé, 'O concepto de pureza (II)', *Galicia Hoxe*, 'Caravel de caraveis', 20 setembro 2003, p. 4.

Entre outros temas, fala de Marica Campo, de quen di que pretende que a traten como a

Gertrude Stein da "Xeración Perdida" e entre as súas obras destaca o libro *Confusión e morte de María Balteira* (1999). Pola contra, como exemplo de mala literatura, sinala un libro, do que non cita o título, de Alfonso Álvarez Cáccamo. Expón a crítica que lle fixo a esa obra, argumentando que consiste nunha "golsadela" de palabras galegas sen xeito.

Neira, Xoán, 'As festas da infancia', *El Progreso*, 'Lembranzas', 5 outubro 2003, p. LVI.

Describe as festas do San Froilán de Lugo a través das súas experiencias da nenez. Observa as diferenzas coa celebración actual, como por exemplo a desaparición da feira do gando, xunto co seu regateo, pero dende unha óptica optimista que destaca que hoxe son as maiores festas da Galiza interior porque seguen enraizadas na esencia da tradición galega, continúa habendo mercado, séguese a comer polbo, hai actuacións musicais para todos os gustos, etc.

Novo, Paulino, 'Parentes parte XVI', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 22 xuño 2003, p. 5.

Continúa a serie de artigos onde fala de familias dedicadas á literatura galega, neste caso por unha parte os irmáns Carré Alvarellos, que afirma recolleren a preocupación literaria do seu pai Eugenio Carré Aldao e que deixaron aínda unha terceira xeración de escritoras. Salienta a Leandro Carré Alvarellos como o único que non estudou pero que sobresaíu coa súa obra, retomando do pai as colaboracións xornalísticas, a vocación editora, etc. A outra familia que estuda é a que emparenta con Emilio Álvarez Jiménez, os seus fillos Darío e Gerardo Álvarez Limeses e todos os seus sucesores, de entre os que destacan Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo.

Novo, Paulino, 'Parentes parte XVII', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 29 xuño 2003, p. 5.

Do ciclo de artigos dedicados ao parentesco de autores galegos, céntrase nesta décimo sétima parte en irmáns que son escritores. Comeza con Francisco Añón e a súa irmá Nicolasa, que por falta de formación non chegou a verse recoñecida como poeta; fala, a seguir, dos irmáns Eduardo e Rafael Dieste, que colaboraron conxuntamente nalgúns ensaios; e doutros moitos como os Rodríguez Baixeras, os Chao Rego, os López Valcárcel ou os de Toro.

Novo, Paulino, 'Gastronomía VII', *El Progreso*, 'Borboriños', 7 agosto 2003, p. 63.

Repasa a afección e gusto pola caza de dous grandes autores da literatura galega, Xosé María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro, que se confirma na confección conxunta dos libros *Teatro venatorio y coquinaro gallego* e *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia*. Afirmar que Castroviejo fai neles as páxinas máis literarias e ilustradas da caza galega e Cunqueiro apunta as nosas receitas tradicionais, as dos romanos e franceses, e introduce poemas e mitoloxía. Tamén cita a erudición e referencias literarias de *Cocina Gallega*, escrito por Cunqueiro e Araceli Filgueira.

Novo, Paulino, 'Parentes XI', *El Progreso*, 'Correo das Culturas', 'Borboriños', 31 agosto

2003, p. 86.

Baseándose nos vinculeiros das herdanzas familiares galegas, compara a situación cos fillos de estudosos ou escritores galegos que "herdaron" como patrimonio os saberes artísticos dos pais, aínda que en menor amplitude. Expón exemplos como Antón Martínez Risco, fillo de Vicente Risco; César Cunqueiro González-Seco, fillo de Álvaro Cunqueiro; Fermín Bouza Álvarez, fillo de Fermín Bouza Brey, etc., que desenvolveron actividades literarias semellantes ás dos proxenitores.

Novo, Paulino, 'Parentes XI', *El Progreso*, 'Correo das Culturas', 'Borboriños', 31 agosto 2003, p. 86.

Baseándose nos vinculeiros das herdanzas familiares galegas, compara a situación cos fillos de estudosos ou escritores galegos que "herdaron" como patrimonio os saberes artísticos dos pais, aínda que en menor amplitude. Expón exemplos como Antón Martínez Risco, fillo de Vicente Risco; César Cunqueiro González-Seco, fillo de Álvaro Cunqueiro; Fermín Bouza Álvarez, fillo de Fermín Bouza Brey, etc., que desenvolveron actividades literarias semellantes ás dos proxenitores.

Novo, Paulino, 'Parentes parte XX', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 21 setembro 2003, p. 5.

Trata da anagnórise literaria, que é o coñecemento dunha persoa da que se descoñece a identidade, e cita a novela de María Victoria Moreno que aborda o tema e leva ese termo por título. Emparenta este recoñecer coa relación literaria entre a obra dos curmáns Xosé Crecente Vega e Francisco Vega Ceide. Sinala que resulta un recoñecemento difícil a gran diferenza estilística entre a súa obra, a pesar de levárense só dezaseis anos, ter similar formación e nacer no mesmo lugar.

Novo, Paulino, 'Autodidactas I', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 19 outubro 2003, p. 5.

Repasa a formación autodidacta dalgúns coñecidos escritores, apuntando algúns dos diversos oficios que tiveron antes de seren famosos. No referido á literatura galega, observa os casos de Xela Arias e Darío Xohán Cabana. A primeira, ademais de traducir, xa tiña escrito poesía e desenvolvera un intenso labor editorial en Xerais, cando comezou a cursar filoloxía. Darío Xohán Cabana tamén traballara nunha editorial, fora garda municipal, traducira a Dante e Petrarca e gañara premios de poesía e narrativa cando ía estudar á biblioteca da Deputación de Lugo.

Novo, Paulino, 'Xastres', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 9 novembro 2003, p. 5.

Despois dun repaso dos escritores que levan a palabra "xastre" no apelido como Jean-Paul Sartre, que podería ter antepasados con ese oficio, traba co premio Merlín do ano 2001 que foi para *A merla de trapo* de Antón Cortizas e destaca que nel hai contos máxicos con costureiras, tesouras, roupas e botóns, e sinala a adicatoria á súa nai costureira, a quen lle

axudaba de pequeno o escritor. Remata ganduxando que tamén o deseñador Adolfo Domínguez na súa incursión literaria xogou con metáforas referentes ao gremio.

Novo, Paulino, 'Crítica parte VII', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Borboriño biográfico', 28 decembro 2003, p. 5.

Observa a preocupación dos escritores da Xeración do 27 polo estudo doutros escritores, e cita tamén escritores como José Lezama Lima, Eugenio Montale, Thomas Mann ou Octavio Paz, que teñen obras publicadas cos seus autores predilectos. A través deste último, Octavio Paz, que ten como autores de culto a Lorenzo Varela e a Rafael Dieste, recorda algúns escritores galegos con este mesmo afán de estudo sobre outros autores.

Nuevo Cal, Carlos, 'Lois Tobío, amigo e mestre', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Galiza', 27 marzo 2003, p. 18.

Con motivo da morte de Lois Tobío, retrátalo a través do seu recordo. Destaca os seus primeiros pasos no Seminario de Estudos Galegos e no ideario nacionalista, a súa estadia en Alemaña e a carreira diplomática. Despois, a Guerra Civil e o exilio primeiro en Cuba e México e logo en Uruguai, onde salienta o traballo de comentarista de temas internacionais en Radio Ariel e na emisión dominical radiofónica de Sempre en Galiza, na Fundación do Consello de Galicia e no Congreso da Emigración Galega. Por último, apunta o saber do intelectual e os seus estudos variados que van dende as aportacións ao anteproxecto do Estatuto de Autonomía, as traducións do inglés, francés e alemán ou as achegas ás investigacións literarias e lingüísticas ata a divulgación da historia local. Remata dándolle as grazas ao seu amigo.

Orgaz, Ángel, 'Símbolo de la cultura gallega del siglo XX', *El Mundo*, 'Obituarios', 6 agosto 2003, p. 5.

O falecemento de Domingo García-Sabell inspira esta homenaxe na que Ángel Orgaz revisa a traxectoria vital do falecido e tamén a profesional, da que ofrece datos significativos de cales foron as motivacións que movían a semellante persoeiro.

Otero, Encarna, 'O derradeiro Anaco', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 29.

Encarna Otero fai unha homenaxe á figura de Borobó, de quen alaba a súa capacidade de afrontar con dignidade o tránsito cara a morte e eloxiao polo derradeiro "anaco" publicado que fai extensíbel a toda a traxectoria do articulista, que sempre será lembrado polo seu pobo.

Pablos, 'Recuperando a Blanco Amor', *Atlántico Diario*, 14 outubro 2003, p. 3.

Refírese á próxima publicación dun volume titulado *Chile a la vista* de Eduardo Blanco Amor, do que se recomenda encarnecidamente a súa lectura, así como das outras obras que conforman a biblioteca do autor da que enumera as obras máis importantes. Comenta que no volume citado se aprecia a riqueza literaria do autor orensán ao longo das crónicas que

publicou en periódicos arxentinos durante a súa etapa de emigrante.

Pablos, 'Julio Camba, recuperado', *Atlántico Diario*, 18 novembro 2003, p. 3.

A aparición no mercado dunha biografía bastante completa do humorista galego Julio Camba úsase como anécdota para pararse a falar da figura de Camba tanto da súa actitude polémica ca pluma como do seu paso por diferentes países do mundo. Remata a reflexión o autor pedindo unha resposta por todos aqueles persoeiros admirados no seu momento e esquecidos hoxe.

Paz, Moncho, 'Aire para respirar', *El Progreso*, 'Firmas', 14 febreiro 2003, p. 12.

Comentario da obra de Antón Baamonde, *Aire para respirar* (2002), con motivo da súa presentación. Fai unha breve achega ao contido da obra e realiza un percorrido pola traxectoria vital e profesional de Baamonde.

Pena, Xosé Ramón, 'Volver a Ítaca', *Faro de Vigo*, 'De bolina', 20 decembro 2003, p. 24.

A reprodución duns versos do poeta Xosé María Díaz Castro serve para abrir a disertación que fai Xosé Ramón Pena sobre a tardanza na execución das obras da autoestrada do Atlántico e as explicacións que a semellante feito se ofrecen tanto na imaxinería popular e tamén nas administracións para rematar ca exposición da teoría particular do autor que achaca tal tardanza os intereses socioeconómicos e políticos creados.

Penedo, José Luís, 'Recuerdo póstumo para García-Sabell', *La Región*, 7 agosto 2003, p. 57.

Comeza o artigo cunha cita de Séneca que se converterá nunha homenaxe ao recentemente falecido García Sabell, do que o autor conta unha serie de anécdotas que poñen de manifesto a súa naturalidade, amabilidade e educación.

Penedo, José Luís, 'Xocas y el Día das Letras Galegas', *La Región*, 26 agosto 2003, p. 23.

A raíz do anuncio da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo Fernández, o autor expón o caso do fundador da R.A.G. que desde Cuba promoveu tamén a composición do himno galego e que non foi, ata agora, homenaxeado nese día. Tras a enumeración das virtudes do susodito, o autor reivindica a súa presenza no lugar que lle corresponde.

Penedo, José Luís, 'Xocas y el Día das Letras Galegas', *El Correo Gallego*, 'Al otro lado', 28 agosto 2003, p. 3.

A raíz do anuncio da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo Fernández, o autor expón o caso do fundador da R.A.G. que desde Cuba promoveu tamén a composición do himno galego e que non foi, ata agora, homenaxeado nese día. Tras a enumeración das virtudes do susodito, o autor reivindica a súa presenza no lugar que lle corresponde.

Penedo, José Luís, '¿Dónde están enterrados los restos de Otero Pedrayo?', *El Correo*

Gallego, 'Tribuna Libre', 4 novembro 2003, p. 76.

O autor servese da fiestra ao mundo que lle ofreceu o seu labor periodístico para poñer de manifesto a situación de abandono dos restos mortais de Otero Pedrayo no cemiterio de San Francisco en Ourense, reclamando ás autoridades competentes a urxencia dun acondicionamiento tal como merece a valía de quen está alí soterrado.

Penedo, José Luís, '¿Dónde está Otero Pedrayo?', *La Región*, 6 novembro 2003, p. 22.

O autor servese da fiestra ao mundo que lle ofreceu o seu labor periodístico para poñer de manifesto a situación de abandono dos restos mortais de Otero Pedrayo no cemiterio de San Francisco en Ourense, reclamando ás autoridades competentes a urxencia dun acondicionamiento tal como merece a valía de quen está alí soterrado.

Pereira, Víctor Campio, 'A poesía de Fernández Abella', *La Región*, 22 xaneiro 2003, p. 19.

Victor Campio Pereira comenta a *Escolma de poemas* do escritor monfortino Xoán Xosé Fernández Abella. A descrición abrangue a introdución, unha análise estrutural e tamén a temática dos poemas que compoñen o volume. Reprodúcense ademais fragmentos dalgúns poemas.

Pérez Prieto, Victorino, 'Digo Viet Nam (Irak) e basta', *Diario de Ferrol*, 'O Recanto ', 6 abril 2003, p. 14.

O artigo de Victorino Pérez Prieto iniciase coa reprodución duns versos de Celso Emilio Ferreiro do seu libro *Viaxe ao país dos enanos*, que lle serven para ilustrar a súa opinión acerca do conflito iraquí tras a invasión do país polas tropas estadounidenses, que o vai achegando máis ao pasado vergonzoso da guerra de Vietnam.

Piñeiro, Antonio, 'Non desherdes a túa lingua', *La Región*, 'Ourensalia', 4 marzo 2003, p. 19.

O autor reflexiona sobre a súa achega persoal a un proxecto chamado "Non desherdes a túa lingua" coa que se procura concienciar a sociedade galega da importancia que ten a conservación do noso idioma.

Piñeiro, Antonio, 'Unha voz', *La Región*, 'Ourensalia', 11 marzo 2003, p. 18.

Descrición dunha xornada de homenaxe á figura de Álvaro de las Casas e a reflexión que alí provocou no autor do artigo a intervención dun dos participantes sobre a pertinencia de que as institucións promovesen a defensa do galeguismo.

Piñeiro, Antonio, 'Conversa cun vello galeguista', *La Región*, 'Ourensalia', 7 outubro 2003, p. 24.

Reflexiónase sobre a conversa mantida polo autor cun vello galerista no museo do viño de

Cambados en torno á figura de Pepe Velo e dos herdeiros daqueles galeguistas das Mocidades.

Piñeiro, Antonio, 'A Munía', *La Región*, 'Ourensalia', 11 outubro 2003, p. 22.

Iníciase o artigo cunha cita do poeta Tovar que lle serve ao autor para reivindicar o dereito ás homenaxes, como a levada a cabo en Celanova en "A Munia" lugar esquecido por moitos pero que o autor considera necesario rememorar.

Ponte Far, José A., 'A literatura galega, un bo camiño', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'A outra mirada', 17 maio 2003, p. 11.

Reflexiona sobre o estado da literatura actual galega da que chega a dicir "fíxose maior de idade, acadou unha dignidade recoñecida e a conciencia necesaria do seu valor". Despois disto critica a publicación masiva de libros, en todas as literaturas pero especialmente na galega, que poden traer consigo aspectos negativos. Tamén hai espazo para a crítica ao Estado que aínda recoñece que non intentou promocionar como merecen as literaturas autonómicas. Pero aínda así a lírica galega segue florecendo, sustentando a literatura galega, fronte a narrativa, que non acada crear realidades atractivas que atrapen ao lector.

Ponte Far, José A., 'Escritores gallegos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'A outra mirada', 6 decembro 2003, p. 15.

Reflexiona sobre a relación entre lingua e literatura, intentando dilucidar se a lingua dunha obra determina a súa pertenza a unha literatura; a argumentación exposta exemplifícase con casos concretos propostos polo propio autor.

Pozo Garza, Luz, 'Aurora López e Andrés Pociña afondan en Medea', *O Correo Galego*, 'Linguaxe universal', 30 abril 2003, p. 3.

Luz Pozo Garza describe os dous volumes que os profesores galegos Aurora López e Andrés Pociña publican baixo o título de *Medea* que recolle na súa páxina a historia do mito desde a Grecia Clásica até o século XXI. Este motivo xeral sèrvelle a autora do artigo para afondar na biografía e tamén na bibliografía destes profesores da Universidade de Granada.

Queizán, M^a Xosé, 'Medeas', *La Voz de Galicia*, 'A rentes da terra', 5 novembro 2003, p. 6.

Refírese ao libro *Medeas. Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* dirixido por Aurora López e Andrés Pociña, que lle serve á autora do artigo para reflexionar sobre o mito de Medea ao longo da historia da literatura e tamén das Medeas actuais nas novas sociedades violentas e vingativas.

Rabuñal, Henrique, 'Un poeta para cada cousa', *La Voz de Galicia*, 'Análisis', 16 febreiro 2003, p. 48.

Felicita a Manuel María polo seu ingreso na Real Academia Galega. Ofrece un retrato que

nace da súa subxectividade pero que recolle na súa esencia todos os valores pessoais e profesionais do poeta chairego.

Redondo Abuín, Xesús, 'Até mañá, camarada', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 11 setembro 2003, p. 4.

Lembra a súa relación con Borobó, o tempo que pasaron xuntos. Redondo Abuín rememora as conspiracións contra o culto á superioridade que o uniron a Borobó, a quen coñeceu a través da persoa de Santiago Álvarez. É unha sentida homenaxe que recolle anécdotas vividas polos dous.

Regueiro Tenreiro, Manuel, 'García-Sabell: dignidade', *La Voz de Galicia*, 'De cotío', 7 agosto 2003, p. 6.

Manuel Regueiro quere ofrecer o lector un retrato de García Sabell poñendo de manifesto as súas características pessoais, profesionais e sociais. Recoñece estar a falar desde o coñecemento directo que tivera do que fora presidente da Real Academia Galega.

Reigosa, Carlos G., 'Borobó', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 30 agosto 2003, p. 60.

Homenaxe ao recentemente falecido xornalista Raimundo García Domínguez, Borobó, a partir dunha serie de anécdotas coas que Reigosa intenta achegar a figura dun home que el mesmo define como "quizá el mejor cronista de una época, el hombre que dignificó un periodismo entrampado en la gaceta".

Reigosa, Carlos G., 'Vázquez Montalbán', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 21 outubro 2003, p. 64.

O relato dunha anécdota persoal servelle a Carlos G. Reigosa de desculpa para construír o que será unha homenaxe ao recentemente falecido Vázquez Montalbán con quen, a súa obra literaria, según el mesmo afirma, tiña bastantes concomitancias.

Reimóndez, María, 'Grazas', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 30.

É esta unha sentida homenaxe á finada Xela Arias, poeta, por parte de alguén que, aínda que non chegou a compartir coa finada máis ca proxectos cos que soñaban cambiar o mundo, considera merecedora da mesma. María Reimóndez rememora anécdotas comúns, especialmente a creación da ONG "Implicados/as no desenvolvemento" e varios recitais poéticos.

Requeixo, Armando, 'A primeira fase de Mario Couceiro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 12 xaneiro 2003, p. 17.

Repaso pola traxectoria vital e profesional de Mario Couceiro a modo de homenaxe. O autor do artigo analiza o labor literario levado a cabo por Couceiro na revista *Aturuxo*, os poemas casteláns de *Cartas de algunas islas y varios ríos* e tamén o intenso labor periodístico realizado. Analiza tamén a narrativa, que é considerada como o máis

salientábel na produción do autor.

Rielo, Pedro, 'A Terra Chá na Academia', *O Correo Galego*, 'Tempus Fugit', 21 febreiro 2003, p. 3.

Con motivo da entrada do poeta Manuel María na Real Academia Galega que Pedro Rielo considera un "acto de xusticia e de riqueza futura" ofrécense algunhas características da obra do poeta da Terra Chá.

Rielo, Pedro, 'Longa noite', *O Correo Galego*, 'Tempus fugit', 11 marzo 2003, p. 3.

Fai referencia á edición de luxo que de *Longa noite de pedra* acaba de publicar Xerais, que inclúe un limiar de Méndez Ferrín e Ramón Nicolás e debuxos de Picasso e Miró. Afirmar que parece que non pasaron corenta anos dende a primeira edición desta obra e asegura que os seus poemas poden ser aplicados á actualidade, exemplificando o exposto con textos do libro.

Rielo, Pedro, 'As décadas de Tobío', *O Correo Galego*, 'Tempus Fugit', 26 marzo 2003, p. 3.

Pedro Rielo rende homenaxe no seu artigo a Luís Tobío rememorando os fitos da súa historia persoal e tamén da súa complexa personalidade así como do seu legado artístico.

Rielo, Pedro, 'O periodista tranquilo', *Galicia Hoxe*, 'Tempus Fugit', 4 setembro 2003, p. 4.

Ofrece este artigo a visión que do mestre ten un dos seus alumnos. Pedro Rielo leva a cabo unha lembranza do facer de Borobó a través da narración de anécdotas que serve para achegar o lector ao Borobó que estaba por detrás das súas crónicas, ao Borobó humano que gostaba da investigación, ao entusiasta do periodismo.

Ríos, Xulio, 'O alento de Lois Tobío', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 23.

Ao tratarse dunha rememoración trala morte de Lois Tobío que fora membro do Instituto Galego de Análise e Documentación, Xulio Ríos, director do Instituto, busca nos seus recordos, de cando o coñeceu, e outros motivos dos que se vale para ofrecer unha imaxe máis humanizada do homenaxeado, para rematar aludindo á necesidade de divulgar o seu pensamento e a súa obra.

Rodríguez Alonso, Manuel, 'A Carlos Luís', *El Correo Gallego*, 'Cartas al director', 30 agosto 2003, p. 4.

Resposta de Manuel Rodríguez Alonso desmentindo a información vertida nun artigo anterior no que se poñía de manifesto a ausencia de García Sabell nos libros de texto galegos.

Rodríguez Maneiro, 'Un congreso de cultura popular en La Coruña', *El Ideal Gallego*,

'Pluma del día', 10 abril 2003, p. 23.

Con motivo da celebración na cidade de A Coruña do II Congreso Internacional de la Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular, o autor enumera os diferentes temas que se abranguerán e tamén o nome dos participantes.

Rodríguez Maneiro, 'Miguel González Garcés, en el recuerdo', *El Ideal Gallego*, 'Pluma del día', 27 maio 2003, p. 10.

Co motivo da exposición no Kiosko Alfonso herculino que recolle toda a obra literaria de Miguel González Garcés, Rodríguez Maneiro recrea no artigo apuntes biográficos do homenaxeado dende a infancia ata o momento da súa morte, parándose en certos fitos como a etapa da presidencia da Asociación Iberoamericana, ou cando se fixo co Premio "Fernández Latorre". Resume o acto multitudinario en honor a Don Miguel e remata o artigo exhortando a quen conveña a necesidade de adicar un Día das Letras Galegas a don Miguel.

Rodríguez, Julián, 'Interpretando el teatro universitario', *La Región/Atlántico Diario*, 'Universitas', 13 marzo 2003, p. 35/39.

Co fin de achegarse ao teatro universitario na actualidade senta as bases do proceso comunicativo no que se basea a dramaturxia. Despois reflexiona sobre o papel da universidade na creación dos intelectuais do mañá, en cuxas costas levarán a responsabilidade de seguir desenvolvendo a práctica teatral aínda cando é patente que a Administración Univesitaria neste caso non quere facerse cargo desta responsabilidade. Remata o artigo asegurando que a de Vigo é a única universidade que mantén iniciativas nun intento por apostar pola continuidade da actividade teatral.

Romero, Marga, 'Tobío, mestre', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Fin de semana', 27 marzo 2003, p. 40.

Marga Romero dirixese directamente ao destinatario da homenaxe. En primeira persona, e como se estivese falando con el, rememora aspectos cotiáns da vida de Lois Tobío, destacando as cualidades concretas que o humanizan.

Rubia, Xoán, 'Eduardo Pondal e a Bandeira Galega', *Diario de Ferrol*, 26 xaneiro 2003, p. 20.

Tras unha inicial referencia a un artigo anterior no que falaba de Rosalía de Castro, Xoán Rubia refire unha anécdota que ten como protagonista a Eduardo Pondal sobre a reacción que este tivo ante a discusión de se a revista *Vida Galega* debía ou non ter a bandeira galega na súa portada. Reprodúcese no artigo a carta que Pondal dirixiu en 1909 a Jaime Solá, director de *Vida Galega*.

Rubia, Xoán, 'Lingua e cultura', *Diario de Ferrol*, 30 novembro 2003, p. 16.

Co motivo do IV Congreso Internacional de Literatura Española Contemporánea, adicado a

figura de Xosé Rubia Barcia, recolle aspectos da vida do homenaxeado para despois afondar na suposta desidia que sobre o galego ten parte da xente nova.

Senén, Felipe, 'Manuel María, palabra e voz de Galiza na academia', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 16 febreiro 2003, p. 34.

Sinala que co ingreso como numerario de Manuel María na RAG vén de entrar na Academia a voz popular e culta dos saberes tradicionais de Galicia e destaca que ninguén como Manuel María "ten andado tanto e predicado na Galiza". Tamén se detén en loar o seu universalismo e mais a súa figura, así como a repercusión do seu ingreso na RAG.

Senén, Felipe, 'Maruxa, Luís Seoane, sempre gracias', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 30 marzo 2003, p. 48.

Despois da "embaixada cultural" da Deputación da Coruña á cidade de Buenos Aires á que asistiu Felipe Senén, este reflexiona sobre a importancia do colectivo de emigrantes galegos e dos Centros Galegos arxentinos na normalización da cultura galega e para isto céntrase nas figuras de Castelao, Luís Seoane e mais Maruxa Fernández, cualificada como "a dos ollos coa cor do mar de Galicia".

Senén, Felipe, 'Feira do libro, libeiros, libros e bibliotecas', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 10 agosto 2003, p. 20.

Dá a súa opinión sobre a pioneira Feira do Libro da Coruña -artellada dende o 1971- e sobre o mundo do libro en xeral. Destaca que costa crer que "xente ruín" estea a mover a república dos libros e refírese aos trocos que están a experimentar os libeiros, os libros e as bibliotecas cos cibercafés, librarías-café e quioscos.

Senén, Felipe, 'A lembranza de Xoán Naya na Academia Galega', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 16 novembro 2003, p. 31.

Felicita á RAG por se lembrar do coruñés Xoán Naya. A seguir repasa a biografía de Naya centrándose na súa faceta de "obreiro-currante" da RAG durante os difíciles momentos de silencios e censuras e subliña que durante estes altibaixos da institución esta seguía a medrar, sendo Naya a figura máis salientábel desta época.

Sixto Seco, Agustín, 'Unha lingua para despois de nós', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 11 xaneiro 2003, p. 3.

Comenta que o acto que tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos no que se apresentou a campaña de Normalización Lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela xunto co volume *Un futuro para a lingua* (2002), lle lembrou o acto "Galegos de por vida" que tivo lugar o 30 de novembro de 1998 en San Domingos de Bonaval.

Sixto Seco, Agustín, 'A realidade histórica de Galicia', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 18 xaneiro 2003, p. 3.

Aplauda a saída do prelo do volume coidadosamente ilustrado *Galicia* da editorial Galaxia. Repasa a súa estrutura e sinala que está traducido ao inglés e ao español para "ver se máis de un, por aí fóra, comprende dunha vez por todas a realidade histórica de Galicia".

Sixto Seco, Agustín, 'Non todo é fría Economía', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 19 marzo 2003, p. 3.

Gaba a traxectoria de Caixanova no seu labor de apoio á cultura galega en proxectos como os premios Caixanova de Poesía ou na publicación de libros en galego como *Dársena do ocaso*, de Xavier Seoane, ou a *Escolma poética*, de Ramón Cabanillas.

Sixto Seco, Agustín, 'Un sabio irrepitible', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 3 maio 2003, p. 3.

Fala da importancia de Paco del Riego no mundo cultural galego e do moito que lle debe Galicia a este "sabio irrepitible" co gallo da inauguración do museo Verbum de Vigo.

Sixto Seco, Agustín, 'Díaz Pardo, o gardián da nosa memoria', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 28 maio 2003, p. 3.

Con motivo da asistencia do articulista e mais de Isaac Díaz Pardo a diferentes actos do Día das Letras Galegas de 2003, ofrece unha serie de comentarios sobre a figura de Isaac Díaz Pardo, ao que cualifica como "un conservador libertario" e mais como "o gardián da nosa memoria".

Sixto Seco, Agustín, 'Galicia, ese 'cáseque nada' de García-Sabell', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 3 setembro 2003, p. 3.

Afirma que este verán estivo a reler *Terra Brava*, de Fole, do que destaca que está escrito coa apracíbel ironía de Fole "que humaniza os seus relatos". Reflexiona tamén sobre o prólogo desta obra, escrito García-Sabell.

Sixto Seco, Agustín, 'Latín e Grego para Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 20 setembro 2003, p. 3.

Indica que no XIº Congreso de la Sociedad Española de Estudios Clásicos o nome de Rosalía de Castro estivo moi presente como por exemplo coa novidade de *Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásicos*, de Alonso Montero.

Sixto Seco, Agustín, 'Reddite... quae sunt Caesaris Caesari...', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 27 setembro 2003, p. 3.

Sinala que fronte ás opinións que defendeu no artigo do 20 de setembro de 2003 "Latín e Grego para Rosalía" en *El Correo Gallego* a xestación e desenvolvemento do XIº Congreso de la Sociedad Española de Estudios Clásicos tiveron a Dulce Estefanía como cabeza visíbel.

Sixto Seco, Agustín, 'De Cuba a Cambados, con Rosalía e Cabanillas ', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 8 outubro 2003, p. 3.

Fala da inauguración en Cambados da exposición sobre *Rosalía de Castro e Cabanillas a través do viño*, e sinala que un dos documentos desta exposición está asinado en La Habana o mesmo día que o articulista nacía en Mugardos.

Sixto Seco, Agustín, 'Entre a 'aba' e a 'zarra' na arquitectura popular', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 10 decembro 2003, p. 3.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas Sixto Seco alude ao volume *As construcións da Arquitectura Popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia*, de Manuel Caamaño, do que destaca o seu "Léxico da construción tradicional" -de "aba" até "zarra"- e detense na importancia da figura de Xocas.

Soutelo, Rudesindo , 'Borobó e a música', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Fin de semana', 4 setembro 2003, p. 34.

Comenta que Borobó, Sabino Torres e Rogelio Groba conforman "um 'trivium' da nossa cultura" e detense en describir a figura de Borobó e a elaboración dunha ópera centrada en Pepa A Loba a cargo destes tres persoeiros, encargándose Rogelio Groba da composición da música.

Soutelo, Rudesindo , 'Natus in civitate Tudensi', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'O bardo na brétema ', 27 novembro 2003, p. 35.

Co gallo da "encomendada para o Órgão da Sê" de Tui ao recensionista, este detense na figura de dous compositores tudenses: José María Álvarez Blázquez (1915-1985) - cualificado como persoa prudente de inmenso humanismo- e mais Francisco Sánchez (1550-1623). Finalmente indica que o resultado desta encomenda foi unha obra para órgano de media hora de duración titulada *Quod nihil scitur (Homenaxe a Francisco Sánchez)* e dedicada a José María Álvarez Blázquez.

Souto González, Pedro, 'Francisco Fernández del Riego: coa súa venia', *Faro de Vigo*, 'Esquelas/Cartas', 11 decembro 2003, p. 71.

Destaca que o Concello de Nigrán nomease fillo adoptivo a Francisco Fernández del Riego, ao que cualifica como "o máis veterano dos representantes vivos" da nosa cultura. A seguir reproduce o acordo plenario deste nomeamento inzado de gabanzas a Del Riego.

Souto, Xurxo, 'Manuel María na Academia Galega', *La Opinión*, 'El Domingo', 16 febreiro 2003, p. 16.

Ofrece unha serie de comentarios sobre a poética de Manuel María co gallo da lectura do discurso da súa entrada na Academia Galega. Considera que nos seus poemas xorde unha simbiose total entre a terra -a Terra Chá- e mais o home ,e destaca que esta natureza lle dá

ao poeta un lugar dentro do Universo.

Souto, Xurxo, 'O acordeón de Antuerpe', *La Opinión*, 'El Domingo', 1 xuño 2003, p. 16.

Con motivo do anuncio dun novo acto de "Nunca Máis" -neste caso a manifestación do 14 de xuño de 2003 en Bruxelas-, Xurxo Souto reproduce versos de Antón Avilés de Taramancos, de Luís Amado Carballo así como textos narrativos de Otero Pedrayo, *Arredor de si*, e mais de Castelao, *Cousas*, nos que se reflicte que os galegos "imos converternos en Bélxica en embaixadores da dignidade do mar".

Souto, Xurxo, 'No centenario de Ánxel Fole', *La Opinión*, 'El Domingo', 10 agosto 2003, p. 16.

En palabras de Xurxo Souto, este artigo pretende contaxiar ao lector da "fascinación desacougante que agroma en cada un dos contos" de Ánxel Fole centrándose en *Terra brava* e mais en *Á lus do candil* e describindo a súa forza narrativa e o seu poder evocador.

Souto, Xurxo, 'Un conto de setembro', *La Opinión*, 'El Domingo', 21 setembro 2003, p. 17.

Xurxo Souto fala da historia do Asilo de Adelaida Muro da Coruña, construído en 1888, con motivo da mobilización coruñesa o 22 de setembro de 2001 perante a posibilidade do seu derrubamento, e afirma que feitos coma este deberían estar "directamente no calendario" das celebracións como o Día do Patrimonio Perdido.

Suárez Abel, Miguel, 'O que se perde ó non ler', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 21 febreiro 2003, p. 35.

Reflexiona sobre a transcendencia da lectura na mocidade, fala do gusto pola lectura e indica que con frecuencia lles di aos mozos que "se non aprendedes a gozar coa lectura é como se pasarades pola vida sen vos enamorar". Pon como exemplo as lecturas de Tolstoi, Stendhal ou Cunqueiro.

Suárez Abel, Miguel, 'Cóntelle contos', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&análisis', 12 setembro 2003, p. 33.

Reflexión acerca da importancia de lles contar contos ás crianzas un momento antes de se durmiren para que poidan "dormir coa imaxinación", con personaxes como Ulises, Prometeo ou Cíclope e lugares como Compostela, Tíbet, Pontevedra ou Exipto.

Toro, Suso de, 'Réquiem por un galeguista', *La Opinión*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 14.

Loanza do galeguista recentemente falecido Domingo García Sabell, polo que admite sentir unha grande admiración, aínda que ideoloxicamente non coincidisen. Destaca os feitos máis importantes nos que participou e defíneo como o primeiro ensaísta de peso en galego destacando os traballos que realizou sobre Joyce e sobre a doenza e a alimentación.

Toro, Suso de, 'Escribir é laiarse, escribir sobre Muxía xa é imposíbel', *A Nosa Terra*, nº

1.096, 'O tempo aberto', setembro 2003, , p. 12.

Amosa a súa máis absoluta indignación pola inauguración dunha enorme escultura polo Presidente da Xunta e o candidato do Partido Popular a carón do principal santuario de Muxía, que non conta nin coa autorización de Patrimonio nin coa de Costas e que foi financiado por unha empresa de seguros francesa en sinal de "solidariedade" pola catástrofe vivida.

Toro, Suso de, 'Xela era poeta', *Faro de Vigo*, 4 novembro 2003, p. 26.

Nota dedicada á recentemente falecida Xera Arias na que se reflexiona a cerca de quen é e quen se fai poeta.

Torre, Sonia, 'La salud del teatro', *La Región*, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 59.

Dá conta do bo estado de saúde que ten o teatro ourensán, debido ao éxito dos cursos e a variedade de estilos que presenta. Pon como exemplo que nun mesmo día púidose elixir entre dúas actuacións de diferentes estilos, unha dos compoñentes do Teatro do Grilo e da aula universitaria, cunha grande acción teatral e innovadora, e outra do obradoiro de Loly Buján, moito máis clásica.

V.A., Ángel, 'La importancia del papel', *El Progreso*, 'De actualidad', 18 marzo 2003, p. 80.

Comenta a grande importancia que ten o papel, comezando polo papel moeda, onde destaca a Amancio Ortega; o papel fotográfico, onde fai referencia á inauguración da exposición fotográfica "Marea Negra"; rematando co papel que serve de soporte aos libros. No eido da literatura, fai referencia á participación de Marica Campo coa conferencia titulada "*Pedinche luz prestada sobre mujer y literarura*", no acto co que o Ateneo Republicano de Galicia conmemorará o Día da Muller Traballadora; a convocatoria do Museo Provincial de Lugo para que Xabier P. Docampo, Paco Martín, Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Agustín Fernández Paz creasen contos inspirándose no centro.

Valcárcel, Marcos, 'Ferrín a fondo', *Galicia Hoxe*, 'Ronsel dos libros', 5 xaneiro 2003, p. 69.

Apunta que en outubro de 2001 se celebraron as xornadas "Xosé Luís Méndez Ferrín: o home, o escritor" da man da Real Academia Galega e a Universidade da Coruña, da que saíu o volume coordinado por Xosé M^a Dobarro Paz e Luciano Rodríguez, que inclúe un CD con poemas recitados por Laura P. Landeira. Comenta que o libro é un estudo a fondo da obra e personalidade do escritor ourensán, resultado do traballo de Darío Xoán Cabana, Anxo Angueira, Manuel Forcadela, Ramón Lorenzo e Xosé M. Salgado.

Valcárcel, Marcos, 'O mito de Marilyn', *O Correo Galego*, 'Ronsel dos libros', 8 xaneiro 2003, p. 69.

Refírese aos traballos de investigación sobre o cine realizados por Miguel Anxo Fernández e á publicación do seu primeiro libro de relatos, *O sabre do francés* (2002), para logo

centrarse na súa novela, *Un nicho para Marilyn* (2002), que foi galardoada co Premio Manuel García Barros. Ofrece un resumo do seu argumento e comenta que o autor "apostou polo modelo da novela popular ou novela de xénero, de lectura doada, con dezanove capítulos estruturados como secuencias dun guión cinematográfico", ademais de apuntar que os personaxes tamén teñen paralelos audiovisuais e de que se segue a tradición de Xosé Fernández Ferreiro, que se achegara ao mito de Brigitte Bardot.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 12 xaneiro 2003, p. 71.

En "A cultura no franquismo final" achégase á ruptura cultural dos últimos anos do franquismo. Fai un repaso polas iniciativas culturais dos anos setenta para conectar co movemento "Galicia: Estudio e Formas", que agrupou a xentes do nacionalismo de esquerdas. En "Poetas en man común cos artistas", fai referencia ao inicio do grupo na Auriense de 1974, grazas a militantes do nacionalismo popular, e recorda algún dos nomes: Xosé Lois Vázquez, Xurxo Fernández, Manuel María, Millán Picouto e Manuel Guede ou Felipe Senén. Reproduce ademais dous textos de Manuel Guede.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 xaneiro 2003, p. 67.

Faise eco da aparición da versión galega das *Impressions de'Ibérie*, de André Petitcolin (1899), libro de viaxes que, co título de *Impresión de Iberia*, publicou Galaxia no ano 2002. Reproduce unhas liñas que o autor francés dedicaba a describir a cidade de Ourense, e lembra que esa era a cidade por onde paseaban "mozotes de 11 a 15 anos con apelidos como Otero, Risco e Cuevillas".

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 19 xaneiro 2003, p. 75.

En "Ano de centenarios" achéganos ás efemérides deste ano. Recorda a Alexandre Bóveda, a Marcial Valladares, José Luís Parente del Riego, Álvaro Cebreiro, e Ánxel Fole e fai un pequeno apuntamento de cada un deles. Por último recorda e reproduce uns versos de Florencio Delgado Gurriarán e reivindica o seu nome para o Día das Letras Galegas. En "Os mares de Cunqueiro" recorda a figura caleidoscópica de Álvaro Cunqueiro e sitúanos diante de *Fábulas y leyendas de la mar*, publicado nos volumes sobre o seu xornalismo e fai un repaso polo universo do mar representado polo literato. Reproduce un fragmento en referencia ao desastre do Urquiola.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 26 xaneiro 2003, p. 66.

Dos catro apartados desta páxina, en "O exemplo catalán" Valcarcel anota qué modelos cataláns serviron como pauta a seguir en Galicia. Exemplo disto móstrao a través do nacionalismo interclasista do que se fixeron eco autores como Risco, Murguía, Pedrayo ou Castelao. Fai repaso da obra de Risco e conclúe cun pensamento sobre a cortesía dos galegos cara aos de fóra como o peor dos vicios. En "Murguía en Barcelona" recorda o discurso pronunciado por Murguía en Barcelona cando fora convidado pola Lliga Regionalista en 1890. Destaca a opinión do Rei Católico, quen dicía que era tan difícil unir os galegos coma desunir os cataláns, como causa da debilidade do movemento en Galicia. Recordamos outros aspectos do discurso para rematar cunha pequena presentación das

querencias de Murguía, encabezada por Alfredo Brañas.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 2 febreiro 2003, p. 72.

Divídese esta páxina de cultura en catro apartados. En "A lembranza dos avós" Marcos Valcarcel comenta o seu achegamento a *Cousas*, de Castelao, a través do que coñeceu unha Galicia diferente. Refírese aos dous grandes temas de Castelao, a nenez e os vellos, lembra os contos dos avós do escritor e o seu efecto desveador e enlaza coa biografía que de Castelao escribiu Henrique Monteagudo e da que resalta unha carta en verso do rianxeiro ao seu avó. En "Os vellos en Castelao" fai un percorrido-inventario polos vellos de *Cousas* e polos universos simbólicos que os envolven. En "Don Saturio" presenta aos tres vellos de *Os vellos non deben de namorarse* e as súas tolerías por unha moza, ademais de analizar a suposta moralidade de *Os vellos...* facendo fincapé nunha cita de Carballo Calero sobre o mesmo tema. En "Memoria da vida" fai un paseo polos vellos de *Retrincos* e o seu fantástico mundo, describindo de cada un o seu risco de humanidade. Acaba anotando que estes vellos tamén están representados nas *Cousas da vida*, onde se reivindica a dignidade dos personaxes fronte ao señoritismo.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 9 febreiro 2003, p. 73.

Realiza en diferentes apartados un estudo sobre a figura de Manuel María. Na primeira titulada "Un 'barbas' na Academia" informa do próximo ingreso do poeta na Real Academia Galega, coa lectura do discurso titulado "A Terra Chá: Poesía e Paisaxe" e repasa diferentes obras do autor, ao que salienta pola súa abundante e rica produción. En "Das tebras ó satírico" cita diferentes obras como *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre*, *Documentos personaes* ou *Terra Cha* e a súa relación con importantes figuras culturais daquel entón. Tamén fai referencia ás obras de ton máis intimista e relixioso e menciona *Libro de pregos* e como obra satírica *Cantos rodados para aliados e colonizados*. No apartado "Na tertulia de Fole", Valcárcel escribe brevemente a biografía de Manuel María e xa na última sección "Lembranzas desde Auria", a partir do estudio de Camilo Gómez Torres, distingue cinco etapas cronolóxicas na súa poesía ademais das obras que publicou durante o exilio. Ao final lembra as amizades que ten nas terras ourensás, a súa relación coa Agrupación Cultural Auriense ou coa Mostra de Ribadavia e cita determinados versos de temática ourensá.

Valcárcel, Marcos, 'Un 'barbas na Academia', *La Región*, 'A cerna da memoria', 9 febreiro 2003, p. 73.

Achega á figura do poeta Manuel María, con motivo da lectura do seu discurso de ingreso na RAG, titulado "A Terra Chá: Poesía e Paisaxe", ao que, en nome da Academia, responde Xosé Luís Méndez Ferrín. Inclúense os seus datos biográficos máis relevantes e faise unha breve aproximación á súa produción literaria e xornalística. Faise referencia aos estudos da súa obra, entre os que destaca unha tese de doutoramento de Camilo Gómez Torres, as antoloxías da súa obra poética e a edición da súa *Obra Poética Completa* (Espiral Maior, 2001). Fala, finalmente, do seu vencellamento coa Agrupación Auriense, da temática ourensá na súa obra e dos poemas que Manuel María dedicou a escritores ourensáns.

Valcárcel, Marcos, 'Arte de Trobar', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 12 febreiro 2003, p. 77.

Cualifica a Ramón Cabanillas como un dos alicerces da nosa lírica contemporánea, polo que considera xusto comezar co seu nome a colección "Arte de Trobar", que puxeron en marcha o Pen Clube galego e Caixanova, baixo a dirección de Luís González Tosar e Helena Villar. Comenta que a escolma poética de Cabanillas recolle corenta e nove dos seus poemas, introducidos por un estudio de Xesús Rábade Paredes, no que incide no tratamento da paisaxe e no forte simbolismo do ciclo artúrico no cambadés. Anuncia que na mesma colección aparece *Dársenas do ocase*, de Xavier Seoane, que é o primeiro Premio Caixanova 2002 e que recolle "versos sobre o tempo, o destino e a morte, cun forte pouso melancólico e a evocación das viaxes da alma entre peiraos e paisaxes mariñas do Atlántico".

Valcárcel, Marcos, 'Terra de Iria', *O Correo Galego*, 'Ronsel dos libros', 19 febreiro 2003, p. 61.

Despois de referirse á produción de Anxo Angueira como narrador (*Pensa nao*), poeta (*Val de Ramirás* e *O Valo de Manselle*), ensaísta e crítico, céntrase no comentario da súa obra, *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*, que tamén o converte en escritor de literatura de viaxes. Destaca que nesta viaxe polas terras da súa patria natal "fúndense as xentes populares e as paisaxes, a descripción miúda das técnicas de pesca da lamprea e os versos en latín dun frade franciscano en Herbón". Alude á evocación que na obra hai a figuras como Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro e conclúe apuntando que "é a nosa mente a que descobre, guiada pola elegancia de estilo do escritor e unha moi vizosa lingua popular, unha nova Terra de Iria".

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 23 febreiro 2003, p. 82.

Baixo o epígrafe "O legado do gaitero" recorda a Xoán Manuel Pintos, antes da eclosión de Rosalía e a reedición de *A gaita gallega* en "Biblioteca das Letras Gallegas", e describe a edición, e tamén a obra de Pintos. En "O tesouro da lingua" acércanos a vocación de "gramática histórica" da obra de Pintos e reproduce fragmentos de *A gaita gallega* en defensa do galego oral. En "Xoan Manuel Pintos" fai un percorrido pola biografía de Pintos, e das relacións que foi tendo, desde o seu nacemento en Pontevedra (1811) á súa morte en Vigo (1876). En "A nosa lingua en todos os usos sociais" reivindica a obra de Pintos baixo unha óptica sociolingüística, presenta como actuais os problemas anotados por Pintos. Subliña a súa denuncia á emigración, que ve como "o moderno esclavismo".

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 2 marzo 2003, p. 60.

En "O antroído nas letras" volve a mirada cara aos homes de Nós: Vicente Risco e a súa *Historia de Galicia*, Cuevillas e o seu *Carnaval ido*, Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, entre outros, e como nos achegan contidos sobre o antroído. En "Maxia do carnaval" recolle a afección de Risco polo antroído e a súa filosofía sobre el, nun anaco dunha carta ao seu curmán. En "O meco e os solteiros" fai un repaso pola obra sobre o tema de Florentino Cuevillas. Destaca *El entroído en Mugares* e *Cosas de Orense*, ademais de reproducir anacos de *El carnaval ido* e *Cigarrós*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 4 marzo 2003, p. 67.

Refírese á tradución que fixeron no 1951 Ramón Piñeiro e Celestino F. de la Vega do *Cancioneiro de poesía céltica* de Julius Pokorny e recolle unha composición.

Valcárcel, Marcos, 'Barreiro, o capitán Acab, poesía céltica', *O Correo Galego*, 'Pé das Burgas', 7 marzo 2003, p. 2.

Entre outras cuestións, refírese ao nomeamento por parte da Deputación ourensá de Carlos Casares como Fillo Predilecto da Provincia e ao motivo que levou ao Concello de Nigrán a rexeitar unha proposta para dedicarlle unha rúa. Tamén reproduce uns versos do *Cancioneiro da poesía céltica*, de Julius Pokorny, que fora traducido por Ramón Piñeiro e Celestino F. de la Vega nos duros anos da posguerra.

Valcárcel, Marcos, 'Carlos Casares unha voz viva', *La Región*, 'Ourense', 9 marzo 2003, p. 9.

Un ano despois da morte de Carlos Casares, comenta que son moitos os empeñados en que a súa "palabra viva" permaneza, polo que a Fundación que leva o seu nome "será un referente permanente, dinámico e creador" con capacidade para pór en marcha novos proxectos centrados na súa lembranza e nos valores que encarnou na vida: o amor á liberdade e o eloxio permanente da tolerancia e da capacidade crítica do ser humano, entre outros. Finalmente, detense no artigo "Lo dicen ellos", do volume *Carlos Casares, punto de encontro*, ben representativo do seu pensamento.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 9 marzo 2003, p. 64.

Achñeganos nesta ocasión á obra de Celso Emilio Ferreiro. En "O verso vivo de Celso Emilio" resalta o acerto de *Longa noite de pedra*; repasa a historia deste texto e anuncia a súa publicación facsimilar (Xerais). Conta en boca de Víctor Freixanes a orixe do poema *Longa noite de pedra* e analiza o éxito do texto, reproducindo fragmentos de cartas de Méndez Ferrín a Celso Emilio. En "Poesía social" describe as conclusións de Alonso Montero sobre poesía social no seu discurso de ingreso na Academia Galega e, finalmente, en "Un berro contra a guerra" sinala os poemas máis representativos do texto de Ferreiro, a análise realizada por Gonzalo Navaza e reivindica a súa actualidade contra a guerra nos tempos de hoxe en día.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 12 marzo 2003, p. 67.

Fálase da importancia do río na realidade histórica de Ourense para, a continuación, citar algúns dos moitos poetas que nalgunha ocasión cantaron o Miño.

Valcárcel, Marcos, 'Na súa derradeira década', *Atlántico Diario/La Región*, 'Sociedad', 14 marzo 2003, p. 48/57.

Quéixase da pouca importancia que se lle dá á figura de Luís Tobío, quen participou na

elaboración do Estatuto do 1936, foi profesor na Universidade de Santiago, conselleiro do Partido Galeguista republicano e fundador do Seminario de Estudos Galegos. Indica que a Fundación Otero Pedrayo foi unha das únicas que lles renderon homenaxe á súa vida e obra no 1991 concedéndolle o Premio Traslalva e publicando *Catro ensaios sobre o conde de Gondomar*, que recolle varias parcelas da figura de don Diego Sarmiento de Acuña, señor de Gondomar.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 marzo 2003, p. 67.

Fai referencia a Lois Tobío, membro do Seminario de Estudos Galegos que no 1994 deu ao prelo un volume autobiográfico: *As décadas*. Fala tamén de Risco e doutros galeguistas, dos movementos políticos do momento e da militancia no Partido Galeguista.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 16 marzo 2003, p. 80.

Con "A Venecia auriense" introdúcenos Marcos Valcarcel no personaxe de Francisco X. Fernández Naval en *O bosque das antas*, Pierre Francesco Borghese na súa chegada a Ourense, e de cómo este queda marabillado coa súa paisaxe e co río. En "O Miño afiador" fai un breve percorrido pola simboloxía do río na obra de varios literatos, reproducindo fragmentos das súas obras entre os que destaca a Pedrayo, Álvarez Limeses, Bóveda e Euxenio Montes. En "O medo de Suso" recorda o canto de Manuel María en *O Miño canle de luz e néboa* (1996), no que se fai unha biografía do Miño. Tamén a obra de Victor Campio e Pura Vázquez, Álvarez de Nóvoa ou Blanco Amor e Méndez Ferrín ou X. Fernández Ferreiro, reproducindo fragmentos da súa obra. En "Coma un boi sumiso" continúa coa relación de autores e versos, citando a Celso Emilio, Augusto María Casas, Edelmiro Vázquez, Xosé Conde, Millán Picouto, Curros, José Rubines, Antón Tovar, etc. e a simboloxía do río.

Valcárcel, Marcos, 'A Galicia de Piñeiro', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 19 marzo 2003, p. 69.

Trata o volume de Ramón Piñeiro, *Galicia*, que vén de ser recuperado en edición de luxo por Galaxia con fotografías de Vitor Vaqueiro. Apunta que se trata dun texto breve, distribuído en 35 apartados de áxil lectura, que se corresponde coas imaxes da nosa riqueza patrimonial e paisaxística. Tamén sinala que ao seu remate se recollen versións do traballo en castelán e inglés e que nel se "fai unha síntese atinada da nosa historia cultural, partindo do seu medio xeográfico e da mesma beleza das paisaxes do país, para asentar na Terra e na lingua os seus elementos constituíntes básicos". Subliña que nel se fala da contradición existente entre un pobo como Galicia, con tan forte personalidade diferenciada, e a súa cativa presenza activa na Historia política, como o fixeron Otero Pedrayo, Castelao, ou Ramón Villares.

Valcárcel, Marcos, 'Chagall, Tobío, a paz nas escolas', *O Correo Galego*, 'Pé das Burgas', 21 marzo 2003, p. 2.

Refírese a varios acontecementos culturais: a mostra de pintura de Chagall que comeza en París; as experiencias de Lois Tobío no Berlín dos anos trinta; e da ideoloxía política de

Rafael Sánchez Matas e Vicente Risco. Finalmente apunta a función da escola como educadora nos valores de respecto á vida, á paz e á liberdade.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 21 marzo 2003, p. 59.

Anuncia un recital poético convocado pola sección de Literatura do Liceo de Ourense no que alumnado de diferentes institutos ourensáns porán voz a poemas de Alberti, Manuel Antonio ou Cunqueiro, entre outros. Cérrase a colaboración cuns versos de Antón Tovar e cunha breve chamada á paz.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 23 marzo 2003, p. 74.

Faise un repaso por fragas e árbores. En "Ás árbores na voz dos poetas" recorda que o Día da Árbore fora celebrada nos sesenta por Xesús Ferro Couselo e os seus amigos da Auriense, e cita poetas que fixeron da árbore un símbolo, como Pondal, Alonso Montero, Airas Nunes, Manuel María ou Aquilino Iglesia Alvariño. En "Fragas de soedade" asocia a árbore á soidade e ao medo e cita a obra de Luís Pimentel, o poema *o neno* de Manuel Luís Acuña, a soedade de Celso Emilio Ferreiro, e de cómo puido deixar pegada en Blas de Otero, segundo Miro Villar. En "Escolma posible" recolle versos que poderían formar parte dunha escolma da árbore, representada por Rosalía de Castro, Eduardo G. Amanín, Uxío Novoneyra, María Mariño, o país dos ananos de Celso Emilio Ferreiro ou os Castiñeiros de Florencio Delgado Gurriarán. En "¿Que din os rumorosos?" estuda os piñeiros na obra de Luís Amado Carballo, Ramón Cabanillas, Eladio Rodríguez González e tamén Eduardo Pondal, que fai das árbores o seu símbolo chave.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 26 marzo 2003, p. 67.

Cítase parte da obra narrativa de Antonio Riveiro Coello. Fálase dalgunha obra súa como *As rulas de Bakunin* (2000), dalgunha conferencia sobre outros autores e sobre os seus últimos proxectos.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 67.

Comeza falando da decisión do ministerio de suspender os actos institucionais do Día Mundial do Teatro. Aproveita isto para falar da censura á que está sometida a arte e sobre todo a música na que aparece algunha referencia pacifista.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 28 marzo 2003, p. 67.

Fala do Día Mundial do Teatro e cita nomes propios que estiveron vencellados a Ourense e a esta arte. A continuación destaca o traballo de grupos como Sarabela e a Aula Universitaria de Teatro, a Miteu, e comenta a posibilidade de formar unha escola municipal de teatro.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 30 marzo 2003, p. 88.

Centra esta páxina de cultura nas relacións conflitivas entre socialistas e galeguistas nos

anos vinte e trinta. En "Galeguistas e Socialistas" narra os seus movementos fundacionais e fai un inventario de proxectos comúns entre os que destaca o diario *La Zarpa* ou o semanario *La República*. En "Desde o Heraldo" informa na publicación de *Heraldo* (1931) e os seus promotores e comenta algúns dos seus artigos publicados, como o debate da cuestión relixiosa e a campaña electoral de 1933. En "Otero e o seu drama" recolle o ataque socialista contra Cuevillas e Otero Pedrayo, entre outros puntos de discordia entre as dúas tendencias, así como a situación de *Heraldo Orensano* e de *Galicia* no período 1929-1930 e 1931-1936.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 30 marzo 2003, p. 91.

Recolle versos de Hölderling, da súa composición "Os carballos" e ponos en relación con outros de Eduardo Pondal.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 abril 2003, p. 57.

Lembra un relato de Álvaro Cunqueiro no que se conta como un crego irlandés predicaba contra o costume de ter un retrato do marido que marchaba á guerra na cabeceira da cama por se a muller acababa esquecendo o rostro real e caía nas mans do primeiro que aparecía e se parecía ao do cadro.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 20 abril 2003, p. 66.

O tema desta páxina de cultura céntrase en cantos e trovadores. "Trovadores de onte e de hoxe" introdúcese no difícil período dos séculos escuros como truncamento da nosa literatura, e como consecuencia de que os nosos poetas xirasen en torno á literatura oral, por non seren coñecidos os cancioneros ata o século XX. Dá noticia da aparición do neotrobadorismo e destaca a Pondal, Carles Riba, e Xohán Vicente Viqueira. En "O cantar dun paxaro" centrase en Álvaro Cunqueiro e en *Cantiga nova que se chama Ribeira*, e en *Dona do corpo delgado*. Tamén recolle as homenaxes a Pero Meogo e Mendiño en *Herba aquí ou acolá* e de cómo Amancio Prada musicou a súa obra. En "Celso Emilio" fai un inventario de autores que recolleron o legado do trovadorismo: Filgueira Valverde, Álvarez Blázquez, A. Iglesia Alvariño, Augusto Casas e remata con Celso Emilio Ferreiro entre outros. En "De Bouza Brey a Blanco Amor" introdúcese a obra de Pilar Castro, *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*, e remata cun repaso desde Bouza Brey a Álvaro das Casas con reprodución de versos de cada autor.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 27 abril 2003, p. 88.

En "Blanco Amor, cidadán" presenta a Blanco Amor como novelista urbano e sinala que Ourense aparece como eixe da súa obra. Indaga na relación entre o escritor e a cidade e recolle algún dos artigos publicados polo escritor. En "Ourensanismo" aparece o Blanco Amor xornalístico, comprometido civicamente nun momento no que se abrían as portas á transición política. Reproduce unha declaración de Blanco Amor que marca amor á súa cidade. En "Cidade opulenta" recolle as reclamacións urbanísticas e cívicas do escritor para Ourense entre as que destaca a declaración de que en Ourense se fan os mellores escaparates e as peores librarías. En "Salvar o Montealegre" céntrase no sentimento de

sentirse forasteiro na súa propia cidade e as reivindicacións de modernidade, en especial a través dos artigos contra a urbanización de Montealegre.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 67.

Marcos Valcárcel fala da súa participación nun debate sobre o columnismo de Carlos Casares xunto a Víctor Freixanes e Xosé López. Recóllense algunhas opinións.

Valcárcel, Marcos, 'Nenos da guerra, a Tía Tula, Casares', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 2 maio 2003, p. 2.

Entre outras cuestións, fala do debate que sobre o columnismo de Carlos Casares tivo lugar en Compostela, organizado pola Fundación que leva o seu nome e no que participaron Víctor Freixanes, Xosé López e o propio Marcos Valcárcel.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 4 maio 2003, p. 74.

Nesta páxina de cultura Valcarcel fai un percorrido polo proxecto pedagóxico de Vicente Risco. En *A escola de Vicente Risco* fai unha análise e exposición do proxecto e destaca os antecedentes como Antón e Román Villar Ponte e Vicente Viqueira. En *Para amar a natureza* describe o concepto de aula e a importancia do contacto coa natureza. En *Contidos propios* expóñense as propostas do plan pedagóxico en tanto educación galega, e o proceso de desgaleguización tralo golpe militar. No último apartado analiza a función ou *Papel dos mestres*, escolantes comprometidos coa lingua, os proxectos para a Historia e Xeografía e as ideas de Pedrayo.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 25 maio 2003, p. 83.

Aplauda o esforzo de moitos inmigrantes que están a integrarse no noso país dende a mostra de respecto máximo á nosa cultura e lingua, como xa o fixeron antes a alemana Úrsula Heinze, a cubana Anisia Miranda, a sueca Cristina Berg ou o manchego Xavier Alcalá. Relacionado con isto, alude ao manifesto da Fundación dos Premios da Crítica e á edición simbólica en vinte e catro linguas dun coñecido poema de Celso Emilio Ferreiro.

Valcárcel, Marcos, 'La tierra gallega', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 28 maio 2003, p. 61.

Sinala que dende hai unha década o Centro Ramón Piñeiro está a facer un "valioso" labor de recuperación dalgúns dos máis relevantes fondos hemerográficos das nosa cultura, entre os que está a cabeceira *Tierra Gallega*, semanario editado na Habana e fundado por Manuel Curros Enríquez, que publicou un total de cento corenta e sete números entre o 8 de abril de 1894 e o 9 de novembro de 1896. A seguir, atende ao contido do amplo estudo introdutorio de Luís Alonso Girgado e M^a Teresa Monteagudo, no que se fai un seguimento da historia da revista, dos seus colaboradores e promotores, das polémicas que xerou na prensa cubana ou das iniciativas nadas nesa terra para a creación da Real Academia Galega.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 2 xuño 2003, p. 51.

Marcos Valcarcel en "La tierra gallega" recórdanos a publicación do xornal dirixido por Curros Enríquez, un dos grandes xornais galegos en Cuba, e fai un percorrido por algún dos artigos publicados e dos nomes asociados á publicación. En "Os males de Ourense" reproduce a crítica de Curros Enríquez ao proxecto de abrir unha praza de touros en Ourense ante as necesidades da cidade. En "Obreiros en folga" recolle as desgrazas do ano 1984, as obras que se estaban facendo e as protestas obreiras de Barbantes e dos concellos. En "Un retrato do Ourense do século XIX" volve sobre a protesta de Curros Enríquez e fai un paralelismo con outras carencias que se daban en toda a provincia.

Valcárcel, Marcos, 'Alexandre Bóveda no seu primeiro centenario', *Galicia Hoxe*, 'Calidoscopio', 4 xuño 2003, p. 6.

Informa dos actos previstos para conmemorar o centenario de Alexandre Bóveda, entre os que cita un recital poético-musical, un roteiro ou a inauguración dunha placa conmemorativa no Concello de Ourense. De seguido fai unha coidada exposición do pensamento político e económico de Bóveda e dá conta, así mesmo, do papel que desenvolveu no galeguismo republicano da súa época.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 22 xuño 2003, p. 82.

Desta páxina de cultura hai que destacar "O discurso anticomunista" que se centra no movemento comunista antes do trinta e seis. Recrea os pensamentos de Pedrayo sobre o marxismo e a súa relación con Galicia. Entronca así coa obra de Vicente Risco *Mitteleuropa* e reproduce algunhas citas do autor sobre este tema.

Valcárcel, Marcos, 'Fernández Flórez', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 2 xullo 2003, p. 69.

Destaca que a través do cine e debuxos animados se recuperou a lembranza de Wenceslao Fernández Flórez, o creador de *O bosque animado*, que foi traducido ao galego por Xela Arias na colección "Xabarán" de Edicións Xerais no ano 1987. Considérao como un dos mellores escritores de humor en castelán de todos os tempos e céntrase na relectura da súa novela, *El hombre que compró un automóvil* (1932), reeditada por Anaya en 1985.

Valcárcel, Marcos, 'No fío de Nós', *La Región*, 'Cultura', 13 xullo 2003, p. 59.

Loa a decisión da Academia de dedicarlle o vindeiro Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo Fernández, un dos epígonos máis fieis da Xeración Nós e un dos grandes estudosos da cultura material e espiritual galega (dende o cancionero popular ao mundo da Terra do Mar, da Casa e dos Oficios).

Valcárcel, Marcos, 'Don Xaquín Lorenzo: no fío de nós', *Galicia Hoxe*, 'Pé das burgas', 18 xullo 2003, p. 4.

Fala de Xaquín Lorenzo Fernández, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas deste ano, e considera que unha das razóns polas que foi escollido é a súa vinculación coa Xeración Nós. Fai referencia ao empeño de Lorenzo Fernández por Galicia e pola cultura Galega e ás entrevistas que se lle fixeron, nas que amosou a súa devoción por Florentino

Cuevillas. Menciona, finalmente, o tomo XX-XXI do *Boletín Auriense*, publicado no ano 1990-1991; o número nove da revista *Raigame* e o 1º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego celebrado en Ourense, xa que todos eles están dedicados a Xaquín Lorenzo.

Valcárcel, Marcos, 'Xaquín Lorenzo Fernández tamén foi profesor', *Galicia Hoxe*, 'Pé das burgas', 26 xullo 2003, p. 4.

Fai referencia ao labor docente de Xaquín Lorenzo Fernández, que iniciou na Academia de Vicente Bóveda e que desenvolveu, durante corenta e cinco anos no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense. Alude á entrevista que Roberto Fernández, da Nova Escola Galega, lle fixo a Lorenzo Fernández e que foi publicada en 1984 no *Faro de Vigo*, da que reproduce algúns fragmentos, nos que Xaquín Lorenzo expón a súa opinión sobre o papel dos profesores, sobre o mundo audiovisual e sobre a necesidade dunha escola galega. Esta mesma noticia foi publicada en *La Región*, o día 3 de agosto de 2003.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 30 setembro 2003, p. 59.

Considera que é bo que a vida e a literatura compartan fíos de comunicación e que a cidade teña sinais de identidade da nosa memoria literaria, polo que se alegra de que na Praza Maior de Auria haxa un café-bar co nome de Trampitán, o idioma inventado por don Juan de la Cova y Gómez. Comenta que a iniciativa partiu dun artista ourensán que editou un folleto sobre o citado personaxe con tres artigos de Carlos Casares e cita autores galegos que o teñen tomado como referencia.

Valcárcel, Marcos, 'Sempre camiño adiante', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 1 outubro 2003, p. 56.

Toma o título dun poema de Ramón Cabanillas para esta primeira entrega diaria na contraportada de *Galicia hoxe*, coa que inicia unha viaxe compartida cos lectores e quere chamar ao encontro coa palabra, polo que apela ao poder do diálogo como encrucillada entre diferentes e lexítimas visións da realidade. Considera que esa palabra nace da lingua de noso, que nos identifica con personalidade de seu entre o concerto dos pobos do mundo, e salienta o espírito que terán estas "andoliñas", palabra que toma do Dicionario de Eladio Rodríguez e que dá nome a esta sección: ser un "pobo de cidadáns orgullosos de sermos nós mesmos, pero tamén, sempre, coas mans abertas ás xentes de todas as culturas e mentalidades".

Valcárcel, Marcos, 'Curros e Cabanillas', *La Región*, 'Sociedad', 15 outubro 2003, p. 69.

Comeza mencionando a partitura do mestre Carrera sobre a versión que Carlos Neyra fixo do poema de Curros "A Virxe do Cristal" e a continuación fala da que Cabanillas realizou no 1919, que se publicou recentemente, en *A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para a ópera*, editada polo Departamento de Galego-Portugués da Universidade de Coruña, na que Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín realizaron un estudo introdutorio que contén unha biografía actualizada, unha análise rigorosa das súas liñas estéticas e unhas reflexións sobre o teatro das Irmandades da Fala.

Valcárcel, Marcos, 'As alegres funerarias santiaguinas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 outubro 2003, p. 64.

Coméntase *Chile a la vista*, obra de Eduardo Blanco Amor na que se recollen crónicas de viaxes. Destácase o humor retranqueiro que impregna as páxinas e ilústrase este humorismo e esta ironía recollendo as descricións que o autor fai das funerarias de Chile.

Valcárcel, Marcos, 'Blanco Amor en Chile', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 22 outubro 2003, p. 69.

Comenta a publicación de *Chile a la vista*, volume no que Eduardo Blanco Amor recolle unha serie de crónicas de viaxes redactadas entre 1949 e 1950 e publicadas na revista chilena *La hora*. Salienta que, segundo o autor, é unha obra plenamente galega aínda estando escrita en castelán e que a edición correu a cargo de Galaxia e do Consello da Cultura Galega.

Valcárcel, Marcos, 'A familia literaria de Perucho', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 31 outubro 2003, p. 64.

Alude á relación do falecido autor catalán Joan Perucho con galegos como Álvaro Cunqueiro ou Carlos Casares. Fala da literatura fantástica en España e destaca a Cunqueiro e a Perucho por seren autores que entenderon a literatura como gozo e paixón pola vida, por unha vida capaz de rachar coas barreiras da realidade.

Valcárcel, Marcos, 'A castaña medra no ourizo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 novembro 2003, p. 64.

En relación coa festa do Magosto, comenta que a castaña foi un elemento básico na nosa historia da alimentación, polo que adquiriu a súa relevancia na cultura popular, por medio das coplas que o pobo foi creando e transmitindo de xeración en xeración. Apunta que Mariño Ferro no seu estudo *O sexo na poesía popular* conta como a castaña se converteu nun símbolo do sexo da muller e ilustra isto cunha cantiga.

Valcárcel, Marcos, 'Manuel Luís Acuña, poeta e símbolo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 14 novembro 2003, p. 64.

Alude á celebración do II Congreso sobre Manuel Luís Acuña, que foi organizado por Xoán Carlos Domínguez Alberte. Comenta que a figura de Acuña está a recuperar o relevo que sempre mereceu e que ese proceso tivo un fito no ano 2000 coa publicación en Edicións Xerais de Galicia dun volume homenaxe por parte do seu fillo, Ramón Luís Acuña, e de Ramón Nicolás, no que colaboraron varias xeracións de escritores e artistas galegos. Apunta que o escritor de Sobrado de Trives só publicou un libro en vida, *Firgoas* (1933), ao que se lle poden engadir unha serie de inéditos descubertos posteriormente, e defíneo como un "extraordinario poeta, que dialogou desde a súa obra co mundo das vangardas". Conclúe referíndose á súa actitude ante a vida e a literatura.

Valcárcel, Marcos, 'Os nenos do mundo (son meus)', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 15

novembro 2003, p. 64.

Recóllense versos de Manuel Luís Acuña nos que canta aos nenos e fábase da tenrura que lle inspiraban. Relaciónanse os seus versos cos de outros autores galegos coma Rosalía, Filgueira Valverde ou Pimentel e fundamentalmente cos deste último, xa que os dous se achegaron ao misterio desa fragilidade "que semella unha folla no vento" aproximando o tema da morte ao dos rapaces.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 16 novembro 2003, p. 83.

Faise referencia á figura de Manuel Luís Acuña e recórdase a súa delicadeza ao cantar aos nenos. Recóllense varios anacos de composicións nas que o autor canta aos rapaces e ao seu mundo.

Valcárcel, Marcos, 'Para que non morra un neno', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 novembro 2003, p. 56.

Recóllese algún anaco dos poemas de Luís Pimentel para ilustrar a sutileza coa que este autor reflectía un tema tan duro coma o da morte dun neno. Relaciónase isto coa morte de vinte e seis nenos en Italia e remata cuns versos dun poema de Francis James titulado "Oración para que non morra un neno".

Valcárcel, Marcos, 'Blanco Amor, o xornalismo dun mestre', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 novembro 2003, p. 64.

Fálase da publicación por parte de Galaxia, dentro da "Biblioteca Blanco Amor", do volume *Chile a la vista*, obra publicada no 1951 e na que Blanco Amor reunira varias crónicas de viaxes. A obra está escrita en castelán pero Blanco Amor dixerá dela que era plenamente galega.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 novembro 2003, p. 67.

Comeza lembrando os cantos de Otero Pedrayo aos últimos xardíns da cidade de Ourense. Relaciona isto coa publicación dun traballo sobre os xardíns dos pazos galegos feito por Xosé Angel Sánchez García. Comenta brevemente cal foi a orixe destes xardíns e sinala que poucos sobreviven.

Valcárcel, Marcos, 'Os libros do Outono', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 19 novembro 2003, p. 69.

Destácase a publicación que se fai en outono dun volume coas mellores fotografías de varios autores que expoñen en Ourense dentro do ciclo Outono Fotográfico. Desde 1996 estes volumes levan unha pequena colaboración literaria e outra de carácter técnico ou artístico. Menciona os nomes dos colaboradores do ano 2003 e cita os dos outros anos.

Valcárcel, Marcos, 'Un estudio dos vellos xardíns', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 novembro 2003, p. 64.

Tras recordar as palabras descritivas de Otero Pedrayo adicadas aos últimos xardíns de Ourense, fala de cómo cambiou a cidade e cómo os edificios foron agromando e medrando. Alude á publicación dun estudo de Xosé Ángel Sánchez García sobre os xardíns dos pazos galegos e lamenta a case ausencia total dalgún destes na actualidade.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 22 novembro 2003, p. 75.

Fai referencia aos Encontros sobre Normalización Lingüística, que organizou a delegación ourensá de Política Lingüística e que contaron cunha mesa redonda sobre Xaquín Lorenzo. Apunta que nela participaron Francisco Fariña, Xulio Fernández Senra e Afonso Monxardín e que se destacou a relevancia da obra humanística de "Xocas" e algúns dos trazos da súa personalidade.

Valcárcel, Marcos, 'O 'Xocas' e a memoria do seu irmán ', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 22 novembro 2003, p. 64.

Atende á clausura en Auria dos Encontros sobre a Normalización do noso idioma, que contou cunha mesa redonda sobre Xaquín Lorenzo Fernández, na que interviñeron Francisco Fariña, Xulio Fernández Senra e Afonso Vázquez-Morxardín. Sinala que subliñaron a relevancia da obra humanística do Xocas e algúns dos trazos singulares da súa personalidade, como é o caso de Xulio, que lembrou os seus encontros con don Xaquín para buscar información sobre un baile, unha cantiga ou traxe tradicional.

Valcárcel, Marcos, 'Novoneyra, o tempo suspendido', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 25 novembro 2003, p. 64.

Repara na proximidade da poesía de Uxío Novoneyra ao orientalismo e aos haikus xaponeses e comenta a proximidade á terra. Recolle palabras do autor nas que di que o amor á terra é semellante ao do ser amado.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 67.

Nota na que na que informa da conferencia que Xosé Neira Vilas impartiu para os alumnos da Aula Literaria da Universidade sobre a presenza galega en América. Marcos Valcárcel destaca o detalle achegado por Neira Vilas de que a orixe da obra *Los gallegos en la Argentina* foi económica.

Valcárcel, Marcos, 'Blanco Amor e a arte de Sucasas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 novembro 2003, p. 72.

Comeza falando dunha lectura feita dunha columna de efemérides na que se recollía o acontecido en Compostela o 25 de novembro de 1978. Citábase a inauguración na galería Sargadelos dunha exposición do pintor Alfonso Sucasas presentado por Eduardo Blanco Amor. Recórdase a "marabillosa" oratoria de Blanco Amor nunha presentación semellante.

Valcárcel, Marcos, 'Neira Vilas e a Galiza americana', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29

novembro 2003, p. 64.

Fálase dunhas charlas que mantiveron Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda con alumnos da Aula Literaria da Universidade de Ourense. Falaron de persoeiros ourensáns que tiveron que desenvolver o seu traballo en América como Blanco Amor ou Tacholas. Fálase un pouco máis polo miúdo de Manuel Celso Garrido e de Alberto Vilanova, este último autor de *Los gallegos en la Argentina*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 5 decembro 2003, p. 67.

Comeza criticando os nacionalistas que pensan que con ler o *Sempre en Galiza* de Castelao xa teñen suficiente. A continuación afirma que o nacionalismo "está suxeito as dinámicas xeradas no contexto internacional". Pon como exemplo de nacionalista a Plácido Rodríguez Castro, quen estivo no Congreso das Nacionalidades Europeas de Berna representando ao Partido Galeguista, e tamén foi redactor da BBC e tradutor do inglés ao galego. Remata informando de que o Liceo de Ourense acaba de inaugurar unha mostra sobre a súa personalidade.

Valcárcel, Marcos, 'Plácido Rodríguez Castro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 6 decembro 2003, p. 64.

Comeza o artigo falando do galeguismo e indicando que este é máis que Castelao, Risco e Pedrayo. Introduce entón a figura de Plácido Rodríguez Castro e recolle algúns dos seus datos biográficos como o seu labor de tradutor ou a militancia política nacionalista. Finalmente fala dalgún estudo publicado sobre a súa vida.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 9 decembro 2003, p. 59.

Faise eco do vinte aniversario do Consello da Cultura Galega, loa o labor que realiza, menciona que colaborou con el e conclúe afirmando que non se entende por qué a Xunta de Galicia non consultou con esta entidade para a realización do seu proxecto máis ambicioso, a Cidade da Cultura.

Valcárcel, Marcos, 'A cultura galega no mundo ', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 decembro 2003, p. 64.

Comeza informando que o Consello da Cultura Galega cumpre vinte anos e a seguir loubas as actividades que leva a cabo nas diferentes áreas nas que traballa, como o Arquivo Sonoro de Galiza e o Arquivo da Emigración. Conclúe afirmando que non se entende por qué a Xunta de Galicia non consultou con esta entidade para a realización do seu proxecto máis ambicioso, a Cidade da Cultura.

Valcárcel, Marcos, 'Historia do Roteiro 'A Esmorga'', *La Región*, 'La Tribuna', 16 decembro 2003, p. 10.

Informa de cando e como naceu o roteiro sobre *A Esmorga* que ten como principal obxectivo inmortalizar a memoria de Eduardo Blanco Amor. En primeiro lugar elaborouse

un folleto específico, "Roteiro literario de *A esmorga*", no que se empregou o esquema dos espazos da novela que realizou Manuel Forcadela na *Guía de lectura de A esmorga* (Edicións do Cumio, 1991), tamén se inclúe un mapa do casco vello e un apartado, "Ourense, universo literario", no que se realiza unha breve semblanza do autor. Tamén se colocaron polo Roteiro nove placas de cerámica realizadas por Manuel Figueiras que inclúen anacos de textos da novela. A seguir indicanos que na actualidade a Sección de Literatura do Liceo Ourensán é a entidade organizadora, en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello, de cales son as datas nas que se realiza e de que este ano, ademais do roteiro, recitaranse poemas de Blanco Amor e haberá un faladoiro. Tamén menciona outras actividades que se levaron a cabo en memoria do escritor como os volumes *Eduardo Blanco Amor Fotógrafo* e *O fillo da florista. 34 retratos de Eduardo Blanco Amor*, editados polo Clube Alexandre Bóveda con Linteo.

Vázquez Allegue, Jaime, 'Domingo García-Sabell', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 7 agosto 2003, p. 16.

Loanza do doutor Domingo García-Sabell, quen Jaime Vázquez Allegue, afillado e sobriño de Manuel García Fernández, afillado e sobriño a súa vez de García-Sabell, cualifica como un dos grandes humanistas da última parte do século XX. Afirmar ademais que cultivou o coñecemento cultural da súa terra e do seu pobo. Repasa a súa vida profesional mencionando o seu paso pola delegación do goberno e pola presidencia da Academia Galega e destacando tamén que cultivou todos os xéneros literarios.

Vázquez Gil, Lalo, 'O bosque de levas', *Atlántico Diario*, 'Tiempo de Vigo', 28 agosto 2003, p. 3.

Recomenda a lectura da obra de Alfonso Álvarez Cáccamo *O bosque das levas*, afirma que leva nos xenes o de ser un creador e recorda as súas obras anteriores *Peito de bimbio*, *As baleas de Eduardo Reinoso*, *Xente de mala morte* e *O espírito de Broustenac*.

Vázquez Gil, Lalo, 'Adiós, teatro, adiós', *Atlántico Diario*, 7 outubro 2003, p. 3.

Laiase pola desaparición da Escuela Municipal de Teatro de Vigo que, en palabras de Lalo Vázquez Gil deu tan bos resultados nunha cidade que "foi sempre amante do teatro". Achega ademais diversos datos, como por exemplo que no 1876 xa existía o grupo teatral do Recreo Artístico.

Vázquez Pintor, Xosé, 'Reivindico a autenticidade neste intento de crear algo diferente', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 25 xullo 2003, p. 6.

Reivindica a autenticidade, que é ser un mesmo. Afirmar que o futuro da literatura está unido ao da lingua; salvando o idioma, salvarase a literatura. A seguir, di estar esperanzado coas novas xeracións, xa que demostran que son capaces de crear grandes obras narrativas e poéticas e remata afirmando que, se o teatro quedou un pouco atrás, é debido a imposibilidade de editar.

Vázquez, Dora, 'Estilo poético na poesía', *O Correo Galego*, 'Ronseis', 19 febreiro 2003, p.

4.

Segundo Dora Vázquez a poesía tivo que nacer como consecuencia da observación da beleza polo home e é algo esencial da condición humana que existiu moito antes que a prosa, a escritura ou a imprenta. O motivo da poesía para ela é sempre a beleza, axustada ao sentir estético común e guiada pola inspiración e convertida en algo necesario que fai que nos conmovan as cousas. Para, dalgún xeito, explicar o que para ela é o proceso poético fálanos dunha anécdota que extrae do libro do poeta bengalés Rabindranat Tagore, *Recuerdos de mi vida*, traducido por Juan Ramón Jiménez e a súa muller Zenobia Camprubi. O que nos conta fai referencia a como o poeta, indo un día polo río, quedou abraiado ao dar a volta e ver a beleza da luz da lúa sobre a terra, feito do que xurdiu un poema do que se nos reproduce un fragmento.

Vázquez, Dora, 'Medio século despois', *La Región*, 'De paso', 10 marzo 2003, p. 14.

Manifesta a súa satisfacción polo nomeamento do poeta Manuel María como membro da Real Academia Galega, algo que na súa opinión, ten ben merecido o chairego. Sinala que esta noticia casualmente coincidiu no tempo coa aparición no xornal *La Región*, na sección " Historia en 4 tiempos" de Maribel Outeiriño, dunha noticia na que se fala dunha homenaxe fai cincuenta anos en Madrid á súa irmá Pura Vázquez , a Luz Pozo Garza e a Pilar Vázquez Cuesta, as dúas primeiras xa como numerarias da Academia. A homenaxe, á que asistiran personalidades como Menéndez Pidal, Azorín, Cela e Wenceslao Fernández Flórez, dinos que lle fixo lembrar a Pura o seu nomeamento en 1949 e reproduce a carta que lle enviaran con tal motivo a súa irmá. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *O Correo Galego*, o 8 de marzo de 2003.

Vázquez, Dora, 'O autor e a obra', *O Correo Galego*, 'De paso', 28 abril 2003, p. 13.

O tema deste artigo de Dora Vázquez é o labor literario, que segundo nos di pode ser recoñecido polo público, caso dos grandes escritores, ou un labor calado, "nas sombras do anonimato". Lembra que existe un gran número de escritores descoñecidos que esperan o recoñecemento da súa obra, pois non o tiveron no primeiro contacto coa crítica ou os factores non lles foron favorábeis e a súa obra é incomprendida e menosprezada. Moitas veces, dinos, a fama alíase coa sorte, pero outras hai que loitar para facerse camiño e os escritores precisarían de comprensión e ánimo, dunha especie de protección entre artistas, dunha man amiga, tamén merecente de recoñecemento, que só en ocasións os empurra cara a consagración. Para ela estes artistas teñen que facer un traballo calado e constante, sen a axuda da crítica, co que conseguen que se teña en consideración a súa vocación e os seu esforzos. É, segundo di, unha tarefa case heroica que non espera xustiza nin comprensión, cunha dedicación plena á arte e á cultura. Esta mesma noticia foi publicada en *La Región* o 28 de abril.

Vázquez, Dora, 'Medio século despois', *O Correo Galego*, 'Ronseis', 8 maio 2003, p. 4.

Comeza manifestando a súa satisfacción polo nomeamento do poeta Manuel María como membro da Real Academia Galega, algo que di, ten ben merecido o chairego. E sinala que

esta noticia casualmente coincidiu no tempo coa aparición no xornal *La Región*, na sección " Historia en 4 tiempos" de Maribel Outeiriño, dunha noticia na que se fala dunha homenaxe fai cincuenta anos en Madrid á súa irmá Pura Vázquez, a Luz Pozo Garza e a Pilar Vázquez Cuesta, as dúas primeiras xa como numerarias da Academia. A homenaxe, á que asistiran personalidades como Menéndez Pidal, Azorín, Cela e Wenceslao Fernández Flórez, dinos que lle fixo lembrar a Pura o seu nomeamento en 1949 e reproduce a carta que lle enviaran con tal motivo a súa irmá. Esta mesma noticia foi publicada o 10 de marzo no xornal *La Región*.

Vázquez, Dora, 'O autor e a obra', *O Correo Galego*, 'Ronseis', 11 maio 2003, p. 3.

O tema deste artigo de Dora Vázquez é o labor literario, que segundo nos di pode ser recoñecido polo público, caso dos grandes escritores, ou un labor calado, "nas sombras do anonimato". Lembra que existe un gran número de escritores descoñecidos que esperan o recoñecemento da súa obra, pois non o tiveron no primeiro contacto coa crítica ou os factores non lles foron favorábeis e a súa obra é incomprendida e menosprezada. Moitas veces, dinos, a fama alíase coa sorte, pero outras hai que loitar para facerse camiño e os escritores precisarían de comprensión e ánimo, dunha especie de protección entre artistas, dunha man amiga, tamén merecente de recoñecemento, que só en ocasións os empurra cara a consagración. Para ela estes artistas teñen que facer un traballo calado e constante, sen a axuda da crítica, co que conseguen que se teña en consideración a súa vocación e os seu esforzos. É, segundo di, unha tarefa case heroica que non espera xustiza nin comprensión, cunha dedicación plena á arte e á cultura. Esta mesma noticia foi publicada en *La Región* o 28 de abril.

Vázquez, Dora, 'O poeta das fadas', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 30 xullo 2003, p. 5.

Refírese á figura das fadas na poesía de Eduardo Pondal que o poeta consideraba unha "xentil descoñecida, rápida e airosa, dotada de leves ás", unha presenza que se percibía como espiritual máis ca física. Salienta que estes personaxes para Pondal descendían dos antigos guerreiros celtas, poboadores da Galicia prehistórica. Describen e analiza algunhas pasaxes da obra do bergantiñán onde aparecían fadas, coma a fada de Baltar, a fada de Morpeguite ou fada de Rouriz; poemas nos que case sempre a voz poética ten un encontro coas fadas, con unha ou con varias, nos que fala con elas e nos que incluso se atreve a capturar algunha, desconfiando do seu carácter traizoeiro.

Vázquez, Dora, 'Tríptico poético', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 5 agosto 2003, p. 4.

Texto literario que consta de tres partes. Na primeira, a maneira de presentación, anúnciase un canto a Galicia; a segunda, chamada "A gaita galega", está composta arredor da figura do instrumento, pero tamén hai unha referencia a Rosalía; e na terceira, que leva por título "A nosa flor", empézase por un descrición paisaxística, que dá lugar a unha reflexión máis intimista e que remata cunha especie de fábula amorosa entre dous labregos.

Vázquez, Dora, 'O 'cravo' dos poetas', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 24 agosto 2003, p. 4.

Dora Vázquez expón a simboloxía poética do "cravo", nas queixas de dor, a través de

poemas de Santa Teresa de Jesús, de Xoán de la Cruz, Frei Luís de León, Bécquer e Espronceda. Tamén recorda a Antonio Machado no poema *Soledades*. Entre os poetas galegos destaca a Rosalía, que recorda a dor pero non a razón do cravo, no que podemos ver ao corazón como un enigma.

Vázquez, Dora, 'Xa pasou o día', *La Región*, 'De paso', 1 setembro 2003, p. 15.

Con motivo do seu aniversario Dora Vázquez reflexiona sobre o tempo e o seu paso a través de textos propios. Agradece que segue a ter á súa familia, amigos, un xornal onde publicar, aos directores, e á súa irmá Pura Vázquez, e tamén a Deus.

Vázquez, Dora, 'Lembrar a 'Nube de verán' do xornal vespertino 'La Noche', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 6 setembro 2003, p. 4.

Dora Vázquez anuncia a morte de Borobó, mestre de xornalistas, a través dos titulares do día. Recorda o seu labor en *La Noche* e as súas relacións con este xornal coa historia dun texto que ela encontrou de nova nunha rúa de Ourense e que ela respondeu. Foi a súa irmá a que enviou estes textos a *La Noche* onde foron publicados. Con esta anécdota rende tributo a Borobó.

Vázquez, Dora, 'Vendima e Poesía', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 10 setembro 2003, p. 4.

Dora Vázquez sitúanos neste artigo de opinión en tempos da vendimia e resalta as imaxes interesantes desta sazón para os poetas. En estilo poético e cunha estrutura paralelística reivindica o canto á vendimia para os poetas e describe os valores da vendima e viño que os poetas deben cantar.

Vázquez, Dora, 'A 'nube de verán', *La Región*, 'De paso', 15 setembro 2003, p. 16.

Dora Vázquez anuncia a morte de Borobó, mestre de xornalistas, a través dos titulares do día. Recorda o seu labor en *La Noche* e as súas relacións con este xornal coa historia dun texto que ela encontrou de nova nunha rúa de Ourense e que ela respondeu. Foi a súa irmá a que enviou estes textos a *La Noche* onde foron publicados. Con esta anécdota rende tributo a Borobó.

Vázquez, Dora, 'Recordando a Murguía e Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 20 outubro 2003, p. 4.

A inminencia das festas de Santiago, recórdalle a autora a obra de Manuel Murguía *Galicia*. Sinala que é unha viaxe polas orixes étnicas do país, escrita durante a enfermidade e a morte de Rosalía, na que Murguía reconstrúe a nosa historia a partir da raza céltica. Cóntase como describe o historiador os antigos poboadores de Galicia, xente que xa polo século V a. C. se dedicaba á agricultura, á gandería e ao comercio pero tamén á guerra, e como emprega para a investigación numerosas lendas que considera historia feita ficción polo pobo, e poemas, que para el expresan os sentimentos colectivos. Tamén salienta que Murguía se para especialmente na lenda do castro lupario e na historia do Apóstolo e que describe vilas de toda a xeografía galega, entre as que destaca a Santiago. Recoñece que se

trata dunha obra imprescindible para amar un país coñecendo a súa historia. Esta mesmo artigo foi publicado en *La Región*, 17 de decembro.

Vázquez, Dora, 'Recordando a Murguía e Rosalía', *La Región*, 'Opinión', 17 decembro 2003, p. 19.

A inminencia das festas de Santiago, recórdalle a autora a obra de Manuel Murguía *Galicia*. Sinala que é unha viaxe polas orixes étnicas do país, escrita durante a enfermidade e a morte de Rosalía, na que Murguía reconstrúe a nosa historia a partir da raza céltica. Cóntase como describe o historiador os antigos poboadores de Galicia, xente que xa polo século V a. C. se dedicaba á agricultura, á gandería e ao comercio pero tamén á guerra, e como emprega para a investigación numerosas lendas que considera historia feita ficción polo pobo, e poemas, que para el expresan os sentimentos colectivos. Tamén salienta que Murguía se para especialmente na lenda do castro lupario e na historia do Apóstolo e que describe vilas de toda a xeografía galega, entre as que destaca a Santiago. Recoñece que se trata dunha obra imprescindible para amar un país coñecendo a súa historia. Esta mesmo artigo foi publicado en *La Región*, 17 de decembro.

Vázquez, Pura, 'Aquil grande humorista coruñés', *La Región*, 'De paso', 27 xaneiro 2003, p. 14.

Fala do escritor e humorista coruñés Wenceslao Fernández Flórez, do que aporta unha pequena biografía. Segundo di naceu na Coruña e que alí empezou os seus anos como xornalista en periódicos como *La mañana*, onde tamén publicou contos, e continuou noutros coma *Heraldo de Galicia* ou *Terra Gallega* e nalgún máis de Betanzos e Ferrol. Logo marchou para Madrid traballar en *El Parlamento* e comezou a súa carreira de escritor coa novela curta *Luz de luna*. Tamén lembra Pura Vázquez como o coñeceu, a el e a xente coma Pío Baroja e Azorín, cando eles mesmos as invitaran a ela e Pilar Vázquez Cuesta despois dun acto de homenaxe a ela, a Pilar e a Luz Pozo Garza no Centro Galego de Madrid, ofrecido pola Real Academia Galega e a Real Academia Española no ano 1953.

Vázquez, Pura, 'Os poemas galegos de García Lorca', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 4 febreiro 2003, p. 4.

Comeza declarando a súa admiración pola poesía e o teatro de Federico García Lorca como obra intemporal, destaca os seis poemas galegos que se inclúen nas súas *Obras completas*. Lembra despois que hai máis exemplos de poetas de fóra que escribisen en galego, como Tomás Garcés, que chegaría a publicar un libro, Carlos Riba ou Juan Perucho. Os poemas de Lorca vense como froito da súa estadia en Galicia, que o sorprendería polos contrastes con Andalucía que lle supuxeron o verde, o celtismo misterioso ou as brétemas e as chuvias, afíxose á luz e ao ceo azul da segunda, e considéranse tamén coma unha "grande homenaxe á nosa terra", escritos sen coñecer o idioma pero preciosos e cheos de imaxes, dando unha lección aos galegos sobre o seu propio idioma.

Vázquez, Pura, 'O sentimento de a saudade', *La Región*, 'De paso', 17 marzo 2003, p. 12.

Fala Pura Vázquez da saudade como tema constante na nosa literatura e tamén do seu libro

A saudade, presentado pola editorial Salnés, que considera un dos poucos libros galegos de poemas que se centran unicamente neste tema. Segundo ela, a saudade pode ser de dous tipos: pura e mixta; a segunda sae simplemente da intimidade da persoa, mentres que a primeira é a que só pode ocasionar o afastamento material de Galicia. Os poemas que se fundamentan neste segundo tipo de saudade, son para ela os máis sinceros, os que conteñen este sentimento na súa raíz, aínda sendo concibidos con posterioridade á ausencia. É esta, para Pura Vázquez, a única maneira de non tocar o tema de xeito tanxencial, senón de profundar nel e de que Galicia se converta nunha multitude de sentimentos.

Vázquez, Pura, 'O diminutivo na poesía galega', *La Región*, 'De paso', 31 marzo 2003, p. 13.

Aborda Pura Vázquez un tema do que di que xa se falou moito, o uso do diminutivo na poesía galega. Na poética infantil dínos que o diminutivo obedece ao "primeirizo mundo do pequeno" onde as palabras teñen que ser amorosas para adaptarse á imaxinación e comprensión dos nenos. Pero, segundo ela, na poesía galega o diminutivo ten outra razón de ser relacionada co idioma e coa expresividade que a este lle imprime, sendo de todos os xeitos desaconsellado o abuso. Logo analiza como empregaron algúns escritores o diminutivo: Noriega Varela, que pretendía infundir maior expresividade co seu uso; Ramón Cabanillas, sobre todo no que sería a súa obra *Antífona da cantiga*; Lamas Carvajal, Eduardo Pondal ou Rosalía de Castro. Para ela o emprego que estes poetas fixeron do diminutivo non lles quita forza aos poemas, senón que lles dá intimidade lírica e musicalidade. Este mesmo artigo publicouse en *La Región* o 31 de marzo.

Vázquez, Pura, 'Íntimo canto a Rosalía, de Luz Pozo Garza', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 22 maio 2003, p. 6.

O motivo do artigo é o libro de Luz Pozo Garza *Vida Secreta de Rosalía* (1996), mostra para Pura Vázquez da "inmensa inspiración de Luz", un libro do que di que Pozo Garza naceu para escribilo, para contar a vida dunha "poeta de todos os tempos" que é Rosalía de Castro. Destaca del o simbolismo da palabra que suavemente envolve a ausencia da escritora. Logo o libro fai que evoque un encontro que tiveron ela e súa irmá cunha filla de Rosalía, Gala, no que esta lles dixo que súa nai "era coma unha chama: resplandecía". Segundo ela Rosalía foi unha muller humilde que non podía imaxinar que os seus versos ían producir tanta emoción e entusiasmo.

Vázquez, Pura, 'Luis Amado Carballo, poeta e escritor', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 21 xuño 2003, p. 4.

De Luís Amado Carballo comeza expresando a súa queixa porque non existe unha biografía, polo que hai que recorrer á colaboración de xente que o puido coñecer para falar sobre el. Segundo di naceu en 1901 en Pontevedra e alí comezou os estudos e fixo o bacharelato; logo marchou en 1919 para Madrid estudar filosofía e letras e alí coñeceu á bohemia xunto con Correa Calderón, Rey Soto ou Primitivo Sanjurjo. Por esas datas empezou a escribir artigos para o xornal *Diario de Pontevedra* e para unha revista de Vigo, ao mesmo tempo que lle publicaban os primeiros contos en castelán en xornais madrileños. Pero, segundo nos conta, tamén pasaba tempadas en Pontevedra, onde tomara contacto con

xente importante para el coma Xohán Bautista Andrade, Faustino Rey Romero ou Ramón Cabanillas, ao que admiraba. Posteriormente funda alí xunto con Losada Diéguez a revista *Alborada*, dirixida por Modesto Bará Álvarez, da que só saírían catro números, o último un especial con traballos de xente como Risco, Vilar Ponte, Cabanillas, Castelao ou Manuel Antonio. Pouco despois di a autora que morre enfermo de tuberculose, sen completar a súa carreira literaria.

Vázquez, Pura, 'Mulleres que escriben e Perseidas', *La Región*, 'De paso', 30 xuño 2003, p. 18.

Fala das mulleres escritoras, aínda que di que non para restarlles importancia aos compañeiros do outro sexo aos que respecta e admira. Diante da imposibilidade de nomealas a todas, salienta Pura Vázquez unhas poucas dentro das súas predilectas, as máis próximas ou as que coñece, ordenadas cronoloxicamente. Empeza por Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, das que fala sen apelidos, con intimidade, como representantes do século XIX, sen deixar de mencionar a Teresa de Ávila como a súa escollida entre as anteriores. Do século XX destaca primeiramente a Filomena Dato e a Francisca Garrido, á que coñeceu, e tamén a moitas que foron e son amigas súas, entre elas varias Carmes: Carmen Conde, Carmen Bravo Villasante, Carmen González Más ou Carmen Blanco. Desta época tamén está súa irmá, Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, Pilar Vázquez Cuesta, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Krukember ou Ana Romaní. E por último, entre as máis novas, destaca a Iolanda Castaño, Marica Campos ou Olga Novo. Esta columna tamén foi publicada no xornal *Galicia Hoxe* o 8 de novembro de 2003.

Vázquez, Pura, 'As mulleres senlleiras de Galicia no atardecer', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 22 agosto 2003, p. 4.

Refírese á escritora arxentina de orixe galega Julieta Gómez Paz. Orixe galega que se lle atribúe por súa nai, que nacera en Mondoñedo e formara parte da comisión fundadora do Centro Galego de Bos Aires. Segundo se nos di, dela herdaría Julieta os seus lazos con Galicia, que a levaron incluso a titular un dos seus libros de poemas, no que expón a identificación coa cultura de Galicia, *Galicia en el atardecer*. Da súa actividade intelectual destácanse o traballo docente como profesora de filosofía, os seus libros, tanto os de poesía coma os ensaios, ademais das súas colaboracións na prensa arxentina ou na española, en *Insula* de Madrid. Tamén hai unha bibliografía na que se dá conta tanto dos libros de poemas coma dos ensaios e traducións coma a de Elizabeth Barret Browning.

Vázquez, Pura, 'Versos nos nosos diarios', *La Región*, 'De paso', 8 setembro 2003, p. 15.

reflexión sobre o papel da prensa na difusión cultura, destaca que en América eran moitos os xornais con espazo para os escritores, non só para os de alí senón para os doutros países que enviaban poemas, traballos e artigos para publicar. Lembra por exemplo o xornal arxentino *Alberti* ou a revista *Boreal*, editada en Canadá, ademais dos suplementos que tiñan durante a súa estadía en Caracas diarios coma *El Universal* ou *El Nacional*. Segundo di, en case toda Sudamérica os diarios tiñan apartados poéticos ou literarios, pero aquí existiu un certa indiferenza cara aos poetas e á poesía, salvando algunhas excepcións, coma

serían en Galicia: *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Zarpa*, *La Noche*, *La Región* ou *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*. E considera que dese espazo xornalístico xurdiron novas xeracións de estudosos e escritores moi valiosas para a cultura galega.

Vázquez, Pura, 'O diminutivo na poesía galega', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 9 setembro 2003, p. 4.

Aborda Pura Vázquez un tema do que di que xa se falou moito, o uso do diminutivo na poesía galega. Na poética infantil dinos que o diminutivo obedece ao "primeirizo mundo do pequeno" onde as palabras teñen que ser amorosas para adaptarse á imaxinación e comprensión dos nenos. Pero, segundo ela, na poesía galega o diminutivo ten outra razón de ser relacionada co idioma e coa expresividade que a este lle imprime, sendo de todos os xeitos desaconsellado o abuso. Logo analiza como empregaron algúns escritores o diminutivo: Noriega Varela, que pretendía infundir maior expresividade co seu uso; Ramón Cabanillas, sobre todo no que sería a súa obra *Antífona da cantiga*; Lamas Carvajal, Eduardo Pondal ou Rosalía de Castro. Para ela o emprego que estes poetas fixeron do diminutivo non lles quita forza aos poemas, senón que lles dá intimidade lírica e musicalidade. Este mesmo artigo publicouse en *La Región* o 31 de marzo.

Vázquez, Pura, 'Un lonxano estío', *La Región*, 'De paso', 29 setembro 2003, p. 16.

Texto que describe un solpor en Ourense. A narradora observa amodorrada como se pon o sol nunha calorosa noite de verán na cidade e como despois a luz da lúa a ilumina, ata que queda a durmir e esperta ao día seguinte. O texto está cheo de sensualismo, dun retratismo moi visual no que, dende o punto de vista dun balcón, se describe este momento do día en Ourense e nos seus arrabaldes. Segundo transcorre o texto vemos como chega a noite e como o sono se vai apoderando da narradora, que foxe do calor cara a outras paisaxes imaxinarias ata quedar durmida. Ao final a protagonista esperta coa primeira luz do día seguinte sorprendida e contenta estar na súa casa de Ourense.

Vázquez, Pura, 'Mulleres que escriben e Perseidas', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 8 novembro 2003, p. 4.

Fala das mulleres escritoras, aínda que di que non para restarlles importancia aos compañeiros do outro sexo aos que respecta e admira. Diante da imposibilidade de nomealas a todas, salienta Pura Vázquez unhas poucas dentro das súas predilectas, as máis próximas ou as que coñece, ordenadas cronoloxicamente. Empeza por Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, das que fala sen apelidos, con intimidade, como representantes do século XIX, sen deixar de mencionar a Teresa de Ávila como a súa escollida entre as anteriores. Do século XX destaca primeiramente a Filomena Dato e a Francisca Garrido, á que coñeceu, e tamén a moitas que foron e son amigas súas, entre elas varias Carmes: Carmen Conde, Carmen Bravo Villasante, Carmen González Más ou Carmen Blanco. Desta época tamén está súa irmá, Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, Pilar Vázquez Cuesta, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Krukember ou Ana Román. E por último, entre as máis novas, destaca a Iolanda Castaño, Marica Campos ou Olga Novo. Esta columna tamén foi publicada no xornal *La Región* o día 30 de xuño.

Vázquez, Pura, 'As 'espadas' no tempo', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do tempo', 8 decembro 2003, p. 5.

Recorda a Eduardo Blanco Amor cando se cumpre o centenario do seu nacemento e comenta brevemente a súa relación con el, lamentando non poder profundar demasiado porque, aínda que os dous eran de Ourense e compartiron experiencias como a emigración, non se trataron moito. Conta que só coincidiron ao final da súa vida, cando xa estaban os dous en Galicia que daquela intercambiaran algunha carta e coñecéranse en persoa cando Blanco Amor estaba no seu leito de morte. Fala tamén dos últimos anos do escritor, nos que, sorprendentemente para ela, foi bastante ignorado, aínda cando a súa modesta personalidade era xa recoñecida fóra. Só despois de morto conseguiría, di, o recoñecemento popular que os críticos lle outorgaran moito antes.

Vence, Ánxel, 'O home que quería europeizar Galicia', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Opinión/Crónicas galantes', 6 agosto 2003, p. 24/14.

Homenaxe a Domingo García-Sabell con motivo do seu pasamento. Segundo Vence, García-Sabell era un dos últimos representantes da, inexistente como clase, burguesía galega liberal, que rexeitaban o movemento franquista xa só por ser rudo e militarizado. Fala deste médico compostelán coma un home de grande erudición, incluso recoñecida polos seus inimigos ideolóxicos, que acumulaba saberes médicos, filosóficos, lingüísticos ou artísticos. Para el, García-Sabell dálle á tradición galeguista un pulo por "europeizar Galicia... con acento propio", idea que trouxera dos seus tempos en Berlín, cando coñecera o mellor e o peor da vella Europa, e que o levou a estudar os mecanismos da saudade, e a coincidir con Ramón Piñeiro e o resto do grupo de Galaxia. Na súa dilatada vida dinos que coñeceu a Valle Inclán, Manuel Antonio, Cunqueiro, Picasso ou Gunter Grass, que sufriu a represión franquista e conciliou cousas tan contrarias coma o seu republicanismo e a súa amizade co rei, ou o seu cargo de delegado do goberno en Galicia e a presidencia da Real Academia Galega. O seu talante "europeizador" fai que Ánxel Vence remate o artigo pensando que, non por casualidade, a súa morte coincide coa actual decadencia da idea de Europa.

Vence, Ánxel, 'El quimérico Emilio Castelao', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Crónicas galantes', 8 agosto 2003, p. 24/15.

Comenta Ánxel Vence un erro que apareceu en varios artigos e que lle atribuíu a Domingo García-Sabell unha hipotética amizade cun tal Emilio Castelao. A invención dese personaxe parécelle a Vence unha gralla na que se confunden as figuras de Emilio Castelar, presidente da primeira República, e Daniel Castelao, o líder nacionalista. No resto do artigo analiza a fortuna destas grallas que, segundo di, tal e como postulara Joseph Goebbels, ministro de propaganda de Hitler, a forza de repetirse poden converterse en realidade. Como datos curiosos e seguindo ao escritor uruguaio Eduardo Galéano, que se atrevera a facer unha compilación deles, inclúe tamén algún destes erros que se converteron en usuais. Remata o artigo dicindo que non deixa de ser unha homenaxe póstuma a García-Sabell que a súa morte dese lugar á aparición dun quimérico Emilio Castelao.

Ventura, Joaquim, 'Congreso e homenaxe', *Galicia Hoxe*, 'O sal da terra', 9 xuño 2003, p.

4.

Dá conta da celebración do VII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, organizado nesta ocasión pola sección de filoloxías galega e portuguesa da Universitat de Barcelona, que coincide coa celebración da Semana de Galicia en Barcelona. O primeiro dos eventos será unha homenaxe a Xoán González Millán, impulsor da Asociación Internacional de Estudos Galegos e do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. Joaquim Ventura loa a figura do gran estudoso que podía observar a literatura galega dende a novidosa perspectiva da distancia.

Ventura, Joaquim, 'Joan Perucho: o terceiro mosqueteiro', *Galicia Hoxe*, 'O sal da terra', 10 novembro 2003, p. 4.

Informa da morte do narrador, poeta, crítico, ensaísta, bibliófilo e gastrónomo catalán Joan Perucho e realiza un breve percorrido pola súa obra, mencionando, entre outros datos, que se lle concedeu o Premio Nacional das Letras polo conxunto da súa obra, e que as súas principais características, a ironía, a fantasía e o humor, propiciaron que formase unha "verdadeira tríade cos escritores Nestor Luján e Álvaro Cunqueiro".

Vidal Villaverde, Manuel, 'Xeografías do imaxinario', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 21 xaneiro 2003, p. 2.

A partir do discurso de ingreso na Academia Galega de Camilo González Suárez-Llanos, Camilo Gonsar, titulado "Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo", reflexiona deixando ben clara a súa postura a favor de que "escritor galego é aquel que desenvolve a súa obra neste idioma, mesma a xeografía fique no lonxe da que lle corresponde.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Memoria da neve', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 28 xaneiro 2003, p. 2.

Reflexión sobre a neve, que pode ser, segundo Vidal Villaverde, símbolo de pureza, pero tamén de nostalxia ou melancolía. Inclúe tamén unha lembranza das veces que a viu, unha delas, mentres ía camiño de Celanova, ao enterro de Moraima, viúva de Celso Emilio Ferreiro.

Vidal Villaverde, Manuel, 'As olladas aínda son de pedra', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 4 febreiro 2003, p. 2.

Expresa a impresión que lle causou a relectura de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro na edición facsímile que acaba de publicar Edicións Xerais de Galicia e que conta cunha introdución de Méndez Ferrín, na que fai unha "historia deste libro". Vidal Villaverde resalta o poema "Soldado" e conclúe, coa mirada nas eleccións municipais, afirmando que quizais os tempos dos que falaba Celso Emilio non se foron de todo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Xa ole a primavera', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 11 febreiro 2003, p. 2.

Fala da obra de Anxo Angueira *Terra de Iria, viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002), onde se describen as paisaxes e o tempo que van ata o San Martiño. Ao fío do comentario achega lembranzas e recordos persoais.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Tempo da Terra Chá', *O Correo Galego*, 'Fai fume', 18 febreiro 2003, p. 2.

Comeza falando da homenaxe a Manuel María que se realizou en Vilalba lembrando o seu primeiro libro, *Muiñeiro de brétemas* (1950). A seguir, analiza o discurso que pronunciou, "A Terra Chá: poesía e paisaxe", no que lembrou aos escritores que trataron nas súas páxinas a Terra Chá, como Otero Pedrayo, Antonio Peña Novo, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, etc.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Agosto de cal e pedra', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 5 agosto 2003, p. 5.

Reflexión de Vidal Villaverde na que toca o tema do sentimentalismo, que "non ten nada que ver co sentimento", que toma como punto de partida un paseo pola cidade de Lisboa. Na súa argumentación cita versos dos poetas galegos Antón Avilés de Taramancos e a Luz Pozo Garza, portugués, como Eça de Queiroz, Saa Carneiro, e mesmo casteláns, como García Lorca.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Os labirintos do tempo', *Atlántico Diario*, 'Musas', 24 agosto 2003, p. 45.

Nesta ocasión, o xornalista Manuel Vidal Villaverde interésase por Fermín Bouza Álvarez, poeta e sociólogo. Fai un percorrido biobibliográfico por este autor, destacando os poemarios *O tempo na auga* e *Labirinto de inverno*. Tamén comenta o número seis da colección "Áuliga" de Espiral Maior, na que se publica o volume titulado *Poemas*, de Gellu Naum (Bucarest, 1915-2001).

Vidal Villaverde, Manuel, 'Faíscas da outoniza', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 15 outubro 2003, p. 5.

Reflexión sobre a outoniza, que Manuel Vidal Villaverde compara nalgúns puntos do seu artigo coa etapa franquista, facendo referencia a *Poemas ao Outono* de Manuel María. A seguir tamén menciona a Álvaro Cunqueiro e a *Sonata de Otoño* de Valle-Inclán, entre outros.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Xela Arias', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 3 novembro 2003, p. 11.

Amosa a súa dor pola morte da poetisa Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003), lembrando os seus primeiros versos, pronunciados nun recital na Facultade de Filosofía en Santiago, onde tamén participou o autor do artigo, e os últimos, na Casa do Libro, en Vigo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Maldita caída da folla', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 5 novembro

2003, p. 4.

Texto de evocacións literarias no que, mediante a comparación coa caída da folla no outono, se homenaxea a recentemente falecida Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) facendo referencias a diversos escritores, como Baudelaire, e artistas como Van Gogh ou Michelangelo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'No pasamento de Miquel Martí', *Atlántico Diario*, 27 novembro 2003, p. 4.

Lembranza do escritor recentemente falecido Miquel Martí i Pol na que Vidal Villaverde menciona unha ocasión na que coincidiu con el en Andorra la Vella e logo fai referencia ao poemario esencial de Martí i Pol, *Estimada Marta*.

Vidal, Xoán C., 'Fole', *El Progreso*, 'El bosque sagrado', 12 agosto 2003, p. 6.

Dá conta da celebración dun acto organizado polo Concello de Lugo no que se lembrou a figura e a obra de Fole co gallo do centenario do seu nacemento. Remata afirmando que é preciso seguir lembrándoo e difundindo a súa vida e obra por parte tanto do xornal coma da cidade a que lle dedicou tantas horas.

Villalaín, Damián, 'Arte de trobar', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 8 febreiro 2003, p. 30.

Dá conta do peche da colección "Ablativo Absoluto" de Edicións Xerais de Galicia, que estivo dirixida por Fran Alonso e serviu de plataforma ás novas voces poéticas. Dende un punto de vista optimista prefire loar os bos momentos que viviu a colección que laiarse pola súa desaparición. A continuación, informa do nacemento de "Arte de trobar", unha nova colección poética, presidida por Luís González Tosar, que xorde da cooperación entre o PEN Clube de Galicia e Caixanova, coa publicación dunha escolma de Ramón Cabanillas realizada por Xesús Rábade e de *Dársenas do ocaso*, Premio Caixanova de Xavier Seoane.

Villalaín, Damián, 'Casares en Nigrán', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 8 marzo 2003, p. 31.

Loanza da figura de Carlos Casares no cabodano da súa morte. Lembra algúns encontros que tivo co escritor e vota de menos algún tipo de homenaxe por parte do concello de Nigrán, que se sume aos numerosos que se lle están a facer por toda a xeografía galega.

Villalaín, Damián, 'Contemporáneos', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 17 maio 2003, p. 34.

Artigo no que xustifica o reducido número de ocasións que fala dos escritores contemporáneos na súa columna. A principal xustificación é o problema de seguimento que presenta, xa que se publican, tanto en galego como en castelán, decenas de miles de libros e a crítica especializada obxectiva é moi escasa, a meirande parte déixanse influenciar nas súas valoracións por criterios non literarios.

Villalaín, Damián, 'Borobó', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Seguro azar', 18 setembro 2003, p. 30.

Recorda a figura de Borobó e defende o xornalismo literario, xa que "o periodismo non nace para durar nin para vencer ao tempo, senón para vivir e morrer nun plisplás", xusto ao revés do que acontece coa literatura. Presenta como exemplo paradigmático a Borobó, que se ben case non deixou libros publicados, realizou un gran número de folletos e artigos publicados en diversos xornais dunha gran calidade.

Villalaín, Damián, 'Traduccións', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 18 outubro 2003, p. 29.

Alude á homenaxe a Plácido Castro realizada polo IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), na que se incidiu na súa formación británica, o seu compromiso co galeguismo e os traballos que realizou como tradutor. A fio disto último, destaca a pouca importancia que, en xeral, as editoriais lles dan ás traducións e informa da publicación en Galaxia da última novela de Amélie Nothomb en galego.

Villalaín, Damián, 'O 'Lar Villar', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Seguro azar', 13 novembro 2003, p. 26.

Informa da existencia da taberna-biblioteca "Lar Villar" na parroquia de Sillobre, preto de Ferrol, onde ao mesmo tempo que se pode tomar unha cunca de viño, pódese tamén ler unha obra da literatura galega das moitas que alí teñen almacenadas a disposición dos clientes.

Villalaín, Damián, 'Suso de Toro', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 29 novembro 2003, p. 48.

Comeza dando conta da homenaxe que Edicións Xerais e a Fundación Caixa Galicia lle renderon a Suso de Toro en Vigo. A seguir lembra que se coñeceron cando ambos eran estudantes en Santiago. Logo compárao con Manuel Rivas e informa de que se lle concedeu o Premio Nacional de Narrativa pola súa novela *Trece badaladas*. Finaliza cualificando como moi positiva para o futuro da lingua galega a súa actividade.

Villalta, Luísa, 'Poesía e circunstancia', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Fin de semana', 4 decembro 2003, p. 34.

Reflexión sobre a mala situación na que se topa a poesía galega. Segundo Luísa Villalta unha das principais causas de que "non venda" e que non existe literatura nos planos de estudo. Remata afirmando que neste último ano, ante o conxunto de adversidades que se presentaron, a creación poética serviu como voz para transformar "a circunstancia en monumento intemporal".

Villar Janeiro, Helena, 'Escritores no faro de Fisterra', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 3 xaneiro 2003, p. 3.

Dá conta do acto literario organizado polo PEN Clube de Galicia no faro de Fisterra en solidariedade cos afectados polos vertidos do Prestige. Comezou coa lectura dunha carta de apoio de Homero Aridjis, presidente do PEN Internacional e firmante do *Manifiesto dos Cen*, un dos grupos ecoloxistas máis activos de América. A continuación, interviron un

amplio número de escritores como por exemplo, Xavier Alcalá, Xesús Alonso Montero, Marilar Aleixandre e Xesús Rábade Paredes e léronse textos enviados por Úrsula Heinze, Xosé Ramón Pena, Manuel Rivas, Luz Pozo, etc. Tamén se recitaron dous poemas clásicos: *Penélope*, de Xosé Díaz Castro e *Merlos nun solpor de Fisterra*, de Faustino Rey Romero.

Villar Janeiro, Helena, 'Xela Arias, in memoriam', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidad', 7 novembro 2003, p. 3.

Loanza da poetisa Xela Arias recentemente falecida (Lugo, 1962-Vigo, 2003) mediante unha pequena reflexión poética acerca do "tempo" como algo que foxe, en ocasións precipitadamente, pero que deixa espazo para desenvolver soños e medos.

Villares, Ramón, 'A última década de T.L.', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 14 marzo 2003, p. 89.

Con motivo do recente falecemento de Lois Tobío realiza un breve repaso polos principais acontecementos nos que participou. Infórmanos de que foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, un estudoso da obra do socialdemócrata alemán Herman Heller, traballou como un alto funcionario da República e foi un dos organizadores de moitas iniciativas políticas e culturais como o Consello de Galicia ou o Congreso da Emigración.

Villaverde, Mariví, 'Carta a Tobío', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 10 abril 2003, pp. 10-11.

Carta dedicada e dirixida ao galeguista Lois Tobío onde se realiza un repaso pola súa vida. Comeza lembrando a fonda impresión que lle causou a nova da súa morte e lembra como se coñeceron. A seguir repasa a súa biografía mencionando, entre outros datos, que participou na elaboración do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía na época da República e que acadou unha praza como diplomático, o que lle facilitou logo o exilio causado pola Guerra Civil. Logo de estar en Uruguai e nos EUA, emigrou definitivamente a Bos Aires ata que o final retornou. En todo momento seguiu traballando nas letras galegas, un dos seus traballos foi publicar a *Historia de Galicia* que dirixía Otero Pedrayo. Conclúe loando a grande amizade que os unía.

X.G.G., '¿Defensa da lírica?', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 27.

Afirma que a poesía precisa lectorado e non defensas e anima os poetas a que cultiven un pesimismo esperanzado, baseándose nas palabras de John Berger. Sinala que a poesía non é só unha promesa de futuro xa que propón a coexistencia do presente, o futuro e o pasado. Remata loándoa e anunciando que a partir da vindeira publicación, no apartado de "poesía" se falará dun libro de poesía galega, tema que trataron Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Emilio Xosé Ínsua en *Letras en cambio* no caderno de pensamento de *A Nosa Terra*.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A.L., 'El teatro aficionado no debe surtirse sólo del medio rural', *El Progreso*, 'Fotomatón', 12 setembro 2003, p. 12.

Conversa con David Lois Piñeiro, novo membro do grupo de teatro Faro-Miño, na que dá unha visión persoal positiva do teatro en Galicia, explica que leva actuando dende os nove anos, que entra en Faro-Miño por ser un grupo que coñece e no que lle fai ilusión actuar, en especial por ser un proxecto interesante aínda que ancorado no teatro rural e remata que desexa achegar a súa experiencia e visión máis actualizada, mesmo vangardista do espectáculo teatral.

A.N.T., 'Xavier Campos. 'Igual que o público se interesa polos contos celtas tamén o fai polos xitanos', *A Nosa Terra*, nº 1.064, 'Fin de semana', 10 xaneiro 2003, p. 33.

Entrevista a Xavier Campos sobre a súa recompilación de *Contos xitanos* (2002). Explica cómo xurdiu e levou a cabo este proxecto, e subliña a súa finalidade. Destaca así a súa vertente didáctica e a contribución á integración da etnia xitana. Por outro lado, refírese brevemente ao seu traballo na revista *O Pipelo*, lembrando a orientación inicial desta e salientando a continuidade da mesma con poucos cambios.

A.N.T., 'Alfonso Álvarez Cáccamo. 'O humor é unha arma de defensa que utilizo na vida e na obra', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Fin de semana', 20 marzo 2003, p. 41.

Alfonso Álvarez Cáccamo considera que o humor é moi importante na literatura e, en xeral, na sociedade, como "arma de defensa", e opina que este aínda non se perdeu hoxe. Sinala que o humor está presente en toda a súa obra, aínda que non tanto na súa última novela *O bosque de levas*. Apunta que quería que esta fose un contraste da súa anterior creación *O espírito de Brounstenac*, obra na que, salienta, recrea, ao seu ver, o apaixonante século XIX.

A.N.T., 'Canto máis galego máis internacional me sinto', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 23.

Lois Tobío deixa constancia das súas ideas sobre o nacionalismo, ideoloxía que, salienta, é compatíbel co internacionalismo. Indica que chegou a esta conclusión a través das múltiples viaxes que fixo polo mundo, recollidas nas súas memorias *As décadas de TL*. Asemade, refírese á súa participación no Partido Galeguista ou o Consello de Galicia como órgano de reivindicación da "personalidade política de Galiza", entre outras cuestións de orde política.

A.N.T., 'Claudio Rodríguez Fer. 'É máis cómodo ofertar lixo comercial que poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Fin de Semana', 19 xuño 2003, p. 33.

O poeta responde a cuestións relacionadas coa próxima celebración do curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela "Poetas Europeos contemporáneos", que el dirixe. Refírese brevemente ás liñas temáticas que se van tratar e aos criterios que levaron á elección destas. Subliña que o obxectivo é o achegamento á contribución de grandes poetas europeos e galegos, procurando "un diálogo interlingüístico e intercultural". Por outro lado, lamenta o pouco aprecio que se ten pola poesía.

A.N.T., 'Euloxio Ruibal: 'O Galeuzca serve de encontro entre literaturas con problemas semellantes', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Fin de semana', 30 outubro 2003, p. 33.

Nesta entrevista Euloxio Ruibal comenta como será o encontro entre escritores galegos, vascos e cataláns, denominado Galeuzca e que terá lugar en Guernica. Ruibal afirma que desenvolverán temas, principalmente, ao redor das guerras e as posguerras e sinala que se contará coa participación de quince escritores galegos (Darío Xohán Cabana, Inma López Silva, Iolanda Castaño, Xulio Valcárcel, Marica Campo, etc.). Ademais salienta que este tipo de encontros é importante para manter relacións non só literarias senón tamén sociais e persoais, e confirma que o próximo ano o evento terá lugar na Galicia.

A.Q., 'Todos levamos dentro un monstro, un tipo perigoso', *La Opinión*, 'Cultura', 18 abril 2003, p. 41.

Manuel Rivas apunta que o seu libro *O lapis do carpinteiro* e o filme que se fixo sobre el son distintos, sendo isto bo para el. Asemade, dá a súa opinión sobre a película, sinalando que consegue transmitir a emoción da súa novela e afondar dun xeito adecuado na psicoloxía dos personaxes.

A.S., 'Me considero gente de teatro', *Diario de Arousa*, 2 marzo 2003, p. 64.

Con motivo da homenaxe realizada a Lolecha Bergantiños Castro por ser a fundadora do Grupo de Teatro "O Noso Lar", fáiselle unha entrevista na que agradece tal homenaxe por valorar o seu tesón e constancia. Comenta que o grupo está formado por quince amas de casa e que ao principio interpretaban pequenos monólogos pero agora xa se atreven incluso con obras de Molière. Lolecha Bergantiños afirma que ela é unha muller de teatro e un dos próximos proxectos é participar na película *Raza de Nobreza*.

A.S., 'A cultura, como a lingua, é unha visión do mundo', *El Progreso*, 'Gente', 'Entrevista', 28 decembro 2003, p. 3.

Conversa co Presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta, que xira arredor dos proxectos e funcionamento desta institución no seu vixésimo aniversario. Salienta, entre estes, o estudo do proceso de política lingüística dende a década dos oitenta do pasado século, opinando sobre a situación do galego. Tamén destaca a publicación das obras completas do Padre Sarmiento. Asemade, fai unha valoración do seu papel como presidente e insiste en que os obxectivos serán sempre a defensa da lingua e da cultura galega.

AFA, 'Hai que idear estímulos para activar o amor ó idioma galego', *El Correo Gallego*, 'Galegos do novo milenio', 10 marzo 2003, p. 8.

Iníciase a entrevista situando a Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura, como unha figura situada no centro das miradas actuais xa que é o testamenteiro do escritor Torrente Ballester segundo acaba de dictar unha xuíza de Salamanca. Zulueta afirma que pasou tres anos angustiosos pero agora todo rematou e considera que a Fundación debería tentar recuperar a obra do escritor galego. En canto aos proxectos que presenta á súa chegada no ano 2002, cre que a creación da nova sección do libro vai ben encamiñada e

teñen previsto realizar unhas xornadas para analizar a catástrofe do *Prestige*. Con respecto á pouca presenza feminina no Consello confirma que están procurando elevala e, finalmente, fai unha análise do que se entende por bilingüismo e cómo no noso país o galego é a lingua en situación máis feble. Para demostralo cita o último traballo editado polo Consello, o informe *O proceso de normalización do idioma galego: análise da lingua durante os vinte últimos anos* e salienta a necesidade que había dunha *Biblia* traducida ao galego e que foi galardoada co Premio Nacional de Tradución.

Alonso, Carmen, 'La marea negra le ha dado un ligero impulso al libro gallego', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 13 xuño 2003, p. 16.

María del Carmen Fernández, dona da librería O Temple da Coruña, opina sobre a venda de libros no verán e apunta que se le moi pouco en lingua galega. Aínda así, sinala que o problema do *Prestige* axudou a que se vendesen máis libros galegos sobre a catástrofe, coma os poemarios *Negra sombra* ou *Nunca Máis*. Por outro lado, recomenda varios títulos en castelán para as vacacións.

Alonso, Carmen, 'La librería no está sólo para comprar; también, para curiosear y sugerir', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 18 xuño 2003, p. 16.

Marta Souto da Librería Sisargas da Coruña fala sobre o negocio do libro, o encanto que un lector pode atopar nunha librería ou a afección da xente a ler. En relación á lectura en lingua galega destaca a paixón dos máis novos pola oferta da editorial Kalandraka. Así mesmo, lamenta que se deixen de lado un pouco os nenos e as nenas cando comezan a ler.

Amarelle, Raquel A., 'Las subvenciones al teatro son parches instantáneos y no sirven', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 29 xaneiro 2003, p. 17.

Alfredo Rodríguez, profesor de literatura e lingüística da Universidade da Coruña, fai referencia á negativa situación do teatro galego. Entre as causas que provocaron isto sinala a falta dunha cultura teatral na nosa terra, e, entre as posíbeis solucións apunta a maior implicación das institucións.

Angueira, Mercedes, 'Ás veces o talento está agochado nun pozo de inseguridades e complexos', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 decembro 2003, p. 25.

Alude á posta en marcha da Escola Municipal de Arte Teatral e Cinematografía de Caldas e subliña brevemente a traxectoria artística do seu director, Moisés Morales. Asemade, achega unha entrevista a este caldense sobre as actividades que se desenvolven nesta escola, o alumnado, a didáctica, ou as expectativas e acollemento deste proxecto. Ademais, subliña o obxectivo de crear unha compañía a partir de aquí e representar as obras dos grandes.

Arrizado Abuín, Fernando, 'Rosalía encarna la vocación; Pardo Bazán, la profesión', *El Progreso*, 'Verano', 12 xullo 2003, p. 91.

Tras aludir á discriminación social da muller, Marina Mayoral fai referencia nesta conversa

a dúas autoras galegas sobre as que ten escrito, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, con quen parece identificarse máis, aínda que sen sacarlle mérito á autora de *Follas Novas*. Sinala que Rosalía escribía por "unha necesidade íntima" e tendía a refuxiarse na casa, mentres que a creadora de *Los pazos de Ulloa* loitaba máis abertamente polas súas ideas.

B.R., 'Confirmaron a súa asistencia Mela Casal e Gloria Ferreiro', *El Progreso*, 'Fotomatón', 27 outubro 2003, p. 18.

Entrevista a Guillermo Cancelo sobre o curso de teatro que vai dar en Lugo proximamente. Apunta que o curso vai xirar arredor de actividades como lecturas de textos ou monólogos, entre outras. Ademais refírese aos espectáculos nos que participaron na edición pasada do curso e confirma a asistencia de varias actrices galegas. Por outro lado, lamenta a situación do teatro lugués.

Barba, M., 'La Fundación Luís Seoane se inaugurará con el director y el personal actuales', *La Opinión*, 'Cultura', 12 abril 2003, p. 53.

Informa do traslado da sede desta institución e da súa nova andaina. Por outro lado, entrevista a José Luis Méndez Romeu, concelleiro de cultura da Coruña, quen resume os obxectivos e orientacións básicas desta entidade. Apunta que non se centrará exclusivamente no autor que lle dá nome, senón que abordará diversos campos artísticos de autores de aquí e tamén doutras culturas, sobre todo latinoamericanos. Aínda así, recoñece que partirán "de Seoane como emblema da modernidade galega".

Bastos, Juan Carlos, 'Quiero cultura para todos, más bibliotecas y galleguizar la ciudad', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 28 agosto 2003, p. 8.

Santiago Domínguez Oliveira, concelleiro de cultura de Vigo, salienta as prioridades e proxectos do seu departamento. Sinala, entre outros aspectos, que procuran galeguizar a cultura viguesa e promover a lectura, citando iniciativas como "Na praia un libro". Explica que este proxecto consiste nun servizo de préstamo de libros na praia.

Beotas, Enrique, 'En el mundo de la cultura enseguida pasas a ser un icono de la imbecilidad', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 30 agosto 2003, pp. 8-9.

Recolle unha entrevista que mantivo nun restaurante compostelán coa escritora lucense Luisa Castro. Esta fala de multitude de temas, da súa familia, das súas preferencias, do amor, de Galicia e da súa sociedade e tamén de literatura. Indica que lle gusta escribir en castelán e en galego e non lle importa ler en calquera das linguas que sabe. Subliña, así mesmo, que escribe para a humanidade e como se se dirixise a un amigo, sobre temas que de verdade lle interesan. Tamén opina que nos xornais hai boa literatura. Séntese respectada polos editores, pero coida que os seus libros son pouco lidos. Por outro lado, desconfía do mundo da cultura.

Beramendi, María, 'Para hacer poesía hai que loitar contra as palabras gastadas', *La Voz de Galicia*, 'Femenino e singular', 19 xaneiro 2003, p. L7.

Conversa con María do Cebreiro Rábade sobre poesía. A escritora alude á influencia dos seus pais na súa tarefa como poeta, salientando que esta debe consistir en "significar as palabras, rescatalas". Así mesmo, revela os seus gustos poéticos, entre os que están autores como Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín ou Chus Pato. Por outro lado, confesa que non lle atrae a "poesía de circunstancias, por encargo".

Blanco Outón, Cristina, 'No creo que la mujer actual se haya liberado verdaderamente de nada', *El Correo Gallego*, 'Mujeres del nuevo milenio', 20 febreiro 2003, p. 8.

Rita Cabezas, responsábel da compañía Rara Avis, mostra o seu descontento con respecto ao mundo do teatro. Denuncia que non hai liberdade e salienta que a súa empresa non ten o apoio económico das institucións, achegando os motivos. Tamén fai referencia á situación da muller no novo milenio. Por outro lado, rexeita o teatro vangardista e comenta que o seu próximo proxecto, *Baby boom*, é unha "comedia irónica, moi fresca".

Blanco Outón, Cristina, 'Os roles e papeis protagónicos, de poder, seguen a ser para os homes', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 26 marzo 2003, p. 15.

Conversa coa actriz Rosa Álvarez Cabo sobre a súa vocación e o teatro. A artista reflexiona sobre a situación actual do noso teatro e lamenta que esta non sexa a mellor, sobre todo polas eleccións que fai o público. Subliña, ademais, que a dramaturxia galega debería recuperar a súa "función social" no sentido de "volver falar do amor, da tristeza, de rebeldía". Tamén fai referencia ao teatro como medio de denuncia, aludindo ao papel deste no caso da catástrofe do "Prestige". Por outro lado, refírese á igualdade do home e da muller. Noutra columna co título de "O perfil" salienta brevemente a súa traxectoria profesional.

Blanco Outón, Cristina, 'As mulleres aínda non se nos ve como verdadeiras profesionais', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 1 xullo 2003, p. 8.

Fabiola Sotelo Blanco fala do seu traballo á fronte da editorial Sotelo Blanco e do negocio do libro, pondo de manifesto as dificultades deste. Sinala que a súa empresa é das máis pequenas e sobreviven como poden. Ve un problema na falta de normalización lingüística e gustaríalle aumentar o número de lectores, que neste momento, subliña, se reduce á xente concienciada co idioma ou ás lecturas obrigatorias das escolas. Apunta ademais que agora están a traballar nunha colección crítica de autores clásicos. Por outro lado, séntese discriminada como muller no mundo editorial.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Alfredo Conde', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 25, 'Letras en galego', 6 setembro 2003, p. 7.

Entrevista breve, realizada ao escritor alaricano Alfredo Conde, na que o autor salienta que para ser escritor hai que ser un bo lector, e que unha das lecturas que o marcaron, entre outras moitas, foi *A vida das abellas*, de Maeterlinck. Tamén fai referencia ao seu último traballo: o guión do filme *Romasanta*.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Yolanda Castaño', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27,

'Letras en galego', 20 setembro 2003, p. 7.

Yolanda Castaño responde que está lendo *Intempériome*, de Xela Arias e que Méndez Ferrín foi un dos escritores que máis a marcaron profesionalmente. Opina que pode haber certa "independencia de España" na nosa poesía e que a literatura galega se atopa na procura da "normalidade". Refírese tamén ao que a impulsou a escribir e confesa que lle gusta a liberdade á hora de compoñer.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Bernardino Graña', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 32, 'Letras en galego', 25 outubro 2003, p. 7.

Bernardino Graña reflexiona sobre a "arte de escribir", destacando que non ve separación entre a poesía e a narrativa. Confesa, entre outros aspectos, que lle gustaría rematar a súa última novela e recoñece a pegada da Biblia na súa vida.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Santiago Jaureguizar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 33, 'Letras en galego', 1 novembro 2003, p. 5.

Santiago Jaureguizar contesta a unha serie de preguntas con retranca, sobre todo cando lle pregunta polos premios. Ve compatíbel a súa tarefa literaria coa de xornalista e lamenta que se lea pouco en Galicia.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Ana Romaní', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'Letras en galego', 22 novembro 2003, p. 6.

Ana Romaní opina sobre a necesidade das feiras do libro, a literatura como forma non recomendábel de gañarse a vida e o proceso de escribir. Apunta que "a inspiración nace na necesidade do propio poema" e decántase polo verso libre.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Darío Xohán Cabana', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'Letras en galego', 6 decembro 2003, p. 7.

Darío Xohán Cabana elixe como mellor libro *A estirpe*, de Méndez Ferrín, e recoñece que o impresionou a poesía de Eduardo Pondal. Así mesmo, apunta que os premios literarios son necesarios e salienta que escribe o que lle peta sen pensar no "éxito".

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Xosé Antonio Perozo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 39, 'Letras en galego', 13 decembro 2003, p. 7.

O estremeño Xosé Antonio Perozo considérase un escritor bilingüe que elixe o galego ou o castelán en función das súas necesidades, indicando que na actualidade traballa nunha novela en galego. Por outro lado, atreveuse a definir o que é para el un libro e achega os criterios que cre que ten en conta un editor para publicar unha determinada obra.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Manuel Seixas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 40, 'Letras en galego', 20 decembro 2003, p. 7.

Conversa con Manuel Seixas que xira maioritariamente sobre aspectos filosóficos e na que o autor subliña que a literatura lle proporciona "momentos máxicos".

Bom, José Xavier, 'As vivencias da infancia na aldea están nos meus relatos', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 3 xaneiro 2003, p. L2.

Raquel Miragaia fai alusión á súa obra *Diario comboio*, subliñando que se trata dunha serie de relatos que tan só ten en común o espacio. Apunta tamén por qué razón escolleu A Escravitude para situar a acción dos seus contos e salienta a pegada nestes das súas vivencias infantís na aldea. Por outro lado, refírese á problemática da lingua galega.

Bom, José Xavier, 'A grafía dificulta coñecer mellor a literatura galega', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 3 abril 2003, p. L2.

Helder Macedo fala da presenza da literatura galega no King's College de Londres, onde exerce de catedrático. Sinala a existencia dalgúns traballos sobre o tema na revista *Portuguese Studies* e refírese a un encontro sobre literatura galega no que coñeceu a Suso de Toro. Así mesmo, indica que ten traballado sobre a lírica galego-portuguesa. Por outro lado, lamenta o pouco achegamento á literatura galega moderna polas dificultades lingüísticas.

Bom, José Xavier, 'Vexo excelentes cronistas entre os autores galegos', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 26 xullo 2003, p. L2.

José Viale Moutinho, escritor portugués e crítico da literatura galega, opina nesta entrevista sobre o seu traballo de crítico e sobre as nosas letras. Destaca o "tratamento exemplar que aínda se lle dá á ruralidade e ao tema mariñeiro" aquí, e salienta a aparición de novos cronistas galegos. Alude tamén a algún dos proxectos nos que está traballando, como unha antoloxía de poesía galega, e lembra outros traballos de seu do pasado como outra antoloxía de poesía, esta de poemas combativos, publicada en 1978.

Bom, José Xavier, 'Fun un requeteexiliado, de España e de Guatemala', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 26 setembro 2003, p. L2.

Alejandro Campos fai referencia nesta conversa á revista que en 1967 publicou en México, *Compostela, Revista de Galicia*. Apunta parte da oferta que esta presentaba, como varias traducións de *Cantares Galegos*, de Rosalía de Castro, unha delas de Pessoa. Así mesmo, explica por qué só se tirou un número desta publicación. Por outro lado, refírese ao seu exilio.

Bouza Brey, Gonzalo / **Rodríguez**, Carlos, 'Ánxela, actriz vilagarcía, expoñente do teatro galego', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2 agosto 2003, p. 48.

Ánxela García Abalo responde a cuestións relacionadas coa súa traxectoria como actriz. Lembra cómo foron os seus inicios e as compañías polas que pasou. Tamén se refire aos proxectos actuais na Compañía Áncora Producións con Gustavo Pernas. Sinala que están para montar *Hai que romper*, obra teatral que xira arredor dun texto de Antón Avilés de

Taramancos. Por outro lado, cita algúns dos premios recibidos pola súa compañía por obras como *O galego, a mulata e o negro* ou *Footing*.

Bouza Brey, Gonzalo / **Rodríguez**, Carlos, 'Xabier Camba: 'Por dignidade: Nunca Máis'', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 41.

Xavier Camba, artista e coordinador da concellería de cultura de Vilagarcía, refírese nesta entrevista á súa traxectoria no mundo da música e aos seus proxectos máis inmediatos. Recorda o seu traballo na obra de teatro *Os papalagui* con Roberto Vidal Bolaño e sinala que está a traballar en *Teatro do Aquí: camiño longo*, explicando que a iniciativa parte dun texto de Luis Rei sobre Cabanillas. Sinala, asemade, que axiña realizarán a presentación de dous libros, *Por conto alleo* de Camilo Franco e *Anxos da garda* de Anxos Sumai, subliñando que coinciden na "relación entre a literatura e internet". Tamén alude á próxima homenaxe a Alexandre Bóveda a través dun espectáculo audiovisual. Remata afirmando a súa actitude de denuncia a través da súa arte.

C.B.M., 'Soñar e vivir', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Área de Compostela', 28 xaneiro 2003, p. 30/35.

Susana Dans é entrevistada tras facerse co premio Maruxa Villanueva de teatro, un galardón que ela xulga sorpresivo. Para a premiada, o feito de que a traxectoria deste premio sexa aínda breve non quita en nada a súa valía. Aplauda ó concello de Padrón por manter un interese no teatro, para finalmente dar a súa visión do futuro do teatro e do seu propio futuro.

Candal Bouzas, Rasabel, 'A xente da cultura demostrou que non vivimos en atalaias', *O Correo Galego*, 'Lecer', 9 febreiro 2003, pp. 2-3.

Rasabel Candal entrevista a Rosa Aneiros trala publicación da súa novela *Resistencia* (2002). A novelista fala dos motivos que a levaron a contextualizar a súa obra en Portugal e do significado da mesma, para finalmente referirse á súa actuación social como membro de *Burla Negra*.

Carneiro, Montse, 'Facer libros en Galicia non é negocio, é un compromiso', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 8 decembro 2003, p. 72.

Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación Galega de Editores e da editorial Sotelo Blanco, fala da súa experiencia profesional á fronte das dúas e da realidade do mundo editorial.

Carneiro, Montse, 'Alejandro Finisterre: 'Soy rebelde, y tengo motivos'', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 29 decembro 2003, p. 56.

Montse Carneiro entrevista a Alejandro Finisterre, coñecido fundamentalmente por ser o inventor do fútbolín, aínda que tamén foi poeta. Finisterre fálalle da súa chegada ao Madrid de preguerra, de cómo tentou abrirse paso como escritor e da súa experiencia na guerra, na que perdeu unha perna e quen o levou ao exilio.

Carrera, Rosé, 'A Penzol é a miña vida e penso morrer aquí', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Personajes', 6 abril 2003, p. 70.

Nesta entrevista recóllense as palabras do presidente da Fundación Penzol, Francisco Fernández del Riego, que leva corenta anos ao fronte da institución. Conta cómo se iniciou o traballo na Fundación, coa catalogación de trece mil volumes, ademais de importantes revistas do século XIX, e todo isto foi aumentando ata chegar a ter unha biblioteca e os arquivos privados máis importantes para a investigación. Segundo comenta Del Riego, a súa fundación deu vida á cultura galega e sobre todo a Vigo e incide en que a súa vida xira ao redor dos libros. Láíase de que na actualidade non haxa unha maior reflexión aínda que entende que a sociedade impón as súas présas. Ao final da conversa revela que está a traballar no seu derradeiro libro, as memorias, que el considera como a "materia final".

Carrera, Rosé, 'O día do libro é para perderse nunha librería', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Personaxe', 20 abril 2003, p. 56.

Con motivo do Día do Libro, Rosé Carrera entrevista a Arximiro Blanco, responsábel da librería Cervantes, en Vigo, fundada nos anos 30. Ao longo da entrevista Arximiro Blanco fala da crise do sector e do camiño que poderían seguir as librarías para subsistir fronte ás grandes superficies.

Casanova, Jorge, 'La mejor formación es siempre la que se hace a pie de obra', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 25 xullo 2003, p. 43.

Jorge Casanova entrevista a Carlos G. Reigosa, escritor e xornalista, tras conseguir o premio Fernández Latorre 2003 cun artigo sobre o petroleiro *Prestige*. No tocante á literatura, Reigosa fala da relación entre escritor e xornalista e a posibilidade de converter o afundimento do *Prestige* en novela

Castiñeira, Francisco X., 'Despois de vinte anos o lectorado galego segue sen normalizarse', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 255, 'Conversas bimorfas', 27 abril 2003, pp. 10-11.

Xulian Maure rememora nesta conversa os seus anos como subdirector xeral do libro, cargo que foi a primeira persoa en ocupar, para establecer unha comparación entre os problemas cos que se enfrontou daquela e os que existen hoxe. As súas palabras deixan ver que a situación é moi semellante á de hai vinte anos.

Churruca, Silvia, 'No he entendido a los gallegos, son sumamente complejos', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 22.

Despois da morte de Domingo García Sabell, *Faro de Vigo* publica de forma resumida unha entrevista de *Diario Médico* de 1999. Nela, García Sabell fala da súa traxectoria vital e da súa visión de Galicia.

Conde, Perfecto, 'Víctor Mosqueira: 'A TVG é medieval', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 11 decembro 2003, p. 40.

Víctor Mosqueira fala da súa experiencia como actor, tanto teatral como audiovisual, partindo do seu traballo actual na serie televisiva *Un paso adelante* e lembrando os seus comezos.

Corbelle, Mayte, 'Esta edición está dedicada al escritor local Manuel María', *El Progreso*, 'Fotomatón', 15 outubro 2003, p. 16.

Alfonso Blanco, organizador do III Congreso Cultural da Terra Chá, fala do contido do congreso dese ano, adicado a Manuel María, e dá conta das actividades que se realizarán.

Crespo, Carmen, 'Álvaro das Casas pagábanos a merenda', *La Región*, 'Voz Populi', 15 marzo 2003, p. 23.

Benito Sotelo rememora nesta entrevista os seus recordos infantís sobre Álvaro das Casas (Ourense, 1921-Barcelona, 1950), autor que acababa de ser homenaxeado.

Cruz, José, 'En O Barco hai condicións para facer teatro', *La Región*, 'Provincia', 14 decembro 2003, p. 22.

José Cruz entrevista a Pilar Alonso Rodríguez, actriz e directora do grupo de teatro do concello do Barco. Alonso fala das orixes desta actividade e da súa actualidade.

Darriba, Manuel, 'Mirando desde atrás, desde a nada, a Transición foi un progreso para Galicia', *El Progreso*, 'Entrevista', 9 novembro 2003, pp. 30-31.

Francisco Fernández del Riego fai un repaso pola súa traxectoria cultural, como membro fundador da editorial Galaxia e director da Real Academia Galega, así como polo contexto que lle tocou vivir.

Domínguez, C., 'Facer unha novela é como un parto', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 23 xuño 2003, p. 64.

Xavier Manteiga, guionista e escritor, fala nesta entrevista da relación entre as súas dúas profesións e sobre a realidade máis inmediata da literatura. Afirmar que ser escritor non axuda a subsistir e que agora é máis difícil publicar unha novela. Refírese tamén á súa última novela, *Soño de Caín*, aínda inédita.

Domínguez, C., 'Sempre quero voltar ó teatro', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 28 decembro 2003, pp. 12-13.

María Bouzas, actriz, fala da súa experiencia no teatro e na televisión. Ao longo da entrevista conta as súas orixes como membro da *Compañía de María*, que ela mesma fundou a súa experiencia como estudante de Arte Dramática en Madrid e a súa chegada á televisión.

Eiré, Afonso, 'Dario Xohán Cabana. 'Creo na poesía sentimental', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Cultura', 27 marzo 2003, pp. 36-37.

Dario Xohán Cabana salta de novo a actualidade por varios motivos: a edición dunha novela, a dedicación das Letras Chairegas e a publicación da súa obra poética completa. Sinala nesta conversa que coa publicación da súa obra poética completa ve cumprido o desexo de reunir os libros e poemas dipersos, ademais de quitar do canon algúns poemas e incluír outros. O escritor manifesta a súas principais influencias: Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Antonio Machado para a poesía, e Otero Pedrayo, Cunqueiro, Ferrín e Stevenson para a narrativa. Co gallo da dedicación das Letras Chairegas, fala das constantes temáticas que comparten algúns escritores da Terra Chá e sinala que, na súa opinión, a literatura galega atravesa un dos seus mellores momentos.

El Cultural, 'Esta película te traga y te arrastra', *El Mundo*, 'El Cultural', 'Cine', 16 xaneiro 2003, pp. 38-39.

Reprodúcese unha conversa entre o escritor Suso de Toro e o director de cine Xavier Villaverde, ambos galegos, co gallo da presentación do filme *Trece campanadas*, creado en conxunto polos dous. Suso de Toro, autor do guión, declara que para el foi moi enriquecedor saír da "soidade" da escrita. Manifesta tamén que non considera a película, resultado da súa colaboración, como unha obra súa, aínda que confesa posuír unha excelente opinión desa "obra allea". Insiste en que cinema e literatura son artes distintas, en que se ve a si mesmo como un mero "inspirador" e en que a súa verdadeira creación propia é a novela *Trece badaladas*, que escribiu posteriormente. Pola súa banda, Xavier Villaverde explica qué lle atraeu do guión de Suso de Toro, ratifica as palabras deste no sentido de que se trata de producións diverxentes a pesar das obvias semellanzas, e detense en facer diversas consideracións acerca da película (personaxes protagonistas, banda sonora, actores, etc.).

Esclusa, Fernando, 'La primera traducción de James Joyce la realizó Otero Pedrayo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 25 abril 2003, p. 18.

David Clark, profesor titular de Filoloxía Inglesa na Universidade da Coruña tras unha importante formación, comenta nesta entrevista que o seu motivo de vir a Galicia foi o interese por comparar a literatura galega coa irlandesa e a escocesa coas que atopa múltiples similitudes. Cando se lle pregunta polo autor que considera máis influínte para os seus estudos, contesta sen dúbida James Joyce, quen tivo como primeira lingua á que se traduciron fragmentos da súa obra, a galega, uns traballos realizados por Otero Pedrayo.

Esclusa, Fernando, 'Es necesario reinterpretar a Risco en el 40 aniversario de su muerte', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 30 abril 2003, p. 20.

Olivia Rodríguez, profesora de Literatura comparada, deixa patente nesta conversa a importancia das letras na sociedade. Como estudosa da obra de Risco, declara a necesidade

de reinterpretar a obra deste escritor.

Escrigas, Carmina, 'A miña nova novela vai chocar porque é politicamente incorrecta', *El Correo Gallego*, 'Galegos do novo milenio', 4 agosto 2003, p. 8.

Entrevista ao escritor Xavier Alcalá, que é completada cun breve perfil biobibliográfico do mesmo. Define a súa próxima triloxía, *Evanxélica memoria*, como unha autobiografía ficticia que conta a existencia duns cristiáns disidentes, os evanxélicos, e as circunstancias que tiveron que vivir dende a expansión da súa crenza, coa II República española, ata a morte de Franco. Nela narra cómo descubriron a liberdade para ler e interpretar as escrituras, cómo se crearon estas comunidades e os tipos de represión polos que tiveron que pasar, como torturas, fusilamentos ou persecucións sibilinas. Di que foron uns señores que o chamaron para contarlle a historia e que el actúa de "escribán", facendo unha docunovela longa que acabará tendo máis de mil páxinas e que dividirá en tres tomos. Remata falando do seu traballo como docente na universidade, no que di estar aplicando unha nova técnica que aprendeu no Brasil, chamada "conteudista", creador de contidos.

F.V., 'A miña gran referencia como narrador é a de Ánxel Fole', *El Progreso*, 'Fotomatón', 27 agosto 2003, p. 10.

Paulo Naseiro, gañador do premio Concello de Vilalba de narracións inéditas en galego coa novela curta *Magyar Posta*, declara que os seus referentes como narrador son Fole, Blanco Amor, Torrente Ballester, Vargas Llosa e Jack London. Comenta que *Magyar Posta* é unha historia de amor e desencontro ambientada en dous espazos e dous momentos temporais distintos, a revolta húngara de 1956 e a ditadura franquista no ano 1970.

Fernández, Rebeca, 'Hai que crer máis no noso teatro', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 30 decembro 2003, p. 56.

O actor Ricardo Barreiro fala da súa faceta no programa "A Gran Verbena" da TVG e incide no mal momento que atravesa o teatro, non só polo escaso presuposto, senón tamén polo pouco tempo que se mantén en cartel unha obra e pola concentración da xente do teatro no ámbito audiovisual.

Franco, Camilo, 'Quixen facer ver que a historia non é como a contan', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 19 marzo 2003, p. L2.

Con motivo da publicación da súa novela, *Amigo medo* (2002), comenta nesta conversa que nela relata a viaxe dun xeneral republicano en busca do exilio portugués. O escritor manifesta a súa inclinación pola novela curta e, en canto a temática, prefíre as novelas de aventuras.

Franco, Camilo, 'A televisión funciona pola lóxica de Aristóteles: tres frases e a terceira ten que ser un chiste', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D entrevista', 5 setembro 2003, pp. 8-9.

Quico Cadaval fala nesta entrevista da súa experiencia como profesor de interpretación da edición lusa de *Operación Triunfo*, ademais de dar a súa opinión do propio espazo

televisivo e das súas consecuencias. Sen dúbida, el defínese a si mesmo como contador de historias e a esta faceta adica boa parte da entrevista. Con respecto ao teatro, o actor achaca a ausencia de espectadores á culturización deste xénero, que acabou por afastar ao gran público.

Franco, Camilo, 'Na escena galega nunca se viu tanto talento por cadrado', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D entrevista', 19 setembro 2003, pp. 8-9.

Conversa na que Carlos Blanco se remonta aos seus inicios como actor e ao seu labor na radio. Fala tamén da plataforma Nunca Máis e da serie *Mareas vivas*, para despois adentrarse no mundo do teatro galego actual. Para o actor, tanto o teatro coma a música e a literatura gozan de moi boa saúde. Carlos Blanco entende que o humor é un xeito de rebeldía e alaba a retranscrición dos galegos, trazo que axuda a esquivar as situacións difíciles da vida. Agora triunfa cun espectáculo de música e humor co que está percorrendo as principais cidades e vilas galegas.

Franco, F., 'Me he sentido maltratado y despreciado', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 334, 'Entrevista', 18 outubro 2003, p. 4.

Maximino Keyzán, ex-director da Escola Municipal de Teatro de Vigo e director de teatro, fala nesta conversa das causas do peche da Escola de Teatro de Vigo. Para el, é primordial a sensibilización cultural en Vigo.

Franco, Fernando, 'Quico Cadaval. 'A mi lo que mejor me sale es narrar'', *Faro de Vigo*, 'Entrevista', 2 febreiro 2003, p. 5.

O polifacético Quico Cadaval alude nesta entrevista ao seu traballo como actor, director e guionista de teatro e destaca a súa faceta actual como contador de historias ou monologuista. Ademais, manifesta a súa opinión sobre o teatro galego e a televisión de Galicia.

Franco, Fernando, 'Carlos era un home bo, tolerante e transparente', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 302, 'Club Faro', 1 marzo 2003, p. 4.

Entrevista a Kristina Berg, muller de Carlos Casares, quen lembra o momento no que o coñeceu e o inmediato entendemento e afecto que xurdiu entre eles. Tamén fala dalgúns dos episodios máis importantes da súa vida en común e refírese á ideoloxía do escritor, ao que define como un galeguista na liña de Ramón Piñeiro.

Franco, Fernando, 'Carlos era un home bo, tolerante e transparente', *La Opinión*, 'Saberes', nº 8, 'Entrevista', 3 maio 2003, p. 5.

Entrevista a Kristina Berg, muller de Carlos Casares, quen lembra o momento no que o coñeceu e o inmediato entendemento e afecto que xurdiu entre eles. Tamén fala dalgúns dos episodios máis importantes da súa vida en común e refírese á ideoloxía do escritor, ao que define como un galeguista na liña de Ramón Piñeiro.

Grandal, Laura, 'A palabra: un refuxio para o actor', *La Región*, 'Artes escénicas', 28 febreiro 2003, p. 99.

Conversa con Cándido Pazo na que este polifacético artista destaca a actividade privilexiada do contacontos e o xurdimento de públicos minoritarios pero regulares en Santiago ou Ourense. Tamén destaca que a clave para o éxito está en saber comunicar coa palabra.

Grandal, Laura, 'Entregueime tanto á educación que non me din conta de que envellecía ata que me xubilaron', *La Opinión*, 'Ourense', 11 decembro 2003, p. 7.

Conversa co académico Julio Francisco Ogando na que se repasa a súa traxectoria profesional, no día que cumpre 90 anos. O intelectual afirma que conserva o espírito xuvenil e o sentimento nacionalista dos anos mozos valora moi positivamente a nova normativa do galego e o traballo da Academia e fala dos proxectos aos que se adica no presente.

I.M., 'El teatro de Tomás Barros es extraordinariamente profundo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 18 novembro 2003, p. 19.

Entrevista na que o profesor Alfredo Rodríguez xustifica a decisión de adicar un congreso á figura de Tomás Barros, literato do que destaca a orixinalidade no tratamento dos problemas existenciais e a profundidade das súas obras teatrais.

Iglesias Viqueira, 'El libro, frente a otras formas de ocio, no es caro', *Faro de Vigo*, 'Tiene la palabra', 24 abril 2003, p. 8.

Co motivo do Día do Libro, recóllese unha entrevista feita ao libreiro José Lago Docampo que defende todo acontecemento que promova a lectura. En canto ás obras máis solicitadas indica que o máis buscado son as novidades editoriais e a miúdo a xente merca libros que lle solicita o profesorado. No tocante á literatura infantil comenta que os libros están catalogados segundo as idades e os autores e aínda que nun primeiro momento os libros poidan resultar caros, adoitan elaborar edicións de menor custo, accesíbeis a todo o público.

Jaboís, Manuel, 'Manuel Lourenzo: 'Este é un recoñecemento inmerecido'', *Diario de Pontevedra*, 'Festas da Peregrina', 9 agosto 2003, pp. 30-31.

Entrevista realizada ao escritor Manuel Lourenzo como pregoeiro das festas pontevedresas da Peregrina. Ademais de aludir ao recoñecemento non só institucional senón tamén cidadán e á gran responsabilidade que supón a escritura e documentación dun texto dese tipo, fala do seu labor como escritor e do seu papel como impulsor da cultura galega en *Maio Longo*. Remata a entrevista facendo referencia ás súas vivencias persoais, pasadas e presentes, durante este ambiente festivo, ao mesmo tempo que considera positivos algúns dos cambios promovidos polo Goberno Local nas festas da Peregrina.

Lázare, Benigno, 'Al irme descubrí, como Rof Carballo, que Lugo es la ciudad perfecta',

La Voz de Galicia, 'San Froilán 2003', 3 outubro 2003, p. 19.

Conversa con Carlos González Reigosa, periodista, escritor e agora tamén pregoeiro das festas do San Froilán 2003. Reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes de nacer e pasar a infancia nunha pequena aldea, salientando, sobre todo, a sinxeleza dese mundo e o proceso de formación en contacto directo coa natureza; aínda que recoñece o risco de quedarse ancorado nel. A seguir, fala do seu soño de ser enxeñeiro da NASA e de cómo ese soño se acaba cando irrompe a vocación de contar e de escribir, impóndose a súa condición de fabulador na recuperación desas historias fantásticas, pero tamén cotiás, que oía cando neno e que forman parte dunha cultura rural a piques de desaparecer. Para rematar, sinala o espírito de festa tradicional do San Froilán, que unía cidade e provincia e que, en certo modo, aínda hoxe se conserva.

López, Belén, 'Miguel de Lira: 'A cultura non debería ter cortapisas'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 xuño 2003, p. 84.

Entrevista con Miguel de Lira co gallo da montaxe teatral que tivo lugar o día 28 na carpa do País de Nunca Máis que o voluntariado de Burla Negra instalou na Xunqueira en Pontevedra. O propio De Lira comeza facendo un breve resumo do espectáculo, no que salienta a música, a maxia e o humor, para centrarse de seguido nas verdadeiras preocupacións dos "burladores negros": o Prestige e a política cultural oficial. Refírese, aberta e criticamente, por un lado, ao apoio e ás subvencións das institucións gobernamentais a un tipo de contidos e espectáculos; por outro, ás consecuencias que implica a participación política ou social en determinados asuntos ou ao descaro á hora de censurar e vetar. Reclama unha "cultura libre" para Galicia que abra novas vías para que todos os artistas podan acceder ao público.

López, Priscila, 'Luís Seoane fue la figura más importante del exilio', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 24 xuño 2003, p. 18.

Entrevista con Xosé María Dobarro Paz, catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa, na que ofrece unha visión crítica do galego e da literatura galega para unha formulación de novos retos. Comeza referíndose ás súas investigacións máis actuais: a literatura galega dende 1916 a 1936 e a relación da literatura coa censura e o exilio nos anos da ditadura. Será este último punto no que se centre a conversa. Salienta, por un lado, as razóns políticas, pero sobre todo relixiosas, á hora de censurar un texto; por outro, cómo non só a censura senón a autocensura de escritores e editores afectou ao legado histórico e cultural galego. En canto aos escritores exiliados resalta como fundamental a súa produción artística, destacando a figura de Luís Seoane. Remata cunha chamada á reflexión sobre o estado actual da cultura galega.

Losada, Rafael, 'En Galicia sólo se publican cómics sobre el mundo rural', *La Opinión*, 'Saberes', nº 23, 'Tebeos', 20 setembro 2003, p. 16.

Conversa co debuxante Ignacio Pérez na que se reflexiona de forma xeral sobre a situación do cómic en Galicia, facendo unha crítica ao rexionalismo que motiva a súa publicación, así como á temática rural das historias, que choca frontalmente, tal e como quere deixar claro,

coas súas preferencias pola estética experimental e creativa do cómic europeo. Por último, alude aos seus proxectos máis inmediatos como colaborador en audiovisuais de *Story Boards*, xunto co seu interese polo deseño artístico no mundo do cinema.

M.B., 'Non escribir do 'Prestige' resultou algo imposible', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 5 outubro 2003, p. L2.

María Lado, poeta e actriz, comenta nesta entrevista distintos aspectos tanto do seu labor literario e interpretativo coma do seu traballo en Nunca Máis. Salienta a inevitábel fonte de inspiración que supuxo o desastre do Prestige, publicando poemas para un disco-libro de Burla Negra e Nunca Máis e tamén para un libro que editou o colectivo de libeiros Negra Sombra.

M.J., 'A plácida reivindicación da vida 'mediocre', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 marzo 2003, p. 72.

Entrevista ao escritor Miguel Suárez Abel con motivo da presentación da súa última novela, *O repenique de Beatriz Goldar*, un libro que cualifica de sinxelo que trata "de subliñar a importancia que ten moitas veces a vida da xente que se mal-cataloga de "mediocre".

Mallo, Albino, 'Carlos G. Reigosa: 'Estou a traballar sobre a historia de Pepa Loba', *O Correo Galego*, 'Diálogos', 13 marzo 2003, p. 48.

Carlos García Reigosa dialoga con Albino Mallo sobre o que supuxo para el a novela que acaba de sacar, *Intramundi*, editada en galego por Edicións Xerais, da cal se amosa moi satisfeito, así como sobre o seu próximo libro, unha historia de Pepa Loba, a bandoleira galega do século XIX. Remata salientando a liña común que existe entre as súas facetas de escritor e xornalista.

Mallo, Albino, 'Después de 'Romasanta' puede hacerse una película de 'Azul cobalto', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 26 agosto 2003, p. 8.

Nesta entrevista Alfredo Conde declárase satisfeito por ser recoñecido en diversas universidades e proposto para o Nobel, aínda que di non pensar no premio. Analiza a súa carreira literaria e as reaccións que suscitou e por último fala da súa incursión no mundo do cinema co guión de *Romasanta*, e da posibilidade de guionizar novelas anteriores. Comenta tamén que ten un encargo para facer outro guión sobre a figura dun "pícaro" galego.

Mallo, Albino, 'Ana Pillado: 'Ando entre a pintura e a poesía', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 21 setembro 2003, p. 72.

Entrevista a Ana Pillado, unha muller de tradición familiar literaria e xornalística, que fala do seu traballo como pintora, vocación que lle vén dende nena. Salienta, sobre todo, a conxunción e alternancia de pintura e poesía como "dúas artes para expresar un mesmo pensamento." Incluso, como ela mesma di, nos seus cadros pódese apreciar "unha concepción poética."

Mallo, Albino, 'Susana Fortes: 'Fago pausa entre dous libros', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 8 decembro 2003, p. 56.

Susana Fortes, pontevedresa e profesora en Valencia, comeza falando da promoción que lle supuxo ser finalista do premio Planeta coa súa novela *El amante albanés*. Continúa a conversa sinalando que pese a ser galega e falar o galego, non se atreve a escribir no noso idioma, aínda que le moito en galego e mantén amizade con escritores da terra como Manuel Rivas e Suso de Toro. Aclara tamén que de momento non está a escribir nada novo: "sempre que remato un libro hei de deixar certo tempo para esquecerme del e dos seus personaxes." Remata facendo una breve referencia ao argumento da novela que lle deu o recoñecemento tanto da crítica coma do público.

Mallo, Albino, 'Mis memorias están ya escritas en dos tomos que espero publicar pronto', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 24 decembro 2003, p. 8.

Ademais de ofrecernos un breve perfil de Alejandro Finisterre, ao longo desta conversa este escritor e editor responde preguntas tanto de contido biográfico coma literario. Son lembranzas dos seu comezos de aprendiz nunha imprenta; da súa fuxida a Francia despois da guerra, onde comeza a traballar na revista *L'Espagne Republicaine*; das súas inquedanzas culturais e da súa vocación literaria, creando en Quito a primeira revista de poesía titulada *Ecuador, 0 grados, 0 minutos, 0 segundos*. Pero foi México o país no que viviu máis tempo e onde creou a Editorial Finisterre. Lembra tamén a creación da Fundación León Felipe, que agora preside. Remata referíndose á próxima publicación das súas memorias.

Mauleón, Amaia, 'Es esencial acercar el libro a un público mayoritario', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 29 xuño 2003, p. 51.

Con motivo do acto de inauguración da Feira do Libro de Vigo, Ana Mauleón entrevista ao pregoeiro e Presidente da Asociación de Tradutores Galegos, Xulián Maure, que fala do papel esencial e do éxito deste tipo de acontecementos debido á necesidade de achegar os libros a un público maioritario. Aproveita para criticar a escasa política editorial, fundamentalmente no ámbito da tradución en lingua galega de obras da literatura universal. Remata a conversa facendo alusión á existencia dunha biblioteca virtual na que si aparecen traducidos oitenta títulos ao galego.

Memba, Javier, 'No me gustaría resultar presuntuoso, pero soy un bilingüe perfecto', *El Mundo*, 'UVE', 18 agosto 2003, p. 11.

Con motivo da próxima publicación en UVE do serial *La estrategia de la víctima*, Carlos G. Reigosa defende a escrita da novela negra, centrándose naquela producida en Galicia, onde, segundo este escritor, xa se pode falar dunha escola galega da novela de intriga, como gusta chamarlle. Aclara que se trata dun xénero que está a invadir outros territorios da novelística en xeral, en contra daqueles que opinan que está esgotado. Refírese tamén á preferencia do galego para escribir as súas ficcións, nunca o seus traballos periodísticos, poñendoas logo en castelán. Conclúe subliñando o traballo dos periodistas na recuperación para a narrativa universal do lectorado que os "catedráticos" lle quitaron.

Muñoz Guerrero, Francisco, 'El 'Intramundi' de Reigosa', *El Progreso*, 'Fin de semana', 22 marzo 2003, p. 9.

Francisco Muñoz centra a entrevista a Carlos G. Reigosa na xestación, trama e protagonistas da súa novela *Intramundi* (2002), que acaba de ser presentada en Madrid como "una gran creación de resonancias épicas- al estilo de las grandes obras del siglo XIX", xa que reflicte unha realidade que viviron moitas aldeas galegas durante a Guerra Civil e a ditadura, pero que, a pesar de todo, lograron abrirse ao mundo e conquistar o seu progreso.

Muñoz Guerrero, Francisco, 'Carlos García Reigosa regresa a su mundo original en 'Intramundi'', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 'Entrevista', 23 marzo 2003, p. 7.

Esta entrevista aparece íntegra en *El Progreso* do día 22 de marzo do 2003, p. 9.

Olarte, Miguel, 'Galicia está colonizada económicamente y así no hay forma de que vaya adelante', *El Progreso*, 'Entrevista', 18 maio 2003, pp. 26-27.

Longa conversa con Isaac Díaz Pardo, responsábel de Sargadelos, Cerámica do Castro e do Instituto Galego da Información, ademais de ser unha das últimas voces lúcidas do galeguismo histórico, que se define a si mesmo como un "templagaitas" bastante escéptico cos novos tempos. Ao longo da entrevista, recorda o momento amargo da emigración e fala da creación, consolidación e futuro do seu consorcio empresarial, que centra boa parte da conversa: o éxito de Sargadelos ou o intento infrutuoso de fundar no Instituto Galego da Información a revista *Galicia*, un diario portavoz do galeguismo. Reflexiona, para rematar, sobre o momento actual de Galicia, principalmente dende unha perspectiva política, e considera sobre a problemática do nacionalismo que "España no tiene otro remedio que federarse, porque está formada por unos pueblos que tienen una identidad diferente."

Pardo, María, 'O meu futuro non está en Madrid, teño unha vida moi feita en Galicia', *La Opinión*, 'Entrevista', 29 marzo 2003, p. 64.

Conversa co actor Víctor Mosqueira na que comenta, nun principio, os seus papeis de Taracido en *Mareas Vivas* e de Cristóbal en *Un Paso Adelante*, para lembrar máis adiante os seus comezos como actor en grupos de teatro afeccionados da Coruña. Reafirmase na súa alma cómica como integrante do dúo Mofa e Befá, onde di "poido desenvolver as miñas inquiredanzas." Aproveita para rematar cunha dura crítica ás actuacións do goberno da Xunta, en concreto no desastre do Prestige e na actitude cara a celebración dos premios Max de teatro en Galicia. Da clase política salienta que "é difícil facer parodia dos políticos, porque eles son a parodia en si mesma, un circo."

Pascual, Marisa, 'A creación non colle vacacións', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 novembro 2003, p. 52.

O poeta Carlos A. López responde preguntas sobre os comezos e as motivacións que o levaron a escribir poesía. Fálanos sobre a súa concepción poética e do estilo persoal da súa

obra, que se identifica cos contemporáneos, "vivindo as angustias e venturas deste novo século." Remata referíndose a outros autores galegos que lle serviron de fonte de inspiración: Cunqueiro, Fernández Flórez e Rosalía.

Pastoriza, Javier, 'Cunqueiro está infravalorado en España, pero se le hará justicia', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 30 xullo 2003, p. 6.

Martine Roux, profesora de lingua e literatura española na Universidade de Angers e grande coñecedora da tradición oral galega, achéganos nesta entrevista a súa particular visión do escritor galego Álvaro Cunqueiro. Ademais de apuntar unha serie de elementos característicos da súa obra, como a cuestión da lingua, sendo para Cunqueiro o galego e castelán idiomas "armónicos", e desmitificar certos clichés cos que se adoita presentar pexorativamente o escritor, como "ruralista" e "regional", a entrevistada critica a infravaloración que a obra de Cunqueiro está a sufrir en España. Por último, refírese ao momento en que entra en contacto coa obra e a persoa do escritor mindoniense, cando viviu en España quince anos e foi lectora de francés na Universidade de Santiago de Compostela nos 80.

Pereira, Lois, 'Levo escribindo desde os seis anos, e sempre en galego', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 7 marzo 2003, p. L2.

María Reimóndez fálanos de *Moda galega*, un poemario que acaba de publicar Edicións Positivas na súa colección Di-versos. Trátase dun libro de poesías en galego, "urbano, con toques de ironía, que retrata a vida cotiá con humor afinado, unha metáfora para a reflexión social" mentres percorre as tendas de moda viguesas. Así xorden temas como o consumismo ou a globalización fronte a diversidade. Remata a conversa referíndose á fascinación que sente pola India dende que fundou a oenegé Implicados-as no Desenvolvemento.

Pereira, Lois, 'A Feira do Libro Antigo xa é unha institución en Santiago', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 28 xuño 2003, p. L2.

O coordinador da Federación de Libreiros de Galicia, Antonio Fernández Maira, comenta, na apertura da Feira do Libro Antigo de Santiago de Compostela, cuestións fundamentais relacionadas con este acontecemento, do que destaca a oferta e variedade de libros, a rareza dos mesmos, así como o tipo de clientela, principalmente bibliógrafos que atopan aquí unha oportunidade única para rebuscar. Salienta tamén os contactos que se establecen durante o transcurso da feira.

Pérez, Susana, 'Son afortunado porque a maioría das miñas obras se representaron', *La Opinión*, 'Narón', 21 febreiro 2003, p. 29.

Con motivo da súa selección para os Premios Max de Teatro na categoría de monólogos con *O monólogo do imbécil*, José Luís Prieto Roca, autor e actor de teatro, director da Escola Teatral de Narón, responde preguntas sobre a importancia da nominación e sobre a obra coa que foi seleccionado, pero, sobre todo, sobre a polémica que o goberno central está a xerar arredor dos premios. Fala tamén do seu labor de mestre na Escola Municipal de

Teatro. Cando se lle pregunta polo futuro do teatro en Galicia avoga claramente por un cambio nos criterios de subvencións da Xunta nos que, segundo pensa, "prima a antigüidade e iso complica o desenvolvemento dos novos grupos."

Pino, Concha, 'Aire para respirar' é a memoria de vintecinco anos', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 8 xaneiro 2003, p. L2.

Antón Baamonde fálanos do seu último libro *Aire para respirar* (2002), publicado por Edicións Xerais, e que el mesmo define como "un pincho de tortilla, un pequeno apunte da memoria dos últimos vintecinco anos." Confesa ademais que foi escrito debido á súa necesidade de contar a Galicia de hoxe en día, co obxectivo de "abrir un debate sobre o futuro."

Pino, Concha, 'Gostaríaime que só se xulgara a proposta literaria', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 7 febreiro 2003, p. L2.

Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, vén de publicar a súa primeira obra teatral, *O nome dos disfraces*. Dela fala nesta conversa, de cómo a súa experiencia na escea inflúe na escrita da obra ou cómo se decide a publicala. Con respecto a isto último, sinala que lle gustaría que se xulgase a proposta literaria "sen as circunstancias engadidas."

Pino, Concha, 'Ironía e sarcasmo son as claves do humor gráfico', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 8 febreiro 2003, p. L2.

Paco Oti é ilustrador e autor de cómics, dedicado agora á programación e produción teatral. Aínda que leva anos sen amosar o seu traballo, vén de expoñer a súa obra despois de gañar o certame do Consello da Cultura. Comenta nesta entrevista distintos aspectos do seu labor como humorista gráfico, salientando o optimismo, a ironía e o sarcasmo como claves para mirar a realidade e poder rirse dela. Remata cunha clara reivindicación para a figura dos debuxantes e humoristas, creadores que non sempre contan co apoio da industria.

Pino, Concha, 'O proceso creativo desta novela dá para outra historia', *La Voz de Galicia*, 'O cronómetro', 20 febreiro 2003, p. L2.

Con motivo da publicación da súa novela *Resistencia* (2002), "unha historia de amor, de morte e de silencios tecidos e escravizados no Portugal das dictaduras de Salazar e Marcelo Caetano, entre os anos 20 e 30", Rosa Aneiros reflexiona sobre o proceso de creación da mesma e de cómo quedou impresionada polo achegamento á historia portuguesa dende unha perspectiva foránea.

Pino, Concha, 'Manuel María foi o que nos descubriu a Terra Chá', *La Voz de Galicia*, 'O cronómetro', 26 marzo 2003, p. L2.

Alfonso Blanco, coordinador da Fundación Manuel María, reflexiona sobre o papel da Fundación como divulgadora e promotora do coñecemento da comarca da Terra Chá. Dínos que esta fundación vén de presentar unha biografía do escritor Manuel María como un gran referente desta zona e comenta os proxectos futuros, entre os que destaca unha compilación

do que Manuel María escribiu sobre a Terra Chá, un libro sobre a paisaxe do lugar e outro sobre os poboadores da zona, xunto cun congreso conmemorativo dos cincuenta anos da obra *Terra Chá*.

Pousada, Pilar, 'Pablo Couceiro: 'hai dez anos había rapaces na librería', *Galicie Hoxe*, 'Latitudes', 31 decembro 2003, p. 80.

Pablo Cruceiro, como libreiro dunha tenda especializada en literatura galega, comenta nesta entrevista cáles poden ser os motivos e as posíbeis solucións para o baixo índice de vendas da literatura en xeral, entre outras cuestións relacionadas co mundo do libro, como as obras máis vendidas no Nadal, *Trece Badaladas*, de Manuel Rivas e *A vida que nos mata*, de Xavier López López, que o libreiro recomenda como unha posíbel lectura. Entre os libros infantís destaca a serie *Os Bolechas*, de Pepe Carreiro.

Quián, Alberto, 'Cada vez interésame máis o que poderíamos chamar contrabando de xéneros', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 abril 2003, p. 32.

Ante a inminente estrea da película de Antón Reixa, baseada na obra *O lapis do carpinteiro*, Manuel Rivas comparte as súas propias sensacións e impresións sobre a mesma: curiosidade, excitación, pero tamén inquietude, aínda que prefire que sexa o público o que diga a última palabra. Con respecto á reescritura da novela en guión cinematográfico, Rivas salienta o seu gusto e interese polo que chama "contrabando de xéneros" ou a idea das "vangardas compartidas". Fai unha análise crítico-comparativa do filme en relación coa súa novela, onde a translación de sentimentos, emocións, o contexto histórico, a psicoloxía dos personaxes ou o protagonismo do lapis son algúns dos temas aos que fai alusión.

Quián, Alberto, 'Cada vez interésame máis o que poderíamos chamar contrabando de xéneros', *La Opinión*, 'Cultura', 18 abril 2003, p. 41.

Ante a inminente estrea da película de Antón Reixa, baseada na obra *O lapis do carpinteiro*, Manuel Rivas comparte as súas propias sensacións e impresións sobre a mesma: curiosidade, excitación, pero tamén inquietude, aínda que prefire que sexa o público o que diga a última palabra. Con respecto á reescritura da novela en guión cinematográfico, Rivas salienta o seu gusto e interese polo que chama "contrabando de xéneros" ou a idea das "vangardas compartidas". Fai unha análise crítico-comparativa do filme en relación coa súa novela, onde a translación de sentimentos, emocións, o contexto histórico, a psicoloxía dos personaxes ou o protagonismo do lapis son algúns dos temas aos que fai alusión.

Quián, Alberto, 'O Consello da Cultura actúa sempre con total independencia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 9 decembro 2003, p. 35.

Con motivo da celebración do vixésimo aniversario da creación do Consello da Cultura, o seu presidente, Alfonso Zulueta de Haz, fai unha valoración das dúas décadas de existencia deste órgano defendendo a súa "total independencia" da Administración. Salienta a normativización da lingua e o intento de atopar un oco na globalización para a lingua e

cultura galegas como os dous grandes desafíos do Consello. Finalmente, entre os proxectos máis inmediatos comenta a publicación das obras de Sarmiento, un proxecto sobre o Conde de Gondomar, unha exposición e congreso das cantigas de Alfonso X o Sabio, así como o intento de recuperación e conservación do material da emigración, xa que a súa desaparición "suporía perder unha parte moi importante da nosa historia."

Quián, Alberto, 'O Consello da Cultura Galega actúa sempre con total independencia', *La Opinión*, 'Cultura', 10 decembro 2003, p. 58.

Con motivo da celebración do vixésimo aniversario da creación do Consello da Cultura, o seu presidente, Alfonso Zulueta de Haz, fai unha valoración das dúas décadas de existencia deste órgano defendendo a súa "total independencia" da Administración. Salienta a normativización da lingua e o intento de atopar un oco na globalización para a lingua e cultura galegas como os dous grandes desafíos do Consello. Finalmente, entre os proxectos máis inmediatos comenta a publicación das obras de Sarmiento, un proxecto sobre o Conde de Gondomar, unha exposición e congreso das cantigas de Alfonso X o Sabio, así como o intento de recuperación e conservación do material da emigración, xa que a súa desaparición "suporía perder unha parte moi importante da nosa historia."

R.G.A., 'Creo que desde los escenarios se puede cambiar el mundo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 12 febreiro 2003, p. 22.

Mariana Carballal fala nesta entrevista da súa faceta de actriz e tamén do labor que leva a cabo como profesora de arte dramático. Pensa que desde o escenario pódese cambiar o mundo e considera que o teatro debería impartirse no colexio, pois sería unha fonte de educación tolerante ao permitir interpretar diferentes personaxes.

Reboiro, X. A., 'Los autores gallegos no hablan del país', *La Región*, 'Provincia', 12 agosto 2003, p. 18.

Camilo Rodríguez, filósofo e escritor, comenta a temática que con máis frecuencia tratan os libros de literatura galega e reclama máis atención para asuntos como o paro, a delincuencia e as drogas. Finalmente, critica o elevado prezo dos libros e declárase admirador de Suso de Toro e de Manuel Rivas.

Reboiro, X. A., 'O teatro ten moito poder de convocatoria', *La Región*, 'Provincia', 19 agosto 2003, p. 18.

Miguel Martínez, responsábel do auditorio municipal do Carballiño, manifesta o éxito de todas as actividades culturais programadas no mencionado auditorio, en especial, subliña o éxito das representacións teatrais.

Regueira, S., 'O amor é semellante á fame e á sede insaciable', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 27 abril 2003, p. 52.

Xosé Luis Méndez Ferrín defende nesta conversa a influencia da literatura na sociedade, comenta os eternos temas da poesía -o amor, o temor á morte, o destino- e apunta que foi

criticado polo tono político dalgunhas das súas obras, en concreto no poemario *Estirpe*. Na súa opinión compensa a disidencia, pois esta postura permite a paz interior.

Regueira, S., 'O amor é semellante á fame e á sede insaciable', *La Opinión*, 'Entrevista', 5 maio 2003, p. 64.

Xosé Luis Méndez Ferrín defende nesta conversa a influencia da literatura na sociedade, comenta os eternos temas da poesía -o amor, o temor á morte, o destino- e apunta que foi criticado polo tono político dalgunhas das súas obras, en concreto no poemario *Estirpe*. Na súa opinión compensa a disidencia, pois esta postura permite a paz interior.

Regueiro, Carina, 'Carmen Blanco Ramos: 'A escrita é un movemento da alma'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 3 setembro 2003, p. 56.

Carmen Blanco Ramos, autora de *A golpe de dor* (2002), define nesta entrevista o seu estilo literario como intimista e cita aos seus autores predilectos. Entre os autores galegos móstrase admiradora de Manuel Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín, comenta tamén que actualmente traballa nun libro de relatos curtos.

Regueiro, Carina, 'Estro Montaña: 'Os libros de viaxes renovan a novela'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 25 setembro 2003, p. 64.

Estro Montaña, autor de *As armas delicadas* un texto sobre os "maquis", declara nesta conversa que está a traballar agora nun libro sobre o río Miño. Sinala que se trata dunha viaxe polo Miño no espazo e no tempo e que na obra ten cabida a narración, o ensaio e a filosofía. O escritor reivindica a importancia do xénero dos libros de viaxes.

Regueiro, Carina, 'Xosé Luís Colmeiro: 'Un libreiro debe ter boa formación'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 28 setembro 2003, p. 72.

Xosé Luís Colmeiro, *alma mater* da librería Follas Novas, apunta nesta conversa as cualidades que debe posuír un libreiro, conta algunhas anécdotas da súa actividade profesional e, finalmente, refírese a colección "Libros da frouma", na que se dá cabida os novos poetas e que xa vai polo volume número trinta.

Regueiro, Carina, 'Raquel Domínguez Carrete: 'Acercamos o libro galego á xente'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 27 outubro 2003, p. 56.

A xornalista Raquel Domínguez Carrete fala nesta entrevista sobre o seu labor como directora do programa de televisión *O pé da letra*, que emite a segunda canle de televisión española. *O pé da letra* aborda o mundo do libro en galego e posúe unha notábel audiencia. Esta cuestión implica que comente a grandes trazos a situación da publicación e venda de libros en galego e a necesidade de dinamizar a lectura e de infundir amor á literatura galega.

Rodríguez, Marta, 'Vendo unha Galicia moderna, sen morriña', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes',

18 novembro 2003, p. 64.

O empresario e presidente do Centro Galego de Barcelona, Olegario Sotelo Blanco, refírese nesta conversa á situación política de Cataluña e ao labor que quere desenvolver no devandito centro. Sinala que o seu obxectivo é difundir unha Galicia moderna, "sen morriña e sen tristura".

Rodríguez, Salvador, 'A longo prazo Galaxia podería editar libros en castelán', *La Opinión*, 'Entrevista', 9 xaneiro 2003, p. 64.

Víctor Freixanes, novo director de Galaxia, nestas declaracións refírese á nova traxectoria da editorial e anuncia que un dos proxectos máis inmediatos é a publicación das obras completas de Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor. Fronte aos que se laian polo difícil momento que atravesa o libro galego, Freixanes cre que nunca se leu e se publicou tanto coma na actualidade e relaciona a crise das editoriais galegas coa crise das editoriais a nivel mundial. Finalmente, declara que a etiqueta de "premiado" non é garantía de venda dun libro.

Rodríguez, Salvador, 'Reivindico a musicalidade da poesía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Entrevista', 9 xaneiro 2003, p. III.

O escritor vigués, Román Raña, comenta nesta entrevista o seu último poemario *Eloxio da desorde*, Premio González Garcés de Poesía no ano 2002. Fala sobre as súas dificultades como poeta e sobre a poesía en galego e reivindica a promoción da poesía a través de actos públicos de toda índole.

Rodríguez, Salvador, 'Máis que un bo escritor, Tolkien era un home moi disciplinado', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Entrevista', 30 xaneiro 2003, p. III.

Moisés Rodríguez Barcia amosa nesta conversa a súa satisfacción pola tradución que fixo da obra de Tolkien *O señor dos aneis* (2001). Sinala que fixo a tradución sabendo que se estaba rodando unha película baseada na novela e prevendo que isto suporía mercadotecnia engadida. Afirmar que *O señor dos aneis* non é a súa obra favorita de Tolkien, prefere *O Hobbit*, obra que xa traducira con anterioridade. Apunta os acertos da versión cinematográfica e manifesta a súa sorpresa ante tanto afervorado lector da novela. Finalmente, refírese ás dificultades da tradución literaria.

Rodríguez, Salvador, 'Antón Baamonde. 'A transición galega comezará cando haxa alternancia no poder', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Entrevista', 13 febreiro 2003, p. III.

Antón Baamonde comenta a súa última obra *Aire para respirar* (2002), unha crónica persoal, irónica e, por veces, dura da sociedade galega contemporánea. Refírese tamén a algúns políticos e á situación política de Galicia.

Rodríguez, Salvador, 'Cineastas e escritores podemos traballar xuntos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Entrevista', 20 febreiro 2003, p. III.

O director de cine Xavier Villaverde fala da súa película *Trece badaladas*, baseada na obra do mesmo título de Suso de Toro. Nota certa crise do cine español, apunta a falta dunha política audiovisual por parte do Estado e anuncia os seus próximos proxectos: unha película sobre a figura de Antonio Ibáñez, fundador de Sargadelos, unha comedia titulada *O sexo dos anxos* e, por último, a posibilidade de adaptar ao cinema *A sombra cazadora*, de Suso de Toro.

Rodríguez, Salvador, 'Xosé Monteagudo. 'Racho a maior parte do que escribo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Entrevista', 6 marzo 2003, p. III.

Xosé Monteagudo fala da súa última novela, *As voces da noticia*, coa que gañou o Premio Blanco Amor de novela do ano 2002. Sinala que *As voces da noticia* se centra na Galicia rural do interior, concedéndolle un importante papel ás voces femininas. Por último, apunta as dificultades da profesión de escritor e dá conta das súas preferencias literarias: Eduardo Blanco Amor, Manuel Rivas, Suso de Toro e Rosa Aneiros.

Rodríguez, Salvador, 'No Pen Club estamos contra a guerra e polo Nunca máis', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Entrevista', 13 marzo 2003, p. III.

Ao pé de rematar o seu cargo como presidente do Pen Clube de Galicia, Luís González Tosar dá conta dos obxectivos acadados e dos medios económicos cos que contan, para centrarse na colección "Arte de Trobar" que se abriu coa publicación da obra gañadora do certame literario de Caixanova e cunha escolma da poesía de Ramón Cabanillas. Na mencionada colección preténdese editar, apunta, ademais das obras gañadoras do certame, traducións ao galego de autores estranxeiros e obras de autores clásicos galegos. Comenta que neste momento, están preparando a saída do prelo de libros coas obras selectas de Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Antón Tovar. Finalmente, reflexiona sobre a situación da poesía galega actual e alaba aos poetas que tratan de achegar a súa poesía á sociedade.

Rodríguez, Salvador, 'Queremos profesionalizar a Asociación de Escritores', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Entrevista', 27 marzo 2003, p. III.

Como secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Yolanda Castaño comenta o labor da institución que, segundo ela, pretende achegar a literatura galega á sociedade, recoñece o aumento do número de socios, que vai xa polos douscentos cincuenta e declara as constantes relacións da Asociación coas editoriais e cos libreiros. Por último, anota algunhas das achegas da súa obra poética ao conxunto da poesía galega.

Rodríguez, Salvador, 'Racho a maior parte das cousas', *La Opinión*, 'Entrevista', 5 abril 2003, p. 64.

Xosé Monteagudo comenta a súa última obra, *As voces da noticia*, coa que gañou o Premio Blanco Amor de novela do ano 2002. Sinala que a novela se centra na Galicia rural do interior, dando especial relevancia ás voces femininas, pois o autor é consciente do importante papel da muller na sociedade rural. Por último, apunta as dificultades da profesión de escritor.

Rodríguez, Salvador, 'Houbo catro galegos pioneiros da aviación mundial', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Entrevista', 10 abril 2003, p. III.

Entrevista con Ismael González, autor do libro *Catro aviadores galegos. Herois da aviación mundial*, na que tamén se alude á súa idea de levar ao cine a novela de Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*. Sinala que debido aos atrancos que atopou na administración para as subvencións, será el o que produza a película en solitario, que se comezará a rodar no ano 2004 en Gres e arredores. Do reparto di que serán actores galegos principalmente e que este é un proxecto co que leva moitos anos, posto que a novela lle gustou moito dende que a lera estando aínda na emigración.

Rodríguez, Salvador, 'A Fundación Carlos Casares quere ser tan activa como o era el', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Entrevista', 19 xuño 2003, p. III.

Damián Villalaín con motivo de ser nomeado director da Fundación Casares, sinala nesta conversa que a Fundación no só se ocupará de difundir a obra literaria do escritor, senón tamén de traballar a prol da cultura galega, tal e como fixo o propio Casares. Detalla os proxectos máis inmediatos da institución, entre os que figuran a publicación das obras completas de Carlos Casares e a organización de múltiples e diversas actividades culturais. Finalmente, refírese ás facetas de Carlos Casares como editor e como xornalista.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'Estes materiais son unha reliquia laica', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 45.

Xosé Enrique Acuña, responsábel da organización dunha exposición sobre Alexandre Bóveda instalada no pazo de Mugártegui de Pontevedra, declara os motivos e as principais dificultades da organización da exposición, así como o seu contido. Destaca os traballos sobre a viabilidade da autonomía de Galicia, a correspondencia con distintas personalidades, en especial con Amalia Álvarez, que logo sería a súa muller, con Castelao, con Víctor Casas, cos irmáns Vilar Ponte e fotografías inéditas da súa vida política e persoal.

Ruíz, Jacinto, 'Galicia foi sempre un país agredido desde fóra', *La Voz de Galicia*, 'Los domingos de la voz', 19 xaneiro 2003, pp. 10-11.

Francisco Fernández del Riego céntrase nesta conversa na orixe, constitución e evolución do Partido Galeguista, do que formou parte de maneira activa e comenta a situación política actual. Reivindica o uso do galego, apunta as dificultades que presenta a elaboración das normas do galego e, finalmente, refírese ao seu actual labor como director da Biblioteca Penzol e conselleiro da Fundación que leva o mesmo nome.

Sandoval, Lois, 'Margarita Fernández: 'Por vez primeira ríome de min mesma', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 22 setembro 2003, p. 62.

Margarita Fernández fala nesta conversa da súa experiencia como actriz de televisión en dúas series da Televisión de Galicia, *Rías Baixas* e *As leis de Celavella* e recorda a súa

faceta como monologuista. Finalmente, refírese o seu labor como escritora de textos dramáticos.

Santos, Agatha de, 'Ante todo me considero un contador de historias', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 20 novembro 2003, p. 37.

José Antonio Perozo comenta a súa última novela *Rosas para Gabriela* (2003), que narra a traxectoria dunha familia estremeña ao longo dos últimos cen anos da historia de España. Fala tamén sobre a creación literaria, que define como a súa gran paixón.

Sierra, María, 'Recomiendo este libro a quien tenga espíritu depredador, a ver si se le cura', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 12 xuño 2003, p. 17.

Co gallo da presentación do último libro de Alfredo Conde, *Memoria do soldado* (2002), o autor fala sobre o contido e as críticas que recibiu esta obra; fala, así mesmo, sobre a importancia dos premios literarios.

Sinllán, Marta de, 'Os clásicos seguen sendo os preferidos dos lectores', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 7 agosto 2003, p. L2.

O libreiro Pablo Couceiro opina nesta conversa sobre as feiras do libro e nomea os autores máis vendidos, entre os que destacan Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Suso de Toro, Manuel Rivas e Rosa Aneiros. Conclúe afirmando que nota certa crise na venda de libros.

Suárez, Marta, 'Improviso con quien me conoce', *Faro de Vigo*, 'Faro verano', 23 xullo 2003, p. 39.

Cándido Pazó fala nesta conversa da súa actual actividade como monologuista ou narrador oral, que lle permite reunir as facetas de actor e escritor. Define os galegos como retraídos e desconfiados, declara o éxito acadado pola carpa coa que recorreu Galicia en protesta pola catástrofe do Prestige e lamenta non conseguir o Premio Max ao que estaba nominado, nunha ocasión tan especial como a deste ano, pois a gala celebrouse na súa cidade, Vigo, e no auditorio Caixanova, o primeiro escenario no que actuou.

Valeiro, Marta R., 'Os personaxes non poderían existir sen as miñas contradicións', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Entrevista', 6 abril 2003, p. 2.

Co gallo da publicación da novela *O repenique de Beatriz Goldar* (2002), de Miguel Suárez Abel, o xornal *El Correo Gallego* dedícalle un espazo do seu suplemento cultural ao autor e xornalista. A través dunha entrevista coñecemos, pois, os pormenores do texto, escrito por entregas e de aire folletinesco, e tamén as razóns polas que se mantivo tanto tempo afastado do quefacer literario.

Varela, Ángel, 'Puxen a miña voz ós pitufos e a Robin, o de Batman', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Entrevista', 6 xuño 2003, pp. 8-9.

Estas dúas páxinas do suplemento "Fugas", de *La Voz de Galicia*, dedicánselle ao actor Víctor Mosquera (Corme, 1962), popular tras a súa participación en series das televisións autonómica e estatal. Lémbrese que se trata dun home cunha traxectoria profesional de vello. Así, e no que respecta ao ámbito da dramaturxia galega, indícase que participou en compañías teatrais "míticas" como Ollomol Tranvía, Moucho Clerc ou Mofa e Befá.

Vasco, Xosé, 'A voz do escritor debe ser oída na sociedade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Entrevista', 22 maio 2003, p. III.

O dramaturgo Euloxio Ruibal é nesta ocasión protagonista na sección "Entrevista" do suplemento cultural do *Faro de Vigo*. O motivo é que vén de ser elixido presidente da Asociación de Escritores Galegos, polo que a maior parte da conversa se orienta cara aos proxectos e a maneira de afrontar o cargo. Tamén se refire, brevemente, a súa consideración do papel do teatro no sistema galego, que lle parece aínda un sector descoidado e necesitado de "menos propaganda e máis concienciación".

Veiga, M., 'Vitor Vaqueiro. 'Cada frase é un golpe ao rostro do lector', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 38.

Manuel Veiga entrevista para esta páxina do xornal ao escritor Vitor Vaqueiro. Autor e xornalista comentan detalles da novela *Os nomes da morte* (2002). Comezan por referirse aos inicios de Vaqueiro como poeta, e á súa chegada "casual" á narrativa. Comentan, ademais, que na citada novela se demostra un alto grao de autoconsciencia e se cuestiona o concepto de verdade.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A revelión da palabra', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 8 xuño 2002, p. 45.

Conversa entre Manuel Vidal Villaverde e o poeta Xabier Cordal, para quen a poesía "é igual aos remordementos, e tarda moitos anos en calar". Tamén se trae a esta páxina de "Musas" un comentario da obra *Francesca*, poemario de Xavier Rodríguez Baixeras que constitúe, ata o momento, a súa última entrega literaria e que o crítico considera una boa nova para os amantes da poesía. Explica que se trata dunha serie de sonetos que aparecen na colección "Tambo" da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A imaxe da serenidade', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 12 xaneiro 2003, p. 55.

Entrevista a Camilo Gonsar con motivo da lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega, na que comeza lembrando os seus inicios en Madrid como estudante e logo en Lugo xunto con Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, persoeiros que di que o animaron moito a escribir. Lembra tamén que primeiro publicou *Lonxe de nós e dentro*, logo *Coma calquer outro día* ou *Cara a Times Square*. O entrevistador destaca do escritor que é unha persoa entrañábel, coa que se aprende moito. Remata a conversa recollendo a súa concepción da literatura, que considera como un fin en si mesma, que se multiplica en cada lector ao interpretar o texto. En columna á parte dáse conta da tradución ao galego de *Harry Potter e a cámara dos segredos* (2002), de J. K. Rowling, da que salienta que

introduce ao lectorado nun mundo de "andrómenas que proceden do subconsciente e da invasión do imperio dos sentidos", recomendando a súa lectura.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A nobre presenza da literatura pura', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 19 xaneiro 2003, p. 47.

Entrevista con Víctor Freixanes á que se dá inicio describindo a situación na que se produce o encontro (un recurso que se reitera sempre nesta páxina de Manuel Vidal Villaverde) e que prosegue cun repaso do percurso do autor como escritor e como xornalista. Alén desta entrevista, coméntase o libro *Trazo aberto*, conxunto de poesías e debuxos de autoría moi variada que xorde da iniciativa de Antón Sobral e leva unha introdución de Xaime Toxo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Tempo de lecer e tempo de acougar', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 26 xaneiro 2003, p. 77.

Reprodúcese unha entrevista con Pura Vázquez na que a autora fai balance da súa traxectoria, que consta de máis de cincuenta libros. Recoñece que o seu mundo é o da poesía e que tamén lle gusta moito escribir nos xornais. Ademais, inclúese un comentario de *O Entroido ancestral* (2002), libro de fotografías acompañadas de textos que explican as imaxes dos fotógrafos Carlos Puga e Nacho Gómez.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A memoria selectiva', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 9 febreiro 2003, p. 47.

Entrevista con Dora Vázquez, autora de numerosos libros de poesía e contos para nenos, dunha pequena autobiografía e de moitos artigos de xornal. En columna á parte e baixo o título de "Terra de Iria" dá conta da publicación do volume homónimo de Anxo Angueira (2003), no que o escritor percorre as terras desta comarca. Explicase a estrutura da obra, dividida en seis capítulos, e destácase que se acompaña o volume de mapas, montaxes fotográficas e, para os interesados, abundosa bibliografía.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O sosego na lenta tarde de Brión', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 10 febreiro 2003, p. 10.

Entrevista con Alfredo Conde, a quen se presenta como o autor de máis de vinte libros e xornalista que recoñece ser o seu xénero, fundamentalmente, a prosa, máis concretamente, a novela. Tamén se inclúe un comentario ao poemario *Sempre irmá*, de Pura Vázquez, libro que saíra publicado por vez primeira en 1966 e que se reedita agora en edición de autor por Galaxia Gutenberg, de Ourense, e como edición non venal. Afirma que se trata dun libro evocativo que homenaxea á vida e aos soños.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O sosego na lenta tarde de Brión', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 16 febreiro 2003, p. 47.

Entrevista con Alfredo Conde, a quen se presenta como o autor de máis de vinte libros e xornalista que recoñece ser o seu xénero, fundamentalmente, a prosa, máis concretamente, a novela. Tamén se inclúe un comentario ao poemario *Sempre irmá*, de Pura Vázquez, libro

que saíra publicado por vez primeira en 1966 e que se reedita agora en edición de autor por Galaxia Gutenberg, de Ourense, e como edición non venal. Afirmar que se trata dun libro evocativo que homenaxea á vida e aos soños.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Os anos do vougo e outros poemas', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 9 marzo 2003, p. 47.

Entrevista con Xavier Costa Clavell na que o autor fai memoria dos seus inicios como escritor ata chegar aos cento vinte e cinco libros que ten no seu haber, ademais do seu traballo como xornalista. En columna á parte realízase unha breve recensión de *O principião*, o clásico de Antoine de Saint-Exupéry que Carlos Casares traducira á nosa lingua e que se reedita agora.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Vivimos no ciclo das erofanías', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 23 marzo 2003, p. 41.

Como vén sendo habitual, Manuel Vidal Villaverde divide a súa páxina de "Musas" en dous apartados. O que cobra maior protagonismo é unha entrevista realizada a Yolanda Castaño, poeta que reflicte coa axuda do xornalista a súa concepción da vida e da poesía. No segundo, coméntase o libro *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, da autoría de Xosé María Álvarez Cáccamo. Sinala que se trata dunha biografía do autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas e considéraa moi ben estruturada.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Memoria íntima do mar', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 6 abril 2003, p. 69.

Realiza Manuel Vidal Villaverde, en primeiro lugar, unha entrevista con Rosa Méndez Fonte, poeta que considera o mar o principal eixo tanto na súa existencia como nas súas creacións. Por outro lado, e para non abandonar a temática marítima, fai un comentario ao libro *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), de Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956), explicando que se trata do último Premio de Poesía Johán Carballera que outorga o Concello de Bueu.

Vidal Villaverde, Manuel, 'As claves dos días que nos moven', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 20 abril 2003, p. 39.

Ademais dunha entrevista a Fran Alonso, na que se repasan as principais publicacións deste escritor "todoterreno", Manuel Vidal Villaverde achégase, como é habitual nesta sección, á obra *Antoloxía poética* (2002), de Miquel Àngel Riera, unha antoloxía bilingüe (catalán-galego) publicada por Espiral Maior. Ademais de repasar algúns datos biográficos do poeta, tamén achega os títulos dalgúns das súas obras máis coñecidas e destaca da súa produción cualidades como a tenrura, a sinxeleza e a sinceridade das súas composicións.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A luz como elementalidade poética', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 27 abril 2003, p. 55.

Entrevista con Xosé María Álvarez Cáccamo, autor de máis de vinte libros e

fundamentalmente poeta, na que se citan fragmentos de textos do autor e na que este define a súa creación como un "retrato do mundo obxectual". Ademais, faise un breve comentario do libro *Un vol d'inefable poesía* (2002), un clásico da literatura balear en versión bilingüe galego-catalán. Agradece ao profesor Rodríguez Baixeiras (tradutor) e a Maria Antònia Perelló (introdutora) esta "rigorosa edición" para Espiral Maior.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O humor e a sutileza como defensa', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 11 maio 2003, p. 51.

Entrevista con Alfonso Álvarez Cáccamo, un escritor que sostén non ir de intelectual e radicar a súa escrita nunha ideoloxía nacionalista que lle resulta irrenunciábel. Recoñécese novelista e tamén poeta, e afirma que sempre denuncia a sociedade a través da súa creación literaria. Por outra banda, inclúese un comentario a *O corvo do chapapote* (2002), de Luís Rei Núñez, un relato de doada lectura editado na colección "Froita do Tempo", de A Nosa Terra.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Á procura das palabras precisas', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 25 maio 2003, p. 51.

Entrevista con Luís Rei Núñez, na que Manuel Vidal Villaverde lle fai lembrar ao autor os seus comezos como escritor. Afirma que se iniciou na poesía, que é "máis inmediata", e que despois seguiu coa prosa de ficción, onde a loita coas palabras é máis demorada. Falan tamén do seu próximo libro, *Alma mareira*. En columna á parte, enuméranse e coméntanse moi sucintamente as colaboracións do número 53 da revista *A trabe de ouro*.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Tempo da música, días da poesía', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 20 xullo 2003, p. 36.

Nesta sección fixa ocúpase Manuel Vidal Villaverde, por unha banda, da figura de Luísa Villalta, a quen entrevista. Pregúntalle polos seus primeiros versos, pola súa concepción da poesía, que consistiría, segundo a poeta, na "comprensión do mundo en poucas palabras", pola relación entre a poesía e a música, pola súa obra *Música reservada*. Pola outra, e en columna á parte, coméntase o libro *A traxedia do home*, de Imre Madách (Hungría, 1823-1864), traducido ao galego en 2002 por Lajos Asztalos e Gonzalo Navaza. Repasa a biografía do poeta e sinala algúns dos símbolos máis representativos do poemario, a tradución do cal ao galego considera Villaverde "excelente".

Vidal Villaverde, Manuel, 'O soño non asolagado', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 19 outubro 2003, p. 51.

En primeiro lugar, Manuel Vidal Villaverde achéganos á personalidade de Pilar Vázquez Cuesta, estudosa da literatura galega e portuguesa e autora dalgúns "poemas soltos en revistas" que lembra as súas vivencias de nenez, mocidade e madurez, ao lado de grandes personalidades literarias. En segundo lugar, recoméndase a "moi aconsellábel" biografía que sobre *A Bela Otero. Pioneira do cine* (2003) escribiu Miguel Anxo Fernández.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A certeza apacíbel de luz', *Atlántico Diario*, 'La Revista',

'Musas', 2 novembro 2003, p. 51.

Nesta entrevista con Suso de Toro, Manuel Vidal Villaverde fai unha breve introdución chea de admiración cara á persoa que hai por tras da personalidade. Despois, o autor rememora os seus comezos como escritor (de cativo, estudando no colexio Peleteiro) e recoñécese un lector ávido, algo fundamental para a creación. Ademais, comenta unha tradución ao castelán dun ensaio sobre antropoloxía social orixinalmente escrito en galego: *Poseídos (Espiritados)*.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O tempo como un norte nos sonhos', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 9 novembro 2003, p. 61.

Entrevista con Rexina Rodríguez Vega, profesora e poeta que considera que toda a literatura é morte ou manifestación da fragilidade da existencia e que se declara admiradora de Álvaro Cunqueiro. Tamén se acompaña, en columna á parte, un comentario da novela *Trece badaladas*, de Suso de Toro, que estima ser, como recoñece o propio autor, "unha indagación sobre a memoria dunha cidade que é un laberinto hermético sobre un mar de pedra".

Vidal Villaverde, Manuel, 'A palabra á procura da alucinación', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 7 decembro 2003, p. 42.

Conversa entre Estíbaliz Espinosa e Manuel Vidal Villaverde, autora de *-orama*: un título que "non significa nada" e que dá nome a un poemario de confesión e comunicación. Para ela, a literatura é ilusionismo, "cousa de maxia". Engádese unha recensión a *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, a historia dunha viaxe mítica que o crítico recomenda como boa e entretida lectura.

Vidal, Carme, 'Suso de Toro. 'O Prestige fíxome perder o pudor', *A Nosa Terra*, nº 1.063, 'Cultura', 4 xaneiro 2003, p. 21.

Entrevista co escritor Suso de Toro, co gallo da próxima publicación do libro *Nunca Máis. Galiza á intemperie* (2003), un volume baseado na traxedia do Prestige e cuxa recadación se destinará ás confrarías de pescadores e á Plataforma Nunca Máis. O autor manifesta que o impacto da realidade foi tan forte para el a raíz do afundimento do barco, que se lle fixo imposible traballar na ficción.

Vidal, Carme, 'Salvador García Bodaño. 'Pasaremos novamente por riba de todas as derrotas', *A Nosa Terra*, nº 1.067, 'Cultura', 30 xaneiro 2003, pp. 28-29.

Nesta entrevista con Salvador García-Bodaño, a xornalista, Carme Vidal, céntrase en dous acontecementos editoriais relacionados con este autor: a reedición dos seus libros *Ao pé de cada hora* e *Tempo de Compostela* e mais a aparición en formato electrónico (na web da Biblioteca Virtual Galega) do seu último poemario, *Cidade virtual*. Deste xeito, fálase da significación dos libros reeditados co paso do tempo, dos contactos de García-Bodaño con Carlos Maside ou Ramón Piñeiro na súa mocidade, da súa pertenza á chamada xeración das Festas Minervais, do nacionalismo e da importancia de Santiago de Compostela na súa obra

poética.

Vidal, Carme, 'Xavier López Rodríguez. 'O meu espacio literario é arraián', *A Nosa Terra*, nº 1.068, 'Cultura', 6 febreiro 2003, p. 37.

Nesta ocasión, Carme Vidal entrevista o escritor Xavier López Rodríguez. Despois de presentalo sucintamente, céntrase a conversa na súa última novela, *Amigo medo* (2002), publicada por *A Nosa Terra*. Pregúntaselle ao autor pola base histórica do libro, polo argumento do mesmo, pola inclusión de personaxes procedentes doutras obras súas e pola situación do galego na zona de Zamora de onde procede o autor.

Vidal, Carme, 'Rosa Aneiros. 'Álvaro Cunhal pediume que fose fiel á memoria da resistencia portuguesa ', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 37.

Nesta entrevista con Rosa Aneiros (Meirás, 1976), que ademais de xornalista é escritora, fálase da súa última novela, *Resistencia* (2002). Analízanse, así, varios aspectos da obra: a terceira persoa narrativa, o estilo clásico da novela, o seu carácter histórico e a boa documentación que hai por tras da ficción.

Vidal, Carme, 'Xosé M^a Felpeto', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 20 febreiro 2003, p. 40.

Entrevista co presidente do Instituto de Estudos Chairegos, Xosé María Felpeto, a quen se presenta como grande animador cultural da Terra Chá. O entrevistado comenta diversas facianas do seu labor e afirma sentirse a gusto traballando a prol da cultura galega. Tamén se refire ao *Caderno de Estudos Chairegos*, no que, segundo di, se inclúen traballos moi interesantes.

Vidal, Carme, 'Cándido Pazó. 'Protestar forma parte do oficio dos cómicos', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 37.

Conversa con Cándido Pazó, dramaturgo e director de escea a quen a xornalista considera "unha das traxectorias máis sólidas do teatro". As cuestións que tocan van dende a súa intervención no ámbito político e social coa plataforma Burla Negra, ata o repaso da súa traxectoria, pasando pola convocatoria dos premios Max ou polos galardóns que ten no seu haber o autor.

Vidal, Carme, 'María Reimóndez. 'Moda Galega é unha metáfora crítica coa sociedade de consumo', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 37.

Entrevista coa tradutora, estudosa da literatura e escritora María Reimóndez, autora do poemario *Moda Galega* (2002). En principio, procúrase indagar nos aspectos máis persoais da autora, como o seu compromiso coa India e a fundación da ONG Implicad@s no Desenvolvemento. Tamén se fai referencia á publicación duns *Mitos e lendas hindús* traducidos por Reimóndez, pero o interese principal da conversa está no libro *Moda Galega*. A poeta afirma que se trata dunha obra na que conviven varias voces e moi influenciada polas escritas poscoloniais e o feminismo.

Vidal, Carme, 'Damián Villalaín. 'A figura de Carlos Casares aínda non ten substituto', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 30.

O director da Fundación Carlos Casares, Damián Villalaín, comenta nesta entrevista para *A Nosa Terra* algúns pormenores sobre os obxectivos e proxectos da mencionada institución, próxima a inaugurar a súa sede en Vigo. Sinala tamén quen son os compoñentes do padroado, de onde se reciben os apoios, e remata lamentando a ausencia da figura que lle dá nome á Fundación.

Vidal, Carme, 'Francisco Macías. A xente que fai a cultura oficial debe estar ás dez na cama', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 20 marzo 2003, p. 48.

Entrevista co responsábel da creación da editorial Positivas e a revista *Animal*, Francisco Macías. Refírese en primeiro lugar ao papel que desempeña a súa casa editora no conxunto do sector en Galicia. Considéraa moi distinta das outras empresas porque aposta pola cultura actual. Nega, ademais, que a narrativa sexa o xénero que máis vende. Tamén comenta as razóns polas que promoveu un premio de literatura erótica, que lle semella ser unha carencia no noso sistema.

Vidal, Carme, 'A televisión é unha boa publicidade para o teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 29.

Entrevista co actor Antonio Durán, Morris, no que este popular personaxe da televisión lembra os seus comezos na compañía Artello durante os anos oitenta e reflexiona sobre a crise do teatro. Tamén se refire ao seu traballo no Centro Dramático Galego.

Villar, Carmen, 'O pobo galego configurouse no mundo rural', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 296, 'Libros', 18 xaneiro 2003, p. 2.

Conversa co escritor pontevedrés Xosé Monteagudo (Moraña, 1965), que publicou a súa primeira novela, *As voces da noticia* (2002), tras un longo período de preparación. Indágase na orixe da lingua galega que emprega nela, no alto grao de realismo dos personaxes, na intención desmitificadora da "Galicia profunda" que amosa o autor no libro e no importante papel desempeñado pola terra na obra.

Villar, Carmen, 'A dignidade ten un prezo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 298, 'Libros', 1 febreiro 2003, p. 4.

Entrevista con Carlos G. Reigosa arredor da súa novela *Intramundi* (2002). Nela o autor manifesta que a novela trata de ilustrar que o caciquismo secular de Galicia, moi presente na localidade ficticia de Intramundi, ten que desaparecer. Tamén comenta o caso da recente catástrofe do petroleiro Prestige e opina sobre a situación actual do país. Por último, afirma que no traballo de escribir é precisa a disciplina.

Villar, Carmen, 'Rosa Aneiros. 'Hai xente que non tivo máis opción cá loita', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 2 febreiro 2003, p. 44.

Breve conversa con Rosa Aneiros, autora da novela *Resistencia* (2002), publicada por Xerais. Nela analízanse os comportamentos humanos reflectidos nos protagonistas do libro, e coméntase a historia de amor que serve de fio narrativo.

Villar, Carmen, 'A dignidade ten un prezo, pero empeza por un sentimento interno', *La Opinión*, 'Entrevista', 3 febreiro 2003, p. 56.

Entrevista con Carlos G. Reigosa arredor da súa novela *Intramundi* (2002). Nela o autor manifesta que a novela trata de ilustrar que o caciquismo secular de Galicia, moi presente na localidade ficticia de Intramundi, ten que desaparecer. Tamén comenta o caso da recente catástrofe do petroleiro Prestige e opina sobre a situación actual do país. Por último, afirma que no traballo de escribir é precisa a disciplina.

Villar, Carmen, 'O xénero dramático é o máis difícil dos que levo experimentado', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 309, 'Libros', 26 abril 2003, p. 4.

Entrevista con Manuel Guede Oliva, director do Centro Dramático Galego e autor do libro *O nome dos disfraces* (2002). O primeiro que se lle inquire é o motivo de que tardase tanto en publicar una obra de teatro quen leva dedicado a ese mundo trinta anos. Explica que a vontade dun dramaturgo non é tanto a edición da súas creacións como o podelas levar a escena, aínda que afirma que para el a obra deixa de ser súa unha vez que consegue editala. Engade que neste caso realizou un "axuste de contas" co tempo, e que precisamente é o tratamento do tempo o elemento do que se sente máis satisfeito.

Viñais, Yolanda, 'Acento gallego en Barcelona', *El Progreso*, 'Fin de semana', 1 marzo 2003, p. 8.

Entrevista coa profesora e crítica literaria Helena González Fernández (Vigo, 1967), galega afincada en Barcelona dende hai oito anos e a quen a xornalista cualifica de "embaixadora da cultura galega en Cataluña". Coméntase a existencia dunha tradición de estudos galegos fóra de Galicia, salientando a estudosa o labor de Basilio Losada. Tamén se fai referencia ao interese pola cultura galega existente na Cidade Condal e aos nomes galegos que soan con máis forza fóra da nosa terra.

Viqueira, Silvia, 'Carlos Mella: 'Torrente e Galicia son caras dunha moeda'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 8 agosto 2003, p. 64.

Conversa co estradense Carlos Mella, Xerente da Fundación Torrente Ballester, na que se fai balance dos meses transcorridos dende a apertura desta institución. Entre outras cuestións, o entrevistado fai referencia aos proxectos futuros da Fundación, como a mostra permanente dos fondos, e tamén á polémica de se Gonzalo Torrente Ballester debe ser ou non considerado como un escritor galego.

Viqueira, Silvia, 'Alfredo Conde. 'Sabiamos o que ía pasar coas editoriais'', *Galicia Hoxe*, 23 agosto 2003, p. 56.

Entrevista na que Alfredo Conde fala sobre Romasanta, personaxe sobre o que di que fixo

un guión e unha novela e sobre o que está traballando nun documental. O escritor di que se sente pleno na súa carreira de escritor, vendendo libros en galego, castelán, ruso, inglés ou italiano e afastado de faladurías. Tamén afirma sentirse satisfeito por estar proposto para o Nobel por numerosos catedráticos aínda que non soña con el. Declara como única ambición para o futuro poder vivir da literatura.

Viqueira, Silvia, 'Xosé A. Perozo: 'os rapaces len máis do que pensamos', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 14 outubro 2003, p. 64.

O xornalista e escritor Xosé Antonio Perozo é protagonista da contraportada do xornal *Galicia Hoxe* co gallo da presentación da súa última novela en castelán, *Rosas para Gabriela*. Ademais de se pronunciar sobre esta obra, tamén opina arredor da situación editorial galega, que considera boa na actualidade, e sobre a literatura infantil e xuvenil. Canto a esta última, sinala que non considera que existan demasiadas distancias entre o que len os adultos e o que poden ler os nenos.

Viqueira, Silvia, 'Euloxio Ruibal: 'Os nenos captan a inferioridade do galego', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 25 outubro 2003, p. 64.

Entrevista a Euloxio Ruibal para "Latitudes". O dramaturgo e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega maniféstase arredor da crise editorial, que considera xeral e non só galega, e contrapón a unha certa recuperación do teatro. Afirmar que o escritor ten que conquistar e engaiolar o lector e que os intelectuais teñen que implicarse na sociedade. Canto á precaria situación da lingua galega entre a poboación máis nova, pensa que se trata ante todo dun problema de prestixio.

X.F., 'Para revitalizar a lingua o que fai falta é unha revolución', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 34, '¿Cara a onde camiña o galego?', 8 novembro 2003, p. 3.

Dentro do conxunto monográfico "¿Cara onde camiña o galego?" inclúese a opinión, en forma de entrevista, de Isaac Díaz Pardo, intelectual nado en Compostela no ano 1920. Para el a situación actual é moi precaria e a única maneira de solucionar o problema do abandono do galego nas xeracións máis novas sería "unha revolución".

X.F., 'Precisamos unha inmersión do ensino no galego', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 34, '¿Cara a onde camiña o galego?', 8 novembro 2003, p. 5.

Entrevista ao escritor Darío Xohán Cabana que nesta ocasión se refire, fundamentalmente, á situación actual do galego e ás medidas que cre serían oportunas para revitalizalo. Isto porque a mencionada entrevista se inclúe nun monográfico titulado "¿Cara onde camiña o galego?". Na presentación previa dise que, neste sentido de tentar paliar a desaparición da nosa lingua, o autor de *Galván en Saor* realiza un encrucillado en galego todos os días para o xornal *La Voz de Galicia*.

X.L.G., 'Tenemos más de 5.000 libros de todos los géneros literarios', *El Progreso*, 'Fotomatón', 9 maio 2003, p. 10.

Entrevístase á auxiliar da Biblioteca de Chantada, Belén Seijas Domínguez, que dá unhas breves pinceladas arredor dos fondos da biblioteca e o perfil dos seus usuarios.

X.T., 'A poesía é beleza de sentimentos e con ela expreso o que levo dentro', *Diario de Ferrol*, 'La entrevista del día', 6 maio 2003, p. 26.

Lourdes Lorenzo Barja, poeta de Narón, maniféstase nesta entrevista arredor do próximo encontro poético de Quiroga ao que vai asistir. Explica que levará tres poemas, como todos os participantes, e que ademais está intentando poñer en marcha o colectivo poético Vagalume na súa localidade.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.B., 'Desde a fiestra de don Paco/Del Riego retrata la cultura gallega a través de sus personajes', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 8 xaneiro 2003, p. 33/68.

Francisco Fernández del Riego retrata na súa nova obra *Desde a miña fiestra* diversas figuras da cultura galega. Durante a presentación sinalou que a obra é unha referencia da súa vida polo que aparecen nomes da cultura galega como Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, etc. Na obra recorda algunha das súas vivencias compartidas con eles.

A.F., 'Non esquecer/A voz de Rilke, Goethe e Rosalía ecoa no derradeiro adeus a Tobío', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 15 marzo 2003, p. 31/76.

Representantes da cultura galega despediron en Madrid a Lois Tobío, "un escritor fundamental do ideario galeguista". A cerimonia congregou, ademais dos familiares, a intelectuais e políticos galegos. Díaz Pardo destacou a contribución de Tobío ao rexurdimento do galeguismo e tamén como membro do equipo que redactou en 1936 o Estatuto de Autonomía de Galicia. Ademais lamentou o escaso recoñecemento do seu labor, mais quen si recoñeceu a figura do autor foi a representante do BNG (Bloque Nacionalista Galego) Marisa Vázquez que fixo un chamamento para que a súa figura non se esquecese, xa que grazas a el construíuse o nacionalismo galego. Durante a cerimonia léronse poesías de Rilke, fragmentos do *Fausto* de Goethe e *Negra sombra* de Rosalía de Castro.

A.G., 'El Instituto de Estudios Miñoranos llora la muerte del galleguista Lois Tobío', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 14 febreiro 2003, p. 30.

O Instituto de Estudos Miñoranos expresa a súa dor o día do óbito de Lois Tobío. Para eles foi un dos grandes persoeiros do século pasado e que nos deixou unha gran obra.

A.G., 'Manuel Rial no entiende cómo el PP y el PINN dejaron sin paseo a Casares', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 5 marzo 2003, p. 24.

Dá noticia dos problemas existentes no Concello de Nigrán para levar a cabo o proxecto de

denominar "Carlos Casares" un tramo do Paseo Marítimo de Panxón, co gallo do primeiro aniversario do seu pasamento e visto que os últimos vinte anos da súa vida pasounos nesta localidade pontevedresa.

A.G., 'Francisco Fernández del Riego dona la totalidad de su biblioteca a Nigrán', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 22 abril 2003, p. 20.

Francisco Fernández del Riego doa a súa biblioteca da casa de Nigrán tras ser nomeado Fillo Adoptivo desta vila. Aínda que nun primeiro momento pensara doar un millar dos catro mil exemplares ao final decidiu entregalos todos. A catalogación dos libros está a cargo do Instituto de Estudos Miñoranos.

A.J.P., 'Las entrañas de Verbum', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 2 maio 2002, p. 10.

Describe as partes de que consta a exposición permanente da Casa das Palabras, vinte e sete cubos, un por cada letra do alfabeto e outros dous de abreviaturas e signos de puntuación. Xogos, fotografías, mapas, adiviñas, xeroglíficos, ordenadores e similares guían ao visitante nun percorrido diferente pola historia das palabras.

A.J.P., 'El museo comienza a sufrir los efectos de las más de 16.000 visitas recibidas', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 2 maio 2002, p. 11.

Apunta o feito de que a Casa das Palabras recibiu nunha semana máis de dezaseis mil visitas, un éxito que se está saldando no entanto cun elevado vandalismo a deteriorar gravemente as instalacións. Nun artigo anexo incídese nese éxito en contraste co descontento do público coas exposicións temporais, descríbese brevemente a infraestrutura do museo e dáse conta de que xa ten director: Ignacio Oliveira.

A.N.T., 'A Xunta promove unha campaña para testar en galego', *A Nosa Terra*, nº 1.065, 'Sociedade', 16 xaneiro 2003, p. 18.

O presidente da Xunta, Manuel Fraga, promove unha campaña titulada "Non desherdes a túa lingua" que ten como obxectivo promover a redacción do testamento en galego. Con esta campaña preténdese que "o galego continúe a ser a lingua dos nosos fillos e do futuro do noso país". A campaña complétase co libro *Un futuro para a lingua* onde se recollen as demandas de persoeiros da sociedade galega actual.

A.N.T., 'Reclaman a recuperación da obra de Ramón Vilar Ponte', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Cultura', 23 xaneiro 2003, p. 25.

Para rememorar a figura de Ramón Vilar Ponte realizouse un simposio tras cincuenta anos despois da súa morte. Neste reclamouse a necesidade de editar a súa obra, incluso os seus escritos inéditos, cos que destacou polo seu pensamento político.

A.N.T., 'Manuel María homenaxea aos poetas da Terra Cha na súa entrada na Academia', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 30.

Coméntase a entrada do poeta Manuel María na Real Academia Galega. O acto de ingreso será o día 15 de febreiro no Auditorio de Vilalba. Tamén comenta que o discurso preparado para tal evento ten como protagonista a súa comarca e os seus poetas.

A.N.T., 'Homenaxes a Casares no seu primeiro cabodano', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Fálase das homenaxes previstas para rememorar a figura de Carlos Casares tralo seu primeiro cabodano. O 7 de marzo ten lugar en Vigo a inauguración da Fundación Carlos Casares e o día 9 do mesmo mes celébrase a ofrenda floral no cemiterio de Nigrán. Ademais publicanse tres libros que lembran ao escritor: *Carlos Casares, punto de encontro*; *A semente aquecida das palabras* e *O conto da vida*.

A.N.T., 'A riqueza editorial galega sorprende nos Salóns do Libro', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 31.

Menciónase o aumento das vendas na quinta edición do Salón do Libro celebrado en Santiago. Infórmase tamén que os títulos máis vendidos son os máis novedosos e de difícil adquisición nos establecementos (ensaio e poesía).

A.N.T., 'Euloxio Ruibal perfílase como novo presidente da Asociación de Escritores', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 31.

Primeiro fálase da traxectoria literaria de Euloxio Ruibal, sobre todo dramática, destacando algúns títulos. Logo dísenos que o autor seguramente sexa o presidente da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e faise un repaso dos presidentes anteriores. Remata con que este ano a celebración anual, na que se homenaxea a un escritor na súa terra de orixe, posiblemente sexa para Fernández Ferreiro.

A.N.T., 'O concello da Estrada censura os contos de Paula Carballeira', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 'Cultura', 8 maio 2003, p. 31.

Dá noticia da ameaza do Concello da Estrada á contacontos Paula Carballeira, con non pagarlle se na súa actuación aludía á guerra de Iraq ou á catástrofe do Prestige, e da reacción de Paula Carballeira informando ao público da censura de que eran vítimas, incitando así mesmo a que se denunciaran ese tipo de feitos.

A.N.T., 'Tres editoriais crean o Consorcio Editorial Galego', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 36.

Recolle a unión de Bahía Edicións, A Nosa Terra e Sotelo Blanco na empresa Consorcio Editorial Galego creada para editar e comercializar conxuntamente o libro de texto de xeito que poidan cubrirse todas as necesidades do sector coa produción interna e con prezos máis competitivos. Anota que é un proxecto aberto a novas incorporacións e di tamén que se ofrece como distribuidora doutros selos e entidades na procura dunha maior "visibilidade" do libro galego. Por último, sinala que o innovador do proxecto é que as tres editoras preservan a súa independencia.

A.N.T., 'O lobishome de Allariz ao cine', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 28.

Presenta a novela de Alfredo Conde, *Romasanta. Memoria incerta do home lobo* coma a base da película que será dirixida por Paco Plaza, producida por Xulio Fernández e con Elena Serra e Alberto Marini coma guionistas. Da novela, publicada cara á fin do ano e traducida ao español, ao italiano, ao ruso e ao inglés, explícase a historia de Manuel Blanco Romasanta, o home-lobo de Allariz, pola que xa se interesaran persoeiros coma Vicente Risco ou Carlos Martínez Barbeito.

A.N.T., 'Unha exposición mostra a relación de Valente cos artistas', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 28.

Refírese á exposición *A palabra e a súa sombra* e aos vencellos que esta amosa entre o poeta José Ángel Valente e as artes plásticas, a fotografía e algúns artistas en concreto; vencellos que deron lugar a obras coma *El péndulo inmóvil* (1962) ou *Cántigas de Alén* (1996).

A.N.T., 'O Parlamento debaterá en setembro a Lei do Libro', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 28 xuño 2003, p. 24.

Informa sobre o contido da Proposición da Lei do Libro, do Fomento da Lectura e das Bibliotecas Públicas presentada polo BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Parlamento, a través da deputada Pilar García Negro, que pretende recoller as principais demandas dos sectores implicados no mundo do libro.

A.N.T., 'Con Xaquín Lourenzo celébrase o ano da cultura tradicional', *A Nosa Terra*, nº 1.091, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 24.

Xira arredor da figura de Xaquín Lourenzo, *Xocas*, homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2004; aparece definido coma un gran estudoso da etnografía, da historia e da arqueoloxía, coma discípulo dos homes de Nós (Castelao, Risco e Cuevillas) e home de militancia galeguista, coma membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega e coma primeiro presidente do Museo do Pobo Galego.

A.N.T., 'Salvaterra celebra o XVII Festival da Poesía do Condado', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Cultura', 4 setembro 2003, p. 30.

Fala sobre a celebración do XVII Festival da Poesía do Condado en Salvaterra do Miño baixo o lema "Verbas para non esquecer", no que terá lugar o festival poético-musical presentado por Carlos Blanco e con participantes coma Manuel Rivas, Margarita Ledo, Kiko Neves ou Miguel Anxo Fernán-Vello.

A.N.T., 'A cultura mariñeira centra o congreso dos escritores en Corcubión', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 29.

Dá conta da organización do I Congreso de Cultura Popular e Mariñeira en Corcubión por parte da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). O programa inclúe, entre outras cousas, unha noite de contacontos, unha mesa redonda que xirará arredor da figura de Avilés de Taramancos na que o mar será visitado dende a literatura e un recital poético; finaliza comentando que a AELG dará a coñecer en setembro o título do mellor libro publicado durante o ano escollido entre os catro finalistas: *Memoria para Xoana* de Marica Campo, *Resistencia* de Rosa Aneiros, *Gameleiros* de Miro Villar e *O libro dos aparecidos* de Xerardo Quintiá.

A.N.T., 'Máis de cincuenta poetas debaterán sobre 'o actual' en Compostela', *A Nosa Terra*, nº 1.097, 'Cultura', 25 setembro 2003, p. 25.

Dise que o encontro literario promovido polo poeta portugués Alberto Augusto Miranda que terá lugar o día 3 de outubro no pub Dado-Dada de Compostela, xirará arredor do tema "Actual-Nom Actual", sobre o que debaterán os máis de cincuenta poetas participantes, que, ademais, interpretarán algúns dos seus poemas. Engade, finalmente, que o iniciador deste encontro éo tamén de diferentes proxectos editoriais nos que xa publicaron algúns galegos.

A.N.T., 'Só tres editoriais publicaron máis de cen libros en 2002', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 24.

Presenta os datos obtidos por un informe da AGE (Asociación Galega de Escritores) sobre o número de novos títulos publicados no ano por cada editorial, situando a Xerais, Rodeira e A Nosa Terra coma as únicas que superan a centena.

A.N.T., 'O escritor Xosé A. Neira Cruz renovará as áreas de infantil e xuvenil en Galaxia', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 25.

Céntrase na renovación das áreas infantil e xuvenil de Galaxia da man do autor Xosé A. Neira Cruz; fala, ademais, do proxecto do director da editorial, Víctor Freixanes, de crear as Bibliotecas de autor dedicadas aos clásicos das nosas letras, das que están xa abertas as de Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor, e en camiño as de Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares e Ánxel Fole.

A.N.T., 'Congreso sobre Bóveda a finais de novembro en Pontevedra', *A Nosa Terra*, nº 1.102, 'Cultura', 30 outubro 2003, p. 25.

Expón as actividades que se desenvolverán con motivo do congreso *A Galiza e Alexandre Bóveda* que conmemorará en Pontevedra o centenario do seu nacemento: unha mesa redonda sobre a súa presenza no ensaio actual e un recital no que participarán arredor de vinte e cinco poetas, entre eles Ana Romaní, Manuel María, Luísa Villalta, Darío Xohán Cabana e o propio fillo do galeguista Xosé Luís Bóveda.

A.N.T., 'Centos de adhesións ao Congreso da Memoria de Narón', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 25.

Fala do *Congreso da Memoria. A represión franquista en Galicia* que se celebra en Narón entre os días catro e sete de decembro, no que intervirán Isaac Díaz Pardo, Manuel Rivas e Claudio Rodríguez Fer, que porá peche cun recital á terceira sesión do congreso.

A.N.T., 'Cinco congresos para rematar o mes', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 25.

Dá conta de cinco congresos que terán lugar entre o mes de novembro e o de decembro. Dous en Pontevedra: *A Galicia de Bóveda*, que afonda sobre a figura do galeguista e o seu contexto histórico, ao que porá fin o recital poético *Bóveda na voz dos poetas*; o congreso internacional sobre Valle Inclán, ao que foron convidados Xosé Luís Méndez Ferrín e Claudio Rodríguez Fer. O *Congreso da Memoria. A represión franquista en Galicia* celebrado en Narón e inaugurado cun discurso de Isaac Díaz Pardo e Manuel Rivas. Tamén se lembrou na Coruña e en Ferrol a figura do escritor Xosé Rubia Barcia con diferentes actos, centrados algúns na literatura. Informa tamén da presentación do libro *Bibiano Osorio Tafall. Tempo de Exilio* de Baldomero Cores Trasmonte, no mesmo ano no que se conmemora o centenario do alcalde republicano.

A.N.T., 'Premios, presentacións e novas coleccións poéticas', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 29.

Anuncia o nacemento da nova colección *Poesía* de Xerais, que se abrirá con *(Cito)* de Emma Couceiro e *As cidades mergulladas* de Marilar Aleixandre. Presenta tamén os dous libros gañadores da sétima edición do premio Johán Carballeira: *Héleris* de Carlos Negro e *Vogar de Couse* de Alexandre Nerium, que saíran publicados baixo o selo Espiral Maior. Pasa finalmente a falar da presentación doutros dous libros: *Caderno apócrifo da pequena defunta*, homenaxe de Eduardo Estévez á poeta Alejandra Pizarnick, que se publicará en Edicións do Castro, e *Palabras para un parque hidráulico* de David Creus que se publicará na editorial TresCtres.

A.N.T., 'Literatura en papel de regalo', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 28.

Enumera as novidades dispoñíbeis para os lectores neste Nadal; comeza coa novela destacando *Os meus ollos* de Ramiro Fonte, *A esfinxe de Amaranto* de Antón Riveiro Coello, *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro, *O tempo en ningunha parte* de Xosé Manuel Martínez Oca, *Desventura* de An Alfaya, *Ácaros verdes* de Pilar Buela, *A fuxida da loba* de Carlos Laredo, *Bieito Dubidoso* de Roque Cameselle, *A estrela dos polisóns* de Luís Rei Núñez, *A luz da eclipse* de Francisco A. Vidal, *A vida que nos mata* de Xavier López e a tradución de Dolores Vilavedra de *Un nome de diccionario*, último título de Amélie Nothomb; continúa co relato, no que sitúa a Manuel María con *Historias do empardecir*, a Alfonso Pexegueiro con *O deserto de Navalpam*, a Xosé Cid Cabido con *Fálame sempre*, a Medos Romeo con *O trevo da sorte*, a Antonio Pereiro con *Contos da Cábila* e a máis de vinte autores en *Palabra por palabra. Contos da policía*; a seguir presenta as novidades poéticas, entre as que atopamos *Desmentindo a primavera* de Marilar Alexandre, *(Cito)* de Emma Couceiro, *Heleris* de Carlos Negro, *Vogar de Couse* de Alexandre Nerium, *Casa última* de Xulio Valcárcel, *Elexías do Camba* de Xosé Luís Rúa, *De crúa* de Estevo Creus,

Caderno apócrifo da pequena defunta de Eduardo Estévez e *Texas* de Alberto Avendaño. Non faltan traballos de investigación coma *A configuración do sistema teatral galego de 1882 a 1936* de Manuel F. Vieitez, a publicación das actas do congreso de Avilés de Taramancos celebrado en Cork e coordinado por Martín Veiga, o volume *O libro dos exemplos* que publica *A Nosa Terra* como lembranza a Raimundo García "Borobó" e as biografías de Arturo Noguerol, Carlos Casares, Ramiro Paz Carvajal e Álvaro de las Casas contadas por, respectivamente, Román Alonso e Xesús Fernando, Ramón Loureiro, Aurora Marco e Uxío Breogán Diéguez.

A.N.T., 'Nove premios en catro días', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Cultura', 24 decembro 2003, p. 22.

Destaca a presenza de mulleres na entrega de premios de poesía no remate do ano 2003 e fai un percorrido por estes que comeza con María do Cebreiro, gañadora do "Premio Caixanova" con *Non queres que o poema te coñeza*; continúa con María Comesaña e o seu *Zoonose*, que mereceu o "Premio Eusebio Lorenzo Baleirón" e con *O útero dos cabalos*, de Lupe Gómez, que levou o "Premio Johán Carballeira"; foi Xan Rodiño o único home premiado nun certame de poesía, concretamente no "Faustino Rei Romero" con *Fraude do amor eterno*. En narrativa e teatro sinálase o predominio de autores inéditos: o "Torrente Ballester" foi para *As humanas proporcións* de Xesús Constela Doce, o "Modesto Figueirido" de relato conseguiu Xosé Luís Álvarez con *De noite non reces aos ídolos*, e Xavier López Rodríguez e Andrés Pociña levaron cadanseu accésit con *Fiordes* e *O colar indio*; o "Premio Álvaro Cunqueiro" de textos teatrais foi para *Hai que confiar na esperanza* de Siro López; e xa por último o "Roberto Blanco Torres" parou en mans de Bieito Iglesias polos seus artigos en *A Nosa Terra* e as colaboracións en *Tempos Novos*, e o "Johán Carballeira" recoñeceu *A aldea perdida* de Eduardo Rolland.

A.P., 'Fallece a los 87 años el escritor y periodista cesureño 'Borobó'', *Diario de Pontevedra*, 'Caldas/Deza/Tabeirós', 29 agosto 2003, p. 22.

Anuncia a morte do escritor e xornalista cesureño nacido no ano 1916, Raimundo García "Borobó", do que se fai un breve trazado da súa traxectoria xornalística en diferentes publicacións, engadindo a isto o feito de ser escritor de comedias, narracións, guiños de cine, dunha biografía da Bela Otero e do libro *O Cesures de don Víctor*.

A.Q., 'Las poetisas Krukenberg, Xela Arias y Carmen Panero iniciaron los actos del Día de la Mujer', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 1 marzo 2003, p. 42.

As tres poetisas ofreceron un recital de poesía no primeiro acto do Día da Muller Traballadora. Ademais presentaron unha antoloxía poética *Elas II*. A poetisa Krukenberg falou de que aínda que teñen diferencias poéticas comparten os mesmos momentos históricos.

A.V., 'Páxinas do exilio', *O Correo Galego*, 'AFA', 30 marzo 2003, p. 51.

Fálase da Biblioteca do Exilio e o seu obxectivo, reeditar obras de autores exiliados en 1939. A colección pretende chegar aos cen títulos pero para iso necesita un mínimo se

subscritores.

A.V., 'Galicia leva mil títulos á Feira do Libro de Bos Aires', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 abril 2003, p. 33.

Comeza a XXIX Feira do Libro de Bos Aires, a Consellería de Cultura da Xunta participa con máis de mil publicacións. Menciónase tamén a homenaxe que o goberno dedica a Cunqueiro. Ademais faise unha pequena panorámica do que se vai desenvolver na feira e como foi adquirindo importancia desde a súa creación en 1975 ata hoxe.

A.V., 'A Biblioteca do Gaiás estará lista en dous anos', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 21 novembro 2003, p. 50.

Informa sobre o inminente comezo das obras da Biblioteca da Fundación Cidade da Cultura, no Monte Gaiás de Santiago, que acollerá o patrimonio bibliográfico galego, facendo fincapé nos fondos espallados en institucións culturais e entidades públicas, e na adquisición de doazóns e legados de arquivos e bibliotecas de personalidades.

Abejón, Paloma, 'Muere en Madrid el escritor e intelectual galleguista Lois Tobío', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 marzo 2003, p. 45.

Faise un pequeno comentario sobre as causas da morte de Lois Tobío, un dos últimos representantes do renacemento cultural galego do século XX. Logo esbózase unha pequena panorámica do seu labor literario, dende o comezo ata os últimos días, mais é un labor que está sen recoñecer.

Abejón, Paloma, 'Madrid rescata a Cunqueiro y organiza la primera exposición tras su muerte', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 23 abril 2003, p. 42.

O Círculo de Belas Artes de Madrid organiza a primeira exposición sobre Cunqueiro recuperando a súa produción literaria. Antonio Molina, o director, destaca a necesidade de que Galicia reedite a súa obra como fixo con outros autores da literatura galega. Ao final fálase dos lugares aos que ten pensado chegar a exposición.

Abilleira, Marina, 'Cultura activa una campaña de recogida de fondos bibliográficos', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 30 decembro 2003, p. 13.

Dá conta da iniciativa "Apadriña un libro", posta en marcha polo concello de Bueu coma fonte de financiamento extra para a adquisición de novos libros por parte das catro bibliotecas municipais e, para implicar a toda a poboación nos centros de lectura.

Adán Rodríguez, Rafael, 'Manuel Rivas y El Lápiz del carpintero', *El diario montañés*, 'Cultura', 25 xullo 2003, p. 71.

Comeza salientando o compromiso de Manuel Rivas con Galicia e co movemento social "Nunca Máis" para despois facer unha pequena aproximación a *O lapis do carpinteiro* (1998). Sinala o seu éxito dende a saída á venda en maio de 1998, indica as súas múltiples

traducións, resalta algúns dos premios acadados con esta novela e destaca que foi levada ao teatro e ao cinema. Finalmente achégase á súa versión cinematográfica e invita ao lector a ler a novela antes de ver esta adaptación.

AFA, 'Comunicación humana', *O Correo Galego*, 'AFA', 11 xaneiro 2003, p. 30.

Refírese á presentación da primeira obra de Raquel Miragaia, *Diário Comboio*, e fala do libro desde as motivacións para escribilo ao feito de que o acompañan fotografías de Luz Castro, pasando por alusións ao escenario, aos personaxes, ao narrador e ás relacións intertextuais.

AFA, 'Conciencia galega/María Reimóndez inaugura a súa andaina literaria con 'Moda galega'', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 18 xaneiro 2003, p. 33/68.

Sinala a publicación por Positivas de *Moda Galega* (2002) e *Mitos e lendas hindús* (2002), un poemario e unha tradución que abren a carreira literaria de María Reimóndez, e describe brevemente ambas obras. Nun anexo anuncia un próximo recital poético na Casa das Crechas organizado por IND (Implicadas/os no Desenvolvemento), ONG fundada pola escritora.

AFA, 'O medo da clase media/Baamonde achega a súa visión de Galicia en 'Aire para respirar'', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 xaneiro 2003, p. 31/67.

Sinala o cambio de traxectoria que *Aire para respirar* (2002) supón para o seu autor; di que analiza a saúde económica, sociolóxica e cultural do país desde a propia experiencia, e que a polémica está asegurada polas corrosivas opinións deitadas en torno a figuras tan emblemáticas como Beiras, Francisco Rodríguez, García Negro, Ferrín e Manuel Fraga, entre outros.

AFA, 'Alén das palabras/Follas Novas presentará hoxe 'O libro dos abanos'', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 24 xaneiro 2003, p. 33/68.

Anuncia que a poeta María do Cebreiro vai presentar *O libro dos abanos (Palabras no aire)* na Librería Follas Novas, un volume que recolle os abanos e os textos da exposición da Galería Noroeste xunto cunha introdución de Anxo Tarrío, unha presentación polos responsables da galería e un texto de Filgueira Valverde sobre un precedente nunha exposición de Vigo de 1922. Lembra tamén os nomes dalgúns autores que participan.

AFA, 'Diálogos de xéneros', *O Correo Galego*, 'AFA', 25 xaneiro 2003, p. 33.

O presidente da Asociación Galega de Productoras Independentes, Valentín Carreras e Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación Galega de Editores, presentaron un informe sobre a adaptación audiovisual do Fondo Editorial Galego, resaltando a importancia dos proxectos audiovisuais para a difusión e promoción do libro galego. Partindo doutros exemplos como *A lingua das bolboretas* de Manuel Rivas ou *O bosque animado* de Fernández Flórez, escolleron dezaseis obras galegas para adaptalas ao cinema. Ademais presentaron o documental *Soños de papel*, elaborado pola Televisión de Galicia e o o

Centro Galego das Artes da Imaxe, no que se fai un repaso da produción española e galega das adaptacións de obras literarias ao cinema. A parte final da presentación do informe, foi completada cunha mesa redonda no Consello da Cultura Galega titulada "A relación da literatura e o cine galego" na que participaron figuras do mundo audiovisual e editorial.

AFA, 'Diálogo de xéneros/Dezaseis títulos das letras galegas terán a súa 'traducción' audiovisual ', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 25 xaneiro 2003, p. 33/74.

Dá conta do acordo entre a AGAPI (Asociación Galega de Produtores Independentes) e a AGE (Asociación Galega de Editores) para levar ao audiovisual dezaseis novelas galegas acadando así unha retroalimentación dos xéneros. Sinala que xa se fixo un informe ao respecto, unha mesa redonda e o documental *Soños de papel*, así como fai mención dalgúns dos títulos implicados e lembra éxitos do audiovisual galego que foron adaptacións literarias.

AFA, 'Galicia Moderna/O Centro Ramón Piñeiro recupera a revista 'Galicia Moderna', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 31 xaneiro 2003, p. 31/76.

Informa da publicación por parte do Centro Ramón Piñeiro e da Xunta de Galicia dunha análise sobre *Galicia Moderna*, semanario creado na Habana (1885-1890) coma lembranza a Galicia e para a difusión da súa cultura. Sinala despois que o traballo, titulado *Galicia Moderna (Semnario de Intereses Generales)* foi realizado por Luís Alonso Girgado, Natalia Regueira e Josefa Beloso Gómez, e sitúa a revista na época do asociacionismo e da emigración masiva de fins do século XIX.

AFA, 'O símbolo dunha época/A colección poética 'Ablativo Absoluto' desaparecerá neste ano', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 5 febreiro 2003, p. 31/68.

Anuncia a desaparición da "contracanonica" colección Ablativo Absoluto, non por unha crise segundo dixo o seu director Fran Alonso, senón porque xa cumpriu a súa función de dar a coñecer as voces da poesía dos noventa e é precisa unha renovación e novos espazos para a creación.

AFA, 'Arte de trobar/Cabanillas e Xavier Seoane abren a colección poética 'Arte de trobar', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 8 febreiro 2003, p. 30/68.

Dá noticia dos primeiros títulos da colección 'Arte de Trobar' do Pen Clube financiada por Caixanova: unha *Escolma poética* de Cabanillas feita por Xesús Rábade Paredes e a obra gañadora do Premio Caixanova de Poesía *Dársenas do ocaso* de Xavier Seoane. Logo enumera os compoñentes do consello de edición: Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego, Luz Pozo, Basilio Losada, Darío Villanueva e Arcadio López Casanova.

AFA, 'Marcos Valcárcel afonda no ourensanismo de Carlos Casares/Lembranza e homenaxe', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA', 11 febreiro 2003, p. 68/32.

Sinala que o concello de Ourense edita *Carlos Casares. Punto de encontro. Lembranza e homenaxe desde Ourense* en lembranza do autor e do seu "ourensanismo profundo", coordinado por Marcos Valcárcel e con prólogo de Vitor Freixanes. Repasa así mesmo as cinco partes de que consta o volume: artigos de Casares, entrevistas, artigos sobre Casares, lembranzas del por outros autores e unha cronoloxía ilustrada.

AFA, 'O debut do experto/Guede estréase na escrita dramática con 'O nome dos disfraces', que hoxe presenta', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 12 febreiro 2003, p. 35/68.

Anuncia a presentación da primeira publicación teatral de Manuel Guede, director do CDG (Centro Dramático Galego), *O nome dos disfraces* (2002), na Sala Iago, coa participación de Amancio Liñares, Eduardo Alonso, Inma López e Anxo Abuín como presentadores e Antonio Simón, Elina Luaces e Marta Villar para a lectura dramatizada. Contén tamén algunha alusión biográfica sobre o estilo do autor.

AFA, 'Manuel María le hoxe en Vilalba o discurso de ingreso na Real Academia Galega', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 febreiro 2003, p. 32.

Anuncia a próxima lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Manuel María en Vilalba que versará sobre o que é para el a Terra Chá, sobre poetas da zona e finalmente entre estes incidirá nos eternos Xosé Crecente Vega, Xosé M^a Díaz Castro e Aquilino Iglesia Alvariño.

AFA, 'O Poeta no seu sitio', *O Correo Galego*, 'AFA', 16 febreiro 2003, p. 48.

Dá noticia do ingreso de Manuel María na Real Academia Galega, feito retrasado pola dificultade para esquecer as duras críticas á institución que este fixera no pasado. Di tamén que a nova normativa é unha das súas prioridades e que o seu discurso de ingreso *Terra Chá: poesía e paisaxe* foi respondido por Xosé Luís Méndez Ferrín.

AFA, 'Autopoético/Manuel María ingresa na Academia nun acto histórico e multitudinario', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA', 16 febreiro 2003, p. 49/74.

Fai un relatorio do acto de ingreso de Manuel María na RAG (Real Academia Galega) celebrado en Vilalba. Comenta desde o carácter multitudinario do mesmo ao contido dos discursos que, o do novo académico, versou sobre a Terra Chá, a súa paisaxe e os poetas que a cantaron; o discurso de Xosé Luís Méndez Ferrín tivo como tema a análise da obra de Manuel María. Di que ambos se referiron á guerra de Iraq e ao Prestige e por último sinala a asistencia de escritores importantes.

AFA, 'O home crucial/O ingreso de Manuel María na RAG pulará o acordo normativo', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 febreiro 2003, p. 16/68.

Incide na importancia da incorporación de Manuel María á Real Academia Galega no momento en que se debate a posible nova normativa salientando o feito de que este se

inclinaba a favor duns cambios para a concordia xa antes da súa entrada na institución.

AFA, 'Rosa Aneiros pacta co lector unha novela de amor, fonda e libertaria', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 21 febreiro 2003, p. 68.

Rosa Aneiros (Traza, Meirás, Valdoviño, 1976) presentou a súa nova novela *Resistencia* (Xerais, 2003) como unha historia de amor e resistencia política. A obra ubícase no Portugal do réxime salazarista.

AFA, 'A vida na palabra/O CCG retoma a palabra de Carlos Casares no cabodano da súa morte', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 9 marzo 2003, p. 49/75.

O Consello da Cultura Galega fixolle unha homenaxe a Carlos Casares no cabodano da súa morte. Durante o acto léronse fragmentos de obras súas, entre elas *Ilustrísima*, e fíxose un balance das súas aportacións á lingua e literatura galegas.

AFA, 'Espacio submarino de poesía e acción', *O Correo Galego*, 'AFA', 11 marzo 2003, p. 31.

Indícase que *Batiscafo* é unha nova fórmula ideolóxica e estética disposta a intervir e crear propostas "non contaminadas", informando de que a súa primeira "inmersión" en formato revista se presentará no pub A Reixa de Compostela. Sinálase que o proxecto foi xestado por Alfonso Pato, que o define como un laboratorio creativo, Iris Cochón e Antón Lopo, que o deseño é de Manolo Martínez e que está vinculado a Burla Negra. Apúntase así mesmo que este primeiro número conta coa presenza de Manolo Romón, Chus Pato, Manuel Outeiriño, Arturo Casas, Lupe Gómez, Xavier Cordal, Xavier Queipo e Daniel Salgado. Asegúrase que *Batiscafo* é unha revista sen selo, porque ademais de sair á luz en novas entregas en CD-ROM, pretende realizar performances, ocupacións da rúa ou mesmo reconverter o espazo privado en público. No tocante á presentación da mesma, salientase que se produce catro meses despois de que os homes e mulleres de Muxía visen o Prestige á deriva, e indícase que se desenvolverán dúas "accións" de Alfonso Pato e Antón Lopo, que Lili Berlín fará algunha particular versión dalgún dos textos e que tamén participarán Manolo Martínez, Manuel Rei, Chus Pato e Lupe Gómez.

AFA, 'Volver a Tobío', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 marzo 2003, p. 33.

Coméntase a figura do autor como político e as súas ideas políticas.

AFA, 'O noso home no mundo', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 marzo 2003, p. 31.

Primeiro fálase da relación de Lois Tobío con Francisco Fernández del Riego. Logo menciónase o escaso recoñecemento que tivo e o que significa a súa perda para Díaz Pardo, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, Ramón Villares, Xesús Pérez Varela e o Bloque Nacionalista Galego.

AFA, 'Escritor, estudante', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 15 marzo 2003, p. 34/76.

O Pen Clube de Escritores de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela uníronse para homenaxear a Carlos Casares poucos días despois do seu cabodano. Durante o acto léronse fragmentos das súas obras e recordáronse os seus anos como alumno da Universidade de Santiago de Compostela.

AFA, 'O Salón do libro en Compostela aumenta nun 40% as súas vendas e asistencia', *O Correo Galego*, 'AFA', 16 marzo 2003, p. 51.

O Salón do Libro en Compostela aumentou o número de visitantes e de vendas respecto ao ano pasado.

AFA, 'Será o 25 de abril', *O Correo Galego*, 'AFA', 18 marzo 2003, p. 51.

O 25 de Abril estréase a adaptación cinematográfica da novela de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro*, unha das obras de maior éxito na literatura galega actual. O filme, baseándose na novela, narra as vidas de Daniel da Barca e Marida Mallo, "dous mozos que viven o seu amor en tempos de loita.

AFA, 'Amigo medo' ou cando a historia se desmonta/Xavier López recupera para a ficción un episodio da guerra civil', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 20 marzo 2003, p. 52/68.

Xavier López relata en *Amigo medo*, utilizando a primeira persoa, o paso do xeneral republicano Caminero a Portugal tralo golpe fascista do 36.

AFA, 'O ámbito da acción', *O Correo Galego*, 'AFA', 22 marzo 2003, p. 33.

Fálase da reunión que os membros das Redes Escarlata teñen en Teo e cales son os seus obxectivos. Maníéstase o desacordo con aquelas persoas que pensan que é só unha asociación para poetas cando vai máis alá, aínda que nun primeiro momento funcionase unicamente a sección poética. Lémbrese ademais que o Rexurdimento tivo lugar gracias aos poetas.

AFA, 'A unión do futuro', *O Correo Galego*, 'AFA', 23 marzo 2003, p. 51.

Dá conta da Asemblea Xeral celebrada onte pola asociación cultural Redes Escarlata, na que se reelixiu a súa actual xunta directiva e na que acordou crear un premio co nome de Roberto Vidal Bolaño; con este premio, en homenaxe ao actor e director falecido, premiarase a aquela personalidade ou colectivo caracterizado polo seu esforzo no proxecto de construír Galicia. Nesta Asemblea acordouse, asemade, crear unha Comisión de Reflexión e Defensa do Patrimonio Natural, organizar unha serie de recitais poéticos por todo o país e colaborar coa Asociación Cultural Dorna da Illa de Arousa para erguer un monumento a Manuel Antonio.

AFA, 'Os restos mortais de Maruxa Seoane serán incinerados hoxe', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 76.

Dáse conta do falecemento de Maruxa Seoane aos noventa e un anos de idade. Nos derradeiros anos da súa vida estivo dedicada a acadar a inauguración da Fundación Luís Seoane, na Coruña e, agora, os restos da viúva do pintor coruñés serán depositados no cemiterio de Feáns. Lémbrese a súa vida ao carón do pintor e os difíciles anos que pasaron xuntos no exilio en Bos Aires.

AFA, 'O realismo absurdo/Laiovento publica a obra 'Á espera de Godot' en traducción de Pillado', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 2 abril 2003, p. 76.

Referencia á tradución de *Á espera de Godot* de Samuel Beckett, realizada por Francisco Pillado Maior e publicada con motivo do cincuenta aniversario da súa estrea. Ofrecense as palabras do propio traductor, que di ter feito unha versión renovada do texto e nega a teoría que identifica a Godot co mesías xudeo-cristián, así como a consideración desta obra como teatro do absurdo, xa que na súa opinión é máis ben teatro realista. Por último, sinala que a ausencia de diálogo é unha mostra da actualidade e plena vixencia da obra.

AFA, 'A enerxía do pobo', *O Correo Galego*, 6 abril 2003, p. 49.

Fala da publicación de *Maré do pobo a arder* como iniciadora da colección de poesía reivindicativa "Editora negra". Recóllense as ideas do autor en torno ao que debe ser este tipo de poesía e sinala que o texto está centrado na reacción popular dos galegos máis que no desastre do petroleiro Prestige.

AFA, 'Álvarez Cáccamo estrea con 'Maré do pobo a arder' nova colección de poesía', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 6 abril 2003, p. 76.

Dáse conta da creación da colección "Editora negra" e da aparición do seu primeiro título, *Maré do pobo a arder*, salientando o carácter non venal da edición e o feito de o autor ter publicado anteriormente obras semellantes de carácter reivindicativo.

AFA, 'A gran librería on line', *O Correo Galego*, 'AFA', 8 abril 2003, p. 31.

Explicase o proxecto de unir todas as librerías mediante Internet. As expectativas do proxecto son favorábeis a un aumento nas vendas dos libros.

AFA, 'Euloxio Ruibal, candidato para substituír a Bernardino Graña á fronte da AELG', *O Correo Galego*, 'AFA', 12 abril 2003, p. 33.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega terá que elixir un novo presidente. Segundo as expectativas o máis probábel é que sexa Euloxio Ruibal.

AFA, 'Polo mesmo camiño/Euloxio Ruibal manterá unha liña continuísta á fronte da AELG', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 13 abril 2003, p. 50/76.

Coméntase o resultado da elección do novo presidente da AELG e os seus obxectivos. Ademais dise que o premio ao escritor consagrado na súa terra é para Xosé Fernández Ferreiro.

AFA, 'As editoras galegas reducen as tiraxes a mínimos históricos', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 23 abril 2003, p. 76.

Menciónase a crise dos libros en galego que xa se mantén desde hai algúns anos.

AFA, 'As transparencias', *O Correo Galego*, 'AFA', 25 abril 2003, p. 32.

Sinala a publicación do primeiro libro da poeta Asun Arias, tras anos de publicar poemas soltos por distintas revistas; o libro titulado *Muller de vidro* ten como protagonistas a unha muller e a Valdeorras. A obra leva ilustracións de Pablo Otero.

AFA, 'Vocación de compromiso/A lección de Ferrín', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Cultura', 26 abril 2003, p. 33/75.

Dá noticia do acto de clausura da XX Semana Galega de Filosofía na que, entre outras intervencións ás que alude, recolle a participación de Xosé Luís Méndez Ferrín coa ponencia *Espacios imaxinarios e realidade social na Literatura* onde fala da prevalencia dos espazos urbanos, do epicentro ourensán da nosa prosa, do Far West como símbolo imperialista e tamén da importancia da materia artúrica.

Agrelo Sellán, Javier, 'O retorno de Hércules', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 3 agosto 2003, p. 7.

Javier Agrelo Sellán (A Coruña, 1972) fai un breve relato que ten como tema a catástrofe do Prestige. Nel, o eterno descanso de Hércules no monte Olimpo vese interrompido por tristes laios humanos que o fan descender á beira atlántica, onde topa con ese monstro, con esa xigante masa negra contra a que nada pode facer.

Alcalá, Xavier, 'Fuera, fuera protestantes', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 23 agosto 2003, p. 6.

Xavier Alcalá (Miguelterra, Ciudad Real, 1947) describe a vivencia que un rapaz ten da procesión da súa aldea, durante a que se pronuncian cantos de repulsa aos protestantes que alí viven, xusto ao pasar por diante da tenda da nai dos dous amigos deste.

Alonso Montero, Xesús, 'De Catoira a Mondoñedo coa bandeira republicana', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 23 agosto 2003, p. 41.

Fai referencia aos coloquios, debates, conferencias e recitais, arredor de temas coma o compromiso do intelectual coa causa esquerdista, realizados por centos de republicanos en Catoira; co mesmo senso celebrouse en Rianxo unha homenaxe a Manuel Leiras Pulpeiro.

Alonso, Carmen, 'Las obras sobre la marea negra se venden estos días al ritmo de siempre', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 15 novembro 2003, p. 16.

É unha entrevista a Pepe Díaz, libreiro, na que dá conta das últimas publicacións en relación ao Prestige (*¿Qué foi do Prestige?*, de varios autores e algunha cousa para nenos) e do máis solicitado (os ensaios de Suso de Toro e o libro publicado por Galaxia con fotos de Xurxo Lobato); engade, para rematar, que as vendas non se incrementaron por mor do aniversario da catástrofe, senón que continuaron o seu ritmo normal.

Alonso, Xurxo, 'Poemario: as cidades de area', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 28 xuño 2003, p. 45.

Dá algúns datos biográficos sobre o pintor e poeta Xurxo Alonso e traza brevemente a súa traxectoria poética, para pasar a reproducir despois catro poemas do seu último poemario *Cidades de Area*, que resultou gañador do "II Premio de Poesía Fermín Bouza Brey".

Álvarez Martínez, Gabriel, 'Nostradamus dixit', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 8 agosto 2003, p. 6.

Gabriel Álvarez Martínez (O Carballiño, 1985) achégase na súa narración á humanidade preto xa do século XXXI, vivindo en cúpulas que a protexen dos irrespirábeis gases exteriores.

Álvarez Reza, Gumersindo, 'Romy Nº1', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 29 agosto 2003, p. 6.

O relato que ofrece Gumersindo Álvarez Reza xira arredor da vida dun personaxe de nome Rosamaría e a súa relación co mundo do cinema.

Álvarez, Armando, 'Antón Reixa', *Faro de Vigo*, 'Tal como es', 27 abril 2003, p. 13.

Retrato dun home polifacético: poeta, filósofo, profesor, cantante, compositor, presentador, actor, realizador, produtor, locutor, director e o que poida ser aínda; destaca a imposibilidade de encasillalo fronte á pulsión globalizadora da economía de mercado en que vivimos.

Álvarez, Elisa, 'Mestres de profesión e de vocación', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 novembro 2003, p. L6.

Indica que a celebración do vixésimo aniversario do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, impulsado por profesores coma Agustín Fernández Paz, terá lugar o día 22 de novembro no Panteón de Galegos Ilustres cunha exposición en homenaxe a Castelao na que se combina o texto e as imaxes en corenta e dous cartaces. Identifica, finalmente, o movemento coma o iniciador da colección editorial "Cadernos de Nova Escola Galega" e da *Revista Galega de Educación*.

Álvarez, Natalia, 'Literatura, música y cine para regalar en Navidad', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4

costados', 22 decembro 2003, p. 14.

Fai un percorrido polo máis vendido nas librerías este Nadal: Suso de Toro, Manuel Rivas ou *O país de Nunca Máis*, de Xurxo Lobato ocupan os primeiros postos; sinálase coma o máis novidoso *A vida que nos mata*, de Xabier López López ou *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Vilas; e para os máis pequenos a colección "Maisy" e os *Chibos Chibóns* da editorial Kalandraka.

Amarelle, Raquel G., 'Edicións do Castro recupera la obra de cien autores del exilio republicano', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 22 abril 2003, p. 19.

Presenta a Isaac Díaz Pardo coma o promotor da aposta de Edicións do Castro pola fundación da "Biblioteca del Exilio" co fin de recuperar as obras descoñecidas de autores que foron vítimas do exilio republicano e que sairán acompañadas de cadanseu estudo introdutorio que facilita a comprensión da obra.

Andaluz, Cándida, 'Escritores ourensanos leerán textos contra la marea negra en solidaridad con los afectados', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 3 xaneiro 2003, p. 6.

Infórmase de que os escritores ourensáns Camilo Franco, Ramón Caride Ogando, Xosé M.^a Pérez Álvarez, Xerardo Méndez, Claudio Pato, Francisco Xosé Fernández Naval e Cesáreo Sánchez Iglesias participarán no Liceo de Ourense nun recital literario aberto organizado por Nunca Máis e Burla Negra baixo o epígrafe "Os escritores ourensáns contra a marea negra en solidariedade cos afectados".

Andaluz, Cándida, 'Escritores ourensanos piden que se mantenga en la memoria la catástrofe', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 4 xaneiro 2003, p. 3.

Indícase que o Liceo de Ourense quedou pequeno para o recital de escritores ourensáns sobre a súa visión da catástrofe do *Prestige* nun acto no que se puxeron á venda postais e onde os escritores propuxeron nas súas alocucións como obxectivos recadar fondos e axudar á vítimas.

Aneiros, Rosa, 'Granada sabe a azahar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 'Viaxes literarios', 3 maio 2003, p. 13.

Constitúe un "percorrido lírico" por Granada seguindo os pasos de Soledad Montoya da man dos cinco sentidos, pódolle cor, sabor, son, textura e aroma á cidade. Alude tamén a autores coma Federico García Lorca, Washington Irving e Juan Ramón Jiménez, e deixa que a voz dalgún deles insinúe vivencias e personaxes na percepción da cidade.

Angueira, Mercedes, 'A cultura do viño da man de Rosalía e Cabanillas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 11 outubro 2003, p. 36.

Expón o contido da mostra "Rosalía e Cabanillas a través do viño" acollida no Museo Etnográfico e do Viño de Cambados, composta por material diverso que dá conta da

presenza do tema vitivinícola en cadansúa obra e por curiosidades coma unha tradución ao chinés de Rosalía; remata reproducindo un poema que Cabanillas dedicou á poetisa en 1917 para amosar a gran admiración que por ela sentía.

Angueira, Mercedes e Gonzalo Bouza-Brey, 'O pintor e poeta expón na galería Borrón 4 de Cambados', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 outubro 2003, p. 33.

Presenta ao pintor e poeta bonaerense Xurxo Alonso e ao seu único libro publicado: *Onde viven os saqueadores de Naufraxios*, co que acadou o "VI Premio de Poesía Johán Carballeira", o "Francisco Añón" de 1998, o "Xohán de Requeixo" no 1999, o "Avelino Valladares" no 2000 e o "Feliciano Rolán" no 2001; engade que *Cidades de area*, gañador da II edición do certame "Fermín Bouza-Brey" está xa para publicar e que está rematando un novo volume de poemas.

Araguas, Vicente, 'Poesía, por favor, nas ondas galegas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 xaneiro 2003, p. 3.

Reclámase un oco para a poesía nos medios de comunicación.

Araguas, Vicente, 'Mirábamos con Aníbal Núñez o que ficaba en pé de Casa Lys', *ABC*, 'ABC Cultural', nº 584, 'Poesía', 5 abril 2003, p. 13.

Esbózase unha breve noticia biográfica e literaria de Vicente Araguas que ven acompañada da reprodución do poema "Mirábamos con Aníbal Núñez o que ficaba en pé de Casa Lys" en galego e traducido ao castelán polo propio autor.

Araguas, Vicente, 'Pro Henry Bsuchau, un referente moderno', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Poesía', 11 maio 2003, p. 3.

Sínálase que o número catro de *Amastra-N-Gallar* céntrase no poeta belga Henry Bauchau, unha das referencias da poesía europea moderna, ofrecendo Emilio Araúxo a tradución do seu poema "A xorda orella ou o soño de Freu", unha longuísima sinfonía dividida en quince movementos. Cualifícase ao autor belga como onírico ou hermeticamente existencial, salientando que é un poeta cheo de forza. Indícase tamén que a revista ofrece traballos teóricos e prácticos sobre a situación poética, da man de autores tan dispares como Judith Balso, Jean-Olst Martin, Donatella Bisutti, Shu Cai ou Florence Pazzottu. Finalmente apúntase a presenza de descritores galegos como Xulio Calviño, Xavier Cordal, Manuel Outeiriño e Paulino Vázquez.

Araújo, Nones, 'O regreso', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 17 agosto 2003, p. 9.

Relata a experiencia dunha rapaza que ve aos seus pais cando voltan de América, levando no colo unha neniña que traen por encargo de alguén para ser criada cos avós, e coa que xa se encariñaran durante a travesía.

Ares, Sara, 'Víctor Freixanes fixo revivir ó explorador noiés Vilariño', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 30 marzo 2003, p. L2.

Recolle que no marco da penúltima xornada da Semana da Historia de Noia Vitor Freixanes falou sobre a conquista galega da Patagonia e un seu célebre protagonista, Basilio Vilariño, e tamén que Antón Riveiro Coello, pola súa banda, lembrou a escritores que evocaran a paisaxe da Barbanza e leu textos de Ana Romaní, Antón Avilés, Manuel Antonio e Cabanillas.

Arias López, Valentín, 'Cider de Buxán, nunha noite de San Xoán', *El Progreso*, 'San Xoán Sarria 2003', 21 xuño 2003, p. XXI.

Relato breve no que unha mociña licenciada en psicoloxía consegue que o seu tío Cidre lle confese por qué nunca casou. Unha noite de San Xoán setenta anos atrás estivera cunha muller que o marcara para sempre, pois ningunha outra lle pareceu apetecíbel desde entón comparada con esa. O tío díxolle que tiña uns ollos enormes e brillantes e en lugar de pernas, patas de cabra.

Arrizado, Fernando, 'Colección de verán', *El Progreso*, 'Verano', 20 xullo 2003, p. 72.

Sinala a Manuel Rivas con *As chamadas perdidas*, a Xosé Miranda con *Morning Star* e a Xoán Ramón Díaz con *A xeadá negra* entre os autores máis solicitados polos lectores lucenses durante o verán.

B.C., 'Os mil fillos de Castelao', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Sociedade', 2 outubro 2003, p. 14.

Artigo que repasa o comezo das actividades das Mocidades Galeguistas dende a súa constitución en 1953, no Centro Ourensán de Bos Aires, con personaxes como Neira Vilas e a súa posterior inserción na Irmandade Galega fundada por Castelao. Fálase tamén de publicacións daquela altura como o xornal *Adiante*, a revista *Galeuzca* e das accións "subversivas", reivindicacións e festas destes mozos galegos en Bos Aires.

B.L., 'Día do Libro', *La Opinión*, 'Vivir aquí', 24 abril 2003, p. 74.

Alúdese á celebración do Día Internacional do Libro -24 de abril- que tivo lugar na praza da Ferrería de Pontevedra, que foi ocupada polos libeiros e que a chuvia non desluciu, e asemade reflexiónase sobre a razón da falta de hábito lector na sociedade española.

B.L., 'Frei Sarmiento apodérase da biblioteca', *La Opinión*, 'Vivir aquí', 26 abril 2003, p. 74.

Refírese á inauguración da sala de lectura e consulta da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, que levará o nome Frei Martín Sarmiento, nun acto con contou co historiador Francisco Calo Lourido como guía da exposición dedicada ao frade berciano.

B.L., 'Un recital poético de Redes Escarlata reivindica o propio no Salón do Libro Galego', *La Opinión*, 'Vivir aquí', 1 maio 2003, p. 75.

Indícase que Isaac Xubín, Alberte Momán, Elvira Riveiro, David Souto ou Xavier Castro

participarán na lectura pública de poemas no Salón do Libro dentro das actividades do colectivo Redes Escarlata e subliñase que todas as actividades deste colectivo poden ser consultadas no sitio web <www.redesescarlata.com>.

B.L., 'Quen se lembra de Fernando II', *La Opinión*, 'Vivir aquí', 4 maio 2003, p. 78.

Recóllese que dentro das actividades do V Salón do Libro de Pontevedra tivo lugar un coloquio no que o escritor Xosé Vázquez Pintor e mais o historiador Antonio de la Peña reivindicaron a figura de Fernando II como fundador da cidade de Pontevedra.

B.L., 'Unha aposta por Plácido Castro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 8 xullo 2003, p. 65.

Despois de responder á pregunta ¿Quen era Plácido Castro? mediante referencias á súa orixe, estudos, desterro, etc., fálase da presentación dunha mostra na galería Sargadelos de Pontevedra que será protagonizada por este tradutor galego.

B.L., 'Fillos de Bóveda', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 novembro 2003, p. 83.

Informa de que a primeira xornada do congreso "A Galiza de Bóveda" deixa tras de si dúas grandes pegadas: a intención de homenaxear a Bóveda e mais a reivindicación da recuperación da memoria histórica feita por case todos os participantes nestes actos, entre eles o alcalde de Pontevedra ou Avelino Pousa Antelo.

B.L., 'A velar polo legado', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 30 novembro 2003, p. 85.

Indícase que algúns dos máis importantes autores galegos, como Manuel María, renderonlle unha homenaxe a Alexandre Bóveda en Pontevedra e tamén se alude á conferencia de Xosé Manuel Beiras na que falou das achegas que Bóveda fixo á economía e á facenda, todo isto dentro dos actos do Congreso dedicado a Bóveda.

B.R., 'O Concello de Tui celebra o sábado a Feira do Libro Galego', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 16 maio 2003, p. 19.

Fálase da inauguración da Feira do Libro na praza de San Fernando de Tui da que se salienta que nela se poderán adquirir obras de autores tudenses como *Dende o Aloia* de Alberto Romer.

B.R.S., 'Publicada unha edición especial de 'Longa noite de pedra, obra que cumpre corenta anos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 marzo 2003.

Sinala que o mundo literario galego celebra o corenta aniversario de *Longa noite de pedra* cunha reedición de Xerais en colaboración coa Fundación Celso Emilio Ferreiro e o Concello de Vigo, que foi presentada onte no Museo de Arte Contemporáneo vigués. Sinala que este nova reedición inclúe dous prólogos, de Xosé Luis Méndez Ferrín e de Ramón Nicolás, e dous debuxos serigrafiados que Picasso e Miró dedicaran ao escritor. Indica, ademais, que a obra está encadenada artesanalmente e que é unha peza de acceso

restrinxido, xa que se trata dunha edición non venal.

B.R.S., 'Un escritor experto en arte que pinta con las palabras', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 39.

Breve achega á traxectoria profesional de Xavier Seoane Rivas, gañador da primeira edición do Premio de Poesía Caixanova. Sinala que Seoane naceu en 1954 na Coruña e que, ademais de poeta, é crítico de arte; sinala que estudou Filoloxía Románica e que traballa como profesor na súa cidade natal; cita algunhas das súas obras anteriores e lembra que, neste mesmo ano, obtivo o Premio da Crítica no apartado de poesía en galego. Tamén realiza unha breve achega á obra gañadora, *Dársenas do ocaso*, que define como "unha indagación sobre o tempo, o destino e a morte"; sinala que o proceso de creación durou varios anos e que o autor presentou a obra baixo o lema *O vello Mascato*. Dá conta, finalmente, dos membros do xurado.

B.R.S., 'La Fundación Casares inicia su actividad pública en Vigo con 'Os debates do café Voltaire'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 46.

Apúntase que baixo a dirección do avogado Matías Movilla e a profesora de dereito Isabel Lirola deron comezo "Os debates do café Voltaire", que é a primeira actividade pública da Fundación Carlos Casares, e anúnciase que esta fundación celebrará o primeiro "Encontro no Atlántico" no mes de setembro en Mondariz.

Ballesteros, M., 'Agarimosa despedida en María Pita', *La Opinión*, 'A Coruña', 6 agosto 2003, pp. 10-11.

Mediante este artigo móstrase a agarimosa despedida que se lle fixo ao expresidente da Real Academia Galega, García Sabell, e ofrécense os detalles do enterro e varias palabras que diferentes representantes da vida política e cultural expresaron con motivo da súa morte.

Barba, M., 'El retorno definitivo de Luís Seoane', *La Opinión*, 'Cultura', 9 maio 2003, p. 66.

Artigo no que se describe como vai estar dividido o centro de arte da Cidade Vella da Coruña, que vai acoller obras de Luís Seoane, entre outros autores, ou Federico García Lorca; un museo que abre as súas portas para mostrar as diversas facetas artísticas do autor e onde se resalta a súa contribución á cultura galega e a súa militancia republicana desde o exilio.

Barba, M., 'A crise da edición galega provoca unha caída dun 25% na tirada', *La Opinión*, 'Cultura', 1 outubro 2003, p. 52.

Recóllense os datos facilitados por edicións Xerais sobre a produción editorial en Galicia, nos que se reflicte a crise da edición galega. Segundo Manuel Bragado, a tirada das edicións descendeu nun vinte e cinco por cento nos últimos anos e esta parálise pode deberse a aspectos educativos, socio-culturais e de falta de apoio institucional; Bragado fai

referencia, así mesmo, ao descenso demográfico, á aposta que as administracións públicas galegas están a facer polos medios audiovisuais, á progresiva perda de lectores ou á ralentización do proceso de normalización lingüística como causas que afectan ao sector. Doutra banda, faise refencia aos cambios producidos na dirección de Galaxia tras o falecemento de Carlos Casares e ás novas coleccións literarias que ambas editorias van presentar proximamente.

Barba, M., 'Os editores recoñecen que a crise do sector se debe á falta de novas ideas', *La Opinión*, 'Cultura', 5 outubro 2003, p. 59.

Fai referencia á crise das editorias galegas, que experimentaron unha caída na tirada dun vinte e cinco por cento nos últimos tres anos. Recolle as declaracións de Miguel Anxo Fernán Vello, de Espiral Maior; Franck Meyer, de Franka Edicións, e Francisco Macías, de Edicións Positivas; todos eles culpan desta crise á falta de orixinalidade editorial para renovar contidos e á competencia desleal que supón a edición de libros nos organismos públicos. Tamén acolle as opinións de Antonio Fernández, representante de Federación Galega de Libreiros, que cifra a caída nun quince por cento e que critica a desacertada inversión das institucións, que deberían destinar ese diñeiro en campañas de promoción da lectura ou na creación de bibliotecas naqueles concellos onde aínda non existe ningunha.

Barcia, Moisés R., 'Do Lazio á Gallaecia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Letras de Italia', 12 xuño 2003, p. II.

Mostra a escaseza de traducións da narrativa italiana á lingua galega e salienta que só se lle presta atención á tradución dos grandes clásicos, deixando de lado o resto da narrativa italiana.

Barcón, Carlos, 'Vengan libros', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 8 febreiro 2003, p. 20.

Barcón fai alusión á presentación de diversos libros entre os que se atopa *Memoria do silencio*, da profesora e poeta Elia Rico Lagarón, e do que dá a coñecer a súa extensión e plasma un fragmento do poema dedicado ao doutor Ricardo Díaz-Casteleiro.

Barcón, Carlos, 'Un premio a la poesía', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 5 maio 2003, p. 10.

Entre outras cuestións, fai referencia ao poeta coruñés Francisco Xavier Seoane Rivas (1954), que foi galardonado co premio de poesía Caixanova; sinala que este é un dos galardóns máis significativos de Galicia e destaca a traxectoria do autor, que ademais de escritor é profesor, crítico de arte, fundador da revista *Luces de Galicia*, coordinador de distintos proxectos de vídeos, etc.

Barcón, Carlos, 'Arredor do Día das Letras Galegas', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 14 maio 2003, p. 16.

Tras poñer en precedentes do acto que tivo lugar o 14 de maio no casino ferrolán, organizado conxuntamente polo Coro Toxos e Froles e a Sociedad Artística Ferrolana con

motivo do Día das Letras Galegas, o autor subliña a presenza de Elia Rico Lagarón por seren, ao igual que Rosalía de Castro, muller e poeta.

Barge Bustabad, Amalia, 'O outro lado', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 28 agosto 2003, p. 6.

Relato que intenta reflectir a monotonía do tempo.

Barros, Mar, 'As boutiques do libro', *A Nosa Terra*, nº 1.064, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 24.

As novas librerías especializadas en temas concretos, como poden ser o infantil ou o relixioso, que están aparecendo en varias cidades galegas, son o tema deste artigo. Destácase, ademais desta especialización, a formación dos profesionais que as atenden, que fai que se convertan tamén en espazos de información. Entre todas as especialidades resáltase a da Banda Deseñada, un apartado en auxe.

Barros, Mar, 'Viaxe ao país de Rosalía', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Fin de semana', 13 febreiro 2003, p. 40.

Trata sobre o libro *Terra de Iria. Viaxe ao país de Rosalía de Castro*, de Anxo Angueira. A autora do artigo ofrece unha mostra do percorrido que o autor presenta desta terra con este libro.

Barros, Mar, 'Estréase O lapis do carpinteiro', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 30.

A autora do artigo fala da estrea da película *O lapis do carpinteiro* e das modificacións que se fan no guión da película con respecto á novela, entre elas sinala que a máis importante é a modificación da estrutura narrativa.

Barros, Mar, 'Cunqueiro en plastilina', *A Nosa Terra*, nº 1.106, 'Fin de Semana', 27 novembro 2003, p. 31.

Un curto que leva á televisión unha das historias fantásticas de Álvaro Cunqueiro mediante bonecos de plastilina é o motivo deste artigo. Nel fálase deste curto, titulado *Alistán, o demo oveiro*, que forma parte da serie "A lingua animada", composta por seis títulos máis inspirados en diferentes escritores galegos.

Basterrechea, S., 'Luís Seoane entra en la historia de la filatelia con un millón de sellos de su obra 'O vello e o paxaro'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 outubro 2003, p. 46.

Menciónase a edición dun selo coa imaxe dunha das obras do artista Luís Seoane, *O vello e o paxaro*.

Bastos, J. C., 'Hondo pesar en el último adiós en Vigo a la poetisa lucense Xela Arias', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 4 novembro 2003, p. 75.

Notifica o enterro dunha tradutora e poetisa galega, Xela Arias, e nomea varios persoeiros da vida cultural que acudiron a darlle o último adeus, así coma os seus poemarios e varias das súas traducións.

Beceiro, Manuel, 'Rábade Paredes abrirá mañana la Feira do Libro bajo una gran carpa en la Alameda', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 abril 2003, p. L9.

Infórmase sobre a edición deste ano da Feira do Libro compostelá, das novidades que vai presentar e das diferentes actividades que ofrece, entre as que están a entrega do terceiro premio de Gálix (Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil) de literatura infantil e xuvenil, un recital poético e varios talleres.

Beceiro, Manuel, 'Las salas piden ayuda para hacer un ambicioso festival Alternativa 2004', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 decembro 2003, p. L8.

Dá conta da presentación da quinta edición do festival Alternativa, motivo que os responsábeis das salas Nasa e Galán aproveitaron para solicitar o apoio institucional. Sinálase que esta solicitude se fixo dende a Asociación de Teatros Alternativos de Galicia (ATEA), formada polas compañías de ambas salas, a través da que organizan este festival no que agardan contar con máis de trinta e cinco representacións. Recóllense as palabras dos directores nas que explican a situación do teatro alternativo e a importancia deste dentro da programación cultural do Concello de Santiago. En columna á parte ofrécense datos dos custos estimados para a celebración do festival ao longo de dous meses coincidindo co Xacobeo 2004, no que se lle tenta dar cabida tanto ás representacións teatrais como a un Foro de Teatro Contemporáneo, no que participarán importantes creadores, organizadores e xornalistas tanto nacionais coma estranxeiros.

Benito, Sofía de, 'Una visita real desde Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 20 marzo 2003, p. L15.

Neste artigo, entre outras actividades, menciónase a presentación do novo libro de Anxo Angueira, *Viaxe ó país de Rosalía de Castro*.

Benito, Sofía de, 'Literatura de emergencia', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 13 novembro 2003, p. L15.

Mención da organización de actos que se celebraron en torno á figura de Suso de Toro, gañador do "Premio Nacional de Narrativa". A organización do acto correu a cargo da editorial Xerais e da Fundación Caixa Galicia, e nel fixose un percorrido pola obra do autor e dramatizáronse varias das súas obras.

Bergantiños, P. / **Vidal**, C., 'As mulleres non mandan na cultura', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 30.

Dá conta detallada da escasa presenza das mulleres nos órganos de goberno de institucións e entidades do mundo da cultura. O Consello da Cultura Galega é o organismo no que a

presenza das mulleres é máis minoritaria, séguelle a Asociación Galega de Artistas Visuais, o Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Museo do Pobo Galego, a Asociación Galega de Editores, a Real Academia Galega, a Consellería de Cultura, a Academia Galega de Belas Artes, o Centro Galego de Arte Contemporáneo e as Universidades.

Bermúdez Salgueiro, Xabier, 'Pax et libertas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 14 agosto 2003, p. 6.

Relato que intenta transmitir a crueza da guerra a través dun neno e do seu avó.

Bernárdez, Carlos L., 'Cousas da vida', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Arte', 15 maio 2003, p. VI.

Este artigo trata sobre unha mostra dos álbums de Debuxos de Castelao, no que se fai un percorrido polo ámbito social e político da época que inflúen na súa obra, así coma os diferentes temas que se poden apreciar nos seus debuxos.

Bernárdez, Xoán, 'Phanta rei', todo flúe, todo cambia', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 20 agosto 2003, p. 6.

Breve información das publicacións do escritor e relato que en primeira persoa mostra a nostalxia de tempos pasados e a situación dos escolares naqueles tempos.

Bilbao, C[ochi]., 'Casares foi o noso embaixador oficioso', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 20 setembro 2003, p. 63.

Entrevista a Damián Villalaín, director da Fundación Casares e organizador dos Encontros no Atlántico de Mondariz. Villalaín explica que estas xuntanzas naceron co obxectivo de crear un debate aberto e plural inspirado no talante de Carlos Casares; fai referencia á relación que o escritor mantíña co resto do mundo; sinala que os convidados son persoas de calidade intelectual dispostos a expresar as súas ideas e anuncia que teñen previsto celebrar estes encontros con carácter bianual.

Bilbao, Conchi, 'Cela como referencia dunha homenaxe ás Letras Galegas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 abril 2003, p. 1.

Coméntase que a Fundación Camilo José Cela ten a intención e firme vontade de ser referente na celebración do Día das Letras Galegas con dúas achegas: coa mostra "Letras galegas" -unha selección de documentos dos fondos da fundación sobre autores galegos- e mais unha exposición didáctica da literatura galega con ciclos dedicados aos mozos estudantes galegos.

Blanco Liaño, Mencha, 'Mario Couceiro recibió un homenaxe a su labor dinamizadora en Ferrol', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 2 marzo 2003, p. 5.

Trata sobre a homenaxe que se lle fai a Manuel Couceiro, xornalista e poeta que exerceu un

importante labor dinamizador en Ferrol. Neste artigo transcríbense palabras de varios persoeiros loando o gran labor realizado por Manuel Couceiro.

Blanco Mariño, Manuel, 'Relembanzas de tempos pasados', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 16 agosto 2003, p. 35.

Un antigo colaborador de Don Raimundo García Domínguez relata a homenaxe que se lle fai ao antigo director de *El Correo Gallego* e de *La Noche*, ao que lle dedican unha rúa e lle publican un libro.

Blanco Ramos, Carmen, 'AviSOS', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 17 agosto 2003, p. 8.

Breve información das publicacións da escritora Carmen Blanco Ramos e relato que en primeira persoa mostra a crueza da guerra.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Infantil/Xuvenil', 9 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da obra de Manuel Rivas *Muller no baño*, que recolle cinco textos xornalísticos onde o autor analiza problemas como "o terrorismo doméstico, incompreensión coa mocidade, marxinación dos emigrantes, a pobreza,..." e tamén mostra unha reflexión sobre a creación e as artes contemporáneas, sempre co problema da globalización como fondo. A outra obra comentada é *Melusina*, de Andrea Hensgen, traducida ao galego por Franck Meyer da que salienta o seu modelo de conto de fadas moderno inspirado na lenda medieval da muller-serpe. Tamén apunta que se trata dunha novela romántica e realista con temas como o amor e a liberdade.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Infantil/Xuvenil', 16 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de dúas obras da literatura galega: *Intramundi*, de Carlos G. Reigosa, da que salienta os seus personaxes que se amosan como marionetas que recorren catro décadas da España republicana e franquista. A novela é unha boa mostra da habilidade literaria do seu autor. A outra novela comentada, *Os nomes da morte* de Vítor Vaqueiro, destaca pola súa construción onde o autor crea a obra a partires da morte dun personaxe e do que os demais comentan sobre el, como un intento de renovación formal e expresiva. Ao final, Blanco Rivas apunta outras obras importantes de Vítor Vaqueiro.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Infantil/Xuvenil', 23 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da obra de xénero negro *Un nicho para Marilyn*, de Miguel Anxo Fernández, da que salienta a adaptación feita polo autor deste mito do cinema á literatura e

coa que gañou o "Premio García Barros" no ano 2002. A segunda obra a comentar é o libro de relatos de María Reimóndez publicados baixo o título de *Mitos e lendas hindúes* sobre a orixe do mundo, os deuses..., e por último, fai referencia a outra obra titulada *Resistencia* de Rosa Aneiros, novela que narra a historia de dúas familias portuguesas que teñen que loitar contra a miseria e os seus propios sentimentos sobre todo polas circunstancias políticas que sucederon en Portugal ata a Revolución dos Caraveis.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Infantil/Xuvenil', 30 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión das seguintes obras: *Xosé Neira Vilas* de Ramón Regueira Varela da que salienta que o obxectivo do autor a partir desta biografía é amosar o interese de Neira Vilas por Galicia; de *A chamada da selva*, de Jack London comenta o seu argumento e indica que foi traducida por Gonzalo Navaza e ilustrada por Federico Fernández; sobre *Unha alma nobre*, de Fred Uhlman e traducida por Roberto Irimia, salienta que se trata dunha novela continuadora da obra *Reencontro* do mesmo autor, cos mesmos protagonistas e cunha historia de amizade que sobrevive aos tempos da Segunda Guerra Mundial. A última das obras é o *Boletín Galego de Literatura* adicado á relación entre literatura e cinema e coordinado por Patricia Fra López e M^a Teresa Vilariño; no volume Blanco Rivas recolle os títulos das ponencias pronunciadas nun congreso na Universidade de Santiago sobre estes estudos.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Infantil/Xuvenil', 13 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de dúas obras da literatura galega, *Diário Comboio* de Raquel Miragaia, onde a autora mostra unha historia sobre a soidade a cal só e tolerábel na compañía doutros humanos que tamén a sofren, e da obra do xornalista Raimundo García Domínguez "Borobó" que recolle en *O novelo dos anacos e outros exemplos, as crónicas do día a día* e destácao como o creador deste novo xénero dentro do xornalismo: o "acaco". Ademais este volume foi gañador do "III Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo de Opinión".

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Infantil/Xuvenil', 20 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do estudo levado a cabo por Inma López Silva e Dolores Vilavedra titulado *Un abrente teatral*. O estudo foi elaborado a partires das mostras e concursos teatrais organizados pola Asociación Cultural Abrente.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas

ocúpase nesta ocasión da reedición da obra de Xoán Manuel Pintos *A gaita gallega*, levada a cabo por Carme Hermida Gulías e que na se ofrece un prólogo e un corpus de notas. Saliéntase que a obra foi un libro fundamental no Rexurdimento, estruturada en sete foliadas de extensión desigual na que dous personaxes van dialogando. Outro dos libros que se refire na sección é a novela de Gianni Rodari, *A góndola fantasma*, traducida por Silvia Gaspar e con ilustracións de Federico Delicado. Saliéntase a homenaxe que fai a obra á "Comedia da Arte" e aos seus personaxes entre os que destacan Arlequín, Polichinela e Colombina.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Infantil/Xuvenil', 13 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da tradución realizada por Xavier Campos da obra *Contos de Xitanos* da que salienta o reflexo da vida dos xitanos, os gustos... como unha aportación á cultura de todos. A obra está editada por Edicións Positivas na súa colección Popular.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Infantil/Xuvenil', 20 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da novela *Un tranvía cara a SP*, de Unai Elorriaga da que salienta a súa linguaxe suxestiva nunha mistura que fai o protagonista do mundo real co imaxinado. A obra representa "unha exploración das relacións humanas" desde un punto de vista orixinal. Foi gañadora do "Premio Nacional de Literatura" do 2002.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Infantil/Xuvenil', 10 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión das crónicas escritas por Suso de Toro en canto ao tema da catástrofe do Prestige e tituladas *Nunca máis Galiza á intemperie*. Son capítulos do día a día do suceso como denuncia do problema e a crise política que supuxo. Outra das obras comentadas é *Á espera de Godot* de Samuel Beckett, na que se alude brevemente á súa estrea, argumento e vinculación ao teatro do absurdo, así como á tradución ao galego realizada por Francisco Pillado Maior.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Infantil/Xuvenil', 17 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da novela de Alfonso Álvarez Cáccamo, *O bosque de levas*, da que salienta o contraste que se observa entre dúas realidades históricas co emprego do recurso humorístico como forma de relativizar e criticar a realidade. O final do comentario está adicado á figura do autor e reflexa a súa evolución literaria e a consecución de diferentes premios polas súas obras.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Infantil/Xuvenil', 24 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa do "Faro da Cultura", Blanco Rivas dá conta de certas novidades editoriais, neste caso da obra de Hartmann Von Aue *Gregorio*, que relata a historia dun pecador arrepentido que se eleva ata o Papado. A tradución ao galego foi obra de Antonio González Fernández.

Blanco Saavedra, Xosé Manuel, 'A decisión de Lois', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 23 agosto 2003, p. 6.

Pequeno relato que reflicte a pouca seguridade e dureza do traballo no mar, así como o apego a este da xente que nel traballa.

Blanco, Nacho, 'Despertar divisando Monterrei', *La Voz de Galicia*, 'Los domingos de la Voz', 4 maio 2003, p. 16.

Pequena reportaxe que recolle a descrición da vivenda verinesa de Xosé Carlos Caneiro da que se destaca a súa funcionalidade así como o seu perfecto acondicionamento como biblioteca e sala de estudo e asemade destácase que está perfectamente adecuada aos libros.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Rianxo, capital do exilio e da cultura de Galicia', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 23 agosto 2003, p. 41.

Fai referencia á vila de Rianxo como a capital republicana de Galicia xa que moitos dos escritores que marcharon ao exilio pertencían a este pobo e outros moitos foron vítimas da represión. Salienta o feito de conmemorar tales acontecementos como os que realiza o Campamento Republicano de Catoira que lembra todos os anos a figuras destacadas, principalmente a Castelao e Rafael Dieste.

Bouza, María, 'A literatura suplanta o berro do mar', *La Región*, 'Galicia', 4 xaneiro 2003, p. 25.

Fálase da convocatoria dirixida ao mundo da cultura ourensán, organizada pola plataforma cidadá "Nunca Máis" e mais "Burla Negra", que reuniu no Liceo de Ourense a autores como Camilo Franco ou Delfín Caseiro. Indícase que estes escritores cren primordial a asunción de medidas, que ao final do acto, dirixido por Marcos Valcárcel tivo lugar unha tertulia literaria e anúncianse outras actuacións en Celanova e Ribadavia.

Bragado Souto, Carmen, '¿A que hora vén a lúa?', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 12 agosto 2003, p. 6.

Pequeno relato onde en primeira persoa unha nai mostra a nostalxia de que os fillos vaian medrando.

Brisk, Fernando, 'Ecce homo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 7 agosto 2003, p. 9.

Pequeno relato que trata sobre a autoestima.

C.B., 'Anxo Angueira ofrece a súa guía por 'Terra de Iria'/Anxo Angueira invita a adentrarse por el país de Rosalía con 'Terra de Iria', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 'O día/Área de Compostela', 3 febreiro 2003, p. 18/20.

Sínálase que o volume *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* é unha perfecta guía literaria de viaxes na que o seu autor, Anxo Angueira, reivindica a paisaxe, cultura e historia do antigo arciprestado de Iria e tamén se apuntan as características e o prezo desta nova publicación de A Nosa Terra.

C.B., 'El escritor Anxo Angueira presenta hoy su guía 'Viaxe ó país de Rosalía de Castro', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 1 marzo 2003, p. 41.

Anúnciase a presentación de *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* no auditorio da Casa Museo de Rosalía de Castro cun acto que contará coa presenza de Abuín de Tembra, Manuel Lourenzo ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

C.B., 'Galicia orfa dun talante conciliador', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 1.

Coméntase que un ano despois da morte de Carlos Casares a cultura galega segue a botar de menos a súa extraordinaria capacidade para tender pontes de entendemento e recálcase que o escritor Ramón Loureiro puxera en marcha, antes do falecemento de Casares, un libro de conversas que ficou frustrado polo repentino óbito do escritor ourensán. Con relación a este proxecto indícase que o libro resultante da única charla de Ramón Loureiro con Casares sairá do prelo co título *Carlos Casares, nove retratos e unha conversa inacabada*.

C.B., 'El patronato lanza una fuerte apuesta cultural en homenaje a la poetisa', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 abril 2003, p. 40.

Infórmase das actividades da Fundación Rosalía de Castro, entre elas a publicación dunha reedición de *La hija del mar* e mais das *Obras completas* de Rosalía de Castro, a presentación do volume *Rosalía de Castro ilustrada* ou a exposición "Padrón, cuna de escritores".

C.B., 'O esperado salto ó cine de 'O lapis do carpinteiro', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 abril 2003, p. 1.

Alúdese ao debut de Antón Reixa como director cinematográfico co filme *O lapis do carpinteiro* que terá unha preestrea en Vigo. Indícase que a película foi cualificada por Manuel Rivas como "valente e actual", subliñase que o propio Rivas fai nesta montaxe a súa primeira incursión cinematográfica e fálase dos seus actores protagonistas.

C.B., 'A palabra e a súa sombra', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 2.

Sinálase que na Universidade de Santiago de Compostela se exporá durante o verán unha colección de textos, pinturas e fotografías que descubrirán o estreito diálogo que a poesía e a plástica mantiveron na obra do ourensán José Ángel Valente baixo o título "A palabra e a súa sombra" e que está organizada pola Cátedra José Ángel Valente.

C.B., 'Veinticinco escritores homenajean a Rosalía de Castro con un acto poético', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 6 outubro 2003, p. 20.

Sinálase que unha vintena de escritores españois homenaxearon a Rosalía de Castro cun recital que serviu para abrir o curso literario e asemade reivindicouse o protagonismo do concello de Padrón nos actos do Ano Xacobeo 2004.

C.d.C., 'Cunqueiro: arredor dun xenio das palabras', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 abril 2003, p. 6.

Dáse conta da ampla exposición centrada nas artes plásticas e na figura de Álvaro Cunqueiro, organizada polo Círculo de Belas Artes, quen tenta facer saír do letargo a súa obra e defínese ao escritor homenaxeado como "gran faro literario so século XX español".

C.d.C., 'A Fundación Luís Seoane abre as súas portas á vangarda', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Reportaxe', 4 maio 2003, p. 2.

Anuncia que proximamente terá lugar a inauguración da sede da Fundación Luís Seoane no reconstruído cuartel de Macanaz da cidade da Coruña, cunha exposición sobre as principais tendencias pictóricas do século pasado e que contextualiza o universo de Luís Seoane. Asemade indícase que no cuarto andar deste predio instálase unha biblioteca, cunha sala de exposicións bibliográficas e as seccións para os tres mil fondos bibliográficos de Seoane e sobre a temática de arte.

C.D.C., 'O 'Irmán Rei Arturo' de G. Reigosa chega ó mercado español', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Literatura', 21 setembro 2003, p. 2.

Afirmase que a editorial Akal vén de traducir ao español o libro de relatos *Irmán Rei Arturo*, obra de Carlos G. Reigosa, cunha coidada edición de Xosé Freixanes, no que se reinterpreta o clásico mundo artúrico de amor e maxia que está nas bases de boa parte da literatura europea.

C.D.C., 'Ondas de literatura invaden as salas do Museo do Mar de Vigo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 outubro 2003, p. 1.

Saliéntase que baixo o lema "Un mar de literatura" se reunirán no Museo do Mar de Vigo dez grandes nomes das letras galegas e españolas -como Vitor Freixanes, Alfredo Conde ou Zoé Valdés- para daren a súa visión dos océanos como fonte de inspiración e mais para fundiren as letras e os océanos nun ciclo de conferencias do programa "A mares".

C.d.U., 'A Universidade compostelá edita un libro cos 'anacos' de Borobó', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 'Universidade', 5 febreiro 2003, p. 2.

Dá conta da presentación do volume *O novelo dos anacos e outros exemplos* que recolle varias dúcias de artigos xornalísticos elaborados no persoalísimo estilo de Borobó, que foron escritos entre xuño de 2000 e xuño de 2001, e que mereceron o "III Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo e Opinión".

C.d.U., 'A USC acolle unha mostra cos libros ilustrados por Valente', *El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 'Universidade', 18 xuño 2003, p. 3.

Infórmase de que a Universidade de Santiago de Compostela acollerá a mostra "A palabra e a súa sombra" na que se recollen a catalogación de todos os libros ilustrados con textos de José Ángel Valente. Tamén se fala da Cátedra de extensión universitaria de Poesía e Estética José Ángel Valente que comezou a súa andaina en 2000 baixo a dirección de Luís Iglesias Feijoo e acolle toda a obra e a biblioteca de Valente.

C.F., 'A 'Casa das Palabras' abrirá o 25 de abril', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Vigo', 17 abril 2003, p. 20.

Anúnciase a inauguración do museo interactivo sobre a comunicación humana "Verbum" na cidade de Vigo que contará con catro apartados xerais, entre eles un dedicado á Literatura e recálcase o seu afán lúdico e divulgativo.

C.F., 'Xaquín Lorenzo, 'Xocas', próximo protagonista do Día das Letras Galegas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xullo 2003, p. 51.

Indícase que o etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo foi o elixido para as celebracións do Día das Letras Galegas de 2004 e a seguir faise unha pequena aproximación á súa obra multidisciplinar, ao seu intenso labor antropolóxico e á súa veciñanza con Otero Pedrayo e Vicente Risco.

C.F., 'Hiru publica a tradución de 'As actas escuras', de Vidal Bolaño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 agosto 2003, p. 42.

Con *As actas escuras* Roberto Vidal Bolaño gañou en 1994 o premio de textos teatrais do Camiño de Santiago. Agora esta obra acaba de ser publicada en castelán por Editorial Hiru. Coméntanse algúns dos problemas que tivo o autor para a edición e representación da obra por presións institucionais, ademais de mencionar brevemente algúns aspectos da obra e, recóllense palabras do propio Vidal Bolaño en relación á peza.

C.F., 'A Fundación Carlos Casares pon en marcha o foro Encontros no Atlántico', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 setembro 2003, p. 47.

Infórmase da próxima celebración en Mondariz Balneario da primeira edición dos Encontros no Atlántico, organizados pola Fundación Carlos Casares. O título destes primeiros encontros é "Culturas, civilizacións e sociedade global", e, segundo se nos di, neles intervirán convidados como Darío Villanueva, Eugenio Trías, Josep Borrel, Fernando Savater e Gema Martín Muñoz, entre outros. Así mesmo, recóllense unhas declaracións de

Damián Villalaín, director da institución organizadora, anunciando o carácter bianual do evento e explicando que este foro tenta recoller o espírito dialogante e aberto do malogrado escritor Carlos Casares.

C.F., 'Luisa Castro y Zoe Valdés abren en Vigo el ciclo 'Un mar de literatura'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 outubro 2003, p. 54.

Infórmase de que as escritoras Luísa Castro e mais Zoé Valdés abriron o ciclo "Un mar de literatura" no Museo do Mar de Vigo e ao mesmo tempo anúnciase que tamén pasarán por este ciclo outros autores como Suso de Toro, Víctor Freixanes ou Alfredo Bryce Echenique.

C.G.B., 'El momento de las grandes historias', *Diario de Arousa*, 'Sanxenxo', 28 marzo 2003, p. 23.

Dá conta do comezo das actividades do programa "Sanxenxo, unha marea de contos" que contará coa presenza de Paula Carballeira e Carlos Blanco, e fálase do primeiro concurso de contos curtos "Burbullas de contos" que terá como tema o mar e os seus elementos.

C.G.M., 'La palabra hecha museo', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 26 abril 2003, p. 4.

Faise referencia á inauguración da Casa das Palabras "Verbum" en Vigo nun predio de catro andares, que foi deseñado por César Portela no seu interior, e que contará cun apartado específico de Literatura no que haberá unha unidade informativa dedicada a escritores galegos.

C.P., 'A Rede Galega de Teatro programa ata xuño 320 funcións en 42 concellos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 febreiro 2003, p. 39.

Avánzase a programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o primeiro semestre do ano nos corenta e dous concellos que forman parte dela. Indícase que serán trescentas vinte funcións financiadas ao cincuenta por cento pola Concellería de Cultura, con predominio das postas en escena sobre os concertos de música. Remátase sinalando que o noventa e cinco por cento das representacións en Galicia son contratadas a través deste círculo, que presenta un aumento de máis do trinta e sete por cento con respecto ao pasado ano.

C.P., 'Rosa Aneiros presentou a novela 'Resistencia', un alegato contra a inxustiza no Portugal da dictadura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 febreiro 2003, p. 44.

Noticia centrada na prentación en Compostela do libro *Resistencia* de Rosa Aneiros do que se indica que o seu xermolo foi a visita ao Museo da Revolución por parte da súa autora e mais que todo é ficción "agás a historia política de Portugal".

C.P., 'Unha exposición convida a coñecer 'Os mundos de Carlos Casares'', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 outubro 2003, p. L6.

Fálase de que na Fundación Torrente Ballester terá lugar unha montaxe itinerante que resume as diferentes facetas da vida e da obra de Carlos Casares con obxectos persoais, libros e fotos, incluíndo unha ducia de cámaras fotográficas do escritor ourensán.

C.P., 'Nace a revista "Murguía" para a divulgación da historia de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 decembro 2003, p. 53.

Anuncia a posta en marcha pola Asociación Galega de Historiadores da revista galega *Murguía* que se centrará na historia de Galicia dende a Prehistoria ata a idade contemporánea. Informa que se editará en forma de libro e sairá á venda cada catro meses, así mesmo aclárasenos o porqué do seu nome e reverte en que foi Murguía un dos primeiros historiadores da nosa terra. Para finalizar, cita outras revistas que abarcan este tema, como son *Gallaecia* ou *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

C.S., 'Salvaterra de Miño abre hoy su tradicional Festival da Poesía', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 3 setembro 2003, p. 22.

Indícase que a XVII edición do festival poético-musical de Salvaterra de Miño, da asociación O Condado, terá o vindeiro sábado o seu día grande cun recital poético-musical presentado por Carlos Blanco e coa presenza entre outros de Manuel Rivas.

C.V., 'Euloxio Ruibal. 'Temos que ter maior presenza na sociedade', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 25.

Recóllese a noticia da elección de Euloxio Ruibal como novo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega así como da entrada na nova directiva de Rosa Aneiros e Henrique Rabuñal e anúnciase que a asemblea da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) tamén decidiu dedicarlle a letra E a Xosé Fernández Ferreiro.

C.V., 'Os libeiros comezan a ruta das feiras', *A Nosa Terra*, nº 1.080, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 31.

Infórmase de que en Santiago de Compostela terá lugar a primeira das Feiras do Libro de Galicia e anúnciase a próxima presentación de dous volumes vencellados co mundo editorial: *Mapa das librerías de Galiza* e mais *Catálogo do libro galego de onte a hoxe*, que recolle un completo inventario das publicacións ao longo de toda a historia.

C.V., 'Cento cincuenta especialistas no Congreso de Estudios Galegos en Barcelona', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 25.

Infórmase dalgunhas das actividades que terán lugar no VII Congreso de Estudos Galegos celebrado en Barcelona, no que estarán representadas corenta e dúas universidades, e que contará coa presenza, entre outros, de Giuseppe Tavani, Basilio Losada, Xosé Ramón Villares ou Víctor Freixanes.

C.V., 'O Congreso de Estudios Galegos celebrarase por vez primeira na lusofonía', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Cultura', 5 xuño 2003, p. 38.

Apúntase que na Asemblea da Asociación Internacional de Estudos Galegos, celebrada no VII Congreso de Estudos Galegos, tomouse a decisión de que o vindeiro congreso desta entidade teña lugar na Universidade Federal de Bahía en 2006 así como a próxima sinatura dun convenio co Consello da Cultura Galega para a realización de actividades anuais.

C.V., 'Cultura ofrecerá no Xacobeo preto de mil funcións teatrais', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 14 outubro 2003, p. 37.

Anúncianse algunhas das actividades que organizará a Xunta de Galicia dentro do Xacobeo 2004, entre elas, a montaxe teatral *A comedia do Gurgullo* do CDG (Centro Dramático Galego) e anticipase que a vindeira montaxe do CDG será *A laranxa máis laranxa de todas as laranxas*.

Caaveiro, Laura, 'Áncoras de cárcere', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 1 febreiro 2003, p. 11.

Resume a novela de Rosa Aneiros, *Resistencia*, que abrangue a historia de amor dos protagonistas, Filipa e Dinís, a través das duras situacións vividas no cárcere do Portugal da ditadura e do atranco social das rixidas conveniencias familiares. Sinala que a trama desenvólvese ao longo do século XX, nunha aldea da costa, e que a propia autora expón que os feitos e personaxes pertencen algúns á realidade e outros á ficción.

Cabana, Darío Xohán, 'Miguel Anxo Basanta', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 28 agosto 2003, p. 6.

Esta narración conta cómo o fidalgo Miguel Anxo Basanta nunha viaxe cultural por Italia, renuncia aos seus dereitos como primoxénito para ficar en Roma co desexo de ser estatua, o que consegue con sesenta anos presentándose en San Pietro in Vincoli cun tallo e unha saba imitando ao Moisés que preside a tumba de Xulio II e pasmando aos turistas.

Calonge, Lorenzo, 'La Feria del Libro recuerda la figura de Carlos Casares', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 39.

Lembranza do escritor Carlos Casares na Feira do Libro de Madrid por medio da celebración dun faladoiro no que participaron Damián Villalaín, presidente da Fundación Carlos Casares, Antón Reixa, Marina Mayoral e o xornalista Juan Cruz. Todos salientaron o labor do escritor e a intención de relacionar Galicia co resto do mundo, así como os seus comentarios sobre a historia galega e as características literarias da súa obra.

Calvo, Tucho, 'Subversión', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 30 agosto 2003, p. 6.

Narración que conta o progresivo afondamento no sentimento de culpa dun home que loitou na guerra civil onda os falanxistas non por ter unha ideoloxía afín, senón para que non padecesen os seus. Finalmente toda a dignidade que se permite é respostarlle á orde do sarxento da Garda Civil de que se retirase a durmir, na mañanciña do patrón no comezo dos anos setenta, que durmir, durmirá se quere.

Campal Fernández, José Manuel, 'Na cola', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 18 agosto 2003, p. 7.

Microrrelato que conta a espera na cola do paro do protagonista, mentres repasa mentalmente a relación cun amigo excomunista e agora liberal ao que deixa de tratar por carecer de traballo e pensar que os que non traballan é porque son uns vagos pero finalmente atópase na mesma cola do paro diante del.

Candelas Colodrón, César, 'O eixo do mundo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 31 agosto 2003, p. 11.

Microrrelato no que se conta a historia dun home que é o centro do mundo e que, polo tanto, o sol sae cando el abre os ollos, as casas aparecen cando dobra a rúa, a choiva cae cando el abre o paraugas, etc., ata que un día morre atropelado por un camión que non viña ata que el decidiu cruzar a rúa.

Canosa Blanco, María, 'O Sultán', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 8 agosto 2003, p. 6.

Neste relato nárrese a historia dun home alcumado Sultán, taberneiro ao que lle falta un brazo, amputado na guerra, e home rodeado dunha aura de lenda pola súa viaxe a África. Na fin cóntalle ao neno protagonista e narrador que esa viaxe era certa e que foi de alí de onde trouxo a súa muller moura, que ninguén viu, e que só o neno chega a ver.

Capón Vizcaíno, Araceli, 'Postal de Nadal', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 15 agosto 2003, p. 7.

Microrrelato que narra a situación dunha señora maior de setenta anos, viúva e sen fillos, que mercando unha pobre cea para o día de Noiteboa, ve unha postal cun anxeliño negro que sorrí e cun texto de felicitación e lembranza dirixido a un "ti" inconcreto que fai que mude de ánimo e decida celebrar o día cambiando o menú de verzas e polo por marisco.

Carballa, Xan, 'Morre Lois Tobío, figura principal do galeguismo', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Sociedade', 20 marzo 2003, p. 21.

Fai referencia ao falecemento, o pasado 13 de marzo en Madrid, de Lois Tobío, que foi unha das principais figuras do nacionalismo galego no século XX. Sinala que o seu corpo foi incinerado e que as súas cinzas serán espaxadas, no verán, na ría do seu Viveiro natal; describe, asemade, o seu acto de despedida no que se leron fragmentos da obra de Rosalía de Castro, Rilke e Goethe. Sinala, finalmente, que Tobío exerceu como diplomático da República en Bulgaria e que un dos seus últimos xestos públicos foi asinar un manifesto pola paz.

Carballa, Xan, 'As cinzas de Lois Tobío volverán á ría de Viveiro', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Sociedade', 10 xullo 2003, p. 16.

Describe a homenaxe que o 4 de maio do 2003 a vila de Viveiro fixo ao finado intelectual e político galeguista Lois Tobío, na que se descubriu unha placa, léronse poemas e interpretouse o Himno Galego. Posteriormente, cumprindo a derradeira vontade do escritor, botaron as súas cinzas ao mar dende un iate onde se recitaron fragmentos do *Fausto* de Goethe, que traducira no seu día Lois Tobío. Sinala que os actos remataron coa mesa redonda celebrada no local da Aula de Cultura de Caixa Galicia, onde tamén se puido ver unha mostra fotográfica e documental da vida do autor. Por outra parte, apúntase a lembranza que fai a súa filla Constanza na que deu a coñecer unha novela curta inédita, *Nova Vida*, que contén lembranzas autobiográficas da súa infancia.

Caride Ogando, Ramón, 'Días de agosto no centro do mundo', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 13 setembro 2003, p. 34.

Caride Ogando presenta tres libros de diferente temática dos que fai un pequeno comentario. O primeiro é *Os trobadores das terras de Chantada* de Xosé Lois García co que reclama que os trobadores desta terra sexan lembrados nos estudos e homenaxes que se lles fan aos trobadores galegos e portugueses. Outro libro que recolle a temática da tradición galego-portuguesa provenzal é *Os enCANTOS* de Andityas Soares de Moura. Por último, menciona a Francisco Álvarez cunha obra de recompilación de poesía española.

Carrera, Rosé, 'Cantera de actores', *Atlántico Diario*, 'En portada', 4 maio 2003, pp. 36-37.

Faise referencia á Escola Municipal de Arte Dramático de Vigo; explícase que naceu hai catro anos e que está instalada na sede das Asociación de Veciños Monte da Mina, en Castrelos; nela, uns oitenta alumnos cursan un ciclo de arte dramático, ao final do cal reciben un título expedido polo Concello; hai, ademais, outro ciclo destinado a nenos e mozos, que está concibido como unha actividade extraescolar. Recóllense as declaracións de Maximino Keyzán, director da escola, que se queixa pola falta dunha Escola Superior de Arte Dramático en Galicia e na que indica cales son os estudos requiridos para acceder a este ciclo. Recóllense, asemade, as palabras de catro alumnos da escola que coinciden en destacar o nivel e traballo esixidos nestes estudos e en criticar o desinterese do goberno municipal.

Casal González, César, 'Vento de cartafol', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 16 agosto 2003, p. 8.

Narración que expón unha serie de sentenzas humorístico-irónicas, filosóficas, poéticas, etc., de entre unha e tres liñas, que van precedidas dunha consoante cada unha e que estas, xustapostas, forman o texto "O amor existe ou non. Estrela de mar".

Castilla, Amelia, 'Manuel Rivas asegura que el principal grito de protesta es exigir el porqué de las cosas', *El País*, 'La Cultura', 30 maio 2003, p. 38.

Recóllense as palabras de Manuel Rivas sobre a súa obra *Mujer en el baño*, na que recolle oitenta e catro artigos xornalísticos nos que o autor denuncia as cousas que lle preocupan, como a violencia doméstica, o afundimento do Prestige, a situación dos inmigrantes ou os falsos mitos da xuventude; Rivas fala da xénese desta obra e do emprego da escrita como

mostra de compromiso coa realidade. Cítanse outras obras do escritor e algúns dos premios que recibiu; sinálase, ademais, que está a escribir outra novela.

Castro R., Xavier, 'Un debate sobre versos hispanos e lusos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Poesía', 30 marzo 2003, p. 4.

Dedica estas liñas á recensión do número seis da revista hispano-lusa *Hablar/Falar de poesía*, que atende a produción e novidades das literaturas galega, portuguesa, brasileira e española. Entre outros aspectos, céntrase no espazo dedicado á literatura galega con tres achegas. A primeira é un traballo de Carmen Blanco, "Os lugares de Rosalía", que revisa algúns espazos fundamentais da escritora. A segunda, "A favor do pathos" de Xosé María Álvarez Cáccamo, é un ensaio que anota a reflexión de diversos escritores sobre o feito poético. En terceiro lugar, salienta a páxina que contén poemas de Iolanda Castaño.

Castro Ratón, Xosé, 'Galicia no Congreso de Nacionalidades Europeas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 8 novembro 2003, p. 40.

Lembra a participación galega no noveno Congreso de Nacionalidades Europeas que tivo lugar no ano 1933 en Berna, por parte dun grupo do Partido Galeguista liderados por Plácido Castro de quen comenta a súa traxectoria no exilio e achega as palabras do galeguista sobre a importancia que tivo dita participación e o futuro do pobo galego na posguerra.

Castro, Luísa, 'Desobediencia es', *ABC*, 'ABC Cultural', nº 576, 'Poesía', 8 febreiro 2003, p. 18.

Recóllese un poema de Luísa Castro que vai acompañado dun comentario biobibliográfico da autora e menciona as etapas evolutivas da súa obra literaria.

Caveiro, Laura, 'Lecturas das armas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 24 abril 2003, p. I.

Co motivo da celebración do Día Mundial do Libro, o 23 de abril, Caveiro fai un repaso pola literatura que tratou personaxes históricos relacionados co mundo bélico e toma como modelo de expresión do sufrimento da matanza de Guernica o poema de Celso Emilio Ferreiro, "Soldado" que reproduce nestas liñas.

Cid Fernández, Alba, '¡Pobre Asunción!', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 26 agosto 2003, p. 7.

Microrrelato no que a autora, que cursa segundo de ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria), refire a historia dunha rapaza chamada Asunción morta a tiros a mans dun pretendente obsesivamente namorado. A protagonista coñece a historia ao ir pasear ao camposanto, onde unha voz misteriosa lla relata. A autora aproveita para sinalar que o amor non consiste na posesión nin na dor.

Conde, María, 'Suárez Abel alaba la recuperación de la novela por entregas en La Voz', *La*

Voz de Galicia, 'Cultura', 12 marzo 2003, p. 44.

Sinala que a obra *O repenique de Beatriz Gondar* de Miguel Suárez Abel, publicada na editorial Ir Indo, resultou gañadora do premio de novela por entregas 2002 de *La Voz de Galicia*. Destaca as declaracións do autor no acto de presentación da novela nas que louva o labor de innovación e promoción cultural do diario e a "magnífica" iniciativa que supón este premio. Fai un resumo da historia e observa o compoñente de misterio que busca enganchar aos lectores. Finalmente anota que a cuarta edición do premio convocarase nos días posteriores á publicación do artigo.

Corbelle, Mayte, 'Aquilino Iglesia' celebra su vigésimo aniversario el día 23 en el centro cultural', *El Progreso*, 'Terra Chá', 12 novembro 2003, p. 23.

Infórmase de que a asociación cultural "Aquilino Iglesia Alvariño", de Muimenta, vai celebrar proximamente o seu vixésimo aniversario con diversas actividades. Entre elas, cabe destacar exposicións, teatro, música, lectura de poemas de Aquilino Iglesia Alvariño e unha homenaxe a Manuel Gesto Varela.

Cortés Galdo, Rocío, 'Marina Mayoral di que Pardo Bazán e Rosalía son un 'exemplo de vida', *El Progreso*, 'Cultura', 9 maio 2003, p. 90.

Salienta a conferencia realizada en Lugo por Marina Mayoral, na que argumentou a valentía e loita de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán por enfrontarse á incompreensión dun mundo que lles vetaba ás mulleres a instrución e formación intelectual. Destaca o caso de Pardo Bazán, que aínda é máis relevante pola rebeldía que conleva abandonar o marido que tiña dende os dezaseis anos e marchar a Madrid para facer carreira literaria, sabendo que se fracasaba, como ela mesma dixo, pasaría a vida no ridículo e se triunfaba, na hostilidade, o que veu a demostrar o feito de que o único respecto intelectual que obtivo foi o de Benito Pérez Galdós.

Couceiro, Emma, '07:00 a.m.', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 26 agosto 2003, p. 6.

Relato que conta os pensamentos dunha persoa ao espertar no nacer do día, analizando a relación mantida con outra á que se dirixe e que permanece durmida.

Criado, Ana, 'El asiento número siete', segundo ganador en los Relatos de Verán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 agosto 2003, p. 42.

Informa de que Víctor Díaz Barús, funcionario, director de teatro e guionista de curtas, foi o gañador da segunda semana do concurso Relatos de Verán que organiza *La Voz de Galicia*. Apunta que posibelmente o suspense e a ambigua interpretación do final do relato foi o que conquistou aos lectores e sinala que a produtora Ángel Fernández xa se interesou pola historia para rodar unha curtametraxe. Deseguido anota os outros dous relatos máis votados: *A nena da foto* e *Busca la felicidad*, e o votante que gañou por sorteo un lote de dezaseis libros da colección "Estudios e Investigacións" da editorial Sotelo Blanco.

Criado, Ana, 'Adagio para unha feiticeira', tercer ganador de Relatos de Verán', *La Voz de*

Galicia, 'Cultura', 31 agosto 2003, p. 48.

Informa do relato gañador do concurso de Relatos de Verán da última semana de agosto escrito por Dulce María López Rivera, que é profesora de literatura no ensino secundario. Resalta da narración o significado do mar, moi vencellado á biografía da autora, que consegue ser o coprotagonista da historia, e apunta que o *Adagio* xa fora presentado no taller literario de Fene. Tamén fai constar os outros dous gañadores da semana: *A busca*, como segundo máis votado, e *O fotógrafo de almas*, como terceiro, e o votante gañador por sorteo, Pacual Silva Martínez.

Cruz, José, 'Música y poesía se dan la mano en A Rúa', *La Región*, 'Cultura', 7 xuño 2003, p. 59.

Informa da celebración do "XVIIº Encontro de poetas", organizado polo Instituto de Estudos Valdeorreses e o concello de A Rúa, dedicando esta edición ao autor local Florencio Delgado Gurriarán, despois de terse cumprido os cen anos do seu nacemento. Os actos celebráronse no Centro Cultural de A Rúa e contaron cun festival musical onde participaron numerosos cantautores como Moncho Otero, Odón Alonso, Dionisio Álvarez, etc, e con vinte e seis autores que recitaron as súas creacións poéticas. Paralelamente a estas actividades organizou unha exposición a Asociación Artístico-cultural de Pontevedra no mesmo centro cultural.

Cruz, José, 'A poesía de Florencio Delgado xa ten disco', *La Región*, 'Cultura', 23 decembro 2003, p. 65.

Informa do acto de presentación do primeiro disco de Anxo Rei, "Fronteira de cegoñas", no que musicou poemas de Florencio Delgado Gurriarán. Salienta o interese despertado na comarca de Valdeorras e a boa acollida da poboación. Anota as palabras dos acompañantes do músico, o xornalista Fernando González, o catedrático de lingua galega Delfín Caseiro, o músico de Fuxan os Ventos Xosé Lois Rivas e o delegado de Cultura Xosé Lois Pérez, que observaron distintos aspectos das composicións comprometidas do poeta e do estilo cheo de sensibilidade do músico. Remata sinalando que o acontecemento pechouse coa interpretación de tres das once pezas do traballo.

Cuevas, Iván, 'Pouco teatro e cinema', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2003, p. 45.

Amosa o escaso gasto en espectáculos culturais en Galiza con datos tirados do *Anuario 2003* publicado pola Sociedade Xeral de Autores e Editores. Comeza polo teatro apuntando que é a comunidade autónoma na que menor gasto se realizou por persoa no ano 2002, sendo este de cero euros con cincuenta céntimos, manténdose o número de espectadores do teatro profesional pero caendo en cincuenta e nove mil os do teatro afeccionado. Na danza a situación empeora, reducíndose a recadación en máis da metade dende o ano 1999 e chegando a ser a terceira máis baixa do Estado, posto que ocupa tamén coa recadación do cinema, que é de oito euros con cincuenta céntimos por persoa ao ano. A situación da música é mellor, aínda que o gasto en concertos de música clásica está moi por debaixo da media. Por último, nun aparte tamén observa o baixo consumo de televisión, que é o

segundo menor do Estado, con cento noventa e un minutos por persoa.

Cuevas, Iván, 'Un outono cheo de premios', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 agosto 2003, p. 44.

Destaca o feito de que nos primeiros meses do outono se pechan as bases duns quince premios literarios na nosa comunidade. A continuación enumera varios destes concursos agrupándoos nas modalidades de narrativa, poesía, teatro, cómic e xornalismo, indicando de cada un deles algunhas características como a contía dos galardóns, o prazo de presentación ou a extensión dos traballos.

Cuevas, Iván, 'Medio século de mozos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 agosto 2003, p. 45.

Co gallo do cincuenta aniversario da fundación das Mocidades Galeguistas no Centro Ourensán de Bos Aires realiza un repaso ás actividades e historia do grupo. O coñecemento e espallamento de todos os eidos que constituían a Galiza como unha nacionalidade era obriga dos seus membros, axudados en calidade de mestres por Bieito Cupeiro e Manuel Pedreira. A iniciativa da creación partiu de Vidal Pérez Graña e aos dous anos de actuación xa formaban parte cincuenta e nove mozas e mozos. Salienta tamén que o programa tiña un dobre carácter político e cultural. Os seus estudos sobre a cultura galega foron dende a análise do *Sempre en Galiza* de Castelao ata o labor cinematográfico de Carlos Velo, pasando polo Rexurdimento, a significación de Rosalía de Castro, o Seminario de Estudos Galegos, etc, ademais da creación dun boletín, *Adiante*, de estar en contacto con outras formacións como a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas e a renovación do pacto Galeuzca.

Cunqueiro, Álvaro, 'Mis memorias de don Ramón', *ABC*, 'ABC Cultural', nº 586, 17 abril 2003, p. 7.

Neste texto, tirado da revista *Atlántida* (Edición facsimilar. Sumario 13. A Coruña, xaneiro-febreiro 1956), Álvaro Cunqueiro dá conta dos recordos que garda de Ramón del Valle-Inclán, con quen mantiña certa relación de parentesco (a avoa paterna de Álvaro Cunqueiro era curmá da nai de Valle-Inclán). Sinala que se coñeceron en Cambados, na casa dunha tía avoa de Cunqueiro cando el era aínda un neno, e que non se volveron atopar ata 1935, cando coincidiron no café Derby de Santiago. Naquela ocasión iniciaron unha relación de amizade que os levaba a pasear pola Alameda compostelá e a disertar sobre múltiples temas; lembra que garda unha libreta na que apuntaba as conversas que mantiña con Valle-Inclán e afirma que este é o escritor do que máis aprendeu, sabendo de memoria longas páxinas da súa obra.

D.F., 'Las librerías viguesas creen que el euro las ha perjudicado el último año', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 24 abril 2003, p. 16.

Alude a afirmación da maior parte das librerías viguesas de que co euro, e o aumento de prezos, as vendas descenderon no último ano. Tamén menciona a afirmación de A Casa do Libro que di que a literatura galega aumentaría as vendas se tivese máis presenza nos medios de comunicación. Finaliza afirmando que Manuel Rivas é o máis vendido en galego

e destaca o éxito que ten a nova obra de Suso de Toro relacionada co Prestige.

D.V., 'Vigo celebra os 70 anos da identidade de Galicia', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 19 setembro 2003, p. 12.

Dá conta dos diversos actos que o Instituto Galego de Análise e Documentación Nacional e a Concellería de Cultura do Concello de Vigo organizaron para conmemorar o recoñecemento internacional de Galicia como nacionalidade, que se produciu no IX Congreso de Minorías Nacionais Europeas, gracias a Plácido Castro.

Dans, Raúl, 'Se cadra Emma', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 11 agosto 2003, p. 6.

Relato breve de Raúl Dans (A Coruña, 1964), no que se conta o nacemento de Emma, neta dun emigrante e filla dun voluntario que viñera a limpar as costas galegas tralo desastre do Prestige, o mesmo que provocou que seu tío deixara de estar embarcado e caera nas redes da droga.

Díaz Sánchez, Francisco César, 'A cerdeira maldita', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 23 agosto 2003, p. 7.

Reflexións dunha cerdeira que está a ser cortada con saña por Rufiño Raña debido a que súa filla, Constanza, faleceu ao romper unha das polas mentres estaba colgada para coller unhas cereixas.

Díaz Santamarina, Manuel, 'A busca', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 19 agosto 2003, p. 6.

Relato de Manuel Díaz Santamarina (Mariños, 1965) no que se narra o namoro non correspondido dunha rapaza por un músico eslavo.

Diéguez, Lois, 'Clube de lectores', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 31.

Análise da precaria situación do libro galego nas librerías, onde case non está presente, exceptuando as especializadas, feito que contrasta coa información que aporta o primeiro número da revista *Biblos*, que recolle a produción da nosa creación literaria. Remata afirmando que o intercambio coa cultura portuguesa sería moi beneficioso.

Diéguez, Lois, 'O neno e o galo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 27 agosto 2003, p. 6.

Breve relato de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), no que se narra a historia dun home que non para de ter pesadelos, que rematan co canto do galo, nos que aparece Inés, muller que envelenou.

Dobarro Paz, Xosé María e Isabel Seoane Sánchez, 'Abril, o mes dos Mártires de Carral', *A Nosa Terra*, nº 1.080, 'Galiza', 1 maio 2003, p. 12.

Dáse conta do proceso que levou á construción do monumento en honor dos "Mártires de Carral", executados en 1846. Os autores describen cómo xurdiu a idea no seo do rexionalismo coruñés (e máis en concreto da Liga Gallega) e cómo comezou a desenvolverse tras a guerra de Cuba gracias á suscripción popular. Tamén se dá conta das obxeccións postas pola Academia de San Fernando para levar a cabo o monumento, así como da súa definitiva inauguración o 22 de maio de 1904. Ademais, reproducése un poema inédito de Eduardo Pondal en homenaxe aos mártires, que se suma aos outros tres xa coñecidos da mesma temática.

Dobarro, Sara, 'Poemas de Araguas en Madrid', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 20 febreiro 2003, p. 13.

Noticia da celebración dunha conferencia-recital do escritor ferrolán Vicente Araguas en Madrid, co gallo do seu vintecinco aniversario como poeta.

Dobarro, Sara, 'Araguas confesó ayer en Madrid ser 'monógamo discontinuo con la poesía', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 21 febreiro 2003, p. 13.

Comeza indicando que se celebrou en Madrid unha conferencia-recital, "Plata Vieja", coa que Vicente Araguas celebrou os seus vintecinco anos como poeta. Logo, brevemente descríbea.

Domínguez Prieto, J. M., 'Líneas y versos lentos para Pura', *La Región*, 'Cultura', 16 xaneiro 2003, p. 67.

Artigo en forma epistolar dirixido a Pura Vázquez no que se eloxia o seu poemario, *A música dos tempos* (2002). Ao final aporta un poema.

Durán Estévez, Jesús, 'La literatura en la villa', *El Progreso*, 'Especial', 21 xuño 2003, p. XV.

Extractos das entrevistas aos escritores oriúndos de Sarria: Marisa Núñez, Antón Fortes Torres, Luís Eixido, nas que amosan as súas inquedanzas, presentes sempre nas súas creacións literarias.

Durán Estévez, Jesús, 'Libros, teatro y cultura, una apuesta por el futuro', *El Progreso*, 'Especial Fiestas de San Lorenzo', 6 agosto 2003, p. 37.

Dá conta dos distintos actos que teñen lugar co gallo da celebración das festas de San Lorenzo en Foz. Comeza mencionando a Feira do Libro que organiza a Asociación do mesmo nome co municipio e na que colabora a Delegación de Cultura do Concello. Logo infórmanos de que terá lugar unha Semana do Teatro, onde van actuar a agrupación Faro Miño, coa obra *Teatropello*, Monte Oribio, con *A consulta*, *Luto na familia* e *Como todos os días*, A pomba do arco con *Antígona: a forza do sangue*, O Bordelo con *Trébede sen lume*, Teatro do morcego, con *Os vellos non deben de namorarse*, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas* e A Adala pechará o festival con *Ferro e fariña*. Continúa por destacar que tamén terán lugar unha exposición de pintura do artista Diego Antona e un

concurso de fotografía.

Durán, Celia, 'Adeus', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 28 agosto 2003, p. 7.

Relato de Celia Durán a cerca dunha moza que primeiro vai desafogarse a carón dun precipicio emitindo un gran berro e logo volve a casa, cando un "vostede" o que se dirixe o texto está durmindo para abrir o seu correo electrónico e escanar o seu corpo.

E.Á., 'Editan un texto en el que un peregrino del XVIII describe la Costa da Morte ', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 16 febreiro 2003, p. L5.

Fala da primeira reunión que celebrou o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago onde se abordaron temas como a organización do VII Estudios Xacobeos, a publicación dun texto escrito por un peregrino do século XVIII e comenta tamén a descuberta dunha ópera lírica mentres se preparaba o programa do Xacobeo 2004, *La Favorita*, que permanecía case inédita. A continuación fala dos poñentes que intervirán nos congresos e remata mencionando que tamén se publicarán libros sobre os distintos Camiños de Santiago.

E.Á., 'La Fundación Carlos Casares inicia su actividad en Santiago', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 22 abril 2003, p. L2.

Dá conta da primeira actividade aberta ao público que organiza a Fundación Carlos Casares consistente en debates e tertulias sobre a biografía, a bibliografía e o tempo que lle tocou vivir a Casares, que se insertan nun Ciclo organizado por Henrique Monteagudo no que participarán un amplo número de escritores, profesores e políticos.

E.F., 'Crecen as axudas á escena galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 maio 2003, p. 51.

Alude ao aumento de axudas que concede o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), da Consellería de Cultura, que están dirixidas a programas puntuais de produción, a programas de distribución e a espectáculos de marionetas.

E.G., 'La Feira do Libro Galego de Tui estrenó sus ventas con libros de literatura infantil', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor/Baixo Miño', 18 maio 2003, p. 21.

Alude ao feito de que os primeiros compradores na Feira do Libro Galego de Tui foron nenos que esgotaron as existencias do libro de aventuras de Harry Potter *A pedra Filosofal*. Logo menciónase a inauguración da Feira e os escritores que acudiron así como o feito de que nesta edición se ofrezca todo tipo de literatura en galego.

E.P., 'Vigo festexa o noventa aniversario de Del Riego', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 4 xaneiro 2003, p. 68.

Breve información da próxima apertura dunha exposición que, baixo o título de "Unha lenda viva" e baixo a organización do Concello de Vigo, servirá de homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Indícase que no acto de inauguración terá lugar a presentación do

libro do autor *Desde a miña fiestra* (2002).

E.P., 'Cultura e a USC darán un curso de arte dramática', *O Correo Galego*, 'AFA', 6 xaneiro 2003, p. 30.

Faise eco da próxima inauguración do IIIº Curso de Posgrao "Especialización en arte dramática. Teoría e práctica da interpretación", dirixido polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Anxo Abuín González e impartido por especialistas de diferentes ámbitos relacionados co teatro e a montaxe escénica. Indícasenos que se trata dunha iniciativa levada a cabo pola Consellería de Cultura, en colaboración coa Universidade de Santiago, e que a partir de agora deixará de ter un carácter bianual para pasar a celebrarse cada curso académico. Así mesmo, explícase que as ensinanzas teóricas convínanse neste curso coas prácticas.

E.P., 'Non desherdes a túa lingua', unha campaña polo testamento en galego', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 67.

Nova do comezo da campaña da Dirección Xeral de Política Lingüística *Non desherdes a túa lingua* coa que se pretende animar aos galegos a que empreguen a lingua para facer testamentos ou mandas. A campaña inclúe a publicación dun libro *Un futuro para a lingua* onde se recollen as mandas de persoeiros da sociedade galega actual e vai acompañado de cinco publicacións curtas nas que se recollen relatos escritos por diversos notarios e escritores.

E.P., 'O Igaem pulou máis de mil trescentas funcións de teatro, música e danza', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 68.

Balance do gran número de funcións de espectáculos e actividades culturais e formativos que levou a cabo o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, dependente da Xunta de Galicia, e do número de espectadores. Ao final destaca que as prioridades que ten son a proxección dos diferentes ámbitos do teatro galego profesional e o apoio ao teatro afeccionado e universitario.

E.P., 'Reigosa torna a Tras da Corda coa novela 'Intramundi'', *O Correo Galego*, 'AFA', 18 xaneiro 2003, p. 35.

Dá conta da publicación da última novela de Carlos González Reigosa, *Intramundi*, onde retoma os contidos do seu propio mundo natal, Pastoriza, e tenta dar cobertura literaria aos temas do país.

E.P., 'Edítase 'Animal vacío' do poeta e dramaturgo coruñés Xesús Pisón', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 30 xaneiro 2003, p. 68.

Dá conta da publicación de *Animal Vacío* (2002) de Xesús Pisón, na Colección Cadernos de Teatro Segunda Época, onde colabora a Consellería de Cultura a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais). A colección ten como obxectivo

principal a difusión de obras galegas de teatro breve. Tamén se dá conta de que a peza púxose en escea na Casa de Cultura de Serra de Outes pola compañía teatral Casahamlet.

E.P., 'Publicanse as actas do foro sobre Sarmiento', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 18 febreiro 2003, p. 68.

Informa da publicación das actas do *Congreso Frei Martín Sarmiento* pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Recolle as reflexións sobre as achegas lingüísticas de Sarmiento, o seu pensamento científico, ademais de referencias históricas.

E.P., 'Distinción póstuma para Carlos Casares', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 26 febreiro 2003, p. 20.

Informa da homenaxe que a Deputación de Ourense realizará a Carlos Casares consistente na entrega oficial do título de Fillo Predilecto da Provincia e a realización dunha exposición titulada *Os mundos de Carlos Casares* que se levará a cabo no Centro Cultural da Deputación.

E.P., 'Lembranza en serie/La Fundación Casares inaugurará sede en Vigo', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 27 febreiro 2003, p. 34/67.

Comeza informando da próxima inauguración da sede da Fundación Carlos Casares en Vigo e continua expoñendo os distintos actos de homenaxe ao escritor realizados co gallo do seu cabodano, como a exposición *Os mundos de Carlos Casares* que se exhibe no centro cultural da Deputación de Ourense, que o nomeou Fillo Predilecto da Provincia, ou a publicación dun libro sobre o escritor editado polo Consello da Cultura Galega.

E.P., 'La diputación homenajea a Casares', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 1 marzo 2003, p. 23.

Nota que da conta da concesión da distinción, a título póstumo, de Fillo Predilecto da Provincia a Carlos Casares pola Deputación de Ourense, polo labor que levou a cabo tanto na cultura como na política, literatura ou no xornalismo, ademais dun recoñecemento á defensa que realizou das liberdades e do galeguismo.

E.P., 'Home de Ourense', *O Correo Galego*, 'AFA', 1 marzo 2003, p. 30.

Informa da concesión do título de Fillo Predilecto da Provincia de Ourense a título póstumo a Carlos Casares e a inauguración dunha exposición titulada *Os mundos de Carlos Casares* no Centro Cultural da Deputación de Ourense. Remata indicando a próxima inauguración da sede da Fundación que leva o nome do escritor en Vigo.

E.P., 'O editor e académico Freixanes cre que a Xunta 'pasa do libro' fronte ó audiovisual/Enganchados ós audiovisuais/Freixanes critica que el cine reciba máis apoio público que la literatura', *O Correo Galego/El Correo Gallego/El Progreso*, 'AFA/Cultura', 6 marzo 2003, p. 35/67/75.

Recóllense as declaracións do director da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes, que manifestou que a Xunta de Galicia favorece moito mais o mundo do audiovisual en detrimento do libro e que se debería favorecer a calidade sobre a cantidade.

E.P., 'Más de cien personas despiden a Maruxa Fernández en A Coruña', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 28 marzo 2003, p. 76.

Dá conta do pasamento de Maruxa Fernández, viúva de Luís Seoane, e achega a nova de que no prazo dun mes inaugurárase a sede da Fundación Luís Seoane en A Coruña.

E.P., 'A Comisión Rectora do 'Ramón Piñeiro' presenta o informe anual', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 20 abril 2003, p. 68.

Informa da presentación do informe anual da Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e de catro novas publicacións tamén deste centro: *Folla Bricia. Poesía Completa* de Xosé Crecente Vega, *Informe de Literatura 2001*, *Aturuxo e Tierra Gallega*. Ao final alúdese á inauguración do coloquio de Crítica Textual que se leva a cabo no centro.

E.P., 'Letras galegas' en la Fundación Cela', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 10 maio 2003, p. 76.

Dá conta da inauguración da exposición *Letras galegas*, que recolle importantes documentos de autores galegos na Fundación Camilo José Cela na que participaron Marina Castaño, José Antonio Ponte Far, quen realizou un breve percorrido pola literatura galega, e Blanca Riestra.

E.P., 'Juan Farias inaugura hoxe a XV Feira do Libro de Ferrol', *O Correo Galego*, 'O día', 10 maio 2003, p. 36.

Refírese á inauguración da XV Feira do Libro de Ferrol polo escritor Juan Farias Díaz-Noriega, na que participarán catorce expositores e se presentarán sete libros, de entre os que destacan *Polos fillos dos fillos* de Xosé Manuel Sarille, *Resistencia* de Rosa Aneiros e *O meu nome Skywalker* de Agustín Fernández Paz.

E.P., 'Inaugúrase o V Salón do Libro na Coruña', *O Correo Galego*, 'AFA', 15 maio 2003, p. 33.

Comeza referíndose á inauguración do V Salón do Libro nos Xardíns de Méndez Núñez na Coruña onde os libros estarán expostos tematicamente e por editoriais. A seguir dá conta da nova edición do *Correlingua 2003*, que nesta ocasión ten como lema *Fala, non mórda-la lingua*.

E.P., 'O V Salón do Libro Galego clausúrase na Coruña', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 19 maio 2003, p. 75.

Nota na que se informa da clausura do V Salón do Libro Galego na Coruña pola Asociación

Galega de Editores.

E.P., 'La Fundación Cela no celebrará su tradicional curso de verano en Iria', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 29 maio 2003, p. 76.

Faise referencia a que a Fundación Camilo José Cela non celebrará o curso de verán dedicado a analizar a obra do premio Nobel de Literatura. En canto ás actividades orientadas ás letras galegas Carlos Negro Romero fixo un breve percorrido pola historia da literatura galega centrándose no ámbito poético e nos escritores da provincia de Pontevedra, e Xosé María Álvarez Cáccamo, falou da súa infancia, que lle serve de inspiración nas súas creacións literarias.

E.P., 'Terra de mulleres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 maio 2003, p. 53.

Trátase o VII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos onde se analiza o papel da muller na historia, a cultura galega e a relación de Galicia cos outros pobos da Península Ibérica onde participan entre outros, Basilio Losada e Rosario Álvarez.

E.P., 'A literatura galega, presente na XII Feira do Libro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 xuño 2003, p. 68.

Informa da inauguración da XII Feira do Libro Antigo e de Ocasión en Pontevedra, na que os autores e a temática de Galicia terán unha gran representación nos distintos postos de venda.

E.P., 'O BNG propón unha ambiciosa Lei do Libro, que prime a edición galega', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 68.

Informa da proposta do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de que Galicia conte cun marco legal que regule a edición e distribución do libro, o fomento da lectura e as bibliotecas, que prime a edición en galego e que regule o sistema de publicacións oficiais.

E.P., 'O Consello da Cultura asume 'novos desafíos' tras vinte anos de exercicio', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 9 xullo 2003, p. 67.

Dá conta da reivindicación da súa "consolidación" como órgano de reflexión e de promoción cultural que realizou o Consello da Cultura Galega (CCG) con motivo da celebración dos vinte anos de funcionamento. Lembra as súas orixes e os traballos realizados e alude ao compromiso da Comisión Executiva do CCG cos obxectivos orixinarios que, en palabras de Alfonso Zulueta, na actualidade pasan pola "posta ao día e a permanente actualización da cultura galega".

E.P., 'A Literatura como eixo da verdade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 xullo 2003, p. 53.

Recolle as palabras que Manuel Rivas pronunciou nos cursos organizados pola Universidade Menéndez Pelayo. Nas que afirma que "a boa literatura é unha mestura entre liberdade e retranca", que agora triúfa a "lectura interesada". Ademais afirmou que é

precisa unha reflexión a cerca da realidade e a ficción e que a mellor literatura está nas crónicas e nas reportaxes xonalísticas.

E.P., 'A Galicia Mártir de Bóveda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 agosto 2003, p. 59.

Dá conta da celebración das homenaxe a Alexandre Bóveda, no ano no que se conmemora o centenario do seu nacemento. No Concello de Poio nomearase fillo predilecto mentres que no de Pontevedra realizarase, entre outros actos, un concerto na súa honra. Remata anunciando que a Fundación Alexandre Bóveda está a traballar no segundo volume de *Documentos*, formado por un epistolario de Bóveda e que farán unha gran biografía del.

E.P., 'Coa Galiza Mártir', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 agosto 2003, p. 45.

Faise eco da homenaxe a Alexandre Bóveda e Pedro Galán que tivo lugar en Oleiros na que participaron distintas personalidades da política e a cultura como Luísa Villalta, Miguel Anxo Fernán-Vello e Cesáreo Sánchez Iglesias, que recitaron uns poemas na honra dos caídos.

E.P., 'As letras unen a mestres lusos e galegos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 outubro 2003, p. 51.

Refírese á celebración do segundo encontro do proxecto "O camiño das letras" no que, mediante o coñecemento de escritores literarios das dúas zonas, mestres galegos e portugueses realizarán intercambios culturais que logo difundirán entre os seus alumnos. Ese proxecto englobase dentro de "Cultura sen Fronteiras", organizado pola Consellería de Cultura, que se realiza dentro do Programa Interreg III da Unión Europea.

E.P., 'O teatro galego entra na mostra de Madrid', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2003, p. 52.

Anuncia a participación de seis compañías galegas na Mostra de Teatro das Autonomías de Madrid. Sinala que Teatro do Aquí foi a encargada de inaugurar a participación galega e adianta a presenza de Teatro do Atlántico, Chévere, Teatro de Ningures, Teatro do Noroeste e Sarabela Teatro.

E.P., 'Concerto negro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2003, p. 58.

Informa dos actos cos que a Plataforma Nunca Máis conmemora o primeiro aniversario do afundimento do Prestige en Vigo, de entre os que destaca o *Concerto Negro*, unha charla-coloquio, a proxección das curtametraxes *Desfeita do Prestige* e *Os fondos mariños*, unha concentración e unha manifestación en Santiago. Tamén está programado un recital poético-musical na Federación veciñal Eduardo Chao de Vigo no que intervirán Xosé María Álaverez Cáccamo e a violinista Laura Quintillán.

E.P., 'Ciclo de conferencias sobre a literatura galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 novembro 2003, p. 62.

Dá conta da celebración dunhas xornadas sobre literatura galega organizadas polo Servicio de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña que comezaron coa conferencia *Os primeiros escritores galegos exiliados en Cuba*, a cargo de Jorge Domingo Cudriello. Nas seguintes sesións participarán Saino Torres, Xesús Alonso Montero, Franciso Macías, Bernardino Graña, Alfonso Pexegueiro, Xulio Valcárcel, Xosé Manuel Pereiro e na última sesión intervirán Xoán Carlos Rodríguez, Miró Vilar e Alexandre Nerium.

E.P., 'Expertos debaten a traducción de Torrente', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 decembro 2003, p. 44.

Dáse conta, en poucas liñas, da próxima celebración dunhas xornadas que analizarán a tradución da obra literaria de Gonzalo Torrente Ballester e organizadas pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester e a Universidade de Vigo.

E.P., 'A obra de Torrente Ballester, a estudio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 decembro 2003, p. 37.

Infórmase da inminente celebración das primeiras "Xornadas Internacionais sobre a Tradución Literaria: a tradución na obra de Gonzalo Torrente Ballester", organizadas pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester e a Universidade de Vigo. Anúnciase que estas xornadas se desenvolverán entre Santiago de Compostela e Vigo.

E.P., 'O 'Roteiro da Esmorga' en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 decembro 2003, p. 53.

Faise eco da celebración do *Roteiro Literario de A Esmorga*, onde tamén se celebrou un faladoiro sobre a figura e a obra do escritor ourensán, organizado pola sección de literatura do Liceo de Ourense, dirixida por Marcos Valcárcel.

E.P., 'El Igaem reunió a más de 250.000 espectadores con su programación', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 31 decembro 2003, p. 74.

Balance da actividade do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), dependente da Consellería de Cultura, no 2003. Salienta o gran número de espectadores que tiveron nas case mil funcións. Comenta tamén que ademais da súa liña de produción propia mediante as súas unidades artísticas, o Centro Dramático Galego, (CDG), o Ballet Galego Rey de Viana, o Grupo de Música Tradicional e a Escola de Altos Estudos Musicais, apoiou a distribución das propostas artísticas de empresas privadas. Conclúe mencionando que o CDG acaba de estrear en Coimbra *Cantiga para Já*, de Sarrazac e que se clausurou o Festival de Nadal de Teatro Infantil, organizado polo IGAEM.

Echeverri Caamaño, Ramón, 'A pomba que durmía', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 14 agosto 2003, p. 7.

Historia de Ramón Echeverri na que o narrador lembra o asasinato da súa moza no faiado, logo dun encontro amoroso polo fogo dun morteiro xusto no intre no que el baixara a fumar un cigarro.

Eiré, A., 'Anti responso por unha Academia', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Cultura', 20 febreiro 2003, p. 24.

Dá conta do cambio de actitude da Real Academia Galega, que na actualidade, deixou de ser inmovilista. Este feito exemplifícase co recente ingreso de Manuel María na institución, da que renunciara o 22 de xuño de 1975 acusándoa de antigalega.

Esclusa, Fernando, 'Cómo aprender la técnica de colocarse y quitarse las ojeras', *El Ideal Gallego*, 28 setembro 2003, p. 68.

Anúnciase inauguración na Coruña da sala teatral La escuela Teatro del Andamio onde Álvaro Guevara e Tatiana Likhachevana ofertan uns amplos estudos de actuación e expresión corporal.

Escribas, C., 'Inaugurado el moderno edificio que alberga el legado de Luís Seoane', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 10 maio 2003, p. 75.

Informa da inauguración da nova sede da Fundación Luís Seoane na Coruña no antigo cuartel de Macanaz. Ao final destaca que contará cunha biblioteca con capacidade para tres mil volumes pertencentes aos fondos de Seoane.

Espiñeira, Francisco, 'La Fundación Luís Seoane abre sus puertas para liderar el arte gallego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 maio 2003, p. 51.

Destácase a inauguración da nova sede da Fundación Luís Seoane na Coruña que conta nas súas dependencias cunha biblioteca na que se recompilará todo o material posíbel sobre a xeración do exilio e que terá capacidade para tres mil volumes e quince mil exemplares.

Estévez, Pilar, 'A lenda do home lobo de Allariz chega as pantallas galegas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 8 novembro 2003, p. 41.

Fálasenos da película *Romasanta, el mito del hombre lobo*, baseada na novela homónima de Alfredo Conde, que seguiría os mesmos cánones das historias contadas ao redor da lareira, e que está sendo rodada en Galicia polo director Paco Plaza. Á marxe de facer un pequeno comentario sobre o reparto, fábase do guión, con argumento de Alfredo Conde e adaptado cinematograficamente por Elena Sena e Alberto Marini. Tamén se dá conta doutro proxecto no que colabora Alfredo Conde, un documental no que desenvolve o seu labor de documentación, e que, coma a película, será unha produción do grupo Filmax.

Eyré, Xosé Manuel, 'Libros para ler á sombra dun castiñeiro', *A Nosa Terra*, nº 1.091, 'Cultura', 17 xullo 2003, p. 26.

Repaso polas novidades editoriais mais destacábeis principiando polas lecturas para os máis novos. Recomenda as coleccións *Os Bolechas*, de A Nosa Terra, os *Oreliñas*, de Xerais, *Contos para Crecer* de Sotelo Blanco e *Minilibros para Soñar* de Kalandraka, *Para contar*

e contar, da Xunta de Galicia, as narracións *Carlota e a bota perdida*, de Miro Villar na colección "Merliño", *Garoto busca unha estrela* de Marta Rivera, *Area maior*, de Manuel M. Barreiro, *O galo de Antioquía* de Carlos Casares. Tamén menciona aos clásicos: *O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry, *A chamada da selva* de Jack London, Alicia no país das marabillas de Lewis Carrol, *As aventuras de Pinocho* de Carlo Collodi e *Os xoguetes esquecidos* de Xosé López González e Xosé Manuel García. A seguir aporta a lista de lecturas recomendadas para os mozos cos libros de maior actualidade *Lúas de nácara* de Fina Casalderrey, *A casa da luz* de Xabier P. Docampo, *Verónica decide morrer* de Paulo Coelho, *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre; logo aporta os títulos das historias futuristas, *Proxecto pomba dourada* de Miguel Vázquez Freire, *As aventuras de Said e Sheila* de Ramón Caride ou *Mecanoscrito da segunda orixe* de Manuel de Pedrolo; a continuación repasa os de terror, *Pel de lobo* de Xosé Miranda ou *Aire Negro* de Agustín Fernández Paz. Como aventura iniciática menciona *A máscara de Palma* de Fina Casalderrey e como historia negra destaca *Terá as tías balas* de Xabier Cid. No apartado de humor e exotismo destaca *A estraña estrela* de Xabier López López, *O bosque de levas* e *O espírito de Broustenac*, ámbalas dúas de Alfonso Álvarez Cáccamo, *Un nicho para Marilyn* de Miguel Anxo Fernández, *A morte de A* de Anxo Angueira; como historias exóticas cita *Mitos e lendas hindús* traducido por María Reimondez e *Lendas xitanas*, traducido por Xavier Campos. No epígrafe de novela longa e novela breve menciona *Resistencia* de Rosa Aneiros, *Os nomes da morte* de Vitor Vaqueiro, *Intramundi* de Carlos Reigosa, *Cuarteto con piano* de Xosé Manuel Villanueva, *As voces da noticia* de Xosé Monteagudo, *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille, *A lingua secreta* de Xesús González Gómez, *Amigo medo* de Xabier López Rodríguez. Para os que prefiran a novela construída a base de relatos recomenda *Nova crónica das indias* de Avilés de Taramancos, *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor, *Relatos mariñeiros* de Xosé Neira Vilas e *Narradio. 56 historias no ar* de varios autores. Continúa cun apartado no que se recomendan as obras poéticas *20 cadernos* de Darío Xohán Cabana, *Xuro que non volverei pasar fame*, realizado por vinte e catro poetas, *Libro da egoísta* de Yolanda Castaño, *Os cadernos d'amor* de Emma Pedreira, *Río Matinal* de Vicente Araguas, *O mar vertical* de Maite Dono e *As torres no ar* de Avilés de Taramancos. Remata aludindo as obras relacionadas coa Marea Negra. En primeiro lugar aparecen as de creación colectiva, *¡Nunca máis! Ollada da infancia* da editorial Kalandraka, *Negra sombra* das editoriais Xerais Espiral Maior, *Alma de beiramar* da Asociación de Escritores en Lingua Galega e *A Nosa Terra, Nunca máis*. Ao final cita, *Galiza á intemperie* de Suso de Toro, tamén relacionada coa temática anterior, e *Gameleiros* de Manuel Álvarez e Miro Villar, na que se fala da dura vida no mar.

F.F., 'Cientos de personas venidas de toda Galicia dieron el último adiós a Xela Arias', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 4 novembro 2003, p. 44.

Fala do funeral da escritora Xela Arias que tivo lugar en Vigo. Cítanse algunhas das institucións que fixeron acto de presenza no sepelio así como persoas que o fixeron a título individual.

F.J., 'O escritor Euloxio Ruibal en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xuño 2003, p. 67.

Nota na que se dá conta da presenza de Euloxio Ruibal na inauguración da Feira do Libro

de Ourense, da que se destaca a cantidade de actividades paralelas que presenta nesta décimo novena edición.

F.P., 'Un século de historia', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 marzo 2003, p. 30.

Fala da figura de Lois Tobío que acaba de morrer e será incinerado en Madrid, onde vivía dende o regreso do exilio. As cinzas serán levadas logo a Viveiro. Debúllanse unha serie de datos biográficos deste home, dende os seus estudos en Compostela ata a súa participación na fundación do Partido Galeguista. Destácanse as súas viaxes: de formación a Alemaña e obrigada a América tras a caída da República para informar a Castelao.

F.V., 'O ingreso oficial de Manuel María na RAG será en Vilalba', *El Progreso*, 'Comarcas', 16 xaneiro 2003, p. 23.

Fálase do insólito de que o acto de entrada dun membro da Real Academia Galega se produza en Vilalba. Alí lerá o seu discurso o poeta chairego Manuel María que, aínda que xa pertence á institución dende mediados do ano pasado, non tivera ocasión de ler o texto de entrada. Faise unha pequena referencia á súa produción e remata o artigo falando dalgunhas publicacións que terán lugar en Vilalba.

F.V., 'Manuel María falará da súa idea da comarca no acto de ingreso na RAG', *El Progreso*, 'Comarcas', 13 febreiro 2003, p. 23.

Explicase que Manuel María lerá o discurso titulado "A Terra Cha: Poesía e Paisaxe" con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega. Nel falará da concepción da comarca e de autores que naceron nela. Insolitamente o acato terá lugar en Vilalba, e a resposta institucional ao seu discurso correrá a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín.

F.V., 'As pegadas do home rural', *El Progreso*, 'Comarcas', 29 agosto 2003, p. 16.

Fálase do museo etnográfico e pedagóxico que o escultor Fernando Villapol ten en Bretoña e que cumpre un ano. Recóllense palabras do seu creador e constátase a homenaxe que se vai render alí ao escritor Xosé Neira Vilas. Ademais cita algunhas das pezas destacadas deste museo.

F.V., 'Dos profesores abordaron el paisaje y la economía en la obra 'Terra Chá'', *El Progreso*, 'Terra Chá', 26 outubro 2003, p. 21.

Coméntase o remate do III Congreso Cultura da Terra Chá que chegou con dúas conferencias sobre a paisaxe e a economía na obra de Manuel María *Terra Chá*. Os profesores Rogelio Moreira e Manuel Roca foron os autores destas charlas. Fálase brevemente do contido das ponencias e de Manuel María que leu poemas e pechou o encontro. Cítanse a algúns dos intelectuais e artistas presentes no acto.

Fernán, Juan, 'Miguel González Garcés', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 1 xuño 2003, p. 2.

Fala da inauguración na Coruña dunha exposición sobre a figura de Miguel González Garcés que terá lugar no Kiosco Alfonso. Recolle palabras de louvanza de Francisco Vázquez e comenta que será erixido un busto na súa honra. Remata cunhas palabras do poeta adicadas á cidade da Coruña.

Fernández Ameso, Mónica, 'Oda á nosa sombra', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 11 agosto 2003, p. 6.

Relato sobre a evolución dunha persoa que tras unha noticia mala e un complexo de culpa enorme, anda de exceso en exceso ata caer na loucura. Só lle queda a súa sombra.

Fernández del Riego, Francisco, 'Cinco amigos nos Ancares', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 2, 'El retrovisor', 22 marzo 2003, p. 11.

Fernández del Riego explica unha ruta a pé que moitos anos atrás camiñaran polas terras dos Ancares el e varios amigos que o acompañaron. Vai citando os lugares que foron vendo no seu andar resaltando algunha característica que lle interesou. Ilústrase o artigo cunha fotografía dos cinco escritores que formaban o grupo: o propio Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega e Ánxel Fole.

Fernández Iglesias, Tomás, 'La cultura mindoniense, impresa letra a letra', *El Progreso*, 'Especial', 18 outubro 2003, p. 51.

Fálase da imprenta "Sucesor de Mancebo" e recóllense declaracións do seu actual propietario Fernando López González quen comenta a historia desta imprenta e ofrece datos como, por exemplo que, probablemente, foi seu pai o impresor mindoniense que máis xornais lanzou á rúa. Fálase da modernización con sistemas informáticos e outros datos relacionados co taller.

Fernández, Carlos, 'Tralos pasos de Carlos Casares', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 19 marzo 2003, p. 78.

Coméntase a inauguración oficial das novas instalacións da Fundación Carlos Casares. Recóllense as palabras da presidenta Kristina Berg nas que agradece a súa colaboración ás entidades e persoas que colaboraron na creación da fundación. Finalmente explica os proxectos da mesma así como as distintas áreas que a compoñerán.

Fernández, Carlos, 'Fallece en Madrid el poeta gallego Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, 'Hemeroteca', 26 novembro 2003, p. L16.

Dáse conta dunha noticia publicada vinte e cinco anos atrás, a morte en Madrid do poeta galego Lorenzo Varela tras a súa volta do exilio. Danse datos biográficos tanto políticos como literarios e xornalísticos e, finalmente inclúense os nomes dalgunhas das súas obras máis importantes.

Fernández, Miguel Anxo, 'Son Frank Soutelo...', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 37, 29 novembro 2003, p. 8.

Dentro do número monográfico "Los mejores detectives de la historia", que o suplemento *Culturas* de *La Voz de Galicia* consagra ao xénero da novela policiaca, inclúese unha páxina dedicada a Frank Soutelo, o detective protagonista da obra *Un nicho para Marilyn* (2002), de Miguel Anxo Fernández. O autor fai que sexa o propio personaxe quen se presente realizando un autorretrato en que explica a súa orixe galega, os seus gustos e costumes, etc. Explica ademais, nun curioso xogo metaliterario, cómo un editor lle propuxo publicar os seus casos, que dese acordo saíu xa do prelo a primeira entrega (*Un nicho para Marilyn*), e que en breve aparecerá a segunda. Adianta, ademais, o argumento desta última, di que se ambientará en Hollywood e que se publicará en Galaxia.

Fernández, Xurxo, 'Los dones de Manuel María', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 10 febreiro 2003, p. 72.

Fálase da entrada de Manuel María na Real Academia Galega. Noméase cal será o seu discurso: "A Terra Chá: Poesía e Paisaxe" e que será Xosé Luis Méndez Ferrín quen dea a resposta institucional. Coméntase a internacionalidade que acadou o autor chairego, o feito de que acaben de editarse as súas *Obras Completas* e inclúense uns versos do autor.

Ferreiro, Antón, 'La representación de 'Gameleiros', el acto cultural del año en A Guarda', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 22 setembro 2003, p. 15.

Coméntase a presentación de *Gameleiros*, obra na que Manuel Álvarez plasma as imaxes (en fotografía) de homes do mar e ás que Miro Villar pon palabras. Recóllense as declaracións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, en relación coa obra e o seu autor e finalmente dase unha serie de datos sobre o volume: características, motivacións, etc.

Flowers, Margarito, 'Nuevo libro firmado por Dora Vázquez', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 18 decembro 2003.

Entre outros asuntos alleos á literatura galega, o columnista dedícalle unhas liñas á presentación do último libro da "incasable y veterana" escritora Dora Vázquez, o que leva por título *Cadros reais, de amor, vida, agro e teatro*.

Fontán, M., 'El gobierno local cierra la Escuela de Teatro tras cuatro años de actividad', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 28 setembro 2003, p. 5.

Dáse conta do peche da Escola Municipal de Teatro de Vigo debido á falta de alumnos e informa que os mozos que estaban a cursar estes estudos terán agora unha redución, dos dous anos que lles restaban, a seis meses. Tamén se indica a posibilidade de que estes estudos sexan substituídos por unha serie de cursos formativos.

Fonte, Ramiro, 'Obras queimadas', *A Nosa Terra*, nº 1.083, 'Cultura', 22 maio 2003, p. 25.

Comezando cunha referencia á obra de Alberto Mangel *Unha historia da lectura* fálase dalgunhas das famosas queimas de libros da literatura como o testamento de Kafka onde

pide a un amigo que queime as súas obras completas ou a famosa queima de libros do *Quixote*. Refírese posteriormente ás obras que arden no lume da ignorancia e do esquecemento como *El idioma gallego* de Couceiro Freijomil na que se fala das últimas obras de Rosalía que, pouco antes de morrer, mandou queimar.

Forján, Emilio, 'La Biblioteca de Negreira registró 2.395 lectores durante el pasado año', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 15 xaneiro 2003, p. L11.

Fálase do funcionamento da Biblioteca municipal de Negreira. Coméntanse as cifras de afluencia ao longo do ano, o número de socios, os grupos de idade que máis a empregan, etc.

Fraga, Jesús, 'Retrato de intelectual', *La Voz de Galicia*, 'D Libros', 18 xaneiro 2003, p. 11.

Coméntase a recente publicación da obra *Castelao e os irmáns da liberdade* de Xan Leira, libro que ten a súa orixe nunha película documental sobre o rianxeiro. Destácanse palabras do limiar feito por Ángel Luis Hueso, e cítanse algúns dos persoeiros que cederon as súas lembranzas á obra así como se ilustra con retratos de José Luís Abalo e debuxos de Marcela Santorum.

Fraga, Jesús, 'Las bibliotecas públicas españolas tienen menos de un libro por habitante', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 xaneiro 2003, p. 48.

Fala da cantidade de libros que enchen as bibliotecas españolas e tilda de insignificante o número de volumes pois as cifras da cantidade de libros por habitante en España é de menos dun volume e compara estes datos cos do resto de Europa. En canto aos datos de Galicia, moitos núcleos de poboación non teñen biblioteca e, ao final, explica o funcionamento dos bibliobuses.

Fraga, Jesús, 'La corta vida de un libro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 abril 2003, p. 43.

Explica cal é o proceso que sofre un libro dende que nace nas mans do escritor ata que se destrúen os volumes non vendidos. O aumento de títulos provoca que moitas obras só estean expostas durante seis meses. Comenta cales son os libros que xeralmente resisten máis tempo e mediante un gráfico amósase a evolución da vida dos volumes.

Fraga, Jesús, 'La necesidad de traducir', *La Voz de Galicia*, 'Luz de cruce', 21 outubro 2003, p. 46.

Coméntase o relativo éxito de Manuel Rivas coa tradución da súa obra *¿Qué me quieres, amor?* ao inglés. Fálase doutros autores españois que teñen éxito e do difícil que é triunfar no mercado anglosaxón así como dos problemas para traducir do galego ao inglés.

Fraga, X., 'Un congreso internacional convierte a Barcelona no centro de estudios galegos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 maio 2003, p. 51.

Dá conta da celebración en Barcelona dun congreso internacional sobre Galicia. Helena

González, do comité organizador, di que o congreso xirará en torno a dúas liñas fundamentais: o papel das mulleres en Galicia e a relación da Comunidade con outros pobos da Península. Fala tamén das relacións entre Galicia e Cataluña en materia editorial, coa tradución abundante de literatura infantil e xuvenil galega ao catalán. Habará conferencias, recitais e a presenza de escritores galegos.

Fraga, Xesús, 'Luísa Castro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 8, 'O saqueo', 10 maio 2003, p. 14.

Breve descrición dalgúns dos elementos que decoran a casa da escritora Luísa Castro. Destácase unha fotografía atopada en New York que serviu de portada para a súa primeira novela. Tamén se fala de que Neruda, Hölderlin e Cunqueiro son algúns dos autores que enchen a casa e a vida da autora e cítanse outros elementos decorativos como a escultura do premio Hiperión que gañou no ano 1986.

Fraga, Xesús, 'Domingo de promesas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 31 agosto 2003, p. 10.

Relato dunha viaxe a Londres e exactamente dunha situación idílica nun barco polo Támesa con música de saxo en directo e unha cantante fermosa a namorar aos pasaxeiros. Vaise describindo a situación ata que resulta que se trata da imaxinación dalguén.

Franco, Camilo, 'Un Macbeth 'mafioso' desperta a temporada teatral en Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 11 xaneiro 2003, p. 41.

Camilo Franco fai un repaso de varias cuestións relacionadas coa actividade teatral no país. Aínda que comeza por aludir a unha polémica montaxe dun director foráneo, Calixto Bieito, debrúzase despois nalgúns eivas do noso sistema teatral, como por exemplo, no feito de que en Galicia é moi intensa a intervención institucional, ou que os galegos estamos no penúltimo lugar en canto a gasto en espectáculos por habitante. Así mesmo, refírese a algunhas pezas que se están a levar á escena neste comezo de ano, como as de Teatro do Atlántico (*Vanzetti*), Teatro do Aquí (*O Cabodano*), Centro Dramático Galego (*O Colaborador*), etc. Por último, alude tamén á próxima celebración da gala de entrega dos Premios "Max" de teatro, que convoca a SGAE (Sociedad General de Autores Españoles), en Santiago de Compostela, e lembra que con anterioridade a estes galardóns entregáranse os "María Casares", de ámbito galego.

Franco, Camilo, 'As editoriais galegas reaniman o panorama das traducións de clásicos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 abril 2003, p. 39.

Camilo Franco repasa neste artigo as iniciativas de distintas editoriais galegas no que á tradución de clásicos universais se refire. Así, cita, por exemplo, a recén estreada colección "Xabarin de Ouro" de Xerais, que vén de publicar no ámbito da literatura infantil e xuvenil *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carrol, *As aventuras de Pinocchio*, de Collodi, e *A chamada da selva*, de Jack London. Por outra banda, refírese aos proxectos de Galaxia, que prevé sacar á luz novelas decimonónicas clásicas como *Crime e castigo*, de Dovstoeski, *Madame Bovary*, de Flaubert, *Vermello e Negro*, de Stendhal, ou *Os noivos*, de Manzoni.

Así mesmo, indica que esta mesma casa editora dará continuación este ano ao denominado "Proxecto Shakespeare", tirando do prelo as principais obras do mencionado dramaturgo inglés (entre as cales, *Noite de reis*, *A tempestade* e *Romeo e Xulieta*). En canto ao teatro contemporáneo, menciona a tradución de *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett publicada por Laiovento. Finalmente, destaca as propostas de Ir Indo e Positivas, que editaron ou van editar *O gran Gatsby* de Scott Fitzgerald (Ir Indo) e *Canto a min mesmo*, de Walt Withman e o poema *Gilgamesh*. (Positivas). En columna á parte, sinala a forte presenza de autores como Wilde (con *A balada do Cárcere de Reading*, en Laiovento, ou *A pantasma de Canterville*, en Xerais) e Verne (con *Da terra á lúa*, nas edicións do Cumio, *Viaxe ó centro da terra* e *A volta ó mundo en 80 días*, en Xerais), fronte a outros menos frecuentes, como Goethe (con *Fausto*, editado por Laiovento) ou Joyce (*Retrato do artista cando novo*, tamén en Laiovento).

Franco, Camilo, 'As editoras portuguesas incorporan a autores galegos ós seus catálogos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 xullo 2003, p. 48.

Destácase a tradución de obras de tres escritores galegos ao portugués, novo campo de exportación aínda que a maioría das traducións sexan para o español. Ramón Caride, Gonzalo Navaza e Xavier Queipo acaban de ver obras súas editadas na lingua veciña e coméntanse algúns dos próximos proxectos de tradución de obras galegas ao portugués. En cadro á marxe fálase brevemente doutras traducións de autores galegos a outras linguas.

Franco, Camilo, 'A nova imaxe do país', *La Voz de Galicia*, 'Audiovisual', 25 xullo 2003, p. 22.

Comentario sobre a situación do audiovisual galego. Comézase falando das "moitas ganas e poucos medios" que había nos setenta e vaise comentando a evolución ata chegar a *O bosque animado*, primeira gran produción europea de animación. Fálase do fornecemento do medio gracias a guións literarios como *Trece Badaladas* ou *O lapis do carpinteiro* e faise unha referencia ao uso da lingua galega.

Franco, Camilo, 'Celso Emilio, escollido entre os mellores poetas do século XX', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 agosto 2003, p. 42.

Fálase de que dez poemas de Celso Emilio Ferreiro foron seleccionados pola editorial irlandesa Gallery Press para formaren parte dunha escolma das mellores pezas da poesía do século XX. O volume está preparado por Pearce Hutchinson e anúnciase a súa próxima publicación. Na obra aparecerán setenta autores de dezaseis linguas e cítanse os poemas do celanovés que formarán parte dela.

Franco, Camilo, 'Agosto non interrompe as novidades editoriais galegas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 agosto 2003, p. 38.

Comenta as novidades editoriais do mes de agosto de 2003. Aínda que é un mes de poucas publicacións destaca algunhas das obras que saen ao mercado dende as distintas editoriais.

Franco, Camilo, 'Rebeca e as nubes', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 22 agosto

2003, p. 6.

Relato fantástico dunha rapaza que xoga coas nubes e fala con elas.

Franco, Camilo, 'Diez autores explicarán en Vigo el mar como espacio y como símbolo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 outubro 2003, p. 46.

Fálase do ciclo de conferencias que baixo o nome "Un mar de literatura" terá lugar no Museo do Mar de Vigo. Participarán dez autores dos que se citan os nomes. Recóllense as palabras do coordinador Juan Ángel Juristo quen comenta que, na literatura española en xeral o mar non é un tema moi recorrido historicamente, aínda que na actualidade cobrou maior importancia. En columna á marxe figuran as charlas que compoñen o ciclo e os seus horarios.

Franco, Camilo, 'Luisa Castro y Zoe Valdés recuperan los mares de la infancia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 outubro 2003, p. 46.

Fala da inauguración do ciclo "Un mar de literatura" que contou coas escritoras Zoe Valdés e Luísa Castro. As dúas comentan cal é a súa relación co mar e do mar cos seus libros. Falan do Prestige e a cubana leu un poema relacionado con este suceso.

Franco, Camilo, 'Susó de Toro y Jesús Ferreiro evocan el 'Prestige' al hablar del mar', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 outubro 2003, p. 54.

Coméntanse as palabras vertidas por Suso de Toro e Jesús Ferreiro dentro do ciclo "Un mar de literatura". Recóllense as declaracións dos dous en torno á súa relación co mar. Suso de Toro falou dun mar no que a xente desaparece e que na súa obra ten unha parte de mítico. Ferreiro fíxoo sobre concepcións históricas do mar reflectidas na literatura. O tema do Prestige xurdiu varias veces e sobre el faláron tamén os autores.

Franco, Camilo, 'Un nicho para Marilyn', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 37, 29 novembro 2003, p. 8.

Dentro do número monográfico "Los mejores detectives de la historia", que o suplemento *Culturas* de *La Voz de Galicia* consagra ao xénero da novela policiaca, inclúese unha páxina dedicada a Frank Soutelo, o detective protagonista da obra *Un nicho para Marilyn* (2002), de Miguel Anxo Fernández. Camilo Franco acompaña unha autopresentación desta personaxe, que aparece na mesma páxina asinada por Miguel Anxo Fernández, cunha breve nota ofrecendo algúns datos sobre a novela. Nela insiste, entre outras cuestións, no influxo palpábel que o cine posúe nesta obra.

Franco, Camilo, 'Galaxia renova o aspecto e os contidos da súa principal colección literaria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 decembro 2003, p. 61.

Camilo Franco faise eco da presentación dos seis últimos títulos publicados pola editorial Galaxia, destacando a variedade de "xéneros, procedencias e tamén de xeracións" que supoñen estes volumes. Comeza referíndose a *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar, a quen

considera un escritor de "primeira liña". A seguir, loa o labor de tradución e incorporación de "voces alleas" ao noso sistema literario, exemplificado -segundo el- pola novela *Un nome de diccionario*, de Amélie Northomb, vertida ao galego por Dolores Vilavedra, ou por *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira, que achega aos lectores máis novos a "ese espacio fronteirizo do Bierzo". Seguidamente, e tras mencionar a aparición de *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, dá unhas breves pinceladas argumentais de *A esfínx de amaranto*, de Antón Riveiro Coello e mais de *A vida que nos mata*, de Xabier López López. Da primeira di que se trata dunha novela que narra unha dobre viaxe "física e de stirpe" e que comeza en Macau. En canto á segunda, indica que foi galardoada co "Premio García Barros", que está ambientada na República e que pertence ao xénero policial. Por último, dedica unha columna a comentar brevemente as mudanzas paratextuais e a ampliación de obras que acometeu a casa editorial.

Franco, Camilo, 'Máis de cen novos títulos protagonizan un pletórico nadal literario galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 decembro 2003, p. 46.

Expón algunhas das novidades editoriais que saen ao mercado no nadal. En primeiro lugar fala de cifras: de prezos, de número de editoras que presentan novidades, etc. Cita algúns dos volumes que saen á venda, fai referencia a obras clásicas que veñen de ser traducidas ao galego e nunha columna á marxe destaca algunhas das novidades máis importantes cunha breve reseña da obra e os seus autores.

Franco, F., 'Becerra: 'Torrente fue un magistral escritor pero no podemos olvidar su faceta docente'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 20 febreiro 2003, p. 37.

Resume os contidos dos que se falaren na mesa redonda-coloquio "Torrente y Casares. La amistad, la literatura y la enseñanza". Cita o nome dos participantes: Fernanda Sánchez, Kristina Berg, Damián Villalaín e Carmen Becerra e, tanto no artigo como nunha columna á marxe, explica os temas que abordaron cada un deles en torno á figura dos dous escritores.

Franco, Fernando, 'Vigo: esto es puro teatro', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 26 setembro 2003, p. 12.

Fálase da próxima inauguración dunha sala de teatro en Vigo chamada Teatro Ensalle. Pedro Fresneda e Raquel Hernández son dous madrileños que se propuxeron crear unha escena para que os grupos alternativos poidan desenvolver o seu traballo na cidade olívica. Comentan que invertiron no proxecto todo o aforrado en anos de traballo en Madrid e que crearán unha compañía propia.

Furelos, Víctor, 'Sede digna para Risco en Allariz', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 19 novembro 2003, p. 26.

Coméntase a inauguración en Allariz da sede da Fundación Vicente Risco na que estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e a presidenta da Fundación, María Xesús Martínez-Risco. Explícase brevemente en qué consistiu o acto.

G.B.B., 'Cuadrante Norte inaugura esta tarde a segunda parte da súa Mostra', *Diario de Arousa*, 'Vilagarcía', 25 abril 2003, p. 14.

Fala da Asociación de Xóvenes Artistas "Cuadrante Norte" que inaugura en Vilagarcía a II Mostra das obras destes creadores. Comenta que á marxe da exposición de artistas plásticos haberá un recital poético e cita nomes dalgúns pintores e poetas así como dos músicos que realizarán un concerto dentro desta mesma celebración.

G.L.T., 'Ensaísta destacado', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'O pasamento de García-Sabell', 4 setembro 2003, p. 12.

Fala de Domingo García-Sabell en relación con algunha obra súa. En primeiro lugar dun estudo sobre o *Finnegan's Wake* de Joyce posto en relación con Galicia e que forma parte de *Ensaíos I* editado por Galaxia. Tamén se fai referencia a *O home galego enfermo* que trata da medicina psicosomática e outra obra adicada a analizar a nova cultura do sexo.

Galego Pachego, Chus, 'Casa con fantasma', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 31 agosto 2003, p. 10.

Relato breve no que se trata o tema das casas encantadas. Tras unha breve exposición que xira en torno a un anuncio do xornal segundo o cal se aluga unha casa con fantasma preséntase o pensamento e a situación dun protagonista singular.

Gallego, Emilio, 'Teseo en el laberinto de la vida del nieto pródigo de Albertano', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 26 xaneiro 2003, pp. 2-3.

Trátase dun percorrido pola vida de Agustín Sixto Seco. Fálase da súa existencia dende o seu nacemento ata a actualidade pasando pola súa infancia na época da guerra, os estudos de medicina e o seu posterior traballo como doutor. Pero préstase especial atención á súa vinculación ao galeguismo, co que entra en contacto tras a morte de Castelao na tertulia do Café Español e do que será activista.

Gámir, Chinny, 'Madrid recupera a Álvaro Cunqueiro', *La Región*, 'Sociedad', 27 abril 2003, p. 87.

Coméntase a exposición sobre Cunqueiro presentada en Madrid no Círculo de Belas Artes. Recóllense declaracións do director desta entidade así como do comisario da mostra Xosé Luís G. Canido. Explicase en qué consiste a mostra, danse notas biográficas do autor mindoniense e ilústrase o artigo con fotografías da exposición.

García Machuca, Carlos, 'Bibliotecas públicas, un déficit antiguo', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 26 outubro 2003, pp. 10-11.

Recóllense unhas palabras do "Manifesto da Unesco sobre a biblioteca pública" e coméntase a falta de locais deste tipo que ten Vigo. Tan só a Biblioteca Central e a Penzol, esta última para a investigación, son as bibliotecas públicas da cidade. Fálase da escaseza de medios da Biblioteca Central que non ten recursos informáticos e que presenta carencias

de persoal e de accesos para minusválidos. A continuación recóllense características da Penzol. Inclúense declaracións de Rosa Díaz, directora da Central, de Marián Vidal, técnica da Penzol, e as de dous usuarios destas instalacións.

García Mariñeiro, Emilio, 'Relato para unha noite de inverno', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 15 agosto 2003, p. 6.

Breve relato sobre a morte no que un vello que vivía nunha cova ía riscando na pedra unha raia cada vez que morría un veciño da aldea. Nalgunhas ocasións a pedra non lle deixaba facer a raia e aí comeza o misterio.

García Negro, M^o do Pilar, 'Rosalía de Castro', *A Nosa Terra*, n^o 1.078, 'Galiza', 16 abril 2003, p. 16.

Artigo no que se felicita a María Teresa Álvarez polo seu proxecto "Mujeres de la historia", programa que se emite en TVE (Televisión Española). Un destes documentais foi adicado a Rosalía de Castro, a amosar que se trataba dunha muller culta e ilustrada e que era, en resumo, unha escritora universal.

García, José Manuel, 'Ourense recupera la vida y obra del galleguista Arturo Noguero', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 18 novembro 2003, p. 49.

Fálase dunhas xornadas organizadas por distintas entidades ourensás para profundizar na figura de Arturo Noguero. Coméntase brevemente cales son os actos previstos e a continuación danse unha serie de datos biográficos para ilustrar aos lectores como foi, xunto con Risco, o primeiro editor da revista *Nós* e que pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos. Remátase falando da publicación dun libro e de que se colocará en homenaxe unha placa na cidade de Ourense.

García, Laura S., 'El gallego es la lengua española en la que más se incrementa la publicación de libros', *La Región*, 'Galicia', 2 novembro 2003, p. 34.

Dáse a nova dun incremento do dez con tres por cento no último ano do número de obras publicadas en galego. Coméntase que é a lingua do estado que máis incrementou o número de títulos publicados, tendencia que se prolonga dende a década dos 90. Fálase de cales son os xéneros máis publicados, das editoras que máis producen e do auxe do tema do Prestige nas publicacións.

García, María José, 'Non me digas adeus', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 20 agosto 2003, p. 6.

Relato sobre o amor dunha parella de mozos. El decide marchar á Arxentina para traer cartos e casar con ela pero tamén para ver mundo e ela queda na casa. El marcha e ningún dos dous se di que se queren.

García, R., 'O pai de Balbino', *La Voz de Galicia*, 'D Libros', 8 febreiro 2003, p. 11.

Fálase da publicación dunha biografía de Xosé Neira Vilas elaborada por Ramón Regueira Varela e editada por Ir Indo. Danse unhas breves notas da súa vida relacionándoas co personaxe de Balbino, protagonista da obra *Memorias dun neno labrego*.

García, R., 'España entra en el Pen Club de escritores 14 años después que Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 46.

Coméntase, partindo da nova da entrada de España no Pen Club Internacional, de cómo foi o proceso moi anterior da entrada de Galicia nesta asociación así como dos intentos baldíos dos anos setenta. Fálase, un pouco por riba, da historia desta agrupación internacional, da relación de España con el e da proximidade das celebracións do quinto centenario da publicación do *Quixote*. En columna á marxe explícase a fundación do Pen Club de Galicia e dalgunha das súas actividades.

García, Rodri, 'La pobreza amenaza a 60 escritores españoles que están recibiendo ayuda', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xaneiro 2003, p. 53.

Partindo da nova da recente morte de José María Gironella en condicións económicas precarias elabórase un artigo sobre as dificultades que pasan moitos escritores para subsistir. Cítanse algúns dos que pasaron grandes apuros como Valle-Inclán ou Antonio Machado e coméntase que a Fundación Barrié concede un premio vitalicio para distinguir a tarefa das persoas que se fagan coa súa obra acreedores dos mesmos. Estre estes galardoados atópase Neira Vilas e recóllense palabras súas en relación a esta situación de moitos autores.

García, Rodri, 'O Machado galego', *La Voz de Galicia*, 'D Libros', 22 febreiro 2003, p. 10.

Dáse a noticia da publicación dunha *Escolma poética* de Ramón Cabanillas coa que se inaugura a serie "Arte de Trobar". Dentro desta colección inclúese tamén a obra de Xabier Alcalá *Dársenas de ocaso* coa que gañou o primeiro premio de poesía Caixanova.

García, Rodri, 'Sotelo Blanco edita un libro con máis de cen poemas inéditos de Pondal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 febreiro 2003, p. 47.

Coméntase a publicación do libro *Eduardo Pondal. Poesía galega completa III. Poemas manuscritos* editado por Sotelo Blanco. Trátase dun volume con cento cincuenta composicións do autor das cales cento seis son publicadas por primeira vez. Recóllense as declaracións de Manuel Ferreiro, editor da obra e autor da introdución da mesma.

García, Rodri, 'Cen persoeiros escriben o seu testamento en galego convocados pola Xunta', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 marzo 2003, p. 47.

Coméntase a edición da obra *Un futuro para a lingua* por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística. O obxectivo é fomentar o uso do galego nos documentos notariais. Publicanse seis volumes, un con mandas testamentarias de cento cinco galegos e outros cinco con relatos sobre decisións testamentarias. Cítanse algúns dos autores destes relatos xunto ao nome das obras.

García, Rodri, 'Desde a miña fiestra', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'Letras en galego', 5 abril 2003, p. 4.

Desde a miña fiestra é o título da última obra de Francisco Fernández del Riego, na que retrata a quince personaxes cos que compartiu amizade e "actividade ao servizo de Galicia". Describíense figuras como as de Castelao, Risco, Otero Pedrayo, etc. Coméntase que o retrato de cada personaxe remata cunha carta do mesmo ao autor deste libro.

García, Rodri, 'Xaquín Lorenzo 'Xocas' podería ser o personaxe do Día das Letras Galegas do 2004', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 xuño 2003, p. 47.

Explicase que o Día das Letras Galegas pode estar dedicado no ano 2004 a Xaquín Lorenzo "Xocas". Coméntase cal é o proceso de selección do autor e que cada ano saen varios nomes e rumores acerca do elixido. Fálase de que mentres a Real Academia Galega concede este día a autores que levan, cando menos, dez anos mortos, a Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxea a escritores vivos.

García, Rodri, 'Os escritores galegos cualifican de 'utópico' vivir da literatura en Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 setembro 2003, p. 55.

Alude a que os escritores galegos non poden vivir da literatura a excepción de Manuel Rivas e Suso de Toro. Recóllense as palabras de Carlos Lema, director de edición de Galaxia, quen apunta que o mundo da literatura infantil está máis profesionalizado ao tratarse dun mercado máis estábel. Achega os inconvenientes de vivir de escribir como o feito de ter un menor grao de autonomía xa que se dependen das vendas porque a porcentaxe que recibe o autor depende da tiraxe dese libro.

García, Silvia, 'Borobó' será nombrado hijo adoptivo del Concello de Boiro', *Diario de Arousa*, 'O Barbanza', 6 agosto 2003, p. 28.

Dáse a nova de que o Concello de Boiro vai aprobar o nomeamento de Raimundo García "Borobó" como Fillo Predilecto de Boiro. Tamén se comenta a celebración do día da Galicia Mártir 2003 que irá dedicado á figura de Bríxida Muñiz Suárez. En cadro á marxe explícanse algúns datos biográficos de "Borobó".

García-Sabell, Domingo, 'Propósito', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 50.

Céntrase na figura de Heidegger e o tema da morte. En torno a este tema xorde unha longa exposición do que significa a morte para as persoas, como chega e como marcha. Tamén fala da pena de morte vista dende un plano moral e con referencias ao cristianismo.

Garrido, Xoán Carlos, 'O derradeiro galeguista', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Galiza', 4 setembro 2003, p. 13.

Coméntase a vinculación de Domingo García-Sabell ao galeguismo dende a súa incorporación a Galaxia da man de Ramón Piñeiro. Fálase da súa figura como alguén que

axudou a elevar a loita galeguista pero sen militar nunca politicamente nela. Coméntanse aspectos importantes na súa vida como o tema da saudade ou o do elitismo, o seu cargo como presidente da Real Academia Galega, do federalismo, etc. Remátase recordando os nomes de García-Sabell e Piñeiro como figuras para botar de menos nos tempos actuais.

Gaspar, Silvia, 'De Pondal a Goscinnny', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 10 novembro 2003, p. 7.

Fálase dos poemas de Pondal e da súa relación coas ideas celtas. Coméntase que probabelmente foi a través de Murguía como Pondal coñeceu a obra do escocés McPherson e aí puido nacer parte da súa proximidade ao rexionalismo e ao mito celta. Fálase dos bardos, druidas e guerreiros da mitoloxía pondaliana. En recadro á marxe fálase da herdanza romántica que tamén presenta Goscinnny ao crear a serie de Astérix.

Gimeno, Maite, 'La Diputación creará una oficina en la ciudad olívica', *El Correo Gallego*, 'Galicia-Vigo', 16 decembro 2003, p. 23.

Entre outras cuestións relativas á cidade olívica, Maite Gimeno dá conta nesta sección fixa do anuncio, por parte da Fundación Carlos Casares, de crear un premio co nome do desaparecido escritor: o "I Premio Carlos Casares", que pretende posuír unha proxección internacional. Informa así mesmo de que os integrantes do patronato, entre os cales figura a viúva de Casares, Kristina Berg, firmaron unha serie de acordos coas autoridades político-administrativas que lles permitirá organizar diversas actividades culturais no vindeiro ano.

Gippini, David, 'O sector editorial amosará a súa boa saúde a partir de hoxe no Salón do Libro Galego', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 12 marzo 2003, p. L9.

Coméntase o comezo do Salón do Libro Galego que ten lugar na alameda de Santiago de Compostela. Haberá actividades que xirarán en torno á carpa situada na propia alameda, na que se presentarán ata doce mil volumes ordenados por distintos principios (tema, xénero, editorial...). Rendirase homenaxe a Antón Avilés de Taramancos e varios autores acudirán a presentar as súas obras e falar cos asistentes. Nun cadro anexo inclúense algunhas das actividades que se desenvolverán.

Gippini, David, 'O Salón do Libro abre as súas portas cun chamamento á lectura en galego', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 marzo 2003, p. L9.

Fálase do primeiro día do Salón do Libro Galego que se celebra en Compostela. A ausencia de público obrigou a suspender a presentación prevista de tres libros. Recóllense palabras do alcalde Xosé Sánchez Bugallo e da portavoz da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo. Esta última fala do "momento delicado" que atravesa o sector editorial galego. Coméntanse as actividades previstas para o día no que os nenos serán protagonistas.

Giráldez P., J., 'A moda do 'bookcrossing' chega tamén a Santiago', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 novembro 2003, p. 1.

Coméntase en qué consiste o fenómeno do "bookcrossing", movementeo creado por Ron

Hornbaker. Explicase o funcionamento deste sistema no que as persoas van deixando en lugares públicos libros que outra xente recolle e le. Reprodúcense as palabras de "Txatxi", unha bookcrossover de Santiago e, por último, nun cadro coméntanse algunhas das cifras mundiais desta iniciativa.

Goberna, Alfredo, 'Carlos Casares dará nome al Paseo Marítimo de Panxón', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 3 abril 2003, p. 31.

Coméntase que o paseo marítimo de Panxón, en Nigrán, levará o nome de Carlos Casares aínda que nunha primeira ocasión non fora aceptada esta proposta pola corporación deste concello pontevedrés. Finalmente aprobouse o proxecto e o paseo levará o nome do escritor ourensán onde lucirá unha placa conmemorativa e dez lousas do chan con nomes dalgúns obras súas.

Goberna, Alfredo, 'Nigrán inaugura mañana un memorando a Carlos Casares en el paseo de Panxón', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 16 maio 2003, p. 20.

Coméntase un acto polo que se inaugurará unha placa no paseo de Panxón en Nigrán conmemorativa da figura do escritor Carlos Casares así como de dez lousas, cada unha co nome dunha obra do autor. En información aparte fállase dalgúns actos que se realizan nos colexios con motivo do Día das Letras Galegas.

Gómez, Joel, 'Antífona: Música y Poesía', *La Voz de Galicia*, 'Sin intención', 1 marzo 2003, p. L15.

Lamento polo peche da librería santiaguesa "Antífona" que estaba especializada en música e poesía. Coméntanse cales eran as propostas do local, algún acto público que tivera lugar nela e remátase lamentando o peche.

Gómez, Lupe, 'Louro', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 478, 7 agosto 2003, pp. 1-8.

Trátase dun conxunto de poemas feitos por Lupe Gómez que se agrupan baixo o título de *Louro*. Están introducidos por unha pequeniña explicación titulada "Fotos de mulleres" na que a autora comenta unha viaxe que fixo a Louro e na que só eran mulleres. Os poemas non teñen título pero van acompañados cada un deles dunha fotografía ou dunha ilustración vencellada dalgún xeito ao mundo feminino e versos reflicten sensacións entre mulleres coa paisaxe do mar ao fondo. Accións breves cotiás, que provocan sensacións sinxelas pero especiais enchen os versos deste grupo de poemas.

Goñi, Javier, 'Nueva lírica contra la guerra', *El País*, 'Babelia', nº 589, 'Narrativa', 8 marzo 2003, p. 8.

Breve recensión da novela *Memoria de soldado*, de Alfredo Conde, na súa tradución ao castelán. Sinala, en primeiro lugar, que o autor foi o encargado de facer a tradución e que foi gañador de numerosos premios nacionais. Define a novela como "unha parábola pacifista sobre o absurdo das guerra civís" e busca as influencias doutros autores nesta obra; dá conta, finalmente, do argumento do libro.

González Fernández, Helena, 'Mai més', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 458, 27 febreiro 2003, p. 8.

Coméntase a presentación de *Cuarto de derrota*, a primeira novela en castelán do verinés Bernar Freiría. Neste acto participou, entre outro literatos, Manuel Vázquez Montalbán. A continuación fábase da relación dos escritores galegos cos escritores en lingua catalana e das traducións das obras duns á lingua dos outros. Partindo disto coméntase a publicación de dous libros sobre o Prestige, un editado en Barcelona e outro en Valencia.

González Gómez, Xesús, 'Joan Perucho, in memoriam?', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 decembro 2003, p. 28.

Fálase da morte do escritor Joan Perucho que dende facía tempo arrastraba unha cirrose. Fanse breves referencias á súa figura e a aspectos como a súa relación con Álvaro Cunqueiro, de quen foi editor de varios libros. Coméntase a súa relación con Galicia e o seu traballo como poeta incluíndo versos deste autor.

González Pereira, Alicia, 'A lenda de Arzádegos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 10 agosto 2003, p. 9.

Relato no que se recrea a lenda dunha rapaza morta e do amor que colle por ela un rapaz, oitenta anos despois, cando le o seu diario.

González Reyes, Xosé Avelino, 'Un pesadelo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 9 agosto 2003, p. 7.

Relato de Xosé Avelino González Reyes (1922), no que o protagonista é un home, Xaquín, que se caracteriza polo seu mal carácter e por maltratar á súa familia. Narra como o carácter lle muda tras soñar que o seu amigo Brais o ameaza polo seu comportamento e que a súa muller se vinga dos tratos recibidos.

González Somoza, Manuel, 'A tumba de Otero Pedrayo', *La Región*, 'Ourense', 17 novembro 2003, p. 7.

Resposta do secretario da fundación Otero Pedrayo a un artigo de prensa no que se criticaba o estado da tumba do escritor ourensán. Comenta que o estado da mesma é o que debe ser, de acordo cos últimos desexos de Ramón Otero Pedrayo.

González, David, 'Isaac Díaz Pardo, moito xenio e pouca figura/Moito xenio e pouca figura', *El Progreso/El Ideal Gallego*, 'El perfil', 23 marzo 2003, p. 10/9.

Semblanza biográfica de Isaac Díaz Pardo. Lóuvase a súa figura e o seu xenio, faise unha breve descrición da súa imaxe actual, coa súa boina perenne na cabeza e fábase da súa vinculación ao galeguismo da posguerra. Coméntase a súa marcha á Arxentina para reencontrarse co mellor da Galicia exiliada e explícase o seu traballo en relación co Grupo Sargadelos.

González, David, 'Un galego sen complexos', *El Progreso*, 'Perfil', 4 maio 2003, p. 10.

Coméntanse algúns dos traballos do artista vigués Antón Reixa. Comeza falando do seu grande traballo en prol do galego e da dignificación e modernización da súa cultura para despois analizar máis polo miúdo algunhas das súas creacións. Fálase da súa carreira musical, dende que deixou as aulas de galego para cantar ao "sol de carallo" cos Resentidos ata Nación Reixa. Fálase do seu labor na televisión, primeiro con *Sitio Distinto* (1990) e logo con *Mareas Vivas* (1998). Tamén se comenta a aproximación ao cine e conclúese que Reixa simplemente levou á práctica a súa liberdade creativa dende a súa "identidade de galego resentido" e cidadán rebelde.

González, Eva, 'El escritor local Alberto Romer inaugura mañana la Feira do Libro Galego de Tui', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño-Louriña', 16 maio 2003, p. 20.

Coméntase a sexta edición da Feira do Libro Galego de Tui e da súa presentación que correu a cargo do titular da Concellería de Cultura, Turismo e comercio de Tui, Moisés Rodríguez, e da representante do colectivo de librerías, Maruchi Valverde. Coméntanse cales son os actos fundamentais previstos do evento.

González, Eva, 'El resurgir del Teatro Principal de Tui', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 25 xuño 2003, p. 53.

Coméntase o cento doce aniversario dos primeiros Xogos Florais de Galicia, que tiveron lugar no antigo edificio do Teatro Principal de Tui. Fálase do acordo asinado para a restauración deste local e cítanse algúns dos actos históricos que tiveron lugar nel como discursos de Manuel Murguía ou de Alfredo Brañas. A intención das entidades colaboradoras na restauración é que o teatro volva acoller celebracións significativas nas súas instalacións.

González, Helena, 'Martí i Pol. A voz da emoción', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 492, 20 novembro 2003, pp. 1-12.

Número monográfico da "Revista das Letras" dedicado ao poeta catalán Miquel Martí i Pol (Roda de Ter, 1929) con motivo do vinte e cinco aniversario da publicación da súa obra *Estimada Marta*, unha das máis lidas da poesía catalá contemporánea. Helena González fai un breve estudo introdutorio arredor da figura do autor e a súa traxectoria, centrándose no poemario obxecto de estudo, do que destaca que significou un xiro dentro da súa traxectoria abrindo unha nova etapa na súa produción, na que os poemas adquiren un marcado carácter social, deixando tamén paso ao intimismo. A seguir, inclúese un longo poema coa súa tradución ao galego incluído no poemario "Capfoger", segundo dos incluídos en *Amada Marta*, xunto co do mesmo título e "Sete poemas de aniversario".

González, Mónica, 'La figura de Marcial Valladares regresa al lugar de Vilancosta', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 marzo 2003, p. 38.

Fálase do ano cultural dedicado a Marcial Valladares no concello da Estrada con motivo do

centenario do seu nacemento. Coméntanse algúns dos seus traballos máis importantes destacando a publicación de *Maxina ou a filla espúrea* en 1880. Destácase tamén o seu labor como xornalista e cítanse algúns dos actos que terán lugar durante este ano con motivo da homenaxe.

Gradín, Tere, 'Cultura gallega con acento caribeño', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 330, 20 setembro 2003, p. 1.

Fala da Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana que ten como cabeza visible a Irene del Río, lectora desta universidade dende o curso 1999-2000. Coméntanse algunhas actividades que teñen lugar na capital cubana en relación á cultura galega, ás clases de galego impartidas por esta profesora e a actos como o de homenaxe a Xosé Neira Vilas, cando foi nomeado Doctor Honoris Causa por esa universidade.

Graña, Carmen, 'Un día de chuvia', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 30 agosto 2003, p. 6.

Relato sobre o encontro de dúas persoas debaixo da chuvia.

Granados, Juan, 'Nostalgia de la vanguardia', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 26 outubro 2003, p. 10.

Tras unhas palabras recollidas de Luís Seoane sobre o que é a arte fábase da xeración Nós e daquela época na que proliferaban as vangardas e os traballos artísticos de distinta índole. Coméntanse as lecturas sobre as concepcións artísticas que facía Vicente Risco así como algunhas palabras recollidas por Castelao sobre a obra de Picasso. Remátase citando algúns artistas plásticos posteriores e botando de menos aquela época.

Grandal, Laura, 'Alfredo Conde escribe, actúa e dirixe', *La Región*, 'Cultura', 28 agosto 2003, p. 67.

Dá conta da próxima estrea no cine da película *Romasanta*, baseada na novela de Alfredo Conde, na que este tamén participou como actor. Tamén se anuncia que ademais da película o escritor guioniza, presenta e dirixe un documental sobre o mesmo tema e botará simultaneamente a novela en varios idiomas. Hai á parte un breve comentario sobre a historia da que trata e as particularidades desta nova versión.

Guerreiro, María, 'A débeda pendente do teatro galego', *La Opinión*, 'Cultura', 22 febreiro 2003, p. 60.

Con motivo do vinte e cinco aniversario da montaxe de *O Velorio* pola compañía Troula o CDG (Centro Dramático Galego) ía facer unha homenaxe coa posta en escena de *Daquel Abrente* na que xunto á peza de Francisco Taxes estaría o *Laudamuco* de Vidal Bolaño, primeiras postas en escena do teatro profesional galego. Coméntase a morte prematura de Taxes antes desta estrea e recóllense as palabras de Manuel Manquiña, que estivera naquela montaxe de 1978, e de Manuel Lourenzo, da mesma xeración que o falecido.

Gutiérrez, Bernardo, 'El libro en Galicia', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 12 xaneiro 2003, pp. 29-32.

Longo artigo no que se analizan as cifras relacionadas co libro e coa publicación de obras en Galicia. Destácase a cifra de dous mil libros publicados no país no ano 2002 e que se trata dunha cantidade que cada ano vai en ascenso. Fálase dos libros publicados en galego, recóllense declaracións de Fabiola Sotelo, presidenta da Asociacións de Editores Galegos, inclúense uns gráficos e datos de publicación (tamén de edición electrónica) e finalmente recóllense as declaracións dos directores de catro editoriais galegas: Galaxia (Víctor Freixanes), Cumio (Antón Mascato), Ir Indo (Xosé Antonio Perozo) e Xerais (Manuel Bragado).

HV, 'Poesía recitada, paisaxe e perfume', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 26 setembro 2003, p. 4.

Explícase que no espectáculo de danza "MIT", representado pola compañía B Studio dentro do ciclo Danza na Rede, conxúgase a música e a expresión corporal cun "ritual de poesía recitada", conxuros, oracións, etc.

I.M., 'El académico Alonso Montero tacha de franquista al Instituto Sarmiento', *El Ideal Gallego*, 12 febreiro 2003, p. 21.

Fálase da presentación do número do *Boletín da Real Academia Galega* dedicado á figura do Padre Sarmiento e da polémica xurdida polas declaracións de Xesús Alonso Montero que tildaba a actitude do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento de "franquista". Recóllense as palabras de Alonso Montero así como a resposta do director do citado centro Eduardo Pardo de Guevara.

I.M., 'La Barrié abre a los investigadores el fondo hemerográfico de la RAG', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 1 marzo 2003, p. 21.

Dáse información sobre un proxecto conxunto entre a RAG (Real Academia Galega), a Fundación Pedro Barrié de la Maza e a Universidade. Este proxecto inclúe a dixitalización de trinta e dúas revistas anteriores a 1930 e a catalogación de todo o fondo hemerográfico da RAG. Entre outros saíran á luz títulos como *Heráclito español y el demócrito gallego*, *O vello do Pico Sacro* ou *Diario de La Coruña*. Anúnciase tamén a publicación por parte das dúas institucións -Fundación Barrié e RAG- do primeiro tomo do epistolario de Manuel Murguía.

I.M., 'Los editores afirman que A Coruña es la ciudad gallega en la que más se lee', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 14 maio 2003, p. 19.

Recolle as opinións sobre a produción literaria de Galicia de diferentes expertos no mundo cultural e editorial galego que se atopaban na presentación da quinta edición do Salón do Libro Galego celebrado nos xardíns de Méndez Núñez en A Coruña. Tanto a presidenta da Asociación Galega de editores, Fabiola Sotelo, como a directora do Salón, Cruz López, e o

Concellerío de Cultura, Xosé Luis Méndez Romeo, coinciden en destacar a esta cidade como impulsadora deste tipo de acontecementos, sendo onde máis se le e máis libros se venden.

I.M., 'O saber de Don Paco ocupa lugar', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 10 setembro 2003, p. 14.

Recolle a petición de máis espazo para gardar fondos bibliográficos que Francisco Fernández del Riego formulou ao alcalde de Vigo Pérez Mariño, con ocasión da visita deste último ás instalacións da Fundación Penzol. Fernández del Riego amosou ao rexidor os volumes existentes e este lamentou os escasos medios que ten o Concello para satisfacer a petición.

I.P., 'El poeta con una musa llegada de Bielorrusia', *La Opinión*, 'A pie de calle', 23 xaneiro 2003, p. 19.

José Luis Sobrino publicou *Lendario acibeche* (2000), obra coa que inaugurou a súa propia editorial Minskeiro. O libro está dedicado a figura feminina, que é o nexo de unión entre os distintos poemas.

Iglesias, Ana, 'El V Salón del Libro fomenta la lectura a través de doce mil títulos', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 13 marzo 2003, p. 29.

Dá conta da inauguración en Santiago do V Salón do libro. Ademais de poder consultar e comprar entre un total de doce mil títulos, os visitantes contarán coa presenza de escritores, contacontos e homenaxearase a figura de Avilés de Taramancos, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. O Salón do Libro conta tamén cun espazo reservado para os nenos e cun concurso de debuxo infantil.

Iglesias, Ángel, 'Liga de champiñóns', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 3 agosto 2003, p. 6.

Relato moi curto escrito por un autor novel. Trata, con humor negro, cómo a paixón irracional, neste caso a paixón polo fútbol, pode levar ao ser humano e ao seu entorno a un límite extremo, incluso á destrución.

Iniesta, Juan C., 'Buenos Aires revive el exilio gallego con el film 'Castelao'', *Diario de Arousa*, 'O Barbanza', 12 setembro 2003, p. 27.

Refírese á presentación en Bos Aires da longametraxe *Castelao* de Xan Leira, da que se louba o dominio das técnicas cinematográficas para reconstruír a vida de Castelao e presentala como un traballo actual que responde as necesidades do pobo galego. Sinálase a idoneidade de Buenos Aires, refuxio de tantos galegos emigrantes, para a proxección e destácase o tratamento da morriña, do exilio, para propoñer unha comunicación intensa cos descendentes dos emigrantes galegos na Arxentina. Finaliza coas impresións de Clotilde Iglesias e Rosa Puente sobre o filme.

J.C., 'Un contador de historias', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 25 xullo 2003, p. 42.

Ofrece un breve perfil do escritor e periodista galego Carlos G. Reigosa, gañador do "Premio Fernández Latorre" cun artigo sobre o Prestige titulado "¿Nuevos Gallegos?" onde reflexiona sobre a nosa reacción ante a traxedia. Xa fora publicado en *La Voz de Galicia* en decembro do 2002, pero recóllese novamente nesta edición.

J.C., 'En honor a Rosalía de Castro', *El Progreso*, 'Especial', 12 outubro 2003, p. 6.

Anúnciase que a socialista Margarita Rodríguez Otero será a encargada de realizar a ofrenda a Rosalía de Castro, acto tradicional nas festas lucenses. A continuación, lembra a importancia reivindicativa que tivo este acto en 1975 no marco dun forte rexurdimento da identidade cultural galega.

J.C.B., 'Buenas expectativas en la Feria del Libro', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 29 xuño 2003, p. 22.

Faise eco da celebración na Praza Compostela de Vigo da XXIX Feira do Libro que conclúe o 7 de xullo. Dá conta do programa de actividades co que a Agrupación de Libreiros pretende fomentar o interese pola lectura e dotar ao certame dun carácter lúdico para superar o número de visitantes do ano anterior. Destacan entre outras iniciativas a Biblioteca Aberta, concursos literarios, actuacións musicais, así como a presenza de diversos escritores para firmar exemplares das súas obras.

J.F., 'Dos libros de fotografías retratan el mundo de los marineros gallegos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 febreiro 2003, p. 53.

Anúnciase a publicación por parte da editorial Xerais de *Mans salgadas* (2002), de Javier Teniente, e *Gameleiros* (2002), de Manuel Álvarez, dous libros de fotografías dedicados ao mar e aos mariñeiros, nun momento en que a marea negra do Prestige aínda estremece aos lectores. En *Mans salgadas*, Javier Teniente retratou desde o traballo nos astilleiros ata a vida no Gran Sol, pasando pola costeira do bonito, percebeiros, mariscadoras e vendedores das lonxas. A obra conta cun prólogo titulado "O país do mar" a cargo de Fran Alonso en galego, castelán e inglés, no que reflexiona sobre a Galicia do mar e as súas xentes e comenta a importancia do mar como creador de mitos e lendas. O libro *Gameleiros* combina a fotografía de Manuel Álvarez coa poesía de Miro Villar. *Gameleiros* é unha homenaxe aos mariñeiros de baixura de A Guarda, retratados cos seus diversos apeiros e as súas variadas capturas e acompañados por emotivos versos. Unha relación de topónimos nos que faenan os mariñeiros completa esta obra.

J.F., 'Galicia acude a Liber para mostrar las novedades del sector editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 46.

Anuncia a participación, na feria Liber de Madrid, de diversas institucións relacionadas co mundo editorial galego para promocionar as súas creacións editoriais. Recolle declaracións da presidenta da Asociación de Editores, Fabiola Sotelo, referentes á necesidade da literatura galega de estar presente en Liber.

J.L., 'Xela Arias fue enterrada en Pereiró ', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 novembro 2003, p. 45.

Refírese ao enterro da poetisa Xela Arias en Vigo, acto que contou cunha importante representación da comunidade cultural galega.

J.M.G., 'El colectivo que divulgó el teatro entre los coruñeses', *La Opinión*, 'Historias de hace un siglo', 18 marzo 2003, p. 14.

Recórdase o labor de Luís Iglesias de Souza, quen en 1943 fundou a Agrupación Artística La Farándula. Este grupo serviuse tanto de representacións radiofónicas como das lecturas públicas para dar a coñecer as novas creacións dramáticas.

J.M.G., 'El estreno coruñés de la ópera gallega 'O mariscal'', *La Opinión*, 'Historias de hace un siglo', 23 marzo 2003, p. 32.

Recorda o estreo da ópera galega "O Mariscal" no teatro coruñés Linares Rivas o día 28 de xuño de 1929; unha ópera que tivo a súa orixe na obra dramática de Ramón Cabanillas, *O Mariscal*, publicada en 1926. Refírese á gran expectación coa que se esperaba a representación da obra e ao éxito obtido polos intérpretes que animou aos promotores do espectáculo a levalo por outras cidades galegas.

J.R.S., 'A Fundación Casares abre un ciclo sobre o escritor', *O Correo Galego*, 'AFA', 22 abril 2003, p. 32.

Dá conta da celebración do ciclo "Carlos Casares de faladoiros e debates", promovido pola Fundación Casares e dirixido fundamentalmente ao público universiario. Segundo se indica, ten como obxectivo afondar "sobre diferentes aspectos da traxectoria de Carlos Casares, da súa produción ou das súas circunstancias persoais." Dáse a coñecer tamén o nome dalgún dos participantes como Fausto Dopico, Camiño Noia, Xosé Luis Barreiro Rivas, Ceferino Díaz ou Camilo Nogueira, entre outros.

J.R.S., 'Carlos Casares entra na Casa dos Poetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 outubro 2003, p. 47.

Nota na que se anuncia que ata finais do mes de setembro a exposición "Os mundos de Carlos Casares" permanecerá aberta na Casa dos Poetas de Celanova. Sinálase que nela se achega unha biografía intelectual do escritor ourensán, unha mostra bibliográfica das súas obras e coleccións e fotografías do propio autor. Remátase destacando que nesta exposición participaron numerosas institucións, entre elas a Fundación Comarcal Terra de Trives que elaborou un video titulado "Carlos Casares: estiven en Trives".

Jaureguizar, 'Díaz Pardo: 'Villar Ponte fixo unha Historia de Galicia fundamental', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 17 xaneiro 2003, p. 82.

Co gallo dun congreso sobre Ramón Villar Ponte celebrado na Facultade de Humanidades de Lugo, diversas personalidades falan sobre o escritor viveirense. Entre elas destácase a

Isaac Díaz Pardo e a Xulio Francisco Ogando, ámbolos dous salientan a importancia dos estudos de Ramón Villar. Jesús Blanco Echauri, organizador do congreso, sinala o descoñecemento que rodea a esta figura e a necesidade de divulgala.

Jaureguizar, 'Xerais recupera na nova colección 'Clásicos' a Celso Emilio Ferreiro', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 14 febreiro 2003, p. 81.

Dá conta da nova colección 'Xerais Clásicos' coa que se pretende divulgar entre os lectores os clásicos da literatura galega con textos revisados e fixados por especialistas. Comeza a súa andaina cunha antoloxía de poesía medieval a cargo de Bieito Arias Freixedo. A esta antoloxía inaugural sumaranse o poemario inédito *Nova escolma ferida* de Manuel Lueiro Rei, unha compilación de trobadores de Compostela e as obras completas de Ramón Cabanillas e Aquilino Iglesia Alvariño. Preséntase tamén a colección 'Xerais Poesía' que engloba "os poetas maiores, os dos oitenta e os dos noventa". A colección 'Clásicos Universais', na que se inclúen as traducións de escritores consagrados ao galego, arranca con *A divina comedia* de Dante, o *Cancionero* de Petrarca, e o *Decameron* de Boccaccio. No ámbito da lexicografía, a editorial publicará o *Novo diccionario dos nomes galegos*. Dentro deste terreo destaca tamén a elaboración dun *Diccionario Francés-Galego. Galego-Francés*. Ademais, en breve a editorial Xerais publicará: *Historia de naufraxios en Galicia* de Fernando Patricio, *Alba de Mulleres* de Carme Blanco, *Ánxel Fole. 101 anécdotas* de Ángel de la Vega e *Tarxeta vermella* de Xosé Miranda.

Jaureguizar, 'Manuel María dedica o seu ingreso na Academia ós poetas chairegos', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 16 febreiro 2003, p. 75.

Anúnciase oficialmente a incorporación de Manuel María á RAG (Real Academia Galega). O seu discurso estivo dedicado aos grandes poetas da Terra Chá: Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro. Méndez Ferrín referiuse no discurso de benvida ao carácter precursor de Manuel María e eloxiou a variedade temática da súa obra poética. Non faltaron as palabras de agarimo do presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro. Os futuros ingresos de Rosario Álvarez e Víctor Freixanes completarán as vacantes actuais da RAG.

Jaureguizar, 'A editorial Galaxia inaugura tres coleccións e cambia a revista 'Grial'', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 20 febreiro 2003, p. 75.

Anúnciase que a editorial Galaxia lanza tres novas coleccións: 'Illa Nova', 'Memoria' e 'Dombate'. Faise un repaso por algúns dos títulos que verán a luz nestas coleccións como a novela *Accidental*, de Manuel Darriba, en Illa Nova ou *Por conto alleo*, de Camilo Franco; na colección 'Memoria' anúnciase a saída das cartas que Álvaro Cunqueiro enviou a Fernández del Riego; e en 'Dombate' publícase *As torres no ar*, de Antón Avilés de Taramancos e un poemario de Iolanda Castaño. Tamén se sinala que a editorial vén de publicar unha biografía de Avilés de Taramancos escrita por Xosé María Álvarez Cáccamo e *A estraña estrela* de Xabier López López. Por último, anúnciase que a revista *Grial*, modifica o seu formato, a súa estrutura e incorpora fotografías.

Jaureguizar, 'Os 'salóns do libro galego' adiantan datas e aumentan as actividades para

nenos', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 27 febreiro 2003, p. 83.

O Salón do Libro abre as súas portas en Santiago para continuar a súa andaina polas principais cidades galegas. Como novidade desta edición destaca a visita de escritores, ilustradores e contacontos, ademais de concursos de redacción e de debuxo. Espérase a asistencia de numeroso público infantil, para o que se programaron diferentes actividades.

Jaureguizar, 'Cunqueiro será homenaxeado na feira do libro de Buenos Aires', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 14 abril 2003, p. 75.

Faise eco da homenaxe que o día 22 de abril se lle fará ao escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro na XXIX Feira Internacional do Libro de Bos Aires, organizada pola embaixada de España. Menciona os actos de lembranza a Cunqueiro, unha mesa redonda máis unha conferencia de Darío Villanueva, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. A seguir, fala da oferta que a Consellería de Cultura propón no seu expositor: unha completa colección de obras de Cunqueiro e a habilitación de diferentes espazos para as editoriais galegas participantes. Remata cunha breve referencia á Feira deste ano baixo o título de *El libro, del autor al lector*.

Jaureguizar, 'Unha editorial italiana publicará unha antoloxía de Luis Pimentel', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 27 abril 2003, p. 91.

Anuncia a publicación para a primavera do 2004 dunha antoloxía bilingüe -español/italiano ou galego/italiano- de vinte poemas de Luis Pimentel que aparecerán na colección *Poesía* da editorial de Pisa (Italia) Edizioni ETS. Recolle as palabras do filólogo Manuele Masini, promotor e tradutor da obra do escritor lucense, sobre cómo queda impresionado polo nivel da súa poesía e cómo xorde a idea de facer unha antoloxía.

Jaureguizar, 'A sexta demisión reabre a crise na Asociación Galega de Editores', *El Progreso*, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 69.

Faise eco da renuncia de Antón Mascato á secretaría da Asociación Galega de Editores, provocando unha inestabilidade que leva á especulación ben sobre a substitución da súa presidenta, Fabiola Sotelo, ou ben sobre a creación dunha segunda asociación. Remata facendo referencia ao aniversario da asociación que cumpre vinte anos neste 2003.

Jaureguizar, 'Un curso de verán revisará en Lugo a poesía europea contemporánea', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 24 xuño 2003, p. 66.

Anuncia a celebración do ciclo *Poetas Contemporáneos Europeos*, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e que terá lugar entre os días 14 e 18 de xullo na Facultade de Humanidades de Lugo. Recolle as palabras do seu coordinador, o profesor e escritor Claudio Rodríguez Fer, concretando a orientación e a temática do curso. Remata mencionando a intervención dalgún dos participantes que falarán sobre autores portugueses, galegos, ingleses, alemáns, gregos e italianos. Contará tamén con diversos recitais poéticos.

Jaureguizar, 'Cadaval estrea en marzo a versión teatral da novela 'O ano do cometa', *El Progreso*, 'Cultura', 5 setembro 2003, p. 90.

Annuncia o próximo estreno en marzo da obra teatral *O ano do cometa*, versión da novela de Cunqueiro do mesmo nome. Sinalase que o proxecto foi encargado polo Centro Dramático Galego a Quico Cadaval, quen está traballando na adaptación usando como referente o primeiro capítulo da novela.

Jaureguizar, 'Un congreso de editores españois está pendente da crise dos galegos', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 12 setembro 2003, p. 82.

Sinala a problemática situación que vive a Asociación de Editores Galegos (cos seus membros divididos e cun equipo directivo fortemente atacado por moitos editores) e a negativa dos demais editores españois a participar no congreso da Federación de Gremio de Editores de España, que se tiña previsto celebrar en Santiago, se os galegos non aparcan as súas diferenzas.

Jaureguizar, 'Medalla Castelao para Shin Chan', *El Progreso*, 'Cultura', 21 setembro 2003, p. 77.

Trata múltiples cuestións entre as que interesa o anuncio da publicación de *Entropía*, unha obra de Xosé Cid Cabido, á que fai referencia exclusivamente apuntando o seu título.

Jaureguizar, 'Armando Requeixo defende que Fole foi máis aló do ruralismo e a fala popular', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 3 decembro 2003, p. 83.

Resume os puntos principais dunha conferencia na que Armando Requeixo acepta o estereotipo que califica a Ánxel Fole como autor ruralista pero reivindica o Fole urbano de *Contos de néboa* e *Historias que ninguén cre* e propón unha análise da súa obra dende a comparación con narradores doutros países.

Jaureguizar, 'José de Cora percorreu Lugo detrás da andaina biográfica de Ánxel Fole', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 5 decembro 2003, p. 90.

Refírese á intervención de José de Cora nun ciclo de conferencias sobre Ánxel Fole, na que repasa as rúas lucenses máis vencelladas á vida de Fole, dende a praza do Cruceiro na que nace, ata a rúa Montero Ríos onde morre. Define o Lugo de Fole como intemporal e perfectamente recoñecíbel para o lector actual.

L.C., 'Unha homenaxe ó rei do teatro', *Galicia Hoxe*, 'Curtametraxes', 25 maio 2003, p. 3.

Lembranza do falecido Roberto Vidal Bolaño co pretexto da súa participación na curtametraxe *Amor Serrano*. Menciónase o seu traballo no teatro, cine e televisión, e recóllense unhas palabras de recordo ditas por Luís Tosar.

L.C., 'Rivas reivindica la literatura frente a la corrosión del lenguaje', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 22 xullo 2003, p. 67.

Dá conta do taller literario que Manuel Rivas está a impartir, baixo o título 'De lo desconocido a lo desconocido', na Universidade Internacional Menéndez Pelayo; e salienta algunhas das actividades que Rivas propuxo aos seus alumnos, recollendo ademais as súas declaracións con respecto á literatura.

Lamas, J. / Sotelino, B., 'A poesía reivindicativa toma mañá o castelo de Salvaterra de Miño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 setembro 2003, p. 39.

Informa do Festival Poético do Condado, que mañá reúne a dezaseis escritores galegos en Salvaterra baixo o lema 'Verbas para non esquecer. Non á guerra. Nunca máis'. O acto vai ser presentado polo actor Carlos Blanco e, ao seu remate, acollerá as actuacións de diversos músicos do ámbito galaico-portugués.

Lamas, Jorge, 'A Fundación Carlos Casares estrea a súa nova sede na cidade de Vigo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2003, p. 44.

Fai referencia ao acto de inauguración da sede en Vigo da "Fundación Carlos Casares", ao que asistiu, entre outros destacados persoeiros da cultura galega, Manuel Rivas. Indica, asemade, que o obxectivo da Fundación abranguerá, alén do estudo da obra do escritor, outros aspectos relacionados coa lingua e cultura de Galicia.

Lamas, Jorge, 'Vigo inaugura el primer museo interactivo dedicado a la comunicación humana', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 abril 2003, p. 45.

Dá conta da inauguración en Vigo do primeiro museo interactivo dedicado á comunicación humana e artellado arredor de catro disciplinas xerais, entre elas a literatura; fala, ademais, dunha das exposicións temporais, que percorre a historia da industria editorial viguesa dende mediados do século XIX.

Lamas, Jorge, 'A Fundación Carlos Casares estende as súas actividades por toda Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 62.

Dá conta da reunión que os membros da Fundación Carlos Casares mantiveron onte para pechar o exercicio anual de actividades e encamiñar a programación do ano 2004; entre os actos previstos cita os Encontros no Atlántico, a convocatoria do primeiro Premio Carlos Casares, a creación do Centro de Estudios Carlos Casares, a celebración dos primeiros diálogos literarios no pazo de Mariñán e a celebración dun ciclo sobre arquitectura e urbanismo na cidade de Vigo. Sinala, asemade, que as deputacións de Ourense e Pontevedra entraron a formar parte da Fundación, que o seu orzamento para o vindeiro exercicio é de 274.000 euros e que, de non solucionar os problemas que ten co concello de Vigo, deberá abandonar a súa sede actual a finais do mes de maio.

Laso Lorenzo, Rafael, 'O sonho', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 27 agosto 2003, p. 6.

Rafael Lazo Lorenzo (Xinzo da Limia) narra neste relato como un home buscou dende

novo o significado da palabra *felicidade*, sen atopalo; non descubriu o verdadeiro significado desta verba ata que un neno tolleito lle indicou que a felicidade está no neno que todos levamos dentro.

López Gómez, Xesús Anxo, 'Vainilla e/ou chocolate', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 13 agosto 2003, p. 6.

Relato breve que trata da vida duns internos nun colexio de curas.

López González, Diego Jesús, 'Reencontro', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 18 agosto 2003, p. 6.

Relato breve escrito en segunda persoa e dirixido a alguén con quen o emisor se reencontra, pero que está xa morto.

López López, Xabier, 'Pasou o que tiña que pasar', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 13 agosto 2003, p. 6.

Xabier López López (Bergondo, 1974) conta neste relato o sufrimento que un home padeceu durante anos a causa dos ruídos que pola noite facían os seus novos veciños; tras acostumarse a non poder durmir ata o amencer, un día, de socato, os veciños calaron para sempre.

López Morais, Anselmo, 'Castelao en Ourense', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 327, 30 agosto 2003, pp. 1-2.

Fai referencia ás relacións que Afonso R. Castelao mantivo coa cidade de Ourense ao longo da súa vida. Sinala que visitou a cidade por primeira vez en 1911, cando foi actuar coa tuna da Universidade de Compostela ao Teatro Principal; indica que dende aquel momento volveu a Ourense en numerosas ocasións nas que deu conta das súas distintas facetas, como músico, debuxante, político, colaborador de prensa, etc., dá coidada conta dos motivos de cada unha destas visitas e da acollida social que no seu momento tiveron. Finalmente, fai referencia ás múltiples homenaxes e recordos que na cidade de Ourense brindaron a Alfonso R. Castelao.

López Rivera, Dulce M^a, 'Adagio para unha feiticeira', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 20 agosto 2003, p. 7.

Dulce M^a López Rivera narra neste relato como unha familia completa desapareceu no mar; o pai foi o primeiro en afogar cando traballaba como percebeiro; dende aquela a nai acodía todas as noites aos cantís para contemplar unha extraña 'illa de flores' que só ela vía e, un día, desapareceu; finalmente, a filla, que acodía cada día aos cantís para intentar ver aquilo que levara a súa nai, desapareceu tamén converténdose en flor e reencontrándose coa nai nunha illa flotante chea de flores.

López, A. R. e Soedade Noia (coord.), 'Lecturas de verán: agosto', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', 31 xullo 2003, pp. 1-8.

Este número da "Revista das Letras", suplemento do xornal *Galicia Hoxe*, conságrase, tal e como se explica na nota introductoria, ao comentario dalgúns libros que constitúen a oferta editorial galega para este verán, incluíndo algún título publicado en anos anteriores.

Afirmase que, con esta "pequena mostra", pódese verificar o esforzo dos nosos escritores por "cubrir os distintos abanos da Literatura". Tamén se dedican unhas liñas, dentro deste encabezamento preliminar, á promoción e animación á lectura nun momento en que "as obrigas laborais" de moitos lectores potenciais se suspenden. Así, salvando dous casos que non entran dentro do ámbito estritamente literario, convídase a ler e achégasenos unha pequena reseña das obras que citamos a continuación. *A-Z*, de Xesús Fraga, conxunto de relatos do que se afirma que constitúe unha "guía sentimental" da cidade de Londres e que se narran dende o punto de vista dun fillo de emigrantes galegos. Dise tamén que se contan historias vividas ou imaxinarias e resúmese o argumento dalgunhas delas. Coméntase tamén a última novela de Ramón Caride Ogando, *O sangue dos camiños*, merecente do "Premio Risco de Literatura Fantástica" na súa última edición e que completa, segundo se nos explica, a triloxía integrada por *Soños Eléctricos* e *Sarou*. Indícase que o argumento da obra xira arredor de tres personaxes protagonistas, ubicados en cadanseu espacio xeográfico, que acabarán por veren cómo conflúen, inesperadamente, os seus camiños.

Faise referencia, así mesmo, ao "completo e variado catálogo de poemas de autores latinos, claro está que apócrifos" que supón o título (aquí non explicitado) de *Verba quae supersunt*, de Raúl Gómez Pato. Incídese na experiencia que no ámbito da poesía clásica posúe o seu autor, xa que é profesor de latín, e tamén na súa capacidade para actualizala. Lémbrese que el mesmo se propuxo con este libro cubrir "ese século de Ouro que á Literatura galega lle falta". Outro libro citado é *Mitos e memorias*, de Dario Xohán Cabana. Sublíñase que supón a volta ao xénero narrativo do escritor lugués tras varios anos de silencio e que se trata dunha colección de relatos "épicos e memorialísticos" a través dos cales o autor constrúe un "espacio mítico e atemporal". A seguir, fálasenos do volume colectivo *Xuro que nunca máis volvei pasar fame*, unha antoloxía lírica moi variada preparada pola asociación cultural Redes Escarlata e que inclúe, segundo se indica, textos de Xosé Luís Méndez Ferrín, Chus Pato, Anxo Angueira, etc. Por outra banda, reséñase o estudio de Anxo Rei Ballesteros que, baixo o título (de novo sen especificar) de *Tempo e vinganza. Ensaio sobre Hamlet, de William Shakespeare*, analiza o personaxe universal do escritor inglés dende unha perspectiva galega. Apúntase asemade que este traballo recibiu o "Premio Ramón Piñeiro de Ensaio" no ano 2002. No eido da poesía escrita por mulleres, que se destaca como unha corrente que penetrou con forza na literatura galega dos últimos anos, menciónanse catro novos títulos: *As amantes de Hamlet*, de Marta Dacosta, *Intempériome*, de Xela Arias, *Lembranzas da beleza triste*, de Maria do Carmo Kruckenberg, e *O son da xordeira*, de Antía Otero. Reprodúcense algúns versos representativos tirados destes poemarios. Volvendo ao campo da narrativa, coméntase a nova novela de Xosé Manuel Villanueva *Cuarteto con piano*, da que se achega o tema e argumento (as tensións sociais dunha vila industrial galega en crise) e mailo estilo e estrutura, que é a dunha peza musical. Por outra parte, faise mención da tradución ao galego que do libro de Francis Scott Fitzgerald, *O gran Gatsby*, apareceu publicada en 2002 da man de Laura Rodríguez Gómez. Explicase que a obra fabula sobre o colapso do soño americano e que está situada nos anos vinte, así como se ofrece un breve perfil biográfico do seu creador. Seguidamente, recoméndase tamén a lectura de *Por conto alleo*, de Camilo Franco, un libro que nace como froito dunha orixinal experiencia na rede e que, segundo se

nos di, vén relativizar o mito da inspiración. Cambiando novamente de xénero, salientase o volume titulado *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, coordinado por Belén Fortes e no que se debate sobre a escrita de xénero. A continuación, reséñase o "diario" de Anxos Sumai *Anxos da Garda*, un conxunto de reflexións que, como se afirma, a autora foi deitando na páxina web www.cultura.galega.org dende 2001. Por último, coméntase o volume *Narradio. 56 historias no ar*. Indícasenos que é o produto dunha iniciativa radiofónica coordinada e dirixida por Ana Romaní: a de emitir cincuenta e seis relatos na boca dos seus autores dentro do espacio 'Diario Cultural' da Radio Galega. Desta maneira, dísenos, reuníronse finalmente nun libro e nun disco compacto estas narracións, de xeito que o lector pode prolongar o acto da recepción a espazos e momentos que antes lle estaban "vedados" como "o coche" ou "os labores cotiás" da casa.

López, A. R. e Soedade Noia (coord.), 'Hixiene histórica', *Galicia Hoxe*, 'Revista das Letras', nº 481, 4 setembro 2003, pp. 1-8.

Este número do suplemento "Revista das Letras" dedícase monográficamente a reflexionar sobre a recuperación que da Guerra Civil e das súas consecuencias se está a verificar no campo da cultura nos últimos anos, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Consideran os coordinadores que vivimos un momento de rescate do pasado e que o réxime franquista se volveu actual e se fixo revivir para, tras anos de silencio, recuperar a voz dos que foron impostamente esquecidos. Así, entre outras producións da arte e da historia que son alleas á literatura galega, faise referencia a publicacións dentro do noso campo que, nos últimos anos, viñeron resucitar "a pantasma" da guerra e a posguerra para revisala: a novela de Xavier Alcalá *Fábula*, a de Manuel Sarille *Polos fillos dos fillos*, a de Xosé Luís Méndez Ferrín *No ventre do silencio*, a de Víctor Freixanes *Memorias dun fuxido*, os relatos de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?*, ou a película de Antón Reixa *O Lapis do Carpinteiro*, baseada na obra homónima deste último autor. Lémbrese, así mesmo, que esta confrontación bélica supuxo o exilio ou o silencio de moitos escritores galegos. Ponse o exemplo de Ramón Cabanillas ou Eduardo Blanco Amor, nas obras dos cales está moi presente o tema da guerra, ou o feito de que ata 1946 non se publicase ningún libro en galego. De entre os que iniciaron a recuperación da literatura galega neses anos, destácase a Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega.

López, Arantxa, 'Santiago de Compostela lidera la oferta de teatro alternativo en España', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 9 decembro 2003, p. 71.

Informa que Santiago de Compostela é, tras Barcelona e Madrid, a cidade española na que existe a oferta máis consolidada de teatro alternativo. A pesar disto, o director do Teatro Galán considera que o teatro alternativo compostelán está pasando por un momento de estancamento e perda de creatividade motivado polo sector audiovisual; o responsable da Sala Nasa comparte esta idea e engade que a actividade teatral debería ter unha maior promoción. Ambos cren, ademais, que o principal problema do teatro alternativo galego é a falta de financiación e consideran que o concello compostelán, o goberno autónómico e o goberno central, deberían apoiar economicamente a este sector.

López, Arantxa, 'A 'alternativa' é galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 decembro 2003, p. 40.

Comézase sinalando que Santiago de Compostela acolle unha media de espectáculos alternativos por habitante incluso maior que as grandes cidades de Madrid e Barcelona, malia a que este movemento está a vivir un momento de crise. Recóllense as palabras dos directores das salas Nasa e Galán, Xesús Ron e Baltasar Patiño, respectivamente, nas que denuncian o estancamento e perda de creatividade, así como a influencia negativa do audiovisual. Denuncian tamén a pouca promoción que teñen os espectáculos teatrais e a falta de financiamento como o problema máis importante. Recóllense as opinións de Iolanda Ogando, quen destaca a falta de apoio institucional a estes espazos e a calidade dos espectáculos que se levan a cabo neles. Remátase salientando a importancia do apoio de institucións como o Concello para que continúen adiante.

López, Belén, 'De mans enormes e miradas profundas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 4 marzo 2003, pp. 76-77.

Dísenos da publicación de dous libros de fotografía sobre o mar: *Gemeleiros* de Manuel Álvarez e Miro Villar e *Mans Salgadas* de Javier Teniente, da man de Edicións Xerais de Galicia, ademais de amosar os resultados dunha confrontación dos dous libros con un mariscador, Juan Castiñeira, que fala sobre os personaxes que aparecen representados nos libros, os puntos de vista cos que se fixeron, ou as expresións dos mariñeiros.

López, Belén, 'Suárez Abel e o misterio que rodea a Beatriz', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 12 marzo 2003, p. 74.

Describe o acto de presentación en sociedade da última novela do escritor Miguel Suárez Abel, *O repenique de Beatriz Goldar*, en compañía do editor Bieito Ledo e do escritor Tucho Calvo; reproduce algunhas palabras do autor sobre a súa concepción dunha boa novela e sobre como a súa se axusta a esas características.

López, Belén, 'Manuel Rivas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 abril 2003, p. 74.

Lembra a participación de Manuel Rivas, convidado pola Aula Castelao, na Semana Galega da Filosofía e reproduce algúns comentarios e anécdotas das que se valeu entre texto e texto recitado.

López, Belén, 'Coa pluma na man, rimando ó vento', *Diario de Pontevedra*, 'Diario das Letras', 17 maio 2003, pp. 6-7.

No Día das Letras Galegas, tendo en conta que o homenaxeado é poeta, consúltase a cinco poetas para coñecer as súas opinións sobre a poesía galega contemporánea. Os poetas consultados son Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello, Luís Rei Núñez, Yolanda Castaño e Franck Meyer. Transcríbense algunhas das súas declaracións e destácase a súa opinión coincidente sobre determinados puntos de vista. Todos eles consideran que os poetas desenvolven un papel activo en relación con diferentes acontecementos (por exemplo, a guerra de Iraq ou a catástrofe do Prestige) e aseguran que existe un compromiso claro coa lingua e o país; todos, agás Yolanda Castaño, cren que se está a vivir un bo momento na poesía e que hai unha gran riqueza de propostas. Falan,

finalmente, dos lectores deste xénero e todos admiten que a poesía adoita ser minoritaria, a pesar do cal aseguran que os seus lectores son máis conscientes ou comprometidos, non se moven por tendencias e a súa tarefa lectora esixe unha predisposición e unha sensibilidade maior.

López, José Miguel, 'Manuel María eleva a Terra Chá ós altares da literatura galega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 febreiro 2003, p. 48.

Recóllese a celebración no auditorio municipal de Vilalba da sesión pública de recepción como membro numerario pola Real Academia Galega a Manuel María Fernández Teixeiro, onde interviron o presidente da Academia, Xosé Ramón Barreiro, así como o propio Manuel María ou o tamén académico, Méndez Ferrín.

López, Priscila, 'Habaneras y alboradas', *El Ideal Gallego*, 7 febreiro 2003, p. 80.

Recóllese a participación de dous intérpretes coruñeses, un pianista e unha soprano, nos actos de clausura do décimo aniversario da Cátedra de Galego da Universidade da Habana, entre os que figura a investidura como doutor *honoris causa* do escritor Xosé Neira Vilas. Explicase que, ademais, durante os días da celebración cantantes cubanos musicaron poesías de Rosalía de Castro e Curros Enríquez.

López, Uxía, 'A actividade da Fundación Rosalía está supeditada ás subvencións', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 2 febreiro 2003, p. L13.

A precariedade económica da institución dificulta o desenvolvemento do seu traballo, tendo que deixar de lado proxectos de interese e non ten trazas de mellorarse nun futuro inmediato.

López, Uxía, 'As fundacións Cela e Rosalía farán unha mostra de autores de Padrón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 10 abril 2003, p. L11.

Dá noticia da exposición *Padrón, cuna de escritores* aberta conxuntamente pola Fundación Rosalía de Castro e pola Fundación Camilo José Cela; entre os plans máis inmediatos da fundación da célebre poetisa está a posible presentación do epistolario do seu home, a presentación do libro *Rosalía ilustrada*, a reedición de *La hija del mar* e da obra completa, así coma un concurso didáctico sobre *Cantares Gallegos*.

López, Uxía, 'La Fundación Cela expone textos de Torrente, Ferreiro y Risco', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 maio 2003, p. 52.

Alúdese a unha mostra de textos ilustrativos da relación de Camilo José Cela con Galicia, textos de Celso Emilio, Risco, Otero, Torrente Ballester ou Carlos Casares. Marina Castaño e Darío Villanueva, presidenta e vicepresidente da Fundación Camilo José Cela, din así mesmo que a institución funciona moi ben e cumpre os seus obxectivos.

Lorenzo, Fran P., 'O teatreiro do xenio/Un volume de estudios afonda na escrita escénica de Vidal Bolaño', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 28 marzo 2003, p.

Fálase en torno ao libro *Roberto Vidal Bolaño. Escritor escénico* que recolle estudos críticos sobre o dramaturgo, (de Damián Villalaín, Manuel Guede, Inma López Silva, Dolores Vilavedra, X. M. Fernández Castro e outros), un Post-Scriptum e unha bibliografía. Por último alúdese á súa presentación na que tamén houbo a lectura dramatizada do inédito *¡Anxeliños!* incluído na obra.

Lorenzo, Francisco P., 'Galicia perde coa morte de Tobío o legado vivo do vello galeguismo', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 14 marzo 2003, p. 75.

Faise un percorrido pola vida do escritor, tradutor e diplomático viveirense, Lois Tobío, morto en Madrid o 13 de marzo, facendo fincapé no seu libro *As décadas de T.L.*, onde se recollen vivencias persoais e converténdose, polo tanto, na gran crónica galega do século vinte. Incídese, ademais, na súa participación na fundación do Seminario de Estudos Galegos, así como na redacción do Anteproxecto de Estatuto de 1931, ou do seu paso por Berlín, Bulgaria ou, e despois de combater contra Franco, Nova Iorque.

Lorenzo, P. / **Mallo**, Albino / **Orgaz**, A., 'Morre García-Sabell, insigne humanista do século pasado', *El Correo Gallego*, 'El tema del Día', 6 agosto 2003, pp. 6-9.

Fan unha breve bio-bibliografía de Domingo García Sabell na que salientan que foi un home clave no establecemento da democracia en España. Refírense aos persoeiros que o acompañaron na capela ardente e anúnciase que "hoxe" será soterrado en Boisaca. En pequenas seccións lembran varias das actividades realizadas en vida: como que a súa Biblioteca pasará á Fundación Barrié, o seu labor como médico e como intelectual, o seu compromiso intelectual. Así mesmo, realizan un repaso pola súa obra salientando que foi un autor referencial do ensaísmo galego e humanista de eco internacional. Por último, recollen declaracións de escritores, políticos e intelectuais en xeral que tiveron relación co médico humanista.

Losada, Óscar, 'Un himno que estivo a piques de esquecerse', *La Opinión*, 'El Domingo', 19 xaneiro 2003, p. 10.

Cóntase como Pascual Veiga se puxo en contacto con Pondal para que lle fixese a letra do himno galego pero, coa morte do compositor, perdéronse os seus arquivos, que finalmente serían atopados en Arxentina, recuperando así o noso himno.

Loureiro, R., 'El Concello de Narón creará en octubre una escuela de teatro profesional', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 xullo 2003, p. 43.

Informa de que no mes de outubro o Concello de Narón abrirá a súa Escola de Teatro Profesional; a escola nace para dar resposta á demanda existente no Concello, de gran tradición teatral (en 1983 formouse a primeira escola teatral). O programa do centro inclúe materias como interpretación, escenografía ou iluminación, entre outras; o curso terá unha duración de tres anos e, aínda que nun primeiro momento será o concello quen expida os títulos, hai intención de solicitar unha validación académica. Inclúe, finalmente, as palabras

de Damián Villalaín, quen destaca a necesidade que Galicia ten dunha escola superior de arte dramática.

Loureiro, Ramón, 'Rivas dice en Ferrol que 'Torrente Ballester reconquistou o castelán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 xaneiro 2003, p. 41.

Nesta noticia destácanse palabras de Rivas como que hai que reivindicar o talento dos grandes narradores máis alá de calquera discusión lingüística ou tamén reivindicar aos nosos autores en castelán é un signo de fortaleza da lingua galega.

Loureiro, Ramón, 'Nos ollos dos vencidos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 10 agosto 2003, p. 8.

Relato breve que narra a chegada dos Bretóns á nosa terra e, con eles, do cristianismo.

Loureiro, Ramón, 'La muerte de Perucho priva a Europa de uno de los grandes autores del siglo XX', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 outubro 2003, p. 53.

Informa da morte do poeta e narrador catalán que aconteceu na súa casa de Barcelona aos oitenta e dous anos de idade; sinala que Perucho estivo fortemente vinculado a Galicia pola amizade que mantiña con Álvaro Cunqueiro e con Carlos Casares, cos que viaxou a Baltimore para visitar a tumba de Edgar Allan Poe.

LR, 'El Principal intima con los niños', *La Región*, 'Ourense', 17 xaneiro 2003, p. 7.

Achega a oferta teatral, musical e de danza prevista para a representación no Teatro Principal de Ourense durante o primeiro semestre do ano. Entre outros espectáculos que non interesan á literatura galega, alúdese nun recadro específico ao paso de compañías coma as de Monicreques de Kukas, Arte Livre do Brasil, Sarabela Teatro ou Centro Dramático Galego. Tamén se fala, brevemente, da influente crise económica na vida teatral galega, e da celebración do Día Mundial do Teatro o 28 de marzo.

LR, 'Casares ilustra la Casa de Cultura', *La Región*, 'Provincia', 17 xaneiro 2003, p. 19.

Infórmase da celebración en Xinzo dun acto de homenaxe a Carlos Casares consistente na lectura continuada de *O sol do verán*. Hai tamén, dísenos, unha exposición bibliográfica sobre o escritor na Casa da Cultura.

LR, 'A Fundación Curros Enríquez senta as bases para abrir e xestionar a Casa Museo do Poeta', *La Región*, 'Ourense', 24 febreiro 2003, p. 5.

A reunión que tivo lugar o día 23 de febreiro entre a Fundación Curros Enríquez e o Concello de Celanova, amosou a conformación ata o momento de vinteseite institucións e representantes a título persoal e acordou entregar os estatutos aos servizos Xurídicos da Universidade, como paso previo á creación da acta fundacional e a súa constitución nunha firma pública, ademais de elixir o décimo noveno "Premio Celanova Casas dos Poetas".

LR, 'La provincia no olvida a Carlos Casares', *La Región*, 'Ourense', 1 marzo 2003, p. 6.

Fálasenos da distinción que a Deputación Provincial de Ourense lle outorgou ao escritor xa morto, Carlos Casares, entregándolle, nun acto celebrado no salón de plenos da Deputación ourensá, á súa viúva, Kristina Berg, o título de fillo predilecto.

LR, 'Un libro coa semente de Carlos Casares', *La Región*, 'Ourense', 9 marzo 2003, p. 9.

Anúnciase a presentación do libro *Carlos Casares: A semente acaecida da palabra*, editado polo Consello da Cultura Galega e impreso pola editorial Galaxia, no acto de homenaxe que se lle fai ao autor cumprindo o cabodano da súa morte. Ademais recóllese un artigo do propio Casares publicado no xornal *La Región*, o 17 de xuño de 1972 e titulado "Lo dicen ellos", onde a partir dunha carta que escriben uns estudantes italianos ao seu profesor, o autor reflexiona sobor das dificultades do alumnado con poucos recursos económicos para poder acceder ao estudo así como da denuncia da ensinanza coas prácticas memorísticas, a disciplina hipertrofiada, etc.

LR, 'Una escultura de algún artista ourensano recordará a Casares como Hijo Predilecto', *La Región*, 'Ciudad', 1 abril 2003, p. 15.

Fai saber que o Concello de Ourense nomeará postumamente a Carlos Casares "Fillo Predilecto" da cidade e instalará un monumento dun escultor ourensán coma homenaxe á súa dedicación á literatura, á lingua e á cultura de Galicia.

LR, 'Los libreros triplicaron sus ventas con sus puestos en la calle y un 10% de descuento', *La Región*, 'Ourense', 24 abril 2003, p. 10.

Presenta a Manuel Rivas coma o autor de literatura galega máis vendido no Día do Libro en Ourense, tras el, Luís García Mañá e Xosé Carlos Caneiro; ofrece tamén un comentario de Alfredo Conde sobre os libros que lle influíron, entre os que destaca *O catecismo do padre Astete*; remata afirmando que a maioría das ventas de libros en galego dependen da demanda dos centros de ensino, e que só o dezaseis por cento das librerías se especializan en algo.

LR, 'A literatura foise de feira', *La Región*, 'Ourense', 18 maio 2003, p. 8.

Alúdese á saída á rúa dos libeiros ourensáns no Día da Letras Galegas e cítanse como obras máis vendidas e recomendadas as asinadas por Carlos Casares, Manuel Rivas, Suso de Toro e Luís García Mañá. Dise que a asociación Vagalume celebrou a data con lectura de textos galegos e faise referencia á presentación da obra *Triloxía do sangue e dos camiños* de Ramón Caride.

LR, 'O escritor Euloxio Ruibal inaugura co seu pregón sete días de festa adicados ós libros', *La Región*, 'Ourense', 31 maio 2003, p. 8.

Anuncia o inicio da Feira do Libro de Ourense, a súa duración e o pregón a cargo de Euloxio Ruibal. Destaca entre as actividades paralelas a presentación da reedición de *O*

Recristo da Baralla de Xaime Quesada, a axuda á repoboación forestal no Día do Medio Ambiente e a presentación da editorial "Difusora das letras, artes e ideas" e dos seus primeiros libros.

LR, 'Un universo enteiro' se aloja en el Paseo', *La Región*, 'Ourense', 1 xuño 2003, p. 12.

Fálase da lectura do pregón da Feira do Libro de Ourense por Euloxio Ruibal, así como da presenza na feira de personalidades da cidade. En dous anexos, tres libreiros e tres lectores fan as súas recomendacións literarias ou falan do que están a ler.

LR, 'La hija de Risco resalta el valor de los documentos inéditos recopilados en Allariz', *La Región*, 'Provincia', 20 novembro 2003, p. 19.

Dá conta da satisfacción que a María Jesús Risco, filla do escritor ourensán Vicente Risco, lle produce a posta en funcionamento da Fundación que leva o nome do seu pai, ubicada no casco histórico de Allariz e promovida por un dos fillos do pensador. María Jesús Risco destaca o labor de catalogación de numerosos documentos e escritos de seu pai, ata agora inéditos.

LR, 'A biblioteca do Campus apoia o seu primeiro pilar sobre a obra de Risco, Valente e Casares', *La Región*, 'Ourense', 27 decembro 2003, p. 4.

Informa da colocación da primeira pedra da Biblioteca do Campus de Ourense, prevista para o 2005, baixo a cal se sepultaron un chip e tres libros, de Vicente Risco, José Ángel Valente e Carlos Casares. Recolle as declaracións do Conselleiro de Política Territorial e do reitor da universidade, enumera aos persoeiros presentes no acto e achega outros datos sobre o proxecto.

Lubián, Felipe, 'Nas terras de Tuínza xa temos escritor', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Fin de semana', 27 marzo 2003, p. 40.

Son as verbas pronunciadas polo alcalde de Lubián, en Zamora, durante a presentación en Santiago do libro de Xavier López Rodríguez *Amigo Medo*; conta cómo coñeceu ao escritor, cómo influíu nel para que comezara a escribir en galego e fala, finalmente, dos recordos que lle provoca o libro.

Luca, Gustavo, 'Taxes, entre a indignación e o humor', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, , p. 30.

Fálase, ademais da obra pola que se lle coñece ao dramaturgo Francisco Taxes, *O velorio*, onde se aprecia unha aposta clara polo humor e comicidade, doutra que apareceu un ano despois da estrea da anterior, *Lenta Raigame*, onde o autor ensaiou un xénero trascendente lonxe da ironía e o humor co que fora tratada a anterior mais cunha clara intención nacionalista. Remátase lembrando que non só debemos ter en conta estas dúas pezas, xa que Taxes deixa moitos libros, premiados argumentos de cine e un abundante traballo de supervivencia nos medios de comunicación, sobre todo na radio.

M.B., 'Francisco Taxes, autor de 'O velorio', morre na Coruña aos 62 anos', *La Opinión*, 'Cultura', 22 febreiro 2003, p. 59.

Fálase da morte de Taxes o vinte de febreiro na Coruña e subliñase a importancia que tivo dentro do panorama teatral galego así como no ausente recoñecemento institucional ao seu traballo como dramaturgo aínda que si do público. Enuméranse os catro textos teatrais publicados: *O velorio*, *Casta e albitio*, *Lenta Raigame* e *Caderno de bitácora*, ademais dos dous guións da primeira cinematografía galega: *O cadaleito* e *O caso das galiñas aforcadas*, e do seu traballo na prensa escrita e nos espazos de radio.

M.B., 'A Academia colgará na Internet as revistas galegas anteriores a 1930', *La Opinión*, 'Cultura', 1 marzo 2003, p. 59.

Dá conta de varios títulos de revistas e xornais do século XIX, concretamente anteriores a 1930, que a Real Academia Galega ten previsto poñer en rede, como por exemplo o primeiro xornal da Coruña, *Diario de La Coruña*, ou a primeira revista publicada integramente en galego, *O vello do Pico Sacro*. Destaca que para isto esta institución asinou un convenio de colaboración coa Fundación Barrié de la Maza e que aínda está por decidir se para acceder a eses fondos haberá que pagar, aínda que o presidente da Real Academia Galega cre que deberían ser de acceso libre porque a cultura non debe custar.

M.B., 'Lorca será el protagonista de la primera exhibición bibliográfica', *La Opinión*, 'Cultura', 30 abril 2003, p. 51.

Alúdese aos fondos da biblioteca da Fundación Luís Seoane e anúnciase que a primeira exposición bibliográfica dedicárase a Federico García Lorca pola súa ligazón coa cultura galega a través, sobre todo, da súa amizade con escritores coma Eduardo Blanco-Amor.

M.B., 'Xavier Seoane enche de lendas e melancolía o seu novo poemario', *La Opinión*, 'Cultura', 20 xuño 2003, p. 51.

Fai referencia á presentación do libro *Dársenas do ocase* de Xavier Seoane, que onte tivo lugar na Fundación Luís Seoane e á que asistiu Luís G. Tosar, Helena Villar, Miguel Anxo Fernán Vello e Luciano Rodríguez. Este poemario, escrito entre 1999 e 2002, foi publicado en 2002 e obtivo o primeiro "Premio Caixanova de Poesía".

M.B., 'Rivas es uno de los mejores escritores contemporáneos', *La Opinión*, 'Cultura', 8 setembro 2003, p. 52.

Co gallo da chegada do escritor italiano Antonio Tabucchi á cidade de Ferrol, mantense unha conversa con este na que, entre outros asuntos, se lle pregunta pola súa amizade co escritor coruñés Manuel Rivas. O xornalista explícanos, glosando ou reproducindo as declaracións do propio entrevistado, que Tabucchi pensa que o galego é un dos mellores escritores europeos contemporáneos e que di compartir con el moitas formas de ver a realidade.

M.B., 'Las compañías teatrales piden a la Xunta debate y política participativa', *La Región*,

'Santiago', 16 setembro 2003, p. L9.

Informa da asemblea extraordinaria de ASCIPROTEGA (Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galicia), na que a directiva presentou a súa dimisión. Tras rexeitar dita dimisión, a asociación que inclúe dezaioito empresas galegas acordou organizar unhas xornadas de debate sobre a situación teatral e das compañías de teatro de Galicia e instar á Xunta para que mellore o sistema de subvencións ás compañías e aos teatros, así como, para que tome medidas co fin de evitar que os actores galegos marchen traballar fóra.

M.C., 'Cultura a orillas del río Azúmara', *El Progreso*, 'Terra Chá', 21 xullo 2003, p. 14.

Infórmase da presentación que o escritor Ricardo Polín fixo do seu ensaio dedicado ao estudio da vida e obra completa do poeta Crecente Vega no marco da IV Festa Valura de Castro de Rei; ao término da presentación tivo lugar un recital poético no que, entre outros, participou Marica Campo. Recóllense, así mesmo, as palabras de Ricardo Polín sobre Crecente Vega.

M.C.S., 'A Festa das Letras estará dedicada en esta edición al escritor Manuel Rivas', *La Opinión*, 'Carballo/Costa da Morte', 30 abril 2003, p. 18.

Di que a Festa das Letras de O Couto-Ponteceso dedicarase este ano a Manuel Rivas, que estará presente na inauguración do día dez, na que terá lugar unha excursión literaria pola Costa da Morte; durante o certame proxectaranse filmes e haberá teatro, entre outras cousas.

M.D., 'Os cen anos do nacemento de Álvaro Gil celébranse na intimidade familiar', *El Progreso*, 'Cultura', 5 setembro 2003, p. 91.

Dáse conta da celebración dunha misa en memoria do industrial e galeguista lugués Álvaro Gil, cando se conmemora o centenario do seu nacemento. Lémbrese que este home foi unha figura moi vinculada á cultura galega: foi militante do Partido Galeguista, sufriu prisión na illa de San Simón, participou na creación da revista *Ronsel* e tamén da editorial Galaxia, foi académico de honor da Real Academia Galega, doou importantes pezas da súa colección de arte aos Museos de Lugo e de Pontevedra, etc. Reivindícase unha maior atención para este personaxe, do que Isaac Díaz Pardo afirma que Galicia lle debe moito, e faise notar que a súa biografía aínda está por escribir. Lamentase tamén que nos círculos oficiais careza de recoñecemento un "benefactor" coma Álvaro Gil, e que nin sequera exista unha rúa co seu nome.

M.G., 'O faladoiro de Casares/Abierta en Vigo la sede de la Fundación Casares', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 19 marzo 2003, p. 33/68.

Di que ao acto de inauguración da sede en Vigo da "Fundación Carlos Casares" asistiu, entre outra xente, Manuel Rivas; e que o seu obxectivo, alén do estudo da obra do escritor, abarcará aspectos relacionados coa lingua e cultura de Galicia.

M.G., 'O poeta máis culto do Rexurdimento', *La Opinión*, 'Cultura', 21 marzo 2003, p. 67.

É unha breve reseña sobre a figura do poeta Eduardo Pondal baseada nos estudos de Manuel Ferreiro, que o presenta coma un dos máis instruídos poetas galegos do seu tempo.

M.G., 'Paisaxe emocional', *O Correo Galego*, 'AFA', 22 abril 2003, p. 33.

Reproduce a boa impresión de Manuel Rivas sobre a longametraxe de Antón Reixa *O lapis do carpinteiro*, coa que pensa presentarse a festivais nacionais e internacionais.

M.G., 'Xabier Seoane recoge el premio Caixanova', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 68.

Dá conta do acto de entrega do premio de poesía Caixanova, que tivo lugar onte pola noite. Sinala que no transcurso da mesma interviñeron Julio Fernández Gayoso, Luis González Tosar e Angel Basanta e recolle a esencia das súas intervencións; sinala, asemade, que Xabier Seoane leu algúns versos de *Dársenas do Ocaso*, obra pola que resultou gañador e que será publicada dentro da colección "Arte de Trobar".

M.G., 'As Ínsuas rinde un emotivo homenaje a Xosé Agrelo', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 xuño 2003, p. 41.

Dá conta da homenaxe que os profesores e alumnos das Ínsuas renderon ao profesor Xosé Agrelo Hermo, que se xubilou tras exercer corenta e cinco anos como profesor, trinta e catro deles en Muros. Fai referencia ás actividades incluídas no acto, fala da afección de Agrelo Hermo ao teatro e cita os dous últimos libros dos nove que publicou (*Noia, porto de Compostela* e *Avilés de Taramancos*).

M.G., 'El homenaje a Xosé Agrelo refuerza vínculos con Noia', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 5 outubro 2003, p. 36.

Informa que o Concello de Muros entregou ao profesor Xosé Agrelo Hermo a súa medalla de ouro en recoñecemento pola súa actividade docente e cultural; sinala que no seu discurso de agradecemento Agrelo parafraseou ao poeta Antón Avilés de Taramancos e achega certos datos da súa traxectoria vital, facendo fincapé no seu labor como director teatral, crítico literario ou investigador; indica, ademais, que é autor de doce libros e dá conta dos distintos premios que Xosé Agrelo recibiu pola creación literaria.

M.G.P., 'Díaz Pardo homenajeadado en Cervo por 'poñelo no camiño do progreso', *El Progreso*, 'Comarcas', 8 maio 2003, p. 19.

Faise referencia ao acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo no Concello de Cervo como agradecemento por investigar a historia do concello e contribuír ao seu progreso. O discurso do intelectual fixo gala do seu sentido do humor e pediu que alén dos vaivéns políticos Cervo permanecese unido para levar a cabo o que quixer.

M.I., 'Dobre edición', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xullo 2003, p. 52.

Dá conta das actividades culturais organizadas para os próximos días pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo, entre as que destaca dende o punto de vista literario unha dobre edición dos chamados 'Martes Literarios', a cargo de Manuel Rivas, que falará da súa última obra *Muller no baño* e da súa visión do mundo literario, e José Luís Sampedro, que falará do conxunto da súa obra.

M.J.R., 'Nunca Máis é unha negación e unha afirmación de esperanza ', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 7 maio 2003, p. 21.

Fálase do libro *Nunca máis Galiza á intemperie* de Suso de Toro e de cómo os feitos de novembro do 2002 supuxeron un cambio na sociedade galega cuxo síntoma e expoñente máis visíbel é Nunca Máis.

M.M., 'Préstamo de libros a la carta y a domicilio', *La Opinión*, 'A Coruña', 16 febreiro 2003, p. 16.

Anúnciase un préstamo de libros a domicilio baixo o título "A biblioteca na casa", como proxecto promovido polas bibliotecas municipais da Coruña xunto co Centro Municipal do Voluntariado baixo a coordinación da codirectora da biblioteca de O Castrillón, Belén Solleiro, para achegar ás casas de persoas que teñen que permanecer nos seus domicilios por enfermidade ou minusvalía, libros destas bibliotecas.

M.M., 'El premio Xohana Torres recupera a las mujeres olvidadas del siglo XX', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 maio 2003, p. L9.

Faise eco da presentación do terceiro volume da colección Xohana Torres, *Esquecidas pola historia: as mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro tercio do XX* de Herminia Pernas Oroza, que foi premiado polo Concello de Santiago. A autora salienta a dificultade que atopou para "facér visibles" ás mulleres desa época e, sobre todo, nunha cidade coma Santiago. Pola súa parte, a concellería de Muller, Encarna Otero, eloxiou a labor de investigación e Mar Lorenzo, vicerreitora de Extensión Cultural, ofreceu o seu apoio ao preograma de investigación.

M.M.O., 'La asamblea da entrada a Justo Cortizo como nuevo miembro', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 26 xaneiro 2003, p. 35.

A Fundación Rosalía de Castro celebrou unha asemblea na que se lle rendiu homenaxe a Casares e elixiuse ao seu sucesor, o investigador Julio Cortizo.

M.M.O., 'Borobó' y Avelino Pousa Antelo darán nombre a sendas travesías', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 2 febreiro 2003, p. 34.

Anúnciase o acordo do pleno celebrado en Pontecesures para o nomeamento de dúas rúas de Pontecesures a Raimundo García Domínguez, "Borobó", polo seu orixe local e a Avelino Pousa Antelo pola dedicación de tarefas docentes durante trece anos no colexio de Infesta.

M.P., 'O Día das Letras Galegas estará adicado ao etnógrafo Xaquín Lorenzo, 'Xocas', *La Opinión*, 'Cultura', 13 xullo 2003, p. 60.

Sínálase que a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2004 ao etnógrafo Xaquín Lorenzo 'Xocas', de quen se inclúe unha breve achega á súa vida. Sínálase, ademais, que a Academia nomeou a Giuseppe Tavani catedrático de honra.

M.P.L., 'Memoria do exilio', *O Correo Galego*, 'AFA', 10 maio 2003, p. 31.

Dáse noticia da inauguración polo alcalde da Coruña da Fundación Luís Seoane en lembranza e homenaxe dos exiliados galegos que plasmaron na súa arte a arela de liberdade, e anótase que a mostra con que se abre é *Seoane e a vangarda: Os seus mestres, os seus amigos* con obras de Matisse, Picasso, Carlos Maside ou Maruja Mallo.

M.R., 'Actriz internacional y delirio de Albert Camus', *La Opinión*, 'A Coruña', 6 abril 2003, p. 29.

Dá unhas notas sobre a vida e a traxectoria artística da actriz María Casares, nas que se destacan as dificultades polas que tivo que pasar ao ter que traballar nunha lingua e país estranxeiros, e o seu triunfo interpretando papeis para autores coma Albert Camus ou Rafael Alberti.

M.S., 'Rafael López Torres asinou libros na Ferrería', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 18 xullo 2003, p. 76.

Dáse conta dos actos que van ter lugar na Feira do Libro de Pontevedra, entre os que se destacan a presentación e sinatura de exemplares da novela gañadora do "Premio Blanco Amor 2002", *As voces da noticia*, de Xosé Monteagudo, unha representación do grupo Trebellar ou a sesión de contacontos a cargo de Ana Carreira.

M.V., '40 años de publicaciones', *La Opinión*, 'Betanzos/Sada', 23 abril 2003, p. 16.

Fala da constitución das Edicións do Castro da man de Isaac Díaz Pardo un vintetrés de abril de hai corenta anos co obxectivo de recuperar a memoria histórica de Galicia, de estudar a súa realidade, bases económicas e cultura; esta empresa, que leva publicados máis de mil volumes, conta xa con diversas coleccións dedicadas a diferentes xéneros literarios.

Mallo, Albino, 'Versos de Valle-Inclán para Alfredo Constenla', *O Correo Galego*, 'AFA', 9 febreiro 2003, p. 48.

Fálase do poema "Fin de Entroido" de Valle-Inclán como inspirador das vinte e dúas obras do pintor ferrolán, Alfredo Constenla, que expón en Meliá María Pita na Coruña e que precisamente moitos títulos dos seus cadros coinciden co contido deste poema do autor de Vilanova de Arousa: "Mitra de papel", "Os pingos de Colombina", "Ó pé dun farol", "Pata de cabra" ou "Enterro da sardiña".

Mallo, Albino, 'Espírito de Seoane', *O Correo Galego*, 'AFA', 27 marzo 2003, p. 41.

Anuncia a morte de Maruxa Fernández, viúva de Luís Seoane, que non poderá asistir ao acto inaugural da "Fundación Luís Seoane", á que proporcionou documentos, cartas e manuscritos orixinais de textos que ela xuntara trala súa morte; o segundo andar do edificio da fundación acollerá temporalmente unha mostra titulada *Luis Seoane, os vangardistas que o precederon e os da súa xeración*.

Mallo, Albino, 'O lobishome de Allariz', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 xullo 2003, p. 53.

Sinala que comezou a rodarse unha das dúas películas que, sobre o home lobo de Allariz, se van a gravar en Galicia; indica que unha destas películas é de tipo argumental e outra documental e que o guión de ambas as dúas é de Alfredo Conde. Achega información sobre a produtora encargada da rodaxe e sobre o reparto da película, así como da historia real que inspirou a Conde.

Mallo, Albino, 'Alfredo Conde, actor/Alfredo Conde participa como actor na rodaxe de 'Romasanta'', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 20 agosto 2003, p. 44/p. 68.

Albino Mallo fálanos da participación de Alfredo Conde na rodaxe da película *Romasanta*, da que el mesmo fixo o guión. Pero tamén se informa de que, sobre este mesmo personaxe, o escritor ten previsto facer un documental e publicar unha novela que sairá en galego, castelán e ruso a un tempo e, se cadra, en italiano e inglés. Polo momento dinos que a rodaxe xa comezou.

Mallo, Albino, 'Entre as lendas da vida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 decembro 2003, p. 50.

Sinala que Alexandre Finisterre foi homenaxeado estes días cun ciclo titulado "Territorios de poesía" e organizado pola Universidade da Coruña; no ciclo, que se celebrou no Castelo de Santa Cruz, interviron o alcalde de Oleiros, o profesor Xesús Alonso Montero, o profesor Miguel Losada e mais o propio Finisterre. Os relatores subliñaron a actividade que o homenaxeado desenvolveu como escritor e editor, lembraron a persecución e encarceramento que sufriu durante a guerra e a posguerra e fixeron fincapé en dúas das súas obras: a antoloxía *Poesía de Galicia*, que inclúe cento cincuenta e nove poemas de noventa e sete escritores galegos, e *Compostela. Revista de Galicia*, que editou no ano 1977.

Mallo, Albino, 'O pasamento de García Sabell', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', nº 519, 'Dende a miña fiestra', 28 decembro 2003, p. 11.

Cita a algúns dos persoeiros galegos do mundo da literatura, do xornalismo, da investigación, da política, da arte e da cultura que faleceron neste 2003, entre eles Domingo García-Sabell, Manuel Mur Oti, Xela Arias, Francisco Taxes, José Couso, etc. Tamén cita algunhas das perdas máis recoñecidas no ámbito español e internacional.

Manceira Rodríguez, Francisco, 'A nena da foto', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias',

17 agosto 2003, p. 9.

Relato de Francisco Manceira Rodríguez no que a protagonista é unha nena iraquí que, en primeira persoa, conta como se fixo famosa tras aparecer en todos os xornais cun pé desfeito pola guerra do seu país e como, deste xeito, o seu soño de ser bailarina esvaeuse para sempre.

MARÉ, 'Tamén nos miran', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 febreiro 2003, p. 49.

Informa da publicación dun especial sobre literatura galega no último número da revista portuguesa *Mealibra*. Apunta que está conformado por unha antoloxía de vinte e seis autores feita polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Carlos Quiroga, que contén xunto aos textos, algúns deles inéditos, unha fotografía e unha ficha biobibliográfica de cada escritor. Achega ademais as palabras do profesor que pretendeu mesturar autores consagrados con outros descoñecidos, expor, sen profundar, o debate lingüístico entre a corrente oficialista e a reintegracionista e reflectir o crecente peso das mulleres, buscando ofrecer unha listaxe representativa da literatura galega actual como resposta ao altamente positivo interese da revista portuguesa por coñecer os movementos actuais das letras galegas.

MARÉ, 'Bóveda, no día exacto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 maio 2003, p. 41.

Dá noticia dos actos do día do centenario de Alexandre Bóveda, un roteiro polos lugares da cidade de Ourense que foron importantes para el e un recital poético nocturno con acompañamento musical. Por último, faise unha mínima biografía do homenaxeado.

MARÉ, 'O Casares editor, motivador e pacificador en Galaxia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 maio 2003, p. 44.

Alúdese ao peche do Ciclo de Tertulias e debates en torno a Casares coa presenza de personalidades do mundo editorial galego que falan precisamente da súa faceta de editor. Manuel Janeiro, deseñador, resaltou que priorizase o factor cultural fronte ao comercial; Xosé Manuel Soutullo, de Galaxia, admirou empresas desta editorial que el fixera posíbeis; Xosé Fernández Puga, de A Nosa Terra, anotou que se preocupaba por todos os procesos de edición; e por último, Bieito Ledo, de Ir Indo Edicións, centrouse na súa relación persoal co escritor.

MARÉ, 'Recuperar a Bóveda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 maio 2003, p. 43.

Fálase da primeira exposición sobre Alexandre Bóveda que recolle documentos e fotografías que repasan a súa vida nas facetas coñecidas e descoñecidas, por exemplo, a súa creación poética. O encargado da mostra, Xosé Enrique Acuña, escolle como pezas clave o manuscrito do seu diario no Partido Galeguista e fragmentos da árbore contra a que foi fusilado. Nun anexo resúmese a traxectoria deste galeguista.

MARÉ, 'Cando co galego se fai mundo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2003, p. 45.

Dá noticia do inicio do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos en Barcelona con dous temas, "Mulleres en Galicia" e "Galicia e os outros pobos da península", que será presidido por Jordi Pujol. Menciona tamén o novo convenio de colaboración entre a Asociación Internacional de Estudos Galegos e o Consello da Cultura, que van convocar un premio de tradución do galego e facer unha revista de investigación, e anuncia ademais unha homenaxe a Xoán González Millán, gran impulsor da Asociación de Estudos Galegos.

MARÉ, 'Tempo de evasión', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 maio 2003, p. 53.

Dá noticia da simultánea celebración das feiras do libro de Ourense e Lugo, ambas con actividades paralelas do tipo de música, teatro, contacontos ou campañas de fomento da lectura. Da de Ourense destácase a presentación da reedición de *O Recristo da Baralla*, de Xaime Quesada e a entrega de árbores para plantar aos compradores no Día Mundial do Medio Ambiente. Da de Lugo resáltase a sinatura de escritores galegos coma Lois Diéguez ou Xosé Miranda, entre outros.

MARÉ, 'A alegría dos elefantes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xuño 2003, p. 53.

Anúnciase o recital de Lupe Gómez no Modus Vivendi en Santiago titulado *A alegría dos elefantes*, que prosigue na súa poesía "do sangue, do corpo e da muller" e retoma os temas do Prestige e da Guerra de Iraq, pero ollados dun xeito novo en poemas máis longos e simbólicos. Afirmase tamén a necesidade da poetisa de falar con alguén á hora de escribir.

MARÉ, 'O compromiso cunha Galicia universalista', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2003, p. 53.

Anúnciase unha exposición fotobiográfica de Plácido R. Castro na Galería Sargadelos de Santiago, así como a presentación de *Unha escolma xornalística*. A seguir lémbrese brevemente o labor tradutor e como galeguista do homenaxeado e o premio de tradución que leva o seu nome.

MARÉ, 'Toca renovación no PEN', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2003, p. 51.

Fálase da próxima celebración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria do PEN Clube de Galicia cuxa orde do día inclúe entre outros puntos a renovación da directiva. Dise tamén que non se presentou ningunha candidatura de momento, nin sequera a dos actuais directivos, Luís González Tosar e Helena Villar. Nun anexo recóllese un breve currículum do presidente, estudos, ocupación e bibliografía.

MARÉ, 'Presentan a traducción ó castelán de 'O sol do verán'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xuño 2003, p. 50.

Sinala que hoxe intervirá no Pavillón de Tertulias da Feira do Libro de Madrid os escritores Juan Cruz, César Antonio Molina, Antón Reixa, Marina Mayoral e o director da Fundación Casares, Damián Villalaín, para lembrar e homenaxear a Carlos Casares. Neste acto presentárase a tradución que, ao castelán, fixo a Editorial Alfaguara de *O sol do verán*.

MARÉ, 'Tosar, recunca', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2003, p. 71.

Sinala que o Pen Clube galego celebrou unha asemblea extraordinaria na que se reelixiu á directiva dos últimos cambios e na que fixo balance das actividades deste ano; sinala, ademais, que o Pen de Galicia baralla unha reforma dos seus estatutos e un cambio no carácter dos premios literarios Rosalía de Castro.

MARÉ, 'A Ulloa, co Lorenzo Varela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xuño 2003, p. 51.

Sinala que catro asociacións da comarca da Ulloa presentaron cadansúa solicitude ante a RAG (Real Academia Galega) para que os seus membros teñan en conta a candidatura de Lorenzo Varela para o Día das Letras Galegas 2004; fai unha breve achega á vida e obra do poeta proposto, dá conta das demais candidaturas presentadas e sinala que a RAG tamén debatirá, na súa próxima xuntanza, sobre a normativa da concordia.

MARÉ, 'Música e poesía no CD de Batiscafo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xuño 2003, p. 54.

Infórmase da celebración dun recital poético, un espectáculo de serpes e mais unha festa tecno en Palas de Rei para presentar o novo número de *Batiscafo* en formato CD. Saliéntase o contido altamente reivindicativo deste novo traballo do colectivo ao ser un alegato artístico en contra do proxecto de autovía que cruzará a comarca da Ulloa. Así, indícase que Iris Cochón, Antón Lopo, Manolo Martínez e Alfonso Pato son os artífices do proxecto *Ulloa son*, no que se mestura música e poesía arredor do tema da Ulloa, e ofrécese a nómina de colaboradores. Finalízase lembrando algúns dos autores que participan e sinalando que *Batiscafo* e Amnémesis Baves producen conxuntamente o disco.

MARÉ, 'Mirando a Portugal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xuño 2003, p. 52.

Informa da presentación, en Santiago, do número catro da revista *Setepalcos* do colectivo portugués Cena Lusófona; a revista, que foi coordinada por Dolores Vilavedra e Inma López Silva, está integramente dedicada ao teatro galego, e composta por cento vinte páxinas nas que interveñen as principais compañías. Ao acto de presentación asistiron José Manuel Soto, xerente do IGAEM (Instituto das Artes Escénicas e Musicais), Rui Madeira, membro da directiva do Centro Dramático Galego e Dolores Vilavedra, profesora da Universidade de Santiago de Compostela e coordinadora do monográfico.

MARÉ, 'Os escritores galegos toman Portugal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xuño 2003, p. 50.

Sinala que Xavier Queipo e Gonzalo Navaza presentarán hoxe no Porto a tradución ao portugués das súas novelas *Papaventos* (co título *Bebendo o mar*) e *Erros e tñatos*, realizadas por Deriva Editores dentro da colección Mapa de Edicoes. Inclúe o argumento de ambas as dúas novelas.

MARÉ, 'Bernardino: 'Vouvos sorprenden a todos'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xuño 2003, p. 69.

Informa da xuntanza do grupo Brais Pinto para homenaxear a Xosé Manuel Fernández Ferreiro en Luintra; sinala que, entre os asistentes, estivo Bernardino Graña que xa está recuperado da doenza que sufriu hai uns meses e que anunciou que está comezando a escribir de novo.

MARÉ, 'Unha xornada completa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xullo 2003, p. 51.

Sinala que a Real Academia Galega (RAG) decidirá o vindeiro 12 de xullo quen será a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas 2004, para o que existen tres propostas: Xaquín Lorenzo, Plácido Castro e Lorenzo Varela; indica, asemade, que nesta sesión plenaria a RAG se pronunciará en relación coa nova normativa.

MARÉ, 'Entre tres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2003, p. 50.

Sinala que a Real Academia Galega (RAG) escollerá hoxe, entre Plácido Castro, Xaquín Lorenzo e Lorenzo Varela, a persoa á que se lle dedicará o Día das Letras Galegas no 2004; indica, así mesmo, que a RAG dará o seu visto e praxe á nova normativa.

MARÉ, 'O labor dun home xeneroso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xullo 2003, p. 68.

Achega á traxectoria vital e profesional de Xaquín Lorenzo 'Xocas', que foi escollido pola Real Academia Galega para celebrar o Día das Letras Galegas 2004.

MARÉ, 'Os libros, o 'osíxeno da xente', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 agosto 2003, p. 53.

Dá conta do inicio da XXXII edición da Feira do Libro da Coruña, que segundo o coordinador da Federación de Libreiros de Galicia é a máis importante das que se celebran no noso país. Recolle as palabras do escritor Xaime Puente Docampo, pregoeiro do acto, do presidente da Federación de Libreiros da Coruña e da delegada na Coruña da Consellería de Cultura. Indica que a feira estará aberta ata o día dez de agosto e que nela participarán medio centenar de librarías e editoriais; entre as actividades previstas inclúense sesións de contacontos e a sinatura que coñecidos escritores farán dos seus libros; indica, finalmente, que na feira se presentarán os libros *No país de Nunca Máis*, de Manuel Rivas e Xurxo Lobato, e *Relatos de mariñeiros*, de Xosé Neira Vilas.

MARÉ, 'Sabell, o gardián da vangarda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 agosto 2003, p. 43.

Recolle as declaracións que sobre Domingo García-Sabell, con motivo do seu falecemento, fixeron Xesús Alonso Montero, Miguel Anxo Fernán-Vello e Alfredo Conde. Alonso Montero destacou o coñecemento que García-Sabell tiña das vangardas literarias e artísticas e os seus traballos sobre o poeta Manuel Antonio; Fernán-Vello lembra a actitude sempre cordial do finado e a 'toma' de Real Academia Galega na que el e outros escritores protestaban pola duplicidade de funcións de García-Sabell (presidente da Real Academia Galega e delegado do goberno a un tempo) e polo momento de estancamento que vivía a institución; Alfredo Conde salientou o compromiso de Sabell coa cultura galega e coa política, que segundo Conde só lle deu desgustos. Tamén inclúe as palabras de lembranza

de Agustín Sixto Seco e Gerardo Fernández Albor.

MARÉ, 'Eixe dunha época', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 agosto 2003, p. 44.

Dá conta do pasamento de Domingo García-Sabell, que morreu no día de onte aos 93 anos de idade. Dá conta das mostras de pesar e dor expresadas por diferentes personalidades do ámbito político e institucional de Galicia e sinala que a morte se adiantou á homenaxe que a Universidade de Santiago de Compostela tiña previsto facerlle ao ensaísta cun libro que proximamente sairá publicado.

MARÉ, 'A dualidade dun humanista', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 6 agosto 2003, p. 42.

Achega á biografía de Domingo García-Sabell, con motivo do seu falecemento onte na cidade da Coruña aos noventa e tres anos de idade; indica que o humanista se definía a si mesmo como un "nacionalista liberal" e dá conta do seu labor desenvolto nos eidos científico, político, intelectual e cultural.

MARÉ, 'Ensaísta referencial', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 50.

Fai referencia ao último ensaio publicado por Domingo García Sabell, *Paseanta arredor da morte* (1999), no que reflexiona sobre a morte partindo da analítica existencial heideggeriana. Afirma que con García Sabell naceu o ensaio como xénero dentro da literatura galega e recolle as palabras de Víctor F. Freixanes sobre o médico e intelectual compostelán, ao que sitúa no mesmo grupo que Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro.

MARÉ, 'Trala bandeira galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 51.

Informa de cómo se desenvolveu o funeral de Domingo García-Sabell, que tivo lugar no día de onte en Santiago de Compostela e que foi oficiado por monseñor Julián Barro. Indica que o arcebispo fixo referencia aos ensaios e escritos filosóficos de García-Sabell e dá conta dos políticos e intelectuais que asistiron á última despedida do escritor, médico e político. Recolle as palabras de Francisco Fernández del Riego sobre a perda do intelectual compostelán e indica que todas as institucións culturais galegas estiveron representadas no sepelio.

MARÉ, 'No centenario de Fole', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 agosto 2003, p. 45.

Dá conta das actividades previstas no Concello de Lugo para conmemorar o centenario do nacemento de Ánxel Fole; a homenaxe inclúe unha conferencia de Luís Alonso Girgado, unha ofrenda floral e un concerto da Banda de Antas de Ulla. Así mesmo, a Televisión de Galicia emitirá a adaptación televisiva do relato "Cara a lúa" de Fole.

MARÉ, 'Máis de 200 funcións para Rede Galega de Teatros', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 agosto 2003, p. 46.

Indica que o programa de Rede Galega de Teatros e Auditorios, creada en 1996, para o último semestre do ano inclúe duascenas once funcións escénicas e musicais, coa

participación de sesenta e sete formacións artísticas en corenta e dúas poboacións galegas. Sinala que no primeiro semestre do ano se representaron trescentas vinte funcións e que a programación anual desta rede está cofinanciada ao cincuenta por cento entre a Consellería de Cultura e as entidades participantes.

MARÉ, 'Instinto de sangue', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 agosto 2003, p. 45.

Fai referencia á rodaxe da película de Paco Plaza *O lobishome de Allariz*, protagonizada por Elsa Pataky e mais Julian Sands e baseada na novela *Romasanta*, de Alfredo Conde. Dá conta do argumento da novela e recolle as declaracións do director e do actor principal.

MARÉ, 'Un golpe na mesa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 agosto 2003, p. 43.

Faise referencia á crise que sofre a editorial Espiral Maior e que motivou que Miguel Anxo Fernán-Vello anunciase o posíbel peche da editora. Recolle as declaracións do director da editorial, quen falou da crise que afecta a todo o sector, das posíbeis causas e da situación periférica pola que atravesa o libro galego. Indícase, asemade, que esta crise afecta a todo o sector e dáse conta da desaparición de varias coleccións literarias.

MARÉ, 'Poesía compartida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 agosto 2003, p. 44.

Dá conta da programación do V Encontro de Poetas no Val de Quiroga, no que participarán cincuenta e sete poetas galegos e que é organizado pola Asociación Amencer Quirogués, presidida por Xabier Castro. Fala da orixe destes encontros, indica que incluírá unha homenaxe a Ánxel Fole e cita aos colectivos poéticos que participarán neste evento que ten dous días de duración.

MARÉ, 'Entre dous xéneros', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 agosto 2003, p. 45.

Indica que a poeta María Lado está a traballar como axudanta de dirección na compañía 'Volta e dálle teatro', preparando un espectáculo lírico que se titula Salitre. A escritora, que publicou *A primeira visión* e *Casa atlántico, casa cabaret*, fala do seu gusto pola poesía e polo teatro; dá conta, así mesmo, do que estivo a facer durante o período estival.

MARÉ, 'Adeus ó mestre da crónica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 agosto 2003, p. 45.

Informa do falecemento no día de onte, aos oitenta e sete anos de idade, de Raimundo García 'Borobó'; indica que a capela ardente se instalará na igrexa de San Domingos de Bonaval e que os seus restos serán incinerados en Vigo para, posteriormente, seren soterrados non seu Pontecesures natal. Fai referencia aos seus *Anacos* xornalísticos e recolle as declaracións de Xosé María García Palmeiro, decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, sobre o falecemento. A noticia inclúe dous pequenos apartados, titulados "O decorrer literario dos *Anacos* dende o xornal vespertino *La Noche* a *Galicia Hoxe*" e "Galicia recoñeceu o seu gran legado xornalístico e literario", onde se fai unha achega á traxectoria vital e profesional do finado e onde se dá conta dalgún dos premios e recoñecementos outorgados a Borobó ao longo da súa vida.

MARÉ, 'Regresar a Cesures', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 agosto 2003, p. 45.

Fai unha breve crónica da despedida que centos de persoas deron a Raimundo García 'Borobó' na capela ardente de San Domingos de Bonaval; dá conta de gran parte dos persoeiros da cultura galega que se achegaron para dar o pésame á familia e sinala que os partidos políticos e mais os xornalistas galegos amosaron o seu unánime pesar.

MARÉ, 'Con Rusia ante os seus pés', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 setembro 2003, p. 51.

O artigo trata a relación do escritor Alfredo Conde con Rusia, e dísenos como visitou este país no verán do 2003 con enorme éxito. Segundo se relata, a súa relación con Rusia veu por un comentario eloxiante do crítico Kiril Korkonosenko que fixo espertar o interese por el. Posteriormente continúaase co relato de varias viaxes que posibilitaron que os dereitos da súa próxima novela fosen comprados antes en ruso que en galego. Tamén se comenta como esta novela será levada ao cine con guión seu e de que está proposto ao Nobel por distintas universidades do mundo.

MARÉ, 'Seis compañías galegas na Mostra das Autonomías', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 setembro 2003, p. 51.

Breve nota na que se anuncia a presenza de seis compañías galegas na oitava edición da Mostra das Autonomías de Madrid. Tamén se adianta que a presentación desta mostra correrá a cargo de diversas autoridades, entre elas o presidente do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), Amado Ricón.

MARÉ, 'Con acento galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 setembro 2003, p. 53.

Dáse conta da celebración da Mostra das Autonomías de Madrid, na que participan seis compañías galegas con outros tantos espectáculos. Sinálase que as compañías participantes son: Teatro do Aquí, Teatro do Atlántico, Chévere, Teatro de Ningures, Teatro do Noroeste e Sarabela Teatro. Recóllense as palabras dos representantes institucionais, entre eles o presidente do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), Amado Ricón, na presentación do evento, nas que se destaca a importancia que ten para a difusión dos espectáculos galegos a participación nesta mostra. Remátase co programa de actuacións previsto de todas as compañías galegas e as datas nas que van representar en galego os seus espectáculos.

MARÉ, 'O catálogo do teatro galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 setembro 2003, p. 51.

Sinala que o Centro de Documentación do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) publicará proximamente o primeiro *Catálogo de Autores Dramáticos Galegos*, un proxecto co que se pretende recompilar información sobre os dramaturgos e a dramaturxia galega dende o 1812 ata a actualidade; explica que se trata dun proxecto aberto e en continua actualización, que se publicará en distintos soportes e en tres versións: galego, castelán e inglés. Explica, ademais, cómo se organizará a información dentro do propio catálogo.

MARÉ, 'A ruta de Europa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 outubro 2003, p. 60.

Fala da exposición fotográfica "O camiño de Santiago. Luz e vida" que hoxe se inaugura en Viena e Bruxelas e que percorrerá diferentes cidades europeas. A exposición artéllase en catro partes: 'Camiños de luz', con fotos de Ton Arias; 'O camiño inglés', con fotos de Juan Rodríguez; 'Compostela', con fotos de Tino Martínez e Van Caramés; e 'Costa da morte', con fotos de Xurxo Lobato; a mostra complétase con textos de Yolanda Castaño, Luísa Castro, Marina Mayoral e Ana Romaní. Indica, asemade, que a exposición pretende achegar distintas perspectivas sobre o camiño e amosar a significación da cultura xacobeá.

MARÉ, 'Unha cadea de transmisión nunha sociedade do lecer', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2003, p. 51.

Informa da entrada do escritor e xornalista Neira Cruz na editorial Galaxia para traballar na sección de literatura infantil e xuvenil. Sinala que hoxe se presentarán os redeseños das coleccións Costa Oeste e Árbore e recolle, asemade, as declaracións de Neira, que dá conta dos seus proxectos e intencións dentro da editorial.

MARÉ, 'Francfort recibe a 17 editoriais galegas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 outubro 2003, p. 46.

Informa da inauguración da cincuenta e catro edición da Feira Internacional do Libro de Francfort, na que participan dezasete editoriais galegas. Sinala que a Asociación Galega de Editores participa no evento dende hai dez anos, cita ás editoriais participantes e indica que o escritor ruso Vladimir Makanin foi o encargado de inaugurar a feira.

MARÉ, 'Rosa de ninguén', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2003, p. 61.

Refírese á tradución da obra máis coñecida de Paul Celan, *A rosa de ninguén* feita por Catuxa López Pato citando que só antes se podían ler traducións dalgúns poemas soltos en *A Trabe de ouro*. Faise un pequeno percorrido pola dedicación desta tradutora e autor traducido ademais de citar a aparición dunha parte da edición bilingüe na "Revista das Letras". Por último, alúdese á publicación dun pequeno monográfico dedicado a este autor na revista de Emilio Araújo, *Amastra-n-gallar*.

MARÉ, 'Sotelo achaca á falta de hábito lector a crise editorial', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2003, p. 61.

Fai referencia ás declaracións que Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación Galega de Editores, realizou dende a Feira do Libro de Francfort; alí falou da crise do sector e dos obxectivos das dez editoriais que participan na feira: promocionar os autores galegos e difundir a nosa actividade editorial, intercambiar información e buscar contactos entre os editores.

MARÉ, 'Escritores funden en Vigo letras y océanos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 outubro 2003, p. 66.

Informa do proxecto co que a Fundación Consorcio Zona Franca, de Vigo, quere render unha homenaxe ás artes do mar. Nese proxecto inclúense diversas exposicións e un encontro literario no que, baixo o lema 'Un mar de literatura', dez autores galegos exporán a súa visión do mar como fonte de exposición. Cita aos dez autores participantes e indica o lugar, data e horario no que se desenvolverá o encontro.

MARÉ, 'Galicia: 70 anos de nación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 outubro 2003, p. 51.

Informa do setenta aniversario do recoñecemento da nacionalidade galega, que un grupo de intelectuais galegos celebrarán en Vigo convocados polo Concello, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e as Fundacións Galiza Sempre, a dos Premios da Crítica, a Plácido Castro e Sargadelos. Fala do importante papel que Plácido Castro, responsábel de Relacións Internacionais do Partido Galeguista na II República, desempeñou naquel acontecemento e sinala que o IGADI puxo en circulación na rede de internet un manifesto titulado "Galicia, un país no mundo".

MARÉ, 'Nas orixes de Perozo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 outubro 2003, p. 50.

Informa da presentación da novela en castelán *Rosas para Gabriela*, de Xosé A. Perozo, publicada pola editorial La Luna Libros, na que o autor fai unha crónica sentimental e ideolóxica do século XX a través da historia dunha familia de labradores de Llerena (Estremadura). Sinala que Perozo, de orixe estremeña, publicou máis títulos en galego que en castelán e que en 2004 vai publicar o libro de relatos *Segunda Convocatoria* (na editorial Xerais).

MARÉ, 'Seis compañías galegas na Mostra das Autonomías', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 outubro 2003, p. 51.

Anúnciase, nunha breve nota, a selección de seis producións galegas para a VIII Mostra de Teatro das Autonomías de Madrid, na que tamén estarán presentes outras de Andalucía e da comunidade anfitroia.

MARÉ, 'Setenta anos facendo nación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 outubro 2003, p. 53.

Fai referencia ao acto que a Fundación Galiza Sempre, a Fundación Premios da Crítica, a Fundación Plácido Castro e a Fundación Sargadelos organizaron para conmemorar o setenta aniversario de Galicia como nacionalidade; dá conta das actividades previstas, indica que Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo participarán no acto e cita algúns dos persoeiros que participarán.

MARÉ, 'Con acento galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 outubro 2003, p. 53.

Faise eco da presentación da VIII Mostra de Teatro das Autonomías de Madrid, que acollerá a posta en escena de seis obras das compañías galegas Teatro do Aquí, Teatro do Atlántico, Chévere, Teatro de Ningures, Teatro do Noroeste e Sarabela Teatro. Recóllense as declaracións dos organizadores nas que salientan a importancia de achegar ao público madrileño espectáculos de compañías que doutro xeito non poderían facer chegar as súas

obras a este público. En columna á parte sinálanse as datas de representación de cada unha destas obras, agora traducidas ao castelán.

MARÉ, 'Manuel Rivas regresa a Londres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 outubro 2003, p. 47.

Sinala que Manuel Rivas participará a vindeira semana nas xornadas sobre literarutra española que organiza o Instituto Cervantes en Londres; as xornadas teñen por título "A memoria como trama" e nelas participarán, ademais, escritores e editoriais españolas.

MARÉ, 'Un taller para a creación literaria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2003, p. 44.

Infórmase da apertura do taller de creación literaria, "¿Gústache escribir?", impartido polo profesor Francisco Castro no Centro Social de Caixanova en Vigo. Dáse conta dos contidos do curso e achégase unha breve biografía do docente.

MARÉ, 'De escritores a gurús', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 outubro 2003, p. 51.

Indica que a XX edición do Congreso Galeusca, que ten como lema "Memoria do século XX: guerras e posguerras", xuntará en Gernika a escritores galegos, cataláns e vascos. Dá conta dalgún dos actos do Congreso e sinala que Dario Xohán Cabana exporá o sábado as súas reflexións arredor do tema 'Memorias de ficción' e defenderá o papel de afirmación nacional que a novela histórica cumpre nas nacións sen estado. Cita, así mesmo, outros escritores galegos que asistirán ao Galeusca e sinala que o congreso pechará cun espectáculo de música, teatro e lectura literaria.

MARÉ, 'Homenaxe dende Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 outubro 2003, p. 52.

Recolle as palabras que Ramón Villares, Xosé Ramón Pousa e Luís González Tosar pronunciaron onte na homenaxe a Manuel Vázquez Montalbán, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación de Compostela, que el mesmo inaugurara en 1991. Todos eles destacaron a vinculación do escritor con Galicia, onde recibiu o "Premio Rosalía de Castro" do PEN no ano 1999.

MARÉ, 'Un 'Maré de Palabras' polo 'Prestige', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 novembro 2003, p. 52.

Informa dos actos organizados polo Concello de Fene para conmemorar o primeiro aniversario do afundimento do Prestige, que inclúen un concerto folk e un obrairo literario, "Maré de palabras", dirixido por Rosa Aneiros e Eduardo Estévez.

MARÉ, 'O Igaem no IV Salón do Libro Teatral', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 novembro 2003, p. 51.

Comunicásenos a participación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) no IV Salón Internacional do Libro Teatral que se celebra en Madrid, no Círculo de Bellas Artes. Esta é, segundo se nos informa, a única representación galega no Salón.

MARÉ, 'Volver ós versos de Manuel Luís Acuña', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2003, p. 49.

Indica que a Casa da Cultura de Pobra de Trives o Centro Comarcal acollerán os vindeiros días o II Congreso Manuel Luís Acuña, coincidindo co setenta aniversario da publicación do seu libro *Fírgoas*. No congreso, no que participarán, entre outros, Armando Requeixo, Xoán Carlos Domínguez e Rosario Expósito presentarase un libro sobre Vicente Risco e unha colección de autores clásicos.

MARÉ, 'Por unha verdadeira homenaxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 novembro 2003, p. 53.

Fai referencia ao Congreso Galiza de Bóveda, que se desenvolverá en Pontevedra entre os días 27 e 29 de novembro, que promove a Fundación Alexandre Bóveda e o Concello de Pontevedra e no que se falará da súa biografía, da represión sufrida e o seu pensamento. Recolle as palabras de Pilar García Negro e indica que o Congreso pechará cun recital no que intervirán numerosos poetas galegos.

MARÉ, 'Contra o esquecemento de Arturo Noguerol', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 novembro 2003, p. 41.

Informa da homenaxe que o Colexio de Avogados de Ourense, a Facultade de Dereito, a Fundación Lois Peña e o Grupo Academia Postal brindarán a Arturo Noguerol co fin de lembrar a súa esquecida memoria; a homenaxe inclúe a descuberta dunha placa e a presentación dunha biografía sobre a vida do galeguista que foi fusilado en 1936.

MARÉ, 'O Foro Negro, debate sobre a creación cultural en Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 novembro 2003, p. 43.

Sinala que os días 13 e 14 de decembro terá lugar no Instituto Galego de Información de Compostela o Foro Negro: Estados Xerais de Criazón Cultural, organizado pola Plataforma contra a Burla Negra e que acollerá grupos de traballo, charlas e asembleas sobre "as expectativas, organización e futuro da creación cultural en Galicia"; acollerá, así mesmo, unha Feira de Mostras, na que se amosará todo o que se está a facer ao redor do mundo do espectáculo. Informa, ademais, dos enderezos electrónicos nos que os interesados se poden poñer en contacto coa plataforma ou inscribirse no Foro.

MARÉ, 'Foro do Pen pola liberdade de expresión', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 novembro 2003, p. 41.

Informa da celebración do sesenta e nove Congreso do Pen Club Internacional no Pazo de Belas Artes de México. Recóllese que os escritores alí citados avogaron pola diversidade cultural e a liberdade de expresión. No que respecta aos libros tratouse con especial atención á literatura indíxena e criticouse ao presidente mexicano Vicente Fox por querer gravar os libros. Destácase a presenza do escritor peruano Mario Vargas Llosa, a surafricana premio Nobel de Literatura Nadine Gordimer e o cingalés autor de *O paciente inglés*, Michael Ondaatje.

MARÉ, 'Citas literarias no liceo ourrensán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 novembro 2003, p. 62.

Informa da celebración da XIV edición dos Encontros Literarios, que se centrarán no papel da muller no mundo literario e nos que intervirán numerosas escritoras, entre elas Marina Mayoral, Cristina Fernández Cubas ou Luz Pozo Garza. Marcos Valcárcel, un dos organizadores do Encontro, destacou a vinculación da figura de Carlos Casares ao evento, pois el foi un dos seus máximos impulsores e participou en case todos eles.

MARÉ, 'Porque Bóveda aínda vive', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 novembro 2003, p. 53.

Fala do Congreso A Galicia de Bóveda que, organizado polo Concello de Pontevedra e a Fundación Alexandre Bóveda, se está a celebrar estes días na cidade de Pontevedra. Sinala que na xornada de onte interviron os profesores Noa Bergantinhos e Carlos F. Velasco e que o congreso remata hoxe coas intervencións de Andrés Torres Queiruga, Engracia Vidal Estévez e Xosé Manuel Beiras Torrado, que falarán sobre o pensamento de Bóveda. Indica que haberá, ademais, un roteiro pola cidade e un recital dos poetas Adolfo Caamaño, Ana Romaní, Antía Otero e Darío Xohán Cabana, entre outros. Repasa, así mesmo, as principais ideas que o profesor Velasco expuxo onte sobre o 'contexto da república durante a que Alexandre Bóveda desenvolveu a súa actividade política'.

MARÉ, 'Unha 'chamada pública', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 decembro 2003, p. 49.

Recóllense as demandas que dende a Asociación de Teatros Alternativos de Galicia (ATEA) se fixo con motivo da presentación da edición de 2004 do Festival Alternativa de teatro. Sínálase que esta presentación a levaron a cabo os responsábeis da Sala Nasa e do Teatro Galán, que aproveitaron para reclamar apoio económico ás institucións públicas para o teatro alternativo, que representa un trinta por cento da programación do Concello de Santiago e que ten un custo relativamente baixo en comparación con outros espectáculos programados para o Xacobeo.

MARÉ, 'Esquezo, virus do pobo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 decembro 2003, p. 53.

Noticia que dá conta da inauguración do "Congreso da Memoria. A represión franquista en Galicia", organizado, entros outros colectivos, pola Asociación pola Memoria Histórica Democrática e que terá lugar durante toda a fin de semana no Auditorio de Narón. Ao acto inaugural asistiron o intelectual Isaac Díaz Pardo; o alemán Hartmut Heine, autor de *A guerrilla antifranquista en Galicia*; Manuel A. Fernández Pita, presidente do colectivo organizador; o exguerrilleiro Antonio Ares Abelleira; e o alcalde de Narón, Xoán Gato. O encargado de facer a presentación do congreso foi Manuel Rivas, que falou da necesidade de recuperar a memoria colectiva porque somos o que recordamos e porque a desmemoria é o "peor virus do pobo".

MARÉ, 'En busca da historia real', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 decembro 2003, p. 60.

Sinala que, no marco do "Congreso da Memoria. A represión franquista en Galicia" que está tendo lugar en Narón, o Grupo de Poetas das Redes Escarlata ofrecerán hoxe un recital

para lembrar ás trinta e oito persoas executadas no adro da igrexa do Val; esta homenaxe completárase coa inauguración dun monumento cunha placa conmemorativa en lembranza de todos os veciños mortos pola represión. Indica que no recital-homenaxe han participar Alberte Momán, Mon Buhigas, Antón Lopo, Asun Arias, Elvira Riveiro, Oriana Méndez, Chus Pato, Xabier Cordal, Antón Dobao, Claudio Pato, Francisco Domínguez, Luz Fandiño, Anxo Angueira e Dario Xohán Cabana. Fala, así mesmo, das conclusións tiradas do congreso.

MARÉ, 'Manter o enxeño do fuel', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 decembro 2003, p. 53.

Dá conta das distintas actividades previstas para o Foro Negro que, organizado pola Plataforma contra a Burla Negra, terá lugar os días 13 e 14 de decembro no Instituto Galego de Información de Compostela; sinala que o obxectivo do foro é buscar as fórmulas necesarias para manter a creación cultural ao servizo do cambio social un ano despois da desfeita do Prestige e crear fórmulas alternativas para a comunicación. Indica que o Foro incluírá varias mesas de traballo cunha posta final en común, un relatorio de experiencias indepententes na que participarán diferentes colectivos, un maratón de breves espectáculos e unha Asemblea Xeral de Burla Negra, na que se dará conta dos resultados do foro e na que se falará da necesidade de artellar un novo movemento cultural en Galicia.

MARÉ, 'Homenaxe permanente', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 decembro 2003, p. 37.

Dá conta da rolda de prensa que Damián Villalaín, Cristina Berg e o conselleiro de Cultura e Comunicación Social, Xesús Pérez Varela, ofreceron para dar a coñecer o programa da Fundación Carlos Casares para o vindeiro ano. Entre as actividades previstas destacan a convocatoria do primeiro "Premio Carlos Casares", a creación dun centro de estudos co nome do escritor, a realización duns diálogos literarios, a celebración da segunda edición dos Encontros no Atlántico e o desenvolvemento dun ciclo sobre arquitectura e urbanismo en Vigo. Villalaín e Cristina Berg destacaron a incorporación das deputacións de Pontevedra e Ourense ao padroado da Fundación e, Pérez Varela comprometeu o apoio da alcaldesa Corina Porro á entidade a aos seus proxectos.

MARÉ, '¡Inocente, inocente!', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 decembro 2003, p. 51.

Anuncia que o suplemento Revista das Letras que o Galicia Hoxe publicará mañá será un monográfico co cal celebrar o cincuenta aniversario do *Cancioneiro de Monfero* de Xosé María Álvarez Blázquez, no que se incluírá toda a correspondencia orixinada a partir daquela brincadeira, a edición facsimilar do cancionero e unha introdución de Xosé María Álvarez Cáccamo (fillo de Blázquez). Explica que Xosé María Álvarez Blázquez e Luís Viñas Cortegoso deron a coñecer ao público no día dos santos inocentes do ano 1953 o suposto achado dun cancionero inédito da poesía medieval galego-portuguesa, esta nova supuxo unha auténtica revolución e o propio Blázquez tivo que explicar nese mesmo día que se trataba dunha inocentada, pois a publicación e os poemas eran da súa autoría. Esta brincadeira supuxo distintas reaccións: aqueles que dende un principio se percataron da inocentada ata aqueles, como os irmáns Carré, que a consideraron unha broma de mal gusto sobre un dos temas capitais da Cultura Galega.

MARÉ, 'Poetas e músicos experimentan unidos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 decembro 2003, p. 49.

Nota na que se nos informa da celebración en Compostela dun taller organizado pola Amelga e a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Este taller leva por título "Clave sónica" e, segundo se nos di, consiste en tres Obradoiros nos que a linguaxe musical e a verbal se fusionan.

MARÉ, 'Primeiro Nadal sen o humanista García-Sabell', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 decembro 2003, p. 69.

Dáse a coñecer o transcurso da homenaxe realizada pola Real Academia Galega a Domingo García-Sabell, a quen Hércules Ediciones dedicou a obra *Primeiro Nadal sen García-Sabell* e na que son recollidos traballos efectuados por compañeiros e amigos en memoria do humanista falecido en 2003. Profunda nas características da edición e pormenoriza nos artigos, fotografías e ilustracións que compila.

MARÉ, 'Na meniña dos seus ollos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 decembro 2003, p. 64.

Sinala que a primeira homenaxe a Borobó, tras a súa morte, terá lugar en Rianxo. A Asociación Cultural Galicia Viva pretende, deste xeito, agradecer o entusiasmo e vigor que Borobó amosou nas páxinas dedicadas á vila cun acto no que intervirán escritores, profesores e o Cuarteto de Saxofóns da vila.

MARÉ, 'Fusión de música e poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 decembro 2003, p. 50.

Fai referencia á presentación de 'Clave Sónica', unhas xornadas organizadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e que reunirán hoxe e mañá, no Auditorio de Galicia, a escritores, músicos e editores galegos. Yolanda Castaño, que foi a encargada da presentación, explica que o encontro inclúe tres obradoiros, dúas mesas redondas e un festival concerto; fai referencia aos contidos e ao desenvolvemento de cada unha das actividades e sinala que o festival vai ser gravado, co fin de empregalo para diferentes fins e, probabelmente, para editar nun futuro.

MARÉ, 'Segue o espectáculo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 decembro 2003, p. 60.

Sinala que hoxe se estrea en Coimbra o espectáculo 'Cantiga para já', que é unha coprodución do Centro Dramático Galego, da Companhia de Teatro de Braga e de Coimbra Capital Nacional da Cultura coa que pretenden homenaxear a José Afonso e ao poder das revolucións. Dá conta da ficha técnica da montaxe e indica que chegará a Galicia, ao Auditorio de Compostela, o día 18 de xaneiro; sinala, finalmente, o paralelismo desta montaxe con *Mar revolto* de Roberto Vidal Bolaño.

MARÉ, 'De santos e cidades', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 decembro 2003, p. 45.

Sinala que a editorial 3C3 editará no 2004 *As peregrinacións xacobeas*, de Francisco Fernández del Riego, *Compostela. Vella memoria* de Ricardo Martínez-Conde e *Cuarenta*

aventuras al final del camino de Andrés Villar Murillo e Rubén Suárez Carballo, coas que quere chegar aos lectores distintas cuestións relacionadas coa capital galega e co fenómeno das peregrinacións. Cita, así mesmo, os libros que a editorial publicou neste último trimestre do ano e outros que ten previsto publicar nos vindeiros meses.

Maroño, Eduardo, 'Ulises', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 2 agosto 2003, p. 7.

Relato de Eduardo Maroño no que o protagonista é Ulises Brandán. Narra a historia deste home que naceu do ventre do seu pai e que casou aos catorce anos coa que era a súa institutriz; conta cómo foi a súa vida xuntos e cómo el se declara defunto dende hai dez anos, cando ela morreu.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Desde Portugal buscando a vitalidade da periferia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 24 agosto 2003, p. 1.

Dá conta do nacemento da editorial portuguesa Deriva Editores, que dirixe António Luís Catarino; explica cales son os obxectivos desta iniciativa empresarial e do seu interese por publicar obras da nosa literatura; sinala, finalmente, que a editorial se estrea coa edición de cinco libros da nosa narrativa recente: *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza, *Perigo vegetal* de Ramón Caride, *Bebendo o mar* de Xavier Queipo, *Galinhas á solta* de Marta Álvarez e *O elefante que nao era elefante* de Marta Rivera Ferner.

Martínez Lema, Paulo, 'Evocación de Ben Kawrah', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 21 agosto 2003, p. 8.

Relato breve que trata dos sonhos dun guerreiro.

Martínez, Ana, 'A edición de libros en galego subiu o 10,3 por cento o pasado exercicio', *ABC*, 'Sociedad-Galicia', 9 novembro 2003, p. 58.

Dá conta do incremento dun dez por cento na edición de libros en galego durante o 2002, con respecto ao ano anterior. Sinala que as case cincuenta empresas galegas dedicadas ao sector publicaron catrocentos noventa e oito libros e achega outros datos sobre as demais linguas do estado español, sobre as editoriais galegas e sobre os xéneros máis publicados. Os datos publicados foron tirados da 'Panorámica de la Edición Española de Libros 2002'.

Martínez, S., 'Vicente Risco regala un nuevo museo a Allariz', *La Región*, 'Cultura', 14 novembro 2003, p. 75.

Informa da apertura dun museo dedicado ao recordo de Vicente Risco, que se abrirá o vindeiro día 18 de novembro en Allariz coa presenza de numerosas autoridades. O museo, ubicado nunha casona do século XIX e promovido pola Fundación Vicente Risco, recompila documentos, obxectos e escritos orixinais do poeta e está organizado en diferentes áreas: unha dedicada a museo, outra a exposicións, charlas e conferencias e outra que recrea o despacho de Risco.

Matta, Luis de la, 'O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, un paso adiante',

ABC, 'ABC Cultural', nº 590, 17 maio 2003, p. 27.

Dentro do suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas polo "*ABC Cultural*", faise referencia ao IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e ás actividades que o Instituto leva a cabo; explícase que o organismo, que comezou a funcionar en 1991, ten como obxectivo "desenvolver, producir e fomentar actividades como o teatro, a danza e a música"; indícase, así mesmo, que durante o 2003 se programaron mil cincocentas vinte actividades. Faise referencia, ademais, ás iniciativas que o IGAEM pon en marcha para a difusión das artes escénicas e fábase do Centro Dramático Galego, do Ballet Galego Rei de Viana e da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Mauleón, A., 'Inma López Silva habla del aspecto literario de la prostitución en *'Concubinas'*, *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 26 setembro 2003, p. 41.

Dá conta da presentación de *Concubinas*, "Premio Xerais de Novela 2002", de Inma López Silva na Casa do Libro de Vigo; no acto, programado por Alecrín con motivo do Día da Prostitución, a escritora falou do argumento do libro e das razóns que a levaron a tratar este tema na súa obra.

Mauleón, A., 'La tragedia de Xirobio', primera cinta de ficción gallega, regresa a Vigo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 15 decembro 2003, p. 53.

Noticia que dá conta da proxección que hoxe terá lugar no Auditorio do Centro Cultural de Caixanova de Vigo da película *La tragedia de Xirobio*, dirixida por José Signo en 1930 e que é a primeira longametraxe de ficción de produción galega. Sinala que a cinta, de cincuenta minutos de duración, é unha adaptación libre dunha das narracións do libro *Cousas* de Castelao, que se rodou integramente en Vigo, que o seu acompañamento musical é obra do compositor Ángel Teijeiro e que foi promovida por Vicus Films.

Mauleón, Amaia, 'Amigos y enemigos de Alatríste', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 26 xaneiro 2003, p. 44.

Autores galegos como Manuel Rivas, Luisa Castro, Suso de Toro e Álvaro Otero opinan sobre a candidatura de Arturo Pérez Reverte na Real Academia Española da Lingua.

Mauleón, Amaia, 'Cunqueiro vuelve a brillar en Madrid', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 24 abril 2003, p. 49.

Presenta a exposición organizada polo Círculo de Belas Artes de Madrid sobre a vida e obra de Álvaro Cunqueiro que contará con manuscritos, primeiras edicións, recortes de prensa e fotografías e que pretende dar a coñecer o escritor ás novas xeracións.

Mauleón, Amaia, 'Teatro Ensalle, la alternativa de Vigo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 1 outubro 2003, p. 40.

Infórmase da apertura de Teatro Ensalle, que é a primeira sala de teatro alternativo de Vigo e que está dirixida por dous membros da compañía Ensalle Teatro, nacida en 1992. A

inauguración oficial farase mañá coa posta en escena de *La pecera* da compañía Sintalento Teatro; descríbense as instalacións e indícase que a sala pretende ofrecer unha programación constante durante todo o ano, impartir cursos de teatro, organizar concertos e acoller exposicións de pintura, fotografía e escultura.

Méndez Ferrín, X.L., 'Remigio Nieto González', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 14 abril 2003, p. 2.

Comeza recordando os anos nos que foi compañeiro de colexio de Remigio Nieto González. Infórmanos da publicación do poemario indicando que contén ilustracións feitas polo propio autor e afirma que as composicións amosan intensidade, dureza, esgazamento afectivo e verdade poética. Continua logo contando diversas anécdotas vitais nas que coincidiu con Nieto González.

Miguel, Marina de, 'Carlos G. Reigosa publica en castellano 'Hermano Rey Arturo'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 setembro 2003, p. 46.

Sinala que a editorial Akal acaba de publicar *Hermano Rey Arturo*, que é a tradución que Carlos R. Reigosa fixo do libro que primeiro se publicou en galego. Sinala que Carlos García Gual asistiu á presentación e recolle as declaracións do autor, que falou dalgúns dos relatos do libro e da súa motivación para escribir.

Molina, César Antonio, 'La luz de las ciudades sumergidas', *ABC*, 'Blanco y Negro Cultural', 'Libros', 17 abril 2003, p. 8.

Sinala que durante os anos sesenta Álvaro Cunqueiro visitaba a cidade da Coruña varias veces ao ano para dar unhas conferencias na Asociación Cultural Iberoamericana, da que eran directivos Miguel González Garcés e o tío de César Antonio Molina. Conta Molina que, sendo el neno, adoitaba acompañar a Cunqueiro polas rúas da cidade coruñesa e describe os lugares que percorrían dende que o escritor chegaba en taxi ao Cantón Grande ata que ambos chegaban á Casa da Cultura, nos soportais do Xardín de San Carlos, onde impartía as súas conferencias. Conta que en cada viaxe Cunqueiro lle regalaba un libro e que lle aconselleu que non se dedicara á tarefa de escritor; a pesar do cal foi Álvaro Cunqueiro quen fixo a primeira crítica do seu libro *Épica*. Fala, finalmente, da relación que mantiveron cando Molina marchou a estudar Dereito a Santiago e dos últimos días de Cunqueiro en Madrid.

Mon Rivera, Suso, 'A cabeza de Gomersindo no país de ferro', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 4 agosto 2003, p. 7.

O relato conta a historia de Gomersindo, un home ao que os seus fillos o levan para a cidade. Alí séntese apreixado, nunha casa de descoñecidos e só ve edificios altos cheos de ventás. Na aldea os seus veciños pensan que a súa casa se queixa por deixala soa. Gomersindo perde a cabeza.

Monteagudo, Xosé, 'Cabreado', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 3 agosto 2003, p. 6.

Relato de Xosé Monteagudo (Santa Xusta de Moraña, 1965) no que o protagonista é un obreiro que, cabreado, mantén unha conversa telefónica coa administración e lle esixe maior axilidade para enviarlle a perna ortopédica que necesita tras sufrir un accidente laboral.

Montero García, Carlos, 'Medo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 5 agosto 2003, p. 6.

Relato de Carlos Montero García (Ferrol, 1983) no que o protagonista é un home que perde á muller amada nun accidente de tráfico e que, na noite antes do seu enterro, se cuestiona se a vida ten agora algún sentido. O protagonista narra en primeira persoa cómo esa muller trouxo a felicidade a súa vida e, como agora, sente medo e desexos de ter sido el a persoa falecida naquel suceso.

Moreda, Eva, 'Horror Vacui', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 2 agosto 2003, p. 6.

Eva Moreda (A Veiga-Asturias, 1981) conta neste relato como a morte de Manolo, o Arxentino, foi descuberta cinco días despois de acontecer polos seus veciños; ao entrar no seu domicilio encontran múltiples obxectos, vultos e caixas que dan conta do horror no que debeu vivir o home dende a morte da súa muller, o seu fillo e o seu can.

Mosquera, Javier, 'Los expertos tasan la biblioteca donada por Del Riego a Vigo en 3,1 millones', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 22 xuño 2003, p. 6.

Sinala que un grupo de expertos tasou a biblioteca que Francisco Fernández del Riego donou á cidade de Vigo en máis tres millóns de euros; dá conta dalgúns dos volumes incluídos nesta donación e crítica o incumprimento que a corporación municipal está a facer dos acordos tomados á hora de aceptar a biblioteca, entre os que destaca a dotación de persoal e a catalogación da biblioteca, sita na Casa Galega da Cultura.

Mosquera, Javier, 'Las joyas de una donación', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 28 xuño 2003, pp. 8-9.

Fai referencia á biblioteca que Francisco Fernández del Riego donou á cidade de Vigo en 1995; sinala que o legado inclúe máis de trinta mil exemplares valorados en máis de tres millóns de euros entre os que hai libros de gran valor, cadros dos mellores pintores galegos e obxectos persoais. Indica que os volumes foron clasificados en catro grandes bloques: libros dedicados, libros non dedicados, libros anteriores ao século XX e revistas; neles destaca algúns libros dos séculos XVII e XVIII, e unha edición de *Os lusíadas* de 1891 con acotacións de Eduardo Pondal; entre as pinturas destaca un cadro de Ovidio Murguía, de finais do XIX, ou un óleo de Prego de Oliver titulado "Baño en el río"; destaca, finalmente, a donación de obxectos como unha máscara que Castelao realizou para *Os vellos non deben namorarse*, unha cabaza de peregrino do século XVII ou o seu epistolario persoal.

Mutis, Álvaro, 'Descubrimiento y asombros constantes', *ABC*, 'Blanco y Negro Cultural', 'Libros', 17 abril 2003, pp. 6-7.

Álvaro Mutis explica que coñeceu a Álvaro Cunqueiro tras a recomendación que Luís Feduchi fixo para que lera *As crónicas de Sochantre e Merlin e familia*; di que aínda lembra o asombro que a súa lectura lle produciu e que, dende aquel momento, a lectura de Cunqueiro se converteu nun placer ao que acode coa relectura das súas obras. Afirma que Álvaro Cunqueiro se convertiu no "último dos seus clásicos secretos" e que pertence a esa especie de escritores que se inventan a si mesmos, sen antecedentes nin seguidores grazas á riqueza do seu mundo imaxinario e real. Sinala, finalmente, que el recomenda a lectura de Cunqueiro á xente nova e que el atende ás recomendacións que doutras obras lle fan, por que á súa idade prefere gozar da relectura dos seus libros favoritos.

N.V., 'O certame Espiral Maior descobre ao poeta ferrolán Xoán Xosé García', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 15 xaneiro 2003, p. 13.

Anuncia a concesión do certame Espiral Maior ao poeta Xuan Xosé García pola obra *In-ventos*. O poeta, case descoñecido ata agora, define o seu libro como "unha reflexión sobre as imaxes do amor", dentro da que o vento funciona como unha metáfora que salienta "a loita entre a fugacidade e a permanencia do sentimento amoroso". Asimesmo, o autor manifesta compartir un interese común polos temas humanos con diversos compañeiros de xeración como Emma Couceiro, María Lado, Carlos Negro, os irmáns Vilar Ponte e María do Cebreiro.

N.V., 'Rosa Aneiros novela o Portugal da segunda metade do século XX', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 19 xaneiro 2003, p. 15.

Breve noticia con motivo da publicación de *Resistencia*, da escritora nada en Valdoviño.

N.V., 'Luma Gómez: 'As infraestructuras son para o disfrute dos cidadáns'', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 19 febreiro 2003, p. 17.

Faise referencia á nova entidade teatral dirixida pola actriz Luma Gómez, Asociación de Amigos do Teatro Jofre, que tenta asegurar unha programación escénica continuada e de calidade ademais de reivindicar un equipo de persoal técnico especializado e o respecto ás cualidades acústicas do teatro.

N.V., 'O Concello podería crear unha biblioteca sobre autores de Ferrol', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 10 outubro 2003, p. 13.

Dá conta dunha proposta presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Ferrol, para crear unha biblioteca básica de autores de Ferrol e de temas locais; recolle as palabras dun edil socialista, que argumenta a súa proposta e sinala que o tema se tratará na próxima Comisión de Cultura.

N.V., 'Cultura aproba a creación da Biblioteca de autores de Ferrol', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 18 outubro 2003, p. 12.

Sinala que o Concello de Ferrol aprobou unha proposta para crear unha biblioteca na que unificar a bibliografía referida a Ferrol e a súa comarca; sinala que se acordou crear un

consello asesor especializado que valore o que convén publicar e que profesionalice as edicións; indica, finalmente, que o proxecto se iniciará no 2004 cun concurso de ideas sobre o formato de edición.

N.V., 'Un humanista recuperado', *Diario de Ferrol*, 31 outubro 2003, p. 46.

Sinala que a confraría da Virxe do Carme está a preparar para o próximo día 8 de novembro unha variada homenaxe que quere recuperar a figura do relixioso Antonio Casás Iglesias (1878-1953), ao que o Concello de Fene lle dedicará unha rúa. Explica que a homenaxe constará dunha misa na igrexa parroquial da localidade e dunha exposición de planos arquitectónicos e debuxos de Antonio Casás que o actual párroco atopou dentro dun cartafol. Achega, asemade, unha pequena biografía do homenaxeado dando conta da súa grandeza humana e intelectual.

N.V., 'La Fundación Torrente trata de acercarse al mundo anglosajón', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 2 decembro 2003, p. 12.

Sinala que hoxe comeza en Santiago un congreso sobre a tradución da obra de Gonzalo Torrente Ballester ás linguas anglosaxonas, organizado pola Fundación que leva o seu nome. No congreso participarán os importantes tradutores a linguas como o francés, o portugués, o alemán ou o galego, que falarán dos problemas da tradución, do mercado, dos dereitos ou das escolas e axencias de tradución. Segundo afirma Carmen Becerra, directora cultural da Fundación, o obxectivo deste congreso é dar a coñecer a obra do escritor ferrolán no mundo anglosaxón, sobre todo 'pensando na relación que a súa obra ten cos novelistas ingleses do século XVIII de raíz cervantina'.

Naz Fernández, Xosé Alfredo, 'O carballo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 4 agosto 2003, p. 7.

Relato de Xosé Alfredo Naz Fernández, no que a voz narrativa é dun carballo que, tras ser testemuña do amor e da morte dunha parella, desexa secar.

Neira, Henrique, 'La gran demanda revaloriza los libros de autores gallegos', *El Correo Gallego*, 'El tema del Día', 9 decembro 2003, pp. 6-7.

Noticia na que fala da posibilidade de adquirir libros autógrafos, primeiras edicións ou volumes con varias décadas de antigüidade a través de internet; destaca a web www.libroantiguo.org, á que están asociadas duascenas trinta e tres librerías e cincuenta editoriais, polo que o seu buscador permite localizar as obras dispoñíbeis en cada momento. Dá conta, así mesmo, dalgunhas obras que de Wenscelao Fernández Flórez, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón del Valle-Inclán están á venda e o seu prezo. Apunta, finalmente, cales son os criterios que os especialistas teñen en conta á hora de fixar o valor dun libro antigo ou autógrafo.

Nicolás Rodríguez, Ramón, 'Colaboradores do Faro: o labor de dous directores', *Faro de Vigo*, 'Faro de Vigo. 150 años', 3 xaneiro 2003, pp. 33-34.

Nestas páxinas, Ramón Nicolás detense na análise da relación entre literatura e xornalismo que se deu no *Faro de Vigo*. Inclúense dentro dun suplemento especial que conmemora os cento cincuenta anos de existencia desta publicación periódica. En primeiro lugar, afirma que o xornal acolheu, a partir dos anos cincuenta do século pasado, as colaboracións de escritores externos, galegos ou foráneos, de gran calidade, o que lle imprimiu "unha fasquía literaria moi singular". Lembra, así mesmo, que en 1998 se publicou unha escolma deses textos baixo o título de *En los días del centenario*. Despois, e como anunciaba o titular, céntrase no período comprendido entre 1949 e 1964; isto é: os anos durante os cales dirixen o diario Leal Insua e Manuel Cerezales. Segundo Nicolás, estes dous homes son os responsábeis polo achegamento do *Faro de Vigo* cara aos escritores silenciados polo réxime franquista, abríndolles así a posibilidade de se reincorporaren á escena pública nun momento en que a censura o dificultaba. Indica, así mesmo, que se confeccionou unha sección fixa para dar cabida a tales colaboracións, onde deixaron a súa sinatura figuras "ilustres" como as de Gerardo Diego, Dámaso Alonso, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Filgueira Valverde, Salvador Lorenzana (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego), Díaz Jácome, Carballo Calero, entre unha longa nómina de escritores hoxe "canonizados". En moitas ocasións, engade, tratábase de colaboracións que daban cabida ao comentario das novidades editoriais e aos traballos ensaísticos arredor da nosa cultura. Subliña, non embargantes, que a aparición da lingua galega no xornal durante esta etapa víase practicamente reducida ás composicións poéticas de carácter popular. Finalmente, examina de xeito breve algúns deses escritos.

Nicolás, Ramón, 'Maré do pobo a arder', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 2, 'Letras en Galego', 22 marzo 2003, p. 7.

Dá conta da aparición do libro de Pepe Cáccamo sinalando como fonte de inspiración a catástrofe do Prestige e as mobilizacións populares posteriores. Salienta tamén o dominio das formas poéticas do autor así como o feito de tratarse dunha edición non venal con cinco centos exemplares numerados e asinados por Cáccamo.

Nicolás, Ramón, 'O boletín da Academia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 10 abril 2003, p. IV.

Comenta a saída á luz dun novo volume do Boletín da Real Academia Galega dedicado á figura do Padre Sarmiento. Este volume acolle nun primeiro bloque colaboracións de Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro ou Antón Santamarina entre outros, que versan sobre distintos temas relacionados con este autor. Nun segundo bloque recóllense alocucións sobre Sarmiento que se leron nas celebracións do Día das Letras Galegas que tiveron lugar en Pontevedra e en Vilafranca do Bierzo. Finalmente engádense outros traballos de investigación e unha referencia á vida actual da Academia.

Nicolás, Ramón, 'O soño sulagado', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Letras galego', 12 xullo 2003, p. 6.

Con motivo do vintecinco aniversario do pasamento de Celso Emilio Ferreiro, recoméndase a lectura de *O Soño Sulagado* deste autor; indica que aínda hoxe é preciso reivindicar o

lugar que o autor merece como 'unha das grandes voces poéticas galegas século XX' e fai referencia ao intimismo, á preocupación cívica, á ironía e á autenticidade presentes nesta obra.

Nicolás, Ramón, 'Cos bos e xenerosos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 18 setembro 2003, p. II.

Este ano cúmprese o centenario do nacemento do economista e político Alexandre Bóveda, con este motivo faise un repaso ás obras que sobre a vida e obra do ourensán se publicaron este ano e en anos anteriores: *El primer Bóveda 1927-1930. De la creación del Servicio de Recaudación de la Diputación a la fundación de la Caja de Ahorros de Pontevedra* (2003), de Rafael C. Torre; *Alexandre Bóveda. Motor do galeguismo* (2003), de Enrique Bande Rodríguez; *Alexandre Bóveda* (1999), de Francisco Carballo e *Alexandre Bóveda* (1992), de Xosé María Álvarez Blázquez. Dá conta do relevante papel que Bóveda desenvolve na historia de Galicia e critica a falta de atención por parte das institucións.

Ocampo, L., 'A Facultade de Educación analiza a literatura e o galeguismo do ourensán Álvaro das Casas', *La Región*, 'Universitas', 16 outubro 2003, p. 43.

Dá noticia do comezo do curso "Alvaro das Casas e os seus temas: mocidade, escea, galeguismo e ecoloxía" en Rivadavia". Ademais, comenta o programa, citando algunha das conferencias, así como o nome dos encargados delas. Por outro lado, noutra columna co título de "un polifacético autor exiliado en Arxentina creador de preto de 50 obras", achega algúns datos da traxectoria vital do homenaxeado, lembrando que foi fundador da revista *Alento*, conferencista ou secretario da Asociación de Escritores Galegos. Tamén, destaca que foi autor dunha obra numerosa e que cultivou case todos os xéneros.

Ocampo, Lois, 'El Vicerrectorado ourensano oferta catorce obradoiros para el primer cuatrimestre', *Atlántico Diario*, 'Universitas', 23 outubro 2003, p. 43.

Informa da variedade de cursos que ofrece Extensión Universitaria do campus ourensán, destacando algunha das condicións para apuntarse. Sinala que entre os obradoiros hai talleres de teatro, como o organizado polo grupo Sarabela.

Ocampo, Luz, 'Pintura e teatro en vez de pistolas e garitas', *La Región*, 'Ciudad', 28 setembro 2003, p. 14.

Alude á celebración de diversos actos artísticos no antigo campamento militar do Cumial. Cita o nome dos artistas ourensáns participantes e fai mención a algún dos espectáculos teatrais como "O Pozo dos desexos" de José Paz.

Olea, Cristina, 'La Feria del Libro se clausura con un aumento de ventas de casi un 15%', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 8 xullo 2003, p. 7.

Fai un balance positivo da Feira do Libro de Vigo, recollendo a opinión dalgúns dos participantes quen, afirma, só se lamentan dos problemas de tráfico. Subliña así mesmo un aumento de público e das vendas, lembrando algúns dos puntos do programa.

Ortega Bargueño, P., 'Carlos G. Reigosa rinde homenaje en un libro a la gesta artúrica', *El Mundo*, 'Cultura', 28 setembro 2003, p. 62.

Fai referencia á presentación de *Hermano Rey Arturo* do autor lugués. Sinala que o volume se estrutura en tres novelas curtas, salientando a pegada da materia de Bretaña e a análise da condición humana. Por outro lado, sinala que o escritor avoga pola orixe galega do Rei Arturo e de Cervantes.

Otero Tranchero, Pablo, 'Carapuchiña do nariz vermello', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 27 agosto 2003, p. 7.

Relato do conto de Carapuchiña vermella desde unha nova perspectiva. No seu irónico relato, con certos matices eróticos, o lobo ten piedade da meniña porque se namora dela. Sorprendentemente, Carapuchiña tamén se namora do lobo e ,tras converterse nunha loba, foxe con el.

Otero, Elva, 'A Conga resucita al alma literaria de la zona vieja con 'Martes en verso...', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 16 abril 2003, p. 28.

Fai referencia, entre outras cousas, a unha iniciativa literaria de Suso Pais, dono do café A Conga. Sinala que organiza no seu local, sesións de lectura de creacións poéticas e en prosa orixinais, os martes e os xoves. Asemade, salienta que estas composicións serán recollidas logo nun volume.

Outeiriño, Manuel, 'Risco: ¡tanta vida en un panteón!', *La Región*, 'Ourense', 1 maio 2003, p. 10.

Informa da ofrenda floral diante da lápida de Vicente Risco co gallo do corenta aniversario da súa morte. Así mesmo, mostra a súa admiración polo escritor ourensán e recorda tamén a súa familia. Por último, lamenta que aos nacionalistas non lles guste Risco só por ser de dereitas.

P.A., 'A 'Cultura sen fronteiras' une a lusos e galegos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 outubro 2003, p. 49.

Informa da presentación de "Cultura sen fronteiras" por parte da delegación rexional de cultura do norte de Portugal. Sinala que este proxecto, no que tamén colabora a Xunta de Galicia, trata de fomentar a cultura de aquí e alén do Miño. Apunta as actividades que o compoñen, entre elas "Maletas Viaxeiras", lotes de libros que van viaxar por diversas bibliotecas lusas e galegas.

P.A.M., 'Oitocentas persoas asistiron xa ó ciclo 'Un mar de literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 outubro 2003, p. 51.

Informa da asistencia a este ciclo organizado polo Museo Mar de Galicia dalgúns escritores como Luísa Castro ou Suso de Toro. Ademais, salienta que tentan "dar a súa particular

visión do mar". Comenta moi brevemente parte do programa e alude aos conferenciantes dese día.

P.B., 'Creada a Asociación de Teatro Profesional', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 31.

Refírese á presentación de ASCIPROTEGA (Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galiza). Subliña os obxectivos deste colectivo, salientando que o primordial é acadar a normalización do teatro galego. Por outro lado, cita o nome dos seus integrantes, entre eles Teatro do Noroeste, Sarabela ou Producións Librescena. Indica que, entre outras iniciativas, van levar a cabo tarefas como a organización de estudos e actividades teatrais, así como tentarán actuar como mediadores, por exemplo cando xurdan conflitos entre eles e as institucións.

P.V., 'O proxecto que dará a coñecer a un artista polifacético galego', *La Opinión*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, p. VII.

Anuncia a apertura da Fundación Tomás Barros para o vindeiro curso. Subliña a importancia da figura deste artista galego para a nosa cultura e ofrece un breve perfil da súa vida, salientando que destacou en pintura e en literatura, eido no que cultivou todos os xéneros. Por outro lado, refírese ás actividades da nova fundación, entre elas a difusión de creacións literarias ou a organización de recitais poéticos. Tamén alude á dirección, asesores e sede da entidade. Noutra columna, co título de "O legado dun humanista", pon de relevo a grande herdanza deixada por Tomás Barros, destacando o centro de formación profesional que leva o seu nome.

P.V., 'Esplendor, crise e rexurdimento dunha lingua', *La Opinión*, 'Día das Letras Galegas', 17 maio 2003, p. IV.

Realiza un breve percorrido polas diversas etapas da historia da lingua galega ata os anos setenta do pasado século, subliñando nestas o seu emprego na escrita literaria. Así, menciona dende o seu uso na primeira mostra literaria galega "Ora faz ost'o señor de Navarra" de Joam Soares de Pavía, pasando por *A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos e a obra de Rosalía de Castro, ata a literatura da democracia.

Padilla, A., 'Galicia como referencia', *El País*, 'La Cultura', 15 novembro 2003, p. 44.

Realiza un brevísimo percorrido pola vida de Álvaro Cunqueiro, destacando neste a súa traxectoria como escritor. Cita así parte da súa produción literaria e a súa colaboración en diversos medios xornalísticos.

Palacios, Xosé María, 'El Instituto Cervantes sitúa a Cunqueiro entre las figuras de la cultura hispánica', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xullo 2003, p. 47.

Informa da exposición virtual na rede, organizada polo Instituto Cervantes, sobre a vida e a obra do egrexio escritor mindoniense, destacando que o colocan ao nivel de escritores como Gabriel García Márquez. Subliña, asemade, algúns dos contidos desta mostra, a súa

estructura e o aporte de especialistas no tema como Xosé Luis Axeitos ou Ana Sofía Pérez-Bustamante.

Palmou, Ángel, 'Darío Xohán Cabana', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 2, 'El saqueo', 22 marzo 2003, p. 12.

Descobre o refuxio no campo de Darío Xohán Cabana e fai referencia á súa colección de obxectos, entre eles, unha pluma comprada a Manuel María ou o manuscrito orixinal de *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín por quen, afirma, sente unha grande admiración.

Palmou, Ángel, 'Manuel María', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 4, 'El saqueo', 5 abril 2003, p. 12.

Entra na casa do poeta chairego e destaca algúns dos obxectos que este garda como "testemuños dunha vida entregada á cultura". Salienta, entre estas cousas valiosas, a colección de obras dedicadas, na que garda a primeira edición de *Poemas do si e non* que lle regalou Cunqueiro; unha dedicatoria de Uxío Novoneyra que lle fai lembrar o proxecto do "Cancioneiro do Courel"; un debuxo de Castelao; varios gravados de Raimundo Patiño; ou o seu pedrón de ouro.

Palmou, Ángel, 'Víctor F. Freixanes', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 5, 'El saqueo', 12 abril 2003, p. 13.

Fai referencia ao lugar de descanso do director de Galaxia e ás súas paixóns como a lectura, a música clásica ou a pintura. Pescuda na súa casa cousas interesantes e atópase cunha vella máquina de escribir, a radio do seu avó ou unha escultura de Manolo Paz. Ademais, indica que Freixanes confesa que o seu escritor favorito é Alejo Carpentier.

Palmou, Ángel, 'Henrique Monteagudo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 6, 'O saqueo', 26 abril 2003, p. 13.

Apunta que na súa casa de Ames o profesor compostelán garda obras dos seus escritores preferidos, entre eles Edgar Allan Poe, ou coleccións de música clásica e de rock dos setenta. Así mesmo, alude á súa admiración por Carlos Casares. Destaca tamén entre os seus tesouros unha edición do século XVIII de *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal* de Sarmiento.

Palmou, Ángel, 'Antón Tovar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 'O saqueo', 3 maio 2003, p. 14.

Salienta que no piso do poeta ourensán hai libros por todas partes, sendo maioritarios os de poesía e crítica da literatura. Asemade, indica que na súa biblioteca ten unha presenza importante Vicente Risco, polo que para el significou. Alude tamén a outros obxectos queridos de Antón Tovar, e subliña que este pasa o tempo lendo e fumando.

Palmou, Ángel, 'Francisco Fernández del Riego', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 'O

saqueo', 24 maio 2003, p. 14.

Subliña que o expresidente da Real Academia Galega doou o seu patrimonio bibliográfico e artístico ao concello de Vigo, aínda que se quedou con algúns libros que forman a súa biblioteca particular. Sinala que nesta hai un lugar para o seu admirado Valle-Inclán. Así mesmo, destaca a súa paixón polos puros e sinala que na súa casa garda obxectos de valor como fotografías, debuxos ou unha colección de discos.

Palmou, Ángel, 'Paco Martín', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 14, 'O saqueo', 21 xuño 2003, p. 13.

Pon de relevo a ampla biblioteca do escritor lucense, destacando desta *Ortografía completa de la lengua española en verso* e *Novelistas malos y buenos* de Pablo Ladrón de Guevara. Asemade, salienta a súa amizade con diversos intelectuais galegos, da que son testemuña, asegura, obxectos de seu como unha fotografía con Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e Carlos Casares ou unha gravado de Uxío Novoneyra.

Palmou, Ángel, 'Luís Villalta', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'O saqueo', 5 xullo 2003, p. 13.

Sinala a música, a literatura e o cine entre as paixóns desta escritora, salientando a relación que hai entre a música e a súa escrita. Alude a cousas que garda con cariño, entre elas un violín ou o orixinal dun poema, "Concerto de outono", que o seu amigo Antón Avilés de Taramancos lle regalou. Tamén sinala como "sinais de identidade" dela, un sombreiro e a vasilla.

Palmou, Ángel, 'Luz Pozo Garza', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 18, 'O saqueo', 19 xullo 2003, p. 13.

Refírese ás afeccións da poeta de Ribadeo e á influencia da súa nai. Pon de relevo, entre outros aspectos, a súa paixón pola música, a xeografía, a pintura ou o deporte da bicicleta. Apunta, por outro lado, o vencello que hai entre a pintura e a súa poesía. Asemade, reconece a súa admiración por autores como Bécquer, San Juan de la Cruz ou Rosalía, a quen, di, chama a súa "musa".

Palmou, Ángel, 'Xosé Carlos Caneiro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 20, 'O saqueo', 2 agosto 2003, p. 13.

Destaca o gusto do autor de *Ámote* pola música, a literatura, especialmente polos best sellers, e polo mundo da noite. Salienta, entre as súas predileccións literarias a obra de Joyce, Cunqueiro ou Borges. Ademais, pon de manifesto a importancia da súa familia.

Palmou, Ángel, 'Euloxio Ruibal', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 22, 'O saqueo', 16 agosto 2003, p. 13.

Fai referencia ás tarefas actuais deste autor e salienta que conserva cousas que son significativas da súa andaina vital. Refírese, entre elas, a unha vella máquina de escribir,

testemuño da súa primeira escrita literaria, a un retrato que lle fixo Luis Seoane, que vencella coa súa condición de galerista, ou un volume, editado por Anxo Abuín, no que se estudia a súa obra. Destaca ademais a súa paixón polo cine, aínda que despois elixira o teatro explicando as razóns.

Palmou, Ángel, 'Xosé Fernández Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 23, 'O saqueo', 23 agosto 2003, p. 13.

Subliña a importancia do escritor ourensán como renovador da literatura galega ao fundar o grupo "Brais Pinto". Apunta que Xosé Fernández Ferreiro lembra daquela época que el non aspiraba a crear obras maxistras, o seu era "facen literatura sinxela e popular, pero non populacheira". Tamén indica que recorda con humor a súa experiencia nunha produtora de cine madrileña. Por outro lado, salienta que o autor de *Ribeirana do Sil* se mostra moi crítico coa literatura galega actual, especialmente coa poesía que se fai hoxe. Indica que se quedaría con autores como o Méndez Ferrín autor de contos ou cos clásicos como Blanco Amor ou Otero Pedrayo.

Palmou, Ángel, 'Xosé Luís Franco Grande', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 24, 'O saqueo', 30 agosto 2003, p. 13.

Pon de relevo os dous mundos contrapostos nos que se move o escritor, a literatura e a avogacía. Apunta ademais que a súa época de estudante en Compostela está recollida nas súas memorias *Os anos escuros I*, subliñando que dela conserva unha nota manuscrita e uns poemas inéditos de Ramón Otero Pedrayo. Refírese tamén a outros obxectos valiosos de seu como a pipa de Manuel Antonio que lle regalara Domingo García-Sabell.

Palmou, Ángel, 'Miguel Anxo Fernán-Vello', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'O saqueo', 20 setembro 2003, p. 13.

Salienta certos aspectos da traxectoria vital deste escritor para o que, di, a poesía e a música van á par. Alude, así, a cómo fundou a editorial Espiral Maior, subliñando que esta "encheu un oco no panorama literario galego". Tamén, indica que agora está a traballar en teatro, o cal, salienta, significa "unha segunda xuventude literaria". Por outro lado, refírese a cousas de valor que ten no seu despacho de Espiral Maior, entre elas, unha obra con correccións de Alexandre Bóveda ou unha edición de *As flores do mal* de Baudelaire que, sinala, mercou na súa estancia en París.

Palmou, Ángel, 'Marilar Aleixandre', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 30, 'O saqueo', 11 outubro 2003, p. 13.

Indica que Marilar Aleixandre é unha das figuras máis destacadas da nosa literatura, sinalando que esta afirmación vén avalada por, entre outras cousas, ter gañado premios como o Álvaro Cunqueiro de novela ou o premio da crítica á creación literaria en galego. Sinala tamén que sobresaí na creación infantil, aínda que agora vaia publicar o poemario *Desmentindo a primavera*. Pon de relevo ademais que para esta profesora a literatura infantil non é un xénero. Por outro lado, alude aos seus escritores preferidos, entre estes Stephen King ou John Coetzee, e salienta a súa paixón polas viaxes.

Palmou, Ángel, 'Bernardino Graña', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 36, 'O saqueo', 22 novembro 2003, p. 14.

Destaca o legado cultural do escritor de Cangas e subliña o paradoxo de que defendera as nosas letras e ao tempo daba clases de castelán. Así mesmo, apunta que é un crítico da literatura actual ao afirmar que "os escritores tamén están caendo no culto á imaxe". Por outro lado, refírese a algúns dos obxectos que conserva e á historia que hai detrás deles, entre estes un retrato de Luis Seoane ou unha dedicatoria de Rafael Alberti.

Paradela, C., 'O Ribeiro recupera la figura del galeguista Álvaro de las Casas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 marzo 2003, p. 48.

Fai referencia ao que deu de si a cerimonia de homenaxe a Álvaro das Casas no pazo de Ulloa en O Ribeiro. Apunta que o acto estivo organizado pola fundación dos premios da crítica de Galicia e da Asociación Álvaro das Casas. Comenta que esta última entidade comezaba aí a súa andadura e subliña algún dos seus obxectivos. Así mesmo, alude ás diferentes partes da cerimonia, entre elas o nomeamento de conselleiros honoríficos da Asociación Álvaro das Casas a Francisco Fernández del Riego e a Xaime Illa. Así mesmo, insiste na importancia do homenaxeado para a nosa cultura.

Patiño Quintero, Lisette, 'Un crime perfecto', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 11 agosto 2003, p. 7.

Lisette Quintero (Caracas, 1961) constrúe unha historia na que, ironicamente, critica a teima das mozas por adelgazar ata o extremo, tan só para ir na dirección que lles marca unha moda absurda.

Pazuelos, P., 'El grito de las aguas' suena con fuerza en el Palacio de la Magdalena', *El diario montañés*, 'Cultura', 26 xullo 2003, p. 71.

Indica que Manuel Rivas e José Luis Sampedro fixeron no santanderino Palacio da Magdalena un tributo ao mar Cantábrico e aos voluntarios do desastre do *Prestige* e que tamén protestaron contra a medalla outorgada pola Xunta ao Ministro de Fomento, Álvarez Cascos, todo isto co gallo do peche do taller literario "De lo desconocido a lo desconocido".

Penas, Ánxeles, 'Garcés o el pensamiento libre', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 15 xuño 2003, p. 18.

Ensalza a figura de Miguel González Garcés polo seu labor de dinamizador da cultura da Coruña e recomenda unha exposición sobre a súa vida e obra no "Kiosko Alfonso" da cidade. Salienta que o poeta foi crítico de arte e admirador de distintos pintores e escultores. Asemade, sinala que no seu derradeiro poemario *Un home só na néboa* amosa ese amor cara á arte. Indica algunha das obras que se expoñen e salienta o seu valor histórico e cultural. Por outro lado, refírese a unhas palabras de Xulio Valcárcel sobre a súa poesía nas que afirma que nos seus poemas hai "un vivir alongándose".

Peón Cardeiro, Jesús, 'A nena e o lobo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 30 agosto 2003, p. 7.

Conta a historia dunha pícara que, tras estar coas ovellas en Pena Ferrada, perde o burro que a acompañaba e ten que volver por el pola noite por orde do seu estrito pai, interpóndose no seu camiño o lobo.

Pereiro, Xosé Manuel, 'Lois Tobío, escritor galleguista y diplomático de la II República', *El País*, 'Necrológicas', 14 marzo 2003, p. 64.

Informa do falecemento de Lois Tobío en Madrid e ofrece unha aproximación á súa vida. Destaca que foi unha importante figura para o nacionalismo galego a pesar de ser pouco coñecido. Apunta que participou en proxectos coma o Seminario de Estudos Galegos, a redacción do anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía ou a declaración programática do Partido Galeguista con Castelao. Asemade, alude ao seu papel de diplomático e ao seu exilio. Sinala tamén que profundizou na figura do conde de Gondomar e traduciu ao galego obras coma *Fausto* de Goethe.

Pereiro, Xosé Manuel, 'Domingo García-Sabell, médico, escritor, político y humanista', *El País*, 'Necrológicas', 6 agosto 2003, p. 34.

Informa do falecemento de Domingo García-Sabell e fai un breve repaso da súa traxectoria vital, da que salienta o seu compromiso con Galicia. Refírese, principalmente, ao seu traballo no eido da política e da cultura galega. Considérao un humanista e, sinala que foi presidente de Galaxia e da Real Academia Galega, apuntando que tamén traduciu obras de Joyce ou Heidegger.

Pérez García, Manuel, 'O home da americana azul', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 16 agosto 2003, p. 9.

Relato curto que presenta a un misterioso home que se atreve a darlle consello a outro sobre os problemas da vida. O pretendido psicólogo resultou ser paradoxicamente un louco.

Pérez Rosales, María, 'Dentro da parede', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 2 agosto 2003, p. 6.

María Pérez achega un relato, en primeira persoa protagonista, que xira arredor das dúbidas da existencia e do paraíso da infancia perdida.

Pérez, Susana, 'E Padroado creará la primera escuela de teatro de Galicia', *La Opinión*, 'Narón', 12 xullo 2003, p. 18.

Fai referencia á inminente posta en marcha da primeira escola de teatro "reglada" de Galicia por iniciativa do Padroado de Cultura do concello de Narón, subliñando que se tomaron como modelo outras escolas españolas. Así mesmo, alude á formación e requisitos dos estudantes, ás cotas ou ao profesorado.

Pérez, Susana, 'La Escuela Profesional de Teatro iniciará su actividad en octubre', *La Opinión*, 'Narón', 19 setembro 2003, p. 18.

Refírese, entre outras cuestións, ao comezo do curso desta escola teatral de Narón . Sinala algunha das condicións que deben cumprir os alumnos, o prazo de inscrición e a estrutura dos cursos que se van dar.

Perozo, Xosé Antonio, 'Caderno de Riparia', *Misterio en Riparia*/'Unha historia inconfesable'/A sombra da esquizofrenia/'Necesito estar namorado'/Falanzistas no mar/'Xentes que non existen/'Todos nas mans do Señor/'Benvidos a 'Falcon Cacabi'/Prantos e xemidos de muller/'¡Isto é un diario!'/Caderno de Riparia/Preso político en Riparia/'A memoria viva/'Os ollos de Beatriz/'Amor cando cantan os galos/'Cans que oulean como lobos/'Franco é un mal nacido/'Xente afeccionada a suicidarse/'Deixe en paz os mortos/'Outra muller na túa cama/Refuxiado en Riparia/'Que se faga xustiza/'¿Viches a 'Voz', Simón?/'Un risco sobrenatural/'Un olor inconfundible/'O suicidio do xeneral/'Que descansen en paz/'Os defuntos non perdoan/'Virei para buscarte", Páxinas literarias, 1 agosto 2003-31 agosto 2003, p. 7/p. 7/p. 7/p. 7/p. 7/p. 9/p. 7/p. 7/p. 9/p. 7/p. 7/p. 7/p. 7/p. 9/p. 9/p. 7/p. 7/p. 9/p. 7/p. 7/p. 9/p. 7/p. 7/p. 7/p. 7/p. 7/p. 11.
, *La Voz de Galicia*, 2003.

Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951) relata unha historia de misterio en trinta e unha entregas no xornal coruñés. Simón, un escritor maduro, viaxa xunto coa súa muller Ana á illa de Riparia no Atlántico para pasar un mes de vacacións e superar, aínda que sen éxito, a crise matrimonial pola que están a pasar debido ás infidelidades del. Alugan unha casa solitaria na que Simón comeza a ver cousas moi estrañas, como un home aforcado que aparece e desaparece de repente, feito que fai pensar aos demais que sofre unha fan que Simón se poña a investigar teimudamente no pasado da illa para descubrir a verdade das pantasma que o rodean, ao tempo que matina na súa novela. O relato, narrado en primeira persoa protagonista, está cheo de suspense e de ingredientes propios da novela de detectives -ameazas, intriga, asasinatos,...- e da novela sentimental.

Pexegueiro, Alfonso, 'Parque infantil', *ABC*, '*Blanco y Negro Cultural*', nº 574, 'Contemporáneos', 25 xaneiro 2003, p. 16.

Preséntase o poema de Alfonso Pexegueiro (Angoares, Ponteareas-1948), titulado 'Parque infantil', na súa versión orixinal en galego e traducido ao castelán polo propio autor. Inclúese, asemade, unha pequena reseña biográfica do autor asinada por Amalia Iglesias Serna.

Piñeiro, Pilar, 'Causa de honor', *Faro de Vigo*, '150 anos con la Educación', 3 febreiro 2003, pp. 22-24.

Lembra o acto de investidura dos sete "doctores honoris causa" galegos da Universidade de Vigo, entre eles Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Xaime Illa Couto e Xosé Luis Méndez Ferrín. Subliña que ao primeiro deles se lle fixo xustiza con este nomeamento, lembrando como foi apartado da universidade pola guerra, a súa marcha a Vigo ou a súa participación en proxectos relevantes culturalmente como a creación da

revista Grial ou a fundación de Galaxia. Sinala que o seguinte foi Filgueira Valverde de quen, apunta, a súa madriña Camino Noia Campos destacou o seu compromiso con Galicia. Da investidura de Illa Couto salienta que este no seu discurso demandou "unha revolución ética e o respecto á diversidade". Subliña, ademais, da súa polifacética traxectoria a fundación de Galaxia e o seu labor de promotor cultural. Por último, refírese ao máis importante do discurso de Méndez Ferrín na súa cerimonia de ingreso, salientando que lle gustou que "por primeira vez se recoñecese na universidade a literatura feita só en galego o que demostra a existencia dun sistema literario emancipado".

Pino, C., 'Carlos Reigosa salda o compromiso coas raíces na novela 'Intramundi'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 xaneiro 2003, p. 39.

Fai referencia á presentación da novela *Intramundi* de Carlos Reigosa, recollendo a valoración do autor sobre o seu traballo. Sinala que esta significa unha volta ás súas raíces e subliña como antecedentes os seus libros de contos *Homes de Tras da Corda* e *As pucharcas da lembranza*. Refírese tamén á liña argumental, sinalando que recolle a historia dun pobo que entre 1928 e 1966 vive un cambio profundo. Así mesmo, indica as dificultades de estruturar a historia sen superar un número elevado de páxinas, apuntando que a solución foi o "esquematismo". Por outro lado, manifesta que o autor creou uns personaxes completos sen caer no arquetipo. Finalmente, salienta que Reigosa opina que esta é a súa novela máis "ambiciosa" e "madura".

Pino, Concha, 'Un novo curso de posgrao palía a falta de Escola de Arte Dramática', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 xaneiro 2003, p. L8.

Faise eco da presentación dun curso de posgrao en Teoría e práctica da interpretación, promovido polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e a Universidade de Santiago como medida paliativa ante a inexistencia dunha Escola Superior de Arte Dramática, aínda en proxecto. Infórmase das datas de desenvolvemento do programa, do cadro docente (no que figuran Anxo Abuín, director do curso, Euloxio Ruibal, Manuel Guede, Helena Pimenta ou Sanchís Sinisterra, entre outros) e das declaracións de algúns responsábeis. Tamén se especula arredor da posíbel localización da Escola de Arte Dramática.

Pino, Concha, 'Seis novelas galegas figuran como candidatas para levalas á gran pantalla', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 25 xaneiro 2003, p. 47.

Indica que a Asociación Galega de Produtores Independentes (AGAPI) elixiu seis novelas galegas, de entre as dezaseis que lle propuxo a Asociación Galega de Editores, como posíbeis proxectos para levar ao cine. Asemade, achega un breve comentario de cada unha delas, no que recolle a opinión dos produtores. Sinala que *O xabaril Branco* de Tucho Calvo é vista como un bo "filme de acción e aventura", ao tempo que un excelente testemuño da emigración galega na Arxentina. Indica que cren que con *Reminiscencias de Bob Dylan* de Xosé Antonio Moreno, poderíase facer unha comedia sobre a rebeldía xuvenil dos anos sesenta e que *Morning star* de Xosé Miranda, sería axeitada para unha serie televisiva ou que *Un home que xaceu aquí* de Aníbal C. Malvar serviría para unha película de detectives. Ademais, subliña o humor e romanticismo de *O bandido Casanova*

de Hixinio Puentes. Por último apunta que pensan que *Bala perdida* de Manuel Rivas sería ideal para un traballo de animación infantil. Por outra banda, refírese ao documental da AGAPI sobre o cinema que se basea en obras literarias galegas e foráneas.

Pino, Concha, 'As distribuidoras de libros galegas enfrontan os retos da globalización', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 maio 2003, p. 79.

Pon de manifesto os problemas das distribuidoras galegas, centrándose no caso das catro grandes que hai en Galicia: Galaxia, Alonso Libro, Arnoia e Consorcio Editorial Galego. Sinala entre estes problemas a globalización e a excesiva competencia que hai no sector, así como subliña que estas sobreviven a conta dos libros de texto. Así mesmo, recolle a opinión dalgún dos responsábeis destas empresas sobre o negocio, entre eles Fabiola Sotelo. Sinala que a súa editorial se uniu con A Nosa Terra e con Bahía no Consorcio Editorial e apunta que a editora salienta que se xuntaron para "sumar esforzos, rebaixar os custos de distribución e mellorar a atención ás librerías". Por outro lado, indica que o empresario Alonso Estravís se queixa do "exceso de produción" e que ve unha esperanza na representación dos produtos das novas editoriais que van xurdindo.

Pino, Concha, 'Poesías con elevado tono lírico', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 21 xuño 2003, p. 41.

Informa da gravación de "Canciones Xacobeas" no Auditorio de Galicia con música de Antón García Abril e a voz de Teresa Berganza. Lembra as orixes do proxecto no que se inscribe esta iniciativa e alude a experiencias similares deste músico. Asemade, salienta que o disco se compón de doce poemas dos seguintes autores galegos: Pedro Meogo, Sancho I, Mendiño, Celso Emilio Ferreiro, Francisco Añón, Valle-Inclán, Cabanillas, Pimentel e Cunqueiro.

Pino, Concha, 'O Consello da Cultura dixitaliza 3.000 voces e músicas inéditas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 novembro 2003, p. 53.

Informa que se está a levar a cabo a dixitalización dos fondos do Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega, achegando a opinión do coordinador deste proxecto, Rodrigo Romaní. Manifesta que este subliña o valor deste fondo e resalta o traballo do primeiro coordinador Alfonso Vázquez Monxardín a quen, di, se debe parte do material procedente de América. Sinala que entre esa documentación se atopan as voces de Otero Pedrayo ou Castelao. Así mesmo, indica que a Fundación Alexandre Bóveda lles doou unha gravación do coro da Sociedade Polifónica de Pontevedra na que participou Bóveda.

Pino, Concha, 'As salas alternativas compostelás repártense 72.000 euros en axudas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 21 decembro 2003, p. L9.

Dá noticia da adxudicación da axuda económica da Consellería de Cultura a tres salas de teatro de Compostela: Nasa, Yago e Teatro Galán. Alude ao importe da subvención e aos compromisos destas empresas co programa que presentaron.

Pita Parada, Rocío, 'El Padroado contará con la primera escuela gallega de teatro

profesional', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 12 xullo 2003, p. 21.

Informa da reorganización das escolas de teatro de Narón e da creación dunha escola de teatro profesional que botará a andar en outubro. Apunta aspectos como a duración académica, as especialidades impartidas ou os requisitos do alumnado. Por outra parte, recolle as palabras do director técnico do Padroado de Cultura de Narón nas que avala a calidade desta iniciativa.

Pita Parada, Rocío, 'El actor Ernesto Chao abriu o curso da nova escola de teatro profesional', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 31 outubro 2003, p. 20.

Dá noticia da inauguración do curso da Escola de Teatro Profesional de Narón cunha conferencia do actor galego Ernesto Chao quen aconsellou aos alumnos sobre a profesión. Por outro lado, alude aos diversos cursos nos que se estrutura a escola, á selección do alumnado, aos profesores ou ás materias que se van impartir. Sinala tamén que se van traer especialistas para encargarse de diversos obradoiros. Noutra columna ofrece unha entrevista a Ernesto Chao na que este opina positivamente sobre este proxecto teatral e reflexiona sobre as dificultades de ser actor.

Ponte Far, José A., 'Cela y las letras gallegas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 10, 'Exposiciones', 24 maio 2003, pp. 8-9.

Apunta que a mostra "Letras Gallegas" que se expón na Fundación Camilo José Cela de Iria Flavia proba a relación do autor de *La colmena* con diversos escritores galegos. Lembra un artigo de Carlos Casares no que aludía a esta relación e salientaba que na revista *Papeles de Son Armadans* de Mallorca, que dirixiu Cela, houbera espazo para a literatura galega. Apunta que nesta exposición se poden ver algunhas das colaboracións nesta revista de autores como Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra ou Méndez Ferrín. Tamén fai referencia a algúns dos seus antepasados que se interesaron polas nosas letras. Por outro lado, comenta que se expoñen números de revistas como *A Nosa Terra* ou *Aturuxo*, así como a correspondencia epistolar de Cela con destacados escritores galegos, entre eles Vicente Risco ou Otero Pedrayo. Indica que, por exemplo, nunha desas cartas lle pedía a Otero que lle fixera o prólogo para a tradución galega de *La familia de Pascual Duarte*. Tamén fai mención ao trato que tiña con Gonzalo Torrente Ballester.

Porto, Gabino, 'O XVII Festival de Poesía do Condado reúne a centos de persoas en Salvaterra', *Faro de Vigo*, 'Condado-Paradanta', 7 setembro 2003, p. 13.

Informa da celebración deste evento e salienta a presenza de escritores como Manuel Rivas ou Margarita Ledo. Apunta que, segundo os organizadores, é unha "ocasión única para a liberdade de expresión", lembrando que dende os seus inicios era un lugar de defensa do nacionalismo galego, aínda que, di, este ano se oíran berros contra a guerra de Iraq ou o Prestige.

PV, 'Manter o alternativo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 decembro 2003, p. 62.

Informa da axuda que a Xunta de Galicia lles concedeu ás salas de teatro de Compostela

Yago, Nasa e Galán. Indica a cantidade económica adxudicada a cada unha destas empresas, o destino para o que foi concedida e os criterios que se tiveron en conta á hora de outorgarlles o diñeiro.

Quián, A., 'A Fundación Casares convocará no 2004 os primeiros premios adicados ao escritor', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 16 decembro 2003, p. 44.

Fai referencia á reunión do Padroado da Fundación Carlos Casares en Vigo para aprobar os orzamentos para o ano próximo e presentar algunha das iniciativas que van desenvolver: o "I Premio Carlos Casares", a inauguración do Centro de Estudos Carlos Casares ou a celebración do II Encontros no Atlántico.

Quián, Alberto, 'El sello de las editoriales gallegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 24 febreiro 2003, pp. 16-17.

Recolle a valoración de diversos deseñadores e editores sobre a creación, evolución e función dos logotipos de diversas editoriais galegas. Tras unhas consideracións previas sobre esta marca distintiva, explica cómo xorde o logo de Xerais con palabras dun dos seus responsábeis creativos, Pepe Barros. Subliña que tentaron implicar ao lector e fala das posíbeis interpretacións e simboloxía da súa letra xe. A seguir, indica que o logotipo de Edicións do Cumio creouno Francisco Mantecón e que intenta reproducir o nome da empresa, unha montaña. Apunta que o de A Nosa Terra, segundo a opinión do seu director Enrique Acuña, contén "un libro aberto que quere dar unha imaxe de roseira, un libro flor". Sinala, logo, que ao ver de Belén García de Kalandraka o logo da súa empresa, que leva a cor do grupo teatral do que xurdiu, representa un libro que non é "definitivo". No caso de Ir Indo pon de manifesto que a súa tartaruga provén da librería que Bieito Ledo tiña en Vigo. Por outro lado, refírese aos catro logotipos que tivo Galaxia, dende o primeiro creado por Xaime Illa, que se inscribe nun "galeguismo que cría universal", ata o máis novo de Manuel Janeiro, quen explica cómo o ideou. Por último, noutra columna alude á función "mercantil" dos logotipos.

Quián, Alberto, 'A edición facsímile de 'Longa noite de pedra' retoma a voz de Ferreiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 1 marzo 2003, p. 42.

Dáse conta da reedición facsímile da obra de Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*, corenta anos despois da súa primeira publicación. Esta vez levada a cabo pola Fundación Celso Emilio Ferreiro, a Concellería de Cultura de Vigo e a editorial Xerais, coa novidade de incluír un limiar a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín titulado "Pequena historia deste libro" e o prólogo de Ramón Nicolás "Esa sombra que me asombra". No acto de presentación Antonio Rodríguez, presidente da Fundación, comentou a importancia de Ferreiro na vida galega e o obxectivo de manter vixente a súa obra. Pola súa banda, Manuel Bragado, director de Xerais, salientou que Ferreiro é un escritor que non se pode deixar no silencio e por iso adiantou que no 2004, ano do seu vintecinco aniversario, a editorial publicará as súas obras completas. Por último, Carlos Príncipe, concelleiro de cultura, lembrou a relación do poeta coa realidade de Galicia.

Quián, Alberto, 'El sello del libro hecho en Galicia', *La Opinión*, 'Saberes', nº 1, 'Diseños',

15 marzo 2003, pp. 2-3.

Fai referencia ao deseño dos logotipos das editoriais galegas, tomando como base a opinión de, entre outros, Pepe Barros, responsable da empresa que creou o logo de Xerais, Xosé Enrique Acuña, director de A Nosa Terra, ou Manuel Janeiro, creador do novo logo de Galaxia. Principia explicando o concepto de logotipo. A seguir, apunta que, segundo Pepe Barros, actualmente se produciu unha evolución no deseño dos logos. Nesta liña indica, ao ver de Enrique Acuña, que se volveu aos "gustos tradicionais, dando protagonismo ás claves tipográficas". Subliña, por outra banda, que Manuel Janeiro coida que é necesario renova-los. Ademais, Barros opina sobre a situación do deseño gráfico galego, salientando a negativa "dependencia cultural" do que se fai no resto do territorio español. Por outro lado, alude á existencia de logos secundarios, pondo por exemplo o de distintas coleccións de Kalandraka ou A Nosa Terra. Finalmente, nunha columna co título "Creatividade supeditada ao negocio", recolle a valoración dos xa citados sobre a función última destes logotipos, a cal -subliña- é "case exclusivamente mercantil".

Quián, Alberto, 'A Fundación Casares inaugura a súa sede en Vigo, desde a que promoverá a cultura galega', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 19 marzo 2003, p. 40.

Informa da inauguración en Vigo da Fundación Carlos Casares, dando conta da intervención no acto dos representantes das institucións públicas, así como da súa presidenta Kristina Berg e do seu director Damián Villalaín. Tamén apunta que previamente se aprobou o proxecto de actuación da nova entidade. Por outro lado, indica os obxectivos da fundación que, en palabras de Villalaín, se adapta ao "concepto de cultura que tiña Carlos Casares". Explica as catro áreas de traballo nas que se van centrar, subliñando a análise da obra do autor de *Ilustrísima* e a defensa da nosa lingua e cultura.

Quián, Alberto, 'Xavier Seoane recibiu o I Premio de Poesía Caixanova', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 1 maio 2003, p. 43.

Fai referencia ao acto de entrega do I Premio de Poesía Caixanova, que foi para Xaveir Seoane por *Dársenas do ocase*; destaca a satisfacción e emoción do autor, que leu tres dos seus poemas. Recolle a declaración de Julio Fernández, director xeral de Caixanova, que destacou a contía do premio, a alta participación e calidade dos traballos presentados. Ademais de citar a composición do xurado, indica que, antes da entrega do premio, o crítico literario Ángel Basanta ofreceu unha disertación co título "Literatura e lectores".

Quián, Alberto, 'O teatro galego, según Manquilha e Guede', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 xuño 2003, p. 12.

Recolle a reflexión dos actores Manuel Manquilha e Manuel Guede sobre a dramaturxia galega, recordando os comezos do teatro galego profesional. Apunta que Guede opina que a situación teatral actual mellorou aínda que lle queda moito por merllorar para acadar a total normalización e lamenta que se valore máis o teatro foráneo. Sinala que, pola súa banda, Manquilha cre necesaria a formación dos actores. Así mesmo, indica que os dous están de acordo en que sería bo "sentar as bases da Escola Superior de Arte Dramático" e reducir o número de compañías para repartir mellor os recursos existentes. Alude, por outro lado, ao

éxito da representación de *Os vellos non deben namorarse* do Centro Dramático Galego en Madrid e en Salamanca, e aos proxectos de Manquiña para este ano. Por último, salienta que este último se atreve a criticar ao Centro Dramático Galego por ter descoidado o teatro infantil, feito que admite o seu director, Manuel Guede.

Quián, Alberto, 'Lugrís se reencuentra con Vigo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 12 setembro 2003, p. 39.

Fai referencia á inauguración dunha exposición de cadros de Urbano Lugrís na Sala da Fundación Caixa Galicia en Vigo con motivo do trinta aniversario do seu pasamento. Recolle as palabras de Rosario Sarmiento, responsábel de cultura da Caixa, quen salienta a calidade artística de quen lle gustaba asinar co nome de Ulises Fingal. Así mesmo, sinala que tamén se expón un facsímile da revista *Atlántida* con algunha das súas creacións literarias.

Quintiana, Mercedes, 'A esmeralda', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 22 agosto 2003, p. 7.

A protagonista deste relato encontra unha esmeralda no campo e de camiño á casa atópase con diversos personaxes que lle dan a súa particular e didáctica opinión sobre a pedra preciosa.

R.B., 'A morte é impenetrable', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 49.

Laméntase o pasamento do expresidente da Real Academia Galega e exdelegado do Goberno en Galicia Domingo García-Sabell. Lémbrese sucintamente o seu labor e cítanse todas aquelas persoas coñecidas que se achegaron a San Martiño Pinario para lle render a última homenaxe.

R.C., 'La Academia Galega destaca el valor del trabajo de Juan Naya', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 novembro 2003, p. 47.

Breve noticia que se refire á homenaxe que a Real Academia Galega fixo a Juan Naya, arquivista-bibliotecario da institución, despois de dez anos falecido. Destácase da súa figura a súa constante curiosidade que o fixo ser un erudito e un traballador inesgotábel.

R.C.G., 'Xan López fai un canto de amor a Lugo ó abrir a Feira do Libro', *El Progreso*, 'Cultura', 1 xuño 2003, p. 77.

Comenta o pregón que abriu a Feira do Libro de Lugo, que nesta ocasión correu a cargo do ilustrador Xan López Domínguez. O pregón xirou ao redor da súa infancia e a fonda pegada que tivo a cidade natal, Lugo, no seu traballo. Enuméranse as persoas coñecidas que se achegaron a velo como os membros do sector libreiro e xente do mundo da cultura e da política.

R.C.G., 'Os escritores achegan as súas lecturas por segundo día á Feira do Libro de Lugo', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 4 xuño 2003, p. 75.

Noticia que se fai eco das lecturas que fixeron na XXI Feira do Libro de Lugo os escritores galegos e máis concretamente lucenses: Paco Martín, Xavier Rodríguez Barrio, Lois Diéguez e Darío Xohán Cabana. Apostaron polo relato, o conto e as poesías coas que deleitaron a un público adulto que se achegou a escoitalos. Engádese que na quinta xornada se presentará a obra de Candido Pazó *Relatos para adultos*, e ao mesmo tempo participarán Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba lendo *Contos do Cabalo Buligán*.

R.G., 'Crime en Compostela', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 37, 2003, p. 9.

Dentro do número monográfico "Los mejores detectives de la historia", que o suplemento *Culturas* de *La Voz de Galicia* consagra ao xénero da novela policiaca, inclúese unha páxina dedicada a Nivardo Castro e Carlos Conde, os protagonistas de *Crime en Compostela* (1984), de Carlos G. Reigosa. Para acompañar o texto que o propio autor redacta nesta páxina dánse unha breves pinceladas de presentación da obra, destacando as diversas lecturas ás que se prestou.

R.G., 'Arredor de min', *La Voz de Galicia*, 'D Libros', 22 febreiro 2003, p. 11.

Breve noticia que dá conta da publicación do ensaio do escritor vilalbés Antón Baamonde *Aire para respirar* (Xerais). Explicase que se trata dunha obra na que se repasa o último cuarto de século en Galicia, presentándonos aos personaxes máis salientábeis da sociedade galega desa época. Trátase dun ensaio político e sociolóxico que mira para o futuro que quere construír sen esquecer o pasado.

R.G., 'Os reinos do fulgor' reúne a lírica de Manuel Álvarez Torneiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 febreiro 2003, p. 48.

Recóllense eloxios da profesora Concepción Delgado Corral á obra de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932). Ela foi a autora do libro *Os reinos do fulgor. Antoloxía esencial (1982-2002)* e defíneo como un poeta cunha gran coherencia temática no que sobresaen o amor, a memoria, o silencio, a natureza, os sentimentos e a presenza da nai e o neno orfo. Engádese que o volume que conta con máis de cincocentas páxinas, foi fiel ás últimas revisións dos poemas.

R.G., 'Terra de Iria', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 1, 'Letras en galego', 15 marzo 2003, p. 7.

Informa brevemente da publicación na editorial A Nosa Terra do libro de Anxo Angueira *Terra de Iria*. Coméntase que describe a terra de Rosalía de Castro e que fai que o lector, a través das súas páxinas, se poida introducir na paisaxe, pero tamén na poesía da autora.

R.L., 'Son galego', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 7, 'Letras en galego', 3 maio 2003, p. 7.

Recolle a publicación da obra *Son galego* de Xosé Francisco Fernández Rey membro do colectivo "Fillos de Galicia", publicada en Bos Aires en Ediciones del Dock. Sinálase que a obra está prologada por Carme Graña Barreiro e fai referencia a que se trata dun testemuño

persoal no que se quere mostrar que se pode ser galego dende lonxe.

R.N., 'O demo e o profundo mar azul', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 12, 'Letras en galego', 7 xuño 2003, p. 7.

Breve nota na que se dá conta da publicación da novela de Eva Moreda *O demo e o profundo mar azul* (Edicións Positivas). Trátase dunha biografía de Gregorio Gancedo, ou Goro de Ferrería, un saxofonista que vai polo mundo deixando tras del os recordos da súa muller e da súa terra. Finalmente, indícase ao lector que para maior deleite probe a lelo coa banda sonora que abre cada capítulo.

R.N., 'Impresións da Iberia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Alude á publicación da tradución dun libro do escritor francés André Petitcolin baixo o título *Impresión de Iberia* (Editorial Galaxia). Lémbrese que é a primeira vez que é traducido a unha lingua da península e que transmite as experiencias vividas a finais da século XIX en Galicia cunha ollada por veces crítica.

R.N., 'Males de cabeza', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Letras galego', 12 xullo 2003, p. 6.

Recóllese a publicación da novela de Fran Alonso *Males de cabeza* (Edicións Xerais) e defínese como un "percorrido oximórico". Explícase que achega ao lector a un espazo entre a cordura e a tolemia, dous opostos que se dan cita na obra que ademais está cargada de humor sen que por este compoñente perda transcendencia.

Rábade Paredes, Xesús, 'Un pelo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 5 agosto 2003, p. 6.

O relato de Xesús Rábade Paredes (Seixas, Lugo 1949) narra a situación que vive un home ao nacerlle un pelo rubio no pube, cando decide arrancalo decátase de que fala e deseguido convértese nunha fermosa muller. Os problemas virán cando se namora dela porque non consegue sucumbir aos seus encantos enganando así á súa esposa.

Redondo, Alejandra, 'Lugo no olvida a su escritor', *El Progreso*, 'Lugo', 12 agosto 2003, p. 6.

Dáse conta da homenaxe que a cidade de Lugo rendeu ao escritor Ánxel Fole con motivo do centenario do seu nacemento (1903). A seguir, cítanse as persoas que concorreron ao acto e préstase especial atención ás palabras de Luís Alonso Girgado que foi elixido para realizar a ofrenda, e salientou que o principal é ler a súa obra, porque só así non morrerá.

Reigosa, Carlos G., 'Nivardo Castro coñece a Carlos Conde', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 57, 2003, p. 9.

Dentro do número monográfico "Los mejores detectives de la historia", que o suplemento

Culturas de La Voz de Galicia consagra ao xénero da novela policiaca, inclúese unha páxina dedicada ás personaxes de Nivardo Castro e Carlos Conde, protagonistas de *Crime en Compostela* (1984) de Carlos Reigosa. Este autor explica neste escrito cómo foi o proceso de xestación e creación dos personaxes Nivardo Castro e Carlos Conde, pero faino coma se de dúas figuras reais se tratase. Indica, entre outras cousas, os títulos que viñeron a seguir a *Crime en Compostela*, cos mesmos protagonistas e no mesmo xénero: *O misterio do barco perdido*, *A guerra do tabaco* e *Narcos*. Refírese tamén ao feito de ter gañado o "I Premio Xerais" con dita obra, e á consideración que tivo a partir de entón, por parte da crítica, de "pai da novela negra galega".

Reigosa, Carlos G., 'O guerrilleiro namorado', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 21 agosto 2003, p. 8.

O relato de Carlos Reigosa (Pastoriza-Lugo, 1948) conta o namoramento do Silverto Santalla, guerrilleiro, e unha muller de nome Cecilia. Desminte que morrera como un heroe e relátase a súa verdadeira historia, que non sería outra que unha morte producida cando ía ver á súa amada ao prado no que estaba coas vacas; morreu dun balazo provocado pola súa condición de guerrilleiro fuxido.

Reinero, D., 'Vigo celebró el 70 aniversario del reconocimiento de Galicia como nación', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 19 setembro 2003, p. 14.

Infórmase do acto que se levou a cabo en Vigo para celebrar o setenta aniversario de Galicia como nación e a figura de Plácido Castro, secretario do Partido Galeguista que no ano 1933 asistía en Berna ao recoñecemento de Galicia como nacionalidade. Recóllense as palabras de lembranza de Francisco Fernández del Riego e a nómina dos asistentes ilustres que participaron entre os que se contaban Isaac Díaz Pardo, Plácido Castro, Xulio Ríos, Xosé Manuel Beiras, Anxo Quintana ou Camilo Nogueira.

Requeixo, Armando, 'Da demolición do tempo', *Diario de Ferrol*, 'Literatura', 29 xaneiro 2003, p. 18.

Refírese á publicación do libro *O embrión* (2002), gañador do "II Premio de Novela Cidade de Ferrol". Explicase que é un caso paradigmático xa que o seu autor é Vicente Risco e enténdese que en poucas ocasións un libro gaña un galardón deste tipo despois de morto o autor. A seguir, ofrécese unha breve achega ao texto que se define como kafkiano, no cal as sombras, o caótico ou o onírico se mesturan.

Requeixo, Armando, 'Anxo Franco: alentar na profunda memoria', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 outubro 2003, p. 4.

Coméntase que *A memoria*, última obra de Anxo Franco recolle catro historias breves vencelladas ao recordo. Afirmase que as lembranzas, a infancia recordada e os tempos pasados forman un corpo no que nos imos recoñecendo.

Requeixo, Armando, 'Terras de serventía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Crítica', 18 decembro 2003, p. II.

Faise un balance da literatura galega durante o 2003 que se define polo seu continuísmo. Fálase das liñas que se trataron como a prosa policial, aventureira, histórica ou o relato fantástico. Sinala que os espazos preferidos polos nosos escritores durante este ano foron o realismo social ou sociolóxico e a narrativa intimista; representativas destas tendencias son obras como *O fillo do emigrante* de Pablo Vaamonde, *Relatos mariñeiros* de Neira Vilas, *As voces da noticia* de Xosé Monteagudo entre outras moitas. Tamén se recollen tendencias que se escapan das anteriores como *O bosque das levas* de A. Álvarez Cáccamo ou os relatos de Cid Cabido en *Fálame sempre* que se caracterizan polo seu humorismo. Lembra que este ano o noso país estivo marcado polo desastre do Prestige que foi fonte de motivación para moitos escritores. Salienta algúns dos libros máis interesantes como *Mitos e memorias* de Darío Xohán Cabana, *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor ou *Sete noites e un amencer* de Xosé Francisco Fernández Naval entre os autores consagrados, pero apareceron novas promesas como Pilar Buela Piedra con *Ácaros verdes*, Xesús Fraga con *A-Z*, Xoán Xosé Piñeiro con *Lista de espera* ou Xabier López López con *A estraña estrela*.

Requeixo, Armando, 'Unha colleita literaria continuísta', *La Opinión*, 'Saberes', nº 37, 'Lecturas', 27 decembro 2003, pp. 2-3.

Prolixa noticia na que informa sobre o estado da nosa literatura durante o ano 2003. As conclusións ás que se chega son que as liñas proseguen e non hai grandes novidades. Destácanse obras de escritores xa consagrados como *Mitos e memorias* de Darío Xohán Cabana, *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor ou *Sete noites e un amencer* de Xosé Francisco Fernández Naval, pero tamén as de novas promesas como Pilar Buela Piedra con *Ácaros verdes*, Xesús Fraga con *A-Z*, Xoán Xosé Piñeiro con *Lista de espera* ou Xabier López López con *A estraña estrela*. Ofrécese unha listaxe de autores e obras que achegaron as diferentes temáticas durante este ano e outros que continuaron as establecidas apostando, especialmente polas obras realistas de corte social ou sociolóxico e aquelas intimistas que tentan profundar na psicoloxía dos personaxes. Para rematar lembra "a marea de relatos" que saíron despois da traxedia do Prestige que se moveron pola proximidade e a necesidade de denuncia, pero que non alcanzaron a calidade literaria necesaria para ser nomeados na escolma que se realiza.

Rey, Beti, 'Clásicos e vangardistas galegos triunfaron na Feira do Libro de Tui', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 18 maio 2003, p. 25.

Informa da celebración da Feira do Libro de Tui que contou para a ocasión co escritor tudense Alberto Romer encargado de inaugurala pronunciando no seu discurso palabras de lembranza para Plácido Méndez, estudoso da localidade que falecera un ano antes. Recolle que había trece postos para a exposición e venda de libros nas que os que se achegaran podían mercar as últimas novidades editoriais, pero tamén os clásicos da literatura galega.

Rey, Óscar M., 'Malaslinguas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 12 agosto 2003, p. 7.

Relato que presenta a situación dun pobo pequeno no que pouco a pouco se forma unha noticia falsa sobre unha persoa. Despois de ver a unha parella desencadéanse especulacións sobre a súa relación ata chegar a inventar un embarazo e, deseguido, a perda do bebé.

Reyes, Xan, 'Desvelos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 24 agosto 2003, p. 7.

Relato que comeza co desvelo por causa da visita ao dentista; ante iso o protagonista comeza a pensar na posibilidade dunha historia para cada ruído e o primeiro que se lle ocorre é o que vén darriba. Unha vez que consegue conciliar o sono queda profundamente durmido e chega tarde á cita, pero unha vez que está na consulta decátase de que o médico é o seu veciño no que matinara a noite anterior, polo que conclúe que non fora un soño.

Rivas, Manuel, 'Hamlet, en el café bar Venecia', *El País*, 'La Cultura', 11 outubro 2003, p. 38.

Céntrase na figura do escritor galego Suso de Toro, gañador do "Premio Nacional de Literatura". Define cómo un corazón resiste cargado de humor e no que non hai temor ao que dirán del. Lémbrese que a súa formación está asentada no trato coa xente, na taberna, pero tamén noutras experiencias como a de ser profesor de literatura e nas lecturas de autores como Faulkner ou Joyce. Finalmente, recórdase o seu compromiso coa terra que o veu nacer no seu recente libro *Nunca Máis Galicia á intemperie* onde hai crítica e solidariedade.

Riveiro Loureiro, Manoel, 'No mar calmo, un espanto', *La Opinión*, 'Saberes', nº 10, 'La obra del lector', 17 maio 2003, p. 7.

Relato que conta como un barco pesqueiro topa con outro buque a medio afundir. Vendo que no interior aínda pode haber xente con vida e que sen embargo eles non poden facer nada vénceos a impotencia e botan todos a chorar. O patrón manda un sinal de auxilio sen esperanzas. Non só choran polos que quedaron no interior do barco senón tamén por eles mesmos pois están expostos a que lles pase o mesmo.

Riveiro Tobío, Elvira, 'Arroz á cantonesa', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 19 agosto 2003, p. 7.

O relato de Elvira Riveiro Tobío (Pontevedra) ten como protagonista a unha rapaza e un rapaz que se chama Wei de nacionalidade chinesa. Os dous deléitanse o un ao outro con recitais de poemas mesturados con encontros sexuais, os textos que os motivan son do máis diverso dende Pero da Ponte ata Ferrín pasando por Wang Wei. Todo isto combínano co arroz á cantonesa que el lle fai e que ela come sobre as súas costas espidas.

Rodíex, 'Paulino o indiferente', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 10 agosto 2003, p. 8.

O relato narra a historia de Paulino que un día vai no seu chimpín despois de coller a herba seca camiño da aldea. Na recta que o conduce ao seu destino chámanlo coñecidos, pero el móstrase impasíbel ante estas chamadas, cando chega á curva segue recto e métese na leira do seu veciño ata chegar á horta na que el, a herba e o chimpín van polo aire. O forense máis tarde dixo que levaba morto dende o primeiro veciño que non saudara.

Rodiño, Xan, 'Escolma de poemas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 27

2003, p. 21.

Móstrase unha pequena achega á vida e obra de Xan Rodiño (Dorrón-Sanxenxo, 1963). Lémbrese que a súa traxectoria está avalada por varios galardóns entre os que destacan o Certame Literario Valle-Inclán e o "Premio Faustino Rey Romero" que recolleu das mans de Gonzalo Bouza-Brey polo seu poema "Fraude de amor eterno" e do que se extraen dous fragmentos que se axuntan.

Rodríguez Fernández, Rebeca, 'Soños de nenos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 8 agosto 2003, p. 7.

O relato de Rebeca Rodríguez Fernández (San Sandurniño, 1985) conta a historia de Xan que vai cazar gamusinos nunha noite de luar. Eses animais proporcionaban a felicidade eterna e ilusión duradeiras, na procura disto Xan consegue cazar un e acto seguido nota que cae ao chan pouco a pouco e cando espertou veu ao seu carón unha moeda moi estraña. Pasado o tempo na súa mente de persoa adulta aínda existían os valores que el ansiaba atopar aquela noite.

Rodríguez Rañón, Xosé Carlos, 'Tróuxoo o mar que o levou', *La Opinión*, 'Saberes', nº 10, 'La obra del lector', 17 maio 2003, p. 7.

O relato introdúcenos na vida de dous personaxes, un deles é de Ribadeo, o martes de Entroido tópase cun home de ollos claros vestido de escocés, de onde é. Compenétranse moi ben. Coñécense mellor e déixanse namorar polos encantos de Santiago. Chega o momento da separación, prométense non volver a verse xamais e collen camiños separados.

Rodríguez Vicente, Ricardo, 'Gameleiros', unha homenaxe en branco e negro ós mariñeiros de A Guarda', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Louriña', 22 febreiro 2003, p. 27.

Fai referencia á publicación de *Gameleiros* (2002), de Miro Villar e Manuel Álvarez; explica que o libro está composto por vinte e sete fotografías de profesionais da pesca de baixura da Guarda, que se acompañan con textos de Miro Villar; indica que o proceso de preparación do libro foi realizado en Ginebra (Suíza), onde reside Manuel Álvarez; e fala da actividade destes mariñeiros, aos que se coñece co nome de gameleiros.

Rodríguez, Emma, 'Manuel Rivas no renuncia a expresar sus inquietudes', *El Mundo*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 51.

Céntrase no novo libro do escritor galego Manuel Rivas *Mujer en el baño* (Alfaguara) no que se achega ao inmediato a través dunha selección de artigos, moitos deles xa publicados. A seguir, comenta que os textos móvense entre a denuncia e a manifestación das súas inquietudes e preocupacións. A condición feminina, o desastre do *Prestige* abren e pechan o libro respectivamente, mentres no interior a demolición do planeta, a violencia doméstica ou as vacas tolas son outros dos temas que trata.

Rodríguez, M., 'Numerosas editoriales con sede en Galicia se lanzan a la publicación de libros en castellano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 45.

Informa do lanzamento dunha nova editorial galega que se dedicará á publicación de libros en castelán, baixo o selo de Ediciones del Viento, tratarán de achegarse a un mercado máis amplo en número de lectores. Engádense as opinións de outros editores que reflexionan sobre o teito da literatura galega e entenden que non é o mesmo traballar cunha perspectiva de tres millóns de potenciais lectores que trescentos millóns, pero tamén na importancia da especialización ante a gran cantidade de editoriais. Recóllese que hai xa un número considerábel de editoriais que optan por traballar nas dúas linguas como Toxosoutos, Kalandraka, Rodeira, etc.

Rodríguez, R., 'Articulista plural', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 15 xuño 2003, p. 77.

Anuncia a nova sección que no xornal Galicia Hoxe vai ter o poeta, dramaturgo e editor Miguel Anxo Fernán Vello. Infórmase que a crónica encabezarase co título "Caderno Aberto" e aparecerá de luns a venres, alí tratará todos aqueles temas que lle interesen trala observación da realidade. Recóllense manifestacións súas sobre o problema da ruptura da cadea de transmisión e a falta de continuidade do galego que entende se resolvería cunha "educación sentimental" na nosa lingua. Finalmente, anúnciase a próxima publicación do autor que levará por título *Territorio da desaparición* (Editorial Galaxia).

Rodríguez, Salvador, 'Del amor en tiempos de guerra', *Faro de Vigo*, 'Reportaje', 20 abril 2003, pp. 1-2.

Dá noticia dunha próxima película que se baseará na novela de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro* (Editorial Xerais), un texto que se publicou no ano 1998 e que se define como o primeiro best seller da literatura galega xa que a súa primeira edición esgotouse sen saír ás librerías e da que xa saíu a súa décimo quinta edición. Infórmase cómo nun primeiro momento ía ser dirixida polo cineasta español Manuel Gutiérrez Aragón, pero renunciou a facela pensando que era inadaptábel polo que esa función cubriuna Antón Reixa e será a máis importante produción do cine galego. Conclúese afirmando que xa moi pronto o público poderá saber dos amores de Marisa e Daniel na gran pantalla.

Rodríguez, Salvador, 'El Xacobeo de Cunqueiro y Casares', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 338, 15 novembro 2003, p. 2.

Sínálase que con motivo da celebración do vixésimo aniversario do Centro Dramático Galego no ano 2004 se están a preparar as postas en escena de *O ano do cometa*, de Álvaro Cunqueiro, e *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares, e a edición dun libro-DVD no que se recolla a traxectoria destes vinte anos. Do proxecto de *O ano do cometa*, indícase que será dirixido por Quico Cadaval, que tamén adaptará o texto desta novela na que el considera que ten reflexo toda a demais obra do autor de Mondoñedo. Descríbese brevemente o argumento e anúnciase que a primeira representación terá lugar o día 5 de marzo de 2004. Remátase anunciando tamén que o director de *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* será o brasileiro José Caldas, quen optará por unha escenificación de monicreques, converténdose así na primeira montaxe de teatro infantil do Centro Dramático Galego que terá a súa estrea en outubro dese mesmo ano. En columna á

parte, sinálase a estrea no mes de decembro de 2003 dunha coprodución do Centro Dramático Galego e a Companhia de Teatro de Braga que ten como figura central o cantautor José Afonso, dando conta do elenco da montaxe.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'Xerais publica unha edición facsímile do libro Longa noite de pedra', *La Región*, 'La Voz de Ourense', 21 febreiro 2003, p. 9.

Anúnciase que Galaxia e a Fundación Celso Emilio Ferreiro reeditarán, nunha edición facsímile non venal, a obra *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro. Asemade indícase que este volume contará cun limiar de X. L. Méndez Ferrín, prólogo de Ramón Nicolás e gravados de Picasso e Miró.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'A figura de Vicente Risco sigue vixente catro décadas despois da súa morte', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 30 abril 2003, p. 7.

Co gallo dos corenta anos do falecemento de Vicente Risco faise un repaso pola súa traxectoria vital vencellada á cidade de Ourense e á súa produción literaria. Sublíñase que foi un dos alicerces máis activos da Xeración Nós, que é autor de textos de referencia do século XX e que nos últimos tempos se editaron numerosos traballos sobre a súa obra. Finalmente apúntase que a Fundación Vicente Risco conmemorará esta data con numerosos actos entre eles unha ofrenda floral no cemiterio allaricense onde está soterrado.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'Una fundación divulgará la obra y el legado histórico de Vicente Risco', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 novembro 2003, p. 53.

Infórmase de que na vila ourensá de Allariz se acaba de inaugurar a fundación Vicente Risco, a súa presidenta vai ser a filla do intelectual galeguista. Descríbense brevemente as funcións que desenvolverá, entre as que está a de divulgación da súa figura e a de servir como fondo de consulta para persoas interesadas na investigación. Así tamén, recóllense as palabras do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, quen salientou a faceta de Vicente Risco como "gran polígrafo, ideólogo e galeguista de excepción na década de 1920". Enténdese que esta fundación ten que servir para manter viva a súa figura e a súa obra.

Romaní, Ana, 'O traidor', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 18 agosto 2003, p. 6.

O relato de Ana Romaní (Noia, 1962) conta a historia dun home que ten remorsos por ser un traidor, pero ao mesmo tempo fano sentir importante porque o saúdan no portal e lle teñen respecto. Todo comezou cando delatou perante a policía que era o veciño e amigo do sexto o que non recollía os excrementos do can na rúa.

Romero, Marga, 'Máis de trescentas persoas no congreso sobre a represión franquista de Narón', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Cultura', 11 2003, p. 24.

Refírese á celebración do I Congreso da Memoria organizado na vila de Narón pola Asociación Cultural "Memoria Histórica Democrática". Coméntase que se trataron diversos temas como a guerrilla antifranquista, a política represiva, a destrución do societarismo

agrario ou a represión aos integrantes da CNT (Confederación Nacional do Traballo). Coméntase cómo unha parte importante das xornadas estiveron dedicadas á literatura como creadora dunha conciencia colectiva e como arma de denuncia, deste tema deron conta Manuel Rivas, Díaz Pardo e Claudio Rodríguez Fer que recitou uns poemas. Dáse conta de que o acto rematou coa inauguración dun monumento en memoria dos trinta e seis tripulantes do acoirazado *España*, leais á República e fusilados no lugar no que se levanta o monumento.

Romero, Marga, 'Literatura no mar de Corcubión', *A Nosa Terra*, nº 1.100, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 30.

Infórmase do I Congreso de Cultura Popular e Mariñeira que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega na Casa da Cultura da vila de Corcubión. Coméntase que as xornadas trataron diversos temas como "O mar unha ollada antropolóxica", "Avilés de Taramancos, a lingua do mar" ou "O mar na cultura galega". Menciónase que durante os tres días que durou o congreso pasaron figuras tan salientábeis como Yolanda Castaño, Euloxio Ruibal, Marcial Gondar, Mariño Ferro, Miguel Anxo Fernán Vello, Álvarez Cáccamo e Ana Romaní, Francisco Calo Lourido ou Fernández del Riego. Sinálase que o último día os asistentes puideron gozar da curtametraxe *Os irmáns Crebinsky* dirixida por Quique Otero.

Romero, Marga, 'Memoria e historia no Galeusca 2003', *A Nosa Terra*, nº 1.103, 'Cultura', 6 novembro 2003, p. 24.

Noticia que se fai eco da xuntanza de representantes da literatura galega, vasca e catalá este ano en Euskadi e co tema a tratar "Memoria e Historia". Infórmase que a primeira xornada dividiuse en tres apartados, o primeiro "Memorias de Ficción" no que interviñeron Jon Kortazar, Josep Francesc Delgado e Darío Xohán Cabana; o segundo "Memorias persoais" con Joxemiel Bidador, Armando Requeixo e Jaume Pérez Muntaner; o terceiro "Poesía e Teatro" con Itxaro Borda, Inma López Silva e Rosa Calafat. Engádese a Declaración Galeusca 2003 que elaboraron nos tres idiomas e na que se denuncia a censura e o fascismo. Finalmente, recórdase o pasamento da poetisa Xela Arias, unha traxedia que entristeceu aos participantes destas xornadas.

Romero, Marga, 'Os papeis de Alexandre', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 25.

Breve nota na que se dá conta do congreso celebrado en Pontevedra e no que se lembraba a persoa de Alexandre Bóveda. Destácanse as lecturas de poemas de Bernandinho Graña, Salvador García Bolaño e Manuel María, pero tamén de autores novos como Yolanda Novo, Fernán Vello, Pilar Pallarés, Álvarez Cáccamo ou Xurxo Souto. A seguir, coméntase como a nova do pasamento de Xela Arias entristeceu o acto que durante tres días se alzou a favor da liberdade e do progreso na figura do galeuista pontevedrés.

Romero, Medos, 'A cor visión', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 4 agosto 2003, p. 6.

O relato de Medos Romero (As Pontes, 1959) cóntanos o que se sente cando che quitan un

peito. Ela daríao todo por volver a adolescencia, cando intentaba disimularlos coas carpetas, cando lle parecía que non tiñan ningunha utilidade, cando os dous estaban alí e non tan só un cicatriz escura que a marca para sempre.

Ruibal, Euloxio R., 'Celso Emilio Ferreiro', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 7 decembro 2003, p. 7.

Alude a un novo poema de Celso Emilio Ferreiro que apareceu nun pano de papel que el lle deu a unha amiga no ano 1971. Recóllese o poema que leva por título "Pie para una fotografía del caudillo", un soneto que naquel momento a censura lle impediría publicar pero que Mari Pepa, filla do seu amigo Álvaro Ruibal, gardou e quixo que a xente puidera coñecela, sabedora de que é unha figura da literatura galega e polo tanto do seu valor.

Ruíz Mantilla, J., 'Manuel Rivas esgrime su ironía defensiva entre las casetas', *El País*, 'La Cultura', 2 xuño 2003, p. 37.

Anuncia a publicación do libro de Manuel Rivas na súa versión en castelán *Mujer en el baño* (Alfaguara), unha escolma de artigos que en moitos casos xa apareceran publicados e noutras ocasións estaban gardados nos caixóns. Destácase a homenaxe que lle fai á muller moderna xa na propia portada co cadro de Rou Linchestein ou o tratamento de temas como a catástrofe do Prestige.

S.A., 'La III Semana do Libro completa su programa con cuentacuentos y tertulias', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 24 abril 2003, p. 16.

Breve noticia na que se comentan os actos da III Semana do Libro de Culleredo centrados especialmente no público infantil e tamén nos adultos que poderán asistir aos contacontos e tertulias respectivamente. Tamén se destaca a posibilidade de asistir ao teatro ou a oferta das bibliotecas municipais que acollen exposicións relacionadas co mundo literario.

S.J., 'López López: 'Busqueille ton de 'nouvelle' do XVIII á obra', *El Progreso*, 'Entre líneas', 16 marzo 2003, p. 9.

Recolle a publicación da novela do escritor de Betanzos Xabier López López *A estraña estrela* "unha parodia da novela de aventuras do século XVIII, unha homenaxe a Cándido", así a define o propio escritor. Enténdese que se trata dunha novela ilustrada que irradia humor e orixinalidade en cada liña e que se compara coa prosa de Álvaro Cunqueiro pola ambientación, a fabulación e o barroquismo. A seguir, recóllense as palabras do autor que manifesta un pesimismo xa que entende que despois de douscentos anos seguimos tendo unha sociedade na que aínda non se erradicou a superstición e a credulidade da xente.

S.O., 'Memorial Ibán Toxeiro en homenaxe ós afeccionados', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 novembro 2003, p. 52.

Sucinta noticia que informa da celebración no Teatro Rosalía de Castro do memorial Ibán Toxeiro no que se darán cita grupos de teatro afeccionado xa que esa foi a intención que motivou a Lino Braxe á súa fundación. Alúdese a que a Agrupación Bóveda presentou os

actos que celebrarán durante dous meses e que teñen índole variada dende mostras de pintura e fotos ata xornadas sobre o patrimonio cultural.

S.P., 'Outro poder da prensa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 agosto 2003, p. 50.

Infórmase dos últimos datos referidos á lectura e concretamente ao maior hábito lector das mulleres, aínda que son eles os que dedican máis horas semanais, os que acadan best-seller e os premios literarios máis demandados. Alúdese a que o labor editor dos diarios é o responsábel do cincuenta por cento das vendas de libros nos quioscos. Finalmente, apréciase que o que mellor funciona para que un libro se venda é a súa recomendación nos colexios, nos medios de difusión e no círculo de amizades.

S.P., 'Un mar de literatura dende Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 outubro 2003, p. 54.

Breve noticia que dá conta do ciclo de conferencias que terá lugar en Vigo no Museo do Mar de Galicia baixo o título de *Un mar de literatura*. Indícase que neste encontro participarán escritores tan coñecidos como Zoé Valdés, Luísa Castro ou Alfredo Conde que falarán da súa relación co mar e o que supón na súa motivación literaria. Finalmente, ofrécese de maneira máis detallada a organización destas xornadas que se encadran nun proxecto máis ambicioso *A Mares*, unha homenaxe ao noso mar.

S.P., 'Ás voltas polos mundos de Casares', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2003, p. 63.

Sucinta noticia na que se recolle a inauguración da exposición en Compostela *Os mundos de Casares* na Fundación Torrente Ballester. Sinálase que a mostra divídese en tres partes, a primeira expón a biografía do escritor Carlos Casares baixo o título de *Un país de palabras*, mentres a segunda, *Un país de libros*, ofrece a súa obra literaria, para rematar con *O miolo das cousas* na que se expoñen fotografías e coleccións do que fora académico da Real Academia Galega.

S.P., 'Unha casa para Antón Risco', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2003, p. 42.

Dáse noticia da inauguración da Fundación Vicente Risco na casa que o intelectual galeguista tiña en Allariz. Recóllese que o novo centro terá como obxectivo gardar o patrimonio do escritor, amais de querer promover a arte, a cultura, a investigación e a promoción da súa figura. Lémbrese que no acto participaron Manuel Fraga e a filla do escritor que se atopaba moi emocionada.

S.P., 'Pola rehabilitación dunha figura decisiva e silenciada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 novembro 2003, p. 63.

Anuncia a celebración na cidade de Pontevedra do congreso *A Galiza de Bóveda* que tentará achegarse á figura do que fora un dos dirixentes do Partido Galeguista. Recóllese que o alcalde da cidade Fernández Lores avogou polo recoñecemento da súa senlleira figura ao ser un home que loitou polo autogoberno, tamén o historiador Ramón Villares falou del definíndoo como "a alma do Partido Galeguista". Finalmente, lémbrese que a data da súa morte, o 17 de agosto, celébrase o Día da Galicia Mártir.

S.P., 'Díaz Pardo abrirá el congreso de Memoria Histórica', *La Opinión*, 'Narón', 2 decembro 2003, p. 19.

Breve noticia que dá conta do congreso organizado pola asociación Memoria Histórica Democrática e no que coincidirán entre outros Manuel Rivas e Isaac Díaz Pardo como representantes da cultura galega. Anúnciase que durante os días que se vai levar a cabo exporanse trinta e nove ponencias e traballos de investigación que versarán sobre a representación franquista en Galicia.

S.R., 'CDG, la insignia y al buque', *La Opinión*, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 61.

Danse diversas opinións sobre o Centro Dramático Galego (CDG) que naceu no ano 1984 coa vocación de ser o estandarte do teatro galego. A continuación, ofrécese diversas versións sobre a xestión de Miguel Guede, para Antonio Durán, *Morris*, o CDG montou grandes espectáculos e só se queixa do abandono nesta última etapa das coproducións con compañías privadas. A opinión de Cándido Pazó é diferente xa que dende o seu punto de vista o CDG non está sendo líder no teatro galego e esa é unha das funcións. Finalmente, ofrécese as respostas de Miguel Guede que entende que se trata dun centro público que asume misións que pola súa envergadura non sería realizábeis por grupos privados, aínda que asume que logo poidan gustar ou non.

S.T., 'Bodas de plata para una sola compañía', *La Región*, 'Ourense', 27 marzo 2003, p. 10.

Infórmase sobre o vixésimo quinto aniversario da escena galega, pero céntrase despois na situación do teatro en Ourense que presenta un panorama desolador xa que só conta cunha compañía non afeccionada, o grupo *Sarabela*. Danse algúns datos desta compañía que naceu no ano 1980 coa vontade de facer un teatro independente e dez anos despois constitúese en compañía profesional. Recoñécese que é un momento difícil para vivir da escena teatral, aínda que hai esperanzas xa que hai moi bos actores e actrices pese a non ter unha escola de arte dramático que foi, e segue sendo, unha reivindicación constante.

Sabarís, María, 'Plumas de ouro pechan a feira', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 21 xullo 2003, p. 49.

Infórmase da celebración da XV Feira do Libro de Pontevedra que concluíu coa homenaxe na praza da Ferrería aos escritores Manuel Lourenzo González e Miguel Suárez Abel. Recóllese que o acto foi presentado por outros dous homenaxeados María Victoria Moreno e Xosé Vázquez Pintor. A seguir, alúdese ao agradecemento mostrado e concordaron na satisfacción que lle producía. Ademais engádese que a xornada rematou con contos e obradoiros para todos aqueles que se quixeron achegar á praza.

Sabarís, María, 'Seijas quéixase da 'competencia'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 21 xullo 2003, p. 49.

Recóllense as manifestacións de Manuel Seixas presidente da Agrupación de Libreiros de Pontevedra e director técnico da Feira do Libro que se mostraba moi contento co resultado

obtido neste ano que apunta cara un asentamento e un avance con respecto a edicións anteriores. Aínda así, tamén opina que non é sinxelo competir con atraccións que se desenvolven no mesmo momento como actuacións de pallasos no Mundoclown que atraeron as miradas e o sorriso do público que paseaba polas rúas da cidade de Pontevedra.

Salgado, Fernando, 'Los artistas del norte, en Vilagarcía', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 8 marzo 2003, p. 86.

Noticia que trata a xuntanza en Vilagarcía de Cuadrante Norte, un grupo formado por máis dun centenar de pintores, músicos, poetas, actores e creadores audiovisuais para mostrar o seu traballo como fixeron o ano anterior. Alúdese que a maior diferenza con respecto á edición do ano pasado foi a conferencia sobre poesía, catro concertos e sete representacións teatrais.

Salgueiro, X., 'Neira Vilas, 'honoris causa' en Cuba polo seu labor de difusión cultural en América', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 23 marzo 2003, p. 56.

Alude á investidura de Xosé Neira Vilas como Doutor *Honoris Causa* pola Universidade de A Habana, cidade na que viviu durante trinta e un anos da súa vida e onde publicou parte da súa proluxa obra. A seguir, enuméranse aqueles textos nos que aparece a illa e Galicia como *Rosalía de Castro en Cuba*, *Castelao en Cuba*, *Galegos no Golfo de México*, *A prensa galega en Cuba*, *Tempo novo*, *A lingua galega en Cuba*, *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba* ou *Guerrilleiros*. Finalmente, faise mención ao discurso pronunciado no que expresou o seu agradecemento e expresou que recibía o premio en nome de todos os galegos que emigraron a Cuba.

Sampedro Muñiz, Ramón, 'Íntima vergoña', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 9 agosto 2003, p. 6.

O relato de Ramón Sampedro Muñiz (Ribeira, 1965) conta a historia dun home que estaba no supermercado, alí ve entrar un neno mal nutrido e unha vella engurrada de loito rigoroso. Todo o mundo se ri e mira para eles. O protagonista colle o carro e con disimulo séguelos, así observa que collen poucos produtos alimenticios, o rapaz pídelles á avoa un salchichón, pero a avoa faille entender que non o poden mercar. O protagonista sente vergoña.

Sánchez Agustino, José Luís, 'Por una senda marinera orlada de estrelas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 decembro 2003, p. 26.

Fálase da importancia da Ruta Xacobeas do Mar de Arousa e Ulla xa que se trata tamén da gran Ruta Literaria de Galicia. A seguir, enuméranse os escritores que viron nacer estas terras entre os que se contan Macías o Namorado, autor do recurso do "mordobre", Rodrigo de Padrón, escritor de *Defensa das donas* e outros tan coñecidos como Rosalía de Castro ou Camilo José Cela. Dise que sen seguir unha orde cronolóxica tamén son nomes a citar Payo Gómez Chariño, Rafael Dieste, Cabanillas ou Valle Inclán entre outros. Proponse a organización de visitas ás casas- museo destes e outros autores que naceron nestas paisaxes que xuntan a terra e o mar en comunión perfecta.

Sánchez Quintela, Jacobo, 'Unha tarde de verán', *La Región*, 'Páxinas literarias', 5 agosto 2003, p. 7.

O relato de Jacobo Sánchez Quintela (A Coruña, 1972) preséntanos a un personaxe que se dirixe ao enterro do pai dun amigo seu que falecera nun accidente de tráfico. Facía calor, botou a man no asento de atrás para coller unha viseira, pero deuse conta de que o coche non freaba, polo que xirou o volante cara a esquerda; despois de varias voltas saíu do coche, estaba ao pé dunha cruz cunha inscrición e o último que veu foi unha moza rubia tirada no chan cunhas rosas na man.

Sánchez, Carlos, 'A rapaza da estrela no pé', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 22 agosto 2003, p. 6.

Cóntase neste relato a historia dun rapaz que se namorou dunha moza cunha estrela de cinco puntas na base da deda grande do pé dereito. El pensou naquela estrela fugaz que vira días antes e á que pedira o desexo de se namorar, pero comprendeu que era unha casualidade xa que a relación non resultou. Aínda así non deixa de ver as estrelas.

Sánchez, Gloria, 'Mariñeiros á terra', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 14 agosto 2003, p. 6.

O relato de Gloria Sánchez (Vilagarcía, 1958) conta a historia dun home que levaba moito traballo a plantar un céspede, pero conseguiu que fose o mellor de toda Muxía. Unha mañá ergueuse e levou a sorpresa de que estaba todo escabechado polo que decidiu agardar á noite e saber qué acontecera, el esperou na ventá coa escopeta de balíns. Tanta rabia lle deu que disparou e o berro dun gato soou na noite.

Sandoval, Lois, 'Poesía do aire', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 458, 27 febreiro 2003, p. 12.

Noticia que dá conta da saída ao mercado dun volume colectivo de poesía, nel xúntanse trinta e cinco poetas que sobre un abano puxeron a súa arte. Coméntase que esta idea partiu da galería Noroeste de Compostela e o material que se puxo no libro estivo con anterioridade exhibido nunha exposición. Explicase que esta poesía transcende o soporte e así elaborouse un libro de gran colorido onde se recollen poemas con riscos caligráficos, futuristas, pictóricos etc. Coméntase que o resultado é abraiante e permite ao lector soñar.

Sandoval, Lois, 'Valdeorras en palabras de Asun Arias', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 466, 24 abril 2003, p. 12.

Infórmase da publicación do libro de Asun Arias *Muller de vidro*, un libro de poemas que está ilustrado por Pablo Otero Peixe e co patrocinio do Concello da Rúa e o Grupo Academia Postal. Defínense os seus versos como propios da experiencia persoal, pero tamén algúns deles comprometidos co pobo e coa súa alma. Finalmente, denúnciase a hipocresía das persoas.

Santa Cruz Simón, Luís Ángel, 'Un carácter serio dirigido por la razón y la voluntad', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 16 febreiro 2003, p. 6.

Despois de observar as faccións da súa cara e a letra do escritor Manuel Rivas trázase a súa personalidade e os riscos máis salientábeis do seu ser. Defínese como unha persoa de gustos selectivos, cunha gran capacidade de concentración no seu traballo e unha tenacidade e perseveranza. Como persoa é cordial e afectuoso, mostra un certo grao de reserva e discreción cando non ten confianza, aínda así é sociábel e entende que ten que ir aos actos sociais porque representan un fin para a causa que persegue.

Santiago, More, 'Isaac Díaz Pardo, la austeridad al servicio de la memoria colectiva', *El Correo Gallego*, 'Reportaje', 2 marzo 2003, pp. 8-9.

Descríbense aspectos da figura de Isaac Díaz Pardo, un home que exerceu múltiples oficios como o de pintor, ilustrador, ceramista e dinamizador cultural sempre ao servizo dunha causa. Faise un repaso pola súa actividade diaria que se desenvolve nas instalacións de O Castro, Sargadelos e o Instituto Galego de Información a onde acode de luns a venres. Lémbrese a súa vida, nado en 1920 e aínda mantén unha actividade completa que comezou dende moi novo sempre co compromiso con Galicia. Ofrece algunhas curiosidades da súa vida persoal da que non lle gusta falar, unha delas que escribe a man pese a estar rodeado de ordenadores e a devoción polo seu bisneto que é á vez neto de Xosé Manuel Beiras.

Santiago, More, 'Manuel María, el poeta de tierra adentro que versifica los mares del hombre gallego', *El Correo Gallego*, 'Reportaje', 24 agosto 2003, pp. 8-9.

Faise un percorrido pola vida do escritor de Outeiro de Rei (Lugo) Manuel María, un home que era fillo dunha familia acomodada o que lle permitiu estudar e formarse. Durante esa etapa comezou a escribir cartas de amor para compañeiros que lles remuneraban con dous cigarros. Cóntase como xa con dezaioito anos coñeceu a persoeiros do mundo das letras como Aquilino Iglesia Alvariño ou Pimentel que influiron na publicación do poemario *Muiñeiro de Brétemas*. Destácase a importancia da súa muller Saleta sen a que non podería concibir a vida e coa que reside actualmente na cidade de A Coruña.

Santos, A. D., 'Biblos nace coa ilusión de achegar ós lectores a fecunda literatura en galega', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 3 abril 2003, p. L4.

Comeza dando conta da presentación na Casa da Cultura de Noia do Clube Literario Biblos, na que estiveron presentes Tucho Calvo, o pintor Alfonso Costa e os escritores Eva Veiga e Francisco Fernández Narval. Despois de sinalar as palabras de Tucho Calvo respecto ao momento no que xorde este proxecto, infórmase das obrigas que o socio do clube ten que asumir, así como as vantaxes que obtén se se inscribe no mesmo. Finalmente, alúdese ás palabras pronunciadas polo responsábel da portada do primeiro número da revista bimestral de Biblos, Alfonso Costa, e pola poetisa Eva Veiga respecto a *Sete noites e un amencer*, de Fernández Narval, primeiro volume que se agasalla coa recepción daquela.

Santos, Agatha de, 'Una exposición en Vigo muestra los objetos personales de Carlos

Casares', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 11 marzo 2003, p. 41.

Anúnciase a apertura da exposición *Os mundos de Casares* que se inaugurou na Casa Galega da Cultura na cidade de Vigo e que terá carácter itinerante. Explicase que a mostra pretende conmemorar o primeiro cabodano da morte do escritor Carlos Casares e nela poderase ver a súa obra literaria, pero tamén a parte máis íntima do membro da Real Academia Galega nas súas coleccións de trens e outras miniaturas que o fascinaban. Finalmente, destácase que a idea xurdiu dun grupo de escolares e profesores do instituto da localidade ourensá de Poboa de Trives que foi avalada polo Concello de Xinzo de Limia.

Santos, Agatha de, 'Los mundos de Carlos Casares', *La Opinión*, 'Cultura', 12 marzo 2003, p. 61.

Dáse conta da exposición *Os mundos de Casares* que se presentou en Vigo con motivo do primeiro ano da súa morte. Cóntase que a iniciativa partiu dun instituto de Poboa de Trives e en seguida foi aceptada polo Concello de Xinzo de Limia onde o escritor Carlos Casares pasou os anos da súa infancia. Alúdese a que o visitante pode ver amais da súa obra curiosidades que posuía o escritor como a compilación que incluía cento cincuenta exemplares do *Principiño*, libro que el traduciu ao galego, ou a colección de trens eléctricos ou transistores que posuía.

Santos, Agatha de, 'Páginas pensadas para agasajar', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 30 decembro 2003, p. 38.

Informa do gusto que teñen os vigueses á hora de mercar libros. Coméntase que se decantan pola literatura infantil, os títulos recoñecidos con algún galardón e os bet sellers, soen ser libros estes últimos cos que non se equivocan xa que serven para lectores ocasionais como para os habituais. Noméanse libros como *Trece badaladas* de Suso de Toro, *O Código Da Vinci* de Dan Brown ou *De descoñecido a descoñecido* de Manuel Rivas como algúns dos máis solicitados entre os compradores vigueses.

Sar, Máximo, 'Los últimos días de Borobó', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 outubro 2003, p. 35.

Destácanse os derradeiros momentos de Raimundo García, *Borobó*, falecido o 28 de agosto do 2003 en Santiago de Compostela dunha grave doenza. Recórdase como con poucas forzas quixo asistir á homenaxe que a súa vila de Cesures lle rendeu dándolle o seu nome a unha das rúas, foi el o que destapou a placa e pouco tempo despois morreu ao carón da súa muller Carlota. Lémbrense aspectos da singular personalidade do que se define como mestre do xornalismo e o seu inmenso amor pola súa esposa.

Sarille, Xosé Manuel, 'Viño tinto de sangue', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 15 agosto 2003, p. 6.

O relato de Xosé Manuel Sarille (Lugo, 1956) conta como o cianuro estaba de moda na década dos corenta. O crego de Luaces, Federico Gómez Palmeiro, tiña medo a que os republicanos o mataran porque el acusara ao mestre Palmeiro por sacar os crucifixos das

aulas, polo que o asasinaron. El e a súa querida riran en alto cando o levaran. Un día na misa do galo no canto de viño no cáliz tiña sangue mesturada con cianuro polo que caeu fulminado ao chan, a xente dixo que fora un infarto, pero en realidade era unha débeda que tiña que pagar.

Seoane, Miguel, 'Falan de oídas', *Galicia Hoxe*, 'Vivir aulas', 19 xuño 2003, p. 15.

Recóllense as palabras do escritor galego Manuel Rivas sobre a polémica xurdida ao redor dun texto seu que apareceu no exame de selectividade de lingua castelá. Mostra o seu sentir polo estupor causado e entende que os que critican non leron o relato "O duelo final" que se insire dentro do libro *As chamadas perdidas*. Explica que o personaxe é un falabarato que non respecta a ninguén nin a nada e apostila que os que crearon ou entraron na polémica como Josep Piqué "falan de oídas, xa que se lesen o conto enteiro se decatarián de que non hai nada que criticar". O artigo inclúe o texto que provocou a polémica.

Sigüenza, C., 'Manuel Rivas: 'El periodismo hoy es cinismo e indiferencia'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 30 maio 2003, p. 67.

Dáse conta da presentación en Madrid da versión en castelán do novo libro de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) que se publica na editorial Alfaguara baixo o título *Mujer en el baño* tras a edición de Xerais en galego. Recóllense palabras do escritor nas que alude ao ser creador, defínese como un home atento a todo o que o rodea, xa que ademais de ser escritor é xornalista. A seguir, fálase da súa actitude crítica ante os problemas da sociedade e do seu optimismo ante o cambio de rumbo da sociedade galega.

Sigüenza, Carmen, 'Periodismo e Fax-cismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 maio 2003, p. 52.

Anuncia a publicación en castelán do libro de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) *Mujer en el baño* (Alfaguara), unha edición que saíu baixo o selo de Xerais meses antes na lingua orixinal, o galego. Destácanse as súas palabras de denuncia ante o machismo e a violencia de xénero, pero tamén aquelas nas que acusa ao xornalismo de servilismo e que define como o "fax-cismo". Remátase dicindo que a arte é outro dos temas fundamentais desta obra xornalística que ten a compoñente da ironía que manexa xa que se considera "do partido do riso".

Silva, Mayte, 'Antón Baamonde: 'O goberno do PP é un problema sociolóxico'', *La Opinión*, 'Cultura', 26 xaneiro 2003, p. 66.

Preséntase o libro de Antón Baamonde *Aire para respirar. Memorias dun tempo presente* (Xerais, 2002) que se centra no enraizamento en Galicia do Partido Popular que entende que non é un problema político, senón sociolóxico. Analízase o problema do Prestige que para o autor veu a demostrar unha falta de competencia do goberno galego e a pouca esixencia do pobo, por esta razón cualifica á comunidade como "fea moralmente". Finalmente, explícase a razón do título ao dicir que se precisa aire para respirar nun país no que as clases medias son imprecisas e escóndense ante os problemas.

Sobrino, María, 'A alternativa á escena', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 agosto 2003, p. 61.

Refírese a unha enquisa publicada no segundo Anuario da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) na que se indica que ao público galego non lle gusta o teatro xa que somos a comunidade que menos cartos destina a esta actividade. Non obstante, afirmase que o número de compañías é crecente, aínda que a maioría mantense sen recursos e acoden ás subvencións públicas. Proponse saír do convencional, dos clásicos e darlle ao público cousas anovadoras, a esta tendencia súmanse o grupo Quartoescuro de Pontevedra, iniciativa de catro universitarios que reivindican o mundo dos sonhos e a transgresión do grupo catalán La Fura dels Baus.

Sotelino, B., 'Xavier Seoane recibe en Vigo el Premio de Poesía Caixanova', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 39.

Sinala que o Centro Social de Caixanova albergou onte a entrega do I Premio de Poesía Caixanova, fallado en decembro de 2002; dá conta dos asistentes e subliña as palabras de Luís G. Tosar, quen recordou o alto nivel de creatividade e calidade das oitenta obras presentadas. Indica que o gañador foi Xabier Seoane e que a obra gañadora será publicada na colección "Arte de Trobar"; lembra, finalmente, que o prazo de admisión de orixinais para a segunda edición remata o 31 de outubro deste ano.

Souto, Suso, 'El diccionario de Marcial Valladares, que data de 1884, se hará en CD-Rom', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 marzo 2003, p. 22.

Infórmase dos actos levados a cabo en A Estrada na memoria de Marcial Valladares Núñez, en concreto na súa casa de Berres na que se descubriu unha placa coa que se conmemora o centenario da súa morte, nela gárdanse manuscritos do escritor. Anúnciase que durante os meses que seguen ao acto sucederanse conferencias e actos culturais na súa honra e ademais editárase o CD-Rom do diccionario galego-castelán que elaborou no ano 1884 e que está considerado como un legado de gran valor xunto coa novela *Maxina ou a filla espúrea*.

Souto, Suso, 'Díaz Pardo recibirá la medalla de oro y asistirá a la Semana da Cultura', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 25 outubro 2003, p. 33.

Breve noticia na que se comenta que proximamente Isaac Díaz Pardo recibirá a medalla de ouro no Concello de Boiro coincidindo coa primeira Semana da Cultura Galega. Sinálase que nesas datas haberá conferencias e exposicións sobre diversos temas como a pintura, a escultura, a fotografía e a literatura. Participarán entre outros Manuel Beiras, Miguel Anxo Fernán Vello, Antón Riveiro Coello ou o historiador Xerardo Agrafoxo.

Suárez Muíños, Chelo, 'A verdadeira historia de Adán e Eva', *La Región*, 'Páxinas literarias', 1 agosto 2003, p. 6.

Cóntase neste relato a historia de Adán e Eva, o primeiro atopábase moi aburrido e fixo unha ánfora de barro moi fermosa, con moitas curvas, e por iso sentía anhelos sobre ela. Quedou durmido e soñou que a xerra cobraba vida e se convertía nunha belísima muller, ao espertar picoulle un áspide e morreu envelenado sen poder saber que Deus lle concedera o desexo e Eva era de carne e óso. Dun suspiro da muller Deus creou un novo Adán.

Suárez, M. Carmen, 'Compañeiros do teatro e amigos dan o derradeiro adeus a Taxes', *La Opinión*, 'Cultura', 23 febreiro 2003, p. 67.

Informa da morte do dramaturgo coruñés Francisco Taxes un dos pioneiros da escena profesional galega. Sinálase que ao seu enterro na súa aldea natal Cereixo (Vimianzo) asistiron amigos e compañeiros como Manuel Rivas, Miguel Guede, Miguel Castelo, Antonio Simón, Henrique Rodríguez Baixeras ou Gonzalo Martín Uriarte entre outros moitos. Lémbrese que nese mesmo cemiterio el rodara a secuencia dun acto funerario da obra *O Ardeiro* dirixida por Miguel Gato quen tamén asistiu a darlle o último adeus. Lémbrese que faleceu con sesenta e dous anos nun momento en que o Centro Dramático Galego estaba preparando a reestrea da peza *O Velorio* e que segundo palabras de Manuel Rivas é obra suficiente para xustificar a súa carreira literaria.

Sumai, Anxos, 'A casa e o capitán', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 29 agosto 2003, p. 6.

O relato de Anxos Sumai (Catoira, 1960) sitúase nunha casa na que viviu un vello gordo que morreu dun infarto, Capi dicía que o cortaran en anacos para enterralo. Para os veciños a casa convertérase nun lugar de xogos ata que un día apareceu o fillo cunha muller elegante e desfixeron a casa. Capi morreu de cancro, chamábanlle así por ser o capitán e a casa rematou pintada de rosa e con sete ananiños no xardín.

T.R., 'Xornada de recuperación da memoria histórica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 agosto 2003, p. 46.

Dáse noticia da celebración e Pontearreas dunhas Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica, centradas nas figuras de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Alexandre Bóveda. Está organizado pola Consellería de Cultura do Concello de Pontearreas e coincide co 17 de agosto, "Día da Galicia mártir", en homenaxe a tódolos que foron asasinados durante a represión franquista da Guerra Civil. As xornadas empezarán o día 14 coa conferencia "Castelao e Alexandre Bóveda como irmáns" a cargo de Avelino Pousa Antelo e Xosé Luís Bóveda. Rematan o 25 de agosto coa proxección da longametraxe "Castelao e os irmáns da liberdade", do documentalista Xoán Leira.

Taboada López, Beatriz, 'Eu quero ir con ela', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 7 agosto 2003, p. 8.

Relato breve que reflexiona con nostalxia sobre o mundo rural de antaño onde aínda se cría en lendas. Un avó conta unha historia típica do mundo popular galego que ten como eixo central un sarcófago que na actualidade serve de pía para o gando. Segundo a lenda, trátase do sarcófago dunha muller que morreu de amor. Aquel a quen se lle aparece fica tolo para sempre, pregando: "eu quero ir con ela."

Taboada, X.A. / **Villar**, C., 'Galicia llora la pérdida de García-Sabell, un ejemplo de compromiso con su tierra', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 18.

Recorda as distintas facetas ás que consagrou a súa vida Domingo García-Sabell e que dan fe dunha plena e activa vida. Exerceu como médico, foi Delegado do Goberno en Galicia durante quince anos e sempre estivo vinculado a todas aquelas actividades a favor e en defensa do idioma galego, feito que explica que ocupara o cargo de presidente da Real Academia Galega e de presidente da editorial Galaxia. Entre as súas preferencias literarias estaban Alfonso X, Rosalía de Castro e Valle Inclán. Finalmente, refírese á personalidade de García-Sabell, un home que destacou polo seu carácter bondadoso, dialogante, tolerante e discreto. O funeral celebrábase na igrexa de San Martiño Pinario e os seus restos descansarán no cemiterio de Boisaca (Santiago).

Teira Parada, Luís, 'A portería', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 1 agosto 2003, p. 7.

Relato breve que se centra na arrogancia dos que se cren superiores e que, ao final, son iguais que todo os demais. Narrado dende a perspectiva de Paco, o porteiro, que ve cómo Don Secundino, enfundado no seu uniforme militar, arrogante e altivo, o mira sen sequera saudalo, esperando que lle abra a porta. Ese era, por suposto, o seu traballo. E día tras día, antes de subir ao coche oficial, ollaba a estatua do cabalo no centro da praza de España. Pero a estatua é, irónicamente, retirada, como tamén Don Secundino se retirou e deixou de ter coche oficial e de vestir traxes de gala. Nada é para sempre.

Torre, Sonia, 'Años de censura y dificultades', *La Región*, 'Ourense', 27 marzo 2003, p. 11.

Dá conta, en primeiro lugar, das diversas mostras e festivais de teatro que veñen tendo lugar en Galicia para promocionar as compañías e achegar o teatro ao público, entre elas unha histórica do panorama galego e catalizador do teatro galego, A Mostra Internacional de Ribadavia, posíbel grazas aos esforzos do grupo teatral e cultural de Ribadavia, Abrente. La Miteu, en Ourense, é mundialmente recoñecida hoxe en día como a Mostra de Teatro Universitario máis importante do panorama nacional. Teatro en O Carballiño e a Mostra de Teatro Cómico en O Barco son outros festivais que destacan neste artigo. De seguido, fai un percorrido polo panorama do teatro profesional en Galicia, sobre todo o das últimas décadas do século XX, a modo de reclamo cara un novo rexurdimento do mundo da escena galega, salientando os grupos ourensáns Valle-Inclán nos 60, creado por Segundo Alvarado, ao que lle segue Histrión 70, marcado pola censura do Réxime, e Rúa Viva, fundada por Manolo Vidal a finais dos 80, principios dos 90, tamén Escena, dirixida por Abelardo Pérez Gabriel, ou Estudio De Artes Escénicas de Mari Luz Villar. Aparece tamén nestes anos o grupo Caritel, do que formou parte o actor Sergio Pazos.

Torre, Sonia, 'Lobeira resarce a Manolo Martínez', *La Región*, 'Cultura', 19 xullo 2003, p. 67.

Noticia da homenaxe reivindicativa que a localidade de Lobería, en Ourense, vai realizar o vindeiro 26 de xullo á figura de Manolo Martínez Salgado. Infórmase da participación de amigos como Quico Cadaval ou Fina Calleja así como de asociacións culturais coas que tivo contacto. Anótanse tamén as diferentes actividades con que contará o acto: proxección do vídeo "Manolo, o filósofo, na lembranza", un contacontos, teatro e unha exposición de recordos.

Torre, Sonia, 'Los poemas de la amistad', *La Región*, 'Cultura', 18 novembro 2003, p. 67.

Noticia sobre a homenaxe ao periodista Segundo Alvarado que terá lugar o vindeiro 23 de xaneiro no Teatro Principal. Infórmase do título do acto, "Los poemas de mi vida", que constará de dúas partes cuxo nexo común será a poesía. Recitaranse poemas escritos por Segundo Alvarado, e tamén poemas que, por varios motivos, teñan un significado especial. Para rematar, recóllense as palabras de Esteban Plaza salientando que a escenificación dos poemas semellará pequenos monólogos debido á intensa relación do homenaxeado co mundo do teatro.

Torres, Germán, 'Escolma de poemas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 16 agosto 2003, p. 29.

Percorrido polas diferentes actividades de carácter social e académico que dende finais dos anos setenta e comezos dos oitenta vén realizando o profesor Germán Torres, participando en varias representacións teatrais e propostas culturais. No presente ano obtivo o premio á mellor composición poética no XXXIX Concurso Exposición Internacional da Camelia, organizado polo Concello de Vilagarcía. Acompañan este percorrido unha escolma de poemas: "Naquel tempo fermoso e fuxidio", "Unha raiola de sol" e "A Camelia que enfermou".

Torres, Raquel, 'A Solaina, un pulo á creación literaria', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 7 xuño 2003, p. 85.

Informa da celebración da VI Forxa Literaria, que pretende achegar a literatura dende o rural, dedicada este ano ao escritor e filántropo Manuel Reimóndez Portela. Terá lugar na Fundación Casa Museo A Solaina durante os dous últimos fins de semana deste mesmo mes. Deseguido, describe o programa salientando unha exposición fotográfica de Rosa Veiga, a presentación de libros do Seminario de Estudos do Deza, da novela *Mar de bronce*, de Xosé Vázquez Pintor, e do poemario *Para iso está o futuro* de David Otero. Terán lugar tamén unha representación teatral, unha forxa infantil ou un recital músico-poético da man de Yolanda Castaño e Xosé María Álvarez Cáccamo, entre outros, ademáis dunha charla-coloquio na que participarán Xosé Neira Vilas, Olimpo Arca, Valentín González e Xoan Andrés Fernández Castro, e dun obradoiro literario de escritores portugueses xunto cos galegos Sechu Sende, Enma Cruceiro, Marta Dacosta e Rosa Aneiros. Sinala tamén que o acto de clausura contará coa novidade dunha mostra gastronómica ou "merenda-recetario" a mans dos restauradores Siro e Xosé Molina. Para rematar, infórmase, cunha breve nota, da entrega a Xosé Neira Vilas dunha das medallas "Amigos da Solaina" en recoñecemento ao seu labor literario; outras medallas entregaranse a Xosé Molina e ao homenaxeado, faráse como a título póstumo.

Trillo Sánchez, Xaquina, 'Escolma de poemas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 25 outubro 2003, p. 35.

Breve referencia bibliográfica, fundamentalmente centrada no seu labor cultural, á figura de Xaquina Trillo Sánchez (Vilagarcía, 1916), poetisa galega sempre vinculada ás causas da democracia e do galeguismo. Son seus os libros *Eidos*, *Xanela aberta*, *Védelos eí van* e *A*

rosa dos ventos, entre outros. Acompaña esta referencia unha escolma de poemas da autora titulados "Isaac Díaz Pardo", "Aquel mociño lanzal", dedicado a Manuel Otero Castelao, e "Os do monte", aos guerrilleiros galegos.

U.L., 'O escritor Anxo Angueira repasa as terras de Iria nun libro de viaxes', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 2 marzo 2003, p. L12.

Faise eco do acto de presentación do libro *Terra de Iria*, de Anxo Angueira, que tivo lugar onte no auditorio da Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón. Sinálase que, ademais do propio autor, ao acto asistiron amigos e compañeiros seus, entre eles Xosé Luís Méndez Ferrín; Manuel Lorenzo Baleirón, que describiu o libro como "unha viaxe pola terra da poesía" e "polo corazón dos habitantes de Iria"; Avelino Abuín de Tembra, que o definiu como "un punto de inflexión en futuras viaxes literarias polas mesmas terras", e, finalmente, Cesáreo Sánchez como representante da editorial A Nosa Terra.

U.L., 'La Fundación Cela dedica una exposición y un programa a las Letras Galegas', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 6 maio 2003, p. L12.

Dá conta da próxima exposición "Letras Galegas" que inaugura a Fundación Camilo José Cela e que estará aberta ao público ata o 31 de maio. Infórmase da asistencia ao acto de apertura da presidenta da Fundación, Marina Castaño, e do vicepresidente, Darío Villanueva, así como das posteriores charlas de José Antonio Ponte Far e da escritora Blanca Riestra. Anúnciase ademais que o programa da Fundación inclúe durante o mes a visita de escolares de diferentes centros, xa que cada semana estará dedicada a unha provincia galega.

U.L., 'Estudiantes lucenses participan en conferencias de la Fundación Cela', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 15 maio 2003, p. L13.

Infórmanos da presenza de escolares lucenses na Fundación Cela, en Padrón, co gallo da participación nas charlas incluídas dentro dos actos de celebración do mes das Letras Galegas. Salienta as intervencións do catedrático Claudio Rodríguez Fer, que falou dos escritores máis destacados da provincia, e da escritora Luísa Castro, que se centrou na súa conversión en escritora xa dende a adolescencia.

V.A., Ángel, 'Sabores de otros tiempos', *El Progreso*, 'De actualidad', 20 febreiro 2003, p. 80.

Entre outras moitas cuestións, refírese por unha banda, á celebración dun acto musical no Instituto de Ensinanza Secundaria Leiras Pulpeiro de Lugo no que os alumnos tiveron a oportunidade de escoitar cantigas populares. Por outra parte, dá a coñecer os datos tirados do informe de lectura mensual da biblioteca nodal de Lugo, dos cales se desprende que os libros máis lidos en galego son *O porco de pé*, de Vicente Risco e *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. Aproveita para lembrar que o autor deste último foi investido doutor *honoris causa*, recentemente pola Universidade da Habana.

Vaamonde, Pablo, 'Eu vou ser como Beckham', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 12

agosto 2003, p. 6.

Pablo Vaamonde (Baña-A Coruña, 1956) relata a historia dunha fermosa mociña que soñaba con ser artista, pero con dezasete anos queda embarazada e decide contra todo e contra todos ter o seu fillo e traballa duramente para sacalo adiante. Agora Adrián, o fillo, adestra nun equipo de fútbol e desexa ser coma Beckham. O autor reflexiona sobre os soños que albergamos na infancia e na adolescencia e tamén sobre a influencia que exercen determinados persoeiros nestas mesmas idades. Conta coa ilustración de Abrales.

Valado Fernández, Liliana, '¡Hai que borrarlos a todos!', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 21 agosto 2003, p. 9.

Liliana Valado Fernández reflexiona neste suxestivo e, por veces, hermético relato sobre a competitividade e o intrusismo de todo tipo en determinadas profesións.

Valcárcel, Marcos, 'As uvas na solaina', *La Región*, 'Sociedad', 16 febreiro 2003, p. 78.

Comenta o tratamento que Rosalía de Castro fai da muller nos seus poemas e escritos e constata que avanza ideas básicas do que será a ideoloxía feminista moitos anos antes de nacer este movemento social en Galiza. Destaca o artigo "Las literatas. Carta a Eduarda", no que Rosalía apunta o difícil papel das mulleres escritoras, repudiadas por homes e por mulleres, e varios poemas nos que se reflicte a soidade, a falta de amor, e a desesperación da muller. Como contrapunto sinala Valcárcel as consideracións de Francisca Herrera Garrido, para quen a perfección da muller cúmprese e remata no seu papel de nai, coidadosa da casa e dos seus, négalle os mesmos dereitos que ao home, incluso o dereito á formación cultural.

Valcárcel, Marcos, 'Xaquín Lorenzo: tamén foi profesor', *La Región*, 'Cultura', 3 agosto 2003, p. 67.

Fai referencia ao labor docente de Xaquín Lorenzo Fernández, que iniciou na Academia de Vicente Bóveda e que desenvolveu, durante corenta e cinco anos no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense. Alude á entrevista que Roberto Fernández, da Nova Escola Galega, lle fixo a Lorenzo Fernández e que foi publicada en 1984 no *Faro de Vigo*, da que reproduce algúns fragmentos, nos que Xaquín Lorenzo expón a súa opinión sobre o papel dos profesores, sobre o mundo audiovisual e sobre a necesidade dunha escola galega. Esta noticia tamén foi publicada en *Galicia Hoxe*, o día 26 de xullo de 2003.

Valcárcel, Marcos, 'O señor de Trasalba', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 14 setembro 2003, p. 9.

Anuncia que o xornal *Galicia Hoxe* inicia unha sección destinada aos escritores que converteron a Ourense nun universo literario. A primeira sección dedícase a Ramón Otero Pedrayo. O xornalista fai un amplo percorrido pola extensa obra e pola ideoloxía -"guieiro do galeguismo"- do escritor e reivindica a publicación das súas novelas en castelán e da súa vasta obra xornalística. Finalmente, refírese aos espazos ourensáns dominantes na obra de Pedrayo. Por un lado encontramos a Galicia rural, concretamente as terras de Trasalba e Os

Chaos de Amoeiro e as terras do Ribeiro na novela *Os camiños da vida* e nos versos de *Bocarribeira* e, por outro lado, reflicte o Ourense urbano nos artigos de prensa e na novela *La vocación de Adrián Silva*. Noutras obras, coma *Fra Vernerio* e *A Romaría de Xelmírez*, Pedrayo evoca as paisaxes europeas.

Valcárcel, Xulio, 'Galeusca 2003', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 16 novembro 2003, p. 4.

Dá conta da cita anual de escritores galegos, vascos e cataláns -Galeusca- que se celebrou en Guernika. Entre os representantes galegos destacaron Darío Xohán Cabana que pronunciou unha conferencia titulada "A novela histórica e as nacións sen estado", Armando Requeixo, cuxo relatorio versou sobre a "Literatura do eu" e Inma López Silva que falou sobre "A historia inventada: o teatro e a poesía en Galicia".

Valeiro, Marta R., 'Galicia precisa que os autores se involucren na sociedade', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 20 abril 2003, p. 2.

Anuncia que Euloxio Ruibal ocupará o cargo de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e recolle algunhas das propostas que o novo presidente pretende levar a cabo, outorgando primacía ás novas iniciativas para reforzar os lazos entre a asociación e a sociedade.

Valeiro, Marta R., 'O teatro de Beckett é absurdo porque reflicte a condición humana', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 27 abril 2003, p. 2.

Entrevista a Francisco Pillado Maior, autor da tradución ao galego de *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett. Na entrevista lembra a primeira versión e representación que fixo da obra, así como o reto que supuxo a súa tradución. Tamén opina sobre o teatro do absurdo, no que se resiste a incluír o texto de Beckett, e sobre a cuestión da identidade en *Godot*, ao que considera simplemente "un retrato da condición humana".

Varela, Froilán, 'Ducias de pequenos lenlle a Darío Xohán Cabana a súa obra en Vilalba', *El Progreso*, 'Comarcas', 22 marzo 2003, p. 29.

Co gallo da dedicación do Día das Letras Chairegas a Darío Xohán Cabana, numerosos persoeiros reuníronse en Vilalba para homenaxear ao escritor. O acto estivo presidido polo emotivo discurso de agradecemento de Darío Xohán Cabana e acompañado por diversas actividades, entre as que destacan unha proxección audiovisual sobre a vida e a obra do autor, a lectura de fragmentos da súa obra literaria por alumnos e alumnas dos institutos da comarca da Terra Cha ou unha mesa redonda sobre o escritor, na que participaron Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Bragado, Xosé María Felpeto, Moncha Fuentes e Alfonso Blanco Torrado.

Varela, Froilán, 'Ricardo Polín presentou a obra completa de Crecente Vega', *El Progreso*, 'Comarcas', 12 xuño 2003, p. 21.

Anuncia a presentación de *Folla bricia* (2002) de Ricardo Polín, publicado polo Centro

Ramón Piñeiro. *Folla bricia* recolle toda a poesía do escritor Xosé Crecente Vega (1896-1948), acompañada dunha exhaustiva edición crítica e dun documentado estudo. Polín tamén deu a coñecer outro volume que contén a poesía e a prosa de Francisco da Fientosa (1912-1936), discípulo de Crecente Vega, titulado *Á primeira Luzada* (2002, edicións do Castro).

Varela, L., 'Suso de Toro ensalza 'la lucha del voluntariado contra el fuel y la mentira', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 7 decembro 2003, p. 18.

Entre os diversos actos que conformaron a homenaxe que os sectores produtivos do Grove fixeron aos voluntarios que limparon as costas galegas, destácanse as palabras do escritor Suso de Toro que louvou aos voluntarios chegados de todas as partes do mundo e ás xentes das Rías Baixas, todos foron testemuñas de excepción dunha verdadeira catástrofe natural.

Varela, María, 'Un libro, toda una vida por delante', *Diario de Pontevedra*, 'Reportaje', 20 abril 2003, pp. 2-3.

Con motivo da celebración do Día Internacional do libro, comenta a importancia da lectura e as múltiples campañas que desde os colexios e institucións públicas se levan a cabo para fomentar esta necesaria actividade. Céntrase nos diversos actos que organiza o Concello de Pontevedra baixo o título "O abril dos libros", entre os que se pode destacar as homenaxes a Antón Avilés de Taramancos, a quen se lle dedica o día das Letras Galegas, e a Xoán Manuel Pintos pola conmemoración do cento cincuenta aniversario de *A gaita gallega*. Por último, dá a coñecer o café-biblioteca "Entre Lusco e Fusco", situado na cidade do Lérez.

Varela, Suso, 'A obra e a figura de Fole están vixentes cen anos despois do seu nacemento', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 agosto 2003, p. 41.

Informa da homenaxe que o Concello de Lugo lle vai render ao escritor Ánxel Fole e que consistirá nunha ofrenda floral e nunha conferencia a cargo do catedrático de Lingua Española, Luís Alonso Girgado. Recolle tamén as palabras de Alonso Girgado e Armando Requeixo sobre o escritor lucense e dá conta das últimas publicacións sobre Fole, o libro *Ánxel Fole. 101 anécdotas* de Ángel de la Vega e un volume sobre Fole e os pazos do investigador Pardo de Neyra.

Vázquez Gil, Lalo, 'Premio poético -dobre- de Caixanova', *Atlántico Diario*, 'Tiempo de Vigo', 8 maio 2003, p. 3.

Breve referencia á entrega do I Premio de Poesía Caixanova, que tivo lugar no novo Centro Social de Caixanova e que foi para Xaveir Seoane.

Vázquez Pita, Pablo, 'O regreso desexado', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 1 agosto 2003, p. 6.

Relato que narra o tráxico final para dous emigrantes galegos en Montevideo que, despois de corenta anos, deciden volver a Galicia para morrer na súa terra, pero o avión no que viaxaban estrélase en Montrove, lugar soñado. O destino, irónico, concedeulles o seu

desexo.

Vázquez, Carlos, 'O aprendiz do zoqueiro', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 29 agosto 2003, p. 7.

O protagonista do relato, Manuel, afánase en preparar as súas primeiras zocas para un fuxitivo da xustiza, posibelmente, un republicano, pero non consegue acabalas para a hora prevista; por outra banda, o fuxitivo non pode esperar a que as remate, pois xa nota a presenza cercana dos seus perseguidores. Ambos os dous precisaban un tempo do que xa non dispuñan.

Vázquez, D., 'Viaje a la memoria cultural de Galicia', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 8 xaneiro 2003, p. 10.

Con motivo do noventa cumpreanos de Francisco Fernández del Riego, a concellería de cultura de Vigo agasallou ao ilustre galeguista na Casa Galega da Cultura cunha sentida homenaxe, na que se inaugurou a exposición titulada "Francisco Fernández del Riego: unha lenda viva", na que se recollen exemplares da súa extensa bibliografía e paneis que comentan momentos destacados da súa traxectoria vital. Ademais, presentouse a súa última obra *Desde a miña fiestra*, na que ofrece ao lector retratos impresionistas de varias personalidades da vida cultural galega como foron Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro, entre moitos outros.

Vázquez, D., 'Homenaje a un humanista de la ley', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 29 xaneiro 2003, p. 11.

Alude á homenaxe que a Fundación Premios da Crítica lle fixo a Luis García Mañá polo seu labor humanístico. García Mañá exerce como comisario xefe da Policía Nacional, primeiro en Vigo e na actualidade en Ourense, pero tamén posúe tempo para a creación literaria e a investigación de carácter histórico, ademais de promocionar o uso do galego no ámbito no que traballa. Distintas personalidades loubaron e agasallaron a Mañá, por exemplo, María del Carmen Kruckemberg dedicoulle un poema ilustrado por Antón Pulido e tamén recibiu un libro sobre Vigo de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Vázquez, D., 'Calviño asegura que el cierre de la Escuela de Teatro 'no es definitivo'', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 2 outubro 2003, p. 9.

Refírese ao peche provisional, segundo afirma o concelleiro de educación de Vigo, da Escola de Teatro. Asígurase que se está traballando nun proxecto co que se pretende arranxar esta situación e destácase o interese do goberno local para que Vigo sexa a sé da Escola Superior de Arte Dramático.

Vázquez, Diego, 'Zoé Valdés abrirá el día 13 un ciclo de charlas literarias en el Museo del Mar', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 4 outubro 2003, p. 11.

O Museo do Mar de Galicia organiza un ciclo de conferencias baixo o título "Un mar de literatura" no que varios escritores expoñerán as súas propias vivencias e experiencias

creativas en torno ao mar. Entre os escritores galegos que participan neste ciclo están Luísa Castro, Suso de Toro, Víctor Freixanes e Alfredo Conde cos relatorios titulados "Mar de fondo", "O mar para perderse", "Cablegrama de urxencia dende o mar dos espellos" e "Os anos de mar" respectivamente.

Vázquez, Doda, 'Música de posguerra', *La Opinión*, 'A Coruña', 12 xuño 2003, p. 8.

Dentro das actividades que El Corte Inglés programou con motivo da semana dedicada á gastronomía e á cultura galegas, destaca a firma de libros por escritores galegos como Alfredo Conde, que asinou exemplares da súa última obra, *Memoria do soldado*, ou Xabier P. Docampo.

Vázquez, Loreto, 'El Centro Gallego de Barcelona entrega la insignia de oro Castelao a La Voz por la Biblioteca 120', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xaneiro 2003, p. 49.

O Centro Galego de Barcelona entregou as súas insignias de ouro Castelao a Carod-Rovira, secretario xeral de Esquerra Republicana de Catalunya, polo seu coñecemento da lingua e da cultura galegas e ao xornal *La Voz de Galicia* pola súa divulgación da literatura galega a través da súa colección "Biblioteca 120", coa que conmemorou o seu cento vinte aniversario.

Vázquez, Pura, 'A saudade: constante na literatura galega', *O Correo Galego*, 'Lecer', 5 xaneiro 2003, p. 28.

Recorda a importancia da saudade como tema que aparece con frecuencia na literatura galega, aínda que, constata, de maneira espallada. Segundo Pura Vázquez, o seu libro *A saudade* forma un todo homoxéneo que se ergue sobre o motivo que lle dá título á obra.

Vázquez, Vanesa, 'Francisco Fernández del Riego celebra a súa lonxevidade na Casa da Cultura', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 8 xaneiro 2003, p. 24.

Refírese á homenaxe que a Concellería de Cultura do concello de Vigo lle fixo a Francisco Fernández del Riego con motivo da celebración do seu noventa aniversario na Casa Galega da Cultura, onde se inaugurou a exposición titulada "Francisco Fernández del Riego: unha longa vida", na que se recollen exemplares da súa extensa bibliografía e paneis que comentan momentos destacados da súa traxectoria vital. Ademais, presentouse a súa última obra *Desde a miña fiestra*, na que ofrece ao lector retratos impresionistas de varias personalidades da vida cultural galega como foron Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro, entre moitos outros.

Veiga, Martín, 'Irlandeses entre nós', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Letras de Irlanda', 26 xuño 2003, p. II.

Dentro dunha páxina dedicada ao estudio das letras irlandesas, Martín Veiga analiza o tradicional interese da cultura galega por Irlanda, especialmente na época Nós, que se plasma na tradución á nosa lingua de diversas obras da literatura irlandesa. O autor fai a continuación un percorrido polas máis salientábeis, advertindo a especial presenza de

autores como Wilde e, sobre todo, Joyce. Tamén se refire nesa enumeración a dúas traducións publicadas no ano 2003: *Á espera de Godot*, de Samuel Beckett e *A balada do Cárcere de Reading*, de Oscar Wilde.

Ventura, Joaquim, 'Tan perto, tan lonxe', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Letras de agora', 16 xaneiro 2003, p. II.

Nesta reportaxe sobre as letras portuguesas actuais, inclúese en columna á parte un subapartado que, baixo o título de "Do portugués ao galego: ¿Unha viaxe a ningures?", reflexiona sobre as relacións literarias entre Galicia e Portugal. Apúntase que os primeiros contactos datan da época da xeración Nós, e que se viron interrompidos coa Guerra Civil. Canto ao estado da cuestión hoxe, lamenta que "o afastamento" da normativa galega oficial con respecto á lingua portuguesa impida a libre circulación dos libros dun e doutro sistema sen ter que recorrer ás traducións. A respecto das que se fixeron do portugués ao galego, cita as seguintes: *Xeografía do medo* de Francisco Duarte (tradución de Marisa Guerra, 1998), *Verónica decide morrer* de Paula Coelho (tradución de Ana Belén Costas, 2000), *A Loba* de Bento da Cruz (2000), *Teatro ás tres pancadas* de António Torrado (tradución de Anxo Angueira, 1999), *O coelliño branco* (tradución de Xosé Ballesteros, 1998) e *O estraño caso da rapazola que entrou polo meu despacho adiante* de José Pinto Correia (1998).

Vez Vilar, Víctor, '10 irizar', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 13 agosto 2003, p. 7.

Neste relato de Víctor Vez Vilar (Santiago de Compostela, 1941), cóntase cómo un accidente leve de tráfico, sen dúbida molesto, pode ter consecuencias marabillosas, pois debido ao mencionado accidente o protagonista vese obrigado a coller o autobús e nel coñece a unha viúva coa que comparte, ademais do estado civil, gustos e vivencias. Inquedo, colle o mesmo autobús ao día seguinte co desexo de ver a mesma muller, desexo que se cumpriu e, despois dun ano, acabará sendo a súa esposa.

Vidal Rivas, Xerardo, 'Monina vermella no bosque do s. XXI', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 7 agosto 2003, p. 8.

Xerardo Rivas Vidal (Friol-Lugo, 1979) apunta neste relato as características ou rasgos máis destacabéis da muller moderna do século XXI. Está acompañado dunha ilustración de Abrales.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A gaita gallega', *Atlántico Diario*, 'Musas', 2 febreiro 2003, p. 51.

Comenta a reedición de *A gaita gallega* de Xoan Manuel Pintos pola editorial Xerais. Carme Hermida Gulías, doutora en Filoloxía Galega e profesora da Universidade de Santiago, é a responsábel desta edición que conta cunha introdución, un bo aparato crítico, un glosario e unha bibliografía selecta.

Vidal, C., 'Cuba recuperará a memoria oral da emigración', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Cultura', 12 xuño 2003, p. 38.

Centráse nas funcións e nos proxectos da Cátedra de Cultura Galega da Univesidade da Habana dirixida polo profesor José Antonio Baujín. Recorda tamén a celebración do décimo aniversario da creación da Cátedra de Cultura Galega, cuxo acto principal constituíuno o nomeamento de Xosé Neira Vilas como Doutor *Honoris Causa* da Universidade da Habana.

Vidal, C., 'Queipo, Navaza e Caride inauguran unha editorial portuguesa', *A Nosa Terra*, nº 1.089, 'Cultura', 3 xullo 2003, p. 25.

Anuncia a inauguración da editorial portuguesa Deriva dirixida por Luís Catarino. A colección de narrativa iníciase coas obras *Bebendo o mar* de Xavier Queipo e *Erros e tánatos* de Gonzalo Navaza. A serie dedicada á literatura xuvenil ábrese con *Perigo vegetal* de Ramón Caride; así mesmo a colección de literatura infantil ten a súa estrea con *¡Como está o galiñeiro!* de Marta Álvarez e *O elefante que non era elefante* de Marta Rivera. O editor de Deriva confirma a súa intención de continuar a editar títulos galegos, de feito non descarta a publicación de obras de Suso de Toro, Antón Lopo e Xosé Fernández Ferreiro, desta maneira contribuirá á difusión da literatura galega en Portugal.

Vidal, Carme, 'Reixa, Romón e Pexegueiro fan memoria de Rompente', *A Nosa Terra*, nº 1.065, 'Cultura', 16 xaneiro 2003, p. 24.

Antón Reixa, Manuel Romón e Alfonso Pexegueiro lembran o grupo poético Rompente, fundado en 1975 e disolto en 1982. Refírense os obxectivos e os métodos que levaron a cabo para achegar a poesía á sociedade.

Vidal, Carme, 'A biblioteca das súas señorías', *A Nosa Terra*, nº 1.069, 'Cultura', 13 febreiro 2003, p. 30.

Refírese á biblioteca do Parlamento de Galicia, que conta con trinta e cinco mil volumes repartidos en diferentes áreas de coñecemento -dereito, economía, sanidade, etc- e ideada como servizo para os deputados, aínda así pódese acceder a ela cunha autorización previa na que se faga constancia do obxectivo da consulta. Ademais, a mencionada biblioteca atesoura a biblioteca de Elena Quiroga e do seu home Dalmiro de la Válgoma, de Ricardo Carvalho Calero e de Ramón Vilar Ponte, esta última está sendo catalogada e nela destaca o extenso epistolario con cartas de Manuel Antonio, Vicente Risco, Castelao, Ramón Cabanillas ou Otero Pedrayo.

Vidal, Carme, 'Manuel María entra na Academia nun histórico acto celebrado en Vilalba', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Cultura', 20 febreiro 2003, p. 24.

Dá conta do acto celebrado en Vilalba polo que Manuel María entra oficialmente na Real Academia Galega. Comenta polo miúdo o discurso do poeta que se centrou na presenza da paisaxe da Terra Cha na obra de Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro. A resposta ao discurso de Manuel María estivo a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín, que louvou con emotividade manifesta a persoa e a obra de Manuel María.

Vidal, Carme, 'A crise do sector editorial pódese levar por diante Espiral Maior', *A Nosa Terra*, nº 1.093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 29.

Miguel Anxo Fernán Vello fai pública a crise que atravesa a editorial Espiral Maior e que el explica por unha conxunción de diversos factores, entre os que podemos destacar a forte caída do número de lectores, a falta de compromiso dos libeiros coa literatura galega, a insuficiente promoción da lectura ou o escaso apoio institucional. Recordamos que a editorial naceu hai trece anos converténdose nunha plataforma de difusión da poesía, en efecto leva publicado arredor de douscentos libros. Máis adiante abriu as portas á narrativa, ao ensaio, e máis recentemente, ao teatro. Os últimos títulos publicados pertencen a M^a Carme Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero.

Vidal, Carme, 'Os editores recoñecen unha crise sen precedentes', *A Nosa Terra*, nº 1.095, 'Cultura', 11 setembro 2003, p. 24.

Refírese á crise que atravesan as editoriais, en especial a editorial Espiral Maior dirixida por Miguel Anxo Fernán Vello. Recolle as palabras de Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación Galega de Editores, de Bieito Ledo, director da editorial Ir Indo, de Manuel Bragado, director da editorial Xerais, de Xosé Puga de edicións A Nosa Terra e de Francisco Macías, director de Edicións Positivas, todos coinciden en sinalar o momento de crise que se está a vivir no sector, en reclamar axudas institucionais e non falta tampouco a autocrítica. Por último, anuncia a nova sección que o Consello da Cultura acaba de crear co título "Literatura e industrias da edición", á fronte da cal está Víctor Freixanes e da que tamén forman parte Miguel Anxo Fernán Vello, Xesús Couceiro, Gonzalo Navaza, Luís Tosar, etc. O propio Freixanes destaca a funcionalidade desta sección como observatorio da situación do libro.

Vidal, Carme, 'Monte Alto, un barrio popular refuxio de escritores', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 24.

Entre os moitos encantos e atractivos de Monte Alto, o xornalista céntrase, levado pola man de Xurxo Souto, na cantidade de escritores que viven ou naceron neste barrio coruñés: Manuel María, Xosé Fernández Ferreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Manuel Fernández Oca, Francisco X. Fernández Naval, Rivadulla Corcón, Manuel Rivas, Olga Novo e Xoán Abeleira. Ademais, no cemiterio están enterrados Curros e Pondal. Todo isto mostra que Monte Alto é o barrio máis literario de Galicia.

Vidal, Carme, 'O Foro Negro propón unha rede alternativa de cultura', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 24.

A plataforma contra a Burla Negra organizou o "Foro Negro da cultura", no que diversos persoeiros do mundo da cultura manifestaron de maneira unánime a creación dunha rede alternativa de cultura. Lémbranse as diversas actividades culturais que se organizaron de forma case espontánea en distintos puntos da xeografía galega despois da lamentábel catástrofe do Prestige: curtametraxes, recitais de poesía, exposicións e concertos, aos que hai que engadir a Carpa do País de Nunca Máis.

Vidal, Carme, 'Músicos e poetas en clave sónica', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Cultura', 24 decembro 2003, p. 18.

Dá conta das xornadas "Clave sónica", unha xuntanza de poetas e músicos reunidos no Auditorio de Galiza para debater a sinuosa relación entre a música e a poesía e para preparar as pezas que incorporarán ao festival con que se pecharán as xornadas. Entre os poetas destaca a asistencia de Chus Pato, Estevo Creus, Lucía Aldao, Xavier Cordal e Yolanda Castaño; no grupo de músicos sinala a presenza de Uxía Pedreira, Guadi Galego, DJ Nathan Carter; finalmente, apúntanse determinados persoeiros que aúnan as dúas facetas: Maite Dono, Santiago Jaureguizar, María do Cebreiro, Xurxo Souto, Luisa Villalta e Xavier Díaz.

Vieites, Manuel F., '¿Un pacto polo teatro?', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Teatro e sociedade', 16 outubro 2003, p. VIII.

Refírese á necesidade de dinamizar a vida cultural da cidade de Vigo. Céntrase no eido do teatro e apela á unidade de todas as forzas políticas para conseguir que a Escola Superior de Arte Dramático de Galicia se instale en Vigo. Ademais, chama a atención sobre a importancia da creación e da exhibición teatral e reclama a fundación dun Instituto Municipal das Artes Escénicas, un organismo no que debían participar diversas concellerías para coordinar e divulgar todo o referente ao teatro.

Villanueva, Xosé Manuel, 'Saúde e ignorancia', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 9 agosto 2003, p. 6.

Xosé Manuel Villanueva (Lugo, 1959) escribiu un relato no que o protagonista, a partir da interrupción das vacacións por culpa dunha gripe, reflexiona e fai reflexionar aos lectores, sobre a constitución do ser humano: metade emocións e sentimentos e metade física e química. Conta coa ilustración de Abralde.

Villar Janeiro, Helena, 'Por un caldo de repolo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 19 agosto 2003, p. 6.

Relato de Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940) protagonizado por un home octoxenario degorado por un caldo de repolo, cuxas propiedades alimenticias critican os seus descendentes mentres comen sen ansia outros alimentos. A autora contrapón as formas de vida tradicionais e as formas de vida actuais a través deste suxestivo conto. Ilustración de J. Tomás.

Villar Portas, María S., 'O anano de Brantal', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 16 agosto 2003, p. 8.

Relato fantástico de María S. Villar Portas (Vigo). Un suceso extraordinario acaecele á protagonista nun lugar apartado cando o seu coche inexplicabelmente deixou de funcionar. Guiada por unha intensa luz topou cun pazo no que vivía un estraño anano que a agasallou e a cuidou con moita delicadeza. Ao día seguinte o anano despediuse dela con bágoas azuis

ao carón dun vello carballo, árbore coa que volverá tropezar despois de moito tempo e ao pé da cal había dúas pedriñas de cor azul turquesa, colleunas e detrás súa apareceu o anano convertido nun mozo lanzal que a recibiu con moita ledicia.

Villar, C., 'Case doce mil títulos conformarán a oferta da nova edición do Salón do Libro Galego', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 12 marzo 2003, p. 41.

Anuncia a celebración do denominado V Salón do Libro Galego que primeiro abrirá as súas portas en Santiago e despois nas principais vilas e cidades galegas. Ademais da exposición de case doce mil volumes, haberá un apartado especial para os nenos e, varios autores entre os que se destaca a Xerardo Quintiá, Pilar Sampedro ou Francisco Pillado, asinarán as súas obras.

Villar, C., 'Cuando el arte se hace palabra', *La Opinión*, 'Cultura', 21 xuño 2003, p. 52.

Refírese á exposición "A palabra e a súa sombra" que se centra na relación da poesía de José Ángel Valente coa pintura. Entre outras influencias podemos sinalar a Antonio Saura, Tàpies ou Goya. Así mesmo, a exposición conta tamén coa obra pictórica na que se nota a influencia do poeta ourensán.

Villar, Carmen, 'Os lectores de galego contan xa cun 'clube' á medida: 'Biblos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 1 marzo 2003, p. 43.

Dá conta da publicación de *Biblos clube de Lectores* unha revista bimestral, que, ademais de anunciar as últimas novidades da literatura galega e portuguesa, inclúe libros de manualidades, xardinería, cociña, fotografía etc. Os promotores desta iniciativa son Tucho Calvo e Carmela González que confían no éxito da mesma.

Villar, Carmen, 'Aguantar 40 anos é cuestión de principios', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 310, 3 maio 2003, p. 1.

Con motivo do corenta aniversario de Edicións do Castro, Isaac Díaz Pardo lembra a historia da editorial e dá conta dos proxectos que leva a cabo e que están vinculados a distintas áreas de coñecemento. Destaca a colección "Biblioteca do exilio", que non só acolle a obra de escritores, senón tamén de políticos, médicos e científicos que se viron na obriga de marchar ao exilio.

Villar, Carmen, 'La Fundación Cela exhibe cartas de autores gallegos para sumarse al mes de las letras/La Fundación Cela expone la correspondencia del Nobel gallego', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad/Cultura', 10 maio 2003, p. 44/61.

A Fundación Cela quere pór o seu gran de area nas múltiples celebracións que se levarán a cabo co gallo do Día das Letras Galegas cunha exposición que mostra o intercambio epistolar de Cela con diversos escritores galegos, entre os que destaca a Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo, "Ben-Cho-Sey" ou Carlos Casares. Ademais, a exposición conta con debuxos orixinais que Laxeiro ou Eugenio F. Granell realizaron para ilustrar algúns números de *Papeles de Son Armadans*, a publicación creada por Cela.

Villar, Carmen, 'Aguantar 40 anos por principios', *La Opinión*, 'Saberes', nº 11, 24 maio 2003, p. 4.

Con motivo do corenta aniversario de Edicións do Castro, Isaac Díaz Pardo lembra a historia da editorial e dá conta dos proxectos que leva a cabo e que están vinculados a distintas áreas de coñecemento. Destaca a colección "Biblioteca do exilio", que acolle a obra de escritores que se viron na obriga de marchar ao exilio.

Villar, Carmen, 'El mundo de la cultura destaca sus 'grandes virtudes' y su 'lucidez', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 6 agosto 2003, p. 19.

Con motivo do pasamento de García-Sabell, numerosos persoeiros da cultura entre os que se destaca a Alfonso Zulueta de Haz, Víctor García de la Concha, Isaac Díaz Pardo, Agustín Sixto Seco, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Fernández del Riego e Guillermo Rojo, sinalaron as súas virtudes, a súa profesionalidade e o seu compromiso con Galicia.

Villar, Carmen, 'García-Sabell descansa ya en la tierra a la que consagró su existencia y su obra/García-Sabell descansa ya en la tierra a la que consagró su vida', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Galicia', 7 agosto 2003, pp. 18-19/14.

Unha gran multitude de persoas deu o derradeiro adeus a García-Sabell. Ademais dos seus familiares, asistiron ao funeral políticos de todos os partidos e sobre todo persoeiros da cultura, entre os que destaca a Xosé Ramón Barreiro, Francisco Fernández del Riego, Agustín Sixto Seco, Isaac Díaz Pardo, Ramón Villares, Xaime Illa Couto, Alfonso Zulueta de Haz, Alfredo Conde, Xosé Antonio Perozo e Rosa Montero.

Villar, Carmen, 'Cunqueiro animado', *Faro de Vigo*, 'Visado', 14 novembro 2003, p. 1.

Refírese á próxima presentación da curtametraxe de animación con plastilina, *Alistán*, inspirada en personaxes de Álvaro Cunqueiro e producida por Lúa Films. Antes de *Alistán*, a produtora presentou *A xaguarana*, baseada en textos de Antón Avilés de Taramancos e *A escola das areas*, protagonizada por un particular Pai Sarmiento. Anuncia tamén que actualmente están traballando no proxecto *Pica Pica Circus*, unha película na que a animación con plastilina será de novo a técnica empregada, está dirixida a un público infantil e a historia na que se basea foi escrita por Ánxela Loureiro.

Villares, Ramón, 'Os rostros da anti-España', *La Voz de Galicia*, 'Los domingos de La Voz', 6 abril 2003, pp. 6-7.

Dá conta da exposición "Exilio" organizada pola Fundación Pablo Iglesias. "Exilio" céntrase no drama humano dos exiliados, cuestión elemental, segundo Villares, quen aproveita para reivindicar a importancia que os exiliados tiveron no cambio político de España. Refírese, finalmente, ao exilio galego e recorda figuras da talla de Luis Seoane, Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela ou Castelao.

Villarino Vilas, Rocío, 'Una joven artista 'politraumática', *La Opinión*, 'A Coruña', 27 agosto 2003, p. 10.

Fala sobre a poetisa Estíbaliz Espinosa Río, que recibiu os premios "Esquíu de Poesía en galego" en 1999 por *PAN, Libro de ler e desler* e "Espirál Maior de Poesía" no 2001 por *Número E*. Ademais, Espinosa Río é soprano no coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e no octeto "Aisis" e imparte clases de lingua e literatura galega e castelá.

Vizcaíno Pena, Rubén, 'Soños', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 26 agosto 2003, p. 6.

Relato de Rubén Vizcaíno Pena (Lugo, 1978) no que se mestura a fantasía e a realidade. O poder dos soños que lle contan ao narrador é tal que el mesmo é incapaz de diferenciar o real do ficticio.

X.C., 'Morre Maruxa Fernández, viúva do artista Luís Seoane ', *A Nosa Terra*, nº 1.075, 'Galiza', 27 marzo 2003, p. 18.

Anuncia o pasamento de Maruxa Fernández, viúva de Luís Seoane, corenta e cinco días antes de que abrira as súas portas o museo que acolle na Coruña a obra do pintor, proxecto ao que Maruxa dedicou os seus últimos vinte e cinco anos de vida. O xornalista refírese tamén á biografía do matrimonio marcada polo exilio en terras arxentinas.

X.G.G., 'Xurxo Alonso, na esteira de Manuel Antonio?', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 27.

Comenta o libro *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002) de Xurxo Alonso que recibiu o "VI Premio Johán Carballreira" e foi publicado por Espiral Maior. Trátase dunha poesía de marcado carácter narrativo, onde memoria e lenda, humor e melancolía transparentan a grandeza e as miserias do ser humano e dan unha total unidade aos poemas.

X.M.R., 'Homenaxe a un home bo e xeneroso', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de Ourense', 1 marzo 2003, p. 5.

Refírese ao acto que tivo lugar na Deputación de Ourense onde se fixo entrega do nomeamento de Carlos Casares como Fillo Predilecto da cidade de Ourense á súa esposa Cristina Berg, que se referiu á influencia ourensá, tanto da cidade de Ourense como de Xinzo de Limia, na obra de Carlos Casares.

X.M.R., 'Galicia recupera a Bóveda no centenario do seu nacemento', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 xuño 2003, p. 45.

Co gallo da celebración do centenario do nacemento de Alexandre Bóveda, no Pazo Mugártegui da cidade de Pontevedra pódese ver unha exposición composta por materiais practicamente inéditos: fotografías, cartas, poesías, documentos e outras pertenzas que foron celosamente gardadas por Amalia Álvarez, a súa viúva. En Ourense, Bucíños prepara

unha escultura dedicada ao ilustre galeguista.

Zulueta, Rodrigo, 'Fráncfort cierra con la satisfacción de recuperar la atención del público', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 outubro 2003, p. 47.

Refírese á Feira do Libro de Fráncfort que pechou as súas portas cun aumento notábel de público. No que atinxe á literatura galega, cómpre destacar a asistencia de Estíbaliz Espinosa e Heidi Kühn-Bode, escritoras en lingua galega, e de editores galegos.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Plauto, *A comedia do gurgullo*, versión de Celso Parada sobre textos de Plauto, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, outubro 2003, col. Centro Dramático Galego, nº 31, 189 pp. (ISBN: 84-453-3642-8).

Publicación que contén o texto da representación do espectáculo *A comedia do Gurgullo* e dous traballos de orde escenográfica e textual incluídos respectivamente nos apartados "A montaxe" e "O contexto". Ao primeiro destes bloques pertence o traballo "Un Plauto galego" realizado por Celso Parada, director do espectáculo. Nesta breve presentación sinala o procedemento da *contaminatio* como principio estruturador da súa versión e representación. A fusión na *Comedia do Gurgullo* de textos cómicos plautinos e outras comedias anteriores, xunto coa introdución de elementos procedentes de espectáculos contemporáneos transgresores como o circo, o music-hall, o cabaré e a comedia moderna son algúns dos elementos que sosteñen a súa pro-posta que achega a comedia latina ao público contemporáneo, tentado manter, non obstante, os seus elementos definidores orixinarios. M^a Teresa Amado Rodríguez e Eva Castro Caridad son as autoras do estudo sobre o teatro plautino "As artes escénicas e a experiencia plautina de Celso Parada", incluído no apartado "O contexto". Malia estar centrado na produción do comediógrafo latino, as estudosas ofrecen un cumprimento panorama do teatro romano, subliñando as débedas e relacións que este mantén co teatro grego, referente inmediato e fundamental da comedia latina. Amado Rodríguez e Castro Caridad ofrecen un resumo dos xéneros e subxéneros teatrais romanos, describen as condicións e as características fundamentais do espectáculo teatral do tempo de Plauto e explican con detalle os seus trazos diferenciais respecto dos espectáculos contemporáneos, para a continuación estudar a produción plautina, realizar un breve percorrido pola fortuna e influencia de Plauto na literatura europea e galega, revisando a tradición crítica desenvolvida arredor da obra do dramaturgo, e finalmente analizar a personal achega realizada por Celso Parada e o Centro Dramático. A comedia de asunto amoroso o *Curculio* de Plauto é a peza que serve de modelo principal ao Gurgullo galego. A trama da obra galega correspóndese coa habitual deste tipo de comedias: Curculio, parásito posto ao servizo de Fédrome, un pobre xove namorado de bela Planesia, artella unha serie de enredos e estratexias para conseguir que o mozo conseqa o amor da moza fronte ao seu rival o soldado Milhomes.

Referencias varias:

- Dora Vázquez, 'Plauto na Galicia', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 12 novembro 2003, p. 4.

Neste artigo Dora Vázquez comenta a edición impresa de *A Comedia do Gurgullo*, que o Centro Dramático Galego edita con motivo da posta en escena desta obra. Explícase cales son as partes de que consta o libro, faise unha pequena referencia a quen era Plauto, cítanse os prólogos institucionais e coméntanse as fotografías da montaxe.

- Dora Vázquez, 'Plauto na Galicia', *La Región*, 'Opinión', 10 decembro 2003, p. 18.

Fai unha análise dos contidos críticos, da historia e do desenrrolo argumental do volume da obra dramática *A comedia do Gurgullo*, patrocinada pola Xunta de Galicia. Inclúe a representación escrita de "Plauto" en versión de Celso Parada sobre o texto do propio Plauto, así como un estudio crítico de Teresa Amado e Eva Castro. Está presentado por Manuel Fraga, quen salienta o traballo do Centro Dramático Galego no emprego de diversas poéticas dramáticas e de autores universais en "escrita teatral xenuinamente galega". Recolle tamén as palabras do concelleiro de Cultura, don Xesús Pérez Varela, e do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede.

Sófocles, *Áiax/Electra*, trad. José Francisco Calaza Fernández, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia □♦, decembro 2003, col. Clásicos en galego, nº 22, 239 pp. (ISBN: (84-453-3717-3)(84-8288-654-1)).

Edición bilingüe (grego-galego) anotada das traxedias *Áiax* e *Electra* do poeta ateniense Sófocles. Comeza cunha introdución, dividida en sete apartados ("Características da traxedia ática antiga", "Vida de Sófocles", "Sófocles e a traxedia", "A arte dramática de Sófocles", "Cronoloxía da obra de Sófocles", "Argumento de Áiax" e "Argumento de Electra") na que se presentan as características da traxedia antiga, así como aspectos da vida e obra de Sófocles. A continuación, achégase unha pequena bibliografía dividida en tres apartados: "Estudios sobre a traxedia", "Estudios sobre Sófocles" e "Traduccións" e, de seguido, reproducense as traxedias *Áiax* e *Electra*. Na primería delas, a acción sitúase durante a guerra de Troia e nela relátase como Áiax nun momento de loucura, por causa da intervención de Atenea, mata todos os animais do botín dos gregos no canto de matar aos xefes do seu exército por estes lle ter entregado as armas de Aquiles a Odiseo e non a el. Recuperado o siso, Áiax coñece por boca da súa muller Tecmesa os feitos que cometeu e mostra a súa intención de matarse, mais parece que Tecmesa o convence do seu propósito. Finalmente, Áiax suicídase e os atridas, Agamenón e Menelao, tentan impedirllle a Teucro, irmán do falecido, o enterramento do cadáver pola tentativa de Áiax de asesinalos. Odiseo intervén na disputa e convence ao propio Agamenón para que se leve a cabo o soterramento. A peza remata coas honras fúnebres de Áiax. A segunda traxedia, *Electra*, desenvolve a súa acción en Micenas despois de rematada a guerra de Troia e nela o fillo de Agamenón, Orestes, retorna á súa patria, da que fuxira grazas á súa irmá Electra, acompañado polo pedagogo e polo seu amigo Pílates, para vingar a morte de seu pai a mans da súa nai Clitemnestra e do seu novo cónxuxe, Existo. Grazas á axuda dos seus acompañantes Orestes faise pasar por morto, nova que enche de alegría a súa nai e de gran tristura a Electra, a pesar de que Crisóstemis, irmá desta, tenta animalala, xa que atopou na

tumba de seu pai ofrendas que non poden ser máis que de Orestes. O fillo de Agamenón, ao ver sufrir tanto a súa irmá maior, revélalle a verdade e entra no palacio para darlle morte a súa nai e pouco despois a Existo.

VV. AA., *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo □♦, 2003, 214 pp. (ISBN: 84-9782-092-4).

Obra na que se publican os traballos gañadores e galardoados cun accésit ou cunha mención de publicación no "Premio de relato, poesía e tradución" convocado pola Universidade de Vigo. O libro ábrese cun Limiar do reitor da universidade, no que indica que esta é a sétima convocatoria do premio e no que fai referencia á calidade literaria dos traballos presentados, felicita aos gañadores e demais participantes e ten unha mención especial para Antón Avilés de Taramancos. De seguido damos conta dos textos gañadores correspondentes a este apartado do *Informe*:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Chronica Hermirici" (1º Premio de Tradución), pp. 147-183.

A tradución galardoadada co primeiro premio vai precedida dun "Limiar", no que o autor explica que Hermerico foi un caudillo suevo que chegou á Gallaecia no 411 d.c. e que tivo un papel relevante na configuración deste territorio como Reino, deixando de ser provincia do Imperio Romano; sinala que a crónica que se presenta está formada a partir de pasaxes dos seguintes autores, próximos no espazo e no tempo ao caudillo: Ambrosio (340-397), S. Xerome Eusebio de Estridon (347-420), Paulo Orosio (382-420) e San Isidoro (570-636); indica, ademais, que ao pé da tradución se inclúen notas sobre os textos orixinais e sobre os topónimos que neles aparecen. A *Crónica de Hermerico* divídese en tres partes: "Prefacio", "Principia a Chronica de Hermerico" e "Epítome", nas que se fai referencia ao pobo suevo, á súa chegada á Península Ibérica e á Gallaecia, ao seu reinado nestas terras, á sucesión no seu fillo Rechila e á súa morte tras sete anos de enfermidade. A tradución complétase cun apartado "A xeito de conclusión" e cunha "Bibliografía".

VI.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

López Silva, José Antonio, 'Luciano de Samosata, Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas...', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Libros', 2003, pp. 235-240.

Comeza valorando na recensión desta obra, *Diálogo de deuses. Diálogos de prostitutas*, o labor da tradutora, Teresa Amado, especialista na materia e que ten no seu haber outros importantes traballos. Considera que nos últimos anos se ten dado un incremento do interese tanto académico coma teatral pola comedia grega, aínda que considera que está por facer un estudo rigoroso sobre a conformación e consolidación das traducións no sistema literario galego, no que se analicen todos os elementos conformadores do repertorio, así como os produtores, o mercado e a institución. Salienta do traballo de Teresa Amado o feito de que subliña as vinculacións e as tensións relacionais xeradas nas estruturas do

sistema literario grego imperial, ao partir na tradución de produtos xenéricos diferentes aos do sistema literario grego da época clásica. Valora positivamente o axeitado dominio dos recursos expresivos que propician a comicidade, así como os elementos paralingüísticos que trasladan o contexto específico no que se insire a obra traducida. Do mesmo xeito, considera fundamentais as notas e a bibliografía crítica. Cre, non obstante, que non é de tanto interese a revisión da influencia do autor grego no sistema literario español e noutros países europeos, por demostrar que a tradución dos clásicos gregos está lastrada pola influencia dun sistema literario central, que é o castelán. Considera que é un feito constatado a necesidade de traducións como mecanismo de "normalización e afirmación individualizada", parándose nas características e deficiencias que presentan os sistemas minorizados en canto á entrada deste tipo de produtos, en especial no que se refire ao mercado e á necesidade da vinculación do aparato institucional. Analiza o caso galego e salienta que malia estar ante unha colección institucional os resultados son escasos, tanto polo número como pola non adecuación do organismo responsábel, a falta de coordinación interna, etc. Critica a falta de planificación por ter traducido títulos ou autores de dubidoso interese, a falta dunha promoción ampla que faga chegar o produto ao público ou a necesidade de dignificar o labor do tradutor. Conclúe que esta tradución de Luciano pon de relevo un estado de cousas no que se mostra a alta capacidade persoal do tradutor, pero tamén a necesidade de fondas reformas no plano da tradución institucional.

VI.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Blanco Rivas, M., 'A obra esquecida dun prolífico sofista...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Comentario sobre a obra *Luciano de Samosata. Diálogos de Deuses. Diálogos de prostitutas*, da editorial Galaxia, ao mesmo tempo que reivindica a figura deste escritor, silenciado tanto polos seus contemporáneos como polos autores gregos posteriores a él. Por mor disto, a reconstrución bibliográfica resulta complexa e debe tomarse con moita cautela, tal e como nos indica Rivas. Das dúas obras presentes neste volume, *Diálogos de deuses* e *Diálogos de prostitutas*, traducidas por María Teresa Amado, salienta que, ademáis de ser as máis coñecidas deste autor, se caracterizan polo seu humor sátiro e un fondo escepticismo. Nesta mesma páxina o autor fai unha recensión de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, e tres breves referencias ás seguintes obras: *Non hai misericordia* (2003), de Xelis de Toro; *Nin Berlín* (2003), de Xose M. Gayoso; e *Mago por correspondencia* (2003), de Joles Sennell.

Valcárcel, Xulio, 'A viaxe de Exeria', *El Ideal Gallego*, 'Lecer', 'Páxina literaria', 5 xaneiro 2003, p. 4.

Escrito que recolle a historia, literaria e biográfica, de Exeria, unha muller culta e intrépida viaxeira, que a finais do século IV decide percorrer o mundo para coñecer os Santos Lugares, unha peregrinación que a leva dende Galicia a Xerusalén e se estende despois a Exipto ata chegar a Mesopotamia. Está considerada a autora do primeiro libro español de viaxes, *El viaje de Egeria*, autoría que foi aclarada polo bioto francés Mario Ferotin en

1903. Remata este artigo cunha referencia á división do texto de Exeria.

VI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

VI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

VI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Abeleira, Xoán, *O nacemento de Nunavut*, ilust. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. As aventuras de Nunavut, nº 1, idade recomendada [lectores autónomos], 57 pp. (ISBN: 84-8602-937-5).

Primeira incursión na narrativa infantil galega de Xoán Abeleira (Maracay, Venezuela), que comeza con este título unha serie protagonizada por Nunavut, unha nena do pobo dos inuit ou esquimós. O volume ábrese cunha carta do autor ao lectorado na que explica a procedencia do pobo esquimó, orixinarios da cultura Thulé que existiu á beira do mar de Bering, ao norte do Océano Pacífico, arredor do ano 900 da nosa era, e emparentados cos mongois; a súa emigración ao Círculo Polar Ártico, onde viviron illados do resto do mundo até que a mediados do século XIX entraron en contacto cos europeos e comezou a explotación do seu territorio e a defensa da súa cultura e da súa lingua. Remata a carta dirixíndolle ao lectorado a súa esperanza de que no futuro aprendan a convivir con todas as razas do mundo e con todas as culturas para que un día desapareza "de tódolos dicionarios esa palabra funesta, o odio, que tanto nos fai sufrir". Neste primeiro conto da serie, un narrador omnisciente relata o nacemento dunha nena na casa de Ukapi e Kulanyí, un acontecemento tráxico pois deben abandonala, por mor do compromiso adoptado entre todas as familias da aldea de non quedar coas nenas que nacesen pola escaseza de comida. Ukapi, o pai, un dos firmes defensores daquela decisión, deixa a nena no medio da neve pero pouco despois arrepíntese e volve a buscala. Ao non atopala, recibe a axuda dun paxaro colimbo, que lle indica que a levaron os ingnersuit, os trasnos que viven debaixo da terra. Ukapi entra na súa cova e acepta o reto de loitar coa súa sombra para recuperar a filla. Consegue gañar a aposta grazas á nova axuda do paxaro e volve coa nena á aldea. Mais cando chega toda a comunidade discute a conveniencia de quedar coa nena e finalmente, aparece o paxaro, que resulta ser Ainuk, o menciñeiro, un home con poderes máxicos e de gran sabedoría que lles anuncia que esa nena, co tempo, será o orgullo dos inuit. O pobo acepta o seu consello e todos celebran cunha festa a chegada de Nunavut, que recibe este nome en honor da deusa Nuna, a Terra. O volume remata cun glosario que contén a

explicación das palabras difíciles do texto. As ilustracións figurativas de Jacobo Fernández Serrano (Pontevedra, 1971) contextualizan graficamente o contorno e fanno a través de debuxos con tratamento de liña e cores neutras e planas que axudan a identificar o texto co contexto.

Recensións:

- María Navarro, 'Coñecer novos valores', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 39, 'Infantil/Xuvenil', 17 abril 2003, p. VII.

Cualifica a lingua empregada na primeira entrega desta serie de Xoán Abeleira, *O nacemento de Nunavut*, como sinxela e coidada. Define o universo literario deste autor como a conxunción de elementos verídicos e fantásticos, feito que provoca unha dobre atención do lectorado pola novidosa temática e polo derroche de imaxinación en paraxes encantadas. Valora positivamente a aparición desta serie de aventuras por presentar un novo xeito de vivir, unha cultura descoñecida, un "canto aos outros, ao *diferente* e unha forma moi agradable e plástica, ademais, de mostrar valores, se cadra, ata agora non considerados, por descoñecidos".

Referencias varias:

- Xesús Fraga, 'O nacemento de Nunavut', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 5, 'Letras en galego', 12 abril 2003, p. 10.

Presenta os dous primeiros títulos da serie "As aventuras de Nunavut", de Xoán Abeleira, *O nacemento de Nunavut* e *Un día de caza*. Destaca que a intención desta colección é chamar a atención sobre as características e identidade do pobo esquimó e que nace da fascinación do seu autor por unha cultura que aínda mantén un modo ancestral de vida.

Abeleira, Xoán, *Un día de caza*, ilustr. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. As aventuras de Nunavut, nº 2, idade recomendada [lectores autónomos], 57 pp. (ISBN: 84-8302-938-3).

Segunda entrega da serie literaria que Xoán Abeleira (Maracay, Venezuela) dedica a Nunavut, unha nena do pobo dos inuit ou esquimós. Trátase dun relato que mestura a dimensión realista, representada pola descrición do xeito de vida e dos costumes dos esquimós, coa compoñente fantástica, baseada nas crenzas deste mesmo pobo e na simboloxía que representa Nunavut, predestinada dende a súa nacemento a salvar o seu pobo. Nesta ocasión descríbese como foi o primeiro día de caza da protagonista, que soña con poder axudar ao seu pobo conseguindo comida e ser unha boa cazadora coma seu pai. Malia os seus desexos, atópase coa oposición dos seus, pois vive nunha sociedade patriarcal na que as mulleres deben ocuparse só dos labores domésticos. Para conseguir os seus

propósitos, Nunavut agóchase nunha partida de cazadores que resulta ser un desastre pola aparición dun baleeiro dos *gablunats*, os homes brancos, que escorrentan e feren unha balea que a protagonista, coa axuda dun paxaro, agachará ata que desapareza o perigo. O conto remata coa chegada de Nunavut á aldea cargada cunha gran cantidade de focas e peixe, que conseguiu grazas á axuda da balea, aínda que por mor dos costumes da súa xente ten que dicir que todo foi cazado polo seu pai e non por ela. Destaca no relato, a pesar das normas sociais, a defensa da igualdade de sexos, o respecto polo contorno medioambiental e a crítica da caza indiscriminada de animais. O volume remata cun glosario que contén a explicación das palabras difíciles do texto. As ilustracións de Jacobo Fernández Serrano (Pontevedra, 1971) seguen as características da serie, é dicir, figurativismo a través de liñas e xogando cunha gama de cores planas sen contrastes, que seguen a reflectir o contexto no que se desenvolve a narración.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Didactismo e ficción literaria', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Infantil/Xuvenil', 24 abril 2003, p. VII.

Sinala que en *Un día de caza*, de Xoán Abeleira, atópase fundamentalmente a descrición do modo de vida do pobo esquimó, dos seus costumes e da súa cultura, mesturando na narración o real co irreal. Repara en que baixo a forma de conto de aventuras se agocha un contido didáctico referido á tolerancia, ao respecto ao medio, así como á igualdade de sexos, representada por Nunavut, una nena que quere ser cazadora nunha sociedade patriarcal. Refírese tamén á dura crítica ao home branco que aparece no relato, pola súa condición de cazador indiscriminado. Conclúe salientando que o autor soubo conxugar perfectamente o contido didáctico coa ficción literaria.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Infantil/Xuvenil', 22 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de catro libros: *Negra Sombra*, poemario elaborado por varios poetas galegos, *Galegos en México (1878-1936)*, de Elixio Villaverde García, *Orión e os animais magos*, de Joan Manuel Gisbert e *Un día de caza*, de Xoán Abeleira e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano, da que redacta un pequeno resumo do argumento protagonizado por unha nena dun pobo primitivo do Ártico a quen lle acontecen diferentes aventuras.

Agrelo Hermo, Xosé Lois, *Rumbo ao Maluco*, Premio "Avilés de Taramancos" de Relatos de Aventuras, ilust. de X. L. Veiras Manteiga, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, xullo 2003, col. Nume, idade recomendada [Mocidade], 68 pp. (ISBN: 84-95622-91-2).

Este texto de Xosé Agrelo Hermo (Noia, 1937) gañou *ex aequo* o IIº Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos". Trátase dunha obra que, de maneira didáctica e sinxela, e acompañada das ilustracións de Xosé Luis Veiras Manteiga, leva á ficción a viaxe histórica que Fernando de Magalhães realizou a comezos do século XVI na procura dunha nova rota cara ao Océano Pacífico. Esta reconstrución histórica lévase a cabo a través da narración en primeira persoa dun rapaciño de catorce anos embarcado na expedición: o "Diario do grumete Antón Varela, Tripulante da nao Trinidad ás ordes do Adiantado capitán Fernado de Magalhaes". Tras unha cita inicial de Antón Avilés de Taramancos, o volume dá comezo cun prólogo situado no momento presente (hai incluso unha referencia ao afundimento do petroleiro "Prestige") no que un profesor de literatura explica que o que imos ler é un feixe de papeis atopados polo seu amigo Patricio, mariñeiro de profesión. Recorrendo, pois, á estratexa literaria do manuscrito achado, o diario insírese como un longo relato enmarcado no que o mozo Antón de Noia narra o percorrido das naos ao servizo do rei español cara ás illas Molucas, como reza o título. En capítulos curtos e cada vez máis espaciados no tempo, o rapaz describe os lugares, personaxes e incidentes da singradura, así como a súa relación coa escrava María, incluíndo o custoso achádegado do estreito que levaría despois o nome do Capitán. O diario interrómpeuse cando Antón anuncia a súa próxima participación no ataque á illa de Mactán (Filipinas), na que Magalhães perece, sen que asistamos á anunciada chegada das caravelas ao Maluco. No epílogo, de novo a voz do primeiro narrador achega verosimilitude ao relatado, identificando as coincidencias existentes entre o diario do grumete noiés e a crónica do italiano Antonio Pigafetta. Neste capítulo de encerramento hai, por último, unha homenaxe implícita á Casa da Gramática de Noia.

Recensións:

- Xavier Castro R., 'A fantástica epopea do aventureiro Antón de Noia rumbo ao Maluco', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 23 novembro 2003, p. 4.

Xavier Castro refírese á obra gañadora *ex aequo* do IIº Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos": *Rumbo ao Maluco*. En primeiro lugar, destácase a figura do seu autor, Xosé Agrelo Hermo, percorrendo a grandes trazos a súa bio-bibliografía. A continuación, resúmese o contido argumental do libro, ao que se sitúa na esteira de clásicos do xénero como a *Odisea* ou *A illa do tesouro*.

- María Navarro, 'Un relato insulso', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Infantil/Xuvenil', 27 novembro 2003, p. VII.

Crítica de *Rumbo ao Maluco* na que, malia recoñecer que este último libro de Xosé Agrelo Hermo, gañador do IIº Certame "Antón Avilés de Taramancos", supón unha reconstrución histórica interesante, se afirma que a súa lectura resulta "insulsa". Bótase en falta a continuación da historia máis alá do último capítulo, e pónse de manifesto a incoherencia lingüística existente no feito do diario estar escrito en galego moderno.

Referencias varias:

- Xosé M. Freire, 'Agrelo pásase á aventura', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 27.

Artigo no que se repasa a produción de Xosé Agrelo Hermo, de *O espantapaxaros* ao último libro: *Rumbo ao Maluco*. Indícase que esta obra gañou *ex aequo* o IIº premio "Avilés de Taramancos" e que o seu estilo é ameno. Refírese, por fin, a unha sorte de "rexurdimento" do xénero de aventuras na nosa literatura.

- Carme Vidal, 'É bo que a cultura estea pouco institucionalizada', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 29.

Este artigo de Carme Vidal detense na presentación da casa editorial noíesa Toxosoutos, que cumpre quince anos de existencia, e do seu director: Xosé Agrelo Hermo, con que se mantén unha conversa. Nela, entrevistado e xornalista repasan diversos temas como a súa participación activa no mundo cultural e político galego, o seu labor como dramaturgo e como narrador para nenos, etc. Así mesmo, lémbrese que o seu libro *Rumbo ao Maluco* gañou o IIº Certame "Antón Avilés de Taramancos".

Aleixandre, Marilar, *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*, ilustr. Lázaro Enríquez, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, nº 5, serie Verde, a partir de 10 anos, 204 pp. (ISBN: 84-263-5025-9).

Comeza este volume de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) cunha dedicatoria que anticipa unha lenda galega que foi literaturizada por escritores como, por exemplo, Vicente Risco e que nos fala da trabe de ouro ou a trabe de alcatrán. A seguir, outros elementos peritextuais nos acenan cara á temática do relato, así é de salientar a primeira ilustración que nos sitúa onde está Duio e un limiar titulado "Aviso a Mareantes" no que a autora confesa que encontrou por primeira vez a Vaca de Fisterra o 31 de decembro de 1999 en Touriñán, un día no que se dá a comunicación do mundo de arriba co de abaixo como rezan as lendas. Describe a Vaca e tamén o que dela quedou na memoria dos fisterráns, anuncia que nada sabía de Miro e da batalla por descifrar os fragmentos da memoria do Dragón de Duio. A seguir, o relato divídese en tres partes: "Fragmentos do Dragón", "Verbas de ler e desler" e "O corgo de lume". Nelas, varias voces narrativas dende a omnisciente á dos protagonistas, pasando pola do dragón, entre outras, cóntanos por medio duns pergameos as memorias de Basilio, o Dragón de Duio "escritas para preservar a lembranza duns tempos en que os dragóns eran enormes en tamaño e magníficos en poder, duns tempos en que voaban libres sobre a superficie da terra antes de seren reducidos en autoridade e estatura e confinados no reino subterráneo de Milmontes" mesturadas coa historia de amor entre os protagonistas que loitan pola defensa de conservar os sinais de identidade fronte aos que

queren cubrir a cidade de cemento, recordando lendas e episodios doutros tempos que nos avisaban e por medio da memoria colectiva a partir da transmisión oral seguen a avisarnos de que hai que loitar por gardar a identidade. Apóiase o relato coas ilustracións de Lázaro Enríquez (La Habana, 1950) a partir das gamas de grises con técnica aguada e de corte expresionista, que reflicten parte dos episodios que se narran de forma simbólica e alegórica.

Recensións:

- Clij, 'A vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán. Marilar Aleixandre', *CLIJ*, nº 166, decembro 2003.

Comezan salientando a mensaxe ecolóxica e a referencia ao *Prestige* que transmite esta obra "enmascarada en un relato fantástico". Tamén salienta o mala conselleira que é a codicia, a localización da obra no mundo subterráneo ou no mundo do revés. Logo descríbese o argumento e dise que a estrutura "cuesta algo entrar en la novela" que logo arrastra. Identifícase o mundo da obra co actual aínda que sexan personaxes fantásticos e a mitoloxía galega, "a do norte do país" as referencias e tamén outras obras da Literatura galega. Remata cualificando a novela de entretida, realizada cunha linguaxe rica e variada "pero algo compleja para la lectura de esta edad, poco avezados".

Alfaya, An, *A encontradora*, Finalista do Premio Merlín 2002, ilustr. Chus Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Merlín, nº 132, serie Verde, a partir de 9 anos, 107 pp. (ISBN: 84-8302-938-3).

Relato realista, con certos toques fantásticos, de An Alfaya (Vigo, 1964), centrado no tema do amor entre persoas da terceira idade. Crispín, o avó de Xulia, comeza a sentir curiosidade pola súa veciña Eleonora á que axexa sempre que pode pola varanda do balcón e da que coñece algún segredo, como as súas conversas con alguén que se chama Gloria. Gracias á intervención de Xulia consegue coñecela, xa que a nena acepta unha invitación da veciña para pasar a tarde de merenda e de contos e é así como se fan amigos. Eleonora cóntalles o seu pasado como artista de circo e a súa vinculación con Gloria, que resulta ser unha serpe, e explícalles tamén por qué lle chamaban a encontradora. O relato, dende un punto de vista omnisciente, trata a soidade das persoas maiores, as lembranzas coas que teñen que vivir, os cambios que sofren na súa vida cando se trasladan á casa dos fillos, a complicidade cos netos. Chus Ferrín (Vigo, 1968) é a responsábel das ilustracións deste relato co que se estrea na literatura infantil e xuvenil. Son ilustracións figurativas e coloristas, nas que salientan os elementos fantásticos, usando, sobre todo, as distorsións das formas de xeito harmónico posibelmente coa intención de facer ver a mestura narrativa fantástico-realista que transmite o texto.

Recensións:

- María Navarro, 'Un relato fallido', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 49, 'Infantil/Xuvenil', 26 xuño 2003, p. VII.

Define *A encontradora*, de An Alfaya como una sinxela historia de amizade e recordos protagonizada por un reducido número de personaxes, que parte dunha certa intriga ao comezo da historia que logo esvaece cando o relato se centra no relato do pasado da veciña. Considera que estamos ante unha narración "do máis cotiá" na que a autora inclúe unhas pingas de maxia para provocar no lectorado un "suposto suspense totalmente insulso". Non lle parecen acertados nin o xogo de palabras que presenta o título, "que despista máis que orienta", nin as forzadas referencias ao sobrenatural, "que non conseguen enganchar ao lector nun relato falto nalgunha ocasión ata de sentido" nin a falta de harmonía que percibe entre a expresión e o contido.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'Quero que as miñas historias emocionen', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 13 abril 2003, p. 50.

Breve conversa con An Alfaya con motivo da presentación do relato *A encontradora* no Vº Salón do Libro Galego celebrado en Vigo. A autora sinala que se trata dunha historia de amor tanto para nenos coma para adultos na que o vehículo conductor entre os namorados é unha nena, un tema que considera atípico na literatura infantil e xuvenil. Manifesta que non pensa no destinatario cando escribe e que na súa obra prevalecen as emocións. Opina sobre a importancia do Salón de Libro, considerándoo un mecanismo de achegamento á lectura no que non confía demasiado. Conclúe sinalando que non é partidaria de mesturar a súa faceta profesional de criminóloga coa literaria.

- Alberto Quián, 'Dos libros non se pode vivir', *La Opinión*, 'Entrevista', 15 abril 2003.

Conversa con An Alfaya con motivo da presentación do relato *A encontradora* no Vº Salón do Libro Galego celebrado en Vigo. A autora sinala que se trata dunha historia de amor tanto para nenos coma para adultos na que o vehículo conductor entre os namorados é unha nena, un tema que considera atípico na literatura infantil e xuvenil. Manifesta que non pensa no destinatario cando escribe e que na súa obra prevalecen as emocións. Opina sobre a importancia do Salón de Libro, considerándoo un mecanismo de achegamento á lectura no que non confía demasiado. Conclúe sinalando que non é partidaria de mesturar a súa faceta profesional de criminóloga coa literaria. Esta mesma noticia apareceu publicada con anterioridade no *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 abril 2003, p. 50.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Infantil/Xuvenil', 15 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diferentes novas editoriais da literatura galega, Blanco Rivas fai referencia nesta ocasión á tradución da obra de Óscar Wilde, *A Balada do Cárcere de Reading*, e da obra infantil *A encontradora*, de An Alfaya, da que elabora un breve resumo e salienta o feito de abordar unha historia de amor entre dúas persoas maiores, tema pouco tratado na literatura infantil galega.

Alfaya, An, *Buguina namorada*, ilustr. Chus Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Letra Dormente, idade recomendada [Lectorado mozo], 103 pp. (ISBN: 84-9782-059-2).

An Alfaya (Vigo, 1964) escolleu como protagonista deste relato alegórico a unha cuncha de nácara chamada Buguina, que está medio sepultada na praia da Illa do Esquecemento e dende onde escudriña a liña do horizonte. Os seus desexos de ter compañía e o forte sentimento de soidade que a embarga son mitigados coa chegada dun náufrago, vítima do afundimento dun barco preto das costas desta illa protexida polo deus Poseidón. A partir deste momento Buguina mantén unha loita constante durante os cen días que Nada, o náufrago, permanece inconsciente na praia por salvalo de ser engulido pola area. Neste tempo é testemuña das metamorfoses que padece Nada e con el establece unha conxunción que vencerá ao mesmo deus Poseidón, responsábel dos naufraxios que se producen no océano Ausente por manter a illa libre de estraños. As ilustracións figurativas e de carácter alegórico de Chus Ferrín, complementarias da temática preséntanse en gamas de cores vivas realizadas con acuarela. Péchase o volume co apartado "Dúas palabras sobre a autora", nas que partindo de versos dun poema se explica a visión que ten a autora da soidade e pasaxes da súa propia vida.

Alfaya, An, *O cero escuro*, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Catavento, nº 5, idade recomendada [Mocidade], 195 pp. (ISBN: 84-263-5110-7).

"O cero escuro" é o alcume de Nadia, a protagonista desta novela de An Alfaya (Vigo, 1964) que combina na súa trama os conflitos da adolescencia e a investigación da desaparición de Aurora. Nadia é unha adolescente con problemas motivados pola súa timidez, o seu carácter retraído e reflexivo, os seus complexos, os conflitos familiares debido ao divorcio de seus pais e o seu namoramento de Manel, un compañeiro que non lle fai caso ningún. Tan só a súa participación como guionista nun grupo de teatro independente que dirixe Ernesto, un dos seus profesores, consegue a súa integración e pouco a pouco a superación dos seus problemas. Á vez, todo o grupo decídese a resolver a misteriosa desaparición de Aurora, a mellor amiga de Nadia, quen tras abandonar un ensaio coa excusa de ir ao dentista non volve aparecer. As primeiras sospeitas levan aos seus amigos a reconstruír os últimos pasos da rapaza e a descubrir que contactou por Internet cun grupo organizado dedicado a atraer adolescentes con proxectos relacionados coa música, a moda ou o cine, garantindo o éxito inmediato, en realidade unha tapadeira para o tráfico de órganos. Coa investigación dos feitos, todos unen esforzos ata resolver, colaborando coa policía, o caso. Finalmente, Nadia consegue atraer a atención de Manel e deixar de lado a súa fama de "cero escuro".

Babarro, Xoán, García Teijeiro, Antonio, Ruíz, María Dolores, Sánchez, Gloria, *Para cantar e contar*, ilustr. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Federación de Libreiros ♦, abril 2003, 57 pp. (DL: VG-311-2003).

Edición non venal promovida por dúas consellarías da Xunta de Galicia e a Federación de Libreiros de Galicia que se ven realizando cada ano para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, que se fai coincidir co 2 de abril, data do aniversario do nacemento de Hans Christian Andersen. Vai acompañado de debuxos en branco e negro de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957). Os relatos recompilados son os de: Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947), "Sonsonetiño", un relato protagonizado polo trasno Pepe Sisto Arou, máis coñecido como Sonsonetiño por se dedicar a escribir sonetos que ía pendurando polas vilas que adoitaba visitar. Un día ao espertar da sesta, o trasno descobre que desaparecera a xente toda das vilas da contorna e vai xunto a María Manuela Arroz con Canela, a raíña de Carnés, quen lle explica que debido a que naquelas vilas non nacían nenos nin nenas todos decidiran marchar a Canarias a comer ensalada de plátano. Sonsonetiño, moi enfadado por non ter a quen dirixir os seus contos e adiviñas en verso, marcha a Canarias viaxando nun bilurico e consegue coas súas mañas que todos volvan á Terra de Soneira. Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) apóiase nos xogos coa tipografía do significante para achegarlle ao lectorado toda unha tipoloxía das palabras, posuidoras de matices poéticos suxestivos e definicións ben diferentes e imaxinativas. Finalmente, María Dolores Ruiz (Vigo, 1968) asina o relato "Lucas, o vampiro do leite". Nel cóntase o cambio que se produce na vida de Petunia que agarda acabar co aburrimiento grazas á chegada do seu irmán Lucas que vén de nacer. Pero de seguida a tenrura transfórmase en medo da súa ollada azul e cando está na cama soña que a ameaza e a expulsa do seu cuarto. Aínda que o bebé parece boiño, ela sabe que en realidade é un vampiro de leite e que vai ser difícil acostumarse á súa presenza.

Babarro, Xoán, *Eu voguei por Mar de Chocolate*, ilust. Laura Blanco, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Montaña encantada, a partir de 8 anos, 58 pp. (ISBN: 84-403-0433-1).

Ábrese este volume con dúas citas que predispoñen ao lector cara ao contido argumental desta obra de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947), que está acompañada das ilustracións de Laura Blanco, nas que xoga coas imaxes tridimensionais realizadas en plastilina e logo plasmadas en fondos bidimensionais. Técnicas que axudan a unha lectura visual directa que reflicte as ilusións do protagonista. Arrinca a historia coa presentación en primeira persoa de Nicolás, que, á súa vez, nos presenta ao seu primo Rónald, un rapaz colombiano que acaba de ser adoptado polos seus tíos e que resulta ser un tanto especial, pois é de cor por terse bañado no Mar de Chocolate e os seus primeiros pais non o poden atender porque viaxan nun barco repartindo soños de porto en porto. Son tantas as ansias de Nicolás por bañarse nese mar, que o día que lle caeu un dente formulou o seu desexo, aparecéndoselle un barco que o ía levar ao Mar de Chocolate. Desta historia marco xorden outras narracións que tanto o capitán coma a capitana do barco lle van relatar a Nicolás e que están protagonizadas polo ventíño pintor, o sol, o fume, unha estreliña de mar ou un polbo fantasma. Un conxunto de historias elaboradas cunha linguaxe claramente poética, que incluso por veces toma o verso rimado como forma de expresión. Finalmente, Nicolás consegue bañarse nese Mar de Chocolate que non vén nos mapas e, pese a que súa nai o esperte e volva ao seu mundo cotiá, a el quedaralle un colgante co seu dente, proba de que estivera cos pais de Rónald.

Recensións:

- María Navarro, 'Inocente sabedoría', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 'Infantil/Xuvenil', 24 abril 2003, p. VII.

Comenta que *Eu voguei por Mar de Chocolate*, de Xoán Babarro, esperta dende o seu inicio sensacións que, por un lado, nos transportan a un mundo máxico e extremadamente doce e, por outro, nos sitúa nunha espesura escura de ingratos recordos. Tamén sinala que se trata dunha historia na que a imaxinación e a procura dun desexo manteñen acesa a labarada da inxenuidade dun neno, que busca explicacións dalgunhas cousas que o rodean. Por último, salienta que no mundo onírico que se recrea nesta peza se constrúe un universo fantástico e marabilloso onde todo é posíbel, onde reina a paz e onde os homes se empeñan en facer felices aos demais.

Barxa, Francisco, *O Rato de Frei Corchea*, ilustr. Álex e Xela Barxa, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2003, idade recomendada Lectorado mozo, 63 pp. (ISBN: 84-96070-98-0).

Antes de comezar o relato fantástico-realista de Francisco Barxa (Terroso de Ourense, 1944), este ofrécenos unha "Presentación" na que explica a razón de telo realizado deste, así como a relación de Gaspar, o protagonista da obra, cos ratos. De seguido, en cinco capítulos, un narrador en terceira persoa dá conta de cómo Gaspar se converteu en Frei Corchea e pasou a ser o encargado de tocar o órgano na catedral de Lugo. Así mesmo, cóntase a relación de Frei Corchea cos ratos e principalmente con Pífaró, o único rato que non conseguiu matar e do que se fai amigo. O órgano de Frei Corchea, que ten moita porcallada acumulada, é preciso que estea limpo e afinado para o concerto que se vai celebrar proximamente na catedral, polo que Pífaró, xunto con algúns amigos, botaralle unha man nese labor a Frei Corchea e mesmo a Pepe, o afinador do instrumento. Ao concerto acudirá moita xente, ratos incluídos. As ilustracións figurativas de Álex e Xela Barxa están realizadas a partir de debuxos en branco e negro. Empregan liñas expresivas sen usar medias tintas. Nalgúns dos debuxos, na busca de volume nas formas, usan pequenos fragmentos entramados.

Caride Ogando, Ramón, *Ruki, o rato robot*, ilustr. Manolo Uhía, A Coruña: Casals, marzo 2003, col. O Trolebús, nº 18, idade recomendada primeiros lectores, 95 pp. (ISBN: 84-218-2711-1).

Dedicado a Sara, este relato de Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) presenta as aventuras do rato mecánico Ruki construído por Petra e Pedro, dous nenos de cidade moi enxeñosos. Movido por unha descarga eléctrica provocada por un raio, Ruki comeza unha viaxe polo espazo dentro dunha cafeteira coa que visita planetas como o dos ratos guquiquis, os ratos cempés ou os ratos abesouros. No seu percorrido por outros planetas de diferentes sistemas solares axuda aos seus habitantes a combater os problemas máis graves que padecen, así no planeta Queixón descobre cal é a causa de que as árbores queixameles caian

fulminadas ao chan, no planeta Milpatos axuda aos parrulos de rabo de nube a combater a seca provocada por unha nave espacial que consome moita auga e no planeta Nevemesta loita contra a destrución que un pirata está levando a cabo por roubar xeo. As aventuras seguen despois de visitar aos seus creadores acompañado do Teixugo, un pirata do espacio solitario do que se fixera amigo e que lle axuda, dende entón, a facer o ben. As ilustracións de carácter figurativo de Manolo Uhía (Portonovo, 1944) complementan con imaxes acuareladas algunhas escenas e personaxes.

Recensións:

- María Navarro, 'Aventuras trepidantes', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Infantil/Xuvenil', 12 xuño 2003, p. VII.

Ademais de lembrar títulos anteriores de Ramón Caride Ogando como *Soños eléctricos* (1992) ou *Perigo vexetal* (1995), sinala que nesta última entrega, *Ruki, o rato robot*, se dirixe aos primeiros lectores e que nela pretende poñer a proba a imaxinación destes. Do argumento sinala que se trata das aventuras espaciais dun rato que é un robot feito por Pedro e Petra. Tamén explica as peripecias que vive este rato nun mundo fantástico no que ademais de empregar nomes simbólicos quere denunciar os abusos dos máis fortes sobre os máis débiles. Remata aludindo á querencia do autor polo xénero da ficción científica, á presenza dos sentimentos no mundo robotizado que crea ou á importancia da compoñente humana no funcionamento das máquinas.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é un parque de bombeiros*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas queren saber, nº 6, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-95350-69-6).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). Nel cóntanse as diferentes peripecias da vida dos irmáns Bolechas. Son pois Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e o espabilado can Chispa os protagonistas desta visita ao parque de bombeiros. Alí aprenderán cómo se chaman a meirande parte dos instrumentos e ferramentas que adoitan empregar os bombeiros para salvar á xente que está en apuros. Poden ver tamén cómo son as instalacións e de que xeito se organizan unha vez que soa a serea. O relato que tamén se pode seguir polas ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil, moi próximas ás usadas nos debuxos animados e que adecúa con claridade a imaxe ao relato que acompaña, e mesmo salienta un aspecto marcado no texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van en caravana*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 30, idade recomendada [prelectores e primeiros lectores], [20] pp. (ISBN: 84-96203-36-0).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nesta nova entrega da serie Os Bolechas presenta as aventuras vividas pola familia cando realizou unha viaxe en caravana. Faise un percorrido polos diversos espazos que constitúen este medio de transporte, coméntanse as vantaxes e as posibilidades de dispor dun espazo como a propia casa mentres que se viaxa. Descríbense as comidas a bordo da caravana e a experiencia de durmir nela. O volume preséntase con ilustracións a toda cor que ocupan boa parte das páxinas, mentres que o texto está situado na marxe inferior. Ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil que reflicten moitas veces con humor as vivencias que se relatan en cada momento.

Carreiro, Pepe, *Marea negra*, ilust. do autor, Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Contos do Miño, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-95350-77-7).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) recrea neste volume a loita titánica dun grupo de animais contra a marea negra provocada polo afundimento dun petroleiro. A través dun narrador omnisciente en terceira persoa relátase como os animais dunha granxa, situada á beira do mar, tentan salvar ás súas amigas as gaivotas e a todos aqueles paxaros mariños que corren o risco de afogaren impregnados pola mancha negra que cobre o mar. Para botárense á auga contan cunha vella gamela que leva anos no patio da granxa, pero na que dorme o porco, nomeado capataz polo dono, quen se nega a erguerse para prestarlla, o que os obriga a botar man dun vello tronco de madeira a xeito de balsa. Cando o porco esperta e se decata da magnitude da traxedia, a pesar do seu arrepentimento é expulsado da granxa pola súa falta de solidariedade. Esta narración apóiase nas ilustracións a dobre páxina que engaden información complementaria, amplían o relato e están realizadas con trazos de carácter dinámico, cores vivas e planas con grande expresividade.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas teñen unha curmá*, Premio de literatura infantil e xuvenil "Lecturas" 2002, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 32, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-47-6).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) por medio dun narrador en terceira persoa conta neste volume as peripecias dos irmáns Bolechas cando van visitar ao hospital a súa tía para coñecer á curmá que tan só ten un día de vida. Durante a súa visita os irmáns serán testemuñas dos celos que ten Tatá, o irmá máis pequeno, ao deixar de ser o máis cativo da familia. No seu ataque de celos non só lle quita a chupeta e lle tira dos pelos á bebé senón que tamén desexa mamar da teta e apodérase do biberón que os seus irmáns lle regalaron á pequerrecha. As ilustracións a toda páxina e cunha ampla gama de cores complementan a narración e aportan novos datos ao lectorado como o feito de coñecer nesta ocasión a existencia dos pais dos Bolechas. Ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil que reflicten moitas veces con humor as vivencias que se relatan en cada momento.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van a un festival*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 29, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN:

84-96203-36-0).

A celebración do festival da escola é o tema central desta nova entrega do escritor e ilustrador Pepe Carreiro (Vigo, 1954). Na historia que se conta descríbense as distintas actuacións que teñen lugar nesa festa, entre as que se atopan demostracións de ximnasia rítmica, concertos da orquestra, obras de teatro, exercicios de kárate, exhibicións de baile moderno e tradicional, que serven para familiarizar ao lectorado con novas palabras destes campos semánticos e especialmente a participación da familia Bolechas. As ilustracións ocupan cada par de páxinas, pero o texto é individual para cada unha. Ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil que reflicten moitas veces con humor as vivencias que se relatan en cada momento.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe. Buscando a Linda en Pontevedra*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 2, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-95350-09-2).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). A historia que se presenta neste álbum transcorre na cidade de Pontevedra. Durante a visita dos Bolechas a esta cidade axudaranlle a unha nena a recuperar a súa cadeliña Linda que foi secuestrada por unha banda de maleantes. Será principalmente gracias á axuda do can Chispa quen loitará con moita carraxe contra o can dos secuestradores para a cambio recuperar a liberdade de Linda. Presenta unhas ilustracións figurativas e coloristas nas que se aprecia, por unha banda, o marcado carácter infantil dos personaxes e, pola outra, o realismo dos espazos nos que se moven. Elas mesmas propoñen unha secuencialización visual e tamén contextualizan e complementan as narracións que acompañan.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe. Primeiro amor en Ferrol*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 27, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-95350-47-5).

Nesta nova serie literaria de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nárranse as diferentes anécdotas que viven os irmáns Bolechas e o seu can Chispa nas diferentes cidades galegas ás que deciden viaxar. No seu deambular os seis irmáns chegan a Ferrol, cidade situada "ao pé do mar, no fondo dunha ría moi tranquila" e onde se fan "os barcos máis grandes do mundo". Durante a súa estancia en terras ferrolanas os Bolechas coñecen a Dominique, un mariñeiro francés, a quen axudan a atopar o camiño do porto e do que se namoran Pili e Loli, as dúas irmás xemelgas. En agradecemento á axuda prestada os irmáns son convidados a unha merenda-musical no barco-escola onde está embarcado o mariñeiro francés. Nela disfrutan da compañía dos mariñeiros e mariñeiras franceses cos que se entenden perfectamente a pesar de falar uns galego e outros francés e as dúas irmás xemelgas evitan sortear quen será a moza de Dominique ao coñecer ao seu irmán xemelgo Pascal. Presenta unhas ilustracións figurativas e coloristas nas que se aprecia, por unha banda, o marcado carácter infantil dos personaxes e, pola outra, o realismo dos espazos nos que se moven. Elas mesmas propoñen

unha secuencialización visual e tamén contextualizan e complementan as narracións que acompañan.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe. A moeda de Lugo*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-95350-66-1).

Nesta segunda entrega da serie literaria protagonizada pola familia Bolechas, creada por Pepe Carreiro (Vigo, 1954), os seis irmáns e o seu can Chispa chegan á cidade de Lugo, no mes de decembro, coa intención de coñecer a muralla romana. No seu paseo lucense atopan unha moeda de ouro e logo de averiguar a súa antigüidade deciden entregala no museo coa axuda de Roi, un neno de Lugo, que decide acompañalos. Logo de verse obrigados a perseguir por toda a cidade a un corvo que lles arrebatara a moeda e de argallar a maneira de lograr que o dono do corvo, adestrado a roubar ouro, lla devolva, conseguen entregala no museo e dánlles como recompensa moedas de chocolate. Presenta unhas ilustracións figurativas e coloristas nas que se aprecia, por unha banda, o marcado carácter infantil dos personaxes e, pola outra, o realismo dos espazos nos que se moven. Elas mesmas propoñen unha secuencialización visual e tamén contextualizan e complementan as narracións que acompañan.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas rifan no cuarto de baño*, Premio de literatura infantil e xuvenil "Lecturas" 2002, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas, nº 31, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-48-4).

O que parecía unha mañá máis na vida dos irmáns Bolechas acaba nunha loita de auga no cuarto de baño. Todo comeza no intre en que Braulio, namentres enxauga a gorxa, lle bota un chorro de auga a Carlos. A pesar de que foi en contra da vontade de Braulio, Carlos pícase e intenta lanzarlle un chafariz de auga ao seu irmán con tan mala sorte que bate en Pili. E así comeza un círculo de lanzamentos en vinganza do anterior namentres se van involucrando pouco a pouco todos os irmáns. Ao final os Bolechas veranse na obriga de limpar todo o cuarto de baño, ao estar sulagado de auga, e de secarse eles mesmos, momento no que observan ao máis pequeno ameazándoos con guindarlle auga do váter. Ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil nas que Pepe Carreiro (Vigo, 1954) reflicte con humor as peripecias e vivencias que se relatan en cada momento.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é a policía local*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas queren saber, nº 7, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96203-00-X).

Seguindo as peculiaridades desta serie literaria protagonizada polos Bolechas con formato rectangular, as páxinas a toda cor e a inclusión do texto escrito na parte superior, integrado dentro da propia ilustración, Pepe Carreiro pretende neste álbum dar a coñecer a policía local: os seus uniformes, os distintos cargos xerárquicos, as seccións nas que pode dividirse, e, sobre todo, as súas funcións. Saliéntase, especialmente, as intervencións policiais nas relacións cidadás e na organización do tráfico. Péchase a obra cunha lista de "consellos da policía local". As ilustracións son coloristas e figurativas de marcado carácter infantil, moi próximas ás usadas nos debuxos animados e que adecúa con claridade a imaxe ao relato que acompaña, mesmo salienta un aspecto marcado no texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe. A vaca da Amaía*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra □, 2003, col. Os Bolechas, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-96203-57-3).

Neste volume de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), os Bolechas están a facer o Camiño de Santiago e pasan polo val da Mahía, onde visitan á súa curmá Flora, que os convida a pasar a noite na súa casa e a ir á praia fluvial ao día seguinte. Pola noite os irmáns asústanse co ruído dunha vaca, pois para eles é algo novidoso. Cando á mañá seguinte están na praia, aparece a vaca furiosa que fuxira da corte e todos teñen que escapar, ata que se refuxian nun muíño e a vaca marcha. Contan iso a unhas paisanas que lles explican que a causa de que a vaca os atacase é que pediu o seu fillo. Os Bolechas deciden entón axudala e conseguen devolverlle o becerro á súa nai, que se converte de novo nunha vaca moi mansa. Presenta unhas ilustracións figurativas e coloristas nas que se aprecia, por unha banda, o marcado carácter infantil dos personaxes e, pola outra, o realismo dos espazos nos que se moven. Elas mesmas propoñen unha secuencialización visual e tamén contextualizan e complementan as narracións que acompañan.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é unha biblioteca*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Os Bolechas queren saber, nº 7, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96203-00-X).

Neste álbum infantil Pepe Carreiro (Vigo, 1954) achéganos a unha nova aventura dos irmáns Bolechas, que no seu afán por coñecer e presentarnos novas cousas visitan unha biblioteca. O narrador descríbenos o que alí atopan; os distintos tipos de libros, a súa ordenación, así como a importancia que ten á hora de facer novos amigos. Os protagonistas collen cadanseu libro de temática distinta e, fascinados pola lectura, mesmo chegan a meterse na historia. Finalmente, inclúense unha serie de consellos útiles á hora de usar unha biblioteca. As ilustracións son coloristas e figurativas de marcado carácter infantil, moi próximas ás usadas nos debuxos animados e que adecúa con claridade a imaxe ao relato que acompaña, mesmo salienta aspectos moi marcados no texto.

Casalderrey, Fina, *Lúas de nácara*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. Fóra de xogo, nº 68, idade recomendada [lectorado mozo], 122 pp. (ISBN: 84-8302-963-4).

Fina Casalderrey (Xeive-Pontevedra, 1951) ofrécenos un conxunto de cinco relatos, nos que ten lugar unha simbiose entre o mundo real e o fantástico e nos que palpan sentimentos coma o amor, o medo ou a soidade, ademais de contar sempre coa presenza da luz anacarada, que tamén se rexistra nun dos peritextos prefaciais do volume, a dedicatoria: "A miña nai e a meu pai, que con sabedoría e amor pintaron de nácara a miña infancia". No primeiro dos relatos, "Lúas de nácara", unha moza pintora narra en primeira persoa os misteriosos encontros que polas noites mantén cun home, que di estar feito da materia dos soños e se lle ofrece a adecentar o xardín do vello caserón. Despois de que este ser sobrenatural cumpra o seu acometido, desaparece esvaído pola néboa da noite. En "Cita nos Xardíns do Sur", a través dun voz narrativa en terceira persoa e unha carta, coñecemos a historia de Henrique, un emigrante retornado, que non consegue ser feliz ata que salda unha conta pendente dun tío seu xa finado. En "Refachos de néboa", de novo, unha voz feminina fai testemuña ao lector da súa experiencia persoal ao percorrer o Camiño de Santiago, a través do cal non só vai facer un traxecto físico, senón que tamén interior, ao conseguir aclarar as súas leas sentimentais por medio duns encontros clandestinos co seu home ideal. En "Residencial cero", a voz masculina dun mozo escultor achéganos as angustiosas sensacións que vive ao trasladarse a unha urbanización un tanto estraña dende o punto de vista arquitectónico, que non era máis que a morte e un cemiterio disfrazado de modernidade; e, xa por último, coñecemos tamén outra deacougante historia por medio dunha voz masculina en primeira persoa en "Un xeadado para toda a vida", que nos relata cómo se queda sen corazón, despois de lle ter negado unha esmola a unha rapaza.

Recensións:

- Paula Fernández, 'As lúas de nácara', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Infantil/Xuvenil', 10 abril 2003, p. VII.

Refírese á produción literaria de Fina Casalderrey, para logo deterse no comentario da súa última entrega, *Lúas de nácara*, "un libro de relatos que debuxa retallos da vida cotiá onde sempre aparece a presenza dalgún feito estraño ou sobrenatural". Fai un resumo do argumento destes relatos, nos que se alude ás crenzas da cultura popular e ás técnicas orientais. Tamén apunta que é propio deste microxénero a sensación de desacougo que os personaxes transmiten por medio dos monólogos interiores ou pola presentación que se fai do tempo nalgúns ocasións. Conclúe sinalando que o conxunto dos relatos, agrupados polo emprego dese leitmotiv que é o sobrenatural, resulta atractivo e divertido para o lector adolescente, quen poderá atopar semellanzas con multitude de filmes ou debuxar na súa mente todas as pequenas historias.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Fermosos relatos tecidos cos fíos dos soños', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 11 maio 2003, p. 3.

Comenta que con *Lúas de nácara*, Fina Casalderrey se suma á idea de Borges de que a literatura é un soño dirixido que nos permite fuxir do real por medio da fantasía. Sinala que un forte contido fantástico, simbolizado pola presenza constante da luz anacarada, nutre os cinco relatos que conforman este volume, que está dirixido ao público de todas as idades. Explica que a xuntanza de maxia e de realidade se produce nos relatos da escritora pontevedresa cando "certas raiolas feiticeiras do mundo fantástico, personificadas en entidades imaxinarias ou en seres aparentemente de carne e óso, veñen ao encontro dos verdadeiros personaxes reais protagonistas das cinco historias". A seguir, alude ao contido de cada unha destas historias que están "levantadas mediante unha arquitectura moi sinxela, ganduxadas cunha linguaxe de poderoso contido fantástico".

- Xosé M. Eyré, 'Seis historias xuvenís para ler en verán', *A Nosa Terra*, nº 1.090, 'Cultura', 10 xullo 2003, p. 26.

Comeza referíndose á obra de Fina Casalderrey, *Lúas de nácara*, que recolle un conxunto de cinco relatos que ben poderían figurar en calquera colección destinada aos adultos. Explica que neles se desenvolven ambientes de intriga e misterio, onde teñen lugar procesos de descuberta ou redescuberta interior, que están relacionados coa capacidade de amar. Sinala que se trata de ambientes perforados por "raiolas de selecto lirismo que reaparecen e reaparecen para que non esquezamos que o camiño é saber (e poder) sentir", razón pola que o elenco de personaxes destas historias sexa mínimo. Detense no comentario de cada un dos relatos e, a continuación, na novela *Carmín* (2002), de Domingo Tabuyo. Defínea como "unha sorte de parodia bucólica das novelas de investigación" e apunta que se trata dunha obra primeiriza na que se detectan defectos propios dos narradores principiantes, dos que dá conta a seguir e referentes á súa trama argumental, evolución do personaxe principal ou ao seu modo narrativo.

Referencias varias:

- Rodri García, 'Novas obras das editoriais galegas diante do libro infantil e xuvenil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 marzo 2003, p. 51.

Ante a próxima celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil, faise eco das publicacións máis recentes das editoriais Kalandraka, Sotelo Blanco, Alfaguara Obradoiro, Edicións Xerais de Galicia e Galaxia, ademais de recoller certos comentarios de David Otero, quen considera que os editores "posiblemente debesen comunicar máis, reflexionar e meter a Galicia na cabeza, verse na súa situación mediadora, provocadora, para teren máis claros os seus proxectos para colocárense nos traxectos que debesen afianzar aínda máis a normalización cultural e lingüística, a través do libro e da literatura". Por outra parte, refírese a aparición de *Lúas de nácara*, no que a soidade, os soños, o medo e o amor, envoltos en moita imaxinación, son sentimentos que atravesan os textos deste novo libro de Fina Casalderrey.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Infantil/Xuvenil', 1 maio 2003, p. VII.

Faise referencia á aparición do último libro de Fina Casalderrey, *Lúas de nácara*, que recolle cinco relatos unidos pola materia coa que están feitos: "a dos soños, o amor e a soidade, ambientados nesas horas de nácara en que as sombras cobran luz". Tamén se fai eco doutros títulos da autora nacida en Xeve.

- Belén López, 'Fina Casalderrey: Non se pode ser obxectivo, pódese ser honesto ou non', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 22 maio 2003, p. 85.

Conversa con Fina Casalderrey na que explica que os relatos de *Lúas de Nácara* naceron dunha maneira independente e que, posteriormente, se deu conta de que tiñan moito en común: o mundo dos soños, o amor, o desamor, a vida ou a morte e, sobre todo, esas noite nacaradas pola lúa. Refírese á presentación da obra no Café Moderno e salienta que os seus relatos transcorren entre o universo do soño e o da realidade e que cada un ten o seu comezo e a súa fin. Tamén alude a aqueles feitos reais que a conmoven a actuar e á tradición galega de contar contos, así como reafirma a importancia que ten escoitar o mundo para un escritor. Por outra banda, fala da retirada do mercado dun libro de ficción e da situación da lingua galega.

- B.L., 'Fina Casalderrey. Redescubriendo a noite na literatura', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 maio 2003, p. 86.

Alude á presentación no Café Moderno de Pontevedra de *Lúas de nácara*, por parte de Manuel Bragado, quen afirmou que se trata do libro máis importante de Fina Casalderrey e se referiu á depuración narrativa que ten sufrido a autora pontevedresa nesta última década, así como á "proposta fantástica de ficción" que representa esta última entrega, na que se "mesturan soños, memoria 'e a luz nacarada da lúa". Apunta que Casalderrey, xunto á voz de Uxía Blanco e a interpretación de cancións de Beatriz López, realizaron a lectura do primeiro dos contos de *Lúas de nácara*. Tamén recolle parte da intervención da autora, quen explicou que cada unha das historias xurdira "de arroutadas distintas", aínda que tiñan en común a presenza da lúa e o significado da noite como "bálsamo que cambia as conciencias".

- Mercedes Angueira, 'Últimas novedades', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Libros que leer', 27 decembro 2003, p. 27.

Nesta sección, na que se ofrecen algunhas notas sobre cuestións relacionadas co mundo editorial, Mercedes Angueira achégase á obra de relatos *Lúas de nácara*, de Fina Casalderrey. Sinala que através de diversos personaxes a autora pontevedresa reflicte parte de si mesma en cada historia, destacando tamén da súa traxectoria obras como *¡Asústate, Merche!*, *O misterio do cemiterio vello* ou *Dúas bágoas por máquina*. Do seu estilo salienta a recreación do universo adolescente, o realismo dos personaxes ou o intenso ritmo dos

relatos. A seguir, reproducense as bases da XXIIª edición do Premio Xerais de Novela e a XIX do Merlín.

Casalderrey, Fina, *Un can no piso*, ilust. Mikel Valverde, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, marzo 2003, col. ¿E que?, nº 9, a partir de 8 anos, 30 pp. (ISBN: 84-8288-596-0).

Fina Casalderrey (Xeive-Pontevedra, 1951) ambienta nun espazo urbano este relato narrado en primeira persoa con moito diálogo pola pequena protagonista, Inma, quen nos conta que un día farta de aburrirse sae ao parque da cidade, onde atopa un can que está só. Con el comparte a súa merenda e xogos ata a hora de marchar para a casa. Pero cando comeza o camiño o can camiña detrás dela malia os seus intentos por apartalo do seu lado. Unha vez que chegan ao portal, Inma decide levalo ao piso aínda que sabía o desgusto que ían ter seus pais cando chegasen. Ao final os pais aceptan o can porque a protagonista superou a proba á que foi sometida e que só consistía no encargo de coidar o can. O texto está acompañado dos debuxos acquarelados e espontáneos de Mikel Valverde (Vitoria, 1966), unhas ilustracións abertas, sinxelas e claras, cheas de cor que axudan á comprensión do relato.

Referencias varias:

- M.O., '¿Un can no piso!', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Nota na que se anuncia a saída dun novo título da colección "¿E que?", coa que se busca axudar a superar o medo de ser diferentes nenos e nenas. Explicase o argumento da obra de Fina Casalderrey, *Un can no piso*, e lémbrese que nesta colección xa saíron títulos nos que se abordan cuestións como a separación dos pais, a obesidade, o non saber nadar, ter irmáns con problemas ou diferentes roles familiares co que se tenta facer normal o que podería ser un complexo.

- María Navarro, 'Unha historia amena', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Infantil/Xuvenil', 11 setembro 2003, p. VII.

Comeza sinalando que esta nova entrega de Fina Casalderrey vén completar entregas anteriores desta colección na que se tratan temas arredor dos nenos que poden converterse en importantes problemas para eles. Lembra títulos xa publicados como *Estou gordecho*, *Vou ter unha irmanciña* ou *Eu vivo en dúas casas*, nos que se salienta o enfoque divertido de situacións propias da vida cotiá. Explicase a grandes trazos o argumento de *Un can no piso*, que protagoniza Inma, un relato do que se destaca a transmisión de sensacións ao lectorado que o fan reflexionar, tanto naqueles que se identifiquen coa personaxe-protagonista coma a outros por decatárense da madurez das decisións dos máis pequenos. Remata sinalando como claves a brevidade, a concisión e a sinxeleza do volume coas que nos achega unha historia divertida e amena.

Castro, Francisco, *Memorial do infortunio*, ilust. Tucho Fernández Calo, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Relatos históricos, idade recomendada [mocidade], 82 pp. (ISBN: 84-96203-42-5).

Francisco Castro (Vigo, 1966) iníciase no xénero histórico cunha novela de aventuras centrada na época da chamada "descuberta" do novo mundo. En seis capítulos sen título, un *eu protagonista*, Toribio de Celanova, o día 5 de novembro de 1571 dítalle dende o leito de morte ao notario Carlos de Balboa, os sucesos que lle aconteceron en 1532 a el e aos seus compañeiros baixo o servizo de Francisco Pizarro nas terras do Perú, cando lle deron morte ao inca Atahualpa e caeu sobre eles unha maldición. No seu relato, exculpa ao notario de calquera delito e sinálalle que coa súa narración pretende salvagardar a memoria de Johan de Braga (un dos seus compañeiros), a quen a Inquisición queimou na. Na narración aparecen as experiencias colonizadoras levadas a cabo por el e os seus amigos nas terras peruanas; cómo foi a entrevista dos españois co inca; o asasinato de Atahualpa; o saqueo dos españois despois da vitoria, e principalmente, o roubo por parte de Santiago de Ayala do medallón de ouro, símbolo do deus dos incas, e as consecuencias que este roubo lle supuxo. As ilustracións figurativas da portada e do interior do volume son da autoría de Antonio Fernández Calo (Porto do Son, 1981). Nelas predominan os verdes, vermello e amarelo e reproducense episodios da historia relatada.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Aventuras e historia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Libros', 25 setembro 2003, p. IV.

Coméntase a creación por parte de Francisco Castro dun universo literario con características propias. Fálase das obras previas a *Memorial do infortunio* realizadas por este vigués e, finalmente, céntrase nesta súa última obra: xénero ao que pertence, argumento, autores aos que esta narración recorda, etc.

- Xosé Freire, 'A maxia do derrotado', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 27.

Dáse conta da consolidación da colección de Relatos Históricos de *A Nosa Terra*, inaugurada por Riveiro Coello, coa aparición de dous novos títulos dos cales un é *Memorial do infortunio*, de Francisco Castro. Menciónanse algunhas das obras deste autor vigués, aspectos da súa distribución ou premios que obtivo e, finalmente, analízase *Memorial do infortunio* sinalando o argumento ou incluso os desexos do autor na escrita desa obra.

Referencias varias:

- X. F., 'Memorial do infortunio', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'Narrativa', 9 agosto 2003, p. 7.

Indícase que a historia de Galicia ofrece numerosas pasaxes coas que construír excelentes ficcións literarias e dánse exemplos dalgunhas delas. Respecto ao dito, entre as publicacións recentes destácase *Memorial do infortunio* de Francisco Castro, obra da que se

dá o argumento. Para rematar, dise que o ilustrador Tucho Fernández Calo pón a cor que caracteriza o texto desta novela.

- MARÉ, 'Reivindicar ós oprimidos', *Galicie Hoxe*, 'Un agosto de cultura', 19 agosto 2003, p. 46.

Sínálase a *Memorial do infortunio* como a primeira intromisión de Francisco Castro na novela histórica de aventuras. Ofrecense as opinións do autor respecto ás partes da obra (parte real *versus* parte froito da ficción), ao que máis engancha dela, á dosificación da intriga, á plasmación en imaxes do seu pensamento polo ilustrador Antonio Fernández Calo, etc. No remate, indícase que o autor está inmerso nun novo traballo narrativo.

- Armando Requeixo, 'Memorial do infortunio': unha viaxe a través das descoñecidas terras incas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Relato', 28 setembro 2003, p. 4.

Cualifícase a Francisco Castro como autor camaleónico dado o diverso carácter da súas obras: poesía, obras vinculados co xornalismo, prosa narrativa, etc. Armando Requeixo sinala este último como o eido no que máis cómodo se sente o vigués, cita algunhas das súas obras narrativas e céntrase na novela *Memorial do infortunio*, ilustrada polo sonense Antonio Fernández Calo. Finalmente, fala da técnica empregada nesta obra, o tema, a presenza de anacronismos, etc.

- Ramón Nicolás, 'Quero defender unha poética da paixón para estes tempos grises', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Entrevista', 16 outubro 2003, p. III.

Entrevista a Francisco Castro, autor de *Memorial do infortunio*, na que comenta distintos aspectos da súa obra narrativa. Sinala as diferenzas e semellanzas entre *Memorial do infortunio* e a súa narrativa anterior e pón en relación a historia desta súa última novela con problemas actuais como a guerra de Iraq. Así mesmo, fala do esforzo previo que supuxo a realización deste seu traballo e valora como experiencia positiva a súa achega á literatura erótica con *Xeografías*. Finalmente, fala da posición que ocupa no panorama literario galego contemporáneo e dos autores cos que se sente máis próximo, así como das características da súa poesía.

Colectivo Montbel, *¡Imos ir á escola!*, ilust. Eva Bello Alonso, A Coruña: Primerapersona, maio 2003, idade recomendada [lectorado autónomo], 35 pp. (ISBN: 84-95923-70-X).

Volume concibido polo Colectivo Montbel de mestras para a Educación infantil como un instrumento de apoio para as familias con nenas e nenos en período de adaptación escolar que contén o conto que lle dá título e un mini-libro titulado *¡Van ir á escola!*, dirixido especificamente aos pais no que se recollen consellos para estes, información sobre o que os nenos e nenas van aprender e indicacións sobre cómo se lles debe ler un conto cando son tan pequenos. A historia narrada no conto está protagonizada por Antía e David, dous irmáns que van visitar con seus pais a escola na que comezarán despois do verán as súas primeiras clases. Cando rematan as vacacións incorpóranse cos demais nenos e nenas ás

aulas, onde aprenden as normas que rexen a vida dos escolares, dende a colocación en ringleira para entrar e saír, o ter a súa propia percha na que colgar as mochilas ou merendar e logo recoller todo, actividades coas que se busca fomentar valores como o respecto polos compañeiros e os bos modais. As accións que levan a cabo e o proceso que seguen fai que estean contentos de asistir á escola e marchen con gañas de volver.

Cortizas, Antón, *Onde o Sol non adormece*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Fóra de xogo, nº 71, idade recomendada Mozos adultos, 254 pp. (ISBN: 84-9782-054-1).

Novela de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) que recolle a historia de amor entre dous adolescentes: Pedro, un mozo de 18 anos que quere estudar óptica e optometría na universidade, e a súa veciña Xulia, unha moza cega, un ano máis nova ca el. Comeza a novela cun relato en primeira persoa datado o 28 de maio de 2007 no que Xulia explica a intención que ten de reescribir a súa propia historia e a de quen lle fixo tanto e tan ben, historia da que, segundo ela sinala, os elementos básicos que conformarían o texto (narrador, acción, personaxes e espacio) xa están escritos. A seguir, reproducése o diario escrito por Pedro dende o xoves 16 de setembro de 1999 ata o 28 de setembro dese mesmo ano, período de tempo no que Xulia viaxa a Estocolmo para ser operada da súa cegueira, mentres Pedro agarda o seu regreso na aldea natal. Nos escritos de Pedro, o mozo relátalle á súa amiga os sentimentos que o invaden na súa ausencia e o amor que sente nos últimos tempos cara a ela; recorda vivencias da súa vida xuntos desde cativos ou incluso os seus plans de futuro con ela; explícalle o que está significando para el a caixa de cedro que os dous ben coñecen e coa que teñen xogado moitas veces, así como a súa intención de recoller os raios da lúa no espello desa caixa que o obsesiona, para axudala a recuperar a vista e amosarlle o seu amor. A continuación reproducense os distintos escritos de Xulia, datados xa no ano 2007, no que tamén un narrador en primeira persoa, neste caso Xulia, narra cómo se enterou da desaparición e morte de Pedro ao seu regreso de Estocolmo, cómo recuperou a vista sen necesidade de ser operada, e cómo a axudou a iso o desexo de ler cos seus propios ollos aqueles escritos do seu amigo nos días previos á súa morte, que os pais do rapaz lle deron porque sabían que eran para ela. Xulia recorda o carácter dese amigo polo que ela tamén sentía algo máis que amizade.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Lirismo do invisible', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

En primeiro lugar Paula Fernández destaca a razón pola que sorprende ao lector a novela *Onde o sol non adormece* de Antón Cortizas, pese a non introducir temáticas ou xeitos de escribir novos na literatura xuvenil. A continuación, ofrece un resumo da obra e destaca as características positivas máis importantes da mesma. Sinala algúns aspectos da novela que poida que non sexan do gusto do lector, mais loa a obra narrativa de Cortizas e afirma que a traxectoria narrativa do autor ata o momento "avala esta novela mesmo antes de comezarmos a súa lectura".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Infantil/Xuvenil', 6 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas, na que ofrece notas argumentais de obras que veñen de saír do prelo, encárgase nesta ocasión de estudos varios e no referido á literatura galega ofrece algúns trazos de *Onde o sol non adormece*, de Antón Cortizas. Explica que o argumento desta novela de amor xira arredor das lembranzas dun adolescentes nos días previos á súa entrada na Universidade, nas que rememora a súa vida ao lado de Xulia, a súa amiga dende a infancia.

Cubeiro, Suso, *Larita*, ilust. do autor, limiar de Ramón Varela Ramos, A Coruña: Everest Galicia, outubro 2003, col. Rañaceos, a partir de 8 anos, [64] pp. (ISBN: 84-403-0432-3).

Esta obra de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) ábrese cun limiar no que se indica que, mesturando realidade e fantasía, se recolle a historia da locomotora de vapor "Sarita", propiedade de John Trulock, avó de Camilo José Cela, que se conserva na Fundación Cela en Iria Flavia. É a locomotora Larita, construída en 1880 en Inglaterra, quen relata cómo tras cruzar o mar de Fisterra ten un accidente que trunca o seu destino. Fai un percorrido pola súa vida e lembra cómo coñeceu a quen a rescatou do seu abandono e a levou a Carbiz, e cómo grazas a César e a Xesús, dous "tolos" ferroviarios, volveu á circulación e salvou a un automotor e aos seus pasaxeiros. Ao tempo, explica o traballo dos ferroviarios e a modernización das locomotoras. Decátase de que o seu destino nunca fora ser real, senón un referente para os demais e invita ao lectorado a visitala en Carbiz. O relato apóiase nunhas imaxes fragmentadas, con enfoque fotográfico, resoltas de xeito realista e usando técnicas mixtas.

Recensións:

- María Navarro, 'Lección de humildade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 57, 'Infantil/Xuvenil', 30 outubro 2003, p. VII.

Dá conta da publicación de *Larita*, primeira obra do ilustrador Suso Cubeiro, que quere ser unha homenaxe á locomotora de vapor que se atopa en Iria Flavia. Sinala que o autor, partindo dun feito real, lle achega ao lectorado máis miúdo a amizade desta locomotora, convertida nun ser animado e con sentimentos, con dous homes que van mudar o seu destino. Explicase o argumento da obra, da que se salienta que é unha lección de humildade por converterse a protagonista nun ser que loita por axudar aos demais. Remátase destacando a calidade das ilustracións do propio autor, nas que se ve diferenza con traballos anteriores, e nas que o deseño gráfico dá como resultado un exercicio plástico no que se pon de manifesto a estreita relación entre texto e imaxe.

Doallo Álvarez, Rita, Leiras Barreiro, Iago, Mascuñán Freijanes, Ignacio, Pedreira

Lombardía, Emma, **Piñón Dacal**, Pablo, *Polbo á feira e catro contos máis*, Premio Ourense de Contos para a Mocidade, Ourense: Casa da Xuventude de Ourense/Agrupación de Libreiros de Ourense □♦, 2003, 69 pp. (ISBN: 84-453-3708-4).

Ábrese o volume cun "Limiar", que asinan a Casa da Xuventude e a Agrupación de libreiros de Ourense e no que se anuncia que *Polbo á feira e catro contos máis* é o resultado visíbel da vixésima edición do Premio Ourense de Contos para a Mocidade. A seguir, apúntase que os contos reproducidos foron os elixidos polo xurado, de entre os máis de corenta presentados, por parte dos participantes con idades comprendidas entre os catorce e trinta anos. Tamén se espera que o seu lectorado saiba apreciar a súa calidade, "testemuña indubidable do bo nivel dos concursantes e de que a literatura galega segue cun vizoso estado de saúde". Despois da reprodución dos traballos galardoados, péchase o volume cunha ficha técnica, que recolle diversos datos do XX Concurso de Contos para a Mocidade, e con dúas listaxes, nas que se dá conta dos participantes desta edición e dos gañadores das anteriores, respectivamente.

Os autores e traballos galardoados son os seguintes:

- Pablo Piñón Dacal, "Polbo á feira" (Premio Ourense), pp. 11-27.

Pablo Piñón Dacal (Pontevedra, 1974) asina este relato, no que un dos protagonistas narra cómo recibe o encargo da banda mafiosa á que pertence para que se faga cos servizos dunha polbeira de moita sona, Rosaura, coa finalidade de que lle prepare un bo polbo á feira a uns europeos do leste dedicados ao negocio dos autos de importación. Despois de recibir unha boa suma de cartos e de ser secuestrada, Rosaura prepara un exquisito polbo á feira que estaba condimentado por unha lentellas de "Ratibrom", o que vai provocar que decida fuxir xunto co narrador do relato ás terras de Portugal.

- Iago Leiras Barreiro, "Camiño de esperanza" (Accésit), pp. 29-36.

Iago Leiras Barreiro (Vigo, 1981) é o autor da peza narrativa, na que unha terceira persoa conta a historia de Ana, unha rapaza galega que se ve na obriga de emigrar xunto cos seus pais a Arxentina, onde casa con Iván e ten un fillo. Co paso dos anos, regresa a Galicia e reencóntrase co seu amor de xuventude, Antón, quen deposita as cinzas do defunto marido dela debaixo do carballo, que acostumaban visitar os dous namorados antes da partida de Ana, ao mesmo tempo que revive as imaxes que xorden na súa memoria.

- Ignacio Mascuñán Freijanes, "Unha cuestión de identidade" (Accésit), pp. 37-44.

Ignacio Mascuñán Freijanes (Pontevedra, 1979) presenta este traballo, no que o personaxe central é o Supervisor de Viaxes Transcoloniais do Hotel Canon-3, Gustavo Rodin, quen relata cómo ao seu regreso dunha viaxe galáctica o Sistema Central Operativo Tele-Transportador de Yarinia (SCOTTY) comete un erro no reagrupamento molecular ao teletransportalo e o converte no seu compañeiro Huberto Marinetti, Vice-Supervisor do Hotel. A causa deste erro, descobre que Huberto se quería facer co seu traballo e mantiña relacións coa súa muller, o que o levará a ordenarlle ao SCOTTY que a nave na que orbitaba o seu inimigo fora enviada en viaxe de prospección por tempo indefinido a unha colonia de dubidosa reputación.

- Enma Pedreira Lombardía, "Cama ás escuras" (Accésit), pp. 45-51.

Emma Pedreira Lombardía (A Coruña, 1978) é a autora deste relato, no que unha terceira persoa nos describe o que lle acontece a un conxunto de persoas que habitan nunha escuridade permanente, que parece ser unha fosa común poboada por seres sen vida.

- Rita Doallo Álvarez, "¡Ai!, Xiana..." (Accésit, menor de 17 anos), pp. 53-62.

Rita Doallo Álvarez (Ourense, 1987) concursou con esta historia, que se inicia cunha carta na que se recolle a vida feliz de Xiana. A continuación, a súa mellor amiga, Efi, narra cómo os celos a levaron a envelenar a Xiana, aínda que ao final vai ter que ser o lector o que decida se a historia relatada foi verdade ou é produto da imaxinación de Efi.

Docampo, Xabier P., **Fernández Paz**, Agustín, **Martín**, Paco, **Miranda**, Xosé, *Contos do museo. Relatos do Museo Provincial de Lugo*, ilustr. Paco Pestana, Macía, Xoán M. Balboa, Alejandro Carro, Lugo: Museo Provincial de Lugo/Deputación Provincial de Lugo □♦, 2003, 122 pp. (ISBN: 84-8192-227-7).

Segundo se explica nos prólogos institucionais, este volume é un experimento para atraer lectorado e tamén posíbeis visitas ao Museo Provincial de Lugo. Partindo dos catro relatos que contén o libro, os promotores do volume teñen previsto completalo cunha guía que conterá catro rutas polo museo: a do fantasma, a do paxaro, a do trasno e a da serpe. Acolle contos cheos de fantasía realizados por autores lugueses.

-Xabier P. Docampo, "Visita nocturna", ilustr. Paco Pestana, pp. 16-42.

Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946) e o ilustrador Paco Pestana (Castroverde, Lugo, 1949), achégannos en "Visita nocturna", unha aventura protagonizada por Inés, unha adolescente que decide pasar unha noite no museo para comprobar se tal como se dicía había unha alma en pena no seu interior. Esta decisión xurdiu a raíz de ter que facer un traballo de clase sobre o museo. Esa noite vive unha intensa aventura ao comprobar que era verdade e que a alma dun monxe, un dos primeiros membros do convento que agora forma parte do museo, intentaba liberarse pedíndolle axuda ao San Francisco esculpido por Asorey, libérao Inés ao lerlle o que el mesmo levaba escrito nas costas. Esta divertida aventura foi o traballo que fixo a rapaza, aínda que non lle confesou a ninguén que fose verdade porque seguramente non a cren.

- Agustín Fernández Paz, "A serpe de pedra", ilustr. Macía, pp. 44-75.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) e o ilustrador Miguel A. Macía (Lugo, 1955) conxugan os seus talentos en "A serpe de pedra" para aproximarnos a un relato de terror, no que traballador do museo describe nas súas últimas horas de vida a causa da súa morte. Todo comezara cando atraído pola arqueoloxía centrou a súa vida neste tema e como responsábel das salas desta sección no museo investigou unhas mámoas que había preto de Vilalba, onde atopou a confirmación da súa teoría: na Galicia megalítica, ao igual que

noutros lugares, había un culto ás serpes, polo que nunha vitrina do museo expuxo a serpe de sílex que atopara nas súas indagacións. Isto provocou sucesos estraños que derivaron na resurrección da Deusa serpe que había de devolver o dominio do mundo aos reptís e que escollera como primeira vítima ao seu propio descubridor.

- Paco Martín, "Un paxaro posible", ilustr. Xoán M. Balboa, pp. 76-100.

En "Un paxaro posible", relato de Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) e do ilustrador Xoán M. Balboa (Lugo, 1938), a través de catro personaxes centrais: dous mestres e dous alumnos, cóntase unha historia que comeza cando a mestra de debuxo descobre que dous dos seus alumnos, nun debuxo feito nunha visita ao Museo de Lugo, representaran un paxaro enriba dun pozo na mesma posición, a pesar de estaren en ángulos opostos. Compartiu esta curiosidade cun compañeiro que a axudou a descubrir en que se inspiraran, a pesar de que non recordaban nada, pouco a pouco descubriron que o viran nun cadro dunha vella resignada e coa única esperanza de liberdade posta no paxaro do pano. Foron ao museo para ver o cadro e experimentar a mesma sensación de amor e entendemento mutuo vivida de maneira tan natural polos dous adolescentes.

- Xosé Miranda, "Un trasno do museo no tour de Francia", ilustr. Alejandro Carro, pp. 102-122.

En "Un trasno do museo no tour de Francia", Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Alejandro Carro (Lugo, 1964) relatan o que supostamente se conta no libro dun erudito e parapsicólogo bretón e que se traduciu ao galego co título de "A carreira misteriosa". Ademais reclama a reedición deste libro esgotado no que se contan todas as falcatuadas do trasno Berbenbexo, residente habitualmente no museo, aínda que tamén viaxou ao *tour* de Francia no ano 1989 facendo que Álvaro Pino non gañase simplemente por chamarse igual ao dono dos torques cos que fora trasladado ao museo. Reprodúcese unha entrevista a este ciclista que di que perdeu de vista ao trasno cando alguén escribiu un conto sobre el titulado "Un trasno no museo no tour de Francia".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Literatura fantástica polas rutas do Museo de Lugo', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 12 outubro 2003, p. 3.

Comentario pormenorizado do volume *Contos do museo*, que é unha proposta didáctica e ao mesmo tempo unha guía literaria do Museo Provincial de Lugo. Antes de adentrarse en cada un dos catro relatos que compoñen o volume, salienta que o seu propósito é facer chegar aos lectores sentimentos e emocións do mundo da imaxinación. Respecto ao conto de Xabier P. Docampo destaca a súa mestría e o ben que mostra os contidos do museo, aínda que abuse dos diálogos. Do relato de Agustín Fernández Paz subliña que é o "máis rico e consistente" do volume. Ademais clasifica este conto de terror dentro do estilo de Lovecraft. No tocante ao conto de Paco Martín, que se relaciona coas salas de pintura e de gravado, destaca que o paxaro ao que alude se converte nun símbolo do desexo de liberdade. Polo que respecta ao relato de Xosé Miranda apunta que é sobre todo un xogo literario no que fai intervir a persoas reais. Como conxunto valora deste volume o carácter

pracenteiro da súa lectura e a sensibilización que se fai para que os lectores se sintan atraídos polos tesouros dos nosos museos.

- A.R., 'Contos do museo', *Tempos Novos*, nº 78, 'Libros', novembro 2003, p. 72.

Aplauze a iniciativa do Museo Provincial de Lugo de reunir nun volume catro contos de autores lugueses para promocionarse. Cita o nome dos contos xunto cos dos seus respectivos creador, sen esquecerse dos ilustradores. Apunta que os relatos teñen en común a ubicación espacial no museo e salienta que son historias fantasiosas "para soñar co mundo e trasmundo".

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Unha gran idea', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 29 outubro 2003, p. 69.

Louva a iniciativa do departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo ao encargar contos a recoñecidos escritores de literatura xuvenil promocionando distintas rutas deste edificio. Segundo destaca, os itinerarios trazados polos autores son o da Pantasma, o do Paxaro, o do Trasno e o da Serpe. Conclúe destacando que o resultado é un volume cheo de humor, fantasía e imaxinación, que resulta atractivo para a lectura e para a visita ao museo. Esta referencia saíu tamén publicada no xornal *Galicia Hoxe*, o día 1 de novembro de 2003.

- Marcos Valcárcel, 'Contos no Museo de Lugo', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 1 novembro 2003, p. 64.

Louva a iniciativa do departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo ao encargar contos a recoñecidos escritores de literatura xuvenil promocionando distintas rutas deste edificio. Segundo destaca, os itinerarios trazados polos autores son o da Pantasma, o do Paxaro, o do Trasno e o da Serpe. Conclúe destacando que o resultado é un volume cheo de humor, fantasía e imaxinación, que resulta atractivo para a lectura e para a visita ao museo. Esta noticia saíu tamén publicada no xornal *La Región*, con data do 29 de outubro.

- Silvia Gaspar, 'Un museo para unha lectura activa', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 3 novembro 2003, p. 7.

Salienta o valor educativo dos museos, que son moi axeitados para actividades extraescolares, e fai unha clasificación temática destes poñéndoo en relación con textos literarios. Comeza indicando que nos museos etnográficos se atopan obxectos que seguramente formarían parte do vivir cotián que se relata nos contos de calquera narrador de comezos do século XX. A continuación alude aos museos arqueolóxicos, que na súa relación coa literatura se achegan máis aos textos de ficción, que poden ter como protagonistas aos nosos antepasados, e ofrece algúns dos títulos literarios en galego que tocan esta temática. Isto mesmo é o que fai cos museos literarios e de arte contemporánea. Por último alude ao museo das Peregrinacións e ao museo da Catedral de Santiago, que recordan a novela de Pepe Carballude, *De como o santo dos Croques se fai peregrino*, así

como á Casa das Ciencias da Coruña, lugar no que se ambienta *A orquestra da fin do mundo*, de Cecilia Monllor. En cadros á parte propón a organización dunha mostra de cousas típicas dun lugar e fai unha pequena achega ao volume *Contos do museo*, onde os seus autores pretenden fomentar a emoción de visitar museos.

Fernández Paz, Agustín, *A serea da Illa Negra*, ilust. Miguelanxo Prado, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, nº 5, serie Azul, a partir de dos 8 anos, 106 pp. (ISBN: 84-263-5024-0).

Preséntase esta obra de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) cunha portada ilustrada na que aparecen dúas das protagonistas do primeiro relato que acolle o volume e que lle dá título. Un título que xa acena parte do contido e que está apoiado pola ilustración expresionista que se insire na capa. Na contraportada, por falar dos peritextos, achégase un breve resumo do contido dos dous relatos que acolle o volume e unha tamén breve biografía do escritor, ademais dos marbetes da colección e editorial galega responsábel da coedición. No interior reproducense os dous relatos "A serea da Illa Negra" e "Néboa Negra", que se narran en once e cinco capítulos, respectivamente. Son relatos de terror e misterio, moi do gusto do escritor vilalbés, marcados pola negrura, como xa reza nos títulos e que teñen como eixo lendas sobre personaxes xa moi coñecidos pola tradición literaria e oral galega e que se sitúan, para buscar verosimilitude, no onírico. No primeiro é unha serea que habita nunha Illa Negra a causante de que o mar se encrespe ao redor do único sitio no que hai peixe e que todo o que se achegue alí morrerá ou sufrirá algún accidente, feito que fixo que a poboación fuxise en busca de traballo da illa. Será a inocencia de Sara, filla da única familia que resistiu, a que conseguirá por medio das buguinas Tair, Luou e Druim, que estaban ao servizo da Dona das Augas, salvar á poboación da serea da Illa Negra e recuperar a tranquilidade. Apóia-se o autor nas imaxes figurativas en branco e negro de Miguelanxo Prado (*A Coruña*, 1958) en gamas de grises pero dunha grande expesividade que permite ampliar o terror e misterio transmitido no relato e coa simboloxía numérica usada (o número tres). No segundo relato cos mesmos apoios que no primeiro é Sara quen salva dos feitizos da Néboa Negra a seus pais e a poboación grazas a un amuleto e ao recordo de lendas que lle transmitiran os pais.

Fernández Paz, Agustín, *O meu nome é Skywalker*, Premio O Barco de Vapor 2003, ilust. Juan Ramón Alonso, Madrid: Ediciones SM, maio 2003, col. O barco de vapor, nº 27, serie Laranxa, a partir de 9 anos, 89 pp. (ISBN: 84-348-9535-8).

Despois dunha cita de Manu Chao que di "En sus ojos se veía una infinita tristeza (*Próxima estación: esperanza*)", Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) por medio dun narrador omnisciente conta en nove breves capítulos numerados e titulados con frases que adiantan o contido da narración, a relación dunha nena, Raquel, cun indixente que pide esmola na porta dun supermercado situado enfronte do edificio no que vive a nena. Unha historia tenra, crítica e imaxinativa na que se plasma a psicoloxía dunha rapaza que, despois de observar ao esmoleiro e as reaccións das persoas que pasan por diante del para entrar no establecemento comercial, considera que ese home é invisíbel, non para ela que entabla conversacións con el, reflexións e confidencias que a levan a crer na historia que lle conta,

a pesar de que chega a recoñecelo como mendigo noutra situación. Cre que é un home que ven das estrelas para investigar o pensamento das persoas da cidade, que se chama Skywalker como reza no título ou o que percorre o ceo, ou o que camiña polo firmamento e que ten que marchar unha vez cumprido o se obxectivo. Unha historia que vai cultivando a imaxinación da nena, xa preparada nese ámbito polos contos do seu pai, e tamén apoiada polo recoñecemento do nome, pois recorda que así se chama o protagonista de *A guerra das Galaxias*. Trátase dunha historia de amizade que remata cun intercambio de galanos simbólicos: unha bola de cristal para ver sempre a lúa, galano de Skywalker ao se despedir que recorda a Cunqueiro e dunha buguina, como a do Simbad tamén de Cunqueiro, para oír o mar, galano de Raquel, e tamén unha crítica social que se explicita co comportamento das persoas maiores diante deste personaxe tan amigo da nena protagonista. Esta narración está complementada coas ilustracións de Juan Ramón Alonso en gamas de grises, formas pechadas e resoltas con trazos descontinuos, que lle confiren dinamismo.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A fermosa historia dun home que veu das estrelas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 17 agosto 2003, p. 2.

Comeza dicindo que esta obra é un dos galanos cos que periodicamente nos agasalla Agustín Fernández Paz, un dos creadores da Literatura infantil e xuvenil galega, que axudan a acadar e manter altas cotas de calidade e recoñecemento en Galicia e fóra dela, nunha literatura na que conviven obras que non conteñen os ingredientes dunha pseudoliteratura. Salienta que a obra de Agustín Fernández Paz se singulariza pola súa calidade e por ter un selo de identidade, cunha capacidade ficcional poderosa, unha apropiada mestura de fantasía e realidade e un dominio da sintaxe narrativa do xénero. Pasa logo á análise da obra, "unha novela breve que quere ser a crónica da realidade", a presenza de indixentes invisíbeis e anónimos, cada vez máis frecuente, captada polos ollos dunha nena, que se desenvolve en lugares reais aínda que non se citen. A amizade que xorde entre nena e indixente, unha historia que se narra en terceira persoa dende o punto de vista da nena, agás o parágrafo final no que a voz narrativa presenta a crúa obxectividade. Narrada con naturalidade, prosa limpa e solta que tira polo lector ata levalo a un final entrañábel e melancólico que nos devolve á realidade.

- CLIJ, 'O meu nome é Skywalker. Agustín Fernández Paz', *CLIJ*, nº 163, 'Libros/Novedades', setembro 2003, p. 65.

Comeza facendo unha descrición argumental da obra para logo dicir que se trata dun curioso e delicado achegamento á marxinação dos "sin techo". Salientan que Fernández Paz tivo o acerto de centrar o relato na fantástica relación da nena cun esmoleiro que se sitúa na porta dun supermercado e que cre un "extraterrestre" conseguindo así: intrigar ao lector cun desenlace non previsíbel, evitar o dramatismo fácil e dar cunha inusual visión respectuosa e compasiva dos marxinais. Remata cualificando a obra de "redonda".

- María Navarro, 'Lectura didáctica', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Infantil/Xuvenil', 6 novembro 2003, p. VII.

Desta obra premio "Barco de Vapor" 2003 escrita por unha das "plumas máis prolíficas da nosa literatura", por un escritor moi premiado e unha referencia imprescindible, salienta a comentarista, despois de describir a historia que se conta e a relación da nena protagonista co indixente Skywalker que ten "certos comportamentos da condición humana" e así cita a indiferenza ante a pobreza e escaso valor que se lle dan ás cousas. Remata cualificando o final da obra de sentimentalista "que fai cando menos pouco crible o remate", que o intercambio de agasallos entre os protagonistas e os recordos da rapaza non concordan coa inxenuidade da nena nuns momentos e a madurez da que fai gala noutros; e tamén salientando características da obra de Agustín como a protagonista feminina, certo didactismo na presentación e desenvolvemento do tema, unha sinxela e coidada expresión que facilita a comprensión do texto e asegura a correcta recepción da obra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Fernández Paz gaña 'O Barco de Vapor' coa historia dun indixente', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 31 xaneiro 2003, p. 82.

Coméntase a obra gañadora do premio "O Barco de Vapor". Comézase coa referencia á protagonista, unha nena de sete ou oito anos, que entabla amizade cun inmigrante do leste de Europa que pide esmola na porta dun supermercado dunha gran cidade, quen lle di á nena que vén das estrelas e dorme todos os días na lúa e que está na porta investigando aos humanos. Dise que "recoñece o narrador que a obra ten cincuenta folios porque a historia non pedía máis" e podería perdela e que pasan poucas cousas na novela porque quería salienta a fantasía da nena coa realidade que coñece o lectorado. Dise que esta obra foi escrita no ano 2001 e dáse noticia de que a editorial publicará en castelán *Noite de voraces sombras* (Xerais, 2002) como fixo con outras obras do autor. Remátase cun recadro no que se ofrece unha breve biobibliografía do autor.

- AFA, 'O meu nome é Skywalker', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA', 1 febreiro 2003, p. 31/67.

Comeza salientando o currículo de Agustín Fernández Paz en canto a premios literarios para logo realizar un comentario da obra entreverando declaracións do autor. Así, di que afastándose da temática de tópicos, esta obra está protagonizada por unha nena de clase media que vive nunha gran cidade e que establece amizade cun inmigrante do leste que observa cada día pedindo esmola á porta dun supermercado. Dise que Agustín dende a súa casa ten esta visión diaria e que cualifica a obra de amarga e de contrastes entre a fantasía da nena e a crúa realidade do inmigrante, que desexa apartarse dos produtos estandarizados e conformistas. Refléctense datos da historia que se conta e salientase que a fantasía é xunto ao ton tenro e delicado as ferramentas do escritor que quere transcender o entretemento, contribuír a transformar a realidade e cuestionar o que nos rodea ao tempo que rexeita a literatura tópica aínda que salienta que hai obras extraordinarias como pasa no cine. No recadro que acompaña ao comentario, "A lectura", dáse noticia de varios dos premios cos que foi galardoado o escritor e do que quere transmitir este.

- Alberto Quián, 'A literatura infantil hai que afastala dos estereotipos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 xuño 2003, p. 46.

Despois de se referir a que no día de onte Agustín Fernández Paz recibiu o "Barco de Vapor" fábase co escritor sobre o incentivo do Premio, a temática da obra, o nome, o tema social que trata, a saúde da literatura e solicítaselle que recomende a algún escritor. Responde que se presentou ao premio pola temática da obra (inmigración, "exclusión social"...), di que xurdiu en Vigo enfronte a un supermercado onde hai persoas pedindo esmola e nela establécese un "xogo no fío da navalla entre a fantasía da nena e a crúa realidade do inmigrante". En canto ao nome di que parte da única mitoloxía que o inmigrante pode compartir. Defende que a literatura é fonte de coñecemento e el quixo amosar aos rapaces a realidade desta sociedade globalizada e inxusta e considérase obrigado a reflectir a súa visión do mundo. En canto á saúde da Literatura infantil e xuvenil, considera que como no cine hai de todo dende produtos comerciais, perecedeiros, a obras coma as que el intenta facer, que "calen, que deixen unha pegada emocional". Salienta a invisibilidade desta literatura e defende que os máis novos len bastante. Finaliza recomendando a lectura de Roald Dahl.

- Maré, 'Realidade de ficción', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xuño 2003, p. 60.

Dá noticia da concesión do galardón do XIXº Premio "Barco de Vapor" a Agustín Fernández Paz, un home de quen dixo Joaquín Cerezo, director da Fundación Santa María, dedica moitas horas á misión de "ilusionar ós nenos co propósito de deixarlles un mundo mellor ó que nós atopamos". Da obra galardoada con seis mil euros dise que transmite ao lector a crúa realidade, salientase que esta protagonizada por unha nena e un inmigrante, un home invisíbel que pide ás portas dun supermercado e danse unhas brevísimas notas biográficas do escritor. No recadro "A cerna" subtítuloado "Un premio con dezanove edicións" recórdase que o premio foi creado en 1984 e dáse noticia do acto de entrega do galardón, cítase a un grupo de premiados que acompañaron ao gañador desta edición.

- R. N., 'O meu nome é Skywlker', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19, 'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Ramón Nicolás nesta breve nota dá noticia do galardón obtido por esta obra que di establece un equilibrio entre fantasía e realidade para cantar á solidariedade a través dunha prosa "ponderada e ritmo áxil" que permite unha lectura rápida e directa. Remata afirmando que con esta obra o escritor dá un paso máis no seu camiño ascendente no ámbito desta literatura.

Fernández Paz, Agustín, *A praia da esperanza*, ilust. Teresa Novoa, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Merlín, nº 140, serie Verde, idade recomendada de 9 anos en diante, 103 pp. (ISBN: 84-9782-068-1).

Nesta historia de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), de novo unha nena chamada Raquel coñece no interior dunha buguina a Sunia, unha serea minúscula, coa que mantén unha relación de amizade na que a serea pasa o inverno con ela a cambio dun conto marabilloso cada noite. A relación québrase ao ser asolagada a praia polo chapapote dun petroleiro. A pesar do esforzo dos pais da nena, dos mariñeiros e dos voluntarios, a praia

vírase negra, as aves morren e morre Sunia. Remata a historia cando Raquel participa nunha cadea humana en defensa simbólica da costa atacada, coa esperanza de que a buguina recupere o rumor alegre do mar e poida coñecer as compañeiras de Sunia e "escoitar de novo as historias maravillosas que só coñecen as Sereas Minúsculas". A edición inclúe sete anexos informativos sobre a catástrofe nos que se conta, acompañados de fotografías, como aconteceu o afundimento, os danos ocasionados, a escaseza de medios para combatela, a creación da plataforma Nunca Máis, as mobilizacións sociais, a cadea humana dos escolares de toda Galicia formando a palabra VIDA e a transcripción de dúas cartas de dous nenos aos Reis Magos e ao Congreso dos Deputados nas que salientan a inxustiza do acontecido. As ilustracións de Teresa Novoa (Madrid, 1955) dánnos por medio de debuxos acuarelados, características da protagonista e a súa visión do acontecido.

Referencias varias:

- Maite Gimeno, 'Nuevo retraso en el horizonte próximo del Plan General', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 14 novembro 2003, p. 25.

Entre outros datos relacionados con noticias de actualidade dos ámbitos político, social e cultural de Galicia, dá conta da presentación de *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz, na Biblioteca Central de Vigo, dentro das actividades de reflexión tituladas "Mar, imaxes e palabras. Un ano de experiencias", organizadas pola Asociación Galega de Editores.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión e referidas á literatura galega, achégase a *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de couse/Héleris*, de Alexandre Nerium/Carlos Negro; e *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz. Da obra de Agustín Fernández Paz sinala que se trata a amizade dunha nena chamada Raquel cunha buguina que atopa na praia. Sinálase que esta obra foi escrita como consecuencia da catástrofe do Prestige, que nela se mestura fantasía e realidade para conformar unha crónica da resposta social a esta catástrofe.

García Alén, Luciano, *O Castelo da Rocha Vella. Unha historia con Oca, Federico e Manú*, ilustr. Uxía Torres Blanco, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Rocha Forte □, 2003, idade recomendada [lectorado autónomo], [20] pp. (ISBN: 84-607-8862-8).

Conto de Luciano García Alén (Mourete, Pontevedra, 1928), ilustrado por Uxía Torres, que mestura a fantasía con elementos tomados da historia e cunha forte compoñente didáctica. Relátase unha historia ambientada nos tempos nos que Santiago era unha cidade rodeada de murallas e a catedral comezaba a recibir peregrinos e protagonizada por Oca, un canciño que guiaba os peregrinos cara á Porta Santa; Federico, o corvo e Manú, unha toupa. Cóntase que o castelo da Rocha era o máis forte dos que había arredor e tiña unha torre alta que era a residencia de descanso do arcebispo, unha capela dedicada a Santa Eufemia e

unha gaiola con cans feros e adestrados que metían medo ás xentes. Os gardas do castelo cobraban os tributos aos peregrinos que viñan polo camiño de Padrón. Un día, dous moinantes intentaron atrapar a Oca e Federico, coñecedor dos accesos ocultos do castelo, axúdalle a escapar e a volver entrar na Rocha sen que o visen os gardas. O abuso destes chegou a tal extremo que se produciu a revolta dos campesiños, coñecida como a revolta Irmandiña, que acabou coa destrución do castelo, convertido nun monte de pedras e rodeado de lendas que contan que todos os nenos e nenas que nacen na Rocha veñen do castelo ou que existe unha galería subterránea que vai do castelo ao Pazo do Arcebispo na cidade, e tamén de aparicións fantásticas como a dunha moneca que aparece de cando en vez no lugar. Remata o conto anunciando a próxima construción dun parque natural para que a veciñanza coñeza a historia deste castelo. Este relato vai acompañado de debuxos moi infantís, coloreados e figurativos.

Iglesias Recarey, Sonia (coord.), *Cousas de contos*, Arteixo: Concello de Arteixo ♦, abril 2003, idade recomendada [lectorado autónomo], 140 pp. (DL: C-757-03).

Volume que recolle os contos premiados no concurso de contos "Manuel Murguía" ao longo dos anos 1999, 2000, 2001, 2002 e 2003 e que se edita co gallo do décimo quinto aniversario deste concurso. Comeza cun agradecemento a todos os membros dos xurados destes anos por parte do alcalde e cun limiar da coordinadora técnica de cultura no que indica que este volume continúa a liña de publicacións principiada no ano 1999 coa obra *10 anos de contos*, libro que recollía os dez primeiros anos de vida do concurso. A continuación aparecen por orde cronolóxica os contos premiados. Así, correspondendo ao ano 1999 inclúense os seguintes relatos: "Un ollo de vidro en San Amaro", do Colectivo Brincadeira; "Uxía e mailos cans", de Beatriz Rey Búa; "O loriño Pepiño", de Alejandro Caamaño Morás; "O ratiño peludo", de Alicia Rodríguez Ramos; "A porta máxica", de Carla Ángela Pérez Fernández; "O sol e a lúa", de Tania Añón Fernández; "As aventuras de Gustabo e Cataliña", de Elena López Naya; "Unha amiga imaxinaria", de Yéssica Sánchez Marcote; "O club de reciclaxe de Natureza", de Tamara Figueroa Cedeira; "A desgraciada vida de Esther", de Tamara Subiela Gómez; "O gato e o monopatín", de M^a Luz Baldisonos Horcouripe; "A vaca e a flor máxica", de Estefanía Carro Nieto; "Todos á escola", de Martín Cobelo Souto; "Os dous irmáns", de Emilio Pombo Liste; "A motivación dun rapaz", de Javier Sandá López; "Bichos", de Lidia Vázquez Vázquez; "As novas aventuras de Rex", de Lucía Rial Riveiro; "¿Este é un conto de medo?", de Miriam Novo García; "As pastillas de cores", de Lucía Vilar Rodríguez; "Ananos na montaña", de Cristina Juanatey Hermo; "Lembranzas do meu avó", de Yolanda Figueiras Varela; "Piollo", de Jannet Iglesias Manteiga; "O xuramento", de Silvia López Villamor; "Aurora", de Rocío Villa Gómez e "A ra viaxeira", de Úrsula Cases Carreira. Os relatos premiados no ano 2000 son: "A lagoa azul", de Carla Ángela Pérez Fernández; "Xeneroso e o circo", de Jorge García Calvete, Juanma López Bao e Diego Zas Pazos; "O gato abandonado", de Abel García Baldomir; "Un conto máxico", de Rebeca Naya López; "O neno e a nena", de Cristina López García; "Os tres leopardos", de Mikel Cambón García; "O dragón de tres cabezas", de Ismael Gesto Sánchez; "A poliña e o poliño", de Shaila Lorenzo Villaverde; "O gato Pipó e o dragón", de José Luís Vázquez Suárez; "A formiga que buscaba casa", de Yolanda Rodríguez Lista; "O pallaso voador", de Ana Patricia Veira Ferrín; "O mundo dos morangos", de Elena López Naya; "Un país distinto ós demais", de Alicia Rodríguez

Ramos; "Un soño mariño", de Miguel Martín Álvarez; "Travesura de infancia", de Joana Cerviño Rabuñal; "Coidemo-lo planeta", de Sonia Esmoris Suárez; "O pai de Antía", de Javier Zas; "¡Volvo ó pasado!", de Diego Beiro García; "A mansión embruxada", de Dámaris Amado Hernández; "A sorpresa de Susana", de Miriam Novo García; "A lúa", de Nuria Sánchez Vázquez; "Misterio na casa abandonada", de Paloma Calvo Varela; "A resurrección", de Estefanía Ramudo; "O castigo", de Vanesa, Sara, Olalla, Laura e Joni; "As cenizas da tía Mildren", de Cristina López García; "Claudia e o circo", de Úrsula Casas Carneiro; "Rubén encontra o seu pesadelo", de Bibiana Castiñeira Pose; "O castelo sen fin", de Noelia Dans García; "O home que nunca medrou", de María Domato García e "Cando chegarán a xenios", de Vanesa Casas Blanco. Os relatos que seguen foron premiados no ano 2001 e son os seguintes: "A lavandeira de Zoxán", de Susana Queijas Señarís; "O oso perdido", de Álvaro Romero Pedreira; "Mariana e a anduriña viaxeira", de Beatriz Rey Búa; "De acampada", de Sonia Varela García; "Ana corazón de cereixa", de Cristina López García e "Maxia nos seus ollos", de Carolina Varela Ramos. Respecto ao ano 2002 recóllense os seguintes contos: "O peixe que non sabía nadar", de Andrea González Blanco; "A Raíña das Castañas", de Javier Obelleiro Riveiro; "Rosendo, deus do medo", de Soraya Fraga Cereijo; "O día que me convertín nun reloxo de parede", de Iris Brandón Rodríguez e "Un conto ó pé da lareira", de Daniel Naya Paulos. Os relatos galardoados no ano 2003 son os seguintes: "Non quero a túa compaixón", de Paloma Calvo Varela; "O león", de Sara Pombo Paz; "O castigo de Xaquín", de Martín Castro Calvelo; "Diario dunha guerra", de Beatriz Rey Búa, "Unha viaxe espacial", de Noelia López Souto e "Historia do noso tempo" de Carlos Alberto Carro Prieto. A maioría destes relatos de diferentes temáticas caracterízanse pola súa fantasía e por estar protagonizados por animais ou nenos e por ir acompañados polos debuxos realizados polos propios autores e autoras que mereceron os diferentes galardóns e tamén se achegan fotografías dalgúns dos galardoados e do propio acto de entrega dos premios.

Lema, Rafael, *Mareas negras*, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Catavento, nº 6, a partir de 12 anos, 147 pp. (ISBN: 84-263-5026-7).

Novela realista de Rafael Lema (Ponte do Porto-Camariñas, 1967) na que se narra a situación provocada polo afundimento do Prestige e a chegada do petróleo ás costas de vilas galegas como Muxía e Camariñas. O autor parte da súa propia experiencia como coordinador de voluntarios e encargado dos grupos de recuperación de aves danadas para ofrecer unha visión literaturizada da catástrofe. Estructurada en trece capítulos titulados, a novela está narrada en terceira persoa, focalizada a través dun narrador testemuña e protagonizada por un grupo de rapaces e rapazas de ESO que, á vista das graves consecuencias da catástrofe, forman un grupo de actuación chamado Corvo Mariño, que se dedica á recuperación das aves afectadas polo verquido e guiado por Tico, un mozo ecoloxista. A xeito de crónica vaise relatando a situación de desconcerto, falta de información, abatemento e impotencia da xente do mar que ve como cada día chega máis petróleo, destrución e morte ás súas costas. A loita desigual co mar terá como recompensa a recollida e posta a salvo, en ocasións con risco para a súa integridade física, dalgúns exemplares de aves mariñas en perigo de extinción. O narrador testemuña faise partícipe da catástrofe e confía na capacidade do pobo galego para superar as desgracias así como na da

natureza contra os ataques dos homes.

Lojo Dios, Noelia, *Floren, o heroe de Flirbot*, Concurso de relato curto "Entre Nós", ilust. Nerea Pazos Loureiro, Illa de Arousa: IES da Illa de Arousa/Concello da Illa de Arousa □♦, 2003, [20] pp. .

Conto de Noelia Lojo Dios que recibiu en maio de 2002 o terceiro premio na fase provincial do concurso de relato curto "Entre Nos" para o alumnado de Educación Secundaria. Nel un narrador en terceira persoa relata como nun tranquilo e fermoso lugar chamado Flirbot, no que viven especies de seres diferentes, a paz se ve interrompida pola chegada dos Morlius, seres monstruosos procedentes das montañas de ferro, que raptan a Nailin, a fermosa humana coa que vive Floren, para absorverlle a súa beleza e convertela nunha figura de sal e po de prata. Floren, acompañado dos seus amigos os trasnos Nerbium e Salem, irá na procura da súa muller para conseguir libérala dos seus secuestradores. Grazas á axuda da elfa Rowen e dos guerreiros da aldea de Sarunan e despois de ter que enfrontarse a diferentes aventuras, Floren conseguirá traer de regreso á casa a Nailin. As ilustracións figurativas de Nerea Pazos Loureiro representan diferentes episodios da historia narrada.

López Rodríguez, Xavier, *A alfombra falsa*, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Montaña encantada, serie Verde, a partir de 8 anos, 65 pp. (ISBN: 84-403-0435-8).

Relato de aventuras de Xavier López Rodríguez (San Cibrao de Hermisende-Zamora, 1956) que conta coas ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974). Estructurado en catorce capítulos titulados, está narrado en primeira persoa polo protagonista, Mauro, un neno enfermo de varíola que lle relata aos seus amigos as aventuras que viviu xunto coa súa veciña Benita cando ambos son engulidos por unha alfombra e unha manda, respectivamente, que os levan a un mundo subterráneo. Perdidos no medio de túneles escuros dos que tentan escapar, atópanse con seres fantásticos como o xigante do río de Lume, os homes-ratas ou o home-voitre, que lles meten medo e son atrancos no seu camiño na busca dunha saída ao mundo exterior. No seu percorrido atoparán a axuda da muller da Auga que os traslada dun lado a outro dunha lagoa de auga moi fría a cambio dun abrazo e o Xigante Formigón abríralles o buraco do exterior despois de que eles o rasquen nas costas. As ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974), de formas figurativas, están realizadas con acuarelas e con cores moi intensas e variadas, dando lugar a un alto contraste. Destaca a contención na maneira de tratar as pinceladas nas formas figurativas, que se abandona no tratamento dos fondos, realizados cunha técnica augada que conecta coa situación fantástica do conto.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Unha prosa amena', *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*, nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 13 novembro 2003, p. VII.

Achégase o argumento de *A alfombra falsa*, de Xabier López Rodríguez, na que se narran as aventuras de Mauro, un neno enfermo que asegura ter estado nun mundo fantástico despois de ser engulido pola súa alfombra. Destaca a influencia na creación dos personaxes dos cómics, filmes, debuxos animados, videoxogos ou libros de ciencia ficción. Atopa nesta recorrencia lugares comúns como a presenza de seres normais nese estraño universo, unha incógnita por descubrir ou o obxecto asociado ao mundo marabilloso, neste caso a alfombra, todos eles como elementos que lle restan orixinalidade á lectura. Sinala que malia isto resulta agradábel, cunha prosa amena e as coloristas ilustracións de Noemí López, caracterizadas por personaxes de formas desproporcionadas que recrean o ambiente descrito polo autor.

López Rodríguez, Xavier, *Castiñeiro e compañía*, ilust. Víctor Rivas, Madrid/Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, xaneiro 2003, serie Infantil, a partir de 8 anos, 92 pp. (ISBN: 84-8224-005-6).

O xornalista Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) presenta neste relato a historia da longa vida dun castiñeiro que vive illado nun souto. Ao longo das páxinas do libro, vanse recuperando varios momentos da súa existencia dende os seus primeiros anos de vida, cando tiña como únicas preocupacións medrar sen parar e producir castañas, ata que xa con moitos séculos coñece sentimentos como a tristura e a soidade e desexa a compañía doutros castiñeiros ao seu redor cos que compararse, medirse e aloumiñarse. Do desexo de superar a depresión, nace a intención de protexer os pequenos castiñeiros que van nacendo ao seu redor dos perigos que axexan na natureza, convencido de que estar rodeado dos seus descendentes vaille causar unha indescritíbel ledicia. Finalmente consegue realizar os seus soños e dende entón aprende a vivir coa alegría polo contacto con outros castiñeiros da súa familia e tamén coa inquietude e temor pola integridade dos castiñeiros novos ante ameazas como o lume, os animais que os rodean ou os fenómenos atmosféricos. As ilustracións en branco e negro de Víctor Rivas (Vigo, 1965) son de corte figurativo coas que se relatan algunhas secuencias por medio de formas onduladas e planas.

Loureiro, Ánxela, *Ota quere voar*, ilust. Santiago Eiroa Pazos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Merlín, nº 138, serie Azul, a partir de 7 anos, 87 pp. (ISBN: 84-9782-067-3).

Ánxela Loureiro (Ferrol, 1956) relata a través dun narrador omnisciente en terceira persoa a vida dunha gaivota dende que sae do ovo ata que, xa madura, se reúne de novo coa súa familia no acantilado no que nacera. Ota, que así se chama a protagonista, está marcada por un carácter intrépido e unha forte curiosidade por coñecer o mundo que a rodea, en especial os seres humanos que se bañan na praia. Este afán por achegarse a eles propicia que sexa cazada por un neno, que a leva para a súa casa e a mantén durante meses cativa nunha gaiola. Cando logra fuxir enfróntase coa soidade e cos perigos descoñecidos que presenta

para ela unha cidade con grandes edificios, moitas antenas e a falta dun lugar onde durmir. Neste ambiente coñece a outros paxaros e mesmo a unha árbore na que se refuxia ata que o seu instinto a leva a buscar o mar no que nacera. Desorientada chega ao porto pesqueiro dunha cidade, onde coñece costumes diferentes, ten que loitar por un lugar onde durmir e enfrontarse á destrución dos niños por parte dos homes, unha situación que a leva a buscar a súa familia e o lugar no que nacera, onde descobre que as cousas tampouco foran fáciles despois da chegada dunha mancha negra do medio do mar. As ilustracións de Santiago Eiroa Pazos (Ferrol, 1976) en gama de grises refliten fragmentos da narración a través de debuxos con trazos pensados para o lectorado ao que se dirixe.

Lourenzo González, M., *Irmán do vento*, Premio Merlín 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Fóra de xogo, nº 72, idade recomendada mozos adultos, 197 pp. (ISBN: 84-9782-055-X).

Novela de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955) que comeza cun prólogo do doutor Luís Meira Al-Galego no que este narrador *eu protagonista* explica como chegou a Oriente Próximo en 1987 e cómo o apaixonou o mundo árabe ata o punto de trasladar a súa residencia definitiva a Qhissa Hanni no ano 1997. A seguir, o doutor cédelle a palabra "ao verdadeiro protagonista desta historia", Khaled, un rapaz árabe que vive no Iraq en tempos de guerra e que conta en forma de carta-diario, dirixida a Alberte, fillo imaxinario de Meira Al-Galego, o que lle vai acontecendo a el e á súa familia, as súas reflexións sobre a vida, os seus temores de futuro, os seus sentimentos, ou sobre todo, a difícil aventura á que se afrontou: ir só a Bagdad e traer de volta á casa o corpo de seu pai morto en combate durante a guerra de 2003. A obra remata cun epílogo do mesmo doutor no que dá conta do futuro de Khaled despois desa experiencia vivida e de cómo obtivo el as cartas que o mozo árabe de dezaseis anos lle escribira ao seu suposto fillo. Parella ao relato da súa vida e proxectos, Khaled nárralle a Alberte a historia de Raíd, coidador dos cabalos do califa Abdel Ar Zufid, que se namorou da princesa Sadhua.

Recensións:

- María Navarro, 'Fin catártico', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 13 novembro 2003, p. VII.

Dáse conta do fallo da XVIIIª edición do Premio Merlín de Literatura Infantil outorgado á obra titulada *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo González. Cítanse algunhas das obras do gañador e ofrécesenos o argumento da novela gañadora. Así mesmo, destácanse os atractivos desta e, finalmente, sinálase á súa estrutura.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A aprendizaxe da vida a través dun tempo de guerra', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 21 decembro 2003, p. 3.

Francisco Martínez Bouzas dá conta detidamente do argumento da obra gañadora do Premio Merlín, *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo González. O autor do artigo salienta

as dificultades que o autor tivo na escrita da novela, e que este mesmo recoñeceu, e aqueles aspectos positivos que máis destacan en *Irmán do vento*. Tamén critica aqueles outros que menos lle gustaron, como pode ser, a inclusión dun soldado americano bo "que se deixa secuestrar" e que para Martínez Bouzas resulta "pouco crible". Ademais do dito, o articulista dá conta das claves da novela e da súa estrutura.

Referencias varias:

- MARE, 'Vértices de actualidade', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 16 2003, p. 51.

Nova na que se recolle a presentación das obras que presiden o catálogo de outono da Editorial Xerais: *Casa Skylab* e *Destrución*, gañadora e finalista do premio convocado pola editorial e *Irmán do vento*, gañadora do Merlín. Destas, da a coñecer o contido das mesmas, introducíndose no nacionalismo galego tratado na primeira, nos malos tratos da segunda e na invasión de Iraq á que se fai referencia na terceira. Igualmente, cita algunhas declaracións feitas polos autores en dita presentación.

- A. Q., 'Levaba tempo co empeño de gañar este premio', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Entrevista na que o gañador do Premio Merlín 2003, Manuel Lourenzo, explica o que supón para el, persoal e profesionalmente, a obtención do premio, así como o que imos atopar na novela e a xénese desta. Para rematar, afirma que *Irmán do vento* é unha lectura posíbel para todo tipo de público e que o xogo de narradores serve para dotar de verosimilitude á obra.

- X. C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ambas obras. Igualmente dáse ampla referencia do premio á cooperación cultural, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GALIX) da que se realiza un resumo das súas accións máis destacadas. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

- C.P., 'Presentadas as novelas gañadoras e finalista dos premios Xerais e Merlín', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 47.

Dase conta da presentación das tres obras que gañaron os Premios Xerais e Merlín (*Casa Skylab* e *Irmán do vento*) ou a finalista do primeiro deles, *Destrución*. O groso da nova limítase a describir o contido das mesmas.

- Marta Rodríguez, 'Cada obra pide o seu destinatario, sae de maneira natural', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 outubro 2003, p. 2.

Entrevista a Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Merlín 2003 co título *Irmán do vento*, na que, en primeiro lugar, expón as razóns polas que escolleu a un rapaz como protagonista da historia. A seguir, alude ao longo traballo de documentación, previa á escritura da novela, e á complicación que lle supuxo a adaptación lingüística dos personaxes ao mundo árabe. Manuel Lourenzo declara a continuación que as guerras "non teñen xustificación en ningún caso" e comenta para qué tipo de público concibiu *Irmán do vento*. Fai súa a afirmación de que cando unha novela xuvenil é boa tamén lle pode gustar aos adultos e sinala que se sente cómodo nos diferentes xéneros. Finalmente, amósase satisfeito pola obtención do Premio Merlín.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 27 outubro 2003, p. VII.

Nesta ocasión Blanco Rivas achéganos unhas breves notas argumentais sobre dúas obras referidas á literatura galega: *Casa Skylab*, de Jaureguizar, e *Irmán do vento*, de M. Lourenzo González, da que sinala que foi a gañadora do Premio Merlín 2003 e que nela se relata as peripecias dun rapaz iraquí no medio da guerra. Ademais de indicar que a acción transcorre en dous tempos, destaca que a novela reflicte como a infancia vive un conflito bélico e sofre as súas consecuencias máis duras.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Como un irnán do vento', *Atlántico Diario*, 'La Revista', nº 218, 'Musas', 30 novembro 2003, p. 41.

Conversa entre Manuel Vidal Villaverde e Manuel Lourenzo, gañador do Premio Merlín 2003 de literatura infantil, na que o escritor comenta aspectos da súa traxectoria literaria, como por exemplo, a cantidade de libros que escribiu e os premios que obtivo. Así mesmo, fala da obsesión que ten pola escrita e ofrece a súa opinión respecto á poesía. En columna á parte, titulada 'A Trabe de Ouro', dáse conta da aparición do número cincuenta e catro da revista citada correspondente ao segundo semestre de 2003. Ofrecense datos sobre a directiva da publicación, o seu mercado, a estrutura e o contido dese número.

- Salvador Rodríguez, 'Nos nenos ollamos o espello da crueldade das guerras', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Entrevista', 4 decembro 2003, p. III.

Dáse conta do marco ambiental da novela *Irmán do vento* de Manuel Lourenzo e a seguir reproducése a entrevista realizada ao autor. Nela Manuel Lourenzo infórmanos das circunstancias nas que foi escrita a novela e do traballo de documentación que hai tras dela. De igual xeito, comenta diferentes aspectos da mesma, como a escolla de determinados personaxes, as pretensións que tiña na súa escrita ou o que tratou de evitar. No remate da entrevista, fálase das características do final de *Irmán do vento*, da concepción do autor respecto ao límite entre literatura xuvenil e de adultos e da base da que el como escritor parte á hora de concibir unha obra.

Manuel María, *O bigote de Mimi*, ilustr. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, abril 2003, col. Montaña encantada, a partir de 6 anos, 52 pp. (ISBN: 84-403-0422-6).

Conto fantástico-realista de Manuel María (Outeiro de Rei-Lugo, 1930) situado ás aforas dunha vila, exactamente nunha casa con xardín na que vive unha familia moi amante de todos os seres vivos. Nesta casa ademais de vivir Fiz, un neno de sete anos, e os seus pais tamén viven Pufi, o seu cadelo, e Mimí, un gato un tanto peculiar. Este felino de ollos e bigote a tres cores, non só se dedica a cazar ratos senón que está acostumado a saborear galletas de chocolate e un café negro cada vez que caza un, ademais de ser o responsábel de explicar os monumentos, paisaxes e misterios da súa vila aos gatos que a visitan. Un narrador en terceira persoa relata cómo lle cambia a vida a Mimí dende o momento en que accede a que o seu amo lle corte o bigote. Pasa de ser un bo cazador, temido por toda a comunidade de ratos, a ser un ser inseguro, chorón e obxecto de burlas. É o barbeiro do seu pai quen a través dun conxuro non só lle devolve o seu bigote senón que llo mellora, logrando que nel aparezan as sete cores do arco da vella. Con este novo aspecto volve a ser o terror dos ratos, a vila faille unha festa por conseguir espantar aos ratos e perdóalle a Fiz a súa falcatrada despois de facerlle prometer que non o repetirá. Este relato no que se salienta a importancia do respecto polos animais e a súa forma de vivir, complementáase coas ilustracións en óleo sobre tea de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) nas que se representa a figura dos animais en diferentes posicións e situacións, dotándoa de dinamismo, fronte aos personaxes humanos dos que só nos amosa a súa face. Estes debuxos de carácter figurativo aparecen maioritariamente en cores empastadas, ocre, marrón, verde, pardo e formas frotadas e perfiladas con trazos non uniformes.

Recensións:

- María Navarro, 'Aproximación á tenrura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Infantil/Xuvenil', 25 setembro 2003, p. VII.

Comeza sinalando que esta obra de Manuel María narra unha historia de amizade entre un neno e un gato dirixida aos primeiros lectores. Explica o argumento da novela, protagonizada por Fiz e o seu gato, na que se salienta a sensibilidade do protagonista e o léxico enxebre e sinxelo que emprega o autor. Remata sinalando que esta obra de Manuel María, lonxe da súa faceta de poeta, non é a única achega ao lectorado máis novo, pois xa en 1968 publicara *Os soños na gaiola* e en 1979 *As rúas do vento ceibe*.

Marín Formoso, Xaquín, *Malfeito bufón*, ilust. do autor, Barcelona: Casals, abril 2003, col. O Trolebús, idade recomendada [lectorado mozo], 94 pp. (ISBN: 84-218-2956-4).

Conto de Xaquín Marín Formoso (Ferrol, 1943) no que a través de quince capítulos un narrador omnisciente, que en ocasións guía a lectura do lector, nos narra a vida de Malfeito, un personaxe de espantosa presenza física, pero de extraordinaria sensibilidade moral. Nel, o autor cóntanos cómo Malfeito, despois dunha desgraciada vida chea de sobresaltos e sensabores, é conducido por uns soldados ao castelo do rei Murcho II, onde ataviado cun rechamante traxe de cores estridentes cheo de axóuxeres, se converte en bufón do monarca de Remoto, un pequeno país que vive sumido na máis absoluta pobreza a causa da tiranía que Ravinio, valido do rei, exerce sobre os habitantes. Durante a súa presenza na corte e a pesar das continuas cambadelas que Ravinio e os seus seguidores lle fan, o bufón Malfeito,

axudado polo verdugo Tallante, o mago Merlón e a pantasma de Filiberto IV, avó do actual monarca, consegue abrírlle os ollos a Murcho II e restablecer no reino a xustiza, ausente ata o momento por causa da tiranía de Ravinio. As ilustracións figurativas do autor amosan visualmente o narrado no texto.

Recensións:

- María Navarro, 'Un divertido relato', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 44, 'Infantil/Xuvenil', 22 abril 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación pola editorial Casals, dentro da colección O Trolebús, de *Malfeito bufón*, volume ilustrado polo propio autor Xaquín Marín Formoso. Ofrécese o argumento do conto, sinalase algunha das técnicas empregadas na construción da narración, así como as consecuencias da aplicación destas e, finalmente, fálase da linguaxe empregada e da presenza da ironía no relato.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 49, 'Infantil/Xuvenil', 26 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de *Tempo e vinganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros, e de *Malfeito bufón*, obra de Xaquín Marín Formoso, que aparece na colección "O trolebús". Resume a historia que acontece e sinala que as ilustracións do volume son do propio autor.

Martínez Pereiro, X. L., *A muller mariña. (Dunha mítica criatura do mar e da terra)*, ilustr. Ana Pillado Vega, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Relatos históricos, idade recomendada [mocidade], 69 pp. (ISBN: 84-96203-38-7).

Xosé Luis Martínez Pereiro (A Coruña, 1959), escritor en xénero narrativo e teatral, ofrece un relato fantástico no que mestura a lenda con personaxes históricos. A trama argumental da inicio cando Froián, un monteiro que saía de caza, atopou unha serea na beira da praia xunto a unhas penas. Tras uns primeiros instantes de absoluta confusión, decide levar a ese "prodixio" da natureza "metade muller e metade peixe" á súa casa, a quen lle poría por nome Mariña. Namórase dela, sabe que é a muller da súa vida (motivo polo que deixa á súa dona), pero tiña un defecto: era muda. Así pois, van a un bruxo para que lle solucionen o problema, pero este, moi lonxe de solucionalo, limitase a adiviñar que vai ser nai dun fillo. Así foi: un fillo máis tres fillas que naceron posteriormente. A súa vida era moi feliz, pero o problema persistía. O desenlace ten lugar cando un bo día, ao regresar de faceren diversas labores no campo, o pai colle nos brazos ao fillo que máis quería e, nun simulacro de cólera, fai coma se o tirase ao lume. Ante isto, un gran berro brótalle á serea da gorxa, momento dende o que comezou a falar. Neste punto remata esta historia e nela fundaméntase a segunda parte da obra. Ambientada no século XVIII, o protagonista, Uxío Mariño, fai unha visita a D. Xosé Cornide Saavedra para informarlle de que visionara unha

serea nos acantilados da Torre de Hércules. Ante isto, Cornide recoméndalle que asista con el a unha cea na que haberá xente ilustrada que lle dará luz sobre o estraño acontecemento. Así foi, e nela o Pai Sobreira, Gaioso e Cesarión Fandiño presentaron todo tipo de hipóteses, todas moi dispares dos acontecementos narrados na primeira parte do libro. O libro remata cunha pequena intervención do escritor na que se dirixe ao lector e alude, nun ton humorístico, á posíbel e remota relación familiar entre un amigo seu, Rafa, con Mariña. Trátase dunha lenda cunha trama argumental sinxela ao redor da que circunda o entramado da segunda narración. Dúas historias contadas por un narrador omnisciente ás que se lle suma un pequeno inciso final no que o escritor conta unha vivencia propia en primeira persoa. Cada narración ten unha ubicación temporal ás veces definida outras máis difusa, ao igual que os espazos; así, sábese que a primeira delas ten lugar "algún tempo despois" da creación de Adán e Eva; non embargante, a segunda parte cita textualmente o ano 1788. As ilustracións de Ana Pillado Vega (A Coruña, 1971) presentan figuras estilizadas, esquemáticas, con cabezas redondeadas e desproporcionadas. A técnica empregada é a pintura, acompañada nalgúns páxinas de fondos e papeis impresos. Predominan as tonalidades frías -azuis, grises, brancos...- con toques puntuais de tons cálidos -laranxas, vermellos...-, situándonos de maneira gráfica no contorno no que se desenvolve o relato.

Referencias varias:

- A.N.T., 'É unha historia que puido ter ocorrido', *A Nosa Terra*, nº 1.108, 'Fin de semana', 11 decembro 2003, p. 33.

Entrevista a X. L. Martínez Pereiro con motivo da publicación de *A muller mariña*, na que explica o argumento da obra, que xira arredor dunha serea, un ser do que destaca que é moi galego. Tamén sinala que se documentou nos textos que sobre este ser mitolóxico escribiu Torrente Ballester ou Goethe, mesturándoos con datos reais de documentos e publicacións. Das ambientacións temporais empregadas sinala que son un recurso de aproximación e distanciamento, no que escolleu momentos importantes para a nosa cultura. Apunta que con esta obra quere homenaxear as figuras ilustradas galegas, que malia o seu peso están esquecidas, e que os debuxos de Ana Pillado crean un mundo moi persoal que complementa o texto.

Neira Cruz, Xosé A., *O armiño dorme*, IVº Premio Raíña Lupa, Vigo: Galaxia, agosto 2003, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 145 pp. (ISBN: 84-8288-612-6).

A novela, segundo declara Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) nos "Agradecementos" que pechan o volume, naceu a partir da contemplación do retrato de Bia de Medici realizado por Bronzino que se atopa na Galleria degli Uffizi de Florencia. A historia comeza en 1857, ano no que se acordou abrir as tumbas dos Medici para comprobar o estado dos sepulcros, feito acompañado da superstición dos presentes ao lembrar as traxedias que de sempre acompañaron a familia. Unha das últimas campas atopadas contiña o corpo dunha moza cun armiño aos pés e xunto a ela un libro cunhas páxinas escritas a man, tres séculos antes, que contiñan a historia da rapaza escrita en primeira persoa que é a que se reproduce seguidamente. Nela Bia de Medici, filla ilexítima do duque de Florencia Cosimo I, vai relatando a súa vida dende que se trasladou por desexo de seu pai a vivir no

palacio xunto á súa nova familia e foi convertida de aldeá en princesa. Vai dando conta do seu progresivo coñecemento da vida, inserida nos costumes do século XVI, unha situación na que vive allea aos acontecementos que suceden fóra dos muros do palacio. No transcurso dunha viaxe a Siena coñecerá o amor, aínda que por causa das rivalidades políticas será unha relación imposíbel e Bia verase obrigada a aceptar o casamento amañado pola súa familia. Conclúen a historia unhas páxinas que dan conta do fado negro que se estendeu arredor da familia nacida de Cosimo I, incluída Bia de Medici, que morreu nova e quizais envelenada. Do seu amor malogrado dan conta as coplas que se cantan co gallo da celebración do Palio de Siena.

Recensións:

- María Navarro, 'O poder da suxerencia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 23 setembro 2003, p. VII.

Tras se referir ao galardón acadado con *O armiño dorme* por Xosé A. Neira Cruz, o Premio Raíña Lupa 2002 que concede a Deputación Provincial da Coruña, cualifica o texto como unha novela amena na que cobra destacada importancia a dimensión histórica. Achega un resumo argumental e salienta que o interese do lector vai medrando dende o primeiro momento, non só polá temática senón tamén pola sinxeleza da expresión e pola intriga que vai rodeando os acontecementos, sobre todo no referido ao destino de Bia de Medici, a protagonista. Finaliza comentando que, entre a realidade e a ficción, percorre unha época dominada pola demostración do poder a nivel social e familiar e na que o sentido do honor está por riba de todo.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Infantil/Xuvenil', 27 novembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *As cidades mergulladas*, de Xosé Miranda e *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz, da que sinala que a protagonista é Bia, filla do duque de Florencia que narra o seu último día de vida. Do autor indícase que é xornalista e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago e que como escritor se deu a coñecer en 1988 ao gañar o Premio Merlín. Remata sinalando que con *O armiño dorme* gañou o Premio Raíña Lupa en 2002.

- M.B., 'Unha colección recupera a obra de Lueiro Rey e Celso Emilio Ferreiro', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 52.

Dáse conta dalgunhas novidades editoriais, entre elas desta nova achega do xornalista Xosé Antonio Neira Cruz, *O armiño dorme*, da que destaca a espacialización italiana e mais o "romeoexulietismo" da historia.

- Alberto Quián, 'O amor imposible sempre funciona na literatura', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 3 decembro 2003, p. 41.

Breve conversa con Xosé Neira Cruz trala presentación na Casa do Libro de Vigo de *O armiño dorme* que se presenta como unha novela protagonizada por Bia de Medici, unha adolescente do século XVI, que vive unha historia de amor imposible. O autor declara que o seu interese pola familia Medici remóntase a sete anos atrás, ao tempo da súa estadia de ano e medio en Italia e que xogou coa realidade histórica e a ficción. Sinala que escolleu a narración en primeira persoa e o tema do amor imposible para facerlle atractivo o relato ao lectorado mozo. Finalmente alude ao traballo de renovación que emprendeu na área infantil e xuvenil de Galaxia.

Peón Torres, Fátima, *Camposanto*, Premio "Rúa Nova" de Narracións Xuvenís 2003, A Coruña: Fundación Caixa Galicia ♦, 2003, col. Nova 33, nº 27, idade recomendada [mocidade], 151 pp. (ISBN: 84-95491-89-3).

Primeira novela publicada de Fátima Peón Torres (Lourizán, Pontevedra, 1985) centrada na amizade que manteñen dúas rapazas, Lea e Sofía, por teren compartido as vivencias infantís de veráns inesquecibles na aldea dos seus pais, Liar, a amizade con Alberto, un rapaz desa aldea, e os cambios propios da adolescencia. A relación de Sofía con Liar rómpese cando a súa nai abandona a familia para marchar con outro home e o seu pai non desexa saber nada do lugar. Daquela, Sofía ten que se facer cargo do coidado do seu irmán Marcos, con apenas un ano, e axiña comeza a recibir os malos tratos do seu pai, un segredo que mantén mesmo ante Lea quen, allea a todos estes problemas, intenta axudala no que pode. Ao longo da novela cóntanse episodios da vida das rapazas con constantes saltos temporais, que amosan cómo foron madurando sempre xuntas e á vez a súa vida cotiá no instituto, marcada polos seus conflitos co profesorado, as súas relacións cos rapaces, os contactos co alcohol e as drogas nas fins de semana e outras preocupacións próximas á realidade, como o afundimento do Prestige ou o seu compromiso co galego. Lea vive ademais unha situación familiar complicada pois a súa avoa, que vive na súa casa, sofre de párkinson e perdas de memoria, e é a súa nai a encargada de coidala. A estreita amizade entre as rapazas, nalgúns momentos cuestionada baixo a sospeita de seren lesbianas, rómpese cando Sofía é vítima dunha agresión sexual por parte de seu pai que a leva a emborracharse, drogarse, manter relacións sexuais á vista da xente e a enfrontarse con Lea cando esta a acusa de ter deixado só a Marcos. Ao tempo, Lea sabe a morte en accidente de moto de Alberto e ante estes feitos intenta suicidarse, aínda que a intervención do temido profesor de latín do instituto impide que o faga. Pasados uns meses de distanciamento, as rapazas reencóntranse en Liar e retoman a amizade. Sofía superou o seu medo e denunciou o seu pai e Lea afronta de novo a vida, de xeito que vivirán o seu vello soño de estudar xuntas a carreira en Santiago de Compostela.

Pérez Méndez, Nacho, *Carmen e a súa amiga Barbi*, ilust. Carmela González Pintos, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, nº 7, serie Verde, a partir de 10 anos, 97 pp. (ISBN: 84-263-5184-0).

Nacho Pérez Méndez (Vigo, 1957) é o autor desta historia sobre a amizade dunha nena de dez anos que se chama Carmen coas súas Barbis, especialmente coa que recibe de agasallo o día da súa primeira comunión e que pasa a ser a súa favorita por estar vestida igual ca ela o día da cerimonia. Carmen ten dezasete Barbis, aínda que en realidade dela só son cinco porque o resto son herdadas das súas dúas irmás, e gárdaas nun baúl no seu cuarto. Despois do dezasete de maio, data da primeira comunión de Carmen na que tamén se celebraba a festa dos galegos e galegas como recordou o cura na misa, a nena comeza a sentir arrepiños porque a súa irmá Alba marcha de viaxe de fin de curso e ela debe durmir soa no cuarto durante sete noites seguidas enfrontándose ao medo e á escuridade que sente sempre. Na primeira das noites, Carmen decide coller a súa Barbi nova para durmir con ela e así escorrer o medo e de súpeto vese convertida na moneca e rodeada de todas as Barbis no seu baúl. Nese mundo, Carmen comparte as preocupacións das monecas e mesmo debe enfrontarse á oposición dunha delas que se viu relegada ao chegar a nova. Despois dun xuízo, Carmen é declarada inocente e cando acorda e recupera a súa forma de nena decide bautizar a todas as monecas, que ata o daquela só se podían identificar polo número de orde de chegada ao baúl, xogar a vestilas e desvestilas como cando era máis pequena e falar con elas. A historia vai acompañada das ilustracións monocromáticas de Carmela González Pintos, realizadas con tintas planas e nas que predomina o alto contraste entre o branco e o negro. As formas son realistas e dáse unha maior liberdade nas composicións (distintos puntos de vista, primeiros planos, etc.).

Sánchez, Gloria, *Contos con letras*, ilust. e grafismo Carmen Corrales e Leticia Esteban, Madrid: Ediciones SM, 2003, col. O barco de vapor, nº 19, serie Branca, idade recomendada [prelectorado], 46 pp. (ISBN: 84-348-9334-7).

Gloria Sánchez (Pontevedra, 1958) presenta un conxunto de poemas narrativos concibidos como xogos caligráficos. As palabras dispóñense de maneira que, xogando coa tipografía, debuxan a forma á que se fai referencia no texto, no que se recollen nove historias cunha clara influencia de contos clásicos como os protagonizados polos tres porquiños, cincenta ou o lobo e as cabuxas. Así, un rato amáñase para ir ao colexio; unha cabuxa que marchou ao supermercado ten que se enfrontar ao lobo para salvar as súas fillas; unha vaca sae de paseo á braña coa súa prima Chi-Lin-Drada; un lagarto co rabo tronzado intenta coselo pero ao non conseguilo decide converterse no "lagarpirata". Tamén sabemos do monstro que engorda coa escuridade e encolle coa claridade; dun elefante que se sente ridículo co seu nariz descomunal e o seu rabo tan cativo e que cos cartos que gaña traballando no circo vai ao cirurxián crocodilo que lle arrinca a trompa dun bocado e escapa co diñeiro; do lobo que quere derrubar as casas dos porquiños e vese vencido por estes que o fan fuxir chamuscado; ou dun burrico que sobe lento pola encosta cando unha mosca lle fai cóxegas facéndoo espirrar. Pecha o volume a historia de Cincenta, que se converte nunha "principenta" no baile de palacio. A parte ilustrativa deste volume somerxe ao lectorado no mundo da tipografía e o seu xogo estético, ademais da lectura visual implícita que transmiten os diferentes grafismos dos caligramas.

Sánchez, Gloria, *¿A onde van as bolboretas no inverno?*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, [48]

pp. (ISBN: 84-403-0428-5).

Nesta historia de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) e Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953) relátanse as distintas actividades que desempeñan as bolboretas no inverno para que xurda a primavera. Comeza dando conta de que ao rematar o verán as bolboretas van á súa casa debaixo da terra a se preparar para estar guapas cando volvan saír da súa casa. Así mesmo neste tempo realizan outras actividades axudando aos ventos, flores ou nubes para que as distintas estacións do ano se sucedan. Así, descóbrenos que as bolboretas son as responsábeis de que chegue a primavera porque lle dan de beber caldo quente ao inverno facendo así que da súa boca saia un solíño pequeneiro. Este é un momento de máxima actividade para elas posto que teñen que avisar a distintos animais de que regresen, ademais de ter que preparar a colección de ás da nova tempada. Xosé Cobas complementa a lectura textual con ilustracións alegóricas que distorsionan as formas, acadando un grande efecto visual, novidoso e estimulante. Remata o libro cun texto da autora onde explica que as súas palabras e as ilustracións de Xosé Cobas deron forma a esta historia para que cando todo estea gris e vaia frío pensemos que nalgún lugar debaixo da terra as bolboretas traballan arreo para que volva a primavera.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Imaxes brillantes', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 5 xuño 2003, p. VII.

Salienta o bo traballo de Gloria Sánchez e Xosé Cobas en *¿A onde van as bolboretas no inverno?* e indica que ambos contan xa cunha experiencia evidente no campo da literatura infantil. Sobre esta obra conxunta, ademais de recordar o argumento, salienta o uso dunha grande imaxinación e de ocorrentes imaxes. Destaca tamén a perspectiva narrativa en terceira persoa para subliñar que nunha ocasión a voz narradora cambia para introducir unha crítica á sociedade preocupada pola imaxe. Outro dos elementos que eloxia é a caracterización das bolboretas posto que consegue dar un ton humorístico á obra, cualificada ademais de concisa e directa. En definitiva, opina que nesta historia se crea unha microsociedade fantástica que reproduce a dos propios lectores, aos que fará ver o importante que é o respecto pola vida de cada ser vivo.

Toro, Suso de, *Morgún (Lobo Máxico)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Fóra de xogo, nº 70, idade recomendada [mocidade], 158 pp. (ISBN: 84-9782-053-3).

De novo Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) achégase con esta novela de fronteira á adolescencia e mocidade pero tamén ao seguinte lectorado ata a ancianidade cunha enciclopedia máis repleta para comprender acenos e encher as lagoas da narración. *Morgún* é unha narración pechada, ben artellada e na que a identidade do pobo galego se remarca recorrendo aos mitos e maxias das xentes e xeografías galegas. Unha historia antiga que como di o seu recreador foi atopada no mosteiro de Toxosoutos e que pode datar do século XIV. Unha historia feroz, chea de vinganzas pola ansia primeiro de acadar o poder humano e material e logo de mantelo. Unha historia de traizóns que a maxia e os

deuses levarán ao seu punto para que Breogán campe e poña fin a tanta ferocidade, unha vez coñecida. Conta a historia o corvo chamado "Dous corvos" e faino comezando cun resumo do final da historia. Nela ofrécenos unha amálgama ordenada de seres míticos que percorren Galicia dende a parroquia de Miñortos (Concello de Porto do Son) na comarca do Barbanza, pasando, entre outros lugares con castros, por Fisterra e Santiago para voltar ao Barbanza a resolver o destino do salvador da patria no castro de Baroña.

Recensións:

- Héitor Mera, 'Fantasía de aceiro e lume', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 27.

Comentario centrado na novela *Morgún*, de Suso de Toro, da que comeza explicando o argumento arredor da vinganza e restitución do honor ao pobo no que reinará Breogán. Destaca elementos como as innumerábeis aventuras, desacougos e vitorias que se dan ao longo da liña argumental da historia, necesaria para recrear a mitoloxía épica dos pobos, que malia non ter valor científico si o ten dende o punto de vista étnico, por representar a través de heroes a autenticidade e valor do pobo. Destaca que nesta obra está a mensaxe implícita de denuncia do asoballamento do pobo que se levanta contra o opresor, feito que De Toro leva a cabo a través da situación territorial na que localiza a acción e mesmo da antroponimia, nunha novela na que aproveita os mitos do celtismo para aleccionar ao lectorado. Achégase tamén aos recursos empregados para darlle credibilidade á historia, como a súa estrutura liñal en breves capítulos e o emprego do manuscrito atopado, cos que se achega á indagación na estirpe. Sobrancea o feito de que é unha obra comprometida, na que se denuncian as inxustizas da sociedade actual, á que lle augura moito éxito.

- Xosé M.Eyré, 'Lendas de inspiración celta para o nadal', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 26.

Comentario conxunto de dúas novelas, *Morgún*, de Suso de Toro, e *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, no que comeza reflexionando sobre o valor das lendas na literatura universal. A seguir percorre as reminiscencias que se atopan na novela de Suso de Toro de lendas ben coñecidas do mundo celta, aínda que destaca sobre todo a harmonía que compón entre todos os elementos empregados. Sinala que tamén están presentes elementos xeográficos que serven de suxestión para a localización, motivos que convidan á reflexión e axudan a construír un discurso sincrético e integrador. Alude tamén a outros elementos presentes na obra que non son gratuítos, entre eles os de carácter máxicos como as profecías e predestinacións. Sinala que esta novela aparece estruturada en capítulos breves, nos que predomina o protagonismo da maxia, recomendando a lectura con todo "o emblematismo que posúe e que o redimensiona". Considera que esta característica non é tan acusada en *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, aínda que é tamén unha novela de aventura épica na que o heroe ten que superar unha serie de aventuras épicas, nunha viaxe iniciática, na que non faltan elementos como o esoterismo. Critica a compracencia do autor co narrado dos primeiros capítulos, por considerar que condiciona o léxico e o ritmo, mentres que a introdución do humorismo favorece a variedade de rexistros, atmosferas e personaxes. Remata destacando a boa elección dos nomes e topónimos.

- María Navarro, 'Morgún', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Sinala que o autor de obras como *Caixón desastre*, *Ambulancia* ou *Trece badaladas* (2002) presenta en *Morgún* unha historia ambientada na Idade Media, na que o lectorado asiste a unha sucesión de acontecementos marcados pola maxia, nun ambiente de devastación, vida e amor no que os personaxes cumpren o ditado da razón. Explicase que o argumento xira arredor da vinganza da morte do rei levada a cabo polo bravo guerreiro Morgún, coa que devolve a dignidade á comunidade. Dise que estamos ante unha novela de aventuras de "intenso sabor épico" que lembra as historias celtas e a materia artúrica, especialmente por introducir ao lectorado nun mundo de coordenadas espazo-temporais moi diferentes ás nosas, no que os personaxes están posuídos pola maxia e mediatizados polas profecías que dende o nacemento lles marcan os deuses. Tamén destaca o coidado da linguaxe, adaptada ao contexto histórico no que se desenvolve a historia.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Suso de Toro publicará en setembro unha novela sobre un heroe celta', *El Progreso*, 'Cultura', 16 xullo 2003, p. 69.

Anuncia a saída ao mercado dunha nova novela de Suso de Toro dentro da colección "Fóra de xogo". Así mesmo indica que este autor sacará tamén para final de ano dous ensaios, un castelán e outro en galego. Do primeiro indica que son artigos publicados en xornais de Madrid, Barcelona e Galicia que tratan sobre a súa idea de España. Sobre o segundo adianta que terá como tema a literatura e a arte. Respecto á novela xa citada o propio autor destaca que se trata dun proxecto ambicioso no que quixo mesturar a traxedia grega con Shakespeare e coas sagas celtas. Ademais manifesta o seu desexo de que esta obra non interese só a lectores novos xa que cre que ofrece lecturas variadas.

- David González, 'O intelectual incómodo', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'El perfil', 9 novembro 2003, p. 9.

Achega á figura de Suso de Toro con motivo da concesión do Premio Nacional de Literatura pola súa obra *Trece badaladas* (2002). Comeza denunciando o silenciamento que este galardón tivo nalgúns sectores da cultura galega por tratarse dun autor que "nunca encaixou no 'politicamente correcto'". Fai un percorrido pola súa traxectoria como escritor, dende que nos anos setenta escribira textos de teatro para o grupo Pepa a Loba ata a súa consolidación co Premio da Crítica de Galicia en 1986 por *Polaroid*, á que logo seguiron moitos títulos, algúns deles adaptados ao cine. Considera que onde De Toro amosa a súa personalidade máis comprometida é nos ensaios e colaboracións xornalísticas. Recolle as palabras do escritor nas que denuncia a súa situación de "exiliado interior" e destaca o seu labor e compromiso con Galicia ao longo da catástrofe do Prestige, do que repasa algún dos volumes publicados. Tamén sinala que vén de publicar *Morgún*, unha novela na que detecta semellanzas coas sagas irlandesas e a influencia do teatro de William Shakespeare e Álvaro Cunqueiro. Remata anunciando outros proxectos do autor como un ensaio sobre a súa

concepción de España, a reedición de *Tic-Tac* ou un ensaio literario, ademais de concluír que se converteu na "voz da conciencia incómoda".

- N.V., 'Susó de Toro: 'O Nacional foi como un premio colectivo', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 20 novembro 2003, p. 11.

Nova na que se detallan as principais declaracións realizadas por Susó de Toro nunha charla que tivo lugar o 19 de novembro na Galería Sargadelos; nela reflexionouse sobre os vinte anos de traxectoria literaria que leva percorridos trala concesión do Premio Nacional de Narrativa e a reedición de *Tic Tac*, a súa obra mestra. Nela falou, entre outros moitos aspectos, da evolución do estilo do propio autor -segundo o cal antes "describía a realidade e agora quere transformala"-, da consecución do Premio Nacional, do movemento Nunca Máis, das súas obras máis senlleiras ou da súa última creación: *Morgún*.

- Salvador Rodríguez, 'Quen canonizou a miña obra foi a crítica española, non a galega', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Entrevista', 20 novembro 2003, p. III.

Entrevista a Susó de Toro na que se fala tanto da actividade literaria coma da político-social que está a levar o escritor compostelán nos últimos tempos. Nela pregúntaselle acerca do Premio Nacional, da importancia que ten dita concesión na súa traxectoria profesional, da implicación social que manifestou co movemento Nunca Máis, da reedición de *Tic-Tac* e da publicación de *Morgún*, o último libro en saír ó prelo.

Uhía, Manuel, *O paraestrelas*, ilustr. do autor, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, serie Vermella, a partir de 5 anos, 45 pp. (ISBN: 84-236-5182-4).

Manuel Uhía (Portonovo, 1944) por medio dun narrador omnisciente relata as vicisitudes da aldea de Montelaxe diante do anuncio dunha chuvia de estrelas, pois queren ver o espectáculo e ao mesmo tempo non ser alcanzados por elas. Os conveciños reúnen para buscar solucións. Carmiña, unha nena de cinco ou seis anos oe os comentarios e moi apurada solicita do pai un paraestrelas. O pai, despois do abraio, vai con ela xunto a un paragüeiro que decide facerllo de folla de lata. O nudo da historia comeza cando os pais, Carmiña, o seu amigo Tucho e a cadela Ferruxa van á casa da tía, situada no máis alto da aldea para contemplar o espectáculo e, seguindo a tradición, pedir desexos. Despois da discusión dos nenos polos tipos de desexos que se poden solicitar chegan a estrelas fugaces que collen desprevenidos aos rapaces que nin sequera lles queda tempo para solicitar os desexos. Por iso deciden equiparse para a chegada das novas estrelas. Así o fan coa axuda da tía de Carmiña. A partir do paraestrelas constrúen un cazaestrelas que lle permitiu coller a unha, pero a estrela explícalles que non pode pertencer a ninguén e que se queren desexos teñen que deixala desaparecer para que poidan aparecer outras no universo e que para conseguir os desexos teñen que loitar moito. Os nenos decátanse da inutilidade de apresar a estrela e déixana caer. As ilustracións, que acompañan e complementan a narración, están realizadas con cores sobrias que axudan a penetrar no contorno onde se realiza o desenlace da obra con gamas de cor rechamantes indicando a recuperación do universo.

Varela Ferreiro, Alberto, *Anamarciana: vacacións en Europa*, ilustrado do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Merlín, nº 131, serie Azul, idade recomendada de 7 anos en diante, 47 pp. (ISBN: 84-8302-964-2).

Nova entrega das aventuras protagonizadas pola extraterrestre Anamarciana, despois de que o seu autor Alberto Varela Ferreiro (Carballo, 1963), acadara o Premio "Lecturas" de Gálix en 2001 polo primeiro volume desta serie publicado un ano antes. Seguindo a liña marcada en *Anamarciana*, agora neste volume dedicado aos nenos e nenas da Costa da Morte, a protagonista narra en primeira persoa as súas vacacións, durante as que realiza unha viaxe a Europa, o satélite xado do Planeta Xúpiter, acompañada da súa familia e mesmo da súa vaca Lolaescaiflai e unhas amigas desta. Este relato, que xoga coa intertextualidade dalgúns clásicos, caracterízase polo seu marcado carácter didáctico, no que a protagonista explica a ruta que segue cara á Vía Láctea, as características que teñen aqueles planetas polos que pasa ou os obxectos que precisa para pasar de xeito seguro a súas vacacións. As ilustracións do propio autor recrean o espacio da narración e proporcionan información visual a través de composicións realizadas coa técnica de ilustrar sobre fotografías reais do universo. Os protagonistas resólvense a través de formas planas de gran cromatismo e perfiladas en liñas negras.

Recensións:

- María Navarro, 'Anamarciana', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Infantil/Xuvenil', 8 maio 2003, p. VII.

Comézase referindo á actividade de Alberto Varela como colaborador de revistas e fanzines como *A ameixa cacofónica*, *Trilateral* ou *Golfinho*, para logo centrarse na segunda entrega das aventuras de Anamarciana. Explicase que neste volume, *Anamarciana: vacacións en Europa*, se narran as vacacións da familia da protagonista no satélite de Xúpiter chamado Europa. Saliéntase que a ficción científica literaria ten a capacidade de axudar ao lector máis novo a entrar no mundo da fantasía e a ver a realidade dende outra óptica. Tamén se destaca o feito de que nesta entrega de Anamarciana se presenta un complexo universo, no que mudan as coordenadas do espacio e o tempo, á vez que se xoga cos aspectos negativos da vida na terra como a tensión da vida actual ou os problemas de tráfico.

Referencias varias:

- A.M., 'Anamarciana: vacacións en Europa', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 6, 'Letras en galego', 26 abril 2003, p. 7.

Despois de destacar o éxito entre os lectores máis novos das series protagonizadas por un personaxe, lémbrese que a primeira aventura de Anamarciana fora premiada polo premio "Lecturas" de Gálix. De *Anamarciana: vacacións en Europa* destácase a fluidez entre texto e imaxe, na que Alberto Ferreiro manifesta a influencia do estilo do cómic e do álbum na recreación dun mundo fantástico que non é tan diferente do que coñecemos. Remata ofrecendo unha breve liña argumental e na que se fai unha homenaxe a Tintín.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 29 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do libro de ciencia ficción para os máis novos *Anamarciana: Vacacións en Europa*, de Alberto Varela Ferreiro editado pola colección "Merlín", do que se salienta a capacidade para suxerir aos lectores espazos siderais despois de facer un resumo do mesmo. Tamén se achega ao poemario de Yolanda Castaño *O libro da egoísta* e ao conto *O galo de Antioquía*, de Carlos Casares.

Vázquez Chantada, Francisco, *Crónica de Ofiusa*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2003, col. Docexvintedous, idade recomendada [mocidade], 164 pp. (ISBN: 84-7824-433-6).

Primeira novela xuvenil de Francisco Vázquez (Chantada, 1956). Trátase dun relato de aventuras de corte épico centrado nunha viaxe iniciática, ambientado nunha época mítica e no que destaca a simboloxía coa historia de Galicia. Ando, o protagonista, tras superar unha serie de probas durante a súa infancia e ser adestrado polo seu avó en diferentes saberes, emprende unha viaxe, deixando atrás a súa infancia na súa aldea natal, Sonán, e parte na procura de Ofiusa, co obxecto de liberar a súa terra, sometida polo imperio de Non Fal, da imposición dunha cultura, unha lingua e unha nova orde social. Ao longo da viaxe coñece a Axe, un guliare co que entabla amizade, que co seu sentido do humor, a súa fala incontíbel e a súa vida errante, lle aprende a vivir con humor e a se enfrontar aos perigos dos camiños con astucia. No palacio de Nove Lúas, Ando coñece os poderes e a sabedoría ancestrais que permanecen agochados neste territorio de resistencia e que se transmiten oralmente de xeración en xeración. Ademais namórase de Queade e con ela vive a súa primeira experiencia sexual e o aflorar dos sentimentos. Ao final da súa viaxe coñece a morte de Axe, a tortura e o significado da loita contra a tiranía e o poder imposto para salvagardar a identidade propia.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Lendas de inspiración celta para o nadal', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 26.

Comentario conxunto de dúas novelas, *Morgún*, de Suso de Toro, e *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, no que comeza reflexionando sobre o valor das lendas na literatura universal. A seguir percorre as reminiscencias que se atopan na novela de Suso de Toro de lendas ben coñecidas do mundo celta, aínda que destaca sobre todo a harmonía que compón entre todos os elementos empregados. Sinala que tamén están presentes elementos xeográficos que serven de suxestión para a localización, motivos que convidan á reflexión e axudan a construír un discurso sincrético e integrador. Alude tamén a outros elementos presentes na obra que non son gratuítos, entre eles os de carácter máxicos como as profecías e predestinacións. Sinala que esta novela aparece estruturada en capítulos breves,

nos que predomina o protagonismo da maxia, recomendando a lectura con todo "o emblematismo que posúe e que o redimensiona". Considera que esta característica non é tan acusada en *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, aínda que é tamén unha novela de aventura épica na que o heroe ten que superar unha serie de aventuras épicas, nunha viaxe iniciática, na que non faltan elementos como o esoterismo. Critica a compracencia do autor co narrado dos primeiros capítulos, por considerar que condiciona o léxico e o ritmo, mentres que a introdución do humorismo favorece a variedade de rexistros, atmosferas e personaxes. Remata destacando a boa elección dos nomes e topónimos.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *Manecho o da rúa*, de Xosé Lesta Meis; *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada; e *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero. Da obra de Francisco Vázquez Chantada explica que se trata dunha viaxe iniciática protagonizada por Ando, un mozo que abandona a súa casa para buscar Ofiusa.

- Manuel Vidal Villaverde, 'A palabra á procura da alucinación', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 7 decembro 2003, p. 42.

Conversa entre Estíbaliz Espinosa e Manuel Vidal Villaverde, autora de *-orama*: un título que "non significa nada" e que dá nome a un poemario de confesión e comunicación. Para ela, a literatura é ilusionismo, "cousa de maxia". Engádese unha recensión a *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada, a historia dunha viaxe mítica que o crítico recomenda como boa e entretida lectura.

Vidal, Francisco Antonio, *O botín da inmortalidade*, Premio "Avilés de Taramancos" de Relatos de Aventuras, ilustr. Xosé Luís Veiras Manteiga, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, xullo 2003, col. Nume, idade recomendada [mocidade], 95 pp. (ISBN: 84-96259-03-X).

Francisco Antonio Vidal (Palmeira-A Coruña, 1957) recorre nesta historia de aventuras á voz dun suposto cronista para relatar os feitos que xiran arredor de don Andrés, un pirata que velaba polo ben dos habitantes da ría de Arousa na primeira metade do século XVII. Segundo se sinala, este personaxe, don Andrés de Soutogrande, era fillo de don Pedro Madruga aínda que cronoloxicamente resulte imposíbel, posto que foi a alma deste último o que enxendrou a este valente home de mar buscando así perpetuar a súa estirpe. Despois destas aclaracións a historia xira arredor da amizade entre don Andrés e Pepe o Lombudo, primeiro de a bordo no bergantín co que evitaban que outros barcos invadisen a ría de Arousa e conseguían importantes botíns. Mais esta amizade viuse truncada un verán no que como era costume por esas datas volvían todos os tripulantes á súa terra para celebrar as festas coas súas familias e veciños. A causa desta ruptura foi que os dous amigos se

namoraron da mesma moza, unha fermosa e enigmática muller da que ninguén sabía que era en realidade unha moura que quería sentir do mesmo xeito que os humanos e converterse polo tanto en mortal. Esta muller namorouse de Pepe o Lombudo e fixo que a relación dos dous amigos se fixese tensa, razón pola que o capitán decidira adiantar a volta ao mar, onde o Lombudo fuxiu ante a desconfianza do que sempre fora seu amigo. A pesar desta separación cando o Lombudo viu que os seus antigos compañeiros loitaban cun barco francés este volveu para axudalos e nese momento don Andrés, ferido de morte, recuperou a amizade co seu vello amigo. Finalmente Pepe, que xa non volveu ao mar, casou coa moura, que cumpriu así o seu desexo de ser mortal e polo tanto gozar intensamente das súas experiencias. Acompañan á narración uns debuxos en branco e negro de Xosé Luís Veiras (Santiago de Compostela, 1949).

Recensións:

- Paula Fernández, 'Unha prosa elaborada', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Despois de mencionar que *O botín da inmortalidade* mereceu o premio "Avilés de Taramancos" de relato de aventuras e que o seu autor, a pesar de non ser moi recoñecido, xa conseguira outros premios salientábeis, detense na análise desta obra. Destaca primeiramente que se trata dunha novela de corsarios que, a diferenza da maioría das deste tipo, centra a súa historia, que se pode clasificar como relato amoroso, en terra firme. Mais, segundo indica, máis alá do argumento que xira arredor dos ciúmes atópase unha forte carga simbólica arredor da inmortalidade á que alude o título. Ademais disto salienta a ambientación galega do relato e a prosa elaborada que dá certa complexidade e atractivo a este volume apto para "preadolescentes ou adolescentes xa afeitos ao mundo da lectura".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 52, 'Infantil/Xuvenil', 25 setembro 2003, p. VII.

Nesta sección fíxase na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión unicamente de *O botín da inmortalidade*, de Francisco Antonio Vidal. Sinala que é unha novela de aventuras protagonizada por homes de mar, coa que o autor resultou gañador do Premio "Avilés de Taramancos" xunto con *Rumbo ao Maluco*, de Xosé Agreló Herme.

VV. AA., *Concurso Batalla de Cacheiras*, limiar de Carme Hermida Gulías, Santiago de Compostela: Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras □, 2003, 47 pp. (DL: C-2441-2003).

Volume no que se recollen os contos gañadores do Concurso "Batalla de Cacheiras", que dende o ano 2000 convoca a Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras. Está

dirixido a escolares de educación primaria e secundaria, entre os que se conceden tres premios en cada unha das modalidades, así como diferentes accésits. Neste volume recóllense os seis contos gañadores das edicións de 2002 e 2003, que van precedidos dun limiar de Carme Blanco Gulías no que explica a orixe desta iniciativa, coa que se conmemora a batalla que tivo lugar o 23 de abril de 1846 entre as tropas levantadas en Galicia e o exército enviado de Madrid. Tamén salienta a boa acollida que tivo entre os escolares da comarca e agradece o apoio das institucións e empresas implicadas. A seguir reproducense os contos premiados no ano 2002 na categoría de Escolares de Educación Primaria que foron: "O bosque en perigo" (Terceiro premio), de Tamara García Castro, no que se narra como os animais do bosque son atacados por un cazador que remata convertido nun príncipe bo por un meigallo; "A Batalla de Cacheiras" (Segundo premio), de David Fernández Rey, no que botando man do recurso do manuscrito atopado se recrea esta batalla; e "María e a súa boneca" (Primeiro premio), de Laura Ramos Vázquez, no que se relata a historia dunha nena brasileira que perde a súa boneca de carozo de millo nunha enchente ao enterrala na beira do río. Na categoría de Escolares de Educación Secundaria os contos gañadores foron: "Un soño non soñado" (Terceiro Premio), de Javier Botana Pazos, no que se describe a anguria dun soño de infancia no que unha besta visita o cuarto do protagonista, no que deixa unha luva como proba; "Lobos e mais lobos" (Segundo premio), de Irene Miguel Pena, no que se narra a transformación dunha moza despois de recibir un transplante de corazón, que resultou ser dun home lobo; e "O escudeiro de Santiago" (Primeiro premio), de Jesús Magaña Terrón, no que un narrador en primeira persoa relata as peripecias que vive cun cabaleiro da Orde de Santiago no camiño. Na edición de 2003 os contos gañadores na categoría de Escolares de Educación Primaria foron: "A paz" (Terceiro premio), de Noelia Pájaro Hermo, un conto moi breve no que describe o terror que provoca a guerra e a alegría á que dá paso a paz; "O paxaro e o loureiro" (Segundo premio), de Laura Ramos Vázquez, no que se narra a historia dun paxaro cunha á rota que non pode emigrar no inverno e é gorecido polo loureiro e o piñeiro entre as súas ramas; e "Xan o ferreiro" (Primeiro premio), de Daniel Justo Rey, no que se narra a historia dun ferreiro que se nega a facer armas que se van empregar na guerra. Na categoría de Escolares de Educación Secundaria os contos gañadores foron: "Roi de volta ó pasado" (Terceiro premio), de Anxo Fernández Díez, que xira arredor do achado dun esqueleto nunha obra, feito que muda a vida do albanel que o atopa; "Batalla de Cacheiras" (Segundo premio), de Alejandra Carreño Rodríguez, no que se describen os pensamentos e sentimentos dun soldado de Solís antes de ser executado; e "Bágoas negras" (Primeiro premio), de Alejandra López Pena, no que o narrador é o fillo do xeneral Solís, que escribe no seu diario cómo coñece a morte de seu pai en Carral. Algúns dos relatos van introducidos polas pinturas premiadas no Concurso de Debuxo para Escolares de Educación Infantil que convoca a Asociación e tamén polos que ilustraron os relatos premiados. Na súa maioría están realizados con ceras e lapis de cores e non se corresponden co relato ao que acompañan.

VII.1.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

Aleixandre, Marilar, *O monstro da chuvia*, ilust. Pablo Amargo, Madrid: Ediciones SM, 2003, col. Os piratas, nº 8, idade recomendada Prelectores e primeiros lectores, [27 pp.]. pp.

(ISBN: 84-348-9336-3).

Nova edición deste conto infantil de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) publicado por primeira vez en 1998 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na colección "A maxia das palabras". Esta reedición presenta cambios importantes: unha ampliación argumental cara ao final do relato, o emprego de letras maiúsculas na narración e a presenza de novas ilustracións realizadas por Pablo Amargo (Oviedo, 1971), que se estenden á totalidade das páxinas e explican, matizan ou amplían con grande expresividade o que se narra, facendo de cada páxina unha peza singular na busca do pracer estético e gráfico, e mesmo, poden constituír unha narración visual por elas mesmas. Nesta historia de carácter fantástico-realista reflíctese a importancia de enfrontarse aos nosos medos para vencelos e cómo "a unión fai a forza". Narrada en terceira persoa, relátase cómo un neno chamado Chis descobre, unha noite de inverno, cómo o monstro da chuvia rapta aos nenos da súa cidade e os leva polo sumidoiro coa intención de disolvelos cunha aperta de auga. O protagonista decide seguilo para enfrontarse a el cun único obxecto: o seu paraugas vermello, que non só o salvagarda da chuvia senón que tamén ten a propiedade de quitar as tebras e as súas variñas son máxicas cando se arremete contra o medo. Unha vez dentro do sumidoiro cóntase cómo Chis argalla un plan co que consegue reducir ao monstro a unha galdrumada gracias ás risas dos seus compañeiros e á axuda do seu paraugas.

Casares, Carlos, *O galo de Antioquía*, ilust. Andrés Meixide, introducción de Hakan Casares Berg, Vigo: Galaxia, febreiro 2003, idade recomendada [mocidade], 38 pp. (ISBN: 84-8288-599-5).

Terceira edición deste conto de Carlos Casares (Ourense, 1941-2002), tras ser publicado en 1994 na colección "Contos do Castromil" e en 2002 nos cadernos "Lethes" do Centro de Cultura Popular do Limia. Ábrese cun prólogo do fillo do escritor no que este lembra a seu pai sempre escribindo. Con respecto a este relato sinala que reúne moitos elementos esenciais da súa prosa e da súa personalidade, como o gusto polas situacións absurdas e surrealistas, polos personaxes pintorescos e a "concepción da intolerancia como o gran mal das persoas, xerme do fanatismo, da violencia, da inxustiza e do sufrimento". Relátanse neste conto fantástico, baseado nas lendas de tradición oral que rodean a cidade asolagada de Antioquía, as estrañas mutacións que comeza a experimentar Antón, o ferreiro, no seu corpo, dende que unha mañá pon un ovo, comézanolle a saír plumas e enxerga un misterioso campanario. Convencido de que o demo lle entrara no corpo, decide ir ver a don Marcelino, o cura, que o convence de que só se trata dun ataque de medo. Pero de alí a pouco recibe a chamada urxente do abade que, reunido co párroco veciño, don Luis, inicia un interrogatorio. Antón descobre asombrado que entende o latín e, aínda que non sabe ler nin escribir, coñece cousas que nunca oíra nin aprendera. Daquela deciden sometelo a un esconxuro e cando Antón comeza a describir o campanario, decátanse de que está a falar da igrexa asolagada da cidade de Antioquía que, segundo a lenda, só se podía ver tres veces ao ano. Pouco despois a xustiza prende o ferreiro e tras mallar nel acaban queimándoo na fogueira para salvar a súa alma, mentres Antón remata a súa conversión en galo e sae voando cara ao campanario de Antioquía para cantar o quiquiriquí das doce. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1972) axudan a situar na trama do relato remarcando o carácter misterioso do mesmo por medio das cores, do xogo do claroscuro e das formas pechadas e

remarcadas con liña negra.

Recensións:

- Damián Villalaín, 'Un pequeno diamante', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Libros', 19 xuño 2003, p. V.

Recorda que Carlos Casares barallaba a idea, antes de morrer, de facer un libro de contos, un xénero no que se atopaba moi cómodo e que nunca deixou de practicar, aínda que só escribise dous libros de relatos concibidos de maneira unitaria, *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío*. A seguir sinala que *O galo de Antioquía* xurdiu como consecuencia da posta en marcha da colección "Contos do Castromil" en 1994, tivo despois unha segunda edición en 2002, nos cadernos "Lethes" do Centro de Cultura Popular do Limia, en homenaxe a Casares que falecera uns días antes da publicación. Indica que esta, publicada por Galaxia, é a terceira edición do relato e conta cun prólogo de Hakan Casares Berg e con ilustracións de Andrés Meixide que, "sendo inobxectables na súa execución técnica, presentan un aire de cómic para adolescentes que insiste innecesaria e erradamente nunha interpretación un tanto infantiloides do texto". Cualifica o relato como divertimento curioso do autor no que predomina o humor, a fantasía e o aroma de lenda, sen deixar de lado os atisbos tráxicos que son constantes na obra de Casares. Recoñece tamén a presenza de cuestións como a liberdade, a inocencia e a diferenza, representadas polo ferreiro Antonio Madarro que se enfronta cos prexuzos, os intolerantes e os malvados. Conclúe que o relato pode entenderse como a esencia do mundo literario de Casares e exemplo da calidade da súa prosa narrativa.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'Galaxia publica para o gran público o conto de Casares 'O galo de Antioquía'', *Faro de Vigo*, 'Sociedade', 28 marzo 2003, p. 49.

Informa da presentación de *O galo de Antioquía*, que conta cun prólogo de Hakan Casares Berg e con ilustracións de Andrés Meixide, e de *Un polbo xigante*, dous contos de Carlos Casares que foran publicados en 1993 e 2000, respectivamente. Recóllense as palabras de Victor Freixanes, que agradeceu a colaboración do Concello de Vigo e a intención da editorial que dirixe de lembrar a Casares cunha "festa da palabra". Con respecto a *Un polbo xigante*, salientase o CD que acompaña o volume, en palabras de Freixanes, "algo extraordinario, un valor engadido que enriquece o texto".

- Begoña R. Sotelino, 'Galaxia conmemora o pasamento de Casares reeditando dúas obras', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 marzo 2003, p. 41.

Dá conta da presentación na Casa da Cultura Galega de Vigo, por parte de Galaxia, de dúas reedicións de senllos contos de Casares, *O galo de Antioquía*, que conta cun prólogo de Hakan Casares Berg e con ilustracións de Andrés Meixide, ao que Victor Freixanes, director de Galaxia, cualificou de texto singular que se recupera coa vontade de lembrar a

Casares; e *Un polbo xigante* se editou por vez primeira en 2000 e contou no seu acto de presentación, na Zona Franca de Vigo, cunha lectura do texto realizada por Casares, unha gravación que acompaña esta reedición. Conclúese sinalando que Freixanes incitou á Fundación Casares a mover por toda Galicia a exposición dedicada a Casares que acolle a Casa da Cultura de Vigo e na que se exhiben algúns dos seus obxectos persoais, entre eles, os exemplares de *O Principiño* que colleccionaba en todos os idiomas.

- A. B., 'Galaxia reedita os contos de Casares', *O Correo Galego*, 'AFA', 28 marzo 2003, p. 32.

Nota que informa da presentación da reedición de dous contos de Carlos Casares, *O galo de Antioquía* e *Un polbo xigante*, con motivo de se cumprir un ano do seu pasamento. Cita os asistentes ao acto, Andrés Meixide, ilustrador do primeiro dos volumes, Kristina Berg, a viúva do escritor, e o Concelleiro de Cultura do Concello de Vigo, que colaborou na edición. Recóllense as palabras de Victor Freixanes, director de Galaxia, que sinalou a vontade de recordar a Casares e cualificou *O galo de Antioquía* de texto singular; e de Andrés Meixide, que declarou que "os primeiros debuxos que fixera para o libro causaron tanto terror que o fixeron sentir como o ferreiro que protagoniza o conto e servíronlle de inspiración para realizar as ilustracións definitivas". Inclúense finalmente as palabras de Kristina Berg, que indicou que *Un polbo xigante* se editou por vez primeira en 2000 e daquela Casares fixo unha lectura do conto que se gravou e que acompaña esta reedición.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 29 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da reedición do conto *O galo de Antioquía*, de Carlos Casares, do que salienta, tras facer un breve resumo do contido, o mundo máxico e mítico galego e a intolerancia como provocadora de males. O conto aparece ilustrado por Andrés Meixide. Tamén fai referencia á obra infantil *Anamarciana: Vacacións en Europa*, de Alberto Varela Ferreiro e ó poemario *O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño.

Edicións A Nosa Terra, *Grandes contra pequenos*, ilust. de Abraham, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Contos do Miño, [28] pp. (ISBN: 84-95350-78-5).

Neste conto ilustrado por Abraham relátase a historia da batalla que emprenderon unha raposa e un sapo despois de ter discutido un día por mor dunha pisada. A raposa chamou pola súa xente malia que pensaba que podería vencer facilmente o sapo polo seu pequeno tamaño. Pero este formara un exército enorme de seres miúdos: abellas, abesouros, grilos, tabáns, formigas, toupeiras, saltóns e outros bechos cativos, que se enfrontaron o día e a hora acordados aos amigos da raposa, o lobo, o porco bravo, o oso e a cabra montesa, moito máis grandes ca eles. Tras dunha cruenta batalla, os grandes tiveron que fuxir por mor dos picotazos da xente miúda, mentres o sapo celebraba unha festa e berraba orgulloso: "¡Son pequeno, pero matón!". Este relato ampárase nunhas ilustracións a dobre páxina con

marcado estilo infantil no deseño das figuras dos personaxes que participan no relato. Os fondos que ocupan toda a páxina están realizados por medios informáticos e os personaxes preséntanse con formas robotizadas e cores planas.

Edicións A Nosa Terra, *O angazo*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. Contos do Miño, [28] pp. (ISBN: 84-95350-89-0).

A partir das ilustracións de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) que ocupan a totalidade da páxina con fondos coloreados a base de ceras difuminadas, nas que se superpoñen os protagonistas, debuxados con trazos de diferentes grosores e cores fortes e planas, que permiten unha lectura visual do que se quere relatar, ofrécese a anécdota xa tradicional que ocorreu nunha aldea na que os nenos e nenas realizaban labores do campo dende ben noviños. Pepiño era un deses nenos e o que máis lle gustaba era angazar a herba. Na súa casa non había fartura coma nas demais da aldea e Pepiño decidiu un día, ao ver un cartel que anunciaba viaxes a América, emigrar para saír da miseria. Aos poucos meses, Pepiño contaba nas súas cartas que América era un país grande con moitos coches e rañaceos, que traballaba máis horas cá no campo nun comercio dun veciño da súa aldea e que comezaba a aforrar. Despois de varios anos unha nova carta anunciaba a visita de Pepiño á aldea para pasar o verán. Mais cando regresou Pepiño xa non era coma antes: agora notábase que fixera fortuna, vestía con traxe e chapeu e semellaba todo un señor, mesmo falaba con acento arxentino. Os amigos levárono de paseo polo campo e cando chegaron onde o angazo que tanto lle gustaba de neno, Pepiño afirmou non recoñecer a ferramenta. Pero cando o mango do angazo lle deu na cara e levou un bo golpe, axiña recobrou a memoria e maldiciu a ferramenta co seu acento galego campesiño de sempre.

Fernández Paz, Agustín, *Rapazas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. Fóra de xogo, nº 50, idade recomendada [mocidade], 163 pp. (ISBN: 84-8302-962-6).

Nova edición desta obra de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), publicada orixinalmente en 1993 na colección "Merlín". Ábrese o volume cunhas palabras do autor, nas que explica que os relatos aparecen cunha nova reordenación, co engadido dun novo titulado "Querida avoa" e todos eles reescritos para solucionar erros, carencias e favorecer unha lectura máis clara. Remata co desexo de que nestes relatos permaneza o "alento e entusiasmo que puxen neles cando os escribín por primeira vez". A seguir, reproducense os relatos na seguinte disposición: "Visitante das estrelas", no que unha extraterrestre chega á terra e asiste aos conflitos propios da adolescencia na nosa sociedade; "Unha pedra na area", conto no que a xeito de diario unha adolescente relata a vivencia do seu primeiro amor influída pola presenza dunha estraña pedra; "Un curso con Ana", no que os compañeiros da protagonista lembran a súa actitude na clase dende os seus diferentes puntos de vista; "Querida avoa", un conto no que se narra cómo Marta descobre que súa avoa alberga sentimentos xenófobos, non chegando a comprender a súa actitude pero queréndoa igual malia as diferenzas de criterio; "A primeira meta", no que se narra cómo vive Mariña a súa vitoria nunha carreira de cros; e "Dúas rosas murchas", no que se narra a estremecedora relación dunha rapaza cunha pantasma.

González Paz, Olalla, *Chibos chibóns*, ilust. Federico Fernández, Pontevedra: Kalandraka Editora, novembro 2003, col. Os contos do trasno, idade recomendada [prelectorado], [36] pp. (ISBN: 84-8464-211-9).

Adaptación de Olalla González Paz baseada nun conto popular protagonizado polos tres irmáns chibos chibóns que vivían no alto dunha montaña: o pequeno, o mediano e o grande, cada un cunhas características que os definen. Relátase o que ocorreu un día no que baixaron da montaña e quixeron atravesar unha ponte para comer a herba verde e rica que había na outra beira do río. O que non sabían era que debaixo da ponte vivía un trasno malvado que non deixaba pasar a ninguén, así que os chibos decidiron enganalo. Póñense de acordo para burlalo, botando man do seu enxeño e das súas diferenzas de tamaño e ao final sáense coa súa e vencen o trasno que nunca máis volveu. Os tres chibos comeron moita herba e convertéronse nuns animais enormes. O texto insiste en reflectir as diferenzas de tamaño e as características que individualizan os tres irmáns a través dos xogos coa tipografía, punto no que tamén inciden as ilustracións de Federico Fernández (Vigo, 1972), que están deseñadas a dobre páxina, en colaxes e usando formas redondeadas e pechadas, con fondos de pintura moi xestual.

Mejuto, Eva (adapt.), *Rato de campo e rato de cidade*, ilust. Kiko Dasilva, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. Os contos do trasno, idade recomendada [lectorado autónomo], [36 pp.]. pp. (ISBN: 84-8464-139-2).

Nesta adaptación dun conto de tradicional, asinada por Eva Mejuto, un narrador omnisciente relata cómo dous ratos, cansos das súa monótonas vidas e con ganas de coñecer outros mundos coma os que len nos seus libros, deciden cambiar de aires e emprender unha viaxe (o rato do campo viaxará á cidade, mentres que o rato de cidade, viaxará ao campo). Nun primeiro momento o que atopan chámalles a atención: o do campo entusiásmase co asfalto, as flores de pedra, as luces dos anuncios, a música e a comida quentiña e o da cidade queda abraiado cos enormes prados, os ríos, as estrelas que brillan no ceo, os morcegos, o cantar dos grilos ou o arrecendo da noite no campo, mais cando ámbolos dous pensan na súa vida anterior "algo lles rilla na barriga". Os dous botan de menos os seus lugares de orixe e a saudade fai que regresen a cadanseu fogar considerando que é bonito viaxar, pero máis o é regresar. As ilustracións de Kiko Dasilva (Vigo, 1979), xunto co texto, conforman un conxunto harmónico, conseguido a través das imaxes coherentes coa trama e realizadas por medio do colaxe na busca da representación tridimensional e da inmersión do lectorado no mundo fantástico do relato.

Recensións:

- María Navarro, 'A xeito de conto clásico', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Infantil/Xuvenil', 13 marzo 2003, p. VII.

Dáse conta da adaptación realizada por Eva Mejuto dun conto popular de transmisión oral en moitos países, e que xa recollera o fabulista Esopo, titulado *Rato de campo e rato de*

cidade e publicado por Kalandraka Editora, nunha coidada edición que orixinalmente ilustra Kiko Dasilva. Infórmase do argumento e indícase que a través do exemplo dos protagonistas do conto os nenos poden aprender a valorar o que teñen. Sinálase que a dualidade presente ao longo do relato reforza a contraposición de dous mundos (campo/cidade), e destaca, se cadra aínda máis, as diferencias substanciais entre dúas formas de vida que deberían tender á complementariedade. Finalmente alúdese ás ilustracións de Kiko Dasilva e fálase da súa proposta gráfica, así como das características do seu traballo.

Mejuto, Eva (adapt.), *O zapateiro e os trasnos*, ilust. Elia Manero, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. Os contos do trasno, idade recomendada [prelectorado], [36] pp. (ISBN: 84-8464-212-7).

Esta adaptación dun conto popular de Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) presenta a historia dun zapateiro e a súa muller de condición moi humilde, que pasaban sen comer para mercar coiro co que facer botas e zapatos. A chegada duns trasnos á súa vida fai que a súa sorte mellore, xa que pola noite cando eles estaban durmindo os trasnos facían fermosos zapatos. En agradecemento o zapateiro e a súa muller fixéronlles un traxe a cada un e uns zapatíños, algo co que soñaban os trasnos para poder marchar de viaxe. Nunca máis volveron, pero ao zapateiro e á muller non lles importou porque, desde aquela, a tenda estivo sempre chea de xente. As ilustracións realizadas por Elia Manero seguindo a técnica do colaxe tridimensional (teas, fios, etc.) presenta unha brillante proposta plástica na que predominan os tons cálidos (laranxas, vermellos, ocre, etc.) que invita á recreación no detalle. Ocupan toda a páxina proporcionando moita máis información que a textual e polo tanto enriquece a lectura e ameniza a lectura textual e mesmo a narración oral, convidando á observación das imaxes.

Recensións:

- María Navarro, 'Harmonía de conxunto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 'Infantil/Xuvenil', 20 novembro 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación da adaptación deste conto da tradición europea na colección "Os contos do trasno", de Kalandraka Editora. Destácanse as ilustracións de Elia Manero, nas que se emprega a técnica do colaxe tridimensional e desenvólvese o argumento da obra. Céntrase a seguir nas constantes que se atopan na obra propias do conto popular de tradición oral como son o protagonismo de personaxes de bo corazón, pobres e traballadores, a repetición de estruturas que serven de fio condutor, a disposición de palabras que acentúan o ritmo e a musicalidade ou o final feliz. Remata destacando a coidada expresión do texto, o suxerentes que son as ilustracións e a harmonía do contido coa forma.

Miranda, Xosé, **Reigosa**, Antonio, *Contos de parvos e pillos, II*, ilust. Hoa-ninn Melgar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Cabalo buligán, nº 18, idade

recomendada [lectorado mozo], 61 pp. (ISBN: 84-8302-236-2).

Segundo volume de contos de corte popular, tralos que se agocha o riso inxenuo e a burla inocente, que son reelaborados na súa maior parte por Xosé Miranda (Lugo, 1955). En "O galo, a escada e a fouciña", nállase cómo tres irmáns se fan ricos gracias á axuda prestada por estes tres obxectos; en "As perdices do convite", relátase a historia dun cura e dun cazador que son burlados pola muller deste; en "O matalobos" e "Bastián e Crispín" preséntanse dúas versións da historia protagonizada polo irmán máis novo, que é quen de enganar en varias ocasións ao seu irmán maior que se deixa levar pola súa codicia; en "O parvo e o xigante" nállase cómo un parvo se fai dono do monte, das vacas e das ovellas dun xigante; en "Os dez mandamentos" móstrase a un cura que acaba por confesar os seus propios pecados ao pretender coñecer as faltas dun fregués; en "O corazón do touro barroso", preséntase a un criado que recibe bo pago do seu amo por contarlle a verdade; e en "Un bicho descoñecido", os protagonistas son un home e unha muller que conseguen gañarlle un trato ao demo. Pola súa banda, Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, Lugo, 1958) reelabora "O adiviñador", no que se conta cómo un home se fai rico gracias ás súas casuais adiviñacións. O apartado "Notas", que recolle diversa información sobre as historias versionadas pecha esta obra ilustrada de forma simbólica pola cubana Hoa-binh Melgar por medio de cores cálidas e matizadas con formas curvas e redondeadas.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Contos de parvos e pillos (II)', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 52, 'Infantil/Xuvenil', 25 setembro 2003, p. VII.

Comenta que Xosé Miranda e Antonio Reigosa veñen de presentar *Contos de parvos e pillos, II*, cos que pretenden facer chegar aos nenos de hoxe os contos populares conservados gracias á literatura oral. Sinala que estes nove contos se caracterizan pola presenza dun parvo e dun pillo, que iniciarán unha diatriba na que o pillo non sempre será o máis espilido. Explica que se trata de contos populares tanto polos seus temas coma polo estilo da súa escrita, así como incide en que o principal motivo das loitas narradas son a envexa ou a avaricia. Tamén cualifica de "fermosas" as ilustracións de Hoa-binh Melgar, que acompañan ao texto e que teñen semellanzas cos artistas plásticos galegos do século XX.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 46, 'Infantil/Xuvenil', 5 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fixa do "Faro da Cultura", Blanco Rivas dá conta de certas novidades editoriais e, neste caso, trata a obra *Contos de parvos e pillos II*, de Xosé Miranda e Carlos Reigosa, que recolle unha serie de relatos tirados da tradición oral galega con temas maravillosos, de encantamento ou de animais. Aparece ilustrado por Hoa-binh Melgar.

Miranda, Xosé, Reigosa, Antonio, *Contos de parvos e pillos, I*, ilustr. Marcela Santorum, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Cabalo buligán, nº 17, idade recomendada [lectorado mozo], 61 pp. (ISBN: 84-8302-236-2).

Primeiro volume de *Contos de parvos e pillos*, que achega á colección "Cabalo buligán" un monllo de divertidos relatos orais, que se caracterizan por contar cun protagonista e un antagonista e que están ilustrados por Marcela Santorum. Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, Lugo, 1958) é o autor de "As tres preguntas do Rei", que recolle a historia dun criado que se fai pasar polo seu amo para contestarlle tres preguntas ao rei, do que chega a facer burla; "Conto de hai e non hai", no que se realiza unha proba para ver se é máis listo un estudante ou un soldado; "O santo milagreiro", que relata o negocio dun cura e dun sancristán ao facer crer á xente da existencia dun santo milagreiro; "Un pequeno xornal", que acolle as explicacións dun home sobre cómo distribúe o seu xornal de sete pesetas, "O cura de Redondela", que amosa a un zapateiro que suplanta o cura de Redondela e consegue superar con moi boa nota un exame mudo ante o bispo; "O mentirán", no que un home consegue facerse rico ao contarlle a unha raíña a historia da perda do seu ollo; "Xan e Xoana", que mostra a un home tan sumamente parvo que non é quen de facer correctamente ningún dos encargos da súa muller; "O galego antes do naufraxio", no que se presenta a actitude tomada por un galego antes de perder a súa vida no mar; "O Roso e o Mangante", no que se narran as falcatuadas que ao Roso lle fai o seu acompañante; "O conto de nunca acabar", no que un rei é ridiculizado mediante o relato da súa propia historia, "Contos falsos" e "¿Queres que cho conte?", que acollen breves textos lúdicos sobre o modo de relatar unha historia; e "Maneiras de contar os días da semana", que presenta tres maneiras de computar os días da semana. Pola súa parte, Xosé Miranda (Lugo, 1955) asina "Ben pode ser", que narra cómo o fillo dunha meiga consegue casar coa filla dun rei que estaba enfeitizada. Pecha o volume o apartado "Notas", no que se fai referencia ao tipo de contos antologados, ás versións empregadas para facer a reelaboración ou a outras cuestións de relevancia sobre os textos. Nestes relatos Marcela Santorum achega unhas ilustracións de cores planas, vivas e contrastadas de carácter simbólico.

Recensións:

- María Navarro, 'Tradición oral', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 'Infantil/Xuvenil', 18 setembro 2003, p. VII.

Presenta a nova selección de contos populares da tradición oral, que Xosé Miranda e Antonio Reigosa ofrecen baixo o título de *Contos de parvos e pillos, I*. Sinala que estes catorce relatos teñen como protagonistas ou antagonistas supostos parvos ou pillos, aos que o decorrer dos acontecementos se encarga de outorgarlles ou quitarlles a razón producíndose con frecuencia un intercambio de roles. Apunta que nestas historias non faltan mostras de enxeño, habilidade ou agudeza para resolver diversas situacións, así como se detén brevemente no comentario dalgúns dos relatos. Tamén indica que en gran parte seguen o esquema do conto clásico, onde aparecen reis e raíñas, persoas de baixa condición

social ou moral e certa burla baseada na inxenuidade literaria. Por último, expón que "a linguaxe coloquial, directa e espontánea propia do rexisto oral, unido a unha coidada selección de contidos, proporcionan frescura a uns textos que amosan a riqueza da nosa tradición popular".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 46, 'Infantil/Xuvenil', 5 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fixa do "Faro da Cultura", Blanco Rivas dá conta de certas novidades editoriais e, neste caso, trata a obra *Contos de parvos e pillos I*, de Xosé Miranda e Carlos Reigosa, que recolle unha serie de relatos tirados da tradición oral galega con temas maravillosos, de encantamento ou de animais. Aparece ilustrado por Marcela Santorun.

Queizán, M^a Xosé, *O segredo da Pedra Figueira*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2003, col. Fóra de xogo, nº 69, idade recomendada [mocidade], 112 pp. (ISBN: 84-7507-884-2).

Novela coa que María Xosé Queizán (Vigo, 1939) se introduciu na literatura xuvenil e que xa coñecera unha edición na colección "Tintimán" (1985) e outra en "Xabarín" (1989). Ábrese o volume cunha dedicatoria persoal da autora aos seus netos, para de seguido presentar o fio argumental desta novela de aventuras, na que se narra a viaxe por mar da tribo dos Amala cara ás terras do Sur, guiada polo Sucamares Maior, para poder formar alí os seus fogares e estar lonxe das bestas invasoras. Ao longo desta navegación, a protagonista de doce anos de idade, Lazo, realiza unha viaxe iniciática, posto que vai formarse a través da súa participación nos feitos acontecidos e vai estar sempre guiada pola súa avoa Sensatanai, posuidora da sabedoría vital, que depositará os seus coñecementos na súa neta. Xa en Findasol, Lazo alcanza esa sabedoría que lle permite equilibrar razón e sentimentos e, polo tanto, rexeitar ser a Custodiante da Pedra Figueira, mantedora da palabra e da verdade, e decidir ser libre e dona da súa vida. Destaca desta novela de contido e escrita feminista a presenza de elementos e historias da mitoloxía universal e galega, así como a recreación dunha parábola contra o modo de contar tradicional, ao pecharse o relato cun inesperado final, e contra o poder tan ansiado polos humanos.

Reigosa, Antonio, *O galo avisado e o raposo trampulleiro*, ilustr. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Merliño, idade recomendada [Prelectores e primeiros lectores], [32] pp. (ISBN: 84-9782-058-4).

En trinta e dúas páxinas coa axuda de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953) encargado das ilustracións de formas moi estilizadas e cores cálidas respondendo ao ton gracioso da narración e que ocupan todas as páxinas, salientando os temas de cada unha delas, Antonio Reigosa (A Pastoriza-Lugo, 1948) por medio dun narrador clásico dos contos de tipo de transmisión oral relata unha das múltiples anécdotas entre galos, galiñas e raposos coa

especificidade do que fixo o Galo Quirico por Filomena, unha galiña choca que por riba tiña unha perna con reuma e non se puido dar á fuga como fixeron as outras cando foron atacadas polo raposo García. Este vendo que non puido con elas quixo convencelas da nova lei que prohibía o enfrontamento entre animais para que baixaran da árbore onde se refuxiaran, pero elas non baixaban e no canto metéronse con el dicíndolle que viñan dous cans esfameados como mostra de que a lei era verdadeira. O raposo aínda que primeiro pensou que era unha broma, logo escapou e dixo que "as leis do rei tanto van como veñen" e as galiñas ríanse del dicíndolle que lles mostrase a lei aos cans.

VII.1.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Brancaneves/Carapuchiña vermella/O parruliño feo/Pinocho, A Coruña: Baía Edicións, 2003, col. Monta-contos, nº 1-4, idade recomendada [prelectorado ou lectorado autónomo] (ISBN: 84-96128-37-7/84-96128-38-5/84-96128-39-3/84-96128-40-7).

Colección composta por catro títulos que comparten as mesmas características e o mesmo formato. Trátase de versións reducidas de contos clásicos que se presentan en páxinas duras e ilustradas a toda cor sobre as que se insiren os textos protagonizados polos personaxes clásicos: Brancaneves e os sete ananiños, Carapuchiña, a avoa e o lobo, O parruliño e Pinocho, Xepeto e o grilo grileiro. Son versións destinadas ao prelectorado e lectorado autónomo que non só se basean nos textos e as imaxes, senón que potencian o aspecto lúdico da lectura, xa que tamén se completan a través dos quebracabezas cos que se pode xogar e que aparecen nas páxinas pares. Estes quebracabezas baséanse nas escenas fundamentais dos contos para que o lectorado as visualice, unha vez completado o xogo. As ilustracións remítennos ás versións das películas de debuxos animados habituais da factoría de Walt Disney e polo tanto preséntanse a toda cor.

Agur Meabe, Miren, *Eu vivo en dúas casas (Etxe Bitan bizi naiz)*, ilust. Jokin Mitxelena, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, 2003, col. ¿E que?, nº 10, a partir de 8 anos, 30 pp. (ISBN: 84-8288-595-2).

Neste conto realista de Miren Agur Meabe (Lekeitio, Biscaia, 1962) por medio da protagonista, unha nena de nove anos, relátanse os acontecementos que a pequena Sara vive cando seus pais lle comunican que se van separar. Malia que María, unha amiga de Sara lle conta no parque da cidade as razóns polas que os pais se separan, a nena segue sen entendela, polo que cando seu pai finalmente se muda a outra casa, Sara víngase dos seus proxenitores presentando todos os controis en branco. O conto remata cando a nena acode á consulta dunha psicóloga, quen lle axuda a gozar co feito de vivir en dúas casas e a comprender a separación de seus pais. Este relato ampárase e continúaase nas ilustracións de Jokin Mitxelena (Donostia, 1962), unhas ilustracións de tipo narrativo que se alternan co texto, describindo as situacións que plasma o relato. Os personaxes preséntanse de forma figurativa e están debuxados con tinta negra e a cor a través de pinceladas de acuarela moi augada.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Educar na tolerancia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Infantil/Xuvenil', 2 outubro 2003, p. VII.

Despois de sinalar que Galaxia vén de publicar en tradución de Xesús Carballo Soliño a obra de Miren Agur Meabe *Eu vivo en dúas casas*, ofrece as principais características desta colección enfocada a "facer máis naturais para os nenos cousas aínda non moi normais para moitos dos membros da nosa sociedade". Explica que nesta obra as ilustracións de Mikel Mitxelena ocupan un segundo lugar, relegadas a un mero elemento decorativo, e céntrase no argumento da obra. Destaca que a protagonista narra os feitos que rodearon a separación dos pais cando xa madurou todos os acontecementos e cunha linguaxe máis madura que a que lle correspondía, motivada talvez pola situación traumática que a obrigou a madurara máis axiña. Destácase o capítulo no que a protagonista sorprende a dúas veciñas "laretando" o desgrazada que é, episodio do que se destaca que consegue gañar a compaixón de que o le e comprender as consecuencias negativas dun divorcio. Remata destacando que é unha obra cargada de didactismo e coa que educar ao lectorado na tolerancia.

- Xabier Etxaniz, 'Etxe Bitan bizi naiz. Miren Agur Meabe', *CLIJ*, nº 165, 'Libros', novembro 2003, p. 64.

Salienta que na colección ¿E que? os autores intentan mostrar de xeito natural distintos conflitos e situacións dos nosos días. Neste caso é a separación e divorcio dos pais da protagonista Sara, as causas das separacións, as ventaxas e inconvenientes deses feitos. Destaca que os temas se tratan cunha linguaxe coidada e acompañados dunhas ilustracións que os complementan.

Alçada, Isabel, **Magalhaes**, Ana Maria, *Diario cruzado de Xoán e Xoana*, trad. Xosé Antonio Fernández Salgado, Santiago de Compostela: Alaguara/Obradoiro, febreiro 2003, idade recomendada [mocidade], 171 pp. (ISBN: 84-8224-650-X).

Ana Maria Magalhães (Lisboa, 1946) e Isabel Alçada (Lisboa, 1950) presentan en lingua galega as cartas e conversas telefónicas que Xoán e Xoana manteñen durante as súas vacacións estivais para non interromper a estreita relación de amizade que os une. Xoán teme o verán que lle espera, pois ademais de romper a relación que mantiña coa súa moza, pouco lle agrada o lugar afastado no que vai pasar as vacacións, o centro de Turismo Rural Zimbro, no que terá que convivir a diario cuns pais cos que ten problemas de entendemento; pola contra, Xoana pasa as súas vacacións no complexo turístico Oliveiral do Cazador, onde vai coñecer a verdadeira realidade da situación matrimonial dos seus pais. Pese a que Xoán e Xoana se coñecen dende sempre pola súa relación de veciñanza, o contacto gráfico e verbal que manteñen nese verán vailles permitir saber das diversas aventuras e historias que van protagonizar, especialmente Xoán, que é testemuña dun grave accidente circulatorio ou coñecedor dos crimes da Quinta da Acea, así como dos seus amores e os seus medos e sentimentos máis íntimos. As palabras de apoio e consello que se cruzan Xoán e Xoana, sempre cargadas de tenrura, humor e ironía, permitirán que os

rapaces poidan comprender e atoparlle solución aos problemas cos que partían nesas vacacións, nas que a separación espacial non foi motivo para que fixeran máis forte o seu vínculo de unión.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Cando chega unha carta', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 49, 'Infantil/Xuvenil', 26 xuño 2003, p. VII.

Afirma que as autoras de *Diario cruzado de Xoán e Xoana*, Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada, son todo un fenómeno editorial en Portugal e considera que este éxito é debido á relación que manteñen co mundo da pedagogía e educación. Resume a trama argumental desta obra e considera orixinal a súa estrutura epistolar, por xa estar esquecida entre a xuventude actual inmersa no mundo das novas tecnoloxías, e que, por outra banda, resulta ser a idónea para ser feita por dúas persoas. Opina que o mellor está neses contos que as autoras introducen con grande acerto dentro das cartas, que se converten en testemuñas da amizade de Xoán e Xoana. Salienta que estes personaxes son interesantes polo xeito de pensar, por unha coidada e boa redacción e pola madurez reflectida nas súas cartas, se cadra, excesiva mesmo pouco críbel nalgúns casos.

Referencias varias:

- Rodri García, 'Diario cruzado de Xoán e Xoana', *La Voz de Galicia*, '*Culturas*', nº 2, 'Letras en galego', 22 marzo 2003, p. 7.

Ofrece un resumo do argumento desta obra de Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada, *Diario cruzado de Xoán e Xoana*, no que cada un dos protagonistas conta ata os seus sentimentos máis íntimos, sen esquecer o humor e a ironía. Sinala que de fondo tamén está o enredo de se os dous mozos son algo máis que amigos e apunta que este xeito de escribir "sinxelo e divertido" converteu as dúas autoras nun fenómeno editorial en Portugal "con varios millóns de libros vendidos", segundo informan fontes da editorial.

Andersen, Hans Christian, *A princesa e o chicharo*, ilust. Elena Odriozola, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-7507-003-5).

Preséntase neste volume unha adaptación do conto clásico de Hans Christian Andersen (Odense, Dinamarca, 1805-Rolighed, 1875), na que se narra a través dun narrador omnisciente en terceira persoa cómo un príncipe que quería casar cunha princesa decidiu emprender unha viaxe por todo o mundo na procura dunha que fose de verdade. No seu deambular atopou moitas mais sempre xurdía algún problema que lle facía dubidar da súa veracidade. Logo de comprobar a inutilidade da peregrinaxe decide volver para a súa casa preocupado por non ser quen de atopar aquilo polo que tanto devecía. Unha noite, no medio dunha forte treboada, chama unha rapaza ás portas do palacio afirmando ser unha princesa de verdade. A raíña, desconfiada desta afirmación, sométea a unha proba infalíbel

relacionada coa sensibilidade da princesa á hora de dormir sobre un chicharo. Ao final, no momento en que a princesa confesa o seu malestar ao existir algo duro debaixo dos vinte colchóns sobre os que durmira, consegue a credibilidade e a man do príncipe e o chicharo acaba exposto nun museo. Este relato tamén pode seguirse co apoio das ilustracións de Elena Odriozola (San Sebastián, 1967), que presentan figuras e cores harmoniosas. É de salientar o gusto pola ornamentación detallista nas representacións dos personaxes e obxectos.

Recensións:

- Paula Fernández, 'A princesa e o chicharo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 16 outubro 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación de *A princesa e o chicharo*, de Hans Christian Andersen, en versión de Carmen Torres París e con ilustracións moi descritivas de Elena Odriozola. Sinálanse como obxectivos desta colección a transmisión de contidos vinculados co mundo da literatura e educar na sensibilidade, aspectos que o educador debería aproveitar. Saliéntase que este conto xa foi traducido á meirande parte das linguas do mundo e que nel se relata cómo un príncipe coñece á princesa coa que desexa casar. Dise que o tema pode ser incomprensíbel para os nenos de hoxe, aínda que despois de comprobar a comprensión da historia o educador debería facer reflexionar ao alumnado na busca dunha educación pola tolerancia, aproveitando así o máis positivo destes contos maravillosos cos que o lectorado coñece obras fundamentais da literatura universal e adquire uns valores que favorecen a súa relación coa sociedade.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Dá conta da iniciativa de Edicións Xerais de Galicia de recuperar na colección "Sopa de contos" aquelas narracións "de toda a vida". Indica que os primeiros cinco títulos son: *A princesa e o chicharo*, *A carrapuchiña vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos* e *A bela dormente*, da autoría dos irmáns Grimm e de Hans Christian Andersen. Sinala que están dirixidos a un lectorado de máis de cinco anos e que esta colección se ampliará posteriormente con títulos como *O soldadiño de chumbo* ou *A cerilleira*, ademais de contos clásicos da tradición galega adaptados por autores de aquí. Describe o formato desta colección e destaca que busca achegar ao lectorado galego a mellor tradición contística europea cun prezo asequíbel e cun deseño actual.

- A.M., 'Colección Sopa de Contos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil en galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Presentación da colección "Sopa de contos" de Edicións Xerais de Galicia dirixida a lectores a partir de cinco anos na que se lle dá cabida a títulos clásicos como *A Carrapuchiña Vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos*, *A bela*

dormente e A princesa e o chicharo. Destácase a concepción gráfica dos libros nos que intervén Carmen Segovia, Xan López Domínguez, Elisa Arguilé, Ana Juan e Elena Odriozola, respectivamente, e sinálase que estes cinco títulos son un bo inicio para unha biblioteca familiar de contos tanto para o lectorado máis novo nas súas primeiras lecturas coma para ler en compañía de seus pais.

Bueno, Rai, *Blobló (Bloblo)*, ilust. Mariona Cabassa, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, outubro 2003, col. Maremar, idade recomendada [prelectorado], [44] pp. (ISBN: 84-8464-215-1).

A través da linguaxe poética e da repetición de varios fragmentos ao longo do texto, Rai Bueno proponnos neste volume un paseo polo mundo dos soños dun neno, de mans dun personaxe entrañábel: o seu boneco de peluche favorito, o mono Blobló. A historia comeza cando Blobló se pregunta mentras miraba ao seu amigo dormido, qué secretos gardarían os seus soños. Era domingo, e pola ventá entraban as últimas cores do outono. Blobló decidiu saír a buscar a resposta, coas súas zapatillas vermellas, adiante, sempre cara adiante, subindo entre soños e nubes, ata encontrar á Branca Dama do Norte. Só ela podía desvelar o segredo, era o seu primeiro día de inverno, a primeira nevarada na montaña, na aldea, na súa vida de mono Blobló e o seu amigo quería compartilo con el. E así foi, cando o neno despertou e mirou pola ventá comprobou que todo estaba branco e só desexaba compartir aquilo co seu amigo Blobló. As ilustracións de Mariona Cabassa, suxerentes e expresivas, envólvenos nun mundo onírico, nunha viaxe da realidade ao soño, da noite ao día, do outono ao inverno.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Para soñar cos oídos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2003, p. 53.

Dá conta da publicación de catro novos títulos da editorial Kalandraka que son: *Soños de Xulieta*, de María Rosa Mó; *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik; *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero; e *Blobló*, de Rai Bueno. Céntrase no comentario do poemario *Soños de Xulieta*, do que sinala que se trata dun libro-disco, no que se funde o texto, a música e a imaxe, e destaca a técnica da colaxe das ilustracións de Federico Delicado, a súa sinxeleza e a relación que manteñen. En columna á parte, destácase a singularidade de cada un dos volumes desta editorial creada en 1998 en Pontevedra, o deseño en capas duras e con ilustracións creativas que buscan a lectura plástica, así como a conxugación entre literatura universal e propia das obras que publica.

- Concha Pino/R. García, 'El gallego López Domínguez ilustra una colección nacional de cuentos clásicos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 decembro 2003, p. 61.

En cadro aparte dentro dun artigo máis amplo onde se dá conta de que o galego López Domínguez ilustra unha colección nacional de contos clásicos, sinálase que con motivo da campaña de Nadal a editorial kalandraka presenta un novo álbum titulado *Blobló*. A continuación, refírese a quen son os autores e o traductor, para finalmente, presentar unhas

braves palabras sobre o seu contido.

Buzzati, Dino, *A famosa invasión de Sicilia polos osos* (*La invasión degli orsi in Sicilia*, 2000), ilust. do autor, trad. Mónica Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2003, col. Tiramillas, nº 3, idade recomendada [lectorado mozo], 153 pp. (ISBN: 84-8464-137-6).

Despois de encadrarse a historia que se vai relatar nun marco espazo-temporal concreto, faise unha presentación verbal e icónica dos personaxes e describense os escenarios nos que se vai desenvolver a trama argumental. Logo, ao longo de doce capítulos, un narrador omnisciente, a través do verso e da prosa e mesmo do diálogo, conta cómo hai moito tempo os osos que habitaban as montañas de Sicilia se sentiron ameazados polo frío e a fame e se viron na obriga de descender ao val. Alí teranse que enfrontar ao aguerrido exército do Gran Duque, aos xabarís do Señor de Molfetta, ao terríbel Gato Mammone ou ás xentes do Castelo do Cormorano, ata que victoriosos irrompen no Gran Teatro Excelsior e o Rei Leoncio reconece no osiño equilibrista ao seu fillo, raptado de cativiño, e que foi malferido polo Gran Duque. Conquistada Sicilia e recuperado Tonio, os osos convértense nuns seres soberbios, ambiciosos, cheos de envexas e caprichos, polo que comezaron a sucederse unha serie de actos corruptos, que tiñan bastante preocupado ao rei. Librada unha dura batalla contra a Serpe dos Mares por parte do Rei Leoncio, este será traizoado, aínda que os osos acceden á súa última vontade antes de morrer, deixar as riquezas e luxos para regresar ás vellas montañas. Esta historia escrita e ilustrada por Dino Buzzati (Belano-Italia, 1906) apoia o relato cunhas ilustracións que presenta por medio da cor ou da monocromía, amplas panorámicas dos espazos nos que se desenvolve o relato e os protagonistas son representados por figuras estilizadas e esquemáticas. As escenas máis importantes están resoltas por medio dunha etiqueta decorada coas figuras dos protagonistas.

Recensións:

- María Navarro, 'Buzzati para os máis novos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 29 maio 2003, p. VII.

Apunta que *A famosa invasión de Sicilia polos osos* é unha das novelas coas que Dino Buzzati se introduce na literatura infantil. Resume o seu argumento e comenta que, concibida a modo de fábula e cun transfondo de ensinanza moral, o autor introduce ao lector nun mundo de ficción no que se presentan en clave de fantasía temas como a ambición, as ansias de poder e a perda de identidade dun pobo, que se rende ante o luxo e a grandeza. Tamén explica que o gusto polo teatro leva a Buzzati a deseñar a novela de forma plástica, presentando nun inicio aos personaxes e escenarios, así como ofrecendo un resumo da acción ao final de cada un dos capítulos a modo de acoutación. Remata sinalando que isto xunto a unha prosa áxil e a intercalación de prosa, verso e diálogo fan da novela un "orixinal e ameno" relato.

Referencias varias:

- AFA, 'O libro desamparado', *O Correo Galego*, 'AFA', 23 abril 2003, p. 31.

Alude á fonda crise na que vive sumido o libro galego dende hai xa tres anos e recolle ao respecto as opinións de Manuel Bragado, responsábel de Edicións Xerais de Galicia, Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación de Escritores, e Víctor Freixanes, responsábel de Galaxia, que enmarcan a recesión galega na crise mundial do libro, aínda que fan certos comentarios sobre o papel da Administración, a edición infantil e xuvenil e os proxectos de relanzamento do libro galego. Por outra banda, sinala que Kalandraka é a única excepción saudábel no panorama editorial galego, pois xa leva publicados duascentas vinte e seis obras en cinco anos de traxectoria centrándose no álbum infantil, aínda que vén de sacar a colección "Tiramillas", dirixida a maiores de doce anos e que no Día do Libro presenta dúas obras: *Co vento de cara* e *A famosa invasión de Sicilia polos osos*.

Carvalho, Maria Joao, *Os nosos dereitos (Direitos da criança)*, ilustr. Carla Nazaret, trad. Irene Penas Murias, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, 45 pp. (ISBN: 84-403-0448-X).

Álbum infantil de carácter didáctico e informativo escrito por Maria João Carvalho (1962). Orixinalmente escrito en portugués baixo o título *Direitos da criança* foi adaptado ao galego por Irene Penas (A Coruña, 1966) e conta cunhas ilustracións a toda páxina en cores vivas que veñen da man de Carla Nazareth (Quelimane, Moçambique, 1975). A obra versa sobre os principios, dirixidos a defender a seguridade e integridade dos nenos, aprobados e promulgados polas Nacións Unidas no ano 1959. Con estes dereitos como pano de fondo, atopamos un texto paralelo, nun ton claramente máis poético, onde son os propios nenos os protagonistas das aventuras. A autora recorre a seres do mundo literario fantástico tales como fadas e trasnos que lle dan un toque máis infantil e doce ao relato. Sévese tamén da simboloxía (o arco da vella) para despertar no lectorado un sentimento de amor, solidariedade e comprensión.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Un singular alegato', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 50, 'Infantil/Xuvenil', 11 setembro 2003, p. VII.

Comenta que a autora de *Os nosos dereitos*, Maria João Carvalho soubo combinar moi ben os principios aprobados polas Nacións Unidas no ano 1959 que teñen como finalidade protexer o benestar dos nenos, cun texto propio nun ton máis poético. Di que neste último a autora presenta aos nenos como os protagonistas principais do relato, por ser eles en definitiva os destinatarios dos anteditos dereitos. Finalmente resalta a importancia de libros desta índole como ferramenta indispensable para pais e educadores, posto que profundizan nos problemas típicos e propios da infancia.

Dahl, Roald, *Danny, o campión do mundo (Danny the Champio of the World, 1975)*, ilustr. Jill Bennett, trad. Enma Fernández Campo/Ian Emmet (1989), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Merlín, nº 134, idade recomendada de 11 anos en diante, 241 pp. (ISBN: 84-8302-967-7).

Novela realista de Roald Dalh (Gales, 1916-1990) publicada por primeira vez en 1975 e ilustrada por Jill Bennett. Está narrada en primeira persoa por Danny, un neno orfo de nai que relata algúns dos episodios máis relevantes da súa infancia en Inglaterra. Comeza explicando a súa condición de orfo e o duplo papel adoptado polo pai, que se encarga do seu coidado e de sacar adiante unha gasoleneira e un taller de reparación de coches. A estreita relación co seu proxenitor marcará toda a narración, pois é o pai o que mediatiza todas as descubertas que o neno vai facendo no mundo que o rodea. O feito que marcará a súa vida é o coñecemento de que seu avó foi un experto furtivo na caza do faisán e que seu pai tamén o practicaba antes da morte da nai. O reinicio desta actividade por parte do seu proxenitor propiciará a integración de Danny no mundo dos adultos, o coñecemento dos riscos que carrega e entre ambos materializarán a idea de levar a cabo unha caza masiva de paxaros, estragando así a cacería anual que o terratenente Víctor Hazell leva a cabo con distinguidos membros da sociedade inglesa. Esta operación a grande escala resulta un éxito para admiración de todos os veciños involucrados co pai no plan, malia que no último momento a maioría dos paxaros cazados acaben escapando. Os debuxos de carácter clásico que acompañan a narración xogan co claroscuro a través do uso de liña.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Unha boa novela de aventuras', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 'Infantil/Xuvenil', 12 xuño 2003, p. VII.

Comeza sinalando que en *Danny, o campión do mundo*, Roald Dahl nos presenta un narrador protagonista de nove anos que quere facerlle ver ao lector o marabilloso que é seu pai. Considera que por veces resulta demasiado maduro para a súa idade e que se converterá nun cazador orixinal de faisáns coa súa habelencia e imaxinación. Cualifica esta como unha novela de aventuras na que o humor e a tenrura son dous factores fundamentais. Observa como unha ensinanza subliminar o feito de que Danny acolla os agasallos artesanais que lle dá seu pai como a capacidade para apreciar as pequenas cousas, feito que non se dá entre os nenos de agora. Compara a figura do cacique representada polo señor Hazell e a do pai do protagonista, cazador furtivo, coa idiosincrasia destes personaxes na cultura galega e remata aludindo ao traballo de ilustración de Jill Bennet, que completa esta obra moi recomendábel para aqueles nenos de agora que non saben "vivir sen moitas das cousas innecesarias que posúen".

Dahl, Roald, *As bruxas* (*The witches*, 1975), ilustr. Quentin Blake, trads. Lidia Iglesias Izquierda e Xela Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2003, col. Merlín, serie Laranxa, idade recomendada de 11 anos en diante, 244 pp. (ISBN: 84-8302-918-9).

Novela fantástica de Roald Dalh (Gales, 1916-1990), que foi publicada orixinalmente en 1975 e traducida xa ao galego en 1989 na colección "Xabarín". As ilustracións en branco e negro que acompañan o texto son de Quentin Blake (Kent, 1932). A historia, narrada en primeira persoa polo neno protagonista sitúase en Noruega e Inglaterra, dando comezo cando o protagonista ten sete anos e perde a seus pais nun accidente de automóbil. A partir

deste momento vive coa avoa, unha anciá fumadora de puros que lle conta todas as noites historias sobre as maldades das bruxas. Advertido do perigoso que é atoparse cunha delas, o neno protagonista consegue poñerse a salvo no primeiro dos seus encontros, pero non será así no segundo, no que caerá vítima dun feitizo. De vacacións no sur de Inglaterra coa avoa, o protagonista refúxiase do persoal do hotel nunha sala baleira para amestrar dous ratos brancos que lle regalara a súa avoa e que non lle aceptan no establecemento hostaleiro. Alí é sorprendido pola celebración dunha reunión de señoras, supostamente da alta sociedade e defensoras dos dereitos dos nenos, que acaba resultando ser a reunión anual de todas as bruxas de Inglaterra, na cal determinan matar a todos os nenos do país. No final da reunión e despois de ter escoitado os seus plans, o protagonista é descuberto e como castigo convertido en rato. Malia a súa aparencia de roedor, conserva a fala e en colaboración coa súa avoa empregará os métodos das propias bruxas para desfacerse delas. Esta empresa convértese entón no principal afán das súas vidas ao decidírense a acabar con todas as bruxas do mundo. Os debuxos en negro de Quentin Blake caracterízanse por empregar liñas confusas e formas caricaturescas.

Recensións:

- María Navarro, 'Unha temática novedosa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 5 xuño 2003, p. VII.

Despois de lembrar obras de Roald Dahl como *Charlie e a fábrica de chocolate*, *Danny, o campión do mundo* ou *Matilda*, sinala que en *As bruxas* os protagonistas son un neno e a súa avoa. Explica que o argumento xira arredor do enfrontamento dos protagonistas coas bruxas, que queren acabar con todos os nenos de Inglaterra. Indica que é unha novela narrada en primeira persoa na que o lector se ve implicado afectivamente a través dunha sinxela intriga, na que a naturalidade e a aceptación das situacións difíciles son dúas das súas principais características, así como a ruptura co esquema tradicional dos contos de bruxas. Remata destacando o emprego de frases curtas, a importancia da acción, a asociación de planos ou a expectación que se mantén ata o final nesta obra dun dos autores máis lidos e traducidos do século XX.

Delgado, Josep-Francesc, **Desclot**, Miquel, **Mas**, Hermínia, *Dadahwat. Lendas indias norteamericanas*, trad. Beatriz Fraga Cameán, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, marzo 2003, col. árbore/galaxia, nº 2, idade recomendada [mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-593-6).

Volume no que se recollen algunhas lendas dos indios norteamericanos adaptadas por Josep-Francesc Delgado (1960), Miquel Desclot (1952) e Hermínia Mas (1960). Aparecen precedidas pola reprodución dun mapa das diferentes tribos indias e un apartado titulado "Situación e contexto", no que Josep-Francesc Delgado ofrece algúns datos sobre o tipo de sociedade, a relixión, a lingua ou a situación actual deste pobo, que axudan ao lectorado a comprender mellor as lendas seleccionadas. Os títulos incluídos son os que seguen:

- Miquel Desclot, "O coioite que trouxo o sol" (El coiot que va portar el Sol) , pp. 10-15.

Lenda na que se explica cómo un coiote foi o artífice de que o sol alumeara a toda a terra despois de roubarllo a unha tribo que o tiña gardado na tenda do seu xefe.

- Miquel DescLOT, "¡Roubaron o bo tempo!" (Han robat el bon temps), pp. 16-23.

Recreación do mito do diluvio universal na que se resalta a importancia da unión dos seres mariños, que entre todos conseguen sacar toda a terra india asolagada do fondo da auga para que poidan vivir os seres terrestres.

- Hermínia Mas, "Os amorodos temperáns" (Les maduixes primerenques), pp. 24-27.

Relátase cómo o primeiro home e a primeira muller que vivían no mundo discuten un día por non ter ela preparada a comida cando el chega de cazar. Anoxada polos reproches da súa parella decide abandonalo fuxindo a toda prisa de alí. El séguela mais non pode alcanzala, ante o que lle pide axuda ao Sol para que ela volva. Despois de atravesar montes e vales, ela detense a recoller uns amorodos temperáns que o Sol fixera nacer, conseguindo así que o home chegue ata ela e poidan falar e reconciliarse. Remata a lenda lembrando que aínda hoxe o pobo cherooke asocia os amorodos coa amizade cos demais.

- Miquel DescLOT, "A serpe do arco da vella" (La serpe de l'arc de Sant Martí), pp. 28-31.

Recreación do mito da serpe que se converteu en arco da lúa para salvar ao seu pobo da seca. Explícase que ela se ofreceu a que a tiraran contra o ceo para facer un arco e rascar o xeo do ceo para que chovera, por iso agora cada vez que chove e fai sol se ve a serpe coas diferentes cores que foi adquirindo no proceso.

- Hermínia Mas, "O nenúfar branco" (El nenúfar blanc), pp. 32-39.

Lenda na que se recrea a orixe dos nenúfares, que segundo a tradición oral do pobo indio proceden das estrelas que decidiron baixar do ceo á terra. Cóntase cómo unha estrela moi rebuldeira cae á terra e se converte primeiro en rosa, pero acosada pola soidade, pasa logo a ser un nenúfar do lago.

- Josep-Frances Delgado, "A amizade da londra" (L'amistat de la llúdriga), pp. 40-46.

Lenda na que se narra cómo o pobo indio supera a fame a través da bolsa máxica do bruxo Dadahwat, malia que un cazador mozo, moi famento falta ás leis indias ao comer o corazón dun lince que matara. Axudado por unha londra, e despois de prometer que nunca serían cazadas polo seu pobo, este é axudado e devólvelle a felicidade á comunidade.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Lendas indias e xaponesas', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320, 'Librería

galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. Das dúas obras que inauguran a colección "Lendas" sinala que está dirixida a maiores de doce anos e que cada libro contén de catro a seis lendas. De *A flor da cerdeira*, que é o primeiro título da colección, sinala que recolle lendas da cultura xaponesa, mentres que *Dadahwat* indica que está baseado na literatura popular de varias tribos indias de norteamérica, na que se amosa a relación especial do home cos animais e a terra, representada pola linguaxe simbólica dos indios. Do mesmo xeito, salienta o pensamento máxico e a concepción do universo como un todo destas lendas, que están emparentadas coas xaponesas pola relación do home coa natureza.

- María Navarro, 'Dadahwat', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Infantil/Xuvenil', 9 outubro 2003, p. VII.

Anúnciase a saída do prelo da colección "Lendas" da editorial Galaxia e Editores Asociados coa que dar a coñecer a literatura popular de diferentes culturas. Sinálase que en *Dadahwat* se recollen seis lendas indias norteamericanas precedidas dunha contextualización na que se ofrecen datos da sociedade, da relixión, da lingua e da actualidade do pobo protagonista, favorecendo así a comprensión dos textos. A seguir, descríbese que nestas lendas se explican fenómenos naturais e comportamentos humanos, describindo brevemente cada un dos títulos incluídos. Saliéntase que na base destes textos está o pensamento máxico e a concepción do universo como un todo, explicándose o que nos rodea a través do sobrenatural e coa complicidade dos seres implicados. Finalmente, débese que nestes relatos están presentes os valores universais como o respecto polo medio a través dunha linguaxe sinxela que seducirá ao lectorado.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Ademais de se referir a outras obras tamén repasa, en columna á parte, os argumentos das historias recollidas en *Dadahwat*, que a Editorial Galaxia publica na súa colección "Árbore" cun deseño renovado, xunto con *A flor da cerdeira*, volume que inclúe catro lendas xaponesas. Remata explicando a estrutura que presentan estes dous volumes e o valor do saber da cultura da que proceden as historias recollidas.

- Ramón Loureiro, 'Dadahwat', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'Letras en galego', 5 xullo 2003, p. 7.

Anuncia a publicación de *Dadahwat*, unha antoloxía de lendas indias norteamericanas da man da Editorial Galaxia e Editores Asociados. Destaca a calidade da tradución de Beatriz Fraga Cameán e a fermosura de poder ler en galego historias coma as que se inclúen no volume. Remata suxerindo lugares galegos a carón dos que ler esta obra para evocar mellor e establecer pontes cos lugares dos que trata.

Delgado, Josep-Francesc, **Jané**, Jordi, **Manent**, Marià, **Massó i Torrents**, J., *A flor da cerdeira*, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, 2003, col. árbore/galaxia, idade recomendada [mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-592-8).

Volume no que se recollen catro versións de lendas xaponesas traducidas do catalán. Están precedidas por un mapa e unha introducción na que se fala da situación e contexto do Xapón co fin de facilitar a comprensión destas lendas. Os puntos nos que se detén esta explicación inicial son a sociedade, a relixión, a lingua e a actualidade deste país. Despois desta pequena aclaración aparecen as seguintes lendas:

- Versión de J. Massó i Torrents, "O vello que fai florecer as árbores mortas", pp. 11-13.

Conto protagonizado por dúas parellas de vellos, unha delas representa a bondade e a outra a avaricia. O final feliz da primeira parella, premiada polo príncipe da comarca, contrasta coa desgracia da segunda, na que o home morre despois de ser castigado polo príncipe.

- Versión de Josep-Francesc Delgado, "O castiñeiro máxico", pp. 15-27.

A protagonista desta historia, Hanako, é unha rapaza orfa de pai e pobre, que se esforza moito por manter a súa nai. Para isto tiña que ir traballar lonxe da casa, pero volvía todos os días xunto da nai. Polo camiño fíxose amiga de todas as árbores, especialmente dun castiñeiro ao que lle contaba todas as súas preocupacións. Un día este faloulle para avisala de que pronto o ían cortar para facer un barco. Explicoulle tamén que ninguén máis ca ela sería capaz de mover a embarcación pronunciando a frase que el lle dixerá. Cando fixo isto diante do príncipe e de moita xente, o primeiro recompensouna e mesmo casou con ela, de maneira que nai e filla non souberon nunca máis o que era a pobreza, mentres que o príncipe tivo sempre presente o que era a bondade.

- Versión de Jordi Jané e Marià Manent, "Uraxima", pp. 29-39.

Relato sobre unha aventura que lle aconteceu a Uraxima, un pescador mozo que salva unha tartaruga do maltrato duns rapaces. En agradecemento por isto a Raíña dos Mares mandoulle á tartaruga que o levase ao seu palacio. Alí pasou un tempo moi agradábel, pero sentía morriña pola súa nai e marchou. Cando o fixo a raíña deulle unha caixa que só tería valor se non a abría. Ao chegar á súa vila non atopou a ninguén coñecido e todo estaba moi cambiado, polo que abriu a caixa e tan pronto como o fixo, el cambiou ata converterse nun vello de máis de cen anos. Descubriu así que o paso do tempo é distinto para os humanos e os seres que viven debaixo da auga.

- Versión de Josep-Francesc Delgado, "A avoa que quería os paxaros", pp. 41-47.

Historia protagonizada por unha avoa e un pardal que salvara e coidara despois de que un rapaz lle ferise unha pata. Cando xa estivo recuperado o paxaro, a avoa mandoulle marchar xunto aos seus amigos, mais un día fixolle unha visita á avoa e tróuxolle unha semente de cabaza que ela plantou e deixou curar para gardar sake. Para sorpresa de todos ao abrir a cabaza non había sake, senón arroz, que non deixaba de aumentar, polo que a familia puxo un posto de venda. Outra vella veciña, envexosa desta familia, feriu un paxaro e coidouno despois de que a avoa que quería aos paxaros lle contase o acontecido. Mais a cabaza desta vella en vez de arroz tiña un enxame de tabáns, avésporas e víboras que acabaron con ela tan pronto como abriu a cabaza.

Cada lenda vai acompañada dunha fotografía en tons sepia, igual ao texto, de gran sensibilidade e gusto polo detalle que a fai moi oriental.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Lendas indias e xaponesas', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 320, 'Librería galega', 12 xullo 2003, p. 2.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas dá conta da publicación das seguintes obras: *A flor da cerdeira* e *Dadahwat*, ambas da colección "Lendas" de Editores Asociados; *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo; e *A transfusión*, de Básico Rodríguez, ademais de ofrecer a liña argumental de dous volumes dirixidos ao lectorado máis novo: *O nacemento de Nunavut*, de Xoán Abeleira e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera Ferner. Das dúas obras que inauguran a colección "Lendas" sinala que está dirixida a maiores de doce anos e que cada libro contén de catro a seis lendas. De *A flor da cerdeira*, que é o primeiro título da colección, sinala que recolle lendas da cultura xaponesa nas que predomina o carácter animista.

- CLIJ, 'La flor del cierrer. Autores varios', *CLIJ*, nº 163, 'Libros/Novedades', setembro 2003, p. 66.

Anúncianse seis títulos destas características e neste caso descríbese e cualifícase este volume da nova colección na que Editores Asociados acollen lendas de diferentes continentes. Refírese aquí á edición catalana, aínda que tamén a hai en galego, que acolle relatos provenientes da cultura xaponesa, cheos de maxia e fantasía, nos que se premia o respecto pola natureza, a bondade e o amor e se castiga a envexa e codicia. Diríxense a todas as idades e preséntanse de xeito atractivo. Segundo o ámbito xeográfico que se recolla cambia de cor.

- Moisés R. Barcia, 'A flor da cerdeira', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. IV.

Aproximación á primeira entrega da renovada colección "Árbore" de Galaxia. Describe *A flor da cerdeira* facendo fincapé en que se abre cuns breves apuntamentos sobre a cultura e

sociedade xaponesa á que nos achegan as catro lendas que contén. Sobre estas indica que o seu nexa de unión é a defensa dalgún ser vivo, aspecto que tamén se pode ver nos contos occidentais, aínda que tratado de distinta maneira. Así mesmo salienta a delicadeza e fantasía destes textos que, segundo di, son elementos propios da cultura xaponesa. Finalmente fai referencia á tradución subliñando que, a pesar de resultar asequíbel, presenta algunhas escolhas que serían mellorábeis. Ademais manifesta o seu desacordo coa elección do "x" para o "sh" dalgúns topónimos xaponeses.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Ademais de se referir a outras obras tamén repasa, en columna á parte, os argumentos das historias recollidas en *Dadahawat*, que a Editorial Galaxia publica na súa colección "Árbore" cun deseño renovado, xunto con *A flor da cerdeira*, volume que inclúe catro lendas xaponesas. Remata explicando a estrutura que presentan estes dous volumes e o valor do saber da cultura da que proceden as historias recollidas.

Genechten, Guido van, *¡Porque te quero tanto! (Omdat ik zoveel van je hou, 2003)*, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, idade recomendada [prelectorado], [26] pp. (ISBN: 84-263-4970-6).

Álbum infantil de pastas duras escrito e ilustrado por Guido Van Genechten (Mòl, Bélxica, 1957). Orixinalmente titulado *Omdat ik zoveel van je hou* foi traducido ao galego por Xosé A. Neira Cruz. O texto, que aparece en páxinas alternas, vén acompañado por unhas ilustracións a toda páxina nunhas tonalidades maioritariamente suaves e claras. A ilustración do personaxe principal, Osiño, conta incluso con textura e relevo o que fai que sobresaia sobre o resto dos debuxos. Osiño, aínda que é unha cría de oso polar moi intelixente faille moitas preguntas á súa nai sobre cousas que el non entende tales como ¿de onde vén a neve?, ¿por qué os osos polares son sempre brancos?...e tamén lle pregunta á nai se esta lle tería igual cariño no caso de que el fose amarelo, verde ou azul ao que a nai lle resposta que lle daría igual a cor, que como é o seu fillo lle vai querer sempre igual. Con esta resposta Osiño vai quedar moi contento.

Gisbert, Joan Manuel, *Orión e os animais magos*, ilust. Francisco Solé, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2003, col. Sopa de libros, nº 25, idade recomendada a partir de 8 anos, 134 pp. (ISBN: 84-8302-217-6).

Joan Manuel Gisbert (Barcelona, 1949) nesta nova entrega, que podemos ler en galego, móstranos de novo a súa poética. Un narrador omnisciente, un clásico sabelotodo, relata a historia do can Orión que primeiro ten que vivir nun asilo, que logo vive feliz na cidade co acordeonista Isidro ata que de novo volve ao asilo por mor da enfermidade de Isidro.

Consegue escapar e internase nunha fraga. Alí vive unha serie de aventuras de luz, color e son que o levan a participar xunto cos animais da fraga nun espectáculo de maxia e de ilusionismo para axudar ao mago Danilo, que consegue recuperar a súa fama. Orión volve a ver a Isidro, e mentres este se recupera segue actuando co Danilo nos seus espectáculos. Unha obra fantástica presentada en dezaioito capítulos e un epílogo, feita cunha linguaxe literaria sinxela pero moi traballada que non só nos fai ler o texto senón que tamén nos permite escoitalo e oírlo, e que nos transmite sen tópicos nin lugares comúns amizade, solidariedade e xustiza. Remata o volume co apartado "Escribiron e debuxeran" no que os dous autores expresan as súas opinións. Gisbert comenta que moitos libros só dependen de ti para que outros poidan lelos. Que seguirá a traballar con animais pois é diferente escribir que desenvolverse nun plató cinematográfico. Francisco Solé (Madrid, 1952) salienta que lle gusta traballar con Gisbert por cómo trata o enigma e o misterio, e porque sabe situar ao lector con naturalidade no mundo no que os animais falan, maquinan e pensan. El achega unhas ilustracións axustadas e profesionais, realizadas como el mesmo indica con pluma, acuarela e lapis. Non complementan o texto pero adórnanno.

Recensións:

- María Navarro, 'A maxia como clave', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 48, 'Infantil/Xuvenil', 19 xuño 2003, p. VII.

Despois de se referir á historia que se conta nesta obra do escritor "de recoñecido prestixio no eido das letras hispánicas", comenta que nun primeiro achegamento á obra parece que se vai desenvolver unha historia de amizade pero así como penetras nela atopámonos coas "reflexións" dun animal que empuxado polas circunstancias se ve obrigado a explorar mundos descoñecidos para el". Salienta como claves do libro: a maxia-fantástica que permite coñecer cómo funciona internamente o bosque; a maxia-ilusionismo, que enche de cores e sensación as páxinas deste libro cheo de "lirismo e tenrura". Remata salientando a linguaxe sinxela e precisa coa que está escrito este "entretido exercicio literaria".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Infantil/Xuvenil', 22 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de catro libros: *Negra Sombra*, poemario elaborado por varios poetas galegos, *Galegos en México (1878-1936)* de Elixio Villaverde García, *Un día de caza*, de Xoán Abeleira e *Orión e os animais magos*, de Joan Manuel Gisbert. Desta última sinala que é unha novela protagonizada por animais que revelan enigmas e misterios nun mundo de fantasía e misterio.

Grimm, Jacob e Wilhelm, *O lobo e os sete cabuxos*, ilustr. Elisa Arguilé, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-7507-003-5).

Adaptación deste conto clásico de Jacob Grimm (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín 1863) e Wilhem Grimm (Hanau, 1786-Berlín, 1859) que aparece acompañado das ilustracións de Elisa Arguilé, nunha disposición alternativa de texto nas páxinas impares e ilustracións ocupando todas as páxinas pares. Nárrase a través dun narrador omnisciente en terceira persoa cómo o lobo logra enganar aos sete cabuxos e entrar na casa mentres a nai está ausente para comelos. O máis pequeno logra salvarse, ao esconderse na caixa do reloxo, e relátalle á súa proxenitora o que ocorreu. Esta, desesperada pola perda de case toda a súa prole sae na busca do lobo e ábreille o bandullo mentres dorme sacando os seus fillos e enchéndolle a barriga de pedras, que levan ao lobo ao fondo do pozo cando este se achega a beber. Desde un punto de vista formal, as ilustracións de Elisa Arguilé son un aceno á obra de Rene Magritte. Están presentes os ceos con nubes, as ventás, as portas, as cortinaxes que forman parte da iconografía do pintor surrealista. A técnica empregada é a pintura e represéntanse as figuras dos personaxes en actitudes antropomorfas: os animais van vestidos, son bípedos, etc. A liña de horizonte está especialmente baixa, o que dá lugar a uns ceos e unhas paredes que ocupan case todo o plano e as figuras fanse moi pequenas.

Recensións:

- Clij, 'El lobo y los siete cabritillos. Jacob y Wilhelm Grimm', nº 165, 'Libros', decembro 2003, p. 61.

Dáse a benvida á nova serie de Anaya na colección "Sopa de Libros" dedicada aos contos "tradicionales". Recordan os cinco títulos xa publicados e salientan que a grande novidade destas edicións non son os textos xa publicados por esta e outras editoras senón a relectura que fan destes textos algúns dos mellores ilustradores do país. Entre eles cítase a Xan López Domínguez que xoga coss encadres, coas súas figuras imposíbeis para acentuar a comicidade da Historia da carapuchiña. En canto a este obra que recensionan din que Arguilé conseguiu que a ameaza non sexa o lobo senón a soidade, a ausencia da nai que cando aparece fai que os espazos se reduza.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Dá conta da iniciativa de Edicións Xerais de Galicia de recuperar na colección "Sopa de contos" aquelas narracións "de toda a vida". Indica que os primeiros cinco títulos son: *A princesa e o chicharo*, *A carrapuchiña vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos* e *A bela dormente*, da autoría dos irmáns Grimm e de Hans Christian Andersen. Sinala que están dirixidos a un lectorado de máis de cinco anos e que esta colección se ampliará posteriormente con títulos como *O soldadiño de chumbo* ou *A cerilleira*, ademais de contos clásicos da tradición galega adaptados por autores de aquí. Describe o formato desta colección e destaca que busca achegar ao lectorado galego a mellor tradición contística europea cun prezo asequíbel e cun deseño actual.

- A.M., 'Colección Sopa de Contos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Presentación da colección "Sopa de contos" de Edicións Xerais de Galicia dirixida a lectores a partir de cinco anos na que se lle dá cabida a títulos clásicos como *A Carrapuchiña Vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos*, *A bela dormente* e *A princesa e o chicharo*. Destácase a concepción gráfica dos libros nos que intervén Carmen Segovia, Xan López Domínguez, Elisa Arguilé, Ana Juan e Elena Odriozola, respectivamente, e sinálase que estes cinco títulos son un bo inicio para unha biblioteca familiar de contos tanto para o lectorado máis novo nas súas primeiras lecturas coma para ler en compañía de seus pais.

Grimm, Jacob e Wilhelm, *A Carrapuchiña Vermella*, ilust. Carmen Segovia, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-7507-003-5).

Unha pequena e doce rapariga é a protagonista desta adaptación do conto clásico dos irmáns Grimm, Jacob Grimm (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín 1863) e Wilhem Grimm (Hanau, 1786-Berlín, 1859). A esta nena, que adoraba a súa avoa, todo o mundo a coñecía polo nome de Carrapuchiña Vermella dado que dende que a súa avoa lle regalara unha carrapucha de veludo vermello non quería levar outra cousa. A pesar de que a característica máis salientábel de Carrapuchiña era a súa obediencia, nesta historia, un narrador omnisciente en terceira persoa relata o que lle acontece a esta rapariga un día que ao lle levar unha cesta á avoa desobedece a súa nai e déixase enganar polo lobo que a invita a seguir un camiño diferente para así gañar tempo para papala e non só a ela senón tamén a súa avoa. Afortunadamente aparece un leñador quen rachando a barriga do lobo consegue libéralas do seu cativerio. Entre os tres enchenlle o bandullo de pedras ao lobo quen morre ao despertar por mor do peso. Remata o relato cando Carrapuchiña lle leva pastas á avoa e non lle fai caso ao lobo e así escapa das súas gadoupas. Este relato vai acompañado polas ilustracións figurativas de Carmen Segovia, realizadas en acuarela cunha gama rica en grises cálidos e co vermello como única cor. Debido aos tons empregados e o tratamento espacial transmiten melancolía e tristura.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Dá conta da iniciativa de Edicións Xerais de Galicia de recuperar na colección "Sopa de contos" aquelas narracións "de toda a vida". Indica que os primeiros cinco títulos son: *A princesa e o chicharo*, *A carrapuchiña vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos* e *A bela dormente*, da autoría dos irmáns Grimm e de Hans Christian Andersen. Sinala que están dirixidos a un lectorado de máis de cinco anos e que esta colección se ampliará posteriormente con títulos como *O soldadiño de chumbo* ou *A cerilleira*, ademais de contos clásicos da tradición galega adaptados por autores de aquí.

Describe o formato desta colección e destaca que busca achegar ao lectorado galego a mellor tradición contística europea cun prezo asequíbel e cun deseño actual.

- A.M., 'Colección Sopa de Contos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Presentación da colección "Sopa de contos" de Edicións Xerais de Galicia dirixida a lectores a partir de cinco anos na que se lle dá cabida a títulos clásicos como *A Carrapuchiña Vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos*, *A bela dormente* e *A princesa e o chicharo*. Destácase a concepción gráfica dos libros nos que intervén Carmen Segovia, Xan López Domínguez, Elisa Arguilé, Ana Juan e Elena Odriozola, respectivamente, e sinálase que estes cinco títulos son un bo inicio para unha biblioteca familiar de contos tanto para o lectorado máis novo nas súas primeiras lecturas coma para ler en compañía de seus pais.

Grimm, Jacob e Wilhelm, *A Bela Dormente*, ilust. Ana Juan, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-7507-003-5).

O motivo polo que unha corte real acaba durmindo durante cen anos e cómo logran saír dese sono son os enigmas que se desvelan na adaptación do conto clásico de Jacob Grimm (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín 1863) e Wilhem Grimm (Hanau, 1786-Berlín, 1859). Nel un rei e unha raíña desexan ter un fillo e non consiguen ter nunca un. Unha mañá un sapo da auga informa á raíña de que antes de que transcorra un ano terá descendencia. A raíña paré unha fermosa nena e para conmemorar o seu nacemento organizan unha gran festa á que convidan só a doce das trece fadas do seu reino. Durante a celebración cada unha das fadas, agás unha, lle concede un don á fermosa princesa: virtude, beleza, riquezas, bondade... No intre en que a última das fadas convidada vai falar aparece a fada non invitada e bota sobre o bebé un terrible conxuro no que se profetiza que a idade dos quince anos a princesa pinchará o seu dedo coa agulla dun fuso e morrerá. A duodécima fada convidada, que non pronunciara o seu desexo, suaviza o meigallo proclamando que tan só caerá nun profundo sono ao longo de cen anos ela e toda a corte. A profecía cúmprese a pesar, dos coidados e protección dos pais, e pasado este tempo un príncipe é quen de sobrepasar a sebe de estripeiro que protexía o castelo e despertar á princesa, á súa corte e casar con ela. Esta narración vai acompañada en todas as páxinas polas ilustracións figurativas e silvas entrelazadas, que anticipan parte do relato, de Ana Juan, que as realiza a partir da pintura e con formas de gran plasticidade.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Dá conta da iniciativa de Edicións Xerais de Galicia de recuperar na colección "Sopa de

contos" aquelas narracións "de toda a vida". Indica que os primeiros cinco títulos son: *A princesa e o chicharo*, *A carrapuchiña vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos* e *A bela dormente*, da autoría dos irmáns Grimm e de Hans Christian Andersen. Sinala que están dirixidos a un lectorado de máis de cinco anos e que esta colección se ampliará posteriormente con títulos como *O soldadiño de chumbo* ou *A cerilleira*, ademais de contos clásicos da tradición galega adaptados por autores de aquí. Describe o formato desta colección e destaca que busca achegar ao lectorado galego a mellor tradición contística europea cun prezo asequíbel e cun deseño actual.

- A.M., 'Colección Sopa de Contos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Presentación da colección "Sopa de contos" de Edicións Xerais de Galicia dirixida a lectores a partir de cinco anos na que se lle dá cabida a títulos clásicos como *A Carrapuchiña Vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos*, *A bela dormente* e *A princesa e o chicharo*. Destácase a concepción gráfica dos libros nos que intervén Carmen Segovia, Xan López Domínguez, Elisa Arguilé, Ana Juan e Elena Odriozola, respectivamente, e sinálase que estes cinco títulos son un bo inicio para unha biblioteca familiar de contos tanto para o lectorado máis novo nas súas primeiras lecturas coma para ler en compañía de seus pais.

Härtling, Peter, *Co vento de cara (Reise gegen den Wind, 2000)*, ilustr. Iván Suárez, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2003, col. Tiramillas, nº 4, idade recomendada [mocidade], 187 pp. (ISBN: 84-8464-138-4).

Ao longo de trece capítulos titulados, un narrador onisciente recupera a historia de Bernd, hoxe con fillos e cidadán de Viena. A historia arrinca cando Bernd tiña doce anos e xunto coa tía Karla, que era súa nai adoptiva dende a perda dos seus pais biolóxicos, deixan Alemaña a principios do ano 1945 e van parar a un pobo de Austria chamado Laa de Thaya, para coller un tren que os leve a Viena. Durante a espera reciben hospedaxe da señora Trübner e o rapaz vai facer amigos como Leni e Poldi, ademais de conseguir o cariño de Canciño. En Laa de Thaya tamén vai coñecer un enigmático personaxe dedicado a actividades ilícitas, o señor Meier, co que vivirá unha arriscada aventura, que o leva a pór en perigo a súa propia vida. A narración dos días de espera serven para recrear as crúas consecuencias da IIª Guerra Mundial e mostrar as actuacións interesadas de alemáns, austríacos e rusos. Esta historia de Peter Härtling (Chemnitz, 1933), está ilustrada na súa versión en galego por Iván Suárez de xeito simbólico usando técnicas plásticas moi da arte actual (esgrafiados, fragmentacións...). O relato está aderezado por condimentos da propia biografía do autor e é unha das moitas historias nas que se reflicte cómo unha contenda bélica afecta física e psicolóxicamente aos nenos coma Bernd, que non chegan realmente a comprender o que ocorre ao seu redor: "Tiña un teito, vivía con miña tía en Brno, ía á escola, tiña amigos... Pero, como somos alemáns, non podemos quedar alí ¡Vaia tolemia!".

Recensións:

- María Navarro, 'Unha sinxela denuncia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Infantil/Xuvenil', 15 maio 2003, p. VII.

Sinala que *Co vento de cara* é unha das novelas máis recentes de Peter Härtling, que xa é considerado un "clásico contemporáneo" e que vén de ser galardoado co German Book Award polo conxunto da súa obra. Achega o argumento desta novela que presenta riscos autobiográficos do autor, que se empeña en dar a coñecer as miserias dunha posguerra na que todos somos perdedores. Comenta que a través dos ollos dun neno "contemplamos desolación, morte e sufrimento como compañeiros inseparables dos protagonistas que, convertidos en refuxiados vivirán unha fuxida cara a adiante". Tamén apunta que na obra asistimos a unha dobre viaxe: unha externa, a que os personaxes emprenden dende Alemaña ata Austria, e outra interna, na que maduran e se curten polos actontecementos vividos. Conclúe afirmado que a dozura coa que falan os personaxes e o uso dunha prosa áxil e nerviosa converten a obra nunha novela de sinxela denuncia dunha cruel realidade que convén evitar polo ben das novas xeracións.

Referencias varias:

- AFA, 'O libro desamparado', *O Correo Galego*, 'AFA', 23 abril 2003, p. 31.

Alude á fonda crise na que vive sumido o libro galego dende hai xa tres anos e recolle ao respecto as opinións de Manuel Bragado, responsábel de Edicións Xerais de Galicia, Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación de Escritores, e Víctor Freixanes, responsábel de Galaxia, que enmarcan a recesión galega na crise mundial do libro, aínda que fan certos comentarios sobre o papel da Administración, a edición infantil e xuvenil e os proxectos de relanzamento do libro galego. Por outra banda, sinala que Kalandraka é a única excepción saudábel no panorama editorial galego, pois xa leva publicados duascenas vinte e seis obras en cinco anos de traxectoria centrándose no álbum infantil, aínda que vén de sacar a colección "Tiramillas", dirixida a maiores de doce anos e que no Día do Libro presenta dúas obras: *Co vento de cara* e *A famosa invasión de Sicilia polos osos*.

Heine, Helme, *O coche de carreiras* (*Der Rennwagen e Der Besuch*, 1983), ilust. do autor, trad. María Reimóndez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2003, col. Sopa de libros, nº 26, serie Laranxa, a partir de 6 anos, 69 pp. (ISBN: 84-9782-040-1).

O coche de carreiras recolle dúas historias escritas e debuxadas polo coñecido autor alemán Helme Heine (Berlín, 1941), as tituladas "O coche de carreiras" e "A visita". Paquiño o galo, Xan o rato e Bartolo o porquiño gordecho son os seus protagonistas, que gozan ao máximo con calquera cousa na granxa de Mulebap: montando en bicicleta, xogando cun carreto, baixo unha ferverza ou descubrindo tesouros no vertedoiro. Dúas divertidas historias dos habitantes de Mulebap, unha granxa tan grande que nela hai lugar para todos, pero unha granxa, á vez, tan pequena que ata nos corazóns máis miúdos atopa lugar. Mulebap non lle pertence a ningún, igual que o sol e o aire. Mulebap pertence a

calquera, igual que o mundo nos pertence a todos. E aínda que un coche de carreiras é un tesouro fantástico, para estes tres amigos non hai nada mellor que estaren xuntos e compartiren os seus xogos e aventuras cun novo amigo. O relato acompáñase de ilustracións figurativas, realizadas con acuarelas de tons luminosos. Os protagonistas son presentados tamén con formas volumétricas de carácter antropomórfico para visualizar mellor as situacións do relato e mesmo dáselles profundidade ás paisaxes.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Aventura e amizade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 58, 'Infantil/Xuvenil', 6 novembro 2003, p. VII.

Sinala que Helme Heine presenta un novo volume que inclúe ademais do relato "O coche de Carreiras" outro titulado "A visita", protagonizado polos mesmos animais e que segue as mesmas liñas ou principais características que se atopan noutras obras de Heine. Afóndase nestes dous contos non só na amizade senón tamén na aventura. Finalmente, destácase o aproveitamento que os educadores poden facer deste volume para transmitir conceptos esenciais da educación primaria e fomentar o interese pola lectura.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 13 novembro 2003, p. VII.

Nesta columna habitual repásanse desta vez catro títulos editoriais, dos que se ofrece un breve resumo argumental. Interesan á literatura galega tres deles: *Durmindó sobre os espellos*, de Jordi Sierra i Fabra; *Destrucción*, de Xabier López; e *O coche de carreiras*, de Helme Heine. Con respecto a *O coche de carreiras*, indícase que a tradución é de María Reimóndez e que as dúas historias narradas no libro xiran arredor de tres personaxes da granxa Mulebap.

Jacob, Joseph, *A historia dos tres porquiños*, ilustr. Xan López Domínguez, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-7507-003-5).

Nesta versión realizada por Joseph Jacob, nárrese a loita por sobrevivir de tres porquiños fronte ao lobo. Un narrador en terceira persoa relata cómo cada un dos tres protagonistas porcinos fai a súa casa cun material diferente para protexerse da besta. O primeiro constrúe a súa vivenda con palla, que o lobo derruba e cómeo; o segundo faina de xestas e corre a mesma sorte, pero o terceiro emprega tellas e tixolos que o lobo non consegue derrubar. No seu afán por comelo, o lobo tentará enganalo convidándoo a remolachas, a mazás ou a ir á feira, pero sempre será enganado con habelencia ata que, farto desta loita desigual, decide entrar pola cheminea da casa e cae no pote que o porquiño tiña a ferver, converténdose o lobo en comida do porco. As ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1958) que

acompañan o texto aparecen ao longo das páxinas pares ocupándoas na súa totalidade, mentres que nas impares recollen aqueles detalles de interese nos que se centra a narración.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Xerais lanza unha nova colección cos contos clásicos para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xullo 2003, p. 39.

Dá conta da iniciativa de Edicións Xerais de Galicia de recuperar na colección "Sopa de contos" aquelas narracións "de toda a vida". Indica que os primeiros cinco títulos son: *A princesa e o chicharo*, *A carrapuchiña vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos* e *A bela dormente*, da autoría dos irmáns Grimm e de Hans Christian Andersen. Sinala que están dirixidos a un lectorado de máis de cinco anos e que esta colección se ampliará posteriormente con títulos como *O soldadiño de chumbo* ou *A cerilleira*, ademais de contos clásicos da tradición galega adaptados por autores de aquí. Describe o formato desta colección e destaca que busca achegar ao lectorado galego a mellor tradición contística europea cun prezo asequíbel e cun deseño actual.

- A.M., 'Colección Sopa de Contos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Presentación da colección "Sopa de contos" de Edicións Xerais de Galicia dirixida a lectores a partir de cinco anos na que se lle dá cabida a títulos clásicos como *A Carrapuchiña Vermella*, *A historia dos tres porquiños*, *O lobo e os sete cabuxos*, *A bela dormente* e *A princesa e o chicharo*. Destácase a concepción gráfica dos libros nos que intervén Carmen Segovia, Xan López Domínguez, Elisa Arguilé, Ana Juan e Elena Odriozola, respectivamente, e sinálase que estes cinco títulos son un bo inicio para unha biblioteca familiar de contos tanto para o lectorado máis novo nas súas primeiras lecturas coma para ler en compañía de seus pais.

Krahn, Fernando, *Hilderita e Maximiliano (Hilderita y Maximiliano)*, ilustr. do autor, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. demademora, idade recomendada [prelectorado], [36] pp. (ISBN: 84-8464-212-7).

Neste conto de Fernando Krahn (Santiago de Chile, 1935) por medio dun narrador en terceira persoa cóntanos a historia de Hilderita Vermella e Maximiliano Amarelo, unha parella de xoaniñas que despois de compartir un mesmo espazo vital namoran, casan, teñen dez fillos e viven felices. A obra preséntase en pastas duras, con ilustracións nas páxinas impares e texto nas pares. Os debuxos do propio autor do texto preséntanse a toda cor, levan da man ao lector ao longo do volume están centrados na páxina e rodeados por cadansúa orla de cor. Cada un deles ten un encadre e deseño diferentes: cadrado, redondo... Predominan neles as tonalidades frías que contrastan coas cores cálidas dos protagonistas.

Referencias varias:

- Paula Fernández, 'Lección de tolerancia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Infantil/Xuvenil', 27 novembro 2003, p. VII.

Sínálase que *Hilderita e Maximiliano* é o último conto traducido ao galego do autor chileno Fernando Krahn (Santiago de Chile, 1935), do que xa se conta con títulos como *¿Quen viu as tesoiras?* (2002). Deste novo título destácase a súa inxenuidade e inocencia, no que os protagonistas son as xoaniñas Hilderita Vermella e Maximiliano Amarelo, que viven as súas particulares aventuras dende o amor que se profesan. Saliéntase da obra que consegue chegar ao lectorado a través dun texto moi breve e ilustracións discretas, pero elementos "suficientemente gráficos e significativos", onde a compoñente educativa considera que aparece moi ben disfrazada e demostra un bo coñecemento da psicoloxía infantil. Remátase indicando que os educadores poden aproveitar este texto para tratar temas transversais do currículo escolar como a tolerancia e a convivencia a través de protagonistas que se converten en símbolos.

Lebert, Benjamin, *Crazy*, trad. Franck Meyer, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2003, col. Fóra de xogo, nº 67, idade recomendada [mocidade], 201 pp. (ISBN: 84-7507-398-0).

Crazy é unha novela autobiográfica escrita polo mozo alemán Benjamin Lebert (Friburgo, 1982), un dos escritores máis populares do seu país. A historia xira en torno á vida deste rapaz de dezaseis anos, que, en parte pola súa hemiplexia, en parte polo seu fracaso escolar, rexeita a sociedade na que lle tocou vivir. A meirande parte da historia transcorre cando Benjamin chega ao seu novo colexio en Munich, o quinto, despois de diversos problemas académicos e de conduta nos centros anteriores. Será no colexio onde faga as máis disparatadas trasnadas xunto cos seus amigos Janosch, Troy, Florian e os dous Felix. Esta novela foi comparada co xa consagrado *bestseller* *O vixía no centeo* de J. Salinger por tratar os problemas típicos da adolescencia vistos e vividos por un adolescente que se fai moitas preguntas sobre temas tan controvertidos como son o sexo, o alcohol, as drogas, as rupturas familiares ... O tipo de linguaxe empregada é abrupta e ordinaria, que serve en moitos casos para darlle máis veracidade aos momentos narrados e que moi ben reflexan a personalidade de Benjamin.

Referencias varias:

- A.M., 'Crazy', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Define a Benjamin Lebert como un dos mozos escritores máis populares no seu país, Alemaña. Comenta que a novela, traducida ao galego por Franck Mayer, presenta un claro ton autobiográfico. Resalta que é "unha novela auténtica no sentido de que é unha voz absolutamente protagonista" que reflexa perfectamente os problemas da adolescencia de hoxe en día.

- Franck Meyer, 'Un éxito 'Crazy'', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Comunicación e literatura', 16 outubro 2003, p. II.

Comeza destacando a figura do mozo escritor Benjamin Lebert a quen define como todo un "fenómeno" e que foi quen de gañar o respecto do mundo literario coa súa primeira obra *Crazy* escrita á curta idade de dezaseis anos. De firmes trazos autobiográficos, trátase dunha novela que xira en torno aos problemas típicos da adolescencia como son as drogas, o sexo, o absentismo escolar...Comenta que foi a xornalista Elke Heidenreich quen primeiro redactou unha crítica favorable sobre o libro *Crazy* na revista alemá *Der Spiegel* e que lle auguraba unha boa acollida á obra. Finalmente sinala que o autor vén de publicar o seu segundo libro *O paxaro é un corvo* publicado pola editorial Kiepenheuer & Witsch de Colonia e que versa sobre a historia dun mozo de pouco máis de vinte anos que colle un tren nocturno de Múnic a Berlín.

Lindgren, Astrid, *Os irmáns Corazón de León* (*Bröderna Lejonhjärta*, 1973), trad. Liliana Valado Fernández e Märta Dahlgren, ilust. María Lires, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □, outubro 2003, col. Merlín, nº 135, serie Laranxa, idade recomendada de 11 anos en diante, 255 pp. (ISBN: 84-9782-066-5).

Ao longo de dezaseis capítulos e a través da focalización dun narrador omnisciente en terceira persoa, Astrid Lindgren (Näs, Suecia, 1907-2002) consegue retratar a morte e a soidade como contrapunto natural da vida, mesturando no mesmo relato realidade e fantasía con absoluta normalidade. Os protagonistas son Karlos e Ionatán dous irmáns, moi diferentes, que se adoran e que non poderán vivir o un sen o outro. Karlos, un rapaz débil, non moi guapo, e inseguro, ve no seu irmán Ionatán un modelo a imitar, mentres que este era como un príncipe de conto, guapo, querido polos demais e moi valente. A historia comeza cando Karlos descobre que está enfermo e vai morrer, pero quen morre antes é o seu irmán máis vello Ionatán, ao intentar salvalo dun incendio. Os dous volverán atoparse en Nangoisllala, o paraíso, a onde voan todos os que morren. Alí todo é perfecto, non hai enfermidades e vívense aventuras sorprendentes. Pero Nangoisllala está baixo a ameaza do demoníaco Téngoil e un dragón chamado Katla, contra o que terán que loitar para salvarse. Finalmente, coa axuda de varios habitantes de ese planeta, Macías, Sofhía e Humberto lograrán derrotar a Tengóil e ao dragón, e a paz volveu outra vez a suas vidas. As ilustracións figurativas de María Lires (1973) presentan certo grao de estilización, achegando unha tosquedade que conecta coa historia medieval. Emprégase unha técnica mixta que enriquece as formas.

López, Cruz, *O cuarto da Curuxa*, Vigo: Edicións do Cumio, 2003, col. Pictogramas de bruxas con adhesivos, idade recomendada [lectorado autónomo], [8] pp. (ISBN: 84-8289-251-7).

Serie literaria e de pictogramas de bruxas con adhesivos traducida do castelán e dirixida ao lectorado autónomo. Está constituída por un texto que se complementa cuns adhesivos removíbeis que hai que extraer da ilustración para poder realizar a lectura textual do relato

e afianzar o vocabulario. Cruz López por medio dun narrador omnisciente conta en cada volume diferentes episodios protagonizados pola bruxa Curuxa. Neste caso, descríbese o cuarto no que vive a protagonista. A narración complementábase e contextualízase con ilustracións de carácter cómico tanto dando o punto de vista realista coma fantástico, apoiándose no uso das cores.

López, Cruz, *A Curuxa é un chisco estraçalaria*, Vigo: Edicións do Cumio, 2003, col. Pictogramas de bruxas con adhesivos, idade recomendada [lectorado autónomo], [8] pp. (ISBN: 84-8289-250-9).

Serie literaria e de pictogramas de bruxas con adhesivos traducida do castelán e dirixida ao lectorado autónomo. Está constituída por un texto que se complementa cuns adhesivos removíbeis que hai que extraer da ilustración para poder realizar a lectura textual do relato e afianzar o vocabulario. Cruz López por medio dun narrador omnisciente conta en cada volume diferentes episodios protagonizados pola bruxa Curuxa. Neste caso, descríbese o xeito de vestir e de vivir da bruxa, as súas formas e cores estraçalarias. A narración complementábase e contextualízase con ilustracións de carácter cómico tanto dando o punto de vista realista coma fantástico, apoiándose no uso das cores.

López, Cruz, *A Curuxa prepara o almorzo*, Vigo: Edicións do Cumio, 2003, col. Pictogramas de bruxas con adhesivos, idade recomendada [lectorado autónomo], [8] pp. (ISBN: 84-8289-252-5).

Serie literaria e de pictogramas de bruxas con adhesivos traducida do castelán e dirixida ao lectorado autónomo. Está constituída por un texto que se complementa cuns adhesivos removíbeis que hai que extraer da ilustración para poder realizar a lectura textual do relato e afianzar o vocabulario. Cruz López por medio dun narrador omnisciente conta en cada volume diferentes episodios protagonizados pola bruxa Curuxa. Neste caso, descríbese o proceso que segue a protagonista na preparación do seu almorzo. A narración complementábase e contextualízase con ilustracións de carácter cómico tanto dando o punto de vista realista coma fantástico, apoiándose no uso das cores.

López, Cruz, *As bruxas comellonas*, Vigo: Edicións do Cumio, 2003, col. Pictogramas de bruxas con adhesivos, idade recomendada [lectorado autónomo], [8] pp. (ISBN: 84-8289-253-3).

Serie literaria e de pictogramas de bruxas con adhesivos traducida do castelán e dirixida ao lectorado autónomo. Está constituída por un texto que se complementa cuns adhesivos removíbeis que hai que extraer da ilustración para poder realizar a lectura textual do relato e afianzar o vocabulario. Cruz López por medio dun narrador omnisciente conta en cada volume diferentes episodios protagonizados pola bruxa Curuxa. Neste caso, descríbese a comida que fai a protagonista coas súas amigas. A narración complementábase e contextualízase con ilustracións de carácter cómico tanto dando o punto de vista realista

coma fantástico, apoiándose no uso das cores.

López, Laura, *María non é de aquí*, ilust. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, decembro 2003, col. Laura e compañía, nº 6, idade recomendada [prelectorado], 31 pp. (ISBN: 84-96128-48-2).

Volume pertencente á colección "Laura e compañía", que se enmarca nun proxecto dirixido a nenas e nenos de Educación Infantil e Primeiro Cíelo de Educación Primaria, segundo se fai constar na presentación. Este volume preséntase só en letra seguida, mentres que os demais contan co texto tamén en letra maiúscula, favorecendo así que o lectorado máis novo se familiarice coas grafías. Segundo se sinala na presentación, con esta colección quérese motivar a lectura e fomentar valores como a convivencia e a sociabilidade, á vez que servir de ferramenta de aula para o traballo con temas dos eixos transversais. Así, neste conto de Laura López nárrese como os nenos e nenas dunha escola acollen e escoitan a unha nova compañeira que chega de Ecuador e se sente soa. Entre todos logran que esta inmigrante, María, lles ensine cousas do seu país e aprenden un novo xeito de celebrar o entroido, divertíndose e familiarizándose con novas realidades. Os debuxos de Carmina del Río complementan e axudan á comprensión lectora.

Max, *¿U-la neve?*, trad. M^a Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-8302-972-3).

Álbum infantil de pastas e páxinas duras escrito e ilustrado por Max. O texto, que aparece en páxinas alternas e que foi traducido ao galego por M^a Dolores Torres París vén acompañado dunhas ilustracións de carácter figurativo en cores vivas e tintas planas a dobre páxina que serven de axuda ao lectorado para comprender mellor o conto narrado. O debuxo da portada é o mesmo que o do interior e nel salientanse notas non sexistas. Dani, o pequeno pinguín protagonista da historia xunto coa súa amiga a rá Renata saen da casa para poder ver e tocar por primeira vez a neve. Cargado dun claro didactismo, os pais de Dani explicanlle ao cativo por qué existe a neve, e tamén as diferencias das condicións atmosféricas. O neno está moi abraiado coa neve e disfruta moito tocándoa e xogando con ela.

Max, *¡Tódalas cores!*, trad. M^a Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, idade recomendada [prelectorado], [16] pp. (ISBN: 84-8302-973-1).

Neste novo título de Max, Dani, o protagonista, manifesta a súa sorpresa ante seus pais porque coincidiron todos na cor do vestiario, o amarelo, precisamente a súa cor favorita e preguntalle a súa nai se existen máis cores. A nai é a encargada de responder a todas as súas preguntas e irlle amosando as cores: o azul do ceo, o branco das nubes, o gris da paisaxe cando chove, o arco da vella que ten todas as cores e a transparencia da auga. Tamén lle ensina que as cores só se poden ver cando hai luz por iso cando esta se apaga non existen e todo é escuridade. Ao día seguinte, cando Dani esperta, os seus pais entréganlle un agasallo porque está de aniversario. Dani ponse moi contento e amósalle á súa amiga, a ra Renata, o

mellor regalo que nunca tivo, a caixa de lapis de cores que lle agasallon, porque agora xa dispón de todas as cores. O texto aparece acompañado de ilustracións de carácter figurativo en cores vivas e tintas planas a dobre páxina que serven de axuda ao lectorado para comprender mellor o conto narrado. O debuxo da portada é o mesmo que o do interior e nel salientanse notas non sexistas.

Recensións:

- CLIJ, '¡Todos los colores! Max', *CLIJ*, nº 161, 'Libros', xuño 2003, p. 57.

Comeza salientando o invento por parte de Max "uno de los dibujantes de cómic más importantes del país y también un ilustrador de Literatura Infantil y Juvenil sobresaliente" de Dani, unha especie de paxariño humanizado que comeza a descubrir o mundo que o rodea e de Renata, unha ra de peluche. Logo describe o argumento deste título no que Dani descobre da man da súa nai as cores. Diálogo e imaxes sustentan o texto. Os personaxes que creou cualifícanse de comiqueiros, os escenarios non se atiborran, a composición da páxina é variada e equilibrada e da colección salientan o formato de pequeno album, manexábel, resistente con páxinas de cartón satinado. Rematan citando outros títulos.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de Novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. VII.

Nesta sección fíxa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da obra infantil *¡Tódalas cores!*, do ilustrador Max quen creou este volume para inciar aos nenos de dous anos na "aprendizaxe dos conceptos e contrastes básicos". Tamén se achega ao libro de cartas de Álvaro Cunqueiro *Cartas ao meu amigo*, á obra *A pedra angular*, de Emilia Pardo Bazán, e ao libro de contos *Osa Menor*, de Xosé Nicanor Alonso das que se dá conta no seu lugar correspondente.

Max, *¡Cantos amigos!*, trad. M^a Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, idade recomendada [prelectorado], [18] pp. (ISBN: 84-8302-974-X).

Nesta nova entrega da serie de álbums do escritor e ilustrador Max, o pequeno pingüín Dani é recriminado pola súa nai por ter todos os xoguetes tirados polo chan do seu cuarto. Dani, para contentala, decide colocalos todos enriba da cama e así, Ernesto, o oso grande; os osiños, Soni e Boni; Pipo, o trasgo do choupin; o robot Otomo; Pinocho; a bruxa Amanda; os ananiños e a ra Renata van sendo colocados un a un enriba da cama do pícaro. O pequeno pingüín reconta todos os seus xoguetes ata ter aos seus amigos ben colocados e ordenada a habitación. Ao final Dani dille a súa nai que como son moitos precisan unha cama máis grande, pois con el son dez e co monstro que vive debaixo da cama once. As ilustracións a cor reflicten os movementos do pingüín na colocación dos seus xoguetes. O texto está acompañado dunhas ilustracións de carácter figurativo en cores vivas e tintas planas a dobre páxina que serven de axuda ao lectorado para comprender mellor o conto narrado. O debuxo da portada é o mesmo que o do interior e nel salientanse notas non

sexistas.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Lectura e coñecemento', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 45, 'Infantil/Xuvenil', 29 maio 2003, p. VII.

Indícase a quen vai dirixido *¡Cantos amigos!*, o novo libro de Max protagonizado por Dani, e sinálase que o autor, igual que en ocasións anteriores, pretende introducir unha pequena dose de contido didáctico para os máis novos, neste caso, a aprendizaxe dos números ata o dez. Ofrécese o argumento do conto, menciónanse as finalidades do libriño e coméntanse as características das ilustracións que acompañan ao texto escrito. Finalmente fálase do formato que presenta o libro, que tamén evidencia o grupo de lectores ao que vai dirixido.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'Animais de letra', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 2 xuño 2003, p. 7.

Destácase a presenza dos animais nas creacións humanas e concretamente a súa aparición na literatura infantil e xuvenil. Así, analízanse as características e os tipos de animais que aparecen nos libros de literatura infantil e xuvenil segundo estes estean dirixidos a primeiros lectores, ao alumnado de ciclo medio, de primaria ou dos últimos cursos da ESO e do bacharelato. Así mesmo, ofrécese exemplos da clasificación feita. Entre os exemplos que se citan están as obras protagonizadas polo pingüín Dani escritas por Max.

Max, *¡Xa sae o sol!*, trad. M^a Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-8302-971-5).

Álbum infantil de pastas e páxinas duras escrito e ilustrado por Max. O texto, que foi traducido ao galego por M^a Dolores Torres París, aparece en páxinas alternas coa clásica letra redonda. As ilustracións que acompañan ao texto teñen cores chamativas que serven de apoio aos primeiros lectores para unha mellor comprensión da historia. Dani, o pingüín protagonista do relato, xunto coa súa amiga a rá Renata, está moi ilusionado con ver saír o sol ao mencer por primeira vez polo que deciden permanecer levantados toda a noite. Sen embargo, ao final e antes de que poidan ver a primeira luz do día, tanto Dani como Renata caen rendidos e non son quen de ver saír o sol. Será a nai de Dani a que atope aos dous destapados enriba da cama pola mañá. As ilustracións son de carácter figurativo en cores vivas e tintas planas a dobre páxina que serven de axuda ao lectorado para comprender mellor o conto narrado. O debuxo da portada é o mesmo que o do interior e nel salientáanse notas non sexistas.

Morán, José, *Querido espantallo (Querido espantapájaros)*, ilust. Carmela Mayor, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, maio 2003, col. Maremar, idade

recomendada [prelectorado], [24 pp.]. pp. (ISBN: 84-8464-171-6).

Despois de situar o protagonista desta historia nunha inmensa chaira amarela nun día azulísimo de verán, describe a fisonomía deste espantallo de pelo de esparto, brazos de arame, ollos de botón e nariz de pallaso. A trama argumental arrinca cando o espantallo deixa de escorrentar e os animais comezan a habitalo e a acompañalo cos seus segredos e cantos. Coa chegada do frío vano deixar só, ata que unha nena o volve descubrir na primavera e lle conta fermosas historias, ademais de levalo ao xardín da súa casa para recompoñerlle a figura. Os anos transcorren e o espantallo retorna á chaira amarela. A través da conxunción do texto de José Morán e das ilustracións de Carmela Mayor, que aparecen contorneadas sobre un fondo claro, o lector máis miúdo pode ler este relato no que a amizade tamén é un dos seus protagonistas principais. Os debuxos presentan tamén grañas infantís nas composicións, mentres que a color a proporcionan lavados de acuarela e recortes de diversos materiais coma fotos, etiquetas, etc. Na composición teñen importancia os textos como imaxe; as liñas que forman as letras se curvan e se inclinan adaptándose ás formas debuxadas.

Moure, Gonzalo, *Palabras de Caramelo (Palabras de Caramelo, 2002)*, ilust. Fernando Martín Godoy, trad. Ignacio Chao Castro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Sopa de libros, nº 27, serie Azul, a partir de 12 anos, 76 pp. (ISBN: 84-9782-071-1).

Gonzalo Moure (Valencia, 1951) é o autor desta historia que transmite a maneira de sentir dun neno discapacitado. Kori é un neno saharauí de oito anos que vive nun campamento de refuxiados do Sáhara. Como é xordomudo e non coñece as palabras, tan só é quen de ler nos beizos e é así como comeza a interpretar os labios do seu mellor amigo, un pequeno camelo ao que bautiza co nome de Caramelo e xunto ao que aprende o valor da amizade. Na escola non pode aprender como os demais nenos e por iso pídelle axuda á súa profesora para aprender a escribir porque desexa dar a coñecer as palabras que le nos labios de Caramelo, co que dialoga sobre sentido da vida, os comportamentos dos adultos, a necesidade da morte ou a transcendencia dos actos dos seres humanos. As duras condicións das xentes do poboado obrigan a ter que utilizar a carne dos camelos para se alimentar. Así que pasado o tempo Caramelo debe ser sacrificado. Kori, moi desgustado, emprende unha fuxida para intentar salvar a Caramelo na procura das terras fértiles mais, ao estaren recluídos no medio do deserto, estas quedan demasiado lonxe e pérdense. Ao final é seu tío Ahmed quen o atopa e o trae de volta ao campamento. Pouco despois Caramelo é sacrificado entre as bágoas de todos. Kori recolle as súas últimas palabras que se converterán, cando xa é mozo e pode falar e escoitar coa axuda dun audífono, nun fermoso poema que todos os seus coñecen e no que canta á amizade, á vida e á esperanza. O texto vai acompañado dunhas sinxelas ilustracións en negro de Fernando Martín Godoy (Zaragoza, 1975). Predomina na composición a ausencia de claroscuro, na que a tinta está utilizada mediante liñas grosas e planas, que crean efectos de luz e sombra moi contrastados. Hai unha certa tosquedade no trazo e na configuración dos personaxes que lembra as xilografías e que encaixa co primitivismo da sociedade na que se desenvolve a historia.

Recensións:

- María Navarro, 'No corazón do deserto', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Infantil/Xuvenil', 18 decembro 2003, p. VII.

Resumo do argumento de *Palabras de Caramelo*, de Gonzalo Moure, no que se pon de relevo que o protagonista é un neno xordomudo que vive nun campamento de refuxiados saharauí e un camelo ao que ve nacer e que bautiza co nome de Caramelo pola cor da súa pel. Incide tamén nos desexos de Kori de aprender a escribir para poder verquer no papel as palabras que Caramelo lle dicta e coas que transmite reflexións sobre o sentido da vida, o proceder dos adultos ou a necesidade da morte. Menciónanse tamén as sinxelas ilustracións do volume e o feito de amosar unha realidade complexa na que non resulta doado vivir onde hai nenos e nenas con nobres sentimentos que esperan acadar un mundo mellor a pesar de ter que afrontar dolorosas situacións.

Pitzorno, Bianca, *Pequena bruxa (Stregghetta mia, Einaudi, 1988)*, trad. J. M^a Conde, ilust. Josep Rodés, Pontevedra: Kalandraka Editora, febreiro 2003, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], 117 pp. (ISBN: 84-8464-129-5).

Novela fantástica de Bianca Pitzorno (Sassari, 1942) estruturada en dezanove capítulos titulados e precedidos dun "prólogo indispensable" no que se inclúen as condicións de partida da obra. Nela un narrador en terceira persoa relata as vicisitudes nas que Asdrúbal Tirinnanzi se ve envolto para poder cobrar a herdanza do seu millonario tío Sempronio. O cobizoso personaxe ten que atopar unha bruxa coa que casar nun prazo dun ano e medio, senón a herdanza pasará a mans de outra persoa. Cando xa falta pouco tempo para o remate do prazo sinalado, descobre que na familia Zep hai unha bruxa, mais por causa do traballo dos ratos nos libros da biblioteca, cre que a irmá maior dos Zep, Sibila, é a buscada e decláralle a esta a súa intención de casar con ela. Como esta o rexeita decide raptala xusto un día que leva de paseo a Emilia, a súa pequena irmá e verdadeira bruxa da familia. Durante o secuestro, Asdrúbal daráse conta da súa confusión, pero gracias á actuación de Zacarías, o bibliotecario, as dúas irmás son salvadas do seu secuestrador e a data final do prazo sinalado no testamento para que Asdrúbal case cunha bruxa chega co cobizoso sobriño do falecido millonario solteiro e no cárcere. O notario que dera lectura ao testamento indica que dado que o sobriño do defunto non conseguiu casar no prazo sinalado cunha bruxa, o que se sinala no testamento é que a metade da herdanza pase a mans da bruxa que o rexeitou, é dicir, a mans da pequena Emilia, e a outra metade a mans dun sobriño da defunta muller do millonario Sempronio, que tamén era bruxa. O sobriño herdeiro resultará ser o bibliotecario Zacarías. Esta novela, ilustrada por Josep Rodés, presenta contínuas referencias ao mundo teatral, alusións metaliterarias, así como xogos tipográficos para reflectir o pensamento dalgún dos personaxes ou a grafía doutros. As ilustracións de Josep Rodés sitúan ao lector nun plano demiúrxico por medio de técnicas compositivas peculiares e novidasas.

Recensións:

- María Navarro, 'Pequena bruxa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 38, 'Infantil/Xuvenil',

10 abril 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación na editorial Kalandraka, dentro da súa colección "Seteleguas", da tradución ao galego, feita por José María Conde, de *Pequena bruxa*, orixinal en italiano *Stregghetta mia*, de Bianca Pitzorno. Indícase que a edición galega inclúe algunha aclaración ou comentario coa finalidade de que o lectorado entenda os xogos de palabras e dobres sentidos que posúen os termos empregados na edición orixinal e ofrécese o argumento do conto. Finalmente, sinálase que o comportamento dos personaxes, as roupas, a maxia, os equívocos, etc. fan desta novela un surrealista e divertidísimo xogo literario.

Prestifilippo, Pablo, *¡Que parvos son os camaleóns! (¡Qué tontos son los camaleones!)*, ilust. do autor, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. demademora, idade recomendada [prelectorado], [36] pp. (ISBN: 84-8464-212-7).

Conto de estrutura circular publicado orixinalmente en castelán por Pablo Prestifilippo, no que o protagonista é un neno que queda só na casa e decide compartir co lectorado agardado o seu segredo para descubrir camaleóns camuflados. As súas fantasías lévano a debuxar un cadro co que sorprender aos posíbeis camaleóns e a buscar un método co que facelos visíbeis. Isto mesmo é o que súa nai pon en práctica ao volver á casa e descubrir todo lixado de pintura para descubrir o seu fillo, camuflado no contorno. No texto xógase coa grafía, representando en grandes letras pensamentos ou cuestións paralelas ao texto principal. Estabelécese un xogo tamén de imaxes, no que á par da principal se inclúen por veces tiras debuxadas con información redundante ou que amplía distintos planos da imaxe central. Estas ilustracións figurativas, aínda que con certas deformacións nas persoas, están realizadas con pintura sobre unha base de madeira, aspecto matérico que xoga un papel importante na lectura visual.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Arte de saber rir', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 63, 'Infantil/Xuvenil', 11 decembro 2003, p. VII.

Anuncia a saída do prelo de *¡Que parvos son os camaleóns!*, do autor bonaerense Pablo Prestifilippo, en tradución de Marisa Núñez, da que explica brevemente o argumento, que xira arredor do xogo dun neno que busca un camaleón camuflado. Do conto destácase o humorismo contido en detalles do texto e das ilustracións, no que o protagonista acaba sendo cazado como o camaleón que el buscaba. Saliéntase que este relato aprende ao lectorado a se rir del mesmo a través da identificación co protagonista, á vez que fomenta o feito de non infravalorar aos demais. Considera que esta historia ocorrente e divertida, con ilustracións de trazos grosos e unha compoñente didáctica "sempre subliminal" farán que o conto sexa do agrado do lectorado agardado e dos mediadores.

Quintero, Armando, *Un lugar no bosque*, ilust. Manuel Pizcueta, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, outubro 2003, col. Seteleguas, idade recomendada

[lectorado autónomo], 63 pp. (ISBN: 84-8464-220-8).

Neste relato Armando Quintero preséntanos este fermoso conto que recopila vinte e oito historias breves tituladas de lobiños e o seu hábitat, casi pinceladas de situacións e personaxes que rebosan imaxinación. O lobo avó será o que vaia contando as historias que en xeral teñen como protagonistas precisamente aos lobos. Na chamada Literatura Infantil existen varios personaxes moi maltratados, en particular, un: o lobo. Este volume non pretende ser unha reivindicación dos lobos, simplemente, mostraos como seres diferentes a como foron presentados nas numerosas lendas, fábulas, contos ou historias que desde tempos inmemorabeis, inventamos sobre eles, como por exemplo a súa boa relación con caperuchiña vermella e as ovellas dos pastores, a súa sensibilidade co nacemento dun novo membro na manada, os sentimentos ante a existencia do primeiro amor, o gusto non só pola carne senón tamén polos vexetais. As súas mensaxes tocarán sensibelmente a cada lector polas súas notas de humor, solidariedade e tenrura. As ilustracións, que ocupan as páxinas pares do libro, varían de formato e son pinturas coidadas, realizadas a base de tons cálidos e cores pouco saturadas. Non se buscan efectos de volume a partir das formas pero os diferentes planos e fondos están traballados con resultados matéricos, usando a técnica do esgrafado. Os protagonistas e obxectos que os acompañan preséntanse de forma figurativa pero cun certo de esquematización.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Para soñar cos oídos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2003, p. 53.

Dá conta da publicación de catro novos títulos da editorial Kalandraka que son: *Soños de Xulieta*, de María Rosa Mó; *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik; *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero; e *Blobló*, de Rai Bueno. Céntrase no comentario do poemario *Soños de Xulieta*, do que sinala que se trata dun libro-disco, no que se funde o texto, a música e a imaxe, e destaca a técnica da colaxe das ilustracións de Federico Delicado, a súa sinxeleza e a relación que manteñen. En columna á parte, destácase a singularidade de cada un dos volumes desta editorial creada en 1998 en Pontevedra, o deseño en capas duras e con ilustracións creativas que buscan a lectura plástica, así como a conxugación entre literatura universal e propia das obras que publica.

- Concha Pino/R. García, 'El gallego López Domínguez ilustra una colección nacional de cuentos clásicos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 decembro 2003, p. 61.

En cadro aparte dentro dun artigo máis amplo onde se dá conta de que o galego López Domínguez ilustra unha colección nacional de contos clásicos, sinálase que con motivo da campaña de Nadal a editorial kalandraka presenta un novo volume titulado *Un lugar no bosque*. A continuación, refírese a quen son os autores e o traductor, cal é a estrutura da obra, para finalmente, presentar un breve resumo do contido dun dos vinte e nove contos que compoñen o volume, concretamente o denominado "A ovella perdida".

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. No referido á literatura galega dáse conta nesta ocasión da saída do prelo de *Manecho o da rúa*, de Xosé Lesta Meis; *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada; e *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero, da que se salienta a sinxeleza e profundidade coa que o autor consegue achegarnos ao universo dos lobos. Destaca tamén o humor, sabedoría e tenrura que aparecen na obra, así como os sentimentos de medo, inseguridade, morte, añoranza ou amor, nunhas historias que apunta que son para ler moitas veces.

Ramón, Elisa, *Non é fácil, pequeno esquío (No és fácil, petit esquiol)*, ilust. Rosa Osuna, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, marzo 2003, col. demademora, idade recomendada [lectorado autónomo], [36 pp.]. pp. (ISBN: 84-8464-183-X).

Elisa Ramón (Barcelona, 1957) presenta nesta obra por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa a historia do Pequeno Esquí Vermello que sofre pola perda de súa nai. O protagonista ten unha pena moi fonda pola repentina morte materna e, aínda que seu pai o consola e o tenta animar, rexeita todo tipo de axuda (chora, enfádase con todo o que o rodea, non quere que ninguén ocupe o lugar da mamá esquío, non xoga, etc.). Unha noite mira as estrelas como facía con ela, pero non atopa aquela que a esquío elixira para protexelo nos seus soños, polo que acode onda o seu amigo o moucho e chora con el abundantamente. Para animalo, seu pai ensínalle fotos dos seus defuntos avós, aos que o pequeno nunca vira pero dos que sempre oíra falar, e tenta facerlle comprender ao seu fillo que un non morre ata que o esquecen, pero o Pequeno Esquí Vermello ten medo a esquecerse da súa nai á que bota moito de menos. Conforme transcorre o tempo, fai cousas que lle ensinou súa nai e síntea algo máis preto, ata que unha noite, volta de novo xunta o seu amigo o moucho, mira con el desde unha árbore as estrelas e ve a súa. Contento regresa á casa a contarllo a seu pai. Por fin entende que a súa nai sempre estará con el e nos seus recordos. As ilustracións de Rosa Osuna (Segovia, 1961) de gran carácter plástico e estético xogan cos tons escuros e apagados simbolizando a tristura do pequeno esquío, en contraste con aquelas de cores máis vivas, coma o amarelo, nas que se reflicte a esperanza que o protagonista sente nalgúns momentos.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Fervenza de ánimos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Infantil/Xuvenil', 8 maio 2003, p. VII.

Dáse conta da presentación pola Editora Kalandraka dun conto para os lectores máis novos que trata un tema non moi recorrente, pero presente na literatura infantil e xuvenil, como é o da morte dunha nai e o desasosego que esta provoca no seu fillo. Ofrécese o argumento de *Non é fácil, pequeno esquío* e indícase que é unha obra apta para os nenos aínda que non segue as liñas habituais do xénero infantil. Destácanse, como o esencial da obra, os sentimentos que xorden da súa lectura e finalmente fálase das ilustracións de Rosa Osuna e do carácter non traumático para os nenos desta obra atípica polo tema tratado.

Rivera Ferner, Marta, *Tres gatos cantores*, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, [48] pp. (ISBN: 84-403-0422-6).

Este conto, en tradución da editorial, de Marta Rivera Ferner está protagonizado por dous grupos de gatos. Por un lado están os tres gatos do outeiro: Un, Dous e Tres, e por outro as tres gatas que deciden axudalos a cantar na ópera. Unha noite, os animais do primeiro grupo puxéronse a cantarlle á lúa afinaron as súas gorxas: branca, amarela e alaranxadas. A pesar de que a xente lles tiraba zapatos, non deixaban de cantar. Entón, a gata Catro, que vivía nun ático, foi xunto ás xemelgas Cinco e Seis para ver cómo podían facer que os gatos do outeiro deixasen de cantar. Entre as tres decidiron que había que facelo de maneira que non se sentisen ofendidos. E así foi como as tres amigas foron xunto a don Sete do Oito, o empresario da ópera, e conseguiron que os tres gatos cantores tivesen función cada noite, xa que a xente incluso repetía o espectáculo. O texto complétase con ilustracións figurativas con gran dinamismo da propia autora realizadas coa técnica do colaxe e fotomontaxe que se complementan con debuxos dos gatos protagonistas feitos a lapis de cores.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Historias de gatos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 'Infantil/Xuvenil', 18 setembro 2003, p. VII.

Comeza aludindo ao argumento de *Tres gatos cantores*. A continuación céntrase no xogo constante entre números e cores e no lirismo sinxelo que leva a unha lectura pracenteira. Destaca que xunto a esta compoñente poética hai fragmentos máis narrativos que fan que a acción avance. Así mesmo salienta que as ilustracións pódennlle lembrar aos rapaces o obradoiro de Gepetto ou mesmo algún conto de fadas. Por último, despois de resaltar a importancia das imaxes neste tipo de obras, indica que neste caso o texto e a plástica están perfectamente conxugados.

Santos, Antonio, *Pancho (Pancho)*, ilust. do autor, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2003, col. demademora, idade recomendada [prelectorado], [40 pp.]. pp. (ISBN: 84-8464-192-9).

Antonio Santos é o autor do texto e das ilustracións desta historia protagonizada por Pancho, un precioso elefante gris que nacera na selva. Xa dende moi pequeno, fixérase amigo do mono e do paxaro e escondíase do león e do home. Atraído por unha fermosa tea de cadros, desatende as indicacións paternas e é atrapado polo home, véndose condenado a traballar nun circo e a dormir nunha gaiola. Polas noites asolagábao a morriña e soñaba coa selva e cos seus pais. Esta narración aparece recollida nun breve texto, que está grafiado con letra clara e que acostuma aparecer só nunha folla de fondo pastel ou de pouca ilustración, coa finalidade de favorecer a lectura dos máis novos. As ilustracións realizadas con papeis de cores presentan planos recortados que se superpoñen para crear as formas das figuras e os contornos. Visualmente teñen máis importancia as imaxes que o texto aínda que o complementan. Nos momentos máis dramáticos ou máis importantes as imaxes abarcan as dúas páxinas, ocupando todo o espazo; por exemplo, cando quere destacar a tea

que desexa o protagonista, ou os momentos de perigo.

Santos, Care, *Alua.com (Laluna.com)*, Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2002, ilustr. Mabel Piérola, trad. Lucía Allegue Iglesias, A Coruña: Edebé - Rodeira, abril 2003, col. Periscopio, nº 19, idade recomendada [mocidade], 167 pp. (ISBN: 84-8116-935-8).

Estructurada en cartas de correo electrónico xunto con fragmentos na voz de distintos personaxes e, xa menos, en boca dunha narradora, preséntasenos esta novela de Care Santos (Mataró, 1970). Nela, a protagonista é unha adolescente, Cira, namorada do seu curmán Amador e líder dun grupo de rapazas do instituto afeccionadas ao teatro e aos deportes de risco. Esta rapaza caracterízase ademais fisicamente polo gran tamaño do seu nariz e intelectualmente pola súa afección pola escritura e por calquera tema relacionado coa lúa, lugar polo que elixira o cibercafé "alua.com" para escribir os numerosos correos que enviaba ao seu curmán facéndose pasar por Cristina. Esta era unha alumna nova no instituto que lle gustaba a Amador, quen lle pedira axuda á súa curmá para coñecela. Cira, que dende nena estaba namorada de quen case fora coma seu irmán, decidiu escribirlle correos a Amador facéndose pasar por Cristina, co consentimento desta última. Estes correos, que tanto agradaban a Amador, fixeron que nalgunha ocasión este pensara que a súa moza Cristina era distinta cando estaba con el e cando lle escribía, sobre todo desde que recibía correos case a diario xa que a súa prima cada vez escribía máis, incluso sen sabelo Cristina. Mais, desgraciadamente, nunha excursión a Tarifa para practicar *fly-surf* Cristina morreu e Amador quedou desconsolado. Pasado xa máis dun ano Amador descubriu por casualidade a autoría dos correos que recibira e así soubo que de quen sempre estivera namorado era da súa curmá. Deste xeito ambos iniciaron unha realción que terían que facer entender aos seus pais. As ilustracións expresionistas de Mabel Piérola (Madrid, 1953) están presentadas en gamas de grises con formas esquemáticas.

Recensións:

- CLIJ, 'Laluna.com. Care Santos', *CLIJ*, nº 160, 'Libros/Novedades', maio 2003, p. 72.

Despois de describir a historia que se conta nesta "entretenida novela" coa que a autora foi galardoada, dise que é unha novela de enredo (homenaxe a Cyrano de Bergerac) contada a catro voces e na que os personaxes convencen e o discurso "sobre la relación chico-chica es abierto y sugerente. Una lectura interesante, por momentos divertida, y muy amena, que no defraudará a los lectores".

- Héitor Mera Herbello, 'Unha versión xuvenil do Cyrano', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 'Cultura', 8 maio 2003, p. 33.

Eloxio da novela *Alua.com* que, segundo indica, a pesar de estar catalogada de xuvenil, atraerá a calquera lector que goce coa boa literatura. Céntrase na trama argumental e nos protagonistas da historia destacando que Cira é o personaxe mellor caracterizado e co que

se vai identificar o lector. Así mesmo detense na forma para destacar o *flash-back* utilizado para contar os feitos, así como no tipo de narradores: protagonistas e testemuñas. En relación con isto opina que sorprende ao principio e ao final do relato unha voz omnisciente que alterna co discurso de Cira, o que serve para demostrar a importancia deste personaxe. Remata aludindo a que se trata dunha obra que bebe dun clásico sen deixar por iso de resultar fresca e atractiva, incluso ata o punto de que o lector rematará de lela antes do desexado.

Sanz, Ignacio, *Claudia e o touro*, ilust. Mariona Cabassa, trad. A. Fortes, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. demademora, idade recomendada [lectorado autónomo], [36] pp. (ISBN: 84- 8464-181-3).

Ignacio Sanz (Segovia, 1953) achéganos neste volume unha historia narrada en terceira persoa e protagonizada por unha nena chamada Claudia e un touro de ferro que cobra vida. A aventura comeza no momento no que se lle estropea o coche ao pai de Claudia indo para a cabana que tiñan no outeiro ao pé dun alto no que había un touro de ferro que sempre que pasaba en coche chamaba a súa atención. Nese momento decidiu visitalo e gabeou polos ferros que o suxeitaban para pintarlle un corazón cun xiz. A partir de entón o touro podía moverse e a xente que pasaba pola estrada vía que axitaba a cabeza e o rabo para espantar os moscóns e notaba que sen embargo lle gustaba a compañía doutros animais. Pero un día o vento derrubouno e quedou libre, mais cando chegou o inverno o corazón de xiz foise borrando e unha noite a silueta do touro caeu ao chan e foi parar a unha chatarrería. Desde entón no seu lugar había outro touro e Claudia quixo saber onde estaba o touro vello para levalo á cabana, pero o único que atopou foi unha morea de ferranchos. Todo isto fixo que Claudia se sentise moi triste e cada vez que ía á cabana desexaba que se estropease o coche do pai, e por se acaso sempre levaba un xiz con ela. As ilustracións de carácter fantástico de Mariona Cabassa caracterízanse polo xogo compositivo de grande actualidade, complementando amplamente a lectura textual.

Recensións:

- María Navarro, 'Memoria dun soño', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 41, 'Infantil/Xuvenil', 1 maio 2003, p. VII.

Comeza indicando que en *Claudia e o touro*, libro de Kalandraka para os primeiros lectores, aparece a emblemática figura do touro negro que se pode atopar nas estradas da Península Ibérica. A continuación céntrase no argumento da obra e na gran metáfora que hai no feito de que un cacho de metal cobre vida. Sinala ademais a tenra amizade que se xera entre Claudia e o touro de maneira que esta historia resulte críbel ao pequeno lector. Opina sobre isto que esta obra contribúe, pois, a que os nenos deixen de ter medo a animais de tal envergadura e fama. Conclúe coa idea de que unha vez máis literatura infantil e didactismo se dan a man para demostrar o poder da fantasía, que transporta os lectores a realidades inimaxinadas.

Sennell, Joles, *Mago por correspondencia*, trad. Laura Sáez Fernández, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2003, col. Sopa de libros, nº 24, a partir de 10 anos, 104 pp. (ISBN: 84-8302-216-8).

Joles Sennell, pseudónimo de Pep Albanell (Vic, Barcelona, 1945), reúne neste volume sete relatos de carácter fantástico nos que con boas doses de humor se presentan personaxes como deuses, bruxas, fadas e seres humanos de carácter insólito. En "Crónica" relátase cómo tres países con distintas formas de goberno, unha monarquía, unha república militar e unha democracia, chegaron a se ver envoltos nunha guerra absurda por causa dunha música oficial que resultara dun plaxio realizado polo afamado compositor Augusto Trompetteira Diapasón. Ao final deciden asinar a paz e converter a música da discordia no himno oficial da fusión entre as tres nacións. En "O val de Endorro" cóntase cómo naceu o val de Andorra, unha vez que se afundiou a Atlántida, o continente dos deuses, e que estes tivesen que se instalar en diferentes lugares da terra e do mar. O miúdo deus Endorro acabou por se instalar nun pequeno val que co tempo se converteu nese país en miniatura. "As peripecias de Isquirión" céntrase na busca que emprende este personaxe para atopar un mundo con sons e músicas, ata acabar descubrindo que aquilo que tanto procurara estaba no seu interior. En "Mago por correspondencia", relato que dá título ao volume, relátase como Baldomero, inventor de aparellos que case que nunca funcionan, chega a ser mago de segunda clase despois de realizar un curso por correspondencia e a ter que abandonar pola súa nova condición a súa teima de inventar. En "Combustible", Fabricio Paspertú e Fibrilancio conta en primeira persoa como pasou de ser un dos autores fantásticos máis recoñecidos do mundo a deixar de publicar tras recibir a visita dunha fada que lle pediu a súa imaxinación para fornecer de combustible ao seu mundo máxico, unha carencia ocasionada pola necesidade de combater o materialismo e o carácter prosaico do mundo real. "A proba" conta a historia da fada Vespiña, quen se ve desterrada ao mundo real unha tempada por mor da súa torpeza. En "Fadas", o relato que pecha o libro, relátase en primeira persoa a historia dun amante dos libros que merca un nunha librería de ocasión que fala sobre a última fada do mundo, unha especie ferida de morte. Ante a tristura que lle produce a historia pecha o libro. Os relatos van acompañados das ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), nas que o tratamento das imaxes se basea en xogos de liñas dinámicas, sen pretensións volumétricas, acentuadas polo tratamento estilizado e desproporcionado dos personaxes en función do movemento. As formas lineais complétanse con tintas planas en distintas tonalidades de grises que non respectan o contorno das figuras.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'A obra esquecida dun prolífico sofista', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 319, 'Librería Galega', 5 xullo 2003, p. 2.

Comentario sobre a última obra do catalán Joles Sennell, *Mago por correspondencia*, que publica Edicións Xerais. Trátase de sete contos de bruxas, fadas, deuses e humanos, cheos

de fantasía e humor, acompañados polas ilustracións de Xan López Domínguez. A noticia inclúe recensións de *Diálogo de deuses*, *Diálogos de prostitutas* (2002), de Luciano de Samosata, e de *Por conto alleo* (2003), de Camilo Franco, así como breves recensións ás obras *Nin Berlin* (2003), de Xosé M. Gayoso, e *Non hai misericordia* (2003), de Xelís de Toro.

- María Navarro, 'Excesos da fantasía', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Infantil/Xuvenil', 2 outubro 2003, p. VII.

Presenta o volume e sinala que o autor, Joles Sennell, introduce ao lector nun país imaxinario gobernado por uns deuses negligentes e no que desfilan moitos personaxes imaxinarios, unha trama que "de maxia por correspondencia ten pouco". Comenta que a fantasía esmaga o contido do libro, que nel resulta doado perderse pola "falta de coherencia no fío argumental" e pola pouca funcionalidade dos personaxes, "dos que a miúdo ignoramos por qué están na historia, xa que non aportan luz nin sentido ao texto que é percibido case única e exclusivamente como unha sucesión de acontecementos, datos, situacións, intervencións... que están aí porque todo é irreal e fantástico". Percibe tamén a presenza do humor, que xorde da asociación de ideas, pareceres e expresións, e que "tenta amenizar un libro eivado, porén, de consistencia argumental".

Sierra i Fabra, Jordi, *Durmido sobre os espellos (Dormido sobre los espejos)*, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Galaxia □, novembro 2003, col. Costa Oeste, 223 pp. (ISBN: 84-8288-639-8).

Novela de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) protagonizada por Diego, un rapaz de dezanove anos que relata en primeira persoa cómo descobre un segredo ben gardado pola súa familia durante anos. A novela, estruturada en tres partes de desigual extensión, desenvolve o tema da descuberta das repercusións da Guerra Civil española e da posguerra nunha relación amorosa, gracias á intervención dun adolescente, coa intención de traer ao presente feitos acontecidos no pasado inmediato, que fanaron toda unha vida familiar e o amor entre dúas persoas afastadas pola inxustiza e a represión. Gracias á descuberta dunhas cartas agochadas no armario da avoa, cunha data máis recente da que se supón que morreu o avó, Diego comeza a recabar datos entre a súa familia, a pesar dos receos e do descoñecemento que atopa. Tan só a conversa co seu tío Martiño revélalle a confirmación que precisa: o seu avó marchou a Cuba e continuou a enviar cartas durante anos. Daquela Diego toma a decisión de viaxar á illa e buscar a verdade. É alí onde nunha semana desenvolve as súas pesquisas, axudado por Tania, unha rapaza coa que descobre o amor e a realidade cubana. Finalmente, tras moitas descubertas, chega a atopar e a coñecer o seu avó, un activo colaborador da revolución cubana, que mantivo unha estreita relación co Che Guevara e segue a ser unha figura importante no réxime de Fidel Castro. A través do diálogo coñece as verdadeiras causas da súa fuxida de España e o porqué do abandono da súa muller embarazada e da imposibilidade do regreso. Diego iníciase así na vida adulta, xa que durante a viaxe na procura da súa historia familiar, experimenta un proceso de maduración, á vez que asume unha incógnita para o futuro: saber qué pasará co seu primeiro amor.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Lectura apaixonante', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 23 outubro 2003, p. VII.

Comeza salientando o proceso de renovación que está a vivir a Editorial Galaxia e que se mostra nos novos títulos da colección "Costa Oeste", dirixida agora por Xosé A. Neira Cruz, e cun novo formato, obra do deseñador Fausto Isorna. A seguir refírese a *Durmido sobre os espellos*, do catalán Jordi Sierra i Fabra, traducido ao galego por Silvia Gaspar. Resume detalladamente o argumento da novela e sinala que o autor amosa a través desta historia a situación de Cuba, ao tempo que enfronta sentimentos, ideoloxías e problemas a través do protagonista, todo isto nun fondo de romántico e de aventura que converte o texto nunha "apaixonante lectura para adolescentes".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 13 novembro 2003, p. VII.

Nesta columna habitual repásanse desta vez catro títulos editoriais, dos que se ofrece un breve resumo do contido. Interesan á literatura galega tres deles: *Durmindo sobre os espellos*, de Jordi Sierra i Fabra; *Destrucción*, de Xabier López; e *O coche de carreiras*, de Helme Heine. De *Durmindo sobre os espellos* destácase, por unha parte, o feito de que o seu autor ten recibido numerosos premios no ámbito da narrativa infantil e xuvenil. Por outra banda, indica en moi poucas liñas cal é a liña argumental da obra, protagonizada por un mozo de 19 anos que viaxa a Cuba para atopar ao seu avó.

- D.F., 'Aún estamos en la era del rock, aunque la última generación reniegue', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 28 novembro 2003, p. 16.

Con motivo da presentación en Vigo de *Durmido sobre os espellos* e *Un lugar chamado guerra*, Jordi Sierra i Fabra sinala que ten publicados douscentos cincuenta e cinco libros e gañou un total de dezanove premios. Refírese tamén á súa dedicación ao mundo da música como responsábel da difusión da produción contemporánea dende finais dos sesenta, unha actividade que tivo que abandonar por mor das súas viaxes. Anuncia algúns dos trazos destas dúas novelas e comenta que en *Un lugar chamado guerra* pretendeu achegarse a un corresponsal de guerra enganado polo seu intérprete mentres que en *Durmido sobre os espellos* conta a investigación dun rapaz para atopar a seu avó en Cuba.

Slegers, Liesbet, *Iago ten un pesadelo* (*Karel heeft een droom*, 2003), trad. Xosé Antonio Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 8, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5142-5).

Novo título desta serie de libros destinados aos os máis pequenos polos seus contidos e o

seu formato de páxinas lavábeis e bordos redondeados. Nesta ocasión Iago, o protagonista, chega á casa co seu pai tras pasar a tarde no parque. Despois de bañarse, poñer as pantuflas azuis e o pixama, métese na cama mentres seu pai o arroupa, dálle un bico e deséxalle que soñe cousas bonitas. De alí a pouco Iago comeza a soñar que está a xogar no parque e que vai calor pero de súpeto un enorme dragón comeza a perseguilo e esperta sobresaltado. Chama polo pai que ten que tranquilizalo explicándolle que só era un pesadelo e que non existen os monstros nin os dragóns. Tras destas palabras Iago tranquilízase e dispónse de novo a durmir e a ter soños bonitos. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Slegers, Liesbet, *Iago vai á escola* (*Karel gaat naar school*, 1999), trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 1, idade recomendada [prelectorado], [28 pp.]. pp. (ISBN: 84-263-5105-0).

A autora e ilustradora Liesbet Slegers (Bélxica, 1975) publicara por primeira vez este libro en 1999 na editorial belga Clavis. É o primeiro número dunha serie protagonizada por Iago, quen ademais neste caso narra o que pasou no seu primeiro día de escola. Deténdose en distintos aspectos e personaxes como os seus compañeiros, a mestra ou a súa nai, así como nas distintas actividades que realizou ao longo da xornada, vai dando conta de cómo pouco a pouco se foi afacendo á escola, a pesar de que cando a súa nai o deixou alí só se sentía mal e por iso quedou chorando. Co paso das horas xa se sentía cómodo e feliz xunto aos seus compañeiros, sobre todo a carón de Alí, un rapaz do que a través das ilustracións sabemos que é de pel negra. É este aspecto o que reforza o valor moral deste volume que inclúe así notas para unha educación tolerante. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Educar na tolerancia', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 48, 'Infantil/Xuvenil', 19 maio 2003, p. VII.

Depois de aludir á autora da colección de volumes protagonizados por Iago céntrase na aventura titulada *Iago vai á escola*, da que ofrece un resumo e analiza distintos aspectos como as ilustracións e o formato, que cre adecuado para os prelectores. Así mesmo salienta que se trata dunha historia que transmite as preocupacións que poida sentir calquera neno ante o seu primeiro día de escola, cuestión que se ve favorecida polas ilustracións ao reflectir o que se ve dende a estatura dun rapaz. A todo isto engade que se trata dun volume axeitado para a diversión á vez que para a ensinanza xa que procura a tolerancia e o respecto pola pluralidade racial.

Slegers, Liesbet, *Iago na casa da súa curmá* (*Karel gaat logeren, 1999*), trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 2, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5102-6).

Volume da serie de pequeno formato de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), protagonizada por un neno chamado Iago, que foi publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Neste número o protagonista relata en primeira persoa o que lle ocorreu o día que foi durmir á casa da súa curmá. Así, conta cómo seu pai o leva á casa de Antía para pasar a noite. Os xogos co can, pintando ou disfrazándose fan que o sentimento de tristura cando marcha seu pai desapareza ata a hora de ir durmir. Cando esperta á mañá seguinte, Iago descobre que xa está alí seu pai para levalo de volta á casa, polo que se despede de Antía e do seu can coa sensación de telo pasado moi ben. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Slegers, Liesbet, *Iago viaxa coa súa avoa* (*Karel in her vliegtuig, 1999*), trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 3, idade recomendada [prelectorado], [28 pp.]. pp. (ISBN: 84-263-5104-2).

Liesbet Slegers (Bélxica, 1975) é a autora e ilustradora desta serie protagonizada por un neno chamado Iago, que foi publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Neste número o protagonista relata en primeira persoa os distintos pasos que dan el e mais súa avoa durante unha viaxe en avión. Os sentimentos e sensacións que experimenta durante o voo sonlle transmitidos ao lectorado agardado por medio de frases moi breves e sinxelas, nas que os adxectivos claros axudan a facer partícipe a ese lectorado do que sente o protagonista. Así, a emoción ao abrochar o cinto de seguridade, o medo polas cóxegas que sente na barriga ao despegar ou o seu desexo de beber ou de facer pis serán algunhas das cuestións descritas por Iago. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Slegers, Liesbet, *Iago no hospital* (*Karel in het ziekenhuis, 1999*), trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 4, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5104-2).

Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), autora e ilustradora deste volume, preséntanos unha vez máis a Iago, o protagonista da serie publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Nesta entrega o neno relata a súa estadia nun hospital dende o momento no que sofre un accidente. A dor, o medo, o desconcerto pola situación que está a vivir e a inseguridade son algúns dos sentimentos que vai describindo con sinxeleza e simpatía. No novo espacio Iago explica como vai acostumándose axudado pola visita da súa amiga Xiana ou a carta que recibe da súa avoa. Tamén os xogos con outros nenos hospitalizados

axudan a superar estes sentimentos negativos e cando marcha para a casa despídese do hospital coa sensación de non o ter pasado tan mal. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno

Slegers, Liesbet, *Iago na ducha (Karel onder de douche)*, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 5, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5144-1).

Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), autora e ilustradora deste volume, preséntanos unha vez máis a Iago, o protagonista da serie publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Nesta entrega o neno protagonista relata en primeira persoa como despois dos xogos no parque súa nai o obriga a ducharse. Con frases curtas e directas, Iago explica as sensacións que experimenta con cada unha das accións que el mesmo realiza ou que lle fan. Así, narra que saca a roupa, se mete na bañeira, que o molla súa nai co teléfono da ducha, lle bota xampú e, cando tenta aclaralo, sente dor porque lle escocen os ollos co xabón. Rematado o baño e despois de que o seque e lle poña o pixama, Iago despídese para ir á cama. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Slegers, Liesbet, *Iago vai á perruquería (Karel bij de kapper)*, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 7, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5143-3).

Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), autora e ilustradora deste volume, preséntanos unha vez máis a Iago, o protagonista da serie publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Nesta entrega, e seguindo a liña de anteriores volumes, o neno protagonista relata en primeira persoa o proceso que segue na súa visita á perruquería en compañía de seu pai. Explica, dende a súa propia óptica, que despois de entrar no establecemento, senta nunha cadeira, mira un libro de debuxos, pónenlle un pano branco a xeito de babeiro e logo unha señora lle explica que lle vai cortar o pelo. Sensacións como a sorpresa, o medo e a satisfacción final polo resultado do proceso son algúns dos sentimentos que Iago comparte co lectorado agardado. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Slegers, Liesbet, *Iago xa non usa penico (Karel op de wc)*, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Iago, nº 8, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-263-5145-X).

Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), autora e ilustradora deste volume, preséntanos unha vez máis a Iago, o protagonista da serie publicada inicialmente en Bélxica pola editorial Clavis en 1999. Nesta entrega o neno protagonista relata en primeira persoa como aprende a usar o retrete despois de que súa nai o leve alí e o anime a facer pis e caca por primeira vez sentado coma os maiores. Ante a nova experiencia, Iago manifesta a súa satisfacción por sentirse maior e decide que vai deixar o penico para o seu oso de xoguete. Estes álbums apóianse con ilustracións feitas con pintura densa, coas mesturas pouco rematadas ao estilo infantil, cores moi saturadas que ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As imaxes gardan relación estreita co texto da páxina e están pensadas desde a perspectiva dun neno.

Sotorra, Andreu, *Korazón de Pararraios (Kor de Parallamps)*, Premio Edebé de Literatura Infantil 2002, ilust. Núria Giralt, trad. Iria García Silva, A Coruña: Edebé - Rodeira, abril 2003, col. Tucán, nº 34, a partir de 9 anos, 109 pp. (ISBN: 84-8116-934-X).

Novela na que Andreu Sotorra (Reus, 1950) se achega, a través de catro capítulos precedidos dunha breve cita de diferentes autores, á vida de Iung, unha nena china adoptada. Lúa, como desde que foi adoptada se chama a protagonista, narra como foi a súa adopción, como é a súa familia e principalmente como é a relación que ten co seu irmán maior Marcos, ao que ela cariñosamente chama Korazón de Pararraios desde que na súa época de okupa este se colgara dunha antena de televisión dunha casa vella para que non o botaran de alí. Lúa dá conta de como van mudando os seus sentimentos cara a Korazón de Pararraios e como vive a súa marcha (da que seus pais non saben nada) a África como médico voluntario dunha ONG, así como a posterior e grave intervención quirúrxica á que foi sometido por causa dun accidente en Gambia. A vida desta rapaza, que cre que está namorada de seu irmán, cambia despois dese accidente e de coñecer que Marcos ten outra moza, Mar, coa que regresa a África despois do período de convalecencia. Ao final, Lúa coñece nunha festa a un rapaz chamado Sekou ao que, dado que lle gusta, tamén decide chamar Korazón de Pararraios. As ilustracións de Núria Giralt (Barcelona, 1958) transmiten, por medio de trazos de gran dinamismo, un contorno actual especialmente observábel na vestimenta, nas posturas corporais e na descrición de espazos.

Recensións:

- CLIJ, 'Kor de Parallamps. Andreu Sotorra', *CLIJ*, 'Libros/Novedades', maio 2003, p. 68.

Comeza describindo a historia que se conta, logo dise que é unha novela breve, ben presentada e resolta, escrita en estilo directo e áxil que atrapa ao lectorado sobre todo pola presentación dos protagonistas: unha nena desperta, moi apegada á seu irmán, un mozo que busca alternativas vitais; tamén pola actualidade dos temas tratados: familias non convencionais, parellas libres e de idades desiguais, fillos fóra do matrimonio, alzheimer, adopción, *ocupas*, desemprego, ONGs, accidentes de tráfico, minusvalías, mestizaxe... Unha acumulación de temas que se di desequilibra o relato aínda que non invalida o

atractivo e interese da historia.

Stevenson, Robert Louis, *A illa do tesouro*, introdución, tradución e notas de Xavier Alcalá, ilust. Federico Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Xabarán de Ouro, nº 4, idade recomendada [mocidade], 312 pp. (ISBN: 84-9782-081-9).

Nova edición desta novela clásica de Robert Louis Stevenson (Edimburgo, 1850-Samoa, 1894), traducida ao galego en 1984 na colección "Xabarán", unha edición e tradución que correu a cargo de Xavier Alcalá. Ambientada no século XVIII, está narrada en primeira persoa polo mozo Jim Hawkims, quen lle traslada ao lector as peripecias polas que pasa xunto cunha grea de personaxes, todos eles na busca do tesouro soterrado nunha illa debuxada no mapa dun vello pirata morto na súa pousada. A súa relación con personaxes como o capitán Smollet, Long John Silver e o resto dos tripulantes da Española marcará o devir da aventura, na que cada un deles adopta un rol co que tentan acadar ese tesouro de incalculábel valor. Durante esta viaxe física tamén se dá unha viaxe iniciática, na que Hawkims deixa a nenez e pasa á idade adulta despois de superar unha serie de probas das que sae vitorioso. O lector asiste á evolución dun neno tímido e asustadizo, que traballa na pousada familiar e vive con temor e curiosidade a presenza de sinistros personaxes, a un home mozo que se pon á altura do coprotagonista, o pirata John Silver, adoptando unha actitude indisciplinada e na que se manifestan os seus desexos de independencia. Esta obra considerada pola crítica o estado puro da novela de aventuras, é fundamentalmente o relato dunha viaxe, na que os soños de aventuras encarnan a ansia de escapismo que aniña en todo ser humano. As ilustracións en branco e negro de Federico Fernández (Vigo, 1972) están realizadas sobre a base duns gravados sobre pranchas de linóleo.

Referencias varias:

- X.F., 'Xerais reedita a tradución de Xavier Alcalá de 'A Illa do Tesouro'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 decembro 2003, p. 50.

Comézase reproducindo as primeiras palabras da novela, *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson, considerada unha das obras máis lidas da literatura universal. Sinálase que esta é unha reedición da tradución feita por Xavier Alcalá, responsábel tamén da introdución e das notas. Explicase que Alcalá botou man do léxico mariñeiro galego, que segundo el conta con solucións equivalentes ás inglesas, o que permite manter o espírito da obra. Sinálase que o autor inglés empregou dous rexistros para diferenciar os personaxes, o que xunto coa riqueza do léxico fixo que o tradutor incluíse notas para explicar palabras. Remata aludindo ás ilustracións de Federico Fernández Alonso, premio Nacional de Ilustración e autor de todos os debuxos en branco e negro desta colección, nas que retrata os personaxes protagonistas.

Ta, Marcos, *A moeda de ouro*, trad. da editorial, ilust. Simón Espinosa Faci, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2003, idade recomendada [lectorado autónomo], [24] pp. (ISBN: 84-96293-00-9).

Álbum ilustrado de Marcos Ta e Simón Espinosa que se axusta ás características que se prevén nunha obra dirixida ao lectorado máis novo. Textual e visualmente relátase o paseo que unha nai fai cos seus fillos explicándolles o contorno: un monte que antes era illa, á que se ía en barca e agora vaise andando. Anécdota que aproveita para contarlles a historia dun neno chamado Amancio que perdeu unha moeda de camiño á festa da illa de San Bartolomé, imposíbel de encontrar. Despois de xogar cos seus amigos viu a un vello eivado, ao que lle entregou a outra moeda que lle quedaba. O ancián agradecido auguroulle que "do que te desprendes terás abondo...". Anuncio que se cumpre, pois ao marchar da festa o neno atopa unha moeda de ouro que resulta pertencer ao tesouro de Rande e que ten gran valor. Véndea para salvar aos avós dun incendio e co tempo el consegue un traballo marabilloso. A narrativa visual sobresaie por estar configurada en base a ilustracións de carácter forte e rotundo, de técnica mixta, que amplían a narración textual achegando moitos máis datos, como por exemplo o multiculturalismo e trazos do físico dos personaxes. As figuras preséntanse de forma estilizada cunha cabeza redonda desproporcionada. A técnica empregada é a pintura, que vai acompañada nalgúns páxinas de fondos traballados con papeis. Predominan as tonalidades cálidas -amarelos, laranxas, ocres-, o que conecta co tema da moeda dourada e os sentimentos cálidos que transmite o relato.

Urkixo, Joanes, *O guerreiro branco (El guerrero blanco)*, V Premio Abril de Narrativa para a Mocidade, trad. Manuel Darriba, Vigo: Galaxia, 2003, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 162 pp. (ISBN: 84-8288-626-6).

Novela de aventuras na que Joanes Urkixo (Bilbao, 1955) utiliza as lendas célticas que comparten os pobos galés e vasco para relatar a viaxe iniciática e o trágico destino de Fionn Mac Cumhail, un rapaz que con catorce anos é nomeado por Birgha, a espada máxica, o novo rei dos irlandeses. A traizón do xefe do clan rival fará que Fionn abra a porta do Inframundo pola que os demos acceden á terra e ocasionen a morte de seu pai. Convencido da súa culpabilidade, sofre o castigo de emprender unha viaxe por mar que o levará lonxe de Tara, a súa terra natal, para se instalar en Burustia acompañado do seu druída Mael e do seu can Bran. Alí leva unha vida austera e renuncia ao seu destino de rei ata que o pobo se ve ameazado pola chegada dos demos e ten que recuperar o seu valor e o poder da súa espada para combatelos e conseguir descubrir a verdade do acontecido. Gracias ao amor de Tabira, Fionn recupera o seu destino e convértese no heroe que a espada soubera recoñecer.

Recensións:

- Xabier Etxaniz, 'Gerlari Zuria. Joanes Urkixo', *CLIJ*, nº 166, 'Libros/novedades', decembro 2003, p. 66.

Describe primeiramente a historia desta novela que mereceu o premio Abril 2003, unha novela que cualifica de boa novela de aventuras, que atrapa ao lector dende o primeiro momento. Salienta a recorrencia a lendas irlandesas e vascas, a soltura da escritura, a combinación da temática tradicional coas modernas técnicas da narración audiovisual e cualifícaa como unha obra que por varias razóns que expón non defraudará.

- Paula Fernández, 'Aventuras apaixonantes', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Infantil/Xuvenil', 18 decembro 2003, p. VII.

Comeza cunhas notas referidas á traxectoria literaria de Joanes Urkixo para de seguido encadrar a novela *O guerreiro branco* no subxénero de aventuras. Salienta que se trata dun texto especialmente interesante para o público xuvenil que se presenta baixo a feitura dunha novela de iniciación baseada nas lendas celtas que comparten os pobos que tiveron algún contacto con esta cultura, como é o caso de Irlanda e Euskadi, espazos nos que se sitúa a acción. Repara tamén na simboloxía de elementos habituais nesta tradición celta como a loita con colosos, os bosques sagrados ou as espadas e escudos poderosos. Conclúe que se trata dunha proposta apaixonante que demostra que "para que unha novela destas características teña calidade e triunfe tampouco é imprescindible que veña asinada por Tolkien".

Referencias varias:

- AFA, 'O basco Joanes Urkixo gaña o premio Abril, que en Galicia publicará Galaxia', *O Correo Galego*, 'AFA', 30 abril 2003, p. 34.

Infórmase do dictame do V Premio Abril de Narrativa para a Mocidade que convoca Editores Asociados e que recae na obra *O guerreiro branco*, do escritor bilbaíno Joanes Urkixo. Sinálase así mesmo que o premio está dotado con 20.000 euros e a publicación da obra nas linguas das editoriais convocantes (La Galera, Tàmden, Galaxia, Llibros del Pexe e Xordiel). Finalízase cuns apuntamentos referidos ao autor, destacando que no ámbito vasco destaca a súa dedicación á ciencia ficción e á novela de aventuras e o seu traballo como guionista de cine e televisión. Sinálase tamén que *O guerreiro branco* é unha novela de aventuras pertencente ao subxénero "fantasía heroica" ou "de espada e bruxería", á vez que supón unha viaxe iniciática que provoca a identificación do lectorado mozo.

Vasconcelos, José Mauro de, *A miña planta de laranxa lima (Meu pé de laranja lima, 1968)*, trad. M^a Isabel Cornes Ríos, ilustr. Fernando Alonso Andújar, A Coruña: Primerapersona, novembro 2003, idade recomendada [lectorado mozo], 241 pp. (ISBN: 84-95923-78-5).

Conta o volume cunha primeira e segunda parte, que se dividen en cinco e nove capítulos titulados, respectivamente. Ao longo destas secuencias, unha voz narrativa en primeira persoa vains trasladar a terras brasileiras para que coñezamos o mundo e as vivencias da súa infancia. Zezé é un neno de cinco anos de idade moi espilido e cunha imaxinación desbordante, que forma parte dunha familia numerosa que está a pasar por unha mala situación económica polo pai ter perdido o seu emprego. A consecuencia disto, a súa nai, as súas irmás e o propio Zezé vense na obriga de pórse a traballar e ter que trasladarse a unha casa máis modesta, no xardín da cal se fará moi amigo dunha planta de laranxa lima, coa que conversa, comparte os seus soños e chama cariñosamente Xururuca. A infancia de Zezé

vai transcorrendo coas súas visitas á casa do tío Edmundo, que lle explica moitas das súas incomprensións da vida, o coidado do seu irmán máis novo Luís, as súas experiencias escolares, a venda de folletos musicais con Ariovaldo e as súas trasnadas, polas que se fará merecedor dunhas boas tundas paternas que o marcarán física e psicolóxicamente. Todo vai mudar para el ao coñecer ao portugués Manuel Valadares, cando despois de tentar facer a do "morego" colgándose na porta traseira do seu fermoso automóbil, establece unha verdadeira amizade, na que atopa os coidados e comprensión dos que carecía no seu contorno familiar. Pero un inesperado accidente co tren Mangaratiba, fai que perda ó seu amigo e protector, o que o leva a caer enfermo durante unha boa tempada e ir perdendo a súa inocencia de neno, deixando de crer nos seres e elementos que ata o de agora foran poboando a súa imaxinación. Polo derradeiro episodio, "A confesión final", descubrimos que toda esta historia autobiográfica lla relata Zezé, cando xa ten corenta e oito anos de idade, ao seu querido Portuga, que foi quen lle ensinou a tenrura da vida. Acompañan o texto de José Mauro de Vasconcelos, considerada unha das mellores creacións de literatura infantil e xuvenil, as ilustracións en tons brancos e negros de Fernando Alonso Andújar (Madrid, 1972).

Villar Liébana, Luisa, *O trasno da Catedral de Santiago*, ilust. Kiko da Silva, trad. Ánxela Gracián, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, nº 1, serie Verde, idade recomendada a partir dos 10 anos, 92 pp. (ISBN: 84-263-4892-3).

Novela fantástico-realista de Luísa Villar Liébana (Xaén, 1950), narrada en primeira persoa por Bartolo, un traballador administrativo pouco satisfeito consigo mesmo, pero que, a raíz do se encontro cun ancián moribundo na rúa, vive unha das aventuras máis emocionantes da súa vida, pois este faille prometer que irá á catedral de Santiago de Compostela na procura dun trasno de luz para entregarlle unha carta. Bartolo séntese obrigado a cumprir a promesa e diríxese a Santiago, onde descobre a cidade nas súas rúas, xentes e cantinas da zona antiga, o mesmo escenario no que o trasno ao que vai buscar vivira había moitos anos. É Bartolo o que, a través dos papeis do moribundo, nos relata as peripecias do trasno protagonista e cómo chegou á catedral dende unha canteira do Porriño, na que estaban a extraer a pedra coa que se construíu o edificio, ou cómo lle transmite a súa maxia ao mestre Mateo mentres esculpe o Pórtico da Gloria. O encontro final será transcendente non só para o ancián que pedira axuda senón tamén para o emisario, que ve mudada a súa vida e cumpridos algúns dos seus desexos máis fondos. As ilustracións en branco e negro son de Kiko Dasilva (Vigo, 1979) e ocupan toda a páxina. Son ilustracións moi traballadas, realizadas sobre madeira. Nalgúns casos ás ilustracións se lles engaden outros elementos, como follas, encaixes ou cartolinas e noutros se escarva a madeira cunha gubia. As formas referentes á cidade están tratadas con realismo e a creación faise máis libre e estilizada cando se trata dos personaxes de ficción do relato.

Recensións:

- María Navarro, 'Aventuras dun trasno', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Dá conta da publicación desta novela de Luísa Villar Liébana, na que sinala que se narra

unha historia con referencias históricas, con maxia e aventuras. Salienta que a procura dun imposible nos leva a crer en seres sobrenaturais capaces de cumprir os nosos anxeos máis fondos e que están encarnados aquí no trasno protagonista. Remata referíndose á mestura de datos históricos reais coa maxia, o que lle dá á novela amenidade, aínda que critica o escaso afondamento nalgúns aspectos que fai forzada a súa aparición, así como algúns desaxustes na tradución.

Vukotic, Milan, *Atrapasoños (Traumfänger und Prinzessin Jojo, 2000)*, ilust. Elia Manero, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], 138 pp. (ISBN: 84-8464-124-4).

Este volume de Milan Vukotic (Serbia, 1946) de estrutura circular, xa que comeza e remata no mesmo lugar, relátanos a historia da visita dun personaxe adulto, do que non coñeceremos o seu nome en ningún intre, ao parque no que tanto xogou na infancia e onde recorda con moito agarimo e dozura todo o que tivo que facer para que Oliver, un terrible rapaz alcumado "Cabalo", non lles quitase o parque a el e aos seus amigos. Este rapaz fixera unha aposta de forma que quen gañara en diferentes probas quedaría co parque. No medio desas lembranzas do protagonista acontecen un bo número de aventuras que teñen como obxectivo acadar o pano do *Atrapasoños*; o fantástico ser protagonista das historias da súa tía avoa, que o faría invencíbel ante "Cabalo". Máis a meirande parte destas aventuras ocorren nun mundo de soños cheo de orixinais seres que nalgúns casos axudarán, como a Princesa Ioió, e noutros, como a Raia Raña que foi quen agachou a *Atrapasoños* nun libro, tentarán evitar que o rapaz consiga o máximo pano. Finalmente, logran atopalo nun libro na cociña da súa tía avoa e éste axúdalles a gañar as probas a "Cabalo", e poder así continuar xogando no parque. As ilustracións de Elia Manero son diferentes para o plano realista e para o fantástico. As realistas presentan unha fotomontaxe acromática con debuxos figurativos realizados con liña e aguadas de tinta china, ás veces con fibras e papeis diferentes. As fantásticas, moi elaboradas, están realizadas con tintas coloreadas, recortadas sobre fondos en acuarela e realizadas a partir de texturas enrugadas, dando lugar a composicións de gran riqueza visual que complementan a información textual sobre o mundo onírico onde se sitúa parte do relato.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Atrapasoños', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Infantil/Xuvenil', 3 abril 2003, p. VII.

Sínálase que esta obra foi publicada por primeira vez no ano 2000 a agora a Editorial Kalandraka reflicte nunha belísima edición un universo maravilloso no que se concentran moitos trazos das historias máxicas e fantásticas da literatura universal. Dáse conta, a continuación, da temática do conto, destacando dela o establecemento dunha dualidade entre a realidade e a ficción, representadas respectivamente pola vida cotiá do protagonista e o universo onírico no que sorprendentemente vai penetrando. Tamén se suliña que as aventuras están sempre vinculadas a aspectos lúdicos e nas probas a superar aparecen seres directamente vencellados ao mundo da literatura máxica infantil. Finalmente, sinálase que nos atopamos ante un divertido texto que acompañado de ilustracións atraentes fará que os

lectores poidan atopar entre as liñas de estas páxinas un instrumento para soñar.

Wilde, Óscar, *A pantasma de Canterville e outros contos*, introdución, tradución e notas de Gustavo Luca de Tena, ilustr. Federico Fernández Alonso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2003, col. Xabarán de Ouro, nº 5, idade recomendada [mocidade], 189 pp. (ISBN: 84-9782-082-7).

Gustavo Luca de Tena é o encargado de abrir este volume cunha "Introducción", na que fai referencia ao importante papel que desempeñou o pobo irlandés na expansión industrial inglesa do pasado século. A seguir, ofrece unha biografía de Óscar Wilde (Dublín, 1854-París 1900), na que alude á súa ascendencia familiar irlandesa e ó seu paso pola Escola Real de Portora e o Trinity College de Dublín ata chegar a Oxford, así como se fai eco do desprezo que vai manter cara á pequena burguesía. Salienta a influencia que tiveron nel os seus mestres John Ruskin e Walter Horatio Pater, e trata a súa concepción sobre a arte, ademais de falar do seu acceso á aristocracia británica, que foi para el tanto un "aliado coma un andazo". Finalmente, céntrase nos elementos que conforman a súa produción e comenta que "O equilibrio delicado que mantivo durante toda a súa vida entre o esteticismo formal, a tenrura e a ironía cínica, foise virando na década de 1880-1890 cara ó misterio, ó descoñecido e, sorprendentemente, ó moralismo". As seis historias que se reproducen nesta edición están relatadas por unha voz diexética en terceira persoa e acompañadas das ilustracións en branco e negro, de Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972), sobre a base duns gravados en pranchas de linóleo. En "A pantasma de Canverville", ao longo de sete capítulos, nárrese cómo o embaixador norteamericano Hiram B. Otis resolve mercar o pazo de Canterville sen atender as advertencias feitas polo propio Lord Canterville, quen lle fala da existencia dunha pantasma dende 1584. Instalada a familia Otis na casa, a pantasma comeza a facer acto de presenza e, aínda que emprega todos os disfraces e recursos que lle outorgaran un grande éxito noutros tempos, non é quen de amedentrar aos destemidos señor e señora Otis e aos seus fillos Washington, Miss Virxinia e os pequenos xemelgos. Desesperado e canso ante a situación que está a vivir, a pantasma solicítalle axuda a Virxinia para conseguir o seu descanso eterno, situación que lle permite ver á rapaza a vida e a morte e cómo o amor é moito máis forte ca ambas as dúas. En "O rei novo", cóntase cómo a noite da véspera da coroación do novo rei, este ten unha serie de soños nos que coñece cómo o seu vestido, o seu cetro e a súa coroa son confeccionados coa dor, o sufrimento e a vida dos homes, o que o leva a vestirse coas súas antigas roupas de pastor para ser coroado. Ante o estupor e a indignación dos altos cargos que non comprenden os seus soños, é vestido con luxo e coroado gracias á intervención divina. En "O xigante egoísta" móstrase a historia dun xigante que expulsa do seu xardín aos nenos, co que consegue que nel sempre sexa inverno. Un día os nenos regresan á súa horta e con eles a primavera, mostrándose o xigante amigo deles, pois incluso lle axuda a subir a unha árbore a un neno, que será o encargado de levalo ao paraíso. En "O rousiñol e a rosa", o protagonista principal é un rousiñol, que entrega a súa vida a cambio dunha rosa vermella para que unha moza acepte acompañar a un estudante namorado ao baile do príncipe. Pero o seu sacrificio resulta inútil, xa que a moza lle ten máis estima ás riquezas do sobriño do camarlengo ca unha flor e o estudante considera que o amor é unha parvada. En "O príncipe feliz" recóllese a historia da preciosa estatua do Príncipe Feliz, que decide coa axuda dun birrio repartir as súas riquezas cos máis pobres. Desposuído dos seus brillantes,

rubís e ouro, a imaxe é retirada, aínda que Deus leva ao Príncipe para a súa cidade de ouro e ao paxariño para o seu xardín do paraíso. Finalmente, en "O crime de Lord Arthur Saville", a través de seis breves capítulos, preséntase o acontecido a este nobre, que deixándose levar polas indicacións do quiromántico Sr. Podgers, cre que debe cometer un asasinato. Tan namorado como estaba de Sybil Merton, decide aprazar a súa voda e realizar o seu destino, que se materializa co asasinato do propio Sr. Podgers.

Winter, Jonah, *Frida*, trad. Ana M. Guerra, ilustr. Ana Juan, Santiago: Obradoiro, 2003, idade recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-8224-123-0).

Este conto de Jonah Winter baséase na vida da pintora mexicana Frida Khalo. Comeza co nacemento da pequena na vila de Coyacán, onde medra co seu pai, que é fotógrafo, e a súa nai, que se ocupa dela e das súas cinco irmás. A pesar de vivir nunha casa tan chea de xente, Frida séntese soa e inventa unha amiga imaxinaria para poder xogar con ela. De súpeto cae enferma e ten que gardar cama durante meses e daquela aprende a debuxar para arredar a tristura. Cos anos continuará pintando e aprende de seu pai a técnica de debuxar enriba das fotografías e pinta as cousas que ve coa lente a través do microscopio. Un día ao volver da escola o autobús no que viaxa ten un accidente e no hospital Frida recorre de novo á pintura para non perder a esperanza. A partir de entón a súa vida xa nunca será igual e só a súa afección conseguirá que continúe vivindo e pintando. As ilustracións de Ana Juan, realizadas a toda cor, inspíranse na obra de Frida Khalo e o colorido da arte popular mexicana. Ocupan todas as páxinas e o texto adáptase, en ocasións, ás distintas formas.

Zimnik, Reiner, *Pequeno tigre bradante* (*Der kleine Brülltiger*, 1960), ilustr. do autor, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, setembro 2003, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], 59 pp. (ISBN: 84-8464-219-4).

Un narrador ominisciente en terceira persoa, a partir da clásica expresión de "Érase unha vez", achégalle ao posíbel lectorado a historia protagonizada por un pequeno tigre bradante dos bosques de Sosnovia, que decide emprender unha viaxe para coñecer o mundo, pese ás advertencias que lle fan os seus compañeiros. É capturado por unha banda de ladróns do sombreiro negro, aos que non consegue asustar co seu bradar e que van facer con el un gran negocio, pois polo día véndenllo a un zoo e pola noite róubano para logo revender. O tigre sentíase moi enfermo que non tiña forzas para seguir vivindo, ata que un saltamontes lle ofrece a súa axuda e consegue levalo a un tren que se dirixe a Sosnovia. Cando os ladróns van roubar o pequeno tigre e non o encontran, comezan a beber e a pelexar e, como estaban dentro da gaiola, quedan encerrados, mentres que o tigre chega ao seu bosque e conta a súa aventura polo mundo dun modo un tanto esaxerado. O pequeno tigre viviu feliz durante moitos anos e, cando lembra a súa aventura, dóelle que os nenos fosen tan malos con el, polo que unha vez ao ano sae do bosque e dá tres brados con toda a súa forza debaixo dunha ponte e todos collen medo. Esta historia é tamén ilustrada por Reiner Zimnik (Silésie, 1930), que, por medio duns debuxos, en branco e negro, figurativos, feitos a "plumilla", reproduce retallos da historia e están elaborados por medio dunha liña limpa sen intención de lograr volume pero si contrastes acusados conseguidos pola superposición de trazos.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Para soñar cos oídos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2003, p. 53.

Dá conta da publicación de catro novos títulos da editorial Kalandraka que son: *Soños de Xulieta*, de María Rosa Mó; *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik; *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero; e *Blobló*, de Rai Bueno. Céntrase no comentario do poemario *Soños de Xulieta*, do que sinala que se trata dun libro-disco, no que se funde o texto, a música e a imaxe, e destaca a técnica da colaxe das ilustracións de Federico Delicado, a súa sinxeleza e a relación que manteñen. En columna á parte, destácase a singularidade de cada un dos volumes desta editorial creada en 1998 en Pontevedra, o deseño en capas duras e con ilustracións creativas que buscan a lectura plástica, así como a conxugación entre literatura universal e propia das obras que publica.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 64, 'Infantil/Xuvenil', 18 decembro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa asinada por M. Blanco Rivas ofrécense algunhas notas argumentais de obras tanto de creación coma analíticas. Nesta ocasión referidas á literatura galega achégase a *A batalla de Montevideo*, de Xesús Alonso Montero, e *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik, da que se sinala que relata a historia dun tigre que decide coñecer o mundo e saír do bosque no que vivía. Destácase a ilustracións, das que salienta que ofrecen unha segunda lectura e permiten gozar dos detalles e xogos de perspectivas.

VII.1.4. ANTOLOXÍAS

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Babarro, Xoán, **García Teijeiro**, Antonio, **Ruíz**, María Dolores, **Sánchez**, Gloria, *Para cantar e contar*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Federación de Libreiros ♦, abril 2003, 57 pp. (DL: VG-311-2003).

Edición non venal promovida por dúas consellarías da Xunta de Galicia e a Federación de Libreiros de Galicia que se vén realizando cada ano para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, que se fai coincidir co 2 de abril, data do aniversario do nacemento de Hans Christian Andersen. Vai acompañado de debuxos en branco e negro de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957). Nel, recóllense os poemas de Antonio García Teijeiro e os relatos de Xoán Babarro, Gloria Sánchez e María Dolores Ruíz. Damos conta aquí das composicións poéticas de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) que, baixo o título de "Bicos, bicos... e máis bicos", presenta poemas que teñen en común o feito de que xiran arredor dos bicos como motivo poético, conxugando múltiples posibilidades expresivas e metafóricas. Trátase de versos curtos nos que se xoga coa eufonía das palabras e con rimas

e ritmos musicais ben marcados.

Cuba, Xoán R., *O caracol Remoldiño*, ilust. Oscar Villán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Merliño, idade recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-9782-057-6).

En catorce estrofas de catro versos, Xoán R. Cuba (Lugo, 1958) recrea unha narración que dedica na primeira páxina á súa filla María, a Manuel de Candelas, que ao parecer foi quen contou este conto nunha noite de inverno na súa casa da Fonsagrada, á súa neta e a dous amigos, Iria e Iago Fernández, "que estaban alí burlando a Pedro Chosco". A seguir, no conto rimado relátase a aventura de tres caracois que compraron unha empanada para facer unha merenda, esqueceron o viño e resolveron que Remoldiño, o máis pequeno, fora por el, pero como este non viña, despois de dous días de espera, decidiron iniciar sen viño a merenda, momento no que Remoldiño aproveitou para saír do escondite sen viño, pois só estaba a vixiar que non comesen a empanada. Esta narración rimada é acompañada polas ilustracións de Óscar Villán (Ourense, 1972) a dobre páxina, de formas pechadas e que xogan co esquematismo e con cores escuras e textuais.

Daporta Padín, Mon, *O cumple*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 18, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-56-4).

Album infantil ilustrado de Mon Daporta no que se relata cómo se leva a cabo a preparación da festa de aniversario dos tres ratiños, fillos da rata Luísa. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *A chuvia*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 11, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-08-4).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Mon Daporta. A historia principal deste conto xira en torno á Rata Luisa e á súa familia. Nun marcado ton poético atopamos as aventuras destes singulares personaxes que se ven sorprendidos por un dos fenómenos atmosféricos máis comúns, a chuvia. Preparados para un paseo pola rúa, abrigados e co calzado axeitado os fillos da Rata Luisa veranse un pouco desilusionados e decepcionados cando se decatan de que non poden disfrutar do día tal e como tiñan planeado posto que o tempo resultou estar peor do que eles esperaban. O relato presenta dun xeito informativo para os primeiros lectores a importancia que teñen os fenómenos atmosféricos nas nosas vidas e a mellor forma de loitar contra eles, aceptalos. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *A tortilla*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 12, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-08-4).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Mon Daporta. Varios amigos da rata Luisa e do seu marido Roxelio reúnen-se para facer unha tortilla. Entre todos querían celebrar un xantar xuntos polo que acude a rá Rita, a araña María, o ourizo Rufo, Aurora a carriza que se encarga de levar os ovos... Ao final será Rosa a toupeira quen cociña a tortilla e ademais que a pape soa sen contar coa axuda dos seus amigos. Ao final todos quedan moi sorprendidos e disgustados por este feito. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *A árbore*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 13, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-08-4).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Mon Daporta. A rata Luisa vai xunto cos seus cativos ao monte e alí os pequenos ademais de pasalo moi ben aproveitan para recoller sementes e flores. Voltan á casa todos emocionados e prantan unha das landras que trouxeron nunha maceta. Pasan os días e os ratiños ven como a pranta vai medrando e medrando ata que se decatan de que vai ser moi grande para tela na casa. Finalmente, aconsellados pola súa nai deciden devolver a árbore ao monte da aldea para que poida crecer alí libremente no seu hábitat natural. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *Os globos*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 14, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-14-9).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Mon Daporta Padín, no que se narra cómo a rata Luísa vai xunto co seu marido Rolexio e os cativos de ámbolos dous á festa do pobo. Alí os nenos ven que hai un posto con globos e pídenllos á súa nai. Luisa acaba por mercarlle os globos pero advírtelles que teñan moito coidado porque os globos voan e poden escaparlle. Os pequenos non lle fan caso a súa nai e pónense a xogar cos globos polo medio da festa. Finalmente unha racha de vento lévalle os globos e os nenos quedan moi tristes. A nai rífalla e dille que non lle vai comprar outros globos novos porque xa lle avisara do que podía pasar. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha

lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *Viaxe fatal*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 15, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-14-9).

Álbum infantil escrito e ilustrado por Mon Daporta. A rata Luisa e Roxelio xunto cos seus pequenos prepáranse para facer unha viaxe en coche á montaña. Van todos emocionados disfrutando da paisaxe cando o coche empeza a dar os primeiros problemas. Nun primeiro momento pinchan unha roda, e despois de cambiala continúan viaxe. Ao pouco tempo, cálese o motor, e despois de conseguir arrancar, acaban atrancados nun atallo. Xa fartos de tantos problemas, seguen viaxe, cando de repente, se decatan de que o coche quedou sen gasoil e entre todos teñen que empuxar para conseguir movelo. Finalmente cando conseguen chegar á casa sans e salvos séntense moi afortunados. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *Entroido*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 17, idade recomendada prelectorado, [24] pp. (ISBN: 84-95350-56-4).

A ilusión coa que a familia dos ratos vive os días precedentes á chegada do entroido e a temática deste volume da colección de "A rata Luísa" realizada por Mon Daporta Padín. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *Saída de noite*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 19, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-56-4).

Neste volume da serie protagonizada pola rata Luísa, Mon Daporta Padín, relátase unha saída nocturna ao campo que os tres ratiños realizan xunto a seu pai Roxelio, coa intención de veren a lúa e as estrelas. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tons claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *Músicos*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 20, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-56-4).

Última entrega da serie de álbums protagonizados pola rata Luísa. Neste volume Mon Daporta Padín relata, en vinte e catro páxinas, por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa o empeño co que os tres ratiños toman as clases de música na que a súa nai os apuntou. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tonos claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

Daporta Padín, Mon, *O lazo*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2003, col. A rata Luísa, nº 16, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-95350-14-9).

Neste volume da serie creada por Mon Daporta Padín relátanse varias situacións que suceden cando Roxelio lle regala a Luísa un lazo para poñer no rabo no día do seu aniversario. O texto, na liña dos outros volumes desta colección, está composto por frases curtas rimadas sobre debuxos que o ilustran e que combinan cores en tonos claros e pasteis con cores vivas e luminosas que tentan darlle expresividade ao contido do relato, á vez que axudan a que se comprenda mellor o texto e poida o lectorado ao que vai dirixido ter unha lectura paralela do mesmo.

García Teijeiro, Antonio, *Paseniño, paseniño*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2003, col. Rañaceos, a partir de 10 anos, 78 pp. (ISBN: 84-403-0431-5).

Iníciase o poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) cuns versos de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, concretamente do poema nove titulado "Campanas de Bastabales" que comeza dicindo: *Pasesiño, paseniño/ vou pola tarde calada/de Bastavales camiño*, e seguindo o espírito do poema rosaliano e as rimas que acompañan aos xogos da infancia, o poeta realiza unha viaxe lírica, na que por medio de estrofas de tres e catro versos moi curtos vai falando cos fenómenos atmosféricos, cos animais, cos elementos da natureza, coas palabras, cos recordos, sempre referíndose a que está de camiño, ata que se atopa de novo a Rosalía e remata con outra estrofa do poemario e poema citado. Esta viaxe vai acompañada por outros poemas organizados na súa maioría en cantares, coplas, cuartetos, versos soltos e libres que falan de sereas, caracolas, pombas, galos, gatos, cans, paspallás, cabalos, papaventos, piñeiros, solpores, néboas, treboadas, chuvias, cores, estrelas, campás... e os sentimentos que achegan entre luces e sombras, seguindo o espírito citado. Os versos amplíanse por medio das ilustracións de marcado carácter poético conseguido a través de acuarelas moi augacentas e con formas moi abertas de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953). Un volume en formato rectangular de pasta dura e acolchada na liña do libro-obsequio.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Estimular as creatividadeas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 39, 'Infantil/Xuvenil', 17 abril 2003, p. VII.

Despois dunhas palabras introductorias para referirse a que estamos diante dun autor que destaca na poesía dirixida aos máis novos, describe a obra. Nela salienta a forma de viaxe que tén e o que quere conseguir: chegar xunto Rosalía. Unha viaxe na que se destaca a variedade de protagonistas que se usan, sen conexión entre eles, personaxes que son aproveitados para compoñer poemas nos que "acadan gran importancia as aliteracións que fan que o poema sexa melódico e así tamén máis agradable para o neno". Saliéntanse as rimas empregadas, os procedementos diversos de descomposición de palabras que se empregan e sobre todo as alusións á obra de Rosalía por medio dos propios versos da autora ou polo propio poeta. Remata laiándose de que se segue a presentar a unha Rosaalía choromiqueira, "algo que como amosan moitos estudiosos non ten nada que ver" co que Rosalía nos deixou en herdanza.

Referencias varias:

- Alberto Quián, 'Antonio García Teijeiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 26 abril 2003, p. 51.

Esta entrevista co poeta vigués céntrase na análise a partir dunhas poucas preguntas do libro *Paseniño, paseniño*, un libro que di o poeta pretende transmitir a emoción poética, o coidado e o gusto pola palabra, polo ritmo, o aspecto lúdico e o sentido crítico que permite a relectura. Que quere coa homenaxe a Rosalía chegar á poesía con maiúscula como a doutros poetas galegos clásicos, salienta que é importante que na literatura haxa referentes. Considera que neste libro fai crítica e que reflicte problemas de hoxe, tanto a contaminación coma as catástrofes marítimas e as guerras e salienta a boa compenetración que tivo co ilustrador.

Paz Suárez, Sebastián, *Versos para ler na escola*, debuxos dos alumnos do Colexio público da Serra de Outes, limiar de Xosé Agrelo Hermo, Noia: Toxosoutos, setembro 2003, col. Nume, idade recomendada lectorado autónomo, 131 pp. (ISBN: 84-96259-00-5).

Poemario de Sebastián Paz Suárez (Noia, 1943) que se abre cun prólogo de Xosé Agrelo Hermo no que defende o cultivo da creatividade e da sensibilidade nos nenos e nenas nuns tempos dominados pola cibernética e a excesiva carga de coñecementos prácticos. A seguir preséntanse as composicións, estruturadas en seis partes: "Dos parvuliños", "Dos animais", "De Noia", "Do Bierzo", "Recordos e vivencias" e "As estacións". Todas elas están compostas por poemas que teñen como característica común a musicalidade e o ritmo moi marcado e tratan, como anuncian os títulos dos epígrafes, temas relacionados co mundo dos máis pequenos, textos dedicados aos animais, a vinculación do eu poético con Noia, as lembranzas asociadas ás terras do Bierzo, os recordos e vivencias dun tempo pasado e as estacións do ano. Os poemas van acompañados de ilustracións moi sinxelas realizadas polo alumnado do Colexio Público da Serra de Outes.

Referencias varias:

- Xavier Castro R., 'Poemas cheos de ledicia e lembranza para desfrutar e ler na escola', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 outubro 2003, p. 4.

Refírese ao longo labor docente de Sebastián Paz Suárez e á súa dedicación musical como intérprete de piano e violín e como compositor de pezas e sinala que *Versos para ler na escola* reúne tres condicións creativas complementarias e interrelacionadas: o maxisterio, a música e a poesía nun volume que cualifica de "delicioso libro de poesía para os lectores máis novos que se inician nos sempre difíciles e complexos eixos da lírica". Alude ás seis partes nas que se divide o libro, representativas dos espazos vitais da infancia do creador, e menciona as ilustracións que acompañan os poemas, debuxos infantís *ad hoc*, e o limiar de Xosé Agreló Hermo.

Pérez Pintos, Irene, *O porco centelludo*, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2003, col. Merliño, idade recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-9782-056-8).

Neste conto rimado de Irene Pérez Pintos e Lázaro Enríquez cóntase con colorido lingüístico e pictórico unha simpática historia ben artellada e moi tenra, "nin conto nin lenda", que o narrador oiu nunha tenda e que o tendeiro non cría. Ten como protagonista a unha moza que paseaba pola praia cun papaventos cando viu a un porco tomando o sol e debido ao abraio escapoulle o papaventos, que o porco recuperou para entregarllo á dona, despois de moitos esforzos e situacións simpáticas. A rapaza en agradecemento bicou o porco no fuciño facendo que recuperase a súa condición, a de príncipe, que perdera por mor dunha bruxa mala. A rapaza era princesa e cando se recuperou do desmaio que lle provocou a transformación do porco marcha con el e co papaventos e remata a historia salientando as sorpresas que dá a vida e avisando de que non se debe fiar un das aparencias.

Varela, Montse, *Cantos contos nun tris tras*, ilust. María Lires, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2003, col. Ala Delta, nº 5, a partir de 5 anos, 63 pp. (ISBN: 84-263-5181-6).

Montse Varela (Santiago de Compostela, 1969) estréase na literatura infantil con este poemario co que explora as distintas posibilidades da poesía destinada ao lectorado que comeza a ler. Inclúe poemas que lembran as formas poéticas de transmisión oral que acompañaban os xogos infantís e nos que conflúen as rimas absurdas e os xogos de palabras como "A señora Maceira", "Canción de berce" ou "Vaca Paca". Tamén acolle textos que descubren o xogo poético a través de sons e rimas, como "Tin Tán o reloxo" ou "O tren Pi"; e poemas narrativos que contan unha historia en verso, como "Está a lúa pendurada nun fio", "Gato gato", "Rufo" ou "O sapo Lucas e o raposo Malasmañas". Destaca o uso das onomatopeas e de diversos recursos que favorecen a lectura en voz alta dos poemas, así como o protagonismo dos animais. As ilustracións figurativas de cor con

mestura de colaxe, fotomontaxe e pintura de María Lires (A Coruña, 1973) completan os contidos ofrecidos nos poemas. Algunhas das composicións ilustrativas abranguen toda a páxina e mesmo interactúan texto e debuxos, e buscan perspectivas de tipo infantil.

VV. AA., *VI Certame Francisco Añón de Poesía*, limiar de Rita Molinos Castro, epílogo de David Pérez Iglesias, Outes: Concello de Outes ♦, 2003, 128 pp. (DL: C-871-2003).

Volume que recolle os traballos premiados no VI Certame Francisco Añón de Poesía, do que se recollen as súas bases, a acta de constitución do xurado e acta da sesión na que se resolveu este premio. A obra aparece encabezada por un limiar de Rita Molinos Castro, membro do xurado, no que vai introducindo os títulos dos traballos ao tempo que deixa constancia dos novos camiños que se abren na poesía galega nun momento no que a muller se expresa por fin con normalidade. Por outra banda outro membro do xurado, David Pérez Iglesias, asina un epílogo no que fai referencia á necesidade da poesía e celebra o feito de que haxa novos poetas. Os traballos premiados aparecen no volume ordenados por categorías e son os seguintes: na categoría A (nenos de 6 a 10 anos) o primeiro premio foi para Noelia Martínez Rey por "Na soidade da dor", categoría na que recibiu un accésit "Os paxariños" de Cristina López Igón. Na categoría B (nenos de 11 a 14 anos) o primeiro premio foi para Alicia Fernández Rodríguez por "O esquecemento inexistente" e o accésit para Víctor Manuel Molinos Santiago por "Es". Na categoría C (mozos de 15 a 17 anos) "Lingua dos rumorosos", de Genma María Andrade Fuentes, conseguiu o primeiro premio, e "Anduriña", de María do Carmen Fernández Lago, o accésit. Na categoría D (maiores de 18 anos) acadou o primeiro premio María Arce Barreiro por "Intraduccións", mentres que Fernando Castro Paredes con "Coma se nada sucedese" e Daniel Salgado García con "Do preguizoso costume de estarmos vivos", compartiron accésit.

VV. AA., *¡Nunca máis! A ollada da infancia*, Pontevedra: Kalandraka Editora, xuño 2003, idade recomendada [prelectorado/lectorado autónomo/lectorado mozo], [52] pp. (ISBN: 84-8464-185-6).

Volume que recolle os poemas, adiviñas, cartas, etc. realizados por rapaces e rapazas de diferentes colexios galegos nos que se relata como eles e elas viviron a catástrofe ecolóxica do Prestige acontecida o 13 de novembro de 2002. Nestes traballos amósanse tamén os sentimentos dos autores do libro cara os voluntarios que axudaron na recollida do chapapote, así como os desexos que teñen para o futuro. Nesta ocasión, as ilustracións, constituídas por coloridos debuxos dos propios rapaces que teñen ao Prestige, o fuel, o mar ou os animais como protagonistas, fan que a narración visual tome protagonismo sobre o texto escrito. Trátase ademais dun proxecto solidario porque o 15% do prezo de venda será dedicado a fornecer de libros as bibliotecas das escolas máis afectadas pola catástrofe.

Referencias varias:

- Iria Suárez, 'Menuda marea', *La Opinión*, 'Cultura', 12 maio 2003, p. 59.

Dáse conta da publicación do volume *Nunca máis, a ollada da infancia*, editado pola Editorial Kalandraka, no que os nenos de entre tres e doce anos de diferentes escolas galegas expresan mediante debuxos e poemas os sentimentos xurdidos tras a catástrofe do Prestige.

- M.O., 'Poesía infantil. 'Nunca máis', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil Gallego', 12 xullo 2003, p. 7.

Dá conta da publicación pola editorial Kalandraka de *Nunca máis, a ollada da infancia*, así como do contido deste volume e do destino da recadación das vendas deste.

- María Sabarís , 'Libros, libros e máis libros', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Verán', 14 xullo 2003, p. 52.

Sínálase a *Nunca máis. O ollada da infancia* como un dos libros protagonistas da vixésimo quinta feira do libro. Tamén se destaca onde reside a importancia deste volume.

- María Sabarís, 'De libros con Xosé Vázquez Pintor', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Verán', 17 xullo 2003, p. 74.

A xornalista María Sabarís acompaña a Xosé Vázquez Pintor no seu paseo pola Feira do Libro de Pontevedra e dá conta do comentado con e por el. Na súa conversa Vázquez Pintor fai referencia á catástrofe do Prestige e destaca a importancia e fermosura da visión dos nenos presente no volume *A ollada da infancia*, de Kalandraka.

- E.P., 'Rivas e Cruz Vermella galardoados nos Premios ONCE á Solidaridade', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 6 decembro 2003, p. 61.

Dáse conta dos diferentes galardoados na terceira edición dos Premio ONCE-Galicia á Solidariedade entre os que, na categoría de literatura, figura a Editorial Kalandraka, polo álbum ilustrado *¡Nunca Máis! A ollada da infancia*, e Manolo Rivas, polo conto "O partido de Reis". Tamén se indica o xurado que dicidiu os galardoados e a data da entrega dos diferentes premios.

- Lorena Crespo, 'Un mundo de detalles en la librería', *La Región*, 24 decembro 2003, p. LV.

Ofrécense algunhas suxestións para a compra de agasallos de Nadal, entre as que se atopan a obra *¡Nunca Máis! A ollada da infancia*, volume do que se sinala que reflicte o sentir dos máis pequenos ante a catástrofe do Prestige. Do mesmo xeito, indícase que a literatura infantil en xeral é un bo agasallo para contaxiar aos máis pequenos o gusto pola lectura e salientase a grande oferta que existe. Da literatura para adultos destácase a calidade dos títulos editados e entre os clásicos sobrancéase a Rosalía, Curros, Cunqueiro ou Blanco Amor, ademais de autores actuais como Darío Xohán Cabana, aínda que sen indicar títulos.

VII.2.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

Garabana, Anxos, *Amora*, ilustr. Óscar Villán, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2003, col. Os contos do trasno, idade recomendada [prelectorado], [36] pp. (ISBN: 84-8464-212-7).

Adaptación dun conto popular que se presenta en formato cadrado, pastas duras, escaso texto e ilustracións a dobre páxina realizadas por Óscar Villán (Ourense, 1972). Anxos Garabana recupera o mito do ciclo vital, da volta á terra nai, a través da historia da amora, primeiro elo dunha cadea de elementos que van sendo devorados por outros seres máis importantes ata volver a orixinar, no remate do ciclo, unha nova amora. A historia artéllase sobre estruturas repetitivas e acumulativas, moi do gusto do lectorado ao que vai dirixida e aparece acompañada de imaxes de formas planas que co uso das liñas curvas axudan a articular a cadea de transformacións dos seres que protagonizan esta historia. Ademais, as cores frías empregadas simbolizan o ciclo vital sinalado.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Amora, Amora', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Infantil/Xuvenil', 4 decembro 2003, p. VII.

Comeza sinalando que esta obra é a adaptación dun conto popular con texto de Anxos Garabana e ilustracións de Óscar Villán, no que se desenvolve a cadea de morte que levan a cabo os seres protagonistas. Sinala que un elemento importante é a característica inherente á oralidade da que provén o texto, como a repetición de palabras e estruturas, así como o emprego de personaxes ou feitos vinculados aos oíntes destas composicións. Isto fai, segundo indica, que esteamos ante un texto circular por comezar e rematar sen texto, só apoiado nas ilustracións, que cualifica de duras, pola falta de familiaridade do lectorado de hoxe coa morte. Remata sinalando o axeitado do conto para exercitar a nosa memoria histórica e achegar aos rapaces ao ciclo da vida, á vez que empregalo como obxecto lúdico para a realización oral.

VII.2.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

López, Laura, *Unha tarde no parque*, ilustr. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, decembro 2003, col. Laura e compañía, nº 5, idade recomendada [prelectorado], 31 pp. (ISBN: 84-96128-47-4).

Este título forma parte dun proxecto dirixido ás nenas e nenos de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria que pretende fomentar a lectura a través de volumes atractivos cuns debuxos e uns textos sinxelos e, ao tempo, fomentar valores para a convivencia e a sociabilidade. Todos eles van acompañados dun cuestionario para despois da lectura que pretende afianzar a observación e a comprensión, potenciar a expresión oral e facilitar a asociación memorística. Neste volume, con texto rimado que se reproduce en letra maiúscula e seguida, cóntase como os personaxes desta serie, Laura, Xoán e Marica,

pasan unha tarde no parque e levan moitos xoguetes para se divertir: a bici, a pa, o restrelo, o ioiío, a pelota e tamén a merenda. Non esquecen tirar o lixo á papeleira e prestar os seus xoguetes, así como non pelexar cos grandullóns, non amolar os demais, xogar todos xuntos, devolver os xoguetes que non son seus e aprender a xogar no bambán. Cando xa vai fresco marchan para a casa, onde se bañan, cean, lavan os dentes, len un conto e marchan a durmir. Os debuxos de Carmina del Río complementan e axudan á comprensión lectora.

López, Laura, *¿Damos unha volta?*, ilust. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2003, col. Laura e compañía, nº 4, idade recomendada [prelectorado], 31 pp. (ISBN: 84-96128-46-6).

Volume que se inicia cunha "Presentación" na que se di que forma parte dun proxecto dirixido ás nenas e nenos de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria, que pretende fomentar a lectura a través do seu formato e fomentar valores para a convivencia, a sociabilidade e a paridade de sexos e servir de ferramenta de aula para o traballo con temas dos eixos transversais. Remata cun cuestionario que pretende afianzar a observación e a comprensión, potenciar a expresión oral e facilitar a asociación memorística. O texto é sinxelos e adáptase ao lectorado esperado ben por medio de letra caligráfica seguida ou de imprenta, de pau, ben por medio de debuxos que complementan e axudan á comprensión lectora. En *¿Damos unha volta?* relátase o paseo de Laura e Romeu pola cidade e incídese nas normas de educación vial. Os debuxos de Carmina del Río complementan e axudan á comprensión lectora.

López, Laura, *Comen san*, ilust. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2003, col. Laura e compañía, nº 3, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96128-36-9).

Terceiro volume da colección protagonizada por Laura e os seus amigos no que María José Gil (lugar e data) lle ofrece aos lectorado máis novo unha serie de consellos alimenticios. Así, para ser san e forte coma o amigo de Laura, Mole-Mole, recoméndase comer froita e verdura de toda clase, peixe, carne, polo e diferentes tipos de legumes. Tamén se aconsella beber leite, zumes ou auga e non refrescos de cola. Evitar as larpeiradas en exceso e non comer só o que gusta son outras das directrices presentes en *Comen san*. Así mesmo, recoméndase un almorzo completo e variado para comezar o día con enerxía. Finalmente, grazas ao exemplo de Laura e os seus amigos ofrécense pautas de comportamento e hixiene, como apagar o televisor mentres se come ou, como Panocha lle recomenda a Mole-Mole, lavar os dentes despois das comidas. O volume presenta o texto rimado primeiro en letra minúscula e logo en maiúscula para que os rapaces aprendan a distinción entre estes tipos de letras. As ilustracións de Carmina del Río son figurativas, moi coloristas e de cores cálidas, dándose nelas conta do narrado.

López, Laura, *Saben comportarse*, ilust. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2003, col. Laura e compañía, nº 1, idade recomendada [prelectorado], 29 pp.

(ISBN: 84-96128-35-0).

Primeira entrega desta nova colección que recolle temas dos eixos transversais que a escola e os pais deben traballar xa desde a Educación Infantil. Comeza o volume cun apartado de "Presentación" onde se sinala a quen vai dirixido, cále é a súa finalidade e cómo se estrutura. A continuación, preséntanse os personaxes: Laura, o oso Mole-Mole e a ardilla Panocha. Este libro combina, nun mesmo volume, a letra seguida e a de pao, así tanto os máis pequenos, coma os maiores, poderán divertirse coas aventuras deste grupo de personaxes. O texto é sinxelo e escrito en rima, fácil de entender e de memorizar, no que se relatan pequenas escenas que teñen como obxectivo o saber comportarse (saudar pola mañá, pedir "por favor" e dar as "grazas", pedir desculpas, deixarlle o asento as persoas maiores, dar cariño aos familiares, axudar aos amigos, utilizar as papeleiras, bañarse e limpar os dentes, consellos á horas de comer...). O texto vai acompañado dun cuestionario ao final do volume para despois da lectura coa finalidade de reafirmar a observación e a comprensión á vez que se potencia a expresión oral. Volume atractivo con debuxos cheos de tenrura próximos ao mundo da infancia. Os debuxos de Carmina del Río complementan e axudan á comprensión lectora.

López, Laura, *Respectan o medio ambiente*, ilustr. Carmina del Río, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2003, col. Laura e compañía, nº 2, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96128-34-2).

Volume pertencente á colección "Laura e compañía" que, segundo se fai constar na presentación, se enmarca nun proxecto dirixido a nenas e nenos de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria. Caracterízanse estas rimas por presentar dous tipos de letra: a seguida e a de pao, favorecendo así que o lectorado máis novo comece a recoñecer as grafías. En canto aos obxectivos, sinálase que estes volumes queren motivar a lectura e fomentar valores como a convivencia e a sociabilidade, á vez que converterse nunha ferramenta de aula para o traballo con temas dos eixos transversais. En *Respectan o medio ambiente*, de Laura López, a protagonista, Laura, e os seus amigos Mole-Mole e Panocha acompañan ao lectorado agardado nun paseo pola natureza, facendo ver a importancia de respectar as plantas, animais e o medio que nos rodea. Así, explican cómo se debe reciclar todo o lixo, manter limpas as rúas e evitar a contaminación "para crear un mundo mellor". Os debuxos de Carmina del Río complementan e axudan á comprensión lectora.

Mó, Rosa María, *Soños de Xulieta*, ilustr. Federico Delicado, música Juan Vara, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, outubro 2003, col. Sondecontos, nº 3, idade recomendada [lectorado autónomo], Libro e CD, [44] pp. (ISBN: 84-8464-217-8).

Poemario de María Rosa Mó con ilustracións de Federico Delicado e música de Juan Vara. Por medio de versos curtos somérxese ao lectorado agardado no mundo onírico de Xulieta, unha nena que dende que se mete na cama e ata que a espertan á mañá seguinte vive aventuras e sofre diversas transformacións a través dos seus soños. Dende os ambientes

máis familiares ata os máis exóticos, como o deserto, todos son escenarios das súas fantasías nocturnas, que a levan a rir coa lúa ou mentres persegue pitas, e a ter medo cando se atopa en lugares escuros coma detrás dos xirasoles. As sensacións, a mestura absurda de elementos, as personificacións e as transformacións en animais como o caracol, o pavo real, o verme ou o paxaro que soña a protagonista son algunhas das características que conforman este poemario arredor do onírico. As ilustracións preséntanse a través de colaxes con distintos materiais (fibras, paos, esteira, papeis vexetais, cartóns, obxectos, teas de superficies moi variadas), óleos con pinceladas grosas e recortes de planos, buscando o aspecto táctil. Cada páxina ilustrada está concibida como unha obra única aínda que o fío común é a presenza de Xulieta, concibida dunha maneira simbólica con anacos de fotografías que aparecen dentro das composicións. Acompaña ao volume en papel un CD-Rom no que Mónica Argibay narra o texto acompañada da música da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Alejandro Posada.

Referencias varias:

- M.B., 'La OSG y Kalandraka editan un cuento musical para niños', *La Opinión*, 'Cultura', 19 outubro 2003, p. 60.

Anuncia a publicación de *Sños de Xulieta*, un poema editado na colección "Sondeconto" de Kalandraka Editora en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia. Explicase que despois de *A memoria das árbores e Gatipetro* (2002), este terceiro número da colección é froito da colaboración da poetisa María Rosa Mo, o ilustrador Federico Delicado e o compositor Juan Vara. Recóllense as declaracións destes na presentación que tivo lugar na Coruña, nas que destacan que se busca unha presentación moi actual e que a temática é o transcorrer do soño dunha nena, no que se converte en diferentes personaxes. Saliéntase tamén a importancia dos instrumentos, que representan este mundo onírico e os personaxes que nel aparecen. Finalmente, céntrase nas ilustracións das que destaca o emprego da técnica da colaxe, que se inspira nunha técnica xaponesa chamada "wabi-sabi" e na que son fundamentais a sinxeleza dos materiais, moi axeitados para esta aventura onírica.

- MARÉ, 'Para soñar cos oídos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2003, p. 53.

Dá conta da publicación de catro novos títulos da editorial Kalandraka que son: *Sños de Xulieta*, de María Rosa Mó; *Pequeno tigre bradante*, de Reiner Zimnik; *Un lugar no bosque*, de Armando Quintero; e *Blobló*, de Rai Bueno. Céntrase no comentario do poemario *Sños de Xulieta*, do que sinala que se trata dun libro-disco, no que se funde o texto, a música e a imaxe, e destaca a técnica da colaxe das ilustracións de Federico Delicado, a súa sinxeleza e a relación que manteñen. En columna á parte, destácase a singularidade de cada un dos volumes desta editorial creada en 1998 en Pontevedra, o deseño en capas duras e con ilustracións creativas que buscan a lectura plástica, así como a conxugación entre literatura universal e propia das obras que publica.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Arca Caldas, Olimpio, *O enfermo 4 M*, A Estrada: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 11, idade recomendada [lectorado autónomo], 17 pp. (ISBN: 84-932977-8-X).

Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) ofrece nesta peza unha visión da sociedade do século XXII, unha sociedade moi mecanizada, na que se depende de diferentes trebellos mecánicos e tecnolóxicos para a vida diaria. A peza céntrase na busca de solucións para curar ao enfermo 4M pois os elementos mecánicos non están a surtir os efectos desexados. Tiveron que recorrer a un "avó" dos tempos pasados que se refuxiara nunha cova e alí conservaba elementos da natureza cos que se alimentaba e se sentía mellor, pois os alimentos naturais daban resultados satisfactorios para a saúde e non os conseguidos a partir de tanta técnica. Esa cova convértese nunha luz nova que alborexa. Remata a obra cun *¡Viva a Nosa Terra!*, *¡Viva Galicia!*, sen moita xustificación no marco xeral da obra. Desenvólvese nun acto. O espazo é un cuarto do ano 2150 que ten que ser decorado polos rapaces a partir dunha guía que se lle dá na primeira acoutación da peza.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *A natureza no reino da escuridade. Fírgoas de mocidade aló polo ano mil novecentos dezanove ou vinte*, prólogo do autor, ilustr. Xurxo García Bello, Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, 2003, idade recomendada [mocidade], 45 pp. (ISBN: 84-96011-20-8).

Trátase dunha breve peza teatral que está inspirada no mundo popular galego de comezos do XX e que tenta servir de homenaxe ao poeta Manuel Luís Acuña. Ábrese cun limiar a cargo do autor no que explica os obxectivos do seu texto e algunha das súas claves, así como o porqué do título. Alude tamén ás fontes das que se serviu para construír a obra, entre elas a produción do propio Acuña ou o relato "O lobo da xente" de Risco. Finalmente, apunta que o libro se inscribe nun proxecto de dinamización sociolingüística da comarca de Trives. A peza divídese en tres actos que comezan situando ao lector nun determinado contexto e ofrecen unha acertada caracterización dos personaxes. O primeiro acto decorre nunha taberna dunha aldea de Trives aló polo ano 1920 na que conversan unha serie de paisanos, entre os que está o propio Luis Acuña, sendo mozo. Mentres este fai versos, os outros falan de diversos temas, como o dos perigos que encerra a noite, cos lobos e os bandidos á espreita. O segundo ocorre esa noite no monte. Acuña e un amigo, Roque, saen ás mozas. Cando Roque queda só atópase cun burro que mata ao confundilo cun lobo. No terceiro acto o rapaz ten que soportar na taberna as mofas dos veciños polo suceso da noite anterior. Alí hai espazo para todo: unha regueifa, contos de vellas, un romance de cego... Todos os actos acaban con versos do trivés. Acompáñase o texto das ilustracións de estilo figurativo de Xurxo García Bello realizadas en grises con certo claroescuro que serven para dar idea do ambiente rural.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'un texto de raiceira popular para representar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 4.

Salienta o recoñecemento que se lle está dando últimamente á figura de Luis Acuña e céntrase logo nesta obra. Subliña cómo e para qué foi creada, pondo de manifesto que o máis destacábel é a "súa vizosidade lingüística". Así mesmo, coida que foi un acerto que o autor convertese ao egrexio ourensán nun personaxe máis e verquese na súa creación versos deste. Por último, asegura que se trata dun "teatro de raiceira popular" que, cre, influenciado polo teatro das Irmandades da Fala.

- Ramón Nicolás, 'A natureza no reino da escuridade', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 15, 'Letras en galego', 28 xuño 2003, p. 7.

Despois de comparar a "intención" da *Rosalía* de Otero coa desta obra, sinala a súa "concepción didáctica e alude ás liñas argumentais. Así mesmo, salienta o "saíbo tradicional" e o "diálogo constante" coa poesía do ilustre trivés, ao que, di, se tenta homenaxear.

González Graña, Fernando, *Clave rosa*, prólogo de David Otero, A Estrada: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 8, idade recomendada [lectorado mozo], 25 pp. (ISBN: 84-932977-5-5).

Peza de teatro de Fernando González Graña (Cuntis, 1962) dividida en cinco escenas e protagonizada por cinco personaxes: Ramiro, un mozo seductor de vinte e cinco anos; Amador, o tío de Mariña e de Rosiña, que está profundamente namorado dese mozo; Mariña, unha das sobriñas de Amador que ten trinta anos e que tamén está namorada de Ramiro; Ánxela, a criada da casa de Amador, que ten vinte e cinco anos e que aínda que non está namorada de Ramiro fai que o está para dominalo; e Rosiña, a outra sobriña de Amador, curmá de Mariña, de dezanove anos e a quen todos consideran "algo parviña". Cada un deles posúe un número da combinación dunha caixa forte e todos pretenden descubrir, mediante enganos aos compañeiros, o resto dos números da combinación numérica para así roubar os cartos e escapar con quen eles queiran. Ao final, será Rosiña a que consiga facerse con toda a combinación dos números, abra a caixa e lisque soa cos cartos. A obra, que comeza cun prólogo de David Otero no que fala sobre o teatro en xeral, e sobre esta peza dramática en particular, así como da proposta que presenta, desenvolve as súas escenas no xardín e no salón dunha casa. As escasas ilustracións de Héctor Picallo "O Carrapucho" son figurativas e en branco e negro.

Kühn-Bode, Heidi, *Teatro para contistas. Xogos infantís no escenario*, ilustr. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2003, col. Golfoño, nº 4, a partir de 10 anos, 108 pp. (ISBN: 84-96128-03-2).

Heide Kühn-Bode (Bavaria, Alemaña, 1945) ofrece neste volume seis breves pezas teatrais nas que recrea contos clásicos de xeito moi persoal. Aparecen precedidas dunha introducción na que explica a súa concepción de cómo facer teatro nas aulas. Salienta o importante factor desinhibidor que ten esta actividade, favorecendo a integración e o ludismo entre os escolares. Recomenda que se lles dean a escoller os diferentes papeis e que o mestre sexa só un elemento motivador. Considera que todo alumno debería interpretar un personaxe, posto que cando un grupo decide montar unha peza teatral se establece entre os seus membros unha unión e empatía que antes non existía. A seguir, reproducense as pezas precedidas dunha ilustración figurativa en gama de grises de José Tomás (Betanzos, 1971) e a listaxe dos personaxes participantes. Todas presentan como elo a voz da contista que actúa a xeito de narradora das historias. En "Adelina toma café" trátase o acceso das mulleres durante a segunda república aos cafés, espazos restrinxidos só a homes ata o daquela. En "O Nadal dos cacharriños" recrease o conto clásico dos músicos de Bremen, pero agora a través dunha tixola, unha pota, unha cafeteira e un azucreiro. En "O lobo vello e as sete cabuxiñas espilidas", proponse escenificar as dificultades que ten o lobo para enganar a unhas cabuxas moi modernas, rebeldes, rosmonas e de moito carácter. En "Brancaleves e os oito roqueiros" preséntanse os desexos desta moza de ser unha cantante famosa de rock and roll coma Madonna e o seu enfrontamento coa Bela Dormente. En "A chave que abría todas as portas" ponse en escena como a protagonista, A Fandiña, consegue aprobar todo a través desta chave máxica. Finalmente, en "O crocodilo que quería celebrar o Nadal" represéntase cómo se cumpren os desexos do crocodilo Toffel que viaxa na alfombra máxica de Hilda ata Bavaria para celebrar o Nadal.

Referencias varias:

- X. C. Sierra Rodríguez, 'Teatro e museo', *La Región*, 26 xullo 2003, p. 14.

Dá conta das actividades parateatrais que se levaron a cabo na décimo novena edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Por un lado, destaca a importancia das representacións teatrais na rúa, que rachan coa fronteira moderna entre espectador e cómico, e polo outro refírese ás actividades que tiveron como escenario o Museo Etnolóxico da vila, no que ademais da exposición do Teatro Institucional en Galicia, tamén se levou a cabo a actuación de Títeres Trompicallo e a presentación de *Teatro para contistas*, de Heide Kühn-Bode.

Kühn-Bode, Heidi, *Os mundiños. Obra de teatro en tres actos*, Premio Estornela, ilustr. de

Jaime Quessada, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, febreiro 2003, col. Teatro para nenos, idade recomendada [lectorado autónomo], 65 pp. (ISBN: 84-8485-096-X).

Peza teatral estruturada en tres actos gañadora do premio Estornela da Fundación Xosé Neira Vilas do ano 2002 que supón un tributo á imaxinación na educación dos cativos. Comeza co apartado "Decorrendo o pano" no que se dá conta do premio Estornela e dos seus obxectivos. A seguir, no "Prólogo" danse indicacións para que a obra poida ser representada polos rapaces e recoméndase que nela a participación sexa a maior posíbel. A proposta de Heidi Kühn-Bode (Bavaria, Alemaña, 1945) non se esgota no teatro convencional e incorpora rexistros procedentes do circo ou do mundo dos títeres, facendo unha obra lúdica e moi divertida. A protagonista é Adelina, unha nena de trece anos, que acompañada do seu gato Tristán serven de fio condutor aos tres actos e os diversos universos creados no texto. Esta obra vai acompañada de debuxos tomados da obra do pintor ourensán Xaime Quessada (Ourense, 1954).

Recensións:

- Henrique Rabuñal, 'Mundos infantís', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Teatro', 2003, p. 20.

Refírese á creación pola Fundación Neira Vilas do premio "Estornela de Teatro" para nenos, outorgado no ano 2002 a Heidi Kühn-Bode pola súa obra *Os mundiños*, publicada por Edicións do Castro. Unha rapaza de trece anos chamada Adelina e o seu gato Tristán ligan os tres actos e os diversos universos creados no texto.

Pisón, Xesús, *O milagre de Baíñas*, ilust. do autor, A Estrada: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 9, idade recomendada [lectorado autónomo], 24 pp. (ISBN: 84-932977-4-7).

Peza teatral de Xesús Pisón (Ferreira de Valadouro, 1954) precedida dunha nota do propio autor na que explica que foi escrita para o seu alumnado do colexio de Baíñas (Vimianzo) e estreada por eles no Festival de Nadal de 2002. Expresa tamén o seu desexo de que outros mestres a adapten e representen. A seguir, reproducése o texto no que interveñen quince personaxes que encarnan nenos e nenas sen nome, só denominados a través de números. Situados na Noite de Reis, entre todos planean cómo roubarlles os agasallos que os Reis Magos lle levan ao Neno Xesús, temerosos de quedar sen os seus propios. Para iso, deciden facer un Portal de Belén falso e enganar ás súas Maxestades. O éxito do engano provoca entre todos os participantes unha parálise, que os leva a culpárense os uns aos outros polo que lles ocorre. Castigados a permanecer así toda a noite, coa chegada da mañanciña vense liberados e arrepiñense do feito, polo que deciden acudir cos regalos roubados ao portal no que está o Neno Xesús. Co texto aparecen dúas ilustracións en branco e negro que escenifican partes da historia que se conta.

Silva, Esther da, *Mariñeiros no Nadal*, debuxos dos alumnos de 4-5 anos do CEIP de Lalín, prólogo de Xosé Luna, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela.

Teatro Escolar para ler e representar, nº 10, idade recomendada [lectorado autónomo], 23 pp. (ISBN: 84-932977-6-3).

Presenta esta peza de Esther da Silva, un "Prólogo" de Xosé Luna que se inicia co "poema do Alfareiro" de Roberto Blanco Torres, un poema que incide no que se quere conseguir coa obra. Nel dise que Esther Da Silva é unha mestra de Educación Infantil, que preparou co seu alumnado do CEIP de Lalín esta breve peza, *Mariñeiros de Nadal*, e danse as características e intención da obra, unha "historia épica e comprometida", di Xosé Luna. Nela, vinte e dous nenos reflexionan sobre o traballo dos mariñeiros, as súas inxerencias e o problema do Prestige que asolou as costas galegas co chapapote. Rematan solicitando que "Nunca máis" lle pase isto a ninguén. Eles mesmos amparan a escrita da historia coa súa visión gráfica do que se conta por medio de ilustracións en branco e negro, realizadas con rotuladores e lapis de cores con predominio da liña, e ás veces hai formas que están recheas de planos de cores que dan como resultado distintas intensidades de grises. O texto vai sempre enmarcado coas cortinas que se usan como pano teatral.

VII.3.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

Avilés de Taramancos, Antón, *Tres capitáns de tempos idos*, ilustr. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2003, col. Merlín, nº 133, a partir de 9 anos, 67 pp. (ISBN: 84-8302-966-9).

Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, 1935-A Coruña, 1992) estruturou este texto teatral en tres lances nos que se narra con humor a través de tres personaxes principais e arquetípicos e dun poeta de renome en Galicia, a historia do país e da súa lingua, cómo naceu, cómo pasou por tempos escuros, cómo rexurdiu e cómo chegou a ser considerada na actualidade. O volume vai ilustrado polos debuxos realizados polo autor para a representación, é dicir, os bocetos de carácter espontáneo para a identificación dos actores, e polos que achega Manolo Uhía (Portonovo, 1944) que iluminan a lectura desta obra e mesmo axudan para a posta en escena, pois contextualízana. Encargouse da edición e do "Epílogo" Pilar Sampedro. Neste último baixo os epígrafes "Pequena biografía do autor", "Avilés e o teatro", "Historia da peza" e "A primeira representación desta obra", dános noticia dos datos máis significativos da biografía de Avilés, das incursións de Avilés no teatro, de cómo se xestou esta peza realizada mentres durou unha película de cine e das representacións que dela se fixeron.

Recensións:

- María Navarro, 'Amor ao idioma', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 37, 'Infantil/Xuvenil', 3 abril 2003, p. VII.

Dá noticia da publicación desta obra, unha edición póstuma, subliña, realizada por Pilar Sampedro. Fala da estrutura do volume, da historia que conta que é a historia de Galicia contada en "clave metafórica" polos personaxes que interveñen na obra. Salienta o didactismo que impregna cada intervención dos personaxes coa finalidade de dar a coñecer

ao público mozo determinados aspectos que quizais lles son inapreciables. Fai fincapé en que non se debe perder de vista o contexto no que se insire a obra con escaseza de texto para escolares moi diferentes aos de hoxe que afirma xa non precisan obras coma esta.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 40, 24 abril 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da peza teatral *Tres capitáns de tempos idos*, de Antón Avilés de Taramancos, dirixida a un público infantil e na que se fai unha viaxe pola historia da literatura galega. Asimesmo, complétase cunha biografía do autor, os figurinos orixinais e Pilar Sampedro fixo a introdución e a historia do devir da peza. Na sección tamén se fai referencia ao poemario *Cantos caucanos*, de Avilés de Taramancos e á tradución *Gregorio*, de Hartmann Von Aue.

Bergueiro López, Manuel, *Ollo cos estudantes*, prólogo, análise lingüística, edición e unidade didáctica de Xosé Luna Sanmartín, A Estrada: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 7, idade recomendada [lectorado mozo], 37 pp. (ISBN: 84-932977-2-0).

Peza teatral de Manuel Bergueiro López (Tabeirós- A Estrada, 1898- Oviedo, 1985) escrita e representada en 1930. No prólogo Xosé Luna Sanmartín salienta a vinculación do teatro coa escola xa dende Platón, a importancia da expresión dramática para a formación dos escolares. Logo dos criterios de edición e a análise lingüística, reproducése a peza, que consta dun só acto. Nela, catro estudantes reúnen-se na Taberna de Mingos para comer e beber ata fartar, charlar sobre as mulleres e a vida estudantil e estafar ao taberneiro ao pagar cun billete falso. Remata cunha unidade didáctica con actividades a realizar co texto e unha cronoloxía sobre o autor.

Varela Buxán, Manuel Daniel, *¿Pista ou peste?*, A Estrada: Edicións Fervenza □, 2003, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 12, idade recomendada [lectorado autónomo], 29 pp. (ISBN: 84-932977-9-8).

Peza de teatro de Manuel Daniel Varela Buxán (Lamas, A Estrada, 1909-Cercio, Lalín, 1986) escrita en 1956 e que recupera agora a editorial Fervenza dentro do proxecto "Facemos teatro na escola", subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se levou a cabo no segundo cuadrimestre do curso 2002-2003. No prólogo de Xosé Luna que abre a edición indícase que esta peza foi publicada en *O Cego de Fornelos e outras comedias curtas, diálogos e monólogos*, editada polo propio Varela Buxán en 1981 e posteriormente na separata do xornal cultural *Tabeirós Terra* en xuño de

1998. Do mesmo xeito, Luna salienta a importancia da figura do autor do texto para o teatro galego e xustifica a súa normativización por razóns didácticas. A seguir, reproducése o texto despois de indicacións sobre o escenario e a listaxe dos personaxes que interveñen na trama, catro mulleres e catro homes, que se estrutura en catro escenas. O argumento xira arredor dos enfrontamentos entre homes e mulleres que provoca a proposición do alcalde dunha parroquia de que todos accedan a facer unha pista que comunique mellor a aldea coa vila. Os intereses particulares, a desconfianza dos máis pobres sobre o rico ou a imaxe maniqueísta das mulleres como rosmonas, desconfiadas e mandonas, fronte aos homes que tentar escapar do seu mando e que só pensan en beber, son algunhas das características destes personaxes, prototipos do mundo tradicional galego.

VII.3.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Sánchez Roldán, Margarita, *A festa da Neves (La fiesta de la Nieves)*, trad. Anxo Franco, Ferrol: Edicións Embora, marzo 2003, col. Tren das cores, idade recomendada [lectorado mozo], 104 pp. (ISBN: 84-95460-25-4).

Peza de teatro de Margarita Sánchez Roldán (Madrid, 1962) estruturada en oito escenas, un prólogo e un epílogo, na que a acción se sitúa en Vilanova de Sousa. A trama xira arredor da presión que Xacinto, o alcalde da vila, exerce instigado pola súa muller sobre unha anciá e a súa neta para que lle vendan a casa e os terreos por moito menos do que custan, coa intención de especular con eles e construír un gran centro comercial. Ante os temores ás reaccións dos veciños que por veces manifesta, a súa dona, Sara, unha muller ambiciosa e frívola, emprega diversas artimañas para que non se bote atrás, ameazándoo con abandonalo, chorando desconsolada ou facéndolle garatuxas para engaiolalo. As afectadas, Neves e a súa neta Mónica, recorren á axuda de amigos e veciños para poder loitar contra a inxustiza, a través dos que descubren que a dona do alcalde chegou a empregar documentos falsos para expropiarlles a casa, o que os leva a boicotearlle o discurso ao alcalde no acto de inauguración do primeiro cine. Esta revolta fai que a partir dese momento as cousas muden e todos os veciños participan nas decisións que atinxen ao desenvolvemento da súa vila. Para conmemorar o cambio, cada ano celebran "a festa das Neves", coa que lembrar que se todos toman parte activa na súa colectividade as cousas melloran.

VII.3.4. ANTOLOXÍAS

VII.3.5. POSTAS EN ESCENA

VII.3.5.1. CICLOS, ENCONTROS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS, SEMANAS

Mostra de teatro escolar de Cambados

Pensada como xeito de conmemorar a semana das Letras Galegas, está organizada polo

Concello de Cambados. Nela participan os centros de ensino do municipio, que representan as súas pezas no salón de actos do instituto Francisco Asorey. Na edición de 2003 celebrouse entre o 13 e o 16 de maio e nela participou o alumnado do Colexio A Pastora con *A vide nas estacións*, o de Corbillón con *O cogumelo* e *O home tornillo*, o de San Tomé con *O rei fachendoso*, o de Vilariño con *Os antollos de Margarida*, o do Magariños con *A visita do inspector* e *Unha avoa a catro patas* e pechouse a mostra co grupo teatral Os Caeiros que escenificou *O medallón do Emperador*.

VIª Mostra de teatro infantil de Ribeira

Organizada pola área de Cultura do Concello coa colaboración das APAS, as escolas e a entidade Alfaia. No ano 2003 de novo acode á mostra como invitada a Compañía do Colexio Salustiano Rey Eiras, de A Pobra do Caramiñal e nela participaron dende o luns 26 de maio ata o sábado 31, catro grupos de asociacións de pais e o grupo municipal que dirixe Chiqui Durán e uns dous centos cincuenta alumnos e alumnas entre actores e encargados da decoración, vestuario e montaxe.

Referencias varias:

- Ana Gerpe, 'Doce grupos participarán en la Mostra de Teatro Infantil de Ribeira ', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 24 maio 2003, p. 46.

Dá noticia do inicio da VIª edición da Mostra de teatro infantil de Ribeira e adianta o programa e actividades, salientando o anuncio por parte do Concelleiro de Cultura da convocatoria dunhas bolsas dirixidas aos escolares que destaquen polas súas dotes interpretativas.

VIIª Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo

Conta co patrocinio da Deputación de Pontevedra, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. No ano 2003 celebrouse no instituto Johán Carballeira de Bueu entre o xoves 24 e o martes 29 de abril. Deu comezo coa actuación de Comediantes Anónimos, do instituto anfitrión, con *Coleccionista de sombras*, de Antón Cortizas e dirixida por Fran Paredes; a Aula de teatro do Colexio San Narciso con *A cruzada dos nenos (A resposta está no vento)*, unha creación colectiva a partir de poemas de Brech e Celso Emilio Ferreiro; Obradoiro de teatro do Instituto María Soliño de Cangas cunha peza de Xosé Manuel Pazos; o grupo do Instituto Salvador Moreno de Marín con *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro; o grupo de teatro do Colexio Eduardo Pondal coa creación colectiva www.soños.film, grupo do Instituto de Rodeira de Cangas con *Crónicas da peste*, de Xosé Manuel Pazos e, finalmente, o grupo Cada dous por tres.com. coa peza *Codia e miolo*.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'El Instituto 'Johán Carballeira' acoge la 'Mostra de Teatro de O Morrazo', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 24 abril 2003, p. 19.

Anúnciase a inauguración da Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo que terá lugar no coa actuación do grupo Comediantes Anónimos e adiántanse outras actuacións previstas.

IVº Ciclo de teatro infantil Domingos do Principal de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. En 2003 tivo lugar entre o 26 de xaneiro e o 6 de abril. Contou coa participación de dez compañías que puxeron en escena quince montaxes, as sesións tiveron lugar no Teatro Principal de Pontevedra ás seis e media da tarde, ademais doutras sesións matutinas concertadas con centros escolares, e o prezo das entradas foi de un euro e medio. Entre as compañías participantes de diferentes Comunidades Autónomas estiveron presentes as galegas: Teatro de Ningures con *O Principiño*, Tanxarina con *Rapatú* e Talía Teatro con *Menos lobos*.

Referencias varias:

- M.N., '¿E se os sonhos chegaran bailando?', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 xaneiro 2003, p. 71.

Faise eco do éxito da representación da obra *Atrévete a soñar*, da compañía navarra Ala Par, dentro do ciclo Domingos do Principal de Pontevedra. En columna á parte, repasa as funcións previstas na programación deste ciclo, entre as que destacan dúas compañías galegas: Teatro de Ningures, que levará á escena unha verión de *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry; e Tanxarina, encargada de escinificar *Rapatú*.

- B.L., 'Tanxarina trae a 'Rapatú' a Pontevedra', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 30 marzo 2003, p. 86.

Indícase que o ciclo Domingos do Principal presenta a montaxe *Rapatú*, de Tanxarina, baseada nun texto de Quico Cadaval merecente do premio "María Casares" á mellor adaptación ou tradución teatral galega. Destácase o feito de que esta é a primeira vez que tal galardón recae nun espectáculo para o público infantil. Para finalizar, recóllense unhas declaracións do codirector de *Rapatú*, Miguel Borines, arredor das características da peza e a calidade profesional de Quico Cadaval.

- Xurxo Cortázar, 'Algo tan sinxelo como soñar', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 abril 2003, p. 79.

Valoración positiva dos Domingos do Principal que o grupo Teatro Akatro coordinou en Pontevedra. Refírese ao carácter e temática das pezas, montaxes e sesións de contacontos ás que os máis pequenos da cidade puideron asistir, destacando que gracias a eles os nenos conseguiron soñar.

Ciclo de monicreques "O domingo ven aos títeres"

Organizado pola Sala Sant Yago de Santiago de Compostela dende o ano 1999, inclúe diversas actuacións desenvolvidas por grupos de teatro galegos e de fóra de Galicia, coa finalidade de achegar o teatro ao público máis novo. As funcións matinais teñen lugar os domingos. No ano 2002 celebrouse os domingos dos meses de febreiro, marzo, abril e maio, no que participaron ademais de compañías foráneas as galegas Títeres Cachirulo con *Pinocho* e Teatro do Noroeste con *O país acuático*.

IVº Festival de Nadal de teatro infantil de Santiago de Compostela

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o IGAEM. En 2003 celebrouse entre o 26 e o 30 de decembro con funcións ás seis da tarde no Salón Teatro e cun prezo das entradas para cada espectáculo de cinco euros, aínda que se podía adquirir un bono para todas as funcións por doce euros. Nesta edición ademais de compañías de Granada, Barcelona e Valencia tamén participou a galega Talía Teatro con *¡Eu así non xogo!*.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'Visitar a escena como o templo para encher o Nadal dos pequenos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 28 decembro 2003, p. 5.

Achégase a algunhas actividades dirixidas aos máis pequenos e que se desenvolven no tempo de Nadal, cando eles están de vacacións. Entre elas destaca a importancia de que acudan ao teatro, onde chegan sen prexuízos e con ganas de aprender, como poden facer a través do Festival de Nadal que se celebra no Salón Teatro con compañías foráneas e unha galega. Remata salientando a calidade das obras dirixidas a este tipo de público especialmente pola sinxeleza e a forma de contar a vida.

- S.T., 'Teatro infantil no Principal de Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 decembro 2003, p. 44.

Anúnciase a obra dunha compañía barcelonesa que clausura este festival e lémbrense as

compañías que participaron no evento, entre as que se atopa a galega Talía Teatro.

XI Feira do Teatro de Galicia

Ver XIª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas neste *Informe*. Apartado no que se describen tamén as actuacións de teatro infantil.

Festival de teatro infantil de Gondomar

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Gondomar, celebrouse os días 2, 3 e 4 de xaneiro no Auditorio Lois Tobío con sesións ás once e media da mañá. A entrada custou un euro. As compañías participantes en cada un destes días foron: Cascanueces con *A rúa das pantasma*s, Títeres Viravolta con *Hip, hip, hurra* e Pablo Nojes con *Un día con coche*.

Referencias varias:

- Iglesias Viqueira, 'Gondomar acoge hasta el sábado un festival internacional de títeres', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor/Condado', 2 xaneiro 2003, p. 10.

Faise eco do comezo do Festival Internacional de Títeres de Gondomar, xa tradicional no inicio do ano cultural no municipio. Indica que o público afeccionado poderá asistir á representación de *A rúa das pantasma*s, do grupo cubano Cascanueces e protagonizada polo astuto Xanciño; de *Hip, hip, hurra*, da compañía Viravolta, que xira arredor dos personaxes Tanxerina e Pergamiño; e, finalmente, de *Un día con coche*, do grupo dirixido polo arxentino Pablo Nojes.

VIIIº Festival de teatro infantil de Pontevedra

Este evento está promovido polo Grupo Expresión, formado por profesionais do maxisterio, que pertence á Sociedade Cultural Os Carballiños. O seu obxectivo é levar o mundo da expresión dramática ao proceso educativo. Na edición de 2003 celebrouse entre os días 26 e 29 de maio e participaron catorce grupos de colexios de toda a comarca e a única condición para poder participar foi que non levaran texto, posto que son obras baseadas na improvisación. As sesións, abertas ata completar aforo, celebráronse a partir das seis e media da tarde no Teatro Principal de Pontevedra. Os centros participantes foron: Colexio Froboel, Colexio Villaverde, Colexio Salcedo, Colexio Sagrado Corazón de Pontevedra, Colexio San José, Casa da Xuventude, Colexio Barcelos, Colexio Manuel Vidal Portela, O Castro (Baión), Colexio Sagrado Corazón (Praceres) e Colexio San Tomé (Cambados).

Mostra de teatro Todo Público

Ciclo que se celebrou no Forum Metropolitano da Coruña dende o 26 ao 30 de decembro, cun espectáculo diario ás sete da tarde. Ademais das postas en escena tamén se realizou unha exposición dende o 20 de decembro coa que conmemorar os vintecinco anos da compañía Cachirulo, na que se recolle material que empregaron ao longo de toda a súa traxectoria. Das representacións dise que se puxo en escena *Amadís de Algueres (Unha de cabalerías)*, de Artello. Teatro Alla Scalla 1:5 e *Cousas de Castelao*, de Títeres Cachirulo.

Referencias varias:

- Patricia Pérez, 'Un artista en la trastienda de los títeres', *La Opinión*, 'A pie de calle', 30 decembro 2003, p. 8.

Dá conta da clausura da exposición de Títeres Cachirulo no Forum Metropolitano da Coruña, á vez que recolle a satisfacción do seu coordinador, Xosé Soto, pola boa acollida que esta tivo. Destaca da mostra o poñer á vista do visitante aspectos dos monicreques que non se ven nos espectáculos e o feito de ter reunido todo o material dos espectáculos que levaron a cabo nos vintecinco anos da súa existencia. Sinala tamén a influencia nesta compañía de especialistas en monicreques como Jang Feng ou Peralta del Amo, na que Jorge Rei e Carmen Domech se encargan da manipulación dos bonecos e de escribir os guións. Faise referencia ao ciclo que se está a desenvolver no Forum Metropolitano, no que puxeron en escena *Cousas de Castelao* e remátase sinalando que ademais desta exposición tamén se deu a coñecer a revista *Bululú*, que elabora a compañía en colaboración co IGAEM.

VIIIº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques

Organizado dende o ano 1995 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde baixo a dirección de Xurxo Rey, dende o ano 1998 conta tamén con representacións en Lugo, Betanzos e Pontevedra. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas, e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2003 non participou o Concello de Pontevedra, polo que os escenarios foron os de Santiago de Compostela, Lugo e Betanzos, que acolleron representacións entre o 2 e o 12 de outubro. Na cidade do Apóstolo (que acolle a oitava edición), como vén sendo habitual neste evento, os escenarios foron: O Teatro Principal, A Sala de Títeres Yago e o pub Momo, ademais das Prazas do Toural, das Praterías e os barrios de Vite, A Trisca e Fontiñas, mentres que en Lugo (sexta edición) celebrouse en Campo Castelo e en Betanzos (segunda edición) no edificio do Liceo. Contouse nesta edición con compañías procedentes de Andalucía, Bélxica, Inglaterra, Italia, Madrid, Murcia, Navarra, Portugal, Valencia e unha chileno-arxentina, ademais das galegas Caramuxo con *A festa do dragón*, Viravolta Títeres con *Guillermo Tell*, Cachirulo con *Santiago, historia dunha viaxe*, Matapiollos con *Mario*, Falcatrúa con *Mostruadas*, Tres

Globos con *O sapo encantado* e Tanxarina con *Contaloucos*. Como actividades paralelas celebrouse unha exposición de monicreques dos italianos Vittorio Zanella e Rita Pasqualini na Aula de Cultura de Caixa Galicia, talleres de tallado de monicreques, Unha das novidades desta edición foi o dictame do Iº Premio Barriga Verde para Teatro de Títeres, iniciativa en homenaxe a José Silvent.

Referencias varias:

- MARE, 'Galicreques 2003' na difusión dos títeres', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 28 setembro 2003, p. 62.

Anuncia a celebración do festival Galicreques de xeito simultáneo en Santiago de Compostela, Lugo e Betanzos. Repasa as datas, as actividades paralelas aos espectáculos e a procedencia e nome das compañías participantes.

- M.B., 'Los títeres peregrinan a Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Reportaje', 2 outubro 2003, p. L2.

Dáse conta da presentación do festival Galicreques en Santiago de Compostela, do que sinala os organizadores, indica que a apertura estará a cargo de Títeres Cachirulo con *El Rei-Artur e a abominable dama* e entre as actividades máis importantes salienta a exposición de monicreques da colección de Vittorio Zanella e Rita Pasqualini. Recóllense as palabras da Concelleira de Cultura, Mercedes Rosón, nas que chama a atención sobre a celebración do Primeiro Premio Internacional de Textos para o Teatro de Títeres "Barriga Verde", convocado polo IGAEM, co que se lle quere render unha homenaxe ao titiriteiro José Silvent e do que se dará a coñecer o dictame ao longo do festival. Tamén se recollen as palabras do xerente do IGAEM, Manuel Soto, quen destacou o apoio institucional a este evento co fin de que se consolide, e do director do festival, Jorge Rey, quen destaca a programación para a adultos, ademais das mesas redondas, debates e exposicións que se levan a cabo.

- M.B., 'La colección Zanella-Pasqualini exhibe la rica cultura de los títeres', *La Voz de Galicia*, 'Reportaje', 3 outubro 2003, p. L9.

Faise eco da presenza na Aula Cultural de Caixagalicia de Santiago de Compostela da exposición de monicreques dos titiriteiros italianos Vittorio Zanella e Rita Pasqualini, dentro do festival Galicreques. Fai un repaso polo diverso material que a conforma e destaca a riqueza histórica dalgunhas pezas.

- I.G.A., 'Dieciséis compañías toman parte desde hoy en el festival de títeres', *El Progreso*, 'Lugo', 4 outubro 2003, p. 5.

Anuncia o inicio do festival en Lugo, no que é a súa sexta edición, e fai un repaso por todas as compañías que estarán presentes, indicando ademais os horarios de actuación e os títulos das pezas que van ser representadas.

- L.T., 'Los chilenos de El Chonchón abren el festival de Galicreques', *El Ideal Gallego*,

'Betanzos/Sada', 4 outubro 2003, p. 21.

Ademais de anunciar a apertura da segunda edición do festival Galicreques en Betanzos a cargo da compañía chilena El Chonchón, tamén se explica que este evento conta coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia e o Instituto de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Adiántanse algunhas das actuacións e salientase a importancia de achegar os nenos ao mundo dos monicreques.

- C. Álvarez, 'Llega la ilusión', *El Progreso*, 'San Froilán 2003', 5 outubro 2003, p. VI.

Repaso das actuacións que forman parte da programación do festival Galicreques en Lugo. Ademais de sinalar todas as compañías participantes, tamén se ofrecen os horarios e lugares de actuación, explicando moi brevemente o argumento das obras que se van poñer en escena.

- C.D.C., 'Compostela anima as rúas cos títeres', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 5 outubro 2003, p. 6.

Anuncia a posta en marcha da oitava edición do festival Galicreques, na que sinala que os organizadores tentarán superar a afluencia de público da pasada edición. Indica que nesta edición participan quince compañías de distintos países do mundo, os lugares nos que terán lugar as representacións e a entrega do premio "Barriga Verde".

- Camilo Franco, 'Grandes historias e pequenos personaxes no Galicreques', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 7 outubro 2003, p. L8.

Repaso polas temáticas que abordan as diferentes obras que participan no Galicreques 2003. Comeza destacando a viveza que teñen os monicreques para logo percorrer as propostas de compañías como Tanxarina, que na súa peza *Rapatú* presenta a un demo que tenta a unha rapaza, mentres que outras compañías foráneas convidadas abordan cuestións como a vitoria das galiñas sobre os raposos, a loita de cabaleiros andantes contra dragóns e, sobre todo, a bomba de Hiroshima e as súas consecuencias.

- Camilo Franco, 'Territorios para os títeres', *La Voz de Galicia*, 'Crítica', 8 outubro 2003, p. 59.

Comeza recollendo as palabras dos gañadores do premio Barriga Verde, que salientaron que cos monicreques é máis doado utilizar a fantasía, ben que considera que anda escaso entre os adultos. A seguir céntrase no festival Galicreques, do que destaca a variedade de expresións que chegan aos espectadores. De entre os espectáculos desta edición destaca o do grupo andaluz La Canela, pola súa crítica da violencia a través da bomba de Hiroshima.

- Carme Vidal, 'Cachirulo e Tanxarina, a vitalidade dos monicreques', *A Nosa Terra*, nº 1.099, 'Cultura', 9 outubro 2003, p. 28.

Achégase á actividade de dúas das compañías galegas de máis traxectoria, Cachirulo e Tanxarina, a través dos seus directores, Jorge Rei e Eduardo Rodríguez Cunha, "Tatán",

con motivo da súa participación no Festival Galicreques. Comézase aludindo ás iniciativas que se levan a cabo actualmente relacionadas co teatro de monicreques, entre elas a existencia da revista *Bululú*, do premio Barriga Verde ou dunha sala estábel como é Iago. Recóllense as palabras de Jorge Rei, nas que lembra que este tipo de espectáculos sempre foron dirixidos ao público adulto, ata que nos inicios do século XX comezaron os primeiros dirixidos á infancia, e reflexiona sobre a dificultade de definir un titiriteiro polas múltiples facetas do seu traballo. Pola súa parte Tatán sinala que o panorama actual está estancado debido á falta de compañías estábeis, ao pequeno formato que teñen estas para sobrevivir ou a falta de recoñecemento do seu traballo. Tamén aluden ambos á non adecuación das axudas, á maior complicación que ten preparar un espectáculo de monicreques, fronte ao resto de espectáculos teatrais, así como ao feito de que eles contan cun repertorio de obras que lles facilite manterse ou o seren as compañías que máis traballan fóra de Galicia. Rematan referíndose ao festival, do que destaca que só ten sentido se está amparado por unha programación estábel, como a da sala Iago. En columna á parte e baixo o título de "Por que me fixen titiriteiro? Por Arturo Cuadrado", Jorge Rei explica a influencia que tivo na súa vida a figura de Arturo Cuadrado para dedicarse a esta profesión.

- HB, 'Galicreques 2003 en Lugo', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Venres', 10 outubro 2003, p. 4.

Faise eco da chegada do festival "Galicreques" a Lugo, dando conta das primeiras actuacións a cargo de compañías foráneas e das galegas Tanxarina con *Contaloucos* e Tres Globos con *O sapo encantado*. Remata informando que este festival dispón dunha páxina web na que se recolle toda a información referida ao evento.

- Lupe Gómez, 'Unha obra para rir, pensar e soñar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 outubro 2003, p. 5.

Achégase á peza *Rapatú*, de Tanxarina, despois de que fora representada dentro do Festival Galicreques. Sinala que está baseada nun conto popular e que nela se fala con sorna do amor, do mal e dos homes e mulleres. Destaca o emprego do humor nunha obra na que se sorprende ao público. Sinala que nela se celebra unha voda, que se ofrece a lección de que o mal é necesario ou que as mulleres están retratadas de xeito esperpéntico, todo isto na busca da reflexión.

- Manuel F. Vieites, 'Teatro de bonecos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 62, 'Teatrp', 4 decembro 2003, p. VIII.

Comeza evocando a figura de José Silvent, máis coñecido como Barriga Verde, e a súa popularidade na Galicia dos anos corenta e cincuenta co seu teatro de tradición popular. A seguir, achégase ao papel das vangardas como recuperadoras do chamado "teatro de obxectos", que supuxo a recuperación da tradición europea. Sinala elementos nos que se manifesta esta recuperación, entre eles a presenza de monecos na obra *Ubú rei*, de Jarry, a importancia que se lle outorgou nas teorías da interpretación do século XX como o futurismo e o construtivismo ou a importancia de numerosos autores e compañías. En columna á parte e baixo o título de "Títeres en Galicia: un futuro por facer" achégase á última edición do Festival Galicreques, no que se constata que o teatro de obxectos que se fai na Península está dirixido á infancia, o que mostra unha das eivas desta manifestación

artística. Considera que o teatro de monicreques está nunha situación crítica en Galicia, onde considera que só fai animación pero non creación artística, agás no caso de compañías como Cachirulo, Artello ou Tanxarina, o que provoca que non se consolide un público adulto pola sinxeleza dos espectáculos. Remata reclamando espectáculos de máis calidade e risco cos que consolidar o público, así como unha Escola Superior de Arte Dramático.

Iº Encontro de Cine e Teatro da Fundación María José Jove

Celebrouse entre o 18 de decembro e o 16 de xaneiro na sede da Fundación "María José Jove" da Coruña, aínda que as xornadas dedicadas ao teatro comezaron o día 23 de decembro coa posta en escena de Títeres Cachirulo con *El-Rei Artur e a abominable dama* e á que logo seguiron outras actuacións como a da propia compañía que tamén puxo sobre o escenario *Pinocho*, ou a de Títeres Buratini con *Contos para todo o ano*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A Fundación Jove organiza un encontro de cine e teatro infantil', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 decembro 2003, p. 53.

Anuncio da celebración do ciclo por parte da Fundación Jove da Coruña e das primeiras actividades que se van levar a cabo nel, entre as que destaca a posta en escena de *El-Rei Artur e a abominable dama*, de Títeres Cachirulo.

XIIIª Mostra de teatro infantil de Lugo

Dirixidas a escolares de entre os tres e os trece anos, está organizada polo Concello de Lugo en colaboración con Caixa Galicia. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios. Nesta edición non participou ningunha compañía galega.

Mostra de teatro infantil e xuvenil de Narón

Organizada por primeira vez en 1998 quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que se celebraba dende 1984 polos sete concellos da Mancomunidad. Nos anos 2001 e 2002 celebrouse conxuntamente polo Padroado da Cultura do Concello de Narón e o de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña. Nestes dous anos tivo como sedes o Auditorio de Narón e o Centro Torrente Ballester de Ferrol. Na edición de 2003 non participou o Concello de Ferrol, celebrándose ao longo do mes de outubro, a diferenza de edicións anteriores, e para financeira o Padroado tivo a colaboración do IGAEM en tres dos sete espectáculos. Está dirixida a escolares de entre tres e dezasete anos e nela participaron compañías procedentes de diferentes comunidades

da Península. Entre as galegas estiveron presentes Títeres Trompicallo con *Jiñol*, Tanxarina con *O demo Rapatú* e Bucanero

IIª Mostra de teatro escolar do Concello de Ourense, Moteces 2003

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de establecer un espazo teatral na cidade para o teatro que nace nos centro de ensinanza, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. Esta mostra conta con premios á mellor obra, á mellor dirección, ao mellor actor e actriz e un premio especial á mellor obra que concederá directamente o público. Na edición de 2003 celebrouse en sesións matinais no Instituto Blanco Amor ao longo da primeira quincena do mes de maio e nela participaron grupos de seis centros de ensinanza da cidade: Tarumba, do IES da Universidade Laboral; Faragullas, do Colexio Divina Pastora; Treboada, do Colexio Divino Mestre; o Obradoiro de Teatro do Colexio Santo Anxo; o grupo de teatro do IES Portovello con *Tres millóns*, unha peza de Gary Winogrand; os alumnos da Universidade Laboral con *Arsénico de mesa* e a Aula de Teatro Gargallada con *Consumo permanente*.

Referencias varias:

- LR, 'Los escolares se pasan al teatro', *La Región*, 'Concello de Ourense. Actualidad', 11 maio 2003, p. 16.

Infórmanos da clausura da IIª Mostra de Teatro Escolar "Moteces 2003" que se estivo a celebrar en Ourense. O obxectivo desta Mostra, dísenos, é dar a coñecer o teatro que se fai nos centros educativos da cidade. Nesta ocasión participaron as agrupacións Tarumba, Faragullas, Treboada, e mais o Obradoiro de Teatro do colexio Santo Anxo, o IES Portovello e a Universidade Laboral. O próximo día será a vez de aula de teatro Gargallada, que levará a escena unha peza de elaboración propia.

XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia

Ver Mostra internacional de teatro de Ribadavia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas deste *Informe*. Apartado no que se describen tamén as actuacións de teatro infantil.

Vª Mostra de teatro infantil "Vive o teatro no Nadal" de Vilagarcía

Organizada pola Concellería de Cultura como actividade para a celebración das festas do Nadal, ten como obxectivo achegar o teatro á nenez mediante a representación de pezas especialmente deseñadas para ela. En 2003 celebrouse entre o 26 de decembro e o 4 de xaneiro con actuacións que tiveron lugar ás cinco da tarde na Casa de Cultura de Vilagarcía

e no Auditorio Municipal, con entrada gratuíta. As compañías participantes foron: Títeres Cachirulo con *Catro contos da China* e *El-Rei Artur e a abominable dama*, e Viravolta Títeres con *O candil marabilloso* e *Hip hip hurra*.

Sala Yago

Dende o ano 2002 esta sala coa denominación de Yago abriu unha nova liña de programación, da que tamén se dá conta no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ao longo do ano 2003 seguiu mantendo a celebración de eventos como o "Festival de Reis" e o "Festival Internacional de Títeres", ademais das programacións como "Títeres no Yago", que se celebra os domingos a media mañá e na que se representou *Catro contos da China*, de Títeres Cachirulo, ou "Títeres na escola", que son sesións dirixidas a grupos de escolares maiores de tres anos, na que actuou Títeres Cachirulo con *A guerra das Galicias*, así como a campaña de teatro dirixida aos escolares denominada "Teatro escolar", que despois do verán de 2002 se pasou a denominar "Teatro no ensino medio", no que se poñen en escena obras para colexios de xeito concertado. Na edición de 2003 neste programa representouse *Feirantes*, de Teatro do Noroeste, e *As obras completas de Will Shakespeare*, de Librescena Produccións.

Referencias varias:

- A.I.S., 'Feirantes' por Teatro do Noroeste para rapaces"/"Teatro do Noroeste acerca a los escolares la lírica del escritor Álvaro Cunqueiro', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Santiago', 30 xaneiro 2003, p. 44/p. 30.

Indica que a compañía Teatro do Noroeste vai inaugurar esa mesma noite o ciclo Teatro para o Ensino Medio coa súa peza *Feirantes*, baseada na obra *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro. Explica ademais que a adaptación e dirección corre a cargo de Eduardo Alonso, e que está protagonizada por Luma Gómez. Informa, por último, do carácter lírico e máxico do espectáculo, así como dos obxectivos do ciclo, que pretende constituírse nunha ferramenta pedagóxica para a formación dun público teatral crítico.

- A.I.S., 'Los títeres de La Gaviota inauguran la agendas mensual de la sala Yago', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 2 febreiro 2003, p. 31.

Infórmanos da programación prevista para o mes de febreiro na sala Yago de Compostela. Así, explica, haberá funcións de marionetas (ciclo Títeres no Yago) e de teatro infantil e xuvenil. Canto ás primeiras, actuará a compañía galega Cachirulo con *Catro contos da China* e *A guerra das galicias*, entre outros grupos de procedencia foránea. En relación ao teatro infanto-xuvenil, anuncia o ciclo Teatro para o Ensino Medio, coa posta en escena de *Feirantes* por Teatro do Noroeste e de *As obras completas de Will Shakesperare* e *A morte da doncela*, de Librescena Produccións.

- S.P., 'Catro contos da China no programa da Sala Yago en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 29 novembro 2003, p. 54.

Anúnciase a representación da peza *Catro contos da China*, a cargo da compañía Cachirulo dentro do programa de monicreques da Sala Yago. Dirixida ao público infantil de tres anos en diante, explícase que é un espectáculo de monicreques de luva cos que se recrean catro situacións que levan por título: "Unha ponte na selva", "Bos amigos", "A porta China" e "A pequena cazadora".

VIª Semana de teatro para nen@s de Vigo

Organizada pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo dende o ano 1999, como actividade final das festas do Cristo de Vigo no mes de agosto. Celébrase na Praza da Estrela da cidade viguesa na que se desenvolven diferentes espectáculos teatrais dirixidos ao público máis pequeno en idade. No ano 2003 tiveron lugar sete espectáculos teatrais a cargo de compañías de diferentes lugares da Península, que fixeron as súas representacións ás oito da tarde, e entre as que se atopaba a galega Monicreques de Kukas.

Referencias varias:

- Mayte Saa, 'Títeres y grunge cerraron el teatro para niños y Xove Vigo', *Atlántico Diario*, 'Verano', 11 agosto 2003, p. 37.

Dá conta da clausura da Semana de Teatro para Nenos, un ciclo incluído no programa de festas do Cristo da Victoria de Vigo. Achéganos como exemplo os títulos, en castelán, de dúas das pezas ás que se puideron asistir durante o desenvolvemento da Semana.

Mostra de teatro infantil de Monforte de Lemos

Está organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Monforte, co apoio da Consellería de Cultura e o IGAEM, e celebrouse entre o 21 e o 24 de outubro no Salón de Actos da Casa da Cultura en sesións que se desenvolveron a partir das tres e media da tarde. Inaugurou a mostra Títeres Tanxarina que o día 21 representou *Contaloucos, dous contos contados por tres loucos*, o 22 foi Tarabuleque Teatro con *O tendedeiro de don Guiñol*, o día 23 Títeres Falcatrúa con *Dado trucado, xogo revirado* e clausurou a mostra o día 24 o grupo de teatro de Antas de Ulla con *O rei Mono*.

Ciclo Outono ao abrigo do teatro

Organizado polo Concello de Pontevedra celebrouse ao longo do mes de novembro e decembro. Contou con sesión matutina e vespertina e temos noticia de que foron representadas as obras: *O parrulo feo*, de Tres Globos; *Supermais*, de Talía Teatro, e *Contos do vento acatarrado*, de Monicreques de Kukas.

IVº Festival Internacional de Títeres de Redondela "Memorial Juanjo Amoedo

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, coa colaboración do Concello de Redondela e a Consellería de Cultura, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A programación divídese en catro áreas: a escolar, a da rúa, a das salas e os monicreques para adultos. En 2003 celebrouse entre o 19 e o 26 de maio e nel tiveron lugar as representacións de quince compañías de países como Arxentina, Colombia, Francia, Italia, Reino Unido, República Checa, Uruguai, ademais da participación de compañías españolas procedentes de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia. As actuacións celebráronse no Multiusos da Xunqueira, no auditorio José Figuroa e no pub Solera, ademais das rúas e prazas desta vila. A única compañía galega participante foi Tanxarina coa obra *Rapatú*.

Referencias varias:

- Iglesias Viqueira, 'El Festival de Títeres reúne a quince grupos desde el lunes en Redondela', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 15 maio 2003, p. 19.

Alúdese á presentación, por parte do Concelleiro de Cultura, do IVº Festival Internacional de Títeres de Redondela. Destaca que a compañía galega Tanxarina vai levar a escena *Rapatú*, un espectáculo que combina as técnicas dos monicreques co traballo actoral. Anuncia, por fin, as montaxes que o público poderá presenciar durante o certame.

- C.F., 'La Consellería de Cultura y el Concello ponen en marcha el IV festival de títeres de Redondela', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Vigo/Provincia', 15 maio 2003, p. 39.

Faise eco do acordo entre os poderes públicos para celebrar o IVº Festival Internacional de Títeres de Redondela. Ademais de recoller algunhas declaracións dos organizadores arredor do significado deste resolución, anúnciase que o Festival contará coa presenza de compañías procedentes de América e Europa, e que haberá unha programación diferenciada: escolar, de rúa e de sala.

- Tere Gradín, 'Comienza el espectáculo', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 312, 17 maio 2003, p. 1.

Presentación do IVº Festival Internacional de Títeres de Redondela que está próximo a celebrarse. Coméntase en primeiro lugar a variedade de escenarios onde o Festival terá lugar, destacando a xornalista o feito de que actuarán quince compañías nacionais e estranxeiras. A seguir, indica que será a compañía galega Tanxarina a encargada de dar inicio ao encontro, escenificando *Rapatú*. Segue despois unha enumeración dos títulos dos espectáculos e grupos de monicreques que pasarán por Redondela, acompañada dun breve resumo dos argumentos. Para finalizar, enxálzase o Festival como "único no seu xénero".

- I. Viqueira, 'Tanxarina abre mañana con la obra 'Rapatú' el Festival de Títeres de Redondela', *Faro de Vigo*, 'Comarcas', 18 maio 2003, p. 22.

Anuncia a apertura do IV Festival Internacional de Títeres de Redondela. O grupo local Tanxarina porá en escena, para tal fin, o espectáculo *Rapatú*. Sinálase que esta compañía cumpre vinte anos de existencia artística e que ten actuado en festivais internacionais de varios países. Por último, indícase que será un total de quince compañías as que pasarán polo Festival.

- I. Viqueira, 'Tanxarina abre con 'Rapatú' el telón del IV Festival de Títeres de Redondela', *Faro de Vigo*, 'Comarcas', 20 maio 2003, p. 18.

Dá conta da representación a cargo de Tanxarina do Festival de Títeres de Redondela coa peza *Rapatú*. Destaca a experiencia desta compañía con máis de vinte anos de traballos e a súa habelencia no manexo de diversas técnicas tanto de manipulación coma de construción. Repasa tamén outras actuacións dentro do Festival.

- Camilo Franco, 'O festival de Redondela reivindica a variedade dos títeres', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 24 maio 2003, p. 53.

Comentario á cuarta edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela no que Camilo Franco subliña o feito de que as montaxes con monicreques son aptas tanto para o público infantil coma para o adulto. Destaca tamén a variedade de espectáculos que brinda o programa, concentrando na localidade pontevedresa compañías de diversas procedencias xeográficas.

- Neli Pillado, 'O festival de títeres redondelán xa é un punto de referencia', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 24 maio 2003, p. 17.

Entrevista co artista Miguel Borines, membro da compañía de Redondela Tanxarina que, segundo se nos explica, é coordinadora do Festival Internacional de Títeres de Redondela dende o seu inicio e cumpre vinte anos de existencia como grupo. As preguntas da xornalista centran o seu interese na cuarta edición do Festival, do que o entrevistado destaca a súa consolidación. Por último, faise referencia a *Rapatú*, o último espectáculo de Tanxarina, merecente do premio "María Casares" ao mellor texto adaptado.

VII.3.5.2. ESTREAS

VII.3.5.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Berrobambán Teatro: *A increíble historia dun libro*.

De marcado carácter didáctico, con esta peza búscase fomentar o emprego da lingua galega e a lectura entre os máis pequenos. Caracterizada polas grandes doses de humor, móstraselle ao espectador as diferentes fases polas que ten que pasar un libro ata chegar ás mans do lector.

Referencias varias:

- Chus Gómez, 'Os nenos de Caldas aprenden a querer a lectura e o teatro con Berrobambán', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 abril 2003, p. 69.

Recolle a actuación da compañía Berrobambán en Caldas de Reis, coa obra *A increíble historia dun libro*. Este espectáculo para nenos, dísenos, conxuga dous obxectivos: achegar ao público de menos idade ao mundo do teatro, ao tempo que fomentar a lectura en galego. Informa de que durante a posta en escena se mostrou, en clave de humor, o proceso de elaboración dun libro, da creación á distribución. Indica tamén que os asistentes foron agasallados cun libro.

Falcatrúa: *Linocho e a Lúa*.

Aventuras de Linocho e a súa amiga Chiruca, aos que un verme xigante lles papa o globo. O protagonista vai na busca deste verme para que lles dea un novo globo e sen decatarse entra no mundo da fantasía.

Autor e director: Esteben Losada.

Intepretación: Esteban Losada e Isabel Amado Rojo.

Referencias varias:

- C.B., 'Teatro y títeres se acercan a los escolares xalleiros', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 25 outubro 2003, p. 33.

Nota da asistencia de case trescentos escolares dos colexios Traba, Inmaculada e Barrié de la Maza de Santa Comba á representación de Falcatrúa, *Linocho e a lúa*. Anúnciase tamén a próxima actuación de Tarabuleque con *Tele-misión imposible* e Títeres Cachirulo con *Cousas de Castelao*.

Falcatrúa: *A sorprendente historia do benfadado Mourellas*.

Comedia na que un vello titereteiro recibe a reprimenda dos seus monicreques para que comece a función, polo que accede aos seus desexos. A acción céntrase nunha escola na que os nenos xogan e estudan, alí está Bisagra, un monicreque estudoso e brillante; Arroutos, unha nena necia e arroutada; e Peneque, egoísta e manipulador. A través dos anos as súas vidas crúzanse e vanse entrelazando poñendo de manifesto as súas actitudes e comportamentos.

Autor e director: Esteban Losada.

Monicreques de Kukas: *Contos do vento acatarrado*.

Espectáculo de monicreques no que un día de moita calor o señor Don e a señora Dona se dispoñían a xantar debaixo dun limoeiro, para aproveitar a sombra desta árbore, pero nese

momento sentiron un xemido que era do vento que se laiaba de dor.

Dirección: Marcelino "Kukas", Isabel Rey e Gena Baamonde.

Interpretación: Isabel Rey e Marcelino "Kukas".

Ver Vº Mostra de teatro de Cee.

Referencias varias:

- Sofía de Benito, 'Títeres con conciencia', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 11 novembro 2003, p. L15.

Sección fixa na que se dá conta dalgúns actos culturais que se levan a cabo na cidade de Santiago de Compostela. Nesta ocasión refírese á posta en escena de *Contos do vento acatarrado*, de Monicreques de Kukas no Fogar da Terceira Idade Porta do Camiño, unha iniciativa do Instituto Galego de Consumo e Asuntos Sociais, coa que se queren fomentar valores como a amizade, a solidariedade e o consumo responsábel. Do mesmo xeito tamén dá noticia da presenza dos responsábeis do Centro de Documentación do IGAEM no Salón Internacional do Libro Teatral de Madrid, onde presentaron o Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres e o número cinco da revista *Bululú*.

Produccións Librescena: *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas).*

Peza baseada nun texto da compañía The Reduced Shakespeare Company que pretende achegar a obra do dramaturgo inglés a todos os públicos, en clave de comedia e parodia, neste caso adaptada para o público infantil.

De Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield.

Versión de Imma António e Miguel Pernas.

Dirección: Xosé Rabón.

Interpretación: Imma António, Miguel Pernas e Xosé Vilarelle.

Ver Sala Yago.

Quinquilláns: *As abellas.*

Espectáculo de teatro de rúa no que se narra a historia dunha colmea na que se loita por atopar un espazo para sacar a pole que necesitan. Tamén a felicidade da raíña e dos zánganos fan que as obreiras traballen arreo para construír a colmea e tela rebosante de mel.

Autor: Gabriel Penabade.

Dirección: Olga Cameselle e Gabriel Penabade.

Interpretación: Ignacio Vilariño, Anxo García, Xurxo Piñeiro, Nazaré Davila e Eva Vila.

Referencias varias:

- Estrella Villares, 'Noites de verán', *El Progreso*, 'Burela', 22 xullo 2003, p. II.

Repaso ás actividades de carácter cultural que teñen lugar en Burela dentro do programa municipal denominado "Noites de verán", no que se inclúe a posta en escena para público infantil *As abellas*, de Quinquilláns.

Talía Teatro: *Eu así non xogo*.

Peza de Artur Trillo que con *Menos lobos* forma parte dunha triloxía iniciada no ano 2000. Trátase dunha obra realista na que se abordan os xogos, enfados e conflitos dunha banda de nenos, coa que se presenta a problemática derivada do propio xogo.

Dirección: Artur Trillo.

Ver IVº Festival de Nadal de teatro infantil de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Os nenos non son parvos', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 26 decembro 2003, p. 4.

Entrevista a Artur Trillo, actor e director de Talía Teatro arredor de *Eu así non xogo*, peza estreada no mes de decembro no colexio San Cosme de Mazaricos. Explica que o argumento da obra xira arredor dos xogos que se establecen entre os rapaces dunha panda, destaca a importancia do xogo dramático a certas idades, do ritmo nestas pezas dirixidas aos máis novos para que non se aburran, a súa aposta por un público pasivo durante as postas en escena, a importancia dos elementos escénicos para captar a atención do espectador ou a calidade como diferenza fundamental entre as obras dirixidas a adultos e a nenos. Tamén critica a falta de vontade para fomentar este sector así como dunha programación adecuada.

Teatro Akatro: *A Academia Roberta Zarraspilla*.

Espectáculo para toda a familia no que a través de contos se dan leccións de todas as materias que existen no ensino.

Interpretación: Tareixa Alonso, Andrea Bayer

Referencias varias:

- B.L., 'Merendas de 'zurraspillas' e 'cabras', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 21 abril 2003, p. 70.

Dá conta das diversas actividades teatrais e lúdicas acontecidas durante a fin de semana en Pontevedra. Entre elas, destaca a actuación da compañía Akatro, onde os actores se converteron en peculiares profesores dunha academia que impartía aos espectadores-alumnos clases de matemáticas, educación física ou inglés. Refírese tamén ao espectáculo

de Mamá Cabra, baseado en textos de poetas como Gloria Sánchez, Ana María Fernández e Antonio García Teijeiro.

Teatro Buratini: *Palabras de caramelo.*

Peza na que se conta a historia de amizade dun neno sahará cun camelo e que aparece descrita no apartado de Narradores traducidos deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Corazóns de gomaespuma', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 28 novembro 2003, p. 4.

Entrevista con Pablo Suárez e Larraitz Urruzola, director e primeira actriz da compañía na que falan das obras que teñen en cartel neste momento, explican que a peza que veñen de estrear está baseada na novela homónima de Gonzalo Moure, na que empregan monicreques de gomaespuma sobre mesa e teatro de sombras. Refírense tamén a natureza curiosa do seu público, ás técnicas que empregan e que caracterizan por ser mixtas nas que combinan o labor interpretativo coa expresividade do monicreque ou ao feito de que cuns bonecos se encariñan máis que con outros. Rematan sinalando que en Galicia malia a gran demanda que existe de teatro infantil para os colexios está infravalorado, o que obriga ás compañías a ter espectáculos de pequeno formato para poder sobrevivir.

Teatro Buratini: *Cineclú (Internacional Show).*

Espectáculo en clave de humor estreado na II Mostra de Teatro Independente da Coruña no que se aproveitan as posibilidades da arte cómica e se combinan técnicas e estilos diferentes. Articulado en sketches créanse diferentes xéneros e correntes cinematográficas, dende o cine mudo ás películas de gansters, pasando polo neorrealismo italiano, a ciencia ficción ou o cine erótico.

Autor e director: Simone Negrín.

Interpretación: Simone Negrín, José Luís López Roca e Alfonso R. Morales.

Títeres Cachirulo: *A pedra que arde.*

Referencias varias:

- Sofía de Benito, 'Están para comérselos', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 4 novembro 2003, p. L15.

Sección fixa na que se dá conta de diferentes actos culturais que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela, entre os que figura a presentación na Sala Yago da obra *A pedra*

que arde, de Títeres Cachirulo.

- M.B. , 'Cachirulo recrea un cuento de Galeano para su nuevo montaje', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 decembro 2003, p. L9.

Anuncia a estrea do espectáculo *A pedra que arde*, de Títeres Cachirulo na Sala Yago. Explicase que o argumento xira arredor da relación entre a infancia e a vellez, a través dun ancián e o seu neto. Recóllense as palabras de Jorge Rey, nas que destaca o trasfondo social deste conto de Eduardo Galeano e o feito de que saen a relucir cuestións como os ideais, a loita pola liberdade ou o poder. Tamén se reproducen as palabras de Carmen Domech, quen salienta que na peza se transmite a mensaxe de que cada un ten que ser coherente coa súa vida. Remátase sinalando que no espectáculo se empregada unha técnica tradicional belga, na que se mestura o pupis italiano e a marioneta de fíos.

Títeres Trompicallo: *Manolito Camaleón*.

Espectáculo de monicreques no que Manolito é un boneco que non en corpo, só ten unha cabeza de cartón e dúas mans enfundadas en luvas. Como tampouco fala, será a través do mimo como engaiole ao público e lle chegue ao corazón compartindo a súa fantasía e o seu humor.

Dirección: Xron.

Interpretación: Marián González, Luís González e Beatriz Sánchez.

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

VII.3.5.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Aula de Teatro Gargallada: *Consumo permanente*.

Creación orixinal da agrupación na que se presenta unha reflexión sobre a sociedade actual, cos seus defectos e virtudes.

Ver IIª Mostra de teatro escolar do Concello de Ourense, "Moteces 2003".

Candalexas: *O malvado don alcol*.

Peza de monicreques de marcado carácter didáctico, na que se advirte sobre os perigos do alcol e que está dirixida a nenos e nenas de entre sete e once anos.

Caramuxo: *Con certo conto*.

Referencias varias:

- A.S., 'Teatro Ensalle inicia las actividades infantiles y amplía su oferta cultural', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 3 decembro 2003, p. 41.

Dáse noticia da programación infantil do Teatro Ensalle de Vigo, na que participan diferentes compañías foráneas e a galega Caramuxo coa peza *Con certo conto*.

Caramuxo: *A festa do dragón*.

Disparatada aventura na que o público toma parte e que está protagonizada polo malvado dragón Zardigot, que será vencido polos cabaleiros M300 e M200.

Referencias varias:

- I.P., 'El actor que se convierte en superhéroes', *La Opinión*, 'A pié de calle', 17 xullo 2003, p. 12.

Dá conta da estrea desta peza no Club do Mar da Coruña, á vez que se explica o argumento e se sinala os intérpretes. Tamén se lembra outra obra do grupo, *Concerto corto*, a diferencia desta concibida para espazos pechados.

Compañía Caracol: *Rabilinda e os outros*.

Peza na que se recrean os contos clásicos de animais xuntándoos nunha mesma granxa.

Escola Municipal de Teatro de Soutomaior: *A casa dos gatos*.

Dirección: Andrea Bayer.

Referencias varias:

- A.P., 'A Escola de Teatro Municipal de Soutomaior estrea a súa primeira obra, 'A casa dos gatos', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra comarca', 17 xaneiro 2003, p. 20.

Anuncia a estrea da obra de teatro baseada nun conto infantil, *A casa dos gatos*, que van poñer en escena na Casa da Cultura de Arcade os integrantes da Escola de Teatro do Concello de Soutomaior. Sinálase que é unha iniciativa da Concellería de Xuventude e Benestar Social coa que queren fomentar a afección ao teatro, que nela participan, de momento, trece nenos e nenas de seis a doce anos e que esta Escola está aberta a todos os

que desexen participar.

Grupo de teatro da Universidade Laboral: *Arsénico de mesa.*

Peza de humor negro de Joseph Kesseiring, que fora levada ao cine por Frank Capra e na que se conta a historia dun crítico teatral a punto de casar que descobre que as súas tías alivian os seus desamores con arsénico.

Ver IIª Mostra de teatro escolar do Concello de Ourense, "Moteces 2003".

Grupo de teatro de Serra de Outes: *Tres capitáns de tempos idos.*

Peza de Antón Avilés de Taramancos na que se pon en escena con humor a través de tres personaxes principais e arquetípicos e dun poeta de renome en Galicia, a historia do país e da súa lingua, cómo naceu, cómo pasou por tempos escuros, cómo rexurdiu e cómo chegou a ser considerada na actualidade.

Referencias varias:

- M.G., 'Decembro Cultural en O Son', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 decembro 2003, p. 39.

Ademais doutros actos que se van celebrar ao longo do mes de decembro en diferentes lugares do Concello de Porto do Son, dáse conta da posta en escena de *Tres capitáns de tempos idos*, do grupo de teatro de Serra de Outes.

Grupo de teatro do Colexio a Pastora: *A vide nas estacións.*

Grupo de teatro do Colexio de Corbillón: *O cogomelo.*

Grupo de teatro do Colexio de Corbillón: *O home tornillo.*

Grupo de teatro do Colexio de San Tomé: *O rei fachendoso.*

Grupo de teatro do Colexio de Vilariño: *Os antollos de Margarida.*

Grupo de teatro do Colexio Magariños: *Unha avoa a catro patas.*

Grupo de teatro do Colexio Magariños: *A visita do inspector.*

Grupo de teatro do IES Portovello: *Tres millóns.*

Ver IIª Mostra de teatro escolar do Concello de Ourense, "Moteces 2003".

Grupo de teatro infantil da Asociación de veciños San Mamede: *Esta si que che é desgracia.*

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, 'Baile moderno, teatro y música en Zamáns', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 costados', 22 decembro 2003, p. 9.

Nova da celebración dun festival de Nadal organizado pola Asociación "San Mamede", no que se anuncia, entre outros espectáculos, unha posta en escena do grupo teatral da asociación formado por nenos de entre sete e doce anos, que van representar *Esta si que che é desgracia*.

Grupo de teatro infantil de Antas de Ulla: *Mamasiña, ¡que medo!.*

Liceo de Noia: *O Principiño.*

Dirección: Manuel Sabín.

Referencias varias:

- A.M., 'Los niños aprenden muy rápido y son la semilla del teatro del futuro', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 febreiro 2003, p. 37.

Entrevista a Manuel Sabín, actor e director de teatro na que fala do seu labor á fronte do grupo de teatro do Liceo de Noia, co que está ultimando a representación de *O Principiño*. Destaca o desafío que supón adaptar as pezas clásicas, a busca da catarse en cada espectáculo, a capacidade que teñen os nenos para aprender e a querencia cada vez maior

polo teatro entre a xente nova. Remata falando doutras facetas da súa vida como a de actor de televisión. Nunha columna á parte ofrécese o seu perfil biográfico.

Matapiollos: *Mario.*

Interpretación: Carlos Coira, Marta Ribas, Jorge Yáñez e Fátima Fernández.

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

Os Caeiros: *O medallón do Emperador.*

Os Estraloxos: *Un marido de máis.*

Referencias varias:

- A.C., 'A cita dos 'Estraloxos', *El Progreso*, 'Monforte', 21 xullo 2003, p. 20.

Faise eco da celebración dun xantar campestre organizado pola Asociación xuvenil de Vilar de Ortelle, que entre outras actividades celebrou a posta en escena de *Un marido de máis*.

Produccións Daqueloutradas: *Tanis I O Mocos.*

Peza baseada na obra de Manuel Lourenzo, na que se contan as aventuras do herdeiro á coroa de Sofronia, un rapaz especial que trae medio tolos a todos os da corte real.

Tarantela (Grupo de teatro da Asociación de veciños de Beade): *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas.*

Tarantela (Grupo de teatro da Asociación de veciños de Beade): *A tía lambida.*

Teatro da Fervenza: *Náufragos.*

Teatro do Vilar: *Romance de Micomicón e Adelala.*

TEN (Teatro Escola de Narón): *A festa da Neves.*

Peza de Margarita Sánchez, publicada en galego neste ano e da que se pode ver a súa descrición no apartado VII. 3. 3., que xira arredor da trama dun alcalde e a súa dona para especular coa casa dunha veciña e construír no seu lugar un centro comercial.

Dirección: Luís Ramos e Asun Rivero.

Ubú Teatro: *A raíña aburrida.*

Dirección: Marga Portomeñe.

Ver Iª Mostra de Teatro Cidade de Lugo.

VII.3.5.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

VII.3.5.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Artello. Teatro Alla Scala 1:5: *Unha de amor.*

Inspirada no conto de Jorge Amado *O gato gaiado e a andorinha Sinhá* e nas ilustracións de Carybé, nesta peza os animais que habitan nunha pequena vila viven atemorizados pola inquietante presenza dun veciño díscolo, o Gato Gaiado. A el atribúen os máis horrendos crimes e a orixe de todas as desgracias que alí acontecen. Coa chegada da primavera, unha nova e ousada andoriña consegue o nunca visto: ante o estupor de todos os veciños, o Gato Gaiado sorriu. A partir dese momento, desenvólvese unha relación entre o Gato e a Andoriña.

Dirección: Manuel Pombal.

Actores/Manipuladores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Guión, espazo escénico, monicreques e iluminación: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Escenificación e produción: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Mestura e edición da banda sonora: Manuel Pombal.

Pintura do decorado: Suso Montero.

Texto e selección musical: Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Artello. Teatro Alla Scalla 1:5: *A do libro (Aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes).*

Baseada nunha serie de narracións do escritor portugués José Ferreira Gomes, Chora-que-logo-bebes é unha aldea pequena que se atopa ao lado da Fraga Branca, que é un parque de seres fantásticos rodeado dun muro moi alto. De tan alto que é ninguén ousou atravesalo nunca ata que Perello, un cativo choraquelogobebense, pensando que ninguén se atreve polo medo que lle dan os xigantes e monstros que din que hai alí, decide saltar o muro e descubrir por si mesmo o que hai de certo nas historias que lle contan. Así coñecerá lugares tan insospeitados como o Camiño da Felicidade o da Infelicidade, atopará nas nubes o rastro da Cidade da Confusión... ata chegar á mesmísima Boca da Felicidade á Forza.

Dirección: Manuel Pombal.

Dramaturxia: M. Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Banda sonora, efectos e dirección de dobraxe: Manuel Pombal.

Escenografía, texto, vestiario, atrezzo, monicreques, iluminación, selección musical e deseño gráfico: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Técnico de iluminación e son: Efraím Rivera.

Artello. Teatro Alla Scalla 1:5: *Amadís de Algures (Unha de cabalerías).*

Artello. Teatro Alla Scalla 1:5: *Amadís de Algures (Unha de cabalerías).*

No fragor da guerra que asola Algures, un bebé é depositado nunha arca para poñelo a salvo dunha morte segura. Tras dun longo periplo arriba a un reino afastado, onde é acollido polo cabaleiro Gandales e a súa dona Leonora. Dende neno, a súa vitalidade chama a atención da xente do anquilosado país no que vive. Sendo mozo atopa no bosque á princesa Oriana, á que salva do perigo no que se atopa. Dende ese momento a súa maior aspiración é ser nomeado cabaleiro. As súas fazañas en defensa dos máis febles farán que a súa sona chegue aos lugares máis afastados, aínda que tamén lle crearán algún problema coa súa amada.

Dirección: Manuel Pombal.

Actores/Manipuladores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Guión, posta en escena, deseño gráfico e produción: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Banda sonora: Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Fotografías: Simón Balvís e Santi Amil.

Ver IIº Ciclo "Vigo a escena".

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

Berrobambán Teatro: *Movimentos para Trasnós e Trastes.*

O trasno Compás, acompañado de dous músicos da Filharmonía de Ultramundo, ensina aos

seus compañeiros e compañeiras de falcatrúas cómo moverse e cómo escoitar a música que esta Filharmonía compuxo para o ano capicúa 2002, que é unha data moi importante para os trasnos e para os humanos.

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

Berrobambán Teatro: *Dous contos sen final e un final por fin.*

Peza escrita por José Campanari na que se trata a relación dos avós e netos. Está protagonizada por a Avó-Ana, que lle conta un conto ao seu neto, pero este queda sen final e decide saír á rúa a buscar un final. Na súa busca atopa personaxes moi curiosos que lle axudan a atopar o final desexado.

Dirección: José Campanari e Diana Tessari.

Música orixinal: Manolo Vázquez.

Interpretación: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago, Teresa Rodríguez e Manolo Vázquez.

Compañía de Miro Magariños: *Os xigantes.*

Espectáculo baseado na obra *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández que fora publicada por SM na súa colección "O barco de vapor". Protagonizada por un carpinteiro e o seu axudante Pucho, que tras escoitar o parte radiofónico pola mañá lembrará o primeiro unha historia que xa lle contaba o seu avó.

Dirección: Eduardo R. Cunha "Tatán".

Interpretación: Miro Magariños, Mundo Villalustre.

Música: Pablo Costas.

Escenografía: P. Pastor.

Narración e percusión: Eva del Campo.

Vestuario: Belén Puentes.

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres.*

Espectáculo creación do grupo que reúne un bo número de cancións de todos os estilos, dende cancións infantís tradicionais ata o rap ou a canción africana e onde os diferentes personaxes que aparecen no escenario, todos moi próximos aos rapaces e rapazas, tratan temas como os xogos tradicionais fronte á televisión ou os videoxogos; os xoguetes bélicos e sexistas fronte á animación á lectura ou a importancia do uso do galego, a ecoloxía, a lectura, a cultura en xeral, etc.

Dirección: Migallas.

Interpretación: María Campos e Carlos Yus.

Técnico de Son: Xurxo Cortázar.

Escenografía, vestuario, cancións, fotografía, deseño gráfico e produción: Migallas.

Monicreques de Kukas: *Xan Trapallas, ou un día calquera na vida dun home calquera.*

Comedia muda na que se tenta facer reflexionar e afondar nas situacións, por veces absurdas, que nos depara a vida cotiá e a relación que establecemos os humanos con todo tipo de obxectos que nos rodean. Xan Trapallas é un paisano inxenuo, trangalleiro e dormilón que dende que se ergue só pensa en volveirse deitar.

Dirección: Isabel Rey e Susana Dans.

Interpretación: Gena Baamonde, Marcelino de Santiago "Kukas" e Javier Méndez Oro.

Monicreques de Kukas: *Anxélica no ombral do ceio.*

Esta peza escrita por Eduardo Blanco Amor en 1942 desenvolve cómo Anxélica, unha moza doce e virxinal, morre e chega ás portas do ceo, onde non se decide a entrar porque quere coñecer o amor que aínda non tivo ocasión de sentir.

Dirección: Marcelino de Santiago e Isabel Rey.

Manipulación: Gena Baamonde, Javier Méndez Oro e Isabel Rey.

Voces: Xan Cejudo, Patricia de Lorenzo, Xavier Estévez e Roberto Leal.

Ver Ciclo de teatro de Cambados.

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

Referencias varias:

- M. Beceiro, 'Kukas devuelve el mejor teatro de Blanco Amor al género titiritero', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 xaneiro 2003, p. L9.

Faise eco da estrea de *Anxélica no ombral do ceio*, orixinal de Eduardo Blanco Amor. Sinala que a compañía encargada de levala a escena, Kukas, é o primeiro grupo profesional de teatro de monicreques na nosa comunidade, e que o próximo ano cumprirá trinta anos de existencia. Destaca tamén o feito de que esta obra, creada para os bonecos, case sempre se tiña levado a escena por actores de carne e óso. Por último, resume o contido da peza, unha comedia "irreverente, con certa retransa e moi divertida": unha doncela virxinal morre, pero ao chegar ás portas do ceo decide que non quere entrar aínda porque non experimentou o amor.

- A.I.S., 'Kukas trae al Principal un divertido montaje de Eduardo Blanco Amor', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 9 xaneiro 2003, p. 32.

Recolle a presentación perante os medios de comunicación da peza *Anxélica no umbral do ceio*, por parte dos directores da compañía Os Monicreques de Kukas, Marcelino de Santiago e Isabel Rey. Explicase que a obra está baseada nun texto escrito por Eduardo Blanco Amor en 1942 e que foi concibida para a súa representación con marionetas. Indica tamén que os encargados da posta en escena subliñaron que se trata dunha peza que trata con humor o tema da vida alén da morte.

- Lupe Gómez, 'Obra preciosista e coidada', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 xaneiro 2003, p. 5.

Comentario eloxioso da representación de *Anxélica no umbral do ceio*, obra de Eduardo Blanco Amor dirixida pola compañía de monicreques Kukas. Achéganos o argumento da peza, protagonizada por unha moza que quere volver á vida, e valora positivamente todos os elementos da posta en escena: iluminación, escenografía, música, etc. Sinala por último que se trata dunha obra que transmite valores "sinxelos e bos e necesarios, para nenos e maiores".

Pablo Nojes: *¿Que pasa na praza?*.

Pablo Nojes: *Un día con coches*.

Referencias varias:

- R. Carrera, 'Vigocreque inicia unha nova andaina con espectáculos durante todo o ano', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 11 xaneiro 2003, p. 24.

Anuncia a presentación do programa "Vigocreque", que levará o teatro de monicreques aos nenos de diferentes parroquias viguesas. Indica que dentro desta iniciativa municipal se van representar as pezas *Cinco historias para unha man*, de Spaghetti Títeres e *Un día con coche*, de Pablo Nojes.

Seisdedos: *O cego dos monifates*.

Seisdedos: *Varietés*.

Spaguetti Teatro de Títeres: *Chímpate chímpate*.

Spaguetti Teatro de Títeres: *Cinco historias para unha man*.

Referencias varias:

- R. Carrera, 'Vigocreque inicia unha nova andaina con espectáculos durante todo o ano', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 11 xaneiro 2003, p. 24.

Anuncia a presentación do programa "Vigocreque", que levará o teatro de monicreques aos nenos de diferentes parroquias viguesas. Indica que dentro desta iniciativa municipal se van representar as pezas *Cinco historias para unha man*, de Spaghetti Títeres e *Un día con coche*, de Pablo Nojes.

Talía Teatro: Supermáis!!!.

Historia de J. M. Benet i Jornet, protagonizada por un súper heroe, de clara estética inspirada no cómic, que se desenvolve nunha cidade que está en perigo.

Dirección: Arturo Trillo.

Interpretación: Toño Casais, Rosi Barcala, Borja Insua, Xurxo Barcala, Gustavo G. Dieste e Marta Ríos.

Talía Teatro: Menos lobos.

Jennifer, Jonathan e Christopher son dous nenos e unha nena de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o aniversario desta, pero atópanse coa noticia de que o aniversario é mañá. Para non aburrírense, despois de moito pensar en qué facer deciden representar un conto onde haxa lobos.

Dramaturxia e dirección: Artur Trillo.

Interpretación: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste.

Espacio escénico e atrezzo: Carlos Alonso.

Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro.

Iluminación: Víctor Trillo.

Fotografía: Fernando de Juan.

Deseño Gráfico: Blanca Barrio.

Producción: Produccións Teatrais Talía, S. C.

Ver IVº Ciclo de teatro infantil "Domingos do Principal" de Pontevedra.

Referencias varias:

- E.G., 'El teatro de Tui regala fantasía a los niños', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Louriña', 25 outubro 2003, p. 21.

Dá conta da representación no Teatro Municipal de Tui da peza *Menos lobos*, de Talía Teatro. Recóllense as impresións dalgúns dos nenos asistentes nos intres previos ao espectáculo, salientando a ilusión coa que se achegan a este tipo de actividade. Tamén se adiantan outros espectáculos que van ter lugar na vila como *A rúa das pantasma*s, de Títeres Cascanueces ou *O lapis do carpinteiro*, de Sarabela Teatro.

Tanxarina Títeres: *Contaloucos*.

Comedia de monicreques, dirixida a rapaces a partir de seis anos, baseada en *A bomba e o xeneral*, de Umberto Eco e *A historia de Anselmo e o seu amigo Timoteo*, de Terry Jones, na que se inclúen tres contos nos que os protagonistas son tres tolos titiriteiros escollidos da literatura universal contemporánea. Con diferentes bonecos cóntanse tanto historias de agora coma contos con sabor tradicional, nos que se fala da guerra, dos trasnos, dos narigudos ou da amizade.

Dirección: Cándido Pazó.

Actores-manipuladores: Eduardo Rodríguez Cunha, Andrés Giráldez e Miguel Borines.

Música: Paco Barreiro.

Efectos de son: Manuel Pombal.

Vestuario dos bonecos: Belén Puentes.

Atrezzo: Carlos Alonso e Concha González.

Tanxarina Títeres: *Rapatú*.

Estreada no mes de marzo, foi merecedora do Premio María Casares ao mellor texto adaptado que recibiu Quico Cadaval. Esta peza está inspirada nun conto da tradición popular europea, cunha gran presenza na tradición oral portuguesa. Cóntase a historia do demo Rapat que se alimenta das paixóns humanas pero que atopa unha moza casadeira moi guapa que ten como problema unha tía de moito carácter.

Adaptación e dramaturxia: Quico Cadaval.

Dirección: Miguel Borines e Eduardo R. Cunha "Tatán".

Actores, manipuladores e músicos: Miguel Borines, Andrés Giráldez e Eduardo R. Cunha "Tatán".

Composición e dirección musical: Francisco Barreiro.

Deseño e construción dos bonecos: Pablo Giráldez "O Pastor" e Tanxarina.

Vestuario de bonecos e actores: Belén Puentes.

Ver IVº Ciclo de teatro infantil "Domingos do Principal" de Pontevedra.

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

Ver IVº Festival Internacional de Títeres de Redondela, "Memorial Juanjo Amoedo".

Referencias varias:

- E.G., 'El grupo de títeres 'Tanxarina' pone en escena 'Rapatú' en el Auditorio del Área Panorámica', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño', 29 maio 2003, p. 17.

Anuncia a posta en escena prevista para o día seguinte en Tui de *O demo Rapatú*, de Tanxarina. Informa sucintamente do carácter e argumento da representación, da coparticipación na mesma de monicreques e mais actores e da súa orixe nun conto popular europeo. Esta posta en escena mereceu, segundo subliña, o Premio "María Casares" 2003 á mellor adaptación e tradución. Indica, así mesmo, que no espectáculo se inclúe música

interpretada en directo pola propia compañía.

- Beti Rey, 'La compañía de títeres Tanxarina trae al Área Panorámica 'O demo Rapatú', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 30 maio 2003, p. 22.

Informa da representación en Tui de *O demo Rapatú*, novo espectáculo da compañía Títeres Tanxarina, que combina no escenario actores de carne e óso con bonecos. Explica, ademais, que se trata dunha adaptación dun conto tradicional realizada por Quico Cadaval, autor que foi por iso distinguido co premio "María Casares" 2003 á mellor adaptación e tradución.

Tanxarina Títeres: *Titiricircus*.

Espectáculo arredor do mundo do circo de rúa, dos seus personaxes e as historias que estes viven. É unha lembranza ensoñadora e festiva do gran circo de carpa na que dous vellos traballadores lembran con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Manipulación: Miguel Borines, Eduardo Rodríguez e Andrés Giráldez.

Referencias varias:

- N.V.s., 'A Macuca fará de Pontedeume un cultural país de Nunca Máis', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 31 agosto 2003, p. 15.

Con motivo da celebración das festas de setembro de Pontedeume faise un breve repaso pola programación de actos culturais previstos, froito da colaboración da comisión de festas e o colectivo A Macuca. Sinálase que entre as novidades terán lugar as postas en escena de *Jánsel e Pónsel*, a cargo de Bucanero Teatro; *Yoni Medio Gramo*, de Contracontos; e *Titiricircus*, de Tanxarina Teatro, así como a presentación do volume de banda deseñada *H2Oil* ou do libro de fotografías *No país de nunca máis*.

Teatro Avento: *¿Quen matou a Mari Lauri?*.

Comedia de Xoán Abreu na que se parodian algúns tópicos das películas de suspense e de acción.

Dirección: Xoán Abreu.

Interpretación: Benito A. Correa, Carlos R. Roca, Juancho Ferrón, Marcos Alonso e Xoán Abreu.

Guión: Xoán Abreu.

Escenografía: Teatro Avento.

Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento.

Vestuario: Teatro Avento.

Realización do vestuario: Teatro Avento.

Música: Teatro Avento.

Técnico de son: Gustavo Loira.

Iluminación: Teatro Avento.

Técnico de iluminación: Gustavo Loira.

Teatro Avento: *¿Quen matou a Mari Lauri?*

Comedia de Xoán Abreu na que se parodian algúns tópicos das películas de suspense e de acción.

Dirección: Xoán Abreu.

Interpretación: Benito A. Correa, Carlos R. Roca, Juancho Ferrón, Marcos Alonso e Xoán Abreu.

Guión: Xoán Abreu.

Escenografía: Teatro Avento.

Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento.

Vestuario: Teatro Avento.

Realización do vestuario: Teatro Avento.

Música: Teatro Avento.

Técnico de son: Gustavo Loira.

Iluminación: Teatro Avento.

Técnico de iluminación: Gustavo Loira.

Teatro Buratini: *O pazo de papel.*

Espectáculo de marionetas, baseado en textos de José Zafra e Gianni Rodari, estruturado en dúas partes: na primeira delas o espectador presencia a viaxe á biblioteca dun vello caserón, onde descobre os amores dunha ratiña de biblioteca cun rato de campo. Trátase dun relato de ton intimista e esperanzador. Na segunda parte xorde a presenza de Don Gato, quen ten complicacións co seu mundo de negocios, e acaba de ter unha idea: inaugurar unha tenda de ratos en conversa.

Dirección: Pablo Suárez.

Interpretación: Larraitz Urruzola e Manuel Gutiérrez (pianista)

Teatro Buratini: *Contos para todo o ano.*

Este espectáculo teatral de contacontos e marionetas baseado en textos de Carles Cano e Gianni Rodari, dirixido ao público infantil, no que se conta unha historia protagonizada pola coñecida escritora Estrela da Fonte, quen acode a falar do seu último libro de contos. Tamén tentará atopar a Clara, unha rapaza que lle regalou un caderno cheo de historias. O contido son diversos contos curtiños relacionados coa natureza, as estacións do ano, o mar e o universo. O espectáculo no seu conxunto pretende levar aos asistentes de viaxe polo mundo dos contos.

Dirección: Pablo Suárez.

Ver Iº Encontro de Cine e Teatro da Fundación "María José Jove".

Teatro de Ningures: *O Principiño*.

Obra de Antoine de Saint-Exupéry

Dirección: Salvador del Río.

Interpretación: Fran Paredes, Gabriel Lezcano, Marián Bañobre, Santiago Cortegoso e A. Barreiro "Warren".

Ver IVº Ciclo de teatro infantil "Domingos do Principal" de Pontevedra.

Referencias varias:

- B.L., 'O Principiño' de Teatro de Ningures', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 febreiro 2003, p. 78.

Dáse conta da participación de Teatro de Ningures no ciclo "Domingos do Principal" coa peza *O Principiño*, da que ademais de reproducir algún parágrafo se recollen as palabras do seu director, Salvador del Río, nas que sinala que é fiel ao orixinal de Antoine de Saint-Exupéry e que o interese do grupo vén dado polos valores universais que ten a novela. Refírese tamén á idade do espectador á que vai dirixida a peza, que considera máis ampla por ser máis doado percibir cousas no teatro que na novela e remata salientando a importancia de ciclos teatrais coma este, que cre que deberían ampliarse a toda Galicia.

Teatro do Atlántico: *Ecos e voces dun tempo e dun país*.

Espectáculo de corte intimista e cunha gran carga de humor no que se fai un percorrido pola poesía galega contemporánea e no que están presentes as obras de máis de vinte poetas galegos, entre eles Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Luísa Castro ou Manuel Rivas.

Dirección: Xulio Lago.

Interpretación: María Barcala, Xavier Constenla, Pilocha e Xulio Lago.

Teatro do Noroeste: *Feirantes*.

Baseado en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro, este espectáculo teatral baséase nunha selección de textos escollidos da serie de retratos de tipos populares coñecidos por Álvaro Cunqueiro e recollidos na súa obra *Os outros feirantes*. Na posta en escena a protagonista é unha vaca marela, que serve de fío condutor para realizar o percorrido polos diferentes sitios e personaxes que aparecen na obra do escritor mindoniense. Esta obra está adaptada ao público infantil.

Dirección: Eduardo Alonso.

Interpretación: Luma Gómez.

Música: Chafa Alonso.

Escenografía: Equipo Teatro.

Vestuario: Carmela Montero.

Posta en escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena.

Ver Sala Yago.

Títeres Cachirulo: *Pinocho*.

Peza teatral baseada no conto *As aventuras de Pinocchio*, de Carlo Collodi adecuada para públicos de todas as idades, na que o famoso monicreque feito por Geppetto vive as máis incríbeis aventuras para chegar a ser un neno de verdade e cun corazón cheo de felicidade. Cando o monicreque adquire vida ninguén é quen de suxeitalo.

Dirección: Xurxo Rei e Luís González.

Manipuladores: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Ver Iº Encontro de Cine e Teatro da Fundación "María José Jove".

Títeres Cachirulo: *A guerra das Galicias. Unha aventura intergaláctica*.

Aventura interplanetaria baseada nas tradicións máxicas gastronómicas e culturais da terra galega. Aparece o planeta vermello de Marticia que ve contaminadas as súas augas polo malvado emperador Madfrud e os valentes Marticiáns teñen que recorrer ao Mago Merlín para que lles faga un antídoto.

Guión e dirección: Xurxo Rei.

Ver Sala Yago.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Estrea en Santurtzi de 'A paz do crepúsculo' de Pazó', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 novembro 2003, p. 52.

Preséntanse dúas representación teatrais: *A paz do crepúsculo* de Itziar Pascual, que se estrea en Santurtzi da man de Talía Teatro, compañía que dirixe Cándido Pazó e *A guerra das Galicias*, que presenta Títeres Cachirulo. A segunda defínese como unha divertida aventura interplanetaria do século XXI inspirada nas aventuras galácticas do século anterior e nas tradicións máxicas, astrolóxicas, culturais e gastronómicas de Galicia; engádese información a cerca desta compañía teatral, facendo un repaso pola súa traxectoria artística dende que naceu en Santiago de Compostela no ano 1996 e do programa Títeres no Yago, do que forma parte a representación de *A guerra das galicias*.

Títeres Cachirulo: *Santiago, historia dunha viaxe*.

Espectáculo baseado no Códice Calixtino que narra as aventuras, paixón e milagres do Apóstolo Santiago en terras da Xerusalén de Herodes. Tamén recolle cómo o seu corpo é trasladado polos seus discípulos ata a Fin da Terra.

Dirección: Xurxo Rei e Luís González.

Titiriteiros: Carmen Domech, Luís González, Xurxo Rey e Li Ying Bai.

Ver Vº Mostra de teatro de Cee.

Títeres Cachirulo: *As cousas de Castelao.*

Peza de Jorge Rey baseada nas publicacións de *Cousas da vida*, de Alfonso Daniel Castelao, é un espectáculo de sombras que pretende levar a estética e o humor do autor rianxeiro a un teatro de imaxes inspirado nas técnicas das sombras chinesas, as transparencias e as fantasmagorías.

Dirección: Marcelino de Santiago.

Interpretación: Isabel Rei, Javier Méndez e Gena Baamonde.

Ver XIª Feira do Teatro de Galicia.

Títeres Cachirulo: *El-Rei Artur e a Abominable Dama.*

El-rei Artur, tras un enfrontamento cun cabaleiro máxico ten que resolver un enigma para salvar a súa vida que consiste en responder a qué é o que máis desexan as mulleres. Artur terá que pasar por intrincadas aventuras que o van levando a unha revisión do seu posicionamento sobre o papel das mulleres no seu redor e o da dona Xenebra en particular. O seu compañeiro de aventuras é Sir Galvan.

Autores: Marilar Aleixandre, Carmen Domech e Xurxo Rei.

Dirección: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Manipuladores: Carmen Domech, Xurxo Rey e Luís González.

Ver Iº Encontro de Cine e Teatro da Fundación "María José Jove".

Títeres Cachirulo: *Catro contos da China.*

Catro aventuras nas que descubren un cómico e divertido mundo agachado moi preto de nós e cheo de inquedantes situacións: a amizade, os disparates humanos, aprendizaxes humanos e xogos realizados con monicreques chineses.

Dirección: Yang-Feng.

Ver Sala Yago.

Referencias varias:

- S.P., 'Catro contos da China no programa da Sala Yago en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 novembro 2003, p. 54.

Anúnciase a posta en escena de *Catro contos da China*, a cargo de Títeres Cachirulo na

Sala Iago. Sinálase que os encargados da manipulación dos monicreques de luva serán Jorge Rei e Carmen Domech, que presentan ao público esta obra formada por catro historias diferentes: "Unha ponte na selva", "Bos amigos", "A porta china" e "A pequena cazadora".

Títeres Cascanueces: *A rúa das pantasma*s.

Ver Festival de teatro infantil de Gondomar.

Títeres Tanxarina: *O demo Rapatú*.

Referencias varias:

- E.G., 'El grupo de títeres 'Tanxarina' pone en escena 'Rapatú' en el Auditorio del Área Panorámica', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño', 29 maio 2003, p. 17.

Anuncia a posta en escena prevista para o día seguinte en Tui: *O demo Rapatú*, de Tanxarina. Informa sucintamente do carácter e argumento da representación, da coparticipación na mesma de monicreques e mais actores e da súa orixe nun conto popular europeo. Esta posta en escena mereceu, segundo subliña, o Premio "María Casares" 2003 á mellor adaptación e traducción. Indica, así mesmo, que no espectáculo se inclúe música interpretada en directo pola propia compañía.

- Beti Rey, 'La compañía de títeres Tanxarina trae al Área Panorámica 'O demo Rapatú'', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 30 maio 2003, p. 22.

Informa da representación en Tui de *O demo Rapatú*, novo espectáculo da compañía Títeres Tanxarina, que combina no escenario actores de carne e óso con bonecos. Explica, ademais, que se trata dunha adaptación dun conto tradicional realizada por Quico Cadaval, autor que foi por iso distinguido co premio "María Casares" 2003 á mellor adaptación e traducción.

Títeres Trompicallo: *Jiñol*.

Cóntase a historia do señor Bulú, que é tan rico e ten tanta fortuna que non ten onde gardala, polo que chama a Jiñol para que lle faga unha caixa forte, pero que á mañá seguinte descobre que lle roubaron o diñeiro. As súas vidas, xunto coas de Rosalía e o Policía veranse alteradas pola chegada nun paquete dun crocodilo.

Dirección: Beatriz Sánchez.

Ver XIXª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Títeres Viravolta: *¡Hip, hip, hurra!*.

Obra de Magdalena de Rojas na que os personaxes principais son Tanxerina e Pergamiño, unha princesa e un príncipe de dous países veciños. O que os caracteriza é o seu esforzo por botar abaixo a intención dos seus proxenitores de que casen e rematar así coa súa solteiría, ademais de darlles un escarmento aos seus pais por estaren sempre apostando. Despois de moitas aventuras e axudados polo cabalo Foguete, conseguen que todo se amañe, mesmo que desapareza o hipo e a tartamudez que atacaba os seus pais.

Dirección: Anxo García.

Escenografía: Anxo García e Ignacio Vilariño.

Actores: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García e Ignacio Vilariño.

Vestuario: Pilar Álvarez.

Iluminación: Xulio Balado.

Ver Festival de teatro infantil de Gondomar.

Títeres Viravolta: *O candil marabilloso*.

Versión libre do conto das mil e unha noites na que o gran Sultán está moi enfermoe o único remedio está no sifón máximo. Aladino axudado polo candil intentará conseguilo a través das trampas que lle pon o mago Ali-Ol-i.

Dirección: Anxo García.

Ver Iº Encontro de Cine e Teatro da Fundación "María José Jove".

Títeres Viravolta: *As aventuras do señor Sabañón*.

Peza na que se nos achega ao traballo que leva o doutor Sabañón e o seu axudante Flemón na procura dun remedio para curar a cabra do xitano Caetano.

Dirección: Anxo García

Tres Globos: *O parrulo feo*.

Trinke Trinke: *A princesa e a pardela*.

Obra de Javier Vizoso na que a historia que se desenvolve está situada nun afastado país chamado Kublai Khan, defendido por un exército de pardelas (moi semellantes ás gaivotas), no que todo é prosperidade ata o día no que deixan de soñar os seus habitantes e perden a capacidade de ilusionarse.

Dirección: Pablo Sánchez
Teatro de sombras

VII.3.5.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS

Monte Oribio: *Os antollos de Margarida*.

VII.4 CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Carreiro, Pepe, *Baroña ou morte*, Noia-A Coruña: Toxosoutos □, decembro 2003, col. Os Barbanzóns, idade recomendada [lectorado autónomo], 48 pp. (ISBN: 84-96259-06-4).

Neste cómic que comeza a serie "Os Barbanzóns", Pepe Carreiro (Vigo, 1954) presenta os personaxes desta familia composta pola nai, Tara, unha vella patroa do castro de Baroña onde se localizan as aventuras, e os seus tres fillos, Con, o xefe da tribo, Bre e Lerankos, o druída. Nesta entrega cóntase o desasosiego no que vive Con, casado cunha irlandesa, Guinnes, á que raptou nunha batalla e que sente saudade constante da súa terra, o que ocasiona a infelicidade de Con, obrigado a vivir cunha muller sempre tan triste. Ademais, pasa as noites en vela porque os baroñeses sempre están de troula e non lle deixan durmir. Un día decide mudar as cousas e obriga aos seus conveciños a saír de conquista para anticipárense á chegada de posíbeis invasores. Atopa a resistencia do seu fillo, Son, que é pacifista e amante da natureza, e decide metelo no calabozo. Na expedición por outras terras próximas, os baroñeses só topan cun pobo veciño sen ganas ningunhas de loitar, polo que todo remata nunha nova esmorga e ata Con déixase seducir polos encantos de Lupe. Á volta á súa terra, os guerreiros só poden afirmar que Baroña non ten inimigos.

Carreiro, Pepe, *Compostela. A historia dunha lenda*, ilustr. do autor, Noia: Toxosoutos □, setembro 2003, col. Galicia en cómic, nº 2, idade recomendada lectorado mozo, [48] pp. (ISBN: 84-95622-93-9).

Proxecto englobado na colección "Galicia en cómic" de Toxosoutos, unha serie que aborda a historia de diversas localidades galegas relatada co emprego da novena arte. Neste cómic, con capa dura e encadernación cosida en fío, Pepe Carreiro (Vigo, 1954) co asesoramento do historiador Clodio González fai un percorrido polas datas, os feitos e os personaxes máis salientábeis da historia da cidade de Santiago de Compostela. O período tratado comeza coa suposta descuberta do sepulcro do Apóstolo Santiago e remata no alzamento militar de 1936. Nesta historia, dous estudantes establecen unha dialéctica por mor da preparación dun exame de Historia e deste xeito vaise abordando a historia de Compostela nos cinco capítulos que conforman a estrutura da obra: "O sepulcro", "O esplendor", "A revolución",

"A escuridade" e "O rexurdimento". As ilustracións en bandas debuxadas con deseños moi diferentes están realizadas con formas planas e bordeadas de liñas negras, que acollen cores moi contrastadas, o que lles confire un carácter de inquietude. Amplían a lectura textual visualizándoa e nesa ampliación chama a atención o tratamento dado á muller por medio da imaxe.

Referencias varias:

- Joel Gómez, 'Santiago, entre el eremita Pelaxio y la guerra de 1936', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 14 outubro 2003, p. L2.

Dá conta da publicación desta historia de banda deseñada, da que comeza explicando a súa estrutura en cinco partes e que o fio condutor son unha parella de estudantes que falan dun exame de historia. Percorre cada unha das partes sinaladas deténdose no seu argumento e para rematar sinalando que este cómic ofrece unha visión na que se mestura o escepticismo e o nacionalismo cunha proposta artística que destaca pola súa calidade.

- Xavier Castro R., 'Historia e lenda de Santiago en cómic', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 14 decembro 2003, p. 4.

Comeza sinalando que a banda deseñada ten experimentado un grande auxe en Galicia, loando especialmente o labor da editorial Toxosoutos. A seguir, céntrase en *Santiago, historia dunha lenda*, de Pepe Carreiro, da que indica que foi publicada ademais de en galego, en castelán, en francés e en inglés. Do argumento indica que se mestura o presente co pasado para facer un percorrido breve e intenso por diferentes episodios de enfrontamentos e intrigas vinculados coa historia e os personaxes da cidade de Santiago de Compostela. Remata descatacando o carácter didáctico e moi concentrado dos capítulos.

Colectivo Chapapote, *H2Oil*, Colectivo Chapapote, 2003, idade recomendada [lectorado mozo], 61 pp. (DL: C-1.642/2003).

Cómic en branco e negro no que distintos artistas, galegos e doutros lugares, expoñen a súa visión sobre o verquido do petroleiro "Prestige" en augas do mar galego. Maioritariamente son tiras con texto e debuxo, aínda que hai algunhas páxinas nas que se expresa a visión deste feito xa histórico para a sociedade galega a través de imaxes. Os autores que colaboran no volume son os seguintes: Kohell, Abraldes e Kike Benlloch, Cristo Aleister e Kike Benlloch, Alexandre, Luis Aneiros, Carlos Barros, Bernal, Diego Blanco, Marcos Calo, Caponata Dúo, Abraham Carreiro, Xosé Cobas, Sergio Covelo, Hugo Covelo e Kike Benlloch, Manel Cráneo, Suso Cubeiro, Jacobo Fernández, Marcos García, José Gimeno, Gochi e Juan Martín, Alberto Guitián, Santy Gutiérrez, Jano, Leandro, Álvaro López, Andrea López, Rafa Losada e Joaquín Lourido, Fernando Llorente, Xaquín Marín, Daniel Montero, Javier Montes e Bonnot, Pinto e Chinto, Miguel Porto, Posoneiro, Miguelanxo Prado, Javier Prieto, María Rial, Emma Ríos, Víctor Rivas, Miguel Robledo, Brais Rodríguez, Roque Romero, David Rubín, Fernando Ruibal, Sergi San Julián e Carlos Portela, Juan San Miguel, Suso Sanmartín, Luís Sendón Cedrón, Kiko da Silva, Iván Suárez, Jorge Taboada, Alberto Taracido e Yayas, Xosé Tomás, Tucho e Carlos Amil,

Alberto Varela Ferreiro, Alberto Vázquez e Francisco Villar. Ademais destas colaboracións artísticas o volume recolle un texto inicial asinado polo Colectivo Chapapote no que se subliña que este libro é froito da necesidade de non permanecer quedos ante o desastre deste petroleiro, así como unhas páxinas finais cos textos en castelán que acompañan as variadas ilustracións de carácter moi diferente.

Recensións:

- T.R., 'A edición máis comprometida de 'Viñetas desde o Atlántico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 agosto 2003, p. 47.

Dá conta da apertura da sexta edición do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico". Salia que nesta ocasión se rende homenaxe a algúns dos grandes mestres da historieta, dos que o director do salón, Miguelanxo Prado, destacou a Alberto Breccia. Así mesmo indica que nesta edición estarán expostos os orixinais que se incluírán nun cómic que trata sobre o desastre do "Prestige", ademais dunha exposición que recolle o reflexo das guerras nas bandas deseñadas ou outra sobre o proceso de creación dun cómic. Sobre a primeira das exposicións sinala que algúns debuxantes, integrantes do Colectivo Chapapote, ofrecerán charlas para explicar cómo foi o proceso de selección dos orixinais presentados con historietas sobre o afundimento do petroleiro "Prestige" na costa galega.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'De novo 'Viñetas desde o Atlántico', na Coruña', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 xuño 2003, p. 75.

Dáse conta da celebración na Coruña da VIª edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" entre os días 11 e 17 de agosto. Adiántase os temas desta nova edición, indícanse os locais nos que se vai celebrar (mentres non se abre o novo lugar destinado para o Salón) e sinálanse as semellanzas e diferenzas respecto a edicións anteriores. Así mesmo, fálanse dalgún dos asistentes. Tamén se indica que a información ofrecida foi facilitada polo director do salón Miguelanxo Prado.

- Albino Mallo, 'O 'Prestige' manda no cómic', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xuño 2003, p. 54.

Infórmase da celebración entre os días 11 e 17 de agosto da VIª edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Seguindo as palabras do director do Salón, Miguelanxo Prado, sinálanse os temas, os locais nos que se farán as exposicións e o contido destas. Nun recadro situado debaixo da foto do director do Salón, titulado 'Unha ducia de exposicións', reproducense as palabras deste, quen anunciou o número de exposicións coas que vai contar a nova edición, a pesares do escaso espazo do que dispoñen, e a presenza de casetas nas que os autores acudirán para asinar exemplares dos seus libros.

- I.M.L., 'Cómic de 'El Pretige' y de Irak', *La Opinión*, 'Fiestas de María Pita 2003', 1 agosto 2003, p. XIV.

Anúnciase a celebración do Salón Internacional do Cómic "Viñetas dende o Atlántico". Ademais de referirse aos persoeiros de ámbito nacional e internacional que se agardan nesta sexta edición tamén se adianta dentro das actividades deste evento a presentación do cómic *H2Oil*, do Colectivo Chapapote.

- Rubén Santamarta, 'El cómic cautiva y denuncia', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 21, 'En portada', 9 agosto 2003, pp. 3-4.

Achégase un percorrido polos contidos da sexta edición do Salón do Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico", que xira arredor dunha "gama tricolor": o verde heroe de Hulk, vermello sangue pola guerra de Iraq e o negro traxedia pola catástrofe do Prestige, temas das exposicións, conferencias e presentacións de álbums do salón. Faise referencia ao cartel anunciador destas xornadas, obra de Jordi Benet, presidido por Clara de Noche, personaxe da revista *El Jueves*, ás exposicións temáticas sobre o debuxo na guerra e na ciencia e sobre a posta en papel final dun cómic e o escaparate que supón o Salón do traballo dos debuxantes e guionistas galegos. Cítanse algúns dos autores convidados nesta edición, como o canadense Stuart Immonen, autor dos últimos debuxos de Hulk; ou os españois Juanjo Guarnido e Juan Díaz Canales, creadores da serie *Blacksad* para o mercado francés; así como as publicacións que se presentarán ao longo destes días: *Freda*, un álbum de Kike Benlloch e Alberto Vázquez, publicado pola editorial valenciana Ponent a finais de 2002; *A prueba de balas*, da arousá Emma Ríos, unha historia cyberpunk con ambiente urbano realizada en branco e negro, publicada pola editorial coruñesa independente Polaquia; *Cerditos en Guinea*, de David Prieto *Gochi*, editado por Esloquehay Ediciones; os colectivos *H2Oil*, que reúne as colaboracións de sesenta autores sobre o Prestige, editado polo Colectivo Chapapote, e *Barsowia*, unha aposta de Polaquia que reúne obra de firmas coñecidas como David Rubín, Victor Rivas ou Miguel Porto e outras inéditas. En parágrafos á parte achégase información bibliográfica dos autores homenaxeados nesta edición de Viñetas: Alberto Breccia (Montevideo, 1919-Bos Aires, 1993), Ramon Tosas "Ivó" (Manresa, 1941-1993) e Antonio Hernández Palacios (Madrid, 1921-2000).

- C. Neira, 'Marea de viñetas', *La Opinión*, 'La Opinión de verano', 11 agosto 2003, p. IV.

Destaca que o mundo cómic, case sempre reducido a ámbitos especializados, cobra protagonismo no salón do cómic da Coruña. Indica que a través das súas exposicións, conferencias, roldas de prensa ou puntos de venda, os afeccionados poden achegarse tanto a autores clásicos coma a temas actuais. Relacionado con estes últimos alude ás exposicións sobre as guerras e o chapapote, cuestión sobre a que tamén se menciona a presentación do volume colectivo *H2Oil*, no que os autores galegos ofrecen a súa visión persoal sobre o desastre do *Prestige*.

- A. Castro, 'O desterro do superheroe de cómic', *La Opinión*, 'La Opinión de verano', 12 agosto 2003, pp. Iv-V.

Sinala que as viñetas expostas no quiosco Alfonso da Coruña dentro do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico" acollen as moitas temáticas e escolas creativas sobre as que se ergue o cómic. Resalta, pois, que neste evento se dá cabida a distintos autores de diferentes

países, como Alberto Breccia, Manel Fondevila, Juan José Guarnido ou José Luis Munuera, así como a exposicións variadas. Entre estas cítase a denominada "H2Oil", que fai referencia ao chapapote do afundimento do *Prestige*. En xeral expón que no cómic pode haber moita variedade e por iso reclama unha maneira máis aberta de entender esta arte.

- Albino Mallo, 'Abre sus puertas en A Coruña el salón 'Viñetas desde o Atlántico'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 12 agosto 2003, p. 67.

Indica cales foron os actos cos que se inaugurou a sexta edición do salón do cómic "Viñetas desdeo Atlántico". Ademais de mencionar as homenaxes a distintos debuxantes, algúns como o uruguaio Alberto Brescia, xa falecidos, indica que se presentou unha publicación sobre o "Prestige" do Colectivo Chapapote. Por outra parte subliña que este colectivo manifestou tamén a súa preocupación pola guerra de Irak.

- J.B., 'Salón del cómic de A Coruña', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 13 agosto 2003, p. 59.

Resume o contido do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico", que nesta sexta edición soubo compaxinar os aspectos máis comerciais cos sociais. Así, segundo indica, ao lado da visita de debuxantes que contan con moitos seguidores, hai exposicións que apoian causas sociais e que denuncian as guerras. Entre estas menciona a exhibición de orixinais do primeiro cómic sobre o sinistro do "Prestige". Ademais sinala a homenaxe a grandes maestros da arte do cómic, como o arxentino Alberto Breccia, e a presenza de autores consolidados neste campo xunto a autores revelación.

- C. Neira, 'Viñetas dibujadas en papel y chapapote', *La Opinión*, 'La Opinión de verano', 13 agosto 2003, p. IV.

Fai referencia á presentación do cómic *H2Oil* dentro do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico". Destaca que se trata dun volume no que os membros do colectivo Chapapote, composto por debuxantes, guionistas e persoas do mundo do cómic en Galicia, expresan a súa particular visión do desastre do *Prestige*. Relacionado con isto dá conta de que un dos responsábeis deste cómic, Manel Cráneo, opina que este aspira a que a través súas historias traxicómicas calquera que non vivise a catástrofe poida entender o que significou. Así mesmo indica que o diñeiro que se saque coa venda deste cómic irá a parar a unha asociación ecoloxista e expón que nunha páxina web aparecen as viñetas dalgúns autores de diferentes lugares que, por cuestión de espacio, non se incluíron no volume.

- Albino Mallo, 'O H2OIL para volver ó Prestige', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 agosto 2003, p. 46.

Fai referencia á presentación do libro e exposición titulados *H2Oil* e á presenza do debuxante Manel Fontdevila na xornada inaugural de "Viñetas desde o Atlántico". Sobre o cómic presentado destaca que é unha iniciativa do Colectivo Chapapote para dar unha mensaxe de defensa da natureza e unha lección ecoloxista para o futuro. Ademais recolle algunhas outras valoracións dun dos responsábeis da súa edición, Manel Cráneo, que

subliñou a total liberdade de expresión dos artistas. É por isto polo que, segundo indica, no volume se atopan deseños de crítica social e política xunto a outros máis poéticos. Detense tamén no debuxo da cuberta, "onde se arreda unha famosa portada de Tintín" e menciona ademais que existe unha versión íntegra deste cómic na rede.

- Albino Mallo, 'Más de 60.000 personas visitaron la sexta edición del salón coruñés', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 agosto 2003, p. 75.

Dá conta do peche das actividades do sexto salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico", aínda que, segundo indica, algunhas das exposicións presentes neste salón continuarán unha semana máis. Entre as mencionadas encóntrase a exposición de orixinais do primeiro cómic sobre o sinistro do "Prestige", elaborado polo Colectivo Cahapapote. Despois de mencionar outras exposicións que continúan no salón, detense nun dos autores dunha delas, o debuxante español que traballa no mercado francés, José Luis Munuera, que comezou a súa carreira no ano 1995. Sobre el destaca o seu éxito e sinala que a este lle gustaría que en España o cómic tivese tanta tirada coma en Francia ou Bélxica.

- Claudia Neira, 'Los escaparates del cómic', *La Opinión*, 'La Opinión de verano', 18 agosto 2003, pp. IV-V.

Informa da clausura do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico" subliñando que aínda que houbo unha oferta variada, *Blacksad* foi un dos cómics máis vendidos. Ademais menciona outros títulos postos á venda neste salón como *H2Oil*, do colectivo Chapapote, que en só dous días vendeu cento cincuenta exemplares. Despois de facer este repaso pola oferta do salón detense nalgún dos problemas que presenta o mundo do cómic segundo distintos responsábeis, tanto de editoriais coma de distribuidoras ou de librerías. Así, expónse en primeiro lugar que en España hai demasiado talento para a pequena industria de tebeos, a continuación que moitos dos debuxantes teñen que compaxinar esta tarefa con outros traballos e, finalmente, que hai unha deficiente distribución e promoción dos cómics. Non obstante, hai quen sinala aspectos máis positivos como que esta é unha maneira diferente de expresarse, á marxe dunha industria que non lles presta atención.

- Albino Mallo, 'Pensando xa en cando chegue o 2004', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 agosto 2003, p. 46.

Expón algunhas das características da sexta edición do salón do cómic da Coruña achegando as palabras do seu director, Miguelanxo Prado. Este, móstrase satisfeito pola acollida que está tendo este evento co paso dos anos e amósase preocupado pola falta dun local único e axeitado, xa que este ano, por exemplo, tiveron que prescindir da sala de lectura de infantil e dos talleres de debuxo para os rapaces, elementos que considera imprescindíbeis. Sinala ademais a presenza nesta edición de debuxantes españois con público francófono e, por último, fai referencia á exposición e presentación do libro *H2Oil*. Referido a este último acto, o director da mostra xustifícaa indicando que no salón deben revisar tanto o pasado como o que se fai actualmente.

- Mar Barros, 'H2OIL', *A Nosa Terra*, nº 1.094, 'Fin de semana', 4 setembro 2003, p. 32.

Sinala que o Colectivo Chapapote, plataforma integrada por artistas da banda deseñada que xurdiu a raíz do afundimento do "Prestige", aproveitou a sexta edición do salón "Viñetas desde o Atlántico" para presentar o cómic *H2OIL*. Sobre esta obra indica que con ela se quere transmitir unha mensaxe ecoloxista, política e social en clave de humor e retranca. Apunta algúns dos artistas que colaboraron na obra e salienta que hai unha notábel presenza feminina, cousa pouco habitual neste tipo de proxectos. Comenta que se xuntan así diferentes estilos que, segundo Manuel Cráneo, un dos directores do proxecto, van dende a postura máis crítica ata a máis poética. Adianta ademais que este cómic poderá verse integramente en internet e menciona algunhas das exposicións itinerantes preparadas por este colectivo.

Dasilva, Kiko, Robledo, Miguel, *Pol&Cía na cidade do revés*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 2003, 19 pp. (DL: AS-2413/03).

Banda deseñada de Kiko da Silva (Vigo, 1979) e Miguel Robledo (anos) que ten como protagonistas a Pol e Cía. Nela, estes dous personaxes dispóñense a organizar as súas vacacións e escoller o lugar ao que poden ir, pero nese momento descubren que na cidade a xente fai todo ao revés: os coches circulan pola beirarrúa, os peóns pola calzada, etc. Terán que arranxar todo o funcionamento da cidade antes de poderen marchar de vacacións, polo que os superpolis poñeranse mans á obra. Descubren que a causa de que todo funcione ao revés é a acción dun descerebrado, ao que tentarán capturar para devolverlle o cerebro que perdeu. Perseguirán a Malfeito (así se chama o descerebrado) por todos os sitios da cidade nos que vai cometendo falcatuadas: polas rúas, polo parque, nos autobuses, etc. ata que ao final, gracias á idea de Cía, o capturarán simplemente agardándoo no coche e ofrecéndolle caramelos. Solucionado o problema, Pol e Cía xa poden ir de "atascacións".

Jiménez Aleixandre, M^a Pilar, *Parando a marea negra*, ilustr. Fran Bueno Capeáns, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade ♦, 2003, col. Ciencia para todos, nº 3, [16] pp. (ISBN: 84-95415-72-0).

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) e Fran Bueno (Santiago de Compostela, 1967) son os autores deste cómic que combina a ficción coa intención didáctica. Ambientando no escenario ficticio de Vila Xunqueira, recupéranse os momentos vividos polos mariñeiros ao coñecer a noticia de que o fuel do Prestige está a piques de chegar ás costas e a súa participación activa na recollida do chapapote coa colaboración do voluntariado. Recoñécese así o esforzo e a unión da xente do mar para deter a marea negra e lograr que os produtos do mar poidan ser consumidos de novo, sen esquecer que aínda queda moito por limpar e que os galegos e galegas temos que dar exemplo consumindo o noso peixe. Así mesmo, sinálanse algunhas medidas para reducir a dependencia do petróleo tales como usar o transporte colectivo, illar ben as vivendas para reducir o consumo de calefacción, empregar menor cantidade de plásticos e favorecer a utilización das enerxías renovabéis. A

narración contextualízase con ilustracións con trazos e cores que parecen querer salienta a dureza da situación provocada polo desastre ecolóxico.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Parando a marea negra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 outubro 2003, p. 51.

Infórmase da presentación do cómic *Parando a marea negra*, editado pola sección de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade do Consello da Cultura Galega dentro da colección "Ciencia para todos". Recóllense as palabras da guionista, Marilar Aleixandre, quen sinala que en colaboración con Fran Bueno pretendeu transmitir unha idea de esperanza e ao tempo incidir na marea da dignidade, "na dos voluntarios e na dos mariñeiros que a evitaron saíndo a recoller o chapapote coas propias mans". Así mesmo indícase que o texto lanza unha serie de recomendacións sobre o coidado do ambiente, como é habitual nesta colección que conta xa con dúas entregas dedicadas á auga e ao solo.

Trigo, Isabel, *Phisax. Habitante de igualdade*, ilust. Manuel Rajal Fernández, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Servicio Galego de Igualdade ♦, 2003, 48 pp. (ISBN: 84-453-3620-7).

Este volume de M^a Isabel Trigo Cotelos (), que se distribúe con motivo do Día Internacional dos Dereitos da Muller a tódolos centros de ensino primario da Comunidade Autónoma, estrutúrase en dous grandes bloques nos que se recollen cinco pequenas historias en cada un deles. Nelas relátanse as diferentes actividades e peripecias vividas por Phisax, un habitante do planeta Igualdade, que na súa viaxe intergaláctica, chega á Terra na procura dunha "larpeirada espacial", pasta destifrica. Desde a súa pote-aeronave contacta con María, unha terrícola de 8 anos, con quen trabará amizade. Phisax observará con curiosidade a familia de María e a súa banda: cómo viven e cómo se corresponsabilizan das tarefas domésticas. Vai aprendendo algúns costumes do planeta Terra: horarios, hixiene, alimentación, estudos, divertimentos, xogos, enredos... e sorprenderase de que nenos e nenas, sendo tan diferentes, ao mesmo tempo sexan tan iguais nos seus intereses. O simpático extraterrestre terá a oportunidade de reflexionar sobre a tolerancia no trato cos demais. Tamén observará que existen persoas en risco de ser excluídas na sociedade. Desvela a importancia de usar correctamente a linguaxe para poder nomear a realidade e avanzar na igualdade entre xéneros. Este cómic e as fichas de traballo que o acompañan pretenden dar unha visión ao alumnado de que a sociedade debe ser xusta e igualitaria e debe ofertar as mesmas opcións a tódolos seus membros con independencia do seu sexo. Realízase co fin de que o profesorado teña clara ocasión de traballar as igualdades de sexos e abundar na reflexión dos valores que se formulan en defensa do papel da muller na sociedade occidental, entre eles o principio de tolerancia cero en materia de violencia de xénero.

VII.4.2. REEDICIÓNS

VII.4.3. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

VII.4.4. ANTOLOXÍAS

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA.

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Fernández Vázquez, José Santiago, Ana Isabel Labra Cenitagoya e Esther Laso y León (editor), *Realismo social y mundos imaginarios: una convivencia para el siglo XXI*, Madrid: Universidad de Alcalá ♦, 2003, 724 pp. (ISBN: 84-8138-572-7).

Volume que reúne os traballos presentados no II Congreso Internacional de la Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) celebrado en novembro de 2001 e organizado polo Departamento de Filoloxía Moderna da Universidade de Alcalá de Henares a petición da Xunta Directiva de ANILIJ, co tema que recolle o título da publicación. Os traballos referidos á Literatura Infantil e Xuvenil galega son os seguintes:

- M^a Eulalia Agrelo Costas e Amparo Raviña Rosende, "El realismo social y el imaginario en el teatro infantil y juvenil gallego", pp. 271-282.

Percorrido cronolóxico polas obras teatrais galegas dirixidas ao público infantil e xuvenil que empregaron a fantasía para facer crítica social ou para crear mundos imaxinarios. Na selección de obras emprégase como criterio as obras galardoadas con algún premio e séguese a periodización establecida por Blanca-Ana Roig que contempla tres períodos para a produción literaria infantil e xuvenil galega, seguindo as propostas de René Wellek e, sobre todo, de Karl Mannheim, e considerando as unidades xeracionais formadas por autores e autoras que responderon ou asumiron obxectivos de forma común: "De 1900 a 1950: primeiras manifestacións", "De 1950 a 1980: transición e asentamento" e "De 1980 a 2000: consolidación". En cada un destes períodos cítanse textos como *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), de Xosé Filgueira Valverde; *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), de Carlos Casares; *Viaxe ao país de ningures* (1977), *Todos os fillos de Galaad* (1981), *Viva Lanzarote* (1982), *O segredo da illa Troneira* (1986), as pezas que contén *Forno de teatro fantástico* (1991), *O xardín dos contos* (1994), *Auto de entroido* (1995), todas elas de Manuel Lourenzo; *Grande invento para saír do aburrimiento* (1987), de Xoán Babarro e Ana María Fernández; *A benfadada historia do coitado Bamboliñas* (1982), de Xulio González Lorenzo; *O coleccionista de sombras* (1990), *O increíble invento de Solfis, a pianista* (1994), de Antón Cortizas; *Festa no xardín* (1987), de Emilio González Legazpi; *A princesa Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos Cornos* (1999), de Miguel Vázquez Freire e Gloria Sánchez; *O merlo branco* (1991), de Cándido Pazó; *O maquinista Antón* (1983), de An Alfaya; *A escada* (1996), de Carlos Labraña, M^a Jesús Guillén e Miguel García Cernuda; e *Era nova e sabía a malvavisco* (1991), de Inma Antón Souto. Na análise das obras recollidas destácanse os aspectos argumentais e estruturais, e

conclúese que se poden discernir dúas tendencias: a fantástica e a crítica social construída a partir de elementos fantásticos.

- Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto López, "La recepción, el imaginario y la realidad social en la literatura infantil y juvenil gallega", pp. 476-489.

Tras facer un percorrido que asenta a distinción teórica entre os distintos tipos de crítica, analízase cando, como e onde foi recibida a literatura infantil e xuvenil galega a través dos tempos. Nun primeiro apartado aténdese á recepción que se inclúe nas revistas dende as primeiras notas que se publican no *Boletín de la Real Academia Gallega*, na revista *Nós*, o semanario *A Nosa Terra* ou en *La Noche*, ata algúns comentarios descritivos que aparecen en *Grial* e as reflexións que se publican nas primeiras revistas especializadas (*As Roladas*, 1922; *Vagalume*, 1975-1978; ou *As Roladas 2*, 1978-1981). No período 1980-2000 destácase a crítica que vai aparecendo en revistas en galego ou noutras linguas non especializadas, revistas dedicadas ao ensino, e revistas especializadas, destacando neste último apartado publicacións como *Fadamorgana*, que nace en 1999. En canto á recepción en monografías e libros colectivos, entre outras publicacións que atenden tanxencialmente á produción literaria infantil, destácase a aparición do primeiro comentario historiográfico especializado debido a Ramón Piñeiro e, xa no período 1980-2000, a inclusión de análises fundamentalmente centradas en autores pertencentes ao sistema literario galego xeral que participan tamén na literatura infantil e xuvenil, ata chegar ás monografías de xénero, obras colectivas, informes e guías que acolleron esta produción e comezan a asentar teorías, metodoloxías ou análises da produción. Conclúese salientando que por fin a literatura infantil e xuvenil comeza a ser visíbel para os críticos e para os grupos de investigación. En xeral, as achegas críticas analizaron a incidencia da fantasía e a realidade social nas obras infantís e xuvenís, constatando que debaixo de moitas obras fantásticas hai unha forte carga de crítica á sociedade do momento, sobre todo nos primeiros períodos, e unha clara aposta pola crítica da sociedade actual nas do último período do século XX, sobre todo nas xuvenís.

- Lourdes Lorenzo e Ana M^a Pereira, "*Peter Pan* en gallego y en español: recepciones diferentes de un mismo mundo imaginario", pp. 614-626.

Co obxectivo de demostrar a importancia que ten unha norma preliminar, o estatus particular da lingua meta, nas eleccións do tradutor de Literatura Infantil e Xuvenil, e utilizando un marco polisistémico, analízanse as traducións galega e española de *Peter Pan*, de J.M. Barrie. Con respecto á tradución galega de Alberto Avendaño, publicada en 1989 por Galaxia, sinálase que o tradutor manifesta un forte desexo de apropiación do texto orixinal para a cultura galega que se manifesta no tratamento dos nomes propios e das expresións metafóricas. Saliéntase que a construción dun mesmo imaxinario difire nas dúas linguas receptoras e que a situación lingüística da cultura meta é determinante para gran parte das decisións do tradutor de Literatura Infantil e Xuvenil, tendo en moitos casos un peso específico maior que consideracións derivadas da propia natureza literaria do texto orixinal. Conclúese que o particular estatus da lingua galega condiciona enormemente o labor do tradutor e isto provoca a utilización de estratexias defensivas como a busca do elemento diferencial mediante a utilización de nomes galegos tradicionais e o uso de termos galegos que non coincidan cos da lingua en competencia, o español; o intento de

recuperación de paremias propiamente galegas en vías de extinción e o rexeitamento á conservación dos vehículos orixinais das metáforas creativas, motivado polo medo a que se acuse aos tradutores de descoñecer os usos tradicionais galegos, o que implica un empobrecemento estilístico notábel da tradución. Fronte a isto, os tradutores das mesmas obras a un código forte e prestixioso como o español non senten a necesidade de defendelo.

- Isabel Mociño González, "Primera aproximación a la narrativa infantil de ficción científica en la literatura gallega", pp. 638-648.

Percorrido cronolóxico a través dunha selección de nove obras de ficción científica da narrativa infantil e xuvenil galega que comeza en 1986 coa primeira novela deste xénero, *A viaxe alucinante de Peter o cosmonauta*, de Xoaquín Agulla Pizcueta e chega a *O asasino invisible* (1998), de Xosé Durán. Destácase que dentro da ficción científica galega dáse cabida a unha gran variedade de temáticas enfocada cara á busca de respostas posíbeis para o futuro, á vez que se cuestionan problemas como a contaminación, a destrución do planeta, a falta de valores na sociedade actual, a crise da familia como institución e se reivindica a diversidade, a diferenza, a liberdade e identidade dos pobos, a paz e a vida. Como característica específica da literatura galega sinálase que se toma como referente real a Galicia actual, contraponéndoa, na maioría dos casos, aos mundos imaxinarios propostos a través de referencias temporais perfectamente definidas e espazos identificábeis. Finalmente, conclúese que o realismo social é utilizado como modo de identificación e achegamento ao lectorado para provocar nel a reflexión.

Grupo Algar, *Teatro para nenos*, Ourense: Ediciones Gersam, 2003, 142 pp. (ISBN: 84-932857-5-7).

Volume elaborado polo Grupo Algar, composto polas docentes M^a Ángeles Barreiros Pérez, Dolores Casares Prieto, M^a Celina González González e Matilde-Emilia García Losada. Trátase dunha obra de uso escolar, na que a través de dous bloques ben diferenciados, "Facemos teatro na escola" e "Profe, quero ser artista", se pon ao alcance de todos os interesados material elaborado por este equipo, á vez que se dá a coñecer o seu traballo co teatro nas aulas. Despois dun breve prólogo no que se dirixen aos posíbeis docentes interesados, desenvólvese unha aproximación a aqueles aspectos máis salientábeis que presenta o traballo co teatro na escola, na que se atende a cuestións como os contidos de expresión corporal, lingüística, musical, plástica e a dramatización; as distintas modalidades de representación, como a pantomima, o teatro de monicreques e marionetas, o teatro de sombras e o teatro infantil, para rematar cos aspectos didácticos e organizativos e algunhas das vantaxes do teatro, entre elas o seu carácter deshibidor ou o feito de que favorece cuestións como a integración, a autoestima ou a sociabilidade, entre outras. Na segunda parte, achéganse algúns textos teatrais inéditos do Grupo Algar ou recollidos da transmisión oral por el mesmo, como "A ledicia dos animais", "A mazá que non sabía rir", "A tristura dunha nena", "Cara a Belén" e "O cogomelo", acompañados dos obxectivos que se perseguen, da descrición do escenario e do vestiario, que mesmo aparece representado en fotografías. Péchase o apartado coa metodoloxía, os recursos empregados, as conclusións e a bibliografía.

Grupo CELT, *Children's Books from Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Asociación Galega de Editores, 2003, 100 pp. (DL: C-582-03).

Volume escrito integramente en inglés no que se recollen as publicacións de literatura infantil e xuvenil que saíron do prelo ao longo do ano 2002 en Galicia ata o momento da publicación deste catálogo, así como as do ano 2001 que non foran incluídas no catálogo anterior e as súas reedicións. Redactado polo Grupo CELT-Gálix, dirixido pola profesora Blanca-Ana Roig Rechou e formado por Eulalia Agrelo, Isabel Mociño, Amparo Raviña e Isabel Soto, presentan unha serie de obras agrupadas por editoriais, das que se ofrece a súa ficha bibliográfica completa, incluíndo datos como a idade para a que están recomendadas, e un pequeno resumo do argumento. No seguinte apartado, e seguindo a orde alfabética, ofrécense unha breve biografía de cada autor e cítanse as súas obras infantís e xuvenís. A seguir, noméanse algúns dos ilustradores e ilustradoras máis coñecidos e inclúese unha listaxe das obras que ilustraron. Xa para rematar, preséntanse algunhas institucións e asociacións que promoven a lectura, como a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), a Asociación Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (FILIX) e o Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Finalmente, ofrécense os enderezos das diferentes editoriais e varios índices: de títulos, de autores e de ilustradores.

Referencias varias:

- M.O., 'Teatro estradense en Frankfurt y en Bolonia', *Diario de Pontevedra*, 'A Estrada', 12 abril 2003, p. 27.

Nota de prensa na que se pon de manifesto a sorpresa do editor Xosé Luna por contar con tres das obras publicadas pola Editorial Fervenza, que el dirixe, no catálogo *Children's Books from Galicia*, editado pola Xunta de Galicia e Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Sinálase que os títulos seleccionados son *Pelexa no souto* (2001) e *Os Reis do Panchiño* (2002), ambas de Olimpio Arca Caldas e *Carta da Habana* (2002), de Manuel García Barros. Remátase coa indicación de que con este catálogo a Xunta de Galicia dá a coñecer a literatura infantil e xuvenil galega nas feiras do libro máis importantes do mundo.

Raviña Rosende, Amparo (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2001*, catalogación de Pedro Lucas Domínguez e José Álvaro Álvarez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) ♦, decembro 2003, col. Guías culturais, nº 29, 141 pp. (ISBN: 84-453-3703-3).

Con idénticos obxectivos e enfoque metodolóxico que en anteriores entregas, GÁLIX saca do prelo unha nova guía que recolle os libros infantís e xuvenís publicados ao longo do ano 2001. Nesta guía participaron como redactores: M^a Eulalia Agrelo, Xabier Campos Villar, Adelina Guisande Couñago, Juan José Lago Leis, M^a Xosé López Pérez, Isabel Mociño González, Alicia Munín Munín, Amparo Raviña Rosende, Blanca-Ana Roig Rechou e M^a Isabel Soto López. Cada entrega está dividida en dous grandes bloques, en función da súa

autoría, é dicir, se se trata de autores galegos ou traducidos. En cada un destes bloques, as obras aparecen por orde alfabética de autor, contendo cada unha das páxinas a reprodución da capa do volume, a ficha de catalogación bibliográfica (elaborada polos bibliotecarios Pedro Lucas Domínguez e José Álvaro Álvarez, da Biblioteca Nova 33 de Santiago de Compostela), unha sinopse argumental e a clasificación segundo a idade lectora preferente. A este respecto, empréganse catro categorías: prelectores e primeiros lectores (de 0 a 7 anos), lectores autónomos (de 8 a 10 anos), lectores mozos (de 11 a 14 anos) e mozos adultos (a partir dos 14 anos). Na parte final inclúe os índices de autores e autoras galegos e traducidos, ilustradores e ilustradoras, títulos galegos, títulos traducidos, coleccións, editoriais, idades e xéneros, para facilitar as buscas en cada un destes campos. Trátase, segundo se indica na nota introdutoria, dun catálogo que pretende ser un instrumento de consulta para todos aqueles interesados na literatura para os máis novos e para eles mesmos.

Ruzicka Kenfel, Veljka e Lourdes Lorenzo García (coord.), *Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales de España. Tomo I*, Oviedo: Septem Ediciones, maio 2003, 250 pp. (ISBN: 84-95687-42-9).

Este é o primeiro volume dunha serie de estudos descritivos de tradución sobre a literatura infantil e xuvenil nas linguas oficiais de España: catalán, castelán, éuscaro e galego. As linguas de partida son o inglés e o alemán, neste volume representadas polas obras *A Study in Scarlet*, de Sir Arthur Conan Doyle, e *Liebe Susi! Lieber Paul!* de Christine Nöstlinger. De cada unha delas preséntase unha introdución sobre o autor e a súa obra, as análises das correspondentes traducións ás catro linguas e un estudio comparado destas catro traducións. Aínda que son varios os autores que colaboran no volume, o marco teórico-metodolóxico predominante é o proposto por Gideon Toury e a Escola da Manipulación, se ben as cuestións valorativas tamén están presentes.

VII.5.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A.R., 'Por un mar con futuro', *Tempos Novos*, nº 70, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', marzo 2003, p. 79.

Subliña que *Area Maior* (2002), de Manuel M. Barreiro é "unha parábola ética con transfondo ecolóxico". Alude aos protagonistas e salienta que loitan por salvar o seu mar.

Aleixandre, Marilar, '¡Ai das troianas!', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 66-68.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Marilar Aleixandre evoca a lectura cando tiña 14 anos de a *Iliada*, á que se achegou como unha novela, na que se

contraponen os personaxes e se entretécen historias con batallas, amores, crueldade e paixón. Sobrancea o efecto que a técnica da dicción formularia empregada por Homero tivo na súa vida e de imaxes do autor que foi descubrindo pouco a pouco. Insiste na súa lectura da obra como unha novela de ficción e na emoción que lle provocou a biografía de Schliemann, descubridor das ruínas de Troia; describe a súa viaxe a Turquía e a constatación de que todo ese pasado esplendoroso desapareceu. A seguir, sinala que falar da obra de Homero a leva a facelo da guerra e o significado que actualmente ten para ela ese termo, que xa o autor grego fala das perdas de vencedores e vencidos, a influencia desta obra para achegarse logo tamén á *Odisea*, ao *Ulises* (Joyce) ou a *Omeros* (Walcott). Remata sinalando que ningún clásico a emocionou tanto ata que leu as traxedias de Eurípides e fai un alegato contra as guerras, porque nelas se manipulan os destinos duns e doutros pola cobiza "dun fato de individuos".

Alfaya, An, 'Un verán principesco', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 60-61.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, An Alfaya evoca como lectura de verán máis influínte na súa infancia a de *O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry, na que sinala que se prestou á trabada da boa para que lle inoculara o seu veneno. Indica que lle quedaron moitas preguntas sen resposta como persoa curiosa que le entre liñas, das que aínda hoxe anda na súa procura. Tamén lembra que aquel verán da infancia chegou ás súas mans a obra *Señor Dios, soy Ana*, de Fynn, un autor que aínda hoxe ignora quen é. Reproduce o texto da lapela no que se conta o xerme da novela e se alude ao éxito de *O principião* nos anos cincuenta, á vez que se agarda un éxito semellante da primeira obra. Destaca a influencia da cita na súa decisión de ler esta obra, que non a decepcionou, convidando ao lector a que se achegue a ela. Remata sinalando que non volveu vivir un verán tan apaixonante como aquel no que coñeceu estas dúas obras.

Aneiros, Rosa, 'O trinta aniversario do meu primeiro amor', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 36-38.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003 Rosa Aneiros evoca as súas lecturas de infancia, en especial a de *O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry, en tradución de Carlos Casares, a quen lle dedica este artigo. Lembra a influencia do seu mestre don Álvaro e da súa nai na súa vocación literaria e da presenza das obras de Carlos Casares na súa vida. Lembra que a editorial Galaxia vén da sacar a reedición de *O principião* (2002) con motivo do trinta aniversario da primeira tradución ao galego e na que se reproducen os debuxos do propio autor. Considera que malia a calidade desta obra ela tenlle especial agarimo á edición de 1983, que foi a que leron todos os rapaces da súa familia. Evoca a súa viaxe ao deserto do Sáhara, que inspirou esta alegoría da vida, coa que o propio autor francés fixo no seu momento. Manifesta o seu amor literario a esta obra, á que sinala que volve asiduamente, a súa admiración polos personaxes que a poboan e salienta dela o feito de a ter podido ler en galego. Remata referíndose á situación de moitos nenos en África e denuncia a inxustiza que se produce entre occidente e este continente.

Babarro, Xoán, 'Páxinas orais', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 58-59.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Xoán Babarro evoca a súa infancia nos anos cincuenta e a influencia naquela altura da literatura de transmisión oral no seu contorno social, en existencia paralela ao mundo escolar. Para describir o seu mundo da infancia reproduce abondosas mostras da fraseoloxía galega a través de ditos, trabalinguas, contos breves ou lendas. Lembra lugares e personaxes asociados a estes ditos e á súa infancia para rematar sinalando que despois do verán de 1954 xa pasou á literatura escrita en castelán a través de obras como *Menudencias*, de Antonio Fernández, ou *Genoveva de Brabante*, de C. Schmid, aínda que sinala que malia todas as lecturas sempre conserva un recanto para todo o que aprendeu da literatura de transmisión oral.

Blanco, Concha, 'O libro daquel verán', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 62-63.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Concha Blanco céntrase na importancia que tivo na súa vida a lectura no verán de 1959 da *Enciclopedia Álvarez*, a través da que descubriu interrogantes que espertaban a súa curiosidade e a facían reflexionar sobre actitudes e valores. Nesta obra simboliza o paso a outra etapa vital. Salienta a súa fascinación de nena por este volume que considera, en certo modo, froito do contexto social cheo de limitacións no que vivía: falta de comunicación co exterior e de medios materiais, en especial dunha biblioteca, pois a da escola contaba só cunha ducia de volumes aos que nin sequera podían acceder os máis novos. Lembra que nesa obra coñeceu a vida de persoeiros como Cecilia Böhl de Faber ou temas da natureza como a formación do arco da vella. Evoca algúns episodios e salienta a importancia que adquirira esta obra ante a falta doutras, mesmo logo de chegar ao Bacharelato. Remata concluíndo que os libros son "os camiños da educación e da liberdade".

Campos Villar, Xavier, 'Inmigrantes e refuxiados na narrativa galega infantil e xuvenil', *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, 'Artigos', 2003, pp. 33-39.

Análise da transformación temática que se vén dando nos últimos anos dentro da nosa literatura infantil e xuvenil e que se debe á incorporación que os autores están facendo de temas como a inmigración ou os refuxiados; realízase, asemade, unha repaso xeral polas obras máis destacadas. Salienta, en primeiro lugar, que unha grande parte dos escritores que se encadran neste cambio son docentes e pertencen a movementos de renovación pedagóxica, o que xustifica o gran didactismo desas obras que tentan, por exemplo, romper determinados prexuízos que existen contra determinadas razas, culturas ou seres diferentes a nós; neste eido destaca as seguintes obras: *Liño aprende a ser indio* (1996), de Xosé Ramón Mariño Ferro, e *A Maxia da Bóla Metálica* (1995), de Concha Blanco. Fai referencia, de seguido, a un conxunto de obras destinadas aos lectores máis novos e que se caracterizan por estar protagonizadas por animais fórneos que conseguen integrarse ou que, pola contra, son vítimas da intolerancia e da incompreensión de todo o mundo; destaca neste senso *Benvidos* (1996), de Manoel Riveiro e *O soño do merlo branco* (2000), de Agustín Fernández Paz. Sinala, a continuación, que nas obras destinadas aos lectores con algo máis de idade aparecen temas como a violencia física, a adición e o tráfico de drogas, os secuestros e a prostitución relacionados cos inmigrantes e coas mafias que controlan a súa chegada ao país; cita como exemplos *Isilda, a portuguesa* (1995), de Cristina Frasié; A

chave das nozes (1987), de Xabier Puente Docampo e *Calella sen saída (o dilema dun emigrante)* (2001), de Víctor Omgbá; *Unha raiña negra* (1998), de Fina Casalderrei; *E un día chegou Miroslav* (1997), de Xoán Babarro e Ana María Fernández; e *A serea no deserto* (1997), de Xavier López Rodríguez. Conclúe afirmando que as obras de literatura infantil e xuvenil que tratan a temática dos inmigrantes e refuxiados se caracterizan, principalmente, por buscar a maior proximidade posíbel co lector potencial, dar unha imaxe educada, pacífica e racional dos inmigrantes e servir de denuncia das distintas situacións de marxinalidade que teñen que sufrir os inmigrantes.

Caneiro, Xosé Carlos, 'Tusitala Stevenson', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 54-55.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Xosé Carlos Caneiro evoca a lectura das obras completas de R. L. Stevenson no verán de 1975, lembrándoo como un dos mellores da súa vida. Apunta algúns datos biográficos do autor ao que reivindica como figura fundamental da literatura. Critica o "tedio e mediocridade" que se está a dar na literatura dirixida aos máis novos por considerar que a esixencia literaria debe ser menor para unha maior receptividade. Identifícase co protagonista de *A illa do tesouro*, Jim Hawkins, e sinala que coma el procura o tesouro, pero no seu caso de escribir unha obra mestra, ao xeito do autor que lle deu vida a este personaxe. Denuncia a "Dictadura do Simplismo" que domina a literatura que se imparte nas institucións educativas e reclama a lectura das obras de Stevenson nas que se tratan temas universais. Destaca do estilo deste autor o "modo de contar", no que emprega abondosas digresións, puntos de vista alternantes, cambios de narrador, sutileza, etc. Considera que nel bebe a literatura do século XX, en especial autores como Conrad, Joyce ou Proust. Defíne a lectura como un modo de vencer o tedio e o absurdo, ver a vida con outros ollos, e remata salientando a importancia deste autor na súa vida e reclamando o seu estudo como sistema literario.

Carballeira, Paula, 'Os fillos da noite', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 40-42.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Paula Carballeira comeza referíndose aos medos que nos acompañan na vida, principalmente á escuridade e ao descoñecido. Evoca os seus anos de infancia e o refuxio que supuxeron para ela os libros, especialmente aqueles que lle quitaban o sono de noite. Lembra que leu *Drácula* (1897), de Bram Stoker, do que salienta que lle transmitiu a "súa sede eterna de novas vidas". Refírese á súa busca de novas existenciais dentro da súa e comprende ao conde Drácula, por tratarse dun ser á marxe da sociedade, posuidor dunha sabedoría ancestral, rexeitado polos humanos porque encarna o descoñecido e aquilo que non entendemos. Considera que na actualidade corremos o risco de esquecer as veladas que Ánxel Fole nos contou, dándolle as costas a un saber que comprendía a relación entre o natural e o sobrenatural. Asocia a Santa Compañía e os vampiros con esa outra realidade oculta. Remata sinalando que en *Drácula* se personifica a verdadeira dimensión da traxedia "que non está moi lonxe de ser a nosa".

Carpente, Nardo, 'Escola e teatro', *Revista Galega de Teatro*, nº 35, 'Espacios', 2003, pp. 5-15.

Reflexión sobre a importancia de aprender xogando na infancia, na que se comeza cuestionando a súa situación actual na nosa sociedade. Partindo da máxima de que é necesario "Aprender xogando e xogando a aprender" achega algunhas consideracións sobre o xogo dramático como medio axeitado para unha aprendizaxe activa, na que os cativos desenvolvan a creatividade, a improvisación, a desinhibición e a súa adaptación ao grupo. Tamén sinala que o xogo dramático non ten por qué implicar a representación dunha peza na que se teima en lembrar o texto e na que os ensaios levan a repeticións constantes. Rexeita o emprego do teatro escolar como forma de encher ocos do horario e reivindica que forme parte do currículo das escolas universitarias de profesorado. A seguir reproducense tres pezas cedidas polo Obradoiro de Escrita Gianni Rodari de Vigo: "O morcego Tres Cabezas", na que se adapta un conto ao xeito dos romances de cego, no que se cantan as peripecias de tres irmás que parten na busca das cores do Arco da Vella que foron roubadas polo morcego; "Carapuchiña vermella", unha adaptación teatral en tres escenas do conto clásico; e "Os problemas de dona Gramática", na que en dúas escenas se representan os conflitos entre os diferentes integrantes da gramática provocados pola desunión e as tensións entre eles.

CLIJ, 'El centro del laberinto. Agustín Fernández Paz', *CLIJ*, nº 156, 'Libros/Novedades', 2003, p. 58.

Refírense á versión castelá deste volume publicado en galego no ano 2002. Comezan describindo o contido da obra que cualifican de "interesante novela de ciencia ficción" , un alegato contra a sociedade globalizada e que presenta temas de grande actualidade que mostran moitas das preocupacións da mocidade de hoxe.

CLIJ, 'O principião. Antoine de Saint-Exupéry', *CLIJ*, nº 162, 'Libros/De coleccionistas', 2003, p. 73.

Dáse noticia da publicación por parte da Editorial Galaxia dunha coidada edición en cartón que inclúe a reprodución das acuarelas orixinais de Saint-Exupéry e a tradución que Carlos Casares realizou ao galego en 1972. Cualifica a obra como a máis clásica da Literatura infantil europea do século XX e din que se trata dun libro marabilloso pensado para todo tipo de lectorado.

CLIJ, 'Peluso. Gloria Sánchez', *CLIJ*, nº 162, 'Libros/Novedades', 2003, p. 65.

Despois de achegar datos do argumento, salientan que Gloria Sánchez nesta obra *Peluso* (en galego *Frangulla* (2002), narra a historia "enternecedora" dun loitador que relata en primeira persoa cómo consegue sobrepoñerse ás adversidades e faíno con humor "inconfundible de fina retranca". Cualifica as ilustracións de López Domínguez de orixinais e acertadas para ambientar "esta historia de soledad y superación en la inmensidad helada del polo Norte".

CLIJ, "Aquel niño y aquel viejo. Avelino Hernández", *CLIJ*, nº 156, 'Libros/Novedades', xaneiro 2003, p. 54.

Salientan que se trata dun encontro entre dúas soedades, a dun neno que queda coa súa avoa

mentres os pais van de viaxe e a dun vello que sae diariamente a pescar, presentadas en páxinas alternas con tenrura e moita descrición. As ilustracións din que se inspiran no wabi-sabi "técnica japonesa que utiliza materiais 'pobres' para crear unas imáxenes en las que no faltan los reflejos, las sombras, o la expresividad de los rostros". Un universo de texturas asegúrase.

CLIJ, 'Donde viven los monstruos. Murice Sandak', *CLIJ*, nº 157, 'Libros/Novedades', febreiro 2003, p. 64.

Reedición en todas as linguas de España deste album clásico da literatura infantil do século XXI, do norteamericano S. Sandak, que viu a luz por primeira vez en 1963. Saliéntase que foi un libro polémico polo tratamento pouco "ejemplar" do mal comportamento infantil a pesar de ter sido galardoado en moitas ocasións. Cualifíannos de "excepcional", apto para contar aos prelectores seguindo as imaxes e fácil de ler para os primeiros lectores. Falan da edición de Alfaguara de 1977 que agora reedita con outro formato e que Kalandraka recupera o orixinal. Salienta a vixencia deste álbum imprescindible nunha biblioteca.

CLIJ, 'A auga. Xan Rodiño', *CLIJ*, nº 157, 'Libros/Novedades', febreiro 2003, p. 64.

Primeiro dan a benvida á nova colección de "Álbums ilustrados" "Contos para crecer", da Editorial Ir Indo, que cantan as excelencias dos elementos da natureza. A Auga é a protagonista deste título, lóaselle por medio de "escuetos versos, fáciles de memorización" e dunhas imaxes "primorosas, pequenas, detallistas, en unos collages delicados, llenos de humor, sobre unos fondos que abarcan toda la gama posible de azules". Cualifica a colección como unha acertada combinación de poesía, mensaxe ecolóxica e esteticismo.

CLIJ, 'Cando os animais falaban. Xosé Miranda e Antonio Reigosa', *CLIJ*, nº 157, 'Libros/Aula', febreiro 2003, p. 71.

Salientan deste álbum que recolle cen historias sobre mitos fundacionais dos galegos, a maioría protagonizados por animais, a bela edición, o humor, o inxeño anónimo e popular, a brevidade dos contos e as ilustracións que sintonizan co carácter máxico e divertido dos textos.

CLIJ, 'La mierlita. Antonio Rubio (adapt)', *CLIJ*, "'Libros'", febreiro 2003, p. 64.

Comezan describindo o argumento e tema desta adaptación dun conto popular que cualifican de cruel "toda una lección para ignorantes y desaprensivos" narrado con fluidez, frescura e humor, con fórmulas repetitivas, diálogos e cancións. Rematan referíndose ás ilustracións que considera de "propuestas fascinantes" realizadas a base de colaxes e debuxos a lapis e que xunto co texto cada páxina nos sorprende co xogo de tipografías, tamaños e cores.

CLIJ, 'Alicia no país das marabillas. Lewis Carroll', *CLIJ*, nº 158, 'Libros de aula', marzo 2003, p. 73.

Dáse noticia de que Xerais inaugura con esta obra unha colección de clásicos da LIX de

"moderno y lujoso diseño". *Alicia no país das marabillas* (2002) xa fora editada en galego por esta editora e polos mesmos tradutores en 1984 (Premio Nacional de tradución 1985). A novidade é que se prescinde das ilustracións clásicas de John Tenniel para dar paso a un ilustrador novo, Federico Fernández Alonso, premio nacional de ilustración 2002. Descríbese a técnica que este ilustrador emprega na obra.

CLIJ, 'Informe. Los premios del 2002', *CLIJ*, nº 159, abril 2003, pp. 11-79.

Como todos os anos a redacción de CLIJ dá noticia dos galardoados cos diferentes premios que se convocan en España seguindo o seguinte esquema: datos do premio, breve autobiografía, listaxe dos galardóns conseguidos, unha bibliografía, unha entrevista e a reseña que sobre a obra premiada se publicou na revista. Os galegos que este ano mereceron galardón foron:

- Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972), Premio Nacional de Ilustración por *¿Onde perdeu Lúa a risa?*, de Miriam Sánchez Moreiras, di que estudou Belas Artes en Pontevedra entre 1992 e 1997, que realizou varias exposicións, entrevistou nalgún curto, gravou un disco, traballou de pizzero, gañou un concurso de música, tivo algunha moza, traballou nunha oficina perdido entre facturas ata que por fin decidiu loitar polo que sempre lle gustou. Dise que só mereceu ata agora este galardón: Cítanse as obras de literatura infantil que ilustrou. Na entrevista di que se dedicou a ilustrar libros infantís porque lle gusta facer moito ilustración cun texto detrás, insiste en que os ilustradores están pouco valorados e que gañar un premio dá ánimo para traballar.

- Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955), Premio Merlín, do que máis que unha autobiografía se ofrecen datos biográficos deste escritor que naceu no mes de decembro, que se licenciou en bioloxía en 1978 na Universidade de Santiago e agora exerce a profesión no centro de secundaria Xoán Montes de Lugo. Dise que dende neno escribiu poesía e que pronto editará os seus versos reunidos entre 1973-2002, que en 1988 comezou a escribir prosa para adultos e que comezou a se dirixir aos nenos no momento en que tivo os seus dous fillos. Cítanse os primeiros títulos e a súa dedicación á literatura de transmisión oral xunto a Antonio Reigosa e Xoán R. Cuba. A seguir, ofrécese a listaxe de premios e bibliografía primaria. Na entrevista di que grazas ao premio conseguiu un lugar na Literatura infantil e xuvenil en Galicia, que considera que está moi dirixida por uns nomes e que lle foi difícil entrar por provir da literatura de adultos. Logo quéixase da marxinación que sofren os libros en galego nos medios de comunicación aínda que algúns vendan moitos exemplares. Só os best-sellers. Tamén salienta a marxinación da crítica que non acaba de entender que non existe ningunha diferenza entre a Literatura infantil e xuvenil e a de adultos, que a Literatura infantil e xuvenil é aquela que ademais de gustarlle aos adultos gusta aos nenos. En canto ao panorama da Literatura infantil e xuvenil en Galicia considera que non está mal. Salienta a coexistencia de textos de moi boa calidade cos de pouca calidade e "sobrada moralina". Láíase do mal momento da empresa editorial e da diminución do lectorado. No apartado "La obra. *Pel de lobo*" dise que é unha novela de aventuras e de terror e descríbese o argumento.

- Agustín Fernández Paz, Premio o Barco de Vapor. Na Autobiografía Agustín Fernández Paz (Lugo, 1947) di que foi neno nos anos 50 e que polo tanto pertence á Xeración que creceu sen televisión. Lembra as historias nocturnas contadas ao redor da cociña de ferro, os libros de aventuras, os tebeos e algo de cine. Di que estudou Peritaxe industrial, Maxisterio e Ciencias da Educación, que dende os anos 70 sempre estivo ligado aos

movementos de renovación pedagóxica e que na actualidade imparte docencia de Lingua e Literatura galegas no IES Os Rosais-2 de Vigo. Fala tamén dos seus gustos. Logo dáse nunha listaxe de premios que conseguiu e a súa bibliografía primaria. No apartado "Opinión" considera que os premios sempre dan alegría sobre todo polo estímulo e di do seu libro que é distinto dos publicados ata o de agora e que o premio fai que non pase inadvertido. Recorda que xa hai oito anos escribiu contra a invisibilidade da literatura e cre que segue vixente aínda que con matizacións, por exemplo en Galicia observa unha maior sensibilidade cara á literatura infantil e xuvenil, aínda que a crítica se produza en (escasos) espazos, cre que isto é debido ademais da minusvaloración de todo o que se adxectiva de infantil, a que non hai unha crítica que separe o bo do rutineiro, que saliente a apertura do novos camiños. En canto ao panorama da Literatura infantil e xuvenil castelá e galega considera que é difícil de contestar polo moito que se publica en castelán e que non pode ler, segue a autores pola crítica e polo boca a boca. En canto á galega cre que nos últimos anos conseguiu unha certa normalización tanto no plano creativo coma editorial, dinamismo, exploración de novos camiños pero o futuro está nos avances da normalización lingüística e cultural. Cre que con ¡Nunca máis! polo medio pode haber razóns para o optimismo.

CLIJ, 'Lista de Honor de CLIJ 2002..Los 100 mejores libros del año', *CLIJ*, nº 159, abril 2003, pp. 7-10.

Como é habitual os responsábeis da redacción da revista, Gabriel Abril, Victoria Fernández e Maite Ricart coa colaboración de Xabier Etxaniz, de Vitoria; María Jesús Fernández, da Coruña; Teresa Mañá, de Barcelona; e José Luis Polanco, de Santander, elaboraron esta listaxe a partir de cincuenta títulos reseñados en *CLIJ*. Entre eles figuran os seguintes galegos, de 0 a 5 anos *¿Onde perdeu lúa a risa?*, de Miriam Sánchez e Federico Fernández; *Os dous corcovados*, de Raquel Méndez (adapt.) e Oscar Villán; de 6 a 8 anos *Chinto e Tom*, de Gloria Sánchez e Irene Fra; de 8 a 10 anos, *No corazón do bosque*, de Agustín Fernández Paz e Miguelanxo Prado; *¿Vichela, vichela?*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; de 10 a 12 anos *A Galiña da Paz*, de Gloria Sánchez e Manuel Uhía; de 12 a 14 anos *A casa da luz*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández e Xosé Cobas. Nos libros de aula *Pequena mitoloxía de Galicia*, de X. Miranda, A. Reigosa e X. Cuba; en De regalo, *Minilibros para soñar*, da editorial Kalandraka.

CLIJ, 'Xosé Miranda', *CLIJ*, nº 161, 'Tinta fresca', xuño 2003, pp. 37-40.

Nesta sección ofrécese unha autobiografía do autor. Di que naceu en Lugo, nun chalé que non existe e no que vivían seus avós, tíos e primos; que lle gustaba ler tebeos (*El Cachorro* e *El Cosaco Verde*). Recorda os xogos infantís, os contos que oíu de familiares e veciños, os libros que leu, o seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela para estudar Bioloxía e que é profesor de instituto. Afirmar que aos doce anos comezou a escribir versos e aos vinte moitas novelas e relatos, que investigou con outros compañeiros sobre a literatura de transmisión oral; e que o que lle gusta é pasear, ir ao cine, a natureza, a liberdade, a igualdade e fraternidade; contarlle contos aos seus fillos e a estudantes de centros escolares, pero como non pode ir a todos escribe para eles. Non lle gusta a guerra,

as mareas negras e a discriminación por raza. A seguir, ofrécese o seu relato "Aprendendo a nubeira". Trátase do relato dunha nubeira, filla dun Tronante, moi coñecido e temido no pobo e barrios polo que podía facer co tempo, que estaba casada cun home de cidade e tiñan unha filla, Rosiña, á que intentou ensinar a ser nubeira ás agochadas de seu pai, pero non o conseguiu pois Rosiña era moi lanzada e fixo desaguisados e para que o pai non se molestase, aínda que xa lle ensinara varias cousas que facía ben cando ela estaba diante, decidiu desandar o camiño para compracer ao seu home aínda que considera que non hai dereito pois agora a súa filla ve a TV en vez de ver o mundo á forma da súa familia por iso pregunta ao lector implícito "¿a que non podía facer outra cousa?".

CLIJ, 'Cuentos para contar mientras se come un huevo frito. Pep Bruno', *CLIJ*, nº 165, 'Libros', novembro 2003, p. 60.

Dise que estamos diante dunha afortunada mestura de conto tradicional de estrutura circular e de humor *nonsense*. Descríbese a seguir a historia que se conta para rematar salientando que o texto, publicado en galego en 2002, está cheo de fórmulas de repetición, cunha cadencia case musical pero áxil, e que as ilustracións surrealistas, sobre todo, da catalá Mariona Cabassa.

CLIJ, 'Pinocho en España. Selección bibliográfica', *CLIJ*, nº 165, 'Carlo Collodi', novembro 2003, pp. 58-59.

Dentro da selección bibliográfica que se presenta desta obra de Carlo Collodi, composta por trinta e unha edicións, cítanse as edicións galegas realizadas por Edicións Xerais de Galicia en 1987, 1990 e 2002, e a realizada por Galaxia en 1994.

CLIJ, 'Un fantasma con asma. Carmen Gil', *CLIJ*, nº 166, 'Libros/Novedades', decembro 2003, p. 56.

Despois duns datos biográficos referidos a esta escritora gaditana, ofrecen o argumento deste conto en verso, publicado en galego en 2002, a partir do cal, din, a autora constrúe "divertidas rimas, tan absurdas como as situacións descritas" que están en perfecta conxunción coas ilustracións, que ademais de ofrecer esta primeira obra para a LIX se dedica ao cine de animación, á dirección de arte de publicidade e á TV. Rematan dando unhas notas cualificativas das ilustracións e afirmando que é un álbum para compartir "lectura con los amigos y echar unas risas".

Cortizas, Antón, 'Aquel día en que un libro de Verne caeu nas miñas mans', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 46-47.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano, 2003 Antón Cortizas evoca o día da súa Primeira Comunión, no que recibiu de regalo o libro *Miguel Strogoff*, de Xulio Verne. Describe a edición da obra e sinala que foi coa que comezou a vivir as súas primeiras aventuras literarias. Evoca outras obras de Xulio Verne, nas que a través dos seus personaxes viaxou a lugares de todo o mundo e viviu experiencias únicas. Explica que para el entón o autor só era un ancián de barba branca como aparecía na contraportada das súas

obras, posto que o que escribía eran anacos de vida que el vivía. Sinala que a obra de Verne segue vixente actualmente, ao que agradece toda a súa obra.

Cozinha, Ivám, 'Sinchán, pan e chapapote', *Tempos Novos*, nº 71, 'Horizontes. Cultura', abril 2003, pp. 64-65.

Fálase neste artigo das XII Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil da Biblioteca Nova 33. O autor salienta as distintas achegas (dende as científicas ás literarias) das que foi obxecto o humor neste evento, e enumera os diversos autores que tomaron parte nel, como Paula Carballeira, Cándido Pazó, Agustín Fernández Paz, etc. Sinalase tamén a necesidade de normalización da LIX (Literatura Infantil e Xuvenil) en Galicia e os motivos, así como a grande heteroxeneidade acadada por este xénero, que o converte nunha "especie de caixón de xastre xa imposible de coutar". Unha breve reflexión sobre o humor e a transmisión da verdade na actual conxuntura histórica pechan o artigo.

Fernández, M^a Jesús, 'A contar ovellas. Elvira Pérez', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 71.

Céntrase no comentario de *A contar ovellas* (2002), un volume de sete contos breves que seguen a clásica estrutura de "historias dentro da historia", cun marco común que lles dá unidade e no que aparecen o narrador propiamente dito e o destinatario dos relatos, un neno que descobre a súa capacidade de facer aparecer aquilo no que está pensando. Así é capaz de materializar unha misteriosa voz que lle conta os sete contos que tanto desexa, unhas historias fantásticas que destacan polo seu contido poético e polas expresivas imaxes sensoriais que propoñen, así como polos seus breves e suxestivos diálogos. Tamén apunta que Elvira Pérez "emprega con precisión unha linguaxe sinxela e moi expresiva, rica en matices e desprovista de artificios". Finalmente, salienta o traballo de ilustración de Óscar Villán e a coidada e fermosa edición que axuda ao lector a distinguir as distintas voces que "se escoitan" no relato.

Fernández, M^a Jesús, 'Aníbal quere encoller. Oli', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 73.

Sinala que este volume publicado no ano 2001 recolle os diversos momentos da vida dun neno chamado Aníbal, que ten como desexo ser moi pequeno para penetrar no interior da terra e coñecer os misterios que alí se agochan. Comenta que cunha linguaxe "sinxela", o libro pretende a complicidade dos máis pequenos lectores presentando situacións divertidas ou recorrendo a recursos eficaces para estas idades, como son a esaxeración e a alusión a equívocos e malos entendidos. Tamén apunta que as ilustracións en branco e negro de Ramón Trigo son moi interesantes e orixinais.

Fernández, M^a Jesús, 'Eu, coma sempre. Cándido Casal', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 74.

Expón que en *Eu, coma sempre* (2001), de Cándido Casal, un narrador infantil en primeira persoa, mediante un longo monólogo no que de cando en vez aparecen outras voces, relata

o discorrer da súa vida familiar que se ve alterada por un acontecemento grave, aínda que, felizmente, as cousas volverán á normalidade. Comenta que un dos atractivos da narración é a linguaxe empregada de rexistro coloquial, tan característica dos rapaces de hoxe en día, e salienta a mirada afectuosamente crítica que se fai das condutas dos adultos.

Fernández, M^a Jesús, 'Lúa de pan. Pepe Cáccamo', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 71.

Considera unha boa noticia a aparición do premio Arume auspiciado pola Fundación Xosé Neira Vilas e que a primeira obra galardoada, *Lúa de pan* (2002), sexa un poemario de "tanta calidade" de Pepe Cáccamo. Comenta que vintecinco poemas compoñen este volume e que neles salienta o fondo contido lírico, que adecúa a súa expresividade ás capacidades dos pequenos receptores sen infantilizar a linguaxe, e os ecos de poetas como Novoneyra, Alberti ou Lorca. Anota os temas tratados mediante suxestivas imaxes que introducen os nenos nos recursos expresivos da moderna poesía e apunta que teñen en común a musicalidade, así como destaca a importancia que adquiren a rima e o ritmo, aínda que non se renuncia ao verso libre. Tamén sinala que o libro está moi ben editado e que se enriquece cos delicados debuxos de X. Vizoso realizados en tinta verde.

Fernández, M^a Jesús, 'O anel. Manolo Uhía', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 72.

Detense polo miúdo na obra *O anel* (2001), unha historia de fantasía, que está escrita en primeira persoa e na que a narradora-protagonista escribe con dous obxectivos: dar a coñecer unha experiencia extraordinaria vivida por ela mesma e atopar entre os lectores a alguén que lle poida traspasar as facultades máxicas das que gozou por un tempo, grazas ao anel. Salienta que outro aspecto interesante do libro é o de reflectir a especial complicidade entre os nenos e os anciáns, ademais de comentar que Manolo Uhía constrúe "unha moderna historia de corte clásico que é unha amena e divertida lectura para todos os que gustan da fantasía".

Fernández, M^a Jesús, 'Valdamor. Beatriz García Turnes', *CLIJ*, nº 158, 'Libros. Más de 14 anos', marzo 2003, p. 71.

Comeza cualificando *Valdamor* (2001), de Beatriz García Turnes como un relato que se sitúa no futuro e que por iso usa o extrañamento para mostrar un panorama social no que reflectir moitos dos problemas actuais. Tamén ve a novela como un relato de aprendizaxe e iniciación. Remata dicindo que á autora interésalle tanto reflexionar sobre as razóns da existencia humana coma facer crítica das inxustizas e desequilibrios sociais. Unha obra con gran carga filosófica e social que non empece a trama áxi.

Fernández, M^a Jesús, 'Correo urxente. Paula Carballeira', *CLIJ*, nº 160, 'Libros/Novidades', maio 2003, p. 64.

Comeza sinalando que como suxire o título o libro está constituído por unha serie de cartas que se intercambian varios personaxes. A seguir, cítanse os personaxes que se intercambian as cartas e os seus contidos. Finaliza dicindo que a forma epistolar ademais de achegar

unidade e coherencia á diversidade do libro dálle axilidade e fai posíbel que aparezan diversas voces nesta obra que cualifica de divertida acompañada de "excelentes ilustraciones".

Fernández, M^a Jesús, 'Noite de voraces sombras. Agustín Fernández Paz', *CLIJ*, nº 160, 'Libros/Novedades', maio 2003, p. 72.

Cualifica o relato de "emocionante" e di que desenvolve un tema de grande actualidade: a necesidade de recuperar a memoria dos trágicos sucesos que se deron en Galicia tras o levantamento da Guerra Civil e transmitila ás novas xeracións. A seguir, relátase brevemente a historia que di se presenta como un relato de intriga a través de varias voces. Remata afirmando que na novela hai continuas referencias á literatura como patrimonio común de liberdade, amor e esperanza. Cítase a Xulio Verne e ao Capitán Nemo que forman parte da historia que se conta.

Fernández, M^a Jesús, 'Cando a terra esqueceu xirar. Fina Casalderrey', *CLIJ*, nº 161, 'Libros/Novedades', xuño 2003, p. 62.

Cualifica o conto de coral pois está protagonizado por todos os habitantes da terra que un día esqueceu xirar. Dende esta situación cóntase o argumento para logo comentar que a autora ofrece unha "deliciosa lectura imaginativa y contándonos el cambio en la vida cotidiana motivado por el despiste de la tierra", que se usa a enumeración e que de cando en vez un personaxe toma a palabra para comentar unha situación concreta. Salienta tamén o humor derivado das absurdas situacións que se crean e a crítica sutil á situación de desigualdade, a aposta pola solidariedade e colaboración. Finalmente cualifica o traballo de Villán de "estupendo".

Fernández, M^a Jesús, "Galicia: Obras destinadas a perdurar", *CLIJ*, nº 164, 'Panorama', outubro 2003, p. 44.

Indica, como vén sendo habitual nesta panorámica, que o grupo de lectores privilexiados foi o prelectorado tanto polo número de libros coma pola calidade, co obxectivo de educar a sensibilidade plástica e lectora. Destaca neste grupo o labor da editorial Kalandraka, sobre todo o realizado polos ilustradores. Considera un álbum de excepción no grupo dos publicados nos últimos meses o titulado *¡Nunca Más! A ollada da infancia* realizado coa colaboración de escolares galegos que achegaron a súa visión en textos e debuxos do seu sentimento pola catástrofe do *Prestige*. Tamén loa neste terreo o labor de Edicións Xerais de Galicia e a súa colección "Sopa de contos" e "Merliño", cita varias das obras publicadas e delas dá uns trazos que as cualifican. Outra editora que mostra especial interese neste terreo, sinala, é Everest-Galicia coa súa colección "A montaña Encantada" da que salienta algún título, o mesmo fai en canto á Editorial Sotelo Blanco e á súa colección "Bolboretas" e "Contos para crecer"; de Edicións A Nosa Terra salienta "Os contos da rata Luísa", "Os Bolechas", "Os Bolechas queren saber", "Os Bolechas van de viaxe" e "Contos do Miño"; de SM "Os piratas", "Cabaliño Alado" e por fin de Ir Indo Edicións, a súa colección "Infantil". Tamén considera interesante a oferta para os "lectores autónomos". Neste apartado salienta a colección "¿E que?", de Editores Asociados, na que participa a Editorial Galaxia, sinala os obxectivos da colección. Detense brevemente en varias obras de Fina

Casalderrey, *Cando a terra esqueceu xirar* (SM), *Derradeira carta ós Reis Magos* (Xerais) e *Desventuras dun lobo namorado* (Galaxia), obras que responden á poética da autora: humor, expresividade, miradas inocentes carentes de prexuízos... Neste grupo son moitas as obras e coleccións que se citan. É o caso da titulada "Nunavut", de Xerais, na que Xoan Abeleira e Jacobo Fernández pretenden aproximar ao lectorado a vida e cultura dos esquimós. O mundo dos animais como protagonistas son base na colección "Ala Delta", de Tambre-Edelvives en: *Dominicus, o Dragón*, de Antón Cortizas, e *Frangullas*, de Gloria Sánchez; tamén de *A verdadeira historia do burro Feldespato*, de Xerardo Quintiá, en "Árbore", de Galaxia. Son moitos os títulos tratados, dos cales se dan breves descrições: *O bigote de Mimí*, de Manuel María; *Anamarciana: vacacións en Europa*, de Alberto Varela; *Eu voguei por mar de chocolate*, de Xoán Babarro; *Correo urxente*, de Paula Carballeira; *Querida Uxía*, de Lupe Gómez; *A encantadora*, de An Alfaya; *Castiñeiro e compañía*, de Xavier López Rodríguez; *Tres capitáns de tempos idos*, de Antón Avilés de Taramancos e tamén fala dalgũa tradución. No apartado "Calidad e interés en los libros para lectores de 10 a 14 años" salienta que os "libros dirigidos a ellos se hacen cada vez más extensos y complejos" e neste ano considera de grande interese a participación de autores de recoñecido prestixio. Seguindo o esquema dos grupos anteriores volve a describir varios títulos: *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz; *A casa da luz*, de Xabier P. Docampo; *Estanislao, príncipe de Sofrovia*, de Manuel Lourenzo González; *Camiño perigoso*, de Anxela Loureiro, e *De cómo o Santo dos Croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude. No apartado "Todos los géneros al alcance de los jóvenes" refírese aos "libros para jóvenes de más de 14 años" di que hai unha "interesante" produción na que están representados moitos dos xéneros narrativos clásicos. Seguindo ben o xénero, ben valores de interese da autora e seguindo o esquema anterior analiza agora máis pormenorizadamente: *Pel de lobo*, de Xosé Miranda; *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz; *Lúas de Nácara*, de Fina Casalderrey; *O ganso pardo*, de Paula Carballeira; *A canción de Sálvora*, de Antón Riveiro Coello; *Area Maior*, de Manuel M. Barreiro; *¡Balea morta ou lancha a pique!*, de Jaureguizar; *Carmin*, de Domingo Tabuyo; *Suso Espada. O misterio do Grial*, de Francisco Fernández Naval; *OTMA Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, de Raquel Campos Pico; *Trala liña do horizonte*, de Antonio García Teijeiro; *Auga para encher un cesto*, de Paco Martín, e cita obras clásicas que se verqueron ao galego. Remata o apartado "Otros géneros" no que se refire a libros que recollen lendas e contos de transmisión oral, fala de libros de poesía seguindo a mesma estrutura anterior, aínda que algúns xa os tratou noutros apartados, é o caso agora de *Paseniño, paseniño*, de Antonio García Teijeiro; *Belidadona*, de Helena Villar Janeiro; *Lúa de pan*, de Pepe Cáccamo, de quen tamén salienta *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*. Remata "esta apresurada panorámica" con referencias á terceira época da revista de cómic *Golfiño* que pasou a se distribuír gratuitamente por *La Voz de Galicia* e fala do seu éxito. Moitas das obras tratadas foron obxecto de comentarios nesta revista *CLIJ* nos números anteriores a este.

Fernández, Victoria, 'Informe: Premios del año 2002', *CLIJ*, nº 159, 'Editorial', abril 2003, p. 5.

Comeza a editorial lembrando que como cada ano e con motivo da Feira do Libro de Boloña (Italia) *CLIJ* ofrece ao seu lectorado o número monográfico dedicado aos premios do ano. A seguir, fala da feira que motiva o número monográfico. Un informe que no ano

2002 agrupa a corenta e tres autores, ilustradores e editores que mereceron algún galardón nas convocatorias de premios e que neste ano a maioría xa eran coñecidas. Entre os galardoados cita aos galegos Agustín Fernández Paz e Federico Fernández, que foi Premio Nacional de ilustración con *¿Onde perdeu Lúa a risa*, de Miriam Sánchez. Salienta que houbo premios que quedaron desertos, o que demostra a aposta pola calidade; que o premio Nacional de LIJ recaese nun poemario, feito que só ocorreu no ano 1987 e a concesión do Premio de Fomento á Lectura á Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

García Teijeiro, Antonio, 'A los niños les gusta la poesía, ¿o no?', *CLIJ*, nº 156, 'En teoría', febreiro 2003, pp. 55-59.

Comeza facéndose a pregunta ¿les gusta la poesía a los niños? e despois da resposta negativa de partida, o poeta refírese a cuestións como que os trabalinguas, os xogos, as adiviñas...non se recoñecen como poesía, que se considera ao lectorado pouco preparado para o xénero. Di que a poesía en principio pode aburrir pero que cando se une música e poesía se produce un cambio e un decide que a poesía debe vivir ao lado dos nenos, debe convivir cos seus intereses e axudar a que se perdan nos seus encantos. Así o poeta convértese en mediador, non só nun poeta, senón nunha persoa que ama a poesía, que lle le aos nenos poesía popular (pon un exemplo en galego e outro en castelá) que lles explica qué é poesía, que hai persoas que a partir da tradición oral fan poesía para eles, e tamén que o mediador mestre debe crear o ambiente preciso para que a poesía teña vida á marxe do ambiente didáctico da clase. Para iso debe sacar poemas do libro de texto e empapelar a clase xunto a outros xogos, lecturas e así xunto co poeta rememorar a Antonio Machado, por exemplo, a outros poetas, os seus sentimentos para que reflexionen e que manifesten o que para eles é a poesía e as posíbeis respostas a favor e tamén en contra. Finaliza dicindo que é imprescindible a man do mediador para contaxiar (citando a Janer Manila) o gusto pola poesía non a preocupación por facer poemas, e se esta man funciona conseguirá contaxiar o gusto naqueles que se achegan con placer e que non a odien aqueles menos propicios ao xénero.

Gaspar, Silvia, 'A pantasma da torre. Lourdes Maceiras', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 70.

Comenta que nesta narración se desenvolve unha anécdota baseada na deconstrución do medo e que a súa intención, "tan edificante como laudable", contén certas fracturas na construción dos personaxes, carentes de motivacións reais, na insistencia en diálogos dubidosamente funcionais e na certa velocidade nun desenlace que reclamaría máis tensión e extensión. Conclúe apuntando que se trata dun "apreciadísimo esforzo que non consegue transcende-los lindeiros da ficción de uso doméstico, malia a coidada edición, embelecida - sempre- polo lapis de Manuel Uhía".

Gaspar, Silvia, 'Amar e outros verbos. Ana María Fernández', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 73.

Considera que este poemario, publicado no ano 2002 e gañador do Premio Lazarillo, é "unha orixinal proposta de reflexión emocional sobre a palabra", pois "o verbo, como categoría indicadora de accións e paixóns, dá paso, por exploración semántica, á suxestión

poética que confire á propia construción da imaxe o talante lírico". Tamén sinala que vinte e cinco verbos son a escusa para ofrecer unha visión da existencia positiva pero sincera, onde a dor e a morte teñen cabida, ademais de apuntar que se trata dunha obra "encantadora", excelente para a lectura e para animar a creación de textos na escola.

Gaspar, Silvia, 'Ariadna. Xosé Miranda', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 75.

Apunta que con esta novela, *Ariadna* (2002), de Xosé Miranda volve con perseveranza sobre a historia de ficción científica e que, como noutras súas pezas de literatura infantil e xuvenil, "resulta difícil aventurar unha motivación e unha intencionalidade, principalmente polo ambicioso da construción -en canto a temas enunciados-, que contrasta coa relativa brevidade expositiva". Considera que se trata dunha peza de fácil lectura, unha vez transcendida ou obviada a cuestión da narradora e narrataria, sempre que o lector pase por alto a densa referencialidade mítica, literaria e filmográfica, da que ofrece algúns exemplos.

Gaspar, Silvia, 'Ith. Silvestre Gómez Xurxo', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 76.

Comenta que esta novela de Silvestre Gómez Xurxo, *Ith*, incorre nun dos subxéneros narrativos menos solicitado polo lectorado máis mozo, o histórico. Sinala que desenvolve a xesta épico-mítica e filopondaliana da estirpe de Breogán, dende unha idealización mítica sobradamente descritiva e pouco dada á dialoxía e ao diálogo. Conclúe indicando que episodios pragados de seres míticos non contribúen a conectar con ningún referente real un tema estelar hai cen anos.

Gaspar, Silvia, 'No corazón do bosque. Agustín Fernández Paz', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 74.

Comenta que a primeira dúbida que a asalta ante *No corazón do bosque* (2002), de Agustín Fernández Paz, é a determinación da banda ideal de idade para os lectores, pois se os oito anos suxeridos pola editora cadran coa caracterización do personaxe e a trama, pregúntase se certas cuestións sociais recreadas na narración (paro, consumismo...) poden ser asimiladas correctamente por un lector en fase tan inicial. Tamén apunta que nesta obra, Agustín Fernández Paz está a facer un alegato a prol da literatura fantástica, priorizada sorprendentemente sobre o factor ecoloxista, e que esta proposta de recuperación do estímulo imaxinario na infancia está reforzada polas alusións ao *Diccionario de seres míticos galegos* e á imaxe do trasno Derdrín, creada por Miguelanxo Prado, que recorda o de Alqueidón.

Gaspar, Silvia, 'O mexillón. Carlos Labraña, M^a Jesús Guillón. Miguel García Cernuda', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 76.

Comenta que esta obra (2002), concibida como texto teatral íntegro para rapaces ao redor dos catorce anos, resulta digna de mención polo texto, "con valoracións autocríticas dos personaxes sobre a irracionalidade das súas conductas cando media a posibilidade de

enriquecerse", e pola reiterada dedicación que os autores prestan ao teatro dende o Colectivo Garola. Tamén destaca o interese pola corrección lingüística e por ofrecer unha versión totalizada, mesmo coa incorporación dunha peza musical orixinal. Como única observación, menciona o extenso papel que ten cada personaxe, o que esixe en escena unha capacitación memorística notábel.

Gaspar, Silvia, 'Os peixes de cores. Antonio García Teijeiro', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 75.

Opina que valores tan recorrentes no terreo poético, como son o intimismo, o enfoque lírico e melancólico, se converten nun "modelo cuestionable" aplicados á narrativa. Sinala que nos encontramos ante unha narración de Antonio García Teijeiro, *Os peixes de cores* (2002), que presenta unha situación de partida de tristura esteriotipada: un pai despótico e unha nai sometida entre os que media Uli, un neno que recorre á rebeldía das utopías que poden facerse realidade para afrontar o seu presente desacougante. Tamén considera que "a pesar da saída en busca da esperanza, non deixa de perocorrer ó lector a sensación de que a infancia -a vida- é un terreo sórdido para o que só cabe o remedio da evasión soñadora".

Gaspar, Silvia, 'Un conto de tres noites. Xabier P. Docampo', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 75.

Estima que Xabier P. Docampo nos sorprende en *Un conto de tres noites* (2002) cunha narración inusitada no seu espectro narrativo por remitirnos a unha mítica baixomedieval, aínda que sen deixar de ser fiel á narración oral. Explica que no texto se fusionan as claves da narración oral co conto de raíz culta, un tema debatido nas Xornadas sobre Literatura Galega de 1999, que deron orixe tamén a outros textos de Carlos Casares, Gonzalo Navaza ou X. L. Méndez Ferrín.

Gaspar, Silvia, 'Cálculo da derrota', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 241-244.

Nunha primeira observación da creación infantil e xuvenil do ano afirma que vai en retroceso. Comenta, referíndose ao factor editorial, que se potencia a produción de Kalandraka e de Sopa de Letras de Anaya (que asumiu Xerais), que aumenta Everest Galicia e que entra a editorial Cambel no sistema literario galego. Fronte a este panorama a meirande parte das editoriais galegas teñen unha presenza escasa. Destaca a edición de contos tradicionais adaptados para os cativos, menciona *Pequena mitoloxía de Galicia*, adaptación do *Diccionario de seres míticos galegos* e os esforzos por manter as "series", das que cita as protagonizadas por Astérix, Harry Potter, Flanagan, as aventuras de Said e Sheila, de Caride Ogando; o peixe Glub, de Isabel Freire; Paco Peco Pequeneiro, de Xelís de Toro; e Os Bolechas, de Pepe Carreiro. Logo cita algunhas obras galardoadas como *A merla de trapo*, de Antón Cortizas (Premio Merlín) e *Manual de instrucións para querer a Irene*, de Carlos Mosteiro (Premio Abril). A seguir chama a atención sobre o feito de que por primeira vez neste eido a publicación dramática consegue certo nivel de importancia xa que apareceron catro volumes dos que destaca *El-Rei Artur e a abominable dama* de Marilar Aleixandre e Carme Domenech. Menciona tres volumes publicados por Xerais destinados a outros tantos tramos de idade lectora nos que existe unha temática variada.

Partindo destas obras deduce que se está a producir unha reorientación editorial para captar un público lector e que o reto é conseguir adaptarse "a mecánica de ocio coa que se vai competir" xa que "as formas da cultura actual están suxeitas ás leis do mercado".

Gómez-Navarro, M^a José, 'Ala Delta y Alandar de Edelvives', *CLIJ*, nº 156, 'La colección del mes', marzo 2003, pp. 56-58.

Informa que estas coleccións se crearon coa finalidade de achegar á infancia e mocidade unha "panorámica lo más amplia posible de la realidad con la que se abre el siglo XXI: una realidad social compleja que da lugar a un mundo injusto que camina hacia la globalización a pasos agigantados". Este é un dos tipos de novelas que intentaron buscar coa finalidade de que amplien a visión do mundo en extensión e pon exemplos, pois afirma que a lectura destas obras propicia un diálogo entre culturas, un intercambio de información entre nenos de distintos países. Outro tipo de novelas que buscaron foron aquelas que "amplien y profundicen su visión del mundo, que les enseñen el camino de la introspección", pon exemplos de cómo axudan a reflexionar sobre conflitos persoais ou realidades sociais que tal vez teñan que vivir no futuro ou están vivindo. Logo reflexiona sobre o momento polo que está a pasar a LIX, afirma que non se están a producir individualidades que destaquen, non hai best-sellers nestas coleccións porque optaron por autores que "han sabido escuchar a los niños y a los jóvenes y hablar en su lenguaje" e cita uns cantos. Remata co apartado "Para los ciudadanos del s. XXI" no que explica o proxecto co que intentaron encher un vacío que crían estaba sen encher, presentado cunha estética actual e moderna acorde coas tendencias do momento. "Ala Delta" conta con sesenta e oito títulos repartidos en tres series para se achegar a un lectorado de cinco a doce anos. "Alandar" con vinte e oito títulos divididos en dous niveis para doce anos e de doce anos en diante. Máis da metade son novidades e o resto retomados das coleccións anteriores para axudar a consolidar ou descubrir o pracer da lectura.

Gracián, Ánxela, 'Alén das estrelamares. Xoán Xosé Lago Pereira', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 76.

Detense con detalle na análise dos elementos que conforman a trama argumental de *Alén das estrelamares* (2001), unha historia protagonizada por One, un centolo meditaundo e vagamente romántico que viaxa dende un océano máxico ata as illas Cíes, terra de promisión e felicidade, pasando unha breve e involuntaria estadía no posto de venda de peixe na praza de Vigo. Tamén apunta que a novela trata o tema do amor e das viaxes iniciáticas e debe ser entendida como unha metáfora da experiencia amorosa, tinxida por veces de actitudes sospeitosas ou, cando menos, politicamente incorrectas, que exemplifica. Considera que se trata dunha peza "desafortunada, máis entensa que intensa, que indaga no territorio brumoso das relacións animais -extrapolación das relacións humanas-, cunha serie de tópicos un tanto pasados de moda".

Gracián, Ánxela, 'De cando o Santo dos Croques se fixo peregrino. Pepe Carballude', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 77.

Resume a trama argumental desta obra (2002) de Pepe Carballude, merecente do Premio O

Barco de Vapor 2001, que presenta o mestre Mateo, acompañado do anxo trompeteiro e a pérfida sombra cabalar, que decide abandonar o seu corpo de pedra e facerse carne para peregrinar dende o Cebreiro a Santiago de Compostela. Apunta que a historia se focaliza na comisaría do sarxento Gamallo e o comisario García, que se encargan de resolver o caso do roubo de tres estatuas do Pórtico da Gloria. Opina que a dualidade homes/estatuas provoca un xogo de humor desenfadado e que a novela é tamén unha reflexión crítica sobre o concepto de arte, así como a exaltación de valores como a liberdade e a ecoloxía.

Gracián, Ánxela, 'Pel de lobo. Xosé Miranda', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 77.

Ofrece o argumento da novela de Xosé Miranda, *Pel de lobo* (2001), na que, ao vello estilo oral, Xosé Nóvoa e Puga recupera en clave melancólica as súas experiencias de xuventude, cando acompaña ao seu pai a un pazo das terras do Incio para dar morte a un mítico lobo. Achega outros ingredientes da narración e apunta que as fillas do dono do pazo encarnarán a lenda do lobishome en versión feminina. Comenta que "Construída cun acertado instinto idiomático, a novela, aínda que cun desenlace demasiado previsible, reflexiona con profundidade sobre o universal tema da liberdade, o caos e a orde, a vida fácil e sosegada dos integrados no sistema fronte á imprevisible e arriscada dos rebeldes e inconformistas".

López Silva, Inma, 'Verán de Atreyu e dragóns da sorte, por Ende...', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 48-51.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Inma López Silva evoca o verán de 1987 no que descubriu a obra *A historia interminable*, de Michael Ende. Explica que todas as mañás lía un anaco do volume en voz alta en presenza do seu avó, que incentivaba a súa lectura e que resultou ser o seu último verán. Explica como os personaxes da novela se converteron nos protagonistas dos seus xogos, abandonados ao verán seguinte no que todo mudou. Evoca agora, quince anos despois, o encontro co seu compañeiro de xogos, nos que el interpretaba a Atreyu, e no que se puxeron de manifesto as consecuencias inexorábeis do paso do tempo.

Mociño González, Isabel, 'A verdadeira historia do Burro Feldespato', *Malasartes. Cadernos de Literatura para Infância e a Juventude*, nº 12, 'Recensoes e notas críticas. Livros en Lingua Galega', novembro 2003, pp. 32-33.

Achega á obra *A verdadeira historia do burro Feldespato* (2002), de Xerardo Quintiá. Comézase co repaso da produción deste autor friolés, iniciada en 1997, para logo se centrar nesta súa primeira obra dirixida a un lectorado infantil. Sínálase a estrutura, a modalidade narrativa e explícase brevemente o contido deste relato que xira arredor do amor do burro Feldespato pola súa dona, a bruxa Marica Pendella. Destácase a evolución do animal protagonista cara a unha forte humanización, o que lle carrega o rexeitamento dos da súa caste e o seu namoramento. Tamén se sobrancea o xogo que o autor establece cos elementos máxicos, cos absurdos e co mundo da simboloxía. Das ilustracións de Andrea López sínálase a súa sintonía co texto, adquirindo maiores dimensións naqueles momentos culminantes da trama. Remátase chamando a atención sobre o final aberto e a linguaxe

viva, con abundantes reiteracións e expresións que lembran a oralidade, o que lle dá frescura e axilidade á narración.

Muñíos, Noelia, 'Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías. M^a Eulalia Agrelo, Adelina Guisande, Isabel Mociño, Amparo Raviña e Isabel Soto (coords.)', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 76.

Afirma que máis de setecentas páxinas recollen a memoria do congreso de literatura infantil organizado en Santiago de Compostela no mes de setembro de 2002, polo que felicita ás coordinadoras da obra polo inxente traballo realizado en prazo tan reducido. Tendo en conta os contidos do volume, sinala que unha das conclusións ás que se chega é que por moito que tentemos falar das novas tecnoloxías, estas aínda seguen a resultar ferramentas estrañas, cando non descoñecidas, a boa parte dos usuarios e lectores, polo que indica que poucos relatores souberon mergullarse nese novo mundo tecnolóxico no que a palabra escrita, oral e visual se converte en eixe vertebrador e aglutinador. Conclúe salientando a importancia que os novos medios teñen na relación que se establece entre lecer e infancia ou adolescencia, polo que considera fundamental os estudos destas manifestacións e o seu achegamento aos mediadores.

Neira Cruz, Xosé A., 'Fina Casalderrey "Valora, sobre todo, que as palabras teñan ás', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Entrevista', 2003, pp. 22-26.

Neste número correspondente ao inverno, reproducíase unha entrevista realizada a Fina Casalderrey, que comeza indicando que un escritor consegue achegar algo limpo e novo, a pesar de non ser unha temática novidosa, cando ao escribir sente que está a descubrir algo novo. A seguir, comenta a pegada nas súas obras do concepto que na súa nenez se tiña de temas transcendentais como o da morte e o da relixión. Afirma non ser unha especialista en literatura pero salienta a necesidade de que desaparezan na literatura infantil os intermediarios para que os nenos se acheguen aos libros por si mesmos. Tamén lembra as diferentes persoas, libros e aspectos que a animaron a introducirse no mundo das historias e influíron na súa faceta creadora. Fai referencia aos seus comezos no teatro, á importancia deste no seu labor como docente e escritora e cómo lle axudou este coñecemento noutras áreas. Indica que a finalidade primordial ao escribir é comunicar e logo a de entrar en contacto coa intimidade dunha persoa que está a medrar e con dificultades para comunicarse. Confesa, entre outros aspectos, as sensacións e cambios que sufríu tras concederlle o Premio Nacional de Literatura, o medo a unha posíbel creación dunha literatura dogmática na que os expertos realicen un canon e digan o que se debe facer e reflexiona sobre a necesidade da figura dos críticos e dun crítico dos críticos para que garantan a profesionalidade destes.

Neira Cruz, Xosé A., 'A prensa infantil nas linguas do Estado español', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, 'Comunicacións', febreiro 2003, pp. 169-186.

Realiza unha análise do desenvolvemento da prensa infantil e xuvenil como resposta á censura franquista e como iniciativa contra o sistema imperante. En primeiro lugar repasa

as principais leis franquistas que regulaban a publicación da prensa infantil e fai mención do gran dinamismo que, dende a clandestinidade, amosaron grupos políticos e culturais, círculos intelectuais e tamén correntes progresistas dentro da Igrexa católica. Cita os tres períodos que se produciron nas últimas décadas do franquismo e na pretransición á democracia: período predemocrático, preautonómico e autonómico, e a seguir dá unha panorámica da prensa infantil nas literaturas castelá, catalá, galega e vasca dende as súas orixes. Na literatura galega comeza por *As Roladas. Folla dos rapaciños galegos*, dirixida por Ramón Cabanillas e ilustrada por Castelao e por Antonio Palacios, que foi a primeira deste tipo; *Axóuxere*, dirixida por Paco Martín e ilustrada por Xoán Balboa e Ulises L. Sarry, destacou pola organización de campañas de lectura en galego e de certames literarios infantís; *Vagalume*, dirixida por Marta Usabel García de Leániz e nos últimos números por Xosé Fortes Bouzán, destacou pola defensa da opción monolingüe da lingua galega, investigou a cultura de Galicia nas súas diversas vertentes e tratou un gran número de temas. A seguir menciona as iniciativas dos xornais galegos relacionadas ca prensa infantil: *Bulebule*, suplemento de *A Nosa terra*, *La Voz de la Escuela*, suplemento de *La Voz de Galicia* e *O Pizarrín*, suplemento de *A Pizarra*, que a súa vez é suplemento do *Faro de Vigo*. Comenta tamén a desigual fortuna da literatura infantil en galego, que está pasando por unha época de esplendor, coa da prensa infantil, que se topa estancada. Despois fala das iniciativas neste eido das editoriais: *O Esquíu Darío* dirixida por Rosa Luengo, revista educativa da Editorial Galaxia que acabou desaparecendo polo excesivo afán comercial e a irregularidade da súa publicación e *Golfiño*, dirixida por Miguel Vázquez Freire e publicada por Xerais un tempo e logo polo xornal *La Voz de Galicia*, que é definida como "a aposta máis decidida e profesional" neste campo. Conclúe referíndose á última publicación que xurdiu, *Plis-Plas*, relacionada directamente co programa do mesmo nome da Radio Galega, que ten entre os seus principais obxectivos o coidado e respecto do medio natural.

Obiols, Nuria, 'O pescador e a súa muller. Manuel Rodríguez (adapt.)', *CLIJ*, nº 161, 'Libros/Novedades', xuño 2003, p. 60.

Comeza referíndose ao proverbio chinés "cuidado con lo que desees" para logo referirse a *El pescador y su mujer*, recompilado primeiramente polos irmáns Grimm, no que se describe a ambición desmedida da muller do pescador que a leva mediante os desexos concedidos por un rodaballo encantado ao punto de partida. Salienta o labor do ilustrador Josep Rodés por presentar imaxes atractivas, ben resoltas e cheas de harmonía xunto cun estilo particular a base de colaxes e acrílicos.

Puñal, Belén, 'Miguelanxo Prado. O embaixador do cómic', *Tempos Novos*, nº 75, agosto 2003, pp. 34-39.

Entrevista a Miguelanxo Prado que comeza cunha presentación do debuxante desde unha perspectiva persoal e humana. Resalta o entrevistado o achegamento á cidadanía como valor principal do Salón "Viñetas desde o atlántico". Fai unha análise da evolución das seis edicións anteriores e dos obxectivos. Durante a entrevista faise un percorrido pola actual edición, cómo está estruturada, cómo se organizou, cómo se implicaron os deseñadores e como nesta edición se virou do xeral ao cómic europeo. Destacan a obra de José Carlos Fernandes, ou os cómic do *Incredible Hulk* ou o labor de BD de Ourense. Analízase tamén a

situación en Galicia na que destacan *Elipse* e *Golfinho*. Finalmente aborda o tema da función social do cómic e reclama a atención das institucións cara ao cómic como un ben literario máis.

Raviña Rosende, Amparo, 'Algúns trazos sobre a obra de Fina Casalderrey', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 2003, pp. 28-33.

Aproximación á escrita de Fina Casalderrey, que comeza encadrándoa na etapa denominada por Blanca Roig, "Consolidación de 1980 ao 2000" e citando os premios que acadou. Saliéntase a presenza das temáticas do realismo cotián e de misterio ademais da sutileza coa que introduce aspectos fantásticos en relatos de corte realista. Dinse qué situacións da realidade trata nas obras infantís (o descubrimento da vida, a chegada dun novo familiar, o respecto polos animais, a natureza...) e cales nas xuvenís (a transición á madurez). Resáltase o tratamento desmitificado e con humor de temas tabús para a infancia e a mocidade ademais de ser capaz de facer reflexionar ao lectorado sobre condutas sociais como a xenofobia, a discriminación social e o alcolismo sen caer no didactismo. Especificase o tipo de voz narrativa usada en cada historia, para qué idade e de qué recursos (diarios, epístolas....) se vale. Do espazo destácanse o predominio do rural galego, a presenza do urbano para dar a coñecer a cidade ou parte da historia, así como a dicotomía rural-urbano para remarcar as vantaxes da vila fronte á urbe. Da coordenada temporal resáltase o contraste do uso da narración lineal nas obras infantís e as continuas rupturas lineais nas xuvenís. No tocante aos personaxes cítanse os trazos que caracterizan os nenos e nenas protagonistas e os contextos sociofamiliares nos que se ubican. Da linguaxe e estilo saliéntase cómo reflicte a correspondente á idade dos personaxes e o predominio da narración fronte á descrición.

Rei Núñez, Luís, 'Padriño sabía', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 52-53.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Luís Rei Núñez lembra a súa infancia na cidade da Coruña na década dos sesenta e setenta. Salienta deste momento da súa vida a ausencia de seus pais emigrados e a falta de libros na súa casa, agás algún devocionario, algún volume de versos ou os volumes de contos que lle deixaban os Reis Magos cada ano. Sinala que a través destes volumes se familiarizou el e súa irmá cos contos clásicos recollidos por Andersen, os irmáns Grimm ou Perrault, aínda que prefería os tebeos que lle emprestaba un veciño e os contos que seu avó lle contaba. Refírese á figura do avó relatando as súas vivencias como maquinista embarcado por diferentes lugares do mundo. Lembra que a súa é unha xeración que medrou aínda sen televisor e para a que os soños viñan subministrados polas historias dos anciás e o cine. Recorda que un dos primeiros libros que mercou foi *El mundo es así*, mentres que os primeiros que colleu na biblioteca foron *Sombra do aire na herba*, de Luís Pimentel, e *Elegías del Caurel y otros poemas*, de Uxío Novoneyra. Remata sinalando que non sabe a razón desta escolla pero que nela tivo influencia o que o avó lle contaba.

Requeixo, Armando, 'Literatura loba', *Tempos Novos*, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', febreiro 2003, p. 72.

Coméntase o libro *Pel de lobo* publicado no 2002 por Xosé Miranda e galardoado o mesmo ano co Premio Merlín 2002 de Xerais. Unha novela que se considera ben articulada en doce capítulos breves de final climático e na que se aplica unha técnica narrativa apropiada para a historia. Tamén salienta Armando Requeixo que, *Pel de lobo*, se nutre de toda a literatura oral e escrita nos últimos cen anos, sobre o tema do lobo e do home lobo. Pero ademais destaca a trama novelesca chea de intriga, ben dosificada, e que ten de fondo unha historia de forte simbolismo coa pugna entre o lobo (representando as leis naturais e o instinto) e o home (o ser social). Pugna que nos di que se resolve polo amor que é a zona de luz na que tocan os dous mundos. Defínese en definitiva como unha novela con moi bos ingredientes para merecer o premio que lle concederon.

Requeixo, Armando, 'Ceos de metal', *Tempos Novos*, nº 70, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', marzo 2003, p. 79.

Tras aludir á colección "Catavento" de Edicións do Tambre, dispónse a comentar *Todo o peso do ceo* (2002), de X.M. Martínez Oca. Antes subliña a dilatada traxectoria literaria do autor, lamentando que non estea recollida no libro. Sinala que esta obra é a "epopea" dos traballadores galegos en Castela, contada dende o punto de vista dun neno castelán. Así mesmo, indica que se trata dun "canto á infancia" que "opón dous tempos" e no que "toda a miseria e o abraio humanos teñen cabida", entre outras características. Remata aplaudindo o xeito de contar de Martínez Oca.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Literatura infantil e xuvenil', *Revista Galega do Ensino*, nº 38, 'O pracer de ler', febreiro 2003, pp. 193-203.

A profesora e catedrática de literatura galega, Blanca-Ana Roig Rechou fai un minucioso percorrido por diversas obras e publicacións vinculadas ao mundo literario infantil e xuvenil. Comeza o estudo coa análise da obra *Belidadona* (2002), de Helena Villar Janeiro. Loas os esforzos feitos por diferentes editoras co fin de sacar á luz a colección Ala Delta, colección a que pertence a obra en cuestión. O perfil de Helena Villar Janeiro trázase como o dunha persoa moi activa e emprendedora que conta xa no mercado con moitos títulos tales como *O Día que choveu de noite* (1985), *A cidade de Aldara* (1989), *Don Merlo con chaqueta* (1993)... Comenta pois que o labor desta incansábel muller mergúllase de cheo na literatura dirixida a un público maioritariamente infanto-xuvenil. Dinos que nas súas obras afonda un claro lirismo que pretende espertar nos máis novos o pracer da lectura. A seguir, trata a obra *Auga para encher un cesto*, de Paco Martín que forma parte da colección "Catavento". Desta colección forman parte obras de autores tan consagrados como Antonio García Teijeiro ou Xosé Manuel Martínez Oca. Salienta desta colección o feito de que vai principalmente dirixida á adolescencia e na que Paco Martín, gañador do Premio Barco de Vapor e Premio Nacional 1986 polo seu libro *Das Cousas de Ramón Lamote*, presenta oito relatos que tratan temas tan variados como as lendas populares, a emigración... recorrendo para iso ás técnicas máis clásicas da literatura oral. *El fantasma en calcetines*, de Pilar Mateos, é a seguinte obra que se analiza. Galardonada na Xª edición do Premio Ala Delta, Pilar Mateos artella o argumento principal da obra arredor de varios nenos, algún deles cunha marcada minusvalía (cegueira) que buscan no lectorado a reflexión sobre temas

como a familia, o medio ambiente... e que tentan espertar neles un sentimento de solidariedade e respecto. De Marçé Torres, Blanca-Ana Roig comenta e valora a obra *Nassima, á sombra dos talibán*, orixinalmente titulada *Els somnis de la Nassima* e co que a autora se embarca no mundo literario infantil e xuvenil. O pano de fondo desta obra é o grave problema que sofren e viven tanto Nassima como a súa nai, ao verse obrigadas a fuxir dende Kabul ata Roma por ser inaguantábel o asoballamento que teñen que aguantar por parte dos talibáns. Atopamos a continuación un comentario da revista *Golfiño*, dirixida conxuntamente por Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna. Publicada por primeira vez o Día das Letras Galegas do ano 2002, preséntanos a *Golfiño* como unha publicación na que o enxeño e combinación das técnicas empregadas captan de seguro o interese dos receptores. Puntualiza que é de loar a tarefa levada a cabo tanto por directores, secretaria, como polos moitos escritores e debuxantes vinculados a esta banda deseñada que fan posíbel que esta revista, a única escrita integramente en galego, saía á luz número tras número. Conta entre os seus máis asiduos colaboradores con debuxantes tan coñecidos como o consagrado Xaquín Marín ou Daniel Docampo e escritores de renome como Marilar Aleixandre, Miguelanxo Prado ou Kiko Dasilva. Finalmente, para concluír este estudo, atopamos un espazo dedicado á revista portuguesa *Malasartes* dirixida por José António Gomes. Nesta ocasión trátase o número nove desta publicación no que atopamos un monográfico sobre a escritora lusa Luísa Dacosta, homenaxeada na cidade de Porto o cinco de xuño de 2002 co gallo de ser merecedora do premio "Uma vida, uma obra". Resalta que a revista comeza cunha ampla retrospectiva pola obra desta autora, produción que a fai merecente do devandito galardón. Preséntanos pois artigos de diversas autorías, entre elas Paula Morão, con "A poética de Luisa Dacosta-Jardins submersos e outros espellos", (pp. 3-9) ou Francisco Topa "O saber dos saberes: o conto popular em três obras infantis de Luisa Dacosta", (pp.27-30). Finalmente, dinos que a revista se pecha coas xa consagradas seccións "Estudios" e "Recensións e notas críticas" nas que é de destacar o lugar que se lle dedica neste número a informar da publicación en portugués da obra *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz. Explica que esta tradución correu a cargo de Isabel Ramalheite e foi publicada por Ambar.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Belidadona', *Malasartes. Cadernos de Literatura para Infância e a Juventude*, nº 11, 'Recensoes e notas críticas. Livros en Lingua Galega', xuño 2003, p. 33.

Comézase destacando o labor de Helena Villar Janeiro na renovación do sistema educativo galego a través da creación de obras dirixidas ao lectorado máis novo. Repásase a súa produción dende as primeiras publicacións en colaboración co seu marido, o escritor Xesús Rábade Paredes, pasando polas obras individuais dadas ao prelo a partir de 1985 con títulos como *O día que choveu de noite* (1985), *A cidade de Aldara* (1989), *O avó de Pipa* (1991), *Contos do paxaro azul* (1994) ou *A campá da lúa* (1999), entre outras. Salienta que nestas obras a través de diferentes xéneros quixo a autora transmitirlle á infancia e xuventude a tradición, a simboloxía propia e universal, ademais doutros valores como o ecoloxismo, as relacións afectivas ou a superación dos atrancos propios de cada etapa vital. Destaca que en toda esta produción se deixa sentir a vea lírica de Helena Villar, que agora culmina no poemario *Belidadona* (2002), no que se poetizan aspectos biográficos e da colectividade. Do estilo sinálase que combina formas líricas clásicas e modernas e que emprega recursos como os xogos mnemotécnicos, elementos simbólicos ou xogos intertextuais con obras

clásicas. Considera Roig Rechou que con este poemario se "ajuda a preencher as enciclopédias do ser humano en xeral, aínda que se dirija en primeira instancia á faixa etária indicada na serie da colección", que considera pouco axustada. Remata aludindo ás ilustracións de Enjamio e dando a benvida á renovada colección "Ala Delta", froito do consorcio entre Edelvives e Tambre.

Rojas, Magdalena de, 'Basilisa, a princesa sapiño. Marilar Aleixandre', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 75.

Considera que está ben que se propoñan textos que pola súa lingaxe, extensión ou procedencia e ligazón con culturas menos coñecidas poidan supoñer unha lectura interesante para o tramo de idade recomendado, como o é *Basilisa, a princesa sapiño* (2002). Afirmar que esta reelaboración de Marilar Aleixandre, traballada a partir das diferentes versións do conto popular ruso -Afanásiev, J e W. Grimm-, ofrece a oportunidade de se achegar a ese mundo intemporal dos feitizos e encantamentos onde nada ou todo é o que parece. Tamén indica que Enjamio ilustra a historia coa "delicadeza e calidade" que adoitan presidir os seus traballos.

Rojas, Magdalena de, 'Lucinda e o inspector Vinagre. María Núñez', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 72.

Recolle o argumento desta obra publicada no ano 2001 e protagonizada por Lucinda, que se instala nunha casa preto da cidade, onde pon o seu carromato, no que a xente para a probar os seus doces e un pouco de conversa de chocolate. Tamén apunta que co inspector Vinagre comeza unha restra de absurdas prohibicións que atoparán resposta na serie de accións na liña do "prohibido prohibir" argalladas polos rapaces da vila. Considera que estas normas e regulamentos, pese a contar coa axuda dos letrados deseñados por João Caetano, serían mellor comprendidos por lectores a partir de seis anos.

Rojas, Magdalena de, 'Moncho e a Mancha. Kiko Dasilva', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 70.

Saliéntase que, baixo o título de *Moncho e a mancha* (2001), se recolle un "texto eficaz e conciso ó servizo dunhas imaxes que narran mesmo sen axuda de voz e palabras". Tamén se apunta que a traza do protagonista, os trazos e deseño de cómic dos personaxes ou a presenza densa de cor crean un mundo coherente coa obra anterior de Kiko Dasilva, aínda que, nesta ocasión, supón a novidade da autoría do texto e un avance na investigación da tridimensionalidade.

Rojas, Magdalena de, 'O pescador e a súa muller. Manuela Rodríguez', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 70.

Ofrece a súa particular lectura da adaptación de Manuela Rodríguez, *O pescador e a súa muller* (2002). Comenta que a "gradual conversión do pescador nun monicreque articulado a medida que atende ás peticións da muller transmite con sutileza a temática do conto dotando ás ilustracións dunha carga metafórica moi ben medida", aínda que puntualiza que quizais pase desapercibida tal transformación "nese mundo mariño de debuxo, pintura e

colaxe" de Josep R. Tamén apunta que un final "revelador", un inquietante teatriño con dous protagonistas manexados por fíos, fai que o público se sitúe nas primeiras páxinas desta historia de corte trágico, "entendendo traxedia no sentido de inevitable".

Rojas, Magdalena de, 'Pulguiña. Manuela Rodríguez', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Novidades', 2003, p. 70.

Coméntase que en *Pulguiña* (2001), Manuela Rodríguez realiza unha completa adaptación que condensa todo o arrecendo dos contos populares con protagonista espelido que, mediante a súa agudeza, logra un final feliz. A seguir, criticase o traballo de ilustración de Orballo, que presenta unhas figuras de debuxo esquemático e aire infantil, que aparecen confundidas en fondos dunha cor co trazo dos corpos como única fronteira entre fondo e figura.

Rojas, Magdalena de, 'Uma miragem, uma realidade', *Setepalcos*, nº 4, 'História e actualidade do teatro galego', maio 2003, pp. 74-77.

Neste estudo do teatro infantil galego dos últimos anos a autora destaca a separación, poucas veces salvada, entre a escrita e edición de textos e a escena. Sinala que o teatro galego, que ten como destinatario o público infantil, conta con proxectos editoriais mínimos que non sempre responden ás expectativas de calidade esperadas e que, lamentablemente, manteñen unha distancia absoluta coa escena e coas compañías de teatro (profesional e amador) creadoras de textos teatrais merecentes de publicación. *Teatro feroz* (Galaxia, 1999), de Gloria Sánchez e *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (Xerais, 1999), da mesma autora e Miguel Vázquez Freire, son as dúas obras que Magdalena Rojas considera interesantes e de calidade e ás que lle dedica unha análise detida. A autora fai un breve apuntamento da actividade dalgunha das compañías de fantoches, manifestación maioritaria no teatro infantil galego, máis estábeis: Monicreques de Kukas, Viravolta, Tanxarina e Cachirulo. Ademais menciona outros grupos e iniciativas importantes como Trécola, Artello, Falcatrúa e *Bululú (A Revista dos Títeres)*. Fóra dos fantoches, Berrobambán, grupo destacado como o teatro de actor para nenos, é reseñado brevemente e as compañías de teatro para adultos que realizan montaxes puntais para nenos (Teatro do Noroeste, Talía Teatro, Sarabela) só son mencionadas por falla de espazo. A autora pecha o estudo reclamando maior apoio institucional para o teatro infantil e lembra, coa intención de que sexa recuperada, a Mostra de Teatro Infantil Galego da Xeración Nós.

Seara, Teresa, 'Palabras de pan', *Tempos Novos*, nº 70, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', marzo 2003, p. 78.

Despois de agradecer aos autores galegos que escriban poesía para nenos, comenta dous poemarios: *Carlota e a bota perdida* (2002), de Miro Villar, e *Lúa de pan* (2002), de Pepe Cáccamo. Da primeira salienta a perfecta simbiose entre o texto e as ilustracións, que contribúen, di, á comprensión. Así mesmo, sinala que o argumento está tirado doutro traballo narrativo de seu e destaca que o libro "seduce polo ritmo e a escolla léxica". Por outro lado, en *Lúa de pan* observa que as palabras priman sobre os debuxos e son por si soas capaces de comunicar a mensaxe que pretende dar. Repasa as liñas temáticas e subliña que combina os xogos e a fantasía coa realidade e o espertar á vida. Finalmente cre

fundamental a poesía infantil.

Serrano, Rosa, 'Una colección interesante: ¿Y que?', *CLIJ*, nº 162, 'La colección del mes', 2003, pp. 26-27.

Explica cómo se creou a colección e os seus obxectivos: dez títulos e dez preguntas contra a uniformidade, unha colección que Editores Asociados e seis editoriais de seis comunidades autónomas: a aragonesa Xórdica, a vasca Elkarlanean, a galega Galaxia, a asturiana Libros del Pexe, a catalana La Galera e a valenciana Tánden levan a cabo dende hai sete anos. Sinala que o fio condutor dos títulos é o humor, a diferenza, a aceptación do mundo plural, o desexo de ensinar a ver a realidade. Os temas que abordaron os dez títulos e as dez preguntas agrúpanse en: diferentes realidades sociais, a superación de prexuízos, os intereses e hábitos diversos, nos que se dan elementos para desenvolver a imaxinación e construír unha relación positiva no mundo, unha axuda para mirar o mundo de xeito positivo, multiplicar as súas experiencias e establecer conversas. Expón o director da Editorial Tánden a súa experiencia cos escolares e a aceptación e gozo dos títulos. Remata citando aos autores que xa participaron na colección e cunha invitación á súa lectura.

Villar Janeiro, Helena, 'Da experiencia á literatura', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 43-44.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Helena Villar Janeiro evoca os seus anos de infancia fóra da escola, nos que aprendía a través do tomo V da enciclopedia arxentina *Tesoro de la juventud*. Cre que malia non entender moitas cousas probablemente lle teña servido para apartarse da literalidade dos textos e buscar "camiños persoais" fóra deles. Alude tamén ás lecturas relixiosas e ás que facía seu pai de *Os miserables*, de Víctor Hugo. Sinala que unha das obras que máis influíron nela foi *Gösta Berlings Saga*, de Selma Lagerlöf, da que evoca os personaxes, que lle parecían moi semellantes aos que baixaban das montañas á xastrería de seu pai. Considera que o espazo literario que acababa de descubrir nesa obra podía localizarse no seu propio espazo vital, buscando parecidos entre a xente e os personaxes literarios. Atopa dúas razóns para que esta obra lle evocara tantas emocións, unha delas é o feito de que ningún libro pode sacar de ti algo do que non leves dentro unha semente e a segunda é a forma de presentarche esa experiencia, de xeito que pareza realmente novidosa, paso que dan os grandes escritores ao converter a experiencia en literatura.

Villar, Miro, 'Moby Dick, de Hermann Melville', *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, nº 9, 'Primeira lectura, primeira paixón', 2003, pp. 64-65.

Neste número da revista correspondente ao inverno do ano 2003, Miro Villar lembra que na súa infancia era un "devorador de libros", que collía na biblioteca municipal, e de entre os que salienta a súa fascinación por Moby Dick, de Hermann Melville. Sinala que a primeira versión que leu foi en banda deseñada, para logo achegarse á obra completa, da que destaca a descrición da dureza do mar ou do final da historia narrada. Lembra que tamén viu por entón a versión cinematográfica e realizou visitas ao porto de Caneliñas, onde existía unha factoría baleeira, ata a súa adolescencia centrada nas actividades ecoloxistas. Explica a

historia da balea branca que inspirou a Melville e repasa a presenza desta obra na súa vida, dende un local de copas que frecuentaba e que aparece no seu primeiro poemario, ata uns versos incluídos no último. Sinala que a última referencia foi a biografía que se vén de editar sobre o autor, na que descubriu a falta de repercusións da obra no momento da publicación e as dificultades vitais do seu autor.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIONES

Aguilella, S., 'Errores adultos al escoger libros para niños', *La Opinión*, 'Saberes', nº 15, 21 xuño 2003, p. 3.

Advirte do erro de iniciar na lectura ao público infantil elixindo novelas pouco adecuadas para a súa idade, "como *Moby Dick*, que ha provocado la deserción del mundo de las letras de legiones de chavales" porque "transciende la atracción que puede ejercer la persecución de la ballena blanca al navegar por principios filosóficos inaccesibles para muchos adultos". Sinala que a clave do éxito é que o texto sexa divertido e menciona neste sentido a serie creada por J.K. Rowling que, en opinión dos críticos "sin prejuicios doctrinarios", está bastante ben escrita e non trata os pequenos coma se fosen ignorantes e, en opinión do lectorado, son novelas que "enganchan" xa que "siempre pasan cosas". Cita ademais outros personaxes que acadaron un grande éxito entre este lectorado, como Guillermo o Traveso, Manoliño Catrollos ou Pipi Calzaslargas, porque viven aventuras divertidas, mesmo subversivas, e tratan o mundo dos adultos con ironía. Conclúe indicando que o didactismo ou a repetición de valores adultos adoitan disuadir a este tipo de lectores e que abonda con "seguir la pista de los gustos de los niños para darse cuenta de que captan perfectamente los mensajes".

Aleixandre, Marilar, 'Ao encontro do polbo', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 10.

Reflexiona Marilar Aleixandre sobre a dimensión fabuladora de Carlos Casares a partir da súa obra *O polbo xigante*. Comeza salientando as diferentes personalidades do escritor, que resultaba especialmente sedutor nos faladoiros polo seu xeito de contar historias, perdendo importancia o feito de se eran reais ou ficticias. Considera que probabelmente sexa este libro o que mellor reflicte a súa dimensión de contador de historias, que ofrece diferentes lecturas, dende a de relato de medo, pasando pola dos mitos até como unha "aguda" observación das relacións domésticas, aínda que en realidade conclúe que se trata dunha historia que xira arredor da relación entre a realidade e os sonhos.

Araguas, Vicente, 'Poesía infantil', *O Correo Galego*, 'Revista das Letras', nº 454, 30 xaneiro 2003, p. 9.

Identifica dous erros frecuentes na poesía escrita para a infancia: a concepción dos nenos como adultos inocentes ou atrasados e a súa escrita por parte de poetas "revisados ou resabiados" que buscan o éxito no terreo infantil ao non telo atopado noutros eidos

literarios. A seguir sitúa fóra destes problemas *O libro dos cen poemas (Antoloxía da poesía infantil galega)* (2002), realizado por Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez, que presenta como un panorama completo de poetas clásicos e modernos que escribiron poesía "desde, con ou a prol dos miúdos". Parécelle especialmente interesante o feito de que moitos dos poemas antologados nunca foran concibidos como poesía infantil, aínda que presentan un contido especialmente axeitado para este público. Menciona que o volume contén poemas de Rosalía, Curros, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Manuel María, Xabier P. Docampo ou Fran Alonso, mostras de poesía popular, sorpresas como os "excelentes versos de autores xa esquecidos" como Carlos Riveiro, Cipriano Torre Enciso e tamén Xulio Sigüenza, e valora especialmente os textos de Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes que tratan da reivindicación idiomática. Finalmente sinala que o libro conta con cinco seccións temáticas, "Animais", "Cancións de berce", "O mundo", "Cancións de festa" e "Nenas e nenos", e contén unhas propostas didácticas "lixeriñas pero rigorosas", e recomenda o volume para nenos e maiores, "pois aquí do que se trata é de poesía. E esta non ten, ou non debería ter, idade".

Araguas, Vicente, 'Uns versos do máis feliz, aberto a todas as idades', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 xullo 2003, p. 2.

Refírese ao volume *Belidadona* (2002), de Helena Villar Janeiro, que na súa opinión merece ser utilizado nas escolas pola súa calidade e polas elegantes ilustracións de Enjamio, que apoian a historia rimada dun ser, entre real e fantástico, que vive na montaña. Sinala a presenza de rimas e ritmos, combinados cun axeitado toque narrativo e o final sorpresivo da historia e felicita a autora pola creación dun "libro de versos do máis feliz, aberto sen ningunha dúbida a todas as idades, presentes e se cadra futuras, porque estes poemas merecen atopar lugar no tempo".

Ballesteros, Xosé, 'As letras pequenas', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 20 outubro 2003, p. 16.

Comenta que cando comeza o curso escolar, despois de rematar coa "batalla" do libro de texto, as editoras téñense que pór a traballar coa do libro de lectura recomendado, pois a partir de outubro un bo número de escritores, ilustradores e contacontos visitan os centros escolares para dar conta de que: "A Literatura Infantil e Xuvenil galega tamén existe, aínda que sexa por prescripción". Considera que na literatura galega para os máis novos pouco hai máis alá do libro recomendado e sinala que os primeiros lectores son os máis voraces, prefíren os álbums ilustrados e escollen o que poden comer cos ollos, mentres que nas seguintes idades destacan autores como Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo, Fina Casalderrey, Gloria Sánchez e Antonio García Teijeiro. Afirma que o máis novidoso dentro da literatura infantil e xuvenil galega é o da "internalización", pois a obra de autores como Óscar Villán, Kiko Dasilva, Maria Núñez ou Chema Heras está sendo traducida a moitas linguas.

Barcia, Moisés R., 'A saga continúa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Libros', 9 xaneiro 2003, p. V.

Faise eco da aparición en galego do segundo volume da serie dedicada por J. K. Rowling ao

nenos magos Harry Potter. Sinala que o éxito da autora vén dado pola súa capacidade para condensar elementos da mitoloxía clásica, tópicos máxicos populares e procedentes da materia de Bretaña e a imaxinería máxica xa consolidada no mundo cinematográfico de Hollywood, estruturándoos cunha trama que mestura a fantasía e a investigación detectivesca. Explica que a primeira entrega, *Harry Potter e a pedra filosofal* (2002), tiña un carácter introdutorio, mentres que a segunda, *Harry Potter e a cámara dos segredos* (2002), posúe unha trama máis sólida narrada nun ton algo menos infantil. Tamén sinala que, entre as novidades máis destacábeis deste volume, están os novos personaxes, a caracterización máis fonda e enigmática doutros personaxes xa existentes e un tratamento máis divertido e socarrón das clases, do ambiente e das situacións vividas no colexio. Por outra parte, considera que a tradución desta segunda parte, realizada por Eva M. Almazán García, é de maior calidade cá da primeira, na que denuncia un acusado afán hiperenxebrista ou certa tendencia ao lusismo.

Barcia, Moisés R., 'Viaxar con Jack London', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Libros', 13 febreiro 2003, p. IV.

Fala da relación de Jack London co mar e sinala que o mellor da súa obra constitúe a narrativa breve, da que achega os seus trazos máis característicos. Apunta que en *Polos Mares do Sur* (2002), o autor rememora as súas experiencias na súa longa viaxe entre 1907 e 1909 á Polinesia. Salienta que nos conflitos narrados nos relatos desta obra a vitoria nunca será da moral, da ética ou dos ideais, senón das forzas primixenias, do ímpeto cego da natureza ou da violencia dos homes. Considera que a editorial Sotelo Blanco optou por darlle un aspecto excesivamente xuvenil a esta edición en galego, que a fai visualmente pouco atractiva para os lectores máis adultos, e que a tradución de M^a Fe González Fernández garda polo menos un decoro do que carecen outras obras xuvenís recentemente traducidas ao galego.

Barcia, Moisés R., 'Buck, ou o 'supercán' de Nietzsche', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. V.

Comeza referíndose á experiencia persoal de Jack London como buscador de ouro, faceta que lle forneceu material para a súa escrita. Sinala que foi *A chamada da selva* (1903) a súa obra máis famosa e na que verteu a súa propia experiencia xunto a ideas de autores como Darwin ou Nietzsche. Resalta a profundidade filosófica que se percibe na obra e a intención do autor de representar a través dos animais a explotación do proletariado, especialmente pola humanización do can protagonista, Buck. Destaca a loita pola vida e polo dominio que leva a cabo o protagonista, nun proceso atávico, no que acada os instintos e lembranzas dos seus devanceiros. Remata referíndose á edición que en 2002 sacou Xerais na súa colección "Xabarán de Ouro", na que a tradución é de Gonzalo Navaza e as ilustracións de Federico Fernández Alonso.

Barcia, Moisés R., 'O moneco máis mentireiro do mundo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Libros', 6 marzo 2003, p. V.

Centra o seu comentario na reedición ao galego do ano 2002 da obra de Carlo Lorenzini, *As aventuras de Pinocchio*, que xa fora publicada por Xerais en 1990 e recibira o Premio

Nacional de Traducción, polo traballo realizado por Antón Santamarina. Apunta que a moral do libro é a burguesa do seu tempo, pois Pinocchio é un ser disoluto de bo corazón, que comete varias trasnadas pero que ten un bo corazón. Sinala que o pano de fondo sobre o que transcorre o conto é o da miseria sufrida con dignidade, por onde pasan personaxes de fábula en aventuras cheas de recordos literarios. Afirmar que a convención do conto é teatral e que a súa mensaxe é social, xa que considera que a súa verdadeira migalla está no cuestionamento que se fai da validez da familia e da escola como lugares de educación e formación. Conclúe botando en falta unha revisión da tradución e das notas a pé de páxina nesta nova edición.

Barcia, Moisés R., 'A Cinsenta de Disney/A Cincenta de Disney', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Letras de sempre', 13 marzo 2003, p. II.

Comeza ofrecendo algúns datos biográficos de Charles Perrault, como a súa pertenza á burguesía cultivada, o seu traballo de recadador de impostos ou como dirixente do Ministerio de Propaganda, no que se alentaban obras en loanza do rei. A seguir, céntrase nos seus contos, dos que indica que tres son en verso e oito en prosa. Dos primeiros sinala que o "Grisélide" está tomado do *Decamerón*, de Boccaccio, e que "Pelica de asno" foi o máis popular, chegando a converterse en sinónimo de conto de fadas. Dos segundos di que se publicaran co título de *Historias ou contos de antano*, nos que se dá unha ensinanza moral, onde non figura o nome do autor, só un prólogo asinado polo seu fillo, probabelmente como xeito de non asumir a autoría duns textos que daquela non eran ben considerados. Repasa algúns dos títulos incluídos, como "A bela durminte", "A carrapuchiña vermella", "O gato con botas" ou "A Cinsenta", dos que ofrece o trazo máis destacado. En columna á parte achégase á tradución ao galego de *Contos completos*, da que critica que sexa feita a través do castelán, especialmente manifesto nas referencias alleas ao sistema literario galego, malia ter publicado esta editora traducións destes contos en ocasións anteriores. Este mesmo artigo foi publicado no suplemento "Saberes" do xornal *La Opinión*.

Barcia, Moisés R., 'A Cincenta de Disney', *La Opinión*, 'Saberes', nº 3, 29 marzo 2003, p. 6.

Comeza ofrecendo algúns datos biográficos de Charles Perrault, como a súa pertenza á burguesía cultivada, o seu traballo de recadador de impostos ou como dirixente do Ministerio de Propaganda, no que se alentaban obras en loanza do rei. A seguir, céntrase nos seus contos, dos que indica que tres son en verso e oito en prosa. Dos primeiros sinala que o "Grisélide" está tomado do *Decamerón*, de Boccaccio, e que "Pelica de asno" foi o máis popular, chegando a converterse en sinónimo de conto de fadas. Dos segundos di que se publicaran co título de *Historias ou contos de antano*, nos que se dá unha ensinanza moral, onde non figura o nome do autor, só un prólogo asinado polo seu fillo, probabelmente como xeito de non asumir a autoría duns textos que daquela non eran ben considerados. Repasa algúns dos títulos incluídos, como "A bela durminte", "A carrapuchiña vermella", "O gato con botas" ou "A Cinsenta", dos que ofrece o trazo máis destacado. En columna á parte achégase á tradución ao galego de *Contos completos*, da que

crítica que sexa feita a través do castelán, especialmente manifesto nas referencias alleas ao sistema literario galego, malia ter publicado esta editora traducións destes contos en ocasións anteriores. Este mesmo texto foi publicado no suplemento "*Faro da Cultura*" do xornal *Faro de Vigo*.

C.D., 'Do rexurdimento á actualidade en 'O libro dos cen poemas', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 26 xaneiro 2003, p. 2.

A breve introdución cos datos básicos desta antoloxía está seguida dun comentario no que se salienta a presenza de autores clásicos das letras galegas entre os antologados. Recóllense, ademais, as palabras de Xosé María Álvarez Cáccamo nas que aclara a organización interna dos poemas seguindo un criterio "temático-xenérico", defende a calidade da poesía infantil e considéraa un punto de partida fundamental para outras aprendizaxes. Finalmente, destácanse as actividades que sobre quince poemas elaborou Marisa Núñez.

C.D.C., 'Entre a literatura e o audiovisual', *El Correo Gallego*, '*Correo das Culturas*', 'Debate', 29 xuño 2003, p. 2.

Dá conta dalgunhas opinións vertidas polos expertos reunidos no curso para profesores de primaria "Ler e escribir desde a educación infantil e primaria", dirixido na Universidade Internacional Menéndez Pelayo por Carmen González Landa e Teodoro Álvarez. Recóllese a opinión de Carmen González Landa, que se mostra en contra da formulación en termos de conflito da relación entre literatura e audiovisual, e defende este soporte como unha posibilidade para a docencia e para a animación á lectura e á escritura entre os máis pequenos. Resúmense a seguir consideracións sobre a unión entre literatura e audiovisual e do papel esencial do profesor á hora de motivar e lograr a comprensión dos textos. Opina tamén sobre o fenómeno Harry Potter, que cualifica como unha incursión na literatura fantástica na liña de *A historia interminable* e como "fenómeno englobado na problemática da literatura actual que se atopa inmersa na economía de consumo" e, ao mesmo tempo, "significativo" do gusto do lectorado por ese tipo de literatura.

C.V., 'Ventura soña en tres dimensións', *A Nosa Terra*, nº 1.068, 'Cultura', 6 febreiro 2003, p. 36.

Amplio comentario sobre *O labirinto dos soños* (2002), unha historia animada en tres dimensións que aparece nun formato multimedia. Sinala que a idea partiu de Pepe Sendón, quen botou man dun conto seu para adaptalo ao soporte multimedia, que é a un tempo unha película de animación, un conxunto de xogos e historias e un disco cun feixe de cancións. Explica que os rapaces poden actuar sobre a historia e poden optar por rutas alternativas, nas que van atopar distintos xogos que lle ofrecen vías para saír do labirinto. Tamén recolle diversos comentarios de Pepe Sendón sobre o seu traballo e anuncia que en breve estará nas salas teatrais de Portugal, así como sinala que nesta idea orixinal participaron Fausto Isorna, responsábel do deseño gráfico, e Fran Pérez, autor da música.

Caveiro, Laura, 'O significado de efémero en 1972', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº

31, 'Letras de sempre', 20 febreiro 2003, p. II.

Comenta que *O principião*, obra de Antoine de Saint-Exupéry, aínda que se dirixe aos nenos presenta un "ton poético e naïf que, por riba das mensaxes filosóficas ou satíricas, emociona" non só aos nenos senón tamén aos adultos, xa que presenta distintos niveis de lectura. Apunta que dende o ano 1972 se pode ler en galego, grazas á tradución feita por Carlos Casares, e que Galaxia, para conmemorar os trinta anos desta versión, sacou do prelo unha coidada edición especial da obra, en capa dura e coas ilustracións orixinais do autor. Refírese á contribución de Casares á cultura galega e achega algunhas notas autobiográficas de Saint-Exupéry.

Caveiro, Laura, 'O Principiño' faise maior', *La Opinión*, 'Saberes', nº 4, 5 abril 2003, p. 4.

Achega á obra de Antoine de Saint-Exupéry, *O Principiño*, na que despois de repasar brevemente o argumento sinala que o autor a publicou co ton dunha obra infantil, aínda que presenta diferentes niveis de lectura, caracterizada polo marcado "ton poético e naïf" que emociona e un estilo que a converteu nunha peza singular que engaiolou a millóns de lectores. Sinala que dende 1972 se pode ler en galego, nunha tradución de Carlos Casares, que a Editorial Galaxia reeditou en 2002 para conmemorar o trinta aniversario desta efeméride. Tamén se alude á desaparición do autor da tradución e á necesidade de estudar a súa contribución á cultura galega, tanto dende as súas obras de creación coma por feitos como esta tradución. Destaca as diferentes análises ás que foi sometida esta peza e as múltiples traducións que coñeceu dende a súa publicación.

Docampo, Xabier P., 'A retranca como análise da realidade social', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 9, 'Un país de escritores. Recomendacións', 17 maio 2003, p. 4.

Xabier P. Docampo convida aos lectores e lectoras a ler *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín, ao considerar que se trata dun dos clásicos indiscutíbeis da literatura galega. Destaca o discurso dialéctico que artella a narración e que se establece entre o protagonista, coa súa peculiar forma de ser e filosofía vital, e a Cidade, marcada pola burocracia absurda e poboada de habitantes soberbios e ignorantes. Repara na presenza de elementos fantásticos, algúns deles relacionados co absurdo, e que conducen, coa axuda do humor e da retranca, a unha análise crítica da realidade social. Por último comenta o parentesco entre a poética de Álvaro Cunqueiro e a de Paco Martín, axeitadas "para comprender o mundo desde o feito de sermos galegos".

Eyré, Xosé M., 'A outra cara da realidade', *A Nosa Terra*, nº 1.068, 'Cultura', 6 febreiro 2003, p. 32.

Comentario sobre *A casa da luz* (2002), de Xabier P. Docampo, e de *Noite de voraces sombras* (2002), de Agustín Fernández Paz, dúas obras editadas en coleccións dirixidas aos "lectores novos, esas que os adultos necesitan aprender a ler", pois considera o comentarista que non é bo perder a oportunidade de achegarse a estes autores. A seguir, presenta o tema das dúas obras para logo cualificar aos autores como bos coñecedores do oficio, que contan de xeito directo sen despistar ou desconcertar. Dúas obras que permiten abrir ocos á

literatura, á arte da palabra, como é o caso de *Noite de voraces sombras*, e á pintura, á arte da cor e da liña como en *A casa da luz*, obra da que despois de repasar o argumento se di que ao mesmo tempo que se explica a arte se explica a vida, que nela se ven obras como *Alicia no país das marabillas*, aínda que salienta a diferenza entre elas, que é unha novela repleta de "emoción, moi sensitiva e vital" coa que Xabier P. Docampo atopou co grupo de amigos unha fonte de posibilidades para futuras creacións non só literarias: cinema e cómic. De *Noite de voraces sombras*, unha historia de iniciación na que se combina dose de terror psíquico, de melancolía e amor. Cóntase tamén o argumento salientando a historia de amor tronzada que leva a unha posición solidaria á protagonista, unha historia de persecucións, de desesperanza e cárcere pero tamén unha historia aberta que "non renuncia a inducir a que, rematada a lectura, o lector se faga preguntas".

Fernández, Paula, 'Pola amizade e a tolerancia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Infantil/Xuvenil', 9 xaneiro 2003, p. VII.

Achega a trama argumental da obra de Helme Heine, *Os tres amigos* (1983), que foi traducida por María Reimóndez para Edicións Xerais de Galicia no ano 2002. Sinala que, ao igual que o fixera en obras anteriores, o autor alemán válese dos animais para transmitir valores fundamentais que, nesta ocasión, se centran na amizade e na tolerancia. Desenvolve o argumento desta historia protagonizada por tres membros da granxa Mulebap e apunta que ao redor dos citados valores van xirar as aventuras dos tres protagonistas, "porque o autor nunca esquece para quen está a escribir e así introduce a súa mensaxe nunha atmosfera fantástica, máis amena para o rapaz, na que transcorren as andainas dos animais que falan e que fai que texto non perda o seu carácter lúdico". Por isto, trátase dun documento cun considerábel valor pedagóxico ao tempo que non perde esa compoñente xovial que para os nenos posúen os libros.

Fernández, Paula, 'Tamén os lobos se namoran', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Infantil/Xuvenil', 16 xaneiro 2003, p. VII.

Ofrece un resumo do argumento de *Desventuras dun lobo namorado* (Galaxia, 2002), de Fina Casalderrey, que presenta a historia protagonizada por un lobo, que comeza coma un conto infantil mais que a medida que avanza aproxímase ás fábulas populares sobre animais. Comenta que entre as palabras do lobo, que segue a narrar incluso despois de morto, podemos deducir unha crítica moi suave e encuberta dirixida á caza indiscriminada de animais, así como destaca que o ton humorístico tenta imperar na obra, pois as aventuras desagradábeis que lle acontecen ao lobo son, en ocasións, episodios de humor que amenizarán a lectura. Finalmente, valora a obra como "un exercicio convencional, mais completo e aceptable".

Fernández, Paula, 'Amor e respecto polo medio', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Infantil/Xuvenil', 23 xaneiro 2003, p. VII.

Despois de ofrecer un resumo argumental de *A casa da duna* (Edicións Xerais de Galicia, 2002), de Fran Alonso, apunta que o mellor do relato é o seu espazo, o mar, que coma a rapaza protagonista, Alba, transmite maxia e misterio. Apunta que a recreación desa atmosfera máxica do contorno mariño está resaltada pola expresión, os trazos fantásticos

atribuídos ao mar e as fotografías que acompañan ao texto. Considera que a obra lle gustará ao lectorado máis novo, pois o seu conxunto resulta "agradable e atractivo", así como pensa que pode resultar axeitada para educadores, que coma o narrador, poderán transmitir respecto e amor polo medio ao tempo que empregar a imaxe da grande onda negra para poder dar conta dalgunhas catástrofes inexplicábeis.

Fernández, Paula, 'Unha lectura áxil', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Infantil/Xuvenil', 30 xaneiro 2003, p. VII.

Comeza esta recensión describindo en detalle o personaxe e actuación de Garoto, protagonista central de *Garoto busca unha estrela* (2002). A seguir, compara a obra con *Polgariño* e cualifícaa como "marcada pola monotonía e a falta de orixinalidade". Opina que esta característica é unha arma de dobre gume, xa que facilita a lectura, pero tamén contribúe a considerar que a literatura infantil é de baixa calidade. Finalmente, gaba as ilustracións e os valores que transmite este libro.

Fernández, Paula, 'O retorno do mito', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Infantil/Xuvenil', 6 febreiro 2003, p. VII.

Resume o argumento de *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002), unha novela detectivesca e de misterio de F. X. Fernández Naval. Apunta que a riqueza que amosa o texto pola maneira na que o autor desenvolve a historia, como se dun filme detectivesco se tratara, e outros moitos trazos dotan ao discurso dunha gran complexidade e calidade. Así, destaca as referencias literarias e toda a información sobre a materia de Bretaña ou a Idade Media que se rexistran na novela e que fan que nela haxa, ademais dun claro compoñente lúdico, outro máis didáctico. Asemade, salienta que as referencias á vida moderna que se realizan na obra actualizan o seu discurso, que resulta máis achegado ao lectorado adolescente.

Fernández, Paula, 'Unha divertida historia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Infantil/Xuvenil', 13 febreiro 2003, p. VII.

Centra o seu comentario na obra do autor chileno Fernando Krahn, *¿Quen viu as tesoiras?*, que foi publicada por vez primeira en 1978 e que no ano 2002 saíu do prelo en galego da man de Kalandraka. Resume o seu argumento e apunta que se trata dunha "divertida" historia presentada nunha "bonita" edición, na que nunha páxina encontramos unha pequena frase e na seguinte unha ilustración que recolle dun xeito máis plástico e gráfico o descrito textualmente. Salienta que as ilustracións aparecen como escenas e que cada unha delas estimula a imaxinación e a expresión oral dos máis pequenos. Tamén apunta que ao tratarse dun relato para primeiros lectores, tanto as ilustracións coma as situacións cómicas teñen grande importancia.

Fernández, Paula, 'Letras de esperanza', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Escribir para os nenos', 27 febreiro 2003, p. II.

Achégase ao estado actual da literatura infantil e xuvenil en Galicia, da que destaca que

malia o seu desenvolvemento tardío pola falta de consideración con respecto á de adultos no ano 2001 supuxo máis do catorce por cento da produción editorial, fronte ao vinte e dous de adultos. Sinálanse algúns factores que inciden nesta produción, entre eles o aumento de consumidores, a alfabetización e a escolarización. Malia os avances, salientase que a situación é moi mellorábel, especialmente pola situación de diglosia invertida na que está a sociedade galega, na que o libro en español segue a ser o máis vendido. A isto contrapón o feito de que cada día son máis os autores e títulos que aparecen no mercado en lingua galega, nos que se acollen dende as adaptacións de clásicos como Perrault ou os irmáns Grimm, ata a produción de novos títulos, con moito coidado na edición, buscando o interese do lectorado máis novo que desexa achegarse a volumes atractivos. Este feito resáltase como a causa da mellora na ilustración e tamén na banda deseñada. Para o lectorado máis xuvenil destaca que se fan produtos tamén de moita calidade nos que se ofertan tanto traducións coma obras das máis variadas temáticas. Remata salientando que ante produtos como Harry Potter o mercado galego avanza rapidamente para non quedar á marxe.

Fernández, Paula, 'Universo de emocións', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Despois de aludir á traxectoria literaria de Ana María Fernández, céntrase no comentario de *Amar e outros verbos* (2002), que foi galardoado co Premio Lazarillo. Sinala que nesta obra, e como se dun dicionario se tratase, se amosan vinte e cinco verbos que van ser os encargados de describir sensacións, dúbidas existencialistas ou preguntas e inquiredanzas ás que ninguén encontra resposta. Salienta que todo isto está expresado por medio dunha linguaxe familiar e imaxes ou metáforas moi plásticas, que farán que a lectura sexa doada e cautivadora. Sinala que, segundo as sensacións que cada entrada provoque, o poema será máis ou menos musical, dicotomía que se manifesta tamén no colorido das ilustracións. Finalmente, descata o exercicio metaliterario que atopamos na entrada do verbo "escribir", na que a autora mallorquina expón os principais trazos da súa poesía.

Fernández, Paula, 'Indo para Samaín', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Achega o argumento da peza teatral de Carlos e Sabela Labraña, *Indo para o Samaín* (2002), na que se reivindica como propia a antiga tradición celta do Samaín, que é a festa que sinala a fin do verán e o comezo do outono e que os americanos exportaron co nome de "Halloween". Sinala que a obra se presenta dun xeito moi didáctico sobre todo para conseguir que os rapaces coñezan feitos como o Samaín, o magosto e os pasarrúas. Refírese aos elementos máxicos que rodean o texto e aos seus diálogos sinxelos e doces, así como ás súas acontacións, que contribúen enormemente a carón das ilustracións a recrear ese ambiente fantástico e festivo e a facer do texto algo máis lúdico.

Fernández, Paula, 'Rachar cos tópicos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Infantil/Xuvenil', 13 marzo 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación de *O sapo, a sapiña e a súa branca tripiña* (2001), de Marta

Rivera Ferner, en adaptación de Irene Penas. Salienta o deseño da colección na que se insire esta obra dirixida ao prelectorado, na que destaca especialmente as ilustracións. Explica que o argumento xira arredor da historia de amor entre un sapiño e unha sapiña de barriga branca, que está narrada coa sinxeleza necesaria para a comprensión deste lectorado, con gran musicalidade nos diálogos que captan a súa atención, do mesmo xeito ca se fora unha rima. Sinálase a finalidade didáctica que persegue a autora de fomentar o respecto e a tolerancia a través da inversión dos papeis atribuídos aos protagonistas, co que favorece a aceptación e o aprecio do ser menos agradábel.

Fernández, Paula, 'Arco da lúa', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Infantil/Xuvenil', 20 marzo 2003, p. VII.

Resume o argumento de *Arco da lúa* (2002), de Txabi Arnal, e salienta a compoñente fantástica deste conto, en particular, o universo de cores no que viven os personaxes, que lle lembra ás historias de ficción científica e no que recoñece algún contido didáctico que pode servir para que o lectorado aproveite a lectura. Repara tamén na presenza do número sete, que contribúe á creación dunha atmosfera marabillosa, na expresividade das rimas e nas ilustracións, "nada monótonas" e que abranguen diferentes estilos.

Fernández, Paula, 'Un relato orixinal', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 marzo 2003, p. VII.

Achega á obra *¡Como está o galiñeiro!* (2002), de Marta Álvarez, na que se comeza sinalando que recolle trazos do clásico da galiña que poñía ovos de ouro, aínda que agora as galiñas protagonistas sofren estrañas mutacións xenéticas. Dáse conta da liña argumental da obra, que xira arredor da soidade dunha nena por estar seu pai moi ocupado co traballo e de como a entrada das galiñas no laboratorio deste provocan cambios fundamentais nas súas vidas. Resáltase o atractivo que presenta a historia para o lectorado ao que vai dirixida polo seu dinamismo, a prosa sinxela e clara, a introdución de elementos da actualidade como a ciencia e a investigación a través do profesor tolo, Viravento. Remata destacando a orixinalidade, o surrealismo, humor e retallos de ficción científica nunha obra ben escrita e na que se perciben "reminiscencias da tradición literaria mundial e tamén da nosa historia como pobo".

Fernández, Paula, 'Respectar o medio', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Infantil/Xuvenil', 1 maio 2003, p. VII.

Comeza referíndose ao compromiso manifesto que aparece en *Area maior* (2002), de Manuel M. Barreiro, autor que chega á literatura galega con esta novela comprometida, na que se sinala que se presenta unha paisaxe mariña ameazada pola contaminación. Explicase que o argumento xira arredor da loita dos protagonistas, animais mariños e terrestres, contra as ameazas provocadas polo home ao medio ambiente no que viven. Chámase a atención sobre a metáfora que representan os animais da obra e os paralelismos que se establecen entre algúns aspectos da vida animal e da humana, nos que o autor demostra unha gran destreza para divertir ao lectorado agardado, á vez que transmite valores que inciden na mesma liña de respecto ao medio.

Fernández, Paula, 'Personaxes entrañables', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 43, 'Infantil/Xuvenil', 15 maio 2003, p. VII.

Comentario de *¿Onde está Orelliñas?* (2002), de Rotraut Susanne Berner, no que comeza sinalando que é unha obra dirixida exclusivamente ao prelectorado polas características formais e de contido do volume. Explicase que o argumento xira arredor das traxedias de Orelliñas na casa da súa avoa, nunha historia narrada de xeito moi característico para os máis pequenos, con situacións moi semellantes nas que o lector participa activamente. Salienta o aspecto lúdico da narración, o feito de que a autora empregue só a dous personaxes que resultan entrañábeis. Remata loando o conxunto da obra que resulta moi atractivo para o lectorado, en especial polas ilustracións de Carl Hauser Verlag, e o interese dunha obra na que a autora favorece o achegamento ao universo literario do lectorado que aínda non tivo contacto coa lectura.

Fernández, Paula, 'Imaxes brillantes', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 44, 'Infantil/Xuvenil', 22 maio 2003, p. VII.

Comenta o volume *Carlota e a bota perdida* (2002), segunda entrega dunha serie de Miro Villar e Enjamio que comezou con *Carlota e a marmota*, obra premiada no XXIX Concurso Nacional de Contos Infantís de O Facho en 1998. Achea un resumo do argumento e cualifica o texto de poético, melódico e doado de seguir gracias á facilidade na lectura que proporcionan as rimas. Salienta ademais a acción lineal da historia e as numerosas imaxes poéticas, así como o desprazamento dos actos normalmente realizados por persoas a animais ou cousas que pensan e falan. Finalmente, apunta a calidade das ilustracións que resultan algo eclipsadas polo discurso rimado.

Fernández, Paula, 'Reflectir os sentimentos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Infantil/Xuvenil', 9 outubro 2003, p. VII.

Considérase que na reedición da antoloxía *Os nosos versos* (Edicións Xerais de Galicia, 2003), Antonio García Teijeiro pon de manifesto o seu gran coñecemento do público infantil. Sinalase que a tarefa de escolla se lle presentou moi complicada dende o inicio e que a antoloxía se abre coas tres figuras fundamentais do Rexurdimento (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez), aos que lle seguen autores como Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou X. M^a Álvarez Blázquez, dos que se fan certos comentarios. Apúntase que, na opinión de García Teijeiro, as composicións seleccionadas dignifican unha lingua por veces asoballada e desprezada coma a nosa, así como se indica que a súa escolla se axusta ás preferencias do seu lectorado e á capacidade de comprensión da súa idade. Tamén se alude ao traballo ilustrativo de Fino Lorenzo, quen procura reflectir en imaxes os sentimentos que transmite o poema no intre da súa lectura antes de ilustralo.

Franco, Camilo, 'Allan Poe: o precursor', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 37, 'Dupin', 2003, p. 13.

Artigo incluído no monográfico do suplemento "Culturas" de *La Voz de Galicia* titulado "Los mejores detectives de la historia" e que se centra na novela policial. Neste texto

Camilo Franco achégase á figura de Edgar Allan Poe e á influencia da obra do autor na entrada na modernidade da literatura universal. Sinala que foi fundamental o feito de que non escribise obras moi voluminosas, senón relatos nos que abriu un novo espazo dentro da literatura de terror, na que demostrou "outra forma de sentir"; que fose capaz de duplicar as vendas dunha revista por inserir un relato seu, malia o fracaso das súas obras; e que "inventara" o relato criminal, modalidade que acadou o seu esplendor no século XX a través do xénero policial. Salienta que con só tres relatos e o personaxe do detective Auguste Dupin, Poe demostrou na súa literatura que a acción é máis importante que os personaxes e que creou o precedente de Sherlock Holmes. De *Crimes da rue Morgue* (1841) destaca a perspectiva con que o autor relata o crime, non recreándose nos detalles morbosos e si no esforzo racional para resolvelo, así como o feito de que o protagonista adquira a información a través dos medios de comunicación, que estaban adquirindo moita importancia naquela altura. Considera moi semellante a este relato o *Asasinato de Marie Rogét* (1843), aínda que menos brillante dende o punto de vista literario. Por último, de *A carta roubada* destaca o mantemento dos elementos deductivos e a lúcida reflexión sobre as evidencias que agocha a realidade.

Franco, Camilo, 'La ilustración gallega se acerca a la pintura y se aleja del diseño', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 16, 'En portada', 5 xullo 2003, p. 3.

Afirmase que a ilustración en Galicia vai tomando corpo debido á cantidade e á calidade de traballos realizados por unha nova xeración de ilustradores que marcan distancias. Apúntanse como trazos decisivos neste cambio na ilustración galega a heterodoxia nas influencias, unha menor supeditación ao texto, a aparición no panorama editorial de Kalandraka ou a existencia da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Inclúense opinións dalgúns ilustradores con respecto a estes cambios. Así, Xan López Domínguez, sinala a orixinalidade e a forza desta nova xeración, recoñece a influencia do cómic nos traballos recentes e considera que se traballa na ilustración igual que na pintura. Óscar Villán, Premio Nacional de Ilustración en 1999, apunta a decisiva influencia de Kalandraka para entender o cambio no traballo dos ilustradores. Na mesma liña maniféstanse Kiko da Silva, Antonio García Caíña e Pablo Otero "Peixe", que valoran o feito de que esta editorial lles permita comportarse como autores. Peixe salienta tamén que a súa xeración é a primeira que contou co acceso ao galego e aos libros publicados en coleccións como "Merlín", de Xerais. En opinión de Federico Fernández Alonso, Premio Nacional de Ilustración 2001, os estudos de Belas Artes permitiron o acceso a outras referencias e, ademais, os premios acadados por libros feitos en Galicia están despertando moito interese fóra. Finalmente, case todos coinciden en sinalar que o traballo de Kalandraka obrigou a outras editoriais a variar os seus modelos e a apostar polo álbum e apuntan como eivas principais deste eido artístico o feito de que o mercado siga a ser pequeno e que non se favorezan a creatividade e a calidade.

Franco, Camilo, 'O conto de nunca máis acabar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 27, 'En portada', 20 outubro 2003, pp. 3-4.

Con motivo da participación de Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo e Marilar Aleixandre nuns encontros literarios de Verines (Asturias), para explicar cál é a súa perspectiva sobre contar historias para rapaces, recolle diversas manifestacións destes autores sobre a

tendencia actual que hai de quitarlle peso literario á produción creativa infantil e xuvenil. Así mesmo, apuntan que esta literatura non é allea ás cousas da sociedade e que a protección excesiva coa que viven hoxe en día os nenos inflúe nese proceso de alixeiramento literario, ademais de considerar que a intervención dos adultos no proceso de lectura dos nenos debería estar máis ao servizo de espertar as capacidades do neno que non de tomar as decisións por el. Dun modo individual, Fina Casalderrey comenta que o xeito de entender os nenos faille cambiar a escrita, Xabier P. Docampo considera que a literatura infantil e xuvenil debe divertir e crear lectores literarios e, por último, Marilar Aleixandre opina que é necesario transgredir esas normas reduccionistas que limitan moito o traballo dos escritores e a súa capacidade para a creación. Tamén se alude á intervención nos encontros do profesor Chema Paz Gago, quen é o encargado de presentar, dende o punto de vista da crítica, a situación da literatura para os máis novos en Galicia, que cualifica de positiva. Entre as causas dese éxito, apunta o profesor que está o coidado prestado pola edición galega nos textos propios e nas traducións e a aparición de editoriais como Kalandraka, para concluír falando do estilo dos autores galegos e apuntando que algunhas cuestións da tradición cultural galega poden influír na capacidade do "xénero" do país.

Freire, Xosé, 'Un libro para ler en voz alta', *A Nosa Terra*, nº 1.064, 'Cultura', 10 xaneiro 2003, p. 27.

Comeza sinalando que con *Area maior* (Edicións Xerais de Galicia, 2002), Manuel M. Barreiro inicia a súa andaina polo mundo da ficción ofrecendo unha narración para todos os públicos. Apunta que o mar é o protagonista desta "novela curta, imaxinativa, onde a linguaxe foi tratada co mimo dun mestre artesán" e incide en que se trata dun libro que presenta con firmeza valores como o ecoloxismo, a loita pola duración e permanencia dos nosos recursos, unha chamada ao inconformismo e a busca dun mundo mellor. Achega brevemente a trama argumental que é narrada por Adrián, un cangarexo ermitán, e subliña que en *Area Maior* se transpira o amor do autor pola historia e polos mitos. Conclúe indicando o nome doutros autores que xa publicaron na colección "A letra dormente" e explicando que non se trata dun libro "oportunista", senón dun libro "fermoso", que as ilustracións de Marcela Santorum embelecen aínda máis.

Freire, Xosé, 'Literatura contra a guerra', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Cultura', 23 xaneiro 2003, p. 27.

Comenta *Trala liña do horizonte* (2002), de Antonio García Teijeiro, unha obra que cualifica de "descritiva sobre a guerra e a súa incoherencia, vista a través dos ollos dos nenos" e na que se narran as situacións absurdas de momentos bélicos puntuais. Unha obra que consta de dezanove relatos "froito da impotencia" diante de tanto odio, destrución e guerra, "dezanove fotografías de rexeitamento e visceralidade, de tenrura narrativa e compromiso para desterrar a dor e o sufrimento", para sensibilizar ante o horror, desbotar a indiferenza. Feitas cun estilo que cualifica de indefinido e que cabalga entre a narrativa e a prosa poética, unha prosa firme, sinxela, directa, sen adornos, mesmo chega a dicir o comentarista que con lixeiras variantes García Teijeiro practica unha técnica xa empregada por Cervantes e parte da realidade máis crúa que o leva mesmo a abandonar a música tan presente na súa obra poética. Remata referíndose ás ilustracións de A. Meixide que considiera un magnífico complemento narrativo.

Freire, Xosé, 'Afogados antes de emigrar', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 33.

Fala da publicación da obra de Antón Riveiro Coello *A canción de Sálvora* (2001) e da temática e argumento desta obra: o naufraxio do barco Santa Isabel na entrada da Ría de Arousa pouco antes de saír cara a América o 31 de xaneiro de 1921. Trátase dunha novela curta que serve para inaugurar-la nova colección *Relatos Históricos* que edita *A Nosa Terra*.

García, Rodri, 'Os lazarillos das guerras', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 25 xaneiro 2003, p. 10.

Comeza facendo unha ampla descrición do que se conta na novela de *Nun lugar chamado guerra* (2002), de Jordi Sierra i Fabra e logo salienta a axilidade do relato non exento de tópicos, a boa dose de acción, as solucións imaxinativas, as reflexións que se transmiten nas conversas relacionadas con problemas éticos da profesión, dos marxinados, dos países en guerra... para rematar remarcando que é esta obra unha historia de amizade e unha denuncia da situación na que malviven estes rapaces "intentando sobrevivir cada día, rodeados de dor e morte".

Gaspar, Silvia, 'Xosé Miranda, escritor', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 20 xaneiro 2003, p. 6.

Sinala que Xosé Miranda continúa a tradición fantástica da nosa literatura tanto nas súas primeiras novelas coma nas súas últimas producións dedicadas á literatura infantil e xuvenil. A seguir, puntualiza que dende os seus inicios nos 90 prevalece no escritor un universo próximo á irrealidade (*Historia dun paraguas azul*), que logo foi inclinándose cara á exploración dos mundos do terror (*Vestio* e *A neve e a cadeira*) e da fantasía (*A biblioteca da iguana* e *O demo á orella*), á vez que sinala que o seu interese estaba unido á literatura popular, da que dará boa conta, xunto ao escritor Antonio Reigosa e o ilustrador Ramiro Cuba, nos *Contos de maxia*, *Contos maravillosos* ou no *Diccionario de seres míticos galegos*. Tamén apunta que outros títulos do autor lugués dirixidos á creación infantil e xuvenil como *Feitizo*, *Ariadna* ou *Pel de lobo*, que serven para ilustrar a súa atracción pola exploración contemporánea de mitos modernos. Considera que a renovación chega para Miranda con *Morning Star*, unha novela de ambientación histórica con referencias a Stevenson, que comapara con *Pel de lobo*.

Gaspar, Silvia, 'Novos títulos para o inverno', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 27 xaneiro 2003, p. 6.

Panorámica dos libros infantís e xuvenís que apareceron nos andeis das librerías durante o inverno. Fai un percorrido dende aqueles destinados aos lectores máis novos ata os que teñen como lectores os adolescentes. Entre os primeiros salienta a aparición da serie Xabarín de Ouro e os minilibros de Kalandraka. Destaca as coleccións "Contos para Crecer" e "Bolboreta", as novidades de Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Agustín

Fernández Paz, e as traducións, entre unha longa listaxe de títulos.

Gaspar, Silvia, 'As nosas literatas', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 3 febreiro 2003, p. 6.

Despois de recoñecer que teñen mudado abondo as cousas dende que algunhas mulleres se atreveron a dar o paso de escribir en galego no século XIX, fai un percorrido por algunhas pioneiras, salientando a obra de Rosalía de Castro, Filomena Dato, Hipólita Muíño e Teresa Juega. En cada caso comenta algún aspecto que deixa entrever as dificultades polas que atravesaron para escribir na nosa lingua. Baixo o epígrafe "Precursoras nun panorama masculino" denuncia que tan só dúas escritoras ocupan cadeira na RAG na actualidade e que a porcentaxe que os textos de mulleres ocupan na prensa, nos libros escolares, etc. segue a ser excesivamente escaso.

Gaspar, Silvia, 'Ana María Fernández', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 10 febreiro 2003, p. 6.

Considera que, sendo o segundo ciclo educativo o menos privilexiado polos nosos creadores, é de agradecer a frecuencia coa que Ana María Fernández se ten dedicado a el. Salienta o seu poemario gañador do Premio Lazarillo, *Amar e outros verbos* (2002), no que vinte e cinco verbos dan pé a unha digresión lírica á que non escapan nin o elemento sensorial nin a aceptación da realidade máis inmediata. Tamén cita outras obras poéticas e de carácter narrativo da autora mallorquina, algunha delas escrita en colaboración con Xoán Babarro.

Gaspar, Silvia, 'Historietas para medrar', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 17 febreiro 2003, p. 6.

Afirma que a banda deseñada esperta outras habilidades para os lectores, entre as que destacan a invitación á construción dun personaxe e a asimilación de elipses temporais. Refírese á estreita relación entre o cómic e a narración convencional, que se pon de manifesto nas obras de Castelao, *Cousas da Vida* e *Os dous de sempre*. Apunta que na actualidade os andeis galegos dispoñen de moi diversos exemplos de cómic: a serie detectivesca protagonizada por Simón en Edicións Xerais de Galicia e a de Astérix en Galaxia, así como os títulos *Cita na Habana*, de Fran Jaraba ou *A batalla de Elviña*, de Pepe Carreiro, que poderían verse convertidos en series.

Gaspar, Silvia, 'Guerra e paz', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 24 marzo 2003, p. 6.

Reflexión sobre a literatura xurdida arredor de conflitos bélicos e as consecuencias destes. Lembra que *Guerra e paz* foi o título da novela coa que Leon Tolstoi presentou as campañas napoleónicas en Rusia e que na literatura galega tamén foron as guerras de Napoleón as que centraron os textos das primeiras obras da literatura galega contemporánea en forma de arengas populares. Sinala que a literatura foi empregada en moitas épocas para cantar ao honor patrio e que durante o Rexurdimento atopamos moitos poemas sobre a Guerra de Cuba, conflito sobre o que recomenda a lectura do cómic *Cita na Habana*, de

Fran Jaraba. A seguir, aconsella as lecturas apropiadas para as diferentes bandas de idade que abordan esta temática, comezando por *Carlos Quinto*, de Gloria Sánchez, e tres contos dos que forman parte de *Historias para calquera lugar* (2001): "A primeira aventura de Said e Sheila", de Ramón Caride Ogando; "As sombras do faro", de Agustín Fernández Paz; e "A muller prohibida", de An Alfaya. Remata aconsellando para o lectorado máis mozo a lectura de *Tristes armas*, de Marina Mayoral; e *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo, dos que sinala que en ambos casos os nenos son vítimas dos conflitos bélicos, nos que pasan de nenos a adultos.

Gaspar, Silvia, 'Ciencia e ficción', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 31 marzo 2003, p. 6.

Achegamento á produción de narrativa infantil e xuvenil de ficción científica precedida dun repaso ás tendencias que marcaron este subxénero, dende a plasmación dos avances científicos, como no caso de Jules Verne, en cuxa produción prevalece a aventura; a visión desencantada do mundo que lles tocou vivir plasmada por autores como Aldous Huxley ou George Orwell, ou como expresión da desconfianza ante os cambios que ocorren de xeito moi rápido e ameazas descoñecidas como no caso de H. G. Wells. Da produción galega comeza sinalando que só se deu na última década e que a gravidade das situacións narradas diminúe en función do lectorado ao que vai dirixida a obra. Sinala títulos como *Valdamor* (2001), de Beatriz García Turnes, na que se critica o perigo de crer en paraísos sociais, liña na que se sitúan outras novelas como *Ariadna* (2002), de Xosé Miranda, ou *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz; os avances técnicos mesturados cunha trama detectivesca tratados en *O faro de Arealonga* (2001), de Uxía Casal; ou a ficción de aventura de *Big bang* (1996), de Xosé Durán. Para un lectorado máis novo recomenda *O laboratorio do doutor Nogueira*, na que predomina o humor, e *As flores radiactivas*, na que se manifesta a preocupación polo medio ambiente, ambas de Agustín Fernández Paz, ademais da serie protagonizada por Said e Sheila de Ramón Caride Ogando. Remata achegándose a *Andanzas e amizades dun robot pequeno*, de Paco Martín, obra da que se salienta a visión dun futuro esperanzador narrada con moito humor.

Gaspar, Silvia, 'Un mar de letras', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 16 xuño 2003, p. 7.

Tras salientar a importancia do mar na cultura e na literatura galegas, ofrece unha nómina de títulos que teñen o mar como elemento fundamental. Na poesía cita *Ondas de verde e azul* (1994), de Antonio García Teijeiro; *De catro a catro*, de Manuel Antonio; ou o *Nocturno*, de Curros, "unha estampa trágica da emigración". No estilo documental recomenda *Piratas e navegantes* (1995), volume que ofrece unha idea da tradición mariñeira dos galegos, e *Os galeóns de Rande*, de Robert Sténuit, unha crónica sobre os rescates na ría de Vigo. Dentro da narrativa nomea *O galeón das Illas Cíes*, de Josep Lorman; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre; *Bala perdida* (1996), de Manuel Rivas; *O faro de Arealonga* (2001), de Uxía Casal; *As confesións de Carlota Doyle* (1995), de Avi; e *A lenda do capitán Miñoca* (1999), de Dolores Ruiz. Nun epígrafe á parte sinala tamén a presenza do mar unido á aventura da vida en *O polbo xigante* (2000), de Carlos Casares; a nostalxia da tradición mariñeira do Cantábrico en *Camiños sen fin* (2000), de Pablo Antón

Marín Estrada; e *A viaxe de Omoh* (2002), de Jaume Terradas, unha metáfora da busca da identidade dun rapaz maorí.

Gaspar, Silvia, 'Literatura comprometida', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 20 outubro 2003, p. 7.

Despois de definir expresións como "autor comprometido" ou "literatura comprometida", apunta que en Galicia se poden atopar mostras de compromiso literario, "pois aquí o desenvolvemento das letras foi paralelo á conciencia dos problemas que nos separaban do progreso e do orgullo como pobo". Sinala que autores do século XIX como Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez estiveron comprometidos con temas sociais como a emigración e a desigualdade e que, nos anos da ditadura franquista, Celso Emilio Ferreiro reivindicou a disidencia en parte das súas creacións. Apunta que coa chegada da democracia, o compromiso literario "pasou de moda", especialmente na literatura infantil e xuvenil, na que se tendeu a crer que o máis axeitado para o seu público era a "literatura branca", aínda que na actualidade se están introducindo textos que poderían considerarse comprometidos. Así, indica que tratan a conservación do medio ambiente Ramón Caride Ogando, Antonio Neira Cruz (*Os ollos do tangaleirón*) e Agustín Fernández Paz (*As flores radiactivas*); o antibelicismo, Gloria Sánchez (*Carlos Quinto*); ou os horrores da guerra civil (*Historias para calquera lugar*). Tamén cita as obras dalgúns destes autores que tratan os temas sociais e presenta a diferenza de "compromiso e literatura propagandística", ademais de propor unha serie de actividades relacionadas con estas cuestións.

Gaspar, Silvia, 'Paula Carballeira: receitas para contar', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', nº 732, 'O que le, é un león', 24 novembro 2003, p. 7.

Refírese aos IX Encontros Luso-Galaico do Libro Infantil e Xuvenil, que tiveron lugar en Oporto a mediados do mes de novembro ao redor do álbum e a narrativa xuvenil, nos que por parte de GÁLIX acudiron ilustradores, editores, investigadores e escritores, entre os que se atopaba Paula Carballeira. Alude ao seu labor como escritora e actriz, centrándose na súa faceta de contacontos, pois está especializada en espectáculos baseados nas historias contadas, principalmente, para o público infantil. Sinala que Paula Carballeira nos seus obradoiros insiste en que un contacontos debe dominar a historia manténdose no seu papel de narrador e recolle as súas "receitas de emerxencia" para contar contos. Tamén atende ao fenómeno dos contacontos e considera que a escola de contadores de sucedidos que sempre tivo lugar en Galicia é unha fonte de inspiración, tanto para os temas coma para os modos de narrar. Por outra parte, presenta brevemente títulos como *Robin e a boa xente*, *Un porco e unha vaca fan zoolóxico* e *Olo-Iepu-iepu*, de Paula Carballeira.

Gaspar, Silvia, 'A poesía é tan necesaria coma o pan de cada día', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', nº 733, 'O que le, é un león', 1 decembro 2003, p. 7.

Apunta que a poesía serve para familiarizarse coa beleza expresiva; para asentar habilidades tales coma o ritmo ou a musicalidade, primordiais tanto para a organización do pensamento e a expresión coma para a comprensión da lingua; e para exercitar a memoria. Sinala que moitos son os autores que se preocuparon da poesía para nenos, dende os pioneiros Aquilino Iglesia Alvariño, Pura e Dora Vázquez ou Palmira G. Boullosa ata os

que nos últimos anos veñen cultivando este xénero: Gloria Sánchez, Xoán Babarro, Bernardino Graña, Antonio García Teijeiro, Antón Cortizas ou Fan Alonso. Fai breves comentarios sobre a produción destes autores e afirma que a poesía é o xénero principal para achegar os pequenos á literatura. Por outra parte, faise eco de títulos como *A poesía infantil e xuvenil en Galicia*, de Blanca-Ana Roig Rechou; *O porco centelludo*, de Irene Pérez Pintos e *Darío a diario*, de Xela Arias, á vez que propón unha serie de actividades, cita varias edicións de autores clásicos de poesía e recorda á recentemente falecida Xela Arias.

Gaspar, Silvia, 'Chega o Nadal', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', nº 734, 'O que le, é un león', 15 decembro 2003, p. 7.

Considera que, exceptuando os contos populares recollidos por Cotarelo Valledor en 1927 e algunhas breves pezas recollidas en volumes de autores do XIX, a tradición do Nadal está hoxe case esquecida na cultura galega. Apunta que na literatua culta trataron o tema Rafael Dieste no seu "Conto de Reis" (*Arquivos do trasno*) e que, grazas ás traducións, contamos con títulos como *Un conto de Nadal*, de Charles Dickens, e *Os reis magos*, de Michel Tournier. A estes nomes engade traducións recentes de autores de literatura infantil e xuvenil como Carmen Gómez Ojea con *O camiño da fraga* ou Paco Abril con *¿Sodes vós os Reis Magos?* e xa, dentro da produción galega, cita a Xosé Manuel Carballo Ferreiro con *Teatro para o Nadal* e a Manolo Rivas con *Contos de Nadal*, este último non pensado para un público infantil. Tamén atende ao material musical relacionado co Nadal en galego; ao proxecto Biblos, o primeiro Clube de Lectores galego que, por unha cota anual de quince euros, facilita o acceso bimensual aos volumes que oferta a súa revista; e ás edicións de luxo que está ofrecendo a editorial A Nosa Terra.

González, David, 'Un galego universal', *El Ideal Gallego*, 'El perfil', 25 maio 2003, p. 9.

Percorrido pola traxectoria profesional do debuxante Miguelanxo Prado, considerado un dos pioneiros da banda deseñada en galego. Menciónase o carácter voluntarista e de resistencia deste xénero, que comeza a súa andaina en 1971 cando Reimundo Patiño e Xaquín Marín, tomando como referencia a estampa popular e a pintura de vangarda, publican, respectivamente, *O home que falaba vegliota* e *O emigrante*. A seguir, alúdese á fundación da revista *Xofre* por parte de Miguelanxo Prado, Fran Jaraba e Xan López Domínguez, que significou un impulso do cómic galego na década dos oitenta. Tras a desaparición deste proxecto, abórdase a estadia de Prado en Barcelona, a onde chega en 1982 para se formar nas novas tendencias da banda deseñada, onde colabora en revistas e fanzines como *Comix*, *International*, *Creepy*, *Zona 84*, *Cairo* ou *Cimoc* e dá ao prelo os seus primeiros álbums: *Fragmentos da Enciclopedia Déléfica* (1985) e *Stratos* (1987), unha obra ben recibida pola crítica na que se denuncia a alienación da sociedade capitalista e de consumo, aos que seguen *Trazo de tiza* (1990), a obra de máis sona internacional, e *Tanxencias* (1995). Tamén se citan as súas colaboracións en *El Jueves*, coa serie *Quotidiana Delirante*, unha visión esperpéntica e aceda da realidade cotiá. Repárase a seguir na súa colaboración coa Televisión de Galicia, deseñando a mascota do Xabarín Club e a serie *Os vixilantes do Camiño*, e nos galardóns que conseguiu en Barcelona, Porto, Treviso, Xenebra ou Angoulême. Saliéntase que a súa volta a Galicia se produce en 1998, un feito que se interpreta como exemplo da actitude de moitos emprendedores aos que a

sociedade galega obrigou a emigrar para acadar recoñecemento e formación e que, unha vez consolidados, volven. Alúdese tamén ao seu traballo para a factoría estadounidense Dreamworks, para deseñar os personaxes da serie *Men in black*, de Steven Spielberg, e á dirección de "Viñetas desde o Atlántico", que converteu Galicia nun referente mundial para a banda deseñada. Entre os seus proxectos actuais menciónase a súa participación nun proxecto conxunto co guionista inglés Neil Gaiman, Moebius e Milo Manara. Finalmente, identifícanse trazos recorrentes na súa obra como a ironía, o lirismo e a tenrura. Esta noticia foi tamén publicada en *El Progreso*, 1 xuño 2003, p. 10.

González, David, 'Un galego universal', *El Progreso*, 'Gente', 'Perfil', 1 xuño 2003, p. 10.

Percorrido pola traxectoria profesional do debuxante Miguelanxo Prado, considerado un dos pioneiros da banda deseñada en galego. Menciónase o carácter voluntarista e de resistencia deste xénero, que comeza a súa andaina en 1971 cando Reimundo Patiño e Xaquín Marín, tomando como referencia a estampa popular e a pintura de vangarda, publican, respectivamente, *O home que falaba vegliota* e *O emigrante*. A seguir, alúdese á fundación da revista *Xofre* por parte de Miguelanxo Prado, Fran Jaraba e Xan López Domínguez, que significou un impulso do cómic galego na década dos oitenta. Tras a desaparición deste proxecto, abórdase a estadia de Prado en Barcelona, a onde chega en 1982 para se formar nas novas tendencias da banda deseñada, onde colabora en revistas e fanzines como *Comix*, *International*, *Creepy*, *Zona 84*, *Cairo* ou *Cimoc* e dá ao prelo os seus primeiros álbums: *Fragmentos da Enciclopedia Déléfica* (1985) e *Stratos* (1987), unha obra ben recibida pola crítica na que se denuncia a alienación da sociedade capitalista e de consumo, aos que seguen *Trazo de tiza* (1990), a obra de máis sona internacional, e *Tanxencias* (1995). Tamén se citan as súas colaboracións en *El Jueves*, coa serie *Quotidiana Delirante*, unha visión esperpéntica e aceda da realidade cotiá. Repárase a seguir na súa colaboración coa Televisión de Galicia, deseñando a mascota do Xabarán Club e a serie *Os vixilantes do Camiño*, e nos galardóns que conseguiu en Barcelona, Porto, Treviso, Xenebra ou Angoulême. Saliéntase que a súa volta a Galicia se produce en 1998, un feito que se interpreta como exemplo da actitude de moitos emprendedores aos que a sociedade galega obrigou a emigrar para acadar recoñecemento e formación e que, unha vez consolidados, volven. Alúdese tamén ao seu traballo para a factoría estadounidense Dreamworks, para deseñar os personaxes da serie *Men in black*, de Steven Spielberg, e á dirección de "Viñetas desde o Atlántico", que converteu Galicia nun referente mundial para a banda deseñada. Entre os seus proxectos actuais menciónase a súa participación nun proxecto conxunto co guionista inglés Neil Gaiman, Moebius e Milo Manara. Finalmente, identifícanse trazos recorrentes na súa obra como a ironía, o lirismo e a tenrura. Esta noticia foi tamén publicada en *El Ideal Gallego*, 25 maio 2003, p. 9.

Guerreiro, María, 'Poemas para adestrar a imaxinación', *La Opinión*, 'Cultura', 2 febreiro 2003, p. 68.

Percorrido polos temas e autores incluídos na antoloxía *O libro dos cen poemas* (2002). Comézase recollendo as declaracións dos antólogos, nas que se amosan firmes defensores da poesía infantil ao considerala unha ferramenta fundamental na aprendizaxe dos máis novos, do mesmo xeito que esta poesía non é simple nin inferior en calidade a aquela destinada aos adultos, senón que se trata duns textos moi vinculados ao xogo, ao absurdo,

ao mundo mítico, ao irracional, etc. Finalmente, baixo o epígrafe "Pretextos" para coñecer o mundo" salientase a proposta de actividades que Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez levan a cabo nesta obra.

Lage, Juan José, 'Libros malditos. Breve historia de la infamia en la literatura infantil y juvenil', *La Opinión*, 'Saberes', nº 17, 5 xullo 2003, p. 7.

Alude á censura exercida tradicionalmente na produción dirixida a nenos e adolescentes por parte dos mediadores, que desbotaron todo o que consideraban fóra da moral imperante ou sen un fin educativo. Cita algúns dos libros que sufriron "as iras furibundas dos adultos", entre eles, *Max e Moritz* (1865), escrita e ilustrada polo alemán W. Busch, da que un crítico da época afirmou: "Las a primera vista tan inofensivas y divertidas caricaturas de los gemelos Max y Moritz, son uno de los venenos más peligrosos que hacen a la juventud actual tan indiscreta, rebelde y frívola, como es la queja general"; *Tom Sawyer* e *Huckleberry Finn*, de Mark Twain, que provocaron un grande escándalo polas actuacións dos seus personaxes que mesmo obrigou ao autor a defenderse das acusacións de inmoralidade; *Onde viven os monstros*, de Maurice Sendak, libro que foi rexeitado polas súas innovadoras ilustracións, fóra dos canons clásicos, alegando que espertaban temor no lectorado; ou *Ningún beso para mamá*, de Tomi Ungerer, vítima das críticas de educadores e feministas, ata o punto de prohibirse a súa publicación e recibir o premio ao peor libro infantil. Apunta que nesta listaxe de libros censurados figuran tamén *Harry Potter*, vedado nalgúns estados americanos; *O gardián do centeo*, de Salinger; *Un mundo feliz*, de Huxley, ou *A color púrpura*, de Alice Walker. En Europa salienta o caso de *Pippa Mediaslargas*, de Astrid Lindgren, amada polos nenos e odiada polos adultos, polas características da súa personaxe, unha nena que non se consideraba modelo apropiado para as lecturas infantís; e máis recentemente os libros de R. Dahl, no límite do politicamente correcto polo tratamento iconoclasta do mundo adulto. Neste sentido recolle as opinións de Antonio Muñoz Molina, que sinala a gran censura e a ortodoxia relixiosa que sofre a literatura que se dirixe aos nenos, e de Emili Teixidor, que apunta o carácter subversivo que da literatura en tanto "grito a favor de la imaginación libre, del arte como forma suprema de vida, de la palabra como fuente de orden y libertad, en contra de los valores del mundo real, que son el poder, el interés, la vanidad y las recompensas de todo tipo".

Martínez Bouzas, F., 'Historia de silencios e amores', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Literatura', 5 xaneiro 2003, p. 3.

Neste comentario sobre a obra *Noite de voraces sombras* (2002), de Agustín Fernández Paz, salientase que se centra na "recuperación de silencios e amores que perviven na nosa memoria histórica como 'fragmentos rotos'" e que o escritor recolle con "realismo e emoción" para que non morran na noite de "voraces sombras" verbas de José Ángel Valente. Logo afirma que a destreza e mestría narrativa deste escritor "o máis lido e traducido do noso sistema literario" segue sendo a mesma que a manifestada nos vinte e cinco libros que leva publicados e que o comezo desta obra, coma doutras, parte dun recorte de periódico que falaba da aparición detrás dun tabique dunha habitación de papeis que un mestre republicano agochara para salvar do "salvaxismo vingador", unha historia que cualifica de atraínte, chea de verosimilitude e que chega ao lector a través da voz da protagonista que se marcará un antes e un despois dos acontecementos que vive un verán, e

que transmite que "hoxe en día non ten sentido o odio e o rancor por feitos que aconteceron hai máis de sesenta anos pero aínda o ten menos o descoñecemento e a mentira". Remata cualificando a novela de emocionante e emocionada, realizada cun estilo natural e diáfano, unha arquitectura narrativa en capítulos curtos que enganchan ao lector na trama.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A tradición dos contos que veñen de moi lonxe', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 25 maio 2003, p. 3.

Comeza cunha introdución centrada na importancia da tradición oral galega como transmisora dun sistema de crenzas e simboloxías culturais. Achega algunhas características desta produción como a intencionalidade de ensinar e entender os cativos, a curta extensión das historias, o seu carácter anónimo, as tramas sinxelas e a concentración da acción, do tempo e do espazo. Presenta o proxecto "Cabalo Buligán", emprendido por Xosé Miranda e Antonio Reigosa, como un intento de loitar contra a desmemoria da tradición oral galega e recuperar para lectores de todas as idades distintos tipos de contos: maravillosos, de maxia, fantásticos e de encantamento. A seguir, céntrase nos dous últimos volumes aparecidos, *Contos de encantamento I e II* (2002), reparando na reelaboración de catorce contos tradicionais coa linguaxe e os trazos formais da narrativa actual. Cita os títulos destes contos e apunta a mestura do real e do fantástico, as tramas sinxelas, o número reducido de personaxes, a presenza dun exordio e dun final que acostuma ser edificante ou modélico. Conclúe destacando as orixinais e singulares ilustracións que acompañan os textos, da autoría de Andrés Meixide e Fernando L. Juárez, e que "contribúen a darlles ás á imaxinación lectora para transitar con axilidade e pracer por estes fermosos contos abrollados na noite dos tempos".

Martínez Bouzas, Francisco, 'As guerras como o gran negocio da paz', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 1 xuño 2003, p. 3.

Ofrece breves notas biográficas de Jordi Sierra i Fabra entreveradas ao longo do comentario da obra, merecedora do premio Abril, *Nun lugar chamado guerra* (2002). Dise que escribiu a súa primeira obra en 1972, que leva publicado máis de douscentos títulos dos máis diversos xéneros, que mereceu varios galardóns, que é o primeiro autor de Literatura infantil e xuvenil en España cunha colección propia, que segundo o Ministerio de Educación é o oitavo autor máis lido en centros escolares. Afirmo o comentarista que podería pensarse que estamos diante dun autor que máis que oportunista ten o sentido da oportunidade e "escribe sempre aguillado polo seu instinto visceral e por unha profunda conciencia social". A obra que comenta considérase un repaso sumamente crítico da dinámica belicista de hoxe, concretamente das terras soviéticas. Despois de se referir ao argumento di que é esta unha novela sobre o valor da amizade, sobre a inutilidade das guerras e daqueles que falan de vítimas razoábeis, unha novela de personaxe adulto que se realiza coas técnicas narrativas máis variadas: tempo lento, perspectivismo, monólogo, soliloquio aínda que é un narrador omnisciente quen relata botando man dun estilo directo, prosa viva e transparente con ritmo xornalístico.

Montaña, Estro, 'Un libro fermoso', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Comeza salientando o abondoso número de traballos realizados sobre a literatura popular en Galicia por autores como Mariño Ferro, Henrique Harguindey e Maruxa Barrio ou Xosé Miranda e Antonio Reigosa, autores estes últimos do volume *Cando os animais falaban* (2002). Lembra outros traballos anteriores destes autores como o dicionario dos seres míticos e os volumes publicados na colección "Cabalo buligán". De *Cando os animais falaban* sinala que nos leva ao tempo no que os contos servían para explicar o mundo a través de mitos fundamentais, cos que se quere chegar a ordenar o caos e entender os misterios do universo. Alude á presenza da mitoloxía grega e á mediterránea, para destacar que como sinalan os autores foi a través da mitoloxía propia cómo se explicaron en Galicia ao longo do tempo moitos fenómenos naturais e condutas humanas. Conclúese que é unha edición coidada, con ilustracións figurativas e coloristas, na que os títulos son moi suxestivos e a obra resulta cálida, enxeñosa e orixinal.

Navarro, María, 'Unha eficaz mestura', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Infantil/Xuvenil', 9 xaneiro 2003, p. VII.

Cita os títulos da produción literaria de Pepe Carballude para o público infantil e xuvenil, para logo centrarse na reedición da súa novela, *A historia do home-can*, en Edicións Xerais de Galicia no ano 2002. Ofrece a trama argumental desta historia protagonizada por Faustino Santos Fernández, que adopta o corpo de can, aínda que chega a manter o intelecto de persoa, pois é quen de falar, pensar e razoar. Considera que, a través desta "maxistral combinación" entre realidade e fantasía, o autor ten a oportunidade de comentar, criticar e ironizar dun modo lúdico sobre o comportamento e actitudes ridículos das persoas.

Navarro, María, 'Un canto á liberdade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 'Infantil/Xuvenil', 16 xaneiro 2003, p. VII.

Presenta o argumento da novela de Christine Nöstlinger, *Un* (Edicións Xerais de Galicia, 2002), que foi traducida ao galego por Franck Meyer. Considera que a historia, que xira ao redor do protagonista chamado Un, non deixa indiferente ao lectorado que se cuestionará non só o modo de vida libre do personaxe, senón tamén a concepción do mundo e os valores que cadaquén alimenta e que encontra neste relato un expoñente de vida cómoda, dando a impresión de que todo é válido con tal de que un se sinta a gusto. Tamén apunta que esta novela, instalada nun mundo real, aínda que xoga con parámetros da irrealidade, se converte nunha peza que se afasta dos modelos clásicos de personaxe aventureiro para transformarse nun canto á liberdade.

Navarro, María, 'Na tradición popular', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Infantil/Xuvenil', 23 xaneiro 2003, p. VII.

Comentario sobre o volume *A Merliña* (Kalandraka, 2002), escrito por Antonio Rubio e ilustrado por Isidro Ferrer, que ofrece "unha sinxela e expresiva" proposta plástica a través da colaxe. Alude ao argumento desta versión para primeiros lectores dun conto popular e explica que o recordo da fábula está presente nesta historia, onde os animais falan e onde o lector pode tirar unha conclusión a modo de ensino. Sinala, por último, que o autor, sen perder de vista o público ao que vai dirixida a obra, fai uso dunha linguaxe repetitiva que

asegura a captación do contido e actúa como eco e fio condutor da actuación dos personaxes.

Navarro, María, 'Un mundo máxico', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Infantil/Xuvenil', 30 xaneiro 2003, p. VII.

Aproximación á obra de Ánxeles Ferrer que comeza cun resumo do argumento de *¡Ola, son a lúa!* (2002). A seguir, ocúpase María Navarro de describir o estilo do volume, que cualifica de "acertado sentido lúdico" por presentar conceptos novos para os lectores máis pequenos. Valora positivamente as ilustracións ao seren guieiros na lectura e tamén considera moi axeitados os versos e a rima escollida para "expresar o aspecto máis bucólico ou idílico da natureza".

Navarro, María, 'Perder a forza', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Infantil/Xuvenil', 6 febreiro 2003, p. VII.

Despois de aludir á produción literaria de Manuel Lourenzo González, detense no resumo e comentario de *Estanislao, príncipe de Sofrovia* (2002), no que se relata o nacemento do futuro rei de Sofrovia e os momentos máis significativos da súa infancia e primeira mocidade, polo que vén a complementar a obra publicada polo mesmo autor baixo o título *Tanis I O Mocos* (1998), na que se narraba a xuventude de Estanislao. Sinala que hai un erro de planificación das dúas obras e que non hai continuidade entre unha e outra, ademais de superpoñerse e repetirse acontecementos e de asistir a un cambio de rexistro lingüístico.

Navarro, María, 'Unha sutil ilaridade', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Infantil/Xuvenil', 13 febreiro 2003, p. VII.

Recolle o argumento de *A góndola fantasma* (2002), na que Guianni Rodari presenta unha divertida historia que ten como protagonistas a personaxes da Commedia dell'Arte e está ambientada en Venecia. Sinala que o lector ten a oportunidade de ir construíndo a historia imaxinando agora e elucubrando despois sobre o desenvolvemento dos acontecementos, nos que os protagonistas son os auténticos actores dunha comedia na que cada quen pretende aproveitarse do próximo. Tamén comenta que o autor, na busca desa comicidade que provoque unha sutil hilaridade, introduce continuos cambios de rol, así como salienta que o enxeño e a mofa ocupan na historia un lugar destacado e fan da novela un divertido xogo literario.

Navarro, María, 'Reiteracións, reiteracións', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Infantil/Xuvenil', 20 febreiro 2003, p. VII.

Resume a trama argumental de *Noite de voraces sombras* (2002), de Agustín Fernández Paz, que na súa opinión recolle os ingredientes básicos dun relato destinado para un público xuvenil: unha protagonista moza de dezaseis anos, un namoramento de verán, uns pais comprensivos e animados e a descuberta duns obxectos pertencentes a un familiar que o tempo rodeou dun certo misterio. Sinala que todo isto está "aderezado cunha lingua viva e

coidada, enganosamente natural e moi próxima á fala cotiá". Asemade, considera que a excesiva cotidianeidade dos feitos relatados e o previsíbel desenlace, unido a un certo folclorismo na defensa dos nosos escritores, así como dos costumes e gustos supostamente ideais dun bo galego, "confiren un ton artificial ao texto e voltan anormalmente idílicos comportamentos e feitos que queren semellar naturais". Conclúe afirmando que nesta novela se volven atopar as constantes da obra agustiniana, que pouco achegan ao panorama da literatura galega.

Navarro, María, 'Memorias de noso', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 32, 27 febreiro 2003, p. I.

Comézase preguntando pola orixe da literatura infantil e xuvenil, que relaciona coa tradición oral de contos e rimas que nos acompañaron dende o nacemento. En canto á literatura escrita para a infancia e mocidade, lembra que foi *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, a obra que máis se editou. Sinala que dende a publicación deste volume se desenvolveu moito este tipo de literatura, especialmente pola entrada do galego na escola, e que acadaron cultivo todo tipo de xéneros, antes moitas veces cubertos por obras de autores pensadas para o público en xeral. Salienta o papel da editorial Kalandraka, especialmente pola adaptación de contos de tradición europea en edicións moi coidadas no aspecto ilustrativo e tipográfico. Aínda que considera que se seguen a publicar textos de escasa calidade, destaca o valor enriquecedor das traducións na nosa lingua e chama a atención sobre o perigo dos produtos oportunistas, a busca do beneficio económico e o risco de saturación do mercado que se está dando actualmente. Remata repasando algunhas das novidades publicadas recentemente como as coleccións de Xerais "Xabarín de Ouro" e a protagonizada por Nunavut; a reedición de *Tres capitáns de tempos idos*, de Avilés de Taramancos; *O chápiro verde*, de Marilar Aleixandre; *Arco da lúa*, de Txabi Arnal, ou *Pequena bruxa*, de Bianca Pitzorno, entre outras.

Navarro, María, 'Sutil didactismo', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Refírese á produción literaria de Fina Casalderrey e, a seguir, presenta o argumento de *Cando a terra se esqueceu de xirar* (2002), no que de forma "amena" se expón un feito que ten tolo a todo o mundo: a Terra perdera a memoria e esquecérase de xirar arredor do sol, polo que nunha parte do planeta era sempre de día e na outra, de noite. Sinala que unha historia atemporal, un protagonista colectivo e unha temática de ficción son o marco no que a autora pontevedresa desenvolve esta novela, na que analiza en clave de metáforas o porqué dalgunha inxustiza espallada polo mundo. Conclúe apuntando que se trata dun conxunto de páxinas "impregnadas dun sutil didactismo que fan reflexionar".

Navarro, María, 'Un ameno exercicio', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Explica que *O outro lado do sombreiro* (2002) nace como continuación de *Aventures de Potaconill*, historia curta que Carlos Cano e Paco Gómez realizaran con motivo do

Carnaval Literario da escola Gençana de Godella. Achea o seu argumento e comenta que está estruturada en vinte e sete capítulos, que recollen unha historia global, aínda que cada un deles se converte nunha historia onde a maxia e a fantasía son posíbeis. Sinala que o modo de proceder do protagonista chama a atención do público infantil: intríga unha pregunta e fai o posíbel por atopar a resposta, o que lle sucede interprétao en clave de maxia e non dubida en desaparecer cando se resolve o misterio. Conclúe apuntando que unha linguaxe sinxela e divertida fan deste relato un ameno exercicio literario.

Navarro, María, 'Memorias de nenos', *La Opinión*, 'Saberes', nº 1, 15 marzo 2003, pp. 8-9.

Breve repaso pola historia da literatura infantil e xuvenil galega no que se destaca o momento de esplendor que vive esta produción, a mellora das coleccións dirixidas a este lectorado, a tradución de numerosas obras universais e a desproporción existente entre a oferta e os hábitos de lectura entre os nenos e nenas de entre trece e dezasete anos. Insístese no importante papel da escola no fomento da lectura que, en ocasións, se ve favorecido polos hábitos de lectura na casa. Sitúanse as orixes desta produción na tradición oral e menciónase a aparición na década dos sesenta de *Memorias nun neno labrego*, de Neira Vilas, "libro que se converteu no texto máis veces editado na nosa lingua, fundamental na formación lectora e humana de miles de rapaces galegos", ao que seguiu pouco a pouco unha variedade de textos que cobren practicamente todas as idades e xéneros. Menciónase a aposta emprendida por Kalandraka dende o seu nacemento en 1998 e a tradución de obras de éxito mundial, aínda que tamén se comenta a aparición no mercado de autores que "aproveitando o posible *tirón* destes lectores escriben case exclusivamente cunha finalidade económica, perdendo de vista a calidade e a posible aportación ao panorama da literatura galega". Entre as novidades aparecidas no mercado a finais de 2002 e comezos de 2003 apunta a aparición dunha nova colección infantil, obra de Xoán Abeleira; a reedición de *Tres capitáns de tempos idos*, a única obra de teatro dirixida a un público infantil de Avilés de Taramancos; ou os títulos da colección "Xabarín de Ouro", de Edicións Xerais, *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carroll, *As aventuras de Pinocchio*, de Carlo Collodi ou *A chamada da selva*, de Jack London.

Navarro, María, 'Expectativas incumpridas', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Infantil/Xuvenil', 20 marzo 2003, p. VII.

Anuncia a publicación de *Camiño perigoso* (2002), de Ánxela Loureiro, autora tamén de obras como *Viaxe de ida e volta* ou *Laia, a nena da illa*. Explicase o argumento desta novela ambientada na Idade Media e protagonizada por Alba, unha moza de catorce anos que loita por atopar a seus pais. Considera que malia que a historia pode ter atractivo para o lectorado agardado, a autora xoga no ambiente primitivo con claves actuais, crea escenas que "semellan fóra de lugar", dáse superficialidade e escaso afondamento na psicoloxía dos personaxes ademais de desaproveitamento do que tenta ser un tema histórico. Critica o feito de que sexa un texto inacabado, no que faltan claves por resolver e que non cumpra as expectativas creadas.

Navarro, María, 'Linguaxe sinxela', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 marzo 2003, p. VII.

Dá conta da publicación do volume dirixido aos primeiros lectores *Xosé e o vento* (2002), de Rosa M^a García Vilariño. Explica detidamente o argumento da obra, protagonizada por un neno de tres anos que descobre o pracer de xogar co vento. Sinálase que a autora quere achegarse ao lectorado agardado a través de situacións cotiás que lle resultan familiares. Criticase que a presentación dos feitos resulta por momentos pouco atractiva pola presenza de elementos supérfluos, aínda que loa o recurso de empregar alusións a elementos que poden levar a reflexionar aos adultos sobre aspectos da vida cotiá nos que non reparan habitualmente. Remata destacando a linguaxe sinxela e directa que beneficia a comprensión do contido.

Navarro, María, 'Engaiolante narración', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 55, 'Infantil/Xuvenil', 16 outubro 2003, p. VII.

Comeza salientando algunha das obras publicadas por Marilar Aleixandre e refírese a *O chápiro verde* (1999) como "unha nova obra destinada aos xoves lectores". Desta narración salienta a desbordante imaxinación coa que a autora presenta personaxes singulares que se desenvolven nun medio natural seguindo as normas do ambiente e o feito de que prenda dende as primeiras páxinas. Describe brevemente a historia que se conta, na que Fa, unha nena zurda que se acaba convencendo de que é un ser normal, a avoa, o Chápiro e todo personaxe que se achegue seguen as "leis que lles dicta o sentido da convivencia e da xustiza". Remata cualificando a obra de amena e engaiolante na que a autora xogou con adiviñas, xogos de palabras, insinuacións en suxestións para que o lectorado descubrixe os enigmas e participación nas aventuras de Fa.

Nicolás, Ramón, 'Alicia ou a subversión', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 27, 'Libros', 23 xaneiro 2003, p. IV.

Anuncia que comeza unha nova andaina para algúns textos da literatura universal en lingua galega grazas á súa publicación na colección "Xabarán de Ouro", que herda da "vedraia" serie "Xabarán" algúns dos seus títulos máis representativos, agora ilustrados por Federico Fernández, Premio Nacional de Ilustración 2002: *As aventuras de Pinocchio*, de Claudio Collodi e traducido por Antón Santamarina; *A chamada da selva*, de Jack London e traducido por Gonzalo Navaza; e *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carrol e traducido por Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro, co que obtiveron o Premio Nacional de Tradución en 1985. A seguir, detense no texto de *Alicia no país das marabillas*, que afonda as súas raigames nos eidos da subversión literaria aos que se vinculan nomes como os de Kafka, James Joyce ou André Bretón. Dá conta dos diversos elementos cos que o lectorado se vai atopar no citado clásico, entre os que están un universo inzado de fantasía ou unhas situacións próximas ao absurdo pero ao tempo tinguidas do arrecendo dunha circunstancialidade posíbel, "situacións nas que un descobre, abraiado, cómo goberna unha irrefreable liberdade no ámbito imaxinativo, cómo se destrúe e recrea a linguaxe, cómo paira teimudamente o onirismo ou cómo se emprega unha lóxica esmagadora que contratasta coa perspectiva máis convencional do mundo". Finalmente, apunta que o aspecto máis relevante de *Alicia* "sexo o que un clásico dominado literariamente pola subversión di, ou pode dicir a cada lector".

Quintáns S., M., 'Creatividade literaria e plástica duns rapaces', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 marzo 2003, p. 4.

Refírese á publicación de *Achegamento ó libro*. "*Se me queres abrir, unha aventura poderás vivir*" (2002), un volume coordinado por José Ramón Rey Senra, responsábel da Biblioteca Municipal Francisco Mayán de Cee, que recolle os traballos premiados de rapaces e rapazas dos ciclos inicial, medio e superior da ESO, BUP e FP. Considera que o premio máis importante para eles será con seguridade ver publicados os seus traballos e felicita ao Concello de Cee por esta iniciativa que "convida ó achegamento ó libro a través da creatividade, literaria e plástica".

Quintáns S., M., 'Unha forma de facer bos lectores e valores da literatura dende a escola', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 8 xuño 2003, p. 4.

Dá conta da publicación de *Achegamento ó libro* (2002), un volume coordinado por José Ramón Rey Senra que recolle os traballos premiados no concurso convocado polo Concello de Cee (1992-2002). Comenta que os rapaces e rapazas que participan neste libro ven recoñecido o seu labor coa publicación dos seus traballos, feito que contribúe a afianzar a seguridade en si mesmos e a desinhibición. Sinala que a idade dos participantes neste concurso vai dende niveis escolares dos ciclos inicial, medio e superior da ESO ata BUP e FP e que, en total, se reúnen mil cincocentas cincuenta e dúas obras. Afirma por último que todos os nenos e nenas presentes no volume son de seguro intelixentes lectores e devotos admiradores dos libros.

Quintáns S., M., 'Reedítase 'Irmán Rei Artur' en versión castelá', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Mundo editorial', 7 decembro 2003, p. 4.

Aproveitando a presentación da tradución ao castelán *Hermano Rey Artur* (Akal Ediciones, 2003), de Carlos G. Reigosa, fai certas reflexións sobre o mundo editorial galego. Apunta que a citada obra aparecera por vez primeira en lingua galega no ano 1987 en Edicións Xerais de Galicia e que, agora, a nova edición recolle o texto íntegro da edición orixinal, xunto co prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, mentres que foi suprimida a introdución de León T. Vivanco e substituídas as ilustracións de Xosé Díaz polas de Xosé Freixanes. Tamén alude á "fermosa" portada en cartón de Sergio Ramírez e á calidade do papel e da impresión desta versión castelá. Por último, apunta que a edición galega de Xerais tivera menos repercusión que a actual e achega como razóns deste feito un fragmento do citado prólogo de Méndez Ferrín. Conclúe apuntando que o lector en lingua castelá ten a oportunidade de "desfrutar, non só dun dos ciclos literarios máis ricos da cultura celta, senón, tamén, dunha actualización máis fonda" grazas a este *Hermano Rey Arturo*.

Raña, Román, 'Lirismo primordial', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Libros', 9 xaneiro 2003, p. IV.

Despois de citar os volumes publicados por Pepe Cácamo para a nenez, céntrase no seu poemario *Lúa de pan* (2002), co que conseguiu o Premio Arume de poesía para nenos da Fundación Xosé Neira Vilas. Apunta que no citado volume "non só nos encontramos diante de exercicios máis ou menos enxeñosos de métrica e estilo tradicionais, senón que as rimas

invulgares, o forte ritmo e as imaxes ousadas, pertencen ao eterno terreo de toda poesía que se precie, sen caer na facilidade esterilizante das aliteracións sen ton nen son". A seguir, detense no comentario da primeira peza poética ("Palabras") e da última ("Autobiografía"), para concluír recomendado a lectura deste volume a todos os públicos.

Requeixo, Armando, 'Agustín Fernández Paz e os fragmentos da memoria', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 xaneiro 2003, p. 4.

Comeza referíndose ao feito de que hai algúns autores galegos con obras de calidade que van dirixidas tanto ao público infante-xuvenil coma ao adulto, por estar incluídas en coleccións dirixidas a este tipo de lectorado e entrar na mediación que dirixe as obras a este tipo de receptor, malia que a intratextualidade está deseñada para chegar ao público xeral. Sinala que un destes autores é Agustín Fernández Paz, cun amplo recoñecemento, e que coa súa novela *Noite de voraces sombras* (2002) se coloca de novo nesa fronteira entre a mocidade e o público xeral. Sinálase que esta novela toma como título un verso de José Ángel Valente e que nela se desenvolve a historia da descuberta dunha moza de feitos do pasado derivados da Ditadura. Remata explicando que a novela parte do relato "A memoria dos soños rotos", publicado en *Ningún está só* (2001), e que estamos ante a obra dun clásico.

Requeixo, Armando, 'Un carrusel de emocións trepidantes para os lectores máis novos', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 2 febreiro 2003, p. 4.

Considera que *Camiño perigoso* (2002), de Ánxela Loureiro, debe ser incluída dentro das novelas de aventuras porque todas as historias narradas están cheas de acción e protagonizadas por personaxes afoutos. Opina que a obra desta autora reúne as características básicas que esixen os lectores infantís: personaxes planos, previsibilidade, tópicos, etc.

Requeixo, Armando, 'Amores náufragos', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Libros', 13 marzo 2003, p. IV.

Comeza o comentario coa reprodución da nota autorial que abre a novela curta *A canción de Sálvora* (2002), de Antón Riveiro Coello, co que se establece un xogo metaliterario ao adxudicarlle a obra a un heterónimo do autor, que é un personaxe das obras *A quinta de Saler* (1999) e *Homónima* (2000). Explicase o argumento deste relato que xira arredor do afundimento histórico ocorrido en 1921 fronte ás costas da illa de Sálvora. Saliéntase dela a narración envolvente, a recreación de situacións e a simbolización dos personaxes e obxectos, así como as ilustracións de Pepe Carreiro, que "dialogan interartisticamente" coa narración e que logran un "mundo propio de perfíles tan fantasmais coma suxestivos". Remata sinalando que algúns dos temas abordados nesta obra son a procura dun vieiro persoal, a forza dos nosos soños ou a busca do amor.

Requeixo, Armando, 'De como Carballeira soubo de Gilles de Reis', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 16 marzo 2003, p. 4.

Dáse conta da publicación da novela neogótica *O ganso pardo* (2002), coa que Paula

Carballeira se estrea na narrativa para mozos. Saliéntanse as altas doses de misterio e arrepío nunha obra na que se narra a vida do mariscal de Francia Gilles de Reis, dedicado ás artes da nigromancia e o ocultismo. Destaca que parello ao argumento a autora ofrece unha interesante introspección psicolóxica, unha boa recreación do ambiente histórico e o relato de aventuras e viaxes que nos achega ao paranormal, sempre inserida na tradición dos mitos, en especial na do vampirismo. Saliéntase da técnica de Carballeira a mestría na progresión da intriga, na focalización da tensión narrativa e o completo retrato dos personaxes. Remata recomendando a lectura desta novela.

Ripalda, Xosé Lois, 'Para unha mellor difusión da lectura', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 14 xuño 2003, p. 84.

Amplio artigo no que Xosé Lois Ripalda comeza recoñecendo a importancia da familia e do ensino na difusión da lectura, que considera paralelamente á normalización da lingua galega. Analiza os alicerces da difusión da lectura: o interese, a atención, a creatividade e o xogo, factores que deben potenciarse, na súa opinión, a través dunha serie de actividades que requiren dunha participación activa de todos e de todas. Considera que para espertar o interese e a atención, o libro debe presentarse con certa novidade para provocar curiosidade e expectación, co fin de que naza o amor pola lectura non como froito da imposición senón como estímulo en si mesma. Recomenda ter en conta a idade e o temperamento do lectorado, utilizar o sentido da vista, para valorar as ilustracións dos libros, e o do oído para captar a sonoridade da linguaxe. Con respecto á imaxinación e a creatividade sinala a importancia de que o lectorado cree a súa propia historia co seu desenlace e que participe como protagonista pleno do proceso de lectura. Salienta tamén a conveniencia do traballo colectivo, porque permite saír do illamento e crear sentimentos de comunidade, así como do consenso entre mediadores e lectores para atopar as lecturas axeitadas. Finalmente sinala que a lectura debe ser útil, selecta, rica, potente, viva, creadora, ampla e equilibrada para moldear espíritos decididos e fomentar o compañeirismo e a solidariedade.

Rosales, Manuel, 'Sempre en O principião', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Libros', 1 maio 2003, p. IV.

Dá conta da publicación de *O Principião* (2002), de Antoine de Saint-Exupéry, unha edición conmemorativa por parte de Galaxia con motivo da celebración dos trinta anos da publicación da primeira tradución ao galego feita por Carlos Casares. Sinala que achegarse a esta obra é unha chamada ao "descubrimento da transcendencia que se agocha detrás de cada cousa". Do argumento destaca que a peripecia do narrador na que encontra ao principião lle serve ao autor para facer unha reflexión filosófica sobre o sentido da vida, o verdadeiro valor das cousas e da amizade, á vez que unha metáfora da procura vital de cada home por recuperar a súa infancia e unha crítica do pragmatismo que domina moitas vidas humanas. Repasa algúns dos personaxes que aparecen ao longo da obra e a súa simboloxía, co que o autor critica os defectos dos homes e enxalza a imaxinación. Remata destacando que esta obra é máis que un conto para nenos, que está cheo de beleza e profundidade, no que se abordan cuestións de gran fondura como a procura do home dos principios que enriquecen o seu espírito e que lle dan sosego.

Ruibal, Euloxio R., 'A lectura colectiva', *Faro de Vigo*, 'A Escola do Faro', 22 abril 2003,

p. 1.

Ruibal reivindica a lectura colectiva como xeito de aprender nas aulas fronte á individual que se emprega para campañas de promoción da lectura. Considera que a lectura en grupo é un xeito de socialización e convivencia, no que se ensina a vivir de xeito solidario, en xustiza e liberdade, en especial no caso da lectura e representación de obras de teatro, polo feito de que os participantes se converten en lectores-actores e espectadores. Destaca o poder libertador da mente infantil que favorece a representación como acto que desencadea unha serie de estímulos sensoriais que provocan vivencias e emocións estéticas nos participantes. Refírese tamén ao aspecto lúdico e á súa intervención no proceso de maduración das persoas, ao fomento da creatividade, á fortaleza emocional ou á estabilidade integral, entre outros.

Valcárcel, Xulio, 'Poesía infantil galega', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', 'Páxina literaria', 19 xaneiro 2003, p. 4.

Comentario sobre o *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Nuñez. Cita algúns dos autores antologados nesta selección que parte de 1863, ano da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, e chega ata 1999, ano no que Helena Villar Janeiro edita *A campá da lúa*, así como fai referencia aos textos tradicionais recollidos. Sinala que a maioría dos poemas teñen en común a musicalidade e explica que neste tipo de composicións é tan importante a dimensión ideolóxica ou conceptual coma a dimensión fonética, rítmica ou sonora. Apunta que predominan as estrofas de arte menor e o gusto polo "carente de peso", ademais de recoller pequenas mostras dos poemas antologados. Sinala que poetas de todas as épocas e estilos escribiron poemas infantís coa conciencia de facer algo de tanta transcendencia como se se tratase de poesía para adultos e cita a autores que teñen escrito un libro enteiro de versos de poesía infantil, como Manuel María ou Pepe Cáccamo. Finalmente, alude aos exercicios que o presente volume recolle para ser resoltos polos alumnos.

Ventura, Joaquim, 'Fin de ciclo', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31, 'Libros', 20 febreiro 2003, p. V.

Alude á aparición da terceira entrega de *O Señor dos Aneis* no ano 2002. Considera que as reflexións a facer ao redor da triloxía deben tratar sobre a pegada que pode supor na literatura galega, tanto verbo dos lectores coma verbo dos escritores. Sinala que a tradición galega "permite un desenvolvemento maxinativo dun 'tolkienismo' de seu: misterios, tradicións, meigas, trasnos, espíritos e ánimas", así como unha exploración da novela histórica, subxénero practicamente inexistente en galego. Afirmo que neste libro de *O Señor dos Aneis*, en tradución de Moisés R. Barcia, temos unha boa mostra de léxico medieval galego, cumprindo a tradución unha das súas funcións máis importantes "abrir unha lingua a outros rexistros, forzándoa a ensanchar e profundar no seu tesouro que son as novas palabras".

Vieites, Manuel F., 'Teatro interpretado por bonecos', *La Opinión*, 'Saberes', nº 35, 13 decembro 2003, pp. 8-9.

Despois de aludir á popularidade que conseguiu o personaxe de Barriga Verde no século pasado en Galicia, comenta que este tipo de creacións estaban arraigadas nunha tradición popular estendida por toda a península Ibérica, que provocou que as primeiras vangardas volvesen os ollos cara a un conxunto de manifestacións escénicas coñecidas como "teatro de obxectos" por ter o títere, monicreque, autómata ou silueta como elemento fundamental do espectáculo. A seguir, explica que, a finais do XIX e principios do XX, estas representacións eran habituais e posuían un carácter fortemente crítico, así como se refire á súa influencia no desenvolvemento das artes escénicas do século XX reflectida en pezas como *Ubú Rei* ou nas teorías da interperetación. Tamén sinala que o teatro de obxectos a nivel peninsular está decididamente orientado ao público infantil e, no caso de Galicia, considera que as eivas que presenta o seu sistema teatral son unha das causas de que o teatro de títeres teña chegado a unha situación crítica, pois as funcións teñen máis que ver coa animación ca coa creación artística. Afirmar que o feito de que as compañías galegas de títeres non deran consolidado un público adulto é unha mostra da sinxeleza deses espectáculos e indica que para conseguir isto deberían implicarse decididamente as institucións e os profesionais.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Casalderrey, Fina, 'Camiños brancos', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Dende un punto/Opinión&Análisis', 4 xaneiro 2003, p. 25/31.

Fina Casalderrey escribe para esta sección do xornal un contíño en homenaxe ás persoas que colaboraron desinteresadamente na limpeza do fuel vertido polo petroleiro Prestige. Un narrador en terceira persoa relátanos cómo Manuel, un neno de catro anos reticente a comer o peixe que lle prepara súa nai, experimenta un cambio radical cando ve aos voluntarios na televisión, formando unha especie de "camiño branco" en movemento. A partir dese momento, e despois de visitar a praia coa súa nai, decide comer moito peixe para "medrar moi rápido" e poder axudar na limpeza.

Castro, Francisco, 'O Pausiñas', *Atlántico Diario*, 'a crítica', 1 marzo 2003, p. 14.

Dá conta da presentación de *O Pausiñas* (2001), de Roque Cameselle, na Escola Oficial de Idiomas de Vigo, como complemento á curtametraxe do autor titulada *Soldado sen fortuna*. Comeza sinalando que é unha obra sorprendente na que se recollen memorias e historias biográficas, nalgúns casos da familia do propio autor. Destaca a forza visual e a carga literaria nunha obra que sobrancea pola súa madurez e na que se presentan personaxes engaiolantes. Tamén salienta que, partindo do local, Cameselle logra construír historias de sentimentos e de vidas que se converten en universais. Remata coa evocación que lle produce esta obra da de Xerardo Quintiá, *Un rabaño de ovellas brancas*, coa que atopa concomitancias como o feito de achegarse ao mundo da emigración e da ruralidade dende novas perspectivas. Recomenda tamén a lectura do novo título deste segundo autor, *O libro dos aparecidos*.

Castro, Francisco, 'Un agasallo de Casares', *Atlántico Diario*, 'A crítica', 12 marzo 2003, p.

21.

Cando se cumpre o primeiro cabodano da morte de Carlos Casares, o escritor Francisco Castro lembra a súa tradución para o galego da obra de Antoine de Saint-Exupéry, *O Principiño*. Sinala que esta versión saíu hai trinta anos na editorial Galaxia, casa que no 2002 a reeditou nunha versión especial en tapa dura. Fai fincapé no valor da contribución de Casares, coa súa tradución, para a iniciación dos nosos nenos á lectura en galego.

Conde, Alfredo, 'Literatura infantil', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 7 febreiro 2003, p. 4.

O escritor Alfredo Conde cóntanos que vén de recoller en Turín o Premio Especial Grinzane Cavour Junior ao mellor libro estranxeiro por *Barriga Verde e o Demo Negro* (2001). Segundo nos explica, o texto galardoado, que presentou ao certame un amigo italiano por el, trátase dunha peza de teatro para monicreques ilustrada por Xaime Quessada. O escritor aclara que o creou baixo a presión da súa muller e que non se considera un escritor para nenos. Engade ademais que "nunca me gustou a chamada literatura infantil, qué lle imos facer".

Echevarría, José María, 'Artesanía pura', *La Opinión*, 'Un minuto', 19 agosto 2003, p. 16.

Afirma o columnista agardar ilusionado a próxima celebración do Salón do Cómic da Coruña porque, entre outros motivos, este evento permítelle ao visitante coñecer personaxes relacionados co "mundillo de la historieta", desde estudosos a guionistas e debuxantes. Enxalza, finalmente, o gran traballo que hai detrás de cada tira.

Ezequiel, 'Viñetas desde o Atlántico', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 20 agosto 2003, p. 8.

Céntrase, entre outros temas, na celebración da VI edición de "Viñetas desde o Atlántico". Esta mostra de banda deseñada da Coruña acaparou, como destaca o comentarista, a atención de toda a prensa nacional. Considera que se trata dunha iniciativa plausíbel porque revitaliza un xénero que se cría en extinción. Pensa, por último, que as principais editoriais comprenderon a necesidade de lles ofrecer variedade aos lectores para así poder alcanzar o éxito de vendas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A nena e o libro', *O Correo Galego*, 'A fenda', 13 marzo 2003, p. 3.

A raíz dunha anécdota presenciada polo autor nunha libraría coruñesa, reflexiona Miguel Anxo Fernán-Vello sobre a importancia da lectura na infancia. Conta que unha nena entrou nunha libraría acompañada da súa nai e ficou abraiada cos volumes que nela se exhibían, pero que a nai non lle quixo mercar ningún. Considera que, con esta negación, a nai estaba privando á filla da "benéfica luz" da literatura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Bibliotecas escolares', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 19 xuño 2003, p. 3.

Destaca e felicita á Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a Lectura (AGABEL) polo seu labor "exemplar". Sinala tamén que os centros demandan un marco normativo claro a respecto do funcionamento das bibliotecas escolares e lamenta que se trata dun campo no que "hai moito por facer, moito por mellorar".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Campaña permanente de animación á lectura (I)', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 3 xullo 2003, p. 3.

Manifesta a súa preocupación porque os editores, distribuidores e libeiros constatan a existencia dun continuo descenso da venda de libros en galego. Recolle algunhas das reflexións expostas por Ignacio Gómez Soto, especialista en socioloxía da lectura, en *Mitos y realidad de la lectura: los hábitos de lectura en la España actual*, quen advirte de que as prácticas entre a xuventude se chegan cada vez máis ao "consumo de espectáculos e informacións fortemente iconizadas e oralizadas". Comenta que no caso galego interveñen factores que agravan a situación como a perda de falantes activos entre as novas xeracións ou a falta de vontade normalizadora por parte das administracións públicas, polo que propón unha campaña permanente de animación á lectura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Campaña permanente de animación á lectura (II)', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 4 xullo 2003, p. 3.

Continuando co artigo do día anterior, Fernán-Vello maniféstase partidario de levar a cabo unha campaña permanente de animación á lectura ou un plan de fomento da lectura inspirado e apoiado tanto dende instancias culturais como educativas co obxectivo de cubrir un amplo espazo de actuacións e levar a cabo accións que favorezan o conxunto da sociedade e lle descubran a lectura como práctica enriquecedora.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Os dereitos dos nenos como lectores', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 30 xullo 2003, p. 3.

Trátase dun chamamento do autor cara ao traballo na promoción e animación da lectura entre os máis pequenos, "homes e mulleres de mañá". Remite ao decálogo da Asociación Internacional da Lectura (1956), organización non governamental recoñecida pola Unesco, na que a lectura se estima fundamental na práctica educativa, tanto no eido familiar coma no escolar. Lembra que para conseguir ese obxectivo os mestres deben estar ben preparados, os pais interesados nesa dinámica e os libros accesíbeis aos nenos.

Gaspar, Silvia, 'A voz da aula', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un

león', 13 xaneiro 2003, p. 6.

Artigo centrado nunha experiencia co alumnado de cuarto da ESO sobre os seus gustos á hora de escoller obras para ler. Considera que na animación á lectura é fundamental ter en conta ao lector real, non o ideal, para que este goce coa lectura e só cumpra coa obriga de facer un comentario da obra lida. Aconsella que é recomendábel coñecer os hábitos lectores do grupo, qué títulos lembran dos últimos anos ou qué os emocionou deles. Sinala que no grupo tomado como exemplo a maioría prefere as novelas de acción e aventura (73%) fronte a calquera clásico decimonónico (0,8%). En columna á parte e baixo o epígrafe de "Preferencias", segue referíndose aos gustos destes adolescentes que, en segundo lugar, elixen as novelas policiais e de terror (57%), despois a "novela de instituto" (21%), malia ser a de máis presenza nos catálogos editoriais, e finalmente a histórica (2%). Nesta mesma columna e co título de "Da teoría á práctica" sinala que aínda que son estas as súas preferencias iniciais a medida que avance o curso irán mudando de opinión pois están aprendendo a distinguir o que "realmente lles interesa".

Gaspar, Silvia, 'Na semana de Santos', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 27 outubro 2003, p. 7.

Con motivo da chegada do mes de Santos, Silvia Gaspar recupera textos asociados coas festas populares do Samaín, unha tradición que remonta aos pobos celtas, vinculada á escuridade outoniza e á festa dos mortos. Explica que a tradición dos samaíns, as cabazas baleiras con fachos dentro, habitual entre nós, coincide co importado Halloween. Sinala que a nosa literatura é pródiga en relatos de medo que falan de aparecidos e menciona *Á lus do candil*, de Ánxel Fole, a carón doutros como *Sleepy Hollow*, de Washington Irving ou os relatos que contén *Contos fantásticos* editados por Edicións Positivas. Recomenda tamén empregar textos que traten temas outonais como *Historia dunha castaña*, de Tucho Calvo, ou a peza teatral *Indo para o Samaín*, de Carlos e Sabela Labraña, e propón algunhas actividades que se poden realizar.

Jaureguizar, 'Alicias', *El Progreso*, 'O calcapapeis', 12 xaneiro 2003, p. 9.

Comeza lembrando o personaxe de Lewis Carrol, Alicia, obra editada de novo na colección "Xabarin de ouro" para logo achegarse á obra de Xabier Docampo *A casa da luz* (2002), na que o autor galego retoma este mito que agora atravesa pinturas no lugar de espellos. Explica brevemente que o argumento xira arredor das aventuras de Alicia e os seus amigos dentro duns cadros que cobran vida e nunha torre que lembra ás de Maurits Cornelis Escher. Destaca da obra de Docampo a coidada trama e o ritmo que acada unha vez superada a primeira parte, a plasticidade expresiva en concordancia coas ilustracións de Xosé Covas e a querencia do autor pola temática da rebeldía adolescente que leva á madurez.

Jaureguizar, '¡Outro galego!', *El Progreso*, 'Gente', 'O calcapapeis', 15 xuño 2003, p. 6.

Tras sinalar que o nivel dos nosos escritores para o público infanto-xuvenil é "de róncale o carallo", faise eco da aparición de *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda e da tradución para

o galego de *O Señor dos Aneis* (2002), de Tolkien, feita por Moisés Rodríguez Barcía na Lista de Honra do IBBY, unha institución que selecciona cada dous anos os cincuenta mellores libros para o lectorado menor de dezoito anos. Indica que nesa mesma listaxe entraran con anterioridade a Miranda os lucenses Agustín Fernández Paz e Xabier P. Docampo.

Jaureguizar, 'As facturas de Xabier Docampo', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 16 novembro 2003, p. 83.

Nesta sección fixa, ocúpase Jaureguizar de repasar algunhas cuestións de actualidade relacionadas con persoeiros lugueses. Nesta ocasión, anuncia a publicación para inicios do próximo ano do volume *Bolboretas*, de Xabier P. Docampo, ilustrado por Xosé Covas. Explica que é un volume protagonizado por un mozo que está despertando ao amor. Recolle a recomendación do autor de que a obra sexa lida polos adolescentes na compañía dun adulto que lles axude especialmente na lectura das imaxes. Tamén adianta que está a preparar un volume de contos de marcado ton oral, para publicar na colección "Costa Oeste" e inspirados en obxectos persoais do autor. Por outra banda, tamén anuncia a montaxe de Casahamlet, *Liturxia de Tebas*, da que explica que é un monólogo. En columna á parte, tamén se fai eco do traballo como guionista de Suso de Toro para unha serie televisiva.

Neira Vilas, Xosé, 'Espantallo en París', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 1 xuño 2003, p. 2.

O autor de *Memorias dun neno labrego* lembra cómo no ano de 1982 foi animado por Pierre Arranz a adaptar a súa noveliña *Espatallo amigo* (1971) para ser escenificada en francés. Describe esa posta en escena, con elementos musicais e de danza, perante escolares da capital francesa. Refírese tamén ás diversas traducións que coñeceu a peza narrativa e á importancia que ten este feito para o noso sistema literario.

Neira Vilas, Xosé, 'Na lingua dos maias', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 20 xullo 2003, p. 2.

Relembra o escritor cómo aconteceu, a inicios dos anos setenta, a conversión da súa novela *Memorias dun neno labrego* (1961) en peza de teatro traducida á lingua maia. Conta que foi unha idea do empresario ourensán Ramón Sierra, emigrante coma el e moi interesado na actividade teatral, que primeiro verteu a obra ao castelán e percorreu diversas comunidades rurais de México, acadando un grande éxito entre os campesiños. No ano seguinte, informa Xosé Neira Vilas, Sierra repetiu o percorrido pero en versión maia.

Requeixo, Armando, 'O narrar aventureiro de Ánxela Loureiro', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 25 xaneiro 2003, p. 22.

Comentario eloxioso da obra de Ánxela Loureiro *Camiño perigoso* (2002), que ficou finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil convocado por Xerais. Tras unha presentación biobibliográfica da autora, onde se indica a súa traxectoria polifacética, céntrase no citado texto para destacar del a súa pertenza ao xénero da narrativa de aventuras, no que Loureiro xa fixo varias incursións. Achéganos o argumento do libro, do que é protagonista unha rapaza chamada Alba, e loa as ilustracións de Juan Carlos Abrales.

Suárez Abel, Miguel, 'Ler carne crúa e sangrante', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 23 maio 2003, p. 63.

A partir das declaracións negativas de Harold Bloom con respecto á obra de Joanne K. Rowling, *Harry Potter*, o autor reflexiona sobre os métodos e sistemas de inmersión na lectura para os máis pequenos. Así, Miguel Suárez Abel, a diferenza de Bloom que o rexeita como produto sublitterario, non considera un mal comezo o de *Harry Potter*. Subliña que non todos os nenos están preparados, como o profesor americano o estivo, para ler os textos dos clásicos dende moi novos (aos que identifica metaforicamente como "carne crúa"). Argumenta ademais que os lectores non se forman na infancia, senón na adolescencia e considera que mesmo se pode comezar lendo a *Harry Potter* ou libros similares e coa madurez achegarse a obras literarias de alta calidade.

Valcárcel, Marcos, 'Contos e fábulas', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 29 xaneiro 2003, p. 69.

Achégase a dous volumes que posúen en común o protagonismo dos animais: *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (2002) e *Area Maior* (2002). Canto ao primeiro, indícanos que se trata dunha compilación de contos tradicionais galegos feita por Xosé Miranda e Antonio Reigosa e con "excepcionais" debuxos de Andrés Meixide, sendo todos eles breves, fantásticos e precedidos dunha interrogante inicial. Respecto a *Area Maior*, publicado por Manuel Martínez Barreiro en Xerais, comenta que toca o tema da ecoloxía e que leva ilustracións de Marcela Santorum.

Valcárcel, Marcos, 'Voraces sombras', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 5 febreiro 2003, p. 69.

Comentario sobre o libro de Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* (2002), que está titulado cun verso de José Ángel Valente. Indícanos que a novela saíu na colección "Fóra de Xogo" de Edicións Xerais de Galicia e que o argumento xira arredor da descuberta que fai Sara, a protagonista, a respecto do seu tío e os tempos da República. Recomenda fervorosamente a lectura desta obra.

Valcárcel, Marcos, 'O sorriso da desilusión', *Galicia Hoxe*, 'Pé das burgas', 4 xullo 2003, p. 4.

Achega á figura de Wenceslao Fernández Flórez relembando diversos títulos en castelán deste escritor, así como as adaptacións para o cine dalgunhas das súas novelas, nas que o propio Fernández Flórez colaborou. Tamén subliña que existe unha tradución ao galego da súa obra *O bosque animado*, realizada por Xela Arias en 1987 para a colección "Xabarán" de Edicións Xerais de Galicia.

Vázquez Freire, Miguel, 'Ecoloxía', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'As recomendacións do Golfiño', 24 marzo 2003, p. 6.

Comenta que a raíz da catástrofe do "Prestige" buscou cómics que tratasen o tema ecolóxico e sinala que a maioría deles ofrecen unha visión pesimista sobre o futuro en canto á ecoloxía se refire. Como opción diferente a esta tendencia sinala o álbum *Terra Nostra*, da editorial vasca Ikusager, onde colaboran autores de distintos países e se dá cabida, polo tanto, a diferentes visións sobre este tema. Destaca tamén que nesta obra colaboran dous españois, Max e Miguelanxo Prado, autor este último que se suma á visión pesimista e que, como apunta Vázquez Freire, quizais sexa porque en Galicia temos razóns para ese pesimismo.

Vázquez, Pura, 'O 'Platero' en galego de 'Eubensei', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 16 outubro 2003, p. 4.

Refírese á tradución ao galego que realizou Manuel Beiras García, Eu-ben-sei, de *Platero*, de Juan Ramón Jiménez. Tras dunha recreación lírica dos avatares deste "burriño mequeiro e garimoso", sinala que a versión galega non desmerece en nada ao orixinal castelán e recolle unhas palabras de Benito Varela Jácome a propósito do labor de Manuel Beiras: "ademais de traballar artellando con acerto as equivalencias de dous sistemas lingüísticos, significa unha recreación vizosa do galego, enriquecendo con novas connotacións e imaxes, e prestándolle un sobranceiro servizo á cultura galega".

Vázquez, Pura, 'Poesía para nenos: Festival de Rocío ', *La Región*, 'Opinión', 26 novembro 2003, p. 20.

Valora a achega de Morita Carrillo e dos seus textos *Festival de rocío* e *Cadernos de doña Ana*, nos que recoñece elementos e motivos pertencentes ao mundo dos nenos e nenas, a carón dun alarde de imaxes. Destaca tamén o gran colorido e musicalidade do texto.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A.N.T., 'O mar ten maior presenza nas editoriais dende a catástrofe', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Fin de semana', 20 febreiro 2003, p. 33.

Pouco despois de que a editorial Xerais publicase *Area Maior* (2002), o seu autor, Manuel Barreiro, declara que se trata dunha novela curta para todos os públicos e que o tema base é

o mar; o mar como unha metáfora da vida e da diversidade que existe no mundo, "onde cada día o problema da globalización se fai máis patente". Engade que tamén forma parte do seu propósito reflectir o asoballamento cultural, social e económico que afecta a todo o planeta. Admite que este libro ten unha parte de premonición, xa que se anticipou á catástrofe provocada polo Prestige, aínda que sostén que a súa intención era recoller unha situación que nos afecta dende sempre.

A.N.T., 'Antonio García Teixeiro. 'O mellor xeito de entender a paz é falar do horror da guerra', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Fin de semana', 6 marzo 2003, p. 41.

Nesta conversa con Antonio García Teixeiro sobre o seu libro *Trala liña do horizonte* (2002), publicado pola editorial Luís Vives, conta que despois de levar ano e medio recortando noticias dos xornais relacionadas cos horrores dos conflitos armados, seleccionou ao chou algunhas e foi entón cando escribiu un relato de ficción para cada unha delas, "buscando unha linguaxe poética, xa que a realidade é moi dura". Todo isto, declara telo feito coa intención de facer reflexionar ao público e demostrar que en moitos casos a palabra "paz" é empregada polos políticos cínica e hipocritamente. Fala tamén dos personaxes que poboan esta novela e remata cunha invitación aos intelectuais para que sigan "actuando como caixa de resoancia" porque axudarán a que o pobo se erga.

A.N.T., 'Cómpre aproveitar o auxe da nosa literatura infantil e exportala a Europa', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Fin de semana', 3 abril 2003, p. 41.

Logo de que *A casa da duna* (2002) fose seleccionada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich como un dos mellores títulos de literatura infantil publicados no 2002, o seu autor, Fran Alonso, amósase nesta entrevista sorprendido e, ao mesmo tempo, moi apoiado porque entende que esta obra, que fixo en conxunto co fotógrafo Manuel G. Vicente, supón unha innovación dentro dos álbums ilustrados que se fan no país e no resto da península, que é a utilización da fotografía no canto da ilustración clásica. Declárase un apaixonado do álbum ilustrado, onde di que conflúen todas as potencialidades da imaxe e as do texto. Remata con palabras optimistas cara ao recoñecemento internacional da literatura infantil e, neste senso, destaca o labor de editoriais como Kalandraka ou Xerais nas súas relacións co país veciño.

A.N.T., 'Xosé Miranda. 'Premios coma este permiten que coñezan a nosa literatura fóra', *A Nosa Terra*, nº 1.086, 'Fin de semana', 12 xuño 2003, p. 41.

O libro *Pel de Lobo* (2002) deste escritor lucense acaba de ser incluído na listaxe dos cincuenta mellores libros publicados no mundo para rapaces. Tarefa que levou a cabo o International Young Board on Books for Young People e que Xosé Miranda cualifica de moi positivo para o idioma e para a literatura galega, xa que -segundo el- pónense ao mesmo nivel que outras culturas europeas e ademais facilita a tradución de obras galegas para outros idiomas. Por último, fala da figura do "lobishome" que el presenta ao longo das páxinas do seu libro como un mito que lle permite achegarse, por un lado, ao xénero da novela de terror e, polo outro, a un público máis amplo.

Aguilella, S., 'Lucho para que se asocie el cómic con la cultura', *La Opinión*, 'Saberes', nº 33, 'Tebeos', 29 novembro 2003, p. 16.

Conversa con Santiago Gutiérrez, debuxante e ilustrador de obras como *Resalgario* (2002) ou *Tanis I, o Mocos* (1998), que comeza referíndose ao interese que lle esperta o seu labor como debuxante no xornal *La Opinión* da Coruña. Refírese a que tamén traballa nalgún cómic pero que o ten parado por falta de tempo. Do panorama editorial en Galicia e da nova xeración de debuxantes á que el pertence considera que se están asimilando con rapidez as influencias que chegan de todo o mundo, que hai unha tradición que arrinca dende Castela e que hai un grupo de profesionais que manteñen contacto e que teñen sido recoñecidos con galardóns moi importantes. Considera que o cómic é un xénero artístico, no que el loita para que se asocie coa cultura, sinala algúns dos seus autores favoritos e di que prefere unha boa historia gráfica a un bo debuxo.

Bouza Brey, Gonzalo / **Rodríguez**, Carlos, 'Marta Álvarez. En galego, en portugués e en México vende coarenta mil exemplares', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de culturas', 9 agosto 2003, p. 34.

Infórmase da recente publicación, por parte de Edicións Xerais, de *¡Como está o galiñeiro!*, traballo da vilagarcía Marta Álvarez, e logo proséguese cunha entrevista á mesma onde a ilustradora e escritora vai explicando os pasos que seguiu na elaboración deste traballo, que di ter feito no tempo libre que lle ían deixando os estudos de Psicoloxía e que foi creando a partir dunha ilustración que pouco a pouco lle foi suxerindo a historia. Continúan falando sobre a recepción que tivo e que está a ter o libro, dende Galicia a Portugal e mesmo en México, onde se levan vendidos máis de corenta mil exemplares. Marta Álvarez remata esta conversa apuntando algúns trazos do novo conto no que anda a traballar.

Candal Bouzas, Rasabel, 'Miguelanxo Prado. 'O cómic, como expresión, está nunha idade de ouro'', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 10 agosto 2003, pp. 2-3.

A propósito da apertura do Salón Internacional do Cómic da Coruña, Miguelanxo Prado, o seu director, enxalza a importancia de celebrar un festival internacional do cómic na súa cidade natal. Por unha banda, pensa que ofrece a posibilidade de ver toda unha serie de exposicións e traballos de artistas de todo o mundo, que de non ser así, nin os lectores nin os autores terían acceso; pola outra, cre que A Coruña presenta unha serie de elementos que a fan idónea para desenvolver un acontecemento deste tipo. Segue coa valoración deste festival, para a que achega datos como os corenta mil visitantes cos que contou xa no primeiro ano que se celebrou e a cobertura total de casetas. Non é tan positivo, sen embargo, o balance xeral que fai da banda deseñada galega, posto que sostén que as editoriais non apostan por este tipo de publicacións e, por outro lado, tampouco se conta con moitos lectores de cómic.

Carneiro, Montse, 'Eu son un autor de cómic particularmente feminino', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 22 decembro 2003, p. 80.

Conversa con Miguelanxo Prado na que responde a cuestións como a diferente relación que manteñen co cómic homes e mulleres, feito que el considera que está marcado pola tradición cultural en España e co mundo da imaxe, un novo modo de ver o mundo, no que prima o poder económico, feito que considera que arrinca dos anos oitenta, cando as produtoras norteamericanas chegaron ao mercado nacional e estas traían produtos baratos e de marcado carácter masculino. Considera que en Francia a tendencia era totalmente diferente e así o *Tintín* era lido tanto por rapaces como por rapazas, feito que aínda constata cando viaxa a este país, onde ten moitas seguidoras. Sinala que o seu afán é contar historias e lembra o libro *Tanxencias*, no que abordaba unha relación amorosa que remata, para tentar demostrar que hai xente que antepón a realización profesional aos sentimentos, pasando a súa vida sen chegar a establecer unha relación fonda con outra persoa, un xeito de ver o amor que lle atribuían a unha concepción feminina deste. Remata aludindo á súa concepción sobre a importancia das compoñentes psicolóxica e técnica que se dá no debuxo, que el considera con claro predominio da primeira para acadar un resultado máis "máxico".

Castro, A., 'O público infantil tira máis tomates que o adulto', *La Opinión*, 'Gente singular', 8 agosto 2003, p. III.

Comeza esta conversa coa actriz e directora de Berrobambán Teatro, Paula Carballeira, falando sobre os "empobrecedores contidos que actualmente presenta a televisión galega para os máis cativos". A tamén autora de literatura infantil comenta que ela estima moito máis recoñecidos os narradores para adultos ca aqueles que escriben para os nenos. Sen embargo asegura que o público infantil é moito máis sincero que o adulto, "se non lle gusta o que ve, dio sen ningún pudor. Tira máis tomates que o adulto". Como directora do grupo teatral anteriormente citado quíxase do pouco apoio institucional que están a ter, en concreto por parte do Concello de Santiago.

Crespo, Carmen, 'O conto do señor Pepe ensínanos que se pode ser campesiño e soñar', *La Región*, 'O Ribeiro', 30 xaneiro 2003, p. 18.

Conversa con Isabel Cao, unha uruguaia de pais galegos que agora vive no Ribeiro e vén de publicar o seu primeiro libro, *O verdadeiro señor Pepe* (2002). A escritora comenta que, a pesar de ter nacido en Uruguai, o seu pai lle inculcou dende pequena o gusto e o interese pola cultura galega, mesmo ditándolle textos en galego. Considera que todo isto fixo que agora non tivese problemas para escribir este conto en lingua galega, o cal ten como personaxe principal un viticultor, o mesmo oficio que ten o seu home, que tamén se chama Pepe. Confesa que quixo tratar este tema para que os nenos lean algo sobre tarefas que lles sexan próximas e "que valoren que vivamos en paz e que sendo campesiño tamén se pode soñar". Remata adiantando que está a traballar nunha segunda parte para este libro na que "Pepe" irá limpar chapapote ás costas galegas.

Domínguez, C., 'Carlos Meixide. 'Falta compromiso no audiovisual'', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 21 novembro 2003, p. 64.

Conversa con Carlos Meixide, xornalista e cómico, que fala dos seus proxectos máis inmediatos, entre os que figura o espectáculo cómico *Galicia, temos un plan*, que está a preparar co seu amigo Tomas Lijó, ou a publicación en 2004 dirixida ao lectorado máis novo que levará por título *A miragalla* e que editará Sotelo Blanco Edicións. Adianta que neste volume se conta a historia dunha aldea mariñeira na que se desenvolven as aventuras de dous rapaces do lugar. Remata referíndose ao audiovisual galego, do que considera que se está traballando aínda que ve unha falta de compromiso cos temas propios e co idioma.

F.V., 'Internet y la lectura de libros resultan complementarios', *El Progreso*, 'Fotomatón', 8 xaneiro 2003, p. 14.

Conversa con Teresa Carreira, a responsábel da biblioteca de Vilalba dende fai vinte e seis anos. Sostén que actualmente a biblioteca está moito mellor dotada de exemplares e que os rapaces fan máis uso dela. Cre que as novas tecnoloxías non desprazan o libro, senón que o complementan, e por iso acaban de abrir unha aula tecnolóxica, onde os socios se poden conectar a Internet. Tamén fala sobre os libros máis demandados: primeiro os de consulta, despois novelas de autores como Ken Follet ou *best-sellers* de Stephen King. De entre os galegos di que os máis solicitados son os do vilalbés Agustín Fernández Paz.

Fraga, Xesús, 'Os novos autores de cómic téñeno cada vez máis difícil', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Entrevista', 1 agosto 2003, pp. 8-9.

Miguelanxo Prado comeza narrando unha anécdota da que di que se pode tirar a concepción que moitos teñen dos autores de cómics. A mestra do seu fillo pequeno pregúntalle a que se dedican os seus pais e el responde que o seu pai pasa todo o día na casa xogando con lapis de cores. O entrevistado retrocede aos seus inicios como debuxante e caracterizaos de difíciles, aínda que sostén que a xeración dos oitenta "foi a única gran incorporación de autores á historieta española". Destaca a Francia, Italia, Bélxica xunto con España como os países "produtores" de autores de cómic historicamente. Respecto do momento actual polo que atravesamos o mundo do cómic opina que existen dous tipos de creadores, aqueles autores seguros e con proxección internacional e os autores independentes que fan tiras curtiñas, habitualmente en branco e negro que permite abaratar os custos.

Losada, Rafael, 'Surgirán muchos talentos gallegos en los próximos años', *La Opinión*, 'Saberes', nº 29, 'Tebeos', 1 novembro 2003, p. 16.

Conversa coa debuxante Guiomar Acay (A Coruña, 1981), moza da que se fai un repaso pola súa traxectoria, iniciada á idade de doce anos e que a levou a participar recentemente no Certame de Cómic de Arteixo cunha adaptación a cómic do relato de Suso de Toro, "Busca-lo Minotauro". Sinala que adaptou este relato polo ton surrealista e a reflexión que fai sobre o mito do Minotauro, que nel empregou tres meses, que se identifica co personaxe de Dédalo por ser o máis atormentado, que a técnica é a dun "story board" e que partiu dun rascuño a lapis con toques de pincel. Tamén sinala que está a traballar nun tebeo propio, que desexa facer ilustracións en tres dimensións e remata destacado que hoxe hai moitos debuxantes galegos que están comezando e que nos próximos anos se descubrirá o seu

talento.

Mallo, Albino, 'Irene Penas. Editar é unha ledicia', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 7 novembro 2003, p. 64.

Entrevista a Irene Penas, que dirixe a sección galega da editorial Everest, na que comeza manifestando o seu entusiasmo polo labor que leva a cabo. Lembra que esta editorial ten edición galega dende 1996, que levan publicados máis de douscentos títulos, principalmente de literatura infantil e xuvenil e que consideran fundamental a ilustración, por entendela como unha "provocación para a lectura". Refírese tamén á venda dos seus libros através dos colexios, aínda que confía na venda en librarías pola calidade dos escritores e ilustradores. A seguir, fai un repaso por algúns dos títulos máis recentes como *Nube de neve* (2000), de Xabier Docampo; *O bigote de Mimi*, de Manuel María; *Lenda de onte, soños de mañá* (2001), de Francisco Fernández Naval, ou *A historia do home-can* (2002), de Pepe Carballude, entre outros. Remata sinalando que están abertos a calquera traballo de calidade e anunciando títulos de próxima publicación como *O talismán dos druídas*, de Pepe Carballude, e *A aventura de Roque no mar*, de Jesús Peteiro.

Neira, Claudia, 'Non me vexo debuxando a Supermán', *La Opinión*, 'De verano', 11 agosto 2003, p. V.

Conversa con Miguelanxo Prado, debuxante e autor de cómics, ademais de director das seis edicións que xa se celebraron do salón "Viñetas desde o Atlántico". Respecto a este destaca que funciona moi ben o boca a boca sobre el, facilitando así que acudan autores de prestixio. Ademais, este autor responde a preguntas relacionadas co seu modo de traballo e comenta que ao igual que a maioría dos debuxantes prefire traballar só, que intenta seguir lendo, que non fai coleccións e que publica en Francia porque é o lugar ideal para os que non se dedican a crear superheroes. Sobre esta última cuestión sinala que de ter que traballar con algún faríao con Batman. Por último, alude aos seus proxectos futuros e salienta que non desbota a idea de publicar o material que tiña preparado para o segundo número da revista *Elipse*, aínda que esta vez sen a colaboración da Xunta de Galicia.

Pérez, P., 'En España se está viviendo un momento muy creativo', *La Opinión*, 'De verano', 17 agosto 2003, p. IV.

Chegado o remate da semana dedicada aos autores do cómic na cidade da Coruña, entérvase a Carlos Portela, subdirector do Salón do Cómic. Destaca, o que fôra o presentador do Xabarín Club, o paso polo Salón de multitude de autores de todos os estilos e con diferentes referencias, e valora a boa aceptación por parte dos visitantes. Conclúe que na actualidade está rexurdindo a historieta, despois do baixón que experimentara nos anos noventa, e engade: "aínda que ás veces haxa que traela doutros países e traducila".

Quián, Alberto, 'A irracionalidade ten moito peso nos nenos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 11 abril 2003, p. 49.

Despois de que Xerardo Quintiá participase no V Salón do Libro Galego, que se celebrou en Vigo, pregúntaselle pola importancia deste tipo de xuntanzas, ao que el responde con

moito entusiasmo, xa que entende que deste xeito se promove a literatura galega na sociedade. Afirmar que a receptividade e a participación dos cativos nestes actos é maior cá dos adultos. O resto da entrevista céntrase no relato *A verdadeira historia do burro Feldespato* (2002), unha historia de amor imposible entre un burro e unha bruxa que nun principio ideou como historias diferentes, pero que co paso do tempo confluíron. Asegura que este libro pode ser lido tanto por adultos coma por nenos. Remata adiantando que está a traballar nunha novela para adultos, unha especie de monólogo interior sobre a imposibilidade absoluta de comunicarse.

Rebeca e Rocío, 'Pepe Carballude. 'A literatura infantil é necesaria', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 31 agosto 2003, p. 72.

Pregúntaselle a este escritor e catedrático de latín pola obra na que está a traballar e cómo leva a cabo a súa creación literaria. Aínda que asegura non ter ningún proxecto concreto riba da mesa neste momento, di que lle gusta deixar que as historias xurdan e evolucionen soas. Fala da axuda que lle supón a súa tarefa de docente á hora de escribir para os mozos e subliña a importancia que ten a literatura xuvenil para que os rapaces de quince anos en adiante se poidan ver reflectidos nas páxinas dun libro, á vez que sostén que se vive un interesante momento ao respecto.

Rodríguez, Salvador, 'Prefiro que se lea un bo cómic antes que un conto mediocre', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Entrevista', 27 febreiro 2003, p. III.

Fina Casalderrey comeza esta conversa asegurando que non se cre unha especialista, en sentido estrito, en literatura infantil e xuvenil, xa que sostén que antes de existir a literatura por especialidades xa existía unha literatura que gustaba aos rapaces. Fala tamén das divisións radicais que se estableceron entre literatura para nenos e literatura para adultos, que ela cre que son liñas divisorias moi arbitrarias ás que non se lles debe facer moito caso. A escritora pontevedresa amósase partidaria de que os cativos lean cómics, porque neles conflúen a arte da ilustración e da literatura. Recoñece que cada vez está máis pendente das ilustracións que complementan o texto dos seus libros, aínda que di que procura non interferir nunca no traballo dos ilustradores. Remata a entrevista enxalzando a calidade e a repercusión da literatura infantil galega.

S.P., 'A lectura axuda a non ser un actor pasivo', *La Opinión*, 'Narón', 7 febreiro 2003, p. 27.

Xosé Antonio Perozo mantivo un encontro cos rapaces do colexio de O Feal, na localidade de Narón. Infórmase de que esta actividade forma parte dunha campaña de animación á lectura promovida pola Delegación Provincial da Consellería de Cultura da Coruña. O escritor e xornalista declara nesta entrevista que o que máis lles interesa aos cativos é saber qué é un escritor e cómo xorde unha historia. Tamén queren coñecer os detalles sobre os personaxes que a conforman. Perozo móstrase partidario de que os nenos vexan a televisión, escoiten a radio e se entreteñan cos videoxogos, pero sempre que os pais llelo ensinen a facer correctamente. Recomenda tamén para eles moita lectura porque cre que é aí onde a imaxinación é propia, onde cada neno crea os seus personaxes.

Santos, Agatha de, 'Chema Heras. 'A todos nos gusta una historia bien contada', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 20 xaneiro 2003, p. 17.

Este profesor de inglés nun colexio de Ribadumia escribiu un libro para nenos de máis de sete anos titulado *Avós* (2002) e que acaba de publicar a Editorial Kalandraka. Chema Heras comenta que se iniciou no mundo da creación literaria cun poemario en castelán e logo deu o salto á literatura infantil con *A fuxida dos nenos*. Ante a pregunta do xornalista sobre o que cre que conmove máis aos nenos responde que o medo a perderen determinadas cousas e o pracer por obtelas; por iso di que unha historia como a de *Bamby* é especialmente ben acollida por eles.

Santos, Agatha de, 'Agustín Fernández Paz. La ignorancia histórica que tenemos no es casual', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 febreiro 2003, p. 49.

Despois de recordar a historia que se conta en *Noite de voraces sombras* (2002), de Agustín Fernández Paz, inicia unha conversa co escritor. Agustín di que foron varias as razóns que o levaron a escribir este libro sobre a guerra: a primeira polo descoñecemento da nosa historia, el mesmo confesa que soubo hai ben pouco que a illa de San Simón fora un campo de concentración e ademais salienta que é moi posíbel que saibamos máis da historia exterior ca da propia e que isto é un "deliberado intendo de eliminación da memoria histórica", por iso el quixo no seu libro recuperala. Non quere marcar culpábeis pero fai avisos cara aos poderes fácticos. Tamén sinala que é unha historia de amor e do título di que o sacou dun poema de José Ángel Valente.

Silva, Araceli, 'Fina Casalderrey, pregoeira de luxo', *Diario de Pontevedra*, 'Festas do Santiaguíño do Burgo', 23 xullo 2003, pp. 8-9.

Con ocasión da Festa dos Maiores do Santiaguíño do Burgo para a que elixiron a Fina Casalderrey como pregoeira, xornalista e escritora conversan primeiro sobre este tipo de xuntanzas e rematan falando sobre a literatura infantil e xuvenil. Respecto do primeiro aspecto, a escritora di estar encantada de que os veciños da súa parroquia conten con ela para eventos deste tipo e engade que para ela cumprir anos é motivo de ledicia. Sobre o seu quefacer literario relaciónao co seu labor de docente, de onde di sacar moitas ideas e comprender mellor aos cativos para os que logo escribe. Remata falando do seu interese pola etnografía e mesmo polo teatro. A este último di contribuír co que ela chama "teatro na escola" e desvela que lle encantaría ter un papel nunha obriña, aínda que fose facendo de avoa ou de bisavoa.

Suárez, Iria, 'Estou contra a literatura para nenos, con violencia gratuíta', *La Opinión*, 'Entrevista', 2 xaneiro 2003, p. 48.

A escritora Ánxela Loureiro vén de publicar *Camiño perigoso* (2002). Segundo a propia autora trátase dun libro para adolescentes no que se relatan as peripecias dunha rapaza na procura da liberdade para os seus seres queridos que se atopan en perigo. Ánxela Loureiro di que escribiu este libro pensando en historias que poidan ser comprendidas por rapaces de entre trece e catorce anos. Recoñece ter sempre moi presente aspectos como que os personaxes estean equilibrados en xénero e en número, porque as persoas que van ler o

libro son tanto homes como mulleres; que as historias sexan divertidas, entretidas e cunha boa dose de humor e, por último, di poñer especial atención na linguaxe que debe ser coeducativa.

Vázquez, Mónica, 'Cada vez se hacen menos cómics para niños', *La Opinión*, 'Entrevista', 14 xaneiro 2003, p. 64.

O debuxante Andrés Fernández imparte na librería Aena de Santiago un taller sobre o cómic. Nesta entrevista sostén que cada vez se fan máis cómics para adultos, a pesar da idea tan xeneralizada de que esta arte é só para rapaces. Insiste na achega creativa e no contido didáctico do cómic para os máis pequenos porque lles axuda a desenvolver a mente e sobre todo a aprender a ler sen moito esforzo, xa que os debuxos captan a súa atención e len máis doadamente o texto. Fai tamén fincapé en que se debe evitar caer no tópico de que cómics só o son *Tintín*, *Mortadelo* ou o *Manga*. Por último, opina que o cómic galego está rexurdindo, aínda que non se pode comparar coa recepción que ten noutros países como por exemplo en EE. UU.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Cos pés no aire', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 30 marzo 2003, p. 37.

Nesta entrevista o escritor Agustín Fernández Paz empeza dicindo que escribe porque "se trata da mensaxe na botella, a lembranza da esperanza no naufraxio". A continuación fai un breve repaso por algunhas das súas obras publicadas; de *O centro do labirinto* (1997) di que lle serviu para procurarse a si mesmo e percibir as sombras da memoria; *Aire negro* sitúao arredor dos mitos ancestrais, da realidade e da cultura; en *Cos pés no aire* (1999) ou en *Cartas de inverno* (1995) comenta que se pode ver a pegada do medo á morte, e por último, fala de *Noite de voraces sombras* (2002) como unha reflexión que fai dos valentes na guerra civil. En columna á parte, dáse conta da publicación de *Area Maior* (2002), de Manuel M. Barreiro. Sinálase o argumento arredor do que xira a historia narrada, destácase a transcendencia do *tropo* no que se desenvolve para a harmonía dun mundo mellor e a conservación da natureza, así como o recomendábel que é a súa lectura para calquera idade.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Reflectir os meus soños no soño', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 'Musas', 13 abril 2003, p. 39.

Nesta entrevista pregúntaselle a Fina Casalderrey pola mensaxe que transmite nos seus libros e pola disposición dos mesmos. Responde que ela escribe dende a súa infancia, que é coma se fose a dos rapaces para os que escribe. Falan do primeiro libro que publicou esta escritora, *Mutuacións xenéticas* (1991), cando aínda non transcendera a revolución xenomática, polo que Fina Casalderrey considéao un tanto premonitorio. Por último, adianta que neste momento está centrada en ler moito e nas súas clases no instituto, pero que tamén anda a cavilar moito sobre todo despois da morte de seu pai, e que desas cavilacións axiña saíran algúns relatos, talvez en forma de poesía. En columna á parte, dáse conta da publicación de *Obra poética* (2002), de Bartolomeu Rosselló-Pòrcel, unha antoloxía de diversos poemarios que o autor publicou ao longo da súa vida, ademais de sinalar algúns datos biográficos e a estrutura do volume.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Guedellas de seda e liño', *Atlántico Diario*, 'Musas', 14 setembro 2003, p. 51.

Conversa con María Victoria Moreno na que comeza referíndose á súa actitude vital do momento presente, no que a autora ve a vida como unha "constante actitude" coa que busca a serenidade, a plenitude e o amor, para logo se referir a que nas súas obras tenta transmitir a súa concepción da vida, en especial en títulos como *Leonardo e os fontaneiros* (1986), no que ve a "brancura da inocencia". De obras posteriores dubida se a que mellor a define é *Anagnórise* ou *Guedellas de seda e liño*, posto que considera que a súa vida é un binomio que se move entre a fantasía e a realidade. Da súa concepción da poesía destaca a "pulsión de vida e de morte", que encarna simbolizada no poema "Ítaca" de Kavafis, e remata referíndose ao recoñecemento que tiveron con ela nos Jogos Florais de Guimaraes e por parte da Asociación Cultural o Facho.

X.T., 'Pretendemos que os nenos aprendan mentres xogan e estean relaxados', *Diario de Ferrol*, 'La entrevista del día', 14 marzo 2003, p. 28.

Conversa con Yolanda Muíños e Cecilia Meléndrez, dúas rapazas que pertencen á Cooperativa de Educación Medioambiental (CEM), que son as encargadas de dirixir un programa de animación á lectura que se desenvolve en Narón, incluído dentro dos recursos didácticos que a Consellaría de Cultura e Ensino oferta ás escolas deste concello a través do Servicio Sociocomunitario, co fin de mellorar a calidade educativa. Comentan que é un programa dirixido a nenos con idades comprendidas entre os catro e os sete anos e que leva como tema base o mar, para fomentar a idea de que é fonte de vida e que por iso hai que protexelo, amalo e respectalo. Engaden que entre os obxectivos tamén está o de fomentar a lectura e o placer pola mesma, promover a creatividade e a conciencia de grupo e de colaboración.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.I., 'El Corte Inglés promueve la literatura infantil', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 31 marzo 2003, p. 21.

Dá a coñecer os diversos actos cos que El Corte Inglés e Gáliz celebran a Semana do Día do Libro Infantil e Xuvenil. Entre eles, destaca a convocatoria dos Premios 2, a presentación e a sinatura de libros e diversas charlas. Ofrece información sobre as modalidades dos concursos e os premios que se poden obter.

A.I.S., 'O Tren da Lingua achega a 200 nenos ata Vilagarcía/Más de douscentos niños viajan en 'El Tren da Lingua' de Caixanova', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'O día/Santiago', 19 febreiro 2003, p. 36/p. 27.

Dá conta de que varios escolares de Santiago, de entre cinco e oito anos, viaxaron no "Tren da lingua", experiencia promovida por Caixanova, a Consellería de Educación e Renfe, e

que xa vai pola súa terceira edición. Neste tren, segundo indica, gozaron cos pallasos e cos agasallos, entre os que se incluía o conto *Ana e o tren máxico*, título tamén da obra teatral representada no punto de destino, Vilagarcía de Arousa. Indica, ademais, que este tren que fomenta a cultura e lingua galegas xa partiu en datas pasadas de Vigo e Pontevedra e que cada día, segundo dixo a coordinadora do proxecto, levará a douscentos alumnos de distintos centros.

A.M.B., 'Carlos G. Reigosa recrea tres relatos do ciclo artúrico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xullo 2003, p. 52.

Anúnciase a publicación en castelán de *Irmán Rei Artur*, de Carlos G. Reigosa, por parte da editorial Akal e con ilustracións de Xosé Freixanes. Refírese á paixón que o autor manifestou sentir durante unha etapa da súa vida pola literatura artúrica, a cal considera que reflicte dalgún xeito o mundo precervantino, no que os excesos imaxinativos non foron condicionados polo humor nin pola razón crítica. Explicase que os catro contos que o autor recrea nesta obra son versións persoais de episodios cos que non estaba de acordo: o conflito que lle provoca a Lancelote o seu namoramento da raíña Xenebra, o final do mago Merlín que acada un amor correspondido pola amada, e o enfrontamento entre o rei Arturo e o seu fillo Mordred, que simbolizan a confrontación de dous mundos. Remátase aludindo a outras obras do autor e ao bo deseño que este fai dos personaxes, moito máis elaborados que os antiheroes que aparecen en moitos dos relatos actuais.

A.N.T., 'A maxia das viaxes literarias no IV Salón do Libro Infantil e Xuvenil', *A Nosa Terra*, nº 1.067, 'Cultura', 30 xaneiro 2003, p. 30.

Dáse conta da celebración en Pontevedra do IV Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil organizado polo Concello e a ASPG. Adiántase as actividades que se realizan como contacontos ou talleres de creación e ilustración con autores como Marilar Aleixandre, Dolors Flamerich, Arnal Ballester ou Fernando Palacios. Do mesmo xeito, sinálase que outros autores como Milagros Oya, Fina Casalderrey ou Pepe Carreiro presentarán as súas obras. Remátase sinalando outros actos dentro do Salón como a celebración de mesas, teatro ou exposicións.

A.N.T., 'De Verne á familia Bolechas', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 30.

Coa chegada do Nadal cita algunhas das novidades que ofrecen editoriais como Ir Indo, Xerais, Sotelo Blanco, Galaxia, Edicións do Cumio, Kalandraka, A Nosa Terra ou Toxosoutos, para os mozos e máis cativos, e que van dende as traducións dos clásicos, á recreación dos contos populares e libros con músicas ou animadas historias de debuxos.

A.P., 'Kiko Da Silva clausura esta mañá a Mostra de Cómic de Barro', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Comarca', 15 xaneiro 2003, p. 20.

Anuncia a presenza do ilustrador Kiko Dasilva na clausura da mostra sobre o cómic organizada pola Oficina de Información Xuvenil de Barro á que asistirán os alumnos dos

centros educativos da localidade. Destaca a boa acollida que tivo esta iniciativa, enmarcada nunha campaña de animación á lectura, na que os máis novos puideron coñecer tanto aos heroes clásicos do xénero coma propostas moi actuais. Remata anunciando que a intervención de Kiko Dasilva terá lugar na Biblioteca Pública Local en diferentes charlas adaptadas á idade dos diferentes grupos de escolares que asistan.

A.R., 'Helios se viste de imáxenes de cuento', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 Costados ', 9 decembro 2003, p. 6.

Anuncia a presenza da exposición de ilustracións de literatura infantil e xuvenil da editorial Xerais no Centro Cultural Helios de Bembrive. Sinala que a exposición está composta de corenta e oito imaxes orixinais que foron incluídas nos libros da colección "Merlín" e que corresponden a autores galegos como Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Fran Jaraba, Xulia Barros, Fino Lorenzo ou Marifé Quesada. Comenta que a mostra ten un marcado carácter didáctico e que pretende ensinar as diferentes técnicas e estilos creativos empregados polos profesionais da ilustración, así como apunta que é cedida por Xerais dende hai cinco anos para presentar en diferentes puntos de Galicia.

A.S., 'Los niños emprenden con El Tren da Lingua la aventura del gallego', *Diario de Arousa*, 'Vilagarcía', 28 febreiro 2003, p. 14.

Informa de que máis de douscentos escolares participaron ao longo dunha mañá no tren da lingua, viaxe en tren para fomentar o uso do galego. Dá conta de que no traxecto de Vilagarcía a Santiago de Compostela se divertiron cos pallasos, que intentaron en todo momento que os rapaces se expresasen en galego, e á súa chegada a Santiago gozaron coa sesión de contacontos. Así mesmo sinala que todos os rapaces recibiron como agasallo o conto que lles narraran na estación compostelá.

Abad, Sandra, 'Moucho Leroucho cumple nueve años', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 4 outubro 2003, p. 12.

Anuncia que o Moucho Leroucho se prepara por noveno ano para poñerse á fronte da campaña de animación á lectura da rede de Bibliotecas Municipais de Cambre, que conseguiu ata tres premios do Ministerio de Educación e Cultura pola súa contribución á difusión da literatura infantil. Comenta que máis de seis centos escolares se preparan para recibir nos seus centros ao Moucho Leroucho e explica a técnica empregada por esta mascota para contar contos, tentando sempre implicar aos nenos para espertar o seu interese polas historias que relata.

AFA, 'O humor na literatura infantil, a debate', *O Correo Galego*, 'AFA', 21 marzo 2003, p. 35.

Informa do contido da duodécima edición das xornadas que organizan conxuntamente a Biblioteca Nova 33 e Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Sinala que o título desta convocatoria foi "O humor na literatura infantil e xuvenil" e que, partindo deste

tema, diferentes especialistas debateron sobre a comicidade como algo inherente á literatura infantil ou sobre a importancia das ilustracións. Así mesmo, recolle unhas declaracións de Miguel Vázquez Freire, director do seminario, nas que alude ás escasas iniciativas que xiran arredor da literatura infantil galega, sector que, segundo indica, segue sendo visto como xénero menor por certos sectores académicos. En contraste con isto destaca os esforzos de persoas como o da titular da Cátedra de Literatura Infantil da USC, Blanca-Ana Roig Rechou, e un grupo de profesores da Universidade de Vigo.

AFA, 'A Biblioteca Infantil de Múnic inclúe un libro de Fran Alonso entre os mellores do ano/Un libro de Fran Alonso e Manuel G. Vicente entre os mellores do ano pasado', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 2 abril 2003, p. 31/76.

Informa da inclusión de *A casa da duna* (2002), de Fran Alonso, dentro dunha selección de libros infantís e xuvenís que recolle os mellores títulos de distintas linguas e publicados durante o ano 2002. Así, subliña que esta obra, froito dun proceso creativo entre este escritor e o fotógrafo Manuel G. Vicente, formará parte da exposición "The White Rabens 2003" na feira de Boloña, exposición na que se dá cabida aos mellores douscentos cincuenta títulos da literatura infantil en todas as linguas. Finalmente indica que a revista *CLIJ*, que xa gabara as anteriores obras de Fran Alonso, destacou que esta é unha proposta atrevida.

Agulla, A., 'El Ateneo inicia jornadas de literatura infantil', *Diario de Pontevedra*, 'Marín/O Morrazo', 6 novembro 2003, p. 18.

Informa das actividades que, como cada ano, organiza o Ateneo Santa Cecilia para os máis novos. Entre elas, cita unha exposición, a actuación de diferentes contacontos e do grupo Pavís-Pavós.

Agulla, A., 'La Biblioteca de Cela, que ya supera los 1.500 volúmenes, acerca los libros a los niños', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 20 novembro 2003, p. 18.

Faise eco da recente posta en marcha da Biblioteca Pública de Cela, que xa dispón dun fondo bibliográfico de mil cincocentos libros, setecentos deles doados polos veciños da propia parroquia de Cela, doce socios inscritos e dez préstamos realizados. Informa que para iniciar e potenciar a relación entre os nenos e a Biblioteca se organizaron unhas xornadas de contacontos e que o Concello está pendente de recibir o "lote fundacional" que a Consellería de Cultura da Xunta outorga ás novas bibliotecas da comunidade, á vez que achega outros datos de interese sobre o seu rexistro e organización, dotacións e horarios.

Alonso, J., 'Hermano Rei Arturo', de nuevo', *El Progreso*, 'Al paso', 21 xullo 2003, p. 64.

Alumnos do Colexio A Xunqueira 2, 'O rato poeta', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', 29 xuño 2003, p. 1.

Trátase da publicación por entregas, que tiveron lugar ademais do día 29 de xuño o día 6 e 13 de xullo, dun relato realizado por escolares que cursan os seus estudos no Colexio A Xunqueira 2. Este "conto viaxeiro" narra as aventuras do rato-poeta Antón e os seus amigos e coñecidos.

Alumnos do Colexio A Xunqueira 2, 'Fábula dos Gatos e ratos', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', 27 xullo 2003, p. 1.

Nesta páxina do suplemento dedicado aos rapaces que publica o *Diario de Pontevedra* reproducíase un conto realizado por dous alumnos do Colexio A Xunqueira 2, Ignacio e Matías. Nel nárrese, a xeito de fábula, a pericia con que un rato chamado Quiriqui se desfai dun gato que lle impedía aos habitantes de Ratolandia comer queixo. A moral é "usar a habilidade intelectual permitíranos salvarnos de máis perigos ca o uso da forza bruta".

Alumnos do Colexio Villaverde, 'O planeta de non falarás', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', 2003, p. 1.

Reprodución por entregas, que viron a luz o 25 de maio, o 1 e o 8 de xuño de 2003, do relato titulado "O planeta de non falarás", realizado polos escolares do Colexio pontevedrés de Villaverde e estruturado en tres partes. Ten similitudes co relato titulado "Barullolandia", dos mesmos autores, xa que os habitantes do planeta de non falarás teñen os mesmos defectos e virtudes que os de Barullolandia: o defecto de non escoitar endexamais a ninguén e o poder de converter as malas herbas en rosas de moitas cores.

Alumnos do Colexio Villaverde, 'O enfado do ñu', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', 18 maio 2003, p. 1.

Conto realizado por escolares do Colexio pontevedrés de Villaverde que narra cómo o ñu, un dos alumnos da escola de Animalandia, aprendeu que o importante é saber escoitar para que os demais tamén o escoiten a un.

Alumnos do Colexio Villaverde, 'Barullolandia', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', 15 xuño 2003, dende xuño 2003 ata xuño 2003, p. 1.

O *Diario de Pontevedra* publica nestas páxinas do seu suplemento escolar as dúas partes de que consta o conto "Barullolandia", correspondentes ao día 15 e 22 de xuño, realizado polos alumnos do Colexio pontevedrés de Villaverde. A ficción, concomitante en certa medida coa doutro relato feito polos mesmos rapaces e titulado "O planeta de non falarás", está situada no imaxinario país Barullolandia. Nesa terra as persoas tiñan o defecto de non escoitar endexamais a ninguén e o poder de converter as malas herbas en rosas de moitas cores.

Angueira, Mercedes, 'Blanca Barrio presenta a súa obra no Centro Social de Boiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 27 setembro 2003, p. 39.

Alúdese á presenza dunha exposición de Blanca Barrio no Centro Social de Boiro, que está

formada polos debuxos dos distintos libros infantís que ten ilustrado, *Paco, Hip, hip, hurra* e *O armario de Ana*, así como polos carteis realizados para diversas obras de teatro. Coméntase que entre as técnicas e materiais empregados nestas ilustracións cobran importancia a colaxe e as témperas e destácase o grande avance que está a experimentar a ilustración de libros en Galicia. Tamén se achegan diversos datos referentes á formación e traballos realizados pola artista leonesa e recóllense algunha das súas declaracións, nas que expresa ver lonxe o momento no que poida exercer exclusivamente como artista e confesa que é necesario "moverse constantemente e buscar editoriais" para atopar saídas neste sector.

Angueira, Mercedes / **Bouza Brey**, Gonzalo, 'Xurxo Romero: 'Pinto dunha forma visceral, con sentimento'', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 27 setembro 2003, p. 44.

Infórmase da exposición que pode visitarse no café-teatro La Factoría de Vilagarcía e que recolle os últimos traballos de Xurxo Romero. Fálase da súa afección pola música e o teatro e reproducense parte das súas declaracións, nas que afirma que á hora de crear "non medito a pintura, non pinto de forma racional, senón dunha maneira visceral e chea de sentimento". Destácase que o vilagarcían se confesa autodidacta e sinálase a súa participación en "Arte lixo" en Redondela, ademais de apuntarse que a mostra citada "está composta por arredor dunha decena de cadros nos que, entre cores dominantes coma o vermello, verde, azul ou amarelo, se poden percibir figuras humanas, animais e incluso entes inertes". Finalmente, alúdese á escasa importancia que o autor lle dá á venda de cadros e aos seus proxectos futuros.

B.L., 'Destino da viaxe: a terra dos pancos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 4 febreiro 2003, p. 46.

Céntrase nos actos que se celebraron na primeira xornada do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que tivo lugar o espazo "Encontro cos autores" e ao que asistiu Milagros Oya coa súa obra *Viaxe á terra negra dos pancos* (1995). Presentada polo editor Cándido Meixide, recóllense as palabras da autora nas que explica que é un libro de aventuras que narra a historia dunha viaxe fantástica protagonizada por un neno e uns gnomos. Tamén destaca da obra os espazos nos que se desenvolve; refírese ao bo momento que está a vivir a literatura infantil en galego, salientando como condicionantes deste tipo de literatura o feito de que o neno non teña poder de elección, senón que son os pais e os mestres os que median, ou a influencia de modelos alleos, ao xeito de Harry Potter.

B.L., 'A un experto en lobos e raposos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 5 febreiro 2003, p. 76.

Faise eco da presentación de *Desventuras dun lobo namorado* (2002), de Fina Casalderrey, dentro das actividades do IVº Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Sinálase que a encargada de presentar á autora foi María Victoria Moreno, quen destacou a súa sabedoría. Recóllense as palabras de Casalderrey, nas que explica o obxectivo das actividades do salón, que a historia do seu libro parte das que lle contaba seu pai, a quen lle dedica a obra, e que co paso do tempo descubriu que os lobos non son tan feros. Do mesmo xeito sinala que non lle gusta falar dos seus libros, senón que prefere que os nenos os lean.

B.L., 'Unha viaxe colgados dunha cigoña', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 febreiro 2003, p. 85.

Céntrase no acto co que o escritor vasco Patxi Zubizarreta engaiolou aos asistentes ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Subliña que, acompañado dun piano, foi creando imaxes que eran en definitiva unha viaxe literaria dende Dinamarca a África. Esta proposta músico-literaria serviulle ao escritor, segundo indica, para facer reflexionar sobre o mundo que nos rodea e que creamos. Remata dando conta de que este mesmo autor imparte tamén neste salón un obradoiro titulado "Literatura de viaxes e viaxes de literatura".

B.L., 'Gasas esterilizadas, inxeccións e contos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 13 febreiro 2003, p. 83.

Dáse conta da visita da delegada de sanidade de Pontevedra, M^a Dolores Pan, e da de Cultura, Rosanna López, ao Hospital Provincial para doar un lote de libros aos nenos ingresados. Sinálase que estes libros, que quedarán como fondo na biblioteca do centro, son lecturas dirixidas a diferentes bandas de idade.

B.L., 'Abril dos libros', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 abril 2003, p. 83.

Informa da presentación do programa "Abril dos libros" por parte do Concelleiro de Cultura de Pontevedra, Luís Bará. Deste conxunto de eventos destaca a colocación de lecturas en paneis na rúa e a homenaxe a dous autores de relevancia neste ano: Antón Avilés de Taramancos e Xoán Manuel Pintos, no cento cincuenta aniversario da publicación de *A gaita gallega*.

B.L., 'Kalandraka ¡Feliz aniversario!', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 abril 2003, p. 74.

Dentro das efemérides que se celebran o día 2 de outubro destaca o quinto aniversario da editorial pontevedresa Kalandraka. Salienta o crecemento continuado desta casa editora e informa da aparición da colección "Livros para sonhar" en portugués, que continúa o traballo xa iniciado pola mesma colección en castelán, catalán, éuscaro e inglés.

B.L., '¿E se facemos peixiños con patacas?', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 3 abril 2003, p. 84.

Sinala que para celebrar o Día do Libro Infantil, a actriz e contacontos María Campos acudiu ao centro escolar de Verducido, onde contou dúas historias que versaban sobre o mar e sobre o millo. Dá conta de que esta actividade estaba enmarcada dentro da programación "Abril dos Libros" para animar á lectura, que leva adiante o Concello de Pontevedra. Destaca que estas historias foron relatadas neste centro por primeira vez, pero que han de continuar noutros lugares. Así mesmo, salienta que estes contos van unidos a propostas plásticas e que a contacontos intenta enlazar as historias que relata nos colexios

en diferentes ocasións. En cadro á parte, dá conta doutros actos preparados para os escolares dentro deste programa de animación á lectura.

Barros, Mar, 'Os tres porquiños teñen acento de Lalín', *A Nosa Terra*, nº 1.101, 'Fin de semana', 23 outubro 2003, p. 32.

Achégase á colección "Contaconto", de Edicións do Cumio, que sacou á luz oito volumes con versións dos contos clásicos de Charles Perrault e os irmáns Grimm ao longo do ano 2001. Recóllense as palabras de Antón Mascato, director xeral da editorial, nas que sinala que consideraron que faltaba material de utilidade para o lectorado de menos de nove anos. Noméanse os títulos dos volumes publicados até o de agora, que son: *A Bela e a besta*, *O libro da selva*, *O gato con botas*, *Os tres porquiños*, *A Bela adormecida*, *A ratiña presumida*, *A casiña de chocolate* e *As sete cabuxas e o lobo*. Destácase destas versións que, malia recrearen o mundo clásico, insiren cuestións da cultura galega para favorecer a identificación do lectorado coa historia narrada. Indícase tamén que estes volumes veñen acompañados dunha casete na que se versionan os contos a través das voces dos actores Teresa Santamaría, Paco Barreiro, Lucía Cid e Manuel Pombal. Remátase sinalando que no vindeiro ano esta colección porá na rúa novos contos.

Barros, Mar, 'Miguelanxo', *A Nosa Terra*, nº 1.110, 'Fin de semana', 24 decembro 2003, p. 24.

Co gallo da inauguración na Coruña dunha exposición de Miguelanxo Prado, titulada "1992-2003", a xornalista repasa o quefacer deste ilustrador galego con repercusión e traballos no ámbito internacional. Para alén de enumerar algún dos orixinais máis coñecidos que se poden ver na mostra, indícase que este debuxante ten sido premiado en diferentes salóns de banda deseñada, que é o director das últimas edicións do "Viñetas desde o Atlántico" e que participou en series de animación norteamericanas de grande éxito.

Becerra, Marta, 'Aprender a amar los libros', *El Progreso*, 'El despertador', 6 novembro 2003, p. 10.

Entre diversas noticias, informa da realización dunha serie de actividades na biblioteca provincial coa finalidade de fomentar entre os nenos a lectura e que irán dende a actuación dos contacontos até as obras de teatro ou de monicreques e as actuacións musicais. Apunta que a directora da Biblioteca, Consuelo Meiriño, indicou que para a promoción da lectura entre os nenos tamén se realizaron cambios na estrutura da sala de infantil e se aumentou o número de vídeos, DVDs e a oferta de préstamos. Por outra parte, refírese ao taller literario levado a cabo no instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, que contará todos os meses cun coñecido escritor e que se inicia coa participación de Xosé Miranda.

Bilbao, Conchi, 'O abandono do cómic: ¿Cuestión de pedigree?', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 xullo 2003, p. 1.

Recóllense declaracións dalgúns debuxantes galegos en relación coa retirada de apoio á

banda deseñada anunciada polo Ministerio de Cultura e as manifestacións vertidas por Luis Alberto de Cuenca sinalando que os debuxantes españois deben reciclarse ou buscar o seu futuro fóra de España. Así, Kiko da Silva considera que se trata dunhas consideracións "de xulgado de garda" e que se debería fomentar a creación de empresas de edición de cómic ou utilizar a banda deseñada para campañas de información para nenos; Miguelanxo Prado considera que se trata dunha "arbitrariedade discriminatoria" porque existen debuxantes españois de grande éxito de vendas; e Xan López Domínguez opina que a industria do cómic en España pasa por unha difícil situación e que os debuxantes teñen dificultades para sobrevivir.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Infantil/Xuvenil', 9 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de dúas obras da literatura infantil: *Baixo o luar do acantilado* (2002), de Annelies Schwarz, traducida ao galego por Marta Gómez, da que, tras resumir o seu argumento, salienta o suspense e a fondura intelectual que se agocha nas aventuras duns rapaces, con temas como a amizade, o amor ou a soidade. A segunda obra comentada é *Carlota e a bota perdida* (2002), escrita por Miro Villar e ilustrada por Enjamio, da que se sinala que aparece publicada na colección "Merliño" de Edicións Xerais e relata a historia dunha marmota que fai amizade cunha bota. Está adicada aos máis pequenos.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 29, 'Infantil/Xuvenil', 6 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de libros infantís da literatura galega. Así achégase a: *Contos de encantamento I e II*, de Antonio Reigosa e Xosé Miranda; *A merliña*, de Antonio Rubio e Isidro Ferrer; e *Polos Mares do Sur*, de Jack London. Dos *Contos de encantamento* salientase a súa pertenza á colección "Cabalo buligán", que consiste na recompilación e reelaboración dunha serie de relatos da tradición oral galega. Sinala que o primeiro volume está ilustrado por Andrés Meixide, mentres que o segundo estivo a cargo de Fernando L. Juárez. Do segundo libro, *A merliña*, sinala que é unha adaptación dun conto popular dirixido aos primeiros lectores que presenta colaxes con papel e debuxos a lapis para crear os personaxes e escenarios cunha mistura de xogos tipográficos, formas e cores das letras. Por último, de *Polos Mares do Sur* sinala que é un libro de relatos de aventuras, traducido do inglés por M^a Fe González Fernández e onde o seu autor reflicte o mundo da Polinesia, unha vida chea de conflitos que se resolven polas "forzas primixénias" e da natureza.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 30, 'Infantil/Xuvenil', 13 febreiro 2003, p. VII.

Dáse conta da tradución feita por M^a Dolores Torres da obra infantil *Ó outro lado do sombreiro*, de Carles Cano, da que resume o seu argumento e indica que se trata dun libro dirixido a rapaces a partir de seis anos. As ilustracións son de Paco Jiménez.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 31,

'Infantil/Xuvenil', 20 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da tradución de *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carroll, da que, tras facer un breve resumo, salienta o traballo tradutor feito por Teresa Barro, co que gañou o Premio Nacional de Tradución do ano 1985.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da obra infantil *A verdadeira historia do burro Feldespato* (2002), de Xerardo Quintiá, da que resume o argumento e salienta a traxectoria literaria do autor, quen se inicia na literatura infantil con esta obra.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do conto infantil *Desventuras dun lobo namorado* (2002), de Fina Casalderrey e Manuel Uhía, e de *Tres contos do máximo tres*, de Xoán Babarro. Da primeira sinala que está dirixido a rapaces a partir dos nove anos onde "a gracia e o humor lembran as fábulas tradicionais sobre animais". Da segunda indica que foi publicada na colección "Bolboreta", editada por Sotelo Blanco, e que está dirixida a rapaces de Primeiro Ciclo de Primaria. Sinala tamén que esta colección consta de varios títulos e o que a inaugura é *Tres contos do máximo tres* (2002), de Xoán Babarro, da que salienta a súa redacción en letras maiúsculas e manuscritas.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 34, 'Infantil/Xuvenil', 13 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión da novela de Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* (2002), da que fai un breve resumo do argumento.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Infantil/Xuvenil', 20 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do relato de Manuel M. Barreiro, *Area Maior* (2002), onde os personaxes, animais da praia dos Muíños en Area Maior, deciden organizar unha insurrección. É unha "metáfora da loita por outro mundo posible, onde triunfe a xustiza, a solidariedade e a conservación da natureza".

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 marzo 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión de dúas obras da literatura infantil. Unha delas, titulada *Un* (2002), de Christine Nöstlinger, sinala que mostra unha historia de tenrura co tema da liberdade e da alegría de vivir. A segunda obra, *A folla seca* (2002), de Xosé Vázquez Pintor e María Sánchez Lires, salienta a historia de Amara, unha folla que se nega a ser arrincada da árbore que lle deu vida.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Infantil/Xuvenil', 1 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa M. Blanco Rivas ocúpase da obra infantil *Orelliñas vai de compras* (2002), de Rotraut Susanne Berner, da que ademais de indicar o seu argumento, salienta que se trata dunha obra destinada a nenos de dous anos en diante para que aprendan os conceptos temporais e os hábitos da familia.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Infantil/Xuvenil', 8 maio 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión do conto titulado *A auga* (2002), de Xan Rodiño, e ilustrado por María Lires. Sinala que se trata dunha adiviña sobre a auga que apareceu na colección "Contos para crecer".

Blanco, Jesús J., 'Los libros, la mejor forma de viajar', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 3 febreiro 2003, p. 64.

Sinálase que as viaxes son o eixo arredor do que xira o IVº Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Faise eco da sesión de lectura dos escolares de diferentes centros de Pontevedra nos que recitaron poemas e leron textos de autores como Manuel Antonio, Manuel Rivas, Martínez Oca ou Avilés de Taramancos, así como relatos de autoría propia. Sinálase que na pasada edición este salón recibiu máis de tres mil visitas e que as actividades teñen lugar no Teatro Principal e no Pazo da Cultura. En columna á parte, baixo o epígrafe de "El dato" repásase a programación do salón, dende os talleres de creación ou as visitas de autores ata as exposicións que se desenvolverán nos outros días de celebración deste salón.

C.C.P., 'La Feria del Libro acerca la literatura a los más pequeños', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 3 agosto 2003, p. 12.

Faise eco das diferentes actividades que se están levando a cabo para os máis pequenos na Feira do Libro da Coruña, entre as que se encontran un taller de técnicas de encadernación e outro de animación á lectura, así como unha sesión de contacontos organizada pola Agrupación teatral La Loca-Motora.

C.F., 'Un grupo de escritores celebran en el Xeral-Cíes el día del libro con los niños

ingresados', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Vigo', 2 abril 2003, p. 32.

Dá a coñecer a visita dun grupo de autores galegos de literatura infantil e xuvenil ao Centro Hospitalario Xeral-Cíes para celebrar cos nenos e nenas ingresados o Día do Libro. Comenta, ademais, o programa formativo que se segue neste centro de saúde.

C.F., 'Concursos para nenos no 'V 'Salón do Libro Galego' de Vigo', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Provincia', 11 abril 2003, p. 31.

Achega datos cuantitativos referidos ao V Salón do Libro Galego: número de libros presentados, porcentaxe de novidades, incremento de vendas con respecto ao ano anterior na edición de Santiago, etc.

C.G., 'Pavís-Pavós trae a Moraña avelás máxicas e princesas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 21 maio 2003, p. 87.

Infórmase da celebración dunha sesión de contacontos na Casa da Cultura de Moraña por parte do grupo Pavís-Pavós. Sublíñase o éxito acadado entre o público, alumnos de terceiro e cuarto curso de Educación Primaria dun centro educativo da vila, e anúncianse as próximas actuacións nesta mesma localidade.

C.G.B., 'El 57% de los 479 usuarios de la Biblioplaya eran niños y jóvenes', *Diario de Arousa*, 'Sanxenxo', 17 setembro 2003, p. 23.

Achega diversos datos sobre o funcionamento do servizo de "Biblioplaya" que estivo instalado na praia de Silgar e que parte da colaboración da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o Concello de Sanxenxo. Sinala que con esta iniciativa se pretende fomentar o hábito da lectura á vez que facilitar a posibilidade de acceder á prensa e aos libros, así como que o cincuenta e sete por cento dos usuarios foron menores de catorce anos. Tamén apunta que foron máis de dous mil os exemplares prestados, dos que un trece por cento corresponderon á literatura xuvenil en galego e un oito por cento á infantil, e refírese ao labor levado a cabo pola bibliotecaria, ás datas de maior movemento e á idea de estender esta iniciativa a outras praias do municipio.

C.P., 'Contacontos e talleres inician a dous mil escolares na lectura', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 1 abril 2003, p. 9.

Informa das actividades desenvolvidas na Fundación Granell e organizadas polo departamento de Educación do Concello de Santiago coa finalidade de promover a lectura entre os máis novos. Refírese ás actuacións de Raquel Méndez e Olaia González como contacontos, aos talleres de ilustración a cargo de Óscar Villán, ás actividades previstas para pais e nais, así como ás exposicións de orixinais de libros coñecidos polos primeiros lectores.

C.P., 'Galaxia renova as áreas de infantil e xuvenil, con Neira Cruz de editor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 outubro 2003, p. 45.

Informa de que Galaxia dá un novo paso no proceso de renovación emprendido por Víctor Freixanes co relanzamento da colección xuvenil "Costa Oeste" e coa presentación de Xosé Antonio Neira Cruz como editor da área de infantil e xuvenil, do que se achegan algúns datos sobre a súa faceta de escritor e investigador. Tamén apunta que "Costa Oeste" estrea a nova andaina cunha imaxe anovada polo deseñador Fausto Isorna e a publicación da última novela de Neira Cruz, *O armiño dorme*, e dúas do autor catalán Jordi Sierra i Fabra, *Durmindo sobre os espellos* e *Nun lugar chamado guerra*.

Casalderrey, Fina, 'Chamizo, un relato de Fina Casalderrey', 26 xaneiro 2003/2 febreiro 2003/9 febreiro 2003/16 febreiro 2003/23 febreiro 2003/2 marzo 2003/16 marzo 2003/23 marzo 2003/30 marzo 2003/6 abril 2003/13 abril 2003/20 abril 2003/27 abril 2003/4 maio 2003/11 maio 2003, pp. 1-2, *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario', xaneiro 2003, p. 1.

Reprodúcense nestas páxinas os catorce capítulos do conto *Chamizo*, de Fina Casalderrey, publicado en 1998 por Edicións Xerais de Galicia, como se fai constar nunha nota final. Acóllese neste suplemento dirixido aos máis novos, "Minidiario", do xornal *Diario de Pontevedra*, en entregas semanais, que presentan algún problema de numeración dos diferentes capítulos. Desta maneira, os títulos presentados son os seguintes: "¿Sabes? Odio vivir nun piso", "Iso fai que sinta un arrepío...", "Nisto, algo que mira dentro dela fai que se deteña", "¿E se o levo para o trasteiro do noso piso?", "Van matalo, vai morrer asfixiado...", "...Morreu no medio do lixo...", "¡Que vergonza se me pillan sen a roupa!", "...De súpeto, no comedor, apáganse as luces...", "Eu non miañei pero...", "...E déixao rubir polo peito ata o pescozo...", "Pero... acabará gastando o aire", "¿Ti queres facer un cadro con isto?", "Tiveches unha pelexa, ¿non si?" e "Abre de todo a gabeta e...".

Casanova, Jorge, 'Las pasiones de los 'locos bajitos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 40, 'Infantil y juvenil', 20 decembro 2003, pp. 2-3.

Despois de facerse eco dalgunhas das novidades literarias da época de Nadal en lingua castelá para os máis novos, dá conta das aparecidas en galego. Entre eles, cita *A praia da esperanza*, de Agustín Fernández Paz, que recrea a historia de Raquel e unha caracola durante a crise do Prestige; e *Contos con letras*, de Gloria Sánchez, que recolle un texto para primeiros lectores baseado en caligramas e ilustrado por Carmen Corrales e Leticia Esteban. Alude á aparición das traducións de *A Illa do Tesouro* por parte de Xerais e de novos títulos da biblioteca de Agatha Christie por Galaxia, así como á publicación por Kalandraka de *O zapateiro e os trasnos*, un conto clásico da tradición europea adaptado por Eva Mejuto e ilustrado por Elia Manero, ou *Blobó*, presentado polos debuxos de Mariona Cabassa. Así mesmo, nomea as novas incorporacións á colección "Merliño" (Xerais) -*O caracol remoldiño*, *O porco centellado* e *O galo e o raposo trampulleiro*, de Xoán R. Cuba, Irene Pérez Pintos e Antonio Reigosa, respectivamente-, e a aparición en Galaxia de dous volumes despregábeis de cartón -*A Neve* e *O parque de atraccións*, de Cristina Losantos-. Conclúe apuntando que para os máis "talluditos" Xerais propón a tradución de *Os irmáns corazón de León*, de Astrid Lindgren, e Galaxia a de *O Guerreiro branco*, do bilbaíno Joanes Urkixo.

Covelo Alonso, Carla, 'A poesía, unha experiencia no Possumus', *Atlántico Diario*, 'Xornal

Escolar', 'Correspondencia', 29 outubro 2003, p. 2.

Esta alumna de 3º da ESO do Colexio Possumus de Vigo refírese ao que para ela supuxo o obradoiro de poesía dirixido polo escritor e mestre Antonio García Teixeiro, que serviu para "coñecermos a nós mesmos e noutras persoas a través das súas palabras escritas nun poema e para saber que non só cantando ou redactando os sentimentos se pode transmitir o que sentimos senón que tamén a través dun bonito poema".

E.B., 'Un verano en Polaquia', *La Opinión*, 'Saberes', nº 20, 'Tebeos', 26 xullo 2003, p. 15.

Achégase a algunhas das iniciativas que están levando a cabo o grupo de debuxantes galegos denominados Polaquia. Comeza ofrecendo unha breve historia desta iniciativa que naceu en 2001 baixo a man de Kike Benlloch, un colectivo que ten o cómic como vehículo de comunicación, que se autoeditan e que buscan chegar a todo tipo de públicos. Sinálase que comezaron sendo só cinco integrantes, aos que logo se foron incorporando debuxantes de toda Galicia como Víctor Rivas, Miguel Porto, Emma Ríos Maneiro, Manuel Cráneo ou Anxo Cuba. Repásase tamén a produción que sacaron á luz ata o momento, entre outros o cómic *Mmmh!!* (2001) ou *Freda* (2002), para rematar achegándose á última produción que consiste nunha revista chamada *Barsowia*, todas elas presentes no Salón do Cómic da Coruña, "Viñetas dende o Atlántico".

E.F., 'La sexta edición del Salón del Cómic se vestirá de verde', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 7 agosto 2003, p. 9.

Comenta que co gallo da celebración por sexto ano consecutivo do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" terá lugar unha homenaxe ao xa mítico heroe creado por Marvel, o incríbel Hulk. Salienta que será este o protagonista principal desta sexta edición do Salón, que tratará ademais entre outros os temas tan presentes da guerra de Irak ou o accidente do "Prestige".

E.G., 'Santiago Jorge imparte un taller de ilustración en el Isidora Riestra', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 febreiro 2003, p. 83.

Dá conta de que vintecinco alumnos de terceiro de primaria asistiron a un taller de ilustración impartido polo pintor e ilustrador Santiago Jorge. Sobre este indica que ten no seu haber máis de cincuenta exposicións en distintos sitios de España, ademais de mostras permanentes. Este taller, segundo sinala, organizouno a Biblioteca Municipal de Poio, as concellerías de Educación e Cultura e a editorial Everest.

E.G., 'Taller de creación literaria en Poio', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí/Cultura', 12 marzo 2003, p. 77.

Sinala que o departamento de Educación do Concello de Poio poñerá en marcha o segundo taller de creación literaria dirixido a persoal docente ou que trate directamente con nenos, como pode ser o caso dos bibliotecarios. Dá conta de que o encargado de impartir este taller será David Otero, de quen apunta algúns datos profesionais, e destaca que os contidos desta

actividade serán as técnicas de creación literaria, de animación á lectura e de escritura. En parágrafo á parte indica que no mes de febreiro vintecinco alumnos do centro escolar Isidora Riestra asistiron a un taller de ilustración impartido polo ilustrador e pintor Santiago Jorge.

E.P., 'Terceira viaxe coa lingua', *O Correo Galego*, 'AFA', 13 febreiro 2003, p. 34.

Apunta o comezo dunha iniciativa promovida pola Consellaría de Educación, Caixanova e Renfe. Trátase da terceira edición do "Tren da Lingua", que consiste nunha serie de viaxes didácticas co fin de que os rapaces coñezan a paisaxe, a cultura e a lingua galegas dunha maneira activa e visual. Destaca que a primeira destas viaxes partirá de Pontevedra cara a Vigo e que en todos os recorridos haberá animadores. Recolle ademais as impresións do conselleiro de educación, o director xeral de Caixanova e o xerente dos trens rexionais galegos sobre esta actividade que, segundo indican, tivo moi boa acollida nas anteriores edicións.

E.P., 'Cultura e Galix publican unha guía', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 21 febreiro 2003, p. 68.

Dá conta da publicación de *A Nosa Literatura Infantil e Xuvenil 2000* (2002), guía editada pola Consellería de Cultura en colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Indica que dende a Xunta de Galicia se salientou que este volume pretende ser un instrumento de consulta para todos aqueles interesados neste tipo de literatura, así como para os pais, educadores, libeiros, bibliotecarios, etc.

E.P., 'Xogar coa palabra', *O Correo Galego*, 'AFA', 1 abril 2003, p. 30.

Refírese ao comezo da campaña de animación á lectura "Contos para comer cos ollos", promovida polo Concello de Santiago, a Fundación Eugenio Granell e a editorial Kalandraka. Indica que precisamente foi persoal desta editorial o encargado de contar contos e desenvolver obradoiros de ilustración na primeira sesión desta campaña, que se desenvolve ao longo do mes de abril e que está dirixida a nenos de entre catro e nove anos. Destaca tamén que entre os obxectivos desta campaña están, ademais de promover a lectura, o de favorecer a reflexión sobre valores destacados nos contos, o de resaltar o poder da palabra e o de ver a literatura como un ben cultural e un acto de comunicación.

Espiñeira, Francisco, 'El Salón del Cómic recibirá más de 60.000 visitas hasta el domingo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 agosto 2003, p. 37.

Apunta que máis de sesenta mil persoas acudirán á sexta edición do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, que acollerá tres retrospectivas sobre Alberto Breccia, Hernández Palacios e Ivá, que serven para recorrer a historia da banda deseñada ao longo do século XX. Tamén apunta que outras seis mostras desvelarán as novas tendencias da animación e os secretos da creación dos clásicos tebeos e que haberá unha mostra dedicada

a percorrer a influencia da ciencia no cómic, así como unha exposición de máis de sesenta humoristas galegos que fixeron unha reflexión sobre as consecuencias da marea negra provocada polo Prestige, entre os que se atopan Kiko da Silva, Abrales e Xaquín Marín. Asemade, refírese á presenza no Salón dunha caseta da revista *Golfiño*, á que asistirán os seus debuxantes para desvelar a súa maneira de traballar e firmar obras. Este repaso polas actividades do Salón do Cómic está acompañado polos comentarios do seu director, Miguelanxo Prado, quen destacou a aposta por popularizar o mundo da banda deseñada.

Fernández, C., 'Llevarse un libro a la playa... de Samil', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 18 agosto 2003, p. 49.

Comenta que son moitos os nenos e nenas que se acercan cada tarde ao edificio de "Verbum", ubicado en Samil, para coller prestado un libro da "bibliopraia" antes de baixar á beiramar. Di que este proxecto está sendo moi ben recibido pola xente que pode atopar ademais de libros, prensa, cómics, DVDs...e disfrutar así dun xeito relaxado dunha amena lectura.

Fraga, Xesús, 'Xerais estrea unha colección para editar en galego grandes clásicos universais', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xaneiro 2003, p. 45.

Anuncia os títulos da colección "Xabarán de Ouro" de Edicións Xerais de Galicia, na que se traducen algúns textos clásicos como *Alicia no país das marabillas* (2002), de Lewis Carroll; *A chamada da selva* (2002), de Jack London; ou *Pinocho* (2002), de Claudio Collodi. Sinala que as traducións son de especialistas que achegan unha introdución sobre as claves da obra e do autor. Tamén se indica que as ilustracións destes volumes son de Federico Fernández, Premio Nacional de Ilustración, nas que sobrancea a expresividade, e que esta colección segue a liña iniciada por "Xabarán", aínda que para lectores de máis de dez anos. En columna á parte tamén se destaca que esta editorial vén de publicar os *Contos completos* (2002), de Charles Perrault, que forma parte dunha serie de volumes de gran formato, no que ademais do gran número de ilustradores que colaboraron tamén conta cun prólogo de Gustavo Martín no que este destaca a capacidade de Perrault para imaxinar historias. Baixo o epígrafe "Os libros de 'Merlín' propoñen tres novas historias para primeiros lectores" achéganse tres títulos da colección "Merliño" que son: *Carlota e a bota perdida* (2002), de Miro Villar; *¡Como está o galiñeiro!* (2002), de Marta Álvarez; e *Garoto busca unha estrela* (2002), de Marta Rivera. Do mesmo xeito, salienta *A casa da duna* (2002), de Fran Alonso, como libro obxecto, e *Derradeira carta ós Reis Magos* (2002), de Fina Casalderrey.

Franco, Camilo, 'A editorial Kalandraka entra no mercado coreano con trinta títulos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 maio 2003, p. 51.

Infórmase da próxima aparición no mercado editorial coreano de trinta títulos editados por Kalandraka. Sínálase a Feira do Libro de Boloña como o punto de orixe das negociacións e a editorial coreana Hansol como a principal editora en incorporar ao seu catálogo volumes de Kalandraka. Cítanse algúns dos títulos que entrarán no mercado editorial coreano e

dánse as características destes volumes: traducidos e en alfabeto coreano, pero mantendo a disposición estética dos textos sobre as páxinas.

Franjo, Fernando, 'Una profesora coreana traduce al francés la obra de Xosé Neira Vilas', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 20 xuño 2003, p. 39.

Anúnciase que a profesora Corinne Sonn, unha coreana de nacionalidade francesa, está a traducir *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, ao francés. Explicase que esta estudante Erasmus chegou a Galicia e fixo unha tesina sobre a obra de Neira Vilas, traballo publicado en Edicións do Castro, e que logo en contacto co autor decidiron facer a tradución ao francés, pola que xa mostraron interese algunhas editoriais. Tamén se sinala que esta estudiosa da literatura galega ten entre os seus autores favoritos a Manuel Rivas ou Fina Casalderrey, dos que non desbota emprender tamén o traballo de trasladalos á súa lingua.

Freire, Pilar, 'Aventuras sin levantarse del sofá', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 27 agosto 2003, p. 21.

Comenta que a intensa actividade que rexistra o servizo de préstamo das bibliotecas municipais da Coruña durante o período estival revela que o milagre do papel impreso segue cativando á xuventude. Sinala que o que se erixe como líder é Harry Potter e que os libros de misterio son os preferidos polo lectorado de seis a doce anos, mentres que a partir de catorce anos a loita do hobbit Frodo Bolson para salvar a Terra Media de Mordor e a narrativa de Manolo Rivas ocupan os primeiros postos de preferencias. Tamén apunta que as novelas clásicas de aventuras como *La isla del tesoro* non parecen ter demasiada aceptación, aínda que autoras como Enid Blyton continúan atraendo coa súa colección de "Los Cinco". Destaca que internet é a "estrella del verano" e acompaña estes comentarios coas palabras de Marta Fernández, unha das responsábeis da Biblioteca Municipal do Forum Metropolitano.

G.P., 'La biblioteca ponteareana pone en marcha un programa de animación a la lectura', *Faro de Vigo*, 'Condado-Paradanta', 8 febreiro 2003, p. 15.

Sinala que a rede de bibliotecas municipais de Ponteareas, en colaboración coa Concellaría de Xuventude, pon en marcha distintas actividades lúdicas como contacontos ou talleres de debuxo para animar á lectura. Salienta que o fin desta iniciativa, ademais de facer ler, é dinamizar os centros bibliotecarios, indicando que as actividades na biblioteca municipal serán semanais, mentres que no resto de bibliotecas das distintas parroquias serán quincenais. Alude ademais a que tamén se contemplan actividades para os adultos, concretamente catro charlas sobre temas variados.

García, R., 'Respostas pareadas', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 25 xaneiro 2003, p. 11.

Achégase á colección que Sotelo Blanco estreou no ano 2002, "Contos para crecer", na que sinala que os catro primeiros títulos son *A auga*, *A vaca*, *A árbore* e *O lobo* nos que Xan Rodiño foi o encargado de elaborar os textos a xeito de pareados nos que lles explica aos máis pequenos a importancia de cada un destes elementos. Dise que a función destas estruturas é a de divertir, ensinar e facilitar a lectura en voz alta dos contos. Das ilustracións de María Lires sinálase que autora ten declarado inspirarse no máis cotián para uns deseños de grande expresividade. Remátase adiantando que entre os títulos de números posteriores inclúese un dedicado ao toxo.

García, R., 'O Grial na Rede', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 1 marzo 2003, p. 11.

Resume o argumento de *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002), destacando o papel do protagonista, o detective Suso Espada, encargado de investigar sobre a desaparición do Grial no Cebreiro. Salienta a dificultade desta tarefa, xa que o propio detective ten que salvarse a si mesmo e, por último, fai fincapé na ironía presente nesta historia que resulta ser "unha entretida aventura na que non falta a poesía con citas, entre outros de Novoneyra".

García, Rodri, 'A canción de Sálvora', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 1, 'Letras en galego', 15 marzo 2003, p. 7.

Breve comentario para gabar a obra *A canción de Sálvora* (2002), de Antón Riveiro Coello. Facendo pequenos apuntamentos sobre a trama, pon de manifesto que se trata dunha obra para gozar e destaca que nela se dá cabida a un naufraxio histórico.

Gaspar, Silvia, 'Avaliación final', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 9 xuño 2003, p. 6.

Ofrécense os pasos a seguir para facer unha avaliación dos títulos de obras manexadas por diferentes nenos nunha biblioteca de aula. Esta avaliación, segundo Silvia Gaspar, tamén se pode levar a cabo nunha biblioteca persoal e a súa finalidade é a de que unha persoa poida atopar a lectura adecuada ao seu gusto e así ir elaborando a súa propia biblioteca e o seu propio catálogo de lecturas. Facer un listado con tódolos títulos manexados ou unha valoración de un a dez segundo o aspecto da obra que máis lle gustou ao lector son algúns dos pasos recomendados.

Gaspar, Silvia, 'De volta a clase', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 29 setembro 2003, p. 6.

Neste repaso pola produción de literatura infantil e xuvenil galega do último curso escolar, para os primeiros lectores cita as edicións de contos tradicionais ou populares como *Cando os animais falaban: cen historias daquel tempo*, ou cultos, así como as coleccións de Galaxia "Que corpo" e de Sotelo Blanco "Contos para crecer" e "Bolboreta". Para os

niveis medios de primaria, destaca as achegas de Fina Casalderrey (*Desventuras dun lobo namorado*), Marilar Aleixandre (*Basilisa e a princesa sapiño*), Xerardo Quintiá (*A verdadeira historia do burro Feldespato*) ou Pepe Carballude (*De como o Santo dos Croques se fai peregrino*); e para os alumnos dos cursos superiores de ESO e Bacharelato, nomea *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz. Tamén se refire ás traducións de Jordi Sierra i Fabra, *Nun lugar chamado guerra* e *Durmido sobre os espellos*, e doutros autores como Fred Ullman, J. K. Rowling e Tolkien, ademais de atender ás obras merecentes no ano 2003 do premio Barco de Vapor, *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz, e do Merlín, *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo González.

Gaspar, Silvia, 'Pola outra banda do océano', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 6 outubro 2003, p. 6.

Cita a autores galegos que na súa produción se teñan recreado na outra banda do océano como é o caso de Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Avilés de Taramancos, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Xosé Neira Vilas, Xabier Alcalá, Víctor Freixanes, Antón Riveiro Coello ou Xabier Queipo. Asemade, refírese a aquelas achegas que veñen a nós dende diferentes puntos xeográficos da man de autores como Anisia Miranda, Jorge Amado, Paulo Coello, Viale Moutinho, Edgard Alan Poe, Singer, Margarida Aritzeta ou Álvaro Magalhaes. Tamén propón unha serie de actividades.

Gaspar, Silvia, 'Contar contos', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 13 outubro 2003, p. 7.

Refírese ao "fenómeno" dos contacontos que van recuperando entre nós un posto que o mundo moderno tiña esquecido e que xa nacera na prehistoria, estando sempre moi vinculado coa cultura tradicional. Comenta as claves que considera debe ter un conto como son a certeza, a introdución do público na historia e a lonxitude non moi extensa. Tamén se refire a algúns dos modos de traballar coas historias ofrecidos por Gianni Rodari na súa *Gramática da fantasía* ("conto do revés", "conto equivocado" ou "ensalada de contos") e ofrece unha serie de actividades relacionadas co tema.

Gaspar, Silvia, 'Libros ilustrados', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 17 novembro 2003, p. 7.

Comeza aludindo ao despegue que sufriu a literatura infantil e xuvenil a partir dos anos noventa e sinalando que a visita a unha librería en época de Nadal é "un espectáculo milagroso de formas e cores". Apunta que o embelecemento dos formatos favoreceu tres tipos básicos de produción -o álbum, o cómic e o libro didáctico- e refírese ás achegas realizadas polas editoras galegas á renovación de formatos, como é o caso de Kalandraka, Sotelo Blanco, Everest, Galaxia e Xerais, e tampouco esquece citar os chamados "libros vivos" e os sonoros. Por outra parte, comenta que o cómic é un xénero que se cultiva pouco, destacando en galego *Golfiño*, e atende ás producións que se centran en períodos históricos ou materias próximas á área de Coñecemento do Medio ou no crecemento persoal e aos materiais didácticos. Propón unha serie de actividades e fai breves anotacións sobre os seguintes títulos: *Paco*, de Paula Carballeira; *A auga*, de Xan Rodiño; e *O coello Federico*, de Xosé Miranda.

González, Eva, 'La biblioteca se rejuvenece', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana', 9 decembro 2003, p. 17.

Comenta que a Biblioteca Municipal de Tui iniciou unha nova etapa de desenvolvemento coincidindo co seu traslado ás novas dependencias, que ocupan unha ala do edificio da Área Panorámica e que corrobora coas cifras que achega sobre o incremento no número de socios, nos préstamos realizados ou nos usuarios rexistrados. Dos douscentos novos socios, sinala que o sesenta por cento corresponde a lectores infantís menores de catorce anos e o corenta por cento restante a mozos e adultos. Así mesmo apunta que dos máis de cento cincuenta préstamos realizados a maior porcentaxe corresponde a libros infantís e xuvenís, principalmente contos e narracións de aventuras e humor. Tamén destaca unha serie de actividades programadas co fin de estimular o gusto pola lectura, como son un taller de debuxo e outro de lectura de contos e poemas.

González, Mónica, 'Olimpio Arca asegura el apoyo al museo tras su inesperada renuncia', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 xaneiro 2003, p. 33.

Con motivo da renuncia de Olimpio Arca Caldas á xerencia do Museo do Pobo Estradense, fai un repaso da súa traxectoria profesional e vital. Destaca a grande afección que sente pola súa vila adoptiva, A Estrada, así como pola profesión de mestre. Sinala, ademais, que foi a partir de pequenas obras de teatro para os seus alumnos cómo xurdiu a súa condición de dramaturgo, a pesar de que el non se considera escritor. Malia isto salienta que este autor conta con case quince obras e dunha delas, *Os reis do Panchiño* (2002), anuncia a súa presentación indicando que esta obra, de gran valor pedagóxico, tivo que esperar trinta anos para publicala, tal e como xa recomendara por aquel entón o xurado dos premios "O Facho" da Coruña.

HV, 'Unha cita co cómic', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 8 agosto 2003, p. 3.

Faise eco da nova edición de Viñetas desde o Atlántico, que terá lugar na Coruña entre os días 11 e 17 de agosto e que está dirixida por Miguelanxo Prado. Cita os autores que asistirán a este evento e as diferentes actividades que se levarán a cabo: unha homenaxe a tres mestres do cómic recentemente falecidos (Alberto Breccia, Ivá e Hernández Pazos), a exposición "As guerras do S. II nos tebeos (1914-2001)" ou a presentación dun libro sobre o Prestige, que realizaron varios debuxantes.

I.M., 'La fiesta del libro busca atraer la atención de niños y adolescentes', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 17 abril 2003, p. 17.

Informa da celebración da terceira edición da festa do libro na cidade da Coruña. Ademais de dar a coñecer as datas de comezo e peche, así como os eventos previstos, recolle as declaracións de Miguel Orizales, presidente da Asociación de Libreiros desta cidade, nas que demanda un mellor financiamento e expresa as dificultades de todo tipo que conleva un acto deste tipo.

Iglesias, Ana, 'El Corte Inglés y Galix homenajean a Andersen', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 3 abril 2003, p. 37.

Dá a coñecer as actividades desenvolvidas nas instalacións de El Corte Inglés con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Destaca a convocatoria de diversos concursos, a presentación e sinatura de libros, así como as actividades de promoción da lectura, centradas este ano na figura do escritor danés H.C. Andersen.

J.B., 'Los más pequeños leyeron cuentos viajeros y encadenados', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 3 febreiro 2003, p. 64.

Dá conta da lectura por parte dos nenos que visitaron o IVº Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra dos contos viaxeiros escritos e ilustrados polos propios escolares. Explicase que esta iniciativa consiste en levar as páxinas por diferentes colexios nos que os escolares fan as súas achegas ata o resultado final, tanto de texto coma de ilustracións.

J.I.G.G., 'Hermano Rey Arturo', *ABC*, 'Cultural', nº 609, 'Escapate', 27 setembro 2003, p. 22.

Comentario sobre a obra de Carlos G. Reigosa, *Hermano Rey Arturo*, que foi publicada en lingua castelá pola editorial Akal. Apunta que o autor galego se suma aos ilustres escritores que trataron a figura de Arturo de Breaña, como é o caso de Godofredo de Monmouth, o norteamericano Steinbeck ou Cunqueiro. Tamén apunta que Reigosa "se sumerge con brío en el universo artúrico y edifica tres sugestivas historias, una suerte de inteligentes variaciones en torno a tres de los grandes personajes del ciclo bretón": Lanzarote, Merlín e Arturo.

J.L.M., 'Cangas celebrará a vindeira semana no Auditorio o '7º Salón do Cómic', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 15 xullo 2003, p. 16.

Faise eco do acto de presentación do Salón do Cómic de Cangas, que se vai celebrar entre o 21 e o 27 de agosto, e os cambios que presenta con respecto a edicións anteriores. Entre eles sinalase o de logotipo e a idea de editar unha revista cos gañadores do certame nas primeiras edicións. Tamén se adiantan como novidades a celebración dun obradoiro de caricaturas dirixido aos máis novos.

Jack, Ana T., 'Un libro abierto', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'Orientación escolar', 27 xaneiro 2003, p. 8.

Ante a obrigatoriedade de ter que ler algún libro ao longo do curso, neste artigo ofrécense algunhas consideracións que os escolares deben ter en conta antes da lectura dunha obra, explicándolles a importancia daqueles elementos paratextuais máis significativos. Así, comézase sinalando que é importante fixarse no título, no nome do autor, na sobrecuberta, nas tapas, nas lapelas, na portada e contraportada, no índice, no prólogo, na bibliografía, nos capítulos, nas fotografías e debuxos e nos epílogos, explicando brevemente en cada

caso a función e información que adoitan ofrecer.

Jaureguizar, 'Xabier Docampo prepara a versión para cinema da súa última novela', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 9 xaneiro 2003, p. 66.

Infórmase de que Xabier Docampo está traballando nun guión para levar ao cine *A casa da luz* (2002), unha obra na que a súa protagonista, Alicia, descobre a súa posibilidade de atravesar cadros. Este argumento permitirá, segundo Docampo, facer unha película diferente para os máis novos, na que se lle dea cabida a unha aventura tanto interna coma externa, por haber maduración, á vez que o emprego de linguaxes diferentes provoca a reflexión do lector. Recóllese o xerme da obra, pensada inicialmente para un filme, aínda que o autor explica algunhas diferencias entre ambas versións, como a tensión inicial ou o feito de que o guión determinou o final da novela. Destaca Docampo a experiencia do director do filme, Daniel Domínguez, e remata explicando que é unha película de aventuras que ten como eixo central o rescate do Pumariño por parte dos rapaces.

Jaureguizar, 'Lugo acolle este mes un salón do libro xuvenil dirixido á formación', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 1 febreiro 2003, p. 74.

Anúnciase a celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que tivo lugar entre o 16 e o 21 de febreiro no centro social Uxío Novoneyra de Lugo. Detállanse pormenorizadamente as actividades que se van levar a cabo como talleres de ilustración a cargo de Pepe Carreiro e Alberte Guitián, actividades dramáticas con Pablo Rodríguez, obradoiros de creación literaria con Sechu Sendé ou o encontro de autores como Paco Martín e Antom Fortes cos lectores. Do mesmo xeito, sinálase que terán lugar outras actividades como unha mesa redonda sobre "Libros en galegos para unha maioría desgaleguizada", na que intervirán representantes dos diferentes sectores implicados como o escritor Xosé Miranda, o libreiro Carlos Coira ou a bibliotecaria Dorés Fernández López, entre outros. Ademais de dar conta doutras actividades como exposicións ou actividades de animación á lectura, tamén se sinala que terá lugar a presentación de libros de Pepe Carreiro e Marisa Núñez nun espacio concibido para ofrecer aos profesores "claves para fomentar nos alumnos o gusto pola lectura".

Jaureguizar, 'Un libro para nenos de Miranda, entre os 50 mellores do mundo', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 9 xuño 2003, p. 59.

Dáse conta da inclusión da novela *Pel de lobo* de Xosé Mirnada na lista de Honra 2003-2004 do IBBY (International Young Board on Books for Young People) e do convite a este autor por parte desta organización ao seu vindeiro congreso, que terá lugar na Cidade do Cabo (Suráfrica) para recoller o galardón. Infórmase sobre a orixe do IBBY, así como da relación de Xosé Antonio Neira Cruz con esta organización. Tamén se dá conta do seus próximos congresos. Finalmente, fálase de *Pel de lobo*, Premio Merlín no 2002.

Loureiro, Ramón, 'Galaxia reedita a tradución de 'O Principiño' feita por Casares', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xaneiro 2003, p. 53.

Informa de que Galaxia sacou unha nova edición para coleccionistas de *O Principiño* (2002) para conmemorar o trixésimo aniversario da primeira edición en galego. Destaca que ao tradutor, Carlos Casares, lle había gustar esta edición, pois sentía verdadeira admiración por esta obra e gardaba coma un tesouro case un centenar de versións nos idiomas máis diversos. Así mesmo apunta que Håkan Casares, fillo de Carlos Casares e vicepresidente da fundación que leva o nome do seu pai, opina que esta obra reflicte moi ben a crenza de seu pai de que se algo se necesita para convivir é a tolerancia e o afán de comprender.

LR, 'Historias de paz y relaciones humanas', *La Región*, 'Concello de Ourense. Actualidad', 19 xaneiro 2003, p. 18.

Dáse conta dos actos organizados polo Concello de Ourense con motivo da celebración do Día Internacional das Relacións Humanas e do Día da Paz. Sinálase que foi a través dunha actividade lúdico-pedagóxica co título de "Contos do sombreiro Tarbús" e "Contos para a Paz" coa que se tentou achegar aos escolares ourensáns alternativas de solidariedade, dándolles a coñecer as problemáticas da fame, da inxustiza, da pobreza ou da falta de liberdade do mundo. En columna á parte dáse conta doutras iniciativas municipais como as visitas ás bibliotecas municipais e a exposición baseada nas ilustracións de Gusti incluídas nos contos de Ricardo Alcántara *Tento e a tormenta* e *Tento e o seu amigo*, coa que se busca fomentar a lectura e espertar a imaxinación dos máis pequenos, aos que se lle regala un lote de libros da colección protagonizada por Tento.

LR, 'Resdán': un libro que no es un libro', *La Región*, 'Ciudad', 18 marzo 2003, p. 14.

Explica en qué consiste a campaña de animación á lectura que leva a cabo o Concello de Ourense e que dinamiza Sabela Gago cun conto de Paco Abril. Así, indica que os rapaces deben seguir unha historia a través dos paneis dunha parede, cousa que, segundo indica, apréndelles tamén a ver exposicións. Ademais, despois disto, cada rapaz crea un monstro baseándose no protagonista da historia que xa leron e visualizaron a través das ilustracións de Pablo Amargo. Recolle tamén a opinión da dinamizadora respecto a esta actividade, que salienta que se trata tan só dun gran de area para animar a ler, responsabilidade que cre sobre todo da familia e da escola.

M.B., 'Cachirulo pone en funcionamiento la primera barraca de teatro de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 setembro 2003, p. L9.

Despois de lembrar a iniciativa de Federico García Lorca de crear unha barraca coa que percorrer España representando pezas de teatro e de salientar que actualmente apenas existen iniciativas deste tipo, anuncia que Títeres Cachirulo está ultimando unha barraca coa que percorrer Galicia. Recóllense as palabras de Jorge Rey nas que destaca que será unha unidade autónoma de produción para chegar a espazos nos que non existe infraestruturas para este tipo de espectáculos. Tamén se adianta que botará a andar en febreiro de 2004 e por ser Ano Santo os espectáculos que se van levar a cabo estarán

relacionados co Camiño de Santiago. En columna a parte resáltase a novidade que supón esta modalidade tan vella de facer teatro, á vez que se adianta tamén que a compañía compostelá está en contacto cunha italiana para facer algunha produción conxunta e remátase indicando o tipo de espectáculos que acaen ben a esta infraestrutura.

M.G., 'Pretextos' para coñecer o mundo', *La Opinión*, 'Cultura', 2 febreiro 2003, p. 68.

Breve nota na que se salienta que X.M. Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez ofrecen na parte final de *O libro dos cen poemas* (2002) un caderno de actividades dirixidas a pais e mestres, no que suxiren que o poema se debe aproveitar como pretexto para a aprendizaxe do neno. Sinálase que o volume está dividido en cinco partes: "Animais", "Cancións de berce", "Mundo", "Cancións de festa" e "Nenas e nenos".

M.I., 'Contacontos, lingua e solidariedade', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 maio 2003, p. 95.

Dáse conta das actividades para nenos e maiores realizadas, baixo o epígrafe "A solidariedade en galego", pola ONG pontevedresa Amarante e a Mesa Pola Normalización Lingüística con motivo da celebración conxunta do Día das Letras Galegas e o Día Europeo do Comercio Xusto. Entre as actividades destácase a sesión de contacontos a cargo de Pavís Pavós.

M.J.R., 'Roberto desexa un can', *Diario de Ferrol*, 16 maio 2003, p. 72.

Dáse conta dalgunha das actividades realizadas pola contacontos "Carola" (Fusa Guillén) nos actos organizados polo Colexio de Educación Infantil Tirso de Molina, en colaboración coa APA do centro e de Toxos e Flores, con motivo da celebración do mes das Letras Galegas. Parafraséanse as palabras de Carola respecto á diferenza entre facer teatro e contar contos e sinálase o que é para ela esta última actividade. Finalmente, indícase que a actriz Fusa Guillén, con motivo do dezasete de maio, está visitando máis centros educativos para fomentar a lectura entre os escolares. En recadro á parte, titulado "Un mes cheo de literatura" faise un repaso ás actividades que o Tirso está realizando desde o mes de marzo con motivo das Letras Galegas e ás que aínda lle quedan por realizar.

M.L., 'La campaña de animación a la lectura 'engancha' a cien niños', *La Opinión*, 'Arteixo', 29 outubro 2003, p. 13.

Informa da nova campaña de animación á lectura levada a cabo pola Concellalía de Cultura de Arteixo, dirixida a nenos de entre tres e once anos e que pretende aproximar a lectura aos máis novos dun modo lúdico, polo que cada quince días se celebra unha sesión de contacontos a cargo da ilustradora Marisa Irimia e as compañías teatrais Matapiollos e Trinke-Trinke.

M.N., 'Pintando 'as viaxes que non queremos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 9 febreiro 2003, p. 77.

Dáse conta da clausura do IVº Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra, no que tivo lugar a creación dun conto colectivo e actos musicais, ademais das exposicións que se manterán abertas.

M.O., 'Manual de instruccións para querer a Irene', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Sinala que para a mocidade de catorce anos de idade vai dirixido o libro de Carlos Mosteiro, *Manual de instruccións para querer a Irene*, que cualifica de "fermosa novela de iniciación no amor". Resume o seu argumento e apunta que foi premiada na terceira convocatoria do Premio Abril de Narrativa para a mocidade, así como destaca que achega "unha visión positiva da adolescencia ó amosar cómo Irene pasa moi malos momentos pero é capaz de aboiar e superar as dificultades".

M.O., 'Memorias dun río', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 17, 'Infantil en galego', 12 xullo 2003, p. 7.

Apunta que as ilustracións de Fernando García dan vida ao universo creado por Antón Cortizas en *Memorias dun río*, que recrea a vida dun río construída con anacos de recordos. Resume o argumento desta obra e destaca que, nesta ocasión, a editorial Sotelo Blanco presenta unha historia de aventuras cun fondo sentimental "narrada co peculiar estilo do autor", que ten publicado máis dunha decena de títulos, entre os que se atopan *O lapis de Rosalía* ou *A bruxa sen curuxa*.

M.S., 'El Salón del Cómic quiere llegar a todos los barrios', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 31 agosto 2003, p. 11.

Recóllense os comentarios de Miguelanxo Prado sobre a sexta edición de Viñetas desde o Atlántico, que leva dirixindo dende os seus inicios. Sinala o debuxante que a última edición resultou "un éxito", aínda que se renunciara á tebeoteca e aos talleres, por razóns de espazos dispoñíbeis. Sinala que na edición do ano 2004 se tentarán paliar estes inconvenientes e fala dos proxectos a pór en marcha nesa edición, como facer talleres itinerantes. Por último, refírese ás claves de éxito das últimas convocatorias do Salón coruñés.

Mallo, Albino, 'O Salón do Cómic homenaxeará a Palacios, Breccia e Ramón Tosas', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 11 agosto 2003, p. 60.

Informa de que a sexta edición do salón do cómic da Coruña ten como temas principais o "Prestige" e a guerra de Iraq. Segundo o director deste evento, Miguelanxo Prado, isto é así porque o cómic non pode estar á marxe do que ocorre na sociedade. Así, sinala que se expoñerán traballos de máis de oitenta debuxantes españois que participaron no libro do Colectivo Chapapote, e que se renderá homenaxe a tres mestres desta arte da banda deseñada: Alberto Breccia, Hernández Palacios e Ramón Tosas.

Mallo, Albino, 'Como narrar a historia dunha páxina', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 agosto 2003, p. 46.

Resumo dos actos da xornada levados a cabo no Salón do Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico" o 14 de agosto. Dá conta da presentación de tres publicacións de banda deseñada, *Emotions*, *Freda* e *Barsowia*; das charlas impartidas por Miguelanxo Prado, explicando o seu proceso creativo; por Juan Guarnido, debuxante, e Juan Díaz Canles, guionista, a propósito da súa serie *Blacksad*, un cómic destinado ao mercado francés; da conferencia do catedrático da Universidade de Granada, Sergio García, sobre a mostra que acolle o salón, titulada Historia dunha páxina, na que se expón, gracias á colaboración de vintecatro autores de todo o mundo, a riqueza e a complexidade dos procesos creativos, técnicos e narrativos do cómic contemporáneo en Europa e América. Anuncia tamén as actividades previstas para a xornada do 15 de agosto: unha conferencia de Alberto Breccia, unha charla dos debuxantes José Luis Munuera e Santacruz co editor Joan Navarro.

Manteiga, Marcos, 'Nuevo número del cómic 'Valadouro' y VI edición del Festival de la canción', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 4 xaneiro 2003, p. 34.

Entre outros actos da comarca, dá conta da publicación do cómic *Valadouro* (2002), do mestre de Primaria Xan Ferreiro Boquete. Sinala que nesta creación se xoga cun marco xeográfico paralelo ao Concello de Ordes, que leva por nome Torpes, e que o protagonista é un mozo escéptico e pesimista con mala sorte nas súas relacións afectivas. Destaca que o de máis aceptación nesta banda deseñada é o apartado da sátira dedicada aos políticos da zona, ademais da inclusión de publicidade ficticia.

MARÉ, 'A palabra, o son e a arte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 maio 2003, p. 67.

Dáse conta das datas, lugares de celebración e participantes, así como das actividades programadas para a IVª edición do Festival Internacional da Oralidade "Huesca es un cuento", organizado polo Concello de Huesca e Multicaja. Tamén se destaca a participación de Paula Carballeira como única galega neste festival. En recadro á parte, titulado "Outras fórmulas", fálase da oralidade en Galicia, do desenvolvemento nos últimos anos dos contacontos; cítanse algúns artistas que axudaron a ese desenvolvemento e alúdese a que tamén noutros ámbitos artísticos, como a poesía, se acadou unha dimensión oral esquecida durante moitos anos.

MARÉ, 'A cebra Camila' no metro de Madrid', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xuño 2003, p. 54.

Nota na que se anuncia a inclusión dentro da campaña "Libros a la calle 2003", coa que o Gremio de Libreiros e Editores de Madrid queren achegar os libros aos cidadáns, de *A cebra Camila*, da Editorial Kalandraka. Sinálase que nesta campaña se expoñen anacos dos textos das obras seleccionadas e que o conto de Marisa Núñez e Óscar Villán será a representación galega.

MARÉ, 'O 'Prestige' en cómic', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 53.

Céntrase na sexta edición do Salón "Viñetas desde o Atlántico", celebrado no Kiosco Alfonso da cidade da Coruña entre os días 11 e 17 de agosto, destacando a presenza de "tres grandes mestres" estranxeiros da banda deseñada: Alberto Breccia, Ivá e Hernández Palacios. Indícase, así mesmo, que dous temas van estar moi presentes na mostra: o desastre do petroleiro "Prestige" e a guerra de Iraq. Por último, nun cadro á parte, refírese brevemente a celebración da XXXIIª Feira do Libro da Coruña, indicando que nela terá lugar a presentación do cuarto Premio de Literatura Infantil e Xuvenil do GALIX, coa participación de Paula Carballeira, gañadora da terceira edición.

MARÉ, 'Ver para ler', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 agosto 2003, p. 63.

Anuncia a sexta edición do Salón Viñetas desde o Atlántico, que se vai realizar no Quiosco Alfonso da Coruña. Sinala que dous acontecementos vividos este ano, a guerra de Iraq, a través dunha exposición que acollerá o Pazo Municipal sobre a guerra no cómic, e o Prestige, coa presentación dun libro feito por diferentes debuxantes, centrarán parte desta edición. Tamén apunta que no Salón se lle renderá unha homenaxe a tres mestres do cómic xa desaparecidos e cita outras actividades que se levarán a cabo como varias exposicións de autores revelación e debuxantes consagrados ou a posibilidade de ver o proceso de creación das historias. Por outra banda, anuncia o peche das Feiras de Artesanía e do Libro, que tivo como un dos grandes éxitos as distintas publicacións vinculadas co movemento Nunca Máis.

MARÉ, 'Verines réndese á Literatura infantil', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 setembro 2003, p. 54.

Sinala que os autores que participan nos XIX Encontros de Escritores e Críticos das Linguas Española celebrado en Verines (Asturias) analizan o panorama actual da literatura infantil e xuvenil e que, entre eles, están Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey ou Xabier Docampo.

Martínez, C., 'La biblioplaya acogerá distintas actividades en el mes de agosto', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 6 agosto 2003, p. 22.

Faise eco das actividades infantís organizadas pola Concellería de Turismo de Bueu, a Biblioteca Municipal, o Clube Xadrez Bueu e a Asociación Cabaliño de Mar, que teñen como obxecto a lectura e o xogo e que se celebrarán no mes de agosto na biblio-praia de Portomaior. Sinala que a súa finalidade está en fomentar o intercambio cultural nun punto de encontro onde se reúnen persoas de diferentes procedencias e cita, entre as actividades, as "Bibliolimpiadas" ou "O día da sabiduría", que se centrará na lectura e realización de debuxos por parte dos nenos.

Martínez, Cecilia, 'La Agencia de Lectura de Meiro apuesta por los niños', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 11 decembro 2003, p. 21.

A dous meses de inaugurarse a Axencia de Lectura de Meiro, apunta que xa rexistrou máis de 60 préstamos e que numerosos nenos participaron nas súas actividades relacionadas coa lectura. A seguir, refírese ao número de socios, á orixe da Axencia e aos seus fondos bibliográficos, así como se anuncia o concurso de ideas para que este novo punto de lectura conte coa súa "mascota".

Martínez, Celia, 'Xabier Docampo y Xosé Cobas visitan el IES 'Salvador Moreno', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 xuño 2003, p. 77.

Dáse conta da visita ao IES Salvador Moreno, organizada por Fina Casallerrei, do escritor Xabier Docampo e do ilustrador Xosé Cobas. A seguir, sinálanse as actividades realizadas no transcurso da visita.

Martínez, J. Luís, 'El Salón del Comic quedó inaugurado en el Auditorio Municipal de Cangas', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 22 xullo 2003, p. 18.

Dáse conta do acto de inauguración do Salón do Cómic de Cangas, no que se fai un repaso polos debuxantes que van estar presentes nesta edición, entre eles os galegos David Rubín, Miguel Porto, Miguel Robledo e Kiko da Silva. Entre as actividades salientase a dirixida aos máis pequenos, na que poderán coñecer cómo se fai un cómic e unha caricatura e o interese das exposicións, para rematar ofrecendo os nomes dos premiados no certame.

Mauleón, Amaia, 'Aventureros de papel', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 9 febreiro 2003, pp. 46-47.

Reportaxe que ten como protagonistas a un grupo de rapaces que teñen en común a súa paixón pola lectura e o feito de estaren dando os seus primeiros pasos na escritura. Comézase destacando que teñen todas as afeccións de calquera neno da súa idade pero que saben compaxinalas coa súa afección á lectura como é o caso de Sara Alonso Guntín, unha rapaza de trece anos que confesar ler a diferentes horas do día e que é unha das encargadas da biblioteca do seu colexio, na que aconsella a outros compañeiros sobre as lecturas que a ela máis lle gustaron como *Momo*, de Michael Ende. No caso de Víctor Rivas e Gabriel Pérez, dous nenos de once anos, aos que lles gustan os libros de aventuras, misterio e poesía, están escribindo as súas propias historias, nas que recrean aventuras con personaxes propios e mesmo están traballando nunha historia conxunta que ten como protagonista a crocodilos. Tamén Lola Alonso de dez anos confesa a súa afección polos libros de animais, polos contos de Andersen e polo teatro, sendo autora dunha peza que leva por título *O desastre do bebé*, que representou coas súas amigas. Tamén as irmás Rocío e Aiala Suso Gil, de trece e doce anos respectivamente, dedican boa parte do seu tempo á lectura e escritura, a primeira de poesía e a segunda de narrativa. Declaran que se teñen presentado a numerosos premios, acadando algún deles, e entre os seus últimos títulos cítanse os poemas "O arco da vella" e "O solioño de Malibú", e as narracións "Memorias dunha lentella" e "Un anaco de Leticia". Por último, céntrase en Carla Covelo, unha moza de trece anos moi afeccionada á poesía, alumna de Antonio García Teijeiro, ao que toma como exemplo e soña con ser profesora e publicar algún libro coma el. Destácase a presenza da poesía entre este lectorado, tanto como lectura coma creación e augúrase que quizá algún día estean

asinando exemplares das súas obras a outros nenos que descubran coma eles "la respiración de las palabras".

Mauleón, Amaia, 'Una playa inundada de letras', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 6 agosto 2003, p. 41.

Sinala o interese que esperta a iniciativa levada a cabo pola Casa das palabras "Verbum" baixo o epígrafe "Na praia, un libro" que se leva a cabo este verán na praia viguesa de Samil. Puntualiza que con esta novidosa actividade se tenta fomentar a lectura, sobre todo, nun público receptor de idade máis curta. Di que a citada "biblioteca" situada na mesma praia, ten un amplo horario que permite que os bañistas se acerquen na procura dun libro antes de baixar aos areais.

Mirás, Nacho, 'El dibujante Abraldes exporta su talento al cómic americano', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 17 xuño 2003, p. L10.

Dáse conta da petición por parte da editorial estadounidense Summoners Tribe a Juan Carlos Abraldes de varias páxinas de proba para un *cómic book* ao estilo americano. A continuación, reproducense algunhas das opinións do debuxante santiagués a respecto da importancia de traballar nos Estados Unidos, cítanse outros ilustradores que con anterioridade a el se fixeron un oco alén mar e destácase a importancia das novas tecnoloxías á hora de traballar desde a casa para lugares de fóra de Galicia. Finalmente, dáse conta da próxima inauguración no pub Pepa A Loba dunha exposición cos traballos deste santiagués publicados en *La Voz de Galicia*.

N.V., 'Ánxela Loureiro debuta no cine cun guión próximo á súa literatura', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 17 xuño 2003, p. 13.

Parafraséanse as palabras da ferrolá Ánxela Loureiro quen sinala algunhas das claves que puideron engaiolar á productora Lúa Films para escoller o seu guión para a primeira longametraxe galega de animación, con bonecos de plastilina, que ten como nome provisional o de Pica Pica Circus. Así mesmo, ofrécese moi superficialmente o argumento do guión e sinálase que aínda está en proceso de elaboración. Dáse conta tamén da posible tradución a outras linguas e das persoas que dirixirán a película. Finalmente, indícase que Pica Pica Circus contará con elementos galegos que nos identifiquen como tales.

Neira, Claudia, 'Céntame un conto...', *La Opinión*, 'De verano', 5 agosto 2003, p. IV.

A raíz da celebración da Feira do Libro da Coruña, fala dos recordos que temos dos contos que nos relataban de pequenos e sinala que hoxendía os nenos e pais dispoñen dunha maior variedade de libros con historias de todo tipo que facilitan a tarefa de ter que inventar unha historia diferente cada noite. Destaca a presenza da editorial pontevedresa Kalandraka na Feira e apunta que as ilustracións e a orixinalidade son dous elementos que se teñen moito en conta á hora de escoller un libro de contos para nenos. Tamén recolle os comentarios dalgúns dos asistentes á Feira do Libro.

Neira, Claudia, 'Cando che publican só te preocupas de traballar e cobrar', *La Opinión*, 'De verano', 15 agosto 2003, pp. IV-V.

Conversa cos autores do cómic *Freda*, editado a finais de 2002, obra do guionista Kike Benlloch e do debuxante Alberto Vázquez, que se define como unha historia de amor ambientada na emigración galega que naceu como froito dunha bolsa do INJUVE e que se realizou no prazo de dez meses. Sinalan que a súa colaboración naceu a partir da amizade e que a principal dificultade foi a de se comunicar por Internet, xa que Alberto Vázquez reside en Valencia, onde estudia Belas Artes, e Kike traballa en Santiago. Comentan tamén que non contan con publicar *Freda* en galego pola falta de interese editorial, a pesar de que o seu traballo trate o tema da emigración. Con respecto ao estilo do debuxo, Alberto Vázquez sinala que intentou aproximarse ao punto de vista do neno protagonista e reflectir o matiz evocador de lembranzas ou pensamentos dende perspectivas imaxinarias, co fin de que o debuxo se adaptase á historia. A propósito da situación da banda deseñada en España cren que hai poucas editoriais, poucas vendas e pouco público, ademais de falta de interese por parte das institucións públicas, xa que o recurso á autoedición "é moi pesado".

Nicolás, Ramón, 'Gracias a Winn-Dixie', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 3, 29 marzo 2003, p. 7.

Ramón Nicolás resume o argumento desta obra e amosa a súa sorpresa porque se tivese feito esta tradución destinada aos primeiros lectores, xa que a obra amosa "unha visión dura e incómoda do mundo", ben afastada do común de obras que, segundo o autor, tenden a edulcorar a realidade.

Palmou, Ángel, 'Fina Casallerrey', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 38, 'O saqueo', 6 decembro 2003, p. 13.

Nesta aproximación á figura de Fina Casallerrey, apunta algún dos seus logros como escritora e cociñeira, ademais de referirse ao seu labor como mestra, que dedica o seu tempo libre a inventar historias coas que intenta espertar a imaxinación dos máis pequenos. Sinala que a escritora de Xeve se sente recompensada polos centos de cartas escritas por moitos dos seus lectores e que son unha mostra do seu gusto por gardar pequenas cousas de gran significado a súa colección de elefantes de cerámica ou de pedras que lle serven para revivir algúns dos lugares que ten visitado.

Pereiro, X.M., 'Viñetas desde el Atlántico con chapapote', *El País*, 'Cultura y espectáculos', 11 agosto 2003, p. 25.

Fai un percorrido polas diversas obras e autores que estarán presentes no sexto Salón do Cómic que este ano se presenta baixo o epígrafe "Viñetas desde el Atlántico" que se está a celebrar na cidade de A Coruña. Destaca de entre os artistas presentes a Hernández Palacios, a quen define como un debuxante realista e épico e a Ramón Tosas, Ivá, como un autor que soubo reflectir con moito tino a faceta vitriólica da realidade en "*Historias de la*

puta mili" e *"Makinavaja"*. Acaba dicindo que este ano, todos estes actos se ven complementados con diversas exposicións dedicadas á Guerra de Iraq e ao tema do Prestige.

Pillado, Neli, 'Artistas del futuro', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 2 febreiro 2003, p. 15.

Noticia centrada na actividade que se desenvolve na Escola de Teatro de Soutomaior con nenos de entre catro e doce anos. Sinálase que esta actividade se leva a cabo na Casa de Cultura de Arcade, na que os nenos practican bailes, xogos no escenario, exercicios de expresión corporal ou a lectura de contos. Recóllense as declaracións da monitora, Andrea Bayer, que destaca que aínda que non se dan conta vanse concienciando para actuar. Do mesmo xeito, tamén se recollen as declaracións de satisfacción dos propios rapaces participantes e remátase sinalando que están a preparar a posta en escena dun conto fantástico para finais de curso.

Pino, Concha, 'A divulgación e o ensaio acaparan a maior atención no Salón do Libro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 14 marzo 2003, p. L9.

Dá conta de que o Salón do Libro de Santiago, adiantado ao mes de marzo nesta ocasión, superou nos primeiros días as vendas do ano pasado. Destaca que na tarde do 13 de marzo os protagonistas foron os rapaces e a presentación do número trece da revista *Animal*, publicación que se describe brevemente e da que se anuncia que sacará a partir de agora tres números ao ano en vez de dous. Ademais, destaca en columna á parte a presentación do primeiro libro para nenos de Xerardo Quintiá, *A verdadeira historia do burro Feldespato* (2002), obra da que salienta a boa acollida que está a ter.

Pita Parada, Rocío, 'Las bibliotecas de A Solaina y A Gándara albergarán ludotecas', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 22 outubro 2003, p. 19.

A través da reprodución de certos comentarios do Concelleiro de Bibliotecas de Narón, Ángel Teijeiro, anúnciase a intención de converter as bibliotecas da Solaina e A Gándara en ludotecas destinadas a nenos entre tres e doce anos, así como destácase a creación dunha nova biblioteca que se situará entre O Ponto e Xuvia e a busca dun maior equilibrio entre a zona urbana e rural na distribución de servicios bibliotecarios. Por outra parte, explícase o que é unha ludoteca e alúdese ás deficiencias que presenta a biblioteca do Alto do Castiñeiro, ademais de sinalarse que para o mes de novembro se retoman as actividades de animación á lectura como son "Almorzos con contos" e as "Maletas viaxeiras".

Quián, Alberto, 'Os nenos tiran do carro das editoriais galegas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 2 abril 2003, p. 44.

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil dá conta das reflexións de distintos responsábeis de editoriais galegas como Galaxia, Xerais, Ir Indo e Kalandraka, sobre o sector da literatura infantil e xuvenil. En xeral todos coinciden en

sinalar o bo momento polo que atravesa este tipo de literatura en Galicia a pesar da baixada do número de lectores nos últimos anos. Segundo Manuel Bragado, proba deste bo momento é a cantidade e calidade de premios que reciben as obras galegas. Ademais destaca que todas as editoriais galegas poñen á editorial Kalandraka, que festexa o seu quinto aniversario, como exemplo do pulo que experimentou a literatura infantil e xuvenil galega. Por último dá conta das novidades destas editoriais subliñando que Kalandraka presenta unha nova colección en portugués, "Livros para sonhar", así como novas obras traducidas ao galego, que Xerais iniciará unha colección de contos clásicos da literatura universal, que Ir Indo traduce obras de R. Scott Fitzgerald e de R. Kipling dentro da súa colección de "Clásicos", e que Galaxia ten como punto álxido a reedición de *O Principiño*.

Quián, Alberto, 'Una 'medicina' infantil llamada libro', *Faro de Vigo*, 3 abril 2003, p. 80.

Recolle diversas vivencias e anécdotas acontecidas na escola do Hospital Xeral de Vigo cando escritores e ilustradores de libros infantís e xuvenís visitaron aos pacientes máis novos. Inclúe as declaracións de Antonio García Teijeiro e de Fina Casalderrey con motivo deste evento, así como o fomento da lectura que ambos realizaron no centro hospitalario.

Quián, Alberto, 'Deixade que os nenos se acheguen á poesía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 maio 2003, p. 43.

Dáse conta dalgún dos xogos poéticos realizados polos rapaces de Segundo de Primaria do Colexio Compañía de María no taller, "Achegamento á poesía", impartido por Antonio García Teijeiro e realizado no salón de ámbito cultural de El Corte Inglés de Vigo.

Quián, Alberto, 'O Principiño' ensina a falar en galego', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 16 maio 2003, p. 42.

Dáse conta das actividades realizadas en Vigo, dentro do programa "¿Xogas? En galego podemos" do Servicio de Normalización do Concello, en conmemoración dos vinte e cinco anos da tradución ao galego de *O Principiño* por Carlos Casares. Así mesmo, na parte inferior da noticia reproducense as palabras de dous rapaces participantes nunha das actividades organizadas, concretamente no obradoiro de pintura, respecto a *O Principiño* e outros temas.

R.G., 'O papamerliños', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 'D Libros', 1 febreiro 2003, p. 11.

Comentario de *A merliña* (2002), adaptación dun conto popular feita por Antonio Rubio. Sinálase que é un libro dirixido aos primeiros lectores, no que destaca as colaxes do ilustrador Isidro Ferrer, nas que xoga cunha base de papel e os debuxos a lapis. Destácase tamén o xogo tipográfico que converte as palabras en ilustracións e dá conta da dedicatoria na que o autor fai constar quen lle regalara este conto de transmisión oral.

Rodríguez, Adrián, 'Una marea de cuentos para Sanxenxo', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 febreiro 2003, p. 83.

Expón cales serán as actividades que se levarán a cabo no mes de marzo no concello de Sanxenxo, e que farán deste un mes literario. Destaca que haberá unha exposición dos obxectos e personaxes máis habituais nos contos ambientados no mar, maratón de contos para os maiores, contacontos profesionais, combinación de contos e cancións ou unha feira monotemática sobre o mundo do libro do conto, que fará perderse nun mundo de fantasía.

Rodríguez, Adrián, 'De viaxe no tren dos contos perdidos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 7 marzo 2003, p. 75.

Dá conta de que alumnos do colexio de Dorrón fixeron unha viaxe de ida e volta de Pontevedra a Vigo en tren. Sinala que esta é unha actividade para entreter aos alumnos ao mesmo tempo que aprenden e se relacionan cos seus compañeiros. Destaca que en xeral todos os nenos se divertiron moito cos pallasos, que lles contaron un conto e lles repartiron regalos.

Rodríguez, Salvador, 'Titiriteros. El arte de lo invisible', *Faro de Vigo*, 'Reportaje', 16 febreiro 2003, pp. 1-4.

Achega á ampla actividade dos titiriteiros en Galicia a través das declaracións de integrantes dalgunhas das compañías máis coñecidas da escena galega. Comeza coas palabras de Eduardo Rodríguez, "Tatán", da compañía Tanxarina, quen sinala que un boneco nunca se tira, segue coa situación deste colectivo, considerado "hermano pequeño y pobre" do teatro, os cambios sufridos nos últimos anos e a importancia de festivais como os de Redondela, Pontevedra, Santiago, Lugo e Lalín. Segundo Anxo García, de Viravolta, o concepto superior é o de espectáculo, dentro do que existen diferentes ramas, que para Tatán se concretiza no feito de que o titiriteiro é sobre todo un actor que emprega un instrumento para transmitir emocións. A seguir, repasa a traxectoria de Tanxarina e Viravolta, iniciadas en Redondela nos anos setenta e en Lalín nos oitenta, respectivamente. En canto ao público, explican a diferenza entre os espectáculos dirixidos a nenos e adultos, que no caso de Viravolta solucionaron creando dúas compañías paralelas: Viravolta para os espectáculos dirixidos ao público infantil e Seisdedos para o adulto, aínda que por veces levan sorpresas, mentres que Tanxarina, segundo indica Rosa Hurtado, fan espectáculos dirixidos principalmente ao público infantil. Finalmente, abórdase a cuestión dos variados modelos de monicreques, da súa reutilización duns espectáculos noutros ou da súa cesión á Casa dos Títeres de Lalín. En recadro á parte sinálase que a experiencia dos entrevistados é que o titiriteiro se forma de xeito autodidacta na rúa, aínda que asisten a cursos impartidos por xente de fóra e critican a falta de bibliografía específica, así como dunha academia de teatro en Galicia. Tamén se lle dedica un apartado á figura de Barriga Verde, repasando a súa traxectoria e a pegada que deixou no teatro de monicreques en Galicia.

Rodríguez, X.M., 'Ourense fiel al cómic', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 3 outubro 2003, p. 2.

Anuncia a participación nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense dos autores invitados, o danés Teddy Kristiansen e o español Bernardo Bergara, e dos galegos Alberto

Vázquez e Kike Belloch, que darán a coñecer o seu álbum *Frēda*, así como a presentación de *A prueba de balas*, de Emma Ríos, *H2OIL*, do colectivo Chapapote e as revistas *Barsowia* e *BD Banda 4*. Por outra parte, sinala que no acto de apertura das Xornadas se entregaron os premios do Certame Galego de Imaxe Artística no seu apartado de BD, recaendo o primeiro premio no apartado A (de 23 a 30 anos) en Alejandro Viñuela, "Jano", pola súa historia *Laika* e no apartado B (de 19 a 22 anos) en Jaime Eizaguirre por *Ferretería O Desparafusador*. Tamén comenta que o Premio Ourense de BD, que o ano pasado foi para a revista *Golfiño*, concedéuselle nesta convocatoria a Pepe Carreiro en recoñecemento da súa carreira profesional e as moitas iniciativas levadas a cabo no mundo da banda deseñada de Galicia.

S.A., 'Viñetas gallegas con acento independente', *La Opinión*, 'Saberes', nº 31, 'Tebeos', 15 novembro 2003, p. 16.

Achega á obra de Fernando Iglesias, guionista dalgunha das súas historias gráficas, aínda que colabora habitualmente con Carlos Portela no aspecto narrativo. Comenta que é un debuxante "inclasificable" por saltar dun estilo a outro sen aparentes escalas intermedias, aínda que non é difícil rastrexar na súa obra a influencia de mestres europeos, americanos e dos grandes do manga no trazo de personaxes e desenvolvemento das viñetas. Refírese á serie *Gorka*, que elaborou xunto con Portela e Sergi San Julián, e recolle algunha das opinións do debuxante de Vilagarcía, quen considera que é máis fácil dar "rienda suelta a la libertad creativa" en España ca en Francia ou Estados Unidos e para quen en Galicia hai unha nova xeración que vén pisando forte, aínda que non pode "aflorar definitivamente" porque non existen opcións laborais para o seu talento e non hai unión entre os autores. Sinala que Iglesias é un "veterano" do tebeo en Galicia e que colaborou na revista *Frente Comixario*, así como na prensa diaria coa súas viñetas baixo o pseudónimo de "Orballo". Tamén apunta que está á espera da revisión e reedición dunha das súas series máis coñecidas, *Impresiones de la isla*, coa que foi galardoado como autor revelación no Saló del Cómec de Barcelona.

S.P., 'Un millar de nenos participarán nun programa de animación á lectura', *La Opinión*, 'Narón', 14 febreiro 2003, p. 27.

Describe a campaña de animación á lectura incluída dentro do programa anual do concello de Narón denominado "Recursos de apoio á escola". Expón que esta campaña se leva a cabo durante o mes de marzo e que se basea en tres instrumentos didácticos: identificación de obxectos, descubrimento de libros e dramatización da historia "A cova dos libros". Por último indica que este concello ofrece este servizo dende 1991 e faise eco das palabras da súa concelleira de cultura.

S.P., 'Libros para niños y mayores', *La Opinión*, 'Narón', 4 xuño 2003, p. 20.

Faise balance das diferentes actividades levadas a cabo polo Departamento de Bibliotecas do Concellode Narón, dirixido por Flora Casal, en relación coa animación á lectura. Dáse conta da evolución de "Almorzos con contos" ou do programa de bibliotecas itinerantes e alúdese a outras ctividades realizadas como o maratón de lectura organizado con motivo

das Letras Galegas, o curso de mitos e lendas , o proxecto para trasladar a biblioteca A Solaina a un novo centro e a inauguración do novo edificio de O Alto.

Saa, Maite, 'Se las saben todas', *Atlántico Diario*, 'Atlántico Verano', 20 agosto 2003, p. 31.

Presenta o "Bibliocampamento de verán 2003", que organiza a Biblioteca Central de Vigo e pon en marcha diferentes actividades relacionadas coa lectura, os contos ou as manualidades. Tamén recolle certos comentarios da bibliotecaria Estrella Omil, quen explica que con estas actividades se perseguen distintos obxectivos, como fomentar a interacción entre os nenos e estimular a súa imaxinación, ademais de animalos a ler comprendendo.

Sierra, María, 'El Salón del Cómic se alimenta de las críticas al 'Prestige' y la guerra', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 11 xuño 2003, p. 21.

Infórmase dos temas que protagonizarán a VI^a edición do Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", así como dos días e lugares nos que se celebrará. Anúnciase a presenza de Juanjo Guarnido, Juan Díaz Canales e Manel Fontdevila e fálase das súas obras máis importantes. Tamén se anuncia a presentación dun álbum editado polo Colectivo Chapapote. Baixo o epígrafe "Una cita que reucera su carácter mundial" compárase a pasada edición do Salón do Cómic con esta sexta edición e sinálanse as semellanzas e diferencias entre unha e outra.

Sierra, María, 'Un mundo de bocadillos parlantes', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 18 xuño 2003, p. 17.

Comeza informando da oferta de establecementos existentes na Coruña que responden á demanda dos lectores de cómic e, a seguir, reproducése a opinión dos comerciantes encargados deses establecementos respecto ao público interesado no cómic e ao seu gusto. No recadro titulado "Demandan un salón con más caras nuevas" reproducense algunhas das críticas, positivas e negativas, dos comerciantes deses establecementos coruñeses dedicados ao cómic ao Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico".

Suárez, Iria, 'El Kiosco Alfonso muestra 10 años de ilustración de Miguelanxo Prado ', *La Opinión*, 'Cultura', 20 decembro 2003, p. 58.

Faise eco da inauguración da exposición, que acolle o Kiosko Alfonso da Coruña e que repasa os últimos dez anos da obra de Miguel Anxo Prado, baixo o título de "Miguelanxo Prado: 1993-2003". Sinala que na exposición se poden ver unhas 390 imaxes do artista, que abordan todas as actividades levadas a cabo polo debuxante coruñés, dende as súas viñetas ata os debuxos e guións realizados para o cine e a televisión, sen esquecer a súa relación coa literatura infantil. Tamén recolle parte das declaracións feitas polo alcalde da cidade herculina, Francisco Vázquez, polo comisario da mostra, Ángel de la Calle, e o mesmo Prado, que indicou que esta exposición é unha forma de agradecerlles aos seus amigos o apoio que lle brindaron durante 20 anos de carreira e que para el o máis importante é o seu traballo. Por outra parte, anuncia que os debuxos da exposición aparecerán nun catálogo de

máis de 300 páxinas en color.

T.R., 'O galego, eúscaro e catalán entran no SOL', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 maio 2003, p. 53.

Infórmase da rolda de prensa celebrada en Madrid por Antonio Basanta na que o director xeral da Fundación Germán Sánchez Ruipérez comentou e avaliou o Servicio de Orientación de Lectura (SOL) de libros infantís e xuvenís. Dáse conta da orixe e desenvolvemento de SOL e infórmase da creación de tres desenvolvementos lingüísticos (catalán, éuscaro e galego) dentro deste Servicio de Orientación de Lectura. Tamén se fala de novos proxectos. Finalmente, alúdese aos obxectos cos que naceu SOL e aos tipos de usuarios e visitas que recibe.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 outubro 2003, p. 67.

Faise eco do anuncio de que o Centro Dramático Galego prepara a adaptación de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, dirixida polo portugués José Caldas, con motivo da celebración do seu vixésimo aniversario. Destaca que é a primeira peza dirixida a un público infantil que leva a cabo o CDG e considera un acerto a recuperación deste texto, gañador do Premio de Teatro Infantil o Facho 1973, así como a homenaxe que se lle fai ao seu autor. Remata lembrando que o propio autor recoñecía a súa incursión nas letras infantís motivada pola falla de textos cos que levar o galego ás escolas.

Valcárcel, Marcos, 'Casares, tamén precursor', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 16 outubro 2003, p. 64.

Anuncia que con motivo da celebración do vixésimo aniversario da fundación do Centro Dramático Galego se vai preparar a adaptación de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, dirixida polo portugués José Caldas. Loas o acerto de recuperar esta peza e ao seu autor, do que lembra que foi un precursor con outras obras como *A galiña azul* (1968) ou a tradución de *O principíño* (1972), de Antoine de Saint-Exupéry. Remata lembrando que o propio autor recoñecía a súa incursión nas letras infantís pola falla de textos cos que iniciar aos escolares do momento.

Varela, L., 'Música, lectura, deporte y teatro completarán la oferta escolar', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 1 outubro 2003, p. 20.

Faise eco das diferentes activades que a Concellalía de Educación do Grove porá en práctica para o curso escolar e que foron recollidas da Comisión Pedagóxica integrada no Consello Escolar Municipal. Entre elas, cita a realización dun maratón de teatro escolar intercentros, a dotación de aulas de teatro aos colexios, a visita dos escolares á biblioteca, os encontros con autores e as xornadas de contacontos.

Varela, María, 'A hora do conto', *Diario de Pontevedra*, 'Minidiario de Pontevedra', 26 xaneiro 2003, p. 2.

Páxina dedicada á actividade "A hora do conto" que se desenvolve semanalmente no Teatro

Principal de Pontevedra da man de Pavís Pavos. A través do personaxe dun sombreiro de mago vaise describindo o desenvolvemento desta iniciativa. Sinálase que a idade dos escolares aos que vai dirixida é de tres a doce anos, que os membros do grupo que a levan a cabo son Tareixa Alonso, Dolores Hermida e Xurxo Cortázar, que a sesión comeza con contos para todos e logo pasa a actividades adecuadas ás diferentes idades, que agora se están a centrar na versión de terror do conto *A ratiña presumida* que levan a cabo os rapaces máis vellos e a preparación dun boneco de neve entre os máis pequenos. En columna á parte e baixo o epígrafe de "Un conto para o inverno" reproducése o conto elaborado polo grupo de rapaces que participaron na "Hora do conto" do día 18 de xaneiro e no que se narran as aventuras dun boneco de neve na súa busca de amigos ata que atopa a unha boneca de neve da que se namora e coa que casa.

Vázquez, Doda, 'Alumnos en construcción', *La Opinión*, 'A Coruña', 3 abril 2003, p. 24.

Ademais doutras novas non relacionadas coa literatura, informa Doda Vázquez da celebración da semana da literatura infantil e xuvenil en El Corte Inglés. Salienta que o homenaxeado fose Hans Christian Andersen e destaca a escenificación dun dos seus contos máis coñecidos.

Vázquez, Doda, 'Vuelta al cole', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 13 xuño 2003, p. 12.

Ademais doutras noticias de interese cultural para A Coruña, infórmase da presenza de Xabier P. Docampo en El Corte Inglés para a sinatura da súa última novela, *A casa da luz*. Indícase algunha das características da novela e sinálase a Xosé Cobas como o seu ilustrador. Tamén se anuncia a presenza ao día seguinte no mesmo centro comercial de Xoán Babarro e Ana María Fernández.

Vázquez, Doda, 'Historietas sobre guerra y chapapote', *La Opinión*, 'La Opinión de verano', 7 agosto 2003, p. VII.

Comenta que durante a celebración por sexto ano consecutivo do Salón do Cómic "Viñetas dende o Atlántico" se lle rendirá unha homenaxe ás fazañas do incríbel Hulk, personaxe creado por Marvel, ademais de prestarlle atención a temas tan actuais como a guerra de Irak ou o accidente do Prestige. Destaca ademais as mostras antolóxicas que Breccia, Hernández Palacios e Ivá, debuxantes e creadores de cómics, terán expostas en dito Salón.

Véloso, Estela, 'Los libros también van a la playa', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 11 agosto 2003, p. 14.

Apunta que o Concello de Cangas organiza outro verán máis as "bibliopraias". Nesta ocasión situadas nas praias de Rodeira, Nerga, Menduiña e Area Brava. Salienta que con este proxecto a Consellería de Turismo pretende achegar a cultura ao público en xeral e aos máis cativos en particular mediante libros, xornais e internet. Destaca que entre os máis novos os libros que "arrasan" son os da colección "Os Bolechas" do escritor e ilustrador Pepe Carreiro.

Vidal, Lolita, 'Una narración muy especial', *La Voz de Galicia*, 'Barbanza-Muros-Noia', 3 abril 2003, p. L15.

Entre outras noticias, informa de que escolares de Boiro asistiron a unha sesión de contacontos protagonizada por tres veciñas da localidade, unha actividade coa que se busca "educar en valores como la amistad o la solidaridad".

Villar, Carmen, 'Un gallego ilustra una edición especial de 'El gato con botas'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 27 novembro 2003, p. 47.

Faise eco da participación do ilustrador galego Xan López Domínguez na edición que Edebé vén de publicar do conto de Charles Perrault *O gato con botas*. Sinala que un detalle como o feito de que o gato protagonista non teña pescozo lle levou moito tempo ao ilustrador deste conto que presenta características peculiares como ser o único de *Contes de ma mère l'Oye* que comeza con "Era unha vez" ou que lle propiciou a Perrault a acusación en 1697 de corrupción da xuventude. Remata salientando o cariño que López Domínguez ten polos clásicos e a vantaxe de que a Disney non fixera ningunha versión deste conto que condicione o traballo dos debuxantes.

Villar, Carmen, 'El Principito' cumple 60 años con buena salud', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 340, 'Literatura', 29 novembro 2003, p. 2.

Fai certos comentarios sobre *O principito*, de Saint-Exupéry, que é o terceiro libro máis traducido do mundo trala Biblia e *El capital*, de Karl Marx e que é posto por pedagogos de todo o mundo como "un compendio de humanismo, bondad, entereza, solidariedade, tenacidade, compañerismo y entusiasmo por el que conocimiento". Tamén achega certos datos sobre a biografía do seu autor e apunta que foi un dos favoritos de Carlos Casares, que colleccionou as súas edicións en vida.

Viña, María L., 'Ilustrazos', *El Progreso*, 'Gente', 'Reportaje', 4 maio 2003, pp. 6-7.

Reportaxe dedicada ao mundo da ilustración en Galicia que comeza cunha introducción na que se salienta a alta cualificación dos ilustradores galegos, así como as dificultades polas que atravesan estes creadores ao ser considerado o seu como "un arte menor". A seguir recóllense fotografías e traballos dos seguintes autores: Noemí López, Diego Blanco, Xan López Domínguez, Santiago Gutiérrez, Alberto Guitián e Barcala. De cada un deles ofrécese unha breve panorámica biográfica e profesional, así como as declaracións nas que explican a problemática específica da ilustración galega.

X.M.R., 'Teddy Kristiansen y Vergara están hoy en las Xornadas de Banda Deseñada', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 outubro 2003, p. 47.

Anuncia a participación nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense dos autores invitados, o danés Teddy Kristiansen e o español Bernardo Bergara, e dos galegos Alberto Vázquez e Kike Belloch, que darán a coñecer o seu álbum *Frëda*, así como a presentación de *A prueba de balas*, de Emma Ríos, *H2OIL*, do colectivo Chapapote e as revistas

Barsowia e *BD Banda 4*. Por outra parte, sinala que no acto de apertura das Xornadas se entregaron os premios do Certame Galego de Imaxe Artística no seu apartado de BD, recaendo o primeiro premio no apartado A (de 23 a 30 anos) en Alejandro Viñuela, "Jano", pola súa historia *Laika* e no apartado B (de 19 a 22 anos) en Jaime Eizaguirre por *Ferretería O Desparafusador*. Tamén comenta que o Premio Ourense de BD, que o ano pasado foi para a revista *Golfinho*, concedéuselle nesta convocatoria a Pepe Carreiro en recoñecemento da súa carreira profesional e as moitas iniciativas levadas a cabo no mundo da banda deseñada de Galicia.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Asociación Xuvenil Os Estraloxos, *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*, Pantón-Ourense: Asociación Xuvenil Os Estraloxos, □, 2003, 509 pp. (ISBN: 84-8064-128-2) .

Logo da primeira publicación realizada hai catro anos pola Asociación Xuvenil Cultural Os Estraloxos na que eran compiladas cantigas e refráns da Ribeira Sacra á que seguiu a dedicada a lendas e tradicións en 2001, publícase nesta ocasión este terceiro libro centrado nas *Cántigas, ditos e alcumes... da Ribeira Sacra*. Na súa presentación, o Alcalde de Pantón amosa un especial interese cara estas coleccións nas que é plasmado o saber popular por contribuír á permanencia das peculiaridades dos pobos "loitando para non desaparecer nun modelo único de sociedade". Dita presentación vese acompañada por unha introdución realizada polos propios autores na que comentan o procedemento de compilación, os precedentes deste libro e manifestan os agradecementos oportunos. A súa estrutura vese subdividida en seis grandes partes: "Cántigas da Ribeira Sacra", "Refráns da Ribeira Sacra", "Ditos populares", "Alcumes, motes, nomeadas de persoas e casas", "Adiviñanzas e Coplas dos cegos". Ao mesmo tempo, dentro de cada unha destas partes, fanse diversos agrupamentos en función da temática que lles corresponda. Así, pódense ler, entre outras moitas, cantigas de amores, de homes, de mulleres ou de curas, refráns de oficios, profesións ou diñeiro ou coplas de cegos nas que se reflicten historias de amor, regueifas, oracións relixiosas ou cantos de Reis. Todo o texto vese continuamente acompañado por imaxes das máis diversas paisaxes da bisbarra, acontecementos ou "personaxes".

Referencias varias:

- Aurora Otero, 'Las cantigas de la Ribeira Sacra en otro libro de 'Os Estraloxos', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 22 xullo 2003, p. 23.

Dá conta da presentación do libro no que, aproveitando a celebración do festival cultural levado a cabo no concello de Pantón, a Asociación Xuvenil Cultural "Os Estraloxos" compila cantigas, ditos, alcumes e adiviñanzas empregados na Ribeira Sacra. Neste artigo incídese na importancia que ten o recoller por escrito o que é propio da transmisión oral e da "cultura popular".

Hermida, Carme, *Polo mar abaixo vai... Cantigas populares sobre o mar*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, xuño 2003, col. Plural, 177 pp. (ISBN: 84-87783-75-9) .

Libro que contén setecentas oitenta cantigas que xiran ao redor do mar, presentándoo como un eixe temático ou como unha forma de ambientación. No limiar, Carme Hermida sinala que a obra é unha "homenaxe a todas as persoas que viven de, para, por e onda o mar por escribiren unha das páxinas épicas máis fermosas da historia europea", a loita contra a marea negra. Os textos presentados foron recollidos en publicacións dunha orixe moi variada, todas elas citadas no apartado bibliográfico que pecha a recompilación. Para a conformación do volume, a autora recolleu calquera texto que falase do mar, procedese da costa ou do interior, coa condición de que a lingua de expresión fose sempre o galego. A única excepción, pola súa orixinalidade, é a dun romance en castelán que narra unha pelexa no mar entre irmáns. As composicións foron clasificadas tendo en conta dous criterios distintos: o criterio formal serve para distinguir os textos narrativos das coplas e dos cantos enumerativos ou recitativos; o criterio temático separa as coplas en función do aspecto marítimo do que se fale no seu interior. A autora pretende completar o cancioneiro galego do mar grazas á colaboración dos lectores, que poden enviar os textos aos enderezos electrónicos da editorial (positivas@edicionspositivas.com) ou da autora (ilgcarme@usc.es). Os datos recompilados colocaranse nunha sección da páxina web da editorial www.edicionspositivas.com .

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Cantigas populares sobre o mar...', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 323, 'Libros', 2 agosto 2003, p. 2.

Informa da publicación desta obra, centrándose na exposición do proceso de conformación do libro, especialmente no relativo á procedencia das composicións e aos criterios de selección. Explica a organización da recompilación e as normas seguidas pola autora para clasificar os textos.

- Xosé Feixó, '...E espera pola maré', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Libros', 9 outubro 2003, p. IV.

Destaca as circunstancias que motivaron a publicación do libro, visto, segundo o propósito exposto por Carme Hermida, como unha homenaxe ao mundo do mar despois do desastre ecolóxico provocado polo Prestige. Ademais, presenta a recompilación como unha maneira de conectar o lector coa historia e a tradición galegas.

- M. Quintáns S., 'Edicións Positivas, unha catapulta editorial galega', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 9 novembro 2003, p. 4.

Eloxia o labor da editorial Edicións Positivas na promoción de novos autores e perspectivas innovadoras no ámbito da cultura galega. No referente á obra, considera que o criterio de

selección permite a inclusión de textos fóra do que a autora ofrece como "cantigas populares sobre o mar".

Referencias varias:

- B.L., 'Mata-la rabia mar abaixo', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Verán', 22 xullo 2003, p. 58.

Ademais de resumir a traxectoria da autora, incide nos obxectivos perseguidos por Carme Hermida coa publicación do libro, isto é, homenaxear á xente do mar e denunciar a situación derivada da marea negra. A busca da colaboración do lectorado a través do correo electrónico aparece, así mesmo, como unha das novidades do libro.

Soto Arias, M^a do Rosario, *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ♦, 2003, col. Cadernos de Fraseoloxía Galega, nº 3, (ISBN col: 84-453-2769-0), 347 pp. (ISBN: 84-453-3654-1) .

Esta nova entrega dos "Cadernos de fraseoloxía", que periodicamente publica o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela baixo a dirección do profesor Xesús Ferro Ruibal, é unha contribución de materiais para un posíbel diccionario paremiolóxico galego-castelán e castelán-galego. Tal e como se nos explica no limiar, para este traballo empregáronse, basicamente, os repertorios xa publicados ao longo de moitos anos por diversos autores, cuxos títulos figuran no correspondente apartado bibliográfico. Non obstante, tamén se tirou proveito de recolleitas alicerzadas no uso oral. Preténdese, ademais, realizar non tanto un exercicio de "tradución de paremias" coma unha ampla listaxe de correspondencias semánticas entre refráns que existen, funcionan e están rexistrados como tales nas dúas linguas implicadas. Advírtese, así mesmo, nestas páxinas preliminares, do "carácter ecléctico" dos materiais, xa que conviven neles refráns en sentido estrito xunto con outras formas como as máximas filosóficas, recitativos populares, fórmulas de peche de contos folclóricos, etc. Feitas estas aclaracións, o groso do volume contén xa os mencionados repertorios, que se presentan alfabeticamente e clasificados en dous grandes grupos: as "Achegas a un diccionario de refráns galego-castelán", por unha banda, e as "Achegas a un diccionario de refráns castelán-galego", pola outra.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Do noso refraneiro', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 11 decembro 2003, p. 69.

Dá noticia da publicación dos tres últimos números dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro e salienta a relevancia do refraneiro galego para a nosa lingua. Así mesmo, apunta brevemente o título e algunha característica do contido destas publicacións. Sinala que no número tres, *Achegas a un diccionario de refráns* de Rosario Soto, se recollen miles de entradas en galego e castelán, e viceversa; no número catro, *Estudos e recadávidas*, se achega o traballo fraseolóxico de, entre outros, Manuel Murguía

ou Leiras Pulpeiro; e no último, *Refraneiro galego*, se ofrece a labor neste terreo de Francisco Vázquez Saco, de quen subliña que ao longo da súa vida recolleu máis de vinte mil refráns.

- Marcos Valcárcel, 'O refraneiro, tesouro esquecido', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 30 decembro 2003, p. 56.

Tras subliñar a importancia do noso refraneiro e o traballo do Centro Ramón Piñeiro neste eido a través dos seus *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, dá noticia da publicación dos últimos números deste proxecto. Explica que no número tres, *Achegas a un diccionario de refráns* de Rosario Soto Arias se recollen unhas catro mil entradas; no cuarto, *Estudos e recadádivas*, se achega o traballo fraseolóxico de, entre outros, Manuel Murguía ou Lois Carré; e no quinto, *Refraneiro galego*, se ofrece o traballo de Francisco Fernández Saco. Remata salientando que estas obras "nos permitirán mellorar o noso galego".

Vázquez Saco, Francisco, *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal e M^a Carmen Paz Roca, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ♦, 2003, col. Cadernos de Fraseoloxía Galega, nº 5, (ISBN col: 84-453-2769-0), 1067 pp. (ISBN: 84-453-3651-7) .

Estudo dos refráns, dialoxismos, enunciados fraseolóxicos, frases proverbiais, fórmulas, locucións, entradas léxicas definidas, rimas, xogos, unidades fraseolóxicas de categoría pouco definida, adiviñas, un conxunto de refráns en castelán, unha lista de contos e uns apuntes etnográficos recompilados por Francisco Vázquez Saco (Sarria, 1897- Lugo, 1962) na meirande parte de Galicia, gran número dos cales se atopaban inéditos. A obra comeza cun apartado titulado "Complexidade e riqueza do arquivo fraseolóxico de Vázquez Saco. Reflexións dos editores" onde se analiza o "Volume da información", "As siglas máis citadas por Vázquez Saco", "Os informantes de Vázquez Saco", os "Datos biográficos", as "Publicacións do autor deste *Refraneiro*", e os "Fondos de Vázquez Saco". A seguir, realízase unha "Clasificación ideolóxica dos refráns" e un estudo da lingua, do estilo e da creatividade no refraneiro. Ademais, coméntanse os criterios de edición empregados, "A doutrina do refraneiro", o "Contrabando de refráns", as "Equivalencias noutras linguas" o "Deslinde fraseolóxico", "Outros comentarios de Vázquez Saco" e conclúese co apartado dedicado a "Bibliografía". A continuación, en "*Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*", reproducense os textos de Vázquez Saco, que foron ordenados, ademais de alfabeticamente, nos seguintes apartados: "Prólogo á versión de 1952"; "*Refraneiro*", que inclúe un "Índice temático" colocado ao final da obra; "Ditos tópicos e refráns con topónimo"; "Outros materiais de tradición oral", onde se inclúen os epígrafes "Dialoxismos"; "Enunciados fraseolóxicos"; "Frases proverbiais"; "Fórmulas"; "Locucións"; "Vocabulario"; "Rimas"; "Xogos"; "Outros fraseoloxismos"; "Cantigas" e "Adiviñas". Remata cos apartados "Contos e outros asuntos" e "Refráns castelás".

Referencias varias:

- MARÉ, 'Recuperación literaria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 novembro 2003, p. 49.

Comézase por dar conta da presentación dunha recompilación dos nove números da revista noiesia *Tapal*, (1959-1955), na que comezou a escribir Antón Avilés de Taramancos, e de tres números da colección *Cadernos de Fraseoloxía* polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que celebra o décimo aniversario da súa fundación. A seguir comenta que Luís Alonso Girgado foi o recompilador dos nove números que van acompañados dun estudo introdutorio de Carmen Fariña Miranda e dun CD Rom no que se inclúen tamén unhas carta de Avilés a Ramón Piñeiro. Destaca que tamén aparece publicado o número dez de *Tapal*, que permanecía inédito. Continúa logo expoñendo o listado dos colaboradores máis sobranceiros que tivo publicación (Otero Pedrayo, García-Sabell, Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, etc.) e falando dos temas que trataba. A seguir, describe os tres números dos *Cadernos de Fraseoloxía*, dirixidos polo profesor Xesús Ferro Ruibal. O número cinco céntrase no refraneiro galego e noutros materiais da tradición oral, recuperados do material inédito que recolleu Francisco Vázquez Saco. O número tres é un pequeno dicionario de refráns galego-castelán ou viceversa realizado por María Rosario Souto Arias. O número catro, *Estudos e recadádivas*, amosa unha proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas, recolle un Refraneiro do Seminario de Santiago, recupera manuscritos paremiolóxicos inéditos de Manuel Murguía e un estudo sobre o labor de Manuel Leiras Pulpeiro como fraseógrafo.

- Clodio González Pérez, 'Tres refraneiros', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 29 novembro 2003, p. 5.

Fai unha descrición dos tres *Cadernos de fraseoloxía* dedicados á paremioloxía, publicados polo Centro Ramón Piñeiro, cunha achega de información sobre os contidos e número de refráns, enunciados fraseolóxicos, frases proverbiais, etc., que neles se atopan. Salienta a importancia capital dos volumes para os interesados na literatura de tradición oral.

- Juan Soto, 'Mil páginas de refranes', *El Progreso*, 'Habitación al viento', 30 novembro 2003, p. 88.

Faise eco da publicación do *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, gran colección de refráns, cantigas, adiviñanzas, rimas e ditos populares debidamente clasificados e anotados recolleitos por Francisco Vázquez Saco. Infórmanos de que o seu sobriño Vázquez Gallego, puxo a disposición do Centro Ramón Piñeiro o material onde quedara recollida toda esa información. A seguir, danos unha visión da bibliografía de Vázquez Saco que, ademais de canónigo, foi membro numerario da Real Academia Galega, xornalista e poeta, traballando sempre con temas relixiosos.

- Marcos Valcárcel, 'Do noso refraneiro', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 11 decembro 2003, p. 69.

Dá conta da publicación de tres novos volumes dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, dirixidos por Xesús Ferro Ruibal, que edita o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e, a seguir, realiza unha descrición de cada un deles. En primeiro lugar, fala do volume número tres realizado por M^a do Rosario Soto Arias, que é unha aproximación a un dicionario de refráns, formado por dúas partes: na primeira recóllese un amplísimo

número de paremias galegas coas súas equivalencias en castelán. E na segunda, realízase o proceso oposto, recolléndose refráns casteláns e as súas correspondencias en galego. Do volume catro, *Estudos e recadávivas*, di que é unha achega de grande interese referida "á xeira paremiolóxica". E dá a lista dos títulos das seccións nas que se divide. Do volume cinco, *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, de Francisco Vázquez Saco, afirma que é a maior achega ao mundo dos refráns que se publicou en galego e informa de que hai importantísimas coleccións que permanecen inéditas, como a de Vicente Llópiz Méndez.

VV. AA., *Estudos e recadávivas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ♦, 2003, (ISBN col: 84-453-2769-0), 393 pp. (ISBN: 84-453-2769) .

Publicación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dedicada a estudos lingüísticos vencellados á fraseoloxía. Está dirixida por Xesús Ferro Ruibal e conta cun Consello de Redacción formado por Patricia Buján Otero, Carme López Taboada, Ramón Anxo Martins Seixo, M^a Carmen Paz Roca, Xosé Antonio Pena Romay, Marta Rodríguez Añón, María do Rosario Soto Arias e Ana Vidal Castiñeira tendo a María Álvarez de la Granja no cargo de secretaria. Hai que salientar que conta co apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Este número presenta un total de dez traballos que son os seguintes:

-María Álvarez de la Granja, "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas" pp. 9-34.

Clasificación de unidades fraseolóxicas explicando conceptos como os de locución ou enunciados fraseolóxicos, amosando exemplos, comentando problemas ou dúbidas, explicando as transformacións de certas fórmulas, etc.

-Xesús Ferro Ruibal & Ana Vidal Castiñeira, "Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega" pp. 35-58.

Presentación dunha bibliografía para atopar referencias sobre recadávivas de refráns e traballos sobre o tema de distintos autores e épocas.

-Ramón Anxo Martins Seixo, "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro", pp. 59-77.

Artigo sobre o traballo de Manuel Leiras Pulpeiro tanto dende o posto de lexicógrafo como de fraseógrafo. Coméntase a importancia do seu estudo e inclúese un apartado sobre os fraseoloxismos e refráns na lingua e na poesía deste autor.

-Ana Vidal Castiñeira, "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica", pp. 79-116.

Este artigo é un resumo do traballo de fin de carreira presentado pola autora na Facultade de Humanidades da Universidade de Vigo. Inclúese a definición de conceptos como a paremioloxía, así como datos e análises de enquisas, usos dos refráns, utilidades didácticas, etc.

-Ana Vidal Castiñeira, "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía", pp. 117-128.
Preséntase un manuscrito de Murguía titulado *Refranes* que, segundo se comenta, apareceu en forma de fichas dentro de material paremiolóxico de Francisco Vázquez Saco.

-M^a Carmez Paz Roca, "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refráns recollidos da tradición oral por Lois Carré (1898-1965)", pp. 129-141.
Reprodúcese unha colección cerrada de refráns reunida por Lois Carré Alvarellos e que se gardaba nunha caixa dentro do arquivo fraseolóxico de Francisco Vázquez Saco.

-Lois Vázquez, "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López", pp. 143-171.
Tras unha breve explicación biográfica da figura do frade Gumersindo Placer López, reproducése esta obra en castelán na que, despois dun prólogo, se recollen refráns galegos con pequenas notas aclaratorias na maioría deles.

-Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal, M^a Carmen Paz Roca, Marta Rodríguez Añón & Ana Vidal Castiñeira, "Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)", pp. 173-343.
Fálase primeiramente da figura de Manuel García García, que fora mestre do Seminario de Santiago e mandaba aos seus alumnos como traballo recoller refráns das súas zonas. Moitos exercicios deste seminarista apareceron nas caixas do arquivo paremiolóxico de Vázquez Saco e reproducense neste artigo.

-Patricia Buján Otero, "El refrán y su sombra (Faro de Vigo) por José Sesto", pp. 345-369.
Fálase da figura de Xosé Sesto López, xornalista e literato. Reprodúcese algúns refráns e explicacións sobre os mesmos que este autor publicara periodicamente no xornal *Faro de Vigo*. Cada un deles está ilustrado con un debuxo do propio Xosé Sesto.

-Cristovo Ruíz Leivas & Juan-A. Eiroa García-Garabal, "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos", pp. 371-390.
Breve traballo sobre a terminoloxía dos cogomelos presente nos refráns. Reprodúcese frases populares e dáse o nome tradicional galego de moitas especies ao lado do seu nome científico.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Do noso refraneiro', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 11 decembro 2003, p. 69.

Dá conta da publicación de tres novos volumes dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, dirixidos por Xesús Ferro Ruibal, que edita o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e, a seguir, realiza unha descrición de cada un deles. En primeiro lugar, fala do volume número tres realizado por M^a do Rosario Soto Arias, que é unha aproximación a un dicionario de refráns, formado por dúas partes: na primeira recóllese un amplísimo número de paremias galegas coas súas equivalencias en castelán. E na segunda, realízase o proceso oposto, recolléndose refráns casteláns e as súas correspondencias en galego. Do volume catro, *Estudos e recadádivas*, di que é unha achega de grande interese referida "á xeira paremiolóxica". E dá a lista dos títulos das seccións nas que se divide. Do volume

cinco, *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, de Francisco Vázquez Saco, afirma que é a maior achega ao mundo dos refráns que se publicou en galego e informa de que hai importantísimas coleccións que permanecen inéditas, como a de Vicente Llópiz Méndez.

VIII.2. REEDICIÓNS

Lorenzo Fernández, Xaquín, *O carro no folclore de Galicia*, trad. Soidade Castro Soliño, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, □♦, 2003, col. Alicerces, nº 16, 45 pp. (ISBN: 84-88508-34-4).

A saída do prelo deste libro nace da idea da celebración do Día das Letras Galegas do 2004 a Xaquín Lorenzo polo catálogo "Alicerces" do Museo do Pobo Galego. Así, este exemplar conta con un limiar onde se explica a importancia de eleixir este texto de "Xocas" polo valor referencial que ten dentro da súa obra, especificando a súa primeira edición en *Anales del Instituto de Lingüística* da Universidade mendocina de Cuyo e tamén a súa publicación en 1974 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. O texto parte da tentativa de buscar na literatura popular e no folclore elementos de definición e conformación do carro. Así, aparecen moitas referencias ao canto popular onde cada verso fai referencia ás partes do carro, ao seu son, etc... Finalmente, aparece un índice toponímico de Galiza relacionado coas designacións das pezas do carro.

Valladares, Marcial, *Cantigueiro popular*, Edición, introdución e apuntamentos biográficos de Xosé Luna Sanmartín, A Estrada: Fundación Cultural da Estrada, decembro 2003, 399 pp. (ISBN: 84-609-0076-2).

Co gallo do centenario do pasamento de Marcial Valladares Núñez (1821-1903) a Fundación Cultural da Estrada publica o seu *Cantigueiro Popular*, que o autor comezou na década dos corenta e que rematou no ano 1869, aínda que seguiu acrecentándoo con sucesivos apéndices nos anos 1879 e 1899. O volume inclúe un estudo previo de Xosé Luna Sanmartín no que se achega ao que foi un dos escritores máis prolíficos do Rexurdimento. Este estudo divídese nos seguintes apartados: unha introdución á obra, que titula "A xeito de introdución. Os estudos libertadores dos Valladares de Vilancosta"; un achegamento á traxectoria vital do autor estradense, titulado "Apuntamentos biográficos"; unha "Bibliografía", na que Luna Sanmartín dá conta dos episodios máis relevantes da vida e obra de Valladares e na que inclúe diferentes reproducións de documentos vinculados ao autor (portadas das súas obras, documentos persoais, etc.); un breve apartado, titulado "A lingua dos cantigueiros", no que fai referencia á lingua empregada por Marcial Valladares na súa obra e no que explica cales foron os criterios empregados nesta edición; e unha "Bibliografía". A seguir, o volume acolle a edición do *Cantigueiro popular* de Marcial Valladares de 1867 e o *Apéndice ó Cantigueiro popular* de 1879; para a edición destes textos seguíronse os manuscritos, sitos na biblioteca do casal de Vilancosta, propiedade dos herdeiros dos Valladares.

VIII.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Caseiro, Delfín, 'Camiño Noia Campos: Contos galegos de tradición oral', *A Trabe de Ouro*, nº 54, 'Publicacións', abril 2003, pp. 247-252.

Neste artigo dáse conta da publicación do libro da profesora da Universidade de Vigo, Camiño Noia Campos, *Contos galegos de tradición oral* (Editorial Nigra, 2002), e faise un breve percorrido por outros autores que no seu día se preocuparon de recoller a tradición oral galega, entre os que destacan Valentín Lamas Carvajal, Vicente Risco ou Xaquín Lorenzo, entre outros. Centrándose xa na obra que ocupa a recensión, Delfín Caseiro destaca que está composta por máis de dous mil catrocentos contos recollidos nas catro provincias galegas e en terras de Asturias e Zamora e recolle as manifestacións da autora no limiar, no que sinala o pouco interese que espertaron os contos entre os estudosos en favor dos refráns, adiviñas, ditos, lendas ou cantigas. Despois destes datos xerais estúdase o volume estruturado en cinco apartados relacionados coa temática dos contos. Está dividido en: "Contos de animais", "Contos folclóricos ordinarios" nos que se inclúen os de maxia e encantamentos; "Chistes e anécdotas" nos que se encadran un bo número de relatos que teñen como protagonistas a parvos, astutos, mulleres que queren casar...; "Contos de fórmula", son relatos acumulativos que contan con xogos lingüísticos e, por último, "Contos sen clasificar" que destacan pola diversidade dos seus motivos. O articulista remata loando esta colección que supón un deleite para o lector e un proveitoso estudo erudito.

Forneiro, José Luis / **Tenreiro López**, Uxía, 'Unha recolla de romances tradicionais nas terras da Baixa Limia', *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, nº 5, 2003, pp. 107-123.

Estudo no que se presentan os romances tradicionais recollidos polos irmáns Ana e Etelvino Bande Domínguez, José Luis Forneiro e Rui Vieira os días 25 e 26 de agosto de 1998 nos concellos ourensáns de Bande e Entrimo. Antes da transcripción dos romances faise referencia ás recolleitas que nos séculos XIX e XX se fixeron da tradición oral existente na provincia de Ourense e advírtese a falta de atención á tradición romancística das terras da Baixa Limia, que se reduce practicamente á recolleita realizada polo etnógrafo Xaquín Lourenzo e pola etnomusicóloga suíza Dorothé Schubarth. De seguido, transcríbense os vinte e catro romances recollidos, indicando en cada un deles o nome do informante, o lugar e a data no que foi recollido; os textos organízanse en tres bloques: "Romanceiro histórico, cabaleiresco, lírico e trobadoresco", "Romanceiro novelesco" e "Romanceiro relixioso", seguindo así a ordenación proposta na obra de Ana Valenciano, *Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas. Romanceiro Xeral de Galicia I*, Madrid-Santiago de Compostela, Fundación Ménendez Pidal-Centro de Estudos Lingüísticos e Literarios Ramón Piñeiro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1998.

Fuentes Alende, Xosé, 'Os exvotos mariñeiros en Galiza', *Guía dos libros novos*, nº 2, 'Monográfico', 2003, , p. 7.

Afonda na análise dos ofrecementos feitos a divinidades en momentos de perigo ou enfermidade, xeralmente como mostra de gratitude dos homes do mar, e que forman parte dende antigo da relixiosidade popular galega. Xosé Fuentes distingue dous tipos de exvotos no mundo mariñeiro: aqueles puramente relixiosos e oficiais e aqueles incluídos dentro da superstición, dirixidos a seres sagrados coma o propio mar. Ao longo do artigo o autor documéntase a través do cancionero popular e máis nas *Cantigas de Santa María* de Alfonso o Sabio.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Barcia, Moisés R., 'Mitos e lendas hindús', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 31, 'Libros', 20 febreiro 2003, p. V.

Fálase da publicación da obra *Mitos e lendas hindús*, recompilación de textos feita por María Reimóndez. Coméntase a división deste volume en varios grupos de mitos, así como que se trata de episodios variados que narran historias sobre temas diferentes. Recóllense as palabras da autora nas que explica que reproduce estas historias dunha escolma xa existente en inglés. Finalmente, fálase da motivación de María Reimóndez para realizar esta recompilación xa que é promotora dunha ONG que actúa na India.

Castro Soliño, Dorinda, 'Tradicións orais', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 42, 8 maio 2003, p. I.

Coméntase a importancia que para as distintas culturas do mundo ten a súa tradición oral. Fálase do apoio da UNESCO a estas formas de cultura tradicional e faise referencia a algúns autores que tiveron en conta este tema. Todo isto ponse en relación coa publicación da obra *Contos galegos de tradición oral*, feito pola profesora Camiño Noia Campos. Dáse tamén algunha información sobre este libro.

Castro Soliño, Dorinda, 'Patrimonio intanxible', *La Opinión*, '*Saberes*', nº 21, 'Señas', 6 setembro 2003, p. 7.

Coméntase a importancia que para as distintas culturas do mundo ten a súa tradición oral. Fálase do apoio da UNESCO a estas formas de cultura tradicional e faise referencia a algúns autores que tiveron en conta este tema. Todo isto ponse en relación coa publicación da obra *Contos galegos de tradición oral*, feito pola profesora Camiño Noia Campos. Dáse tamén algunha información sobre o libro.

Eyré, Xosé M., 'O ceo dos outros', *A Nosa Terra*, '*Cultura*', 30 xaneiro 2003, p. 26.

Fálase da publicación de dous libros de Edicións Positivas: *Contos xitanos*, de Xavier Campos e, *Mitos e lendas hindús*, de María Reimóndez. Coméntase brevemente en qué consiste cada unha destas obras e ofrécese unha visión lixeira sobre os mundos que achegan ao lector.

Iglesias, Alfredo, 'A sociedade campesiña', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 35, 'Libros', 20 marzo 2003, p. IV.

Coméntase a publicación da obra de Buenaventura Aparicio Casado titulada *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega* e cítase algunha obra anterior do autor relacionada co tema. Sinálanse os temas fundamentais que se tratan no libro, como o dos mouros ou o da Santa Compañía e, finalmente, recóllense as palabras do autor sobre as crenzas populares.

Montaña, Estro, 'Lendas do mar galego', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 53, 'Etnografía', 2 outubro 2003, p. II.

Fálase das lendas populares que gardan relación co mar e coméntanse algunhas das recompilacións que se fixeron na literatura galega arredor deste xénero. Expóñense tamén algúns temas que dan lugar a estas lendas, como o das cidades afundidas, e tamén algunhas das figuras nadas deste imaxinario, como o Santo da barba dourada. Así mesmo, faise referencia ao nacemento de liñaxes relacionadas con estas lendas. En parágrafo á parte, fálase brevemente dalgunha destas lendas en particular.

Montaña, Estro, 'Lendas do mar', *La Opinión*, 'Saberes', nº 26, 11 outubro 2003, p. 5.

Fálase das lendas populares que gardan relación co mar e coméntanse algunhas das recompilacións que se fixeron na literatura galega arredor deste xénero. Expóñense tamén algúns temas que dan lugar a estas lendas, como o das cidades afundidas, e tamén algunhas das figuras nadas deste imaxinario, como o Santo da barba dourada. Así mesmo, faise referencia ao nacemento de liñaxes relacionadas con estas lendas. En parágrafo á parte, fálase brevemente dalgunha destas lendas en particular.

Quintáns S., M., 'Galicia: toda unha lenda para botarse a soñar', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 26 xaneiro 2003, p. 4.

Fálase da publicación de *Galicia de Lenda*, selección de cento vinte e catro lendas galegas clasificadas por orde xeográfica. Sinálase que a composición da obra foi dirixida por Mar Pérez Negreira e que nela se engade un estudo introductorio elaborado por Xosé Manuel González Reboredo. Dáse moita importancia tamén ao traballo de Hércules de Ediciones na súa intención por recoller estudos sobre a cultura galega.

Quintáns S., M., 'O testemuño dun tipo de traballos escolares sobre a terra de Xallas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 13 abril 2003, p. 4.

Coméntase a publicación da obra *Xente e Terra de Xallas. Letras da mocidade*, dirixida polos profesores X. Amancio Liñares Giraut e Antonio Puentes Chao e que contén o resultado duns traballos realizados por alumnos do IES Terra de Xallas. Fálase de que é un documento importante pedagoxicamente falando e dise que foi editado polo Concello de Santa Comba.

Requeixo, Armando, 'Para estar sempre ó cabo do conto', *El Correo Gallego*, 'Correo das

Culturas', 26 outubro 2003, p. 4.

Refírese á publicación pola editorial Nigra do volume *Contos galegos de tradición oral*, de Camino Noia Campos, no que se recompila preto de medio milleiro de contos recollidos nas catro provincias galegas a varias ducias de informantes. Sinálase que conta, ademais, cun amplo estudo introdutorio no que a profesora Camino Noia repasa os conceptos de folclore e cuestións básicas da narrativa tradicional e que ofrece unha panorámica histórica sobre as principais coleccións de contos orais desde a antigüidade ata a Europa moderna, pasando pola Época Medieval, para acabar cun repaso do conto popular en Galicia desde finais do século XIX ata a actualidade. Armando Requeixo conclúe animando á lectura desta obra.

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Benito, Sofía de, 'Encuentros que enriquecen', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 5 novembro 2003, p. L15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, informa da presentación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de tres números novos dos *Cadernos de Fraseoloxía* e da edición en CD-Rom da revista *Tapal*.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 28 xuño 2003, p. 47.

Explica que toda a temática referente ao viño, á vide e a vendima está especialmente presente no noso refraneiro popular e nas obras dos nosos poetas e literatos. Sinala que, con motivo da conferencia que impartiu sobre este tema na Festa do Viño de Meaño, recolleu preto de cincocentos refráns e cento vinte poemas, cancións e cantigas que publicará nun libro proximamente. Indica, finalmente, que publicará parte do material recollido nesta sección do suplemento cultural. Nesta primeira ocasión presenta nove refráns, unha adiviña e uns versos de Rosalía de Castro sobre o tema, así como unha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao que ilustra o texto.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 5 xullo 2003, p. 35.

Conxunto de dez refráns, unha cantiga popular e unha reflexión literaria de Ramón del Valle-Inclán sobre o viño, a vide e a vendima, que se acompañan dunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 12 xullo 2003, p. 33.

Conxunto de nove refráns e un poema de Luís Bouza-Brey sobre o viño, a vide e a vendima, que se acompañan dunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 19 xullo 2003, p. 31.

Conxunto de oito refráns e unha cantiga popular sobre o viño, a vide e a vendima, que se acompañan dunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 26 xullo 2003, p. 35.

Conxunto de once refráns e un poema de Álvarez Blázquez sobre o viño, a vide e a vendima. Os textos acompañanse dunha fotografía tirada do libro *Viños de Galicia*, de José Posada, na que se pode ver, entre outros, a Álvaro Cunqueiro.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2 agosto 2003, p. 39.

Conxunto de oito refráns e unha cantiga popular sobre o viño, a vide e a vendima con advocacións a Santa Cruz, a San Martiño e San Miguel. Os textos están ilustrados cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 9 agosto 2003, p. 31.

Conxunto de oito refráns, que recollen a advocación a Santiago e San Xoán, e mais un poema de Luís Bouza-Brey titulado "O Albariño". Os textos acompañanse cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 16 agosto 2003, p. 31.

Conxunto de nove refráns sobre o viño, a vide e a vendima e unha cantiga de Baldomero Isorna, poeta de Catoira, sobre a queimada. Os textos acompañanse cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 13 setembro 2003, p. 33.

Conxunto formado por sete refráns sobre a vendima e un fragmento do poema "Diante dunha cunca de viño espadeiro", de Ramón Cabanillas. Os textos acompañanse cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 20 setembro 2003, p. 41.

Extracto do poema "Diante dunha cunca de viño espadeiro", de Ramón Cabanillas, e dúas cantigas populares, unha delas sobre a relación entre o viño e as peras, e outra sobre a

incidencia do viño nas relacións veciñais. Os poemas acompañanse cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 outubro 2003, p. 39.

Conxunto formado por sete refráns sobre o viño, a vide e a vendima; unha cantiga popular que reflicte as diferenzas sociais ou a loita de clases, e uns versos de José María Pérez sobre a queimada. Os textos están precedidos dunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 25 outubro 2003, p. 41.

Conxunto de nove refráns sobre o viño, a vide e a vendima e un poema de Antonio Tovar Bobillo sobre a queimada. Os textos acompañanse cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 1 novembro 2003, p. 40.

Conxunto de sete refráns sobre as adegas como lugar de lecer e convivencia e dúas cantigas populares recollidas por Fermín Bouza-Brey no cancioneiro popular de Arousa. Os textos están ilustrados cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 8 novembro 2003, p. 35.

Conxunto de sete refráns sobre o viño e o mes de Santos e dúas cantigas populares recollidas por Fermín Bouza-Brey e Luís Bouza-Brey do cancioneiro popular de Tea. Os textos están ilustrados cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 22 novembro 2003, p. 38.

Conxunto de sete refráns e unha cantiga popular sobre o viño, a vide e a vendima, que se acompañan dunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 decembro 2003, p. 21.

Conxunto de nove refráns e dúas cantigas populares sobre o viño, a vide e a vendima que se acompañan cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 13 decembro 2003, p. 23.

Conxunto de oito refráns sobre o viño, a vide a a vendima e un poema de Xaquina Trillo

titulado "Ribadavia". Os textos están ilustrados cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 20 decembro 2003, p. 25.

Conxunto de once refráns e unha cantiga popular sobre o viño, a vide e a vendima, que se acompañan cunha "Cousa" de Alfonso Rodríguez Castelao.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Refraneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 27 decembro 2003, p. 23.

Conxunto de nove refráns sobre o viño, a vide e a vendima e unha cantiga popular cantada pola Coral de Ribadeo. Os textos están ilustrados cunha "Cousa" de Alfonso R. Castelao.

Campos, Guillermo, 'Mitoloxía campesiña en clave de Buenaventura', *El Correo Gallego*, 'La Opinión', 21 xaneiro 2003, p. 20.

Dá conta da presentación do libro *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega*, de Buenaventura Aparicio Casado. Recomenda a súa lectura como instrumento reafirmante da nosa identidade e sinala que o autor nos achega "as claves das relacións cotiás, costumes, roles familiares, etc., que nos axudan a entendernos mellor como colectivo social".

Castro, Xavier, 'Regueifas na vendima', *Galicia Hoxe*, 'Da nosa acordanza', 3 outubro 2003, p. 5.

Fala, en primeiro lugar, das festas que dende a época romana se fan en honor aos deuses Baco e Dionísio e do carácter báquico das vendimas, recollido por moitos dos nosos poetas. Fai referencia, de seguido, á relación que a mentalidade popular establece entre 'uvas e amores, vendimas e favores sexuais' e á reacción da igrexa ante este costumes. Sinala, finalmente, que na vendima eran frecuentes as regueifas como expresión dun protocolo amoroso; recolle as palabras de Carré Aldao, Eliseo Alonso, Eladio Rodríguez González e o Padre Sarmiento sobre esta mostra da nosa literatura oral e destaca que a maior parte destas coplas populares fosen compostas por mulleres.

Costa Clavell, Xavier, 'Significado das lendas', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 1 xuño 2003, p. 6.

Fai referencia á credulidade que no conxunto da sociedade existe con respecto ás súas lendas populares e sinala que, en xeral, non existe un posicionamento claro e a credulidade ou incredulidade depende de múltiples factores: signo da época, historia vivida, idiosincrasia colectiva, etc. Indica que en case todas as lendas existe unha base histórica máis ou menos desfigurada pola tradición popular ao longo do tempo e cita, finalmente, algunhas das lendas galegas máis representativas: a lenda de Breogán, da saudade, da Santa Compañía, dos lobishomes, do Santo Grial, etc.

Manuel María, 'Cántiga-Cantiga', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes,

feitos e palabras', 31 agosto 2003, p. 4.

Explica o significado que para el teñen as palabras "cántiga" e "cantiga", aínda que advirte o rexeitamento que Eladio Rodríguez fai no seu *Diccionario Enciclopédico* da forma con acentuación esdrúxula. Manuel María considera que a forma esdrúxula se debe empregar para referirse ás composicións populares e a forma grave para referirse ás composicións dos trobadores medievais e da escola neotrobadoresca. Finalmente, fai referencia a algúns dos autores do neotraborismo galego e ás súas obras.

Rodríguez Porto, Ramón, 'O monte Faro e a doncela Eunice', *El Progreso*, 'Colaboración', 23 agosto 2003, p. 60.

Fai referencia ás distintas lendas e historias existentes ao redor do monte Faro. A primeira lenda conta que as meigas de Moures se concentraron para vingarse da Virxe do Faro e que esta fuxiu ata o castro de Moreda; alí quedou durmida sobre un penedo e como lembranza desta aventura quedou o contorno do seu corpo gravado no granito. A segunda lenda conta que as virxes de Pesqueiras e do Faro eran irmáns e que ambas as dúas marcharon da Serra da Martiñá; a primeira construíu a súa morada nas ribeiras do Miño e a segunda no cumio do monte onde posteriormente se construíu a súa ermida. Fai referencia, asemade, a dous contos recollidos por Nicanor Rielo Carballo no seu libro *A romaxe do Faro*; un deles conta que no monte hai enterrado un tesouro pertencente a un rei que vivía en Ourense e que tivo que fuxir dos mouros; o outro conta a historia dun home que intentou sacar o tesouro e que desapareceu baixo unha intensa néboa. Finalmente, Rodríguez Porto fala da lenda que explica que o topónimo Eunicio fai referencia a unha doncela chamada Eunice e que, para cumprir o voto de castidade que tiña feito, se refuxiaba na soiedade dos montes Faro e Eunicio.

Souto, Xurxo, 'Cantigas para o mar da Coruña', *La Opinión*, 'El Domingo', 3 agosto 2003, p. 16.

Con motivo do inicio das festas na cidade da Coruña, recolle múltiples coplas populares que fan referencia á importancia que nesta ten o mar e que falan del, dos 'lulos' (mariñeiros de Santa Lucía, que en 1858 asombraron á raíña Isabel II coa súa demostración dos lances do xeito, na pesca da sardiña), da pesca no Gran Sol, dos perigos do mar da Marola, da emigración, etc. Fai referencia, así mesmo, ás numerosas catástrofes que asolaron o mar coruñés (o Urquiola, o Mar Exeo, o vertedoiro de Bens e finalmente o Prestige) e reclama a recuperación destas cantigas populares para cantarllas ao océano e inventar o futuro.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 abril 2003, p. 59.

Fala do segundo volume do *Cancioneiro popular da provincia* de Ourense, de Castro Floxo, que está dedicado ao focllore do mundo limiao e enriquecido cun estudo de Delfín Caseiro. Transcribe unha das cantigas recollidas neste libro e subliña a continuidade argumental e formal existente entre as nosas letras cultas e a tradición oral.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 4 maio 2003, p. 75.

Transcribe dúas coplas populares recollidas por Ramón Cabanillas e Xaquín Lourenzo, Xocas, sobre o gusto dos galegos por comer.

Vázquez, Dora, 'Pola porta da primavera', *O Correo Galego*, 'Ronseis', 10 marzo 2003, p. 2.

Fai referencia á chegada da primavera e lembra algunhas das interpretacións e festexos que na mitoloxía dos pobos pagáns se facían desta estación. Así mesmo, alude aos numerosos refráns que sobre o mes de marzo se conservan na nosa fraseoloxía popular e describe a Festa dos Maios que se celebra en Ourense.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

C.P., 'É necesario facer o catálogo de contos populares galegos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 febreiro 2003, p. 52.

Entrevista realizada a Camiño Noia Campos, autora do libro *Contos galegos de tradición oral*. Comenta a orixe desta recompilación de contos e que este traballo non é máis ca un inicio para traballos posteriores. Explica que hai contos populares universais que se estenden por unha xeografía ampla. Engade finalmente que os contos se agrupan en varias categorías e que se trata de versións orixinais inéditas reproducidas tal e como se gravaron.

Domínguez, Tino, 'El meollo de nuestra cultura es campesino', *Atlántico Diario*, 'Día das Letras', 'Personajes', 2 febreiro 2003, p. 52.

Entrevista realizada a Buenaventura Aparicio Casado, historiador, antropólogo e profesor da UNED en Pontevedra que vén de publicar a obra *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega*. Comenta aspectos da mentalidade rural galega e fala das supersticións e dos mitos desta. Toca máis polo miúdo temas como o do demo, os santos ou a Santa Compañía.

Iglesias Viqueira, 'Camino Noia. 'La pérdida del espacio rural abocaba a su desaparición'', *Faro de Vigo*, 'Tiene la palabra', 25 xaneiro 2003, p. 8.

Entrevista a Camino Noia, recompiladora de contos de tradición oral. Comenta cómo foi o inicio do seu traballo pedindo aos alumnos gravacións de contos e cómo destes fixo unha selección que vén de publicar. Tamén fai comentarios sobre as características dos contos, da tradición oral, dos temas, da súa obra, etc.

Jaboís, Manuel, 'Al 'señor de los anillos' lo tenemos en Galicia', *La Opinión*, 'Ciudad', 22 xaneiro 2003, p. 19.

Entrevista realizada a Buenaventura Aparicio, profesor da UNED e investigador de lendas populares. Fala da sociedade labrega e da perda das súas características propias. Á marxe de falar dos seus estudos, responde a preguntas sobre as lendas populares e a tradición oral. Comenta tamén que neste eido non hai diferenzas por provincias senón que son máis claras

entre litoral e exterior.

Maira, A.F., 'A dicir verdade, eu fun o xefe dos regueifeiros', *El Progreso*, 'El protagonista', 2 outubro 2003, p. 10.

Breve entrevista a Antonio Río Montero (chamado "O Riveira de Louzarela"), regueifeiro da montaña lugesa. Comenta que de neno xa improvisaba versos, cómo eran os brindos na súa mocidade e que, aínda que segue a regueifar, xa non o fai con tanta asiduidade.

Mallo, Albino, 'En todas mis conferencias por el mundo siempre hablo de Galicia', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 11 setembro 2003, p. 8.

Entrevista realizada ao profesor de antropoloxía Manuel Mandianes. Comenta cómo foron as súas viaxes polo mundo e a súa actividade nos distintos países en que estivo. Fala da súa produción literaria, da vinculación da súa obra con Galicia e dalgúns aspectos da realidade dos galegos, como a falta de compenetración entre os do rural e os intelectuais en materia lingüística.

Neira, C., 'O humor é o mollo que lle dá gusto ós meus relatos', *La Opinión*, 'La Opinión de Verano', 5 agosto 2003, p. V.

Entrevista realizada a Cándido Pazó con motivo da súa participación como contacontos na Feira do Libro da Coruña. Comenta que os seus son "Relatos para adultos" (como se chama o seu espectáculo) porque os seus contos xogan moito coa memoria. Destaca tamén a importancia que ten o humor nos seus relatos, que cada xeito de contar unha historia ten o seu lugar e que se pode contar en calquera sitio e momento.

Pino, Concha, 'O romance en galego é escaso, pero existe e é digno', *La Voz de Galicia*, 'O cronómetro', 14 marzo 2003, p. L2.

Recolle declaracións de Xosé Ramón Mariño Ferro en relación á publicación de *O romanceiro galego*, obra da que é coautor xunto con C. L. Bernárdez. Comenta os motivos dos poucos romances en galego, cómo foi o traballo dos investigadores e dá conta dalgúns aspectos destes romances como os temas ou a adaptación ao lugar do que proceden.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.G., 'El Instituto presenta 'Contos Galegos de Tradición Oral', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 23 xaneiro 2003, p. 24.

Breve noticia que fai referencia á presentación do novo libro de Camiño Noia Campos que leva por título *Contos Galegos de Tradición Oral*. Fálase un pouco da vida da autora e do seu traballo de catedrática de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33,

'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Dáse conta da publicación do libro *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega* escrito por Buenaventura Aparicio Casado. Introduce o argumento da obra que trata da tradición oral galega en relación cos xacementos arqueolóxicos da pre ou protohistoria e que tenta presentar a sociedade campesiña galega.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 33, 'Infantil/Xuvenil', 6 marzo 2003, p. VII.

Sínálase a importancia de todos os relatos sobre a tradición oral galega dentro dos xacementos arqueolóxicos máis ricos da Península Ibérica, recollidos na obra *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega*, de Buenaventura Aparicio Casado, onde presenta a sociedade campesiña galega composta por personaxes como mouros, serpes, tesouros agochados, etc.

Cenlumes, Vitelio, 'Aunios, o trasno de Ons', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 22 novembro 2003, p. 39.

O relato conta a historia de Aunios, o trasno que vivía na illa de Ons e que, segundo dicían, viñera das terras do norte das nacións celtas. Tratábase dun demouchiño anfibio e ningún veciño sabía cantos séculos levaba vivindo na illa, os máis vellos do lugar comentaban que viñera cuns viquingos. Un día os mouros turcos atacaron as terras do Morrazo e os habitantes do lugar escondéronse na súa cova, Aunios amedrentounos e marcharon. O pobo quedou libre e agradecéronllo con comida. O día dos defuntos reúnese con todos os díaños e meigas que quedan en Galicia.

Cenlumes, Vitelio, 'O Gazafellos de Cuntis', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 13 decembro 2003, p. 22.

Relátanse dúas maneiras de cazar gazafellos. Os gazafellos son demos pequenos aos que lles encantan as castañas e os coellos. Unha das formas de atrapalos é prepararlle unha comida a base deses dous ingredientes, a outra é nunha noite de lúa chea chamalos e metelos nun saco ou caixa.

Crespo, Carlos, 'A diferenza entre o monologuista e o contador está no ritmo da narración', *Faro de Vigo*, 'Reportaje', 16 novembro 2003, p. 3.

Recóllense as declaracións feitas por Carlos Blanco nas que afirma que o contacontos galego é algo máis que o monologuista, figura que apareceu con determinados programas televisivos. Entende que Quico Cadaval ou Cándido Pazó non teñen nada que envexarlle a estes narradores e no que a el se refire define o seu estilo como *stand up* ou "tira pa diante", que se diferenza claramente dos monologuistas, pois estes aprenden un texto como actores que son. Para rematar define esta terra como un país de comedia e engade que "non é casual que Valle-Inclán nacesse en Galicia".

Crespo, Carlos, 'A diferenza entre o monologuista e o contador está no ritmo da narración', *La Opinión*, 'el Domingo', 23 novembro 2003, p. 10.

Recóllense as declaracións feitas por Carlos Blanco nas que afirma que o contacontos galego é algo máis que o monologuista, figura que apareceu con determinados programas televisivos. Entende que Quico Cadaval ou Cándido Pazó non teñen nada que envexarlle a estes narradores e no que a el se refire define o seu estilo como *stand up* ou "tira pa diante", que se diferencia claramente dos monologuistas, pois estes aprenden un texto como actores que son. Para rematar define esta terra como un país de comedia e engade que "non é casual que Valle-Inclán nacesse en Galicia".

Franco, Camilo, 'Os cantadores das noticias', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 setembro 2003, p. 46.

Comenta a desaparición, nas primeiras décadas dos setenta, dos cegos que botaban coplas polas feiras e romarías. Explicase que Mini e Mero, integrantes da agrupación "A Quenlla", dedícanse a recoller ditas cantigas para que non se esquezan e acláranse algúns puntos desta profesión. Infórmase que xa editaron dous libros con cinco discos compactos na editorial Ophiusa nos que se recollen algunhas das moitas coplas recollidas.

Giadás, Luís, 'Os homes mariños', *O Correo Galego*, 'Lecer', 'Tradicións', 2 febreiro 2003, pp. 8-9.

Fálase da tradición das sereas en Galicia, e conta que as lendas sobre elas están moi espalladas xa que atopamos numerosos exemplos, como pode ser o da Maruxaina.

González, David, 'Contador de historias', *El Ideal Gallego*, 'El perfil', 16 novembro 2003, p. 9.

Repasa a vida profesional de Carlos Blanco quen comezou estudando arquitectura pero logo entrou no mundo da interpretación na súa vila natal, Vilagarcía de Arousa, dende onde sempre estivo ao servizo do público. Recórdase que o seu último traballo é *Un país de Comedia*, unha comedia musical coa que percorre Galicia xunto con outros actores como Ernesto Chao, Quico Cadaval ou Mabel Rivera. Ademais triunfa na escena coa peza *Dillei-i*, unha mestura de teatro intelixente con música dende a máis tradicional ata a eléctrica. Entende que o seu traballo é facer rir á xente porque cun sorriso pódese facer máis que con todas as bágoas que se poden derramar.

González, David, 'Contador de historias', *El Progreso*, 'Perfil', 23 novembro 2003, p. 8.

Repasa a vida profesional de Carlos Blanco quen comezou estudando arquitectura pero logo entrou no mundo da interpretación na súa vila natal, Vilagarcía de Arousa, dende onde sempre estivo ao servizo do público. Recórdase que o seu último traballo é *Un país de Comedia*, unha comedia musical coa que percorre Galicia xunto con outros actores como Ernesto Chao, Quico Cadaval ou Mabel Rivera. Ademais triunfa na escena coa peza *Dillei-i*, unha mestura de teatro intelixente con música dende a máis tradicional ata a eléctrica. Entende que o seu traballo é facer rir á xente porque cun sorriso pódese facer máis que con

todas as bágoas que se poden derramar.

Laya Reboredo, José, 'Nosa Señora do Carme', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 12 xullo 2003, p. 42.

Destaca a rara fe que procesan os mariñeiros pola Virxe do Carme, dado que non dan creto nin ao clero nin se fan partícipes das celebracións relixiosas. Parece ser que esta tradición xurdiu na idade media, cando ao papa Honorio III se lle apareceu e lle dixo que "non deixara naufragar á súa Orde, que procurara sacala a flote" dende aquela a Virxe gañou a devoción da xente do mar, que lle dedica grandes festas e fermosas procesións polas augas das que se senten moi orgullosos. Tamén nos mostra cantigas relacionadas coa Virxe.

Laya Reboredo, José, 'Santa Xusta de Moraña', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 19 xullo 2003, p. 40.

Con motivo da festividade de Santa Xusta de Moraña repásase a vida desta santa e as repercusións que tivo na tradición popular. Relátase a gran atracción que esta sevillana tiña polos meigallos, máis tarde atribuíuselle a capacidade de sandar calquera tipo de bruxería, pero non só facía estes milagres, senón que tamén repercutía na fertilidade e nos amoríos. Por último advírtesenos de que en todas as romarías hai furtos e enganos polo que se debera andar con ollo.

Laya Reboredo, José, 'O Can de San Roque', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 16 agosto 2003, p. 26.

Reflexiona sobre o culto a San Roque e ao seu can. Pénsase que a fe por este santo comezou a introducirse en Galicia coa peste bubónica que afectou ao val do Salnés no século XVI, esta crenza fortaleceuse máis tarde en 1884 cando a peste volveu a entrar polos portos de Vilagarcía e o Grove. O can tamén gañou gran heroísmo despois do sacrificio que fixo polo dono, querendo morrer con el. Aconséllasenos que non sexamos malas linguas, pero que gocemos das festas e que non perdamos a tradición popular. Insírense anacos de tradición popular relacionados con San Roque.

Laya Reboredo, José, 'Vaise o verán...', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Colaboracións', 23 agosto 2003, p. 30.

Recolle dezanove refráns da sabedoría popular nos que se fai referencia ao tempo meteorolóxico en referencia con distintas festividades.

Laya Reboredo, José, 'A Virxe de Guadalupe', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 20 setembro 2003, p. 30.

Fálase da Virxe de Guadalupe, da cor característica da súa pel e da notoriedade das cantigas que a ela se lle dedican. Sinálase que aínda que non sexa a patroa de Rianxo, exerce unha maior atracción e é de gran fama no mundo grazas a que unha canción dedicada a ela se convertera no himno dun famoso equipo de fútbol galego.

Laya Reboredo, José, 'San Miguel no tempo da vendima', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura ', 27 setembro 2003, p. 30.

Refírese á festividade de San Miguel e á súa relación coas colleitas deste tempo, viño, figos, mel..., o que convertía esta época en tempo de fartura. Todas as afirmacións que se fan do Santo aparecen recalcadas con refráns que teñen algo que ver co tema. Por último, cóntase o labor que San Miguel leva a cabo coas almas e o seu heroísmo na loita contra o demo.

Laya Reboredo, José, 'Formigas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura ', 11 outubro 2003, p. 30.

Comenta as calidades deste insecto, remitíndose a datos científicos e citando tamén numerosas lendas. Explicase que a formiga está moi ligada á mitoloxía grecorromana onde chega a converterse incluso en heroe. Tamén nos expón a súa repercusión no refraneiro galego e as crenzas supersticiosas que se xeraron arredor dela. Remata cunhas definicións de palabras que poden resultar descoñecidas para a xente da cidade.

Laya Reboredo, José, 'Tempo de cogomelos', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura ', 18 outubro 2003, p. 30.

Fala dos cogomelos, comenta o pracenteiro que é saír no outono a apañalos e anima ao lector a facelo. Danos consellos encerrados en ditos populares, para que non erremos ao apañalos e collamos un venenoso. Comenta as calidades medicinais de ditos vexetais que axudaron moito a humanidade e que aínda se están a investigar.

Laya Reboredo, José, 'San Simón', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 25 outubro 2003, p. 30.

Con motivo da festividade de San Simón, e, polo tanto do comezo do outono e o mal tempo, recóllense varios anacos da tradición popular nos que ditos feitos se atopan en relación. Aconséllase non perder a oportunidade de probar o polbo á feira e o viño novo.

Laya Reboredo, José, 'Grande e máximo lume', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 1 novembro 2003, p. 30.

Relátanos como coa chegada do outono chega tamén a hora do magosto. Expóñense os numerosos ditos nos que esta festa está marcada por algún santo ou festividade relixiosa, así pode ser o San Martiño ou o día de todos os santos. Nalgúns deles tamén se lle pide axuda as divindades para botar as castañas a baixo.

Laya Reboredo, José, 'San Martiño', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 8 novembro 2003, p. 30.

Relaciona a San Martiño cos múltiples refráns nos que aparece, nos que sobre todo se fala da chegada do inverno e do frío. Tamén hai algúns nos que os allos están presentes, pois a data da festividade de este santo coincide coa época de plantación deste produto.

Laya Reboredo, José, 'San Alberte de Artes: ritos de fertilidade', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura ', 15 novembro 2003, p. 30.

Fálase da fertilidade e da súa importancia a través do tempo, indícase que xa dende os celtas lévanse a cabo ritos para mellorar esta calidade. Isto levou a formación de numerosos ditos e cantigas con respecto a este tema e en moitos casos relacionados con San Alberte. A seguir, infórmase que este santo ademais de realizar milagres sobre esta causa tamén lles axuda aos homes en temas de virilidade ou as mulleres en temas de amores.

Laya Reboredo, José, 'Moscas, unhas molestas e familiares compañeiras', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura ', 22 novembro 2003, p. 30.

Refírese ás moscas, das cales reconece as súa parte boa e mala, tamén destaca a súa constante aparición na lingua diaria, por último crea unha especie de cronoloxía na que se mostra a época de aparición, cría e desaparición deste insecto, apoiado co refraneiro, no cal se relacionan as datas cos santos celebrados nese día ou época.

Laya Reboredo, José, 'San Andrés: un culto que data do século VI', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 decembro 2003, p. 18.

Infórmase da data en que o culto por San Andrés entra en Galicia, sitúase arredor do século VI e este é o motivo de que sexa un santo tan familiar, o que o levou a ter un papel importante na cultura popular. Mostra deste feito son os numerosos refráns que a el están dedicados e algúns dos cales se recollen no artigo, a maioría para enxalzalo ou para marcar unha época do ano.

Laya Reboredo, José, 'Santa Lucía, protectora da vista', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 13 decembro 2003, p. 18.

Fálase de Santa Lucía e dos moitos devotos que ten debido a ser a patroa da carencia de visión. Aparece reflectida en numerosos cantares e refráns nos que se enxalza a súa persoa. Por último aconséllase que durante os meses de inverno se tomen as cousas con maior tranquilidade porque haberá tempo para todo.

Laya Reboredo, José, '¡Meigas fóra!', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 27 decembro 2003, p. 18.

Coméntase a existencia de dous santos aos que se lle atribúen a calidade de afastar os meigallos: Santa Comba e San Silvestre. Deste último indícase que está moi presente no refraneiro, non só relacionado coa bruxería, senón tamén coa finalización dun mes tan difícil coma decembro.

MARÉ, 'Fago o que me gusta', *Galicia Hoxe*, 'Un agosto de cultura', 16 agosto 2003, p. 47.

Partindo da xira que Carlos Blanco está facendo co seu espectáculo *Via Oral* faise un repaso aos seus vindeiros proxectos, como a súa colaboración na próxima película de Jorge

Coira, *El año de la garrapata*, ou o seu vindeiro proxecto, *DJ*. Recóllense as palabras do actor nas que confesa a súa preferencia por traballar nos pubs pequenos, pois ao aire libre ten a sensación de cansar ao público.

Pillado, Neli, 'La Coca se hace música', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 4 febreiro 2003, p. 18.

Con motivo da publicación de *A lenda da Coca de Redondela*, de Jesús Cameselle Ben, cóntase a historia deste dragón alado que xurdía das profundidades para levar ás mozas máis feitas da vila. Infórmase que esta produción converterase nun musical que recuperará a illa de San Simón como escenario.

S.R., 'Se puede ser un mal actor y un buen narrador oral', *Faro de Vigo*, 'Reportaje', 16 novembro 2003, p. 2.

Parte dunha entrevista que se lle realizou a Cándido Pazó, na que o entrevistado nos comenta algúns aspectos da súa profesión. Cóntase que o seu traballo non debería ser denominado "contacontos", pois esta palabra remite a un público infantil para o que el non traballa. Tamén se citan os trazos que debe ter un bo narrador oral e as diferenzas entre este e un actor.

S.R., 'Se puede ser un mal actor y un buen narrador oral', *La Opinión*, 'el Domingo', 23 novembro 2003, p. 9.

Parte dunha entrevista que se lle realizou a Cándido Pazó, na que o entrevistado nos comenta algúns aspectos da súa profesión. Cóntase que o seu traballo non debería ser denominado "contacontos", pois esta palabra remite a un público infantil para o que el non traballa. Tamén se citan os trazos que debe ter un bo narrador oral e as diferenzas entre este e un actor.

Saa, Maite, 'Comienza el Certame Internacional de Regueifas', *Atlántico Diario*, 'Verano', 1 agosto 2003, p. 35.

Infórmase brevemente do comezo da sétima edición do certame de regueifas. Expóñense os segredos desta singular arte, como o son a improvisación oral, a rima e a expresión oral e corporal. Por último, cítanse os lugares onde se levarán a cabo estas representacións.

Souto, Xurxo, 'Adeus a Calviño de Tallo, campión de Bergantiños', *La Opinión*, 'el Domingo', 12 xaneiro 2003, p. 16.

Faise eco do pasamento de José Fernández Rama, máis coñecido como Calviño de Tallo, popular regueifeiro da parroquia do mesmo nome, en Bergantiños. O autor aproveita para facer unha pequena reflexión sobre a arte da regueifa, que algúns consideran que "xa só existe nas páxinas dos libros de etnografía". Explica que se trata dunha combinación de técnica e creatividade intelectual, e que está marcada polo carácter provisional, fugaz: a copla así producida, di, "faise para o instante e con el se vai. Nin sequera podes celebrar o teu enxeño porque axiña hai que armar outra copla". Canto á temática, nota cómo a través

desta antiga tradición se dá resposta ás cuestións máis actuais, achegándose a manifestacións de máis recente creación coma o rap ou o hip-hop. Por outro lado, pón en conexión os nosos regueifeiros cos *repentistas* brasileiros, os *troveros* das Alpujarras ou os *cantadores do desafío* na Raia portuguesa. Afirma, ademais, que no concello bergantiñán de Ponteceso, de onde era natural Calviño, parece haber unha especial predisposición para a arte da improvisación, e fai referencia a Leonarda, outra famosa cantadora de regueifas. Tamén menciona a Blanco de Coristanco e Antonio de Xornes, o mestre e o discípulo, respectivamente, do desaparecido regueifeiro Calviño de Tallo.

Suárez, Martiño, 'Contos xitanos', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 3, 'Letras en galego', 29 marzo 2003, p. 7.

Relátasenos brevemente o tema do libro *Contos xitanos* que é de varios autores. Indícasenos que nel podemos atopar historias tanto da civilización exipcia como de reis pérfidos.

Villar, Carmen, '25.000 libros por arte de magia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 11 xullo 2003, p. 46.

Fai referencia ao libro *Mitos, ritos y leyendas de Galicia* dos escritores Pemón Bouzas e Xosé A. Domelo. Infórmase das vendas do libro, máis de vinte cinco mil exemplares e xa editado cinco veces. Tamén se recolle a opinión dos autores, que pensan que se debería explotar a tradición galega e convertela pois, nunha industria.

IX. REVISTAS

A Caramuxa
(DL:C-348-2000).

Revista galega das artes, letras e pensamento na que se dá cabida aos traballos dos membros do Colectivo Sacou, un grupo de novos escritores e artistas que teñen como obxectivo a defensa da cultura galega. A partir do ano 2001 mudou de formato e adquiriu depósito legal, ampliando os seus contidos e número de páxinas cara a unha publicación máis ampla. Dende entón sacou á luz dous números anuais nos que a portada sempre está a cargo do pintor Alfonso Costa e os interiores acollen as creacións artísticas de diferentes mozos pintores. No ano 2003 viu a luz o número 10 e o número 11. No primeiro recóllense as composicións poéticas de Manuel López Rodríguez, un longo poema estruturado en trece corpos numerados e titulado "De debaixo da ponte"; de Ramón Blanco, tres poemas que levan por título "Goethe", "Das estancas estancias (II)" e "Éxodo"; así como os poemas incluídos na sección "Colaboraçons" asinados por Oriana Méndez, António Sérgio MM Godinho, Mario Regueira, María do Cebreiro, Lino Braxe, Alicia Fernández Rodríguez, Estíbaliz Espinosa, Carlos Penela, M. Guerreiro, Eneagá (Iago Urgorri), Maxi Rei, Daniel Salgado e Xavier Campos. As colaboracións narrativas corren a cargo de Óscar Sendón, Iria Lago, Xoán Fernández con "Estafador", Enrique Picón con "Fermosa mesa de pedra" e Suso Gómez con "Agradecemento". Péchase o número cunha entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín realizada polo Colectivo Sacou, que anuncia a continuación no seguinte

número. O número 11 comeza coa segunda entrega do relato "A deusa Fenicia" realizado por Conde de Paço Tristao, os poemas de Manuel Lopes Rodrigues, Óscar Sendón, Ramón Blanco, María do Cebreiro, M. Guerreiro e Estibaliz Espinosa. Remata o número coa segunda parte da entrevista con Xosé Luís Méndez Ferrín, na que se anuncia que continuará.

Agália. (Revista de ciencias sociais e humanidades)
(DL: C-250-1985) (ISSN:1130-3557).

Publicación que comezou a súa andaina na primavera de 1985, baixo a dirección da presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas e cun Consello de Redacción, integrado por oito persoas, que se foi ampliando até chegar aos trece que ten na actualidade. Dende o n.º 41 (primavera 1995) até o n.º 61 (primavera de 2000) tivo a M.^a do Carmo Henríquez Salido como directora, mais dende o n.º 62 (verán 2000) é Carlos Quiroga quen asume a dirección. Dende o número dobre 63-64 (2.º semestre 2000) *Agália* presenta un novo deseño na capa e inclúe un novo subtítulo: "Revista de ciencias sociais e humanidades". Asemade no enderezo electrónico "<http://www.agal-gz.org>" podemos ollar os índices dos diferentes números desta revista dende o n.º 56 (inverno 1998) até hoxe en día, así como consultar algúns destes traballos. En 2003 chegaron a nós tres números dobres: o 69-70 (1º semestre 2002), o 71-72 (2º semestre 2002) e mais o 73-74 (1º semestre 2003). Estes tres números duplos están estruturados en varias seccións: "Estudos", "Poesía" ou "Poesía e relatos" ou "Poesía e narrativa", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e mais "Percurso", onde se indican algunhas das últimas novidades literarias galegas. O número 71-72 contén dentro da sección "Poesía" a reprodución de poemas de José Luís Valinha Reguera, Sara Pino e Artur Alonso Novelhe. O número 73-74 presenta na sección "Poesía e relatos" dous relatos de José Alberte Corral Iglésias: "Cholo", "Kid Moreno", un de Alberto Rodríguez Díaz: "Caíu a noite", e dúas achegas poéticas, "Camões e Rosalia" e "Ir e voltar", obra de Alberto Machado da Rosa (Os Acores, 1924- Monsaraz, 1974) centradas na figura de Rosalía de Castro. No segundo semestre do 2003, números 75-76, aparece un poema de Ivo Machado, "Estátua da alameda", outro sen título do anónimo A., "A Poética Fundaçom" de Touro-Sentado Ugio e dous poemas manuscritos de José Augusto Seabra. Corresponde á narrativa "O saquinho do Martinho", de autoría conxunta entre Paula Barge Carrete e Vanesa G. Blanco e na crónica temos "As matrículas provinciais e eu", de Joao Guisan Seixas. Todos os artigos e recensións referidos á literatura galega figuran descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Joel Gómez, 'El pedagogo Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, 'Sin intención', 29 xullo 2003, p. 11.

Indicase que o último número de *Agália* ofrece unha interesante perspectiva do Otero Pedrayo educador e subliñase que José Paz reivindica que se dedique unha tese doutoral a esta faceta oteriana.

Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia
(DL:C-888-2000).

Publicou o primeiro número en agosto de 2000, dirixida pola Sociedade Liceo de Noia, coordinada por Cándido M. Prego Rajo e cun Consello de Redacción formado por Xosé Agrelo Hermo, Ramón Carredano Cobas, M^a Antonia Castro Patiño, Pedro García Vidal, A. Ventura González Arufe e Xosé Moas Pazos. No ano 2003 sacou á luz tres números, os 11, 12 e 13, correspondendo co primeiro, segundo e cuarto trimestre do ano. A revista presenta algunhas seccións fixas como "Historia do Liceo", "Entrevista", "Noia en branco e negro", "Os nosos libros", etc. e outras que varían segundo a temática. No apartado de "Os nosos libros" recoméndanse a lectura de dous libros, un deles sempre de literatura galega, e faise unha pequena referencia ao seu contido; o libro recomendado no número 11 é *Memorias do Franquismo*, de Xerardo Agrafoxo. No número 12 aparece *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, de Aurora Marco e no número 13 atópanse *O triángulo de Óscar Wilde*, de Xerardo Agrafoxo e a obra *Antón Avilés de Taramancos 1935-1992. Unha fotobiografía*, de M^a Dolores Arxóns e Xosé Luís Agrelo. Os restantes artigos que tratan sobre a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Andaina. Revista galega de pensamento feminista
(DL:C-1146-88).

Tivo unha primeira época entre 1983 e 1991. Iniciou unha segunda xeira en decembro de 1991, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e o Consello de Redacción formado por Ana Arellano, Nanina Santos, Berta Rey, Milagros Becerra, Felicia Estévez, Laura Gómez e Ana Luisa Bouza. Dáselle cabida nesta publicación a temas misceláneos, sempre dende a perspectiva da muller e non presenta seccións fixas. No ano 2003 viron a luz os números 34, 35 e 36 (primavera, verán e inverno, respectivamente) e é no número 36 onde aparece unha recensión sobre a poetisa galega Yolanda Castaño. A referencia concreta a esta recensión aparece no apartado correspondente deste *Informe*.

Anima + I
(ISSN:1137-599 X).

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo *Revista cultural para todas as especies*, editada por Edicións Positivas e que presenta unha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador, mais neste número 13, correspondente ao inverno do 2003, ten como equipo de redacción a Onofré Sabaté, Xis Costa, Olalla Cociña, Comba Compay, Xavier Campos e Moisés Álvarez. A revista, que non presenta seccións fixas, inclúe neste número unha entrevista ao grupo de baile Tangata e diversos artigos sobre temas de actualidade (política, música, natureza...). Ademais, recolle unha serie de contos populares palestinos traducidos ao galego por Comba Compay e catro poemas de Mari Cruz Martínez Vilas de temática variábel.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Infantil/Xuvenil', 27 febreiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa na que se dá conta de diversas novidades editoriais, M. Blanco Rivas ocúpase nesta ocasión dunha revista *Anim+ l*, publicada por Edicións Positivas e dedicado este número 13 a Vidal Bolaño. Os artigos que recolle están relacionados coa realidade actual galega e Blanco Rivas salienta algún deles como a primeiro dedicado á figura de Fraga.

Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001

(ISBN:84-8288-598-7) (DL:VG-173-2003).

Publicación de periodicidade anual que dá á luz a Editorial Galaxia dende o ano 1992 e que conta co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. O seu director é Xoán González-Millán e como directora adxunta conta coa profesora Dolores Vilavedra. O Consello de Redacción está formado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. Así mesmo, conta cun Consello Asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Ruthford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. No mes de febreiro de 2003 saíu á luz o número correspondente ao ano 2001, que presenta a clásica estruturación da revista en cinco seccións: "Estudios", "Comunicacións", "Panorámicas", "Libros" e "Compendio bibliográfico anual". Este volume inclúe, ademais, unha "Lembranza de Xoán González-Millán" feita por Dolores Vilavedra. Os artigos incluídos nesta revista referidos á literatura galega son descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Recensións:

- C.F., 'Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 14.

C. F. fai un repaso sucinto dos principais contidos do *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*.

- Xosé Feixó, 'Unha cita obrigada', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Letras galegas', 1 maio 2003, p. V.

Comeza anunciando a recente publicación, aínda que con algúns meses de retraso, do *Anuario de Estudios literarios Galegos* correspondente ao ano 2001. A seguir, fala da morte de Xoán González Millán, director da publicación dende o seu nacemento, en 1992. Logo loa o gran traballo de Dolores Vilavedra, directora adxunta da publicación, que abre o *Anuario* con "Lembranza de Xoán González Millán". Continua falando dos cinco núcleos nos que se divide a obra: "Estudios", "Comunicacións", "Panorámicas", "Libros", e "Compendio bibliográfico anual". Remata poñendo como exemplo un artigo de Luciano Rodríguez, que fala de *Eclipse*, de Xavier R. Baixeras.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Compás de espera', *Galicia Hoxe*, 'Ensaio', 27 maio 2003, p. 51.

Destácase o artigo de María do Cebreiro que aparece no *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001*, "Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme a nova poesía galega?", no que se presenta a cuestión de se seguen sendo equivalentes os termos "nova poesía" e "poesía nova". Maré afirma que é a "aportación máis impactante" do *Anuario*, ademais de ser unha completa guía sobre os poemarios publicados o ano pasado. Finaliza informando de que o *Anuario* está dedicado ao seu director recentemente falecido, Xoán González Millán e que contén tamén panorámicas arredor do ensaio ou a narrativa, ademais dun artigo sobre os dez anos de Espiral Maior e unha análise dunha peza teatral do s. XVI.

- R. N., 'Anuario de estudios literarios galegos 2001', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 13, 'Letras galegas', 14 xuño 2003, p. 7.

Dá conta da aparición dun novo número do *Anuario de Estudios literarios galegos*, o primeiro trala morte do seu director, Xoán González-Millán. Continua falando das seccións que o forman, que case son as mesmas dende o os seus inicios. Conclúe definindo o *Anuario* como "unha necesaria ferramenta de traballo para estar ao día e achegarse á valoración "Académica" da nosa produción".

Auria (Revista mensual de Caixanova)

(DL:OU-46-97) (ISSN:1138-0837).

Publicación mensual que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Este nome trocou en agosto de 1999 -nº 28-, ao comezar o proceso de fusión das Caixas do sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)* ata xullo de 2000 -nº 39- cando ficou co seu actual título *Auria (Revista mensual de Caixanova)*. Ten a Alfonso Sánchez Izquierdo como director, a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e ademais conta cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos culturais. Está editada por Caixanova en colaboración coa Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Ao longo de 2003 publicáronse doce números, concretamente dende o número 69 ao 80, ambos incluídos. Ábrese cada número cunha "Axenda" que dá conta dos principais fitos e actividades culturais -teatro, conferencias, exposicións, música, etc.- que terán lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense, así como na cidade de Vigo. A seguir aparecen artigos, con abondoso apoio fotográfico, que tocan variados temas, como literatura, teatro, historia, arqueoloxía, natureza, música, tradicións, cine, fotografía, etc., e péchase cun apartado que fala especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. Cómpre destacar que na sección "Auria das letras", que non aparece en todos os números de 2003, teñen cabida textos literarios de autores galegos, nomeadamente ourensáns, acompañados dalgúns datos biobliográficos, como por exemplo Antón Tovar, quen publica os poemas "Lingua que rexeitaron os meus pais", "O can", "O

Forriolo", "Eu" e mais "Outro" ou a serie de poemas titulada "Sons de baleas" da poetisa Noelia Rodríguez (Lisboa, 1947). Tamén se pode visualizar en formato PDF o número de cada mes no enderezo "<http://lri.laregion.net>". Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BD Banda

(DL:PO-175-01).

Revista de banda deseñada para adultos, integramente en galego, de periodicidade irregular que naceu na primavera de 2001, baixo a dirección de Kiko Dasilva. No ano 2003 apareceu o número 4 cunha portada realizada por Miguel Porto. Na sección "Editorial" que abre o volume, ademais de pedir desculpas polo atraso da publicación, anúnciase que a distribución corre a cargo da editorial Kalandraka e que a revista cambiou de formato para abaratar custos. A seguir, aparecen os traballos dos seguintes autores: "Piadas negras", de Fernando Ruibal; "En todo o alto" de Marcos Calo; "Loop", de Guitián; "Os árbólidos", de Kiko Dasilva e Miguel Robledo; "Deserto", de Manel Cráneo; "Jack Night: días de viño e rosas", de Miguel Porto; "Outra historia de nenos para homes", de Carrasco/Mariví; "Intercambio de impresións", de David Rubín e Miguel Robledo; "Sen título", de Fonollosa; e "As cousas de Garriga", de Chaler e Tito.

Boletín da Real Academia

(ISBN:84-87987-21-4) (DL:C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o nº 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Está coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No ano 2003 saíu do prelo o número 364 dedicado, en boa parte, a Antón Avilés de Taramancos con motivo da homenaxe que se lle rendeu a esta figura no Día das Letras Galegas. Este número estrutúrase en catro seccións: "Estudios e investigacións sobre Avilés de Taramancos", "Alocucións académicas sobre Avilés de Taramancos no Día das Letras Galegas", "Traballos de investigación e estudio" e "Vida oficial da RAG", onde se ofrece a relación de membros directivos e académicos numerarios, a crónica do último ano de actividade da Academia, unha necrolóxica a Carlos Casares, de Manuel Rodríguez Álvarez e outra a Camilo José Cela, de Xesús Alonso Montero, unhas "Breves consideracións encol da lingua", de Camilo José Cela, o "Discurso de contestación" de Domingo García-Sabell, e unhas normas para a presentación de colaboracións. Todos os artigos que versan sobre literatura aparecen nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Boletín Galego de Literatura

(ISBN:84-9750-121-7) (DL:C-641-1989) (ISSN:0214-9117).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colabora Ámbito Cultural/El Corte Inglés. No seu Consello Científico figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada volume vai ilustrado por un fotógrafo ou por un artista gráfico. Sen cambios no Consello Científico nin tampouco no Redactor e Corrector, chegaron ás nosas mans durante o ano 2003 os números 27 e 28. O número 27, correspondente ao 1º Semestre de 2002, presentouse publicamente o 5 de marzo de 2003 e consiste nun número monográfico titulado xenericamente *Literatura e cinema*. Ábrese cunha presentación de Anxo Tarrío e cun limiar das coordinadoras, Patricia Fra López e M^a Teresa Vilariño, que explican que o volume recolle os relatorios presentados nun curso de verán celebrado entre os días 16 e 18 de xullo de 2001 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Sinalan tamén que o volume supera o estatuto de Actas de Congreso, xa que suma outros artigos e recensións, como os textos de Anxo Abuín, Patricia Fra, Teresa Vilariño, César Domínguez, Antonio Gil, Norma Rodríguez, Miguel Sicart, Mercedes Comba e Ángel Otero. O Boletín conta coas seccións habituais de "Estudios", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación" onde se reproduce un fragmento do primeiro guión que redactou Suso de Toro a partir da súa novela *Trece badaladas*. O número 28, correspondente ao segundo semestre do ano 2002, volve manter as mesmas seccións e no apartado de "Creación" recolle unha autopoética de Yolanda Castaño e de Xavier Queipo. Este número foi ilustrado por Mercedes Díaz Villarías (1979). Todos os artigos e recensións relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 28, 'Infantil/Xuvenil', 30 xaneiro 2003, p. VII.

Nesta sección fixa de M. Blanco Rivas achéganse algunhas novidades editoriais das que se ofrecen datos do contido. Nesta ocasión refírese á biografía de Xosé Neira Vilas publicada por Ir Indo Edicións en 2002; á *A chamada da selva* (2002) de Jack London, unha novela de aventuras traducida do inglés por Gonzalo Navaza e con ilustracións de Federico Fernández; á *Unha alma nobre* (2002) de Fred Uhlman, unha novela da que se destaca que é continuadora de *Reencontro* (1998), na que se narra a vida de dous amigos separados polo fascismo; e finalmente, ao número vinte e sete do *Boletín Galego de Literatura*, dedicado á relación da literatura e o cinema, un volume coordinado por Patricia Fra López e M^a Teresa Vilariño.

- Salvador García-Bodaño, 'Facer cinema en Noia', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 16 marzo 2003, p. 3.

Expresa a súa satisfacción polas recentes achegas ao campo de estudos arredor do cinema e da literatura como a saída á rúa do número 27 do *Boletín Galego de Literatura*, que recolle os traballos presentados no curso de verán celebrado na Facultade de Filoloxía en 2001, ou

a creación na Universidad de Santiago de Compostela do Centro de Estudos Fílmicos, dirixido por José Manuel González Herrán. Relacionándoo con estes feitos, sinala a alegría que lle produciu a proxección da curtametraxe de Luís Avilés, fillo de Avilés de Taramancos, *Historia dun periplo*, sobre a vida de seu pai, e a presentación no Coliseo Noela, de Noia, da curtametraxe *A Subela*. Relata a vocación xa dende rapaz de Luís Avilés Baquero e cómo dende 1994 intentou realizar este proxecto sen obter subvencións ata que conseguiu a desexada axuda da Consellería de Cultura e que o filme narra unha historia común e sinxela.

Bululú. A revista dos títeres (DL:C-767-2001).

No verán do ano 2001 o Centro de Documentación das Artes Escénicas (IGAEM) editou o primeiro número desta revista. Na sección "Editorial" da mesma os seus directores Mar Nogueira e Jorge Rey expoñían como fundamental obxectivo "crear un espacio de divulgación para o mundo dos títeres no que teñan cabida tanto os temas de investigación, como os de opinión e mesmo de difusión". A coordinación da revista correspóndelle a Lucía Ansemil e o consello de redacción está formado por David Berdugo, María Chenut, Carmen Domech, Auri Fernández, Amabel González, Lidia González, Carolina Méndez, Xavier Paredes, Lorena Rei, María Ríos e Fátima Rodríguez. No ano 2003 chegaron ata nós os números 4 e 5 desta revista, correspondentes á primavera e ao outono, respectivamente. As seccións coincidentes que presentan estes dous números son: "Editorial", "A Personaxe", "Centros de Documentación", "Outr@s falan", "Os títeres e as Artes", "Mirando polo buraco", "Vozvoces", "Actualidade", "I Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres", "Fondos Bibliográficos", "Axenda" e "Anexo en castelán". O número 4 inclúe ademais as seccións "Museu Internacional de Títeres de l'Albaida", "A Cabeza Encantada" que é un dossier dedicado ao teatro de títeres de Peralta del Amo, "Feten" e "A pequena marioneta". No número 5 as novas seccións son as denominadas "In memoriam", "Galicreques" e "Entrevista". Todos os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, 'Bululú', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 25, 'Teatro', 9 xaneiro 2003, p. VIII.

Comeza o comentarista referíndose a que o teatro de bonecos e monicreques non tivo unha longa tradición en Galicia ata que na segunda metade do século XX comezou o seu desenvolvemento da man de Xosé Silvent e o seu fillo Alfonso, que levaron a Barriga Verde por toda Galicia e que logo foron seguidos por Trécola, Viravolta, Cachirulo, Os Monicreques ou Tanxarina, Artello Teatro e Spaghetti. Salienta que se converteu nun dos sectores máis dinámicos na conquista de públicos novos aos que se dirixen maioritariamente os espectáculos que crean estes grupos en Galicia e en galego, por iso Vieites considera que é mágoa que o xénero restrinja as súas posibilidades ao público infantil pois como noutros países tamén ten como receptor o adulto. Considera que *Bululú* "ten diante súa un importante labor nesta reivindicación", a seguir recorda quen dirixen a

revista, da finalidade da mesma e describe o número tres do que salienta o traballo sobre o teatro de títeres de Federico García Lorca, a presentación do teatro de autómatas de Lucía Ansemil, un informe sobre o Centro de documentación INAEN, unha crónica sobre Galicreques 2002 e unha entrevista a Miguel Oyarzún. Remata cos parabéns para os editores.

- V.O., 'Terceiro aniversario da revistas Bululú', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 6 novembro 2003, p. 49.

Salienta a publicación do número seis desta revista que, en palabras de Mar Nogueira, directora da mesma, pretende ser algo máis que unha publicación de monicreques. Di que naceu para ser unha fiestra aberta a todas as paisaxes, tendencias e reflexións sobre os títeres e as súas relacións coas artes. Logo describe brevemente o contido deste número.

- Salvador Rodríguez, 'Mar Nogueira, codirectora da revista Bululú', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Entrevista', 27 novembro 2003, p. III.

Despois de recordar que esta revista ten unha tirada de dous mil exemplares e que se distribúe tanto en Galicia coma noutros puntos de España, Portugal e Iberoamérica, Mar Nogueira responde ás preguntas que se lle realizan en relación a que a revista xurdiu a partir das inquiredanzas presentadas polos titiriteiros diante do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), que téñen unha estrutura fixa e que nas distintas seccións se mestura o traballo divulgativo e o especializado, que a súa distribución é internacional, que se trata dunha publicación case única no mundo, mostra da vitalidade deste xénero en Galicia como se constata nas moitas representacións que se fan e na convocatoria do Premio Barriga Verde, que se trata dunha revista para todo o sector non só para o especializado, que aínda non se entende moito que o mundo dos títeres non só se dirixe á infancia aínda que xa se comencen a superar os tópicos de que se trata dunha arte menor. Considera a entrevistada que o teatro de títeres manifesta sinais de identidade galegas, que se manifestan técnicas en mensaxes propias, para o futuro di que teñen como reto seguir a facer a revista e que cada vez teñan máis protagonismo os titiriteiros.

Referencias varias:

- M.O., 'O mundo dos títeres nunha revista', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 35, 'Letras en galego', 15 novembro 2003, p. 7.

Dá conta da publicación do número cinco desta revista de títeres, salienta quen a edita. Neste exemplar homenaxéase a Yang Feng, ademais de que se reflexiona sobre a relación deste espectáculo con outras artes.

Casahamlet. Revista de teatro (DL:C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. No Consello de Redacción desta publicación, que está apoiada pola Deputación da Coruña, figuran os nomes de

Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro, Isaac Ferreira. No ano 2003, concretamente no mes de maio, publicou o seu número cinco, no que conta coas ilustracións, repartidas ao longo de todo o volume, de: Alberto Carpo, Paco Conesa, Xosé Luis de Dios, Manuel Lourenzo, Aurichu Pereira, Ana Pillado Vega, Xesús Pisón, Rodrigo Roel Rivera, Felipe Senén, Blanca Silva, Carlos Silvar e Miguelanxo Varela. As seccións que presenta este número son as seguintes: "Editorial", "A Dirección", "A Edición", "O Ensino", "A Escenografía", "A Escrita" e "A Interpretación". Na primeira das seccións, "Editorial", aparece un poema de Roberto Vidal Bolaño titulado "Ledaíñas", e na sección "A Escrita", tamén como creación, inclúense tres textos teatrais: "Dique de abrigo" de Isaac Ferreira, "Lección de teatro case sen pernas" de Xavier Lama e "Parade de respirar" de Xesús Pisón, ademais dun relato de Gustavo Pernas Cora titulado "De lince e vagalumes". Todos os restantes artigos que fan referencia á literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Citania. Artes. Letras. Espectáculos
(DL:C-2514-2003) (ISSN:1139-3092).

Revista semestral de periodicidade irregular que naceu na primavera-verán de 1998. Está dirixida por Euloxio R. Ruibal e M^a Antonia Pérez e coordinada por José Manuel González Herrán. Tanto o seu Consello de Redacción como o Consello Editorial están formados por persoas de distintas Universidades: Anxo Abuín, Arturo Casas, Xosefina Cerviño Lago, Xosé Coira Nieto, Xosé Fernández Fernández, Camilo Fernández Valdehorras, Chema Paz Gago, Miguel Pérez Romero, Carmen Sánchez Carrera, Sury Sánchez Montero e Laura Tato Fontaíña. É de marcado carácter interdisciplinar. Consta de diferentes seccións. No 2003 saíu do prelo o número 4, correspondente á primavera-verán. No apartado de "Creación" María do Cebreiro elabora un artigo sobre a comparación entre fotografías e narradores no que inclúe seis microrrelatos correspondentes a Rosa Aneiros ("A gran dictadora"), Inma López Silva ("Monólogo dun roqueiro vello á hora de comer"), Fernando Paredes ("Sacrificio"), Mario Regueira ("Pero eu xa vivín...!") e Miriam Sánchez Moreiras ("Esta noite..."). Os restantes artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Dorna. Expresión Poética Galega
(DL: C-94-1982) (ISSN:0213-3806).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís G. Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Enrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, M^a Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñen o Comité de Redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupa o posto de director. Nos últimos anos ten unha periodicidade anual, facendo coincidir a saída do seu número coa celebración do Día das Letras Galegas. No ano 2003 publicouse o número 29, que estrutura os seus

contidos en dúas seccións: "Creación" e "Caderno da crítica". En "Creación" inclúense as novas creacións poéticas de Rodolfo Alonso, "Carne do sol" ; Adrián Álvarez Meilán, "Tránsito", "Artigo último" e "Profusións anarquistas de 'coas' axeonlladas"; Noel Blanco Cartelle, "Percepcións inacabadas" e "Consideración intempestiva"; Xosé Carballeira, "E sabía" e "Para ti"; María do Cebreiro, "Oráculo"; Francisco Domínguez Romero, "Antela", "Vento ferido", "Brinde" e "A baba da lesma"; Eduardo Estévez, un poema da serie "Poemas de María"; Toni García Arias, "Os nosos portos" e "Barcos de tempo"; Raúl Gómez Pato, con fragmentos dos "Cadernos dos simios"; Xosé Antón L. Dobao, "Para Brais" e "A Roberto Vidal Bolaño"; Xosé Luna Sanmartín, de "Memorias do Cairo"; Paulo Martínez Lema, "Os beizos que se derraman" e "Non quero manchar as mans con máis sangue"; Oriana Méndez, "A verdade de todos estes labirintos está fóra" e "Abre a ventá dos desexos e deixa entrar"; Alberte Momán, "ficamos no corpo", "Lembras?" e "Giuseppe Verdi"; Carlos Negro, "Caste de Lamas (Ela)", Manuel Xosé Neira, "Setembro" e "O val de Cunquiro-Mozart"; Alexandre Nerium, "De vogar de couse" e "De vagas en espiral"; Claudio Pato, "A miña vida"; R.M.A., "A noite segue sendo tan escura"; Xesús Rábade Paredes, "Abenzoados"; Baldo Ramos, "Miro de fronte as palabras" e "Chove"; Mario Regueira, de "Debuxo da danza ritual" e Helena Villar Janeiro, "Ohrid" e "Epitafio para Herminia". Os textos en prosa escríbenos Esperanza Mariño Dávila, "Cada día seu afán"; Chus Pato, "Para que esta beleza", e David Souto Alcalde, "Oración do novo bautizo (en cinco tempos)". Na sección titulada "Cadernos de crítica" aparecen os artigos de Xosé Anxo García López, "Dous poemas no exilio", e de Miro Villar, "*Última fuxida a Harar*, a palabra do Poeta en herdanza", que son descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(DL:C-80-1977) (ISSN:1131-6519).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 2003, como ocorre dende os seus comezos, publicáronse cinco números, do 131 ao 135. As seccións de que constan son: "Guieiro", "Editorial" (que desaparece a partir do número 132), "Estudios", "Experiencias", "Achegas", "Rostros", "Crónicas", "Recensións", "Libros chegados á redacción" e "Ilustracións", porén, algunhas non aparecen en certos números porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Escaramuza

(DL:C-2483-2000).

Revista trimestral creada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena no ano 1997 e coordinada por Celso Parada. Conta co patrocinio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España) e coa colaboración do Instituto Galego das Artes e da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación dedicada ao mundo do teatro, que conta cunha serie de seccións fixas: "Humor", "Laboral", "Eventos", "Teatranet", "Aprenda teatro", "Informes",

"Revista" e "Versículos picantes", así como con artigos de opinión, entrevistas e debates que varían en cada número. No ano 2003 publicouse un o número 15, que corresponde ao mes de abril. Este volume, no que se inclúen unicamente dúas das súas seccións fixas habituais: "Humor" e "Teatranet", acolle diversas colaboracións de Xaquín Marín, Cándido Pazó, Capitán Choupa, Comba Campoy, Fausto, Nazaret López, Nieves Mateo, Inma López Silva, Santi Prego, Pepe Prego, Manuel F. Vieites e Norberto Fernández. Os artigos que desta revista versan sobre literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Fadamorgana

(DL:C-670-1999) (ISSN:1575-9520).

Esta publicación nace no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros respecto á información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro; en canto á crítica, estudo e reflexión sobre os camiños que se van trazando nese eido; e para estar cabo das restantes producións literarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun Consello de Redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Victorio Nogueira, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, así como cunha secretaria de redacción que é Amparo Raviña Rosende. No ano 2003 publicou o seu número 9, corresponde ao período de inverno. Como xa é costume, ábrese co apartado "fadario", no que, nesta ocasión, se recolle un texto de Michael Page sobre as fadas e as posibilidades que teñen os humanos de poder velas. A seguir, están os apartados "o ilustrador", que está dedicado a Manuel Uhía, o sumario e "despezas", que recolle diferentes noticias relacionadas coa literatura infantil e xuvenil como os premios gañados por creadores galegos, a celebración de eventos como congresos e outras novas de carácter diverso. Na "entrevista", reproducése unha conversa mantida por Neira Cruz coa escritora Katherine Paterson que, está acompañada dun artigo de Elena Abós sobre a obra desta autora estadounidense; e outra a Fina Casalderrey, acompañada do traballo sobre a produción da autora galega realizado por Amparo Raviña. A continuación, atópanse os artigos que conforman o apartado monográfico presentado baixo o título de "Primeira lectura, primeira paixón" e que tratan as obras que marcaron as lecturas de verán de escritores e escritoras galegas como: Rosa Aneiros, Paula Carballeira, Helena Villar Janeiro, Antón Cortizas, Inma López Silva, Luís Rei Núñez, Xosé Carlos Caneiro, Xoán Babarro, An Alfaya, Concha Blanco, Miro Villar e Marilar Aleixandre. Séguelle o apartado "novidades", no que se recollen unha serie de pequenas recensións sobre obras de literatura infantil e xuvenil en galego (estas aparecen por tramos de idade), portugués, castelán, catalán, vasco, checo e neerlandés. Nesta mesma sección inclúese tamén un subapartado titulado "materiais", no que se dá conta da aparición de diferentes volumes monográficos ou de crítica. Conclúese co bloque de "adiantos", no que de novo se ofrecen noticias sobre a literatura para os máis miúdos, e co "diario de morgana", no que Xela Arias inclúe un poema sobre os efectos da marea negra e no que confía no poder das fadas para superalo. Todos os artigos referentes á literatura infantil e xuvenil en galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

FerrolAnálisis

(DL:C-1106-1990).

Revista que botou a andar no ano 1990 cando saíu o seu primeiro número, que se correspondía co mes de setembro. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Xunta de Galicia, Cámara Oficial de Comercio e Deputación Provincial da Coruña e está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993 comezamos a atopar as primeiras referencias á literatura galega. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios ata o ano 2000, cando pasa a ocupar a Presidencia de Honra deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O Consello de Redacción está composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfíz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2003 saíu á luz o número 18, composto polas seis seccións xa habituais: "Ferrolterra", "Separata Especial", "Galicia", "Internacional", "Creación" e "Portafolio". En "Creación" inclúense dez poemas, titulados en conxunto "A Pedra insonme" de Eva Veiga. Os artigos de literatura galega que aparecen nesta revista describíense no apartado correspondente deste *Informe*.

Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista

(ISBN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular que empezou a súa andaina en 1983. Dende o ano 1995 publícase anualmente. Trátase dunha revista de ideoloxía feminista, dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, que conta cun Consello de Redacción formado por Mónica Bar Cendón, María Xosé Queizán e Marga R. Marcuño, ademais dunha ampla listaxe de colaboradores. No ano 1999 sacou do prelo o número 15, no ano 2000 non se publicou ningún exemplar e no ano 2001 retomouse a numeración sacando á luz o número 16. Neste ano 2003 publicouse o número 18, que conta cunha editorial de María Xosé Queizán na que sinala que a Asociación de Feministas Independentes e a Concellaría da Muller do Concello de Vigo convocaron o premio de investigación Festa da Palabra 2003 co tema: As operarias de La Artística de Vigo, desde os seus comezos até os anos 80; enumera os membros do xurado e anuncia que o traballo gañador foi "As mulleres de La Artística. Un estudio sobre o traballo feminino na industrialización de Galicia", de Luisa María Muñoz Abeledo. Ademais da sección "Monográfico", na que se publica o traballo gañador no premio arriba citado, aparece a sección "Actualidade", baixo a cal se publican diversos artigos de temática variada; cómpre indicar que a estrutura que este ano presenta a revista difire da que presentaba en números anteriores, onde se incluían as seguintes seccións: "Monográfico", "Temas Varios", "Crítica" e "Creación", que agora foron substituídas por dous únicos apartados: "Monográfico" e "Actualidade". Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia, Arqueología, Heráldica, Literatura, Ciencias y Arte
(ISBN:84-932213-6-8).

Edición facsimilar en cinco volumes da revista *Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia, Arqueología, Heráldica, Literatura, Ciencias y Arte*, que iniciou a súa publicación en 1882 e que agora publica Edicións Losa. Conta cun estudo introdutorio de Xosé Ramón Barreiro, no que se centra na figura do seu fundador e director, Bernardo Barreiro, así como na historia da propia publicación. Sinala que esta naceu co obxectivo de difundir documentos inéditos dos arquivos galegos para esclarecer a historia e dar conta da bibliografía antiga e moderna. Tamén ofrece a nómina de colaboradores en aspectos documentais e históricos, mentres que no referido á literatura considera que incluíu poemas coa intención de "alixeirar algo a revista e de integrar ó maior número de intelectuais", entre os que figuran composicións de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Lago González, Francisco María de la Iglesia, Victorino Novo e o propio Bernardo Barreiro. Detense tamén nos factores que determinaron que unha publicación destas características perdurara tantos anos apuntando, entre outras, cuestións como o apoio das institucións, das colectividades galegas en América, o interese pola historia das diferentes comarcas, o que favoreceu a penetración da xente culta das vilas, ou o propio atractivo da revista. A seguir, reproducése a colección completa distribuída en cinco volumes, que responden ao carácter de libro por entregas que Bernardo Barreiro lle quixo imprimir, no que o primeiro volume (ISBN: 84-932213-7-6) reproduce os cincuenta números publicados entre o 9 de xullo de 1882 e o 17 de xuño de 1883; o segundo volume (ISBN: 84-932213-8-4) comprenden os que viron a luz entre o 8 de xullo de 1883 e o 14 de outubro de 1884; o terceiro volume (ISBN: 84-932213-9-2) os publicados entre o 8 de xaneiro e o 23 de decembro de 1888, despois dunha paréntese de catro anos sen publicarse; o volume cuarto (ISBN: 84-933043-0-1) recolle os números do 6 de xaneiro ao 29 de decembro de 1889; e finalmente o volume quinto (ISBN: 84-933043-1-X) reproduce os últimos vinte e cinco números, publicados ao longo do ano 1892 e 1893, tomo que se pecha cun apartado no que se recollen folletíns con obras de Bernardo Barreiro, entre as que están a lenda do Apóstolo en castelán ou cuestións como a capitalidade de Galicia.

Galicien Magazin
(ISSN:1433-2647).

Revista editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e o Galicien-Zentrum da Universidade de Trier. Dirixida polo profesor Dieter Kremer, publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. Distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librarías Cartabón e A Caixa de Pandora de Vigo, Couceiro de Santiago, Torga de Ourense e Michelena de Pontevedra. O seu contido divídese nas seguintes seccións principais: "Deutcher-Galicien Tag", "Beiträge", "Examensarbeiten", "Besprechungen" e "Chronik", nas que se inclúen informacións relacionadas sobre todo coa

literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No ano 2003, a diferenza do que viña ocorrendo nos últimos anos, só se publicou un número, o 14, correspondente a decembro deste ano.

Golfiño

(DL:VG-344/2002) (ISSN:1576-8201).

Revista dedicada á banda deseñada que ten como obxectivo chegar non só aos máis novos senón a un público de todas as idades, recuperando a mellor tradición dos cómics clásicos. Naceu no ano 2000 froito dunha iniciativa dos seus directores, Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna, co apoio de Edicións Xerais de Galicia. Daquela contaba cunha periodicidade mensual, aínda que deixou de publicarse tras catorce números. No ano 2002, concretamente o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, *Golfiño* reapareceu nos quioscos, dando comezo así a unha segunda época, desta volta impulsada por *La Voz de Galicia* e co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística, cunha periodicidade semanal e exclusivamente centrada na banda deseñada que realizan debuxantes galegos. En marzo, cando a revista celebra o seu primeiro ano de vida, pasa a adquirir a categoría de 'revista dominical' de carácter gratuito e cunha tirada de máis de cento sesenta mil exemplares. No ano 2003 editáanse un total de cincuenta e un números, dende o número 34 que apareceu en xaneiro ata o 85, último volume editado neste ano. A revista ofrece dezaseis páxinas a toda cor cunha concepción fundamentalmente lúdica. Colaboran un amplo abano de debuxantes galegos, dende o decano do cómic galego, Xaquín Marín, ata os creadores máis novos que comezan a publicar. A lectura da revista comeza nas capas, realizadas por Fausto Isorna, creador do personaxe que dá nome á publicación, e sempre protagonizadas polas súas aventuras. A seguir, inclúense algunhas das súas colaboracións fixas, que van alternando a súa aparición: as aventuras de "Os Escachapedras", asinada por Fran Bueno e Marilar Aleixandre e protagonizada por unha panda de rapaces, Chuspi, Demi e Tirizó; "O bosque animado", protagonizado polos personaxes da película adaptados ao formato cómic por un equipo de Dygrafilms; "A escola de Vilaverzas", de Miguel Robledo, que presenta as peripecias dun condutor dun autobús escolar, Tobuso, e dos alumnos e alumnas da escola de Vilaverzas; "Os Biosbardos", unha creación de Kiko da Silva protagonizada por Fiz, un rapaz que ten unha predilección especial polos temas escatolóxicos; "Tinto Longueirón, deportista", de Pinto e Chinto, un personaxe empeñado na práctica de diferentes deportes a pesar do seu escaso éxito en cada un deles; Jacobo Fernández e a súa serie "Os amigos de Archimboldo Roque", na que o rinoceronte Archimboldo vai presentando os seus insólitos amigos, sempre co lema "Na terra hai moita xente e cada un é cada un"; "O Castelo Regadeira", asinada por Norberto Fernández e protagonizada por Xiana, unha rapaza fermosa, independente e intelixente que vive nun mundo fantástico no que, acompañada dos seus amigos, Gorxón, Toxo e Tuxo, vive diferentes aventuras; "A fraga Milmañas", con guión de Carlos Amil e debuxos de Manel Cráneo, que presenta as aventuras da raposa Fonsa e do lobo Ferocio para acadar a maior cantidade de comida posíbel; "Os vixilantes do camiño", de Miguelanxo Prado, serie na que o personaxe televisivo Xabarín e os seus amigos continúan as súas aventuras televisivas; "Os Kinkilláns", do debuxante ourensán David Rubín, centrada nas aventuras que viven uns superheroes no espazo; "Os Fernández", de Primitivo Marcos, unha serie de corte realista protagonizada por unha familia galega; "Xurxo", asinada por Macaco, un pintor que sofre as trasnadas dos seus

compañeiros, o mono Ulises e o loro Nexus; "Xen", realizada polo guionista Kike Benlloch e o debuxante Víctor Rivas, centrada nas peripecias dunha rapaza experta en novas tecnoloxías; "Thom", de Andrés Meixide, centrada na vida cotiá dun americano de Nova York que se instalou no rural galego; "A nova da illa Tartaruga", con guión e debuxos de Iago, na que asistimos ás aventuras dun grupo de personaxes animados que chegan a unha illa xa habitada e na que son capturados; "Rúa Transilvania 1343", de Leandro, protagonizada por un vampiro e o seu mordomo; "Pepo e Pachón", de Pastrán, centrada nas aventuras dun neno e do seu can; "Tonecho", serie asinada por Xaquín Marín, contracapa habitual da revista, unha colaboración centrada nas peripecias dun rapaz afeccionado ao fútbol que interpreta os feitos que o rodean, sempre dende o humorismo e ás veces revelando o que a realidade ten de absurdo. En formato de tira aparecen "Palleiro", de Xaquín Marín, que mostra a vida dende o punto de vista dun can; "Capitán Lixo", de Alberto Varela Ferreiro; Abraldes e as súas series "Os Tronantes" e "Érase unha vez"; "Luzbell", de José Tomás e Diego Rosales; Gundas e a súa mostra do humor absurdo en "¿Perçy ou Marionetti?"; Alexandre Marín e a visión da realidade dun bebé en "Iago Medra"; Alex Moro coas curiosas ocorrencias dunha ovella en "Bee!!"; "Fito e Pita, os xubilados flipados do tecno" por Guitián; ou Miguel Porto e "Lúa", unha rapaza afeccionada aos videoxogos. Coa intención de ir mostrando novos talentos, incorporouse tamén o formato de media páxina que cobren coas súas creacións Marcos Costoya con "O disparate", Daniel Docampo con "Ágata e Coitelo, heroes de medio pelo", Leandro con "Humor G", Leticia Rodríguez (Lets) con "Kike e Berto", María con "As aventuras espaciais de Ga e Tuké", Sergio Covelo con "A familia coello", Miguel Porto con "Niko Natas. Xenio do mal", Gochi con "Trasmallo. Adestrador de piratas", Norberto con "Kvldina, a raíña vampira", Paula e Crego con "Pangirl". Os números aparecidos a finais do ano 2002 tiveron un carácter especial. A revista completa as súas dezaseis páxinas coa sección "Cartas ó director" á que os lectores fan chegar as súas opinións e os seus debuxos, e que inclúe o apartado "Os nosos artistas", no que se recolle a traxectoria dos debuxantes da revista, apartado que foi substituído temporalmente por "A linguaxe da banda deseñada", no que se achegan os conceptos fundamentais da banda deseñada. A páxina complétase cunha sección dedicada ao concurso que a revista *Golfiño* realiza en colaboración co programa da TVG, Xabarín Club.

Referencias varias:

- Rubén Santamarta, 'El cómic gallego explora y crea nuevas líneas de vanguardia sin apoyo editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 xullo 2003, p. 42.

Recóllense as declaracións de diferentes debuxantes galegos, que analizan a situación actual do cómic galego. En columnas á parte faise referencia ao *Golfiño*, a revista de cómic que La Voz de Galicia distribúe gratuitamente e pola que pasaron a práctica totalidade de debuxantes e guionistas de banda deseñada de Galicia; sinala que esta revista foi promocionada no último Salón Viñetas do Atlántico. Finalmente, tamén en columnas independentes, fálase da editorial do cómic independente Polaqua e do traballo dos ilustradores nos medios de comunicación.

Grial

(DL:C-94-1982) (ISSN:0213-3806).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recupera o subtítulo da primeira etapa, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conleva un cambio que afecta ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos que se reparten en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle ademais un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2003 saíron á rúa catro números: o 157, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo; o 158, aos de abril, maio e xuño; o 159, aos de xullo, agosto e setembro e o 160, aos de outubro, novembro e decembro. O número 157 ten como tema monográfico a catástrofe do Prestige, o número 158 inclúe un monográfico sobre a guerra e as civilizacións, o número 159 está dedicado á relación entre a Universidade, Europa e a Carta de Boloña, o monográfico do número 160 estuda a diversidade lingüística. Ademais inclúen artigos de diferente temática e aqueles que versan sobre a literatura galega, aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, 'Grial, nº 156', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 32, 'Libros', 27 marzo 2003, p. IV.

Dá conta do número cento cincuenta e sete da revista *Grial* que nesta ocasión aposta polo tratamento de tres temas actuais "Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo". Sinala que a intención última da publicación é mostrar información destes temas dende enfoques diferentes que neste caso os achegan profesores universitarios e catedráticos expertos na materia.

- Xosé Ramón Pena, 'Nunha nova xeira', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Libros', 8 maio 2003, p. IV.

Tras resumir o contido da entrevista realizada por Salvador Rodríguez a Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo no anterior número do "Faro da Cultura", lembra que o obxectivo declarado dos novos directores de *Grial* é acadar unha revista menos "sesuda", pero non menos seria, tentando así ensanchar o número de lectores e por tanto a presenza na sociedade galega actual. Apúntanse as novidades que tanto na concepción gráfica como na

focalización temática presenta a publicación. Deste xeito faise un pequeno percorrido polos contidos que ofrece o número 157 da revista, e finalízase dándolle os parabéns por esta nova xeira e desexándolle a mellor acollida.

- Camilo Franco, 'Sobrevivindo ás minorías', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 25, 'Foros culturais', 6 setembro 2003, p. 10.

Avalíase a situación das revistas galegas de pensamento e análise, perante os tempos históricos e sociais actuais, que se consideran "pouco dados á reflexión". No referente a *Grial*, sinálase a súa longa duración (como *Encrucillada* ou, aínda que máis recentemente, *A Trabe de Ouro*) e a súa vinculación a unha editorial (como *A Trabe de Ouro* ou *Animal+*). Saliéntase que *Grial* entrou nunha clara nova xeira na súa presentación gráfica.

- Tomás Ruibal, '50 anos de Grial', *Diario de Pontevedra*, 'Revista! Letras', 'Anaquel dos libros', 7 setembro 2003, pp. 8-9.

O autor avalía a nova etapa da revista *Grial* á luz dos dous números que saíron xa co novo enfoque e deseño. Considera Tomás Ruibal que a publicación ten agora "un formato máis atractivo e moderno". Faise despois un repaso polas colaboracións destes dous últimos números, así como polas súas seccións.

- Xosé Ramón Pena, 'Guerra e civilización', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 51, 'Libros', 18 setembro 2003, p. IV.

Abórdase o número 158 da revista *Grial*, centrado no conflito entre a guerra e a civilización. Xosé Ramón Pena enumera os traballos deste número e considera que son "análises desde ángulos diverxentes -e, ao tempo, claramente complementarios- dun fenómeno que a todos nos afecta". Salienta tamén, ademais das habituais seccións de *Grial*, os traballos centrados no centenario de Alexandre Bóveda.

Referencias varias:

- *Grial*, 'Presentación do Grial 157', *Grial*, nº 158, 'Rego da cultura', 2003, p. 9.

Faise eco da presentación da nova andaina que vén de principiar a revista *Grial* -despois dos corenta anos do seu nacemento- nun acto social celebrado na Fundación Penzol en Vigo. Coméntase que Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto sopraron a torta de aniversario.

- X. Amancio Liñares Giraut, 'Título cuerpo', *La Voz de Galicia*, 'O Fiadeiro', 9 marzo 2003, p. L15.

Sinálanse os temas axiais dos números 153, 154, 155 e 156 de *Grial*, salientando que a revista complementa as súas reflexións sobre os temas nos que se centra incluíndo sempre a recensión de libros novos. Sinala que o consello de redacción tivo que facer fronte aos cambios cos problemas xerados pola morte de Carlos Casares, pasando a ser agora Víctor Freixanes o home forte de Galaxia e editor da revista *Nada* en 1963 da man de Ramón

Piñeiro, Fernández del Riego, Carballo Calero, etc.

- AFA, 'A revista 'Grial' estrea unha nova etapa editorial á procura dos lectores', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 12 abril 2003, p. 76.

Dáse conta de que a revista *Grial* abre unha nova etapa pódose como obxectivo duplicar o número de lectores. Sinálase que a revista modificou o seu deseño (obra de Fausto C. Isorna), e que tratará temas de actualidade desde unha perspectiva analítica, como por exemplo o Prestige ou a Guerra de Iraq. Infórmase tamén da ampliación do seu Consello de Redacción.

- Carlos Fernández, 'A revista Grial celebra con nova imaxe os seus 40 anos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 15 abril 2003, p. 71.

Infórmase da presentación da nova edición da revista *Grial*, extractando as intervencións dos seus directores, Víctor Freixanes e Henrique Monteagudo, así como as de Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego, que tamén participaron no acto de presentación da nova etapa da publicación. A noticia termina sinalando os membros do Consello Editorial e facendo unha breve recensión histórica desta cabeceira.

- M.G., 'Grial' aborda temas de actualidade a través del ensayo y la reflexión', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 15 abril 2003, p. 68.

Dáse conta da presentación en Vigo da renovada revista *Grial*, que agora comeza unha terceira etapa e que é considerada revista decana da cultura galega e española. Indícase que na presentación participaron Xaime Isla, Fernández del Riego, Víctor Freixanes, Carlos G. Príncipe e Henrique Monteagudo.

- Begoña R. Sotelino, 'A revista 'Grial' rexuvenece para chegar a novos lectores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 abril 2003, p. 38.

Dá noticia da presentación na Fundación Penzol de Vigo do primeiro número da revista *Grial* renovada. Coméntanse as innovacións que presenta, o aumento da tiraxe, salientase que este exemplar mira tamén ao pasado "convitando a Fernández del Riego e Isla Couto a unha lúdica conversa" na que os intelectuais repasaron os corenta anos de andaina ininterrompida da revista. Na mesma páxina fáiselle unha entrevista a Víctor Freixanes que comeza recordando os distintos períodos da revista baixo a dirección de Fernández del Riego e Ramón Piñeiro entre 1963 e 1988, con Carlos Casares entre 1989 e 2002 e agora con Henrique Monteagudo e el mesmo (presidente de Galaxia). Este salienta que queren en termos de difusión dobrar o número de subscritores, buscar unha maior presenza na rúa, algo que xa se estaba a pensar dende hai anos.

- M. Veiga, 'Na procura dun camiño entre o académico e o trivial', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 27.

Apúntase que a revista *Grial* vén de inaugurar unha nova xeira, con múltiples cambios. Lémbrese a importante remodelación que xa experimentara a revista en 1989, e tras sinalar

as persoas daquel equipo que permanecen no actual consello de redacción e as novas incorporacións, conclúese que malia semellar asegurada a continuidade do ideario formulado en 1963, as mudanzas son visíbeis. Sinálase que se introduce a fotografía e a cor, que se reduce o tamaño dos artigos e que se incorporan máis xéneros xornalísticos e máis rexistros de información, pero sen caer na superficialidade. A este respecto considera o artigo do filósofo Carlos Fernández, "Revistas culturais e actualidade. A tentación academizante" como unha boa expresión do xiro da revista. Este artigo, do que se extractan algúns fragmentos significativos, critica tanto o xornalismo trivial como o saber especialista e as revistas académicas. Así, indica Veiga que o reto desta nova etapa de *Grial* concrétase en fuxir tanto do trivial como do excesivamente académico. Finalízase indicando brevemente os contidos do número 157 da revista.

- Alfredo Conde, 'Habitar o recodo', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 22 abril 2003, p. 4.

Reflexión sobre a presenza en Vigo de diferentes figuras da cultura literaria galega, que asistiron ao último acto de celebración dos corenta anos da revista *Grial*.

- Jaureguizar, 'Freixanes: 'Queremos que 'Grial' sexa termómetro da sociedade', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 25 abril 2003, p. 91.

Infórmase da presentación na Galería Sargadelos de Lugo da nova etapa desta revista cultural. Indícase que neste acto Víctor F. Freixanes defendeu o propósito de que a revista sexa un "termómetro" da sociedade galega, e que xustificou os cambios como algo que se fai ciclicamente para modernizar a revista, sostendo que se manterá o núcleo de reflexión e crítica, ao que se engadirá unha visión xornalística. Sinálase que Freixanes afirmou que os cambios xorden do diálogo que el e Monteagudo mantiveron cos lectores para fixar as súas liñas mestras, concluíndose a necesidade de analizar asuntos de actualidade, incluír novas disciplinas artísticas e ofrecer unha crítica de libros orientadora e clarificadora, situada entre a urxencia do suplemento xornalístico e a erudición dos estudos académicos. Recóllense tamén unhas declaracións de Benxamín Casal nas que asegura que, tras os cambios, a revista segue a manter a súa esencia: ser unha revista galega de cultura que recolle a universalidade desde Galicia e en galego. Remátase avanzando algúns dos contidos do próximo número.

- Marcos Valcárcel, 'Un novo Grial', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 30 abril 2003, p. 69.

Saliéntase que *Grial* é a revista galega de carácter cultural e monolingüe en galego máis antiga do país. Comézase facendo un percorrido histórico pola evolución da revista até chegar a esta terceira etapa, baixo a dirección de Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo. Destácanse as novas incorporacións ao equipo redactor, enriquecedoras para a revista, así como o novo formato desta. Centrándose xa no último número, saliéntase que combina a actualidade coa historia interna da revista, así como con ensaios literarios e artísticos. Enuméranse algúns dos traballos que a compoñen e finalízase apuntando que tamén se amplía o apartado de crítica literaria.

- Salvador Rodríguez, 'Os novos tempos de 'Grial'', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 41, 'Entrevista', 1 maio 2003, p. III.

Tras apuntar as novidades que ofrece a terceira etapa da revista *Grial* e sinalar que con ela se pretende duplicar o número de lectores sen perverter o espírito fundacional da revista, ofrécese unha entrevista co codirector da publicación, Henrique Monteagudo, quen explica que a renovación responde a un debate iniciado xa no anterior consello de redacción, entre os partidarios dunha revista claramente académica e aqueles que apostaban por facer unha publicación dirixida a un público culto, pero nun senso máis amplo, sendo esta última opción a que triunfou finalmente. Na entrevista abórdanse diferentes cuestións como a preocupación da revista por achegarse á actualidade e as súas implicacións, as compoñentes de risco desta aposta, a posibilidade dun "pensamento galego" nun mundo globalizado, a herdanza ideolóxica de *Grial* ou os prazos marcados para avaliar como responde o público a estes cambios.

- F.M.B., 'Unha nova andaina para a revista 'Grial'', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 4 maio 2003, p. 2.

Sinálase que a desaparición de Carlos Casares provocou que moitas cousas relacionadas coa cultura estean a mudar, como é o caso de *Grial*, que tras o pasamento do seu anterior director comezou a dar os pasos necesarios para iniciar unha nova etapa, concretada no número 157. Apúntase que hai unha nova dirección, un novo consello de redacción e unha renovación das formas e dos contidos, cun deseño máis actual e aberta ás preocupacións sociais e culturais deste comezo de século. No entanto indícase que os responsábeis da revista prometen que seguirá comprometida coa identidade e coa construción dun pensamento galego. Neste senso recóllese a mensaxe lanzada desde as páxinas de *Grial* por Fernández del Riego e Isla Couto á nova xeración que rexe a revista. Para rematar recoñécese o papel que a revista xogou como canle de expresión da galeguidade, sendo nos anos sesenta e setenta unha das pequenas fendas existentes no monolitismo cultural e lingüístico imperante, así como voceiro do piñeirismo.

- Jaureguizar, 'Bivir', *El Progreso*, 'O Calcapapeis', 11 maio 2003, p. 9.

O escritor e xornalista Santiago Jaureguizar reflexiona sobre a necesidade de contarmos con traducións de clásicos universais para o galego, partindo a súa reflexión do escrito por Darío Xohán Cabana no último número de *Grial*.

- Salvador García-Bodaño, 'A aventura do Grial', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 18 maio 2003, p. 3.

Rememóranse os primeiros pasos da revista *Grial* e a longa aventura intelectual que viviu debido ás dificultades que tivo que vencer, sinalando que nestes corenta anos a estrutura da revista só mudou o mínimo necesario, como a *Revista de Occidente*. Así, advirte aos novos responsábeis da revista, que propulsaron radicais cambios estéticos e de contidos, que terán que calcular moi ben "o alcance desta nova aventura do Grial".

- Belén López, 'Grial. O renacer corenta anos despois', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 21 maio 2003, p. 86.

Sinálase que con catro décadas ás súas costas esta publicación vén de renacer por terceira vez, incorporando a cor, renovando o deseño e ampliando contidos e o consello de redacción. Infórmase de que Víctor Freixanes se desprazou até Pontevedra para facer a presentación destas novidades, acompañado por César Portela e Uxío Labarta, dous dos novos membros do consello de redacción. A seguir extráctanse fragmentos da intervención de Freixanes nos que este lembra parte da historia da cabeceira e explica o novo alento co que se inicia a terceira etapa, sinalando que o maior reto da revista é traspasar o ámbito académico e que se produza unha conexión coa sociedade lectora.

- S. Hermida, 'La revista 'Grial' sopla 40 velas con imagen y contenidos renovados', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 4 xuño 2003, p. 21.

Infórmase da presentación da nova etapa da revista *Grial* na Fundación Luís Seoane. Tras glosar sucintamente a intervención de Víctor F. Freixanes, salientase que nas páxinas do último número figuran os resultados dun debate literario organizado pola Concellería de Cultura coruñesa. Recóllense así mesmo algúns extractos das intervencións do concelleiro e director da Fundación Luís Seoane, José Luis Méndez Romeu, e mais do novo membro do consello de redacción da revista, Ramón Villares, que sinalou a necesidade de arredarse das falsas revistas de investigación e aproximarse de verdade á cultura.

- Vicente Araguas, 'Grial', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 26 xuño 2003, p. 64.

Valórase a importancia da revista *Grial* na historia da cultura galega, e cómo foi condicionando debates e abrindo portas a novos creadores. Finaliza sinalando que a revista comeza unha nova etapa coincidindo co "desembarco" en Galaxia de Víctor F. Freixanes.

- Iván Cuevas, 'O mundo en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xullo 2003, p. 51.

Dáse conta da presentación en Santiago do número 158 de *Grial*, ocasión aproveitada para falar da historia da revista e festexar o seu corenta aniversario e a nova andaina que inicia. No acto estiveron, ademais dos directores da revista, o director xeral de Caixa Galicia, o director de Honra de *Grial*, Xaime Isla Couto, e o profesor e colaborador da mesma Xosé Luís Barreiro. Indícase que Freixanes destacou a interdisciplinariedade do novo equipo de redacción, e que Monteagudo manifestou o interese da nova dirección en seguir coa tradición galeguista. Sinálase tamén que Isla Couto lembrou os inicios da publicación, mais salientando que o importante é o futuro, apoiando así a nova etapa. No tocante ao novo deseño recóllense as declaracións de Freixanes nas que afirma que este foi longamente contrastado, comprobándose que a rigorosidade é compatíbel co atractivo visual. Tamén sostivo o director que co cambio os subscritores aumentaron un vinte e cinco por cento, e anunciou que o seguinte cambio será a presenza da revista en internet. Finalízase dando conta dos contidos deste número 158.

- Camilo Franco, 'Grial recolle o espírito da tradición para pensar o mundo desde Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 xullo 2003, p. 45.

Infórmase da presentación do segundo número da terceira etapa da revista *Grial*, considerando que esta busca nos novos contidos un discurso propio do século XXI. Na

noticia extráctanse algunhas das intervencións realizadas na presentación por Xaime Isla Couto, Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo, que valoraron o papel da publicación dentro da cultura galega.

- Iván Cuevas, 'Grial aumenta nun vintecinco por cento o seu número de subscritores', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 18 xullo 2003, p. 67.

Dáse conta da presentación do número 158 da revista *Grial* na sede da Fundación Caixa Galicia. Sinálase que estiveron presentes José Luis Méndez (Director Xeral de Caixa Galicia), Henrique Monteagudo e Víctor F. Freixanes (directores de *Grial*), Xaime Isla Couto (director de honra de *Grial*) e Xosé Luís Barreiro Rivas, quen colabora no último número. Saliéntase o deseño da nova etapa da revista, así como que o seu centro temático estea desta volta na cuestión das guerras e as civilizacións. Finalmente destácase o feito de que a revista conseguise aumentar un vinte e cinco por cento o número de subscritores.

- Alfredo Conde, 'Galicia insólita', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 7 agosto 2003, p. 4.

Alfredo Conde inicia este artigo recordando a súa asistencia á última presentación da revista *Grial*, na Fundación Caixa Galicia, na sede da cal viu unha exposición de Xurxo Lobato, que é o centro das reflexións deste escrito.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 54, 'Infantil/Xuvenil', 9 outubro 2003, p. VII.

Recóllense nesta sección fixa notas sobre as novidades editoriais galegas que seguen: a reedición da novela *Tic-Tac*, de Suso de Toro; *Descripción do reino de Galicia*, do Licenciado Molina; a fotobiografía de *Alexandre Bóveda*, de Xosé Enrique Acuña; e o número 158 da revista *Grial*, da que describe os seus contidos e os colaboradores cos que conta este número no que se recolle un apartado especial dedicado a Alexandre Bóveda.

- MARÉ, 'Información de guerra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2003, p. 45.

Sinálase que no último número da revista *Grial* se lle dedica unha especial atención ao debate sobre a universidade en Europa e en Galicia. Ademais, saliéntase o artigo co que participa Ignacio Ramonet, o director de *Le Monde Diplomatique*, reflexionando sobre as estratexias políticas da información. A noticia fai despois un percorrido sucinto polos diferentes traballos que compoñen a tiraxe número 159 de *Grial*, e remata sinalando os membros do seu Consello de Redacción.

- I.M., 'Grial ou a cultura como desacougo', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 21 novembro 2003, p. 13.

Infórmase da presentación na Universidade de Vigo do terceiro número desta nova etapa da revista *Grial*, desta volta analizando o ensino superior en Europa. Sinálase que Xabier Martínez Cobas, vicerreitor de Relacións Institucionais, avaliou algúns dos temas centrais do número, e o director, Víctor F. Freixanes, analizou a situación da cultura galega. Tamén estivo presente o presidente de honra de *Grial*, Xaime Isla Couto.

- C.d.U., 'Ó último número da revista 'Grial' afonfa na Europa das universidades', *El Correo Gallego*, '*Correo da Universidade*', nº 4, 'Educación', 26 novembro 2003, p. 1.

Dáse conta da presentación en Vigo do número 159 da revista *Grial*, arroupada por Xavier Martínez Cobas, Xaime Isla Couto e Víctor F. Freixanes. Sinálase que o tema central desta publicación é, desta volta, "A Europa das Universidades" e recóllense extractos das intervencións de Freixanes e Isla Couto. Sinálase ademais o feito de que a revista conte con máis de cincocentos subscritores, que son o seu garante de independencia económica e de pensamento.

Guía dos libros novos (DL:C-1498-03).

Publicación que naceu en novembro de 1998 baixo a dirección de Xavier R. Madriñán e a coordinación de Xosé Ramón Pena. Tiña carácter mensual e presentábase en formato de xornal, con papel tintado en ton sepia. A intención da publicación nesta primeira etapa era comentar e analizar criticamente as novidades que aparecían no mercado en relación coas diversas áreas de coñecemento (literatura, antropoloxía, arquitectura e urbanismo, arte, ciencia e tecnoloxía, ciencia política, cine, comunicación, ecoloxía e medio ambiente, economía, educación, estudos sociais, filosofía, historia, informática e relixión) e estruturábase seguindo esas áreas, aínda que non dunha maneira ríxida. Desapareceu no mes de xullo de 2002. No ano 2003 comezou unha segunda etapa co número 1 correspondente aos meses de xullo e agosto, e cos volumes correspondentes aos meses de setembro-outubro (número 2) e aos meses de novembro-décembro (número 3). Estrutúrase nesta nova etapa nos seguintes apartados: "Monográfico", "Letras", "Arte", "Teatro", "Audiovisual", "Música", "Deseño", "A nova creación", "Conversa", "Viaxeiros en/por Galiza", "Cidades literarias", "Fiesta aberta", "Axenda" e "O artista da portada ou O gravador da portada". No número 2 a sección "Audiovisual" cambia por "Fotografía", que á vez é substituída no número 3 por "Museos de ciencia". Todos os artigos que acollen a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*. O número 1, de xullo-agosto de 2003 contén o capítulo segundo, "22, purgatorio", do libro *Ámote* de Xosé Carlos Caneiro. No segundo número (setembro-outubro) atópase un fragmento do capítulo IV "A velas vir" do libro *A estrela dos polisóns*, de Luís Rei Núñez. O número 3 (novembro-décembro) recolle cinco poemas de Gonzalo Navaza: "Trocás de Rosalía", "Outono ou nada", "Vocálica", "Palindrómica" e "Solfexante".

Referencias varias:

- MARÉ, 'A 'Guía dos libros novos' resucita mañá nos quioscos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xuño 2003, p. 50.

Refírese ao lanzamento da revista *Guía dos libros novos*, despois dun ano sen ver a luz. A nova edición dependerá da empresa coruñesa RdO Comunicación Cultural e terá unha periodicidade bimestral.

- MARÉ, 'O renacer da Guía dos Libros', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 xuño 2003, p. 51.

Dáse noticia da volta aos quioscos da revista *Guía dos libros novos*, esta vez baixo a dirección da editora RdO, e da súa presentación no CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) santiagués. Tamén se adiantan os apartados e contidos básicos do primeiro número.

- C.F., 'A revista 'Guía dos libros novos' estrea segunda etapa', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 xuño 2003, p. 45.

Céntrase na renovada publicación da revista *Guía dos libros novos* e a descrición da súa estrutura e consello asesor.

- Jaureguizar, 'Guía', *El Progreso*, 'O Calcapapeis', 6 xullo 2003, p. 6.

Jaureguizar fala da segunda andadura da revista *Guía dos libros novos* e da transformación da que era unha publicación estritamente literaria a unha dimensión cultural e de pensamento máis ampla.

- Gonzalo Bouza Brey, 'Guía dos libros novos, revista de cultura e pensamento', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 'Libros que leer', 19 xullo 2003, p. 42.

Analízanse as principais seccións da primeira tirada da revista, á que se lle desexa boa sorte no mundo editorial.

Lethes. Cadernos Culturais do Limia

□ (ISBN:84-931816-3-3).

Aparecida por primeira vez en 1999, esta revista é o voceiro do Centro de Cultura Popular do Limia, unha asociación que pretende dinamizar a vida cultural desta comarca, ademais de traballar por preservar e divulgar valores propios tanto de carácter cultural como paisaxístico, etnográfico ou monumental. Está dirixida e coordinada dende o primeiro número por Xosé Badás Fernández e o equipo de tradución e asesoramento lingüístico está formado por Xosé Antón Corderí Rodríguez, Dorinda Penín Rodríguez e Asunción Caneda Cabrera. A revista non conta cun equipo de redacción, nin presenta unhas seccións fixas; o seu contido acolle as colaboracións de diferentes estudosos sobre temas diversos: ecoloxía, natureza, identidade, xustiza, patrimonio artístico, lingua e literatura, historia, etc. Neste ano 2003 saíron á luz dous volumes, o número 4, correspondente ao inverno de 2002-03, e o número 5, correspondente ao inverno de 2003-04. Cómpre sinalar que o número 4 acolle, ademais dos diferentes estudos, un relato de Cándido Casal titulado "¿Ai, sii? ¡Pois non, claro que non!", e o número 5 inclúe outros dous relatos, "Jack the Ripper en Antioquía", de Inma López Silva, e "Antioquía", de Xosé Benito Reza. Os artigos desta revista que tratan calquera aspecto relacionado coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Lvencia. Miscelánea de cultura e investigación
(DL:LU-885-1990) (ISSN:1130-6831).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o Consello de Redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel Lorenzo Sánchez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas (como secretario). A revista conta de catro seccións tituladas "Estudios", "Comentarios", "Texto" e "Libros", onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En "Libros" ofrécese comentarios centrados nas novidades editoriais. Neste ano 2003 publicáronse os números 26 e 27, nos que se manteñen as seccións habituais. No número 26, dentro da sección "Libros", inclúese unha recensión de Begoña González Fernández sobre *O cura de Fruíme. Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777)* de Carlos García Cortés, e un poema titulado "Estreliña do Meniño" do mindoniense Miguel Ángel Dorado López (gañador do X Certame de Poesía Infantil sobre o Nadal). No número 27, dentro da mesma sección, inclúese unha recesión de Camilo González Rodríguez sobre *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da Bremanza*, de Luís Celeiro Álvarez. Estas recensións poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
□ (DL:M.15892-1987) (ISSN:1138-9664).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. O seu equipo directivo está formado por Alonso Zamora Vicente como Director Honorífico, M^a Josefa Postigo Aldeamil e Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como Directoras, ademais dun amplo Consello de Redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Denis Canellas de Castro Duarte, M^a Victoria Navas Sánchez-Élez, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis, Ana M^a González Mafud, Adolfo Lozano Brao, Rosario Suárez Albán, Carlos Zubillaga e Ana Acuña Trabazo. Figura como secretario de redacción Miguel Louzao Outeiro, da Universidade Complutense. No ano 2003 publicouse o número 6, que presenta as mesmas seccións de números anteriores: "Artigos", "Crónica", "Creación", "Traducción", "Entrevista" e "Recensiones", pero introducindo un novo deseño que "obedece a tres directrices: identidade corporativa, aspectos formais e incorporación de indicadores de calidade"; introdúcese igualmente a tradución ao inglés dos títulos dos traballos, escritos en lingua galega ou castelá, e un resumo das colaboracións en cada unha destas tres linguas. Na sección de "Creación" inclúense textos poéticos e narrativos; o apartado de 'Poesía' acolle poemas de Anxo Angueira, Daniel M. Sáez Rivera, Lara do Ar, Maite Dono e Manuel Forcadela; no apartado de 'Narrativa' inclúense textos de Fran Alonso, Laura Caaveiro e Patricia Sousa Carballo. Neste número publícase igualmente unha tradución que Juan José Ortega fai de *Amigos*, de Ion Luca Caragiale. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Madrygal ou a comunión de Madrid en Galicia', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 19 xaneiro 2003, p. 3.

Vicente Araguas fai unha breve recensión arredor do contido do número cinco da revista *Madrygal*, destacando sobre o resto dos contidos o artigo biográfico sobre Maruja Mallo, de Yolanda López López, e o estudo sobre *Abrojos*, poemario de Uxío Novoneyra.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, 'Madrygal. A sexta entrega da revista', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', 11 decembro 2003, p. IV.

Xosé Ramón Pena comenta positivamente a existencia desta revista xa que, para el, xa non só son destacábeis os seus contidos, senón tamén a súa orixe foránea. Logo fai unha breve referencia aos contidos do número seis.

O ollo público. Revista das artes (DL:VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Deseñadores Galegos) que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cine negro que trataba sobre o xornalismo. Encárganse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez, Fernando Vilaboa Martínez e Elena Mariño, que non colaborou a partir do terceiro número, mentres que no sexto, sétimo e oitavo números Fernando Vilaboa Martínez estivo axudado por Sara González Carbón. No número nove dirixe e coordina Fernando Vilaboa Martínez e diseña Leticia Iglesias Pérez. Conta coas seccións fixas: "Editorial", "Literatura", "Cine", "Pintura", "Fotografía", "Música", "Cousas da vida" e "Fagamos unha escapada", incrementadas a partir do segundo número coas de "Teatro", "Cómico", "Pensamento" e "Axenda". No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indícase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantan que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén queren ser un órgano de denuncia porque entenden que as cousas poden ser doutro xeito. Durante o 2003 publicáronse os números sete, oito e nove. O número sete engade unha sección: "Escultura" e desaparecen "Fotografía", "Teatro" e "Cousas da vida". Neste número aparecen dous poemas de Estíbaliz Espinosa, outro de M^a do Cebreiro ("Action Painting"), unha tradución do alemán feita por Marga Romero Lorenzo e Montserrat Bascoy Lamelas do poema "Die Liebende abermals" ("A amante de novo"), de Goethe, e un cómic de Manuel Mallo. No oitavo reaparecen as seccións "Fotografía" e "Teatro" e engádesse outra: "O gozo de vivir". Inclúese o conto "Todo pola serra", de Isolda Santiago, a tradución feita por Montserrat Bascoy e Marga Romero de "Wachstum", poema de Goethe, a narración "Equas", de Miriam Sánchez Moreiras, un cómic de Mauro Regueira e un poema de Bertolt Brecht. No número nove desaparece esta e reaparece

"Cousas da vida". Na sección "Literatura" publicáanse os poemas gañadores do certame de poesía "Primeiras xornadas de exaltación do viño": "O viño de roucos", de José R. Quinteiro Novoa, "O meu dono", de Imelda Barrio Santamaría e "Recordos", de M. Sandra Rúa Santervas. Tamén se inclúen dúas traducións, unha de Rosa María Carmiña Pérez dun soneto de Shakespeare e outra de Eugenia Fernández Fernández do poema "Un soño dentro dun soño" de Edgar A. Poe, e un cómic de Mauro Regueira.

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares
(DL:OU-75/95) (ISSN:1136-3207).

Publicación semestral que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense, coordinada pola Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Contén seccións de literatura, un especial das Letras Galegas, etnografía, tecnoloxía tradicional, etc. Esta publicación subtitulada *Revista de arte, cultura e tradicións populares* deu a coñecer durante o 2003 dous números, o 17 e o 18. O número 17, correspondente ao mes de abril, contén as seccións tituladas "Literatura", "Arte relixiosa", "Embarcacións tradicionais" e un "Especial Letras Galegas"; cómpre sinalar, asemade, que este número pecha cun "Apéndice documental" no que se reproduce, de xeito facsimilar, un manuscrito de Antón Avilés de Taramancos co gallo da homenaxe ao mestre Xosé Agrelo e mais un texto lido por Avilés na presentación do libro *Manual de Historia Contemporánea Universal* (1990), coordinado por Carlos Sixirei. O número 18, correspondente ao mes de novembro, recolle un estudo sobre a castaña e un especial sobre a "Romaría Etnográfica Raigame". Os artigos que conteñen algunha información relacionada coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Baile con castañas, en Raigame', *La Región*, 'Cultura', 7 novembro 2003, p. 83.

Comeza anunciando a aparición do novo número da revista *Raigame*, dedicado nesta ocasión ás castañas, aos magostos e ás súas enfermidades. A Romaría de Vilanova dos Infantes, indica, tamén ten cabida na revista mediante algúns dos traballos que foron premiados no certame que se convocou nesta segunda edición. Fai mención a que a festa etnográfica prevé aumentar na próxima edición o número de artesáns, ademais de honrar a memoria do persoeiro ao que se dedica o día das Letras Galegas, Xaquín Lorenzo. A seguir, destaca que na revista aparecen, así mesmo, poemas e estudos relacionados ca cultura ourensá e galega. Remata dando os datos técnicos da publicación *Raigame*.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 novembro 2003, p. 67.

Infórmase da aparición do novo número de *Raigame*, que nesta ocasión conta con cinco amplos estudos sobre todo o que rodea a castaña: as variedades, as pragas e enfermidades que padece, o magosto e tamén unha achega ao seu significado como rito funerario.

Conclúe destacando o artigo de Héitor Picallo sobre "Castañas e castiñeiros como recursos económicos na Galiza do medievo".

- Marcos Valcárcel, 'O mundo das castañas en raigame', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 novembro 2003, p. 56.

Dá conta da aparición do novo número da revista *Raigame*, que nesta ocasión nos achega cinco amplos estudos sobre todo o que rodea a castaña: variedades, pragas e enfermidades, o magosto na escola, e unha achega ao seu significado como rito funerario. Marcos Valcarcel chama a atención sobre o artigo de Héitor Picallo titulado "Castañas e castiñeiros como recursos económicos na Galiza do medievo".

- Clodio González Pérez, 'Tempo de castañas', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 15 novembro 2003, p. 5.

Inicia o artigo cunha reflexión sobre as castañas mencionando, entre outros datos, que Rosalía de Castro comezou *Cantares Gallegos* cunha cantiga popular na que se fala dos "zonchos" (castañas cocidas e logo furadas cun fío). A seguir, menciona a publicación do número 18 da revista *Raigame*, dedicado precisamente ás castañas, e expón o sumario da publicación. Remata chamando a atención sobre o último artigo, o de Héitor Picallo, xa que é un dos únicos a cerca deste produto no medievo.

Revista Galega de Filoloxía

(DL:C-584-2000) (ISSN:1576-2661).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Manuel Ferreiro, o subdirector Xosé Ramón Freixeiro Mato e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O Consello de Redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Elisardo López Varela, Goretti Sanmartín Rei e Xavier Varela Barreiro. Como formantes do Comité Científico aparecen Evanildo Bechara, Rafael Lluís Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastián Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. O número catro é o correspondente ao ano 2003. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que a revista "conságrase á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas".

Revista Galega de Teatro

(DL:Vg-21-1994) (ISSN:113-956 X).

Revista dedicada á información teatral, publicada semestralmente dende 1985 e que, a partir do número 22, inicia unha segunda etapa, saíndo ao mercado cada tres meses. Está

editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas" e dirixida por Antón Lamapereira. Conta cun Consello de Redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega; actúan como secretarios Che Mariño e M^a José Vilas Rodas, incorporándose esta última a partir do número 28. Tamén hai que salientar que esta revista é membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, así como que ten o apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais presenta unhas seccións fixas como son "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel", "Ficheiro", etc. Neste ano 2003 saíron á luz tres volumes, cos números 33-34, 35 e 36. O tema central do primeiro deles, que acolle dous números e que se corresponde co período inverno 2002-primavera 2003, é a figura do falecido autor e actor teatral Roberto Vidal Bolaño e inclúe numerosos artigos nos que se debullan experiencias propias, opinións sobre a súa persoa e a súa obra; inclúese, asemade, o texto dramático *Memoria de mortos e ausentes* de Roberto Vidal Bolaño, con introdución e notas de Pedro P. Riobó. O número 35, correspondente ao verán 2003, inclúe as seccións fixas habituais e publica, dentro da sección "Caderno central" os textos "Entradas e saídas" e "A familia todosaconchegados" de Jacques Prévert, traducidos ao galego por Henrique Harguindey. O número 36, correspondente ao outono 2003, inclúe as seccións fixas habituais e publica, dentro da sección "Caderno central" o texto dramático "Campo sur" de Lino Braxe, con introdución de Manuel F. Vieites. Os artigos que destes tres volumes fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Revista Galega do Ensino (ISSN:1133-911X).

Revista trimestral, creada en decembro de 1993 e publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Política Lingüística). Conta, dende a súa creación, con Comité de Redacción e Consello Asesor e Editorial, integrados por docentes universitarios de todo o mundo. Presenta un carácter interdisciplinario e acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico, pensado para o fornecemento de material auxiliar aos docentes de todos os niveis. Son catro os números que normalmente se editan ao ano, todos eles contan con "Presentacións" a cargo dos responsábeis da Institución que os edita; tres deles constan das seguintes seccións: "Colaboracións especiais", "Estudios", "O pracer de ler", "Recensións", "Novidades editoriais", "Noticias", "Lexislación" e "Normas para os autores"; o cuarto sempre é un monográfico que presenta características singulares ano tras ano. No 2003 publicáronse os números 38 (febreiro), 39 (maio), 40 (outubro) que acolleron diversos traballos sobre literatura, como consta nos apartados correspondentes deste *Informe*. O número especial foi o 41 (novembro), unha escolma coa que se celebrou o décimo aniversario da revista. Neste número reproducense os seguintes artigos "Ideas para sentar a Deus nun sillón azul", de Anxo González Fernández (nº 18, febreiro, 1998) e "Do enxebre ó bravú", de Anxo Tarrío (nº 21, novembro, 1998), xa descritos nos apartados dos *Informes*, correspondentes ao ano da súa publicación.

Taboada, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo
(DL:PO-109/00) (ISSN:1577-9483).

Publicación de carácter semestral que sacou á luz o seu primeiro número en decembro de 1999. Conta cun Consello de Redacción formado por Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo, Fernando González Graña, Baltasar Pena Abal, Pilar Pena Búa, Héitor Picallo Fuentes, Martiño Picallo Fuentes, Marcos Suárez Redondo e Rita Sueiro Campos. No ano 2003 chegaron ata nós os números 7, correspondente ao mes de xullo, e o 8, do mes de decembro. No número 7, inclúense dous poemas "O espello da miña voa" e "Para meu pai Porfirio" de Elena Fojo. En ambos números inclúense artigos sobre cuestións etnográficas, lingüísticas, administrativas ou persoeiros da bisbarra. Os artigos que tratan a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Tapal

Libro e CD-Rom (ISBN:84-453-3656-8).

Edición facsimilar publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dentro do proxecto de recuperación de revistas galegas de poesía da República e da posguerra, dirixido por Luís Alonso Girgado. Esta edición está composta por un libro no que se ofrece o estudo e índices da publicación, realizados por Carmen Fariña Miranda, e un CD-Rom no que se reproducen en formato PDF os dez números desta revista publicados en Noia entre 1950 e 1955, incluído o último que permaneceu inédito por imposición da censura. No estudo ofrécense a ficha técnica, faise unha caracterización externa atendendo tanto ao aspecto directivo-administrativo, á datación, cronoloxía e traxectoria coma ás características que presentan outras revistas da época; estúdase a estrutura de cada un dos números, as seccións e publicidade que presentaban, a lingua empregada, o seu contido literario e cultural e as ilustracións, ademais de ofrecerse a listaxe pormenorizada dos seus colaboradores e abundosa información sobre os pseudónimos que asinaron artigos nesta revista. Reprodúcense tamén neste estudo os textos narrativos, poéticos e ensaísticos en galego que contiña o número dez inédito, da man de autores como Ramón Otero Pedrayo, Uxío Carré, José Ramón y Fernández Oxea, Leandro Carré, J. Fernández Ferreiro ou Avilés de Taramancos, entre outros. Ademais dunhas valoracións finais e a bibliografía consultada, ofrécense os índices, organizados polos "sumarios" e "colaboradores".

Recensións:

- Armando Requeixo, 'A revista 'Tapal' de Noia recuperada', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 7 decembro 2003, p. 4.

Despois de situar a revista *Tapal* no contexto histórico no que xorde e se desenvolve, Armando Requeixo sinala que estaba dirixida por Manuel Fabeiro Gómez e que se publicou ao longo da primeira metade dos anos cincuenta. Tamén ofrece a nómina de colaboradores

e indica que a edición facsimilar que publicou o Centro Ramón Piñeiro contén os nove números publicados e o décimo inédito, un amplo estudo introdutorio e un CD-Rom no que se reproduce a publicación. Remata felicitando aos editores, Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda, polo traballo realizado.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, 'Informe de la música en vivo', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 10 novembro 2003, p. 72.

Sección fixa na que se fai eco dos eventos de actualidade que se desenvolven en Santiago de Compostela, entre os que nesta ocasión destaca a presentación da edición facsimilar que o Centro Ramón Piñeiro vén de facer da revista *Tapal*. Sinala que esta edición é un traballo de Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda e lembra que, entre outros contidos, recolle os primeiros poemas de Avilés de Taramancos.

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate (DL:C-588-97) (ISSN:1137-6945).

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., coa pretensión, declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión fronte á mundialización que se está a impor pola vía tecnolóxica, ademais de reforzar a identidade colectiva. A revista está dirixida por Luís Álvarez Pousa, conta con Ana Belén Puñal Rama como coordinadora de redacción e Ivám Cozinha como redactor e encargado de fotografía. Tamén presenta un elevado número de colaboradores habituais como Xurxo Souto, Miguelanxo Prado, Bieito Iglesias, Armando Requeixo, Olga Novo, etc. No 2003, seguindo a súa periodicidade mensual, sacou do prelo doce números que se corresponderon co número 68 do mes de xaneiro ao 79 do mes de decembro. Como vén sendo habitual presenta a súa estruturación nos apartados: "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes", "Entregas culturais" ou "Voces e culturas". No número de xaneiro acolle ademais un monográfico sobre a catástrofe do *Prestige*, outra sección sobre a pesca e un especial dedicado ao viño; o número de decembro non mantén as citadas seccións senón que presenta: "Anuario politicamente incorrecto", "Cidadanía", "Políticas", "Cultura" e "Ideas". Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Trabe de Ouro, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico (DL:C-351-1994) (ISSN:1130-2674).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco Edicións dende 1990 e dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun Consello de Redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andiñón, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid

Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez, mentres que a secretaría de redacción está a cargo de Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. Cada número consta de cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica", nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Durante o ano 2003 viron a luz os números 53 (xaneiro-febreiro-marzo), 54 (abril-maio-xuño), 55 (xullo-agosto-setembro) e 56 (outubro-novembro-décembro). No número 53, ademais dos estudos incluídos nas seccións fixas da revista, acolle varios poemas de Erin Moure traducidos ao galego por Lola Rodríguez; o número 54, ademais dos estudos incluídos nas seccións fixas da revista, acolle o texto "Idiotas e vividores" de Celso Emilio Ferrín, cun estudo de Xosé M. Salgado; no número 55, ademais dos estudos incluídos nas seccións fixas da revista, inclúese un texto narrativo de Xosé Fernández Ferreiro titulado "A cadeiro do masturbador"; o número 56, ademais dos estudos incluídos nas seccións fixas da revista, acolle "Oda a Barcelona" e outros poemas de Pere Quart, cun pequeno estudio asinado por M.O. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- M.R.B., 'A Trabe de Ouro Nº 53', *Guía dos libros novos*, nº 1, 'Letras', 2003, p. 14.

M.R.B. consigna os artigos máis destacábeis do número 53 da revista dirixida por Xosé Luis Méndez Ferrín, entre os que se atopan os elaborados por Alberto Fortes e González-Millán.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, 'A trabe entre nós', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 26, 16 xaneiro 2003, p. IV.

Dá conta da aparición do número cincuenta e un da revista *A Trabe de Ouro* e dos seus contidos, entre os que menciona os traballos de John Beynon e Manuel Outeiriño no apartado "Cuestións"; os de Luís Daviña Facal e Xabier Cordal Fustes no epígrafe "Acoutacións"; e os de "Diálogos suízos" de Urs Widmer no apartado "Textos". Detense especialmente nas ideas apuntadas por Beynon en "Homoxeneidade e heteroxeneidade cultural. Notas sobre a antropoloxía da cultura contemporánea", sinalando que explora dous paradigmas opostos da globalización e analiza a presenza no mundo actual de formas culturais cualificadas como "híbridas" ou "creoulizadas", interpretando que o modelo sinxelo da homoxeneización producida como consecuencia da globalización, ha de ser rexeitado por simplista. Con respecto ao traballo de Outeiriño, Xosé Ramón Pena sinala que se trata dunha análise entre os medios de masas e o consumo que conclúe que as cuestións de homoxeneidade e heteroxeneidade nas sociedades contemporáneas "adoitan relacionarse coa creba das chamadas formas de vida tradicionais".

- Manuel Vidal Villaverde, 'A trabe de ouro', *Atlántico Diario*, 'Musas', 25 maio 2003, p.

51.

Enumera os traballos que inclúe o número cincuenta e tres de *A Trabe de Ouro*, correspondente ao primeiro trimestre de 2003. No apartado "Cuestións" menciona o traballo de Anxo Angueira centrado en Antonio Fernández Morales; en "Acoutacións", un artigo de Alberto Fortes sobre o pirata galego Benito Soto e as colaboracións de Dionisio Pereira e Xosé M. Malheiro Gutiérrez e, finalmente, en "Publicacións" e "Crónica", as achegas de Begoña Muñoz Saá, Ramón Nicolás, X. Pérez Mondelo, Carlos Varela Tobío e Francisco Fernández Rei.

- Xosé Ramón Pena, 'Sempre coa Trabe', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 47, 12 xuño 2003, p. IV.

Presenta os contidos do número cincuenta e tres de *A Trabe de Ouro*. Refírese en primeiro lugar ao artigo de Xoán González-Millán que abre a publicación, redactado pouco antes do seu falecemento, e ao traballo de Anxo Angueira centrado en Antonio Fernández Morales, que considera un esforzo por recuperar unha figura e unha obra silenciada nos manuais de historia da literatura galega que cómpre recuperar. Menciona tamén as achegas de Alberto Fortes, sobre o pirata galego Benito Soto, e as de Dionisio Pereira e Xosé M. Malheiro Gutiérrez. Finalmente céntrase nas habituais seccións de "Textos", con poemas de Erin Moure, "Publicacións" e "Crónica", que pechan esta publicación que cualifica de esencial e de referente inequívoco no devir da nosa cultura.

- Xosé Ramón Pena, 'Sempre coa Trabe', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 59, 20 novembro 2003, p. IV.

Refírese á nova entrega da revista de pensamento crítico *A Trabe de Ouro*, que constitúe o número cincuenta e catro. Salienta o editorial que abre o volume, centrado na análise dos acontecementos derivados da traxedia do Prestige, e a seguir, os tres traballos "de singular relevo" na serie "Cuestións", obra de Xoán González-Millán, Luís Martínez-Risco Daviña e Jean-Michel Palmier. No apartado "Acoutacións" menciona as colaboracións de Xohana Torres, Antón Santamarina, Daniel Salgado, Xosé Benito Reza, X.L. Méndez Ferrín e Olegario Sotelo Blanco.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Como un irmán do vento', *Atlántico Diario*, 'La Revista', nº 218, 'Musas', 30 novembro 2003, p. 41.

Conversa entre Manuel Vidal Villaverde e Manuel Lourenzo sobre aspectos da traxectoria literaria deste último. En columna á parte, titulada "A Trabe de Ouro", dáse conta da aparición do número cincuenta e catro da revista co mesmo nome correspondente ao segundo semestre de 2003. Ofrécese datos sobre a directiva da publicación, o seu mercado, a estrutura e o contido dese número.

- X.L. Méndez Ferrín, 'París, multitudes', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 8 decembro 2003, p. 11.

Ademais doutras informacións referidas ao pasado e ao presente da esquerda en París, dá

conta dunha reunión celebrada nesa cidade o 15 de novembro, con representantes de distintas publicacións europeas e americanas, á que asistiu Francisco Sampedro en representación da revista *A Trabe de Ouro*, e que rematou coa fundación dunha "revista de revistas que se chama *Archipel*" e que contará entre as súas linguas oficiais, das que se exclúe o inglés, co galego.

- MARÉ, 'Difusión para poder pensar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 decembro 2003, p. 50.

Infórmase de que o número cincuenta e cinco de *A Trabe de Ouro* publica as reformas introducidas na normativa da lingua galega, sumándose así a Edicións do Cumio. Sinálase que este feito foi motivo dunha acre polémica entre o director desta editorial, Antón Mascato, e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, por realizar con antelación estas reformas. Recóllense tamén outros artigos que conforman esta nova entrega de *A Trabe*, asinados por Xosé M^a Durán, Alonso Montero, Benjamin H.D. Buchloh ou Antón Figueroa.

Unión Libre

(DL:C-1668-1996) (ISSN:1137-1250).

Publicación editada por Edicións do Castro e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco que naceu en 1996 co propósito de ser unha colección de cadernos de periodicidade anual dedicada a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva que se anuncia "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". Integran o Comité de Redacción Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No 2003 saíu do prelo o número 8 no que se recollen citas de xente como Mahatma Gandhi, Tolstoi ou Albert Einstein coa caligrafía de Natalia Regueiro. Este número é un monográfico dedicado á paz que inclúe artigos e reflexións de diferentes autores sobre o tema, e varios conxuntos de poemas en lingua galega, agrupados baixo un mesmo título; de Emma Luaces "Novas noites nosas"; de Olga Novo "Dadoras de paz", e de Claudio Rodríguez Fer "Gran Tirano". A revista que inclúe ilustracións e citas caligráficas, péchase cun apartado titulado "Espacio Butoh" no que se fala do Butoh ou danzas das tebras e no que se inclúen vintedúas fotografías dos performances que a bailarina alemana Regina Goerger realizou en Toulouse, en L'Arcovest de Paimpol, Meira e Ribadeo e que foron fotografiados por Geneviève Gray, Stéphanie Montaret, Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer.

Recensións:

- Carlos Freire, 'Unión Libre. Cadernos de vida e cultura', *Guía dos libros novos*, nº 3, 'Letras', 2003, p. 14.

Dá conta da publicación do número oito da revista *Unión Libre. Cadernos de vida e cultura*. Repasa o contido desta nova entrega destacando o estudo de María Lopo, arredor da presenza da Guerra Civil na obra do poeta bretón Guillevic, ou o traballo con tintes

poéticos realizado por Claudio Rodríguez Fer.

- Armando Requeixo, 'Dadores de paz', *La Opinión*, 'Saberes', nº 33, 29 novembro 2003, p. 6.

O crítico comeza enalzando que a revista lucense que dirixe Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer, *Unión Libre. Cadernos de Vida e Cultura*, tivese a idea de facer un monográfico sobre a paz, especialmente neste tempos actuais nos que os dereitos humanos están a ser violados constantemente. A continuación vai esgallando os distintos traballos que configuran este número; destaca o artigo de Carme Blanco no que defende a paz como único camiño fronte ao poder socialmente discriminador e a loita contra a desigualdade de xéneros. Sobre o traballo de María Lopo "Conciencia e memoria: Guerra Civil española na obra poética de Guillevic" resalta a reflexión e a selección de poemas do bretón que son expoñentes dunha sensibilidade creativa solidaria. No que respecta ao eido poético, comenta que alternan os cadros poético-dramáticos de Enma Luaces coa sátira política "brutalmente corrosiva" de Rodríguez Fer e cos versos "telúricos e pulsionais" de Olga Novo. Resalta tamén a narración fotográfica sobre algunhas *performances* realizadas pola bailarina Regina Georger, que pechan este monográfico. Para finalizar, Requeixo reincide no acerto de espallar textos deste tipo comprometidos coa práctica da liberdade, a fraternidade e a igualdade.

Referencias varias:

- Ruth Fernández, 'Clamando pola paz', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 2 novembro 2003, p. 5.

Dise que baixo a cita de Mahatma Gandhi "Non hai camiños para a paz, a paz é camiño" se abre o último número da revista que dirixen os lucenses Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer, *Unión Libre. Cadernos de Vida e Cultura*, xa que nesta ocasión está dedicada integramente á paz. Continúa informando que as páxinas desta publicación que edita Edicións do Castro se artellan ao redor deste concepto, ao que contribúen as colaboracións dos propios coordinadores, de María Lopo, de Enma Luaces e de Olga Novo, máis as ilustracións son de Sara Lamas. Resalta que se lle dedica un espazo á danza Butoh ou danza das tebras, acompañada por textos de Yukio Mishima e fotografías da bailarina Regina Georger. Por último, lembra que se presentará na Galería de Sargadelos de Lugo o día 13 de novembro.

Xanela, A. Revista Cultural das Mariñas (DL:C-1696/96).

Publicación que vén editando dende 1994 a Asociación Cultural "Eira Vella" de Betanzos e que dende a primavera de 1996 comezou unha nova xeira baixo a coordinación de Suso Torres. En 2003 viron a luz os números 15 e 16 -correspondentes á primavera e ao outono, respectivamente- que contan con numerosos colaboradores literarios e gráficos e que asemade inclúen traballos de temática cultural variada: etnografía, historia, folclore ou literatura. As seccións fixas que presentan estes dous volumes son "Creación", "Cine", "O noso patrimonio", "Ecoloxía", "Folclore", "Música" e "Publicacións". O número 15, dentro

da sección "Creación", recolle os relatos de Paulo Martínez Lema ("O meu amor"), e Belén Feliu ("Dunha patada no cu"), así como os poemas de Samuel Solleiro, Chus Pato, María do Cebreiro, Medos Romero e Joao Marcos. O número 16, tamén na sección de "Creación", presenta outros relatos, de Paulo Martínez Lema ("Promesa") e de Gabriela Rodríguez ("The End"), así mesmo inclúe poemas de David Souto, Iolanda González Villar, Lucía Aldao, Alicia Fernández, Xoán Neira, Medos Romero, Xosé Luis Sobrino, Susete Viegas e Fernando Botto Semedo. Ademais nesta mesma sección inclúese unha banda deseñada de Víctor Tizón. Todos os artigos que tratan a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Xistral (Revista lucense de creación poética)

(DL:LU-344-00) (ISSN:1576-9488).

Esta revista poética, que aparece coordinada por Camilo Gómez Torres, está editada pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo. Conta cun Consello de Redacción formado por Luz Pozo Garza, Manuel María, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Ignacio Rodríguez. No mes de marzo de 2003 publicou o seu número seis, no que se recollen as composicións poéticas de: Diana Aradas Blanco (Sada, 1977), Ana Arias Saavedra (Freán, Guntín, 1951), Xosé Miguel Barrera Vázquez (Vilalba, 1964), Xosé Blázquez (Lugo, 1959), J. Luís Calvo Vidal (Oviedo, 1973), Marica Campo (Lugo, 1948), Joaquín R. Carballido Parra (Ponferrada, 1962), Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976), Xosé María Costa (Chantada, 1951), Xavier Costa Clavell (Chantada, 1923), Emma Couceiro (Cospeito, 1977), Alicia Chao Penela (Torrallo, Becerreá, 1975), Manuel Darriba (Sarria, 1973), Lois Diéguez (Monforte, 1944), Xosé Dono, M^a Sara Fernández (Burela, 1964), Luís Fernández Guitián (Sober, 1962), Antón Fortes (Sarria, 1957), Xosé Lois García (Lugo, 1945), María Xosé Lamas (Vilalba, 1961), Iria López Cabanas (Lugo, 1984), Alexandra López Coca (Lugo, 1979), Chelo López Grande (Friol, 1952), Paulo Martínez Lema (Damil, Begonte, 1982), Manuel C. Matalobos (Lugo, 1959), Xosé Miranda (Lugo, 1955), Manuel Xosé Neira (Meilán, Lugo, 1964), Xoán Neira López (Meilán, Lugo, 1953), Isidro Novo (Lugo, 1951), Ana Pillado Vega (A Coruña, 1971), Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954), Andrés Pociña (Lugo, 1947), Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949), Francisco Xavier Reija Melchor (Lugo, 1973), Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934), Ramón Rodríguez Porto (Chantada, 1963), Daniel Salgado (Monterroso, 1981), Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955), Milo Valdonados (Quiroga, 1948), J. Alfredo Valín (Chantada, 1957), Carlos Vázquez (Láncara, 1968), Lois Vázquez Fernández (Chavaga, Monforte, 1938), Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960) e Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940). Os textos aparecen acompañados das ilustracións de Xosé Manuel García Augusto, Vanessa Somoza Domínguez, Laura Gómez Fernández, Ángel L. Pérez Permuy, Óscar Donsión Martínez e Jorge Bouza Polo, e remata cunhas notas bibliográficas nas que se salienta a produción literaria de cada un dos colaboradores. Este número vén acompañado dunha separata que co título de "Poemiñas ás xencianas de Cabeza de Manzaneda" recolle dez composicións de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) prologadas por Xosé Lois García.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Manuel María en Manzaneda ou os versos da celebración das xencianas', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 20 xullo 2003, p. 3.

Comeza sinalando que algún día haberá que antologar os poemas que os autores máis importantes da literatura galega lles dedicaron a árbores ou plantas, entre os que están Don Dinís, Álvaro Cunqueiro, Noriega Varela, Avilés de Taramancos ou, agora, Manuel María, nunha separata que co título de "Poemiñas ás xencianas de Cabeza de Manzaneda" acompaña o número seis da revista *Xistral*. Destaca destas composicións a "delicadeza case franciscana" que amosan estes versos de Manuel María, caracterizados por ser "sutís e leviáns" e nos que se atopan ecos de poetas como Noriega Varela, Crecente Vega ou Aquilino Iglesia Alvariño. Remata destacando que as xencianas se converten neste opúsculo en símbolo ou alegoría do pobo galego.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

IIIº Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos"

Convócao o Concello de Noia e organizao A Casa da Gramática do IES Virxe do Mar coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros, a partir da segunda edición pasou a ser de 3.000 euros; ademais, a obra gañadora é publicada pola editorial Toxosoutos. Os orixinais, que se enviarán ao Concello de Noia, teñen que ter unha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentarse por cuadruplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen firma cun lema baixo plica no Concello de Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). O prazo de admisión de traballos remata o 6 de marzo de 2003 e o xurado, que estará composto por persoas de recoñecido prestixio no eido das letras galegas, emitirá publicamente o seu veredicto o 6 de abril de 2004, coincidindo coa data de nacemento de Antón Avilés de Taramancos. No ano 2003 o premio foi ex aequo para Xosé Agrelo Hermo por *Rumbo ao Maluco*, e para Francisco Antonio Vidal Blanco por *O botín da inmortalidade*. O xurado desta edición estivo formado polo alcalde, Rosa Aneiros Díaz, Bieito Iglesias Araúxo, Antón Riveiro Coello e Xavier Castro Rodríguez, que actuou como secretario.

Referencias varias:

- M. G., 'Xosé Agrelo e Vidal Blanco gañan ex aequo o certame de relatos 'Avilés de Taramancos'/Vidal y Agrelo ganan el certamen de relatos Avilés de Taramancos', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Área de Compostela', 8 abril 2003, p. 32/43.

Informa da concesión ex aequo de premio ao ribeirense Francisco Antonio Vidal Blanco e

ao noiés Xosé Agreló Hermo polos relatos *O botín da inmortalidade* e *Rumbo ao maluco*, respectivamente. Sinala que, segundo o xurado, a decisión de conceder o galardón a ambos autores débese a que os dous contos son aventuras náuticas que se axustan ao espírito da publicación. Os dous gañadores compartirán os tres mil euros en metálico do premio e as súas obras serán publicadas pola editorial Toxosoutos.

- A.N.T., 'Francisco A. Vidal e Xosé Agreló reciben o Avilés de relatos de aventuras', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 31.

Indícase que os escritores Francisco A. Vidal e Xosé Agreló Hermo foron gañadores da segunda edición do concurso Antón Avilés de Taramancos con dúas obras que recrean aventuras mariñas e que seguramente serían do gusto do escritor homenaxeado con este premio. Ademais de indicar que os dous autores repartirán o premio económico indica brevemente o argumento de cada un dos seus relatos. Así mesmo salienta de cada un deles as características que máis valorou o xurado. Segundo di, sobre *O botín da inmortalidade* subliñaron a linguaxe técnica mariñeira e o carácter fantástico dos personaxes. En canto a *Rumbo ao Maluco* o xurado valorou o traballo de documentación así como a recuperación que se fai da memoria histórica de Noia.

IIIº Concurso para autores "Novela por entregas"

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este premio desde 2001, coa colaboración do Ámbito Cultural de El Corte Inglés e as editoriais Ir Indo e Sotelo Blanco. Nel que poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita e que non opten a outros concursos, escrita en galego e dividida en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos). As obras presentaranse por quintuplicado, impresas a dobre espacio por unha soa cara, e polo sistema de plica pechada. Establécese un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdeg Galicia.com). Ademais, levarase a cabo unha edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que este ano cumpre a súa cuarta edición e que comezou no ano 2000. Na primeira edición deste premio, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco*, de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras a publicar por entregas sométense a este concurso. Os orixinais deben enviarse a: "4ª Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio de Novela por entregas)", Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85, Polígono Industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña). O prazo de presentación de orixinais remataba o 25 de maio e o xurado deuse a coñecer conxuntamente co seu dictame inapelábel, que se anunciaba para o 11 de xullo de 2003 pero que finalmente se fixo público o 21 do mesmo mes. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre e Miguel Suárez Abel. Este último formou parte do xurado da presente convocatoria, xunto con Xosé Luis Vilela Conde, Ernesto Sánchez Pombo, Tucho Calvo Rego e Camino Noia Campos, que actuou como secretaria. Concorreron máis de vinte traballos, de entre os cales se decidiuse galardoar *Caderno de Riparia*, de Xosé Antonio Perozo.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Escribín unha novela que se desenvolve en tempo real', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 xullo 2003, p. 52.

Entrevista a Xosé Antonio Perozo, gañador do Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia con *Caderno de Riparia*. Comeza explicando o argumento da novela protagonizada por un escritor e a súa parella. Salienta que é unha parábola na que se fai presente a memoria histórica, cunha gran carga de esoterismo e de cuestións relacionadas coa política. Tamén sinala que trata de ser unha novela en tempo real e refírese amplamente ás dificultades que lle supuxo o terse que adaptar á extensión prefixada e manter o interese do lector dun día para o outro. Explica algunhas das diferencias desta novela con *Martázul* (2001), unha obra que non tiña que someter á contención que implicaba o volume por entregas. Remata referíndose á satisfacción que lle deu o traballar deste xeito, a súa decisión de participar noutra edición se non tivera gañado esta ou á importancia da prensa como soporte para os escritores.

IIIº Premio "Rubia Barcia" de Novela-Cidade de Ferrol

Premio bianual que convoca o Liceo homónimo de Ferrol coa finalidade de perpetuar a memoria do autor que lle dá nome. A temática é libre e a súa extensión non debe ser superior a 200 folios, mecanografados a dobre espacio. Pódense presentar traballos en lingua galega e castelá, establecéndose dous premios de 2.000 euros para cada modalidade lingüística. Os orixinais han ser entregados na sede social do Liceo Rubia Barcia-Centro Cívico de Caranza ou remitidos ao Departamento de Cultura do Concello de Ferrol antes do 5 de setembro. Nesta convocatoria presentáronse quince manuscritos, e o xurado, que deu a coñecer o seu dictame o 22 de novembro de 2003, decidiu que a novela gañadora en lingua galega era *Solimán*, de Xesús Fraga. O acto de entrega do galardón tivo lugar o 16 de decembro.

Referencias varias:

- I.M.L., 'Novelistas a lo Rubia Barcia', *La Opinión*, 'Especial San Ramón 2003', 30 agosto 2003, p. 26.

Recolle a convocatoria do premio de novela en castelán ou galego con que o Liceo Rubia Barcia homenaxea o intelectual ferrolán que lle dá nome, e relata sumariamente os acontecementos máis destacados da súa vida, así como tamén cáles son as súas obras máis coñecidas.

- R. Santamarina, 'Xesús Fraga gaña o premio Cidade de Ferrol de narración en galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 novembro 2003, p. 48.

Presenta as obras gañadoras do premio de novela en galego e en castelán "Rubia Barcia-Cidade de Ferrol", que nesta súa terceira edición foron *Solimán*, do escritor e xornalista Xesús Fraga, e *Septiembre, octubre*, de Manuel Riveiro, respectivamente. Destaca a homenaxe de Xesús Fraga aos *Vellos non deben de namorarse* de Castelao en *Solimán*, e os tintes autobiográficos da súa narrativa sobre a amizade.

- María Ares, 'Manuel Riveiro e Xesús Fraga, premios de novela Rubia Barcia', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 23 novembro 2003, p. 12.

Sinala que os escritores Manuel Riveiro Loureiro e Xesús Fraga Sánchez foron os gañadores da terceira edición do Premio "Rubia Barcia" de novela nas modalidades de novela en castelán e novela en galego respectivamente, e comenta brevemente os argumentos de cada unha das obras premiadas. Canto a *Septiembre, octubre*, de Manuel Riveiro, o xurado destacou a súa linguaxe, o ritmo narrativo e a unanimidade na súa escolla, mentres que *Solimán*, de Xesús Fraga, foi destacada polo seu estilo sinxelo e fluído.

- R. Santamarina, 'Xesús Fraga gaña o premio Cidade de Ferrol de narración en galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 novembro 2003, p. 48.

Presenta as obras gañadoras do premio de novela en galego e en castelán "Rubia Barcia-Cidade de Ferrol", que nesta súa terceira edición foron *Solimán*, do escritor e xornalista Xesús Fraga, e *Septiembre, octubre*, de Manuel Riveiro, respectivamente. Destaca a homenaxe de Xesús Fraga aos *Vellos non deben de namorarse* de Castelao en *Solimán*, e os tintes autobiográficos da súa narrativa sobre a amizade.

- Chicha Pantín, 'Una formación encaminada a lograr el primer puesto de trabajo', *El Correo Gallego*, 'Galicia-Ferrol', 17 decembro 2003, p. 20.

Nesta páxina de temática variada, a autora dedícalle unhas poucas liñas ao comentario dos premios "Rubia Barcia", indicando que a obra gañadora en castelán foi unha novela sobre a estancia de Augusto Pinochet en Londres e nomeando o título e autor da premiada na modalidade galega: *Sol e mar* [sic: *Solimán*], de Jesús Fraga.

IIº Premio "Narrativas Quentes"

Certame de carácter bianual convocado por primeira vez, co nome de "Narrativa Erótica", no ano 2001 por Edicións Positivas de Galicia. A el poderá concorrer calquera obra narrativa cunha extensión mínima de 60 folios mecanografados a dobre espacio e máxima de 250, que estea en lingua galega e que sexa inédita. Os traballos presentaranse por triplicado. Nun sobre á parte deberase incluír o nome, enderezo, teléfono ou e-mail e fotocopia do DNI. As obras irán con pseudónimo e lema. Haberá un único premio que consistirá na publicación do texto premiado na colección "Narrativas Quentes" de Edicións Positivas, podendo quedar deserto. A editorial pagaralle á obra gañadora o 15% en dereitos de autor sobre libros vendidos. A decisión do xurado é soberana e inapelábel. Os orixinais non premiados serán devoltos e as obras a concurso e a documentación enviaranse a:

Edicións Positivas, Apartado de Correos 699, Santiago de Compostela. O prazo de presentación nesta segunda convocatoria rematou o 1 de agosto e o dictame do xurado deuse a coñecer o día 15 de setembro, resultando gañadora a obra *O lobo da xente*, de Alberte Momán.

Referencias varias:

- B.L., 'O ferrolán Alberte Momán gaña o certame erótico de Edicións Positivas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 17 setembro 2003, p. 77.

Achégasenos, en primeiro lugar, o perfil biográfico do autor que resultou gañador do IIº Premio "Narrativas Quentes", o ferrolán Alberte Momán. A continuación, reproducense algunhas declaracións do autor de *O lobo da xente* con respecto a este certame erótico, que se propón difundir un tipo de literatura aínda pouco frecuente nas nosas letras, e á súa obra. Así, explica que se trata dun libro de relatos que teñen en común o tema e o espírito dos cales se sintetiza no título, co que o escritor quere referirse "aos propios tabús" creados arredor da sexualidade. Indica, así mesmo, que todos os contos do libro teñen un final trágico e que están ambientados na Galicia de hoxe en día.

- MARÉ, 'O lobo da xente' para romper cos tabús', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 setembro 2003, p. 45.

Destaca a faceta máis comprometida de Alberte Momán, enxeñeiro agrónomo, poeta membro das Redes Escarlata e gañador da segunda edición do Premio de Literatura Erótica "Narrativas Quentes".

- C.V., 'Alberte Momán gaña o 'Narrativas Quentes'', *A Nosa Terra*, nº 1.096, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 25.

Presenta a traxectoria do gañador da segunda edición do Premio de Literatura Erótica "Narrativas Quentes", Alberte Momán, e a obra gañadora, *O lobo da xente*. Do autor destácase o seu labor como membro das Redes Escarlata, a súa faceta poética, o seu interese por achegar a literatura á sociedade e a súa páxina web persoal, onde pode saberse da "poesía agrícola" que lle gustaría escribir; canto a *O lobo da xente*, ponse de relevo que vai ser a súa primeira obra publicada e que se trata dun conxunto de relatos que teñen como fio conductor os tabús que a sociedade mantén sobre o tema do sexo.

- M.J.R., 'A xente segue temendo o sexo como se se tratase dunha herexía', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 20 setembro 2003, p. 9.

Entrevista ao gañador do II Premio de Literatura Erótica "Narrativas Quentes", Alberte Momán, en que se fala de qué pode levar a un enxeñeiro agrónomo a gañar un premio literario, do título da obra gañadora (*O lobo da xente*) e de qué son as Redes Escarlata.

Iº Certame de Microrrelatos "Lonxa Literaria"

Convocado en 2003 por vez primeira, este galardón está organizado polo colectivo Lonxa Literaria de Moaña e ten como peculiaridade a obrigatoriedade da palabra *lonxa* nos traballos que se presenten. Os microrrelatos, que deberán estar escritos en galego normativo, terán unha extensión máxima de quince liñas e serán remitidos por quintuplicado e antes do 30 de setembro ao Centro Cultural Daniel Castelao s/n, Quintela, 36950 Moaña (Pontevedra), nun sobre sen remitente no que figure un lema e que inclúa outro pechado cos datos persoais do autor (nome, enderezo e teléfono de contacto). O dictame e entrega do premio, consistente en 300 euros e a publicación do traballo na páxina web da asociación Lonxa Literaria, nesta edición tivo lugar o 17 de outubro. De entre os cento cincuenta traballos presentados, o xurado, formado por Anxo Nogueira, Xosé María Álvarez Cáccamo e Beatriz Dacosta, acordou outorgar o galardón á obra "Subsidio", de Adolfo Caamaño Vázquez, así como conceder dous accésit: a Claudia Castro, por "Retrato dunha muda" e a Manuel González, por "Seino". Ademais, recomendou a publicación doutros cinco microrrelatos: "Vida de peixe", de Jorge García-Valenciano; "O Encontro", de Eduardo Suárez; "Na lonxa", de Félix Cid; "Robalisa", de Marcos González-Redondo; e "Tan lonxe", de Emma Pedreira.

Referencias varias:

- C.C., 'La asociación cultural Lonxa Literaria convoca el 'Primer Certamen de Microrrelatos'', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Cangas/Moaña', 15 xullo 2003, p. 18.

Anúnciase a convocatoria do "Primeiro Certame de Microrrelatos", dotado cun único premio de trescentos euros. Indícanse as súas bases e infórmase de que a resolución está prevista para antes do 17 de outubro.

Iº Concurso de "Narracións Eróticas"

Convocado pola Sociedade Galega de Sexoloxía coa intención de fomentar a temática erótica na literatura contemporánea, as obras presentadas poden ser escritas en galego ou en castelán, deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cinco folios mecanografados a dobre espacio. Han ser remitidas á institución organizadora (apartado de correos 309, 36080, Pontevedra) antes do 1 de maio, preferentemente en disquete. O premio consiste nun diploma, un lote de libros eróticos, e a difusión do traballo na revista de sexoloxía de tiraxe nacional *Sexpol*. Nesta convocatoria, os gañadores foron: Ánxeles Olaia Ferreira Cao por "M" (primeiro premio), Pedro Ferriol Suárez por "Muñeca de Ébano" (primeiro accésit) e Tristán Heiseo Rodríguez por "Carta a una desconocida" (segundo accésit).

Iº Premio "Cide Hamete Benengeli" para contos

Este premio é convocado pola Fonda de Chao, a Radio Francia Internacional e o Departamento de estudos hispánicos e hispanoamericanos da Universidade Toulouse-Le Mirail para render homenaxe ao patrimonio lingüístico e literario que representan as linguas vernáculas de España e de América que cohabitan co español (catalán, euskera, galego,

guaraní, náhuatl e quechua). Os traballos, inéditos e escritos nunha das mencionadas linguas, poden ter unha extensión máxima de vinte páxinas mecanografadas a dobre espacio. Os contos deberán enviarse na súa versión orixinal acompañada dunha tradución ao castelán, ambas por duplicado, ao seguinte enderezo: UNIVERSITÉ DE TOULOUSE "LE MIRAIL", Département d'Etudes Hispaniques et Hispano-américaines, 5, allée Antonio Machado, 31150, Toulouse cedex 3, FRANCIA. No exemplar escrito na lingua orixinal deben constar o nome, enderezo, teléfono ou enderezo de correo electrónico do autor e os seus datos biográficos de forma breve. Se a tradución ao castelán é realizada por unha terceira persoa, tamén se indicarán o nome, enderezo e teléfono ou enderezo de correo electrónico do traductor. Un Comité formado por profesores, investigadores e estudantes da Universidade de Toulouse-Le Mirail, e tamén por especialistas dos idiomas orixinais dos relatos, será o encargado de realizar unha primeira selección. O xurado será designado pola organización do concurso, e non poderá conceder premios *ex aequo*. O galardón consiste en 1.000 euros maila publicación do conto gañador para a súa difusión internacional en edición bilingüe. A data límite de entrega nesta convocatoria foi o 15 de setembro e a resolución no mes de decembro. Resultou galardoado un relato escrito en galego: "O cuspe dos poliquetos", de Francisco Castiñeira Romar.

Iº Premio de Novela Europea "Casino de Santiago"

Creado no ano 2003, este premio, convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro coa axuda de El Corte Inglés, está dotado con 3.000 euros. Unha comisión seleccionadora elixirá un grupo de novelas que xa fosen publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea e como este galardón pretende fomentar a lectura entre os composteláns, un trinta por cento da resolución do xurado será o resultado da votación de residentes ou persoas que realizan a súa ocupación laboral na cidade de Santiago, quen tamén levarán un premio. A tal efecto abriuse un prazo de votación entre o 28 de febreiro e o 7 de marzo, para que o lectorado emitise o seu voto ben no Casino de Santiago, onde tamén se lles ofrece as novelas finalistas en préstamo, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. A porcentaxe restante cúbrena os socios do Casino (que contarán un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso do cincuenta por cento). Nesta edición competían obras de Javier Marías, Ian McEwan, Antonio Lobo Antunes, Antonio Tabucchi, Michel Houellebecq e do galego Xabier Queiruga (*Atuado na braña*). O dictame deuse a coñecer o 24 de abril e recaeu en *Expiación*, de Ian McEwan.

Referencias varias:

- E.P., 'Marías e Tabucchi no Premio de Novela Casino', *O Correo Galego*, 'AFA', 28 febreiro 2003, p. 33.

Infórmase da selección de obras que concorren ao Iº Premio de Novela Europea "Casino de Santiago", entre as que figura unha en galego: *Atuado na braña*, de Xabier Queiruga. Tamén se nos indica a dotación do premio, que pretende distinguir con 3.000 euros "a mellor novela de Europa" do ano, e o sistema e prazo de votacións. Así, todos os composteláns poden pedir prestadas as novelas finalistas no Casino de Santiago, e votar pola que máis lles guste na semana que vai do 28 de febreiro ao 7 de marzo no propio Casino ou no Centro Comercial Compostela. Por outra banda, recóllense uns datos ofrecidos pola organización do certame e que orientan sobre o seu seguimento: o Centro Comercial Compostela rexistrou un aumento nas vendas das seis novelas aspirantes, e no Casino xa empregaron o sistema de préstamo cento cincuenta persoas. Por último, anúnciase que nos próximos días se distribuirán pola cidade unhas tres mil papeletas de voto.

- MARÉ, 'Cinco finalistas no Premio Europa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 decembro 2003, p. 36.

Anuncia os títulos das novelas finalistas da segunda edición do premio: *A vida que nos mata*, de Xavier López; *Falsa identidad*, de Sarah Waters; *El Paraíso en la otra esquina*, de Mario Vargas Llosa; *La Mennulara*, de Simonetta Agnello Hornby, e *A paso de cangrejo*, de Günter Grass.

- A.I.S., 'Llosa y Günter Grass figuran entre los cinco finalistas del Premio de Novela Europea', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 23 decembro 2003, p. 40.

Dá conta dos títulos das novelas finalistas da segunda edición do premio. No relativo á composición do xurado, sinala que un trinta por cento estará formado polas persoas que desenvolven a súa actividade profesional no concello de Santiago, un vinte por cento polos socios do Casino e o cincuenta por cento restante por dez representantes de institucións compostelás.

IVº Concurso "Relatos de Verán" de La Voz de Galicia

No ano 2000 por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou aos escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas inclúen fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resulte gañadora do premio "Novela por entregas". Os interesados deben enviar o seu relato, en castelán ou galego, xunto a unha pequena ficha con fotografía tamaño carné e os datos do autor, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico (redac@lavoza.com). O prazo de presentación de orixinais, que non poderán exceder as vintecinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres), esténdese entre o 16 de xuño e o 15 de xullo. Se o número de orixinais rebasa as posibilidades de publicación, un xurado encargárase de realizar unha primeira selección, da que extraerán os cento vintecatro textos que serán publicados a razón de catro diarios ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina web, ademais da posibilidade de seren recollidos nun volume colectivo como aconteceu

con anterioridade. A seguir, o lectorado de *La Voz* elixe cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publican durante ese período facendo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no periódico. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha colección de seis obras clásicas da literatura galega editadas por Sotelo Blanco. Nesta cuarta edición presentáronse novecentos textos, de entre os cales o xurado seleccionou os cento vinte e catro que se publicaron ao longo de todo o mes. O relato gañador da primeira semana foi "Dos relatos reais" de María Josefa Freire e Rafael Gabarri; na segunda semana gañou Víctor Díaz Barús con "El asiento número siete"; na terceira, Dulce María López Rivera con "Adagio para unha feiticeira"; e na cuarta e última semana, Elena Vázquez Pedreira con *A fada fea*. Estes autores recibiron como premio un lote de dezaseis libros da colección "Estudio e Investigación" da editorial Sotelo Blanco.

Referencias varias:

- María Conde, 'Suárez Abel alaba la recuperación de la novela por entregas en La Voz', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 marzo 2003, p. 44.

Sinala que a obra *O repenique de Beatriz Gondar* de Miguel Suárez Abel, publicada na editorial Ir Indo, resultou gañadora do premio de novela por entregas 2002 de *La Voz de Galicia*. Destaca as declaracións do autor no acto de presentación da novela nas que louva o labor de innovación e promoción cultural do diario e a "magnífica" iniciativa que supón este premio. Fai un resumo da historia e observa o compoñente de misterio que busca enganchar aos lectores. Finalmente anota que a cuarta edición do premio convocarase nos días posteriores á publicación do artigo.

- Ana Criado, 'El asiento número siete', segundo ganador de los Relatos de Verán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 agosto 2003, p. 42.

Informa de que Víctor Díaz Barús, funcionario, director de teatro e guionista de curtas, foi o gañador da segunda semana do concurso Relatos de Verán que organiza *La Voz de Galicia*. Apunta que posibelmente o suspense e a ambigua interpretación do final do relato foi o que conquistou aos lectores e sinala que a produtora Ángel Fernández xa se interesou pola historia para rodar unha curtametraxe. Deseguido anota os outros dous relatos máis votados: *A nena da foto* e *Busca la felicidad*, e o votante que gañou por sorteo un lote de dezaseis libros da colección "Estudios e Investigacións" da editorial Sotelo Blanco.

- Ana Criado, 'Adagio para unha feiticeira', tercer ganador de Relatos de Verán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 agosto 2003, p. 48.

Informa do relato gañador do concurso de Relatos de Verán da última semana de agosto escrito por Dulce María López Rivera, que é profesora de literatura no ensino secundario. Resalta da narración o significado do mar, moi vencellado á biografía da autora, que consegue ser o coprotagonista da historia, e apunta que o *Adagio* xa fora presentado no taller literario de Fene. Tamén fai constar os outros dous gañadores da semana: *A busca*, como segundo máis votado, e *O fotógrafo de almas*, como terceiro, e o votante gañador por sorteo, Pacual Silva Martínez.

- Ana Criado, 'Relatos de Verán retrocede a la infancia con 'A fada fea', ganador en la última semana de concurso', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 setembro 2003, p. 56.

A última gañadora do concurso semanal "Relatos de Verán", convocado por *La Voz de Galicia*, foi unha nena coruñesa de catorce anos chamada Elena Vázquez Pedreira de que se destaca a súa precoz afección pola escrita. O título do relato premiado é *A fada fea*.

IVº Concurso de relato curto "As Pedriñas"

Convocado desde o ano 2000 polo Centro Social, Cultural e Deportivo homónimo de Tameiga (Mos), este certame anual está dirixido ao público en xeral e nace para conmemorar a celebración do Día das Letras Galegas. Está dotado con 150 euros. As obras, de tema libre, deben ser inéditas e ter unha extensión de entre cinco e dez folios, mecanografados a dobre espacio con letra tipo arial 12. Os traballos remitiranse por triplicado, con pseudónimo e baixo o sistema de plica ao CSCD As Pedriñas, Avda. do Rebullón, s/n, Tameiga (Mos) ou ao enderezo de correo electrónico cultura@tameiga.com. O prazo de admisión remata o 30 de abril de 2003. O 10 de maio do mesmo ano, o xurado, composto por Azucena Rodríguez Campo, Luz Alonso Troncoso e Rosario Diéguez Morán, resolveu outorgarlle o premio ao relato "Os cans", de Brais Pérez González. O citado conto pode lerse na páxina web oficial da entidade convocante: www.tameiga.com.

IVº Premio "Risco" de literatura fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco, convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Está dotado con 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, cuns 30.000 caracteres (cento cincuenta folios aproximadamente), é a equivalente á obra *A verídica historia do neno de dúas cabezas de Promonta*. Os orixinais, por sextuplicado, en soporte de papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio, e baixo lema, deben adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra e enviarse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense antes do 5 de xaneiro de cada ano. O premio resolverase ao redor do 30 de abril, efeméride da morte de Vicente Risco. O xurado está composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para actuar como presidente. Nesta cuarta edición o xurado estivo composto por Darío Villanueva, Anxo Tarrío, Arturo Lezcano, Armando Requeixo, e o gañador da pasada edición, Xosé Lois Martínez Pereiro. Decidiron premiar a obra *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride Ogando.

Referencias varias:

- M.A., 'Ramón Caride gaña o premio Vicente Risco', *O Correo Galego*, 'AFA', 13 abril

2003, p. 50.

Presentación do gañador do Premio "Vicente Risco" de Literatura Fantástica, Ramón Caride, e da obra gañadora, *Triloxía do sangue e dos camiños*, en que se subliña que se trata da novela máis longa deste escritor e que lle levou dous anos escribila. Menciónanse tamén a súa última obra publicada, *A negrura do mar*, novela xuvenil inspirada na catástrofe do *Prestige*, e máis unha antoloxía da súa obra poética que co título de *As máscaras de Crono* viría ver a luz da man da editorial Xerais.

- C.L., 'Ramón Caride gaña o Vicente Risco coa súa novela máis 'traballada'', *A Nosa Terra*, nº 1078, 'Cultura', 16 abril 2003, p. 29.

Anuncia que Ramón Caride Ogando resultou gañador do Premio Vicente Risco de Literatura fantástica coa novela *O sangue dos camiños*, na que considera que se recollen as principais inxerencias do autor e se detecta unha forte presenza dos seus traballos anteriores. Recolle as palabras de Caride nas que reconece que con esta obra se pecha a triloxía iniciada con *Os soños eléctricos* e continuada logo con *Sarou*, apuntando algunhas das características comúns como o levar a letra ese no título ou un triángulo de protagonistas. Sinala a liña argumental da novela, destacando que na última páxina muda a percepción do lector de todo o anterior. Destaca Caride os elementos fantásticos representados polos "biochips" como metáforas da literatura ou da televisión. Da violencia da obra sinala a súa dupla dimensión, relacionada co erotismo e coas experiencias adquiridas polos personaxes a través deses "biochips". Remata anunciando outros títulos que verán a luz en breve deste autor como *A negrura do mar*, unha nova aventura de Said e Sheila.

- Sabela Pinal, 'O cine é necesario porque o afianzamento da literatura ten que ser a través do audiovisual', *La Región*, 'Ourense', 20 abril 2003, p. 10.

Entrevista co gañador do Premio "Vicente Risco" de Literatura Fantástica, Ramón Caride Ogando, en que se repasa a súa traxectoria como escritor, se fala do momento actual da literatura e da lingua galegas e se destaca o feito de que sexan xa varias as novelas galegas adaptadas para facer películas nos últimos tempos. Tamén se fala de *A negrura do mar*, a súa última obra publicada, e dunha compilación da súa poesía titulada *As máscaras de Crono* pendente de publicación por parte da editorial Xerais.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 22 abril 2003, p. 59.

Refírese o autor a dúas boas "novas relacionadas con escritores ourensáns". Así, en primeiro lugar, infórmanos de que Ramón Caride Ogando, nado en Cea, acaba de resultar gañador do premio "Risco" de novela fantástica. Por outro lado, recolle que outro escritor auriense, Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), será homenaxeado co galardón "letra E" que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- Marcos Valcárcel, 'Cunqueiro, os caracois, Nina Simone', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 26 abril 2003, p. 2.

Neste caixón de xastre en que se fala brevemente dos temas máis variados recóllese nunha nota a resolución do Premio Vicente Risco de Literatura Fantástica, que tivo como gañador este ano ao escritor ourensán Ramón Caride Ogando.

IXº Premio literario "Arcebispo Juan de San Clemente"

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IB Rosalía de Castro, creador no ano 1995 do Premio Literario "Arcebispo Juan de San Clemente", convocou de novo este premio dotado con 9.000 euros a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O xurado estivo formado por alumnos dos institutos Santa Irene, de Vigo; Dionisio Gamallos Fierros, de Ribadeo; IES de Celanova; e dos institutos composteláns de Fontiñas e Rosalía de Castro, organizador do evento. Os gañadores nesta novena edición foron: Rosa Aneiros con *Resistencia*, publicada en galego por Edicións Xerais de Galicia; Almudena Grandes, na categoría de lingua castelá, con *Los aires difíciles*; e Jonathan Coen por *El club de los canallas*, en lingua estranxeira traducida ao castelán.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Compostela se viste de gala para la entrega de los Premios San Clemente', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 marzo 2003, p. 29.

Anuncia a cerimonia na que se entregarán os galardóns correspondentes ás dúas últimas edicións. Sinala que, segundo os organizadores do certame, o premio ten como obxectivo converter aos estudantes de Bacharelato en protagonistas, facendo que os seus gustos e opinións podan ser coñecidos pola sociedade.

- Jesús Fraga, 'Quizá en Galicia aún no se ha perdido lo ancestral', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2003, p. 44.

Entrevista ao escritor Manuel de Lope na que o escritor fala das diferenzas entre a Galicia que coñeceu por primeira vez en 1966 e a que retrata no primeiro capítulo do seu libro de viaxes *Iberia*. Destaca que unha das principais características da sociedade galega actual é que aínda non perdeu o contacto co mundo ancestral, aínda que a modernidade xa está presenta con toda a súa violencia.

- Concha Pino, 'Restrepo e Amelie Nothomb recollen en Santiago os premios San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2003, p. 44.

Dá a coñecer a celebración da cerimonia de entrega dos premios das dúas últimas edicións do certame. Todos os autores asistirán ao acto, excepto o escritor checo Milan Kundera.

- A.N.T., 'Laura Restrepo, Amélie Nothomb e Marilar Aleixandre premiadas polos alumnos do San Clemente', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 34.

Informa da entrega dos galardóns correspondentes ás edición sétima e oitava do premio. Suliña o feito de que as gañadoras da última edición son tres mulleres por primeira vez. Na presentación dos premiados, todos eles mostraron a súa preocupación pola inminencia da invasión americana de Iraq e apostaron polo valor da palabra no mundo. Contra o que pasou en edicións anteriores, ningún conselleiro da Xunta asistiu ao acto de entrega dos premios.

- Ana Iglesias, 'Por un xurado lector/Alumnos gallegos entregan los premios San Clemente en Santiago', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Santiago', 20 marzo 2003, p. 49/29.

Sinala que o acto de entrega dos premios inaugurou o programa conmemorativo dos catrocentos anos da fundación do Colexio San Clemente. Ademais das manifestacións antibelicistas dos galardoados, destaca a ausencia por problemas de saúde de Milan Kundera, quen recollerá o premio persoalmente en xuño.

- M.V., 'Ceremonia convertida en acto contra la guerra', *La Opinión*, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 60.

Explica que os premiados negáronse a expresar a súa satisfacción polos galardóns ante a inminencia da guerra. Marilar Aleixandre protestou contra a falta de liberdade de expresión derivada do sinistro do Prestige, ao tempo que a colombiana Laura Restrepo felicitou aos españois pola súa loita contra a guerra e a marea negra.

- C.P., 'El rechazo de la guerra presidió la entrega de los premios San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 53.

Dá conta do acto oficial de entrega dos galardóns aos gañadores dos premios nas dúas últimas edicións. A cerimonia estivo marcada pola proximidade da guerra, unha circunstancia que dominou os discursos pronunciados polos autores premiados. Así mesmo, todos os escritores coincidiron en recoñecer o esforzo dos lectores que formaron parte do xurado e agradeceron a concesión dos galardóns.

- Ana Iglesias, 'Almudena Grandes, Millás y Landero competirán por el 'Premio San Clemente'', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 25 abril 2003, p. 26.

Dá a coñecer as obras seleccionadas pola comisión organizadora como finalistas do premio. Na categoría de Novela Galega, as obras escollidas son *O mono no espello*, de Xavier López, *Resistencia*, de Rosa Aneiros, e *Atuado na braña*, de Xavier Quiroga. Os libros finalistas na categoría de Novela Castelá son *Dos mujeres en Praga*, de Juan José Millás, *El guitarrista*, de Luis Landero, e *Los aires difíciles*, de Almudena Grandes. Finalmente, as novelas estranxeiras seleccionadas son *El legado de Arne*, de Sigfried Lenz, *La visita del médico de cámara*, P. Olov Enquist e *El club de los canallas*, de Jonathan Coe.

- Maré, 'Semente de loita', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 setembro 2003, p. 53.

Expón as reaccións da autora ante a concesión do premio á súa novela. A escritora subliña a identificación que puido existir entre os membros do xurado e os personaxes da novela, que narra os conflitos ao redor da militancia política, a miseria e o amor no seo de dúas familias portuguesas. A novela tamén foi merecedora dos premios Modesto Rodríguez Figueiredo, Lueiro Rey, Manuel Murguía e Carvalho Calero.

- C.P., 'Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe gañan o premio literario Arcebispo San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 setembro 2003, p. 46.

Anuncia a concesión dos galardóns da novena edición aos escritores Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe polas novelas *Resistencia*, *Los aires difíciles* e *El club de los canallas*, respectivamente.

- Sofía de Benito, 'La gente lo ve muy claro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 26 setembro 2003, p. L5.

Dá conta dos escritores gañadores da novena edición dos premios. Sinala que os galardoados únense á lista de xenios literarios como Vargas Llosa, Saramago, Auster, Tabucchi, Manuel Rivas ou Baricco, todos eles premiados en edicións anteriores. O xurado estivo formado por estudantes de bacharelato dos institutos Rosalía de Castro e As Fontiñas (Santiago), Santa Irene (Vigo), Gamallo Fierros (Ribadeo) e o de Celanova.

- A.N.T., 'Marica Campo e Rosa Aneiros, premiadas por escritores e estudantes', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 25.

Dá conta dos nomes dos escritores premiados na novena edición. Indica que a gañadora do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega é Marica Campo, coa novela *Memoria para Xoana*, galardón polo que tamén competía *Resistencia*, de Rosa Aneiros.

Premio Nacional de Narrativa 2003

Premio de longa traxectoria, ten os seus antecedentes na orde de creación do Ministerio da Gobernación de 25 de enero de 1949, aínda que a súa configuración actual data de 1977. Convocado polo Ministerio de Cultura, este galardón distingue a mellor obra na modalidade de narrativa escrita por un autor español, en calquera das linguas do Estado, entre todas as obras deste xénero publicadas en España o ano anterior, na súa primeira edición. Está dotado con 15.025,30 euros. Nesta ocasión, recaeu en *Trece Badaladas*, de Suso de Toro. Outros escritores galegos que acadaron este premio foron Alfredo Conde (1986) e Manuel Rivas (1996).

Referencias varias:

- MARÉ, 'A narrativa galega obtén de novo o Premio Nacional', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 outubro 2003, p. 51.

Dáse noticia do gañador do premio, inclúese á súa vez unhas palabras do autor, un breve

comentario sobre a súa vida literaria e profesional e sobre a obra gañadora e algunhas palabras de persoeiros da cultura galega manifestando a súa satisfacción pola concesión deste premio a un autor galego.

- Carmen Villar, 'Sempre choveu en Galicia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 outubro 2003, p. 49.

Saliéntase a marca que deixan nesta novela os espacios composteláns no que se desenvolve a trama.

- Amaia Mauleón, 'No voy a permitir que este premio me paralice', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 outubro 2003, p. 49.

Nesta entrevista, Suso de Toro fala da alegría polo premio recibido e manifesta a súa intención de non paralizarse, de mellorar a literatura e de seguir innovando. Fala tamén brevemente da súa próxima novela.

- Carmen Villar, 'Suso de Toro gana el Nacional de Narrativa con 'Trece campanadas'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 outubro 2003, p. 49.

Ademais de mencionarse outras novelas do autor gañadoras doutros premios e de que a súa obra se pode ler en varias linguas e estudar nalgúns universidades europeas, transcríbense as palabras de Suso de Toro e doutros persoeiros da cultura e do mundo político galego como mostra de ledicia polo galardón.

- Pilar Ortega Bargueño, 'Me siento obligado a ir a la contra', afirma Suso de Toro', *El Mundo*, 'Cultura', 11 outubro 2003, p. 45.

Infórmase de cómo Suso de Toro recibiu o premio e inclúense palabras do propio autor sobre a novela galardoada.

- Santos Sanz Villanueva, 'Algo huele', *El Mundo*, 'Cultura', 11 outubro 2003, p. 45.

O autor do artigo, mediante a descrición e a opinión persoal sobre o estilo dalgunhas das novelas gañadoras e doutras que se presentaron, dá a súa opinión sobre a pouca credibilidade que para el ten este premio.

- Xoxé Hermida, 'El mundo gótico y metafísico de Suso de Toro gana el Nacional de Narrativa', *El País*, 'La Cultura', 11 outubro 2003, p. 38.

Artigo que reflicte a alegría do autor pola concesión deste premio. Noméanse os outros finalistas, o xurado e describe a novela gañadora. Finalmente realízase un percorrido pola súa vida profesional.

- I.S., 'Suso de Toro gana el Premio Nacional de Narrativa con 'Trece badaladas'', *La Opinión*, 'Cultura', 11 outubro 2003, p. 50.

Reflictese a alegría do autor pola concesión do premio, logrado despois de que nove anos atrás estivese seleccionado e non llo concederan. Dá conta tamén doutras obras e premios conseguidos e dos proxectos literarios do autor, e logo descríbese a obra coa que conseguiu este galardón. Finalmente infórmase brevemente sobre o "Premio Nacional de Narrativa" e noméase o xurado deste ano.

- M.I., 'Suso de Toro, Premio Nacional de Narrativa', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 outubro 2003, p. 84.

Reproducción dunha selección da entrevista realizada ó autor no instituto de Poio con motivo da concesión deste premio, onde Suso de Toro dá conta da súa idea de literatura e do que se pode atopar na súa produción literaria.

- Lula da Rosa, 'Chantada y Malpica se entienden bien', *El Progreso*, 'De actualidad', 12 outubro 2003, p. 72.

Breve mención da importancia de gañar un premio coma este, tanto pola dotación económica coma pola importancia que pasa a ter agora o autor para os editores.

- Manuel Bragado, 'O premio de Suso de Toro', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 12 outubro 2003, p. 27.

Manifestación de alegría por parte do autor do artigo polo premio que Suso de Toro recibiu e mención dalgunhas das claves das súas obras. Noméanse tamén algúns dos libros de Suso de Toro e fálase da novela gañadora.

- Carme Vidal, 'Suso de Toro: 'Non pertenzo a ningún círculo, nin galego, nin español', *A Nosa Terra*, nº 1.100, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 29.

Recolle unha entrevista realizada a Suso de Toro onde comenta o significado que ten para el este premio, a importancia do recoñecemento como autor e da literatura como oficio. Fala tamén da súa traxectoria literaria, da inspiración dos seus libros e da intención de modificar a literatura galega.

- Jaureguizar, 'Secuestro no planeta Lara', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 19 outubro 2003, p. 91.

Artigo que trata sobre os editores e as editoriais, e en concreto sobre os editores de Suso de Toro tanto das súas obras traducidas ao castelán coma das obras en lingua galega.

- Beatriz Iniesta, 'No se nos puede dejar solos', *El Ideal Gallego*, 'La Galería', nº 280, 'Crónica social', 19 outubro 2003, p. 8.

Breve comentario onde se fala do gañador do premio e da adaptación cinematográfica da obra galardoada.

- David González, 'O intelectual incómodo', *El Progreso*, 'Gente/Perfil', 16 novembro 2003,

p. 8.

Artigo que reflicte a importancia da concesión deste premio a Suso de Toro, só logrado anteriormente por tres autores galegos, e o silenciamento ao que foi sometido por algúns sectores da sociedade galega por ser considerado un autor "politicamente incorrecto".
Mención da importancia do autor no panorama literario galego, da súa traxectoria literaria e dos seus próximos proxectos.

VIº Certame de Narración Curta "Ánxel Fole"

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, consta de dúas categorías (primeiro premio: 900 euros, segundo premio: 450 euros) e a el poden concorrer cantos autores o desexen con dúas obras como máximo, orixinais e escritas en lingua galega, de tema libre. A extensión non pode superar os dez folios mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara. Os traballos teñen que presentarse por triplicado e ata o trinta de maio de 2003 na Sección de Cultura e Educación do Concello de Lugo (praza Maior, 1), nun sobre pechado baixo lema ou pseudónimo na parte exterior, que conteña no seu interior a narración ou narracións co mesmo lema ou pseudónimo mais os datos do autor (nome e apelidos, enderezo, poboación, código postal, teléfono, fotocopia do DNI e título da obra ou obras presentadas). Os traballos premiados quedan en propiedade do Concello de Lugo, que poderá facer uso deles para a súa publicación. Este certame deixou de se convocar nos anos 2001 e 2002. No 2003 o xurado, composto por persoas competentes na materia, estivo formado por Ignacio Rodríguez Eguibar (ex edil de Cultura), María Xesús Nogueira (profesora de literatura da USC) e Carlos Coira (fundador da editorial Tris-Tram), e o seu dictame tivo lugar a finais de xullo. En decembro de 2003 entregáronse na Fundación Caixa Galicia de Lugo, no seo dun ciclo de conferencias sobre o escritor lugués que dá nome ao certame, os galardóns, recaendo o primeiro premio na obra *Ulises no mar de Vigo*, de José Luis Calvo Vidal e o segundo a Xesús Ferreiro por *Medo á desmemoria*. Concedéuselle un accésit a Paulo Martínez por *Conolly na Cacharosa*.

VIº Premio "Eixo Atlántico" de narrativa galega e portuguesa

Premio convocada dende o ano 1997 pola Asociación Galega de Editores e a Asociación Portuguesa de Editores e Libreiros co patrocinio da Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Non se convocou no ano 2001. Na súa quinta edición (ano 2002) pasou a ser convocado por O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e os xornais *La Voz de Galicia* e *Público*, pasando a denominarse Premio Eixo Atlántico-La Voz de Galicia-Público de narrativa galega e portuguesa. Conta co patrocinio de Espasa Calpe, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Ambito Cultural de El Corte Inglés e a Fundación Caixa Galicia. Nel poden participar autores de calquera nacionalidade que presenten orixinais en galego ou portugués conforme á normativa vixente. A contía do premio aumentou considerabelmente pasando dos 9.000 euros das convocatorias anteriores a 15.000 euros desta e mais a publicación da obra en galego, portugués e, por vez primeira, tamén en castelán. De cada orixinal enviaranse oito copias, mecanografadas a dobre espacio, e

presentaranse baixo lema, acompañando en sobre á parte os datos persoais á sede de La Voz de Galicia, Avda. da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña). Nesta convocatoria finalizou a data de recepción de orixinais o 30 de outubro. Presentáronse cento sesenta e catro orixinais en portugués e corenta e dous en galego. O dictame do xurado, composto por Luis Miguel Queirós, José da Cruz Santos, Manuel António Pina, Teresa Porto, Ramón Pernas, Xosé Carlos Caneiro e Ernesto Sánchez Pombo, deuse a coñecer o 15 de decembro de 2004. O premio recaeu en Bernardino Graña, coa obra *Protoevanxeo do neto de Herodes*.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, 'Bernardino Graña acada o Premio Eixo Atlántico de narrativa galega e portuguesa', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 59.

Informa de que o gañador do premio foi o autor cangués Bernardino Graña coa obra *Protoevanxeo do neto de Herodes*, na que se narra a vida das xentes en Palestina e Israel, até o episodio de Xesús no templo aos doce anos. O xurado destacou, ademais da calidade do libro premiado, o alto número de participantes.

- Camilo Franco, 'Na Biblia hai moitas cousas ocultas ou mal interpretadas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 59.

Ante as preguntas do xornalista sobre a versión heterodoxa que a novela presenta de María e Xesús, o autor declárase relixioso e anticlerical, ao tempo que indica que se baseou nos evanxeos apócrifos e algunhas das tradicións ocultas e non escritas do cristianismo. No relativo ao libro, o escritor sinala que traballou na idea nos últimos sete ou oito anos, estendendo un conto inicial ata a novela final, un xénero que non practicara con moita asiduidade.

Vº Concurso "Hipercurtos Contos"

Convocado pola Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, poden concursar todos os residentes en Ourense con textos de cento setenta e cinco palabras como máximo, escritos en galego, de temática libre, orixinais e inéditos. Establécense tres categorías: a) nenos ata 13 anos, b) mozos de 14 a 30 anos e c) maiores de 30 anos. O prazo máximo de admisión dos traballos remata o 14 de xuño.

XIIº Certame "Manuel Murguía" de narracións breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer todos os autores que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre 15 e 30 folios mecanografados a duplo espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse antes de 1 de marzo, por cuadriplicado, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), nun sobre onde figure só o título da obra e

un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor. O premio, que pode ser repartido *ex aequo* entre dous autores, consiste en 3.665 euros (660 euros máis do que na edición anterior) e a publicación da obra ou obras premiadas. Na convocatoria de 2003 houbo dous gañadores que se repartiron o premio: Bieito Iglesias con *Comentario ó Apocalipse* e Paula San Vicente con *As idades dela*. Outorgóuselle ademais unha mención especial ao texto *Estremonías*, de Álex Alonso, obra da que o xurado solicitou a súa edición. Foron os seus membros Yolanda Castaño, Dolores Vilavedra, Enma Pedreira (gañadora na anterior edición) e Henrique Rabuñal (coordinador do certame).

Referencias varias:

- María Rodríguez, 'A inspiración na literatura non existe, é un mito', *La Opinión*, 'Arteixo', 18 marzo 2003, p. 18.

Entrevista a Enma Pereira, membro do xurado do 2003, onde fala sobre o que valora nunha obra literaria como xurado e logo comenta un pouco a obra coa que gañou este premio o ano anterior.

- E. P., 'Premios para Bieito Iglesias y Paula San Vicente ', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 2 xuño 2003, p. 68.

Infórmase de cáles foron as obras premiadas no XIIº Certame Manuel Murguía de Narracións Breves e na que se destaca que se publicarán nun volume que o Concello de Arteixo ten previsto sacar en 2005.

- A.N.T., 'Bieito Iglesias: 'Recibir o Murguía pode darlle proxección ao debate da eutanasia', *A Nosa Terra*, nº 1.085, 'Fin de semana', 5 xuño 2003, p. 41.

Entrevista realizada a Bieito Iglesias, na que fala do significado do premio e tamén no que se basea o relato co que lle foi concedido o galardón e a importancia que este pode ter.

XIº Certame literario "Manuel Lueiro Rey" de novela curta

Convocado polo Concello do Grove, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos deben presentarse no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980) antes do 15 de agosto, por quintuplicado e precedidos polo título e un lema, aínda que finalmente o prazo de recollida se ampliou ata o 15 de setembro. Asemade, hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e lema e dentro conteña os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e atermos á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte, que non superen os mil oitocentos caracteres cada un deles aproximadamente. Concédese un único premio de 3.000 euros e a publicación por Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se dá a coñecer antes da concesión do premio, está formado por cinco membros relacionados co mundo da

literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Nesta edición o xurado deu a coñecer a súa decisión o 22 de novembro, un pouco máis tarde do previsto (outubro). Estivo formado por Xesús Alonso Montero en calidade de presidente, Manuel Quintáns Suárez, Francisco Martínez Bouzas, Armando Requeixo e o gañador da anterior convocatoria, Xabier López López. De entre as trece obras presentadas, o galardón recaeu en *Ácaros verdes*, de María do Pilar Buela Piedra.

Referencias varias:

- M.M.O., 'Xabier López gana el 'Manuel Lueiro' con una obra de intriga', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 26 xaneiro 2003, p. 37.

Comenta que o galardón do "Décimo Premio Manuel Lueiro Rey" recaeu no escritor Xabier López López pola súa obra *O mono no espello*. Indica tamén que a obra gañadora foi publicada por Sotelo Blanco. Así mesmo o xurado destacou a xuventude do premiado, de vinte e nove anos. Por outro lado, informa do contido da novela gañadora.

- L. Varela, 'Xabier López recoge el premio del X Certamen Manuel Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 26 xaneiro 2003, p. 20.

Informa da entrega do "Décimo Premio de Relato Curto Manuel Lueiro" a Xabier López López pola súa obra *O mono no espello*. Non se trata do seu primeiro premio, xa que foi vencedor do "Vicente Risco" de 2000. Na entrega do premio houbo un recordo para González Millán e a súa esposa recentemente falecida e a louvanza da obra e a persoa de Manuel Lueiro. Obsequiouse a todos os asistentes á entrega do premio cun exemplar do libro gañador.

- S.R., 'El Concello amplía el plazo para el 'Lueiro Rey'', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 20 agosto 2003, p. 24.

Infórmase da decisión do Concello de ampliar o prazo de entrega de traballos ata o 15 de setembro. A petición de algúns dos autores participantes. Tamén informa doutro premio literario o "Blanco Amor" que este ano se entregara no Grove, e de que os participantes teñen ata o 30 de setembro para entregar os traballos.

- L. Varela, 'Ácaros verdes' de Pilar Buela obtiene el 'Premio Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 23 novembro 2003, p. 17.

Indica que María do Pilar Buela Piedra foi a gañadora da décimo primeira edición do "Premio de Novela Curta Manuel Lueiro Rey" pola súa obra *Ácaros Verdes*. A autora, profesora de lingua galega, firmou a obra baixo o lema "Eva". Ademais salienta que o número de obras presentadas non foi moi elevado, a pesar de que o prazo de presentación foi ampliado. A gañadora recibirá tres mil euros en metálico e a publicación da súa novela pola editorial Sotelo Blanco.

- J.L., 'María do Pilar Buela gaña o Lueiro Rey de novela curta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26

novembro 2003, p. 43.

Dá noticia de que María do Pilar Buela Piedra coa obra *Ácaros verdes* mereceu este premio que está dotado con tres mil euros. Salienta que o xurado tivo moi en conta a orixinalidade temática e a caracterización psicolóxica dos personaxes.

- Mercedes Angueira, 'A obra 'Ácaros Verdes' de Pilar Buela fíxose co Premio Lueiro Rey de novela curta', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 29 novembro 2003, p. 38.

Informa a gañadora deste galardón foi María do Pilar Buela, que se presentaba por primeira vez a un concurso destas características. Salienta que foron trece as obras que se presentaron a esta edición.

XIVº Premio literario "Camilo José Cela" de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como homenaxe perpetua á "figura humana e literaria do egrexio escritor". Os relatos, escritos en castelán ou galego, teñen que ter unha extensión de doce a vintecinco folios, mecanografados a dobre espacio, e deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio está dotado con 1.500 euros, diploma acreditativo e a publicación do traballo nun libro conmemorativo. Nesta convocatoria, na que o prazo de presentación de orixinais remataba o 15 de setembro, recibíronse un total de corenta e oito narracións procedentes do ámbito nacional e internacional, once das cales eran en galego. O xurado estivo formado este ano por Ángel Vázquez, Manuel Baltar, Beatriz Vázquez, Anxo Abuín, Antonio Gil, Juan Casas e Masito Beiró, que actuou como secretario. A obra gañadora, segundo se resolveu o 28 de outubro, foi *La vereda de los justos* de David Couto Mallou.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Padrón convoca o Premio Camilo José Cela', 'MARÉ', 8 xullo 2003, p. 52.

Anuncia a recente convocatoria do premio literario "Camilo José Cela", que este ano chega á súa decimocuarta edición. Indícanse as súas bases e infórmase de que a resolución está prevista para mediados de outubro. Tamén se advirte que o xurado resérvase o dereito a declarar deserto o premio de non atopar ningún texto merecedor, na súa opinión, de tal recoñecemento.

- MARÉ, 'Once obras en galego ó 'Cela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 outubro 2003, p. 48.

Informa de que once obras en lingua galega, dun total de corenta e oito, aspiran a gañar o premio. O xurado emitirá o seu ditame antes do 15 de outubro.

- U.L., 'Un compostelano estudante de medicina, de 21 anos, gana el premio Cela de narrativa', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 29 outubro 2003, p. L10.

Dá conta de que o compostelán David Couto Mallón converteuse no gañador máis novo do

certame coa novela *La vereda de los justos*. A obra premiada, escrita en castelán, narra a historia dun ancián dunha aldea da Galicia profunda, quen, ao considerar que a súa morte está próxima, pídelles á muller do seu primoxénito que remate coa súa vida. A novela será publicada xunto a outros tres traballos: *Silencio para as sereas*, *Matar (outra vez)* e *Una jornada en el parque del Retiro*.

- C.B., 'O 'Cela' máis disputado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 outubro 2003, p. 52.

Ademais de anunciar o nome do gañador, sinala o feito de que o xurado necesitou once votacións para emitir o seu ditame final. Da obra premiada o xurado destacou os seus "estimables valores, calidades estilísticas e interese narrativo".

XVº Certame de narrativa "Gonzalo Torrente Ballester"

Certame instituído pola Deputación da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Dotado dende a decimocuarta convocatoria con 20.000 euros e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, numerados, escritos por unha cara a dobre espacio e acompañados de plica, na que se fará constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos, de tema e extensión libres, enviaranse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo. O xurado estará constituído por un familiar de Gonzalo Torrente Ballester, o Presidente da Deputación da Coruña, o presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Xuventude da Deputación, sete persoas de recoñecido prestixio do ámbito literario e un dos gañadores de edicións anteriores, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. Na edición do ano 2003 presentáronse cincocentos noventa e oito orixinais, vinte deles escritos en galego, e o xurado, presidido por Salvador Fernández Moreda, estivo formado por Ángel Basanta, José Merino, Luis Mateo Díez, José María Guelbenzu, Pedro Sorela, Celestino Poza, José Antonio Ponte Far, Alfredo Conde, Rubén Abella e Marcos Ricardo Barnatán. Este xurado fixo pública a súa resolución o 18 de decembro, resultando gañador o ferrolán Xesús Anxo Constela Doce cun libro de relatos que leva por título *As humanas proporcións*, mentras que a obra finalista foi en castelán.

Referencias varias:

- E.P., 'La Diputación de A Coruña convoca la XV edición del 'Torrente Ballester'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 19 marzo 2003, p. 68.

Informa de que ata o 1 de xullo poderán presentarse orixinais á décimo quinta edición do certame de narrativa "Gonzalo Torrente Ballester". O premio consiste nunha dotación económica e a publicación da obra gañadora. Indica tamén que poden participar escritores de calquera nacionalidade. As bases da convocatoria pódense atopar no Boletín Oficial da Provincia.

- Xosé Manuel Pereiro, 'Xesús Constela gana el Premio de Narrativa Torrente Ballester', *El País*, 'La cultura', 19 decembro 2003, p. 34.

Informa que o gañador do "Premio Torrente Ballester" foi Xesús Constela Doce, un profesor de inglés sen experiencia literaria, coa súa primeira obra *As humanas proporcións*. Destaca que un dos contos que foi definido como excelente ten unicamente seis liñas e outro esta baseado en expresións coloquiais que contén números. Tamén informa que Alejandro Soto Ramón foi o finalista coa novela *Hiperespacio*, obra que contén unha forte crítica contra a Cuba castrista.

- I. Suárez, 'Un profesor ferrolán gaña o Torrente Ballester de Narrativa', *La Opinión*, 'Cultura', 19 decembro 2003, p. 60.

Informa do dictame do xurado do "Premio Torrente Ballester", certame do que salienta a contía económica coa que esta dotado e o número de obras que se presentaron na súa décimo quinta edición. Indica que a obra gañadora foi *As humanas proporcións*, do escritor Xesús Constela Doce. Así mesmo indica que o xurado decidiu premiar a obra de Constela polo enxeño despregado na construción experimental duns contos, algúns dos cales foron escritos en clave fantástica nun galego literario moderno. O cubano Alejandro Soto Ramón quedou finalista coa obra *La noche del Nizur*.

- N.V., 'O ferrolán Xesús Constela gaña o Premio Torrente Ballester', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 19 decembro 2003, p. 17.

Dáse conta de que o gañador do "Premio Torrente Ballester" foi Xesús Constela, profesor de inglés no instituto de Poio. Trátase da súa primeira obra. O autor indica que lle fai moita ilusión gañar este premio, e que pretende facer unha reivindicación da literatura fantástica. Engade ademais que non lle gusta a literatura localista, e que lle encantaría que o libro fose lido por lectores doutras linguas.

- Manuel Jabois, 'O autor que ía ver 'qué pasaba'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 19 decembro 2003, p. 85.

Informa de cómo o gañador do "Torrente Ballester", Xesús Constela empezou no mundo da literatura, de que os seus primeiros relatos circulaban entre os amigos e de cáles foron as razóns que o levaron a enviar a súa obra hoxe gañadora. Obra na que según palabras do portavoz do xurado mestura ficción e realidade. O xurado tamén destacou a utilización dun galego moderno. Informa tamén da contía do premio e do número de escritores que se presentaron. O cubano Alejandro Soto Ramón quedou finalista coa obra *La noche del Nizur* co título final de *Hiperespacio*.

- V.O., 'En la literatura gallega existe una obsesión por el localismo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 decembro 2003, p. 51.

Entrevista na que se nos informa de que o gañador do "Premio Torrente Ballester", foi informado de que fora o elixido mentres daba clase no instituto. El declara que non contaba co premio e de que se sente a gusto escribindo sobre mulleres e sobre inmigrantes. Ademais indica que intentou fuxir dos localismos do galego convencional, por iso adoptou o galego literario e moderno.

- Víctor Omgba, 'El ferrolano Constela Doce gana el Torrente Ballester con su primera obra', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 decembro 2003, p. 51.

Sinala que Xesús Constela Doce foi o gañador da décimo quinta edición do certame de narrativa "Gonzalo Torrente Ballester" coa obra *As humanas proporcións*. Indica tamén que o xurado destacou a construción dos contos, escritos en clave fantástica nun galego literario moderno. O cubano Alejandro Soto Ramón quedou finalista coa obra *La noche del Nizur hiperespacio*.

- Albino Mallo, 'Xesús Constela gaña o Torrente Ballester cunha colección de contos', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 19 decembro 2003, p. 73.

Informa que con este primeiro libro Xesús Constela Doce gaña o "Premio Torrente Ballester". A obra titúlase *As humanas proporcións*, o libro esta escrito en galego e contén trece contos. Tamén informa da obra finalista *La noche del Nizur*, do cubano Alejandro Soto Ramón. Salienta a contía económica coa que está dotado, vinte mil euros, e o número de obras que se presentaron na súa décimo quinta edición que foron un total de cincocentas noventa e oito obras de escritores en castelán, tanto de España coma de Latinoamerica, e só vinte escritores galegos.

XVº Premio de novela "Manuel García Barros (Ken Keirades)"

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A contía económica é de 9.015 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editoral Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estará composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contará con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Nesta ocasión os encargados de escoller a obra premiada foron Camino Noia, Carme Hermida, Plácido Lizancos, Carlos Lema e Valentín García. O xurado dictou o seu fallo o 20 de xuño e a obra gañadora, de entre as vintasete que se presentaron, foi *A vida que nos mata*, de Xabier López López, quen recolleu o galardón o 14 de novembro no Recreo Cultural da Estrada.

Referencias varias:

- E.P., 'Hoxe decídese o premio García Barros de novela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2003, p. 50.

Informa de cando será o ditame do xurado do premio de novela García Barros, certame do que salienta a contía económica coa que está dotado e o número de obras que se presentaron na súa décimo quinta edición. Indica tamén que a obra gañadora será editada por Galaxia.

- M.O., 'XV Premio de novela García Barros' fallarase o vindeiro venres ', *Diario de Pontevedra*, 'Tabeirós/A Estrada', 19 xuño 2003, p. 30.

Anúnciase a data do ditame do xurado da décimo quinta edición do "Premio de Novela García Barros" (Ken Keirades), certame do que salienta o número de obras que se presentaron, coa cifra máis alta na historia, e a contía económica coa que está dotado. Sinala que a obra gañadora será editada por Galaxia.

- Mónica G., 'A vida que nos mata/Xavier López gaña o premio García Barros', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 21 xuño 2003, p. 52/39.

Comeza dando a noticia de que o premio "Manuel García Barros", convocado polo Concello da Estrada, se lle otorgou nesta edición a Xabier López López, que xa posuía os premios Manuel Loureiro Rey e Vicente Risco de literatura fantástica. Logo fálanos dos trazos da novela que máis eloxiou o xurado como foron a "magnífica recreación" ou "a capacidade de engaiolar ao lector". Comenta tamén o espazo, o tempo e o argumento e conclúe dando unha panorámica bibliográfica do autor e anunciando a próxima publicación da obra pola editorial Galaxia.

- M.O., 'Entrega del premio García Barros', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 novembro 2003, p. 78.

Indica que o gañador desta edición foi o escritor orixinario de Bergondo, Xavier López López, o cal recibiu a prestixiosa distinción novelística, pola súa última obra *A vida que nos mata*, no Recreo Cultural da Estrada. Ademais os conselleiros de Xustiza e de Educación, o presidente da editorial Galaxia e os membros do xurado desta edición e da anterior foron condecorados cunha insignia de prata que representa o sombreiro de García Barros, como agradecemento polo seu apoio a este certame.

XXIIº Premio de novela longa "Blanco Amor"

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar á actual contía de 12.020 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase normalmente no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, debe indicarse o nome e enderezo do autor. Neste ano 2003, o concello encargado foi o do Grove, que estableceu como data límite para a entrega de orixinais o 30 de setembro. Xunto con outros concellos, nesta convocatoria, tomouse a decisión de que o xurado estivese formado por un profesor universitario de literatura, un

membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, un crítico do ámbito literario e cultural e Santiago Jaureguizar, que xa fora membro do xurado do premio "Manuel Lueiro Rey" de novela curta no ano 2002. A presente convocatoria resolveuse con máis atraso que as precedentes e o xurado aínda non fixera público o seu ditame ao rematar o ano.

Referencias varias:

- Amancio G. Liñares Giraut, 'Novelas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 xaneiro 2003, p. L15.

O autor analiza a súa experiencia como membro do xurado da XXI edición do premio. Aínda que afirma que o certame tivo un bo nivel, apunta como elementos negativos o peso do castelán e a falta de norma ortográfica nalgúns dos escritores, sobre todo no referente ás estruturas sintácticas e semánticas.

- L. Varela, 'Janza busca ayuda municipal para el premio 'Blanco Amor'', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 22 xullo 2003, p. 21.

Dá conta da xuntanza da concelleira de Cultura do Grove, Paula Janza, cos representantes dos dez concellos galegos que patrocinan o premio para definir o xurado do certame. Na xuntanza foron elixidos os membros do xurado e reiterouse a necesidade de recuperar o interese dos concellos participantes e difundir o certame entre os concellos próximos.

- C.F., 'O Grove reclama máis apoios para organizar o premio Blanco Amor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 agosto 2003, p. 42.

Comenta os problemas económicos polos que atravesara o premio a causa da diminución dos concellos que participan directamente no financiamento. A proposta do Grove, encargado da organización da edición de este ano, pasa polo aumento do número de concellos ou o establecemento de achegas económicas que teñan en conta a capacidade de cada concello.

- S.R., 'El Concello amplía el plazo para el 'Lueiro Rey'', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 20 agosto 2003, p. 24.

Informa da decisión do Concello de ampliar o prazo de entrega de traballos para o Premio "Lueiro Rey" até o 15 de setembro a petición dalgúns dos autores participantes. Tamén informa de que o premio literario "Blanco Amor" este ano se entregará no Grove, e de que os participantes teñen ata o 30 de setembro para entregar os traballos.

XXIXº Certame Nacional Galego de Narracións Breves "Premio Modesto R. Figueiredo" do Pedrón de Ouro

Convocado polo Padroado do Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1974. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de cinco folios e

máxima de trinta. O tema é libre, pero tense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Os participantes teñen que enviar antes do 30 de novembro catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780 Santiago de Compostela). O primeiro premio e os accésits son publicados por Edicións do Castro. A dotación económica para o primeiro premio é de 600 euros e de 240 para os dous accésits posíbeis. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición a Poio (Pontevedra) correr cos gastos de organización. O xurado estivo formado por Avelino Abuín de Tembra como presidente e en representación do Pedrón de Ouro, e por David Otero, Cesáreo Sánchez, Bieito Iglesias, Rafael Vallejo e Xosé Ramón Fandiño (secretario). Ditaminou o 20 de decembro en Santiago de Compostela outorgándolle o primeiro premio a *De noite non reces aos ídolos*, de Xosé Luís Álvarez Pérez, autor que xa fora distinguido con idéntico galardón en 1999, mentres que o primeiro accésit foi para Xavier Rodríguez López, con *Fiordes*, e o segundo recaeu en *O colar indio* de Andrés Pociña Pérez. O acto de entrega tivo lugar o 27 de decembro no Mosteiro de San Xoán de Poio.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, 'Premio Pedrón de Ouro', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 12 xaneiro 2003, p. 4.

Fálase do momento de debate e decisión de outorgar o "Modesto R. Figueiredo", certame nacional galego de narracións breves da Fundación do Pedrón de Ouro, e dotado con 600 euros para o primeiro premio, polo xurado composto por Xosé María Dobarro, Xoán Ignacio Taibo, David Otero, Xulio Valcárcel e como presidente a Avelino Abuín de Tembra á Emma Pedreira con un relato inquietante, sutil e moi orixinal.

- Avelino Abuín de Tembra, 'O 'Modesto R. Figueiredo', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 28 decembro 2003, p. 5.

Achega á historia do premio Modesto R. Figueiredo dende a súa primeira convocatoria en 1975; explica que nas primeiras edicións se denominaba Certame Nacional Galego de Narracións Breves do Pedrón de Ouro e que o seu nome mudou tras o pasamento de Modesto R. Figueiredo. Recordas as distintas edicións e establece unha comparativa entre aquela primeira de 1975 e esta de 2003: cita a ambos xurados e aos narradores galardoados nas dúas convocatorias; así mesmo, dá conta dos relatos que obtiveron o primeiro e segundo accésit nesta XXIX convocatoria. Fai un balance da evolución do premio, tendo en conta, sobre todo, o número de relatos presentados (cincuenta e seis nesta edición) e a súa calidade literaria e lingüística. Subliña, finalmente, o labor que este premio desenvolve nas tarefas de normalización da lingua galega.

- C.B., 'Xosé Luís Álvarez Pérez recibe o premio Modesto Figueiredo de narracións breves', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2003, p. 39.

Informa da concesión do premio Modesto Figueiredo a Xosé Luís Álvarez Pérez (Mos, 1976) pola obra *De noite non reces aos ídolos*; describe o contido da obra e lembra que este

autor xa obtivera este mesmo galardón en 1999. Sinala, finalmente, que o primeiro accésit recaeu en *Fiordes*, de Xavier López Rodríguez.

XXº Premio "Xerais" de novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espacio, teñen que presentarse nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Dr. Maraño, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de 1988, coa introducción do lema "A forza dos lectores", faise unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que o compoñen xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Poden concorrer autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que está dotado con 12.200 euros (200 máis que na anterior edición), comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos e recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Na súa vixésima edición, o prazo de entrega dos orixinais rematou o día 14 de abril, e recibíronse vintedúas novelas. O xurado, que estivo conformado por Alfredo Erias Martínez, Lorenzo López Vázquez, Enma Couceiro, Carlos Díaz Martínez, Cristina Lombao e Fran Alonso, que actuou como secretario e en representación da editorial Xerais, decidiu premiar a obra *Planeta Skylab*, de Santiago Jaureguizar (que tomou despois o título definitivo de *Casa Skylab*), quedando *Destrucción*, de Xavier López Rodríguez como finalista. O galardón entregouse nunha gala celebrada o 14 de xuño, desta vez en Betanzos, onde tamén se fixeron públicos outros dous premios creados pola institución: o "Merlín" de literatura infantil, que recaeu na obra *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo, e o "Xerais á cooperación editorial", que foi para a Asociación Gáliz.

Referencias varias:

- X.C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ámbalas dúas. Igualmente dáse ampla referencia ao premio á cooperación cultural, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GALIX) da que se realiza un resumo das súas máis subliñábeis accións. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

- MARÉ, 'Os premios Xerais e Merlín resolveranse o 14 de xuño', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2003, p. 43.

Indicase que o data e o lugar en que se resolverán o Premio "Xerais" de Novela e o Premio

"Merlín" de Literatura Infantil, así como a composición dos xurados encargados de escoller as obras premiadas.

- C.F., 'Xerais distingue a Gálix co premio á cooperación no labor editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2003, p. 52.

Fálasenos do premio que concede a editorial Xerais á cooperación no labor editorial e anúnciase a entrega dos premios "Xerais" de novela e "Merlín" de literatura infantil que terán lugar na xornada seguinte en Betanzos. Do premio á cooperación infórmase de que xa se deu a coñecer o gañador deste último ano, que neste caso foi a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), presidida neses momentos por Blanca Ana Roig, e que conta na directiva con xente coma Xosé Antonio Perozo ou Marilar Aleixandre. Logo coméntase un pouco a actividade da Asociación, integrada por ilustradores, investigadores ou escritores e que é a sección galega da Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil, e que, á parte de defender a cultura e a lingua galega no que ten que ver coa literatura infantil e xuvenil, encárgase de promover iniciativas para a difusión destes libros e de representar a Galicia nas institucións e entidades internacionais que teñen que ver con eles. Tamén se dá conta nun breve apartado das novelas finalistas do premio "Xerais": *Destrución*, *O caderno azul*, *Like a lady* e *Cans sen caíños*, e dos libros finalistas do "Merlín" *O ferrollo da saudade*, *Cabalos* e *Meloxeira*; e anúnciase para mañá a cerimonia de entrega cun acto literario e musical levado polo escritor Xulio Cuns.

- Alberto Quián, 'Santiago Jaureguizar gaña o Premio Xerais de Novela e Manuel Lourenzo, o Merlín', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Dá conta do fallo dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil, outorgados a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*. Asemade, cítase o recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) pola Cooperación ó labor editorial e recóllense as palabras que deu o Director de Xerais no acto.

- MARÉ, 'Jaureguizar gaña o Xerais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2003, p. 66.

Infórmase do outorgamento dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil, que recaeron en Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmáns do vento*. Ao longo do artigo, faise unha breve recensión da primeira, poñendo, asemade, especial interese nas características que dela subliñou o xurado por ser "unha interpretación mordaz e paródica do galeguismo". Complétase cun recadro dedicado ao recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) pola cooperación ao labor editorial.

- Camilo Franco, 'O Xerais premia a Jaureguizar por unha novela negra escrita con humor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2003, p. 40.

Santiago Jaureguizar é o gañador do Xerais na edición deste ano coa obra *Casa Skylab*. Na nova faise unha sucinta recensión da súa trama argumental e incídese na mestura de compoñentes reais e ficticios que se introducen.

- M. A. Laxe Freire, 'Literatura en Betanzos', *Galicia Hoxe*, 'Follas soltas', 15 xuño 2003, p. 4.

Artigo de opinión sobre o acto de entrega do Premio "Xerais" de Novela e o Premio "Merlín" de Literatura Infantil, convocados pola editorial Xerais, en que se subliña a súa importancia como punto de encontro anual de escritores e lectores e se loa o papel desempeñado por esta editora na difusión da literatura galega.

- Gloria Fernández, 'Ironizo co galeguismo/Jaureguizar pecha con 'Planeta Skylab' a súa triloxía de novela negra', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 16 xuño 2003, p. 50/67.

Unha recensión da novela gañadora do Xerais, *Planeta Skylab*, unhas opinións recollidas do seu autor tanto da mesma coma da literatura galega en xeral así coma unha pequena cita á súa creación literaria son os grandes aspectos tratados nesta nova.

- Camilo Franco, 'Jaureguizar considera que o importante é 'botar unhas risas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xuño 2003, p. 55.

Logo de informar da concesión dos premios Xerais e Merlín na súa última edición, Franco expón as consideracións que o propio Jaureguizar realiza sobre a súa obra, *Casa Skylab*, dándolle alto valor ao ton humorístico que posúe. Asemade, dá conta das características que posúe a literatura de cada un dos dous gañadores.

- Manuel Darriba, 'A literatura é espectáculo, coma os circos e os medios de comunicación', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 19 xuño 2003, p. 67.

Entrevista ao autor de *Casa Skylab* e premio Xerais na edición deste ano. Responde a aspectos que atinxen tanto a características xerais da súa produción coma á obra galardoada, á desmitificación de iconas galegas que leva a cabo nas súas creacións ou ao particular emprego da lingua que fai.

- F.M.B., 'Os premios Xerais: loitando polo lector', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Olladas', 22 xuño 2003, p. 2.

Reflexión sobre a función dos premios no sistema literario galego a raíz do fallo do Premio "Xerais" de Novela e o Premio "Merlín" de Literatura Infantil.

- C.P., 'Presentadas as novelas gañadoras e finalista dos premios Xerais e Merlín', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 47.

Dáse conta da presentación das tres obras que gañaron os Premios Xerais e Merlín (*Casa Skylab* e *Irmán do vento*) ou a finalista do primeiro deles, *Destrución*. O groso da nova limitase a describir o contido das mesmas.

- MARÉ, 'Xerais celebra polo alto os XXV anos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 decembro

2003, p. 53.

Anúnciase que no próximo 2004 Edicións Xerais de Galicia ten pensado realizar un acto en Vigo para celebrar os vintecinco anos do seu nacemento, coincidindo coa tradicional cea de entrega dos Premios "Xerais" de novela, que estará dotado nesta ocasión con 15.000 euros, e "Merlín" de literatura infantil e xuvenil. Ademais, indícase que a editorial vai usar nese ano do seu aniversario un novo logotipo con referencia a esta conmemoración.

XXXIIº Concurso de contos "Hucha de Oro"

Este certame é convocado pola Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas (FUNCAS), e nel poden participar autores de todas as nacionalidades con relatos escritos en calquera das linguas oficiais de España, con tal de que sexan orixinais e inéditos. Concédense vintecinco premios, consistentes nunha escultura conmemorativa, unha contía en metálico (30.000 euros para o primeiro premio, 12.000 euros para o segundo, 6.000 para o terceiro e vintedous premios de 300 euros cada un para os restantes finalistas), e a posibilidade de seren publicados os traballos galardoados. O tema é libre, e o número de escritos enviados a concurso tamén. Remítiranse tres exemplares paxinados de cada conto, mecanografados a un espacio e medio por unha soa cara, e grapados na marxe esquerda. A extensión dos traballos é de entre tres e oito páxinas en formato DIN A4. Haberá que presentalos, ademais, baixo pseudónimo, consignando en sobre pechado unha fotocopia DNI, un breve curriculum vitae e mailos datos persoais (nome, apelidos, domicilio y número de teléfono). Os contos serán enviados, antes do 31 de outubro de 2003 e con acuse de recibo, á sede de FUNCAS (Juan Hurtado de Mendoza, 19, 28036, Madrid). O xurado estará presidido por un Académico da Real Academia Española, contará cun representante da FUNCAS como secretario con voz pero sen voto, e será composto por catro membros máis, escollidos entre personalidades do mundo da cultura e das letras. O dictame desta trixésimo segunda edición darase a coñecer a partir do 1 de abril de 2004.

XXXVIº Premio "Breogán" de contos en galego

Creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) baixo o patrocinio do Banco de Biscaia, dende 1999 colaboran ademais a Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Barakaldo, e nesta edición faino tamén o Departamento de Cultura da Deputación Foral de Bizkaia. Establécense dous premios: un primeiro, dotado con 1.100 euros, e un segundo consistente en 400 euros. O xurado resérvase a posibilidade de os declarar desertos, pasando nese caso a contía á convocatoria do ano seguinte. Poden participar no certame todos os autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non deben ter unha extensión inferior aos tres folios nin superior aos seis. Os manuscritos, en cinco copias mecanografadas a dobre espacio e por unha soa cara, teñen que enviarse ao Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48902 Barakaldo-Bizkaia; e-mail: CGBB.BARAKALDO@terra.es). En sobre adxunto, debe indicarse o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. O Centro Galego de Bizkaia resérvase o dereito de publicar as obras premiadas cando lle conveña, sen prexuízo de que o autor

tamén as poida publicar. O prazo de admisión das obras remataba nesta ocasión o 30 de xuño e as gañadoras daranse a coñecer en xaneiro de 2004.

X.2. POESÍA

II Premio de poesía "Bouza Brey"

Certame de carácter bianual convocado polo Concello de Vilagarcía de Arousa como homenaxe á figura de Fermín Bouza Brey. Os traballos poéticos, inéditos e en lingua galega, terán unha extensión mínima de catrocentos versos. Serán enviados mecanografados por quintuplicado e sen remite ao Concello de Vilagarcía de Arousa. Deben levar un lema que figurará no exterior do sobre dentro do que se incluírán os datos persoais, o enderezo e o teléfono. Hai un único premio dotado con 3.000 euros e a publicación da obra, e o xurado, composto por persoeiros destacados dentro do campo da poesía e da cultura galegas, será designado polo Concello, do mesmo xeito que se reserva o dereito da obra premiada. Nesta convocatoria o prazo de presentación rematou o día 16 de abril e o fallo do xurado formado por Fermín Bouza Álvarez, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Camilo Franco e Gonzalo Bouza-Brey, deuse a coñecer o 10 de maio. Presentáronse un total de vintetrés obras de entre as que resultou gañadora a de Xurxo Alonso titulada *Cidades de area*, pola que recibiu o galardón o día 17 de maio.

Referencias varias:

- E.P., 'Vilagarcía fallará hoy el certamen de poesía Fermín Bouza Brey', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 maio 2003, p. 39.

Sinala que o xurado do premio de poesía Bouza Brey dará a coñecer hoxe a obra gañadora desta segunda edición, aínda que o galardón non se entregará ata o día 17 de maio, coincidindo coa celebración dos actos do Día das Letras Galegas. Cita os membros do xurado e indica que nesta edición participaron un total de vinte e seis obras, o que, segundo afirma a organización, supón un incremento importante con respecto á primeira edición do certame. Explica, finalmente, que o ano pasado se presentaron dezasete poemarios, dos que resultou gañador *Os cadernos d'amor e outros velenos*, de Emma Pedreira.

- E.P., 'Xurxo Alonso gaña a II Edición de Poesía Fermín Bouza Brey', *O Correo Galego*, 'AFA', 11 maio 2003, p. 51.

Dá conta da concesión do premio Bouza Brey ao arxentino Xurxo Alonso, pola obra *Cidades de area*. Recolle as declaracións do xurado, que definiu o poemario como "un libro de temática de urxencia" e que destacou a calidade e diversidade dos vinte e seis traballos presentados ao certame. Indica que Xurxo Alonso recibirá o premio o próximo sábado, na celebración do Día das Letras Galegas.

- E.P., 'Xurxo Alonso, ganador del premio Fermín Bouza con la obra 'Cidades de Area'', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 11 maio 2003.

Indica que o artista arxentino afincado dende 1964 en Vilagarcía, Xurxo Alonso, é o gañador do certame de poesía Bouza Brey polo seu poemario *Cidades de Area*, que o xurado define como "un libro de temática de urxencia sobre a guerra de Irak".

- Carme Vidal, 'Xurxo Alonso gaña o Bouza Brey cun poemario sobre a guerra do Irak', *A Nosa Terra*, nº 1082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 38.

Sínálase que Xurxo Alonso foi o gañador da segunda edición do premio Bouza Brey, coa obra *Cidades de area*. O propio autor explica que o poemario é unha crónica poética da guerra de Irak e que o escribiu en vinte días, para o que seguiu as crónicas xornalísticas diarias e se introduciu na riqueza artística e histórica de Irak; así, o volume presenta unha certa orde cronolóxica. Xurxo Alonso subliña, asemade, o carácter directo do xénero literario e sinala que o tema da guerra xa fora tratado na súa pintura. Finalmente, cítanse os membros do xurado e destácase a recomendación deste para a rápida publicación do libro en Espiral Maior.

- E.P., 'O poeta e pintor Xurxo Alonso gaña o 'Bouza Brey'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 18 maio 2003, p. 75.

Informa de que o escritor Xurxo Alonso recolleu no día anterior o galardón do premio de poesía Bouza Brey na casa do concello de Vilagarcía. Así mesmo sinala a contía do premio e destaca o compromiso de publicación por parte de Espiral Maior.

- Ángel Palmou, 'Xurxo Alonso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', 'O saqueo', 15 novembro 2003, p. 13.

Breve achega á traxectoria profesional de Xurxo Alonso (Bos Aires, 1956), gañador do premio Bouza Brey. Explica que posúe estudos universitarios en Bioloxía Mariña, aínda que a súa verdadeira vocación son as artes; polo que na actualidade traballa como escritor, escultor e pintor. Indica que *Cidades de area*, poemario que lle valeu o galardón, foi escrito ao compás da guerra de Irak e fai referencia a algúns obxectos persoais que garda na súa casa de Vilagarcía como mostra da súa personalidade.

IIº Certame de Xogos Florais de Poesía "Barrio de Caranza"

Organiza este evento a Asociación de Veciños de Caranza, que divide o certame en dúas categorías: infantil e adulto. Neste ano, participaron na actividade sesenta e un autores. Na categoría reservada aos adultos, ficaron en primeira, segunda e terceira posición, respectivamente, Alfonso Venancio con "Besos de papel", Rosa María Martínez con "Os paxaros no maxín" e Aurora Varela con "Non quero dicirche adeus". Ademais, entregouse un lote de libros aos centros educativos La Salle e Manuel Masdías, por seren os que suministraron un maior número de participantes.

IIº Premio "Duck Fin" de poesía

Creado pola empresa Duck Fin en 2002, este certame está aberto a calquera obra poética que se queira presentar, con independencia da lingua ou do tema da mesma, sempre que non supere os cincuenta versos. O gañador recibirá unha escultura conmemorativa e 1.500 euros, 500 euros máis do que na anterior convocatoria, á vez que ficará a formar parte do xurado da seguinte. Así mesmo, o traballo premiado será publicado na *Revista Corporativa* realizada por Duck Fin, de difusión nacional. Neste ano de 2003 deuse a coñecer que a poesía gañadora na primeira edición foi "Cando os anxos aínda tiñan sexo", de Mercedes González Rodríguez. Houbo tamén tres mencións especiais do xurado, formado por María do Carmo Kruckenberg, Francisco Castro e Manuel Dafonte: Ana Olivia Michell por "Como se hace la poesía y como poesía", Francisco González Piñeiro por "Mientras sueña no tiene quien le escriba" e José A. Ramírez Lozano por "Teseo". Visto o éxito da primeira edición, o comité organizador decidiu en novembro de 2003 convocar a segunda edición do premio. Os traballos deben enviarse por duplicado e con plica antes do 31 de decembro de 2004 ao apartado de correos 436 de Vigo. O ditame farase público, previsibelmente, na Casa del Libro de Vigo durante o primeiro trimestre de 2005.

IIº Premio de poesía "Afonso Eanes do Cotón"

Para celebrar o seu vixésimo quinto aniversario a Asociación Cultural Afonso Eanes convocou este premio por primeira vez no ano 2002 co patrocinio do Concello de Negreira, TresCTres Editores e euroGráficas, lembrando así a figura do trobador do Cotón e a importancia da nosa lírica medieval como alicerces para o cultivo e normalización do idioma neste século XXI. Poden concorrer ao premio autores de calquera nacionalidade que presenten poemas orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos e escritos en lingua galega. O tema e forma dos poemas é libre e para participar a súa extensión será como mínimo de cincocentos versos. O prazo de presentación é ata o 20 de xuño e cada participante debe enviar cinco copias mediante o sistema de plica ao Apartado de correos nº 18 de Negreira, A Coruña. O premio consiste en 1.500 euros, que achega o Concello de Negreira, e a publicación da obra galardoada na Colección Varilongo/Poesía de TresCes Editores, 3C3. O xurado estará formado por cinco membros designados pola Sociedade Afonso Eanes e un membro do Concello de Negreira, ou no seu defecto unha persoa en representación da Asociación Cultural convocante, que actuará como secretario con voz, pero sen voto. Nesta ocasión os encargados de dictaminar este premio foron Rosa Lois, Ánxeles Gago, Xosé Maroño, Antía Otero e Xesús Jurjo. A esta edición concorreron vinte e catro traballos, o xurado galardonou a obra *Maio de mel ou lapa*, de Xoán Xosé García.

Referencias varias:

- Marcos Manteiga, 'Xoán Xosé García recibe el premio de poesía Afonso Eanes do Cotón', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 27 outubro 2003, p. 16.

Informa sobre a entrega do premio "Afonso Eanes do Cotón" de poesía a Xoán Xosé García. Destaca as valoracións que Xosé Antonio Maroño, membro do xurado, fixo sobre a obra gañadora e indica que esta será publicada proximamente pola editorial 3C3, tal e como fixo coa obra de David Creus gañadora da edición anterior. Remata aludindo aos asistentes a este acto literario que concluíu cun concerto do guitarrista local Xosé Guzmán.

IIº Premio de poesía "Caixanova" 2003

Premio que, ao igual que a colección de poesía "Arte de Trobar", nacia no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia. A el poderán concorrer todos os poetas que o desexen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente. O premio é indivisíbel e está dotado con 10.000 euros e a publicación da obra gañadora na mencionada colección "Arte de Trobar", coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. As obras aspirantes han ser inéditas, terán unha extensión mínima de seiscentos versos e enviaranse por quintuplicado mecanografadas a dous espacios e baixo lema a CAIXANOVA, Obra Social. Avda. García Barbón 1-3, entrecán, 36201 Vigo. O prazo de admisión remata o 31 de outubro e o xurado cualificador, que estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega, emitirá o seu dictame a última semana de novembro. Nesta edición houbo setenta e seis participantes e o xurado, que estivo composto por Luís González Tosar, presidente do xurado e do PEN Club, Gonzalo Navaza, Teresa Seara, Marilar Aleixandre e Xabier Seoane, decidiu premiar a María do Cebreiro por *Non queres que o poema te coñeza*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O galego representa ás linguas do Estado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xuño 2003, p. 51.

Dá conta das bases da segunda convocatoria do premio de poesía Caixanova e sinala que o PEN Club italiano comunicou ao galego que a nosa literatura será a única representante das linguas oficiais do estado na antoloxía *Seritori giovani per L'Europa*, no que participarán vinte e cinco autores de Europa e que incluírá o relato "Non deixes que anoiteza" de Modesto Fraga.

- Jorge Lamas, 'María do Cebreiro gaña o segundo Premio de Poesía Caixanova', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 decembro 2003, p. 47.

Sinala que a poeta María do Cebreiro resultou gañadora na segunda edición do premio Caixanova, pola obra *Non queres que o poema te coñeza*. Explica que ao certame se presentaron setenta e seis traballos e recolle algunhas das reflexións de Xavier Seoane sobre a obra; Seoane, que foi gañador da primeira edición do premio, formou parte do xurado, que estivo composto por escritores e críticos. Tamén recolle as palabras da autora, que se amosa leda e sorprendida co galardón e que fala do seu título.

- María Villar, 'María do Cebreiro, de 25 anos, gana el II Premio de Poesía Caixanova',

Faro de Vigo, 'Sociedad y cultura', 20 decembro 2003, p. 40.

Informa da concesión do II Premio de poesía Caixanova a María do Cebreiro por *Non queres que o poema te coñeza*; sinala que a autora é unha da referencia da lírica galega dos 90 e cita os seus traballos anteriores. Destaca a contía do galardón, que é a máis elevada de todos cantos premios de poesía se convocan en Galicia, e a publicación da obra gañadora na colección Arte de Trobar. Recolle, finalmente, as declaracións de distintos membros do xurado sobre a obra e sobre a elevada participación do certame.

- MARÉ, 'O desafío da palabra branca', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 decembro 2003, p. 53.

Indica que a obra gañadora do II Premio de poesía Caixanova é *Non queres que o poema te coñeza*, de María do Cebreiro, segundo se deu a coñecer onte en Vigo. Tras dar conta das entidades convocantes e do galardón, fai referencia aos setenta e cinco traballos presentados e a cómo a autora recibiu a noticia; recolle as súas declaracións sobre a obra, nas que explica que supón unha ruptura con respecto á súa produción anterior e nas que explica o título, a estrutura e a voz lírica. Finalmente, fai referencia á estirpe literaria da que procede a poeta, pois é filla de Helena Villar e Xesús Rábade Paredes.

- Jaureguizar, 'Neovocais' abertas e pechadas', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 21 decembro 2003, p. 93.

Entre outra cuestións alleas á literatura galega, dá conta da sorpresa coa que María do Cebreiro acolleu a nova de saberse gañadora do premio de poesía Caixanova; sinala que a autora pensa destinar os dez mil euros do premio a viaxar entre Compostela e Barcelona, onde vai residir este ano; indica, asemade, que a poeta acaba de presentar a súa tese doutoral sobre a presenza da identidade nacional na poesía galega.

IVº Premio de poesía "Fiz Vergara Vilariño"

A Agrupación cultural Ergueitos e o Concello de Sarria convocaron este premio co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía e de honrar, ao mesmo tempo, ao poeta de Lóuzara que lle dá nome. Os traballos estarán en galego e terán unha extensión mínima de catrocentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado cun pseudónimo, no seguinte enderezo: IVº Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Concello de Sarria, R/ Maior, 14, 27600 Sarria. O premio consta dunha dotación económica de 3.000 euros e a publicación da obra na editorial Espiral Maior. O xurado estará integrado por persoas destacábeis nos eidos da creación e crítica literaria. O prazo de recepción dos orixinais nesta convocatoria rematou 31 de decembro. A decisión do xurado está previsto que se dea a coñecer en febreiro de 2004, máis tarde que en anteriores convocatorias.

Premio dos Xogos Florais da "Orden de María Pita"

A este certame, que convoca anualmente a Orden de María Pita da Coruña para celebrar algunha efeméride relacionada con esa cidade, pódense presentar todos os interesados, salvo o gañador do ano pasado. Os poemas terán que ir acompañados dun lema e un sublema. Nun sobre á parte, deberán figurar o nome e apelidos do autor, xunto co seu domicilio e número de teléfono. Os traballos remitiranse ao enderezo da Orden de Caballeros, rúa San Andrés, 122, 1º, 15003, A Coruña. O galardón consiste en tizona de ouro (para o primeiro premio) ou de prata (para o segundo), flor natural e 1.000 (para o primeiro premio) ou 500 euros (para o segundo). Neste ano, a figura homenaxeada foi José Cornide Saavedra, de cuxo nacemento se cumpren dous séculos. O xurado estivo integrado por José López Mosteiro, Lucindo Fembíella, Manuel Cousillas, José María Paz Gago e Alberto Mandaria. O gañador foi José Navas y Ramírez Cruzado, cun texto en castelán, mentres que o segundo premio recaeu en Teresa Arán Trillo, por "Cornide na lembranza coruñesa". O acto de entrega celebrouse o 11 de outubro de 2003.

VIIIº Premio de poesía "Johán Carballreira"

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballreira, e dende a convocatoria anterior, simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poderán concorrer todos os autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio terá unha dotación única de 1.500 euros. Remítiranse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espacio e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa da Cultura (Ramal dos Galos, s/n, 36930 Bueu-Pontevedra). O xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente e estará composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. Na súa oitava edición o prazo de presentación de orixinais rematou o 31 de outubro e o dictame do xurado deuse a coñecer o 22 de decembro. Nesta ocasión os integrantes do xurado foron Manuel Forcadela, Pilar Pallarés, Fran Alonso e Marga Romero. Dos sesenta e dous traballos presentados seleccionaron catro finalistas para logo conceder o premio a Lupe Gómez por *O útero dos cabalos*.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'Presentación de los poemarios del 'Johán Carballreira', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 28 outubro 2003, p. 20.

Nota de prensa na que se anuncia a próxima presentación das publicacións dos poemarios gañadores da sétima edición do Premio de poesía "Johán Carballreira", acto no que se di que está prevista a asistencia de Miguel Anxo Fernán Vello e os autores premiados. Ademais, indícase que en breve se procederá a dictaminar os galardonados da oitava convocatoria, en curso.

- A. Agulla, 'Un total de 111 trabajos optan a los premios de poesía y periodismo 'Johán Carballeira'', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 30 novembro 2003, p. 24.

Indica que o próximo día 27 de decembro se entregarán os premios de poesía e xornalismo Johán Carballeira, que organiza o concello de Bueu en homenaxe ao ex alcalde, poeta e xornalista fusilado na Guerra Civil; sinala que ao certame de poesía se presentaron sesenta e sete traballos e ao de xornalismo corenta e catro. Indica, ademais, que onte se presentaron os libros que recollen os poemarios gañadores da pasada edición; dá conta dos asistentes a este acto e sinala que durante o transcurso do mesmo houbo un recordo especial para a falecida Xela Arias. Sinala que nesta convocatoria se incrementará o número de volumes que o concello adquire dos poemarios gañadores, de douscentos que adquiría antes a seiscentos. Finalmente, indica que o xurado deste ano estará composto por escritores e poetas de recoñecido prestixio e que o premio está dotado con 1.500 euros.

- David García, 'Lupe Gómez acada con 'O útero dos cabalos' o premio Johán Carballeiro', *Faro de Vigo*, 'O Morrazo', 23 decembro 2003, p. 24.

Sinala que a poeta Lupe Gómez asistirá o vindeiro sábado ao Concello de Bueu para recoller o seu galardón, ao resultar gañadora no oitavo certame de poesía Johán Carballeira coa obra *O útero dos cabalos*. Indica que o xurado, formado por Manuel Forcadela, Pilar Pallarés, Fran Alonso e Marga Romero, alabou "a linguaxe trasngresora e a provocación" que pretende o poemario gañador. Sinala, finalmente, que dos setenta poemarios premiados o xurado adoptou o seu acordo de entre catro finalistas: *O útero dos cabalos*; *Aquí*, de Índices de Auxilio; *Agora que*, de Brian Eno, e *Orxo e incendio*.

- MARÉ, 'Facer literatura da vida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 decembro 2003, p. 36.

Informa da concesión do premio Johán Carballeira a Lupe Gómez por *O útero dos cabalos* e recolle as impresións da autora sobre o libro e sobre o conxunto da súa poética. Indica que un bo número de premios literarios convocados neste ano no noso país foron gañados por poetas e dá conta dos integrantes do xurado: Pilar Pallarés, Marga Romero, Manuel Forcadela, Fran Alonso e Alexandre Nerium.

VIIº Certame de poesía "Xohán de Requeixo"

Convocado polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada para honrar a figura do trovador chantadino do século XIII e fomentar a creación poética, este certame outorga ao gañador un premio de 150 euros, unha insignia de prata e un diploma. Presentáronse nesta ocasión trinta e seis traballos, de entre as que o xurado escolleu as obras *Marexada poética*, de Pepe Pol e mais *Eite levar*, de Luis Fernández Guitián quen recibiron o premio o 30 de maio, no transcurso da VIIIª Festa da Poesía.

Referencias varias:

- A.L., 'Presentados 36 poemas al certamen 'Xohán de Requeixo' del Círculo Cultural', *El Progreso*, 'Chantada', 4 xaneiro 2003, p. 23.

Dáse conta de que ao premio "Xohán de Requeixo" que organiza a sociedade chantadina Círculo Recreativo Cultural se presentaron trinta e seis pezas e que a entrega do galardón será o 10 de maio.

- A.L., 'Pepe Pol y Luis Guitián, ganadores del certamen 'Xohán de Requeixo', *El Progreso*, 'Chantada', 11 maio 2003, p. 18.

Sinala que Pepe Pol e Luís Fernández Guitián compartiron o primeiro premio desta edición polas obras *Marexada Poética* e *Eite Levar...*, respectivamente; indica que a entrega de premios tivo lugar o 30 de maio no transcurso da VIII Festa da Poesía; achega breves datos biográficos dos autores gañadores e lembra que autores como Modesto Fraga ou Manuel Riveiro foran galardoados en pasadas edicións.

- X.L.Q., 'El Círculo distinguió a Pepe Pol y Guitián con el 'Xoán de Requeixo', *El Progreso*, 'Chantada', 1 xuño 2003, p. 25.

Sinala que os premios do certame de poesía, concedidos a Pepe Pol e Luís Fernández Guitián, foron entregados o pasado venres no trascuro dunha cea á que asistiron os directivos do Círculo Cultural e Recreativo de Chantada e numerosas personalidades do mundo cultural da comarca. Indica que esta é a sétima edición e cita as obras galardoadas.

VIIº Premio de poesía "Avelina Valladares"

Convócao o Concello da Estrada xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo do poeta, descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto ao seu irmán Marcial Valladares do cultivo literario do noso idioma no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados baixo lema por cuadruplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Deben remitirse antes do 14 de marzo ao seguinte enderezo: Excmo. Concello da Estrada, Praza da Constitución s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 1.503 euros, será indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Nesta edición o xurado, integrado por Gonzalo Navaza, Miro Villar, María Reimóndez e Dolores Araújo, decidiu entregarlle o premio, de entre os corenta e cinco traballos presentados, ao poemario *Memorias do Cairo*, de Xosé Luna Sanmartín, director da editorial Fervenza. Ademais, durante o acto celebrado o 17 de maio, houbo unha mención especial para outras dúas obras presentadas a concurso.

Referencias varias:

- M.O., 'Xosé Luna gana el 'Avelina Valladares', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 14 maio 2003, p. 84.

Indica que o xurado do VIII premio poético Avelino Valladares, composto por Mari Reimóndez Meilán, Gonzala Navaza Blanco, Miro Villar e Dolores Araujo Arias, concedeu o galardón ao escritor estradense e director da editorial Fervenza pola obra *Memorias do Cairo*. Segundo explica o autor está composto por trinta poemas soltos cun gran transfondo filosófico e ambientados nun sitio idílico simbolizado polo Cairo, nos que trata temas como o amor, o desamor, a soidade, a melancolía ou a desgraza. Indica que o autor, que recibirá o premio o vindeiro sábado, xa fora gañador do premio Roberto Blanco Torres no 1999. Dá conta, finalmente, da mención especial que o xurado fixo das obras *A conquista da fragilidade* e *Campamento REM*; así como, da intención do concello convocante de publicar os traballos gañadores en Galaxia ou en Edicións Fervenza.

- Mónica González, 'Luna, protagonista da cita poética en Vilancosta', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 17 maio 2003, p. 38.

Dá conta do acto no que o poeta Xosé Luna Sanmartín recibiu o galardón Avelina Valladares por *Memorias do Cairo*; indica que o autor lembrou no seu discurso de agradecemento a Avelina Valladares e o abreite do Rexurdimento galego; o acto, no que tamén interveñeron os poetas estradenses María Soutelo e Óscar Valladares, pechouse coa lectura de dous poemas do volume gañador. Fai referencia, finalmente, ao compromiso de Edicións Fervenza de publicar os traballos premiados ao longo destes sete anos e destaca que o certame se crease a partir dunha iniciativa da asociación de Amas de Casa e Consumidores da Estrada.

VIº "Xogos Florais" de Cedeira

Están organizados pola Sociedade Cultural Río Condomiñas, coa colaboración do Concello de Cedeira, e teñen a singularidade de que os autores das obras concursantes deben lelas en persoa. Poden concurrir cantas persoas o desexen, con poemas de tema libre, orixinais e inéditos, escritos en galego. Só se pode presentar un poema por autor, con versos que non excedan as catorce sílabas e unha extensión entre as vintecinco e os trinta versos. É preciso enviar os traballos, por septuplicado, ao enderezo da institución convocante: Avenida Fraga Iribarne, 10, baixo, 15350, Cedeira (A Coruña). A data límite de recepción dos orixinais é o 21 de maio, e o acto de entrega terá lugar o día 24 de maio no Centro Cultural de Cedeira. Neste 2003 participaron vinteun autores, o xurado estivo presidido por Xosé María Dobarro e houbo tres categorías. Na primeira resultou gañadora Rosa María Martínez, a quen se lle entregou unha violeta de prata maciza bañada en ouro. Na segunda e terceira categorías as violetas de prata maciza foron para Aurora Varela e María Delia Bonome, respectivamente.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, 'Cedeira, que ni pintada', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 6 maio 2003, p. 20.

Carlos Barcón comenta neste espazo diversos actos culturais (pictóricos, musicais, etc.) que están a ter lugar na vila de Cedeira. Entre eles, deixa un pequeno espazo ao final para facerse eco da próxima celebración dos Xogos Florais 2003, advertindo aos lectores de que

poden presentarse a este certame que se vai celebrar o 24 de maio.

VIº Premio de poesía "Faustino Rey Romero"

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo para estimular a creación literaria en galego e promocionar a figura e obra do insigne poeta isornés. Premiaranse poemas ou conxuntos de poemas escritos en galego, de temática libre e cunha extensión de entre cincuenta e cento cincuenta versos. Deben enviarse por triplicado ao Centro Sociocomunitario s/n, Isorna, 15983 Rianxo, nun sobre pechado sen remite, que conteña á súa vez outro no seu interior cos datos do autor. O premio, único e indivisíbel, é de 600 euros e o gañador debe asistir á entrega e recitar a súa obra neste acto. A entidade convocante resérvase o dereito de editar a obra, tamén o gañador pode publicala facendo constar a calidade de gañadora deste certame. O xurado estará formado por personalidades relevantes no ámbito da creación e a crítica literaria. Nesta convocatoria o prazo de entrega rematou o 3 de decembro e o xurado resolveu premiar a obra *Fraude do amor eterno*, de Xan Rodiño, quen xa recibira unha mención de honor o ano pasado.

Vº Premio de Poesía "Antonio Prados Ledesma"

Convocado polo Concello de Viveiro, poden participar neste concurso todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega ou castelá, cun mínimo de cento cincuenta versos. Deben entregarse mecanografados a dobre espacio por unha soa cara, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema e plica, no seguinte enderezo: Concello de Viveiro, Praza Maior, nº 1, 27850, Viveiro (Lugo). O premio consiste en 1.500 euros, e o xurado estará constituído, segundo as bases, por personalidades vencelladas ao mundo da cultura. O prazo remata o 30 de setembro de 2003.

XIIIº Certame de Poesía "Concello de Marín"

Este premio, convocado pola Concellería de Cultura de Marín, está dotado con 1.000 euros que se entregarán durante os actos que se celebren co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, coincidindo coa entrega do premio de poesía para escolares que leva o mesmo nome. Poden concorrer autores de ámbito nacional, sempre que sexa con traballos inéditos escritos en lingua galega, cun mínimo de cen versos, e o fagan antes do 21 de abril de 2003. Os orixinais presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, en catro exemplares mecanografados (tamaño Din A-4) escritos por unha soa cara. Terán que remitirse sen nome do autor, acompañados dunha plica, na que se indique na súa parte exterior un lema: que figurará tamén na primeira folla. No interior da plica, consignarase o nome do autor, o seu enderezo postal e o teléfono. O Concello de Marín resérvase a publicación total ou parcial dos traballos premiados, sen que iso supoña a perda dos dereitos de autor. Nesta ocasión, resultou gañadora a obra titulada *Transparente*, de Senén Fontanes López.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'Conovocado el 'Concello de Marín de Poesía', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Marín', 26 marzo 2003, p. 24.

Informa da convocatoria do XII Premio de Poesía do Concello de Marín, dando coidada conta das súas bases.

- Álvaro Agulla, 'Entrega de premios en Marín e Bueu', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2003, p. 85.

Dá conta do acto de entrega do XII Premio de Poesía Concello de Marín para adultos e escolares, presidido por membros da corporación municipal; dá conta de todos os premiados en cada unha das categorías e indica que os galardonados co primeiro premio leron as súas obras. Sinala que alcalde foi o encargado de pechar o acto, cunha breve pero interesante semblanza de Antón Avilés de Taramancos.

XIIº Premio de Poesía "Espiral Maior"

A editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Este premio non ten dotación económica e consiste na publicación da obra gañadora na colección "Espiral Maior Poesía". Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de catrocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña) antes do 15 de decembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. Nesta ocasión, o galardón convocouse a finais de novembro, e o ditame do xurado darase a coñecer no ano 2004.

Referencias varias:

- J.R.S., 'Espiral Maior e o Premio de Poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 novembro 2003, p. 54.

Informa da convocatoria da décimo segunda edición deste premio, que foi creado en 1992 para converterse nun dos certames máis atractivos e singulares do panorama galego. Informa das bases da convocatoria e sinala que en pasadas edicións foron galardonados Rafael Lema, Francisco Souto e Emma Couceiro.

XIº Premio de poesía "Susó Vaamonde"

Coa finalidade de fomentar o uso do galego entre as novas xeracións e axudar a potenciar

os poetas novos, A Fundación "O Grelo" Amigos de Galicia convoca este certame, que está patrocinado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Política Lingüística, e o Concello de Baños de Molgas (Ourense). A el poden concorrer poetas ou escritores de calquera nacionalidade a condición de que non teñan publicado ningún libro de poesía e presenten os seus traballos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de catrocentos versos. Os orixinais presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e enviaranse, baixo plica, á sede compostelá da Fundación convocatoria (Rúa de Betanzos, nº 18, 1º D, Santiago). Establécese un único premio de 1.500 euros maila publicación da obra gañadora. O xurado estivo formado por Luís González Tosar, Antón Grande, Xosé Alonso, Xavier Rodríguez Barrios e Modesto Fraga.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Atracón literario para un jurado selecto', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 2 decembro 2003, p. 80.

Anuncia o xurado que decidirá os Premios Suso Vaamonde de poesía e Daniel Hortas de relatos curtos e contos. Este xurado, elixido pola Fundación Amigos de Galicia-O Grelo, estará presidido por Suso Busto e composto por González Tosar, Antón Grande, Xosé Alonso, Xavier Rodríguez Barrios e Modesto Fraga.

XVIIº Certame nacional de poesía en lingua galega "Rosalía de Castro"

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de tema libre. Establécense tres categorías: un primeiro premio dotado con 1.000 euros, un segundo de 400 euros e un terceiro de 300 euros. Contémplase tamén a publicación das obras premiadas nun volume colectivo. O poema ou conxunto de poemas con temática común estará escrito en lingua galega e terá un máximo de cen versos e un mínimo de trinta. O traballo concursante enviarase antes de finalizar o mes de outubro e en sobre sen remitente ao enderezo da Asociación: Rúa Frederic Soler, nº 71, Cornellà (Barcelona). Noutro sobre pechado figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome e enderezo do autor, número de DNI, correo electrónico e teléfono. Nesta ocasión, o gañador do primeiro premio foi Carlos Fuentes, con *En boca de amante*, título que reproduce o primeiro verso do poemario, tal e como se pedía nas bases do certame.

Referencias varias:

- B.L., 'Carlos Fuentes faise co premio 'Rosalía de Castro'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 abril 2003, p. 75.

Resólvese a edición do "Premio Nacional de Poesía" convocado pola asociación catalana que leva o nome da autora. Este ano o galardoado foi Carlos Fuentes, un xornalista de Vilaboa que presentou o seu traballo baixo o título "En boca de amante", correspondéndose co primeiro verso do poemario o cal está baseado na temática amorosa. O premio consta

cunha dotación económica de mil euros ademais da publicación das obras premiadas por parte da asociación que convoca o premio. O poeta, Carlos Fuentes, comenta que esta é a primeira vez que os seus poemas van ser publicados e que conteñen referencias de autores como Félix Contreras, Blas de Otero, García Montero ou Rogelio Nogueras.

XVIº Certame nacional de poesía "Xosé María Pérez Parallé"

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial Unidad, de Fene, para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, prémianse neste concurso poemas (catro como máximo) escritos en galego ou castelán. Os orixinais teñen que enviarse á sede do Círculo (San Paio, 21, Fene) antes do 11 de novembro, e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste en seiscentos euros e un diploma. Este ano concorreron noventa traballos asinados por cincuenta autores de toda España. A decisión do xurado, que nesta ocasión foi composto por Augusto Pita Trinquete, Eva Ocampo e Esperanza Piñeiro, deuse a coñecer sete días despois da data de peche de recepción de orixinais. Resultou gañador Lázaro Domínguez por "Mater admirabilis", mentres que "Pranto de desamor", de Marcelino Sisto Deibe, foi distinguido cun accésit. A entrega dos premios tivo lugar o día 22 de novembro.

XVIº Premio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón"

O Concello de Dodro decide convocar con carácter anual este premio para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de catrocentos versos. Enviaranse catro exemplares escritos a máquina, sen remite identificador, ao seguinte enderezo: Concello de Dodro-A Coruña, XVº Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón". Así mesmo, as obras terán un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluírán os datos persoais do autor. Establécese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Edicións do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado será designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro. Un membro da Corporación Municipal actuará como secretario, sen voz nin voto. O prazo de entrega de orixinais remata o 21 de novembro. O dictame darase a coñecer nun acto celebrado na Casa da Cultura do Concello de Dodro o día 20 de decembro e a entrega do premio terá lugar o día 28 do mesmo mes. Nesta edición presentáronse un total de trinta e tres obras, entre as que o xurado, formado polo alcalde Fernando Vila Brión como presidente, José Manuel Fabeiro Batalla como secretario, Miguel Anxo Fernán Vello, Carlos Negro, Estíbaliz Espinosa e o gañador da anterior edición, Eduardo Estévez, como vocais, elixiu como gañadora a obra *Zoonose*, de María Comesaña.

Referencias varias:

- U.L., 'O Concello de Dodro convoca unha nova edición do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 10 outubro 2003, p. L11.

Dáse conta da convocatoria da décimo sexta edición do "Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón" ao que os participantes terán que presentar un poemario en lingua galega cunha extensión mínima de catrocentos versos inéditos, antes do vinteún de novembro. O fallo terá lugar na Casa da Cultura do Concello de Dodro e o gañador recibirá a cantidade de dous mil trescentos euros máis a publicación da súa obra por Edicións do Castro na colección Lorenzo Baleirón.

- U.L., 'O Concello de Dodro fai público o premio Eusebio Lorenzo Baleirón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 25 novembro 2003, p. L12.

Anúnciase a próxima resolución da décimo sexta edición do "Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón" ao que se achegan trinta traballos. O xurado está composto polo alcalde do concello de Dodro, Fernando Vila Brión, a poetisa Estíbaliz Espinosa, Carlos Negro, Fernán Vello e o gañador do anterior certame, Eduardo Estévez. O fallo terá lugar o vinte de decembro na Casa da Cultura de Dodro.

- C.B., 'María Comesaña gana el Eusebio Lorenzo Baleirón con 'Zoonose'', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 decembro 2003, p. 43.

Alúdese a resolución do premio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" que este ano foille outorgado a viguesa María Comesaña Besteiros pola súa obra *Zoonose*. O xurado, composto por Fernán Vello, Carlos Negro, Estíbaliz Espinosa, Eduardo Estévez e o alcalde de Dodro, Fernando Vila Brión, resaltaron o realismo e contindo do poemario así como a súa temática da dor. En canto ao premio, este entregarase o vinte e oito de decembro e constará dunha dotación económica de dous mil trescentos euros e unha figuríña de Sargadelos.

- C.B., 'Zoonose' ante o realismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 decembro 2003, p. 61.

Alúdese a resolución do premio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" que este ano foille outorgado a viguesa María Comesaña Besteiros pola súa obra *Zoonose*. O xurado, composto por Fernán Vello, Carlos Negro, Estíbaliz Espinosa, Eduardo Estévez e o alcalde de Dodro, Fernando Vila Brión, resaltaron o realismo e contindo do poemario así como a súa temática da dor. En canto ao premio, este entregarase o vinte e oito de decembro e constará dunha dotación económica de dous mil trescentos euros e unha figuríña de Sargadelos.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'María Comesaña e Eusebio Lorenzo Baleirón', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 22 decembro 2003, p. 3.

Fernán Vello comenta neste apartado de opinión a convocatoria e resolución da décimo

sexta edición do premio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" dedicado á memoria deste novo poeta. A gañadora nesta ocasión foi a viguesa María Comesaña elixida polo xurado composto por Fernando Vila Brión, Estíbaliz Espinosa, Carlos Negro, Eduardo Estévez e o propio Fernán Vello quen celebra que novos poetas ocupen un lugar na poesía galega e renoven a súa andaina. Tamén hai un recordo para Lorenzo Baleirón, figura que deixou unha profunda poesía e que a súa imaxe permanece a través deste premio.

XXIIIº Premio "Esquíu" de Poesía

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Establécense dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poderán concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicarase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais terán que ser inéditos e non premiados noutro certame. Enviaranse antes do 31 de xullo por cuadruplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregaranse en man en calquera oficina da Caixa Galicia. Os traballos premiados serán propiedade dos respectivos autores, a excepción da primeira edición, que será publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección "Esquíu de Poesía". O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética. Durante o ano 2003, ademais de convocarse a vixésimo terceira edición, deuse a coñecer a gañadora da anterior, que resultou ser Maite Dono polo poemario *De silencios*, mentres que Oliver Escobar Rodríguez recibiu o accésit por *A última bengala*. Respecto á edición do 2003, a ela concorreron douscentos oitenta traballos, dos que douscentos vinte e seis eran en castelán e cincuenta e catro en galego. Nesta ocasión, o xurado da parte galega, composto por Vicente Araguas, Luísa Castro, Xulio López Valcárcel, Estíbaliz Espinosa e Fernando Bores Gamundi, seleccionou dez obras de entre todas as que se presentaran na nosa lingua.

Referencias varias:

- Roberto L. Moskowich, 'La Fundación Caixa Galicia y el premio de poesía Esquíu', *El Ideal Gallego*, 'Torre de cristal', 1 xullo 2003, p. 8.

Entre outras cuestións que non interesan á literatura galega, o autor desta columna alude á convocatoria da última edición do premio de poesía "Esquíu". Nunhas poucas liñas resume as bases do concurso, facendo especial fincapé na contía económica do mesmo, e remite ás oficinas de Caixa Galicia para máis información.

- MARÉ, 'Un Esquíu con José Hierro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2003, p. 49.

Anúnciase a resolución da vixésima terceira edición do "Premio Esquíu de Poesía", convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol. Ao premio presentáronse un total de douscentos oitenta traballos dos cales cincuenta e catro

son en lingua galega, aínda que os poemarios proceden de diferentes países (Uruguai, Arxentina, Portugal, Perú, Alemaña, etc.). O xurado, en canto á literatura galega, está composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luisa Castro. Asimesmo, na noticia tamén se fai referencia á Semana Literaria dedicada ao poeta cántabro José Hierro, quen foi un dos impulsores deste premio.

- P.A.M., 'Quince obras finalistas do Premio Esquíu de poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 novembro 2003, p. 57.

Notifica a resolución da vixésima terceira edición do "Premio Esquíu de Poesía", convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol que conta cun total de dez obras finalistas para a lingua galega: *O útero dos cabalos*, *A confusión dos moluscos*, *Dentadas na mazá suxa de sangue*, *Morte por auga*, *A última bengala*, *Breviario de Ademunde*, *Parten as aves*, *Desilencios*, *As illas despois de nós* e *Desamparo*. Ao premio presentáronse un total de douscentos oitenta traballos dos cales cincuenta e catro son en lingua galega, aínda que os poemarios proceden de diferentes países (Uruguai, Arxentina, Portugal, Perú, Alemaña, etc.) e os nacionais pertencen sobre todo a Madrid e Andalucía. O xurado, en canto á literatura galega, está composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luisa Castro. Asimesmo, na noticia tamén se fai referencia á Semana Literaria dedicada ao poeta cántabro José Hierro, quen foi un dos impulsores deste premio.

- J.F. Justo, 'Seleccionadas quince obras finalistas para el Premio Esquíu de Poesía', *La Opinión*, 'Cultura', 27 novembro 2003, p. 60.

Notifica a resolución da vixésima terceira edición do "Premio Esquíu de Poesía", convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol que conta cun total de dez obras finalistas para a lingua galega: *O útero dos cabalos*, *A confusión dos moluscos*, *Dentadas na mazá suxa de sangue*, *Morte por auga*, *A última bengala*, *Breviario de Ademunde*, *Parten as aves*, *Desilencios*, *As illas despois de nós* e *Desamparo*. Ao premio presentáronse un total de douscentos oitenta traballos dos cales cincuenta e catro son en lingua galega, aínda que os poemarios proceden de diferentes países (Uruguai, Arxentina, Portugal, Perú, Alemaña, etc.) e os nacionais pertencen sobre todo a Madrid e Andalucía. O xurado, en canto á literatura galega, está composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luisa Castro. Asimesmo, na noticia tamén se fai referencia á Semana Literaria dedicada ao poeta cántabro José Hierro, quen foi un dos impulsores deste premio.

- N.V., 'El Premio Esquíu de Poesía tendrá hoy nombres propios', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 28 novembro 2003, p. 15.

Alude á próxima resolución da vixésima terceira edición do "Premio Esquíu de Poesía", convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol que se celebrará no Parador de Turismo de Ferrol. Dos douscentos oitenta poemarios hai quince finalistas e os escritos en lingua galega son: *O útero dos cabalos*, *A confusión dos moluscos*, *Dentadas na mazá suxa de sangue*, *Morte por auga*, *A última bengala*, *Breviario de Ademunde*, *Parten as aves*, *Desilencios*, *As illas despois de nós* e *Desamparo*.

Asimesmo, o xurado, en canto ás obras en galego, está composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luisa Castro. Na parte final da noticia faise referencia á Semana Literaria dedicada ao poeta cántabro José Hierro.

- Ramón Loureiro, 'Maite Dono gana el Esquíu en gallego y Luis Artigue en castellano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 novembro 2003, p. 53.

Dáse conta da resolución do "Premio Esquíu" de gran prestixio internacional e que este ano tivo como gañadora na modalidade de lingua galega a Maite Dono co poemario *De silencios* e, na modalidade de lingua española o gañador foi Luis Artigue coa obra *El lado femenino*. Ambos os gañadores recibirán a cantidade de nove mil euros e a publicación das súas obras na colección Esquíu, ao igual que os accésit outorgados a Oliver Escobar pola obra *A última bengala* e a Sánchez Barroso, en lingua castelá, por *Los hijos de Raquel*. Para estes últimos a cantidade económica ascende a tres mil euros. Na parte final da noticia faise alusión ao poeta falecido José Hierro que tivo unha íntima relación co premio e do que fixo memoria a recente gañadora do Premio Nacional de Poesía Julia Uceda.

- N.V., 'El Esquíu descubre la calidad de Luis Artigue y Maite Dono', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 30 novembro 2003, p. 10.

Tras dar conta do gañador na modalidade de lingua castelá do "Premio Esquíu" de poesía, infórmase de que a gañadora na modalidade de lingua galega foi Maite Dono coa obra *De silencios* da que a propia autora salienta que xurdiu a partir dun proxecto co escultor Carlos Rodríguez pero nun mes xa tiña o poemario escrito, baseado no amor e no silencio, xa que se trata de suxerir. Tamén se menciona que o accésit en lingua galega recaeu no lugués Oliver Escobar coa obra *A última bengala* na que retrata un proceso autobiográfico onde reflexiona sobre a construción das relacións de parella.

- Xosé María Dobarro, 'De re varia', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 30 novembro 2003, p. 16.

Entre outras opinións, Xosé María Dobarro fai referencia ao fallo do premio Esquíu que nesta ocasión concedéuselle a Maite Dono e da que fai un percorrido pola súa traxectoria tanto artística coma literaria.

- Ramón Loureiro, 'Nos sentimentos non hai maior elocuencia que a do silencio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 novembro 2003, p. 48.

Recolle as palabras de Maite Dono sobre o seu poemario *De silencios* gañador da última convocatoria do "Premio Esquíu de Poesía" en lingua galega. Dono comenta que se trata dunha obra de sentimentos, feita sen interrupcións e que ao principio era un proxecto conxunto cun escultor. Ademais indica que a noticia de recibir o premio sempre é algo marabilloso aínda que tiña esperanzas de conseguilo.

- MARÉ, 'Eu por riba de fronteiras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 novembro 2003, p. 61.

Dá conta da gañadora da vixésima terceira edición do "Premio Esquíu de Poesía", convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol.

Maite Dono obtivo o galardón polo seu poemario *De silencios* que a colección Esquíu publicará o vindeiro ano. A autora expresa a súa satisfacción e indica que a obra une a palabra coa escultura e considérase o seu libro máis intimista. Por outra banda, o xurado, composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luisa Castro, salientou a valía da escritora demostrada amplamente co seu anterior traballo *O mar vertical*.

- Vicente Araguas, 'Ideas', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 2 decembro 2003, p. 64.

Nesta columna Araguas fai crítica de todos aqueles que consideran que un artista só se ten que dedicar a unha actividade para considerarse grande e louba o bo facer de Maite Dono quen ademais de ser actriz, cantante e bailarina, acaba de gañar o premio Esquíu de poesía pola súa obra *De silencios*. Araguas dálle a noraboa á autora pero tamén ao Esquíu por contar cunha gañadora desas calidades.

- Carme Vidal, 'Maite Dono: 'A poesía é unha forma básica de falar'', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Cultura', 4 decembro 2003, p. 29.

Carme Vidal expón a traxectoria de Maite Dono quen leva ás súas costas dous discos e tres libros, o último destes é *De silencios*, título que define ao libro e que a autora defende que o silencio tamén é unha forma de ser como un maneira de escapar da mentira. Por estes motivos o poemario foi gañador do "Premio Esquíu" convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Dono segue comentando que a obra naceu de corrido a partir dun proxecto común co escultor Carlos Rodríguez tras deixar o proxecto literario no que se atopaba. Ao final do artigo Dono explica a súa concepción da poesía e defínea como "a forma máis básica de falar" que a ela non lle chegou ese contacto cos versos ata que asistiu á escola de arte dramática. Entre os proxectos inmediatos atópase a continuación do libro que deixou sen rematar e prepara xa o seguinte disco.

X.3. TEATRO

IIIº Certame de teatro para afeccionados "Enxebre"

Este certame está convocado, desde o ano 2000, polo Concello de O Grove e a Asociación Cultural Enxebre, e vai dirixido a colectivos teatrais non profesionais. Cómpre que os interesados envíen aos organismos convocantes os textos das súas obras mais unha copia en formato audiovisual. Os gañadores recibirán 450 euros cada un, e terán a posibilidade de levar a súa peza á escena. O prazo de presentación de obras rematou o 5 de decembro, e foron recibidas perto de trinta, das que se seleccionaron para ser representadas entre os días 26 e 30 de decembro as seguintes: *Azotea*, de Teatro do Aramio; *Un fin de semana na cidade*, de Teatro Xenio; *Entre nós*, de Expresión; *Feliz Aniversario*, de Porta Aberta; e *Picnic*, de Roza do Pedrol. O xurado estivo formado por dúas representantes do Concello, os presidente e vicepresidente de "Enxebre", Jacobo Otero e Francisco Álvarez, e o director da Casa da Cultura de Cambados, Luís Rey.

Referencias varias:

- Mercedes Angueira, 'O Grove mantén a súa aposta polo teatro co III Certame para afeccionados', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 13 decembro 2003, p. 21.

Mercedes Angueira faise eco nesta páxina da celebración do terceiro certame de teatro "Enxebre" que se celebra no Grove. Explicáanos que os organizadores do evento pertencen á Asociación Cultural Enxebre, e dinos tamén cales son os seus obxectivos, afirmando que se dirixe especialmente a grupos afeccionados. Así mesmo dá conta sucintamente das súas bases, nomea aos membros do xurado, e refírese ás cinco obras que resultaron premiadas. Para alén de ofrecer os títulos das mesmas e o nome da compañía responsábel, comenta que ao xurado gustoulle especialmente a creación colectiva *Entre nós*, de Expresión.

- P.S., 'O Marino acoge hoy la representación de 'Pic-Nic', del autor Fernando Arrabal', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 28 decembro 2003, p. 18.

Breve nota de prensa na que se nos informa da representación dunha das obras premiadas na terceira edición do certame teatral "Enxebre". Trátase de *Pic-Nic*, de Fernando Arrabal, e, como se nos indica, vai ser escenificada polo grupo Roza do Pedrol.

IIIº Premio de interpretación teatral "Maruxa Villanueva"

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cun premio de 1.202 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representa o busto de Maruxa Villanueva. O xurado estivo composto nesta ocasión polo alcalde Jesús Villamor Calvo (presidente), o edil de Cultura Manuel Baltar, o edil independente Luis de Dios, e os críticos teatrais: Euloxio Rodríguez Ruibal, Rubén García, Camilo Franco, Yolanda Ogando, Inma López, Francisco Pillado, Manuel Vieites e Miguel Gómez Segade. Este xurado decidiu premiar nesta terceira edición a Rosa Álvarez Cabo pola súa traxectoria teatral. Os gañadores das anteriores edicións foran Roberto Vidal Bolaño e Susana Dans.

Referencias varias:

- U.L., 'Susana Dans recibirá mañá o premio de teatro Maruxa Villanueva do Concello de Padrón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 21 febreiro 2003, p. L13.

Anúnciase a concesión do premio de interpretación teatral "Maruxa Villanueva" a Susana Dans pola súa traxectoria cun alto nivel interpretativo e sobre todo pola boa interpretación no espectáculo Mulleres de Uvegá Teatro. A gañadora recibirá un cheque de mil douscentos euros máis unha estatuíña en bronce co busto da fiel gardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro. Asimesmo, informáse que os representantes da corporación municipal

reuniranse para nomear ao xurado da vindeira edición.

- C.B., 'Susana Dans: 'Los premios son grandes por quien les da nombre', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 23 febreiro 2003, p. 36.

Notifícase a entrega do premio de interpretación teatral "Maruxa Villanueva" á actriz galega Susana Dans pola súa interpretación realizada en *Mulleres*, de Ubegá Teatro. O acto tivo lugar na sala de plenos do concello de Padrón presentado polo alcalde, Jesús Villamor Calvo. O xurado constituído entre outros por Euloxio Ruibal, Francisco Pillado ou Ángel Abuín, salientou a longa traxectoria de Susana Dans e o seu alto nivel interpretativo. Tamén se comenta que a finalidade deste galardón é distinguir a actores e actrices que teñan traballado nalgún espectáculo teatral en lingua galega e faise unha lembranza do anterior gañador Roberto Vidal Bolaño.

- Uxía López, 'A actriz Susana Dans reivindica o compromiso social do teatro', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 23 febreiro 2003, p. L12.

Anúnciase a resolución do "Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva" que nesta segunda convocatoria saíu gañadora a actriz Susana Dans López. O acto de entrega do premio foi celebrado no salón de plenos do concello de Padrón e presidido polo alcalde, Xesús Villamor; a galardoada recibiu un pergamiño, a estatuíña de bronce co busto da finada actriz e unha dotación económica de mil douscentos euros.

- C.B., 'El sábado se falla el premio teatral Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 27 novembro 2003, p. 37.

Infórmase da próxima resolución do "Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva" co que se galardonará a un actor ou actriz galegos. O xurado está composto polo alcalde, Jesús Villamor Calvo, o edil de cultura Manuel Baltar e os críticos teatrais Francisco Pillado, Manuel Vieites, Miguel Gómez Segade, Rubén García, Euloxio Ruibal, Camilo Franco, Yolanda Ogando, Inma López e Luis de Dios. O premio que se recibe é de mil cincocentos euros, un diploma e unha estatuíña en bronce da gardesa da Casa Museo Rosalía de Castro e actriz da emigración Maruxa Villanueva.

- C.B., 'Polos anos nas táboas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 novembro 2003, p. 60.

Dáse conta da resolución da terceira edición do premio de interpretación teatral "Maruxa Villanueva" convocado polo concello de Padrón. A elección do gañador foi complicada xa que tamén se contaba cos candidatos Miguel de Lira e Ana Vallés. O xurado decantouse por Rosa Álvarez debido á súa traxectoria no teatro galego profesional desde o seu inicio como fundadora da compañía Abrente. O premio está dotado cunha contía de mil douscentos euros e unha figuriña. Ao final da noticia menciónanse distintas compañías nas que traballou a gañadora e incluso a súa participación en series televisivas.

- A.N.T., 'Rosa Álvarez: 'Vese que non se precisan moitos espellos', *A Nosa Terra*, nº 1.107, 'Fin de Semana', 4 decembro 2003, p. 33.

Rosa Álvarez dá a súa opinión tras recibir o premio "Maruxa Villanueva" pola súa traxectoria dedicada ao teatro e afirma que o principal motivo dun premio destas características, ademais de lembrar á persona que lle dá nome, é que acheguen o teatro á sociedade. Considera que a súa carreira deu un salto importante cando o teatro se profesionalizou e, en canto a influencia negativa da televisión nesta arte, cre que esta permitiu dar a coñecer a numerosos actores. Un dos seus últimos proxectos é a representación de *Fobias*, de José Luís Prieto.

Iº Premio Internacional de Teatro para Títeres "Barriga Verde"

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), coa colaboración do festival Galicreques, este certame preséntase como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo presentarse autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. O prazo de presentación rematou o 30 de agosto e o dictame do xurado deuse a coñecer no mes de outubro; o xurado, composto por Amado Ricón, Jorge Rey, Eduardo Rodríguez, Mar Nogueira e Xosé Cermeño, concedeu o premio na modalidade de adultos a Gabriel Castilla pola obra *O soñador* e na modalidade de nenos a Celestino Antelo Gerpe pola obra *Cucho, cacho e o dilema do 6*.

Premio "María Teresa León" para autoras dramáticas 2003

Convocado polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Asociación de Directores de Escena de España (ADE), coa colaboración da Fundación Autor da SGAE, este premio ten como finalidade propiciar e favorecer a escrita de obras literario-dramáticas por parte de mulleres. A el poden concorrer escritos en castelán, catalán, galego ou éuskaro, de autoría feminina, cunha extensión equivalente á duración dunha función "normal" dun espectáculo, segundo as bases. Deben ser orixinais e inéditos, incluíndo o feito de non se teren estreado con anterioridade, e irán acompañados de lema e sobre pechado cos datos da autora. Entregaranse por triplicado e antes do 15 de setembro á Asociación de Directores de Escena de España, Costanilla de los Ángeles, 13, baixo esquerda, 28013, Madrid. O xurado estará conformado por personalidades destacadas do mundo teatral. O galardón consiste 8.500 euros (ou 4.200, para o accésit), certificado acreditativo, unha figura de José Hernández e a publicación do texto vencedor e o merecedor do accésit nun volume da colección "Literatura Dramática Iberoamericana" que publica a ADE. Durante dous anos, as autoras cederán a exclusiva dos dereitos de representación da obra gañadora á ADE. Tamén se pode conceder unha mención especial, que non ten dotación económica, e que será recomendada para a súa publicación xunto das obras gañadoras. Neste ano, non resultou premiada ningunha obra en galego.

Premio "MAX" de teatro

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en distintos apartados como autores, tradutores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que son elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tívose tamén en conta as outras linguas do estado. Deste xeito, nesta sexta edición, o premiado na categoría de mellor autor teatral en galego foi José Luis Prieto Roca pola obra *Monólogo dun imbécil*. Na anterior edición este premio recaera en Cándido Pazó.

Referencias varias:

- David Gippini, 'El ridículo de los premios Max', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 14 febreiro 2003, p. L15.

Faise unha crítica á decisión da Xunta de Galicia de retirar o seu apoio á cerimonia de entrega dos premios Max, que se ía realizar en Compostela, xustificando que debido á catástrofe do Prestige o Executivo tivo que replantexar as súas prioridades. Mais, alúdese ao medo que a Xunta ten de que nos premios Max se critique a crise do Prestige convertendo a Nunca Máis en protagonista.

- Concha Pino, 'La Xunta retira su apoyo a la entrega de los premios Max en Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 14 febreiro 2003, p. 53.

Dísenos da retirada do apoio por parte da Xunta de Galiza á sexta gala de entrega dos "Premios Max", prevista para o día cinco de maio que organiza a SGAE (Sociedad General de Autores y Editores). Recóllense as palabras procedentes da Consellería de Cultura admitindo que a catástrofe do Prestige obriga a priorizar outros obxectivos como a promoción turística ou a recuperación do litoral galego, despois dun primeiro contacto do presidente da Xunta e o da SGAE, Eduardo Bautista, no que Cultura comprometérase a apoiar esta entrega destinando trescentos dezaoto mil cincocentos trinta e seis euros. Aparecen, tamén, as contestacións do Partido Socialista de Galicia e a explicación desta decisión pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia que afirma o intento da Xunta de calar as voces da cidadanía contra a política oficial despois dos acontecementos do Prestige en novembro de 2002.

- X. Hermida/ R.T., 'La Xunta de Galicia se retira de la gala de los preimos Max y deja sola a la SGAE', *El País*, 'Espectáculos', 14 febreiro 2003, p. 38.

Infórmase sobre a decisión da Xunta de non subvencionar a gala dos Premios Max, que se ía celebrar en Santiago de Compostela, e a polémica que isto suscita; tamén fala no artigo dos Premios Goya, así como dos Premios da Academia Galega do Audivisual e as propostas de cambiar as datas da gala, que van á par das eleccións municipais.

- Concha Pino, 'Fraga dice que 'pagar para que le insulten a uno sólo lo hace un tonto', *La*

Voz de Galicia, 'Espectáculos', 15 febreiro 2003, p. 40.

Transmite as palabras do presidente da Xunta e do Conselleiro de Cultura pola polémica suscitada coa retirada da subvención aos Premios Max, e tamén as palabras de desconformidade dalgúns políticos e do presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, Cándido Pazó.

- X.T., 'Esto me anima a tratar de seguir escribiendo cada día un poco mejor', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 15 febreiro 2003, p. 24.

Entrevista realizada a José Luís Prieto na que fala do que significa para el estar nominado aos premios Max pola súa obra *Monólogo do Imbécil* e tamén fala un pouco do seu labor como director teatral. Logo informa brevemente do seu labor como director teatral.

- Xosé Hermida, 'Fraga dice que suspendió los Max porque 'sólo los tontos pagan para que les insulten', *El País*, 'Espectáculos', 15 febreiro 2003, p. 38.

Céntrase nas razóns polas que se decide non financiar os Max por parte da Xunta, e ofrece as palabras e reaccións de varios políticos e de persoeiros da cultura, así como a oferta doutras comunidades autónomas (a Balear e a Andaluza) de que se celebren alí os Max.

- Soledad Antón, 'El Ayuntamiento de Vigo se ofrece como sede de los Premios Max de Teatro', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 17 febreiro 2003, p. 56.

Faise referencia á posibilidade da cidade de Vigo de converterse en escenario para acoller os premios Max de teatro despois de que a organización acepte a oferta que lle ofrecerá o Concello vigués. Recóllense ademais as palabras do alcalde desta cidade, Lois Pérez Castrillo, sobre a decisión da Xunta de Galicia de decidir non apoialos.

- E.P., 'El 'concello' de Vigo propone a la SGAE acoger los premios Max de teatro', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 febreiro 2003, p. 68.

Recóllese o anuncio do alcalde de Vigo, Lois Pérez Castrillo, pertencente ao Bloque Nacionalista Galego, da celebración o día 17 de febreiro dunha comisión de Goberno onde se tomará a resolución formal de propoñer á SGAE (Sociedad General de Autores y Editores), que sexa Vigo a encargada de acoller a cerimonia de entrega dos premios Max. Recóllense as súas palabras vertidas na *Cadena Ser* onde critica as decisións tomadas a cabo polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e do apoio económico en caso de que os premios non se poidan celebrar en Vigo.

- E.P., 'O Concello de Vigo propondrá á SGAE que celebre os Premios Max na cidade olívica', *O Correo Galego*, 'AFA', 17 febreiro 2003, p. 17.

Recolle as críticas do alcalde de Vigo, Lois Pérez Castrillo, á actitude do Partido Popular con respecto á entrega dos premios Max de teatro deste ano e indica, ademais, que vai solicitar que Vigo sexa a sede da gala.

- Concha Pino, 'La gala de los Max se mantiene en Santiago a la espera de patrocinio', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 18 febreiro 2003, p. 48.

Dísenos do mantemento da decisión de celebrar os premios Max en Compostela por parte do SGAE (Sociedad General de Autores y Editores), e o Concello de Santiago que segue mantendo o día de celebración o cinco de maio no Auditorio de Galicia, tras fixar esta semana como último prazo para encontrar patrocinadores ou sumar colaboracións económicas.

- M.P., 'La SGAE insiste en celebrar la gala de los premios Max en Santiago', *La Opinión*, 'Cultura', 18 febreiro 2003, p. 52.

Anúnciase a decisión da SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) de celebrar a gala dos premios Max en Compostela, para o que o delegado desta sociedade en Galicia, Javier Vidal, reuniuse en Madrid o día 17 de febreiro cos concelleiros de Cultura e Festas do Concello de Santiago para concretar de qué forma se pode celebrar a gala en Santiago, admitindo que o principal problema para celebralos é a falta de financiación.

- AFA, 'A esixencia díscola0', *O Correo Galego*, 'AFA', 19 febreiro 2003, p. 33.

Fai alusión ao acto no que se reuniron diversos profesionais do teatro, membros da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, para facer unha crítica pola retirada da axuda económica da Xunta de Galicia á cerimonia de entrega dos premios "Max". Subliña que o portavoz, Cándido Pazó, pediu á Sociedade Xeral de Autores que seguira adiante coa gala, ademais de lamentar o escaso apoio das institucións ao teatro galego.

- Carmen Villar, 'Los artistas exigen a la SGAE que los Max se entreguen en Galicia como 'acto simbólico'', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 19 febreiro 2003, p. 39.

Recolle o acto celebrado no Teatro Principal o día 18 de febreiro en Compostela polos profesionais do teatro galego para defender a celebración dos premios Max en Galicia, e denunciar o acoso que veñen recibindo os "cómicos" por parte da Xunta ademais das críticas vertidas ao IGAEM (Instituto de Artes Escénicas e Musicais).

- M. Vázquez, 'El teatro gallego 'exige' a la SGAE que celebre los Max en Santiago', *La Opinión*, 'Cultura', 19 febreiro 2003, p. 60.

Dísenos da intención por parte dos profesionais da escena galega de celebrar os premios Max en Galicia a pesar de ter anunciado a Xunta de Galicia de non apoialos. Recóllense as palabras do presidente da Asociación de actores, directores e técnicos de escena de Galicia, Cándido Pazó, e da decisión dos concellos de Compostela, Narón e Vigo de apoiar a celebración destes premios en Galicia a pesar de que a Xunta, coa retirada dos trescentos euros, poña en perigo a execución do proxecto.

- C. Pino, 'A profesión teatral esixe á SGAE que celebre a gala dos Max en Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 febreiro 2003, p. 37.

Recóllese a esixencia que os profesionais da escena galega lle fan á SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) para que a gala dos premios Max se realice en Galicia, repudiando ao conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela. Este acto tivo lugar no Teatro Principal de Compostela onde Cándido Pazó, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escea de Galicia, expuxo a posición do colectivo. Recolle ademais, o nome dalgúns actores que estiveron presentes no acto como Antonio Durán, Mabel Rivera, Roberto Leal, Artur Trillo, Camba Campoy, Belén Constenla e Mónica Caamaño.

- E.P., 'La SGAE busca patrocinio para la gala gallega de los premios Max', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 25 febreiro 2003, p. 67.

Informa que Sociedade Xeral de Autores e Editores segue mantendo a decisión de celebrar a gala de entrega destes galardóns en Santiago a pesar de que xa recibiu ofertas doutros lugares de fóra de Galicia. Tamén salienta que busca financiamento despois de perder a subvención da Xunta de Galicia. Remata sinalando que o concello de Santiago continúa co seu apoio a este evento.

- Álvaro Otero, 'Max', *Faro de Vigo*, 'Intrahistorias', 25 febreiro 2003, p. 22.

Faise unha crítica á SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) debido á pretensión de obter trescentos mil euros da Xunta de Galicia para celebrar os premios Max, e tamén critican á Xunta por lle negar o apoio aos concellos galegos que se ofreceron a acoller este acto nas súas cidades por motivos electorais.

- M.P.A., 'No queremos que la gala sea polémica', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad/Cultura', 26 febreiro 2003, p. 38/59.

Entrevista realizada a Javier Vidal, Delegado da Sociedade Xeral de Autores en Galicia, sobre a súa opinión pola retirada da subvención e se aceptaría de todos os xeitos celebrar a gala noutra cidade galega ou noutro ano.

- A.N.T., 'Os actores denuncian a campaña da Xunta de acoso ao 'cómico protestón', *A Nosa Terra*, nº 1.070, 'Cultura', 26 febreiro 2003, p. 30.

Alude á reunión organizada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, presidida por Cándido Pazó, para reclamar á Sociedade Xeral de Autores e Editores que siga adiante coa gala de entrega dos premios Max. Subliña que acusaron ao goberno galego de prexudicar aos actores críticos e lamentaron a falta de apoio tanto para estes premios, como para os María Casares.

- Luis Villamor, 'La Xunta destina los 300.000 euros del patrocinio de los Max al museo de Man', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 26 febreiro 2003, p. 35.

Dá conta das declaracións do conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela, sobre a decisión da Xunta de non patrocinar a gala de entrega dos Max e de destinar eses cartos á creación

do Museo de Man.

- P.B., 'Os cartos dos Premios Max para o Museo de Man', *A Nosa Terra*, nº 1071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 36.

Céntrase nas reaccións de varias personalidades políticas sobre a polémica suscitada pola retirada da subvención da Xunta aos Premios Max e da decisión de inverter eses cartos na construción do Museo de Man. A partir disto transmite as reaccións da oposición ás palabras e decisión do goberno.

- M.F., 'El Concello Patrocinará los premios Max, que se entregarán el 5 de mayo en Vigo', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 marzo 2003, p. 9.

Infórmase de que, despois da retirada da subvención da Xunta aos Premios Max e de que estes non se poidan celebrar na cidade compostelá, onde estaba programada a entrega, vaíse facer na cidade de Vigo. Danse, así mesmo, datos como cales van ser as persoas encargadas do evento.

- Carlos G. Machuca, 'El ayuntamiento de Vigo patrocina la ceremonia de los premios Max', *La Opinión*, 'Cultura', 4 marzo 2003, p. 52.

Sinala que a gala de entrega destes premios se vai celebrar o 5 de maio no Centro Cultural Caixanova e que será retransmitida en directo por TVE, grazas a un acordo entre a Sociedade Xeral de Artistas e Editores, creadora do galardón, e o concello vigués, que achegará os trescentos sesenta mil euros que inicialmente ía financiar a Xunta; indica que a gala, presentada por Sergio Pazos, se vai celebrar baixo a dirección de Ramón Oller, mentres que o guión e a dirección musical correrán a cargo de Piti Español e Joan Vives. Dá conta, finalmente, das declaracións de numerosos políticos galegos sobre a polémica suscitada polo patrocinio da gala.

- R. Villar, 'El sector del teatro aplaude la decisión, pero critica la postura de la Xunta', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 marzo 2003, p. 10.

Recolle as declaracións de Maximino Keizán (Escola Municipal de Teatro), Xoán Abreu (Teatro Avento), Salvador del Río (Teatro de Ningures), Santiago Montenegro (Teatro Artello Alta Escala 1:5), Lola Correa (Festival Teatro Alternativo), Gustavo Pernas (Áncora Producións), Manuel Pombal (Compañía Fulano, Mengano y Citano) e Fina Calleja (Sarabela Teatro) sobre a aposta do concello vigués para patrocinar a gala de entrega dos premios Max; en xeral, todos eles consideran que esta é unha oportunidade que Vigo non podía desaproveitar e critican á Xunta. Recolle, asemade, as opinións de tres cargos políticos do goberno municipal vigués sobre o tema.

- Gonzalo Calderón, 'Los Max', *Atlántico Diario*, 'La lupa y el olivo', 4 marzo 2003, p. 10.

Breve artigo de opinión no que o autor reflexiona sobre o trasfondo político creado ao redor dos premios Max.

- Jorge Lamas, 'Vigo pagará 360.000 euros por acoger la gala de entrega de los Premios Max', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 4 marzo 2003, p. 48.

No artigo infórmase de que Vigo vai ser a cidade que acolla os Max por ser a que pode financiar a gala, e tamén da satisfacción dalgúns persoas do mundo do teatro e dalgúns políticos porque a entrega dos premios se celebre finalmente en Galicia.

- Roberto L. Blanco Valdés, 'Mad Max', *La Voz de Galicia*, 'El Ojo Público', 5 marzo 2003, p. 7.

Artigo de opinión no que se critica, en primeiro lugar, a actitude da Xunta por retirar o patrocinio da gala de entrega dos Max alegando que hai outras urxencias culturais e que non vai investir cartos para ser insultados durante a gala; criticase, en segundo lugar, ao Concello de Vigo pola súa decisión de patrocinar o acto cando no queda claro se se trata dun beneficio para a cidade ou dun beneficio electoral para o equipo de goberno.

- Ágatha de Santos, 'Los alumnos de teatro celebran los Max', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 marzo 2003, p. 38.

Recolle a opinión de diversos alumnos da Escola Municipal de Teatro de Vigo sobre a polémica suscitada ao redor da gala de entrega dos Premios Max; en xeral, apoian a decisión do concello de acoller o evento aínda que consideran que isto responde a unha estratexia política e non a un verdadeiro interese polas artes escénicas.

- Amaia Mauleón, 'Los Premios Max reunirán en Vigo a unos 900 invitados', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 marzo 2003, p. 37.

Fai referencia aos preparativos da gala de entrega dos premios Max; sinala que, segundo indicou Carlos Cuadros, coordinador do evento, na organización están a participar unhas cincocentas persoas e que está prevista a asistencia duns novecentos invitados; indicou, así mesmo, que a gala, presentada por Sergio Pazos e cunha duración de dúas horas e media, contará con espectáculos de danza, teatro e música en directo, entre os que destacou a actuación da Real Philharmonía de Galicia.

- L. Fernández, 'Vigo acoge positivamente los premios Max', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 5 marzo 2003, p. 10.

Recolle as declaracións de dez veciños do concello de Vigo, que amosan a súa opinión sobre a decisión do Concello de financiar a gala de entrega dos premios Max.

- M.F., 'Unos 500 técnicos y artistas viajarán a Vigo días antes de los premios Max', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 5 marzo 2003, p. 11.

Sinala que unhas cincocentas persoas, entre técnicos, artistas, produtores, realizadores e cámaras, se van desprazar á cidade olívica para preparar a gala de entrega dos Max. Indica que o concello vigués correrá cos gastos do acto, que ascenden a uns trescentos sesenta mil euros, e fai referencia á polémica suscitada despois de que a Xunta se negase a patrocinar o

acto; recolle, finalmente, as declaracións de diferentes políticos ao respecto.

- Anxel Vence, 'Los 'Max' y los menos', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Crónicas galantes', 6 marzo 2003, p. 2/12.

Artigo de opinión no que o autor fai referencia á polémica suscitada ao redor do patrocinio da gala de entrega dos Premios Max.

- A.N.T., 'Vigo sede dos premios Max', *A Nosa Terra*, nº 1.072, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 36.

Informa de que Vigo será, finalmente, o lugar no que se celebre a gala de entrega destes galardóns, salientando o patrocinio do concello desta cidade. Asemade, fai referencia aos problemas económicos que rodearon esta edición, recordando as posíbeis causas que levaron á Xunta de Galicia a negar o seu apoio á Sociedade Xeral de Autores e Editores para organizar este evento en Santiago.

- Sonia Torre, 'Ojalá que los Max sean polémicos, que la gente diga lo que siente, con argumentos', *Atlántico Diario/La Región*, 'Vigo/Ourense', 6 marzo 2003, p. 10/8.

Entrevista a Sergio Pazos, que vai presentar a gala de entrega dos premios Max. O actor galego fala do significado que para el ten poder presentar un evento desta embergadura, retransmitido por TVE; fai referencia á gala de entrega dos Goya e ao papel crítico que a súa profesión debe desempeñar con respecto á actualidade; fala, finalmente, da situación actual do teatro galego, que segundo Pazos está nunha etapa de estancamento caracterizada pola falta de alicientes institucionais.

- Serafín Lorenzo, 'Fraga descalifica al alcalde de Vigo por organizar los Max', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 7 marzo 2003, p. 47.

Recole as acusacións que o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, pronunciou contra o alcalde de Vigo por apoiar a realización dos "Premios Max" e xustifica a retirada da subvención para tal fin debido a sufragar o desastre do Prestige. O alcalde de Vigo, Pérez Castrillo, considera que a gala é algo importante para o teatro galego e comenta que será o concello quen a financie.

- M.G., 'A polémica dos Max é unha guerra de imaxe', *La Opinión*, 'Cultura', 8 marzo 2003, p. 60.

Transmítense palabras de Miguel de Lira sobre a polémica dos Max, da que di que se trata dunha guerra mediática, posto que o único importante de todo isto, segundo el, é que se retransmite por televisión, senón, afirma, non habería tanto problema.

- Amaia Mauleón, 'Los Max, premio a la ciudad', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 8 marzo 2003, p. 45.

Salienta a importancia da realización dos "Premios Max" en cidades medias e fai un

recorrido polas anteriores cinco galas que se celebraron en Madrid, Barcelona, Sevilla, Bilbao e Valencia. Este ano o evento terá lugar en Vigo e recalca a importancia económica e cultural que suporá para a cidade.

- S.P., 'Una obra de teatro, acto principal del Día de la Mujer', *La Opinión*, 'Narón', 8 marzo 2003, p. 29.

Anuncia a representación da obra *16 horas* de José Prieto no Auditorio Municipal de Narón con motivo do Día da Muller Traballadora. Ademais salienta que este autor estea nominado aos premios Max na categoría de monólogo en galego.

- Juan Fernán, 'Premios Max en Vigo', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 9 marzo 2003, p. 2.

Faise eco da polémica suscitada pola retirada do patrocinio da Xunta á gala de entrega dos Premios Max; indica que estes galardóns naceron hai seis anos da man da Sociedade Xeral de Autores e Editores e felicita ao Concello de Vigo por acoller dito evento. Cita algunhas das cidades españolas nas que se celebraron as entregas destes galardóns e reivindica a liberdade de expresión.

- AFA, 'O teatro da discordia', *O Correo Galego*, 'AFA', 12 marzo 2003, p. 33.

Refírese á sinatura do convenio entre o concello de Vigo e a Sociedade Xeral de Autores para solucionar o financiamento da entrega dos premios "Max". Así mesmo, faise eco das disputas entre diversos partidos políticos sobre o devandito acordo.

- Amaia Mauleón, 'La gala de los Max costará 1.100.000 euros, de los que el Concello aportará un tercio', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 14 marzo 2003, p. 46.

Anúnciase a reunión que levaron a cabo os dirixentes do Concello de Vigo e a SGAE para a realización da gala dos "Premios Max" na cidade galega, onde acordaron que o concello aportará un terzo do coste total. Saliéntase a insistencia que houbo que facer para que a gala tivese lugar en Galicia e débese que é un evento importante para mellorar a actividade cultural viguesa.

- E.V. Pita, 'Castrillo dice que los premios Max harán de Vigo la capital del teatro', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 14 marzo 2003, p. 46.

Recolle, entre outros aspectos, as críticas do alcalde de Vigo Lois Pérez Castrillo á actitude da Xunta de Galicia con respecto á gala de entrega da VI edición dos Max e salienta a súa alegría polo feito de que Vigo sexa finalmente onde se celebre a entrega dos galardóns. Apunta, tamén, que estes comentarios se fixéron na sinatura do convenio entre o concello de Vigo e os responsábeis da organización da gala. Remata sinalando que Francisco Galindo, da Fundación do Autor, xustificou elevados custes do evento nas dificultades da selección dos candidatos.

- M.G., 'Castrillo: 'Los Max sitúan a Vigo en los mapas del circuito teatral'', *El Correo*

Gallego, 'Cultura', 14 marzo 2003, p. 76.

Pon de manifesto o convenio do concello de Vigo cos organizadores da cerimonia de entrega dos premios Max para financiar parte deste evento. Así mesmo, achega a opinión do alcalde de Vigo sobre este acordo, salientando que contribúe a "promocionar a Vigo como potencia cultural". Ademais, sinala que representantes da Fundación Autor e a Sociedade Xeral de Autores non entenden as discusións políticas que hai arredor do lugar de celebración desta gala.

- M.G., 'Sen volta atrás', *O Correo Galego*, 'AFA', 14 marzo 2003, p. 34.

Dá noticia da sinatura do acordo entre o concello de Vigo e a Sociedade Xeral de Autores polo cal o primeiro achega o trinta e cinco por cento do orzamento total da gala de entrega dos premios Max. Apunta que Lois Pérez Castrillo aludiu á polémica política que rodea esta edición dos premios e xustifica o apoio económico do seu concello. Por outro lado, recolle os medos dos organizadores de que este ano sexa o derradeiro dos Max por imperativos legais.

- Damián Villalaín, 'Máis teatro', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 17 marzo 2003, p. 17.

Lembra o autor a actividade teatral que se celebraba en Vigo nos anos posteriores á morte de Franco, como as Xornadas de Teatro Independente organizadas pola compañía Esperpento e nas que participaban importantes veteranos do teatro galego, así como outras compañías que realizaban una abundante actividade, entre elas nomea a Artello, A Farándula, Escoitade ou Tranvía. Comenta que posteriormente todo esmoreceu e que actualmente hai certos proxectos para levar a cabo. Remata afirmando que, se os "Premios Max" son un incentivo para mellorar a actividade teatral na cidade olívica, recíbeos de bo grado.

- M. Beceiro, 'Las salas Nasa y Galán critican a la SGAE al rechazar los premios Max', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 11 abril 2003, p. L9.

Dáse conta da preselección das tres salas santiaguesas que se adican ao teatro: Teatro Galán, a Sala Nasa e a Sala Yago para a obtención do Premio Especial de Teatro Alternativo. As dúas primeiras foron as escollidas pero tras rexeitar estas o premio, concedéuselle á Sala Yago quen si o aceptou, pois en palabras do seu codirector, Jorge Rey, o premio é un recoñecemento importante ao seu traballo.

- S. Regueira, 'Alfonso Sastre. 'Apuesto por los herejes y los sediciosos, hay que ser subversivos'', *La Opinión*, 'Cultura', 24 abril 2003, p. 60.

Nesta noticia Regueira reflicte a entrevista realizada a Alfonso Sastre como último gañador do Premio de Honor dos Max en Artes Escénicas que lle será entregado o cinco de maio en Vigo. Na conversa, Sastre fala sobre o concepto da tolerancia e o cosmopolitismo e salienta que a diversidade lingüística é un enriquecemento. Nunha columna independente pero dentro da mesma noticia fai referencia á crítica recibida ante a concesión do premio a Sastre pola Fundación pola Liberdade e o Foro El Salvador, así como pola Asociación

Víctimas do Terrorismo, debido á vinculación do galardado co independentismo vasco.

- Amaia Mauleón, 'Carlos Núñez, sabor gallego en los Max', *Faro de Vigo*, 30 abril 2003, p. 72.

Refírese á gala de entrega dos "Premios Max" que terá lugar no Teatro Caixanova de Vigo e á que asistirán varias actrices do panorama nacional, o gaiteiro Carlos Núñez, a orquesta coruñesa Big Band, etc. Ademais indícase cal será a decoración do escenario e faise referencia á negativa da Xunta de Galicia a patrocinar dita gala.

- C.V., 'As televisións públicas do PP non retransmitirán os 'Premios Max'', *A Nosa Terra*, nº 1.080, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 37.

Pon de manifesto a polémica xerada a raíz de que certas televisións públicas se negasen a ofrecer aos seus espectadores a cerimonia de entrega destes premios, recollendo as críticas da Sociedade Xeral de Autores e Editores ou da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Así mesmo, destaca o patrocinio do concello de Vigo que, di, organizará un ciclo de teatro. Ademais tamén achega algúns pormenores da gala. Por outro lado, fai referencia a algúns dos premiados como Alfonso Sastre, premio de honra, ou a Sala Iago, premio especial. Apunta que xunto con esta sala tamén estaban a Nasa e a Galán que, salienta, rexeitaron o galardón en sinal de protesta contra a política da Sociedade Xeral de Autores e Editores. Remata recordando os candidatos a mellor autor teatral -Eduardo Alonso, Xosé Luís Prieto e Cándido Pazó- e a mellor espectáculo revelación.

- A.M., 'Día de trabajo en el interior del Teatro Caixanova', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 2 maio 2003, p. 40.

Dá conta da posta en marcha da gala na que se entregarán os "Premios Max" na cidade de Vigo. Esta será retransmitida pola canle Localia e será dirixida por Manel Iglesias e o coreógrafo Ramón Oller. Ao final nomea a algúns dos nominados desta edición.

- Begoña R. Sotelino, 'Alfonso Sastre considera esencial el compromiso social del teatro', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 2 maio 2003, p. 40.

Anuncia a próxima entrega do "Premio de Honor dos Max" ao dramaturgo Alfonso Sastre en recoñecemento da súa carreira. Resalta a satisfacción por ser el o elixido e indica a importancia de que o teatro presente certa crítica social e que non se manteña indiferente ante os problemas actuais.

- E.P., 'Marcada pola decepción', *O Correo Galego*, 'AFA', 3 maio 2003, p. 31.

Fai referencia á presentación da gala de entrega da sexta edición dos premios Max. Subliña a tristeza do seu director, Ramón Oller, polo feito de que TVE finalmente non retransmita este evento, observando detrás un claro caso de censura. Ademais, adianta detalles da cerimonia como o vestiario, o nome dos presentadores, algunha actuación, etc. Tamén sinala a homenaxe que se lle renderá aos profesionais do teatro falecidos durante o ano.

- Alberto Quian, 'El director artístico de la gala de los Max se confiesa decepcionado con TVE', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 3 maio 2003, p. 43.

Dáse conta dunha rolda de prensa do director artístico da gala dos "Premios Max" na que critica a actitude da Televisión Española por non retransmitir dito evento. Tamén se fai un breve resumo sobre cómo se desenvolverá a entrega destes premios.

- Carlos Fernández, 'Feminidad y música en los Max', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 3 maio 2003, p. 83.

Alude ao acto de presentación da gala dos premios Max. Informa do día e lugar desta cerimonia e sinala algúns datos da mesma, como o nome dos presentadores -salientando que case todos son mulleres-, a música ou o deseño do escenario. Ademais, dá o nome das canles de televisión que a retransmitirán.

- Camilo Franco, 'Flotats parte como favorito en la gala viguesa de los Max', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 5 maio 2003, p. 56.

Informa da celebración da gala na que se fará entrega dos "Premios Max" que terá lugar no Teatro Caixanova de Vigo e na que recibirán galardón, entre outros, Joseph María Flotats, denominado mellor director, actor e adaptador, e Alfonso Sastre, pola súa traxectoria dedicada á escritura dramática. Así mesmo, dá conta dos presentadores do evento e mais dos responsábeis da parte musical.

- D. Reinero, 'Se gaño, as miñas palabras serán para a cultura en Vigo', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 5 maio 2003, p. 14.

Entrevista realizada a Cándido Pazó o día da entrega dos "Premios Max" de teatro, nomeado el como candidato a mellor autor en lingua galega. Ante a polémica pola celebración da gala e as subvencións por parte do goberno, salienta que non se lle debería dar tanta importancia e indica que os cómicos están afeitos a este tipo de problemas. Considera que as representacións tiveron unha caída nos anos oitenta e noventa en Vigo pero xa se está recuperando a actividade. En canto aos seus obxectivos di que agora está a traballar máis coas narración orais e os contos e salienta que a concesión do premio resultaría moi satisfactoria.

- Alberto Quian, 'Vigo, capital española de las artes escénicas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 maio 2003, p. 13.

Fai referencia á gala que terá lugar en Vigo e na que se fará entrega dos "Premios Max". Entre todos os galardoados noméanse os candidatos en lingua galega: Cándido Pazó pola súa obra *Binomio de Newton*, Eduardo Alonso por *Alta comedia* e José Luís Prieto Roca por *Monólogo do imbécil*.

- M.G., 'Josep María Flotats, ganador y protagonista de los premios Max', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 6 maio 2003, p. 67.

Dá conta de cómo transcorreu a gala dos "Premios Max" e dos autores galardonados. Na modalidade de lingua galega o gañador resultou ser José Luis Prieto pola súa obra *Monólogo do imbécil*, quen acolleu o premio con sorpresa xa que os outros dous candidatos eran moito máis veteranos e non esperaba alcanzar tal galardón.

- Camilo Franco, 'Las luces de las protestas brillaron en la noche viguesa de los Max', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 6 maio 2003, p. 39.

Dá conta do ambiente de protesta que se viviu na entrega dos "Premios Max" en contra da actitude do goberno pola súa actuación no caso do Prestige e en contra da guerra. Tamén destaca que a gala foi motivo de reencontro de xente importante no mundo teatral e apunta o comentario dalgunhas das persoas participantes. En sección á parte, dentro da mesma noticia, indica que o gañador do premio ao mellor autor galego do ano foi Xosé Prieto pola súa obra *Monólogo do imbécil* da que salienta algunhas das súas características.

- S.P., 'O Goberno local fará unha homenaxe a José Luis Prieto polo seu premio Max', *La Opinión*, 'Narón', 7 maio 2003, p. 22.

Anúnciase que o Concello de Narón realizará unha homenaxe ao autor teatral José Luis Prieto Roca, veciño deste pobo, por alzarse co "Premio Max" ao mellor autor teatral en galego pola súa obra *Monólogo dun imbécil*.

- X.T., 'Este recoñecemento supón un gran estímulo para seguir traballando', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 7 maio 2003, p. 27.

Dáse conta dunha entrevista realizada a José Luis Prieto Roca, gañador do "Premio Max" ao mellor autor teatral en galego, pola súa obra *Monólogo dun imbécil*. Tamén se ofrecen varias opinións de compañeiros seus e colaboradores, respecto á súa persona e aos seus últimos éxitos.

- C.V., 'A defensa da liberdade de expresión berro unánime do teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.081, 'Cultura', 8 maio 2003, p. 30.

Ofrece un balance xeral do que deu de si a cerimonia de entrega dos premios Max. Así pois, alude a algúns detalles do desenvolvemento da gala, salientando que abundaron as críticas a determinadas actuacións políticas e á falta de liberdade de expresión. Ademais, refírese a algún dos galardoados como Alfonso Sastre, premio de honor, ou Xosé Prieto, premio a mellor autor teatral por *Monólogo do imbécil*.

- Camilo Franco, 'O máis importante no teatro é non aburrir', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 8 maio 2003, p. 40.

Faise eco dunha entrevista ao recente gañador do "Premio Max" ao mellor autor galego: Xosé Luis Prieto Roca pola súa obra *Monólogo dun imbécil*. Nesta entrevista dáse conta da repercusión deste premio na vida do dramaturgo galego e dos seus futuros proxectos.

Premio de Dramaturxia "Carlos Couceiro"

Estes galardóns son convocados, dende 1999, dentro da celebración da Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario, que no presente ano chega á súa oitava edición. Está organizada pola Compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense "Maricastaña ", co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o IGAEM e Caixanova. A través do Premio de Dramaturxia "Carlos Couceiro" preténdese premiar con seiscentos euros a unha das compañías participantes, sendo neste caso a Aula de Teatro Universitaria a distinguida pola súa obra *Apnea*. Ademais, outórganse uns premios do público en cada edición, que este ano recaeu en *Frieda*, de México.

Referencias varias:

- LR, 'La Mostra de Teatro baja el telón', *La Región*, 'Ourense', 11 maio 2003, p. 8.

Referencia ao peche da octava edición da Miteu despois de quince días de representacións. O grupo de Casablanca Ben Msik cunha obra que conta a historia de dous comediantes do século XVII que se topan maxicamente nun teatro contemporáneo. A mostra rematou cos premios de recoñecemento ás tarefas de apoio a Miteu e recaeron nas persoas de Manuel Freire e Mary Luz Añel. Os premios do público e o Carlos Couceiro, así como as cifras de asistencia daranse a semana seguinte. Fina Calleja, membro de Sarabela e relacións públicas da mostra, afirma que a Miteu "está totalmente integrada na cidade" e expresa a súa satisfacción polo grao de aceptación do público.

- Sofía de Benito, 'Un maestro de la oratoria', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 maio 2003, p. L15.

Dá conta, entre outros actos do día en Santiago de Compostela, do premio de Dramaturxia Carlos Couceiro acadado pola Aula de Teatro da USC (Universidade de Santiago de Compostela) na VIIIª Mostra de Teatro Universitario de Ourense pola posta en escena de *Apnea*, *traxedia contemporánea para cinco intérpretes*.

VIIº Premios "María Casares"

Premio convocado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. A estes galardóns concorren todas as producións galegas realizadas en lingua galega e estreadas na nosa comunidade autónoma entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2002. Selecciónanse de entre elas tres finalistas para cada unha das modalidades que se teñen en conta: mellor actor e actriz protagonistas; actor e actriz secundarios; director; texto, adaptación e traducción; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestuario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro que leva o nome da actriz Marisa Soto e que será o dado pola xente da Asociación. Os socios da agrupación, aproximadamente trescentos, xunto cos anteriores nominados emiten o seu voto por correo e en segredo. Esta

selección de nomeados pásaselle a un xurado integrado por persoas relacionadas co mundo da escena. A entrega de galardóns, que consisten nun busto de cerámica da actriz María Casares realizado por Sargadelos-Cerámicas do Castro, coincide co Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo, e o acto de entrega ten lugar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Na edición correspondente ao ano 2003, dedicada á homenaxe de Francisco Taxes e a Roberto Vidal Bolaño, os galardoados nas diferentes categorías foron:

- Mellor espectáculo: *Animaliños*, de Teatro do Aquí.
- Mellor dirección (póstumo): Roberto Vidal Bolaño por *Animaliños*, de Factoría Teatro.
- Mellor actriz protagonista: Laura Ponte por *Mulleres* de Uvegá Teatro.
- Mellor actor protagonista: Xosé Manuel Oliveira "Pico" por *Binomio de Newton*, de Teatro do Adro.
- Mellor actriz secundaria: Mónica García por *Os espectros*, do CDG.
- Mellor actor secundario: Xavier Estévez por *A conxura dos necios*, de Sarabela Teatro.
- Mellor escenografía: Carlos Alonso por *Río Bravo '02'*, de Chévere.
- Mellor texto orixinal: Roberto Vidal Bolaño por *Animaliños*, de Factoría Teatro.
- Mellor texto adaptado: Quico Cadaval por *Rapatú*, de Títeres Tanxarina.
- Mellor música orixinal: Fran Pérez por *Río Bravo '02'*, de Chévere.
- Mellor iluminación: Roberto Vidal Bolaño por *Animaliños*, de Factoría Teatro.
- Mellor vestuario: Carlos Alonso por *Momo*, de Teatro de Ningures.
- Mellor maquillaxe: Carmela Montero por *A conxura dos necios*, de Sarabela Teatro.
- Premio de honra "Marisa Soto", póstumo, para Francisco Taxes e Roberto Vidal Bolaño, pioneiros do teatro galego nos anos 70.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Sarabela, a compañía con máis opcións aos premios María Casares de teatro', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 36.

Indica que *A conxura dos necios* foi seleccionada en dez candidaturas para optar aos premios María Casares, que se entregarán o vindeiro 27 de marzo nunha gala organizada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galiza e retransmitida pola TVG en diferido. Fai referencia aos premios aos que opta esta compañía e dá conta dos galardóns obtidos en pasadas edicións.

- M.P., 'Os María Casares serán entregados nunha gala "irónica e achegada á actualidade"', *La Opinión*, 'Cultura', 27 marzo 2003, p. 59.

Recóllense as palabras de Xosé Manuel Rabón, director artístico da cerimonia de entrega dos premios María Casares e Cándido Pazó que informaron do contido da gala. Ambos coincidiron en que a actualidade obriga a organizar unha gala máis sobria, que estará cargada de graza, ironía e referencias ao Prestige e á guerra de Irak; a gala, que non incluíra videos como en pasadas edicións, será retransmitido pola TVG horas despois do comezo da cerimonia. Finalmente, Javier Sabadie, director do Teatro Rosalía de Castro, amosa a súa

alegría pola unión existente no mundo teatral ante a barbarie actual.

- Salvador Rodríguez, 'Con la guerra en los telones', *La Opinión*, 'Cultura', 27 marzo 2003, pp. 60-61.

Sinala que a implicación da maioría dos profesionais da escena galega coa plataforma Nunca Máis e contra a guerra do Irak marca a celebración do Día Mundial do Teatro e a entrega dos premios María Casares. Neste sentido, recolle as declaracións de Celso Parada, director e actor da compañía Teatro do Morcego; Anxos Cuña, directora de Sarabela Teatro; Manuel Guede, director do CDG; o actor Antonio Durán, Morris; María Xosé Mariño, directora da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e Cándido Pazó; todos eles falan da situación pola que está a pasar o teatro galego, das impresións que lles merecen as reivindicacións que o mundo do teatro está a facer e do temor ou non ante posibles represalias.

- Albino Mallo, 'O teatro galego homenaxeará a Marisa Soto, Bolaño e Taxes', *O Correo Galego*, 'AFA', 27 marzo 2003, p. 43.

Infórmase do acto de entrega dos premios María Casares que terá lugar hoxe no teatro Rosalía de Castro. Sinálase que a actriz Marisa Soto recibirá, a título póstumo, o Premio de Honra e que durante a gala se lles renderá unha homenaxe aos dramaturgos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes, recentemente finados. Dáse conta das actuacións previstas e da duración do acto, que se será gravado integramente pola TVG para emitir despois dun programa dedicado a Vidal Bolaño e Taxes. Finalmente, indícase cales foron os galardoados cos premios "gordos".

- Alberto Quián, 'Os Premios María Casares vestíronse de loito pola guerra e a marea negra', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 28 marzo 2003, p. 46.

Fai referencia, en primeiro lugar, aos plásticos negros que cubriron o escenario do Teatro Rosalía de Castro para a entrega dos premios María Casares como mostra de loito ante a guerra e a marea negra. Sinala que neste acto se conmemoraron, ademais, o Día Mundial do Teatro e o nacemento, hai vinte e cinco anos, do teatro galego profesional. Dá conta das intervencións de Cándido Pazó, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena; do actor Carlos Mejuto, encargado de ler o Manifesto Galego do Teatro e de Carlos Blanco, presentador da gala. Indica que o momento máis emotivo chegou coas homenaxes a Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes e dá conta, finalmente, dos galardonados.

- Camilo Franco, 'O teatro galego únese para premiar a Vidal Bolaño e condenar a guerra', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 28 marzo 2003, p. 42.

Sinala que as xentes do teatro galego converteron a gala de entrega dos María Casares nun acto de reafirmación do seu traballo como voceiros do sentir da cidadanía e que as consignas "Nunca máis" e "Non á guerra" non deixaron de escoitarse durante toda a noite. Indica que a gala se converteu, así mesmo, nunha homenaxe aos falecidos Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Fai referencia, finalmente, ao carácter reivindicativo do acto e

dá conta dos galardoados cos premios.

- S. Hermida, 'Los María Casares se convierten en un homenaje póstumo a Vidal Bolaño', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 28 marzo 2003, p. 24.

Informa da gala de entrega dos premios María Casares que se celebrou onte na Coruña; dá conta dos galardoados cos premios principais e sinala que o falecido Roberto Vidal Bolaño foi o triunfador da noite, ao acadar catro galardóns. Fai referencia ao recordo do tamén falecido Francisco Taxes, ao magnífico papel que Carlos Blanco desempeñou como presentador da gala e ás constantes referencias á guerra de Irak e ao desastre do Prestige.

- María Pardo, 'As críticas ó 'Prestige' e a favor da paz tinguen os María Casares', *La Opinión*, 'Cultura', 28 marzo 2003, p. 66.

Fai unha crónica da entrega dos premios María Casares que se caracterizou polos reproches contra os Gobiernos central e autonómico, e dá conta de distintos momentos da gala. Explica que a velada se converteu nunha homenaxe póstuma a Roberto Vidal Bolaño e que estivo adicada aos últimos vinte e cinco anos de teatro galego; finalmente, dá conta de todos os galardoados.

- LR, 'Dos premios 'María Casares' para el teatro de Sarabela', *La Región*, 'Ourense', 29 marzo 2003, p. 9.

Sinala que a compañía Sarabela Teatro acadou dous premios, mellor actor secundario e mellor perruquería e maquillaxe, pola obra *A conxura dos necios*; que será representada o próximo 10 de abril na Feira de Teatro de Santiago. Sinala finalmente que o gañador da noite foi Roberto Vidal Bolaño.

- Carme Vidal, 'Os 'María Casares' nun escenario de chapapote', *A Nosa Terra*, nº 1.076, 'Cultura', 3 abril 2003, p. 30.

Explica que a entrega dos premios María Casares se converteu nunha festa-protesta do teatro galego contra a guerra e o atentado do chapapote, facendo fincapé no ton satírico co que o presentador, Carlos Branco, conduciu a gala. Sinala que catro dos galardóns foron para Roberto Vidal Bolaño e que Sarabela Teatro, a pesar de partir con opcións a nove categorías, só obtivo un premio.

VIº Certame Nacional de Teatro para "Directoras de Escena"

Certame convocado pola Área da Muller do concello de Torrejón de Ardoz e a Asociación de Directores de Escena de España, coa colaboración da Consellería de Artes da Comunidade de Madrid, o Teatro Municipal "José María Rodero", Obra Social de Caja Madrid, El Corte Inglés, Cadena SER, o Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais y o Instituto Nacional de Artes Escénicas e da Música do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. O seu obxectivo é levar á cidade madrileña o mellor teatro feito por mulleres do noso país e contribuír a que estas manifestacións artísticas se fagan un

sitio nunha programación teatral maioritariamente protagonizada por directores varóns. Consta de tres premios dotados de diferente contía económica, un primeiro de 6.050 euros, un segundo de 4.550 euros e un terceiro de 3.050 euros. Nesta sexta edición a directora da compañía galega Matarile Teatro, Ana Vallés, recibiu o segundo premio pola montaxe *A brazo partido*.

Referencias varias:

- Afa, 'O outro Teatro', *O Correo Galego*, 'AFA', 5 abril 2003, p. 32.

Anúnciase a resolución do premio nacional de "Directoras de Escena" que como hai dous anos xa acontecera, recaeu na directora da compañía compostelá "Matarile Teatro", Ana Vallés, coa obra *A brazo partido*, esta será representada os días 17 e 18 de maio na Casa Encendida de Madrid. Na noticia, Ana Vallés relata as difíciles situacións que tivo que pasar nos inicios da súa andaina, e celebra a consecución do premio comentando que o que busca da dramaturxia actual é darlle a volta á tradicional estruturación das obras en presentación-nó-desenlace, por iso propón que os actores perdan o medo ao ridículo e practiquen a improvisación nesta obra que é "un conxuro contra o medo a morrer".

- Manuel Beceiro, 'Lo que echo de menos en Galicia es la creación estética', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 10 abril 2003, p. L2.

Recolle o comentario que Ana Vallés, gañadora do segundo premio á mellor dirección do sexto "Certame Nacional de Teatro para Directoras de Escea", pensa sobre a situación da dirección e creación do teatro actual. A obra coa que acadou o galardón foi *A brazo partido*, seleccionada de entre un total de oitenta e seis traballos. Vallés comenta que a dirección e a actuación é algo moi misturado e que ela non rexeita calquera proposta; en canto á súa visión do teatro galego indica que non atopa grandes diferencias co resto do Estado pero o que si bota en falta é unha maior creación estética. A súa última obra é *Sin sombra de duda*, dirixido e interpretado por ela, que estrea en Madrid en "El Canto de la Cebra".

XIIº Premio "Álvaro Cunqueiro" para textos teatrais

Este galardón foi convocado por vez primeira en 1988 polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), aínda que dende 1992 a 1999 deixou de convocarse. Reapareceu no ano 2000, e conta agora cunha dotación de 6.025 euros maila posibilidade de publicar e representar a obra galardoada. Os textos que se presenten teñen que ser inéditos, de temática libre e sen limitación de extensión agás as obras de teatro breve. Non deberán ser premiados nin representados anteriormente. Enviaranse por quintuplicado en exemplares separados e mecanografados a dobre espazo ao IGAEM (Pavillón de Galicia, s/n San Lázaro, apartado 150, 15703, Santiago de Compostela). O xurado terá en conta a viabilidade da representación da obra no que se refire a aspectos que afectan ao número de páxinas, espazo escénico ou condicións técnicas. Nesta edición o prazo para presentar os traballos foi ata o 29 de setembro, e o xurado, composto por Begoña Muñoz Saa, Albino Mallo, Carlos Paulo Martínez Pereiro e o gañador do pasado ano, Roberto Salgueiro

González, premiou a obra orixinal *Hai que confiar na esperanza* de Siro López. Outros autores que recibiron este premio en edicións anteriores son: Raúl Dans, Agustín Magán, Manuel Riveiro Loureiro, Euloxio Ruibal, Alfonso Becerra Arrojo e Roberto Salgueiro (que o fixo en varias ocasións).

Referencias varias:

- LR, 'O Premio Cunqueiro de teatro busca textos orixinais en galego de tema e extensión libre', *La Región*, 'Sociedad', 3 agosto 2003, p. 68.

Anuncia a convocatoria do "XII Premio Álvaro Cunqueiro" para textos teatrais inéditos escritos en galego e que non fosen premiados con anterioridade. O organismo que leva a cabo este premio é o IGAEM da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. O premio comprende a dotación económica de 6.025 euros, a publicación e posíbel representación da obra.

- E.P., 'Siro López é galardoado co Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2003', *La Voz de Galicia*, 'Hoy', 20 decembro 2003, p. 76.

Dáse conta do gañador do premio de teatro "Álvaro Cunqueiro" do ano 2003 que recaeu no xornalista e humorista gráfico Siro López coa obra *Hai que confiar na esperanza*, convocado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a través do IGAEM. O xurado composto por Albino Mallo, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Begoña Muñoz Saa e Roberto Salgueiro González escolleron por maioría simple a obra de Siro López da que salientaron a súa estrutura dramática tradicional e o tema do xornalismo na Arxentina do século XIX. O premio conta cunha dotación económica de 6.025 euros e a publicación e representación da obra aínda que a compañía que se encargará da posta en escena non está determinada. Por último, salientase o labor de Siro López como escritor coa publicación de obras como *Boliche* e *Castelao e os nenos*; a súa relación co mundo humorístico e o recoñecemento do seu traballo con premios como a "Vieira do Humor", "Merlín", o "Fernández Latorre" e o "Galicia de comunicación".

- C.F., 'Siro López gaña o premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 decembro 2003, p. 48.

Dáse conta da publicación da obra de Siro López *Hai que confiar na esperanza*, coa que este xornalista acadou o premio "Álvaro Cunqueiro" de textos teatrais despois de que o xurado a escollese de entre outros dezasete orixinais e da que salientaron a súa estrutura dramática tradicional e o tema do xornalismo na Arxentina do século XIX. Por último, coméntase o labor de Siro López cos seus estudos sobre o humor e a importancia deste debut como dramaturgo. A obra será editada por Xerais e a súa representación realizarase a través do Igaem.

- MARÉ, 'Siro López gaña o Álvaro Cunqueiro de textos teatrais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 decembro 2003, p. 53.

Dáse conta do gañador do premio de teatro "Álvaro Cunqueiro" do ano 2003 que recaeu no xornalista e humorista gráfico Siro López coa obra *Hai que confiar na esperanza*, da que o xurado salientou a súa estrutura dramática tradicional e o tema do xornalismo na Arxentina do século XIX. O premio convocado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a través do IGAEM conta cunha dotación económica de 6.025 euros e a publicación e representación da obra aínda que a compañía que se encargará da posta en escena non está determinada. Por último, salientase o labor de Siro López como escritor coa publicación de obras como *Boliche* e *Castelao e os nenos*; a súa relación co mundo humorístico e o recoñecemento do seu traballo con premios como a "Vieira do Humor", "Merlín", o "Fernández Latorre" e o "Galicia de comunicación".

XIº Premio de Teatro "Rafael Dieste"

Este premio, que non se convocara dende o ano 2001, creouse coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome. A Deputación Provincial da Coruña, entidade convocante, estableceu que ao XIº Premio de Teatro "Rafael Dieste" poderán optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisible, dotado con 6.050 euros. A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezoito meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador trinta exemplares, do mesmo xeito que poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor. As obras serán de tema e extensión libres, e presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espacio, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema, na plica constará o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous tercios dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estimaranse positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etc. O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio. Nesta convocatoria o prazo de admisión de orixinais rematou o día 20 de abril e os textos tiveron que enviarse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006, A Coruña, indicando no sobre "XIº Premio de Teatro Rafael Dieste". O xurado estivo presidido polo responsábel da área de Cultura da Deputación da Coruña, Carlos López Crespo, e formarán parte del Xosé Manuel Rabón Lamas, Lino Braxe, Santiago Fernández, Euloxio Rodríguez Ruibal e Antón Rodríguez López. Presentáronse vinte e oito obras, de entre as que resultou gañadora *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio. Ademais, o xurado decidiu nomear finalista a Xosé Rosendo Cid Medio pola súa obra *Os obxectos*.

Referencias varias:

- M.P., 'Convócase o XI Premio de teatro 'Rafael Dieste'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 22 marzo 2003, p. 76.

Sinala que a Deputación da Coruña convocou onte a XI edición do Premio Rafael Dieste, dotado con 6.050 euros e creado para recoñecer o labor creador do escritor galego; dá conta das bases do certame.

- MARÉ, 'Case trinta obras optan ó Premio Rafael Dieste', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xuño 2003, p. 50.

Breve nota de prensa na que se indica que neste ano concorren vinte e oito orixinais ao Premio "Rafael Dieste", así como se informa de que está dotado con 6.050 euros. Por último, anúnciase para o 28 de xuño o dictame do xurado.

- MARÉ, 'Regreso con premio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xuño 2003, p. 70.

Sinala que, das vinte e oitos obras presentadas ao Premio Rafael Dieste, resultou gañadora *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio; indica que a autora regresa á escrita tras algúns anos de silencio e destaca, da súa produción anterior, *Era nova e sabía a malvavisco*. Cita ao xurado, que destacou a calidade do texto de Inma Antonio, e sinala que o finalista foi Xosé Rosendo Cid por *Os obxectos*.

- E.P., 'A ciencia dos anxos' obtén o Rafael Dieste', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 29 xuño 2003, p. 75.

Informa da concesión do premio Rafael Dieste a Inma Antonio, por *A ciencia dos anxos*; sinala que esta peza foi escollida entre as vinte e oito que se presentaron e cita aos membros do xurado.

- Priscila López, 'El texto es un ingrediente más dentro del espectáculo teatral', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 29 xuño 2003, p. 11.

Entrevista a Inma Antonio, galardoado co "Rafael Dieste" por *A ciencia dos anxos*. A autora dá conta do argumento da obra: unha historia de amor enmarcada nun escenario no que a ciencia e a ética loitan por encontrar un nexo común; explica que o lema baixo o que presentou a obra ao certame, Fulcanelli, é o nome dun alquimista do século XX e que, deste xeito, quixo enaltecer a ciencia fronte a tecnoloxía; fala da ruptura temática desta obra con respecto ás anteriores e fai referencia á súa actividade como actriz e deseñadora.

- Susana Basterrechea, 'De mayor quiero ser como Shakespeare, pero sin barba', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 29 xuño 2003, p. 50.

Entrevista a Inma Antonio, que é a primeira muller que acada o premio Rafael Dieste. Fala do prestixio do galardón e do seu traballo como escritora, actriz e deseñadora; dá conta do argumento de *A ciencia dos anxos*, pola que obtivo do galardón; explica que presentou a

obra baixo o lema de Fulcanelli por tratarse dun misterioso alquimista do século XX; analiza a situación actual do teatro galego; fala dos papeis que fixo para televisión e do súa admiración por Shakespeare, de quen versionou varios textos; explica, finalmente, en que vai gastar os seis mil euros cos que está dotado o premio.

- MARÉ, 'O teatro do deber ético', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xuño 2003, p. 50.

Recolle as declaracións de Inma Antonio, autora de *A ciencia dos anxos* pola que obtivo o Premio Rafael Dieste de Teatro; ela mesma explica que se trata dunha historia de amor na que se recolle, como tema de fondo, a reivindicación da ética como parte fundamental da vida; sinala, asemade, que este premio é moi importante, tanto pola cantidade económica coma pola publicación e representación da obra.

- MARÉ, 'Inma Antonio fala do amor e a ética na obra 'A ciencia dos anxos'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 67.

Sinala que a obra galardoada co premio Rafael Dieste narra unha historia de amor, na que a súa autora quere destacar a "importancia de que os seres humanos sexamos implacables en todas as facetas da vida"; recolle as declaracións de Inma Antonio, quen valora positivamente a concesión deste premio e que explica as razóns que a levaron a tratar esta temática na súa obra. Fai referencia aos traballos que está a desenvolver a compañía Librescena, da que Inma Antonio forma parte, e recolle os desexos da autora, a quen lle gustaría que *A ciencia dos anxos* fose representada pola compañía na que ela traballa.

- Carme Vidal, 'Inma Antonio: 'O teatro é o irmán desfavorecido dos xéneros literarios'', *A Nosa Terra*, nº 1.089, 'Cultura', 3 xullo 2003, p. 29.

Entrevista a Inma Antonio, que foi gañadora do premio Rafael Dieste con *A ciencia dos anxos*; sinala que a autora e actriz forma parte da compañía Librescena, que en outono montará a súa obra *Os cárceres do olvido*. A propia autora dá conta do argumento da peza que, segundo indica, se basea no amor entre unha parella de investigadores científicos; sinala que á súa actividade como escritora está indisolubelmente unido ao seu traballo como actriz e deseñadora e fala da evolución do teatro galego. Fai referencia ao lugar que os escritores do xénero teatral ocupan dentro da literatura e das mulleres que se dedican á escrita teatral. De seguido, fai referencia ao seu traballo como actriz e explica que leva dez anos subida aos escenarios; tamén fala do seu lugar dentro de Librescena e do momento polo que está a pasar o teatro galego; finalmente, fai referencia a *Os cárceres do olvido*, que é unha peza súa que Librescena estreará en outono.

X.4. INVESTIGACIÓN

IIIº Premio "Ramón Piñeiro" de Ensaio

A Editorial Galaxia, convocou por primeira vez este premio no ano 2001 con motivo do cincuentenario e co propósito de estimular a reflexión dende Galicia. Nel poden participar

todas aquelas persoas, que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, segundo a normativa vixente. A extensión dos traballos abranguerá entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN A4, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (R/ Reconquista, 1, 36201 Vigo), indicando no sobre "III Premio "Ramón Piñeiro" de Ensaio". Establécese un único premio, consistente en 3.005 euros e unha escultura conmemorativa, que será outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". Na súa primeira edición gañara Basilio Lourenço, que este ano formou parte do xurado xunto a Víctor Freixanes, Félix Quintero, Xaime Illa Couto e Damián Villalaín, que actuou como secretario. Na segunda edición o galardoado foi Anxo A. Rei Ballesteros coa obra *Tempo e vinganza*. Nesta terceira edición resultou gañador Xosé Luís Barreiro Rivas, coa obra *A terra quere pobo*; o xurado estivo composto por Ramón Villares, Uxío Labarta, Dolores Vilavedra, Carlos Lema e Víctor F. Freixanes

Referencias varias:

- A.B., 'Barreiro Rivas, gañador da terceira edición do Ramón Piñeiro de Ensaio', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 16 decembro 2003, p. 75.

Entre outras informacións dá conta da entrega do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio a Xosé Luís Barreiro Rivas por *A terra quere pobo*. Ademais de sintetizar o recollido nas actas do xurado, integrado nesta ocasión por Uxío Labarta, Dolores Vilavedra, Ramón Villares, Víctor F. Freixanes e Carlos Lema, refírese tamén á petición do mesmo de publicar as outras obras finalistas, *Palabra de muller* e *Rei Artur, mito e realidade*.

- Alberto Quian, 'A terra quere pobo', de X. L. Barreiro, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio/Barreiro Rivas obtén o premio Ramón Piñeiro de Ensaio', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 16 decembro 2003, p. 43/53.

Faise eco da concesión do III Premio Ramón Piñeiro de Ensaio ao politólogo Xosé Luís Barreiro Rivas por *A terra quere pobo*, unha obra que presenta interrogantes sobre as posibilidades do noso país dentro da realidade globalizadora ao tempo que critica o tradicionalismo adoptado polo discurso político vixente na nosa comunidade. Sinala que o xurado valorou especialmente a temática e estruturación do estudio, ademais de salientar a calidade dos orixinais presentados ao concurso, dos cales recomendou a publicación de *Palabra de muller* e *Rei Artur, mito e realidade*. De seguido céntrase na visión que da política en Galica ten o gañador dende o século XIX ata os nosos días e que expón claramente no traballo premiado.

- Jorge Lamas, 'Xosé Luís Barreiro gaña o Premio Ramón Piñeiro cun ensaio sobre Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 decembro 2003, p. 60.

Nun primeiro momento, informa da concesión do III Premio Ramón Piñeiro de ensaio a Xosé Luís Barreiro Rivas co traballo *A terra quere pobo*, ademáis de sintetizar os méritos aducidos polo xurado para concederlle o galardón, valorando a lucidez e intelixencia dun traballo que "reflexiona sobre Galicia e interrógase sobre as posibilidades do país na nova realidade de globalización e as identidades nacionais." O catedrático Ramón Villares articulou que se trataría dunha obra polémica fonte de debate. De seguido, céntrase na figura do autor do ensaio premiado que mostra a súa ledicia e expón a súa tese das tres oportunidades históricas perdidas para construír unha política propia en Galicia. Dáse conta tamén dos galardoados co Premio na primeira e segunda edición do mesmo, xunto co consello do xurado de publicar outras dúas obras, *Palabra de muller* e *Rei Artur, mito e realidade*.

- MARÉ, 'A terra quere pobo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 decembro 2003, p. 36.

Recolle as opinións do profesor da Universidade de Santiago e articulista Xosé Luís Barreiro Rivas, que acaba de gañar o III Premio Ramón Piñeiro de Ensaio coa obra *A terra quere pobo*, na que revisa a historia política de Galicia no pasado século, reflexionando sobre as tres oportunidades perdidas por Galicia ante as transformacións que tiveron lugar en Europa e na política mundial. Amosa a súa satisfacción ante este galardón porque reafirma a súa liberdade e corrobora a súa actitude de moverse fora do sistema. Remátase coas valoracións do xurado entre as que cabe destacar a exposición documentada e directa da obra así como a análise autocrítica da situación de Galicia tanto socioeconómica e política coma demográfica e educativa na entrada nunha nova etapa.

IIIº Premio de ensaio "Sempre en Galiza"

Convócao o Concello de Pontevedra en colaboración con Caixa Galicia para conmemorar o día do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e destacar os aspectos esenciais do seu pensamento e a súa práctica política. Pódense presentar obras de carácter ensaístico que traten sobre calquera tema relacionado coa realidade social, cultural, económica ou política de Galicia. Estas deben estar escritas en lingua galega, mecanografadas a dobre espacio por unha soa cara, ser inéditas e non premiadas anteriormente. A contía do premio é de 12.000 euros e os traballos deben enviarse por quintuplicado ao Concello de Pontevedra (Praza de España, s/n., 36002) antes do 30 de novembro de 2002. A entrega do galardón da segunda edición fixose durante o primeiro trimestre de 2003 e a autora galardonada foi Carme Fernández pola obra *A construcción nacional do discurso literario de Ramón Otero Pedraio*.

Referencias varias:

- E.P., 'Carme Fernández gaña 'Sempre en Galiza'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 maio 2003, p. 54.

Noticia da concesión do premio "Sempre en Galicia" a Carme Fernández Pérez-Sanjulián, profesora de Literatrua galega e portuguesa da Universidade da Coruña, pola súa tese *A construcción nacional do discurso literario de Ramón Otero Pedraio*, quedando finalista

Francisco Xavier Martínez Caba co traballo *O aforro, a renda e o sistema financeiro galego*. Sinálase tamén que o acto de entrega dos galardóns se celebrou no Café Moderno de Pontevedra coa asistencia do alcalde desta cidade, Miguel Fernández Lores, o eurodiputado nacionalista Camilo Nogueira e outros representantes do ámbito cultural como a Fundación Alexandre Bóveda.

IIº Premio de investigación "Bouza Brey"

Premio creado polo Concello de Ponteareas para conmemorar o centenario do nacemento do poeta Fermín Bouza Brey e que naceu co obxectivo de premiar traballos inéditos que versaran sobre temas tratados polo intelectual galego como a arqueoloxía, a arte, etnografía, historia ou literatura da comarca do Condado; na presente edición decidiuse introducir unha novidade fundamental, premiar unha proposta de investigación, que será financiada co importe do premio; as propostas de traballo deben presentarse antes do 27 de decembro de 2003 no Museo Municipal de Ponteareas (R/ Gabino Bugallal 56, 36860 Ponteareas), con carácter anónimo por quintuplicado cunha plica onde figure: copia do DNI, datos persoais, enderezo e teléfono do participante. O premio está dotado con 2.000 euros, entregándose un vinte e cinco por cento unha vez decidido e o setenta e cinco por cento restante despois de entregar o traballo de investigación. O xurado estará integrado polo alcalde do Concello de Ponteareas, por un representante do Consello da Cultura Galega, por un representante do Instituto Galego Padre Sarmiento, por un representante da Universidade de Vigo, por un representante do Consello Galego de Museos e polo director do Museo Provincial de Ponteareas. O premio entregarase nun acto académico que se celebrará en Ponteareas arredor do 31 de marzo de 2004, aniversario do nacemento de Fermín Bouza Brey.

Referencias varias:

- Ángel Palmou, 'Xurxo Alonso', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 35, 'O Saqueo', 15 novembro 2003, p. 13.

Mención da concesión do Premio Fermín Bouza Brey a Xurxo Alonso polo seu poemario *Cidades de area*. Fai un percorrido pola traxectoria deste "artista multidisciplinar" dende os seus comezos na bioloxía marina ata prodigarse na súa verdadeira vocación de pintor e escritor.

- E.P., 'IIIº Premio Bouza Brey de Investigación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 novembro 2003, p. 61.

Anuncio da convocatoria do III edición do Premio de Investigación Fermín Bouza Brey que introduce este ano como novidade a selección para o premio dunha proposta de investigación, non un traballo xa elaborado, que se financia co importe do premio, para así promover traballos de investigación en diferentes áreas de estudo referentes a Ponteareas e ás súas comarcas. Menciónanse tamén as características do mesmo como o prazo de presentación das propostas de investigación ou a dotación económica do premio.

Iº Premio "Centro Ramón Piñeiro" de Ensaio breve

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca por primeira vez este premio no seu décimo aniversario para homenaxear a figura do ilustre galeguista Ramón Piñeiro López e, ao mesmo tempo, contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). Os traballos, que deberán estar asinados cun lema ou pseudónimo, deberán ter unha extensión máxima de sesenta páxinas e mínima de corenta que conteñan de trinta a trinta e dúas liñas por páxina. O autor do ensaio premiado recibirá 3.000 euros e este será publicado na colección "Cadernos Ramón Piñeiro" polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Este galardón será único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, poderá recomendar a publicación de traballos de interese que presentaron pero que non recibiran o premio e así mesmo poderá declaralo deserto. O prazo de presentación de orixinais remata o 28 de outubro. A resolución do xurado, presidido por Anxo González Fernández, e formado por Andrés Torres Queiruga, Xosé Manuel García Iglesias, Anxo Tarrío Varela e Luís Alonso Girgado, deuse a coñecer o 28 de novembro nun acto de homenaxe a Ramón Piñeiro e Constantino García. O gañador desta primeira edición foi o investigador ferrolán José Ángel García López polo traballo titulado *Ideas sobre a lingua galega de Manuel Murguía*.

Referencias varias:

- J.L., 'Convocan o premio de ensaio Ramón Piñeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2003, p. 54.

Anuncia a convocatoria da primeira edición do premio de ensaio "Centro Ramón Piñeiro" e destaca algunhas das bases polas que se rexerá. Así, alude á extensión dos traballos, á temática ou á contía económica do premio.

- E.P., 'José Ángel García López, gañador do I Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 novembro 2003, p. 76.

Anuncia que o gañador do premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve foi José Ángel García cun traballo no que ofrece unha cronoloxía do Rexurdimento e estudia a teoría da lingua de Murguía a partir dos presupostos deste intelectual nas súas obras. Así mesmo recorda algunhas das bases do premio e salienta que a partir desta edición terá unha periodicidade anual.

- Maré, 'García López faise co 'Ramón Piñeiro' de ensaio breve', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 novembro 2003, p. 61.

Indica que o filólogo José Ángel García foi o gañador da primeira edición do premio Ramón Piñeiro de Ensaio cun traballo que versa sobre a lingua de Manuel Murguía. Sinala a contía do galardón e a data de entrega, subliñando que se fai coincidir cunha homenaxe a Constantino García. Destaca ademais a finalidade coa que naceu este premio e remata aludindo ao premiado, do que se indica que proximamente lerá a súa tese de doutoramento sobre a obra poética de Emilio Pita na Universidade da Coruña.

IVº Premio "Manuel Murguía" de Ensaio

Dotado cun premio de 6.050 euros e a publicación da obra gañadora, convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador". Pode concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos á provincia coruñesa. A extensión dos textos será libre e enviaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara, en tamaño DIN A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Deberán enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). O xurado desta IVª edición, composto por Pegerto Saavedra, Xosé Estévez, Xosé María Lema Suárez, Fernando López Alsina e Eduardo Pardo de Guevara, premiou a obra *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manuel Núñez Seixas de entre os catro traballos presentados ao premio.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'As cartas do destino' leva o premio Murguía', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 26 febreiro 2003, p. 67.

Faise eco da concesión a Xosé Núñez Seixas e Raúl Soutelo por *As cartas do destino* da IV edición do Premio Manuel Murguía de Ensaio convocado pola Deputación provincial de A Coruña. Comenta que o xurado subliñou, entre outros aspectos, a novidade da exposición, o rigor metodolóxico e o interese dos resultados expostos no traballo. Pola súa parte, Núñez Seixas resaltou a sorte de atopar a colección de cartas que serviron de base para o estudo, un documento de primeira man a través do cal se puideron coñecer as preocupacións tanto familiares coma políticas dos distintos membros da familia emigrados a América.

- I.M., 'El Manuel Murguía premia un ensayo sobre el lado humano de la emigración', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 26 febreiro 2003, p. 17.

Dáse a coñecer a resolución do xurado deste premio que decidiu galardoar a obra *As cartas do destino* de Raúl Soutelo e Xosé Manuel Núñez Seixas polo "orixinal plantexamento", o seu "rigor metodolóxico" así como polo "interese dos resultados obtidos". Coméntase que se trata dunha investigación que incide, de xeito especial, no lado humano da emigración, centrándose na historia familiar de María Navieras e nas cartas que conservaba, e non só en simples datos estatísticos. Apúntase tamén a ledicia e satisfacción dos dous investigadores

polo galardón recibido.

- M. Guerreiro, 'Unha obra sobre a emigración en San Sadurniño obtén o Manuel Murguía', *La Opinión*, 'Cultura', 26 febreiro 2003, p. 61.

Anuncia que a obra titulada *As cartas do destino*, escrita por Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manuel Núñez Seixas, ven de gañar a IV edición do Premio Manuel Murguía de Ensaio que outorga a Deputación de A Coruña. Recolle as declaracións de Núñez Seixas tras coñecer o fallo do xurado, dicindo que se trata dunha obra que "pretende dar unha nova visión da emigración, desde as historias e os sentimentos dos seus protagonistas." Salienta tamén o dobre valor que teñen os epistolarios, atopados por casualidade, á hora de reflectir non só cuestións privadas sobre a emigración e a familia senón tamén como documento histórico en relación ao mundo social e político do momento. A noticia dá ademais a relación dos membros do xurado, integrado por Pegerto Saavedra, Xosé Estévez, Xosé María Lema, Fernando López Alsina e Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Todos destacaron a obra pola novidade da exposición e tamén polo interese do ensaio para coñecer a emigración dun determinado concello galego.

- N.V., 'Unha obra sobre a emigración en San Sadurniño gaña o "Manuel Murguía"', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 26 febreiro 2003, p. 16.

Recóllense as palabras de Raúl Soutelo, un dos autores do libro *As cartas do destino* xunto con Núñez Seixas, despois de coñecer que a súa obra fora premiada co "Manuel Murguía de Ensaio". Soutelo fala da fonte principal que inspirou o seu traballo, salientando tanto a cantidade coma a calidade das cartas da familia Naveira. Apúntase ademais que esta obra forma parte da súa tese de doutoramento centrada no tema da emigración a América dende San Sadurniño, partindo sempre "dunha perspectiva humana". Remata a noticia citando algúns dos membros do xurado coma aos historiadores Pegerto Saavedra, Eduardo Pardo, Xosé Estévez, Xosé María Lema e Fernando López Alsina.

- Eduardo Álvarez, 'As cartas do destino', *O Correo Galego*, 'AFA', 26 febreiro 2003, p. 32.

Informa da concesión da IV edición do Premio Manuel Murguía de Ensaio á obra *As cartas do destino*, escrita por Núñez Seixas e Raúl Soutelo a partir de varias misivas enviadas dende América por membros dunha mesma familia. Por un lado, Núñez Seixas fálanos da sorte de contar con fontes directas como a colección de cartas de María López Naveira, mais tamén coa súa prodixiosa memoria; por outro, salienta que o contido das mesmas serviu para facer non só un estudo da emigración senón tamén para coñecer os problemas persoais, sociais, políticos e económicos dos dous países nos que viviron os protagonistas. Infórmanos tamén da colaboración de ambos os dous investigadores nun novo proxecto para a editorial vasca Sentoa. Remata citando os nomes dos membros do xurado.

- Mar Barros, 'Núñez Seixas e Raúl Soutelo recollen a memoria da emigración á Arxentina', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 38.

Noticia da concesión da IV edición do Premio Manuel Murguía de ensaio a Núñez Seixas e Raúl Soutelo polo seu traballo *As cartas do destino*, que se sustenta nas duascenas cartas

da emigración que a centenaria María López Naveira gardaba no interior dunha vella caixa e que datan de finais do século XIX e principios do XX. Sinálase que o xurado valorou moi positivamente a novidade da exposición, o emprego da correspondencia e a fonte oral como puntos de partida, o rigor metodolóxico e o emprego de bibliografía actualizada. Tal como Núñez Seixas explica, estas misivas exponen dende unha perspectiva persoal "a situación dos emigrantes, a súa preocupación pola política do país de acollida pero tamén de España, do transcorrer da República e o gran vencello coa súa terra." Con este ensaio inténtase promover o papel dos epistolarios e das fontes orais por parte dos historiadores nas súas investigacións.

IXº Premio "Vicente Risco" de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espacio, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor; nesta edición, os traballos deberán ser presentados antes do 15 de decembro de 2003. O xurado está constituído por cinco membros do mundo da cultura e o seu fallo darase a coñecer na segunda quincena de xaneiro de 2004. Deste modo, na convocatoria realizada no ano 2001 resultou gañador o traballo "Galegos en México (1878-1936). Inmigración e sociedade no alén do mar", de Elixio Villaverde García; o xurado estivo composto por Fernando Acuña Castroviejo (en representación do Concello de Castro Caldelas), Xusto Beramendi e Xosé Carlos Sierra (en representación da Fundación Vicente Risco), Antonio Blanco (en representación do Concello de Allariz) e Francisco Fernández Rei (en representación da Fundación Sotelo Blanco).

Referencias varias:

- AFA, 'A alma viaxeira', *O Correo Galego*, 'AFA', 23 febreiro 2003, p. 49.

Anuncia que Elixio Villaverde remata de gañar o Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais cun estudio sobre a emigración galega a México. Trátase dun traballo presentado baixo o lema *A alma viaxeira de Galiza*, titulado *Galegos en México (1878-1936). Inmigración e sociedade no alén do mar*. Segundo se recolle, o xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo, representante do Concello de Castro Caldelas; Xusto Beramendi e Xosé Carlos Serra, pola Fundación Vicente Risco; Antonio Blanco, por Allariz e Francisco Fernández Rei, da Fundación Sotelo Blanco, destacou a calidade do tema de investigación máis o rigor documental, ao tempo que tamén recomendou a publicación da obra *Álvaro de las Casas. Biografía, obra e documentos*. Remata a noticia aludindo á pasada edición do premio cuxo gañador foi Anxo Fernández Ocampo con *A esperanza bretona*.

- José Miguel A. Giráldez, 'A realidade migratoria segue viva nas pateras ou nos 'mojaos'

de Río Bravo/O libro fala do gran desexo dos galegos de coñecer as Américas', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Galicia/Entrevista', 26 febreiro 2003, p. 14/8.

Conversa co historiador e catedrático de instituto Elixio Villaverde ao serlle concedido o premio Vicente Risco pola súa innovación metodolóxica coa obra *Alma viaxeira de Galiza*. Ao longo da entrevista, afirma que a concesión do premio lle produciu unha gran satisfacción. Fala ademais da paixón que sente polas historias de emigrantes ao nacer nunha das zonas do interior que máis emigrou ao longo da historia- Irixio, Avión, Boborás. Opina tamén sobre a actualidade do tema da emigración nas ciencias sociais destacando que desgraciadamente a realidade migratoria segue moi viva. Remata cunha mención a Pilar Cagiao e Fernando Devoto, en canto o levaron polo camiño de investigación da emigración como "estratexia familiar moi habitual nas familias campesinas" na procura de expectativas de futuro. Trátase pois, segundo nos dí, dunha visión optimista coa que se intenta reconstruír o mecanismo das cadeas migratorias, acompañada polo "desexo de coñecer América que sempre tivemos os galegos" e que se opón á tradicional perspectiva pesimista con que este tema se aborda dende Galicia.

- A.N.T., 'Elixio Villaverde gaña o 'Vicente Risco' cun estudio sobre a emigración a México', *A Nosa Terra*, nº 1.071, 'Cultura', 27 febreiro 2003, p. 38.

Informa da concesión do Premio Vicente Risco a Elixio Villaverde pola súa obra *Galegos en México (1878-1936). Inmigración e sociedade alén do mar*. Trátase dun estudo que se centra no tema da emigración aplicando unha nova metodoloxía que fai uso dos datos que contén o Rexistro Nacional de Estranxeiros de México. Segundo afirma o autor, o seu concepto "cadea intermitente" explica como se foi configurando a colonia de emigrantes galegos en México, salientando os anos 20 como un período fundamental neste proceso. Defende, ademais, que para emigrar "hai que ter un mínimo", rompendo deste xeito a idea de que emigran os máis necesitados.

VIº Premio "Dámaso Alonso" de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egregio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 6.000 euros que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A-4, escritas mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago) antes do 30 de abril de 2003. Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación

filolóxica poderá ser o galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos peninsulares, estudos e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. O xurado, presidido polo Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue, estará formado ademais por catro filólogos nomeados pola Universidade que convoca o premio, e actuará como secretario, con voz e sen voto, unha persoa designada polo Alcalde de Ribadeo. A reunión do xurado terá lugar no Concello de Ribadeo ou na Universidade de Santiago de Compostela nun día do mes de xuño de 2003, no que se fará público o dictame e o nome do premiado. A obra será editada polo Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela con tempo suficiente para ser presentada o 22 de outubro de 2003, data do nacemento de Dámaso Alonso en 1898, ou en datas próximas. O gañador da Vª edición foi Rodrigo G. Cacho coa obra *Talia. La poesía burlesca de Quevedo y sus modelos italianos*.

XIº Premio de investigación "Xohana Torres"

A Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etc. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espacio e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2003 o xurado premiou o traballo de Beatriz Graña, *Voces da memoria. Galegas exiliadas, emigradas e resistentes*.

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Beatriz Graña: 'Na universidade non oín falar do exilio e da guerra civil', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 13 marzo 2003, p. 48.

Entrevista a Beatriz Graña, autora de *Voces da memoria. Mulleres galegas exiliadas, emigradas e resistentes*, que gañou o Premio Xohana Torres de Investigación. En canto á obra, fala de cómo coñeceu ás protagonistas e cómo foi capaz de elaborar un "retrato persoal" de cada unha das dez mulleres que entrevistou, onde o máis importante era a súa propia voz á hora de facer unha interpretación de xénero dos sucesos históricos que lles tocou vivir. Respecto ao tema no que se centra a obra, afirma que foi unha sorpresa para ela o que puido descubrir a través destas mulleres, xa que durante a carreira non tivo formación algunha sobre a Guerra civil. Remata a entrevista referíndose á particular estruturación da obra entre aquelas mulleres que viviron directamente a Guerra e aquelas que sufriron as súas consecuencias.

- Neli Pillado, 'A historia da posguerra galega estaba coxa; faltaba o testemuño das mulleres', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 14 marzo 2003, p. 17.

Entrevista a Beatriz Graña ao acadar o Premio Xohana Torres de Investigación co libro *Voces da Memoria. Mulleres exiliadas, emigradas e resistentes*. Afirmar que con este traballo quería contar a etapa do réxime franquista dende unha perspectiva de xénero a efectos de facer "unha historia paralela, pero complementaria". Canto á elaboración da obra, di que se fundamenta no testemuño de mulleres galeguistas, comunistas... que "viviron as consecuencias do réxime de xeito negativo", salientando aspectos como as represalias sufridas que as levaron ao exilio ou ao cárcere, a vida na dictadura ou os asasinatos e agresións a familiares. Remata destacando o especial interese que tiña por coñecer unha etapa da historia que non coñecía moi ben e coñecela, sobre todo, a través de protagonistas femininas de primeira man.

XVIIIº Premio literario "Ánxel Fole"

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega, sendo o personaxe elixido nesta edición Uxío Novoneyra. Poden optar a el todas as persoas que o desexen, con traballos en galego ou en castelán, inéditos, cunha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espacio, referidos a calquera aspecto da vida ou da obra de Uxío Novoneyra. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. O premio está dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 euros, amais da publicación da obra, e o ditame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio de 2004 coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. O prazo de admisión de orixinais remata o 31 de marzo de 2004 e a este premio non poderán concorrer os redactores de *El Progreso*. Os orixinais non premiados non lles serán devoltos aos seus autores e as entidades convocatorias non manterán correspondencia sobre os mesmos. Na edición do 2003 o xurado estivo constituído por José de Cora Paradela, Manuel María, Xesús Alonso Montero e Ramón Soilán e premiou a única obra presentada ao concurso, *O primeiro Antón Vilar Ponte. Achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908)*, de Emilio Xosé Insua e Carlos Ignacio Novo Cal.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Emilio Insua e Carlos Novo gañan a edición sobre Vilar Ponte', *A Nosa Terra*, nº 1.082, 'Cultura', 15 maio 2003, p. 38.

Indica que Emilio Xosé Insua e Carlos Novo Cal foron os gañadores do Premio Ánxel Fole cunha investigación sobre a época de formación de Antón Vilar Ponte; repasa as bases deste premio e dá conta da convocatoria da próxima edición que estará dedicada a Uxío Novoneyra.

- Maré, 'Cita con Novoneyra', *Galicia Hoxe*, 7 outubro 2003, p. 55.

Dá conta da convocatoria da décimo oitava edición do premio de ensaio "Ánxel Fole", que nesta ocasión se centra en calquera aspecto da vida ou obra de Uxío Novoneyra. Fai, ademais, un repaso dalgunhas das bases deste certame e recorda algúns dos autores nos que se centrou en anteriores ocasións. Finalmente apunta o título e os autores da última obra gañadora, un ensaio centrado en Antón Vilar Ponte.

- Jaureguizar, 'Piden ós gañadores do 'Ánxel Fole' que sigan estudiando a Villar Ponte', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 19 decembro 2003, p. 90.

Recolle as palabras dalgunha das personalidades que participaron no acto de presentación do traballo *O primeiro Antón Villar Ponte*, de Emilio Insua e Carlos Nuevo Cal, galardoados co decimosétimo Premio Ánxel Fole, e que tivo lugar no salón de actos de Caixa Galicia en Lugo. Entre os membros do xurado cabe destacar ao profesor Alonso Montero; ao director de *El Progreso*, José de Cora; ao escritor Manuel María, e o responsábel da Obra Social de Caixa Galicia en Lugo, Ramón Soilán. Entreviú tamén a presidenta do grupo *El Progreso*, Blanca García Montenegro. Todos coincidiron en salientar a necesidade de darlle continuación a este estudo para que unha figura da "magnitude intelectual, política e literaria de Villar Ponte" non quede no olvido.

X.5. EDICIÓNS

VIIº Premio Xerais á "Cooperación no labor editorial"

Con este premio sen dotación económica, a editorial Xerais recoñece publicamente a axuda que, dende distintos ámbitos da edición e da promoción, se presta para a mellor difusión da cultura do noso país. Estes premios entréganse nun acto que cada ano se celebra nun lugar distinto de Galicia e no que tamén se entregan os premios "Xerais" de novela e o "Merlín" de literatura infantil e xuvenil. Este ano tivo lugar en Betanzos e distinguiuse á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), fundada en 1989 e presidida actualmente por Blanca-Ana Roig Rechou, quen recolleu este galardón en nome da Institución.

Referencias varias:

- C.F., 'Xerais distingue a Gálix co premio á cooperación no labor editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2003, p. 52.

Fálase do premio que concede a editorial Xerais á cooperación no labor editorial e anúnciase a entrega dos premios "Xerais" de novela e "Merlín" de literatura infantil que terán lugar na xornada seguinte en Betanzos. Do premio á cooperación infórmase de que xa se deu a coñecer o gañador deste último ano, que neste caso foi a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), presidida neses momentos por Blanca-Ana Roig, e que conta na directiva con Xosé Antonio Perozo e Marilar Aleixandre. Logo coméntase un pouco a actividade da Asociación que está integrada por ilustradores, investigadores ou

escritores; que é a sección galega da Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil, e que, a parte de defender a cultura e a lingua galega no que ten que ver coa literatura infantil e xuvenil, encárgase de promover iniciativas para a difusión destes libros e de representar a Galicia nas institucións e entidades internacionais que teñen que ver con eles. Tamén se dá conta nun breve apartado das novelas finalistas do premio "Xerais": *Destrución*, *O caderno azul*, *Like a lady* e *Cans sen caños*, e dos libros finalistas do "Merlín" *O ferrollo da saudade*, *Cabalos* e *Meloxeira*; e anúnciase para mañá a cerimonia de entrega cun acto literario e musical levado polo escritor Xulio Cuns.

- Camilo Franco, 'O Xerais premia a Jaureguizar por unha novela negra escrita con humor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2003, p. 40.

Santiago Jaureguizar é o gañador do Xerais na edición deste ano coa obra *Casa Skylab*. Na nova faise unha sucinta recensión da súa trama argumental e incídese na mestura de compoñentes reais e ficticios que se introducen.

- X.C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmán do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ambas as dúas. Igualmente dáse ampla referencia do premio á cooperación editorial, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GALIX) da que se realiza un resumo das súas máis subliñábeis accións. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

XIIº Premios "Irmandade do Libro"

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos, engadíndose nesta edición un premio para o mellor libro en galego. As propostas de participación poderán ser presentadas polos interesados, antes do 27 de febreiro de 2003, na Federación de Libreiros de Galicia (Rúa República del Salvador, 28 entrecán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 1.502 euros só na modalidade destinada á promoción da lectura e, en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. As editoriais Galaxia, Xerais, Sotelo Blanco e Edicións Laiovento e os escritores Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín obtiveron este galardón en edicións anteriores. No ano 2003, resultou galardoado na modalidade de autor Suso de Toro; na de libreiros, a librería Lume da Coruña; na de medios de comunicación, a programa "Ó pe da letra", de Televisión Española en Galicia; na de colexios, o CEIP de Vilaboa; na de institucións o Museo do Pobo Galego; e na de mellor libro en galego a *Os xoguetes esquecidos* (2002), de Xosé López González e Xosé Manuel García.

Referencias varias:

- AFA, 'Todo listo para a entrega dos Premios 'Irmandade do Libro'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 6 marzo 2003, p. 68.

Infórmase de que hoxe, día 6 de marzo, a Federación de Libreiros dará a coñecer o gañador do Mellor libro galego do ano 2002. Ademais da categoría anterior fálase doutras coma as de Medios de Comunicación e Novas Tecnoloxías, Autor, Institucións ou Entidades, autor, Centros de Ensino e Libreiros; que se darán a coñecer o día 15 de marzo nun acto que se celebrará en Pontevedra e no que intervirán o escritor Víctor Freixanes e o presidente da Federación, Xaime Carlos Corral Prieto. Ademais do presidente e o tesoureiro da Federación, Ramón Trasende, dises que participarán tamén a presidenta da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo, a secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Iolanda Castaño, e a catedrática de lingua e literatura, María Victoria Moreno, entre outros.

- Belén López, 'A Concellería de Cultura de Pontevedra é finalista nos preimos Irmandade do Libro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí/cultura', 8 marzo 2003, p. 85.

Fálase dos finalistas dos premios "Irmandade do Libro" que se van dar a coñecer o día 15 de marzo. Entre os finalistas noméanse no apartado de centros de ensino os colexios Castrelo (Cambados), Riomaor (Vilaboa) e Cespón (Boiro), e no que se refire ao mellor libro *Os xoguetes esquecidos*, da editora A Nosa Terra; *O principión* publicado por Galaxia, e *Eduardo Pondal. Poemas manuscritos*, de Sotelo Blanco. No que se refire ás librerías optarían ao premio a "Lume", da Coruña e "Pedreira", de Compostela. Tamén aparece como discutido o premio ás institucións, no que compiten o Museo do Pobo Galego e a Concellería de Cultura de Pontevedra. Precisamente, recóllense unhas declaracións do concelleiro de cultura desta cidade nas que di que só o ser finalista é motivo de satisfacción e de recoñecemento por iniciativas como o "Salón do Libro Infantil e Xuvenil" ou o programa "Abril de Libros". O único premio do que, segundo o artigo, xa se sabe a resolución é o de mellor autor do 2002, que recibirá Suso de Toro.

- López Penide, 'Os xoguetes esquecidos', mejor libro del año para los libreros gallegos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 marzo 2003, p. 48.

Comeza referíndose en xeral á décimo segunda edición dos premios "Irmandade do Libro", convocado pola Federación de Libreiros de Galicia. A seguir salientase o premio ao mellor libro que gañou *Os xoguetes esquecidos*, de Xosé López González e Xosé M. García. Cítanse outros premiados como Suso de Toro, na modalidade de autor, o Museo do Pobo Galego como institución, o programa de Televisión Española "Ó pé da letra", na categoría de medios de comunicación, ou o C.E.I.P. Riomaor de Vilaboa no referente aos centros de ensino, no que recibiron tamén dous accésits Crespón, de Boiro e Castrelo, de Cambados. Por último entre as librerías foi premiada a "Lume" de A Coruña. Galardóns que se deron a coñecer nun acto de entrega celebrado no Hotel Galicia Palace de Pontevedra no que participaron numerosos representantes da cultura e a política de Galicia. Os premiados, agás da categoría de centros de ensino que recibiron cartos para mercar libros, foron obsequiados cunha figuriña de bronce deseñada por Ismael López Fernández.

- M. J., 'Gaña o Museo do Pobo Galego', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 marzo 2003, p. 87.

Comenta que os premios "Irmandade do Libro" que concedeu a Federación de Libreiros de Galicia, nesta edición foron para o Museo do Pobo Galego que lle gañou o premio á Concellaría de Cultura do concello de Pontevedra no apartado de institucións; para o programa de televisión española "Ó pé da letra", dirixido por Raquel Domínguez, no apartado de medios de comunicación, ou para o libro *Os xoguetes esquecidos*, publicado pola editora A Nosa Terra. No apartado de centros de ensino o C.E.I.P. Riomaio de Vilaboa. Á cerimonia dise que asistiron entre outros persoeiros da cultura galega, Víctor Freixanes e Xosé Neira Vilas, e que tamén estaba presente o escritor Suso de Toro, recoñecido tamén cun premio pola súa difusión da cultura galega e polo fomento da lectura que fai desde os seus comezos literarios.

- Manuel Bragado, 'Unha escrita que doe', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 16 marzo 2003, p. 28.

Unha reflexión sobre a figura literaria de Suso de Toro, a raíz de ter conseguido o premio ao mellor autor "Irmandade do Libro". Salienta que con este galardón honorífico, concédeselle a Suso de Toro un recoñecemento que se lle negaba á súa traxectoria literaria, aínda sendo un dos autores máis lidos. Destaca Bragado de Suso de Toro non só a súa valía como autor, senón tamén o ser un cidadán comprometido que pretende intervir con decisión nos debates sobre Galicia. Algo que demostrou sobradamente cando a crise do "Prestige" coas crónicas publicadas en *La Vaguardia* e recollidas logo nun libro que considera unha xoia dentro da literatura de intervención. Pero o premio que recibiu, di Manuel Bragado, recoñece ademais desta actitude cívica, vinte anos da mellor narrativa galega, con títulos coma *Polaroid* (1986), *Land Rover* (1988), *Tic-tac* (1993) ou *Calzados Lola* (1997), e cunha ficción sometida a un coidado programa estético co que pretende retratar o mundo do ser humano do noso tempo, retratar o que lle doe ao autor.

- AFA, 'A Federación de Libreiros entregou en Pontevedra os 'Irmandade do Libro'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 17 marzo 2003, p. 68.

Dáse conta da entrega da XII edición dos premios "Irmandade do libro" por parte da Federación de libreiros de Galicia. Segundo se di, no acto de entrega, celebrado en Pontevedra, interviñeron Víctor Fernández e o presidente da federación Xaime Carlos Corral Prieto. Entre os premiados noméanse o Museo do Pobo Galego no que se refire ás institucións, o programa "Ó pé da letra", de Televisión Española en Galicia, no apartado de medios de comunicación e o CEIP Riomaio, de Vilaboa de entre os centro de ensino. O elixido como mellor libro de 2002 foi *Os xoguetes esquecidos*, de Xosé López González e Xosé Manuel García e editado por A Nosa Terra.

- A.N.T., 'Os libreiros escollen 'Os xoguetes esquecidos' como mellor libro do 2002', *A Nosa Terra*, nº 1.074, 'Cultura', 20 marzo 2003, p. 37.

Coméntase a XII edición dos premios "Irmandade do Libro" concedidos pola Federación de

Libreiros de Galicia. Sobre todo fálase do premio ao mellor libro do ano 2002, que foi para *Os xoguetes esquecidos*, un volume da autoría de Xosé López González e Xosé Manuel García e editado por A Nosa Terra. Del dise, seguindo as palabras dos propios autores, que pretende rememorar os xogos das xeracións anteriores, aglutinando un traballo de anos de busca polos concellos. Destácanse as súas ilustracións e as descricións que se fan dos xoguetes, que permiten que os propios nenos poidan confeccionalos. Os outros premios foron para o Museo do Pobo Galego como mellor institución do ano, para o programa de Televisión Española "Ó pé da letra" na categoría de medios de comunicación, ou para Suso de Toro como mellor autor do 2002, no que publicou *Trece Badaladas e Galiza a Intemperie*. Tamén se cita entre os gañadores o CEIP Riomar, de Vilaboa con dotación económica en libros para a biblioteca.

- A.P., 'Premio para uns lectores de primeira', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2003, p. 77.

Fala do CEIP Riomaior de Vilaboa, que resultou gañador do premio "Irmandade do Libro" da Federación de Libreiros de Galicia na categoría de centros educativos. Entre os méritos do colexio para levar o premio salientáase as moitas actividades para os nenos que se realizan, tanto no ámbito cultural coma no da lectura e incluso a escritura. Ademais da gran dotación de medios económicos que dispón para investir en libros, e da súa biblioteca, especialmente deseñada para atraer aos nenos, que se converteu no centro neurálxico desta escola.

X.6. MIXTOS

IIIº Certame de investigación e creación literaria "Terra de Melide"

Convocado por primeira vez no ano 2001 leva a denominación que os membros do Grupo Nós lle deron ao traballo de investigación que publicaron en 1933 e que abranguíu os máis diversos aspectos desta comarca, dende a arqueoloxía, pasando pola xeografía ou os estudos históricos. Está organizado pola comisión de estudos e publicacións do Padroado de Cultura e Deportes de Melide e naceu coa intención de premiar os traballos de poesía, relatos curtos, novelas e traballos de investigación dos veciños melidenses. Sen embargo, na segunda edición as seis modalidades da anterior reducíronse a dúas, e pola contra, a dotación total do premio, que o ano pasado fora de 4.500 euros, pasou na presente convocatoria a 6.000 euros, 3.000 para cada unha das modalidades. Ao apartado de narrativa poden concorrer traballos orixinais de temática libre, en lingua galega e con liberdade de normativa, cunha extensión mínima de cen folios A4; pola súa banda, esta terceira edición é a primeira vez que non se establece a convocatoria destinada aos traballos de investigación. Fixouse a data do 7 de xuño para a entrega de premios como conmemoración da publicación da obra do Grupo Nós. O xurado desta convocatoria, composto por Armando Requeixo, Carmen Dios, Antonio Couceiro, Xoán X. Piñeiro e Franc Meyer, acordou declarar deserto o premio de creación literaria por considerar que ningún dos trinta orixinais presentados gozaba da calidade necesaria.

Referencias varias:

- Natalia Noguero, 'O xurado declara deserto o premio de creación literaria Terra de Melide', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 10 xuño 2003, p. L13.

Anuncia que o xurado da terceira edición do Certame de Creación Literaria Terra de Melide, convocado polo concello de Melide, declarou o premio deserto. O xurado, composto polo crítico literario Armando Requeixo, a xornalista Carmen Dios, o libreiro Antonio Couceiro, o escritor Xoan X. Piñeiro e o editor Franck Meyer, tomou esta decisión de maneira unánime despois de revisar os máis de trinta orixinais presentados. Todos eles consideraron que ningunha das obras presentadas posuía a calidade temática estrutural e estilística necesaria. O premio estaba dotado con seis mil euros e a publicación da obra.

IIIº Premio de traducción "Plácido Castro"

Convocado pola Fundación Plácido Castro para a promoción da obra dos tradutores galegos. A el poden concorrer todos aqueles que teñan publicado na biblioteca virtual www.bivir.com algunha obra da literatura universal en galego entre o 1 de novembro de 2002 e o 31 de decembro de 2003, así como as obras finalistas da anterior edición. O primeiro premio está dotado con 3.000 euros e haberá ademais dous finalistas que poderán participar na terceira edición. Este galardón entregárase no 2004, da mesma forma que neste 2003 se fixo entrega dos premios da segunda convocatoria na que se premiou a Xesús Riveiro pola súa tradución ao galego de *Pola bada de Swann*, o primeiro libro de Marcel Proust; nesa segunda edición tamén resultaron finalistas Alexandra Xoss pola tradución de *Contos* de Antón Chéckov e Emma Lázare pola tradución de *O cura de Tours* de Honor Balzac.

Referencias varias:

- M.V., 'Xesús Riveiro: 'Traduzo o DOG e no meu tempo libre a Proust', *A Nosa Terra*, nº 1.066, 'Fin de semana', 23 xaneiro 2003, p. 33.

Entrevista a Xesús Riveiro último gañador do premio de traducción "Plácido Castro" polo primeiro volume de *Na procura do tempo perdido* de Marcel Proust. Riveiro, que é tradutor da Xunta de Galicia e que no seu tempo libre se dedica a traducción literaria, manifesta as dificultades da traducción e bota en falta unha política activa para difundir e promocionar a lectura dos grandes clásicos en galego.

IIº Premio literario "Benito Soto"

Homenaxeando ao popular pirata Benito Soto, figura altamente representativa da cidade de Pontevedra, a Asociación de Librerías de Pontevedra convocou este premio en 2002 por vez primeira coa finalidade de potenciar tanto a lingua galega coma os seus escritores. O galardón, que non ten dotación económica, consiste en que o autor premiado poida exhibir

o seu libro en todos os escaparates das librerías de Pontevedra durante un ano. Neste premio participan as obras escritas en galego que foran publicadas o ano anterior á data deste premio, e que entre as súas características estean as de ser un libro de espallamento, que comente novas vivencias, que sexa entretido e que divulgue valores novos. Así mesmo, sen descoidar a calidade literaria e os valores das obras, búscase premiar aqueles traballos que satisfagan mellor o gusto dunha maioría posíbel de lectores. Nesta segunda edición premiouse a Fina Casalderrey pola súa obra *A filla das ondas* (2002).

Referencias varias:

- M.L., 'A filla das ondas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xullo 2003, p. 53.

Dásenos aquí noticia da entrega do premio "Benito Soto", concedido pola Agrupación de Libreiros de Pontevedra, a Fina Casalderrey pola súa obra *A filla das ondas* (2002), ilustrado por Xosé Chavete e publicado pola editorial Kalandraka, que ten como tema a historia de Pontevedra. Segundo se di no artigo o premio consiste en expoñer a obra todo o ano nas librerías da cidade e entregouse coincidindo coa inauguración da feira do libro. Infórmase tamén de que a feira está aberta ata o 20 de xuño e contará coa colaboración de Luís Rei Núñez, autor de *O corvo do chapapote*, e dos dous últimos gañadores do premio Merlín, Manuel Lourenzo e Miguel Suárez Abel.

IV Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O premio non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que deben elixir a mellor obra literaria do ano pasado. Algúns autores distinguidos con este premio foron Manuel Rivas ou Xosé Luís Méndez Ferrín. No 2003 concedéuselle este galardón a Marica Campo pola novela *Memoria para Xoana* (2002).

Referencias varias:

- R.G., 'Catro obras compiten para ser o mellor libro galego do ano pasado', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 setembro 2003, p. 46.

Dá conta das obras finalistas da cuarta edición do premio literario que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega: *Resistencia*, de Rosa Aneiros; *Memoria para Xoana*, de Marica Campo; *O libro dos Aparecidos*, de Xerardo Quintiá e *Gameleiros*, de Miro Vilar. O premio consiste nunha pluma estilográfica gravada en ouro, que se entregará durante o transcurso da denominada Cea das Letras. Os libros galardoados nas edicións anteriores foron *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *No ventre do silencio*, de Xosé Luís Méndez Ferrín e a *Obra completa*, de Manuel María.

- E.P., 'Os escritores deciden o seu premio anual', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 setembro 2003, p. 53.

Anuncia os finalistas da cuarta edición do premio literario que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega: Rosa Aneiros con *Resistencia*, Marica Campo con *Memoria para Xoana*, Xerardo Quintiá con *O libro dos Aparecidos* e Miro Vilar con *Gameleiros*. As obras que chegaron á final serán votadas por todos os escritores da Asociación.

- Amaia Mauleón, 'Marica Campo obtiene el premio de los Escritores en Lingua Galega', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 27 setembro 2003, p. 52.

Dá conta da obra gañadora da cuarta edición do galardón que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega ao considerado mellor libro publicado no ano 2003, que recae na novela *Memoria para Xoana*, de Marica Campo. A escritora lucense móstrase moi agradecida por recibir este galardón, dado que é un premio que outorgan os propios compañeiros de profesión. Marica Campo ultima un relato xuvenil titulado "Crispín do Mau, Crispín do mar", que se publicará nun volume colectivo con narracións doutros autores. A secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Yolanda Castaño, afirma que *Memoria para Xoana* foi elixida por un notábel número de votantes, deixando atrás as tres obras finalistas, *Resistencia*, de Rosa Aneiros; *O libro dos Aparecidos*, de Xerardo Quintiá e *Gameleiros*, de Miro Vilar. O galardón foi entregado no transcurso da denominada Cea das Letras, que Castaño espera que se instaure como encontro anual dos escritores galegos.

- A.N.T., 'Marica Campo e Rosa Aneiros, premiadas por escritores e estudantes', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 25.

Dá conta dos nomes dos escritores premiados na novena edición. Indica que a gañadora do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega é Marica Campo, coa novela *Memoria para Xoana*, galardón polo que tamén competía *Resistencia*, de Rosa Aneiros.

LVIIº Premios "Nacionais da Crítica"

Estes premios, que foron convocados por vez primeira en 1956 e son outorgados pola Asociación de críticos literarios de España, distinguen as mellores obras de narrativa e poesía escritas en castelán, galego, catalán e vasco ao longo do ano anterior. No 2003 os escritores galegos galardoados foron Carlos Casares coa obra *O sol do verán* (2002), na modalidade de narrativa; e, na modalidade de poesía, Xavier Seoane co seu poemario *Dársena do ocase* (2002).

Referencias varias:

- Xesús Fraga, 'O sol do verán' obtén para Casares o seu terceiro premio da crítica española', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 abril 2003, p. 45.

Apunta que Carlos Casares obtivo o premio da crítica española na modalidade de narrativa en lingua galega coa novela *O sol do verán*. O escritor ourensán xa fora galardoado con este mesmo premio en 1976 con *Xoguetes para un tempo prohibido* e en 1997 con *Deus*

sentado nun sillón azul. Inclúe as declaracións de Damián Villalaín, secretario da Fundación Carlos Casares, que recalca a calidade da novela e anuncia que a editorial Alfaguara publicará en breve a traducción ao castelán de *O sol do verán*. Así mesmo, sinala que Xavier Seoane foi premiado na modalidade de poesía por *Dársenas do ocase*. Declara que o xurado estivo formado por dezanove críticos, entre os que destaca a Miguel García Posada -quen subliñou a importancia do galardón por ser o único que distingue libros de narrativa e de poesía nas catro linguas de España-, Luciano Rodríguez, Xosé María Dobarro, Rafael Conte, Ángel Basanta, Santos Alonso e Fernando Valls. Pecha o artigo anunciando os gañadores da modalidade de narrativa e poesía en lingua castelá, que foron Enrique Vila Matas por *El mal de Montano* e Vicente Gallego por *Santa Deriva*. Recolle as palabras de Fernando Valls que insiste na orixinalidade e na calidade literaria das obras premiadas e declara que entre os finalistas se barallaban nomes coma os de Javier Marías, Luis Mateo Díez, Luis Landero, José María Merino ou Gabriel García Márquez.

- G.A., 'Premios en galego', *O Correo Galego*, 'AFA', 6 abril 2003, p. 48.

Dá conta dos gañadores do Premio da Crítica Española concedidos pola Asociación de Críticos literarios, que xa vai pola cincuenta e sete edición. Miguel García Posada, presidente da mencionada asociación, manifesta o interese dos premios por carecer de remuneración económica e outorgarse aos libros de poesía e narrativa nas catro linguas do Estado. Na modalidade de narrativa e poesía en lingua galega foron premiados Carlos Casares e Xavier Seoane por *O sol do verán* e *Dársena do ocase* respectivamente. Enrique Vila Matas por *El mal de Montano* e Vicente Gallego por *Santa Deriva* recibiron os premios da Crítica en lingua castelá. En catalá foi galardoada a novela *Societat Limitada*, de Ferran Torrent e o poemario *Lles inminencies*, de Marius Sampere. En lingua éuscara, recibiron o premio Pello Lizarralde pola novela *Larrepetit* e Juan kruz Igerabide polo poemario *Mailu Isila*. Finalmente, apunta que na modalidade de narrativa en castelá baralláronse nomes coma os de Javier Marías, Luis Mateo Díez, Luis Landero, José María Merino ou Gabriel García Márquez.

- Elisa Silió/Rosa Mora, 'Enrique Vila-Matas gana el Premio de la Crítica', *El País*, 'La cultura', 6 abril 2003, p. 38.

Anuncia que un xurado de dezanove membros da Asociación de Críticos Literarios presidido por Miguel García Posada outorgou o Premio da Crítica á mellor obra en prosa en lingua castelá a Enrique Vila Matas por *El mal de Montano*. Fernando Valls, un dos membros do xurado, manifestou a calidade e a orixinalidade da novela e constatou que hai algo de Don Quijote na obra. Vila Matas declarouse moi satisfeito co premio e anunciou que acaba de rematar a novela *París no se acaba nunca*, na que relata os anos que pasou en París entre 1974 e 1976, onde foi "pobre e infeliz". Vicente Gallego recibiu o Premio da Crítica na modalidade de poesía por *Santa Deriva*. Gallego declarou que tardou tres anos en escribir a obra. Na modalidade de narrativa e poesía en lingua galega foron premiados Carlos Casares por *O sol do verán* (Galaxia) e Xavier Seoane por *Dársena do ocase* (Danu). En catalán, foi galardoada a novela *Societat Limitada* (Columna y Bromera), de Ferran Torrent e o poemario *Lles inminencies* (Edicions Proa), de Marius Sampere. En éuscaro, recibiron o premio Pello Lizarralde pola novela *Larrepetit* (Erein) e Juan Kruz Igerabide polo poemario *Mailu Isila* (Alberdania).

- Ángel Vivas, 'No pienso dejar de ser escritor de culto', afirma Enrique Vila-Matas', *El Mundo*, 'Cultura', 6 abril 2003, p. 53.

Anuncia que Enrique Vila Matas e Vicente Gallego gañaron o Premio da Crítica, pola súa novela *El mal de Montano* (Anagrama) e polo seu poemario *Santa Deriva* (Visor) respectivamente. O xurado estivo formado entre outros por Miguel García Posada, Santos Alonso, Ángel Basanta, Mauro Armiño, Jorge Urrutia, Rafael Conte e Fernando Valls. *El mal de Montano* estivo nas listas dos libros máis vendidos e o seu autor manifesta a súa intención de seguir sendo un escritor de culto, condición da que tamén dan conta os numerosos premios que recibiu. Vila Matas declara que os premios axudan á venda dos libros e con respecto a súa relación coa crítica explica que é un tanto conflictiva. Entre os autores que competiron con Vila Matas polo galardón, destaca a Luis Mateo Díez, Luis Landero, José María Merino, Gabriel García Márquez, Francisco Javier Avila ou Javier Marías. O premio da crítica tamén se ocupa do resto das linguas de España. Na modalidade de narrativa e poesía en lingua galega foron premiados Carlos Casares por *O sol do verán* e Xavier Seoane por *Dársena do ocase*. En catalán, foi galardoada a novela *Societat Limitada*, de Ferran Torrent e o poemario *Lles inminencies*, de Marius Sampere. En lingua vasca, gañou Pello Lizarralde pola novela *Larrepetit* e Juan Kruz Igerabide polo poemario *Mailu Isila*.

- A.N.T., 'Casares e Xavier Seoane, premios da 'Crítica', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 31.

Destaca os gañadores en lingua galega do Premio da Crítica española que foron Carlos Casares pola novela *O sol do verán* e Xavier Seoane polo poemario *Dársenas do ocase*. Así mesmo dá conta dos premiados no resto das linguas do estado. En castelán recibiron o Premio Enrique Vila Matas por *El mal de Montano* e Vicente Gallego por *Santa Deriva*. En catalán foi galardoada a novela *Societat Limitada*, de Ferran Torrent e o poemario *Lles inminencies*, de Marius Sampere. Finalmente, en vasco, foron premiadas a novela *Larrepetit* de Pello Lizarralde e o poemario *Mailu Isila*, de Juan Kruz Igerabide.

VIIIº Certame literario "Manuel Orestes Rodríguez López"

Convocado polo Concello de Paradelas para honrar a figura de Manuel Orestes Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras en galego ou en castelán. Está organizado nas modalidades de narrativa e poesía e consta de 600 euros para cada unha. Para obter máis información arredor das bases deste premio, cómpre dirixirse ao Concello convocante. Nesta edición o xurado estivo presidido polo alcalde da Paradelas, Xosé Manuel Mato Díaz, e conformado por Antonio Calvo Varela, Santiago Rodríguez López, Xesús Mato Mato, Xulio Xiz, Darío Xohán Cabana e Xavier Rodríguez Barrio. Estes persoeiros acordaron premiar, de entre os cento cincuenta e catro traballos presentados (setenta e oito de poesía e setenta e seis de narrativa), no apartado de galego, a Alexandre Nerium (poesía) e Xaime Domingo Toxo (narrativa). Dada a calidade das obras, decidiron tamén distinguir cun accésit a Francisco Piñeiro González (poesía) e a Xoán Xosé García López (narrativa).

Referencias varias:

- Víctor L. Villarabid, 'Un murciano y un fisterrán comparten el 'Manuel Orestes Rodríguez' de poesía', *El Progreso*, 'Sarria', 27 febreiro 2003, p. 16.

Nota de prensa na que se comunican os resultados da oitava edición do premio "Manuel Orestes Rodríguez", tanto no apartado de poesía coma no de narrativa. Sublíñase que no primeiro deles, o gañador en versión galega foi Alexandre Nerium, aínda que non se indica o título do traballo que o fixo vencedor. Tamén se dan os nomes dos membros do xurado, e destácase que entre os participantes había algúns de procedencia estadounidense, cubana, inglesa ou francesa.

XVº Premios "Grugalma" de artigos e poesía

O Grupo Cultural "Galicia en Madrid" convoca, na súa décimo quinta edición, os seus premios de artigos e poesía: Premio de artigos "Profesor José Fernando Filgueira Valverde", Premio de artigos "Xeneral-Descubridor Francisco Antonio Mourelle de la Rúa" e o Premio de creación poética "Nelson Zúmel"; a este último poden presentarse poemas de entre cincuenta e cincuenta e seis versos, preferibelmente nun dos xéneros da métrica clásica española, escritos en lingua galega ou castelá. A contía do premio é de cento vinte euros e a súa publicación na revista; así mesmo, poderase conceder un accésit, consistente en diploma e a súa publicación.

Referencias varias:

- Rodríguez Maneiro, 'El grupo cultural de Galicia en Madrid', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 31 xaneiro 2003, p. 19.

Alaba a labor do Grupo Cultural Galicia en Madrid (Crugalma) ao fronte do cal está Manuel Mourelle de Lema. Este grupo, ademais de organizar conferencias e xornadas dedicadas a diversas áreas de coñecemento relacionándoas sempre con Galicia, convoca os premios "Crugalma" de artigos e de poesía. Os premios de artigos levan por título "Profesor José Fernando Filgueira Valverde" e "General descubridor Francisco Antonio Mourelle de la Rúa" e o premio de poesía denomínase "Nelson Zume". O premio "Profesor José Fernando Filgueira Valverde" está destinado ao mellor traballo de investigación sobre Historia, Literatura, Periodismo ou Bellas Artes relacionado coa Galicia contemporánea. O premio "General descubridor Francisco Antonio Mourelle de la Rúa" destínase ao mellor estudo sobre Historia Lingüística ou Literatura españolas dos séculos XVIII e XIX. Finalmente, ao premio de poesía poderán optar obras en castelán e en galego.

XXIXº Certame literario do "Concello de Vilalba"

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario dende 1984 para premiar o mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado

con 3.000 euros e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 900 euros, diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais do autor e baixo plica, teñen que enviarse ao Concello de Vilalba. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñece ata o momento do resultado. Nesta edición a admisión de traballos rematou o 24 de xullo, o ditame do xurado deuse a coñecer en agosto e a entrega de premios foi o 30 dese mesmo mes. O xurado, composto por José María García-Leira, como presidente, José Antonio Pombo, Bernardo García Cendán, Félix Villares e Xulio Xiz Ramil, outorgou o premio de narrativa ao vilalbés Paulo Naseiro Ramudo por *Magyar Posta* e que o de poesía fose *ex aequo* para Vicente Piñeiro por *Señor, as túas pupilas son moi azuis*, a María Xosé Lamas, por *Tempos verbais* e a Pablo Bouza Suárez por *Áncoras de agoiros*. Ademais o xurado outorgou un accésit con diploma de honra a Eugenio García Amor polo poema *Estampas de Vilalba*.

Referencias varias:

- F.V., 'Fraga impuso las bandas a las reinas y damas de San Ramón', *El Progreso*, 'Terra Chá', 31 agosto 2003, p. 21.

Dá conta dos gañadores dos premios da XXIX edición do certame literario "Concello de Vilalba". Paulo Naseiro recibiu o premio de narrativa dotado con tres mil euros pola súa novela *Magyar Posta*. O premio de poesía dotado con novecentos euros recaeu *ex aequo* en María José Lamas por *Tempos verbais*, en Vicente Piñeiro por *Señor, as túas pupilas son moi azuis* e en Pablo Bouza por *Áncoras de agoiros*. Así mesmo o xurado concedeu un accésit ao poema "Estampas de Vilalba", de Eugenio García Amor, párroco da igrexa de Vilalba. O acto de entrega de premios tivo lugar no auditorio vilalbés o 29 de agosto e o xurado estivo formado por José María García-Leira, concelleiro de Cultura, José Antonio Pombo, subdirector xeral de Política Lingüística, Bernardo García Cendán, profesor de Socioloxía, Félix Villares, vicario da diocese de Mondoñedo-Ferrol e Xulio Xiz Ramil, xornalista da comarca.

XXVIº Premios da "Crítica de Galicia"

Estes premios están convocados polo Círculo Ourenán Vigüés dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e

indivisíbel, podendo quedar deserto. Todas as producións que se consideren merecedoras de premio terán que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compoñeráse de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de recoñecida competencia, alomenos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, correspondéndolles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da "Crítica Galicia" abranguen as modalidades seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluída o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atínxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producións de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergáranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se estime merecente dela. Neste ano 2003 os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes:

- "Investigación": Manuel González González, Carmen García Mateo, Eduardo Rodríguez Banga e Elisa Fernández Rei por *Diccionario de verbos galegos*. Laverca.
- "Ensaio e Pensamento": Ramón Piñeiro por *Da miña acordanza. Memorias* (2002),

unha serie de conversacións transcritas por Carlos Casares.

- "Creación Literaria": Carlos Casares pola súa *O sol do verán* (2002), editada postumamente.
- "Iniciativas Culturais": Biblioteca Galega 120, pola popularización e promoción da cultura galega e o espallamento da literatura galega entre o gran público. O xurado tamén fixo unha mención especial á plataforma Nunca Máis polo seu traballo en prol da dinamización artística e cultural.
- "Ciencias e Artes da Representación": Arturo Baltar, artista premiado por ser un referente de toda a gran plástica que Ourense aportou e aporta a Galicia.
- "Música": David Alonso.
- "Galego egrexio": Antón López Rivas.

Outros galardoados con anterioridade foran Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Andrés Torres Queiruga, Daniel García Ramos, Isaac Díaz Pardo, Basilio Losada, Milladoiro, a Editorial Galaxia, Olegario Sotelo Blanco e Carlos Casares Mouriño.

Referencias varias:

- A. Quian, 'Os Premios da Crítica-Galicia reivindicán o galeguismo solidario cos pobos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 1 maio 2003, p. 43.

Anuncia que a XXVI edición dos Premios da crítica de Galicia celebrarase o 10 de maio no Centro Cultural Caixanova de Vigo co lema "Galeguismo solidario", para tentar transmitir que en Galicia, coma no resto do mundo, se está a producir unha mestura de razas e de culturas. Finalmente, apunta que un dos actos fundamentais da gala será a lectura en vinte e dúas linguas distintas do poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro.

- Jorge Lamas, 'A Fundación Premios da Crítica avoga pola integración cultural dos inmigrantes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 maio 2003, p. 40.

Informa que a próxima cerimonia de entrega dos Premios da Crítica de Galicia celebrarase o 10 de maio co lema "Galeguismo solidario". Xosé González, presidente da Fundación Premios da Crítica de Galicia, considera que os galegos deben facer todo o posíbel por integrar aos inmigrantes na nosa sociedade. Como símbolo desta necesidade e desexo de integración vaise editar un libro que recolle a tradución do poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro en vinte e dous idiomas distintos; sinala que a tradución ao sueco fíxoa Hakan Casares e ao árabe Ghaleb Jaber Ibrahim, presidente da Fundación Araguaney. Revela que o galardón ao Galego Egrexio do ano será para o mago Antón. Inclúe o [poema](#) "Irmaus".

- D.R., 'Los Premios de la Crítica destacarán la integración de los inmigrantes', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 1 maio 2003, p. 15.

Dá conta do lema da XXVI edición dos Premios da Crítica de Galicia que será "Galeguismo solidario", co que se pretende reivindicar a integración dos inmigrantes na vida laboral, social e cultural de Galicia, de feito na presentación dos Premios estiveron varios inmigrantes residentes en Vigo. Os premios da Crítica de Galicia repártense en seis categorías: creación literaria, ensaio, investigación, música, iniciativas culturais e ciencias das artes e da representación. Ademais, concédese o galardón de "Galego Egrexio", que este ano será para o Mago Antón, por ofrecer o seu espectáculo en galego e ser coñecido en todo o mundo. Este mesmo galardón recibírono persoeiros da talla de Francisco Fernández del Riego ou Carlos Casares.

- Salvador Rodríguez, 'Os inmigrantes tamén deben facer Galicia', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 42, 'Entrevista', 8 maio 2003, p. III.

Xosé González, presidente da Fundación Premios da Crítica, apunta que o progresivo aumento de inmigrantes en Galicia motivou a elección da inmigración como eixe temático da edición deste ano dos Premios da Crítica de Galicia. Segundo Xosé González, débese intentar conseguir que os inmigrantes que se establecen en Galicia saiban que esta rexión ten unha lingua e unha cultura de seu. Como acto simbólico, desde a Fundación dos Premios da Crítica traduciron o poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro a vinte e cinco idiomas. Indica que o ensino é a peza clave para conseguir a integración dos inmigrantes, considera que en Galicia non existen forzas políticas xenófobas de ultradereita e aposta por unha sociedade plural que conxugue a defensa da cultura do país que recibe aos inmigrantes cos dereitos dos propios inmigrantes.

- Begoña R. Sotelino, 'A Biblioteca 120 de La Voz recibe o Premio da Crítica de Iniciativas Culturais', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 maio 2003, p. 56.

Destaca que a colección Biblioteca Galega 120 distribuída polo xornal *La voz de Galicia* recibiu o Premio da Crítica de "Iniciativas Culturais", por popularizar e promocionar a cultura galega e espallar a literatura galega entre o gran público. A Biblioteca 120 editou obras de cento dezanove autores galegos, máis dous volumes nos que se recollen os artigos e as entrevistas aos escritores vivos que foron publicándose no xornal periodicamente. Dentro desta categoría tamén se fixo unha mención especial á dinamización artística e cultural que desenvolveu a plataforma Nunca Máis e o colectivo Burla Negra. O xurado estivo presidido por Xosé Benito Reza, en representación dos Pobos do Couto Mixto, gañadores da edición anterior, e estivo composto por Fabiola Sotelo, Guillermo Brea, Yolanda Castaño, Ramón Gómez, Fernando Cuñarro e Manuel Roca. Apunta tamén que os Premios da Crítica de Galicia naceron en 1977 en Vigo, impulsados por Bieito Ledo e Xosé González Martínez para recompensar o labor daquelas persoas, empresas e institucións a prol da normalización lingüística e cultural de Galicia. Así mesmo tamén apunta os gañadores das outras modalidades que forman os Premios da Crítica de Galicia: Carlos Casares, finado o pasado ano, foi distinguido co premio de Creación literaria por *O sol do verán* e co premio de ensaio e pensamento por *Da miña acordanza. Memorias de Ramón Piñeiro*. No apartado de Investigación o premio recaeu no *Diccionario de verbos galegos* elaborado por Manuel González González, Carmen García Mateo, Eduardo Rodríguez Banga e Elisa Fernández Rei e publicado por Xerais. O escultor Arturo Baltar recibiu o

premio de Ciencias e Artes da Representación. David F. Alonso, membro da Orquestra Sinfónica de Baviera, recibiu o premio de Música. A Antón López Rivas, o mago Antón concedéronlle o galardón de "Galego Egrexio". A primeira persoa distinguida con este premio foi Francisco Fernández del Riego en 1993. Sucesivamente os merecedores do título foron Andrés Torres Queiruga, Xosé Filgueira Valverde, Daniel García Ramos, Isaac Díaz Pardo, Basilio Losada, o grupo folk Milladoiro, a editorial Galaxia, Olegario Sotelo Blanco e Carlos Casares. A gala estivo marcada polo lema "Galeguismo solidario" que proclamaba o irmanamento entre o pobo galego e os inmigrantes que viven en terras galegas. Como acto simbólico, a organización convidou a dezaseis persoas de quince países distintos que residen en Galicia a subir o escenario para ler o poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro. Este poema publicouse nunha edición especial para o evento que recolle a tradución do mesmo en vinte e catro linguas distintas.

- Alberto Quián, 'Os Premios da Crítica-Galicia recoñecen a labor literaria e ensaística de Carlos Casares', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 11 maio 2003, p. 44.

Dá conta dos galardoados cos Premios da Crítica de Galicia. Carlos Casares foi distinguido co premio de "Creación literaria" por *O sol do verán* e co premio de "Ensaio e pensamento" por *Da miña acordanza. Memorias de Ramón Piñeiro*. No apartado de "Investigación" o premio recaeu no *Diccionario de verbos galegos. Laverca* elaborado por Manuel González González, Carmen García Mateo, Eduardo Rodríguez Banga e Elisa Fernández Rei e publicado por Xerais. O premio de "Ciencias e Artes da Representación" foi para Arturo Baltar. David F. Alonso recibiu o premio de "Música". O premio de "Iniciativas Culturais" recaeu na Biblioteca 120, distribuída polo xornal *La voz de Galicia*, ademais fíxose unha mención especial ao labor das plataformas galegas *Nunca Máis* e *Burla Negra*. O mago Antón foi distinguido co premio "Galego Egrexio". Finalmente, informa que o lema da cerimonia da entrega dos premios foi "Galeguismo solidario", co que se trata de reivindicar unha Galicia integradora e solidaria cos pobos e culturas de todo o mundo. Para simbolizar isto léronse en vinte e dúas linguas distintas o poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro.

- Víctor F. Freixanes, 'Letras galegas', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 17 maio 2003, p. 17.

Entre outros asuntos, Freixanes refírese á gala de entrega dos Premios da Crítica de Galicia, da que destaca a lectura en vinte e dúas linguas distintas do poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro. O autor reflexiona sobre o fenómeno da inmigración en Galicia e cita algúns dos inmigrantes egrexios que traballaron a prol da reconstrución histórica da identidade galega como Andrés Martínez Salazar, Juan Fernández Latorre, Cruz Gallástegui, Marilar Aleixandre, Kristina Berg, Úrsula Heinze, Víctor Omgba, etc.

XXXº Certame Literario "Meigas e Trasgos"

Convócao o Centro Cultural Meigas e Trasgos de Sarria e a el poden concorrer contos escritos en galego, que teñan como protagonistas as meigas e os trasgos, e poemas de tema libre. Concédense tres premios iguais en cada unha das modalidades, de tal modo que o primeiro será de 750 euros, o segundo de 300 euros, e o terceiro consistirá nunha mención

de honra en prata. Os traballos enviaranse antes do 10 de agosto a: Centro Cultural "Meigas e Tragos C.I.T.", Apdo. 11. 27680 Sarria (Lugo). Os gañadores, que se deron a coñecer en agosto foron: na modalidade de poesía, Fernando Díaz-Castroverde Gómez por *Delirio do xoguete*, primeiro premio; Agustín Hermida Castro por *Sonetos suados en brazos de...*, segundo premio; e Bernardo Vázquez y Gil por *Eu amo a María*, que acadou o terceiro premio. En canto á categoría de prosa, o primeiro premio quedou deserto, o segundo foi para Emma Pedreira con *Yule*, e o terceiro para Luis Seijido Rodríguez por *Os ollos do antílope*.

X.7. PREMIOS A UNHA VIDA

IIº "Gallegos del Mundo". Premios de las Artes y de la Ciencia

Convocado pola Xunta de Galicia e a Unidade Editorial, S.A., editora do xornal *El Mundo*, estes premios bianuais pretenden homenaxear o labor daqueles que destacaron na divulgación da cultura, tradición e valores galegos. Os responsábeis da outorgación destas distincións serán, por unha banda, representantes das dúas institucións convocantes (a Xunta e Unidade Editorial), e pola outra, personalidades independentes e relevantes dos ámbitos das artes e da ciencia de Galicia. Estrutúranse en seis categorías: "letras e humanidades"; "artes plásticas e arquitectura"; "artes escénicas, cinematografía e artes audiovisuais"; "música"; "ciencia" e "investigación". Na súa segunda edición, o xurado estivo conformado, entre outros, polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne; o Conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela; o rector da Universidade de Santiago de Compostela, Senén Barro Ameneiro; o director do xornal *El Mundo*, Pedro J. Ramírez; a directora do suplemento *El Cultural*, Blanca Berasátegui; o compositor Rogelio Groba, o arquitecto César Portela, e o director de cine Xavier Villaverde. No tocante á literatura galega, interesa destacar que na categoría de "letras e humanidades" o galardón recaeu en Francisco Fernández del Riego "pola súa brillante traxectoria profesional como presidente da Real Academia Galega desde 1997 ata decembro de 2001 e pola súa labor intelectual". Foille entregada unha escultura de Francisco Leiro o día 5 de maio.

IIº Premio "Ramón Piñeiro. Facer País"

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, co que se pretende ensalzar a vida e obra de persoa e institucións que no día a día loitan por facer país. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo. Nesta segunda edición o galardón, consistente nunha escultura de Primitivo Larou, concedéuselle ao actor galego Luís Tosar como recoñecemento do seu labor na difusión de Galicia e o seu compromiso cos movementos sociais.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Decídese en Lugo o Premio 'Ramón Piñeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 agosto 2003, p. 42.

Infórmase da convocatoria da segunda edición do premio "Ramón Piñeiro. Facer País" feita pública en Lugo e organizada pola asociación cultural Val de Láncara co obxectivo de recoñecer o labor dunha personalidade ou empresa en defensa de Galicia. O xurado está formado por máis de quince asociacións culturais da comarca de Sarria.

- MARÉ, 'Tosar gaña o 'Ramón Piñeiro. Facer País', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 agosto 2003, p. 46.

Anúnciase a concesión do premio "Ramón Piñeiro. Facer País" ao actor lucense Luís Tosar, outorgado pola Asociación Cultural Val de Láncara. O actor é merecido gañador tanto pola súa "traxectoria persoal e profesional" coma polo "forte compromiso con Galicia", como salientou Aníbal Piñeiro, irmán de Ramón Piñeiro. Esta iniciativa naceu o ano pasado coa concesión do premio a Isaac Díaz Pardo, co obxectivo de "distinguir o labor dos que se dedican a dignificar o país e a súa cultura".

- MARÉ, 'Luís Tosar recibe o sábado o Premio 'Ramón Piñeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 outubro 2003, p. 42.

Recolle a noticia da concesión do premio "Ramón Piñeiro. Facer País" a Luís Tosar polo "seu labor na difusión de Galicia e o seu compromiso cos movementos sociais". Salienta que esta é a segunda edición, que a primeira recaeu en Isaac Díaz Pardo, que se celebrará o acto de entrega na antiga casa do concello de Carracedo e que está organizado pola Asociación Cultural de Láncara coa colaboración do concello e de distintas entidades da comarca de Sarria. Ao homenaxeado entregáraselle unha escultura de Primitivo Lareu.

- Ruth Fernández, 'Luís Tosar en Láncara', *Galicia Hoxe*, 'Noticias cotiás', 22 outubro 2003, p. 4.

Comenta o acto no que tivo lugar a entrega do premio "Ramón Piñeiro. Facer País" outorgado no 2003 a Luís Tosar. O evento levouse a cabo o día 4 de outubro en Láncara ao que asistiron ademais do homenaxeado outros personaxes destacados como Antón Reixa, Fernán Vello ou Paco Pestana. Na parte final do artigo salientase a evolución de Tosar desde a súa aparición en "Mareas Vivas" até acadar o Goya e a Cuncha de Prata de San Sebastián, por películas como *Te doy mis ojos* ou *Os luns ao sol*.

Iº Premio Pen Clube

Premio convocado polo PEN Club de Galicia e patrocinado pola Dirección Xeral de Política Lingüística co que se pretende recoñecer e salientar a traxectoria literaria dos membros do club. Nesta primeira edición acordouse, por unanimidade, concederlle o premio a Bernardino Graña; o galardón, que foi entregado no transcurso dun xantar de homenaxe que se celebrou o 13 de novembro, consiste nunha peza orixinal e exclusiva do escultor Francisco Pazos.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A póla literaria do Xacobeo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2003, p. 53.

Anúnciase o programa literario que coincide co ano xubilar e pretende ser precisamente a ponla literaria do Xacobeo 2004 co encontro *Escritores no Camiño* consistente en debates sobre a problemática do escritor e do libro e a tentativa de promocionar aos autores.

Arranca o programa en León- Fromista co foro *Letras e Camiños do século XXI*, seguido en xuño de 2004 en Compostela co *Escritor na sociedade da información* e como remate e en outubro *As literaturas atlánticas en Finis Terrae* onde se reunirán autores das diferentes literaturas minorizadas europeas. Ademais, amósase aquí tamén, a entrega do primeiro premio Pen Clube ao poeta, narrador e autor dramático, Bernardino Graña.

- Alberto Quián, 'Sinto orgullo de ser da xente mariñeira e de terlle cantado ao mar', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 19 novembro 2003, p. 41.

Fáiselles aquí unha enquisa ao primeiro gañador do Pen Clube, Bernardino Graña, onde o poeta fala da importancia do mar na súa obra debido á ligazón deste coa súa vila natal, Cangas do Morrazo, así como do cuestionamento da literatura infantil como xénero literario.

- C.V., 'O PEN réndelle homenaxe a Bernardino Graña', *A Nosa Terra*, nº 1.105, 'Cultura', 20 novembro 2003, p. 24.

Menciónase a creación dun premio con carácter honorífico polo Pen Clube, onde o primeiro galardoado será o poeta Bernardino Graña, tanto polo seu importante labor literario durante cincuenta anos coma polo seu total compromiso coa lingua. Ademais o presidente da asociación, Luís González Tosar xunto coa secretaria Helena Villar, valoraron tamén a relación de Graña co PEN de Galiza xa que foi promotor do primeiro intento de creación da sección galega da entidade no ano 1977. O premio consiste nunha peza do escultor Francisco Pazos. Alén disto, anúncianse os principais actos para o ano 2004 como a celebración do Xacobeo 2004 con *Escritores no camiño*, ou a entrega dos V Premios *Rosalía de Castro* de carácter bianual e destinados a escritores de linguas peninsulares distintas ao galego.

- Mercedes Angueira, 'O PEN Clube de Galicia premia a traxectoria de Bernardino Graña', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 22 novembro 2003, p. 36.

Fálase do recente premio creado polo Pen Clube que ten como obxectivo principal recoñecer a traxectoria literaria dos membros da asociación. Está patrocinado pola Dirección Xeral de Política Lingüística dependente da Consellaría de Educación de Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza. Anúnciase, entón o primeiro galardoado deste premio, Bernardino Graña que en declaracións a "Arousa, un mar de cultura", se amosou moi satisfeito de recibir este premio. Dísenos despois que o PEN está formado por sesenta escritores aos que se lles engadirá no mes de nadal de 2003 Ramón Caride, Inma López, Román Raña, Xavier Seoane, Marcos Valcárcel ou Miro Villar, e fálasenos das

iniciativas que no ano 2004 ten previstas o PEN como é a promoción de novas publicacións que permitan que a literatura e os autores galegos se expandan a públicos máis alá de Galiza; este é o caso da colección de poesía patrocinada por Caixa Galicia "Arte de Trovar".

- MARÉ, 'O premio do xogar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 decembro 2003, p. 51.

Anúnciase a homenaxe ao poeta Bernardino Graña ao ser galardoado co primeiro premio do Pen Clube, cun xantar literario no Hotel Palacio do Carme de Compostela. Incídese ademais no recoñecemento a un talante combativo e dinamizador de Graña xa desde os anos de Brais Pinto en Madrid ou na sección galega do PEN. Recórdase a súa figura nos anos sesenta que lle levaron á publicación de *Profecía do mar* (1966) así como o seu actual labor a piques de sacar do prelo tres novas obras.

- Marcos Valcárcel, 'Bernardino Graña, entre amigos', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Cultura', 13 decembro 2003, p. 64/75.

Faise referencia á homenaxe en Nogueira de Ramuín ao escritor Fernández Ferreiro, froito do grupo Brais Pinto que coincidiu con Bernardino Graña que recibe agora o premio Pen Clube lembrando que este foi un dos primeiros impulsores da creación dun centro galego do PEN internacional no 1977. Recórdanse ademais algunhas obras do autor de Cangas como *Poema dun home que quixo vivir*, de 1958, *Profecía do mar* di ano 1966, ou *Contos populares da provincia de Lugo*.

- MARÉ, 'Árbore pensativa, rebelde', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 decembro 2003, p. 61.

Recóllese aquí a homenaxe que se lle adicou a Bernardino Graña en Compostela ao ser galardoado co premio do Pen Clube, nun xantar literario no hotel do barrio do Carme onde acudiron boa parte dos membros da asociación e responsábeis dos máis diversos ámbitos do país vencellados á cultura e nos que interviron a secretaria da asociación Helena Villar ou Méndez Ferrín este último insistindo na fusión de poesía e política feita polo poeta de Cangas, así como a fundación das asembleas de poetas, creador do primeiro PEN galego e da Asociación de Escritores, membro do grupo Marabunta de Salamanca ou de Brais Pinto.

- M.B., 'O Pen Clube premia os 50 anos de escritura de Graña', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 14 decembro 2003, p. L2.

Refírese ao acto de homenaxe a Bernardino Graña polo premio que recibiu polo PEN galego onde se lle galardoou cunha peza orixinal do escultor Francisco Pazos ademais de contar coa presenza de outros autores como Freixanes, Alfredo Conde, Xavier Alcalá, Luz Pozo, Isaac Díaz Pardo ou Méndez Ferrín, este último como mantedor do acto fixo unha evocación da traxectoria de cincuenta anos como escritor de Bernardino Graña. Ademais, aproveitouse para acoller no Pen Clube a novos membros como Marcos Valcárcel, Miro Villar, Caride Ogando, López Silva e Xavier Seoane.

- Carme Vidal, 'Bernardino Graña', *A Nosa Terra*, nº 1.109, 'Cultura', 18 decembro 2003, p. 29.

Esta é unha enquisa feita a Bernardino Graña cando recibe o premio Eixo Atlántico pola súa primeira novela *Protoevanxeo do neto de Herodes*, tendo no prelo un novo libro poético *Sen sombra e sen amor* e recibindo o primeiro premio do Pen Clube. Bernardino Graña fala da súa enfermidade, do interese que lle está producindo o tema bíblico así como do desastre do Prestige. Faise ademais unha pequena recensión sobre o acto de homenaxe o día 13 de decembro de 2003 que se lle fixo ao recibir o premio PEN galego onde estivo acompañado de numerosos escritores e amigos que salientaron o seu labor literario.

- Xulio Valcárcel, 'Premio PEN Clube 2003 para Bernardino Graña', *El Correo Gallego*, 'La Galería', nº 289, 'Páxina literaria', 21 decembro 2003, p. 4.

Recórdase o acto de homenaxe a Bernardino Graña ao recibir o premio Pen Clube que se lle outorga como recoñecemento a aqueles membros que se destacan na defensa dos principios do PEN. Alúdese á peza de oratoria que ofreceu Ferrín e que recordou todos os ámbitos literarios aos que se adica Graña así como o propio discurso do galardoadado.

IXº Premio das "Letras e das Artes de Galicia"

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia dende o ano 1995. En anteriores edicións contaba cunha dotación de 30.000 euros, aumentando logo a 36.000 euros. Pretende "recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela". Este galardón substitúe aos premios "Xunta de Galicia de Creación Cultural", "Carlos Velo", de guións de cine, e "Ramón Cabanillas", de tradución ao galego, aínda que durante anos tamén substituíu o premio "Álvaro Cunqueiro" de teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante un escrito dirixido ao Conselleiro de Cultura. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio no Hostal dos Reis Católicos. O xurado convocará aos cinco finalistas seleccionados. En anteriores ocasións, foron premiados Antón Fraguas, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabel, Lois Tobío, Pura Vázquez, Francisco Javier Río Barja e José López Calo. Nesta edición premiouse a Isaac Díaz Pardo pola súa traxectoria vital e creativa, de quen se destacou o seu talante "liberal e conciliador".

Referencias varias:

- MARÉ, 'Ós amigos desterrados', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 maio 2003, p. 70.

Informa da concesión do Premio das Artes e das Letras de Galicia co gallo do Día das Letras Galegas a Isaac Díaz Pardo, feito que coincide no tempo coa inauguración da sede reformada de Sargadelos en Compostela, que está a celebrar os seus vinte e cinco anos de vida. Dá conta dunha exposición bibliográfica sobre a figura de Ánxel Casal. Conclúe afirmando que os proxectos que liderou Díaz Pardo gozan na actualidade de boa saúde, por exemplo a empresa Edicións do Castro.

- José Manuel García Iglesias, 'Sargadelos e Díaz Pardo', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 22 maio 2003, p. 2.

Dá conta do acto no que se lle concedeu a Isaac Díaz Pardo o Premio das Letras e das Artes de Galicia cun xurado dirixido polo padre José López Calo. Díaz Pardo adicoullo a aqueles "amigos desterrados" cos que coincidiu na emigración, especialmente a Luís Seoane. Remata achegando a nómina dos asistentes máis destacados.

IXº Premio Literario "Letra E"

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita en madeira por Manuel Coia coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. En edicións anteriores, concedéuselle a Antón Avilés de Taramancos, Manuel María e María Xosé Queizán, entre outros. No 2003 concedéuselle este galardón a Xosé Fernández Ferreiro, quen o recolleu o 28 de xuño na súa vila natal, Nogueira de Ramuín.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 22 abril 2003, p. 59.

Refírese o autor a dúas boas "novas relacionadas con escritores ourensáns". Así, en primeiro lugar, infórmanos de que Ramon Caride Ogando, nado en Cea, acaba de resultar gañador do premio "Vicente Risco" de novela fantástica. Por outro lado, recolle que outro escritor auriense, Xosé Fernández, vai ser homenaxeado co galardón "letra E" que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- Marcos Valcárcel, 'Cunqueiro, os caracois, Nina Simone', *O Correo Galego*, 'Pé das burgas', 26 abril 2003, p. 2.

Neste caixón de xastre en que se fala brevemente dos temas máis variados recóllese nunha nota a resolución do Premio Vicente Risco de Literatura Fantástica, que tivo como gañador este ano ao escritor ourensán Ramón Caride Ogando.

- MARÉ, 'O escritor na súa terra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 xuño 2003, p. 50.

Informa de que Xosé Fernández Ferreiro recibirá en Nogueira de Ramuín unha homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua galega (AELG) presidida por Euloxio Ruibal. Enumera a continuación os diferentes actos que se levarán a cabo como a *laudatio* que pronunciará o poeta Manuel Álvarez Torneiro e remata dando uns apuntes bio-bliográficos.

- MARÉ, 'Con arrecendo a Ramuín/A AELG homenaxeará hoxe ó escritor Xosé Fernández Ferreiro', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Cultura', 27 xuño 2003, p. 51/75.

Iníciase falando de que Fernández Ferreiro foi un dos cofundadores do grupo Brais Pinto. Logo describe como un "fabulador inigualable" culpábel de introducir na nosa literatura xéneros como o wéster ou a ciencia ficción. A seguir informa de que se lle renderá unha homenaxe. Por parte da AELG. Dá uns breves apuntes bibliográficos afirmando que o cine e a e o xornalismo son as claves para comprender algunha das súas obras como *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*. Lembra tamén que no suplemento compostelán *La Noche* descubriu as virtudes da narrativa e que para el a reportaxe é "o xénero máis completo", que derivou no cultivo da novela con expresións moi diversas, achega exemplos, e conclúe cun apartado no que o escritor admite sentir debilidade pola fábula e reclama que sexan coñecidas, ademais de *Agosto do 36* outras obras súas como *Minotauro*.

- X. L. Méndez Ferrín, 'Mañá en Espartedo', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 27 xuño 2003, p. 2.

Dá conta da homenaxe que a asociación de Escritores lle vai render a Xosé Fernández Ferreiro na súa terra natal, Espartedo e indica os diferentes actos que se levarán a cabo como a inauguración dun monolito coa letra E, de escritor. Méndez Ferrín destaca a súa grande obra novelística que axudou a ampliar os campos nos que se movía a novela galega e fala de dúas das súas obras *Minotauro* e *Agosto do 36*, que para el son as máis salientábeis. Remata contando que se coñeceron en Madrid onde Fernández Ferreiro denominou a súa fraternidade como Brais Pinto.

- Camilo Franco, 'Estamos desgaleguizando o país', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 xuño 2003, p. 46.

Entrevista a Xosé Fernández Ferreiro na que afirma, entre outros detalles, que sempre tivo como un dos seus principais obxectivos chegar a xente, quería facer unha literatura que valse para as aldeas, e que a tarefa principal dos escritores é a recuperación da memoria.

- Marcos Valcárcel, 'O universo do escritor afiador', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xuño 2003, p. 50.

En primeiro lugar recolle unhas palabras de Anxo Tarrío nas que manifesta a súa estrañeza porque Xosé Fernández Ferreiro non conte aínda cunha monografía sobre a súa produción literaria. A continuación, Marcos Valcárcel repasa as súas produción bibliográfica comentando que tocou diferentes xéneros como o da ciencia ficción, o do western ou o da denuncia social, como en *Morrer en Castrelo de Miño* (1978) onde se reflicten os atropelos contra uns habitantes pola construción dun encoro. Tamén destaca *A ceo aberto* (1981), *O atentado* (1999), *O minotauro* (1989), *A fraga dos paxaros salvaxes* (1985) ou *Agosto do 36*, Premio Xerais 1991, a súa novela máis estudada pola crítica. A seguir dá unha panorámica da outra gran paixón do escritor, o xornalismo, e finaliza achegando uns apuntes biográficos do premiado.

- MARÉ, 'O paraíso recuperado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xuño 2003, p. 68.

Comeza comentado a emoción que sentiu Xosé Fernández Ferreiro pouco despois de plantar o acivro na súa honra, un dos actos programados pola AELG dedicados ao xornalista. Fala logo de anteriores homenaxeados e menciona aos invitados que asistiron, comezando polos compañeiros de Fernández Ferreiro no grupo Brais Pinto: Méndez Ferrín, Bernardino Graña, etc.

- MARÉ, 'De granito e de acivro', *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, 'Cultura/MARÉ', 29 xuño 2003, p. 75/69.

Informa dos horarios da homenaxe ao cronista oficial de Nogueira de Ramuín dende 1955, Fernández Ferreiro e destaca a emoción que sentiu o homenaxeado sobre todo cando o grupo se trasladou a Espartedo, aldea natal do escritor. Remata cun apartado no que indica que a homenaxe serviu para xuntar a unha gran parte do membros vivos de Brais Pinto, só faltaron Ramón Lorenzo e Herminio Barreiro.

- Marcos Valcárcel, 'O Hemingway de Nogueira de Ramuín ', *La Región*, 'Cultura', 29 xuño 2003, p. 67.

Dá conta da homenaxe que se lle rendeu a Xosé Fernández Ferreiro en Nogueira de Ramuín, a súa terra natal pola AELG. Destaca que inaugurou na literatura galega o subxénero da novela de vaqueiros, o xénero negro e a ciencia ficción, entre outros. Logo fala do seu labor como xornalista cualificándoo como un dos mellores xornalistas literarios galegos do século pasado. Conclúe indicando que a seguir reedita un artigo que publicara Fernández Ferreiro no 1958 en *La Región* dedicado á morte de Cuevillas.

- Jesús Manuel García, 'Espartedo foi o meu edén', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 xuño 2003, p. 48.

Dá conta dos diferentes actos que se levaron a cabo na homenaxe que a AELG lle tributou a Xosé Fernández Ferreiro na súa terra natal. Destaca a inauguración dun monolito, e logo a plantación dun acivro, a dedicación dunha Campina que levará o seu nome e unha *laudatio* a cargo de Álvarez Torneiro.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Xosé Fernández Ferreiro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 30 xuño 2003, p. 3.

Faise eco da homenaxe que a AELG lle vai render a Xosé Fernández Ferreiro, considérao como o novelista máis prolífico das nosas letras, a seguir menciona a algún dos premiados e describe os actos que se van levar a cabo prestándolle especial atención á plantación da árbore e á inauguración do monolito, símbolos, segundo Fernán Vello, da vida do cosmos e do "ser", respectivamente.

- Carme Vidal, 'Xosé Fernández Ferreiro: 'Nos anos sesenta todo o mundo quería escribir o seu 'Ulises'', *A Nosa Terra*, nº 1.088, 'Cultura', 26 xullo 2003, p. 29.

Entrevista a Xosé Fernández Ferreiro na que o escritor afirma, entre outras cousas, que a

aldea, sobre todo a súa, Nogueira de Ramuín, deixou unha pegada moi forte na súa creación literaria xa que a meirande parte das súas novelas desenvólvense alí, directa ou indirectamente. A seguir fala tamén do grupo Brais Pinto, que recibe o nome dun afiadador de Nogueira, da súa poesía, do seu interese por buscar camiños novos na literatura, que o levaron a cultivar o western, a ciencia ficción ou a novela negra. As súas mellores novelas, dende o seu punto de vista, son *O Minotauro* e *Agosto do 36*.

Medallas de Galicia e Castelao

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia, que consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. No ano 2003 as Medallas de Galicia non foron concedidas a ningunha persoa relacionada coa literatura galega; en canto ás Medallas Castelao cómpre destacar, dende o punto de vista literario, a concesión dunha delas a Xosefa Casalderrey Fraga, que foi galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1996.

Referencias varias:

- Belén López, 'O galardón a quen tiñan que darllo é ós meus lectores', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 xuño 2003, p. 83.

Esta é unha pequena entrevista á galardoada coa Medalla de Castelao, á escritora Fina Casalderrey, gañadora xa do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, onde fala da importancia de recibir esta Medalla polo nome ao que vai ligada.

- V.A., 'O presidente da Xunta vincula 'autonomía' con 'progreso', *Galicia Hoxe*, 'Vivir Galicia', 29 xuño 2003, p. 12.

Faise referencia á entrega das Medallas Castelao polo presidente da Xunta, Manuel Fraga na sede central da Administración galega en San Caetano en Compostela a nove persoas galegas ou vinculadas a Galiza: Elena Arregui Cruz-López, Pedro Campos Calvo-Sotelo, Xosefa Casalderrey Fraga, Antón Eiras Roel, Natalia Lamas Vázquez, Manuel Mallo, Andrés Quintá Coriñas, Gonzalo Rodríguez Mourullo e María Concepción Teijeiro Revilla. Recórdase, ademais, a creación destas medallas en 1984 con ocasión da chegada a Galiza dos restos de Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

- Alfredo Conde, 'Entusiasmo institucional', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 5 xullo 2003, p. 4.

Recórdase a entrega das Medallas de Galicia e reclámase a necesidade de que estas deixen de ser partidistas e asuman outro papel diferente ao que teñen hoxe.

- Alfredo Conde, 'Medallas Castelao', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 10 xullo 2003, p. 4.

Fálase das Medallas Castelao e da importancia do expresidente da Xunta González Laxe, por premiar con elas non só a persoas de recoñecido prestixio intelectual e galeguista. Recórdase ademais cando se premiou a Luis Suárez e María Casares, cando o autor desta columna formaba parte do goberno de Laxe.

- Juan José Millás, 'El pecho', *El País*, 25 xullo 2003, p. 64.

Axudándose de moita ironía, criticase a condecoración das Medallas de Galicia a Francisco Álvarez Cascos polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, recordando os comezos deste último na política, e o desinterese dos dous pola catástrofe do Prestige.

- Lalo Pavón, 'Medallas', *La Región*, 'De paso', 25 xullo 2003, p. 12.

Recórdase a importancia do Día da Patria Galega e reflexiónase sobre a distinción este ano a algúns representantes do goberno español coas Medallas de Galicia despois dos acontecementos do Prestige, e polo tanto, da oposición a estes pola cidadanía galega.

- R.N., 'A Xunta entrega as Medallas de Galicia', *La Región*, '25 de Xulio, Día de Galicia', 25 xullo 2003, p. 37.

Faise unha enumeración de todos os galardoados coa Medalla de Galicia 2003, facendo fincapé no ministro de fomento, Francisco Álvarez Cascos, na vicepresidenta da Comisión Europea, Loyola de Palacio e o rector da Universidade da Coruña, Meilán Gil.

- P.V., 'Los actos institucionales', *La Opinión*, 'Especial Día de Galicia', 25 xullo 2003, p. III.

Faise referencia a algúns dos actos que teñen lugar o Día da Patria Galega, como é a ofrenda do Apóstolo e a posta en marcha do botafumeiro así como outros actos políticos ou institucionais como a entrega das Medallas de Galicia.

- Antón Luaces, 'Una medalla por una agencia', *La Opinión*, 'Mar', 25 xullo 2003, p. 42.

Co gallo do outorgamento das Medallas de Galicia ao ministro de fomento Francisco Álvarez Cascos, preténdese lexitimar esta decisión ante as críticas recibidas pola maioría dos cidadáns galegos e apúntase a necesidade de instalar en Galiza a "Agencia Europea de Seguridad Marítima".

- J.B., 'Tódolos galegos formamos o corpo inmenso da Patria', *Diario de Pontevedra*, 'En portada/Día de Galicia', 25 xullo 2003, p. 2.

No acto institucional que o Concello de Pontevedra realizou ante o monumento a Castelao como celebración do Día da Patria Galega, o escritor Xosé Álvarez Cáccamo fixo

referencias a numerosos personaxes da cultura pontevedresa ademais de recordar a súa ligazón con esta cidade e a persecución que sufriron algúns dos seus antepasados a partir do levantamento fascista do 1936. Para finalizar, fixo unha crítica á concesión da Medalla de Galicia ao ministro de fomento Francisco Álvarez Cascos e reclamou o outorgamento a todos os cidadáns galegos como merecedores deste galardón.

- Miguel Suárez Abel, 'Medallas coma lanzas', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión e análise', 25 xullo 2003, p. 7.

Faise unha crítica á concesión das medallas de Galicia ao ministro de fomento, Álvarez Cascos, cualificada como de provocación despois dos acontecementos xurdidos en Galiza polo desastre do Prestige en novembro de 2002.

- Paula Pérez, 'Fraga aprovecha las Medallas de Galicia para llamar al diálogo a PSdeG y Bloque', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 26 xullo 2003, p. 27.

Fala dos diferentes discursos pronunciados polo presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, no acto de entrega das Medallas de Galicia 2003 a Francisco Álvarez Cascos e Loyola de Palacio, onde insistiu no importante labor realizado polos premiados e onde fixo un chamamento aos demais partidos políticos para dialogar e afrontar a crise do Prestige. No artigo apúntase ademais a crítica da concesión destas medallas polos partidos da oposición así como pola plataforma "Nunca Máis" que se concentrou na praza do Obradoiro de Compostela para ridiculizar ao ministro de fomento, Álvarez Cascos.

- Pilar Pousada, 'Tranquilidade 'policial', *Galicia Hoxe*, 'Vivir Galicia', 26 xullo 2003, p. 19.

Recóllese o acto de entrega das Medallas de Galicia 2003 no Palacio de Congresos en Santiago de Compostela, onde estiveron presentes catro ministros do goberno español, dous deles premiados, e as verbas do presidente do PPdeG, Xesús Palmou que recordou que todo se estaba a producir "nun ambiente tranquilo e de total normalidade".

- Antonio Vázquez Martín, 'As medallas da deshonra', *La Región*, 'De paso', 27 xullo 2003, p. 14.

Axudándose dun dito galego, faise unha crítica á concesión das Medallas de Galicia que lle foron atribuídas a dous altos cargos do goberno español, Francisco Álvarez Cascos, culpábel directo da catástrofe do Prestige e a Loyola de Palacio, da que se cuestiona o seu interese por Galiza. Menciónase ademais ao presidente da Xunta e á concentración que terá lugar na praza do Obradoiro de Compostela como repulsa a esta concesión de medallas, que o autor cualifica como "medallas da deshonra", por todos os cidadáns galegos.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o "Pedrón de Ouro", a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia,

e o "Pedrón de Honra", a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No ano 2003 o "Pedrón de Ouro" recaeu na plataforma Nunca Máis, mentres que o "Pedrón de Honra" foi concedido ao director do departamento de estudos galegos da Universidade de Oxford, John Rutherford. Os galardóns foron entregados o 18 de maio nun acto celebrado na Casa-Museo Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, 'O 'Pedrón de Ouro' para Nunca Máis', *O Correo Galego*, 'Ardentía', 26 abril 2003, p. 3.

Dáselles os parabéns á Fundación Pedrón de Ouro por acordar concederlle o Pedrón de Ouro 2003 á plataforma cidadá "Nunca Máis" pola "firme e histórica reacción de dignidade" ante a catástrofe do Prestige. E recórdase outro artigo do mesmo autor onde se falaba dos acontecementos xurdidos a partir do Prestige e da negligencia do Goberno español.

- X.L. Méndez Ferrín, 'Mestre Rutherford', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 16 maio 2003, p. 2.

Anuncia a concesión do Pedrón de Ouro na casa de Rosalía en Padrón á plataforma "Nunca Máis" e ao filólogo John Rutherford, facendo unha longo discurso sobre as traducións e difusión da lingua e literatura galegas por este autor inglés ao igual que a lección do premio ao movemento cidadá xurdido da catástrofe do Prestige.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 maio 2003, p. 91.

Faise eco da importancia do premio Pedrón de Ouro que cada ano se concede na Casa da Matanza rosaliana en Padrón e que este ano lle foi concedida á plataforma "Nunca Máis" e ao filólogo John Rutherford.

- E.P., 'Unha epopea histórica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 maio 2003, p. 46.

Recóllese aquí o momento de entrega do Pedrón de Ouro 2003 á plataforma "Nunca Máis" representada por Esther Rivas, presidenta da agrupación de mariscadoras de Cabo de Cruz e o neno Jairo Souto, e o Pedrón de Honra ao director do departamento de Estudos Galegos da Universidade de Oxford, John Rutherford. Os premiados fixeron unha ofrenda floral ao monumento de Rosalía de Castro na casa-museo da poeta en Padrón. Cítanse, ademais os asistentes ao acto, entre eles o portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, Xosé Manuel Beiras, Camilo Nogueira, Bieito Lobeira, Víctor Freixanes, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel María, Bernardino Graña e Uxía Senlle.

Premios "Otero Pedrayo"

Convócase cada ano, dende o 1976, polas Deputacións provinciais para "perpetuar e honrar a memoria do egregio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións". Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, achegándose os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio, documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propoña. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espacio, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.050 euros e o xurado estará constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nesta edición o premio recaeu no Centro Galego de Montevideo polo intensa labor social que realizan este tipo de institucións e polas axudas médicas que proporcionan aos emigrantes ou aos fillos e netos de descendentes de galegos.

Referencias varias:

- E.P., 'El Centro Gallego de Buenos Aires recibirá el premio 'Otero Pedrayo'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 2 marzo 2003, p. 75.

Anúnciase a entrega do premio Otero Pedrayo ao Centro Galego de Bos Aires ao que asistirán a delegación da Deputación da Coruña formada polo seu presidente J.L. Torres Colomer, Carlos López Crespo e os deputados do PSOE e do BNG, Salvador Fernández Moreda e Pilar Candocia, respectivamente, o conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, Aurelio Miras Portugal, e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro. Recórdase ademais, os numerosos encontros que acontecerán en Bos Aires así como a conferencia a cargo de X. Ramón Barreiro na Universidade de Ciencias Sociais e Empresariais sobre *La emigración galega a América*.

- Ezequiel, 'Premio 'Otero Pedrayo' 2002', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 3 marzo 2003, p. 8.

Faise eco da entrega do Premio Otero Pedrayo en Bos Aires ao que asistirán a delegación da Deputación da Coruña, o conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, Aurelio Miras Portugal, o presidente da Deputación de Pontevedra, Manuel Abeledo, o embaixador do Estado Español en Arxentina, Manuel Alabart Fernández-Cavado e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, para despois dar un breve repaso á vida do Centro Galego de Bos Aires, xa que albergou a numerosos galeguistas así como do continuo esforzo para promocionar os valores de Galiza.

- E.P., 'Premian o Centro Galego de Bos Aires pola súa axuda ós emigrantes', *O Correo Galego*, 'Galicia', 5 marzo 2003, p. 13.

Recolle a noticia do acto de celebración do premio Otero Pedrayo 2002 ao Centro Galego de Bos Aires que terá lugar na capital arxentina ao que acudirán a delegación da Deputación da Coruña, o conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, Aurelio Miras Portugal, así como o presidente da Deputación de Pontevedra, Manuel Abeledo, o embaixador do Estado Español en Arxentina, Manuel Alabart Fernández-Cavado e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro.

- Agustín Sixto Seco, 'El ombú', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 15 marzo 2003, p. 3.

Loa á emigración galega debido á importante axuda que fixo en prol do coñecemento e devoción rosaliana, como consecuencia da concesión do Premio Otero Pedrayo 2002 ao Centro Galego de Bos Aires.

- Farizo Correa, 'O Centro Galego de Montevideo recibe o Premio Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 xullo 2003, p. 37.

Fálase do Premio Otero Pedrayo deste ano concedido ao Centro Galego de Montevideo, e do xurado, composto por representantes das deputacións, das tres universidades galegas, da Real Academia, do Instituto Padre Sarmiento e da Consellaría de Cultura. Indícase tamén o labor social deste Centro así como a dotación de 30000 euros.

- A.S., 'O Pedrayo para os galegos de Montevideo', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 3 xullo 2003, p. 55.

Fálase da resolución do xurado de conceder o Premio Otero Pedrayo ao Centro Galego de Montevideo reunidos na Deputación de Lugo e presidido polo presidente da Xunta, Manuel Fraga. Indícase tamén o outro candidato para gañar o premio, Xavier Río Barja, profesor e xeógrafo e considerado como discípulo directo de Otero Pedrayo. Finalízase cun breve repaso á vida do Centro Galego premiado.

Premios do Grupo Correo Gallego: "Galego do ano", "Galegos do mes"

Estes premios foron creados no ano 1990 polo Grupo Correo Gallego (responsábel dos xornais *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, que a mediados deste ano mudou o nome polo de *Galicia Hoxe*) a iniciativa do seu editor, Feliciano Barrera, co obxectivo de premiar a aquelas persoas e institucións que máis destacan na promoción de Galicia e son exemplo, dende a súa actividade profesional e social, dos máis nobres valores que definen esta terra e as súas xentes. Os galardóns consisten en 6.000 euros e unha medalla de ouro para o "Galego do Ano", que escolle un xurado nomeado polo xornal, e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes", que escolle a mesa de redacción. O galardón "Galego do Ano" foi recibido en anteriores ocasións por Camilo José Cela, Isaac Díaz Pardo, Gonzalo Torrente Ballester, Antón Fraguas Fraguas ou Francisco Fernández

del Riego. No ano 2003 fíxose entrega destes premios o 24 de outubro no Auditorio de Galicia; nesta edición ningún dos galardóns foi entregado a persoas vinculadas á literatura galega.

Referencias varias:

- Agustín Sixto Seco, '125 anos despois', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 29 outubro 2003, p. 3.

Comeza explicando a orixe do premio, menciona a anteriores galardoados, comenta o cambio de escenario do acto de entrega dos premio para o Auditorio de Galicia, destaca o grande aplauso á parella encargada de recoller o premio ao "Voluntariado en defensa das Costas galegas na catástrofe do Prestige e remata comentando a que se debeu o éxito de X. Fernández Gayoso, que elevou a Caixanova no mundo económico Galego, e a Feliciano Barrera, que conseguiu levar adiante o grupo Correo Gallego.

XIIIº Premios "San Martiño"

Premios que concede anualmente a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O galardón consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. Nesta edición do 2003, o presidente da Fundación Alexandre Bóveda, Fernando Quintela, acadou o premio na categoría de "Toda unha vida", mentres que Xesús Ferro Ruibal, membro da Real Academia Galega, fíxose co premio que reconece a defensa e promoción do idioma galego a nivel rexional. Estes premios fóronlles entregados o 13 de decembro no Recreo Cultural de A Estrada. O xurado estivo formado por David Otero, Manuel Frago, Sanmartín Obelleiro, Valentín García, Vázquez Moares, Félix Rodríguez, Reboredo Baños, Martínez Barreiro e López Vilariño.

Referencias varias:

- Suso Souto, 'Un lugar para reclamar a identidade do país/Quintela y Ferro Ruibal fueron galardonados con los premios San Martiño', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 19 outubro 2003, p. 70/36.

Anúnciase a décimo terceira edición dos premios da Fundación San Martiño da Estrada que este ano foi concedido a Fernando Quintela, presidente da Fundación Alexandre Bóveda. O galardón no eido comarcal recaeu na academia Coesto e nas escolas deportivas de Callobre Fútbol Club. O premio en defensa e promoción do idioma galego otorgóuselle a Xesús Ferro Ruibal. Tamén se fai mención das persoas que compoñían o xurado.

XIXº Premio "Celanova. Casa dos Poetas"

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocinao o Concello de Celanova. O premio tenta reconecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ao longo da

súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. A concesión farase pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregarase nun acto que ten lugar en Celanova o 31 de agosto, coincidindo neste caso, coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentando unir, así, as datas finais de dúas das figuras máis salientábeis das letras de Celanova. O xurado estará composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. No ano 2003 este galardón recaeu no poeta Antón Tovar.

Referencias varias:

- E.P., 'De pel intimista/O ourensán Antón Tovar recibe o premio 'Celanova, Casa dos poetas', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Cultura', 8 marzo 2003, p. 31/75.

Informa de que o poeta Antón Tovar Bobillo (Rairiz de Veiga, 1921), será galardoado co XIX Premio Celanova, Casa dos Poetas. Cualifícao como un poeta intimista de posguerra e logo menciona as súas obras *Arredores* (1962), *Non* (1967), *O vento no teu colo* (1971), *Poesía Galega Completa* (1974), *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1991), premio da Cultura de Galicia; *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001). A seguir achega unhas notas biográficas e explica a orixe do premio "Celanova, Casa dos Poetas" e destaca a algúns dos premiados noutras edicións.

- Antonio Rodríguez, 'Antón Tovar entra en la 'Casa dos poetas', *La Región*, 'Cultura', 8 marzo 2003, p. 67.

Dá conta da concesión do premio "Celanova, casa dos poetas", convocado polo Padroado Curros Enríquez, a Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921). Achega unha listaxe dalgúns dos anteriores premiados, explica as razóns de que se lle outorgara e dá uns apuntamentos biográficos.

- Antonio Rodríguez, 'Antón Tovar: 'Xesús foi o primeiro comunista, estaba cos pobres e axudaba ós necesitados; iso é comunismo', *La Región*, 'Ourense', 9 marzo 2003, p. 8.

Entrevista a Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921), premio "Celanova, Casa dos Poetas" na que o escritor amosa a súa satisfacción xa que viviu de pequeno nesa vila e ademais tenlle dedicados dous poemas. Afirma, entre outras cousas, que a enfermidade que padece

impídelles seguir como desexaría as novas xeracións literarias, pero que ten no seu recordos a persoeiros como Novoneyra ou Casares e que polo mesmo motivo, aínda que segue a escribir, non o fai como noutros tempos.

- José Luis Penedo, 'Antón Tovar, enhorabuena', *La Región*, 'Cultura', 11 marzo 2003, p. 51.

Amosa a agradábel impresión que sentiu cando soubo que a Antonio Tovar Bobillo (Rairiz de Veiga, 1921), co que mantén unha excelente amizade, se lle concedeu o premio "Casa dos Poetas". Informa de que segundo a dona de Tovar a súa vocación frustrada foi a filosofía. Conta tamén que nunha dedicatoria dun libro seu recomendoulle ao articulista, ao velo baixo de moral, volver a escribir.

- A.N.T., 'Antón Tovar, premio Casa dos Poetas pola súa traxectoria literaria', *A Nosa Terra*, nº 1.073, 'Cultura', 13 marzo 2003, p. 36.

Dá conta da concesión do premio "Celanova, Casa dos Poetas" a Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921) en recoñecemento da súa traxectoria literaria. Fai un repaso pola súa bibliografía, da que Tovar afirma que, en conxunto, reflicte a súa vida, e fai uns breves comentarios de *Calados esconxuros*, *Diario íntimo dun vello revoltado* e *Cadaver*.

- Damián Villalaín, 'Antón Tovar', *Faro de Vigo*, 'Letras Libres', 22 marzo 2003, p. 26.

Comeza facendo mención ao descoñecida que é para moitos a figura de Antón Tovar, a quen acaban de concederlle o premio "Celanova, Casa dos Poetas". Recolle a continuación unhas palabras de Tovar nas que afirma que "xa non escribe nada, que xa dixo todo o que tiña que dicir". Logo menciona algunha das súas obras e indica que a visión desesperanzada e triste do mundo que aparece na meirande parte dos seus poemarios ten como núcleo o seu "ateísmo relixioso".

- Avelino Abuín de Tembra, 'Antón Tovar, poeta do silencio', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 30 marzo 2003, p. 2.

Analiza a situación da poesía galega actual e indica que non está atravesando un bo momento. Sinala o feito de que tanto na *Antoloxía* (1955) de Fernández del Riego coma na preparada por Nordés *Antoloxía da poesía galega actual*, (1978) non aparece Antón Tovar. Defíneo como "o sorprendente poeta do silencio". Logo dá uns apuntamentos biográficos e informa de que lle concedeu o XIX Premio Casa dos Poetas 2003, que se une ao Premio da Crítica que lle outorgaron en 1981.

- Segundo Alvarado, 'Tovar: un hombre traicionado por el amor', *La Región*, 'Cultura', 31 agosto 2003, p. 75.

Ao principio afirma que Antón Tovar é un poeta traizoado polo amor, o que lle provocou na súa forma de ser un trasfondo de amargura. Cualifica o acto de homenaxe que se lle rende na Casa dos Poetas en Celanova, no que se lle outorgará o premio, como un acto de desagravio contra a súa persoa que foi tantas veces menosprezada e ignorada. Remata

indicando as datas (31 de agosto do 2003, ás 12.00 horas) e a organización do acto de entrega do galardón.

- M.A., 'O escritor canso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 setembro 2003, p. 44.

Dá conta de que o poeta Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921) recibiu o premio e fai un breve comentario sobre os discursos pronunciados no acto polo alcalde da vila, Antonio Mouriño, David Otero e Xesús Alonso Montero, quen achegou unha visión da bio-bibliográfica do poeta.

- Cristina Huete, 'Antón Tovar recibió el premio Celanova Casa dos Poetas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 setembro 2003, p. 61.

Informa de que Antón Tovar recibiu o premio "Celanova Casa dos Poetas" en recoñecemento á súa traxectoria literaria e comenta as palabras de Xesús Alonso Montero, o seu biógrafo, nas cales arremete contra os políticos e queixase do moito que tardaron en chegar os recoñecementos para Tovar.

- L. Ocampo, 'Tovar: 'Onde debería estar é no sofá', *La Región*, 'Ourense', 1 setembro 2003, p. 8.

Dá conta do acto no que se lle outorgou o premio "Celanova, Casa dos Poetas" a Antón Tovar na data na que se celebra o vintecinco aniversario da morte de Curros Enríquez, o acto celebrouse na casa do escritor celanovés. Logo menciona aos asistentes máis destacados.

- Antonio Piñeiro, 'Tovar', *La Región*, 'Ourensalia', 2 setembro 2003, p. 18.

Comézase por dar conta da concesión do premio "Celanova, Casa dos Poetas" a Antón Tovar e relata unha entrevista que lle realizou tempo atrás na cal o poeta lle contou toda a súa vida, comentándolle, por exemplo, a súa infancia en Rairiz de Veiga, a etapa na que traballou como libreiro en Tanco ou a que sufriu persecución debido a que participou nunha das primeiras células comunistas de Ourense.

XXIº Premio "Trasalba"

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que todos os anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. Na edición de 2003 o galardoado foi o teólogo Andrés Torres Queiruga. O premio foi entregado o 29 de xuño na festa literaria que tivo lugar en Trasalba no Pazo-Museo de Otero Pedrayo.

Referencias varias:

- Grial, 'Torres Queiruga, premio Trasalba 2003', *Grial*, nº 158, 'Rego da cultura', 2003, p. 9.

Ábrese a información coas palabras que Torres Queiruga pronunciou no momento de recoller o premio Trasalba e explícase o motivo polo cal a Fundación Otero Pedrayo decidiu que fose el o galardoado. Engádesse que a súa obra está traducida a varios idiomas e que é unha das personalidades máis recoñecidas internacionalmente no ámbito do pensamento cristián. Así mesmo, preséntase como director da revista *Encrucillada* e membro do consello de redacción de *Grial*.

- AFA, 'O teólogo Andrés Torres Queiruga recibe o premio Trasalba deste ano', *El Correo Gallego*, 27 abril 2003, p. 76.

Noticia na que se recolle a decisión de entregar o premio Trasalba 2003 ao teólogo Andrés Torres Queiruga. Enuméranse as razóns que levan á Fundación Otero Pedrayo á concesión deste premio entre os que destaca o ser o primeiro "teólogo galego en galego". Recóllense algunhas impresións do teólogo ribeirense ao saber do premio entre as que destacan a súa admiración por Pedrayo, o seu compromiso con Galicia e o seu interese pola presentación actual da relixión. Notifícase a celebración do acto de entrega (29 de xuño, Pazo-museo de Otero Pedrayo en Trasalba). En aparte recóllense as razóns para lle outorgaren o premio e unha pequena bio-bibliografía de Torres Queiruga.

- Xosé Manoel Rodríguez, 'O teólogo Andrés Torres Queiruga gaña o Premio Trasalba 2003', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 abril 2003, p. 49.

Comeza o artigo cunha das razóns para o premio Trasalba a Torres Queiruga, o primeiro teólogo galego en galego. Dáse noticia do premio a un intelectual comprometido coa relixión e o idioma galego. Faise fincapé nos méritos científicos e lingüísticos de Torres Queiruga. Recóllense algunhas declaracións do homenaxeado entre as que destacan que o empeño da súa vida foi a preocupación por Galicia.

- Manuel Dourado Deira, 'Torres Queiruga, Premio Trasalba', *O Correo Galego*, 'Opinión', 3 maio 2003, p. 2.

Neste artigo de opinión, Manuel Dourado recorda que se lle concedeu o Premio Trasalba a Torres Queiruga. Fai un pequeno percorrido pola súa vida a nivel bio-bibliográfico. Fai especial fincapé en *Encrucillada*, revista galega de pensamento cristián, dirixida polo premiado. Fai tamén unha pequena descrición do mundo de *Encrucillada* para Torres Queiruga.

- Agustín Sixto Seco, 'A Trasalba en percura da saudade', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 28 xuño 2003, p. 3.

Este artigo de opinión de Sixto Seco anuncia a Festa Literaria e o premio Trasalba a Torres Queiruga. Louba ao premiado destacando o interese que desperta fóra das nosas fronteiras e que a súa obra foi traducida entre outras linguas ao alemán. Declárase honrado de ser amigo deste "galego egrexio".

- M.A., 'Torres Queiruga recibe el Trasalba por 'De la filosofía de la saudade'', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 67.

Dáse noticia do acto de entrega do premio Trasalba a Torres Queiruga e descríbese o acto. Reprodúcense declaracións do premiado sobre a súa satisfacción polo premio e algunhas consideracións sobre Igrexa, lingua e sociedade. Tamén se anota a presentación por parte de V. Freixanes da Biblioteca Ramón Otero Pedrayo, da que se presentaron os dous primeiros volumes. Ofrécese unha pequena relación de asistentes ao acto.

- LR, 'Torres Queiruga: 'A Igrexa debe atender a chamada deste pobo, da cultura e da lingua'', *La Región*, 'Ourense', 30 xuño 2003, p. 5.

Descríbese neste artigo a cerimonia de entrega do Premio Trasalba a Torres Queiruga pola súa obra *Para unha filosofía da saudade*. Reprodúcense algunhas declaracións do premiado que sente unha gran satisfacción por verse vinculado ao escritor ourensán. Descríbese a presentación do libro de Torres Queiruga e as declaracións do autor e de Barreiro Rivas. Finalmente descríbese o xantar conmemorativo e faise relación dos comensais. En texto á parte dáse noticia da presentación dos dous primeiros volumes da Biblioteca Ramón Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa* e *Contos de santos e nadal*. Destácase que a obra será presentada título a título.

- Cándida Andaluz, 'Torres Queiruga recibíó en Ourense el premio Trasalba', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 xuño 2003, p. 46.

Dáse noticia do Premio Trasalba a Torres Queiruga pola súa obra *Para unha filosofía da saudade*, nun acto no pazo de Otero Pedrayo. Descríbense as razóns para a concesión do premio facendo especial fincapé na súa calidade, no uso do galego e na importancia internacional do premiado. Reprodúcense declaracións do premiado que se sente honrado por ver o seu nome ligado a Pedrayo e dáse relación dos premios outorgados. Faise tamén relación dos asistentes entre os que destaca Víctor Freixanes que en nome de Galaxia presentou dous volumes que formarán parte da chamada Biblioteca de Ramón Otero Pedrayo.

- Avelino Abuín de Tembra, 'Trasalba para Torres Queiruga', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 30 xuño 2003, p. 4.

Abuín describe neste artigo a emotiva entrega dos premios Lois Peña Novo 2003 e unha anécdota ao respecto da lingua. Nomea a homenaxe que a AELG lle tributa a Fernández Ferreiro para enlazar co Premio Trasalba, que compara co Pedrón de Ouro no que a exaltación do galeguismo se refire. Pasa a describir o Premio Trasalba. Describe tamén as cualidades do premiado, ensaísta, pensador, riguroso na ciencia. Relata a obra de Torres Queiruga entre a que destaca a revista *Encrucillada* como canle para a reivindicación da lingua na Igrexa. Describe a extensa monografía de Andrés Torres Queiruga na *Encrucillada*.

- MARÉ, '...Que Deus ame Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xuño 2003, p. 51.

Preséntase neste artigo o pazo de Trasalba, lugar onde é concedido o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo que este ano recaeu en Torres Queiruga. Descríbese o acto de entrega no que destaca a presentación da obra do premiado, *Da filosofía da saudade*. Enuméranse os trofeos entregados a Torres Queiruga e reproducense as declaracións do premiado que se sinte máis vinculado deste modo a Otero Pedrayo. En texto á parte faise descrición da presentación dos primeiros volumes da colección Biblioteca de Ramón Otero Pedrayo por parte de Galaxia.

- Manuel Dourado Deira, 'Un teólogo no mundo de D. Ramón', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 5 xullo 2003, p. 4.

A través do ensalzamento da figura de Otero Pedrayo preséntase a Festa Literaria de Trasalba e o premiado co Premio da Fundación Otero Pedrayo, Torres Queiruga. Analízase a importancia do premio a través do listado de persoas a quen foi concedido. Loubase a actividade dos premiados e do seu compromiso con Galicia e coa lingua galega. Espóñense os aspectos culturais e ocos que enche o premiado e recóllense as declaracións de Torres Queiruga que a través do recordo do funeral de Otero Pedrayo reclama que a Igrexa debe superar o atraso respecto da cultura do país. Anótanse brevemente as intervencións de Freixanes e X.L. Barreiro e a presentación do libro *Para unha filosofía da saudade*, escrito polo premiado Torres Queiruga.

- Agustín Sixto Seco, 'A eficacia da Fundación Alfredo Brañas', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 5 xullo 2003, p. 3.

Neste artigo de opinión sitúasenos na Festa Literaria que a Fundación Otero Pedrayo realizou para a entrega do Premio Trasalba (29 de xuño) a Torres Queiruga. Anótase o éxito de asistencia a pesar do mal tempo e os actos realizados, así como a enumeración dos asistentes. Aproveitando unha anécdota na Parroquial de San Pedro preséntase a Paco Puy e os cursos de verán que organiza a Fundación que el preside, a Fundación Alfredo Brañas. Lóase a eficacia da Fundación e dos seus cursos.

X.8. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

IIº Premio de poesía infantil "Arume"

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase fomentar a lectura deste xénero entre os máis pequenos. Complementábase co premio "Estornela de Teatro", que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas modalidades en anos sucesivos. A el poden concorrer persoas de calquera nacionalidade con textos escritos en galego que deberán enviar, xunto con tres copias, á Fundación Xosé Neira Vilas, Gres, Vila de Cruces, 36587, Pontevedra. As obras levarán un título que tamén debe constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 30 de setembro e ten unha dotación de 1.500 euros que serán outorgados a un poemario inédito

cun mínimo de trescentos cincuenta versos, ademais da publicación da obra en Edicións do Castro. O xurado presidido por Anisia Miranda, contou coa participación de Xosé Neira Vilas, Xoán Andrés Fernández Castro, Valentín García Gómez e Luis Reimóndez Portela que actuou como secretario. A entrega do premio tivo lugar nun acto público que se celebrou na sede da fundación Xosé Neira Vilas en Gres (Vila de Cruces) o 14 de decembro e no que se lle entregou o galardón a Helena Villar Janeiro polo seu poemario *A praia dos lagartos*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A Fundación Neira Vilas presenta o II Premio Arume', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 agosto 2003, p. 70.

Breve nota onde se dá a coñecer a data, hora e lugar da presentación do premio e mención dalgún dos asistentes.

- Iván Cuevas, 'Premio Arume de Poesía ', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 6 agosto 2003, p. 68.

Información breve sobre os asistentes á convocatoria e da importancia que estes lle conceden ao premio polo oco que cobre no panorama infantil.

- Iván Cuevas, 'Lírica adulta para que lean os máis pequenos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 agosto 2003, p. 46.

Artigo onde se menciona a importancia que os asistentes lle conceden a un premio de poesía na literatura infantil, os que tomaron a iniciativa do premio, Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, e o prazo de entrega, a dotación económica e a dirección a onde se poden enviar os textos que se presenten ao concurso.

- MARÉ, 'Helena Villar gaña O Arume de poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2003, p. 45.

Neste breve artigo fálase sobre a obra gañadora do concurso, *A praia dos lagartos* de Helena Villar Janeiro, e danse algunhas das claves deste poemario a través de palabras da propia autora.

- Raquel Torres, 'Helena Villar faise co premio Arume', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 19 novembro 2003, p. 78.

Mención da obra gañadora do concurso e das calidades que o xurado apreciou nela para facela gañadora. Tamén se fala brevemente da traxectoria literaria da autora e da súa vinculación co mundo infantil e xuvenil.

- Susana Cabria, 'Música solidaria', *El Correo Gallego*, 'Las siete maravillas', 23 novembro 2003, p. 5.

Breve nota informativa na que se menciona a autora e obra gañadora do premio, a dotación económica deste e a editorial que o ha publicar.

- MARÉ, 'Cita cos nenos na Fundación Neira Vilas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 decembro 2003, p. 44.

Breve artigo no que se menciona a obra e a autora gañadora do premio e as claves do poemario, que se trata, en palabras do propio Neira Vilas, dun "canto á natureza galega".

- Mónica González/Manuel Gil, 'Premio de poesía Arume para Helena Villar y un galardón al vídeo 'Minas'', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 15 decembro 2003, p. 23.

Información sobre a obra gañadora do premio, onde se mencionan as influencias en palabras da propia autora e o seu significado en palabras de Neira Vilas.

Iº Premio "María José Jove" de teatro infantil

Premio convocado pola Fundación María José Jove co fin de promover a creación dunha literatura infantil a través de textos dramáticos pensados para a súa posta en escena; establécese un único premio, indivisíbel, de 30.000 euros e, ademais, a obra premiada representárase, sempre que sexa posíbel, no Iª Encontro de Cine e Teatro Infantil María José Jove. Poderán obter ao premio todos os escritores que o desexen, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de obra teatral, tanto para actores coma para títeres, escritas en galego ou castelán, sexan orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente. A duración das obras na súa posta en escena non poderá exceder de unha hora e o número de personaxes non será maior de dez. Os textos remitiranse por triplicado e baixoseudónimo en folios DIN A4, mecanografados a dobre espazo e encadernados ou cosidos e en disquete á Fundación María José Jove; o prazo de admisión de orixinais rematou o 30 de outubro de 2003. O xurado, composto por escritores, especialistas en literatura, teatro, pedagogía e educación, fixo público o seu ditame no mes de novembro e acordou concederllo á madrileña Teresa Núñez González pola obra *El hada del abanico verde*.

Referencias varias:

- Bibiana G. Visos, 'Convocado el Premio Nacional María José Jove de Teatro Infantil', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 7 xuño 2003, p. 40.

Faise mención da pretensión deste premio, do fomento da cultura na infancia, e das bases do concurso.

- Víctor Omgba, 'La madrileña Teresa Núñez gana el María José Jove de teatro infantil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 novembro 2003, p. 53.

Información sobre a gañadora do premio, Teresa Núñez González e mención das calidades

que o xurado viu na obra gañadora. Tamén se relata brevemente o argumento da obra.

Iº Premio "Pura e Dora Vázquez" de literatura infantil e xuvenil

Convocado pola Deputación de Ourense, está dotado con 3.000 euros maila publicación do traballo gañador. O xurado, presidido polo deputado de Cultura, José Luis Valladares, resolveu o día 31 de outubro que, no apartado de narración, a gañadora fose Celia Díaz, que se presentou co conto *Adeliña*. Ademais, propuxo á Deputación que se publicase tamén o relato finalista: *Pesadelos*, de Antonio Reigosa Carreiras. A partir dese momento, abriuse o prazo dun premio complementario á ilustración, coa finalidade de ilustrar o texto gañador, que finalizaba o día 20 de decembro.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Adeliña': una historia de misterio y aventura', *La Región*, 'Cultura', 1 novembro 2003, p. 75.

No artigo, a través de palabras da propia autora, amósase a ledicia e sorpresa polo premio recibido, as motivacións que a levaron a cultivar a literatura infantil e fala tamén brevemente do argumento do texto.

Iº Premio Internacional de Teatro para Títeres "Barriga Verde"

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), coa colaboración do festival Galicreques, este certame preséntase como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo presentarse autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. O prazo de presentación rematou o 30 de agosto e o ditame do xurado deuse a coñecer no mes de outubro; o xurado, composto por Amado Ricón, Jorge Rey, Eduardo Rodríguez, Mar Nogueira e Xosé Cermeño, concedeu o premio na modalidade de adultos a Gabriel Castilla pola obra *O soñador* e na modalidade de nenos a Celestino Antelo Gerpe pola obra *Cucho, cacho e o dilema do 6*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Títeres, aposta do Igaem', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xullo 2003, p. 56.

Breve nota informativa onde se dá a coñecer ónde e cando se celebrará o acto e quen o presidirá.

- MARÉ, 'A memoria da escena galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xullo 2003, p. 50.

Artigo no que se fala sobre todo da inauguración do Centro de Documentación das Artes

Escénicas e Musicais e das súas instalacións. Tamén se inclúe unha breve nota sobre a convocatoria do premio, data e dotación económica.

- C.F., 'O Barriga Verde premia a poética para adultos e pedagogía para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 8 outubro 2003, p. L8.

Infórmase dos gañadores dos premios nas dúas modalidades, para adultos e para nenos, e tamén brevemente dos argumentos das dúas obras e das características máis salientábeis que sinalou o xurado.

- MARÉ, 'Certificado de boa saúde', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 outubro 2003, p. 42.

Relato da satisfacción do presidente e da directora do Centro Documentación do Igaem pola boa etapa que pasa o teatro de títeres en Galicia e pola boa calidade e cantidade de textos presentados. Menciónanse tamén as características máis salientábeis que o xurado destacou dos textos gañadores.

- MARÉ, 'Guaira abre Galicia á maxia da pantomima', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2003, p. 62.

Amósase o estilo e a traxectoria literaria en relación ao teatro de títeres do autor gañador do primeiro premio na modalidade de adultos, o arxentino Gabriel Castilla.

IVº Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Lecturas"

GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) convoca este premio co propósito de estimular a lectura e a imaxinación entre a infancia e a adolescencia e apoiar as actividades de animación á lectura que se realizan nas bibliotecas galegas. As bibliotecas, por medio dos seus mozos lectores e lectoras, deberán seleccionar entre a produción do ano anterior dez volumes pertencentes a calquera destes xéneros: narrativa, poesía, teatro e cómic. Con respecto á primeira edición introducíronse dous cambios importantes: a primeira é que nos dez volumes escollidos deberán contemplarse catro grupos de idade (até sete anos, de oito a dez anos, de once a catorce e a partir dos catorce anos) e non tres, de xeito que haxa polo menos dous títulos para cada tramo, e a segunda é a creación dun premio para a ilustración. Os bibliotecarios darán a cada grupo de lectores a produción do ano 2002 para que elixa dez títulos e os lectores daranlle a cada libro unha puntuación entre cero e dez puntos. A biblioteca enviaralle a GÁLIX a listaxe de libros elixidos coa súa puntuación. Os títulos que acaden máis puntuación en cada grupo de idade serán os gañadores. O ditame do premio darase a coñecer nun acto público que se celebrará no mes de xuño no marco da Feira do Libro de Santiago. Os gañadores recibirán como distinción unha placa conmemorativa e, entre as bibliotecas e os lectores que formen parte dos xurados, sortearanse lotes de libros cedidos por editoriais galegas. Nesta edición a gañadora na modalidade ata 7 anos foi Eva Mejuto pola adaptación de *A casa da mosca chosca*; na modalidade de 8 a 10 anos foi Paula Carballeira por *Correo urxente*; na modalidade de 11 a 13 anos foi Xabier P. Docampo por *A casa da luz* e na modalidade a partir de 14 anos o gañador foi Suso de Toro por *Servicio de urxencias*. Na modalidade de libro mellor

ilustrado resultou gañador Manuel Uhía por *A pantofo da torre*.

Referencias varias:

- C. Pino, 'Xesús Rábade reivindica o dereito á palabra no pregón da Feira do Libro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 27 abril 2003, p. L9.

Nota que informa do obxectivo do premio e dos gañadores desta edición.

- MARÉ, 'O 'Prestige' en cómic', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2003, p. 53.

Céntrase na sexta edición do Salón "Viñetas desde o Atlántico", celebrado no Kiosco Alfonso da cidade da Coruña entre os días 11 e 17 de agosto, destacando a presenza de "tres grandes mestres" estranxeiros da banda deseñada: Alberto Breccia, Ivá e Hernández Palacios. Indícase, así mesmo, que dous temas van estar moi presentes na mostra: o desastre do petroleiro "Prestige" e a guerra de Iraq. Por último, nun cadro á parte, refírese brevemente a celebración da XXXIIª Feira do Libro da Coruña, indicando que nela terá lugar a presentación do cuarto Premio de Literatura Infantil e Xuvenil de GALIX, coa participación de Paula Carballeira, unha das gañadoras da terceira edición.

Premio "Ourense" de Banda Deseñada

Convócao a Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense. Presenta dous apartados distintos: un dedicado ás mellores iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao mellor autor novel. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución, que van pola décimo quinta edición. O premio do primeiro dos apartados decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense).

Referencias varias:

- MARÉ, 'Pepe Carreiro, a realidade como desculpa do artista', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 setembro 2003, p. 52.

Noméanse os gañadores do premio dentro da categoría dedicado ás mellores iniciativas ou personalidades e de autores noveis dentro da BD galega, e fálase brevemente da traxectoria do autor gañador na primeira das categorías.

- Lorena Rodríguez, 'Ourense, en papel de cómic', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', 4 outubro

2003, p. 1.

Artigo no que se fala das XV Xornadas de Banda Deseñada, e nel menciónanse os gañadores do Certame Galego de Imaxe Deseñada nas diferentes categorías e as outras posibilidades que se poden atopar nestas xornadas, como exposicións, proxeccións audiovisuais e venta de cómics.

- LR, 'Los dibujos cobran vida', *La Región*, 'Ourense', 4 outubro 2003, p. 10.

Mención dos gañadores nas diferentes categorías.

- Marcos Valcárcel, 'Pepe Carreiro, humor sen ataduras', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 outubro 2003, p. 64.

Breve nota onde se describe brevemente a traxectoria dun dos artistas gañadores do certame, Pepe Caneiro.

Premio Nacional de Literatura Infantil

Ver Premios "Nacionales de Literatura" no apartado X. 5. Mixtos (Varias modalidades) deste *Informe*.

Referencias varias:

- E.P., 'O 'Krokodiloo' queda co Nacional de Literatura infantil', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2003, p. 42.

Información concisa e breve de quen concede o premio e da dotación económica, dos membros que compuxeron o xurado e da biografía da autora.

Vº Premio "Abril" de narrativa para mozos

Nace no ano 1998 por iniciativa de Ámbito Cultural/El Corte Inglés e Editores Asociados. Está dotado con 20.000 euros e a publicación da obra en aragonés, asturiano, catalán, castelán, galego e vasco. Os orixinais poden presentarse escritos en español ou nas linguas dos territorios dos que proceden as editoriais convocantes: La Galera, de Catalunya; Elkarlanean, de Euskadi; Tándem Edicións, de Valencia; Galaxia, de Galicia; Llibros del Pexe, de Asturias e Xordiga, de Aragón. Poderán participar escritores de calquera nacionalidade con obras orixinais inéditas e destinadas ao lectorado de doce a dezaseis anos. As obras, cunha extensión de entre oitenta e cento vinte folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, enviaranse a calquera das editoriais integrantes de Editores Asociados indicando no sobre a referencia do premio. No caso dos traballos galegos, poderanse remitir á Editorial Galaxia, Reconquista, nº 1, 36201 (Vigo). Na súa quinta edición, o gañador foi o escritor bilbaíno Joanes Urkixo, coa novela de aventuras *O*

guerreiro Blanco.

XIº Premio "EDEBÉ" de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros, e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotado con 30.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a dúascentas para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, antes do quince de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Nesta edición á que se presentaron cento vintecinco obras en castelán, trinta e sete en catalán, doce en galego e catro en éuscaro, non se premiou ningunha obra en galego. Os gañadores das dúas modalidades son cataláns: Care Santos con *Lalluna.com* na modalidade de literatura xuvenil e Andreu Sotorra con *Kor de llamps* na de literatura infantil.

XIXº Concurso do libro infantil "O Barco de Vapor"

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras presentadas en lingua galega terán unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Conta cunha dotación económica de 6.000 euros mais a publicación da obra. Nesta edición a obra gañadora, que será publicada pola Editorial SM, foi *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz, que recolleu o galardón o 4 de xuño na cidade de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Fernández Paz gaña 'O Barco de Vapor' coa historia dun indixente', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 31 xaneiro 2003, p. 82.

Coméntase a obra gañadora do premio "O Barco de Vapor". Comézase facendo referencia á protagonista, unha nena de sete ou oito anos, que entabla amizade cun inmigrante do leste

de Europa que pide esmola na porta dun supermercado dunha gran cidade, quen lle di á nena que vén das estrelas e dorme todos os días na lúa e que está na porta investigando aos humanos. Dise que "recoñece o narrador que a obra ten cincuenta folios porque a historia non pedía máis" e podería perdela e que pasan poucas cousas na novela porque quería salienta a fantasía da nena coa realidade que coñece o lectorado. Dise que esta obra foi escrita no ano 2001 e dáse noticia de que a editorial publicará en castelán *Noite de voraces sombras* (Xerais, 2002) como fixo con outras obras do autor. Remátase cun recadro no que se ofrece unha breve biobibliografía do autor.

- Alberto Quián, 'A literatura infantil hai que afastala dos estereotipos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 xuño 2003, p. 46.

Despois de se referir a que no día de onte Agustín Fernández Paz recibiu o "Barco de Vapor" fálase co escritor sobre o incentivo do Premio, a temática da obra, o nome, o tema social que trata, a saúde da literatura e solicítaselle que recomende a algún escritor. Responde que se presentou ao premio pola temática da obra (inmigración, "exclusión social"...), di que xurdiu en Vigo enfronte a un supermercado onde hai persoas pedindo esmola e nela establécese un "xogo no fio da navalla entre a fantasía da nena e a crúa realidade do inmigrante". En canto ao nome di que parte da única mitoloxía que o inmigrante pode compartir. Defende que a literatura é fonte de coñecemento e el quixo amosar aos rapaces a realidade desta sociedade globalizada e inxusta e considérase obrigado a reflectir a súa visión do mundo. En canto á saúde da Literatura infantil e xuvenil, considera que como no cine hai de todo dende produtos comerciais, perecedeiros, a obras coma as que el intenta facer, que "calen, que deixen unha pegada emocional". Salienta a invisibilidade desta literatura e defende que os máis novos len bastante. Finaliza recomendando a lectura de Roald Dahl.

- MARÉ, 'Realidade de ficción', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xuño 2003, p. 60.

Dá noticia da concesión do galardón do XIXº Premio "Barco de Vapor" a Agustín Fernández Paz, un home de quen dixo Joaquín Cerezo, director da Fundación Santa María, dedica moitas horas á misión de "ilusionar ós nenos co propósito de deixarlles un mundo mellor ó que nós atopamos". Da obra galardoada con seis mil euros dise que transmite ao lector a crúa realidade, salientase que estea protagonizada por unha nena e un inmigrante, un home invisíbel que pide ás portas dun supermercado e danse unhas brevísimas notas biográficas do escritor. No recadro "A cerna" subtitulado "Un premio con dezanove edicións" recórdase que o premio foi creado en 1984 e dáse noticia do acto de entrega do galardón, cítase a un grupo de premiados que acompañaron ao gañador desta edición.

- R.N., 'O meu nome é Skywalker', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 19, 'Letras en galego', 26 xullo 2003, p. 7.

Ramón Nicolás nesta breve nota dá noticia do galardón obtido por esta obra que di establece un equilibrio entre fantasía e realidade para cantar á solidariedade a través dunha prosa "ponderada e ritmo áxil" que permite unha lectura rápida e directa. Remata afirmando que con esta obra o escritor dá un paso máis no seu camiño ascendente no ámbito desta literatura.

- María Navarro, 'Lectura didáctica', *Faro de Vigo*, '*Faro da Cultura*', nº 58, 'Infantil/Xuvenil', 6 novembro 2003, p. VII.

Desta obra premio "Barco de Vapor" 2003 escrita por unha das "plumas máis prolíficas da nosa literatura", por un escritor moi premiado e unha referencia imprescindible, salienta a comentarista, despois de describir a historia que se conta e a relación da nena protagonista co indixente Skywalker que ten "certos comportamentos da condición humana" e así cita a indiferenza ante a pobreza e escaso valor que se lle dan ás cousas. Remata cualificando o final da obra de sentimentalista "que fai cando menos pouco crible o remate", que o intercambio de agasallos entre os protagonistas e os recordos da rapaza non concordan coa inxenuidade da nena nuns momentos e a madurez da que fai gala noutros; e tamén salientando características da obra de Agustín como a protagonista feminina, certo didactismo na presentación e desenvolvemento do tema, unha sinxela e coidada expresión que facilita a comprensión do texto e asegura a correcta recepción da obra.

XVIIIº Premio "Merlín" de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado con 6.100 euros (100 máis que na anterior convocatoria) e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio "Merlín". O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, está constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. Na convocatoria deste ano o prazo para a entrega de orixinais rematou o 14 de abril e o xurado estivo composto polos alumnos do instituto Francisco Aguiar de Betanzos África López Allegue e Daniel González Saavedra, a profesora de lingua e literatura galega do mesmo centro, Concepción Delgado Corral, o debuxante José Tomás Díaz Teijo, o director da colección "Merlín" Miguel Vázquez Freire e Helena Pérez Fernández, que foi a secretaria. Das vinte obras presentadas, resultou gañadora *Irmán do vento*, de Manuel Lourenzo González. O acto de entrega tivo lugar o día 14 de xuño, nesta ocasión en Betanzos, coincidindo co ditame doutros dous premios convocados pola editorial: o "Xerais" de

novela, que recaeu en *Planeta Skylab*, de Santiago Jaureguizar, e o "Xerais á cooperación editorial", que lle foi outorgado á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Gálix.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Os premios Xerais e Merlín resolveranse o 14 de xuño', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2003, p. 43.

Indícase que a data e o lugar en que se resolverán o Premio "Xerais" de Novela e o Premio "Merlín" de Literatura Infantil, así como a composición dos xurados encargados de escoller as obras premiadas.

- C.F., 'Xerais distingue a Gálix co premio á cooperación no labor editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2003, p. 52.

Falase do premio que concede a editorial Xerais á cooperación no labor editorial e anúnciase a entrega dos premios "Xerais" de novela e "Merlín" de literatura infantil que terán lugar na xornada seguinte en Betanzos. Do premio á cooperación infórmase de que xa se deu a coñecer o gañador, que foi a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), presidida neses momentos por Blanca Ana Roig, e que conta na directiva con Xosé Antonio Perozo e Marilar Aleixandre. Logo coméntase un pouco a actividade da Asociación, integrada por ilustradores, investigadores ou escritores. Saliéntase que é a sección galega da Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil, e que, a parte de defender a cultura e a lingua galega no que ten que ver coa literatura infantil e xuvenil, encárgase de promover iniciativas para a difusión destes libros e de representar a Galicia nas institucións e entidades internacionais que teñen que ver con eles. Tamén se dá conta nun breve apartado das novelas finalistas do premio "Xerais": *Destrución*, *O caderno azul*, *Like a lady* e *Cans sen caíños*, e dos libros finalistas do "Merlín" *O ferrollo da saudade*, *Cabalos* e *Meloxeira*; e anúnciase para mañá a cerimonia de entrega cun acto literario e musical levado polo escritor Xulio Cuns.

- Alberto Quián, 'Santiago Jaureguizar gaña o Premio Xerais de Novela e Manuel Lourenzo o Merlín', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Dáse noticia do fallo dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura infantil e xuvenil, outorgados a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmán do vento*. Asemade, cítase o recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) pola Cooperación ao labor editorial e recóllense as palabras que pronunciou o Director de Xerais no acto.

- MARÉ, 'Jaureguizar gaña o Xerais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2003, p. 66.

Infórmase do outorgamento dos premios "Xerais" de Novela e "Merlín" de Literatura infantil e xuvenil, que recaeron en Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmán do vento*. Ao longo do artigo, faise unha breve recensión da primeira, poñendo, asemade, especial interese nas características que dela subliñou o xurado "unha interpretación mordaz e paródica do galeguismo". Complétase cun recadro dedicado ao

recoñecemento que se lle deu á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) pola cooperación ao labor editorial.

- A.Q., 'Levaba tempo co empeño de gañar este premio', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 15 xuño 2003, p. 46.

Entrevista na que o gañador do Premio Merlín 2003, Manuel Lourenzo, explica o que supón para el, persoal e profesionalmente, a obtención do premio, así como do que se trata na novela e a xénese da mesma. Para rematar, afirma que *Irmán do vento* é unha lectura posíbel para todo tipo de público e que o xogo de narradores serve para dotar de verosimilitude á obra.

- D.P., 'O vilaboés Manuel Lourenzo gaña o Merlín coa novela 'Irmán do vento'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 15 xuño 2003, p. 87.

Refírese primeiro ao gañador do premio, Manuel Lourenzo e á súa novela *Irmán do vento*. A seguir, dáse conta do argumento da novela, do que supón para o autor este premio, tanto dende o punto de vista económico coma do persoal, e reproducése a opinión do gañador respecto a se debe existir unha narrativa específica para nenos e mozos. Manuel Lourenzo tamén sinala a necesidade de dotar de textos á literatura infantil e xuvenil.

- Camilo Franco, 'O Xerais premia a Jaureguizar por unha novela negra escrita con humor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2003, p. 40.

Santiago Jaureguizar é o gañador do "Xerais" na edición deste ano coa obra *Casa Skylab*. Na nova faise unha sucinta recensión da súa trama argumental e incídese na mestura de compoñentes reais e ficticios que se introducen. Tamén se fai referencia á concesión do premio Merlín.

- Camilo Franco, 'Jaureguizar considera que o importante é 'botar unhas risas'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xuño 2003, p. 55.

Logo de informar da concesión dos premios "Xerais" e "Merlín" na súa última edición, Franco expón as consideracións que o propio Jaureguizar realiza sobre a súa obra, *Casa Skylab*, dándolle alto valor ó ton humorístico que posúe. Asemade, dá conta das características que posúe a literatura de cada un dos dous gañadores.

- X.C., 'Jaureguizar e Manuel Lourenzo premiados cos Xerais e Merlín', *A Nosa Terra*, nº 1.087, 'Cultura', 19 xuño 2003, p. 24.

Detállase a concesión dos premios "Xerais" de Novela e "Merlín" de Literatura infantil e xuvenil a Santiago Jaureguizar e Manolo Lorenzo por *Casa Skylab* e *Irmán do vento*, respectivamente. No artigo faise unha breve recensión de ambas as dúas. Igualmente dáse ampla referencia do premio á cooperación cultural, outorgado á Asociación Galega de Literatura infantil e Xuvenil (GALIX) e realízase un resumo das súas máis subliñábeis accións. Complétase cun recadro acerca da crise da industria do libro galego.

- C.P., 'Presentadas as novelas gañadoras e finalista dos premios Xerais e Merlín', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 outubro 2003, p. 47.

Dáse conta da presentación das obras que gañaron os Premios "Xerais" e "Merlín" (*Casa Skylab* e *Irmán do vento*) e da finalista do primeiro deles, *Destrución*. O groso da nova limitáase a describir o contido das mesmas.

- MARÉ, 'Xerais celebra polo alto os XXV anos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 decembro 2003, p. 53.

Anúnciase que no próximo 2004 Edicións Xerais de Galicia ten pensado realizar un acto en Vigo para celebrar os vintecinco anos do seu nacemento, coincidindo coa tradicional cea de entrega dos Premios "Xerais" de novela e "Merlín" de literatura infantil e xuvenil, que ascenderá a 7.500 euros nesa edición. Ademais, indícase que a editorial vai usar nese ano do seu aniversario un novo logotipo con referencia a esta conmemoración.

X.9. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

IIIº Certame de relatos curtos "Concello de Moaña"

Premio convocado polo Concello de Moaña para celebrar o Día Internacional do Libro. Establécense tres categorías: de dez a catorce anos, de quince a dezasete e para maiores de dezoito anos; en cada unha delas concederanse tres premios que dependendo da idade serán libros ou cartos. Os textos deben ter entre tres e cinco folios, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara; os relatos teñen que ser inéditos e orixinais e a técnica empregada para a súa elaboración será libre. Os textos puideron presentarse ata finais do mes de marzo no Centro Municipal de Servizos Sociais, acompañado dun sobre pechado cos datos do participante. Os gañadores desta terceira edición son: Cristian José di Giorgi Figueira na categoría de dez a catorce anos; Laura Ríos Santomé na categoría de quince a dezasete anos; e María Raquel Gandón e Anxo Bieito Padín compartiron o primeiro premio na categoría de maiores de dezoito anos.

Referencias varias:

- C.C., 'Entrega de premios del Certamen de Relatos Cortos de Moaña', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 24 maio 2003, p. 84.

Fálase da entrega de premios da III Edición do Certame de Relatos Curtos e Poesía que organiza o concello de Moaña no Salón de Plenos. Dísenos ademais quen foron os gañadores das distintas categorías, Cristina José di Giorgi Figueira, Eva Mosquera Rodríguez e Eva Río Santomé na categoría de 10 a 14 anos, Laura Ríos Santomé na categoría de 15 a 17 anos, e Francisco Freire Jalda, Jesús Hermelo Brum, María Raquel Gandón e Anxo Bieito Padín na categoría de máis de 18 anos.

IIIº Certame galego de poesía e narración por internet "Temos un Parlamento, temos unha lingua"

A Consellaría de Educación e o Parlamento de Galicia, en colaboración co portal Galiciadixital.com, convoca este certame no que poden participar todos os rapaces e rapazas de ensino primario e secundario a través dos seus centros e que se desenvolve baixo o lema "Temos un Parlamento, temos unha lingua". Preténdese potenciar o uso de internet no mundo da educación e crear así unha Biblioteca Xeral Xove, que inclúa as obras dos autores galegos máis novos. Así mesmo preténdese que os escolares de Primaria e Secundaria perciban o Parlamento como expresión da vontade colectiva do pobo galego e valoren a lingua galega como principal sinal de identidade. Establécense diferentes premios, que oscilan entre os 300 e os 60 euros, segundo o nivel de ensinanza e a categoría do galardón obtido. Ademais os traballos gañadores serán publicados na sección de "Tribuna libre alumnos" do portal de Educación incluído en Galiciadixital.com. Para a modalidade de poesía, os traballos terán un máximo de cento vinte versos, mentres que para narrativa un máximo de cinco folios. Deberán ser remitidos exclusivamente por internet antes do 1 de maio do 2003 ao enderezo certame@galiciadixital.com cos datos do participante e o aval dun profesor do centro. O xurado estivo formado por Salomé Álvarez Blanco, en representación do Parlamento de Galicia, quen actuou como presidenta, Primitivo Iglesias Sierra, en representación da Consellaría de Educación, Agustín Fernández Paz, escritor, e Xulio Giz, en representación de Galicia Dixital, que actuou como secretario. Na categoría de poesía en ensino primario premiouse a Noelia Martínez Rey co primeiro premio. En ensino secundario o primeiro premio recaeu en Miren Alonso. Na categoría de narrativa o primeiro premio de primaria volveu caer sobre Noelia Martínez Rey e en secundaria premiouse a Mónica Fernández Armesto co primeiro premio.

Referencias varias:

- S.A., 'Escolares de O Burgo ganan un concurso por Internet', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 28 xuño 2003, p. 10.

Danse os nomes dos catro estudantes do colexio Isaac Díaz Pardo do Burgo premiados neste Certame.

- Ángel V. A., 'Política, tienes nombre de mujer', *El Progreso*, 'De actualidad', 3 xullo 2003, p. 64.

Anúnciase a entrega de premios do certame o día oito de xullo, polo director de "Galiciadixital", Xulio Giz Ramil, menciónanse a catro dos dezaseis premiados: Noelia Martínez Rey, Eva Vilar Coira, Mónica Fernández Armesto e Alicia Fernández Rodríguez, e tamén os dos membros do xurado, Salomé Álvarez Blanco, Primitivo Iglesias Sierra e Agustín Fernández Paz.

- Ángel V.A., 'Nombres con mucho brillo', *El Progreso*, 'De actualidad', 9 xullo 2003, p. 72.

Informa do acto da entrega, o día 8 de xullo en Santiago de Compostela, dos premios do

certame por internet "Temos un Parlamento, temos unha lingua" para alumnos de Primaria e Secundaria e apunta os nomes dos gañadores das distintas modalidades e categorías.

- A.D., 'Un Parlamento, unha lingua', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xullo 2003, p. 44.

Fálase dos premiados do Certame 2003 de Poesía e Narración por Internet "Temos un Parlamento, temos unha lingua": Noelia Martínez Rey co traballo *Un pobo chamado Galicia*, dentro de narrativa de primaria. Na modalidade de poesía repetiu a gañadora con *A lingua dos poetas*. En narrativa secundaria gañou Mónica Fernández Armesto con *A lingua de Bakunin* e en poesía secundaria a gañadora foi Miren Alonso Álvarez con *A nosa lingua*.

IIIº Concurso Interescolar Gran Vigo "Carlos Casares"

Concurso convocado pola Asociación Cultural, Deportiva e Prestadora de Servizos á Xuventude "Gran Vigo" no que poderán participar estudantes de todos os colexios, centros de educación especial, colexios hospitalarios e institucións da mancomunidade de Vigo e área de influencia. As categorías que se establecen son: Primaria (relato curto e poesía); ESO (conto curto e poesía); Bacharelato (conto curto e poesía). Para a modalidade de conto curto hai que entregar traballos dun mínimo de dous folios a dobre espazo e dun máximo de seis; as obras serán inéditas e o tema libre, ao igual que no caso dos poemas. O idioma empregado será o galego ou o español e os premios están dotados de medallas, placas e diplomas. Os traballos, un máximo de seis seleccionados por cada centro, serán enviados canto antes ao IES Álvaro Cunqueiro de Coia (Vigo)

Referencias varias:

- D.V., 'Pretendemos que los jóvenes se interesen más por la literatura', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 18 abril 2003, p. 8.

Esta é unha entrevista á presidenta da Asociación Gran Vigo, Nelly Pérez Giráldez, que dá conta do éxito que está tendo a convocatoria do Concurso Literario Interescolar Carlos Casares que xa leva tres anos de vida e que a gran participación fixo que se ampliara a convocatoria a toda a mancomunidade da cidade de Vigo.

IIIº Premio de narrativa "Historias na Universidade"

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servicio Universitario de Residencias (SUR) e os Colexios Maiores e Residencias de titularidade privada adscritos a ela, convocou no verán do ano 2000 este premio co fin de fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo e nos seus Colexios Maiores e Residencias. Os mantedores de cada edición son dous dos Colexios Maiores ou Residencias convocantes: un encárgase de acoller o ditame do xurado e outro do acto de entrega do premio. Pode concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión que ensuma ao lector polo menos entre media e dúas horas. Os orixinais

deben presentarse por quintuplicado en soporte de papel, mecanografiados por unha soa cara e a dobre espacio, antes do día 30 de marzo de cada ano, no Vicerrectorado de Estudiantes (Rúa Nova, nº 6, Santiago de Compostela) ou nos Colexios Maiores e Residencias convocatorias. Con cada orixinal, que debe ser presentado baixo lema, hai que acompañar en sobre pechado os datos do autor e o título da obra. O xurado está composto por cinco persoas de recoñecida solvencia no eido da crítica literaria e polo director ou directora do centro encargado de acollelo, con voz e sen voto, que asume as funcións propias da secretaría. A súa composición dáse a coñecer pouco antes do seu ditame, feito que ten lugar nos meses de abril ou maio, coincidindo coa entrega das Insignias e/ou Bandas colexiais. A dotación económica deste premio é de 3.000 euros. A obra premiada é publicada no prazo dun ano polo Servicio de Publicacións da USC e por capítulos no periódico dixital da USC, para o que o gañador debe achegar o texto premiado nun soporte electrónico. Nesta terceira edición o premio foi para Eva Moreda Rodríguez pola novela *Singularis Domitila*. Paralelamente, neste 2003 convocouse o premio especial de narrativa USC contra a marea negra, coas mesmas bases agás a dotación económica que será de 600 euros; nesta modalidade o premio recaeu en Francisco Castro Veloso polo obra *Fábulas en negro*.

Referencias varias:

- C.d.U., 'A Universidade de Santiago convoca dous premios de narrativa', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Correo da Universidade', 22 xaneiro 2003, p. 4.

Anúnciase a convocatoria do III Premio de narrativa "Historias na Universidade" co obxecto de fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Lugo e Compostela, paralelamente á convocatoria do premio especial de narrativa "USC contra a marea negra" coas mesmas bases agás a dotación económica, que no primeiro é de 3000 euros e no segundo de 600 euros.

IIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "Atenea"

Convócao o Ateneo Ferrolán e a entidade Caixanova co obxectivo de promover o interese ou afección pola representación escénica. Os participantes poderán provir de todo tipo de grupos non profesionais de entidades veciñais, colexios públicos ou privados, sociedades culturais, etc. da comarca de Ferrolterra. As categorías que presentaba o certame na súa primeira edición eran tres: A) grupos de até doce anos, equivalente a Primaria en actividade escolar; B) grupos de até dezoito anos, equivalente a Secundaria; e C) centros de Educación Especial. Nesta segunda edición engándense dúas máis: grupos de tres a cinco anos (Infantil) e grupos de seis a once anos. Cada unha destas compañías só poderá presentar unha obra ao certame e esta non deberá exceder os setenta e cinco minutos de duración. Os interesados en participar deberán enviar as súas solicitudes ao Ateneo Ferrolán (R/ Magdalena, 202. Apartado 303, 15042, Ferrol) indicando o nome do colexio, entidade ou persoa responsábel cos datos referidos á compañía e á obra presentada. O prazo de presentación de solicitudes remata o 23 de xaneiro de 2004 e entre os meses de abril e maio deberán representarse as obras das que o xurado elixirá tres na categoría A e B, e unha na C. Todas as compañías seleccionadas actuarán na fase final do certame, que coincidirá coa semana das Letras Galegas. Ademais todas as compañías recibirán unha figura

representativa e un diploma, e os finalistas 250 euros para a adquisición de material encamiñado á formación nas artes escénicas. O xurado estará composto por persoas elixidas polo Ateneo e Caixanova en función da súa relevancia dentro do mundo do ensino e da cultura de Ferrol. Os premiados da primeira edición, que foron entregados o 17 de xuño de 2003, son: a compañía do colexio Carmen Polo na categoría de educación especial; o grupo de 6º A do colexio Cruceiro de Canido e o grupo Os Caranceiros e os Boteiros do colexio Manuel Masdías na categoría de primaria; e o grupo de teatro da asociación N+1 na categoría xuvenil.

Referencias varias:

- María Idoia Múgica, 'Día Mundial do Teatro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 28 marzo 2003, p. 12.

Fálase da satisfacción de pertencer ao xurado do Primeiro Certame de Teatro Infantil e Xuvenil do Ateneo Ferrolán debido á importancia que ten o teatro tanto para a autora do artigo coma para a sociedade xa que promove a expresión dos valores culturais, da socialización e da creatividade. A autora loubra, ademais, a decisión da Unesco xa en 1961 de determinar o 27 de marzo como o Día Mundial do Teatro.

- N.V., 'Os fillos de Talía', *Diario de Ferrol*, 1 xuño 2003, p. 64.

Fálasenos da convocatoria do certame Atenea da man do Ateneo Ferrolán e de Caixanova, consistente nun concurso adicado ao teatro infantil e xuvenil entre colexios e entidades culturais de Ferrol e comarca que terán comezo o día 2 de xuño de 2003 no Centro Cívico de Caranza e na que participarán sete compañías.

IIº Certame de Xogos Florais de Poesía "Barrio de Caranza"

Organiza este evento a Asociación de Veciños de Caranza, que divide o certame en dúas categorías: infantil e adulto. Neste ano, participaron na actividade sesenta e un autores. Resultaron premiados, na categoría infantil, Raquel Ferrández Formoso con "Palabras caladas" (primeira posición), Silvia Neira Ces con "Aquel día" (segunda posición) e Adrián Ramos Golpe con "A lúa e as estrelas" (terceira posición). Ademais, entregouse un lote de libros aos centros educativos La Salle e Manuel Masdías, por seren os que suministraron un maior número de participantes.

IIº Certame literario "Don Diego Sarmiento de Acuña Conde de Gondomar"

Convocado polo Concello de Gondomar, en colaboración con Caixanova, o Monte Real Club de Iates de Baiona, o Instituto de Estudos Miñoranos, a Concellaría de Deportes e o Club de tenis A Tobeira; nace co obxectivo prioritario de contribuír á narrativa e potenciar a creación literaria entre os máis novos. Ao certame poden presentarse os rapaces de entre dez e vinte anos do Val Miñor, cunha única obra de poesía ou conto escrita en lingua galega con temática libre; estabelécense tres categorías: nivel 1 (terceiro ciclo de educación

primaria), nivel 2 (primeiro, segundo e terceiro de ESO) e nivel 3 (cuarto da ESO e bacharelato).

Referencias varias:

- A.G., 'El Ayuntamiento convoca el segundo certamen literario Conde de Gondomar', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 5 marzo 2003, p. 25.

Dise da convocatoria do segundo certame literario xuvenil Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, organizado pola concellaría de Xuventude de Gondomar que nesta segunda edición amplíase aos colexios de educación primaria e secundaria, creándose tres categorías para rapaces e rapazas de entre dez e vinte anos residentes en Val Miñor con temática libre e en galego. Advírtese ademais da data de entrega fixada no 21 de marzo de 2003 coa resolución dos premiados o día 10 de maio de 2003.

Iº Certame Escolar de Marionetas e Guiñois

Convocado pola Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (Foanpas), en colaboración coa Concellaría de Educación. Ao certame presentáronse unha ducia de colexios vigueses que durante dous días representaron no auditorio municipal as súas montaxes teatrais con marionetas confeccionadas por eles mesmos; todos os participantes recibiron o seu premio, consistente nun lote de material escolar.

Referencias varias:

- D. Vázquez, 'Cuentos de trapo', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 8 maio 2003, p. 16.

Indica que alumnos de Primaria dun total de dez colexios da bisbarra viguesa están a participar no Iº Certame Escolar de Marionetas e Guiñois, organizado por Foanpas (Federación Olívica de Asociación de Nais e Pais de Alumnos). Saliéntase tamén que haberá un premio (lote de material escolar) para todos os grupos participantes.

IVº Certame "Entre nós, en galego"

Certame convocado pola Xunta de Galicia, a través da dirección Xeral de Política Lingüística, e a Federación Galega de Libreiros. O certame enmárcase dentro da campaña que leva o mesmo nome, iniciada no ano 2001, e que ten como fin fomentar o uso do galego entre as xeracións máis novas. Consta de distintas modalidades nas que poden participar tanto os centros educativos no seu conxunto (premios ás actividades e experiencias normalizadoras) coma o alumnado individualmente. Dentro destes últimos inclúense os concursos de cartel e lema de publicidade en lingua galega, dirixido a centros de infantil e primaria; e premios de relato curto e de poesía, ambos dirixidos a centros de educación obrigatoria e postobrigatoria. A estas categorías xa presentes na primeira edición da campaña engadíronse na correspondente ao curso 2001-2002 a de representación de

obras teatrais para secundaria e a de recitado de poemas, narración de contos e dramatización para o alumnado de educación infantil e primaria e o premio ás revistas escolares. Nesta cuarta edición, correspondente ao curso 2002-2003, engadiuse o campionato do xogo multimedia O Preguntoiro destinado ao alumnado de ESO e Bacharelato, co que se poñerán a proba os coñecementos dos rapaces e rapazas en diferentes materias. Os traballos deben enviarse aos Gabinetes das Delegacións Provinciais da Consellaría de Educación e primeiramente seleccionaranse os gañadores das fases provinciais, que serán os que logo participen na fase autonómica. Premiouse neste certame a máis de cen rapaces das catro provincias galegas que participaron nas distintas categorías deste premio.

Referencias varias:

- A.S., 'Tris-Tras y el amor de A Pousadeira', *Diario de Arousa*, 30 abril 2003, p. 56.

Da noticia de que o grupo de teatro Tris Tras do Colexio Público Mosteiro de Meis como finalista do certame "Entre nós, en galego" organizado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta coa peza *A Pousadeira*.

- Alfredo Goberna, 'Escolas Proval, finalista de un concurso provincial de teatro de la Xunta', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 6 maio 2003, p. 22.

Menciónase que o grupo de teatro Escuelas Proval de Gondomar foi seleccionado como finalista provincial do certame de teatro que promove a Consellaría de Educación, coa peza *El rey Arturo y la abominable dama* que ofrecerán por todos os colexios de primaria de Val Miñor.

- F.E., 'Los escolares fueron protagonistas del teatro y de los cuentacuentos', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 8 maio 2003, p. 24.

Anúnciase a participación de cento vintecinco centros de ensinanza non universitaria da provincia da Coruña no concurso "Entre nós, en galego" advertindo que o grupo "A Lagarada" quedou finalista coa peza *Celtas sen filtro* do IES Ramón Otero Pedrayo, ao igual que *Aquí non paga ningún* do IES Ánxel Casal.

- C.G., 'Os piratas' do 'Alfonso VII', na final provincial de teatro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 8 maio 2003, p. 77.

Faise referencia ao grupo de teatro "Os Piratas", formado por vintecinco alumnos de terceiro e cuarto curso de Primaria do CPI Afonso VII de Caldas de Reis, finalistas provinciais na modalidade de teatro na campaña institucional "Entre nós, en galego" coa peza *Serafín e Malacueco na corte do Rei Escama*, de Antonio Torrado.

- M.G., 'Alvear, premiada por segundo año en 'Entre nós, en galego'', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 28 maio 2003, p. 36.

Fálase dunha das gañadoras do certame "Entre nós, en galego", Micaela Alvear Arroyo,

alumna do instituto Virxe do Mar de Noia polos traballos *Anuncios por palabras* e *Eu non podo ser o teu mapa*, advertíndose que xa conta con varios galardones.

- S.A., 'Falar, cantar, escribir e ler en galego ten premio', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 1 xuño 2003, p. 18.

Faise saber do acto de entrega dos premio da campaña "Entre nós, en galego" promovida pola Dirección Xeral de Política Lingüística e celebrada o día 17 de xuño no instituto Crucero Baleares de Culleredo onde se contou con unha ampla participación nesta convocatoria o que leva a falar aos organizadores do certame, de éxito. A continuación aparece unha lista dunha parte dos gañadores pertencentes a este colexio coruñés onde se organizou o acto.

- LR, 'O galego: un premio para 16.000 nenos', *La Región*, 'Ciudad', 1 xuño 2003, p. 13.

Conta que no acto de entrega dos premios do III Certame de Normalización Lingüística "Entre nós, en galego" no salón de actos do Conservatorio Profesional de Música de Ourense se repartiron cento trinta e nove premios por un valor total de 26790 euros entre as diferentes modalidades: publicidade, relato curto, poesía, música e revistas escolares.

- MARÉ, 'O galego, desde a raíz', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xuño 2003, p. 66.

Fálase do peche do certame "Entre nós, en galego" promovido polo equipos de normalización lingüística da Consellaría de Educación onde ademais dos galardóns adicados ao deseño de carteis, os concursos incluíron outros apartados como o de expresión dramática e musical e revistas escolares ademais dos premios de poesía e relato curto.

- E. Álvarez, 'Participarei en cada certame que me caia nas mans', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 17 xuño 2003, p. L2.

Esta é unha entrevista a un dos gañadores do certame "Entre nós, en galego", José Manuel Cao Gigirín, pertencente ao IES de Arzúa, que participou co relato *O último café* e que afirma aquí que este tipo de certames axuda á literatura mais non ao uso do idioma.

- E.P., 'Por160.000 euros', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 decembro 2003, p. 54.

Aparece a presentación do IV Campaña de Normalización Lingüística "Entre nós, en galego" que ten como un dos principios obxectivos motivar ás novas xeracións cara ao uso da lingua galega introducindo desta vez unha novidade consistente nun xogo electrónico "O Preguntorio" e que tamén será levado a concurso, acrecentando así a súa competencia lingüística en galego.

IVº Certame Galego de Imaxe Artística

Convocado anualmente, xunto co Premio "Ourense" de Banda Deseñada, de máis antigüidade e dedicado a autores ou institucións consagradas neste eido, este certame está

inserido dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada, que organiza a Casa da Xuventude de Ourense e que este ano cumpre a súa décimo quinta edición. Os premiados nesta edición de 2003 son: na categoría A (entre 23 e 30 anos) Alejandro Viñuela Agra con *Layka* e Alberto Rodríguez Guitián con *Microorganismo feo*; e na categoría B (entre 19 e 22 anos) Jaime Eizaguirre con *Ferretería e Desparafusador* e Alberto Vázquez con *Soviet*.

Referencias varias:

- MARE', 'Pepe Carreiro, a realidade como desculpa artística', *Galicia Hoxe*, 'MARE', 22 setembro 2003, p. 52.

Noméanse os gañadores do premio dentro da categoría dedicado ás mellores iniciativas ou personalidades e de autores noveis dentro da BD galega, e fálase brevemente da traxectoria do autor gañador na primeira das categorías.

- LR, 'Los dibujos cobran vida', *La Región*, 'Ourense', 4 outubro 2003, p. 10.

Mención dos gañadores nas diferentes categorías.

- Lorena Rodríguez, 'Ourense, en papel de cómic', *Faro de Vigo*, 'El Sábado', nº 332, 4 outubro 2003, p. 1.

Artigo no que se fala das XV Xornadas de Banda Deseñada, e nel menciónanse os gañadores do Certame Galego de Imaxe Deseñada nas diferentes categorías e as outras posibilidades que se poden atopar nestas xornadas, como exposicións, proxeccións audiovisuais e venta de cómics.

IVº Concurso de relato curto para a xuventude da "Sociedade Cultural Albor"

A Sociedade Cultural Albor en colaboración coa Comisión de festas do barrio do Couto convoca este certame anualmente, con algunhas excepcións, con motivo das festas patronais. Nel poden participar todos os mozos nados a partir do mes de xaneiro de 1973, que escriban un relato de tema libre, de entre sete e nove folios, escritos a dobre espazo e en lingua galega. Os traballos deberán ser entregados na sede da Sociedade Cultural Albor (rúa do Greco, 7, Ourense) ou enviados por correo, antes do 28 de febreiro; presentaranse asinados con pseudónimo, nun sobre pechado, cunha fotocopia do carné de identidade do autor e o seu enderezo. Prevense un total de tres premios, dotados de douscentos corenta, cento vinte e noventa euros respectivamente, aínda que o xurado se reserva o dereito de repartir os premios doutro xeito segundo a calidade dos relatos. Todas as narracións galardoadas pasarán a ser propiedade da entidade convocante e algúns poderán ser publicados no libro que realiza a Comisión para as Festas do Couto. Nesta cuarta edición presentáronse quince traballos; o xurado, tendo en conta a calidade dos traballos presentados, acordou conceder un primeiro premio compartido entre Noelia Parada e Alba Vázquez, con trinta euros cada unha delas, e un terceiro premio dotado con quince euros.

Referencias varias:

- R.N., 'Premios para relatos de adolescentes', *La Región*, 'Fiestas O Couto', 16 maio 2003, p. 44.

Cóntasenos a organización por cuarta vez dun concurso de relatos curtos para mocidade aproveitando as festas patronais de O Couto pola Sociedade cultural Albor, ao que se presentaron quince traballos dos cales o primeiro premio foi repartido entre dous relatos pertencentes a Noelia Parada con "O sufrimento dunha guerra" e a Alba Vázquez con "Amarelo estío".

IVº Concurso literario de "Achegamento ao teatro"

A Biblioteca Pública Municipal "Don Francisco Mayán" e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee convocan este concurso coa finalidade de animar aos escolares a que experimenten na creación dun texto teatral. Poden participar todos os alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra e o tema da obra será libre. Os traballos, que deben estar en galego, serán orixinais, inéditos e de extensión libre. Entregaranse sen asinar cos datos do autor nun sobre á parte, no que conste no seu exterior a idade do autor, na Biblioteca Pública Municipal. O premio consiste en vales para material didáctico e libros e o xurado poderá outorgar os accésits que considere oportuno. O Concello de Cee resérvase a posibilidade da posta en escena da peza premiada polo grupo de actores da Escola Municipal de Teatro de Cee.

Referencias varias:

- M.C.S., 'La biblioteca de Cee acoge concursos literarios y teatrales', *La Opinión*, 'Carballo/Costa da Morte', 2 abril 2003, p. 26.

Anúnciase a organización pola biblioteca municipal Francisco Mayán de Cee dunha serie de concursos literarios e teatrais co nome *Achegamento ó libro* e *Achegamento ó teatro* nos que se tenta fomentar a lectura entre os máis pequenos e no que poderán participar todos os centros educativos de toda a comarca tendo como data última para a presentación dos traballos o día 25 de abril. Ademais, esta biblioteca tamén organiza o certame *En busca do noso marca-páxinas*.

IVº Premio de poesía "Díaz Jácome" para novos creadores

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A-4 mecanografados a dobre espacio cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo) antes do 1 de maio e o

xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. Habará un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma, un segundo de 600 euros, placa e diploma e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Nesta ocasión outorgóuselle o primeiro premio a Óliver Escobar polo seu poema "In albis", mentras que o segundo e o terceiro recaeron, respectivamente, en Xacobo Casal e Ramón Echevarri.

IVº Premio literario "Suárez Ferrín"

Premio convocado pola Fundación Instituto de Estudios Políticos e Sociais e polo Concello de Culleredo que está dirixido a mozos de entre catorce e vintecinco anos. Nesta ocasión a temática xira arredor do seguinte tema: "Medioambiente en Galicia: despois do Prestige". Consta de dúas categorías: unha categoría A, de catorce a dezaioito anos, cun premio de 300 euros; e unha categoría B, de dezanove a vintecinco anos, dotada con 600 euros. Os traballos da categoría A terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de cinco; e os da B, un mínimo de dez e un máximo de quince. Os traballos, escritos en lingua galega ou castelán, presentaranse mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara e por cuadriplicado, acompañados dun sobre co lema e datos do autor. A admisión de traballos remata o 31 de marzo e débense enviar ao instituto convocante (San Andrés, 36, A Coruña); a entrega de premios terá lugar o 14 de abril. Nesta cuarta convocatoria o xurado estivo composto por Xabier Puente Docampo (como secretario), Xabier Alcalá, Ernesto Pérez Barxia, Federico Cocho, Ana Romero Masiá, Ánxeles Penas García e un representante da familia Suárez Ferrín. Na primeira categoría premiouse o relato curto "Un día no Mar", de Erea Ramos Cid, e na segunda "Lembranza dun mariñeiro", de Siddharta Álvarez Sánchez.

Referencias varias:

- S. Abad, 'El IV Certamen Suárez Ferrín premiará textos sobre el caso 'Prestige'', *La Opinión*, 'Culleredo', 14 febreiro 2003, p. 20.

Anúnciase a convocatoria do IV Certame Literario Suárez Ferrín, promovido pola Fundación Instituto de Estudios Políticos y Sociales sobre o tema *Medio ambiente en Galicia. Despois do "Prestige"*, outorgando 300 e 600 euros ás dúas categorías en que se divide o certame, coa intención e segundo o presidente da fundación, Antonio Campos Romay, de facer reflexionar á xuventude dos valores cívicos e morais. O xurado estará presidido por Xabier Puente Docampo, Xabier Alcalá, Ernesto Pérez Barxia, Federico Cocho, Ana Romero Masiá, Ánxeles Penas García e un representante da familia Suárez Ferrín.

IX Certame de Contos e Relatos Curtos "Trapero Pardo"

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaioito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaioito anos. No ano 2003 a entrega de premios realizouse ás

doce e media da mañá na casa consistorial. Na primeira das categorías (de doce a catorce anos) foron galardoadas Nerea Pallarés co primeiro premio dotado de douscentos corenta euros, Noelia Martínez Rey co segundo dotado de cento cincuenta euros e Noemí Basanta co terceiro dotado con noventa euros. Na segunda categoría (de quince a dezaioito anos) os premiados foron Nereo Couso, ao que se lle outorgou o primeiro premio dotado con trescentos euros, María Castiñeira, que recibiu o segundo premio dotado con cento oitenta euros e David Canto, que obtivo o terceiro premio dotado de cento vinte euros.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Promesas de las letras', *El Progreso*, 'El despertador', 23 decembro 2003, p. 4.

Dá conta da entrega de premios do concurso de contos Trapero Pardo, realizada o día 22 de decembro polo alcalde de Lugo, José López Orozco e a concelleira de Educación, Loli Vieiro, que os premios lle foron outorgados a Nerea Pallares, Noelia Martínez Rey e Noemí Basanta, dentro da categoría de 12 a 14 anos e a Nereo Couso, María Castiñeira e David Canto na categoría de 15 a 18 anos. Ademais, fíxose a entrega dos diplomas do curso de *Informática básica*, dirixido a persoas xordas, dentro dun proxecto financiado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza e titulado *Formación y acercamiento*.

VIIIº Premio de relato curto "Varela Buxán"

O Concello de Lalín organiza este premio que conta coas seguintes categorías e premios: A) de doce a catorce anos, cun premio de 120 euros e dous accésits de 50 euros e B) de quince a dezaioito anos, cun premio de 150 euros e dous accésits de 50 euros. Os traballos de tema libre deberán estar escritos en galego, cun mínimo de tres follas e un máximo de dez, mecanografadas a dobre espazo por unha cara. Irán firmados con pseudónimo e, nun sobre cerrado, aparecerán os datos do autor e fotocopia do DNI. Entregaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Praza do Concello, s/n. 36500 Lalín). O ditame farase público o 17 de maio, coincidindo coa presentación do libro dos gañadores do VII premio. Nesta edición o prazo para entregar os orixinais rematou o 11 de abril.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Entre eles comenta este premio.

VIIº Certame "Francisco Añón" de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Estabelécense catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos, B) para os de once a catorce anos, C) para os mozos de quince a dezasete anos e D) para os maiores de dezoito anos. Os orixinais deberán presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregáranse na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230 Outes) e os das categorías C e D terán unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Nesta sétima edición, o xurado integrado por Manuela Campos Agrafojo, Oscar Sendón Olveira, María Lado Lariño, Paulino Vázquez Vázquez, Manuel García Fiuza e Santiago Nieto Romarís, que actuou como secretario, deu a coñecer o nome dos galardoados o 16 de maio de 2003. Dentro da categoría A o primeiro premio (vale de 90,15 euros en libros e publicación da obra) compartírono Pilar Campos Campos con "Teño" e Lidia Caamaño Caamaño con "O sol e a lúa". Ademais dentro desta categoría concedeuse un accésit a Jessica Amado Dosil. Na categoría B o primeiro premio (vale de 120,20 euros en libros e publicación da obra) foi para Noelia Martínez Rey pola súa obra "Amenceres no vento". Nesta mesma categoría tamén recibiu unha mención Alba Cid Fernández. Dentro da categoría C (vale de 150,25 euros en libros e publicación da obra) o galardón recaeu en Alicia Fernández Rodríguez polo traballo titulado "Rúlame, ruralmente", mentres que a mención desta categoría foi para Santiago Sanjurjo Díaz. Por último, na categoría D, o primeiro premio (cheque de 901,52 euros e publicación da obra) foi para Fátima Antía Otero Rodríguez por "De porta un horizonte", categoría na que recibiu accésit Fernando Castro Paredes.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Un dos recompilados é este que acabamos de describir.

- M.G., 'Fátima Otero, ganadora del VII Certame Francisco Añón de poesía', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 19 maio 2003, p. 53.

Comezando polos premiados na categoría de maiores de dezoito anos, dá conta dos premiados nas distintas categorías do Certame Francisco Añón de Poesía. Así mesmo ofrece os títulos dos traballos premiados e, finalmente, o nome dos compoñentes do xurado.

VIIº Certame de poesía e contos "Poeta Lorenzo Varela"

A Asociación Cultural Falcatrueiros de Monterroso convoca este certame en colaboración coa Consellería de Educación, co gallo do Día das Letras Galegas. Está dirixido a rapaces que cursen os seus estudos de Primaria, Bacharelato ou ESO en calquera centro educativo, público ou privado. Os traballos terán que estar escritos en galego e o seu tema será libre. Haberá catro categorías, con tres premios cada unha: de seis a oito anos, que entregarán dous contos; de nove a doce anos, tres contos ou tres poesías; de doce a dezaseis anos, catro contos ou catro poesías; e de dezaseis a dezaioito anos, cinco contos ou cinco poesías. A extensión por categorías será a seguinte: na primeira, un máximo de dous folios por conto, por unha soa cara e a dobre espazo; na segunda, un máximo de tres folios cos mesmos requisitos; e na terceira e na cuarta, catro folios. Os traballos, que se deben presentar por duplicado, xunto a un sobre que inclúa os datos do autor, teñen que entregarse na secretaría dos centros educativos onde cursen os seus estudos, nas bibliotecas municipais ou na asociación convocatoria.

Referencias varias:

- Hilario García, 'Doce niños reciben hoy los premios del concurso de cuentos de 'Falcatrueiros', *El Progreso*, 'A Ulloa', 22 xuño 2003, p. 21.

Fálase da entrega de premios do séptimo concurso de contos "Poeta Lorenzo Varela" convocado pola asociación cultural "Falcatrueiros", que ten lugar no fin do séptimo festival infantil de danza desenvolvido no centro sociocultural de Monterroso. O premio está dividido en cinco categorías, e a seguir aparece unha listaxe dos premiados para recordar, despois, que no festival de danza infantil participaron tanto a asociación organizadora coma "Amado Lar" do Valadouro e "Colexiata deo Sar" de Compostela.

VIIº Premio de relatos curtos e contos "Daniel Hortas"

A Fundación "O Grelo" Amigos de Galicia convoca este certame, no que poden participar todos os escolares galegos de ata dezaioito anos, con traballos en galego e de temática libre. Os traballos, que deberán presentarse mecanografados a dobre espazo por duplicado, hai que envialos á Fundación Daniel Hortas (R/ Luís Ksado 10-6ºA, Melide). Máis información na fundación que convoca este premio.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Atracón literario para un jurado selecto', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 2 decembro 2003, p. 80.

Anuncia o xurado que decidirá os Premios Suso Vaamonde de poesía e Daniel Hortas de relatos curtos e contos. Este xurado, elixido pola Fundación Amigos de Galicia-O Grelo, estará presidido por Suso Busto e composto por González Tosar, Antón Grande, Xosé Alonso, Xavier Rodríguez Barrios e Modesto Fraga.

VIº Certame de contos "Cultura Quente"

Convócao a Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro de Caldas de Reis. Estabelécense dúas categorías de participación: A, menores de dezoito anos e B, maiores desa idade. Os premios para a categoría A serán de 150, 90 e 60 euros, respectivamente, en libros e material escolar; para os maiores de idade serán premios en metálico de 300, 150 e 60 euros; ademais, darase unha acreditación do premio acadado en todos os casos. Os participantes poden presentar os seus relatos de entre cinco e quince liñas, inéditos e escritos en galego, persoalmente ou por correo certificado na Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro, nº 9 do Paseo de Román López, 36650, Caldas de Reis. A entrega do texto debe facerse por triplicado, entregando nun sobre á parte os datos persoais do autor. O Concelllo contará con todos os dereitos de publicación e os premios entregaranse durante a celebración do Festival Cultura Quente, entre o 1 e 20 de xullo. Os premiados na categoría A, á que se presentaron cinco contos, son Noelia Martínez Rey con "As cores do vento" (1º); Jaime Bescansa García con "Unha noite tormentosa" (2º) e Pablo Bescansa García con "A aldea entristecida" (3º). Os premiados na categoría B, á que se presentaron trinta e dous contos, son Ana María Baena Nieto con "A taberneira de Duomes" (1º), Iago Leirós Barreiro con "Lembranzas dun carballo" (2º) e Marcelino Sisto Deibe con "A Grila" (3º).

Referencias varias:

- C.G., 'El 'Cultura Quente' contará con un curso de Botánica', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Caldas', 5 febreiro 2003, p. 30.

Anúnciase a sexta edición do festival "Cultura Quente" que contará cun curso de Botánica tras un convenio marco de colaboración entre o concello e a Universidade de Compostela. Ademais, aparecen as bases que o alcalde de Caldas fixo públicas, do Certame de Contos Cultura Quente.

- C.G., 'Xa se coñecen os premiados do Certame de Contos 'Cultura Quente'', *Diario de Pontevedra*, 'Caldas/O Deza/Tabeirós', 16 xullo 2003, p. 23.

Dáse conta da resolución do certame de contos "Cultura Quente" na súa quinta edición con trinta e nove traballos presentados. Na categoría A os premiados foron Noelia Martínez Rey con "As cores do vento", Jaime Bescansa García con "Unha noite tormentosa" e Pablo Bescansa García con "A aldea entristecida". Na categoría B, Ana María Baena Nieto con "A taberna de Duomes", Iago Leirós Barreiro con "Lembranzas dun carballo" e Marcelino Sisto Deibe con "A Grila".. Ademais dísenos que o xurado estivo composto polo concelleiro de Cultura, Manuel González, como presidente, a responsábel da Biblioteca Municipal, Rosa Barreiro, como secretaria e como vocais, Juan Puente, José Antonio Cabo e Joaquín Freire.

Vº Concurso "Hipercurtos Contos"

Convocado pola Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, poden concursar todos os residentes en Ourense que o desexen con textos de cento setenta e cinco palabras como

máximo, escritos en galego, de temática libre, orixinais e inéditos. Estabelécense tres categorías: a) nenos ata 13 anos, b) mozos de 14 a 30 anos e c) maiores de 30 anos. O prazo máximo de admisión dos traballos remata o 14 de xuño. Ver apartado X.1 deste mesmo *Informe*.

XIIIº Certame de contos da "Vila de Pontedeume"

Co gallo do Día das Letras Galegas, o Concello de Pontedeume organiza este certame, destinado a estudantes de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e de ciclos de formación de grao medio e superior. Os traballos, que deberán ser en galego, terán unha extensión de entre catro e seis folios e entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (R/ Real, 13, 15600 Pontedeume-A Coruña) antes do 24 de abril. O gañador recibirá 300 euros, o segundo finalista 120 euros e o terceiro 90 euros; ademais, recibirán unha acreditación conmemorativa. O ditame coñecerase o 17 de maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Nesta décimo terceira edición o xurado outorgou o primeiro premio a Lidia López Teijeiro polo conto titulado "Afundido", o segundo a Alejandra Rodríguez González por "Un anxo no bambán", e o terceiro a Pablo González Guitián por "Amarga brétema". Así mesmo, concedeu unha mención especial a Rosa María Pereiro Pardo polo seu conto "A noiva do mar".

Referencias varias:

- Carlos Barcón, 'Pontedeume: del ayer al hoy', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 10 febreiro 2003, p. 10.

Neste artigo o autor fala de diferentes cuestións ligadas á vila de Pontedeume, entre elas a referida ás bases do XIII Certame de contos da Vila de Pontedeume para estudantes de segundo ciclo de ESO, bacharelato ou ciclos de formación de grao medio e superior, recordando que o día de entrega de premios coincidirá co Día das Letras Galegas.

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Un dos recompilados é este que acabamos de describir.

XIIº Concurso literario "Achegamento ao Libro"

Coa finalidade de animar aos escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal "Don Francisco Mayán" e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixavigo, convocan este concurso. Nel poden participar todos o alumnado de calquera dos centros

educativos da bisbarra. Os traballos, que serán en galego, deben ser orixinais e inéditos e terán unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estará relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregaranse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Establécense cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria. Tales cantidades non serán entregadas en metálico, senón que o seu valor será representado en vales para material didáctico e libros. O xurado terá facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio.

Referencias varias:

- M.C.S., 'La biblioteca de Cee acoge concursos literarios y teatrales', *La Opinión*, 'Carballo/Costa da Morte', 2 abril 2003, p. 26.

Anúnciase a organización pola biblioteca municipal Francisco Mayán de Cee dunha serie de concursos literarios e teatrais co nome *Achegamento ó libro e Achegamento ó teatro* nos que se tenta fomentar a lectura entre os máis pequenos e no que poderán participar todos os centros educativos de toda a comarca tendo como data última para a presentación dos traballos o día 25 de abril. Ademais, esta biblioteca tamén organiza o certame *En busca do noso marca-páxinas*.

XIIº Concurso municipal de contos e narracións curtas infantís e xuvenís do "Concello de Oleiros"

Organizado polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais co fin de conmemorar o Día das Letras Galegas e de fomentar a lectura e o uso do idioma galego entre os máis pequenos. Está dirixido a todos os nenos, nenas e mozos do concello que estean cursando Ensinanza Primaria a partir de terceiro curso, ESO, Educación Compensatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos, e que presenten orixinais inéditos en lingua galega. Segundo o curso que realice cada participante establécense cinco grupos. O primeiro grupo comprende os cursos de terceiro e cuarto de Primaria; o segundo grupo os de quinto e sexto de Primaria; o terceiro grupo inclúe ao alumnado de primeiro e segundo de ESO e de Educación Compensatoria; o cuarto grupo é para o de terceiro e cuarto da ESO; e o quinto para primeiro e segundo de Bacharelato, Ciclos Formativos. En cada grupo haberá un primeiro, segundo e un terceiro premio, que consisten en vales para a adquisición de produtos bibliográficos, discográficos, videográficos, informáticos ou didácticos por un importe de 120, 90 e 60 euros, respectivamente. Ademais haberá premios de lotes de libros en galego para os colexios participantes. Nesta décimo segunda edición no primeiro grupo conseguiu o primeiro premio Marta Sánchez Méndez, o segundo Miriam Sánchez López e o terceiro Iria Suárez Corral; tamén obtivo un accésit Luis Fontela Velo. No segundo grupo premiouse co primeiro premio a Daniel García Pectorit, co segundo premio a Claudia Calvo Ameijeiras e co terceiro a Sara Blanco Buela. No terceiro grupo o primeiro premio foi para Elena Canido Muíño, o segundo para Ángeles Díaz Seoane e o terceiro para Juan Rodrigo Cantorna Berdullas. No cuarto grupo premiouse co primeiro premio a Eva Gulmayo Labrador, co segundo a Carolina Varela Vázquez e co terceiro a Lucía Martínez Quiroga. Por último, no quinto grupo o primeiro premio foi para Dorián Ameiro López, o segundo

para Leticia Dopico Palacios e o terceiro para Alicia Autón González.

Referencias varias:

- F.V.M., 'Pequeños grandes poetas', *La Opinión*, 'Oleiros', 8 xuño 2003, p. 19.

Informa do acto de celebración no auditorio municipal As Torres de Santa Cruz da XII edición do Concurso de Narracións Curtas Infantís e Xuvenís Concello de Oleiros, iniciativa promovida polo Sistema de Bibliotecas Municipais de Oleiros para conmemorar o Día das Letras Galegas e coa fin de fomentar a lectura e o uso do idioma galego. A continuación ofrécense os nomes dos gañadores das distintas modalidades e categorías, Marta Sánchez Méndez, Miriam Sánchez López, Iria Suárez Corral, Luis Fontela Velo, Daniel García Pestorit, Claudia Calvo Ameijeras, Sara Blanco Buela, Elena Cañido Muíño, Ángeles Díaz Seoane, Juan Rodrigo Cantorna, Eva Gulmayo Labrador, Carolina Varela, Lucía Martínez Quiroga, Dorian Ameiro López, Leticia Dopico Palacios e Alicia Autón González. Ademais, infórmase do reparto que os responsábeis do Sistema de Bibliotecas Municipais de Oleiros fixeron aos nenos de Educación Infantil e de primeiro e segundo de Primaria do libro publicado polo Departamento de Cultura *O Conto Viaxeiro*.

XIº Concurso literario "Xaime Isla Couto" de narrativa e poesía

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Poden participar todos os alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e vinte e cinco anos, que antes da novena edición se limitaba aos dezoito anos. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía e o seu contido pode estenderse ata un máximo de catro caras de folio A-4. Os premios consisten nun obsequio, nun diploma e un vale de 35 euros para compra de material escolar en cada categoría, agás na que comprende entre os dezoito e vinte e cinco anos que é un diploma de 160 euros. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla que ademais de presidir é a persoa que dá nome ao concurso. Na edición de 2003, o dictame do xurado foi no mes de abril e o acto de entrega tivo lugar coincidindo co Día das Letras Galegas. Os gañadores das diferentes modalidades foron: no grupo A, correspondente a poesía de seis a oito anos, Cristina García Casas, e na de relato, Sonia González Oubiña; no grupo B, correspondente a nenos de entre nove e once anos, en poesía gañou Lucía Suárez García e en relato Marcos Adrián Padín Abal; no grupo C, de doce a trece anos, este premio quedou deserto en poesía, mentres que en narrativa galardóuse a Juan Carlos Carballa Rosales; polo que respecta ao grupo D, de catorce a quince anos, quedaron desertos os premios das dúas modalidades; no tocante ao grupo E, para rapaces de entre dezaseis a dezoito anos, tanto o premio de poesía coma o de narrativa recaeu en Úrsula Pérez Casás; por último no grupo F, de dezoito a vinte e cinco anos, o premio de poesía quedou deserto, e o de narrativa foi para María José Carballa Rosales.

XIVº Certame galego de "Teatro Xuventude 2003"

A Dirección Xeral de Xuventude da Consellaría de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca este certame para grupos teatrais non profesionais compostos por rapazas e rapaces galegos ou residentes en Galicia, que se inclúan dentro dalgunha das seguintes categorías. Categoría A para grupos de teatro independentes, compostos por persoas non maiores de trinta anos; categoría B para grupos de teatro que se constitúan nos distintos centros de ensino primario e que agrupen ao alumnado de ditos centros; categoría C para os grupos de teatro que se constitúan en centros de ensino secundario, institutos de bacharelato e centros de formación profesional de Galicia, formados polo alumnado de ditos centros e de idades que non superen os trinta anos; categoría D para grupos de teatro que se constitúan en escolas e facultades universitarias de Galicia e que as súas idades non superen os trinta anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros e poderán presentarse textos orixinais e nunca premiados en anos anteriores. Cada centro participante só poderá presentar un total de tres obras en cada categoría. Os participantes deberán enviar un boletín de inscrición, feito para o caso, nun sobre pechado no que figurará exclusivamente o título da obra que se vai representar; unha fotocopia do DNI ou libro de familia dos compoñentes do grupo; unha síntese da obra (título, autor, adaptación dos diálogos, se é o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestuario, espacio que se precisa, etc.); e un vídeo dunha representación da obra. Os impresos de solicitude, a obra e o sobre pechado deberán remitirse ao Servizo de Xuventude da Delegación Provincial da Consellaría de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que residan habitualmente, que poden ser: R/ Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo; Av. de La Habana, 81 - baixo 32004 Ourense; R/ Durán Loriga, 9 - 1º, 15003 A Coruña; R/ Mª Berdiales 20 - entrechán 36203 Vigo. A contía dos premios varía dependendo da categoría e posto conseguido, e ademais hai unha serie de diversas axudas por distintos conceptos. Nesta edición, na categoría A premiouse o traballo *Tatuaxes* da compañía Nostrum Cai-Teatro; na categoría B o primeiro premio foi para o grupo de teatro da APA do CEIP Illa Verde pola obra *A sereniña, a historia xamás contada*; na categoría C o primeiro premio recaeu no colexio Liceo Paz por *La Celestina Alba*; e na categoría D o primeiro premio foi para a asociación Quinto Acto, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Vigo, pola obra *La puta enamorada*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Sospechoso de ser rico', *El Progreso*, 'El despertador', 21 outubro 2003, p. 10.

Faise eco da representación da comedia *Jrelos Crets* polo grupo "Ullan Teatro de Vedra" dentro do Certame Galego de Teatro "Xuventude 2003" o día 20 de outubro e anuncia a representación o día 21 de outubro de *7 pecados... capitales* polo grupo da USC "Comité Teatro".

- Marta Becerra, 'Un galardón con arte', *El Progreso*, 'El despertador', 31 outubro 2003, p. 8.

Recolle a entrega de premios do Certame Galego de Teatro "Xuventude 2003" celebrado en Lugo no mes de outubro na que participaron cento oitenta e dous grupos de teatro de toda Galiza e onde nomea dous dos primeiros premios pertencentes á provincia de Lugo, "Nostrum Cai Teatro" E "Illa Verde".

Xº Certame Literario "Concello de Cambre"

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos, os Equipos de Normalización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos institutos de Educación Secundaria "David Buján" e "Afonso X", as Asociacións de pais e nais e a Concellaría de Cultura do concello de Cambre, convocan este certame no que poden participar mozos con idades comprendidas entre os doce e vinteseis anos de acordo coas seguintes categorías: A) de doce a catorce anos, B) de quince a dezaioito anos e C) de dezanove a vinteseis anos. As modalidades ás que poden concorrer son a de poesía e narración. No caso da poesía presentaranse como mínimo tres poemas de tema e forma libre, e no caso da narración a extensión máxima será de cinco folios e o tema tamén será libre. Os traballos presentaranse mecanografados a dobre espacio e entregarase un orixinal e catro copias nun sobre no que figure: Certame literario, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado incluírá un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos e, no interior, unha fotocopia do DNI, o teléfono e o centro no que estudia ou traballa, se é o caso. Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos institutos convocantes ou ben poden enviarse por correo ao Concello de Cambre, Concellaría de Cultura (Adro, 1, 15660 Cambre). Haberá dous premios por categoría e modalidade aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles. O primeiro da categoría A será de 150 euros e o segundo de 90 euros. Na categoría B o primeiro será de 210 euros e o segundo de 120, e, na categoría C o primeiro será de 270 euros e o segundo de 150. A admisión de traballos rematou o 30 de abril e os premios entregáronse o 23 de maio no Instituto David Buján.

Referencias varias:

- S.A., 'El Concello entrega los premios del X Certame Literario', *La Opinión*, 'Cambre', 6 xuño 2003, p. 12.

Anúnciase a entrega do X Certame Literario Concello de Cambre que se celebrará ás 12.30 horas no salón de actos do instituto David Buján de Sigrás, organizado por este concello xunto con equipos de normalización lingüística e departamentos de Lingua e Literatura Galega dos institutos públicos de Ensinanza Secundaria do Concello. Advírtese, ademais, de que dous dos premios, un de poesía e outro de relato breve dentro da categoría C quedaron desertos.

XVIIº Concurso literario da Asociación "Os Fanagueiros"

Convocado pola asociación veciñal e cultural Os Fanagueiros de Eirexalba, no Incio; poden concorrer a el traballos presentados en galego normativo, que poden levar ilustracións. O certame vai sobre todo dirixido a escolares, con categorías diferenciadas para o alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria; habilitase unha cuarta categoría para as persoas que queiran concorrer e non queden englobadas en ningunha das tres anteriores. Cada modalidade conta con tres premios, sendo o primeiro de 40 euros, o segundo de 30 euros e o terceiro de 20 euros que se destinarán a libros e material escolar; os premiados recibirán un diploma. Nesta edición o tema sobre o que deben versar os textos será "O meu pobo", abordado dende calquera punto de vito e con forma libre. A extensión dos traballos será como máximo de seis folios, que serán enviados antes do 24 de outubro. A entrega de premios terá lugar o día 1 de novembro, coincidindo coa festa do magosto que celebra a asociación convocante.

Referencias varias:

- V.L.V., 'Os Fanagueiros' repartirá 360 euros en premios en su concurso literario', *El Progreso*, 'Sarria', 30 setembro 2003, p. 30.

Aparecen recollidas as bases da convocatoria do décimo sétimo concurso literario organizado pola asociación veciñal e cultural "Os Fanagueiros" de Eirexalba, no concello de O Incio, dirixido sobre todo a escolares, que deberán cingirse ao tema "O meu pobo", ademais de estaren redactados en galego e con unha extensión dun máximo de sete follas.

XVIº Certame de contos "Repsol-YPF"

Convocado pola compañía Repsol-YPF e dirixido ao estudantado galego de ESO, Bacharelato e FP. Está dotado cun primeiro premio de 910 euros (para cada unha das modalidades: en galego e castelán) e dous segundos, e ademais os centros aos que pertencen os escolares galardoados recibirán un premio pola súa colaboración. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos e a súa extensión non superará os seis folios, mecanografiados a dobre espazo e por unha cara. As obras entregaranse por duplicado, sen asinar, indicando no seu encabezamento o título e o lema. Así mesmo, incluírase un sobre no que conste no exterior o lema do traballo e, no seu interior, o nome e enderezo do autor. Nesta edición os gañadores en lingua galega foron en primeiro lugar María del Rocío Alonso Cañadas, do IES de Teis en Vigo, co relato titulado "Carta a un morto"; e en segundo lugar María Cristina Gómez Estévez, do IES Germán Ancochea de Pobra de Trives, con "A maldición da Semana Santa".

Referencias varias:

- Patricia Pérez, 'Una escritora novel inspirada en las meigas', *La Opinión*, 'A Coruña', 3 outubro 2003, p. 16.

Anúnciase o primeiro premio de relato curto de Repsol-YPF a Ángeles Escalona Álvarez co relato *La puerta verde*, consistente en 920 euros. Patricia Pérez dános datos sobre esta rapaza que admite o seu gosto pola escritura e a noticia inesperada do recibimento deste

premio.

- E.P., 'Currás anima a facer dos nenos lectores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 outubro 2003, p. 53.

Infórmase do acto de entrega da XVI edición do Concurso de relatos curtos Repsol-YPF presidido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás Fernández en Santiago onde falou da importancia de realizar este tipo de actividades para a formación dos escolares. A seguir, sinala que se presentaron ao certame noventa e seis contos en galego e cincuenta e catro en castelán e dá conta dos traballos que resultaron gañadores e dos premios obtidos.

- E.D., 'Currás entrega el premio Repsol de relato corto para escolares', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 14 outubro 2003, p. 75.

Dáse conta do acto de entrega da XVI edición do Concurso de relatos curtos Repsol-YPF presidido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás Fernández en Santiago onde falou da importancia de realizar este tipo de actividades pola súa importancia dentro da educación dos rapaces e rapazas galegas. A seguir, aparece unha relación do alumnado gañadores deste premio.

- Sofía de Benito, 'No lo diga, escríbalo', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 14 outubro 2003, p. L15.

Faise aquí unha relación das catro premiadas co concurso de relatos organizado por Repsol-YPF, María del Rocío Alonso Cañadas con *Carta a un morto*, María Cristina Gómez Estévez con *A maldición da Semana Santa*, Ángeles Escalona Álvarez con *La puerta verde* e Carmen Álvarez Hernández con *Una nueva vida*.

XVº Concurso de contos "Manuel Murguía"

Certame convocado polo Concello de Arteixo inicialmente para os seus escolares, aínda que máis tarde ampliou a súa convocatoria aos rapaces de fóra do concello. Todos eles deberán entregar un único conto inédito e escrito en galego cunha extensión mínima dun folio e máxima de cinco. O xurado desta edición, formado por Rosa M^a Ferrín Pazos, Rosa M^a Moreiras Mosquera e M^a Xosé Iglesias Lendoiro, decidiu que as obras premiadas nas distintas categorías fosen as seguintes: "Non quero a túa compaixón", de Paloma Calvo Varela, "O león", de Sara Pombo Paz, "O castigo de Xaquín", de Martín Castro Calvelo, "Diario dunha guerra", de Beatriz Rey Búa, "Unha viaxe espacial", de Noelia López Souto e "Historia do noso tempo", de Carlos Alberto Carro Prieto.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Un dos recompilados é este que acabamos de describir.

XVº Premio de narracións xuvenís "Rúa Nova"

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Estabelécese un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen dezoito anos o día 2 de abril de 2003. Cada un dos dous primeiros premios contará cunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do texto na colección "Nova 33" que a Fundación coedita coa editorial Ir Indo. Estes traballos poden ter unha extensión de vintecinco a cento vintecinco folios, mecanografados a dobre espacio, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, facendo constar o nome, o enderezo e o teléfono, así como fotocopia do DNI ou do libro de familia, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15705 Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O prazo de presentación finaliza o 1 de marzo de 2003 e o fallo realizarase o 1 de abril. O primeiro premio para traballos en lingua galega recaeu en Fátima Peón Torres, pola obra "Camposanto". Cómpre sinalar que en xullo de 2003 xa se convocara o XVI Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova, ao que se poden presentar traballos ata 1 de marzo de 2004.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'La Voz de la Escuela', 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Un dos recompilados é este que acabamos de describir.

- Ana Iglesias, 'O peruano Javier Pizarro e a pontevedresa Fátima Peón, gañadores do Premio Rúa Nova/Javier Pizarro y Fátima Peón, ganadores del Premio Rúa Nova', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Santiago', 10 abril 2003, p. 34/35.

Infórmase aquí da entrega de premios do XV Premio de Narracións Xuvenís "Rúa Nova" organizado pola Fundación Caixa Galicia e a Biblioteca Nova 33. O primeiro premio recaeu en Javier Pizarro Romero na categoría de Lingua Castelá con *Invisible: antes de caer* e o primeiro premio en Lingua Galega foi para Fátima Peón Torres con *Camposanto*. Aparecen, ademais as mencións especiais que outorgou o xurado, composto este último

por Blanca Ana Roig, Gonzalo Navaza, Paulino Novo, Anxo Xoán Rajó Pazó e Xosé-Victorio Nogueira.

- Belén López, 'Escribir en castelán sería facerlle un feo a Castelao', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 12 abril 2003, p. 77.

Nesta entrevista á gañadora do primeiro premio en lingua galega do "Rúa Nova", Fátima Peón co seu relato *Camposanto*, afirma que esta novela trata sobre a historia de dúas amigas que viven determinadas aventuras coas que se poden ver reflectidos as rapazas e rapaces galegos.

XXIIº Concurso de contos infantís e VIº Concurso de narrativa curta xuvenil Día das Letras Galegas da "Asociación cultural Afonso Eanes de Negreira"

A Asociación Cultural Afonso Eanes de Negreira convoca estas dúas modalidades de concurso dirixidas a escolares con motivo do Día das Letras Galegas. Poden participar no Concurso de Contos Infantís o alumnado de Primaria e de ESO dos colexios de A Baña, Santa Comba, Brión, Viceso, Tapia, Bertamiráns, Portomouro, Bembribe, Urdilde, Mazaricos, Pino de Val, San Cosme e Negreira. O Concurso de Narrativa Curta Xuvenil está dirixido ao alumnado de Bacharelato destes mesmos colexios. En todos os casos os orixinais, de tema libre, deben ser inéditos e estar escritos en lingua galega. Haberá premios de 90, 60 e 30 euros, ademais de lotes de libros. Os contos deberán ter unha extensión máxima de cinco folios por unha soa cara, e as narracións xuvenís, un máximo de dez folios mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. Os orixinais deberán enviarse ao Apartado de Correos, 18, 15830 Negreira. Máis información na asociación encargada da convocatoria.

Referencias varias:

- M.M.O., 'Galardones Afonso Eanes en el auditorio', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 1 febreiro 2003, p. 33.

Anúnciase o acto de entrega de premios do Concurso de Contos e os de Plástica pola Asociación Eanes do Cotón, no auditorio da casa da cultura de Negreira ás 19:00 horas. Infórmase, ademais, de quen son os premiados, e dentro da categoría A da modalidade de contos, Alexandra Cebro, e na categoría B, Miguel Mas, Evelyn Fernández e Olaia Becerra. Dentro da modalidade de plástica os gañadores foron Miguel Bescansa, Jaime Bescansa e Pablo Bescansa. Dise ademais que este acto servirá para presentar a nova directiva desta Asociación seguida dunha sesión de contacontos e unha merenda ademais de anunciar a participación desta nos traballos de limpeza das praias da Costa da Morte dentro dunha iniciativa promovida polo goberno local.

XXº Premio "Ourense de contos para a mocidade"

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio

da Concellaría de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poderán participar todos os mozos de catorce a trinta anos. Os traballos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima será de seis folios e a máxima de vintecinco. Presentaranse baixo pseudónimo e irán acompañados dun sobre pechado, no que figure no seu exterior o pseudónimo, así como a frase "menor de dezasete anos", se fose o caso; e no seu interior, unha fotocopia do DNI mais o título dos contos e o enderezo ou teléfono. A entrega efectuarase na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense (R/ Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004). O primeiro premio será de 750 euros e haberá catro accésits de 150, ademais de publicárense as obras. Dous accésits recaerán necesariamente en concursantes menores de dezasete anos. Este premio xa fora conseguido en anteriores edicións por Xosé Carlos Caneiro, Pedro Gonzalves, Marco Valerio Lama, Paula Carballeira Cabana, Sechu Sende, An Alfaya, Rafa Villar, Antón Riviero Coello, Estevo Creus, Ana Cristina López ("Ana Mirinda") ou Marta Pérez Marín. O relato gañador desta edición foi o titulado *Polbo á feira*, de Pablo Piñón Dacal, mentres que os catro accésits foron para Iago Leiras por *Camiño de esperanza*, Ignacio Mascuñán por *Unha cuestión de identidade*, Enma Pedreira Lombardía por *Cama á escuras* e Rita Doallo por *¡Ai Xiana!*.

Referencias varias:

- E.P., 'Pablo Piñón obtén de rebote o Premio Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 maio 2003, p. 53.

Aparece aquí o resultado do XX Premio Ourense de Contos para a Mocidade, dando como gañador a Pablo Piñón Dacal por *Polbo á feira* despois de ter que facer unha rectificación debido a que a primeira gañadora xa tiña publicado o seu traballo presentado. O premio está dotado de 750 euros e da súa posterior publicación.

XXXIº Certame literario "Minerva"

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo de Educación Secundaria e Bacharelato, que cursen os seus estudos en centros de Galicia e non teñan cumpridos os vinte anos o 31 de decembro de 2003. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviaranse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a XXXº Certame literario "Minerva" (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701, Santiago de Compostela). Concederanse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado estará constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura

de distintos centros de Galicia e dará a coñecer o seu dictame o 5 de abril nos medios de comunicación; a entrega de premios celebrárase o 29 de abril no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deberán ler a súa obra total ou parcialmente. O prazo de presentación de traballo finalizou o día 7 de marzo de 2003. Na edición do 2002, que se resolveu no ano 2003, na modalidade de narrativa, os galardoados foron en primeiro lugar Diego Jesús García Campos, co relato *Trinta anos sen ducados*; en segundo lugar quedou Inma García Fernández con *Benquerida Beatriz*, mentres que en terceiro lugar quedou Lidia López Teijeiro con *A revolta dos creados*. Na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Lidia López Teijeiro con *Os imposibles no xardín*, seguida de María López Jiménez con *Os dedos de Nayim*, o terceiro premio recaeu en Alexandra Eiras Rodríguez con *Cando o blues é primavera*. Os áccesits foron para Lorena Abuín Lorenzo, Diego Jesús García Campos e Fátima Peón Torres. O xurado de poesía, presidido por Luis Alonso Girgado, contou con Avelino Abuín de Tembra, Xulio López Valcárcel, María do Cebreiro Rábade Villar e Marcelino López Martínez-Morás. O da modalidade de narrativa estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez, e contou con outros membros como Xosé M^a Paz Gago, Armando Requeixo, Modesto Hermida e Montserra Fraguela.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'El colegio Peleteiro convoca sus tradicionales Premios Minerva', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 21 xaneiro 2003, p. 27.

Neste artigo recóllense as bases do concurso Premios Literarios Minerva, organizados polo colexio Manuel Peleteiro e dirixidos ao alumnado de segundo ciclo de Educación Secundaria e Bacharelato que cursen estudos en Galiza, menores de vinte anos e que conta cun prazo ata o sete de marzo de 2003 para a súa entrega. Fálase, ademais, da importancia que ten este premio por levar xa unha traxectoria consolidada e pola participación nel de alumnos e alumnas hoxe considerados importantes escritores.

- Silvia Gaspar, 'Para concorrer a un premio', *La Voz de Galicia*, 'O que le, é un león', 3 marzo 2003, p. 6.

Nesta ocasión, Silvia Gaspar dedica a súa páxina habitual no suplemento escolar de *La Voz de Galicia* á recompilación e o comentario de sete premios destinados aos máis novos que se convocan con motivo da celebración do Día das Letras Galegas ou por outras circunstancias. Entre eles comenta este premio.

- Avelino Abuín de Tembra, 'Poesía para un futuro urxente', *O Correo Galego*, 'A lúa nos beizos', 4 abril 2003, p. 3.

Despois de facer un percorrido pola literatura galega facendo fincapé na importancia da poesía dentro da nosa literatura, o autor menciona a calidade dos XXXI Premios Literarios Minerva recordando os diferentes premiados nas modalidades de poesía e relato curto. A seguir, e como final, evoca a emotividade do acto a cargo do catedrático Xosé María Paz Gago e da importancia da exaltación da poesía.

- Ana Iglesias, 'Xesús García gaña o Premio Minerva/Diego Jesús García y Lidia López, ganadores de los Premios Minerva', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'AFA/Santiago', 5 abril 2003, p. 34.

Refírese á resolución dos "XXXI Premios Literarios Minerva" polo xurado, composto por Manuel Quintáns Suárez e Luís Alonso Girgado nas modalidades de Narración e Poesía e nos que se presentaron cento setenta e dous traballos, cento quince relatos e cincuenta e sete poesías dos que resultaron finalistas vintenove narracións e dezasete triloxías poéticas. A continuación dáse unha listaxe dos premiados nas diferentes modalidades.

- Ramón Nicolás, 'Premios literarios Minerva: un viveiro de escritores', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 6, 'O Retrovisor', 26 abril 2003, p. 10.

Alúdese de forma moi literaria ao nacemento en 1963 do certame "Xogos Florais Minerva", hoxe coñecidos como "Certame Literario Minerva", como unha proposta dun grupo de alumnos e alumnas para organizaren un certame literario aberto a todo o estudantado de ensino medio de Galiza. Fai referencia, ademais, aos mantedores deste acto ao longo dos anos que conformaron e aínda hoxe conforman a intelectualidade galega como é o caso de Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Cunqueiro, Filgueira Valverde, Neira Vilas, García Bodaño, Luz Pozo, Carlos Casares, Antón Tovar ou Miguel Anxo Fernán Vello.

- Ana Iglesias, 'Cientos de personas aplaudieron a los ganadores de los 'Minerva'', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 30 abril 2003, p. 26.

Refírese á entrega dos XXXI Premios Literarios Minerva no colexio Manuel Peleteiro nun acto no que interviu Xosé María Paz Gago, catedrático de Teoría da Literatura Comparada da Universidade da Coruña que destacou a calidade das obras presentadas. A continuación preséntase unha listaxe dos premiados e das súas obras nas diferentes modalidades.

- Ana Iglesias, 'La asociación de padres premió la creatividad de los alumnos de Peleteiro', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 21 maio 2003, p. 39.

Faise aquí referencia á entrega dos premios do XXIV Certame Literario para o alumnado de primeiro e segundo de Secundaria e sexto de Educación Primaria do colexio compostelán Manuel Peleteiro organizado pola xunta directiva da Asociación de Pais de Alumnos. A seguir, aparece unha listaxe cos gañadores nas diferentes categorías.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Bernández Vilar, Xoán, *O comezo da nosa Idade Media. A Gallaecia que se emancipou de Roma*, Noia- A Coruña: Toxosoutos, 2003, 192 pp. (ISBN: 84-95622-80-7) .

Estudo sobre a influencia dos suevos e vándalos na Antigüidade e Idade Media da Gallaecia. O traballo presenta dúas partes ben diferenciadas: a primeira dedicada ao estudo dos aspectos históricos, sociais, político-territoriais, culturais e relixiosos; a segunda, centrada nos protagonistas máis destacados desta época de transición: Paulo Orosio, Idacio Lémico, e o primeiro rei suevo, Hermerico. Complétase cun epítome cronolóxico e un apéndice cos textos orixinais utilizados. A obra foi segunda finalista no Premio de Historia Medieval de Galicia 2002 convocado conxuntamente pola Editorial Toxosoutos e a Fundación Comarcal Noia.

Billy, Dominique, **Canettieiri**, Paolo, **Pulsoni**, Carlo, **Rosell**, Antoni, *La lirica galego-portoghese. Saggi di metrica e musica comparata*, Roma: Carocci, 2003, 237 pp. (ISBN: 88-430-2684-4) .

Volume centrado no estudo da estrutura métrica e melódica na lírica galego-portuguesa composto por tres ensaios de autoría diferenciada:

- Billy, Dominique, "L'arte delle connessioni nei trobadores", pp. 11-111.

Estudo dos aspectos característicos na métrica e retórica da lírica medieval galego-portuguesa, postos en relación coa estética dos trobadores occitanos. A finalidade deste ensaio é realizar un confronto dos usos e formas empregados polos trobadores galego-portugueses e occitanos, e poder sinalar os elementos orixinais e aqueles que son froito da imitación. Para a elaboración do traballo analiza as figuras retóricas circunscritas ao ámbito da *replicatio*, *alternantia*, *commutatio*, *retrogradatio*, *concadenatio*, *circumlatio* e *recapitulatio*.

- Canettieri, Paolo / Pulsoni, Carlo, "Per uno studio storico-geografico e tipologico dell'imitazione metrica nella lirica galego-portoghese", pp. 113-165.

Estuda e localiza casos de *contrafacta* que poñen en relación a lírica galego-portuguesa coa lírica románica medieval. Abre o ensaio cunha clasificación esquemática dos *contrafacta* establecida en función do tipo de coincidencia dada (igualdade total ou parcial na estrutura rítmica, nos cambios interestróficos, na estrutura silábica e na melodía). Céntrase na análise da tensó bilingüe entre Afonso X e Arnaut Catalan, da composición de Alfonso X, *Ben sabia eu, mia senhor*, a cantiga de Lopo Liáns, *A dona fremosa do Soveral*, e da de Martim Moya, *Maestr'Acenço, dereyto faria*. Dedicar un apartado ao estudo de Aragón, como centro de produción lírica e de contacto entre líricas, a Sordello, como trobador imitado, e a Pero García Burgalés, destacado seguidor de esquemas métricos e rítmicos.

- Rossell, Antoni, "Una nuova interpretazione intermelodica e intertestuale della lirica galego-poroghese", pp. 167-222.

Ocúpase da música dos trobadores galego-portugueses en relación coa dos trobadores occitánicos estudándoa desde unha dobre perspectiva, a musicolóxica e filolóxica, debida á unidade texto-música característica da lírica medieval. Para a elaboración deste ensaio

sérvese dos textos líricos galegos musicados chegados a nós: as seis Cantigas de Amigo de Martin Codax transmitidas polo *Pergameo Vindel*, as sete Cantigas de Amor de Don Dinis achegadas polo *Pergameo Sharrer* e as *Cantigas de Santa Maria* de Alfonso X "O Sabio". Trata as grafías antigas e formas de transcrición, analiza a música e a estrutura melódica e atende tamén á relación existente entre texto e música, centrándose principalmente nos casos de *contrafacta*. Dedicado no ensaio un apartado aos instrumentos e á interpretación.

Cohen, R., *500 Cantigas d'Amigo*, Porto: Campo das Letras, 2003, 645 pp. (ISBN: 972-610-590-0) .

Edición crítica dun *corpus* conformado por cincocentas Cantigas de Amigo transmitidas polos códices quíntistas, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, e correspondentes á autoría de oitenta e oito trobadores galego-portugueses. O editor pretende tornar accesíbeis estes textos medievais ao lector actual interesado e, principalmente, ser para os estudosos unha ferramenta apta e fiable como base de futuros traballos e investigacións.

Gutiérrez García, Santiago, *A fada Morgana*, Santiago de Compostela : Edicións Lea, 2003, 321 pp. (ISBN: 84-95444-32-1) .

Estudo estruturado en seis capítulos diferentes nos que é trazada a evolución do personaxe da fada Morgana. A obra comeza coa indicación da primeira aparición literaria de Morgana, que ten lugar na *Vita Merlini* de Geoffrey de Monmouth, poema latino composto sobre o ano 1151. A continuación explica as aparicións de Morgana na obra de Chrétien de Troyes, que a pesar de que o personaxe aparece sempre coma secundario, o tratamento que lle dispensa proporciona unha nova visión da fada. Posteriormente, temos a presenza de Morgana no *Lancelot en prose*. A relevancia que para a evolución da fada tivo a triloxía do *Lancelot* percíbese, segundo Santiago Gutiérrez, ao analizar as dúas grandes vías evolutivas que se abren tras este ciclo. Unha, marcada pola pegada do *Lancelot*, insistiu na maldade da fada e profundou o seu carácter irado e vingativo; a outra, allea a tal influencia, retomou motivos feéricos tradicionais. Do primeiro grupo poderíamos mencionar a *Suite-Vulgate*, a *Suite du Merlin*, o *Tristan en prose* e *Les prophéties de Merlin*, mentres que do segundo hai que salientar os cantares de xesta serodios, os *romans* en verso da segunda metade do século XIII ou o ciclo creado arredor do personaxe de Ogier le Danois.

Lorenzo Modia, M^a. Jesús, Raúl de Toro Santos, Antonio, *El inglés como vocación. Homenaje al profesor Miguel Castelo Montero*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2003, col. Homenaxes, nº 6, 675 pp. (ISBN: 84-9749-063-0) .

Volume en homenaxe ao profesor Miguel Castelo Montero que inclúe o seguinte artigo de interese para a literatura galega medieval:

- Brea López, Mercedes, "Un *milagro grande* y sus versiones en las colecciones iberorrománicas de los *Milagros de Santiago*", pp. 93-100.

Presenta a historia do romeiro enganado polo demo, un milagre xacobeo que debeu gozar de gran popularidade. O orixinal latino presenta tres adaptacións iberorrománicas destacadas nas que a autora centra o seu traballo; estas versións están recollidas nas seguintes coleccións: *Milagres de Santiago*, en galego, *Miraglos de Santiago*, en castelán, *Vidas e Paixões dos Apóstolos*, en portugués. A pesar da estreita relación que se establece entre as versións e o orixinal, existen certas discordancias que son salientadas neste traballo.

Martínez, Salvador, *Alfonso X, El Sabio (Una biografía)*, Madrid: Polifemo, maio 2003, col. Crónicas y Memorias, 756 pp. (ISBN: 84-8654-66-0) .

Obra do profesor Salvador Martínez que se constrúe sobre seis núcleos principais. No primeiro descríbese o tirocinio de Alfonso X na súa triple vertente: ascendencia familiar e desenvolvemento físico, educación intelectual e formación de príncipe. O segundo estudo expón a historia das súas aspiracións imperiais. O terceiro núcleo trata da súa enfermidade e das súas tarefas intelectuais, centrándose concretamente nas *Cantigas de Santa María*. O cuarto capítulo ocúpase da rebeldía e desnaturalización dos nobles, mentres que o quinto abrangue os problemas de sucesión. Finalmente, descríbese a última etapa da vida do monarca, abandonado por todos (muller, fillos, nobreza) e desposuído dos seus poderes como rei, que só puido recuperar co apoio dos seus inimigos musulmáns.

Munteanu Colan, Dan (coord.), *Imágenes y ficción. 8 ideaciones clave en la cultura occidental [tercer ciclo]*, Las Palmas de Gran Canaria: Viceconjería de Cultura e Deporte, 2003 (ISBN: 84-7947-343-6) .

Volume que recolle diferentes artigos entre os que destaca, dende o punto de vista da literatura galega, o seguinte:

- Mercedes Brea López, "Ginebra, un corazón dividido y un reino amenazado", pp. 145-162.

Estuda a personaxe de Xenebra como esposa do rei Arturo e principalmente como unha das protagonistas dun triángulo amoroso estreitamente relacionado coa doutrina do *fin'amors*. Sinala cal foi o tratamento que se lle deu na propia tradición artúrica e a súa influencia nas artes (iconografía, pintura, etc), en diversas obras clásicas (na *Divina Comedia* de Dante, por exemplo), outras contemporáneas (*Morte d'Arthur*, de Sir Thomas Malory; *Amor de Artur*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Merlín e Familia*, de Álvaro Cunqueiro; *La Rosa de Plata*, de Soledad Puértolas, etc) e no cine (*Knights on the Round Table* (1953), de Richard Thorpe; *Lancelot ad Guinevere* (1962) de Cornel Wilder; *Camelot* (1967), de Joshua Logan; *Lancelot du Lac* (1974), de Robert Bresson, etc).

VV. AA., *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, edición de Xosé Bieito Arias Freixedo , Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, col. Clásicos, nº 1, 959 pp. (ISBN: 84-9782-062-

2) .

Antoloxía conformada por douscentos cincuenta e tres textos da lírica profana medieval galego-portuguesa pertencentes á autoría de noventa e tres trobadores coñecidos e algúns textos anónimos. A finalidade da obra é ofrecer unha panorámica da traxectoria da escola trobadoresca ao longo da súa existencia; para isto, sérvese dunha clasificación dos autores segundo criterios cronolóxicos e, por outra parte, inclúe textos nos que é prezábel a diversidade en canto ao xénero lírico e estrutura retórico-formal. O traballo iníciase cun estudo sobre multitude de aspectos relacionados coa lírica medieval, tales como: a tradición manuscrita, a clasificación en xéneros, a cronoloxía dos trobadores, a importancia da intertextualidade, tradición e orixinalidade dos autores, cuestións relativas á métrica, recursos e artificios formais.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Pois min amor non quer leixar', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 35, 'Letras en galego', 15 novembro 2003, p. 7.

Ramón Nicolás comunícanos a publicación da obra *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, do profesor da Universidade de Vigo Xosé Bieito Arias Freixedo e sinala que o autor escolle, nesta escolma, máis de duascenas cincuenta composicións, todas elas analizadas e comentadas, procedentes duns aproximadamente noventa autores. A antoloxía consegue ofrecer unha enriquecedora visión de conxunto do que foi a obra de, entre outros, Bernal de Bonaval, Martín Codax, Martín Moxa, etc.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Cando a senhor era señora', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 2 decembro 2003, p. 37.

Dise que a editorial viguesa Xerais acaba de tirar do prelo unha escolma de Xosé Bieito Arias Freixedo, *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* e sinálase que da man do especialista en estudos medievais e profesor da Universidade de Vigo, accedemos a unha selección do mellor cancioneiro profano composto de cantigas de amigo, de amor e de escarnio e maldicer. Para finalizar, en palabras do autor indica que "a idea principal que guiou a confección desta antoloxía era a de dar a coñecer a poesía trobadoresca asociada ás claves fundamentais que permitise aos lectores entendela e gozar da súa lectura".

- M.B., 'Unha colección recupera a obra de Lueiro Rey e Celso Emilio Ferreiro', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2003, p. 52.

Dáse conta dalgunhas novidades editoriais entre as que destaca a Antoloxía da lírica galego-portuguesa, confeccionada por Xosé Bieito Arias Freixedo, que tira do prelo Edicións Xerais de Galicia.

XI.2. REEDICIÓNS

Monteagudo, Henrique (coord.), **Alfonso X**, *Cantigas de Santa María. Edición facsímile do Códice de Toledo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, novembro 2003, XIII/160 pp. (ISBN: 84-95415-78-X) .

Edición facsimilar do Códice de Toledo das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio, conservado na Biblioteca Nacional de Madrid (Ms. 10.069) en conmemoración do XX aniversario da creación do Consello da Cultura Galega. O cancionero mariano está conformado por cento sesenta folios pergameáceos, onde se acolle a primeira compilación de cen cantigas precedidas dunha *Intitulatio* sen musicar, un índice e un prólogo, e seguidas dunha rogativa a modo de epílogo; a esta colección engadíronselle posteriormente tres apéndices con dezaseis cantigas. Malia ser un códice belamente disposto, caligrafado e adornado, o feito de carecer da iluminación que caracteriza aos restantes cancioneros transmisores da obra supuxo que, ata o momento, fose o único dos catro códices sen edición facsímil completa.

Referencias varias:

- Ezequiel, 'Dos hombres buenos', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 2 decembro 2003, p. 6.

Na columna habitual deste autor, ademais de facerse eco de diferentes cuestións de actualidade que non teñen nada que ver coa literatura, en cadro á parte e baixo o epígrafe "Coruñeses a Santiago", anúnciase a presentación no Consello da Cultura Galega da edición facsimilar do *Códice de Toledo das Cantigas de Santa María*, de Alfonso X "O Sabio". Tamén se adianta que ademais desta presentación terá lugar un concerto de Amancio Prada e a inauguración da exposición dos fondos bibliográficos da institución.

XI.3. ACTAS

Alemany Bay, C., Aracil Varón, B., Mataix Azuar, R., Mendiola Oñate, P., Valero Juan, E., Villaverde Pérez, A., *Con Alonso Zamora Vicente. (Actas del Congreso Internacional «La Lengua, la Academia, lo popular, los clásicos, los contemporáneos... »)* , 2 vol. , Alicante: Universidad de Alicante, 2003, 1225 pp. (ISBN: 84-7908-732-3) .

Actas que recollen os traballos presentados no *Congreso Internacional: La lengua, la Academia, lo popular, los clásicos, los contemporáneos*, celebrado do 11 ao 15 de marzo de 2002 na Universidade de Alacante en homenaxe ao profesor Alonso Zamora Vicente. Está incluído o seguinte traballo con interese para a literatura galega medieval:

- Brea, M., "Elementos popularizantes en las Cantigas de Amigo", v. II, pp. 449-463.

Céntrase na vertente popularizante das Cantigas de Amigo, aínda que se reconece a estreita relación dos elementos configuradores desta coa vertente aristocratizante, e reflexiónase sobre a diferenciación entre o popular e o autóctono. Para efectuar este estudo, a autora divide a presentación en dous apartados: por un lado sinala os trazos formais (refráns, estrutura, paralelismo formal, estrutural e semántico, uso de rimas asonantes, irregularidades métricas, sinonimia, arcaísmos, uso do estilo directo na enunciación e terminoloxía específica para a designación da personaxe feminina); e por outro lado, refírese aos elementos conceptuais e temáticos (motivos simbólicos, a paisaxe como marco, presenza da figura materna e unha doncela como protagonista, expresión sintética e directa).

Barros, A. Leal de/Head, B.F./Lemos, A. Sampaio/Pereira, A./Teixeira, J. (coord.), *História da Língua e História da Gramática. Actas do Encontro*, Braga: Universidade do Minho, 2003, 490 pp. (ISBN: 972-98621-9-2) .

Este volume inclúe textos que corresponden aos traballos presentados durante o encontro, realizado en novembro de 2000 en Braga (Universidade do Minho) e en Guimaraes (Museu Alberto Sampaio). Os artigos de interese no que respecta á literatura galega medieval son os seguintes:

- António Pereira, "Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti): Génese e actualidade da antroponimia nas 'Cantigas d'Escarnho e Mal Dizer'", pp. 359-369.

Antonio Pereira comeza o estudo cunha breve historia sobre o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, indicando por qué tamén é coñecido por Colocci-Brancuti, cómo foi descuberto, cómo se preparou a edición diplomática da parte do códice que non tiña correspondencia no *Cancioneiro da Vaticana*, ónde se conserva e cómo está estruturado hoxe en día. A continuación, céntrase na antroponimia, recollida das Cantigas de escarnio e maldicer. Analiza os antropónimos e amósanos tanto a súa recollida en *B* como a súa forma actual. Tamén indica se se recollen noutros manuscritos, se son nomes propios, apelidos ou alcumes, a súa orixe etimolóxica e a súa clase gramatical orixinaria.

- Olga Saprykina, "A língua dos trovadores galego-portugueses no contexto da Cultura Medieval", pp. 393-403.

A investigadora rusa Olga Saprykina centra o traballo nos dous xéneros poéticos galego-portugueses medievais de maior esplendor. En primeiro lugar, trata as Cantigas de Amigo, comparándoas coas *carjas* mozárabes, e observa as similitudes entre os dous xéneros, postas de manifesto na temática, no vocabulario e na súa estrutura. A continuación, ocúpase das Cantigas de Amor e da súa relación coa tradición provenzal e analiza cómo o concepto provenzal da *fin'amor* se transformou no *amor* galego-portugués, o de *domna* ou *ma domna* en *dona* e o de *midons* en *senhor*.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Arias Freixedo, Bieito, 'Publicacións sobre literatura medieval galego-portuguesa', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Panorámicas', febreiro 2003, pp. 245-255.

Indica, en primeiro lugar, que aumentan cada ano as publicacións e os investigadores que, individualmente ou en grupo, traballan sobre a literatura medieval. Comeza comentando o volume *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*, coordinado por Pilar Lorenzo e J. A. Souto Cabo, que se engloba dentro do proxecto "Prosa Literaria Galega Medieval" publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A seguir, comenta *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media* realizado por Santiago Gutiérrez García e Pilar Lorenzo Grandín, publicado na serie "Galicia" da Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago. Relacionado co tema da materia de Bretaña destaca tamén o artigo "O Marot haya mal-grado: lais de Bretanha, ciclos en prosa e recepción da materia de Bretaña na Península Ibérica" de Santiago Gutiérrez García, publicado no *Boletín Galego de Literatura* nº 25. A continuación, menciona a *Crónica de Santa Maria de Iria*, publicada xunto cun documentado estudo realizado por J. Antonio Souto Cabo e patrocinado polo Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela e o Seminario de Estudos Galegos, e o artigo "As Partidas de Afonso X: novos fragmentos em língua portuguesa, 2", publicado por Aida Fernanda Dias na revista *Romance Philology*, nº 54. Reseña logo *O trovador galego-português e o seu mundo*, editado na colección "Poliedro da Historia", da editorial Noticias; *Estudios Galegos Medievais*, editado por Antonio Cortijo, Giorgio Perissinotto e Harvey L. Sharrer do Centro de Estudos Galegos do Departament of Spanish and Portuguese da University of California. Finaliza, falando da edición de *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, de Mariña Arbor Aldea, Premio Dámaso Alonso de Investigación en Humanidades.

Carbón Puente, Inmaculada, 'A perda do apetito e do sono como signa do sufrimento amoroso nos trovadores galego-portugueses', *Boletín Galego de Literatura*, nº 28, 'Estudios', 2003, pp. 7-29.

Estudo no que se analizan os motivos da perda do apetito e da perda do sono como representación dos clásicos *signa amoris*, entendidos estes como as pegadas que se aprecian no comportamento do amante como manifestación do amor que sente. Saliéntase que a súa repercusión nas diferentes líricas románicas non é sempre a mesma. Así, nas composicións amorosas provenzaís os dous motivos teñen un grande éxito, mais na lírica galego-portuguesa, na que goza de numerosas e variadas expresións, o motivo da perda da fame é moi limitado neste mesmo corpus e parece estar reservado unicamente para o xénero satírico, onde aparece recorrentemente con usos claramente paródicos, xa que se converte nun instrumento de ridiculización dunha clase social miserenta e obrigada a manter as aparencias. Exemplifícase todo o dito con abondoso material poético.

González Fernández, Antonio, 'A traducción ao galego do Gregorio de Hartmann von Aue', *Galicien Magazin*, nº 14, 'Deutcher Galicien-Tag 2003', decembro 2003, pp. 10-11.

Realiza o comentario da aparición e execución da tradución da lenda medieval. Comeza coa

idea da tradución, que xorde nunha conversa con Manuela Domínguez, colaboradora do profesor Díaz y Díaz, director da colección "Clásicos en Galego". A ampliación do ámbito da colección a toda a literatura europea ata a Idade Moderna (nun principio abarcaba só os clásicos greco-latinos) fai que esta sexa a primeira tradución do alemán medieval ao galego. González Fernández estuda varias posibilidades, pero finalmente escolle o *Gregorio* debido ao seu coñecemento da obra e á non excesiva lonxitude. Continúa coa descrición do volume: texto bilingüe, con introdución detallada, capítulos, etc., e fai un resumo do contido da lenda. Tamén apunta a estrutura e os problemas estilísticos e de tradución. Por último, sinala a importancia deste traballo como apertura do camiño a futuras traducións.

Lorenzo Gradín, Pilar, 'Las Razos gallego-portuguesas', *Romania*, nº 481-482, 2003, pp. 99-132.

Pilar Lorenzo indica que a presenza das *razos* nos Cancioneiros denotan un cambio na recepción literaria das cantigas, á vez que reflicten a adaptación no occidente peninsular dunha práctica hermenéutica desenvoida nas cortes do norte de Italia para orientar a praxe erótica da *fin'amor*. Para a investigadora, as *razos* transmitidas nos apógrafos italianos *B* e *V* constitúen unha tradición paralela á da lírica, en gran medida dependente e condicionada por esta, aínda que sexa de menor repercusión en función do número reducido de testemuños que se transmitiron.

Montero Santalha, José-Martinho, 'Giuseppe Tavani, Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa: Introdução, edição crítica e fac-símile', *Revista Galega de Filoloxía*, nº 4, 2003, pp. 163-170.

Recensión crítica da edición da *Arte de Trovar* que realizou o profesor italiano Giuseppe Tavani. O investigador Montero Santalha analiza o estudo introdutorio e a propia edición do texto para rematar afirmando que "a edición de Tavani é magnífica, como todos os seus traballos".

Pena, Xosé Ramón, 'De Alcanate a Santa María do Porto. Arredor dun "cancioneiro" integrado nas Cantigas de Santa María', *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2001, 'Comunicacións', febreiro 2003, pp. 187-199.

Xosé Ramón Pena analiza e valora, partindo dos traballos de Jesús Montoya *Datos para la historia del Puerto de Santa María* (1978-1973, Cuadernos de Estudios Medievales) e *Alfonso X el Sabio. Cantigas* (Cátedra, 1988), as relacións entre as composicións que forman o *Cancioneiro de Santa María do Porto* e as circunstancias sociais e políticas que se enxergan a través dos propios textos, que, segundo afirma, non foron o resultado da mestura de diferentes coleccións que se manexaron para elaborar as *Cantigas de Santa María* (CSM), senón que foron inducidas polo propio rei. Afirma que as CSM son unha "obra de estado" ca que Afonso X, O Sabio, (Toledo, 1221, Sevilla, 1284), pretendía, entre outros obxectivos, animar a presenza cristiá nun espazo tan estratéxico como o Puerto de Santa María, o que traía asociado a repoboación de toda a zona. A seguir, realiza unha panorámica histórica que xustifica o especial empeño do monarca en detallar os milagres que aconteceran nesta vila ou na igrexa que por mandato seu se construíu alí. Logo comenta a cantiga nº 328, "Esta é como Santa María fillou un lugar pera si eno reino de Sevilla e fez

que lle chamassen Santa María do Porto", que define como "peza chave" do *Cancioneiro de Santa María* onde se explica o cambio do topónimo do lugar que de Alcanate pasou a Santa María do Porto. No seguinte apartado fala do cancionero, que está formado por vintetrés cantigas máis que están determinadas, segundo Xosé Ramón Pena, ben por milagres suxeridos, ben por milagres re-situados nun novo lugar, ben por milagres inventados. Conclúe afirmando que o *Cancioneiro* representa unha auténtica "arma política" ca que o rei xustificou moitas das súas accións políticas.

Requeixo, Armando, 'Un manual imprescindible', *Tempos Novos*, nº 68, 'Voces e Culturas. Crítica. Libros', xaneiro 2003, p. 85.

Congratúlase da publicación do libro *Historia da literatura medieval galego-portuguesa* (Santiago, Sotelo Blanco, 2002) realizado polo profesor Xosé Ramón Pena. Salienta a engádegas de novo material moi valioso con respecto ao seu traballo anterior *Literatura galega medieval. I. A Historia*, especialmente en aspectos como o descubrimento do Pergamiño Sharrer, a reconstrución da tradición textual dos manuscritos medievais, as análises máis actuais sobre as cantigas de amigo, de amor e de escarnio e maldicir, a redefinición de conceptos técnicos estilísticos, a revisitación do sistema literario galego á luz das teorías da Estética da Recepción ou outras escolas modernas, etc. Deste modo, entende que se trata dun volume máis denso destinado tanto a especialistas coma a curiosos e estudantes e agarda que teña a mesma fortuna que outras obras do autor, xa que é esta unha obra de referencia inexcusábel.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Harguindey, Henrique, 'Martín Codax en París', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 'Galiza/Galice', 27 novembro 2003, p. II.

Henrique Harguindey analiza a situación da lírica galego-portuguesa medieval en Francia. Salienta que aos estudos literarios que nas últimas décadas difundiron no ámbito francófono a obra dos trovadores medievais galaico-portugueses, uniuse a vía da tradución en forma de antoloxía. O primeiro campo, o dos estudos literarios, está representado por J. M. d' Heur e Pierre Blasco, e o segundo, o da tradución, é froito de Henri Deluy. Harguindey afirma que "a antoloxía é referencia obrigada ao inventariarmos a difusión da literatura galega en Francia. A introdución, as orientacións históricas, as de ciclos e personaxes, as microbiografías dos autores e a bibliografía resultan moi útiles para situar ao lector francés".

Harguindey, Henrique, 'Martín Codax en París', *Faro de Vigo*, 'Faro da Cultura', nº 61, 6 decembro 2003, p. 6.

Henrique Harguindey analiza a situación da lírica galego-portuguesa medieval en Francia. Salienta que aos estudos literarios que nas últimas décadas difundiron no ámbito francófono a obra dos trovadores medievais galaico-portugueses, uniuse a vía da tradución en forma de antoloxía. O primeiro campo, o dos estudos literarios, está representado por J. M. d' Heur e

Pierre Blasco, e o segundo, o da tradución, é froito de Henri Deluy. Harguindey afirma que "a antoloxía é referencia obrigada ao inventariarmos a difusión da literatura galega en Francia. A introdución, as orientacións históricas, as de ciclos e personaxes, as microbiografías dos autores e a bibliografía resultan moi útiles para situar ao lector francés".

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, 'Fui eu madre, en romaría, a Faro...', *La Voz de Galicia*, 'Culturas', nº 24, 'Beatus qui legit', 30 agosto 2003, p. 7.

Xesús Alonso Montero coméntanos a homenaxe que tivo lugar no Monte Faro o 10 de agosto a Johan de Requeixo, autor de cinco cantigas de amigo. Infórmase nos tamén da edición que se está a facer sobre o trobador medieval da terra de Chantada, coordinada por Xosé Lois García.

García, Xosé L., 'No faro de Xohán de Requeixo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión Hoxe', 5 agosto 2003, p. 4.

Xosé Lois García infórmanos da homenaxe que terá lugar o día 10 de agosto en honor a Johan de Requeixo. Un evento, segundo o articulista, que tenta restituír a memoria histórica e literaria dun dos trobadores máis lúcidos da Cantiga de amigo e romaría que se deu na montaña chantadina. Tamén nos comenta a presentación do *Cancioneiro de Xohán de Requeixo*, un libro artesanal con cinco gravados en pergameo e unha medalla conmemorativa.

Manuel María, 'A navegación de Ith', *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', 'Homes, feitos e palabras', 16 febreiro 2003, p. 8.

Manuel María escribe sobre o anónimo irlandés do século XII *Libro das invasións*, no que se relata a emigración dun galego, Ith, que divisou Eirin desde a Torre de Hércules. O fillo de Breogán inmortalizado na Coruña, pagou coa morte a paz que logrou impoñer en Irlanda, mais foi vingado polos familiares.

Méndez Ferrín, X.L., 'O lobishome e o xentilhome', *Faro de Vigo*, 'Segunda Feira', 6 xaneiro 2003, p. 2.

O artigo versa sobre a figura de María de Francia, poeta medieval que compuxo, entre outros, un lai titulado "Bisclavret", centro do interesado articulista. Despois de resumir o seu contido (versificación da historia dun lobishome), Méndez Ferrín anima a Germán Palacios a traducir a María de Francia ao galego, visto o resultado das versións que xa fixo para o castelán. Por último, refírese ao rendemento que na literatura e no cine ten o personaxe do lobishome.

Seijas, Otilia, 'Xoán de Requeixo', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 5 agosto 2003, p. 4.

Otilia Seijas escribe sobre a homenaxe ao trobador chantadino Johan de Requeixo e infórmanos que se levantaron cinco monolitos en recordo das cinco trobas que el cantou.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 5 abril 2003, p. 59.

Marcos Valcárcel utiliza o descordo no que o rei Alfonso X manifesta a súa melancolía polo canto das aves e refuga das funcións propias da monarquía medieval, que non eran outras que facer a guerra contra os inimigos, para falar do soño de paz e da liberdade.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 novembro 2003, p. 67.

Breve sinopse sobre a vida de Macías "O Namorado", figura que se converteu nun mito do noso trobadorismo final, na chamada Escola Galego-Castelá. A lenda conta que a súa paixón pola amada sobrepasou os límites do amor cortés e iso fixo que o home desta alta señora o mandase prender. Aínda así, o trobador seguiu a cantar o seu amor ata que unha lanza do esposo celoso lle atravesou o corazón. Valcárcel sinala que varios séculos despois un romántico español, Mariano José de Larra, recreou estos amores na novela *El doncel de don Enrique el Doliente* e no drama *Macías*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 12 novembro 2003, p. 67.

Sinopse sobre a obra de Macías o Namorado, trobador galego da segunda metade do século XIV que morreu atravesado pola lanza dun marido celoso.

Valcárcel, Marcos, 'A paixón de Macías o Namorado', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 12 novembro 2003, p. 56.

Breve sinopse sobre a vida de Macías "O Namorado", figura que se converteu nun mito do noso trobadorismo final, na chamada Escola Galego-Castelá. A lenda conta que a súa paixón pola amada sobrepasou os límites do amor cortés e iso fixo que o home desta alta señora o mandase prender. Aínda así, o trobador seguiu a cantar o seu amor ata que unha lanza do esposo celoso lle atravesou o corazón. Valcárcel sinala que varios séculos despois un romántico español, Mariano José de Larra, recreou estos amores na novela *El doncel de don Enrique el Doliente* e no drama *Macías*.

Vázquez, Pura, 'Xograres de amor e mar', *Galicia Hoxe*, 'Opinión Hoxe', 12 xullo 2003, p. 4.

Pura Vázquez fai unha breve síntese sobre a lírica galego-portuguesa medieval. Indica o esplendor que esta acadou durante o reinado de Alfonso X; analiza a tradición manuscrita, mencionando os códices nos que se conservan as máis de dúas mil composicións e sinala os principais xéneros literarios da nosa lírica medieval.

Villar Janeiro, Helena, 'Xohán de Requeixo', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 15 agosto 2003, p. 3.

Helena Villar fai un breve resumo da homenaxe que tivo lugar no Monte Faro en honra de Johan de Requeixo. Destaca os cinco pedróns con cadansúa cantiga do poeta do Faro que foron colocados ao lado da capela do século XVIII.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.C. / A.L., 'Tributo ós xograres', *El Progreso*, 'Comarcas', 11 agosto 2003, p. 15.

Información sobre a homenaxe a Johan de Requeixo que tivo lugar o 10 de agosto deste ano 2003 no cumio do Monte Faro. Ao mesmo tempo anúnciase o inicio dunha campaña para solicitar que as Letras Galegas do ano 2005 se lle dediquen aos trobadores da comarca chantadina, xa que ademais de Requeixo, Fernán Paez de Talamancos, Airas Moniz d'Asme e Diego Moniz son autores significativos da lírica galega medieval no sur da provincia.

A.L., 'Cuadros de Randolfé repasan la historia del monte Faro', *El Progreso*, 'Comarcas', 8 agosto 2003, p. 21.

Infórmase sobre o encargo ao artista de Carballedo Xosé Randolfé Vilariño dos paneis que cubrirán os cinco monolitos nos que quedarán inseridas as cantigas do trobador chantadino Johan de Requeixo.

A.N.T., 'Homenaxe ao trobador Xohán de Requeixo en Chantada', *A Nosa Terra*, nº 1093, 'Cultura', 31 xullo 2003, p. 28.

Comunicásenos a homenaxe que terá lugar o vindeiro 10 de agosto ao trobador Johan de Requeixo. Indícasenos que a iniciativa xorde para restituír a memoria histórica do lugar, recuperando do esquecemento a unha das figuras máis destacadas da lírica medieval no que corresponde a zona sur de Lugo. O organizador, Xosé Lois García, sinala que tamén se trata dunha "homenaxe a aquela lingua común, o galego-portugués que se falaba en tempos do trobador e que era compartida por Galiza e Portugal".

C.P., 'O Consello da Cultura celebrou vinte anos de traballo ó servizo de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 decembro 2003, p. 52.

Indícase que Henrique Monteagudo, secretario do Consello da Cultura Galega, presentou a edición facsímile do *Códice de Toledo* das *Cantigas de Santa María* con motivo da celebración do vixésimo aniversario do Consello da Cultura. Para Monteagudo, este códice foi elixido por ser o máis completo desde o punto de vista lingüístico e literario.

Cuevas, Iván, 'Un recital lembrará a Xohán de Requeixo', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 8 agosto 2003, p. 75.

Anúnciase a homenaxe que terá lugar no Monte Faro o 10 de agosto de 2003 en honor a Johan de Requeixo, trovador da terra de Chantada. Dise que o acto constará de alborada de gaitas, recital poético, ofrenda floral e actuacións de grupos de música medieval.

Cuevas, Iván, 'Lembrando un trovador', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 agosto 2003, p. 50.

Lémbrensenos a homenaxe que se lle vai realizar o día 10 de agosto a Johan de Requeixo, trovador que a finais do século XIII cantara á romaría do Monte Faro.

J.C.H.L., 'Volver a Xohán de Requeixo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xullo 2003, p. 68.

Anuncia a homenaxe a Johan de Requeixo que terá lugar o próximo día 10 de agosto no Monte Faro. Sinálase que no transcurso da xornada conmemorativa inaugurarase un conxunto escultórico formado por cinco monolitos dedicados ao trovador chantadino, onde irán gravados cada un dos poemas que compoñen o ciclo poético que se lle coñece.

M.C.P.P., 'Un recuncho para a materia de Bretaña', *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 'Universidade', 26 marzo 2003, p. 2.

Dáse conta da publicación por parte dos profesores da Universidade de Santiago de Compostela: Pilar Lorenzo e Santiago Gutiérrez, da obra *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*. Indícase que a monografía ofrece unha gran información sobre o complexo eido da literatura artúrica, ese mundo que, como explican os autores, se "manifesta descoñecido e fascinante, sempre coa figura do rei Artur e da súa corte á cabeza".

MARÉ, '¿Xograr ou frade?', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 setembro 2003, p. 52.

Co motivo da homenaxe que no mes de agosto se lle dedicou ao trovador Johan de Requeixo no Monte Faro, analízase a figura de Johan de Requeixo e as polémicas que rodearon o seu lugar de nacemento. Respecto das teses que apuntan a Johan de Requeixo como xograr, considérase que o máis probábel é que fose párroco de Requeixo, baseándose nun documento vencellado ao mosteiro de Oseira no que aparece un tal frade Johan de Requeixo.

MARÉ, 'Vinte anos do Consello da Cultura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 decembro 2003, p. 42.

Anuncia que, con motivo da celebración do vixésimo aniversario, o Consello da Cultura Galega presenta a edición facsímile do *Códice de Toledo das Cantigas de Santa María* de Alfonso X "O Sabio".

MARÉ, 'Ante o tren dos tempos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 decembro 2003, p. 49.

Informa de que o Consello da Cultura Galega celebra os seus vinte anos coa presentación dunha edición facsímile do *Códice de Toledo das Cantigas de Santa María*, que, segundo

Henrique Monteagudo, descubriu o Padre Sarmiento, quen xa entón mostrou a súa "perplexidade" porque este importante texto fose escrito polo rei Alfonso X "O Sabio" en galego.

XII. FOLLETOS DE NOVIDADES EDITORIAIS

A Nosa Terra

Catálogo de publicacións no que Edicións A Nosa Terra ofrece un resumo dos seus fondos e novidades. Organizada por coleccións, das que se sinalan as súas principais características, inclúese unha fotografía da portada e un pequeno resumo do contido, ademais doutros datos como o ISBN, o número de páxinas ou o prezo de venda. Comeza cos dezanove títulos da colección "Historia de Galicia", segue cos de "Monografías", arredor de aspectos históricos, sociais ou literarios; "Nós os galegos", que recolle volumes de contido interdisciplinar na que se abordan temas de pensamento e cultura; "Prensa&Criación", na que se dá cabida a traballos xornalísticos, reportaxes ou entrevistas; "Campus", na que se inclúen traballos ensaísticos con carácter divulgativo; "A Nosa Cultura", na que se inclúen monografías das grandes figuras da nosa cultura, combinando o ensaio, a achega de materiais inéditos e un exhaustivo aparato fotográfico; ou "O Fardel da Memoria", coa que se tenta recuperar biografías de persoeiros que marcaron o devir histórico galego. A seguir, inclúese tamén o catálogo de publicacións da literatura infantil e xuvenil publicada por esta editorial no que se reproducen, sen comentarios, portadas de coleccións como "A Nosa Natureza", "A Nosa Historia", "Historia Universal", "Os Bolechas", "Contos populares", "Protagonistas da Historia", a "Enciclopedia temática ilustrada" ou os "Animais domésticos". Péchase co repaso a coleccións divulgativas como "A Nosa Historia", "As viaxes", "Mulleres", "Historias gráficas", "Esencias" ou "Froita do tempo".

Editorial Galaxia

Catálogo no que se ofrece unha panorámica das obras que ten publicadas esta editorial durante o ano 2003, organizadas en grandes bloques temáticos ("Literatura e ensaio", "Guías e monografías", "Libros singulares e fóra de colección", "Obra gráfica e humor", "Infantil", "Editorial Galaxia", "Xuvenil", "Publicacións escolares, dicionarios e manuais", "Revistas" e "Editorial Pico Sacro"), e dentro destes, á súa vez, por coleccións; de cada obra á que se fai referencia achégase o seu título e autor, ISBN, número de páxinas, ano de publicación, edición e prezo. O catálogo inclúe, ademais, unha listaxe de empresas ou entidades de cuxos fondos a Editorial Galaxia exerce de distribuidora, un índice de autores e outro de títulos.

Espiral Maior

Catálogo no que se ofrece unha panorámica das obras que ten publicadas esta editorial, organizadas por coleccións. Así aparecen obras pertencentes ás coleccións "Poesía",

"Narrativa", "Ensaio", "Teatro", "A illa verde", "Alba longa", "Auliga", "Opera omnia", "Didáctica", "Imaxes no tempo", "Visual", "Historias e documentos", "Universitas" e "Novo prelo"; ademais, aparece o apartado "Fóra de colección", no que se inclúen todas aquelas obras que polas súas características non se adecúan a ningunha das coleccións existentes; en cada colección inclúese a listaxe de libros publicados, dos que se indica o título, o autor, o número de páxinas, o prezo e o ISBN. Este catálogo inclúe, asemade, un "Índice de Autores", un "Índice de Títulos" e unha relación de "Obras e autores premiados".

Rodeira

Catálogo 2003 de Literatura infantil e xuvenil, que se abre coa notificación expresa da editorial na que se reitera o propósito de seguir suscitando entre os nenos e mozos a paixón pola lectura. Para isto adianta que segue aumentando as súas coleccións que son: "Tren Azul", "Tucán Azul" e "Tucán Verde" para os nenos de seis a doce anos, mentres que "Periscopio" vai dirixida aos "non tan nenos". De "Tren Azul" recolle os títulos *Gago por merenda*, de Xan López Domínguez; *A máxica historia do ratiño Pérez*, de Fidel del Castillo; *Ricardo e o seu robot*, de Esteban Martín; *Dóeme a lingua*, de Margarita Mainé; *A tea de araña que todo o apaña*, de Xoán Babarro; *Unha toupa nun mar de herba*, de Joan de Déu Prats; *Como naceron as sereas*, de Griselda Castro e *Un gato moi pouco gato*, de Elena O'Callaghan. En "Tucán Azul" fai referencia a *O crocodilo na habitación*, de Andrés García Vilariño; *Eu vivín cunha bruxa*, de M^a Teresa Martín; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey (gañador do Premio Edebé de Literatura Infantil na súa 4^a edición); *¡Ai, que medo!*, de Ricardo Alcántara; *Ra por un día*, de M^a Teresa Areatzaga (finalista do Premio Edebé de Literatura Infantil na súa 1^a edición); *A bruxa que non sabía rir*, de Herminia Mas; *A vaca Maruxa esquiá en Valbabuxa*, de Xavier Frías; *Demos en camiseta*, de Paloma Bordons; *Manual para unha pequena meiga*, de Gloria Sánchez; *O trompetista e a lúa*, de Xelis de Toro; *A miña veciña éche unha bruxa*, de Paloma Bordons; *Catro pitas*, de Xavier López Rodríguez; *Inés e a cadela sabia*, de Dario Xohán Cabana; *Mauricio o achacoso*, de Maite Carranza; *Down*, de An Alfaya e *Correo Urxente*, de Paula Carballeira. En "Tucán Verde" aparecen referencias a *Robin e a boa xente*, de Paula Carballeira; *Pé mais eu*, de Gloria Sánchez; *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez (gañador do Premio Edebé de Literatura Infantil na súa 3^a edición); *Aydin*, de Jordi Sierra i Fabra (gañador do Premio Edebé de Literatura Infantil na súa 2^a edición); *Contos para durmi-la avoa*, de Antonio Manuel Fabregat; *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*, de Paula Carballeira; *O colar do rei*, de Olinda Codukes; *Historia secretas do espacio*, de Joan Manuel Gisbert; *Unha raiña negra*, de Fina Casalderrey; *O neno que matou a Deus*, de Xavier López; *Unha inmensa vaca marela*, de J. F. Renau; *O camiño da fraga*, de Carmen Gómez Ojea; *Xalop, Bori-Bori e o bandido Faltriqueiras*, de Enric Lluch; *O xenio de Aladino García*, de Joaquín Carbó; *Lémbrate dos dinosaurios*, Ana María, de Gabriel Janer Manila; *A Galiña da Paz*, de Gloria Sánchez e *¿Queres se-lo mozo da miña irmá?*, de Maite Carranza (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 10^a edición). Por último, na colección "Periscopio" aparecen os seguintes libros: *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 2^a edición); *¿E agora que?*, de María M. Vassart; *O Príncipe da Brétima*, de Carlos Ruíz Zafón (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 1^a edición); *As luces de setembro*, de Carlos Ruíz Zafón; *O diccionario de Carola*, de Carmen Gómez Ojea (gañador do

Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 4ª edición); *Meu avó, o pirata*, de Ignacio Sanz; *Romaxe de desventuras*, de Pepe Carballude; *O dado de lume*, de Milagros Oya; *Ideas de bombeiro*, de Andreu Martín; *Tralo último dinosaurio*, de Manuel Alfonseca; *O gol imposible*, de Enrique Sánchez; *Alexandra*, de Lola Gándara; *O último traballo do Sr. Luna*, de César Mallorquí (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 5ª edición); *A escura luz do Tíber*, de Lola Gándara; *A ovella negra*, de Pasqual Alapont (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 9ª edición); *As raíces de tamarindo*, de Sindo Pacheco (finalista do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 9ª edición); *¡Voa, cascuda!*, de Leticia Dotras e *As lágrimas de Shiva*, de César Mallorquí (gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil na súa 10ª edición). Ao final aparecen organizados os títulos recollidos no catálogo segundo a colección na que teñen acollida e relacionados, tamén, segundo a temática que abordan.

Sotelo Blanco

Catálogo Xeral 2003 de Educación Infantil e Primaria
(DL: C-64-2003)

Catálogo de libros que a editorial ten publicados nas súas diferentes coleccións adecuadas para estas idades: "Didáctica: Leo con Bubela-¿Quen o fai?", "Sotelo Blanco Infantil e Xuvenil", "Contos para crecer", "Colección Bolboreta", "Os contos da Mala Malona" e "Movil Books", ideadas para que os lectores practiquen diferentes linguas. De cada unha das obras catalogadas ofrécese a reprodución da portada, os datos técnicos e un pequeno resumo do contido.

Catálogo Xeral 2003 de Educación Secundaria
(DL: C-65-2003)

Catálogo de libros que a editorial ten publicados nas súas diferentes coleccións para estas idades: "Sotelo Blanco Infantil e Xuvenil", "Docexvintedous", "A Biblioteca do Arlequín" e "Literatura e Crítica". De cada unha das obras catalogadas ofrécese a súa reprodución da portada, os datos técnicos e un pequeno resumo do contido.

Toxosoutos

(DL:C-1772-2003).

Catálogo no que se ofrece unha panorámica das obras que ten publicadas esta editorial, organizadas por coleccións. Así aparecen obras pertencentes a "Cruceiro do rego", na que se recollen cadernos de historia, xeografía, poesía ou teatro; "Divulgación e ensaio", centrada en libros para o gran público de temas de interese xeral como o histórico-xeográfico, o filosófico, o científico ou o etnográfico; "Delfín", na que se inclúen obras monográficas sobre temas diversos; "Ensino", na que aparecen os libros dedicados á ensinanza de distintas materias; "Fasquía", na que aparecen breves biografías de persoeiros galegos da cultura; "Keltia", unha colección seriada que pretende achegar ao lector a

historia, arte, literatura, lendas e estudos etnográficos do mundo celta; "Nume", conformada polos volumes de narrativa, poesía e teatro; "Seitura", dedicada á recuperación de textos antigos que están esquecidos; "Trasmontes", na que se ofrecen as traducións de autores galegos que escribiron en castelán ou autores estranxeiros; "Trivium", dedicada exclusivamente ao estudo do medievo galego en todas as súas facetas; "Fóra de colección" na que aparecen aquelas obras que polas súas características non se adecúan a ningunha das coleccións existentes; "Biblioteca filolóxica", na que se acollen as obras dedicadas ao estudo do campo filolóxico do ámbito hispánico; e a colección "Lingüística", na que aparecen obras de especialistas en lingüística de diversas universidades. Cada colección distínguese das outras cunha cor característica, vai precedida dunha portada na que se explica qué contidos se inclúen nela e cada obra aparece coa reprodución da súa portada, o nome do autor, o número de páxinas, o formato, o ISBN, o prezo, así como un pequeno resumo do seu contido.

Xerais

No ano 2003 Edicións Xerais de Galicia sacou do prelo o número 0 do seu folleto de *Novidades Literarias*, que neste ano abre unha nova etapa pasando a publicarse anualmente e deixando de estar asinadas cada unha das reseñas ou artigos incluídos; publicou, así mesmo, os catálogos 2003/2004 das coleccións infantís "Merlín" e "Sopa de Libros".

- Novidades literarias 2003.

(D.L.: VG. 1199-2003)

Volume coordinado por Celia Torres que dá conta daquelas obras que a editorial publicou recentemente nas súas distintas coleccións: "Narrativa", "Crónica", "Poesía", "Grandes Obras", "Alternativas", "Clásicos", "Biblioteca das Letras Galegas", "Universitaria", "Ensaio", "Peto 'Literaria'", "Peto 'As literarias'", "Dicionarios", "Os libros do CDG", "Guías temáticas", "Álbums de postais", "Xabarán de ouro", "Edicións singulares", "Fóra de xogo", "A letra dormente", "Merlín", "Merliño", "Sopa de libros" e "Cabalo Buligán". Cada reseña incluída no volume, presenta o título da obra, o nome do autor, o número de páxinas, o ISBN, unha fotografía da portada e un breve resumo do contido da obra; algunhas inclúen, asemade, unha fotografía do autor, as súas declaracións sobre a obra e algunhas referencias críticas publicadas en distintos xornais galegos.

- Catálogo Merlín

(D.L.: VG. 957-2003)

Catálogo de publicacións no que se dá conta dos libros publicados nas coleccións infantís "Merliño" e "Merlín"; as fichas de cada obra inclúen unha imaxe da portada, o título, o nome do autor, o nome do ilustrador, o número de edición correspondente, o número de páxinas, o tipo de encadernación, as medidas do libro, o xénero literario e un resumo. As obras incluídas na colección "Merlín" clasifícanse, á súa vez, segundo o público ao que van dirixidas: "Primeiros lectores", "De 7 anos en diante", "De 9 anos en diante", "De 11 anos en diante" e "De 13 anos en diante". O catálogo péchase con dous índices alfabéticos, un de autores e outro de ilustradores.

- Catálogo Sopa de Libros

Catálogo de publicacións no que se dá conta dos libros publicados nas coleccións infantís "Sopa de Libros" e "As aventuras de Nunavut"; as fichas de cada obra inclúen unha imaxe da portada, o título, o nome do autor, o nome do ilustrador, o número de edición correspondente, o número de páxinas, o tipo de encadernación, as medidas do libro, o xénero literario e un resumo. As obras reseñadas clasifícanse, á súa vez, segundo o público ao que van dirixidas: "Primeiros lectores", "De 6 anos en diante", "De 8 anos en diante", "De 10 anos en diante" e "De 12 anos en diante". O catálogo péchase con dous índices alfabéticos, un de autores e outro de ilustradores.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Reserven sitio no catamarán', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 14 decembro 2003, p. 93.

Ademais de dar conta da publicación da novela *Compostelanum*, de Ángel de la Cruz, tamén se fai eco da presentación do xornal de novidades que Edicións Xerais de Galicia vén de publicar. Sinala que estamos ante unha revista de sesenta e catro páxinas, cun número que pasa a ser anual, en lugar dos catro que se editaban anteriormente, e cunha tiraxe de seis mil exemplares. Tamén chama a atención sobre o cambio de logotipo ou o aumento da contía dos premios Xerais e Merlín que convoca esta editorial.

XIII. PÁXINAS WEB

A Lonxa Literaria
(lonxaliteraria.tqr.biz/informacion.html)

A Nosa Terra
(www.anosaterra.com/)

A páxina de Heracles
(<http://www.terravista.pt/IlhadoMel/4424/index.html>)

Agrupación Cultural "O Facho"
(<http://teleline.terra.es/personal/ofacho/>)

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(www.vieiros.com/museohumor/castelao.html)

Ameixa cómics
(personal.redestb.es/ferreiro/)

Andar 21
(www.andar21.net)

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Nace www.andar21.net, un sitio para a creación cultural', *A Nosa Terra*, nº 1.104, 'Cultura', 13 novembro 2003, p. 20.

Fálase de *Andar 21*, unha revista galega en Internet, onde se pode atopar unha grande obra de diversos autores. Aínda que nun primeiro momento fose pensada para a poesía agora acolle textos de todo tipo. Logo menciona quen son os colaboradores da revista e o que se pode atopar nela.

Andel virtual
(www.andelvirtual.com)

ANILIJ
(www.uvigo.es/anilij)

Anxo Tarrío Varela
(<http://web.usc.es/~fgtarrio/>)

Arousáns ilustres
(http://www.galeon.com/arousa/arousans_ilustres.htm?)

Arturo Casas Vales
(<http://web.usc.es/~tlcasas/>)

Asociación Cultural Conversas
(www.conversas.org)

Asociación Galega de Editores
(www.editoresgalegos.org)

Asociación Teatral Artello
(www.artello.com)

Augasverso
(www.aestrada.com/fcultural/augasverso.htm)

Batallón Literario da Costa da Morte
(www.finisterrae.com/batallon)

Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil
(www.filix.org)

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A maior biblioteca virtual de libro infantil galego faise en Chantada', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 15 febreiro 2003, p. 91.

Apunta que neste portal o profesor Manuel Figueiras, que fora o promotor das catro edicións da Feira do Libro Infantil e Xuvenil (Filix) e mais dun Salón do Libro Infantil e Xuvenil en Chantada, ofrece comentarios sobre novecentos títulos clasificados por anos de publicación, idade dos lectores e xéneros, ademais de contar cunha sección de novidades, especiais sobre algúns autores galegos e ligazóns con páxinas de autores clásicos universais. Destaca que esta páxina arrincou oficialmente en abril de 2002 coa intención de proxectar o libro galego cara a fóra, motivo polo que, segundo indica, está en castelán. Sinala tamén que só inclúe comentarios de primeiras edicións, feitos por el mesmo na maioría dos casos, aínda que confesa que un dez ou quince por cento están tomados das guías que fai Gálix. Finaliza sinalando que ademais das biografías de autores lle gustaría contar cun espazo reservado a ilustradores.

Biblioteca virtual de literatura universal en galego
(www.bivir.com)

Referencias varias:

- Henrique Harguindey, 'Traducción', *A Nosa Terra*, nº 1.078, 'Sociedade', 16 abril 2003, p. 17.

Coméntase a tradución de obras literarias para o galego e sinálase que estas teñen un valor significativo, pero que debido ao seu descoñecemento non se adquiren. Por outra parte, bótase en falta a inexistencia dunha Biblioteca Básica de Cultura Universal, tanto impresa como electrónica, aínda que apunta tamén a existencia de iniciativas interesantes neste sentido, como é a páxina creada pola Asociación de Tradutores Galegos: www.bivir.com, que é unha biblioteca virtual onde se poden consultar libremente varias dúzias de obras dos mellores autores universais traducidos ao galego.

Biblioteca Virtual Galega
(www.bvg.udc.es)

Referencias varias:

- Manuel Forcadela, 'Os literatos demandan unha Internet identificada con Galicia', *La Opinión*, 'Saberes', nº 7, 26 abril 2003, p. 9.

Describe o seu primeiro contacto cos ordenadores e logo con Internet para relacionar estes dous conceptos con Galiza. Para iso di que, como sempre, avanzou lentamente nas novas tecnoloxías, incluso que aínda hai lugares illados aos que non chegou. Por outra parte comenta a gran cantidade de páxinas en galego, que clasifica en dous tipos. As primeiras son as que amorean textos e informacións, entre as que destaca a Biblioteca Virtual Galega como modélica, aínda que falta dunha certa ampliación de contidos. As segundas son as que serven información recente no momento en que esta se produce. Observa que neste tipo é onde a web galega ten un maior baleiro porque reedita dixitalmente a mesma carencia que existe na prensa diaria, e apunta que a Administración sería quen mellor puidese solucionar este problema.

- Carme Vidal, 'O chat dos novos escritores', *A Nosa Terra*, nº 1.098, 'Cultura', 2 outubro 2003, p. 24.

Fálase da *Sección de nov@s* que ten a Biblioteca Virtual Galega, o portal de literatura da Universidade da Coruña. Nela os autores que non teñan ningún libro individual publicado, poden colgar a súa obra e ademais expoñerse aos comentarios dos compañeiros e dos visitantes da páxina. Coméntase como son os textos que chegan ata esta sección e ofrécese algúns nomes dos autores que participan, os cales se describen un pouco (Elvira Riveiro, Xavier Chantres, Ramiro Vidal, etc.).

Blanca-Ana Roig Rechou
(<http://web.usc.es/~fgroig/>)

Bravú
(www.bravú.net)

Britonia
(www.pangalaica.com/britonia/inicio.htm)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Colectivo de Escritores do Eo-Navia Cotarelo Valledor
(teleline.terra.es/personal/cvalledor)

Consello da Cultura Galega
(www.culturagalega.org)

Referencias varias:

- Carme Vidal, 'Os diarios de Anxos Sumai', *A Nosa Terra*, nº 1.077, 'Cultura', 10 abril 2003, p. 35.

Indícase que *Anxos... de garda* é o título do diario que Anxos Sumai pendura en Internet, na páxina do Consello da Cultura Galega na que ademais a autora comenta as súas impresións e recomenda algún disco ou libro. Tamén se comenta a gran cantidade de adeptos que acolle o seu diario e logo relátanse algúns días deste.

- Carme Vidal, 'Casares en sardo e Castelao en esperanto', *A Nosa Terra*, nº 1.084, 'Cultura', 29 maio 2003, p. 26.

Achega a publicación do *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas* por parte do Consello da Cultura Galega no seu portal www.culturagalega.org como edición especial polo Día das Letras Galegas. Laméntase a escasa, arbitraria e

fragmentada tradución dos libros galegos cara o exterior e indícase que os máis traducidos son os de literatura infantil e xuvenil e a poesía. Logo coméntanse os libros dalgúns autores que foron traducidos a outras linguas (Casares, Cunqueiro, Castelao, Ferrín, etc.).

Día das Letras Chairegas
(www.letraschairegas.com)

Día das Letras Galegas
(www.diadasletrasgalegas.com/)

Edicións do Cumio
(www.cumio.com)

Edicións Embora
(www.edicionsembora.com)

Edicións Xerais de Galicia
(www.xerais.es)

Edicións do Castro
(<http://www.sargadelos.com/ga/edicios.html>)

Editorial Casals
(www.editorialcasals.com)

Editorial Kalandraka
(www.kalandraka.com)

El Caserón de Milagros Oya

(www.nenos.com)

Estudios Galegos
(www.vieiros.com/estudiosgalegos)

Fillos de Galicia
(www.fillos.org/fillos/)

Foro literario
(www.geocities.com/foroliterario/FLGalegoN.html)

Fundación Castelao
(<http://terra.es/personal/castelao/>)

Galicia Solidariedade
(<http://www.chantada.com/solidariedade/>)

Galicia Viva
(www.galiciaviva.org)

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, 'Lingua galega.com', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 10 novembro 2003, p. 5.

Salienta a existencia de bastantes diarios e revistas de expresión galega en internet, aínda que observa que se debería crear, dadas as inmensas posibilidades do medio, un xornal destinado á divulgación, explicación e defensa da lingua galega que incluíse tamén as principais manifestacións de letras e cultura. A satisfacción que lle proporciona a coordinación da revista electrónica *galiciaviva.org*, veríaa aumentada ante a aparición dun xornal destas características. Apunta tamén que as páxinas de Galicia para o espallamento da lingua e literatura poderían titularse *linguagalega.com* e nelas poderían iniciarse unha campaña a prol da lingua nos medios especializados da rede. Para rematar, observa que páxinas como a que propón crear poderían axudar á normalización da toponimia galega.

galicreques
(www.galicreques.com)

□.

GÁLIX
(www.oepli.org/galix)

.

Grupo Edelvives
(www.edelvives.es)

.

Instituto da Lingua Galega
(<http://www.usc.es/ilgas/>)

.

Ir Indo Edicións
(www.irindo.com)

.

Jaureguizar
(www.geocities.com/jaure2000)

.

Kiko Neves
(www.arrakis.es/~kikoneves/)

.

La maleta ~ página de Óscar Villán
(<http://ovillan.com>)

.

Librería Couceiro
(www.iaga.com/couceiro/index.stm)

.

Lúa Gris. Espacio para a poesía galega
(<http://www.luagris.net/>)
.

Marilar Aleixandre
(www.terra.es/personal8/rfacal/)
.

Martin Codax
(http://cervantesvirtual.com/bib_autor/Codax/)
.

Referencias varias:

- L. O. C., 'Martín Códax, un trobador na rede', *La Opinión, 'Saberes'*, nº 25, 4 outubro 2003, p. 6.

Sínálase que a Biblioteca Virtual Cervantes dedícalle unha páxina ao trobador Martín Códax, dirixida polo profesor Vicenç Beltrán na que reproduce os manuscritos nos que se conserva a obra do trobador. Por outra parte, ofrécese unha síntese sobre os contidos das cantigas de Martín Códax e os pasos que se fixeron ata conseguir o deseño da páxina.

Museo Castelao
(www.museocastelao.org)
.

Nadir
(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)
.

Necesariamente X
(<http://mais.vieiros.com/necesariamentex>)
.

O Espello
(www.terravista.pt/Enseada/6172/espello/index.html)
.

O Pica-Folla
(<http://www.o-pica-folla.org>)

.

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)

.

Omnibus
(www.revistaomnibus.com/)

.

Patronato da Cultura Galega
(www.internet.com.uy/pcgalega)

.

Páxina de Avelaiña
(<http://geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/index.htm>)

.

Pepe Carreiro
(www.terra.es/personal7/pecarrei/)

.

Polaqia
(<http://www.inicia.es/de/kikebenlloch/polaqia>)

.

Por conto alleo
(www.vieiros.com/rlts.asp)

.

primerapersona
(www.primerapersona.com)

.

Redes Escarlata
(<http://www.redesescarlata.org/>)

.

Sala Nasa
(www.salanasa.com)

.

Sotelo Blanco
(www.corevia.com/~sotelo/index.html)

.

Suso de Toro
(www.ywz.com/susodetoro)

.

Tempus Naturae
(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)

.

Voz de Galicia
(www.lavozdegalia.com)

.

Xabier Frías Conde
(teleline.terra.es/personal/roxavi/homepage.htm)

.

Xanela da cultura
(www.xaneladacultura.com)

.

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela
(www.usc.es)

.

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria
(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)

.

Yolanda Castaño
(<http://fyl.unizar.es/delegacion/palabras/40/40.html>)

.